Constantino García

O LIBRO DAS PALABRAS

(Obra xornalística completa)

Comisión de publicación

Guillermo Rojo
Manuel González González
Mercedes Brea
Luís Alonso Girgado

Edición ó coidado de:

Teresa Monteagudo Cabaleiro
María Carme García Arias

Edita:
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria:
CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ

Director Xeral de Política Lingüística:
XESÚS P. GONZÁLEZ MOREIRAS

Coordinador Científico:
MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Director Técnico de Literatura:
ANXO TARRÍO VARELA

Director Técnico de Lingüística:
GUILLERMO ROJO

Realización:
GRAFINOVA, S. A. - Santiago de Compostela

ISBN: 84-453-3682-7

Depósito legal: C. 2.511/03

Agradecementos

A nosa gratitude a *La Voz de Galicia* e a Edicións Xerais pola xenerosa cesión dos dereitos para reproducir os textos recompilados neste volume.

O libro dun amigo: Constantino García.

Esta homenaxe a Constantino García, meu amigo, constitúe para min un acto de fonda significación emotiva. Teño escrito en varias ocasións sobre os meus amigos, pero se algún día me animo a imitar a don Ramón Otero Pedrayo e escribo un "libro dos amigos", podo asegurar que nesas páxinas non faltará Constantino García, o meu querido amigo.

Non teño a certeza, sen embargo, de chegar a escribir ese libro. Téñome que conformar polo de agora, e fágoo con ledicia e íntima satisfacción, con este libro, *O libro das palabras (Obra xornalística completa)*, que é de Constantino García, pois da súa autoría é o que nel está escrito, aínda que por vez primeira este conxunto de máis de mil catrocentos textos aparecera nas páxinas de *La Voz de Galicia*, xornal galego, e coas palabras propias da nosa lingua. É sen dúbida un acerto dos responsables desta iniciativa —e eu quero ser tamén, modestamente, un deses responsables— salvar das fuxidías e efémeras páxinas da prensa diaria estes escritos e asegurar a súa pervivencia e a súa doada consulta neste amplo volume.

Temos aquí, rigorosamente reunidos, os artigos xornalísticos de Constantino García; é dicir, os froitos do seu amor ás palabras, da súa dedicación humana e científica á lingua galega. En resumo, un anaco importante do seu labor publicístico no que esculca nos segredos e misterios das palabras, nas súas formas e sentidos, nas súas orixes e parentescos, nos seus usos e na súa historia, ben no rexistro da fala popular ben na literatura culta.

O saber do filólogo, a curiosidade do intelectual e o propósito de divulgación forman sen dúbida os alicerces destes artigos, á vez fermosos e entretidos, nos que se cumpre a sentencia latina: *docere cum delectare*. Non se podía esperar menos dun mestre coma Constantino García, que ten hoxe centos de discípulos espallados polo ancho mundo, e dun home que, nacido na veciña e entrañable terra de Asturias, acreditou a súa condición de bo galego coa entrega xenerosa do seu labor. Temos que dar as gracias a Constantino García por nos aprender tantas e tantas cousas da lingua como este seu libro demostra. E gracias, tamén e sobre todo, por tantos anos, tantos traballos e soños entregados a Galicia.

Está escrito na Biblia: quen ten un amigo, ten un tesouro. Eu son, pois, un home afortunado co privilexio da amizade de Constantino García: non podo dicir máis.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente da Xunta de Galicia

Presentación

Cando se escriba a historia da Universidade de Santiago de Compostela no que foron as catro últimas décadas do pasado século vinte estou certo de que o nome do profesor Constantino García será, por méritos propios, un salientable referente. E esta valoración será aínda de superior mérito cando se fale do achegamento da lingua do país á institución universitaria. Será entón inevitable recordar que don Constantino García foi o primeiro profesor da universidade galega que pronunciou en galego o solemne discurso inaugural —"Galego onte, galego hoxe"— de apertura de curso da Universidade e iso aconteceu aló polo ano 1977.

Falar de Constantino García, ata o pasado ano Coordinador Científico deste Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e aínda hoxe Coordinador de Honra, é falar dun traballo múltiple e ininterrompido como profesor e investigador, como fundador e impulsor de institucións culturais —o Instituto da Lingua Galega moi en particular— como colaborador de prensa, como creador de prestixiosas publicacións entre as que *Verba* é inesquecible e, en fin, como entusiasta colaborador de todas cantas iniciativas tiveran como meta Galicia e, de Galicia, o estudio e coñecemento da lingua galega. Na memoria de moitos de nós está aínda vivo o recordo da súa decisiva participación naqueles libros —*Galego I, II* e *III*— que foron un instrumento metodolóxico pioneiro para a aprendizaxe da nosa lingua. Logo viñeron outros libros, centos e centos de artigos de prensa, teses e tesiñas que animou e orientou; en fin, un vastísimo labor publicístico que correu parello ás súas cotiás lecciónns —a súa palabra viva— nas aulas universitarias.

Non fago hipérbole ningunha se digo —e ó dicilo afirmo— que Constantino García foi o gran mestre da filoloxía galega contemporánea, disciplina que con el acadou a modernidade. Do saber que sementou xurdiron notables discípulos que hoxe prestixian as cátedras de galego e dan rigor científico ós nosos estudios lingüísticos. O espléndido do resultado, e os seus abondosos froitos evidencian o esforzo, a vocación e a dedicación que na súa tarefa puxo día a día, ano tras ano, don Constantino.

Só desde o amor e o respecto á lingua galega se entende que quixera levar a todos —non só a especialistas ou estudiosos— o seu gusto e afección por frases, locucións e palabras; vellas e novas palabras da nosa lingua milenaria á que el dedicou unha inxente cantidade de artigos que hoxe podemos ler ou reler neste *O libro das palabras (Obra xornalística completa);* nesta axeitada *summa* ou recompilación daqueles seus escritos que viron a luz nas páxinas de *La Voz de Galicia*.

Este libro, o libro dos artigos de Constantino García que hoxe publica o Centro Ramón Piñeiro, quere ser unha proba do aprecio e afecto de todos aqueles que traballaron e traballan no Centro, que continúa a ser o seu Centro. E quere corresponder, aínda que sexa en pequena medida, ó seu labor e á súa presencia entre todos eles: bolseiras e profesoras, profesores e bolseiros. É, xa que logo, expresión e testemuño de sincera gratitude; da gratitude e do afecto de todos os galegos que aman o seu idioma, a nosa lingua.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ÍNDICE XERAL

Páx.

I. VARIA 39
GALICIA TEN UNHA LINGUA DE SEU 39
A LINGUA E OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN SOCIAL 40
A INVENCIÓN DA IMPRENTA 41
VISIÓN HISTÓRICA 41
ESTIMA-LA LINGUA 42
A LINGUA E O ENSINO 43
A LINGUA E O PARLAMENTO 45

II. RECANTOS DA LINGUA 47
1. HAI TEMPO QUE... 47
2. ALÁ VAN LEIS A ONDE QUEREN REIS 47
3. OS TABÚS DOS ISRAELÍS 48
4. LADROIS DE XAMOIS. 48
5. NON TE COÑEZO 49
6. RECUPERÉMO-LO VERBO SAÍR 49
7. IMOS VER QUÉ PASA 49
8. FALADES MOITO 50
9. MENTRES DORMEN NON ROXEN NOS TOBOS 50
10. NON CREO QUE ESTEA NA CASA 51
11. NON ME DEAS MÁIS 51
12. XA CHE DIREI O QUE FAREI MAÑÁ 52
13. CANTABAMOS 52
14. ¿BAILACHES, CAROLINA? 53
15. BAILEI, SI SEÑOR 53
16. O NENO XA COMEU O PAN QUE A NAI PARTIU 53
17. O DOMINGO PERDÉMO-LO PARTIDO 54
18. DIME QUEN FUCHES E DIREICHE QUEN ES 54
19. VEU ONTE, VIU TODO E MARCHOU 55
20. CONDUCÍN TODA A NOITE 55
21. A ECLIPSE DOS ENXEBRISTAS 56
22. O SIL LEVA A AUGA E O MIÑO A FAMA 56
23. A SEMANA QUE VÉN LEVAREICHE O REMEDIO 56
24. NA SEMANA DE RAMOS LAVA OS TEUS PANOS 57
25. HISTORIAS ÍNTIMAS 57
26. A TRIBU DOS INNOVADORES 58
27. ALGO VAI MAL NO AMBIENTE 58

Páx.

28. TODOS COÑECÉMO-LO PRECEPTO DE CUMPRIR CO PRECEUTO..... 59
29. ADMIRÉMO-LA BOA ADMINISTRACIÓN 59
30. ¿DIMITIU O DEPUTADO? 60
31. A ORIXE DUN COMENTARIO 60
32. O DICTAME DO XUÍZ FOI CONDENA-LO CRIME 60
33. POÑERSE Á SOMBRA..... 61
34. A CONVENIENCIA DE TER CONCIENCIA 61
35. INCONVENIENTES DAS ORGANIZACIÓNS 62
36. É UNHA PERSOA CON MOITA PERSONALIDADE..... 62
37. BRILLANTE E ORGULLOSO 63
38. ASASINATOS NA SOMBRA 63
39. O QUE BEN PARECE, DE VAGAR CRECE..... 63
40. NACER E FALECER..... 64
41. RESONANCIAS E LEMBRANZAS 64
42. PRUDENCIA NAS CRENZAS..... 65
43. COMEZO DO SILENCIO 65
44. AS PROVINCIAS GALEGAS 66
45. ACABO DE DESCUBRI-LO ESTRONCIO 66
46. NINGUÉN TEN DEREITO A NINGUNHA COUSA 67
47. AMAÑADORES DA LINGUA 67
48. VAI MOITO FRÍO 68
49. PESCADA CONXELADA..... 68
50. ¿TEN LUME, POR FAVOR?..... 68
51. OS FOGOS DO APÓSTOLO 69
52. ¿AMENCER OU AMAÑECER? 69
53. MÁIS SINÓNIMOS DE AMAÑECER..... 70
54. HOXE POLA MADRUGADA 70
55. O TEMA DAS TEIMAS 71
56. A TEIMA DOS TEMAS 71
57. ¿SUBIR OU RUBIR? 72
58. O MEU AMIGO TEN MOITA CHENCHA 72
59. REGULAR CON REGRAS 73
60. MATUTINA AÍNDA CHE ESTÁ BEN RUFA..... 73
61. VENDA DE VENDAS 74
62. CAMILO TEN BOAS VENTAS 74
63. AS FIESTRAS DA MIÑA CASA 75
64. VERBAS GALEGAS 75
65. DOUCHE PALABRA DE FACELO 75
66. CASACAS E CHAQUETAS 76
67. SEMPRE HAI UNHA PRIMEIRA VEZ..... 76
68. VEZOUSE A VELLA Ó MEL E SÓUBOLLE BEN 77
69. O LAVABO TEN DÚAS BILLAS 77
70. AGÁS TI, TODOS ME VEN..... 78
71. ANTÓN É CUSPIDIÑO Á SÚA NAI 78
72. VAI CATAR PAN Á PRAZA 79
73. CATA O QUE FAS 79
74. PEPE TEN CATRO CARTOS..... 80
75. OS CUARTOS DE BAÑO CUSTAN MOITOS CARTOS 80
76. CORENTA DÍAS DE CORESMA 81
77. A FERIDA DEITÁBALLE MOITA MATERIA..... 81
78. QUEN TEN FACENDA, QUE A ATENDA 81
79. AS ENXIVAS 82
80. XUNTANZA DO POBO DE DEUS. 82
81. A IGREXA GALEGA..... 83

Páx.

82. ÉCHE UNHA BOA MALLADORA 83
83. DESAPARECERON AS CHOFRETAS 84
84. UNHA MALA AVENZA VALE MAIS CA UN BO PREITO 84
85. O SOL NA EIRA E A CHUVIA NA NABEIRA 84
86. ¿AIXADAS OU EIXADAS? 85
87. QUÉROTE COMO AS MENIÑAS DOS MEUS OLLOS 85
88. CONTAR POR CENTOS 86
89. CHOIVA DE MAR E VENTO DA RÍA CERRAZÓN PARA TODO O DÍA 86
90. CADA UN VARRE PARA SI 87
91. CHEGARON AS ASPIRADORAS 87
92. O AVESPEIRO DO ORIENTE PRÓXIMO 88
93. ANTÓN ADORMECEU PORQUE EU O ADORMENTEI 88
94. EL MARCHOU CEDO, EU VOU AXIÑA 89
95. O AZUCRE ESTÁ NA AZUCREIRA 89
96. ALMORZO, XANTAR E CEA 89
97. SABELA ÉCHE MOI CHOROMIQUEIRA 90
98. ANDAR Ó AXEXO 90
99. ANDAR Ó ALMALLO 91
100. NO CANTO DO NOSO RECANTO 91
101. FANAS OS PORCOS E PÁGANAS OS BACORIÑOS 92
102. CAL É O CAN, TAL É O SEU DONO 92
103. ALUGAR, ALQUILAR, ARRENDAR 92
104. AS MACEIRAS DO MEU TÍO 93
105. CHEGOU ONDA MIN 93
106. ANGAZOS E ENCIÑOS 94
107. A FERIDA ABORRECEUSE 94
108. A QUEN TES QUE AGARIMAR NON O FAGAS CHORAR 95
109. XESTAS, GESTAS E HINIESTAS 95
110. A COR OU A COLOR 95
111. XANEIRO XEADEIRO 96
112. FEBREIRO VENTUREIRO 96
113. MARZO MARZOLA, TROBÓN E RAIOLA 97
114. TRIGO MARZAL 97
115. ESTAMOS XA NA PRIMAVERA 98
116. PRIMAVERA DE MARZO 98
117. EN ABRIL, AUGAS MIL 99
118. EN MAIO, AÍNDA A VELLA QUEIMA O TALLO 99
119. A AUGA DE SAN XOÁN TOLLE O VIÑO E NON DÁ PAN 99
120. EN SAN XOÁN AS NOVE CON DÍA DAN 100
121. SANTIAGO E SANTA MARIÑA 100
122. EN AGOSTO CORRE O SOL COMA O LÓSTREGO 101
123. ONTE FOI LUNS 101
124. HOXE É CORTA FEIRA 102
125. QUINTA FEIRA OU XOVES 102
126. O OUTRO ANTONTE 103
127. UN CALDO QUENTE É CÁLIDO 103
128. O CALDO 104
129. A CALDA 104
130. ONDE VAI A CORDA QUE VAIA O CALDEIRO 104
131. GATO ESCALDADO DA AUGA FRÍA FOXE 105
132. A COMIDA ESTÁ QUENTE 105
133. QUENTURAS DE MAIO, SAÚDE PARA TODO O ANO 106
134. O SOL XA QUENTA MOITO 106
135. PON A QUENCE-LO LEITE 107

Páx.

136. ONTE SENTÍN MOITOS ESCALAFRÍOS 107
137. Á CALOR DO LUME 107
138. O DÍA DE CALOR, ARRÓUPATE MELLOR 108
139. VOU FACE-LO COR 108
140. A AULA DA ARTE ROMÁNICA 109
141. TRAÉMO-LA BOTA PARA LEVA-LO VIÑO 109
142. MIÑA CASIÑA, MEU LAR 110
143. BIEITO É MÁIS RIQUIÑO CA TI 110
144. COMO TANTO COMA TI 110
145. A MIÑA CASA É MEIRANDE CÁ TÚA 111
146. QUEDARON TODOS MEDIOS PAMPOS 111
147. OS NENOS ÍAN PARA A ESCOLA CON CADANSÚA CARTEIRA 112
148. ESTEVO TEN COCHE DE SEU 112
149. NÓS NON PODEMOS IR CON VOSOUTROS Ó CINE 113
150. O CONCELLO DESÉXAVOS BOAS FESTAS 113
151. MOITO LLO DIXEN, PERO DESPOIS FÍXOO 113
152. CADA VEZ QUE SE PRESENTA A OCASIÓN 114
153. NON HAI QUÉ LLE FACER 114
154. FAI O QUE CHE EU DIGO 115
155. ESTES ALBARIÑOS SONCHE DE CAMBADOS 115
156. CASOU PORQUE CANSOU DE ESTAR SOLTEIRO 115
157. VOU CORTA-LO CABELO 116
158. SAÚDAO ATENTAMENTE 116
159. DEICHO PARA LLO LEVARES 117
160. SON HORAS DE MARCHARMOS 117
161. MÁIS CHE VALERA QUEDARES CHOSCO 118
162. A LUZ ESTÁ ACESA 118
163. XA LLO DIXERA A CARMIÑA 118
164. DIXEN QUE O FIXERAS TI 119
165. CANDO TI CHAMES, XA MARCHEI EU 119
166. HEILLE FALAR CANDO O VEXA 120
167. HOUBO AFOGAR NA PRAIA 120
168. TEÑO QUE MARCHAR MAÑÁ 121
169. VEÑO DE CHAMAR POR TELÉFONO 121
170. VEÑO DE VER A XOSÉ LUÍS 121
171. NON FOI QUEN A BEBELO DUN GROLO 122
172. AS MULLERES DE QUEN FALAMOS 122
173. ¿QUEN SON OS QUE FALAN TANTO? 123
174. O CUXO 123
175. ¿U-LO NENO? 123
176. XAN COLLEU E MARCHOU DO PARTIDO 124

III. FOLLAS DA LINGUA 125
177. FOLLAS NOVAS 125
178. FLORES, FRORES, FROLES E FROLS 125
179. CAL BROTA NA ÁRBOR A FROL 126
180. AUGA, AGUA, ÁGOA, AUGUA 127
181. A UNHA DOR, OUTRO DELOR 127
182. ¡QUE MANSAMENTE MARMURABA O RÍO! 128
183. REIS E RAÍÑAS 128
184. MEMORIAS E SECRETOS 129
185. A NINGUÉN DIGAS ONDE ESTOU 129
186. MORTAES ESPEUTROS 130
187. ¡COMO ME MIRAN ESES CALABRES! 130
188. O SIMITERIO DA ADINA 131

Páx.

189. A MORIBUNDA LÁMPARA 131
190. O ZURUXANO DAS BESTAS 132
191. A PRIMADERA 132
192. SAI FUME DAS CHAMINEAS 133
193. DEIXO AMIGOS POR EXTRAÑOS 133
194. UNHA VEZ TIVEN UN CRAVO CRAVADO NO CORAZÓN 134
195. NOITE BRILLANTE 135
196. OS GLOBOS AÉREOS 135
197. NAMENTRAS INMOBLE SUSPENSA ESCOITABA 136
198. DAQUELAS QUE CANTAN ÁS POMBAS I ÁS FRORES 136
199. QUE TRISTE É A NOITE E O RELOX QUE TRISTE 137
200. AS IMAXES DE MÚLTIPLES FORMAS 137
201. MEUS FILLOS... ¡MEUS ANXOS! 138
202. PRETO DO MAR, DO CIMETERIO LONXE 138
203. FALÁBAME ANTRE OS CARBALLOS 139
204. BUXOS QUE XA CONTAN SIGROS 139
205. O SANGUE 140
206. UN PUEBRO 140
207. OS COELLOS 141
208. O VAL AMENO. 141
209. BOLBORETAS E PALOMIÑAS. 142
210. O SANGUE DAS VEAS 143
211. ANTRE O ROMEU I O ESPRIEGO 143
212. A ESA TAREIA ME ENTREGO 144
213. O ESPAZO INMENSO 144
214. O VELLO VE PANTASMAS 145
215. AQUELES DOCES CANTARES 145
216. MENTRAS EU MORRO ESQUENCIDA 146
217. ENCOMENZABA O CÁNTICO DOS GRILOS 146
218. FALAN QUEDO OS UNS COS OUTROS 147
219. AGORA CABELOS NEGROS 147
220. SANDAR 148
221. TODÍÑALAS COMENENCIAS 148
222. MILAGRES DE AMOR 149
223. EN PERIGRO ESTAMOS 149
224. A PEZOÑA MORTAL 150
225. TRISTES REMORSOS 150
226. COBEXAR E ACOBEXAR 151
227. EN CADA VENTANA REIXA 151
228. ¡AI DA NENA ALUNARADA PÁLIDA COMO O LUAR! 152
229. SE CANTAN ES TI QUE CANTAS 152
230. PEDREIROS IÑAN E VIÑAN 153
231. E DILLE QUE ME LEVE 154
232. OLLÁNDOME Á MANTENTA 154
233. VERTER ÓS REGAZADOS 155
234. E SEICA, SEICA TIVEN SOIDADES 155
235. OU QUIZAIS SOÑACHES, NENA? 156
236. AQUELA LOUCA ALEGRÍA 156
237. XA DOS BICHOCOS COMESTO 157
238. GUSTAR DA FROITA 157
239. GRILOS E RALOS 158
240. RANS ALBARIÑAS 158
241. XILMENDROS 159
242. ¡MIÑA HORTA TAN QUERIDA! 160

Páx.

243. A VERDE PONLA 160
244. OS ASENTES FEROS 161
245. AS ROSAS TAMÉN FAN GUIZOS 161
246. QUERO UN NETO 162
247. UN TRAGO DE RESOLIO 162
248. BOLO DO POTE 163
249. COMPANGO DE PORCO 163
250. NON PROBEI FRANGULLA 163
251. OS MOLETES DE SANTIAGO 164
252. ESAS BRÉTEMAS VAPOROSAS 164
253. OS NUBEIROS SABIDORES 165
254. CÓMAROS DESOLADOS 165
255. O CHAN 165
256. POR CAMPOS E DEVESAS 167
257. MUXICAS E CHARAMUSCAS 167
258. EN TODA A REDONDEZA 168
259. UN MANDO DE LUME 168
260. XURROU A FONTE MÁIS QUEDA 169
261. ¡ENLAMUGARSE ASÍ A ROSA! 169
262. VAI ENFOUZANDO NA LAMA 170
263. DESFOLLA QUE TE DESFOLLA 170
264. O ENXIDO 171
265. MENTRAS MONEAN SILVAN AS SALVES 171
266. REBULDAR DAS BRISAS 172
267. O BICO MÁIS AMOROSO 172
268. SEMPRE SE LLES ATOPA UN FERO 173
269. IR, VIR, ALGAREAR 173
270. PARA MI MADRE DEIXEI CARIÑOS 174
271. LOUCOS E TOLOS 174
272. BÁGOAS, BAGULLAS E LÁGRIMAS 175
273. E Á VISTA DO SOL ACORA 175
274. TER FACHENDA 176
275. ESTAREI AXEXÁNDOVOS SERENO 176
276. TODO É MISTERIO 177
277. HUMILDARSE 177
278. DIAMANTES E ALXOFRES 178
279. OS MEUS MENIÑOS 178
280. MUCHÁRONME A VIDA 179
281. O BAFO PESTÍFERO 180
282. PRAGUEA, BOCA, PRAGUEA 180
283. UNHA MEIGA CHUCHONA 181
284. VARRÉRSELLE A UN A VISTA 181
285. CHAVELLOS E CANTEIROS 182
286. ARREGAÑARSE 182
287. NON BARULLES MOITO 183
288. CUN MODO LOUMIÑEIRO 183
289. TRASPOLEIRADO 184
290. TODO PARA SEMPRE ESTRAGA 184
291. ESES CERELLOS 185
292. O INXEL ESPRITO 185
293. SAUDOSAS AUGAS 186
294. SOEDADES PRÁCIDAS 186
295. VASTAS SOIDADES 187
296. MÓRROME DE SOIDADES 187
297. ZONGUE, ZONGUE 187

Páx.

IV. RETRINCOS DA LINGUA 189
298. RAÑOLAS ABESULLA O CONTENENTE DE PEDRO 189
299. ANDA ABOIADO POLAS RÚAS 189
300. ACOCHÁBANSE NOS CURRUNCHOS 190
301. FINXIDO ACOITAMENTO 190
302. ADOBÍOS DE PRATA 191
303. EL ERA ALABEEIRO 191
304. NON GUSTABA DESES ALAUDOS 192
305. DEZ BOCAS CON ALFERRÓN 192
306. COME-LOS ANGUMIÑOS 193
307. APLACADA ORNAMENTACIÓN 194
308. UN RAPAZ APOUVIGADO POLA MORRIÑA 194
309. EU ARELABA BOTAR FÓRA DE MIN AQUEL MEDO 195
310. CAMIÑANDO CON ARFADO COMPÁS 195
311. BAILABA COMA UN ARGADELO 196
312. SEN ARREDA-LOS OLLOS 196
313. UN HOME ARRISCADO 197
314. ARROMBABA OS LACIÑOS 198
315. NON SE CHE ARRUFIOU O CORPO 198
316. HOME BEN ASISADO 199
317. A COMIDA FOI DE ATAFEGO 199
318. ATRANGALLADO CON MIL ADOVÍOS 200
319. MORRER DE ARREPÍO 200
320. VIVÍA FEITO UN AZACÁN 201
321. SEN DAR AZO DE SI 201
322. UN BALUME DE LEMBRANZAS 202
323. BAMBEOUSE A MANEIRA DUN TROMPO 202
324. AS BARBALLOADAS DOS NOSOS PERIÓDICOS 203
325. ANDAR ÁS BAROUTAS 203
326. UN BRADO CEIBADOR 204
327. O GRAN BROEIRO 205
328. CHEIRABA Ó BURRUALLO 205
329. CANDIEIROS XIGANTES 206
330. EMPARELLOU COA CANDONGA 206
331. CANGAR CON DORES ALLEAS 207
332. APAÑOU UNHA CARPANTA 208
333. CARPÍA CON CHÍOS ARREPIANTES 208
334. TOLEAR DE CARRAXE 209
335. UNHA CAUSELA DE PRATA 209
336. UN HOME CEIBE 210
337. CIRCIO TRABALLO 210
338. QUEDARSE EN CIROLAS 211
339. EU CISMABA, CISMABA 212
340. O VERME DOS CIÚMES 212
341. LEVOUNO UN CÓNGARO 213
342. FACENDO UN CHOQUELEO 213
343. CHOUSO DO ENTENDEMENTO 214
344. CHUMBO NO CORAZÓN 214
345. OS DEGOIROS 215
346. RETRINCOS DELEIXADOS 215
347. DERRUBAN O CEO 216
348. OS EIDOS NATIVOS 216
349. NON EMBAZABA CO ALENTO 217

Páx.

350. UN HOME ENCOIRO 217
351. OLLOS ENCOVEIRADOS..... 218
352. ENCHOIADAS AMOROSAS..... 218
353. ENDOUDECIDO DE ESPANTO 219
354. O MOZO MÁIS ENFONCHADO DA VILA 219
355. OS ENGADOS DA SÚA CARNE 220
356. ENGAIOLAR A SOGRA..... 220
357. REMOS ENGOUMADOS 221
358. VIDA ENLORDADA 222
359. PROBLEMAS ENSARILLADOS 222
360. FORON ENVIANDO A GARRAFA ENTEIRA..... 223
361. ESCACHÍFASE DE RISA 223
362. POÑÍASE ESCAROLADA 224
363. OLLOS ESCENTILANTES 224
364. E MORRÍASE ESCOADA..... 225
365. UN TROMPO ESGARABELLEIRO..... 225
366. ESGAZOULLE UNHA COLCHA 226
367. MIROUNO DE ESGUELLO 226
368. QUERÍA ESNAQUIZARNOS 227
369. ATOPABA ESPANCIMENTO 227
370. O FUME VAISE ESPAREXENDO 228
371. AS ESPULLAS DO NARIZ..... 228
372. HOMES ESTERRICADOS NA PORTA 229
373. CALAREI COMA UNHA ESTOA 229
374. ESTORDÉGANSE DE RISA..... 230
375. UN LIMÓN ESTRUCHADO 231
376. FARRASPIÑAS 231
377. ESMAIÁBASE DE FASQUÍAS 232
378. UNHA FITA DE LUZ MARELA 232
379. MIROUME FITE A FITE..... 233
380. A FOGAXE PATRIOTEIRA 233
381. UNHA CHAMBRA DE FOLES 234
382. A FOLICA DOS PECADOS..... 234
383. FRICOLEIRO 235
384. A VIDA DE GANDAIA..... 235
385. GARGALLADAS PAIFOCAS 236
386. UN ANDALUZ GARULEIRO 237
387. GOIOS DE AMOR..... 237
388. CASAS GOLDRENTAS 238
389. NON PUDEN GORENTA-LO CARNEIRO DA FESTA 238
390. UN GROLO DE CHAMPÁN..... 239
391. GUINDAR UNHA OLLADA..... 239
392. UNHA BOA IÑORMA. 240
393. LAIÁNDOSE DA SÚA CATIVA SORTE..... 240
394. A MULLER ERA LAIDIÑA 241
395. O TABIQUE LAÑADO..... 242
396. LATRICAR DE TODO..... 242
397. LISCOUSE COMO UNHA COBRA 243
398. A LUPANDA TIÑA DE SER SONADA..... 243
399. UN MELIDO RAPAZ..... 244
400. MERÁBANSE OS FROITOS 244
401. DAR UN MERGULLO..... 245
402. MIRRARSE DE AMOR 245
403. A FILLA MIXIRIQUEIRA..... 246

Páx.

404. AQUEL INGLÉS NIFROSO. 246
405. NON SEXAS NUGALLÁN 247
406. ORNEOS DE HOMES 247
407. OUBEAN OS CANS 248
408. EMBARCADOS NUN PAQUETE 248
409. ABERTO EN CANAL E PENDURADO 249
410. VOU ONDE ME PETA 250
411. AXEITOUME UN PETEIRAZO 250
412. PORTELO OBLIGADO DE MOITOS VIEIROS 251
413. POUTAS E GADOUPAS 251
414. APARECERA DENTRO DUN QUEIPO 252
415. O RECHOUCHÍO DUN XÍLGARO 252
416. REMANECEUME O MEDO DE DURMIR 253
417. RETRINCOS 253
418. DOUS RISCOS NUN PAPEL 254
419. UN RONSEL DE ESTRELAS 255
420. OS SALSEIROS 255
421. O SEGREDO 256
422. ¿BÓTOCHE SERRADELA? 256
423. OS SIEREIROS 257
424. SOACES LITERARIOS 257
425. SIOULLE NA ORELLA 258
426. TANXERON OS SINOS 258
427. E DEIXÁRONO SOILO 259
428. SOLERMIÑAMENTE 259
429. UN RAPAZ TOCO 260
430. LEDO E TROULEADOR 260
431. O TUSMO DUNHA MANEIRA DE VIVIR 261
432. HERBAS VENTUREIRAS 262
433. REMATA-LA XEIRA 262
434. TURRAR POLO XENIO 263
435. UN VELLO VEDREIRO 263
436. CON VOZ VELAÍÑA 264
437. FACE-LA ZAINA 264
438. EPÍLOGO 265

V. COUSAS DA LINGUA 1989 267
439. SAÚDOO ATENTAMENTE 267
440. PRODUCÍRONSE ERROS 267
441. VIRA-LAS COSTAS 268
442. NACEMENTO E MOVEMENTO 268
443. CORREMOS ONTE E CORREMOS HOXE 269
444. COÑEZO BASTANTES TESTÁNS 269
445. TIVEMOS E ESTIVEMOS 270
446. LONGA RESISTENCIA 271
447. XAN É UN VAINA 271
448. TELLÓN, TELLOLO E TIXOLO 272
449. EL ERA MOI ARDILLEIRO 273
450. POBRA DO CARAMIÑAL 273
451. RECIBÍN MOITO XÚBILO INTERIOR 274
452. A MORCELA 274
453. NIFRAR HERBA 275
454. VOCEIROS 276
455. AVIR, AVENZAS E AVENIDAS 276

Páx.

456. DEIXÉMONOS DE ESTREMONÍAS 277
457. O PECHE 277
458. ACOUGAR E ACOUGO 278
459. AMOSAR MOITO AS PERNAS 279
460. A VINGA 279
461. A CASULA DO SEÑOR ABADE 280
462. ¿UNHA PALABRA NOVA? 281
463. CON CONCIENCIA OU SEN CONCIENCIA 281
464. LEI DO SOLO 282
465. SOLAS E VIÑO ANDAN CAMIÑO 282
466. ACTO DE XENUFLEXIÓN 283
467. COAÑAR COA COAÑEIRA 284
468. O NACEMENTO DO RABO 284
469. RABADAS, RABEIRAS, RABELAS, RABIZAS E RABISCOS 285
470. RABUDOS E RABELOS 286
471. RABENO E RABENAR 287
472. O RABO TRAE COLA, CODA E CAUDA 287
473. ACEPTAR E RECEITAR 288
474. PRECEUTOS E PRECEPTOS 289
475. APERTAS E APRETAS 289
476. PREGUNTAR E PERGUNTAR 290
477. MANGAR 291
478. BEN EDRADO 291
479. ISO AQUECE BEN 292
480. MOITAS TROITAS 293
481. ¿ANDASTES MOITO? 293
482. BOTAR UN MENDO OU MENDAR 294
483. A PRONUNCIA DE “GAGO” 294
484. CHALEQUES, EIXES E FUMES 295
485. SINCO DUSIAS DE MASÁNS 296
486. PÓR, POÑER 296
487. VOITRES, VOUTRES, VUITRES E VUTRES 297
488. A FOUCE DO AVÓ 297
489. ALCUÑOS E ALCUMES 298
490. POÑER NOME A UNHA COUSA NOVA 299
491. O PATRIO CHAN 299
492. ANO DE NOCES, ANO DE VOCES 300
493. AS NOGUEIRAS 301
494. CONNOSCO E CONVOSCO 301
495. SÍNTOME AVERGONZADO 302
496. CHAMEITE PARA CHE DAR UN LIBRO 302
497. ¿FAS TI O CALDO? 303
498. O PLURAL DE “ANIMAL” 303
499. AVALES PARLAMENTARIOS 304
500. O PROBLEMA DO LEITE 305
501. QUE ME SOUPO QUE LA MAR 305
502. ESTOU A ESCRIBIR 306
503. VEÑO DE VIR DE VER UN FILME 307
504. ESTAR A CARÓN OU A RENTE 307
505. ¡CANTÉ! 308
506. AMAÑECER 308
507. ESTABAN ALÍ ÁMBOLOS DOUS 309
508. A ORIXE DE “ALOMENOS” 309
509. A ENTOACIÓN 310

Páx.

510. UN MAL CASTELÁN 311
511. AVOGANDO POLOS AVOGADOS 312
512. AMIGO, AMIGABLE, AMISTOSO E AMICAL 312
513. O ADVERBIO ¿U? 313
514. AQUÍ, ACÁ E ACÓ ALÍ, ALÁ E ALÓ 314
515. AÍ, VELAÍ, VELAQUÍ, EIS E ACOLÁ 314
516. ALGURES, NINGURES, XALUNDES 315
517. O CONTRARIO DE LONXE 315
518. VERBO DE “PRETO” 316
519. ONTE, HOXE E MAÑÁ 317
520. VAIA ENGORDE 317
521. DOUS E DÚAS 318
522. DOCE DUCIAS DE OVOS 319
523. FIXO O DOBRE DUN ACTOR 319
524. DOBRÁMO-LA ESQUINA 320
525. MÁIS SOBRE DOBRAR E DOBREGAR 321
526. CULTISMOS DUPLICADOS 321
527. CATRO PAUS 322
528. MÁIS SOBRE A VOZ “CATRO” 322
529. CATORCE CADERNOS 323
530. A CORESMA DURA CORENTA DÍAS 324
531. CADRA BEN 324
532. ESCUADRILLA DE CUADRIMOTORES 325
533. CADROS BRANCOS E NEGROS 326
534. HAI CARTOS E CUARTOS 326
535. DEZASEIS, DEZASETE, DEZAOITO E DEZANOVE 327
536. CINCOCENTOS 328
537. UNHA ARMA BRANCA 328
538. CARTA BRANCA E ROUPA BRANCA 329
539. COUSAS ABRANCAZADAS 330
540. ALBELO, ALBEIRO, ALBAR E ALBARIÑO 330
541. VIDA NEGRA 331
542. NEGRAL, MOURO, ESCURO E PRETO 332
543. O SINAL VERDE 333
544. POÑER VERDE 333
545. COUSAS VERDES 334
546. COUSAS AZULADAS 335
547. AS VACAS MARELAS E OS SINDICATOS AMARELOS 335
548. AMARELADO, AZAFRANADO E XOFRADO 336
549. VACAS LOURAS E NENOS LOIROS 337
550. ANIMAIS E PLANTAS AMARELAS 337
551. DESDE O DOURADO ATA O CAQUI 338
552. SOBRE LARANXAS 339
553. UNHA VACA ROIBA OU RUBIA 339
554. UNHA VACA ROXA 340
555. OS PICHELEIROS 341
556. OS GARABITOS 341
557. UN CACIFO REQUINTADO 342
558. DO TRADE Ó BERBIQUÍ 343
559. CACHIMBOS E CACHIMBAS 344
560. FUMAR UN CAÑUTO 344
561. PITOS E CABICHAS 345
562. AS BARROSIÑAS. 346
563. AS XOANIÑAS. 346

Páx.

564. O ALCACÉN E A REMOLACHA 347
565. A FROUMA DOS PIÑEIRAIS 348
566. VEÑO DE CORGO DE ARRIBA 348
567. CIMA, CUME E CUMIO 349
568. OS VECIÑOS DO RUEIRO 350
569. MEIXELAS E FAZULAS 350
570. A PAXARELA 351
571. MORREU DE NACIDAS 351
572. TER MANIOTAS 352
573. APARTÁBANSE DE MIN COMO SE FOSE UN GAFO 353
574. A MANOLO LOLÉANLLE OS DENTES 353
575. ABORRECERSE UNHA FERIDA 354
576. QUEN É BAZUNCHO NON É LANZAL 354
577. A MIÑA LABOURA 355
578. AS ANGUEIRAS COTIÁS 356
579. ASADOS E ASADOS 356
580. CHOURIZO E CHOURIZA 357
581. BRAZADOS E BRAZADAS 358
582. MOREAS DE XENTE 358
583. GREAS DE FOLGUISTAS 359
584. MIRAR PARA OS BIOSBARDOS 360
585. QUÍTOME DESTE COMPROMISO 360
586. NON QUITÉDE-LOS OLLOS DE AQUÍ 361
587. MÁIS SOBRE QUITARSE E DESQUITARSE 362
588. SACA ISO DE AÍ 363
589. DE SACAR A RESACAR 363
590. ¡ESO SI QUE LLE ZUMBA! 364
591. MANOLO É MOI ZUMBÓN 365
592. RÓNCALLE O MANGO 365
593. RONCALLO, RONQUEIRA E RONCOLLO 366
594. XAN É MOI TURRÓN 367
595. FORTUNA DA VOZ “CATIVO” 367
596. ONDE HAI LUME HAI FUME 368
597. AS LUMIEIRAS DO MEU CUARTO 369
598. ABRIR FOGO 369
599. ADOEZO POR MARCHAR 370
600. FEDE QUE ALCATREA 371
601. CHICOTEAR, ECOAR E EMBARAFUZAR 371
602. A FIN DAS COUSAS 372

VI. CARTAFOL DA LINGUA 373
603. OS CARTAFOLES 373
604. AS MIÑAS VERBAS 374
605. LOITAMOS SEN TRÉGOLA 374
606. A MIÑA TERRA É AQUELADA COMA UNHA MAZÁ 375
607. UNHA PATRIA CEIBE 376
608. AFERROLLADO Á MORTE 376
609. NUN LATEXO SEN FIN QUE ME AGRILLOA 377
610. ATADALLO SERVIL 378
611. NOXENTAS CALOÑAS 378
612. NIN METERME EN DESQUENCIAS 379
613. E APÓS MARCHABAN 379
614. VEOS DE ANGURIA 380
615. UN HOME LANGRÁN 381

Páx.

616. COITELOS IRTOS 381
617. UN CÁGADO DE PERSOA 382
618. CAGATINTAS 383
619. CARAS ESMACELADAS 383
620. PAI DUN NENO ENGARANIDO 384
621. VOCES ENGURUÑADAS 385
622. EU QUÉROTE, MEU VEDRAIO 385
623. UNHA RAPAZA ESGUÍA 386
624. DOUS FILLOS PETISOS 387
625. REXO E BARIL 387
626. VARUDO E VARUDEZA 388
627. PRACTICABA O BAILE EN PORRANCHO 388
628. EMIGRANTES ESCALAZADOS 389
629. TÚZAROS LISTOS 390
630. SON UNS DOCAS 390
631. O FORRICAS DESLEIGADO 391
632. OS TABEIRÓS DO MUNDO 392
633. OS CATIVOS BADÚAS 392
634. O BADOCO ENDOMINGADO 393
635. UN HOME GAMBERNIA 394
636. NENOS AMUADOS 394
637. UN LENDIA PREA 395
638. OS DERRAMADOS 396
639. PATUFOS DESLEIGADOS 396
640. OS RÁBULAS 397
641. SÓRDIDO E VALURO 398
642. VILANOVA NOBRE E ESGREVIA 398
643. TONELADAS DE CAMÁNDULAS 399
644. O OFICIO DE GALDRANA 400
645. UNHA BALDREIRA E UN BANDALLO 400
646. O NEGOCIO DE ALCAIOTE 401
647. O TERROR DOS MALANDROS 402
648. ALCALDE DE CARALLO OU ALCALDE DO CARALLO 402
649. MANDAR TODO Ó CARAFIO 403
650. DOCE COMA O MEL 404
651. BRANDO BERCE 405
652. O PEQUENO BURGUÉS MOL 405
653. UNHA DONDA PONTEVEDRA 406
654. CELMES MANANTÍOS 407
655. TÉPEDAS MAÑÁS, MORNAS MAÑÁS 407
656. A TRIBU APOUPA 408
657. DOCE NAINAS 409
658. GARATUXAS, MOXEGÓNS E APALPADELAS 409
659. COXEAR E TRENQUELEAR 410
660. PADECENDO DE TORZÓN 410
661. DOMEANDO O ZARRIZO 411
662. SENTÍA O CORPO COMO ACAMBRADO 412
663. CARECA E LARAPIO 412
664. TATEXA E ZARABETA 413
665. ENGALICOU A MOITA XENTE 414
666. O CAN TOPENEXABA 414
667. COS PÉS POR DIANTE NUNHA PADIOLA 415
668. CARREGARON OS ANGARELLOS 416
669. DURME TRANQUILO NO TEU SARTEGO 416

Páx.

670. PEXA A TÚA GULA 417
671. TRIPABAN O PRANTO DOS HUMILDES 418
672. PENTEABA A NOSA CABELEIRA 418
673. RILLO CARNE A DIARIO 419
674. SEMPRE EMPUXANDO 419
675. EMPURRABAN DETRÁS 420
676. OS GURROS 421
677. SORTEAR E RIFAR 421
678. SABER SEN RETESÍA 422
679. COFEAR 423
680. ARROLAR E ROLAR 423
681. BREZAR E BRIZAR 424
682. ATEIGADOS DE LUZ E DE SOIDADES 425
683. ACUGULAR, ACUMULAR E AMONTOAR 425
684. ENCHEITO DE ENTUSIASMO 426
685. ERGUEUSE A PINOTE 427
686. A REGUEIFA 427
687. CÁNTIGAS DE CEIFA 428
688. ARPAS, FRAUTAS E GAITAS 428
689. O TEMPO SOA A BIRIMBAO 429
690. O BALBORDO DO BOSQUE E DO RÍO 430
691. O TROUQUELEAR DAS PISTOLAS 430
692. OS BRUÍDOS TREPIDANTES 431
693. ATURUXOS E BERROS 432
694. LAIOS E LAÍDOS 432
695. A CIDADE CONVÉRTESE EN FISCORNIO 433
696. ABOUXANDO ÁS XENTES 433
697. VAN CALADOS E VOUGOS 434
698. CALADIÑO, SILENCIOSO E SILANDEIRO 435
699. MERLOS ASUBIADORES E CHIFRADORES 435
700. ROLAS E RULAS 436
701. URROS CEIBOS E MUXIDOS 437
702. SETAS E VOLUTAS ABOMBADAS 437
703. BARRIOS E BAIRROS 438
704. ARRABALDES E SUBURBIOS 439
705. XENTE DOS ARREDORES 439
706. ROTAS E ROTEIROS 440
707. ESTRADAS, CORREDOIRAS E CORGAS 441
708. CARREIROS, CANELLAS E CALEXÓNS 441
709. O CHAFARÍS DA PRAZA 442
710. TORRES DE ALMASÍ 443
711. TABERNAS, TASCAS E FURANCHOS 443
712. UNHA BEBERAXE: A PURRELA 444
713. UN QUILOMBO DE MULATAS 445
714. ENLIXOUSE A CIDADE 445
715. ARRECENDENDO A TOXOS E CARQUEIXAS 446
716. CANGOU O FEIXE DE LEÑA 447
717. AGROMAR E ABROLLAR 447
718. AS MAPOULAS 448
719. CANTADE A VIOLETA 449
720. REMEXERON TOUZAS E CARBALLEIRAS 449
721. AGALLOPABAN CABALOS 450
722. SEMENTEIRA E SEITURA 451
723. O RELENTO 451

Páx.

724. AS LONXÍNCUAS CHAIRAS 452
725. LARGASÍO VAL DE CELANOVA 452
726. RÍO INFINDO 453
727. FOLERPAS DE SANGUE 454
728. TIÑA CARA DE CALANDRA OU MELLOR DE LAVERCA 454
729. ESTIÑA AS TÚAS BÁGOAS 455
730. A LÚA ESPREITA DENDE A BARANDA 455
731. O SOÑO SULAGADO 456
732. UNHA FÍRGOA DE LUZ 457
733. A MIÑA FANTASÍA SOÑANDO CON LECER 457
734. O CEO TÓRNASE MACIO 458
735. NUN SOTURNO CONFÍN 459
736. BAIXO O TEITO CAROAL 459
737. MASTROS DE SONOS 460
738. PIRINGALLAS E PIRINGALLOS 461
739. ZUPIA 461
740. O REFUGALLO 462
741. ZARRUMALLA 463
742. AS GRANDES TRAMPAS 463

VII. PENEIRANDO PALABRAS 465
743. TRAER A UN NO PENEIRIÑO 465
744. LINGUAXE PENEIRADA 465
745. BARUTAR, BORTELAR E SIRGAR 466
746. CRIBAR E ZARANDAR 467
747. SACHAR E ATERRAR 468
748. ACHEGAR, AMONTEAR, APORCAR E ABACELAR 468
749. ACOLAR, RESCALDAR E BIMAR 469
750. REDRAR, RENDAR E ARRENDAR 470
751. ENQUEIRADO POLO LUME 470
752. CLASES DE FARIÑA 471
753. METIDOS EN FARIÑA 472
754. SEGUIMOS ENFARIÑADOS 472
755. PAOS E PAUS 473
756. CADARMES E ACABRAMOS 474
757. NOMES DA DIXITAL 474
758. CORNELLAS E CORNECHAS 475
759. BOTOULLE AS MANS E ABALOUNO 476
760. A NAI ESTÁ ABALANDO O NENO 476
761. ABALEAR E ABANEAR 477
762. ABANAR E ABANOS 478
763. ACANEAR 478
764. APAÑAR 479
765. ARREBOLAR OU REBOLAR 480
766. OS SOUTOS 480
767. OS CASTIÑEIROS 481
768. VAREXAR CON VARAS E VARAIS 481
769. OURIZOS, OURIZOS E OURIZOS 482
770. ALPORÍZAME O OURIZAME 483
771. BOTEI UNHA RISADA QUEDEIME SEN NADA 483
772. PETELAR E DEBULLAR 484
773. IR Ó REBUSCO 485
774. COUSAS DAS CASTAÑAS 485
775. TONAS E PELAS 486

Páx.

776. ADENTAR E AMORDICAR 487
777. BULLÓS E ZONCHOS 487
778. A TRILLA E A COUZA 488
779. POLILLAS, TRAZAS, BROMAS, etc. 489
780. BESAS, SESES E CAREIXAS 490
781. VACALOURAS OU ESCORNABOIS 490
782. OS RELINCHOS 491
783. O XOTO PALPEXAR DAS TÚAS MANS 492
784. A CATROPEA 492
785. CHEIRA A COTOFEXO 493
786. SEGUIMOS CHEIRANDO 494
787. FEDER E APESTAR 495
788. ABAFAR, IMBRAR E REBOTAR 495
789. ABALLOAR, AMURCIAR E ALCATREAR 496
790. PALABRAS FÉTIDAS 497
791. O FACOTEXO 497
792. A MAÑANCIÑA DO LUNS 498
793. CORTA FEIRA E MÉRCORES 499
794. QUINTA FEIRA E SEXTA FEIRA 499
795. BOLAS E BOLOS 500
796. BÓLAS E BÓLOS 501
797. OUTRAS BOLAS E BÓLAS 501
798. BOLECAS, BALOCAS E BULAS 502
799. BOLICHES, BOLETOS E BILLETES 503
800. BULIR E REBULIR 503
801. BULEBULES E BULICIOSOS 504
802. BULIGAR, REBULIGAR E REBULDAR 505
803. BULLAR 505
804. BORBOLLAR E BURBULLAR 506
805. BORBOTÓN, BORBORIÑO, BORBOROTO 507
806. NÉBOAS OU NEBOEIROS 507
807. NEBLAS E NEBRAS 508
808. A BRÉTEMA 509
809. BRETEMADAS E BORRAXEIRAS 510
810. O CERZO, O CENCENO E A CEGOÑA 510
811. A MERA E A PESTE 511
812. BRUMAS E PARRUMAS 512
813. NOITES DE BABUXA 513
814. SERÁNS DE MELURA 513
815. BUFAR 514
816. BUFARDAS E BUFARRAS 515
817. CHUVIÑAR, CHUVISCAR E BRECAR 515
818. O ORBALLO 516
819. OUTRAS ORBALLADAS 517
820. TEMPO NEVARENTO 517
821. SEGUE FOLERPANDO 518
822. AGORA ESTÁ FARRAPANDO 519
823. NEVARÍOS, CORISCO 519
824. TEMPO XEARENTO OU XIADEIRO 520
825. LAZOS E CARAMBELOS 521
826. QUEDEI ATASCADO 521
827. ATOAR, ATUAR, ATUÍR E ATORAR 522
828. TORGAR, TROGALLAR, ATOLAR, ATOLLAR E ENTULLAR 523
829. ESE ARGUEIRO DE PO 523

Páx.

830. DA RENDA E OS ARRENDAMENTOS 524
831. ALUGAR E ALQUILAR 525
832. O TEU MANTO DE RENDAS 525
833. ANDAR Á REVINGUEITA 526
834. LOITADOR AFOUTO 527
835. EU CRAVO ENVISO OS MEUS OLLOS 527
836. DE SOCATO E DE SÚPETO 528
837. ASEMADE E ASOMADE 529
838. XIRIFEIRAS E ENGUEIMADOS NAS RELÚAS 529
839. MOUMEAR 530
840. NESGAR 531
841. ARREITAR 531
842. LIGAR 532
843. LEGAR, LEAR, ENLEAR 533
844. METERSE EN LÍOS 533
845. AS LIORTAS 534
846. ENREDARSE 535
847. SACARLLE A BISMA 536
848. EMPLASTOS E PARCHES 536
849. CATAPLASMAS E OUTROS APÓSITOS 537
850. ÉCHE BOA PREPIA 538
851. OS CAIROS E OS PITOS CAIROS 538
852. OUTROS CAIROS E QUEIROS 539

VIII. TESOUROS DA LINGUA 541
853. TESOUROS E TESOURAS 541
854. NAIDE E NADIA 542
855. SOB, SOBER E SOBOR 542
856. VEGOÑA, VELEDA E DESLINGAR 543
857. NOVEDAR 544
858. UNHA PRESADA DE CASAS BRANCAS 545
859. ESGÜIRSE 545
860. DEBOLECER 546
861. ADOVEA, AMBRE E SOLEO 546
862. CARAMITA, ARISTÓN E DULLETA 547
863. TERÍA OBRA DE VINTECINCO ANOS 548
864. APREGAR E ARBOLAR 549
865. ARBULAR 549
866. ALGUÉN BAFORDABA NA COCIÑA 550
867. O EMBEZO DA GUILLOTINA 551
868. PICAREXADA, EMPENICARSE E POSTILLEIRA 551
869. TRASGULAR, REBOCAR E ENGUITAR 552
870. TORDEANDO CHEGOU Á SÚA CASA 553
871. A CUSTIÓN DA MANCORDA 553
872. OS ADRENTOS DE CUNQUEIRO 554
873. ATAR CON TRELOS E ESTAR A CARRANCHAPERNAS 555
874. DESAPIDIR 555
875. CHINCHAR 556
876. A ALFITOMANCIA 557
877. SOVERQUÍALLE O SANGUE 557
878. O TOQUE DE COBRELUCES 558
879. FAGUEMOS UN AMAGALLO 559
880. CANDO OS BEIZOS SE PREGAN 559
881. BIRLAR E ARROUBAR 560

Páx.

882. O PARLANCHÍO 561
883. NONSENSE, OXALADORA E MUIÑETES 561
884. FIESTRAS E VENTANOS 562
885. FAIADOS E FAIOS 563
886. PASA POLA COUMA DE VIMIO O TARABELO 563
887. ABROURA-LO LUME 564
888. UNHA LARADA 565
889. TORNEIRA E TORMEIRA 565
890. O SAÍDO 566
891. PATIOS E PATÍNS 567
892. A TERRADA 568
893. CORREDORES E ADROS 568
894. CARRIOLA E BAMBEEIRA 569
895. BRINQUEDOS E XOGUETES 570
896. UN TENDOLLO E UN REGOLFO 570
897. AGASALLOS E GALANOS 571
898. SORTELLAS E ANEIS 572
899. OS CARTIÑOS 572
900. MÁIS SOBRE CARTIÑOS 573
901. MÁIS NOMES DE MOEDAS 574
902. ENTRE CHOPE E CHOPE 575
903. A COLINETA 575
904. AUGARDENTES E RATAFIAS 576
905. ENDOZAR E CACHETEAR 577
906. A PARVA DOS LEVADORES 577
907. A VILA MÁIS CHOQUEIRA DE TODAS 578
908. POLBOS E MEXILLÓNS 579
909. ZATICOS, CODELOS E FOLLALDRES 580
910. O PORCO COLGADO DO CAMBRIL 580
911. A PEL CROCANTE OU CROSCADA 581
912. A PEL TORRADA 582
913. RIZOS E BRIZOS 582
914. FROS 583
915. ESCANAVEIRADO, ESCANIDO E ESLONGADO 584
916. CORTARLLE A PERRERA 585
917. A SOÁ 585
918. UN PEITISAÍDO E UNHA PEITUGONA 586
919. ESQUELETOS E ÓSOS 586
920. AS SUFRAXES 587
921. CELLAS E PERFEBAS 588
922. CHEREPAS E XOROBETAS 589
923. ESCORDAR 589
924. RAÑAR Á MANGARRA 590
925. GORDOS E REGORDOS 590
926. MOFLETUDO 591
927. O SEU BOÁ DE PRUMAS COLORADAS 592
928. A ALBIXEIRA E A FALDRIQUEIRA 592
929. VISEIRAS E GORRAS 593
930. O CANTERLO DUNHA ZOCA 594
931. BEN ESTRIBADO NO SEU 594
932. AS HISTORIAS DO ALGARIBO 595
933. BAVOQUEIRO 596
934. RIBALDO 596
935. ANABOLENA, PINCERNA, TRUCHIMÁN E DEDÁS 597

Páx.

936. ANUGALLADO E PRESTE 598
937. ACADEGADOS E EMBEITOS 598
938. TABATEXO 599
939. OS TRASNEGOS 600
940. UN REI NON É UN POUSAFOLES 600
941. O PECOREIRO 601
942. DONAIROSOS E DONOSOS 602
943. O PARTIQUINO 602
944. ESQUILINOS 603
945. BRETONANTE E ABROCANTE 604
946. IRADOS E MAMERTOS 604
947. NOUTURNIO AMANTE 605
948. DEPENICAR NAS MOZAS 606
949. QUEN TERBELLA, TERBELLA 606
950. SOTELAR 607
951. INQUEDANZAS E ESGUEREZOS 608
952. DORES E DOLORES 608
953. DE RABEXAS, ARRABIOS, ARRABEXOS E ARRABENTOS 609
954. UN CORAZÓN DESALADO 610
955. HESITAR E DUBIDAR 610
956. NAMORADOS E NOIVOS 611
957. AGARIMOS E MAMOLIÑAS 612
958. ESPÍRITO DE SEN E TRIACA PREPÓSITA 612
959. FÚLGURA 613
960. OS BAIXÍOS SALSEABAN 614
961. AS FIGUEIRAS RAMONAS 614
962. RAIOLAR E RESOLEAR 615
963. ESTRAUTE CAMPECHE 616
964. UN CHEIRO A SOLFO 617
965. ESTRONDO E ESTRONICIO 617
966. BRANCUXENTO, ABRANCUXADO E LINAR 618
967. ALBEIRÓN, ALBIÑO E ABERIZO 619
968. MOURO E FUSCO 619
969. VERDEAL, AZUADO E AZULÓN 620
970. PRUSIANO, CELESTE, MORADO E VIOLETA 620
971. COUSAS MARELAS E LOURAS 621
972. COUSAS VERMELLAS 622
973. COUSAS ROXAS E ROIBAS 622
974. COUSAS RUBIAS E COLORADAS 623
975. COUSAS ROSADAS E ARROIBADAS 624
976. COUSAS GRISES E PARDAS 624
977. TROBOS E MELES 625
978. SOLTAS, ADIVAIS E TRELOS 626
979. UNHA ESBRUGA QUE TIÑA NOS NARNES 626
980. ENTRÁBALLE FEBRE POSTEMA Á HABENZA 627
981. OS CABALOS ESTOUPABAN POCEIRAS 628
982. A UDRE DAQUEL ZURRO 628
983. ERA ZAÍÑO LUCEIRO 629
984. O MURIGANTE 630
985. UN RATO CON AZAS 630
986. A BARNACLA E O TORDAVISCO 631
987. A FACENDA 632
988. ESMELGAR 632

IX. GLOSAS DA LINGUA 635
989. QUIZÁ, QUIZÁS E QUIZAIS 635
990. QUICIABES E CECAIS 636

Páx.

991. SEICA, SEIQUE E DISQUE 636
992. IGUAL, Ó MELLOR, SE CADRA 637
993. POIDA QUE, ACASO, TALVEZ 637
994. OGALLÁ 638
995. COUSAS DE ARRIBA 639
996. DERRIBA E ENRIBA 639
997. RIBA, POR RIBA E ENCIMA 640
998. SOBRE, SOBOR E ENCOL DE 641
999. EN POS DE POS 642
1000. IMOS POIS CON POIS 643
1001. EMPOIS E DEMPOIS 643
1002. DEMPOIS E DESPOIS 644
1003. ENMENTRES E ENTANTO 645
1004. ENTREMENTRES E NAMENTRES. 646
1005. MENTRAS E MENTRES 647
1006. HOGANO E AGORA 648
1007. ORA E ARESTORA 648
1008. AS VARIANTES DE ATA 649
1009. CHEGOU O INTRE 650
1010. INFINDO E INFINITO 651
1011. AFICIÓN, AFEIZÓN E AFECCIÓN 652
1012. DOURAR E ADORAR 652
1013. HORIZONTE E ORIENTE 653
1014. LABOURAR E LABOURAS 654
1015. DIMITEN DEPUTADOS DA DEREITA 654
1016. DEREITO, DIREITO OU DREITO 655
1017. DESEÑOS E DEBUXOS DIMINUTOS. 656
1018. DESCULPÁNDOSE CON MOITAS DESCULPAS. 656
1019. INIMIGO DE ENEMIGOS E NEMIGOS. 657
1020. DARLLE UN REVÉS. 658
1021. DE COÑOCER A COÑECER 659
1022. RECOÑECEMENTOS 660
1023. COUSAS BRANCAS E BRANDAS 661
1024. BRINCAR, BRANDIR, BRASÓNS E BRONDO 661
1025. BLINDAR, BLOQUE, BLUSA E BLASFEMIA 662
1026. DOBRAR, NOBRE, OBRIGAR E PUBLICAR 662
1027. CRAVOS E ESCRAVOS 663
1028. COUSAS CLARAS E CRARAS 664
1029. CLIMA, CLASE E CLAVE 664
1030. HOMES FRACOS E FRAQUES 665
1031. COAS PERNAS FLOXAS 666
1032. OUTRAS FRAUTAS E INFLUXOS 666
1033. REFLEXIONANDO SOBRE REFLEXOS 667
1034. SOBRE REGLAS, RÉGOAS E REGRAS 668
1035. OUTRAS GLORIAS 668
1036. PRAGUEAR PRAGAS 669
1037. PRAIAS E PLACAS 670
1038. PRACER E COMPRACER 670
1039. CHANTAR CHANTAS 671
1040. PLANTAS E PRANTAS 672
1041. O QUE SE PODE PLANTAR 673
1042. DE PLANOS E PLANS 673
1043. A TODA PLANA 674
1044. ARXÉNTEO OU DE PRATA 675

Páx.

1045. CLASES DE PRATOS 676
1046. PRANTOS E PRAZAS 676
1047. PRAZOS E PREITOS 677
1048. CLASES DE PLUMAS 678
1049. CÓMPRE CUMPRIR CON CUMPRIR 679
1050. CONTEMPLANDO TEMPLOS 680
1051. EXEMPLOS DA PALABRA EXEMPLO 681
1052. MÁIS EXEMPLOS QUE EXPLICAR 681
1053. EXPLICANDO SOLUCIÓNS 682
1054. DOUTORES E DOUTRINAS 683
1055. MÁIS DOUTRINAS E OUTROS OBXECTOS 684
1056. ATOUTIÑANDO E APOUPIÑANDO 685
1057. ANDAR ATARIÑANTE 686
1058. A VOLTAS CON VOLVER 686
1059. A VOLTAS COA VOLTA 687
1060. VOLTEANDO A VOLTAR 688
1061. PASEANDO, RUANDO E VAGANDO 689
1062. XIREI, VIREI, ESQUIVEI E FINTEI 690
1063. CARACOLEAR, SERPEAR, COLEAR E CANEAR 690
1064. ANDAR ÁS CEGAS E A TENTAS 691
1065. ANDAR ÁS BAROUTAS OU Ó CHOU 692
1066. ANDAR ÁS TOAS, A TREU 693
1067. ANDAR A DOUTÁN OU ÁS ARROUTADAS 694
1068. BOTAR UN NETO 695
1069. BOTAR UNHA OLLADA 695
1070. BOTOUME POR NADA 696
1071. SEGUIMOS BOTANDO FRASES 697
1072. BOTEMOS XA BOTAR 698
1073. BOTAR E BÓTAR 699
1074. ROMPERLLE OS CASCOS 700
1075. RELLAS E ENRELLAS 701
1076. REIXAS E ENREIXADOS 701
1077. AFIAR, AGUZAR E AMOLAR 702
1078. ORCELOS, ORZÓNS, ORZAS E ORZAMENTOS 703
1079. FIANDO FÍOS 704
1080. FIADAS, FIADEIROS E FIAÑOS 704
1081. DESFIAÑAR, DESFIAR, ENFIAR E AFIAR 705
1082. CHATOLAS E BROCHAS 706
1083. VENTÁS, XANELAS E FIESTRAS 707
1084. CAMPANAS E CAMPÁS 708
1085. SEÑAS, SIGNOS E SINOS 709
1086. CAMPAÍÑAS, CAMPANARIOS E BADALADAS 710
1087. DE PICAR A REPICAR 710
1088. REPENICAR E PENICAR 711
1089. COUSAS SOBRE AS RODAS 712
1090. RODAR, RODEIRAS, RODEIROS 713
1091. RODOS, RODELAS, RODICIOS, RODAXES 714
1092. ARRODEAR E ARROLAR 714
1093. IMOS A ROLOS CON ARROLAR 715
1094. ROLLAS, ROLLOS E ROLDAS 716
1095. CEO ALBADEADO OU DESPEXADO 717
1096. CEO CON CERTO TIPO DE NUBES 718
1097. MÁIS COUSAS SOBRE O CEO 719
1098. RACHAS, RAXADAS E RAXEIRAS 720

Páx.

1099. REFACHOS, REFOLADAS, LUFADAS, BAFARADAS E VENTADAS 720
1100. OUTROS AIRES E VENTOS 721
1101. ESFRIAR E REFRIAR 722
1102. ARROFIAR E ARREPIAR 723
1103. ARREPÍOS E ARREGUIZOS 723
1104. DE CALAFRÍOS A ESCALLOFRÍOS 724
1105. CHAMIZOS E CHAMUSCOS 725
1106. LAPAS, LAPARADAS E LABARADAS 725
1107. FUMEIROS E CHEMINEAS 726
1108. O CASCO URBANO 727
1109. COUSAS DE SUCO E SUCAR 728
1110. FACER REGOS E DERREGAR 728
1111. HOXE IMOS REGAR 729
1112. DE MOLLAR A ENCHOUPAR 730
1113. ENCOROS, ESTANQUES E PRESAS 731
1114. ENCALCOS, TAPACUÑAS, CORGOS, RELANZOS 732
1115. CEREIXAS E CERDEIRAS 732
1116. O PAÍS DAS PENAS 733
1117. XERMOLAR E ABROCHAR 734
1118. GROMOS, BOTÓNS, BROTES E ABROLLOS 735
1119. GRELOS, FILLOS E REBENTOS 736
1120. COSTAS E ENCOSTAS 737
1121. RAMPAS, RAMPLAS E PENDENTES 738
1122. CARRICENTO, MUSGOSO OU MOFOSO 739
1123. BRITAS, BIRTAS, FERVIGUEIROS E CANIGOTES 739
1124. ¿QUE SON OS ZOROLLOS? 740
1125. PASOS ESTREITOS ENTRE MONTAÑAS 741
1126. MALLAR E MAIAR 742
1127. CHAPELEAR NA DOIRA 743
1128. CHOER, ACHUÍR E DESCHUÍR 743
1129. CHOUSO, CHOUSA, CHOUSAR 744
1130. COUSAS DE PALLA 745
1131. COUSAS DE PALLEIROS 746
1132. PALLEIRAS E PALLOZAS 747
1133. FACHAS, FACHOS, FACHICOS, FACHUZOS 748
1134. OUTROS DERIVADOS DE FACHA E OUTRAS FACHAS 748
1135. CASCOS DE ANIMAIS 749
1136. AS COXAS 750
1137. ZANCOS E PERNÍS 750
1138. RABAÑOS E ARRABAÑAR 751
1139. SEGUIMOS ARRABAÑANDO 752
1140. PERICAS E PERICOS 753
1141. ATAR PATAS E CORNOS 754
1142. PEXAR E SOLTAR 755
1143. COCOS E COCAS 755
1144. AÑOS, CORDEIROS E ROXELOS 756
1145. ANDOSCOS, OVELLAS E CARNEIROS 757
1146. ATOBAR OU ENTOBAR 758
1147. TOSAR E TOSQUIAR 759
1148. RAPAR E OS SEUS DERIVADOS 760
1149. MÁIS COUSAS DE PENA 760
1150. APUPAR CON APUPOS 761
1151. COUSAS DA CARNE 762
1152. MÁIS COUSAS DE CARNE 763

Páx.

1153. ENCETEMOS ALGO 764
1154. CURANDEIROS E MENCIÑEIROS 764
1155. LABAZADAS, LAPADAS, LAMBADAS E LOSQUEADAS 765
1156. SOPRAMOCOS, PANCADAS, MOUFADAS, TROMPADAS 766
1157. COSTURÓNS E MICHAZOS 767
1158. TRISCAR, TRISCAS E TRISCOS 768
1159. MAIAR, AMAIAR E ESMAIAR 769
1160. ABURAR, ABOURAR E BOURAR 769
1161. GOZAR E DISFRUTAR 770
1162. DAR CABEZADAS 771
1163. COTELEAR, MONEAR, MOQUEAR E SONEAR 772
1164. O CÓS E O VAN 773
1165. DE FRONTE Á VOZ FRONTE 773
1166. ESTAMOS ENFRONTE 774
1167. AFRÓNTASE MOITO 775
1168. DE FRONTAL A FRONTÓN 776
1169. DE TESTOS E TESTAS 777
1170. DERIVADOS DE TESTA 777
1171. LAGAÑAS E LEPIAS 778
1172. ALBISCAR E ENXERGAR 779
1173. CHISCAR E CHISCOS 780
1174. CHOSCAR E CHUSCAR 781
1175. TORTO, BRECO E MECO 782
1176. VESGOS E BIROLLOS 783
1177. MIOPES E CEGOS 784
1178. PESTANAS E PERFEBAS 784
1179. PÁRPADOS, PÁLPEBRAS E CAPELAS 785
1180. SOBRECELLAS, CELLAS E ENTRECELLO 786
1181. MENIÑAS E SANTIÑAS 787
1182. O QUE É UN OLLO 788
1183. MÁIS SIGNIFICADOS DE “OLLO” 789
1184. OLLAR, OLLAPAR E OLLECER 789
1185. OLLEIRAS, OLLAIS E OLLOMOLES 790
1186. MIRAR DE ESGUELLO E ABESULLAR 791
1187. ESPIAR, ALUCAR E AGAITAR 792
1188. OSMAR, USMAR E ATUSMAR 793
1189. AXEXAR E ASEITA 793
1190. GUICHAR, ESCULCAR E ESPREITAR 794
1191. VIXIAR, OBSERVAR E CONTEMPLAR 795
1192. FIXARSE EN, FITAR, CATAR E GUIPAR 796
1193. ÁS APALPADELAS E ÁS TOUTIÑAS 797
1194. BEMBAS, BEIZOS, BICOS E LABIOS 798
1195. ABAFADO, ATUFADO E ATAFEGADO 799
1196. DE BOCA EN BOCA 799
1197. TODO A PEDIR DE BOCA 800
1198. PALABRAS COMPOSTAS CON “BOCA” 801
1199. DE ALÍ A UN BOCADIÑO 802
1200. BOQUEIRAS E BOCALLADAS 803
1201. BOQUEAR OU BOCEXAR 804
1202. DE ABOCAR A DESEMBOCAR 805
1203. O NARIZ, OS NARNES 805
1204. NARIZUDOS E COUSAS NASAIS 806
1205. ESNACHAR E ESNAFRAR 807
1206. ¿QUE É FUNGAR? 808

Páx.

1207. PATELOS E CHATOS 809
1208. FOCIÑOS E FUCIÑOS 809
1209. RISOS E SORRISOS 810
1210. CORRE A SONA 811
1211. A FAMA E O CRETO 812
1212. DAR CRETO 812
1213. NA CRISTA DA ONDA 813
1214. ALDRAXOS E XENTE ALDRAXADA 814
1215. AFLIXIR E HUMILLAR 814
1216. ESCACEXANTE E ATORDOADO 815
1217. SEGUIMOS ATORDOÁNDONOS CON PALABRAS 816
1218. BARDAS E BARDALLÁNS 817
1219. PASMO, PASMAR E PASMÓN 818
1220. VALE A PENA FALAR DE PENAS 819
1221. DILINGUEIRO, LIZGAIRO E LIXEIRO 820
1222. ALUADOS, ALUARADOS E ESLUADOS 820
1223. SANGAL OU XANGAL 821
1224. EDOSO, ANOSO E ANDADO 822
1225. MÁIS DE ZOROLLOS E CERELLOS 823
1226. AZORAR, XENICAR E TURBAR 824
1227. INQUIETARSE, DESACOUGARSE E ACORARSE 824
1228. AMOCADO E MOUCADO 825
1229. PATETAS, PROSMAS E TROSMAS 826
1230. NOXO, NOXENTO, NOXAR E ANOXAR 827
1231. XIRINGAR E ENFASTIAR 828
1232. CHAFALLAR, CHAFUCAR E DESVARIAR 829
1233. GUILLADOS, TAROUCOS, PAXOLOS E ASURADOS 830
1234. VIDA LORDENTA, FEDORENTA, FOZOSA 830
1235. CHOIOS, CHOIAR E ENCHOIAR 831

X. FIESTRA DA LINGUA 833
1236. FIESTRAS, XANELAS E VENTÁS 833
1237. BOTINAS LONGAS E ESGUÍAS 834
1238. É BEN LANZAL OU DANZAL 835
1239. MONTES ABUADOS 835
1240. MONTES ABUADOS 836
1241. CISMAR E ESCISMAR 837
1242. SEGUIMOS CISMANDO 838
1243. SOLERMIÑO E SOLERMA 838
1244. SOLERCIA E SOLERTE 839
1245. TURRAR POR UN CHICOTE 840
1246. DAR UNHA LASQUETA 841
1247. REMADOIRAS E CORNAMUSAS 842
1248. ADOAS E PELETRES 843
1249. O PORVISO 844
1250. O URCO OU ORCO 844
1251. COUSAS ENTOÑADAS 845
1252. DE ENTÓN A DESTONCES 846
1253. TODOS A RIR COS SEUS RETROUSOS 847
1254. COUSAS E FEITOS MAINOS 848
1255. ARRELOAR 849
1256. VENELAS E CALEXAS 850
1257. MUNDOS E BAÚIS 851
1258. ECOAR E RESOAR 851

Páx.

1259. EMBOUTAR, LIXAR, ENZOUFAR 852
1260. GRUSMIAS, COBIZOSOS E MEXERIQUEIROS 853
1261. ALABEEIRO E ALABEAR 854
1262. DE ARREMANGAR A ARREFEIGAR 855
1263. BOUGA E VOUGA 856
1264. OUTROS RUMORES 857
1265. ESTRANGOAR, AFOGAR E ESGANAR 857
1266. AMPEAR, ALASAR E AFRONTARSE 858
1267. ACORAR E ATAFEGARSE 859
1268. ABAFAR, BAFEXAR E CALMEAR 859
1269. AS COUSAS QUE SE ENSARILLAN 860
1270. A PALABRA “CHOQUEIRO” 861
1271. ¿QUE É UN BARBARALLOCAS? 861
1272. BARULLEIROS E MENTIREIROS 862
1273. SER ARGALLEIRO 863
1274. EU ANDABA ATORTORADO 864
1275. SEGUIMOS ATURANDO 864
1276. CAÍU APARVADO 865
1277. AFROANTE EN DÍA DE XOULA 866
1278. BEN CANTAREIRO 866
1279. DEIXEIME ACALOUMIÑAR 867
1280. ESFARELARSE 868
1281. UNHA CULTURA ESFRANGULLADA 869
1282. GRANDALLÓN OU LANGRÁN 869
1283. MANGALLÓN, LACAZÁN, FOLGAZÁN E PREGUICEIRO 870
1284. VAGOS E VAGAMUNDOS 871
1285. LUBRICÁN E MENCER 871
1286. ABRAIADO OU PASMADO 872
1287. PAMPO, ASOMBRADO E ATÓNITO 873
1288. SORPRENDIDO, MARABILLADO, IMPRESIONADO 874
1289. SEGUIMOS AGLAIADOS 874
1290. ALGO QUE ESTÁ FONXE 875
1291. FONCHOS E RUFOS 876
1292. FONCHOS E RUFOS 877
1293. ORGULLOSOS E FACHENDOSOS 877
1294. ALICERCES OU FUNDAMENTOS 878
1295. CASULOS, CASCAS E VAÍÑAS 879
1296. ALBISCAR E ABESULLAR 879
1297. SEGUIMOS AXEXANDO 880
1298. UN CREGO RUZO E BONDOSO 881
1299. SICHOS OU CICHOS 882
1300. TRAXES FEITUCOS E CHARRAMANDISCOS 882
1301. ¿QUE É UN CHICOTE? 883
1302. GARABELOS E CARABELAS 884
1303. APIÑOCAR OU AMONTOAR 885
1304. BABIÁN, BABECO E BABIOLO 885
1305. ESPÁCIGAS NOTICIAS 886
1306. MOFA OU MOUFAS 887
1307. COA PANELA DE ARGAZO MOI APIRUCADA 887
1308. BUCOS E PORTELOS 888
1309. O SULIGROSO ESCARAVELLAR 889
1310. REBOS APREIXADOS POR HEDRAS 889
1311. ESPERNEXAR DEBAIXO DUN FARDO 890
1312. DISQUE É UN TOSCALLEIRO 891

Páx.

1313. BROSMOS E TÚZAROS 891
1314. O VERBO ABICAR 892
1315. DE ABOCARSE A ENCAMIÑARSE 893
1316. ABANEABA A TESTA 894
1317. ARRANDEAR OU RANDEAR 894
1318. ASÍ DE SÓCATO 895
1319. DE SÚPITO VAISE 896
1320. GABAR E GABANZAS 896
1321. FACHENDISCOS E FACHENDOSOS 897
1322. IGNORAR E SIGNIFICAR 898
1323. O VELAÍÑO BOLIGAR 899
1324. ENTALAR OU ENTALECER 899
1325. COA VOCE ESNAQUIZADA 900
1326. ESMAGUZAR, ESMAGUCHAR E MACHUCAR 901
1327. LARIZÁN E TRUPIOSO 901
1328. GRAFIÑAR E PUVULLA 902
1329. REPENICAR E REQUENEAR 903
1330. RÍNGOLAS E RIOLAS 903
1331. MOINAS E MOINANTES 904
1332. OUTROS TIPOS DE MOINAS E RAPOSEIROS 905
1333. ARRUALLO E RETRANCA 906
1334. COUSAS DE LARETOS 906
1335. REGATEAR E RELEAR 907
1336. ENLEAR OU ENLIAR E DESENLIAR 908
1337. LEAR, LIAR E LIGAR 909
1338. DE DISPUTAR A ENGUEDELLARSE 909
1339. SEGUIMOS RIFANDO 910
1340. PORFIAR E INSISTIR 911
1341. SEGUIMOS TEIMANDO 911
1342. ¿QUE É UN RILLOTE? 912
1343. TRASNOS, TRASGOS E TRASTES 913
1344. SEGUIMOS COS PILLOS 914
1345. ARTEIROS, ASTUTOS E PÍCAROS 914
1346. A VERBA “ENXEBRE” 915
1347. XEBRE E INXEL 916
1348. SINXELO E SINXELEZA 917
1349. SIMPLE E SIMPRE 917
1350. COUSAS VERDADEIRAS E PURAS 918
1351. AUTÉNTICO, LEXÍTIMO E LÍDIMO 919
1352. LINDO E LIMPO 920
1353. NÍTIDO, NIDIO E NETO 920
1354. ESGREVIA COMPAÑÍA 921
1355. CANDO UN SE SENTE ESMACELADO 922
1356. O GALEGO FANDELO E FROUXO 923
1357. A FOULA DAS NOSAS VERBAS 923
1358. REBELDÍAS, REVOLTAS E LIORTAS 924
1359. VERBOIROS E ENXURRADAS 925
1360. DISCURSOS, SERMÓNS E PRÉDICAS 925
1361. PAROLAR, PARRAFEAR E PALICAR 926
1362. MÁIS COUSAS DE LOCUACIDADE 927
1363. O PENSAR GALEGO É RAVESOSO 928
1364. COUSAS REVESGADAS 928
1365. A VIDA É VOLTEEIRA 929
1366. ESMILLAR, INGADAR E PANDULLAZO 930

Páx.

1367. PEAÑAS E PEDESTAIS 931
1368. ATIAXADO E ATIAXANTE 931
1369. O GALEGO FAMULICIO 932
1370. TER XORNE 933
1371. ZUGOSO E DESILUDIDO 933
1372. TRUPIOSOS E VELLOUQUEIROS 934
1373. ADORMIÑAR E AZOROÑAR 935
1374. ENTARABELAR E ESQUICIAR 936
1375. TÚRDEGAS E TURDIO 936
1376. MOFEIRO E MOUFEIRO 937
1377. ESCUMAS E XERFAS 938
1378. XEME E PETUSCO 939
1379. IRTO E IRTIO 939
1380. FALARICA E BROSMO 940
1381. ENTOÑAR E DESENTOÑAR 941
1382. ESMAGUCHAR E ESMAGUZAR 942
1383. ALCADAR E ACADAR 942
1384. O GARABELO QUE PENDURABA NUNHA GLOBA 943
1385. PARROQUIALISMO, RESABIO E MALAVEZO 944
1386. HOMES CADAMOLLOS E RÍSPIDOS 944

XI. MATINANDO NA LINGUA 947
1387. MATUTINO E MATINAL 947
1388. O VERBO MATINAR 947
1389. CAVILEMOS 948
1390. CISMEMOS 949
1391. PENSEMOS CON INSISTENCIA 949
1392. COIDEMOS ALGO 950
1393. SIGAMOS COIDANDO 951
1394. COIDAR E CUIDAR 952
1395. DO COIDADO Ó DESCOIDO 952
1396. MAXINAR OU IMAXINAR 953
1397. ¿ONDE MAXINAMOS OU IMAXINAMOS? 954
1398. ¿QUE PODEMOS URDIR? 955
1399. ¿QUE ESTÁS ARGALLANDO? 955
1400. IDEAS E IDEAR 956
1401. IDEAL E IDEALIZA 957
1402. CONCIBIBLE CONCEPTOS 958
1403. CONSIDERACIÓNS SOBRE CONSIDERAR 958
1404. CONXECTURAR E CONXETURAR 959
1405. SEGUIMOS MAQUINANDO 960
1406. MEDITEMOS SOBRE MEDITAR 960
1407. HOXE VOU PROFUNDAR 961
1408. SIGO PROFUNDANDO 962
1409. AFONDAR E AFUNDIR 963
1410. IMOS REFLEXIONAR 964
1411. REFLECTIR POR REFLEXAR 964
1412. ESTIMAMOS MOITAS COUSAS 965
1413. IMOS BARRENAR 966
1414. VOU DELIBERAR 967
1415. AS ESPECULACIÓNS 968
1416. SEGUIMOS CONTEMPLANDO 969
1417. ESTOU DISCORRENDO 969
1418. ESTUDOS OU ESTUDIOS 970

Páx.

1419. SEGUIMOS ESTUDIANDO 971
1420. ENXAMES DE COUSAS 972
1421. O CULTISMO EXAME 973
1422. REMATAMOS CON EXAMINAR 974
1423. INVENTEMOS COUSAS 974
1424. ACHEMOS EXPLICACIÓNS 975
1425. SEGUIMOS CON ACHAR 976
1426. ENCONTREMOS SOLUCIÓNS 977
1427. ENCONTROS E ALCONTROS 978
1428. O VERBO TOPAR 979
1429. FRASES DE TOPAR 979
1430. FRASES CON ATOPAR 980

XII. ÍNDICES 983
VOCES GALEGAS 983
VOCES GALEGAS MEDIEVAIS 1119
VOCES LATINAS E LATINOVULGARES 1123
VOCES ALEMANAS 1133
VOCES ÁRABES 1133
VOCES ARAGONESAS 1133
VOCES ASTURIANAS E LEONESAS 1333
VOCES BRASILEIRAS 1134
VOCES CASTELÁS 1134
VOCES CATALANAS 1140
VOCES CELTAS 1140
VOCES ESCANDINAVAS 1141
VOCES FRANCESAS 1141
VOCES GREGAS 1142
VOCES HEBREAS 1142
VOCES INGLESAS 1142
VOCES ITALIANAS 1142
VOCES OCCITANAS 1143
VOCES PERSAS 1143
VOCES PORTUGUESAS 1143
VOCES ROMANESAS 1149
VOCES XERMÁNICAS 1149
ÍNDICE DE TEMAS 1150
ÍNDICE DE PERSOAS CITADAS 1151

I. VARIA

Galicia ten unha lingua de seu

Desde os tempos máis duros do pasado réxime político nunca estivo a lingua galega nunha situación tan delicada coma hoxe. Ocorreu que despois de varios séculos de aturar unha situación de desamparo e descoñecemento da realidade lingüística galega por parte dos poderes políticos que gobernaron o antigo Reino de Galicia, o pobo galego mantivo teimosamente o seu medio de comunicación social sen entregarse á lingua que lle podía abrir moitas portas e que se lle ofrecía na escola, na igrexa, na administración, nos periódicos, na radio, na televisión, etc.

Desde hai máis dun século comezou unha dura loita, primeiro duns grupos minoritarios de literatos (lembremos a Rosalía e a Murguía, a Pondal ou a Curros Enríquez) para eleva-lo galego ó rango de lingua superior no uso poético; despois vén o esforzo doutros grupos de homes para amplía-lo seu ámbito a tódolos saberes (lembrémo-los membros da Xeración Nós ou os do antigo Seminario de Estados Galegos, que conseguiron ergue-la lingua galega á categoría de lingua de cultura capaz de expresar tódolos desexos dun pobo civilizado) e tamén o esforzo dos movementos daqueles homes das Irmandades da Fala que loitaron por alcanzar unha normalización da lingua a tódolos niveis.

Cando esta loita cristalizaba no triunfo prestixioso da consideración de lingua oficial no Estatuto para Galicia de 1936, os acontecementos políticos botaron por terra os desexos dun pobo, de poder usala lingua herdada dos seus devanceiros de maneira oficial.

Outra vez houbo que comezar de novo. Os galegos desde o exterior e outros desde a mesma Galicia non deixaron que o lume da lingua escrita se apagara; non fai falta repetir que as xentes seguiron a falar na casa, na vida privada, a lingua propia.

Nos anos 50 comeza de novo a loita desde o terreo literario e cultural. Nos anos 60 xorden grupos universitarios e grupos políticos que tomaron tamén o facho da loita lingüística ata alcanzar outra vez para Galicia, que a súa lingua se convertese novamente en lingua oficial. Conseguida xa a consideración de lingua oficial, non ten, de tódolos xeitos, o galego un camiño de rosas ante el. Sendo como é Galicia un país de pouca inmigración, por tanto, cun número de falantes galegos superior a un 80 por cen da poboación, non podería haber grandes problemas para que a lingua normal de comunicación entre os galegos fose a súa propia lingua. Con todo, as dificultades son grandes. Non se pode dun día para outro facer que tódolos mestres, tódolos curas, tódolos funcionarios empregados na Administración

central ou local falen ou escriban o galego como se o estivesen a facer sempre. Por iso o camiño está cheo de dificultades e non hai que perde-lo afán de loita.

Hai que seguir loitando fronte ós que teñen unhas ideas universalistas e cren nunha comunidade universal igualitaria que ha de falar unha soa lingua (¿cal? ¿o inglés, o chino, o ruso...?), fronte ós que cren que hai que falar cristián (¿será o castelán?), fronte ós que ata hai pouco ignoraban que en Galicia había unha lingua propia e agora xa non lles chega só co galego, senón que van máis alá del, sen importarlles nin o uso, nin as fronteiras lingüísticas nin os límites cronolóxicos.

Galicia ten unha lingua de seu. Ten unha lingua que como todas -dicíame hai pouco un emigrante en Alemaña-, con palabras que o máis sabio dos lingüistas subscribiría, apréndese de boca a boca. Non hai poder fáctico (civil ou militar ou administrativo) que impida ese tesouro de comunicación social. Por iso non podo menos de lembra-las horas pasadas cun grupo de galegos en Colonia, que, abandonados á súa sorte individual, falan o galego que aprenderon dos seus devanceiros e que, á súa vez, llelo aprenden ós seus fillos. ¡Que exemplo máis digno!

Galicia ten unha lingua de seu, que está depositada na alma de tódolos galegofalantes, que teñen, ademais, a abriga moral de cultivala, usándoa en tódolos mesteres da súa vida.

Galicia ten unha lingua de seu, aínda que haxa quen pense que non serve senón para as pequenas ocasións e que para as grandes están o castelán ou mesmo o portugués.

Galicia ten unha lingua de seu que non necesita a axuda dos que agora a queren salvar eliminando as súas raíces co pobo.

Galicia fala galego e non se deixará arrebata-lo seu tesouro máis prezado cambiando as súas expresións máis íntimas, as súas verbas máis queridas, por expresións e verbas alleas ó seu espírito.

A loita de tantas xeracións por manter un medio propio de comunicación social non pode ser abandonada agora no momento crucial en que nos atopamos.

Axudemos todos á normalización da lingua que Galicia ten de seu.

A lingua e os medios de comunicación social

Todo falante sabe que a súa fala é un código co que se entende coas demais persoas que o rodean, e ten sempre uns modelos ou patróns lingüísticos para imitar. Eses modelos adoitan se-las persoas que teñen un prestixio meirande ca el. Iso sucede en calquera lingua ou dialecto, e en calquera época da súa historia. Se pensamos no vasto mundo do Imperio Romano, vemos que en tódalas partes se conservou unha grande unidade da lingua falada porque tódolos falantes imitaban ós mandos políticos, administrativos, educativos ou comerciais, que á súa vez, mantiñan a mesma relación con respecto ós representantes do poder central de Roma manifestados nos seus patricios. Cando estes modelos romanos non foron xa tidos en conta polos demais falantes do imperio porque as invasións xermánicas romperon as comunicacións, a lingua latina foise quebrar e rompeu en varios dialectos.

O latín escrito quedou aínda como lingua de cultura durante varios séculos. Ó longo da Idade Media foi aínda en moitas partes lingua da administración. Ata o século XVIII continuou sendo a lingua científica por excelencia e mesmo ata hoxe vén sendo a lingua da Igrexa Católica Romana.

Cando a partir dos séculos VIII-IX, nacen os dialectos romances como resultado da diversificación do latín falado, foi necesario que as xentes buscaran novos patróns ou modelos lingüísticos. Ó crearse novas entidades socio-políticas-económicas, constituíronse uns novos centros culturais ou de pres-

tixio social que habían de marca-las novas directrices destas linguas. A administración eclesiástica, os centros monacais, por unha parte, e as cortes reais ou feudatarias, pola outra, son os modelos que seguen os falantes das linguas vulgares.

Pouco a pouco estas linguas vulgares van suplindo ó latín e converténdose en linguas non só de comunicación normal, senón tamén de comunicación cultural, literaria, etc. Pénsese que nesta época practicamente non había lectores e polo tanto os modelos eran orais: A fala dos clérigos nas súas prédicas, a dos notarios, administradores de xustiza, alcaldes, etc., representarían os modelos do prestixio social. A influencia dos xograres e dos actores das representacións teatrais serían os patróns da influencia literaria na lingua oral.

A invención da imprenta

A mediados do século XV ten lugar un dos inventos máis espectaculares para a unificación das linguas. Trátase da invención da imprenta e con ela da posibilidade da extensión das producciónns literarias científicas, relixiosas, etc. a un maior número de falantes.

A partir, pois, do século XVI, a influencia dos escritores e dos gramáticos vén sumarse á influencia exercida por aquelas outras persoas que tiñan o prestixio social-político-administrativo.

Dous séculos máis tarde comeza a estenderse o ensino escolar en tódolos países. Parece, daquela, que as linguas teñen asegurada xa a súa fixeza, dado que tódolos falantes serán escolarizados e polo tanto aprenderán a lingua culta representada pola lingua escrita. No século XIX chega outro medio de comunicación que vén axudar á norma lingüística imposta pola escola: a prensa. Os diarios, semanarios, revistas, folletos, libros, etc., parece que se van converter definitivamente nos modelos lingüísticos para imitar por tódolos falantes dunha lingua.

Xa no século XX aparecen novos medios de comunicación social que van influír de modo definitivo no desenvolvemento das linguas: a radio, primeiro, e pouco despois o cine sonoro, e máis recentemente a televisión; nestes momentos estamos asistindo ó nacemento doutro novo medio, os vídeos.

Estes novos medios de comunicación audiovisuais van cambiar de modo radical os presupostos dos modelos lingüísticos que tiñamos ata agora. A escola representou un modelo equilibrado de influencia na lingua oral e na lingua escrita. Os libros e a prensa fixeron que a lingua escrita tivera unha importancia capital no desenvolvemento das linguas, pero os novos medios de comunicación social van ter, ou mellor dito, teñen hoxe xa, unha influencia extraordinaria na norma lingüística. Os momentos de ocio do home de hoxe están marcados pola presencia totalitaria e absorbente dos modelos orais que representan estes medios audiovisuais. É moito máis cómodo escoita-la radio ou a televisión que ler un libro. As mensaxes que representaban un modelo de prestixio hai tempo estaban aínda moi influídas pola lingua escrita. As novas mensaxes entran no espírito do home actual, en gran parte, a través dunha comunicación oral.

Visión histórica

Se tratámo-lo caso concreto da lingua galega, temos que dicir que na Idade Media a súa situación era igual ó sucedido nas demais linguas romances. O proceso dos modelos lingüísticos que inflúen nas linguas a partir desa época non funcionan xa no caso do galego.

No século XVI non ten ningunha influencia para o desenvolvemento da nosa lingua a invención da imprenta e as consecuencias que trouxo consigo. Non hai gramáticas galegas, non hai obras literarias ou científicas en galego, como non hai nin sequera unha casta social "en galego" que tivera un prestixio social para os falantes galegos.

No século XVIII ten lugar para o galego unha gran desgracia: a introducción da escola. Unha escola que non é feita para favorece-la lingua galega, senón para favorece-la lingua castelá. A pesar desa falta dun modelo lingüístico que unificaría a lingua común, esta conservouse ata o día de hoxe recibindo continuas interferencias. Só a partir de 1970, con motivo da publicación da Lei Xeral do Ensino, se vai permitir que o galego entre nos centros escolares.

Non existe en ningures un teatro estable nin tampouco existe un cine galego de proxección popular. ¿Cantos galegos haberá no día de hoxe en Galicia que viron un filme galego, ou unha obra de teatro en galego? É doado saca-la conclusión de que tampouco o cine e o teatro tiveron ningunha influencia como modelo lingüístico para os nosos falantes.

Por último, teñamos en conta os dous grandes medios de comunicación actuais: a radio e a televisión. No caso da primeira debemos dicir que nos últimos tempos hai algunhas emisoras que adican unha ou dúas horas diarias a emitir en galego, pero non hai, como en Cataluña, emisoras que difundan toda a súa programación na nosa lingua. Ademais, salvo casos excepcionais, temos que dicir que prima o "elemento folclórico". Hai algúns esforzos que non sei se serán máis negativos que positivos para o desenvolvemento da lingua: o non haber unha información propia de axencias escrita en galego fai que ás veces algúns locutores improvisen traduccións, sobre a marcha, de textos que se nota que están escritos en castelán. ¿Cantos anuncios normais se fan en galego?

Estima-la lingua

Penso que a importancia da televisión, como xa dixemos antes, é hoxe capital para actuar como modelo lingüístico. É moi pouca a xente que non escoita decote algunhas horas de emisión televisiva. Dunhas 100 horas semanais de programación televisiva non chegan a dúas as adicadas á emisión de mensaxes en lingua galega. Hai un "programa rexional" que emite uns 20 minutos, cinco días á semana, dedicados a Galicia e nin sequera a metade da emisión é en galego. A importancia da televisión é tan fundamental hoxe que se non se pon remedio a esta situación nun prazo inmediato, o status de bilingüismo actual chegaría a desaparecer. Non é soamente o feito de que a xente estea escoitando continuamente mensaxes en castelán sobre moitos aspectos da situación política, da vida social, económica, da ciencia e da cultura, senón que tamén, neste momento, en que están a cambiar tantas cousas da vida material actual, escoita unha cantidade enorme de nomes de obxectos, productos, xoguetes e demais trebellos que a propaganda lle mete polos ollos e polos oídos. Este mundo novo, no que se está a introducir ó falante normal galego, fará que este non empregue senón esas verbas e esas expresións que recibe continuamente, pero esas verbas e esas expresións son castelás, non galegas.

Queremos, pois, chama-la atención dos responsables políticos do país galego e dicirlles que non abonda coa escola para normaliza-lo galego. A escola en galego tivo que facerse xa hai dous séculos. Temos que dicirlles que a prensa e os libros non abondan xa para cumprir este fin. A radio e a televisión deberán ser hoxe os obxectivos primordiais de conquista para poñelos ó servicio da lingua galega.

Os modelos lingüísticos que actúan sobre os falantes seguen sendo os de sempre, os de máis prestixio social. Agora ben, as xentes que antes tiñan, para os falantes, máis prestixio social (mestres, curas,

xuíces, notarios, etc.) non teñen hoxe tanto coma o que alcanzan as xentes que por diversas circunstancias aparecen no aparello de televisión: locutores, cantantes, actores, políticos, comentaristas, estrelas de cine, etc.

A lingua e o ensino

Ben que hai moitas maneiras de prestixiar unha lingua a traveso do seu uso na Administración, na Igrexa, na política, na vida social, económica e cultural, nos medios de comunicación social, etc., ninguén dubida de que o ensino é unha peza fundamental para acadar unha normalización total da lingua.

Por causas ben coñecidas a difusión do sistema escolar en Galicia no século XVIII non supuxo ningunha vantaxe para a lingua galega, senón, certamente, un atranco enorme porque o neno galego foi escolarizado na lingua castelá, o cal trouxo consigo, por unha parte, que comezase a considerar máis prestixiosa a lingua estraña aprendida nas aulas cá lingua que lle era familiar, por outra, que se desen interferencias lingüísticas no uso das dúas linguas, saíndo prexudicada a lingua non estudiada.

Han de pasar moitos anos para conseguir que a nosa lingua sexa tida en conta no ensino. Os intentos feitos na época da Segunda República foron radicalmente afastados e condenados despois da guerra civil. Só a partir da década dos anos setenta se comezou de novo a falar dos problemas das linguas vernáculas sen que produciran escándalos e condenas. Foi precisamente no ano 1970 cando apareceu a Lei Xeral de Educación que, en contra do que pensa moita xente, foi máis xenerosa, ó tratar das linguas minoritarias, cás leis posteriores. No artigo 14 desa lei sinálase claramente que "a educación preescolar comprende xogos, actividades da linguaxe, incluídos, no seu caso, a lingua nativa" e máis adiante no artigo 17 "as actividades educativas no E.X.B. comprenderán: o dominio da linguaxe mediante o estudio da lingua nacional, aprendizaxe dunha lingua estranxeira e o cultivo, no seu caso, da lingua nativa". Pero aínda máis, nas orientacións pedagóxicas para a EXB, publicadas en 1971, sinalábase claramente que nos casos onde os nenos non tiveran como lingua nai o castelán conviría que se partira da propia lingua nativa para iniciar ós nenos na lectura e escritura da lingua nacional: "tránsito gradual que lle permitirá expresarse por escrito en ámbalas dúas linguas".

A triste realidade é que se fixo pouco caso destas orientacións pedagóxicas emanadas do Ministerio de Educación. As leis posteriores representaron tamén moi pouco progreso neste camiño. A práctica cotiá veu a demostrar ben claro que se necesita algo máis ca leis para asegura-lo ensino dunha lingua aínda non normalizada.

Reflexionemos un pouco sobre a situación do estado actual do galego no ensino deixando claro que hai dous aspectos diferentes neste problema lingüístico-pedagóxico: dunha banda, o ensino do galego e, doutra, o ensino en galego. Polo que respecta ó primeiro caso debemos dicir que loxicamente hai un progreso se comparámo-la situación actual coa de hai dez anos. É verdade que se lexislou sobre o ensino de galego nos niveis primarios e secundarios e que comezaron as clases de galego "oficialmente" neses niveis do ensino, pero a crúa realidade dinos que non se cumpre a lexislación vixente. Hai aínda centros estatais en que por certos motivos non se ensina galego e abundan os centros privados onde non hai ningún curso de galego. ¿De quen é a responsabilidade? Comprendemos que hai dificultades de todo tipo e por parte de tódolos implicados, pero se houbera un pouco máis de boa vontade por parte de todos, as cousas marcharían un pouco mellor. Atrevémonos a preguntarlles ós pais que piden exención para os seus fillos, ¿non cren que por moi breve que sexa a súa estancia en Galicia paga a pena que os seus fillos aprendan a lingua do país no que se atopan para coñecer mellor a súa cultura, as súas xentes,

os seus costumes, etc.? A tantos profesores de E.X.B. lles preguntamos ¿non tiveron ocasión de facer algún dos cursiños de perfeccionamento da lingua?, ¿non saben que xa hai material didáctico axeitado para os diversos cursos?

Repetimos, cun pouco de boa vontade, as cousas poderían marchar mellor. Comprendemos que hai mestres xa veteranos ós que lles custará máis traballo, pero o que non comprendemos é que haxa apatía nas novas xeracións de mestres.

Non comprendemos tampouco que nas Escolas Universitarias de E.X.B. haxa aínda un Plan de Estudios completamente desfasado. ¿Como se pode entender que, sendo o ensino do galego obrigatorio nas escolas, poida haber en Galicia aínda estudiantes nestes centros de formación de futuros escolantes que non estudien obrigatoriamente a lingua galega?

Nos Institutos e nas Escolas de Formación Profesional comezou tamén o ensino do galego e con desigual fortuna segundo os centros. Hai centros privados nos que aínda non se explica ningunha clase de galego. Hai centros estatais nos que a materia de "Galego" ten a mínima consideración e é tomada como materia de adorno. Polo menos a estes niveis hai bastante profesorado preparado para cumpri-la súa tarefa. Ademais debemos celebrar gozosamente que neste ano 1981 saíron as primeiras promocións de profesorado oficial tralas correspondentes oposicións. Varias decenas de catedráticos e agregados de Lingua e Literatura Galegas ensinan xa nos Institutos e Escolas de Formación Profesional e só falta material didáctico necesario para axudarlles a realizar mellor as súas tarefas pedagóxicas.

O camiño que queda por facer é aínda longo. Non se pode inventar un profesorado competente nun par de anos. É necesario "reciclar" a moitos profesores. É necesario preparar moitos materiais didácticos. É necesario aínda mentalizar ás xentes de toda condición social sobre a necesidade do estudio da lingua e ás autoridades educativas para que poñan ó servicio do ensino da lingua galega tódolos medios materiais e económicos que cumpran para poñer ó galego como mínimo ó nivel actual das outras materias.

Polo que respecta ó ensino "en galego" é doado supoñe-la situación despois do que rematamos de escribir sobre a materia "Lingua Galega". Só no ensino universitario houbo e hai clases en galego sen que se producira ningún escándalo. Deixando á parte á Facultade de Filoloxía, onde é natural o emprego da nosa lingua, hai outras Facultades onde o ensino se fai en galego sen problemas. Depende sobre todo do entusiasmo dalgúns profesores e é digno de salienta-lo que se fai nalgunhas materias "científicas" polo que supón o afán de supera-las dificultades técnicas e atopar unha terminoloxía científica axeitada, e pola transcendencia exemplar que ten nos alumnos que despois serán futuros profesores.

Nos demais niveis do ensino non ten o galego a mesma sorte que na Universidade. Por un lado témo-la resistencia de moitas familias que cren que co uso da lingua propia van saír prexudicados os coñecementos que se teñen da lingua castelá, sen se decataren, desde un punto de vista lingüístico, de que canto mellor se coñezan ámbalas dúas linguas menos interferencias haberá no uso dos dous sistemas lingüísticos empregados en Galicia. Por outro lado témo-la resistencia de moitos profesores que, aínda coñecendo ben a lingua galega, non se cren capacitados para explicar en galego as materias que teñen ó seu encargo, porque supoñen que carecen de metodoloxía correspondente. Cren que necesitan unha preparación especial para cumpri-la súa tarefa en galego, e, por último, son tamén moitos os que carecen dos coñecementos esenciais da lingua galega... Tendo en conta ademais que a lexislación vixente esixe o permiso das asociacións de pais para impartir clases "en galego", a realidade é que, con esas desculpas e con outras parecidas, é minoritario o ensino en galego.

Diciamos máis arriba que xa nas orientacións pedagóxicas do Ministerio de Educación do ano 1971 se permitía o ensino "en galego" no nivel preescolar e nos primeiros cursos de E.X.B. ¿Que pasa,

logo, agora? ¿De onde vén tanto temor? Quixeramos que alguén nos explicase esta lentitude na implantación do galego na escola.

Moitas veces falamos xa da vontade dun pobo de mante-la súa lingua, se quere mante-la súa personalidade étnica e cultural. Agora neste momento está nas mans de tódolos galegos, tanto pais coma escolantes, faceren unha escola autenticamente galega e con pleno uso da lingua galega. Galicia é lingüisticamente a comunidade que, en teoría, non debe ter problemas no uso da propia lingua, é a comunidade que ten proporcionalmente o maior número de falantes que saben expresarse na lingua materna é, por tanto, a comunidade que máis doadamente debe resolve-lo problema de implantación da súa lingua no ensino.

A lingua e o Parlamento

Pouco a pouco van sendo conquistadas novas cotas no longo camiño da normalización do galego, comezado xa hai máis dun século. Nos últimos tempos, polo menos teoricamente, foi saltando de banzo en banzo moi rapidamente. O galego chegou á escola, á igrexa, á vida social e administrativa, etc. O último banzo foi alcanzado nos primeiros días de xaneiro cando se constituíu o Parlamento galego.

Foi verdadeiramente valioso para a normalización da lingua galega que tódolos seus membros sen excepción se expresasen na lingua maioritaria do país. Creo que os que seguiron os actos a través da radio ou da televisión se decataron da transcendencia dese feito. Sen traumas, sen problemas, sen loitas, tivo lugar a posta en marcha dun organismo que ten como función se-lo motor do progreso político, social, económico, cultural, etc. de Galicia.

Despois deste primeiro acto público, que supoñemos que non foi unha sesión de xogos florais, queda ben claro que os vieiros de actuación futura xa están postos en favor da lingua galega. Felicitémonos todos e felicitémo-los parlamentarios por este acordo tácito de ergue-la lingua galega á primeira lingua vehicular do Parlamento.

Salientemos tamén o triunfo extrapolítico da lingua. O galego deixou de ser bandeira da dereita ou da esquerda, dos extremistas ou dos centristas, dos ultras ou dos grupúsculos. O galego é patrimonio de todos e a superación suprapartidista do seu uso vai favorece-la súa normalización a tódolos niveis.

De tódolos xeitos, unha vez dados os parabéns a tódolos parlamentarios, permítasenos facer uns cantos comentarios "amables" sobre o tipo de galego empregado por algúns dos novos pais da patria. Comprendemos moi ben o nerviosismo da primeira vez, pero non estaría nada mal recordarlles que hai xa máis de cen anos que hai gramáticas galegas onde se pode aprende-lo uso dos pronomes átonos na nosa lingua, pero se non queren consulta-los novos métodos de aprendizaxe da lingua, poderían polo menos consultar ás xentes da propia familia ou a si mesmos. Si, acabo de dicir a si mesmos, porque eu coñezo parlamentarios que na conversa normal falan sen cometer equivocacións e a pesar diso, tal vez porque intentan facer unha peza oratoria especial, cometen erros imperdoables. Creo que se trata do nerviosismo do momento solemne que lles fai esta grande trasnada de trastoca-la colocación dos pronomes.

Outra falla que se notou bastante foi a falta de costume en ler textos galegos en público. Probablemente, ó teren escrito nos seus papeis, frases como "todos os homes deben facer o imposible para cambiar as estructuras" pronunciáronas como se estivesen falando en castelán, sen uni-los segmentos gramaticais á maneira galega: "tódolos homes / deben face-lo imposible / para cambia-las estructu-

ras". ¿Acaso o presidente da Xunta, cando está na súa clínica di "vou facer a operación"? ¿Non dirá "vou face-la operación"? Pois se fala así na clínica, non se comprende porque non o fai así na tribuna parlamentaria.

Tamén, probablemente pola mesma razón de ter escrito "ao meu parecer" algún falante pronunciou ese *ao* como en castelán, separando a preposición *a* do artigo *o*. Polo menos podería pronuncialo á maneira do portugués culto, como *au*, se non quería face-la pronunciación portuguesa coloquial ou a galega normal como un *o* moi aberto.

O acto da sesión veu demostrar que o esforzo dos homes da Renacencia galega, dos creadores das Irmandades da Fala, dos membros da Xeración Nós, dos fundadores do Seminario de Estados Galegos e de tanta xente que loita pola súa lingua non foi en van. Pero ¡coidado con que ese esforzo non vaia derramarse axiña por uns cantos iluminados posuidores dun autoodio tremendo!

II. RECANTOS DA LINGUA

1. Hai tempo que...

Hai tempo que pensabamos iniciar estes comentarios sobre problemas miúdos da lingua e algúns outros que non o son tanto. Son moitas as dúbidas da xente que fala galego e que mesmo o escribe, pero acontece que a maior parte das veces non consulta os poucos diccionarios e gramáticas que temos ó noso dispor. Por iso tentaremos poñernos en contacto cos lectores de *La Voz de Galicia* mediante este *Recanto da Lingua.*

Hai tempo que... é unha frase tipicamente galega que hai que conservar. É unha frase que coincide tamén coa francesa *Il y a temps que...,* que existiu antigamente en castelán e que se conserva aínda na linguaxe culta en expresións como *poco tiempo ha.* Pero a lingua castelá substituína por *hace tiempo que...*

O feito do contacto de linguas en Galicia fai que existan interferencias lingüísticas, e así ocorre que algúns galegos se expresan en castelán dicindo *hay tiempo que, habrá cinco años que,* facendo un calco da expresión galega en castelán, pero ese problema non nos interesa aquí.

O malo é que hai infelizmente moitos falantes que fan o contrario: din **fai tempo que** esquecendo o noso **hai tempo que.** E aínda hai algo peor, algúns escritores esquecen estas construccións tipicamente galegas: *hai tempo que está chovendo, hai unha semana que non te vexo, hai catro días que Enrique casou,* etc.

2. Alá van leis a onde queren reis

Os falantes máis novos resultan ser unha verdadeira fonte de trazos innovadores na lingua. E isto non só polo que se refire ás expresións que están a crear continuamente e á especialización dalgunhas palabras para os significados máis variados. Os mozos son especialmente permeables a todo tipo de influencias lingüísticas.

Tendo en conta isto, non me resultou estraño escoita-la forma **leies** nunha conversa de estudiantes. Esta formación do plural a partir do singular **lei** é un claro castelanismo que, desgraciadamente, non é difícil oír hoxe en día.

En galego, os nomes que rematan en ditongo como **lei, rei, bocoi** forman o seu plural da mesma maneira que o fan os terminados en vocal; isto é, engaden un *s* á palabra en singular. Resultan así os plurais **leis, reis, bocois.**

Os plurais **leies, reies** son calcos do castelán e isto vese claramente se pensamos que as formas en singular son semellantes ás castelás *ley, rey.* Fronte a palabras coma as anteriores están outras como **boi**, que nunca aparecerá en plural **boies,** porque en castelán o singular *(buey)* non é semellante ó galego.

Tamén debemos rexeita-los plurais do tipo **reises, leises** semellantes ó vulgarismo **cafeses** porque non son máis que formas reforzadas para lles dar un carácter máis expresivo na lingua coloquial.

3. Os tabús dos israelís

Antes falabamos de como as palabras **boi, bocoi, rei, lei,** rematadas todas elas en ditongo, formaban os seus plurais engadindo un *s*: **bois, bocois, reis, leis.**

Debemos rexeitar formas como **bocoies, reies, reises, leies, leises,** do mesmo xeito que debemos facelo con formas estrañas á nosa norma de forma-lo plural como **tabúes, hindúes, israelíes,** etc., pois en galego as palabras que acaban cun *í* ou cun *ú* acentuados forman o plural engadindo un *s* ó singular.

Digamos, pois, que *os paquistanís e mailos hindús son pobos veciños*, ou que *os zulús e os bantús son pobos africanos*. Digamos e escribamos sen **tabús** de ningunha clase das guerras dos **israelís** e os palestinos.

Aproveitémo-la ocasión para recordar que tamén os nomes das letras galegas, que son de xénero masculino, forman o plural da mesma maneira cás verbas citadas anteriormente, é dicir, engadindo un *s* ó singular. Así, pois, diremos que a palabra **manequíns** non ten dous **as,** pero si ten dous **is;** ou que na voz **zulús** atopamos dous **us**; ou que na verba **querquenas** hai dous **cus.**

4. Ladrois de xamois

Un bo sinal para situar xeograficamente a un falante galego é fixarse en cómo fai o plural de palabras como *can, avión ou tren.* Os **cans, avións, trens** son propios do occidente da Coruña e de Pontevedra; os **cas, aviós, tres** son característicos do interior de Pontevedra; norte e leste da Coruña, así como da maior parte de Lugo e Ourense; e os **cais, aviois** e **treis** son propios do leste de Lugo e Ourense, así como de tódalas falas do galego exterior.

As palabras terminadas en *ns* como **mans, ladróns, xardíns,** aínda que xeograficamente non son maioritarias, son as empregadas no galego estandarizado, entre outros motivos pola grande tradición literaria que teñen; o que de ningún xeito quere dicir que deben ser rexeitadas por non galegas as outras solucións.

A quen non está afeito a oí-lo galego oriental faille moita gracia iso dos *ladrois de xamois*, e máis aquilo de que *un vaia comprar porcos e que lle saian bois,* no canto de bos.

5. Non te coñezo

Dicimos moi a miúdo que o galego, en moitos aspectos, é un idioma románico moito máis conservador có castelán. Pero ás veces non hai tal cousa, como pasa cos verbos terminados en *ecer,* que presentan un mesmo radical en toda a conxugación, fronte á irregularidade do castelán.

Dicimos *non te coñezo de nada, ¡parezo parvo!, que non che pareza mal* e non as formas castelanizadas **coñezco, coñezca, parezco, parezca**, etc.

No galego medieval existía *paresco, paresca, parescas,* etc. fronte a *pareces, parecía,* etc., pero no galego moderno produciuse unha regularización das primeiras persoas seguindo o modelo de **pareces, parece,** etc., pasando a dicirse tamén **parezo, pareza, parezas,** etc. En castelán mantívose esta irregularidade medieval *(conozco, conoces),* que mesmo se propagou a verbos que, de atérmonos á orixe latina, non deberían presentala, como é o caso de *luzco, luces, luzca,* galego **luzo, loces, luza,** etc.).

Manteñámo-las formas tipicamente galegas e rexeitémo-los castelanismos que algúns neofalantes pronuncian e que mesmo algúns escritores usan por descoido.

6. Recuperémo-lo verbo saír

Todo galego sabe perfectamente que o significado de "pasar de dentro para fóra" ou de "marchar dun lugar a outro" é en galego correcto **saír.** Se eu en calquera punto de Galicia emprego este verbo en expresións como *hai que saír ben desta, saír pola porta falsa, saír botando lume*, etc., todos me entenderán, pero a triste realidade é que, salvo en contados puntos, a maior parte da xente emprega a forma semellante á castelá **salir**. **Saír** está aínda moi vivo na maior parte da provincia de Ourense e nalgúns falantes doutras partes, por iso cremos que é facilmente recuperable na fala coloquial o que é normal na lingua escrita.

Non se trata soamente neste caso de botarlle a culpa á influencia castelá senón que hai que considerar que houbo na evolución fonética deste verbo moitas complicacións que deron lugar a moitas variantes que non chegaron a fundirse nunha forma común. Así temos que no norte de Galicia está moi estendida na primeira persoa do presente de indicativo a forma **sallo**, que responde á etimoloxía latina, pero na zona máis sureña de Galicia formouse a partir de **saír, saio,** así como na parte máis occidental se fixo unha forma **saio** a partir de **salir**, e mesmo existen na parte máis oriental un híbrido **salio** e un auténtico castelanismo **salgo**.

Deixemos, pois, ben clara a nosa opinión de que, fronte a tantas variantes da fala popular, deben imporse na lingua culta as formas **saír** e **saio**.

7. Imos ver qué pasa

Para moitos é ben sabido que nós conservamos unhas formas morfolóxicas que perderon as nosas linguas veciñas. Son a primeira e a segunda persoas do plural do presente de indicativo do verbo **ir: imos, ides** que proceden das formas etimolóxicas latinas orixinarias do verbo ire, que foi substituído por VADERE nas outras persoas: **vou, vas, vai, van.**

En castelán e portugués xurdiron a través do tempo novas formas: *vamos, vedes, vais...* que agora por mal coñecemento do bo galego tenden a usarse por algúns. E o malo é que a introducción da frase castelá *vamos a ver* leva aínda consigo outra incorrección: o uso da preposición *a* onde non é necesario.

Escoitamos moi a miúdo a algúns que din *vou a facer... vamos a facer.* Trátase, pois, dun préstamo horroroso do castelán ó galego. E dicimos horroroso pola súa innecesariedade. Cremos que a frase castelán *vamos a ver* é tan empregada polos casteláns-falantes que xa ten un sentido baleiro. Non *imos ver nada* nin *queremos ver nada* cando a pronunciamos. Algo semellante pasa coa introducción da verba *bueno* con sentido adverbial. *Bueno, vamos a ver...,* non significan nada. Son palabras introductorias.

En galego non necesitamos desas frases baleiras. Se alguén quere usalas en galego substitúaas por *entón imos ver; xa que logo, imos ver; e logo imos ver*, etc.

8. Falades moito

O galego é unha lingua de marcado carácter conservador en moitas das súas características. Un exemplo desta tendencia da nosa lingua é o mantemento de formas como **falades**, na que vémo-la presencia dun *d* que tamén existía no castelán e no portugués antigos, pero que se perdeu hoxe nestas dúas linguas.

A forma do tipo sinalado é a máis común nas catro provincias galegas, pero isto non quere dicir que sexa a única. Na parte máis oriental de Ourense e Lugo dise **falais**. A perda do *d* nestes puntos debe atribuírselle ó influxo castelanizante, posto que son zonas en contacto co territorio castelán. Ademais, na comarca fisterrá, no oeste da Coruña, a forma empregada é **falás**, na que vemos incluso a perda do i, e aínda que esta última forma é moi utilizada por Rosalía, é nela un evidente dialectalismo.

Con todo, en vista da grande extensión da forma **falades**, parece que é esta a que debemos empregar nun nivel culto de lingua, sen que isto signifique que cada un deixe de usa-la variante dialectal correspondente na fala familiar.

Como di o refrán: *por falar ben non se perde nada.*

9. Mentres dormen non roxen nos tobos

Moitas veces pregúntome cómo hai xentes tan ousadas que son capaces de converterse a si mesmas en mestres do bo falar e, sobre todo, do bo escribi-lo galego, facendo oídos xordos á fonética, á morfoloxía, e á sintaxe dos nosos labregos, dos nosos mariñeiros, da nosa xente.

Non entendo cómo eses 'mestres' non se decatan dos seus erros morfolóxicos que poderían evitar, se fosen capaces de escoitar algunha vez a calquera falante normal, anque este sexa labrego ou mariñeiro. Ningún destes falantes, por moi contaminados que estean polo castelán, empregaría a forma **sube** pola forma **sobe** lexitimamente galega. ¿Será que aínda non caeron na conta estes novos gramáticos de que hai verbos en galego que teñen alternancia vocálica no presente de indicativo, e que a súa conxugación é **durmo, dormes, dorme, durmimos, durmides, dormen**? Para eles, unha restriña de verbos que se conxugan igual ca **durmir: acudir, bulir, cubrir, cumprir, cuspir, engulir, fundir, ruxir, sacudir, subir,**

sufrir, sumir, tusir, ulir, xunguir, xurdir, e os correspondentes compostos destes verbos (os que os teñen).

Cómpre termos en conta que hai uns trazos lingüísticos que fan do galego unha lingua de seu, que a caracterizan fronte ás outras. Asumamos logo estas características se queremos falar e escribir autenticamente galego, e de paso, respectémolas.

10. Non creo que estea na casa

Hai na lingua galega, como ocorre noutras linguas, bastantes casos de polimorfismo, é dicir, casos nos que existen varias formas para o mesmo significado morfolóxico ou, dito doutro xeito, casos nos que unha forma gramatical presenta variedades que teñen algunhas variacións sen modifica-la natureza do seu sentido.

Un exemplo de polimorfismo témolo no presente de subxuntivo do verbo **estar.** A forma máis antiga, e máis usada na Idade Media, era *esté* e así se di aínda nalgúns lugares de Ourense *non creo que esté na casa*. Pero a partir do século XVI esta forma, común ó castelán e ó portugués de entón, por analoxía con outros presentes de subxuntivo, pasou a dicirse **estea, esteas, estea,** etc., que se estendeu practicamente por todo o ámbito do galego, menos nunha zona do norte de Lugo e extremo norte de Coruña onde din **esteña, esteñas** por analoxía coas formas **teña, teñas,** etc. do verbo **ter.**

As boas gramáticas galegas preferiron a forma máis estendida **estea**; tamén en xeral os escritores, se ben como é lóxico, algúns naturais da zona de **esteña**, empregan esta forma: *Non creo que esteña na casa*, é pois menos usado que *non creo que estea na casa.*

De acordo co uso dos escritores e dos gramáticos *non creo que estea de máis* considerar como dialectalismos outras formas como **esté, estía, esteja, tía, teña, tea**, etc.

11. Non me deas máis

Todos sabemos que o verbo **dar** é irregular en moitos dos seus tempos. En toda Galicia úsase a forma **dea** para o presente de subxuntivo: *quero que me deas un libro*.

Na parte oriental de Galicia, no norte da provincia de Lugo e no sur da provincia de Ourense dise **día**, forma que debemos rexeitar na lingua escrita porque **dea** se emprega moito máis na fala e a outra solución non é máis que unha variante fonética desta.

É curioso observar que ó pobo non pasou o castelanismo **dé**, que agora empregan algúns escritores porque consideran que a nosa forma **dea** é un vulgarismo como o é en castelán sen se decataren que en Galicia non é tal.

Hai tamén quen agora atopa que a nosa forma auténtica é vulgarismo porque tamén o sería en portugués.

As desgracias en galego nunca veñen soas: unhas veces veñen salvarnos con fórmulas castelanizantes e outras con portuguesismos. Neste caso en que a solución galega está moi clara non necesitamos

de axudas exteriores, como non debería ser nos demais casos, para que nós construámo-la nosa propia lingua desde a nosa propia realidade.

Hai xentes ás que non lles cabe na cabeza que cada lingua ten formas de seu.

12. Xa che direi o que farei mañá

En galego, e en xeral en tódalas linguas romances, hai tempos verbais que teñen menos estabilidade ca outros na súa frecuencia de uso. Isto é o que sucede co futuro, tempo que adoitamos substituír por unha perífrase: en lugar de dicir *mañá irei ó cine*, normalmente dise *mañá vou ir ó cine* ou mesmo *mañá vou ó cine*.

A pesar do seu emprego escaso, o futuro non deixa de verse afectado pola influencia castelanizante. Non é infrecuente escoitar formas como **saldrei**, **valdrei** ou **pondrei**, que non son outra cousa que pseudogaleguizacións das formas castelás.

Pero tamén dentro da propia fala galega hai outras solucións para o futuro que, aínda que non son comúns a tódolos falantes, merecen ser comentadas. Trátase de formacións analóxicas como **dicirei** ou **facerei**. O futuro do verbo **dicir** é normalmente **direi** en galego, pero os falantes da zona occidental da Coruña e Pontevedra utilizan moito a forma **dicirei**. A extensión de **facerei** (por **farei**) é moito maior e podemos atopar esta variante en toda Galicia alternando coa forma patrimonial **farei.**

Parece claro que as variantes do futuro que son calcos do castelán (**saldrei**, **pondrei**) deben ser rexeitadas en calquera nivel de lingua. En canto ás formacións analóxicas cremos que non son formas apropiadas para unha linguaxe culta, sobre todo se temos en conta que a súa extensión é menor cá das formas patrimoniais.

13. Cantabamos

Insistindo nas peculiaridades do galego fronte ás demais linguas iberorromances, a forma que dá título ó noso *Recanto* mostra outro trazo conservador moi estendido no territorio galego. Referímonos á pronuncia grave, é dicir, á acentuación na penúltima sílaba, das formas do tipo **cantabamos, falabamos, comiamos.** Estas formas son as empregadas na maior parte de Galicia e continúan directamente as latinas, que tamén eran graves.

Non obstante, temos que dicir que a acentuación esdrúxula, similar á do castelán, se encontra bastante estendida no norte das provincias de Lugo e da Coruña e tamén nalgúns puntos illados de Pontevedra e Ourense. Cremos que esta pronuncia se debe á influencia castelá e a súa xeneralización nos falantes máis novos parece apoiar esta explicación.

Como forma curiosa está **cantábanos**, que se atopa na zona do Barbanza ó lado de **cantábamos**, na cal parece que o cambio de consoante *m* en *n* é por influencia do pronome *nos*.

Falaba hai uns días cun vello que lembraba os seus tempos mozos dicindo: *entón si que cantabamos ben*.

14. ¿Bailaches, Carolina?

A riqueza de formas que presenta a lingua ten dous aspectos que deben ser diferenciados. Por unha parte está a riqueza léxica, é dicir, a existencia de distintos vocábulos (non nos referimos ás varias formas fonéticas que pode adoptar unha palabra) para facer referencia a un mesmo obxecto da realidade, e por outra banda está a variedade de tipo gramatical, que non pode ser considerada propiamente unha riqueza.

As linguas con tradición escrita teñen solucionado o problema da existencia de dialectalismos gramaticais, pois a escola, os libros e os medios de comunicación impuxeron paulatinamente unha única forma: pero no galego non sucedeu isto polo momento.

Xa vimos noutros *Recantos,* falando do verbo, a existencia de distintas solucións segundo as zonas; hoxe sinalaremos outro exemplo. É o que se refire ás formas **bailache, bailaches, bailastes** e **bailaste**. A primeira é a empregada polos falantes da maior parte de Lugo e aparece tamén en moitos puntos de Ourense e Pontevedra. A forma **bailaches** é a máis usada no resto de Galicia, de non ser na parte occidental da Coruña, que emprega a variante **bailastes**. A solución **bailaste** ten unha extensión moito menor e aparece só nalgúns puntos de Pontevedra e nas zonas próximas ó dominio leonés.

Bailaches, é pois, sen dúbida, a forma máis estendida e a máis apropiada para o noso galego común.

15. Bailei, si señor

O último verán pasei uns días nas terras do Salnés. Alí tiven ocasión de escoitar, ademais doutras particularidades lingüísticas, unha variante das formas do tipo **bailei, falei** e semellantes. Os falantes desta parte das Rías Baixas din **bailín, falín**, facendo unha curiosa analoxía con verbos como **comer** ou **escribir,** que teñen as formas **comín** e **escribín** no pretérito perfecto en todo o territorio galego.

Máis tarde volvín sobre a cuestión e decateime de que non é só a variante arousá a que se aparta da que en principio é a forma habitual para tódolos galegos. Efectivamente na parte máis oriental de Ourense e Lugo atopamos tamén **bailén** e **bailéin**, variantes nas que, aínda que non hai unha substitución da terminación por *-ín* coma no Salnés, vese a influencia dos perfectos dos verbos como **escribín e comín** na aparición dunha consoante *n*.

Así, pois, podemos concluír, como outras tantas veces, que a pesar da variedade dialectal que o galego presenta, a nosa lingua sempre deixa a porta aberta para poder elixir unha forma que poida servir a tódolos falantes. Neste caso a nosa escolla non vén determinada pola existencia de castelanismos e simplemente abonda con toma-la forma máis estendida entre tódalas propiamente galegas.

16. O neno xa comeu o pan que a nai partiu

A evolución das linguas non está rexida por unhas leis cegas que actúan sempre da mesma maneira. Ó fin e ó cabo a linguaxe é algo propio do home e como tódalas cousas humanas está suxeita a variacións.

Na gramática, máis aínda que no léxico, unhas formas poden influír sobre outras, poden turrar doutras; é o que se chama "analoxía". No verbo a analoxía está a funcionar arreo.

Os verbos conxúganse de tres maneiras distintas segundo a terminación do infinitivo. Por exemplo, para **cantar, coller, partir,** na terceira persoa de singular do pretérito perfecto temos como formas máis estendidas **cantou, colleu** e **partiu** respectivamente. **Cantou** non presenta problemas, pero nas outras dúas conxugacións atopamos distintas variantes dependendo das zonas. Así, aínda que **colleu** é a forma máis estendida en galego, na parte occidental da Coruña dise **colliu**, por analoxía con **partiu**. No oriente da Coruña, na metade norte de Pontevedra e na parte noroccidental de Lugo din **parteu**, da mesma maneira que **colleu,** e non fan diferencia tampouco entre a segunda e a terceira conxugación neste caso. En todo o resto do territorio galego distínguese **colleu** de **partiu.**

Vemos, pois, que case na metade de Galicia as dúas formas confluíron nunha soa, nunhas zonas tomando a terminación *-eu* e noutras *-iu*. De tódolos xeitos, na linguaxe coidada nós temos que mantela distinción e diremos *o neno xa comeu o pan que a nai partiu*.

17. O domingo perdémo-lo partido

Onte estaba eu nun café e na mesa do lado había uns mozos falando sobre os seus éxitos e fracasos deportivos. Nun momento da conversa un deles dixo: *O domingo perdímo-lo partido.* Quizais algúns lectores non atopen nada estraño na expresión anterior, pois o erro que queremos comentar hoxe ten unha extensión grande entre os falantes galegos máis castelanizados.

Os verbos terminados en *-er* fan en galego o seu pretérito perfecto en *-emos* (**perdemos, collemos,** etc.) en todo o territorio, mentres que os que terminan en *-ir* fan *-imos.* (**vivimos, partimos,** etc.). O feito de que algúns falantes digan **perdimos**, como din os mozos do café, non supón unha analoxía cos verbos da terceira conxugación porque a solución **perdimos** (**collimos**, etc.) é moi recente en galego, non é patrimonial. Temos que explicala por influxo castelán, é unha forma calcada de *perdimos, cogimos,* pois o castelán diferencia o presente (*perdemos*) do pasado (*perdimos*), cousa que non fai o galego por razóns inherentes á derivación do idioma.

Debemos evita-la perda das nosas formas propias. O mantemento do léxico galego é fundamental, pero non hai que esquecer que a gramática é o que dá carácter a unha lingua, é onde se reflexa mellor o espírito das xentes, a súa maneira peculiar de veren o mundo.

18. Dime quen fuches e direiche quen es

Non hai dúbida de que este refrán é comprendido perfectamente por tódolos galegos. A maior parte dos falantes emprega esta forma **fuches** como segunda persoa de singular dos verbos **ser** e **ir.** Agora ben, na parte máis oriental do territorio galego, sobre todo no galego exterior, non se pronuncia o *s* final nesta forma e din **fuche**. Na provincia de Lugo hai alternancia das dúas variantes, pero cando entramos no centro de Galicia a única forma que atopamos é a que aparece no noso refrán.

Na zona das Rías Baixas e comarcas veciñas hai unha grande variedade de formas. Se fosemos andando desde Camariñas ata Salvaterra do Miño ou A Cañiza en liña recta, sen nos asomarmos á costa, atopariamos que as xentes din **foches**. Se nos aproximasemos á costa sur de Pontevedra poderiamos

escoita-la variante **foche** e se nos achegasemos ás Rías de Arousa, de Muros e Noia e de Corcubión o que escoitariamos sería **fostes**. Aínda nalgúns puntos illados de Galicia é posible achar algún falante que pronunciase **fuste** ou **fustes**.

A grande cantidade de variantes non impide a comunicación dos falantes, sobre todo tendo en conta que a maioría di **fuches,** que pouco a pouco se vai convertendo na forma común en toda Galicia.

19. Veu onte, viu todo e marchou

O meu amigo Paco veu onte de Madrid para arranxar unha serie de negocios aquí en Galicia. Coido que está claro para tódolos lectores que **veu** é o pretérito do verbo **ver.** Sei que nalgures se di **veo** ou **vén** pero a forma que eu acabo de empregar non admite discusión e é a máis normal do que chamariamos galego común.

O meu amigo, despois de chegar, viu todo o que tiña que ver e fixo todo o que tiña que facer. Penso que algúns non empregarían esta forma **viu** como terceira persoa do singular do pretérito perfecto do verbo **ver,** senón **veu**. Esta última forma, que din moitos galegos da metade norte de Galicia, non é a máis común, porque a maior parte dos galegos conxuga o verbo **ver** no pretérito da seguinte forma: **vin, viches, viu, vimos, vistes, viron,** tendo como raíz *vi-* en tódalas persoas. E, por tanto, distínguese perfectamente da conxugación do verbo **vir**, que ten máis irregularidades: **vin, viñeches, veu, viñemos, viñestes, viñeron.**

Claro que un amigo no sur de Pontevedra nunca empregaría na súa fala familiar a forma **viu** porque el non ve senón que **mira.** Por iso o Paco, uns días despois, cando xa estaba en Madrid, atopouse co meu amigo pontevedrés, que lle dixo: *mireite o outro día en Santiago e non me saudaches.*

20. Conducín toda a noite

O outro día atopeime cun colega ben "letrado" que me espetou as seguintes frases: *Traduxen uns poemas de Curros ó ruso, quero que ti me traduzcas uns cantos ó alemán.*

Xa comentei o erro que fan algúns, influídos polo castelán, de leva-las irregularidades desta lingua nos verbos rematados en *-ucir* ó galego, que conserva un sistema moi regular: **traduzo, traduces, traduza, conduzo, conduces, conduza,** etc.

Pois o mesmo pasa cos tempos do pasado destes verbos, que en galego son totalmente regulares. O meu amigo debeu dicirme que **traduciu** eses poemas, porque a conxugación do pretérito do verbo traducir é **traducín, traduciches, traduciu, traducimos, traducistes, traduciron.**

Hai que evita-los calcos ó galego desas formas castelanizantes **conduxen**, **conduxera** (en castelán *conduje, condujera)* e emprega-las nosas formas correctas: *Conducín toda a noite, díxome que conducira el toda a noite,* etc.

A falta de escolarización en galego fai que estes erros se cometan mesmo en xentes que desde nenos estaban afeitos a construír ben en galego, pero a influencia constante castelá pode chegar a interferir no sistema morfolóxico da lingua galega.

21. A eclipse dos enxebristas

A palabra **eclipse** procede do grego a través do latín ECLIPSIS, que significaba "abandono, desaparición" e tamén "desaparición do sol e da lúa". Foi unha verba empregada na linguaxe culta sen evolucionar, e así temos desde un principio nos primeiros textos medievais as formas *elipsis, eclipsi, eclipse.* Na *Crónica Geral de Espanha* de 1344 podemos ler que houbo en España *aa hora de meo dya huu eclipsse enno sol tan grande que pareceron as estrellas enno ceeo*. E a maior parte dos escritos científicos conservaron a forma sen evolucionar. Aínda hoxe atopamos entre as nosas xentes moitas que falan de **eclise** (eliminando a consoante *p*) como o fai noutras ocasións en que se simplifican grupos consonánticos nos que non están presentes un *r* ou un *l*), coas variantes **eclises** ou **eclís**. Tamén é posible escoita-la pronuncia desta palabra como **aclise** e **aclises**.

Esta palabra sufriu na pronuncia popular en toda a península un cambio do *l* en *r*. As formas **ecrise, ecrís**, ou **acrís** e **acrises** teñen a mesma evolución que a palabra *blanco*, que se converteu en **branco**. Ademais de realizar este cambio fonético tamén é popular a perda da vocal inicial. Nos textos portugueses e casteláns dos séculos XV e XVI penetrou a forma vulgar *cris*, que inda hoxe é popular en Castela e en Portugal. No territorio galego é hoxe a voz **cris** xunto con **crise** (e outras variantes como **crises, crisis, clis, clise,** etc.) a forma máis usada polo pobo.

Non obstante, dirémoslles ós enxebristas que as formas populares que acabamos de citar son lexítimas da lingua galega, pero que debemos usar na linguaxe científica a forma máis culta (que tamén aquí se conserva popularmente) **eclipse**, como o fan as demais linguas romances que usan o termo máis culto.

22. O Sil leva a auga e o Miño a fama

Creo que non é necesario insistir en que é evidente para tódolos galegos o uso do artigo feminino en voces como **aula, arte, alma, auga,** etc. das que xa falamos. Pero agora *non vai por aí a auga ó rego*.

Todos estamos afeitos a oír frases como a que acabo de escribir e como a que encabeza este 'Recanto' e outras parecidas como a *auga polo río abaixo vaia, a auga fai mal* e *o viño foi cantar,* etc., nas que nalgures é moi corrente introducir un i entre os dous *as* que se xuntan, dicindo, polo tanto, *a-i-auga polo río abaixo vaia,* etc. O mesmo ocorre con **a i aira, a i alma**, etc., nas que o falante trata de evita-lo encontro das dúas vocais iguais.

Se ben moitos escritores galegos empregaron e empregan aínda estas construccións cun i entre o artigo *a* e a palabra feminina que comeza por *a* acentuado, os gramáticos aconsellan que este uso popular na lingua falada non as recolla na lingua escrita.

A lingua escrita ten que "seleccionar" e non pode recoller "a eito" todo o que aparece na lingua falada. Pénsese que neste mesmo caso hai lugares de Lugo e de Ourense (polo menos que eu sei) onde se evita este encontro dos dous *as* introducindo un *b* (**a b auga, a b aira**, etc.), que tería o mesmo dereito a ser introducido na lingua culta.

23. A semana que vén levareiche o remedio

Na fala viva atopamos frases como a que acabamos de poñer como título do 'Recanto' e que non necesita de ningún comentario. Pero todos escoitamos a algunhas xentes dicir **somana** por **semana, lovar** en vez de **levar** e **romedio** substituíndo a **remedio.** Non tódolos que din **somana** ou **lovar** din tamén

romedio ou viceversa. Non é fácil atopar quen diga estas tres palabras xuntas na mesma frase: *A somana que vén lovareiche o romedio,* pero posible éo.

Estas variacións das vocais átonas na fala popular dalgunhas xentes prodúcense porque as vocais non acentuadas teñen unha pronuncia moi relaxada, que fai que en determinados casos, sobre todo en contacto con determinados sons consonánticos, cambien o seu valor. Así é moi corrente que isto pase cando estas se atopan na sílaba inicial átona e que as vocais que alternen sexan e con o ou viceversa, amais doutras parellas posibles.

Se ben estes cambios se dan na fala popular moi a miúdo, debemos optar na lingua escrita por unha única forma, que debe ser aquela que máis se axuste á etimoloxía da palabra.

Así, pois, digamos non só **semana, levar, remediar,** senón tamén **procurar, semellar, fortuna, remendar, documento,**etc., e non **precurar, somellar, fertuna, romendar, decumento**, etc., que son vulgarismos evidentes.

24. Na semana de ramos lava os teus panos

É ben sabido que o sistema vocálico galego ten sete vocais, pero estas pódense ver considerablemente reducidas ou alteradas en certas posicións. Por iso, cando un oe que nalgures se di tal cousa, ou se di así, ou se di doutra maneira, ou que alá contra Lugo é onde mellor falan, ante unha forma como **entroido - antroido**, non nos queda máis remedio ca pensar nunha vacilación da vocal átona pretónica, non só en canto ó grado de abertura, senón tamén en canto ó timbre vocálico.

Así atopamos parellas de palabras coma as seguintes: **somellar - semellar, somana - semana, lovar - levar, entroido - antroido, somente - semente, caixón - queixón, mañá - mañán, bostela - bustela, procurar - precurar, enciño - anciño - onciño, peteiro - piteiro, enxoito - inxoito, enteiro - inteiro, coruxa - curuxa, cobelo - cubelo, romedio - remedio, cobrir - cubrir,** etc. onde, ó seren palabras átonas os sons iniciais eslúense nos máis semellantes; outras veces dáse unha confusión de sufixos e de aí as vacilacións.

Nestes casos a dúbida resólvese normalmente segundo a etimoloxía da palabra que é a que determina a escrita, aínda que na fala se poidan dar estas vacilacións ditas.

25. Historias íntimas

Houbo un momento na historia recente do galego en que se deu cabida na lingua escrita a unha serie de vulgarismos, traídos da lingua oral, por veces descoidada e suxeita a evolucións espontáneas, mesmo individuais; tratábase en moitos casos de formas non características do galego senón tamén das demais falas populares da Península.

Daquela, o desexo dun diferencialismo absoluto coa lingua dominante xustificaba, en certo modo, eses excesos; pero hoxe, cando tanto se avanzou na normativización do galego, parécennos un atentado contra o bo gusto literario e contra o status do galego como lingua moderna de cultura.

Con todo, hai poucos días caeron nas nosas mans unhas *hestóreas íntemas feitas por un críteco sen nengún outro méreto estilístico* que unha enchente de vulgarismos, que mostraban unha xenreira tre-

menda contra a vocal *i*. Ademais das palabras sinaladas falaba de **músecas, ámeto, ánema, enforme, últemo**, etc., en vez de **músicas, ámbito, ánima, informe, último,** etc.

Non estará de máis recordar que o galego non está illado, senón dentro don conxunto de linguas afíns e que no tocante á adaptación das voces cultas se comporta do mesmo xeito ca todas elas. O diferencialismo exacerbado é, con excesiva frecuencia, o reflexo dun sentimento de inferioridade, dun negarlle ó galego como lingua o status recoñecido para as súas irmás.

26. A tribu dos innovadores

A palabra **tribu** é un cultismo derivado do latín TRIBUS "división primitiva do pobo romano en tres partes". Desde fins da Idade Media foi introducida nas linguas romances e como ocorreu noutros préstamos tomados do latín fíxoo conservando o *-u* final. Hai así outras palabras como **ímpetu, ómnibus,** que teñen un *-u* na sílaba final, que as linguas romances en xeral conservan na pronuncia ou na escrita.

A nosa verba **tribu** é, pois, conservada na nosa lingua coma nas demais linguas irmás. Tamén o portugués ten este cultismo no seu tesouro léxico. O que acontece no portugués é que o *-o* final de tódalas palabras se pronuncia *-u*. Polo tanto na lingua portuguesa tanto valería *tribo* coma *tribu,* pero o correcto é escribir esta palabra con *o* final.

Algúns innovadores do galego cren que, a imitación do portugués, nós debemos escribir tamén **tribo**, sen se decataren de que se o fixeramos así, teriamos que pronunciar esta palabra con *-o* final, pronunciación que sería falsificación da palabra **tribu.**

Digamos xa de paso, a propósito do *o* portugués, que o artigo portugués masculino singular é *u* e o plural *ux*, anque se escriban coma en galego ***o, os,*** e que unha voz como *chochos,* escrita de modo igual en portugués, só conserva na pronuncia un son igual ó galego, e se tivesemos que escribila na nosa lingua teriámolo que facer así: *xóxux.*

Así, pois, imitémo-las solucións portuguesas para os cultismos, pero sen esquece-las nosas características idiomáticas. E unha das fundamentais é que distinguimos perfectamente as vocais finais *-o* e *-u.*

27. Algo vai mal no ambiente

Agora que todo o mundo está de acordo (¡sequera por unha vez!) en que a contaminación ambiental é o terceiro cáncer da nosa afamada sociedade, proliferan nos xornais frases coma esta: *A contaminación de medio ambente é un perigo para a vida*. Está claro que ó diciren **ambente** están cometendo un erro só explicable por un intento de regaleguización movido por unha ansia de diferenciación co castelán. Se isto mesmo o escoitáramos nunha clase de Lingua Galega, pensariamos que este aprendiz de galego estaba facendo un proceso mental analóxico tendente a regulariza-lo esquema: *tiempo*/**tempo** = *ambiente*/**ambente.**

Pero a lingua non sabe de regularizacións que sexan alleas á súa propia dinámica interna e por iso non pode ser violentada por caprichos lingüísticos persoais.

Temos así que para o ditongo castelán ié hai no galego as seguintes solucións: **tempo, saínte, ambiente.** Ora ben, non pensen os malpensados lingüísticos que ese ditongo ié é calco do castelán, senón que a voz latina AMBIENTEM mantivo, na súa evolución, o ditongo en tódalas linguas románicas.

De non ser así, ¿como dirían os regaleguizadores **parietal, sociedade, recipiente**? E se por outra banda, tamén o ditongo ué é castelán, ¿como se diría **delincuente, consecuente** ou **elocuente**?, porque estas vocábulos son os correctos galegos dos seus correspondentes étimos latinos.

28. Todos coñecémo-lo precepto de cumprir co preceuto

Xa estamos na Semana Santa e máis dun verase na obriga de cumpri-lo **precepto** do **preceuto.**

Chámase **preceuto** a abriga que tódolos fregueses das nosas parroquias teñen unha vez ó ano (xeralmente pola Pascua) de se "examinar da doutrina". Este "exame" era ou é un repaso do catecismo, que todos facían por levar ben aprendido, xa que de trabucárense ou non responderen, diríanlles que *levaban o carneiro* ou que se lles *botara o carneiro,* é dicir, eran a risa dos máis. Este "exame" págase cunha ducia de ovos por cada matrimonio que haxa na casa.

A oposición de significado destas dúas palabras está dada pola diferente natureza da palabra ó ser unha un cultismo popularizado (coma no caso de **pauto**) e a outra cultismo orixinario, onde a primeira restrinxiu máis o seu significado cá segunda.

Isto mesmo ocorre con outras parellas de palabras como son: **pauto - pacto, defeuto - defecto, aspeuto - aspecto**, aínda que nestes casos non aparece tan neta a diferente matización de significado.

Ollo, pois, cos cultismos (que case sempre manteñen o grupo consonántico) e cos semicultismos que presentan vocalizado o primeiro elemento do grupo: **doutrina, doutor, doutoramento, suxeito,** e algunhas outras, pero non todas a eito: **acto, actividade, inspección, redacción, cocción,** etc...

29. Admirémo-la boa administración

Os galegos, coma os falantes de calquera outra lingua, dispoñemos de varios rexistros ou variedades do idioma que empregamos segundo sexan as circunstancias e os interlocutores. Non falamos igual que escribimos, nin usámo-las mesmas palabras para a conversa diaria coa familia ou cos amigos, que cando falamos en público ou cando tratamos cunha persoa de respecto.

Está claro que un político emprega un léxico diferente cando fala con entendidos en política que cando fala con calquera que non sabe de política; o seu vocabulario está en función das circunstancias e máis dos interlocutores, e estas palabras específicas agrúpanse en niveis léxicos: culto, técnico, coloquial, familiar...

Hai moitas palabras que só se dan na linguaxe (ou nivel de lingua) vulgar, e que non aparecerían nunca nun nivel culto. Hai palabras que por levaren un grupo consonántico de difícil pronuncia precisan unha vocal de apoio.

Isto que se fixo nos primeiros séculos da lingua, estase a facer agora con palabras deste tipo: **administración, administrador, administrar, administrativo, admirable, admirar, admisible, admisión, admitir, adquirir, advertir**, que deben, nun rexistro culto perde-lo *e* que vai trala consonante d: **administración, administrador, administrar,** etc.

30. ¿Dimitiu o deputado?

Agora que temos tantos políticos na nosa terra e que vai haber tantas consellerías, secretarías, comisións, grupos parlamentarios, etc., tamén ten que haber moitos nomeamentos e ceses coincidindo cos principios e terminacións de cada Goberno. Pero entre medias ha de haber tamén seguramente, por motivos de saúde ou por discrepancias cos superiores, algunhas renuncias ó cargo. Renunciar a un cargo dicíase en latín DIMITTERE. Había tamén outro verbo próximo: DEMITTERE, que significaba 'abater'.

En francés esta palabra foi introducida arredor do século XV con *de-* inicial (*démettre*), quizais porque este prefixo *de-* era máis productivo có outro e quizais tamén porque os que introduciron o cultismo non souberon diferenciar ben entre DEMITTERE e DIMITTERE. Do francés saltou este cultismo ó inglés, ó castelán (que despois volveu de novo á palabra orixinaria latina) e ó portugués. Pero o alemán e o italiano non caeron no erro do francés.

Tendo en conta que o galego non é dialecto de ningunha lingua, senón do latín, e que esta é a lingua que fornece da maioría dos cultismos ás linguas modernas, o galego debe recorrer directamente á lingua nai latina e optar por **dimitir, dimisión**, etc.

Ós señores deputados que non saiban aínda conxugar este verbo recordámoslles que **dimitir** pertence ós verbos regulares da terceira conxugación.

31. A orixe dun comentario

O presente comentario está motivado pola lectura dunha frase que adoita repetirse moi a miúdo nos escritos galegos e que é a seguinte: *...un párrafo no que a inxenua nena interrogábase sobre a orixen dunha efixie...*

Sobre o erro de coloca-lo pronome detrás do verbo nas oracións subordinadas, como acontece neste caso, xa temos falado, sinalando ademais que ningún galegofalante de toda a vida cometería erro sintáctico de ese tipo. Habería que dicir tamén que en galego toda palabra esdrúxula leva acento o mesmo ca en portugués, lingua que trata de imita-lo autor da devandita frase.

Da palabra **orixe** e outras semellantes habería moito que falar. Aquí ímonos limitar a dicir que pertence a aquel grupo de palabras que perderon o seu *n* final entre o galego antigo e o moderno, como por exemplo: **home, virxe, ferruxe, Carme, chantaxe,** etc., e que fan os seus plurais regulares en *-es*: **homes, virxes, ferruxes, Carmes, chantaxes,** etc.

Esteamos atentos, pois, ós erros sintácticos e morfolóxicos que din moi pouco, ou moito, do costume de falar e escribir galego.

32. O dictame do xuíz foi condena-lo crime

Xa tivemos ocasión de falar da palabra **orixe** para comenta-la perda do seu *n* final que tivera lugar alá entre o galego antigo e o moderno. Pero temos outras palabras que rematan en *-e*, porque perderon o *n* xa desde o galego antigo. Son palabras como: **crime, teitume, costume, lume, legume, cume,** etc. e que teñen os seus correspondentes casteláns en *-umbre.*

Por outra banda temos outro feixe de palabras de carácter culto que por perderen o seu *n* final, pouco frecuente na estructura silábica do galego en substantivos graves, rematan tamén en *-e*: **exame, dictame, volume...** Todas estas palabras fan os plurais regulares en *-es*: **crimes, teitumes, exames, dictames,** etc...

Non sería posible, por tanto, en galego unha frase coma a seguinte: *o ditamen do xuíz foi condena-lo crimen.*

Teremos que dicir entón que *o costume de acende-lo lume no cume do monte é moi arriscado no verán,* como diría calquera paisano galego, por máis que lle achaquen o de estar contaminado por linguas alleas.

33. Poñerse á sombra

Hai uns días, lendo un libro de poesía moderna, atopei cantidade de veces a palabra **soma,** por **sombra,** sendo o contexto ás veces confuso porque **soma** significa 'terra que vai deixando ós lados o arado ó abri-lo suco'.

Outras veces, pola contra, atopaba **costumbre** por **costume** en total contradicción coa forma anterior.

É certo que o grupo consonántico *-mbr-* non é característico do galego: **cume, lume, teitume, legume, costume, moitedume,** etc., pero tamén é certo que este grupo aparece en moitas palabras como **lombriga, alfombra, sombra, lembrar, sombreiro, ombreiro** ou **ombro, cambrar, cambra, chambra,** e outras.

Por iso cando lemos ou escoitamos que *poñerse á soma da techumbre non é boa costumbre,* en vez de *poñerse á sombra da teitume non é bo costume,* non podemos máis que pensar que o que escribe ou fala non coñece ben o galego e de aí esa falsa conciencia do mecanismo morfolóxico e fonolóxico da nosa lingua. As palabras nas que se conserva o grupo *-mbr-* son, na maioría dos casos cultismos ou préstamos doutras linguas.

34. A conveniencia de ter conciencia

Resulta conveniente que teñamos conciencia do léxico que pertence á lingua estándar e do léxico vulgar que se emprega nas conversas familiares. Cando me poño a escribir estas liñas estou baixo a impresión que me causou escoita-lo xuramento feito polos membros da Xunta de Galicia, no que se empregou a palabra vulgar **concencia** que usamos a miúdo nas nosas lerias cotiás.

Concencia é un vulgarismo, tanto como o é **pacencia** ou **cencia** ou **catredal**. Non creo que a **ciencia** dos nosos conselleiros sexa **cencia**, nin a **paciencia, pacencia**, etc. En toda lingua hai un nivel popular que non sempre pode ascender ó nivel culto. **Concencia** é un vulgarismo en tódalas partes da Península Ibérica e alén dos Pireneos. Tanto en catalán como en francés, en portugués como en castelán, os cultismos deben ser mantidos de modo semellante ó latín e por tanto debe conservarse ese ditongo *-ie-* orixinario da lingua nai.

Conciencia é a palabra culta e universal para a lingua estándar. Non importa que nas nosas lerias cotiás digamos que *hai que facer isto a concencia*, ou que *non tes concencia.* Nunha linguaxe estándar é conveniente usa-la forma culta **conciencia.**

E toda esta explicación serve para o uso dos vulgarismos **convenencia** ou **comenencia**. Non hai problema en falar das *miñas comenencias* nas miñas pláticas, pero endexamais escribiría esta palabra se falase da *conveniencia dun pacto político*.

35. Inconvenientes das organizacións

Xa comentámo-los inconvenientes de eleva-los vulgarismos ou as falsas creacións de galeguismos inventados á categoría da lingua culta. Esta non necesita de tales invencións diferencialistas para que o galego se converta nunha lingua de comunicación normal á tódolos niveis.

Acabamos de ler nun periódico un artigo que podería servir de exemplo negativo de todo canto levamos escrito nestes *Recantos da lingua*. Nese artigo podemos atopa-lo uso de **inconvinte** por **inconveniente**, de **brilaron** por **brillaron**, de **fai unhos días** por **hai uns días**, da frase *no país no cal estrénase* por *no país no cal se estrea* (dise **estrear**, non **estrenar**), onde vemos como nunha mesma palabra se cometen dous atentados contra o galego, un sintáctico e outro léxico. O uso continuo das verbas **orgaizar, orgaizadores, orgaizativo, orgaizado**, por **organizar, organizadores, organizativo, organizado,** derrama xa por completo un artigo sobre un tema que era interesante.

A *orgaización dos programas* debe converterse na *organización dos programas.* A falta de interese dalgúns **organismos** (e non **orgaísmos**) por cultivar un bo galego, mellor dito, por purificar un pouco a lingua empregada nos seus comunicados, feitos ou pensados primeiramente en castelán e despois "galeguizados" artificialmente, leva consigo o descreto da nosa lingua.

36. É unha persoa con moita personalidade

Hoxe non é infrecuente escoitar e mesmo ver en letra impresa as formas ultracorrectas **persoalidade** e **persoaxe**, debido a que o falante ou, no seu caso, escritor está pensando en **persoa**, substantivo co que están os anteriores estreitamente emparentados, como é doado de ver.

A voz **persoa** procede do latín PERSONA, onde significaba 'máscara de actor', 'personaxe teatral'. De aí pasou a indica-la 'personalidade de cada personaxe teatral', e posteriormente adquiriu o significado actual. Ala polo século X *persona* perdeu o seu n intervocálico, deixando nasalizada a vocal anterior, nasalización que logo desapareceu e converteuse na actual **persoa.** Sobre **persoa** formáronse os derivados **persoal, persoeiro, impersoal,** etc.

Pero ó lado deste grupo, hai outras palabras derivadas directamente do latín PERSONA, que entraron na lingua serodiamente como cultismos: **personalidade, personalizar,** etc., que non aparecen no galego ata o século XIX. **Personaxe** é unha voz tomada do francés *personnage*, e por iso conserva tamén o *n*. Así, pois, por seren cultismos ou estranxeirismos, debemos dicir e escribir **personalidade, personalizar, personaxe, personificar, personificación.**

O correcto é, pois, *unha persoa con moita personalidade.*

37. Brillante e orgulloso

Todos dicimos, cando falamos dun amigo que sobresae por algunha característica relevante intelectual, que *o noso amigo é brillante.* Se o noso amigo consegue ademais a admiración de todos pola súa extraordinaria e excelente conducta ou simpatía ou outra virtude semellante, diremos del que é **maravilloso**. Pero se el amosase as virtudes con arrogancia e vaidade, diriamos entón que é **orgulloso**.

Na lingua escrita, xa que logo, achamos moi a miúdo que estes adxectivos aparecen escritos deste xeito: **brilante, maraviloso** e **orguloso**. ¿Por que se fai isto? Cremos que por dúas razóns fundamentais: primeira, por descoñecemento da fala real, e segunda, por un afán de "regaleguizar" determinadas palabras que se pronuncian de modo semellante en galego como en portugués e castelán, é dicir por afán diferencialista a toda costa.

Orgullo e **orgulloso, maravilla** e **maravilloso, brillar** e **brillante** son termos galegos como son tamén **billete, estribillo,** e outras que teñen un *-ll-* tipicamente galego, coma **muller, palla,** etc. Nestes casos non vale face-la correspondencia co castelán como se fai con outras parellas como cast. *estrella, gal.* **estrela***;* cast. *caballo,* gal. **cabalo***,* cast. *villa,* gal. **vila**; cast. *grillo,* gal. **grilo**, etc.

Teñamos coidado, pois, coas formas inventadas por afán dun diferencialismo sen sentido.

Daquela, deixen algúns escritores de reduci-lo *-ll-* que teñan verbas como **maravilla, orgullo, brillo, estribillo,** etc.

38. Asasinatos na sombra

Xa fixemos algunha vez mención ós hiperenxebristas ou hipergaleguistas que derraman o galego converténdoo nunha especie de fala para iniciados, nunha misteriosa xerga. Hai pouco, e creo que aínda están polas rúas, viamos pintadas que dicían *non máis asesiñatos, non máis asesiños.* Debe haber na **oficina** da **esquina** (perdón, para as xentes **oficiña** da **esquiña***)* unha serie de **destinos** (para eles **destiños***)* onde **predominan** *(***predomiñan***)* homes que parecen **predestinados** (eles dirían **predestiñados**) a levalo galego á **ruíña***,* perdón, **ruína**, que xa case se me pegou este costume a min tamén...

Non creo que haxa mala intención nestes amañadores da lingua que cren que as relacións idiomáticas cos países veciños son como as ecuacións matemáticas. Se os casteláns din *camino, espino, vecino, vino,* e nós temos como correspondentes **camiño, espiño, veciño, viño,** ¿por que non facer que os cultismos que acabamos de citar máis arriba corran a mesma sorte? Pois non, os cultismos non teñen por qué evolucionar como as palabras que entraron na lingua hai moitos séculos.

Non se crea que este afán hiperenxebrista queda exclusivamente entre oso neófitos, pois mesmo escritores de bastante sona e de bo creto literario se deixan arrastrar por este andazo hipergaleguizador. E así vemos como algúns das **sombras** fan **somas**, das **alfombras** fan **alfomas**. E todo iso nun **ámbito** (que non **ámeto**) culto e literario.

39. O que ben parece, de vagar crece

Acabo de ler agora nun artigo do periódico as palabras **parescer, aparescer***,* cun grupo consonántico que non existe nas palabras normais galegas **parecer, aparecer**. ¿Por que este articulista emprega entón estas verbas? Trátase simplemente dunha imitación na escrita de textos medievais nos cales os copistas intentaban que as palabras romances se parecesen o máis posible ás palabras latinas correspondentes. Claro que neste caso nin sequera en latín clásico existiron estas formas de **parescer** porque o infi-

nitivo latino era PARERE; pero había outras palabras romances como **nacer** ou **crecer** que si tiñan un grupo consonántico c e era fácil facer que se parecesen ó latín escribíndoas como *nascer* ou *crescer*.

A pronuncia desas palabras en galego era completamente igual que en castelán, en portugués ou en francés: o equivalente ó grupo consonántico *-ts-*. Pero despois ese son evolucionou de maneira distinta: en francés e portugués pasa a ser pronunciado como un *s* xordo (igual có noso *s* en *Sousas*) e en castelán e galego pasou a se-lo son ceceante igual ó que escribimos con *z*. Así, pois, escríbase como se escriba, non hai ningún *s* na pronuncia destas palabras en galego.

A imitación dos textos medievais pode levar hoxe á confusión e non vémo-la necesidade de escribir formas anticuadas como **parescer**, que, como tal forma anticuada, aparecía nos primeiros diccionarios galegos. Despois Valladares suprimiu a paréntese de anticuado e, aínda que no de Eladio Rodríguez está normal, outros posteriores seguen escribindo esa forma fantasmal.

Ogallá se eviten estes arcaísmos innecesarios porque *o que ben parece, de vagar crece*.

40. Nacer e falecer

Volvendo sobre ese s epentético que algúns colocan diante do *-c-* diremos que ás veces topamos na escrita casos similares ó de **parescer** ou **falescer**, como **rescibir**, que non ten nin tan sequera unha xustificación etimolóxica.

Hai outros casos que si terían esta xustificación etimolóxica como acontece con **crescer** ou con **nascer**. O portugués escribe *parecer* e *falecer* coma nós, pero segue grafía etimolóxica en *nascer* e *crescer.* Isto faino o portugués porque a pronuncia de *-escer, -ecer,* resulta igual: pronúncianse ámbalas dúas formas cun *s* xordo. Non é o mesmo en galego porque se escribimos *-escer* pronunciariamos *s* (es-cer) e de feito xa escoitei na radio: *no día do nas-cemento...* o cal é un verdadeiro atentado contra a evolución fonética galega. Pénsese que en galego hai casos como **descender, descerrallar, descifrar, rescindir,** etc. onde claramente se pronuncian ámbalas consoantes.

Non é necesario restituír estes arcaísmos de **nascer** *e* **crescer** en galego. Resulta curioso ver que algúns diccionarios aparecen **nacemento, nacencia, nacente, nacida**, pero tamén as formas anticuadas **nascimento, nascencia, nascer**, etc. O autor do primeiro diccionario galego, F. J. Rodríguez, explicaba a introducción deste *s* en **nacer** porque outras linguas como o latín, o italiano, o portugués... o tiñan.

Creo que o afán de diferencialismo foi e é a causa de que algúns escritores prefiran as formas anticuadas e inventen outras semellantes coma nos casos de **falecer, parecer, merecer, recibir,** etc.

41. Resonancias e lembranzas

Hai no galego moitas verbas rematadas en *-anza,* sufixo de creación romance procedente do participio presente latino na súa forma de plural neutra: -ANTIA. Este sufixo -ANTIA dá en galego, o mesmo que en portugués e en castelán, un resultado que evolucionou segundo as leis normais da evolución fonética.

Da miña acordanza neste momento podería citar **confianza, matanza, semellanza, mudanza, tardanza, usanza,** etc. Pero debo deixar constancia, a pesar de que algúns gramáticos, lexicógrafos e escri-

tores afeccionados á filoloxía o transformen artificialmente, de que hai tamén moitas verbas nas que non evolucionou ese sufixo seguindo as ditas leis fonéticas, senón que simplemente cambiou en *-ancia*, como **arrogancia, asonancia, concordancia, elegancia, repugnancia, tolerancia,** etc.

Os dous sufixos conviven e foi o tempo o que determinou que hoxe digamos **inquedanza** e non **inquedancia**, ou que digamos **instancia** e non **instanza**. Pero na lingua actual quedan aínda algunhas palabras nas que temos moitas dúbidas para escoller unha ou outra solución. ¿Como temos que dicir **abundancia** ou **abundanza**, **ignorancia** ou **ignoranza**?

Esperemos que as institucións galegas que se ocupan dos problemas da lingua nos dean a súa solución.[1]

42. Prudencia nas crenzas

Do verbo **crer** sae o substantivo abstracto **crenza,** así como dos verbos **ferver, manter, pertencer, ter** e outros saíron as voces **fervenza,** que é sinónimo de ruxida, cachoeira, cadoiro, abanqueiro, etc., **mantenza** que significa: sustento, alimento, mantemento, **pertenza** que é tanto como dicir propiedade, dominio, **tenza**, que ten hoxe o sentido de 'faixa de terra acoutada'.

Hai outros substantivos abstractos que teñen dobre terminación e non saberiamos dicir cal é a forma máis usada. Existen na lingua falada **doenza** e **doencia, diferenza** e **diferencia**[2] e acaso algunhas outras máis que están na mesma situación.

O que xa non podemos admitir na lingua culta é a falsificación da realidade lingüística. Non se poden inventar formas como **urxenza, intelixenza, axenza,** para os cultismos **urxencia, intelixencia, axencia**, etc.

Pedimos ós que escriben en galego un pouco de prudencia e que en caso de dúbida consulten os diccionarios portugueses e as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, xa que en moitos diccionarios galegos fixeron por decreto que tódalas palabras galegas rematadas en *-encia* tivesen un final en *-enza*.

A tendencia de manipula-las palabras cultas como **presidencia, diverxencia, adolescencia** debe ser rexeitada.

43. Comezo do silencio

Normalmente cando estou nun grupo de persoas da miña confianza e quero pedir **silencio**, berro: ¡**a calar**! Cando todos permanecen xa en **silencio** podería dicir tamén que *quedaron calados*. Se fago un negocio **silenciosamente** podería dicir que o fixen **ás caladas** ou **as caladiñas**, ou **pola calada**.

---

1. As *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, recentemente publicadas (1982), optan por **abuncancia** e **ignorancia.**

2. As *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, recentemente publicadas (1982), optan por **doenza** e **diferencia.**

Coas frases citadas queremos mostrar cómo conviven actualmente dous niveis da linguaxe: un nivel da linguaxe máis culto, empregando a palabra **silencio**, e outro nivel, máis familiar ou máis popular, empregando **calar** ou descendentes deste verbo.

A palabra latina SILENTIUM entra como cultismo na Idade Media e aínda que atopamos algunha forma evolucionada antiga como *seenço,* desde o século XIII a forma culta **silencio** en galego e *silêncio* en portugués impóñense tanto na fala popular como na escrita.

Non obstante, hai algúns escritores e gramáticos galegos que inventan as formas **silenzo** e **silenzar**, crendo que con iso fan un favor á nosa lingua por facela máis diferenciada das outras linguas peninsulares. Tal vez cren que é máis galega a terminación *-enzo* das palabras **comezo, lenzo, Lourenzo,** e que esta debe impoñerse noutras palabras como **Fulxencio** ou **silencio.**

44. As provincias galegas

Non imos falar hoxe de se Galicia ten catro provincias ou sete provincias, segundo nos refiramos ós tempos actuais ou ós tempos pasados. Interésanos subliña-lo feito de cómo unha palabra latina pode chegar ata agora conservando a contextura fónica que tiña en latín.

Os romanos dividían o seu imperio en *provincias* e os pobos que destruíron o poderío imperial impuxeron novos nomes ás provincias romanas. Sabemos que a provincia por excelencia foi a do Sur das Galias, que evolucionou foneticamente en *Provenza. Nos* textos medievais galego-portugueses fálase da *prouença* e incluso da *proença.*

Cando os novos reinos cristiáns peninsulares fixeron reparticións xeográficas dos seus territorios, volveron introduci-la palabra *provincia* no seu léxico. Temos constancia da súa existencia xa desde o século XIII. *Provincia* convive cun semicultismo *provencia* durante bastante tempo, pero na época renacentista triúnfa definitivamente a voz máis culta.

Provincia queda deste xeito como palabra culta en tódalas linguas peninsulares. Rexeitemos, pois, os absurdos intentos de "regaleguizar" esta palabra converténdoa en **provinza,** forma que non tivo endexamais existencia na lingua real falada ou escrita, salvo na mente e nos escritos destes "regaleguizadores" que non fan máis que derrama-la nosa lingua.

45. Acabo de descubri-lo estroncio

Hai uns días oín falar a un par de estudiantes sobre os traballos que estaban a facer nos seus laboratorios, e un deles referiuse á palabra **calcio** e a **estronzo**. En principio non acababa de relacionar ben a palabra **estronzo** e pensei que debía ter algo que ver con **estronzar** ou **destrozar,** pero despois cando seguiron falando dos diversos metais e mencionaron outra vez esta palabra, pensei que probablemente querían referirse ó metal branco **estroncio,** chamado así porque vén do inglés *Strontian,* lugar escocés onde foi descuberto hai dous séculos.

Os bos dos rapaces tentaban seguramente de boa fe de "galeguizar" esta voz rematada en *-oncio* en castelán e en portugués. Xa falamos outras veces do afán uniformador que teñen algúns ó entrar en contacto na lingua culta cos sufixos rematados en *-oncia, -anza, -encia, -enza, -oncia, -onza.*

Facemos constancia de novo da existencia na nosa lingua, como ocorre tamén no portugués, de palabras cultas como **pronuncia** e **pronunciar, denuncia** e **denunciar, renuncia** e **renunciar, anuncio** e **anunciar,** etc., que nunca pasaron a ser *pronunzadas nos anunzos as denun*zas *das renunzas,* etc., que causan risa a calquera falante normal.

Señores, sexamos serios coa lingua culta.

46. Ninguén ten dereito a ningunha cousa

Unha frase deste tipo, que pronuncia así **calquera** (e non **calqueira** nin **calquer***)* falante normal ou **persoa** (non **persona***)* pode ser convertida por un afeccionado a escritor (non **esquirtor***)* en *nadie ten dereito a causa algunha.*

Existe o vulgarismo **naide** (común a moitos lugares da Península), pero non debe pasar á lingua escrita, como tampouco o fai a forma dialectal, coincidente coa castelá **nadie***,* tendo nós unha verba tan viva na nosa lingua como é o pronome **ninguén.** Ninguén está **suxeito** (e non **suxeto***)* á obriga de ter que ler no periódico frases que **establezan** (non **establezcan***)* "novas" construccións sintácticas nas que se fai o **emprego** (non **empleo***)* do noso pronome **algunha** tras un substantivo nunha frase negativa.

*Hai varios días (*non *fai varios días)* que *destinamos (*non *destiñamos)* un *Recanto da lingua* -e volvemos facelo hoxe- a corrixir erros publicados nun artigo periodístico, erros que se fan probablemente por estarmos todos nós pouco afeitos a escribir en galego.

Alegrámonos pensando que nalgúns anos, cando a xente que vai agora á escola escriba a súa propia lingua, o fará cun maior respecto á gramática galega.

47. Amañadores da lingua

Tal vez moitos dos nosos lectores descoñezan o substantivo **amañador**, que non atoparán nos diccionarios galegos, pero que nós escoitamos algunha vez no norte da provincia de Lugo co mesmo sentido de **compoñedor, compostor** ou **menciñeiro**.

Amañar é unha voz típica galega antiga e actual que é moi usada no sentido castelá da voz *arreglar,* que se está introducindo hoxe xuntamente coa francesa *arranger*>**arranxar***,* que tamén nos resulta estraña. **Amañar** significa 'dispor', 'preparar', etc. e é coñecida por tódolos falantes normais. Usada pronominalmente, é dicir, cun pronome átono, emprégase tamén moito en frases como *amañouse para ir á festa.*

Amañar, dicía o P. Sobreira no século XVIII, que tiña un sentido obsceno, pero hoxe dise festivamente en frases como *Xan amañou a muller*, é dicir, que a deixou en estado de boa esperanza.

Con todo, a lingua non se deixa amañar polos novos gramáticos ou amañadores lingüísticos, que creo que nunha xuntanza poden cambia-la fala galega cando todo o pobo necesitou moitos séculos para constituí-lo seu propio sistema de comunicación social.

48. Vai moito frío

Estamos xa metidos no inverno e imos escoitar decote que **vai moito frío**. Atopámonos aquí ante unha construcción tipicamente galega espallada por todas partes. O verbo **ir** está aquí empregado como impersoal, do mesmo xeito que **haber** en **hai poucos días.** O mesmo que en **hai tempo que** se introduce incorrectamente **fai**, tamén na nosa frase de hoxe se mete este verbo factotum: **fai moito frío**. Vese aquí a influencia da lingua castelá que descoñece o uso especial do noso **ir**.

Pénsese aínda máis na construcción paralela **vai vello**, que se mantén moi viva en tódolos niveis da linguaxe. Tan viva está esta frase que pasou ó castelán falado en Galicia, e poucos falantes haberá que saiban que a frase castelá *va viejo* é incorrecta.

Coa ocasión da nosa expresión de hoxe **vai moito frío**, digamos tamén que o noso **ir** ten aínda outra característica especial: a conservación dunhas formas que xa desapareceron nas demais linguas veciñas, a primeira e a segunda persoa do plural do presente de indicativo, que manteñen as formas orixinarias do latín.

Imos volver outro día sobre **ir**, e **ides** escoitar máis cousas do uso deste verbo que hoxe nos saíu porque **vai moito frío**.

49. Pescada conxelada

Os resultados do frío producido pola Natureza son **xear, xeadas, xeo, xío, lazo, vidro, cristal, carambelo,** etc. Pero o home non quere ser menos cá Natureza, e produce os mesmos efectos cós fenómenos atmosféricos valéndose de artificios.

Como pasa cos novos aparellos ou cos novos obxectos inventados polos seres humanos, que os homes non se conforman con inventalos, pois inventan tamén novos nomes para eles, así acontece coa invención dos productos fríos. Os homes xa saben que **xear, xeadas, xeados,** son fenómenos da Natureza. Por iso, para o que eles fan buscan unha palabra nova e acoden á orixe do idioma, ó latín, que volve a ofrecérlle-la palabra: GELARE. E así témo-las formas novas ou neoloxismos **xelar, xelados, xelo.** Na lingua culta ou abstracta vense formar tamén novos conceptos que se derivarán, non das palabras vulgares, senón das latinas **xélido, xelidez,** etc.

Hoxe temos novos procedementos para conservármo-los alimentos non no **lazo,** nin sequera no **xeo**, senón que fan penetra-lo frío nos mesmos productos alimentarios: conxelándoos. **Conxelar, conxelador** son os neoloxismos que usamos agora debido ás novas técnicas. Non sería o mesmo unha *pescada xeada* (que sería a que deixamos pola noite fóra ó sereno), que unha *pescada conxelada* nun barco a moitos quilómetros de distancia.

O home de hoxe, falando metaforicamente de que está morto de frío, ¿como o diría? *¿estou xeado, estou xelado,* ou *estou conxelado?*

50. ¿Ten lume, por favor?

Eu sempre defendín a necesidade de falar unha lingua, anque sexa mal ó principio, para chegar ó mellor coñecemento dela. Un día, non hai máis de tres anos achegouse a min un estudiante pedíndome lume para acende-lo seu pito. A miña teoría de que *fale galego, anque non o faga ben* houbo de irse abaixo escoitando a aquel rapaz que se dirixiu a min dicíndome *¿me dá fogo?*

Nunca vin que con menos palabras se puidera facer tan grande despropósito lingüístico. Esa mensaxe, ¿en que lingua está? Non pode ser castelán, porque diría *fuego* en vez de **fogo**, e non pode ser galego porque, se ben as tres palabras por separado poderían selo, a frase non ten ningún sentido en galego nin a súa construcción sintáctica é galega. Pero non tiven dúbida de que o ben intencionado do mozo quería expresarse en galego.

Non se pode comezar unha frase por un pronome átono. Naturalmente que moitos neofalantes o fan. Un galego falante nunca me pediría que *lle dera fogo.* ¿Como ía eu *darlle fogo*? ¿Acaso era el unha arma e pedía que eu a disparase?

O que eu pensei era que quería preguntarme se eu tiña **lume** para o seu cigarro. Non puiden menos de recordar aquela cántiga que cita M. Valladares: *Quixen facer un cigarro / por non perde-lo costume / e arreparei que non tiña / tabaco, papel nin lume.*

51. Os fogos do Apóstolo

Hai ás veces confusións posibles entre verbos que teñen significación parecida. Esas confusións danse sobre todo entre os que aprenden unha lingua, pero moito menos entre aqueles que mamaron desde nenos o tesouro léxico que todo sistema lingüístico ten ben organizado.

A voz latina LUMEN, que deixou descendentes en tódalas linguas romances, agás no francés, significaba 'luz' e sobre todo 'corpo que dá luz', e despois pasou a significar 'chama' e de aquí foi fácil que se identificase con 'fogo' nalgunhas linguas como o castelán. O galego e o portugués conservan aínda ben os significados primitivos. No diccionario de Eladio Rodríguez explícase ben en castelán o valor deste substantivo masculino: 'lumbre, carbón, leña u otra materia combustible encendida; luz, fuego, dicho del que produce llama, pues no siendo así es **fogo**... esplendor, claridad...' e no mesmo diccionario achamos este refrán que aclara as definicións do **lume**: *non fai falla mete-la man no lume para saber se está acendido.*

O latín FOCUS 'fogar', 'fogueira', permaneceu en tódalas linguas romances con ese sentido, e deu en galego **fogo. Fogo** ten máis un sentido calórico ca lumínico. Como tanto **lume** como **fogo,** podemos traducilos ó castelán por *fuego,* e como ámbolos dous significados están moi próximos, non é doado distinguir ben ámbalas dúas formas.

Eu direi, xa que logo, *teño lume na pipa,* pero nunca **fogo**, *na noite do 24 de Santiago teñen lugar os fogos do Apóstolo*, non os **lumes;** *as armas son de fogo*, non de **lume.** etc.

O **fogo** indica ardor, forza... O **lume** indica luz, chama, claridade, resplandor.

52. ¿Amencer ou amañecer?

Pregúntannos cal destas dúas verbas é a máis galega ou máis correcta. Vaia de antemán a nosa resposta: tan galega e tan correcta é unha coma outra.

A verba latina ADMANESCERE (que foi un verbo formado sobre a voz MANE 'mañá', é dicir, que significa 'facerse mañá') evolucionou normalmente en galego dando o resultado **amaecer**, que aínda hoxe se conserva no galego exterior do occidente asturiano. Pero esa forma *amaecer*, que antigamente

tiña nasalizado o grupo vocálico, perdeu a nasalización e recuperou o *n* perdido dando como resultado **amencer,** que é a verba empregada polos falantes do Norte de Galicia na súa lingua normal, e por moitos escritores como Iglesias Alvariño, Leiras Pulpeiro, Díaz Castro, Blanco Amor, Luís Pimentel, etc.

Como a forma antiga *amaecer* perdeu a relación clara coa verba **mañá**, o falante galego volveu a construír unha nova forma, **amañecer**, que recordaba máis o verdadeiro sentido de 'facerse mañá'. Por iso **amañecer** se espallou pola maior parte do Centro e Sur de Galicia, amais de Portugal. É a voz máis usada polos escritores desde Rosalía de Castro, Curros Enríquez e López Ferreiro, ata Cabanillas, Noriega Varela, Neira Vilas e outros literatos actuais.

Polo tanto, teñen os mesmos dereitos e "méritos" **amaecer** (pouco usado xa), **amencer** e **amañecer.** Pero o falante galego emprega aínda outros sinónimos como **abri-lo día** (moi usado no Centro e Norte de Galicia), **rompe-lo día** (usado polo Sur de Pontevedra e en toda a provincia), **ser día** (estendido polo galego exterior), amais doutros como **raia-lo día, risca-lo día, nace-lo día, apunta-lo día, vi-lo día, saí-lo día**, formas todas elas populares e empregadas ás veces polos escritores.

Pero aínda hai moitas máis expresións...

53. Máis sinónimos de amañecer

A riqueza léxica da lingua galega, fronte o que pensa moita xente, é extraordinaria en moitos campos semánticos. Non hai dúbida de que para o home rural ten moita importancia o momento do nacemento do día, porque é precisamente o sinal do comezo do traballo cotián.

Moi popular e con algunha fortuna nas obras literarias é a expresión **raia-lo sol.** Tamén poden escoitarse entre as xentes do campo expresións como **saí-lo sol, nace-lo sol** e **apunta-lo sol**.

Unha verdadeira xoia románica é o verbo **lumbrigar** (algúns falantes din **alumbrigar**) que se emprega nunha ampla zona do interior de Galicia que se estende polo Sur da provincia de Lugo, Noroeste da de Ourense e Nordeste da de Pontevedra. Este verbo está recollido nos diccionarios galegos e hai algún escritor que o emprega tamén. Recordamos a Ánxel Fole que na súa obra *Terra Brava* escribe: *case ó lombrigar do día..., antes de lumbriga-lo día...*

Hai verbas que ás veces non lles parecen cultas ós homes de hoxe. Resulta sorprendente atopar que temos en galego verbas populares descendentes da voz **albor: alborar, alborear, alborexar, albrexar** e outras variantes que se poden escoitar na provincia da Coruña.

A serie de sinónimos do verbo **amañecer** é, pois, longa. Noutra ocasión volveremos sobre as formas nominais correspondentes, **amañecida, abrente,** etc., que nos mostran a gran variedade de expresións que temos ó noso alcance para indica-lo momento do comezo do día.

54. Hoxe pola madrugada

A voz **madrugada,** que é usada normalmente por tódolos falantes galegos, tivo pouca fortuna nas obras literarias. Vímola usada en López Ferreiro, Valladares, Marcial Suárez, Ánxel Fole e poucos máis. ¿Por que ocorre isto? Cremos que a razón está na coincidencia fónica e ortográfica coa verba castelá. Hai escritores que evitan verbas que teñen estas semellanzas coas linguas veciñas. ¿Que culpa ten a voz **madrugada** de ser común a tódolos dialectos e linguas do Centro e Occidente da Península Ibérica?

Madrugada ten a mesma carta de natureza galega cá voz **alba,** que é tamén popular en toda Galicia, pero que tivo gran fortuna literaria desde a época de Rosalía e Pondal ata hoxe.

Os poetas fixáronse máis no nome derivado de **abri-lo día, abrente.** ¿Que escritor desde Ramón Cabanillas ata o último escritor de hoxe non a empregou algunha vez? **Abrente** é tamén verba popular como o é **amañecida,** e as expresións adverbiais **sobre do día**, ou **contra o día** ou **de mañá cedo.**

Non debemos esquecer aquelas palabras de sabor tan popular e tan literario como **albor, alborada,** a carón doutras soamente populares como **lumbrigada, alborexo, rompida do día, rompente** e demais derivados dos verbos dos que xa fixemos mención como sinónimos de **amañecer.**

Pero, volvendo á nosa palabra do título, queremos dicir que na nosa lingua unha verba non é máis ou menos galega porque se asemelle menos ou máis a outra verba castelá ou portuguesa.

55. O tema das teimas

Escribo hoxe baixo a impresión que me causou escoitar pola televisión o anuncio de que en certa capital galega había un concurso escolar para nenos e o locutor dicía *o teima é libre.*

Polo contexto parecía máis ben que o locutor e que quería realmente expresar era que o **tema era libre.** É dicir, que os alumnos podían escolle-lo asunto que máis lles petara para facer ese traballo escolar, motivo do concurso.

Desde logo, o tema escolar podería facerse sobre as *teimas dos profesores*, ou *as teimas de determinados amigos*. **Teima** é unha palabra emparentada con **tema.** O **tema** (masculino) primeiramente significaba algo así como 'tema de conversa', pasou despois a significar 'tema fixo de conversa', 'idea fixa', 'terquedade', etc. Pero cando tomou estes significados cambiou ó xénero feminino, se cadra por influencia da palabra idea; e ademais, tanto en portugués coma en galego, substituíu a vocal tónica e por un ditongo ei en **teima**.

Para nós ten hoxe **teima**, sobre todo, os significados de 'idea fixa': *María deu agora na teima da ecoloxía*; 'discusión, competencia': *Brais e Xacobo andan á; teima*, é dicir, a ver quen chega antes, a ver quen é o primeiro da clase, 'terquedade, obstinación', etc.

Porque somos teimosos volveremos a teimar outro día sobre o tema das teimas.

56. A teima dos temas

Está claro que a miña **teima**, agora é **teimar** sobre problemas gramaticais e léxicos da lingua. E cando digo **teimar** xa non necesito dicir 'obstinadamente ou insistentemente', porque esa verba leva consigo esas connotacións.

Hoxe quero **teimar** na verba **tema**, da que falabamos tamén onte, porque o **tema** está de moda. ¿Cantas veces os novos parlamentarios no seu primeiro acto de presentación empregaron a palabra **tema** en cada intervención? Notouse a influencia do parlamento español no parlamento galego no uso da voz **tema**. Todo é agora **tema** para os nosos políticos.

Para o resto dos mortais **tema** é o asunto que se quere desenvolver nunha disertación ou nunha conversa: o **tema** de discusión foi a política; **tema** é o asunto proposto polo Xurado nun concurso para os estudiantes ou disertación que debe desenvolver un opositor ante un tribunal: *cen temas ten o programa das oposicións a funcionarios de Facenda*; **tema** pode ser tamén un anaquiño dunha peza musical que serve de base a toda a composición... **tema** non é simplemente sinónimo de asunto, materia, argumento, senón 'asunto que hai que probar, discutir, tratar, etc.'.

O **tema** que tratamos hoxe é sobre a palabra **tema**, como anteriormente tratamos xa o **tema** das **teimas**. O malo é que temos que aturar cada día a **teima** dos que están a falar sempre dos diversos **temas** da vida social e económica.

57. ¿Subir ou rubir?

Houbo un tempo en que a febre enxebrista chegou a talas extremos que algúns (os máis avezados a enreda-las cousas) botaron man do primeiro que toparon para nomear obxectos que parecían non ter aínda o nome axeitado e para os que chegara a hora de creárllelo. Isto foi o que aconteceu coa palabra **rubidoiro**, que veu nomear ó **ascensor**.

Está claro que, ás veces, por querermos ser ben falados e tan precisos, ó batermos con obxectos que escapan das nosas posibilidades de creación lingüística, estamos facendo un uso metafórico abusivo das palabras.

Todos sabemos que moitos nomes (moi expresivos, por certo) se deben a etimoloxías populares. Pero no caso de **rubidoiro** a xente non estaría de acordo coa palabra inventada, porque se **rubir** significa 'agatuñar', 'agabear', 'aganchar', non pode ser igual a **subir,** 'ascender', 'elevarse'.

Hai palabras descendentes de **rubir**, como **rubideira,** que é un tipo de legume, chamada así precisamente porque trepa polas canas do millo enroscándose nelas. E ó paxaro que sobe polas árbores agatuñando chámanlle **rubideiro.**

Logo, debe quedar claro que non é o mesmo **subir** ca **rubir,** e polo tanto que o ascensor **sobe**, non **robe.** En consecuencia, *subimos nos ascensores onde traballan os ascensoristas, e non nos rubidoiros nos que traballan os rubidoiristas.*

58. O meu amigo ten moita chencha

Todos sabémo-lo que significa a voz galega **chencha** e empregámola moi a miúdo para indicar de alguén que ten un bo entendemento ou unha intelixencia moi clara: *Estevo ten chencha de abondo para comprende-lo problema.* Deste significado pasou ó de 'habilidade, xeito para facer cousas difíciles': *A miña muller tenche chencha para calquera cousa.*

O que xa non saben moitos é a orixe desta verba que só existe, que saibamos, na lingua galega. Procede da palabra latina SCIENTIAM, voz que pertence á familia do verbo SCIRE, que só quedou en poucas linguas romances e que foi substituído por SUPERE. Nós conservamos o nome baixo a forma **chencha** e perdémo-lo verbo correspondente substituíndoo por **saber.**

Agora ben, a forma popular **chencha** e o seu adxectivo **chenchudo,** 'xeitoso', non podemos elevalas á categoría de lingua culta para substituí-la voz **ciencia,** que se introduciu de novo no noso idioma na Idade Media para significar 'conxunto de coñecementos que temos sobre diversos obxectos ou materias'.

Deixemos, pois, **chencha** e **chenchudo** nos significados populares que conservan hoxe. Deixémolos vulgarismos **cencia**, **científico** e afagámonos a dicir coma os portugueses **ciencia** e **científico** na linguaxe estándar correcta.

59. Regular con regras

Estamos agora nun momento en que teremos que ver como os nosos parlamentarios han enchelo seu tempo facendo leis e dándonos **regras** para a boa marcha da economía, da industria, do comercio, da convivencia pacífica dos cidadáns.

O verbo que corresponde a facer regras no sentido de leis, prescricións, normas, é **regular** que definiriamos como 'establecer regras, normas, leis'. Estas regras que **regula** o Parlamento estarán recollidas nos **regulamentos** que definiremos como conxuntos das disposicións oficiais ou regras emanadas das autoridades polas que se rexerán os corpos colectivos ou as actividades dos cidadáns.

¿Que significa entón a voz galega **regrar**? **Regrar** é trazar nun papel liñas cunha **regra,** que tamén se di noutras partes **regua.**

Regra é, segundo un diccionario galego, 'instrumento que usamos para face-las liñas dereitas no papel', pero é tamén, como diciamos máis arriba, lei, precepto, norma, etc.

O conxunto de regras é, pois, un **regulamen**to *(***reglamento** ou **regramento** son calcos do castelán) e mesmo deste substantivo podería formarse o verbo **regulamentar**, 'establecer regulamentos', e o adxectivo **regulamentario**. A lingua culta esixe a creación continua de neoloxismos.

60. Matutina aínda che está ben rufa

Non hai ningún problema para o uso da palabra **rufo** en frases como a que acabamos de poñer no título deste *Recanto.* Cando eu digo que *o meu amigo está moi rufo*, quero significar que el está aínda moi forte e moi ben conservado en relación á súa idade. Este é o uso máis estendido hoxe por toda Galicia pero tamén pode significa-lo mesmo que **rufeño**, robusto en xeral.

Esta voz **rufo** procede da palabra latina RUFUM que significaba 'roibo, colorado, vermello'. Esta palabra latina estendeuse por todo o imperio romano, pero non se conservou en todas partes, porque foi substituída por outras palabras que indicaban a mesma color. Pero quedan restos desta voz no Sur de Italia, onde pasou a significar 'sarna do can, xarampón, roséola', debido á color que se manifesta na pel cando se teñen estas doenzas.

Na Península Ibérica entrou a voz latina indicando tamén o valor de 'colorado' e 'encarnado', e como esta color é para as nosas xentes do campo sinal de boa saúde, ocorreu no transcurso dos tempos que a voz **rufo** perdeu o significado de color e adquiriu o sentido de 'robusto, san'.

É curioso comprobar que tamén en León ten este mesmo significado e que en Aragón chegou a significa-lo que nós chamariamos fachendoso.

Non obstante, o castelán e o portugués conservan a nosa voz aínda co sentido de 'avermellado, roibo', pero só se usa na linguaxe literaria.

61. Venda de vendas

Aí colocamos xuntas dúas palabras que teñen dous significados completamente dispares.

Se eu entro nun comercio e merco **vendas** está ben claro que levarei para a casa unhas faixas de teas ou tiras de algodón ou dalgún material sintético que eu non sabería dicir cal é, e que usarei para vendar unha chaga ou apreixar un óso descomposto. Esta verba é común non só ás demais linguas peninsulares, senón tamén ás outras linguas románicas e incluso ás linguas xermánicas porque a voz **venda** non é unha palabra procedente do latín, senón do primitivo idioma xermánico.

O que me vendeu as vendas fixo unha boa venda, é dicir, que sacou unha boa ganancia ou proveito. **Venda** é a palabra normal que indica a acción de vender e nunca poderemos empregar neste sentido a palabra castelá *venta,* que non é tampouco unha palabra patrimonial de Castela, xa que con toda probabilidade procede do francés *vente.*

Así pois, quen en vez de usa-la nosa voz **venda,** usa a voz **venta***,* comete un erro, non saberiamos dicir se de castelanismo ou de galicismo. Aproveitámo-la ocasión para dicir que tampouco existe *venta* co significado castelán de 'fonda' ou 'pausada'.

Pero en galego hai tamén **ventas** das que falaremos no seguinte artigo.

62. Camilo ten boas ventas

Cando digo que o meu amigo Camilo *ten boas ventas* quero manifestar ou ben que ten un bo olfacto ou ben que ten uns grandes buratos no nariz. Normalmente empregamos esta voz **ventas** para indica-las fosas nasais de calquera animal, pero tamén para nos referirmos ós buratiños polos que o home toma o aire para respirar, é dicir, o vento.

Está ben claro que a palabra **venta** está en relación coa voz vento, e polo tanto tamén coa palabra **ventá.**

Ventá significa en principio o mesmo que **venta**, lugar por onde se respira, é dicir, 'respiradeiro'. Por iso se chamaron **ventás** os buratos que se fan nas paredes dunha casa, e aínda hoxe nalgúns lugares de Galicia chaman tamén **ventás** ás **ventas**. Non é, pois, chocante oír que *Camilo ten boas ventás,* ou que *o meu cabalo bafexa moito polas ventás.*

Agora ben, a palabra **ventá,** creación lingüística romance por ser un derivado da palabra vento, especializouse no significado de 'abertura que se fai nunha parede, polo menos un metro por riba do chan, para dar luz ou ventilación a un local cerrado', función que poden cumprir tamén os buratos longos e estreitos, feitos así mesmo na parede, chamados **bufardas, bufardos, lumieiras** ou tamén poden cumprir esta función os **ventanucos, ventanexos, ventanos, ventanuxos,** etc., palabras todas estas que substituíron ás **fiestras,** das que mañá falaremos.

63. As fiestras da miña casa

As **ventás** (que nalgures chaman **ventáns** ou **ventanas**) das que falabamos onte substituíron en gran parte á palabra patrimonial galega procedente do latín FENESTRAM, que deixou descendentes en romanés, en italiano, en francés, en provenzal e en toda a Península Ibérica. Os cataláns aínda hoxe din *finestra.* Os casteláns conservaron a verba *hiniestra* ata o século XVI.

No Oeste peninsular tivo moita vixencia nos textos medievais a voz *feestra*, convertida no portugués moderno en *festra,* que aínda se emprega hoxe xunto coa voz *janela* que, en principio, significou 'porta pequena'. No galego moderno pasou a **fiestra,** que é a nosa voz patrimonial por excelencia para indicar 'abertura feita nunha parede para deixar entra-la luz'.

O Bacharel Olea, o Padre Sarmiento e outros autores dan constancia da existencia normal da nosa palabra. Hoxe é empregada por algúns autores, pero está case esquecida na fala popular. Non obstante, nós atopamos algún vello falante que empregaba a frase do noso título: *as fiestras da miña casa*.

Así, pois, a voz máis tipicamente galega pola súa orixe, **fiestra,** está a ser substituída hoxe en día pola verba de máis recente creación, **ventá**, e os seus derivados, e tamén modernamente pola voz **vidreira**, na que se ve ben clara a influencia do material do que se compón a **ventá** (o **vidro**) na súa denominación.

64. Verbas galegas

Hai algún purista do idioma que atopa que a nosa palabra **verba** é unha "invención" no sentido de 'palabra'. É certo que a palabra latina VERBUM tivo descendentes populares como o demostran o antigo francés *verve,* o antigo español *vierbo* (que aínda se conserva nalgúns dialectos) e o antigo galego-portugués *verbo,* coa significación de 'expresión', 'proverbio', e incluso 'xuramento'.

Parece que o plural da palabra latina se introduciu de novo nas linguas peninsulares (catalán, castelán, galego) co significado de 'verbosidade', 'locuacidade'. Resulta moi corrente a nosa expresión *Xan ten moita verba*. Lembremos tamén o noso refrán *nin besta de solo herba, nin home de moita verba*. Nalgunhas comarcas catalanas, á parte de significar tamén 'broma', pasou a significar 'palabra', en frases como *Agafar la verba,* 'toma-la palabra'. O mesmo pasou en galego, onde a voz **verba** tomou modernamente na lingua culta tamén o sentido de palabra.

Polo contrario, en portugués a voz **verba** especializouse no sentido de 'cláusula dun documento', 'nota', 'partida dun presuposto (especialmente o do Estado)'. Cada lingua desenvolve significados diversos segundo as diversas circunstancias das palabras.

Así, pois, cremos que o cultismo galego **verba** se fixo sinónimo da voz palabra con tódolos merecementos.

65. Douche palabra de facelo

Acabamos de falar da voz **verba**, que entrou modernamente no galego como sinónimo de **palabra** nalgúns dos significados desta última. Vimos como **verba**, que significa sobre todo 'locuacidade', entrou a competir con **palabra** nos casos en que esta significa 'voz', 'termo', 'vocábulo', etc.

Agora ben, hai expresións nas que a nosa voz **verba** non podería substituí-la voz **palabra.** ¿Quen se atrevería a dicir *douche verba de que vou facelo*, ou *faltaches á verba prometida,* ou *verba que non o fixen*? Nestes casos está ben claro hoxe por hoxe que non chegou á fala normal a sinonimia destas dúas voces, semellantes pero non iguais.

En fin, sigamos dicindo *douche palabra de que vou facelo*, ou *faltaches á palabra prometida,* ou *palabra que non o fixen. Nunha palabra, empreguemos verba* no sentido tradicional de locuacidade ou no sentido de voz, termo, pero non a confundamos co sentido de promesa ou oferta. *Midámo-las verbas e as palabras* porque como di o refrán *a palabra e a pedra solta non teñen volta*.

66. Casacas e chaquetas

Hai algúns que están preocupados pola creación de neoloxismos científicos e técnicos que son necesarios no desenvolvemento normal dunha lingua. Os procedementos que emprega cada lingua son diferentes.

Hoxe vemos que voces como **casaca** e **chaqueta** nos parecen palabras patrimoniais do galego. A historia móstranos que son préstamos introducidos na nosa lingua hai moitos anos. Parece que a verba **casaca** procede do francés, pero non era orixinaria de Francia. Hai quen di que esta prenda de vestir dos *cosacos* rusos foi posta de moda en Francia e chamada, por referencia ós seus primitivos usuarios, **casaca.** De Francia pasou á Península Ibérica alá polo século XVII e hoxe atopamos que tanto a peza de roupa importada como a súa voz correspondente nos parecen cousas nosas.

¿Quen pensa tamén que a palabra **chaqueta** é importada? Pois, efectivamente, tamén é unha importación traída de Francia a fins do século XVIII ou principios do XIX. Parécenos que neste caso a importación da palabra francesa *jaquette* non se fixo directamente (como o fixeron os portugueses, *jaqueta),* senón a través do castelán *chaqueta.* O lóxico sería que nós dixeramos **xaqueta,** pero ¿quen se atrevería hoxe a cambia-la pronuncia desta voz que xa tomou entre nós carta de natureza, e moito máis sabendo que en moitos lugares de Galicia existe a voz popular **xaqueta** co significado de 'migraña' ou 'xaqueca'?

Os que xa peiteamos canas vimos hai uns anos como se introducía a palabra **rebeca***,* que foi a chaqueta que levaba a protagonista dunha famosa película. A fala crea palabras novas polos camiños máis insospeitados...

67. Sempre hai unha primeira vez

Hai uns días, lendo un texto literario moderno, atopei coa palabra **vegada,** que, como supoño que o farían outros lectores, interpretei como sinónimo de **vez**.

A verba **vez** é unha voz patrimonial galega, que procede do latín VICEM, que significaba 'quenda', 'alternativa', ten a súa correspondente *vez* en portugués, *vez* en castelán, *fois* en francés, *vece* en italiano, pero nesta última lingua en singular significa 'acontecemento'.

O substantivo feminino **vez**, amais de significar de maneira xeral algo que se fai alternativamente ou sucesivamente, ten un significado moi especial para os nosos labregos no sentido de 'tempo durante

o cal cada veciño pode posesionarse de auga de regar' ou de 'quenda para moer', sentidos estas que ten tamén a nosa verba **veceiro.** Moi corrente é o uso de **veces** (plural) para indica-la substitución: *face-las veces de director,* construcción usual noutras linguas romances.

Outros empregos normais de **vez** teñen lugar en locucións adverbiais como **ás veces, por vez, de vez en cando, de cando en vez, de vez en vez,** ou simplemente **de vez**, co significado 'dunha vez para sempre', etc.

Nos textos medievais galegos, portugueses e casteláns foi moi usual outro derivado do latín vulgar VICATAM, *vegada*, que tivo tanta aceptación como **vez,** pero a fins do século XVI desapareceu da lingua escrita e quedou como forma anticuada na locución adverbial **ás vegadas**, que practicamente deixou de usarse na lingua falada.

Algúns autores trataron de introducir modernamente esta voz anticuada, pero aínda non foi aceptada na lingua falada, ¿será posible que a voz **vez** volva a ter como sinónimo **vegada**? Tal vez si, tal vez non.

68. Vezouse a vella ó mel e sóubolle ben

Hai vacas que teñen o **vezo** de meterse nos prados dos veciños e de aí veñen liortas que non sempre acaban ben.

Vezarse ou **avezarse** son verbos que teñen que ver con **vezo** pero non con **vez.** Está ben claro que os significados desas palabras son os de **acostumarse** ou **afacerse.** No noso refrán podemos substituí-la forma **vezouse** por **acostumouse**, ou por **afíxose,** sen que o significado cambie en nada. Do mesmo xeito podemos dicir que as vacas están afeitas a meterse nos prados ou que teñen o costume de entrar nos prados alleos.

Como sinalabamos máis arriba, estas voces non teñen nada que ver con **vez.** A súa etimoloxía hai que buscala nas verbas latinas VITIUM e VITIARE, que tiñan os significados dos nosos cultismos '**vicio**' e '**viciar**'. ¿Pensaron vostedes algunha vez en como estas últimas palabras están deixando de conserva-lo sentido orixinario de 'corrupción, falta, culpa' e 'corromper, faltar, violar', e que logo tomaron un sentido moral-relixioso?

¿A quen non lle parece xa que o *vicio de fumar* non é máis que un costume, é dicir, que un **vezo**? ¿Non encontramos xa normal que nos **enviciemos** ou **acostumemos** a estar dúas horas ante o televisor? Estamos pois, **vezados** ou **avezados.**

A lingua vai transformándose continuamente: **avezarse, vezarse, acostumarse, afacerse, ¿enviciarse?,** foron ou van converténdose en sinónimos.

69. O lavabo ten dúas billas

Acabo de ler unha frase que ten certa color galega pero por máis voltas que lle dei non tiven máis remedio que facer unha traducción para convertela en intelixible. A frase era a seguinte: *o lavatorio ten dúas torneiras.*

Busquei nos diccionarios a voz **lavatorio**, e non a atopei. Busquei tamén a voz **torneiras**, e achei a seguinte definición: "derivación dun rego para regar unha árbore". Da miña acordanza veume un significado máis corrente en moitos puntos de Galicia: **torneira** é o lugar onde se torna a auga dunha acea ou canle a outra e tamén o aparello que fai este labor. Sabendo isto pensei se a primeira palabra da frase sería **lavadoiro** ou **lavadeiro,** pero como polo contexto sabía que estaba nun cuarto de baño onde había tamén unha bañeira cheguei á conclusión de que o noso **lavatorio** debía ser un **lavabo** (palabra culta e moderna), que vulgarmente algúns chaman **lavado**, voz realmente moi estendida, pero que debería deixar paso na lingua literaria á verba culta.

Unha vez que souben que se trataba dun **lavabo** resultoume moi doado ve-la metáfora innecesaria de chamar **torneiras** (¿acaso sería un préstamo portugués?) ó que a maior parte da xente de Galicia chamamos **billas.**

Billa é, pois o cano con chave para abrir ou pecha-la saída do viño dun pipote ou da auga dun lavabo, etc, **Billa** é unha palabra moi antiga en galega e que ten agora un rival moi forte na voz castelá *grifo...*

70. Agás ti, todos me ven

Antonte, lendo ó Bacharel Olea atopeime coa palabra **agás** co significado de 'salvo' 'excepto', e pensei que é curioso que unha verba tan guapa coma esta se use tan pouco en Galicia, xa que aínda que está recollida nos diccionarios galegos, o certo é que nas moitas enquisas feitas por todo o noso ámbito lingüístico non a sentimos moi a miúdo. Soamente se sente cando se escoita a algún dos nosos avós recitando algún dito ou refrán.

Hai unha variante **agá** que está viva na fala galega do occidente asturiano. Polo tanto non sería estraño nesa zona dicir que *iso non o fai ninguén agá eu.*

Segundo Aníbal Otero, existe tamén **aga** co significado do noso **agás,** e di que recorda sentirlle a algunha persoa que procedía de Fonsagrada, frases coma a seguinte: *Aga que non se vaia agora ás patacas, despois xa é tarde.*

Agás é un adverbio tipicamente galego de orixe descoñecida e sinónimo das locucións adverbiais **fóra de, de, non ser, salvo, menos, bardantes de,** etc. Por iso énos máis familiar a frase *Fóra de ti, todos me ven,* cá que titula este *Recanto.*

Con todo, parece que a literatura moderna está a revivir esta verba e non cremos desacertada a extensión do uso deste adverbio que resulta tan sonoro ós nosos oídos.

71. Antón é cuspidiño á súa nai

Non abonda para aprender unha lingua con saber unha serie de regras gramaticais e coñecer unha morea de palabras. Hai que entrar tamén no mundo da expresividade desa lingua para considerar que se ten un certo dominio dela.

Poucas linguas teñen tanta riqueza léxica en moitos campos semánticos como a galega. E cuestión de paciencia e tempo chegar a acadar tódolos recursos expresivos que posúe a nosa lingua. Vexamos hoxe algunhas das posibilidades que temos para expresa-lo parecido ou semellanza con alguén.

Se eu digo *Antón parécese moito á súa nai* expreso a idea de semellanza case con frialdade, o mesmo que se digo *seméllase moito.* Podía facer máis expresiva a frase se dixera *Estevo é o retrato do seu pai*, ou tamén *María ten moito coa súa nai* e moito máis expresivas serían as frases de que é o *vivo retrato, todo el é a cariña da súa nai, son os dous un,* etc.

Pero se quixera ser máis efectivo aínda empregaría outras formas que nos son máis gratas ó oído: *Cibrán é dito e escrito ó seu avó, Bea é igualiña ó seu pai, Duarte é cagadiño ó seu tío, Antón é cuspidiño á súa nai.*

72. Vai catar pan á praza

Comezamos hoxe a falar dunha palabra, **catar,** que se emprega moito na lingua galega. O significado que ten esta voz no título que acabamos de poñer ó noso *Recanto,* que recollemos da colección de frases de Sarmiento, é o sentido primitivo da voz latina orixinaria CAPTARE, 'buscar, procurar, tratar de coller'.

Nos textos medievais aparecen frases como a seguinte: *os demais probres que enno día do enterramento vieren a catar de comer que a todos se lles de ismolda*. Hoxe mesmo está viva a forma **catar** nese sentido orixinario, e así podemos dicir *foi catar un feixe de herba.*

Especializouse esta palabra no significado de busca-lo mel das colmeas e é moi corrente escoitar, por exemplo, frases como *onte catámo-los cortizos,* ou refráns como *quen cata o mel na colmea, sofre o aguillón da abella*.

Co significado de 'buscar' especializouse tamén nun sentido moi popular en toda Galicia, e tamén neste caso en Portugal, que é o de buscar pulgas e piollos. Antigamente (e parece que agora volven a repetirse as escenas) un dos labores das nais era *cata-los piollos* nas cabezas dos seus nenos.

Lembremos aqueles versos de Rosalía nos que fala da afortunada Pepa, que mentres o seu home traballa: "Ela lava os pés no rego, / cátalle as pulgas ó gato..."

Cataremos novas expresións de catar.

73. Cata o que fas

Amais dos significados materiais que ten a voz **catar,** dos que acabamos de falar e ós que engadimos outro moi corrente como é o de 'recoller cousas entresacándoos dun lugar'*: Paco está catando nas patacas,* pasou desde moi antigo a significar 'mirar, considerar, observar, rexistrar, coidar, vixiar', segundo vemos polos textos medievais.

Na *Crónica Troiana* aparece xa o proverbio *amigo faz ben et non cates a quen*, e frases semellantes como *por deus catada quanto mal nos fazen os de Troya*, *et catey as matas et os lugares espessos et as ortas*, *et cata ben tua fazenda*, etc., etc.

Este uso de **catar** foi perdéndose nas outras linguas irmáns, pero conservou entre nós moita vitalidade: *cata o que fas, cata aquí, cata a ver se o ves, catei todo o lugar e non vin nada,* etc., chegando a ter un sentido interxeccional en moitas expresións: *¡Cata, que demo!*

Este mesmo verbo é o que aparece nos compostos **acatar, acatamento, decatarse, adecatarse, porcatarse, catasol, catavento**, etc.

74. Pepe ten catro cartos

Creo que ninguén terá ningunha dúbida de que o noso numeral 4 non ten outra pronuncia normativa que **catro**. Nas demais linguas veciñas este numeral procedente do latín QUATTUOR mantivo o ditongo orixinario ua e así vemos que os castelás din *cuatro* e os portugueses *quatro,* conservando ademais a grafía primitiva *qu-*.

Esta característica fonética do galego non está illada na Romanía, pois tamén os franceses evolucionaron esta verba coma nós, se ben estes na escrita conservaron a grafía latina con *qu-*: *quatre.* E o mesmo pasou con outras palabras latinas que empezaban coa mesma sílaba: QUALEM, QUANTAM, QUANDO, que son antecesoras das nosas voces **cal, canto, cando**. Coincidimos, pois, cos franceses na pronuncia desas mesmas palabras, se ben eles manteñen na escrita grafías latinas.

Tamén os textos galegos medievais mantiveron de modo xeral a grafía latina como incluso o fixeron nos compostos como **catrocentos** e **catorce.**

Así, pois, manteñamos sempre as nosas características e digamos e escribamos que *dous e dous son catro.*

75. Os cuartos de baño custan moitos cartos

A lingua non funciona cunhas leis fonéticas inexorables. Onte vimos como se orixinaron en galego as palabras **catro, catrocentos, catorce, cal, canto** e **cando.** Seguindo esa mesma regra, da voz latina QUANTUM deberiamos ter en galego como descendente popular **carto**, pero a realidade dinos que é **cuarto.**

Isto significa que o numeral ordinal 4.º así como as outras palabras que se orixinaron desta significación de cuarta parte, teñen unha influencia culta. Todos chamamos hoxe cuartos ás fases da lúa, ás habitacións dunha casa, ás partes da hora. Tamén todos dicimos cuarta para indicar unha medida de lonxitude ou unha medida de capacidade (se ben nalgures se di **carta**) e aínda poderiamos indicar tamén a existencia de palabras como **cuarterón, cuartilla** e **cuartillo,** etc.

Pero é tamén un feito evidente que todos lle chamamos ó diñeiro **cartos** (moeda antiga de cobre usada en España e Portugal, que significaba a cuarta parte doutra moeda) ou afectivamente **cartiños**, como tamén é evidente que dicimos **cartafeira,** palabras nas cales houbo unha reducción popular do ditongo ua.

A lingua non é tan unitaria como a xente cre. Por iso dicimos que *os cuartos poden custar moitos cartos.*

76. Corenta días de coresma

Seguimos a falar outra vez das verbas que teñen relación con **catro, catorce, catrocentos,** e con **cuarto, cuarta,** e **cartas,** etc.

Xa vimos, pois, as relacións que teñen todas estas palabras unhas coas outras e as diverxencias fonéticas que existen entre elas. Aínda hai outra forma distinta de evolucionaren desde o latín ata o galego estas palabras que comezaban pola sílaba latina *qua-*. Lembrémo-lo nome cristián do mércores: **cuarta feira, cartafeira, cortafeira**.

Esta última forma non se encontra illada en galego. Ten coma compañeiras ás palabras descendentes das voces latinas QUADRAGUINTA e QUADRAGESSIMA: **corenta** e **coresma** son as verbas patrimoniais do galego xa desde a Idade Media e comúns ás portuguesas, abandonadas modernamente na lingua culta.

Corenta veces máis volveremos a repetir que non hai solucións fixas no desenvolvemento dunha lingua e que esta determina o seu propio comiño segundo as diversas circunstancias.

Aproveitando a ocasión de estarmos nesta época do ano, na que non hai veda para a pesca, sigámo-lo refrán que di: *na coresma o salmón ten sazón.*

77. A ferida deitáballe moita materia

Nunca estará por de máis volver a insistir en que é o pobo o que garda a maior capacidade expresiva dalgunhas formas galegas. Un exemplo ben claro témolo nos múltiples significados do verbo **deitar**, que ten como primeiro significado o de 'estenderse alguén horizontalmente para durmir ou descansar', é dicir, que un se **deita** cando vai para a cama pola noite ou cando quere descansar a calquera hora.

Ora ben, este verbo ten outros significados metafóricos que fan del unha fonte de expresividade. Por iso, cando as mulleres da aldea *deitan a galiña* por tres semanas o que fan é poñela sobre dos ovos para chocalos. E se dicimos *aquel caldeiro deita* é porque perde a auga. Os pitos da galiña han vir con sorte sempre que *o trigo deite moita*, porque entón haberá para todos. E se *o trigo deita moito*, tamén o muiñeiro terá que *deita-lo muíño* moitas veces, porque encherá a moega de gran moi a miúdo.

E se *ó Martiño a ferida do pé lle deita moito*, ou *lle deita moita materia*, debemos entender que lle supura moito, que lle bota moito pus por estar **anucida** ou infectada.

De repararmos un pouco decatariámonos de que a nota común a todos estes usos do verbo **deitar** é a de 'abandar' nalgún sentido. Así, pois, ollo ós que falan arredor de nós antes de acudirmos a leiras alleas a buscar expresións que temos na propia casa.

78. Quen ten facenda, que a atenda

Sendo Galicia, ata o día de hoxe, na súa meirande parte agrícola e gandeira, non é de estrañar que os animais gardasen sempre unha forte e estreita relación co home. Sobre todo aqueles que mellor

o servían e que máis á man estaban. Comían canda el e moitas veces antes ca el (primeiro era botarlles ás vacas do xugo, despois comían os da casa).

O gando vivía tan a carón do home que, ás veces, os cornos chegaban á mesma cociña. Entraba e saía da corte polo corredor da casa. Era cómplice e confidente das venturas e desventuras dos donos, porque o gando era todo o que o labrego tiña de seu.

O conxunto de animais que vivían co home constituía, pois, a súa **facenda**. Este sentido tan entrañable de "conxunto de gando dunha familia" esqueceuse na palabra castelá da mesma orixe, *hacienda,* e queda aínda no portugués trasmontano *fazenda.* Estes nomes castelán e portugués coinciden co galego nos significados de 'propiedade rústica', de 'bens, riqueza' e de 'finanzas' ou 'tesouro público'.

Para os portugueses *fazenda* ten tamén outros valores que entre nós son descoñecidos: 'mercancías expostas' e 'pano ou tecido para facer traxes'.

79. As enxivas

A evolución dos sons dunha lingua non se pode reducir a unhas cantas regras que poidamos aplicar en tódolos casos. Pero o feito de que non se cumpra na realidade o que esperamos atopar non significa que ese exemplo "raro" careza de explicación.

Así ocorre coa palabra galega **enxiva** (ou **inxiva**), que mostra unha evolución anormal a partir da base latina GINCIVA. Da mesma maneira que de GELARE temos **xear** fronte ó castelán *helar,* deberiamos ter *xenxiva* ou *xinxiva*, fronte ó castelán *encía,* no lugar de **enxiva,** seguindo, neste caso tamén unha evolución igual á do portugués *gengiva*.

A forma común en galega, **enxiva,** non pode deberse a unha influencia castelá, coma no caso da variable **enciva** ou do castelanismo **encía**.

Para explicármo-la forma patrimonial galega temos que pensar que as palabras non aparecen soas cando falamos, senón que se encadean unhas coas outras. Podemos Supoñer que, hai moitos séculos, a nosa palabra, que se pronunciaba case sempre en plural, era as **xenxivas***;* pero se nós probamos a dicilo, comprobaremos que non é doado articular esas dúas consoantes seguidas sen facelas iguais. En galego tivo máis forza o *s* e, despois de pronunciar *as xenxivas;* é fácil entender que os falantes sentisen eses dous "eses" como un só, correspondente ó artigo. A partir desta pronuncia da palabra en plural formouse un singular analóxico **enxiva,** que ten que ser explicado desde a forma de plural.

80. Xuntanza do pobo de Deus

Os primeiros cristiáns do pobo romano introduciron na súa lingua a palabra ECCLESIA, procedente do grego, onde significaba 'reunión do pobo', 'asemblea de guerreiros'. Para eses primeiros cristiáns esta verba pasou a significar tanto 'xuntanza dos crentes na nova fe' coma 'lugar onde esta xuntanza se celebra'.

Este neoloxismo na lingua latina tivo unha grande permanencia tanto na lingua falada coma na escrita. Pensen que a forma primitiva permaneceu mesmo igual, sen evolucionar, na linguaxe cultual dos

sacerdotes ata os tempos actuais. Queremos salientar que esta forma ECCLESIA foi sempre escoitada polos falantes que ían á misa e, polo tanto, influíu necesariamente na fala popular.

Non é, pois, de estrañar que en calquera das linguas romances haxa variantes desta voz de orixe grega. Nos textos medievais atopamos xa decenas de variantes tanto en Castela coma en Galicia, coma en Portugal.

A forma máis estendida actualmente en Galicia é a coincidente coa forma castelá **iglesia**, voz que aparece nos textos desde o século XIII e que triunfou na lingua escrita castelá. O prestixio desta forma fixo que se impuxera en Galicia fronte a outras máis tipicamente galegas das que falaremos no seguinte artigo.

81. A igrexa galega

Ó lado da forma **iglesia**, da que falamos, a xente di en moitas partes **ilesia** e **eiglesia**. Hai tamén quen di **iglesia** e **iglexa**, verbas nas que se nota a pronuncia palatalizada do *s*.

Moi corrente é hoxe tamén atopar formas máis tipicamente galegas nas que a consoante *l* pasou a ser pronunciada como r. Estas son sobre todo **igrexa** e **igresia,** se ben podemos escoitar algunha vez variantes como **egrexa** e **egrexia** e, aínda máis, **eigresia** e **igresia**. Todas elas están testemuñadas nos textos galegos antigos e modernos. Cremos que estas palabras son as que representan o termo medio da evolución da forma latina en galego e por iso pensamos que a voz **igrexa** (semellante case na pronuncia á voz correspondente en portugués *igreja*) debe ser considerada a forma estándar nun galego común.

Están vivas tamén na fala popular **eirexa, airexa** e **irexa**, que ás veces son empregadas polos nosos escritores e aparecen fosilizadas nalgúns nomes de lugar como **Eirexe, Eirixa, Eirixe, Irexe, Irixe**, etc., etc.

En fin, as árbores non deixan ve-lo bosque. A riqueza de variantes non debe perderse pero non podemos esquecer que necesitamos dunha forma común para entendérmonos todos.

82. Éche unha boa malladora

Se eu lle dixese á miña avoa que penso traer para a seitura unha boa **malladora**, axiña crería que o meu propósito sería o de contratar temporalmente unha xornaleira que se cadra mallase moita e ben.

Pero se esta mesma proposta lla fixese á miña nai viríalle seguramente ó maxín que a miña intención era a de mercar unha máquina ou aparello para malla-lo trigo.

A verba é a mesma e o contexto tamén. ¿Por que logo ámbalas dúas pensaron cousas diferentes? Porque, aínda que a lingua ten unha certa estabilidade, nun período de tempo curto, e pese a quen pese, observamos que certas palabras cambian de significado ó producírense, por exemplo, certos inventos ou apareceren no mercado certos aparellos.

Estamos vivindo nuns tempos nos que cada día as máquinas van substituíndo pouco a pouco ós homes e loxicamente asistimos á especialización dalgunhas palabras.

Os sufixos *-dor, -dora, -doira*, que atopamos en palabras como **sachadora, segadora, gañadoira, limpadoira,** etc. deixarán de significar 'propio de persoa que fai tal ou cal labor' e terán o valor de 'máquinas para facer tal ou cal labor'.

83. Desapareceron as chofretas

Moi pouca xente coñecerá hoxe aquel pequeno aparello chamado **chofreta,** que era unha especie de braseiro que había nas casas de boa facenda, para quentarse, porque nas outras non tiñan máis remedio que amañarse achegándose a carón da lareira familiar.

Este **quentador,** arrumbado agora nun recuncho perdido dos faiados, porque foi substituído polos novos medios de calefacción, era de orixe francesa. En castelán chamábase *chofeta.* En francés era nomeado *chaufferette,* e dá a impresión de que a nosa palabra procede directamente da francesa e non da castelá.

Como claramente se ve, esta palabra francesa procede de *chauffer,* 'quentar', que é derivado do verbo latino CALEFACERE. Pero este verbo latino tivo tamén descendentes moi concretos na Península Ibérica: **calfar** ou **escalfar.**

Non imos explicar aquí agora o que significan estes dous verbos en galego, en castelán e en portugués, pero si queremos rematar este *Recanto* de hoxe recordando un significado metafórico que ten o verbo **escalfar** en galego: 'botar algo con violencia a alguén', en frases coma a seguinte: *se non cóme-las papas, escálfochas na cara.*

84. Unha mala avenza vale mais ca un bo preito

Está moi claro que a palabra **avenza** ten neste dito popular o sentido de 'acordo, conciliación, pacto'. É unha voz que atopamos moi a miúdo nos textos antigos baixo diferentes formas: *Per fazer avenença, Esta avenença fezeron entre neptuno et feuo, ata que saya livrada per juyzo ou per avença*, etc., exemplos nos que se ve evidente a súa etimoloxía latina: ADVENIENTIA.

Agora ben, atopamos tamén no galego de hoxe estendida unha voz que nalgúns diccionarios aparece escrita da mesma maneira, e que ten o significado de 'facenda' nalgures; ou de 'facenda miúda', é dicir, gando lanar que pertence a un ou a varios veciños, noutros puntos de Galicia. Estes mesmos significados téñenos noutras partes da Península outras verbas semellantes que están en relación co verbo **haber.**

Se do verbo **facer** xurdiu **facenda,** do verbo **haber** derivou **habenza,** voces ambas que teñen semellante sentido. Cremos que este derivado do verbo **haber** debe escribirse como nós propoñemos, xa que de escribilo como fan algúns diccionarios pode dar lugar a confusións, pois baixo a forma **avenza** poñen tanto o significado de 'acordo' coma o de 'haber' e 'gando miúdo'.

85. O sol na eira e a chuvia na nabeira

Hai algúns que cren que a lingua é algo unitario, fixo e determinado. Nada máis falso. A lingua é como un organismo vivo que está sempre en efervescencia.

Nunha reunión de amigos pronunciaba un o refrán do título do noso *Recanto* e outro dos asistentes preguntou: *¿e, logo, ti por que dis eira?* O primeiro contestou: *¿e como vou dicir? Pois, aira,* respondeu o segundo con firmeza.

Armouse a correspondente discusión e cada un dos presentes tomou partido por un dos dous. Dous lugueses e un ourensán defendían a postura de que en galego o lugar onde se malla o trigo se denomina **aira**. Os outros contertulios, naturais de diversas aldeas das provincias da Coruña e Pontevedra, insistían moi convencidos en que a auténtica denominación era **eira,** como afirmaba o refrán.

A realidade é que as dúas opinións diverxentes tiñan razón. A verdade é que as xentes da parte oriental de Galicia chaman **aira** ó que os da parte occidental chaman **eira.** O que ocorre é que esta segunda forma foi a máis apreciada polos escritores, que, como sucede noutros casos, prefiren o que podemos chamar solucións occidentais. De aí o prestixio da forma **eira**

86. ¿Aixadas ou eixadas?

Na discusión á que faciamos referencia onte sobre se se di **aira** ou **eira** parecía que tiñamos convencidos ós nosos interlocutores con esa especie de solución salomónica que lles demos. Pero un dos asistentes derramoume a miña explicación soltando a pregunta de se se di **aixada** ou **eixada...** Aquí eu si que xa non tiña argumentos de ningunha clase para dar unha resposta aceptable para todos. Resultaba que non tódolos que dicían **aira** dicían **aixada** e viceversa: a maioría dos que dicían **eira** aseguraban que na súa terra de orixe se dicía **aixada** e non **eixada,** que sería o esperado.

Xa non quedaron tan convencidos os meus contertulios cando lles trataba de mostrar que cada palabra ten a súa propia historia, que neste caso a voz máis estendida por toda Galicia é **aixada,** e que este vocábulo ten moitas variantes (**eixada, axada, anxada, enxada, aixola, eixola, aixadón, eixadón,** amais dos castelanismos **azada, azadón, zadón, zadona,** etc.) que dependen da realidade do obxecto material no que consiste este apeiro de labranza. Este trebello, como outros empregados no campo, ten diferentes formas e por iso recibe denominacións tan variadas.

De tódolos xeitos cada un dos contertulios quedou convencido de que a mellor denominación era a propia. Eu insistín en **aixada,** pero...

87. Quérote como as meniñas dos meus ollos

Resulta moi curioso observar como unha frase que ten tanta expresividade para nós é o resultado dunha metáfora que aparece en centos de linguas moi alleas a nós.

Xa os romanos chamaron á regaña do iris ocular PUPILLA, que ó fin e ó cabo, non significaba outra cousa que 'nena'. Hoxe consideramos esta palabra, **pupila,** unha voz culta porque na fala popular chegou un momento en que ese vocábulo deixou de ser expresivo, xa que perdeu o sentido de 'nena pequena'.

Os nosos devanceiros chamaron ás nenas tamén **meniñas** ou **miniñas,** e despois, como resultado da metáfora universal, chamaron **meniñas** ás pupilas.

Así, pois, esta palabra, **meniña,** está en relación coa voz **meniño,** 'neno', palabra de creación expresiva e afectiva que ten o valor de 'pequeno'. Calquera destas voces se emprega hoxe en Galicia como sinónimo de rapaz, cativo, pícaro, etc.

Meniño pasou tamén a significar entre nós o dedo meñique, que tamén podemos atopar chamado nalgures dedo **mainiño, memiño, maumiño, meiniño, memiño, mimiño, meñico**, etc.

Chama a atención que os portugueses non teñan palatalizada a consoante n e din *menina,* cando sería de esperar un resultado coma o do galego **meniña.**

88. Contar por centos

Cada lingua organiza o seu propio sistema de familias léxicas. O sistema dos numerais foi herdado da lingua latina en tódalas linguas romances e estas en xeral conservan a numeración por centos seguindo o sistema do latín.

Había un numeral latino (QUINGENTI) que saía fóra da norma, é dicir, que era irregular, Na lingua castelá, que conta máis ou menos coma nós, conservouse esta irregularidade e din *quinientos,* seguindo a propia evolución fonética. Tamén o portugués mantén esta irregularidade pasando a chamar ó numeral 500, *quinhentos,* unha evolución fonética que non é propia desta lingua e que parece que se debe á influencia castelá.

O galego foi neste caso unha lingua innovadora e esqueceu o numeral latino. Regularizou o sistema de contar por centos baseándose nos numerais simples: **dous, tres, catro, cincocentos,** etc.

Se ben nos textos literarios galegos antigos quedan restos de formas semellantes ás portuguesas, hoxe na fala popular non atopamos ningún *queñentos* ou *quiñentos. A* xente maior di sempre *cincocentos repolos, cincocentas pesetas,* etc., pero na xente nova estase a introduci-lo castelanismo **quinientos**, sobre todo cando se fala de pesetas. Dá a impresión de que os billetes de 500 pesetas trouxeron tamén consigo o nome castelán.

89. Choiva de mar e vento da ría cerrazón para todo o día

En Combarro e noutros puntos do Salnés escoitamos este refrán onde a palabra **choiva**, tan querida por algúns escritores, é empregada pola xente como voz normal. Nalgúns outros puntos de Galicia puidemos oír tamén esta forma, que non é maioritaria.

A maioría dos galegos prefiren a voz menos evolucionada, e polo tanto máis parecida ó latín, **chuvia**, que está moi documentada nos textos medievais e que xa citamos nos nosos *Recantos* varias veces cando a sacabamos a colación nalgún refrán. Os portugueses teñen hoxe como voz normativa *chuva,* forma coincidente, salvando as peculiaridades fonéticas de cada lingua, coa que atopamos na Península de Morrazo.

No norte das provincias da Coruña e Lugo case nunca se fala de **chuvia**, senón de **auga.** Pénsese de tódolos xeitos que o falante galego emprega moito máis as expresións de *chove moito, está chovendo, vai chover*, cás expresións nominais onde se mencionan as voces **chuvia, choiva, chuva, auga**, etc.

Non obstante, xa falamos algunha vez da existencia de derivados desta familia léxica: **chuvasco, chuvieira, chuviñoso, chuvisca, chuviscada**, etc., que deben aparecer escritas con v seguindo a grafía da palabra base.

90. Cada un varre para si

Di o refrán que *cada un varre para si*, pero hai outro que afirma que *cada un varre como pode ou como sabe.* E agora nós preguntamos ¿e con que se varre? Iso depende de onde sexa o varredor.

As xentes da metade norte de Galicia varrían cun aparello feito de **xestas**, plantas moi coñecidas en toda Galicia que na primavera se cobren de flores amarelas. O paisano galego collía estas **xestas** das **xesteiras, xestais** ou **xestedos**, e empregaba tamén outra planta chamada **uz** ou **us,** que collía dos **uzais** ou **uceiras**; e chamaba tanto nun caso coma noutro ó aparello que se facía con estas plantas, **xesta.**

Os falantes do sur de Galicia construían tamén con estas plantas este mesmo instrumento, pero denominábano **vasoira**, e mesmo nalgúns sitios **vasoiro** ou **vasueiro**. Esta é a denominación que tamén teñen os portugueses, que escriben *vassoura,* con *v-* seguindo a grafía que tiña na lingua latina o verbo VERRERE.

É curioso que as **xestas** ou **vasoiras** que se empregaban para varre-lo forno fosen chamadas **varredoiros**, que tiñan normalmente un mango máis longo.

Se vostedes teñen na casa aínda un destes utensilios recordámoslles que hai que poñelos co mango para abaixo detrás da porta para que dean boa sorte ou para bota-las visitas fóra...

91. Chegaron as aspiradoras

No século pasado comezou a industrialización en tódalas partes e o home galego atopou máis cómodo merca-las vasoiras nas tendas. Ós aparellos novos que mercaba déulle-lo nome que lles daba o comerciante castelán que lles vendía: **escobas***,* en vez de conserva-lo nome que tiñan en Galicia.

Os portugueses teñen tamén *escovas,* pero co significado de 'utensilio feito de madeira, óso ou outro material, gornecido de pelos duros ou de fíos artificiais que se emprega para limpa-los traxes, os dentes, etc.'. Para este significado nós non temos tampouco palabra ningunha, de xeito que se importou tamén de Castela o instrumento xunto co seu nome: **cepillo**. ¿Quen podería dar unha palabra galega que substitúa este castelanismo?

Menos mal que o castelanismo **escoba** parece que non vai ter longa vida porque agora están a se introducir novos trebellos para varrer. O último neoloxismo, de carácter internacional, que está entrando nas nosas casas é a **aspiradora.**

A civilización tecnolóxica tráenos cada día novos aparellos que rapidamente van cambiando e substituíndo ós antigos. Pero o malo é que con eles van desaparecendo tamén as nosas palabras patri-

moniais, sendo que en moitos casos non é necesario que se perdan porque poden adaptarse ós novos obxectos.

92. O avespeiro do oriente próximo

A lingua vai transformando ou ampliando os sentidos das palabras usuais por diversos procedementos. Un deles é o uso metafórico ou comparativo das verbas. Cando me retiro a un asunto complicado e causante de moitos desgustos para quen se mete nel, emprego a voz **avespeiro**. Quen lea o título do noso *Recanto* de hoxe non pensa necesariamente no verdadeiro significado de 'lugar onde aniñan as avespas' ou 'conxunto ou multitude delas', como non o pensei eu cando escoitei pola radio noticias desa parte do mundo.

Matinando sobre estes insectos recordei a palabra orixinaria latina VESPA, que aínda se conserva nalgúns puntos de Galicia tal como era en latín e que ten como derivada a voz **vespeiro**. Pero na maior parte do ámbito do galego recibiu un *a-* inicial, converténdose esta verba en **avespa**, para ter un comezo de palabra similar ó doutro insecto semellante: **abella. Avespas** e **avespeiros** son as formas máis estendidas.

Con todo, hai outras variantes moi populares para se referir a estes insectos tan comúns en toda Galicia. Na parte oriental das provincias de Lugo e Ourense coñécense máis ben cos nomes de **avésporas, avespras, vésporas** e **vespras**, cos seus correspondentes **avesporeiros, avespreiros, vesporeiros** e **vespreiros**, fáciles de explicar filoloxicamente se pensamos na palabra latina VESPULA ou noutras posibilidades que están na estructura fónica desta palabra.

Máis difícil de explicar son as variantes populares da parte occidental das provincias da Coruña e Pontevedra, **néspora** e **nespra**, cos seus correspondentes **nesporeiros** e **nespreiros**. Non nos atrevemos a meternos neste *avespeiro filolóxico*.

93. Antón adormeceu porque eu o adormentei

Xa comentamos varias veces a necesidade de estudiarmos ben a lingua tanto desde un punto de vista gramatical como léxico, para evitarmos confusións coa lingua en contacto, o castelán.

Toda nai ou todo pai ou avó, avoa ou calquera que teña relación con nenos sabe o que significa ter que *adormentalos cando eles se negan a durmir*. Tamén calquera conferenciante é consciente de que ás veces *adormenta ó seu auditorio* e non digamos nada da *capacidade dos locutores de televisión para adormenta-los telespectadores*.

A palabra castelá equivalente a **adormentar** é *adormecer,* pero o galego **adormecer,** usado sen pronome reflexivo, significa 'irse quedando durmido', que equivale ó castelán *adormecerse.* Por iso dixen arriba que *eu adormentei a Antón e este adormeceu.* Non é esta a única parella verbal cunha diferencia de significado semellante; doutras como **quecer** e **quentar, amolecer** e **amolentar**..., falaremos máis adiante.

A necesidade, pois, de coñecer ben a propia lingua é algo indispensable para evita-las interferencias lingüísticas a tódolos niveis da linguaxe. Só quen coñece ben a súa lingua está capacitado para aprender outras sen confusionismos e sen mesturas.

94. El marchou cedo, eu vou axiña

Hai xente que confunde estas dous adverbios de tempo. **Cedo** procede do latín CITO e significaba 'axiña', pero entre nós foi evolucionando claramente no sentido de 'o que se fai antes do tempo normal ou acostumado' e de aquí ó de 'primeiras horas da mañá, da tarde ou da noite'.

Se eu digo que *el marchou cedo* quero significar que el xa se foi para alá antes do tempo convido ou que marchou pola mañanciña. Hai un refrán que di que a *quen cedo so ergue logo lle amañece.* Por se queda dúbida tamén mencionarémo-lo exemplo da nai que lle pide ó fillo *esta noite ven cedo,* onde tal vez cedo, tanto para o fillo como para a nai, signifique ás once da noite se é que o rapaz acostuma volver á casa pola medianoite.

Axiña (que ten as variantes **aixiña e eixiña** nalgures), derivado adverbial do verbo latino AGERE 'facer', tomou moi cedo (emprego aquí cedo no sentido de 'primeira época da historia da lingua') o significado de 'que se fai rapidamente, de seguida'. Por iso cando emprego o refrán *non por moito madrugar amañece máis axiña,* aludo claramente ó sentido de rapidez. E se digo que *vou axiña* ten o mesmo valor que se dixese vou inmediatamente.

Destes sentidos de axiña pasouse ós de 'facilmente' e 'por pouco', como se ve en exemplos como *máis axiña cae un mentireiro ca un coxo* ou *axiña non chega*.

95. O azucre está na azucreira

A falta dun diccionario normativo da lingua galega, no que moitos falantes poderían resolve-las dúbidas que se presentan cando se trata de escoller entre palabras con variantes fonéticas segundo os lugares onde se empregan, fai que haxa xente que pense que non temos un léxico axeitado para o desenvolvemento normal dunha lingua culta.

Se un veciño dunha parroquia onde tódolos membros din **zruque** ou **azruque** vai visitar uns parentes que viven lonxe, escoitará tal vez deles unha frase como *¿Non botas máis azucre ó café?* Se este home viaxa moitas veces fóra da súa aldea, verá que a forma máis corrente en tódalas partes para o que el na casa chama **zruque**, é **azucre.** Isto ocorre en tódalas linguas do mundo nas que as palabras, mesmo as máis correntes, teñen variantes locais e, ás veces, empregan unha verba completamente distinta para o mesmo obxecto.

Aínda que **azucre** é voz de orixe árabe, pertence xa ó patrimonio léxico galego e formou unha familia propia, con derivados como **azucreira, azucreiro, azucrar, azucrado,** etc. Tódalas formas que atopamos nalgúns escritos cun a no medio desta palabra (como **azucareira***)* reflicten a influencia do castelán.

96. Almorzo, xantar e cea

Algún día falaremos con máis vagar dos tres verbos que titulan este *Recanto,* porque teñen moita tea que cortar. Pediunos un lector amable que lle dese unha urxente contestación sobre a denominación das tres comidas principais do día, xa que vía confusións de emprego destas formas en moitas ocasións.

Non hai dúbida de que para os falantes de case toda Galicia a primeira comida importante do día é o **almorzo,** que normalmente era antes máis "xantadeiro" do que o é hoxe. A introducción da voz **desaúno** é un claro castelanismo, que parece ser bastante recente, como castelanismo é tamén o uso da palabra **almorzo** para indica-la comida do mediodía. Así, pois, só podemos **almorzar** pola mañá.

A comida do mediodía é o **xantar,** se ben hai xa moita xente que substitúe esta palabra pola máis xeral de **comida**, que loxicamente conserva o seu significado de 'acción de comer' ou 'alimento que se envía'. De tódolos xeitos, debe quedar ben claro que **xantar** só se pode facer ó mediodía, nunca pola mañá nin ó serán.

Polo serán, é dicir, o tempo que vai desde a cesación do traballo deica a hora de se deitar, tomámo-la **cea,** que ten no noso refraneiro mala sona: *soles e ceas teñen as covas cheas.* **Cear** é, logo, toma-la comida do día, que debe facerse, segundo a sabedoría popular, moi parca: *boa cea cea aquel que non cea.*

97. Sabela éche moi choromiqueira

Unha das características da lingua viva é a creatividade incesante procurando ante todo a expresividade. Esta busca da expresividade faise por camiños diferentes: emprego de diminutivos, elisión dalgúns elementos, repetición doutros, énfase, etc. A formación de novas palabras mediante sufixos fai que o que queremos expresar teña máis viveza ou máis intensidade.

Un exemplo deste tipo témolo na creación de novos verbos que se forman engadindo á base primitiva dun verbo un sufixo verbal como *-icar.* Así modifícanse verbos como **bater, namorar, saltar** e **chorar** en **baticar, namoricar, saltaricar** e **choricar.**

Estes verbos tan expresivos poden aínda resultar modificados por creacións innovadoras que ás xentes lles parecen máis intensas e significativas. Así temos que ó lado de **choricar** ou **choriquear** xurdiron **choromicar** ou **choromiquear,** que adquiriron matices que os diferencian dos primeiros.

Destes verbos saen tamén derivados como **choromicas, choromicada, choromico, choromicón,** etc. E así temos que para un falante normal hai distinción entre *Sabela é chorona* e *Sabela é choriqueira*, como hai entre esta última frase, e *Sabela é unha choromicas* ou *Sabela éche moi choromiqueira.*

98. Andar ó axexo

Toda expresión lingüística evoca na mente do oínte unha primeira imaxe que non é igual para tódolos falantes da mesma lingua. Se eu me atopo na vila de Laxe e lles digo ós meus compañeiros de tertulia *onte andamos ó axexo*, inmediatamente algún deles preguntarame *¿que pescastes?*, pois el pensou no lance para a pesca que se fai entre lusque e fusque.

Se eu pronuncio esa frase entre un grupo de cazadores, a resposta esperada será a de *¿cantas pezas cazastes?*, porque na mente deles está presente no primeiro lugar ese xeito de cazar.

Pero un falante normal reaccionaría ó escoitar esa frase preguntando *¿que axexastes?*, é dicir, *¿que observastes con atención e disimulo?*, ou, cunha expresión máis moderna, *¿que estivestes espiando?*

Axexar é un verbo moi corrente en toda Galicia que conta con algunhas variantes fonéticas como **asexar** (bastante estendida), **acexar** (que se di por moitos lugares de Lugo), **axixar, asixar**, etc. que resultan moi interesantes para un filólogo que intente poñer en relación estas formas coa palabra orixinaria latina que tal vez sexa unha verba como SECTARE, que significaba 'perseguir'. De tódolos xeitos parece moi complicado explicar como se chegou a estes derivados galegos.

99. Andar ó almallo

Preguntábame o outro día un amigo se coñecía e se estaba viva a palabra **almallo**, que el atopaba a miúdo nuns documentos sobre os que andaba a traballar. Pois si. Esta verba está aínda moi viva en moitos puntos da Coruña e de Lugo que eu saiba, xunto con variantes como **armallo** e **almacio**, co sentido de 'touro semental'.

Resulta moi corrente oír, xunto a expresión de *esta vaca anda ó almallo*, outras semellantes: anda ó **boi** (moi estendida por toda Galicia), anda ó **touro**, anda ó **xato**, anda **saída**, anda **alta**, etc. para indicar que a vaca está en celo.

Cando é a porca a que pasa por ese período dise que anda ó **porco** ou ó **castizo,** ou ó **cocho,** ou á **ganancia**, etc.; do mesmo xeito que se é a cabra a que se atopa nesa situación dirase dela que anda ó **castrón**, ou da ovella que anda ó **carneiro**.

E xa metidos neste tema recordémo-las gatas que andan **á xaneira** ou **de xaneira**, precisamente no mes de xaneiro, en que a lúa está máis clara. Claro que *andar coa lúa* non ten para a nosa xente ningún significado luxurioso senón o de 'andar medio tolo'.

Como dixemos tantas veces, a riqueza léxica do galego é realmente extraordinaria; véxase senón todos estes exemplos en que o verbo **andar** modifica o seu sentido propio.

100. No canto do noso recanto

No canto do noso *Recanto* da lingua poderiamos escribir **currunchо** da lingua ou calquera dos outros sinónimos que ten esta palabra en galego: **recuncho, currunchiño, recunchiño, canto, cantiño,** etc., co significado de 'sitio ou lugar reducido e de pouca dimensión'.

A voz **canto,** ademais dos valores que ten como pronome ou como adverbio en frases como *canto tes tanto vales* ou *canto antes veñas mellor*, ten, por unha parte, diversos valores significativos en relación co verbo **cantar,** e, por outra, diversos significados que proceden doutra orixe: 'esquina', 'parte oposta ó fío dun coitelo', 'croio', etc. Pero hoxe queremos recordar aquí outra significación moi corrente, que se lles pode escoitar ós rapaces cando xogan a pilla-lo sitio uns ós outros dicindo *escaravello branco, fóra do meu canto,* onde **canto** vale o mesmo que 'o sitio de cada neno que xoga'.

Dese sentido pasou a significar 'substitución' e así temos hoxe a expresión tan popular **no canto de** co valor de 'en vez de', 'en lugar de' en frases como *no canto de Moncho veño traballar eu, emprego a voz Recanto no canto de Recuncho,* etc.

¡Que ben estaría que buscasemos solucións para a nosa lingua dentro da propia fala no canto de irmos pillalas ó estranxeiro!

101. Fanas os porcos e páganas os bacoriños

O máis lóxico para o home do campo galego é facer imaxes ou comparacións con aquilo que ten sempre diante: a súa facenda, é dicir, o conxunto de animais dos que se serve para a súa mantenza. Entre estes está o ben coñecido **parco** ou **cocho,** que fai a miúdo das súas no cortello ou ás veces na corte, pero que ten a sorte de que os **bacoriños** paguen por el as súas falcatruadas.

Os **bacoriños** ou **bacuriños** ou **bácoros** son uns dos tantos nomes cos que se distingue ós porcos noviños que poden ser tamén chamados **ranchos** ou **renchos, rencos** ou **rengos, relos** ou **rellos, corrichos** ou **corrinchos,** etc., etc. A serie de nomes sería moi grande e as dificultades para distingui-la súa exacta significación non serían menores, porque nunha zona determinada unha palabra pode ter un valor diminutivo ou afectivo e noutra esa mesma palabra ten un valor pexorativo.

Hai denominacións que serven sobre todo para lles berrar ós porcos como **quino, quiño, quiro,** que despois pasan tamén a nomes normais, sinónimos dos que acabamos de mencionar.

O home galego ten aínda á súa disposición outros moitos nomes en relación coa función dos porcos no seu entorno: *porcos da ceba,* porco **semental** ou **castizo** ou **cochizo, marráns** ou **marraus,** etc.

102. Cal é o can, tal é o seu dono

As estreitas relacións entre o home e o can, que desde moi vello xa son de todos coñecidas, fixeron que estes dous seres fosen tidos en conta no noso refraneiro e fosen a miúdo protagonistas na nosa literatura popular.

As comparacións entre o home e o can tanto poden ter un valor positivo coma negativo. De alguén que é cariñoso e obediente podo dicir que *é cariñento coma un can,* e de quen ten tanta paciencia coma o santo Xob podo afirmar que *ten carne de can.* Se un é moi cauto, astuto e capaz de saír con ben das dificultades da vida diremos del que é *un can vello.*

Agora ben, tamén os cans teñen outros aspectos negativos para as persoas que non son amigas deles. Se digo que *Pepe ten cara de can* está claro que quero significar que Pepe é moi feo ou moi antipático. E aínda o can ten a imaxe da furia, do máximo valor do enfado: *Pepe púxose feito un can cando lle pedín que me acompañase*. Ademais, enriba diso, *botoume os cans* e *púxome coma un can. Menos mal que non saíu atrás de min apurándome coma a un can.*

E remato hoxe esta comparación do can e do home dicindo que son moi numerosas as frases e os refráns que o home galego fai acumulando nos longos anos de convivencia con este animal caseiro.

103. Alugar, alquilar, arrendar

Moitos cren que unhas palabras son máis importantes ca outras dentro do sistema dunha lingua. Todo depende do valor afectivo que cada un lle conceda a cada verba en concreto. No caso das tres palabras que comentamos hoxe son todas elas iguais para un falante normal, que en principio consideraría que as tres son sinónimas.

Alugar, que ten a súa orixe no latín, significou en principio algo así como 'colocarse' e naturalmente 'colocarse a cambio dun xornal ou dunha renda ou de algo concreto'. Esta voz está moi viva nalgúns puntos de Galicia para os segadores que se alegan por unha cantidade de diñeiro que se chama **aluga, alugo** ou **alugueiro;** na parte oriental de Lugo queda no sentido de 'alquilar' ou 'arrendar a outro o gando'.

Alquilar, voz tomada do árabe, significou primeiro 'alugar acémilas, mulas ou outras bestas' e foi pouco a pouco ampliando o seu sentido ata te-lo valor actual.

Arrendar parece se-la verba máis moderna, empregada sobre todo no sentido de 'alugar ou alquilar unha terra a cambio de algo'. Aínda están moi vivas as formas de *arrendar a cartos, arrendar a trigo, arrendar ó medio, ó tercio, ó quinto,* etc., expresións que se entenden perfectamente. De aí ampliou o seu significado sendo hoxe sinónimo das verbas **alugar** e **alquilar.**

¿Cal das tres formas preferimos? As tres. O tempo, que as fixo sinónimas, fará que cada unha delas se especialice nun sentido ou nuns usos determinados.

104. As maceiras do meu tío

Se eu fixese unha pregunta como *¿como se chama en galego a árbore que dá mazás?* atoparíame cunha serie de denominacións que a máis de un lle parecerían chocantes e mesmo raras. As xentes dos arredores da Coruña, de Ordes, de Santiago, de Arzúa, de Lalín, da Estrada, de Vigo, de Tui contestarían como a cousa máis normal que **maceira.**

Claro que os que viven na parte máis occidental destes lugares, que chaman **mazán** á **mazá**, nomean **mazanceira** á árbore que produce mazáns. Os que viven entre Ferrol e Viveiro chamaranlle **maciñeira** ou **manciñeira**. Algúns do centro da provincia de Lugo dirán **macira** para a árbore que no sur desa provincia e en case todo Ourense chaman **mazaira.**

Pero resulta que no galego oriental a árbore cambia de xénero e atopámonos con **maceiros, mazaneiros, mazaqueiros, mazairos** e mesmo con **pomares** e **pumares,** etc., etc.

Todo isto non indica senón a riqueza e variedade léxica da nosa lingua. Por moito que os gramáticos e os pedagogos escollan calquera destas formas (eu escollín maceiras para o título do *Recanto*) para a linguaxe culta non debemos esquecer na fala normal a forma que a nós nos resulte máis familiar.

105. Chegou onda min

Existen en galego dúas palabras moi semellantes entre si pola forma exterior, pero moi diferentes pola súa función. Trátase da preposición **onda,** que significa 'xunto de', 'á beira de', 'a carón de' e do adverbio **onde,** que ten multiplicidade de significados e usos como interrogativo, relativo, equivalente dunha oración enteira e mesmo co sentido de 'sitio', 'lugar', etc.

Podemos ve-la diferencia de ámbalas dúas voces na frase *chegou onda min e pregunteille de onde viña.*

Ademais deste valor preposicional **onda** pode ter un valor de conxunción condicional cando vai seguida da negación *non.* Pénsese en exemplos coma os seguintes: *espero que mo poidas traer*, *onda non, avísame* ou *mira se mo podes mercar, onda non, dimo con tempo.*

De tódolos xeitos hai que salientar que no caso do uso da preposición **onda** con pronome persoal hai que usa-la forma *min*, e non *eu*, como ás veces acostuman a facelo algúns neofalantes.

Empreguemos, pois, esta preposición tanto na lingua falada coma na escrita, pero sen a confundir co adverbio **onde:** *a vila onde vivo está onda un castro romano; ¿u-lo neno? está onda os pais,* etc.

106. Angazos e enciños

Poucos apeiros ou trebellos de labranza (tamén empregados ás veces polos mariñeiros) son tan coñecidos coma o **angazo** ou o **enciño.** Trátase do mesmo instrumento sen diferencia ningunha material, a pesar de que nunhas zonas se chama dun xeito e noutras doutro.

O nome de **enciño** (coas súas variantes **anciño, onciño e inciño***)* esténdese por case toda a provincia da Coruña e a parte noroccidental da de Lugo e, curiosamente, tamén pola desembocadura do río Miño.

A parte sur da provincia da Coruña e o resto da provincia de Lugo non indicado anteriormente, así como as xentes das de Pontevedra e Ourense teñen como forma normal a voz **angazo**, se ben nalgunhas zonas do Sur e Oriente de Ourense se escoita máis a miúdo a variante **engazo**.

Non imos conta-la famosa anécdota do home que fora a Madrid oito días e cando volveu non sabía o que era o **angazo** ou o **enciño**, pero si queremos chama-la atención do perigo da perda destes nomes tan intimamente unidos ó campesiñado galego; agora estanse a introducir obxectos semellantes, que se mercan nas tendas ou nas feiras e que serven para os mesmos fins, pero ós que se lles dá o nome que teñen en castelán: *rastrillos.* Eu xa escoitei en máis dunha ocasión esta voz castelá para referirse ó **angazo**, porque os comerciantes seica "venden" mellor castelanizando o nome galego.

107. A ferida aborreceuse

Escoitei moitas veces esta expresión de *a ferida aborreceuse* onde o verbo **aborrecer** e tomou o sentido de 'infectarse' ou 'tirar a mal'. Este é un sentido, polo que eu sei, que só ten a nosa lingua e é, por tanto, descoñecido nas linguas veciñas.

O paso a esta significación desde a normal de **aborrecer**, 'sentir repugnancia pola comida ou por un alimento en concreto', non representa ningunha complicación.

Eu aborrezo a Xan como *aborrezo tamén os grelos*. Neste último sentido emprégase en moitos puntos de Galicia o verbo **aburrir**: *aburro as fabas*.

Usado o verbo **aborrecer** co pronome reflexivo adquire un sentido un tanto diverxente do orixinario pero facilmente comprensible se matinamos ben na imaxe ou comparación que se produce. *Eu aborrézome se te estou esperando moito tempo*, é dicir, 'enfádome', 'moléstome'. Esa mesma imaxe é a que causa o cambio de sentido en 'levar a mal', 'producir infección', que temos na frase do noso *Recanto* de hoxe.

Os significados das palabras latinas non quedan fixos ó longo dos tempos, senón que van adquirindo novos sentidos nas linguas romances. No caso do latín ABHORRERE vemos que desenvolveu en galego un significado exclusivo que descoñecen as outras linguas.

108. A quen tes que agarimar non o fagas chorar

Hai palabras que levan consigo unha carga de afectividade enorme. Unha delas é para tódolos galegos **agarimar**, e toda a súa familia léxica. Non é agora o momento de discutírmo-las diversas etimoloxías propostas para esta palabra, que significa tanto como 'aloumiñar', 'mimar', 'abrigar', 'dar calor', 'protexer', etc. En moitas partes de Galicia este verbo, empregado como reflexivo, significa tamén 'buscar protección da chuvia', que tamén se di **abeirarse** ou **acollerse**.

Se ben a voz **agarimo** pode significar 'abrigo', 'protección', hoxe impúxose o sentido de 'mimo', ou 'aloumiño'. *Facer algo con agarimo* é unha expresión que continuamente empregamos todos para indicar con canto cariño e afecto facemos algo.

A abundancia de formas derivadas desta palabra (**agarimoso, agarimosamente, agarimador, agarimento, agarimeiro,** etc.) indican a extensión e frecuencia de uso desta voz tan tipicamente galega; algúns dos seus significados esténdense pola veciña rexión miñota, pero que é descoñecida para o resto das linguas romances.

Creo que non hai mellor xeito de afagar a alguén que agarimándoo e creo, por tanto, que non hai mellor maneira de trata-la propia lingua que con agarimo.

109. Xestas, gestas e hiniestas

Moitas veces a toponimia galega foi estragada a nivel oficial con absurdas castelanizacións, como pasou co tan mencionado **Niñodaguia**, convertendo nun *Niño de la Guía* o que non era máis ca un niño de aguia; e así con tantos outros nomes de lugar. ¿En que concello galego non hai un **Vilariño**, un **Carballiño**, unha **Xesta** trocados oficialmente en *Villarino, Carballino* e *Gesta*? E menos mal que non pasaron a ser *Villarcito, Roblecito* e *Hiniesta* para que o absurdo fose total.

Hoxe parece que asistimos a unha regaleguización da nosa toponimia, aínda que a un ritmo ben lento e as **Xestas, Xinzos, Toxas** e **Os Carballiños** empezan a aparecer nas estradas e na papelame oficial.

Se negativa foi a castelanización da nosa toponimia, hai que ter coidado de non caermos no feito contrario, nunha galeguización de gabinete que non teña en conta a denominación que os veciños dan ó seu lugar. Isto é o que pasa con topónimos como *Las Nogales,* galeguizado en **As Nogueiras**, no canto de **As Nogais**, que é como se chama no galego do leste de Lugo ese lugar próximo a Becerreá.

110. A cor ou a color

Nunca nos cansaremos de repetir que a lingua é un fiel reflexo da comunidade que a fala. As palabras xorden, viven, reprodúcense, transfórmanse, do mesmo xeito que o fan os membros desa comunidade. Hai xentes que cren en dogmas lingüísticos. ¡Va ilusión! Non pode haber ningún pontífice máximo que nos dea a solución absoluta ós problemas que crea unha lingua.

Sabemos que a palabra latina COLOREM tivo en galego dúas solucións: unha coa perda do *l* intervocálico, **cor,** que foi empregada nalgúns textos medievais (aínda a usan moitos escritores actuais) e que é a forma normativa en portugués, e outra forma que mantén o *l*: **color**, variante que aparece xa nos primeiros textos galegos e que neste momento é a máis utilizada no ámbito territorial da nosa lingua.

Non hai unha explicación que aclare dunha maneira convincente por qué en galego a forma máis culta, é dicir, a que non perdeu o *l* se impuxo sobre a máis popular.

Aínda que nos diccionarios aparezan estas verbas como masculinas, debemos dicir que nós escoitamos xeralmente ós falantes pronuncialas co artigo feminino, da mesma maneira que o fan os portugueses.

111. Xaneiro xeadeiro

Xaneiro xeadeiro dicimos todos para citármo-lo primeiro mes do ano ó que cualificamos con este adxectivo que sinala a característica típica deste mes -**xeadeiro** ou **xiadeiro** é un adxectivo derivado de **xear** ou **xiar,** que de ámbalas dúas formas se di en galego-. Tamén se derivan deste verbo os substantivos **xeada** e **xiada**[3]**.** Non hai un reparto por zonas das formas con e ou con i, e escóitase por tódalas partes ben **xear** ben **xiar** cos seus derivados.

Non hai dúbida de que a segunda forma **xiar** deriva da citada no primeiro termo **xear**, que ten un e moi pechado. Hai ocasións en que mesmo para un oído moi fino é moi difícil saber se se pronuncia con e ou con i.

Como esta familia léxica procede do latín GELARE o lóxico será que na escrita prefiramos escribilos seus derivados con e. Temos ademais no noso favor que na lingua irmá, o portugués, tamén se escriben con e *gear* e *geada.*

Agora ben, ¿como se di en galego o substantivo que indica o feito de que un líquido se solidifique pola acción natural da **xeada**? O esperado sería **xeo** ou **xío**, que se emprega nalgures e que debeu conservarse, pero o termo máis espallado, verdadeira reliquia do latín na nosa Península, descendente do latín GLACIES, é **lazo**. ¿Quen non escoitou esta sonora voz para designa-la lámina xeada das pozas? Ademais das indicadas hai outras formas como **vidro, cristal, carazo, carambelo** (moi estendido polo sur de Galicia e que tamén se di no extremo norte de Portugal), etc., que son unha mostra da riqueza léxica do noso idioma.

112. Febreiro ventureiro

O mes de **febreiro** non ten boa sona entre nós. Dise de **febreiro** que é un mes **ventureiro**, palabra que máis que ventura ou felicidade significa aventura, azar, casualidade. Todos oímos falar das *galiñas ventureiras*, que son as galiñas que chocan os ovos sen que se lles prepare a niñada. Así, pois, **febreiro** é o mes onde pode suceder toda clase de fenómenos por azar.

---

3. As *Normas...* recomendan **xeada.**

Hai un refrán que di *febreiro, xeada na leira e cachopo na lareira*, e outro que di *febreiro ferverexa, tódolos días chover e nevar*, onde se ve o carácter veleidoso deste mes que está sempre a **ferverexar**, creación expresiva do verbo **ferver** (recorden a palabra tan expresiva de **fervellasverzas**, que aplicamos a aquela persoa viva e lixeira que non está queda nin un momento). Claro que, como di outro refrán, *a neve febreiriña, cómea a galiña*, sinal da inestabilidade do tempo nesta época do ano.

Aínda é peor que o tempo sexa bo nesta época, pois xa di o refrán que *febreiro quente trae o demo no ventre*, ou estoutro máis claro que di *un día bo no febreiro é un ladrón no eiro*, que coñecemos tamén coa seguinte variante: *un día bo no febreiro é un lobo no eiro*.

Despidámonos, pois, deste *febreiriño louco, cos seus vinteoito, que se tivera tres máis catro non quedaba can nin gato*, pero para que non nos quede mal recordo del digamos que hai outro refrán que non lle chama louco senón corto: *febreiriño corto, cos teus días vinteoito, se duras máis catro non deixas can nin gato.*

113. Marzo marzola, trobón e raiola

O mes de **marzo** (mes adicado polos romanos ó deus da guerra Marte) debe cumprir co refrán que encabeza o noso *Recanto,* refrán que ten variantes coma *marzo marzolas, trebas e raiolas*, ou *marzo marzolo, trobón e raiolo*. Atopámonos aquí cun adxectivo **marzola** inventado polo falante galego para que rime con **raiola**.

Todos coñecemos tamén outro refrán que di *marzo marzán, pola mañán, cariña de rosa e pola tarde cara de can*, onde se ve tamén a invención dun adxectivo, **marzán**, inventado para que rime con *mañán* e con *can*.

Ten **marzo**, como vemos, a mesma sona de veleidoso ca febreiro. Mesmo noutras épocas do ano se chama **marzada** ó tempo desapracible no cal as raiolas se combinan coas chuvascadas ou chuviscadas ou chuvisqueiras, etc. Pero marzo, sobre todo, é o mes por excelencia ventoso, segundo o afirma o dito tan coñecido de que marzo *ventoso, abril chuviñoso, sacan a maio florido e fermoso.*

Marzo vén, pois, a representa-lo mes no cal van cedendo as friaxes porque, en todo caso, se estas aparecen, duran pouco. Xa o di o refrán *dure a mala veciña o que a neve marceliña*. E tamén comeza nesta época a quenta-lo sol, pois xa sabemos que *os aires de marzo queiman á nena no pazo*.

114. Trigo marzal

Acabo de ver un carteliño no que se anuncian unhas grandes festas que terán lugar os días 27 e 28 de **marzal**. É indubidable que os autores do tal carteliño querían referirse ó actual mes de **marzo**.

Xa vimos no *Recanto* anterior que a inventiva popular creou adxectivos como **marzola, marzán, marceliña** para facer rima con outras palabras. Aínda podemos engadir outra invención popular: **marzo iguarzo**, que a xente emprega para indicar que no noso mes os días e as noites teñen xa a mesma duración, refrán onde se ve claramente a creatividade expresiva do noso pobo na formación de palabras "ad hoc".

Tamén entre nós se usa ás veces o adxectivo **marzal** para indicar algo que se refire ó mes de marzo. Teño para min que este adxectivo, empregado sobre todo acompañando á palabra trigo para sig-

nifica-lo cereal que se sementa no noso mes, debe ser ou ben creación moi recente ou ben un castelanismo. Poucas veces escoitamos esta forma **marzal** substituíndo a **marzán.** Son moi poucos os auténticos galegofalantes que serían capaces de dicir **marzal** por **marzo**.

Nunca escoitamos da boca das xentes a verba **marzal** como substantivo. ¿Habería alguén disposto a dicir *entre marzal e abril sae o cuco do cubil*? Eu non.

115. Estamos xa na primavera

Hai uns días que entrou oficialmente a estación do ano chamada **primavera**.

Hai moitos escritores e moitos diccionarios que empregan unha forma popular nalgures, **primaveira**, palabra que lle fai a competencia á voz orixinaria **primavera**. Algúns gramáticos condenan a primeira forma por non ser etimolóxica.

Nós non tratamos de defende-la forma **primavera**, senón de xustificala. Hai en galego palabras terminadas en *-era*, como **cera** e **pera**, ás que a ninguén se lle ocorreu converter en *ceira* e *peira.* Pero no caso de primavera o falante queda influído pola terminación *-eira* que teñen tantas outras palabras. O falante sente ese sufixo *-era* como un castelanismo e por iso o converte en *-eira*. Fixémonos como é normal a tendencia a galeguiza-lo castelanismo *carretera* converténdoo en **carreteira**. Outro tanto acontece con outras palabras tan galegas como **sincera** e **calquera**, que tenden algúns tamén a pronuncialas como **sinceira** e **calqueira**.

Así, pois, a verba normal **primavera** ten hoxe en competencia unha forma popular, **primaveira**, debida á confusión de sufixos. ¿Cal delas triunfará no futuro? Como non somos profetas non podemos asegura-la forma vencedora. As linguas evolucionan continuamente e unhas veces parece que as formas máis populares se impoñen, pero outras son as formas máis cultas as que triúnfan.

116. Primavera de marzo

Ante todo queremos deixar constancia de que ó lado da voz **primavera** atopamos a moitos galegofalantes da parte occidental de Galicia que empregan a forma **primadera** coa súa variante **primadeira**.

A **primavera** é un pouco a estación intermedia entre o inverno e o verán. Indica un concepto que non está moi claro e que necesita ás veces dun determinante para completa-lo seu sentido de primeira estación do ano. Está moi estendida a forma *primavera de marzo* para indicar sobre todo o comezo desta estación e moito máis frecuente é escoita-la forma *primavera de abril* para sinala-la época na que normalmente o tempo é xa verdadeiramente primaveral, e aínda atopamos quen fala de *primavera de maio* e *primavera do verán*.

A **primavera** volve a aparecer a fins do verán cando os campos reverdecen de novo e a herba medra outra vez antes de chega-lo inverno. É curioso que o outono teña como rival á forma **primavera**. Os nosos campesiños, ó veren ese novo reverdecemento da natureza, denominan esa época *primavera do outono*, expresión moi estendida por tódalas partes de Galicia e que tamén empregan outras xentes do campo noutras partes da Romanía.

Naturalmente en todas estas expresións populares poden aparecer tamén as variantes *primaveira de vran, de outono,* etc.

117. En abril, augas mil

O cuarto mes do ano ten bastante boa sona entre as nosas xentes xuntamente co mes de maio. *Abril e maio son as chaves do ano*, di o noso refraneiro.

A característica principal que se atribúe ó noso mes é a de ser chuviñoso. De todos é coñecido o refrán que encabeza este recanto *en abril, augas mil* (tamén coa variante *en abril chuvias mil*), ó que se lle engade tamén a seguinte frase: *veñan de onde queiran vir*. Ese é o desexo das nosas xentes que din tamén *chova por abril e maio e non chova en todo o ano*.

A chuvia é moi necesaria, como todos sabemos, para que a terra se prepare para ser cultivada e poida ofrecérno-los mellores froitos da natureza. Pero a chuvia debe ser oportuna e é precisamente a de **abril** a que os nosos labregos prefiren: *as chuvias de abril enchen o carro e o carril*, refrán que ten moitas variantes: *a chuvia de abril trae o pan ó carril, abril quente e mollado carga o carro e enche o gando, abril frío e mollado enche o arqueiro e mantén o gando*.

Tamén o refraneiro nos recorda que os días xa medraron bastante nesta época do ano: *en abril, cear sen candil,* ou *en abril, déitate sen candil,* ou *en abril, vai prá cama sen candil*.

118. En maio, aínda a vella queima o tallo

Ben veñas maio, o mellor mes de todo o ano, refrán claro e rotundo dos nosos labregos para indicaren a súa preferencia polo mes que marzo ventoso e abril chuviñoso deixan florido e fermoso.

Non obstante, a sabedoría popular chama a atención de que non debemos fiarnos do bo tempo, propio deste mes. Adointan engadirlle ó noso refrán do título do *Recanto* de hoxe frases como as seguintes: *e un pouquiño que lle quedou en San Xoán o queimou, e un bocadiño que lle quedou para San Xoán o queimou,* etc. Esta desconfianza está reflectida tamén no refrán que di *astra o corenta de maio non saques* (ou *quites*, ou *tires*) *o saio*.

Tampouco as chuvias son mal vistas neste mes porque para algúns dos nosos labradores a auga de **maio** é o sangue da terra para todo o ano. Neste mes é precisamente cando os campesiños teñen máis traballo porque como di o refrán *se queres ter bo cabazo, sementa en maio*, ou como di estoutro *en maio millo ó prado, cal enxoito, cal mollado*. E así o refraneiro reflicte moi ben o estado anímico e corporal das nosas xentes do campo cando di *en maio, de meu caio, xa coa maiola, xa co traballo.*

Rematemos dicindo que os días son máis longos cás noites como o recolle o refrán *no serán de maio, vaite ó teu mandado, que terás tempo sobrado*.

119. A auga de San Xoán tolle o viño e non dá pan

O sexto mes do ano, chamado oficialmente **xuño** pola súa orixe romana da voz IUNIUS, é coñecido en todo o ámbito lingüístico galego como mes de **San Xoán**. Sen dúbida, a data da festividade deste santo, coincidente co cambio da estación primaveral ó verán foi clave para que os nosos campesiños, que celebraban este cambio con festas xa moitos anos antes da introducción do cristianismo en Galicia, identificasen as festas do comezo do verán coa da festividade do santo e estenderan o nome ó tempo correspondente do mes de **xuño**.

Hai xentes que cren que a lingua é algo fixo e estable. Se así fose unha lingua, estaría tan morta como o está o latín clásico. Moitos falantes recoñecerán neste refrán un dito familiar que escoitaron así, coas mesmas verbas, ós seus devanceiros, pero tamén haberá moitos que o dirán con algunhas variantes. Son bastantes os que cambian o comezo dicindo *a chuvia de San Xoán...* E algúns das provincias de Lugo e León empezarán con *o ballón de San Xoón...,* así como outros das provincias orientais comezarán *a mera de San Xoán...,* e outros de Pontevedra *a burrafa de San Xoán tolle o viño e non dá pan*, etc.

Son moitos os que empregan o verbo **quitar**, en vez de **toller**, ou mesmo **sacar, matar, levar,** etc., sen que por iso cambie o sentido. E hai quen modifica o refrán nalgúns puntos onde non se cultiva o viño, dicindo que *a auga de San Xoán tolle o millo* (ou *trigo*) *e non dá pan*. E aínda hai variantes nas que se di *e non fai pan, e leva o pan*, etc.

Todo isto demostra a vitalidade da nosa lingua que se adapta á mentalidade e á creación individual do home galego.

120. En San Xoán as nove con día dan

Xa falamos da variedade de uso de determinadas palabras dentro dun mesmo refrán, sen que por iso cambiase o sentido ou, se se quere dicir con verbas de moda, a súa mensaxe. E apuntabamos á creación individual lingüística do falante galego que sabe adapta-lo seu código de comunicación ó momento oportuno.

Temos oído moitas veces o refrán que encabeza este *Recanto,* pero ultimamente xa o escoitamos cunha adaptación ós tempos modernos, nos que o cambio da hora é xa costume normal. ¿Quen que viva no día de hoxe repetirá o refrán como o dicían os seus pais? O refrán non morre e adáptase á actual situación horaria: *En San Xoán as dez con día dan*. E agora que levamos xa dúas horas descompostas co horario solar ¿non se comezará a dicir que as once con día dan?

A lingua é algo vivo que non se deixa dominar polos gramáticos ou polos "iluminados" a quen lles gustaría que falasemos como o facían os nosos devanceiros de hai quince séculos, que falarían aínda un latín como o de San Isidoro de Sevilla ou o dos reis suevos se é que xa o aprenderan. As linguas están sempre en movemento e non poden petrificarse como o demostran os refráns que acabamos de citar.

En fin, para os afeccionados ó peixe recordémoslle-lo noso refrán *por San Xoán a sardiña molla o pan*, coas súas variantes *por San Xoán a sardiña pringa o pan*, *en San Xoán a sardiña unta o pan*, etc.

121. Santiago e Santa Mariña

Os nomes destes dous santos conseguiron borrar practicamente a mención de **xullo** (ou **xulio**, ou **xuilín** nalgures), sétimo mes do ano que os romanos adicaron ó seu emperador Xulio César.

Literariamente fálase moito do mes de **Santiago** e tamén as nosas xentes do campo o citan en refráns como *Santiago co seu canado; Santiaguiño co seu canadiño; a chuvia en Santiago trae o millo ó agro; en Santiago pinte o bago,* etc.

Popularmente faise mención máis a miúdo a *Santa Mariña coa súa regazadiña*. A preocupación do home galego polas consecuencias meteorolóxicas vese no refrán *a auga de Santa Mariña na meda fai fariña*, así como polas tarefas agrícolas: *o día de Santa Mariña vai ve-la viña, así como a atopes así a ven-*

dimas. Precisamente por esta época hai que cambia-lo labor que se estaba a facer e preocuparse pola colleita que se aveciña: *pola Santa Mariña pousa o sacho e colle a fouciña*, refrán que ten bastantes variantes porque é moi repetido en tódalas partes.

E como final citemos un dito cheo de fina sagacidade galaica: *pola Santa Mariña sementa a nabiña; a vella que o dicía ben o sabía, que xa sementada a tiña.*

122. En agosto corre o sol coma o lóstrego

O octavo mes do ano foi adicado polos romanos ó emperador Augusto, e dese nome procede a voz **agosto**.

O refraneiro deste mes é, como case o de tódolos demais meses, contradictorio. En principio parece lóxico pensar que é o mes da seca e así o manifesta o refrán que di *en agosto secan os montes e en setembro secan as fontes*. Parece que esta conducta lle vén ben ás castañas, pois segundo di o dito popular é moi conveniente para estas *en agosto arder e en setembro beber*.

Polo contrario, hai outro refrán ben coñecido que afirma que *en agosto frío no rostro*; eu escoiteino transformado en *en agosto sol no rostro* nalgunhas partes, sinal de que o home fala do tempo coma da feira. Segundo lle vai nela, así fala.

Moi estendido está o refrán que encabeza o noso *Recanto* que significa que os días xa se fan curtos; isto nótase sobre todo ás tardiñas nas que o crepúsculo pasa moi rápido: *en agosto, sol posto, noite connosco*, que ten tamén unha variante moi espallada: *en agosto, sol posto, non te conozo*. Por iso non se debe traballar no campo ata moi tarde porque *o serán de agosto colle á vella no horto*, pois como me dicía un paisano de Folgoso *as tardes de agosto vanse mentres a vella colle a verza no horto*.

123. Onte foi luns

Onte foi o segundo día da semana, que os romanos adicaban á lúa e os pobos que eles colonizaron seguiron adicando este día á lúa que nos acompaña case tódalas noites.

A palabra galega da que procede o segundo día da semana non foi tomada da expresión latina DIES LUNAE, senón de DIES LUNIS. coa terminación -is, para non ser menos que MARTIS. Así, pois, a forma latina LUNIS perdeu a súa consoante intervocálica n e deu en galego medieval, segundo vemos polos documentos, a forma *luis*, que é como din os falantes do extremo oriental da provincia de Lugo e os que pertencen ás provincias de Asturias e León.

A forma máis espallada territorialmente é **lus**, que é como se di en todo o resto da provincia de Lugo, practicamente en toda a de Ourense, no norte da provincia da Coruña e nas partes máis orientais das provincias da Coruña e Pontevedra.

Non obstante, a forma **luns**, que é a que se estende polo occidente da Coruña e Pontevedra, é a denominación preferida polos escritores galegos. De aí que puxeramos no noso título que *onte foi luns*, se ben recoñecemos que as outras dúas variantes son lexitimamente galegas.

Rematamos dicindo que hai en torno a Tui e nalgúns puntos do Val da Limia falantes que conservan a denominación cristiá de **segunda feira**.

124. Hoxe é corta feira

Falamos xa de **luns**, segundo día da semana; e non fixemos referencia ó terceiro día, que é o martes, porque non representa ningún problema na extensión desta forma por toda Galicia. Este terceiro día da semana está, pois, adicado a Marte, deus da guerra.

O cuarto día da semana estaba adicado a Mercurio e dese nome xurdiu a forma galega **mércores**, que ten unha variante **mércoles** debido a razóns de eufonía para non pronunciar dúas veces *r* na mesma palabra.

Estas denominacións pagás foron substituídas hai moitos séculos por unhas denominacións cristiás nas que se contaban os días da semana por **feiras**. Este contar por feiras da igrexa cristiá foi imposto no Occidente peninsular, sobre todo na arquidiocese de Braga, da que orixinariamente dependía toda Galicia. Hoxe séguese contando por feiras en todo Portugal e en moitos puntos da metade occidental do país galego.

As formas galegas, derivacións do latín QUARTAM FERIAM, son, sobre todo, **corta feira**, que é a que puxemos no título do noso recanto por se-la forma máis abundante, seguida da **carta feira** e **cuarta feira**. Hai falantes que pensan que **corta feira** é unha variante de **carta feira** porque o **mércores** é precisamente o día que corta a semana en dúas partes.

125. Quinta feira ou xoves

O quinto día da semana estaba adicado polos romanos ó deus Xove. De aí que o noso día da semana pagá se chame **xoves**. A denominación cristiá é a de **quinta feira**, que se estende máis ou menos polos mesmos lugares onde se di **corta feira**. Lexitimamente tan galega é a expresión **quinta feira** coma a forma **xoves**.

Non obstante, debemos dicir que hai que ter coidado de manter con forza ámbalas denominacións porque hai xentes que pronuncian un híbrido castelán-galego, verdadeiramente disparatado, **xueves** ou **xoeves**. Non fai falla dicir que hai xa bastante xente que falando normalmente galego introduce o castelanismo **jueves**, forma que como os híbridos anteriores debe ser rexeitada de modo absoluto.

O sexto día da semana adicado á deusa Venus polos romanos fixo que nós tiverámo-la palabra descendente do deus VENERIS: **venres** e **vernes**, que hai que recuperar na lingua falada porque cada vez son máis os que introducen o castelanismo **viernes**.

A forma **sexta feira** é tamén pouco usada, como ocorre no caso de **segunda feira**.

Creo que non é necesario facer ningún comentario dos restantes días da semana: **sábado** e **domingo**, se ben pensamos referirnos noutra ocasión a este último día que nos pode servir para facermos algúns comentarios fonéticos interesantes sobre os problemas que presenta a pronuncia do son *g* en galego.

126. O outro antonte

No día de hoxe queremos ocuparnos dos adverbios de tempo que indican os dous días anteriores ó día de **onte**. Xa escoitamos máis dunha vez o emprego da voz castelá *ayer* para indicar **onte**, pero a moda da castelanización non chegou aínda moi lonxe.

A voz máis corrente en toda Galicia para nomea-lo día anterior ó de **onte**, é **antonte**: *Antonte fun ó cine*; con todo, como pasa con outros adverbios (**entón, entonces,** etc.), hai moitas variantes dela, que se escoitan sobre todo a persoas maiores.

Despois de **antonte** paréceme que a variante máis estendida é **antesdonte**, seguida de **antronte** e **nantronte** que poden escoitarse por bastantes lugares do territorio que fala galego, pero tamén escoitei ás veces das mesmas persoas que pronunciaban calquera das formas anteriores outras variantes como **anteonte, antontes, entonte, entontes, ontonte, enantronte, noutronte**, etc., que non indican máis que a falta de fixeza dunha norma modelo aprendida na escola, que faría que o falante seguise a palabra escoitada ó mestre como máis corrente. Iso é algo que ocorreu en tódalas partes no período de formación da lingua culta, no cal se van eliminando pouco a pouco as variantes que teñen menos acollida nos textos escritos.

Neste caso parécenos que a forma maioritaria **antonte** non vai ter problemas para impoñerse sobre as demais variantes. Vén a confirma-lo que dicimos, o feito de que para nomea-lo día anterior ó de **antonte** a forma que vemos máis estendida e case única é a de **o outro antonte**. Pénsese como no mesmo castelán a penas é usada *trasanteayer.* Para o falante abonda para marca-lo tempo pasado claramente con **onte, antonte** e todo máis **o outro antonte**, que é xa tanto como dicir "hai tres días".

127. Un caldo quente é cálido

Na frase que acabamos de escribir atopámonos con tres verbas que orixinariamente significaban o mesmo. A última das tres era a palabra normal latina CALIDUS que tiña o valor da nosa voz "quente". Esta palabra latina era un adxectivo moi corrente, e precisamente por iso quedou reducida na lingua falada CALDUS.

Este vocábulo foi estendido por todo o imperio romano, e así temos que hoxe os romaneses a conservan como *cald,* os franceses como *chaud,* os provenzais como *caut,* os cataláns como *cald* e os italianos, casteláns, portugueses e galegos como *caldo.*

Con todo, na Península Ibérica este adxectivo, empregado acompañando a substantivos como viño, auga, comidas, etc., adquiriu o significado dos substantivos ós que acompañaba. Así temos que podemos falar de **caldos** en vez de viños porque antigamente, xa desde a época romana, se usaba toma-lo viño quente. Do mesmo xeito falamos hoxe das **caldas** para nos referir ás augas termais que saían quentes das fontes.

En Castela, Galicia e Portugal perdeuse por completo o valor adxectivo desta palabra, pasando a significar alimento feito a base de auga con legumes, patacas, touciño, etc., que debe cocerse durante certo tempo.

Así, pois, o significado orixinario do noso **caldo** non é senón alimento "quente".

128. O caldo

Onte estiven nun restaurante e comín **caldo**. Creo que tódolos lectores entenderán perfectamente o que eu enviei camiño do estómago. Comecei a matinar sobre a palabra **caldo** e deime de conta de que en tódalas cartas figura un prato chamado **caldo galego** e pregunteime por qué se estamos en Galicia necesitamos cualifica-lo substantivo **caldo** cun adxectivo xentilicio **galego**.

Tal vez a razón sexa para explicarlles ós forasteiros que o noso caldo é algo máis ca un líquido resultante da cocción en auga dun alimento. O **caldo** foi e segue sendo a esencia da alimentación do home galego. Aínda hoxe que están a cambiar tantas cousas o **caldo** permanece na base da nutrición familiar. É un índice, sen lugar a dúbida, do status social das xentes. Non é o mesmo un *caldo eslavado* ou *lavado* que un bo *caldo de grelos* con carne, xamón, chourizo, patacas, fabas, etc. Non é o mesmo un *caldo de unto* que un *caldo de galiña*. Non é o mesmo un *caldo de vixilia* (recorden o refrán que di ten máis ollos ca un *caldo de venres*) que un *caldo de castañas* que, desgraciadamente, hoxe se come pouco. Hai tantas clases de caldos como de cociñas familiares. E non esquezamos aqueles *caldos de cóbrega* que se facían para cura-la tiña, ou de miñocas, ou mesmo de ratos, que resultaban, segundo se cría, moi "eficaces" para a curación de moitísimas enfermidades e doenzas.

Como me dicía o outro día o avó Eliseo *o caldo é quentura do estómago e raíz do corpo.*

129. A calda

Nos textos antigos o **caldo** chamábase tamén *calda*: "e garda bem esta calda e quando quiseres filha duas colheres boas della", pero hoxe este sentido desapareceu en galego. Os portugueses aínda conservan *calda* co significado de 'xarope' ou 'compota'.

Xa fixemos mención ás **caldas** como augas termais e de aí que teñamos tantos nomes de lugar nos que figura esta palabra.

Caldas son tamén, o mesmo que **caldadas, escaldadas** ou **encaldadas**, os **caldos** especiais que se preparan para as vacas ou para as porcas que acaban de parir.

Calda significa ademais a acción de **caldear,** 'poñe-lo ferro a unha temperatura moi alta para poder traballar nel'. Hoxe non nos parece unha palabra moi corrente neste sentido normal, pero si o é na significación metafórica de reprensión, reprimenda, etc.

Se eu digo que atopei ó meu amigo Hixinio e tiven unhas palabras con el para botarlle en cara certas cousiñas que me fixo, direi despois, ó contalo, que *lle dei unha boa calda*, e todos entenderán que as miñas palabras foron moi fortes. Se o meu interlocutor fose un portugués, entendería que lle dei unha boa tunda, unha boa soba, pasando das palabras ós feitos.

Como vemos, o desenvolvemento dos significados das palabras é diferente segundo as circunstancias temporais e locais.

130. Onde vai a corda que vaia o caldeiro

Coido que está moi clara a diferencia que hai entre **caldeira** e **caldeiro.** Este último é o que empregamos para saca-la auga dun pozo, pois non se nos ocorrería utilizar para este uso a **caldeira.**

A **caldeira** é un recipiente grande, empregado na cociña galega para coce-la auga e facer grandes cantidades de comida para os animais. Curiosamente significa tamén en galego 'cal ou canle que distribúe a auga dos regos nos prados', e mesmo nalgures vén a se-lo mesmo que un depósito grande onde se recollen as augas da chuvia.

A **caldeira** foi moi empregada polos mariñeiros para faceren as súas comidas, nas que se mesturaban moitas clases de peixes con patacas e outros condimentos. ¿Quen non probou unha típica **caldeirada**?

Pero ollo con esta palabra, porque se para moitas das xentes da beiramar é un prato exquisito, para moitas outras do interior a **caldeirada** vén a se-lo mesmo que **coldrufada, caldrupada, caldrumada, caldexada, caldarexada,** etc., que é tanto como dicir 'comida mal feita e propia máis ben dos animais que das persoas'.

131. Gato escaldado da auga fría foxe

Levamos varios artigos falando das palabras que teñen que ver co **caldo** e antes de que nos pase coma ó gato que foxe mesmo da auga fría imos continuar aínda coa auga quente.

Escaldar é unha verba moi corrente, que empregamos non só cando deitamos auga quente e fervendo sobre o porco para podermos pelalo mellor, senón tamén cando, sen querermos, nos queimamos con algún líquido: *escaldeime ó tomar este vaso de leite*.

Ás veces, parece que temos no estómago unha fogueira e dicimos entón que temos un **escaldazo**, ou **escaldacio**, ou unha **escaldación**, ou tamén con outras palabras: **fogaxe, queimuras, ardío, ardentía, ardorío,** etc. Hai que ver de cantas maneiras pode un galego dici-lo que un castelán di simplemente *¡tengo ardor de estómago!*

Dentro desta familia de palabras está a voz **rescaldo**, 'cinza que conserva aínda algunhas brasas', verba que estivo moi viva noutros tempos cando non existían os mistos ou fósforos e os nosos devanceiros tiñan a obriga de conserva-lo rescaldo para que non morrese o lume das lareiras.

Non fuxiremos deste tema e seguiremos a *remexe-lo caldo*, no bo sentido da expresión.

132. A comida está quente

Xa explicamos noutro artigo como a voz latina CALIDUS 'quente' se converteu ó longo do tempo en **caldo**. Desde o momento en que os falantes especializaron esta palabra, necesitaron buscar outra que tivese o valor primitivo de CALIDUS e empregaron o participio CALENTEM, que en castelán dá a forma *caliente* e en galego pasou a ser primeiramente **caente**, forma moi usada nos textos medievais, onde se fala moi a miúdo de "agua caente", "sangue caente", expresións que aínda é posible escoitar nos falantes de máis idade nalgúns puntos de Galicia.

Xa no século XIV atopamos frases como as seguintes: *a fonte dagoa queente*, *a comer aves vivas quentes*, nas que se ve a fusión das dúas vocais. Tamén desde esta época se usa esta palabra, acompañando ós verbos **andar** e **estar**, co sentido de ardor amoroso, aplicada ás persoas, e co valor de estar en celo cando se aplica ós animais.

Quente é, pois, hoxe a palabra normal para indicar que un corpo ten a temperatura máis alta do habitual, amais dos significados xa citados. Tamén adquire o sentido de 'inmediato' na expresión *facer unha cousa en quente*, na que vemos aínda o sentido metafórico da palabra, xa que se podería emprega-la frase contraria *rematar un asunto antes de que enfríe*.

133. Quenturas de maio, saúde para todo o ano

Da antiga palabra *caente* formouse o substantivo *caentura*, que xa o atopamos na traducción galega da *Crónica General* ("por se defender da caentura") referido á calor do sol, da mesma maneira que da forma **quente** se fixo **quentura**.

Nos primeiros textos aparece tamén co significado de acceso de febre (*ua queentura do sanguen*), sentido que hoxe practicamente desapareceu. As xentes conservan soamente o primeiro sentido da palabra **quentura** como vemos no noso refrán.

No segundo significado introduciuse o castelanismo **calentura**, préstamo que veu acompañado da antiga forma **callentura**, empregada por Rosalía. ¿Quen non recorda aqueles versos de *Levaime, levaime airiños, / com'unha folliña seca, / que seca tamén me puxo / a callentura que queima*?

As dúas variantes están moi vivas na fala actual e ámbalas dúas teñen como rival a voz **febre**. Cremos que estes dous castelanismos son innecesarios e que tal vez foron introducidos polos médicos como "cultismos", do mesmo xeito que están a introducir hoxe a voz forasteira *fiebre.*

Sería boa cousa volver a emprega-lo noso vocábulo **quentura**, tendo de conta que está moi vivo o adxectivo **quenturento**. Unha nai galega dirá do seu fillo que ten **calentura** pero nunca dirá que está *calenturiento,* senón **quenturento**.

134. O sol xa quenta moito

Do verbo latino CALENTARE naceu en evolución normal *caentar*, moi usado nos textos medievais e que aínda se emprega hoxe nalgúns puntos de Galicia xunto coa forma máis estendida **quentar**, da mesma maneira que sucedeu coas palabras xa comentadas *caente* e **quente**. Amais de en frases como *o sol quenta moito*, é moi usado con formas pronominais: *estou quentándome a carón da lareira*. Ten este verbo uns sentidos metafóricos como no caso de *non me quentes* que significa 'non me excites', 'non me tires do xenio' ou de 'non me quénte-la cabeza', que sería tanto como dicir 'non me veñas con lerias, déixame en paz, déixate de contos'.

Moi coñecidos son os compostos deste verbo: **aquentar, requentar, arrequentar,** que non necesitan de explicación.

En relación co mesmo verbo está o substantivo **quenta**, coa significación propia da acción de quentar e metafórica de reprensión, tunda, como na frase *Xan deulle ó seu fillo unha boa quenta*. E as formas **quentador, quentadoiro, quentadeiro, quentamento,** etc.

Pero aínda hai outras formas para **quentar** das que falaremos mañá.

135. Pon a quence-lo leite

Aínda seguimos a falar doutra serie de palabras que están en relación con calor. Do verbo latino CALESCERE formouse en Castela *calecer,* que desapareceu xa hai tempo, e en Galicia **quecer** e **quencer**. A existencia destas dúas variantes en galego non resulta estraña se temos en conta que hai outras parellas como **esquecer** e **esquencer**, **comenzar** e **comezar**, etc. As formas con *n* esténdense máis ben polo norte do país e a forma **quecer** atopámola no resto do territorio.

Os diccionarios galegos recollen como se estivese viva a forma antiga **aquecer** no mesmo sentido dos nosos **quecer** e **quencer**. É moi posible que esa forma existira en galego xa que o portugués a conserva ata o día de hoxe Se este verbo existiu en galego deixou de empregarse porque se atopou cun rival homónimo: **aquecer**, que é resultado da evolución normal de ADCADESCERE, que significa 'acontecer'. Nun texto medieval atopamos "Et se por uentura aquecer, o que Deus non queyra, que...", noutro "et outorgan que se aqueecer que...", e así poderiamos citar máis exemplos.

O mesmo poderiamos dicir da voz **aquecimento** que figura nos diccionarios relacionado con **quecer** cando en realidade ten que ver con 'acontecer'.

136. Onte sentín moitos escalafríos

Onte paseaba eu pola rúa e vin como dous autos chocaban. *Sentín un arrepiante escalafrío ó contemplar tal escena.*

Comecei despois a cavilar sobre a palabra **escalafrío** e intentei atopa-la súa etimoloxía. Se ben os lingüistas non chegan a un acordo, parece que está ben claro que ten relación coas palabras **calor** e **frío**. Antigamente, as formas máis estendidas eran **calafrío** e **calefrío.** Estas tres palabras, que temos en común co portugués, significan tanto as contraccións momentáneas da pel con sensación de frío e calor que temos nun momento febril, coma a impresión que nos causa un susto, sentido que tamén ten a palabra **arrepío**.

Estas verbas teñen moitas variantes espalladas por toda Galicia, algunhas semellantes ó antigo castelán **calofrío** ou ó moderno **escalofrío** e mesmo **escalefrío** e **escalufrío***;* outras, que son creacións populares moi expresivas como **callafrío***,* **callefrío, callofrío, escallafrío, escallofrío***,* etc., nas que parece que o falante quere relacionar esta palabra máis que con **calor** co verbo **callar**. Pénsese na frase *callárselle a un o sangue no corpo*.

137. Á calor do lume

Se un non escoitase ó cabo do día tantos disparates lingüísticos na radio ou na televisión ou non lese barbaridades enormes de xente que non sente vergonza de escribir en "galego", non tería que repetir aquí a primeira lección de calquera gramática da nosa lingua.

¿Será tan difícil aprenderlles a algúns que a maior parte das **mensaxes** que emiten ou escriben son femininas? ¿Será tan difícil de recordar que a **ponte** é feminina e que o **leite** é masculino? ¿Pensan algúns que o **sangue** é máis nobre porque o convertan en feminino?

O máis curioso de toda esta mestura de xéneros nalgúns destes falantes é que falando castelán tamén o confunden e din *el sal e el labor,* por influencia da lingua galega onde estas verbas son efectivamente masculinas.

Moitas veces desculpei estes erros atribuíndoos á falta de escolarización, pero neste último caso foron escolarizados en castelán, e máis non aprenderon o uso correcto dos xéneros de moitas palabras que non se corresponden en castelán e en galego.

En fin, estamos aínda no cume da transición: A partir de agora escribir ou falar galego terá que ser algo máis que facer acto de declaración política de estar contra unha situación inxusta. Non abondará con dicir que un está a favor da lingua. Terá que demostralo con feitos: falándoo e escribíndoo mellor; e isto pode conseguilo calquera que teña un pouco de boa vontade.

138. O día de calor, arróupate mellor

A verba **calor** é igual que a palabra latina CALOR. Nos diccionarios galegos e portugueses, así coma nos casteláns, é esta voz de xénero masculino, pero a realidade da nosa fala indícanos que a través dos tempos se converteu en feminina. O falante normal di que a sensación que experimenta o corpo humano ó recibi-las radiacións solares ou ó achegarse ó lume, chámase *a calor*: *Hoxe vai moita calor, o forno dá moita calor,* etc.

Ten esta verba moitos sentidos metafóricos e non imos explica-los diversos procedementos que podemos empregar para *facer entrar a un en calor*.

Calor vale tanto como ardor, entusiasmo, vehemencia, etc. Obsérvese que moitas veces non se necesita leña, carbón ou gas para acalorarse.

Un derivado do noso vocábulo é **colorizo** empregado por algúns falantes no mesmo sentido en que outros din **calmizo, calmurcio, calmucio** ou **calmuxo**, palabras nas que se ve que o sentido de 'calma' ten case máis importancia có de 'calor'. Naturalmente poderiamos tamén dicir que o noso **calorizo** significa o mesmo que **bochorno**, **bachorno** ou **bichorno**, que son voces, sobre todo a última, moi correntes na nosa fala.

139. Vou face-lo cor

O outro día estaba eu a falar cun paisano de Curtis e nun momento da conversa dixo *vou face-lo cor*. Marchou, abriu a porta do forno e comezou a fochicar coa leña que introducía nel.

Cor, neste sentido de lume que se acende a carón da porta do forno para que este manteña a temperatura adecuada para o que se está a cocer, dise tamén nalgunhas partes de Galicia (polo menos eu escoiteina na parte máis occidental da provincia da Coruña) **cora**.

Tamén nalgures escoitei dicir *a cora do día* no sentido de 'mediodía', e usar noutro sitio a voz **corar** como poñe-la roupa ó sol para que seque.

Paréceme que está claro que todas estas palabras proceden da forma latina CALOREM, seguindo a evolución fonética normal do galego e perdendo, por tanto, o *l* intervocálico. Posiblemente tivo que existir unha forma intermedia, *caor,* que despois se converteu en **cor**.

Así pois, a voz de que falabamos onte, **color**, ten que ser unha palabra introducida por vía culta para substituí-la forma popular **cor**, da que quedan os restos citados, que chocaría coa outra forma **cor**, procedente palabra latina COLOREM.

140. A aula da arte románica

En tanto a lingua galega non se ensine gramaticalmente na escola, seguiremos escoitando disparates lingüísticos que atentan contra o uso normal da nosa lingua. A culpa deses disparates tena o castelán que foi aprendido como lingua normativa e que queda como modelo para imitar nalgúns galegos que non teñen moi firmes os coñecementos gramaticais da lingua propia.

Todos sabemos que palabras tan correntes como **auga, alma, arte, aula,** son femininas tanto en galego coma en castelán: *as almas, as artes,* etc. corresponden en castelán a *las almas, las artes.* Pero ocorre que nesta última lingua o singular recibe a forma masculina do artigo (*el alma, el arte,* etc.), porque esas palabras comezan polo son *a* acentuado. Agora ben, esta norma da lingua veciña non funciona no sistema morfolóxico galego, que mantén o artigo feminino tamén en singular: *a auga, a alma, a arte, a aula,* etc.

Por culpa desa norma castelá temos que escoitar ás veces nalgúns falantes expresións como *o auga está frío,* ou; aínda peor, ver escritas frases como a que vin hai pouco tempo na propia Universidade de Santiago: *Conferencia sobre o arte barroco no aula D*.

¡Mágoa que estas xentes non visiten a aula do bo dicir e escribir e que non estudien mellor a arte gótica ou románica!

141. Traémo-la bota para leva-lo viño

Hai unha moda de non escribi-las formas do artigo **la, lo,** que xorden en galego cando os artigos **a, o, as, os** van precedidos dunha forma verbal rematada en *s*: ou *r*, ou dun pronome rematado en *s*.

Non coñecémo-las causas desa teima de afoga-los fenómenos tipicamente galegos. No século pasado condenouse absurdamente o seseo galego e a chamada "gheada". Agora volven algúns a condenar estas formas e, se non se reflicten na escrita, corrémo-lo perigo de que os neofalantes non pronuncien ben o galego.

Se nós escribímo-la frase seguindo esa moda: *traemos a bota para levar o viño,* tenderemos a ler cada sílaba por separado e pronunciaremos un *s* e un *r* en *traemos* e *levar,* onde non existen neses contextos na lingua falada.

A maior parte dos nosos gramáticos e dos nosos escritores reflectiron graficamente esta asimilación, pero un andazo de xenreira contra a lingua real fai que algúns prefiran buscar solucións estrañas ó galego e non escoita-la cántiga que di:

traémo-la bota para leva-lo viño.

142. Miña casiña, meu lar

De todos é coñecido o sistema dos posesivos galegos, pero cómpre facermos algunhas precisións á vista dos empregos incorrectos que se oen de cando en vez por aí e mesmo se len non soamente en escritos pasadeiros senón tamén en artigos de periódicos que intentan ser literarios.

Non ten nada de novo para un aprendiz de galego que *os meus tempos foron mellores cós teus*, ou que *as miñas avantaxes son máis cás túas*. Aprendeu, pois, que o posesivo en galego leva sempre artigo como o poden levar tamén os nomes propios de persoa: *O Xosé vai en Alemaña*; os alcumes: *O Zamorano éche moi espilido*; os nomes dos montes e ríos: *O Sar é un río pequeno*, etc.

Máis difícil lle resulta ó aprendiz aprende-los casos nos que o posesivo non ten que ir acompañado do artigo. Sabe que cos nomes de parentesco non é necesario o artigo: *Onte veu meu pai*, pero atópase a miúdo con frases como *o meu pai e maila miña nai viven cos meus avós*, nas que aparece o artigo. Con todo, nos vocativos non debe aparecer nunca: *¡Ai, miña nai!* ou *¡Miña casiña, meu lar!*

Noutros casos é máis complicado porque o artigo vén escusado pola presencia na frase doutro elemento, por exemplo **cada**. Véxase como mostra este refrán que debemos recordar todos sempre: *En cada roca seu fuso e en cada pobo seu uso.*

143. Bieito é máis riquiño ca ti

Hai que deixar ben claro que a partícula introductoria da segunda parte dunha comparación de superioridade ou inferioridade é na maior parte dos casos para os galegofalantes **ca**, e non **que**.

Un exemplo vale máis ca cen explicacións: ¿Pode alguén dubidar de que hai outra posibilidade máis cá de dicir *eu bebín máis ca ti* ou *ti tes menos vides ca min* ou *esta tarefa é máis longa ca un día sen pan*?

Como resulta que esta partícula **ca** vai moitas veces unida ós artigos: *o meu can é máis grande có teu, a miña filla é mellor cá túa, as miñas pipas son máis vellas cás de Xan*, etc., hai quen cre que se poden descompoñer estas formas contractas en *Que as, que o,* etc., ¡Que imos facer! Paciencia e esperar a que aprendan a falar e a escribir coma os demais galegos.

Téñase en conta que a nosa conxunción comparativa **ca** é substituíble por **do que** cando a segunda parte da comparación é un verbo: *Bieito é máis riquiño do que eu esperaba, Xan é menos listo do que ti dicías*.

O problema da comparación é máis fácil do que se cre.

144. Como tanto coma ti

As partículas **como** e **coma** poden ter varias funcións segundo o tipo das frases de que forman parte. Os non galegofalantes, ó aprenderen a nosa lingua, achan certa dificultade para saberen cando han utilizar unha ou outra forma.

Diante das formas tónicas dos pronomes os galegos din sempre **coma**:

"Miña comadre Pelonia

non hai muller coma ela:

as verzas dállas ó home..."

Pola contra, cando o verbo da subordinada que introduce esta partícula vai expreso (non vai elidido), nese caso teremos que usar necesariamente **como**:

"Mira Maruxiña

mira como veño..."

En tódolos outros casos pódese dicir **como** ou **coma**, aínda que predomina a segunda forma. Así, pódense usar ámbalas dúas diante de substantivos: *Redonda coma (como) unha lousa*; de adxectivos: *É tan grande coma (como) un burro*, ou de adverbios: *Vai tanto frío dentro coma (como) fóra.*

Igualmente dise **coma** ou **como**, segundo preferencias persoais, nas oracións subordinadas comparativo-temporais e comparativo-condicionais: *Rifamos coma (como) cando eramos nenos, falaches comigo coma (como) se non pasara nada, fai coma (como) quen que non o ves*.

145. A miña casa é meirande cá túa

Todo falante galego emprega sen dificultade as formas analíticas do comparativo de superioridade *máis... ca, máis... que, máis do que,* en frases como *A Coruña está máis poboada ca Lugo; isto é máis longo que un día sen pan; os xogadores están máis entrenados do que pensabamos*, etc.

Podemos atopar tamén as formas contraídas de comparativo máis artigo: **có, cá, cós, cás**, en frases como: *É máis larpeiro có neno ou cós nenos, ten máis cartos cá veciña ou cás veciñas.*

A que xa non é empregada tan correctamente por todo o mundo é a forma sintética **meirande**, que significa exactamente 'máis grande'. Eu podo dicir que *a miña casa é máis grande cá túa*, pero tamén podo substituír esta frase por *a miña casa é meirande cá túa*.

Algúns empregan esta forma **meirande** en frases que non se corresponden coa realidade do uso normal: *fixoa, coa meirande intención* ou *puxo unha meirande vontade.* Só é posible o uso de meirande cando esta forma ten valor comparativo, como o exemplo arriba citado, ou valor superlativo relativo: *vive na cidade meirande de Galicia* ou *bañouse na praia meirande da provincia*.

146. Quedaron todos medios pampos

Hoxe queremos salientar unha construcción típica da nosa lingua que resulta chocante ás xentes estrañas ó noso sistema lingüístico. En galego a palabra medio cambia a súa forma segundo o xénero e o número do nome ó que acompaña.

Tal cousa non ocorre en castelán que mantén a forma invariable. Así dicimos que *a cidade pola mañá estaba media escura*, que *diante daquel espectáculo quedaron todos medios pampos*, que *o coche ía medio baleiro* e que *camiñaban medias molladas polas rúas*.

Atopamos aquí as formas **media, medios, medio** e **medias** que corresponderían ó castelán *medio* como forma única.

Algo semellante sucede coa forma **abondo**, que significa 'bastante', 'suficiente', 'moitos' e outros valores metafóricos. Esta forma varía tamén de xénero e número e por iso podemos dicir que *este ano choveu abondo*, que *tiña escritas novelas abondas*, que *tiña cartos abondos metidos no peto* ou que *levaba roupa abonda para lavar*.

E como cada lingua ten as súas posibilidades expresivas, cómpre (e repetímolo unha vez máis) termos sempre presentes estes valores morfosintácticos que lle dan á lingua toda a súa viveza.

147. Os nenos ían para a escola con cadansúa carteira

Con anterioridade xa falamos da posesividade na nosa lingua e vimos algunhas formas de expresión propias do galego. Imos agora ver outra que non deixa de ser moi característica e expresiva e ás veces, mal empregada.

Dentro das formas posesivas podemos salienta-las distributivas **cadanseu, cadansúa, cadanseus, cadansúas**, que son na súa orixe algo así como 'cada un o seu', 'cada un a súa', etc. Se eu digo que *os nenos ían para a escola con cadansúa carteira*, quero significar que cada un dos rapaces levaba a súa carteira. Do mesmo xeito, se digo que *a mestra deulles ós rapaces cadansúas notas*, destaco que cada rapaz recibiu as notas que cada un merecía.

E así podiamos poñer outros exemplos, como *déronnos de cea cadanseu prato de pescada, marcharon con cadanseus xoguetes,* etc.

Non esquezámo-lo que repetimos arreo: cada lingua ten xeitos de expresión de seu e debémolos ter en conta á hora de expresármonos nela.

148. Estevo ten coche de seu

Hai en galego certas expresións para indica-la posesividade que non hai máis remedio que aprender coa práctica diaria se non se aprenderon de neno. Son estas as expresións dunha posesividade exclusiva. Cando digo que *Estevo ten coche de seu* ou que *eu vivo en casa de meu ou que ti tes terras de teu*, indico que Estevo ou que eu ou que ti temos unhas posesións exclusivas que só a nós pertencen.

Se eu digo que *Maruxa é boa de seu* é porque quero significar que é boa por natureza propia; e que *Carmiña ten de comer de seu* porque ten medios propios para se alimentar.

Tamén empregamos estas formas para expresar actos que se fan por un mesmo sen intervención de ninguén: *Caeu de seu* ou *esvarou de seu* significa que ninguén o tirou ou empuxou.

Recordemos hoxe outras construccións que teñen paralelos noutras linguas: *os teus*, que ten o significado de 'a túa familia', *Xan xa nunca máis volveu ó seu* onde *o seu* ten o sentido tanto de lugar onde vivía como de profesión, estado ou costume que tiña anteriormente.

En fin, estes posesivos nosos encerran moitas características de seu.

149. Nós non podemos ir con vosoutros ó cine

Todo o mundo sabe que as formas tónicas do pronome persoal de primeira e segunda persoa do plural, son en galego **nós, nosoutros, vós, vosoutros** e así as atopamos en frases como: *nós vivimos nunha aldea xa coñecida por vós, vosoutros ben sabedes que a nosa vida decorre sen grandes atractivos*.

O que xa non todo o mundo coñece é a diferencia que existe entre a forma **nós** e **nosoutros, vós** e **vosoutros**, xa que non son exactamente iguais en canto ó seu significado, porque en grande parte de Galicia se mantén a oposición orixinaria entre a forma **nós**, que só sinala a presencia dun **eu** nun grupo máis amplo que pode incluí-las persoas que queiramos, e por outra banda, a forma **nosoutros**, que recolle á persoa **eu** e a outras persoas que forman un grupo cerrado, hermético, concreto e coñecido polo oínte ou interlocutor, quedando excluídos del tódolos que non pertenzan a ese grupo.

Así, se *somos nós os que vos imos falar* a imprecisión en canto ás persoas é moito meirande ca en *somos nosoutros os que vos imos falar*, onde a precisión das persoas suxeito é moito máis nidia por referirse a un grupo coñecido e concreto.

150. O concello deséxavos boas festas

Unha cidade galega amañeceu nas pasadas festas chea de carteis nos que se anunciaba non unha nova serie de impostos municipais, senón unha mensaxe expresando os mellores desexos de felicidade dos seus rexedores para os seus veciños. ¡Saudable novidade dos novos representantes do pobo!

Pero a mensaxe dicía *O Axuntamento vos desexa boas festas.* Moitos milleiros de veciños desta populosa cidade quedaron pasmados ó ve-los carteis. A algúns pareceulles que os carteis estaban escritos en portugués, pero axiña se decataron de que faltaban as grafías con *j*. Outros, máis espelidos, creron que estaba en castelán, pero de contado se deron de conta de que a pesar de que a construcción sintáctica era perfecta, as verbas non eran castelás. ¿Acaso os nosos concelleiros, pensaron os máis agudos, quixeron dirixirse a nós falando na nosa lingua, xa que nesa frase hai palabras galegas?

O feito de que se poñan unhas palabras galegas tras outras non quere dicir que unha frase sexa galega por iso. As frases teñen que ter unha orde sintáctica. Non se pode desfacer unha lingua por moita autoridade municipal ou parlamentaria que se teña. A lingua é de todos e hai que falala e escribila de acordo cunha convención que está na mente de tódolos falantes.

¿Que dirían os nenos desa grande cidade que xa van á escola e aprenden o galego cando viron tamaña falta gramatical? Dirían, probablemente, como escribiu o colega X. Alonso Montero: intolerable.

Señores concelleiros: por favor, respectade a colocación do pronome átono. *O autor destas liñas deséxavos boas festas e pídevos un pouco máis de coidado no uso da nosa lingua.*

151. Moito llo dixen, pero despois fíxoo

Nunca deixaremos de falar da colocación do pronome átono, porque resulta verdadeiramente chocante que xente que fala normalmente ben e que non comete erros expresándose oralmente, disparate cando escribe. Tal vez sexa porque falando espontaneamente non se para un a pensar en regras, mentres que cando escribe lle entran as dúbidas; ou porque están máis afeitos a escribir en castelán que en galego.

Sabemos que hai unha regra que di que cando unha oración comeza por un adverbio debemos coloca-lo pronome átono antes do verbo: *moito llo dixen*, *tamén se foron, non o vin,* etc. Pero hai adverbios que non seguen esta regra senón a xeral que esixe a colocación normal despois do verbo da oración simple ou da oración principal.

Recordemos hoxe unha serie de adverbios de tempo que van de acordo coa regra xeral, é dicir, que non son tidos en conta como tales adverbios no caso da colocación do pronome persoal. Son os seguintes: **antonte, onte, hoxe, mañá, pasado mañá,** por unha parte, e **antes, agora** e **despois**, por outra: **antes, antonte,** *onte viámoste a todas horas*; **hoxe,** *agora esperámolo*; **despois, mañá,** *pasado mañá buscareite*.

Teremos que volver sobre este tema inacabable.

152. Cada vez que se presenta a ocasión

Cada vez que se presenta a ocasión de chama-la atención sobre o uso dos pronomes átonos en galego tanto na lingua escrita coma na lingua falada que oímos, por exemplo, na televisión, necesitariamos escribir unha notiña sobre a colocación destes pronomes.

A frase que comentamos, lémola no periódico, onde un autor escribe *cada vez que preséntase...* En fin, recordemos unha regra que está en tódalas gramáticas: nas oracións principais ou nas oracións independentes o pronome persoal átono vai "normalmente" (xa falaremos outro día das excepcións) tras do verbo. Repitámo-lo exemplo xa comentado: *O Concello deséxavos boas festas*. E engadamos formas como *Paréceme que vai chover; Deille todo o que me pedía; quérovolo coller,* etc.

Pero, como din tódalas gramáticas, cando o pronome átono vai nunha oración subordinada, colócase diante do verbo: *Chorei cando a vin; escribo cada vez que se presenta a ocasión; dime que me queres,* etc.

A cousa non é tan doada como indican as regras xerais. *Non lles escribo máis hoxe deste tema,* porque o usar **non** nunha frase negativa, anque sexa independente, faime ter en conta que o pronome átono vai entón diante do verbo.

153. Non hai qué lle facer

Temos xa falado da posición do pronome átono tan peculiar do galego e na que tantos erros se cometen. Xa indicamos que a cousa non é tan doada como indican as regras xerais, de xeito que volvemos sobre algúns casos concretos.

Un deles é o do título do noso *Recanto.* Claro que tamén se oe dicir, é moi correctamente por certo, *non hai qué facerlle*, pero aquela colocación entre a conxunción e o infinitivo é máis tradicional, máis peculiar do galego de tódolos tempos. E queremos chama-la atención sobre ela porque os falantes novos, os das vilas e algúns escritores tenden a eliminala progresivamente en favor da segunda posibilidade. Quizais a coincidencia co castelán non sexa allea a este costume.

E o mesmo ocorre cando o infinitivo vai precedido de preposición, en frases como *para lle faceres iso; vén de llelo dicir; con llo contardes facedes abondo,* etc.

A algúns, se cadra, xa lles resulta allea esta posición do pronome, pero non debemos aforrar esforzos para nos enriquecer lingüisticamente e para lle dar ó noso galego unha maior variedade e posibilidades expresivas.

154. Fai o que che eu digo

Vimos anteriormente un caso de posición do pronome átono en que o galego admite dúas posibilidades, se ben unha delas, máis frecuente noutrora, vai sendo abandonada paseniñamente en favor doutra tamén galega. Hoxe referímonos a un caso semellante.

As gramáticas dan como regra xeral que nas subordinadas o pronome precede ó verbo, pero non engaden que o suxeito, coma no exemplo de arriba, ou outro elemento calquera da oración pode interpolarse. Tamén neste caso é correcta a outra orde, máis familiar para moitos falantes, que din normalmente fai o que che digo eu. Perde un pouco en énfase pero non en corrección.

Cómpre advertir que en ningún caso o pronome pode encabeza-la súa oración, e non son galegas frases como *che eu digo, cho agora dou,* etc.

Esta interpolación da que falamos era moi frecuente ata non hai moitos anos, e aínda hoxe constitúe un trazo que avala o galego de quen a usa. Nas cántigas é moi frecuente:

"¡Quen me dera ter aquí,

quen se me agora acordou,

amante firme da alma

que tan lonxe de ti estou."

155. Estes albariños sonche de Cambados

Se as linguas romances non evolucionasen a través dos tempos estariamos hoxe franceses e cataláns, italianos e portugueses, romaneses e casteláns, provenzais e galegos, etc., a fala-la mesma lingua que falaron Cicerón, César ou Séneca.

Moitas veces fixemos alusión ó carácter conservador da lingua galega en comparanza con outras linguas irmás. Imos ver agora un trazo innovador do occidente peninsular fronte ó castelán. Os demostrativos latinos masculinos plurais ISTOS, IPSOS, ACCUILLOS conserváronse en castelán, seguindo unha evolución fonética normal, como *estos, esos, aquellos,* ata o día de hoxe. Tamén en galego medieval atopámo-las formas *estos, essos, aquelos,* semellantes ás castelás.

Pero as linguas evolucionan de seu, e así a galega nos séculos pasados esqueceu algunhas desas formas e fixo sobre os demostrativos singulares **este, ese, aquel** uns novos plurais rematados en *-es*. De aí que hoxe digamos *estes albariños sonche de Cambados, eses do Rosal e aqueles de Monção.*

Estes pronomes están tan metidos na mente dos habitantes de Galicia que non resulta chocante oír frases como *estes niños te son del Grove* a xentes que cren que falan un castelán correcto, sen se decataren de que o que fan é unha traducción galega de *estes nenos sonche do Grove.*

A influencia do galego no castelán de Galicia é moito máis importante do que moitos castelán-falantes cren.

156. Casou porque cansou de estar solteiro

Os longos séculos de convivencia entre a lingua galega e a castelá fixeron que entre ámbalas dúas linguas houbese unha chea de interferencias que atinxen ós dous sistemas lingüísticos.

Calquera falante, ó pasar dun sistema ó outro, leva con el as estructuras lingüísticas propias do sistema no que é máis ou menos monolingüe, e, de paso, asome algunhas do sistema alleo, co que convive.

Así acontece con algúns verbos que son reflexivos en castelán e non reflexivos en galego, como **morrer** ou **casar**, por poñer dous exemplos dos moitos que hai. Son inadmisibles en bo galego frases como *cásase para o mes de xullo* ou *morreuse sen deixar herdeiros,* onde as formas verbais terían de ser *casa* e *morreu*.

Cada lingua ten unhas características que lle son propias e non necesita calcar construccións sintácticas das linguas veciñas. Cando digo que *ti casas pasadomañá* ou *el morreu de cáncer,* non necesito acompaña-los verbos con ningún pronome "reforzador".

Esforcémonos, pois, por mante-las nosas diferencias ben limpas de calquera interferencia contaminante, xa que un uso correcto da lingua é o que máis distingue a un bo galegofalante.

157. Vou corta-lo cabelo

Seguimos cismando nas verbas que non necesitan acompañarse de pronomes reflexivos en galego. Cando digo: *vou corta-lo cabelo* entende calquera a miña mensaxe que significa, con outras palabras, "vou á barbería para que o barbeiro me corte o cabelo que me sobra". A ninguén se lle ocorre pensar que, ó dicir esa frase, eu son barbeiro e que lle vou corta-lo cabelo a outra persoa.

Pero cando traducímo-la nosa frase ó castelán literalmente, *voy a cortar el pelo,* un castelanfalante non a entende ben porque a frase non queda clara. O máis natural é escoitar do noso interlocutor *¿A quién?* É dicir, que de primeira intención pensará que son barbeiro porque non dixen *me voy* ou *cortarme.* Cada lingua ten a súa propia maneira de expresarse.

Se eu atopo no periódico de hoxe esta frase *Afogou no mar*, entendo que a persoa que morreu mergullada na auga tivo un accidente, pero se leo *Afogouse no mar*, quédame a dúbida de se foi ou non suicidio porque o uso do reflexivo se implica a vontade do suxeito na acción do verbo.

158. Saúdao atentamente

Acabo de recibir unha carta dun organismo oficial escrita nun bo galego, pero que remataba coa cortés expresión *saúdalle atentamente.*

Non comprendo como é posible que un galegofalante normal sexa capaz de dicir unha frase semellante nunha conversa. Se nesta estamos falando por exemplo do seu pai, ó marchar diríalle eu ó meu amigo, *saúdao da miña parte*. É dicir, eu usaría neste caso o pronome obxecto directo e, como nós non temos outro pronome igual, non podo senón dicir *o*. Creo que así reaccionaría a maior parte dos galegos.

¿Como é entón posible que o autor da carta citada usase o pronome *lle*? A explicación é ben clara. Estase afeito a escribir en castelán e por tanto é moi doado que a xente na lingua escrita calque expresións castelás en galego. Os casteláns poden empregar indistintamente os pronomes *lo* e *le* co verbo **sau-**

dar, pero nós non podemos usar máis que a forma **o**. Non está permitido en galego o que poderiamos chamar "lleísmo".

Empreguemos ben o noso pronome **o** en frases como *teño o gusto de invitalo á miña casa, non o preocupo máis cos meus problemas, iso non os asustou,* etc., onde non é posible substituí-los nosos pronomes **o, os** por **lle, lles**. Repetimos unha vez máis, ¡fóra co lleísmo!

159. Deicho para llo levares

A frase que encabeza este *Recanto* contén un infinitivo conxugado. A un falante que non coñeza o galego ou o portugués chocaríalle tanto esta frase que teriamos que traducirlla por unha construcción do tipo de *deicho para que llo leves*, que supón un rodeo con respecto á nosa sintetizada construcción.

Esta construcción é unha innovación característica do galego e do portugués, linguas moi conservadoras en xeral, fronte a tódolos outros idiomas derivados do latín (castelán, catalán, francés, italiano...), que a descoñecen completamente.

O infinitivo conxugado, usado xa na época medieval, pervive hoxe con total vixencia non só no portugués actual, senón con grande vitalidade na maioría dos falantes galegos, que a chegan a usar mesmo falando castelán.

Xa precisarémo-lo seu uso. Polo de agora abonda con constatar que no galego o infinitivo ten flexión de persoa, coma os restantes tempos verbais, é dicir, que podemos expresar ó usármo-lo infinitivo cal é a persoa que realiza a acción: *eu falar, ti falares, el falar, nós falarmos, vós falardes, eles falaren*.

160. Son horas de marcharmos

Xa comentamos que o galego permite a precisión de cal é a persoa que realiza a acción expresada por un infinitivo. De certo, se alguén di en galego *son horas de marchar*, o interlocutor pode preguntarlle *de marchar, ¿quen*?. Se o que quere dicir é que *somos nós os que marchamos* deberá expresalo coas oracións *son horas de que marchemos* ou moito mellor *son horas de marcharmos*. Se o que quere dicir é *sodes vós os que tendes que marchar*, deberá expresalo coa construcción *son horas de marchardes*; pola mesma regra, para a segunda persoa debería dicir *son horas de marchares*, e para a terceira do plural *son horas de marcharen*.

Afirmabamos que este uso do infinitivo conxugado está estendido por todo o ámbito territorial galego. Como tódalas formas do verbo, segundo a zona de Galicia de que se trate, aparecerán distintas variantes dialectais: así, rexistramos en moitos falantes o uso das formas **íremos** e **íredes**, en vez de **irmos** e **irdes**, e, máis raramente, **írenos**, **írdesvos**, e outras.

Pero o uso desta construcción está sometido a unhas normas moi estrictas, que os falantes espontáneos do galego respectan sen o menor esforzo; con todo, ás veces, algúns escritores e ensaístas, ben por falla de espontaneidade ou ben por desexo de "enxebrismo", conculcan en moitas ocasións, escribindo frases incorrectas como *tendes que marchardes* ou *tendes que marchares,* etc.

161. Máis che valera quedares chosco

Seguindo a comenta-lo uso do infinitivo conxugado, forma tan tradicional da nosa lingua, ímonos parar un anaco nas regras que rexen o seu uso, para acadarmos un grado de corrección aceptable na escrita e non facermos como algúns escritores, que por daren a impresión de enxebrismo, esaxeran o seu emprego, ou por descoñeceren a súa correcta utilización, úsano precisamente cando non fai ningunha falta.

Debemos insistir en que a flexión do infinitivo realízase para precisar quen é a persoa que actúa no verbo, ou sexa, cal é o suxeito dese verbo. Diso dedúcese que cando o suxeito do infinitivo está aclarado por se-lo mesmo do verbo principal e atoparse este preto do infinitivo, non fai falta flexiona-lo infinitivo. Xa que logo, é redundante dicir *¿queres comeres?,* ou *foron faceren unha ponte.* Pola contra, se o infinitivo aparece antes do verbo principal, mesmo estando preto deste, debe flexionarse: *por comeres todo, recibirás un premio; para faceren a ponte, tiveron que tirar* (non *que tirare*) *moitas árbores*.

Como regra xeral, podemos dicir que canto máis estreita resulta a unión entre os dous verbos (o verbo principal e mailo infinitivo), menos aceptable é a flexión do infinitivo, por redundante; canto máis débil sexa esa unión, máis posibilidades hai de utilizala.

162. A luz está acesa

O verbo **acender** herdou do latín o seu participio **aceso** e formou outro novo seguindo a conxugación regular dos demais verbos rematados en *-er*: **acendido**.

Hai verbos que conservan só os participios irregulares latinos, como **aberto, feito, dito, posto,** etc., que se empregan tanto como verdadeiros participios nos poucos casos en que estes se usan como tales nas perífrases verbais do tipo *levo visto moito mundo*, así como adxectivos na maioría dos seus usos: *as portas abertas*, etc.

Para o caso dos verbos como o noso **acender**, que teñen dous participios, din as gramáticas galegas que a forma regular se emprega en función verbal (*non dou acendido o lume*) e a irregular ou herdada directamente do latín en función adxectiva (*a luz está acesa*); e o mesmo ocorre con outras parellas, como **pagado** e **pago**, **secado** e **seco**, **cansado** e **canso**, **prendido** e **preso**... Con todo, cómpre advertir que esta norma, válida para a xeneralidade, non se pode estender á totalidade dos casos.

Indiquemos tamén que **aceso** se emprega moito, tanto para significar que alguén ten colorada a cara, por estar preto do lume ou por ter moita febre, como para significar que alguén se ruboriza ou se enfurece. *Xan púxose aceso cando viu a Rosa*, ben porque se lle notou que a quere con amor ou ben porque lle entrou a furia ó vela.

163. Xa llo dixera a Carmiña

Resulta bastante frecuente oír no castelán falado en Galicia frases como *ya se lo dijera a Carmiña* (no canto de *se lo había dicho*), nas que se ve unha influencia clara da lingua galega na castelá no uso do tempo verbal chamado pluscuamperfecto. As interferencias, en certo modo lóxicas, entre ámbalas dúas linguas, ó seren dous idiomas románicos con estructuras semellantes que están en contacto, serían menores se cada falante estudiase con máis atención as características peculiares de cada unha delas.

Desde o noso punto de vista, da parte do galego non tería moita importancia o problema se non se dese o caso contrario de xentes que, falando a nosa lingua, empregan expresións como *xa llo había dito a Carmiña* ou *habíao feito onte polo serán,* en vez de *xa llo dixera a Carmiña* ou *fixérao onte polo serán*.

O máis grave destas construccións non é que as fagan falantes novos ou aprendices de galego, senón xentes que están afeitas a falar bo galego, pero que no momento de se expresaren en público buscan como modelo-patrón o castelán e traducen "palabra a palabra" o que dirían nese caso se falasen en castelán. O discurso oral e a frase literaria representan un nivel elevado da linguaxe, e se un orador ou un escritor non está afeito a expresarse neses casos en galego é moi fácil que cometa erros que só se borran se se está a pensar sempre na lingua propia.

164. Dixen que o fixeras ti

Quero volver sobre o tema do uso do pluscuamperfecto galego como prometera no *Recanto* anterior, porque resultan verdadeiros atentados contra a lingua empregar frases nas que se calcan do sistema castelán formas que non existen no noso sistema verbal.

Renxen nos nosos oídos frases como *hei dito que ti o habías dito,* porque nin son galegas nin castelás. Non hai máis remedio que defenderse desas xentes botándolles na cara que deben aprender dunha vez por todas que non hai tempos compostos no sistema verbal da lingua galega.

Hai quen "ama" tanto o uso de tempos compostos que escribe no canto de **dixen**, **teño dito**, sen se decatar de que o uso desta segunda forma perifrástica non significa o mesmo, senón que expresa unha acción repetida. *Teño dito que o fixeras ti* é unha expresión correcta en galego pero non co mesmo sentido de *dixen que o fixeras ti*. Na primeira frase quero manifestar que o dixen máis dunha vez.

O verbo **ter** non serve pois tampouco para formar tempos compostos no sistema verbal galego, porque, repetímolo unha vez máis, non existen. Cada lingua ten o seu propio xeito de contempla-lo mundo e por iso ten formas de seu que non teñen que ser semellantes necesariamente ás formas das linguas veciñas.

165. Cando ti chames, xa marchei eu

Temos que repetir unha vez máis que non hai tempos compostos na lingua galega. O falante normal non sente necesidade deles e polo tanto non precisa da súa existencia. Pero o neofalante afeito a se expresar en castelán non se fai a esa idea, como tampouco se fai o escritor que ten por modelo-patrón a linguaxe literaria de países veciños.

Se collemos unha frase castelá como *cuando llames tú, yo ya me habré marchado,* e queremos poñela en galego correcto, sen pensar máis na construcción típica da forma de futuro perfecto castelán, teremos que traducila por *cando ti chames, xa marchei eu,* na que se ve que o noso perfecto se usa tamén para indicar accións futuras que se consideran xa realizadas. Os neofalantes que descoñecen esta regra así como algúns escritores, que pensan en castelán, cando escriben, introducirían neste contexto o barbarismo **haberei marchado**, que non ten nada que ver coa nosa lingua.

Cada lingua ten sistemas de seu para expresar ideas ou frases doutras linguas. Os problemas xorden cando se queren traducir "literalmente" frases, palabra por palabra, cando o mellor sería traduci-la

frase completa por outra semellante na mesma situación ou contorno en que está expresada. Neste caso tería o mesmo valor dicir *non estarei xa cando ti chames; marcharei antes de que ti chames,* etc.

Ó cambiar de lingua resulta máis idiomático e máis doado deixar de pensar no sistema gramatical acostumado a pasar ó sistema de expresión da nova lingua empregada.

166. Heille falar cando o vexa

O futuro galego **falarei** é un composto dun verbo en infinitivo, **falar**, máis a primeira forma do presente de indicativo de **haber, hei**. Estamos afeitos a oír que o portugués pode separar aínda as dúas partes de que se compón o futuro para colocar entre eles un pronome persoal; *falar-lhe-hei quando o veja,* e que o galego, coma as outras linguas romances, non permite facer semellante construcción.

Pero a nosa lingua conserva a posibilidade de construí-la forma de futuro poñendo o verbo auxiliar antes do infinitivo. *Heille falar cando o vexa*. Trátase dun resto da construcción latina HABEO FABULARI, que coexistía coa que triunfou en tódalas partes, FABULARI HABEO.

O sentido desta construcción é normalmente o de representar unha simple idea de futuridade. Pódese dicir que os futuros sintéticos nunca tiveron boa acollida na lingua coloquial e son substituídos por formas perifrásticas, ben con *haber de + infinitivo, ir + infinitivo*, etc.

Agora ben, pénsese que o contexto pode darlle a este tipo de frase outros valores. Se eu digo *como non veñas cedo, heillo contar á túa nai*; *hei contar* ten aquí, amais do valor de futuro, o valor de obrigatoriedade. Cando eu leo o seguinte texto *non ves que don Severino ha estar canso*, *ha estar* ten un valor hipotético: é probable que don Severino estea canso.

Se alguén, pois, me pregunta: ¿has facer outro artigo sobre o verbo?, heille contestar: hei.

167. Houbo afogar na praia

Continuando co tema das perífrases, non está de máis recordar unha tan usada por tódolos galegos que mesmo a calcan en castelán aqueles que, a pesar de viviren en Galicia, non falan a nosa lingua.

Trátase da perífrase que indica unha acción irreal, que estivo a punto de realizarse no pasado, pero que non chegou a facelo no último momento. Cando un castelanfalante di que *estuvo a punto de ahogarse en la playa,* un galego empregará unha perífrase formada polo pretérito do verbo haber (**houben**), mailo infinitivo do verbo que indica a acción de que se trate. Así a traducción da frase castelá proposta será *houbo afogar na praia*.

Así, pois, cando lemos no xornal ou oímos ó noso veciño que: *Xan houbo caer ó mar*, entendemos moi ben que non caeu aínda, que estivo a piques de facelo.

Hai, pois, que manexa-las características propias da nosa lingua para que esta conserve a vivacidade e a expresividade que lle dan o uso das perífrases verbais. Repitamos unha vez máis que cada lingua organiza pouco a pouco o seu propio sistema gramatical por camiños diverxentes ós das linguas veciñas.

168. Teño que marchar mañá

Hai moitos matices aspectuais e modais que teñen as linguas e que non poden ser expresados polos tempos simples dos verbos. Se eu digo que **marcho, marchaba, marchei, marcharei**, etc., sitúo as accións temporalmente ben no presente, no pasado ou no futuro. Pero se eu quero indicar que a acción de marchar é obrigatoria para min, teño dúas posibilidades:

A primeira consiste en expresar mediante diversos recursos léxicos esa obrigatoriedade, engadindo o verbo **marchar**: *Teño a obriga de marchar, estiven obrigado a marchar,* etc. Ou ben empregar un verbo con ese significado de 'ter obriga de', engadíndolle o outro verbo en infinitivo: *debo marchar, debía marchar,* etc.

A segunda posibilidade consiste en expresa-la obrigatoriedade a través de perífrases verbais, que resultan máis expresivas: *teño que marchar, hei de marchar,* etc. Estas frases están en relación coa futuridade, como se ve nas expresións en que indicamos que a obrigatoriedade atinxe non a unha persoa en concreto, senón a todos en xeral: hai que ser máis precisos no uso da lingua, hai que estudiar para aprender ben o galego, etc.

169. Veño de chamar por teléfono

A frase que encabeza o noso *Recanto* inclúe o verbo **vir** no seu sentido propio de movemento. Tal vez moitos lectores pensen que eu quero significar con esa frase 'acabo de chamar por teléfono' ou 'remato de chamar por teléfono'. E tal vez pensen nesa idea de acabamento da acción de chamar por teléfono, porque xa están afeitos a ler en galego frases coma *vén de saír do prelo un libro sobre historia de Galicia,* ou como *veño de escribir cinco liñas máis arriba,* que son puros barbarismos na nosa lingua.

O francés ten unha perífrase formada polo verbo *venir* maila preposición *de* mailo infinitivo dun verbo, en frases como *il vient de partir,* en que o significado de *venir* ten na nosa lingua o sentido de **acabar, terminar, rematar,** pero nunca o de **vir.**

Esta construcción tipicamente francesa foi imitada por algúns portugueses, aínda que é censurada polos gramáticos con gran dureza. Algúns dos nosos escritores tamén a copiaron á lixeira sen se decataren de que hai construccións propias e axeitadas na lingua, e así, por diferencialismo, van buscar nas alleas préstamos innecesarios.

170. Veño de ver a Xosé Luís

Volvo insistir no tema anterior para recalcar que o verbo **vir** indica un movemento real. Polo tanto, cando emprego este verbo en frases como *veño de ve-lo médico, virá de falar con Xosé Luís,* ten **vir** o mesmo valor que se digo *veño da casa do médico, virá ás oito do serán*.

Como acabamos de ver son correctas as construccións do verbo **vir** máis preposición *de* máis un verbo en infinitivo, pero sempre e cando **vir** non se converta nun membro dunha perífrase verbal que signifique 'acabamento ou remate da acción verbal expresada polo infinitivo'. Así, pois, *como acabamos*

de ver, e non *como vimos de ver,* hai que prestar atención para evitar frases tan rexeitables como *vén de saír do prelo, vén de aparecer un artigo sobre Rosalía,* etc.

Hai un caso en que **vir** seguido da preposición *a* máis un infinitivo pode chegar a ter un valor perifrástico de acción acabada tras unha serie de incidencias*: ó final viñemos a saber cal era o uso do verbo "vir".*

Cada lingua ten un sistema de seu e non pode ser modificado por calquera ó seu libre antollo.

171. Non foi quen a bebelo dun grolo

Nótase ben quen é o que ten un dominio axeitado da lingua porque sabe emprega-las expresións que corresponden a unha situación determinada no momento oportuno.

Acaban de rematar agora as festas do Antroido ás que nunca foron alleas as comilonas, cheas, pándegas, antroidadas, onde non faltaron tampouco grandes comedores, bebedores, forzudos e demais xentes que xogaban a facer cousas especiais para quedar de **valentóns** do que cadra diante de quen cadrase. Así, atopámonos con un que comeu tres ducias de chourizos e unha fonte de filloas dunha sentada no luns de Antroido... ou con outro que bebeu media ola de viño nunha noite... ou con outro que ergueu un saco de dez arrobas cos dentes, etc., etc.

Pois ben, cando se dá o caso de que o noso valentón non puido comer ou beber aquilo que foi acordado, diriamos que ese tal *non foi quen a bebelo*, ou tamén que *non o deu bebido* ou que *non puido bebelo*, ou que *non puido co viño*.

Estas expresións levan unha carga semántica de afectividade e de expresividade moito maior que se eu empregase a forma normal, pero máis fría, *non foi capaz de bebelo*.

172. As mulleres de quen falamos

É curioso observar cómo modernamente algúns escritores se deixan influír polos modelos casteláns e escriben frases como *as mulleres de quenes falamos.* Este plural de **quen** é descoñecido polos falantes normais galegos e resulta moi chocante e estraño á nosa lingua.

Debería ser ben sabido que **quen**, unhas veces usado como pronome relativo e outras como pronome interrogativo, carece de plural. **Quen** procede do interrogativo latino QUEM e consérvase como tal, a parte do romanés e dalgúns dialectos romances de Suíza e Sardeña, no mallorquino, no castelán, no portugués e no galego. En tódalas partes se mantivo como invariable. Soamente en castelán a partir do século XVI comezou a usarse un plural *quienes* que tivo fortuna e de aí imitan ese costume algúns dos nosos escritores.

Pénsese no indefinido **alguén** para o cal ata agora, que nós saibamos, ninguén tivo a feliz idea de lle dar un plural. Cando pregunto *¿Quen fixo isto?* pódese contestar: *fixérono Antón e Cibrán*. Máis claro vese este sentido de plural cando empregamos **quen** como pronome relativo, en casos coma o título deste comentario. Cando digo *a muller de quen falo* é evidente que *quen* se refire a unha persoa en singular, pero cando dicimos *as mulleres de quen falamos* é tamén evidente que *quen* se refire a un nome en plural.

Volveremos sobre o mesmo tema.

173. ¿Quen son os que falan tanto?

O pronome **quen** constrúese case exclusivamente con verbo en singular e, como sinalabamos onte, non é necesario inventar unha forma **quenes** para traduci-lo castelán *quienes.* Cando alguén cre que a traducción do castelán ó galego dunha frase como *¿quiénes se marcharon?,* non queda clara ó traducila por *¿quen marchou?* segue pensando con mentalidade castelá, pois un falante normal galego, ó oír esta frase tanto pensa nunha persoa determinada coma en varias.

O **quen** interrogativo constrúese soamente con formas verbais do singular cando funciona como suxeito dunha oración: *¿Quen veu esta mañá? ¿Quen pechou a porta?* O mesmo acontece coas formas exclamativas: *¡Quen cho dera! ¡Quen o diría!* etc.

Con todo, temos un caso especial cando o verbo que acompaña a **quen** é *ser*. Típico do galego e do portugués é admitir nestas frases con *ser* as formas verbais do plural. Se pregunto a unha persoa *¿quen es ti?*, está claro que me refiro a unha soa persoa singularizada. Se pregunto a varias, terei que facelo co verbo en plural: *¿quen sodes vós?*

Por iso non é chocante a frase do noso título *¿Quen son os que falan tanto?* e outras semellantes como *¿Quen son os que petan na porta?* Se non empregámo-lo verbo **ser** teriamos que preguntar *¿Quen fala tanto?* ou *¿Quen peta á porta?*

Hai aínda outro caso no que o verbo que acompaña a **quen** suxeito vai en plural. Trátase do **quen** funcionando como pronome relativo suxeito, cando hai un antecedente plural expreso: *foron os romanos quen fixeron as murallas de Lugo*.

174. O cuxo

Non hai en galego máis **cuxo** có fillo da vaca. Se vostedes non queren dicir tampouco **cuxo** poden empregar outras formas: **cucho, pucho, tenreiro, xato, xuvenco, becerro,** etc.

É evidente para todo falante que en galego non existe un pronome relativo **cuxo**. É evidente para todo lector de textos escritos en galego que de vez en cando se atopa coa forma "galeguizada" **cuxo** ou a medio galeguizar **cuio**. Comprendemos que é moi cómodo para os escritores empregar este pronome, pero o pobo non sente esa necesidade porque constrúe as frases sen estar pensando na lingua castelá.

Como pronome interrogativo, que a penas se emprega hoxe en castelán, nós utilizámo-lo interrogativo **de quen**. En canto á forma relativa temos, á parte do pronome citado, os outros pronomes **que** e **cal**, que realizan a mesma función que o pronome relativo castelán *cuyo.*

Normalmente o falante non emprega expresións que poidan forzar á utilización dun pronome relativo que teña os valores do castelán *cuyo.* O problema téñeno os traductores que atopan moi cómodo traducir palabra por palabra cando o que hai que facer é traduci-la idea expresada ó galego sen calca-las palabras. A frase castelá *ahí está Antón, cuyo padre conociste ayer,* pode ser traducida ó galego de varias maneiras: *aí está Antón, o pai do cal coñeciches onte; Mira, ese é Antón, o fillo do señor que coñeciches onte; aí está Antón, que é o fillo do señor que coñeciches onte,* etc.

175. ¿U-lo neno?

Agora que parece que todos estamos empeñados na difícil tarefa de recupera-lo galego sería moi oportuno intentar salvar un pronome interrogativo que só pervive en moi poucos sitios de Galicia.

Trátase orixinariamente dun adverbio interrogativo latino, UBI, que está vivo no francés *où* e mesmo en asturiano, *ulo, ula,* mentres que en galego é descoñecido para moitas xentes.

A forma primitiva que evolucionou en **u** debe ir sempre acompañada en galego ben da segunda forma do artigo ou ben dun pronome persoal átono de terceira persoa.

Vexamos algúns exemplos do primeiro caso. En vez de preguntar *¿Onde está o neno?*, pódese facer así: *¿U-lo neno?* E segundo o suxeito sexa singular ou plural, masculino ou feminino, diremos *¿U-los caramuxos?, ¿U-la machada?* e *¿U-las mulleres?*

No segundo caso o interrogativo vai seguido dun pronome persoal unido intimamente a el sen ningún guión. Se alguén me pide *tráeme ese libro*, podo contestar preguntando *¿Ulo?*; ou se me din *que leve as mazás*, terei que contestar: *¿Ulas?*, é dicir, "¿onde están elas?"

¡Recuperémo-lo galego! De acordo. Comecemos por recuperar para todos o que aínda está vivo para algúns, despois xa recuperarémo-lo demais, mesmo o que xa morreu hai séculos.

176. Xan colleu e marchou do partido

Cada lingua ten sempre características que lle son propias e, por moi emparentadas que estean coas veciñas, diferéncianse destas por unha expresividade particular.

Nun nivel de narración moi expresivo o galego emprega unhas formas vivaces e cheas dun feitío especial para indicar unha realidade social na que a lingua é capaz de reflectir calquera tipo de accións rápidas e inesperadas.

O tempo actual en que os acontecementos políticos se enchen de sobresaltos, tensións, dimisións, nomeamentos, desercións, acordos e trasacordos, pode ser expresado por frases nas que estas accións rápidas e inesperadas se representan por parellas de verbos que parecen fotografa-la nosa realidade. Vexan este exemplo:

O noso amigo Xan, visto que os seus compañeiros abandonaron a loita pola lingua galega, colleu e marchou do partido e, como aínda non as tiña todas con el, vai e di que hai que facer unha nova política e sen máis nin máis agarrou e fundou un novo partido.

III. FOLLAS DA LINGUA

177. Follas Novas

Quixemos titular esta sección, que comezamos hoxe, *Follas Novas* en homenaxe á máis grande poeta da lingua galega, Rosalía de Castro, que publicou en 1880 o libro *Follas Novas* que, segundo ela mesma, *mellor se dirían vellas porque o son*, *e últimas*, *porque pagada xa a deuda en que me parecía estar coa miña terra*, *difícil é que volva a escribir máis versos na lingua materna*.

Serviranos, pois, este último libro de Rosalía como base para os nosos lixeiros comentarios sobre cuestións da lingua de entón (xa hai máis dun século) e da lingua de hoxe, tan necesitada dunha grande corrección por parte de moitos falantes e máis de moitos "escribidores" que derraman a súa gramática e o seu léxico por causas xa ben coñecidas de falta de estudio (ata agora non se estudiaba na escola) e da comodidade de botar man de castelanismos, que acoden doadamente á mente dos falantes galegos por se-lo castelán lingua omnipresente en tódolos eidos da vida material e cultural de Galicia.

A palabra **folla** está tomada neste título no sentido de anaco de papel ou páxina como a empregamos todos hoxe e como a empregou tamén outro grande poeta, Ramón Cabanillas, cando di que *estas folliñas homildes e leviáns foron condeadas a morrer no lume*. Nun poema fai Rosalía alusión ó título deste libro: *¡Follas Novas! risa dáme / ese nome que levás / cal se a unha moura ben moura / branca lle oíse chamar*. Pero nese mesmo poema fai a continuación un símil co sentido base desta palabra: *Non Follas novas*, *ramallo / de toxos e silvas sós*, */ hirtas coma as miñas penas / feras coma a miña dor*.

Moitas veces aparecen as **follas** na súa obra e case sempre dando imaxe tristeira da Natureza: *Chegade e tras de outono / que as follas fai caer... como no outono as follas can dos árbores... e que as follas dos árbores caen... como as muchadas follas... mirando os xasmíns sin follas...*

A voz **folla** mantívose sempre ata o día de hoxe sen competidores foráneos e é empregada noutros moitos sentidos: *folla da gadaña ou do coitelo*, *folla da porta*, *follas para facer unto*, *unha leira sementada a dúas follas*, etc.

178. Flores, frores, froles e frols

A voz latina FLOREM debeu dar no primitivo galego a forma **chore** ou **chor** seguindo unha evolución fonética normal. Aníbal Otero, que percorreu tantísimos lugares de Galicia, di que nalgunhas

aldeas do oriente de Lugo escoitou as palabras **chora** e **chore** co significado de 'flor de toxo'. Neste mesmo sentido temos hoxe vivo nalgúns puntos de Galicia o termo **chorima**. Pero, a pesar destes restos da antigüidade, hoxe a voz máis común é **flor**, o mesmo ca en portugués e castelán, que parece representa-la forma máis culta da palabra latina FLOREM, que tan a miúdo escoitaban os fregueses nas parroquias cando se rezaban as ladaíñas e outras oracións en latín.

Así pois, **flor** e **flores** son as voces máis estendidas entre tódolos falantes galegos de hoxe, se ben se poden escoitar nalgúns falantes a pronuncia do grupo *fl-* como *fr-* (o mesmo que pasa con **flouxo** e **frouxo** e **flaco** e **fraco**, é dicir, **flor** e **frores**. Esta última é a forma máis empregada polos nosos escritores, que ven nela unha marca de diferenciación coa normal, que é semellante á voz castelá.

Rosalía fala decote de *herbas e frores... no mes do amor*, *das prantas e das frores... coberto de lindas frores... máis que as frores*, así como tamén de *froriñas brancas.* Derivado de **fror** é tamén **florido***: No máis san e máis florido... neste xardín florido* e tamén nos *Cantares Gallegos* fala de *Galicia florida.*

Outra variante de **fror** é a voz **frol**, moi cara ós poetas e algúns escritores como Cunqueiro, Rosalía escribe *cal brota na árbor a frol* e usa o plural **froles** (*Cabe das froles* a *nena / canta alegre o seu cantar*) ó lado de **frols** *(que a terra está removida / negra e sin frols... que abrochan nos campos as frols).* Tamén fala en *Cantares* de *froliñas que abrían* e *campiñas frolidos.*

Preferímo-las voces **flor**, **florear**, **florecer**, **floreiro**, **florilexio**, **florista**, etc. sobre **frol**, **fror**, e os seus derivados, porque están máis de acordo coa súa etimoloxía e porque ademáis son as máis abundantes na fala.

179. Cal brota na árbor a frol

A palabra **árbore** era feminina en latín e con este xénero conservouse no portugués de hoxe. En castelán fíxose xa na Idade Media do xénero masculino. Os textos medievais galegos manteñen sempre o xénero feminino para esta voz, pero xa o P. Sobreira no século XVIII recollía esta forma, unhas veces como masculina e outras como feminina.

Rosalía emprega esta voz coma feminina no verso desta estrofa que di: *Cal brota na árbor a frol*, */ mais non medran nin frorecen / para min*, *non.* Nos demais poemas aparecen varias veces **árbores** acompañadas dun artigo ou dun adxectivo masculinos. Desgraciadamente na fala popular impúxose a forma masculina, pero é de supoñer que coa aprendizaxe do galego na escola axiña se vai recupera-lo verdadeiro xénero desta palabra.

De tódolos xeitos haberá que sinalar que cómpre teimarmos no emprego desta forma **árbore** que é usada pouco polos falantes, substituíndoa maioritariamente polo castelanismo **árbol**. **Árbore** ten unha variante popular, pouco extendida, **arbre**, que tamén usa Rosalía *(Nin arbres que che den sombra*, */ nin sombra que preste alento* aparece en *Cantares Gallegos*), así coma outras un tanto máis espalladas como **albres** e **álbores** que podemos considerar dialectalismos.

Os derivados lexítimos de **árbore** serán pois: **arboredas** (testemuñado tamén en Rosalía: *Mentras tanto o sol da tarde / tras dos pinares se deita / i aluma con tristes raios / as sombrisas arboredas*), **arboredos**, **arborados** (ámbolos dous tamén aparecen na obra rosaliana), **arborexar**, **arborecer**, **arborista**, e non **arboledas**, **arboledos**, etc.

180. Auga, agua, ágoa, augua

A palabra **auga** é voz moi estendida por toda Galicia e, amais da longa tradición literaria, testemúñase en textos medievais en frases como as seguintes: na *riba da auga* ou *deulle pan e auga;* na meirande parte dos nosos escritores e en moitos refráns: *Auga de Febreiro fai o palleiro* ou *Auga pasada non move muíño.*

A voz **agua** é menos empregada na fala popular ca **auga** e é usada polas xentes da costa fisterrá e de case toda a provincia de Pontevedra. Tamén é forma que aparece nos textos medievais, o mesmo cá súa variante **ágoa** que é pouco popular, se ben hai escritores que a empregan decote. Nos *Cantares Gallegos* tamén Rosalía fai uso desta forma*: Mentras tanto murmuxaban / por antre a robreda espesa / do río as revoltas ágoas.*

Sen embargo *en Follas Novas*, Rosalía emprega sempre o termo **augua** que dá a impresión de ser un cruce de **auga** e **agua**. *Augua* está xa documentada no século XIII e Pero Meogo escribe que *o cervo do monte / a augua volvya.* Na fala popular apenas se constata máis que en contados puntos do galego exterior.

Para Rosalía é, como diciamos, forma única que aparece en moitos dos seus versos*: Beber do olvido nas saudosas auguas... ¡Mar! cas túas auguas sin fondo... As purísimas auguas que apagaban / sede de amor e llama de deseios... N'hai auguas que laven / manchadas concencias*, etc. As **augas** acompañan as mágoas da poeta: *Daime morte doçe*, */ auguas onde as penas / para sempre dormen*, versos que pertencen ó poema "As torres d'Oeste" que comeza así: *A yaugua corría / polo seu camiño*, */ i eu iba ó pé de ela / preto dos Laíños*, */ sin poder cas penas / que moran conmigo.* Aquí aparece usado o *i* antihiático para evita-lo encontro do a (artigo feminino) co *a* tónico de *augua.* Máis de media ducia de veces atopamos esa forma **a i augua** que ela escribe a **yaugua**.

181. A unha dor, outro delor

Hai unha poesía en *Follas Novas* que contén esta fermosa estrofa: A *un batido*, *outro batido*, */ a unha dor*, *outro delor*, */ tras dun olvido*, *outro olvido / tras dun amor*, *outro amor.* Nela aparecen xuntas **dor** e **delor**, co mesmo significado e con distinto xénero. A elas poderiamos engadir **dolor** para completa-lo trío de formas diferentes que funcionan tanto co xénero masculino coma co feminino.

O termo de máis raigame é **dor** que segue a evolución fonética normal e que ten como antecedente o medieval **door**. A **dor** é a forma normativa galega e portuguesa, que se conserva como feminina na fala dalgunhas xentes de moi ó sur das provincias de Pontevedra e Ourense. O **dor** como masculino é dito sobre todo polos falantes das Rías Baixas. Nas *Follas Novas*, libro no que se reflicte a dor existencial de Rosalía, aparece loxicamente moi documentada esta verba. Unhas veces aparece coma feminina: *a miña dor*, *as dores*, *a dor*, e outras coma masculina: *os meus dores*, *o meu dor*, *os dores*, *un dor*, *ó seu dor.*

Probablemente no século XIV foi introducida no galego e no portugués como forma culta a palabra orixinaria latina DOLOR, que usada como masculina é a forma máis espallada actualmente na fala popular, se ben como feminina, **a dolor**, é dita nalgunhas partes de Galicia. Rosalía emprega **dolor** sobre todo nos *Cantares Gallegos: Negro carabel maldito / que me fireu de dolor...*

Da palabra culta **dolor** saíu unha variante popular **delor**, que é empregada coma masculina ou coma feminina indiferentemente por bastantes falantes. Tamén Rosalía a usa abundantemente tanto en

feminino *(a delor*, *imaxen da delor*, *a crudeza da delor*, *non para ca delor)* coma en masculino (*o delor*, *un delor*, *os meus delores vivos).*

A **dor** ten, pois, en galego moitas formas e variantes que se ven testemuñadas na obra rosaliana, onde se emprega tamén o adxectivo **dorido** como vemos en *miña alma dorida* ou en *o meu dorido corazón.*

182. ¡Que mansamente marmuraba o río!

O verbo latino MARMURARE deixou herdeiros en toda a Romania e polo tanto tamén en Galicia onde se produciron moitas variantes.

Rosalía emprega en *Follas Novas* sobre todo a variante **marmurar**. O significado fundamental desta verba é producir un leve son o río: Por onde o Sar vai *marmurando leve... ¡Que mansamente marmuraba o río!... E oio o marmurar do río... O marmurar das auguas... Que daba o ronco marmurar do río.* Tamén as persoas murmuran frases: *E non sei que voz ronca marmuraba... Que* a *ialma triste con amor marmura... Marmurou mentras dos ollos* / as *bagullas lle caían... Vexo unha meniña orfa* / *que triste vai marmarando.* Naturalmente tamén atopámo-lo significado de dicir mal dalguén: *Non foron a pensar que marmuraba... Marmura co irmán do crego... Eu*, *marmurar de ti con xente allea!*

Outras variantes deste verbo son **marmular** (*Onde o marmular as fontes)*, **mormurar** (*Non sei que cousas murmuraba leve*), **mormoruxar** (*O sempre igual mormoruxar das fontes) e* nos *Cantares Gallegos* aparecen ademais **mormuxar** (*Cai a auguiña mormuxando*) e **murmuxar** (*Antre si marmuxan quedos).*

Como substantivo en relación con este verbo atopamos **marmurio** (*E es o marmurio do río... O meu marmurio máis brando*, etc.), **mormorío** (*Co seu xordo e costante mormorio)* e **murmuxo** (*Murmuxos da noite*, de *Cantares Gallegos*).

Na fala popular amais destas variantes poderiamos encontrar **marmullar**, **malmurar**, **mormorar**, **murmular**, e por se fose pouco outra familia de palabras distintas: **rexubar**, **rexoubar**, **rexobar**, etc.

183. Reis e raíñas

A palabra latina REGEM sufriu unha evolución semellante en galego, portugués e castelán que acabou dando unha forma común **rei**, que en galego ademais de significar 'monarca' pode ser actualmente na fala viva o nome dun paxaro, ou o do insecto chamado tamén cascarrubia ("rei-rei, cantos anos durarei, vintecinco non o sei, un, dous, tres..." cantan os nenos) e mesmo "o porco máis pequeno da camada". O plural desta forma faise engadindo un *s* ó singular. Do mesmo xeito que de **nai** facémo-lo plural dicindo **nais**, así de **rei** terémo-lo plural **reis**, pero resulta que hai moitos falantes que din **reises** ou **reices** ou mesmo o castelanismo **reies**. Rosalía empregou a forma popular **reises** nos seus versos: *Reises e reinas con gran sosego* / *na par dos mármores tranquilos dormen... Anque me des viño do Riveiro de* Avia, / *tódolos almibres e tódalas viandas*, / *das que os reises comen e no mundo haxa*, / *ña madre querida*, *non sei que me falta.*

Da palabra latina REGINA orixinouse a forma galega **raíña** que aparece documentada en varios textos medievais. Pero dado que desde o século XV a influencia do castelán comeza a espallarse por

Galicia é de supoñer que de contado as clases altas deixarían de falar da **raíña** de Castela e introducirían a forma **reina**, de tal maneira que das clases nobres pasaría ó pobo este castelanismo **reina** que fixo olvida-la forma típica galega **raíña**.

Hoxe estase a recupera-la palabra tradicional **raíña**, pero na época de Rosalía estaba vivo o castelanismo. De aí que ela empregase sempre a forma **reina**: *Coidara que a oíra / nos campos de Italia*, / *sendo eu quizais reina... Por onde vos querás*, *reina e señora...* E moitos máis exemplos podemos atopar en *Cantares Gallegos.*

184. Memorias e secretos

No poema titulado "Na catredal" de *Follas Novas* aparecen os seguintes versos: *A oración dixen que antes dicía*, / *fixen mamoria dos meus secretos*, onde se atopan dúas palabras cultas, **memoria** e **secretos**, modificadas en **mamoria** e **sacretos**, nas que se ve que a vocal inicial *e* foi transformada en *a.*.

Este fenómeno é peculiar da fala familiar de moitos galegos que vacilan ás veces na pronuncia das vocais átonas tanto se están en sílaba inicial coma na posterior á sílaba acentuada. Amais dos exemplos citados poderiamos pór outros. Moi corrente é dicir **tarceiro** por **terceiro**, **tarreo** por **terreo**, **númaro** por **número**, etc. E o que sinalamos da confusión das vocais *a* e *e* poderiamos afírmalo tamén doutros cambios entre outras vocais.

Esta vacilación que se verifica na fala descoidada familiar é levada por algúns escritores ó nivel de lingua escrita. Rosalía pertence a este grupo de escritores que unhas veces emprega a palabra culta **memoria** (*Caba un fondo burato onde a memoria* / *do pasado enterremos... ¡Hay internos na memoria*, *cando n'os hai na concencia! ... Estonces non sei que sombras* / *quizais de memorias vivas*) e outras o vulgarismo **mamoria**, coma no exemplo devandito e noutros versos: *¡Odio! fillo do inferno*,/ *pode acaba-lo amor; mais ti n'acabas*, / *mamoria que recorda-las ofensas... Mais a memoria preguizosa*, *tarde*, / *trouxera ó teu recordo...*

Tamén a voz culta **secreto**, é empregada como tal nalgúns versos (*secretos desta feitura* / *deben dormir entre as pedras... E ¡canto alí falamos en secreto*, / *é sempre del Dios mío!*), pero moitas veces é usado o vulgarismo **sacreto:** *Deixame ir co meu sacreto... Non irás co teu sacreto... Baixo das pedras mudas*, *que teu sacreto gardan...*etc.

185. A ninguén digas onde estou

Tódalas linguas van modificándose a través dos tempos. Non son só as palabras que designan obxectos, que se van transformando xuntamente, as que se modifican. Tamén os pronomes van cambiando ó longo da historia dunha lingua. O pronome latino NEMO quedou pouco a pouco en desuso e cada lingua romance buscou ó seu xeito a súa propia forma substitutiva. O francés atopou a substitución na palabra *personne.* O castelán inventou a forma *nadie*, procedente do sintagma latino HOMINES NATI. E o galego achou a solución partindo da forma pronominal latina QUEM (a mesma que evolucionou en **quen**) facéndoa preceder da negación NEC.

Nos textos antigos aparece xa o actual pronome **ninguén** que Rosalía usa moi a miúdo nas súas *Follas Novas: Máis que fora ou viñese* / *ninguén llo iña a esculcar... Ninguén soupo que de amores* / *e que de*

olvido morrera... Que xa ninguén me vexa e eu non vexa a ninguén... Ninguén tome o poder dos seus destinos / infaustos ou beninos / nin a ninguén lle é dado / renegar do seu fado... Que esto a ninguén llo digo... etc.

Ninguén é a forma normativa que ten sen embargo na fala popular un rival no vulgarismo de orixe castelá **naide**. Infelizmente é empregada ás veces por algúns escritores. A mesma Rosalía, que usa sempre **ninguén** en *Follas Novas* e algunhas veces en *Cantares Gallegos (Ninguén me iba en puxanza / por ter na frente enrugas*, / / *e ter caniñas brancas)*, neste seu primeiro libro aínda vacila e ás veces emprega o vulgarismo **naide**: *sin que o souperan / na casa naide... Os seus olliños dormentes*, / *máis doces*, *máis transparentes*, / *naide os poidera encontrare.*

Os vulgarismos **naide**, **nadia**, **ninguién** e outros *se*mellantes deben ser evitados tanto a nivel de fala coma da escrita. **Ninguén** é a palabra que subtituiu ó pronome latino NEMO.

186. Mortaes espeutros

No poema titulado "Na catredal" expón Rosalía os seus sentimentos e as súas impresións ante a contemplación das figuras do Pórtico da Gloria e tamén das que están no inferno que a deixan chea de asombro e medo: *De alí non podo quita-los ollos / mitá asombrada*, *mitá con medo*, / *que aqueles todos se me figuran / os dun delirio*, *mortaes espeutros.*

Os **espeutros** podían ser substituídos aquí pola palabra **pantasmas** ou por **imaxes horribles**. **Espeutro** é unha voz que entrou na nosa lingua por vía culta e despois foi facéndose popular. A forma orixinaria latina era SPECTRUM e debía ser conservada sen evolucionar como pasa con tódalas linguas romances coas palabras cultas. Pero os cultismos son ás veces deturpados polas xentes que, ó escoitar voces como **espectro**, lles custa moito traballo pronunciar ese grupo consonántico formado polo *c* e polo *t.* Antigamente ese grupo pasou a ser pronunciado como *it* como vemos en NOCTE, FACTU, PECTU que pasaron a ser **noite**, **feito**, **peito** mais hoxe nos cultismos, agás casos como **suxeito** non é normal facelo así; polo tanto sería anormal dicir *espeitro.* Modernamente nalgunhas palabras cultas pasou ese grupo consonántico a ser pronunciado *ut.* Así témo-los casos de **doutor**, **doutrina** que as xentes instruídas aceptaron da pronunciación popular, pero en casos como **espeutro**, **defeuto**, **aspeuto** considérase que esa pronuncia debe ser rexeitada.

Temos, pois, que o **espeutro** usado por Rosalía debe ser tido como vulgarismo popular. A forma máis cercana ó orixinal latino **espectro** debe ser preferida tanto a nivel da lingua falada como da lingua escrita. Falamos mellor dicindo *espectro solar*, *espectro magnético*, *espectro de absorción*, etc. que non *espeutro solar*, etc.

187. ¡Como me miran eses calabres!

Do poema "Na catredal" son os seguintes versos: *¡Como me miran eses calabres / ¡aqueles daños! / ¡Como me miran facendo moecas / dende as colunas onde os puxeron!* nos que aparece a verba **calabres**, término náutico que ten unha longa tradición medieval co significado de 'corda grasa que empregan os mariñeiros en diversos usos'. Pero aí está claro que os **calabres** non son cables.

De **calabres** fala tamén López Ferreiro na súa novela *O castelo de Pambre*: *dun augusto calabre sentenciado a ser comido polos lobos... páledo e lívedo como un calabre e Rey Soto nunha poesía: ti surriste coa amarga surrisa / con que ri dos seus males o enfermo*, */ con que a nai se surrí cando estreita / o calabre do fillo no seo.*

Esta voz **calabre** é unha deformación do cultismo **cadáver**, procedente do latín. Esta palabra culta entrou na fala viva en competencia con **defunto**, *corpo do defunto*, *morto* e ten hoxe carta de natureza galega, se ben as xentes din popularmente **cadavre**. O mesmo debeu pasar no castelán e na lingua vulgar e descoidada mestúrase esta palabra con **calavera** e deu orixe a ese híbrido de **calabre**.

Por tanto a voz **calabre**, empregada por Rosalía e por outros escritores con intención de usar un diferencialismo ou un enxebrismo, non é palabra tipicamente galega, no sentido de **cadáver**, senón un vulgarismo castelán que curiosamente non está introducido na fala viva.

188. O simiterio da Adina

No poema "¡Padrón!... ¡Padrón!", hai unha fermosa descrición dun **cemiterio**, lugar onde se dorme, segundo a etimoloxía grega desta voz culta entrada nas linguas romances despois de que as palabras latinas xa evolucionaran bastante. Son moi fermosos eses versos de *O simiterio da Adina / n'hai duda que é encantador*, */ cos seus olivos escuros / de vella recordazón... / Moito te quixen un tempo*, */ simiterio encantador...*

Rosalía leva á lingua escrita moi a miúdo as palabras empregadas na súa fala familiar e coa fonética correspondente á comarca na que pasou a súa vida. Posto que en Santiago ou en Padrón é normal o seseo Rosalía escribe frecuentemente **simiterio:** *E por lousa daraslle o negro olvido*, */ i a nada lle daras por simiterio... E ó cabo ha de dar comigo / nos terrós do simiterio... Dentro dun mes no simiterio imenso / da Habana....* pero tamén usa esta forma con c: *As loitosas cruces /se me apareceron*, */ que se erguen na orela/ / cal nun cimiterio.*

Cimiterio e **simiterio** teñen outra parella de variantes empregadas por Rosalía: **cimeterio** e **simeterio**. Unhas veces fai referencia ó **cimeterio:** *pretiño do cimeterio... do cimeterio lonxe... cimeterio onde os mortos / fora andaban das tristes sepulturas...* pero outras ó **simeterio:** *O chan do simeterio / en donde os nosos mortos dormen xuntos / do olvido no silencio... Coma morto sin tumba / que anda soio ó redor dun simeterio...*

Nos diccionarios galegos aparecen as formas **cimiterio** e **cimeterio** xuntas coa forma **cemiterio**, igual que en portugués, que é hoxe a preferida na linguaxe culta.

189. A moribunda lámpara

O adxectivo **moribundo** é unha palabra culta que entrou nas linguas romances alá polos séculos XVI ou XVII, cando xa estas evolucionaran bastante nos tempos anteriores, e polo tanto non se modificou. Esta verba aparece no poema rosaliano seguinte: *Alá*, *pola alta noite*, */ á luz da triste e moribunda lámpara / ou entre a negra oscuridad medrosa*, */ o vello ve pantasmas.*

Pero, ás veces, as palabras cultas son modificadas arbitrariamente polas xentes sinxelas que tratan de poñelas en relación con outras que lle son máis familiares. Así ocorreu por exemplo con **vagabundo** que moitos falantes converten en **vagamundo** porque lles parece que esta última forma resulta máis expresiva ó substituí-lo sufixo *-bundo* pola palabra **mundo**.

Por ese mesmo procedemento **moribundo** pódese transformar en **morimundo**. E Rosalía usa esta forma no poema "O encanto da pedran chan": *Partindo da sombrisa Compostela*, / *que no confín lexano se trasvía* / *cal se trasvé na tarde morimunda* / *a raia sin fulgor da noite fría.*

Tamén na poesía titulada "As torres de Oeste" volve a empregar esta voz na súa forma popular: *Que se inda estou viva* / *foi que un mariñeiro* / *medio morimundo*, / *por estes cabelos* / *tróuxome das ondas*, / *ó mundo en que peno.*

As formas cultas **moribundo**, **vagabundo** deben ser usadas con preferencia sobre os vulgarismos correspondentes en tódolos niveis da lingua normalizada.

190. O zuruxano das bestas

Probablemente hai moita xente que se extrañará ó saber que a **cirurxía** segundo o seu étimo valía tanto como 'traballo manual' ou 'práctica dun oficio'. E polo tanto un **cirurxán** era o mesmo que un traballador manual. Desde que se introduciron estes cultismos nas linguas romances, fóronse especializando en traballos (ou traballadores) manuais realizados sobre os corpos dos homes e dos animais.

Como ocorreu con tantos cultismos a voz **cirurxán** sufriu en galego coma nas outras linguas romances diversas modificacións populares. Rosalía emprega as variantes **zuruxán** e **zuruxano**.

Nun breve poema di: *Médico*, *doille a cabeza...* / *Zuruxán doille unha man*, / *Mais se é que o espírito lle doi* / *¿que menciña lle darás?* Nestes versos non aparecen moi claras as diferencias de **médico** e **zuruxán**. ¿Serán os **zuruxáns** aínda os compoñedores ou amañadores ou menciñeiros?

No poema varias veces citado "¡A probiña, que esta xorda!" asisten á festa organizada por uns montañeses toda clase de xentes: rapaces, avós, vellos, afillados, amigos, cuñados, curmáns, a parentela toda e *mai-lo crego* / *i o zuruxano das bestas.* Aquí está moi claro que este **zuruxano** é o albeite ou veterinario.

Práceme rematar esta Folla da lingua copiando un par de refráns que tomo do Diccionario de Eladio Rodríguez*: En comendo moito*, *e en mexando craro*, *non fagas caso do ciruxano... e non hai mellor ciruxano que o bo pan*, *a boa carne e o bo trago...*

191. A primadera

Lémbrome que hai tempo nos *Recantos da lingua* falabamos de cómo en moitos falantes a palabra **primavera** entraba en competencia cunha nova forma, **primaveira**, orixinada pola crenza de que as palabras rematadas pola terminación *-era* debían ser castelás, xa que o normal en galego sería que tivesen o sufixo *-eira.* Así hai tamén xentes que converten verbas tan galegas coma **sincera** e **calquera** en **sinceira** e **calqueira** por puro afán diferencialista de crer que as voces citadas en primeiro lugar son menos enxebres cás rematadas en *-eira.*

Rosalía empregou algunha vez a forma **primaveira** como vemos nestes versos de *Cantares Gallegos: Cantas cofias pranchadiñas / dende lonxe relumbrean / cal si fosen neve pura*, / *cal froles da primaveira...*

Pero normalmente manifféstase partidaria claramente do uso da verba **primadera**, típica da fala popular dos pobos situados na parte máis occidental da provincia da Coruña: *E tras da primadera e tras do estío*, / *verei cal chega para vós o inverno... Sorrisa virxinal da primadera... da primadera hermosa... E ó meu redor*, *perene primadera... hermosa primadera vai vir... Pero a túa alma é plena primadera... Arredor todo arrescende / a olido de primadera...*

Non hai explicación plausible que poida dar razón do *cambio* de **primavera** en **primadera**. Algunhas veces pensei que o feito de que na primeira destas voces houbera consecutivamente tres sílabas que comezan por consoantes labiais fixo que a terceira delas se transformase en consoante dental...

192. Sai fume das chamineas

Aínda quedan casas en Galicia onde o fume das lareiras sae pola **fumeira** ou **fumieira**, que é unha especie de abertura no tellado por onde foxe o fume. Hoxe é moi corrente chamar **fumeiro** ó lugar polo que escapa o fume cara ó tellado e no que se colocan os chourizos para os curar.

Este sistema de saída dos fumes foi variado xa hai moitos séculos polos franceses do norte que inventaron un novo sistema construíndo un tubo ou algo semellante a un tubo coa finalidade de que o aire tire e de que os productos da combustión saian ó exterior da vivenda. E chamarón a esta nova construcción *cheminée*.

Este novo tipo de **fumieira** foi imitado noutras partes e ó tempo que se importaba este sistema, importábase tamén o nome francés. Os cataláns chamárono *xemeneia*, os casteláns *chimenea* e os portugueses *chaminé.*

En galego atopamos como forma máis espallada a máis parecida á orixinal francesa **cheminea** (nalgures din **chemineia** que ten tamén variantes debidas a confusións fonéticas no seu vocalismo: **chemenea**, **chimenea** e **chiminea**.

Pero existe ademais outra forma bastante extendida, **chaminea**, que, como en portugués, transformou a sílaba inicial *che-* en *cha-*, seica por influencia da palabra **chama**.

E esta última forma é a que usa Rosalía cando di que *Alá enriba das montañas / sai fume das chamineas...*

193. Deixo amigos por extraños

Deixo amigos por extraños, / *deixo a veiga polo mar*, / *deixo*, *enfin*, *canto ben quero...* / *¡Quen pudera non deixar!* son versos de Rosalía nos *Cantares Galle*gos onde aparece a voz **extraño** con *x*, mantendo así esta forma coa sílaba culta *ex-*. Tamén no mesmo libro aparece grafiada con *x* a forma **extrañeza:** *¡Ay! que extrañeza me causa e soidás e misterio...*

Sen embargo nas *Follas Novas* estas palabras están grafiadas con *s: Que pensamentos loucos e estraños / á miña mente veñen e van*, ou *Erguéronseme os cabelos / de estrañeza e de delor.* E o mesmo ocorre co verbo **extrañar**: *Mais ¿por qué estrañarme tal...?*

Hoxe considérase máis oportuno manter na escrita o *x* (pronunciado en latín e en galego culto como *ks)*, se ben na fala se pronuncia como *s* en palabras como **exceder**, **excelente**, **exceso**, **exclamar**, **explosión**, **sexto**, **texto**, etc.

Hai algúns escritores que por afáns diferencialistas co castelán atopan extraña esta voz **extraño** e escriben **estrano**. A mesma Rosalía emprega algunha vez este diferencialismo **estrano** *(estranas feituras*, *estrana armonía*, *atópase estrano)* pero a meirande parte das veces usa a forma normal con *ñ*: *estraño bater*, *forza estraña*, *estraños soares*, *que estraña*, *estraño nome*, *ruídos estraños...*

Ese mesmo defecto de escribir **estrano** por **extraño** pódese trasladar a outras palabras como **montana** por **montaña** ou **entranas** por **entrañas**, palabras que Rosalía escribe correctamente como vemos nos seguintes exemplos: *¡Que no fondo ben fondo das entrañas / hai un deserto páramo... Vidas da miña vida*, *anacos das entrañas... Prenda das miñas entrañas... I hai nas montañas nosas... Alá enriba da montaña*, etc., etc.

194. Unha vez tiven un cravo cravado no corazón

Unha vez tiven un cravo / cravado no corazón, */ e eu non me acordo xa se era aquel cravo*, */ de ouro*, *de ferro ou de amor* son os primeiros versos dun fermoso poema no que a voz **cravo** é a palabra clave da expresión poética da dor que embarga a Rosalía. Ese cravo indefinido atormenta tanto a poeta que ela roga a Deus valor para librarse del: *Señor*, *que todo o podedes*, */ pedinlle unha vez a Dios*, */ Daime valor para arrincar dun golpe / cravo de tal condición.* Deus concédelle ese valor para arrincar ese cravo do seu corazón. Os tormentos e a dor desaparecen e queda só un fondo baleiro: *Soupen só*, *que non sei que me faltaba / en donde o cravo faltou.*

A verba **cravo** vén da palabra latina CLAVUM e, a semellanza de CLAVEM, CLAVÍCULA ou CLAMARE que evolucionaron en **chave**, **chavella** e **chamar**, debía de ser hoxe *chavo*, pero a realidade amósanos que non foi así. A pronuncia desta voz latina (como é tamén a de CLARUM*)* por parte da xente máis culta, que é máis conservadora, fixo que estas últimas voces non evolucionaran seguindo a regra xeral. Por iso hoxe dise en Galicia **cravo** e **clavo** ou **claro** e **craro**.

Como vimos polos versos citados, Rosalía prefire sempre **cravo** a **clavo** porque dá a impresión que en caso de dobletes escolleu a forma popular que converte o *l* en *r.* Tamén emprega normalmente os adxectivos **craro** (*Nun raio do craro sol... craras fontes,... craro ceo...*) e **crarísimo** (*No ceo*, *azul crarísimo)* así como o substantivo **craridá** (*Con impracable craridá)* e o verbo **crarear** (*Co seu lindo crarear).*

Do mesmo xeito noutras palabras cultas que debían conserva-la sílaba inicial *cla-*, transforma esta en *cra-: tristes cramores*, *o cramoroso prolongado soar*, *toda cras de seres*, *sapos e bichos de todas cras*, *toda crase de traizoes*, *craustro triste*, *craustro deserto*, etc.

Normalmente hoxe tanto o galega coma o portugués prefiren as formas con *cla-*. **claro**, **claridade**, **clarear**, **clamor**, **clase** e **claustro**, agás **cravo**.

195. Noite brillante

No fermoso poema de *Cantares Gallegos* que remata cos versos de *Fun ó muhiño / do meu compadre*, / *fun polo vento*, / *vin polo aire*, están contidos estoutros *Colleume a noite*, / *noite brillante*, / *cunha luniña / feita de xaspes*, onde aparece **brillante**, palabra que repite noutros poemas: *E donde anxiños hermosos / tecen brillantes coroas... Como brillantes estrelas.* Tamén aparece **brillo:** *Nunca da louca sociedá as loucas vaidades*, / *nin brillo dos honores fementido...*

A voz **brillar** e o seu derivado **brillo** non é unha palabra patrimonial galega nin sequera propia da peninsula Ibérica. **Brillar** é un italianismo introducido entre nós alá polo século XVII que non necesitou de adaptación fonética ningunha porque o mesmo se pronunciaba en italiano que en catalán, castelán, portugués ou galego.

Pero ocorre que hai moitos escritores que buscan o diferencialismo coas outras linguas e intentan "galeguizar" certas palabras que xa son galegas. Eles pensan que se en castelán se di *grillo* e *estrella* e en galego **grilo** e **estrela**, o mesmo debería pasar coa voz común **brillo** que "debería" ser en galego **brilo**.

Por este afán enxebrista Rosalía, que normalmente introduce castelanismos populares na súa obra, buscando ás veces unha maior pureza de lingua, emprega en *Follas Novas* soamente nun caso a voz **brillo** *(Inda hermoso mais mucho e sin brillo)* e en media ducia deles sempre **brilo** (*o teu brilo... cores de brilo soave... o brilo fatal...* etc.) e en máis de dúas ducias o verbo **brilar** (*As ideas brilan pálidas... onde brilan os astros... a estrela que brila... brilan os campos... brilan as charamuscas... brilaba o sol...* etc.).

Que en Rosalía hai un afán de mellora-la lingua vémelo no caso da palabra **estrela**. Nos *Cantares Gallegos* aparece algunha vez o castelanismo **estrella**, pero en *Follas Novas* aparece continuamente a forma galega **estrela**. Tal vez esa ecuación de **estrela** - *estrella* levouna ó cambio de **brillar** en **brilar**.

196. Os globos aéreos

A palabra **globo** é un neoloxismo que sabemos que se empregaba en castelán xa no século XV e en portugués no século XVI, pois aparece no poema "Os lusíadas". Nesa época debeu introducirse tamén no galego.

Globo significa o mesmo que o correspondente étimo latino GLOBUS, bola, esfera ou corpo redondo en xeral. Podemos falar do *globo terráqueo* e dun *globo de vidro* e é moi corrente en galego falar do *globo do ollo* ou *globo ocular*. Pero **globo** é tamén para moitos falantes burbulla da auga. Cando a auga xurra dunha fonte na superficie forma globos e cando tomamos un canudo e o metemos en auga con xabrón e sopramos, saen voando os globos.

Rosalía, que coñecería todas estas acepcións desta palabra, coñeceu tamén o novedoso medio de voar: o globo aerostático. No poema que comeza *Apresa*, *Álvaro de Anido*, / *vive moito en pouco tempo*, narra a présa ou velocidade con que vive esta persoa que *vai dun polo a outro polo*, / *rexistra os antros terreos*, / *monta na locomotora*, / *sube nos grobos aéreos*, / *e coa centela recorre* / *do vacío o espazo inmenso.*

Pero a nosa poeta usa a forma **grobo** probablemente non coa intención estilística de facer máis enxebre este cultismo, senón por considerar esta forma como máis popular xa que nos arredores de Santiago é así como as xentes pronuncian **globo**. Pénsese na cantidade de palabras nas que o l, formando grupo con outras consoantes, se converte en *r*; **escravo**, **fraco**, **frauta**, **nobre**, **obrigar**, **prato**, **praza**, etc., etc.

197. Namentras inmoble suspensa escoitaba

No poema "A bandolinata" a protagonista dorida escoita de pronto unha cántiga doce e estraña que lle fai cambia-lo seu ánimo: *calmouse o meu dore / cal sede ca iaugua*, / *do probe sedento / na fonte se calma. / Nos ollos detidas / quedáronse as bágoas*, / *namentras inmoble / suspensa escoitaba.* Nestes versos aparece o adxectivo **inmoble**, que xa usara noutros de *Cantares Gallegos: Xa erguida na punta / da pena sombrisa*, / *inmoble cal virxe / de pedra se mira.*

Sen embargo noutras ocasións emprega a variante máis culta desta forma: **inmóvil**. Así a vemos nos seguintes versos: *I o santo Apóstol sempre sentado / no seu sitial / de prata e ouro*, *contempra inmóvil / con ollos fixos*, *canto alí está* ou nestoutros: *I o gran sillón*, *a colgadura inmóvil / do para sempre abandonado leito...*

Esta palabra é un cultismo latino introducido xa hai varios séculos e coma outras verbas rematadas en *-bilis* en latín non acabou de uniformarse na nosa lingua. Nos textos antigos acababan en *-vil*, *-vel*, *-ble*, etc. Pero hoxe a maior parte delas quedaron coa terminación *-ble*, como por exemplo **amable**, **feble**, **infalible**, **moble**, **indisoluble**, se ben hai escritores que empregan a forma medieval **amábel**, **estábel**, etc. ou mesmo coa terminación actual portuguesa *amável*, *estável* e tamén hai enxebristas que transforman a voz **amable** en **amabre** por aquilo de que saben que **noble** se fixo **nobre**.

Con todo, hai outros neoloxismos que manteñen practicamente a terminación latina: **débil**, **hábil**, **lábil**, **móbil** ou **núbil**.

Polo tanto non ten nada de particular que Rosalía vacilase e que empregase unhas veces **inmoble** e outras **inmóvil**, forma esta última que hoxe escribimos con *b* (**inmóbil**) por segui-la súa orixe etimolóxica.

198. Daquelas que cantan ás pombas i ás frores

Con este verso inicia Rosalía de Castro o libro *Follas Novas* manifestando que a súa poesía é algo máis que cantos ás **pombas** e ás flores que son os temas típicos das que tañen alma de muller, segundo a opinión máis xeneralizada.

Sen embargo emprega Rosalía abundantemente esta verba e escolmamos na súa obra versos coma os seguintes: *Por montes e campías / camiños* e *espranadas / vin unha pomba soia / soia de rama en rama* ou *Dábanse bíco-las pombas / voaban as anduriñas*, etc.

A palabra **pomba** está viva aínda en Galicia pero ten un competidor no castelanismo *paloma* que a mesma poeta algunha vez emprega como naqueles versos de *Paloma sin feles / non chores*, *non chores.* Con todo usa ás veces esta verba co sentido de 'avelaíña' como o vemos nos versos seguintes: *Cal palomiña vai tras da candea* ou *Cal palomiñas buscás a llama / que vos queimar...* ou tamén nos versos dos *Cantares Gallegos: Probes palomas buscaban / a luz que as iba queimar.*

Resulta moi curioso observar na actualidade que se ben a forma castelá compite con **pomba**, o masculino **pombo** está moi vivo entre as mesmas xentes que usan para o feminino a forma *paloma.* Ningún cazador vai cazar *palomos* senón **pombos**.

Por último sinalemos que ó lado de pombal está introducido xa desde a época de *Rosalía* o término *palomar.* (*Branca casiña / con palomare / donde as pombas / entran e salen*) *que* debe ser rexeitado o mesmo que paloma, non só na lingua escrita, senón tamén na nosa lingua familiar.

199. Que triste é a noite e o relox que triste

Seica as primeiras invencións para medi-lo tempo foron os **reloxios** de sol (**cadrantes** en galego) de auga e de area. Foi non hai máis de sete séculos cando a tecnoloxía medieval, a base de rodas e pesos, inventou o **reloxio** mecánico. A primeira constancia na Península Ibérica data do século XVI, segundo os textos cataláns que falan de *relotges*. De Cataluña pasaron ós demais lugares de España e Portugal.

Tendo en conta o nome latino deste obxecto, HOROLOGIUM, non é de estrañar que a forma máis culta, **reloxio**, se imnpuxese tamén en moitas partes, especialmente no Occidente peninsular sobre a máis popular, **reloxe**, tomada directamente do catalán. De tódolos xeitos hoxe en día a forma máis culta **reloxio**, xunto coa variante **reloxo**, está moi pouco presente na fala popular que admitiu o vulgarismo castelán **reló**.

Rosalía emprega unha forma intermedia **relox**.

O curto poema que comenza cas versos de *Ben sei que non hai nada / novo en baixo do ceo*, remata cos versos de que *somos relox que repetimos / eternamente o mesmo.* O **relox** sérvelle á nosa poetisa de punto de referencia do paso do tempo constante e eterno na mourenza da noite para quen ten mágoas e non consegue ve-lo porvir nun belísimo poema que principia con estes versos: *¡Tas-tis! ¡tas-tis! na* silenciosa *noite / con siniestro compás repite a péndola*, / *mentras a frecha aguda*, / *marcando un i outro instante antre as tinieblas*, / *do relox sempre imovil / recorre lentamente a limpa esfera.* Os instantes silandeiros da noite escura, acompañados do tas-tis da péndola, levan á poeta a exclamar no final do poema, *¡Que triste é a noite*, *e o relox que triste*, / *se inquieto o corpo i a conciencia velan!*

200. As imaxes de múltiples formas

A contemplación da paisaxe castelá deixa en Rosalía unha fonda pegada de dor e tristeza, de desesperanza e de saudade. Castela é para a nosa poeta *Do deserto fiel imaxe*, / *co mesmo alento de / co mesmo ardente coraxe.*

Nestes versos aparece a verba **imaxe** (do latín IMAGINEM) na forma normal galega segundo a mesma evolución fonética ca outras palabras latinas rematadas en *-aginem* como **chantaxe** (nome dunha planta) ou **ofraxe** ou **sofraxe** (que así chamamos á parte posterior do xeonllo). Pero así como estas últimas voces se conservan ben na fala, non pasa o mesmo coa voz **imaxe** a que lle saíu un competidor no castelanismo **imaxen**, introducido claramente pola influencia relixiosa da liturxia feita, como se sabe, desde moi antigo en lingua castelá. Tamén Rosalía emprega ás veces dentro de *Follas Novas* este castelanismo: *E a santa imaxen do Redentore... Triste imaxen da dor e a miseria*, etc.

O plural da palabra **imaxe** será, pois, seguindo a regra xeral de formación de plurais en galego **imaxes** e curiosamente, a pesar de que ás veces a nosa poeta empregou a forma castelanizada en singular, usa a forma correcta no plural. Así o vemos na poesía que comeza *Tal como as nubes / que impele o vento e que segue así* as *ideas / loucas que eu teño*, *as imaxes* de *múltiples formas...* ou naqueloutra que contén estas versos*: E escribo... escribo ¿para que? ¡Volvede / ó máis fondo da ialma / tempestosas imaxes!*

Digamos ademais que os cultismos relacionados con **imaxe** conservan o *-n*: **imaxinación**, **imaxinable**, **imaxinar;** do mesmo xeito ocorre noutras familias léxicas: **virxe** e **virxinal**, **orixe** e **orixinal**, etc.

201. Meus fillos... ¡meus anxos!

Nese poema tan desgarrador titulado "A xusticia pola man" ten Rosalía un recordo terrible para os pequenos, víctimas da inxustiza inhumana: *Meus fillos... ¡meus anxos!... que tanto eu quería / ¡morreron*, *morreron*, *ca fame que tiñan!* Os **anxos** sérvenlle á poeta como punto de comparación da fermosura máis elevada: *¡Ay*, *mi madre! era bonito / coma os anxos das igresias... Dos Anxos o val hermoso... Mas non temás*, *que entre mil*, */ n'hai máis que un anxo entre os demos.*

A voz **anxo** procede da palabra latina ANGELUM que evolucionou en galego perdendo o *-l*-intervocálico e dando consecuentemente en galego medieval *angeo*, que así aparece nos textos daquela época, así como *angio*, que tamén está testemuñada. A pronuncia popular rematou convertendo esas formas medievais en **anxo**.

Sen embargo esta forma tipicamente galega foi arrumbándose ante o provenzalismo ou castelanismo **ánxel** que xa aparece citado na *Crónica Troiana.* O feito de que a voz latina ANGELUM se escoitara tanto na igrexa e o feito de que a educación relixiosa se fixera en castelán permitiu que a voz estranxeira **ánxel** fora substituíndo na fala popular á palabra tradicional galega **anxo**.

A mesma Rosalía emprega moitas veces a voz foránea **ánxel***: No berce inda os meus ánxeles dormían / ca virxen ó seu lado... Cabalgando nas alas dos* ánxe*les. Dormían os meus ánxeles na cuna. Da Gloria os ánxeles e o Padre Eterno...* etc. Tamén usa o diminutivo **anxeliño** (normalmente aplicado a un neno morto: *a anxeliño tocaba / en un lugar veciño*) xunto co de **anxiño** (*E donde anxiños hermosos / tecen brillantes coroas*, de *Cantares Gallegos).*

202. Preto do mar, do cimeterio lonxe

O adverbio de lugar **lonxe** derivado do latino LONGE foi sempre unha palabra necesaria para indica-la separación. Nos textos medievais e nos textos literarios modernos, así como na fala popular de Galicia, está presente esta voz que ten ese significado tan claro de afastamento que vemos nos versos citados no título desta *Folla*, onde se opón a forma **lonxe** (*do cimeterio lonxe)* á forma **preto** (*preto do mar*): *Dormir en paz*, *neste xardín frorido*, */ preto do mar*, *do cimeterio lonxe.*

Lonxe aparece moitas veces citado: *Outra vez os vaivéns da fortuna / pra lonxe me arrastran... mentras ó lonxe cantan os carros... Bataladas ó lonxe... Del vivir lonxe e olvidado... Lonxe tocando a morte... Apártate lonxe... Lonxe de min se irán*, etc.

Pero hai un uso da voz lonxe moi peculiar en Rosalía. Nestes versos de *Cantares Gallegos: Que anque traballos se pasen / aló polas lonxes vilas*, */ tamén ¡que cousas se saben!*, */ tamén*, *se miran!* e nestoutros *Si eres francés*, *meu vello*, */ si eres da lonxe Australia*, aparece a forma **lonxe** como se fose un adxectivo igual a **lonxano**, construcción que non atopo empregada noutras ocasións. Creo que é un uso popular que non adoitan empregar outros escritores.

Sen embargo, como en tantas outras ocasións, algunhas veces tamén a nosa poeta, como ocorre na fala familiar de moitas xentes bota man do castelanismo **lexos** *(Os das campanas responden lexos)* e do seu derivado **lexano** *(Que os mortos aman si lexanos dormen... Que no confín lexano se trasvía)* que ten unha variante moi rara, **leixano** *(De tempos remotos / de edades leixanas... uns agrestes olidos / de leixanas ribeiras e pinares... Sin mirar, fixa os ollos / nas brétemas leixanas).* Estas tres últimas formas deben ser rexeitadas da lingua normal.

203. Falábame antre os carballos

Poucas árbores poden ser máis coñecidas para un galego cós **carballos**. Estes están presentes na obra rosaliana varias veces: *Falábame* entre *os carballos / cando iba ó monte por leña... Antre os carballos da devesa escura / por onde o Sar vai marmurando leve... Un carballo arde no lume, / i arredor do lar se sentan / rapazas de alegres ollos...* etc.

Os bosques formados por **carballos** son as **carballeiras**. Rosalía di dos seus cantares que saen da súa alma confusamente como *sai das profundas carballeiras / ó comezar do día, / rumor que non se sabe / si é rebuldar das brisas..., fala dos espíritos cariñosos que hai antre a sombra amante das nosas carballeiras...* e do ceo que se pon de cor de rosas *mentras nas carballeiras encantadas / sopraban unhas brisas repousadas...* e dos contos e das falas que se din *baixo aquelas frondosas carballeiras / que fan doçe o vivir.* Tamén a **carballeira** pode ser **carballal** como aparece nos *Cantares: Costureiriña / do carballal, / colle unha agulla / colle un dedal.*

Na fala popular está moi viva a voz **carballo** e os seus derivados, como o está tamén a variante **rebolo** nalgunhas zonas de Galicia, sobre todo da parte oriental.

Pero en dous poemas de *Follas Novas* atopamos estes versos: *Os manantiales sécanse / ós robres cáenlle as follas... ¡E anque ora vamos de Galicia lonxe / verés desque tornemos / o que medrano os robres!* e a outro pertencen estes versos: *E pensei de San Lourenzo / na robreda silenciosa.* Estes testemuños de **robres** e **robredas** son naturalmente a proba da existencia destes castelanismos na obra de Rosalía, pero dubidamos que fosen palabras introducidas na fala popular da época xa que hoxe sería aínda difícil atopar un falante normal galego que empregase estes termos como algo natural ó seu propio sistema lingüístico.

204. Buxos que xa contan sigros

Rosalía emprega varias veces a voz **sigro** como no verso que dá título a esta *Folla.* Hai outros versos onde aparece tamén esta forma como nos seguintes: *En valde veñen días, pasan anos / e inda sigros pasarán* ou nestoutros *¡Ou Galicia, Galicia! a arpa sonora / pronto descolga xa / da seca ponla onde olvidada dorme, / dorme, a sigros contar... Un sigro tras de outro / morará onde eu quero...*

Curiosamente esta voz **sigro** aparece mencionada nalgúns diccionarios galegos como unha palabra normal galega pero a realidade da fala dinos que non é así. **Sigro** é unha "regaleguización" inxenua da verba castelá *siglo* que é á súa vez semicultismo ou palabra que non evolucionou normalmente no seu paso desde o latín ó castelán. O castelanismo **siglo** debeu entrar en Galicia coa introducción dos rezos nesa lingua na igrexa galega hai xa moito tempo. Pero algúns literatos e lexicógrafos, por semellanza con

outros casos como **gloria**, **groria**, onde hai vacilacións no uso do *r* e *l*, trataron de enmascarar este castelanismo tan espallado hoxe en Galicia.

Sen embargo, o cultismo **século** permanece aínda resistente na fala de bastantes persoas vellas. Non hai unha zona claramente resistente ó castelanismo pero si podemos afirmar que temos recollidas gravacións de diversos puntos illados de Galicia onde os falantes maiores usan esta voz. A forza dos rezos latinos fixo que houbera xentes que seguiron empregando este cultismo fronte ós que aceptaron a voz forasteira procedente dos rezos en castelán.

Así pois hoxe non hai que tratar de recupera-la forma **século** porque aínda vive. Hai que rexeitar simplemente o castelanismo **siglo** ou a súa deturpación, **sigro**, a pesar de que está nos diccionarios e de que foi usada polos escritores, algúns de tanta valía coma a nosa grande poeta.

205. O sangue

Da forma latina SANGUEN xurdiron as palabras romances **sangue** en galego e portugués e *sangre* en castelan.

A voz **sangue** está testemuñada nos textos medievais galegos e portugueses e aínda hoxe é verba moi empregada polos escritores (*Foi tinguida polo sangue da ferida* di Ramón Cabanillas nun poema) e por algúns falantes. sendo polo tanto a voz propia da lingua normativizada.

Sen embargo desde os primeiros textos medievais aparece tanto nos galegos coma nos portugueses o castelanismo **sangre**. En portugués considérase hoxe como voz anticuada pero en galego segue a ser usada pola meirande parte dos falantes.

Tanto unha coma outra forma son de xénero masculino (**o sangue**, **o sangre**), pero hai xa moitos falantes que, cando empregan a voz de orixe castelá, a acompañan do artigo feminino: **a sangre**.

Tamén cómpre lembrar que o verbo normal relacionado con esta verba é tanto en galego coma en portugués **sangrar**, que amosa claramente a súa orixe castelá.

Dito todo isto, non é de estrañar (a pesar de que na comarca compostelana exista aínda hoxe **sangue** minoritariamente) que Rosalía empregue sempre a forma **sangre:** *Pero non sanda Mariana*, / *Mariana sin sangre queda... A probe sin sangre queda... Bagullas de sangre...* etc. Unhas veces úsaa como voz feminina (*Corren coa nosa sangre... Mollo na propia sangre... Os raposos de sangre maldita*), pero outras faino coma voz masculina *(Fala*, *rapaza*, *que sinto / férverme o sangre nas venas... Xa teño o sangre callado).*

Ben que **o sangre** estea máis vivo na fala debemos preferi-la forma **o sangue** en tódolos niveis da lingua.

206. Un puebro

A palabra latina POPULUS significaba 'conxunto de persoas que habitan nunha vila, cidade ou estado'. Mantívose con esa significación ata o día de hoxe nos derivados desa palabra. Do mesmo xeito que do latín NEBULA temos **néboa**, **nebla**, e **nebra** (como xa veremos noutra ocasión), así de POPULUS atopamos nos textos medievais *póboo*, *pobo*, *poblo*, e *pobro.* Hoxe ten certa vixencia na fala e bastante uso

na lingua escrita a forma **pobo**. Sen embargo, Rosalía emprega o descendente castelán *pueblo*, transformado en **puebro:** *Soio n'está no seu sepulcro; un puebro / co seu respeto compasivo vela / polo extranxeiro...* Recórdese que a nosa poeta tamén transforma o castelanismo *niebla* en **niebra**.

Na Idade Media os reis trataron de levar xentes (é dicir, **pobo**) para os lugares que reconquistaban ou para aqueles que estaban despoboados. E o que fixeron foi **poboar**, **poblar** ou **pobrar** eses lugares que quedaban entón **poboados**, **poblados** ou **pobrados**. Daquela vén a confusión de **pobo** 'conxunto de xentes' coas novas palabras citadas ás que habería que engadir **poboación**, **población**, **pobración**, **póboa**, **pobla**, **pobre**, **proba**, etc. De aí que hoxe **pobo** poida significar tamén 'lugar onde hai xente'.

Pero Rosalía tampouco emprega neste sentido a forma galega. Preferiu usa-lo castelanismo **puebro**. No poema "Tristes recordos" lémbrase das terras de Castela: *E namentras*, *contempraba... do largo pinar cansado / a negra mancha sin término... do puebro o color queimado.* E no poema "Ruínas" di: *tomei asento / ó pé do endebre muro*, / *vella defensa e límite dun puebro.*

207. Os coellos

Segundo din os historiadores romanos os **coellos** foron introducidos en Roma importándoos da Peninsula Ibérica. Non sabemos como sería a palabra orixinaria e exacta con que estas mamíferos roedores e herbívoros eran denominados na Península. Os romanos chamáronos CUNICULOS e cando os pobos ibéricos aprenderon o latín recibiron tamén esta forma.

Segundo o desenvolvemento fonético histórico desta voz no seu paso do latín ó galego, temos que primeiramente se producía a transformación en *conello* e posteriormente en **coello**, forma común en todo o occidente peninsular. Nalgunhas partes de Galicia, trala perda do *-n-* intervocálico e a nasalización das vocais recuperouse o *n* converténdose esta voz en **coenllo**.

Os **coellos** son coñecidos en toda Galicia e hai refráns que fan referencia a eles: *Cada coello no seu tobo arránxase de calquera modo... Probe do coello que non ten máis dun tobo*, etc. Pero desde hai xa moitos anos nas provincias da Coruña e Lugo sufriron a introducción da palabra castelá **conexo**, se ben pode observarse como hai aínda xente maior que conserva a forma xenuína galega. Na comarca compostelá, onde viviu Rosalía, quedan xentes que din **coello** e **coelleira** pero son moitas máis as que din **conexo** e **conexeira** e isto debía pasar xa nos tempos da nosa poeta, que no poema titulado "Tristes recordos" escribe os seguintes versos: *¡Ay! cada pomba ó seu niño*, / *cada conexo ó seu tobo*, / *cada ialma ó seu cariño.* E de *Cantares Gallegos* son estas: *Tocan as Ave Marías*, / *cada conexo ó seu tobo* / *lixeiro*, *lixeiro tira...*t

Coa aprendizaxe da lingua na escola e dun mellor espallamento do galego nos medios de comunicación é doado supoñer que o castelanismo desaparecerá mesmo da fala familiar ou descoidada.

208. Val ameno

A verba **val** procede da palabra latina VALLEM que era do xénero feminino, pero nalgunhas linguas romances, entre elas o galego, pasou a ser masculina, tal vez debido á influencia da voz que acompaña a miúdo, **monte**.

O mesmo que do latín FOLLEM e PELLEM témo-las formas **fol** e **pel**, así do latín VALLEM témo-la voz **val**, se ben quedan lugares do extremo oriental de Lugo e da parte galega-asturiana onde din **vale** e **fole**.

Con todo, hoxe está moi introducido na fala familiar o castelanismo **valle**. Rosalía emprégao nos *Cantares*: *Pasín os montes*, / *montes e valles... De valles tan fondos*, / *tan verdes*, *tan frescos*, / que *as penas se calman* / *no máis que con velos.*

No libro de *Follas Novas* usa ás veces o castelanismo: *Mentras sombrisa a noite* / *vai caladiña os valles sorprendendo... ¡Silencio! Non brasfemes*, / *que este é un valle de lágrimas...* Pero outras usa a auténtica palabra galega: *Mas inda nas fonduras* / *do ameno val*, *serenos* / *sopran ventos soaves... Dos Anxos o val hermoso...*

O plural dos monosílabos rematados en *-l* faise engadindo ó singular a terminación *-es*. Así como de **fol**, **pel** dicimos en plural **foles**, **peles**, do mesmo xeito de **val** dise **vales**. No poema titulado "¡Terra a nosa!" aparece documentada esta forma de plural: *Esos varios sendeiros das montañas* / *Ós fondos vales cán...*

Así pois a forma masculina **val** (plural **vales**)é a correcta de hoxe (*O val de Miñor)* a pesar de que nos topónimos (**Valboa**) e no diminutivo *(***Valiña***)* se ve aínda reflectida a forma feminina.

209. Bolboretas e palomiñas

No prólogo de *Follas Novas* escribe Rosalía que *O pensamento da muller é lixeiro*, *góstanos coma as borboletas*, *voar de rosa en rosa*, *sobre as cousas tamén lixeiras; n'é feito para nós o duro traballo da meditación.* A forma **borboleta**, que é normal na lingua portuguesa, parece ser unha transformación ou variante da palabra **bolboreta**, que é o termo máis estendido por toda Galicia e que responde mellor á evolución histórica desta palabra descendente dun derivado do latín PULVIS, 'polvo' ou 'po'. Pénsese que ó lado de **bolboreta** temos moitas variantes populares **borboreta**, **bolborecha**, **burbuleta**, **barboleta**, **balbareta**, etc. e tamén **polvoreta** e **polvoretesa** que nos recordan aínda máis esa forma orixinaria latina PULVIS.

Parece, pois, que o **polvo** ou **pó** que normalmente cobre a estes animaliños foi a causa fundamental para que aquí se esquecese o nome latino PAPILIONEM que se conservou noutras linguas non só como '**bolboreta**', senón tamén como 'tenda'.

Amais destes nomes indicados hai moitísimos máis: **pampuriñas**, **papoias**, **pepoias**, **lapoias**, **avelaíñas**, **avalaíñas**, **avelairiñas**, etc. Tamén aparecen hoxe como forma normal nalgunhas partes do galega oriental as **palomiñas**, palabra que ten unha clara orixe castelá, xa que en galego terían que ser *pombiñas.*

Para Rosalía **palomiñas** son as bolboretas que voan ó redor da luz: *Funme indo cabo del de gozo chea*, / *cal palomiña vai tras da candea... cal palomiña buscás a llama* / que *vos queimar...* Hai máis exemplos en *Cantares Gallegos*, onde tamén emprega con este sentido a forma **palomas***: Probes palomas buscaban* / *a luz que as iba queimar.*

Cremos que o emprego da voz **palomiña** por parte de Rosalía é resultado dun calco da voz castelá correntísima *palomilla.*

210. O sangue das veas

A palabra latina VENA tiña diversos significados: 'vea', 'canle', 'vea mineral', 'vea de madeira', etc. O descendente normal galego é **vea** (portugués *veia*) e segue a te-las mesmas acepcións que tiña na lingua orixinaria.

Nembargantes **vea**, no sentido de 'vaso sanguíneo' queda en poucos falantes pola intromisión do castelanismo **vena**, que ó meu parecer debeu ser introducido pola ciencia médica que tenta case sempre usar neoloxismos na súa linguaxe técnica, se ben neste caso o tecnicismo foi simplemente a palabra castelá. Coido que **vea** é unha palabra de fácil recuperación nestes momentos porque ademais segue viva nas outras acepcións que citabamos. E aínda máis. Existe un verbo **vear** co sentido de 'saír veas a algo' e así, dise por exemplo dunha *espiga de millo que está veada* cando ten ringlas de graos de diversas cores ou pode falarse dunha *mazá veada* cando ten tamén veas de cor diferente ou é moi corrente dicir dun touciño bo con moitas frebas que é *touciño veado*.

Pero Rosalía bota man continuamente da fala familiar descoidada e chea de castelanismos. Nos *Cantares Gallegos* di: *Levaime*, *levaime airiños*, / *levaime a donde me esperan... un irmán por quen daría* / *a sangre das miñas venas.* O derradeiro verso resulta talmente case un verso en castelán. Tamén en *Follas Novas* se repite esta influencia da lingua castelá: *Mollo na propia sangre a dura pruma* / *rompendo a vena inchada.* Noutros dous casos volve a aparecer o sangue das veas**:** *Fala*, *rapaza*, *que sinto* / *ferverme o sangre nas venas... Desde onte á noite*, *e nas venas* / *xa teño o sangre callado* / *polo frío...*

Hai pois castelanismos que levan xa moito tempo funcionando na fala popular e que mesmo escritores como Rosalía empregan, que deben ser rexeitados por ben da propia esencia da lingua galega.

211. Antre o romeu i o espriego

A pesar de ser *Follas Novas* un libro por excelencia cheo da expresión anímica na que se atopa Rosalía en cada momento e cheo dunha fonda visión do mundo dos sentimentos, hai nel poemas ou partes deles nos que a poeta describe harmoniosamente e con bastante vistosidade determinadas paisaxes galegas.

Así, do poema que comeza co verso *Cal grasiosas brandeas* son os seguintes versos que amosan o que acabamos de dicir: *¡E que se vai o outono!* / *¡E que se vai o inverno!* / *Mas inda nas fonduras* / *do ameno val*, *serenos* / *sopran ventos soaves* / *que aromas trán do ceo.* / *Inda na farta veira* / *cuberta de xilmendros* / *por onde corre o Miño*, / *maxestuoso e lento.* / *Do vran se oie o máis doce* / *sospiro derradeiro* / *que alí quedou durmindo* / *entre o romeu i o espriego...*

O doce suspiro veranego queda durmido entre dúas plantas moi aromáticas; o **romeu** que é ben coñecido en toda Galicia non só como planta aromática, senón tamén como planta medicinal, e o **espriego**, planta que recibe un nome a todas luces castelán. Así como da forma **romeu** podemos dicir que é voz tipicamente galega, non podemos afirma-lo mesmo da outra porque se trata dun castelanismo empregado por Rosalía.

Nos diccionarios galegos aparece esta palabra como **esprego**, planta aromática que, segundo Eladio Rodríguez serve para perfuma-la roupa da cama, calma-los nervios, producir sono e seda-lo organismo humano. De tódolos xeitos non sei se esta planta é ou non é tipicamente galega, pero o que si me parece claro é que o seu nome é importado (a pesar da súa galeguización de *espliego* en **esprego**) de

Castela. Eu teño a impresión de que usa Rosalía esta forma híbrida castelá-galega, **espriego**, porque non coñecía outro nome para esta planta tan arrecendente.

212. A esa tareia me entrego

Do poema "Eu por vos, e vos por outro", son estes versos *Coido dela noite e día*, / *sin descanso nin sose*go, / *que atopalo non podría;* / *corpo e ialma nono nego*, / *a esa táreia me entrego*, nos que aparece a voz **tareia** que é sen ningunha dúbida unha pequena variante da palabra castelá *tarea*.

Os escritores usan hoxe adoito a verba antiga **tarefa** que alomenos está documentada xa no portugués do século XVI. Para min teño que tanto **tarefa**, coma *tarea* ou **tareia**, non deberon ser nunca moi populares na lingua galega porque para expresa-lo que significan esas formas había outras palabras que indicaban máis ou menos os mesmos conceptos.

Voces como **angueira**, **endeita**, **labor** ou **traballo**, etc., podían servir para os mesmos conceptos que expresa a verba orixinaria da lingua árabe **tarefa** ou *tarea*.

En tódalas épocas da historia dunha lingua estanse a introducir neoloxismos que enchen o baleiro dun obxecto material ou dun concepto abstracto. Dá a impresión de que as nosas voces tradicionais **labor**, **traballo** ou **angueira** non satisfacían ben a expresividade dos nosos escritores e por iso introduciron este termo árabe no galego.

Coido que é preferible usa-la actual forma portuguesa **tarefa**, que seica puido vivir algunha vez no pasado en Galicia, co castelanismo *tarea* ou **tareia** empregado por Rosalía.

213. O espazo inmenso

Oito veces polo menos contámo-la verba **espazo** no sentido de 'extensión na que se move o Universo', no libro de *Follas Novas*, verba que nuns casos escribe con *ç* e neutras con *z.* Rosalía compara as súas ideas coas nubes *que impele o vento* / *y agora asombran*, *y agora alegran* / *os espaços inmensos do ceo.* Noutro poema repite esta mesma expresión *¡Cal as nubes no espaço sin límites* / *errantes voltexan!* Tamén os raios da lúa e as centelas aparecen percorrendo o *espazo inmenso* e tamén ó raiar do día a campá da catedral fai soa-lo toque de alba *no* espazo *silencioso.* O belísimo poema que empeza: *Eu levo unha pena* / gar*dada no peito* está rematado polos versos *Morara onde eu quero...* / *ca veiga por paço* / *co espazo por teito.*

A forma **espazo** ten moitos testemuños no galego medieval, sobre todo no senso temporal: *Quiso dar espaço et vagar per que podesse acabar sua conquista* é un texto da traducción galega da *Crónica General* e no glosario que desta obra fixo Ramón Lorenzo pódense ver moitos exemplos semellantes. **Espazo** pasou a tódolos diccionarios galegos e hoxe ten como compañeira na fala o cultismo ou semicultismo **espacio**.

Resulta moi difícil adoptar unha solución única para tódalas palabras rematadas en *-acio* ou *-azo* pois se ben esta última terminación é o resultado da evolución fonética normal galega, hai moitos cultismos introducidos posteriormente que conservan a terminación *-acio*. Na actual normativa hai palabras rematadas en *-acio* sempre, como **cartapacio** e **palacio**, e outras sempre en —azo, como **andazo** e

cansazo, en consonancia coa tradición antiga. Nembargantes, esta voz tradicional, **espazo**, xa desde a mesma época de Rosalía, ten como competidor o cultismo **espacio**.

214. O vello ve pantasmas

Hai un poema rosaliano que comeza con estes versos*: Alá*, *pola alta noite*, */ á luz da triste e moribunda lámpara*, */ ou antre a negra oscuridad medosa*, */ o vello ve pantasmas.* No poema titulado "Na catredal" compara os vellos que van pregar con **pantasmas**: *Coma pantasmas cruzan as naves / silvando salves e padrenuestros.*

Con todo, emprega tamén a verba máis acorde coa forma culta orixinaria, **fantasma**, que está en relación con **fantasía**, **fantasiar**, **fantástico**, **fantasioso**, etc. Rosalía fala noutros poemas de *Follas Novas* de *Fantasma pavoroso dos meus remordementos*, de *Un volubre fantasma que fuxía* e de *ese fantasma horribre.*

A voz grega PHANTASMA foi pronunciada polos habitantes do Imperio romano ben dun xeito popular, *pantasma*, ou ben dun xeito máis culto, *fantasma*. Nas diversas linguas e dialectos romances quedaron descendentes dunha destas formas e mesmo nalgunhas linguas, coma o galego, permaneceron ámbalas dúas. No ámbito territorial da lingua galega están espalladas **pantasmas** e **fantasmas** sen podermos sinalar zonas de preferencia por unha ou pola outra forma.

En canto ó xénero destas palabras observamos que para Rosalía son masculinas como vemos claramente polos exemplos devanditos de **fantasmas**. Tamén está claro que **pantasmas** do primeiro exemplo é do xénero masculino porque nos versos que van a continuación nos di destes que *uns son árbores murchos... outros*, *fontes sin auguas... outros veñen máis tristes e sañudos*. Na fala popular da parte oriental de Lugo, sur de Ourense e suroeste de Pontevedra a preferencia é polo feminino. Tamén os diccionarios galegos prefiren as formas femininas. Sen embargo os diccionarios portugueses admiten *os fantasmas* e *as fantasmas*.

215. Aqueles doces cantares

A voz **doce**, procedente da palabra latina DULCEM, é empregada moitísimas veces por Rosalía no seu libro *Follas Novas* no sentido de agradable, grato, pracenteiro: *¡Que doce*, *mais que triste / tamén é a soledad!... Con un estraño bater / doce*, *como o ben amar... Mandoulle santa paz e doce olvido... Nunca do mar as ondas / doces se tornarán... linda rosa*, */ doce*, *casta e preciosa...* etc. E tamén usa o sustantivo **doce:** *Pois coma todo doce*, *miña vida*, */ i esta é causa sabida / como que queima o fogo / canto máis coma un del*, *repuna logo.*

Pero Rosalía reflicte ás veces na escrita o seu galego familiar que pronunciaba **doce** como **dose**. O seseo está representado co uso do *ç*. Así temos que unha vez fala de *o doce amor do lar* e outra de *os doçes amores.* Nun verso di que *era doce*, *muito*, *muito*, */ mas que a mel que sai da cera* e noutros escribe *máis doçe que as meles...* ou *e doçe coma a mel dos seus cortiços.* No prólogo deste libro fala de: *Un libro... escrito no doce dialecto do país e despois* no *poema*, "¡Terra a nosa!" escribe: *Esta fala mimosa que nós temos / de tan doçé solás.*

O emprego desta voz **doce**, xunto coa súa variante popular **doçe**, en *Follas Novas* amósanos que Rosalía foi depurando pouco a pouco a súa lingua literaria, pois nos *Cantares Gallegos* emprega varias veces o castelanismo **dulce***: E ti con dulces ollos / e máis dulce falar... Cantares dulciños*, */ que abrasan*, *que firen... Con dulce alegría*, */ con brando comprás.* No poema primeiro dos *Cantares Gallegos* escribe *Cantarte ei*, *Galicia / teus dulces cantares* e tamén aparece nel este verso: *tan dulce que cante* que na segunda edición está substituído por *tan doçe que cante.* E noutro verso fai o mesmo, sinal de que procuraba ás veces busca-las formas máis autenticamente galegas.

O castelanismo **dulce**, tan espallado hoxe na fala, debe ser rexeitado pola forma propia **doce** que aínda é usada popularmente nalgunhas zonas de Galicia.

216. Mentras eu morro esquencida

Cada coello no seu tobo arránxase de calquera modo... Probe do coello que non ten máis dun tobo,

Poucas veces usa Rosalía o verbo **esquecer** ou **esquencer**. Prefire case sempre empregar **olvidar** (*¡Agora*, *tan solo penso*, */ meu ben*, *se me olvidarías!... Olvidando o pasado e o presente... Nunca me olvidarei de aquel momento...* etc.) así coma o adxectivo **olvidado** (*De él vivir lonxe*, *e olvidado... Da seca ponla onde olvidada dorme...* e os sustantivos **olvidanza** (*a eterna Olvidanza*) e olvido (*Tras dun olvido*, *outro olvido... Beber do olvido nas saudosas auguas... E por lousa daraslle o negro olvido... Do olvido no silencio... O olvido amargo... Doce olvido... No eterno olvido...* etc).

O verbo **olvidar** procede dunha forma vulgar latina OBLITARE que evolucionou normalmente nos textos medievais galegos en *oblidar* e *obridar* das que posuímos testemuños, pero xa desde o século XIV aparece tamén testemuñada a forma que se impuxo finalmente, **olvidar**, que parece unha evolución non moi corrente partindo de *oblidar* ou tal vez xa sexa un castelanismo moi antigo nos textos galegos e portugueses medievais. Os falantes galegos de hoxe non empregan a penas este verbo a non ser que estean influídos polo castelán.

En toda Galicia úsase un descendente dun verbo vulgar latino EXCADESCERE que evolucionou primeiramente en *escaecer*, *escaicer* e *esqueicer* (formas antigas que aínda pronuncian os falantes do galego de Asturias) e despois **esquecer** (espallado practicamente por todo o sur de Galicia e Costa fisterrá) ou **esquencer** (no resto do territorio).

Rosalía usa algunha vez este verbo popular **esquencer**, como fiel reflexo da súa fala familiar, cando escribe: *outros virán profanarvos / mentras eu morro esquencida... Ó pé dun vale tumbada / e de todos esquencida* (estes últimos versos son de *Cantares Gallegos)* e tamén usa a variante máis extendida **esquecer** nestes versos: *Non chores*, *non* chores, */ que ausencia envilece*, */ non mata ni esquece*, */ os doçes amores / que a dicha axuntou.*

217. Encomenzaba o cántico dos grilos

Na maior parte das linguas románicas foi substituído o verbo latino INITIARE por unha forma máis vulgar, COMINITIARE, que é a que deixa descendentes. De aí que teñamos en francés *commencer*, italiano *cominciare* ou galego **comenzar**. Rosalía emprega ás veces este verbo: *Comenza a orballar... Donde a dozura do gozar comence...* e tamén o seu correspondente substantivo **comenzo**: *Dende o comenzo ó fin da vida escrava...*, que tamén o escribe con *ç* para expresa-lo seseo: *Do ceu a música vai dar começo...*

Este verbo estivo sempre en relación co seu sinónimo **empezar**. De aí que tomara deste último a súa sílaba inicial. Por iso temos como forma paralela o verbo **encomenzar:** *Encomenzaba o cántico dos grilos.. A dar fin á pelea / que houbera no seu peito encomenzado... Pra gozar logo do que é meu, decime, / por onde debo encomenzar primeiro... e o seu* sustantivo correspondente **encomenzo:** *Xa preto da media noite, / dan escomenzo as peleas...*

Pero o mesmo verbo **empezar** influíu tamén sobre **comenzar** para que este último transformase a súa terminación *-enzar* en *-ezar.* E así temos desde moi antigo testemuños de **comezar**, que Rosalía emprega co seseo: *Non digas nunca, os mozos, que perdeches /a risoña esperanza, / do que a vivir começa sempre é amiga...* Tamén usa Rosalía a voz **encomezo** ou **encomeço** (con seseo), derivadas do verbo **encomezar:** *E ti temprada e cariñosa brisa, / dá encomeço ós concertos misteriosos... Dou encomezo pensando, / despois, gustoulle pensar...*

Tódalas formas que acabamos de ver están testemuñadas desde a Idade Media e son usadas popular e literariamente na actualidade.

218. Falan quedo os uns cos outros

A voz latina QUIETUM evolucionou normalmente en galego dando o adxectivo **quedo** que aínda está moi vivo na fala popular. Quen non é **bulideiro**, **rebuldeiro**, un **fervellasberzas**, un **bulebule**, un **furabolos** ou un **tarabelo** é porque é **quedo**. En *Follas Novas* di Rosalía que *Calaron os ventos todos / xurrou a fonte máis queda* e en *Cantares Gallegos* di que *E os ramallaxes dos montes / entre si murmuxan quedos.*

Deste sentido adxectival pasou a outro adverdial como se ve nos seguintes versos: *Santos e apóstoles ¡védeos! parecen / que os labios moven, que falan quedo / os uns cos outros... E ó velo entrar dille quedo.*

Pero ó lado desta palabra que entrou por vía popular penetrou posteriormente o cultismo latino sen evolucionar, **quieto**, que o pobo usa tamén *(Quieta, docísima calma / arriba e en baixo reina)* así coma o latinismo QUIETADO que se transforma en **quietude**, se ben Rosalía emprega o vulgarismo **quietú** *(a humilde quietú dun corpo morto).*

O contrario de **quedo** e **quieto** é soamente o cultismo **inquieto** *(Aquela, en fin, vitalidade inquieta... da mosca o inquieto revoar... inquieto o corpo... as inquietas anduriñas...)* e o contrario de **quietude** é **inquietude** *(causa inquietude o moito desear... E se enterra a inquietude no reposo... N'acougo cunha inquietude / que non me deixa vivir.).* Tamén Rosalía bota man do vulgarismo **inquietú***: Con inquietú relumbra algunha estrela... Das inquietús do amor, así eu sentía.*

219. Agora cabelos negros

Da expresión latina HAC HORA 'nesta hora', formouse o adverbio romance **agora** que foi xa moi usado nos textos medievais e que se segue a empregar hoxe tanto na lingua literaria coma na lingua familiar. Rosalía usa moi a miúdo este adverbio: *Agora cabelos negros, / máis tarde cabelos brancos, / agora dentes de prata / mañán chavellos querbados... E agora asombran e agora alegran... Agora asombran, / agora acraran.... ¡En onde, Dios mío, / Irei a esconderme agora...* etc.

Pero tamén doutra expresión latina semellante AD HORAM xurdiu a formación doutro adverbio paralelo ó anterior, **ora** que tamén aparece usado xa nos textos medievais: *ficas ora prennada* dise nas Cantigas de Santa María ou *ora ey muito mester* na *Crónica General* de 1344. No segundo poema de

Follas Novas aparece xa citado este adverbio: *Que antes outros pensaron / as cousas que ora eu penso. E así outras moitas veces: Porque ora non queres / o que antes querías?... E ora outra ves do muro / os cantos sin parar rodan desfeitos... Que ora anda, anda ceiba e ben ceiba... E anque ora vamos de Galicia lonxe... E anque ora chores, non teñas medo...* etc.

Agora e **ora** son empregadas por Rosalía tamén nos *Cantares Gallegos*, libro no que nunha nota ó poema adicado a Roberto Robert que comeza co verso *Aló no currinchiño máis hermoso*, di *pero como pó-lo d'ahora non penso facer en gallego nengún libro de contos...* onde emprega o castelanismo **ahora** precisamente nunha expresión tan típica galega como o é a locución *polo de agora*. Resulta chocante o uso do castelanismo **ahora** que se estaba aínda a introducir naquela época. Hoxe nas provincias de Ourense e Lugo están máis influídas cás de Pontevedra e A Coruña no uso desta forma castelá. Supoñemos que agora co estudio do galego na escola, desaparecerá axiña a variante castelá.

220. Sandar

Rosalía usa varias veces este verbo. No poema titulado "N'hai peor meiga que unha gran pena" cóntase a historia da enfermidade de amor que sofre Marianiña e a pesar dos remedios e das ofrendas que se fan por ela, *non sanda Mariana*, / *Mariana sin sangre queda.* Noutro poema aparecen os seguintes versos: *Para infirmidás das almas / na terra cura non hai*, / *pídelle a Dios que cha leve; / quizais no ceu sandará.* E tamén aparece esta forma noutros versos: *E ó corazón ferido*, / *tamén ¡canto lle doi! / E eu ben sei que non pode / sandar do corazón.*

O verbo **sandar**, moi empregado na parte suroccidental da provincia da Coruña e en grande parte de Pontevedra, tivo que se-la voz normal da fala familiar de Rosalía, pois fóra do territorio citado dise actualmente **sanar**.

A orixe destas formas é a palabra latina SANARE que evolucionou en galego antigo en *sar* (por perda do *n* intervocálico). Pero este verbo *sar* tiña pouca consistencia fónica e foi substituído en portugués moderno por *sarar* (quizais tirado das formas de futuro *sarei*, *sarás...)* mentres que o portugués do norte e o galego, partindo da forma **sando** do participio (pois se do latín GANATU temos **gando**, do latín SANATUM temos **sando**) formaron o verbo **sandar**.

Outra solución para evita-la pouca claridade do antigo *sar* puido se-la de formar un novo verbo partindo do adxetivo **san**, posto que ó cabo **sanar** sería tanto coma *porse san*. Tamén poderiamos ver en **sanar** un castelanismo ou un cultismo.

En resume, a palabra **sandar** usada por Rosalía e por moitos falantes é unha forma lexítima e tradicional da lingua galega.

221. Todíñalas comenencias

A palabra **conveniencia** é unha forma culta tomada directamente do latín cos significados de conformidade entre dúas cousas distintas, de concerto ou convenio e de utilidade, lucro ou avantaxe. As **conveniencias** son tamén as acomodacións ós usos sociais ou costumes dunha época determinada.

Pero esta voz entrou xa hai moito tempo na lingua popular e foi moi usada no sentido de utilidade e avantaxe propias, chegando a adquiri-lo sentido de interese egoísta polas cousas. Neste sentido popular tan vivo a palabra transformouse en **comenencias** do mesmo xeito que a voz *también* se modificou en **tamén**.

Nun poema de *Follas Novas*, Rosalía conta a historia dunha muller que foxe do inferno e chega onda San Pedro para berrarlle: *¡Poche! meu santo san Pedro*, / que *ben deixás conocer* / que *andiveches sempre ceibo*, / *que nunca foches casado* / *nin na terra nin no ceo.* / *Todíñalas comenencias* / *para vós quixeches ¡deño!* / *e a min non me das ningunha.* Neste texto vese claramente ese sentido de 'egoísmo' que adquiriu esta verba.

Rosalía emprega tamén un derivado desta palabra: **comenenceiro**, que se aplica ás persoas que só pensan nas súas propias **comenencias**, é dicir, que son egoístas. Así, podémolo ver nestes versos: *E arrima un mando de lume* / *pra onde ela está.* / *¡Ey, miña vella!* / *Mire que hai máis que vostede* / *aquí: ¡que comenenceira* / *parece!*

Sinónimo de **comenenceiro**, é moi popular tamén o adxectivo **comenenciudo** e a súa variante **comenenzudo**.

222. Milagres de amor

Todo acontecemento que causa admiración era en latín un MIRACULUM. Os cristiáns chamaron con esta palabra a todo acontecemento extraordinario que non tiña explicación por causas naturais. O feito de que esta voz fora moi empregada pola Igrexa fixo que MIRACULUM non seguise a evolución normal de palabras semellantes a ela.

En vez de se converter en *mirallo*, esta palabra pasou a ser **miraglo**, **miragro**, **milagro**, **miragle**, **miragre** ou **milagre**, formas todas elas posibles desde a Idade Media ata hoxe. Desde moi antigo aparecen as rematadas en vocal e tal vez por influencia das correntes lingüísticas de moda que trouxeron monxes e peregrinos a Santiago que viñan dos países de alén dos Pirineos.

Aínda nos tempos modernos hai escritores como Ramón Cabanillas que falan de **miragros** e outros como Blanco Amor e Castelao que escriben de **miragres**. Hoxe escoitamos na fala viva **milagro** e moito máis a miúdo **milagre**, que é a voz preferida por Rosalía tanto nos *Cantares Gallegos: Pasan naquesta vida* / *cousiñas tan extrañas*, / *tan raros feitos vense* / *neste mundo de* trampa; / *tantos milagros vellos*, / *tantas novas ensinanzas...* como en *Follas Novas*, onde no prólogo escribe*: aquelas oscuras heroínas*, *que viven e morren levando a cabo feitos maravillosos por sempre iñorados*, *pero cheos de milagros de amor e de abismos de perdón.*

No poema titulado "Na catredal" describe como os raios do sol se reflicten vivamente na araña e *cintileando como estrelas*, / *pintan mil cores no chan caendo*, / *e fan que a tola da fantesía*, / *soñe milagres*, *finxa portentos.*

223. En perigro estamos

Como acabamos de ver que a voz xa comentada, **milagre**, tivo unha evolución anormal no seu paso desde o latín ó galego, do mesmo xeito ocorreu coa palabra latina PERICULUM, que non obedeceu ás leis fonéticas normais que debían convertela en *perillo.* Isto débese a que entrou na nosa lingua por vía culta.

Cando as xentes do Oeste peninsular comezaron a escoitar *periculu* ou *perigolo* tiñan o costume de deixar de pronuncia-lo *-l-* intervocálico e por iso pasaron a dicir *perígoo* e posteriormente **perigo**, segundo sabemos polos textos medievais.

Pero esta voz tiña xa desde moi antigo unha variante *periclu*, que os nosos devanceiros converteron en *periglo*, *perigro* e *peligro*, verbas todas elas tamén documentadas nos textos medievais.

Modernamente os portugueses preferiron o uso da palabra *perigo.* Tamén a lingua culta galega ten preferencia por ese termo, quedando como máis usado na fala popular calquera dos outros dous.

Rosalía emprega exclusivamente **perigro** como vemos no poema "Eu por vos, e vos por outro": *Perdóname si*, *perdona / si che sigo a donde vas*, / *¿non ves que en perigro estás?... Señora*, *Dios non consente / que o perigro busque a xente...* e tamén naquel poema que comeza así *¡Valor! que anque eres como branda cera*, / *aquí en perigro estamos...*

224. A pezoña mortal

Nuns famosos versos de Rosalía aparece a voz **pezoña**: *ladraban contra min que camiñaba / casi que sin alento*, / *sin poder co meu fondo pensamento / i a pezoña mortal que en min levaba.* **Pezoña**, hoxe sinónimo de **veneno** ou **veleno**, é calquera substancia que pode ser nociva para a saúde ou mesmo destruí-la vida. Antigamente, na súa forma orixinaria latina, POTIONE, era simplemente bebida. Pénsese na palabra **potable**, da mesma orixe. Despois pasou a ser bebida medicinal, bebida máxica, bebida venenosa e, por fin, calquera substancia venenosa.

Na Idade Media aparecen textos onde esta palabra está na súa forma evolucionada *poçón*, que pronto se fixo *poçoña* (tal vez por parecerse máis ó verbo *poçoñar*) que ten a variante *poçoia.* As tres verbas están documentadas pero só **pozoña** chegou ata a fala de hoxe.

Xa desde esa época, para evitar pronunciar dúas sílabas seguidas coa vocal *o*, **pozoña** pasou a ser **pezoña**, que é a voz máis espallada actualmente e que é a usada por Rosalía, que tamén empregaba o adxectivo **pezoñento:** *Que hai unos negros amores*, *de índole pezoñenta / que privan os espritos...* xunto con **pezoñoso***: Na fel que pezoñosa / sin sede beberás... E nas entrañas mesmas / o aguillón pezoñoso me encrabaron...* etc.

Pezoña, **pezoñento**, **pezoñoso**, **empezoñar**, **empezoñado**, etc., son as formas normais da lingua galega parentes das formas castelás *ponzoña*, *ponzoñoso*, etc.

225. Tristes remorsos

Do verbo latino MORDERE **morder**, xurdiu o verbo reiterativo da mesma acción, REMORDERE, que pasou a ser **remorder** en galego con ese significado concreto de morder continuamente. Pero esta voz tomouse no sentido figurado de inquietar ou causar desacougo interior unha acción feita anteriormente.

O participio deste verbo latino era REMORSUS que pasou a ser **remorso** en galego e converteuse co tempo nun nome substantivo coa significación de inquietude interior orixinada polo pesar dunha

mala acción ou pola lembranza dunha falta. Pero dese verbo xurdiu tamén o neoloxismo **remordemento** e formouse un novo participio **remordido**.

Os **remorsos** están presentes nos versos rosalianos como tamén nas obras doutros escritores posteriores a ela. Do poema "Adiante" son estes versos: *Como corre o abatido pensamento / entre os tristes remorsos i a esperanza / iría a compás do vento / correndo tras da estensa lontananza.* Noutros poemas atopamos *remorsos da concencia*, *os teus remorsos*, *con certo remorso e sentimento*, etc.

En *Cantares Gallegos* no poema "Eu ben vin estar o moucho" nárrase o encontro nunha noite negra cun moucho que miraba fitamente cuns ollos que entraban directamente no corazón, no cal, *en el remorsos había / de amoriños pecadentos / ¡Ai, quen ten deses amores, / non pode achar bon sosiego!*

Curiosamente hoxe a palabra de orixe popular, **remorso**, resulta máis literaria ou máis poética cá palabra de orixe culta, **remordemento**, que é a preferida polos falantes.

226. Cobexar e acobexar

Cobexar e **acobexar** son dúas verbas galegas que usou ás veces Rosalía. No poema titulado "Na tomba do xeneral inglés Sir John Moore" está citada a primeira palabra dúas veces: *Tomba onde naide vai chorar, cobexa, / amadas cinzas do que nós perdemos...* e máis adiante: *Que n'hai poeta, ensoñador esprito / non pode haber, que ó contemprar no outono / o mar de seca amarillenta folla / que o teu mausoleo con amor cobexa...*

Nos *Cantares Gallegos* atopei tamén dúas veces a voz **acobexar**. Nun poema escribe: *E vin estonces / antre o ramaxe / de olmos e pinos, / acobexarse, / branca casiña / con palomare...* E doutro son os seguintes versos: *Quen poidera!... quen poidera / xunta ti vivir segura, / manantial que mel derrama,/ pura fonte de ternura! / Onda ti, lonxe do mundo, / tan feliz me acobexara / que en xamais o pracer vano / este meu amor tornara.*

Pode ser que estas palabras, que polo menos están na fala viva das comarcas de Compostela e Padrón, teñan a súa orixe no verbo latino CUBARE, que significaba deitarse, ó que se engadiu a terminación *-exar.* Nalgunhas partes de Galicia existe a forma **acubillar**, co mesmo sentido de **cobexar** e do castelán *cobijar* e ademais nalgunhas partes da provincia de Ourense co significado de enterra-lo esterco na terra que parece derivada da palabra latina CUBILIA que significaba 'leitos'.

Así pois, cremos que as nosas verbas **cobexar** e **acobexar** proceden directamente dun verbo latino, CUBARE, e que **acubillar** e o castelán *acobijar* saíron dunha formación verbal dun derivado do mesmo étimo.

227. En cada ventana reixa

A palabra **reixa**, co significado de barra de ferro que se coloca nas fiestras para impedi-la entrada e, naturalmente, a saída das persoas, é ben coñecida desde moi antigo. Moitas veces é necesario poñer varias **reixas**, unhas no sentido vertical e outras no horizontal, para que esa entrada ou saída sexa completamente imposible. A ese conxunto de **reixas** chámaselle tamén **reixa**.

Vese claramente este último significado nos seguintes versos deste poema rosaliano que comeza así: *Xigantescos olmos*, *mirtos... I en medio desta espesura / e desta hermosa tristeza / nunha casa aínda máis triste*, */ si de fachada soberba*, */ alí din que ten o niño / a nai de tódalas meigas: / casa con portas de cedro*, */ en cada ventana reixa*, */ cociña coma de monxes...*

Pero esta voz **reixa** confúndese coa voz **rella** que no fondo teñen o mesmo sentido orixinario de barra de ferro. Son moitas as xentes que lle chaman á **rella** do arado tamén **reixa**, pero non ó revés. Ninguén chama **rellas** ás **reixas** de fiestra.

Algúns etimólogos portugueses cren que a voz portuguesa *reixa* é de orixe castelá, pero non está claro que sexa así, pois tamén os cataláns coñecen esta mesma palabra coa mesma ortografía e pronuncia e nin sequera sabemos de onde procede a voz castelá *reja*.

De tódolos xeitos o que nos importa salientar aquí é que a voz **reixa** non é un castelanismo, senón unha palabra do patrimonio común ibérico e que a súa orixe non está nada clara.

228. ¡Ai da nena alunarada pálida como o luar!

No poema que comeza co verso "Cabe das froles a nena" aparece tres veces o sintagma *a nena alunarada*, no que esta última voz ten o significado de 'que ten lunares', segundo se ve pola lectura dos seus versos: *Pero nena alunarada*, */ ¿sabes o que o refrán di? / Que é en amores desdichada / a que un lunar ten así... E ten fertuna menguada / a que nase alunarada: / que a que ten un lunar tan primoroso / nunca terá reposo...*

Alunarada é, pois, a que ten **lunares**, verba que nese mesmo poema aparece citada, á parte desas dúas veces, noutros tres versos: *E onda a boquiña un lunar... Que a que lunares ten*, *fertuna esquiva / lle ha de ser mentres viva... Tan soio te agardan penas*, */ linda rosa*, *a do lunar...*

Lunar, como mancha na pel, é un neoloxismo introducido non hai moitos séculos e é moi posible que o fose a través do castelán.

Nesta mesma poesía aparece a voz derivada regularmente da palabra galega **lúa**, **luar**, como resplandor ou clara luz que dá a lúa: *I é branca como azucena / pálida como o luar... Cor de luar... ¡Ai da nena alunarada / pálida como o luar!...*

O **luar** resulta palabra ben cara ós nosos escritores. Recordemos outros versos de Rosalía: *Volvinme á miña casiña / alumada do luar... As noites son tranquilas e serenas / craro é sempre o luar... ó cariñoso resplandor do luar claro e soave...* Cabanillas, Castelao e tantos e tantos máis empregan a miúdo esta palabra.

Pero hoxe na fala viva están a introducirse os castelanismos **luna** e **lunar**, que por sorte non pasaron ó rexistro culto da lingua literaria. As novas xeracións que estudian galego na escola manterán no futuro as formas tradicionais **lúa** e **luar**.

229. Se cantan es ti que cantas

A segunda persoa do singular do verbo **ser** ten **es** como forma maioritaria en case todo o territorio galego, agás na parte máis oriental de Galicia e a parte máis occidental da provincia de Pontevedra onde se di **eres**. A coincidencia de **eres** co castelán fixo que mesmo algúns escritores galegos a tivesen

como forma normal do galego. Rosalía de Castro emprega **es** e **eres** indistintamente, segundo lle interese polo ritmo dos versos. Hai un poema (*Cando penso que te fuches / negra sombra que me asombras)* no que aparecen mesturadas ámbalas dúas formas: *Cando maxino que es ida / No mesmo sol te me amostras / Y* eres *a estrela que brila / Y eres o vento que zoa,/ Si cantan*, *es ti que cantas*, */ Si choran*, *es ti que choras*, */ Y* es *o marmurio do río / Y es a noite y es a aurora. / En todo estás e ti es todo...* E tamén esta mestura aparece no poema sobre o matrimonio: *Do direito*, *do rivés*, */ Matrimonio un dogal es*, */ Eres tentazón de inferno...* A forma normativa **es** e a dialectal **eres** aparecen na obra rosaliana constantemente sen que poidamos ver claramente a preferencia da autora por unha delas.

Rosalía, que emprega as outras formas do singular deste verbo (**son**, **é**) e a terceira de plural (**son**) seguindo a máis pura norma galega, usa polo menos dúas veces unha contracción de **sodes** en **sós:** *ramallo de toxos e silvas sós... e pois son terca*, *si sós terco*, que raramente se reflicte na fala popular, onde aparecen máis a miúdo as formas **sondes** e **sois**.

O emprego do vulgarismo castelán **semos** no verso *E ben*, *porque* así *semos*, en vez de **somos** como aparece no verso *Nós somos arpa de soio dúas cordas*, dá a impresión que está collido adrede para que rime co verso de máis abaixo *Eternamente o mesmo.*

As formas normativas do verbo **ser** en presente de indicativo (**son**, **es**, **é**, **somos**, **sodes**, **son**) están moi firmes na fala popular, salvo o caso da forma **es**, que ten en frente o dialectalismo ou castelanismo **eres**.

230. Pedreiros iñan e viñan

O verbo galego **ir** conserva actualmente en Galicia tres formas distintas para indica-lo que gramaticalmente chamamos pretérito imperfecto de indicativo. A maior parte dos falantes do ámbito lingüístico galego emprega a forma semellante á latina sen evolución de ningunha clase: **iba**, **ibas**, etc. Os falantes da parte sur e tamén da máis occidental da provincia de Pontevedra usan as formas **ía**, **ías**, etc. que son resultado lóxico das evolucións históricas no paso do latín ó galego. Estas formas son as que a normativa consagra como modelos da lingua normalizada. Pero hai falantes da parte occidental da provincia da Coruña que tal vez antigamente empregaran tamén estas formas **ía**, **ías**, etc. e que agora usan as formas **iña**, **iñas**, etc. quizáis por analoxía con outras do verbo **ter: tiña**, **tiñas**, etc.

Rosalía usa indistintamente as variantes **iba**, **ibas**, etc. e **iña**, **iñas**, etc. descoñecendo a actual forma normativizada. Así temos exemplos como os seguintes: *Vin no mais sombras errantes / que iban e viñan sin son... Falábame antre os carballos / cando iba ó monte por leña... Herba collemos xuntos no prado / e íbamos xuntos tomalo fresco...* Neste último verso vemos como Rosalía emprega o verbo **ir** seguido dun infinitivo sen necesidade de usa-la preposición **a**, erro que se comete vulgarmente e que ela mesma fai tamén algunhas veces: *O mirar*, *cal de novo nos campos / iban a abrochalas rosas... Mirando o xasmín sin follas que iban a brotar axiña.*

A nosa poeta que viviu na zona onde se usa tanto **iba** como **iña** emprega esta última forma en moitos dos seus versos: *Percibín ruídos estranos / pedreiros iñan e viñan / por aquel bosque apartado... Iña a compás do vento / correndo tras da estensa lontananza... Íñase entonces a sentar nun alto... O sempre igual mormuruxar da fonte / onde el nas tardes sentarse iña...* E rematamos citando unha estrofa onde aparecen as dúas formas que comentamos: *Con tamaña carga*, */ ¿Para donde eu iba? / a Virxe sabraio*, */ que eu nono sabía*, */ mais seica fuxindo / de min mesma iña.*

231. E dille que me leve

Poucas cousas denotan tan ás claras o dominio da lingua como o bo uso da colocación dos pronomes persoais **me**, **te**, **che**, **lle**, etc. A regra xeral dinos que estes nas oracións independentes ou principais van colocados despois do verbo e que deben escribirse xunto con el.

Vexamos algúns exemplos rosalianos: *¡Follas novas! risa dame / ese nome que levás... Pedinlle unha vez a Dios*, */ daime valor para arrincar dun golpe / cravo de tal condición. / E doumo Dios e arrinqueino... Aqués que ten fama de honrados na vila / roubáronme tanta brancura que eu tiña*, */ botáronme estrume nas galas dun día*, */ a roupa de cote puñéronma en tiras.*

A mesma regra esixe que os pronomes persoais átonos teñen que ir (e neste caso separados) diante do verbo nas oracións subordinadas a outra que chamamos oración principal: *Vai cóntallo ó teu dono / e dille que me leve a donde habita... Daime vosos perfumes lindas rosas*, */ da sede que me abrasa... Lúa descolorida / como cor de ouro pálido*, */ vesme e eu non quixera / me vises de tan alto.*

Pero hai casos en que estes pronomes deben ir precedendo ó verbo a pesar de pertencer este a unha oración independente ou principal. Así, ocorre isto cando aparecen algúns adverbios diante, como por exemplo a negación **non**. Nos versos citados máis arriba vemos como se di *vai contallo*, *dille*, onde está posposto o pronome, pero no verso seguinte a estas dise *máis non lle cantes nada* onde se ve que a partícula **non** esixe que **lle** teña que ir diante do verbo.

O mesmo ocorre nas oracións interrogativas: *que me pasa que eu non sei?* e exclamativas: *¡O corazón me arrincaras / desque as arrincares todas!... ¡Como me miran eses calabres / e aqueles deños! / ¡Como me miran facendo moecas / dende as colunas onde os puxeron!*

232. Ollándome á mantenta

No poema de Rosalía que comeza co *verso Ladraban contra min que camiñaba...* atópase a frase que encabeza esta Folla: *I a xente que topaba / ollándome á mantenta / do meu dor sin igual e a miña afrenta / traidora se mofaba.*

Nos diccionarios galegos, desde o primeiro de F. J. Rodríguez (que trae **mautenta** ata os últimos aparecidos, recollen esta locución adverbial dando o significado castelán de "adrede, con todo conocimiento, a propósito" que corresponde bastante ben co valor que ten no verso de Rosalía *ollándome á mantenta* "mirándome a propósito".

A orixe desta expresión está no verbo latino MANUTENERE, do cal se formou na Idade Media a locución *a mantenente* que, igual có francés *maintenant* ou o castelán *manteniente*, significaba 'sen cesar, fortemente, acto seguido', etc. Do *a mantenente* que vemos en moitos textos saíu a reducción desta forma en *a mantente* e de aí por semellanza con outros adverbios como **fóra**, **cerca**, **agora**, **inda**, etc. xurdiu a forma moderna **á mantenta**, coa vocal final transformada en *a*.

Non é **á mantenta** unha expresión moi popular na fala viva que prefire empregar **adrede**, **aposta**, formas estas que non teñen tradición galega. Por iso facemos fincapé á mantenta para que se use máis a miúdo esta locución adverbial que seguen a empregar algúns escritores seguindo o exemplo de Rosalía.

233. Verter ós regazados

No poema número once do libro "Vaguedás" da obra *Follas Novas* trata Rosalía un tema que repite noutros poemas: a dor que está presente mesmo no máis fondo das entrañas do ser humano e que enche tódolos ocos do "ferido peito".

A última estrofa contén os seguintes versos: *Tan abonda é a desgracia nos seus dones; / que os verte ¡Dios llo pague! ós regazados*, / *Hastra que o que os recibe / ¡ay! reventa de farto.* Neles aparece a voz **regazados** que moita xente non entende ben seica por buscar explicacións complicadas fóra da realidade lingüística.

Regazado é unha verba viva aínda na fala normal galega que ten que ver coa palabra **regazo**, que significa tanto en galego e portugués coma en castelán 'concavidade formada pola roupa da muller entre os xeonllos e a cintura'. Pero en galego ten ademais outra significación que non coñecen nin o portugués nin o castelán: 'pedra que sobresae da boca do forno'. E aínda poderiamos engadir un homónimo **regazo** (procedente doutra familia etimolóxica) como sinónimo de **rego** ou **regacho**.

O que cabe ou o que se pode contar no **regazo** chámase **regazada** en moitos lugares de Galicia ou **regazado** que temos escoitado menos veces. Así pois, *verter ós regazados* como di Rosalía, significa o mesmo que se dixese que a desgracia verte os seus dons *a mans cheas*, *ás moreas*, *a mares*, *en grandes cantidades*, *a eito*, etc.

A expresión *ós regazados* ou *ás regazadas* é pois unha locución adverbial normal do galego falado que Rosalía eleva con toda xustiza ó nivel da lingua literaria.

234. E seica, seica tiven soidades

O actual adverbio galego de dúbida, **seica** ten a súa orixe na expresión *sei que* que tivo nun principio un sentido de certeza do cal carece hoxe. Non coñecemos antecedentes directos do cambio de significación no galego antigo, pero si podemos segui-la evolución noutras linguas romances. En textos casteláns antigos aparece a forma *sé-que* (o Arcipreste di "sé-que bien diz verdat nuestro proverbio chico") e en textos provenzais *sai-que* que transformaron por debilitación o significado primitivo de 'teño a certeza' polo de 'coido', 'parece ser que', 'pode que', e finalmente 'acaso', 'quizais', 'tal vez'. Aínda o portugués de hoxe expresa a dúbida ou a admiración con locucións do tipo *«eu sei cá! eu sei lá!*" baseadas nesta mesma orixe.

O galego fundiu esta expresión *sei que* nunha mesma palabra **seique**, que hoxe consideramos xa como un simple adverbio de dúbida. **Seique** está aínda moi vivo na fala popular de moitos lugares do sur da provincia da Coruña, que eu saiba, e de aí que apareza tamén nos *Cantares* de Rosalía: *E sempre en ti estou pensando / coma si foses feitiço. / Seique meigallo me deche / na festa do San Martiño.* Desta forma **seique** formouse a variante máis extendida **seica**, quizais por analoxía con outros adverbios como **fóra**, **nunca**, **agora**, etc.

No poema xa citado de *Unha vez tiven un cravo* atópanse uns versos nos que se pode observa-la oposición certeza/dúbida polo uso de **soupen** frente a **seica**. Despois de arrincado o cravo que tiña no corazón *soupen só*, *que non sei que me faltaba / en donde o cravo faltou*, / *e seica*, *seica tiven soidades / daquela pena ¡Bon Dios!*

Noutros moitos versos aparece citado este adverbio cos significados de dúbida devanditos: *Escoita*, *sinto pasos*, *e asoma seica un bulto... Santas e buenas / noites teñan mis señores / Xesús! seica están de festa... E as meigas todas contigo*, *Rosa*, */ aló na vila seica andiveron... Con estos loucos pensamentos*, *seica*, */ seica me axudan a morrer*, *Dios mío...* etc.

235. Ou quizais soñaches, nena?

Da expresión latina QUI SAPIT ("quen sabe") formouse un adverbio que se debeu converter primeiramente en *quiçabe* e despois en *quiçá*, *quiçab* e *quiçai.* No galego antigo predominan as formas *quiçá* e *quiçai* que recibiron un *-s* final para se asemellaren a outros moitos adverbios que rematan en *-s*, como **antes**, **despois**, **máis**, etc. Na *Crónica Troiana* aparece xa un *quiçais: quiçays fora mellor estar alo en paz.*

Na fala actual atópanse con bastante vitalidade **quizá**, **quizás** e **quizais** e mesmo a voz máis preto da etimoloxía, **quizabes**, xunto con **quiciais** e **quiciabes**, que son propias do galego máis oriental. Curiosamente nunca atopamos polo de agora en boca de falante ningún as variantes **cecais** e **cicais** (resultantes da metátese ou troque das dúas consoantes *k-z* por *z-k)* que tanto gustan de usar moitos escritores.

Rosalía emprega sobre todo a forma **quizais** en versos como os seguintes: *Ou quizais soñaches*, *nena?... E algunha vez ¡moitas quizais!... Sendo eu quizais reina*, */ quizais sendo escrava... Estonces non sei que sombras / quizais de memorias vivas*, */ quizais dos frades difuntos*, se ben moitas veces reproduce na escrita o seseo típico da súa fala familiar: *Alo quedou*, *quisais*, *por sempre... Oxe ou mañán*, *¿quen pode decir cando? / Pero quisais moi logo... Resoará quisais / no fondo dos sepulcros*, etc. Tamén usa **quizás**: *Pídelle a Dios que cha leve; / quizás no ceu sondará.*

Sen embargo hai en *Follas Novas* un poema que comeza así *Paz*, *paz deseada / pra min*, *¿onde está? / quixais n'hei de tela / ¡n'a tiven xamais!* onde choca este **quixais** con *x* que daría a impresión de ser un erro de imprenta, se non fose porque nos *Cantares Gallegos* tamén o usa algunha vez: *E aló pola vila*, *nin fala quixais... quixais que así sea*, *máis ti*, *miña xoia*, */ tamén es cal raiola de Marzo.* Coido que a pronuncia seseante de Rosalía levouna á confusión do seseo do *c* co seseo procedente de *x* en comarcas próximas a Padrón, nas que hai xentes que pronuncian **xabrón**, **xeito** e **xogo** como **sabrón**, **seito** e **sogo**.

236. Aquela louca alegría

Nuns versos do poema "¡Padrón!... ¡Padrón!" aparecen seguidas catro formas do demostrativo galego que semellan postas á mantenta para servir de exemplo gramatical: **Aquelas** *risas sin fin*, */* **aquel** *brincar sin dolor*, */* **aquela** *louca alegría*, */ ¿por que acabou?* / **Aqueles** *doces cantares*, etc. Aí están as formas do masculino, **aquel** e **aqueles**, e as do feminino, **aquela** e **aquelas**.

Se engadímo-la forma neutra, **aquelo**, que usa Rosalía normalmente *(E todo aquelo / do xaneiro*, *dos cartos... N'era aquelo o que buscabades... E non te acordas de todo aquelo...)* porque **aquilo** é descoñecida na comarca na que ela se criou, terémo-lo cadro completo das formas do demostrativo que sinalan afastamento de nós.

O plural de **aquel** é hoxe **aqueles** (antigamente podía ser *aquelos*) e así foi moi usado en moitos versos pola nosa poeta: *Por aqueles que odiaba perseguido... aqueles deños... aqueles tempos... aqueles despertares... aqueles millos... aqueles campos... os mortos aqueles...*

Pero ás veces empregou un plural popular, **aqués**, no que non se engade a terminación *-es* ó singular, senón que se sustitúe a consoante final *-l* por *-s.* Así o fai no poema "A xusticia pola man" que comeza con este verso: *Aqués que ten fama de honrados na vila...* e noutras poesías: *corrían por aqués campos desertos... aqués vellos carballos... aqués cómaros...*

Coido que a preferencia da forma normal, **aqueles**, ou da popular, **aqués**, está en razón das necesidades métricas do verso. Véxase o emprego de ámbalas dúas formas nestes versos seguidos: *Estarán vivos? ¿Serán de pedra / aqués sembrantes tan verdadeiros*, */ aquelas túnicas maravillosas / aqueles ollos de vida cheos?*

237. Xa dos bichocos comesto

O participio pasivo do verbo **comer** é hoxe a forma regular **comido**, pero existiu na lingua antiga unha forma irregular **comesto**, común ó castelán e ó portugués.

Nalgúns diccionarios portugueses cítase esta verba **comesto** como arcaísmo ou como provincialismo usado aínda na Póvoa de Varzim. E mesmo se dixo *comesta* no sentido de comida.

En galego úsase moito hoxe **comesto** en expresións fixas ou frases feitas como nos versos rosalianos que din *Esto unha vella viuda*, */ e terca como un carneiro*, */ falaba do seu difunto / xa dos bichocos comesto* e como noutros ditos populares: *comesto dos cans*, *comesto dos vermes*, etc.

Eladio Rodríguez fala do uso irónico desta forma en frases como *os corpos ben comestos* no sentido de fartos ou ben alimentados. Cremos que o emprego de **comesto** adxectivalmente no significado de consumido, podrecido, desfeito polo paso dos anos, está bastante vivo na fala popular. Así moitas veces dunha cousa que está xa estragada dicimos que está **comesta**.

En cambio, como participio verbal non é xa usada. Soaría arcaizante dicir hoxe *ter comesto* por *ter comido*. Esta segunda expresión era xa o normal na época de Rosalía, como se ve polos seguintes versos: *Fixon* un *bolo do pote / que era cousa de envidiar; / despois que o tiven comido*, */ volvín de novo a rezar.*

238. Gustar da froita

Pertencen as palabras do título de hoxe ó poema rosaliano adicado á tumba do xeneral inglés Sir John Moore: *¡Morrer asín en extranxeiras plaias*, */ morrer tan mozo*, *abandona-la vida / non farto aínda de vivir e ansiando! / ¡Gustar da froita que cuidado houbera!* A voz **froita** xa apareceu tamén nun dos *Cantares Gallegos: E a Padrón ponliña verde*, */ fada branca ó pé dun río*, */ froita en frol da que eu quixerde*, */ lonxe miro que se perde / baixo un manto de resío.*

Outras veces usa Rosalía a forma masculina, **froito**, ben no seu sentido concreto, como nestes versos: *Tiña nas mans un cetro adiamantado*, */ bateu con el na laxe misteriosa / que se abreu*, *como se abre do granado / o froito sazonado*, ou ben nun sentido abstracto, como nestoutros: *¡Que no fondo ben fondo*

*das entra*ñas / *hai un deserto páramo! / Que non se enche con risas nin contentos*, / *senón con froitos do delor amargos.*

Froita e **froito** son os descendentes lóxicos da palabra latina FRUCTU, seguindo unha evolución normal, e están estendidos pola maior parte de Galicia, agás no extremo occidental da provincia da Coruña, no sur da provincia de Pontevedra e na zona oriental da de Lugo onde se di **fruita** e **fruito**. No extremo oriental da provincia de Ourense dise **fruto** como forma normal galega.

Sen embargo hoxe penetraron os castelanismos **fruta** e **fruto** que deben ser rexeitados non só da lingua literaria, senón tamén da fala familiar. Estes castelanismos foron usados algunha vez por Rosalía: *Rico fruto da semilla / que os varóns santos sembraban.* Son versos dos *Cantares* e *O vran chega crubíndovos de fruto* é un verso das *Follas Novas.*

Froitas e **froitos** deben prevalecer na lingua galega.

239. Grilos e ralos

Grilos e ralos, *rans albariñas*, / *sapos e bichos de todas crás*, / *mentras ó lonxe cantan os carros*, / *¡Que serenatas tan amorosas*, / *nos nosos campos sempre nos dan!* é o segundo poema do libro segundo de *Follas Novas*, onde se canta a sonoridade da Natureza na vida campestre de Galicia.

Entre os pequenos animais que cos seus cantos dan esas serenatas están os **ralos**. ¿Oue son os **ralos**? O primeiro autor que nos fala de **ralos** é o Pai Sarmiento que no seu *Catálogo de voces* nos di que chaman así en Pontevedra "a la ave nocturna que también llaman pájaro da morte y, creo, cárabo en Castilla". Esta definición de **ralo** quedou recollida no primeiro diccionario galego-castelán de F. J. Rodríguez e así foi aparecendo ata o día de hoxe en tódolos diccionarios. Con todo parécenos que esta voz aplicada a unha ave non debe estar viva na fala de hoxe e nos versos citados de Rosalía onde se mencionan bichos de tódalas clases non deben entenderse **ralos** como aves.

O devandito lexicógrafo, F. J. Rodríguez, recolle outra acepción desta voz como "especie de gusano que roe la verdura por el pie", acepción que tamén aparece nos outros diccionarios. Que nós saibamos actualmente ten vixencia este sentido de **ralo** nos arredores de Padrón e tamén en Compostela. Pero nesta última comarca chámanse **ralos** a un tipo de **escorpións**, entendendo como tales non só ós **alacráns** senón tamén a outros bichos que cantan ou chían.

Os **ralos** que acompañan os cantos ou chíos de grilos, rans e sapos de Rosalía deben pois se-los bichos que na maior parte de Galicia se chaman **chicharras** que tamén son coñecidas con outros nomes. Así no norte das provincias da Coruña e Lugo son chamadas **carricantas** e noutras partes **cigarras**. Mesmo hai falantes que os as chaman **cantariñas**, **rechas**, **gaiteiras**, **carriolas**, etc.

240. Rans albariñas

Volvo outra vez falar do poema no que Rosalía canta a sonoridade do campo: *gritos e ralos*, *rans albariñas*, *sapos e bichos de todas crás*, *mentras ó lonxe cantan os carros...*

Comentamos xa a voz **ralos** e criamos que non tiña vixencia na fala viva de hoxe (porque non a tiñamos rexistrada) como *paxaro da morte* pero unha amable comunicante de Marín dime que nesa comarca si está viva esa voz para indicar ese paxaro. De tódolos xeitos no texto rosaliano segue parecén-

dome que non cabe pensar en **ralos** como aves senón como **bichos** que actúan con outros nas serenatas amorosas.

O amigo Carlos Pedreira acábame de ensinar un **ralo** recollido en Bertamiráns-Ames (preto de Compostela) que el clasifica cientificamente como *Gryllotalpa gryllotalpa*, animaliño que noutras partes chaman **alacrán** ou **grilo ceboleiro**. E dime que no mesmo sitio hai **cantariñas** ou **cigarras** que pertencen a outra especie que é a denominada *Ephippiger ephippiger*. Desde logo paréceme ben claro que os **ralos** non son paxaros senón **bichos** na relación dos versos rosalianos.

Agora ben eu non poderei saber nunca se os **ralos** de Rosalía son bichos que *ralan na cebola*, *nas berzas*, *no pé dos talos*, *canos ou canotas de moitas plantas* ou son, como algúns falantes pensan ou confunden, as **chicharras** ou **carricantas** ou **cigarras**.

E eu non dixen nada das **rans albariñas** porque entendía que era moi nidio o seu significado. Coido que **rans** ou **ras** teñen un significado diáfano e que o adxetivo **albariño** indica a cor máis ou menos equivalente á da **uva albariña**. Pero o amigo Ricardo Carballo faime a observación de que nalgúns diccionarios aparece a ran albariña co sentido de chicharra. Foi M. Valladares (1884) o primeiro que anota esta acepción que a min me parece que é unha mala interpretación destes versos rosalianos. Falei con especialistas en zooloxía e consultei toda clase de documentos gravados da fala viva e tódalas papeletas de enquisas que están no Instituto da Lingua e non hai ningunha outra acepción para **ran** que a normal de **ran**, **ra** ou **arrán**. E entre os moitos nomes que en todas partes están recollidos para a **chicharra** non figura a de **ran albariña**.

En resumo coido que os bichos citados por Rosalía neses versos hai que tomalos como tales bichos.

241. Xilmendros

No poema de *Cantares Gallegos* que comeza con estes versos *Miña santa Margarida*, / *¿con quen te hei de comparare?* / *Coma ti non vin ningunha* / *nin na terra nin no mare*, canta Rosalía a esta santa á que ninguén iguala en fermosura, nin as estrelas que brillan tanto, nin os luceiros, nin os diamantes, nin a lúa, *nin as naves da montaña* / *nin fulgor da mañanciña...*

As froles do xilmendro deben ser verdadeiramente fermosas para que a comparación resulte efectiva. O **xilmendro** ten que ser claramente unha pranta. Para Rosalía debía ser bastante coñecida porque en *Follas Novas* volve a citala: *Inda na farta veira* / *cuberta de xilmendros* / *por onde corre o Miño* / *maxestuoso e lento.*

Nunca atopamos directamente falando coa xente esta voz. Sen embargo está documentada en Ribadavia polo P. Sobreira como unha das clases de pexegos. No diccionario de Valladares aparece **gilmendreiro** e **gilmendro** como *árbore pertencente á especie Persica vulgaris que ten un froito chamado tamén gilmendro*. Coa grafía **xilmendreiro** aparece xa que logo nos diccionarios posteriores.

Esta palabra é propia do Norte de Portugal, onde ó lado de *gerimendro* está viva a forma *gilmendes* que seica é voz orixinaria desta variedade de pexegueiro que recibiu tal nome porque debeu ser un tal Gil Mendes que por primeira vez conseguiu esta variedade de pexegos.

Temos actualmente poucos coñecementos da historia do léxico galego para saber como chegou a oídos de Rosalía esta verba tan afastada da lingua familiar propia do ambiente en que a nosa poeta viviu.

242. ¡Miña horta tan querida!

A palabra latina HORTUS deixou descendentes en case tódalas linguas romances e a forma galega **horto** é a voz que vén directamente do latín. De todos é coñecido o seu significado de corta extensión de terreo, preto da vivenda, no que se plantan verduras, legumes e árbores froiteiras. Pero ó lado desta palabra xurdiu axiña un aumentativo-colectivo, **horta**, para indicar un **horto** máis grande. **Hortos** e **hortas** están testemuñados nos textos medievais, pero modernamente as xentes deixaron de facer distinción entre ámbalas verbas e pouco a pouco preferiron emprega-la voz **horta**, se ben nos lugares situados na parte oriental de Galicia segue bastante viva a voz **horto**.

Rosalía emprega sempre **horta**. No poema "Miña casiña, meu lar" dinos *e na miña horta pequena unhas coles fun catar* e no titulado "¡Terra a nosa!" menciona dúas veces a **horta:** *¡Non*, *non! que o inverno xa pasou i hermosa / primadera vai vir. / ¡Xa os árbores abrochan na horta súa! / ¡Xa chega o mes de abril... ¡Ou ti*, *en fin*, *miña horta tan querida / e meus verdes nabals...*

Pero nos *Cantares Gallegos* a **horta** está presente con máis afectividade ó ser usada en forma diminutiva: *Miña terra*, *miña terra*, / *Terra donde me eu criei*, / *hortiña que quero tanto*, / *figueiriñas que prantei... Téñovos pois que deixar*, / *hortiña que tanto amei*, / *fogueiriña* do *meu lar*, / *arboriños que prantei*, / *fontiña* do *cabañar.*

Curiosamente, como xa sinalamos noutras ocasións, ó falar dun tema relixioso Rosalía emprega a voz castelá *huerto*: *I a santa imaxen do Redentore / parés que suda sangre no Huerto.* ¡Catro castelanismos en dous versos: **imaxen**, **suda**, **sangre e huerto**!

243. A verde ponla

As **ponlas** das árbores son motivo poético en diversos poemas de *Follas Novas.* Nunha poesía do libro *Vaguedás*, que canta a doce pero a triste soidade, escóitase: *do lume o chis chas*, / *cando da verde ponla / o fresco sugo devorando vai...* As **ponlas** poden ser de loureiro ou de ameneiro: *E en vez das ponlas do loureiro altivo / que do heroe a testa varonil coroan... Brandea o norte as ponlas / xentís dos ameneiros...*

Outras veces as ponlas enmarcan un cadro de melancolía, tristeza e dor: *¡como as muchadas follas / se desprenden da ponla onde naceron*, / *restos dequela vida / con que a vista encantaba o souto ameno!... E ó seu compás as follas / das amarelas ponlas van caendo... ¡Ou Galicia... Galicia! a arpa sonora / pronto descolga xa / da seca ponla onde olvidada dorme...*

A verba **ponla** é voz moi sonora e moi cara ós escritores que a prefiren á súa variante **póla** (escrita con **ó** acentuado para indicar que esa vocal debe pronunciarse con son aberto) que está moito máis espallada por Galicia. Eu non sei explica-la procedencia dese *n* na palabra **ponla**, pois os outros casos de alternacia similar (**gando-gado**, **tendes-tedes**) teñen unha explicación normal a causa da evolución da consoante nasal que posúen no seu étimo.

Parece (pero eu non estou moi seguro) que esta voz procede da mesma orixe que **pola** (sen acento na escrita e pronuncia cun *o* pechado), é dicir, do latín PULLUS 'cría dun animal'. Sen embargo *as polas das galiñas nunca son ponlas...*

Tamén **pola** (contracción da preposición **por** e o artigo **a**) debe ser pronunciada do mesmo xeito que a **pola** galiñácea.

244. Os asentes feros

Hai en Galicia unha planta da familia das compostas que chega a crecer máis ou menos un metro de altura e que ten as follas branqueciñas ou dun verde moi claro. Ten arrecendo moi característico e era empregada antigamente para facer fervidos medicinais que se tomaban para combate-las lombrigas. De aí que moita xente a chamase tamén **herba lombrigueira**. Pero ten aínda outra característica fundamental: o seu amargor.

Os médicos e os menciñeiros deberon facer bastante uso desta pranta que tiña en latín un nome herdado do grego: ABSINTHIUM. Con todo, este nome non seguiu unha evolución normal no seu paso ás linguas romances: os casteláns converteron esta forma en *ajenjo*, os portugueses mantiveron o cultismo *absintio* e os galegos transformaron este nome nalgunhas partes en **asenso** ou **asenxo**, noutras en **asento** ou **asentos** e na maior parte de Galicia en **asentes** (coa variante **asente**).

No poema "A disgracia", no que Rosalía explica os males que sofre quen é perseguido por ela, está empregada esta voz **asentes:** *Se o mesmo sol non loce onde el habita*, */ se a fonte onde beber*, *envenenada / de cote está: se o pan se volve asentes / para o seu paladar...* versos estes nos que se ve a metáfora da amargura representada por esta pranta.

Máis expresivas aínda son estoutros versos do poema: *ti a feiticeira e branca coma as neves*, nos que a poeta aconséllalle á moza linda requirida polos homes que responda coa rabia: *Si*, *si*, *rabear ben forte; / mais ca rabia picante e aguilloeira / que é salsa apetitosa das paisoes. / ¿Que fora ¡ou Dios! sin os asentes feros / dos estómagos probes? / Dos corazós do día*, */ ¿que fora sin as rabias*, *meu amore?*

245. As rosas tamén fan guizos

No poema "En Cornes" fálase dun *lindo lugare / que cruzan tantos camiños*, */ anque cuberto de rosas*, */ as rosas tamén fan guizos.* ¿Pero que son os **guizos** que ás veces poden ser feitos mesmo polas rosas?

Para o P. Sarmiento **guizo** era un tizón, pero esta significación non parece moi adecuada para entendelos **guizos** rosalianos. O mesmo frade dicía que o **guizo** para alumear podía ser un pao seco de uz. Mais tampouco cremos que as rosas se convertan facilmente en paos secos para alumear. Estas acepcións de **guizos** eran tamén coñecidas polo lexicógrafo Morais como provincialismos do norte de Portugal e están basadas no significado fundamental desta voz como pao pequeno, garabullo, acha ou estela.

Eladio Rodríguez define a voz **guizo** como fragmento irregular dun anaco de madeira ou dunha póla sen casca. Non parece fácil admitir que os guizos de que fala Rosalía sexan os mesmos que describe o diccionarista e moito menos o serán os **guizos** que se fan dunha poliña rematada en dous ou tres gallos que, segundo o mesmo lexicógrafo, usaban a maneira de forquita ou tenedor as xentes campesiñas para levar da cunca á boca as verzas e demais ingredientes do caldo.

Guizo é forma bastante popular hoxe nalgunhas partes de Galicia no sentido de brazado de achas ou estelas e tamén no de pequenas partículas que saltan cando se parten as achas ou cando se racha ou desfai algo.

Cremos que as rosas do poema rosaliano poden ser convertidas en **guizos** cando se muchan ou alguén as racha e transforma en cantos de anaquiños.

246. Quero un neto

A palabra **neto**, da que teño tres referencias nos versos de *Follas Novas*, non ten nada que ver coa voz homónima **neto** que significa 'fillo da filla ou do fillo'.

O poema titulado "Vamos bebendo", especie de canto de leiteira, queda interrompido pola interlocutora cos seguintes versos: *Pois mira*, *Marica / vai por un neto / que antramentras non quitas / eses cerellos... / ¡vamos bebendo!* No poema titulado "¡A pobriña, que está xorda!" aparece unha vella que chega a unha festa e exclama: *¿Si quero un neto ña prenda? / Si mo desen inda pode / que pouco a pouco o bebera*, */ pois teño moita sediña...* Tamén na poesía titulada "Xan" describe Rosalía a muller deste dun modo festivo e entre as cousas que fai a Pepa está a de botar algún grolo: *E lambe a nata do leite / e si pode bota un neto / ca comadre*, *que agachado / traillo en baixo do mantelo.*

Se ben **neto** é unha medida de capacidade equivalente máis ou menos a medio litro, enténdese xa desde hai tempo **neto** de modo case exclusivo *neto de viño*. Ese é o significado que ten nos versos de Rosalía. Así pois, tanto vale *neto de viño* coma *xarra de viño*.

Parece que **neto** é unha deturpación da voz culta *metro*, 'medida', que volveu ser introducida de novo co gallo do establecemento do sistema métrico internacional.

Existe en galego tamén o adxectivo **neto** (quizais galicismo, procedente á súa vez do latín NITIDUS) co sentido de 'limpo, puro'. Nos *Cantares Gallegos* é empregada varias veces por Rosalía: *palotes netos*, *lombo neto*, *esperencia neta*, *rapazas netas...*

247. Un trago de resolio

No poema xa citado de Rosalía "Xan", home traballador como hai poucos e que mima á folgazana da súa muller como poucos serían quen a facelo, aparece a voz **resolio**, que resulta voz descoñecida tal vez para moita xente de hoxe.

Xan, para contenta-la súa muller que está xa deitada cando el chega de traballar, dalle a beber algo que a reconforte: *Pois*, *ña Pepa*, *toma un trago / de resolio que aquí teño*, */ e durme*, *ña mulleriña*, */ mentras os meniños deito.*

O **resolio** é bebido tamén polas xentes que acoden á festa da Nosa Señora da Barca onde hai *Uns que venden limoada*, */ outros augua que refresca*, */ aqueles dulce resolio / con rosquilliñas de almendra...*

Eladio Rodríguez, no seu Diccionario, recolle esta verba (que por certo acentúa no *í*) indicando que é unha bebida moi corrente nas romarías aldeás, onde as rosquilleiras a venden por copas, e definíndoa como licor composto de augardente, misturado con azucre, canela, anís e outros ingredientes olorosos. Esta definición está tomada do diccionario da Real Academia Española e non deixa ve-la orixe desta bebida.

En portugués existe aínda unha herba aromática chamada *rossolis*, palabra orixinaria de Francia, onde esta planta foi chamada así porque recibía, cando lle daba o sol, unha gota de orballo, é dicir en latín, un ROS SOLIS. E esta herba servía de base para facer unha bebida aromática que tivo en moitos países un grande éxito de aceptación durante os séculos dezaoito e dezanove.

Probablemente, ó non empregar como ingrediente fundamental máis cá citada planta, fixo que a voz orixinaria se transformase de *rosolis* en *rosoli*, *resoli* ou **resolio** por cruce con outras palabras máis significativas. Pero, ¿quen bebe hoxe **resolio**?

248. Bolo do pote

No primeiro poema de *Cantares Gallegos* ofrécense á meniña que ha de cantar cousas que se supón que han de ser ricas: **Zonchos** (castañas cocidas), **boliños do pote**, unha **proia** da pedra do lar (bola de millo bastante esmagada), papiñas con leite, sopiñas con viño, torrexas con mel, e patacas asadas con sal e vinagre.

¿Que son os **boliños do pote**? Probablemente cada galego que sabe facelos terá a súa receita propia para preparalos. Os **boliños do pote** de Rosalía sabemos ben como se facían porque ela mesma na poesía "Miña casiña, meu lar" nos dá toda clase de pormenores para a súa preparación. Despois de acende-lo lume e ter fogo no lar *Arrimei o pote ó lume / con augua para quentar.* Logo que tivo a sorte de atopar un ochavo *correndiño*, *correndiño / o fun en sal a empregar.* Tras face-la compra do sal visita a horta: *e na miña horta pequena / unhas coles fun catar.* Con iso e *con un pouco de unto vello / que o ben soupen aforrar*, */ e ca fariñiña munda*, */ xa tiña para cear*. Aí están pois, tódolos compoñentes cos que *fixen un bolo do pote / que era cousa de envidiar; / despois que o tiven comido*, */ volvín de novo a rezar.*

Das referencias que eu teño saco a conclusión que os **bolos do pote** hoxe seguen a se facer (supoño que moito menos a miúdo que antes) con auga e sal, fariña munda (moída de millo ou ás veces de centeo), coles, e unto ou carne de porco. Coido que ese *caldo de groria que é cousa de envidiar* dependerá moito dos ingredientes e da maneira de cociñalo.

249. Compango de porco

Non hai dúbida que o caldo é a comida normal e cotiá de Galicia. O caldo dáselle ós pobres e por iso conta Rosalía en *Cantares Gallegos* como para o infortunado Vidal *sempre por dicha pra Vidal había / caldo e máis pan nalgún lariño alleo / i a máis a caridá non se estendía...* pero este pobre home non alcanzaba mellores manxares: *I o compango Vidal nunca probaba / porque era a sobriedá santa e saudable...*

O **compango** é pois comida de máis categoría. Así o vemos no poema "¡A probiña, que está xorda!" na que a vella, que sobe á montaña camiño dunha festa, se anima dicíndose a si mesma *Has de comer sete cuncas / de bon caldo*, *coa cea*, */ e máis compango de porco / ou sardiñas salpresas.*

Os desexos da vella xorda vense cumpridos porque lle cae simpática á dona da casa montañosa que, vendo a espilideza ou agudeza daquela, exclama: *Merece comer compango / E voullo dar*, *miña vella*, */ porque onde queira que a atopo / gústame sempre a sabencia.*

Compango é toda comida que se come con pan: carne, touciño, xamón, chourizo, peixe, ovos, queixo e demais alimentos sólidos. E chámase **compangueiro** a aquel que fai como o pan e está disposto a adaptarse a tódalas circunstancias.

No último poema citado retrátase á vella como moi compangueira: *I antramentras / que esto di*, *vaise arrimando / ó lume moi compangueira / cos outros probes...*

Hoxe **compangueiro** está acadando o sentido pexorativo de contilleiro.

250. Non probei frangulla

Xa o P. Sarmiento fala das **frangullas** como 'migallas de pan ou doutra cousa'. O diccionario de Eladio Rodríguez dá como primeira definición a de 'anaco de pan, principalmente do miolo e non da

codia', que resulta demasiado concreta, pero engade as de 'parte miúda dunha cousa calquera' e 'porción pequena dunha cousa que se desfai'.

Parece que a orixe desta palabra, máis estendida por toda Galicia como **faragulla**, debe ter que ver coa verba latina FRANGERE, 'romper'. E dela derívase o verbo tan popular **esfaragullar** coas súas variantes **esfarangullar** e **esfrangullar**.

No poema xa varias veces citado de "¡A probiña, que está xorda!" di a vella *Son xorda coma unha pedra*, / *e a mais non probei frangulla* / *desde onte á noite*, *e nas venas* / *xa teño o sangre callado* / *polo frío...*

Tamén no poema xa citado de "Miña casiña, meu lar" conta unha pobre o que lle pasa ó chegar á súa casa: *Fun chegando á miña casa* / *toda rendida de andar*, / *non tiña nela frangulla* / *con que poidera cear.*

En ámbolos dous casos **frangullas** están tomadas como anaquiños de comida, nun sentido amplo. De tódolos xeitos o primeiro sentido que lle daría hoxe a esta palabra un falante normal se lle preguntásemos que é unha **frangulla**, contestaría que unha migalla de pan e cando dicimos que *esfaragullamos algo*, ben que non sexa un anaco de pan, pensamos que estamos a desfacer un cachiño de pan ou de broa.

251. Os moletes de Santiago

No poema de *Follas Novas* no que se fai unha descrición das cousas que se preparan para a festa que dá a montañesa rica, fálase dunha broa moi rica e para dicir que esta é moi sabrosa é comparada cos **moletes** de Santiago: *parece biscoito* a *broa*, / *I un non se ve farto dela*, / *que inda é muito máis sabrosa* / *que os moletes que en tres cestas*, / *escollidos*, *de Santiago* / *trouxeron as panadeiras.*

Marcial Valladares, que publicou o seu diccionario no 1884, dinos que o máis notable molete era, non hai moitos anos, o da cidade de Santiago, hoxe xa sen sona, ben porque en tódalas partes se fai excelente pan, ben porque deu en adulterarse coa mestura de fariñas procedentes de trigos de diversos puntos.

O **molete** tiña que ser ben espilido, de pouca cocedura no torno e de boa fariña albeira. Tamén se lle chamaba **molete a** unha especie de rosca moi azucrada que o padriño lle entregaba ó afillado precisamente pola Pascua.

Os **moletes** (en castelán *molletes)* teñen xa longa tradición e fannos pensar nas palabras **mol** e **molar** que significan 'brando'. Parece que a súa etimoloxía está en relación con estas verbas, pero ese remate final en *-ete* fainos dubidar de que os **moletes** sexan típicos hispánicos, pois case normalmente as palabras rematadas en *-ete* (coma *billete*, *xarrete*, *corchete*, etc.) son de orixe francesa. Non sería nada extraño que os peregrinos franceses nos trouxeran esta clase de pan e canda el o seu nome.

252. Esas brétemas vaporosas

A xulgar pola de veces que Rosalía usa a voz **brétema** ('nube baixa ó carón da terra que oscurece a atmosfera') podemos colixir que, entre tantas palabras que podería empregar para indicar ese fenómeno atmosférico, elixiu precisamente esa porque lle parecía máis poética ou porque era a máis usada no ambiente familiar e popular en que ela viviu.

Brétema (coas variantes **brétima** e **brétoma**) é palabra moi corrente na meirande parte da provincia da Coruña e no norte da de Pontevedra e segundo as últimas teorías etimolóxicas semella que é voz imposta polos pobos xermánicos que estiveron en Galicia. Seleccionamos algúns versos rosalianos onde aparece esta verba: *¡Por que eses tríos dos páxaros / eses ecos e esas brétemas / vaporosos e esas frores / n'a alma triste, canto pesan!... ¡Quérome ire, quérome ire! / para donde nono sei / Cégame os ollos a brétema, / ¿para donde hei de coller?... E o sol, cal a lúa / en noite de brétema / brilaba tembrando... De pronto entre o espeso / da brétema parda / con rara armonía / saliu unha cántiga...*

Esta forma de orixe xermánica impúxose no territorio citado sobre a palabra latina NEBULA, que se conserva a través de varios derivados espallada en toda Galicia. Por unha banda atopamos falantes das Rías Baixas e do sur de Ourense que din **néboa** e falantes do sur de Pontevedra e máis das Mariñas que din **neboeiro**. Quedan puntos illados onde se fala de **nebla** e outros onde se di **nebra**. Pero hoxe na meirande parte das provincias de Lugo e Ourense e en moitos lugares das outras dúas a forma castelá **niebla** está moi introducida. Esta importación debe ser antiga porque Rosalía xa emprega **niebra**, que é un híbrido do castelán **niebla** e do galego **nebra:** *As niebras nos meus ollos condensadas... as escuras niebras...* etc.

A realidade actual indícanos que os nomes máis correntes para nomea-las nubes baixas son **brétema** ou **néboa**, podendo ser consideradas como variantes as formas **neboeiro**, **neboeira**, **brétoma**, **brétima**, **borraxa**, **borraxe**, **borraxeira**, etc.

253. Os nubeiros sabidores

Moitas veces aparecen as **nubes** nos versos de Rosalía. Xa no terceiro poema de *Follas Novas* nos di que as súas ideas loucas son *tal como as nubes / que impele o vento*, / *e agora asombran*, *e agora alegran / os espaços inmensos do ceo.* Noutro poema dinos que *os homes pasan*, *tal como pasa / nube de vran.* Outras veces aparecen *nubes de gasa*, *pasaxeiras nubes*, *nubes de denso polvo*, *branca nube*, *espesa nube*, *negra nube*, etc.

Non atopamos **nubarróns** ou **nubeiros** no sentido de 'nube grande e normalmente baixa'. Pero si aparecen os **nubeiros** no longo e fermoso poema que comeza co verso *Era no mes de maio que ten por asunto un intento de suicidio.*

No citado poema, na súa segunda parte, descríbese a tranquilidade pracenteira dunha mañá do mes de maio na que as brisas mansas laiaban amorosamente e o rego pasaba murmurando levemente polas cortiñas mentres *o voar das inquietas anduriñas / que nos aires chiaban*, / *á vista dos nubeiros subidores / venturas e contentos agoiraba.*

Os **nubeiros** citados nestes versos son os espíritos ou seres mitolóxicos que gobernan ó seu antollo o destino das nubes e que deciden onde deben producirse as temibles tormentas, polo cal eran moi temidos polo pobo, que os imaxinaba como homes feos e deformes. De aí vén o dito popular que se di dunha persoa non agraciada: *parece un nubeiro.*

Sen embargo, nesta ocasión están presentados por Rosalía como **sabidores**, é dicir, coñecedores e doctos nunha materia. Así pois, os **nubeiros subidores** confirman ás anduriñas a presencia dunha mañá chea de encantos *que chama a toda cras de seres / ó pracer e á alegría.*

254. Cómaros desolados

Varias veces aparecen os **cómaros** nos versos de Rosalía. Non hai dúbida que esta palabra ten unha significación fundamental de "elevación" que está na palabra orixinaria da que procede, que pode ser tanto o latín CUMULAS coma outra palabra céltica da mesma raíz cá verba latina.

Está documentada esta voz desde os tempos primitivos da lingua galega e é hoxe voz bastante común en case todo o ámbito do galego. Por unha banda, pode significar calquera elevación que se atopa nun terreo chan por causas naturais e mesmo para moitas xentes equivale a un outeiriño. Tamén as ribadas ou taludes que están onda os ríos son chamadas **cómaros**. Por outra banda, o home pode construír **cómaros** para facer lindeiros de separación entre leiras, lindeiros que adoitan ser valados con arbustos e outras plantas e mesmo convertelos en pequenos tallos deixados simplemente como pequenos prados. De aí que ás veces nalgunhas partes se chama así a calquera anaco de terreo deixado sen cultivar. E por último digamos que para algúns falantes **cómaros** son tamén os valados ou muros que separan unha leira dunha corredoira, corga ou congostra.

Bastantes destes significados atopámolos nos versos de Rosalía: *Mais aquí onde este cómaro hai unha cava fonda... Reina na veiga un prácido sosego / cai a luz nos regueiros en cambiantes, / e o cómaro e a encañada soavamente / van querbando o paisaxen...*

Os **cómaros** poden dar unha mala impresión se non están cheos de vexetación: *¡Adios, pinares queimados! / ¡Adios abrasadas terras / e cómaros desolados!* son versos referidos a Castela no poema "Tristes recordos" *¡Ou Torres do Oeste! / malas tentadoras / auguas apromadas, / de calma treidora, / cómaros pelados / onde o corvo pousa...*

Outros testemuños de Rosalía: *Un, enriba dun cómaro / séntase caviloso e pensativo... ¡Quen me dera, orelas / do Miño sereno, / ser un daqués cómaros / que en vós ten asento!...*

255. O chan

A palabra latina PLANUM significaba 'terreo chan, planicie' e os seus derivados galegos **chan** (espallado pola parte occidental de Galicia) e **chao** (na parte central e oriental) conservan aínda esa significación e mesmo en moitos lugares teñen o valor de 'val pequeno ou estreito' en oposición a terreo montañoso.

Pero **chan** ou **chao** tomaron tamén o significado da palabra latina SOLUM 'parte máis baixa dunha cousa, superficie da terra', que tiña que evolucionar en *so*. Pero a confusión desta forma *so* co **só** de 'estar só, estar en soidade', fixo seica que o descendente de SOLUM fora substituído polos derivados de PLANUM.

Rosalía, como muller nacida na parte occidental de Galicia, preferiu o uso da forma **chan**. E para ela **chan** podía se-lo terreo que pisamos na casa ou fóra dela: *Tal como cando as contas dun rosario / se espallan polo chan... Vivos refrexos / cintileando como as estrelas / pintan mil cores no chan caendo... Polo chan arrastrando / pardo saial... Cun ollo posto no chan / e outro onde as casas fomegan...*

Chan é unha palabra cargada de efectividade co significado de terra querida: *O chan de simeterio... O simiterio da Adina / co seu chan de erbas e frores... Dun chan de amor que con amor te garda... Que os mortos si lexanos dormen / do patrio chan...*

E mesmo **chan** pode significa-la terra en oposición ó ceo e ó firmamento: *E antre o chan e o firmamento / as nubes de denso polvo*, */ que iba levantando o vento... No ceo*, *azul crarísimo; / no chan verdor intenso; / no fondo da alma miña*, */ todo sombriso e negro.*

256. Por campos e devesas

Do poema "Sin terra" de *Follas Novas* son os versos seguintes: *Vina despois inda viva / por campos e devesas*, */ mais iña para unha tumba / pedindo terra*, onde aparecen citadas as **devesas** ó lado dos campos. ¿Que son as **devesas** para Rosalía?

A característica fundamental da palabra **devesa** está no étimo orixinario, no latín DEFENSA, que significa 'coartada, cercada, cerrada'. Unha *terra defensa* era unha terra rodeada por un **cerrume** ou unha **chousura** ou unha **sebe** ou unha **canizada** ou unha **rea** de árbores, etc. A palabra DEFENSA evolucionou en **devesa** (en castelán *dehesa)* e pasou a ser ela soa 'leira coutada ou cercada', que segundo os diccionarios (e efectivamente é así para moitos galegos) está destinada a pasto.

Sen embargo, para moitas xentes, Rosalía entre elas, **devesas** son leiras cercadas adicadas a bosque ou monte. De aí que no verso citado aparece a evidente oposición campo/**devesa**, igual á de campo/monte. Isto vese moi claramente no poema "Olvidémo-los mortos", onde se di moi claramente: *Da antigua devesa profanemos os retiros...* que repite a idea expresada anteriormente: *Profenemos do bosque as umbrías...*

Con todo, a **devesa** por excelencia é a carballeira na comarca compostelana e noutras partes de Galicia. No poema "San Lourenzo" descríbese a tan famosa *robreda silenciosa* onde o *alciprés que direito se asoma / do convento tras do muro / i o lixeiro campanario / cuberto de herbas e musgo*, */ da devesa*, *co cruceiro / eran sintinelas mudos...* e noutra poesía fala de cómo a brisa dá concertos misteriosos *antre os carballos da devesa escura...*

En fin, para Rosalía, como para os falantes dunha zona na que ela viviu, unha **devesa** é un bosque ou monte poboado, sobre todo de carballos.

257. Muxicas e charamuscas

As chispas que choutan do lume voando polo aire reciben diversos nomes en galego. Rosalía emprega precisamente as dúas verbas que se usan na comarca que vai de Compostela a Padrón: **muxicas** e **charamuscas**.

Nun dos primeiros poemas de *Follas Novas* expón a nosa poeta a teoría de que os seus versos teñen unha estraña e insólita harmonía e que *neles as ideas brilan pálidas / cal errantes muxicas / que estafan por instantes*, */ que desaparecen xiña...*

A voz **muxica** é ben coñecida en todo o centro e sur de Galicia e ten as variantes de **muchica** (na parte oriental da provincia de Lugo) e **muxena** e **moxena** (na parte oriental da de Ourense). Debe ser unha palabra moi antiga e anterior á presencia dos romanos entre nós. Ten, seica, relación común con algunha forma vasca semellante.

No poema que comeza con este verso *¡Tas-tis*, *tas-tis!*, *na silenciosa noite*, atópanse as **charamuscas:** *Só na anchura sin límites do ceo / con inquietú relumbra algunha estrela*, */ cal na cinza das grandes estivadas / brilan as charamuscas derradeiras.* As **charamuscas** que soltan das estivadas (montes rozados e queimados) son o mesmo cás muxicas e reciben tamén o nome de **charamelas**, **charamenas**, **charamuñas**, **charamuzas** e **charetas** noutros puntos de Galicia.

Non está tampouco moi clara a orixe desta familia que Corominas resolve facilmente partindo do feito de que en **charamela** hai unha metátese de *chamarela*, procedente de **chama**. Pero nunca encontramos na fala *chamarelas* ou *chamaruscas* descendentes similares de **chama**. Tal vez procedan todas estas formas dalgunha voz dunha lingua anterior á latina...

258. En toda a redondeza

No poema xa varias veces citado "N'hai peor meiga que unha gran pena" de *Follas Novas* exprésase así o conde ó saber da enfermidade da bela Mariana: *Medio condado daría / por salvar a vida dela; / da máis fermosa villana / que hai en toda a redondeza.*

A **redondeza** é claramente neste verso o mesmo que **cercanía**, **arredor**, **alfoz**, **comarca**, **bisbarra**, **redonda**, **terra**, **contorno**, etc. **Redondeza** indica na súa primeira significación a cualidade do que é redondo ou circular. De aí pasou a te-lo valor de espacio ou superficie que está arredor do punto en que estamos situados.

Redondeza é un substantivo, xa usado nos textos medievais, formado a partir do adxectivo **redondo**, que tamén deu orixe á forma citada, **redonda**, que é na fala viva moito máis empregada cá súa palabra irmá, **redondeza**, sobre todo en expresións moi correntes como *por toda a redonda non vin outra cousa mellor* ou *á redonda non hai outra casa*, etc. **Redonda**, era tamén, segundo o diccionario de Eladio Rodríguez, un baile que se danzaba en círculo e que parece ser un antecedente da muiñeira.

Pero hai nese precioso canto que é o poema de *Cantares Gallegos* que empeza co verso *Aló no currunchiño máis hermoso*, un testemuño desta forma **redondo**: *Así as chousas correu unha por unha / i o varal inteiriño inda* se *vía; / que un triste sí non respondeu ningunha / de cantas en redondo requería...* Ese **en redondo** do último verso poderíase substituír por *en torno* ou *no arredor* e é precisamente a base semántica na que se formaron **redonda** e **redondeza**.

259. Un mando de lume

No poema xa tan citado de "¡A probiña, que está xorda!" a vella é convidada a se sentar a carón da lareira para se quentar. Daquela *brinca por riba do cego*, */ e que queiras*, *que non queiras*, */ sempre tembrando de frío / e xorda como unha pedra*, */ según di*, *no mellor sitio / con moita homildá se senta / e arrima un mando de lume / pra onde ela está...*

Un **mando** de lume é unha manchea de lume. En toda a parte occidental da provincia da Coruña é voz moi corrente e sinónima da verba **manchea**. Por Ourense é máis doado escoita-la palabra **mangado**.

Todas estas formas derivan da palabra **man** que de por si mesma pode significar un conxunto de cousas: *collín unha man de sardiñas ou doutras cousas.* De **man** saen **manado** que dá **mando** e MANICATUM que dá **mangado**, palabras que significan 'aquilo que podemos abarcar coas mans' ou 'brazado'. E da forma latina MANU PLENA xurdiu a nosa **manchea** coa mesma significación.

Son moitas as palabras que poderiamos citar que teñen que ver con **man: amañar**, **manga**, **mango**, **monza**, **mollo** ou **monllo**, **manobrar**, **manter**, **mantenza**, etc.

260. Xurrou a fonte máis queda

No poema "Sin terra" manda a poeta que os ventos nocturnos e que a fonte da Serena non barullen tanto, que non deixan saber quen chega alá por cabo das Trompas. Os ventos e a fonte obedecen: *Calaron os ventos todos / xurrou a fonte máis queda, / e vin que iban a enterrar / o corazón dela.*

Rosalía emprega este verbo **xurrar** típico da comarca compostelana, para o que noutras partes din **surrichar**, **cirrichar**, **cirichar** ou **cichar**, é dicir, mana-la auga dunha fonte facendo ruído.

Parece que a orixe desta palabra é onomatopeica e está en relación coas voces castelá e portuguesa, respectivamente, *chorro* e *jorro*.

Noutra ocasión, no poema "O encanto da pedra chan", emprega Rosalía un derivado deste verbo, **enxurrada**, que ten o sentido de corrente impetuosa ou torrente de auga que arrastra todo o que atopa por diante.

Os seguintes versos rosalianos lidos con atención deixan ver claramente esa significación: *E fun cal folla inxel vai ca encalmada / corrente, que primeiro asosegada, / a arrastra nas súas augas cristaíñas / pra darlle sepultura cariñosa / nas arelas veciñas, / e que dempois a leva, arrebatada / pola negra enxurrada / ós abismos da mare tormentosa.*

Con estas voces están emparentadas, **xorro**, **xurre**, **xurro**, **zudre**, **zudrio**, **zurro**, que serven para nomea-lo líquido negruzco que deita o esterco, e os seus derivados **zurreira**, **zorreira**, **xurreira**, **xorreira**, etc.

261. ¡Enlamugarse así a rosa!

A **lama** é algo tan natural en Galicia coma a choiva ou a auga que a produce. Poucos textos haberá onde non apareza esta verba no seu sentido propio ou figurado.

Nos poemas rosalianos está presente varias veces: *(A disgracia)... todo o mucha ó seu paso, a pranta súa / maldita, todo para sempre estraga. / Todo a súa lama pegaxosa entrubia... O esprito na sombra / i o corpo na lama... Que donde moitos cospen, / lama fan... Lama con honra / non mancha nada...* etc.

Lama é voz tan común que ten unha manchea de palabras derivadas dela: **lamacento**, **lamaguento**, **lamareda**, **lamazal**, **lamegal**, **lamago**, **lameira**, **lameiro**, **lameirento**, **lamoso**, **lamugada**, **lamuguento**, etc. E destas voces fórmanse verbos como **enlamar**, **enlamiar**, **enlameirar**, etc.

Da palabra **lamugada**, variante de **lama**, sae o verbo **enlamugarse** co sentido de 'encherse de lodo ou lama' segundo o vemos polos seguintes versos rosalianos: *En noite tan tempestosa / ¿quen vos meteu tal deseio? / ¡Enlamugarse así a rosa...!*

Curiosamente desta voz **lamugada**, tal vez por cruce coa verba **lagoa**, xurdíu a variante **lagumada**, que recollen os diccionarios, e de aí formouse o verbo **enlagumarse** que tamén consta como palabra normal en moitos dos léxicos da lingua galega.

262. Vai enfouzando na lama

No poema "Eu por vós, e vós por outro" a linda e grande señora vaise da casa nunha noite moi escura e *Vai enfouzando na lama / o zapatiño de seda...*,, versos nos que aparece a voz **enfouzar** co claro e evidente significado de manchar ou luxar.

Noutro poema de *Cantares Gallegos* volve a ser usada esta palabra co mesmo significado, pero nun sentido figurado: *Nunca de vo-lo pensara*, *que de tan alto baixando / vos emporcases na lama. / Nin que chamándovos nobre / tanta nobreza enfouçaras...*

Este verbo seica é un derivado do latín vulgar FODIARE, que significaba 'move-la terra, andar na terra'. **Enfouzarse** sería primeiramente 'remexer na terra' e despois 'mancharse'. Probablemente de aí vén tamén a verba **fuciño**, aplicada en principio só á boca dos porcos porque **fouzaban** ou **fouciñaban** a miúdo na terra. Tal vez neste último caso hai un cruce coa voz **fouce**, porque actuaban como se estivesen cavando con este aparello.

Que hai unha relación ou cruce coa palabra **fuciño** vese nalgúns lugares onde **enfouzarse** é propiamente mancharse na cara ou luxarse a cara coa comida.

En moitos lugares de Galicia transformouse esta voz en **enzoufarse**, intercambiando a colocación dos sonidos representados polas letras *z* e *f*, do mesmo xeito que vimos anteriormente no caso de **lagumada** en vez de **lamugada** que intercambiou o *m* polo *g* e viceversa.

263. Desfolla que te desfolla

Xa falamos da voz **folla** e volvemos hoxe a tratar dela para referírmonos á acción de quita-las follas ás flores. Rosalía di que o seu corazón é unha rosa de cen follas que son tantas coma as súas penas: *Quitas unha*, *quitas dúas; / penas me quedan de sobra; / hoxe dez*, *mañán corenta*, */ desfolla que te desfolla.*

Desfollar non só é quita-las follas ás rosas, senón tamén ás árbores e sobre todo falamos a miúdo de *desfolla-lo millo* ou de **escasulalo**.

Aínda máis corrente que **desfollar** é o seu sinónimo **esfollar**. No poema "As torres d'oeste" aparecen estes versos: *¡Que bonitas eran / noutro tempo as rosas*, */ que naqueles campos / medran e se esfollan!*, onde o verbo **esfollarse** ten o sentido de 'perde-las follas', que neste caso se refiren ás flores, pero poderíase referir tamén ás árbores en xeral, como cando dicimos que no outono se *esfollan as maceiras*.

Pero hai un poema que comeza así: *Xigantescos olmos*, *mirtos / que brancas frores ostentan / unhas con cogollos inda*, */ outras que o vento esfollea*, */ Buxos que xa contan sigros / e que xuntos verdeguean...* Aquí

Rosalía crea o verbo **esfollear**, tal vez porque lle resulta máis expresivo ca **esfollar** ou tal vez para que rimase con **verdeguear**, castelanismo claro que substitúe a formas correntes galegas como **verdear**, **verdexar**, **verdecer** ou mesmo **verdegar**.

Todo escrito ten o dereito de recrea-la lingua e de facela máis expresiva. Eu non sei se este verbo **esfollear** tivo acollida noutros escritores. Na lingua falada non teño conciencia de telo oído.

264. O enxido

Hai palabras na lingua galega que teñen unha longa historia tras si, pero por diversas circunstancias van apagándose nas mentes dos falantes. Unha destas verbas que vai quedando practicamente no vocabulario pasivo dalgunhas xentes é **enxido**, voz que ten unha orixe moi clara na lingua latina: EXITUS que ten o valor de 'saída'.

Esta forma latina pasou a significar nalgunhas linguas romances 'terreo común dunha aldea ou poboación onde os veciños tiñan as eiras e que serve tamén de lugar de reunión ou de recreo'. Vese claramente que este lugar de reunión foi chamado así por se atopar na 'saída' da aglomeración. Pero en galego reduciu máis o seu significado e pasou a ser **enxido**, como moi ben di Eladio Rodríguez, "terreo cerrado e de pouca extensión, contiguo a unha vivenda, da que é costume que forme parte. Dedícase a usos de utilidade e recreo, como horta ou xardín".

Foi palabra cargada de moita afectividade para Rosalía como se ve polos seguintes versos: *Dempois da frugal cea*, *ó cariñoso / resplandor do luar claro e soave / iban gozar ó enxido de reposo / co abó*, *que a longa historia contar sabe.* Nos **enxidos** debeu pasar ela moitas horas da súa vida: *Inda vexo onde xogaba / cas meniñas que eu quería*, */ o enxidiño onde folgaba*, */ os rosales que coidaba / e a fontiña onde bebía...*

Pero no poema que comeza co verso *ó sol fun quentarme...* emprega a voz **enxido** no sentido figurado do lugar no que a morte habita: *miña alma*, *meu corpo*, */ se non é feitizo*, */ é que a morte querme / para o seu enxido.*

265. Mentras monean silvan as salves

O poema titulado "Na catredal" de Rosalía de Castro comeza cos seguintes versos: *Coma algún día polos currunchos / do vasto tempro / vellos e vellas*, *mentras monean / silvan as salves i os padrenuestros.* ¿Cantos dos que len estas liñas poden entender este verbo **monear**?

Se os contemporáneos de Rosalía mirasen nos diccionarios galegos da época esta verba, atoparían que a voz **monear** significa 'amolar con pesadeces, parvadas, simplezas', 'abana-la cabeza para sacudi-lo cabelo da frente como se fai por descuido ou vaidade' e 'facer monadas'. No famoso diccionario de Eladio Rodríguez aparecen as mesmas acepcións. Só a partir do diccionario de Filgueira e outros se recolle o sentido que ten esta palabra no texto rosaliano.

Está moi claro que desde hai tempo o sentido de 'move-la cabeza' está contido nesta voz, **monear**, pois mesmo o P. Sarmiento no seu *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega* di que esta verba significa 'facer xestos coa cabeza'. Quizais a orixe etimolóxica hai que buscala nun descendente verbal da

palabra **mono**, que á súa vez é unha palabra de orixe árabe e que está testemuñada na Península Ibérica desde o século XIV.

Nunha zona moi ampla da provincia da Coruña, máis ou menos ó Occidente dunha liña que tracemos desde a capital ata Padrón, os falantes e, polo tanto, Rosalía tamén, empregan esta palabra no sentido de 'dar cabezadas co sono'. Noutras partes de Galicia din **toquear**, **toconear**, **toquenear**, **moquear**, **moquelear**, **topenear**, **cotelear**, etc., etc.

Resultan, pois, moi expresivos estes versos rosalianos dos vellos e vellas que na catedral **monean** ó tempo que *silvan as salves i os padrenuestros.*

266. Rebuldar das brisas

Quen non acouga é porque está bulindo. Hai xente a quen lle bule o corpo e dela dicimos que é bulidora como son ás veces as augas para Rosalía. Xa na Idade Media se dicía de alguén que era "moyto bulidor et traballador".

Este movemento que indica o verbo **bulir** pode indicalo tamén **rebulir** como se ve nestes versos de Rosalía: *E entre a follax o vento rebulía* de *Follas Novas* ou nestoutros de *Cantares Gallegos: Pasa río*, *pasa río*, / *co teu maino rebulir.*

Se a esta idea de 'moverse' queremos engadir tamén a de 'xogar' teremos que usa-lo verbo **rebuldar** que vemos empregado moi expresivamente por Rosalía varias veces acompañando ó sustantivo **brisas:** *rebuldan as brisas ou brisas que ó rebuldar por antre as follas* ou cando compara os seus cantares cun *Romor que non* se *sabe* / *se é rebuldar das brisas.* Pero tamén os nenos **rebuldan**: *¡Vinde*, *meus queridiños!* / *E corren e rebuldan* / *tan contentos de estar soios conmigo.*

A acción de **rebuldar** chámase **rebuldo**: *Loucos rebuldos*, *infantiles risas*, / *de lindos nenos que a esconderse veñen* son versos do poema adicado ó xeneral inglés Moore. E os adxectivos correspondentes a esta acción poden ser **rebuldón** ou **rebuldeiro**. O cimiterio de Adina resúltalle engaiolante a Rosalía, non só polas oliveiras, herbas e flores, senón tamén pola presencia de *canónegos vellos* / *que nel se sentan ó sol;* / *cos meniños que alí xogan* / *contentos e rebuldós.* Nos *Cantares* aparecen *meniñas* / *cantadeiras* / *bailadoras* / *rebuldeiras* e tamén nesta mesma obra aparece o ventiño da mañá *toliño* e *rebuldeiro.*

267. O bico máis amoroso

A verba latina BASIUM deixou descendentes en tódalas linguas romances e como é natural tamén en galego. Seguindo unha evolución fonética normal esta voz latina transformouse en **beixo**, termo que Rosalía emprega algunha vez: *Para mi madre deixei cariños*, / *para os meus fillos miles de beixos* ou *ese beixo é para ti tan só* ou *beixos das frores.*

Pero **beixo** non é palabra moi popular pois só é usada dabondo nalgúns puntos da provincia de Ourense. Resultan máis expresivas para os falantes as formas **chucho**, moi usada na Terra Cha, e **bico**, que pode ser considerada a máis estendida por todas partes.

Bico parece ser de orixe céltica e amais dos significados de pico, peteiro, labio, beizo, fuciño, ven xa hai moito tempo a imporse sobre **beixo**. Rosalía fai uso moi abundante desta verba: *Dame os teus bicos*

e os teus brazos ábreme / aquí onde o río, *na espesura fresca* son versos do fermoso poema *Corré serenas ondas cristaíñas.* Noutra poesía aparecen as pombas dándose bicos ou é ela quen se despide cun *amante bico* ou está disposta a dar *O bico máis amoroso / se fose raio de aurora.* Nos *Cantares Gallegos* emprega ás veces o diminutivo **biquiño** como nestes versos tan rebuldeiros: *¡Ay que tan cuco! / ¡Ay que santiño! / Ven ós meus brazos / Dareiche un biquiño.*

O verbo correspondente a **bico** é **bicar** que Rosalía usou varias voces nos *Cantares* e algunha en *Follas Novas* como nestes versos adicados á tumba de Sir John Moore: *E o mar*, *o mar*, *o bravo mar que ruxe / cal ruxe aquel que te arrolou na cuna*, */ mora onda ti*, *ven a bicar as pedras / dun chan de amor que con amor te garda*, */ e arredor teu deixa crece-las rosas...*

268. Sempre se lles atopa un fero

Non imos falar hoxe das **feras**, palabra que aparece no seu sentido normal en versos de Rosalía coma os seguintes: *Criados que non dan fala*, */ cans que morden como feras* ou *As cousas no seu tempo / e as feras no seu tobo.*

Trataremos do adxectivo **fero**, quer amais de te-lo significado de 'cruel, duro, agreste, bravo' como vemos nestes versos *¡E que inverno tan triste*, */ tan áspero e tan fero!* ou nestoutros *Que está unha noite moi fera*, */ e teño medo que os lobos / me coman...*, ten outra significación que adoitan esquece-los diccionarios.

Coido que está claro que nos versos xa citados doutra vez *Non Follas novas*, *ramallo / de toxos e silvas sós*, */ hirtas*, *como as miñas penas*, */ feras como a miña dor* o adxectivo **feras** ten outro significado distinto ó de 'cruel'. No seu poema "Tristes Recordos" aparecen estes versos referidos a un cantar galego escoitado unha tarde alá en Castilla: *Era o alalá... que fixo / bater o meu corazón. / Con un estraño bater / doce*, *como o ben amar*, */ fero*, *como o padecer*, onde manifestamente se opoñen os adxectivos **doce** e **fero**. Pero dun xeito máis esclarecedor esta voz **fero** aparece noutro poema onde Rosalía pregunta *¿Que fora ¡ou Dios! sin os asentes feros / dos estómagos probes?* Penso que queda patente o uso de **fero** como 'amargo'.

E citaremos tamén hoxe o substantivo **fero** no sentido de 'amargor' que aparece na seguinte estrofa: *Ando buscando almibres / que almibaren / estos meus agres versos*, */ E eu non sei como*, *nin por onde*, *sempre / se lles atopa un fero.* Podemos traer aquí a colación un par de versos de *Cantares Gallegos* que resumirían canto acabamos de dicir sobre o amargor destas voces: *Inda con fero máis fero / que pelica de laranxa.*

269. Ir, vir, algarear

Hai un poema rosaliano que comeza así: *Aquel romor de cántigas e risas / ir*, *vir*, *algarear*, */ aquel falar de cousas que pasaron / i outras que pasarán: / aquela*, *en fin*, *vitalidade inquieta / xuvenil*, *tanto mal / me fixo*, *que lles dixen: / ivos e non volvás*, onde aparece o verbo **algarear** que os diccionarios galegos, mesmo o da Real Academia Galega, que recolle estas versos en apoio, traducen por 'vocear, gritar', que é o mesmo significado que lle dá tamén a este vocablo a Real Academia Española, pero coa indicación de que está anticuado.

Está claro que **algarear** vén de **algara**, palabra de orixe árabe que significa 'incursión rápida en territorio enemigo ou tropas que facían esta clase de guerra'. Con este sentido aparecen as **algaras** en tex-

tos medievais: *os mouros logo deitaron sas algaras e correron e roubaron* dise nas Cantigas de Santa María. Así pois **algarear** pasou do significado de *facer algaras* ó de 'andar correndo dun lado para outro' que é o valor que ten nese verso rosaliano. Aníbal Otero, no libro de S. Xorxe de Piquín, recolle este verbo na acepción de 'moverse dun lado para outro'. Elixio Rivas recolle no seu libro *Frampas* outro testemuño desta palabra con este mesmo sentido en Fondo de Vila, en Abelenda (Ourense): *iste animal non fai máis ca algarear*, que quere dicir que este animal non para nun sitio ou anda sempre de aquí para alá.

Polo tanto, o primitivo sentido de **algarear**, no verso citado de Rosalía, está aínda vivo nalgunha fala popular galega, na que sobre todo hoxe se conserva o sentido de 'vocear, berrar' que é unha consecuencia tamén lóxica do ruído de voces e berros que acompañaban ás xentes que facían as **algaras**.

De **algarear**, 'berrar, vocear', xurdiron o substantivo **algareo** e o adxectivo **algareiro**, que son moi usados non só popularmente senón tamén por bastantes escritores galegos como sinónimos de **barullo** e **barulleiro**.

270. Para mi madre deixei cariños

A palabra **cariño** non ten unha etimoloxía clara para os lingüistas porque ten unha historia bastante recente. Sen embargo é unha voz moi usada para expresa-los afectos máis queridos e máis amorosos. **Cariño** é para Rosalía unhas veces tanto como amor: *Algúns din*, *¡miña terra! / din outros*, *¡meu cariño!... A nosa é a que nos quer e nós queremos / que si falta o cariño... Pomba sin fel*, *e fonte de cariño...* Outras veces significa tanto como obxecto do amor: *¡Ai! cada pomba ó seu niño*, */ cada conexo ó seu tobo*, */ cada ialma ó seu cariño... Fun chegando ó lugar dos meus cariños*, */ maxinando espantada os meus meniños...* Outras veces son palabras amorosas: *Esta fala mimosa que nós temos / de tan dose solás / que non sabe decir si son cariños / que hastra os corazós van...*

Pero no poema titulado "Na catredal", despois de rezar á Virxe da Soledade di: *Fixen mamoria dos meus secretos*, */ para mi madre deixei cariños*, */ para os meus fillos miles de beixos...* onde **cariños** ten, segundo coido eu, o valor de recordos, lembranzas, pois aínda se usa hoxe en expresións coma *veño de Coruña e tráioche estes cariños da Palleta.* Tamén **cariños** nalgures significa o obsequio que se lle fai á muller que acaba de parir ou o regalo de noivos ou o obsequio que se trae da romaría: *Veño da festa e tráioche estes cariños.*

Moitas veces emprega ademais Rosalía o adxectivo correspondente ó **cariño**, **cariñoso**: *cariñosas queixas*, *cariñosas brisas*, *espritos cariñosos*, *o cariñoso oído*, *o cariñoso Abril*, *sepultura cariñosa*, etc.

Custa moito traballo cre-las teorías dos que pensan que esta voz **cariño** foi palabra importada en Galicia, ou que naceu noutras partes, lonxe do ambiente galego.

271. Loucos e tolos

As verbas **tolo** e **louco** teñen unha orixe non moi clara e hoxe funcionan como sinónimos. **Louco** e os seus derivados están presentes nos textos medievais galegos e **tolo** non aparece rexistrado ata o século XVI nun texto portugués. Pero non por iso habería que tira-la consecuencia de que o primeiro é máis tipicamente galego có segundo.

Sexa cal sexa, pois, a orixe e antecedentes destas dúas formas, a realidade é que actualmente funcionan como sinónimos na lingua literaria e mesmo na lingua falada, se ben nesta última parece que hai certa preferencia por **louco** no Sur e no Occidente da provincia de Ourense e tamén na parte suroccidental da de Lugo. Na maior parte de Galicia emprégase máis a miúdo a forma **tolo**.

Para Rosalía non hai diferencias. Fala das *ideas loucas que eu teño...* e por tres veces de *loucos pensamentos*, así coma de que *meus pensamentos cal voás tolos e teño un niño de tolos pensamentos...* a alegría pode ser **louca** e tamén **loucos** son os rebuldos e os desexos. No poema "Un repoludo gaiteiro" de *Cantares Gallegos* aparecen os diminutivos destas dúas formas: *Elas louquiñas bailaban / e por xunta del corrían... Non sean elas toliñas / non veñan ó meu tocar.*

O amor pode ser tolo (*¡Ay amor tolo... amor tolo!*) e tamén o corazón. O crego pode *volverse tolo* e tamén unha nai pode *andar tola* e mesmo o vento ás veces *anda tolo*. E noutros versos aparecen máis testemuños de **tolos** e **loucos**, así coma dos derivados **toleirón** e **tolería**.

272. Bágoas, bagullas e lágrimas

A palabra **lágrima** ten unha grande tradición literaria nos textos antigos galegos, portugueses, casteláns e das demais linguas romances. Rosalía fala nos *Cantares Gallegos* de **lágrimas** e **lagrimiñas**: *Pero non son paxariño / e irei morrendo de pena, / xa en lágrimas convertido. / xa en suspiriños desfeita... E leva estas lagrimiñas... Que as lagrimiñas me afogan...*

Pero eu teño para min que esta voz debeu soamente manterse nos niveis cultos da lingua porque aínda hoxe os vellos falan con preferencia de **bágoas** ou **bagullas**, palabras típicas e exclusivamente galegas. Pode ser moi ben que estas formas procedan dunha lingua anterior á latinar falada aquí antes da chegada dos romanos. Ou pode ser que deriven da palabra **bago** 'gran, uva', ou 'boliña que contén a semente dunha pranta', polo parecido entre os **bagos** e as **lágrimas**.

Sexa cal sexa a súa orixe, ámbalas dúas palabras pertencen ó particular xeito de expresarse dos galegos. Son dúas palabras autenticamente autóctonas que Rosalía emprega xa sempre en *Follas Novas: E os meus ollos en tanto / de bágoas están cheos... E fixolle el as honras. / mais tan só con xemidos e con bágoas... Bágoas que si consolan as súas penas...*

As **bágoas** son coñecidas na maior parte de Galicia pero no extremo occidental da provincia da Coruña fálase sobre todo de **bagullas**, voz tamén coñecida por Rosalía: *Sinto que se desprenden / dos meus ollos bagullas silenciosas... Enxugade esas bagullas, / non chores máis, probe vella... Bagullas de sangre / chorando eu estaba... As bagullas me caían / que me fora a avergonza*r, etc.

Bágoas e **bagullas** son, pois, dúas verbas exclusivas da lingua galega en tanto que as **lágrimas** parecen máis ben importadas do resto da Romania.

273. E á vista do sol acora

No poema de Rosalía titulado "N'hai peor meiga que unha gran pena", cóntase a historia do mal de amores que padece Mariana. Esta non atopa consolo en ningures e non hai nada neste mundo que lles poña remedio ós seus males: *N'hai alimento que tome, / n'hai augua que lle apeteza. / Amigas n'hai que a consolen, / músicas n'hai que a entreteñan, / e á vista do sol acora, / e á vista das frores tembra.*

Acorar é un verbo que ten a súa orixe na palabra latina COR 'corazón' e significa aquí 'respirar con dificultade'. Xa Sobreira nas *Papeletas de un diccionario* recolle esta voz como propia de Santiago (se ben hoxe está estendida esta verba por todo o ámbito do galego) co significado de 'causar el calor ahogamiento o sufocación o falta de respiración'.

Deste sentido material de 'abafar' ou 'bafexar' pasou ó de 'aflixirse ou anguriarse' como se ve nestes versos de J. B. Amado: *Dorme nese sono brando / mentres eu de pena acoro...* e tamén chega a significar 'recibir unha emoción forte' ou como di tamén Sobreira 'quedarse varado y suspenso, sin acción, movimiento o palabra'.

Na poesía titulada "Tristes recordos" volve Rosalía a empregar esta verba cando fala da súa estancia en Castela, que lle resulta triste, pero de súpeto escoita un alalá dos segadores galegos e exprésase así: *De pronto oín un cantar*, / *cantar que me conmoveu / hastra facerme acorar.*

Nesta ocasión **acorar** pode ser entendido en tódolos significados que acabamos de expoñer: ata facerme quedar sen respiración, abafexar, emocionar, etc.

274. Ter fachenda

Como é ben sabido os diccionarios galego-casteláns omiten as palabras que son iguais nas dúas linguas. Sen embargo en todos eles aparece a voz **fachenda** xunto cos derivados como **fachendear**, **fachendoso**, etc, cos significados de vaidoso, fanfarrón, gabacho, chisgarabís, e nos máis recentes tamén como vaidade, ostentación, boato, etc.

Fachenda é verba moi popular en Galicia e por ter un aspecto fónico tan tipicamente galego, xa que dá a impresión de que é un derivado de **facha** ou de **facho**, foi recollida nos ditos diccionarios contra o costume de non rexistrar palabras iguais ó castelán. Nembargantes **fachenda** é un termo orixinario de Italia que seica se introduciu en España no século dezaoito. E en Galicia fixo moita fortuna. Xa Eladio Rodríguez recolle un par de ditos onde aparece **fachenda:** *moita fachenda e pouca facenda* ou *fachenda da montaña*, *meda na eira e fume na casa.* Eu escoitei preto de Compostela dicir dunha persoa que ía vestida con máis luxo do normal: *vai toda fachenda.* E Xesús López no seu estudio sobre a fala de Novefontes recolle esta preciosa frase: *ten máis fachenda ca un gato enriba dun queixo.*

Tamén Rosalía emprega, como fan outros moitos escritores, esta voz importada de Italia. Nun poema de *Cantares Gallegos* fala deste mundo de trampas onde todo se mestura: *Verás que ben se amañan / honrados e sin honra*, / *rameiras e beatas... E esto con tal chistura / e con fachenda tanta / que non che digo nada / ¡pero vaia!*

E o poema titulado precisamente "Vanidade", que está en *Follas Novas*, comeza con estes versos: *Algúns ricos entérranse ó probe*, / *e algúns probes ó grande se enterran*, / *todos para distinguirse*, / *e hastra ó morrer ten fachenda.* / *¡Vanidá! ¡canto vals antre os homes / que hastra as portas da morte penetras!*

275. Estarei axexándovos sereno

Do poema "Adiante" de Rosalía é a seguinte estrofa: *Mais cabe da ancha orela*, / *misterioso e agochado un centinela*, / *nunha lancha do Miño apousentaba;* / *e a arma na man e en vela / a través da ramaxen axexaba* na que aparece o verbo **axexar** que ten o significado equivalente ó do verbo castelán *acechar*.

Outras testemuñas deste verbo aparecen noutros poemas de *Follas Novas: pendes do meu corruncho solitario / estarei axexándovos sereno... E que adustas me axexan as sombras / tras deses cautos e riscos...* E tamén aparece en *Cantares Gallegos: Por eso*, *pasmada Rosa*, */ pouquiño a pouco se achega*, */ e por unha regandixa / postrada no chan axexa.*

Axexar é unha palabra bastante espallada no ámbito do galego e ten algunhas variantes como **asexar**, **axixar**, **asixar**, etc. E desta palabra deriva o substantivo **axexo**, que significa acción de **axexar** e é moi empregado polos cazadores na expresión *cazar ó axexo* e polos pescadores que falan da *pesca ó axexo*. Como esta *pesca ó axexo* se fai exclusivamente nas horas do serán ou da tardiña baixa, hai lexicógrafos que interpretan esta voz **axexo** como atardecer.

Na Póvoa de Varzim, en Portugal, existe (segundo recollemos do diccionario de Morais) un verbo *assejar* que significa 'esperar (o barco), fóra da barra, o momento de entrar'. Dá a impresión que esta forma portuguesa ten algo que ver co noso **axexar**, que ten unha etimoloxía bastante discutida. Tal vez proceda dunha voz hipotética latina vulgar ASSEDIARE, procedente do latín clásico OBSIDIARI.

276. Todo é misterio

Da linguaxe eclesiástica pasou ó nivel normal da lingua a voz **misterio**, que ten a súa orixe na voz latina MYSTERIUM, a cal á súa vez procedía do grego. MYSTERIUM era en principio soamente aplicado ás cousas secretas dunha relixión e foi usada polos cristiáns para indicar aquelas verdades que non se podían comprender mediante a razón humana. Posteriormente aplicouse a calquera cousa natural que non era doada de comprender.

Esta palabra, **misterio**, por ser tan usada na linguaxe culta ou relixiosa non sufriu modificacións fonéticas e está testemuñada así xa nos textos medievais. Rosalía úsaa no sentido relixioso nuns versos de *Cantares Gallegos: E postrado ante Dios fervente ora / e ó seu misterio portentoso adora* e noutros de *Follas Novas: Mais n'en vano sellado está o libro / dos grandes misterios...*

Pero emprégaa moito máis no seu sentido profano: *Misterios da tarde*, */ murmuxos da noite: / cantarte hei Galicia*, */ na veira da fonte* son *versos* de *Cantares Gallegos.* Tamén en *Follas Novas* aparecen varias veces os **misterios**: *Mais de repente veñen as sombras / todo é negrura*, *todo é misterio... Eternos bosques en donde / sombrío misterio reina... Misterios da humana / fráxil natureza.*

De **misterio** xurdiu o adxectivo **misterioso** que Rosalía emprega moi a miúdo: *arrulos misteriosos*, *brazo misterioso*, *concertos misteriosos*, *misteriosa serenidade*, *abismo misterioso*, *rumores misteriosos*, *misterioso relicario*, *misteriosa tarde*, etc.

Pero en dúas ocasións deturpa este adxectivo para facelo máis "enxebre": *misteirosas harmonías e ruxir misteiroso.*

277. Humildarse

O verbo **humildarse** aparece nuns versos de *Follas Novas* que din así *Por qué*, *meu esprito*, */ por qué ora te humildas*, */ cando eras altivo?*, nos cales creo que este verbo **humildarse** non está tomado no sentido de 'facer actos de humildade' senón no de 'acobardarse'. E interprétoo así porque precisamente

na comarca en que viviu Rosalía é moi corrente dicir a alguén *non te humildes* cando se amedoña ante calquera problema da vida.

Está moi clara a etimoloxía desta palabra que procede da familia de voces latinas que teñen a súa base en HUMUS que significa 'terra, solo'. HUMILIS era o que estaba a rentes do chan, pouco elevado, HUMILITAS equivalía a situación baixa e HUMILIARE ou a forma vulgar HUMILITARE era tanto como abater ou botar algo abaixo. Destes significados concretos xurdiron os figurados que teñen os descendentes destas palabras actualmente.

Os verbos HUMILLARE E HUMILITARE deron respectivamente en galego **humillar** e **humildar** que aparecen xunto coas súas variantes *omillar e omildar* nos textos medievais. De HUMILITAS ven **humildade** ou **humildanza**, con cambio de sufixo. E o adxectivo HUMILIS deu primitivamente unha forma *humil* que foi substituída moi cedo por **humilde**, que nace como creación nova máis en consonancia con **humildade**, **humildanza** e **humildar**.

Humildarse ou **humillarse** son verbos de grande tradición nas nosas letras e non son pois nin creacións modernas nin castelanismos.

278. Diamantes e alxofres

Nun poema que comeza co verso *Anque me des viño do Ribeiro de Avia* aparece esta relación de palabras significativas da riqueza: *E anque me des ouro*, *e anque me des prata*, / *diamantes e alxofres*, *pelras e esmeraldas...* E todas elas son ben coñecidas, agás os **alxofres**.

Os **alxofres** están tamén citados no poema titulado "Na catredal". No momento en que o sol da tarde, que arrinca da grande araña da catedral reflexos de mil cores, finxindo portentos, desaparece, exclama a poeta: *Adiós alxofres e maravillas.*

¿Que son **alxofres**? Consultando os diccionarios vemos que é unha palabra que era moi corrente na Idade Media e que procede da lingua árabe. Significaba 'perlas'. Pero cando na Península Ibérica se introduciu a forma *perla* (en portugués *pérola*), **alxofre** e a súa variante **alxófar** pasaron a significar 'perla miúda'. Dá a impresión que Rosalía coñecía esta diferencia, xa que emprega xunto cos **alxofres** as **pelras**.

A palabra **alxófar** ou **alxofre** aparece rexistrada en Ribadavia polo P. Sobreira no século XVIII e pasou a formar parte dos diccionarios galegos. Coido que hoxe é soamente unha verba empregada no nivel da lingua literaria e especialmente na poesía.

O grande etimólogo Joan Corominas cre que a variante desta voz, **alxoufre**, deu orixe a ese simpático e sonoro obxecto chamado **axóuxere**, coñecido tamén con moi diversas variantes en todo o ámbito do galego: **axóuxele**, **axouxo**, **axóuxara**, **alxóuxara**, **alxóuxere**, **xouxe**, **xouxeira**, **xouxel**, etc.

279. Os meus meniños

A palabra **meniño** é unha voz de orixe expresiva que está cargada de afectividade pola súa aplicación ó neno pequeno. Coma outras verbas máis ou menos sinónimas (**neno**, **pequeno**, **cativo**, **pícaro**, **rapaz**,...) non ten uns límites claros de idade. ¿Ata cando podemos chamar **meniño** ou **meniña** a un ser

humano? Eu fixen varias enquisas en diversos lugares de Galicia tratando de atopar unha resposta á devandita pregunta e non cheguei a conclusión ningunha porque cada familia ou, mellor dito, cada individuo marca os seus propios límites. Para uns son **meniños** soamente os recén nacidos, para outros os nenos ata os tres anos ou cinco anos e para moitos son tódolos pequenos que non chegaron á pubertade. Para algúns dos enquisados pódese chamar **menina** a unha moza de vinte anos pero nunca **menino** a un mozo desa idade.

Curiosamente atopamos na obra rosaliana un feito estilístico digno de salientar no uso desta voz. Para a Rosalía aínda nova, a de *Cantares Gallegos*, son **meniñas** case sempre as mozas: *Has de cantar / meniña gaiteira; / has de cantar / que me morro de pena... Pois confésate*, *Marica / que cando casar nos casen / non che han de valer*, *meniña*, */ nin confesores nin frades... Cose*, *meniña*, */ tantos furados... que aquel muíño / dos castañares*, */ donde hai meniñas*, */ donde hai rapaces / que ricamente / saben loitare... Camiño da romería / debaixo dunha figueira*, */ ¡canta meniña solteira!...* E moitísimos exemplos máis en que as **meniñas** son mozas. Poucas veces os **meniños** son pequenos: *Ora*, *meu meniño*, *ora / ¿quen vos ha de dar a teta*, */ si túa nai vai no muíño*, */ e teu pai na leña seca?... ¡Ai!*, *¡que miniña! / ¡Que nena preciosa! / Dempois de lavada / parese unha rosa. / I este miniño / que teño no colo*, */ dempois de lavado / parece un repolo.*

En *Follas Novas* soamente atopo usada unha vez **meniña** como exclamación dirixida a unha moza: *Dime*, *meniña*, *si un home pode / cargar con tantos recordos destos.* A Rosalía madura aplica moitas veces esta voz ós pequenos: *os meus meniños / ¿estarán xa despertos?... Cos meniños que alí xogan / contentos e rebuldós... E durme*, *ña mulleriña*, */ mentras os meniños deito... Polas silveiras errante / vexo unha meniña orfa*, etc. Pénsese que a temática máis fonda das *Follas* leva consigo un mundo de afectividade tamén máis fondo.

280. Mucháronme a vida

No poema "A xusticia pola man" atopámo-lo verso *Quedei deshonrada*, *mucháronme a vida* no que aparece o verbo **muchar** co sentido figurado de estragar, desfacer ou arruinar. Noutros versos emprega Rosalía este verbo no seu sentido propio de 'poñerse mucho': *Que en baixo dos meus peíños / íñanse muchando as erbas... Todo o mucha ó seu paso*, *a pranta súa / maldita*, *todo para sempre estraga... Da frol que mucha o postrimeiro adiose... As frores mucharon...*

Muchar parece ser verbo formado sobre o adxectivo **mucho** que ten unha etimoloxía non moi clara e que sen dúbida é semellante á da palabra castelá *mustio*. Nos versos de *Follas Novas* aparece varias veces este calificativo: *O vello ve pantasmas. / Uns son árbores muchos e sin follas... Triste coroa póndoche*, */ tan mucha*, *Dios do ceo*, */ coma a que na alma túa / pon o tou pensamento... Ten o sello o seu rostro de ánxel*, */ inda hermoso*, *máis mucho e sin brilo...* E tamén a temos rexistrada nos *Cantares Gallegos: Voume quedando muchiña / coma unha rosa que inverna...*

Algunha vez está empregada adxectivamente o participio de **muchar**: *Como as muchadas follas / se desprenden da ponla onde naceron...* De *Cantares* son estas versos: *Xa non te vin fresquiña / cal rosa no rosal*, */ que muchadiña estabas / de tanto saloucar...*

Estas voces **mucho** e **muchar** teñen unhas variantes usadas nalgúns lugares de Galicia, **murcho** e **murchar**, comúns ó portugués, que teñen un *r* difícil de explicar etimoloxicamente, se consideramos que todas estas formas teñen unha orixe común.

281. O bafo pestífero

A onomatopeia *baf* expresa o ruído feito entre os beizos cando o aire sae exhalado dos pulmóns ou o que se forma cando o vapor sae dun recipiente. De *baf* naceu a palabra **bafo** que ten o significado de vapor que despiden os corpos ou as cousas en determinadas condicións e o de alento. Xa desde a Idade Media, segundo o vemos polos textos, o mesmo cá voz **cheiro**, adquiriu tamén o valor de olor desagradable; así **bafo** pasou a significar tamén o mal alento e o olor molesto.

Rosalía emprega esta verba no poema titulado "A disgracia"; esta está presente en todas partes aínda que non se vexa: *Pero n'a ven*, *anque a mirada tendan / arredor*, *para evitaren*, *cántos*, / *o seu bafo pestífero*, *n'a atopan / no espaso*, *nin na terra*, *nin no mare*, / *anque ela en todo está*, *sempre dañina.* O **bafo** é aquí pestífero e creo que poucas veces se debe falar dun bafo agradable.

Derivado de **bafo** témo-lo verbo **abafar** que significa basicamente bota-lo bafo ou vapor ou alento, pero que tamén acadou unha marea de variados significados: quedar sen alento, afogar, asfixiar, sofocar, acorar, cheirar mal, apestar, transmitir un mal polo alento, contaxiar, empezoñar, botar en cara a alguén os seus defectos, ridiculizar, maltratar, aldraxar, esconder, furtar, escurecer, etc.

Co sentido de 'enmeigar', 'embruxar', é dicir, de 'botar un feitizo', probablemente a través do alento, aparece usado no poema "N'hai peor meiga que unha gran pena": *¡Ai*, *miña virxe do Carme*, / *que a miña filla está enferma!* / *¡Ai*, *Dios*, *que ma enfeitizaron!* / *¡Ai*, *que a abafou unha meiga!* As meigas poden curar enfermos, pero normalmente traen o mal como fixeron coa heroína desta bela poesía rosaliana que morreu segundo *outros contaban que fora / da abafada dunha meiga.*

282. Praguea, boca, praguea

A palabra latina PLAGA, 'golpe, ferida', converteuse en galego seguindo unha evolución fonética normal en **chaga**. Pero, formada xa a lingua galega, esta botou man outra vez da mesma palabra latina PLAGA para indicar 'calamidade, azoute'. Este neoloxismo non seguiu a mesma evolución cá palabra tradicional e coma outras voces que entraron serodiamente na nosa lingua modificou o grupo consonántico inicial pl- en pr-. PLAGA mudouse en **praga**, como **pracer**, **prato**, **pranto**, **praza** e outras formas que principiaban por pl-.

Praga, a máis de calamidade, significa tamén calquera conxunto de cousas daniñas. De aí saíu o verbo **pragar** no sentido de encher algo de cousas malas. E cando desexamos algo malo contra alguén o que desexamos é unha **praga** ou maldición. E por tanto dicir **pragar** ou **praguear** é o mesmo que maldicir.

Hai unha poesía rosaliana que retrata moi ben o que é unha **praga**: *Premita Dios que te vexas* / *cal as cóbregas arrastro*/ *que a iaugua que a beber vaias* / *che se volva xaramagos.* / *Que pidas e non atopes* / *pousada*, *acougo*, *n'amparo*, / *e que inda morto de fame*, / *quedes ó pé dun valado.* E o poema remata con estes versos: *Praguea*, *boca*, *praguea* / *mentras que eu me vou marchando:* / *pragas de malas mulleres* / *nunca lle cán os soldados.*

Praguear e **praga** aparecen tamén no poema "N'hai peor meiga que unha gran pena": *Mas para min n'hai remedio...* / *Si n'é unha mala boca* / *que me pragueou maldicenta...* / *¿Quen te pragueou*, *ña filla?* /*¿Que males*, *meu ben*, *fixeras?... Ninguén soupo que de amores* / *e que de olvido morrera.* / *Uns dixeron que unha praga* / *con ela na tomba dera.*

Infelizmente palabras tan expresivas como **praguear** e **praga** están a perderse tanto na fala coma na lingua escrita por descoñecemento dun tesouro léxico que se non se usa regularmente, caerá no total esquecemento.

283. Unha meiga chuchona

Teño a impresión de que se acabaron as **meigas chuchonas** que saían polos seráns ou polas noitiñas a chucha-lo sangue das xentes noviñas. Tal vez a imaxe noveleira ou peliculeira de *Drácula* escorrentou estas figuras folclóricas do noso mundo infantil.

A elas fai referencia Rosalía no poema "Airiños, airiños aires" de *Cantares Gallegos: Fun noutro tempo encarnada / coma a color da sireixa*, */ son hoxe descolorida / coma os cirios das igrexas*, */ cal si unha meiga chuchona / a miña sangre bebera...* E tamén no titulado "N'hai peor meiga que unha gran pena": *Pero non sanda Mariana*, */ Mariana sin sangre queda.. / Todos din que unha chuchona / ven de noite a chuchar nela...*

Chuchar é sinónimo de **chupar** e de **zugar**. Eu creo firmemente na existencia de sinónimos dentro dunha lingua, pero no caso destes tres verbos non creo que o sexan sempre. Se vemos un neno mamando, ¿diriamos del que está *chuchando*, *chupando* ou *zugando*? Probablemente cada falante faría as súas propias observacións. Eu, como aprendiz da nosa lingua, emprego **zugar** como a palabra máis fina en casos como *zugo un zume de froita*. **Chupar** sería para min a palabra de uso normal: *chúpome os dedos.* E **chuchar** sería a esaxeración do feito de **zugar** ou **chupar**, sobre todo facendo ruído. Por exemplo, *os porcos chuchan no caldo.*

Sen embargo, na realidade da lingua de tódolos galegos esta sistematización que eu persoalmente fago sería falsa porque hai xentes para as que **chuchar** significa 'bicar' ou 'beixar' e **chucho** é 'un bico' ou 'beixo'. Sen dúbida para esas xentes atoparse cunha **meiga chuchona** podería non ser desagradable...

284. Varrérselle a un a vista

A palabra galega **varrer** conserva tódalas acepcións que tiña o seu étimo latino VERRERE: limpalo po do chan, levar algo arrastrándoo, arrastrar, facer desaparecer, roubar, etc.

En castelán escríbese con *b* esta palabra (*barrer*) xa desde a Idade Media por confusión en moitos casos de *b* e *v*, pero en galego a nova normativa oficial prefire usa-la letra *v* para ser consecuente co seu étimo latino.

Rosalía emprega ás veces este verbo con significación semellante á da palabra orixinaria: *Xa no lare sagrado / lume n'encende a nai ó son dun rezo*, */ e da tisnada pedra / a borralliña os ventos xa varreron... ¡Ah*, *piedade*, *Señor! ¡Varre esa sombra / que en noite eterna para sempre envolve / a luz da fe*, *do amor e da esperanza!...*

Pero é moi corrente o uso do verbo **varrerse** no sentido de perturbarse algún sentido. Así *varrerse o mundo* significa perde-lo coñecemento, *varrérselle a un a voz* vale tanto como estar afónico e *varrérselle a un a vista* é quedar momentaneamente sen visión a causa dun mareo.

Eladio Rodríguez, no seu Diccionario, recolle esta última expresión como usada por López Ferreiro en *A tecedeira de Bonaval*: *Empezou a doerme a cabeza e a varrérseme a vista.* Debemos sinalar tamén que Rosalía fai uso desta mesma expresión no poema "Miña casiña, meu lar": *Fun chegando á miña casa / toda rendida de andar*, */ non tiña nela frangulla / con que poidera cear. / A vista se me varría / que era aquel moito aunar.*

285. Chavellos e canteiros

Todo falante sabe que as **chavellas** son uns pasadores de madeira que serven para uni-lo xugo coa cabezalla (ou cabezallo) do carro. Nalgures, por comparación coas **chavellas**, son chamados **chavellos** os dentes que sobresaen dos demais por seren máis grandes ou porque se perderon os veciños.

Rosalía emprega esta verba nun famoso poema no que contrasta a beleza da mocidade coa fealdade da vellez: *Agora cabelos negros*, */ máis tarde cabelos brancos; / agora dentes de prata*, */ mañán chavellos querbados*, */ hoxe fazulas de rosas*, */ mañán de coiro enrugado. / Morte negra*, *morte negra*, */ cura de dores e engaños*, */ ¿por que non máta-las mozas / antes que as maten os anos?*

Noutra ocasión fai tamén referencia ós dentes **canteiros**. Na festa da montañosa aparece a probiña que está xorda e esta, cando os demais festexantes intentan rirse dela, exclama: *¿que pille un oso? Da vella / quérense rir ¡ay Dios mío! / Pero a fame élle moi negra: / tráiamo se é que inda ten / apagada algunha freba*, */ e ireino raspando a modo / cun canteiro que me queda.*

Neste caso **canteiro** é un dos dentes caninos que nalgunhas partes chaman tamén **cairos** e segundo algún diccionario **colmelos**. Infelizmente está moi introducido na fala familiar o castelanismo **colmillo** que debe ser rexeitado.

286. Arregañarse

Arregañar ou *regaña-los dentes* é unha expresión ben coñecida para significar 'amasa-los dentes, sexa rindo ou ameazando'. Hai quen di festivamente *regaña-la moa* por rir.

Probablemente a orixe desta verba está nunha voz latina GANNIRE, que significaba 'ladrar' e que se transformou no paso do tempo en REGANIARE que deu lugar ó noso **regañar**; que ademais pasou tamén a significar 'abrir'. De aí que digamos que os ourizos das castañas cando están maduros *regañan* e o mesmo podemos dicir da madeira cando se fende pola calor: *regaña.*

No poema "¡A probiña, que está xorda!", tantas veces citado, a velliña fartouse ata te-la tripa coma un pandeiro e case rebenta... *mais o pelexo / tiña duro*, *e nin sequera*, */ lle arregañou*, *i o outro día / xa estaba tan peneireira*. **Arregañarse** ten neste verso o sentido de lañarse, gretarse, degretarse, degresarse ou abrirse en forma de gretas.

E aínda queda por dicir que **regañar** é tamén rifar e mesmo perder no xogo, segundo o afirma o refrán que di que o que *primeiro gaña*, *despois regaña.*

Por último volvamos ós versos de Rosalía para recordar que á vella, ó día seguinte da festa, non só non lle *arregañou o pelexo*, senón que estaba tan **peneireira**, é dicir, que estaba coma unha peneira, o cal significa neste caso que se movía tan ben como se move este obxecto. Poderíase afirmar que estaba tan fresca como se non estivera de enchenta o día anterior.

287. Non barulles moito

O poema de *Follas Novas* titulado "Xan" está cheo de ironía e preséntano-la vida en común do home traballador e da muller preguiceira e folgazana: *E cando Xan pola noite / chega cansado e famento, / ela xa o espera entre as mantas, / e ó velo entrar dille quedo: / Por Dios non barulles moito / que me estou mesmo morrendo.*

Está moi claro o significado deste verbo **barullar** no senso de alborotar, falar alto, facer ruído. Con esta significación é coñecido en toda Galicia e é moi empregado por tódolos escritores. **Barullar** é tanto como meter ruído, alboroto ou **barullo**. Hai uns versos de Lamas Carvajal que recordan a mesma situación do poema rosaliano: *Non faledes, caladiños, / que está durmindo o meu neno / en dulce paz, cal se fose / un anxeliño do ceo. / Non lle fagades barullo; / en cando dormindo o vexo / coido de que non se mova / nin unha palla, non quero / que naide veña a turbare / o sono do meu pequeno.*

E desta familia de **barullo** e **barullar** é o adxectivo tan corrente en todas partes por alborotador, **barulleiro**. Así de alguén que mete moito **barullo** dicimos que é moi **barulleiro** ou que é un **barullón** ou un **barullas**.

Para algunhas xentes **barullo** ten tamén o significado de desorde ou confusión en coincidencia coa mesma voz castelá, *barullo*, que carece da nosa significación de 'alboroto' ou 'ruído'. Ademais non ten tampouco a lingua castelá o verbo **barullar**, polo cal hai que traducir este verbo ó castelán por *alborotar* ou *causar ruído*, cando en galego ten ese significado.

288. Cun modo loumiñeiro

No poema "O encanto da pedra chan" preséntanos Rosalía unha protagonista que sae da casa coa intención de buscar un tesouro ignorado por todos. No camiño atopa enriba dunha lousa *Un nobre cabaleiro / coa súa pruma enrisada no sombreiro, / e vestido de seda e pedrería / a estilo de treidora mourería, / dou en chamarme arteiro / cun modo loumiñeiro / que do ceo, non da terra, parecía...*

A muller engaiolada polo encanto esquece o refrán que di que *o que é arteiro non pode ser bo cabaleiro* e segue tras esta fermosa figura que parecía máis ben cousa do ceo que da terra.

Pero queremos comentar hoxe a voz **loumiñeiro** que, como se ve polo texto, ten o significado de cariñoso e zalameiro. Existen tamén as variantes **alumiñeiro**, **acaloumiñeiro** e **aloumiñeiro**, sendo a máis estendida por Galicia esta última que o Diccionario de Eladio Rodriguez define como a persoa que con verbas melosas procura atraer a outra con fins interesados.

O **aloumiñeiro** di ou fai **aloumiños**, palabra sinónima de caricia e agarimo. E o feito de facer aloumiños é **aloumiñar**, verba moi espallada, se ben nalgures din **alumiñar** ou **acaloumiñar**.

Xa na literatura medieval, concretamente na *General Estoria*, aparece este verbo como *loomiñar* que nos axuda a pensar que na base desta familia léxica está o verbo latino LAUDARE que dá orixe ás diversas formas romances **loar**, **louar**, **louvar**.

As nosas voces **aloumiñeiro**, **loumiñeiro**, etc., teñen un paralelo no portugués *louvaminheiro* que posúe máis ben o significado de 'adulador'.

289. Traspoleirado

Hai un poema de *Follas Novas* que comeza con esta especie de copla: *Para uns negro*, / *para outros branco;* / *e para todos* / *traspoleirado*, onde aparece a voz **traspoleirado**, que inmediatamente nos leva a pensar no **poleiro**.

Así pois, a primeira impresión sería pensar que **traspoleirar** significa algo así como colocarse tras do **poleiro** ou estar fóra do **poleiro**. De aí que nos diccionarios apareza a acepción de 'anda-las galiñas fóra do poleiro', da cal sairían as acepcións de 'andar fóra do seu sitio ou dos seus pasos', 'extraviarse', etc.

Creo que a orixe desta palabra está no cultismo latino INTERPOLARE que se introduciu nas linguas romances primeiramente case no mesmo sentido que ten hoxe a voz **interpolar** 'meter algo no medio dunha cousa' e despois pasou a ser sinónimo de 'mesturar'. Hai un texto precioso na *Historia de Etiopía* de Sandoval que di "sus hermanos, hijos de su madre, nacían interpolados, blancos unos y otros negros". Este *interpolado* dáno-la clave para explica-lo *traspoleirado* rosaliano.

No *Grande Dicionário* de Morais Silva atopámo-lo adxectivo *interpolado* explicado así: "Diz-se do animal que tem pelos brancos entremeados com pelos negros".

Como pasou con tantos cultismos, INTERPOLARE, sufriría unha serie de transformacións populares que de *entrepolar* se faría *trepolar*, *trapolar*, *traspolar* e **traspoleirar** por cruces ou confusións con outras formas ou palabras.

Eladio Rodríguez recolle no seu Diccionario a voz **traspoleirado** coa acepción de 'cambiante de cor' (ó lado das que citabamos máis arriba) que debía de ser usada na época de Rosalía como o amosan os seus versos.

290. Todo para sempre estraga

Destragar e **estragar** son dous verbos moi correntes que teñen unha orixe bastante escura, sobre a que non son quen de poñerse de acordo os etimólogos. Sen embargo, cónstanos xa a súa existencia nos textos medievais, nos que atopamos a miúdo a variante *astragar* e nos que tiña como acepcións máis frecuentes as de 'arruinar' ou 'facer unha matanza'.

Estragar e o substantivo derivado deste verbo, **estrago**, aparecen en Rosalía xustamente en dous poemas nos que se describen os efectos da desgracia e da ruína causada polo paso do tempo.

No poema "A disgracia" explica como este mal *Todo o mucha ó seu paso*, *a pranta* súa / *maldita*, *todo para sempre estraga.* / *Todo a súa lama pegaxosa entrubia...* E aquí vese claramente o sentido de **estragar** como 'viciar', 'corromper', 'botar a perder' ou 'descompoñer'. Tamén pode significar arruinar ou asolar e é moi común o seu emprego como 'derrochar' ou 'gastar rapidamente unha fortuna'.

Estrago no sentido de 'dano', 'destrucción' ou 'desolación' está presente no poema precisamente titulado "Ruinas (Armonías da tarde)" que é traducción doutro de Ruiz de Aguilera: *Xa novembre espiraba* / *cando cansado e sóo*, *tomei asento* / *ó pé do endebre muro*, / *vella defensa e límite dun puebro.* / *Polas abertas fendas*, / *casa que as sabandixas abre o tempo*, / *hoxe o lagarto mira* / *con fría ollada o estrago en torno feito.*

Destragar e **estragar** e os seus derivados **destrago** e **estrago** son palabras tradicionais galegas e de uso normal na fala viva e na lingua literaria.

291. Eses cerellos

Hai un poema de *Follas Novas* que trata festivamente o tradicional canto da leiteira. Marica fala coa súa amiga dos ovos que as súas pitas poñen e que ha de vender polo xaneiro; cos cartiños que xunte pensa comprar un mantelo para levalo posto o día do casamento... A amiga corta a narración da Marica e vólvea á realidade: *Pois*, *mira*, *Marica*, / *vai por un neto* / *que antramentras non quitas* / *eses cerellos*, / *i as pitas van medrando* / *co galo negro*, / *para poñe-los ovos*, / *e todo aquelo* / *do xaneiro*, *dos cartos*, / *miña prenda da ialma*, / *¡vamos bebendo!*

Mentras Marica non quite eses **cerellos**, é dicir, mentras non teña o mantelo e non se cumpran os demais desexos, botarán un grolo. Creo que nestes versos ten **cerellos** o sentido de **trapos**, sen o valor pexorativo que normalmente ten esta palabra en moitos lugares das provincias da Coruña e Lupo, nos que se emprega esta voz como sinónima doutra palabra máis estendida por toda Galicia: **farrapos**.

Curiosamente os **trapos**, **cerellos** ou **farrapos** serven tamén para denomina-las **felepas**, **folepas** ou **folerpas** ou copos de neve.

Xa Sarmiento no século XVIII coñecía esta voz **cerello** ou **cirello**, co sentido de refaixo, trapo moi vello ou anacos de trapo. Hoxe nalgúns lugares chaman **cerellos** ós mechóns de la ou de pelo e o diccionario de Eladio Rodríguez defíneos como "conxunto de cabelos ralos e escasos que forman unha trenza pequena". Tamén hai xentes que din do que é abúlico que é un **cerello**.

A pesar dalgúns intentos de buscar unha etimoloxía para esta palabra, segue a ser hoxe unha verba de orixe descoñecida.

292. O inxel esprito

Da palabra latina SINGELLUS que significaba 'un cada vez, un só' xurdiu a verba galega **sinxelo**, que como outras palabras que empezan por *s* perde ás veces esa consoante inicial (compárese as *sandalias* que se transforman en *as andalias)* dando lugar a novas formas: **inxel** ou **inxelo**.

No paso do latín ás linguas vulgares esta palabra mudou o seu significado. **Sinxelo** significa o que non ten dobrez, o que é puro, inxenuo, natural, simple, claro, etc. Pero a forma galega **inxel** significa sobre todo o que é moi fino ou moi delgado e chega mesmo a equivaler a débil ou enfermizo.

No sentido de débil aparece esta voz no prólogo de *Follas Novas* onde Rosalía di que as mulleres forman *a parte máis froxa e inxel da humanidade* e tamén nalgúns versos dese mesmo libro: *Que da súa mente se escapaba inxele... I espesa nube de trebóns preñada... veu contrubar á miña mente inxela...; Que negro contraste forman*, / *da natureza o tranquilo* / *reposo*, *coas ansias feras* / *que abaten o inxel esprito!*

No poema "O encanto da pedra chan" aparece **inxel** no significado de 'moi fino' ou 'moi delgado': *E fun cal folla inxel vai ca encalmada* / *corrente*, *que primeiro asosegada*, / *a arrastra nas súas auguas cristaíñas...*

Cando Rosalía quere falar dalgo "inxenuo ou simple" emprega normalmente o castelanismo **sencillo**. No citado prólogo fala da *tan sencilla como dolorosa epopeia...* No libro *Cantares Gallegos* aparece a *fe sencilla* e o *conto sencillo patriarcal.*

293. Saudosas augas

O adxectivo **saudoso** está rexistrado no diccionario de Valladares (publicado en 1884) coa acepción de 'saludable, que restablece a saúde', e de 'proveitoso'. Pero no Vocabulario popular de Filgueira e outros, e no de Carré está engadida ademais a acepción literaria de nostálxico. Posteriormente nos de Eladio Rodríguez González e Franco Grande queda eliminada a acepción primitiva e **saudoso** pasa a ser soamente 'o que produce a saudade', 'dise da persoa que ten saudades ou que as sente' e 'nostálxico'.

Sen embargo, Rosalía emprega esta verba sempre como sinónimo de 'saudable'. Véxase no poema que empeza: *Rico ou pobre*, *algún día* como nos versos *sin que dado lle sea / beber do olvido nas saudosas auguas* está claro este sentido de saudable. Tamén no poema titulado "Bos amores" fala dos amores desexables e suaves que *e sin rumor nin queixa*, *nin choros*, *nin cantares*, / *brandos así e saudosos*, *cal alentar dos ánxeles / en nós encarnan puros...* onde se ve como **saudosos** ten o mesmo significado de saudable.

Outro testemuño rosaliano desta verba témolo nos seguintes versos do poema "O encanto da pedra chan": *sopraban unhas brisas repousadas*, / *soaves e saudosas*, / *cal promesas cumpridas*, *si esperadas.*

Sen dúbida, a introducción no galego da palabra portuguesa **saudade** e do seu correspondente adxetivo **saudoso**, foi a causa de que o sentido primitivo desta forma tradicional galega se vaia esquecendo, mesmo nos diccionarios, xa que os escritores a usan actualmente no sentido de 'nostálxico' ou de 'que ten saudade'.

294. Soedades prácidas

O feito de estar un só, sen compañía, expresábase en latín mediante a palabra SOLITATEM que se converteu en galego en **soedade** ou **soidade**. Vulgarmente estas verbas quedan reducidas a **soedá** e **soidá** que fan os plurais engadindo un *s*: **soedás** e **soidás**, en vez de **soedades** ou **soidades**. A pesar de ser moi empregadas estas voces tanto na lingua escrita coma na falada, está introducido o castelanismo **soledade**, **soledad** ou **soledá**.

Rosalía é cantora continua da **soidade** dos seres humanos e emprega moitas das formas que acabamos de citar. No poema "¡Padrón!... ¡Padrón!" dinos *Todo é silensio mudo / soidá*, *delor / onde outro tempo a dicha / sola reinou...* Pero a **soidade** pode ás veces ser prácida: *¡Qué tristeza tan doçe! / Que soidá tan prácida!...*

Conxo, *o do craustro triste e as soedades prácidas...* e ás veces ser doce: *Nin brillo dos honores fementido / foran trabar tan doçes soledades...* Claro que ó mesmo tempo a **soidade** pode ser doce e triste: *¡Que doce*, *máis que triste tamén é a soledad!... Por eso eu che cantaba / en triste soledá...*

Noutras ocasións ve a **soidade** con máis pesimismo e negrura: *Déralle por herencia o desconsolo*, / *coa negra soledá*, *que ó probe asiste... Nas frías pedras do seu lar sentado / tan váreo movemento contempraba / de negra soledade acompañado... A negrura da soidade...* E mesmo a **soidade** pode aparecer oposta á *soidá prácida: ¡Mais para un alma en horfandá sumida / que soidá tan deserta e tan amarga!*

295. Vastas soidades

A palabra **soidade**, 'estado en que se atopa o que está voluntaria ou involuntariamente sen compañía' pasou tamén a significar 'lugar ermo' ou 'terra non habitada'.

Rosalía fai uso desta segunda acepción no prólogo de *Follas Novas* cando explica onde escribiu os seus versos: *Escritos no deserto de Castilla*, *pensados e sentidos nas soidades da natureza e do meu corazón* e cando xustifica a publicación do seu libro: *Que o deixen pasar*, *como un rumor máis*, *como un perfume agreste que nos trai consigo algo daquela poesía*, *que nacendo nas vastas soidades*, *nas campías sempre verdes da nosa terra e nas praias sempre hermosas dos nosos mares...*

Neste sentido usa máis a miúdo o castelanismo **soledad**. No poema titulado "¡Pra a Habana!" fala da emigración e apostrofa: *Galicia*, *sin homes quedas / que te poidan traballar. / Tes en cambio orfos e orfas / e campos de soledad..* No poema "No craustro", ve sombras pasar en procesión mística *naquelas soledades*, */ que amaba canto temía...* E á poesía número 7 de *Cantares Gallegos* pertencen estes versos: *Pasín os montes*, */ montes e valles*, */ pasín llanuras / e soledades.*

Tamén no poema "Na catredal" fala da *Virxe da Soledade*. Xa comentamos nalgunha outra ocasión a presencia do castelán nos temas relixiosos, debido ó feito de que a lingua eclesiástica cultural era o latín e nas oracións en lingua vulgar era daquela sempre o castelán. Non sei se algún autor galego falou algunha vez da *Virxe da Soidade*...

296. Mórrome de soidades

A **soidade** pode ser ás veces buscada conscientemente e pode ser, polo tanto, pracenteira e doce, pero outras veces aparece involuntariamente e causa dor e pena. De aí que esta palabra tome o sentido de 'pesar e melancolía pola lembranza dun ben amado do que se carece no momento presente'. Neste sentido a lingua galega prefire o uso do plural: **soidades**. Nembargantes agora ten moito emprego a voz portuguesa *saudade*, que na súa orixe era tamén *soidade*, que logo pasou a *suidade* e, por influxo da verba **saúde**, despois foi convertida en **saudade**.

Son as **soidades** algo consubstancial coa poesía (¿tal vez coa vida?) de Rosalía de Castro. Empecemos por recordar algúns versos de *Cantares Gallegos: Campanas de Bastabales*, */ cando vos oio tocar*, */ mórrome de soidades... Que os amores xa fuxiron*, */ as soidades viñeron*, */ de pena me consumiron... Cal ela*, *ningunha / tan doçe que cante / soidades amargas... Non me olvides*, *queridiña*, */ se morro de soidás... Desque del vivo apartado / O meu corazón sentiu*, */ tal me acoden as soidades.*

Tamén as **soidades** aparecen frecuentemente en *Follas Novas.* No poema "Unha vez tiven un cravo" vese moi claro o que son as **soidades** cando arrancou o cravo do seu corazón: *soupen só*, *que non sei que me faltaba / en donde o cravo me faltou*, */ e seica*, *seica tiven soidades daquela pena...*

Outros testemuños destas **soidades** aparecen noutros versos de *Follas Novas: Morrendo de soidades / toda a chorar me matei... Canta grito que si cantas / sinto negras soidás... Soidás me consumen*, */ bágoas me alimentan... De soidás morríase*, */ na vila suspirando pola aldea...*

297. Zongue, zongue

Rematamos hoxe as *Follas da Lingua*, que ó longo dun ano pasaron polas páxinas de *La Voz de Galicia* en homenaxe a un dos poetas máis importantes da literatura universal do último século, recor-

dando uns versos do poema titulado "A probiña que está xorda": *I a cega dalle ó pandeiro / i o cego toca nas tecras / i ó compás do zongue*, *zongue*, */ de novo bailan as nenas .*

O **zongue**, **zongue** é a onomatopea que representa os sons emitidos pola zanfoña do cego e polo pandeiro da cega. Paréceme unha creación acertadísima este **zongue**, **zongue** que non sei se algúns outros escritores usaron noutras ocasións.

As cento vinte voces que comentamos desde estas páxinas poden reflectir en certa medida o dominio e mestría que acadou Rosalía no uso dunha lingua que non tiña modelos, patróns, gramáticas, diccionarios... pero que ela soubo elevar á categoría de lingua literaria normal. A través dun instrumento lingüístico de comunicación oral case exclusivo, que ela coñeceu como poucos outros foron quen a facelo desde entón, expresou o inmenso tesouro dunha poesía que manifestaba a riqueza de sentimento e sensibilidade dunha muller ligada ó seu pobo en particular e a toda humanidade en xeral.

Oxalá que estas pequenas lerias sobre palabras e expresións usadas por Rosalía serviran de algo útil a quen co corazón inxenuo e sincero se achegou a esta galega universal no ano do centenario da súa morte.

E tamén ó compás do **zongue**, **zongue**, retíranse as *Follas da Lingua* pensando no enriquecemento que tivo para o seu autor este contacto continuo coa obra rosaliana que o deixou fondamente marcado e dotado de novas forzas para facer próximos comentarios lingüísticos.

IV. RETRINCOS DA LINGUA

298. Rañolas abesulla o contenente de Pedro

Varias veces emprega Castelao nos seus escritos o verbo **abesullar**. En *Os dous de sempre* lemos como Rañolas *abesulla o contenente agoniado de Pedro e non pode tronzar unha gargallada.* En *As cruces de pedra na Galiza* di: *Nas bibliotecas de París consultei bastantes libros e revistas, que me deixaron abesullar a cortedade das miñas letras... Abesullade o estenso e variado repertorio de cruces antefixas galegas...; e cando os paisáns cruzan de noite por diante dun cruceiro e abesullan algún home a durmir nas súas gradas, fuxen caladiños...*

Coido que os que non temos ese verbo **abesullar** na nosa fala normal, trala lectura destes catro exemplos podemos chegar á conclusión de que ten un valor semellante ós verbos ver, mirar, botar unha ollada, axexar, etc.

Abesullar está testemuñado nas "Papeletas de un diccionario" recollidas por Fr. Juan Sobreira no século dezaoito como **avesullar**, propio de Lugo, e co significado de 'atisbar acechando'. Nos primeiros diccionarios galegos aparece xa este verbo cos sentidos de 'estar á mira', 'mirar', 'ver', e nos últimos aparece como 'mirar atentamente sen acabar de ve-las cousas', acepción que toman dunha definición de Aníbal Otero.

Eu penso que **avesullar** (escríboo con V porque coido que é máis etimolóxico) é un derivado de VISUM 'visto', da mesma orixe que **avisar** 'dar sinal de alerta do que se ve' e da mesma familia do castelán *avizorar,* que sairía de *visor.* O citado Aníbal Otero rexistrou tamén a variante **avisourar**. Non resulta arriscado pensar que as formas **avisar** e **avisourar** influídas polo verbo ollar deron orixe á nosa voz **avesullar**, xa que todas elas coinciden na súa significación fundamental de mirar.

299. Anda aboiado polas rúas

Se eu preguntase a unha persoa da Galicia interior que significa a verba **aboiar**, respondería inmediatamente: "cubri-lo touro á vaca", "poñer varias vacas xuntas para ve-las que están en celo". Esta voz *aboiar* é claramente un descendente de **boi** e neste sentido é voz exclusiva de Galicia. **Aboiar** pode ser tamén afala-lo gando ou levalo para o curral a base de berros e de aguillada.

Pero se eu preguntase a unha persoa da Galicia mariñeira, diría que **aboiar** é flotar na auga coma unha **boia**. Neste caso vese que **aboiar** é palabra distinta da anterior porque procede da voz **boia** que

entrou nas linguas da Península Ibérica desde Francia, coma tantos outros termos marítimos, aínda que a orixe habería que buscala entre os xermanos.

Castelao, como home da costa, usou esta voz só nesta última significación e, case sempre, nun sentido figurado: *Esta lámpara, que foi azucareira noutro tempo, sirve agora de vaso sagrado, onde aboia día e noite unha luciña...*

E de aí, por ampliación metafórica, pasa a significar 'andar errando á maneira dunha boia' como vemos polas seguintes frases: *En canto Pedriño anda aboiado polas rúas, como un papaleisón...; E Pedro, farto dos aldraxes da sogra, prefireu aboiar polas rúas...; Dispois vaga polas rúas, deixándose ir aboiado, coas máns mergulladas no pantalón...; Lémbrome dos galegos vellos que andan aboiados polas rúas cibdadáns...* etc.

En fin, atopámonos hoxe ante dúas palabras homónimas, porque teñen a mesma pronunciación e a mesma grafía. O **aboiar**[1] do campo non ten nada que ver co **aboiar**[2] do mar.

300. Acochábanse nos currunchos

Coido que a significación fundamental do verbo **acochar** se pode ver neste exemplo: *Esa galiña está acochando uns pitiños.* Neste caso **acochar** é o mesmo que cobexar. E de aquí veñen os sentidos figurados de albergar, acoller, amparar ou protexer como vemos nos seguintes versos de Rosalía: *Mañán é o día grande ¡á mar amigos! / ¡Mañán, Dios nos acoche!*

No fondo **acochar** leva consigo o significado de tapar, que é o que fai a galiña cos pitiños. Así vemos claramente este sentido nos seguintes versos de Lamas Carvajal: *Arrepiada, tremando / acocheime baixo as roupas...*

E de taparse ou abrigarse pasamos ó sentido de agacharse ou ocultarse que é o que máis a miúdo atopamos usado por Castelao: *As ánimas que non cabían nas velas acesas acochábanse nos currunchos sombrizos...; Pedro inventa doenzas para quedarse acochado no leito...; fitei como na caixa dos cadriles tiña acochado un esquelete pequerrechiño... Tódalas noites escoitaba os ensaios do orfeón acochadiño nas tebras da rúa...*

Pero por un sentido translaticio **acocharse** pode pasar a te-lo mesmo valor que deitarse, como vemos nesta frase de *Retrincos*: *Peito de Lobo, preso na casa pola súa muller e polo medo de matar a un home, acochouse cediño.*

Se pensasemos soamente no último exemplo poderiamos crer que **acochar** pertencería á mesma familia da voz francesa *coucher* e teriamos que admitir que sería un galicismo. Pero **acochar**, que ten na fala viva as variantes **agochar**, **aguchar**, **acuchar**, coincide semanticamente bastante co seu sinónimo **agachar** e tal vez teñan todas esas formas unha orixe distinta á palabra latina COACTIARE que postulan algúns lingüistas. Seica é unha voz de creación expresiva ou unha palabra prelatina.

301. Finxido acoitamento

Hoxe volvemos atoparnos cunha palabra que procede da lingua occitana. Os trobadores empregaron moito a voz **coitar**, verba saída do latín vulgar, e os seus derivados **coita** e **coitado** con significados semellantes ós que teñen actualmente estas palabras, de aflixir, entristecer, apesarar, etc. E nos textos medievais aparecen moi a miúdo estas formas que logo pasaron á lingua común.

En Rosalía temos constancia do uso destas voces: *foron as innumerables coitas das nosas mulleres...; E tornou a vivir arrepentido / anque triste e dorido, / aquel probe coitado...* Castelao tamén as emprega: *O probe manxador portaba cada día unha coita nova...; os rapaces botáranselle encima como cans doentes e coitado confesou tatexando...*

Destas verbas xurdiron **acoitar** co significado de poñer en **coita** a alguén, poñelo en perigo, ou en apuro, aflixilo, amargalo, comprometelo, etc. E de **acoitar** saen as voces **acoitante** 'que dá coita ou inquietude', **acoitador**, **acoitado**, **acoitadamente** e **acoitamento**.

Nos *Retrincos* usa Castelao esta última voz no sentido de 'apuro', 'pena', 'ánimo abatido': *Cando chegamos á casa de Melquiades logrei arriarme das súas mans, e con finxido acoitamento confeseille que sabía pouco da carreira...*

Pero de toda esta familia léxica a voz máis corrente hoxe é **coitado**, que se aplica tanto a quen é aflixido, tristeiro, desgraciado, infeliz, coma a quen se apouca e non é capaz de tomar resolucións ante calquera problema.

302. Adobíos de prata

Os nobres xermánicos tiñan o costume de armar cabaleiros ós mozos nunha cerimonia solemne. A palabra empregada para este acto era *dubban,* que pasou ás linguas romances como *ADOBARE.* Despois, *adobare,* que significaba algo así como 'adornar' ou 'compoñer un cabaleiro' chegou a ter simplemente o valor de 'adornar'. E con este sentido mantívose esta verba por moito tempo.

Pero a forma romance **adobar** (en moitos lugares dise **adubar**) usouse tamén coa significación de 'adornar unha comida' e por iso calquera galego hoxe entende **adobar** como 'condimentar'. E do mesmo xeito entende **adobo** ou **adubo** no canto de condimento.

Sen embargo os escritores teñen preferencia polas novas creacións **adobiar** e **adobío** (en vez de **adobar** e **adobo**), no sentido de adornar e adorno, xurdidas polo cruce das formas tradicionais cos seus sinónimos *ataviar* e *atavío*, que teñen seica unha orixe tamén xermánica.

Castelao emprega moitas veces a forma **adobío** (que adoita escribir a miúdo con *v*) no sentido de adorno. Vémola empregada en *Retrincos*: *Gusta de taparse con adovíos de imaxinación... atrangallado con mil adovíos de prata...* En *Cousas*: *na roupa moitos remendiños: adobíos da súa probeza...* En *Os dous de sempre*: *A tía Adega mercou na tenda os panos e adovíos mellores... Entra despois outro gaucho arrastrando as esporas e chinclando adovíos de prata...*

Tamén Castelao usa o verbo **adobiar** no sentido de adornar en frases coma as seguintes, que pertencen ó libro *Os dous de sempre*: *O rapaz iría vestido de San Xosé con que a tía pensaba adovialo para descer á cova... un cuño de ouro, adoviado con pedrerías de moito valimento...* E a *Cousas* pertence estoutra: *Érguese o pano e aparece un estudo elegante, adobiado con moito señorío...*

303. El era alabeeiro

Castelao fai unha magnífica descrición dun dos protagonistas de *Os dous de sempre*: *Pedriño, o fillo máis vello de Farruco, veu vivir coa tía Adega. El era manso, doce, alabeeiro; pero tamén lacazán, pousafoles e máis que nada comellón e lambeteiro.*

Nese texto úsase a voz **alabeeiro** que penso que a emprega Castelao por primeira vez como creación propia partindo do verbo *alabear* 'combarse a madeira labrada dunha porta, mesa, fiestra, etc.'. **Alabeeiro** está rexistrado no diccionario de Eladio Rodríguez como "dócil, obediente, sumiso" poñéndose como exemplo o texto citado do noso autor. Non aparece na fala viva como tampouco aparece *alabear*, xa que en galego dicimos **empenar**.

Alabear é un castelanismo superfluo e sobre el creou o rianxeiro ese adxectivo **alabeeiro** para indicar que Pedriño era capaz de empenarse ou dobregarse facilmente.

Parece que a voz castelá **alabear** é un derivado da voz latina ALAPA, que de significar labazada pasou a indica-lo movemento de brazo para dar un lapado e de aí a significar ala e o beiril dun tellado. ALAPA deixou en galego como descendente directo a verba **aba** 'faldra', palabra xa pouco popular, pero que Castelao empregou algunha vez (*gabea polas abas da Virxe*).

Desa mesma voz latina proceden as orelleiras do arado que son coñecidas tamén cos nomes de **abeacas**, **abiacas**, **beacas**, **biacas**, **abecas**, **abiecas**, etc., porque teñen as formas de ala ou, mellor dito, de **abas**.

304. Non gustaba deses alaudos

Coido que é ben coñecida a etimoloxía do noso verbo **louvar**, que procede do latín LAUDARE. Castelao fai moitas veces uso desta voz: *As costureiras louvaban a fermosura do neno...; o probe cego non se farta de louvar as vexigas que lle concederon nunha carreira de cego...; Creo que xa estamos en condicións de louvar o Estatuto galego...*

De **louvar** saíron derivados como **louvanza**: *compoñedor de versos en louvanza das nenas bonitas...; dun esprito superior a toda louvanza...;* e a expresión **en louvor de**: *Aqueles moimentos semellan un canto lírico en louvor de Cristo...; os pedróns erguidos en louvor do imperio...*

Pero xa desde moi antigo debeu botarse man, tal vez por influencia da linguaxe eclesiástica, do cultismo latino LAUDARE, que se fixo popular exclusivamente en Galicia e non nas demais linguas peninsulares.

O verbo **alaudar** é empregado aínda por moitos falantes como sinónimo de **louvar** ou de gabar e tamén por varios escritores. Castelao é un deles: *é a hora en que os cruceiros aparescen máis fermosos para que os alauden os poetas...; ¿Será preciso alaudar o sistema federal...?; do himno... no que se alaudaban tódalas partes dooridas do corpo de Cristo...*

E de **alaudar** xurdiu a voz **alaudo** como sinónimo de **louvanza** ou *eloxio*: *E a siña Filomena non gustaba desos alaudos...; a figura esgalichada de Pedro cólase na cociña i endelí a sogra fíreo con alaudos burlescos...; Porque das fiestras e balcóns deitaban alaudos á súa bonitura...*

En fin, resulta interesante comprobar como a nosa lingua foi quen de introducir e conservar cultismos en calquera época.

305. Dez bocas con alferrón

Se eu preguntase a algunhas persoas que é un **ferrete**, estou seguro que recibiría varias respostas. Todo depende das diversas experiencias de cada quen no uso desta verba. Un labrador que ten gando

porcino respondería inmediatamente que é o arame que se lle coloca ós porcos nos fociños para que non focen.

Para unha persoa que se estea calzando nese momento sería o cabo metálico dos amallós. Para un neno sería o ferro aguzado do seu peón ou buxaina. Para quen estea afalando as vacas sería a punta da aguillada. Por todas estas respostas vemos que **ferrete** ten a orixe na palabra **ferro**.

Pero **ferrete** é tamén para todas esas persoas un sinónimo do aguillón de abellas e avespas ou doutros insectos e mesmo dos **ferretes** ou púas dalgunhas plantas. E posiblemente a maioría dos falantes empregarían esta palabra para indicar de alguén que ten unha lingua viperina, que é moi irónico ou moi mordaz (*¡que ferrete ten Antón!*).

Resulta necesario dicir que hai algúns falantes que empregan diversas variantes desta verba: **ferrote**, **ferroto**, **ferrón**, **ferrotón**, **forrón**, **forrote**, **forrete**, etc. Tal vez a máis corrente destas variantes é a de **ferrón**, que á súa vez pode transformarse en **alferrón**.

Esta voz, **alferrón**, chamou a atención do etimólogo Corominas que cre que xorde do cruce de **ferrón** con arpón. Coido que sería máis doado pensar no cruce de **ferrón** con **alfinete**, palabra moito máis corrente e máis próxima de significación.

Castelao emprega esta voz **alferrón** varias veces no sentido figurado que citamos arriba: *a tía Adega... endexamais lograba espetar dúas veces nas fazulas dun mesmo neno aquel terríbel alferrón que Deus lle plantara no queixo...; Ímonos logo e deixemos a estas boas pezas a rexoubaren de nós. ¡Teñen un alferrón!...; Dez bocas con alferrón...*

306. Come-los angumiños

De *Retrincos* de Castelao é a seguinte frase: *E xuzgando que xa non quería comerme os angumiños, arrisqueime a falarlle,* onde aparece esta expresión *come-los angumiños* que Valladares no seu diccionario nos explica como 'chupar unha persoa a outra as entreteas, privala de tódolos recursos ou medios con que contaba para vivir'.

Esta explicación non aclara que son os **angumiños**, pero si o aclara o diccionario de Eladio Rodríguez que di que son entrañas, principais vísceras do corpo humano e que na linguaxe vulgar equivale a fígados, coma cando dicimos *heiche come-los angumiños.*

Con todo, Eladio Rodríguez identifica esta voz con **sangumiños**, que ten a mesma significación e que se emprega en frases como *bebíalles ós pais* os *sangumi*ños ou *comeulle os sangumiños.*

A voz **sangumiños** deriva de sangue, como son derivados tamén de **sangue** varios nomes de árbores como **sanguiños**, **sangriños**, **sangubiños**, **sangumios**, **sanguños**, **sanquiños**, etc.

Como esta verba está usada continuamente en plural, é dicir, **os sangumiños**, é fácil de entender que moitos falantes, que loxicamente pronuncian *ossangumiños*, cando lle quitan o artigo, cren que o *s* inicial de **sangumiño** é o *s* do artigo e por iso pensan que o nome é **angumiños**.

Este mesmo fenómeno de perda do *s* inicial dalgunhas palabras dáse noutras voces. Resulta moi corrente na fala dicir os **abañóns** por os **sabañóns**, as **andalias** por as **sandalias**, e outras parellas similares: **altasebes** por **saltasebes**, **alvado** por **salvado**; **ámago** por **sámago**, **amesuga** por **samesuga**, **ofraxe** por **sofraxe**, etc.

307. Aplacada ornamentación

Din os lingüistas que tódalas linguas teñen a capacidade de expresar toda clase de pensamentos, de ideas, de técnicas e de tanto canto necesita o home para a súa comunicación cos outros seres humanos. Naturalmente non todas elas posúen un léxico tradicional en moitos aspectos da vida material e espiritual nun momento determinado e por iso botan man á mantenta de palabras doutras linguas para encheren eses baleiros, ou transforman as que xa tiñan mediante certas modificacións.

Os cultismos xorden nunha circunstancia histórica ben para dar nome a obxectos novos ou ben para expresar mellor algunhas ideas. Neste último caso adoitan se-los literatos os que introducen esas palabras novas que en moitos casos pasan a ser posteriormente palabras populares.

Vexamos un exemplo deste tipo. ¿Quen pensa hoxe que o noso **aplacar** é un cultismo que empezou a usarse na Península Ibérica alá polo século XV? **Aplacar** é voz tomada do latín nesa época e por tanto non sufriu ningunha evolución fonética. Ten en principio os sentidos orixinarios da lingua nai: acougar, mitigar, suavizar, tranquilizar, calmar, etc. pero logo amplía os seus significados. Así neste exemplo de Castelao: *A iauga que* cai *a fío aplaca o fume azul contra as tellas brilantes dunha chouza*, parécenos que **aplacar** ten case o sentido de esmagar e moito máis claro aparece neste outro: *O sancristán puxo enriba da cabeza de cartón o tumbo dos difuntos e coa humidade do inverno aplacouse e quedou esmagada.*

No mesmo Castelao atopamos outros exemplos onde **aplacar** ten os que chamamos sentidos orixinarios latinos, pero modificados polo seu propio estilo de escritor, como vemos nesta frase: *En canto ao País Basco vense alí moitas cruces... e varios cruceiros de aplacada ornamentación.*

E na fala popular podemos escoitar frases como esta: *hai que aplaca-lo forno,* para indicar que hai que arrefrialo porque está moi quente.

308. Un rapaz apouvigado pola morriña

No libro titulado *Retrincos* preséntase Castelao a si mesmo como un *melido rapaz de doce anos apouvigado pola morriña das paisaxes nativas, acabadas de deixar, e pola tristura dos campos en que me vía forzado a vivir.* A voz **apouvigado** ten aquí o sentido de abatido ou aflixido.

En *Cousas* usou tamén, cun significado parecido, esta mesma voz: *A mañanciña do luns colleume aínda na rúa, todo apouvigado, en precura dos choqueiros...*

En *Os dous de sempre* volvemos atopar esta palabra: *Habías de empreñar ti, larchán!... E Pedro, apouvigado, respondía para os seus adentros: Eu que sei!...* E noutro lugar desta mesma obra nárrase a celebración dunha Santa Misión na vila e *os frades pregadores apouvigaban os espritos petando en tódalas concencias co seu terríbel Dies irae.*

Os diccionarios recollen esta voz cos significados de 'aflixir', 'abater', 'arrasar' e 'destruí-lo vento as meses'. O de Eladio Rodríguez recolle un exemplo da obra *Trebón* de A. Cotarelo que di así: *brúan os ventos e a terra trema apouvigada.*

Pero na fala viva encontramos usada esta palabra **apouvigado** no sentido de 'tranquilo' e o verbo **apouvigar** como sinónimo de sosegar ou acougar. E tal vez estea relacionado este verbo con **pouviar** que

significa 'tiritar' ou coa verba, que recollo do diccionario de Franco Grande, **poubieiro**, que equivale a 'altura azoutada polo vento'.

Apouvigar é unha palabra exclusivamente galega e non sei se foi estudiada a súa orixe. Parece claro que a terminación *-vigar* vén da terminación latina -FICARE. Pero polos poucos datos que teño agora á man non podo asegurar se está en relación con PACIFICARE (derivado de PACEM*)* ou con PULVIFICARE (derivado de PULVUS 'po') ou co verbo PAVERE 'temer'...

309. Eu arelaba botar fóra de min aquel medo

Hai moitas verbas galegas que son exclusivas da nosa lingua e que non aparecen rexistradas noutros idiomas románicos. Unha destas é o verbo **arelar**, empregado moi a miúdo polos nosos escritores, pero, que eu saiba, a penas coñecido na lingua falada.

En *Cousas* describe Castelao como *Martiño arelaba ser dono do campanario da Eirexa* e como a nai *ben arelaba que o seu fillo fose distinto* e en *Retrincos* exprésase así: *Eu arelaba botar fóra de min, nun brado ceibador, aquel medo abafante.* En todos estes exemplos vese como **arelar** ten o valor de 'desexar ardentemente algo'.

Aínda poderiamos engadir algunha outra mostra deste uso. En *Os dous de sempre* o afiador *arelaba probar fertuna en París* e en *Os vellos non deben de namorarse* atopamos este verbo na seguinte frase: *Os homes deben buscar tesouros amorosos na mocedade e gardalos ben gardadiños para cando chegue a vellez, si é que arelan o respeto do mundo...*

Non sei de onde vén a fortuna desta palabra na literatura. Dá a impresión de que algo debe ter que ve-la semellanza co castelanismo *anhelar,* influído por outras verbas que comezan por *ar-* como **arder** ou como a mesma voz antiga **ar** 'aire'. Hai etimoloxías para tódolos gustos desta palabra **arelar**, practicamente descoñecida entre os falantes que empregan outros sinónimos moi tipicamente galegos: **debecer**, **degoxar**, **cobizar**, etc.

Tampouco sei se este **arelar**, tan querido polos escritores, ten que ver realmente coa voz **arela** que Aníbal Otero recolleu pola parte oriental de Lugo co sentido de 'ánimo' no sintagma *perde-las arelas* ou coa **arela** que Eladio Rodríguez traduce ó castelán como 'grima', 'desazón' en frases coma a seguinte: *mesmo dá arela ouvilo falar con tanto arruallo.*

310. Camiñando con arfado compás

Xa falamos moitas veces dos cambios tan profundos que lles ocorren a moitas palabras desde o seu paso do latín ata as linguas romances do día de hoxe.

Existiu en latín o verbo AREFACERE*,* que significaba 'secar', que se conservou con esa significación no sur de Galicia e no norte de Portugal baixo a forma de **alfar** ou **alfear**. Deste sentido primitivo ou orixinario pasouse, baixo a forma **arfar**, ó de latexar ou palpitar, que é bastante usado en portugués.

Os portugueses, por un uso metafórico desta voz, dixeron dos barcos, que eran batidos pola ondaxe e se balanceaban de popa a proa, que latexaban ou *arfaban*. **Arfar** converteuse nun termo náu-

tico específico para indicar ese balanceo dos barcos e do portugués tomaron esta voz con este sentido galegos e casteláns.

Eu nunca escoitei directamente a ninguén esta verba, pero está nos diccionarios galegos cos mesmos significados que acabamos de citar para o portugués.

Castelao fai emprego deste verbo **arfar** cun novo sentido metafórico. Partindo do balancear dos barcos, pensa que as persoas tamén poden moverse do mesmo xeito e píntanos en *Sempre en Galiza* á virxe Eteria do seguinte modo: *Alí distinguimos á virxe Eteria con túnica de branco liño e camiñando con arfado compás*.

Tamén nos *Retrincos* describe á rapaza protagonista dun relato con andares **arfados**.

Velaí curiosamente como desde 'secar' se pasou a 'balancearse'.

311. Bailaba coma un argadelo

Hai días falabamos de como o aparello empregado para facer meadas ou madeixas e chamado **sarillo** desapareceu das nosas casas, pero o seu nome quedara patente en expresións como *el é moi sarilleiro* ou no verbo **ensarillar**.

Poderiamos seguir falando da vixencia doutras palabras referentes ós demais utensilios que teñen que ver co traballo do liño como **urdideiras**, **debadoiras** ou **dobadoiras**, **rocas**, **espadelas**, **fusos**, etc., pero hoxe imos tratar doutro obxecto moi coñecido, o **argadelo**.

O **argadelo** é un aparello similar ó **sarillo** ou á **debandoira** que ten unhas aspas que xiran verticalmente e produce un movemento e barullo moi grande. De aí que as xentes chamen **argadelo** á persoa moi bulidoira e que non acouga.

Castelao usa esta verba un par de veces precisamente con esta significación metafórica. Así de Rañolas, protagonista de *Os dous de sempre* afirma que *O seu maxín -argadelo de soños- dalle canto quer. E* de Sabela, protagonista dun relato de *Retrincos* di que: *Cantaba como un xílgaro e bailaba coma un argadelo.*

Argadelo é unha voz formada en latín vulgar, ERGATELLUS, como diminutivo de ERGATA 'cabrestante', que se estendeu por case toda a Península e que ten en galego unha evolución fonética normal. Curiosamente en portugués desapareceu esta palabra e foi introducido nas provincias norteñas o castelanismo ou leonesismo *argadijo* que se transformou en *argadilho.*

Quen coñece un cabrestante dun barco pode facerse idea do que era un **argadelo** ou, viceversa, quen sabía o que era un **argadelo** podería imaxinarse o que era un cabrestante.

312. Sen arreda-los ollos

Parece que hai palabras que teñen a sorte de estar sempre presentes nos textos antigos e modernos e de ser usadas na fala viva. Unha destas é o verbo **arredar** que non existía en latín e que se orixinou xa cando as linguas romances naceran. En latín había o adverbio AD-RETRO, que significaba 'atrás', do cal se formou a verba romance *arredro.* E desta voz xurdiu o verbo **arredrar**, que eliminou un *-r-*, quedándose en **arredar** coa significación primitiva de 'botar atrás'.

Está testemuñado **arredar** frecuentemente nos textos medievais: *et tanto se arredaron de conoscer a Deus* (da *General Estoria*), *...os gregos foron arredados afora per força* (da *Crónica Troiana*), *et arredada a nave deles saseenta couedos* (dos *Miragres de Santiago*), etc.

Castelao fai un uso constante deste verbo **arredar**, empregándoo con diversos matices. Cando escribe que *para arredar o corpo astral do físico non hai outro remedio que queima-lo cadavre* vemos que **arredar** indica separar, case diría eu que materialmente, coma se se tratase de partir algo en dúas partes.

A idea de separación que expresa **arredarse** está moi clara nos seguintes exemplos: *Estes dous catadores de ilusión emprenderon camiño adiante e nunha axeitada encrucillada arredáronse sen door...; O amo vendeunos (os dous bois) para matar e tiveron que arredarse para sempre.* E neste outro ten un sentido figurado de quita-la intención a alguén: *Nada podía arredarme de luxa-las mans.*

O matiz de afastarse vémolo nestas frases: *As preocupacións do meu vivir arredáronme das troulas...*; *canto máis se arreda unha lingua da fonte máis se arreda da enxebreza do seu orixe...* etc.

Poderiamos sinalar outros moitos matices, pero bástenos como final o matiz de desviar que atopamos nestes exemplos: *Arredáronse da estrada e deixaron o burro de Rañolas agachado nunha xesteira...; Pedro sigueu comendo sen arreda-los ollos do prato...*

313. Un home arriscado

Xa vímo-los diversos significados que tiña a voz **risco**, pero non tratamos desta voz cando ten o sentido de 'proximidade dun dano ou posibilidade de recibilo'. Non está claro que esta voz **risco**, como sinónimo de raia sexa o mesmo **risco**, sinónimo de perigo.

Os escritores usan moito esta última acepción de **risco**. Castelao emprégaa varias veces: *e por moi enamorada que estea é natural que pense nos riscos que corre a súa dote...; pero non soupemos prever os riscos que corría a República...; para prever os riscos que correría Galiza...; non podía ser máis penosa nin máis chea de riscos...*

O verbo correspondente a **risco** é **arriscar** ou **arriscarse**, moi usado en tódolos niveis da lingua falada e escrita. Castelao úsao moi a miúdo: *Un garda municipal sacou forzas de medo e arriscouse a rubilos banzos da escada...; Arriscándome moito puden chegar pertiño da pedra redonda...; Lémbrome que unha vez arrisqueime a falar das miñas inquedanzas...; e non arriscar con improvisacións o porvir do noso país...; e arriscou a vida por un cacho de pan...* etc.

E de **arriscar**, ou mellor dito do seu participio **arriscado**, temos esta forma **arriscado** que xa se emprega normalmente como adxectivo equivalente a 'atrevido', 'valeroso' ou 'ousado', segundo vemos nestes exemplos: *Rañolas é un home arriscado, dino de ter movimento nas pernas...; tíveno polo máis bo, arriscado, intelixente e forte do mundo enteiro...; dos seus fillos máis fortes e arriscados...; mozas arriscadas...* etc.

E o feito de **arriscarse** pode ser tamén un **arriscamento**: *O alquilador nun intre de arriscamento trabou a fouce cos dentes e gabeou polas pedras arriba...*

Nalgunhas partes de Galicia **arriscarse** toma o valor de amañarse, compoñerse, asearse con esmero, sentidos ós que se chegou probablemente porque **riscar** é facer raias e, polo tanto, adornos a determinados obxectos dos que xa falamos.

314. Arrombaba os laciños

O verbo **arrombar** (moita xente di tamén **arrumbar**) ten en galego moitas e moi diversas acepcións. Castelao fai uso desta voz en varias ocasións. Vexamos algúns exemplos. De *Retrincos* son as seguintes frases: *Un día sioume que estaban arrombando o submariño Peral... porque estamos arrombando o submariño Peral.* E doutras obras son estoutras: *xa terei eu todo ben arrombadiño nunha caixa... Tódolos días bicaba os frascos e arrombaba os laciños de seda...*

En todas esas citas vemos como **arrombar** significa 'arranxar', 'poñer en orde', 'acomodar' ou 'preparar'. Pero **arrombar** ou **arrumbar** pode significar tamén 'poñer algo nun curruncho' ou simplemente 'apartar unha cousa que está estorbando noutra parte'. Semellante a esta última significación é a que dá o diccionario de Eladio Rodríguez: arrimar, acercar, e mesmo tapar e abrigar; e pon como exemplo esta frase de López Ferreiro: *e como lle pareceu que estaba trasvaiando, arromboulle a roupa ás espaldas.*

Algunhas veces escoitamos na fala popular o uso de **arrumbar** ou **arrombar** no sentido de inclinar: *o vento sopra tan forte que arromba as árbores*. Moi correntes en bastantes lugares son os significados de poñer unha cousa enriba doutra e de avultar: *esa morea de libros arrumba moito.*

Estes verbos **arrumbar**[1], **arrombar** non teñen nada que ver coa voz **arrumbar**[2] 'poñer rumbo' ou coa verba portuguesa *arrombar* que significa 'facer un burato ou unha abertura'.

Probablemente proceden da mesma familia que **arrumar** 'estibar' e **arrimar** 'achegar' que teñen unha orixe non moi clara. Esta familia de palabras **arrimar**, **arrumar**, **arrumbar** sufriu un proceso fonético similar ó que pasou con **derribar**, **derrubar**, **derrumbar**, como xa veremos.

315. Non se che arrufiou o corpo

Cando lin por primeira vez *Un ollo de vidro* atopeime coa verba **arrufiar** na seguinte frase: *e na pele da súa cariña fraca arrufiaba a brancura da morte* e entón non comprendín a súa significación. Posteriormente en *Os dous de sempre* volvín atopar con esta voz: *O tren non se para nas estacións queda moita xente de pé, arrufiándose co bafo griseiro da mañán* e tampouco daquela me quedou clara a súa significación.

Eu non sei se toda a xente que asiste á representación de *Os vellos non deben namorarse* entenden ben esta palabra cando a Morte lle di ó boticario *Xa se ve que aínda non se che arrufiou o corpo.*

Na obra *Sempre en Galiza* aparece tamén usado este verbo **arrufiar**, ben no seu sentido propio, *A terra non arrufía; pero endebén o ceo estrelecido dá ilusión de frescor,* ou ben nun sentido figurado, *Os nemigos do enseño confesional e privado arrufiaban o pensamento creador...; onde morre o sentimento relixioso e arrufían as entranas da cultura.*

Debo confesar que me quedou moi clara a significación desta verba cando lle escoitei dicir a un paisano dos arredores de Santiago que non podía coller non sei que cousa do forno porque estaba quente, pero *encanto o forno arrufiase* xa o podería facer. Poucos días despois escoitaba a unha persoa de Sobrado: *estou esperando que o caldo arrufie.* Desde entón souben xa moi ben que **arrufiar** é o mesmo que arrefriar.

Do mesmo xeito que **arrupiar** é unha variante de **arrepiar**, así **arrufiar** é unha variante de **arrefíar**, que á súa vez é unha reducción de **arrefriar**. Recorden que hai uns días falabamos de cómo *arredrar* se convertía en **arredar**.

Así pois, por razóns de evolución fonética, hoxe **arrufiar** non se recoñece facilmente como membro da familia léxica do **frío**: **enfriar**, **afriar**, **arrefriar**, **refriar**, etc.

316. Home ben asisado

Hai palabras procedentes do latín que sufriron unha evolución fonética normal propia de cada lingua e outras que non tiveron esa evolución porque entraron despois da formación das linguas romances. Pero ás veces hai palabras latinas que nunhas linguas foron sempre populares e noutras se perderon moi cedo e volven aparecer máis tarde como cultismos. Un caso deste témolo coa voz SENSUS que se conservou sempre no centro e occidente da Península Ibérica, mentres no resto da Romania se perdeu e volveu modernamente como cultismo.

SENSUM convértese en galego e portugués en **siso**, do cal temos xa moitos testemuños medievais coa significación de 'xuízo' ou 'entendemento'. Nas *Cantigas de Santa María* atopamos frases onde aparece esta verba: *como ome fora de seu siso... ren non lles valía siso nen cordura...* E da *General Estoria* son estas: *et aquel como non avía siso, nen entendía do mundo... non avía siso complido para reger...* etc.

Actualmente é voz abondo popular e vese a sinonimia con 'xuízo' cando nalgures din *moa do siso* ó lado da expresión máis corrente *moa do xuízo*. Castelao nos *Retrincos* fala de cómo a enxurrada patrioteira *levara tamén o meu probe siso de neno.* Noutras obras aparecen expresións coma as seguintes: *rillándolle o siso... o siso dos rapaces... chuchan o siso...*

Mais de **siso** xurdiu o verbo **asisar** nos sentidos de 'adquirir siso ou cordura' e de 'discorrer con prudencia'. E del o seu participio **asisado** converteuse en adxectivo co valor de 'xuizoso, prudente, formal' que usa varias veces Castelao: *O poeta non é ben asisado... Eu, que son home ben asisado... nun consello de home asisado... Era unha rapaza ben asisada e bonita coma un sol...*

317. A comida foi de atafego

Resulta ás veces moi interesante ver como algunhas palabras van cambiando a súa significación orixinaria a través dos tempos. A voz latina TYPHUS, que procedía do grego, significaba primeiramente vapor, bafo, posteriormente, convertida xa en **tufo**, transformouse en **tafo**, por influencia da palabra **olfacto**.

De **tafo**, voz sinónima hoxe de **bafo**, xorden os verbos **atafagar**, **atafegar** e tamén **estafar** que de significar 'botar bafo' pasaron a ser 'respirar con forza', 'causar sufoco', 'abafar', 'afogar' ou 'asfixiar'.

Na obra *Retrincos* de Castelao atopamos usado o verbo **atafegar** nun sentido moi apartado xa do seu étimo orixinal. **Atafegar** pasa a equivaler a algo así coma 'sufocar' ou 'apagar un ruído'. Véxase ó exemplo: *entón nun curruncho da praza xurdiron chíos firentes de mulleres que non daban atafegado un orneo que chegou a min coma un tremer de terra.*

De **atafegar** vai nace-lo substantivo **atafego**, que ten o sentido de sufoco como vemos neste exemplo tomado de *Os dous de sempre*: *A comida foi de atafego; mais o viño que botaron pola ialma abaixo dáballe azos a Pedro e fumes a Rañolas.*

Así pois, cando hoxe empregamos voces coma **atafegar** ou **atafego**, estamos lonxe de pensar que está en relación coa voz procedente do grego, **tufo**, ou coa voz **olfacto** que a converteu en **tafo**.

318. Atrangallado con mil adovíos

Nos *Retrincos* describe Castelao a seguinte escena: *Un día chegou ó comercio un vello* "*gaucho*" *enxebremente vestido e atrangallado con mil adovíos de prata.*

Non sei se outros escritores empregan esta forma **atrangallado**. Mirei no diccionario de Eladio Rodríguez e atopei esta definición de **atrangallar**: "despojar de lo que debía tener de serio y solemne un acto público" que non explica o **atrangallado** que emprega Castelao.

No diccionario portugués de Morais aparece un verbo *atrangalhar* coa significación de facer calquera servicio mal e á présa, que tampouco resolve a comprensión da nosa frase.

Creo que o **atrangallado** de Castelao hai que poñelo en relación á voz **trangallo**, é dicir, que o poderiamos substituír pola seguinte perífrase: *semellante a un trangallo.*

Trangallo é voz coñecida nos diccionarios como 'pao que se lles pon ós cans para que non poidan baixa-la cabeza ata o chan'. Pero o **trangallo** é o pao que se lle pon no pescozo a calquera animal, especialmente ás crías, ben para que non mamen ou ben para que non poidan saír por algún portelo.

Chámase figuradamente **trangallo** a unha persoa que parece un pao desaxeitado, ben porque anda medio torto de corpo ou pés ou ben porque parece un adán, pois non esquezamos que un **trangallo** é un despectivo de **tranca**. E se pensamos no sentido de **tranca** como borracheira, chegaremos tamén a comprender como de **trangallo** pasamos a **trangallada** como festa informal ou desaxeitada.

Así pois, cremos que o gaucho enxebremente vestido ía todo fachoso e ridículo coma un **trangallo**.

319. Morrer de arrepío

Cando vemos algo que non nos gusta e que causa en nós unha profunda sensación de desagrado, de medo e de estremecemento, sentimos que os nosos pelos se poñen de punta ou se encrespan. Normalmente hoxe en varias linguas romances, para expresar esta sensación, está en uso a voz culta procedente do latín HORRIPILARE que significaba 'encresparse o pelo'.

Pero en galego e en portugués esta voz latina ten unha longa historia, xa que HORRIPILARE sufriu unhas modificacións especiais que a converteron en **arrepiar**.

Se lemos frases coma estas, tomadas das obras de Castelao: *A morte non me arrepía...; teño unha dúbida que me arrepía...; Arrepía de pensar en tanta door...; i en chegando ó apartamento quedouse arrepiado...; arrepiáballe a idea de mete-lo corpo quente na iauga fría...* etc., vemos que arrepiar ten o valor de

'asustar', 'estremecer', 'causar horror', 'horripilar', 'horrorizar', etc. **Arrepiar** é voz bastante popular e ten a variante fonética **arripiar** e, segundo os diccionarios tamén **arrupiar**.

Moi empregado é o participio deste verbo, convertido xa en adxectivo, **arrepiante**, co significado de 'horripilante', 'espantoso', estremecedor', etc., que atopamos moi a miúdo nas obras de Castelao: *iso sería arrepiante...; puden fitar a escea máis arrepiante que poidera maxinarse...; un chío arrepiante...; dúas facianas arrepiantes...; berros arrepiantes...; un home arrepiante; soaban as badaladas arrepiantes...; cadro arrepiante; co medo arrepiante da morte...,* etc.

E o nome substantivo derivado deste verbo é **arrepío**, que significa o estremecemento ou calafrío producido polo medo ou por un susto segundo vemos por estoutros exemplos: *Eu cismaba, cismaba, seguro de morrer de arrepío aquela noite...; as angurias e arrepíos que pasou aquela noite...; o arrepío que sentían pola crucifixión.*

320. Vivía feito un azacán

Hai palabras que se fan anticuadas e deixan de usarse porque as cousas ou ideas que tratan de representar desaparecen da vida cotiá. Estas voces son chamadas polos lingüistas arcaísmos cando un escritor volve empregalas por motivos de intentar recuperalas ou simplemente por motivos estilísticos.

Hoxe veremos como Castelao fai uso deste recurso. En *Os dous de sempre* dinos que *Farruco ben merescía as axudas da tía Ádega, porque vivía feito un azacán*, texto que contén o arcaísmo **azacán**.

Azacán é unha verba de orixe árabe da que sabemos que hai catro ou cinco séculos era aplicada ó home que carretaba a auga por vilas e cidades. Dado que este labor era moi duro e penoso pasou esta voz a te-lo valor de 'persoa que fai calquera traballo difícil'. Así podía dicirse de alguén que traballaba coma un **azacán** ou como dicía Castelao: *vivía feito un azacán.*

Nas Papeletas dun diccionario do P. Sobreira atopamos como palabra usada en Ribadavia, no século dezaoito, **azacán**, que aparece en frases coma *anda como un azacán*, que segundo o citado frade significa 'que nunca sae dos camiños' ou *andar á azacana* 'andar de acó para aló ata logra-lo que se busca'. Non teño constancia de que estas expresións estean aínda vivas nalgún lugar de Galicia.

Nos diccionarios portugueses está rexistrada esta voz como anticuada. Nalgún diccionario galego consta esta verba coa significación de persoa traballadora que se adica con afinco ós labores da casa e do campo, pero a pesar diso, sigo pensando que debe de ser un arcaísmo.

Castelao, na mesma obra citada, volve empregar esta palabra para explicarnos como Rañolas se transformou *de home ceibe* en *escravo do fisco i en azacán dos burgueses que lle levan relós de ouro para compoñer,* onde vemos como **azacán** está usado como 'servidor' ou 'criado'.

321. Sen dar azo de si

Na obra *Os dous de sempre* de Castelao aparece esta expresión *sen dar azo de si* dúas veces. Vexámo-los contextos nos que se atopa: *A regateira... de súpeto botoulle as poutas e sacoulle das mans un cesto que levaba. A muller do cesto ficou en pé sen dar azo de si.* E máis adiante escribe: *Máis de dous meses estivo no leito, sen dar azo de si, a pique de que se lle desvencellase a ialma.* Creo que poderiamos substituír esta expresión, *sen dar azo de si*, por outras semellantes a esta: *quedarse sen alento, quedarse quieto, quedarse sen respiración* ou *sen coñecemento*, ou *sen movemento.*

Sen azos significa 'sen forzas', ou 'sen ánimo', como vemos nas seguintes frases: *Os republicáns combatían... sen azos para contrarrestaren a campaña patriótica...; E fican sen azos para entregárense ao pracer das invencións...*

Dun xeito positivo atopámo-la expresión *dar azos* moitas veces en Castelao co significado de 'dar pulo', 'dar folgos', 'dar ás', 'dar ánimos' en exemplos coma os seguintes: *o viño... dáballe azos a Pedro e fumes a Rañolas...; Os cruceiros... dan azos ás mozas para confiaren nas verbas dos mozos...; As lendas e contos... deran azos á miña credulidade...; Non os consinte dar azos á pantasía...* etc.

E co mesmo significado cá expresión anterior achámo-lo uso de *ter azos* en frases coma as seguintes: *teño azos para facerche feliz... E se os pobos hispanos teñen azos para rexurdiren...* etc.

A voz **azo** foi empregada por escritores anteriores a Castelao como López Ferreiro, neses mesmos sentidos e cónstano-la súa existencia no século XVIII polas Papeletas do P. Sobreira, que a dá como voz de Ribadavia e Ribas de Sil coa significación de 'coidado' ou 'ansia'. En portugués significa 'ocasión', 'oportunidade', 'motivo', 'xeito' e ten unha longa tradición medieval de uso. Non obstante, a súa etimoloxía non está clara e seica é un provenzalismo.

322. Un balume de lembranzas

A palabra latina VOLUMEN e a súa forma de plural, VOLUMINA, son voces que deberon empregalos frades medievais nos seus escritorios monásticos para indica-la grande cantidade de papeis que enrolaban xuntos. Estas verbas pasaron á fala popular, sen segui-la evolución fonética normal, e foron pronunciadas como *volume* e *voluma* respectivamente e despois *valume* e *valuma* (hoxe escritas normalmente **balume** e **baluma**) para significa-lo vulto que forma unha masa de cousas xuntas.

Neste sentido empregou Castelao a voz **balume** como verba de xénero feminino en *Retrincos*: *Tamén atopo na balume de papeles vellos moitos retrincos* e*squecidos no meu pensamento...* e como verba de xénero masculino en *Os dous de sempre*: *mais, en troques, teño na memoria un balume de lembranzas da súa bondade.* Na fala viva existe **baluma** como feminina, pero **balume** e outras variantes como **balumo**, **balumio**, **balumen**, etc., son masculinas.

Pero todas estas palabras foron ó longo dos tempos adquirindo outros significados máis especializados. Así nalgunhas partes estas voces son sinónimas de frouma ou conxunto de follas dos piñeiros. Noutros lugares preto do mar chaman con estas verbas os restos das plantas marítimas que quedan sobre a area das praias.

Con todo, creo que hoxe **balume**, **baluma**, **balumada**, etc. significan sobre todo a broza que se trae do monte e se esparexe nas cortes para face-la cama ó gando', isto é, para **estrar**, **estrear** ou **estrumar**. De aí que poidamos dicir que estas voces son sinónimas de **estrume** e de **mulime**.

323. Bambeouse a maneira dun trompo

Moitas veces falamos xa de palabras de creación expresiva que xorde como imitación da Natureza. Hoxe imos falar dunha voz onomatopeica *bamb* que reflicte o movemento de ir ou vir de acá para alá. Inmediatamente pensaremos na verba galega **bambán**, que é sinónimo de **acanigadoiro**, **randea**, **randieira**, **carriola**, etc. e loxicamente nos verbos **bambalear**, **bambolear**, **bambanear** ou **bambear**.

Bambearse significa, pois, moverse nun **bambán** e, nun sentido máis amplo, moverse á maneira que un se move cando un se está randeando. Hai exemplos en Castelao que resultan moi clarificadores

desta significación. Así en *Retrincos* di: *E cando viña en dereitura do mostrador bambeouse á maneira dun trompo que morre e deseguida caiu,* ou en *Os dous de sempre* aparece esta frase: *Os faroliños dos barcos bambeándose á randeeira.*

Na obra *Os vellos non deben de namorarse* atopamos outras testemuñas do uso desta verba: *Comeza a pasear, bambeándose... Entra don Ramón bambeándose... Comeza a decir cousas que non se entenden, como si tivese papas na boca, e bambéase moito a pique de caír...*

A acción de **bambearse** é **bambeo** como vemos nesta frase: *Cada vez fala máis trabado de língoa e nun bambeo cáise ao chan e quer abranguer o mundo.*

Resulta curioso saber que desta onomatopea *bamb* proceden voces como as italianas *bambino* ou *bimbo* 'neno' ou a castelá *bambolla* ou a catalá *bamba* 'bambán' ou mesmo, por cruce con outra raíz, a; nosas voces **tambalearse**, **tambanearse**, **tarambalearse**, **trambalearse**, **trambalicarse**, etc.

324. As barballoadas dos nosos periódicos

Lemos nos *Retrincos* o seguinte parágrafo: *as lendas e contos desprendidos na lareira paisán dos meu abós, acuciaran a miña maxinación e deran azos á miña credulidade, de tal xeito que non somentes daba creto a tódalas barballoadas dos nosos periódicos, senón que as súas informacións parecíanme ruíns e cativas*, onde aparece a voz **barballoada** que xa recolle Eladio Rodríguez no seu diccionario como "relato esaxerado e parcial de sucesos que, en letra de molde, se refiren apaixonadamente coma terxiversándoos" e dá como exemplo o devandito texto de Castelao.

Barballoada, o mesmo que **barballada** ou **barballocada** ou **barballotada** son palabras populares moi expresivas procedentes dos verbos **barballoar**, **barballar**, **barballocar** e **barballotar** que son sinónimos de **abarballar**, **esbarballar**, **esbarballetar** e doutras variantes como **esbardallar** que significan falar metendo moito barullo.

Barballoar xa aparece citado na Colección do Padre Sarmiento no século XVIII: *non fora millore / Maruxa que o tempo / que barballoando / gastache en gobernos / falases de cousas / que son do teu xeito...*

E os que *barballan ou barballoan* son chamados **barballas**, **barballáns**, **barballantes**, **barballeiros**, **barballosos**, **barballoas**, **barballocas**, **barballoeiros**, **barballoteiros**, **barballoqueiros**, e tamén **bardallas**, **bardalláns**, **bardalleiros**, **esbardalleiros**, etc.

Probablemente toda esta familia de palabras tan expresivas e que case poden ser modificadas ó arbitrio do falante, proceden tal vez dalgunha forma onomatopeica que recorda a maneira de falar atropeladamente e pódese pensar en palabras como **bárbaro** que era como os gregos chamaban á xente que non falaba coma eles.

Resulta claro que en toda esta familia de palabras hai sempre cruces con outras similares.

325. Andar ás baroutas

A expresión **andar ás baroutas** érame descoñecida ata que a atopei en *Os dous de sempre* de Castelao. Aparece no seguinte texto: *Por eso Rañolas era feliz cos seus anceios, cando andaba ás baroutas polo mundo adiante; pero a ventura malviouselle de saudades, ó toparse ceibe da miseria e escravo do traballo.*

Eladio Rodríguez recolleu esta expresión de Castelao, sacándoa deste mesmo texto, e dándolle o significado de 'sin rumbo fijo, a lo que salga, al azar'. Do diccionario de E. Rodríguez pasou ós demais diccionarios.

¿Está viva esta expresión ou é unha creación propia do escritor rianxeiro? Se esta última posibilidade é certa, tería que apoiarse en algo xa existente na lingua a non ser que fose unha pura invención artificial.

Investigando un pouco en palabras similares a esta atopei que Aníbal Otero nas súas enquisas dialectais rexistrou voces nas que se pode apoia-la existencia desta expresión. O filólogo lugués encontrou unha serie de verbas desta familia **baroutada**, **baroutuada**, **barouteiro**, **baroutueiro**, **abaroutar**, que están en relación con **abarautar** para a que dá a significación de facer un labor sen présa e sen arte. Sen dúbida, a nosa expresión **andar ás baroutas** podería moi ben significar 'andar facendo cousas de calquera maneira sen présa e sen xeito', o cal está de acordo coa significación que lle deu Eladio Rodríguez.

O mesmo Aníbal Otero rexistra **barouteo** como 'rifa' e o suplemento de Eladio Rodríguez constata en Láncara a existencia de **baroutear** como 'disputar' e 'barullar'.

Tódolos significados destas verbas lévannos a supoñer que pertencen á familia da voz *barato* ou mellor *baratar* (de orixe incerta) que se empregaba nos nosos textos medievais cos sentidos de facer negocios, trocar, enganar, barullar, pelexar, etc.

En fin, **andar ás baroutas** está dentro do sistema léxico galego.

326. Un brado ceibador

Leamos este texto dos *Retrincos* de Castelao: *Chegou a noite, escura coma boca de lobo. Eu arelaba botar fóra de min, nun brado ceibador, aquel medo abafante.* Nel aparece esta expresión *nun brado ceibador* que poderiamos substituír por algo parecido a esta frase: *dando un enorme berro liberador.*

Normalmente hoxe non empregamos na conversa oral esta voz **brado** que ten unha longa tradición na nosa literatura. Xa nas *Cantigas de Santa María* atopamos *braados fortes e agudos... Como a omage de Santa María de Salas deu un braado...* Na *General Estoria* lemos: *Et caym coa ferida da morte dou un grande braado... sen braados et clamor...* E nos *Miragres de Santiago* fálase de como *oyron dizer a gran*des *braados... a grandes braados dezía...*

E naturalmente ó lado de **brado** está o verbo **bradar**. Así lemos nos libros citados as seguintes frases: *ela braadou por Santa María... começaron a braadar... começou de braadar et chamar por Santiago...*

Está claro que en todos estes textos **brado** significa berro esforzado ou clamor e que **bradar** vale tanto como dicir **brados**. Para a maior parte dos filólogos esta forma procede do latín BALATRO, termo inxurioso, ou de BLATERARE, falar neciamente. Pero hai quen pensou en que **bradar** podía saír de BALARE en cruce con LATRARE.

A min non me parece moi descamiñada esta última explicación, xa que na citada *General Estoria* aparece xa este texto tan clarificador: *poderá fazer al senón braadar, segundo que braada o carneyro?* E sobre todo porque na parte oriental da provincia de Lugo está vivo o verbo **bradar** como sinónimo de esborrecar ou bruar do gando.

Eu quixera ceibar agora esta pregunta: ¿Bradan os homes en imitación dos animais ou bradan os animais en imitación dos homes?

327. O gran broeiro

Na seguinte frase de *Os dous de sempre* de Castelao: *Sabía o gran broeiro que a comida non presta se un famento nos está contando as enviadas,* aparece a voz **broeiro** cun sentido claro de 'comilón'.

Que **broeiro** está en relación con **broa** é algo que resulta evidente. A **broa**, palabra de orixe prerromana debeu ser feita co millo miúdo polos habitantes do oeste peninsular desde tempos moi remotos. Cando o maínzo ou millo foi traído de América, este substituíu ó millo miúdo para a súa confección.

Os nosos escritores empregan moito esta voz. Rosalía presenta moitas veces ós seus paisanos comendo **broa** e Castelao recorda a tradición de bica-la broa caída no chan: *Ningún galego criado na lentura relixiosa pode poñer o seu pé enriba dunha frangulla de broa, que se recolle do chan dándolle un bico...*

Comer *pan de trigo* foi considerado sempre como máis fino. De quen come con moito gusto dise que é un **panceiro** (os portugueses din *pãozeiro* ou *panceiro*) e esta verba tanto en galego coma en portugués ten un sentido normal.

Sen embargo de quen come con moito deleite **broa** díxose que era un **broeiro**, pero como resulta que este alimento non está considerado tan fino coma o pan, os comedores de **broa** ou **broeiros** foron tidos como homes ordinarios e isto ocorre xa desde hai moito tempo, pois o P. Sarmiento no século dezaoito definía como **broeiro** a "un rústico y páparo que sólo se harta de broa".

Así pois a verba **broeiro** está hoxe desprestixiada xa que do seu significado primitivo de 'comedor de broa' pasou a te-lo sentido de 'comellón, tragón' e o de 'basto, ordinario e folgazán'. Véxase o que xa dicía Valladares: "Se dice también del hombre poltrón o que no sabe o que no quiere ceñirse al trabajo, especialmente si es obeso". E de aí tomou Eladio Rodríguez esta figurada definición: "home groso, de aspecto basto, sen pulimento e de figura ordinaria".

En fin, dá a impresión que comer **broa** tivo sempre mala prensa...

328. Cheiraba ó burruallo

En *Os dous de sempre* emprega Castelao a palabra **burruallo** cando describe as primeiras aventuras de Rañolas: *A poeira dos camiños e o sol do vran fórono demudando, e ó pouco tempo Rañolas cheiraba ó burruallo i era un moinante máis...*

Coido que hoxe entendemos por **burruallo** calquera olor fedento que despiden animais ou cousas, ou calquera cheiro que vén dunha mesturanza de cousas noxentas. Penso que o diccionarista Eladio Rodríguez tomou deste texto de Castelao a acepción tan expresiva de cheiro que despiden as persoas vagabundas e extremadamente luxadas.

Pero estes sentidos de **burruallo** son extensivos da significación fundamental desta verba que rexistra o P. Sarmiento e que paga a pena transcribir: "Mala voz. Es el hedor a chotuno y en especial de lo que hiede en el puesto de los borricos de puesto, v.g., se apoda a una mujer vieja: *fede ou cheira ao burruallo*".

Evidentemente **burruallo** significa con palabras de Valladares: "nombre que se da al macho cabrío cuando anda caliente y por extensión al desenvuelto, disoluto, desvergonzante, etc.". **Burruallo**

é unha voz que se orixinou de **berruallo**, palabra viva aínda nalgures e que ten a significación de cheiro dos castróns ou, se se quere dicir mellor de acordo coa etimoloxía, dos **berróns**, que son os porcos sementais.

Así pois, a palabra latina VERRES 'porco non castrado' é a base do noso **berrón** 'porco semental'. De aí xurdiu a voz **berruallo** para indica-lo cheiro característico destes animais, que ampliou a súa significación ó cheiro dos castróns primeiramente e á de tódolos animais despois. Se ben o paso de **berruallo** a **burruallo** pode ser unha evolución fonética normal, podemos pensar tamén na influencia dos **burros**, como case apuntaba Sarmiento. Por último chamouse **burruallo** a calquera fedor penetrante e desagradable.

329. Candieiros xigantes

Hai palabras que desaparecen do uso cotián dunha lingua porque os obxectos que significaban deixan de usarse. ¿Quen fala hoxe das **candeas** tan necesarias non hai moito tempo para alumarse? ¿Cantos piden ou dan **candea** cando queren acender un pito?

As **candeas** tiñan ademais nas voces **cirios** e **velas** uns rivais bastante fortes que seguen conservando aínda vixencia sobre todo nas igrexas. Con todo, é aínda moi corrente falar da festa das **candeas** ou día da **Candeloria** que se celebra o dous de febreiro. Son moitos os refráns que fan referencia a esta festa: *Polas candeas, castra as abellas; Pola Candeloria, mitade do inverno está fóra,* etc.

Pero hoxe en moitos lugares de Galicia chaman **candeas** ós carambelos que penduran dos tellados ou das árbores xa que estes se parecen a aquelas. E tamén son coñecidas como **candeas** as florescencias dos castiñeiros, do millo e doutras plantas porque estas florescencias parecen **candeas**. Non sei se o falante actual que fala da **candea** do millo relaciona esta voz coa **candea** normal.

Os utensilios que serven para manter dereita a **candea** chámanse **candieiros**, voz que aparece citada nos textos medievais: *candeeyros d'ouro... candeeyros nobres e preciosos d'ouro...* lemos na *Crónica Troiana.* Hoxe nas casas e nas igrexas quedan **candieiros**, anque lles poñamos **velas** ou mesmo lámpadas eléctricas. E Castelao compara os piñeiros con xigantes **candieiros**: *Todos sabedes que na primaveira os pinos botan milleiros de velas* (é raro que o noso escritor non use neste caso a voz **candeas**), *collendo eisí o aspeito de candieiros xigantes.*

Curiosamente esta verba fixo fortuna, do mesmo xeito que **candea**, ampliando a súa significación. Resulta normal chamar **candieiros** ás patas traseiras dalgúns animais e mesmo nalgures dise de quen ten as pernas longas que ten bos **candieiros**.

330. Emparellou coa candonga

No libro *Cousas* conta Castelao a historia de Don Froitoso que foi a un baile de entroido onde se atopou cunha criada disfrazada e *Don Froitoso emparellou coa candonga e xuntos entraron nun apartamento*... Na obra *Os dous de sempre* volve emprega-la palabra **candonga** cando fala dos compañeiros de Pedro, entre os que figura *un rillote alcuñado Aspirina porque se deitou cunha candonga choca e fixolle pasa-la frebe e cando fala da nai Rañolas que era ladra, borracha e candonga.*

Destes tres exemplos sacamos en conclusión que **candonga** ten o significado de muller de conducta moral sospeitosa. Eladio Rodríguez di no seu diccionario que unha **candonga** é unha muller, ademais de conducta sospeitosa, de mediana idade e fea. ¿Acaso as mulleres novas non poden ser **candongas?** Non o sei.

O mesmo Eladio Rodríguez e outros diccionaristas recollen tamén a acepción de muller preguiceira, que nós temos escoitado na comarca compostelá e Dobarro Paz en Cabalar. Fernández González di que esta verba se usa nos Ancares como muller contiqueira. O escritor Cabanillas emprega esta verba como muller preguiceira e chismeira.

O lexicólogo Aníbal Otero definiu **candonga** como persoa ou animal de corpo malformado e como besta ou vaca vella, grande e malformada (tamén Eladio Rodríguez recolle unha acepción semellante: mula vella que non serve para traballar). E Aníbal Otero engade a acepción de muller enganadora e que finxe cariño.

Iso é todo canto sabemos da voz **candonga** en galego. Probablemente a voz portuguesa *candonga* no seu sentido de lisonxa teña algo que ver coa nosa palabra, o mesmo cá acepción brasileira de intrigante. Atopo moi difícil relacionar esta verba portuguesa *candonga* na acepción de contrabando de xéneros alimentarios coa nosa **candonga**, se ben algún diccionarista galego nun intento de superación imitativa portuguesista define a nosa **candonga** como 'mercado negro'.

En castelán *candonga* é burla ou broma e tamén mula de tiro. ¿Terán que ver entre si todas estas acepcións castelás, portuguesas e galegas de **candonga**? Polo de agora só podemos dicir que non sabemos nada certo da orixe desta verba, que seica é palabra de creación, expresiva...

331. Cangar con dores alleas

Unha **canga** é en principio un pao de certo grosor e consistencia, que non se pode romper facilmente e que ten diversas aplicacións. Por iso unha **canga** pódese converter nun estadullo ou servir para ser atada ó colo dun porco para evitar que este entre nunha leira ou nunha horta. Unha **canga** pode estar como atranco ou obstáculo nun camiño ou mesmo pode ser por creación metafórica a raspa dun peixe. E dunhas **cangas** podemos face-los xugos que chamamos **canciles**, **cangallas** ou tamén **cangas**.

Un **cango** é así mesmo unha **canga**, seica máis grosa, que serve para face-lo entramado que ten como función soste-las tellas ou lousas do tellado.

Non está moi claro se as palabras **canga** e **cango** proceden da lingua celta ou da latina.

Destas voces xurdiu o verbo **cangar** que ten loxicamente o sentido de poñe-los **cangos** para facer un tellado, poñe-la **canga** ós porcos, poñer un atranco nun camiño e sobre todo poñe-las **cangas** á parella de bois ou de vacas, é dicir, xunguir.

Con esta última significación foi moi empregado polos escritores non soamente no seu sentido normal, senón especialmente como sinónimo de subxugar, oprimir, agobiarse, cansar, etc. Así temos exemplos deste tipo nas obras de Castelao: *Marcheime da vila cangado cun tiduo universitario...; pois agora págoche o viaxe de volta e que cangue contigo esa lurpia...; e ninguén pode eisixirme que cangue con doores alleas...*

E destas significacións de agobiarse pasouse facilmente ás de cargar non só moralmente senón tamén fisicamente. E así vemos como Castelao usa **cangar** como simple sinónimo de cargar: *Pero ti non podes cangar cun vellouqueiro...; viúda moza cangada de fillos...; nunha parra cangadiña de acios maduros...; burro cangado de legumes...; mula cangada coas obras de Erasmo...; vexo cangar barcos con peras...* etc.

332. Apañou unha carpanta

A voz **carpanta** é, segundo o etimólogo Corominas, unha palabra xergal de orixe incerta que se introduciu nas linguas peninsulares non hai máis de dous séculos.

En catalán e castelán significa fame canina ou fame violenta, segundo di o Diccionario da Real Academia Española. E deste Diccionario tomou Eladio Rodríguez a primeira acepción que recolle desta verba. Sen embargo os demais diccionarios non poñen esta significación e tampouco a temos rexistrada nese sentido na fala popular.

Na parte occidental da Península **carpanta** é voz sinónima de borracheira ou bebedeira. Con esa acepción está recollida nos diccionarios galegos e nos portugueses, que a dan como provincianismo trasmontano e en diversos léxicos do leonés. Frases como *apañou unha carpanta de primeira clase* pódense escoitar e moitos lugares de Galicia.

Carpanta, como sinónimo de bebedeira, é pois voz popular en Galicia e por iso non resulta estraño atopa-la usada por Castelao nos *Retrincos*: *No segundo ano Peito de Lobo apañou tal carpanta de anís escarchado que bailou co cabezudo na praza, e dáballe bicos e apertas, e chamáballe 'meu irmanciño'.*

Tal vez **carpanta** sexa palabra procedente do verbo **carpir** no significado de chorar, queixarse desesperadamente. E do mesmo xeito que dicimos *colleu unha chorona*, poderiamos dicir *colleu unha carpanta* par indicar que bebeu e lle dou por chorar. Ou tal vez de **carpir** no significado de 'rañar'. Ou tal vez teña que ver coa voz galega **carpenta**... Resulta moi difícil aventurar unha solución.

333. Carpía con chíos arrepiantes

O verbo latino CARPERE, que significaba arrincar, tirar, coller froitos, pasou ás linguas románicas con esta mesma significación e, sobre todo, coa de rabuñar, rañar ou esgazar. En castelán *carpir* é hoxe moi pouco usado e só co sentido último que acabamos de dar. En portugués conserva o significado primitivo de apañar ou coller e do de arrincar pasou ó de arrincarse os cabelos ou as barbas en sinal de dor. E deste xeito de actuar que se facía acompañándose de choros comezou a ser sinónimo de pranxir ou de lamentarse chorando e hoxe equivale simplemente a lamentar, chorar ou cantar tristemente.

Carpir tivo bastante fortuna en galego medieval no sentido de 'rabuñar'. Véxanse estes testemuños das *Cantigas de Santa María: sas faces fillou-sse a carpir...; quando aquesto viu a dona, fillouse a chorar e con coita a cativa sas faces carpir...* E nesta mesma obra no seguinte exemplo significa xa 'pranxir': *cuidando que era morto, muito por ele carpiron.* E temos outros testemuños semellantes na *Crónica Troiana* e nos *Miragres de Santiago*.

Se ben o Padre Sarmiento dicía que esta verba aínda estaba viva no seu tempo, hoxe nunca a escoitamos na fala viva e cremos que é voz anticuada. Non obstante segue a ser usada polos escritores que tratan de recuperala.

Castelao emprega moi a miúdo esta verba no sentido de 'pranxir': *tan logo finaba o Requiescat in pace do responso, empezaban a carpir* as *mulleres...; carpía con chíos arrepiantes...; E se as mulleres carpían. os homes esbagullaban calados...; mais ela foi collida polo andacio do pranto e tamén se desfacía carpindo con tódolos folgos...*

Outras veces ten en Castelao o sentido de 'chorar por unha dor': *de arrebato a miña muller rompe a carpir... mesmo serraba o corazón de ouvila carpir...;* ou o do simple 'chorar': *os nenos levados polas nais carpían con tódolos folgos...*; e mesmo os porcos **carpen**: *o noxento carpir dos porcos.*

Carpir está rexistrado nos diccionarios como 'pranxir', 'doerse', 'chorar', pero recollen tamén un estraño significado de 'peitearse', que supoño que debe ser unha mala interpretación daquel costume medieval de **carpirse** ou tirarse dos cabelos.

334. Tolear de carraxe

Desde moi antigo atribúeselle ó corazón a causa e o efecto de moitos sentimentos. A persoa que é valente e impetuosa ten moito corazón. A voz latina COR, seguida dun sufixo, deu orixe á palabra francesa *courage* que despois tomaron como propia as demais lingua; romances.

En galego existe, coma nas outras linguas irmáns esta verba **coraxe** co valor de ánimo e valentía, pero curiosamente transformouse en **carraxe** por razóns non doadas de explicar.

Carraxe conserva o sentido de **coraxe** ou impetuosidade, coma nesta frase de *Cousas* de Castelao: *armouse de carraxe e collendo a cesta guindouna de novo dentro do cimeterio.* Sen embargo xa desde hai moito tempo transformou tamén o seu sentido orixinario nos de: ira, cólera, rabia, irritación, indignación, enfado, malhumor, etc., cousa que ocorre soamente na nosa lingua.

Vexamos uns cantos exemplos sacados das obras de Castelao nos que se ven estas transformacións de significado: *O mar tolea de carraxe cando non o deixan penetrar na terra...; Mais o inglés / humor de lima xorda / turrábame polo xenio, volvíame tolo de carraxe...; ¿Tiña ou non tiña razón de que ibas arder de carraxe?...; O vello, esvaído, morríase de carraxe...; Tantas veces me fixo adoecer de carraxe...; Os seus ollos brillábanlle de carraxe...* etc. E recordemos tamén estes versos de Rosalía: *Nin na fonte nin no prado / así morre coa carraxe / el non ha de virme a erguer...*

E de **carraxe** formáronse os adxectivos **carraxoso**, **carraxento** e **carraxudo**, verba esta última empregada ás veces por Castelao: *Porque a voz carraxuda de Galiza, unha voz* chea *de razón, furou* os *tímpanos da capital da República...*

335. Unha causela de prata

Coido que calquera falante normal pensará que unha palabra tan corrente e tan usada como **caixa** é unha verba tradicional entre nós como o é *caja* para os castelanfalante. Pois non. As caixas deberon introducirse en Castela, Galicia e Portugal a fins da Idade Media procedentes do comercio con Cataluña e con elas o seu nome catalán.

Estes obxectos ou receptáculos destinados a conter cousas eran chamados en latín CAPSAS que só se empregaban en Roma para levar libros ou papeis. Na Idade Media introduciuse esta verba entre nós e evolucionou en *causas* e *cousas*, voces que chocaban coas palabras normais causas e cousas, polo cal estes obxectos pasaron a ser chamados *causelas, couselas ou cousos*.

As voces **causela** e **cousela**, segundo os diccionarios portugueses, son voces antigas que significaban 'caixiña' que na rexión da Beira se conservan aínda como caixiñas para hostias. Segundo os diccionarios galegos tamén teñen existencia entre nós con eses significados. Eu non sei se a xente emprega estas voces aínda con esa significación. Desde logo Castelao usa varias veces a voz **cousela**: *Pedriño reparou nunha morea de retrincos de panales que había á beira dunha causela, chea de hostias...; Esta alfaia gar-*

daríase pechada nunha causela de prata, a imitanza das custodias de catedral... A causela abríase con tantas chaves... mete cada un deles a súa chave na causela...

Pero o que non saben os nosos diccionaristas é que as voces **causelas** e **couselas** están vivas en moitos lugares de Galicia para indicar unha especie de caixóns que regulan a caída do gran na moega do muíño e engadiremos que mesmo a voz **couso** é nalgures moi corrente como receptáculo de madeira para garda-lo gran.

En fin, as **caixas** e **caixóns** cataláns deixaron arrecunchadas ás nosas **causelas**, **couselas**, e **cousos**.

336. Un home ceibe

Se dicimos que a palabra **ceibar** para o home galego de hoxe que ten relación coa vida rural é unha verba normal que emprega decote como palabra oposta a 'xunguir' ou a 'prender' ou a 'atar', resultará unha novidade para o home da cidade neofalante que só coñece este verbo como sinónimo de 'librar' ou 'liberar'.

E tamén resultará novidade para ese neofalante saber que a voz **ceibe**, tantas veces pronunciada por el dese modo, para o home do campo ten un masculino, **ceibo**, e un feminino, **ceiba**. Como exemplos destes usos vexamos estes versos de Rosalía. Cando unha muller se enfada con San Pedro, dille: *Que ben deixás conocer / que andiveches sempre ceibo...* e cando o marido se refire á muller, di: *Que ora anda ceiba e ben ceiba...*

Xa se discutiu de abondo sobre a etimoloxía destas verbas. Quen queira coñecer ben a historia e a orixe destas voces pode ler na revista *Verba*, número 7, un documentado traballo do profesor José Luís Pensado. Aquí, hoxe imos ve-lo uso destas palabras nalgunhas obras de Castelao.

O escritor rianxeiro emprega **ceibar** como calco do castelán *soltar* en frases como *ceibaron unha gargallada... ceiban gargalladas... ceibaron tal gargallada... ceiba unha risa de trunfador... ceiban risadas... ceibaron unha risada...* ou expresións máis ou menos parecidas: *ceibando laídos abrouxadores... ceibar a derradeira verba... céiballe estas palabras... ceibou enriba da cruseta un repertorio escolmado de denostos...* Cun sentido máis concreto de 'botar fóra' aparece nesta expresión: *ceiba dunha vez o folgo...* E coa significación de 'liberarse' vémolo na frase: *ceibarse dos moinantes.*

Polo que se refire ó adxectivo **ceibe** diremos que atopamos en expresións como: *home ceibe, corazón ceibe, mans ceibes,* etc. sen que nos decataramos do uso de **ceibo** ou **ceiba**. Tamén aparece empregado en moitas outras expresións como: *por verme ceibe de xeira tan macabra... viveu sempre ceibe de marmuracións,* etc. e sempre co sentido de *libre.*

337. Circio traballo

Relendo con calma os *Retrincos* de Castelao chámame a atención a seguinte frase: *i era forza , pecha-los ollos ó circio traballo en espera do retorno feliz,* onde atopamos este sonoro e expresivo adxectivo **circio** que ten aquí a significación de 'duro', 'forte' ou 'austero'.

Hai catro anos escoitei por primeira vez esta verba cando os conselleiros da Xunta xuraron os seus cargos lendo unha forma de xuramento (creo que feita polo profesor Filgueira Valverde) que contiña este adxectivo **circio** co significado de firme, decidido, resolto, recto ou dereito.

Nas miñas excursións dialectais á busca de expresións da fala viva nunca tiven a fortuna de escoitar esta palabra, pero si escoitei un homónimo desta voz **circio**, no sentido de vento do Norte, e seu derivado **circiar** como equivalente de chuviscar, orballar, babuxar ou barruzar. Con todo, este **circio**, que emprega Pondal en *Queixumes dos pinos (ó abrigo do vento circio)* e que o diccionarista Eladio Rodríguez interpreta como forte, rexo e frío en vez de "do Norte", non ten nada que ver co **circio** de Castelao e da fórmula de xuramento.

A voz **circio**, recollida xa nos primeiros diccionarios como recto, dereito, tirante, estirado, tenso, etc. e demais sentidos que xa demos, ten tamén para o citado Eladio Rodríguez outras significacións: simpático e atractivo *(é un mozo circio),* repousado e tranquilo *(durmir circio),* seguro e normal *(ten o pulso moi circio).*

¿De onde procede esta verba? Posiblemente teña que ver coas voces latinas CIRCINUS 'círculo' e CIRCINARE 'dar a algo forma redonda' e polo tanto con outras voces galegas como **cercear** e **cerce** e mesmo **cerna** 'parte interior e máis dura dos troncos das árbores' e **cerne** que ten os mesmos sentidos có noso **circio**.

338. Quedarse en cirolas

Toda clase de roupa está de moda certo tempo (ás veces séculos) e despois desaparece a peza de roupa e con ela a palabra correspondente, se ben algunha vez esta última pasa a ser aplicada a unha nova cousa máis ou menos semellante á desaparecida.

Os árabes españois usaban unha especie de calzóns amplos e cheos de pregues que se chamaban *sarawil.* As xentes do Norte da Península importaron esa peza de roupa e con ela tamén o nome. De aí que, coas evolucións fonéticas correspondentes, os casteláns chamárona *zaragüelles*, os portugueses *ceroulas* e os galegos **cirolas**, palabra que, como é ben notorio, coincide co nome da froita tamén chamada **ameixa**.

Co paso dos tempos chegaron a Galicia outras pezas de roupa e as **cirolas** pasaron a ser "peza interior sobre a que se superpoñen os calzóns". Sen embargo aínda hoxe nalgúns lugares de Lugo seguen a chamar **zaragoles** ou **zarangolos** ós pantalóns anchos e mal feitos.

Naturalmente as **cirolas** aparecen citadas en moitos textos literarios. Rosalía en *Cantares Gallegos*, fala dun mozo que anda seguindo a unha moza: *nin hai sitio donde eu non atope / un Bras con cirolas i zocos na man...* Nos *Retrincos* describe así Castelao os mortos: *Quedaríanse en cirolas e camisa se nonos vestisen para recibir, dinamente, a derradeira visita dos veciños...*

En *Os dous de sempre* de Castelao temos outros testemuños de **cirolas**: *O rapaz, sen lecer para encaba-las cirolas, sigueunos de lonxe, a xemer, coa roupa debaixo do brazo... O trasno infla cirolas e camisas penduradas nun aramio... As camisas e cirolas saíron pintiparadas... E Pedro baixou os calzóns e foi despegando, amodiño, as cirolas que tiña pegadas co brume...*

As **cirolas** están hoxe caendo en desuso, pero ¿non se podería seguir chamando así ás novas pezas que as substitúen?

339. Eu cismaba, cismaba

Nos *Retrincos* relata Castelao as súas experiencias na Arxentina e nun determinado momento da narración di: *eu cismaba, cismaba, seguro de morrer de arrepío aquela noite, e a morte xa me parecía o xeito de libertarme do medo.* Creo que está ben claro o sentido de **cismar** como cavilar con aprehensión nalgún suceso, matinar, pensar moito en algo con demasiada preocupación ou obsesión, facer mil conxecturas sobre un problema, etc.

En *Os dous de sempre* preséntano-la figura de Rañolas como un **cismador** nato: *Aquela noite quédase sentado no borde do leito, a cismar, e antramentras lle dá corda ó reló decide marcharse a París... Rañolas, a cismar sempre, foi fabricando a súa propria desventura...* **Cismar** ten realidade na lingua viva co mesmo sentido con que o emprega Castelao. E desta voz existen derivados. E así de quen cisma moito ou é un tanto maniático dicimos que é moi **cismático**, **cismeiro**, **cismón** ou mesmo **cismador** (palabra esta que vimos usada por Castelao en *Cousas*).

Pero **cismar** é tamén na fala popular promover leas, causar discordias e mesmo levantar ou levar contos. E polo tanto do que cisma neste sentido dicimos tamén que é un **cismón** ou un **cismeiro**, é dicir, un **contiñeiro**, un **enlizador** ou un **levaetrae**.

Toda esta familia de palabras teñen como base fundamental a voz **cisma** que, por un lado, significa teima ou manía e, por outro, división ou discordia. Ámbalas dúas significacións están vivas na fala popular. Pero este último sentido, o de discordia ou división, é o que está máis preto da palabra orixinaria latina (que á súa vez procede do grego) SCHISMA que significaba 'separación'.

Aquí vemos como evolucionan os sentidos ó longo dos tempos. Do primitivo sentido de separación pásase ó de discordia e deste ó de discordia mental ou de manía, etc.

340. O verme dos ciúmes

A palabra **celo** procede do latín ZELUS, que significaba 'ardor', 'emulación' ou 'celo'. Seguindo unha evolución normal fonética esta voz latina pasou a ser *ceo*, que se perdeu moi cedo en galego, tal vez por confusión coa verba **ceu**. *Ceo* conservouse en portugués transformándose en *cío,* que significa hoxe exclusivamente 'desexo' ou 'apetito sensual' que teñen os animais.

Como aconteceu con outras palabras o descendente popular foi substituído por un cultismo procedente do mesmo étimo latino **celo**, en portugués *zelo*, para significa-lo pulo que promove unha boa acción e o desvelo ou coidado polos intereses de calquera persoa.

Para indica-lo apetito sensual o portugués conservou, como diciamos, a voz *cío,* que algúns escritores galegos, segundo di o diccionarista Eladio Rodríguez, empregan ás veces esquecendo o cultismo **celo**. Eu teño a impresión de que a xente non usa esta voz culta e que a substituíu por distintas expresións. Así dunha femia en celo dise que *está saída, está alta* ou *anda á ganancia*. Se se trata dunha vaca, dise que *anda ó boi, ó almallo* ou *ó xato*; se dunha ovella, que *anda ó carneiro*; se dunha cabra, *ó castrón*; se dunha porca, *ó castizo* ou *ó cocho*; se dunha gata, *á xaneira*; se dunha egua, *á brama*, etc.

As palabras **celo** ou portugués *zelo* tomaron en plural o sentido de inquietude ou sospeita de perde-lo amor da persoa amada, pero para esta acepción a lingua irmá creou un derivado de *ceo*, a voz *ciúme,* que nos últimos tempos está a introducirse na nosa literatura e curiosamente na forma de plural.

Castelao foi un dos primeiros escritores en facelo, como vemos polo seguinte exemplo: *Co verme dos ciúmes rillándolle o corazón a condesiña vai morrendo pouquiño a pouco na fiiestra da torre.*

341. Levouno un cóngaro

Xa os romanos comían un peixe que chamaban CONGER, palabra que persistiu en case tódalas linguas románicas. Franceses, provenzais e cataláns din hoxe *congre*, italianos e portugueses *congro* e os cásteláns *congrio,* voz que deberon tomar do dialecto astur-leonés, no cal é corrente esa terminación *-io.*

Esta última forma, **congrio**, está tamén introducida na fala dos mariñeiros das Rías Altas, tal vez polo contacto cos veciños asturianos e mesmo é pronunciada con gheada e ás veces como **concrio**. Pero os mariñeiro das Rías Baixas conservan o descendente normal do latín que é a verba **congro**, coincidente coa palabra normal portuguesa.

Como ocorre con outras voces que teñen a consoante *g*, **congro** é pronunciado por algúns como **conhro** e por outros como **concro**. A falta dun patrón lingüístico fai que as palabras evolucionen continuamente e así temos que pola península do Morrazo escoitamos chamar ó **congro** como **crongo** e **cronco**.

Na Ría de Arousa é moi corrente transforma-la voz **congro** en **cóngaro**, convertendo a acentuación grave desta palabra en esdrúxula. E nos diccionarios galegos aparece tamén rexistrado como **cóngoro**.

Castelao emprega a variante **cóngaro**, porque é a que el estaba acostumado a escoitar en Rianxo: *Unha salve por Ramón Collazo que o levou un cóngaro nunca máis apareceu...*

342. Facendo un choqueleo

Hai veces en que resulta moi difícil busca-la orixe exacta dunha verba, porque no transcorrer dos tempos as palabras chocan con outras de sons e de significacións semellantes e intercambian eses sons e esas significacións.

Penso agora no verbo **chocar** e demais voces que evocamos inmediatamente con esta palabra. Cando unha galiña está **choca**, ponse a **chocar** ovos e fai *cloc, cloc*. Dicimos tamén dela que *choquea*. Probablemente a voz **choco** era xa coñecida no noso país antes de chega-los romanos aquí. Pero despois os galegos aprenderon a verba latina CLOCCA 'campá', que transformaron en **choca**, obxecto ben coñecido que levan pendurado do pescozo os animais para chama-la atención e que tamén coñecemos cos nomes de **chocallo** e **chocalla**. De aí xorden os verbos **chocar** e **chocallar**.

O ruído producido cando dous obxectos se encontran o un contra o outro está representado pola onomatopea *choc* en moitas linguas. E de aí volvemos toparnos cun novo **chocar** e xa temos tres verbas teoricamente distintas, pero que na práctica están confundidas.

Cando as portas, fiestras ou outras cousas non axustan ben, dicimos entón que **choclean**, **chocolean**, **chocletean**, **choquelean**, **chouquelean** ou **chouqueletean**, etc. Mesmo podemos empregar estas palabras cando uns zapatos están frouxos e fan chou, chou.

En fin, hoxe conflúen todas estas voces e así vemos como Castelao fala de doña Florinda que *pasaba as horas mortas na solaina, escoitando o chouqueleo triste das galiñas poñedoras,* onde a voz **chouqueleo** está en relación co verbo **chocar** das pitas.

Pero noutra ocasión fala dun *adro onde guindaban os ósos enriba doutros ósos, facendo un choqueleo coma de olas de buxo valeiras,* texto no que aparece **choqueleo**, que seica pode proceder de calquera das voces orixinais citadas.

343. Chouso do entendemento

O verbo latino CLAUDERE 'cerrar' deixou descendentes en case tódalas linguas románicas. Hoxe están vixentes as formas do italiano *chiudere,* provenzal *cluire,* catalán *cloure*. En castelán non quedan restos e en portugués existiu antigamente *chouvir* ou *chouver* equivalentes ó noso verbo **choer**.

Choer conserva hoxe na fala viva dúas acepcións moi claras. Pola parte oriental da provincia de Lugo **choer** é 'garda-lo gando na corte' e no resto de Galicia é fundamentalmente 'cerrar unha finca cun muro ou cun valado'. O diccionarista Eladio Rodríguez, que recolle a definición que dan outros diccionarios de "cerrar una heredad, una puerta, una ventana, etc.", di que das portas e fiestras debe dicirse **pechar**.

Na Idade Media tiña ese significado amplo de 'pechar' segundo aparece testemuñado varias veces nas *Cantigas de Santa María*.

O participio do noso verbo é hoxe regular, **choído**, e resulta un tanto chocante que Castelao empregara a forma antiga **chouso** na seguinte frase: *Tan chouso do entendimento e da voluntade que somentes tiña lecer para conta-las badaladas do reló parroquial...* Deste participio antigo naceron as **chousas** ou **chousos** de hoxe, que son precisamente as fincas, sobre todo do monte, cerradas por un muro ou un valado. Pero o participio latino CLAUSUM quedou só nos vellos textos e modernamente foi substituído por unha formación regular como o fan os demais verbos: de comer, comido; de ter, tido; etc.

Emparentado con **choer** está o verbo **achuír** que eu escoitei algunha vez en frases como *achuí-la porta* no mesmo sentido de 'pechar' e que Castelao empregou nalgunha ocasión: *No remate da merenda Pedro está coma un odre, achuído de contentamento... E o probe xenro, cos ollos achuídos, parecía disculparse...*

Sen embargo, os diccionarios modernos din que **achuír** significa 'abrir', 'aflixir', 'entristecer', non sei por que razón.

344. Chumbo no corazón

O nome do metal coñecido en latín como PLUMBUM converteuse en galego e portugués en **chumbo**. Esta forma tradicional foi perdéndose pouco a pouco na fala viva que a substituíu polo castelanismo **plomo**, verba que se atopa hoxe moi estendida nos falantes.

Sen embargo na mesma fala viva, sobre todo entre as xentes mariñeiras, chámaselle **chumbo** ó conxunto das pezas de metal que levan as redes ou as liñas de pesca. E ademais existen outras formas derivadas desta palabra. Nalgúns sitios chámase **chumbada**, **chumbeiro** ou **chumbeira** a calquera

obxecto que serve para actuar como sonda, anque o fondo dese obxecto non conteña xa **chumbo**, senón unha pedra. E mesmo atopamos fóra do ambiente mariñeiro expresións como *vou darlle unha chumbada,* cando se dispara unha escopeta con cartuchos de **chumbo**.

Todo isto significa que os derivados de **chumbo** aínda están vivos e que por tanto o castelanismo **plomo** pode ser facilmente rexeitado mediante a recuperación da palabra tradicional galega. Nos diccionarios galegos están estas formas e sería de desexar que fosen empregadas en tódalas ocasións.

Os escritores fan xa uso desta verba de maneira normal e así contribúen a limpa-la lingua de castelanismos. Citemos como exemplo deles a Castelao, que fai emprego desta verba. Así na súa obra *Retrincos* fala dun gaucho que *caíu, redondo, batendo a cabeza no chan, co petar xordo dun petador de chumbo* e en *Os vellos non deben de namorarse*, fai expresarse así á Morte, *poñendo unha man no peito: Eu teño unha doenza eiquí. Levo chumbo derretido no corazón.*

345. Os degoiros

Xa falamos noutro comentario da verba **gorentar** que poñiamos en relación coa palabra **auga** e coa serie de voces que existen en galego para expresar un desexo vehemente: **degoxar**, **degolar**, **degarar**, **degorar**, **degoirar**, **degoar** e **engoar**.

Coido que moitas palabras xorden polo cruce dunhas con outras e que na base desta familia léxica está ademais da voz **auga**, as verbas **gola** e **gorxa** 'garganta' ou 'tragadeiras' xunto cos verbos **devorar** e **agoirar**.

Castelao usa frecuentemente a voz **degoiro** no sentido concreto de desexo de comida: *sempre amostraban o degoiro de comer...; os degoiros de comida que sempre sentían os rapaces de Farruco...; co degoiro dun mendicante que olla unha comida de casamen*to...; ou simplemente de desexo: *inspiradas polo degoiro de armonizar...; un simple degoiro de benestar económico...; polo parvo degoiro de mostrarse fazañosos...*

Tamén atopámo-lo verbo **degoirar** usado cunha significación moi concreta: *pois como Adán xa está esganado é de supoñer que non degoirase máis mazáns...; o deigorado Pedriño, escravo do bandullo...;* ou cunha significación máis ampla: *A uniformidade que degoiran algúns...; morreu sin atopa-lo tesouro degoira*do.

Noutras ocasións emprega as variantes **degoro** (*e dispois de casada remaneceulle o degoro de ser nai...),* **degorar** (*os figos ninguén degoraba comelos porque sabían á miseria),* **degaro** (*os seus traxes primorosos facían do neno un monequiño para bicar con degaro*) e **degarar** (*o probe degarado coidaba que non se comían aqueles sobrantes...; non atopou cousa mellor en que pousa-los seus ollos degarados...*).

346. Retrincos deleixados

Discútese moito entre os filólogos a orixe do verbo tan corrente **deixar**. A opinión máis corrente é que procede da forma latina LAXARE que deu lugar á forma tan usual na Idade Media de *leixar* en galego e portugués e de *lejar* en castelán. Que estas formas pasaron a ser posteriormente **deixar** ou *dejar* é algo evidente e non imos agora ve-las razóns polas que se orixinou este cambio.

Queremos salientar hoxe o carácter conservador do galego que mantén aínda viva nalgúns falantes esta forma antiga de **leixar**, desaparecida noutras linguas e mesmo conserva outra palabra da mesma familia léxica e de parecido sentido, **deleixar**, que se testemuña desde os textos medievais.

Deleixar concretou máis o significado de **leixar**, pasando a te-lo sentido de 'deixar algo abandonado' ou 'descoidar'. Este é o valor que ten o participio deste verbo que usa Castelao na primeira frase do Limiar da súa obra *Retrincos*: *Cada vez que dou un mergullo na miña vida de dibuxante apaño retrincos deleixados, que non tiveron realización práctica, e que agora vou aproveitando, cando cadra...*

Estes *retrincos deleixados* son pois apuntamentos feitos ó longo da súa vida artística de debuxante e que deixou esquecidos, abandonados ou descoidados nalgunha carpeta.

Máis corrente entre as xentes é empregar nestes sentidos a forma **desleixar** e os nomes derivados desta verba, **desleixamento** e **desleixo**, que naceron por cruce do prefixo *de-* co prefixo máis popular *des-*. Nesta confusión participou tamén a lingua portuguesa.

347. Derruban o ceo

Creo que calquera lector destes *Retrincos* coñece o que significan as voces **ribazo** ou **ribada** ou **ribado** e mesmo as verbas adverbiais **riba**, **arriba**, **enriba**, **por riba**, etc. Entón poderá comprender moi ben que **derribar** é en principio botar abaixo algo que estaba enriba. **Derribar** resulta para o falante normal unha palabra con etimoloxía case evidente e por iso está en uso ata o día de hoxe.

Sen embargo hai moitos escritores que usan sempre un sinónimo desta voz, **derrubar**, que ten unha historia similar á de **derribar**. Sobre a forma latina RUPES, 'pena', 'roca', fíxose un verbo popular DERUPARE co significado de botar algo abaixo, do que está arriba no alto da pena. E del xurdiu o noso **derrubar**, que algúns ven como máis galego que **derribar**. Pero os falantes normais saben que tanto dá **derribar** coma **derrubar**.

Castelao fai uso normalmente deste último verbo. Nos *Retrincos* fala de que *os mortos son uns perguiceiros. Cando non rexen coa vida derrúbanse, redondos, e fican esterricados nunha postura ridícula...* En *Os dous de sempre* escribe que *os orneos do extranxeiro lañan a terra e os xuramentos de Manoel derruban o ceo.*

Pero nas mesmas obras citadas escribe estoutras frases: *O desastre de Santiago de Cuba derrumbou as miñas ilusións... As murchas ilusións da tía Ádega derrúmbanse de novo por unha rapaza de Pedriño,* nas que aparece outro sinónimo dos verbos anteriores: **derrumbar**, que algúns poderían pensar que se trata dun castelanismo.

O verbo **derrubar** non é para a xente tan explícito coma **derribar**. De aí o feito de que se intentou poñelo en relación con voces de significado parecido como *romper* ou *tumbar,* das que toma ese son *m* para se converter en **derrumbar**, que resulta máis expresivo e sonoro.

En fin, que tanto dá **derribar**, coma **derrubar** ou **derrumbar**.

348. Os eidos nativos

Nunha *Folla da lingua* xa comentamos como a palabra **enxido** tiña para Rosalía unha significación fondamente afectiva e como desde o seu sentido orixinario de 'saída' pasou a ser 'xardín ou horta ó redor da casa familiar'.

Unidos ós **enxidos** están os **eidos**. Se aqueles eran no latín tardío os *exitos* ou 'saídas', estes eran os *aditos* ou 'entradas'. Nos documentos notariais da Idade Media fálase a miúdo de compras ou vendas de fincas ou vilas cos seus *aditos* et *exitos*...

Os *aditos* transformáronse foneticamente en **eidos** e semanticamente en 'terreos que están nos arredores da vivenda familiar'. En portugués especializouse esta verba na significación de 'calquera anexo da casa aldeá que pode ter diversos usos', é dicir, no que sería para nós un alpendre, un pendello ou unha corte. Pero en galego, sobre todo no sur de Galicia, o **eido** ten fundamentalmente o sentido de 'finca pequena que está próxima á vivenda'.

Sen embargo os **eidos** pasaron a ter unha grande fortuna literaria. Os escritores fan un uso extraordinario desta voz dándolle un sentido moi amplo que abrangue todo o que está nos arredores do fogar familiar e enchéndoa dun grande contido de afectividade. E convertérona en sinónima dos lares familiares ou das terras nativas.

Como exemplo deste uso vexamos esta frase dos *Retrincos* de Castelao: *Naquela soedade plantara meu pai unha casa para facerse rico, cavilando sempre nos eidos nativos...* Ou estoutra de *Cousas*: *E non podendo vivir máis tempo sen visita-los eidos nativos meteuse nun barco e chegou á terra.*

349. Non embazaba co alento

O adxectivo galego **bazo**[1], procedente tal vez dunha forma latina BADIUS, que significaba 'avermellado', ou tal vez de OPACEUS 'que tende a ser opaco', era antes bastante empregado (creo que hoxe moi pouco) para indicar que algo tiña a cor morena, que se escurecía ou que perdía o brillo.

Desta voz xurdiu a palabra **embazar** que poderiamos definila en xeral como volver algo **bazo** ou máis concretamente como escurecer, enturbiar, empanar, ofuscar, etc.

Castelao fai bastante uso deste verbo. Vexamos algúns exemplos. En *Retrincos* vemos como un dependente *sacou da faltriqueira un espello pequeniño, púxollo diante da boca e, vendo que non embazaba co alento, declarounos que o vello "gaucho" non era do noso mundo.* Neste caso ten o valor de 'empanar', como o ten nestoutra frase de *Cousas*: *Cando as xiadas embazaron os vidros das miñas fiestras eu aínda vexo camiños polos ollos limpos da miña filla.*

Noutra frase do citado libro vémolo usado como 'escurecer': *A luz do día embazada polas angurias da traxedia*. Noutra de *Os dous de sempre* aparece como 'enturbiar': *O compañeiro de Rañolas morreu cos ollos abertos i embazados*. Neste mesmo libro testemuñamos unha frase en que o noso verbo ten o sentido de 'apagar', 'diminuír' ou 'debilitar': *Na tenda do baratilleiro véndese canto inventou a industria para mata-lo arte, canto discorreu o comercio para embaza-la fe...* E nestoutra significa claramente 'ofuscar': *O degoiro de comida embazáralle o entendimento.*

Embazar pode ter outros sentidos que teñen que ver co substantivo **bazo**[2], víscera chamada así por ter relación de dependencia do adxectivo citado como base desta familia léxica.

350. Un home encoiro

A palabra **coiro** é ben coñecida por tódolos galegofalantes como sinónima da voz pel, é dicir, 'membrana que cobre exteriormente tódalas partes do corpo do home e dos animais'. Sen embargo, esta acepción fundamental que xa tiña o seu étimo latino, CORIUM, non aparece nos diccionarios galegos, que definen a verba **coiro** exclusivamente como 'pel dun animal xa curtida'.

Coñecendo o valor primario desta palabra non debe estrañarnos que a expresión *estar-en-coiro* teña o sentido equivalente a 'estar sen ningún vestido enriba do corpo', é dicir, a 'estar despido ou espido'. Existe en portugués a mesma expresión *estar-em-couro* e así mesmo en castelán temos *estar-en-cueros*, que debeu influír moito na nosa lingua, xa que hai falantes que empregan a expresión galega poñendo en plural a voz **coiro**.

O sintagma **en coiro** tomou tal carta de natureza en galego, que hoxe o vemos como unha simple palabra, **encoiro**, que funciona coma un adxectivo normal sinónimo da voz espido.

Castelao fixo moito uso deste adxectivo: *Entón entras encoiro como che pareu túa nai...; Os cans fuxen en canto ven un home encoiro de todo...; no corpo encoiro de Crissto...; Xesús foi crucificado encoiro...*etc. Algunhas veces aparece a forma feminina tanto de singular como de plural: *onde poñerían encoira a súa ignorancia..; a figura encoira do Redentor...; dúas figuras encoiras...; tódalas cousas estaban encoiras...* etc. E mesmo como adxectivo pode recibi-la terminación de diminutivo: *o corpo de Rañolas, encoiriño de todo...*

Pero Castelao, como bo escritor, é creador da lingua e por iso emprega este adxectivo en función de nome substantivo: *as froles foulentas de xardín semellan encoiros manteigosos de Rubens...; unha langosta godalleira facéndolle cóchegas ón polo encoiro...*

351. Ollos encoveirados

Non necesito explicarlle a ningún lector o que é unha **cova** ou os seus diminutivos **covela** e **covelo** ou os diminutivos destes **coveliña** e **coveliño**. Dise dun animal que se meteu nunha **cova**, *que se encovou*. O verbo **encovar** aplícase tamén figuradamente cando dicimos de alguén que non sae da casa ou que anda agachado. E dicimos de algo que está **encovado** cando está metido moito para dentro ou moi afundado ou enterrado. Podemos atopar tamén tanto en portugués coma en castelán expresións como *ollos encovados*.

Pero en galego úsase moito máis a miúdo outro verbo que resulta máis expresivo: **encoveirar**, que procede da mesma familia léxica. Na nosa lingua, á parte de **covas** hai **encovas** ou **encovos** e tamén **coveiras** ou **coveiros**, palabras moi empregadas como sinónimas de tobos ou lugares onde se agachan ou abrigan as raposas, coellos e outros animais do monte.

E así é moi corrente escoitar de alguén que ten os *ollos encoveirados*, expresión que emprega Castelao no seguinte exemplo: *Un home de cera, coas orellas fóra do cacho, cos ollos encoveirados, tusindo...*

Quen permanece **encoveirado** moito tempo vólvese pálido, fúnebre, cadavérico e de aí que a nosa palabra **encoveirado** pasou xa ós diccionarios como 'cadavérico', 'pálido coma un cadáver', aínda que sexa a causa dunha enfermidade, segundo vemos por estas frases de Castelao: *Unha lampariña de aceite alumeaba mornamente a cariña fraca e encoveirada dunha rapaza que durmía nun leito misérrimo... ¡Non lle poña esa cara tan encoveirada e tan triste!*

352. Enchoiadas amorosas

No relato de *Retrincos* que xa citei varias veces, titulado "Sabela", describe Castelao a beleza desta rapaza e dinos que *ela gustaba de contar na ribeira os perigos en que se metía, e as pescas estordegábanse de risa cos ditos da rapaza, que descobría, de miúdo, tódalas súas enchoiadas amorosas.*

Xa no primeiro diccionario galego de F.J. Rodríguez temos unha definición do que é **enchoiar**: "Enamorar, modo de conversación que usan los jóvenes para talentearse o experimentar si son noveles o duchos, tontos, cortos o discretos. Es voz de la Mariña". Nos diccionarios posteriores recóllese esta voz á que se engade no de Eladio Rodríguez o seu derivado **enchoiada** que define como "especie de diálogo sostenido generalmente por un mozo y una moza, que cantan por turnos coplas improvisadas para probar quien tiene más ingenio".

Non sei se nos tempos de Castelao seguía vivo o costume de cantar **enchoiadas**. Seica pode interpretarse no texto citado as **enchoiadas** de Sabela polas palabras de hoxe aventuras ou coqueteos.

Non se sabe con certeza de onde xurdiu este verbo **enchoiar** e o seu derivado **enchoiada**. Eu teño a impresión de que **enchoiar** é face-lo que fan as **choias**, paxaros da familia dos córvidos, que segundo di del o citado Eladio Rodríguez viven en parellas e son sociables, arrichadas e moi arteiras. ¿E se de rula temos arrular por que non de **choia**, **enchoiar**?

Probablemente a orixe da voz **choia** está na onomatopea *cho, cho,* ruído que fan estas aves.

Eu non creo, como pensan algúns lingüistas, que a nosa voz **enchoiada** teña algo que ver coa voz **choio** 'negocio, asunto, traballo' (usada varias veces por Castelao: *a viuda púxose ó frente do choio... e Pedro repiteu o choio...* etc.) ou con **choiar** 'realizar calquera clase de traballos'.

353. Endoudecido de espanto

Castelao empregou bastantes veces nas súas obras o verbo **endoudecer** ben na súa forma persoal: *Rañolas endoudece na calma chicha da reloxería* ou ben na súa forma participial ou adxectiva: *eu collinme a ela, endoudecido de espanto... Atarecidos de medo i endoudecidos pola impotencia... Endoudecido de amor por uns ollos funerarios... As probes vacas endoudecidas... A endoudecida soberba dos homes do Centro...*

Se non soubesémo-la significación de **endoudecer** poderiamos tira-la conclusión evidente e lóxica de que **endoudecer** significa 'poñerse **doudo**'. Pero para quen non coñeza tampouco esta voz, non lle resolvería nada esta reflexión e tería que consultar un diccionario que lle daría a solución: **doudo** significa louco ou tolo. E, por tanto **endoudecer** (o mesmo que **doudar** ou **doudecer**) equivale a **louquear** ou **tolear**.

Temos constancia da existencia de **doudo** no século XVIII neste mesmo sentido, pero esta voz debe ser moi antiga. Coidamos que **doudo** pode ser unha variante de **doído**, participio do verbo **doer**. Deste verbo sae a forma **doente** que significa naturalmente 'que ten dor', 'que está enfermo' e que é usada así por moitos escritores, como fai o mesmo Castelao, pero que se transforma ademais en 'rabioso' por iso de *rabiar de dor*. E tal vez haxa relación entre **doer** e **doente** 'rabioso' coa forma de **doudo** 'louco'.

De tódolos xeitos en portugués *doudo* é considerada forma antiga e hoxe dise *doido* (con ditongo *-oi-)* cando é sinónimo de *louco* e *doído* (palabra trisílaba) cando é participio do verbo *doer*. O cal lévanos a dubidar de se o noso **doudo** ten algo que ver con **doer** ou ten outra orixe que hoxe en día descoñecemos.

354. O mozo máis enfonchado da vila

Para quen non comprenda a voz **enfonchado** na seguinte frase de Castelao: *Farruco... fora o mozo máis enfonchado da vila, por quen toleaban as mozas de máis porqué...,* pódolle engadir outras frases semellantes para unha mellor comprensión: *Don Andrés enfonchado coma un patriarca xusto...; tamén me gus-*

taba o himno de Lourdes... dixo moi enfonchado...; cheguei a saber que algúns parvos de nacencia badúan enfonchados en cadeiras de Universidade...

Como é evidente, **enfonchado** ten a orixe no participio do verbo **enfoncharse** que tamén emprega Castelao: *Antrametras o larpeiro se enfonchaba de ledicia caían anos a bao nas costas da tía* Ádega.

E **enfoncharse** equivale a poñerse **foncho**. Para quen non teña aínda claro o significado desta última palabra poñamos algúns exemplos do seu uso que pertencen a diversas obras de Lamas Carvajal: *camiño do fiadeiro / van os mociños e mozas / máis satisfeitos e fonchos / que prá festa da patrona...; Despois veñen os fonchos maordomos...; co aquela queima quedou máis foncho que un inquisidor do sigro dazasete.*

En fin, coido que despois de ler tantos exemplos sen necesidade de consultar un diccionario, chegaremos á conclusión de que **foncho** é un sinónimo de *oco, enchido, fachendoso, ensoberbecido, vaidoso, chufón, botaporela,* etc.

Poñerse **foncho** é algo así como esponxarse ou, moito mellor diriamos que é o mesmo que poñerse coma un fungo, de acordo coa orixe desta palabra que está na voz latina FUNGULUS, que significa 'fungo pequeno', ou en FUNGIDUS, que xa significaba en latín 'esponxoso' ou 'poroso'.

355. Os engados da súa carne

Quen queira pescar peixes debe procurase unha cana ou calquera outro aparello de pescar, amais dun anzol ó que hai que poñerlle **encarnadura** ou **carnadura**, é dicir, cebo, para que os peixes se sintan atraídos e piquen no anzol.

Pero ese cebo que se engade ó anzol é chamado tamén en galego **engado**. ¿Será nomeado precisamente **engado** porque se engade ó anzol? Isto é, ¿vén a palabra **engado** do verbo **engadir**? Hai algún filólogo que o cre así; pero non parece moi segura esta teoría porque a palabra portuguesa paralela á nosa é *engodo* e non parece que teña relación con **engadir**.

Tanto a verba galega **engado**, coma a portuguesa *engodo*, ademais de significar 'cebo' ou 'isca' e 'isco' (que amén se chama así ó **cebo**), son empregadas moi a miúdo nos sentidos figurados de atractivo, encanto, seducción, etc.

Con estas significacións Castelao usa moitas veces esta palabra. Así en *Retrincos* dinos que a rapaza Sabela *andaba descalza e os engados da súa carne non tiñan segredo para os ollos de ninguén.* De *Os dous de sempre* son as frases seguintes: *Os reloxes antigos teñen máis engado que os homes...* A *vila ganou novo ser, pero xa non ten engado para nós...; unha oficiala de Filomena mostraba tales engados que decideu cometer unha infidelidade...; pero fuxíralle da face o ledo engado dos moinantes...*

Tamén nas obras menos literarias está usada esta verba frecuentemente nos mesmos sentidos figurados que acabamos de ver: *O albre é un engado dos ollos... non foi quen de resistir o seu engado...; que lle deron engado novo e orixinal...* etc.

356. Engaiolar a sogra

A caixa que se fai con barrotes, vimbios e arames, sen fondo, para cazar paxaros ou, con el, para telos presos, chámase **gaiola**, palabra bastante popular en toda Galicia, se ben hoxe está introducíndose o castelanismo **xaula**. **Gaiola** é verba procedente dunha forma latina CAVEOLA e moi usada polos nosos escritores, ben no sentido propio ou ben no sentido de cárcere ou calquera outro lugar pechado segundo

vemos por esta frase de Castelao: *Pero eu sentía o meu corazón debaterse na súa gaiola como un paxaro entolecido.*

Da voz **gaiola** xorden derivados como **gaiolar**, **gaioleiro**, ou **engaiolar** e **engaioleiro**, que son os máis frecuentes. **Engaiolar** será pois meter a un ser vivo na **gaiola**, do mesmo xeito que se teñen os paxaros metidos nesa caixa. Así vemos como o Rañolas de *Os dous de sempre, sigue dispois polo peirán da Mégisserie a mirar galiñas engaioladas como paxaros.*

Pero se **gaiola** é unha trampa para pillar paxaros, **engaiolar** será tamén enganar a alguén por calquera outro procedemento. **Engaiolar** convértese en sinónimo de cativar, seducir, atraer, encantar, embelecar, etc. Nas obras de Castelao aparece moi a miúdo esta verba con todas esas acepcións. Así o citado Rañolas fuxe *dos moinantes que o tiñan engaiolado* e noutra ocasión: *Ese capitán morreu e vaise Rañolas i engaiola á viúva...* Tamén o outro de *Os dous de sempre*: *para engaiolar á sogra merca un fonógrafo...*

Hai **engaiolamentos** amorosos (*engaiolar ao* cara*bineiro... Don Saturio estame engaiolando*), infantís (*engaiolar ós rapaces... engaiolar a un parvo),* trampulleiros (*moinantes que con capa de santidade engaiolaban pelengríns)* e políticos *(a bandeira dos foros xa non sirve para engaiolar labregos..., nonos deixaremos engaiolar polos políticos hespañoes*).

E diremos que nalgúns lugares de Galicia **engaiolarse** é simplemente divertirse ou entreterse.

357. Remos engoumados

Todos cantos len estes *Retrincos* empregan de xeito natural a voz **encoller**, pero estou seguro que serán moitos os que poden usar ademais bastantes sinónimos desta palabra que son máis expresivos e difíciles de explicar. Por exemplo, eu podo usar esta selección de voces coñecidas e case entendidas por todos: **engobelar**, **engoriñar**, **engorrobellar**, **engorromiñar**, **engrumar**, **engurriar**, **engurrumiñar**, **engurrallar**, **enguriñar**, **engurrullar**, **engurruchar**, etc.

Na base de moitas destas palabras está a palabra latina IRRUGARE que dá orixe á palabra normal **enrugar**, que por cambio de lugar das súas consoantes se converte en **engurrar**, da cal poden saír voces derivadas como **enguruñar** ou **engruñar**, forma esta última usada por Castelao en frases como as seguintes *Pedro engruñoume como unha araña ferida...; reparou que tiñamo-lo ánimo engruñado...; Pimpinela engruña hombreiros... a figura de Xesús ten as pernas engruñadas...* etc.

Estas voces modifícanse por cruce con outras palabras e así temos que hai quen di **engrumar** e **engromar**, tal vez pensando non nas **enrugas** ou **engurras** senón nos **gromos**. E do mesmo xeito temos **engoumar** e **engoumear** pensando nos **gomos**, variante de **gromos**.

Na comarca compostelá dise de alguén que está **encolleito** ou **encollido**, que está **engoumado**, que atopo empregada por Castelao en *Os dous de sempre*: *De pouco lle podían vale-las aparencias de home libre, cando de certo vivía en cadeas a traballar engoumado...; andaba en crequenas por te-los remos engoumados.*

Tamén en *Sempre en Galiza* usa esta verba coa significación de **encoller**: *Entón ningún curial podería engoumar o ánimo dun labrego...*

Aínda poderiamos sinalar máis sinónimos de **encoller**...

358. Vida enlordada

En *Os dous de sempre* atopamos nesta frase: *Dispois da morte da súa nai, Rañolas douse cuns moinantes da vida enlordada,* a voz **enlordada** que é un participio empregado adxectivamente do verbo **enlordar**.

Aínda hai moitos galegos que usan esta voz que significa 'encher algo de **lorda**'. Naturalmente quen emprega o verbo **enlordar** sabe moi ben que é **lorda** e moitas veces chama a centos de persoas **lordáns**, é dicir, as que están cheas de **lorda** e, tanto persoas coma cousas poden ser **lordeiras** ou **lordentas**.

A voz **lorda** aparece xa rexistrada no diccionario de F.J. Rodríguez, de 1865, como "Lodo que se toma en el ruedo de los vestidos" e esta definición pasa ós diccionarios posteriores, pero os máis recentes engaden tamén a acepción de sucidade.

Se facemos caso da definición fundamental dos diccionarios dá a impresión de que esta palabra é un cruce das voces **lodo** e **lorza** 'pregue que teñen moitos vestidos na parte inferior'; pero **lorda** é aínda para moitos falantes calquera cousa sucia que se pega en calquera parte. Hai moitos que chaman **lordas** ás **cascarras** ou **cascarrias**, é dicir ás bolas de bosta que se pegan ó pelo do gando.

Lorda é pois calquera porquería e naturalmente calquera cousa que está manchada de lodo é tamén **lordeira** ou **lordenta**. A orixe desta voz está na voz latina LURIDUS 'amarelento' que deixou descendentes en catalán, francés, provenzal e italiano. ¿Como existe esta voz en galego e non en castelán e en portugués? Probablemente foi traída polos peregrinos ou tal vez a voz latina perdeuse nas linguas veciñas.

De **lorda** xorde o verbo bastante corrente **enlordar** 'manchar, luxar, enzoufar' que foi empregado por Castelao en varias ocasións: *A súa nai, enlordada de pés a cabeza... tódolos tinteiros ilustres ficaron enlordados...*

359. Problemas ensarillados

Probablemente haberá hoxe moita xente que xa non comprenda o sentido de **ensarillado** das seguintes frases de Castelao: *Os problemas máis ensarillados non tiñan segredo para el...; A cousa quedaba arrombada e funme durmir, con mil ideas ensarilladas na chola...; Prometín non perderme nos camiños ensarillados do pasado...*

Resulta evidente que **ensarillado** é o participio do verbo **ensarillar**, voz que significa 'poñe-los fíos do liño no **sarillo**', aparato que xa é difícil de atopar nas casas galegas de hoxe e que era unha especie de debadoiro. O **sarillo** baseábase fundamentalmente en dúas aspas ou táboas (en latín eran chamados SERICULAS e de aí o seu nome en galego) que xiraban rapidamente. Cando alguén era moi inquieto ou moi complicado, dicíase del que era un **sarillo** ou que era moi **sarilleiro**.

Ensarillarse pasou a ter na fala normal o sentido de andar dun lado para outro, de complicarse a vida, de inventar ou tramar cousas, de liarse, de rifar, etc.

Posiblemente cando algún galego de hai cincuenta anos lía en Castelao frases coma as devanditas e coma as seguintes: *No ceo ensaríllanse cada vez máis os aramios...; esta figueira de ponlas ensarilladas foi o amparo da vivenda...; Don Andrés e a tía Ádega andiveran ensarillados en amores románticos...; As dúas mulleres ensarilláronse e non tardaron en amostrar os lacóns e os perniles rabuñados...,* entendería moi ben

a imaxe que quería expresa-lo escritor. Se cadra para o lector de hoxe **ensarillado** é simplemente 'intricado', 'complicado', 'leado', sen relación coa orixe concreta desta voz.

360. Foron enviando a garrafa enteira

No latín tardío formouse o verbo INVIARE (derivado da palabra latina VIA) coa significación de 'poñerse en camiño' e de aí pasou a 'poñer a alguén ou algunha cousa en camiño'. Este verbo quedou en tódalas linguas romances occidentais e, por tanto, tamén en galego cos sentidos de encamiñar, expedir, mandar a alguén, a outra persoa ou a outro lugar cun fin determinado.

Pero en catalán *enviar-se* pasou a significar traga-la comida e en galego non só se di **enviar** para traga-la comida senón tamén para tomar líquidos. O diccionario de Valladares xa dá constancia da existencia da acepción de tragar poñendo o seguinte exemplo: *enviou unha mosca*. Naturalmente ninguén come unha mosca senón que a **envía** por descoido.

Coido que esta acepción catalana e galega de **enviar** xurdiu nas dúas linguas de maneira espontánea (non ten porque ser un catalanismo entre nós) pola comparación de poñer algo en camiño con poñer algo no esófago, camiño do estómago.

En *Cousas* de Castelao cóntase a historia dunha broma en que se substitúe augardente por un purgante: *Os choqueiros cheiraron a augardente... arrombaron as gorxas e pouco a pouco foron enviando a garrafa enteira, de modo que a cada un cadroulle de tomar quince purgas...* Tamén con ese mesmo sentido de beber aparece noutra narración do mesmo libro. *No beber era como no escribir: moitos groliños de viño enviados de xeito melindroso.*

Derivado de **enviar** é a voz **enviada** que tanto podería ser grolo coma trago. Con esta última acepción aparece en *Os dous de sempre*: *Sabía o gran broeiro que a comida non presta se un famento nos está contando as enviadas e de cada bocado que recibía a mazán, Pedriño alarmábase...*

361. Escachífase de risa

Escachifar significa romper en anaquiños unha cousa, como vemos neste exemplo de Castelao: *Alongaba os brazos e ¡zas! magoábase os dedos i escachifaba algo.* Pero esta voz é moi usada figuradamente coas palabras risa ou rir*: Cando Don Guillermo reparou nos meus dibuxos escachifouse de risa... A siña Filomena pón as mans no bandullo i escachífase de risa...*

No canto de **escachifar** poderiamos empregar outros verbos semellantes formados sobre a mesma palabra-base de onde se orixinan: **escachafollar**, **escacharelar**, **escacharrar**, **escachelar**, **escachenar**, **escachizar**, **escachuzar**, etc.

Todos eses verbos non son máis que variantes moi expresivas da voz **escachar**, nacida de **cacho**, que en principio significou cacharro, logo cacharro roto, despois anaco de calquera cousa e mesmo anaquiño de tempo. O máis probable é que esta voz veña do latín CACCABUS, que significaba 'ola' ou 'cazola', e que se transformou en CACCULUS e de aí evolucionou con toda normalidade fonética nas linguas romances.

Escachar ten, pois, o sentido normal de romper en anacos, como vemos nestes exemplos de *Un ollo de vidro*: *Xurou que se non fose por Deus tíñase ó esquelete i escacháballe a calivera cun sacho... Un rapaciño pequerrechiño escacha unha botella de aceite nas pedras da rúa e o probiño chora* ou nestoutro de *Cousas: Aínda levo nos ouvidos o son das ondas que escachaban nas pedras...*

Pero en Castelao **escachar** toma tamén o sentido figurado de romperse de risa en relación con risa ou rir: *Para que tódolos veciños escachasen de risa... Os compañeiros escachaban de risa... Escachando de risa... Escachando en gargalladas... A risa escachada... A xente escachou a rir...*

362. Poñíase escarolada

Os cultivos de diversas plantas son ás veces importados doutros lugares e esas plantas traen consigo os nomes das linguas que se falan no país de onde proceden.

Na antigüidade había unha especie de leituga chamada LACTUCA ESCARIOLA que foi moi cultivada en Cataluña e de aí ese nome transformouse en *escarola*. Despois esta planta foi cultivada no resto da Península e recibiu o nome que tiña en catalán. Pénsese que galegos e portugueses tiñan que dicir *escaroa* se esta verba fose autóctona.

A **escarola** é moi cultivada en Galicia sobre todo aquela que ten un aspecto rizado e moi repoludo. Pois ben, a causa dese aspecto, formouse o verbo **escarolar**[1] para indicar que algo ou alguén se incha coma unha **escarola**. Daquela **escarolar** vale tanto como espelir nun sentido figurado.

Castelao usa ás veces **escarolar** e **escarolado**: *A rapaza escarolábase, bulrona, cando os señoritos forasteiros lle facían a rosca..., con verbas escaroladas...; uns homes vellos, escarolados e fracasados...; gustáballe que se esperguizase ó seu redor e poñíase escarolada cos agarimos.*

Pero, ollo, hai outro **escarolar**[2] en galego que non ten nada que ver co que acabamos de falar. Chámase **escarolar** ó feito de saca-la noz do carolo verde e chámase **escarolar** tamén ó mesmo que **escarochar** ou **escochar** ou **escanar**, e dicir, separa-la espiga do millo da cana. Trátase de palabras homófonas e homónimas que teñen procedencias moi diferentes.

363. Ollos escentilantes

Para nomea-la chispa que cae das nubes cando hai tormenta había en latín palabras como FULGUR, e FULMEN, que non deixaron descendentes na nosa Península, así como SCINTILLA que orixinou a forma castelá *centella,* pero que non se afincou no oeste peninsular, onde esperariámo-la voz *centela.* Galegos e portugueses empregan ás veces o castelanismo **centella** no canto das nosas verbas patrimoniais **raio** ou **chispa**. Rosalía usou nalgúns poemas a verba **centela**, que non existiu nas linguas galega e portuguesa, como fragrante hiperenxebrismo creado artificialmente por imitación da parella *estrella* (castelán)- **estrela** (galego).

Na fala popular está tamén metido o castelanismo **centellear**, pero os nosos escritores con moi bo acordo introduciron o cultismo **escentilar**, volvendo á fonte matriz latina.

Escentilar emprégase na significación de 'despedir raios de luz como indecisos ou trémulos e de diversa intensidade'. Vexamos algún exemplo tomado de Castelao: *Na lonxanía batida polo sol derradeiro*

escentila unha estrela na fiestra rectoral... Ou estoutro nun sentido figurado: *Os decires escentilaban contentamento e nos seus arredores non podía medra-la tristura.*

Se hai algo que pode **escentilar** nese sentido metafórico, nada mellor para iso que uns ollos: *E a rapaza botouse a rir cos ollos escentilantes... E a rapaza sai da casa do brazo cos ollos escentilantes de felicidade... Eu sempre avistei nos seus ollos a pintiña escentilante da mentira e da burla...*

364. E morríase escoada

Pasar un líquido polo **coador** ou **coadeiro** ou **coadoiro** é **coar**. Pero **coar** pódese empregar en moitas ocasións, como acontece coa maior parte das palabras, nuns sentidos figurados. E así todo o mundo entenderá expresións como: *o avión cóase entre as nubes para tomar terra, ou o noso tío coouse entre a multitude para se colocar no primeiro plano,* etc.

Partindo desta forma **coar** (ou se se quere da forma latina COLARE) compúxose outra palabra para expresar algo máis forte cá acción de **coar** co engadido dun prefixo. Do latín EXCOLARE témo-la verba da mesma familia **escoar** (pénsese no francés *écouler)* que recorda a acción de **coar**, pero que significa hoxe o mesmo que escorrer ou correr algún líquido que sae coma dun **coador** ou (nun sentido máis amplo) espallarse ou disiparse, etc.

Cando Castelao nos seus *Retrincos* conta como a luz das catro velas, que puxeron ó lado dun morto, entraba no cuarto do rapaz, *escoándose polas fendas do tabique lañado,* emprega **escoar** case co sentido primitivo de **coar**, pero resulta máis expresivo **escoar** como o resultaría tamén escorrer.

No libro *Os dous de sempre* preséntano-la figura de Pedro mirando desde o barco a barafunda de xente que estaba no porto *e o medo de non atopar a Manoel deixouno escoado, sen forzas para baixar.* Aquí **escoado** está tomado nun sentido figurado que, máis que escorrido, significaría sen forzas, como el mesmo escribe a continuación.

Escoarse é tamén nalgunhas partes de Galicia sinónimo de desangrarse e neste sentido aparece usado por Castelao no último libro citado cando narra unha situación onde se produce un aborto: *Onte estabamos a cear e de arrebato a miña muller rompe a carpir: ¡ai, que morro! ¡ai, que morro! E morríase* escoada *se non chega o médico a tempo*.

365. Un trompo esgarabelleiro

Creo que todos nos fixamos en como as galiñas escarvan na terra. Non o fan a modiño. Antes ben, fano a toda velocidade, móvense dun sitio para outro coma se fosen **escarabellos** ou **escaraballos**. Por iso chamamos **esgarabellar** ó que fan as galiñas cando escarvan na terra.

Pero calquera pode **esgarabellar** ou **escarabellar** como di Rosalía no seu poema "Miña casiña, meu lar": *Mentras escarabellaba / na cinza, vin relumbrar / un ichavo da fertuna...*

No libro *Os dous de sempre* de Castelao vemos como Rañolas nun principio acariñaba os lombos dun *reloxio* e despois o abría ata que *de remate esgarabellou coa punta da navalla, e pouco a pouco foi descobrindo o segredo da máquina.*

E deste sentido de fochicar en algo pásase ó sentido figurado de remexer, como comprobamos nestes exemplos: *Non queremos esgarabellar máis nos argumentos... E tanto esgarabellou o señorito na miña tolería moza que deixeime poñer o dente...*

E tamén ampliando este mesmo sentido figurado diremos,que se chama **esgarabello** a calquera persoa bulidora ou calquera rapaz inquieto e brincador e que empregámo-la voz **esgarabelleiro** para indicar que algo se move moito, como a usa Castelao nesta frase: *Non había festa na vila, nin nos arredores, onde non aparecese danzando, coma un trompo esgarabelleiro.*

366. Esgazoulle unha colcha

Esgazar ten o sentido fundamental de 'abrirse un pano polo fío' e así eu podo dicir que o meu pantalón esgazou. Pero tamén eu podo coller unha tea e esgazala, é dicir, rachala. No seguinte exemplo de Castelao vemos como un can tamén pode esgazar algo: *Unha vez un can esgazoulle unha colcha e o señor Andrés chorou bágoas como peras urracas.*

A orixe desta palabra non está moi clara, pero seica ven dun verbo do latín vulgar, EXQUARTIARE, que significaría algo así como 'cuartearse'. Por evolución fonética normal deu en galego e portugués **esgarzar** que despois perdeu o *-r-* interior dando **esgazar**, forma rematada en *-azar* que ás veces se confunde coa terminación *-izar.* De aí que en moitos lugares de Galicia se diga tamén **esguizar**.

Pero en galego ampliou a súa significación á de 'afastarse unha rama doutra ou do tronco da árbore', é dicir, faise sinónima de esgallar. E pouco a pouco foi tendo un significado común cos verbos rachar, esgarrar, fender...

Así vemos como nesta frase de Castelao: *O silenzo foi esgazado novamente por Melchor,* **esgazar** equivale claramente a *romper*.

E os derivados desta verba **esgazo** e **esgazadura**, que indican a acción de **esgazar**, convertéronse en sinónimos de **esgallo, rachón, esgarrón, fendedura**, etc. Vexamos como mostra esta frase de *As cruces de pedra na Galiza*: *Acontece entón que o ferro tómase de ferruxe e non tarda en producir unha esgazadura do capitel, que se rompe en dous cachos e dá coa cruz sobor das gradeirías, esnaquizándose...*

367. Mirouno de esguello

A locución **de esguello** é empregada varias veces por Castelao. En *Os dous de sempre* aparece esta frase: *A regateira mirouno de esguello* na que a locución ten o sentido de oblicuamente ou de soslaio. Noutro lugar da mesma obra conta como Pedro *se mete de esguello dentro* (dunha casa) *e topa coa siña Filomena:* Aquí vemos como **de esguello** podería ser interpretado como 'de lado' ou 'con disimulo'.

En *Retrincos* atópase tamén a locución con este mesmo sentido: *no fío das dúas da noite entraría de esguello no apousento do meu nemigo.*

De esguello é voz recollida nos diccionarios con estes mesmos valores empregados por Castelao: *de soslaio, con disimulo, de reollo*. Nalgúns lugares de Galicia escoitamos fala-los labregos de como labraban algún terreo **de esguello** ou **de esguella**, é dicir, transversalmente. Tamén en portugués existen as

expresións *de-esguelha,* como sinónimo de *de soslaio, esguelhadamente,* que ten o valor de oblicuamente e mesmo o verbo *esguelhar* co significado de 'colocar oblicuamente'.

En castelán existe unha locución paralela, *al-sesgo,* co mesmo sentido có noso **de esguello**.

Cremos que todas estas voces deben proceder dunha forma vulgar latina SESECARE (derivada de SECARE 'cortar') que se converteu en **sesgar** e que significa cortar oblicuamente. Deste verbo xurdiu a voz **sesgo** 'torcido' ou 'cortado oblicuamente'. Segundo o diccionario de Eladio Rodríguez existe tamén en galego a locución **ó sesgo**.

De **sesgo** debeu formarse a expresión *de sesguello* que foi reducido a **de esguello** por perda do *s-* inicial de *sesguello.* Quizais tamén habería que pensar na influencia doutra locución de valor semellante, **de esgueira**, que procede doutro étimo distinto.

368. Quería esnaquizarnos

Nos *Retrincos* de Castelao atopo o verbo **esnaquizar** co significado ben claro de facer anacos ou pedazos: *Era Peito de Lobo que quería esnaquizarnos: ó cabezudo e máis a min.* Con este significado tan concreto aparece tamén este verbo en *As cruces de pedra na Galiza*: *Cicais desfacendo os restos da xoia que fora esnaquizada... / A cruz foi esnaquizada polos seminaristas de Ourense.*

Cun sentido máis abstracto usa Castelao esta palabra moitas máis veces: *A división provincial de 1833, esnaquizou a nosa unidade administrativa... Esta partilla esnaquizou a potente eclosión do noso xenio... O tempo encarregouse de ir esnaquizando as vilas... A terra galega está esnaquizada polo amor e a cobiza dos seus fillos...* etc.

E deste verbo xurdiron derivados como **esnaquizamento** (*víase a reo a intención de fontar e tortificar i esnaquizamento arbitrario de Hespaña*) e **esnaquizador** (*somos federalistas e non esnaquizadores da realidade hespañola).*

Esnaquizar, se ben é palabra moi estendida por Galicia, debe ser derivada de **esnacar**, palabra moi coñecida por algúns lugares de Ourense. Esta última forma ten que se-la base formada sobre a voz **anaco**. E di **esnacar** por imitación de **despedazar** xurdiu a forma **esnacazar**, que rexistran tódolos diccionarios e que cambiou por último a terminación *-azar* por *-izar* para se converter no noso **esnaquizar**.

A voz **anaco**, base de todas estas formas, ten unha orixe escura. Discútese se procede dos árabes ou dos celtas...

369. Atopaba espancimento

Pregúntame un lector se a palabra **espancimento** usada por Castelao no seguinte texto de *Os dous de sempre*: *Pedro somentes atopaba espancimento no taller de Rañolas,* coa clara significación de 'diversión', 'pasatempo', está ben empregada ou non, xa que consultou os diccionarios e neles só aparece como 'acto ou efecto de espancir' e **espancir** como 'dilatar, alongar, estender'.

Eu non sei agora se outros escritores usan este verbo **espancir** ou o seu derivado **espancimento** con esta significación de divertirse ou diversión respectivamente.. Pero abóndanos pensar no proceso de transformación de divertir desde o seu sentido primitivo de 'afastar', 'separar' ó de 'separar dun fin, dunha aplicación, dun obxecto' e de aquí ó de 'distraer, saír da normalidade e pasalo ben ou recrear'. O mesmo poderiamos dicir da palabra **expansión** que significa orixinariamente 'acción de estenderse' pasa a ser 'desenvolvemento', 'alargamento' e de aí a 'movemento espontáneo e comunicativo de franqueza ou estima'.

En fin, atopo normal esa ampliación da significación orixinaria desa voz que tamén usou Castelao xustamente como 'extensión' nesta frase: *as ditas cruces de pelegrín foron levadas ao camiño francés polos romeiros armoricáns e que deben o seu espancemento á devoción santiaguista,* ou como 'posibilidade de estenderse', nestoutra frase: *E cando Pedriño se veu malfadado, enrugándose de medo, deica privar ós membros de espancemento.*

Tamén en varias ocasións usou Castelao o verbo **espancir** no sentido de 'estender, dilatar': *Cada día as bulras dos rapaces espancíanse máis...; Entón a sogra espance os brazos e berra esbaforida...; e cando se sintiron a salvo choutaron coma dous cabirtos, espanciron o peito...*

¿E de onde procede a nosa palabra **espancir**? Pois non lle é unha verba orixinaria do latín, senón unha creación romance que xurdiu nos falantes hai xa algúns séculos por cruce das verbas **espandir** e **espancir** que tiñan significados parellos.

370. O fume vaise esparexendo

O día pasado falabamos do verbo **espancir**, nado como cruce dos verbos semellantes na súa significación **espandir** e **esparcir**. Vexamos algo destas outras dúas voces.

Espandir é unha voz orixinaria do latín EXPENDERE, que tiña o mesmo valor de hoxe. Castelao usa frecuentemente este verbo no seu libro *As cruces de pedra na Galiza*: *e de qué maneira o camiño de Santiago espandeu por toda Europa as cruces nativas da Bretaña, do mesmo xeito que se espandeu a Chanson de Roland...; por onde camiñou a arte medieval e por onde se espandeu...; comezou a espandirse o culto...; cando se espandiron...; espandíndose...*

E na mesma obra emprega tamén moi a miúdo a voz **espandimento**: *espandimento dos cruceiros...; un espandimento simultáneo dos cruceiros...; o espandimento das cruces moimentais...;* etc.

Esparcir procede da voz latina SPARGERE que tamén tiña as significacións de 'espallar, dilatar, estender'. Esta palabra latina sufriu unha dobre evolución fonética: ben **esparcir** ou **esparcer** coma en castelán *esparcir* ou portugués *esparzir* ou ben **esparxer** coma en portugués *espargir.* A forma **esparcir** séntese hoxe como castelá e é moi pouco usada.

Esparxer ou moito mellor **esparexer**, que é practicamente forma común para toda Galicia, é para nós a verba sucesora do latín SPARGERE e moi empregada por todos como sinónima de estender, espallar, estrar, etc. Tomemos como exemplo do seu uso esta frase sacada do libro *Cousas* de Castelao: *o fume das tellas, mesto e leitoso, vaise esparexendo no fondo do val.*

371. As espullas do nariz

As excrecencias xeralmente redondas que saen na pel chámanse, como ben é coñecido, **verrugas** ou tamén dialectalmente **varrugas** e **vorrugas** e nalgures **burras**. Pero tamén en case toda Galicia coñé-

cense as **verrugas** como **espullas** ou **espullos**, nomes que teñen algunhas variantes locais como **espunllas**, **espundias** e **espuñas**.

Castelao nun magnífico relato de *Retrincos* nárranos como el fixo un cabezudo para as festas, imitando a figura de Peito de Lobo, que tiña **espullas** no nariz, Esta imitación non lle gustou nada a Peito de Lobo e *o probe non fai máis que dicir:* "as *espullas heillas dar eu a el*". *Porque mire, señor, o que máis o maguou foi que lle imitase as espuñas do nariz.* Pero despois pasoulle o enfado e *no terceiro ano saíu o cabezudo con espullas no nariz, cousa que fixen por mandato de Peito de Lobo.*

Pero as **espullas** ou as súas variantes son nomes que serven tamén para significa-las protuberancias, semellantes ás **verrugas**, que lles saen ás vacas ou ós cabalos no ventre ou noutras partes dos seus corpos.

Non parece haber dúbida que as **espullas** son chamadas así porque se parecen ás esponxas na súa consistencia fungosa. Por iso temos que pensar que a orixe desta palabra está na voz latina SPONGIA, que dá en galego por unha parte **esponxa** e por outra, cunha evolución fonética distinta, **espunlla** e **espulla**. E hai constancia da existencia destas últimas voces nos textos medievais.

372. Homes esterricados na porta

Varias veces usou Castelao nas súas obras como adxectivo o participio do verbo **esterricar**. Dos *Retrincos* é o seguinte exemplo *Os mortos son uns perguiceiros. Cando non rexen coa vida, derrúbanse redondos e fican esterricados nunha postura ridícula.* De *Os vellos non deben de namorarse* tiñamos estoutro: *Don Ramón, canso de bulir, cae vestido de costas e fica esterricado.* De *Cousas* é esta frase: *¡Que sería de min, orfiña de todo, a morrer esterricada nun camiño calquera!* E de *Sempre en Galiza* estoutras: *Atravesei algún povo con homes esterricados na porta das casas... Entón é moi posible que morran cos zocos postos, esterricados nun camiño...*

Esta forma usada por Castelao, **esterricar**, é menos coñecida ca **estarricar** (moi estendida por toda Galicia) ou **estricar** (como se di pola parte occidental da provincia da Coruña). Tamén existen as variantes **estalicar** e **estelicar**.

Todas esas voces teñen o significado fundamental de 'estirar'. Nas frases citadas parece claro o valor de 'quedar teso ou estirado'.

Pero **estarricar** emprégase sobre todo acompañado do pronome reflexivo *se*. **Estarricarse**, segundo os primeiros diccionarios galegos, tiña ademais do significado de 'estirarse' ou de 'erguerse, ensoberbecerse, pavonearse', significación que me parece que hoxe está bastante esquecida, xa que **estarricarse** e demais variantes son voces sinónimas, para os galegofalantes actuais, de espreguizarse.

Non está moi clara a orixe desta verba, pero seica podemos poñela en relación coa palabra latina EXTRICARE, que significaba desenvolver, ou coa verba portuguesa *esticar* que significa estender ou estirar.

373. Calarei coma unha estoa

En *Un ollo de vidro* escribe Castelao o seguinte parágrafo, onde aparece a voz **estoa**: *Eu ben podía escribir algo da Santa Compaña; mais o pobo galego ficaría sen un misterio nas longas noites de inverno cando o maxín ferve na cachola como o caldo no pote. Non; eu calarei coma unha estoa.*

Eu non tiña coñecemento desta verba e busquei o seu significado no diccionario de Eladio Rodríguez que me dá a seguinte explicación: "Pasmarote, palurdo, pazguato, que se pasma de todo y carece de habilidad. Aplícase a los dos sexos: *é un estoa; é unha estoa*". Dá a impresión de que **estoa** é un obxecto e que está empregada esta voz para indicar algo que non se move.

No libro *Frampas* recolle Elixio Rivas esta verba na significación adxectival de abobado e ofrece estes exemplos: *pareces un estoa; non seas estoa*, como usuais en Fondo de Vila e engade estoutro usual en Frades: *vaite de aí, estoa mariñeira, que se lle di a un folgazán*. Tamén nestas frases **estoa** parece ser un obxecto que serve como punto de comparación.

O Padre Crespo dá unha explicación máis aclaratoria desta verba usada na comarca de Padrón: "persona quieta, derecha y callada como estatua".

A pesar destas explicacións sigo sen saber claramente o significado base de **estoa**, xa que esta voz está empregada en tódolos exemplos que acabamos de ver no sentido figurado de mudo, calado, quieto, parado, pasmón, etc. Desde logo, parece que hai que poñer esta palabra en relación a un obxecto como estatua, segundo apunta o P. Crespo, pero estatua é un cultismo que non puido evolucionar foneticamente en **estoa**.

Non temos, pois, constancia da existencia do sentido base de **estoa**, pero coido que poderiamos relacionala con **esteo**, que é sinónima de piar, pilastra ou columna, resultando ser un aumentativo desta verba. En todo caso parece ser un membro máis da familia de derivados do verbo latino STARE, que significaba estar en pé, estar inmóbil, estar firme.

374. Estordéganse de risa

Hai en tódalas linguas expresións formadas por varias palabras, para facer máis rechamante un acontecemento ou unha acción. Resulta evidente que o verbo **rir** indica unha manifestación de alegría, pero hai matices desa manifestación que necesitan doutras palabras para explicar mellor unha situación creada nun momento determinado. Así en vez de dicir **rir** moito ou moi forte empregamos expresións gráficas e rechamantes como *morrer coa risa, reventar coa risa, esmendrellarse de risa, escachar* ou *escachifarse de risa,* etc.

Hoxe chamámo-la atención sobre a expresión *estordegarse de risa* semellante ás que acabamos de citar, que Castelao emprega na súa obra *Retrincos: Ela gustaba de contar na ribeira os perigos en que se metía e as pescas estordegábanse de risa cos ditos da rapaza...*

Estordegarse é unha verba moi usada na provincia de Ourense para indica-lo que noutras partes de Galicia din **escordar** ou **escordillar**, é dicir, dislocar ou torcer un tendón dun pé ou dunha man ou de calquera outra parte do corpo.

Estordegar non ten nada que ver con **tordo**, senón co participio do verbo **torcer**, **torto**, que en galego non só se di de quen carece dun ollo, senón tamén de quen ten torcidos os pés, os ombreiros ou mesmo os ollos. Se pensamos na voz paralela portuguesa *estortegar,* vemos máis claramente esta relación.

Así pois, **estordegarse** pertence á familia léxica de **torcerse**, **estorcerse**, **retorcerse** da que forma parte tamén a voz **torzón**, que hoxe os médicos substitúen por cólico, tal vez para face-la dolor máis suave.

375. Un limón estruchado

Hai palabras que por razón de evolución fonética normal ó longo dos tempos cambian tanto o seu aspecto fonético que hoxe resulta moi difícil coñecer á primeira ollada a súa orixe. ¿Quen pensa que a nosa voz **estruchar** ten relación con **torcer**?

Do latín TORQUERE, de onde sae o noso **torcer**, xurdiu a verba TORCULUM que poderiamos traducir por prensa. Con ese obxecto, TORCULUM, facíase o prensado de determinados froitos e desa acción naceu o verbo vulgar EXTORCULARE que é o antecedente directo do noso **estruchar** e do castelán *estrujar*.

Estruchar significa, pois, 'apretar unha cousa fortemente ata que se lle saque zume'. Este sentido está moi claro na seguinte frase que tomamos de *Os dous de sempre* de Castelao: *O mozo, denantes algareiro e parrandista, trocárase nun limón estruchado polo traballo e as cavilacións.*

Noutras ocasións emprega Castelao esta voz cun sentido metafórico: *A tristura foi estruchándome a caixa do peito...; saíanlle as verbas tan estruchadas...; E hoxe nonos queda máis recurso que o estrucharmos a memoria...; o arancel proteitor de Castela non soio nos estrucha como consumidores, senón como produtores...* etc.

Pero **estruchar** na fala popular ten o sentido máis amplo de 'esmagar' e mesmo de 'magoar'. Se ó pechar unha porta non presto atención, podo *estrucharme un dedo*... E tamén ten o mesmo valor que abrazar, pois se atopo un amigo pola rúa podo dirixirme a el e *estruchalo* ou darlle unha **estruchadura**.

Por fin, diremos que Castelao usa como substantivo derivado de **estruchar** a voz **estruchamento**: *Conservo na miña man dereita o estruchamento de milleiros de mans galegas...*

376. Farraspiñas

No libro *Cousas* conta Castelao a volta dun emigrante, Bieito, que *cacheando nos currunchos da memoria* as *farraspiñas esquecidas do seu ledo vivir de neno Bieito sempre remataba pensando no ichaviño.* Neste texto aparece a voz **farraspiñas**, que claramente se ve que é un diminutivo de **farraspas**. Pero esta verba non está rexistrada en ningún léxico. Sen embargo, para a comprensión do texto basta que pensemos que pode ser entendida por algo así como 'cousiñas'.

¿Que son exactamente **farraspas**? Para min é unha voz coñecida porque hai quince anos que a escoitei por terras de Dozón e Reino cando estaba facendo enquisas polo nordeste da provincia de Pontevedra e noroeste da de Ourense. As **farraspas** son nesa zona as **felepas** ou **falopas** de neve. Por tanto, esta voz é unha variante de **farrapo** que tanto significa trapo como **felepa**.

Así pois, coido que Castelao, como creador de lingua, usou esta voz non no sentido de 'trapiños', senón máis ben no de 'cousiñas' ou 'miudallos propios de nenos'.

Por outra parte direi que o noso escritor usou a miúdo a verba **farrapos** (palabra de non clara etimoloxía, seica é voz de creación onomatopeica) no seu sentido fundamental de 'trapos': *semellante a un monifate de farrapos...; cousas baratas: pantrigo, peciñas de roupa, farrapos, retrincos de pano...; adobíos da súa probeza que o sol e a choiva de todo o ano ían trocando en novos farrapos terroeiros...*

Noutras ocasións emprega esta voz con diversos sentidos figurados: *non está permitido presentarse en sociedade con farrapos de carne fedenta apegados nos ósos...; o ceo enchíase de farrapos desfiañados...; Os Pirineus xa quedan atrás, con farrapos blancos deloirando na cima...*

377. Esmaiábase de fasquías

En *Os dous de sempre* de Castelao atopámo-la seguinte frase: *A muller de Pedro esmaiábase de fasquías e deixábase caír esmorecida nos brazos da súa nai para gomitar...,* onde aparece a voz **fasquía**. Quen non saiba o significado desta verba e consulte un diccionario galego moderno, quedará sen sabe-lo sentido que ten a voz **fasquía** en galego, xa que todos eles din que unha fasquía é 'unha tira de madeira serrada e longa...', definición copiada dos diccionarios portugueses e que non explica a nosa verba.

Vexamos outros exemplos de Castelao: *Un de tan*tos *paquetes que navegan polo lombo do Atlántico entra bruando nas augas de Vigo, doído de fasquía, para safarse na grea de vencidos e doentes que porta no bandullo...; Non abondou con ser a súa muller! Pasar noxos e fasquías á súa veira!...*

Coido que polo contexto podemos decatarnos que **fasquía** ten o significado de náusea, asco, noxo, fastío, etc. Os diccionarios galegos antigos traen máis ou menos estes sinónimos desta voz **fasquía**, que sen dúbida ningunha naceu como derivado do verbo **fasquiar** que resultou do cruce das voces **fastiar** e **asquear**.

Modernamente está moi estendido o uso de **fasquía** como aparencia, aspecto, traza, cariz, etc. Non teño idea de quen foi o primeiro que usou esta acepción de **fasquía**. Coido que foi alguén que relacionou esta voz coa **faz** ou **face**, que a aplicaría a quen tivese cara ou aspecto de **fasquía** e despois pola sonoridade desta verba pasaría a ser figuradamente 'aspecto noxento' e logo simplemente 'aspecto'.

378. Unha fita de luz marela

Unha **fita** é, segundo o diccionario de Eladio Rodríguez, unha lista ou tira estreita dunha peza de roupa que serve de cinxidor. O Padre Sarmiento coñecía esta voz como cordonciño con que se ataban as figas ou amuletos que se lles poñían ós nenos. E o Padre Sobreira dicía que 'asentar era pegar ben **fitas** ou colar á camisa'.

Fita é hoxe en moitos lugares de Galicia tira estreita de tea que ten diversas aplicacións. Unha **fita** pode substituí-lo colo dunha camisa, mesmo os puños desa peza, ou pode ser colocada como adorno en calquera vestido. Cunha **fita** pode ser atado algo ou pódense facer lazos. A idea fundamental que expresa esta voz é a de 'tira estreita'. Así non ten particular que as leiras alongadas e estreitas sexan chamadas **fitas**.

Castelao emprega moitas veces esta verba, unhas como termo puramente sinónimo de tira ou banda: *dende os longos entrenzados ate as anchas combinacións de fitas...; Por estar composta dunha fita sen comezo nen fin...;* outras como 'tiras estreitas de tea': *Dun hábito de coor nazareno, ben ourelado de fita prateada...; unha capa bermella, ourelada de fitas de ouro...*; ou mesmo de papel: *cunha fita de papel que caerá por diante deste valado...* E mesmo como colofón poñemos este exemplo gráfico e poético do uso desta voz: *cando íamos deitarnos os ollos da miña nai alviscaron nas tebras da noite unha fita de luz marela crebándose nunha morea de caixóns e barricas.*

Non se coñece ben a orixe desta palabra. Tal vez veña da voz latina VITTA 'banda' (que por evolución fonética normal pasou a **veta**) que se mesturaría coa voz **fito**, da que xa falaremos, e daría lugar a esa forma **fita**.

379. Miroume fite a fite

Un **fito** é un pao cravado na terra ou unha pedra chantada nalgún sitio, que teñen un determinado fin, ben sexa para servir de linde ou ben sexa para ser utilizado nun xogo de bolas ou aros. Segundo a súa orixe etimolóxica **fito** é o mesmo que 'fixo' ou 'cravado', pois procede dunha forma latina FICTUS.

Na obra *As cruces de pedra na Galiza* fala Castelao moitas veces dos **fitos**: *De milla en milla hai cruces de pedra ou madeira, a xeito de fitos que indican a roita dos pelengríns...; Os cruceiros son fitos de lembranza, sempre amorosa...; esta caste de fitos recordatorios redúcese a cruces de madeira...* etc. E, ás veces, emprega esta voz nun sentido figurado: *ficaban en pé os conventos franciscáns e dominicos como fitos dunha nova moral...; a devoción das Ánimas era un fito principal da Compaña de Xesús...*

De mirar para un **fito** durante certo tempo xurdiu o verbo **fitar** que equivale a crava-los ollos en algo, mirar atentamente ou fixarse en algo. Recordemos como miraba o moucho que cantaba Rosalía: *Chovía, si Dios ten augua, / ventaba en tódolos ventos, / e ensarrapicada toda / a camiñar non me atrevo, / que o moucho, fita que fita, / me aspera naquel penedo...* Castelao usa tamén moi a miúdo este verbo: *Don Froitoso fitoume feramente e fixome calar...; O esquelete tiña na caliveira un ollo de vidro que me fitaba con senreira...*

Pero curiosamente Castelao fai tanto uso desta voz **fitar** que ás veces a emprega como sinónimo de mirar ou ollar sen a connotación de "fixamente": *ninguén máis que el soupo fitar a importancia dos cruceiros...; A primeira mostra de probeza que fitaron os meus ollos...; conseguín afacerme ó drama que me fitaba...; un ollo que somentes sabe fitar cara Ourense...,* etc.

Sen embargo usa a expresión **fite a fite** 'fixamente': *Miroume fite a fite, cos ollos mergullados en bágoas...; os dous curmáns miráronse fite a fite...,* que Rosalía dicía **fito a fito**: *fito a fito me miraba / cos seus ollos rapiñeiros...*

380. A fogaxe patrioteira

Teño a impresión de que cando un se senta ó carón do lume, recibe unha sensación agradable de calor e benestar. Pero, cando nos atopamos moi preto do fogo, recibimos unha sensación de calor abafante ou sufócante que resulta moi molesta e desagradable. Neste caso poderiamos dicir que non podemos aturar máis a **fogaxe**. O mesmo dicimos nos días cálidos nos que xa non soportamos facilmente a **fogaxe** ambiental.

Fogaxe é tamén o calor que se sente nunha parte inchada do corpo a causa dun golpe ou dunha ferida. Ás veces o noso sangue ferve causando erupcións na pel e entón dicimos que temos unha **fogaxe** en tal lugar... Pero esta fervura do sangue tómase nun sentido figurado e por iso, cando nos exaltamos, dicimos que nos ferve o sangue ou que temos unha **fogaxe**.

Fogaxe pode pois equivaler a 'exaltación' ou 'ardor' ou 'arrebatamento do xenio'. Así na obra *Retrincos* emprega Castelao esta palabra na frase seguinte: *E logo, debaixo de cada barco, campaban letreiros facheno*dosos, *ditados pola fogaxe patrioteira...* Tamén en *Os dous de sempre* o personaxe Rañolas aparece deixándose *levar pola fogaxe das verbas e de cote saíase fóra do rego...*

Moitos escritores empregan esta voz **fogaxe** cos sentidos xa sinalados. Con todo, Rosalía usou en *Cantares Gallegos* algunha vez esta verba case co mesmo sentido que ten a voz orixinaria **fogo**. Así podemos velo nos seguintes versos: *Arredor todo arrescende / a olido de primadera, / i aló na azulada esfera / fogax de groria se encende...* ou nestoutros do poema "Alborada": *Cor / de alba hermosa / lles estende / nos vidriños / cariñosa, / donde o sol / tamén suspende, / cando aló / no mar se tende, / de fogax / larada viva, / dempois leve, / fuxitiva, / triste, vago / resprandor.*

381. Unha chambra de foles

Xa vimos nalgunha ocasión como as palabras latinas tiveron non só transformacións fonéticas, senón tamén profundos cambios de sentido ó longo dos vinte séculos de historia.

Hoxe imos ver unha voz latina, FOLLIS, que significa **fole**, 'saco' ou 'bolsa de coiro' e mesmo festivamente 'estómago'.

Na nosa lingua evolucionou en **fole** ou **fol** e conserva tódolos significados que tiña en latín. Creo que para calquera galegofalante un **fole** é en primeiro termo o 'instrumento ou utensilio que empregamos para botar aire na forxa ou en calquera outro lugar'. Cando Castelao di que *Pedro volve das Américas coma un fol desinflado ou que a muller de Romualdo mallaba no seu home coma quen malla nun fol vello,* pensamos inmediatamente nun **fol** dunha forxa.

Pero cando Rosalía escribe que *Xan vai a apaña-lo esterco / leva o fol ó muíño* ou Castelao di que *Pedro agachárase detrás dun fol de zucre* pensamos nun saco de coiro empregado para levar millo ou fariña ou calquera outro producto.

Tamén podemos imaxinar facilmente o que é o **fole** da gaita ou o **fole** que levan os peregrinos pendurado do ombreiro. E mesmo o estómago ten forma de **fole** e, como diciamos enriba, así se lle chama a esta víscera corporal desde a época dos romanos. Castelao di de Pedriño *que moitas veces daba noxo de velo tan debecido sempre, tan famento, inda que tivese o fol estoupando de comida.*

Pero **foles** poden ser tamén as enrugas ou pregues que se forman ou que se fan nos vestidos segundo o testemuña este exemplo de *Retrincos*: *a saia longa, a chambra de foles, o pano de oito puntas...*

382. A folica dos pecados

Xa falamos unha vez das diversas significacións que ten a voz **fol** ou **fole**. Hoxe volvemos sobre un derivado desta palabra que usa en varias ocasións Castelao. Trátase da verba **folica** que non é máis ca 'un fol pequeno'.

No libro *Cousas* está empregado nun sentido bastante concreto: *Un mariñeiro que chega a probe por chegar a vello, morrería de vergonza cando sentise no lombo o peso das folicas limosneiras.* Pero noutras ocasións está usada nun sentido metafórico: *O Saramaguiño foi un home de boa fe e na folica dos pecados*

non levou máis que mentiras..., pero ninguén sinteu necesidade de valdeirar na casa *do próximo a folica dos* pecados...; *e valdeiraban a folica dos pecados unha vez cada ano.*

Eu estaba afeito a escoitar **folico**, pero non **folica**. Como **folica** non aparecía nos diccionarios cría que era creación do rianxeiro ata que a vin empregada nunha copra do *Cancioneiro Popular Galego* de Schubarth e Santamarina que di así: *O cura foi ó muíño / ca folica 'nla cabeza / resvaláronlle as chancrelas / e caeu de cu na presa.* ¡Canta riqueza léxica queda aínda en Galicia que non está recollida nos libros!

Eu coñecía a voz **folica** usada adxectivamente para aplicala ironicamente a unha persoa extremadamente fina, ou que é un tanto fofa ou branda. Vese que neste caso nace este adxectivo pola comparación dunha persoa cun **fol** ou cun **folico** ou **folica**.

383. Fricoleiro

O outro día citabámo-la seguinte frase de *Cousas* de Castelao referinte ó personaxe Romualdo que era un home "fino": *A Romualdo, tan mixiriqueiro, tan fricoleiro, non lle acaía un oficio de traballo...* Xa falamos de **mixiriqueiro**. Falemos agora de **fricoleiro**, voz que poucos galegos de hoxe empregan.

Fricoleiro é unha verba que polo que eu sei só se atopa en galego e case diría que soamente nas terras das comarcas de Santiago e Padrón. **Fricoleiro**, en principio, é un adxectivo procedente da palabra **fricol** que seica foi usada por vez primeira por Rosalía Castro no poema "Vente, rapaza" de *Cantares Gallegos* no que falando de ovos se di: *Dame acá seis, / que un fricol che faría, / que ó mesmo rei / que envidiar lle daría.*

No vocabulario que está ó final do citado libro di Rosalía: *fricol, un frito calquera. Fricolada, frito de moitas e diversas cousas*. De aí pasou ó diccionario de Cuveiro e ós demais posteriores.

Teño a impresión de que esta voz **fricol** debe se-la palabra francesa *fricot* que se debeu introducir na Península Ibérica xunto con *fricassée* e *fricandeau* no século pasado e que só *fricot* tomou carta de natureza en galego converténdose en **fricol**.

De **fricol** xurdiu a voz **fricoleiro** para indica-la persoa a quen lle gustan moito os alimentos fritos. Nese sentido téñolla escoitado a xente da comarca compostelá. E como as cousas fritas parecen máis finas e exquisitas cós guisados, potaxes e caldos, comezou a chamarse **fricoleiro** no sentido irónico a quen é melindroso e excesivamente refinado.

Non sei se esta voz é usada en Rianxo. Caso de que Castelao non a coñecera na súa terra, ben puido aprendela polo contacto con padroneses e compostelans que a empregaban bastante na súa época.

384. A vida de gandaia

A *vida de gandaia* é unha vida ociosa, de folganza, de diversión e vagabundeo. Castelao retrátase a si mesmo do seguinte xeito na súa obra *Retrincos*: *Eu adicábame, nos meses de vacacións, á vida de gandaia, e cando me fixen mozo quixen ser un tunante,* texto no que aparece **gandaia** como sinónimo de diversión e folganza.

Gandaia ten a variante **gandaina** que Castelao emprega en *Sempre en Galiza* cando describe o que fan os vellos desamparados ó saír do Asilo: *Cando fai calor andan de gandaina en busca do seu divertimento preferido: ver traballar...*

Gandaina é usada ademais en *Os dous de sempre* co valor de 'folgazán' ou 'tunante' ou 'compañeiro da vida alegre': *Imos probar fertuna, ti e máis eu, os dous man a man, invitou a gandaina de Barrote, ciscando enriba da mesa unha manchada de cans e cadelas. Ser unha gandaia ou unha gandaina* é tan corrente coma dicir que é un **gandaio** ou moi **gandaieiro** ou **gandaineiro**, é dicir, moi divertido, lacazán e pillabán.

Dá a impresión que estas voces teñen que ver coa voz **gandulo**, que tamén usa Castelao ás veces cunha significación parecida: *¡Ídevos, que hoxe non estou para aturar gandulos... Por moito menos, e si cadra por nada, pode levarche calisquera gandulo.* Pero poida que sexan palabras que teñan orixes moi diversas. Pénsase que probablemente **gandulo** é de procedencia árabe e **gandaia** de procedencia gótica.

En portugués existe igualmente *gandaia* coas mesmas significacións ca en galego, pero hoxe é sobre todo o oficio do *trapeiro* ou *gandaeiro*, 'home que anda a remexer no ciscallo ou na porcallada buscando cousas'.

385. Gargalladas paifocas

Lemos no libro *Cousas* de Castelao a seguinte frase: *Eles sabían un segredo amoroso da miña mocedade e tódolos anos viñan chantarmo na cara coas mesmas verbas, coas mesmas gargalladas paifocas*, na cal aparece o adxectivo **paifoco**, que ten o sentido de ordinario, palurdo, rústico ou necio.

No mesmo libro fala dos *ditos paifocos de xentes labregas, angurentas e cobizosas,* frase na que se ve o valor pexorativo desta verba. E en *Os vellos non deben de namorarse* emprega este adxectivo como insulto: *Non fagas menos de min, paifoco, e fálame co respeto debido.*

Paifoco é palabra popular xunto coas súas variantes **paifoque**, **peifoco**, **paizoco**, **peizoco**, **peizoque**, **peizolo**, **peizoso**, etc. e é sinónima doutra rea de voces como **pailán**, **peilán**, **pailaroco**, **pailaroque**, etc.

Coido que toda esta serie de palabras representa unha variación expresiva da verba **paio**, que tal vez proceda do nome de persoa, **Paio** (nacido da forma PELAGIUS*),* que debeu ser moi corrente entre a xente do campo. Así como falamos dun **Xan** como home demasiado bo, do mesmo xeito **Paio** chegou a ser equivalente de home rústico e zafio.

De dicir de alguén que era un **Paio** pasou este nome a ser un simple adxectivo, que para facerse máis expresivo recibiu diversas terminacións. Aínda hoxe **paio** está vivo como 'tonto, rústico', exactamente igual cós seus derivados **paiolo** ou **apaiolado**. E destas voces xurdirían formas como **pailán**, **paifoco**, **paizoco**, etc. No caso destas dúas últimas vese que as terminacións *-foco* e *-zoco* deben estar engadidas á palabra base para darlle máis expresividade.

Non vexo claro por que a serie de **paifoco** e demais derivados pasou a significa-lo nome do paxaro chamado tamén **paporrubio**.

386. Un andaluz garuleiro

En latín existía unha forma GARRULUS que significaba 'charlatán', e desa forma xurdiu o verbo GARRULARE coa significación de 'parlar' ou 'charlar'.

A evolución normal desta verba sería a palabra *garlar* que existe en castelán pero, que nós saibamos non está documentada en galego. Posteriormente entrou a forma latina como palabra culta, de aí que teñámo-las formas galegas **garrular** e **garular**, **garrulada** e **garulada**, **garuleiro** ou **garruleiro**.

Garular no sentido de barullar, alborotar, divertirse, etc. está abondo testemuñado na nosa literatura, sirvan de mostra estes versos de Rosalía: *Nelas se escoitan / doces cantares / nela garulan / mozos galantes / cas rapaciñas / doutros lugares... Porque un pouco te adivirtes bailando cas compañeiras / que garulan na cociña, / heiche de contar historias... Cuadro tan agradable e farturento / por toda a vecindá se repetía / con garular e risa e gran contento / que suceso tan grande o requería...*

Quen garula moito é un **garulador** ou **garulante** ou tamén **garuleiro**, que é voz empregada por Castelao cando nos *Retrincos* nos fala dun andaluz que sabía moito máis do que dicían os periódicos e que lle contaba ó protagonista da obra moitas trangalladas: *tamén adoitaba durmir na nosa casa un andaluz garuleiro tan patriota coma min.*

En fin, a forma latina GARRULU(M) orixinou en galego descendentes cultos (é dicir sen evolución fonética normal) que polo seu significado se fixeron moi populares, sinónimos de **barullar** e **barulleiro** e mesmo nalgúns lugares de Galicia pasaron a significar, algunha destas formas como **garula**, 'comida mesturada con legumes e outros ingredientes' e **garular** fíxose sinónimo de 'comer abundantemente'.

387. Goios de amor

Nun relato de *Retrincos* fai Castelao unha magnífica descrición dunha rapaza xeitosa e feitiña de cara, á cal a risa *facíalle goios de amor nas fazulas, poñíalle pintiñas de malicia nos ollos e brilo de nacra nos dentes.*

Os **goios** que se forman nas fazulas desta rapaza que ri son o mesmo que Eladio Rodríguez chama no seu diccionario **goíños** e que traduce así ó castelán, 'hoyuelo que se forma a veces en las mejillas al reírse; llámase también así el hoyuelo que tienen en la barbilla algunas personas'.

Coido que é manifesto que os **goios** formados nas fazulas naceron por clara metáfora cos **goios** que atopamos normalmente na terra ou na auga. Xa no diccionario de Valladares, do século pasado, definía **goio** como 'foxo' ou 'foxa'. Efectivamente na fala popular de hoxe está estendida esta voz na maior parte da Galicia occidental coa significación de poza de río ou de mar, á parte da fochanca nalgures.

Non sei de onde procede esta verba que parece relacionada con **foxo** e co castelán *foio* polo seu contido semántico. Un ilustre etimoloxista pensa, seica con moita imaxinación, que o noso **goio** pode se-lo castelanismo *foio* que se cruzou con *goio*, palabra só coñecida na Idade Media no sentido de 'gozo'.

Por outra banda hai lugares en Galicia e no Norte de Portugal en que a verba **goio** aparece como variante de **coio**, que significa 'croio', 'seixo' ou 'pedra'. De aí que sexan chamados **goios** os bagos ou grans dun acio de uvas nalgunhas zonas de Galicia.

Tamén Eladio Rodríguez recolle a acepción de **goio** como dádiva sorprendente ou cousa moi boa, usada en Cangas de Morrazo. Posiblemente este **goio** sexa un descendente do *goio* medieval xa citado, pero non ten nada que ver cos **goios** formados na superficie da terra ou nas fazulas ou no queixo da cara.

388. Casas goldrentas

Rañolas, protagonista de *Os dous de sempre* chega a París no tren, Castelao conta a viaxe e describe así a chegada á capital: *Xa se ven rúas enfiadas, con casas goldrentas.*

¿Que significa **goldrento**? Consultando un diccionario veremos que significa o mesmo que **goldreiro**, é dicir, 'suxo, lordeiro, cotroso'. Podemos afirmar, pois, que algo é **goldrento** porque ten **goldra**.

Agora ben, **goldra**, seguindo consultando o diccionario, ten o valor de sucidade. Pero se investigamos un pouco máis coñeceremos que **goldra** hoxe se chama a unha poza nunha lama, ó lodo que se forma nos lamazais ou nos lugares onde a neve é derretida e pisada, ó líquido, **zurro** ou **zudre** que ceiba o esterco no cortello.

Evidentemente **goldra** é algo suxo e de aí que chamemos **goldra** a unha persoa chea de sucidade.

¿De onde procede esta voz? **A goldra** foi antigamente o líquido que se empregaba para curti-las peles, é dicir, para goldralas. Aínda nalgúns lugares de Galicia chaman ós que goldran as peles **goldreiros** ou **curtidores**.

Goldrar ten a súa orixe na voz latina COLORARE que pasou a usarse para tinxir peles. Probablemente este sistema de COLORARE peles debeu nacer en Francia, onde esta verba pasou a ser *coldrer* e de aí pasou ó galego converténdose en **goldrar**.

Con esta familia léxica están relacionadas outras palabras como **goldrechos** 'pelexos dos ubres', **goldracha**, 'pelexo, no sentido de prostituta' e 'muller suxa', **goldrallo** 'cousa suxa', **goldroada**, **goldro**, **goldros**, etc.

389. Non puden gorenta-lo carneiro da festa

Xa no século XVIII coñecía o P. Sobreira a voz **gorentar** que traducía ó castelán como "sentir el gusto de la comida". Con este mesmo sentido úsaa Castelao en *Retrincos: Co medo que papei non puden gorenta-lo carneiro da festa*. E un pouco máis adiante na citada obra vólvea empregar tamén co sentido figurado de 'saborear': *A onda roxa non deixaba acouga-la miña maxinación e por adiantado gorentei as regalías do crime.*

Unha frase semellante á anterior volve aparecer en *Cousas*: *O cego que mornea ó sol, como un gato, na fiestra, gorentou cos ollos pechados todas cantas regalías hai na terra.*

Gorentar é unha voz que polo que eu sei debeu perderse na fala viva. Dá a impresión (e así o pensa J. Corominas) de que se trata dunha palabra que está en relación co antigo xermanismo *guarir,* que deixou descendentes galegos como **gorir** e **gorecer** que significan 'curar' ou 'sandar'.

Pero Eladio Rodríguez fala da existencia dunha variante desta voz, **agorentar**, que a min me parece que debe se-la forma orixinaria ou primitiva. *Agorentar* existe tamén no Brasil como variante de *aguarentar,* co mesmo significado que ten en Portugal a voz *aguar,* que, segundo Morais, pode significar tamén 'apetecer vehementemente'. Pensemos que no asturiano central está viva a palabra *naguar* que é o mesmo que facerse a boca auga ante un alimento; é dicir, saborear de antemán. Ante estes datos cabe pensar que o **gorentar** galego pode ter relación tamén coa auga.

Tampouco se pode deixar de lado toda unha serie de voces galegas que significan 'ansiar' ou 'desexar' ardentemente algo como **degoxos**, **degolos**, **degoros**, **degoiros**, **degoxar**, **degolar**, **degorar**, **degoirar**, etc., que poderían estar emparentados co noso **gorentar**.

390. Un grolo de champán

Dun ovo que queda sen fecundar ou dun alimento que queda a medio cocer dicimos que está **goro**. E aplicamos figuradamente este adxectivo a calquera cousa que se estragou, que se inutilizou ou que quedou baleira. **Goro** é palabra moi antiga, probablemente de orixe céltica, e ten algunhas variantes populares: **golo**, **golio**, **gollo**, **gorado**, **gorro** e tamén **grolo**, que é moi común nese mesmo sentido e que se orixinou dunha evolución fonética das formas **golo** e **goro**.

Grolo, como variante de **goro**, atopeino usado dúas veces nunha mesma páxina de *Un ollo de vidro* de Castelao: *o ollo sandar sandou, pero quedoume grolo... pra fitar de perto, cicais bulronamente, aquel meu malfadado ollo grolo...*

Pero hai en galego outros **grolos**[2] que non teñen nada que ver cos **grolos**[1] citados. Son os que se forman cando mesturamos fariña e auga e que son chamados en castelán *grumos.* Procede esa palabra seica lo latín GRUMULUS.

Con todo, hai unha terceira palabra que ten os mesmos sons cás anteriores, pero que non ten ningunha relación familiar ou de orixe con elas. Son os **grolos**[3] que botamos cando temos sede. Lembremos aquel verso de R. Cabanillas que di: *e mata a sede a grolos, sempre inquedo.*

Castelao emprega tamén esta verba: *Caín a rolos e atopeime coa morte, sen saber o que era un traxe de seda nin un grolo de champán... moitos groliños de viño enviados de xeito melindroso...*

Probablemente esta terceira voz, **grolo**, teña relación coas voces **gola** e **engulir** que proceden da palabra latina GULA 'gorxa'.

391. Guindar unha ollada

Hai palabras galegas que teñen unha orixe lonxe do latín. Unha destas voces é o verbo **guindar**, que procede do antigo escandinavo *vinda,* que significaba envolver e que os mariñeiros empregaron como sinónimo de iza-las velas, xa que esta acción tiña que ver co feito de envolvelas. Os mariñeiros franceses tomaron esta verba dos escandinavos e a voz francesa *guinder* estendeu o termo náutico á acción de subir calquera cousa.

De Francia esta voz pasou ás outras linguas romances, entre elas ó galego, que conserva esta palabra como iza-las velas entre os mariñeiros, pero que modificou o seu sentido orixinario no seu uso máis

corrente, pois **guindar** non só é botar algo para arriba, senón tamén botar algo noutras direccións ou mesmo botar algo para abaixo.

Vexamos algúns exemplos tomados das obras de Castelao: *En chegando diante do valado guindou coa cesta dentro e púxose a gabear pola parede arriba...; Armouse de carraxe e collendo a cesta guindouna de novo dentro do cimeterio..; A Xarda guindoulle unha corda para baixar da banda de alá...* En todos eles **guindar** é lanzar algo para arriba.

Pero se examinamos estoutros: *O afiador guindou coa roda monte abaixo...; guindei co meu tíduo de médico no fondo dunha gabeta...; guinda co gaucho no chan...; guinda con el na focha,..; guinda co moneco no chan...*, vemos que **guindar** é tirar con algo para abaixo.

Guindar vale, en definitiva, no galego de hoxe tanto como tirar*: pero a sogra guindáballe axes a eito...; o mellor... era darlle outra (mazán) a el guindándolla de lonxe...; faltáballe guindar coas muletas.* E mesmo podemos **guindar** ou botar unha ollada: *O señor Antón guinda unha ollada da nena.*

392. Unha boa iñorma

En bastantes ocasións emprega Castelao a voz **iñorma** que eu non vin recollida en ningún outro léxico que no de Aníbal Otero sobre a comarca de Piquín, no que consta como variante de **norma**.

A transformación de **norma** en **iñorma** resulta un tanto estraña. Ás veces hai cambios do *e-* inicial en *i-* nalgunhas palabras como **enorme** que se converte en **inorme** ou **enantes** en **inantes** e tamén hai voces populares que recibiron un *i-* inicial, pois eu teño escoitado dicir **iliorta** por **liorta**. Pero a voz **norma** non só recibiu un *i-* inicial, senón que converteu o *n* en *ñ*. Un caso semellante podemos comprobalo coa palabra citada, **inantes**, que ás veces se transforma en **iñantes**.

O caso é que Castelao, que emprega nalgunha ocasión a verba **norma** *(rompeu a norma mística),* fai uso continuo desta **iñorma** na súa significación orixinaria de 'regra': *ninguén crea que se trata dunha iñorma táitica ao uso...; contra tódalas iñormas gubernativas...; empregándose iñormas moi variadas...; as iñormas estéticas...*

Pero en moitos casos transformou este significado fundamental no de astucia, arte especial de facer algo, invención, etc. Vexamos estes exemplos: *non puden abranguer nos currunchos do maxín unha boa iñorma pra matalo...; Un día inventamos tan boa iñorma que logramos entrar...; a maxinación, a ferver, inventáballe iñormas para gaña-la vida...; Compre espricar aínda outras iñormas e artificios...*

Non me decato agora se outros escritores empregan tamén esta voz.

393. Laiándose da súa cativa sorte

Os cans **laian** a miúdo cando se lles pega, ou cando pelexan entre eles, ou cando lles doe algo, ou cando agoiran tristes presaxios..., pero tamén as persoas laian frecuentemente en circunstancias similares. **Laiarse** significa ademais lamentarse, queixarse, xemer, etc. e normalmente láiase lanzando **laios** ou **laídos**.

Todas estas verbas son moi usadas na fala popular e tamén na lingua escrita. Rosalía fala da *eterna e laiada queixa que hoxe eisalan tódolos labios... E un laio de temor que daba frío... o lastimeiro laio... con amoroso laio...* etc. Castelao prefire a voz **laído**: *Detrás seguía o enxamio de mulleres ceibando laídos abrouxadores... E dispois dixo para si nun laído saudoso... Láiase longamente, e a tristura do seu laído ten caídas de fado portugués...*

Tamén poderiamos dar bastantes exemplos do emprego do verbo **laiarse** en Castelao: *O chorar dos cabirtos, que se laian como fidalguiños esmirriados, pode feri-lo peito dun home endeble... E sempre rematar laiándose... Laiándonos de non poder amostrar eiquí... Laiándose da súa cativa sorte Doña Florinda pasaba as horas mortas na solaina... etc.*

¿De onde procederá esta verba tan tipicamente galega? Corominas pensa na palabra francesa *lai* 'canción' (de orixe bretona ou galesa) que pasou a formar parte da lingua dos Cancioneiros medievais e destes á lingua falada co sentido de 'lamento'.

Hai quen pensa que xurdiu dun latino hipotético GLADIARE, en relación con GLADIUS 'espada', que sería algo así como 'facer ruído coas espadas' e de aí pasaría a significar 'barullar' e despois 'queixarse'.

Creo que non habería que descarta-la posibilidade dunha onomatopea *la-la-la* que reproduciría os xemidos dos cans e das persoas.

394. A muller era laidiña

As linguas, coma os pobos que as falan, non viven illadas das súas veciñas e influúense mutuamente. En galego hai palabras que non proceden do latín, ou das linguas primitivas peninsulares, senón doutras bastante afastadas de nós.

Na lingua xermánica fráncica existía a voz *laid* que significaba 'aflictivo' e 'repugnante' e que pasou ó alemán como *leid* 'pena', ó inglés como *loath* 'desagradable' ó francés e ó provenzal como *lait* ou *laid* e destas linguas ás demais linguas románicas.

Tamén chegou á Península Ibérica esta palabra. *Laido* é verba moi coñecida nos textos antigos casteláns e galego-portugueses cos significados de 'ignominioso', 'triste', 'caído de ánimo' e 'feo', pero tanto en castelán coma en portugués deixou de ser usada modernamente. Sen embargo en Galicia, como país conservador e bastante illado, mantívose esta voz **laido**, especialmente como sinónimo de feo.

Nos refráns e ditos populares de Zamora Mosquera, na obra *Como falan os brañegos* de Noriega Varela, nos escritos de Iglesia Alvariño e doutros escritores está testemuñada esta palabra de orixe xermánica co sentido de feo ou pouco agraciado.

Tamén Castelao na narración titulada "Peito de lobo", pertencente ós *Retrincos*, conta como fixo un cabezudo que se parecía ó *tipo máis laido da vila.* E en *Os dous de sempre* fala do matrimonio de Pedro: *Pedro foi atrapado e casouse. A muller era laidiña, pero traballadora e cobizosa.*

En fin, a voz **laido** é hoxe unha palabra tan tradicional e tan galega coma o seu sinónimo feo, se ben é menos usada e menos coñecida.

395. O tabique lañado

O verbo latino LANIARE que significaba fundamentalmente 'cortar', 'abrir cortando' ou 'rachar', deixa descendencia en Galicia: a palabra **lañar**, bastante estendida na parte occidental das provincias da Coruña e Pontevedra onde conserva o seu sentido orixinario de golpear ou abrir algo cun obxecto cortante, como vemos neste exemplo tomado de *Vento mareiro* de R. Cabanillas: *na torroeira lañada polo ferro do arado...*

Lañar é nos portos de mar abri-los peixes ó longo para sacárlle-las tripas e cortárlle-la cabeza, sentido especializado que parte da idea de cortar cun instrumento.

Pero **lañar** ampliou o seu sentido pasando a significar facer fendas, aberturas, regandixas, gretas ou grechas, sen necesidade de usar obxectos cortantes. O paso do tempo laña as cousas e calquera pode ter **lañas** na faciana. Rosalía fala en *Cantares Gallegos: dunha negra porta / toda de lañas cuberta* e en *Follas Novas* preséntanos un neno *farrapento e descalzo, nas pedras / os probes peíños, / que as xiadas do inverno lañaron...*

Tamén Castelao fai uso deste verbo **lañar** co mesmo sentido que o fixo Rosalía. En *Retrincos* aparece nunha frase citada xa noutra ocasión: *escoándose polas fendas do tabique lañado a luz do morto,* onde vemos que as gretas do tabique están representadas non só pola voz fendas, senón tamén pola palabra **lañado** que cualifica o tabique.

Do libro *Os dous de sempre* citamos xa outra vez este exemplo tan expresivo: *Os orneos do extranxeiro lañan a terra e os xuramentos de Manoel derruban o ceo*, onde claramente se ve como **lañar** significa facer fendas.

Na fala popular é moi corrente o uso deste verbo como reflexivo: **lañarse**.

396. Latricar de todo

A verba **latricar** é voz coñecida en case toda Galicia como sinónima de charlar ou falar moito e sen substancia. Un dos personaxes de Castelao era moi amigo de **latricar**: *Rañolas era un home tan grande que con dous libros que meteu na cachola tivo de abondo para latricar de todo, e Pedro quedábase pasmado diante da súa sabencia.*

Tamén noutra ocasión vemos como *Os esqueletes de Don Ramón e o Boticario latrican sentados no valado do cimiterio.*

Os diccionarios modernos engaden a estes significados de **latricar** os de falar con grandes voces, berrar, barullar, discutir acaloradamente, que, en definitiva, non son máis ca sentidos figurados do valor fundamental deste verbo.

Con todo, o primeiro diccionario galego, o de F. J. Rodríguez, (ó que seguen soamente os de Cuveiro e Valladares) trae o sentido orixinario desta voz xunto cos de altercar, charlar sen substancia: "ladrar como los perritos de que creo que vendrá la voz".

Efectivamente, **latricar** ten que ver con **ladrar** e, naturalmente, con **latir**, que significa tamén ladrar. **Latir**, do latín GLATTIRE, 'ladrar', está aínda vivo na súa significación primitiva nalgúns puntos da provincia de Ourense e tamén en portugués.

Así pois, do mesmo xeito que de chorar sae o verbo choricar ou choromicar e de xemer sae xemericar, tamén do noso **latir** (coa influencia do verbo **ladrar**) sae a voz expresiva **latricar** para indica-los pequenos e continuos ladros ou ladridos que dan os canciños.

En fin, os homes que latrican están a imita-los cadelos rebuldeiros, berróns e barulleiros.

397. Liscouse como unha cobra

Liscarse é voz en certo modo sinónima de irse ou marcharse, en determinados contextos. Cando Curros Enríquez en *Aires da miña terra* exclama: *Cálate, Xan, e vaite... líscate Xan, líscate axiña, pronto;* ou Castelao en *Os dous de sempre* escribe: *E naquel punto mandou que se liscasen todos*, ten **liscarse** o valor de marcharse, pero de marcharse sen rechiar.

Liscarse indica o movemento de irse sen facer ruído por temor a algo, como vemos nestoutro exemplo de Castelao: *Pedriño tiña medo a todo... liscábase con pés de lan tan axiña como ventase unha loita de rapaces...*, ou o de marcharse ás agachadas... *malpocado emigrante, que se liscou do Berbés para enzoufarse nas regalías do almorzo.*

Pero hai outra frase de Castelao na que se emprega esta voz cun sentido moi gráfico e expresivo que nos recorda o seu étimo: *A Xarda liscouse como unha cobra e de alí a pouco volveu ó pé do Barrote.* **Liscarse** é o mesmo que esvarar, escorregar, é dicir, deslizarse. Tanto a voz deslizar como **liscar** teñen a súa orixe nunha onomatopea *lis* (común a varias linguas romances) que imita o ruído producido por un escorregamento.

Coido que de **liscar** veñen as voces **lisco** e **lisca** que significan porción pequena dalgunha cousa. Así dicimos *dáme un lisco de touciño.* E tamén a interxección, **¡lisca!**, voz empregada para escorrenta-los cans. Seica pertencen a esta familia as voces **¡isca!** e **iscar**[1] que se usan para escorrenta-las galiñas, que non teñen nada que ver con **isca** 'engado' e **iscar**[2] 'poñe-la isca no anzol'.

398. A lupanda tiña de ser sonada

A voz **lupanda** no sentido de **comedela** é empregada varias veces por Castelao. En *Os dous de sempre* presenta un dos seus protagonistas, Pedriño, como famento e soñador de **lupandas**: *E Pedro, dispois dunha lupanda imaxinaria contentábase con sisar un realiño para castañas asadas...; Un almorzo de papas de millo e velo ahí vai o manxador camiño da oficiña, co recordo da derradeira lupanda rillándolle o siso..; foron invitados a un casamento aldeán. Xunguíanse dúas casas labregas de moita riqueza e a lupanda tiña de ser sonada.*

Tamén en *Os vellos non deben de namorarse* un personaxe, o carabineiro, exclama: *Catador de lupandas, disposto a unha nova vida.*

A palabra **lupanda** está xa recollida no primeiro diccionario galego, o de F.J. Rodríguez, como "comilona, hartazgo" e de aí pasou a tódolos demais. Leiras Pulpeiro recóllea tamén no seu Vocabulario e eu atopeina como verba usual nalgúns puntos de Galicia.

Non sei de ninguén que estudiara en serio a etimoloxía desta voz. Dá a impresión á primeira vista que tería que ver coa voz latina LUPA 'loba', pero tería que ser un cultismo cunha terminación un tanto rara, ou coa palabra **lupanar**, que atopo rexeitable pola mesma causa.

Coido que a orixe desta forma hai que buscala en expresións paralelas como *ir de farra, ir de parranda, ir de varanda, ir de esmorga* ou a castelá *ir de cuchipanda.*

Polo tanto, **lupanda** pode ser unha variante da familia de orixe onomatopeica, **lapar** 'comer con moita présa como fai o can', de onde saen voces como **lapón**, **lapán**, **lapeiro**, **lapantín**, **lapabroas**, **lapacaldos**, **lapacoellos** e **lapadela** que é sinónima de **lupanda**. Tamén poden aparecer voces cun *-r-* intercalado: **larpar**, **larpeiro**, **larpón**, etc. Penso, pois, que **lupanda** debeu orixinarse nunha forma *lapanda* que cambiou a vocal inicial *a* pola vocal *u* para evitar tantas vocais iguais.

399. Un melido rapaz

O **mel** é unha palabra común en galego que deu orixe a varios derivados como os adxectivos **meloso**, que xa empregaba Rosalía de Castro cando fala dun rapaz garrido *de tan melosas falas*, cun sentido positivo e non pexorativo como ocorre en castelán, e **melido** que ten o significado de melífluo, melífero nun sentido concreto, e o de doce, delicado, tenro nun sentido figurado.

Melido é usado por Castelao nos *Retrincos* con esta última acepción cando se describe a si mesmo: *era eu daquela un melido rapaz de doce anos, apouvigado pola morriña das paisaxes nativas...*

Tamén en *Os dous de sempre* emprega Castelao este adxectivo: *A leria do cacique ía contando, paseniña, as xenreiras da vella, que sentía ollecer a lembranza do melido amor doutro tempo.*

Melido aparece no diccionario de Eladio Rodríguez como voz esdrúxula: *mélido.* Trátase dun erro orixinado por interpretar mal o diccionario de Valladares que recolle esta voz cun acento grave sobre o é para indicar que esta vocal debía ser pronunciada como aberta, o mesmo cá voz **mel**. Así se pode ver, ademais, no exemplo que Valladares cita: *engañáronme as túas melidas falas. ¡Nunca che eu a escoitalas fora!*

E finalmente lembremos que de **mel** proceden tamén os **melindres**. En *Os dous de sempre* fala Castelao de como os rapaces *refugabamos os melindres que nos oferecía* (a tía Adega) *...e da caixa que contiña lambetadas de mérito: chourizos, anacos de pernil, roscas de ovo, cachos de tarta. melindres, zucre...* e de **melindres** xorde o adxectivo **melindroso**.

400. Merábanse os froitos

Do libro *Cousas* de Castelao tomo o seguinte parágrafo: *Dende aquela todas foron desgracias. Morrían as xugadas, merábanse os froitos, morrían entangarañado-los rapaces, secábanse as fontes...*, onde aparece o verbo **merarse**, que podemos entendelo como sinónimo de derramarse ou estragarse.

Merarse é danarse os froitos que están nas árbores ou mesmo calquera planta por causa das **meras**, que son unhas néboas baixas moi húmidas que producen efectos moi nocentes ós xermolos, ás flores e mesmo ós froitos que están sen madurecer.

Castelao emprega ás veces esta verba nun sentido figurado. Así, por exemplo, cando a nai de Pimpinela (de *Os vellos non deben namorarse*) lle di á filla: *trocaraste nun figo merado* ou cando dona Micaela (de *Cousas*) *con bágoas nos ollos meteu nun frasco de augardente o froito merado dos seus amores* (é dicir, un feto).

Esta palabra **merar** non creo que teña nada que ver coa voz castelá *merar,* que significa mesturar licores ou auga con viño e que os etimólogos fan proceder do latín MERUM 'viño puro'. Seica ten relación coa verba castelá *miera,* que significa trementina ou aceite do ximbro e que, segundo uns lingüistas, procede do latín MERUS 'puro' ou, segundo outros, de MIRRHA 'mirra'.

Coido que facer pasar estas formas latinas que serven para indica-lo líquido que sae das árbores ó sentido da nosa voz **mera**, que ten o valor de néboa, é un salto semántico moi grande e de difícil aceptación. Eu penso que **mera** é unha voz prerromana que está en relación con auga e que está presente en moitos topónimos do Noroeste peninsular como Meira, Meirás, Meiramá, Mera, Meres, etc.

Creo que está ben claro que a voz **mera**, néboa, está na base do verbo **merarse**, derramarse un froito.

401. Dar un mergullo

Existiu en latín ó lado de MERGERE unha forma popular MERGUCULARE que tivo unha evolución normal en galego e portugués converténdose en **mergullar**, co sentido de 'meterse debaixo da auga'. Parece que ós casteláns non lles parecía moi expresiva esta palabra porque lle engadiron un prefixo *sub*, que significa 'debaixo', e obtiveron o verbo irmán da nosa forma, *somorgujar.*

En moitos lugares de Galicia chámase **mergullón** a esa ave palmípede de peito branco que acostuma ter metida a cabeza na auga moito tempo, precisamente porque *mergulla*. En castelán chámase *somorgujo.*

Mergullar segue viva na lingua a pesar de que nos tempos modernos foi introducido un cultismo procedente tamén do latín SUBMERGERE.

Moitos escritores empregan este verbo tradicional non soamente no seu sentido concreto de meterse debaixo da auga, senón tamén nos sentidos figurados de profundar, fundirse ou abismarse en calquera outro medio ou situación. Castelao fálanos en *Os dous de sempre* de como *Rañolas, acedado com'on abruño verde, mergullábase na lectura, para desembrullar pensamentos grandes e arriscados... coas mans mergulladas no pantalón... Miroume, fite a fite, cos ollos mergullados en bágoas...*

E de **mergullar** nace o substantivo **mergullo**, que tería como sinónimo o cultismo **inmersión**, e do cal fai uso Castelao nun sentido figurado na expresión *dar un mergullo* coa que comeza o xa citado *Limiar* da súa obra *Retrincos*: *Cada vez que dou un mergullo na miña vida de dibuxante apaño retrincos deleixados...*

402. Mirrarse de amor

Cando as follas dunha planta secan ou se enrugan por efecto dalgunhas enfermidades ou de causas meteorolóxicas, dicimos delas que están **mirradas**. Cando os graos de calquera cereal non se desenvolven ben, quedan **mirrados**. E tamén dicimos que están **mirradas** as froitas que coma as castañas ou as mazás están secas e enrugadas cando se recollen.

Mirrar resulta pois sinónimo nestes casos do verbo muchar. E **mirrarse**, coma a súa variante nalgures **milrarse**, pode ser aplicado tamén a toda clase de cousas, segundo vemos por este exemplo de Castelao: *Chegamos de percorrer mundo, de vivir en París, e os nosos ollos atopan todo mirrado; e mesmo a persoas: Andarás,.. mirrada de frío e chuchada de fame...; Arestora doña Florinda é unha velliña chuchada polo tempo; tan velliña e tan mirrada que xa parece unha reliquia.* E aínda máis, tamén é posible *mirrarse de amor* como comprobamos neste texto: *Un día é unha rapaza que se mirra de amor e o bruxo inquire da peneira...*

Castelao usa ás veces **mirrar** como sinónimo de enfraquecer, debilitar ou mermar: *O Sr. Menéndez Pidal é moi dado a mirrar o prestixio que se lle debe a Galiza...; anque non por eso mirrou a fermosura da lenda...; Asi Madrid mirrou tanto nas súas arelas imperialistas...*

Non coñecemos con certeza a orixe desta verba, pero podemos aceptar, ata que non esteamos seguros, a seguinte teoría. **Mirrar** era na Idade Media embalsamar con mirra e, dado que os cadáveres embalsamados ou mirrados se encollen, merman, secan e enrugan, pasou a te-las significacións que acabamos de ver.

403. A filla mixiriqueira

Un dos protagonistas de *Os dous de sempre* tivo a mala sorte de casar cunha muller que *esmaiábase de fasquías* e *deixábase cair esmorecida nos brazos da súa nai para gomitar.* Muller e nai non eran nada agradables. Por iso di Castelao que eran *a nai ridiculosa e a filla mixiriqueira.*

Nesta frase vese moi clara a significación que ten hoxe a voz **mixiriqueiro** para calquera galegofalante como sinónima de melindroso, mimoso, choromiqueiro, queixicoso, etc.

Pero tamén podemos chamar **mixiriqueiro** ou **mixirico** ou **mixiricas** a quen os casteláns chaman *finolis,* como o fai Castelao co personaxe Romualdo, que *era un* home "*fino*"... *A Romualdo, tan mixiriqueiro, tan fricoleiro, non lle acaía un oficio de traballo...*

A min paréceme que **mixiriqueiro**, **mixiricas**, **mixiricar** son voces paralelas a **choromiqueiro**, **choromicas** e **choromicar** e que así como estas naceron do verbo **chorar**, aquelas naceron do verbo **xemer**. Por tanto teriamos primeiro *xemericar*, *xemeriqueiro* e despois produciuse un intercambio de sílabas **mexericar** por *xemericar*.

Non obstante hei de dicir que Sarmiento fala nunha copla dun *paxaro mixiriqueiro,* onde esta voz **mixiriqueiro** ten o sentido de chismeiro, coincidente coa mesma voz portuguesa actual *mexeriqueiro* que equivale a indiscreto ou intrigante.

Coido que este **mixiriqueiro** citado por Sarmiento e as voces portuguesas *mexeriqueiro, mexerico, mexericar* seica non teñen relación coas voces citadas anteriormente porque proceden da familia de **mexer** ou **remexer**.

404. Aquel inglés nifroso

Nos *Retrincos* de Castelao leo a seguinte frase: *daríame forzas de abondo para esmagar a fachenda daquel inglés nifroso,* onde atopo a voz **nifroso** que segundo o diccionario de Eladio Rodríguez significa 'descontentadizo', 'que non lle gusta nada e nada lle agrada'. A xulgar pola historia narrada neste relato que fala varias veces deste inglés poderiamos entender moi ben **nifroso** neste sentido que lle dá Eladio Rodríguez.

Pero en *Cousas* volve aparecer esta verba: *A honradez de Pedro pagábanlla co caldo e coas patacas de sempre, amarguexadas pola crantoña nifrosa da sogra e as mixiricadas da muller,* onde **nifrosa** ten ademais do sentido de 'repugnante', semellante ó da frase antes citada, o de rosmante, refungona ou xemedora.

Na fala popular encontramos esta forma, xunto coas variantes **ninfroso**, **ninfrón**, **nifrán** e **nifreiro** que, á parte destes valores significativos, que eu chamaría de ampliación do valor primitivo, ten outros significados. Dise de alguén qué é **nifroso** porque choromiquea ou salouca. Aí está o valor fundamental desta voz. **Nifroso** é aquel que **nifra**.

E **nifrar** ou saloucar é facer un movemento co nariz, que tamén leva en galego o nome xa anticuado de **nafre**. Pénsese en **nafrarse** ou **esnafrarse** que equivalen a romperse ou magoarse no nariz.

Nifrar é unha verba procedente do baixoalemán *nif* 'bico e nariz' que pasou a outras linguas romances, entre elas ó provenzal, e desta ó galego, probablemente noutras linguas e dialectos da Península houbo descendentes deste xermanismo, pero actualmente, que eu saiba, só están vivos na nosa lingua.

405. Non sexas nugallán

Todos estamos afeitos a chamar **folgazáns**, **lacazáns** ou **preguiceiros** a aqueles que non senten moito amor polo traballo. Pero hai en galego outras voces que poden ser aplicadas a este tipo de persoas amantes do ocio por riba de todo.

Hoxe imos examinar unha destas verbas que é sinónima das citadas: **nugallán** (ou a súa variante **nugallao***)* que é moi coñecida sobre todo polos falantes da zona central de Galicia e que emprega ás veces Castelao en frases coma as seguintes: *saben o que custa un enterro, e os nugalláns mórrense para sempre... E como eu son nugallán... Non sexas nugallán para morrer...*

Está ben claro que a voz **nugallán** está relacionada coa **nugalla**. Nestoutros exemplos de Castelao vese moi ben a sinonimia da **nugalla** coa **preguiza**: *Entón Pedro quixo choutar da cama, pero a nugalla non o deixou... (Este documento morreu) non sabemos se por nugalla propia ou por consiña gubernativa... Na desaparición dos cruceiros, coido que a nugalla dos cregos ten máis culpa que a enxurrada irrelixiosa...*

A voz **nugalla** é palabra procedente dunha forma latina NUGALIA, plural de NUGALIS, que significaba 'frívolo, malo', e curiosamente deixou descendentes en antigo francés e provenzal cos mesmos significados ca en galego. Pero na Península Ibérica só temos constancia dos descendentes galegos.

Atopámonos aquí, pois, cunha verba típica e exclusivamente galega que a nosa lingua conservou xunto con outras formas sinónimas comúns ás das outras linguas irmáns peninsulares.

406. Orneos de homes

Ornear é un verbo moi coñecido por moita xente, pois case todos saben que os burros **ornean**, como o afirman estes adaxios populares: *Ben sabe o burro onde ornea, cando quere el ornear* e *Se che dixeran dous que ti es un burro, ornea* ou esta longa frase de Castelao: *Polas mañanciñas* as *rúas de Badaxoz énchense de burros, e cando bate o sol no lombo dun deles o seu orneo godalleiro fai ornear á mesma cibdade.*

Pero hai moitos lugares de Galicia onde non só **ornean** (ou **arnean**, que nalgures se di así) os burros, senón tamén as cabras e as mulas e mesmo os bois e as vacas, polo cal neste último caso poderiamos dicir que **ornear** podería ser sinónimo de **esborrecar, bruar** ou **bradar**.

Ornear e **orneos** tómanse ás veces nun sentido figurado e significan o mesmo ca 'berrar' ou 'falar zafiamente' e 'berros' ou 'palabrotas'. Así o vemos nos seguintes exemplos de Castelao: *chíos de mulleres e orneos de homes... xurdiron chíos firentes de mulleres que non daban atafegado un orneo que chegou a min com'on tremer de terra... Os orneos do extranxeiro lañan a terra e os xuramentos de Manoel derruban o ceo... ¿Ulas as galiñas? Orneou Barrote dándolle un couce...*

E por último diremos que **ornear** nalgures é sinónimo de choromicar e de refungar ou rosmar.

A orixe desta verba que só está estendida, amais de Galicia, en Portugal e Asturias e León, non está moi clara. Algúns pensan que se trata dunha onomatopea, pero Corominas pensa que vén da voz xermánica **horn** 'corno', da que xurdiron *hoernen* (alemana) e *horn* (inglesa) 'toca-lo corno' e o noso **ornear**. Pénsese que o castelán *rebuznar* sae probablemente dun BUCINARE 'toca-la trompeta'.

Así pois, estamos ante outra voz que os pobos xermanos deixaron exclusivamente no noroeste peninsular.

407. Oubean os cans

Os cans, os lobos e outros animais dan ás veces berros tristes e prolongados. O verbo empregado en latín para esta acción era ULULARE que deu orixe na lingua castelá a *aullar* e na portuguesa a *uivar,* se ben nesta última lingua está viva unha forma *aulir,* que seica procede de Castela. Curiosamente na Terra de Barcelos está testemuñado un verbo *ouviar,* que é semellante á forma galega máis estendida, **oubear**.

O verbo latino ULULARE deixou en galego moitas variantes: **aular, oular, aulear, oulear, aubiar, oubiar e oubear** que é a forma máis estrada por toda Galicia e que é a preferida polos escritores.

Os cans **oubean** cando agoiran unha morte próxima como vemos naquel poema de *Cantares Gallegos* de Rosalía que di que *Unha noite, noite negra... en que as meigas bailan, bailan,.,. todas de branco vestidas / tendído-los brancos pelos / contra quen os cans oubean / agoirando triste enterro...*

Tamén Castelao usa este verbo no mesmo sentido ca Rosalía. En *Un ollo de vidro* atopamos esta frase: *Cando aínda estaba quente a derradeira badalada das doce horas no campanario da Eirexa, oubearon os cans ventando a morte*. Os **oubeos** dos cans poden ter efectos fulminantes coma no caso relatado en *Retrincos*: *Un día chegou ó comercio un vello gaucho... O seu cabalo rechinaba no palenque e os nosos cans oubeábanlle de firme... E cando viña en dereitura do mostrador bambeouse á maneira dun trompo que morre e deseguida caíu, redondo...*

Naturalmente poden os cans **oubear** a miúdo sen que necesariamente aconteza ningunha desgracia como vemos en tantas outras ocasións noutros relatos de Castelao.

408. Embarcados nun paquete

Hai **paquetes** e **paquetes**. Cando eu leo nunha páxina de *Os dous de sempre* de Castelao toda esta serie de frases: *Certo día topouse cun paquete de obleas... comezou a petisca-las veiras do paquete... ollou con simpatía aquel paquete... papou un paquete de obleas... o paquete de obleas non valía menos...* ou noutras partes frases semellantes como *Abre o paquete e saca un pano... Que deixas eiquí este paquete... Ven Pedro*

cun paquetiño debaixo do brazo... está ben claro que **paquete**[1] é un conxunto de cousas ben envolto e non moi avultado.

Paquete é unha verba procedente de Francia que entrou nas linguas da Península Ibérica alá polo século XVIII e fixo moita fortuna porque primeiro significaba conxunto de cartas e despois pasou a ser conxunto de calquera cousa. Con todo, esta voz xa era orixinaria dalgunha lingua xermánica e entrou en Francia alá polo século XIV.

Pero cando eu leo nas obras de Castelao que *alá fomos embarcados, a miña nai e máis eu, nun paquete alemán... Pedro toma pasaxe para América nun paquete alemán... O probe fracasado rubeu as escadas do paquete... Un de tantos paquetes que navegan polo lombo do Atlántico entra bruando nas augas de Vigo...* debo entender que **paquete**[2] é un navío que transporta pasaxeiros, correspondencia, e mercadorías, xa que teño a impresión de que este tipo de barco-paquete debeu ser algo así coma o que hoxe chamariamos tren correo. Se ben esta acepción non está rexistrada nos diccionarios galegos, tivo que ser verba moi empregada (xa que aparece moito en Castelao e noutros escritores da súa época) por tantos e tantos galegos que emigraban nestes buques.

Nos últimos tempos, como pasa con tantos obxectos, os vellos **paquebotes** (de orixe francesa) foron substituídos por outros barcos máis modernos: os *packboats* ingleses, é dicir, os **paquebotes**. E as novas cousas esixen novos nomes.

Quero facer referencia a unha acepción de **paquete** que trae o diccionario de Eladio Rodríguez: home que segue as modas e vai moi composto. Trátase dun típico arxentinismo que con seguridade puxeron en circulación en Galicia os emigrantes.

409. Aberto en canal e pendurado

Todos sabémo-lo que hoxe significa **colocar**, palabra procedente do latín COLLOCARE. **Colocar** é unha verba introducida na nosa lingua porque a forma latina orixinaria se converteu en **colgar** e modificou o seu sentido primitivo, que era o que ten hoxe **colocar**, para significa-lo mesmo que pender. Na lingua actual ó lado de **colgar** existe **encolgar**, **colgadeiro**, **colgador**, **colgarexo**, **colgadura**...

Pero a forma máis antiga para estes significados era **pender** (pouco usada xa na fala familiar) que ten bastantes derivados moi coñecidos como **pendente**, **pendencia**, **pendello**, **pendallo**, etc.

Outro derivado desta última familia léxica é a voz **pendura**, que ten o significado de 'colgadura' ou 'acto de colgar'. E de **pendura** fíxose o verbo **pendurar**, que é moi empregado en portugués, pero que eu teño a impresión de que hoxe non é moi usado no nivel falado da nosa lingua, se ben é coñecido nalgúns sitios o **pendurado** ou **peldurado**.

Creo que **pendurar** é para Castelao unha desas palabras favoritas que acostuman usa-los escritores a pesar de ter á man a posibilidade de empregar varios sinónimos para un mesmo concepto. Sirvan de mostra as seguintes frases seleccionadas entre outros moitos exemplos que teño rexistrados. De *Un ollo de vidro*: e *pendurado da cruz ollei un retrato...* De *Retrincos*: *¡Quen poidera ollalo morto, aberto en canal e pendurado!... a miña obra que está pendurada enriba da cómoda...* De *Cousas*: *O que eu tiña pendurado polos cabelos non era unha pedra... Agora ten un ichaviño pendurado na súa leontina de ouro... A lúa está pendurada da ponla dun pino...* De *Os dous de sempre*: *O trasno infla cirolas e camisas penduradas nun aramio... a xanela pendurada dun gonzo...* De *Os vellos non deben de namorarse*: *volve a deitalo na cama, coa cabeza pendurada...* etc., etc.

410. Vou onde me peta

O sentido do verbo **petar**[1] en frases coma as seguintes, tomadas das obras de Castelao, *vou a onde me peta...; el vai a onde lle peta...; ¡Come! Come canto che pete, Pedriño!...; E logo ¿que lle peta ó señorito?...* é ben coñecido por tódolos galegos como sinónimo de agradar, ter desexo de algo, antollarse, etc.

Pero o que non está xa tan claro é a orixe deste verbo. O ilustre etimoloxista J. Corominas pensa que o galego e o castelán tomaron esta voz do catalán *petar,* procedente do latín PEDERE peidear, onde ademais de ter ese sentido primitivo pasou a significar 'ter un antollo'. Con tódolos respectos para tan sabio profesor paréceme un tanto fantasiosa esa orixe, xa que enriba cre que deste *petar* procede tamén o galego **petar**[2] 'golpear' e 'chamar á porta'.

Pensemos que a palabra **petar**, que ten eses sentidos de golpear ou chamar á porta, como vemos nestas frases de Castelao: *Cando estaba prendendo o sono petaron na miña porta...; agora veño petar na túa porta..; peteille na súa caixa...; batendo a cabeza no chan co petar xordo dun petador de chumbo...; petaba levián na miña testa...; os corazóns petaban forte...; petar na concencia...*, coincide co mesmo valor que ten o verbo *picar* en Asturias e León. Pensemos tamén que en relación con **petar** está a verba **peta**, que significa 'pico para cavar' e tamén 'pico que teñen algunhas aixadas na súa parte posterior'. Engadamos ademais a verba correspondente ó *pájaro carpintero* en castelán que en galego se chama **peto**[1], precisamente porque se pasa a vida petando.

Pero **peto**[2] é tamén ó obxecto onde os nenos ou os maiores gardan os seus cartiños e a caixa onde se introducen as esmolas que se dan nas igrexas. Destes **petos** fala a miúdo Castelao sobre todo en *As cruces de pedra na Galiza*: *Petos para recoller esmolas...; peto de esmolas; peto das ánimas...; vin unha caveira de cristián facendo de peto das ánimas...* etc.

Coido que o **peto** debe o seu nome á forma de pico que tiñan estes obxectos, se ben hai quen pensou que procede da frase latina PETO VOBIS...

Seguiremos a falar deste tema.

411. Axeitoume un peteirazo

Probablemente dos **petos** para aforrar ou para recibir esmolas recibiron o seu nome os **petos** que se fan nos traxes para gardar toda clase de cousas. Castelao emprega tamén moi a miúdo **peto** neste sentido: *levaba oito décimos nos petos do seu traxe novo...; Pedriño gardou no peto a carta do seu amigo e con ela marchou...; levaba no peto a paga do mes...; topou no peto da súa chaqueta un escrito...* etc.

Non sei se a expresión tan corrente e tamén usada por Castelao, *caladiños coma petos,* se pode poñer en relación cos **petos** dos que falamos hoxe ou cos **petos** dos que falamos anteriormente.

Pero continuando con outras palabras que están en relación con **petar** temos que cita-los **peteiros** ou picos das aves: *un paxaro cunha carta no peteiro.* Popularmente aplícase tamén este nome ó nariz e mesmo, nun sentido máis figurado aínda, á boca: *Os nenos eran fazuleiros e bonitos... pero compría moito pan para tantos peteiros abertos*. E de **peteiros** xorde o verbo **peteirar** e o nome **peteirazo**: *O galo... axeitoume un peteirazo tan ben dirixido que me deixou torto.*

Teñen relación con esta mesma familia léxica **petón**, **petouco**, **petouto**, que son elevacións do terreo en forma cónica ou de pico. E tamén **petisco** e **petiscar** que significa 'picar': *o alquilador non é mesmamente un ladrón, pero petisca no alleo...; comezou a petisca-las veiras do paquete...* etc.

En fin, acabamos de ver toda unha serie de verbas emparentadas, **peta**, **peto**, **petar**, **peteiro**, **petouto**, **petiscar**, etc. que significan fundamentalmente algo en relación con **pico** ou **picar**. Coido que se nestas últimas formas recoñecemos unha base onomatopeica *pik*, podemos pensar noutra base onomatopeica paralela *pet* para explica-la nosa abundante serie de verbas tan afastadas semanticamente do pretendido PEDERE latino.

412. Portelo obligado de moitos vieiros

Tal vez moitas persoas non familiarizadas coa vida no campo relacionen a voz **portelo** cunha porta de madeira ou de ferro. Claro que un **portelo** pode ser en galego unha especie de postigo, pero o que evoca normalmente esta palabra é unha abertura que se atopa nunha parede, nun muro, nun valado, no límite do eido familiar ou dunha leira, para permiti-lo paso. Naturalmente que ás veces hai **portelos** que teñen unha cancela...

A verba **portelo** é recordada por Rosalía nun poema de *Follas Novas* como lugar de encontros amorosos: *bebemos xuntos naquela fonte, / xuntos pousamos naquel portelo... bebín con outras naquela fonte, / pousei con outras naquel portelo...* E en *Cantares Gallegos* aparece o **portelo** como o límite familiar que dá seguridade a quen ten medo do mundo exterior: *corro a enriba do valado, / brinco en baixo do portelo, / e dende alí berro entonces / con cantas forzas eu teño: / Non che teño medo, moucho, / moucho, non che teño medo.*

O **portelo** é para Castelao nos *Retrincos*, coma para moitos galegos, *lugar de paso*: *porque na nosa casa / portelo obligado de moitos vieiros / paraban a decotío gauchos bravos...*

Pero **portelo** é tamén calquera oquedade que haxa nunha cousa normalmente cerrada. Así preséntanos Castelao en *Un ollo de vidro* unha moza a quen lle faltaba un dente na súa dentamia: *Mireime no espello e axiña comprendín canto me afeaba aquel portelo na boca, e tanto esgarabellou o señorito na miña tolería moza que deixeime pór o dente...* e volve aparece-lo **portelo** na boca en *Cousas*: *amostrando aquel canteiro ridor que ten chantado, coma nembro dun portelo, nas súas enxivas bermellas...*

413. Poutas e gadoupas

Xa citamos en bastantes ocasións palabras que posúe a lingua galega de modo exclusivo en comparación co castelán e co portugués. Hoxe imos falar doutras dúas descoñecidas tamén nesas linguas. Trátase das voces **pouta** e **gadoupa**.

Para indicar mans e pés dun animal que están fornecidos de uñas curvas e fortes ten o castelán a palabra *garra,* que se introduciu como voz normal tamén en portugués. Sen embargo as voces típicas galegas mantivéronse firmes ata o día de hoxe, agás nos casos de falantes bilingües que teñen moitas interferencias por falta de coñecementos de ámbalas dúas linguas.

A voz **pouta**, irmá do catalán *pota* e do occitano *pouta,* seica é un xermanismo introducido nesas linguas. Está moi estendida por case toda Galicia e mesmo no galego exterior tanto para significa-lo que en castelán se chama *garra* ou *zarpa*, como para sinala-las mans grandes dunha persoa.

Castelao fai bastante uso desta voz: *Era moito home para min, que xa me sentía desfrangullado nas súas poutas de ferro...; deica verse na obriga de entregar nas poutas do taberneiro a paga enteira dun mes...; A siña Filomena bótase con dentes e poutas contra o xenro...* etc.

E como sinónima desta voz témo-la palabra **gadoupa** que é forma exclusiva da nosa lingua. Teño a impresión de que esta palabra naceu dun cruce da voz **pouta** coa verba **gadaño**, instrumento que normalmente ten dentes de ferro. Confírmame esta teoría o feito de que de **gadaño** máis **uña** xurdiu o verbo **gaduñar** como sinónimo de arañar.

Tamén Castelao emprega a voz **gadoupa** en varias ocasións cun sentido figurado: *Non pode aforrar de abondo para fuxir das gadoupas do amo, que lle zuga o mellor proveito do seu traballo...; e nun lampo de xenio botoulle as gadoupas á Xarda e cobreulle a faciana de regos sanguiñentos...; Así caen mellor nas gadoupas do fisco e da usura...*

414. Aparecera dentro dun queipo

Nun relato do libro *Cousas* fala Castelao de Baltasara, *unha rapaza criada pola caridá de todos, que aparecera dentro dun queipo, a carón dun cruceiro, que non tiña pai nin nai...*

Probablemente algúns lectores coñecen ben a verba **queipo** ou a súa variante **queipa** porque a usan na súa fala familiar. **Queipo** é voz coñecida no norte da provincia de Ourense, no sur da de Lugo e nalgún outro lugar illado para denomina-lo que en moitos máis sitios chaman **carabel** ou **carabela**, é dicir, un cesto pequeno. Normalmente o **queipo** leva unha asa para podelo pendurar do brazo.

Resulta mesmo moi difícil distinguir ben o significado concreto das voces correntes **cesta** e **cesto** e moito máis doutras palabras sinónimas como **azafate**, **nego**, **paxe**, **paxeta**, **goxa**, **goxo**, **canastro**, etc. porque son distintas as súas formas e os seus usos segundo os lugares. Hai palabras como **barreleiro**, **culeiro** e **vendino**, que son cestos para recolle-la uva, ou como **patela**, que é usada para levar peixes, que teñen sempre esa significación. E aínda poderiamos citar máis voces con que se coñecen outros tipos de **cestas** e **cestos**. Volvendo ó noso **queipo** de hoxe, queremos dicir que esta palabra chamou a atención dos etimólogos, que non se poñen de acordo sobre a súa orixe. Parece que o máis doado sería pensar nun étimo do latín vulgar CAPIUM, procedente do verbo CAPERE 'ter cabida', que desde un punto de vista de fonética histórica evolucionou normalmente en galego. Pero hai quen pensa que está relacionada coa nosa voz **gavia**, mentres que algúns coidan que é voz xermánica e outros que céltica.

Queipo é voz exclusivamente galega e non hai formas irmás noutras linguas romances se partimos da idea de que é un descendente de CAPIUM.

415. O rechouchío dun xílgaro

Xa falamos noutras ocasións de palabras de creación expresiva ou onomatopeica que empregaba Castelao. Cando tratamos do uso frecuente que facía o noso escritor da verba **siar**, poñiámola en relación con **chiar**, nacida da onomatopea *chi,* e dabamos exemplos de como as pombas *chían no ar* e de como algunhas cousas imitaban o **chío** dos paxaros: *a cancela que chiou cun triste son.*

Estas palabras de orixe onomatopeica, que son tan gráficas, reciben ás veces un reforzo. Así como de **chistar** temos ó lado **rechistar**, de **chío** xorde unha nova forma máis expresiva, **rechouchío**, que pasa a significar un conxunto de **chíos** continuados.

Castelao emprega esta verba, **rechouchío**, no sentido de 'gorxeo dos paxaros' nesta frase: *Dous vellos, sempre xuntos e sempre calados, que viven escoitando o rechouchio dun xílgaro engaiolado.*

Así como **chío** é a representación de calquera son agudo que fan os animais e as cousas, un **rechouchío** pode ser tamén a representación dun conxunto de sons agudos como é, por exemplo, o resultado dunhas gargalladas: *mais en vez de toparen un crime atópanse cun rechouchío de risas.*

Moi frecuente é o uso de **rechouchío** como 'barullo que arman os cativos cos seus berros', que tamén empregou o escritor rianxeiro: *A rolada dos nenos de Farruco enchía de rechouchíos o abrente do día...*

Naturalmente existe un verbo **rechouchiar** que expresa os mesmos sentidos de **chiar**, gorxear ou berrar festivamente os nenos e un adxectivo **rechoucheiro** que se aplica a quen rechouchía moito.

416. Remaneceume o medo de durmir

Lemos nos *Retrincos* de Castelao esta longa oración: *Un segredo tan grande non cabía no meu peito de neno, e axiña que o dependente se perdeu na lonxanía remaneceume o medo de durmir eu soio no mostrador...* E de *Cousas* é a seguinte: *E despois de casada remaneceulle novamente o degoro de ser nai...*

En ámbolos dous textos aparece o verbo **remanecer** co sentido, ó meu modo de ver moi claro, de "reaparecer" que xa Valladares recollía no seu diccionario nesa significación. Na fala popular queda aínda nalgures esta forma con ese significado xunto co de 'orixinar'.

En *As cruces de pedra na Galiza* constatámo-lo emprego desta voz cos mesmos valores citados: *e do pracer con que as interpretamos e trasladamos a un papel, remanece o amor que logo nos inspiran... pois ben pode remanecer do menhir antropomorfo... anque esta construcción non remanecese das primitivas vivendas palafíticas... E de ler mal a inscripción remaneceu unha lenda...*

Agora ben, ¿ten algo que ver este **remanecer** co antigo *remãecer* que aparece nas *Cantigas de Santa María* (*a dona de fogo remãeceu salva)* baixo esa forma ou conservando a forma latina REMANER *(fazendo oraçon remanía en hu˜a capela)* que teñen o sentido de ficar ou quedar?

Parece que esta última significación se conserva no derivado **remanente** e **remanecer** transformou o seu significado de 'quedar, ficar' en 'volver quedar' e despois en 'aparecer de novo' cando se impuxo a verba **permanecer**.

En castelán hai tamén un *remanecer* semellante ó noso e co mesmo significado moderno e algúns pensan que podía ter orixe en *re-amanecer*. Pero visto desde o galego parece imposible pensar nesa solución.

417. Retrincos

Nas linguas romances peninsulares temos tres verbos homónimos que non teñen nada que ver entre si semanticamente e que proceden de tres familias léxicas distintas. Por unha parte temos un verbo **trincar**[1] (relativamente moderno) co sentido de 'beber'; por outra, **trincar**[2] (algo máis antigo có ante-

rior) co sentido de atar, suxeitar, amarra-la vela, etc. E por último un **trincar**[3] (o máis antigo dos tres) que significa partir, esmiuzar e, sobre todo en galego, partir cos dentes, segundo se recolle xa nunha frase do P. Sarmiento*: rilla ese oso, trinca ese cortezo de pan.*

Deste último verbo fixo o galego unha nova forma: **retrincar**, que significa tanto 'partir algo en anacos' coma 'rincha-los dentes'. **Retrincar** converteuse en sinónimo de recortar e así como do efecto de recortar témo-los recortes, da acción de **retrincar** xurdiron os **retrincos**, que nalgunhas partes de Galicia chaman **retrinques**.

Os **retrincos** son pois recortes e nun sentido máis amplo calquera resto pequeno dunha cousa ou anaco. Xa Valladares definía esta voz como "retaliños de pano que saen ó cortar roupa". Para Castelao era ben coñecida esta palabra e así aparecen *retrincos de pano e retrincos de panales* no libro *Os dous de sempre*, e *retrincos de lenzo* na súa obra *Cousas*, na que atopamos esta voz cun sentido temporal: *Despois de ter profundado un bo retrinco de tempo deitou na orella do seu compañeiro ista frase...*

Pero no seu libro, precisamente titulado *Retrincos* toma esta voz no sentido máis amplo de 'restos' ou 'apuntamentos': *Cada vez que dou un mergullo na miña vida de dibuxante apaño retrincos deleixados... Outras veces un retrinco de papel faime cavilar... no intre da vida en que foi escrito e sorríome compasivo...*

418. Dous riscos nun papel

Nun relato de *Retrincos* conta Castelao como un pai desesperado lle rogaba que lle fixese un retrato dun rapaz moribundo: *Considérese señor. Dous riscos de vostede nun papel e xa poderei ollar sempre a cariña do meu neno...*

Nese texto aparece a voz **risco** no seu sentido máis xeral de raia, liña ou trazo. Aquí o **risco** será feito cun pincel, un lapis ou unha pluma, pero normalmente os **riscos** fanse cun instrumento cortante ou punzante. As vasillas levan **riscos** que se fixeron cun deses instrumentos. Do mesmo xeito hai punzóns para facer **riscos** nas zocas e mesmo os arados fan **riscos** na terra cando se fan regos pouco profundos.

Castelao fala a miúdo dos **riscos** aparecidos nas pedras galegas: *Nin é verosímil que os riscos se conservasen con tanta pureza nun lugar tripado polas xentes...; o desgaste dos riscos...; non ollaron máis que riscos inintelixibeis e misteriosos trazados polos mouros... e para cristianizaren o miliario convertiron en cruces tódolos riscos das letras.*

Esta voz **risco** xurdiu do verbo **riscar** (case seguro procedente do verbo latino RESECARE, 'cortar') que ten tódolos sentidos que xa citamos falando de **risco**. **Riscar** é principalmente facer raias ou liñas, fender lixeiramente algo ou tamén arar superficialmente un terreo. Castelao fala bastantes veces das cruces e inscricións **riscadas** nas pedras e usa moito o verbo **riscar** neste sentido.

Pero **riscar** emprégase tamén na significación concreta de rascar: **riscar** un misto nunha superficie, facer lume **riscando** uns paos secos nunha pedra ou facerse unha **riscada** ou rabuñón nunha man.

E aínda poderiamos sinala-lo uso de **riscar** en expresións como *risca-lo día* ou *risca-lo sol* no sentido de raia-lo día ou amañecer, que son correntes en moitos lugares de Galicia e que Castelao usou tamén: *e ó risca-lo sol Rañolas tivo que baixar á terra.*

419. Un ronsel de estrelas

Son moitos os escritores deste século que empregan a voz **ronsel** para significa-lo que os portugueses chaman *esteira* ou *sulco* e os casteláns *estela*, porque é unha verba que ten unha certa resonancia poética.

En *Os dous de sempre* usa Castelao esta voz no sentido de 'rastro espumoso que deixa o navío sobre as augas ó navegar' cando presenta a Pedro nun barco: *dispois enfiou os ollos no ronsel que quedaba no mar e adormentouse debruzado na baranda de popa.*

En *Sempre en Galiza* emprega esta verba no sentido figurado de camiño, senda, carreira: *e de tanto camiñar deixou no ceo un ronsel de estrelas que aínda hoxe se chama o camiño de Sant-lago... ¡Que importa, enfín, que, como proba da nosa universalidade, deixáramos un ronsel de estrelas que relembrase a nosa pasada comunicación co mundo antigo...!*

E mesmo pode haber **ronseis** feitos polos pés no aire como aparecen nos *Retrincos*: *Os andares arfados e velaíños, facían no aire ronseles de gracia.* E tamén noutras ocasións vemos usada esta voz no sentido metafórico de pegada, vestixio ou sinal: *o ronsel do seu tránsito... liberdades que deixamos ronsel... descobrir o ronsel emocional de quen o labrou...*

Algúns diccionaristas e etimólogos recolleron esta voz como normal da fala dalgúns lugares da costa. Eu non vexo clara a orixe desta palabra que ten pinta fónica de ser un provenzalismo. Sen embargo seica pode estar en relación co verbo **rozar** (que nalgures se di **ronzar**) pero non é nada seguro.

420. Os salseiros

A verba **sal** é unha voz de orixe latina que se conservou en tódalas linguas romances e está na base de moitas outras palabras. O galego mantivo o xénero masculino que esta voz tiña na lingua nai, como testemuña o refrán que di: *derramarse o sal é mal sinal.*

A palabra latina SALSA significaba caldo con sal ou cousa salgada, ou mesmo lugar cheo de sal. E por iso non ten nada de particular que nalgúns lugares de Galicia chamen **salsa** á auga do mar. **Salso** dise de todo o que está salgado ou que contén **sal**. Aplícase este adxectivo sobre todo a aquilo que fai referencia ó mar, ben sexa ó aire do mar ou á auga do mar, ben sexa ás terras que están preto do mar.

De **salsa** procede a nosa voz **salseiro**, que é fundamentalmente a batuxada que produce a **salsa** ou auga do mar. **Salseiro** é a escuma que levantan as ondas crenchadas ou as que se rompen nos rochedos ou nas areas das praias. **Salseiro** é a auga do mar convertida en miúdo neboeiro que levanta o vento.

Pero esta idea de batuxada ou de pancada forte das augas do mar determina que algúns fagan un uso extensivo desta verba para designa-la auga da choiva que cae con forza e golpea como un **salseiro**. Por iso podemos atopar que nalgúns diccionarios apareza esta voz no sentido de augaceiro ou chuviscada.

Un uso moi expresivo desta voz aparece nas obras de Castelao en frases coma as seguintes: *Nos días de tempo ruín, cando funga o vento nas cordas e os salseiros barren a cuberta do barco, a siña Sinforosa metíase en si e rezaba...; I eu cavilo na sombra fresca das carballeiras de Lalín... na frescura do meu mar de Rianxo, na fonte cantareira da Estrada, nos salseiros de Corrubedo...*

421. O segredo

As palabras cultas procedentes do latín que entran nas linguas romances cando estas xa son linguas de cultura, non evolucionan foneticamente coma as palabras tradicionais. Sen embargo, na fala popular sofren ás veces algunhas transformacións que posteriormente son aceptadas na lingua escrita.

Así témo-lo caso da voz latina SECRETUM, que usado como nome substantivo nalgunhas linguas romances pasou a ser **segredo**, voz que conservou moi ben o portugués ata o día de hoxe. E é tan popular na lingua irmá que desa palabra se formou o verbo *segredar*, 'andar contando segredos' e o adxectivo *segredeiro* 'amigo de andar contando segredos'.

Pero a voz latina SECRETUM, usada adxectivamente, conservouse case tal cal como se dicía en latín: **secreto**. E dela naceron posteriormente **secretaría**, **secretaria** e **secretario**.

En Galicia non tivo moita fortuna a voz **segredo**. Na fala popular foi substituída pouco a pouco polo adxectivo culto secreto. Sen embargo os escritores, coñecedores da forma antiga **segredo**, puxérona en circulación con moita énfase no nivel literario e podemos testemuñar que a ese nivel é hoxe palabra normal.

Castelao úsaa infinidade de veces: *díxonos que gardasemos segredo... soupen garda-lo segredo... os engados da súa carne non tiñan segredo... xurei garda-lo segredo... eu gardei o segredo... contarme en segredo... dono do seu segredo... un segredo amoroso...* etc. etc. Pero, por afán diferencialista co castelán, usa como fan outros escritores esta voz **segredo** como adxectivo: *adeprendeu nos libros segredos... enterrouna en sitio segredo...* E, aínda máis, emprega, como moitos dos seus contemporáneos, o inventado enxebrismo **segredario***: ir ós pexegos do Segredario... ir a mercarlle tabaco ó Segredario...* etc.

En fin, podemos tomar como modelo o sistema portugués: **segredo** (substantivo), pero **secreto** (adxectivo), **secretario**, **secretaria**, **secretaría**.

422. ¿Bótoche serradela?

O alquilador de cabalos, que aparece no libro *Cousas*, pregunta con moito aquel de pousadeiro abastecido: *¿Que queres que che bote, cabalo? ¿Bótoche trebo, alcacén, serradela... ou que?*

Coido que calquera galegofalante comprende este ofrecemento de exquisiteces que o pousadeiro lle propón ó cabalo. O **trebo** é planta común en toda Galicia e así mesmo o é o **alcacén**, planta forraxeira que é coñecida tamén cos nomes de **alcacer, arcacel, elcacer, arcacén, alcacede**, etc. Pero dubido que moitos que non vivan no campo saiban o que é a **serradela**.

Penso que neste caso a etimoloxía pode axudar a coñecer esta planta. **Serradela** é voz procedente do latín SERRATELA, variante do diminutivo SERRATULA, aplicado a unha planta chamada SERRATA porque tiña os bordes das follas coma dentes dunha serra. SERRATULA evolucionou en castelán en *cerraja* e *serratela* converteuse en galego en **serradela**. O Padre Sarmiento di que viu esta pequena planta en Lérez e que se corresponde coa SERRATULA.

Eu non sei se esta explicación axudará a distinguir esta planta a quen non está afeito a vela de sempre. Claro que a consulta dos diccionarios non axudará moito máis. O de Valladares defínea así "planta pratense pertencente ás hedisáceas de Decandolle, familia das leguminosas de Aussieu". O de Eladio Rodríguez é máis contundente: "ornopo, planta". E o recentemente aparecido de Feixó Cid é

máis explícito: "Planta herbácea leguminosa, de follas compostas de moitos pares de folíolos lanceolados, con estípulas pequenas e flores en umbela, pequenas, amarelas ou rosadas, empregada como forraxe".

De tódolos xeitos, por se alguén lle pregunta por esta planta a un labrador, hai que ter en conta que nalgures aparece este nome con algunhas variantes: **sarradela**, **serradelo**, **senradela**, **sernadelo**, **sarnadela**, etc.

A voz **serradela**[2] aplícase tamén a unha lombriga de terra ou miñoca que vive nas areas das praias, segundo testemuño de Aníbal Otero, e a unha especie de cempés, segundo M.C. Ríos Panisse.

423. Os siereiros

Teño a impresión que a voz **siereiro** está a desaparecer da nosa lingua cotiá. Aparece recollida nos diccionarios coas variantes **siareiro**, **ciareiro**, **ciereiro** e **ceareiro**.

Coido que foi Sarmiento quen primeiro dá a noticia desta voz cando di: "**Ceareira**. Llaman así a la mujer que de continuo trae alimento a casa, v.gr.: fulana es mi ceareira de pan o de verdura". Pero en Valladares rexístrase bastante ben a acepción moderna: "**Siareiro**. El parroquiano de un molinero, carnicero, zapatero, etc." Esta é a significación que recollen os demais diccionarios posteriores.

Castelao usa esta voz na súa obra *Os dous de sempre* cando presenta a Rañolas de vendedor en Lourdes: *Ningunha das mulleres enloitadas que venden velas en Lourdes, pode competir coa donosía de Rañol*as *para encouchar siereiros.* Tamén o outro protagonista da mesma obra, Pedro, foi vendedor, pero con peor fortuna: *Levaba moitos meses a despachar e aínda non atinaba coas cousas nin sabía o custo delas. / ¡Pucha que es lerdo el gringo! / decían os siereiros.*

Resulta moi arriscado tentar buscar un étimo para esta voz. Sen embargo chamou a atención do grande filólogo Corominas e puxo esta voz en relación coa palabra tan corrente de **seara** 'extensión de terreo cultivado' e 'tenza ou sorte'. *Seareiro* significa en portugués 'labrador pobre' e no portugués do norte 'negociante de gando'. **Seareiros** ou **siereiros** parecen ser xentes que teñan algo que ver coas **searas**, pero ¿como chegamos a imaxina-lo cambio semántico do home da **seara** a cliente ou parroquiano? Non o vexo claro. Pero polo de agora non se ve outro étimo máis diáfano.

424. Soaces literarios

No prólogo dos seus *Retrincos* fálanos Castelao de como se mergulla na súa vida de debuxante para pillar apuntamentos esquecidos e *que agora vou aproveitando, cando cadra, nos meus soaces literarios.*

O mellor escribano, di o refrán, fai un borrón. E nesta última frase o grande prosista do noso século fai un borrón lingüístico, pois converte a palabra normal **solaz** nun horrible hiperenxebrismo, **soaz**. Cae Castelao no erro de crer que a voz **solaz** é un castelanismo que debería ter en galego unha correspondencia na verba inventada **soaz**, do mesmo xeito que ás palabras castelás *pala* ou *tela* ou *colar* corresponden en galego **pa** ou **tea** ou **coar**, sen o *-l-* intervocálico.

A verba **solaz** é un neoloxismo medieval da antiga Provenza, de onde se exportou a outros lugares esta voz procedente do latín SOLACIUM. Nos textos medievais aparece como sinónimo de pracer nesta

frase que tomo da *General Estoria*: *que se non nembraron da solaz de varon et de moller... Catou por ua fiestra et vio estar con ella em seu solaz como está marido con sua muller. Et Tare con solaz et sabor de seu fillo Aram...*

Esta forma é empregada polos escritores galegos. Sirvan de mostra estes dous exemplos tomados de Rosalía, que a usa con seseo final, tal como ela debía pronunciala: *As altas herbas da alameda escura / por onde el antes con solás paseaba* (do poema "Na tomba do xeneral inglés Sir John Moore")... *Esta fala mimosa que nós temos / de tan doce solás / que non sabe decir sinón cariños / que hastra os corazós van* (de "¡Terra a nosa!")...

De **solaz** saíu o verbo actual **solazar** e o adxectivo menos usado **solazoso**. Curiosamente temos escoitado na fala popular ó lado deste **solazoso** unha variante que parece máis culta, **solacioso**.

425. Sioulle na orella

Hai palabras de creación expresiva que o pobo e escritores modifican ó seu libre arbitrio. Hoxe quero chama-la atención sobre o verbo que eu vin por primeira vez usado por Castelao. Non sei se outros autores o empregan. Trátase da voz **siar**.

Nos *Retrincos* fala dun andaluz garuleiro que sabía moitas cousas e este *un día sioume que estaban arrombando o submariño Peral.* Nesa mesma obra hai un relato que trata dunha rapaza moi bailadora que *ó pasar acarón dela sioume con voz estremecida estas verbas: ¡Meu bailador!*

En *Os dous de sempre* atopámo-las seguintes frases *O pousadeiro sirveulle o caldo e sioulle na orella esta novedade... ¡Non teñas medo! siáronlle os moinantes...*

Nos diccionarios non se encontra este verbo **siar**, que polo contexto dos exemplos que acabamos de citar significa murmurar ou marmular algo no oído ou cochichar.

Siar ten que ser voz de creación onomatopeica pois recórdanos inmediatamente *o si-si-si-si* de quen fala baixiño á orella doutra persoa. Pénsese en casos similares como **chischís** 'ruído suave que se produce cando dous falan moi quedo' ou **chistar** ou mesmo **chiar** que significa xa emitir un grito ou un ruído máis agudo por parte de animais ou de cousas. En *Sempre en Galiza* fala Castelao de como *as pombas bravas chían no ar.* E en *As cruces de pedra* lembra uns versos de Pondal que din así: *Abrín da Bouza a cancela / que chiou cun triste son...*

E poderiamos citar outras palabras máis de orixe latina que significan emitir ruídos e que se transformaron foneticamente de modo irregular pola influencia das onomatopeas.

426. Tanxeron os sinos

Para a meirande parte dos galegos a voz **sino** ten o mesmo sentido con que a usaba Rosalía: *Que naide, tal é a forza do destino, / naide torce o seu destino... Que o que en mal sino nace / mal sino seguirá... ser amada, ese é o teu sino...*

Mais na Idade Media esa voz *sino*, procedente do latín SIGNUM, comezou a significar campá, porque este instrumento dá o sinal ou signo da hora de rezar. Xa nos documentos do século XII escritos

nun latín moi deturpado aparece esta forma *sino* e posteriormente nas *Cantigas de Santa María* aparecen testemuños coma os seguintes: *mandou os sinos tanger... Sam Pedro o sino tangía... Os sinos mandaron todos soar*... Tamén nos *Miragres de Santiago* hai constancia deles; *et poso y sinos et livros et vestimentas... et entrando en ela / tangerse an tódolos sinos.*

Esta palabra desapareceu da lingua falada, pero foi despois do Rexurdimento literario do galego cando se recuperou na lingua culta como arcaísmo. Castelao úsao continuamente: *De súpeto tanxeron os sinos, estalaron os foguetes... Os sinos das feligresías tanxen mainamente en tódolos ventos... Malasisado como os sinos que repenican con tolería de festa... Os sinos repenicaban a vísperas... Cantan os galos e tanxen os sinos dunha eirexa lonxana... Tanxeran os sinos das eirexas... Cando tanxen os sinos de tódalas eirexas...*

E naturalmente, quen toca os **sinos**, chámase **sineiro**, voz que tamén temos rexistrada en *Cousas* de Castelao: *Criouse ó rabo do sancristán para gana-la súa vontade e medrando, medrando, chegou a sineiro, porque Martiño era parvo e dáballe por tangue-las campás.*

427. E deixárono soilo

Todos sabemos que o pronome ou o adverbio castelán *solo* se di en galego **só**. Rosalía escribe en *Follas Novas* que *só o sono da morte / o triste dorme en paz...* E de *Un ollo de vidro* de Castelao é a seguinte frase: *Aquil suicida tiña un só ideal: A República.* E de **só** pódese facer un diminutivo moi corrente **soíño**, que é forma moi popular e tamén literaria.

Só está testemuñado xa nas *Cantigas de Santa María* como **soo**: *soo sen conpannia... viron o cavaleiro* soo *senlleiro estar*.. E tamén aparece así noutros moitos textos medievais.

Modernamente aparece a variante **soio**[1], que Castelao usa moi a miúdo. Vexamos un par de exemplos. De *Retrincos* é o seguinte: *E axiña que o dependente se perdeu na lonxanía remaneceume o medo de durmir soio no mostrador.* E de *Os dous de sempre* é estoutro: *Cando xuzgaron que Pedro podía andar soio, mandárono á procura dun rebaño.*

Este **soio**[1], que significa 'sen compañía', non ten nada que ver coa palabra homónima e homógrafa **soio**[2], que significa base ou solo do forno.

Pero os nosos actuais **só** e **soio** teñen outra variante: **soilo** que se di nalgures, que está rexistrado nos diccionarios e que empregan moito os escritores. Castelao usouno nos *Retrincos*: *E dispois, sen ningunha oración, deitaron o morto enriba da mesa de billar, puxéronlle catro velas acesas e deixárono soilo.*

Non sei se este **soilo** é resultado do cruce de **soio** e do castelanismo **solo** ou ten algo que ver cunha forma medieval *soilo,* que aparece nunha cantiga de Pedro de Ardea e que segundo o filólogo Nunes procede seica do latín SOLUM ILLUM.

428. Solermiñamente

Solermiñamente é un adverbio que aparece varias veces usado por Castelao nas súas obras con significacións bastante semellantes. Vémolo co sentido de 'cautelosamente' en frases como *E dispois quediño e moi solermiñamente deitoume na orella ista pregunta...; Eu gardei o meu segredo pra non* pasar *por parvo e seguín preguntando solermiñamente...*

Coa significación de 'astutamente' atopámolo nos seguintes exemplos: *Foi así como Martiño entrou solermiñamente en posesión do campanario da Eirexa...; infiltrado solermiñamente no corpo recén nacido da República...*

Tamén o encontramos no sentido de imperceptiblemente nesta frase: *pero no tránsito con que solermiñamente a língoa orixinal vai declinando* ao *dialecto...*

Solermiñamente é naturalmente un derivado da voz **solermiño**, que, segundo os diccionarios, significa brando, suave, acariñador, agarimoso, etc. E **solermiño** é, o mesmo que **solermeiro**, un adxectivo derivado de **solerma**, que significa 'demostración afectada de cariño'.

Solerma, voz tipicamente galega, é paralela da verba castelá *zalema,* segundo se ve pola súa significación, e procede da lingua árabe.

Esta palabra, como ocorre con outras moitas, foi transformando o seu sentido primitivo de agarimoso noutros achegados. Así vemos como Castelao a usou no sentido de astuto, tendo neste caso relación coa verba **solerte**, e así mesmo vemos como **solermeiro** ou **sulermeiro** nalgúns puntos de Galicia pasou a ser sinónimo de **chismeiro, alburgueiro, compangueiro, metementodo**, etc.

429. Un rapaz toco

A voz latina MANCUS que significaba 'mutilado' e 'estragado', tivo descendentes en case tódalas linguas romances con significados semellantes ó da voz orixinaria latina. Así no castelán chámase *manco* a quen lle falta un brazo ou unha man e dise tamén de algo que ten defecto. Curiosamente a forma portuguesa *manco*, ademais de ter estes significados ampliou esta mutilación ou eiva ás extremidades inferiores e hoxe é sinónimo de coxo. Se oímos a un portugués dicir que *manca* ou *manquexa,* debemos comprender que el coxea.

O galego conserva os sentidos tradicionais desta palabra moi claros. Nos seguintes versos de Rosalía vemos aparecer esta voz: *Daimo, meu santo, / anque os pés teña coxos, mancos os brazos...* e nestoutro aparece esta relación: *un manco, un coxo, unha tola.* E o verbo derivado de **manco**, **mancar**, adquiriu o sentido de magoar ou ferir a alguén en calquera parte do corpo, pois como di o refrán *cada un sabe ben onde lle manca o zapato*.

Pero en galego xorde unha palabra como sinónima de **manco**: **toco** que é bastante coñecida en moitos lugares de Galicia e que nalgures din tamén **toqueno** e mesmo **coto**, con intercambio de lugar das súas consoantes. **Toco** dise tanto do que carece dun brazo ou parte del, coma de quen lle falta un dedo ou parte del.

Castelao nos *Retrincos* emprega esta voz sinónima de **manco** cando escribe: *No adro da eirexa un rapaz toco portaba un feixe de foguetes debaixo do brazo...*

Coido que esta verba, **toco**, hai que poñela en relación cos substantivos **coto**, e **toco**, de orixe incerta, que significan o mesmo que en castelán *muñón* e tamén 'cepo ou base de tronco de árbore cortado'.

430. Ledo e trouleador

Coido que poucas palabras hai en galego tan sonoras coma a voz **troula**, e digo sonoras porque esta verba dá a impresión de sonoridade non só pola conxunción dos seus sons, senón tamén pola súa significación de 'diversión barulleira e estrondosa'.

Non é necesario explicar a ninguén as **troulas** das que fala Castelao: *E as preocupacións do meu vivir redáronme das troulas.* E sinónima desta voz é a forma tamén moi común **troulada** que escoitamos decote: *íamos de troulada, imos facer unha troulada,* etc.

Se diversión é **troula**, divertirse é **troulear**, que emprega Castelao nesta frase: *A plebe percorre aboiada o campo da feira, para ver como se divirten e troulean os señoritos,* ou **troular** que vemos usado nesta cantiga popular: *O muíño troula, troula / a auga faino troulare,* e nestes versos de Lamas Carvajal: *Os outros rapaces / diante del pasaban reíndo e troulando, / con runfla e barullo...*

E derivados destas palabras serían tamén **trouleo**, **trouleiro**, **trouleante** e **trouleador**, voz esta última que usan os citados escritores. *O probe cego é ledo e trouleador,* escribiu Castelao. *Unha Galicia algueirante, rebulidora, falangueira, trouleadora, de cote leda e satisfeita... mozos trouleadores* escribiu Lamas Carvajal.

Coido que **troula** e os seus derivados non teñen nada que ver coa voz **trola** 'mentira' que é de orixe francesa. Entra dentro do posible que teña relación coa voz **trulla**, que ten o sentido de 'moitedume bullangueira' segundo vemos por este exemplo de Castelao: *Na praza de Chatelet dase conta de que as trullas de Lourdes aínda non escoitaron a serpenta.* **Trulla** ven do latín TURBULA. Pero en **troula** funciona tamén un elemento expresivo ou onomatopeico como se ve no verso anteriormente citado: *o muíño troula, troula...*

431. O tusmo dunha maneira de vivir

Xa nalgunha ocasión falamos da verba **axexar** e de *estar ó axexo*. Existe en galego unha palabra que pode significa-lo mesmo, pero que ten outros sentidos. Trátase da voz, tan corrente polas provincias da Coruña e Lugo, **osmar** ou **usmar**.

Osmar e **usmar** significan hoxe nos lugares citados 'axexar, observar, espiar' e son verbos usados nos nosos textos medievais co sentido de 'calcular, xulgar, imaxinar' (*et poys ben ouve osmado et entendudo que esta gente podía ser... ben osmavan que moytos mays eran ja que os da primeyra vez*, etc.) e proceden xunto con **esmar** ou **asmar** do latín AESTIMARE.

Pero **osmar** e **usmar** poden significar tamén 'uliscar', 'cheirar', 'seguir un cheiro determinado' como fan os cans e outros animais que perseguen a outros, son palabras irmáns do francés *humer,* italiano *ormare* e castelá *husmear.* Todos estes termos descenden dunha voz latina tardía OSMARE, procedente dunha verba grega.

Coido que todas estas verbas galegas deberon confudi-los seus significados e para aclarar mellor esta última significación de 'axexar polo cheiro como fan os cans' naceu a voz **tusmar** (e despois a súa variante **atusmar**) onde seica hai o cruce da palabra **osmar** coa voz **tus**, nome co que é chamado o can en moitos lugares de Galicia, pois **tusmar** é para moitos xustamente o que fai o can cando persegue unha pegada ou rastro de algo, animal ou cousa.

Non obstante, **tusmar** confúndese de novo con **osmar** e **tusmo** ten a mesma significación ca **axexo**, como vemos no seguinte exemplo de Castelao: *Rañolas fai rende-los cartos para ter tempo de cachear París, apañándose no aire, ó tusmo dunha maneira de vivir sen amo.*

432. Herbas ventureiras

Xa nalgunha ocasión falamos da cualificación do mes de febreiro como mes **ventureiro**, é dicir, mes azaroso porque nel poden acaecer toda clase de fenómenos atmosféricos.

Hoxe volvemos falar desta verba, procedente de **ventura**, que significa non só 'felicidade', senón 'continxencia ou casualidade' de acordo coa súa etimoloxía latina que equivalía ó que está por vir, porque é unha voz moi empregada por Castelao.

Por dúas veces refírese o noso escritor ás herbas **ventureiras**: *o gando non era estable senón trasumante, porque soio se mantiña con herbas ventureiras...*; e noutra ocasión dinos que *As froliñas ventureiras que nacen nos campos parecen creadas polo Bosco ou por Breughel o vello...* Estas herbas e floriñas **ventureiras** son aquelas que nacen espontaneamente sen que ninguén as plantara.

Esta significación de 'espontáneo, casual ou azaroso' vémola moi clara na seguinte frase: *Serán casuaes e ventureiras as afinidades dos petroglifos galegos cos siños do Exipto cristianizado?*

Ventureiro está tamén usado no sentido de ocasional ou que traballa no que sae por casualidade ou por ventura: *Desde entón eu quixen ser un ventureiro das letras...; O baratilleiro é amo de moitos vendedores ventureiros que traballan para el no tempo das pelerinaxes...; O mozo ventureiro...; Compría deixala vida ventureira.*

Na fala viva escoitamos moitas veces falar das galiñas **ventureiras**, que son aquelas que chocan libremente, sen que ninguén lle preparase a niñada, e de nenos **ventureiros**, que son aqueles que non teñen pai recoñecido.

433. Remata-la xeira

Xa falamos algunhas veces dos cultismos ou neoloxismos que se introducen na lingua por necesidade de dar nome a novos obxectos ou a novas ideas. Sen embargo nalgunhas ocasións son introducidas palabras procedentes doutras linguas sen unha necesidade real. Así temos no galego de hoxe un uso constante da voz *xornada,* orixinaria de Francia e que penetrou desde a lingua castelá, para substituír unha forma tipicamente galega, **xeira**.

Xeira procede da expresión latina DIARIA OPERA 'traballo diario' que se reduciu a DIARIA e evolucionou foneticamente a **xeira**. Esta voz é usada en toda Galicia normalmente co significado de 'traballo realizado nun día'. Con esa mesma acepción está empregada por Castelao en *Os dous de sempre*: *E os tres naquel punto, decidiron remata-la xeira e molla-la gorxa ó pé dunha pipa de viño.*

Por ampliación da súa significación unha **xeira** é calquera traballo ou asunto. Así o vemos nestes exemplos de Castelao: *Abofé que a* xeira *foi un ben de Deus, / pois ó remata-la romería Rañolas puxo en plata tres pesos...; E por verme ceibe de xeira tan macabra díxenIle que unha fotografía era mellor que un deseño...*

No sentido de etapas ou viaxes de traballo que se fan por algún motivo está tamén empregado por Castelao: *Fun a Portugal... e voltei prometéndome novas xeiras que xa máis nunca puden emprender...; Lembrámonos de que nunha das xeiras do Seminario de Estudos galegos por terras de Lalín...*

Xeira ten aínda na fala viva outros sentidos secundarios. **Xeira** pode ser unha leira pequena, é dicir, unha leira que se podía traballar nun día. Pode ser o tempo adicado a un labor, sen que necesariamente dure un día. Pode ser unha quenda de traballo e moitas outras cousas.

Pagaría a pena que os organizadores de tantas xeiras usasen esta voz.

434. Turrar polo xenio

A voz **turrar**, tal vez de orixe onomatopeica, evócanos inmediatamente unha vaca ou unha cabra trucando ou embestindo ou mesmo escorneándose con outra vaca ou outra cabra. Pero tamén as persoas **turran**. De aí que este verbo típico do galego e do portugués poderiamos definilo como 'bater coa testa'.

Noutros tempos (témo-lo testemuño do P. Sarmiento no século XVIII) mozos e mozas nas festas, nenos e nenas en calquera ocasión, gustaban de **turrar** ou **andar ás turras**, diversión que me parece estar xa fóra de uso... Pero o que si se di hoxe de alguén que insiste é que turra ou **turronea** ou que é **turrón** coma un carneiro.

A lingua galega desenvolveu unha acepción moi especial desta verba. **Turrar** é tirar con forza dunha cousa como se tratasemos de arrastrala ou de arrincala dun lugar ou mesmo tirar dun animal, como vemos naquela copla de *Cantares Gallegos* de Rosalía que di así: *¡Turra, turra, / Xan pola burra! / Mira que Pedro / A cadela che apurra.*

Con este significado de 'tirar con forza' **turrar** é moi empregado por Castelao. A *Un ollo de vidro* pertence esta frase: *un esquelete barudo e forte turrando por min afastoume de aquela xuntanza;* a *Cousas* a seguinte: *e alongando o brazo apañei os cabelos e turrei por eles para riba;* a *Os dous de sempre* estoutra: *Pedro... quixera marcharse polo mundo e turraba por el o conchego do fogar*; e de *Os vellos non deben de namorarse* é esta: *un fío eléctrico que sirve para turrar pola luz fóra da escea.*

Pero en *Retrincos*, onde aparecen frases semellantes ás anteriores, coma *O probe pai turraba pór min... collíame as mans e turraba por min,* atopámo-la expresión *turrar polo xenio*, que é algo así coma 'sacar dos gonzos', ou '*facer saltar de rabia*' segundo se ve claramente lendo estas frases: *o inglés... turrábame polo xenio, volvíame tolo de carraxe e dispois bulrábase dos meus denostos.*

435. Un vello vedreiro

Din os romanistas que a voz latina clásica VETUS foi substituída en latín vulgar pola forma VETULUS, que deu orixe á nosa voz **vello**. Con todo, as formas clásicas substituídas polas novas voces de moda non desapareceron sempre totalmente sen deixar algún derivado, sobre todo en lugares illados ou afastados da capital romana.

VETUS, VETERIS, en diversas zonas da Romania, tratou de resisti-la imposición de VETULUS. No Oeste da Península Ibérica resistiu moito tempo o descendente da palabra clásica, *vedro*, como vemos nalgúns topónimos como Pontevedra, Eiravedra, Saavedra, etc., pero actualmente xa non dicimos dunha cousa que é *vedra*, senón **vella**.

Sen embargo, os diccionarios conservaron esta voz, **vedro**, xa anticuada, porque aínda están vivos derivados dela como **vedraio** e **vedraño** usados especialmente en textos literarios.

Hoxe quero salientar aquí o emprego que fai Castelao dun derivado desta voz **vedro**. Trátase da creación da voz **vedreiro**, que curiosamente non recolle ningún diccionario, pero que como veremos polos contextos, aporta un matiz estilístico especial.

No seguinte exemplo: *caían anos a bao nas costas de tía Ádega, i en poucos días trocouse nunha vella vedreira,* teño a impresión que **vedreira** fai como máis envellecida á tía Ádega. Nestoutro: *acompáñame un can vagabundo, que me sigue* a todas partes: *un can morriñoso e vedreiro, que me fita con ollos de namorar,* se tratamos de substituír **vedreiro** por **vello** perdería a frase moita expresividade. E a mesma carga afectiva desta verba vese nestoutro exemplo: *Ninguén se bulra dun vello e unha vella que siguen amándose tolamente. E qué emoción dá ver a un vello vedreiro que chora por un amor que perdeu cando era mozo...*

436. Con voz velaíña

Xa falamos nunha ocasión da orixe das bolboretas e das "palomiñas", voces que empregaba a miúdo Rosalía nos seus poemas. Hoxe temos que comezar falando doutro sinónimo destas verbas para explica-la palabra **velaíña** do título.

Antigamente colleitábanse e comíanse en Galicia moitas **avelás**, pois como di o refrán S*e queres ó teu home san, dalle avelán.* Naturalmente as **avelás** debían estar arrumbadas nalgún lugar da casa e as bolboretas que voaban en torno delas foron chamadas **avelaíñas**, nome que despois se fixo extensivo a outras clases de bolboretas, coma a aquelas que voan arredor da luz.

As **avelaíñas** ou **velaíñas** foron vistas como voadoras tenras, brandas, suaves. De aí que de algo que tivese esas calidades, podería dicirse que era coma unha **velaíña**[1] e finalmente converteuse **velaíña**[2], xunto coa forma masculina, **velaíño**, nun adxectivo equivalente ós que acabamos de citar.

Curiosamente vemos nunha frase de Castelao esta cualificación de suavidade que dan as **velaíñas***: O probe galloufeiro tiña mester, para se durmir, das mans da tía Ádega, que o cobexaban e dispois eran velaíñas a voar para santigalo.*

Pero noutras ocasións emprega esta verba adxectivamente nos sentidos de suave, delicado, fino, brando, etc.: *aproveita os derradeiros folgos para decir con voz velaíña...; fuxeu a vida de min nun sospiro velaíño...; e nun serán de pensamentos velaíños; os andares, arfados e velaíños, facían no aire ronseles de gracia...*

437. Face-la zaina

Na obra *Os dous de sempre* emprega Castelao a expresión *face-la zaina* cando describe a vida que fai en París un dos protagonistas: *Dende os primeiros días atopou cama de balde no mercado Central. Rañolas anda por alí, a face-la zaina, para colarse por unha rendixa, como o piollo na costura.*

Necesitei bastante tempo para comprender esta expresión que eu nunca escoitara nin me lembraba de lela noutros escritores. Non a atopei en ningún diccionario galego ata que por fin dei co libro

de Noriega Varela *Como falan os brañegos* que a rexistra coa significación da expresión castelá *hacerse el zorro.*

Como eu non teño vivencia oral da palabra **zaina** e non teño máis testemuñas cás citadas, non podo opinar dela máis ca librescamente. A min paréceme que a interpretación de Noriega Varela desa expresión non casa exactamente co texto de Castelao. Se eu tivese que traducir esa expresión ó castelán, faríao así: "merodeando" ou "dando vueltas". E penso nesta interpretación porque no portugués existe a expresión *andar á zaina* que significa 'andar sen saber por ónde', 'andar confuso, sen orientación ou sen saber qué facer'.

Non me consta a existencia da voz **zaina**, como dicía anteriormente, en ningún diccionario, pero si está rexistrado o adxectivo **zaino** nalgúns léxicos modernos cos mesmos significados ca en castelán e portugués.

Sen dúbida a voz **zaina** é irmá da voz **zoina** que, segundo o diccionario de Crespo Pozo, significa hipócrita e está estendida por terras pontevedresas. Ámbalas dúas voces teñen unha orixe árabe.

438. Epílogo

A principios do último tercio do século dezanove unha escritora compostelá, arraizada na beira do río Sar e en Padrón, acadou erixi-la fala popular da súa terra en lingua literaria e lingua de cultura de primeira magnitude. Ó longo do ano 1985 tentamos coas *Follas da Lingua* salienta-los acertos, dificultades e atrancos que Rosalía Castro viviu para chegar á dignificación da lingua galega.

No último ano estivemos en contacto con lectores de *La Voz de Galicia* a través desta sección de *Retrincos da Lingua,* para facer unha serie de comentarios lingüísticos que amosasen a arte de acadar un dominio poderoso dunha lingua, que só se consegue mediante o seu constante estudio e cun fondo amor por ela, como fixo Afonso Daniel Rodríguez Castelao.

Varias décadas despois de Rosalía, érguese no noso panorama literario este home nado e criado en Rianxo que soubo identificarse co seu pobo e, naturalmente, co seu medio de expresión. Se Rosalía foi capaz de crear unha poesía universal mediante o uso dunha lingua aínda sen modelos ou patróns lingüísticos, Castelao foi quen de facer do galego unha lingua áxil, e amoldable para expresa-la prosa narrativa máis expresiva da nosa Literatura. Castelao foi ademais ensaísta que soubo amosar que a nosa lingua non tiña limitacións para ningunha clase de xéneros.

Foron cento e pico de comentarios lingüísticos, ó longo dun ano, nos que tentamos achegármonos ás obras de Castelao a través das súas expresións e das súas palabras, a maior parte delas baseadas na lingua real, pero moitas froito dunha reflexión fonda, que o levaron a ser un grande creador estilístico.

En fin, que os nosos comentarios foran útiles a quen se achegase con espírito comprensivo á obra de Castelao, foi o noso propósito. A intención era boa. O resultado depende de vostedes, lectores pacientes. Como din os cómicos ó remate das súas funcións, perdoen as fallas.

V. COUSAS DA LINGUA 1989

439. Saúdoo atentamente

Hai veces que pensei facer unha estatística de erros parvos que fan determinadas secretarias que están tan afeitas a escribir en castelán que cando escriben en galego teñen moitas interferencias lingüísticas. Coido que non hai semana que non reciba cartas que non rematen así: *Saúdalle atentamente. Fulano de Tal*.

Sei de persoas que escriben esas misivas ou que as firman con tal peche que endexamais no galego falado nunha conversa normal serían quen a dicir frases semellantes á que acabo de citar: *atopei a Pepe e saudeille* en vez de dicir *atopei a Pepe e saudeino*. Entón cabe preguntar: ¿por que se fai iso na escrita? Teño o convencemento de que o costume da frase castelá *le saluda atentamente* leva automaticamente a moitos a calca-lo texto castelán traducindo o pronome *le* que indica o obxecto directo de terceira persoa polo galego **lle** que é o obxecto indirecto ou caso dativo, sen se decatar de que ese *le* castelán corresponde ó noso **o**.

Penso que mesmo galegos que falan moi ben e sen erros na súa conversa deben ter coidado con estas interferencias que mostran falta de coñecementos gramaticais e descoido no uso da propia lingua a nivel culto.

Coido que ese costume de vivi-lo rexistro culto de comunicación na lingua castelá é a causa de que sexan moitas as persoas que falan un bo galego que, ó se atopar nunha conferencia, nun acto público, ante un micrófono, boten man de calcos do castelán estragando publicamente a propia lingua.

Moitas veces conto a anécdota dun amigo que sempre di en castelán *dije*, *dijimos*, en tódalas ocasións, pero que en canto está nunha tribuna pública di *hei feito*, *hemos feito*, etc. Penso que cun pouco máis de atención se evitarían estes erros que xa non cometen baixo ningunha circunstancia os que estudiaron galego na escola nin os que fixeron algún cursiño de "reciclaxe"...

En fin, *saúdoos moi atentamente* a todos aqueles que me mandan cartas onde trabucan os pronomes **o** e **lle**.

440. Producíronse erros

Moitas veces e en moitos lugares falei da influencia positiva que exerce a televisión para prestixia-la lingua, pero tamén hai que sinalar que, en determinados casos, a presencia de profesionais que

cometen erros gramaticais graves no uso da nosa lingua, non ten perdón nin indulxencia, porque poden influír negativamente nese prestixio.

Parto da idea de que calquera falante normal fale como lle pete, cando lle pregunten algo, e mesmo de que calquera profesional cometa erros que poden ser cualificados de lapsus ou de erros lingüísticos normais cando son ocasionais.

Con todo, coido que cando un profesional está repetindo continuamente *prodúxose un grave problema entre tales políticos*, *produxéronse moitas discusións nas últimas xornadas*, etc., entendo que ese señor ou esa señora debería pasar inmediatamente un cursiño de reciclaxe de galego elemental.

Seica a influencia da lingua castelá nestes falantes é tan grande que se esquecen de que o noso verbo **producir** ten en galego unha conxugación completamente regular. Dicimos no presente **produzo**, **produces**, etc. e pasado **producín**, **produciches**, **produciu**, **producimos**, **producistes**, **produciron**.

E o mesmo que se conxuga **producir** fano os verbos semellantes rematados en *-ducir*: **aducir**, **conducir**, **deducir**, **inducir**, **reducir**, **seducir** e **traducir**.

En fin, eu alegraríame non ter que volver a dicir nos próximos días que se produciron novos erros no verbo **producir**.

441. Vira-las costas

Vin un día un programa-concurso televisivo no que o presentador se dirixía ós concursantes dicindo: *e agora póñanse de espaldas*. Eu quedei un tanto perplexo con esta expresión e cismando un pouco sobre ela cheguei á conclusión de que me parecía un calco do castelán.

Sei que a forma **espalda** é tan lexítima en galego e portugués coma en castelán e que antigamente existiu tamén a voz *espádoa*. **Espalda** é voz popular que ten ademais variantes como **espaldra**, **pádoa**, e **pádea**.

Pero paréceme que a pesar do que acabo de dicir non resulta moi enxebre iso de *poñerse de espaldas* ou de *caer de espaldas*. Eu estou afeito a escoitar máis a miúdo a voz **costas**, en vez de **espaldas** e coido que tamén nas obras literarias é voz moito máis espallada. Castelao fala sempre das *costas da tía Ádega*, das imaxes que *aparecen de costas*, e de *arrufíos nas costas*.

Desde logo sempre escoitei dicir *caer* ou *caír de costas*, expresión tamén moi corrente en tódalas obras literarias.

E en canto á expresión *poñerse de espaldas*, penso que podería substituírse por *virarse de costas* ou *vira-las costas* que son formas que están testemuñadas por moitos escritores. Véxanse estes exemplos que tomo de varias obras de Castelao: *En canto puxo ollos en min*, *virouse de costas e chantou a mirada no mar... a terra*, *para se durmir*, *vaille virando as costas á luz e ó fume... Don Froitoso viroulle as costas e fixose compañeiro das mozas... O fillo surriu con cara de escachanoces*, *revirou as costas e foise...*

442. Nacemento e movemento

Hai moitas xentes que dubidan no uso das palabras que terminan en *-mento*, porque en ocasións aparecen escritas de diversas maneiras como é o caso de **nacemento** e **nacimento**. A confusión procede tal vez das interferencias que teñen os bilingües que están afeitos ás palabras castelás como *nacimiento*, *movimiento*, *conocimiento*, *entendimiento*, etc. nas que un *-i-* precede a ese sufixo.

Na lingua galega está moi claro que as palabras que rematan en *-mento* levan como vocal anterior a ese sufixo a mesma que está na terminación do verbo do que proceden.

Así pois, temos que dos verbos acabados no infinitivo en *-ar*, como **adiantar**, **illar**, **casar**, **pagar**, **regular**, etc. sairán os nomes **adiantamento**, **illamento**, **casamento**, **pagamento**, **regulamento**, etc.

Dos verbos terminados en *-er*, como **acontecer**, **crecer**, **entender**, **escurecer**, **mover**, **nacer**, **render**, etc. témo-los nomes **acontecemento**, **crecemento**, **entendemento**, **escurecemento**, **movemento**, **nacemento**, **rendemento**, etc.

Loxicamente os verbos rematados en *-ir*, como **divertir**, **lucir**, **seguir**, **sentir**, **sufrir**, etc., esixen a terminación *-imento*: **divertimento**, **lucimento**, **seguimento**, **sentimento**, **sufrimento**, etc.

Por tanto as confusións que se poden orixinar nalgúns falantes pola influencia doutras linguas poden ser resoltas se se pensa no verbo do que sae a palabra rematada en *-mento*. Por conseguinte, falemos de *nacemento precoz*, *de movemento portuario*, *de coñecemento fundamental*, *de entendemento*, *vencemento*, *rendemento*, etc.

443. Corremos onte e corremos hoxe

Para os nenos que van á escola, para os mozos e estudiosos da lingua e para os que sempre falaron galego non é necesario dicirlles que a primeira persoa do plural dos tempos de presente e de pretérito perfecto do modo indicativo dos verbos regulares son iguais.

Para os que teñen moitas interferencias do castelán isto non está tan claro porque confunden os sistemas verbais de ámbalas dúas linguas. O malo é que algúns destes falantes mostran os seus erros desde os medios de comunicación producindo desconcerto nos falantes normais que teñen tendencia a tomar como norma patrón o que ve escrito nos libros e nos periódicos e o que escoitan nos medios audiovisuais.

Os dous tempos que acabamos de citar teñen en común, por razóns de tipo de evolución fonética normal que non imos explicar aquí, a primeira persoa do plural. Coido que o contexto das frases distingue perfectamente cando, por exemplo, **andamos** é presente ou perfecto, cando **partimos** é presente ou pasado ou cando **corremos** significa que o fixemos onte ou hoxe.

E precisamente queriamos chegar a esta última forma, **corremos**, que algunhas xentes fan **corrimos** cando queren falar de algo ocorrido no pasado. E entón empregan esta forma que non é galega, senón castelá. A estes "esmagadores" da norma lingüística lembrámoslle-la regra da que falabamos máis arriba: Dicimos **escribimos** ou **partimos** *onte* porque dicimos **escribimos** e **partimos** *hoxe*. Dicimos **andamos** e **falamos** onte porque dicimos **andamos** e **falamos** *hoxe*. E do mesmo xeito dicimos **lemos**, **corremos**, **comemos** e **bebemos** *onte* porque dicimos **lemos**, **corremos**, **comemos** e **bebemos** *hoxe*, se ben os casteláns neste caso fan distincións.

444. Coñezo bastantes testáns

Transcribo o seguinte parágrafo dunha carta que me envía M.C. desde Ourense: "Estou verdadeiramente abraiado de ver que os seus comentarios sobre certos erros que cometen algúns locutores da Televisión galega e da Televisión española non son tidos en conta polos aludidos. Precisamente un deles, pouco despois de que vostede arremetera contra os seus castelanismos *produxo*, *produxeron*, etc., insistía seica con máis afinco introducindo barbarismos nas súas crónicas televisivas. E visto iso pregunto se cre

vostede que se permitiría nun telediario en castelán que un locutor dixera frases semellantes a estas: *se produció un accidente... no coñozo las causas...*".

E moitas e sabrosas observacións fai este comunicante ourensán. ¿Que quere que lle diga? Ten vostede toda a razón do mundo. Ninguén é quen de imaxinar un locutor en castelán cometendo estes erros, pero a triste realidade dos nosos medios audiovisuais mostra que os seus directivos non teñen a preocupación fundamental de facer que a lingua galega sexa considerada como unha lingua culta e digna merecedora dun respecto por parte de quen a usa nuns medios de comunicación social.

Eu coñezo un escritor que considera unha ofensa que se lle boten en cara os castelanismos que el emprega nos seus artigos. Non hai moito tempo tratei de explicarlle que a primeira persoa do presente de indicativo dos verbos terminados en *-ecer* e *-ucir* é completamente regular... e puña como exemplos **parezo**, **crezo**, **establezo**, **obedezo**, **luzo**, **traduzo**, etc. ¿Saben que me contestou? *Eu conozco o galego á miña maneira e así o escribo...*

Nin qué dicir ten que cando eu tentei aclararlle que o verbo *conocer*, que acababa de empregar, non era galego, senón castelán e que as formas normais eran **coñecer**, **coñezo**, etc. contestoume que el falaba e escribía como lle petaba...

En fin, coñezo algúns testáns, teimudos ou testarrudos que queren impoñe-las súas leis persoais no desenvolvemento dunha lingua normalizada e normativizada.

445. Tivemos e estivemos

Xa algunhas veces falamos das interferencias lingüísticas do galego no castelán de Galicia e contabamos como no sistema verbal dos falantes casteláns de aquí había moitas interferencias galegas ó usárense os *vine* ou *viniera* co valor de *he venido* ou *había venido* e perífrases do tipo *hube de morir*, *no doy hecho esto*, que son calcos das perífrases galegas **houben de morrer**, **non dou feito iso**.

Así e todo, hai algúns castelanismos no verbo galego, segundo vimos xa noutra ocasión, e hoxe fixarémonos en cómo hai moitas xentes que din **estuvemos** e **tuvemos** no canto das formas tipicamente galegas **estivemos** e **tivemos** que oímos en moitas partes, sobre todo ás persoas maiores.

Na Idade Media as formas máis usuais nos textos eran *tevemos* e *estevemos* ó lado doutras como *touvemos* e *estouvemos* e de *tovemos* e *estovemos* que xurdiron por analoxía coas formas do verbo haber: *houbemos*, *houbestes*, etc.

Tevemos e *estevemos* evolucionaron en **tivemos** e **estiveron** e son estas formas tradicionais as recomendadas polas gramáticas normativas, se ben os descendentes de *touvemos* e *estouvemos* e *tovemos* e *estovemos*, convertidos en **tuvemos** e **estuvemos** por influencia das formas castelás *tuvimos* e *estuvimos*, son maioritarias en Galicia.

Así pois, na loita constante pola recuperación do bo galego debemos dicir frases como as seguintes: *estivemos na túa casa*, *mandei que estivesen calados*, *tiveron medo con tanto trono*, *tivestes que face-los deberes á presa*, etc. e debemos rexeitar formas como *estuvemos*, *estuvesen*, *tuveron*, *tuvo*, etc. que non son máis ca híbridos de castelán e galego.

446. Longa resistencia

A voz latina LARGUS que significaba espacioso, amplo, ancho, tivo descendentes en tódalas linguas romances e na maior parte delas conserva esa significación. Sen embargo nas linguas ibéricas modificou o seu sentido orixinario para se apoderar das significacións da voz latina LONGUS.

No castelán e no catalán triunfou definitivamente esta modificación de *llarg* e *largo*, pero no galego e no portugués **longo** resitiu bastante ben e aplícase hoxe ás partes máis extensas dunha superficie que se opón á parte menos extensa ou **largo**. Así e todo, en galego actualmente **largo** está gañando terreo (e nunca mellor dita a expresión) a **longo**. As xentes mercan na tenda un **alargamento** para o seu electrodoméstico e non un **alongamento**, pero os campesiños empregan moi ben as voces **alargamento** e **alargo** para indica-lo terreo que se **alarga**, é dicir, que se amplia ou se anchea.

Longo está aínda moi vivo (a pesar de que **largo**, tal vez por influencia castelá, está introducíndose como o seu substituto) tanto na fala popular coma na lingua culta cos significados de 'que ten moita lonxitude': *unha saia longa*, *longas pestanas*, *longos cabelos*, *longos brazos*, *longos cornos*, *pernas longas*, *longa mesa*, *trenzas longas*, etc.; 'dilatado no espacio': *longo camiño*, *longa peregrinaxe*, *longa viaxe*, *longo comercio marítimo*, etc.; 'dilatado no tempo': *longas noites de inverno*, *horas longas*, *longa vida*, *longo período*, *longos anos*, *longas ausencias*, etc. E **longo** está presente na locución prepositiva **ó longo de**: *ó longo dos vellos camiños de Provenza*, *ó longo das serras cantábricas*, etc.

De **longo** sae o adverbio **longamente** (*láiase longamente*), os adxectivos **longueiro** (*prado longueiro*), **longal** (*cereixa longal*) e os substantivos **longura** (*Pedriño perdeu o senso da súa longura*), **longueirón**, coas súas variantes **longueirolo** e **lingueirón**, molusco semellante a unha navalla (*e cando Pedriño saía do leito parecía un longueirón*: *chuchado*, *esgumiado*, *decrebado*...), etc.

Longo segue pois resistíndose a desaparecer ó acoso de **largo**.

447. Xan é un vaina

F.R.F., de Lugo, pregoume tamén que lle comentase algo da voz **vaina** en frases como a que acabo de escribir no título deste comentario: *Xan é un vaina*.

Resulta evidente para calquera falante que esta frase é empregada moi a miúdo nas nosas conversas, pero debe quedar constancia de que cando a empregamos non estamos a falar en galego, senón en castelán. *Vaina* non existe no sistema lingüístico galego, pois esa voz castelá que significa 'estoxo' ou 'funda onde se recolle a folla dunha espada ou doutros instrumentos cortantes', chámase en galego **vaíña**.

O castelán *vaina* é tamén a lámina que envolve certas sementes e nese caso temos en galego as seguintes correspondencias: **casula** (nalgures **casulo**), voz bastante espallada por toda Galicia, **casca** (moi usada en bastantes lugares non soamente como envoltura dos chícharos, senón tamén como revestimento de moitas árbores, froitos, ovos, etc.), **bagullo** (moi estendida no norte das provincias da Coruña e Lugo), **gaxa**, **gaxo**, **vaxa**, **varxa**, **vaxoca**, **vaxola**, **cornella**, **cornello**, **cornecho**, que son de uso máis limitado.

Agora ben, todos sabemos que non podemos traduci-la frase castelá citada por *Xan é unha vaíña* ou *unha casula* ou *unha casca* ou *un bagullo*, etc. porque non significaría nada especial e ninguén nos entendería.

Entón debemos buscar dentro do noso sistema lingüístico outra palabra que exprese a mesma idea que en castelán. Se o que queremos expresar é que en Xan predomina a preguiza diremos del que é un **lacazán** ou **lacaceiro**, un **folgazán**, un **preguiceiro** ou **preguizoso** ou **nugallán** e se ademais é un insolente diremos del que é un **lercho** ou **lerchán** ou **lorcho**.

Xan pode ser tamén un *vaina* castelán cando dicimos del que é un **pillo**, un **pillabán** ou un **rillote** e mesmo un **desvergonzado**, un **caralavada** ou un **galopín** e cando ademais é unha persoa de mal aspecto diremos del que é un **baldreu** ou un **baldragas** ou un **bandallo**.

E engadirei que teño rexistradas frases equivalentes á tan citada castelá como as dúas seguintes: *Xan é un atrasnado* e *Xan é un piardeiro*.

448. Tellón, tellolo e tixolo

M.P.G., bibliotecario, ten a dúbida de como chamar en galego a voz castelá *tejuelo* "que como vostede sabe é a etiqueta que vai pegada no lombo do libro e serve para a correcta colocación na estantería, mediante letras ou números que indican a orde topográfica, materia, autor e título, escritos abreviados segundo as normas".

A palabra castelá *tejuelo*, na súa primeira significación, é un diminutivo de *tejo*, é dicir, un anaco de tella que serve como elemento ou útil en determinados xogos. Neste caso habería que traducir esa voz polas palabras **peletre** (moi usada na comarca compostelana), **pella** ou **pela**, **chápara**, **chapra** ou **chapa**, etc. segundo os lugares.

Pero *tejuelo*, no sentido que o empregan os bibliotecarios, non ten unha voz tradicional en galego que sexa versión exacta da verba castelá. Por iso M.P.G. escribe que "algúns colegas usan verbalmente o término **tellolo**, outros compañeiros din **tixolo** e aínda algún fala de **tellón**".

A voz proposta **tellón** é claramente un aumentativo da voz **tella** e téñoa eu recollida no léxico da zona de Compostela como 'tella ancha e plana'. Chamar **tellón** ó *tejuelo* paréceme unha imaxe un tanto arriscada ou ousada. Antes ben, se quixesemos conserva-la etimoloxía e a formación castelá teriamos que dicir *telliña* ou *telliño* ou ben *telló* ou *telloa*. Sería en todo caso un calco pouco expresivo.

Da voz **tellolo**, que é a forma que máis lle gusta a M.P.G., non teño constancia da súa existencia nin na lingua falada nin na escrita. Resulta unha voz artificial calcada do castelán foneticamente pasando a consoante velar *j* á patatal *ll* e cambiando a terminación *-uelo* por *-olo*. Poderiamos repetir aquí o que diciamos acerca de **tellón**.

En canto a **tixolo** non vemos máis relación con *tejuelo* có feito de ser unha adaptación da voz portuguesa *tijolo* (que é un castelanismo en portugués para significar *ladrillo* ou *adobe*), pero que chocaría co noso **tixolo** que significa 'asador de castañas' e que está emparentado coa **tixola** 'recipiente con mango empregado para fritir'.

Paréceme que o intento de calca-la voz castelá a través de calquera destas formas máis ou menos artificiais para o espírito da nosa lingua non é afortunado. Mentres as institucións lingüísticas non determinen a traducción exacta da voz castelá *tejuelo*, eu aconsellaría ó amable consultante que usase a verba culta **rótulo** que tanto pode aplicarse a *rótulo de libros* coma a *rótulos de carpetas*, *rótulos de caixas de discos* ou *de casetes*, etc. e que non resulta chocante ós nosos oídos.

449. El era moi ardilleiro

X.R.G., de Santiago, escríbeme o seguinte: "cando eu era neno, era bastante nervioso, bulidor e vivaracho. Miña avoa adoitaba chamarme **ardilleiro**... ¿dise aínda esta palabra?".

Naturalmente que se di. Toda palabra que alguén emprega e que é comprendida por outra persoa é sinal de que está en uso. Aínda que non quedase no mundo máis que vostede usándoa sería por iso unha voz do noso patrimonio léxico. Para min particularmente o normal sería dicir *é coma unha ardilla*..., pero esa forma ardilleiro está mesmo recollida no diccionario de Eladio Rodríguez coa mesma significación coa que empregaba a súa avoa: "dícese de la persona inquieta y vivaracha que anda de un lado para otro".

No mesmo diccionario recóllese tamén o verbo **ardillar** no sentido de andar dun lado para outro con moita axilidade e lixeireza e como sinónimo de bulir. E no diccionario do século pasado, o de M. Valladares, está rexistrada a expresión *ter ardilla* na significación de 'ter enxeño, disposición, viveza e axilidade pronta para algunha cousa'.

Co que acabo de escribir é evidente que a voz **ardilla**, ese mamífero roedor, de longo rabo, de cor entre negra e avermellada o seu lombo, e tirando a branco o seu ventre, saltador de copa en copa das árbores, é bastante coñecida en galego. Pero ¿non será acaso un préstamo do castelán? Nalgún traballo lingüístico así o considerei. Non obstante quero dicir que esta voz que en castelán é o diminutivo de **arda**, verba testemuñada tamén nalgúns lugares de Galicia e Portugal, e de orixe descoñecida (tal vez prerromana), tería que ser en galego **ardela**, palabra que existe nalgúns puntos do Sur de Galicia. ¿Podería hoxe substituírse a palabra **ardilla** polas voces **arda** ou **ardela**?

Pero hai outro nome de orixe grega que deíxou descendentes en varias linguas romances: *skiouros*. Desa voz temos entre nós formas diversas: **esquiro**, **esguiro** (moi minoritarias), **esquílo** (bastante máis estendida cás outras e coñecida tamén no portugués moderno), **esquío**, que é a forma antiga portuguesa e a actual de grande parte da provincia de Lugo, **esquiro**, etc.

En fin, a voz castelá *ardilla* está moi introducida en galego e hai bastantes denominacións dialectais e moi minoritarias tipicamente galegas que poderían substituí-lo castelanismo, pero ¿cal destas: **arda**, **ardela**, **esquío**, **esqullo**, etc.? Os brasileiros resolveron o problema botando man de voces de linguas indíxenas: *caxinguelé*, *serepele*, *quatipuru*, *acutipuru*, *agutipuru*, etc. esquecendo a voz orixinaría de Portugal *esquilo*.

450. Pobra do Caramiñal

Hai uns días escribín unha atenta carta ó excelentísimo señor alcalde da Pobra do Caramiñal e poucos días despois o servicio de Correos devolvíame a misiva cunha nota que dicía: non foi admitida polo destinatario.

Eu quedei abraiado pola falta de cortesía do destinatario e preguntei a algúns amigos por semellante conducta e a opinión de todos eles era que a causa dese comportamento debe ser que tal excelentísimo señor quere obrigarme a que eu escriba a dirección da súa vila coma a el lle pete.

Para min isto é algo incomprensible. Levo escribindo cartas xa hai moreas de anos a cidades que teñen diferentes nomes segundo as linguas en que se escriban e nunca, repito, nunca me foi devolta ningunha. Teño amigos en Köln e cando lles escribo desde Santiago poño Colonia e cando estou en Francia poño Cologne. Teño amigos en Bruxelles e cando lles escribo desde aquí poño Bruxelas e cando o fago desde Alemaña poño Brüssel. E non sigo poñendo máis exemplos.

Coido que cando escribo á Pobra do Caramiñal desde Galicia, de acordo coas disposicións legais emanadas da Xunta de Galicia, teño o dereito de escribi-lo nome oficial galego e cando o faga desde a propia vila fareino co nome que queira eu ou co que lle pete máis ó Sr. Alcalde.

451. Recibín moito xúbilo interior

"Recibir moito xúbilo interior" é o que significa o verbo castelán *regocijarse* que emprega moi a miúdo un certo amigo meu escritor tanto nas nosas conversas coma nos seus escritos. Cando eu lle chamei a atención polo absurdo de empregar ese castelanismo superfluo en galego, ó meu amigo non se lle ocorreu mellor cousa que dicirme: dáme unha lista de verbas que signifiquen o mesmo en galego. Pois aí vai:

Alegrarse, **deleitarse**, **divertirse**, **entreterse**, **folgarse**, **gozarse** ou **regozarse**, **recrearse** en frases como as seguintes: *o que se alegra do mal do veciño xa lle vén o seu polo camiño*, *Uxío deléitase no baile*, *Afonso divírtese cos cans*, *Camilo entretíñase coas saídas da Lola*, *eu fólgome coa túa valentía nesta situación*, *Quique gozábase ou regozábase co discurso televisivo daquel locutor*, *os mozos recréanse coas revistas musicais*.

Poñeremos tamén unha segunda lista de verbos bastante correntes que posúen esta mesma significación: **aledarse**, **animarse**, **compracerse**, **contentarse**, **distraerse**, **enredarse**, **refolgarse**, cos seus correspondentes exemplos: *Xan aledouse co ridículo que fixo a Pepa*, *María animábase moito vendo bailar a Xan*, *Carme comprácese nos xogos amorosos*, *Manolo conténtase vendo a súa filla actuar no teatro*, *todos se distraen escoitándome cantar*, *Mar enredábase coas miñas bromas*, *refólgome vendo a maneira de andar do meu amigo Carlos*.

Coido que son necesario outros verbos interesantes que teñen tamén esta acepción: **apracerse**, **brincar**, **deliciarse**, **fruír**, **reloucar**, **reverse**, **rexoubar**: *Antón aprácese vendo funciona-lo novo ordenador*, *Moncho brinca lendo textos antigos*, *Paco delíciase cos chistes de Charo*, *eu fruía coas batalliñas amorosas da Merche*, *Brais reloucaba nos concertos de rock*, *Isa revese contemplado os xogos da súa neta*, *Xesús rexouba co entusiasmo que poñen os músicos*.

Podemos facer outra listiña de verbos non tan usuais alomenos polos nosos escritores, pero que son usados en certas partes de Galicia: **agaroufar** ou **engaroufarse**, **albendarse**, **arrufarse**, **espalecer**, **falagar**, **truar**: *os mozos agaróufanse ou engaróufanse polas tardiñas*, *Pepe albéndase mirando esa escena*, *Xan arrúfase contando chistes verdes*, *non te espalezas tanto porque vas rematar chorando*, *deixa de falagarte con eses contiños*, *eu estaba truado na romaría*.

En fin, non sigo coa lista, pero aínda podería citar máis verbos e expresións galegas equivalentes ó significado dese castelanismo inútil que emprega o meu amigo.

452. A morcela

Nos diccionarios modernos da lingua galega aparecidos nos últimos anos está rexistrada a voz **morcela** que nunca escoitei na fala viva e que coido que está tomada dos diccionarios portugueses. Probablemente haberá algún lector que non se decate do significado desta verba.

Segundo os diccionarios portugueses a **morcela** é unha especie de chourizo en que entra como elemento principal o sangue de porco e tamén unha certa clase de doce. Os diccionarios de Ir Indo e de Alonso Estravís recollen tal cal esa definición, mentres o de Xerais dá unha explicación máis ampla: "embutido feito con sangue de porco, cocido e mesturado con outros ingredientes como cebola, especias e, ás veces, piñóns, arroz, miolo de pan, etc.".

Paréceme moi adecuado que se propoña unha solución tan lóxica para tratar de riscar da lingua galega o castelanismo **morcilla**, que non só se impuxo en Galicia, senón tamén no portugués das Azores e do Sur do Brasil. Descoñécemo-la orixe destas voces **morcela** e **morcilla** e tamén a razón de que o castelanismo se impuxese de tal xeito que fixese esquecer esta verba **morcela**, que temos que supoñer que tivo que existir entre nós desde moi antigo, a non ser que pensemos que os galegos non facían esta clase de embutido ata época recente e cando empezaron a facelo a imitación dos veciños españois, tomarían tamén o seu nome.

¿Quen non lembra ó desventurado Vidal, protagonista dun poema de *Cantares gallegos* de Rosalía, que devecía polas **morcillas** dos seus veciños? ¿Quen non escoitou algunha vez algún destes refráns: *Non dá morcilla o que non mata porco* ou *ó come-las morcillas*, *rin a nai e as fillas* e *ó pagar*, *todos son a chorar*?

As morcillas galegas están feitas en xeral con tripa gorda do porco, sangue, fariña ou pan, arroz, figos, uvas pasas, noces, azucre, cebola, etc., pero coido que en cada lugar poñen diferentes ingredientes, polo que non tódalas morcillas son iguais. Normalmente non se comen cos cocidos, senón como prato independente do resto da comida e mesmo hai lugares onde se fan morcillas doces para ser comidas como postre.

En fin, paréceme moi ben a idea dos citados lexicógrafos de substituí-lo castelanismo **morcilla** pola voz máis acorde co espírito da nosa lingua, **morcela**. ¡Oxalá teña fortuna esta recuperación!

453. Nifrar herba

Desde hai tempo púxose de moda no mundo da vida alegre sorber certos productos estimulantes ou alucinóxenos a través do nariz.

Como esta moda xurdiu en países de lingua inglesa nos que sorber e oliscar se di *sniff*, introduciuse este costume nos outros países xunto coa verba inglesa. Estamos afeitos xa a escoitar de que tal ou cal ministro *esnifa* certas drogas.

Eu xa escoitei falar a rapaces galegos de que tal ou cal amigo *esnifa*. Quixera dicirlles a estas xentes que empregan esta palabra en galego que non necesitan botar man deste barbarismo anglosaxón porque a nosa lingua posúe desde hai moitos séculos esta mesma palabra, procedente do mesmo étimo xermánico **nifrar**.

Son moitos os galegos que usan este verbo **nifrar** no sentido normal de sorbe-los mocos. A calquera neno que **nifra** chámaselle **nifrán** ou **nifroso**. E co tempo pasou a ser **nifrar** tamén sinónimo de fungar e choromicar e **nifroso** ou **ninfroso** sinónimo de fungón e choromiqueiro.

Así pois, permítome dicirlle ós usuarios deste consumo que deixen de usar **esnifar** e empreguen con toda corrección e xusteza o noso tradicional verbo **nifrar** que ten incluso tradición literaria.

454. Voceiros

Hai palabras da lingua tradicional que se están a perder porque se lles buscan sucesoras estrañas que parecen máis sonoras ou máis internacionais.

A palabra **voceiro** ten nos nosos escritos literarios ou documentais unha longa historia. Aparece xa nas *Cantigas de Santa María* e está presente nas obras dos literatos contemporáneos no sentido de "persoa que fala en nome doutro ou doutros ou ben dun grupo político ou cultural, etc.".

Coido que para moitas xentes ten **voceiro** esta clara significación que acabo de expoñer e en absoluto a de "que fala moito" que lle dan algúns diccionarios que copian as acepcións das nosas palabras quitándoas dos diccionarios portugueses. Para os *voceiros* portugueses temos nós as palabras de **laretas**, **garruleiros**, **barallocas**, **barulleiros**, etc.

Agora está moi de moda que aparezan nos medios de comunicación social os **voceiros** dos grupos parlamentarios que se designan a si mesmos como ***portavoces***, palabra estraña ás linguas peninsulares que a tomaron do francés.

Tódalas palabras compostas que en galego levan ese primeiro compoñente de *porta-* (Claramente derivado do verbo **portar**) son de orixe foránea porque ¿quen en galego emprega o verbo **portar** por levar, traer ou conducir? Soamente os cans portan as pezas da caza ou os mariñeiros portan os cabos en vez de estiralos.

NOTA. Non me gusta a palabra **portavoz** por **voceiro**, pero moito menos me gusta que os grafistas da televisión galega escriban **porta-voz**, é dicir, cun guión polo medio, esquecendo a norma que di que "cando os dous elementos dun composto funcionan como un todo, non se separan cun guión".

455. Avir, avenzas e avenidas

O verbo latino ADVENIRE 'chegar' deu orixe ó verbo **avir** en galego e portugués e *avenir* en castelán que da súa primeira significación de chegar pasou á de concorrer nalgún lugar, que se perdeu xa na Idade Media e á de suceder, acontecer, que se perdeu tamén en galego e portugués. Pero dese sentido antigo de concorrer evolucionou ó de axustar, pactar, poñerse en concordia as partes desavidas, que é significación común actual nas tres linguas.

Derivado deste mesmo verbo é o nome **avenza** (*avença* en portugués, *avenencia* en castelán) que ten a significación de 'acordo, pacto ou conclliación de partes mal avidas' e non a de 'facenda, bens ou conxunto de gando dunha familia' que aparece en moitos diccionarios porque confunden esta palabra con **habenza**, da cal xa falamos noutra ocasión.

Avenza e a súa variante **avinza** foi palabra moi popular en Galicia como 'acordo ou pacto ou convenio de contribución económica ou en especie que facían os fregueses co seu párroco' ou tamén o 'convenio económico que fan os pacientes cos seus médicos', é dicir, o que se chama hoxe **iguala**.

En castelán o verbo *avenir* significou tamén 'saír do leito o río', significación para o que o galego ten un verbo propio, **ameter**, que non só significa 'aumenta-lo caudal dos ríos e arroios', senón tamén das fontes e manantiais. En castelán formouse un derivado de *avenir*, *avenida*, que nos últimos tempos está a introducirse en galego (incluso está rexistrado nalgúns diccionarios) para o que nós podemos chamar **ametencia**, **chea**, **enchente** ou **enchenta**, **riada**, **regueirada**, **inundación**, etc.

Sen embargo, temos xa consolidada entre nós un derivado francés do latín ADVENIRE, o nome *avenue* 'estrada orlada de árbores', que pasou ó castelán como *avenida* e desta lingua brincou ó portugués e ó galego sen ningunha adaptación fonética. ¿Foi necesaria a introducción deste galicismo-castelanismo na nosa lingua?

456. Deixémonos de estremonías

As palabras cultas que se empregan nunha lingua nun nivel superior de linguaxe poden pasar moitas veces a ser de dominio popular e a formar parte do tesouro léxico do pobo.

Coido que son moitos os que coñecen e empregan a miúdo a seguinte frase: *deixa de facer estremonías*, dirixida a un cativo que ou ben está facendo algunha trasnada ou ben berrando acompañándose de xestos aparatosos.

Estremonías é unha palabra popular que xa non recorda a súa base etimolóxica: a verba **astronomía**. Esta última voz que hoxe consideramos como palabra culta para representa-la ciencia que estudia os astros chegou a ser usada na Idade Media polo pobo do mesmo xeito que coñece e escoita hoxe voces como **astronáutica** ou **astroloxía**, pero transformou o comezo desta forma dicindo *estronomía* e posteriormente permutou as consoantes *m* e *n*. De aí que teñámo-la forma popular **estremonía** escrita incluso así á maneira vulgar en moitos textos medievais galegos.

Despois aconteceu que a figura dos "astrónomos" facendo sinos de admiración ante a contemplación da natureza celeste fixo que as **estremonías** quedasen convertidas non nas observacións dos astros, senón nas xesticulacións que facían os sabios.

Por iso non podemos reintegra-lo medievalismo **estremonía** no canto de **astronomía**, porque a palabra evolucionada popularmente cambiou tamén de significado. Deixémonos pois de estremonías e respetémo-la linguaxe culta de hoxe. As estremonías de hoxe teñen xa pouco que ver coas astronomías etimolóxicas. As palabras van modificando ó longo dos tempos non só o seu corpo fonético senón tamén a súa relación coas cousas ou coas ideas que representan.

457. O peche

A palabra **cerrar** é común en tódalas linguas romances para indicar: 'tapar unha abertura, encaixar nunha parte ou unha ventá no seu marco, encubrir, vedar, cercar un terreo ou casa, terminar, tornar compacto, actuar no último lugar nunha representación, etc., etc. **Cerrar**, que ten unha variante moi popular **zarrar**, é verba moi usada en expresións como *cerrar a chover*, *cerrarse de augas*, *ó cerrar da noite*, *noite cerrada*, etc. Con todo, no noroeste peninsular (no ámbito do galego e do asturleonés) estendeuse un descendente do latín PESSULUM 'ferrollo, pasador' que deu orixe a **pechar**, que en principio fora soamente 'cerrar con ferrollo ou con chave' e despois converteuse en sinónimo de **cerrar**. Pero na parte máis occidental de Galicia, nas costas fisterrás e pontevedresas, atopámonos outra forma, **fechar**, da que non coñecemos con seguridade a súa orixe. *Fechar*, espallado hoxe en Portugal como forma única, seica é unha variante do noso **pechar**, seica procede do latín FISTULA ou seica é voz prerromana.

Como diciamos arriba, **pechar** e a súa variante **fechar** son hoxe formas que tomaron tódalas significacións de **cerrar** tanto en galego coma en portugués. E a esta famllia léxica pertencen as voces

pechadura ou **fechadura** 'peza de metal que serve para abrir ou pechar portas, caixas, etc.', **pechamento** ou **fechamento** 'acción ou efecto de pechar ou encerramento', **pecho** ou **fecho**, que significa pechadura, obxecto de calquera materia que serve para pechar, e remate da parte final de calquera cousa ou de calquera acto ou representación.

En galego **pecho** tamén pode funcionar como adxectivo coa significación de 'cerrado, apretado, mesto, espeso ou escuro' como vemos nos seguintes exemplos: *casa pecha*, *ceo pecho*, *noite pecha*, etc.

Pero en galego **pechar** ten tamén outro derivado: **peche**, do que temos testemuños do seu emprego no século dezaoito. O P. Sobreira na súa *Historia general botánica* fala de "racimo muy peche" e en *Papeletas de un diccionario* di: "Peche. Adjetivo. La cosa bien poblada". Hoxe hai bastante constancia do seu emprego como adxectivo (*touza peche*, *noite peche*, *bosque peche*) e como substantivo sinónimo de **pecho**: *o peche desta porta*, *hai que facer un peche a esta finca estiven ó peche do teu discurso*, etc. E agora que está de moda **pecharse** nalgúns locais ou empresas, tamén é empregado **peche** como "acto de pecharse".

En fin, xa é hora de que poña o peche a este comentario.

458. Acougar e acougo

A voz **acougar** é exclusiva da lingua galega e descoñecida, por tanto, dos falantes das linguas veciñas a nós. Coido que esta verba común en toda Galicia, se ben nalgúns lugares din **acoubar**, ten unha orixe latina que pode estar en relación coas voces CUBARE 'asentar', e COLLOCARE precedidas da preposición AD.

Partindo da idea de que **acougar** é palabra coñecida por tódolos galegos e descoñecida polos seus veciños atrevinme o outro día a preguntar a un amigo: *¿Como lle explicarías a un forasteiro o que quere dicir acougar? O meu amigo quedou un tanto perplexo*, *botouse a rir e díxome*: *pois acougar éche acougar e ti ¿por que non ma explicas?*

Eu matinei despois sobre a dificultade de dar definicións ou sinónimos de voces que parecen evidentes e velaí as miñas matinacións: **acougar** e **acoubar** é sosegar, como vemos nesta frase de Lamas Carvajal: *¿Ti seica me atentas Carlos? Acouga un pouco*, *trasfego*; repousar, segundo este exemplo do mesmo autor: *el*, *agardando que chegue a ialba non ben xiquera no leito acouba*; pacificar: *despois de dous meses da liortas*, *acougaron*; tranquiliza-lo espírito: *un vello namorado pode acougar coa morte* (Castelao); descansar: *o noso maxín non acougaba maquinando cousas* (Castelao); aquietar: *n'acougo cunha inquietude que non me deixa vivir* (Rosalía de Castro); estar quieto: *aquel cordeiro mansiño ó parecer non acouba* (Lamas Carvajal); parar, cesar un movemento: *¡Acouga*, *mundo acouga! ¡Acouga que me morro!* (Castelao), etc.

Naturalmente **acougo** podería definirse segundo as correspondentes significacións que acabamos de facer con **acougar**: sosego (*comer con acougo unha mazán*, Castelao); repouso (*non tivo acougo no seu sono*); paz (*non terá acougo na morte*, Castelao), tranquilidade (*para dar acougo ó meu espírito*, Castelao); descanso (*adicouse a traballar sen acougo*, Castelao); quietude (*non teño acougo desde hai tempo*); abrigo (*que pidas e non atopes pousada*, *acougo n'amparo*, Rosalía), etc.

E así poderiamos tentar buscar sinónimos para **desacougar** e **desacougo**.

459. Amosar moito as pernas

F.F. de Vigo, pregúntame se o verbo **amosar** é unha invención moderna dos hiperenxebristas que tratan de diferencia-la nosa lingua por riba de todo con respecto ás lingua veciñas.

Pois, non. Non é este un caso de palabra "inventada". Probablemente onde vostede naceu ou viviu non sexa **amosar** voz popular e sexa máis corrente dicir **mostrar** ou **amostrar**.

Mostrar procede do latín MONSTRARE que deixou descendentes en practicamente tódalas linguas romances e polo tanto tamén en galego e demais linguas veciñas. Pero xa desde a Idade Media atopamos que este verbo recibiu o reforzo do prefixo *a-*, como sucedeu con outros verbos. **Amostrar** e **mostrar** significaban e significan 'poñer á vista algo que non se ve, ensinar algo oculto, expoñer algunha idea, etc.

O castelán perdeu hoxe a forma *amostrar*, seica porque emprega moito *enseñar* coas mesmas singificacións, pero o galego e o portugués manteñen firmes as dúas formas. Vexamos estes versos de Rosalía: *craros timbres mostra ufano... nin hai mans tan ben cortadas –tan branquiñas e pequenas– como as que amostran finxindo que non queren que llas vexan...* E Castelao fai moito uso de **amostrar**: *andaba aboiado polas rúas amostrando a súa faciana albeira... como un verdugo que amostra unha cabeza cortada... Un sucedido que amostra os degoiros de comida...*

Pero a nosa lingua conserva unha transformación de **amostrar** en **amosar** similar ó que pasou con *nostro e vostro* que evolucionaron foneticamente en **noso** e **voso**. Esta forma **amosar** é moi corrente na fala popular (que eu saiba) da maior parte do Norte da provincia de Lugo. De aí que os escritores lugueses como Leiras Pulpeiro, Ánxel Fole, Aquilino Iglesia, etc., fixeran moito uso dela e logo foi tamén moi ben acollida por outros moitos escritores e moitos falantes de toda Galicia.

Como curiosidade direi a F.F. que xa no século dezaoito o P. Sobreira indicaba nas súas Papeletas que **amosar** en Lugo era o mesmo que **amostrar** e **mostrar** en Ribadavia. Así pois non resulta nada estraño escoitar en calquera parte do ámbito do galego frases como estas: *Carmiña amosa moito as pernas e Pepe amosa moito xenio por iso...*

460. A vinga

A vinga é o título dunha pequena peza dramática de M. Riveiro Loureiro que apareceu hai pouco tempo nos Cadernos da Escola Dramática Galega. Un coñecido meu preguntoume de socato: ¿Ti sabes que é unha vinga? Resulta moi difícil contestar a preguntas dese tipo, porque ninguén é un diccionario vivente que ten respostas para todo. Naturalmente eu non souben qué lle dicir ó preguntón mal intencionado que quería oír que esa voz era un invento dun escritor.

Lin o interesante drama dese autor e quedoume moi claro que **vinga** é un sinónimo de **vinganza**. Consultei varios diccionarios e mailos ficheiros de voces da fala popular do I.L.G. e puiden comprobar que é voz testemuñada tanto no nivel da lingua escrita coma no nivel da fala popular. O feito de que unha voz non estea moi espallada ou sexa pouco coñecida non debe ser causa de que os escritores non boten man dela.

Coido que **vinga** é un nome nacido como derivado normal do verbo **vingar** á maneira de que **aperta** xurdiu de **apertar**. E **vingar** é o resultado da voz latína VINDICARE, que seguindo as leis de evo-

lución fonética debía dar *vengar*, forma que existiu nos textos medievais galegos e portugueses, pero que non triunfou porque pasou que moitas palabras que tiñan o grupo fónico *eng-* transformaron este en *ing-*, como sucede con **pingar** ou **sinxelo** que deberían teoricamente conserva-lo *e*. A lingua é así e non como desexarían os filólogos.

Vingar é pois a forma normal do galego e do portugués actual e os seus derivados serán **vinganza**, **vingador**, **vingatible**, **vingativo**, etc. Sen embargo, pesa ás veces a influencia do castelán *vengar*, sobre todo na fala popular e na dalgúns escritores. Rosalía emprega sempre **vingar** (*subín para me vingar... víngate das ofensas*) e **vinganza** (*vinganza os teus osos*) pero a Castelao, tan bo coñecedor do galego como Rosalía escápanselle algúns castelanismos. Xunto a **vingar** (*comenzou a engaiolarnos para se vingar*) usa **vengar** (*e vengarse maquiavelicamente*) e xunto a **vingador** (*o fillo do gran camanduleiro foi o vingador*) escápaselle un **vengatible** (*reprimir un pulo vengatible*).

En fin, **vinga**, como **vinganza**, **vingador**, **vingatible**, **vingativo** son derivados normais de **vingar**.

461. A casula do señor abade

O outro día daba eu como traducción ó galego da voz castelá *vaina* entre outras a palabra **casula** e de contado recibín unha amable carta dun lector coruñés que me rogaba que comentase algunhas voces e entre as súas preguntas estaba esta: "¿Acaso as **casulas** dos curas teñen algo que ver coas **casulas**, **cascas**, **bagullos**, **cornellas**, etc.?".

A resposta é moi clara: Ten moito que ver coa primeira desa rea de voces. As **casulas** ou teas vexetais finas que recobren as mazarocas do millo e están debaixo das follas exteriores son chamadas así porque son envoltorios ou capas que envolven ás mazarocas á maneira que as **casulas** eclesiásticas envolven ou recobren as outras vestiduras que os curas se poñen para dici-la misa.

CASULA era unha verba latina que significaba 'casiña, cabana', é dicir, era un diminutivo da palabra *casa*. Este diminutivo, que San Agustín empregou xa co valor eclesiástico actual, xunto con outro derivado tamén de *casa*: *casubla*, que pasou primeiramente a significar 'capa con capucha', deu orixe á actual voz *casula* que vemos xa usada nas *Cantigas de Santa María*: *Como Santa María tornou a casula branca que tingiu o vinno vermello* e nos escritores modernos como Castelao: *Os cregos eran prófugos do sacho... poñían casulas en forma de guitarra*, *metendo a cabeza polo burato*, se ben algúns cregos castelanizadores do culto gustaron chamar esta vestimenta co nome castelán porque lles parecía máis fino.

Desde moi antigo recibiu esta voz **casula** a significación de vaíña tanto en galego, que se conserva ata o día de hoxe, coma en portugués, que a perdeu agás nalgún dialecto trasmontano. E en galego e tamén no dialecto trasmontano ampliou esta significación á de correa que une a mangueira e a pértega do mallo, porque esa correa tiña a forma dunha **casula**.

Casula, que ten a variante **casulo**, corrente en moitos puntos de Galicia e Portugal, ten todas esas acepcións que acabamos de ver menos a de vestimenta eclesiástica. Pode significar ademais o envolvemento filamentoso dunha larva do bicho da seda ou de calquera outro verme.

Así pois, podemos falar da **casula** ou do **casulo** dunha vespa, das ervellas, das fabas, dos feixós, do millo, do mallo e soamente da **casula** do señor abade.

462. ¿Unha palabra nova?

A maior parte dos meus comentarios nesta serie de *Cousas da Lingua* son respostas a preguntas dos lectores que desexan saber se certas voces ou certas expresións son autenticamente galegas ou como se din na nosa lingua verbas ou frases que lles resultan alleas.

Hoxe son eu quen está perplexo ante unha voz, para min descoñecida, que acabo de ler nunha traducción que F. Pillado Mayor fixo da obra de Antón Chekhov *Tráxico á forza*. No segundo parágrafo da traducción lin a seguinte frase: *Entra Tolkachov carregado cun globo de cristal*, *unha pequena bicicleta*, *tres chapuleiros*, *un enorme paquete de roupa*, *unhas botellas de cervexa e outros obxectos*, onde aparece a voz **chapuleiros** que, a xulgar polo contexto, penso que se trata dun obxecto, ¿pero cal? Antes de seguir adiante mirei tódolos diccionarios galegos e non atopei neles esa palabra. Pensei que podía ser unha errata e seguín lendo esta peza.

Pero a miña sorpresa e perplexidade creceu cando na páxina seguinte atopo estoutra frase: *Mais ser o mártir dunhas saias*, *duns chapuleiros*, *dunha bicicleta ou dunhas botellas de cervexa*, *non entra no meu maxín*. Entón intentei inutilmente buscar axuda en tódolos diccionarios portugueses nos cales tampouco aparece esta voz. E naturalmente a miña curiosidade por esta voz chegou ó límite cando na seguinte páxina volvo a encontrar **chapuleiros** neste contexto: *Terás que avanzar moi amodiño*, *cos brazos en cruz*, *sostendo co queixo algún fardo*, *rodeado de chapuleiros*, *envoltorios e outras miudezas*.

Está claro que non se trata dunha errata, xa que aparece tres veces na mesma obra e co evidente significado de que parece ser un obxecto facilmente transportable. Para min trátase ou ben dun neoloxismo que eu tentei de buscar noutras linguas (castelán, catalán, francés, italiano, inglés, etc.) inutilmente, ou ben dunha voz popular non rexistrada nos léxicos que o traductor elevou ó nivel culto literario. Busquei no ficheiro de voces dialectais do Instituto da Lingua Galega e só atopei voces semellantes a ela como **chapelada**, **chapeleada**, **chalupada**, **choupelada**, etc. que signifícan 'carga pequena' ou 'carga que leva un carro', pero que non me parecen que estean en relación co noso **chapuleiro**.

Entón, se se trata dunha palabra nova, non teño máis solución que dirixirme ó traductor e preguntarlle ¿que significa **chapuleiro** e onde escoitou esa voz ou a razón da súa creación? Coido que sería interesante a súa explicación, pois barrunto que debe ter relación coa voz portuguesa *chapeleira*, de orixe francesa (*chapelière*), que significa 'caixa de chapeus'. ¿Será certo o meu barrunto? Gustaríame sabe-la opinión do señor Pillado.

463. Con conciencia ou sen conciencia

Un lector tivo a ocorrencia de mandarme unha longa lista de frases de autores modernos que empregan a voz **concencia** que el estima como vulgarismo totalmente rexeitable. Non hai dúbida que hoxe consideramos que dicir **concencia** en vez de **conciencia** é un vulgarismo que non debemos elevar ó nivel da lingua culta.

Sen embargo digamos en descargo deses escritores que tamén os escritores portugueses e castelans do século dezaseis xa empregaban este vulgarismo e que os nosos devanceiros usaban esta voz continuamente. O noso comunicante pode engadir á súa lista escritores como Lamas Carvajal (*xa que non sintiu escrúpulos de concencia... na concencia popular... non hai alma cristiana pura e limpa de concencia*), Rosalía Castro (*ela tiña santidá e concencia... n'hai auguas que laven manchadas concencias... deixa pois de remexer con concencia ou sen concencia...*), Castelao (*naqueles tempos había luz para tódalas concencias... aqueles ladróns sofriron grandes remorsos de concencia... Alí se formou unha concencia europea...*) etc.

Conciencia, como **audiencia**, **deficiencia**, **eficiencia**, **experiencia**, **obediencia**, **paciencia**, teñen ese diptongo *ie* no seu étimo latino e non son, por tanto, castelanismos, senón palabras cultas que deben manterse sen evolución ou modificación. A razón desta reducción do diptongo *ie* en *e* procede tal vez da confusión con outros cultismos de orixe latina que rematan en *-encia*: **aparencia**, **axencia**, **beneficencia**, **concorrencia**, **continxencia**, **decadencia**, **inflorescencia**, **inocencia**, **nacencia**, **querencia**, **ponencia**, **presencia**, **prudencia**, **xerencia**, etc.

Hai ademais outras moitas voces cultas que deben conservar ese diptongo *-ie*: **ambiente**, **consciente**, **estupefaciente**, **expediente**, **obediente**, **paciente**, **suficiente**, **ingrediente**, etc., que non deben converterse en *ambente*, *estupefacente*, etc. por máis que moitos falantes e algúns escritores o fagan. Tamén neste caso poderiamos sinalar toda unha serie de voces que rematan en *-ente* porque así o facían en latín: **abrente**, **batente**, **corrente**, **crecente**, **recente**, **rompente**, **semente**, **valente**, **xacente**, etc.

464. Lei do solo

Como diciamos no noso comentario anterior a voz latina SOLUM 'parte máis baixa dun obxecto, base, fundamento, fondo', non deixou descendentes nin en galego nin en portugués polas razóns que xa vimos coa significación equivalente ó castelán *suelo*. Sen embargo eu coido que nalgunhas zonas da parte occidental de Galicia quedou un derivado desta voz latina que evolucionou en **so** e **soio** e reduciu a súa significación a 'chan do forno'.

Despois de que chan tomara os significados do latín SOLUM, na Idade Media volveuse a botar man desta voz e así comprobamos na traducción galega da *Crónica General* a existencia da verba *solo*: *o solo estrado do tapete... diribou a villa ata o solo... et derribarona per solo...* etc. ¿Trátase nestes casos dun cultismo ou dunha galeguización do castelán *suelo*? Penso que é un calco do castelán porque non volve a aparecer noutros textos posteriores.

Pero a partir do século dezaoito os estudiosos da xeoloxía e da agricultura introducen no seu vocabulario a voz **solo** para indica-lo terreo en canto posúe determinadas características xeográficas e productivas, para indica-lo chan en canto encerra materias orgánicas ou materiais inorgánicos, etc.

Os portugueses aceptaron a voz *solo*, non só como cultismo normal, senón que foi bastante ben aceptado nos niveis da lingua literaria e da lingua coloquial de tal xeito que hoxe **solo** pode ser considerado como sinónimo de **chan**. Pero os nosos literatos rexeitaron o uso deste cultismo por parecerlles un calco castelán e non o usaron. Vexamos este exemplo de Castelao: *o minifundismo da nosa Terra responde ao cultivo intensivo que impón a topografia do chan*.

Os científicos falan hoxe do *solo aluvial*, do *solo orgánico*, do *solo estabilizado* ou do *solo oceánico* e do *subsolo*. Por tanto non resulta nada estraño que exista unha *Lei do Solo*.

465. Solas e viño andan camiño

Hai moitas palabras que teñen relación con solo e están testemuñadas desde a Idade Media conservando a consoante *-l-* intervocálica en contra das leis da evolución fonética (SALIRE dá **saír**, DOLORE, **dor**).

Citemos no primeiro termo **sola** 'coiro curtido que se coloca na parte inferior do calzado' e tamén 'parte inferior do zapato que está en contacto co chan', voz común a toda Galicia e Portugal tanto no nivel popular coma literario (*zapatiños de sola... levou a patria na sola dos zapatos...* frases de Castelao).

E de **sola** sae o verbo **solar** 'poñer solas ó calzado' e o nome **soleta** 'reforzo que se pón ás medias na parte que cobre a planta do pé'.

Desde o século trece temos testemuños da existencia da voz **solar** (que hoxe usamos case exclusivamente como terreo destinado para a edificación) como terras e casas dunha herdanza ou como antiga morada dunha familia. E de **solar** saíron as verbas tan coñecidas de **solarego** ou **solarengo**.

As pezas de madeira ou as pedras que forman a parte inferior do van ou oco dunha porta constitúen a **soleira** (**suleira** din nalgúns lugares). A primeira pedra da entrada nun forno chámase tamén así. E desta mesma orixe é a voz tan coñecida en moitos sitios **sarego** (que antes sería *soarego* e *solarego*) coa mesma significación que **soleira** e que hoxe empregamos a miúdo figuradamente como principio de calquera actividade ou como limiar ou prólogo.

Da forma latina SOLEA 'sola' (relacionada con SOLUM) naceu o nome dos peixes **solla** e **sollo**, semellantes ó linguado, que son chamados así porque parecen **solas**.

E de SOLUM saíu tamén un verbo SOLEARE que dá o noso **sollar** 'poñe-lo pavimento dun piso' e de aí **sollado** 'pavimento'. A existencia en portugués das voces *soalhar* e *soalhado* fainos dubidar da etimoloxía proposta e pensar que hai que partir dun diminutivo de SOLUM: SOLACULUM.

Aínda poderiamos engadir **asolar** 'botar ó chan', 'derribar, destruír' que está presente no portugués desde o século dezaseis e que parece ser un castelanismo. De aí que os nosos escritores non empreguen esta voz.

En fin, o neoloxismo **solo** non está tan só na nosa lingua.

466. Acto de xenuflexión

Coido que todos entedemos unha frase como esta: *Fixo unha xenuflexión diante do Sacramento*. Evidentemente **xenuflexión** é unha palabra culta tomada do latín GENUFLEXIONE que expresa a acción de dobra-las articulacións que unen a perna coa coxa.

¿Como se chama esta articulación? En latín era GENU, verba da que só quedan restos nalgúns dialectos romances e da cal foi formado o diminutivo GENUCULU, que deixou descendentes en tódalas linguas romances. Lembremos pois o italiano *ginocchio*, o francés *genou*, o catalán *genoll*, o castelán *hinojo* e o galego e portugués medieval *geollo* ou *geolho*.

A voz castelá *hinojo* por confusión con outra voz *hinojo* procedente do latín FENUCULU (que se converteu entre nós en **fiollo**, **fionllo** ou **fiúncho**) desapareceu case por completo e foi substituída pola voz *rodilla* que tivo tanto éxito que incluso foi importada en Portugal (anque hoxe xa está case esquecida) e no galego popular. Penso que a forza da linguaxe eclesiástica castelá en Galicia é a razón fundamental de que as voces *rodilla* e *arrodillarse* sexan hoxe máis usadas entre nós cás tipicamente galegas.

A voz portuguesa medieval *geolho* sufriu unha metátese das súas vocais e hoxe é *joelho* e o mesmo ocorreu co verbo medieval *ageolhar* que se transformou no moderno *ajoelhar*.

A falta dunha lingua culta galega durante varios séculos fixo que a forma medieval *geollo* tivese varias variantes, debidas a evolucións fonéticas normais de cada unha das comarcas. A falta, repito, dunha lingua estandarizada impediu a imposición dunha forma académica que se impuxera ás demais. Así temos que a forma medieval *xeollo* se conservou nalgúns escritos, pero evolucionou en **xiollo** (que rexistramos en varios diccionarios) e nalgúns puntos de Galicia quedou reducida a **xollo**.

Por outra banda temos que a forma medieval, recuperou nalgures a consoante *-n-*, como resto da antiga nasalización (como pasou con **gado** e **gando**) e así pasou a **xeonllo**, **xionllo** e **xonllo** e nalgunhas zonas (que eu saiba polo sur da provincia de Ourense) tomou o camiño da metátese das vocais, como en portugués, e así atopámo-las formas **xoello** e **xoenllo**.

¿Como debemos traduci-lo castelán *rodilla* ó galego? Toda a serie de formas que acabo de citar son lexítimas lingüisticamente e están abonadas en diversos puntos de Galicia e rexistradas polos diccionaristas e escritores..., pero coido que é necesario que as institucións académicas recomenden algunha delas.

467. Coañar coa coañeira

As palabras latinas constitúen a base do léxico de tódalas linguas romances, pero ó longo do tempo poden cambia-la súa significación, transformarse bastante por efecto das leis normais de evolución fonética e mesmo desaparecer totalmente ou quedar como reliquias en palabras derivadas delas nas que só un filólogo pode ver relación coas verbas primitivas.

Vexamos hoxe un caso dunha voz latina que deixou descendentes directos en tódalas linguas románicas e que tanto en galego coma en portugués desapareceu deixando derivados que dificilmente recoñecemos como derivados da verba orixinaria.

O prolongamento ou apéndice co que termina o tronco de grande número de animais, é dicir, o que actualmente denominamos **rabo**, chamábase en latín CAUDA que xa entre os romanos sufriu a reducción do ditongo *au* a *o*, pasando a pronunciarse pois *coda*. Esta voz consérvase nas linguas romances coas diversas modificacións normais e en galego, portugués e castelán pasou a ser *coa* por mor da perda do *-d-* intervocálico, do mesmo xeito que CADERE pasou a ser **caer** ou FOEDU a **feo**.

Agora ben, é evidente que actualmente esta voz, *coa*, desapareceu completamente da nosa lingua falada e da escrita, se ben temos constancia da súa existencia nalgún texto medieval. Tal vez a popularidade e expresividade da verba **rabo** (da que falaremos máis adiante) arrombou definitivamente esta voz, *coa*, que en castelán se transformou en *cola* por influencia seica de *culo*.

Pero da nosa *coa* xurdiu a voz **coaño** 'palla ou espigas baleiras que quedan na eira despois de mallar' que ten as variantes **cuaño** e **caño**, nomes tamén moi populares en Portugal. E destas voces nacen os verbos galegos e portugueses **coañar**, **acoañar**, **cuañar**, **cañar**, **acañar** coas variantes galegas **escoañar** e **escuañar** e as portuguesas *conhar*, *coinar* e *acoinar* para significar 'varre-los coaños da eira'. E o obxecto co que se varre a eira é chamado **coañeira**, **cuañeira**, **coañadeira**, **cuañadeira**, **escuañadeira**, **acañadeira**, **cañadeira**, etc.

En fin, ¿quen a primeira vista pensa que os **coaños** son chamados así porque parecen rabiños?

468. O nacemento do rabo

A palabra **coa**, descendente da voz latina CAUDA, desapareceu na Idade Media e foi substituída por outra voz que orixinariamente significaba 'nabo'. Trátase da palabra latina RAPUM, especie de nabo con peliños na punta, que pola súa forma se aplicou tal vez primeiro festivamente ó rabo dalgúns animais e despois foi usado como substituto da voz tradicional **coa**.

Este fenómeno só tivo lugar en castelán, galego e portugués pois nas demais linguas romances mantivo RAPUM a súa significación de 'nabo'. Mesmo en Galicia quedaron derivados desta voz coa súa

significación primaria: **raba** 'folla dura do nabo', **rabicoia** 'semente de nabo', **rabico** 'nabo raquítico', **rabizo** 'folla do cimón do nabo', e **rabiza** 'nabiza'.

Rabo serviu non só para indica-lo prolongamento da columna vertebral dos cuadrúpedes, senón a extremidade oposta á cabeza de peixes, reptís, insectos e certos crustáceos (*o rabo da sardiña*, *o rabo da langosta*, etc.) e por extensión do seu significado **rabo** pode ser calquera cousa que colga na parte posterior dun obxecto (*esa falda ten moitos colgallos ou rabos*) ou o conxunto de raios luminosos que seguen a un cometa ou o pedúnculo que une a froita á ponla ou o mango dunha ferramenta ou o último dunha serie (*o luceiro rabiño é o luceiro da mañá*), etc.

Como palabra popular que é aparece esta voz en moitas expresións: *agarrar a un polo rabo*, *aínda está o rabo por esfolar*, *atar moscas polo rabo*, *saír co rabo entre as pernas*, *ter moito rabo*, etc., en moitos refráns (*quen ten o rabo de palla sempre pensa que llo queiman*) e constitúe a forma base dunha numerosa familia léxica.

Citemos en primeiro lugar os seus diminutivos tan correntes: **rabiño** que é un rabo pequeno e non se corresponde co castelán *rabillo* que hai que traducir por **rabo** (*rabo das cereixas*, *rabo do ollo*). Pode significar ademais 'pedazo': *bótame un rabiño de zucre*. **Rabecho** ten un certo valor despectivo para indicar un rabo pequeno ou a parte pequena do rabo que queda no corpo despois de ser cortado. E **rabicho**, sinónimo de **rabecho**, que en plural é moi empregado co valor de colgallos dun vestido ou de retallos ou retrincos de tea ou de calquera outra cousa cortada.

Pero a famllia léxica desta voz *ten aínda moito rabo*.

469. Rabadas, rabeiras, rabelas, rabizas e rabiscos

Hai palabras que teñen grande capacidade para servir de base á creación de novos termos para cousas que son semellantes á significación primeira. Unha destas é **rabo** que despois de pasar do seu sentido orixinario 'nabo' ó actual, serve de punto de partida para a formación doutras palabras.

De algo que ten a forma dun **rabo** podemos dicir que é **rabado**. De **rabado** sae a voz **rabada**, nome que lle damos ó trozo de peixe da parte contraria á da cabeza e tamén ó rabo de boi ou de vaca preparado sen pel para uso alimentario e mesmo a todo o cuarto traseiro dunha res. Tanto en galego coma en portugués teñen o mesmo significado e son usadas como **rabada** as súas formas diminutivas **rabadela** e **rabadilla**. En relación con **rabada** está a palabra portuguesa *rabanada* (disimilación de *rabadada*) 'golpe dado co rabo' que recolle algún diccionarista galego, pero eu non teño constancia da súa existencia.

Os coaños ou restos dos cereais despois de ser mallados ou aventados son chamados tamén **rabazos**, **rabeiros** e máis comunmente igual que en portugués **rabeiras**. A **rabeira** significa en portugués ademais 'pegada, rastro' e 'cauda dun vestido', e en galego 'extremo posterior dunha cousa': *collín este aparello pola rabeira*.

A parte posterior do arado por onde se colle para dirixilo é a **rabela**, voz moi común en Galicia e en Tras os Montes, nome co que se denomina nalgúns lugares ó mango doutros utensilios e aparellos da labranza. **Rabela** (que ten a variante **rabelo**) ten como sinónimo outro derivado de **rabo**: a voz **rabiza**, que tamén a empregan os mariñeiros para nomear diversos cabos dos seus trebellos de pesca. Xa falamos de que **rabiza** pode ser igual que **nabiza**.

Os garabatos que facemos algúns cando escribimos son como rabiños e por iso son chamados **rabiscos**. Non sei se **rabisco** e **rabiscón** 'díscolo, aveso, renarte' ten que ver con **rabo** ou con **rabia** ou tal con ámbalas dúas palabras. De tódolos xeitos existe o verbo **rabiscar** non soamente no sentido de 'facer **rabiscos**', senón tamén no de 'ergue-lo rabo'.

Axita-lo rabo, move-lo rabo é en galego **rabexar** e non **rabear** porque este último verbo é moi empregado como variante de **rabiar**. Sen embargo eu escoitei dicir dalguén que está *sempre rabexando* e non comprendín ben se querían dicir que esa persoa estaba irritada porque estaba chea de carraxe ou que era moi bulidora como un can que rabexa.

470. Rabudos e rabelos

Dun animal que ten **rabo** dicimos que é **raboso** e se o **rabo** é curto, longo ou cano diremos que é **rabicurto**, **rabilongo**, **rabicano** e cando o ten moi grande dicimos que é **rabudo**. O feito de ter un rabo moi grande parece que non é bo sinal de bondade xa que precisamente os pintores teñen o costume de pinta-los demos cuns grandes rabos. E así tamén chamamos **rabudo** a quen ten carácter áspero e duro e a que ten malas e avesas intencións. Non sei se haberá que pensar neste caso na influencia da palabra **rabia**.

E dun animal que a penas ten **rabo**, ben porque naceu así ou ben porque llo cortaron, dicimos que é **rabelo**, **rabeno**, **rabón**, **rabuco** ou **raboto**.

Raboto, termo usado nalgún lugar de Ourense, é un derivado de **rabo** con esa terminación *-oto* que debe indicar 'carencia de', xa que a vemos empregada na voz **manoto**, variante da máis corrente **maneto** 'que carece dunha man'. En portugués dialectal existe un termo parecido: *rabeto*.

Rabuco é claramente un despectivo por esa terminación en *-uco* que significaría primeiro 'de rabo moi pequeno' e despois 'sen rabo'.

Rabón está bastante espallado por toda Galicia e ten ese sufixo aumentativo *-ón* que debería facer que entendesemos todos 'quen ten un rabo moi grande' pero é o contrario. Por ironía pasou a significar 'que non ten rabo' do mesmo xeito que chamamos **pelón** a 'quen non ten pelo'.

Rabelo foi primeiramente un diminutivo de **rabo** do mesmo xeito que de **agro**, **campo**, **porta** temos **agrelo**, **campelo**, **portelo**, e despois pasou a significar 'sen rabo'. Xa Rosalía nos falaba dun *gato rabelo*. E tal vez por influencia de **rabón** xurdiu a variante **rabelón**.

Pero **rabelo** que foi como diciamos antes o mesmo que **rabiño** e quen ten tamén os mesmos valores ca **rabela** dos aparellos significaba ademais en plural os colgallos das camisas, das saias e doutros vestidos. De aí que cando a unha desas roupas lle saían **rabelos** quedase curta: *chaqueta rabela é unha chaqueta que se quedou curta*. Por iso temos nos diccionarios a significación de 'escaso, curto'.

O sentido de 'aveso, torcido, de malas intencións' que lle dan algúns diccionaristas é para min descoñecido, pero puido nacer como un calco puramente semántico da voz **rabudo**. Desde logo, este sentido é descoñecido en portugués onde son chamados **rabelos** certos barcos do Douro, os que os dirixen e mesmo festivamente os ribeiregos desa rexión.

Aínda nos queda por *rabena-lo rabo*.

471. Rabeno e rabenar

Rabeno é voz moi estendida por toda Galicia e aplicada ós animais que teñen un rabo moi curto ou completamente cortado. Segundo aparece en varios diccionarios é sinónimo de **rabelo** e significa pois tamén 'escaso, curto'.

A primeira vista parece que estamos ante un claro derivado da voz **rabo**, formada con ese sufixo *-eno*, moi pouco productivo, que aparece noutras palabras como **toqueno** 'que carece dun brazo', **cacheno** 'que non ten cornos ou que non ten dentes' e **coteno** ou **moqueno** 'que está falto dalgún membro', nas que ten o valor de 'carente de'. Polo tanto **rabeno** parece unha formación normal sobre **rabo** cun sufixo que amosa a falta dalgunha cousa.

Daquela teremos que do noso **rabeno** foi feito o verbo **rabenar** 'corta-lo rabo dun animal' que, despois de creado, ampliou a súa significación á de 'cortar calquera cousa' e logo á de 'acurtar, diminuír' e desta última á de 'medir ou pesar de menos algunha cousa'. Nalgún diccionario aparece esta definición 'cortar a rente da súa base' que parece quitada do uso que fai Otero Pedrayo deste verbo: *Vellote*, *acedado*, *enrugado*, *barbas de aramio mal rabenadas... que ordeara rabenarlle a noz ao Xefe político*.

Pero para o etimólogo García de Diego **rabenar**, o mesmo cá voz castelá *rebanar* (que en galego é **rebandar**) e outras palabras semellantes, procede do latín RAPINARE 'roubar' e desa maneira o sentido fundamental da nosa voz sería 'furtar', despois 'furtar no peso', logo 'diminuír, acurtar', 'cortar en xeral e por último 'corta-lo rabo' e de aí teriamos que supor que nacería o adxectivo **rabeno**. Paréceme un tanto artificiosa esta teoría.

O etimólogo Corominas rexeita a proposta de García de Diego e afirma que a voz galega **rabenar** procede de **rebanar** (con metátese de vocais *e* e *a* das dúas primeiras sílabas) e este verbo nace de **rabanar** 'cortar talladas dun rábano'... Se seguimos esta teoría teriamos que dicir que **rabeno** 'sen rabo' non ten nada que ver con **rabenar** 'cortar' procedente de 'cortar rábanos'.

En definitiva, eu coido que **rabeno** ten relación evidente con **rabo** e que **rabenar** (aínda que tivera unha orixe lonxana de **rabeno** é sentida polos falantes como voz relacionada co noso **rabeno**.

472. O rabo trae cola, coda e cauda

Xa dixemos que desaparecida a voz **coa** tomou **rabo** tódalas súas significacións, pero a pesar de que esta voz tivo unha copiosa descendencia, algo raro (tal vez obsceno ou satánico) viron nela os falantes que botaron man da palabra castelá *cola* sen necesidade en moitas ocasións, penso eu. Galegos e portugueses empregaron desde hai tempo (xa nos textos medievais aparece este castelanismo) a voz *cola* de tal xeito que hai expresións como *cola de cabalo*, *cola de langosta*, *cola de troita*, *cola de cometa*, etc. que dan a impresión de que non é normal nestes casos usa-la palabra **rabo**.

Desde logo, hai casos en que parece xa imposible substituír certos empregos da voz castelá *cola*. ¿Como poderiamos dicir en galego *piano de cola*, *estou na cola*, *o Deportivo quedou na cola*, *o vagón de cola*, etc.? E de **cola** saíu **colista**: *o meu equipo vai de colista*, **coleta**, **coletazo** e mesmo o verbo **colear** (que xa existía en galego na acepción de 'andar cun meniño no colo'): *o meu auto colea*, *o que ti fixeches colea aínda...*

Coido que en moitos destes casos os organismos dedicados ó estudio da lingua debían dar solucións axeitadas ó xenio da nosa lingua. A **cola** no sentido de 'fileira de persoas colocadas unha tras outra' dise agora en portugués *bicha*, pero non sei se esta voz lusa que significa sanguesuga, lombriga ou cobra e que ven a corresponder co noso **becho** sería axeitada.

Os músicos importaron de Italia a voz **coda** (que existiu na antigüidade como **rabo**) para denomina-lo fragmento final dunha composición musical.

E as xentes cultas volveron a botar man da palabra orixinaria latina perdida **cauda** que en Portugal se fixo moi popular como sinónima de **rabo** en tódalas súas significacións, pero que en Galicia emprega aínda pouca xente. Lendo a Otero Pedrayo acabo de ver que a emprega moi a miúdo: *as caudas de cometa... cabeleiras indias como caudas de aves... aturuxos de cauda tremante...*

Son termos cultos outros derivados de cauda: **caudado**, **caudal** (*aleta caudal*) que non ten que ver co *caudal dunha corrente*, senón 'que se refire á cauda', **caudatario**, **caudífero**, **caudímano**, **caudículo**, etc.

473. Aceptar e receitar

Hai moitas palabras latinas que tiñan no seu corpo fónico o grupo consonántico *-pt-* que as linguas romances converteron en *-tt-* e logo simplificaron en *-t-*. As palabras tradicionais e populares seguiron esta norma de evolución fonética e así podemos comprobalo en casos como **atar**, **catar** 'buscar, observar', **encetar**, **escrito**, **neta**, **roto**, **sete**, **setembro**, etc. que tiñan no seu étimo o citado grupo consonántico.

Cando as linguas romances xa están formadas seguen introducíndose palabras latinas que non sofren xa o mesmo proceso de evolución fonética cás palabras antigas. Aquelas que teñen ese grupo fónico *-pt-* son pronunciadas ben coa conservación dese grupo, ben convertendo ese *-p-* na vocal *-i-* ou na vocal *-u-* ou ben facéndoo desaparecer. Os resultados posteriores dependen de cada palabra e de cada lingua.

Alá polo século XIII deberon entrar na nosa lingua, segundo sabemos polos textos medievais, as voces latinas ACCEPTARE e RECEPTA que deron os seguintes resultados de acordo co que acabamos de dicir: *aceptar* e *recepta*, *aceitar* e *receita*, *aceutar* e *receuta* e *acetar* e *receta*. ¿Houbo algún momento en que todas estas verbas tiñan vixencia? Sen dúbida ningunha en toda a franxa occidental peninsular, aínda que probablemente non todas simultaneamente e no mesmo lugar.

A forma **aceitar** tivo na lingua portuguesa tal difusión que non soamente pasou a ser forma normal culta e literaria, senón que levou tras si toda a familia das palabras procedentes da mesma base latina (agás *aceptilaçao* e o provincialismo *aceptuar*): *aceitabilidade*, *aceitaçao*, *aceitamento*, *aceitante*, *aceitável*, *aceito*, etc. Pénsese que toda esta serie de voces non choca coa familia de palabras procedente do árabe: *azeitar*, *azeite*, *azeitada*, *azeitona*, etc., porque a pronunciación das consoantes *c* e *z* é diferente.

Tal vez a razón que acabo de apuntar é a causa de que *aceitar* non apareza nin sequera a nivel popular dos nosos falantes entre os que é posible atopa-los antigos populismos **aceutar** e **acetar**. A lingua galega mantén neste caso as formas cultas: **aceptar**, **aceptabilidade**, **aceptable**, **aceptación**, **acepto**, etc.

Sen embargo, galego e portugués coinciden en elevar ó rango da lingua culta o popularismo medieval **receita** e os seus derivados **receitar**, **receitador**, **receitario**, etc., pero non os demais cultismos que proceden da mesma base latina: **recepción** (*recepçao* en portugués), **recepcionista**, **receptáculo**, **receptible** (*receptível*), **receptivo**, **receptor**, etc.

474. Preceutos e preceptos

Hai outras palabras, á parte das indicadas no noso comentario anterior, que transformaron tamén o seu grupo consonántico orixinario na voz latina *-pt-* en *-it*, *-ut-* ou *-t-*. Vexamos algunhas delas.

Da voz latina CONCEPTUM naceron na época da súa introducción as voces populares *conceito* (que a lingua portuguesa elevou á categoría de voz normal e culta e da que formou o verbo *conceituar*), **conceuto** e **conceto** (desaparecidas no portugués, pero vivas en galego como simples vulgarismos xa que o normal é a permanencia do cultismo **concepto**).

Sen embargo temos que dicir que en portugués non ocorreu con esta verba o mesmo que con *aceitar*, xa que a familia da voz *conceito* non se mantivo uniforme. Así vemos que coexisten hoxe formas variadas: *conceptual*, *conceptualismo*, *conceptualista* xunto con *conceitualismo* e *conceitualista* e a curiosa *conceiçao* (empregada soamente no sentido relixioso) ó lado de *concepçao* 'acto de concebir, noción'. Noutros casos só e posible usa-la forma culta: *conceptáculo*, *conceptibilidade*, *conceptivo*, etc. Toda esa serie de voces son escritas en galego culto coa conservación do grupo *-pt-*.

Do latín PRAECEPTUM saíron xa na época medieval *preceito* (que conserva hoxe o portugués xunto con *preceituar*) e **preceuto** (que mantén hoxe o galego no sentido relixioso de *precepto pascual*), empregando para o sentido de 'norma' o cultismo **precepto** xunto con **preceptuar**. Galego e portugués coinciden nos outros cultismos desta familia: **preceptivo** e **preceptor**.

A falta en galego, ata hai ben pouco tempo, dunha normativa gramatical, é ou foi a causa de que algúns escritores escribisen ó seu antollo as palabras cultas que teñen ese grupo *-pt-*. Así non ten nada de particular atopar nalgúns escritos voces como **aceitar**, **conceito e preceito** (o cal non resulta tan grave porque son formas portuguesas) e **adaitar**, **adoitivo**, **exceito**, **oitimista**, etc. que son verdadeiras aberracións lingüísticas. Tamén poden atoparse neses escritos voces como **conceuto**, **aceutar**, **adeuto**, **deceución**, etc. que son vulgarismos posibles dentro do noso sistema lingüístico, pero igualmente rexeitables.

Sinalemos finalmente unha lista de cultismos galegos e portugueses que non se poden modificar: **adaptar**, **adepto**, **adoptivo**, **captar**, **apto**, **corrupto**, **cripta**, **decepcionar**, **eruptivo**, **excepto**, **imperceptible**, **inepto**, **optar**, **optimismo**, **reptil**, **tríptico**, etc.

475. Apertas e apretas

As linguas son como son e non como queren que sexan os filólogos, os lingüistas, os gramáticos ou os teorizadores e filósofos. Os etimólogos divírtense buscando a orixe das palabras e o único que chegan a coñecer (e non sempre) son ás veces de onde proceden as verbas que empregamos hoxe, pero a evolución fonética e semántica desas voces depende exclusivamente dos falantes.

A palabra actual **apertar** ou a súa variante **apretar**, por confusión das sílabas *per* e *pre*, da que xa falamos, naceu como verbo derivado do nome latino PECTUS 'peito'. Oprimir algo contra o peito foi dito vulgarmente APPECTORARE que evolucionou en *apetrar* e despois en **apertar**, que logo foi tomando outras significacións.

Nos textos medievais galegos e portugueses está testemuñada a forma **apertar** e nos textos modernos tamén é a forma preferida. Vexamos algúns exemplos de Rosalía: *O corazón apértase de angustia... que o corazón se me aperta...*; de Curros: *dentro do fol que co cóbado apertaba...*; de Lamas Carvajal: *canto máis apertaba o paso*, etc. Pero na fala popular houbo, como diciamos antes, confusión das sílabas *per* e *pre* e temos que hoxe está tamén moi estendida a forma **apretar** que algúns escritores empregaban (xa o usou o P. Sobreira no s. XVIII nos seus escritos como vemos en *Sempre en Galiza*, de Castelao (*non é certo que os homes tendan a viviren apretados cando teñen trato coa terra*) que usou **apertar** en *Os dous de sempre* (*apertáronse co corazón turbado de filicidade*).

De **apertar** e **apretar** saíron as voces **apertas** e **apretas**, como sinónimos de abrazos, que resultan ser creacións exclusivas da nosa lingua. No *Glosario de voces galegas de hoxe* eu teño recollidas da fala popular máis **apretas** que **apertas**, pero nas obras literarias a forma preferida é **aperta**. Citemos algúns exemplos de Curros (*xa que tristes nos damos a última aperta*); de Lamas Carvajal (*darlle unha aperta a unha moza*); de Leiras Pulpeiro (*daquela aperta apertada*), de Noriega (*vén a me dar unha aperta*); de Castelao (*doume tan forte aperta que me rompeu unha costela... Moitas apertas de teu amigo...*), de Blanco Amor, de Novoneira, etc.

Hai uns versos de Rosalía que din así: *¡Que apertos, que olladas tan chuscas trocaban / as nenas de xenio cos mozos de Cais!* nos que aparece a voz **apertos**, que me parecía en principio un erro por **apertas**, pero os diccionarios da súa época, os de F.J. Rodríguez e de Cuveiro, rexístrana no sentido de 'abrazo'. Non sei se outros autores a empregaron nin tampouco se está viva nalgún lugar de Galicia.

476. Preguntar e perguntar

Co gallo do comentario que fixen das **apretas** e **apertas** foron varios os amigos que me preguntaron ou perguntaron se debiamos dicir **preguntar** ou **perguntar**. Coido que co que acabo de escribir está xa ben clara a miña opinión, pero debo explica-la causa desta dobre solución.

Na lingua latina como sinónimo de INTERROGARE existía o verbo PERCONTARI que, seguindo unha evolución fonética normal, non podía converterse en ningún dos nosos verbos en cuestión. Como pasou noutros casos este verbo latino debeu sufri-la influencia doutras palabras; neste caso de CUNCTARI 'dubidar' e enriba cambiou o prefixo *per-* por *prae-*. Así pois a base de partida que explica os nosos verbos é PRAECUNCTARI, que evolucionará perfectamente en *preguntar*, forma que existe desde os primeiros testemuños medievais: *preguntaron hu poderían achar el rey... preguntoulli que fora... o almiral entón preguntou...* do mesmo xeito que se rexistra desde esa época o nome ***pregunta***: *hua pregunta uos quero fazer... por fazer pregunta...*

Preguntar e **pregunta** foron e son formas populares, tanto en Galicia coma en Portugal e en Brasil ata o día de hoxe. Aparece na lingua escrita dos nosos grandes escritores: Rosalía (*que alí a preguntarcho fora... preguntei cariñosa...*); Curros (*pregúntaille e diravos*); Castelao (*ti non tes reló, pero podes pregunta-la hora... seguín preguntando solermiñamente... deitoume na orella ista pregunta*), etc.

Pero como pasou con outras palabras que comezan pola sílaba *pre-* houbo confusibn de *pre-* e *per-* e así temos que xa entre os séculos XIII e XIV aparece xa nalgúns textos escrita a forma *perguntar* que acadou un uso literario moi grande. Os escritores galegos que acabamos de citar emprégana máis veces que a forma máis etimolóxica: *Nin entres, nin sallas sin mo perguntare, perguntei chorando... ¿Quen*

é? perguntan... son frases de Rosalía; *perguntan todos... pergunteille ó compañeiro*, de Curros; *perguntou a muller... e perguntando*, *perguntando chegou á estrada de Castela... pergunteille eu... que o colmaron de perguntas... trocan perguntas e respostas*, etc. de Castelao.

As formas con *pre-*, é dicir, **preguntar** e **pregunta** son as máis etimolóxicas e, di o filólogo J.P. Machado, as xenuínas portuguesas, pero as formas *perguntar* e *pergunta* nacidas da pronuncia popular foron elevadas tamén ó nivel culto da lingua e en Portugal desde 1945 son obrigatorias na escrita oficial.

477. Mangar

Moitas veces falamos das evolucións fonéticas, morfolóxicas e mesmo semánticas que teñen lugar en tódalas linguas. Hoxe veremos un exemplo de como unha palabra pode ir ampliando o seu significado primitivo.

Do latín vulgar MANICU orixinouse en galego, portugués e castelán **mango**, que significa a parte das cousas por onde as collemos coas mans e que normalmente nas ferramentas ou utensilios é un pao ou un ferro. En portugués esta voz quedou reducida á significación de 'pao máis curto do mallo' (que en portugués se chama *mangual* e foi substituída pola palabra *cabo*.

Poñe-lo mango a unha ferramenta é en galego **mangar**; en castelán dise *enmangar*, se ben existe o verbo *mangar* 'pedir, mendigar, furtar' que non ten nada que ver coa voz **mango** e en portugués dise *encabar*, pero existe *mangar* co sentido de escarnecer, facer chacota, burlar, gozar, te-lo orgasmo, significados que están xa moi lonxe do noso **mangar**.

Pero o galego **mangar** pasou a ter significados descoñecidos nas outras linguas. **Mangar** amplía o sentido de colocar un mango ou de colocar algo nun lugar elevado. Así dicimos *pillei a gorra de Xan*, *guindeina e mangueina no corredor* ou *¿Que fas aí arriba mangado?*

Mangar é tamén 'colocar' un golpe nalgún lugar do corpo: *mangueille unha labazada tremenda... mangueille un terrible mocazo*.

Mangar no sentido de folgar, lacazanear, langrear (*Xan está todo o día mangándoa*) debe de proceder desta mesma familia, así como os adxectivos **mangante** 'folgazán, lacazán', que hoxe coincide co castelanismo **mangante** 'mendigo, pedichón, raspiñeiro', que é de orixe caló, **manguelo**, **mangoleiro**, **mangoletas**, **mangoleteiro**, etc.

En fin, as palabras van perdendo ou acadando significados ó longo dos tempos.

478. Ben edrado

B.C., de Santiago, escríbeme para dicirme que a súa avoa emprega moito frases como as seguintes: *esta empanada non está edrada*, *este cuarto está moi ben edrado*, etc., e pregúntame polo significado de **edrado** e pola súa orixe.

En primeiro termo debo manifestar que **edrado** é o participio do verbo **edrar** que ten a significación nos exemplos que me cita de 'igualar, nivelar, axustar ou compoñer ben varias cousas'. Unha empanada non está ben **edrada** se os seus ingredientes non están ben repartidos ou son máis ou menos do que é necesario. Un cuarto está ben **edrado** se tódolos elementos que o compoñen están ben axustados á finalidade que se pretende.

Pero **edrar** non é unha voz moi espallada por Galicia. Que eu saiba emprégase soamente no norte da parte oriental de Lugo, entre Piquín e o val de Burón. Esta palabra foi recollida polo investigador Aníbal Otero cos sentidos de 'igualar dúas cousas en tamaño ou grosor. Compensar nos repartos o malo co bo. Falando de cancelas ou sebes de aldea, reparti-la fabricación ou conservación delas entre os veciños. **Ben edrado** é ben feito falando das obras de carpintería ou cantería'.

E de Aníbal Otero pasou ós diccionarios de Franco Grande, Ir Indo e Alonso Estravís sen indicación de que se trata dunha voz de uso moi restrinxido territorialmente.

En canto á súa orixe o mesmo Aníbal Otero sinalaba que esa voz era un descendente do verbo latino ITERARE, que significaba o mesmo que os cultismos actuais **iterar** e **reiterar**, é dicir, repetir. Pero ITERARE tiña xa en latín o sentido de 'bina-las viñas' que se estendeu despois a 'binar ou face-la segunda cava das terras' na súa forma evolucionada foneticamente **edrar**, que se conserva nalgúns dialectos hispánicos e que é posible exista nalgún lugar de Galicia.

Eu teño a impresión de que o paso desa significación orixinal ás significacións que dá A. Otero para esta voz non serían posibles se non contamos coa existencia do verbo *aderar* (testemuñado nos textos medievais), descendente do latín ADAERARE 'taxar en diñeiro' e posteriormente 'avaliar', ou a súa variante asturiana *adrar*, que significa 'medir terras'. ¿Non habería influxo de *adrar* 'avaliar, medir' nas significacións que o noso **edrar** ten xa arredadas do seu sentido primitivo?

E aínda poderiamos engadi-la influencia doutro verbo **adrar** (procedente do árabe) que significa 'reparti-la auga' e tamén 'repartir bens comunais'...

479. Iso aquece ben

Dime un lector que lle explique o sentido da frase *iso aquece ben*, que escoitaba dicir á súa nai moi a miúdo... Pero eu non lle podo explicar exactamente a significación desa frase porque tería que saber a qué se refería ese pronome *iso*. Por tanto só podo dicirlle os valores que ten o verbo **aquecer**, ou mellor dito, os verbos **aquecer**, xa que hai dous verbos que se pronuncian e se escriben igual sen ter que ver un e outro.

Existe a voz **aquecer** que é, aínda que á primeira vista non o parece, da familia do verbo **caer** do cal naceu xa antigamente **acaer** que ten actualmente o significado de 'vir ben algo ou sentar ben', (*acáche ben esa roupa*) e mesmo o de 'acompasarse ben', segundo exemplifica o diccionario de M. Valladares: *canta comigo*, *Maruxiña*, *que nalgún tempo os dous acaiamos*.

E de **acaer** xurdiu *acaecer* (forma rexistrada nos textos medievais e conservada así en castelán) que se converteu posteriormente en **aquecer** que ten a significación de 'acontecer' (*iso aquecía o ano pasado*) e tamén as mesmas do citado **acaer**: *a un mozo aquécelle ben andar de ruada*, *aquécelle moi ben ese traxe novo*... ás que engadirémo-las de 'resultar simpático', 'quedar ben', 'compracer', etc.: *o bohemio aquecía naquela conversa... á velliña non lle aquece xogar no leito*...

Pero hai outro verbo **aquecer** que ten que ver coa calor. Así como da voz latina CALESCERE saíu antigamente *caecer* e modernamente **quecer** (que ten a variante tan usual de **quencer** cun *n* que tal vez se debe á influencia de **quente** e **quentar**) 'entrar en calor', do latín ADCALESCERE naceu a forma antiga *acaecer* e moderna **aquecer** que significa 'tornar quente' ou 'aquentar': *o cuarto empeza a aquecer... esa estufa aquece ben*... E naturalmente **aquecer** pode ser empregado nos sentidos de acalorar, entusiasmar, irritar, excitarse, animarse, encolerizarse, etc.

En fin, o significado da frase *iso aquece ben* depende do contexto en que estea situada. Como dixemos tantas veces as palabras teñen varias acepcións e neste caso concreto estamos ademais ante dúas palabras homónimas e homógrafas que poden dar lugar a moita confusión se non sabemos en qué contexto están usadas. Se na frase citada substituímos iso polo nome dunha prenda (*ese abrigo aquece ben*) non saberemos exactamente se esa prenda senta ben ou aquenta ben... Hai que coñece-la intención de quen pronuncia esa frase.

480. Moitas troitas

Escríbeme un rapaz de Santiago indignado porque ás veces ve escrita a palabra **muito** que el pensa que non é forma boa en galego. Desde logo para un compostelán, como para a maior parte dos galegos, **moito** é a palabra normal para indicar abundante ou numeroso e **muito** soa como palabra estraña.

As gramáticas normativas prefiren o uso do ditongo *oi* (e non *ui*) en palabras como **moito**, **coitelo**, **enxoito**, **froita**, **loita**, etc., por ser este ditongo máis empregado polos falantes e polos escritores.

Pero non se debe esquecer que unha frase como *pescar oito troitas nunha noite non é moito*, que podemos escoitar a un pescador da Terra Chá ou de Arzúa ou do Carballiño, será pronunciada por un pescador de Xallas ou de Soneira así: *pescar uito truitas nunha nuite non é muito*, porque nesa zona occidental da provincia da Coruña pronuncian como *ui* o ditongo *oi*.

E tamén no sur da provincia de Pontevedra atopamos que conviven as dúas pronuncias segundo as palabras de que se trate e será fácil escoitar a un pontevedrés pronunciar esta frase así: *pescar oito truitas nunha noite non é muito*. E dun xeito parecido diría a frase un falante da zona máis oriental de Galicia, onde mesmo hai quen di **muto** e **mutio** por **moito**.

Quixera que lle quedara claro a este consultante santiagués que o feito de que **moito** ou **troita** sexan as palabras máis empregadas polos falantes, polos escritores e polas gramáticas normativas non significa que os habitantes desas zonas onde se di **muito** e **truita** deben ser tidos como malos falantes da lingua galega.

481. ¿Andastes moito?

Escríbeme un lector preguntándome se as formas verbais **cantáchedes**, **corréchedes** e **partíchedes** que el usa a reo desde neno son correctas ou non na lingua galega estandard.

Quixera manifestarlle ó meu amable comunicante que esas formas da segunda persoa plural do perfecto de indicativo son tamén as que eu primeiramente deprendín e sigo empregándoas na miña conversa. Cando estou cun fato de amigos falando con toda espontaneidade pregunto, por exemplo, *¿Viaxáchedes pola costa?*, *¿A que hora saíchedes da Coruña?*, etc. Antes tamén as usaba na lingua escrita, xa que as vin frecuentemente empregadas por bos escritores, pero desque apareceron as Normas da Real Academia e do Instituto da Lingua escribo sempre **cantastes**, **comestes e partistes**, etc.

Estas formas rematadas en *-stes* son aconselladas polas citadas Normas porque son as máis estendidas por toda Galicia e as máis tradicionais desde o galego antigo. As variantes **andástedes** e **andáche-**

des, que se empregan no Norte e Occidente da provincia da Coruña, e en parte das Rías Baixas, son pois minoritarias.

Aínda que estas últimas formas sexan tan galegas como as recomendadas polas Normas, na lingua escrita debemos segui-las formas rematadas en *-stes* se queremos chegar a ter unha lingua culta unificada.

Así pois, non se trata de que unhas palabras sexan máis ou menos galegas cás outras. O importante é que saibamos usar no nivel escrito e culto as voces máis tradicionais e aceptadas pola maioría dos falantes.

482. Botar un mendo ou mendar

Probablemente haberá moitos galegos que non saiban o significado de *botar un mendo* ou **mendar**, mentres que tamén hai moitos, sobre todo os da provincia de Lugo, que teñen estas verbas como palabras normais. Eu escribín *botar un mendo* ou *mendar* de propósito sen un complemento para sorprender ó lector descoñecedor destas voces, xa que se escribira *botar un mendo a ese pantalón* ou *tes que mendar eses calcetíns* a comprensión sería inmediata, pois o contexto daría a clave: **mendar** e **mendo** son variantes de **remendar** e **remendo** ou ó revés.

Sabemos que **mendos** e **remendos** son derivados dous seus verbos respectivos, pero non sabemos claramente se **mendar** ou **remendar** proceden o un do outro ou son formas xurdidas directamente do seu étimo latino EMENDARE, que significaba 'corrixir', 'tirar defectos' tanto no sentido material como no abstracto. Desta voz latina saíu a forma romance **emendar** e dela para o sentido material naceron en galego **mendar** (coa perda do prefixo inicial *e-*), **amendar** (con cambio de *e* por *a*) e **remendar** (tomando o prefixo *re-*, que indica acción repetida, como pasou tamén en portugués e castelán).

E destes verbos saíron os tres nomes galegos: **mendo**, especialmente empregado polos lucenses, **amendo**, rexistrado nalgunhas comarcas fisterrás, e o máis corrente en Galicia, **remendo**, que é pronunciado en bastantes partes como **romendo**, do mesmo xeito que **remedio**, **semana**, **semente**, **semellar**, etc. se pronuncian neses lugares como **romedio**, **somana**, **somente**, **somellar**, etc., pronuncias que se consideran hoxe vulgares.

Curiosamente o verbo **emendar** conservou o sentido máis abstracto e é hoxe moi empregado nas significacións relixiosas e morais tan coñecidas e sobre todo fan moito uso del os políticos. E o nome derivado deste verbo non é **emendo**, como parecería lóxico tendo en conta os outros derivados que acabamos de ver, senón **emenda**, que en resumidas contas non é máis que un remendo que se lle fai a certas leis...

483. A pronuncia de "gago"

Quen gaguexa é **gago** ou **gaguexo** ou, se se quere, ten **gagueira**. **Gaguexar** é palabra de orixe onomatopeica, xa que naceu por imitación dos sons daqueles que, ó falar, fan *ga-ga-ga* e non dan rematadas correctamente as palabras. **Gago** é pois o mesmo que **tatexo**, voz moito máis popular porque parece aínda máis expresiva, que ten toda unha serie de variantes como **tato**, **tatelo**, **tatabello**, **tatabexo**, etc.

Pero non quero falar hoxe dos problemas das xentes que teñen dificultades na expresión oral porque cortan as palabras e repiten as sílabas. Traio a colación a verba **gago** porque ten dúas veces o son gutural *gue* que é pronunciado polos galegos da parte oriental das provincias de Lugo e Ourense do mesmo xeito que o pronuncian os portugueses e os casteláns. E esa foi a pronuncia que se impuxo entre as persoas cultas desque comezou no século pasado a recuperación do galego.

Sen embargo, na fala popular dos habitantes das provincias de Pontevedra e da Coruña, de máis da metade da de Ourense e do occidente da de Lugo esa pronuncia gutural non é corrente máis que cando o son que vai precedido da consoante nasal *-n-*, en casos como **domingo** ou **compango**. O normal é a pronuncia desa consoante como un son aspirado articulado na farinxe, similar ó que teñen outras linguas extrapeninsulares e que representan por *-h-*. Cando un alemán escoita a un galego occidental pronunciar **gago** trascribe esa voz na súa ortografía *haho*.

Ese son aspirado típico do galego occidental foi condenado polos nosos gramáticos e pola xente ilustrada porque lles parecía pouco fino. Non quixera que se me entendese mal o que quero dicir. Rogo ós miles de ensinantes de lingua galega que non atormenten ós nenos galegos que teñen de por si ese son aspirado larínxeo, lexitimamente galego, o cal deberían conservar se o desexan. Os cativos galegos que pronuncian *haho* en vez de *gago* teñen os mesmos dereitos a facelo que teñen os pícaros andaluces que pronuncian os *mihmoh* en vez de os *mismos*.

484. Chaleques, eixes e fumes

Hai xentes que pensan que o mellor galego é o que se fala no monte, se elas son do val ou nas provincias de Lugo ou Ourense se son da Coruña ou Pontevedra ou ó revés. Son persoas que se senten inseguras na propia lingua e que atopan que é mellor o que está lonxe delas. Pero hai tamén outras que fan dogma de fe das palabras da súa aldea ou da súa vila e non admiten que o que din noutras partes sexa tan lexítimo galego como o que se fala na súa casa.

Hai pouco tempo asistín a unha discusión típica de defensa da propia peculiaridade lingüística por mor das tres palabras que cito no título. Tres eran os dialogantes e tres eran as distintas opinións: un defendía **chaleque**, **eixo** e **fumo** fronte ó que patrocinaba **chaleco**, **eixo** e **fumo** e o terceiro propuña **chaleco**, **eixe** e **fume**. Metéronme na discusión e tomáronme por tolo cando eu rematei por darlle-la razón ós tres.

Efectivamente as tres palabras en discusión (ou mellor as seis formas) están testemuñadas na fala popular como na lingua dos escritores. No diccionario de Eladio Rodríguez só figura a voz **chaleque**, pero no diccionario de Xerais só aparece **chaleco**. No *Glosario de voces populares de hoxe* temos rexistrado **chaleque** en oito puntos e **chaleco** en catro. **Chaleque** é voz turca que entrou na Península Ibérica no século dezasete. ¿Cando pasou ó galego? Non o sei. De todas formas direi que os escritores que a usan desde Lamas Carvajal prefiren a variante **chaleque** seica para marca-la diferencia do castelán **chaleco**.

A voz **eixe** corresponde ben ó seu étimo latino AXE. O diccionario de Eladio Rodríguez prefire **eixo** e o de Xerais **eixe**. No *Glosario de voces galegas* **eixe** está testemuñada en trinta lugares e **eixo** en doce. Os escritores empregan ámbalas dúas formas. Coido que o feito de que **eixe** sexa a forma máis estendida podería se-la razón para se-la verba preferida nun nivel culto da lingua.

A palabra latina FUMUM evolucionou en **fumo** (que a temos rexistrada no citado glosario en dez lugares) e por influencia de **lume** pasou a ser **fume** (rexistrada en vinteoito puntos do glosario). Xa que os diccionarios e case tódolos escritores (Rosalía e Castelao emprégana continuamente) prefiren **fume**, non é necesario dicir que é a forma máis aceptada a tódolos niveis.

En fin, **chalecos**, **eixos** e **fumos** son formas tan galegas como as máis espalladas: **chaleques**, **eixes** e **fumes**.

485. Sinco dusias de masáns

Cando a xente do interior de Galicia vai de visita polas Rías Baixas e escoita falar ás persoas de por alí, faille moita gracia oír nunha froitería a alguén que pide *sinco dusias de masáns* e di despois *son as onse e teño que faser aínda o cosido*...

A pronuncia destas palabras con *s* no canto de *z* en **cinco**, **ducias**, **mazáns**, **once**, **facer**, **cocido** é o que se denomina seseo, fenómeno característico das falas occidentais da Coruña e Pontevedra e moi especialmente das xentes mariñeiras. Pero mesmo entre as xentes do interior destas provincias hai un seseo parcial, é dicir, un seseo que se produce unicamente cando o son que representamos por *-z* está en posición final. Os que teñen este seseo din **pas**, **des**, **xis**, **nos** e **lus** por **paz**, **dez**, **xiz**, **noz** e **luz**.

Este fenómeno é un rasgo dialectal, que moi poucos escritores elevaron ó nivel de lingua literaria, porque desde a época do rexurdimento os gramáticos o consideraron como un signo de incultura. Con todo, hai que dicir que algúns escritores, que o teñen na fala deprendida no ambiente familiar, levan este seseo á súa escrita, anque case sempre cando buscan reflecti-la lingua popular.

Rosalía emprega moi a miúdo nos seus versos formas con seseo: *Miña santiña*, / *miña Santasa*, / *miña Casiña*, / *miña calabasa*... *Eu cantar*, *cantar*, *cantei*, / *a grasia non era moita*, / *que nunca*, *delo me pesa*, / *fun eu meniña grasiosa*... e ás veces nun mesmo verso aparecen as formas con *z* ou con *s*: *logo rezaban con asento grave*.

Tamén López Ferreiro usa frecuentemente este seseo en palabras como **aparesible**, **leser**, **nabisas**, **xusgar**, que ás veces escribe con *ç*; *noço*, *paço*, *raçón*...

Cando se trata de seseo en posición final, é dicir, en palabras como **crus**, **felís**, **ves**, **capás**, **narís**, etc., a súa aparición na lingua dos escritores é bastante corrente.

En fin, o seseo é un fenómeno tipicamente galego das falas máis occidentais galegas e debemos respectar a quen na súa pronuncia di **pas** ou **des**, aínda que na lingua escrita debemos manter tódalas formas **paz** e **dez**.

486. Pór, poñer

En moitos dos nosos comentarios xa tivemos ocasión de demostra-la rica variedade dialectal do verbo galego. Xeralmente o que fixemos foi recomendar unha de entre esas formas, rexeitando sempre as que son resultado de cruces co castelán. Pero hai veces en que non é doado recomendar unha forma e desaconsellar outra, cando se trata de formas autenticamente galegas.

Este é o caso do verbo **pór**, característico de practicamente todo Ourense, galego de Zamora e da metade sur de Pontevedra, así como dalgunha fala do occidente da Coruña, fronte á forma moderna **poñer** do resto do galego. Calquera das dúas formas é plenamente galega e o número de falantes que as empregan é ben considerable.

O que cómpre ter en conta é que ó verbo **pór** lle corresponden formas como **pomos**, **podes**, ou **pondes puña**, **porei**, **poría**, **pondo**; e ó verbo **poñer**, o radical análogo tamén aparece en **poñemos**, **poñedes**, **poñía**, **poñerei**, **poñería**, **poñendo**. Con todo hai falantes que din **poñer** pero nos tempos de futuro e condicional din **porei** e **poría**, do mesmo xeito que din facer, **farei**, **faría**, e **dicir**, **direi** e **diría**.

Os literatos empregan sen distinción ámbalas dúas formas. Rosalía escribe: *E o ceo foi póndose de cor de rosas... e poñéndome medo*; Curros usa unhas veces: *pra te poñer desa sorte*, *poñendo os meus fillos*... e outras *quíxose por d'arrudillas... vai póndose o sol*... E Castelao tanto usa: *pondo a nosa cultura... deixaron de pór na traducción*, *como poñéndoa cara a... póñenlle man ós fillos*.

487. Voitres, voutres, vuitres e vutres

Cun certo aquel de malignidade pregúntame un coñecido sobre o nome desa ave de rapina de tamaño grande que come a carnaza das presas ou corpos mortos en descomposición. E digo que mo pregunta con malignidade porque ese coñecido quere que lle conteste cunha soa palabra. Pois ben, teño que dicirlle que eu non son quen para lle dar unha resposta única e agora explico os motivos.

Esa ave chamábase en latín VULTURE e converteuse rapidamente en *vultre* seguindo unha evolución fonética normal de perda da segunda vocal *u* por ir en sílaba átona.

Vultre, que ten un grupo fónico semellante ós das palabras AUSCULTARE e MULTU, converteuse en **voitre**, do mesmo xeito que as outras voces se fixeron **escoitar** e **moito**. **Voitre** é, por dicir así, a palabra que o meu amigo esperaba que eu contestase e é a que podiamos chamar "a máis típica herdeira do latín". **Voitre**, sen embargo, coñécese soamente nas falas do norte das provincias da Coruña e Lugo.

Tamén nalgúns lugares desta zona indicada hai confusión dos ditongos *oi* e *ou* e de aí que algunhas xentes digan tamén **voutre**, voz que foi acollida por algún escritor, como Aquilino Iglesia nas súas obras.

Da mesma maneira que nalgúns lugares de Galicia **escoitar** e **moito** pasaron a ser **escuitar** e **muito**, tamén **voitre** pasou a ser **vuitre**, pero esta forma acadou unha grande extensión por toda Galicia, tal vez pola semellanza coa palabra castelá *buitre*, xa que din **vuitre** moitos que pronuncian **escoitar** e **moito**.

E do mesmo xeito que nalgúns lugares converteron **escuitar** e **muito** en **escutar** e **muto**, tamén **vuitre** foi convertido en **vutre**, voz que temos escoitado no galego oriental e en puntos do sur das provincias de Ourense e Pontevedra.

Así pois, temos en galego non só **voitres**, senón tamén **voutres**, **vuitres** e **vutres** coas súas variantes populares **vroites**, **vroutes**, **vruites** e **vrutes**.

488. A fouce do avó

Pregúntanme se sei distinguir entre **fouce**, **fouciña** e **fouciño**. Contesto de seguida: Si e non. Todo depende do lugar onde me atope e case, case diría que da familia do interlocutor. Vexámo-los motivos.

A voz latina FALX, FALCIS tiña a significación de ferramenta composta dun ferro curvo afiado por unha parte, que serve para segar, cortar, podar, etc.; conservouse en tódalas linguas romances e deu en galego a voz **fouce**.

Cos tempos múdanse os costumes e múdanse así mesmo os obxectos a causa das necesidades da súa aplicación e da transformación dos seus formatos. Se pensamos na voz **fouce** e os seus derivados **fouciña** e **fouciño**, veremos que teñen en común o feito principal de estar formados por unha folla ou prancha de ferro (hoxe diriamos mellor de aceiro) curvada. Agora ben, esta lámina pola parte cóncava pode ter dentes moi agudos ou pode ter un fío que se obtén cravuñándoa. A prancha ou folla pode ser máis ou menos ancha e tamén grande, mediana, pequena ou moi pequena. E esta lámina vai unida a un mango que pode ter metro e pico de longo, vinte centímetros e mesmo dez centímetros.

Con todo, debemos ter en conta que a **fouce** pode ser empregada para segar herba, trigo, centeo, millo, ferraña ou calquera planta forraxeira, para cortar toxos e silvas, para rozar e tamén para podar videiras e árbores e incluso para tronzar pequenos arbustos.

Loxicamente poderiamos pensar que as **fouciñas** ou os **fouciños**, como palabras diminutivas de **fouces**, son máis pequenas, pero a realidade de examinar centos e centos de testemuños que temos recollidos en toda Galicia mostra que cada bisbarra ou mellor dito, cada pequena comarca dispón das voces **fouce** (tamén **fouz**, **fouza** e **fouzo**), **fouciña**, **fouciño** (ou ***foucín*** pola parte oriental de Lugo) para aplicalas a diversas clases de **fouce** segundo sexa o seu tamaño ou a súa finalidade creando un sistema propio de distribución que dificilmente coincide co sistema das comarcas veciñas. Soamente podo dicir que as **fouces**, **fouciñas**, **fouciños** que se usan como podadeiras son chamadas en bastantes lugares **foucegatas** ou **foucelanzas**.

¿Como sería a *fouce do avó* á que Curros Enríquez dedicou un soneto ou a do afiador de *Cousas* de Castelao que ía *armado de fouce* ou a do fato de segadores que Rosalía viu en Castela *de polvo e sudor cubertos ca fouce ó lombo* ou a **fouciña** da protagonista rosaliana de "A xusticia pola man" *dun salto con rabia pillei a fouciña...?*

489. Alcuños e alcumes

A palabra árabe *kunya* 'sobrenome' comezou na Idade Media a ser usada para designar un nome que caracterizara a unha persoa por calquera das súas particularidades físicas ou morais ou por motivo de comparacións con animais ou obxectos. O seu descendente castelán *alcuña* ennobreceu esta forma (transformándoa en *alcurnia*) dándolle o valor de 'liñaxe ou avoengo distinguido'.

Sen embargo, en galego e portugués **alcuña** tomouse no sentido despreciativo, festivo e irónico. No século dezaoito o P. Sobreira traducía esta palabra ó castelán por *mote* ou *apodo* e foi empregada tamén polo P. Sarmiento. Pero hoxe na fala viva atopamos moi espallada polas provincias de Lugo e Pontevedra esta forma como **alcuño**, voz que tamén empregan os escritores. Castelao fai uso desta palabra en exemplos como os seguintes: *eran verdadeiros traidores e non merecían outro alcuño... aldraxándoa co alcuño de Beltraneja...* e do verbo derivado dela **alcuñar**: *Cando o señor abade alcuñaba a Pedriño chamándolle "comellón de mazáns"... Era un home e máis unha muller alcuñadas Barrote e Xarda... un rillote alcuñado "Aspirina"*.

Da antiga palabra **alcuña**, por influencia tal vez de **nome**, **sobrenome** ou outras voces rematadas en *-ume* xurdiu a verba **alcume**, que recolle tamén o P. Sobreira como escoitada nas Mariñas e Ribadeo e que hoxe está moi representada na provincia da Coruña e tamén nas de Lugo e Pontevedra, podéndose escoitar nalgures variantes como **alcuma** e **alcumio**.

Alcume e o verbo **alcumar** son hoxe, coido eu, os verbos máis correntes no nivel literario da lingua. Sirvan como mostra estes exemplos tomados de Rosalía e Castelao: *Cara de pote fendido*, *ten de alcume... por iso a verba "burro" é un alcume aldraxante para eles... os pasatistas alcúmanse "naturistas"...*

Así pois tanto dá **alcuño** como **alcume** e **alcuñar** como **alcumar**, do mesmo xeito que en castelán existe hoxe a parella de sinónimos *apodo* e *mote*, os cales, por certo, están moi estendidos pola provincia de Ourense.

490. Poñer nome a unha cousa nova

Cando os donos dun barco ou dun avión ou de calquera outra cousa queren pórlle nome, fan normalmente unha festa para ese acto inaugural. "Poñer nome a unha cousa nova" é o mesmo que fan os cristiáns cando lle poñen o nome a un neno na administración do primeiro dos Sacramentos da Igrexa.

A verba empregada polos cristiáns para esta festa relixiosa está tomada do grego e pasou ó latín eclesiástico como BAPTIDIARE ou BAPTIZARE. Da primeira voz saíu a palabra popular *batejar* en catalán e **batear** en galego e castelán. Nesta segunda lingua, segundo o *Diccionario da Real Academia Española*, é voz xa anticuada, pero en galego **batear** é verba corrente en moitos lugares de Galicia, que foi empregada xa nas *Cantigas de Santa María*, e que usan aínda moitos escritores xunto co seu derivado **bateo**: *ao remate fica a boa auga cristiá do bateo* é frase que tomo de Otero Pedrayo. Pero eu non sei se un falante que di normalmente *batearon onte o fillo do Paco é quen de dicir no Ferrol batearon unha fragata as autoridades*.

Coido que para este caso emprégase un derivado do verbo latino BAPTIZARE. Pero este verbo ten moitas variantes na súa evolución fonética xa desde a Idade Media (*baptizar*, *babtizar*, *batizar*, *bautizar*, *boutizar*) e resulta imposible dicir cal desas formas é a máis correcta no día de hoxe. A única solución para un lingüista é sinalar cal é a máis usada.

En galego dise hoxe tanto **bautizar** coma **boutizar**, se ben a normativa oficial prefire a primeira forma, e aínda hai escritores que usan un novo derivado: **bautismar**. Os portugueses usan pouco *bautizar* porque prefiren a forma máis culta: *baptizar*, pero os brasileiros prefiriron o popularismo *batizar* (que tamén temos rexistrado nalgún punto de Galicia).

E a mesma complicación temos para os derivados de BAPTISMUM tanto na Idade Media coma hoxe. En galego están vivas as formas **bateo**, **batismo**, **boutismo** e **bautismo** (esta última é a recomendada pola normativa oficial), en portugués úsase *baptismo* e *bautismo* e en brasileiro *batismo*.

En fin, non é doado resolve-los problemas de unificación de variantes dentro de calquera sistema lingüístico. Soamente o tempo dirá a última palabra. Entre tanto consigamos que non nos dean viño ou leite *bateados*, *bautizados*, *boutizados*, *batizados* ou *baptizados*.

491. O patrio chan

J.A.O.G., do Grove, escríbeme para manifestarme que el dixo sempre **chan** para o que os castelans chaman *suelo* e que agora escoita ás veces a verba **solo** que se está espallando bastante nos medios de comunicación...

A palabra **chan** tiña en principio a significación do seu étimo latino PLANUS, 'igualado, liso, plano', e así podemos falar de terreo chan e de terra cha. Como nome, **chan**, voz exclusiva da fala popu-

lar do occidente galego, se ben é moi empregado polos escritores de todas partes, ou as súas variantes **chao** e **chau**, que son as voces normais nas zonas do Centro e do leste de Galicia, significa un terreo chan ou unha planicie ou chaira. Hai bastantes nomes de lugar que se chaman **Chan**, **Chao**, **Chaos**, **Chaus**, etc., porque esas poboacións foron establecidas en sitios chans.

Pero como xa dixemos nalgunha outra ocasión **chan** tomou tamén os significados da voz latina SOLUM (*suelo* en castelán) que tivo que evolucionar en galego en **so**, voz que se confundiría co *só* de estar só e seica por iso ou por outras razóns desapareceu.

Chan ten hoxe fundamentalmente o sentido de porción da superficie terrestre onde pisamos, onde construímos, onde poñemos algo ou o piso ou o pavimento dunha vivenda. Os nosos grandes escritores fixeron moito uso desta voz. Rosalía dáballe incluso valor de 'terra' nestes versos: *No ceo*, *azul crarísimo*; / *no chan verdor intenso... cun ollo posto no chan e outro onde as casas fomegan...* Curros Enríquez emprega sobre todo **chau**: *tirando ó chau a monteira... tiña o pucho no chau pra que botase a esmola quen quer...* Castelao usa **chan**: *Pedro esnafrouse contra o chan... emborcoulle o cesto no chan...* E Otero Pedrayo, a pesar de ser da zona onde se emprega **chao**, escribía máis a miúdo **chan**: *derrumbado polo chan... colleitas do chan... o bulto cai ó chan...*

Tamén é moi corrente o emprego de **chan** como país, nación, bisbarra ou lugar onde un nace: *que os mortos si lexanos dormen / do patrio chan* (Rosalía), *de volta pró chau paterno* (Curros), *tendida no chan dos antigos celtas... no céltico chan* (Pondal), etc.

492. Ano de noces, ano de voces

Hoxe imos falar das **noces**. En toda Galicia é coñecida a voz **noz** (se ben nos lugares máis occidentais pronúnciase con seseo: **nos**), que é o resultado normal da evolución fonética da palabra latína NUX, NUCIS.

A **noz** non só é o froito comestible producido polas nogueiras e mesmo o doutras árbores (*noz de coco*), senón tamén o nó saínte na parte anterior do colo dos homes. En moitos refráns son citadas as **noces**: *Deus dá as noces a quen non ten dentes... Dunha noz pequena nace unha nogueira... Non son tantas as noces como as voces... Uns comen as noces e outros levan as azoutes...*

Sen embargo, da voz grega *caryon* que significaba 'noz' quedan tamén varios descendentes en galego que chegaron á nosa lingua a través das verbas latinas CARYOLUM e CARYDIUM. Destas formas proceden **carola** que amais de significar 'piña do piñeiro manso' e 'bola de bosta' designa a noz nalgúns lugares, **carolo** que é especialmente 'anaco de pan duro ou carocho' ou 'corazón da mazorga de millo', pero que designa tamén 'noz' en bastantes sitios de Galicia, **carozo** que é sinónimo da voz anterior, significa 'corazón de moitas froitas' e se denomina nalgures 'noz', e **carrola**, nome co que se coñece a noz na parte sur da provincia de Lugo.

Da mesma orixe que **concha** é a voz **concho**, coñecida xa no século dezaoito polo P. Sarmiento que a definía así: "Llaman así en Chantada a las nueces tiernecitas, casi como leche", e polo P. Sobreira da que dicía: "es la corteza verde de noz; la que mancha mucho". No sur da provincia de Lugo e na de Ourense son chamadas **conchos** as noces cando teñen as cascas exteriores e mesmo cando xa están escaroladas, é dicir, cando xa están sacadas da casca verde. As cascas verdes das noces son coñecidas nalgunhas partes como **cagarrios**.

Nalgún diccionario aparece **ferreño** como 'noz pequena de casca moi dura'. Coido que a verba **ferreño** é simplemente un adxectivo que significa 'semellante ó ferro' e 'duro' e que como tal adxectivo é aplicado á noz dura ou *noz ferreña*, pero que nunca chegou a substantivarse co valor de **noz**.

493. As nogueiras

¿Como se chaman as árbores froiteiras que producen as noces? Se as noces nun lugar determinado de Galicia son coñecidas co nome de **carolas** ou **carolos** as árbores serán chamadas **caroleiras** e se **carrolas**, **carroleiras**. Pero onde eu escoitei denominar **carozos** ás noces nunca escoitei dicir *caroceiras* ás árbores froiteiras correspondentes a esa froita e empregaban outras denominacións.

Concheiras en grande parte da provincia de Ourense e **concheiros** na mesma provincia e no sur da de Lugo son os nomes correntes para estas árbores que producen conchos.

Pero a voz máis común e máis espallada por toda Galicia é a de **nogueira**, derivada da forma vulgar latina NUCARIA. **Nogueira** (que nalgures ten a variante **nugueira** e noutras partes **nogueiro**) é a forma máis empregada polos escritores. Sirva de exemplo esta frase de Castelao: *As nogueiras e castiñeiros que dan hoxe noces e castañas non as prantáchedes vosoutros. Foron vosos abós.*

Máis moderna paréceme a denominación de **noceira**, que é tamén bastante empregada na fala popular de todas partes, porque coido que é un derivado romance de **noz** maila terminación *-eira*, propia de moitas árbores froiteiras: **cerdeiras**, **maceiras**, **pereiras**, **figueiras**, **laranxeiras**, etc., se ben hai nalgunhas localidades a forma masculina, **noceiro**.

Hoxe atopamos en moitos lugares o nome de **nogal**, que eu considerei nalgunha ocasión que era un castelanismo porque **nogal** significa en portugués o mesmo que **nogueiral**, **nogueiredo** ou **noceda** e porque na toponimia galega hai uns setenta nomes de lugar que se chaman **Nogueira** ou **Nogueiras** e só hai dúas parroquias dun concello que se chaman **Nogales** ou **Nogais**. Hai na toponimia tamén **Noceda**, **Nocedo**, **Nogueiredo**, **Nogueirido**, etc., que indican lugares con moitas **nogueiras**, pero, repito, ¿como é posible que só nun concello haxa **nogais**? Eu sigo dubidando se a voz **nogal** é realmente verba galega patrimonial ou palabra importada do castelán.

494. Connosco e convosco

Pregúntame un lector se as formas **connosco** e **convosco** que el estudiou na escola son as únicas correctas para indica-la ligazón da preposición **con** e os pronomes **nós** e **vós**.

Sen dúbida esas formas **connosco** e **convosco** son as máis tradicionais da nosa lingua e teñen os seus antecedentes nas construccións latinas NOBISCUM e VOBISCUM que se transformaron nas palabras romances *nosco* e *vosco*, das que temos testemuños nos textos medievais. Pero xa nesa época medieval parecían pouco expresivas esas formas para amosa-la súa significación de 'en compañía de nós' e por iso recibiron de novo a preposición **con** converténdose así nas actuais **connosco** e **convosco**.

Connosco e **convosco** seguen usándose no portugués e no galego culto e no galego popular da maior parte da provincia de Ourense e da parte occidental da provincia coruñesa e perdéronse en todo o ámbito do castelán e en moitos puntos de Galicia.

Hoxe hai moitos galegos que din **con nós** e **con vós** (ou **con nosoutros** e **con vosoutros** como fan a maior parte dos falantes de Lugo) que son construccións modernas que non van contra o sistema propio da nosa lingua porque representan evolucións normais de toda linguaxe que está sempre en constante movemento.

Nembargantes hai práctica unanimidade nas gramáticas normativas para aconsella-lo uso de **connosco** e **convosco** por ser estas as formas máis tradicionais e máis empregadas no galego literario e culto.

495. Síntome avergonzado

Hai uns días chamaba eu a atención desde estas liñas sobre a existencia de certos locutores que dan a impresión de querer esmagar a mantenta, adrede, a propósito, intencionadamente, a nosa lingua coa súa pronuncia aberrante.

O domingo pasado volvín escoitar ó mesmo falador da mesma radio e sentinme avergonzado de ter que aturar unha constante rea ou ringleira de erros lingüísticos seica voluntarios e conscientes, porque do contrario non é doado comprender que se fagan tantas faltas gramaticais por minuto na colocación dos pronomes antes ou despois dos verbos.

Coido que é moi grave (gramaticalmente falando) que alguén (e sobre todo se ese "alguén" é un locutor radiofónico) diga frases coma as seguintes: *me sinto moi ben hoxe*,.. *ti te sintes bastante mal*... *o deixamos por imposible*... etc. en menos de cinco minutos de emisión. Debo confesar que nun par de veces puxo o pronome no seu sitio correspondente tralo verbo, pero tamén se pasou; dixo perfectamente *dígoche*... (pero continuou así) *que eles vanse mañá*...

En fin, creo que non paga a pena volver sobre o tema da colocación do pronome persoal e dar explicacións do que se atopa en tódalas gramáticas ou na fala de calquera falante normal.

Eu síntome avergonzado cando un profesional da pluma ou do micro esmaga o noso sistema gramatical polo simple gusto de amolar a quen os le ou escoita.

496. Chameite para che dar un libro

Un dos fenómenos morfolóxicos que diferencian o galego normativo doutras linguas e mesmo do portugués é a existencia de dúas formas do pronome átono de segunda persoa do singular. Obsérvese estas frases nosas: *vinte onte e deiche un libro* fronte á portuguesa *vi-te ontem e dei-te um livro*.

A existencia dunha oposición do chamado caso de acusativo, **te**, como por exemplo aparece en *chameite* ou *deixoute* e do dativo, **che**, como aparece en *pegouche unha labazada* ou *¿prestouche o libro?*, é maioritaria na maior parte dos falantes galegos.

Sen embargo, se escoitamos falar a algunhas xentes de Muros, de Rianxo e doutras partes da zona occidental da provincia da Coruña, notaremos que unicamente empregan a forma *che*, xa que din *vinche onte e chameiche* no canto de *vinte e chameite* e naturalmente din *deiche o libro*, como no galego común.

Por outra banda, as xentes das bisbarras de Tui, de Tomiño e da Guarda, así coma outras da parte suroriental da provincia de Ourense teñen como forma única o pronome **te**. De aí que se escoite a estes falantes dicir *non to dou*, *xa te dixen* no canto das frases normais do galego común *non cho dou*, *xa che dixen*.

Pero o galego normativo imposto polas gramáticas e polas institucións académicas esixe que se marque a diferencia entre **che** e **te**, xa que é unha norma maioritaria no galego vivo e ten xa unha longa tradición na nosa literatura. Como diciamos no noso anterior comentario sobre o plural de animal o estudio do galego na escola e o bo uso da nosa lingua nos medios de comunicación social fará que na lingua común se impoña esta diferenciación típica da nosa lingua de usa-la forma de dativo, **che**, en casos como *leveiche un par de libros* e a forma de acusativo, **te**, en casos como *leveite á praia*.

497. ¿Fas ti o caldo?

O galego é unha lingua conservadora en comparación coas outras linguas romances, pero hai aspectos moi concretos na súa morfoloxía onde aparecen innovacións salientables como pasa co emprego do pronome **ti**.

Ti é, pola súa orixe, un descendente do latín TIBI e úsase con preposición en casos como: *de ti non espero nada*, *en ti non teño fiuza*, *para ti non traballo máis*, etc., do mesmo xeito que se fai en portugués. Pero na nosa lingua impúxose, en liñas xerais poderiamos dicir que nas provincias da Coruña e Pontevedra e zonas occidentais das de Lugo e Ourense, o uso de **ti** nos mesmos casos que no galego do resto de Galicia, do portugués e demais linguas románicas se emprega o pronome tradicional **tu**.

¿Fas ti o caldo?, *¿Falo ti ou fágoo eu?*, *Ti non sabes facelo*, etc. son frases normais do uso de **ti** como pronome suxeito. Dado que este uso marca un diferencialismo coa lingua castelá é moi empregado polos escritores, mesmo dos que non o teñen na súa fala familiar. E hoxe podemos dicir que no galego estándar e no nivel literario é a forma preferida e está penetrando paseniñamente na fala popular das zonas orientais.

Este uso de *ti* como pronome suxeito aparece xa nos textos medievais galego-portugueses: *dime ti*... e mesmo na fala popular portuguesa actual nalgunhas expresións. Nas obras de Gil Vicente atopamos expresións como as seguintes: *mas casémonos eu e ti*... *ora vamos eu e ti*...

O curioso é que na zona do uso de **ti** no canto de **tu** non xurdira tamén un uso de **mi** no canto de **eu**, como pasa nos dialectos do norte de Italia onde ás expresións italianas normais *io canto*, *tu canti*... corresponden *mi canto* e *ti canti*.

En fin, **ti** é hoxe a forma recomendada polas gramáticas normativas sen que por iso debamos condena-la forma **tu**.

498. O plural de "animal"

Hai xentes que queren impoñer ós demais o seu xeito de falar e escribir sen admitir que os outros falantes tamén teñen dereito a expresarse na modalidade que lles é normal no seu ambiente familiar ou social en que viven. Pero a lingua común é unha abstracción que serve como modelo ou patrón para un mellor entendemento de tódolos membros dunha comunidade lingüística.

Teño un par de coñecidos que rexeitan a voz **animais** como plural de **animal** porque eles no seu marco familiar e social non a escoitaron nunca. Con todo, o máis curioso do caso é que eles mesmos non se poñen de acordo sobre como debe se-lo auténtico plural desa voz, xa que un afirma que el escoitou e dixo sempre **animales** e o outro insiste que na súa familia e incluso na súa vila ninguén coñece outra forma que **animás**.

Fíxenlles ver (inutilmente, por certo) que todos eses plurais poden darse dentro do noso sistema lingüístico e intentei explicarlles un pouco da historia desta palabra. O plural da voz latina ANIMAL era ANIMALIA e, como esta voz non daba claramente a idea de plural nas linguas romances, fíxose un plural analóxico cos outros que remataban en *-es*: *animales*, que evolucionou foneticamente en *animaes* (que foi corrente na Idade Media e que aínda din e escriben algúns), voz que nalgúns lugares pasou a pronunciarse **animais** (como no galego oriental e en portugués) e noutros **animás** (corrente en bastantes puntos de Galicia).

Así mesmo outros falantes do norte de Portugal e de Galicia refixeron de novo o plural desta voz engadindo a terminación *-es* ó singular como fan con outras palabras. Se de **mal** temos **males** e de **fel**, **feles**, ¿por que non de **animal**, **animales**?

En fin, hai razóns para calquera solución, pero as gramáticas e as normativas da nosa lingua escolleron para a lingua común a solución tradicional **animais**, que pouco a pouco vai impoñéndose en tódolos niveis. Os meus coñecidos irán dándose de conta como ós seus fillos non lles vai chocar nada este plural, **animais**, que aprenden na escola e escoitan normalmente nos medios de comunicación social.

499. Avales parlamentarios

Contáronme que hai uns días unha comisión do noso Parlamento, moi celosa da transcendencia dos seus actos lexislativos verbo da vida financeira do noso país decidiu alarga-la súa competencia a un terreo bastante esbaradizo ou escorregadizo: á vida gramatical da nosa lingua e máis concretamente á morfoloxía nominal e aínda máis especificamente á formación do plural da palabra **aval**.

As palabras galegas de varias sílabas que rematan en *-al*, *-el*, *-ol*, *-ul*, e teñen acentuación aguda, forman o seu plural cambiando o *-l* en *-is*: **pardal**, **pardais**; **animal**, **animais**; **papel**, **papeis**; **español**, **españois**; **azul**, **azuis**; e as que rematan en *-il* fano cambiando o *-l* en *-s*: **funil**, **funís**; **civil**, **civís**.

Agora ben, se as palabras polisílabas agudas son compostas (**ollomol**, **chuchamel**), entón fan o plural do mesmo xeito que as polisílabas non agudas (**canibal**, **túnel**, **cónsul**) e as palabras monosílabas (**mal**, **cal**, **tal**, **sal**, **mel**, **sol**), é dicir, engadindo *-es* á forma do singular: **ollomoles**, **chuchameles**, **canímbales**, **túneles**, **cónsules**, **males**, **cales**, **tales**, **sales**...

Pero as cousas gramaticais non son tan simples como parecen e así temos que hai palabras que non seguen as normas que establecen os gramáticos. Pouco a pouco as xentes van dicindo **animais**, como queren as normativas da lingua, en vez de **animás** (forma bastante espallada en Galicia) ou **animales** (forma tamén moi popular tanto en Galicia coma en Portugal).

Con todo hai palabras como **real** que non queren baixo ningunha circunstancia ser como as demais e mesmo as gramáticas galegas aceptaron que o plural de **real** e **reás**, do mesmo xeito que as portuguesas aceptaron o plural **reis** para esta mesma voz.

En canto a **aval**, palabra claramente de orixe francesa nas linguas peninsulares e de etimoloxía moi discutida, debemos dicir que seica por ser estranxeirismo forma en galego e en portugués o plural en *-es*: **avales**. Agora ben, non hai nada na lingua que os homes non poidan cambiar e se os parlamentarios galegos decidiron que o plural de **aval** é **avais**, pois adiante con esa forma. Convirtámo-los **avales** cumulativos, simultáneos, etc., en **avais** parlamentarios... A estructura da nosa lingua non vai modificarse moito polo feito de que os nosos parlamentarios empreguen **avais** por **avales**. A min tamén me gustan máis os **avais** cós **avales**, pero non me atrevo a usar ese plural mentres o pobo e os gramáticos non o usen.

500. O problema do leite

Eu estou afeito a escoitar os problemas do leite **callado** ou **preso** ou **represo** ou **tomado** e mesmo do leite **mazado** e tamén do leite **cortado**.

Sentín moitas veces falar do rica que estaba a **cima** do leite e das **cordas** do leite das vacas. Tamén sei que cando unha vaca deixa de dar leite dise dela que *se lle ergueu o leite*.

Eu non son especialista de nada que teña que ver co leite, pero ando preocupado desde que escoitei pola radio algúns eslogans electorais que cantan *a nosa leite*. En principio pensei que se trataba dalgún erro de pronunciación dos locutores, pero vin tamén nalgúns periódicos anuncios nos que insistían niso *da nosa leite*.

Teño a impresión de que aquí algo non funciona ben. Paréceme que as mensaxes que lanzan as ondas radiofónicas e os anuncios dos periódicos sobre *a nosa leite* deben ter algo que ver *co noso leite*. Coido que algúns conselleiros de imaxe e de redacción de frases electorais dos partidos galegos non deben estar moi a ben coa lingua galega ou seica pensan que, por se-lo leite cousa das femias, cren que esta verba é do xénero feminino.

Pois non. En galego, como en portugués, francés e italiano **o leite** é do xénero masculino como o son tamén outras palabras que en castelán son femininas. Así dicimos tamén **o mel** (*debaixo do mel está moitas veces* **o fel**), **o sal** (*derramarse o sal é* **mal sinal**) **o sangue** (*férveme o sangue no corpo*).

501. Que me soupo que la mar

No poema de Rosalía de Castro "Miña casiña, meu lar", aparecen os seguintes versos: *Fixen un caldo de groria / que soupo que la mar*, / *fixen un bolo do pote / que era cousa de envidiar*, onde atopamolo verso do encabezamento deste comentario: *que me soupo que la mar*, que ten o claro sentido de 'que me soubo moi ben' ou mesmo de 'que me soubo como un manxar exquisito' ou 'que me soubo marabillosamente' ou incluso poderiamos dicir 'que me soubo gorenteiro'.

Rosalía botou man neste caso da expresión castelá *la mar de* para significar 'moito'. Naturalmente non é doado traducir dunha lingua a outra literalmente locucións dese tipo. ¿Acaso podería dicirse en galego *que me soupo como o mar*? Probablemente na fala de Rosalía estaba moi vivo ese castelanismo e escribiuno sen pensar na súa adaptación ó galego.

O xénero da palabra **mar** (pola que me preguntaba un lector hai xa tempo) era neutro e como tantos outros neutros latinos debía pasar a masculino, pero tal vez pola influencia da palabra terra fíxose feminina na maior parte das linguas romances. En castelán mantívose sempre como masculina e feminina, pero en galego e portugués foi tradicionalmente masculina, aínda que haxa algúns casos nos que aparece como feminina por influencia castelá pois mesmo en voces como **preamar** e **baixamar** non podemos consideralas como autóctonas, senón importadas da linguaxe náutica de orixe catalana-castelá.

Na fala popular de hoxe en Galicia hai bastantes xentes que a usan como feminina, incluso nos portos de mar onde podemos escoitar ás veces *mar gorda*, *mar picada* ó lado de **mar aberto**, **mar picado**, **mar chan**, etc.

Entre os escritores o normal é o emprego da forma correcta co artigo masculino: *o fero mar... doce brisa do mar* (de Pondal), *pelras dos mares... o mar tormentoso* (Curros), *camiño do mar salado... deixo a veiga polo mar... o bravo mar* (Rosalía), *no mar atreboado... dos mares lumiosos* (Otero Pedrayo), etc., se ben estes dous últimos empregan ás veces a forma feminina: *mar traidora*, *mare tormentosa e á mar amigos* (de Rosalía), *xurdía da mar... viaxe pola mar... a mare baleira...* etc. (de Otero Pedrayo).

Con todo, o uso da voz galega **mar** recuperarase totalmente se a escola e os medios de comunicación non espallan usos anómalos da nosa lingua.

502. Estou a escribir

Agora mesmo estou a escribir unha resposta a X.P.M. do Carballiño, que desexa que o "alumee nunha dúbida que teño desde hay algún tempo encol do xerundio da nosa escrita, porque eu por moitas voltas que lle dou non remato de saber se teño que pór: estou escribindo ou a escribir, estou traballando ou a traballar...".

A construcción do verbo **estar** co xerundio en exemplos como os que X.P.M. escribe é moi antiga e está xa testemuñada nos primeiros textos medievais. Indica acción verbal imperfectiva normalmente de corta duración: *¿Que estás dicindo rapaza? ... Que estou morrendo... chorando eu estaba... ¿Estou soñando ou desperto? ... I agoiraba auroras novas que xa están alborexando... Estiven escoitándoo... Non sei que estaba pasando...*, e indica ás veces que esa acción tamén pode representar unha duración repetida: *por mal que che fose*, *estou pensando que... Os homes estaban disparando*.

Esa acción que indica duración ou continuidade pode expresarse tamén tanto en galego coma en portugués co verbo **estar** seguido da preposición **a** e dun infinitivo. Na fala popular é algo moi típico da parte occidental das provincias da Coruña e Pontevedra onde é case máis normal dicir *estou a escribir* que *estou escribindo*.

Hai escritores que fan moito uso desta construcción por ser nativos de onde esta construcción é moi popular, como é o caso de Castelao, pero hai outros moitos onde a temos rexistrada: Blanco Amor, Cunqueiro, Fole, Neira Vilas, etc. *Onte estabamos a cear e de arrebato a miña muller rompe a carpir...*; *estaba a facer...*, *estaba a ler*; *estaba a vivir na súa casa...* etc.

En fin, tanto dá escribir: *estou escribindo*, como *estou a escribir*. Pero téñase en conta que **estar** máis **a** máis infinitivo pode significar ademais 'acción que está a piques de suceder': *Están a cae-las doce e temos que nos dar présa... Tanto me amolou que estiven a darlle un par de labazadas...*

503. Veño de vir de ver un filme

Varias veces escribín xa nas páxinas de *La Voz de Galicia* sobre o éxito da construcción francesa *ll vient de partir* (que en galego significa **acaba de marchar**), porque constitúe un verdadeiro andazo entre os nosos escribidores e faladores o calco desta expresión típica francesa na nosa lingua.

Non hai día que non lea nin escoite frases semellantes a ese modismo galo: *vén de ser aprobada tal Lei polo Parlamento... vén de aparecer un libriño sobre...* etc. E o máis grave é que xa aparecen nas pantallas, nas ondas, nos periódicos expresións coma as seguintes: *veño de ler este libro* (sen que eu veña de ningures), *veño de pronunciar estas palabras* (sen moverme de onde estou sentado), etc., dando a entender claramente que *veño de ler* ou *veño de pronunciar* significan *acabo de ler* ou *acabo de pronunciar*.

En resume, hoxe en día, para moitos **vir de** non significa vir de algures, senón **acabar de**, sen haber indicación de movemento. Este fenómeno deuse tamén na lingua portuguesa e foi moi condenado polos gramáticos. Coido que neste caso a loita polo purismo do sistema gramatical galego e portugués está resultando inútil...

Eu guindo xa fóra as miñas barreiras defensivas ou protectoras de **acabar de** e pasarei ó uso de **vir de**... Cando eu queira dicir que acabo de ver un filme direi *veño de ver un filme* e cando queira dicir que veño de un filme direi polo de agora *veño de vir de ver un filme*.

Posiblemente non haxa que preocuparse moito. As linguas teñen artes especiais para inventar novas expresións e palabras. Seica pronto sairá un novo verbo distinto a **vir** e que significará efectivamente o noso **vir** tradicional...

504. Estar a carón ou a rente

Temos falado de como **aquí** sinala o lugar onde nos atopamos e de como **preto** indica o que está cerca de nós. Pero se queremos indicar que algo está moi **preto** de min, podemos botar man doutras locucións adverbiais ou prepositivas: *Xan está ó lado*, *ó lado de Xan hai un can*, *ó pé da túa casa hai unha árbore*, etc.

Moi usada para indicar unha maior proximidade cá de **preto** é a locución adverbial **a carón**, que ten unha longa tradición, pois existiu tamén en portugués antigo e queda aínda nalgúns dialectos: *Ven connosco*, *ponte aquí a carón*. Ademais **a carón** significa tamén 'a ras, pola raíz': *corta o millo a carón*, *notei que uns anxelotes tiñan as pernas cortadas a carón*.

Aínda máis corrente é a locución prepositiva **a carón de**: *o hórreo está a carón da casa*, *aparecen dous espantallos a carón do fondo*, *a carón de min traballa un compañeiro*, *funme pondo a carón deles...*

Deste adverbio xurdiu o verbo **acaroar** que significa 'pasar ó carón ou pasear rozando': *o avión pasou acaroando a praia*; *aproximarse*; *Xan non se atreveu a acaroarse e tamén cortar algo pola raíz*; *acaroei a barba*.

Non sabemos de onde procede esta palabra. Pensouse en que pode ser derivada dunha voz prerromana, da palabra *cara* e mesmo dun descendente de *carne*. Desde logo existe en galego o nome **carón** (que descende dunha forma latina vulgar derivada de carne CARONE) que é a parte carnosa dunha mazá ou dunha castaña.

E como sinónimo de **a carón** temos **a rente**, que procede do verbo latino RADERE 'raer' e ten tódolos valores de **a carón** e en tódolos exemplos que acabamos de citar pode substituílo. E tamén de **a rente** xurdiu o verbo **arrentar** (coa variante **rentear**) que ten unha extensión moito menor cá de **acaroar**.

505. ¡Canté!

F.R.F., de Lugo, dime o seguinte: "Un tío carnal meu, da aldea, acostumaba dicir **canté** cando quería dar a entender que calquera cousa que fora boa e lle viñera, como, por exemplo, a lotería, daríalle ledicia, pracer, felicidade. *¡Oi, se viñera!¡Canté!*, dicía el. ¿Pódeme vostede falar desta palabra?"

¡Canté! é unha interxección bastante común. Xa está rexistrada no século dezaoito polo P. Sarmiento que di que é "un famoso adverbio gallego que se aplica a mil asuntos. Se afirma con él, niegan, admiran, se mofan, etc." e polo P. Sobreira que a dá como propia de Ribadavia.

O diccionario de F.J. Rodríguez de 1863 recóllea tamén e vale a pena copia-la súa explicación: "Interjección de aprobación irónica como '*eso era lo que tú querías*, *lo que te gusta*', pero para sus adentros '*no puede ser*, *no lo mereces*', etc. Es muy difícil expresar en castellano la fuerza de esta voz que varía según el retintín, recancamilla, tono, etc., del que la dice y según el sentido de buenos deseos, indiferencia o desprecio que muestre el interlocutor... También, ojalá, así sea".

No diccionario da Real Academia danse varios exemplos literarios do uso desta interxección: *Dios queira e Santa María / de esta escravitú sacarnos / e como nosos abós / terá justicia en Santiago. / ¡Ay, canté! ese era o modo / de nos salir de este estado / de miseria en que nos vemos / por mal dos nosos pecados* (Turnes, Diálogo); *Se che digo que fora meu encanto / vivir sempre onda ti, xuntos morrer, / terás dito que sintes outro tanto / como escramar ¡canté!* (Lamas Carvajal, *O falar das fadas*).

¡Canté! é voz pois recollida en tódolos diccionarios como interxección, sinónimo de **oxalá**, que expresa aprobación irónica ou desexo inasequible.

A orixe desta voz debe se-la expresión **¡canto é!** En portugués antigo existían tamén as formas *canté* e *cantés* (que están en Camões) así como *quanté* e *quan*tés, que desapareceron da lingua literaria, pero que se conservan aínda hoxe nalgúns dialectos do Norte e Centro de Portugal.

506. Amañecer

Hai veces que a escritura incorrecta dalgunhas palabras trae consecuencias funestas para a súa normal pronuncia. As xentes que falaron sempre galego non teñen naturalmente ningún problema deste tipo, como tampouco o teñen os nenos que xa estudian a súa lingua na escola.

Pero quedan hoxe unha serie de persoas que usan un galego "sui generis" desde os medios de comunicación radiofónica que fan estronda-los oídos de calquera oínte normal. Non comprendo como algúns locutores brincan por riba de toda norma prosódica sen se decatar de que teñen a responsabilidade moral de non corrompe-la lingua que están a usar. Unha simple ollada a un manual de lingua galega para nenos de E.X.B. bastaría para corrixir certos vicios de dicción.

O domingo pasado escoitei un programa mañanceiro dunha radio oficial que tiña certa gracia pero de sotaque sae un locutor dicindo *a-ma-ñes-ce un bo día*. Pensei que ese erro de pronunciar *-ñes-*

era un descoido pero ó pouco volvinlle a escoitar outra frase onde cometía o mesmo erro: *o escritor nasceu e fa-les-ceu na nosa cidade*.

Coido que a desinformación dese locutor (á parte de non saber ben o galego) radicaba en ver nalgunhas ocasións escritas as formas antigas **amañescer**, **nascer** e **falescer** en vez das normais **amañecer**, **nacer** e **falecer** e pronunciaba as formas ortografiadas ó estilo medieval como se fosen palabras modernas. Un escritor pode escribir, se lle peta *amañesce*, pero nunca se poderá pronunciar *a-ma-ñes-ce* porque nin antes nin agora existiu esa pronuncia. Tódolos verbos rematados en *-ecer*, inda que aparezan escritos baixo as formas arcaicas de *merescer* ou *padescer* ou *pascer*, teñen que ser lidos sen os *-s-* superfluos: **me-re-cer**, **pa-de-cer** ou **pa-cer**.

507. Estaban alí ámbolos dous

Xa nun comentario fixemos referencia ó uso do adverbio **u** acompañado do artigo **lo**. Seica é conveniente dicir que esa forma **lo** é o antecedente do actual **o**.

As palabras latinas ILLUM, ILLAM eran exclusivamente pronomes ou adxectivos demostrativos equivalentes ós actuais **aquel**, **aquela**, pero ó longo dos tempos convertíronse en pronomes persoais e en artigos. A evolución fonética destas formas foi similar en case tódalas linguas romances e así temos que pasaron a ser desde moi cedo *elo* e *ela*, que debido á súa pronuncia sen acento por ir aglutinadas a nomes ou a verbos perderon a sílaba inicial. De aí naceron as formas **lo**, **la** que son comúns en varias linguas romances.

Sen embargo na lingua galega e portuguesa deuse un fenómeno fonético característico que a diferencia doutras linguas: a perda da consoante *l* cando vai entre vocais, como vemos nas palabras como FILU, SALUTE, AQUILA, etc., que se converten en **fío**, **saúde**, **águia**; etc. Así pois, cando **lo**, **la** ían precedidos dunha vocal perderon tamén o *l*. Daquela as frases como *como lo pan*, *tiro la pedra*, *mírolo*, *mírola*, pasaron a ser *como o pan*, *tiro a pedra*, *míroo*, *míroa*.

Pero cando ***lo*** e ***la*** ían precedidos de consoantes non ocorría este fenómeno e conserváronse formas sen modificación. Con todo, as formas reducidas *o*, *a* foron xeneralizándose, quedando hoxe tanto en galego como en portugués os pronomes *lo*, *la* nas formas verbais: *amarlo* pasou a **amalo** e *ti amas lo* converteuse en **ti ámalo**. O galego segue conservando tamén **lo**, **la** nas mesmas condicións, cando funcionan como artigos: *ti áma-la tranquilidade*, *hai que ama-la paz*.

Tamén quedaron estes artigos **lo**, **la** en determinadas expresións nas que ían precedidas dunha palabra rematada en *-s*. No portugués antigo rexístranse moito as expresións **tódolos**, **ámbolos**, que son hoxe completamente normais en galego, e mesmo outras como a preposición portuguesa *pelo* ou a galega **polo** que son formas únicas en ámbalas dúas linguas no día de hoxe. Digamos que no portugués popular aínda existen *mailo* e *poilo* que na lingua escrita aparecen grafiadas *mais o*, *pois o*.

En fin, volveremos outro día falar de máis restos dos artigos **lo**, **la**, **los**, **las**.

508. A orixe de "alomenos"

Carlos C., da Coruña, preguntoume sobre a orixe das voces **ámbolos** e **alomenos** e no último comentario expliquei xa o porque da conservación do artigo **los** en **ámbolos**. Hoxe intentarei dicir algo sobre **alomenos**.

Que **alomenos** é unha forma espallada por toda Galicia é un feito evidente. Que **alomenos** pode ser un castelanismo, como pensa algún filólogo, en vez de **ó menos** é algo que non é xa tan claro polas razóns que vou expoñer.

Como explicabamos no noso anterior comentario sobre **ámbolos**, os nosos artigos **o**, **a** son unha evolución de *lo* e *la*. Nos glosarios de R. Lorenzo e de W. Mettmann poden verse moitos exemplos do uso destas formas *lo* e *la* como artigos, pero nas gramáticas históricas portuguesas atopamos moitos máis exemplos da conservación destas formas.

Diciámo-lo outro día como **lo** e **la** precedidas de vocal tiveron que perde-la consoante *l*. Pero excepcións a esta regra hóuboas e hainas aínda na lingua portuguesa. Recollemos desas gramáticas históricas exemplos como os seguintes: *a lo cor* (hoxe *corazón*), *a la fim*, *a la vez*, *a lo pelo*, *a lo pardo*, *a lo menos*, nos que non se produce a perda da vocal do artigo e quédano-la contracción *al*: *alcor*, *alfim*, *alpelo*, *alpardo*, *almenos*.

Almenos (do que existiu antigamente a forma *almeos*) é aínda hoxe forma vulgar portuguesa xunto con *aldemenos*. En galego popular debeu manterse a forma sen evolucionar **alomenos**, coido eu, porque debeu influír nesta locución adverbial o seu sinónimo **polo menos**, que está moi vivo e non se pode dicir del que é un castelanismo.

Así pois, **alomenos** está dentro do sistema da lingua galega, como o está *almenos* no da lingua portuguesa, sen que iso signifique que non debamos usa-las formas normais galegas e portuguesas **ó menos** ou **ao menos**.

509. A entoación

Aurelio S.M., da Coruña, escríbeme a seguinte carta que transcribo practicamente íntegra:

"Gustaríame... tratase da entoación no noso idioma, xa que é un aspecto do que case ninguén fala, non sei por que, e que, para o meu particular xeito de ver, ten unha importancia capital, sobre todo, en dous eidos: a televisión (eu engadiría a radio e o teatro) e a escola. Explícome:

Polo que respecta, máis cá T.V.G., ás dobraxes que nela aparecen, coido que levan implícitas na entoación que os dobradores efectúan na maioría delas unha auténtica mensaxe de autoodio, xa que é tan extraña, tan extraña que non creo que haxa un só galego que se sinta identificado con esa maneira de falar. E iso seméllame un grave atranco para a recuperación lingüística. ¿Vostede que opina? (Opino exactamente igual).

Unha vez, dando un cursiño un dobrador dixo a tódolos cursillistas (?) (eu diría cursistas) que alí estabamos de que a entoación que daban era internacional (agora son eu quen pon non un signo de interrogación, senón dez) para non se identificar con ningunha das variedades dialectais que hai en Galicia, cousa coa que de primeiras non coincido (eu tampouco; no meu libriño *Temas de Lingüística Galega*, páx. 118, pódese ver unha observación sobre a entoación galega).

E na escola eu, que son mestre de zona rural con alumnos galegofalantes, observo que os nenos falando uns cos outros coloquialmente e fóra do aire académico empregan a entoación propia, pero postos en aire académico, é dicir, en actividades escolares como lectura de textos en galego, dramatizacións, coloquios, etc. trócana e fan especialmente as interrogacións con entoación castelá. ¿Non considera con-

veniente tratar este aspecto da lingua nos libros de texto e nos cursos e cursiños de lingua galega que se están a impartir?".

Estou totalmente de acordo con vostede, don Aurelio. Permítame contarlle unha anécdota que eu vivín. Cando eu era estudiante preparamos unha representación teatral. Un compañeiro, un tanto maricallo, facía o papel dun mariquitas e un día no ensaio dixo: *eu debo falar afectadamente*. O director respondeu de inmediato: Ti non, ti fala natural. Pois ben, don Aurelio, aí está a resposta para os seus alumnos: que falen coa entoación natural que teñen de seu. En canto ós dobradores só diría: que se dean un borde ou paseo pola rúa antes de empeza-lo seu traballo.

510. Un mal castelán

Hai unha emisora de radio que ten unha sucursal na Coruña que en determinadas horas do día manda polas ondas uns programas verdadeiramente deliciosos para quen queira escoitar unha linguaxe que eu xa non sei se cualificar de lingua franca lusogalaica, de trampitán absurdo, de creoulo galego ou de criollo castelán.

Creo que hai tres ou catro meses xa comentei algunhas das expresións que escoitaba nesa radio e pedía por favor que non derramasen máis a lingua galega porque facían moito dano ós radioíntes que puidesen pensar que estaban escoitando unha emisión en galego...

Desde entón non quixen saber máis desa emisora pagada polo erario público, pero o día dos Reis Magos entre as dez e dez e media da mañá conectei de novo con ela e quedei abraiado. Entre disco e disco unha locutora falaba e falaba nun mal castelán mesturado de léxico galego ou tal vez nun mal galego co sistema gramatical castelán.

Mellor que facer ningún comentario sobre esta lingua franca será que eu seleccione unhas cantas pérolas escoitadas en menos dun cuarto de hora de leria radiofónica:

-Hoxe se conmemora a Festa dos Reises Magos.

-A emisión a interrumpimos aquí.

-Este artista vos vai cantar...

-Tenemos que decir...

-Se nos acaba a sintonía.

-X.X. vos sigue cantando...

-¿Como é teu nome?

-Te trouxeron este regalo.

-Vos recordo noso número.

-¿Quen eres ti?

-Eres cumplidor.

-¿Te gusta esta canción?

-Te hai chegar este disco...

E non sigo máis. ¿En que lingua ou dialecto, querido lector, están ditas estas frases? Cando por primeira vez falei do que pasaba nesta emisora rogaba ó Sr. Director que mandase a algún locutor a cursar galego do primeiro ciclo de E.X.B. Agora solicito que polo menos cursen castelán da primeira etapa de E.X.B.

511. Avogando polos avogados

E.I., da Coruña, estráñase de que algúns escriban **avogado** con *v*, outros **abogado** con *b* e mesmo nalgún diccionario **advogado** con *dv*... ¿pode explicarme estas confusións?

Avogamos pola forma *avogado* porque é a tradicional que xa atopamos nas *Cantigas de Santa María*: *el e o diabo antigo que o fez seu avogado*... *Santa María*, *a nossa avogada*..., que ten claramente o significado de 'defensor' ou 'defensora'. Neste mesmo texto (como tamén noutros medievais) aparece a variante *vogada*: *a Virgen preciosa*, *dos pecadores vogada*... *vogada dos pecadores*... Pero **vogado** e **vogada** non se impuxeron deixando como normais as nosas voces **avogado** e **avogada**.

Xa desde os primeiros tempos do nacemento das linguas romances houbo confusión de *b* e *v*. Dado que en moitas partes da península ibérica non había distinción na pronuncia de ámbalas dúas consoantes, non ten nada de particular que certos gramáticos e certos escritores impuxeran as grafías ó seu antollo, fóra da tradición medieval e da súa etimoloxía. Os casteláns converteron **avogado** en *abogado*, o mesmo que **varrer** en *barrer*, **vulto** en *bulto*, **voda** en *boda*, etc. E os portugueses **avutre** en *abutre*, **vóveda** en *abóbada*, **vaíña** en *bainha*, **vexiga** en *bexiga*, **voda** en *boda* e as formas medievais *sevo e tavua* en *sebo* e *tabua*.

A normativa galega oficial aconsella a distribución do uso das grafías *b* e *v* de acordo coa etimoloxía: **besta**, **deber**, **bidueira**..., pero **vivir**, **avó**, **avogado**, **voda**, etc.

A forma *advogado* é un portuguesismo que nace en Portugal cando os primeiros gramáticos dos séculos XVI e XVII, como fixeron noutras partes, trataron de que a lingua portuguesa se fixera máis culta tentando que as palabras populares como *aversión*, *aversario*, *aversidade*, *averso*, *avento*., etc. se parecesen ás formas orixinarias latinas: *adversao*, *adversario*, *adversidade*, *adverso*, *advento*, etc. Pero, sen embargo, as formas similares medievais *avesso*, *aventura*, *aversao* non cambiaron a súa consoante *v* por *dv* de acordo coa súa etimoloxía. ¡Cousas de gramáticos!

Non quixeramos rematar sen facer lembranza dos nosos *avogados das silveiras* ou *avogados da lareira* que son os homes que presumen de saber de leis sen estudiar e dos *avogados sen preitos* que a pesar do seu título teñen pouca clientela e que son chamados no Brasil cunha expresión que a min me parece preciosa: *advogados de porta de xadrez*.

512. Amigo, amigable, amistoso e amical

Poucas palabras teñen tanta carga afectiva como o nome **amigo** que vin definida moi ben nun diccionario como "persoa que quere ben a outra", pero ás veces necesitamos matizar máis os sentimentos que expresa esta voz e por iso dicimos *amigo íntimo*, *amigo da alma* ou como din os portugueses *amigo do peito*. Pero por razóns que agora chamamos machistas, xa desde hai moitos séculos, o seu feminino **amiga** adquiriu ademais o sentido de concubina ou manceba.

Pero hoxe queremos falar de como esta voz funciona adxectivalmente nos sentidos de querido, agradable, benigno, favorable, afeccionado a algo, adicto, etc. segundo vemos por estes exemplos: *as doce praias amigas... instrumento amigo... bardo . amigo... abrazo amigo... patrios eidos amigos...*, que tomo de Pondal, ós que engadimos este: *entorno amigo*.

En relación con **amigo** podemos poñe-las voces **amigar**, a xa desusada **amiganza** e os **amigallos**, **amigolos** e **amigotes**, xunto coa verba **amigable** adxectivo que podemos usar case como sinónimo de **amigo**: *compaña amigable*, *trato amigable* e naturalmente *entorno amigable*.

Ese sentimento afectuoso entre persoas que xeralmente non están relacionadas por lazos familiares ou sexuais era chamado en latín vulgar AMICITATE que dá lugar na Idade Media a unha variada serie de formas: *amezedade*, *amicidade*, *amiziade*, *amizdade*, entre outras, e *amizade* que se impuxo claramente no portugués actual, se ben esta lingua aceptou durante bastante tempo o castelanismo **amistade**, que ten aínda bastante vixencia no dialecto miñoto e na maior parte de Galicia. Sen embargo triunfou definitivamente tanto en Galicia coma en Portugal o castelanismo **amistar** e o adxcectivo **amistoso**. Así é completamente normal dicir *relacións amistosas*, *amistoso recibimento*, *partidos amistoso* e, por suposto, *entorno amistoso*.

Con todo, na lingua culta volven buscarse continuamente voces á fonte da nosa lingua: o latín. Xa na Idade Media foi empregado o cultismo, hoxe xa anticuado, *amicicia*; logo foi introducido *amicísimo* e hoxe é moi corrente **amical**: *xesto amical*. *aparencia amical* e, como non, *entorno amical*.

Todo o anterior vén a conto porque atopei unha palabra nova e rara nunha obra literaria: **amizoso**, que polo contexto en que está (*entorno amizoso*) coido que está substituíndo a **amigo**, **amigable**, **amistoso** ou **amical**. Todo autor literario é "recreador" da lingua, pero ¿pode "asacar" palabras sen fundamento lóxico de que poida ser relacionada facilmente con algunha familia de voces semellantes?

513. O adverbio ¿u?

O adverbio latino UBI transformouse en francés en *où*, en castelán antigo en *o* e en galego e portugués en **u**. Este adverbio foi moi usado co valor que ten hoxe onde segundo vemos polos textos medievais que conservamos. *U* (que aparece grafiado tamén *hu*) está rexistrado en toda clase de textos como podemos comprobar no Glosario de R. Lorenzo: *ata que chegou u estauan os françeses... non quemos terra u fugamos... ata hu é o conde... tornousse hu ante estaua... per hu stauan esas pedras... para hu querían yr... etc*.

Pero pouco a pouco **u** foi substituído por **onde** e nos textos modernos xa non atopamos exemplos semellasntes ós que acabamos de citar. Con todo, **u** resistiu como adverbio interrogativo, se ben nunha condición moi especial: non se emprega só; non se pode interrogar, por exemplo *¿u é o conde?*, senón *¿ulo conde?*

Esta aglutinación do antigo **u** e dos artigos **lo** ou **la** e os seus plurais mantívose certo tempo na literatura moderna portuguesa. Gil Vicente escribe *Ulos esses namorados?*, e Frei Luis de Sousa pregunta *Ulas partes que deixamos a Deus?* Hoxe parece que queda reducido este uso ás falas populares da rexión do Miño.

Sen embargo no galego de moitos lugares de Galicia e sobre todo entre a xente máis vella é de emprego frecuente esta aglutinación do adverbio **u** e do artigo. En vez de preguntar *¿onde está o gato?*, *¿onde está a navalla?* pregúntase así: *U-lo gato?*, *¿U-la navalla?* Do mesmo xeito pódese usar este adver-

bio aglutinado cos pronomes persoais **lo**, **los**, **la**, **las**. En vez de preguntar *¿onde están eles?* podo dicir simplemente **¿ulos?**

Hai algúns literatos que empregan esta construcción nos seus escritos: *Escóitase falar da pintura galega*: *¿ula?... ¿Ulas as galiñas?*, *orneou Barrote... ¿Ulas*, *lacazán?*, *rosnou a Xarda*, frases de Castelao.

En fin, temos actualmente un adverbio **u** que só se pode empregar acompañado do artigo ou do pronome: *¿ulas galiñas? ou ¿ulas?*

514. Aquí, acá e acó alí, alá e aló

Non creo que ningún galego teña problemas para definir claramente o significado de **aquí** como equivalente de 'neste sitio ou neste lugar onde eu estou ou nós estamos' ou o de **alí** como equivalente de 'aquel sitio ou aquel lugar afastado de onde eu estou ou nós estamos', pero serán moitos os que teñan dúbidas sobre o uso de **acá**, **acó**, **alá** e **aló**.

Digamos en primeiro termo que **aquí** e **alí** son formas tradicionais e maioritarias en Galicia. Sen embargo, hai algúns falantes que din **equí** e **elí**, outros **aiquí** e **ailí** e algúns máis **eiquí** e **eilí**. Curiosamente as formas **aiquí** e **eiquí** acadaron certo uso entre algúns escritores e sobre todo entre moitos falantes enxebristas (que non as teñen como normais na fala de onde son) porque consideran que son máis "galegas" que **aquí**, xa que esta é coincidente co castelán e co portugués. Con todo, as *Normas* recomendan na lingua culta o emprego de **aquí** pola razón de se-la forma máis antiga, máis tradicional e máis espallada por todo o ámbito do galego.

Acá (en portugués moderno *cá*) e **acó** (desaparecido completamente na lingua irmá) son confundidos por moitos falantes no seu uso como adverbios que indican unha significación máis indeterminada ou máis ampla que **aquí**. E o mesmo podemos dicir de **alá** (en portugués *lá*) e **aló** (desaparecido tamén en Portugal). Hoxe hai moitas xentes das provincias da Coruña e Lugo que usan sempre **acó** e **aló** e descoñecen **acá** e **alá** que usan moito os pontevedreses e ourensáns.

Nestes momentos nos que se estudia xa a nosa lingua nos centros de ensino será posible recupera-lo sistema adverbial tradicional de clara distinción entre **aquí**, **acá** e **acó** e de **alí**, **alá** e **aló**. Deste xeito diremos *está aquí* ou *vive alí* para sinalar un punto concreto, fronte a *ven acó*, *vai aló* para indicar un movemento de aproximación ou de afastamento. E para indicar imprecisión no momento diremos *pasou por acá*, *vai por alá* e así mesmo **acá** e **alá** sinalan un lugar sen a precisión de **aquí** e **alí**: *está na beira de acá*, *vive na banda de alá*.

515. Aí, velaí, velaquí, eis e acolá

Non quedaría completo o cadro dos adverbios de lugar **aquí**, **alí**, etc. vistos no comentario anterior sen tratar doutros adverbios relacionados con eles. Falemos primeiramente de **aí**, que antigamente era simplemente *i* cun valor semellante do que ten o actual adverbio francés *y*. **Aí** pasou a indica-lo lugar que está próximo á persoa coa que estamos a falar formando parte así cunha relación adverbial **aquí-aí-alí** que se corresponde cos pronomes **este-ese-aquel**.

Con todo, **aí** ten hoxe sobre todo un puro valor deíctico ou demostrativo: *aí vai o teu amigo*..., *telo aí diante de ti*... E ampliou o seu significado indicando un lugar moi impreciso, especialmente cando vai precedido da preposición **por**: *pasei a noite por aí*.

Tamén son moi correntes os adverbios **velaí** e **velaquí** para presentar algo que está á nosa vista: *velaí o noso amigo Pepe*... *velaquí o libro que buscas*..., ou para chama-la atención sobre algo citado anteriormente: *Xan estudiou moito este verán*, *velaí a causa das súas boas notas*.

Menos popular que **velaí** ou **velaquí** (descoñecidos en portugués) é o adverbio común coa lingua portuguesa *eis*, que funciona tamén como presentador de algo que temos presente: *Eis pois o grave problema que nos ocupa*. Cando vai seguido do artigo cambia o seu *-s* final por *-i*: *ei-lo can de Pepe*, *ei-la túa pluma*.

Por último facemos referencia a **acolá** que indica un punto ou lugar afastado da persoa que fala, cunha significación semellante á expresada por **aí** ou por **alí**: *acolá abaixo hai moita xente*... E especialmente sinala o que está oposto ó lugar onde nos atopamos: *acolá*, *noutra banda do río*, *está a miña casa*.

516. Algures, ningures, xalundes

Fixemos xa referencia ós adverbios que indican un lugar determinado no espacio, como **aquí** ou **alí**. Pero hai outros que indican un lugar que non se concreta e que pode estar lonxe ou preto de nós ou en tal ou cal lugar. Así témo-lo adverbio **algures** para referirmonos a un sitio que non queremos designar con precisión porque non queremos dicilo ou porque non o sabemos. Cando Castelao escribiu: *Orfega y Gasset preguntou en algures*... quere significar con **algures** 'en calquera lugar das súas obras'. Se a min me preguntan *¿De onde*, *vés?* e respondo: *de **algures*** está ben claro que veño de 'algunha parte ou lugar' que non quero precisar.

Para calquera falante é evidente a correspondencia de **algures** co pronome **algún**, do mesmo xeito que a que hai entre **ningún** e **ningures**. Se eu digo, copiando outras frases de Castelao, *andaban en autos que non van a ningures* ou *os pais buscaron a criatura sen atopala por ningures*, indico con esta forma **ningures** unha equivalencia de 'ningunha parte, ningún lugar ou sitio'.

Tanto **algures** como **ningures** son adverbios xa moi antigos que se formaron como derivados dos pronomes **algún** e **ningún** mesturándose cun adverbio, hoxe xa anticuado, *allures ou allur*, como aparece nas *Cantigas de Santa María*: *esta alma é nossa e allur outra buscade*, que seica procede do latín ALIUBI ou ALIORSUM que significaban 'en calquera parte'.

Doutro adverbio latino, ALIUNDE, que tamén significaba 'en calquera parte', queda un descendente moi sonoro no galego oriental da parte da provincia de Lugo que recollen algunhas gramáticas: **xalundes**, do cal Aníbal Otero rexistrou as variantes **xalundres** e **xallundes**, que conservan a mesma significación orixinaria do seu étimo latino, segundo vemos empregado en frases como estas: *ese xa vai camiño de xalundes*... *deixa de remexer por aquí*, *busca xalundes*...

517. O contrario de lonxe

Xa falamos nalgunha ocasión de certos castelanismos que se introduciron hai tempo na nosa lingua e que tiveron un éxito bastante grande porque incluso algúns bos escritores os empregaron e seguen empregándoos.

Que **lonxe** serve para indicar algo que está separado de nós tanto espacialmente como temporalmente é algo que sabemos todos ou case tódolos falantes, porque é voz común en toda Galicia. De **lonxe** formouse o verbo **alonxar**, o adxectivo **lonxano** e o substantivo **lonxanía** e en relación con **lonxe** están outras verbas como **lonxevo** e **lonxevidade**.

Pero xa de lonxe vén o costume de emprega-lo correspondente adverbio castelán *lejos* cos seus derivados *alejar*, *lejano* e *lejanía*, convertidos en **lexos**, **alexar**, **lexano**, etc. non soamente na fala familiar, senón tamén na escrita dalgúns escritores famosos, como é o caso da mesma Rosalía de Castro que de vez en cando usaba estes castelanismos ó lado de **lonxe** e derivados.

O contrario de **lonxe** é o que está ó lado de nós, é dicir, o que está **cerca** ou **preto**. **Cerca** é evitado por algúns falsos puristas porque é unha forma igual á portuguesa e á castelá, pero é lexitimamente galega como o é **preto**.

Preto é un adverbio xa moi usado nos textos medievais tanto con valor adverbial, sinónimo de **cerca**, coma con valor adxectival indicando a cor negra. Pero na lingua portuguesa transformouse foneticamente o adverbio *preto* en *perto*, quedando invariable o adxectivo *preto* na súa ignificación de 'negro' e de 'home negro'. Sen embargo o galego moderno non participou desa evolución fonética do **preto** adverbial e, como lingua conservadora que é, mantivo tamén o valor adxectival orixinario e primitivo de **preto**, que era o de apretado, tupido ou moi xunto.

Daquela, pois, o contrario de **lonxe** tanto é **cerca** como **preto**.

518. Verbo de "preto"

Que o contrario de **lonxe** é tanto **cerca** como **preto** é un feito evidente para quen coñeza e fale cunhas ducias de galegos dos catro puntos cardinais de Galicia.

Nos textos medievais galegos e portugueses aparece a partícula *preto* moitas veces: *preto da misquita... y a preto un león... a lonxe e a preto... preto da vila... preto de Salvaterra...*, etc., e moitos máis exemplos aparecen no vocabulario de Ramón Lorenzo e no diccionario de J.P. Machado.

Preto está rexistrado por M. Sarmiento e absolutamente por tódolos diccionaristas dos séculos XIX e XX. **E preto** é voz moi usada polos nosos grandes escritores. Citemos exemplos de Rosalía: *ó lonxe o mular pasaba*, *viña a tourada máis preto... xa preto de media noite... máis preto os cans ladraban... outra aldea hai preto... un pouco adiante*, *pretiño... pretiño do cimeterio...* etc., etc.; de Curros: *preto da cibdá de Ourense... que do castelo preto... pero mirada de preto...* etc.; de Lamas Carvajal: *o que se alcontra preto... preto dunha fontela... preto da aldea... estar preto delas*; etc.; de Pondal: *ben preto do río... preto pasaba a cabalo... que dormeu preto de ti*; de Cabanillas: *¡Galicia*, *Nai e Señora*, */ sempre garimosa e forte*; */ preto e lonxe*; *onte*, *agora*, */ mañán na vida e na morte!* e mesmo de Castelao: *as caras das mulleres que iñan preto do nicho* que prefire normalmente o uso da variante *perto*.

Agora ben, moitas palabras galegas que comezan pola sílaba *pre-* como **precisar**, **preguiza**, **presencia**, **presilla**, **pretender**, **prexuízo**, etc., tenden na fala popular descoidada a cambiala pola sílaba *per-* : **percisar**, **perguiza**, **persencia**, **persilla**, **pertender**, **perxuízo**, etc., do mesmo xeito que outras que comezan por *per-*, como **percebe**, **percibir**, **perfil**, **permiso**, **perfumar**, **permutar**, **persignarse**, etc., se pronuncian como **precebe**, **precibir**, **prefil**, **premiso**, **prefumar**, **premutar**, **presignarse**, etc.

Así pois, temos que ó lado do **preto** tradicional hai unha pronuncia vulgar **perto**, non moi espallada por certo, pero que acadou un grande éxito en moitos escritores do presente século. ¿Cal foi a causa desa preferencia? Non o sei. Segundo escribe nunha carta D.P., de Sargadelos, hai razóns políticas e éticas para esa preferencia. Como lingüista formado nas modernas escolas científicas non podo estar de acordo con semellante explicación. Na lingua dun pobo, ninguén é quen de dar ordes. Coido que hai que lembrar de cando en vez as teorías de Xosé Stalin que tivo que recordarlles publicamente ós lingüistas marxistas, que querían "marxistizar" a lingua rusa, que a lingua é un medio de comunicación social que serve a todo un pobo e é a mesma para marxistas e non marxistas, para zares e cosacos, para burgueses e proletarios e nin os políticos, nin os ideólogos, nin os gramáticos poden transformala ó seu antollo.

519. Onte, hoxe e mañá

Onte, **hoxe** e **mañá** son os tres adverbios de tempo máis correntes da lingua galega e merece a pena que nos deteñamos un pouco neles porque todos teñen algunhas variantes populares.

En primeiro termo diremos que **onte** seica vén da mesma orixe que o castelán *anoche*, é dicir, da expresión latina AD NOCTEM que, pasando por diversas evolucións fonéticas, chegou a ser **onte**, forma que tiña antigamente nasalizada a primeira sílaba, como fai aínda o portugués que pasou ó longo dos tempos a nasalizar tamén a segunda sílaba. Por iso hoxe a pronuncia do noso **onte** queda tan afastada do portugués *ontem*, que escoitamos como *otai*, coas dúas sílabas completamente nasalizadas.

Onte é pois a forma máis espallada por toda Galicia e a empregada polos escritores, se ben na parte das provincias da Coruña e Lugo os falantes din **ontes**, cun *s* final engadido por imitación doutros adverbios como **antes** e **despois** que rematan en *s*. Resulta un tanto chocante escoitar como algúns falantes introducen ás veces o castelanismo **aier** nunha conversa.

Hoxe é forma tanto popular como culta en case toda Galicia. Eu escoitei uns ourensáns pronunciar esta verba como **huxe**, pero coido que non é moi usual. Na parte oriental da provincia de Lugo escoitamos dicir **hoi**, que é unha forma dialectal desa zona, que evolucionou dun modo semellante ó castelán e que por tanto non debemos considerar aí como un simple castelanismo.

Por último digamos que **mañá** é a forma preferida pola normativa vixente, estendida pola franxa máis oriental das provincias da Coruña e Pontevedra, pola práctica totalidade das provincias de Ourense e Lugo e do galego exterior. Con todo, a variante **mañán** (nalgúns lugares ó Oeste da comarca compostelana din **miñán**) é a forma máis popular da zona occidental galega (onde están os núcleos de poboación máis numerosos) e a preferida por moitos escritores.

Cando algunhas persoas interesadas pola corrección da lingua me preguntan sobre se se debe dicir e escribir sempre **mañá**, contesto así: Digas **mañá** ou digas **mañán**, intenta escribir **mañá**.

520. Vaia engorde

Cando eu me dirixo a unha persoa para dicirlle: *Vaia engorde*, non quero expresar admiración ou abraiamento porque esa persoa está agora moi gorda. **Engorde** non ten nada que ver co verbo **engordar** e os seus derivados **engorda** e **engordamento** que equivalen á voz castelá *engorde*.

Cando digo a alguén que *vaia* ou *vai engorde* podo substituír esta voz **engorde** por **paseniño** (que xa expliquei noutra ocasión) ou por outras expresións como 'con coidado', 'con cautela', 'con precaución', 'pouco a pouco', 'despacio' ou 'lentamente'. Así pois, empregamos correctamente esta frase *vaia engorde* cando lla dicimos a alguén que vai saír en auto, que vai baixar unha escaleira ou que vai facer algo en que hai perigo...

E **engorde**, recibe ás veces a terminación *-iño* para intensifica-lo seu significado: *vai engordiño* quere dicir *vai moi lentamente*. A orixe desta voz exclusivamente galega está moi clara: *en orde*. Como o *n* final da palabra **en** se velariza, é dicir, se pronuncia case como *ng*, ese *en orde* converteuse en **engorde**.

Este fenómeno tipicamente galego orixinou a creación doutras palabras formadas tamén a base da preposicibn **en** máis outra voz que comeza por vocal. Así naceu **engadir** 'acrecentar unha cousa, agregar' da preposición *en* mailo verbo *adir*, separación dun antigo *enadir*, que ten a variante de *anadir*, de onde sae o castelán *añadir*. *Enadir* e *anadir* son formas xa anticuadas en galego e en portugués que conserva *adir*, hoxe pouco usado e substituído moi normalmente por *acrescentar*.

Do mesmo xeito naceu **engalar**, 'voar', moi usado no galego oriental: *as aguias engalan moi alto*, *esta galiña engalou un longo treito*, etc.

E debe haber outras voces máis de tipo popular onde aparece este fenómeno. Así, X.M. Dobarro recolleu en Cabalar-Capela, cerca de Pontedeume, a voz **engalumarse** 'emborracharse' onde claramente se ve que está formado de preposición *en* e o verbo **alumarse** 'acenderse por efecto dunha boa inxestión de bebidas alcohólicas'.

521. Dous e dúas

Para os non galegos que teñen coñecementos da nosa lingua resulta un tanto estraño que o numeral **dous** teña unha forma feminina **dúas**. Esta forma non lles parecería tan rara se souberan que en catalán existe tamén (*dúes*) e que existíu igualmente en castelán antigo (*dúas*, *dues*). A orixe deste numeral feminino está na mesma lingua latina: DUAS, que conservou o *u* sen evolucionar foneticamente en *o* por ir seguido da vocal *a*; do mesmo xeito pasou co posesivo SUAM que deu na nosa lingua **súa**.

Sen embargo, o numeral masculino latino DUOS sufriu unha evolución fonética normal convertendo esa vocal *u* breve en *o*. O cal quere dicir que houbo un tempo en que existiu como *doos*, forma que o castelán reducíu a *dos* frente ó galego e ó portugués que a transformaron no actual **dous**.

Nos textos medievais galegos e portugueses aparecen frecuentemente citados estes numerais **dous** e **dúas**, pero a pesar de que *dous* permanece vivo nas clases populares portuguesas e sobre todo no norte de Portugal a forma *dois* do sur de Portugal, nacida da confusión dos ditongos *ou* e *oi* (como pasa noutros casos: *foice* por *fouce*, *coisa* por *cousa*, etc.) impúxose na lingua normativizada.

O numeral **dous** está en moitas expresións conservando o seu valor propio: *aquí para entre os dous* 'falando soamente en confianza de min para ti', *imos de dous en dous* 'por pares', *xogamos dous a dous*, igualmente 'por parellas', *como dous e dous son catro* 'evidentemente', pero ás veces aparece nun sentido figurado: *a dous por tres* (en portugués *ás duas por tres*) 'sen reparo, de volta e media', *cada dous por tres* 'a cada momento', *nun dous por tres* 'nun instante', *espérame dous minutos ou dous minutiños*... (¿Por canto tempo haberá que entende-la significación real desta expresión?)...

A forma latina DUCENTOS mantívose nos textos medievais como *duzentos*, *dozentos*, *dosentos*, pero a partir do século XV as xentes deixaron de usalas e crearon o sistema actual de antepoñer a centos, os numerais simples **dous**, **tres**, etc. **Douscentos** libros, **duascentas** cartas son as formas actuais que substituíron á tradicional *duzentos*.

522. Doce ducias de ovos

Coido que moi poucos falantes se decatan de que a voz **once** é un composto de **un** e **dez**, é dicir, que procede da forma latina UNDECIM. A evolución fonética das palabras a través do tempo arrédaas das voces orixinarias.

Hoxe imos ver outro caso similar ó que acabamos de citar. **Doce** é resultado tamén da suma de **dous** e **dez**, pero non feita con esas palabras romances, senón orixinada por evolución do numeral latino composto, DUODECIM, que se transformou primeiramente en *dodece*, despois en *dodze*, logo en *doze* (como así a seguen escribindo os portugueses porque ese *z* representa un *s* sonoro, perdido xa hai tempo na nosa lingua), e finalmente **doce**.

Para os numerais que indicaban unha orde correlativa (agás **primeiro**, **segundo**, **terceiro**, **cuarto**, **quinto**, **sexto**, **sétimo**, **oitavo**), creouse nos principios da nosa lingua unha nova formación a base do numeral normal **nove**, **dez**, **once**, **doce**, etc., máis un sufixo *-eno*. Moi frecuentemente aparecen nos textos galegos e portugueses estes novos ordinais: *ao dozeno día*... *a dozena batalla*..., etc., pero xa desde fins do século XIII xorden de novo os numerais latinos por vía culta e sen evolución. **Duodécimo** (así como **undécimo** a *onceno*) substitúe á forma *dozeno* como ordinal.

Con todo, as formas femininas destas palabras romances: **novena**, **decena**, **quincena**, **vintena** e, por suposto, **docena**, convertéronse en numerais colectivos que designan un conxunto determinado de unidades e así se conservan ata o día de hoxe, menos **docena** que evolucionou probablemente en *docea* (coa perda do *-n-* intervocálico) e posteriormente en *dócea* (cambio de acento por influencia de **doce**) e logo en **dúcea** e **ducia**.

Ducia foi ata agora case unha verdadeira unidade para contar e vender infinidade de productos agrícolas. *Media ducia*, *ducia e media*, *tres ducias*, etc., eran expresións que escoitabamos cada día. E moitas veces escoitamos empregar esta voz cun valor aproximativo e de esaxeración ponderativa ou despreciativa: *Téñoo visto ducias de veces* ('moitas veces'), *no teatro non había nin media ducia de persoas* ('moi poucas').

523. Fixo o dobre dun actor

A palabra latina DUPLU deixou descendentes en case tódalas linguas romances: o italiano *doppio*, o francés *double*, o provenzal e catalán *doble*, o castelán do*blo e* o galego e o portugués *dobro*, con cambio do *l* en *r*.

A forma castelá *doblo* desapareceu moi cedo, pero a forma galega e portuguesa **dobro** permaneceu case como exclusiva nos textos medievais e hoxe convive tanto na fala popular como na lingua literaria coa variante **dobre**, que, ó igual que o castelán *doble*, ten unha orixe non moi clara: ¿quizais un

catalanismo ou un occitanismo?, ¿acaso houbo disimilación das dúas vocais o nunha mesma voz?, ¿seica é un descendente do sinónimo latino de DUPLUM, DUPLEX?

O caso é que **dobre** é hoxe entre nós bastante máis corrente que **dobro** para indicar que algo contén dúas veces o peso doutra cousa: *Xan pesa o dobre ca Pedro*; *a cantidade numérica*: *oito é dobre que catro*; *a medida*: *a leira de Pedro é dobre da de Xan*...

Empregamos **dobre** para sinalar que algo ten dúas partes iguais: *esta peza do dominó é o seis dobre* e nun sentido figurado dicimos de alguén que é moi **dobre** cando é moi hipócrita ou fai dobre xogo.

Pero **dobre** pode ser considerado como un nome derivado do verbo **dobrar** cando adquire a significación de 'toque das campás polos finados ou defuntos', xa que ese son está producido pola volta que dá a campá sobre o eixo do que pende, é dicir, polo dobramento da campá sobre si mesma.

Tamén hoxe é moi corrente falar dos **dobres** dos filmes, que son os especialistas adicados a substituí-los actores principais nas escenas perigosas. Por iso cando digo que *o meu amigo fixo o dobre de tal actor* quero expresar que el o substituíu nalgunhas escenas da rodaxe dun filme.

524. Dobrámo-la esquina

No último comentario falabamos dos derivados populares da voz latina DUPLU 'dobre' e hoxe imos ve-los do seu verbo correspondente DUPLARE, que tamén deixou descendentes na maior parte das linguas romances: *doppiare* (italiano), *doubler* (francés), *doblar* (provental, catalán e castelán) e **dobrar** (galego e portugués).

Dobrar é pois orixinariamente 'tornar dúas veces maior algo': *Xan dobrou a fortuna que herdou*. E se ben **dobrar** significa claramente 'facer algo **dobre**', pode tamén entenderse como 'aumentar algo en grande proporción': *O país está dobrando os seus esforzos de mellora*. E para indicar algún crecemento aínda maior botamos man do seu composto **redobrar**, do mesmo xeito que de algo que partimos por dous dicimos que o desdobramos, pero incluso chegamos neste caso a **desdobrar** algo non só en dúas partes, senón en tres ou máis... Pénsese neste exemplo: *Desdobramos esta clase de cen alumnos en catro grupos*. A lingua está creando sempre acepcións que saltan sobre o sentido orixinario das palabras.

Pero **dobrar** acadou en galego (o mesmo que en portugués e castelán) un significado moi corrente para nós e descoñecido noutras linguas: facer un ángulo diedro cunha cousa (dobramos unha folla), ou voltar un obxecto de xeito que unha parte del se sobrepoña sobre outra (*dobramo-lo mapa de estradas*). Nestes casos sería sinónimo de **pregar** e o contrario de **dobrar** sería **desdobrar** (*desdobra o mapa*, *por favor*).

E seguindo nesta mesma liña significativa **dobrar** pode ser curvar, torcer, flexionar: *a árbore dobraba pola forza do vento*... *Xan dobrou os xeonllos*, etc.; facer ceder, vencer, abater: *Xan dobrou a vontade de Pedro*, *os romanos dobraron os seus enemigos*, *a idade dobrou ó vello petrucio*, etc.

Dobrar significa ademais pasar ó outro lado dunha esquina (*dobrar pola dereita*), dun cabo (*o barco dobrou o cabo de Fisterra*) ou pasa-la lingua dun filme a outra lingua: *Os fllmes norteamericanos están dobrados ó galego*.

Con todo, aínda temos máis que dicir de **dobrar**...

525. Máis sobre dobrar e dobregar

Continuando co verbo **dobrar** diremos que os actores de teatro **dobran** cando interpretan dous papeis na mesma obra ou que o touro **dobra** cando cae agonizando na area.

Derivados de **dobrar** podemos sinalar **dobrado**, **dobradura**, **dobramento**, **dobradizo**, que non necesitan de explicacións, **dobrada**, que é a tripa grosa do boi ou da vaca ou do porco, da que se fan os callos, **dobra**, que é o nó que se fai coas correas entre o xugo e o timón do arado, e que foi o nome de certas moedas españolas e portuguesas antigas (existiron tamén os **dobróns**), **dobrez** que significa non só a punta que se dobra, senón tamén o finximento, a hipocresía, a dobre conducta que ten unha persoa, e **dobraxe**, que significa tanto 'a operación de pasa-los diálogos dun fílme dunha lingua a outra' coma 'a substitución dun actor por outro (o **dobre**) nas esceas perigosas'.

No diccionario de M. Valladares está recollido o castelanismo **dobradillo** 'pregue que se fai como remate dos bordes da roupa dobrándoa un pouco' que pode moi ben ser substituído polas voces galegas **prego**, **rodo**, **volta**, **lorza**, etc. Hoxe aparece tamén en tódolos diccionarios outra palabra, procedente desta familia de **dobrar**, **doblete**, que é un préstamo do francés e que pasou. igualmente ó portugués e ó castelán para significar tanta repetición de algo, como parella de palabras que derivan dun mesmo étimo, unha por vía popular e outra por vía culta. Por exemplo: *dobro e duplo son o doblete do latín duplum*.

Do latín DUPLICARE 'pregar' saíu o verbo **dobregar**, forma semellante ó catalán e castelán *doblegar* e descoñecida en portugués, que ten o sentido de curvar, torcer ou inclinar. **Dobréganse** os labradores moi a miúdo cando están traballando na terra e esta imaxe está tan viva que dicimos que unha persoa é moi **dobregada** cando está adicada afanosamente e con gusto ó traballo.

Dobregarse, nesta significación de inclinarse; foi empregada por Castelao: *Natural é que a nosa imaxinación* se *dobregue diante de o xuicio dos eruditos*.

526. Cultismos duplicados

Xa explicámo-lo que eran os dobletes lingüísticos e volvemos afondar sobre o mesmo tema. A palabra latina DUPLUM evolucionou, seguindo unha evolución fonética normal, en **dobro** e **dobre**, pero co paso dos tempos os falantes máis cultos, alá polos séculos XVII e XVIII, botaron man da palabra latina DUPLUM para explicita-las súas teorías cunha voz culta que atopan máis axeitada para os seus propósitos. De aí o nacemento da palabra **duplo** (sen ningunha evolución) para significa-lo mesmo cá voz vulgar **dobro**.

Naturalmente poderiamos dicir que *o dobre de dous é catro*, pero no nivel da lingua culta dun matemático o normal será dicir *o duplo de dous é catro*.

Polas mesmas razóns naceu o cultismo **duplicar** (tomado directamente do latín DUPLICARE) para substituír ás voces máis correntes **dobregar** e **dobrar**: *Pepe duplicou a súa fortuna... Brais duplicou a aposta*... Debemos dicir que ás veces algúns escritores (mesmo Castelao) converten **duplicar** en **dupricar** por afáns diferencialistas. Hoxe nos diccionarios aparece sempre a voz culta sen modificacións.

E de **duplicar** saen **duplicación**, **duplicativo**, **duplicador**, **duplicado**, que hoxe é voz moi corrente na fala popular para indicar tanto un segundo documento ou un segundo exemplar dunha obra igual ó orixinal, como reproducción, traslado, copia, etc., **duplicidade**, que significa non só a cualidade do que é duplo ou dobre (Castelao emprega neste caso esta voz sen modificación: *Poñamos por caso a duplicidade relixiosa do menhir de Kervadel*), etc. e os seus compostos **reduplicar**, **reduplicación**, etc.

Digamos tamén que a esta familia léxica pertence unha voz culta que se fixo moi popular nos últimos tempos, **dúplex**, apartamento repartido en dúas plantas ou transmisión simultánea desde varias emisoras de radio que permite establecer diálogos.

En fin, en relación coa familia de **dous** poderiamos sinalar outros cultismos como **dual**, **dualidade**, **dualismo** e outras voces vidas de Italia como **dúo** e **dueto**.

527. Catro paus

Un lector da Coruña escríbeme sobre as liberdades que algún escritor se toma en materia de ortografiar palabras ó seu antollo: "cando leo un artigo no que aparece escrita a voz *catro* como *quatro* non sei se ese autor di *catro* ou *cuatro*. Quixera que vostede opinase sobre este tema".

Penso que está moi claro que a evolución fonética das palabras latinas que comezaban pola sílaba *gua* perderon a vocal *u* convertendo esa sílaba en *ca* na lingua francesa e na lingua galega, mentres en castelán permanece esa vocal *u* cando esa sílaba levaba o acento tónico. Así temos que os resultados fonéticos de QUATTUOR, QUANDO, QUANTUM, etc. foron en francés e en galego respectivamente *catre* ou **catro**, *cand* ou **cando**, *canto* ou **canto**, etc. e en castelán *cuatro*, *cuando*, *cuanto*, etc.

Agora ben, na escritura dos textos medievais existiu a tendencia de conservar esa letra latina *qu* en ditas palabras. De aí que o francés moderno conserve esa letra *qu-* nas verbas *quatre*, *quand*, *quant* a pesar de non ser pronunciada a vocal *u*. En castetán pasaron a ser escritas *cuatro*, *cuando*, *cuanto* para evitar confusións.

En galego e en portugués a escritura medieval mantivo tamén ese costume de escribilas con *qu*: *todos quatro... quatro porciones... quatro caralhos franceses... tomou della quanto mays podo... quando noso Señor Deus...* Pero en galego moderno, despois de non haber practicamente lingua escrita durante varios séculos, cando no século pasado volve aparece-la lingua escrita os escritores adoitaron escribi-las voces tal como se pronunciaban e triunfou a forma **catro**: *catro paus que ardan na lareira... culler de ferro*, *catro de boxe* (Rosalía), *de aldea as catro casas... catro soñadores tolos* (Curros) e así tódolos nosos grandes escritores ata o día de hoxe.

Sen embargo a voz **catro**, moi popular aínda na fala popular e dialectal portuguesa, foi substituída no nivel culto pola pronuncia *cuatro* tal vez debido á influencia da escritura desta voz como *quatro*.

Hoxe consideramos en Galicia que os poucos habitantes da parte oriental e do sur que pronuncian **cuatro** en vez de **catro**, están a facelo por puro castelanismo. En canto a ese escritor que escribe agora *quatro*, supoño que o fará por mero adorno ortográfico de imitación da escritura medieval e non porque pense que en galego "debemos" dicir *cuatro*.

528. Máis sobre a voz "catro"

Coido que quedou ben clara a orixe da nosa voz **catro** no comentario anterior. Nos diccionarios galegos atopamos varios exemplos do uso desta verba en determinadas locucións: *o catro de ouros*, *máis de catro* ou simplemente *catro* para indicar 'algúns', *ás catro da mañá* ou *da tarde*, *está un día de catro rises*

por temos un día moi ventoso, *chamarlle as catro letras a unha muller*, *chantarlle a un catro frescas*, *facerlle catro festas a alguén*, *soltarlle catro verdades a un*, etc.

A forma latina QUADRINGENTOS foi esquecida polos falantes de hai séculos que foron creando a nosa lingua e formaron un novo numeral **catrocentos** a base das unidades **catro** e **cento**. Mesmo no nivel culto da nosa lingua debemos conservar esta denominación cando nos referimos á literatura do século XV. Por tanto é lóxico falar tamén dos **catrocentistas** como autores ou artistas que seguiron o estilo ou a escola do **catrocentismo** que é a literatura do citado século XV.

Sen embargo nas palabras novas que entraron ou entran na nosa lingua despois de que determinados fenómenos fonéticos se cumpriran, non poden ser modificadas con regras ou leis que xa deixaron de obrar. Así temos que na base de moitos cultismos está a nosa voz **catro** na súa forma orixinaria que non debemos modificar. Os historiadores chámanlle a cada un dos maxistrados romanos que rexían as cidades **cuatórviros** e a esa institución **cuatuorvirato** ou **cuatuorvirado**.

O espacio de catro días recibe o nome de **cuatríduo** seguindo a forma orixinaria latina e podemos falar, por exemplo, dunhas festas **cuatriduanas** porque duran ese espacio de tempo. Os xogadores falan de que teñen unha **cuatrinca** cando teñen catro cartas iguais (catro treses, catro catros) na man. Os matemáticos e economistas falan de **cuatrillón** (voz tomada do francés) que equivale a un millón de trillóns ou se se quere expresar con números a un *un* seguido de vintecatro ceros e do valor dun **cuatrín** falaban os antigos homes de negocios para se referir a unha moeda de pouco valor que corría entre nós e que parece que naceu en Italia.

No diccionario de Valladares aparece a voz **catralbo** coa seguinte significación: "dícese del cuadrúpedo que tiene blancos los cuatro remos o pies. Atravesado, avieso, de torcida y dañada intención, traidor", que recollen os demais diccionarios. Non sei se esta voz é moi antiga e pode ser considerada tradicional e conservar así ese nome ou temos que pensar que se trata dun cultismo que debera ser grafiado ó igual que en portugués (*quatralvo*) como **cuatralbo**.

529. Catorce cadernos

Do mesmo xeito que o latín QUATTUOR pasou a ser en galego **catro** o numeral QUATTUORDECIM converteuse en **catorce**. Neste caso o portugués mantén viva tanto na fala popular coma na lingua escrita a verba *catorze*, se ben hoxe nesta última aparece tamén *quatorze* por influencia de *quatro*.

De **catorce** temos en galego os derivados **catorceno** ou **catorcena** co mesmo significado que décimo cuarto: *Antón foi o catorceno na meta* e **catorzavo** ou **catorzava** que se aplica a cada unha das catorce partes en que dividimos algo: *tocoume a catorzava parte da herdanza do meu tío*.

Tamén coincide o portugués co galego no tratamento das voces derivadas da palabra latina QUATERNUS que significaba de catro en catro ou catro de cada vez. A verba **caderno** ten orixe nesa voz latina porque os primitivos **cadernos** estaban compostos de catro membranas ás que se engadiu posteriormente unha quinta para protección das demais membranas. **Caderno** é voz hoxe corrente sen que pensemos na súa significación orixinaria cando empregamos esta voz.

Desta mesma familia proceden as palabras **caderna** (entre os nosos mariñeiros está introducido o castelanismo **cuaderna**) que é cada unha das pezas curvas que forman a estructura dun barco e **cadernal** que é un aparello formado por roldanas para elevar pesos.

Como derivados normais da verba **caderno** temos **encadernar**, **desencadernar**, **encadernador**, **encadernable**, etc., voces todas elas de uso moi común.

E como pasa en tantas outras ocasións as persoas cultas botaron man da palabra orixinaria latina para formar derivados que se conservan sen evolucionar foneticamente. E así hoxe podemos empregalas voces **cuaterno**, adxectivo que serve para indicar que algo está composto de catro cousas ou catro cifras, **cuaternidade** 'grupo de catro cousas ou persoas', **cuaternión** 'fármaco formado de catro ingredientes', **cuaternario** que tanto pode ser usado como adxectivo que indica 'formado por catro unidades' ou como nome que signífica o período xeolóxico actual que se iniciou hai uns dous millóns de anos.

530. A coresma dura corenta días

Volvemos hoxe falar dunhas voces que pertencen á familia da palabra **catro**. Dez veces catro era en latín QUADRAGINTA que, seguindo unha evolución fonética normal, pasou a ser *quaraenta*, forma que está bastante testemuñada nos textos medievais. Agora ben, resulta bastante normal que esa agrupación de vocais *ae* se convirta en *ee* e despois quede reducida a *e*.

Do mesmo xeito que CALENTE pasou a ser *caente* e despois *queente* e finalmente **quente** ou MAGISTER a *maestre*, *meestre*, **mestre**, así temos que nos textos medievais aparecen tamén as formas xa evolucionadas da nosa voz: *quareenta e quarenta*.

Sen embargo hai que dicir que non entra dentro do normal a conservación da sílaba inicial latina QUA-, xa que vimos noutros casos como outras palabras latinas perderon o *u* desa sílaba, segundo sabemos por outras voces xa estudiadas: **catro**, **catorce**, **cadro**, **caderno**, etc. Polo tanto temos que admitir que nos atopamos ante un de tantos casos de verbas que sufriron a influencia permanente da palabra orixinaria para non evolucionar en *carenta*, que sería o resultado normal que esperariamos hoxe.

Pero o pobo, soberano da lingua, ó escoitar esa sílaba *cua*, transformouna en *cuo* e despois en *co*. Hai mesmo textos medievais galegos e portugueses que escriben as formas populares *quorenta e corenta*, voz esta última bastante empregada polos escritores portugueses do século XVI e moi viva aínda na fala oral, se ben hoxe na escrita se emprega a forma medieval *quarenta*.

En Galicia, como en Portugal, a forma máis espallada é a popular **corenta**, se ben hai algúns escritores que empregaron o híbrido **coarenta**. **Corenta** é a forma consagrada polo pobo, polos escritores e polos gramáticos e diccionaristas e a forma **cuarenta** séntese hoxe como castelanismo.

E canto queda dito de **corenta** pódese aplicar á transformación da voz latina QUADRAGESIMA en *quaraesma*, *quareesma*, *quaresma*, *quoresma* e definitivamente en **coresma**.

Os derivados normais destas palabras son **corentavo**, **corentena**, **corenteno**, **corentenario**, **corentón**, **coresmal** e **coresmar**. Sen embargo na linguaxe culta conservámo-los latinismos **cuadraxésimo** e **cuadraxesimal**.

531. Cadra ben

Da familia da palabra **cadro** témo-la voz **cadrado**, que tanto podemos empregar como nome no sentido de cantidade que resulta de multiplicar unha cantidade por si mesma (*catro elevado ó cadrado*) ou cuadrilátero que ten catro lados iguais e catro ángulos rectos (*este terreo ten a forma dun cadrado*), como adxectivo que se aplica a calquera obxecto que ten a figura do citado cuadrilátero (*esta casa é cadrada*) e máis ou menos ironicamente a persoas robustas, de largos ombros, un tanto obesas (*o meu*

amigo Xan está cadrado) e a persoas de intelixencia pouco flexible (*Xan é un home moi cadrado porque ten unha mente cadrada*).

E agora cádranos moi ben falar do verbo **cadrar** que non só significa dar forma cadrada a unha cousa, senón tamén facer que coincidan dúas cousas, axustar aínha cousa con outra, axusta-lo debe e o haber dunha conta, acaecer simultaneamente, vir ben, convir, adaptarse, amoldarse, etc. Vexamos algúns exemplos: *¡cadroulle ben!*, *cadre ou non cadre*, *esta caixa non cadra nestoutra*, *se che cadra de atopalo*, *vou ó que cadre*, *e se cadra fágoo eu*, *cadra moi lonxe de onde estamos*, etc.

Cadrar deu lugar á formación doutros derivados: **encadrar** (*poñer algo nun cadro*, *axustar unha cousa dentro doutra*, *enmarca-la imaxe nun visor fotográfico*) do que saen **encadramento** e **encadro** e **recadrar**, **recadramento** e **recadro**.

Un derivado, que debe ser moi antigo, desta familia é a voz **cadrelo** que significa trenzado de pelo ou de fío. Esta palabra é descoñecida en portugués e en castelán, linguas que tiveron que botar man do occitanismo *cairel* que é irman do noso **cadrelo**.

Temos desta familia de **cadro** formas paralelas en portugués e en castelán, pero con conservación do *cu* inicial latino: *cuadro*, *cuadrado*, *cuadrar*, etc. escritos con *qu* en portugués. Por iso, se atopamos nalgún escritor ou nalgún neofalante esas palabras **cuadro**, **cuadrado**, etc. teremos que dicir que están empregando un castelanismo ou un portuguesismo.

Digamos, por fin, que a palabra castelá **cuadra**, aínda que a digan algúns falantes, non conseguiu entre nós moito éxito porque as nosas voces **corte** ou **cortello** resistiron moi ben ante ese castelanismo.

532. Escuadrilla de cuadrimotores

Xa falamos en varias ocasións que os neoloxismos e cultismos introducidos na nosa lingua despois de que tiveron lugar as evolucións fonéticas das palabras latinas na súa transformación en verbas romances, non poden ser modificados ó libre antollo de gramáticos e escritores.

Unha vez que vímo-la existencia en galego dunha serie de palabras populares (**cadro**, **cadrado**, **cadrar**, etc.) evolucionadas segundo as leis normais que se cumpriron nunha época do pasado, non podemos facer que eses cultismos nacidos da base latina QUADRI, QUADRU se transformen como as voces tradicionais, convertendo a primeira sílaba *qua* en *ca*.

Como diciamos, hai algúns gramáticos, diccionaristas e escritores que o fan coa boa intención de 'enxebrizar' eses cultismos. Vexamos algúns casos.

Cadrante (que xa está no diccionario de Valladares e en moitos escritores: *ás oito no antigo cadrante*), cuarta parte do círculo limitado por dous raios en ángulo recto, cuarta parte do día natural, instrumento para medir ángulos, reloxio de sol, é unha transformación enxebre da voz culta normal **cuadrante**. **Cuadrícula** e **cuadricular** aparecen ás veces erroneamente como **cadrícula** e **cadricular**. O cultismo **cuadratura** é transformada por algún en **cadratura** e mesmo en **cadradura**.

A voz **cuadrilla** é tanto en galego coma en portugués unha verba, importada de Castela e resulta un tanto raro ver como algúns escriben **cadrilla**, **cadrillada e cadrilleiro**. Do mesmo xeito o galego posúe a voz **cuadratín** 'peza cadrada que usan os tipógrafos para deixar espacios brancos' que é palabra tomada da lingua italiana e que non debe ser modificada.

Permítaseme dar unha lista de voces cultas que deben conserva-la súa sílaba inicial como *cua-*: **cuadrangular**, **cuadrialado**, **cuadricelular**, **cuadricolor**, **cuadricromía**, **cuadridíxitado**, **cuadrifolio**, **cuadriforme**, **cuadrilátero**, **cuadrilítero**, **cuadrilongo**, **cuadrirreme**, **cuadrisecular**, **cuadrivalente**, **cuadrúmano**, **cuadrúpede**, **cuádruplo**, etc. ás que engadiría **cuadriga** e **cuadrivio**, que algunhas veces vexo escritas **cadriga e cadrivio**.

E por último quero indicar que as voces cultas **cuadrienio** e **cuadrienal**, **cuadrimestre**, **cuadrimotor** e **cuadrisílabo** aparecen mesmo en moitos léxicos e normativas co cambio da base *cuadri-* en *cuatri-* tal vez por influencia de **catro** ou tal vez por influencia de **trienio**, **trimestre**, **trimotor**, **trisílabo**. E tamén temos que dicir e escribir **escuadra**, **escuadrilla** e **escuadrón**.

533. Cadros brancos e negros

Do mesmo xeito que a palabra latina QUATTUOR evolucionou foneticamente en **catro**, a palabra QUADRUS, emparentada con este numeral, converteuse en **cadro**, perdendo a vocal *u*, fenómeno que ocorreu tamén en francés pois temos en francés antigo o derivado normal *carre*, que hoxe foi substituído polo italianismo *cadre* e por outra creación francesa, *tableau*.

Cadro ten aínda o valor orixinario de figura xeométrica de catro ángulos e catro lados, como vemos nesta frase de Castelao: *a forma máis corrente é a do taboleiro de xadrez*, *no que os cadros brancos e negros alternan na decoración*. Eu escoiteille chamar algunha vez *cadro da casa* á planta da casa, pero actualmente **cadro** pasou a ter outros moitos significados: 'o lenzo ou lámina de pintura ou mesmo o marco que sostén esa píntura' (*o cadro que o Corregio pintou en 1522... o novo cadro que pintou...*), 'descrición que se fai dun espectáculo ou dun suceso moi viva e animada' (*escribín un cadro dos nosos costumes*), 'descrición da natureza' (*estou contemplando o cadro maravilloso dunha praia enorme*) 'o fondo dun escenario teatral que está pintado e que deu lugar a que cada vez que se cambia esa decoración falemos de que a obra ten varios cadros' (*A Morte desaparece e cai o pano para muda-lo cadro*, frase de Castelao), etc.

Cadro emprégase hoxe moito como lista ou relación de membros dunha corporación e sobre todo dos xefes do exército cando dicimos, por exemplo, *os cadros de mando deste batallón son todos baixos*. Claro que o *cadro de mando* pode ser tamén o conxunto de aparellos ou instrumentos dunha cabina dun avión, dun auto, dunha máquina, dunha instalación eléctrica, etc.

Poderiamos seguir poñendo máis exemplos do uso desta voz (cadro de persoal dunha empresa será o que en castelán é chamado *plantilla*, cadro directivo dun partido político serán os seus líderes ou executivos, *quedar en cadro* equivale a quedar sen xente unha fábrica, unha empresa, unha compañía, etc.), pero queremos agora chamar simplemente a atención sobre a popularidade de **cadro** e da familia de palabras que están en relación con esta voz da que falaremos no próximo comentario.

534. Hai cartos e cuartos

A palabra latina QUARTUS, numeral ordinal, converteuse en galego en **cuarto** sen modificación da sílaba inicial *cua* en *ca* como ocorreu con **catro**, **catorce** ou **cadro** que comezaban con *qua* en latín, agás na significación de 'cuarta parte dunha moeda' que logo tomou a acepción de diñeiro en xeral: *hei*

de xunta-los cartos para un mantelo... soaban algúns cartos no bulso... deixouna sen cartos... E cando acompaña á voz **feira** para significa-lo cuarto día da semana: **cartafeira**, que ten a variante **cortafeira**.

Con todo, **cuarto** (algún autor escribe **coarto**: *coarto de Socorro* di Castelao, *tres coartos de século... un coarto baixo* usa Otero Pedrayo) é a voz normal tanto na lingua falada coma na escrita: *dinlle un cuarto de pan... estou no cuarto de baño... falta un cuarto de hora... a lúa está en cuarto crecente...*

Do mesmo xeito **cuarta** é palabra popular, se ben algúns autores trataron de diferenciala do castelán escribindo **coarta**: *debaixo dunha coarta de neve... cunha coarta de sol*, de Otero Pedrayo, *a dúas coartas do corazón*, de Castelao.

Dividir algo en cuartos ou en cuartas partes ou en máis partes aínda é **cuartear** que tamén pasa a significar fenderse, racharse. Coido que esta voz podería servir para traduci-la palabra castelá *descuartizar*, a non ser que empreguemos *escuartexar* ou *escuartillar* que existen en portugués.

Desta mesma familia proceden **cuartás** '*febre intermitente que se manifesta cada catro días*' e **cuarteirón** 'cuarta parte dunha libra, dun litro ou dunha vara'. E tamén **cuartillo** 'medio litro aproximadamente ou cuarta parte dun ferrado' e **cuartilla** (Castelao converteuna en **coartela**: *que esborranchan coartelas... as coartelas que deixo escritas* e Otero Pedrayo tamén: *a brancura das coartelas*) que son claros castelanismos.

A lingua castelá serviu tamén de intermediaria do catalanismo **cuartel** (dun escudo), do francesismo **cuartel** (de tropas) e os seus derivados **cuartelada**, **cuartelazo**, **cuarteleiro**, **acuartelar**, etc. e dos italianismos **cuarteta** e **cuarteto**.

E por fin digamos que en galego ademais do verbo **encartar** (derivado da voz **carta**) existe outro verbo **encartar** que procede desta familia porque **encartar** é dobrar algo en catro partes. Cando pregamos, por exemplo, un pano, normalmente facémolo dobrándoo dúas veces e por tanto temos catró cuartos...

535. Dezaseis, dezasete, dezaoito e dezanove

No latín clásico ó lado do numeral SEXDECIM (que conservou certa vixencia nas linguas romances e mesmo nos textos antigos das linguas hispánicas vémo-lo seu descendente *seze*, procedente da evolución de *seeze* e este de *sedece*) existía unha recomposición do mesmo: DECEM ET SEX e DECEM AC SEX.

Estas dúas formas latinas evolucionaron na fala popular en **dezeseis** e **dezaseis**. Nos textos máis antigos galegos e portugueses os escritores e escribáns prefiriron a primeira desas formas porque para eles era claramente unha palabra composta e moitas veces así a escribían: *dez e seis*. Sen embargo, a partir do século catorce foi preferida na lingua escrita **dezaseis** (en portugués escrita con dous eses *-dezasseis-* porque do contrario sería pronunciada como consoante sonora). A forma antiga *dezeseis* desapareceu practicamente no día de hoxe nas falas populares de Galicia e Portugal, se ben é a forma normal a tódolos niveis no Brasil. A palabra **dezaseis** seguiu en galego evolucionando ó cambia-lo *e-* inicial por *a-* debido á asimilación de ámbalas dúas vocais en dúas sílabas seguidas.

Hoxe está tan viva **dazaseis** (mesmo hai no sudoeste da provincia de Pontevedra unha curiosa variante: **dozaseis**) coma **dezaseis** na fala popular e os escritores usan tanto unha coma outra forma. Sen embargo as *Normas* oficiais da lingua galega escolleron como forma preferida a voz **dezaseis** "por manter claramente a vinculación con dez".

Canto acabamos de dicir pode ser aplicado á preferencia oficial no galego de **dezasete**, **dezaoito** e **dezanove** sobre **dazasete**, **dazaoito** e **dazanove** e á orixe histórica de todas estas formas e á súa extensión tanto en Portugal coma en Brasil. Queda só por engadir que o numeral brasileiro *dezoito* coincide co portugués *dezoito* porque as formas precedentes *dezeoito* e *dezaoito* fusionaron os grupos vocálidos *eo* e *ao* en *o*.

Por fin digamos que todos estes numerais teñen o seu correspondente partitivo rematado en *avo*: **dezaseisavo**, **dezaseteavo**, **dezaoitavo**, **dezanoveavo** e os ordinais son: **décimo sexto**, **sétimo**, **oitavo**, **noveno**. De **dezaoito** xurdiu o adxectivo **dezaoitesco**.

536. Cincocentos

Xa noutra ocasión falei da numeración das centenas que en galego se aparta un tanto do sistema dos numerais das linguas veciñas porque a nosa lingua foi neste caso innovadora regularizando o sistema de contar por centos, baseándose nos numerais simples: **douscentos**, **trescentos**, **catrocentos**, **cincocentos**, etc. Aínda máis. Aínda hoxe é corrente falar tamén de *oncecentos cabalos*, *docecentos pesos*, *trececentos repolos*, *catorcecentas* ou *quincecentas berzas*, etc. Contesto pois a un par de lectores que coincidían na pregunta de por qué certos literatos usaban a voz **quiñentos**. Esta voz, a pesar de que un diccionarista di que "cincocentos é unha forma analóxica do numeral cardinal usada en partes de Galiza en vez de quiñentos", non está recollida en ningunha dos centos de enquisas dialectais que puiden consultar e resultaría moi chocante atopar algún falante que a empregue.

O que si está actualmente moi espallado xunto de **cincocentos** é o castelanismo **quinientos**. ¿Cando entrou este castelanismo? Resulta moi difícil sabelo, pero non tería nada de particular que fose xa un castelanismo da época medieval. Probablemente *quinientos* entrou en Galicia e Portugal nesa época e así como o galego resistiu en certa maneira esa voz invasora mediante a formación da citada regularización das centenas, o portugués aceptou esa palabra transformándoa en **quiñentos**, pois as teorías dalgúns filólogos portugueses de explica-lo paso do latín *quingentos* a *quinhentos* mediante evolucións fonéticas anormais son menos convincentes cás dos filólogos que pensan nunha orixe castelá.

Coido que o uso de **quiñentos** por parte dalgúns dos nosos literatos está tan pouco xustificado coma o emprego de **quinientos** por parte de moitos falantes. Moitas veces teño escrito que Galicia ten unha lingua de seu e que é verdadeiramente lamentable que se esquezan formas orixinais da nosa lingua ben por imitar ó castelán ou ben por imitar ó portugués.

537. Unha arma branca

¿Por que lle chamamos **arma branca** a unha espada e mesmo a un puñal?, pregúntame un lector. A voz **branco** ten orixe na palabra xermánica *blank*, que significa 'brillante e claro' e posteriormente tomou o sentido popular da cor máis clara de tódalas cores ou como dirían os científicos o **branco** resulta da impresión producida no órgano visual polos raios da luz non descomposta ou da combinación de tódalas cores do espectro solar.

Así pois, **branco** conserva nesa expresión **arma branca** o sentido primitivo que tiña de brillante, lúcido entre os xermanos que introduciron esa voz no mundo latinizado con tanto éxito que substituíu

popularmente á voz ALBO procedente do latín. En galego e portugués *blanco* foi convertida en **branco** do mesmo xeito que BLITU pasou a ser **bredo**, BLATERARE a **bradar** e BLANDU a **brando**.

Para todos nós está moi claro que **branco** é sobre todo a cor da neve, do leite ou do cal limpo e así dicimos *barba branca*, *cabelo branco*, *casa branca*, *escuma branca*, *nubes brancas*, *traxe branco*, etc., pero xa non o está tanto se empregamos esta voz con outros nomes que en absoluto recordan a cor da neve, do leite ou do cal: *pan branco* é en xeral pan de fariña de trigo e representa unha clase de pan de cor máis clara cás doutras clases. E o mesmo podemos dicir de *madeira branca* ou de *azucre branco* ou de *cera branca*.

A voz **branco** aplícase a nomes de plantas (*espiño*, *millo*, *pampillo*, *uz*, *carballo*, etc.) e mesmo a certas variedades de froitas (*mazás*, *peras*, *cereixas*, *uvas*, etc.) formando expresións como *espiño branco*, *mazá branca*, etc., nas que **branco** viría a ser algo así como 'que tira a branco' ou 'que é máis claro có doutras variedades desa especie'. Naturalmente chamarlle *oso branco* a un oso polar non ten nada de extraño se o comparamos co *oso pardo* dos nosos montes, como non o ten falar de *peixes brancos* ou *azuis* se pensamos non no seu aspecto exterior senón na cor da súa carne.

O sentido de **branco** como 'claro, transparente, translúcido' vese en exemplos coma os seguintes tomados dos nosos grandes escritores: *branca aurora*, *branca labarada*, *branca lúa*, *branco luar*, *branca luz*, *branco raio de lúa*, etc. E ¿quen pode afirmar que o *vitriolo branco* "sulfato de zinc", o *zafiro branco* e mesmo o *viño branco* son cousas que teñen a mesma cor da neve ou do leite?

As palabras van modificando a súa significación primitiva como xa dixemos moitas veces. E aínda teremos que falar doutros significados de **branco**.

538. Carta branca e roupa branca

Branco é usado tamén nun sentido moi amplo para expresa-la pertenza a un tipo de raza ou de xénero humano. Falamos do *home branco* fronte ó *home ne*gro ou ó *home amarelo*, pero ¿quen pode dicir que tal amigo noso é un *home branco* cando realmente é máis moreno cós mesmos mouros?

Por suposto que a voz **branco** perde xa toda a relación coas cores cando a facemos sinónima de "puro, cándido, inxenuo, sen mácula" e falamos de *brancas ilusións*, *alma branca*, *branco personaxe*, etc.

E un pode *quedar branco* dun susto aínda que ese "un" sexa un home negro, amarelo ou acobreado, porque nese caso a voz **branco** toma a significación de "pálido ou descorado".

Todos sabemos que unha carta pode ser branca, azul ou amarela segundo a cor do papel empregado, pero a min pódenme dar *carta branca* nun papel amarelo ou sen ningún papel porque o meu xefe pode darma telefonicamente para que eu resolva con plenos poderes certo asunto. Para min a expresión *carta branca* está ligada á miña infancia porque nesa época escoitei varias veces esa misteriosa frase de *veñen as tropas con carta branca*, que tiña a significación da frase semellante que escoitan os nenos de hoxe nos filmes: *axente 007*, *con licencia para matar*.

A *roupa branca* está constituída polas teas lavables de uso doméstico e polas prendas que usan as persoas debaixo dos vestidos. Se lle eu pregunto a alguén *¿botáche-la roupa branca na lavadora?* podo escoita-lo seguinte: *botei dúas camisetas lilas*, *unha braga gris*, *dous calzóns verdes*, *un apretador marrón*, *un par de sabas amarelas*... Neste caso parece que **branco** non é xa o resultado da combinación de tódalas cores, senón o equivalente a *multicolor*.

Pero así é a lingua. O pobo modifica e transforma os sentidos das palabras. Eu firmo ou asino un papel en *branco* cando non está nada escrito nel aínda que o papel sexa amarelo. E falamos de *maxia branca* porque a opoñemos á *negra* que é a que ten relación con demos ou espíritos e dicimos que *María é unha viúva branca* porque enviuvou sen ter relación sexual co marido e discutimos sobre a *hulla branca* cando falamos da potencia hidráulica para a producción da enerxía eléctrica...

Branco significa algo máis ca unha cor clara e brillante. Tal vez os científicos acertan cando din que branco non é propiamente cor, senón ausencia de cor...

539. Cousas abrancazadas

O adxectivo **branco** tivo tanta vitalidade que deu lugar á creación de moitas outras palabras. Así sinalamos en primeiro lugar os verbos **branquear** e **branquexar** dos que nacen os participios **branqueado** e **branquexado**. Podemos dicir: *o tellado está branqueado pola neve caída onte*; *o meu amigo está branqueado por culpa dos disgustos familiares* (neste caso referímonos a que os seus cabelos encaneceron), *esta casa está recén branqueada* (é dicir; pintada de branco) e non podemos menos de citar unha frase de moda actualmente: *Xan tivo sorte e xa ten branqueados os cartos gañados no contrabando*.

E case sinónimo de **branquear** é **branquexar**, que dá a impresión de que significa máis ben 'branquear lentamente': *Pepe branquexa moito ultimamente*, *as paredes da miña casa están agora branquexadas ou o monte apareceu branquexado pola xeada*.

Sen embargo para dicir que unha cousa tira a branco podemos emprega-la voz **brancacento** ou as máis limitadas territorialmente **branquizo** e **brancuxo**. Eu escoitei tamén **branquecho** e **branqueiro**, pero non as atopo recollidas nos diccionarios. O adxectivo **brancal** soamente é empregado coas voces *toxo e uz* para indicar unha variedade especial desas plantas.

Como forma máis estendida e máis popular ca **brancacento** temo-la voz **abrancazado** (coas variantes **abrancuzado** e **abrancuxado**) que non só se aplica a algo que tira a branco (*fogo abrancazado e fumento*, di nunha obra Otero Pedrayo), senón que se aplica ás persoas que se volven pálidas por efecto dunha enfermidade: *Xan quedou abrancazado despois de pasa-lo sarampelo*.

Por último, quero indicar que tamén teñen ese sentido de pálido máis có de 'tirando a branco' **embranquecido** e sobre todo **esbrancuxado**, voz igualmente moi corrente en moitas partes de Galicia, pero que ten tamén variantes locais coma **esbrancazado**, **esbrancuchado**, **esbranquecido**, **esbranquexado**, **esbranquizado** e posiblemente algunha máis.

Todo isto amósanos como unha lingua viva que está sempre en ebulición e creando e recreando palabras e ó mesmo tempo modificando a súa significación.

540. Albelo, albeiro, albar e albariño

Falamos xa de como a voz **branco**, de orixe xermánica, se impuxo popularmente á voz latina ALBO, pero esta non chegou a desaparecer completamente posto que vive na palabra **alba** 'madrugada' e 'vestidura eclesiástica' e sobre todo nos seus derivados e nos topónimos tipo *Vilalba*.

Desde logo o castelán *albo* é hoxe unha voz exclusivamente poética. O portugués *alvo* ten máis vixencia ca en castelán gracias á existencia de *alvo* como 'punto a que se dirixe o tiro, obxectivo, fin', pero no seu sentido adxectival, aínda que o filólogo Nascentes a defina como 'branco moi puro, inmaculado e brillante' é voz máis literaria ca popular. E o mesmo pasa en galego.

Os nosos grandes escritores fan moito uso desta voz: *non vos espantés se teño alba a cor* (Pondal), *albo chaleque* (Curros), *cabelo albo... albos velos... alba man* (Otero Pedrayo), *na fiestra locía os seus albos cornos á lúa nova* (Castelao), pero ¿quen se atreve a entrar hoxe nunha tenda a pedir *unha camisa alba e un pantalón albo*?

Pero como diciamos arriba si está viva popularmente nos seus derivados. A voz **albelo** (descoñecida sen embargo en portugués) aplícase ás persoas que teñen o cabelo branco: *Xan xa está albelo* e mesmo adquiriu os novos sentidos de desperto e gracioso que emprega a miúdo Otero Pedrayo: *burguesiñas albelas... as campaíñas albelas... o falar albelo de lengüiñas... camiñando albelo*. E de **albo** saíron os verbos **albar** 'florecer cedo as árbores' e **albear** 'branquea-la roupa' que non son moi correntes.

Outro derivado moi popular é **albeiro** 'que tira a branco': *chambra albeira*, *pan albeiro* 'pan de trigo' e *muíño albeiro* 'muíño que moe trigo'. Tamén é voz usada polos escritores: *pan albeiro* (Curros), *os cotos albeiros* (Otero), *face albeira... faciana albeira... albeiros penedos* (Castelao). E de **albeiro** saíu o verbo **albeirar** que nalgunhas partes empregan no sentido de branquear e o adxectivo **albeirizo** 'brancacento'.

E á mesma familia pertence **albar** que se emprega con algunhas palabras para indicar unha variedade especial: *coello*, *toxo*, *carballo*, *piñeiro*, *centeo*, *terra albar*, etc. e que ten un diminutivo **albariño** que se aplica tanto a determinada clase de uva coma ó seu viño correspondente.

En fin, poderiamos dar máis voces que indican **branco** e **albo** como **arxénteo**, **prateado**, **níveo** ou **cándido** e **albino** 'que non ten a debida pigmentación na superficie corporal'.

541. Vida negra

Dicimos dunha cousa que é da cor **negra** cando a atopamos totalmente escura coma, por exemplo, o carbón, o ébano ou o acibeche, é dicir, cando está falta de toda cor. **Negro** é voz procedente do latín NIGRU que se impuxo sobre outra voz latina ATRU que o portugués culto recuperou recén na lingua elevada como *atro*.

Polo tanto **negro** pode ser aplicado a todo obxecto ou animal moi escuro: *galiña negra*, *vaca negra*, *cabelo negro*, *chaqueta negra*, *mantelo negro*, *zapato negro*, etc. para distinguilos doutros obxectos ou animais doutra cor.

Os homes **negros** son os individuos que pertencen á raza desa cor e dados os feitos históricos que levaroná escravitude dos negros en certos países non ten nada de extraño que a voz **negro** adquirise o valor de 'escravo'; *isto é un traballo de negros*. E de aí que quen traficaba con escravos e quen hoxe actúa brutalmente cos traballadores é un **negreiro**.

Naturalmente o sentido de escuro ou de relación de certas variedades máis escuras dentro do mundo vexetal, fai que falemos de *álamos*, *carballos*, *chopos*, *espiños* e *millos negros* ou *espigas*, *uces*, *uvas* e *xestas negras*. E cando falamos de *azucre negro* non indicamos que sexa coma o carbón, do mesmo xeito que en moitos lugares é chamado *pan negro* o pan de centeo.

E **negro** é por tradición a cor do loito e de aí que pase a te-los sentidos figurados de 'lúgubre', 'tétrico' (*días negros*, *acontecementos negros*), 'horrible' (*teño unha fame negra*), 'perverso' (*crime negro*), 'triste' ou 'desgraciado' (*negra soidade*, *negra melancolía*) ou maldito (*chegou en negra hora*). Deste sentido figurado nace a *lista negra* que pode facer calquera persoa ou sociedade contra os que consideran que teñen intereses prexudiciais para eles.

Negro pode equivaler a 'apurado' en frases coma: *verse negro para realizar algo* ou *volverse negro* e a 'manchado' ou 'lixado'; *vou lava-las mans que as teño negras*. E ¿que significa *pozo negro*, senón lugar para recolle-las inmundicias da casa? Coido que é moi moderno o sentido tan corrente de 'ilegal': *mercado negro*, *diñeiro negro*, *caixa negra*, se ben esta última expresión está tamén de moda como 'caixa rexistradora dos voos dos avións'.

Se **branco** é a cor da inocencia, **negro** é, ademais da do loito, a do macabro ou do irónico: *maxia negra*, *humor negro*, *o papa negro*. E os economistas falan do *ouro negro* cando se refiren ó petróleo e os físicos da *luz negra* e de *buratos negros*.

Polo tanto, *vida negra* pode ter case tantos sentidos coma os que acabamos de citar...

542. Negral, mouro, escuro e preto

Derivados de **negro** son os adxectivos **negral** (*carballo*, *silva*, *xesta negral*), **negrizo** e **negrusco**, así coma os verbos **negrecer** e **negrexar** dos que saen as voces **negrecente** e **negrexante**.

Facer que algo sexa negro é **anegrar**, **anegrexar**, **anegrecer** e mesmo **anegrazar**. Tamén existen os verbos **ennegrecer** e **denegrecer**, que ten a variante **denegrirse** que en moitas partes de Galicia equivale a 'amoratarse algunha parte polo efecto da friaxe ou dun golpe'. **Denegrir** significa tamén en portugués 'desacreditar, infamar a alguén'. Para esta significación actualmente emprega o galego o cultismo latino **denigrar** que parece tomado a través do castelán.

Dos participios destes verbos nacen os adxectivos correspondentes: **anegrado**, **anegrexado**, **anegrecido**, **anegrazado**, **ennegrecido**, **denegrecido**, **denegrido**, que tanto poden significar 'que se volveu negro' coma 'que tira a negro'.

Tirante a negro ou practicamente negro é a voz galega **mouro**, que pasou da significación normal de 'pertencente ó Magreb, sarraceno, morisco' (que é a que conservan as linguas castelá e portuguesa) á de 'moreno' (acepción existente nalgún lugar de Portugal) e logo á significación tipicamente galega de 'negro'. *Vaca moura* é igual ca *vaca negra*. E *espiño mouro*, *millo mouro* e *uz moura* son sinónimos de *espiño negro*, *millo negro* e *uz negra*. Os nosos grandes escritores usaron frecuentemente esta voz **mouro** neste sentido: *calzón de lan moura* (Pondal), *nubes grosas e mouras... mouras tocas de viudeza... envolto en mouros farrapos* (Otero Pedrayo), *fume mouro.. cruceiros mouros... no bandullo mouro da noite... na mesma noite moura* (Castelao).

Tamén **escuro** 'que carece de luz' ten ás veces o sentido de 'negro': *noite escura*, *roupa escura*, tomando a miúdo as mesmas acepcións que citamos anteriormente para a voz **negro**.

Curiosamente a voz **preto**, que existe en castelán (*prieto*) como 'tirante a negro' e que en portugués adquiriu tanto éxito que é máis popular cá voz **negro**, é moi pouco usada en galego tanto a nivel elevado de lingua coma na fala popular.

Citemos finalmente algúns outros adxectivos que teñen entre outras acepcións básicas a de 'escuro, tirando a negro': **aburado** (participio do verbo **aburar** 'queimar') 'ennegrecido por efecto da calor': *pan aburado*; **fusco** (tan corrente na expresión *entre lusco e fusco*): *gando fusco*; **nubrado**: *ceo moi nubrado*; **pecho**: *ceo pecho*, *noite pecha*.

543. O sinal verde

Dicimos dunha cousa que é **verde** se é da cor común das herbas frescas, das follas das árbores ou das esmeraldas: *ponliña verde*, *monte verde*, *verde enramada*, *verde parra*, *verde toxo*, *fondo verde*, *ollos verdes*, *traxe verde*, etc.

E aplicámo-lo adxectivo **verde** ás plantas que aínda teñan saiba e non secaron: *leña verde*, *madeira ver*de, *canas verdes*, etc. ou ás plantas e froitas que non madureceron: *centeo verde*, *maceira verde*, *o millo está aínda verde*, etc. E destes usos saen facilmente os empregos figurados de **verde** como 'non acabado, non desenvolvido': *o meu plan está verde*, *os verdes anos da vida de Pepe*, é dicir, os anos da súa infancia, ou como 'inmaduro': *Xan está verde para esa función* ou como 'obsceno' no caso de *vello verde*, *esceas verdes do filme* ou *chistes verdes*.

Resulta curioso observar como as palabras poden pasar de ser tabús sociais a voces limpas e normais. Cando hai bastantes anos me preguntaba un correspondente español en Bonn como podía traducirse o *grupo* (despois partido político) dos verdes sen que os españois se mofasen desa denominación, que os levaría a pensar inmediatemente no *grupo dos obscenos*, pensamos que o mellor sería traducir *die Grünen* polos *amigos da natureza*... O meu amigo fíxoo así, pero logo tivo a idea de escribir "verdes" (entre comiñas) e como é ben sabido xa non é necesario poñer esa voz entre comiñas porque hoxe ninguén se extraña en España de dicir *pertenzo ó partido dos verdes*.

En galego falábase antes de *verzas verdes* (que é case unha redundancia) e de *herba verde*, que é a recollida moi cedo para o gando. Hoxe falamos tamén de *pano verde* ou *tapete verde* cando nos referimos á mesa de xogo, aínda que os panos ou tapetes non sexan desa cor. E sabemos que o *ouro verde* é unha aliaxe de ouro e prata, que unha *zona verde* é un terreo dunha cidade destinado para parques e xardíns e que o *sinal verde* dos semáforos equivalente a 'vía libre' dá lugar a que eu poida escribir: *teño o sinal verde* para un novo programa.

Os portugueses fan moito uso desta voz. Comen carnes *verdes* (por 'frescas') e *caldos verdes* (feitos de follas de coles ben picadas) e beben *viños verdes* (os típicos do Norte) e ademais de *pórse brancos dun susto* poden tamén *ficar verdes doutro susto*. E os brasileiros chámanlles ós amancebados *casados na igrexa verde*...

544. Poñer verde

Todos empregamos bastante a miúdo a locución *poñer verde a alguén* no sentido de 'censurar' ou 'criticar acremente a unha persoa'. Non sei como naceu esta expresión e por iso pregunto ¿que clase de **verde** é esta cor **verde**?

Hai moitas persoas que din coñecer moi ben as cores, pero ¿ata que punto é certa esta afirmación? Eu mesmo, que non distingo moi ben os diversos matices de cada cor, presumo de diferencia-las diversas coloracións dos campos galegos, asturianos, cántabros e bascos, pero ¿con que nome os definiría?

Naturalmente hai *verdes claros* coma *verde mar* e *verde gaio* (que pola súa orixe poderiamos chamar *verde alegre*) e hai *verdes escuros* coma *verde botella*, *verde garrafa*, *verde montaña* (que tira ás veces a "azulado"), *verde musgo*, *verde oliva* e *verdinegro*. E aínda poderiamos engadir *verde esmeralda*, *verde cincento*, *verde amarelo*, *verde azulado* e mesmo os portugueses falan de *verde piscina* (azulado) e *verde cré* (verde sobre ouro).

E curiosamente *poñer verde unha cousa* é pintala de **verde**, pois non existe un verbo que signifique 'pintar de verde algo'. O que si é moi abundante é a serie de voces que equivalen a 'pórse verde, tornarse verde, tirar a verde': **verdear**, **verdecer**, **verdegar** e **verdexar** (os campos *verdean*, *verdecen*, *verdegan* ou *verdexan gracias á choiva caída*), **enverdecer**, **enverdexar**, **esverdear**, **esverdexar**, etc. ademais de **reverdecer** e **reverdexar** que significan 'tornarse de novo verde'.

Tamén son abundantes os adxectivos que significan 'tirante a verde': **verdeal** (*trigo verdeal*; *pito verdeal* é o paxaro carpinteiro) ou **verdegal**, **verdecente** (Pondal fala da *costa verdecente* e Otero Pedrayo de *ollos verdecentes* e *verdecentes fondos limosos*), **verdexante** (*os verdexantes cómaros*, *doce e verdexante terra*), **verdoso**, **verdeñal**, **verdello**, **verdenllo**, **verdeo**, **esverdeado**, **reverdexante**, etc. ós que poderiamos engadir outros adxectivos portugueses semellantes, que poderían existir nalgún lugar de Galicia: **verdoengo**, **verdolengo** e **verdasco**.

Existen por último outras verbas doutras famílias de palabras que significan tamén 'verde' ou 'tirando a verde': o cultismo **glauco** 'verde claro', **porráceo** 'que ten a cor do porro', aceitonado 'que ten a cor do aceite' e **vizoso**, que significa 'fértil', pero que está unido a **verdoso**: *orelas vizosas do Miño sereno*, *prados vizoso*s, etc.

545. Cousas verdes

A palabra latina VIRDE que deu orixe á forma romance **verde** tiña un plural neutro VIRDIA 'cousas verdes' que evolucionou foneticamente no actual **verza** que do seu significado primitivo pasou a especializarse primeiro en 'verdura' e logo exclusivamente en 'col'. Os casteláns din tamén *berza e* os portugueses conservan a forma *berça* como sinónimo de *couve-galega*.

Pero a cor verde das plantas dá orixe ás voces **verdor** e **verdura**, palabra esta última que chega a significar non só **verdor** das plantas, senón nun sentido máis especializado 'hortalizas' (equivalente como o seu nome indica a 'froitos da horta'). E de **verdura** nacen as voces **verdureiro**, **verdurería** e **verdurada** 'caldo de só hortalizas'. O castelanismo **verduleiro** está moi introducido tanto en Galicia coma no Brasil.

O **verdín** é a capa verde formada nos lugares húmidos polas plantas ou a substancia viscosa que soltan as plantas cando son esmagadas. E ese mesmo nome reciben algunhas algas mariñas.

Exclusivamente galega é a voz tan corrente de **verduallo** (que ten as variantes **verdiallo** e **verdoallo**) para significar 'conxunto de froitas verdes ou que non están maduras' e tamén 'conxunto de hortalizas recén cortadas'. Nalgún lugar o caldo de verzas é chamado despectivamente **verduallo**.

As varas delgadas e flexibles procedentes das ramas dalgúns arbustos chámanse **verdascas** e serven para dar con elas boas pancadas: **verdascadas**.

E en relación con esta última voz está a palabra **verdugo** que en principio significaba o mesmo ca **verdasca**. Logo foi o mesmo ca **verdascada** e despois 'roncha ou sinal que deixa no corpo o efecto dos azoutes'. Posteriormente foi chamado tamén **verdugo** a persoa que daba as verdascadas ou azoutes e ese azoutador foi convertido en funcionario xudicial non só para azoutar, senón tamén para dar morte ós condenados á máxima pena.

Figuradamente chamámoslle hoxe **verdugo** a calquera persoa cruel que inflixe malos tratos. Para estas últimas acepcións o portugués prefire normalmente as palabras *algoz* (voz de orixe árabe) ou *carrasco* (voz que procede do nome dun famoso verdugo lisboeta do século XVII que se chamaba Belchior Nunes de Carrasco).

546. Cousas azuladas

Xa hai moitos séculos que vive entre nós unha palabra persa que pasou primeiramente ó árabe vulgar e despois entrou na Península Ibérica converténdose en **azul** para indicar que unha cousa é da mesma cor có ceo sen nubes. Así pois non ten nada estraño o uso de **azul** nos seguintes exemplos rosalianos: *ceo azul... todo era claro azul no firmamento... no ceo azul clarísimo*. **Naturalmente** hai moitas cousas que teñen esta cor: *o fume azul... a paisaxe tornouse azul... a serra azul... na copa azul dos ameneiros... montes azuis...*

Dar cor azul a algo ou tinxir de **azul** é **azular** e dunha cousa que se torna azul dicimos que **azulea** ou **azulexa**. E os adxectivos que significan 'que tira a azul' son **azulado** (*aló na azulada esfera... mil raios azulados...*), **azuleado** ou **azulexado** e os cultismos **azulino** e **azuláceo**.

Entre os matices desta cor hai que salienta-lo *azul claro* ou *azul celeste* e os *azuis escuros azul de mar*, *azul mariño* e *azul turquí*. E en portugués do mesmo xeito que teñen un *verde piscina* teñen tamén un *azul piscina*. E agora preguntamos: ¿Que matiz ten ou que clase de **azul** é o *sangue azul* dos nobres?

Azul significa como substantivo 'materia, substancia de cor azulada', en casos coma *azul de cobalto*, *azul de metileno*, *azul de Prusia*, *azul de Saxonia*, *azul de ultramar*, etc., e non necesitamos explica-lo que é **azulete**. Outros nomes derivados de **azul** son **azulón** 'patogrande e azulado', nalgúns lugares de Galicia e varias especies de paxaros do Brasil, e **azulenta**, **azulada**, **azulina** ou **azuleira**, paxariño parecido ó pardal.

O nome de **azur** é empregado hoxe soamente como cor heráldica, se ben algúns escritores o empregan en toda clase de ocasións como puro diferencialismo coas outras linguas que teñen tamén o nome de **azul**.

Funcionan como sinónimos de **azul** as voces **anil** (voz de orixe árabe e da que nace o verbo **anilar** e o nome **anilina**), **índigo**, **blao** (usado soamente para os blasóns), **celeste** (*ollos celestes*), **zafiro** (en portugués *safira*), e as máis cultas **cerúleo**, **opalino** e **pavonado** (derivado de pavón 'verniz azulado').

Voces literarias completamente son **zarco** (voz de orixe árabe, que soamente se emprega coa palabra *ollos*), e **garzo** ou a súa variante **gacio** (de orixe descoñecida, que tamén son empregados exclusivamente con ollos). ¿Quen se atreve a dicir nunha conversación que *Pepe ten os ollos zarcos* ou *gacios*?

547. As vacas marelas e os sindicatos amarelos

Resulta interesante ver como ó longo dos tempos as palabras evolucionan tanto que nos parecen hoxe dificilmente relacionables coas voces orixinarias latinas das que proceden.

¿Quen pensa que o nome da cor **amarelo** é simplemente un diminutivo do latín AMARUS 'amargo'? *Amarellos* foron chamados os que tiñan a ictericia e adquirían esa cor pálida e posteriormente xa nas linguas galega, portuguesa e castelá foron chamadas así as cousas que tiñan esa cor dos ictéricos.

Amarelo ou **marelo** é a cor do ouro, da xema do ovo, do xofre, do azafrán, da casca do limón, da flor do toxo, etc.: *roupa amarela*, *xa de amarelo e branco se pintan os outeiros*, *unha luz cansa alumeaba en amarelo dúas facianas arrepiantes*, *unha fita de luz marela*, *as estivadas marelas*... E aínda **amarelo** conserva o sentido antigo de 'pálido' en casos como cando dicimos *¿Por que estás tan amarelo?*; *ese rapaz non vai ben*, *está moi amarelo*.

Podemos falar de *espiga marela* ou *millo marelo* cando os grans da mazaroca son realmente **amarelos**, pero cando falamos das *fabas marelas* ou das *amarelas ponlas* ou dun *canciño marelo* ou das *faliñas marelas* ou das tan coñecidas e citadas *vacas marelas*, poderiamos dicir que realmente **amarelo** ou **marelo** nestes casos se corresponde coa definición que dabamos anteriormente? Eu coido que non e penso que **amarelo** e **marelo** teñen curiosamente tamén o significado de **amarelado** ou 'tirante a amarelo'.

Naturalmente falamos tamén de *raza amarela* para referirnos ós naturais da Asia Oriental e da *febre amarela* para indica-la enfermidade orixinada nas Antillas que se transmitía ó Continente europeo e causaba tanta mortandade; e hoxe está moi de moda falar da *prensa amarela* por prensa sensacionalista porque seica estaba editada en principio en páxinas desa cor.

Pero ¿por que chamamos *sindicatos amarelos* a aqueles que teñen como misión mina-la acción dos auténticos sindicatos obreiros? Porque os primeiros sindicatos creados con esa finalidade no último ano do pasado século tiñan como insignia unha rama de xesta e unha landra amarelas.

548. Amarelado, azafranado e xofrado

No comentario anterior xa citámo-lo adxectivo **amarelado**, como 'tirante a amarelo', que naceu como participio do verbo tan corrente **amarelar** 'dar cor amarela a unha cousa' (*os pintores amarelaban a fachada da casa*), 'facer tirante a amarelo' (*o tempo amarelou estas follas de papel*), 'madurecer' (*por riba amarelaban os membrillos... amarelaron os outonizos... xa amarelaron os cereais*) e mesmo 'palidecer, descorar' (*os anos amarelaron aquela fermosa veiga*).

Podemos sinalar que **amarelecer** (coas súas variantes **marelecer** e **enmarelecer**) é sinónimo de **amarelar**, agás na primeira acepción que sinalamos *o tempo amareleceu os papeis*, *amarelecían os froitos na leira*, *o meu amigo estaba amarelecido*. E por tanto podemos empregar tamén **amarelecido** como sinónimo de **amarelado**.

E por último sinalemos tamén o adxectivo **amarelento** que teño para min que se trata dun castelanismo introducido modernamente na nosa lingua.

Dentro desta familia de voces debemos lembra-lo nome derivado do verbo **amarelecer**: **amarelecemento** (*o amarelecemento desta planta débese á falta de auga*) é o nome que indica a cualidade de **amarelo**: **amareleza**. E así mesmo recordemos que **amarela** e **amarelle** son nomes de plantas que foron chamadas así porque as súas flores son desa cor.

Pero hai outras palabras que poden indica-la cor amarela porque posúen algunha característica que nos fan recordar esa cor. Sinalemos, por exemplo, o **azafrán**, planta herbácea cunhas flores das que se saca un colorante amarelo. De aí que digamos de moitas cousas que teñen cor de **azafrán** ou que son **azafranadas** porque son amareladas.

Do mesmo xeito cando dicimos de algo que ten a cor do **xofre** queremos significar que ese algo é **amarelo**, que é a cor dese metaloide cristalino tan utilizado na industria e mesmo na agricultura a través dos sulfatos. E polo tanto atopámo-lo seu derivado xofrado como sinónimo de amarelado 'tirante a amarelo e pálido' en frases como a seguinte: *A súa cara xofrada amosaba a súa doenza*... Lémbrese que os verbos **xofrar** ou **axofrar** ou o portugués *enxofrar* significan 'mesturar, preparar ou desinfectar algo con xofre'.

549. Vacas louras e nenos loiros

O adxectivo **louro** (que ten a variante **loiro**, moi usada polos escritores) significa, segundo os máis antigos diccionarios galegos, 'da cor da palla', pero a partir do de M. Valladares (1884) aparece definido como "dourado ou como o ouro ou a espiga do millo cando se acha en total madureza".

Na realidade da fala a cuestión non é tan sinxela porque a gama de matices é moi ampla. En primeiro termo debemos dicir que non está claro, etimoloxicamente falando, que **louro** sexa un descendente do latín LAURU 'loureiro', que ten unha cor precisamente non moi amarela ou dourada. E en segundo lugar diremos que nos textos antigos peninsulares **louro** era case sinónimo de **mouro**, **negro**, **escuro**, etc.

Pois ben, en galego consérvase en moitos lugares esa significación de 'negral' ou 'mouro'. As *vacas louras* son o mesmo cás *vacas mouras*. ¿Por que os **escornabois** son chamados tamén en case toda Galicia **vacalouras**? Precisamente porque teñen esa cor negra violácea. No século dezaoito o filólogo Sobreira citaba a *cereixa loura* como sinónimo de *cereixa negral*. Eu escoitei na cómarca compostelá falar da *auga loura* por auga turba e escura.

Pero a cor de **louro** foi 'aclarándose' co transcorrer dos tempos. E así podemos entender **louro** como **castaño**. As castañas cando están maduras son xa castañas **louras** e o mesmo ocorre coas pallas dos cereais xa segadas e coas espigas xa maduras do millo. De aí pasou ó significado máis corrente hoxe de dourado ou amarelo tostado e sobre todo ó equivalente da voz castelá *rubio*.

Os nosos escritores empregan case sempre **loiro** nesta última significación citada, como se ve neste exemplo clarificador de Castelao: *Non hai máis que un sol para todos*, *pero este sol único fai negros en África e loiros en Escandinavia*. Outras frases semellantes de Castelao e Otero Pedrayo: *vexo aos nenos loiros e bonitos... un vello petrucio e tres nenos loiros... a dona branca e loira*, *neve con sol... o loiro sol... trenzas loiras... no areal loiro*.

De **louro** e **loiro** nacen os verbos **lourar**, **loirar**, **lourear**, **loirear**, **lourecer**, **loirecer**, **alourar**, **aloirar**, (e outras variantes) que significan 'tornar louro' ou 'madurar' nalgunhas partes.

550. Animais e plantas amarelas

O máis coñecido dos mamíferos da orde dos félidos, o **león**, ten a pelaxe da cor amarelada e esa é a causa do nacemento das voces **leonado** ou **aleonado** para indicar que certas cousas teñen a mesma cor do pelo do león: *Xoana ten os cabelos leonados*.

Do mesmo xeito a pelaxe da **gamuza** ou **camurza** é de cor marela e de aí que algúns escritores empreguen os adxectivos **agamuzado** ou **acamurzado** como sinónimos de **amarelado**: *no monte había un par de bois agamuzados*.

A substancia que as abellas obreiras segregan para forma-las celas onde depositan o mel é amarela. *Estás amarelo coma a cera* é locución moi corrente para indicarlle a alguén que está pálido ben por un susto, ben por unha enfermidade. E **encerado** é un adxectivo que se pode aplicar a aquela cousa que ten ou recibiu a cor da **cera**: *tiña a faciana encerada*. Por vía culta entrou na lingua o latinismo **céreo**, como sinónimo desta última voz.

Tamén a outra substancia viscosa e doce elaborada polas abellas, o **mel**, é de cor amarelada e de aí o uso da voz **melado** aplicada ás cousas que teñen a cor semellante á do **mel**.

O froito do limoeiro (planta que foi bastante cultivada no litoral galego) é o **limón**, voz moi empregada para sinalar un matiz da cor marela ou do amarelo-verdoso ou do verde amarelado: *Charo leva unha chaqueta de cor limón*. **Limonado** é o adxectivo normal para expresar ese matiz, aínda que no nivel culto é usado tamén o latinismo **citrino**.

A **canela**, casca da árbore chamada igualmente con ese nome, ten tamén cor amarelada. De aí o uso tanto de **canela** coma do seu derivado **acanelado** para indicar outro matiz máis da cor amarela.

E por último poderiamos engadir outra variante de **amarelado**: o adxectivo **datilado**, derivado de **dátil**, froito da palmeira.

En fin, queda aínda falar doutras palabras para expresa-lo amarelo...

551. Desde o dourado ata o caqui

A cor amarela brillante é coma o **ouro** e por iso do sentido figurado e comparativo pasou esta voz a un sentido normal de cor e así o empregan de contino os escritores: *pasa* (*río*), *pasa antre as froliñas color de ouro e de marfil... as longas trenzas caldas*, *con que os ventos xogaban*, *ondiñas de ouro formaban... lúa descolorida como cor de ouro pálido* (Rosalía de Castro), *foguetes de luces tinguían de praia*, *ouro*, *verde e rosa as paredes encaladas* (Castelao), *loiros de sol*, *de cabelos de ouro... dúas longas trenzas de ouro* (Otero Pedrayo).

Pero máis corrente na fala popular é o uso da voz derivada de **ouro**: **dourado** que, á parte de significar 'cuberto de ouro', ten o valor de amarelo brillante: *galiña dourada*, *vaca dourada*, *espiga dourada*, *cabelo dourado*, etc. Poñamos algúns exemplos dos literatos citados anteriormente: *o inocente a dourada cabesa tamén dobra... ás meniñas dille que sal o sol dourado* (Rosalía), *os cruceiros dourados polo sol caído... batidos polo sol dourado* (Castelao), *colmea de dourado mel... na gaita parleira levaba dourado fleque... fermosas vacas douradas* (Otero Pedrayo).

E dentro do nivel máis elevado da lingua podemos atopar ademais outra palabra desta mesma familia: o cultismo procedente directamente do latín **áureo**.

Sinónimos destas voces e empregados tamén exclusivamente no nivel literario son o galicismo introducido a través do castelán **blondo** ou **brondo** (*brondos cabelos*), os cultismos procedentes do latín **flavo** (*no flavo deserto de Siria*, de Otero Pedrayo), **fulvo** ou **fúlveo** (*escentilaban fúlveas as augas tersas do río*, de A. Vilar Ponte) e os galicismos **gualde** ou **gualdo** (*tonos gualdos*) e **xalne** (rexistrada nas *Cantigas de Santa María*) coa variante castelá **xalde**.

E por último cabería sinalar ademais como palabras que teñen relación coa cor amarela: o galicismo **ocre**, mineral terroso amarelado, empregado a miúdo como matiz desa cor: *pintaron a casa de ocre* e o moderno anglicismo **caqui** que os diccionarios definen como "cor de barro" ou como "cor que vai desde o amarelo ocre ata o verde gris" e que procede da tea de algodón ou lá usada primeiramente polos militares na India e posteriormente polos exércitos doutros países.

552. Sobre laranxas

Temos na Península Ibérica unha serie de árbores que producen froitas ácidas que eran descoñecidas hai dous mil anos. En latín existía a palabra CITRUS "árbore semellante ó limoeiro" que evoluciona no castelán *cidro* e *cidra* e no galego e portugués **cidreira** "árbores da familia das rutáceas" e **cidra**, que é a súa froita.

Pero de Persia, a través dos árabes, chégannos outras especies máis coñecidas hoxe. Xa fixemos referencia en comentarios anteriores ó **limoeiro**, ó **limón** e ó seu adxectivo **limonado**, que proceden do persa *limún*, do mesmo xeito que a **toronxeira** e a **toronxa** (e mesmo a herba **toronxil**) veñen tamén do persa *turung*.

Así mesmo na citada lingua existía a voz *narang* que é introducida na Península como *naranja* en castelán, de onde pasou a outras linguas europeas, como italiano *arancia*, provenzal *aranjo* e francés *orange* (con cambio de *a* en *o* por influencia da voz *or*) e en galego **laranxa** (portugués *laranja*) con cambio da consoanfe *n* en *l*, ben por disimilación das dúas consoantes *n* que ten **naranxa** ou ben tal vez porque no árabe vulgar coexistía tamén esa forma con *l-* inicial.

A voz galega **laranxa** tivo ultimamente un competidor forte no castelanismo **naranxa** o mesmo que o nome da árbore **laranxeira** é chamado por algúns **naranxeira**, **naranxeiro**, **naranxo e naranxal**. Coido que a introducción do galego na escola eliminará facilmente estes castelanismos superfluos.

E xa que falamos hai pouco de nomes de cor diremos que **laranxa** se converteu nun deles: *alcéndese unha fiestra en coor de laranxa* (Castelao), *un luar coor laranxa* (Otero Pedrayo). E de laranxa sae o seu derivado **alaranxado** 'cor do espectro luminoso entre o amarelo e o vermello'.

Xa o P. Sobreira, nas súas *Papeletas*, define **alaranxado** como "lo que tiene color de naranja; ese mismo color" e hoxe empregamos indistintamente ámbalas dúas formas: *levo un traxe laranxa* ou *alaranxado*; *Xoana ten un vestido naranxa*, *de cor naranxa*, *alaranxado* ou *de cor alaranxada*.

E como final diremos que as **laranxas mandarinas** deben de ser laranxas do mandarín da China e segundo o etimólogo Corominas son chamadas así pola alusión á cor do traxe dos mandaríns.

553. Unha vaca roiba ou rubia

Unha das voces latinas para indica-la cor vermella era RUBEUS que é a base do francés *rouge*, provenzal *roi*, catalán *roig* e antigo castelán *royo* (moderno *rubio*). RUBEUS pasou a ser en galego **roibo**, do mesmo xeito que RABIA se converteu en **raiba** ou NOVIU en **noivo** e PLUVIA en **choiva**.

Roibo, aínda que nalgúns diccionarios estea traducido ó castelán como 'rubio', mantén a súa significación primitiva de 'vermello' ou 'encarnado'. Dunha persoa que ten a tez encarnada dicimos que é

unha persoa **roiba** e cando unha galiña ou un cabalo ou unha vaca teñen un aspecto avermellado falamos dunha *galiña roiba* ou dun *cabalo roibo* ou dunha *vaca roiba*.

Que **roibo** é avermellado resulta evidente se pensamos na palabra derivada deste adxectivo **roibéns** (coas súas variantes **roibáns** e **roibeces**) que son esas nubes que o sol tinxe de cor vermella cando este sae ou se pon: *roibéns ó mar*, *vellas ó sollar roibéns de cea*, *bo día espera*; *roibéns ó nacente*, *auga de repente*.

Pero xa na Idade Media está rexistrada a variante *rubio* co mesmo significado que acabamos de dar e por tanto podemos falar de *persoa rubia*, *galiña rubia*, *cabalo rubio* e *vaca rubia* ou de *faba rubia* ou *cereixa rubia* ou *millo rubio*. Actualmente é bastante máis empregada a voz **rubio** ca **roibo** e froito da vitalidade da nova forma é a grande cantidade de variantes que atopamos en toda Galicia como sinónimos de **roibéns**: **rubiéns**, **rubiáns**, **rubiés**, **rubiás**, **rubieis**, **rubés**, **rubias**, **rubios**, etc. (*Rubiáns de mañá*, *aire ou auga*, *rubés de tardía*, *sol ó outro día*; *rubiás ó sol nado*, *andarás mollado*; *rubiás ó sol posto*, *andarás enxoito*, etc.).

Sen embargo o castelán *rubio* pasou a significar "de cor vermella moi clara parecida ó ouro', aplicándose sobre todo ós cabelos e mesmo a forma portuguesa antiga *roivo* (transformada agora en *ruivo*) adquiriu o valor de louro avermellado.

Eu non sabería dicir con certeza se tamén en galego se está a dar esta transformación ou se se está a importar esta innovación, pero o feito é que algúns falantes (paréceme) queren converte-los cabelos louros e outras cousas de cor amarelo avermellado en cabelos roibos ou rubios e en cousas roibas ou rubias.

554. Unha vaca roxa

Outra voz latina para indica-la cor vermella era RUSSEUS que dá lugar ó nacemento do castelán *rojo* e do galego e portugués **roxo** que nas orixes das linguas romances tiñan o mesmo valor có galego **roibo** ou **rubio**, o portugués *ruivo* e o castelán antigo *royo* ou o moderno *rubio*, é dicir, serían sinónimos da cor que hoxe chamamos **vermello** ou **encarnado**.

Pero, así coma no caso dos descendentes de RUBEUS a lingua galega foi a única que conservou o significado de **roibo** ou **rubio** como encarnado ou avermellado, mentres o castelán *rubio* pasou a ser 'da cor do ouro' e o portugués *ruivo* a 'loiro' ou 'amarelo avermellado', tamén no caso dos derivados de RUSSEUS hai diverxencias nos significados actuais.

O castelán *rojo* mantivo a súa significación primitiva de 'vermello' e o portugués *roxo*, que nos textos antigos conservaba o sentido de 'vermello' (*os Hebreus atravessaram o mar Roxo*), pasou a ser primeiramente 'tirante a encarnado', logo a 'purpúreo' e hoxe é sinónimo da 'cor da violeta ou da amatista'.

O galego **roxo** transformou o seu sentido orixinario en 'cor entre amarelo e roibo ou rubio'. Calquera falante do campo que saiba distinguir ben as cores sabe moi ben que unha *vaca roxa* é unha vaca que ten unha cor intermedia entre unha *vaca marela* e unha *vaca rubia*. O **rubio** está máis preto do encarnado có **roxo**. E esa distinción pode facerse con outras palabras; *a galiña rubia*, *o porco rubio* e *o millo rubio* son de cor máis avermellado cás *galiñas*, *o porco* e *o millo roxos*.

Vese claramente a significación de **roxo** cando a aplicamos ás persoas que teñen os pelos louros: *o meu amigo Xan ten os cabelos roxos*, *Rosa é unha roxa moi feitiña*...

E aínda máis claramente se ve cando dicimos que as ascuas ou labaradas dun lume son **roxas**. De aí xurdiu o verbo **roxar** que significa poñe-lo forno a unha temperatura elevada, é dicir, poñelo **roxo** para cocer algo. E **roxar** amplía nalgunhas partes a súa significación á de 'quentar algo': *vou roxar unhas patacas*... e **roxo** equivale a **quente**: *esta auga xa está roxa*...

A pesar de que Rosalía (*lanzaliño de corpo*, *roxo e encarnado*... *penso que eran tizós roxos da fogueira*), Pondal (*fillos dos roxos* suevos) e outros escritores fan uso correcto da voz **roxo**, son moitos os que a usan no sentido castelán.

555. Os picheleiros

D. D. pregúntame a razón de por qué os santiagueses son alcumados polas xentes doutros lugares como **picheleiros**. A resposta é ben fácil: porque eran mestres na arte de fabricar **picheis** e Santiago foi o centro da industria do estaño en Galicia. O diccionario de Eladio Rodríguez dáno-la seguinte explicación: "Los **picheleiros** constituyeron en Santiago desde mucho antes del siglo XV una floreciente industria... Los picheleiros no se limitaban a hacer jarras y vasijas, sino que fabricaban platos grandes y pequeños, vinajeras, cálices, custodias, copones, linternas, fuentes, escudillas, saleros, salseros, tazas, candeleros, asas, xarneiras, cruces y **picheles** redondos, cuadrados, grandes y pequeños...".

A voz **pichel** é de orixe francesa e está documentada nas linguas peninsulares desde o século trece. Nunha cantiga das *Cantigas de Santa María* aparece varias veces citada esta verba: *Ide-mi trager este pichel cheo dagua... e con seu pichel por auga foi... nunca pod avíir daquel pichel encher dagua... pediu-lle por don que aquel pichel dagua podesse cheo levar... e a seu pichel catando*...

Xa o P. Sarmiento nos dixo que o **pichel** era un vaso de estaño usado para o viño e con capacidade de case media azumbre, é dicir, un litro aproximadamente. O diccionario do século pasado, Cuveiro, define esta voz como "jarra de estaño estrecha en la garganta y con su tapa engoznada" e o citado Eladio Rodríguez descríbeo máis polo miúdo: "recipiente de estaño, alto y redondo, más ancho del suelo que de la boca y con tapa engoznada en el remate del asa".

En relación con esta voz están as palabras **pichela**, **picheta**, **pichola**, para indicar **picheis** de diversas formas e tamaños. Nos dialectos portugueses quedan aínda outras palabras derivadas de **pichel**: *picheira*, *picheiro*, *pichelo*, *pichorra*, *pichorro*, e mesmo *picho*, que é sinónimo de **pichel**.

Sen embargo, a voz galega **picho** 'canle ou cano de ferro ou de pedra por onde sae a auga das fontes', que é moi común en toda Galicia, non ten nada que ver con esta familia de palabras e si probablemente coa voz tan famlliar **picha** 'pene', que se orixinou como creación expresiva a partir de **pis** 'mexo', da que saíu tamén a outra voz tan familiar **pixa**.

556. Os garabitos

Contesto de novo a F.R.F. de Lugo, que me pregunta pola voz **garabito**: "Cando ía á aldea no inverno e quentaba as maus ó lume da lareira, unha curmá miña acostumaba dicir: *Xa vén Paco a quentalos garabitos*. Chamaba **garabitos** os dedos da mau".

Os **garabitos** non son os dedos da man no sentido propio, pero si lles podemos chamar metaforicamente ós dedos **garabitos** porque estes son normalmente paus secos e delgados e cando vai frío os dedos da man entumecen e quedan tesos como **garabitos**. Así pois, a aplicación da voz **garabito** ó dedo da man é unha imaxe correcta.

Aínda máis. Existe o verbo **engarabitarse** no sentido de entumecerse, é dicir, entorpecerse polo frío o movemento dalgúns membros do corpo, coma os dedos da man que adoitan quedarse ríxidos e tesos.

A voz garabito 'pao seco e delgado' é usada nalgúns lugares de Galicia xunto con **garabato**, **garabeita** e **garamata** e é da mesma familia ca **garabullo** ou **carabullo** (que teñen variantes como **crabullo**, **garabuño**, **garamucho**, **garamuxo**, etc.), que é un pao máis pequeno, tamén seco, que se emprega especialmente para acende-lo lume.

Pero chámaselle tamén **garabito** a un pao que ten gallos e que se emprega para chimpa-la froita das árbores ou para facer tarefas no campo, para facer montóns ou moreas de palla, de herba, etc. De aí que por extensión do seu significado os **garabitos** son o mesmo cós **garabatos** ou **garabatas** (que teñen dentes de ferro), sinónimos das voces máis comúns: **angazos** ou **engazos** e **enciños** ou **anciños**.

E por fin, volvendo ó verbo derivado desta voz, **engarabitarse**, digamos que ten o sentido de 'trepar' ou 'agatuñar' ou 'engatar', é dicir, subirse a sitios altos, probablemente valéndose dun **garabito**. Por tanto dubido que a voz **garabito** teña o sentido 'asento ou cadeira en lugar elevado' que lle dan algúns diccionarios.

A orixe destas voces que comezan polos sonidos *garab* está probablemente en relación coa voz carballo e proceden por tanto da lingua celta.

557. Un cacifo requintado

Pregúntame un lector polas palabras **cacifo** e **requintar** que viu nalgunhas obras literarias.

Cacifo é na súa orixe unha voz procedente do árabe e atópase nos nosos textos medievais como *cafiz* (*tres caffizes e dous ffanegas de centeo*) co significado de medida de capacidade para áridos cunha equivalencia actual de cincocentos litros. Pasado o tempo deixou de usarse esta voz para ese mester e evolucionou a *cafizo* e posteriormente a **cacifo**, quedando reducido o seu valor ó de cofre ou arca bastante máis pequena de cabida.

Cacifo conserva aínda esta significación en portugués, pero en galego quedou aínda máis reducida: vasilla ou recipiente de madeira que se emprega nalgunhas partes para conter sal ou para conter coitelos e culleres e noutras para servir de trampa ou cepo para cazar paxaros e mesmo noutras chámaselle **cacifo** (coas súas variantes **cacifro** ou **cachifro**) á cesta dos pescadores.

Teño a impresión de que as xentes que usan hoxe esta palabra a relacionan coa voz **cazo**. Coido que así o facía Otero Pedrayo cando na súa obra *Devalar* escribía o seguinte: *aínda quentan unhas poucas brasas*. *Rente delas está o cacifo do caldo*; *na mesa o pan*, *encetado*. E tamén os que lles chaman **cacifeiros** ós **cazoleiros** ou homes que lles gusta "entremeterse en menudencias caseras impropias de su sexo", segundo; a definición de Eladio Rodríguez.

Requintar é un termo exclusivamente literario que naceu de **quintar** 'poxa-la quinta parte máis dos remates das subastas'. Entón **requintar** foi creado para a significación de sobrepoxar, exceder e de aí ás de mellorar, elevar á quintaesencia, sublimar, perfeccionar, da-los últimos toques, refinar, etc.

Eu estou acostumado a ver usado adxectivalmente o participio **requintado** nos nosos escritores: *cabaleiros requintados... con requintadas palabras... tiña maneiras requintadas... no salón requintado* (Otero Pedrayo), *requintada cultura da metrópoli... requintado sentimen*to...*o lirismo máis requintado de Europa... Unha arte requintada* (Castelao).

Así pois, tamén podemos falar de *cacifos requintados*.

558. Do trade ó berbiquí

Se eu quero facer un burato ou buraco nun anaco de madeira ou nunha parede necesitarei dun instrumento capaz de furar esas materias. Para **aburatar** ou facer **furas**, que son os buratos que se fan na madeira, ou **furos** ou **furados**, que teñen o amplo sentido de 'orificios', terei que usar un útil **furador**.

Ese útil debe ser un obxecto que teña un extremo agudo para que sexa capaz de **furar**. Terei que usar pois un **punzón**, pero de máis axuda será unha **broca** que normalmente tiña ou ten uns saíntes ó redor para permitir mellor a penetración facendo un movemento de rotación. **Brocar** ou facer furos coa broca é verbo xa pouco usado hoxe, pero antes tiña moito emprego xa que a **broca** é palabra de orixe celta e hai moito tempo que está viva entre nós.

Sen embargo a ferramenta máis coñecida en todas partes para realizar este traballo é o **trade** ou **trado**, voz seguramente tamén céltica, de forma helicoidal e moi empregado polos carpinteiros en tódolos tempos. Naturalmente hai todo tipo de **trades** para **tradear** toda clase de cousas.

Con todo, para furar cousas metálicas os nosos ferreiros usaban o **parafuso**, que podemos considerar como unha especie de trade, pero que é támén unha especie de torno para torce-lo liño e que hoxe significa ademais a peza cilíndrica, canelada, destinada a enroscarse nunha **porca** (en castelán *tuerca*).

Pero desde fins da Idade Media podemos empregar para estas tarefas as **barrenas** e os **barrenos**, que a min persoalmente me dan a impresión que son máis grandes cós outros instrumentos citados e, sobre todo, emprego **barreno** exclusivamente no sentido de burato feito para enchelo de pólvora ou material explosivo e facer voar algo. E uso moito o verbo **barrenar** como sinónimo de cavilar, matinar, cismar, etc.

Nalgún lugar do leste de Lugo vin facer furos cunha **tarabela** e noutros da provincia de Ourense vinos facer cun **minguilete**, voz que me atrevo a pensar que trouxeron os viñateiros de Francia para abrilos bocois e que está en relación coa ferramenta nacida en Holanda e importada a través da lingua francesa que chamamos **berbiquí** (ou coas súas variantes **barbiquí** e **birbiquí**).

En fin, os instrumentos, como moitos outros obxectos modifícanse ou substitúense por outros a través dos tempos e con eles as palabras que os denominan. Conto todo isto porque o outro día entrei nunha ferretería para mercar un **trade** ou un **berbiquí**... E o ferreteiro mirándome con compaixón díxome: O que vostede desexa é un **perforador**...

559. Cachimbos e cachimbas

Unha lectora de Carballo escríbeme para me dicir, entre outras cousas: "eu lin tódolos comentarios que fixo sobre rabo, cola, cauda, pero non fixo referencia á voz *colilla*... e falando de *colilla* tamén me gustaría saber como se debe traducir ben ó galego a palabra castelá *pitillo*".

Evidentemente tódolos problemas léxicos referentes ó tabaco e ó seu uso teñen unha historia que non chega a cinco séculos. Para os conquistadores de América foi algo extraordinario ver como os indíxenas *chupaban humo* ou *tomaban humo* segundo escriben os cronistas de Indias. Esa voz castelá *humo* corresponde ó noso **fume**, que pola súa orixe foi antigamente *fumo* (como o é o actual *fumo* portugués), pero que se converteu en **fume** pola influencia da voz relacionada con ela **lume**. Sen ese cambio non poderían rimar ben os refráns que fan referencia a estas palabras: *Onde hai lume*, *hai fume*... ou ó revés: *onde hai fume hai lume*... *Onde non hai lume*, *non se levanta fume*... *O fume descubre onde está o lume*...

Derivado de **fume** era o verbo **fumar** que tanto en galego coma en portugués ten o mesmo significado de **fumear** ou **fumegar**, é dicir, o de lanzar fume calquera cousa. Antigamente dicíase, por exemplo, esta *lareira fuma moito*, *esta fogueira xa non fuma*, etc. Pero non sabemos exactamente cando esa acción de aspirar e lanzar fume empregando tabaco foi chamada **fumar**.

Desde logo os datos que temos do portugués e do castelán non son anteriores ó século dezaoito e hai quen pensa que foron os franceses os primeiros que empregaron neste sentido o verbo **fumar** e tal vez de aí copiaron as linguas peninsulares o uso de **fumar** como 'aspira-lo fume ou o tabaco'.

Con todo hai que dicir que no Brasil o tabaco é chamado tamén *fumo* e así como da voz *tabaco* saíu o verbo *tabaquear*, de *fumo* puido saír *fumar*, e de aí pasar á Península. Algúns autores galegos substitúen o verbo **fumar** por **fumegar**, penso que por puro diferencialismo co castelán. Coido que eu podo dicir que *un cigarro está fumegando no cinceiro*, pero non *eu estou fumegando un cigarro*, nin *fumeando*... nin moito menos *fumigando*.

E podemos fuma-lo tabaco como fixeron brasileiros e portugueses en **cachimbo**, ou como fan os americanos hispanos en **cachimba** (voz procedente da lingua quimbunda) e entón o que facemos é **cachimbar**. Pero tamén podemos fumar en **pipa** (como fan os casteláns, cataláns, italianos e franceses), voz que nace porque os **cachimbos** se parecen ás pipas de viño e a certo tipo de frautas chamadas así en moitos lugares de Europa e nalgunhas partes de Galicia.

E despois de dito todo isto tan extensamente, quedou sen explica-la pregunta do noso comunicante... Teremos que seguir fumando...

560. Fumar un cañuto

Xa falamos de como os americanos fumaban en cachimbo, voz típica americana e das noticias que daban os chamados cronistas de Indias de como os aborixes *chuchaban* ou *tomaban fumo* duns rolos de follas secas de tabaco que os chamaron *cañutos*. ¿Que rapaz de hoxe podería imaxinar que a súa palabra de moda *canuto* para nomea-los pitos non é unha invención tan moderna? E tamén os chamaron *mosquetes*.

Sen embargo a palabra que se impuxo para a denominación deses rolos de follas que se fumaban foi **cigarro**, voz que algúns filólogos cren de orixe maia e que outros pensan que naceu por comparación co animaliño de cor escura e forma cilíndrica chamado **cigarra**. O caso é que o nome castelán **cigarro** pasou a tódalas linguas coñecidas. E de **cigarro** formáronse as voces **cigarreiro** e **cigarreira** como operarios da súa fabricación.

Pero no século dezaoito vén o costume de facer pequenos cigarros con tabaco de picadura envolto en papel de fumar chamado polos brasileiros *mortalha* e polos hispanoamericanos *mortaja*. Coido que a voz *mortalha* nesa acepción foi aceptada en Portugal, pero o castelán *mortaja* non pasou ó castelán peninsular habitual. Estes pequenos cigarros pasaron a ser en castelán *cigarrillos*, en francés e inglés *cigarrette*, italiano *sigaretta*, alemán *Zigarette*, etc.

Probablemente, en portugués, aínda que existe a voz *cigarilha*, pero no sentido de *cigarro* que ten como mortalha outra folla seca de tabaco, debeu seguir chamándose *cigarro de papel* ou de *mortalha* ata que a principios do século dezanove se introduciron os *cheroots* ou *sheroots*, cigarros puros que tiveron tanto éxito que desprazaron mesmo o nome de *cigarro*, que quedou para significar soamente o *cigarro de papel*. O nome inglés pasou a ser pronunciado primeiro como *xeruto* e despois como *xaruto* (o noso sonido *x* represéntase en portugués como *ch*: *charuto*).

En galego o normal é chamar **cigarro** ó rolo de follas secas de tabaco e non sei realmente se a voz escrita á portuguesa **charuto** (pero pronunciada á galega con *ch*) é voz xa introducida comunmente na nosa fala a través da lingua escrita dalgúns escritores ou dos anuncios das caixas de cigarros, pois tamén escoitei en moitos lugares de Galicia pronunciar esta voz coma os portugueses e vina escrita **xaruto** en bastantes escritores. En fin, que a voz portuguesa de orixe inglesa **charuto** ten existencia no galego actual, ben como **charuto**, ben como **xaruto**, como sinónima da voz maioritaria **cigarro**.

E aínda non rematamos de fumar...

561. Pitos e cabichas

Xa dixemos que no século dezaoito naceron os cigarros de papel feitos con tabaco de picadura e que en varias linguas foron chamados cos diminutivos desa voz. En galego, o mesmo ca en certas partes de Castela, foron chamados **pitos**, porque se parecen ós pitos 'instrumentos para asubiar' (en portugués *apitos*) e de aí xurdiu a voz castelá *pitillo* por influencia da verba *cigarrillo*. Pero en galego mantívose ata o día de hoxe como normal a voz **pito** para designar eses cigarros da picadura envoltos en papel.

Algúns escritores traduciron innecesariamente o castelán *pitillo* por **pitelo**, intento que non callou porque esa voz ten claramente en galego o significado de 'estela pequena para o lume'. Así pois, **pito** é a traducción da voz castelá *pitillo*. **Pito** non puido transformarse en cigarro en Portugal porque esta voz significa nalgúns lugares 'clítoris', e en xeral 'partes pudendas da muller'. Pero en Brasil, onde estes significados portugueses son descoñecidos, **pito** pasou a significar tanto cigarro coma cachimbo.

Cando fumamos tanto un cigarro puro ou xaruto coma un cigarro de papel ou pito, e estamos chegando ó final, quédano-lo que os casteláns chaman *colilla*, voz que está hoxe bastante introducida en moitos falantes galegos. A xente vella (e coido que se debe recuperar esta voz antiga), dicía sempre **cabicha** ou **cabecha** segundo está recollido nalgúns diccionarios. Está moi claro que a orixe desta voz está na palabra **cabo**. Eu escoiteilles a moitos rapaces chamar á **cabicha** coa voz **pava**, pero penso que esta verba é unha palabra popular en varias rexións españolas, aínda que non estea recollida nos diccionarios:

Por último direi que o resto dos cigarros é chamado en portugués normal *ponta*, pero popularmente é máis coñecida como *beata* e tamén *toco* e *pisca*. Aínda que estas voces sexan coñecidas no Brasil, os brasileiros prefiren xeralmente o nome de *guimba* e popularmente ten tamén os nomes de *bagana*, *baeta*, *chica*, *pucho*, etc.

En fin, as linguas están sempre en plena creación e recreación de palabras...

E remato dicíndolle á miña comunicante que *tire coa cabicha do seu pito*.

562. As barrosiñas

Un lector de Vigo dime que consultou tódolos diccionarios que tiña á man para sabe-lo que significaba a voz **barrosiña** que el lle escoitou pronunciar a un amigo (*cando era rapaz gustábame moito xogar coas barrosiñas*...) e non atopou o seu significado. ¿Que son as **barrosiñas**?

Hai palabras que viven só nunha comarca determinada e resultan por tanto descoñecidas para os falantes dos pobos veciños. Coido que o amigo dese lector é do sueste da provincia de Ourense, pois precisamente nesa zona teño eu constancia de que así lle chaman ó insecto non sei se coleóptero ou hemíptero de forma case esférica e avermellado que na parte superior das súas ás endurecidas levan uns puntiños de cor negra.

Tal vez eses bichiños foron chamados así porque eran **barrosos**, que quere dicir non soamente 'que teñen barro ou lodo', senón 'que teñen barros ou espiñas ou pequenos forúnculos na cara'. Os puntiños dese insecto seica deron a imaxe dos **barros** ou espiñas dun rosto humano e de aí nacería a súa denominación de **barrosiñas**.

Curiosamente nalgúns lugares de Galicia chaman a estes insectos **boíñas** e entón a min agora ocorréuseme pensar se as **boíñas** recibirían este nome porque os puntiños que teñen se parecen ás **boas**, que significa en galego popular 'vexigas' ou 'variola'. Claro que hai que ter en conta que a voz **boíña** é bastante máis coñecida en todas partes como sinónima de **bolboreta** (que tamén teñen puntos negros nas súas ás moitas das súas especies) e para moitos investigadores esas avelaíñas son chamadas así porque levan *boas novas*, afirmación un tanto ariscada xa que penso que son moitas tamén as avelaíñas que traen *malas novas*...

Claro que **boíña** pode ser tamén un diminutivo da voz **boi**; o cal non resultaría moi extraño se temos en conta que este insecto é coñecido nalgunhas partes como **vaquiña** ou **vaquiña de Deus** ou **vaquiña do Noso Señor** e en castelán chámase *vaca de san Antón*. Pénsese tamén que no Brasil **vaquiña** é voz moi común para a denominación de moi diversos insectos.

Estes insectos, polo camiño de creación de novas palabras a través de imaxes e comparacións, son chamados tamén **bichiños de Deus**, **paxariñas** ou **paxariños de Deus** e mesmo **galiñas de Deus**, **galiñas do Noso Señor**, **pita de Deus**, **pitiñas do Noso Señor**, etc.

Pero aínda nos queda por cita-los nomes máis espallados por toda Galicia deste insecto tan querido e popular.

563. As xoaniñas

O nome máis espallado por toda Galicia para denomina-lo insecto chamado cientificamente *coccinella* é o de **xoaniña**, coas variantes **xuaniña**, **xoano** e **xuano**. Tamén é este nome o máis extendido por Portugal (*joaninha*).

Do mesmo xeito que o raposo (ou o lobo nalgures) é designado cun nome de persoa, **pedro**, **perico**, **perucho**, tamén a nosa *coccinella* recibiu un nome persoal: **xoana**, **xoaniña**, etc. De acordo con este sistema creouse en castelán a voz *mariquita* que penso que foi introducida nalgúns lugares de Galicia un tanto galeguizada: **mariquiña** ou **mariquiña de Deus**. Non obstante paréceme creación expresiva do galego a denominación de **maruxa** ou **maruxiña de Deus** nalgúns lugares para este mesmo bichiño.

Despois de **xoaniña** o nome máis corrente é o de **rei rei**. A voz **rei** adquiriu en galego unha significación moi expresiva de algo que salienta do normal, que é bo, que é guapo, que é moi querido. *Meu rei* di a nai cariñosamente ó seu fillo ou a enamorada ó seu amante. **Rei** aplícase a diversos peixes e a diversos paxaros e mesmo un **rei** é o porquiño máis pequeno da camada. Non ten nada de extraño que a **xoaniña** se convertera na mente popular no **rei** dos insectos e a súa reduplicación vén do xogo dos rapaces que o colocan sobre a man cantando: *rei-rei*, *rei-rei*, *¿pra onde me casarei?*... Unha variante desta voz (que recollo do diccionario de Eládio Rodríguez) é **ren ren**: *ren-ren*, *ren-ren*, *abre as aliñas e vaite a Belén*... Nalgún lugar escoitei o nome de **casarrei**, que debe proceder dunha variante deste xogo.

Pola parte máis oriental de Galicia é moi normal chamarlle a este insecto **papasol**, algo así como obxecto que se expón ó sol para que o pape ou coma. Existe a variante de **pitasol** que nos recorda á **pita de Deus** xa citada no anterior comentario.

Por último quero citar outro nome que escoitei a miúdo por varias partes de Galicia: **costureira**, **costureiriña**. Foron sempre moi admiradas as costureiras como mulleres máis distinguidas cás labradoras. De aí que as **xoaniñas** foran chamadas tamén **costureiriñas**.

En fin, se alguén quere coñecer máis nomes sobre a **xoaniña** pode consulta-los dous artigos que F. Bouza Brey escribiu na revista *Cuadernos de Estudios Gallegos* dos anos 1948 e 1953.

564. O alcacén e a remolacha

O lector P.P.F., da Coruña escríbeme para preguntarme sobre "o exacto significado das plantas alcacer e betarraga". Coido que debía dirixirse a un botánico para que lle explique a clara significación desas verbas: Como lingüista só lle podo comunica-los datos que teño desas palabras e máis nada.

A planta que el chama **alcacer**, como así a nomean tamén os casteláns e moitos falantes galegos; é coñecida na maior parte de Galicia como **alcacén** e ten ademais outras variantes: **alcacede**, **algacén**, **alcacel**, **arcacén**, etc. A súa orixe está nunha palabra árabe *alqasil* que significaba cebada verde. Foi introducida na nosa lingua como sinónimo da voz **ferraña** e por tanto penso que o "exacto significado" da voz **alcacén** depende dos diversos lugares de Galicia.

Das enquisas realizadas no campo galego ás que eu teño acceso obtiven a seguinte proporción: trinta e tantos por cen din que o **alcacén** é o centeo verde para a forraxe, cerca do vinte por cen din que é cebada ou orxo que se sega verde para os mesmos fins, un dez por cento din que é avea verde e o resto contestan que é cereal verde que se lle dá ó gando. En fin, o **alcacén** é calquera planta gramínea que se sega en verde para que sirva de forraxe.

A *betarraga* é un nome castelán tomado do francés *betterave*. Nunca o escoitei en Galicia. Tampouco oín (o cal non significa que non exista) a forma máis semellante á francesa *beterraba*, que é palabra normal portuguesa para o que nós chamamos **remolacha**. A palabra francesa *betterave* está composta de *bette* 'acelga' e *rave* 'nabo'. Curiosamente existe en galego un descendente da voz latina RAPA (de onde ven o francés *rave*) que é **raba**, sinónimo de nabo nalgunhas partes da provincia de Lugo, do cal saen tamén **rabo** 'nabo', **rabico** 'nabo raquítico', **rabicoia** 'semente de nabo', **rabiza** e **rabizo** 'folla do nabo'.

A voz correspondente ó castelán *betarraga* e á portuguesa *betarraba* é **remolacha**, voz espallada por toda Galicia, procedente do latín ARMORACIA que seica chegou a nós a través do italiano e do castelán, xa que parece planta de importación moderna.

565. A frouma dos piñeirais

Un lector ourensán dime que nas obras de Otero Pedrayo aparece a verba **frouma** cun sentido distinto do que el coñece: folla do piñeiro, arume, faísca, pinica ou pulazo.

Efectivamente, a primeira acepción que ten nos diccionarios a voz **frouma** é a de folla do piñeiro, pero pensemos que as palabras posúen máis significados cós que recollen as obras lexicográficas. **Frouma** é o resultado galego da verba latina FRAGMEN 'fragmento' (da mesma familia ca FRANGERE 'romper' de onde proceden, á parte dos cultismos **fragmento**, **fractura**, **fracción**, **fráxil**, etc., **fragoso**, **fraga**, **freita**, etc.) na súa forma de plural FRAGMINA 'fragmentos'.

FRAGMINA tivo unha evolución fonética normal no seu paso ó galego **frouma** que reduciu o seu sentido de 'fragmentos (en xeral)' a 'fragmentos das plantas'. E por iso adquiriu o valor de ramas das árbores, ramas caídas no chan, leña, e mesmo follas do piñeiro.

Lin varias obras de don Ramón Otero Pedrayo e cheguei á conclusión de que o significado que lle dá a voz **frouma** é o de fronde, follaxe, ramaxe, tanto no seu sentido recto: *feiticeiros cheirumes de frouma e lameiro... verde de millos e froumas... o valente ruxir das carballeiras*, *o sunido logo das froumas*, *imitanza saudosa do canto mariño*, coma nun sentido figurado: *figurábaselle casto aquil lugar frouma oxival*, *cantar litúrxico do vento... na frouma das arquiteituras... na frouma das páxinas... escolmemos un son calquera do bruído da frouma dun pobo*.

Incluso no seguinte texto *que o seu manto cósmico levado polo vento a través da frouma dos piñeirals* paréceme que **frouma** equivale a follaxe, pois se quixese dicir follas do piñeiro ou arumes, tería que escribir **froumas**.

O feito de que unha voz coma **frouma** sexa entendida por moitos como folla do piñeiro non pode impedir , que un escritor faga uso das diversas acepcións que teñen as palabras.

566. Veño de corgo de arriba

Se eu chego a unha reunión de amigos e digo que *veño do corgo de arriba*, estou seguro que ningún deles acertaría de onde veño. E isto pola simple razón de que algúns non empregan xa a palabra **corgo** e outros que a escoitaron e a usan non a empregarán na significación que eu penso ó pronunciar esta frase.

Poucas palabras hai nunha lingua que teñan tantas acepcións coma **corgo** ou as súas variantes **corga** e **córrego**. A mellor solución para intentar explica-lo enguedello de acepcións desta verba será comezar por partir do seu étimo.

A voz orixinaria desta verba está na palabra do latín hispánico CORRUGUS, que os romanos tomaron dos habitantes da Península Ibérica para designa-la canle derivada dun río ou dun regueiro ou regato onde os mineiros lavaban as areas auríferas que sacaban das minas.

Así pois na base etimolóxica da nosa verba está a acepción fundamental de corrente de auga que atopamos hoxe en moitos lugares. Para algúns un **corgo** ou unha **corga** é unha acea ou un torrente ou un río pequeniño formado polos regatos que baixan dos montes, pero para outros pode ser unha balsa ou unha represa nun río ou mesmo unha poza de río (que era antes aproveitada para lava-lo liño) ou

mesmo un charco ou unha charca. Nalgúns diccionarios está rexistrada a acepción de pequena cavidade dunha roca que se enche de auga da choiva.

Se consideramos que **corgo** do seu sentido de corrente de auga pasou a ser tamén auga sen movemento, non ten nada de extraño que **corgo** chegue a ser terreo encharcado, tanto sexa monte coma prado, acepción que coñecía o P. Sarmiento: "corgo, en gallego significa el pantano y lodazal".

E destas características de humidade sae o feito de que con esta voz **corgo** sexan denominados os vales angostos e as vagoadas.

Se pensamos nos **corgos** como correntes de auga que baixan dos montes e que poden quedar secos por moitas causas, non nos sorprenderá que os seus leitos se convirtan en camiños. De aí as acepcións tan correntes de camiño costaneiro, camiño estreito entre muros ou ribazos, vieiro, carreiro, etc.

En fin, a voz **corgo** tanto pode significar un río coma un monte, un camiño coma un vale, ou un charco coma un prado.

567. Cima, cume e cumio

Volvo a contestarlle ó lector P.P.F. que me preguntaba se as verbas **cima**, **cume** e **cumio** son sinónimas e, por tanto, se poden ser usadas indistintamente en tódolos contextos. A resposta é así de simple e complexa: si e non.

A voz **cima** é para min a verba máis xeral para indica-lo contrario de fondo, é dicir, a parte máis alta de calquera cousa, dun monte, dunha árbore, etc. De **cima** saen os adverbios **encima**, **por encima** e desde logo non se pode dicir *encume* ou *encumio* como derivados de **cume** e **cumio**. Cando falamos da **cima** dun monte podemos substituír esa palabra por **cume** e o mesmo sucede cando falamos de algo nun sentido figurado de culminación (*chegou á cima do éxito*, *ó cume da gloria*), pero cando nos referimos a unha cousa tan concreta como *a cima do leite* 'a tona do leite' ¿poderemos facer esa substitución? Eu estou afeito a escoitar *cima do leite*, pero non me soaría ben escoita algo sobre *o cume do leite*... Nalgunha parte de Galicia existe a vóz **cimo** (moi corrente en portugués) como sinónima de **cima** e **cume**, pero o significado máis espallado desta forma e o de 'follas do cogollo dos nabos e das verzas', significación que coincide coa palabra orixinaria latina CYMA.

O **cume**, forma masculina en galego (anque algúns escritores a empregan como feminina por influencia da voz castelá *cumbre*), é sinónima de **cima** en exemplos deste tipo: *no cume dos Pirineos*, *no cume dun outeiro*, *no cume das eirexas*, *no cume dos hórreos*, *as imaxes da Doorosa acadan o cume*, tomados das obras de Castelao que emprega tamén esta frase: *dúas obras cumes da arte relixiosa*. Neste último exemplo non podemos substituír **cume** (tomado adxectivalmente) por **cima**. E en expresións deste tipo: *o cume do forno* 'bóveda do forno' e *o cume do mes* 'fin de mes' non sei se **cume** podería substituírse por **cima**.

Cume é tamén a armazón do tellado e neste caso é sinónima dos seus derivados **cumieira** e **cumio**, voz esta última que acadou nos últimos tempos un grande espallamento entre as xentes de nivel culto que a convertiron en sinónimo total de **cume**, tal vez porque parece moi eufónica. Coido que foi precisamente Castelao quen elevou á cima do éxito esta voz **cumio** en frases coma as seguintes: *pero no cumio dunha costa parouse*..., *na compaña destes moinantes chegou Rañolas ó cumio da picaresca*...

568. Os veciños do rueiro

Hai uns versos de Ramón Cabanillas que din así: *Contáronmo os paxaros -veciños do rueiro*,... ¿Que é un **rueiro**?

Rueiro é un derivado da voz tan popular **rúa**, procedente da palabra latina RUGA, que acadou en galego varios significados. **Rúa** foi primeiramente camiño en xeral e logo pasou a ser exclusivamente vía de circulación dunha cidade ou vila. E de **rúa** xurdiu o verbo **ruar** 'andar pola rúa' e sobre todo 'andar pola rúa troulando, barullando e divertíndose'. E desta última acepción de **ruar** saíu **ruada**, **andar de ruada** e **ruadeiro** 'amigo das festas, romarías e esmorgas', que non é moi ben visto pola sociedade xa que o refrán di: *home ruadeiro*, *nin boa meda*, *nin bo palleiro*.

Rueiro é nalgúns lugares un camiño estreito, pero noutras partes de Galicia pasou a significar un conxunto de casas dunha aldea que forman un grupo un pouco afastado ou unha especie de barrio dentro dela. Con todo, a significación máis espallada é a de **quinteiro** ou explanada que hai máis ou menos no centro da aldea, normalmente ben comunal, onde se celebran as reunións dos veciños e as festas. E, coma a voz **quinteiro**, tamén pode se-lo terreo que circunda unha finca onde se atopa o curral, o alpendre, o cortello, etc.

O **rueiro** é en xeral o lugar onde se rexouban as cousas interesantes da aldea. Por iso os paxaros do **rueiro** lévanlle os contos a Cabanillas. E por iso di Castelao en *Un ollo vidro* que *onte no rueiro falabamos das nosas vidas e chegoume a vez de conta-la miña*, onde vemos como **rueiro** é o lugar de reunións, pero noutra ocasión di que se afastou do **rueiro** porque os seus compañeiros estaban bailando ó son da "Danza macabra" de Saint Säens. *Facer rueiro* é para Castelao, 'estar de conversa ou de festa' como se ve nesta frase na que fala dos cruceiros das aldeas: *fan alí rueiro as vellas marmuradoras ou axúntanse as rapazas casadeiras para cantaren ao son das pandeiretas*...

569. Meixelas e fazulas

Mirando a cara dunha persoa observámo-los ollos, o nariz, a boca e as orellas, pero ¿como se chaman as partes carnosas que están entre estes órganos sensitivos? Non é doado definir claramente ata onde comprenden as palabras que significan as citadas partes carnosas da cara.

En castelán distínguese bastante ben entre *mejillas* e *carrillos*. En portugués chámase *face* (que en xeral é toda a parte anterior da cabeza) a todo o conxunto carnoso que está a cada un dos lados da cara. E se se quere concretar máis diremos que as *mejillas* castelás son as *maçás do rostro* e *os carrillos* (castelanismo que existiu antigamente) son as *bochechas*.

En galego as partes prominentes debaixo dos ollos son as **meixelas**, voz procedente da latina MAXILLA e conservada en moitas linguas agás o francés, o catalán e o portugués. E a parte máis carnosa por debaixo das meixelas (as *bochechas* portuguesas e os *carrillos* casteláns) son as **fazulas**, voz derivada da palabra **face** que antes era moi usada como sinónima de **cara**.

Desa mesma voz **face** saíu tamén a palabra **faciana** no sentido igualmente de cara e as voces portuguesas *façaila* e *façula* que se aplican familiarmente á cara grande e gorda. Así mesmo de **face** xurdiu a **faceira** (en portugués dise ás veces como sinónima de *façula*) que normalmente en galego significan as fazulas pinchadas e grosas.

Así pois, as partes carnosas da cara entre ollos e boca son as **meixelas** e as **fazulas**. E estas últimas só se poden chamar **faceiras** cando son moi prominentes e gordas.

570. A paxarela

Un viaxante de comercio que recorre Galicia a miúdo e coñece toda clase de vilas e aldeas preguntábame o outro día a causa de que, segundo el, ninguén lle chama **bazo** ó bazo, senón **paxarela**.

Saber con rigor a causa da preferencia das xentes por determinadas palabras non é tarefa doada nin para o máis sabio dos lingüistas. A víscera vascular situada á esquerda do estómago dos animais vertebrados e de grande tamaño chámase **bazo** porque ten unha certa cor vermella e, dado que ese órgano é avermellado, díxose del que era BADIU, palabra latina que significa 'arrubiado', que se converteu en **bazo**.

Coido que a palabra **bazo** é empregada a nivel culto ou a nivel médico, pero as xentes pouco a pouco nas súas conversas van substituíndoa pola voz **paxarela**, que era en principio exclusivamente o bazo dos porcos. Pero agora xorde de novo a pregunta ¿e por que o bazo dos porcos é chamado **paxarela**?

A explicación que dan os filológos é a seguinte: o bazo do porco guísase en pequenos anacos que parecen paxariños. E resulta curioso comprobar que esta mesma comparación funciona noutras linguas: en portugués chámase *passarinha*, en castelán *pajarilla*, en asturiano *paxarineta*, en calabrés *passarica*, en occitano *alouseto*, etc.

Con todo, non acabo de sentirme satisfeito con esta explicación de que o bazo ou anaco do baxo sexa coma un pequeno paxaro ou mellor dito coma unha pequena paxara, xa que en tódalas linguas se compara coa femia do paxaro. Repito que eu non vexo clara a explicación de por que a **paxarela** é o bazo do porco, aínda que despois comprendo moi ben que por extensión se chame así o bazo dos outros animais e mesmo o dos homes...

Debo dicirlle ó meu amigo que nalgures, sobre todo na provincia de Lugo, as **paxarelas** son tamén as bolboretas e que segundo o diccionario de Eladio Rodríguez pode significar 'raxo', acepción que eu nunca vin comprobada nin na fala popular nin na escrita. E quero manifestarlle ademais que **paxarela** ten as variantes de **paxara**, **paxariña**, **paxarola** e **paxareira** nalgúns puntos de Galicia para indicar esa víscera.

571. Morreu de nacidas

O verbo **nacer** tiña un participio, continuador do participio latino, **nado**, que persistiu durante moito tempo, pero como sucedeu noutros casos semellantes formouse un novo participio, **nacido**, para regularizar toda a conxugación.

Esta forma de participio pasou tamén xa desde hai **tempo** nas linguas peninsulares a ser un nome substantivo coa significación de 'algo que nace ou crece na pel do corpo do home ou do animal mostrando unha inchazón'. **Nacido** e o seu feminino **nacida**, tanto en portugués coma en castelán, teñen o valor de absceso, tumor, chaga, etc.

Pero en galego a forma que se impuxo foi a feminina, **nacida**, que ten esa mesma significación. Se atopo a un amigo pola rúa e vexo que ten un gran moi grande na cara, exclamo: *¡Vaia nacida tes na fazula!* **Nacida** pode ser sinónimo de **furuncho** ou **foruncho** ou **carafuruncho**, **broulla** ou **boulla**, **bieita**, **negra**, **brume**, **neixarigo**, etc.

As **nacidas** saen cando xorde unha enfermidade moi virulenta, contaxiosa, orixinada por unha bacteria que ataca sobre todo ás vacas e que adoita ser mortal. E desa forma de manifestarse esa enfermidade é chamada precisamente **nacida** ou mais a miúdo **nacidas**: *Dúas vacas morreron de nacidas*.

Hai **nacidas** que se orixinan por unhas bacterias específicas que atacan a toda clase de gando vacún, porcino, lanar, cabalar e que se transmite incluso ós homes. Manifféstanse estas **nacidas** por unha serie de pústulas e manchas escuras e malignas que producen unha infección sanguínea que leva á morte. Segundo algunhas lendas populares estas **nacidas** veñen de certos vermes que comen os animais.

A enfermidade chamada **nacida** corresponde á que os portugueses denominan coa palabra culta *carbúnculo*, que na fala viva galega se converteu en **carbunco**, **cabrunco**, **crabunco**, **carabunco**, **carabuncho**, etc.

572. Ter maniotas

Cando un realiza un exercicio moi violento ó que non se está afeito, por exemplo, xogar un partido de tenis, correr cinco quilómetros, nadar douscentos metros, sen te-la preparación física suficiente ou cando un sobe dez paquetes de libros dun piso a outro ou cando un fai o esforzo de segar un bo anaco de prado sen ser un experto gadañador, etc., sente pouco tempo despois un sufrimento físico que se manifesta por fortes dores musculares.

Esas dores musculares deben ser semellantes ás que padece un cabalo ou calquera outra besta que son maniatados para que non poidan fuxir de onde o dono quere que estean. *Manear un caballo* é unha expresión castelá aínda bastante viva para significar inmobilizalo mediante unha corda que se lle ata ás mans, corda que é chamada *manea*, voz que non vexo reproducida nos diccionarios galegos, pero si nos brasileiros como *maneia*.

Tal vez esa palabra recibiu a influencia do verbo **maniatar** e por iso pasou a ser *maneota* e despois a **maniota**, verba corrente hoxe en galego, portugués e castelán. Hai que engadir que se en principio era unha corda o que servía para ata-las mans, despois foi un pao e máis tarde unha cadea o que se empregaba para maniata-los animais.

Do mesmo xeito que se pode comprender moi ben a imaxe ou comparación figurativa cando digo *estou mallado* se estou moi canso, porque noto o corpo desganado e como se me deran unha boa malladela, así mesmo é facilmente comprensible que ter **maniotas** é te-lo corpo como o debe ter unha besta que ten postas as **maniotas** longo tempo e fai bastantes esforzos para moverse.

O máis curioso desta acepción de **maniotas** é que soamente é exclusiva da nosa lingua. Non sei como din os portugueses que teñen **maniotas**. Os casteláns teñen *agujetas*, é dicir, senten no seu corpo dores semellantes ás producidas polas agulletas dos zocos ou dos zapatos ou de calquera cinta que remata con eses ferretes.

Finalmente quero sinalar que o outro sinónimo de **maniotas**, no seu sentido de correas ou cadeas para ata-los animais, **pexas** (ou *peias* en portugués e *apeas* en castelán) non conseguiu a mesma sorte de significar 'dores musculares'.

573. Apartábanse de min como se fose un gafo

Don Ramón Otero Pedrayo escribe na súa obra *Arredor de* si a seguinte frase: *Apartábanse de min como se fose un gafo*. ¿Que era un **gafo** para o escritor ourensán? Noutras obras emprega tamén esa voz: *Vellas queimadas polo mal dos gafos... o gafo indino de falar...*

A palabra *gafo*, tal vez de orixe árabe, foi moi corrente nos textos medievais: *con que podesse os gaffos guarecer* (*Cantigas de Santa María*), *seu padre foy hun gafo catiuo* (*Crónica Troiana*) co sentido de **leproso**, cultismo xa medieval que foi pouco a pouco impóndose como termo eufemístico.

Algún escritor moderno segue empregando este adxectivo nese sentido primitivo e anticuado, como podería se-lo caso dos exemplos citados.

A **lepra** era chamada entón *gafén*, *gafa* ou *gafedade* (nomes practicamente desaparecidos entre nós) e tamén **gafura** ou **gafeira** e os lugares onde residían os **gafos**, **gafosos** ou **gafentos** eran coñecidos como **gafarías** ou **gaferías**.

Pero cando os nomes de **lepra** e **leproso** se impoñen na fala popular, **gafo** adquire os significados de 'sarnoso ou sarnento', e posteriormente o de 'enfermo contaxiado dalgunha infección', sentidos que se conservan aínda hoxe e así temos que os **gafos** citados por Otero Pedrayo poderían se-los sarnosos ou infectados por algunha enfermidade maligna. *¡Gafo te vexas de males extraños!* exclama Curros Enríquez nun poema. **Gafo** ou **gafento** pasa a ser hoxe equivalente de sarnoso ou infectado ou apestado.

Para moitos galegofalantes **gafo** pasou a ser tamén algo sucio ou algo cheirento. De aí que atopemos derivados desta voz como **gafume** 'cheiro malo', **gafeño** 'fedorento' ou 'daniño'. E xa Sarmiento falaba da voz **gafualla** como 'multitude de xente ruín e baixa'. E naturalmente **gafarse** é infectarse unha ferida e unha **gafadura** é unha ferida infectada.

Como resulta case evidente, despois do que acabo de escribir, nin os **gafes**, nin **gafar** a alguén no sentido de darlle mala sorte, nin as **gafas** teñen que ver cos **gafos**, aínda que tal vez poidan buscarse raíces comúns...

574. A Manolo loléanlle os dentes

Resulta curioso comproba-la grande variedade de léxico que posúe a nosa lingua. Verbas que para uns son moi familiares e de uso moi corrente son para outros galegos completamente descoñecidas.

Vexamos un exemplo do que acabo de escribir. Na parte de Piquín, Val de Burón, concello da Fonsagrada e outros lugares da fronteira asturiana dise dunha cousa que lolea cando se move sen saírse do sitio onde está encaixada. E así a frase que encabeza este comentario quere dicir para un falante desa parte de Galicia que a Manolo se lle abalan os dentes, pero sen chegar a saírse das enxivas.

Lolear ou o composto **alolear** pode tamén significar cimbrear cando dicimos por exemplo que esta vara **lolea** por ser demasiado longa.

Nestes mesmos lugares úsase moi comunmente o adxectivo **lolo** (ou **alolado**) co sentido de frouxo, é dicir, que se move por estar mal axustado. Por iso a *caña lola* é a de avea sen gran, porque ten precisamente estas características.

Volvendo ó que diciamos ó principio deste comentario, hai verbas que poden ser moi familiares nunha zona determinada de Galicia, como é o caso de **lolo** (coa súa familia féxica de **lolear** ou **alolear**) que ten a significación de frouxo, flexible, inseguro, non axustado, que se move, etc., pero que resultan incomprensibles para os que viven lonxe desa zona. Iso é algo normal en tódolos ámbitos lingüísticos de calquera país onde se fale unha lingua por moi normalizada e normativizada que estea.

575. Aborrecerse unha ferida

Hai anos nun *Recanto da lingua* comentei esta expresión de *aborrecerse unha ferida* onde o verbo **aborrecerse** toma o sentido de 'infectarse', significación exclusiva da nosa lingua e descoñecida, por tanto, nas linguas veciñas.

Explicaba este sentido de **aborrecerse** partindo da significación que ten este verbo en frases como *aborrézome se te estou esperando moito tempo*, é dicir, 'enfádome', 'moléstome', das cales podiamos tira-la conclusión de que mediante unha imaxe ou comparación podía 'enfadar' ou 'molestar', é dicir, **aborrecer** unha ferida.

Esta explicación non me deixou satisfeito e estiven moitas veces matinando neste cambio semántico que cando escribín ese *Recanto da lingua* me parecía satisfactoria e hoxe xa non a vexo tan clara como daquela. Así pois tentarei de dar outra explicación desta acepción especial que recollen os diccionarios galegos do verbo **aborrecerse**.

En primeiro termo direi que o noso verbo **aborrecerse** coa palabra ferida non ten seica que ver co verbo normal **aborrecerse** que significa odiarse, desesperarse, enfadarse, etc., senón que é un verbo pertencente a outra familia léxica.

E en segundo termo teremos que dicir que se hai verbos como **anoitecer**, que significa 'facerse de noite' ou **balorecer** 'criar balor' ou 'formarse balor', poderemos pensar que o noso verbo rematado na mesma terminación *cer*, que se engade normalmente a algunhas palabras para indicar 'facerse' ou 'converterse en algo', indicado por esa palabra, **aborrecerse** podería significar converterse en **borra**.

Soamente queda aclarar que **borra** é ou son os sedimentos que deixa o viño, os desperdicios, as escorias, as feces, etc.; en definitiva, algo que non ten bo aspecto. Por tanto, que unha ferida se converta en borra ou se faga como a borra, isto é, que se aborreza é tanto como dicir que toma mal aspecto ou que se infecta.

Coido pois que hai un **aborrecer** procedente do verbo latino ABHORRERE e outro **aborrecer** que é unha formación romance que se forma como derivado da verba **borra**.

576. Quen é bazuncho non é lanzal

Quen ten un abdome avultado ten unha boa **tripa** e é polo tanto **tripudo** ou ten un grande **ventre** e é un **ventrudo** ou ten unha boa **panza** e é un **panzudo** ou unha abundante **barriga** e é un **barri-**

gón o un **barrigudo**. Todas estas voces son comúns ó portugués e ó castelán, pero o galego chama tamén a estes últimos **barrigáns** e **barriguentos** e ós nenos que teñen panza **barrigolas**.

Portugueses e casteláns saben o que é un **bandullo**, pero non chaman **bandulleiros** ou **bandullentos** a esta clase de **panzudos**. A barriga é coñecida ademais co nome de **andorga**, voz que só coñecen os nosos veciños leoneses, ou de **bocho** (*está feito un bocho*) ou de **bandouga**, voces exclusivamente galegas.

Tamén é descoñecido polas linguas veciñas o noso termo bastante espallado de **bazuncho** que equivale a **panzudo**, **barrigudo**, **ventrudo**, etc., que non soamente se aplica ás persoas, senón tamén ós cacharros, potes, etc. Supoño que a orixe desta voz debe estar na víscera glandular chamada **bazo**. Otero Pedrayo empregou varias veces esta verba: *E durmir co groso bazuncho do irmán... o groso bazuncho farto de patacas...*

Do mesmo xeito que **bazuncho** é unha palabra tipicamente galega tamén a voz **lanzal** é pura creación da nosa lingua. Da voz tan corrente en moitas linguas **lanza** 'arma ofensiva' e 'vara longa ou varal' creou o galego o adxectivo **lanzal** para cualificar algo que se parece a unha lanza: *a torre lanzal de Viena* (Otero Pedrayo), *son lanzales como pinos... un campanario lanzal* (Castelao), *¡ou, que pino lanzal! era entón noso amor* (R. Cabanillas).

E de aí os significados tan correntes de alto, esvelto, airoso, distinguido, fermoso, etc.: *I ela era a mesma, tan lanzal e hermosa... es garrido e lanzal* (Rosalía), *Andrés, lanzal e boo... rapacetes rebertes, de tenro corpo lanzal* (Pondal), *doce loira de corpo lanzal... era unha mociña de dazasete anos lanzal* (Otero Pedrayo), *unha cigoña lanzal... a feitura* (*do cruceiro*) *arrizada e lanzal* (Castelao).

Quen é bazuncho non é lanzal é frase exclusivamente galega.

577. A miña laboura

Escríbeme X.L., da Coruña, para amosa-las súas dúbidas sobre a existencia da voz **laboura** na fala do pobo e preguntarme a miña opinión desta verba tan usada actualmente no nivel literario en vez de **labor**.

A palabra latina LABOR 'traballo' deixou descendentes en moitas linguas e dialectos romances e conservouse con ese significado fundamental entre nós e co mesmo xénero gramatical ca en latín, é dicir, masculino: *teño moito labor que facer esta mañá*. Pero en galego, **labor** é sobre todo o traballo no campo ou na leira (*os labores desta leira son pesados*), o traballo feito nas casas (*miña nai non daba feito todo o labor*) e tamén o traballo que se fai coa agulla en teas ou tecidos.

Nalgúns puntos de Galicia **labor** pode ser mesmo a colleita de cereais e tamén o conxunto de renovos da vida. En fin, a palabra **labor** é moi popular para significar toda clase de traballos manuais e mentais ou intelectuais.

E de **labor** derívanse outras verbas como **laborada** (labor de pouca importancia ou traballo que se lle encarga a unha persoa), **laboranza** (sinónimo de 'labranza'), **laborar** (sinónimo de 'traballar' e creada sobre a voz **labor** porque a palabra latina LABORARE xa dera **labrar**), **laboría** (moi corrente para significar 'terra de labranza'), etc.

Pero os escritores do primeiro tercio deste século comezaron a usa-la voz **laboura** como sinónimo de **labor** (Castelao emprégaa frecuentemente en *As cruces de pedra na Galiza* e en *Sempre en Galiza*: *Así*

decorreron dez anos de laboura..., *unha laboura intachable*..., *a laboura científica i erudita*...) coido que por diferencialismo co castelán.

Nos textos antigos aparece a forma *laboira* (que en portugués moderno pasou a ser *lavoura* coa mesma significación cá nosa **laboría**), pero non se rexistra na fala actual. Por tanto, a recuperación desa voz antiga como **laboura** paréceme que a fixeron os escritores a través da voz portuguesa.

Con todo, hai que dicir que **laboura**, sobre todo no sentido de 'traballo intelectual mental, non manual', está conseguindo bastante éxito.

578. As angueiras cotiás

A actividade, ben de carácter físico, ben intelectual, que o home realizaba para levar a cabo un servicio, para satisface-las súas necesidades ou para producir ou crear riqueza ou calquera outra cousa era chamada en latín LABOR, palabra que chegou ata o día de hoxe, pero especializada sobre todo no mundo agrícola como operación que se fai co arado ou con otros apeiros. Pénsese nos seus derivados **labrar**, **labrador**, **labrego**, **labranza**, etc.

Labor é tamén a obra de coser e bordar e nos últimos tempos volveu a ser usada no seu sentido primitivo, é dicir, no sentido de **traballo**, voz que primeiramente significaba 'tortura' e posto que un **labor** era algo así como unha tortura ou **traballo**, esta palabra pasou a ser sinónima daquela.

Xa falamos noutra ocasión da introducción da verba árabe **tarefa** para a mesma significación de **labor** e **traballo**. Outra voz sinónima destas verbas é a palabra **angueira**, rexistrada no século dezaoito polas *Papeletas* do P. Sobreira como "quehacer o cuidado o negocio que alguno tiene" e empregada nese sentido por moitos escritores: *angueiras cotiás... as angueiras da casa.,. pola utilidade das angueiras dos homes... na* an*gueira de rachar o monte... crego aldeán tan pouco dado as angueiras parroquiás* (Otero Pedrayo), *esta angueira foi comprida por Plácido R. Castro... angueiras estériles i egoístas* (Castelao).

A orixe desta verba está no latín ANGARIA que significaba 'servicio de transporte' (pénsese nas **angarelas**) e na Idade Media pasou a ser 'servicio do vasalo ó seu señor', posteriormente 'auxilio que uns veciños prestaban a outros' e logo simplemente 'traballo'.

Case do mesmo xeito que naceu a acepción de **angueira** como 'traballo' xurdiu o nacemento da voz **endeita** que significaba primeiramente (do latín INDICTA) 'proclama', logo 'chamamento ós veciños para que axudasen a outros ou a labores comunais' e despois á mesma axuda ou traballo que se facía e de aí a simplemente 'traballo'.

Así pois, as *angueiras cotiás* son o mesmo que as ocupacións, os labores, os traballos, as tarefas ou as endeitas de cada día.

579. Asados e asados

Se eu pronuncio a palabra **asado**, inmediatamente pensamos en algo comestible que foi preparado mediante a acción do lume ou da calor para facelo máis apetitoso ou máis dixerible. **Asado** é o participio do verbo **asar** e funciona moitas veces como adxectivo: *polo asado*, *carne asada*, *castañas asadas*, etc.

Pero **asado** funciona tamén como substantivo e se emprego esta voz sen ningún complemento (*imos comer un asado*) todos entenderán que me estou referindo a carne asada.

Agora ben, hai lugares en que os **asados** se preparan nunhas tarteiras, cazolas ou pucheiros que se chaman **asados**. En fin, hai **asados** e **asados**. Estes últimos non teñen nada que ver coas voces derivadas do verbo **asar**, senón que son chamados así porque teñen **asas**, voz que procede do latín ANSA, mentras que o verbo **asar** procede do verbo latino ASSARE.

Xa o P. Sarmiento falou de que **asado** era un pucheiro pequeno con asas para poñer ó lume. Curiosamente o outro freire lexicógrafo do século dezaoito, Sobreira, distingue entre *asada*, pucheira sen asa, e **asado**, pucheiro con asa e sen bico. Eu non teño constancia da existencia actual da *asada* no territorio galego, se ben sei que aínda existe nas falas transmontanas como 'vasilla con asas' e do Alentejo, onde ten o significados de 'panela ou tixela moi grande de lata, de ferro ou de cobre' e de 'cántaro grande de barro para levar auga, cal, etc.'.

Pero hoxe hai moitos lugares onde aínda se usan os **asados**, que teñen como característica común o feito de ter asas e de estar construídos de barro. Sen embargo debemos dicir que en cada bisbarra teñen capacidade e usos distintos. Hainos para quecer e garda-lo leite ou a auga e mesmo para conserva-lo viño. García Alén conta que en Lobios os **asados** teñen unha capacidade aproximada de media ola, é dicir, duns cinco a dez litros e serven tanto para ter neles o viño ou a auga, como para maza-lo leite.

Así pois, como diciamos arriba, hai **asados** que non teñen que ver cos **asados**.

580. Chourizo e chouriza

Falamos no anterior comentario das diversas clases de **morcela** que se fan en Galicia e que se coñecen sempre polo mesmo nome na actualidade da fala viva: o castelanismo **morcilla**.

Pero non pasa outro tanto co embutido de cor vermella que se fai con carne de porco picada e adoviada e que se cura ó fume das lareiras: o **chourizo**, que recibe ás veces diversos cualificativos para especificar mellor a súa composición. Hai *chourizos brancos* ou *de carne*, *chourizos fariñentos*, *ceboleiros* e *da pementa* e hai tamén *chourizos de boche*, que son de clase inferior porque se empregan carne de mala calidade e os liviáns ou pulmóns na súa composición.

Chanfainas, **chanfainos**, **chofles**, **chofres**, **chouláns** e **chourelas** son igualmente chourizos de baixa calidade.

Poderiamos tamén falar doutra clase de embutidos que reciben diversos nomes segundo as tripas empregadas e as diferentes clases de carne como as **androllas** ou **androllos**, típicos das provincias de Lugo e Ourense, os **bandullos**, coñecidos en case toda Galicia, os **botelos** ou **butelos**, que normalmente son os estómagos dos porcos con recheos de carne e osos picados, os **pedros** ou **pedros peres**, bastante comúns en moitos lugares, etc.

Con todo, hai que falar das **chourizas**, que son, nos sitios onde se usa esta palabra, unha especie de chourizos feitos en tripa delgada e longa. Son pois as **chourizas** o mesmo que as **longanizas** castelás, voz bastante espallada por toda Galicia e recollida en varios diccionarios, se ben nalgures son chamadas **longaínas**, verba un tanto estraña, e tamén **longaínzas**, palabra que podería se-lo resultado da evolución fonética, un tanto anormal, do étimo común ó castelán: a voz latina LUCANICIA.

En portugués normativo témo-la voz *linguiça*, de orixe moi discutida, que habería que ler en galego *lingüíza* e que sería difícil introducir na nosa lingua. Por iso propoño que se substitúa o castelanismo **longaniza** por **longaínza** ou por **chouriza**.

581. Brazados e brazadas

X.L.P., de Betanzos, faime unha pregunta que parece de fácil resposta, pero que non o é porque moitas palabras que parecen sinónimas totalmente non o son na realidade da lingua, xa que moitas veces as verbas teñen bastantes acepcións comúns, pero difiren noutras e non poden ser intercambiadas sen que se produza algunha confusión.

O meu comunicante di o seguinte: "Estou afeito a dicir e escoita-la voz **brazado** na significación de feixe de canas ou de palla ou de herba, pero hai uns días fun corrixido por un amigo que me dixo: Iso que ti chamas **brazado** dise en bo galego **brazada**...".

Desde logo, todo tipo de feixe de cousas que se pode coller abrindo os brazos e levalo abrazado contra o peito é un **brazado**. Coido que neste sentido esta voz é sinónima de **mando** ou **mangado** que é tamén aquilo que podemos abranguer coas mans estendidas.

Con todo, existe tamén nalgunhas partes de Galicia e Portugal a voz **brazada** que pode ser usada con ese mesmo sentido segundo vemos polo seguinte texto de Lamas Carvajal: *pois lixeira como a pólvora colleu foupas a brazadas*, pero **brazado** (que é a forma máis espallada en toda Galicia para esa significación) non ten a acepción que posúe **brazada** de 'movemento de levantar e estende-los brazos sucesivamente' como se fai, por exemplo, cando nadamos. Así pois, tódolos **brazados** poden ser **brazadas**, pero non tódalas **brazadas** poden ser chamadas **brazados**.

E **brazada** (como vemos por este texto de Castelao: *así a lúa percorreu dúas brazadas*) ten ademais o mesmo valor que **braza**, medida que equivalía a dúas varas ou un metro seiscentos e pico centímetros ou simplemente á medida equivalente á apertura dos dous brazos estendidos dunha persoa normal. A palabra **braza** é un resto do plural da voz latina de xénero neutro BRACCHIUM que o facía rematando a palabra en a: BRACCHIA.

En fin, está ben claro que todas estas verbas pertencen á familia léxica da voz **brazo** (que acadou unha grande cantidade de acepcións en tódalas linguas romances) da que saen **bracear**, **bracexar**, **braceo**, **braceiro**, **brazal**, **brazalete** (seguro francesismo porque antigamente existiu *bracelete*, que aínda se conserva en portugués), **antebrazo**, **abrazar**, **abrazo**, **abrazadeira**, etc.

582. Moreas de xente

E.S., da Coruña, dime que el escoitou bastante veces a expresión de *moreas de xente* en frases como *á porta desta tenda había unha morea de xente esperando*, *moreas de xente saían do estadio*, etc., pero que un amigo seu moi coñecedor do galego lle dixo que a voz **morea** soamente se pode usar como 'montóns de feixes de cereal colocados en forma de cono'...

En primeiro lugar quero dicir que **morea** pode se-lo nome dun peixe mariño de corpo alongado e angulliforme bastante común nas nosas costas e é verba evolucionada normalmente da palabra latina MURAENA.

Este nome de peixe non ten nada que ver co seu homónimo **morea**, voz de orixe escura, probablemente prerromana, que corresponde ó portugués *moreia* 'grupo de feixes de trigo ou doutro cereal colocados verticalmente na terra coas espigas para riba', e ó castelán *morena* 'montón da mese segada'. Naturalmente a lingua galega ten esta significación de 'montón de cereais segados', pero como di o famoso filólogo J. Corominas, o sentido deste vocablo en galego é excepcional xa que presenta unha máxima vitalidade con respecto ás outras linguas peninsulares.

Unha **morea** pode ser en galego 'montón de calquera cousa': de cereais, de herba verde ou seca, de palla, de leña, de terra, de pedra, de area, de esterco, de roupa, etc.: *moreas de terra e pedras que relembran mámoas*, *da morea de entullos surdía o corpo de Rañolas*, *moreas de pedra chamadas amilladoiros*, *esta morea de pedras e tellas*, *unha morea de caixóns e barricas*, *unha probe morea de provincias*, *moreas de xuramentos*, *mulleres coma ti hainas a moreas*, *unha morea de cativos*, *moreas de peregrinos*...

Desde o século pasado está testemuñada a expresión *morea de xente*, pero tal vez por omisión dalgúns diccionaristas que non coñecían na súa fala a significación de **morea** como 'grupo de xentes', semellante ó emprego de **fato** co mesmo sentido, agás o diccionario de Leandro Carré, fixo que en moitos diccionarios non aparecese esa significación xa bastante antiga e corrente en moitos lugares de Galicia.

En fin, o léxico galego é moito máis rico do que algúns cren.

583. Greas de folguistas

Atopar tódalas palabras que empregan os falantes dunha lingua nos diccionarios resulta imposible porque o grande caudal léxico é practicamente inabarcable, dadas as circunstancias de limitación de espacio con que se fan e a abundancia de acepcións que ás veces son descoñecidas para os seus autores.

O outro día falabamos de cómo **morea** adquiriu en galego moita máis vitalidade ca nas outras linguas peninsulares. O mesmo podemos dicir da voz **grea** que ten a súa orixe na verba latina GREGE, evolucionada primeiramente en *gree* e posteriormente en **grea** en galego e *grei* en portugués (*grey* en castelán). Curiosamente esta voz tiña xa en latín non só o significado de porción de gando laníxeo senón tamén o de manada de asnos, cabalos, porcos e de aves, pavos, paxaros, etc., e mesmo o de conxunto de homes.

Nos textos medievais casteláns e portugueses úsase moito a voz *grei* como rabaño de ovellas, cordeiros, etc., pero actualmente está restrinxida nesa significación a textos literarios. Sen embargo en galego **grea** non só se di dunha *grea de ovellas*, senón tamén dunha *grea de cabalos*, ou de *eguas* (moi usado pola provincia de Lugo) e mesmo unha *grea de cans* ou *de lobos*.

Moi corrente tamén en galego é o uso de **grea** como conxunto de persoas sen ter ningún sentido pexorativo: *a grea algareira dos rapaces... a grea dos estudiantes... greas de peregrinos... greas de homes derreados... as xentes acudían en greas... a grea dereitista lánzase á guerra civil... a grea de señoritos dereitistas... as greas de probes e xitanos... greas de folguistas berrando...*

Na linguaxe eclesiástica é moi común en Portugal e España falar da *grei* como conxunto de parroquianos ou diocesanos. Nos diccionarios modernos galegos aparece esta voz castelá ou portuguesa e eu

pregunto ¿por que é necesario introducir esta voz se a nosa, **grea**, podería acadar moi ben esa significación? ¿Por que non podemos dicir *a grea de fieis desta parroquia*...?

E remato este comentario lembrando palabras desta familia: **greal**, **gregario** (¿quen non a emprega no mundo do ciclismo?), **gregarismo**, **agregar**, **congregar**, **disgregar**, **segregar** e **egrexio** 'home ilustre que se sae da **grea** dos demais mortais'...

584. Mirar para os biosbardos

F.R.F., de Lugo, escríbeme o seguinte: "Meu pai, cando eu era cativo, se me quedaba mirando para algún sitio entretidamente ou se non atendía outras cousas como debera, sempre me dicía: *¡Deixa de mirar para os biosbardos e atende ó que tes!* ¿Que quere dicir biosbardos?".

Exactamente, don Francisco, non sei o que son os **biosbardos** e dubido que alguén o saiba. O pobo modifica, altera e, ás veces, xoga coas palabras creando por mesturas dunhas con outras novas verbas que teñen uns significados especiais non moi claros.

Os **biosbardos** son coñecidos en grande parte de Galicia (nalgures din **bisbardos**) formando parte das expresións *mirar para os biosbardos* e *pensar nos biosbardos*, que equivalen ás expresións castelás *mirar* ou *pensar en las musarañas*, *estar en Babia* ou *en las Batuecas*, etc. Entendemos todos moi ben o que significan esas expresións que se aplican ás persoas que están ou son distraídas, pero non sabemos que son os citados **biosbardos** ou **bisbardos**.

Coido que podemos ter en conta outras expresións semellantes que se din nalgunhas partes: **andar ós pibardos**, **andar ós pibarzos**, **andar ós pigardos**, que se empregan para indicar tamén que algúns fan cousas distraidamente ou que buscan algo que non saben o que é.

Estas últimas voces lévannos a pensar nos peixes coñecidos como **piardos**, **pibardos**, **piobardos**, **pabardos**, que son da familia do **peixe-rei** ou nas aves da familia das **aguias** chamadas **pigardos**, **pigargos** ou **pigarros**. Isto fainos crer que a voz **biosbardos** é deformación popular doutras palabras que eran nomes de animais para indicar animais ou seres fantásticos que non se poden atopar.

Tamén en relación coa nosa voz está a palabra **alpabarda** ou **alpabardo** que nalgunhas partes de Galicia é nome dun peixe e noutras significa tanto animal fantástico como persoa de pouca resolución ou media aparvada.

Hai tamén outros nomes para indicar animais imaxinarios que serven para gastar bromas ou facer burlas como **cocerellos** e **gazafellos**. Hai unha copla popular que di así: *gazafello / vente ao vello*, / *que alpabarda por ti agarda*.

En fin, os **biosbardos** non son nada. Os **biosbardos** son 'seres imaxinarios'.

585. Quítome deste compromiso

H.G.F., de Laxe, pedíame hai bastante tempo desde as páxinas deste periódico que tratase de aclarar, entre outras cousas, a confusión dos usos de **quitar** e **sacar** en galego. Traballosa tarefa é esta de facer luz nos usos destes dous verbos tan empregados na nosa lingua, bastante máis que en portugués e

castelán, e tan escuros polo seu nacemento, do cal non se poñen de acordo os etimoloxistas. Pero, en fin, coido que necesitarei máis dun comentario para falar das súas significacións e xa, desde agora, digo ó amable comunicante que non o vou satisfacer plenamente porque en cuestións de lingua todos nos sentimos mestres e naturalmente discrepantes.

Penso que unha das máis antigas acepcións que ten o verbo **quitar** é a de quedar **quite** ou **quito**, adxectivos hoxe desusados en galego (e que pagaba a pena recuperar na linguaxe administrativa posto que aínda están vivos en portugués o primeiro e en castelán o segundo), que significaban 'libre, exento despois de paga-lo que se debe'. Por tanto, **quitar** significa desempeñar, pagar unha débeda, redimir. Nos textos medievais era moi corrente: (*un fillo*) *deitara en pennor e creçera a usura que o non podía quitar... enviou quitar os catiuos que o Cid tijna... o Ççide quitou a el rrey duzentos marcos que lli aínda deuía...* Hoxe pode usarse en frases parecidas: *antes de morrer quitou os seus debedores... Meu avó quitou o foro*.

Derivado de **quitar** neste sentido é a voz **quitanza** (pénsese na voz francesa *quittance*) que debía usarse en galego como máis técnica ca **recibo**. No portugués existen ademais as variantes *quita*, *quitación* e *quitamento*.

Nestas significacións de **quitar** resulta imposible usar **sacar**. Pero cando ampliamo-lo sentido de **quitar** a 'deixar libre dunha obriga': *quítome deste compromiso*, coido que se podería dicir *sácome deste compromi*so.

Como nas linguas veciñas **quitar** ten as acepcións de 'estorbar', 'impedir': *que lle quite aire ou sol polo frente ou polos lados... mais non quita pra que Castelar o afirme* (frases de Curros Enríquez), *iso non me quita o sono*, e as de 'prohibir' ou 'vedar': *o médico quitoulle comer marisco... Ninguén pode quitarme a entrada a esta casa...* Exemplos nos que non sempre sería fácil substituír **quitar** por **sacar**.

Sen embargo a lingua portuguesa mantén algúns sentidos propios do francés *quitter*. Así ten o significado de 'abandonar' ou 'deixar' que entre nós son descoñecidos: *Xan quitou a muller*, non sería entendido en galego como *Xan abandonou a muller*. Ou o de 'saír de': *Antón quita Lisboa mañá*, sería imposible en galego.

En fin, continuaremos quitando exemplos de **quitar**.

586. Non quitéde-los ollos de aquí

Derogar, anular, suprimir son acepcións que ten tamén o verbo **quitar**: *O parlamento quitou a lei de perigosidade social*, *tal consellería vai quitar dous vellos decretos...*, así como as de substituír e suprimir un emprego ou cargo: *O ministro quitou a Fernando do posto de director xeral... a semana próxima será quitada esa dirección xeral*.

Pero a idea fundamental que está presente nas acepcións do verbo **quitar** é a de afastar ou separar: *de alí non podo quita-los ollos*, *mitá asombrada*, *mitá con medo* di Rosalía no poema "Na catredal", *non quito a atención do que estou escoitando*, *non me quites ese libro de aí*, etc.

E facilmente desa acepción pasouse á de 'apoderarse de algo que non nos pertence', 'usurpar': *quítanche os cartos pra con eles mercar capellanías... i o pan non me quiten trabucos e préstemos... quitoulles a igrexa o xénero* (frases de Curros Enríquez), *que seu maorazgo ninguén llo quite* (de Otero Pedrayo), *iso non llo quita Rei nin Roque*. Cando estou falando e vou dicir determinada idea e alguén se me adianta,

entón exclamo: *¡quitáchesmo da boca!* E hai un refrán que di así: *quitáronme o espello por fea e déronllo á cega*.

E destas acepcións pasamos á de 'retirar' que xa lemos nun documento do século XV: *que o dito conçello non posa quitar e tirar a dita comenda*. Hoxe dicimos: *non quite-lo pote do lume*, *hai que quitar a Manoliño desa escola*, etc.

Con todo, xa vemos por algunha das frases citadas que estas acepcións de separación poden ser asumidas polo verbo sacar e sobre todo cando esa separación leva consigo un certo grao de forza ou violencia. **Quitar** significa tamén 'tirar' ou 'arrincar con forza': *grau por grau a area quitando da montaña... ¡Quitarme a vida era pouco i hastra o sono me quitaron!* (exemplos de Curros), *i aló a vida che quitaron... o meu mal i o meu sofrir / é o meu propio corazón*, *¡quitaimo sin compasión!... dixeron dentro*, *antramentras / que quitaban o tranqueiro / da porta* (versos de Rosalía). Naturalmente tanto dá dicir *quitarlle a un as moas*, *quitarlle a un a venda dos ollos* coma *sacarlle a un as moas ou a venda dos ollos*.

E mesmo podemos **quitar** tamén a roupa, os zapatos e o sombreiro: *antramentras non quites eses cerellos... solo con velos de lonxe quítaselles a monteira* (Rosalía), *quiteime homilde o chapeo... quixo quitarse a monteira* (Curros), *quitarse as zocas*, *as medias*, *o pantalón...*

587. Máis sobre quitarse e desquitarse

Aínda temos que seguir falando doutros usos de **quitar** como sinónimo de **sacar** en casos que non serían comprendidos por portugueses e casteláns porque usarían os verbos *sacar*, *tirar*, *facer*, etc.: *quitar unha falta*, *quita-lo saque* (nos xogos deportivos), *quitar unha foto*, *quita-lo carné de identidade*, *quitar unha entrada para o cine*, etc. ¿Quen se atreve a dicir que estes usos son vulgares e que deben ser evitados?

Por último digamos que hai outras expresións onde se usa o noso verbo: *quitarlle traballo a un*, é algo que se pode facer para fastidiar a alguén, pero tamén para axudalo. Todo depende da significación que lle queiramos dar ó noso verbo **quitar**... Se *quitamos importancia a algo* ou se lle *quitamos paixón á política*, *quitar* pasa a equivaler a 'restar'. E na linguaxe dos viñateiros *quita-lo viño* é trasfegalo ou como se di en castelá *trasegarlo*.

Moitas veces o noso verbo é usado pronominalmente, pero **quitarse** segue significando 'apartarse', 'separarse': *quitarse de liortas*, *¡quítateme de diante!*; 'deixar de': *quitarse de fumar*, 'liberarse': *quitarse un peso de enriba*. De tódolos xeitos **quitarse** non acadou entre nós o sentido portugués de 'divorciarse': *María quitou*se *de Xan*, non podería entenderse como *María divorciouse de Xan*.

Xa sinalamos algúns derivados do verbo **quitar**. Engadamos agora **quita** como 'trasfego do viño' e **quitado**, usado adverbialmente no sentido de 'excepto': **Quite** é un termo castelán da tauromaquia que tivo moita fortuna en galego en expresións como *botar un quite*, *ter cada quite*, etc., onde **quite** pasou a ser 'expresión enxeñosa e oportuna' ou 'agudeza'. O composto **quitamerendas** (sinónimo de **tollemerendas**) podería ser autóctono, pero dubido que os compostos **quitamanchas**, **quitamedos**, **quitaneves**, **quitapedras** e **quitapesares** non sexan préstamos ou calcos do castelán.

Por fin digamos que o seu derivado **desquitarse** ten no galego, ó igual que no castelán, a acepción de 'compensarse dunha perda, especialmente tratándose de xogos' e a de 'vingarse' (neste caso común coa lingua portuguesa na que a acepción máis corrente é a de divorciarse). O nome normal que indica a acción de **desquitarse** é **desquite**. Pero os nosos labradores empregan **desquitar** ou **esquitar** para significar 'librarse os animais nos partos das envolturas fetais' ou **esquitas**, **esquitaduras**, **quitas** ou **quites**.

588. Saca iso de aí

Como xa dixemos nos comentarios anteriores, a idea fundamental hoxe do verbo **quitar** é a de 'afastar, separar' e a significación máis corrente de **sacar** é tamén a de 'afastar, separar' pero engadindo a característica de 'con forza ou violencia'. De aí vén o uso de ámbolos dous verbos para expresar un mesmo pensamento: saca iso de aí tanto pode indicar apartar unha cousa dun lugar con forza ou sen forza. Por iso empregamos ás veces *quita iso de aí*... que a min subxectivamente me parece que se pode facer con menos esforzo.

Vexamos outros exemplos. Nas *Cantigas de Santa María*, lemos: *o moço dalí sacaron con alegría* (¿sacárono con ou sen violencia?) e *as çapatas... poderon... nen do pé sacar* e na *Crónica Troiana* lemos *el mijsmo me quiso sacar os ollos da cabeça* (nos que sen dúbida hai violencia, pero nos que podería aparecelo verbo **quitar**).

En xeral **sacar** significa extraer algo do lugar ou sitio onde estaba encerrado. Así podemos dicir: s*acou o revólver e apuntou*; nas citadas *Cantigas* lemos: *sacou seu cuitelo... sas espadas sacaron*.

Sacar é tamén como **quitar** liberar, redimir, axudar a saír dunha situación: *saca de catiuidade muitos... que me saques daquesta vergonna sobeja* (frases das citadas *Cantigas*); en Curros leo: *Dio-lo saque con ben desta xornada*; e hoxe dicimos continuamente: *sacáchesme dun apuro*, *sácame desta situación*, etc.

E **sacar** ten desde hai tempo o sentido de obter algo por unha actividade, conseguir, lograr, gañar, etc.: *verás que bon pelo sacas* (Curros), *sei dunha parroquia onde podemos sacar un montón de homes* (Otero Pedrayo), *saqueille moitos carros a este negocio*, *Quique sacou grande proveito nesa venda de terreos*, *Antón acaba de saca-lo primeiro premio da loto*, *Paco sacoume tódolos cartos xogando ás cartas*, etc.

Tamén **sacar** é 'mostrar algo': *mandou logo sacar seu pendón* (*Cantigas*), *eu dun tesouro sei que está olvidado e pra sacalo á lus a terra furo* (Curros), *o crítico saca no xornal os defectos dos artistas*, *a tele sacou onte a vida de Manolo Piragua*, etc.

Face-la xogada inicial en moitos xogos de pelota é **sacar** e de *sacar vantaxe* nun xogo podemos amplia-lo sentido a exemplos como o seguinte: *eu sácolle a Pepe cinco anos*.

E aínda seguiremos sacando exemplos de **sacar**.

589. De sacar a resacar

Sacar ten en portugués unha acepción descoñecida entre nós, 'ordenar ou emitir un pagamento ou papel de crédito', pero en xeral non é un verbo tan empregado coma en galego. Os portugueses para algunhas expresións que acabamos de dar anteriormente e continuaremos dando usan outros verbos: *extrair*, *fazer saír*, *descobrir*, *tirar*, *arranjar*, *ganhar*, *escolher*, *inventar*, etc.

En galego podemos *sacarlle os ollos* ou *o pelello a alguén* en vez de criticalo ou censuralo, *sacar un parecido a unha persoa* en vez de asemellar, *sacar unha fotografía* en vez de facela ou tirala, *sacarlle a alguén un par de palabras* en vez de facelo falar, *sacar un achado* en vez de conseguilo, *sacar un chapeu* en vez de quitalo, *saca-la roupa* en vez de espirse, *sacar unha experiencia* en vez de aprendela, *sacar un problema* en vez de resolvelo, *non sacar unha palabra do que dicía* por non entendelo, *sacar a bailar* por invitar ó baile, *sacar un copia* por facela, *saca-la cara por alguén* por defendelo, *sacar unha moza de paseo* por levala, *sacar*

un naipe sobre a mesa por botalo, *sacar peito* por botalo para diante ou por defender a alguén, *sacar unha nova moda* por inventala, *sacar unha elección* por gañala, *sacar entradas* por compralas, etc.

Pero **sacar** ten ademais o derivado normal **saque** que é o substantivo aplicado á acción e efecto de **sacar**, sobre todo nos xogos de pelota. E **saque** indica ademais a capacidade de comer ou beber: *Pepe ten bo saque*. Outros derivados son **sacado** e **sacando** que se usan hoxe adverbialmente coa significación de 'agás' ou 'excepto': *estaban tódolos irmáns alí sacando a Antón... gústame moito o bacallau sacado o que se fai na* casa *da miña tía*.

E **sacar** (sobre todo pola súa acepción de tirar con forza ou extraer) forma parte dunha morea de compostos: **sacabalas**, **sacabocados**, **sacabotas**, **sacacorchos**, **sacamantas**, **sacamoas**, **sacatrapos**, etc.

Por último digamos que con diversos prefixos se converteu en **asacar**, que ten a acepción de 'acusar, inculpar' desde os textos medievais e hoxe as de 'inventar' e 'pretextar'; **entresacar** (descoñecido en portugués); **sosacar** 'solicitar con cautela, seducir' nos textos máis antigos, pero que hoxe empregamos para significar 'descubrir con cautela o que outro sabe e oculta'; e **resacar** que hoxe en galego é usado soamente como 'trasfega-lo viño', pero que ten como derivada a voz **resaca** 'movemento das ondas sobre si mesmas despois de bater na praia' ou 'cansazo e malestar físico producido polo exceso de beber demasiado alcohol'...

590. ¡Eso si que lle zumba!

No libro *Como falan os brañegos* de Antón Noriega Varela aparecen estas expresións: *¡Zúmballe! ¡Eso si que lle zumba!* co seguinte comentario: "requiebro intraducible". Poderiamos atopar sen embargo, en castelán, bastantes locucións semellantes: *Eso tiene bemoles*, *eso sí que es formidable*, *mira tú por donde*, *menuda cosa hay que ver*, *vaya cosa más extraordinaria*, *eso no hay quien lo mejore*, *eso es de padre y señor mío*, etc.

O verbo **zumbar** é palabra de creación expresiva para representar un ruído continuado e bronco coma o que se produce ás veces nos oídos (*zúmbanme os oídos*) ou o que fan algúns insectos (*aí hai unha abella que leva zumbando media hora*) ou os motores de calquera máquina (*os motores dos autos non cesaban de zumbar*).

Parece claro, pois, que a base onomatopeica está nun ruído grande que poderiamos representar mediante os sonidos *zun-zun*, voz que existe en portugués como sinónima de **zumbido** (en brasileiro hai *zunzunzum*), da que saíron os verbos portugueses *zunzunar*, *zunzunir* e *zunir* e o castelán *zuñir*. Tamén en galego está vivo **zunir** e **zunido** que é o **zumbido** do vento entre as follas e as ramaxes das árbores.

Pero hoxe coido que o significado máis corrente do verbo **zumbar** en galego é o de pegar, mallar, bater, golpear, zorregar: *Xan e Pedro están zumbándose*; *Xan zumboulle a Pedro unha labazada coa man dereita*. Esta significación que tamén se dá no *zumbar* castelán, debeu nacer polo ruído que se produce cando se dan golpes.

Zumbar toma outros sentidos metafóricos como o de 'traballar': *Pepe zúmbache moi duro cos remos*, 'correr': *Antón saíu zumbando*, 'marchar ben', 'ter éxito': *esta idea* ou *este negocio zumba*, etc.

E **zúmballe** emprégase moi a miúdo, como nas expresións citadas máis arriba de Noriega Varela, para indicar 'admiración ou estrañeza ante algo'. No libro que acabo de ler de X. Rábade Paredes, *Saraverde*, acabo de atopar este uso nas seguintes frases: *Unha cousa éche velo e outra contalo aquí*, *que o*

caso tenche tripas de zúmballe o misterio... Estar alí teso como un pasmón, entrampado nun lío de zúmballe o atributo.

591. Manolo é moi zumbón

O verbo **zumbar**, do que falabamos no noso comentario anterior, ten tamén outras significacións. Cando o vento sopra con forza e produce un son agudo ou asubío dicimos que *o vento zumba*.

Neste caso **zumbar** é sinónimo doutro verbo moi corrente en galego, **zoar**, (procedente tal vez do cruce de **soar** e **zunir** ou **zumbar**), voz moi querida e moi empregada polos nosos grandes escritores. Véxanse estes exemplos de Rosalía: *Y é o vento que zoa... mentras fóra zoa o vento... Y eres o vento que zoa... E zoando con son pavoroso ven o huracán...* ou este de Curros Enríquez: *Medroña queixa espállase no vento / por cibdades e vilas á redonda / que inda* zoa...; ou estoutros de Castelao: *cando zoa o vento nas tebras da noite... pero zóalle o vento nas faltriqueiras*. Na fala viva escoitamos dicir que *as abellas zoan* como expresión igual á de *as abellas zumban*.

Zumbar pode significar ademais 'facer un ruído lixeiro'. Cando digo que *o meu amigo zumboume ó oído tal ou cal cousa* emprego **zumbar** como sinónimo de susurrar e mesmo de murmurar. De aí que facilmente pasemos á significación de **zumbar** como 'facer mofa, burla, sarcasmo a alguén': *Xan leva moito tempo zumbándose de María*.

Os adxectivos derivados deste verbo, **zumbón** e **zumbeiro** aplicados ás persoas que gustan de burlar, escarnecer ou mofarse doutras xentes son moi empregados na conversación cotiá.

A lingua portuguesa nesta última significación ten o verbo *zombar* que algúns etimólogos consideran doutra familia de palabras, distinta á de **zumbar**, que ten existencia en varios dialectos de Italia e Francia. Os lingüistas Corominas e Machado prefiren pensar que *zombar* é simple variante do noso **zumbar**. Nalgúns diccionarios galegos recóllese a verba **zombar**, pero eu dubido que na realidade da fala haxa xentes que distingan ou separen as significacións de 'burlar, facer mofa', empregando **zombar** e nos demais casos **zumbar**. Hai escritores, como Curros Enríquez, que usan **zombar**, pero sempre coas significacións normais de **zumbar**: *zómbanme as orellas... a orella zomboume...*

592. Róncalle o mango

Expresións semellantes ás que comentamos anteriormente de *¡eso si que lle zumba!*, *¡zúmballe o misterio!* etc. existen tamén na nosa lingua: *róncalle o nabo*, *róncalle o mango*, etc. que son moi populares e que, sen embargo, non están recollidas nos diccionarios.

Non sei se todas estas expresións das que temos incluso constancia do seu uso na lingua literaria (no libro xa citado de X. Rábade Paredes aparece esta frase: *roncar*, *róncalle o nabo*, *Saraverde*, *que incluso custa crelo*), aparecen frecuentemente nas outras linguas peninsulares. Neira Vilas asegura que se din no castelán de Cuba.

De todos modos queremos sinalar que o caso de *róncalle o mango*, *róncalle o nabo*, etc. nacen do uso de **roncar** nun sentido figurado. **Roncar** é voz de orixe grega que a través do latín RHONCARE pasou

á maior parte das linguas romances coa significación de 'facer ruído ó respirar cando se dorme': *quedouse axiña durmindo e roncando... o vello*, *funga que funga*, *toda a noite está roncando...*

Pero **roncar** pasou a ser na nosa lingua tamén gruñir dos porcos, sobre todo cando teñen fame ou están en celo. Segundo di o refrán: *en abril ronca o porco no cubil*. E tamén podemos dicir que uns cans están roncando cando están pelexándose. E por extensión desta significación de meter ruído pódense escoitar frases como estas: *o mar ronca hoxe moito... ¿non oes como ronca o vento?*

Roncar amplía estas significacións pasando a se-lo mesmo que 'presumir, alardear, xactarse': *Pepe non fai máis que ronca-los seus éxitos profesionais*. De aí que naceran esas expresións: *róncalle o mango*, *róncalle o nabo*, etc. que tanto denotan admiración, como sorpresa ou estrañeza.

Deste verbo saen os substantivos **ronca** na significación de xactancia (nalgúns diccionarios cópianse acepcións castelás que nós descoñecemos que se usen na nosa lingua) e **ronco**, que está moi estendida por case toda Galicia como verme que ataca as mazás, as patacas, as madeiras, etc. e como tubo da gaita unido ó fol que forma o baixo deste instrumento (*ó lombo o pao do ronco bota... enchendo o fole*, *compondo o ronco*... son versos de Lamas Carvajal). Nesta última significación é hoxe máis empregada a voz **roncón**.

593. Roncallo, ronqueira e roncollo

Xa dixemos no comentario anterior que o mar tamén ronca. E ese **roncar** mariño está producido polas ondas que baten as praias e os cantís e rochedos das costas. Nos diccionarios aparecen como palabras propias da península do Morrazo os **roncallos** e **roncadeiros** que definen como ondas producidas polo vento na superficie do mar, de forma alongada e coroadas por unha crista de espumas.

¿E a **ronqueira** ten algo que ver con **roncar**? Pois si e non. Explícome. Dunha persoa que estaba afónica dicíase en latín que estaba RAUCUS (feminino RAUCA), que deixa descendentes nas linguas romances. En galego e portugués temos como voz patrimonial **rouco**, da cal saíu **rouqueira** (hai variantes **rouquea**, **rouquén** e **rouquemia**), pero estas voces recibiron a influencia do verbo **roncar** debido a que quen está enfermo da larinxe fala como se estivese roncando. De aí que **rouco** teña como variante **ronco** (*voz ronca... o zoar ronco... o ronco estrondo... o ronco mormurar*) e así mesmo ó lado de **rouqueira** teñamos **ronqueira**, que ten as variantes **ronquemia**, **ronquexo**, **ronquiñeira**, etc.

Pero **roncollo**, anque á primeira vista parece ter parentesco con **roncar**, non ten con seguridade ningunha relación con esta familia de palabras. **Roncollo** é voz espallada por todo o ámbito do galego, se ben temos recollidas moitas variantes dela: **rancollo**, **rascollo**, **rincollo**, **rincollón**, **roncollón**, **roncodollo**, **rozcollo**, **ronco**, **roncón**, **ronquello** e probablemente haberá algunha máis.

Roncollo é verba empregada para indicar que un porco só ten un testículo, normalmente porque foi mal capado. Coido que en principio só se di dos porcos, pero tamén é empregada para outros animais que naceron con ese defecto.

Non sabemos con certeza a orixe desta voz. Pensouse que era un xermanismo, pero hoxe crese que é descendente dunha palabra latina. Corominas fai dúas propostas: RANCUS COLEI e UNICOLEU que dificilmente chegarían a evolucionar foneticamente no noso **roncollo**. Polo de agora paréceme máis acertada a proposta de García de Diego que a fai derivar dunha forma RENICULUS ou RENICUS 'relaxado dos riles', de onde ven a voz **renco**. Pénsese que non ten nada de rara, ó longo de tódolos tempos, a confusión entre riles e testículos.

594. Xan é moi turrón

F.R.F., de Lugo, prégame que faga un comentario sobre a voz **turrón**. Quérolle dicir ó meu amable comunicante que xa nos *Retrincos da lingua* fixen mención da palabra que deu orixe a esta verba: **turrar**, que probablemente é voz onomatopeica porque trata de imita-lo ruído producido polo choque dunha cabeza ou testa contra algo ou contra outra cabeza. As persoas poden **turrar** ou andar **ás turras** como facían nenos e mozos nas xoldras ou xogos típicos desas idades.

Tamén os animais, sobre todo vacas, bois, carneiros, etc. gustan de **turrar** e entón si que fan un grande ruído co choque dos seus cornos. E deste sentido pasou esta palabra a significa-lo mesmo que 'puxar' e 'facer forza'. Xa noutra ocasión puxemos algúns exemplos desta significación tomados de Rosalía de Castro e Castelao. Vexamos agora outros de Lamas Carvajal: *coma un boi turra o que pode... turran os bois canto poden..*, *pois tirou como se turrara por un carro... astra o matrimonio en que nos xunguen a unha muller pra facer unha xunta de boi e vaca que ha turrar polo carro da familia...*

Turrón é pois o que turra, é dicir, o que da pancadas coa testa, o que cornea ou o que puxa con forza.

Pero non fai falta ser moi perspicaz para darse de conta que destas significacións se pasou por fácil imaxe á de 'o que fai peticións con insistencia, o que teima, o que porfía, etc.'.

Turrón (o mesmo que o portugués *turrão*) é hoxe bastante usado como sinónimo de 'insistente, obstinado, pertinaz, contumaz, teimoso ou teimudo, porfiado, porfiador, porfioso ou porfión'. Son moitas as palabras que temos en galego pra indica-la terquedade dunha persoa: **terco**, **tercán e terque**, **testán**, **testalán**, **testarrán**, **testarrudo** e **testudo** e mesmo voces que fan referencia á voz **cabeza**, como **cabezudo**, **cabezán**, **cabezón**, **cabezallo**; á voz **cachola**, como **cacholán**, **cacholo**, **cacholudo**, á voz **carneiro**, como **carneirán** e á voz **corno**, como **cornelán**.

E aínda poderiamos engadir outra serie de substitutos da nosa voz **turrón** da citada frase *Xan é moi turrón*: **gurrón**, **túzaro**, **zunado**, **aficado**, **agonioso**, etc. Coido que queda moi claro que temos en galego unha longa serie de voces máis ou menos sinónimas de **turrón**.

595. Fortuna da voz "cativo"

A voz *cativo* ten como significado fundamental en case tódalas linguas romances 'preso, prisioneiro nunha guerra, encarcerado' e é palabra xa moi corrente nos nosos textos medievais: *ouveron gran pavor de se for morto ou cativo* (das *Cantigas de Santa María*), *mouros cativos... mouros que nos teemos cativos* (da traducción galega da *Crónica General*) e hoxe dicimos que tal exército *fixo cen cativos ós enemigos*, *ou inimigos*.

Desta significación primaria pasouse á de 'miserable, desgraciado' en case todas partes da Romania: *chamándose mui cativa* (das *Cantigas*), *eu*, *cativo*, *muy coitado de amor* (de Joan Airas), *avían tal coita que se chamaron cativos* (da *Crónica Troiana*), etc., pero nos tempos actuais o portugués e o castelán perderon esta significación que está moi viva en galego: *Dios mío*, *¡que ansia cativa! pesaba en min a tristeza... Amores cativos* (de Rosalía de Castro), etc.

E deste sentido pasouse ó de 'malo, despreciable' que conservan o italiano *cattivo*, o francés *chétif*, o provenzal *caitiu* e o galego **cativo** e descoñecen o portugués e o castelán: *madrasta desleirada de*

designios cativos (de Pondal), *tan cativas cousas vira* (de Curros), *Xan é unha persoa moi cativa*, *ten ideas cativas*...

E **cativo** chega a ter exclusivamente en galego unha variada e abundante clase de acepcións: pequeno, escaso, raquítico, mesquiño, ruín, avarento, adverso, desfavorable, etc. Vexamos algúns exemplos: *as miñas forzas son cativas* (de Rosalía), *os cativos ultraxes* (de Pondal), *aquel cativo presente* (de Curros), *os centeos cativos... cativo coartiño... pola rúa de Mazarelos*, *cativa*, *estreita... fuxe o cativo tempo dos homes* (de Otero Pedrayo), *sorte cativa*, *cativo de corpo*, *anda un pouco cativo*, etc.

Como nome substantivo tivo **cativo** na Idade Media o mesmo sentido que hoxe ten en galego e portugués a voz **cativeiro**, pero por ese sentido de 'pequeno' que ten adxectivalmente pasou exclusivamente en galego a significar 'neno de pouca idade' ou de 'rapaz pouco crecido': *greas algueirantes de cativos... os cativos foxen das casas... a velliña ama ao millo con legría de nena*, *como sendo cativiña levada polo pai* (frases de Otero Pedrayo).

Modernamente **cativo** tomou tamén o significado de 'seducido, atraído' como sinónimo ou substituto de **cativado**: *estou cativo dos seus encantos*.

En fin, cada palabra, como dicimos a miúdo, ten os seus propios vieiros nas diferentes linguas e dialectos.

596. Onde hai lume hai fume

J.A.O.G., do Grove, escríbeme tamén sobre as súas dúbidas no uso das voces **lume** e **fogo**. Xa tratei nalgunha ocasión da confusión que teñen algúns falantes sobre as significacións destas dúas palabras procedentes do latín LUMEN e FOCUS.

Na lingua nai, o latín, as diferencias estaban moi claras: FOCUS era o fogón, a fogueira, o fogar, o altar, etc., e LUMEN era a luz, a claridade, a luminosidade, etc. Hai descendentes destas voces en tódalas linguas romances, e a través dos tempos eses descendentes fóronse confundindo. No castelán do século de ouro xa *lumbre* equivalía a *fuego*, pero en portugués a separación de *lume* e *fogo* dura máis tempo e aínda hoxe, se ben os diccionarios afirman que son sinónimos, hai contextos nos que só se pode empregar **lume** e non **fogo** e viceversa.

A lingua galega conserva bastante ben os diferentes significados destas dúas voces. O **lume** fórmase cando acendemos carbón, leña, papel ou outra materia combustible: *como estalan no lume eses espiños... quixen alcende-lo lume*, *non tiña pau... carballo arde no lume*... (citas de Rosalía); *pego lume a esta cafúa... quería sempre lume na lareira* (Otero Pedrayo); *facer lume cos osos* (Castelao).

Dicimos que hai **lume** nun lugar cando vémo-las chamas dunha substancia en combustión que producen luz e naturalmente efectos calóricos. De aí a confusión con **fogo** que ten a característica de producir calor. Rosalía emprega frecuentemente a voz **lume**: *arrimei o pote ó lume... arrima un mando de lume pra onde ela está... se quentaban ó seu lume cariñoso*; e Pondal: *soe baixar naquel tempo en que ao lume é doce quenta-las mans*; e Castelao: *sen lume na lareira*; e Otero Pedrayo: *ponse a esgarabellar no lume da cociña*... etc.

E **lume** pode ser tanto como luz, resplandor, claridade: *afondaba o lume dos seus ollos* (Otero Pedrayo), *dame lume cas túas miradas* (Castelao); *non fai falla mete-la man no lume para saber se está acendido*, di un refrán.

Cando antes non había mistos nin mecheiros, esqueiros ou acendedores, había que buscar **lume** onde o houbera. Hoxe un misto ou un encendedor dá **lume** e non **fogo**.

597. As lumieiras do meu cuarto

Resulta moi esclarecedor para comprender ben o valor fundamental de **lume** fixarse nos significados das palabras derivadas desta voz.

Un **lumiar** é un espacio ou unha abertura que se deixa na parte superior das portas para que entre a claridade do día e por extensión pode chamarse así a unha fiestra: *Nos vidros dos lumiares / os santos*, *en mirrha envoltos*... (versos de Curros Enríquez).

Pero está máis estendida na lingua popular e na lingua literaria a forma **lumieira**: *Da alcoba en que ela dorme pola alta lumieira*... (Curros); *E na lumieira i antreaberta porta*... (Rosalía); *pra soleiras e lumieiras houbo de procurala* (Otero Pedrayo). **Lumieiras** son pois as claraboias, os buratos do tellado por onde sae o fume das lareiras e os linteis.

Unha **lumieira** pode ser tamén unha **lumeirada** ou **lumarada**, voces influídas por **labarada**, xa que significan todas elas un grande lume con moitas chamaradas. Os diccionarios recollen ademais **lumeiro** como grande pila de leña ardendo con fortes chamas. A voz portuguesa *lumeeiro* pode significar tanto astro ou luceiro coma **lumieira**.

De **lume** sae o verbo **lumear** e o seu composto **alumear** ou **alumar**, tan usado sempre a tódolos niveis da lingua a pesar de que hoxe está moi introducido tanto en galego coma en portugués o castelanismo **alumbrar**. Pénsese que **deslumbrar**, **relumbrar**, **vislumbrar** están presentes en ámbalas dúas linguas irmás desde hai tempo. E tamén derivado de **lume** é o verbo **lumegar** 'botar chamas ou lume'.

A lingua necesita sempre novas palabras para os novos obxectos e as novas ideas e por iso se introduciron cultismos desta famllia léxica: **luminar**, **luminarias** (Castelao galeguizou esta verba facéndoa **lumiarias**), **lumen**, **luminiscencia**, **luminotecnia**, **luminosidade**, **luminoso** (que tivo unha forma popular antiga **lumioso** empregada frecuentemente polos escritores), **iluminar**, **iluminación**, etc.

598. Abrir fogo

O noso comunicante do Grove amosa na súa amable e citada misiva a súa estrañeza por ter que escoita-la expresión *abrir fogo* nos medios audiovisuais galegos. A min pareceríame incomprensible dicir *abrir lume*. Xa explicámo-lo uso de **lume**. Hoxe falaremos do **fogo**.

A palabra latina para indicar combustión que desprende calor intenso, lume e frecuentemente chamas era IGNIS, voz desaparecida nas linguas románicas occidentais, pero que está hoxe formando parte da lingua poética e da lingua técnica nos cultismos **ígneo**, **ignescente**, **ignífero**, **ignívomo**, **ignívoro**, etc.

Foi substituída pola verba FOCUS que tiña fundamentalmente o significado de lareira, lar, fogar, fogueira e mesmo altar. E esa palabra converteuse no noso **fogo** para significar combustión lumínica e calórica (*xa tiven fogo no lar... como queima o fogo... i aló no lar que fogo*, *que larada*..., frases de Rosalía),

sen deixar de significar lareira ou fogón. De aí que **fogo** sexa tamén fogar ou casa familiar: *esta aldea ten vinte fogos*.

Deste **fogo** familiar pasouse ó **fogo** exterior, é dicir, ás fogueiras que servían moitas veces para o suplicio de herexes: *foi condenado ó fogo*. E pasa a ser sinónimo de incendio cando non está controlado: *Neste monte hai xa tres fogos*.

Cando chegaron as armas disparadas poñendo lume á pólvora, estas debían dar tal fogonazo que por iso foron chamadas *armas de fogo* (e non de **lume**). De aí que falemos do *fogo intenso*, de *abrir fogo* ou *facer fogo*, ou de *un curto fogo de pistolas* (Otero Pedrayo). E isto pode comprenderse mellor se pensamos que aínda hoxe chamamos **fogos** ós artificios de pólvora que estalan no aire: *escoitando o son esviado da música e o estourar dos fogos*, di Castelao nos seus *Retrincos*.

Fogo ten hoxe os sentidos figurados de vehemencia, ardor, enerxía, paixón, etc. e está presente en moitas frases feitas nas que non podería ser substituído por **lume**: *fogo de San Antón*, *fogo de San Telmo*, *fogos fatuos*, *xogar ou brincar con fogo*, *entre dous fogos*, etc.

599. Adoezo por marchar

As palabras van transformando a súa significación ó longo dos tempos e moitas veces sucede que voces, que son iguais en dúas linguas por te-la mesma orixe, significan hoxe cousas distintas en cada unha desas linguas. Os lingüistas chaman a esas voces falsos amigos. Vexamos hoxe un caso de falsos amigos.

O verbo latino DOLERE 'producir dor' deixou descendentes en tódalas linguas romances. Así temos **doer** en galego e portugués e *doler* en castelán que conservan o significado primitivo. Destas verbas saen **doente** e *doliente* que equivalen a 'que doe ou que padece enfermidade'. Pero **doente** adquire en portugués ademais o sentido de fraco e achacoso e en galego convértese en sinónimo de rabioso tanto no sentido de recto como no sentido figurado. Coido que o cambio se produciu a través da expresión *can doente*, pois a enfermidade máis rechamante do can é a rabia. E se se fala a miúdo dun *can doente* como dun can rabioso, é normal que **doente** pasase a ser sinónimo de rabioso.

E este sentido innovador de **doente** ten hoxe tal vixencia que se eu atopo un amigo e digo: estou doente, contestariamos *¿por qué razón*, *que che pasou?* e non *¿que che doe?*, porque a acepción de 'rabioso' está xa moi estendida. Nembargantes, a voz **doenza** segue mantendo o seu valor normal de enfermidade ou malestar.

A esta mesma familia pertence o verbo galego e portugués **adoecer** e o castelán *adolecer*. A significación orixinaria de 'caer enfermo' consérvase hoxe soamente en portugués e castelán, pois en galego, onde na Idade Media temos constancia da existencia de *adoecer* como enfermar nas *Cantigas de Santa María* e nos *Miragres de Santiago*, pasou a ser hoxe rabiar (*de fixo adoecerá como os cas... adoecendo como un can... como cas adoecidos*, frases de Lamas Carvajal), desesperarse (*ningún de nos morreu tan adoecido coma min*), enfurecerse (*tantas veces me fixo adoecer de carraxe*), ou desexar algo con ansia (*eu adoecía por descubrilos... adoecidos como estabamos por rubir ó campanario*, frases todas estas de Castelao).

En fin, *adoezo por marchar* non se pode traducir en portugués por *adoecer* ou en castelán por *adolecer*.

600. Fede que alcatrea

A.S.S., de Santiago, quere que lle explique o valor do verbo **alcatrear** que el escoitou algunha vez en frases como *fede que alcatrea*. Coido que nesa frase se ve claramente a significación de **alcatrear** de acordo co que din os primeiros diccionarios galegos: "apestar de un modo inaguantable" ou como dicía Sobreira no século dezaoito "dilatarse y penetrar mucho y hacerse múy sensible el mal olor".

Alcatrear é voz derivada doutra palabra. En principio poderiamos pensar que de **alcatra**, verba de orixe árabe, que nalgunhas partes da provincia de Ourense e en portugués significa a peza de carne da vaca ou do boi onde acaba o fío do lombo ou nun sentido máis amplo a carne que está ó lado das pernas traseiras. Pero non é doado pensar que esa carne sexa normalmente tan fedenta qué dese orixe a ese verbo **alcatrear**.

Resulta máis apropiado pensar noutra palabra que teña que ver con algún producto que se caracterice polo seu cheiro desagradable. En árabe existía a voz *qátra* 'gota' da que saíu o verbo *qattar* 'destilar' que dá orixe á nosa voz **alquitara** 'alambique', especialmente o empregado para destila-la augardente. De aí nacen as voces **alquitarar** e **alquitareiro**.

Pero un producto que se obtén a través das **alquitaras** é tamén o **alcatrán** (portugués *alcatrão*) ou **alcatrén** ou **alquitrán** ou **alquitrén** (ou **alcatrón** segundo algún diccionario), que son todas elas formas vivas para indica-la substancia densa e escura que sae da destilación da hulla ou de certas madeiras e hoxe do petróleo.

Resulta, coido eu, evidente que **alcatrear** é cheirar a **alcatrán**, **alcatrén** ou **alquitrén**, producto que non se caracteriza precisamente por ter unha fragrancia ou perfume moi agradable.

Así pois, o verbo **alcatrear**, bastante corrente na fala popular, acadou tamén fortuna no nivel literario. Van coma mostra este exemplo de Otero Pedrayo: *De sangue chirlán sempre carafunchoso o pescozo alcatreaba a rapé*... e estoutros de Celso Emllio Ferreiro: *Esta alcatreante escoria / non merece que un poeta conte en versos a súa historia... hai algo que está podre en Dinamarca / e fede que alcatrea dende sempre*.

601. Chicotear, ecoar e embarafuzar

O lector ourensán, a quen lle contestei nun comentario anterior unha pregunta, facíame a reflexión de como algunhas palabras eran tratadas "dun xeito particular" por algúns escritores (e referíase concretamente a Don Ramón Otero Pedrayo).

Coido que ese tratamento é normal non só por parte dos escritores, senón tamén por parte de tódolos falantes. En tanto unha lingua estea viva sempre haberá voces que perdan a súa significación orixinaria e adquiran outros matices diferentes e palabras novas que se van creando ou "recreando" por necesidade da expresividade e da representación das cousas e ideas cotiás. Este tema daría para falar abundantemente e hoxe quero comentarlles tres verbos dos que me pedía opinión.

Chicotear significa dar **chicotadas** e **chicotada** é pancada que se dá con **chicote** (voz tal vez de orixe francesa) que significa, entre outras cousas, extremo dun cabo e pao curto para dar golpes. Todo escritor pode usar este verbo como sinónimo de azoutar. De aí o emprego que fai D. Ramón Otero Pedrayo frecuentemente desta palabra: *chicoteadas polo vento... chicoteado polos aires das gándaras... chicoteada polo vento da neve:.. chicoteado polo amor... habenzas chicoteadas polo trono*.

Ecoar é producir ou facer **eco** e resoar. Exemplos do mesmo Otero: *no ecoar da iauga nos patios.. ecoar de trono... gardaban un ecoar da amizade divina... ecoando nos ocos... a máquina ten medo do ecoar ridl culo do seu berro*. Tamén Castelao usou a miúdo este verbo: *os oubeos esviados ecoábanlle na concencia... fixeron ecoar en tódolos ánimos o terríbel Dies irae... No peito da siña Filomena ecoaban as queixumes da filla*.

Embarafuzar, palabra tipicamente galega, significa fundamentalmente enredarse, liarse e de aí pasou a 'liarse en relacións amorosas ou amancebarse': *o pai embarafuzado ca Bibiana da Busata apenas fixo caso*. Penso que a forma orixinaria era **embarazar** 'pórse entre **barazos**' (que son cordas), é dicir, enredarse, intrincarse, complicarse e, ó tomar ese sentido amoroso, recibiu a influencia do verbo **enlarafuzarse** 'emporcarse, ensuciarse'.

602. A fin das cousas

Hoxe chegamos á fin das *Cousas da lingua* tratando da palabra **fin**; palabra procedente do latín FINIS 'límite, termo, fronteira, punto final', que era do xénero masculino, se ben algúns autores da época clásica xa a empregaron como voz feminina.

E como feminino aparece hoxe esta voz en italiano (*fine*), francés (*fin*) e provenzal (*fi*), pero en catalán, castelán, portugués e galego houbo e hai aínda vacilacións no xénero desta voz.

En castelán, *fin* é feminina cando significa termo ou remate dalgunha cousa e masculina cando equivale a finalidade ou motivo. En castelán úsase hoxe máis comunmente como masculina, pero hai varias zonas onde se fala de *la buena fin*. Tamén o portugués actual considera a voz *fim* como masculina, se ben nas falas populares do Norte é feminina.

Nos nosos textos medievais (como pasa tamén nos textos casteláns) é sempre feminina: *mui pret'é a vossa fim... na fin da Andaluzía* (*Cantigas de Sta. María*); *iras aa vida que non ha fim... a sua fin* (Trad. da *Crónica General*); *que poñamos algua fin a esto* (*Crónica Troiana*); *ata a fin do mundo* (*Miragres de Santiago*), etc.

A fin do mundo, *a fin da viaxe*, *aquilo era* a *fin da festa*, son expresións que eu escoitei bastantes veces á xente maior dalgunhas vilas e aldeas, pero a maior parte dos falantes galegos hoxe empregan a forma masculina *o fin* o mesmo cá grande maioría dos nosos escritores: *Mais por ela o conde fixo hastra o seu fin penitencia* (Rosalía), *o patriótico fin da Sociedade* (Lamas Carvajal), *o fin do meu traballo* (Pondal), *o fin da cega humanidade* (Curros), *profetas do fin do mundo* (Otero Pedrayo), *o fin dalgunha calamidade* (Castelao).

Tamén escoitei dicir *á fin e ó cabo*, pero é moito máis corrente a expresión *ó fin e ó cabo*. Sen embargo sentín máis veces a locución adverbial **á fin** ca **ó final**...

En fin, *a fin* é hoxe menos popular ca *o fin*, pero tal vez a forma feminina máis tradicional pode volver a imporse se os nosos escritores a usan con máis frecuencia.

VI. CARTAFOL DA LINGUA

603. Os cartafoles

En 1936 publica Celso Emilio Ferreiro, xunto con Xosé Velo Mosquera, unhas entregas de poesías que levan o título de *Cartafol de Poesía*.

Cartafol é pois a primeira voz que nos atopamos ó le-las obras do poeta ourensán e a ela adicámo-lo noso primeiro comentario lingüístico.

Cartafol é unha verba tipicamente galega, pois é descoñecida tanto en portugués coma en castelán, catalán e demais linguas románicas. Sen dúbida ningunha o **cartafol** ten o mesmo significado ca **cartapacio**, voz testemuñada en castelán e portugués desde o século XVI e de orixe descoñecida polo que se refire ó segundo termo desta palabra composta: *-pacio*.

Ámbalas dúas voces teñen como primeiro elemento da súa composición a verba **carta**, que do seu sentido orixinario de folla de papiro ou de papel pasou a significar documento, escritura, misiva, mapa, naipe, etc. E de **carta** saen as voces **cartario** e **cartorio** 'lugar para os documentos' e **cartapacio** 'conxunto de papeis contidos nunha carpeta' ou 'colección de cartas ou manuscritos unidos en forma de libro'. En galego é coñecida esta voz, pero é forma máis popular o noso **cartafol**.

Diciamos arriba que non coñecemos de onde saíu o segundo elemento do conxunto **cartapacio**, pero parécenos que está bastante clara a orixe do segundo elemento do composto **cartafol**. Derivado tamén de **carta** é a voz **carteira** que entre outros significados ten o de 'bolsa, xeralmente de coiro, para levar libros ou papeis'. Nalgúns lugares o **cartapacio** adquiriu esa significación de carteira e cando os nenos levan as súas cousas para a escola podían facelo nunha **carteira** ou nun **cartapacio** ou mesmo nun **fol** ou saco de pel.

Coido pois, que os falantes galegos modificaron a palabra culta **cartapacio** en **cartafol** por ese emprego do **fol** para o transporte de libros e papeis. Nos primeiros diccionarios galegos está definido exclusivamente **cartafol** como bolsa ou funda en que os nenos da escola levan os seus libros e papeis. É este o sentido máis popular que ten esta voz en galego e que emprega Castelao en *Os dous de sempre*: *ía pensativo*, *cos libros no cartafol*, *remoendo unha codia de pan de millo*.

Cartafol asume posteriormente tódolos sentidos de **cartapacio** e de aí o uso que desta voz fai C. E. Ferreiro.

Digamos finalmente que o plural de **cartafol** é **cartafoles** porque os nomes compostos fan o plural de acordo e como o fan os segundos elementos da súa composición. Pénsese en **ollomoles**, **mirasoles**, **chuchameles**, etc.

604. As miñas verbas

Eu non podo arredar as miñas verbas / de tódolos que sofren neste mundo son versos de *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro, que usa frecuentemente a voz **verba** como sinónimo de **palabra**. **Verbas** que poden ser pequenas: *Vádeos decindo en verbas pequeniñas / coma coitelos fríos pola gorxa... Tiña o corazón cheo de verbas pequeniñas / coma cativas patrias ou pulsos latexantes...*; ou antigas: *Decía con dulzura as súas verbas antigas... un rebumbio de berros e cantigas*, / *unhas verbas antigas*..; ou *verbas prohibidas* ou *verbas derivadas* ou *verbas da nai* ou *verbas de amor*, etc.

Por razóns que non se me alcanzan, hai algúns filólogos amateurs que rexeitan este uso da voz **verba** pensando que é un ·«invento» moderno. A palabra latina VERBUM deixou descendentes en varias linguas e dialectos románicos e o seu plural VERBA equivalería a 'conxunto de palabras'. Esa voz VERBA deu a galega **verba**, que é recollida nos primeiros diccionarios galegos do século pasado coa signifícación de 'verbosidade, labia, locuacidade', é dicir, co sentido primitivo de 'moitas palabras'.

Xa M. Valladares cita este dito: *Nin besta de solo herba nin home de verba*. Curros Enríquez di: *o poeta contándonos casos varios*, *con verba aguda e discreta*, e Otero Pedrayo escribe: *estaba en verba aquila mañán... Era un home de verba precisa*, *forte*, *elegante*... ¿Ten algo de particular que en frases como as citadas **verba** 'verbosidade, moitas palabras' signiifcase tamén simplemente 'palabra'?

Poderiamos citar neste caso unha longa serie de autoridades literarias que testemuñan este uso normal de **verba** como sinónimo de palabra. Bástenos dicir que a atopamos centos de veces en Otero Pedrayo (*con finas verbas engaiolou... dicindo apenas unha verba*) e Castelao (es*ta verba é coñecida dos Hespañoes... as verbas esquecidas do noso falar)*.

Atopamos, pois, completamente normal que Celso Emilio Ferreiro faga un uso tan amplo da voz **verba**: *decir prisión somente era unha verba... a verba «quinto»... o senso máis profundo / da verba desarraigo... non importan as verbas / que berran os nemigos...*

605. Loitamos sen trégola

A voz xermánica *triggwa* 'tratado' deu orixe á palabra normal **tregua** que en principio era «suspensión temporal de hostilidades» e despois pasou a ser tamén «cesación temporal dun traballo, dunha dor ou desgracia ou de calquera outra cousa».

Tregua convértese na pronuncia popular en **trégoa** que é forma que moitos escritores prefiren por ser máis diferencialista con respecto ó castelán. Celso Emilio Ferreiro emprega esta voz no seu libro *A fronteira infinda*: *viviron unha longa batalla de amor*. *Non coñeceron máis trégoa que a das lívidas albas*, *cando cansos*, *espidos*, *quedaban dormidos...*

Pero o escritor ourensán emprega ademais a variante **trégola** na súa obra *Longa noite de pedra*: *Bandeirante de aqués que labouramos no misterio / da palabra viva / e loitamos sin trégola / contra o anxo e a noite*.

Esta variante **trégola**, máis sonora e expresiva ca **trégoa**, está rexistrada en tódolos diccionarios e é moi cara ós nosos escritores. Dos *Aires da miña terra*, de Curros Enríquez, son estes versos: *No xardín unha noite sentada ó refrexo do blanco luar / unha nena choraba sin trégolas / os desdés dun ingrato galán*. E de Castelao é esta frase: *aqueles intres non concedían trégola ningunha*.

As **trégolas** non deben confundirse coas **trécolas**, voz moi popular que tanto pode significar as teclas, coma as carracas para facer ruído. **Trécolas** ampliou esas significacións ás de palabrería, enganos e mesmo ás de materia delicada, desculpas, evasivas, etc.

E desa palabra naceu o verbo **trecolear** que, ademais de significar teclear e meter ruído coas **trécolas**, é empregado como sinónimo de charlatanear ou falar moito e sen substancia. Recordemos que a persoa que é moi faladora e charlatana ou que manifesta pouco xuízo no que di, é chamada **trécolas**.

606. A miña terra é aquelada coma unha mazá

Cando non queremos expresar algo polo seu nome podemos usa-lo pronome **aquilo** ou **aquelo**: *aquelo era moi guapo*, *non fixen aquilo*, *aquelo enfadoume moito*, etc.

O emprego frecuente deste pronome deu orixe ó verbo **aquelar** para non pronunciar esa palabra normal que non queremos dicir. Así podemos converter eses exemplos que acabamos de citar en frases coma as seguintes: *Xoana era moi aquelada*, *non aquelei o que me mandaches*, *o que dixeches aqueloume moito*, etc.

Aquelar é, pois, unha verba omnibus ou comodín que serve para suplir outra que, sexa por preguiza mental ou por raposería, non se quere mencionar. Está bastante espallada por moitos lugares de Galicia, pero non foi moi empregada polos escritores galegos.

Sen embargo Celso Emilio Ferreiro fai uso frecuente do participio deste verbo co significado máis corrente de 'disposto, arranxado' segundo vemos nesta frase de *A taberna do galo*: *Ela estabelecía o seu curruncho putañeiro ó anoitecer na carballeira chamada dos Frades*, *perto da vila*, *que ten ó fondo unha mesta xesteira moi aquelada pró asunto*.

Tamén co sentido de 'preparado' e 'engalanado' aparece na súa obra *A fronteira infinda*: *Alí si que había mortos a montóns*. *Eu era o encarregado de vestilos e afeitalos pra que fosen ben aquelados pra o outro mundo*. E con significación de 'enchido' neste poema de *Longa noite de pedra*: *Non comprendía os termos honoráveles - nin as palabras encheitas de solemne soberbia*, / *nin aos homes aquelados de estúpida suficiencia* / *que se coidaban importantes*, no que vemos claramente que usa *aquelados* por non repetir *encheitos*.

Do mesmo xeito que **feito** ou **feitiño** pasou a ser usado como 'fermoso', tamén adquiriu esa significación **aquelado** segundo vemos nestes versos de *Viaxe ao país dos ananos*: *A miña terra é aquelada coma unha mazá / polo outono*, *cando as arbres son de ouro ... A miña terra é aquelada coma unha mazá...*

C. E. Ferreiro empregou a variante **aqueloutrado** co significado de 'disposto': *senón tamén pra saírlle ó atallo ós mal aqueloutrados críticos que poidan chatar esta escritura de falla de unidade...*

607. Unha patria ceibe

Xa nos *Retrincos da lingua* comentámo-la transformación significativa do verbo **ceibar** que entre as nosas xentes do campo ten fundamentalmente a significación de 'deixar solto algunha cousa ou animal ou persoa que estaba atada, suxeita ou presa' e que pasou modernamente a ser voz sinónima de **librar** ou **liberar**.

Os nosos escritores, desde hai bastante tempo, empregan **ceibar** coa significación de 'soltar': *ceibando saudabres arrotas de enchente* (Curros), *ía ceibar os cans* (Otero Pedrayo), *o home ceibou o galo i andivo tras dil polo monte* (Cunqueiro). Tamén Celso Emilio Ferreiro na súa obra *A taberna do galo* cando describe «A peideira» emprega esta voz: *Padecía aerofaxia*, *e cando coidaba que ninguén a podía ouvir*, *ceibaba*, *con perdón*, *unhas ventosidás bruicedas que semellaban treboadas*, e nun poema de *O libro dos homenaxes* di: *O intre de zarpar vaise achegando*, *é hora de ceibar as pombas*.

Ceibar significa ademais 'botar fóra, lanzar', como vemos nos seguintes exemplos: *O ministro ceibou unha gargallada* (Castelao), *vai mil suspiros ceibando* (Pondal), *nas xestas ceibaban roncos chíos* (Otero Pedrayo), *pra ceibar o mal de peito*, / *díxome un doutor amigo*, / *tes que gomitar a eito* (Celso Emilio).

E sobre todo **ceibar** é tanto como 'librar ou liberar': *Rañolas aproveitou aquel rebumbio para ceibarse dos moinan*tes (Castelao), *soña con deixar a España ceibada de xente infiel* (R. Cabanillas), *ceibándome das máscaras en círculo* / *que me van apreixando pouco a pouco* (C. E. Ferreiro).

E o adxectivo popular derivado é **ceibo** ou **ceiba**, que Celso Emilio emprega nun poema de *O soño sulagado*: *Eu canto aos emigrantes desta terra* / *que na rosa dos ventos* / *erguen seus urros ceibos*... Pero o máis corrente hoxe a nivel culto e literario é o adxectivo **ceibe** (que ten existencia real nalgures e mesmo no dialecto miñoto).

A rea de exemplos que demos do uso de **ceibe** como sinónimo de libre en Castelao no libro citado *(home ceibe*, *corazón ceibe*, *mans ceibes*, *verme ceibe de*, *viveu ceibe)* poderiamos engadir outros moitos: *ceibe da dura cadea*... *ceibes de novo* (R. Cabanillas), *Galiza autónoma*, *ceibe e redimida* (V. Risco), *vivir ceibe*, *desexando ser ceibes*, *na terra ceibe*, *unha patria ceibe* (Otero Pedrayo) e algúns do noso poeta de Celanova: *Nacín cos brazos ceibes*... *quero acougar nunha terra* / *i ando a buscar unha patria*, / *senlleira e ceibe*.

608. Aferrollado á morte

En *Cimenterio privado* escribe Celso Emilio Ferreiro estes versos: *hai aínda poetas que residen* / *en torres de almasí amuralladas*, / *aínda en torres*, *poeta primoroso*, / *aferrollado á morte* / *niste campo igualitario*, nos que o poeta aparece **aferrollado**, é dicir, fortemente ligado á morte.

Con este sentido figurado de ligado, de prendido ou de oprimido é usada esta voz non só por C. E. Ferreiro: *hei de chorar sin bágoas duro pranto* / *polas pombas de luz aferrolladas*... *aferrollando o berro* / *que me contén nas cárceres lonxanas*..., senón tamén por outros escritores, coma Castelao: *as nacionalidades que tiña aferrollado*... *morar nunha terra aferrollada*... *aferrollaron a Galiza*... *aferrollan o pensamento dos homes*...

Resulta evidente nestes casos a relación destes usos figurados co sentido primitivo desta palabra. A voz **aferrollado** é o participio do verbo **aferrollar** 'pechar co ferrollo portas ou ventás', que pasou

tamén a significar 'pór ferrollos ós homes' e, por tanto 'metelos na prisión' e de aí os significados de 'atar', 'prender', 'oprimir', como o fai Celso Emilio Ferreiro: *desde que Franco e Falanxe / aferrollaron España somos un pobo de ilotas / que nos quedamos sin patria...*

Con todo, hai que dicir que a voz **ferrollo** orixinariamente non tiña nada que ver con **ferro** (do mesmo xeito que a voz castelá *cerrojo* non tiña que ver co verbo *cerrar*) pois o étimo latino desta palabra era VERUCULU, que debía converterse no galego *verollo*, pero por ser obxecto normalmente feito de **ferro** pasou esa voz a recibi-la influencia deste metal, e do cruce de *verollo* e **ferro** naceu o novo **ferrollo**. Pénsese de tódolos xeitos que un **ferrollo** non ten por que ser dese metal. Véxase, por exemplo, esta fermosa frase que tomamos dunha obra de Otero Pedrayo: *pechada a noite*, *corridos os ferrollos de cobre do solpor tivo o tren outro soar nas tebras da noite*.

Tamén **ferrollo** pode ser usado figuradamente *(onde o cristianismo vivía ceibe de ferrollos*, dixo Castelao) e tal vez esa voz non sexa a mesma que designe a **conteira** ou pico normalmente de ferro en que remata a aguillada ou un bastón ou un paraugas. Esa **conteira** é chamada así por algúns por ser de ferro, pero tamén é chamada **forrollo** que ben puido nacer como variante fonética de **ferrollo** ou como derivado da voz **forro**.

Digamos por último que do mesmo xeito que **aferrollar** é moi usado no sentido figurado, tamén o é **encadear**: *A paisaxe encadeábate co seu engado* (de *A fronteira infinda*, de C. E. Ferreiro, *os novos homes máis responsables ficarían encadeados a un destiño alleo* (de Castelao).

609. Nun latexo sen fin que me agrilloa

No poema xa citado de C. E. Ferreiro, "Falareivos de min", atopamos estes versos: *Andando vou*, *alporizado o corpo / nun latexo sin fin que me agriloa*, nos que aparece o verbo **agriloar** que no título deste comentario corriximos en **agrilloar**, porque é así como aparece na fala popular, nos diccionarios e nas obras doutros escritores.

Agrilloar, voz galega e portuguesa que significa 'poñer grillóns a un preso', está formada sobre a palabra **grillón** 'cadea de metal', aumentativo de *grillo*, verba tomada en galego e portugués do castelán. Resulta curioso e estraño comprobar como galegos e portugueses tendo na súa lingua a palabra **grilo** introduciron o castelanismo *grillo* para a acepción de 'cepo ou prisión de ferro que suxeita os pés dun preso'.

Agrilloar ampliou o seu sentido estricto ó de prender, atar, maniatar e mesmo fíguradamente ós de constrinxir, reprimir, oprimir, refrear, etc., que son moi caros ós nosos escritores.

Xa en Curros Enríquez atopamos este verbo: *poder cruel que as alas de ouro / dun esprito libre agrilloar querés*. Tamén Otero Pedrayo o usa: *o home feito atópase agrilloado por dúas incomprensións*. E o mesmo fai Castelao: *Os anceios da miña mocedade dentro do peito! O meu corazón agrilloado!*

Ante o uso de **agriloar** por **agrilloar** no citado verso de C. E. Ferreiro poderiamos pensar que se trata dunha errata, pero non o creo así porque volve a empregar esta forma sen elle noutro texto: *Agriloada sombra*, *vou e veño*, *rebulo*, *avanto*, *chouto sin descanso / atado á morte...*

Coido que o poeta ourensán tratou de buscar un diferencialismo co castelán e por iso «recreou» ou transformou ou galeguizou este castelanismo que xa se fixo popular na lingua galega e na lingua portuguesa hai varios séculos.

610. Atadallo servil

Na obra *A taberna do galo* describe Celso Emilio Ferreiro a un tipo alcumado *O perna mexada*, *que sendo xa mozo el mesmo inventou un remedio prás súas floxedades*: *levaba a pirinola metida*, *cun atadallo*, *nunha vexiga de porco*, *onde ía depositando*, *sin escándalo de ninguén*, *os seus escapes minxitorios*.

Para que *o perna mexada* puidese levar dentro dunha vexiga o seu membro viril necesitaba de algo que servise de atadura entre vexiga e membro e para iso nada mellor que un **atadallo**. Se consultamos un diccionario, diranos que un **atadallo** é unha vara retorta, un vincallo para atar feixes ou mollos ou unha **atadeira**.

Unha **atadeira** é unha corda, unha cinta, unha corra ou calquera cousa que serve para **atar**, verbo que C. E. Ferreiro emprega moi a miúdo no seu sentido recto: *fortemente atado con cordas... durmir atado á carreia... as maus atadas á espalda... mau atada á roda dos motores... e atades con cadeas aos enemigos...*, e nun sentido figurado: *ponlle cerco as lembranzas / que te atan... os seus brazos sanguentos ao invisíbel cepo do remorso... atado á morte... Meu don Hamlet átame / isa mosca polo rabo... Pídeme fillos*, *loba*, *para atalos / ao longo atardecer da túa morte...*

Así pois, para designar algo que ata, naceu a voz **atadeira** e despois foi creada a palabra **atadallo**, con esa terminación *-allo* que coido foi tomada da verba **vincallo**, que tamén serve para o mesmo.

Pero para significar un conxunto de cousas que se atan de calquera xeito témo-la voz **atado** *(teño aí un atado de libros)* e tamén a palabra **atadallo** tomou esa mesma significación, se ben moitas veces adquire un valor pexorativo.

Sabendo isto poderemos entender ben o sentido de **atadallo** nos seguintes versos de *Viaxe ao país dos ananos* cheos de insultos: *pequeno mequetrefe apouquecido*, / *atadallo servil*, / *aparceiro do esterco*, / *tolleito corazón de apañamoscas*, / *roubaperas da noite...*

611. Noxentas caloñas

A palabra latina CALUMNIA 'falsa acusación' sufriu en galego e portugués unha evolución fonética normal pasando a ser primeiramente *calommia* que despois por perda do *-l-* intervocálico pasou a ser *caomia* (nas *Cantigas de Sta. María* existe o verbo *caomiar)*, logo *coomia*, *comia* e finalmente **coima**.

Coima significou en principio 'acusación, xuízo', logo 'pena pecuniaria tras unha condena', despois 'calquera clase de multa', e foi tomando outras significacións como 'diñeiro que se recibía nas casas de xogo'; e mesmo foi chamado **coima** a persoa que recibía ese diñeiro por un traballo. De aí que **coima** chegase incluso a significar prostituta como vemos neste exemplo de Otero Pedrayo: *a calada adimirazón das coimas pola xente de porqué levouna a lle falar*.

A palabra **coima** perdeu xa nos tempos antigos os sentidos primeiros e foi substituída coa introducción de novo da vella palabra latina CALUMNIA que evolucionou xa doutra forma distinta resultando a voz **caloña**, común coas linguas veciñas. **Caloña** tomou os significados de **coima**, pero no transcurso dos tempos quedou tamén fóra de uso. Nos primeiros diccionarios galegos está recollida a verba **caloña** xa como anticuada tanto no sentido de acusación falsa coma de multa, e nos modernos desapareceu completamente.

Sen embargo Celso Emilio Ferreiro, como fixo en moitas outras ocasións, con outras palabras anticuadas, tratou de recuperala na súa obra *A taberna do galo*: *Si estas noxentas caloñas non fosen suficintes pra demostrar a mala lei que a xente lle ten ó burro*...

E tamén tratou de recupera-lo verbo **caloñar** nuns versos do librno "Antipoemas»: *Outrosí digo*, *amou a vida*, *- foi pai*, *tivo amor*, *foi caloñado*, *- preferiu o desorde que o burgués prefire*.

Curiosamente, mesmo na Idade Media, cando **coima** e **caloña** pasaron a significar «multa» e demais acepcións, volveu a xurdi-la voz latina **calumnia** no seu orixinario sentido de 'acusación falsa', e este cultismo entrou na fala popular e naturalmente no nivel culto da lingua. Xa Pintos citaba a voz **calumnia** e Curros Enríquez escribiu estes versos: *De algunha malquerencia calunia debe ser / porque eu xurar xurara*, *ó pé dun Crucifixo / que a nadia máis que el quixen*, *nin penso máis querer*.

612. Nin meterme en desquencias

Do libro *Paco Pixiñas*, de Celso Emilio Ferreiro, son estes versos: *Eu*, *sin coller un libro*, / *nin cousa que o pareza*; / *sin saber de políticas*, / *nin meterme en desquencias*, / *conquerín ter diñeiro* / *i acadar a riqueza*... nos que aparece a voz **desquencias** que eu nunca escoitara nin estaba afeito a ler antes.

Buscando esta verba nos diccionarios atopei que soamente a tiña rexistrada o diccionario de Eladio Rodríguez cos seguintes significados: «Mal paso que uno da en asunto inmaterial o moral. Tropiezo, descuido, desliz de una mujer en falta contra la honestidad. Consecuencia de la falta cometida o del desliz en que se ha caído».

A verdade é que ese significado fundamental de «mal paso» acae moi ben á cita de Celso Emilio que supoño que aprendeu esta voz neste diccionario ou nalgunha obra literaria ou tal vez nalgunha fala coloquial. Eu non teño conciencia de ter rexistrado esta palabra en ningunha enquisa dialectal.

Cando lin estes versos por primeira vez relacionei esta voz coa palabra **esquencia**, sinónima de esquecemento ou olvido, que foi empregada coa variante nun poema de Rogelio Cibeira publicado en 1886 na revista inspirada por Valentín Lamas Carvajal *O tío Marcos da Portela* e titulado así "**Desquencias**", que trata dos amores de Rosa e dos esquecementos que ten dos consellos familiares para non ter deslices amorosos. O poema remata con estes versos: *¡Perdone*, *señor cura*, *que non volvo* / *a ter na minha vida outra desquencia!*

As **desquencias** son pois en primeiro termo as **esquencias** ou olvidos normais e, por modificacións dese sentido natural, pasou a ser, como vemos no exemplo da Rosa do poeta Cibeira, esquecemento da norma moral, da conducta ética.

Coido que na modificación da voz **esquencia** en **desquencia** ten que ve-la existencia do verbo **descaer** que está ben vixente en moitos lugares como baixar e sobre todo baixa-lo gran pola tolva do muíño.

En fin, as **desquencias** serán pois as **esquencias**, esquecementos ou olvidos morais, que como definía Eladio Rodríguez serán os malos pasos, os deslices, as cousas que non se deben facer...

613. E após marchaban

Celso Emilio Ferreiro pertence ó grupo de escritores que usa en bastantes ocasións o adverbio **após**, moi empregado nos textos medievais no sentido de despois ou logo e aínda usado hoxe por algúns falantes vellos, aínda que certos gramáticos e diccionaristas o descoñezan totalmente.

Vexámo-lo claro uso deste adverbio temporal nos seguintes exemplos: *A velliña e o neno ateigaban as súas farteiras e após marchaban...*, *Mais as verdadeiras dificultás*, *comezarían após...*, *enviaba grandes bocadas de fume*, *que após botaba polos buracos do nariz...*, *ías nacer cinco meses após...*, *e após perdíanse no laberinto da cidá...*, *que após chegou a ser soldado...*

Nos textos medievais *(sempre apos el andava)* e no portugués moderno (*após algumas semanas)* emprégase **após** como preposición simple, pero no galego, cando é usada preposicionalmente vai acompañada de *de*. *Após de* indicando posterioridade temporal é usado varias veces por C.E. Ferreiro: *deixouse caír sin folgos ao pé dun salgueiro*, / *após de ollar cara á lonxanía...*, *aínda ogano*, *após de tanto tempo...*, *e após de persiñarse* / *e rezar o rosario...*

Temos rexistrado un uso semellante en Castelao (*e após dunha loita...*, *após de doarlle a súa hestoria...*, *após do armisticio)* que a usa tamén para indicar posterioridade no espacio *(virán bailando un após do outro...*, *vai após dun señor...*, *após do perlado ven Alfonso VII)*, como o fai tamén Otero Pedrayo (*escapada após dos criados...*, *polos camiños após dela...*, *cos cans festeiros após dil)*.

Naturalmente fai uso tamén Celso Emilio do adverbio **despois** *(despois comenzou a falar)* ou da súa variante **dispois** *(aquil bastardo que dispois soupen era o teniendo Lois)* e da preposición *despois de (despois de morto)*. Pero resulta un tanto chocante que ducias de veces empregue o noso poeta ourensán a forma minoritaria en Galicia **dempois** tanto adverbialmente como preposicionalmente que xa empregara con frecuencia Rosalía de Castro: *Pero dempois paseniño... dempois de lavada...*

Quero engadir que popularmente existen outras formas paralelas a **após** que non aparecen rexistradas nos diccionarios: **empós**, **dempós**, **despós**.

614. Veos de anguria

A evolución normal en galego da palabra latina VELUM dá como resultado **veo**, do mesmo xeito que CAELUM se converteu en **ceo** e GELUM en **xeo**. A voz **veo** 'tecido máis ou menos transparente para cubri-lo rostro ou tapar algo' foi empregada xa na Idade Media como vemos neste exemplo das *Cantigas de Santa María*: *viu logo a Madre de Deus*, / *coberta de seu veo*.

Pero no século pasado tanto **xeo** coma **veo** foron practicamente substituídos por **xelo** e **velo** tal vez pola influencia do castelán. Os primeiros grandes escritores galegos usaron exclusivamente a forma **velo**. Así o fan Rosalía (*os velos da negra noite... velo que oculta abismos... cubrí cal velo de lixeiro encaixe... baixo un de nubes poderoso velo*), Pondal *(n'hai tan alegre velo luxoso... graciosos velos de ledo tu*) e Curros *(¡Correde o velo que a xusticia encubre*).

Sen embargo desde mediados do presente século os escritores recuperan a forma tradicional **veo** segundo podemos ver nos seguintes exemplos que tomamos de Otero Pedrayo: *sombriza noiva de veos enloitados... uns dondos veos da néboa... fantasmas envrullados no veo dos sonos...*

Celso Emilio Ferreiro emprega tamén a palabra normalmente evolucionada **veo**, como vemos nestes versos nos que usa sen embargo a voz **xelo**: *Un xelo de invernía en descampado* / *paraliza os relós*, *perfora as gorxas* / *e pon veos de anguria nas palabras*, e nestoutros: *Topenexando baixo escuros veos* / *aquiles seres moles*, *casi vermes*, / *coa voz neutral i os corazóns inermes* / *vexetaban sin luz torpes i alleos*.

Non se debe confundir esta voz **veo** coa súa homónima **veo** que significa eixo do rodicio do muíño, brazo da pedra de afiar, peza da forxa ou especie de pedal para accionar algún mecanismo, manivela ou manubrio e vara longa que se coloca sobre o palleiro. Este **veo** procede doutra familia léxica latina, VIBIUM, ou tal vez sexa de orixe celta.

Temos constancia do uso desta voz en *Os dous de sempre* de Castelao: *mandaría facer un carriño levián cunha roda dianteira e veo para guiala*.

615. Un home langrán

Do primeiro poema de *O soño sulagado* de Celso Emilio Ferreiro son os seguintes versos: *O vento que fungaba nas vereas / era un home langrán envolto en brétema / cun fol ó lombo pra levar meniñas*, onde aparece unha comparación do vento cun *home langrán*.

¿Que é un *home langrán* para Celso Emilio Ferreiro? Coido que o mesmo que para outro escritor ourensán, Ramón Otero Pedrayo, de quen é o seguinte parágrafo: *Polo serán pilloume un crego de Tabeirós con bigotes e dúas ducias de langrás con trabucos* no que o sentido de **langrán** non resulta evidente para quen non coñeza a significación desta voz.

Langrán ten en ámbalas dúas frases o sentido de alto ou, mellor dito, moi alto. Xa o lexicógrafo do século XVIII, Sobreira, definía **langrán** así: «el que es de cuerpo grande o gordo o uno y otro» e o gramático do século pasado, Mirás, facíao desta maneira: 'alto, macilento, lleno de harapos', definición que copia o diccionario de M. Valladares e demais diccionarios posteriores. Que para Otero Pedrayo ten esa significación si é evidente nestoutro texto: *rapazas e rapaces*, *uns pequeneiros* e outros xa *langranotes*.

Penso, pois, que tamén para C.E. Ferreiro **langrán** é alto, desproporcionado e, tal vez, macilento.

A orixe desta voz non é clara. Quizais sexa un derivado de **longo** e de **largo**, adxectivos que poden significar tamén 'alto' cando se aplican a un home. Desas palabras sairían as voces hipotéticas *longueirán* e *largueirán* que non son disparatadas, xa que en portugués existen as verbas paralelas *longueirão*, *largueirão* e *langueiras* aplicadas ós homes altos e do cruce desas formas xurdiría a nosa voz **langrán**.

Pero **langrán** na fala popular non só se aplica a homes altos e desproporcionados, senón tamén a aqueles que tendo esta constitución física son bastante vagos, folgazáns, lacaceiros ou lacazáns. De aí que no diccionario de A. Estravís se diga qu se aplica esta voz ó individuo que, a pesar da súa altura e forza, ten aversión ó traballo.

Das nosas enquisas dialectolóxicas sacamos en conclusión que un home **langrán** é en moitos lugares simplemente un home alto e desproporcionado, é dicir, o mesmo sentido que acabamos de ver nos textos de C.E. Ferreiro e R. Otero Pedrayo, noutros un home alto e vago, segundo vemos nalgúns diccionarios, e noutros soamente un home **lacaceiro**. Pénsese que a existencia das voces **lacazán**, **larán**, **lairán**, **lorán**, **larchán**, **landán**, etc., puideron influír polo seu parecido fonético a que **langrán** adquirise ese sentido de 'vago'.

616. Coitelos irtos

Do poema *Falareivos de min* de C. E. Ferreiro son os seguintes versos: *Celso Emilio me chaman pero eu teño / outros nomes máis irtos apuntados / nun rexistro de ventos polifónicos*..., e do libro *Longa noite de pedra* son estoutros: *Pero cando soporte as inxusticias / coma coitelos irtos ao meu paso*... nos que aparece o adxectivo **irto** co valor de áspero, erizado, teso, etc.

Irto é unha voz tomada do latín HIRTUS que entrou xa hai séculos na lingua galega (os portugueses escríbena con *h*) e segue sendo popular coas significacións xa citadas, se ben nos diccionarios galegos do século pasado era definida esta palabra como 'fráxil' e 'quebradizo', cousa que resulta un tanto estraña xa que aparece pola súa orixe e polos empregos de hoxe que a definiron nun sentido completamente oposto. Nembargantes penso que Otero Pedrayo a empregou neste sentido erróneo (con respecto ós que ten hoxe) nesta frase: *Daquila non era os homes abaladizos*, *nin as vontades irtas*...

Sen embargo xa Rosalía de Castro, falando dos seus versos, dicía: *silvas sós*, *irtas como as miñas penas*... e Pondal empregou varias veces esta voz: *que soña antre as uces irtas ... ante as túas irtas uces ... que toxales tan irtos*. Nestes exemplos vemos como estes escritores usaron no século pasado **irto** co sentido que ten hoxe na fala popular e co mesmo valor que atopamos nos citados versos de C.E. Ferreiro.

Irto é voz que pode corresponder á castelá *yerto* (que procede doutra palabra latina, xa que non son coñecidas descendentes de HIRTUS nesa lingua) cando a usamos en frases coma estas: *está irto polo frío* e en casos coma este: *ten os cabelos irtos*.

Así pois, **irto** significa teso, erizado, encrespado, ríxido, entalado, áspero, intratable *(xentes estrañas*, *irtas e esquivas*, de Pondal), ríspeto, duro, etc.

617. Un cágado de persoa

Celso Emilio Ferreiro na súa obra *O soño sulagado* escribe os seguintes versos: *Mais ninguén me decía dos paxaros*, / *dos cávados*, *das flores e desas nubes* / *que pousaches*, *Señor*, *sobre o meu teito*, nos que, no mundo da Natureza, ó lado dos paxaros e das flores aparecen os **cávados**. Se consultamos calquera diccionario veremos que esta palabra non aparece rexistrada. ¿Que serán os **cávados** de Celso Emilio Ferreiro?

Na mesma obra, un pouco máis adiante, volvemos atopar esta forma nos seguintes versos: *Un escuro ferro vaille nas veas* / *como cávados mestos rebulindo*. Neles vemos como o terror circula polas veas á maneira que se moven os **cávados**, é dicir, rebulindo. Así pois, os **cávados** parece ser que son animaliños que rebulen nun líquido. Coido que efectivamente a Celso Emilio se lle cruzaron os cables fonéticos e escribiu **cávados** por **cágados**, xa que sería moi raro considerar simples erratas unha voz repetida dúas veces.

O **cágado** é verba moi estendida en toda Galicia para denomina-la cría da ra, é dicir, o *renacuajo* castelán ou o *girino* portugués. Por certo que nesta última lingua existe tamén esta voz *cágado* para nomear a unha especie de tartaruga o sapoconcho terrestre e de auga doce.

Non parece dubidosa a orixe desta voz como derivada do verbo **cagar**. Pensemos que nalgúns lugares de Galicia os **cágados** son chamados **cagachos**, **cagulos** e **cagotes**. Sinalemos tamén que existen outros nomes para designa-las crías da ra: **cabezudos** e **cabezolos** (os brasileiros chámanas *cabeçotes*) e **culleres** (os portugueses tamén as chaman *colheres*), **culleriñas**, **culleróns**, **culleretes**, **cullarapos** e **rabos de culler**, denominacións facilmente explicables por efecto da comparación.

En fin, digamos que nunha das súas últimas obras *A taberna do galo*, Celso Emilio emprega xa a palabra **cágado** posta na boca dun personaxe: *E sei da democracia porque vivín nela cando ti nin siquera eras un cágado de persoa*.

618. Cagatintas

No comentario anterior tratamos da voz **cágado**, derivado do verbo **cagar** que non atopou un uso frecuente nos nosos escritores a pesar de ser unha verba normal na nosa lingua e moi empregada na conversa familiar sen estar marcada de moi suxa socialmente. Sen embargo, C.E. Ferreiro cítaa como algo normal en *A taberna do galo*: *Comín con moito vagar*, e comentaba: *comer*, *durmir e cagar piden vagar*.

Xa nalgunha ocasión comentámo-lo uso adxectival do participio deste verbo mesmo co sentido afectivo: *Duarte é cagadiño ó seu tío*, *Begoña é cagadiña ó seu pai*, construccións similares ás de *Antón é cuspidiño á súa nai*, *Bea é igualiña ó seu pai*, etc.

Cagar é a base de moitísimas palabras que teñen algo que ver cos excrementos e defecacións de persoas e animais e mesmo de voces que pasaron a ter un sentido figurado de medroso, cobarde ou pusilánime: **cagán**, **cagainas**, **cagallas**, **caganetas**, **cagarrón**, **cagarriñas**, **cagarolas**, **caguelas**, **caguicas**, **caguiñas**, **caiguiñas**, etc.

C.E. Ferreiro emprega a palabra **cagallón** 'excremento do cabalo e do burro' como voz despreciatiativa e insultante nun poema de *Cantigas de escárneo e maldecir*: *Un volumen servil de hortera arteiro*, / *un gonoco inxerto de inmundicia*, / *un envase fecal*, *unha ictericia*, / *un lercho cagallón palanganeiro*.

Tamén o poeta de Celanova fai uso por dúas veces doutro derivado deste verbo: **cagatinta** ou **cagatintas** que era xa corrente no século pasado na significación despectiva de 'oficinista' ou como di o diccionario de M. Valladares: «dícese de los curiales o empleados subalternos de la curia».

Celso Emilio pon nesta verba toda a carga posible de maldade e perversidade. Véxase isto nestes versos de *Longa noite de pedra*: *Vin os mesmos traidores*, / *os mesmos delatores*, / *os mesmos basureiros*, / *os mesmos usureiros*, / *troiteiros*, *cagatintas*, *pederastas*, ou nestoutras de *Cantigas de escárneo e maldecir*: *todas coa mesma faz de carapixo* / *falando o castelán do cagatinta*.

619. Caras esmaceladas

A palabra hebrea *mazzal*, que significaba 'estrela' e logo 'destino, sorte', introduciuse nas falas hispánicas e consérvase actualmente no adxectivo castelán *desmazalado* co sentido primeiro de 'desditado' e despois de 'desleixado, neglixente, frouxo, indolente'.

As formas portuguesa (*desmazelado*) e galega (**desmacelado**) cambiaron a sílaba, *za* por *ce* tal vez por influencia da voz corrente na época medieval **macela** 'mancha, pena, ferida'.

Xa Martín Sarmiento no século dezaoito aplicaba este adxectivo ó «que está flojo, fatigado, desmadejado, etc.» e así aparece rexistrado nos diccionarios galegos. Sen embargo hai que facer constar que é máis popular a súa variante **esmacelado**, que tamén recolle Sarmiento coa significación de «herido con contusión, v.g.: *tengo este carrillo*, *este dedo*, *esmacelado*». Nalgún diccionario portugués aparece tamén esta acepción: «maltratado com pancadas».

No portugués popular pasou esta verba a significar 'enfermizo, raquítico' e no galego moderno **esmacelado** adquiriu as significacións de 'pálido, descorado, macilento' e mesmo as de 'triste' e 'esmirrado'.

Aínda que esta voz non é moi empregada literariamente, temos constancia do seu uso en Celso Emilio Ferreiro na súa obra *Longa noite de pedra*. Do poema "Soldado" son os seguintes versos: *Unhas mans deformes afirmaron os cotobelos / no aire estremecido / e un retablo de caras esmaceladas*, / *mirando para o cumio*, *increparon aos dioses*... Coido que esas caras **esmaceladas** son caras pálidas, macilentas ou descoradas.

Doutro poema, "Mentres imos andando", dese mesmo libro son estes versos: *O tempo ten a cor dos prados*, *pero ás veces* / *ponse gafas vermellas e reloce*, / *esmacelado e fondo*, *aluarado* / *coma un Sahara de augas movedizas*... nos que vemos que o tempo toma ás veces a cor do luar ou queda **esmacelado** ou descorado ou pálido.

En fin, o emprego de voces como **esmacelado** indícano-la preocupación de C. E. Ferreiro por buscar un léxico propiamente galego nos seus escritos.

620. Pai dun neno engaranido

Os seguintes versos dun poema de *Longa noite de pedra*·, de Celso Emilio Ferreiro: *Fuco Pérez sin segundo*, / *furibundo iconoclasta*, / *pai dun neno engaranido* / *chantado diante a cabana*, conteñen a voz **engaranido** que non está rexistrada nos diccionarios.

Engaranido quere dicir sen dúbida 'que ten o **engaraño**', voz recollida no *Glosario de voces galegas de hoxe* como verba da comarca de Verín co significado de enfermidade infantil que ataca as pernas dos nenos. Esta palabra existe tamén na fala portuguesa trasmontana e está rexistrada no diccionario de Morais coa significación de fraqueza xeral que atrofia ós cativos. De aí a existencia dos verbos portugueses (e tal vez da comarca verinesa) *engaranhar* e *engaranhir*.

Estas voces son sinónimas do verbo máis coñecido **enganirse** (que tal vez pertenza á familia léxica da palabra castelá *canijo* derivada posiblemente de **can**) que está nos diccionarios coa significación de tollerse, extenuarse, perde-las forzas, etc. E **enganido** equivale pois a raquítico ou falto de vigor físico como vemos nestes versos de Lamas Carvajal: *sin agarimo*, *sola esconsolada* / *vella enganida*, *síntome morrer*.

Do cruce desta voz coñecida **enganido** coa menos popular **engaraño** ou **engarañido** creou C. E. Ferreiro este edxectivo **engaranido** coa mesma significación de todas elas: raquítico.

Na obra *A fronteira infinda* emprega C. E. Ferreiro outro sinónimo desta voz: *Tamén o teu fillo che nacerá danado*, *entangaranido e tolleito*. Esta verba **entangaranido** é unha variante de **entangarañado**, 'tolleito, contrafeito, deforme', que é bastante popular e que hai que poñer en relación con **tangaraño**, doenza física causada ós nenos enfraquecéndoos ou deformándoos por unha especie de diaño ou por un mal de ollo. O **tangaraño** pode ser ese mesmo xenio maléfico.

Lamas Carvajal ten un poema que titula o **tangaraño** e Curros Enríquez fala de que *os meus nenos entangarañidos morren todos entangarañados... o coitado do entangarañido queda xa desentangarañado... os galegos entangarañidos vivirán desentangarañados*, etc. E Castelao emprega *entangarañado* tamén: *morrían entangarañado-los rapaces*.

Sinalemos por último que hai moitas variantes vivas de **entangarañado**, á parte da citada por C. E. Ferreiro, **entangaranido**: **entanguecido**, **entanguido**, **entanguiñado**, **tanganido**, **tangarañado**, etc.

621. Voces enguruñadas

Un longo muro devolvía as voces / enguruñadas de temor i espanto, son dous versos dun poema de *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro. Neste texto aparece a voz **enguruñado**, moi popular no galego oriental e pouco presente nos nosos diccionarios que prefiren a voz máis estendida en Galicia **engruñado**.

A voz **enguruñado** foi usada por Vicente Risco: *e tiña a gadoupa enguruñada*, *adoito pra apañalas cadelas*, pero **engruñado** ou o verbo **engruñar** é preferida tamén por outros escritores: *pasara adiante do escondrixo en que* es*taban engruñados* (de Lamas Carvajal), *Pimpinela engruña os hombreiros... Pedro engruñouse como unha araña ferida* (Castelao).

Engruñar ou **engruñarse** ten o significado claro (recollido xa nos primeiros diccionarios) de 'encollerse' ou 'contrae-lo corpo ou unha parte del' e de aí tamén o de 'acocharse' ou 'acurrucarse', segundo vemos polo exemplo citado de Lamas Carvajal. O frío, a miseria, a malicia, a curtidade, o medo, etc., son causas de que alguén estea **engruñado**.

A orixe desta familia léxica está probablemente nunha modificación da voz tan corrente **enruga** (*un vello sulcado de enrugas*) ou mellor do verbo correspondente **enrugar** (*bágoas baixaban polo seu enrugado rostro*) que se fixo **engurrar**, que ten as variantes **engurrichar**, **engurrifar** e **engurriñar**. Do significado propio de 'facerse engurras' **engurrar** pasou facilmente ó de 'encollerse'.

Como ocorreu con moitas outras palabras as xentes modifican ó seu libre antollo certas voces para darlles máis expresividade. E así de **engurrar** naceu **engurruñar** que perdeu en grande parte de Galicia o u da súa segunda sílaba, **engruñar**, os citados **engurriñar**, **engurrichar**, **engurrifar** e **engurrullar**, **engurrumiar**, **engurrumiñar**, **engorobellar**, etc.

Non teñen nada que ver etimoloxicamente con esta familia as voces **engoumiñar**, **engoumear** ou **engomar** que significan tamén 'encoller, encorvar, entumecer': *vivía en cadeas*, *a traballar engoumado... andaba en crequenas*, *por telos remos engoumados... ningún curial podería engoumar o ánimo dun labrego* (frases de Castelao).

622. Eu quérote, meu vedraio

A palabra latina VETUS deixou descendentes nas linguas romances, entre elas no galego. Todos sabemos que Pontevedra significa *Pontevella*. A forma normal **vedro**, hoxe anticuada, está presente nos textos antigos: *moeda vedra*.

Foi a forma vulgar latina VETULUS a que se impuxo nas linguas peninsulares e de aí o feito de que **vello** sexa hoxe a palabra normal que se opón a **novo**.

Pero o latinismo VETERANUS, que hoxe temos tamén como cultismo, **veterano**, foi na lingua galega unha voz que se mantivo sempre na fala popular e por iso sufriu as evolucións fonéticas normais das palabras tradicionais. Sen embargo debemos dicir que VETERANUS debía converterse en *vedrán* ou *vedrao*, pero non o fixo así porque xa desde os primeiros tempos pasou a ser *veteraneus*.

Así pois, *veteraneus* evolucionou normalmente en **vedraño**, do mesmo xeito que *extraneus* pasou a **estraño** ou *testimoniu* a **testemoño**. Destas tres voces existiron na Idade Media tres variantes: *vedraio*, *estraio e testemoio*, dos que só a primeira se conservou ata hoxe.

Desde a época de M. Sarmiento temos constancia do uso das formas **vedraio** e **vedraño** que están recollidas nos diccionarios e son bastante usadas literariamente.

Celso Emilio Ferreiro usa a forma **vedraio** neste texto de *A fronteira infinda*: *perguntáchelle a que se debía que*, *sendo tan vedraio*, se *atopase tan san e farruco como un mozo*... ou nestes versos do libro *Viaxe ao país dos ananos*: *Eu quérote*, *xa o sabes*, *meu vedraio*, / *eu quérote nas sachas dos meus montes*...

Tamén outro escritor ourensán, Ramón Otero Pedrayo, prefire esta forma **vedraio**, segundo vemos nos exemplos seguintes: *un home vedraio aínda... un tipo esguío*, *vedraio*, *sensoal... o señor Trepapouco*, *cabaleiro da curia sonada de Ourense*, *vedraio rexo*, *rasurado*..,

Coido que estas dúas formas derivadas da palabra latina VETERANUS son pouco empregadas hoxe na fala popular.

623. Unha rapaza esguía

En *A taberna do galo* fai Celso Emilio Ferreiro unha descrición dunha prostituta para explica-lo seu alcume: A *Mimiños comenzou sendo querida do médico municipal. Era unha rapaza esguía de pernas longas e modos finos*, onde aparece o adxectivo **esguío**, voz que atopo definida por vez primeira no diccionario de J. Filgueira e outros autores como «delgado y estrecho», e que logo Carré traduce ó castelán como «esbelto, bien formado, de gentil estatura».

No mesmo libro volve empregar Celso Emilio esta voz para describir a outra muller: *Duara era xa unha moza feita no que toca ó corpo*, *ben artellado e proporcionado nas súas distintas formas e redondeces cumpridas*. *Esguía*, *ollos azús*, *cabelos loiros*, *pel crara e tersa coma a das uvas albariñas*.

Este adxectivo, que tamén recollen os diccionarios de Ir Indo e Alonso Estravís como «alto e delgado» foi moi empregado polos nosos escritores desde Otero Pedrayo *(dous homes mozos*, *esguíos... un home xoven*, *esguío*..., *as esguías mans brancas*), R. Cabanillas *(no esguío campanario*..., *os baixeles esguíos*..., *os cisnes esguíos)*, Castelao (*Os cruceiros de tipo gótico*, *esguíos e ben medidos)*, Anxel Fole, etc. ata os autores de hoxe.

Sen embargo nunca escoitámo-la voz **esguío** na fala popular e non a temos rexistrada aínda en ningún inquérito dialectal, o cal non quere dicir que non se diga nalgún lugar de Galicia. Eu teño a impresión de que se trata dun portuguesismo introducido na época da xeración Nós.

No diccionario portugués de Figueiredo vén a definición de *esguío* como «alto e delgado: *pinheiro esguio*» e no de Aurélio Buarque dise «alto e delgado: *um jovem esguio*, *a torre esguia da igreja*». Paréceme que aquí está a fonte da nosa voz tan amada polos nosos escritores.

A orixe desta verba é para o etimólogo da lingua portuguesa J.P. Machado a voz latina EXIGUUS 'pequeno, de tamaño reducido, curto, estreito, fraco', cousa que me resulta un tanto estraña, xa que por un lado **esguío** significa todo o contrario e, por outro, EXIGUUS non foi voz popular latina e non deixou ningún descendente popular noutras linguas romances.

En fin, coido que a voz **esguío** é un portuguesismo que tivo moito éxito entre os nosos escritores.

624. Dous fillos petisos

Non hai lingua que poida vivir completamente illada das linguas veciñas ou doutras linguas que teñen un certo prestixio nun momento determinado. A influencia da lingua francesa no galego e nas demais linguas peninsulares é unha constante desde a época medieval.

Xa hai bastante tempo que entrou na nosa lingua o galicismo *petit* tanto na súa significación adxectival de 'pequeno', coma na de 'neno, cativo, rapaz'. Xa no diccionario de Cuveiro aparece a voz **pitís**, como equivalente a pequeno, que recollen tódolos diccionarios posteriores, se ben hai un (o de Eladio Rodríguez) que limita o uso desta verba para os nenos que aínda non chegaron a cumpri-los sete anos.

No diccionario de M. Valladares recóllese a variante **petís** cun matiz moi especial: «rapaz, muchachuelo, que quiere echarla de hombre». Sen embargo nos diccionarios posteriores está co mesmo valor de **pitís**: 'neno, cativo, rapaz', que é o que usan os escritores como Curros, Otero Pedrayo, Neira Vilas, etc.

Polos inquéritos dialectais que temos feito sabemos da existencia destas voces **petís** e **pitís** na fala popular (xunto coa variante **pitín**) cos significados xa ditos, pero atopamos que nalgúns lugares **petís** ou **pitís** son denominados tamén os cans pequenos.

Nalgúns diccionarios modernos están rexistradas as variantes **petiso** e **pitiso** (cun *-o* final, que eu chamaría de regaleguización destes galicismos) que son as que usa Celso Emilio Ferreiro. En *Longa noite de pedra* fala de *Aquil señor burgués... (que) ten muller feliz de teta oblonga*, / *con dous fillos petisos*, *deportistas*, / *un pouco libertinos e juerguistas*, onde claramente comprobamos que estes **petisos** son un poco maiores dos que falaba o diccionarista Eladio Rodríguez.

Na obra *A taberna do galo* emprega **petiso** no seu normal sentido de pequeno: *Era petiso de figura*, *pro tiña sona*, *non sei se fundada ou non*, *de ter os seus atributos viriles desmesuradamente desenrolados*.

Pero no libro *Viaxe ao país dos ananos* emprega esta voz cun matiz bastante despectivo: *O País dos Ananos*, / *poboado de petisos* / *comestos da iñorancia... Fálame* / *sin mimos* / *da proxenie con leites* / *do teu siño* / *enrigado* / *e petiso...*

625. Rexo e baril

En *O libro dos homenaxes*, de Celso Emilio Ferreiro, hai un soneto dedicado a Miguel Hernández, do cal son os seguintes versos: *Rexo e baril*, *escuma de torrente* / *chegou coa súa verba verdadeira*, / *pomba torcaz*, *a oliva por bandeira*, / *pra dar razón da libertade ausente*. Os calificativos de **rexo** e **baril** son naturalmente moi positivos para calquera cousa e persoa ás que se aplican.

Rexo (voz procedente do latín RIGIDUS, con evolución fonética un tanto rara) significa rigoroso, decidido, robusto, etc., e é empregado frecuentemente polo poeta con eses sentidos: *música rexa*, *voces rexas*, *voz rexa*, *rexa poesía*, *patria amante e rexa*, *rexa proa*, *rexa quilla*, *rexo muro rexos muros*, etc.

Baril, voz xa rexistrada nos primeiros diccionarios galegos coas significacións de 'bo, moi bo, excelente, superior'; ten unha orixe non moi clara. Para o lingüista J. Corominas é un xitanismo que se introduciu non só en castelán, senón tamén en galego e en catalán. Outros pensan na posibilidade de que sexa un arabismo. Coido que non debemos rexeita-la idea de que a voz galega **baril** sexa autóctona e que recibiu a influencia das voces de orixe latina **varonil** e **viril**, xa que esta voz tomou na lingua galega as acepcións de 'forte, robusto, xentil, animoso, etc'.

Nos versos dedicados a Miguel Hernández vese claramente que **baril** ten que estar na mesma liña significativa cá voz **rexo**. No poema titulado "Prá mocedade" da obra *Viaxe ao país dos ananos* atopámola voz **baril** con estas mesmas significacións: *Tendes que alcender un facho / de baril inconformismo*...

Baril é verba usada por bastantes escritores e por algunhas xentes na fala normal para aplicala a 'cousas de boa clase'. Vexamos algúns exemplos de Otero Pedrayo: *daquil fato baril de mozos labregos... a chamada baril do vento... o gosto baril... levaba unha xogada baril... os centeos bariles...*

Naturalmente C.E. Ferreiro emprega nas súas obras outros sinónimos destas voces: **garrido** (*¡Corpo lanzal do meu home*, *quen te viu tan garrido*...), **valeroso** e **audaz** (*de valerosa e audaz entrega a unha causa*), **valente** (*un home xusto valente*), **arriscado** (*dime que foi*, *que fixeche / do arris*cado *capitán*), **animoso** (*aínda teimoso nas súas prácticas e animoso nas súas ideas*)...

626. Varudo e varudeza

A palabra corrente **vara** é non soamente ramo delgado dun arbusto, senón tamén rama longa e sen follas que podemos aplicar para diversos mesteres: aguillada, bastón e mesmo tranca ou viga. Por moi delgada e flexible que sexa unha vara sempre terá como característica que sexa difícil de romper, dura e forte.

Pensando tal vez nestas características a lingua formou un adxectivo **varudo** que ten os valores de forte, rexo, resistente, vigoroso e mesmo diriamos de esvelto cando o aplicamos ás persoas.

Varudo foi xa usado por Pondal: *Ti m'inspiras decote un son barudo do ilustre Breogán no verbo rudo*... e por Otero Pedrayo: *figuraba un barudo tronco do norde*..., *uns nacen barudos*, *ambizosos*... *barudas maus que cavaban o sábrego*... *homes barudos do rexo mirar*...

Tamén Celso Emilio Ferreiro na súa obra *Paco Pixiñas* emprega esta voz: *Un día pola aldea / pasou un ferrancheiro / que predicou*, *barudo / cousas que puñan medo*, escribindo esta voz coa consoante *b*, como o facían así mesmo a maior parte dos diccionarios que recollían esta palabra. Coido que a razón de que esta verba derivada de **vara** fose escrita con *b* débese ó feito de que escritores e diccionaristas relacionaban esta voz (aplicada frecuentemente a homes robustos e fortes) coa palabra de orixe xermánica **barón**.

Sen embargo vemos como Castelao na súa obra *Sempre en Galiza* xa a emprega ortograficamente de acordo coa súa etimoloxía: *cruceiro*, *este de varudas dimensións*.

Na súa obra *A taberna do galo* Celso Emilio usa un derivado de **varudo** para indicar forza, robustez, vigor e demais características desta palabra: *Na alma acóchase a homía de ben e nos confroncios a barudeza de ser home*.

Loxicamente ortografiou **varudeza** con *b* polo costume de facelo así a maior parte de escritores é diccionaristas. Digamos, en fin, que a tradición escrita portuguesa é a de escribir esta voz con *v*: *varudo*, de acordo coa súa etimoloxía.

627. Practicaba o baile en porrancho

O que non está vestido ou, mellor dito, quen non ten en riba do seu corpo nada de roupa está **espido**, está **nu** ou está **en coiro** (*famentos*, *en coiro*, / *de arrastro andarán*, di Lamas Carvajal, *D. Celidonio deificado i en coiro*, escribe V. Risco) ou **en coiros**, segundo din a maior parte dos galegos e moitos escri-

tores (*quedareime en coiros*, escribe Curros Enríquez). *Em-couro* é tamén expresión portuguesa e *en-cueros* expresión castelá.

Pero quen está **en coiros** pode estar tamén **en porreta** (voz que significa 'folla verde do porro ou da cebola') ou **en porreto** (como di moita xente que fala o galego oriental) ou **en porro**. Talvez, como pensa García de Diego, estas locucións son derivadas da locución latina IN PURIS que significaba 'nuamente' e que deu directamente o asturiano *en pures* 'espido', pero que influídas pola voz romance **porro** se transformaron nas expresións citadas.

Estas formas populares galegas sofren o efecto da creación expresiva. E así como de **borra** ou **borrón** naceu **borrancho** ou de **marrán** saíu **marrancho**, do mesmo xeito da forma **en porro** xurdíu **en-porrancho**.

Esta locución adverbial é empregada por Celso Emilio Ferreiro: *Bella Tufitos*, *unha danzadeira metida en carnes e anos que practicaba o baile en porrancho*, *hoxe diríamos strip-tease*... que tamén a usa en plural (como no caso de **en coiro**, **en coiros**): *Leváronme pra un calabozo e mandáronme espir*, *poñerme en porranchos*... *mentres os dous mozos*, *sobre un leito de herba*, *meio en porranchos*, *traballaban pola súa*...

En varias ocasións, C.E. Ferreiro transforma **porranchos** en **porranchas** como vemos nestas frases: *sácalle a roupa e déixasmo alí en porranchas*... *ó principio as incursións en porranchas de Albertiña foron de tarde en tarde*... *ía con outros rapazotes a bañarse ó río en porranchas*...

Digamos por fin que destas expresións naceu o adxectivo bastante normal na provincia de Ourense **esporrancho** (*Xoana anda por aí media esporrancha*), voz da que se creou o verbo **esporranchar** como sinónimo de **nuar** ou **espir**.

628. Emigrantes escalazados

Do libro *O soño sulagado* de Celso Emilio Ferreiro, é o poema "Emigrantes" ó que pertencen os seguintes versos: *Eu canto aos emigrantes que non queren / ser toupeiras fozando de cotío / na ingrata leira*, *escalazados sempre / con suor de forzados / entre o esterco de noites sin estrelas*.

Neles son cualificados os emigrantes que non queren seguir traballando nas súas pouco rendibles terras como **escalazados**. ¿Que quere dicir aquí esta verba?

Se consultámo-los diccionarios e monografías léxicas veremos que **escalazar** ten os significados de derrama-la roupa, de facerse unha ferida na pel por un roce, de escalabrarse, de desfigurar, de destroza-lo corpo por exceso de traballo, parti-lo porco, etc.

Dá a impresión de que **escalazar** ten algo que ver con **calaza** ou **calazo** que significa 'pedazo de pan ou pedazo de carne de porco', acepción esta última que recollen os diccionarios portugueses como anticuada. De aí derivan os nomes de **calaceiro** e **calaceira** que se aplica a 'quen anda mendigando polas portas' e logo a 'quen vagabundea' e mesmo a 'quen anda esfarrapado ou suxo' e o verbo **calacear** 'vivir como un calaceiro' moi empregado en Portugal.

Pode que **calaza** teña que ver co verbo **calar** e tamén con **escalar**, que en portugués era (como nalgúns puntos do Sur de Galicia **escalazar**) 'partir carne', verbo que en galego significa escavar ou escaravella-las galiñas ou outros animais. Penso que partindo destes antecedentes **escalazar** recibiu tamén a influencia de **escalabrar** e de aí os sentidos que adquiriu de facer unha ferida e mesmo **escalabrarse**, verbo que tamén usa Celso Emilio: *cada intre máis perdido i escalabrado de corpo e alma*.

Volvendo ó punto de partida coido que **escalazar** desde as acepcións primeiras que tiña pasou modernamente ás de desfigurarse, deformarse ou destrozarse polo traballo. Por tanto no caso concreto dos **escalazados** do texto de C.E. Ferreiro hai que entendelos como baldados, rendidos, cansados. Ademais pode vir a confirmar esta interpretación o que di o verso seguinte a aquel en que se atopa a nosa palabra: *con suor de forzados*.

629. Túzaros listos

No poema "Ti e mais eu" de *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro, lemos estes versos: *Non falemos dos bobos / que todo o adeprenden nos libros*. / *Non falemos dos parvos / con cara de domingo*; / *nin dos sapientes memos*, / *nin dos túzaros listos*, / *nin do eterno mal gusto / dos probes ricos*. ¿Que é un **túzaro**? Parece claro, trala lectura destes versos, que para o poeta ourensán un **túzaro** é o contrario dun listo.

Na súa obra *Viaxe ao país dos ananos*, fala dos emigrantes que ó chegar a América *perderon a súa escada de valores*, / *os seus conceitos pedáneos*, / *as súas creenzas badocas / i as súas ideas túzaras de horteras*. Nestes versos atopamos *ideas túzaras*. ¿Que significa aquí **túzaro**? Tal vez poderiamos dicir que, ó igual que no caso anterior, **túzaro** é torpe.

Túzaro é unha verba tipicamente galega, moi estendida pola maior parte do territorio galego e con moitos matices significativos. Eu diría que aplicamos este adxectivo fundamentalmente ás persoas intratables, insociables ou que teñen un trato áspero. Un **túzaro** é un **xoto**, é dicir, un home arisco e ás veces airado, colérico ou furioso que trata de esquivar, evitar e rexeitar toda relación social.

O **túzaro** é brusco, descortés, incorrecto, imprevisible, carente de toda amabilidade, dozura e delicadeza, mal educado, incivil, zafio, rudo, groseiro, tosco, basto, en fin, é un tarugo.

Pero un **túzaro** é tamén normalmente bastante zoquete, zopenco, tardo en comprender e inculto, e enriba de todo iso é terco, tercán ou terque, cismón ou cismeiro, cabezón ou cabezudo, testán, testudo, testarrán ou testarrudo e, en fin, teimón, teimoso, teimudo e maniático e outras cousas máis.

Unha persoa da parte de Carballo, a quen lle preguntei sobre este vocábulo, contestoume con estas palabras bastante clarificadoras: «un **túzaro** é unha persoa que está afeita a que se lle cumpran os seus gustos, caprichos e quere ter sempre razón». Supoño que cada lector terá a súa propia definición...

630. Son uns docas

Nun poema de *Longa noite de pedra* escribe Celso Emilio Ferreiro os seguintes versos: *Si algunhos van de porta en porta / cun saco de cinza ás costas / é que son unhos docas*, nos que aparece esa voz **docas** que talvez moitos non comprendan.

Comezarei dicindo que esa expresión *ser un doca* equivale a ser un folgazán ou un preguizoso ou un vago. A palabra **doca** está usada por 'persoa que ten moita doca' do mesmo xeito que cando dicimos *Xan é un cara*, queremos significar que Xan ten moita cara.

E con isto xa descubrimos que **doca**, que aparece nos diccionarios definida como preguiza, resistencia ou repugnancia ó traballo, é unha palabra illada que non ten familia léxica. Da súa voz sinónima **preguiza** sabemos que está en conexión con **preguiceiro**, **preguicento**, **preguizoso**, **despreguizar**, etc. Pero non temos constancia de ningún derivado de **doca**.

Repetimos, pois, que doca é unha voz illada, pero ademais é unha palabra que non ten semellanzas en ningunha outra lingua románica. Debe ser entón unha verba de pura creación galega. ¿Como se chegaría á formación desta voz?

Do verbo latino DONARE saiu o verbo galego **doar**, do que naceron as voces **doador**, **doante** e **doazón**, e ese adxectivo tan corrente **doado**, 'fácil, sinxelo'. ¿Non podería nacer de aí tamén unha forma *doa*? Dun composto do citado verbo latino, ADDONARE, naceu un verbo *adoar* 'estar quieto, ser apático' (que aínda existe, que saibamos, no Norte de Portugal) e o adxectivo **adoado** (que temos rexistrado tanto no Norte de Portugal coma en Ourense) que significa 'calmoso, tranquilo, apático'. Desde logo non hai obstáculo en supoñe-la existencia dunha forma *adoa* e, por tanto, *doa* que significaría 'apatía' e naturalmente 'preguiza'.

¿Como se pasaría de *doa* a **doca**? Pensei en varias palabras coas que se podería cruzar como **oco** 'finchado, presumido, van', pero pareceume máis claro relacionala con **moca** en expresións como *comer de moca* ou *vivir de moca*, 'vivir sen traballar', que son moi semellantes a *¡que doca tes!* '¡que pereza tes no traballo!' ou *face-la doca* 'traballar preguizosamente'.

En fin, veña de onde veña esta palabra é evidente que en galego é un sinónimo de **preguiza**.

631. O forricas desleigado

Volvemos citar unha estrofa dun poema de *Cantigas de escárneo e maldecir*, no que Celso Emilio Ferreiro aldraxa ós que nun momento determinado comezaron a falar ben de Castelao: *O badoco endomingado*, / *o franquista pousafol*, / *o forricas desleigado*, / *o pequeno burgués mol*, para comentar esa expresión *forricas desleigado*.

En primeiro termo debemos dicir que a voz **desleigado** é un adxectivo bastante espallado que se aplica a unha persoa para indicar que é unha descastada, que non sente amor nin cariño pola súa terra, polas súas xentes, familiares ou amigos, que é moi ingrata e que, en fin, é pouco fiel a toda clase de principios.

Dito isto, queda claro que un **forricas** é unha persoa e, naturalmente, unha persoa de determinadas características. Quen non coñeza esta voz debe ter coidado na consulta dalgún diccionario que dá unha significación equivocada desta voz que define **forrica** como aforrador (e mete dentro desta familia a **forricallada**, **forricalleiro** e **forricallo**). Coñezo bastantes palabras para indicar aforrador ou tacaño: **aforrón** e **forrón**, **aforranchín** e **forranchín**, **aforrechas** e **forrechas**, **aforrichas** e **forrichas** e **forreta**, pero nunca escoitei **forricas** neste sentido.

Forricas é unha voz que ten que ver coa verba xa pouco usada **foira** 'diarrea' (procedente da palabra latina da mesma significación FORIA*)*. **Foira** modificou a súa consistencia fonética, así como o verbo **esfoirar**, pola creación expresiva dos falantes. Do mesmo xeito que de **cagar** xorde **cagarreta**, **cagarría** e **escagarriar** ou **escagarrizar**, desas voces nacen e son moi usadas as "recreacións" **esforricar** e **forrica**, que teñen as variantes **esfurricar** e **furrica**.

Forrica (e **furrica**) como 'excremento case líquido' e **forricarse** '**escagarriarse**' dan lugar á creación de novas voces bastante expresivas: **furricada** e **furriqueira** 'dexección branda', **forriqueiro** 'que ten diarrea', **forricallo**, que xa é hoxe sobre todo calquera cousa vella e inservible, e **forricoso** ou **furricoso**, que se aplica no sentido figurado de **cagainas** ou **caguiñas**.

Do mesmo xeito que **cagán**, **cagallas**, **caganetas**, **cagarolas**, **caguelas**, **caguicas**, etc., pasaron a ser popularmente 'medoñento' ou 'cobarde', así **forricas** (ou **furricas**) ten o valor de 'cobarde' e **esforricarse** o de 'acobardarse' (*cando* se *alcontraba nalgún apuro*, *esforricábase de medo*).

Así pois o *forricas desleigado*, de Celso Emilio Ferreiro, é o cobarde descastado e desleal á súa patria galega.

632. Os tabeirós do mundo

Cando lin por primeira vez os seguintes versos do poema titulado "Agora é o tempo de pensar", da obra *Longa noite de pedra*: *Cando penso que teño catro fillos / con dereito a ser xente*, *ou mellor dito*, / *con dereito a ser carne pra os tabeirós do mundo*, pasei lixeiramente sobre a voz **tabeirós** crendo que debía ser unha variante dos **tabáns**, **tabaos** ou **tabardos**, xa que estes insectos se caracterizan polas súas picaduras ó gando.

Pero noutra ocasión, lendo outra obra do mesmo Celso Emilio Ferreiro, *A fronteira infinda*, volvín atopa-la voz **tabeirós** no seguinte texto: *Eran homes pequenos de corpo e de esprito*. *Teimosos de conduta*. *Coma os peixes-rémora que se apegan ao papo dos tabeirós pra manterse das súas sobras*..., e entón xa me din de conta que os **tabeirós** non eran insectos, senón peixes de grande tamaño. Inmediatamente pensei que se trataba dos **tiburóns**.

Unhas páxinas despois aparecían de novo os **tabeirós** no seguinte texto: *Os escalos son os tabeirós do pobo*, no que se ve o uso figurado da voz **tiburóns** como explotadores do pobo lendo todo o contexto.

Desde logo a palabra **tabeirón** non está rexistrada nos diccionarios galegos, agás no diccionario castelán-galego de Freixedo, que traduce a verba castelá *tiburón* por **tabeirón**. Non sei de onde o diccionarista e Celso Emilio Ferreiro tomaron esta palabra nin sei se algún outro autor a emprega nin se se usa en moitos lugares de Galicia en serio, xa que algún humorista empregaba esta voz para facer rir.

A orixe da voz **tiburón** é moi discutida e a opinión máis xeneralizada é que procede dunha lingua do Caribe, se ben algún etimoloxista pensa que naceu da voz portuguesa *tubara*, derivada do latín TUBER 'trufa', xa que tiburón é en portugués *tubarão*.

Pero na lingua portuguesa existen as variantes *tuberões* e *tuberões* e no ámbito do castelán aparecen as formas *tuberón*, *tibrón* e *taburón* e no do catalán ó lado de *tibeiró* existen *taburó* e *tauró*. Coido que a forma **tabeirón** é unha variante desas formas que non sei onde se orixinou.

Así pois os **tabeirós** celso-emilio-ferreiranos son sen ningunha dúbida os **tiburóns**, os peixes dos selacios, caracterizados pola súa voracidade e tamén, por tanto, os homes explotadores que devoran ás pequenas e honradas xentes.

633. Os cativos badúas

Son moitos os cualificativos despectivos que Celso Emilio Ferreiro emprega na súa obra *Viaxe ao país dos ananos* contra certos emigrantes que esqueceron as súas raizames: *Ao chegar eiquí*, / *a iste mundo desmesurado das Américas*, / *os cativos badúas de estatura standard* / *perderon a súa escada de valores*, / *os seus*

conceitos pedáneos... O pouco que os cativos badúas / tiñan de pobo morreu eiquí dunha enchente / de carne de marrau á criolla / compangada con coca-cola.

Neses versos son chamados eses emigrantes **badúas**, é dicir, que falan moito, sen tino, armando moito barullo e falseando a realidade. Noutros versos comentando a figura de Castelao fala tamén deste tipo de xentes: *Nin badúas sabidores / nin raposos mintireiros / nin fámulos de terceiros*...

Badúa é derivado do verbo **baduar**, probablemente descendente dunha forma latina de orixe onomatopeica, BATARE, que deixou descendentes abundantes noutras linguas románicas. Nestes exemplos de Castelao vemos claramente a significación deste verbo: *cheguei a saber que algúns parvos de nacencia badúan enfonchados en cadeiras de Universidade... Os dous paisáns*, *a baduar*, *foron camiñando xuntos*.

Derivados correntes de **baduar** son tamén **badueiro** e **baduán** que recordan outras formas que significan **charlatán** ou **chalrán**, **baballán** e **baballoeiro**, **barallán**, **baralleiro** ou **barallocas**, **barballán**, **barballeiro** ou **barballoas**, **lengoreta**, **paliqueiro**, **paroleiro**, etc.

Moi correntes ademais son as formas que comezan por *lar-*: **larapetas**, **larapeto** ou **larapeteiro**, xunto con **lagretas**, **lareto** e **lareteiro** (*¡Que home de acabalo*, *digo eu! ¡E que mulleres lareteiras*, *esas das que nos fala!*, frases de *A taberna do galo*.

Na citada obra de Celso Emilio atopamos outro sinónimo de **badúa** ou **charlatán** que é unha voz derivada do verbo **laricar**: *¿Que sabedes vós da carne asada si nunca a probástedes*? *¡Esfameados! ¡Laricallos de vila!*

634. O badoco endomingado

Falando dos *cativos badúas*, nun poema de *Viaxe ao país dos ananos*, que *perderon a súa escada de valores*, / *os seus conceitos pedáneos*, temos que dicir que C.E. Ferreiro engade outras perdas nos seguintes versos: *as súas creenzas badocas / i as súas ideas túzaras de horteras*. / *A perda non foi grande*.

O adxectivo **badoco** (que atopamos neses versos) é de uso normal en bastantes lugares de Galicia para cualificar a unha persoa que non ten instrucción, pouco refinada na súa expresión e no seu trato social. Noutros versos da citada obra fai varias veces referencias a eses que teñen *creenzas badocas e ideas túzaras*: *Galicia xaz eiquí morta de anguria*, / *crucificada en sombras*, *sepultada*, / *baixo as nádegas porcas dos badocos*...

Na súa obra *Cimenterio privado* os insultos adicados antes ós emigrantes diríxense ós colaboradores do réxime franquista: *eran as ducias de burros*, / *de alcaldes mulos*, / *de burgueses incultos*, / *de badocos incivís* / *e de outras ilustres preas* / *que en grandes greas* / *trotan polo noso país*. Tamén **badoco** pode selo un hincha futbolístico que *deulle tal torozón* / *cando quedou campeón* / *o odiado equipo contrario*, / *que por dous goles a un* / *xace na fosa común* / *iste badoco gregario*.

Noutras obras volve aparecer esta verba (*O badoco endomingado ... convivín cos badocos*), de orixe descoñecida (¿non será da mesma familia léxica có citado **badúa**?), e tamén a palabra **badulaque** 'persoa informal, que obra lixeiramente e que ten pouco xuízo' (que, aínda que ten relación co **badulaque** derivado do latín PORTULACA, debeu sufri-la influencia de **badoco** e formas semellantes), segundo vemos nestes versos do primeiro poema de *Cantigas de escárneo e maldecir*: *O fel de ter que vivir* / *entre badulaques tantos*, / *fixo nacer istes cantos* / *d-escarnio e de maldecir*.

Badoco e **badulaque** son voces moi expresivas para cualificar a un home ordinario e necio como o son **pailán**, **paifoco** (que xa explicamos nos *Retrincos da lingua*), **paleto** e **palurdo** (que rexistramos nas citadas *Cantigas*: *ista é a imaxen fiel do arco paleto... o palurdo de alma lerda*) e non poden ser definidas nos diccionarios simplemente como aldeán ou rústico. Curiosamente algún diccionario galego moderno define **badulaque** como 'home baixo e gordo', definición un tanto rara porque un **badulaque** pode ser moi alto e moi delgado...

635. Un home gambernia

Na obra *A taberna do galo* describe C.E. Ferreiro á persoa alcumada *O Pulido* do seguinte xeito: *Home lanzal e gambernia*, *goapecho e ben posto*, *moi dado ás mozas de alzadeiro ben instrumentado*. *(Fálase del no relato)*.

Efectivamente. No relato, unhas páxinas antes dese texto, fixo unha descrición un pouco máis ampla: *Era un home lanzal e arrogante*, *meio gambernia e prosador*, *goapecho e ben posto*, *moi dado ás mozas de alzadeiro ben instrumentado nos altos do esquelete*, *que alí danse coma os nabos en Lugo*.

Está ben claro que *O Pulido*, a quen lle gustan as mozas ben peitudas, ten boa presencia física e certa beleza (**goapecho** e **ben posto**) e ademais de **arrogante** é cualificado de **lanzal**, é dicir, de alto, esvelto e airoso, que son os significados máis correntes desta voz que xa estudiamos nas *Cousas da lingua*.

Pero aínda nos faltan outros dous cualificativos para completa-la súa descrición: **gambernia** e **prosador**. Esta última voz (non moi corrente) é aplicada non soamente a quen escribe obras en prosa, senón tamén festivamente a quen é moi falangueiro ou paroleiro.

E quédanos xa por comprende-la significación de **gambernia**. Esta verba vén definida nos diccionarios, xa desde os primeiros, como 'vida ociosa, libre, vagabunda'. Non sei se caberá aquí pensar que Celso Emilio quere cualificar ó *Pulido* coma ocioso ou folgazán ou preguiceiro...

Eu coido que o poeta ourensán lle dá a esta palabra galega o sentido da voz **gamberro**, non na acepción de incivil, senón na de libertino, luxurioso ou lascivo, de acordo co contexto enteiro da descrición.

Probablemente **gambernia** e **gamberro** proceden da mesma base etimolóxica, que non está nada clara. O filólogo J. Corominas dubida se pode vir de *gran verro*, e rexeita a idea de que poida proceder da forma antiga **gamba** que significaba 'perna'. Dado que en galego existen derivados desa voz coma **gambada** 'perna torcida', **gambuchar** 'andar coas pernas tortas', coido que talvez esas dúas formas poidan proceder desa forma antiga **gamba**. Pénsese como hoxe dicimos festivamente de alguén, que é un vago ou que se sae da normalidade, que é un **pernas**.

636. Nenos amuados

No poema "Vicente Aleixandre", que está na obra titulada *O libro dos homenaxes*, escribe Celso Emilio Ferreiro os seguintes versos: *Alviscar o misterio / das luces que se acochan na cidade / e dos nenos amuados que saen dos colexios / cando a serán se troca en chiscos fluorescentes*.

Neles atopamos estes *nenos amuados* que talvez moitos lectores non atinen a comprende-lo que significa esta expresión porque esta voz non é xa moi corrente. **Amuado** é o participio do verbo **amuar** (que ten a variante **amoar**), do que xa temos noticia do seu uso no século dezaoito polo monxe Sobreira, que o define así: «Amoar. V. r. de Ribadavia. Enmudecer por enfado, rensentimiento, etc. *Amorrar*. *Colmar*. *Emmorroarse*, etc... no responder por desprecio, enfado u otra cualquier causa. En Lemos *amuar*».

Amoar ou **amuar** aparece rexistrado nos diccionarios galegos con eses mesmos significados ós que Valladares engadiu os de «amostazarse, irritarse en exceso» e «amohinarse, enojarse». E nos traballos dialectais modernos foi rexistrada tamén a significación de 'baixaren a cabeza as ovellas cando vai moita calor'.

De acordo con estas significacións a voz derivada deste verbo, **amoado** ou **amuado** é definida como taciturno, fosco, enfadado, incomodado, abatido, acovardado, mal humorado, etc. Así pois, os *nenos amuados* de Celso Emilio son os nenos taciturnos, abatidos e mal humorados que saen aburridos do colexio.

Xa Pintos na súa obra *A Gaita Gallega* empregou esta voz **amoado** no seu sentido de 'abatido': *O can da vida amoado / o rabo ia entrepernaba / e tenro ó outro miraba / como pedindo perdón*.

Esta palabra **amoado** (que non ten nada que ver co **amoado** 'masa das filloas ou da zorza') ou **amuado**, así coma os verbos **amoar** ou **amuar** non creo que se deriven da voz **mole**, nin de **mulo**, nin de **mudo**, como pensan algús diccionaristas. Coido que hai que poñela en relación coa voz orixinaria (talvez onomatopeica) das palabras da mesma significación **amorrar**, **amorroarse**, **amorriñarse**, etc.

637. Un lendia prea

Nas *Cantigas de escárneo e maldecir*, de Celso Emilio Ferreiro, hai un soneto titulado "Un arco de ferradura", onde o escritor ourensán aldraxa a cantos en Galicia viven sen facer nada positivo por ela. O primeiro dos tercetos contén estes versos: *Un ripio asnal*, *un fillo de malato*, / *un puto de burdel*, *un tafur nato*, / *un caco de feirón*, *un lendia prea*.

Todos sabemos que unha **lendia** é un ovo depositado polos piollos na cabeza porque é unha verba moi espallada por toda Galicia e común na súa orixe latina coa voz portuguesa *léndea* e coa castelá *liendre*, pero a nosa voz emprégase moi a miúdo nun sentido figurado para chamar así a unha persoa pesada e fastidiosa ou da que non nos podemos librar facilmente, ou que é, como di Eladio Rodríguez, 'tuno, taimado, truhán'.

Así, pois, entre eses personaxes desgraciados está un **lendia**, é dicir, un **pegote** ou **pegón**, que é cualificado ademais de **prea**. ¿Pero que é **prea**?

Prea é unha palabra procedente da latina PRAEDA 'despoxo' que deu orixe á voz **prea**, común coas linguas veciñas na Idade Media no sentido de 'presa, botín, roubo', pero que quedou esquecida nos tempos modernos. Sen embargo en galego conservouse esta voz con esa significación en Lugo, segundo di o diccionario de Eladio Rodríguez na frase *andar de prea*, que traduce como 'ir roubar froita'.

Pero hoxe **prea** é en primeiro lugar o corpo morto dun animal ou mesmo dun ser humano que queda abandonado e putrefacto e logo é aplicado a calquera cousa desprezable e sobre todo ás persoas que non serven para nada ou son inútiles ou nugallás.

En *Cimenterio privado* fala Celso Emilio das *ducias de burros*, / *de alcaldes mulos*, / *de burgueses incultos*, *de badocos incivís* / *e de outras ilustres preas* / *que en gran*des greas / *trotan polo noso país*. Vémola ironía do uso da palabra **prea** acompañada do adxectivo **ilustre**.

E na obra *Os autentes* volve falar desas persoas desprezables que chama **preas**: *Polo conirario*, esas *preas que malversan a Daniel* / *e se din seus albaceas*, / *son unha récoa falsaria* / *con careta galeguista* / *que esconde a faz cavernaria*.

Así, pois, *o lendia prea* que citabamos ó principio deste comentario equivale a un *pegón despreciable inútil* e *nugallán*.

638. Os derramados

A palabra **derramar** (derivado da voz **ramo**) é común nas falas da Península, agás o catalán, para significar primeiramente 'corta-las ramas dunha árbore ou tirarlle as súas ramallas secas'.

Desta significación fundamental **derramar** tomou a acepción tan corrente de 'espallar, esparexer', da que se pasou á de 'repartir ou distribuír impostos' e mesmo á de 'propalar ou difundir noticias'.

Tamén nas linguas peninsulares adquiriu o sentido de 'verter' que vemos moi usado entre os nosos escritores: *pra derramar en el santos consolos* (Rosalía), *derramar bagullas* (Curros), *derramas nos corazóns un bálsamo doce e brando* (Pondal), *non derrames as molladas de paus miúdos* (Otero Pedrayo), etc.

Pero a lingua galega deu a esta verba ademais un significado especial 'botar algo a perder': *(Eu quero adicarvos* esta *miña primeira novela*. *Fíxena para derrama-lo tempo que me sobraba*, de Castelao), 'estragar, danar, corromper': *(Agora son eu quen lle derramo as eleiciós a ise sinvergonza*, de V. Risco), que non teñen nin o portugués nin o castelán.

Así, pois, a palabra que dá título a este comentario, "os **derramados**", debería en principio equivaler a botados a perder, estragados, danados, corrompidos, deteriorados, destrozados, despedazados, rotos, etc.

Pero esta voz, **derramados**, pode ser aplicada tamén a persoas, e neste caso pode chegar a ter un sentido especial coma o que lle dá Celso Emilio Ferreiro nas seguintes frases, pertencentes á obra *A taberna do galo*, que por si soas explican a nova significación que conseguiu esta palabra: *a vila chegou a ser un viveiro de tolos como non se vira outro no mundo*, *si ben non lle decían tolos*, *sinón derramados*... *Unhos veciños que a ouviron contar as súas coitas de amor*, *comentaron*: *Esta xa está derramada*... *Un destes derramados tíñao a familia pechado nunha habitación con reixas por temor ás súas reacciós violentas*.

Coido que a voz **derramado** podería converterse en sinónimo de **tolo**.

639. Patufos desleigados

No coñecidísimo poema "Deitado frente ao mar" do libro *Longa noite de pedra* fai Celso Emilio Ferreiro non só unha defensa e un canto á súa lingua *(Língoa proletaria do meu pobo* / *eu fáloa porque si*, *porque me gosta*, / *porque me peta e quero e dame a gaña)*, senón que ataca ós que ó se atoparen en circunstancias económicas favorables abandonan a súa propia fala.

Estes tipos son aldraxados como mequetrefes *sin raíces* e como *pafufos desleigados*. Pero vexámolos versos nos que se fala desta clase de xente: *porque me sai de dentro*, *alá do fondo / de unha tristura aceda que me abrangue / ao ver tantos patufos desleigados*, */ pequenos mequetrefes sin raíces / que ao pór a garabata xa non saben / afirmarse no amor dos devanceiros*, */ falar a fala nai*, */ a fala dos abós que temos mortos*...

Non necesita explicación o insulto de *mequetrefes sin raíces*, pero si o de *patufos desleigados*. Xa explicamos noutra ocasión que o adxectivo **desleigado** se aplica á persoa descastada, sen amor nin cariño pola súa terra ou polas cousas dos seus amigos e parentes. Pois ben, ¿que significa **patufo**?

Para min é a primeira vez que atopo esta verba e consultei toda clase de diccionarios e obras léxicas e non a encontrei rexistrada. Da miña acordanza de lecturas doutras obras literarias non teño constancia da súa existencia. Entón ¿será unha creación do poeta ourensán? Coido que si. Polo sentido que dá o contexto non hai dúbida que temos que interpretar esta voz como sinónimo de **pailán** ou **cateto**, como xa fixo o crítico e editor do noso autor Xesús Alonso Montero.

En principio relacionei esta voz **patufo** coa voz catalá *patufet* 'neno pequeno', pero non parece probable. Penso que hai que ver en **patufo** un derivado de **pata** ou de **pato** como o son palabras que fan referencia a patas gordas ou pequenas e que se aplican despectivamente: **patarolo**, **patarreco**, **patelas**, **patexas**, **patoco**, **patofo**, **patoula**, etc., e outras desta mesma familia que xa só significan idiota, paifoco ou rústico como **pataco**, **patán**, **patife** e as portuguesas *pataloco*, *patego*, *pateta*, *patinho*, *patocho*, etc.

Pensemos tamén no verbo **patuxar** que dá orixe á voz **patuxo** 'que gusta de pisar charcos'. ¿Non podería ser que eses **patufos** (que non atopamos en ningures) sexan por erro **patuxos**, é dicir, pisacharcos ou idiotas ou pailáns?

640. Os rábulas

En tódalas profesións, sobre todo nas liberais, e en tódalas linguas hai voces despectivas para designar ós que as xentes consideran como malos profesionais. Seica é a de avogado a que máis nomes acadou. Os franceses chaman *avocassier*, *avocat chicaneur*, *écoutant*, *á la dozaine*, *de moucher*, *de Pilate*, etc. a quen os italianos denominaron *avvocatuzzo*, *avvocato storcileggi*, *cavaloccio*, etc. e os casteláns *abogadillo*, *abogaducho*, *abogado de secano*, *leguleyo*, *picapleitos*, etc.

Na lingua portuguesa existen tamén *advogados de pouco*, *sem pleitos* ou *sem causas* e xa falamos nalgunha outra ocasión dos brasileiros *advógados de porta da xadrez* ós que hai que engadir ademais os *chicaneiros*, os *pegas* e os *leguleios* ou *legulejos*.

En Galicia xunto cos **picapreitos**, **buscapreitos** e **leguleios** hai **avogados do demo**, **de palla**, **da lareira** e **avogados das silveiras** que Celso Emilio Ferreiro cita na súa obra *A taberna do galo*: *O Furriel vai... coas súas gafas de avogado das silveiras*...

Pero no século dezaoito as persoas cultas de Castela introduciron na súa linguaxe a voz latina RABULA 'mal orador, mal avogado, charlatán' para designar os avogados indoctos e vociferantes, e o mesmo fixeron os portugueses que conservaron tódolos sentidos orixinarios desta voz que tivo tanto éxito que orixinou novas palabras: *rabular*, *rabulejar*, *rabularia*, *rabulice*, etc.

En galego só vin rexistrada esta voz nalgún diccionario moderno, pero non me lembro de vela usada máis que polo escritor ourensán Celso Emilio Ferreiro que nas *Cantigas de escárneo e maldecir* escribe un poema aldraxante "Un bípedo ronzal" onde lemos estes versos: *Pero non Portugués*, *que iso dá pábulo / a que a xente confunda ao probe rábulo / co gran país de Antero de Quental*. Este **rábulo** recibe nese soneto toda clase de insultos.

En *A fronteira infinda* di que *A burguesía ten nas súas maus todos os medios de comunicación e págalle aos rábulas do pensamento pra que fabriquen falsas imaxes*; e do *Cimenterio privado* son estes versos nos que fala da democracia representativa que é *alcaiota dos crimes xurispertos*, / *celestina dos rábulas*, / *encubridora da mentira*...

Dá a impresión de que para Celso Emilio os **rábulas** son moito peores cós *avogados das silveiras* ou os malos oradores.

641. Sórdido e valuro

Para cualificar a unha persoa que ten riqueza, que sente paixón polos cartiños, pero que gasta moi pouco e que non dá nada a ninguén, temos en galego, entre outras, as voces **tacaño** e **avarento** que están moi espalladas por toda Galicia e son moi empregadas polos escritores: *A carneasada*. *Alcume herdado*. *Ser un carneasada quer dicir ser tacaño e avarento*, frases da obra de Celso Emilio Ferreiro *A taberna do galo*.

Con todo, nesa mesma obra o poeta ourensán utiliza outro adxectivo para sinalar ese tipo de persoas: *pois son tan despreciables e mesquiños que*, *por ter algunha sona*, *até pasarían por tela de gatunos*... Esa voz **mesquiño** aparece noutras obras: *A moura necroloxía* / *resultou ser unha trola* / *de xente anana e mezquiña*...; *Eu daría a vida por non ser* / *como il foi*, / *cativo*, *mezquiño*, *miserábel*...; *Diñeiro podre non fai mercede*, / *alma mesquiña todo empodrece*.

Entre esas xentes que son merecedoras de cualificativos semellantes están para Celso Emilio os **logreiros** e os **usureiros** que teñen o mesmo afán pola excesiva riqueza: *Aprende a decirlle non* / *ao paisano denigrante*, / *ao logreiro*, *ao negociante* / *de túa triste condición*...; *que esconde baixo o nome de Galicia*, / *ao sapo*, *ao falanxista i ao logreiro*...; *unha corte de ovellas resiñadas*: / *emporio de logreiros*, / *caverna de usureiros*..., *Vin os mesmos traidores*, / *os mesmos delatores*, / *os mesmos basureiros*, / *os mesmos usureiros*...

Pero estas dúas voces teñen un sinónimo na voz **valuro** (para min de etimoloxía moi escura), recollida nalgúns diccionarios e empregada por algún escritor como Otero Pedrayo (*rexoubando dos fidalgos e cregos da terra aos que trataba de baluros*...; *prestameiros máis ou menos valuros*) e como o mesmo Celso Emilio que co seu uso amosa o interese que xa vimos noutras ocasións por palabras pouco frecuentes: *Outro sórdido e valuro*, / *vendeu pedras negrecidas* / *cal si fora wolfram puro*.

Esta verba **valuro** (ou **baluro**) ten ademais do sentido de **usureiro** (que xa recolleu no século dezaoito o freire Sobreira) os de bruxo, gordo ou repoludo, maligno, etc. E mesmo son chamados **valuros** os habitantes da Terra Chá, segundo di o diccionario de Eladio Rodríguez.

Cabe preguntar se todos eses **valuros** ou **baluros** ¿procederán dunha mesma forma antiga común?

642. Vilanova nobre e esgrevia

A palabra **esgrevio** é usada hoxe en moitos lugres de Galicia, segundo sabemos por varias enquisas dialectolóxicas, nos sentidos de 'áspero' e 'agreste', e o filólogo Aníbal Otero di que se aplica tamén ó pan que saíu seco ou graúdo por estar mal moída a fariña e ó caldo sen graxa e mal cocido. Nun artigo

de R. Carballo Calero, en *Verba*, nº 3, 1976, están recollidas estas e outras acepcións semellantes, así como as diversas hipóteses etimolóxicas desta voz que aínda hoxe non sabemos de onde procede.

Poucos escritores empregan esta voz con estas significacións populares. Case podemos afirmar que Otero Pedrayo é o único que a usa así: *o recender esgrevio da montaña... cativo xantar*; *pan esgrevio... camisa lavada con esgrevio enxabón... a casa mal arrombada*, *o leito esgrevio*... E destes sentidos pasou **esgrevio** ós de 'dificultoso' ou 'difícil de alcanzar': *no monte esgrevio do Maestrazgo de Montesa... vivir polas fendas do roquedo esgrevio... nun coto esgrevio...*

Pero a maior parte dos escritores empregan a voz **esgrevio** no sentido figurado de 'elevado, digno, ilustre'. Dá a impresión de que **esgrevio** substitúe ó cultismo **egrexio**, segundo vemos por estes exemplos de Castelao: *esa esgrevia escritora... esgrevio teólogo... o esgrevio poeta de Amarante... o noso esgrevio escritor... nunha lingua* esgrevia...

Nesta última corrente atópase Celso Emilio Ferreiro que usa varias veces esta voz: *Por* eso *nunca escribo / sobre ti*, *Vilanova*, */ noble i esgrevia... na doce Catalunya*, *terra esgrevia.. o esgrevio escritor... unha Celanova esgrevia...*

Sen embargo no poema titulado "Adios", do libro *Terra de ningures*, emprega a voz **esgrevio** cun sentido que me parece diverxente dos exemplos citados e que eu interpretaría como 'abrupto, escarpado', na mesma liña dos sentidos populares que vimos máis arriba: *Santa Cruz de Tenerife / semella un lagarto arnal. / Adiós dende o Teide esgrevio*, */ Adiós de neve e cristal.*

643. Toneladas de camándulas

Na vila de Camàldoli, na Toscana italiana, fundou San Romualdo unha orde monástica, os chamados **camáldulos** ou **camaldulenses**, que puxo de moda unha clase especial de rosarios de grandes doas que foron denominados **camáldulas** ou **camándulas**, que aínda son coñecidos en Portugal e Castela.

A esaxeración de tales obxectos deu lugar en Castela e Galicia a que os seus posuidores fosen considerados un tanto falsos santurróns e loxicamente hipócritas. De aí que entre nós a voz **camándula** ou máis comunmente **camándulas** pasase a adquiri-las acepcións de hipócrita, finxidor, ruín, folgazán, preguiceiro, astuto, trapaceiro, mentireiro, etc.

No libro *Viaxe ao país dos ananos* chama Celso Emilio Ferreiro ós emigrantes desleigados **camándula** xunto con outra serie de aldraxes: *bonifate alugado*, */ calexón fedorento*, */ camándula serodio*, */ triste lilailas*, */ cuchimillada odiosa do meu pobo*. E noutro poema do mesmo libro ironiza sobre un programa de desenvolvemento para Galicia que pode producir *cinco mil*, *cinco mil*, *cinco mil toneladas / de camándulas*, *pillos*, */ de morcegos ilustres / e de pegas piedosas*.

Sinónimo desta voz é o seu derivado **camanduleiro** que vemos empregado algunha vez por Castelao: *Era moi ruín o camanduleiro e tiña tanta xente collida nos seus papeles que ademais de noxo daba medo... O gran camanduleiro non tiña máis vicio que o de xogar á lotería...* Tamén Celso Emilio emprega este adxectivo ó comezo da súa obra *A taberna do galo*: *Esta vila é moi camanduleira*, *dígolle eu*. *Terra de xente burlona e sin respeto pra ninguén*. *Non hai acatamento nin educación...*

De **camándula** saíu tamén o verbo **camandulear** coa significación de aparentar ou finxir unha falsa devoción ou calidades das que se carece.

Naturalmente estas formas conviven coa voz de orixe culta, tal vez máis popular, **hipócrita**, como vemos nestes exemplos de Celso Emilio *(a sociedá hipócrita...*, *homes moralistas*, *hipócritas e finos...*, *na escura língoa dos hipócritas)*, de Castelao *(seriamos hipócritas combatindo o centralismo)*, de Otero Pedrayo *(sentía unha fera xenreira contra os hipócritas)*, de Pondal *(as hipócritas xentes)*, etc.

644. O oficio de galdrana

En *A taberna do galo*, de Celso Emilio Ferreiro, cítase varias veces a voz **galdrana**, da que facilmente é recoñecible a súa significación para quen escoite por vez primeira esta verba gracias ós contextos en que aparece. Vexamos estas liñas: *A Dema foille puta fina... din que tiña segredos de cama que naquel tempo soio se practicaban en París de Francia... e que ela sacara da súa propia sabencia no oficio de galdrana*, *porque lista era moi lista a gran baldreira*.

Coido que polo contexto se entende moi ben cal era o oficio de **galdrana**. Nunhas páxinas máis adiante da mencionada obra falase así da muller chamada Rosa: *Muller de roxo tiñas que ser*, *pra que non foses puta*. *Vela ahí vai a galdrana*, *decíanlle... as mulleres dalgunhos carasoles*. E despois aparece máis adiante un subtítulo que di así: *Alcumes de putas*, *lumias e galdranas*.

Efectivamente, xa nos diccionarios do século pasado definían **galdrana** como «ramera, descocada, asquerosa», definición que manteñen loxicamente os posteriores, pero no de Eladio Rodríguez engádese unha acepción que a min me parece fundamental para intentar ve-la orixe desta voz: 'muller sucia e mal vestida'.

Galdrana párece unha voz creada como variante de **galdracha** que ten a mesma significación de 'muller sucia e farrapenta', segundo recollen os diccionarios xunto coa de 'carne de mala calidade'. Coido que **galdracha** é á súa vez variante de **goldracha** 'pelexo, no sentido de prostituta' e 'muller sucia' que xa explicamos en *Retrincos da lingua* como orixinaria da familia de **goldrar** 'tinxir peles', procedente da voz gala *coldrer*, que ven do latín COLORARE.

Probablemente esta palabra **galdrana** recibiu tamén a influencia de **galdrapa** que hoxe se aplica á muller mal vestida e sucia, xunto con **galdrapeira**, pero que na súa orixe era o mesmo cá verba castelá *gualdrapa* 'cobertura de seda ou lá que cubría as ancas das cabalerías' e despois foi adquirindo en galego valores pexorativos.

En fin, paréceme que a voz **galdrana** é unha variante de **galdracha** e **goldracha** e tamén de **galdrapa** nos seus sentidos de 'sucia e farrapenta' e logo pasou, coma no caso de pelexo, a significar 'muller fácil ou prostituta'.

645. Unha baldreira e un bandallo

Nunhas páxinas de *A taberna do galo* retrata Celso Emilio Ferreiro a vida dunha muller de mala vida chamada Dema ou Cona en dulce: *A Dema foille puta fina... tiña segredos de cama... que ela sacara da súa propia sabencia no oficio de galdrana*, *porque era moi lista e gran baldreira*.

Xa falamos da voz **galdrana** e hoxe imos ve-lo que é **baldreira**, palabra que pertence a un grupo de formas: **baldragas**, **baldragán**, **baldragón**, **baldrallas**, **baldrana**, **baldregas**, **baldroeira**, **baldrocas**, **bal-**

droas, **baldrogas**, **baldrucas**, **baltroteira**, etc. que son variantes locais da verba máis espallada e orixinaria de todas elas: **baldreu**, se ben algún etimólogo busca outras etimoloxías diferentes para cada unha destas voces.

Baldreu, voz galega e portuguesa, seica é un francesismo de orixe moi controvertida que entrou na nosa lingua para denominar certa clase de pel curtida. Xa vimos con outras voces relacionadas con pel como despois pasaron a ser relacionadas con cousas sucias e posteriormente con persoas, tanto no seu sentido recto como no sentido figurado de persoas sucias moralmente.

A **baldreira** de Celso Emilio e de moitos falantes ten a mesma significación nese exemplo que a que lle dá a **baldreu** Castelao: *Malia o día que puxen os ollos en semellante baldreu... Qués ser un baldreu como moitas*?...

E un **bandallo** é unha verba derivada da voz **banda** 'faixa, tira' que significa en primeiro lugar 'farrapo' ou 'trapo vello' e logo pasou a denominar tamén á 'persoa sucia tanto no sentido recto coma figurado'. Cando chamamos a alguén **bandallo** ou coas súas variantes **bandallán**, **bandalleiro**, **abandallado**, ou **esbandalloso** queremos dicir que é un desleixado, desamañado ou un ser desprezable, ruín, desvergoñado ou desvergonzado.

Con estes últimos significados aparece esta voz **bandallo** usada por Celso Emilio na citada obra: *Mira iste bandallo* (está referíndose ó cura). *Dorme con dúas amas e ten catro fillos da herba que fai pasar por sobriños*.

Como se pode supoñer polo que acabamos de dicir **bandallo** pode substituír a **baldreu** para ser aplicado tamén a unha prostituta.

646. O negocio de alcaiote

Un **alcaiote** é, como din os diccionarios, un home que solicita e induce a algunha muller para que teña contacto carnal con algún home ou que encobre ou concerta na súa casa este comercio. E nun sentido un pouco máis amplo é tamén o home adicado ó negocio da prostitución como vemos nesta frase de *A taberna do galo*, de Celso Emilio Ferreiro: ...*Brasil*, *onde amañara unha pequena fortuna co negocio de alcaiote na correduría da prostitución consentida*.

E unha **alcaiota** é, pois, unha muller adicada ós mesmos oficios ca un *alcaiote*. Como dicía o P. Sobreira no século dezaoito é «a que desencarría fillos de familia e ademite cousas na súa casa».

Pero **alcaiotes** ou **alcaiotas** poden ser chamadas ademais aquelas persoas que encobren ou ocultan algo ilícito que non queren que se saiba. E neste sentido son bastante empregadas estas verbas segundo vemos nestes exemplos de de C. E. Ferreiro: *tiveche que vivir entre badúas... pícaros*, *desertores*, *desleigados*, / *monicreques*, *malandros*, *alcaiotes*; ...*Eiquí acouga a democracia representativa... alcaiota dos crimes xurispertos*, / *celestina dos rábulos*...

Alcaiote é voz procedente do árabe e está testemuñada nos textos antigos galegos e portugueses xunto coas variantes **alcagote**, **alcagüeteiro** e **alcagüete**, voz esta última que aparece rexistrada nos primeiros diccionarios galegos que non recollen as voces iguais ó castelán.

De **alcaiote**, para significar exerce-lo oficio de **alcaiotería**, naceu o verbo **alcaiotar** (coa variante **alcaiotear**), pero tamén foi usado o verbo **alcagüetar** alomenos polo poeta Vicente Turnes: *algún castigo*

merecen / os pais por alcagüetalos, e polo noso poeta de Celanova: *En impúdico pauto amalgamados*, / *o pícaro*, *o bribón*, *o proxeneta*, / *o sórdido truán que os alcahueta*.

Alcaiote, **alcaiota**, **alcaiotar**, **alcaiotería** son palabras normais da lingua galega de hoxe, se ben nalgún diccionario galego están recollidas as formas portuguesas máis usadas actualmente *alcoviteiro* e *alcovitar*, procedentes de *alcoveto* e *alcovetar* (derivadas tal vez de *alcova*). Faltan neses diccionarios outras palabras portuguesas sinónimas como *alcofa*, *alcofeiro* e *alcofitar* (derivada de *alcofa* 'cesto'), as citadas *alcagüete* e *alcagüetar*, e os brasileirismos *paude-cabeleira*, *cáften*, *cafetão*, *cafifa*, etc.

647. O terror dos malandros

Do libro *A fronteira infinda* son estas frases: *Un dos policías perguntoume si eu sabía quen era él. Son Luixi*, *o terror dos malandros coma ti*, *fillos de tal coma ti*, *coños de madre coma ti*, nas que aparece a voz **malandro**.

E no libro *Moraima* escribe C. E. Ferreiro un poema, "Noiteboa 1972", no que aparece de novo esta verba entre unha morea de palabras aldraxantes: *tiveche que vivir entre badúas / no pais dos mesquiños promotores / de vanida minifundia*: / *señoritos sin caste*, / *propietarios de pouco*, / *candongas de domingo*, / *merdellonas metidas a madamas*, / *pícaros*, *desertores*, *desleigados*, / *monicreques*, *malandros*, *alcaiotes*.

¿Que son os **malandros** dos que fala Celso Emilio? Desde logo, polo contexto non se sacaría facilmente a significación desta palabra non moi usada na conversa familiar e moi pouco empregada na nosa literatura. Dela teño outro testemuño do seu uso na obra *Os vellos non deben namorarse*, de Castelao, cando describe a personaxe chamada *O portugués*: *Malandro cazador de lebres corridas*.

A voz **malandro** só aparece rexistrada nalgúns diccionarios galegos como variante da voz **malandrías**, pero está moi ben definida nos diccionarios portugueses como 'individuo dado a abusar da confianza dos outros' e como 'preguizoso'. Pola súa orixe parece ser un derivado regresivo do citado **malandrín**, que si atopamos nos diccionarios galegos coma 'malvado, perverso, pillo'.

Debemos considerar esta voz **malandrín** como un castelanismo que esta lingua tomou, segundo o etimólogo J. Corominas, do italiano *malandrino* 'salteador' ou do catalán *malandrí* 'bellaco, rufián', aínda que antigamente estas palabras tiñan a significación de leproso que ía pedindo esmola. E estes leprosos eran chamados así porque tiñan a enfermidade coñecida co nome de **malandria**.

En fin, desde o sentido primitivo de leproso e pasando polo de pobre, preguizoso, vagabundo, salteador, etc., estas voces chegaron ó actual significado de perverso, malvado e mesmo de covarde, de astuto e de arteiro.

648. Alcalde de carallo ou alcalde do carallo

A palabra castelá *carajo* entrou por primeira vez no diccionario da Real Academia Española na edición de 1984, a pesar de ser voz popularísima e usada en tódolos niveis da lingua desde o nacemento do idioma, o mesmo cá súa voz correspondente en galego **carallo**, dos cales descoñecémo-la súa verdadeira orixe. Hai bastantes teorías sobre o seu étimo para que nos deteñamos agora a enumeralas.

Sen embargo esta verba considerada malsoante e non digna de aparecer nas obras lexicográficas castelás e portuguesas tivo a honra de ser citada no diccionario histórico inconcluso que a Real Academia Galega empezou a publicar en 1913, que a definía así: «Miembro viril. Bien quisiéramos suprimir este vocablo tan soez, indecente y bajo, pero su uso tan generalizado nos obliga a incluirlo. Además, tenemos el precedente de insertarlo Valladares en su vocabulario y el de aparecer en muchísimas composiciones del *Cancionero de la Vaticana*».

E o diccionario académico exemplifica esta palabra cos versos de Joan de Guillade: *mays cada que quyserdes cavalgar / mandades sempre a besta chegar / a hun carallo de que cavalguedes* e estoutros de Fernando Esquío: *A vos dona abbadesa / de min don Fernando Esquío*, / *estas doas vos envio / porque sey que soys essa / dona*, *que as merecedes*: / *quatro carallos franceses / et dous aa prioresa*.

Efectivamente xa M. Valladares en 1884 incluía a variante **caralla** (menos estendida na fala cá palabra **carallo**) no seu diccionario. Ámbalas dúas voces foron sempre recollidas nos diccionarios posteriores, aínda que nalgún se facía fincapé en que son vocábulos soeces. Desde logo os grandes escritores do pasado non as usaron.

Nas obras de Celso Emilio Ferreiro aparece frecuentemente a verba **carallo**, unhas veces no seu sentido recto de membro sexual do home: *Xacobe*, *douche dez pesos si me enseñas o carallo*...; *O carallán comentaba*: *Home pequeno carallo campante*...; ¿*Sería certo o que lle ouvira decir ó Rocha*... *respecto a que si cona e carallo son de lei*, *mandan máis que El Rei*?

Outras veces está empregada no sentido popular de 'tío': *Nesta puta vida calquer carallo*, *si ten mando*, *abusa*...; *Un deles decía*, *iste carallo queda borrado do mapa*..., e outras na expresión *do carallo* para cualificar 'algo ou alguén de pouco valor ou importancia': *e ti facéndote o mártir*, *porco do carallo* ou na expresión *de carallo* para significar 'excelente, estupendo', segundo vemos neste longo exemplo tan clarificador de *A taberna do galo*: *A Encarnación dos carallos*. *A palabra carallo empedraba decote a súa conversa*. *Imos a ver*, *díxolle a un sobriño que fora nomeado alcalde*, *si agora* eres *un alcalde de carallo ou un alcalde do carallo*, *que che son dous alcaldes* ben diferentes.

649. Mandar todo ó carafio

Temos que completa-lo uso figurado da voz **carallo** en exclamacións (consideradas socialmente malsoantes e soeces) para manifestar admiración, sorpresa ou anoxo: *arre carallo*, *manda carallo*, etc. Vexamos estes exemplos de Celso Emilio Ferreiro: *e que agora me alcontre tan soíño e abandonado*, *manda carallo*... *e facía unhas copras e cantares descontra os caciques*, *que mandaban carallo*.

Sinalemos tamén outras expresións ponderativas e pexorativas das que forma parte esta voz: *éche un carallo* dise de alguén que fai todo ben ou todo mal ou é moi divertido, etc.: *chove de carallo* equivale a chove moito, *e non vale un carallo* a non vale nada...

Pero en galego existiron e existen voces substitutivas desta voz como **caracha** (que ten as variantes **caracho**, usada por A. Fole, **caráchola** ou **carácholas**) da que o diccionario da Real Academia Galega daba a seguinte definición: «interjección equivalente a otra muy inculta y soez cuya descripción por ahora omitimos, pero más suave y menos gráfica que ésta», seguindo as definicións de F. J. Rodríguez: «equivale a **carai** (da que existen as variantes **caraina** e **carainas**, engadimos nós)... pero de un modo tan disfrazado que apenas da escándalo», ou de Cuveiro: «equivale a otras más obscenas», ou de M.

Valladares: «equivalente a otras menos disfrazadas y que sin embargo evita y debe evitar toda persona bien educada».

Celso Emilio emprega o eufemismo **carafio** nun poema de *Cimenterio privado*: *Pro*, *por si chegase o intre de mandar todo ó carafio*, / *meu vello can de palleiro*, / *meu Celso Emilio Ferreiro* / *vai facendo un epitafio*, voz que xa usou no século pasado Lamas Carvajal: *Haxa paz ¡carafio!* / *oubíndeme calma*...

Semellantes voces a estas son **carafe** (que ten as variantes **caráfita** ou **caráfeta**), **carapio** (coas variantes **carape** e **carápolas**), **carástolas** e **caráspeta** que temos rexistrada en Lamas Carvajal: *Traballiños que pasamos* / *non son pra ditos*, *caráspeta* en Curros Enríquez: *¡caráspeta! dixo falando entre dentes*.

Por último digamos que estes eufemismos teñen un competidor no castelanismo **caramba** que xa usou Rosalía: *¡Caramba*, *coa muller esta!* / *Dixo enfadado San Pedro*, e tamén Celso Emilio: *con tanto falar da bamba*, / *con tanto darlle á taramba*, / *con tanto bailar a rumba*, / *que por fin morreu*, *caramba*.

650. Doce coma o mel

Hai palabras que á primerira vista teñen unha significación moi concreta e clara, pero logo se nos fixamos nos contextos en que aparecen vemos que se afastan bastante do seu sentido orixinario. Vexámolo caso do adxectivo doce baseándonos principalmente no abundante uso que del fai nas súas obras Celso Emilio Ferreiro.

O sentido fundamental de **doce** (descendente do latín DULCEM*)* é o de 'que ten sabor coma o do mel ou do azucre': *A miña terra é doce coma o mel*..., *doce panal de meles imposíbeles*..., *veñan polas ricas laranxiñas de Valencia*, *doces coma zugameles (atopa famento de mel un doce panal*..., *o doce figo*, *(*de Pondal); *un resolio de mel tan doce*, *(*de Castelao).

Pero xa non ten nada que ver co mel ou co azucre, *o ferro doce*, *a frauta doce* ou *a auga doce* como tampouco certa clase de pan: *pois é pan mintireiro o pan dos ricos*, / *doce por fóra*, *por dentro amarguexa* ou certas clases de aromas, fragrancias, aires ou situacións temporais: *ceo de doce lume*..., *mañás páledas e doces* / *dun outono distante*...

¡Que lonxe está do azucrado o ventiño de doce gaitas..., *vella língoa* / *cun doce son de gaita entremecida*... *longas sombras* / *de doces cornamusas melancólicas*..., *ou o doce dialecto ou os doces cantares de Rosalía ou o doce idioma de Castelao!*

Doce pode ser igual a 'tenro': *I esas doridas nais de doces ollos*... *aquela tenrura espresada en doces e misieriosas palabras*...; ou a 'suave e agradable ó espírito': *sin os doces segredos das violedas*..., *o vento refungaba con doce mansedume*..., *meu doce corazón*..., *doce outono*..., *doces cumes*...; ou tamén a 'ditoso e feliz': *modelando no vento doces sonos*..., *doce topenexo que me acada*...: *e* mesmo a 'encantador, delicioso e atraente': *os menceres desta terra* / *son moi doces de durmir*..., *nas doces horas de taberna*..., *Galicia*, *doce mágoa das Españas*..., *doce Catalunya*..., *doce Asturias*...

Sen embargo a voz **doce**, como substantivo, conserva a base fundamental de que contén azucre: *tartas de queixo con cereixas en doce*..., *mercaba na pastelería un pacotiño de doces*.

Digamos, por fin, que de **doce** nacen as voces **docería**, **doceiro** e **doceira**, **dozura**, **adozar** e que a esta familia pertence a longa lista de cultismos: **dulcificar** e derivados, **dúlcido**, **edulcorar**, etc.

651. Brando berce

Lendo o poema "Muller espida con mar ao fondo" do libro *O soño sulagado* atopamos estes versos: *A mañá dorme núa e preguizosa / no brando berce do areal deitada*, nos que aparece a voz **brando** que Celso Emilio Ferreiro empregaba ás veces xunto cos seus sinónimos **mol** e **dondo**.

Resulta francamente difícil falar de auténticos sinónimos dentro do sistema dunha lingua. Se considerámo-lo que pasa nas linguas veciñas, vemos que as formas castelás correspondentes *blando / muelle / duendo*, non teñen o mesmo uso do que existe en galego. En portugués ocorre que *dondo* é pouco usado e o filólogo Antenor Nascentes dinos que *brando* se aplica a aquilo que cede facilmente ó tacto ou á presión, pero conservando certa consistencia e que *mol* se aplica a aquilo que cede á presión sen desfacerse por ten grande substancia no seu interior.

Coido que en galego non existe tal diferencia. Do mesmo xeito que C.E. Ferreiro fala dun *berce brando*, tamén Pondal escribe *morrer en brando leito*, pero Otero Pedrayo dinos que había *na corte un leito mol* e V. Risco fala dun *leito de prumas perfumado e mol*. A cama e a almofada son cualificadas de **mol** por Otero Pedrayo, pero a cabeceira é **branda** para Rosalía de Castro.

Pero **brando** toma os sentidos de suave, doce, benigno en moitos outros casos, como vemos nestes versos que C.E. Ferreiro adica ó río Miño: *Non queres emigrar como outros ríos / e prefires vivir rente da branda / paisaxe nutridora / pra morrer nela e abrazala*. A paisaxe é **branda** como poden selo tamén as augas rosalianas: *correron* as *brandas auguas... as brandas auguas ca luz...*

E **brando** pode se-lo sono: *Esta frol derradeira, brando sono / das miñas outras noites...* e mesmo a dozura: *Na boca / unha branda dozura*. Coido que nestes casos C.E. Ferreiro carga en **brando** as ideas de tenro, afable, agradable, como o fan outros escritores: *Que brando e melancólico sosego... brandos suspiros* (de Rosalía), *un doce e brando sono... polo pracer afeminado e brando* (de Pondal). Claro que V. Risco nos fala de alguén que *sinte un pracer dondo e lene*.

Estes sentidos figurados de **brando** aparecen usados adverbialmente por C.E. Ferreiro: *os vales / dormen brandamente... Lémbrote a ti, terra dos meus abós, / berce dos mortos meus durmindo brandamente / un sono de raigames e de nubes*. Do mesmo xeito que atopamos este *brando dormir*, rexistramos en Rosalía un *brando descansar* e en Curros *un brando se adormezan meus tristes pensamentos*, pero Otero Pedrayo fálanos dun *dondo morrer dos chaos no mar*.

652. O pequeno burgués mol

Dende aquil albre mol do paradiso, / dende a arcilla primeira, /... o corazón do vento non sosega, son versos de *Longa noite de pedra*, de C.E. Ferreiro, nos que atopámo-la voz **mol** como sinónimo de **brando** ou **dondo**, se ben a significación normal de **mol** fai que teñamos que pensar que a árbore do paraíso é máis ben para o poeta ourensán un arbusto ou unha árbore moi nova e, por tanto, tenra e **mol**.

Mol é voz aplicada ó toxo: *o novo toxo mol* (de Pondal), pero coido que a forma popular *toxo mol* ou *toxo molar* indica unha variedad de toxo que se opón sobre todo ó chamado *toxo macho*.

Un edén houbo eiquí de arcillas moles / i eiquí nasceron tódolos paxaros son versos da mesma obra citada e neles vemos que o significado de **mol** é claramente o mesmo de brando, significación similar ás que vemos noutros exemplos: *barrigas moles... carne mol* (de V. Risco), *carnes moles* (de Castelao) etc.

Tamén C.E. Ferreiro volve usar este adxectivo neste verso: *cheguei ás moles praias do mar quente*... A praia é pois **mol** como é ás veces a terra: *a terra escura e mol dos montes... a terra mol* di algunha vez Otero Pedrayo, pero outras veces escribe a *terra donda*, o mesmo que Castelao que fala das *terras verdes e dondas*.

C.E. Ferreiro emprega **mol** tamén no sentido de agradable, benigno, suave: *Nun grolo beberei a patria enteira*, / *que nesta tarde mol todo está permitido*. Naturalmente unha noite ou un outono igualmente poden ser **moles**: *unha noite mol... non mol outono* (de Otero Pedrayo).

Pero **mol**, partindo da significación de brando, pasa ás de fofo, frouxo, apático, preguizoso, etc. Falamos moitas veces de *actitudes moles*, dun *xesto mol*, ou dun *carácter mol*. E Celso Emilio na súa obra *Viaxe ao país dos ananos* retrata así os seus compatriotas da emigración: *Topenexando baixo escuros veos* / *aquiles seres moles*, *casi vermes*, / *coa voz neutral i os corazóns inermes* / *vexetaban sin luz*, *torpes i alleos*.

Tamén nas *Cantigas de escárneo e maldecir* describe así a algúns dos seus contemporáneos: *O badoco endomingado*, / *o franquista pousafol*, / *o forricas desleigado*, / *o pequeno burgués mol*.

¿Podemos seguir dicindo, tras ler todos estes exemplos, que **mol** é un exacto sinónimo de **brando** e **dondo**?

653. Unha donda Pontevedra

A voz **dondo**, procedente da verba latina DOMITUS que seguiu unha evolución fonética normal, significou primeiramente 'manso, doméstico', de acordo coa súa etimoloxía, pero logo foi adquirindo as mesmas significacións ca **mol** e **brando**.

Tal vez o sentido máis popular hoxe é o de brando, flexible, que non ten moita consistencia. En *Longa noite de pedra* fala Celso Emilio Ferreiro do *vendimador de dondos acios áticos rente ao mar* e do *Viaxe ao país dos ananos* son estes dous versos: *Farturentas colleitas*, / *dondos acios*, *cántigas de ceifa e de vendima*. En ámbolos dous exemplos os acios son cualificados de **dondos**, do mesmo xeito que calquera outro froito pode ser cualificado de **dondo** ou de **mol** ou de **brando**.

Tamén o corazón pode ser **dondo**, o mesmo cá pel: *tiña a donda pel do corpo*..., ou o pelo: *pelo dondo*... *fermosos*, *dondos cabelos*... (exemplos de Otero Pedrayo). Sen embargo Pondal emprega a voz **mol** para califica-lo seo: *seo comprido e mol*.

Pero noutros poemas de *Longa noite de pedra* Celso Emilio Ferreiro usa **dondo** no sentido de apacible e tranquilo, aplicándoo ó vento: *nin as lonxíncoas maus do vento dondo* / *que acariñan o mundo dende sempre*, e as sombras: *Vede que longas sombras dondas* / *pasan correndo*..., e a un sputnik co que compara o corazón do vento: *Ánxel Ferrant*, *o corazón do vento* / *é un sputnik dondo teletolo*.

Dondo, como indica xa o diccionario de Eladio Rodríguez, significa ademais ameno, grato á vista, coma o campo, apacible, tranquilo, sosegado coma o mar. Así non ten nada de extraño a cualificación que C.E. Ferreiro dá á cidade de Pontevedra no seu poema "O estranxeiro" da súa obra *Onde o mundo se chama Celanova*: *un Ourense labrador*, *unha donda Pontevedra*, / *unha Coruña frente ó mar*, / *unha Celanova esgrevia*,...

Volvendo ó punto de partida sobre a sinonimia de **brando**, **mol**, **dondo**, ¿sería posible neste último exemplo chamar **branda** ou **mol** á citada Pontevedra? Coido que non. As tres voces son sinóni-

mas para aplicalas a determinados conceptos e cousas concretas, pero non en tódolos conceptos e cousas son intercambiables.

654. Celmes manantíos

Do poema titulado "As matrias", do libro *Antipoemas*, de Celso Emilio Ferreiro, son os versos seguintes: *Fálavos do misterio / cando as nais fundadoras / tiñan nos ollos mar i alumeaban / os celmes manantíos onde abrollan / os solsticios vindeiros*, nos que aparece a voz exclusiva da lingua galega **celme**.

Non sabemos exactamente cal é a orixe desta verba que tal vez sexa unha variante da palabra tan coñecida **zume** que sufriu o influxo doutras voces. Acaso teña que ver coa voz latina SUMEN 'ubre'. Quizá ten algo que ver con **cerume** ou quizais con **cerne**...

Celme está xa recollida por Frai Sarmiento no sentido de xuízo e de substancia, e polo outro filólogo do século dezaoito Sobreira que a dá como sinónimo de alma, viveza, gracia, etc.

Hoxe non é moi popular na fala, pero os escritores emprégana frecuentemente. Nese sentido de substancia está usada por Otero Pedrayo, Blanco Amor, Guerra da Cal, etc.

Coa significación de esencia ou o máis exquisito, depurado e grato ó padal ou zume vémola usada por Castelao: *o zume e o celme do cristianismo ... dame celme do teu corazón ... as abellas zugaban un celme de mel ...*

Pero **celme** é empregada sobre todo como melosidade ou dozura na maneira de falar e no trato: *Ela ten un celme no falar* (Castelao), *de vellas palabras cheíñas de celme* (Iglesia Alvariño), *a túa fala que verteu na nosa o celme deleitoso* (R. Cabanillas), *non temos palabras con celme de divino son* (Pintos).

Con todo, temos que dicir que Celso Emilio emprega esta verba en función adxectival equivalente a substancioso ou saboroso: *celmes manantíos* son substanciosos mananciais.

Outros escritores, coma Otero Pedrayo, usan para estes casos o adxectivo **celmoso**: *Todo bo*, *sustanzoso*, *celmoso*... E sobre todo o escritor ourensán emprega a voz **celmoso** na significación de meloso, agradable, exquisito cando se refire á fala de alguén: *A dona* e as *criadas da pousada tíñanlle amor polo celmoso falar ... Estaba nunha casiña ca miña noiva*, *unha portuguesiña mimosa*, *celmosa*, *xeitosa*.

655. Tépedas mañás, mornas mañás

Do que non está nin frío nin quente, do que está temperado e, referido ás persoas, de quen non ten entusiasmo, nin enerxía de abondo, nin mostra ardor e é frouxo e indolente dicimos que é **tibio**, palabra común co portugués e o castelán e descendente do latín TEPIDUS.

Pero **tibio** non é moi corrente na actualidade no galego nin a usan a penas os escritores, tal vez polo afán de diferencialismo. Resulta moi curioso comprobar que na nosa lingua é máis popular o cultismo **tépedo**, que entrou non hai moito tempo no noso léxico e algo similar ocorre co portugués *tépido*.

E ó lado de **tépedo** existe outro sinónimo, **morno**, común coa lingua portuguesa e tamén moi popular, que ten unha orixe non clara. Hai teorías para tódolos gustos: palabra derivada das linguas xer-

mánicas a través do francés, voz da mesma orixe ca **bochorno** ou do latín vulgar AMORINARE ou de MURMUS, etc.

Tépedo e **morno** son voces, como diciamos, moi populares e moi usadas polos escritores e con significación idéntica. Vexamos esta clara sinonimia nestes exemplos de Celso Emilio Ferreiro: *son miñas as campás*, / *miñas as noites frías* / *e as tépedas mañás ... pregunto polas mornas mañás ... nas tépedas tardiñas do outono ... do mar nas tardes mornas ... as tépedas seráns ... e das mornas seráns* (C.E. Ferreiro usa a voz **serán** erradamente como feminina).

Nun poema fala o poeta ourensán da *dulce mañá i a noite morna* e noutro do *calado cristal da noite morna* e Castelao escribe tamén dunha *noite morna de vrán*, pero Otero Pedrayo cita unha *noite tépeda e mollada*. C.E. Ferreiro fala nun lugar dun *día tépedo*, pero Castelao dun día *morno de abril* e dos *días mornos de sol*.

No poema "O val" témo-lo seguinte verso: *Nunca en ningures houbo un sol tan morno*, onde aplica **morno** á voz sol, como o fixo antes Rosalía, e Castelao fala dun *cego que mornea ó sol*.

E poderiamos citar máis exemplos do uso de **tépedo** aplicado ó viño, ó beixo, á voz, do mesmo xeito que tamén un paxaro, unhas volvoretas ou un outono poden ser **mornos**.

656. A tribu apoupa

A verba latina PALPARE consérvase practicamente intacta, é dicir, sen evolucionar foneticamente en moitas linguas romances. Entre nós **palpar** mantén a súa significación orixinaria de tocar algo coas mans para recoñecelo ou examinalo.

Pero máis corrente ca **palpar** é o seu derivado **apalpar** (que ten un descendente **apalpadela**) que é forma popular e literaria. Véxanse estes exemplos de Celso Emilio Ferreiro: *Os homes viven*, *morren*, *sempre a cegas* / *camiñan apalpando a longa noite ...*, *taito sotil para apalpar as formas ...*, *deixádea apalpar os seus probes ósos...*, *apálpote e mastícote no aire...*

Sen embargo PALPARE evolucionou normalmente en *paupare* e logo en **poupar** (en castelán *popar*) mantendo o sentido primitivo nalgúns lugares, pero pasando a significar 'tocar con cariño', 'acariciar' e mesmo 'arrolar un neno' en moitas partes. E curiosamente tamén se dá a circunstancia de que se pode **palpar** algo para refugalo ou rexeitalo. De aí que **poupar** sexa equivalente a desprezar.

Os nosos escritores usaron a miúdo o seu derivado **apoupar** con esta última significación: *Anque me apoupen*, *anque* / *a porta se me atranque*, / *teño de entrar na irexa do convento* (Curros), *e como as aldraxa e apoupa* (López Ferreiro), *chegaron a inventar cantares para apoupalo* (Castelao).

Apoupar está empregado por Celso Emilio no sentido de 'censurar', 'ofender', 'aldraxar', como vemos neste exemplo dun poema do libro *Os autentes*: *Pro por máis que a tribu apoupa*, / *e berra*, *e inxuria*, *e predica*, / *véselle sempre a gadoupa* / *da vil condición bellaca*, / *que lle corre polas veas* / *como merda por cloaca*.

Tamén o ourensán Otero Pedrayo usa **apoupar** (*O bispo ... dixo que tés máis tisnes do inferno que do latinorio*, *apoupaba o Bocareu*) e **apoupear** con estes mesmos sentidos: *como un cancro apoupeado polas moitedumes católicas*, forma da que deriva **apoupeo** 'censura, burla': *fixo calar rexoubas e apoupeos...*, *da cociña chega un balbordo de cuncas e xerras*, *de apoupeos e de risadas*.

Resulta curioso comprobar que unha voz pode conservar ó mesmo tempo o seu sentido orixinario positivo e un novo sentido totalmente oposto: **apoupar** pode entenderse hoxe como acariciar e como aldraxar...

657. Doce nainas

Xa moitas veces fixemos mención de palabras de creación expresiva. Hoxe volveremos sobre outra creada polos nenos para chamar a quen coida deles. Trátase da repetición da sílaba *na*, é dicir, **nana**, voz moi espallada por Europa para denominar sobre todo a avoa, pero que na Península Ibérica foi aplicada sobre todo á muller casada e con fillos, ou sexa, á nai.

A palabra **nana**, practicamente desusada hoxe entre nós para designar á nai, tomou a significación do canto ou rourrou que as nais fan para adormenta-los nenos. E esta voz **nana**, por influencia da palabra **nai**, que é a que fai este labor, converteuse en **naina**.

Celso Emilio Ferreiro, no poema "As matrias", do seu libro *Antipoemas*, emprega esta voz: *Fálovos da esperanza*, / *cando as primeiras nais* / *cantaban nos solpores doces nainas* / *que ó vento adormecían* / *sobre o tépedo colo da paisaxe* / *nos segredos xardís do lusco-fusco*.

E o libro *Viaxe ao país dos ananos* remata cun poema que titula "Anaina para o Che Guevara", onde en vez de escribir **naina** escribe a palabra **anaina**. Non sei se esta voz ten existencia real ou é unha creación do poeta ourensán sacada do verbo **anainar**.

Sobre a verba **naina** foi creado o verbo **anainar** que ten loxicamente a significación de cantar **nainas** e adquiriu o mesmo sentido que ten a voz xa comentada **arrolar** ou **arrular** e que amplía o seu sentido ó de aloumiñar maternalmente a alguén e ó de namorar con palabras afagadoras.

Anainar é voz recollida por diccionaristas, dialectólogos e paremiólogos e así mesmo empregada por escritores coma Leiras Pulpeiro, Iglesia Alvariño ou Castelao, que na obra *Os dous de sempre* narra o seguinte: *Unha mañán entra no comercio un gaucho chatún*, *e dispois de engulir dous vasos de xinebra pide a guitarra e ponse a destecer «estilos»*, *como si quixese anainar uns amores contristados*.

658. Garatuxas, moxegóns e apalpadelas

Un dos relatos de *A taberna do galo* ten por título "Onde o Emiliño perde a pouca inocencia que lle quedaba" e nel cóntase como o *Emiliño andáballe enriba do bulto á Duara*, *e nas poucas veces que a topaba soia polos corredores puñánselle os ollos relampados e dáballe unhas arremetidas de garantuxas*, *moxegóns e apalpadelas*.

As arremetidas que o Emiliño daba á Duara eran en primeiro termo **garatuxas** (coido que figuran **garantuxas** por errata), que son caricias, pero caricias esaxeradas e excesivas, con demostracións de afecto moi «visibles». Esta palabra que se corresponde coa castelá *garatusa* (da familia de *engatusar*) seica é un provenzalismo e ten a variante **garachuza**.

Pero o Emiliño daba tamén a Duara **moxegóns**, voz que non atopo en ningún diccionario. Desde logo non pode ser un aumentativo de **moxega** ou **muxega** ou **moega** que significa o mesmo cá palabra castelá *tolva*, 'caixa do muíño onde se bota o gran'. Pero existe a voz **moxegar** (coa variante **amoxegar**), procedente do latín MORSICARE 'mordiscar', que significa 'adenta-las castañas para asalas' e que nalgúns lugares da provincia de Ourense é sinónimo de **beliscar**.

Por tanto coido que do mesmo xeito que de **empuxar** nace **empuxón**, de **moxegar** sae **moxegón** que supoño que debe ser voz oída ou creada por Celso Emilio para significar **belisco**.

E o Emiliño, á parte das caricias esaxeradas e dos beliscos, arremetía contra a Duara tamén con **apalpadelas**, que define moi ben o diccionario de Eladio Rodríguez como apalpaduras lixeiras ou «manoseo entre jóvenes de distinto sexo».

Está ben claro que **apalpadelas** é un derivado do verbo **apalpar** e forma parte da locución **ás apalpadelas** (dise tamén **ás apalpadas**) que significa 'guiándose polo tacto' como vemos nesta frase de Otero Pedrayo: *O señor Tutano está caíndose de borracho*, *ás apalpadelas cunha criada*, *galga fina*.

659. Coxear e trenquelear

A palabra **coxear** é voz común ben coñecida, derivada de **coxo** que procede do latín vulgar COXUS, que está relacionado coa cadeira. Celso Emilio Ferreiro fálanos en *A fronteira infinda* dunha personaxe que **coxeaba** polas malleiras recibidas: *Cando chegamos á oficina eu iba xa coxeando e levaba un ollo amoratado... Eu paseaba polo patio coxeando e achegouse a min un militar*.

Se **coxear** significa andar ou camiñar inclinándose para un dos lados por doenza ou defecto nunha perna, non vexo a razón de por que algúns diccionarios dan como sinónimo desta voz o verbo **trenquear** e as súas variantes, que podemos definir como andar **trenco**, pois esta voz tampouco é sinónima de **coxo**.

Dise dunha persoa que é **trenca** cando tén as pernas tortas e metidas para dentro de tal xeito que se van rozando os xeonllos. Otero Pedrayo facía este retrato: *pernas como raíces de carballas*, *retortas e trencas*... Claro que ser **trenco** non debe ser gran desgracia como vemos nos versos de Rosalía nos que se pide a San Antonio un home *anque os pés teña coxos*, / *mancos os brazos... Que zambo ou trenco*, / *sempre é bo ter un home para un remedio*.

Trenco, como vemos nesta frase de *A taberna do galo*: *Agora o Furriel vive na vila*, *un pouco trenco é enrugado*, *pro non vencido*, adquire tamén o sentido de 'baldado', 'impedido', significacións que nos veñen moi ben para explica-la etimoloxía desta voz exclusivamente galega. Coido que a orixe desta palabra está en **rengo** ou **renco** (do xermánico *wrankjian* 'torcer') que recibiu o *t-* inicial por cruce de palabras como **tranco** (moi vivo aínda en portugués), **tranca**, **trambalear**, **tremblar**, etc.

De quen anda **trenco**, dicimos que **trenquea** (hai a variante **tranquear**), **trenca**, **trencolea** (hai **trencolear**) ou **trenquelea** (existe tamén **tranquelear**). Esta voz **trenquelear** é empregada por Celso Emilio en *A fronteira infinda*: *Horas máis tarde viron baixar a Guaica montado nun burriño anano*, *que trenqueleaba lentamente*, e por outros escritores como Curros (*Italia marcha dereita e Galicia trenqueleando como unha vella tolleita*), Risco (*sudaba*, *bufaba*, *trenqueleábanlle as pernas*) e Castelao (*aquel animaliño... trenquelea pola veira dos camiños*).

660. Padecendo de torzón

Lendo estes versos do libriño *Paco Pixiñas*, de Celso Emilio Ferreiro: *Un torozón finou cos teus días*, / *cómo te alcontras Paco Pixiñas*, atopei esa voz **torozón** que pensei que se trataba dunha errata pola palabra tan corrente **torzón**.

Pero despois volvín atopala no poema "O hincha" (da súa obra *Cimenterio privado*: *Mais deulle tal torozón / cando quedou campeón / o odiado equipo contrario*, / *que por dous goles a un / xace na fosa común / iste badoco gregario*. E tamén aparece en *A taberna do galo*: *un burro...*, *salvo que esté padecendo de torozón*, *ponse de inmediato a come-los (feixes)*.

Daquela xa non pensei que se trataba dun erro de imprenta. Para Celso Emilio ten vixencia a voz **torozón** que é evidentemente un castelanismo, a non ser que pensemos que sexa unha variante moi pouco estendida (non a temos rexistrada en ningures) da forma **trozón**, empregada nalgúns puntos da parte occidental de Galicia en lugar da palabra normal **torzón**.

A verba galega **torzón**, xunto coa portuguesa *torção* e a castelá *torozón*, é descendente da voz latina TORTIONE que xa significa máis ou menos o que a voz galega: torcedura, movemento violento que fan as bestas cando teñen enterite, a enfermidade mesma e, naturalmente, pode ser aplicada tamén ós seres humanos. Hoxe é sinónima da voz castelá *retortijón* ou do cultismo **cólico**.

Nos diccionarios aparece como sinónimo de **torzón** a voz **torcellón** (portugués *torcilhão* e castelán *torcijón*), que procede directamente do verbo tan corrente **torcer** *(torcín un pé e caín no chan... ninguén torcerá a miña pauta)*, do cal naceron tamén outras voces con significacións similares coma **torcedura**, **torcedela** 'torcedura de pouca importancia', etc.

E cun sentido curiosamente algo distinto, porque non dá sensación de tanta dor, témo-la palabra **retorzón** 'distensión muscular'...

661. Domeando o zarrizo

A columna vertebral é coñecida en todas partes popularmente como **espiñazo**. ¿Cantas veces empregamos esta voz dicindo frases coma *dóeme o espiñazo* ou *Xan non fai máis que dobrega-lo espiñazo*?

Do uso desta verba por parte dos escritores recordo uns versos de Curros Enríquez: *Este é crego de entrámbolos remos / aquel outro cacique do raño / este ten un Marat nas costelas*, / *doise aquel dun Sylock no espiñazo*.

Pero hai outras palabras correntes no sur da provincia de Lugo e grande parte da de Ourense que son sinónimas da voz **espiñazo**. Trátase dunhas voces que tal vez sexan derivadas de **cerne** ou de **cerro**. Son as seguintes: **cernizo**, coas variantes **sernizo**, **zarnizo** e **sarnizo**, que dan a impresión de derivar de **cerne** e **cerriz**o, coas variantes **serrizo**, **zarrizo** e **sarrizo**.

Celso Emilio Ferreiro mostra a súa orixe ourensá co emprego da voz **zarrizo** como sinónima de **espiñazo** segundo vemos nestas frases que tomamos da súa obra *A taberna do galo*: *gastaba moitas finezas coas mulleres que pasaban pola súa tenda. Até lles bicaba a man domeando o zarrizo como si foran marquesas*.

Tamén no poema titulado "Gabanza dos canteiros", do libro *Longa noite de pedra*, empregou esta voz **zarrizo** que a xulgar polo contexto debemos interpretar no sentido figurado de esqueleto, osamenta ou estructura. Vexamos eses versos: *A palabra de Dios / abriu a noite pecha / ao mencer do comenzo*, / *diástole e sístole*, / *en coágulos de rocha latexante*. / *Purros teitónicos / ergueron o zarrizo xeolóxico*, / *a pétrea arquiteitura da nai terra*, / *a primaria estructura das montañas...*

Coido que queda claro o significado de **zarrizo** neses versos, pero non o está o significado da palabra **purros** que eu descoñezo e que non atopei nas obras léxicas consultadas. Eu vexo dous camiños

de interpretar esa voz. Pode que se trate dun erro por **xurros** ou **zurros**. Naturalmente que se podería falar de *xurros tectónicos* capaces de crea-la estructura xeolóxica da terra...

Con todo, podemos tamén interpretar que esa voz **purros** fose escrita así como variante de **purrios** que é unha verba propia da xerga dos canteiros e que equivale a señores, patróns ou xefes. Naturalmente que os *purrios tectónicos* serían quen de ergue-lo espiñazo xeolóxico, a arquitectura terráquea e a estructura das montañas...

En fin, o uso da voz **zarrizo** por parte de Celso Emilio é normal como falante ourensán, pero o emprego de **purros** ¿queda claro para o lector? Dubídoo...

662. Sentía o corpo como acambrado

Da obra *A fronteira infinda*, de Celso Emilio Ferreiro, é o seguinte parágrafo no que se narran os efectos dunha tremenda malleira: *Eu sentía o corpo como acambrado e movía a cabeza dun lado pra outro*... Nel aparece a voz **acambrado**. ¿Que significa esta palabra?

Non aparece nos diccionarios, pero si atopamos no da Real Academia Galega un verbo **acambrar** (do cal podería se-lo seu participio) que está definido así: «En Puenteceso, planchar, estirar una pieza con la plancha», definición que se recolle no de Eladio Rodríguez cambiando o principio: «En la comarca de Bergantiños...» Os de Ir Indo e Alonso Estravís definen así este verbo: «engomar roupa».

Os demais diccionarios non recollen esta verba e non sei se C.E. Ferreiro coñecería esta voz da zona de Bergantiños. Eu coido que **acambrado** quere dicir neste texto 'que ten cambras', que é o mesmo có castelán *acalambrado*.

Cambra, palabra probablemente de orixe xermánica, está bastante espallada por toda Galicia e ten as variantes **cambria** e **cambia** polo galego oriental. En portugués existe *câimbra* e *cambra* e no castelán temos *calambre* que ultimamente está penetrando en Galicia. O noso escritor ourensán emprega o castelanismo **calambrazo** na mesma obra citada: *ti sabes o que tes que facer si non queres levar un calambrazo no cú*...

Témo-la constancia do uso da voz **cambra** en *Os dous de sempre*, de Castelao: *¡Ameneia ese corpo, babión, que che vai da-la cambra!*

Así pois, penso que te-lo corpo como **acambrado** quere dicir que se ten o corpo con fortes dores musculares causadas por contraccións espasmódicas, neste caso orixinadas por unha tunda ou somanta.

Quero, finalmente, lembra-la existencia dun adxectivo moi estendido por toda Galicia que debe ter relación con esta voz, **cambro**, **cambra** que se aplica ós animais que teñen algunha pata paralítica.

663. Careca e larapio

Na obra *Cantigas de escárneo e maldecir* escribe C.E. Ferreiro un poema titulado "O vice-home", cheo de furia e rabia contra un contemporáneo, que comeza así: *O rostro de vilán, mondo lirondo, / remata nunha cúspide careca / i a súa torva imaxen de boleca / esconde un can hidrófobo no fondo*.

Este *vice-home* ten unha cabeza rematada por unha **careca**. Non sei se esta voz portuguesa está usada conscientemente como tal lusismo polo poeta de Celanova ou se a aprendeu dalgúns falantes da zona limítrofe con Portugal que a empregan ás veces.

A voz **careca**, de orixe descoñecida (algún etimoloxista cre que procede da lingua dos Cafres), é un vulgarismo para designar unha persoa que non tén cabelo, é dicir, un calvo, e tamén nalgunhas linguaxes argóticas é empregada para denomina-lo pene, un queixo, o demo e mesmo un neumático gastado.

Se esta palabra fose galega, pensaría na posibilidade dunha creación expresiva popular partindo da verba **cara** máis ese sufixo *-eca*, xa que a **calva** podería recibi-lo nome pexorativo de **cara**. Téñase en conta como de **baba** saíu **babeca**, de **bola**, **boleca** e como hai varias palabras con esta terminación: **foleca**, **moneca**, **caneca**, **faneca**, etc.

A forma tradicional galega **calvo** é usada hoxe normalmente na lingua popular como na lingua literaria desde os primeiros escritores *(anque calvo quedou como san Pedro*, de Rosalía), *facéndose de conta / que a ocasión a pintan cal*va, (de Lamas Carvajal) ata os actuais.

En *A taberna do galo* si usa C.E. Ferreiro conscientemente o lusismo **larapio**, voz tamén popular actualmente e de orixe descoñecida que significa **ladrón**: *Como din os portugueses*, *¡que larapios! ¿Pódese saber dos ladroeiros da vila*?

Non teño referencia do uso desta voz en ningún outro autor nin en ningunha fala popular.

664. Tatexa e zarabeta

Quen fala articulando os sons con dificultade, con repeticións constantes e con tempos mortos é que **tatexa**, **gaguexa** ou **zarabetea**. Todas estas palabras foron creadas en imitación dos sons producidos por quen fala dese xeito.

Tatexar é usado varias veces por C.E. Ferreiro nas súas obras no seu recto sentido: *Vós nunca entendedes estas cousas*, */ estas fontes tan fondas*, *sin palabras*, */ que nas palabras xurden latexando / coma meniños nados nun hospicio... Amigo Mombó*, *diga algo prá imprensa*, *pediulle o xornalista*. *Mala sorte*, *tatexou Mombó*, *e quedouse calado pra sempre*.

E o adxectivo aplicado a quen **tatexa** é **tatexo**, como o vemos usado en *A taberna do galo* cando o poeta ourensán fai unha descrición de "A Rula": *Pra disimular que era tatexa*, *arrulaba ó falar*: *aaa miñaa mamalleee*, *queen grooriaa eestélle*...

Temos que dicir que popularmente ó lado desta palabra **tatexo** conviven outras variantes tan expresivas: **tatabello**, **tatabexo**, **tatexón**, **tatelo**, **tato** xunto con **gago**, **gagoso**, **gagexo** ás que poderiamos engadir **tartexo**, **tartamudo** e mesmo as formas máis cultas **balbo** e **balbucinte**.

E tamén popularmente e así está recollido nos diccionarios a voz **zarabeto** (ou a súa variante **zarapeto**) é aplicada a quen **tatexa**. Sen embargo debemos dicir que a voz onomatopeica **zarabeto** foi creada para aplicala a aqueles que por defecto físico falan cambiando o son representado pola letra *s* polo representado pola letra *z*. Por iso os **zarabetos** son chamados tamén **zazos** ou **zazosos**.

Nas *Cantigas de escárneo e maldecir* C.E. Ferreiro ridiculiza un individuo (o poema xa se titula graficamente "Xudas Iscariote") que é un desertor ou virachaquetas que reza pola noite a Azaña e polo

día a Franco. O poema comeza así: *Vede a pinta payasa e zarabeta / diste fósil metido nun cascote*, / *que transporta por dentro un Iscariote e por fora un Cantinflas con corneta*.

Sen ningunha dúbida a voz **zarabeto** está aplicada nun sentido pexorativo, pero este Iscariote ¿é un **tatexo** ou un **ceceante**?

665. Engalicou a moita xente

Xa noutras ocasións fixemos referencia da personaxe de *A taberna do galo* chamada Dema ou Cona en dulce falando das voces **galdrana** e **baldreira**. Hoxe volvemos tratar dela para comentar outra voz atinxinte ó mundo no que ela se movía.

A Dema foi alcumada así pola seguinte razón: *Puxéronlle o mal nome porque disque engalicou a moita xente de farra e rebulicio*. Na mesma obra, un pouco máis adiante volve aparece-la mesma explicación: *Puxéronlle o mal nome porque seica engalicou a meia provincia*.

En ámbolos dous textos atopámo-lo verbo **engalicar** que non aparece nos diccionarios galegos nin portugueses, pero polo sentido comprendemos que **engalicar** é dar ou mellor traspasar a outro o **gálico**. De tódolos xeitos debo dicir que a forma **engalicado** aparece no *Glosario de voces galegas de hoxe* como existente en Melide e aplicada a quen ten o **gálico**.

Galicoso, é dicir, que ten o **gálico**, é voz coñecida nalgunhas partes de Galicia e aparece rexistrada nos diccionarios modernos. E por fin digamos que o **gálico** é unha abreviación do **mal gálico**, que tamén é coñecido como **mal francés**, enfermidade seica nacida en Italia, pero que os franceses transmitiron ós demais europeos a principios da Idade Moderna.

O **mal gálico** é coñecido tamén entre nós como o **mal cativo** e, sobre todo, como o **mal ruín**. Este **mal gálico**, **cativo** ou **ruín** é chamado nalgún diccionario moderno **lues** (cultismo procedente do latín LUES 'contaxio'), e **luético** chámaselle ó **galicoso**. Ámbalas dúas voces son, coido, descoñecidas en Galicia na fala popular e por tanto só se empregan no nivel culto.

O nome científico desta enfermidade infecciosa que se transmite xeralmente por contacto sexual é **sífilis**, voz que é usada tamén popularmente do mesmo xeito que **sifilítico** 'enfermo de **sífilis**'.

Así pois, **engalicar** é 'transmiti-la sífilis'.

666. O can topenexaba

No libriño *Follas da lingua* comentamos aqueles versos de Rosalía de Castro que din así: *vellos e vellas*, *mentras monean* / *silvan as salves*... onde explicabámo-la voz **monear** 'dar cabezadas co sono' que está moi espallada pola parte occidental da provincia da Coruña.

Dar cabezadas co sono pode expresarse tamén en galego mediante o verbo **cabecear** que é como din portugueses e casteláns, pero coido que este verbo é moito máis usado nas nosas aldeas e vilas do interior para indicar que dúas leiras lindan polas súas cabeceiras e nas poboacións mariñeiras para indica-lo movemento dun barco subindo e baixando a proa.

Ademais de **monear** (e naturalmente **cabecear**) hai outras verbas que significan 'dar cabezadas co sono' como son **toquear**, **toquenear**, **toconear**, que deberon de nacer como derivados de **toque** no seu sentido orixinario de 'choque', e **topear**, **topenar**, **topenear**, **toupenear**, **topenexar**, etc. que naceron como derivados de **tope** 'choque, golpe'.

Estas últimas son moi populares na provincia de Ourense e de entre elas, que eu saiba, a que conseguiu un uso literario foi **topenexar** que xa foi empregada por Curros Enríquez: *Cal can que obedece ó dono senteime e vinme entre xentes que topenexan co sono*.

Celso Emilio Ferreiro fai bastante emprego desta voz. Así no libro *Viaxe ao país dos ananos* presenta ós irmáns da emigración da seguinte maneira: *Topenexando baixo escuros veos / aquiles seres moles*, *casi vermes*, / *coa voz neutral i os corazóns inermes / vexetaban sin luz torpes i alleos*. Pero tamén **topenexan** os cans e mesmo a tarde nun sentido figurado como vemos nestes exemplos de *Terra de ningures*: *o can topenexaba deitado rente ao lume ... lentos bosques de outono*, *onde o serán topenexa*.

Naturalmente son case sempre os homes os que **monean** co sono como o insomne don Oscar: *No amencer*, *don Oscar lograba topenexar un pouco*, *pro sempre aparecía na rúa un borracho que o espertaba cos seus cantos* (de *A taberna do galo*) ou coma os soldados cansos: *E os soldados da patrulla*, *cansos pola dura camiñata*, *topenexaban arrimados ao muro do corral*.

En *O soño sulagado* atopámo-lo emprego do nome derivado deste verbo **topenexo** 'acción de **topenexar**': *¡Kikiriki! De pronto*, *os automóviles*, / *os tranvías e as fábricas / comenzan a lixar cos seus bruídos / o doce topenexo que me acada*.

667. Cos pés por diante nunha padiola

Na súa obra *A fronteira infinda* cita Celso Emilio Ferreiro a palabra **padiola** por dúas veces: *traguían o emburullo do morto nunha padiola prás cirimonias do rito funeral*...; *Deiquí somente ten dúas maneiras de saír*... *E outra*, *cos pés por diante nunha padiola pra ser enterrado no monte*.

Coido que, polos contextos en que aparece esta voz, se pode entender ben a súa significación de «angarilla, parihuela formada por dos brazos como de metro y medio a dos de largo», como di o diccionario de Eladio Rodríguez, ou «especie de angarella formada por un taboleiro ou tea rectangular e máis dous varais» como di o diccionario de Xerais, que engade o seguinte exemplo: *o xogador lesionado foi retirado en padiola do campo*. E coma a palabra é portuguesa tamén escollo esta definición do diccionario de Aurélio Buarque: «especie de cama de lona, portátil e desmontável, na qual os padioleiros transportan doentes ou feridos».

Como vemos polos exemplos de C.E. Ferreiro nas **padiolas** á parte de transportar lesionados, doentes e feridos pódense tamén levar mortos cos pés por diante.

Hai toda clase de conxecturas e opinións sobre a orixe desta voz que xa citan Sarmiento e Sobreira no século dezaoito. Quen máis se aproxima ó que eu teño por etimoloxía certa é a suposición de Corominas (que a rexeita por falta de datos) de que **padiola** tería algo que ver coa voz portuguesa *padieira* que Morais define como «verga superior de janela ou porta». **Padieira** é tamén voz corrente en galego como 'viga superior dunha porta, dunha fiestra ou dun tellado'.

Corominas descoñece que si existe en galego a voz **padia** (coa variante moi estendida **pádea**) coa significación de 'peza de madeira colocada no remate das paredes para asenta-las vigas que sosteñen o

tellado'. Esta voz procede do latín PATINA 'viga do tellado' que evolucionou en galego normalmente, do mesmo xeito que CUTINA deu **codia** e **códea**, ou FEMINA, **femia** e **fémea**, ou LAMINA, **lamia** ou ACINU, **acio**, etc.

E de dúas pequenas **padias** ou, con ese sufixo un tanto despectivo *-ola*, **padiolas** naceu ese obxecto que leva o nome de **padiola**. Pénsese en formacións similares: **aldeola**, **bandeirola**, **barbaxola**, **barrigola**, **fitola**, etc.

668. Carregaron os angarellos

Na seguinte frase de *A fronteira infinda* emprega C.E. Ferreiro a voz **angarello** (*carregaron os angarellos coa mercadoría nos asnos*) que podemos definir como armazón de madeira que se coloca no lombo dunha besta equina ou asnal, pendurando a ámbolos lados, na que se poñen cousas para ser transportadas.

Teño a impresión de que esta voz é unha masculinización das **angarellas**, voz moi estendida para indicar unha armazón ou un taboleiro cuns paos longos que serven para transportar terras ou pedras ou froitos e que levan dúas persoas. Coido pois que hoxe os campesiños diferencian ben entre **angarellos** e **angarellas**.

Non sei se ámbalas dúas verbas son autenticamente galegas ou son un calco da voz castelá *angarillas* porque rematan con estas terminacións *-ello*, *-ella*, xa que na nosa lingua non poden rematar así as palabras que proceden dunha forma latina acabada en *-ella* (ANGARIELLA). Ademais está viva nalgunhas partes de Galicia a forma **angarilla** no mesmo sentido das voces citadas, o cal fai que pensemos que as primeiras son unha «regaleguización» da verba castelá.

Curiosamente temos que constata-la existencia da palabra **angarela** 'cabalete de madeira de que pende a gramalleira para colga-lo caldeiro ó lume da lareira' que sen dúbida procede da mesma familia léxica e que conserva a evolución fonética normal do latín ó galego. Por iso e porque en portugués non existen esas voces lévanos a pensar que as **angarellas** e os **angarellos** son calcos do castelán.

Para transporta-lo que transportan as **angarellas** podemos emprega-las **andas** (que ten a variante **andias**), procedente da voz latina AMETES, que ten un grande uso nos textos medievais. Pero actualmente as **andas** empréganse para levar imaxes ou mesmo persoas *(Acabada a misa o Papa subiu nunhas andas de ouro que levan cardeás*, escribe Curros Enríquez) e tamén féretros ou ataúdes.

En fin, das ANGARIELLAE medievais saen as **angarelas** das lareiras e a través do castelán saen as **angarellas** e os **angarellos**, e das AMETES 'colgadoiros' latinos xorden as **andas** (sinónimo de **angarellas**) que foron na Idade Media leitos transportables e poden ser hoxe cadaleitos.

669. Durme tranquilo no teu sartego

O país predilecto de Celso Emilio Ferreiro é un país que produce ó ano *oitenta mil arrobas de maletas*, / *dous mil metros cuadrados de ataúdes*... que van repousar nos **buratos**: *xa estás quediño e soio*, *sin remedio*, / *inmobre coma un bichiño calisqueira*, / *esquecido dos homes nun burato*, ou **buracos**: *máis adiante*, *onde está o buraco dos enterros*. *Non*, *aquil buraco xa está cheo*...

Tamén poden repousar nas **covas**: *unha moitedume... asistíu en silandeira comitiva até a mesma cova onde a infeliz foi soterrada*, ou nas **tumbas**: *e faremos unha soia tumba igualitaria... Iste que cos pés pra adiante / xaz no escuro desta tumba...*, que están recubertas polas **campas**: *istes rexos muros que contan as campas / son un monumento da idiotez humán... Tiña tan desenrolada / a cobiza propietaria*, */ que mandou escribir na súa campa*: */ iste sartego / é propiedá de quen o ocupa*.

Nestes últimos versos aparece a voz **sartego** que é verba moi do gusto de Celso Emilio, porque a usa moi a miúdo: *Epitafio sin sartego...* As *chairas sementadas con lemas podrecidos / trocáronse en sartegos... soergueuse a lauda que cobría o sartego... E cando chegue o día do xuicio / choutarei do sartego... Das malas língoas non fagas precio*, */ durme tranquilo no teu sartego...*

Esta voz **sartego** empregada tamén por outros escritores *(Na parte de adiante do sartego*, *(*de V. Risco), *un añiño marcaba o sartego dun neno... sartegos de aldea... Este sartego encerra... (*de Castelao) ten sen ningunha dúbida relación coa voz culta **sarcófago**, usada no nivel superior da lingua, pero ¿puido a forma latina SARCOPHAGUS evolucionar foneticamente en **sartego**? Coido que non.

Pero é posible que ese cultismo se mesturase coas formas **sarteu** ou **sarteo** 'cavidade' e **sartañego** 'terreo de pouco fondo e mala calidade' que proceden da mesma voz que **sartén**, é dicir, da voz latina SARTAGO.

En fin, a palabra **sartego** é voz exclusiva da lingua galega.

670. Pexa a túa gula

Existía en latín a palabra PEDICA (derivada de PEDEM) coa significación de 'lazo para traba-los pés dun animal para impedirlle o movemento'. Esta voz deu orixe ás voces *piedica* do antigo italiano, francés *piège*, astur-leonés *pielga* e galego e portugués **pega**, que debe pronunciarse cun e moi aberto para distinguila da **pega** (cun *e* pechado) que é o nome do paxaro.

Pero como pasou noutros casos semellantes esta voz latina evolucionou tamén en **pedia** que, por unha banda, orixinou as formas **pea** (en galego) *e peia* (en portugués) e, pola outra, en *peja* (portugués) e **pexa** (galego), todas elas conservando a significación orixinaria latina e tomando tamén os sentidos figurados de traba de calquera tipo, obstáculo, impedimento, etc.

E desta forma **pexa** xurdiu o verbo **pexar** que non só significa poñe-la **pexa** ou a **solta** (que tamén se chama así en case toda Galicia a esa corda ou cadea que ata dúas patas dun animal para que non escape) a un animal, senón tamén impedir, poñer obstáculos a algo, estorbar, etc. Así escoitamos dicir *pexamo-lo muíño*, é dicir, *paramo-lo muíño*, porque lle puxemos unha **pexadoira** para impedi-lo seu funcionamento.

En *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro, hai un poema que comeza con estes versos: *Si foses a xantar con poderosos / coida ben a carón de quen te sentas. / Pexa a túa gula e couta os teus degaros...* onde vémo-lo uso de **pexar** coa significación de deter, obstaculizar, dificultar, cortar, impedir que se poña en marcha, etc.

No seu libro *A taberna do galo* escribe C. E. Ferreiro: *O Emiliño... vivía desacougado polas esixencias eróticas*, *cada día máis imperiosas*, *da súa carne moza*, *decote pexada polo medo ó pecado*, onde **pexada** ten o claro valor de impedida.

As voces orixinadas para significacións concretas poden coma neste caso adquirir significados máis amplos e, ás veces, xa lonxincuos da súa primeira acepción.

671. Tripaban o pranto dos humildes

O verbo **tripar** é usado varias veces polo poeta de Celanova Celso Emilio Ferreiro. Esta voz que ten o sentido normal de 'pisar' está xa recollida nos primeiros diccionarios galegos e así o de Marcial Valladares dá o seguinte exemplo: *tírate alá que me tripas*. Tamén o de Eladio Rodríguez contén **este** refrán: *o que parece que non tripa as herbas*, *por onde pasa tólleas*.

Tripar está rexistrado por Noriega Varela en *Como falan os brañegos* dando a seguinte frase: *non lle tripo as pallas do corral* que traduce ó castelán libremente «no atravieso los umbrales de su casa».

Pero non só as persoas *tripan*, como vemos nesta frase de Castelao: *nun lugar tripado polas xentes*, senón tamén os animais poden **tripar** segundo vemos neste texto de Otero Pedrayo: *Cando ía petar sintiu tripar un faco e apareceu dacabalo dun nervoso pedrés un home esguío*, ou nestoutro de Castelao: *o galo viña tripando a terra con aire belicoso*.

No libro *Longa noite de pedra* C. E. Ferreiro dá a este verbo un sentido figurado de pisar con violencia ou mesmo de esmagar: *Amoléceme*, / *esmágame*, / *trípame*. / *Fai de min un escravo*, / *unha cousa que chore cinza... reducíndome a número sumando* / *con dous tacós de aceiro nos zapatos* / *que tripaban o pranto dos humildes*.

E na súa obra *Viaxe ao país dos ananos* comprobamos mellor a carga semántica de violencia que C. E. Ferreiro pon nesta verba: *Son as máquinas* / *que van tripando aos fillos*, / *nos ventres fecundados... alí onde comezan os aldraxes*, / *ou berros tripados pola forza...*

Esta palabra **tripar** ten unha variante popular **trepar** que ademais de significar pisar adquiriu, en coincidencia co castelán e co portugués, o sentido de gatear ou agatuñar e parece moi probable que naceu da onomatopea *trep* ou *trip* que representa o ruído que fan as pisadas cando se anda ou se salta, se ben algúns etimólogos pensan que procede da voz xermánica *trippon* que significa saltar.

672. Penteaba a nosa cabeleira

No poema "Asturias" do libro *O soño sulagado*, de C. E. Ferreiro, aparecen estes dous versos: *Un vento acompasado en danza prima* / *penta o teu sono feito de ababoles* nos que atopámo-lo verbo **pentar** que non está rexistrado en ningún diccionario nin en ningunha monografía léxica.

Non temos outra solución que pensar que se trata dunha errata. Polo sentido parece claro que significa '**peitear**' e que debería aparece-lo verbo **pentear** que Celso Emilio emprega nestes versos de *Longa noite de pedra*: *A noite penteaba* / *a nosa longa cabeleira de bágoas*.

Pentear procede do verbo latino PECTINARE e está pois en relación con **pente**, procedente do latín PECTEM. Ámbalas dúas palabras latinas tiveron unha evolución bastante peculiar que deu orixe a tres formas semellantes. PECTINARE evolucionou normalmente, seguindo as chamadas leis fonéticas en **peitear**, voz moi espallada por toda Galicia e que existiu antigamente en Portugal, pero do derivado latino PECTINE tivo que xurdir *peitee* con nasalización das dúas sílabas, o cal deu orixe ó antigo portugués *pentem* (actualmente *pente*) e ó galego **pente** dalgunhas comarcas do Sur.

Sen embargo na maior parte de Galicia, ó perderse a nasalización quedou a palabra **peitee**, que ben nuns lugares simplificou os dous *ee* da sílaba final e orixinou a actual forma **peite** ou ben eses dous *ee* noutros lugares convertéronse en *ie* e ese *i* pasou á primeira sílaba orixinando a actual forma **pieite**. E de aí a existencia dos verbos **peitar**, **peitear**, **pieitar**, **pieitear** e **pentear**.

Os nosos escritores empregaron todas esas formas. Rosalía empregou **peitar** en *Cantares gallegos* (*que o gaiteiro*, / *ben lavado*, / *ben vestido*, / *ben peitado*...) e **peitear** en *Follas novas* /*peitea os longos cabelos*), forma que prefiren Otero Pedrayo (*donas con altos peiteados*) e Castelao (*unha doha encantada que ven a peitearse de mañán* cedo...). Pondal preferiu **pieitar**: *os cabelos pieitando* / *cun lindo pieite de ouro*.

E Celso Emilio Ferreiro optou pola forma **pentear** que temos rexistrada nalgúns lugares da provincia de Ourense e que é a forma actual portuguesa.

673. Rillo carne a diario

A Paco Pixiñas, personaxe principal dun libro de Celso Emilio Ferreiro, gustáballe moito **rillar**. Nun poema di: *Rillo carne a diario* / *no xantar e na cea*. / *Carne asada no almorzo*, *carne frita á merenda*... Pero **rillar** tanta carne trae consecuencias funestas: *Paco Pixiñas*, *zorro con eso*, / *fuche en carroza pra o cimenterio*. / *Tanto rillar na carne de cocho*, / *tanto rillar*, *maioute un arrouto*.

Rillar, co significado de 'comer roendo algo duro' ou de 'arrinca-la carne que rodea ós osos', é bastante usado polos escritores: *Rilla un anaco de pan*... *Nacíanlle novos dentes pra rillar o queixo da vida*... *rillaron as carnes loiras* (de Otero Pedrayo), *representaba un porco rillando nas froitas*... *e que non traballase*, *que rillase un coio* (Risco).

Parece que **rillar** (voz moi usada nas provincias de Pontevedra e Ourense) procede dunha forma latina vulgar RINGULARE 'abri-la boca para amosa-los dentes' que podería sen ningunha dúbida evolucionar na nosa forma galega e portuguesa. Pero ocorre que nas provincias norteñas está moi estendida a variante **rilar** cos mesmos sentidos citados que **rillar**. ¿Pode **rilar** proceder do mesmo étimo?

Como expliquei noutras ocasións as palabras non viven illadas e coido que voces como **rilar** e **rillar** que toman acepcións como 'molestar, atormentar, murmurar, soportar, etc.', deben «cruzarse» con outras voces como **ralar** 'converter en migallas un alimento', **rallar** 'raspar', **relar** 'rascalo liño', **rellar** 'poñer rellas', **rolar** 'facer xirar', etc. Por tanto non resulta doado separar claramente o que é propio e exclusivo dunha verba determinada.

Descendente de **rillar** é seica a voz **rilleira** que tanto significa o sinal que deixa a roda do carro no chan, como táboa lateral da cama ou respaldo dun escano. ¿Pero é seguro?

O que si me parece máis clara é a relación con estes verbos da palabra **rillote** 'pillabán, traveso, rapaz que pasa todo o día na rúa', citada por Celso Emilio en *A fronteira infinda*: *Outro estranxeiro máis* / *dixo o rillote que vendía os xornales*...

674. Sempre empuxando

O verbo **empuxar** é unha palabra normal que significa facer forza contra algo ou contra alguén para movelo ou intentar movelo, segundo vemos por estes exemplos das obras de Celso Emilio Ferreiro: *saúdo a Xoán Miró* / *que sabe conciliar a luz contraria* / *e sumar as eternas forzas tristes* / *que empuxan as mareas i os solsticios*..., *o vento*... *sempre abranguendo o mundo*, / *sempre empuxando*.

Como ocorre en moitos casos **empuxar** pode ser usado en sentido figurado: *Irresistível forza que me empuxa dende lonxanos pozos*, / *o tempo solprendido deume a clave* / *da lingua misteriosa que Dios fala... Empúxanme as raigames*. / *Os lonxanos abós das carballeiras*, / *as misteriosas nais que cavilaban* / *á luz do sol nas albas precursoras*.

Dá a impresión de que o sentido máis expresivo deste verbo podemos velo no seu derivado **empuxón** segundo o vemos neste texto de *A fronteira infinda*: *Falaba nos mercados*, *nos delicatessen*, *nas pizzerías*, *até que o mandaban calar ou o botaban fóra a empuxós*.

Pero di o diccionarista Eladio Rodríguez, e tal vez teña razón, que as formas galegas máis propias para os sentidos que acabamos de ver son **arrempuxar** e **rempuxar** (eu engadiría tamén **arrepuxa**). Coido que estas formas con erre son máis gráficas e as xentes tenden a que as verbas sexan máis expresivas. Parécelles que **rempuxar arrepuxar** ou **arrempuxar** empuxan máis que **empuxar**.

Tamén desta mesma familia de voces derivadas do latín IMPULSARE ou PULSARE son **apuxar** e **puxar** que podemos considerar sinónimas. Sen embargo quero chama-la atención de que estes dous últimos verbos son aplicados ademais para expresa-la acción de golpear no ubre das vacas que realizan os becerros para que baixe o leite. Nesta acepción son tamén correntes as variantes **apoxar** e **poxar**.

Pénsese que a última forma **poxar** coincide coa forma igual, **poxar**, procedente do latín PODIARE, que significa 'subi-lo prezo nunha poxa'. De aí que nalgúns diccionarios dean a **puxar** tamén o valor de **poxar** 'licitar'.

675. Empurraban detrás

Do libro *A fronteira infinda*, de Celso Emilio Ferreiro, é o seguinte texto: *Era un axente da Poles*, *mozo*, *pequenote que encomenzou decindo que tiña que levarme a xefatura*, *que alí todo o mundo cantaba*. *Empurroume pra que camiñase diante dil*. Neste texto aparece claramente como sinónimo de **empuxar** o verbo **empurrar**. O mesmo uso fan outros escritores: *O amo empurraría o carro por detrás...*, *O bruxo empurraba as nubens coma se fosen carneiros* (Castelao).

Tamén **empurrar** é empregado (ó igual que **empuxar** no sentido figurado de 'obrigar a alguén a tomar unha decisión': *O policía... poido tamén obrar empurrado por unha denuncia dalgún malquerendoso* (da mesma obra de C.E. Ferreiro), *Algo*, *un non sei que de experiencias pouco virtuosas*, *empurraban detrás daquela desconfianza tan teimosa* (de *A taberna do galo*). O mesmo uso vemos tamén en Castelao: *agora chegou o intre de decir*, *pola nosa conta*, *algo do que nos empurrou a escribir este libro*.

Na fala das xentes, nalgures, **empurrar** adquiriu esta significación de **empuxar**, pero na maior parte dos lugares (e así está recollido nos diccionarios) este verbo é unha variante do verbo máis corrente **apurrar** 'bota-los cans a algo ou alguén'. Pode que esta voz sexa unha creacion onomatopeica, pero eu creo co etimoloxista Corominas que **apurrar** ten moito que ver coa voz (aínda viva en Asturias e para min persoalmente case da miña fala normal) *apurrir* 'alargar, dar, alcanzar', procedente do latín PORRIGERE 'estender, ofrecer'.

Probablemente **apurrir** convertido en **apurrar** puido pasar facilmente de 'ofrecer', 'alargar algo' ó sentido de 'ofrecer, alargar, soltar, bota-los cans'. E desde **apurrar** é tamén doado que se pasara a **empurrar**, por cruce con **empuxar**. Cando *apurramos (os cans)* a alguén, non hai dúbida de que *empuxamos ós cans* e que tamén ese alguén *é empuxado* a fuxir.

Empuxa-los cans contra alguén ou os uns contra os outros non soamente é **apurrar** ou **empurrar** (coas variantes **aporrear**, **aporroar**) senón sobre todo (por se-la voz máis espallada en toda Galicia) **encirrar**, que ten as variantes **incirrar**, **encerrear**, **enguirrar** e **enrizar**, e tamén **acirrar**, coas variantes **arrizar** e **acerriquitar**. E aínda poderiamos engadir creacións «case-persoais» que resultan de cruzamento entre as diversas formas, como **azurrar** ou **azapurrar**.

676. Os gurros

No poema "Introito" do libro, *Os autentes*, escribe C.E. Ferreiro os seguintes versos: *Sinto no peito unhos gurros / que semella que mo tripan / dúas reatas de burros*, nos que aparece a voz **gurros**.

Para quen non comprenda ben esta voz diremos que a causa deses **gurros** está explicada a continuación dese terceto: *Dis que son as consecuencias / de ter vivido algún tempo / entre certas pestilencias*.

Naturalmente, a xulgar polo que acabamos de escribir poderiamos entender **gurros** coma dores fortes que causan ó poeta a impresión de que reatas de burros están tripando ou pisando sobre o seu peito.

A verba **gurro** está menos espallada cá voz **gurra** que ten a significación para este caso concreto de disputa, pelexa, rixa, ou porfía. Efectivamente temos que entende-lo que el sente no peito: *unha especie de dores producidas pola batalla ou pelexa que manteñen as pestilencias que el viviu durante certo tempo*.

A palabra **gurra** procede do verbo **gurrar** (non teño claro se non foi ó revés: **gurrar** procede de **gurra**) que significa non soamente pelexar, porfiar, rixar, senón tamén disputar, retesiar e teimar. De alguén que é obstinado e teimoso dicimos que é un **gurrón**.

Otero Pedrayo usou na súa obra *O mesón dos ermos* este verbo con esa significación: *Ao pensar na tía xanota as verbas bruxa*, *demo*, *candonga*, *porca*, *gurrando por saír faguíanlle mal na língoa...*, *Soupo gurrar a tempo... e foi diputado*.

Esta voz **gurrar** é típica e exclusiva da nosa lingua e ten nalgures o mesmo sentido que **turrar** (que ten coma acepción máis estendida a de 'cornear un animal') na acepción de puxar, empuxar, facer forza, etc. Non sei se o parecido fónico de ámbalas dúas voces influíu tamén na confluencia das significacións.

Parece posible que a orixe de **gurra** estea na voz **gurra** qúe é nalgures unha variante de **engurra** ou **agurra**, que naceron da voz latina RUGA.

677. Sortear e rifar

Hai palabras que ás veces relacionamos de contado cuns significados específicos e esquecemos que teñen acepcións un tanto diverxentes desas que poderiamos chamar significacións normais. Se eu menciono as voces **sortear** ou **rifar** case automaticamente lembrámonos de xogos de azar, pero a realidade lingüística ou o estudio concreto da lingua dun autor amósano-la variedade de acepcións.

Vexámo-lo uso concreto que fai destas dúas voces Celso Emilio Ferreiro. Digamos que, aínda que emprega a miúdo a palabra **sorte** no sentido de fortuna, ventura, circunstancia favorable, etc., non uti-

liza **sortear** nin sequera no sentido de facer que o azar decida o destino de alguén ou de algo, senón de 'evitar algo que pode facer dano ou causar atrancos', como vemos neste exemplo de *Longa noite de pedra*: *Eran dúas velliñas e un neno*. / *Tódolos días chegaban con andar canso*, / *pouco a pouco*, *sorteando os escombros das casas derrubadas*... ou nestoutro de *A fronteira infinda*: *montado nun burriño anano*, *que trenqueleaba leniamente sorteando as pedras do camiño*.

E en canto a **rifar**, que tal vez sexa unha voz de orixe onomatopeica, significa en portugués soamente 'facer rifas' ou 'sortear billetes', mentres que en castelán e en galego ten ademais os sentidos de 'contender' ou 'disputar'. Eu non estou moi afeito a estes sentidos en castelán, pero coido que en galego **rifar** é por riba de todo berrar e **rifa** é tanto coma berro e **rifón**, **rifeiro** ou **rifante** aplícase a quen anda sempre metido en liortas ou é moi berrón.

Temos constancia do uso de **rifar** con esta significación desde os escritores galegos do século pasado: X.M. Pintos (*O que debe rifar e sempre cala)*, Rosalía *(Era aquel un rifar desesperado)*, Curros *(rifa Améreca coa Europa)* ata os do presente século: Otero Pedrayo *(non lle conviña rifar con ela*..., *Si miña nai me rifa)*, V. Risco *(rifaba coas regateiras e cos parroquianos)*, etc.

Tamén C.E. Ferreiro na citada obra *A fronteira infinda* usa **rifar** na significación de berrar, enfadarse, enemistarse: *¡Xa sei quen é a bruxa que fadou ao meu home! Foi Adega*, *a muiñeira*. *Unha vez rifamos i eu díxenlle que viña dunha caste de gafos*.

678. Saber sen retesía

Os seguintes versos do libro *Onde o mundo se chama Celanova*, de Celso Emilio Ferreiro: *Eu quero ser* / *xente empadroada*, / *trocarme nun cangrexo* / *e dividir por sete* / *os estamentos dóciles* ,/ *pra saber sen retesía* / *a distancia entre río e cimenterio*, lévanme a reflexionar sobre a voz **retesía**, verba típicamente galega e do dialecto miñoto que é un derivado do latín TENDERE ou RETENDERE ou tal vez da forma antiga *tenzón*.

Nos citados versos o sentido de **retesía** é o de disputa, discusión, controversia, pero esta voz ten tamén o de desexo de superar a alguén ou de pelexar por iso: *ser o galo nas retesías*, *o de máis peito*, dixo Otero Pedrayo; así mesmo o de desafío, reto: *sacándolle a monteira e facéndolle retesías ós que mandan*, como escribiu Lamas Carvajal.

Talvez herdado da voz antiga *tenzón* conserva **retesía** a significación de disputa en competición para amosar quen é máis enxeñoso: *os gauchos foron acedándose coa retesía*..., *Deixémonos pois de retesías*..., *Detrás da fiestra érguense gargalladas e retesías* (Castelao).

Nos diccionarios recóllense os *cantares* ou *coplas de retesía* que son os cantos improvisados de mozos e mozas, semellantes ós cantares chamados **regueifas** que xa comentaremos noutro *Cartafol da lingua*. E tamén neles está recollida a expresión **a retesía** *(trocan preguntas e respostas á retesía*, de Castelao) que ten como significación **á porfía**, expresión que vexo usada por Curros Enríquez: *cruxía de esprendores*, *onde loce xunta i á porfía toda a pompa i a riqueza que encerra o mundo do arte*.

Digamos pois que **porfía**, voz procedente do latín PERFIDIA 'mala fe' e logo 'teima' porque os **pérfidos** son moi teimudos, é case un sinónimo de **retesía**: *se queredes ser fortes nas épicas porfías* (Pondal), *moveuse unha estrondosa porfía no mundo científico*, *porfía que trascendeu*... *unha porfía era un ring*... *había unha porfía en col de Freud* (V. Risco).

En fin, coido que a voz tan galega **retesía**, e a voz **porfía** (común coas linguas irmás) son palabras que poden usarse cos mesmos méritos cós cultismos controversia, debate, polémica, etc.

679. Cofear

Dun poema de *O soño sulagado* son os seguintes versos: *Margarida as túas maus / cofean a frol de iauga* nos que Celso Emilio Ferreiro emprega o verbo **cofear** co claro sentido de 'rascar suavemente', 'acariciar'.

Cofear é seica unha voz de orixe onomatopeica que ten que ver coas **cóxegas**, **cóchegas** ou **cóscaras**, **coscas** e **cosquias** das que saíron os verbos **coxegar** 'facer cóxegas' e **cozar** 'esfregar coas mans, coas uñas calquera parte do corpo'. Cando os animais se restregan os uns contra os outros ou contra as pedras ou as árbores, dicimos que se están **cozando**.

Pero do verbo **cozar** xurdiu coa mesma significación o verbo **cofar** (que é bastante usado en toda Galicia) que ten as variantes **cofear** e **escofar**. Dá a impresión que este cambio da consonante *z* en *f* se debe á influencia ou cruce con outras palabras como poden ser **escofinar** ou **afagar** ou mesmo **cofia**. Ramón Otero Pedrayo usa ás veces este verbo **cofar** cos sentidos de 'restregarse os animais' *(apenas tiña camiñado o Martuxo*, *a besta da morte cofábase na porta do señor Cilisto*) e 'rozar ou rascar' *(ca noite rachada de bruídos e luces cofándose nas vidrieiras)*.

Cofear e **cofar** aparecen rexistrados nos diccionarios coas significacións que acabamos de citar ós que o léxico de Eladio Rodríguez engade a de 'acariciar a un animal ou a unha persoa' e outro diccionario a de 'alisar coa man a barba ou o cabelo', que copia erroneamente do portugués *cofiar* que non ten nada que ver co noso **cofear**, pois esa voz portuguesa é un galicismo, *coiffer* 'peitear', que se introdiciu o século pasado.

C.E. Ferreiro emprega **cofear** no sentido normal de 'esfregar ou rascar calquera parte do corpo' neste exemplo tan expresivo: *Andaba sempre a cofear coa man na petrina*, *como si non atopara acougo axeitada prás súas partes*.

Tamén resulta moi expresivo estoutro exemplo tomado da mesma obra *A taberna do galo* no que **cofear** significa 'acariciar suavemente': *colleuna pola cintura*, *desabotonoulle a brusa e*, *coa man tremante*, *comenzou a cofearlle os peitos*.

680. Arrolar e rolar

Xa vimos como podemos adormecer a un neno cantando cancións de berce, nanas ou **arrulos** ou **arrolos**. Pero **arrolar** ou **arrular**, ademais de significar adormecer cantando, significa tamén adormecer ó neno abalando acompasadamenté o berce. Esta última significación é a que aparece fundamentalmente na maioría dos diccionarios.

Pero nun sentido máis amplo **arrolar** ou **arrular** adquire o valor figurado de acariciar non só ás persoas, senón tamén ás cousas. Celso Emilio Ferreiro nun poema de *O soño sulagado* emprega esta verba: *As mazoiras*, */ os acebos i os pinos que te arrolan*, */ apréixanche a cintura tan galana*, así como noutro do libro *Onde o mundo se chama Celanova* titulado "Loubanza do pai Miño": *e prefires vivir rente da*

branda / paisaxe nutridora / pra morrer nela e abrazala / dende o seu mar, *cinguíndolle a cintura / arrolándoa con ondas e con algas*.

Ámbalas dúas formas foron moi usadas polos grandes escritores: *o bravo mar que ruxe / cal ruxe aquel que te arrolou na cuna*..., *estaba como merlo no seu niño*, */ polo romor das augas arrolado* (Rosalía), *o fulgor da prateada lúa me arrulaba o sono* (Curros), *Estaba na porta*, *enlarafuzada*, *arrolando un neno*..., *arrolado polas campás* (Otero Pedrayo), *foi nada en céspede frorido e arrolouna o queixume dos bosques* (Castelao).

Pero este verbo **arrolar** non debe confundirse co outro **arrolar**, doutra familia léxica e que equivale a levar algo **a rolos** ou desprazar algo polo chan botándoo a rodar. Celso Emilio prefiriu usa-la forma simple **rolar**: *ao chegar ao cume caía rolando monte abaixo*... *Cando a nobre cabeza / do Mariscal / rolou pola escaleira abaixo*... *O xerme dunha patria / rolou daquela pola historia embaixo*. E emprega tamén a locución **a rolos**: *chegaba o bruar do regato que baixaba a rolos en precura do río Tuño*...

Este último **arrolar** ou **rolar** naceu como derivado de **rolo** 'peza cilíndrica de calquera materia' procedente dun diminutivo ROTULUS 'pequena roda'.

681. Brezar e brizar

Do poema "O tempo solprendido", do libro *Longa noite de pedra*, de C.E. Ferreiro, son os versos seguintes que se refiren á terra: *Eternamente verde*, */ alfombrada de froles e surrisas*, */ tecida de canciós e lenes ondas*, */ as gaitas brezan seu dormir de séculos / nas mestas carballeiras*..., nos que aparece o verbo **brezar**.

Non atopei nos diccionarios esta palabra e coido que non é doado entendela polo contexto. Non teño nin idea de como o poeta de Celanova adquiriu esta verba que penso que é un derivado de *brezo*, forma tampouco rexistrada na nosa lingua, pero que si o está no dialecto miñoto e en textos antigos casteláns. Non creo que Celso Emilio a tomase desas fontes.

Brezo parece ser unha variante de **berzo**, forma bastante espallada polo sur da provincia de Ourense en lugar da voz tan corrente en toda Galicia **berce**. Hai outros casos en que a sílaba inicial *ber* alterna con *bre*, como **bergueiras** e **bregueiras** e **bertón** e **bretón**. Resulta probable que esa variante **brezo** por **berzo** exista nalgunha parte e por tanto tamén teña vixencia **brezar** no sentido de 'arrolar' ou 'remexe-lo berce'.

No poema adicado ó río Miño, do libro *Onde o mundo se chama Celanova*, aparece outra forma similar, o verbo **brizar**, que si aparece nos diccionarios da Real Academia Galega, de Carré e de Eladio Rodríguez, pero que non está rexistrada nos outros posteriores. Din así os versos nos que atopamos esta palabra: *Río labrego*, *suco ben labrado*, */ rumor de tempo en músicas lonxanas / que brizan ós luceiros cintilantes / baixo da noite intaita*.

Nos citados diccionarios está o verbo **brizar** como variante de **arrolar** (Diccionario da Academia), coa traducción castelá de «acunar, mecer» (o de Carré) e coa de «mecer la cuna» (o de Eladio Rodríguez) e naturalmente aparece o nome **brizo** como variante de **berce**.

Non sei se esta forma **brizo**, xunto con **brizar**, están vivas nalgún lugar de Galicia. O etimólogo J. Corominas recolle a existencia de *brizo* en bastantes lugares do dialecto leonés e o uso de *brizar* en Gil Vicente e en Gonzalo Correas.

En fin, non sei se Celso Emilio empregaba estas palabras na súa fala normal, pero desde logo o seu uso amosa un interés pola lingua.

682. Ateigados de luz e de soidades

Na súa obra titulada *O soño sulagado* canta Celso Emilio Ferreiro ós emigrantes galegos nun poema que comeza así: *¡Que gozo para os ollos ver en Vigo / ringleiras de emigrantes polas rúas / cando hai barco no porto! / Camiñan asombrados, / ateigados de luz e de soidades / das iñoradas terras presentidas / alá onde xuntan mar e ceo*.

Neses versos aparece a voz **ateigado**, participio do verbo **ateigar**, que se repite continuamente nas súas obras: *Nos lentos amenceres ateigados de luces dubidosas... unha* estreliña *ateigada de luz ... e todo o rancho se ateigaba de lus...*

Pero non só a luz pode **ateigar** de emigrantes, amenceres, estreliñas ou ranchos. Hai moitas cousas que poden **ateigar** algo: *Vin camiños ateigados de mortos / mirando cara ó ceo... mestas carballeiras ateigadas de voces... Ateigadas de graus fican as tullas ... quero morrer eiquí / nunha tarde ateigada de arpas ... O meu insono mesto / atéigase de paxaros da ialba...*

Ateigar é voz que significaba primitivamente meter algo nunha **teiga** (verba que hoxe se converteu en **tega** 'medida de capacidade para áridos equivalente a uns trece quilogramos') que era unha palabra procedente do árabe *taliga* 'saco, bolsa', da que queda constancia nos textos galegos e portugueses medievais baixo as formas: *taleiga*, *taeiga*, *taega*, *teega* e a citada *teiga*.

Pero hoxe **ateigar** pasou a significar 'meter algo en calquera cousa' e de aí a 'encher moito' ou 'atestar' ou 'abarrotar', significados que poden ter un sentido figurado como vimos nalgúns exemplos citados de C.E. Ferreiro que emprega moitas veces este verbo: *As velliñas e o neno ateigaban as súas tarteiras e após marchaban ... Tiña ollado i escoitado cousas que o ateigaban de curiosidá ... a anatomía das horas ateigadas .. quero ateigar de sangue renovada ... para ateigar de berros as encostas da noite ... irá medrando até ateigarme os ollos de formigas ... os ollos ateigáronseme de bágoas...*

Tal vez a nivel popular esta verba non é moi corrente, pero os grandes escritores fixeron bastante uso dela: *había pra ateigar de cereixas aquila pucharca do penedo ... ateigou de prosa conservadora as follas dos boletíns* (R. Otero Pedrayo), *eran portadores de promesas ateigadas de sinceridade ... sen estarmos ateigados de espranzas* (Castelao).

683. Acugular, acumular e amontoar

Nun *Cartafol da lingua* anterior fixemos mención do uso que facía Celso Emilio Ferreiro da verba **ateigar** e de como da acepción primitiva 'meter algo nunha teiga' pasou a significar 'meter algo en calquera cousa' e logo a 'encher moito, atestar ou abarrotar'. Vexamos hoxe outros sinónimos desta voz usados polo escritor ourensán.

Da forma latina CUCULLUS 'capucha' naceu a forma galega **cogulo** ou **cugulo** que pasou a significar algo así como 'parte superior de algo' e despois 'parte que sobresae por riba dunha medida'. **Cogular** ou **cugular** serán pois 'encher algo por riba da súa medida': *arcas fondas cuguladas de diamantes* (de

Curros Enríquez). E **acogular** ou **acugular** serán usados neste sentido por C.E. Ferreiro: *xoias e alaxes de ouro*, *prata*, *pedraría e pérolas que a familia viñera acugulando nas arcas do casal solarengo*, e por outros escritores coma Otero Pedrayo *(recadaba a roupiña acugulándoa nun corbe)* e V. Risco *(un canistrelo acugulado de froitas)*.

Pero **acugular** amplía esa significación á de encher calquera perfía ata sobrepasa-los bordes e á de acumular cousas unhas en riba das outras de forma extraordinaria, como vemos nestes exemplos de C.E. Ferreiro: *recollendo do chan merda de cabalos*, *bestas e burros*, *que ía acugulando nun montón na súa orta... agora que xa tes as maus acuguladas de sementes do milagre imposível... coa ialma acugulada de estrelas*... ou nestoutras de Otero Pedrayo *(A néboa acugulábase sobre os bacelos espidos)* e de Castelao (*os grandes conventos... preferiron a vida acugulada das urbes ... os vellos amigos acugulaban o peirán da ribeira)*.

Nalgúns destes exemplos poderiamos substituír **acugular** por **acumular** como vemos que fai Celso Emilio Ferreiro nesta frase de *A fronteira infinda*: *a sala vella*, *onde ao longo dos anos fóranse acumulando cacharros*, *cachivaches*, *retratos e bisuterías*.

Tamén atopamos en C.E. Ferreiro o emprego de **amontoar**: *De noite durmían amontoados nunhos galpóns*, *leváronme a unha especie de almacén con reixas e moitos queixós amontoados*. Sen embargo noutra ocasión escápaselle o castelanismo **amontonar** *(á porta do rancho amontonábanse cestos de varios feitíos...)*.

684. Encheito de entusiasmo

O verbo **encher** 'ocupar por completo' é un verbo de uso normal nas obras de Celso Emilio Ferreiro: *seguramente era a derradeira vez que iba a encher a andorga a xeito ... ía rubindo de intensidá até encher a noite ... O patio comenzou a encherse de xente dos arredores*.

Bastantes formas persoais dese verbo aparecen citados nas súas obras: *irías contalo todo ante o xuez e os xornalistas pra que enchan as páxinas... Logo colle unha cazola*, *énchea de auga... éncheme de tristura... as andorgas valeiras enchéronnas... A casa encheuse de xente... os meus ollos de neno / enchíanse de bágoas e de lóstregos*... etc.

Tamén emprega o nome **enchente** (derivado de **encher**) non no sentido de **chea** e inundación ou de **preamar**, senón no de comida abundante: *morreu eiquí dunha enchente de carne de marrau á criolla*, voz esta que tamén usou Curros: *ceibando saudabres arrobos de enchente*.

Pero Celso Emilio non usou o participio regular do noso verbo, **enchido**, como é o normal na lingua escrita (*os boos peitos enchidos*, de Pondal) e na lingua falada, senón que botou man do participio irregular, **encheito**, que naceu por analoxía con outros participios irregulares rematados en *-eito*, como **feito**, do mesmo xeito que o fixeron outros verbos coma **coseito** (de **coser**), **envolveito** (de **envolver**) ou **tolleito** (de **toller**), que é a unica forma viva de todos eles.

C.E. Ferreiro trata (polo de agora sen moitos seguidores) de recuperar unha forma antiga e en desuso. Vexamos exemplos deste arcaísmo en tódalas súas formas (masculino e feminino, singular e plural): *Palabras prohibidas / pronuncio sin descanso / e vounas traducindo / encheito de entusiasmo... martelando no peito da noite / encheita de cadeas e de arquivos... erguen seus urros ceibos e labouran cos músculos encheitos de esperanzas... Non comprendía os termos honoráveles*, */ nin as palabras encheitas de solemne soberbia... Nos curutos están as caixas fortes / encheitas de suor dos inocentes...*

685. Ergueuse a pinote

Celso Emilio Ferreiro narra na súa obra *A taberna do galo* esta pequena anécdota do asno Canuto e da burriña de Duana: *O Canuto*, *que a ventara co olfato*, *soltouse do ronzal*, *entrou no pendello e foi en busca da femia*. *Oliscouna un intre*, *ergueuse a pinote*, *cobriuna a xeito e*, *dempois de dous fallos de punteria*, *deu na diana e púxose a traballar pola perpetuación da especie asnal*...

Coido que a extensión deste texto permite comprender claramente a significación de *ergueuse a pinote*. A locución **a pinote**, que neste caso equivale a erguerse levantando as patas dianteiras, non está recollida nos diccionarios, pero si atopamos nalgún diccionario o nome **pinote** no sentido de 'couce', cousa que creo que é errada, porque **pinote** é a acción de erguerse, de poñerse en pé, de pasar da horizontalidade á verticalidade. Moitos animais adoitan *dar pinotes*, que é case tanto como dicir que fan piruetas sen que por iso dean couces.

Pinote, voz coñecida nalgúns puntos da provincia de Ourense e moi estendida na lingua portuguesa, pertence evidentemente á familia de pino que non soamente significa piñeiro, senón tamén algo así como 'verticalidade'. Así dicimos que *este neno xa fai pinos* cando comeza a andar ou que *Xan fai o pino* cando se pon coa cabeza no chan e cos pés para arriba.

Destes sentidos de **pino** saen os verbos **apinar** e **empinar** que son moi empregados polos nosos campesiños cando basculan a carga do carro elevando a cabezalla, timón, lanza ou **pinalla**, **pinalleira** ou **pinallo** dese carro. Naturalmente tamén podemos *empina-la caixa dun camión* e mesmo podemos *empina-lo cóbado*, *un vaso de viño* ou calquera outra cousa.

Pero **pino** pode ser usado tamén adxectivamente como 'empinado ou apinado, costento, pendente, en frases como *este camiño é moi pino*, e como nome que significa 'punto culminante': *no pino do día* 'ó mediodía' ou *no pino do verán* 'momento máis intenso do verán'.

En fin, o uso por parte do Celso Emilio Ferreiro desa voz típica dalgúns lugares de Ourense, **pinote**, levounos a reflexionar sobre a voz **pino**, que é algo máis ca un piñeiro.

686. A regueifa

Cando os árabes dominaban media Península Ibérica tiñan un nivel de vida, económica e culturalmente falando, superior ó dos cristiáns do Norte, herdeiros lonxícuos do mundo lingüístico e cultural de Roma. De aí a entrada de numerosas palabras da lingua árabe entre os falantes das linguas romances peninsulares.

Na España musulmana facíase unha torta a base de fariña de trigo, ovos e azucre que foi imitada polos habitantes do Norte que copiaron tamén o seu nome: *ragaifa*, que evolucionou foneticamente en **regueifa**, lambetada que se conservou moito tempo nos reinos de León, Galicia e Portugal.

Regueifa pasou a significar nalgúns lugares da Península 'pedra circular dos muíños de aceite' polo parecido desta pedra coa forma deste tipo de roscón ou torta e en moitos lugares de Galicia pasou a ser en exclusiva a torta que se fai para ser comida nas festas nupciais. Era costume regalarlles ós veciños e ós familiares dos noivos un trozo de **regueifa** que se facía para tal ocasión. Nalgunhas partes de Galicia este pan de boda é coñecido como **canelo**, **cantelo**, **regoxo**, etc.

Existiu durante moito tempo o costume de disputa-la **regueifa** nupcial mediante unha especie de competición en que mozos e mozas e mesmo persoas de idade cantaban ou recitaban diversas coplas referentes ós desposados, ás súas familias ou ás liortas da aldea ou da vila e normalmente de carácter festivo e satírico ata que a concorrencia proclamaba un vencedor que se levaba a torta de boda.

As xentes que participaban nesta disputa *cantaban a regueifa* e de aí que **regueifa** pasase a significar 'canción improvisada nas bodas' e mesmo nun sentido aínda máis amplo 'especie de cantar dialogado entre dúas persoas'.

Neste último significado emprega esta voz Celso Emilio Ferreiro nun poema titulado "Cantares": *Canta ti*, *cantarei eu*, / *dous cantares nunha voz*. / *Que nesta nosa regueifa* / *ninguén vai ser perdedor*.

687. Cántigas de ceifa

A palabra árabe *saifa* que significa 'verán' foi introducida polos cristiáns de Castela na súa lingua para designalas incursións bélicas que os mouros facían nas súas terras durante a época estival. As **aceifas** foron non só as expedicións militares, senón tamén os exércitos que as realizaban.

Pero galegos e portugueses tamén tomaron esta voz árabe de verán para significa-lo traballo que os nosos labregos facían nesta época do ano, é dicir, para designa-lo tempo en que se segaban os cereais. A voz **ceifa** equivale pois ó que nós chamamos tamén **seitura** ou **sega** ou mesmo **colleita**.

Ceifa é voz da fala popular non moi estendida hoxe e tamén dalgúns escritores coma Celso Emilio Ferreiro que a usa un par de veces no seu libro *Viaxe ao país dos ananos*: *A xente come o pan sin ter ollado* / *agallopar o vento nas centeeiras*, / *nin ter ouvido o rumor das ceifas* / *rente a un bosco na hora do solpor*..., *Farturentas colleitas*, / *dondos acios*, *cántigas de ceifa e de vendima*.

En galego a verba **ceifa** ampliou o seu sentido de sega de cereais ó de calquera outro labor do traballo do campo e así podemos falar da *ceifa da vendima* e mesmo ó de calquera outro do mundo do traballo en xeral, xa que podemos falar da *ceifa da sardiña*.

Así pois, temos que **ceifa** chega a equivaler á voz **xeira**, é dicir, a 'tempo que dura un traballo' ou a 'época en que se fai calquera labor'. No libro *Os dous de sempre*, de Castelao, vemos un claro uso desta voz como sinónima de tarefa: *Levaron (o cego) ó camiño e alí ficou ergueito e silenzoso*, *coma un fito de carne sen arte para desempeña-la súa ceifa na veira dos moinantes*.

De **ceifa** naceu o verbo **ceifar** que en principio sería exclusivamente corta-los cereais e despois pasou a ter sentidos figurados como corta-la vida a alguén, etc. Resulta moi curioso comprobar como os diccionarios portugueses recollen este significado de **ceifar**: poñe-lo cabalo as mans para fóra ó andar, o cal quere dicir que algúns cabalos andan como se estivesen *ceifando ou segando*.

Por último digamos que algún diccionario galego pon equivocadamente como sinónimo de **ceifar** o verbo **sementar** que significa todo o contrario.

688. Arpas, frautas e gaitas

Temos que comentar que o instrumento musical máis veces citado nas obras de Celso Emilio Ferreiro é a **arpa**, (voz común nas linguas románicas procedente do xermánico) que é tamén mencionada adoito nos versos dos tres grandes do século pasado: Rosalía, Pondal e Curros.

Curiosamente na maior parte das veces que o noso poeta fai referencia a este instrurnento, pon a **arpa** en relación co vento: *As maus*, *feitas para acariñar pombas*, / *para empuñar eixadas e martelos*, / *para tanxer arpas e vento estaban rotas*...; / *A arpa da serán soa no bosque*. / *Non é unha arpa*, *amor* / *que é o ledo vento*...; *co iste vento*... *que tanxe na madrugada* / *arpas que xamais ouvín*...; *Ourense*, *frol que o meu desterro aruma*, / *arpa de soedá no vento erguida*...; *Oxe o vento pousou as súas arpas* / *sobre un rumor de boscos e paxaros*...; *e véxase este exemplo onde se refire ó río Miño*: *as túas arpas* / *son de vento e de néboas mañanceiras*,..

Tamén no poema "Coromoto" describe a esta mulata comparándoa coa arpa e outros instrumentos americanos: *A mulata Coromoto* / *é un remuíño musical*, / *arpas de vento na fala*, / *ritmo de bongó no andar*, / *maracas de gran centeo* / *baixo da brusa a tremar*.

Outros instrumentos musicais de corda mencionados nos versos de Celso Emilio son a **guitarra** *(papagaios místicos* / *con alma de alciprés e de guitarra*..., *O Grilo actual toca a guitarra con moito sentimento)*, a **zanfona** e o **laúde**: *Moitos homes cruzaron as túas pontes*. / *Pasaron con arados*, *con espadas*, / *pasaron con laúdes*, *con zanfonas*...

Entre os instrumentos musicais de vento están a **frauta** como voz máis repetida *(cun fondo musical de frauta triste*...; *O tempo soa a frauta melancólica* / *de pastor*, *isolado*...; *Escóitase un lonxano marmurio de frautas*. / *Non son frautas*, *que son* / *os merlos baixo as parras*...; *soa unha frauta*...; *ao seu rente sopraba* / *o sapo a súa frauta máxica)*, seguida da palabra **gaita** *(vanme cantando un son de gaitas leves*...; *cun doce son de gaita entremecida*...; *as gaitas dormideiras*...; *ventiño de doce gaita*...; *un ledo vento de gaitas*...*)*, o **chifro** *(cun afilador que pasaba tocando o chifro)*, a **trompeta** (*as trompetas do xuicio final*...; *aquiles longos laídos* / *da trompeta de Armstrong)*, a **cornamusa**, a **corneta** e o **cornetín**.

689. O tempo soa a birimbao

O instrumento musical de percusión por excelencia para Celso Emilio Ferreiro é o **pandeiro** (voz que procede do latín tardío PANDORIUS que evolucionou en *pandero* en castelán, e desta lingua seica pasou ó galego e ó portugués, segundo din os etimólogos) que unhas veces aparece nos seus versos no seu sentido recto *(ían mociñas loiras con pandeiros* / *nun remexer de risas e donaires*...; *un balbordo de frautas e pandeiros*...; *as gaitas dormideiras* / *i os pandeiros sonámbulos*...*)* e outras nun sentido figurado: *O pandeiro da chuvia* / *repenica unha maina* / *melodía de outono*..., *ven co pandeiro da chuvia* / *repenicando a paisaxe*...; *Érguete corazón*, *que o mundo é un pandeiro*.

A continuación dos **pandeiros** temos que salienta-los **tamboriles** que cita graficamente nestes versos dun poema de *Longa noite de pedra*: *Soio sei*, *iso sí*, *que os tamboriles* / *chamaron plan*, *plan*, *rataplán*..., pero normalmente usa esta voz nun sentido figurado: *O tamboril dos bosques repenica* / *no sangue en contrapunto de latexos*, / *O tamboril das chairas* / *treme agora nas selvas de cemento*...: *a chuvia nos cristales tocaba o tamboril*...

A voz **tamboril** é na súa orixe un derivado da palabra procedente da lingua persa **tambor** que Celso Emilio usa tamén algunha vez: *Os tambores soaban cun forte ritmo*... *Cando os tambores calaron*, *a muller saíu correndo cara ó bosque*.

Pero o poeta ourensán bota man da voz **birimbao** noutro poema de *Longa noite de pedra*: *O tempo soa a frauta melancólica* / *de pastor isolado*; *a birimbao do vento* / *nas marelas acacias ao caír a tardiña*.

A verba **birimbao**, que eu nunca escoitei na fala popular nin lin en ningunha obra literaria, está rexistrada en tódalas obras léxicas galegas (o diccionario de Eladio Rodríguez dá ademais as variantes **bimbirimbán**, **bimbirimbao**, **birlimbán** e **birimbán**), portuguesas e castelás e para algúns etimólogos procede dunha lingua africana, para outros vén do francés *brimbale* 'axóuxere' e hai quen pensa que é unha voz de creación onomatopeica.

Como eu non coñezo ese instrumento dou a definición que atopo nos diccionarios modernos: pequeno instrumento musical de ferro, semellante a unha ferradura, que leva en medio unha palleta de aceiro que se fai vibrar co índice da man dereita, tendo coa esquerda o instrumento entre os dentes.

690. O balbordo do bosque e do río

Nos comentarios anteriores falamos do uso de grande cantidade de palabras onomatopeicas que fixo nos seus escritos Celso Emilio Ferreiro. Volvemos hoxe a tratar doutra desas verbas nacidas por creación expresiva popular: **balbordo**, que supoño que naceu por cruzamento de varias voces que significan ruído.

En **balbordo** vemos en primeiro termo os sons *balb* que poderiamos relacionar cos de **balbucir** ou mellor cos de **barballar** 'falar de présa e mal', auténtica voz onomatopeica. En canto á segunda parte da nosa verba poderiamos pensar en voces como **rebuldar**, descendente dun vulgar latinismo REBULLITARE (que xa estudiamos noutra ocasión), ou moito mellor no noso **bordear** (ou **bordiar** ou **burdiar**), moi espallado actualmente no norte da provincia da Coruña e na de Lugo, que ten a significación do verbo **bruar** e que naceu tamén como creación expresiva dos sons que emiten os bois e as vacas.

Balbordo existe tamén en portugués como feminino: *balborda* ou *balburdia* coa significación similar ó galego: vocerío, tumulto, confusión. E xa era coñecida entre nós no século dezaoito como 'ruído que fai quen fala alto'. Hoxe os nosos diccionarios fan fincapé en que **balbordo** é ruído lonxincuo como o que fai o vento nas arboredas, como vemos que pasa nesta cita de *A fronteira infinda*: *Nunca soupo o tempo que estivo alí, escoitando o balbordo do bosque e do río*.

Un **balbordo** pode ser producido polo mar: *Si calquera escoitase o noso peito / ouviría un balbordo de mar*, ou pola música: *balbordos de samba baixan / de outas torres de almasí... e un balbordo de frautas e pandeiros pon / ouro de solpor nos seus outeiros* ou polas campás; *nin tiña máis ledicia que o balbordo / dunhas campás ó alborexar o día*.

Tamén C.E. Ferreiro usa **balbordo** no sentido de vocerío, ou barullo que producen os homes: *Na praza púbrica escoitouse un balbordo de indinación e pasmo... Balbordo a bordo dos bous*, que é en xeral a significación máis estendida desta voz: *apesares do balbordo que chega da rúa* (Otero Pedrayo), *no balbordo da guerra civil* (Castelao).

691. O trouquelear das pistolas

Nun comentario anterior faciamos referencia ó verbo **trecolear** que ten os sentidos de barullar, charlatanear e meter ruído coas **trécolas**, palabra da que procede ese verbo, ou mesmo con outros obxectos como, por exemplo, con zapatos ou con zocos, segundo vemos nestes exemplos de Otero Pedrayo: *trecoleaban zocos labregos no oco dos soportás... enchían dun trecolar de zocos a rúa enlamada*.

Sen embargo coido que é máis corrente na fala coloquial o uso do verbo **troupelear** para a última significación que acabamos de citar. **Troupelear** é definido moi graficamente polo primeiro diccionario galego, o de F.J. Rodríguez: «hacer ruido con los pies, enredando o andando, como hacen los niños en el piso de una casa o el que lleva grandes tacones o zuecos».

Troupelear (que ten as variantes **troupelar** e **estroupelear**) ten, o mesmo ca **troupear**, 'facer moito ruído', a orixe na palabra **tropel**, 'ruído de grande porción de xente', que naceu da voz **tropa**. Compréndese bastante ben o nacemento deste verbo que teoricamente debeu de ser primeiramente **tropelear** e logo trocou a sílaba inicial *tro-* en *trou-* por influencia doutra voz ruidosa: **troular**.

A lingua é algo que está sempre en ebullición e os falantes crean arreo novas palabras de diversas maneiras. Unha delas é cruzando unhas palabras con outras. E así temos que dos verbos **trecolear** e **troupelear** xurdiu o verbo **trouquelear**, que ten as mesmas significacións que teñen os verbos orixinarios.

Trouquelear é a voz preferida por Celso Emilio Ferreiro para expresa-lo ruído que fai a choiva: *¡kikiriki! O meu insono mesio / atéigase de páxaros da ialba*, */ do trouquelear de chuvia nos tellados / entre o muxir das* vacas.

Tamén o río pode **trouquelear** como vemos nestes versos: *co río pai á veira trouqueleando / a cachón*, *en busca dos navíos* e, claro está, as pistolas poden **trouquelear** tamén: *e moitos que procraman / a eficacia ausoluta das bombas / e o trouquelear das pistolas frías*.

692. Os bruídos trepidantes

Noutro comentario facemos mención do uso por parte de Celso Emilio Ferreiro do verbo **muxir**, 'berrar ou emiti-la súa voz os bois e as vacas', verba pouco usada en Galicia porque é homónima de **muxir** 'extrae-lo leite'.

A palabra máis estendida en todo o ámbito do galego para expresa-los berros producidos polo gando vacún é **bruar** (que nalgures se di **bruiar** ou **bruír**) que probablemente ten a súa orixe nun cruzamento doutros verbos que expresan tamén a idea de facer ruído: **bramar** ou **bradar** e **ruxir**.

Pero curiosamente os nosos escritores non empregan **bruar** no seu sentido propio nin tampouco o seu derivado **bruído**, 'berro do gando vacún'. Soamente atopei un exemplo en C.E. Ferreiro en que a voz **bruído** ten relación, un tanto remota, co seu sentido orixinario: *A cidade comenzaba a desperguizarse e a rosmar os seus bruídos de animal mastodóntico*.

Na fala popular pódese escoitar ás veces o uso destas voces para expresa-lo ruído que fai o vento, significado este que atopamos algunhas veces nas obras de Celso Emilio Ferreiro: *Todo se nos desfai*, *todo nos foxe / coma o vento que brúa*...; *Era algo así... coma un bruar*, *pro non de vento*.

E por ampliación deste sentido tamén o río pode **bruar** como vemos nestes exemplos do noso escritor: *O silencio era ás veces ferido polo bruar do regato... Da Tarrañeira chegaba o bruar do regato... Un xordo bruído de río enrabexado*. E do mesmo xeito tamén *brúa o mar*: *Alá no sul*, *alén do mar bruante / agardan patrias novas... o lonxano bruído do mar*.

Bruar pasa a ser sinónimo de facer unha cousa ruído *(cun xordo bruar das chocas... un bruar de cidade sulagada / meteuselle nos ollos)* e **bruído** convértese practicamente en substituto de **ruído** non soamente polo seu carácter eufónico, senón por ser voz inexistente en castelán e por tanto diferencialista:

Entre o bruído xordo de chocallas... entre bruídos de tranvías... os bruídos trepidantes das rúas... os tranvías e as fábricas comenzaban a lixar cos seus bruídos... despiadadas voces e bruídos... etc.

Outros dous grandes escritores empregan tamén **bruído** como sinónimo de **ruído**: *un bruído estrondoso resoante... escolmemos un son calquera no bruído da frouma dun pobo* (Otero Pedrayo), *non queda máis que un ruído rítmico... os bruídos da cibdade... un bruído abrouxador* (Castelao).

693. Aturuxos e berros

No libro *O soño sulagado*, de Celso Emilio Ferreiro, hai un poema titulado "**Aturuxo**" que é un canto a ese grito agudo que emiten (case mellor diría que emitían) os mozos nas festas ou ocasións similares. A través do **aturuxo** conseguen os pobos afirma-la súa liberdade: *Somente no aturuxo / a liberdade deixa de ser leria / e faise urro dos pobos...*

O **aturuxo** (que ten as variantes **atruxo** e **aturulo**) é talvez verba de orixe onomatopeica, e moi estendida por toda Galicia e bastante empregada polos escritores *(pra ceibar rexos aturuxos de cauda tremante*, *(*de Otero Pedrayo) *o negriño foi medrando na aldea*, *onde deprendeu a falar con enxebreza*, *a puntear muiñeiras*, *a botar aturuxos abrouxadores*, *(*de Castelao).

E lanzar **aturuxos** é **aturuxar**, que Celso Emilio define deste modo tan poético: *Aturuxar é ter anxos na voz / azas de pomba pola gorxa. / Voar co corazón nas longas tebras / da terra... Aturuxar é ir cara ó principio*, */ aos orixes dos ríos e das selvas...*

Pero eses sons alegres poden ser tamén **berros** (aínda que na súa orixe fosen os ruídos emitidos polo porco ou VERRES en latín) como vemos nestes exemplos de C.E. Ferreiro: *Os fideles daban berros de ledicia... un rebumbio de berros e cantigas... ¿Como eran os seus berros / no calado cristal da noite morna*? ou nestoutros de Rosalía *(loitas alegres*, *os berros*, *os brincos)*, de Curros *(afagos de suaves brisas*, *berros de gorxas abertas)* e de Otero Pedrayo *(a grea algareira encheu de berros o pequeno craustro)*.

Claro que os **berros** son ás veces resultado de algo doloroso: *Din un berro longuísimo como un oubeo de can danado... para apracar os berros / da ira esfameada... sobre cumios de berros e de sangue*, pero normalmente hoxe consideramos que **berro** é sinónimo de **grito**, ou voz emitida con moita forza non só polos seres humanos senón tamén por algúns animais.

Celso Emilio Ferreiro fai bastante uso desta voz en moitos lugares da súa obra: *Ergueuse*, *foi á porta e chamou a grandes berros por un axente... como si fose cavilando a berros... botouse de cabeza na auga afirmando a berros que estaba ardendo...*

694. Laios e laídos

Creo que se eu estou nunha reunión de amigos e digo: *¡Calade! Escóitanse laios* (ou *laídos*), algúns dos presentes pensarán que eses **laios** ou **laídos** son lamentos ou queixidos dalgunha persoa, outros que berros ferintes e lastimeiros e algún haberá que pensará en ladridos dolorosos dalgún can.

Naturalmente todos teñen razón. A voz **laio** ou **laído** é un derivado do verbo **laiar** que ten a significación de 'emitir sons lastimeiros tanto por parte das persoas coma dos cans'. Só os cans poden **laiar** ou **laar** ou **alaar** ou **alaiar**, non os demais animais.

Insisto nos **laídos** dos cans porque creo que esta verba naceu como voz de creación expresiva ou onomatopeica. Pénsese tamén na palabra de semellante significado **alarido**, de que algúns infundadamente queren ve-la súa orixe na lingua árabe. E tampouco creo que nacera **laio** como derivado da palabra francesa *lai*, 'canción triste', e de aí xurdiría **laiar** como queixarse as persoas e despois como ladralos cans lastimosamente.

Celso Emilio Ferreiro fai bastante uso da voz **laio** no sentido de berro forte, agudo e lastimeiro, como vemos nestes exemplos: *A Rixona... comenzou a himpar os seus mellores laios fúnebres... O coro das veciñas confirmaba os laios... a liberdade... faise urro dos pobos, laio dos séculos...*

E ás veces está usada esta voz como lamento, queixa, xemido tanto no seu sentido recto coma no figurado: *un gaiteiro... canta e chora / a un tempo, / laios no roncón, / trinos no punteiro... perto do río que fungaba un laio monocorde / de escumas entre as pedras...*

Do verbo **laiar** saíron tamén os **laídos** (coa terminación *-ido*, da voz **ruído**) do mesmo xeito que de **bruar** ou **bramar** naceron os **bruídos** ou os **bramidos**. En varias ocasións emprega C. E. Ferreiro esta voz que dá a impresión fónica de ser máis 'ruidosa' có **laio**: *aquiles longos laídos de trompeta de Armstrong... cun laído rouco, tremando de furor, achegouse á muiñeira... Pro non hai que doerse nin rosmar un laído... Polas veas do tempo / rubíannos formigas / de pobos vulnerados, / de borrallas e laídos en ringleira...*

695. A cidade convértese en fiscornio

Celso Emilio Ferreiro, no seu libro *Antipoemas*, escribiu un poema titulado "Escoita Dante iste inferno" no que describe os ruídos infernais que vive a cidade moderna: autobuses, perforadoras, cabalos, pífanos, orneos, ferrocarrís, sirenas, etc. A esa poesía pertencen os seguintes versos: *Sobor ríos metálicos / agallopan xirafas, / cantan galos de chumbo derretido / i a cidá convírtese en fiscornio.*

¿Que é a voz **fiscornio**? A cidade, con tanto ruído, vólvese **fiscornio**. Esta verba non aparece rexistrada en ningún diccionario galego nin portugués. ¿De onde tomou Celso Emilio esta verba? Non o sei, pero non hai dúbida que a cidade se converteu nun instrumento musical que os alemáns chamaron *Flügelhorn*, é dicir, 'corno de ás', que era unha trompeta que usaban os cazadores e logo os militares para da-lo sinal de ataque polas ás das cacerías ou dos exércitos inemigos.

Os italianos tomaron esta palabra dos alemáns converténdoa en *fiscorno* e desde o século pasado foi usado este instrumento polos cataláns que o denominaron *fiscorn*. No diccionario da Real Academia Española figura **fiscorno** como instrumento musical parecido ó **bugle**... que é un instrumento de vento formado por un longo tubo cónico de metal...

O poeta de Celanova tomaría esta voz dalgunha obra, catalana ou castelá, e modificouna na súa terminación tal vez por influencia doutras voces como **calimbornio**, **unicornio** ou **capricornio**.

696. Abouxando ás xentes

Xa veremos como **abombar** significaba enxordecer e atordar. Hoxe salientaremos outros verbos que teñen unha significación semellante. Na obra de Celso Emilio Ferreiro atopámo-lo uso da palabra **abouxar** neste sentido de abombar a alguén a cabeza ou atordar con berros ou con ruídos enxordecedores: *Algunha (teoría) achacáballo ás bruidosas tronadas que no verao azoutaban aquelas terras, abouxando ás xentes e ós animais...*

Abouxar foi empregado tamén por Curros Enríquez *(E naquel momento parando o tren abouxoume un cramor grande e violento... oíuse un abouxador pitido)* e Otero Pedrayo *(abouxado polo estrondo da vida cidadán)* e ten unha variante **abrouxar** que vemos empregada a miúdo por Castelao: *Na Lonxa hai un bruído abrouxador... todos eles ceibarían un ¡Viva! abrouxador... o noxento carpir dos porcos abrouxa os nosos ouvidos*.

Teño a impresión de que ámbolos dous verbos (xunto coa variante **abuxar**) teñen orixe nunha forma onomatopeica que representa o ruído e na cal debeu influí-la existencia de verbos coma **ruxir**, **bruir**, **bramar**, etc.

Ademais dalgunhas outras palabras de extensión moi minoritaria coma **abuguinar** e **achourilar**, hai que dar constancia da existencia do verbo **atronar**, espallado por toda Galicia na significación de facer atordar con estrondo ou enxordecer.

Do verbo latino TONARE debiamos esperar en galego e portugués unha forma *toar*, que non existe porque por influxo do *r* de **tremer** pasou a ser *troar*. E desta forma con nasalización naceu o portugués *trom* e o galego **trono** que recuperou o *n* perdido. Modernamente ó lado do **troar** antigo foi recreado, partindo de **trono**, o verbo **tronar**.

Celso Emilio emprega **trono** *(palabras poderosas / que soan como tronos)*, **tronante** *(falaba con voz tronante)*, **tronada** *(tronadas iniciais... as bruidosas tronadas... apesares do vento e da tronada)* e moitos escritores usan a forma citada **atronar** (feita sobre **tronar**) e outros, coma Rosalía, usaron a máis antiga **atroar** (feita sobre **troar**): *Dempois*, *con voz que ás xentes atroaba / foise de porta en porta perguntando*...

697. Van calados e vougos

Hai un poema de *O soño sulagado*, de C. E. Ferreiro, titulado "Os **fuxidivos**" (vulgarización do cultismo **fuxitivo**), no que describe con paixón o momento do paso destes homes silenciosos: *Ás veces*, *unhos homes / que non saben surrir*, *pasan de longo / levando tras de si os cas da noite*. / *Van calados e vougos*, *de pasada / polo meio da xente*, *ouvindo voces / que baixan das estrelas entre sombras*.

Os **fuxitivos** van *calados e vougos*. Chamoume a atención o uso da voz **vougo** neste contexto. Eu xa vira o uso desta verba por parte de Pondal: *o lar escuro*, *vougo mirando... no promontorio aquel areoso e vougo... nun sitio vougo*, *areoso se puxeron a cantar... son vougos*, *sin xentes*, *mouros*... coa significación de deserto, despoboado, deshabitado, que sen ningunha dúbida non podemos aplicar ó noso texto.

Outros escritores usan a voz **vougo** como sinónimo de vacío, baldeiro ou baleiro, de acordo coa súa orixe etimolóxica como verba descendente da palabra latina VACUUM, seguindo unha evolución fonética popular fronte ó cultismo **vacuo**. Tampouco esta significación poderiamos aplicala xustamente ós nosos fuxitivos.

Digamos a propósito deste uso de **vougo** como vacío que ó igual que esta última se substantivou como forma plural, os **vacíos**, para denomina-las illargas, tamén os **vougos** tomaron esa mesma significación. E na zona do galego oriental **vougo** é o mesmo ca bandonga ou barriga moi abultada ou panza talvez por ese sentido de vacío grande dentro da panza ou talvez ese **vougo** non teña nada que ver co que comentamos.

O sentido primitivo que tiña **vougo** de vacío, baldeiro, amplíouse, como vimos ó de deserto, despoboado, e non ten nada de estraño que destes últimos se pasase ó de solitario, desamparado, abandonado, que está xa recollido no diccionario de Eladio Rodríguez.

Pero no texto de C. E. Ferreiro está empregado nese sentido de solitario, desamparado, abandonado aplicado non a un lugar, senón metaforicamente a un home. Os fuxitivos van pois *calados e vougos*, é dicir, calados e solitarios ou abandonados.

698. Caladiño, silencioso e silandeiro

Quen fala pouco, cala e del decimos que é **calado**, pero ós escritores gústalles emprega-la forma diminutiva **caladiño**: *lévame caladiña no teu raio... a ntite vai caladiña* (Rosalía), *Hasme ir moi caladiño... noite caladiña e fresca* (Curros), *As xentes acudían todas caladiñas coma petos... os paisáns fuxen caladiños* (Castelao), *Era millor estar caladiño* (Otero Pedrayo).

Celso Emilio Ferreiro emprega tamén esta voz: *caladiño e silandeiro coma un paxaro morto...; o vento... caladiño chegou co peito espido... Pasade caladiños. Estades diante a Fala, descubrídevos.*

Pero outro modo de expresar esta falta de ruído ou de palabras pódese facer usando o adxectivo **silencioso**, voz de orixe culta coma a palabra de que procede **silencio**, que substituíu a palabra evolucionada normalmente *seenço* que se conserva nalgúns textos medievais.

Silencioso é moi usada por Rosalía *(silenciosos chegan... desfilaron silenciosos... noite silenciosa)*, Pondal *(no teu seo silencioso... cando silencioso e quedo está o pinal... adusto, solitario e silencioso está)* e por Celso Emilio Ferreiro: *Vin pasar ringleiras silenciosas / de mozos feitos homes de repente... Pasarán silenciosos carros... cubertos de tremuras silenciosas...* que o emprega tamén adverbialmente: *bebe silenciosamente... Silenciosamente nun curruncho da rúa...*

Existe tamén en portugués esta forma culta *silencioso* sen ningún cambio, pero atopamos escrita esta forma semievolucionada nos escritos dalgúns autores: *no silenzoso fulxir do ceu... a rúa silenzosa, deserta* (Otero Pedrayo), *alí ficou ergueito e silenzoso... silenzosos inquilinos...* (Castelao). Que eu me dea de conta C.E. Ferreiro empregou **silenzoso** nun poema de *O soño sulagado*: *as rúas silenzosas.*

Sen embargo desde o primeiro tercio deste século púxose de moda o uso do adxectivo **silandeiro** que naceu en circunstancias que descoñezo. Aparece xa no diccionario de Carré e nas obras de Otero Pedrayo *(vai pasar silandeira unha pantasma... o silandeiro rumor do camiñar)* e frecuentemente nas de Celso Emilio Ferreiro: *é silandeiro o solpor e o can, son silandeiros os homes, os xardíns e os bosques, é silandeira a sombra e a comitiva e son silandeiras as espadas e as mañás.*

699. Merlos asubiadores e chifradores

A obra *A taberna do galo*, de Celso Emilio Ferreiro, remata cunha descrición paisaxística: *Nos espalleres do xardín da vinculeira cantaba o malvís cun contrapunto de merlos asubiadores*. E nun poema do libro *Viaxe ao país dos ananos*, hai outra descrición similar: *A miña terra é aquelada coma unha mazá / polo outono, cando as arbres son de ouro / e a brisa acariña coma un beixo. / Nácenlle á paisaxe camiños novos / con merlos chifradores baixo as parras.*

En ámbolos dous textos aparecen dando a nota de musicalidade á paisaxe os **merlos** ou **melros**. E nun deles os **merlos** preséntanse como **asubiadores** e noutro como **chifradores**, é dicir, como paxaros *que asubían ou chifran*. Parece incrible, pero é real, que **asubiar** e **chifrar** son dous verbos que proceden da mesma palabra latina SIBILARE.

Esta voz SIBILARE, que dá en castelán orixe a *silbar*, evolucionou en galego perdendo a consoante *-l-*, intervocálica, tomando a vocal *a* como sílaba inicial e transformando a vocal *i* en *u* por ir seguida de consoante labial, fenómenos fonéticos que teñen lugar en semellantes circunstancias. De aí pois a existencia do noso **asubiar**, do que nace o nome tan corrente **asubío**.

Os nosos grandes escritores fan bastante emprego destas voces desde Rosalía *(a un tempo asubiaron... un asubío medoso)*, Pondal *(asobiante o nome)* e Curros *(tose i asubía... Xan asubiando)* ata Otero Pedrayo *(tiña melros asubiadores)*, Risco *(Fogos de remosquete, de asubío)* e Castelao *(O boticario asubía unha cántiga... a pregoar no asubío os seus anceios amorosos)*.

Tamén Celso Emilio Ferreiro usa estas voces: *Pasaba o xornaleiro asubiando... foi o máis fino asubiador da bisbarra. Sendo xa vello, escoiteille asubiar «O sitio de Zaragoza»... Xa o merlo asubiaba nos parrales... Asubíos e lóstregos... os misteirosos asubíos*.

E, por outra banda, o verbo latino SILBILARE tomou outro camiño a través dunha forma paralela SILFILARE que da orixe ó castelán *chiflar* e ó galego **chifrar**, voz da que sae o **chifre** ou **chifro**. Tamén estas palabras son usadas polos nosos escritores: *fai chifros o pastor* (Curros), *xa se ouce o chifle dun afiador* (Castelao), etc.

C.E. Ferreiro emprega varias veces a voz **chifro**: *chifros do mar, escuras sinfonías... A sireia da fábrica ergueu o seu chifro... atoparon cun afilador que pasaba tocando o chifro... soprou no chifro e puxo en marcha a roda...*

700. Rolas e rulas

A fins de abril acostuman chegar a Galicia unhas aves, semellantes ás pombas, que teñen un canto melancólico e monótono que soa ós oídos das xentes ben como *ru-ru-ru* ou ben como *ro-ro-ro*. Os falantes das provincias da Coruña e Pontevedra e do norte e oeste da de Lugo escoitan ese son como *ru-ru-ru* e danlle a esas aves o nome de **rula**, pero os falantes do resto da provincia de Lugo e os de Ourense, escoitan *ro-ro-ro* e por iso nomean a esas aves **rolas**.

A maior parte dos escritores empregan o nome **rula**: *Que a rula que viudou, / xurou de non ser casada* (Rosalía), *E aquela rula inocente* (Pondal), *Envexas, miña rula* (Castelao), pero o ourensán Risco fálanos do *arrolo de rolas* e o poeta de Celanova, Celso Emilio Ferreiro, que no poema "O val" da súa obra *O soño sulagado* cita as calandrias, pegas e papuxas, na nova edición deste poema en *Onde o mundo se chama Celanova* risca as pegas e pon no seu lugar as **rolas**: *meu rumoroso val dos pitorreises, / das calandrias, das rolas, das papuxas...*

E o canto das **rulas** ou **rolas** é chamado **arrulo** ou **arrolo** (xa vimos como Risco falaba do *arrolo de rolas* e tamén Rosalía escribiu estes versos: *Cala, rula, os teus arrulos ganas de morrer me dan*) e desas voces naceron os verbos **arrular** e **arrolar** coa significación non só de 'canta-la rula', senón tamén de 'atrae-la atención mediante cantos e caricias'.

Pero **arrular** ou **arrolar** poden facelo naturalmente tamén as pombas como vemos nestes versos de *Onde o mundo se chama Celanova*: *Eiquí niste silencio / de pombas arruladas / niste vento que dorme nos piñeiros / un profundo sono de arelanzas* (en *Longa noite de pedra* aparecía xa este poema coa seguinte errata: *pompas arroladas*).

E tamén poden **arrolar** ou **arrular** as persoas que namoran a outras con palabras doces e solermeiras e aquelas que cantan ós nenos para que adormezan ou acouguen. Na obra *A taberna do galo* comenta Celso Emilio o alcume da muller *A rula*, que era chamada así porque pra *disimular que era tatexa*, *arrulaba ó falar*... e Castelao dixo nunha das súas obras: *Cando eu era neno miña aboa arrolábame con esta cántiga de berce*..., e Risco escribiu: *arrolábao no colo con doces cántigas*....

701. Urros ceibos e muxidos

Celso Emilio Ferreiro na súa obra *O soño sulagado* escribe os seguintes versos: *Somente no aturuxo / a liberdade deixa de ser leria / e faise urro dos pobos*, */ laio dos séculos*... e máis adiante di: *Eu canto aos emigrantes desta terra / que na rosa do ventos / erguen seus urros ceibos*...

Neses versos aparece a voz **urro** que segundo os primeiros diccionarios significa 'bramido bronco do elefante', nos posteriores 'bramido de león, do touro, do oso' e nos últimos 'bramido dalgunhas feras'.

A voz **urro** foi citada por Sarmiento como palabra usada en Soutomaior para denomina-lo moucho, pero eu non teño constancia da existencia desta significación en obras posteriores ou na fala. Sen embargo Sobreira fala do **urro** do porco.

Coido que hoxe esta voz é moi pouco usada, o mesmo que o verbo **urrar**, 'gritar, bramar', recollido por M. Taboada Cid na fala de Verín. Desde logo pode ser que C.E. Ferreiro escoitase algunha vez esta voz, a penas empregada polos escritores, na lingua popular da provincia de Ourense e que non sexa **urro** unha verba exclusivamente libresca.

Parece claro que **urro** é unha voz de orixe onomatopeica e etimoloxistas hai que a poñen en relación coa palabra italiana *urlare*, derivada do latín ULULARE.

De tódolos xeitos é evidente polos exemplos citados que o escritor de Celanova a emprega no sentido figurado de 'berro'.

C.E. Ferreiro emprega frecuentemente voces onomatopeicas como vemos no poema "Conversa en col dun boi": *este boi que aos galegos estercola / foi en Galicia á escola / i adeprendeu el soio a decir Múu... aquel que dixo múu na nosa historia... o boi que dixo múu tería unha flauta... que co seu múu asnal e corifeo... Concerto en múu maior a catro patas*.

Se para o noso escritor o berro **múu** é propio dos bois, non resulta extraño que use **muxido**: *o gando... alborótase e os seus muxidos delatan a súa presencia* e **muxir** (*as vacas muxen... entre o muxir das vacas*) que para a maior parte dos galegos significa extrae-lo leite e non berrar do gando vacuno ou *mugir* como din casteláns e portugueses.

702. Setas e volutas abombadas

A voz latina BOMBUS significa 'zumbido das abellas' e posteriormente calquera 'ruído xordo'. Con esta significación pasou ás linguas romances que ós poucos foron dándolle outros sentidos. **Bombo** é para min, sobre todo, unha especie de tambor e desta voz sae **abombar** como 'enxordecer' ou 'atordar'. Se digo que *estou abombado* quero manifestar que estou atordado.

Que **bombo** é por riba de todo ruído, barullo, vese no seu derivado **rebombio**, que ás veces usa Celso Emilio Ferreiro: *¡Que ben, que a bomba ven co seu rebombio!... No País dos Ananos celebrouse / o Nadal con rebombio*, xunto coa variante **rebumbio**: *un rebumbio de berros e cantigas*.

Na Lombardía italiana creouse unha arma de fogo para lanzar pedras ó inimigo que foi chamada *lombarda*, pero, como facía ruído ou **bombo**, transformouse esta voz en *bombarda*. E posteriormente foi denominado así un instrumento musical do que se deriva o noso **bombardino** que cita C.E. Ferreiro: A *bomba ten lombrices*, *bombardinos*, *vermes de luz*...

As **bombardas** lanzaban pedras ou balas que foron denominadas **bombas** para estar de acordo co nome da arma que as puña a voar. As **bombas**, que xa non son de pedra, están moi presentes nos textos do poeta ourensán: *fusiles*, *bombas*, *cañóns*... *o home das bombas*... *a eficacia ausoluta das bombas*.... *unha bomba azul*... *unha bomba de napolus*... *digo bomba de fósforo*, etc. E ten un "Poema nuclear" no que a **bomba** destructora da humanidade está presente dez veces nesa poesía.

E como a **bomba** adoita ser redonda, falamos de moitas cousas que son coma unha **bomba** cando saen ben. Do mesmo xeito que dicimos de algo que saíu redondo, diremos de algo que é **bomba** cando ten certa categoría ou certa contundencia: *aquela era a tesis contundente*, / *o argumento bomba*, / *a razón abafante*, son versos do libro *Viaxe ao país dos ananos*.

As **bombillas** son chamadas así porque teñen a forma redondeada e existe un verbo **abombar** (distinto do citado arriba) que significa 'tomar algo forma convexa ou forma de **bomba**': *A bomba*, *¡bong! A bomba co seu bombo / de setas e volutas abombadas*...

703. Barrios e bairros

A orixe da palabra **barrio** está probablemente nas voces árabes *barr* ou *barri* que significaban 'exterior dunha cidade', se ben algún etimoloxista pensa nunha forma latina vulgar BARRIUM, derivada da mesma familia que **barra**, que significaría primeiramente paredón, logo divisoria, despois separación e finalmente exterior e 'exterior dunha cidade'.

Coido que Corominas parte acertadamente de que a primeira significación de **barrio** era «aldehuela dependiente de una población» e digo isto porque ese sentido de **barrio** está aínda moi vivo nalgunhas zonas de Galicia, o mesmo que a forma *barro* o está nalgúns lugares portugueses.

Posiblemente **barrio** pasou a ser despois calquera lugar con certa unidade administrativa dentro dunha cidade ou vila ou como din algúns diccionarios galegos: «parte da cidade, vila ou localidade que se distingue por algunha circunstancia».

Celso Emilio Ferreiro emprega varias veces a voz **barrio**. Así no poema "Apartheid (In memoriam de Martín Lutero King", da súa obra *Viaxe ao país dos ananos*, escribe os seguintes versos: *William Moore era branco de alma branca* / *i era ademais carteiro*; *e mentres ía* / *repartindo o correio polo barrio de Attala*, / *en Alabama USA*, / *falaba contra o apartheid*... *William Moore*, *home testudo*, / *continuou repartindo o correio polo barrio de Attala*... E tamén na súa obra *A fronteira infinda*: *ao prefecto do meu barrio*... *Algo está pasando no barrio*... *os chamados barrios de folladelata*... *Dos barrios de folladelata*.

Pero a moitos autores galegos non lles gusta esta forma tal vez porque é común coa castelá e como di Eladio Rodríguez desde a segunda decena deste século algúns empregan a forma portuguesa *bairro* en equivalencia do noso **barrio**, tan vivo en toda Galicia.

A voz común **barrio** converteuse a fins da Idade Media en portugués en *bairro* que os diccionarios definen como «cada unha das partes principais dunha cidade. Cada unha das áreas administrativas en que se divide Lisboa e Porto». Dá a impresión de que o *bairro* portugués ten un contido máis oficialista ca un **barrio** galego.

Celso Emilio empregou algunha vez a forma portuguesa: *frecoentando os bairros populares dos arrabaldes da cidade... prostíbulos e botiquíns dos bairros baixos...*

704. Arrabaldes e suburbios

Nun poema de *Viaxe ao país dos ananos* escribe estes versos Celso Emilio Ferreiro: *O meu país predilecto limita ao norde cos ventos alisios*, / *ao sul cun arrabalde de Bos Aires* / *e cun porto de Hamburgo*, nos que aparece a voz **arrabalde**, verba de orixe árabe, *ar-rabad* 'barrio exterior', que conservou bastante ben esa significación primeira.

Fronte á voz **barrio**, tan difícil de delimita-la súa significación precisa, **arrabalde**, que conservou ata hai ben pouco o significado de parte dunha cidade que quedaba extramuros, é hoxe, en palabras do filólogo Antenor Nascentes, unha parte dunha cidade que está «alem do centro», é dicir, distante, afastada do que chamamos centro da cidade ou, se se quere ver desde outra perspectiva, podemos dicir que son os primeiros barrios que atopamos ó entrar nunha cidade.

En galego e portugués antigos existiu a variante **arrabal**, palabra hoxe perdida e tamén **arrabaldo** (que cambiou a vocal final *-e* por *-o* tal vez por influencia de **barrio**) que empregan ás veces algúns escritores galegos como Otero Pedrayo *(nos arrabaldos de Berlín... traballei ó meu modo polos arrabaldos de Ourense...)*, e mesmo C.E. Ferreiro que fala dos *arrabaldos de Bruselas... niste arrabaldo fedorento... no arrabaldo do mundo... nos arrabaldos dos sonos...*

Pero Celso Emilio usa como vimos máis arriba a palabra normal en galego e portugués **arrabalde** que é a verba máis popular e a recomendada polos gramáticos e lexicógrafos: *Nos outeiros e arrabaldes*, *as luces amortecidas das cabanas... Oubeou un can nos arrabaldes e comenzaron os lóstregos... frecoentando os bairros populares dos arrabaldes da cidade...* Digamos tamén que Castelao fala algunha vez dos *arrabaldes de Compostela*.

De tódolos xeitos (segundo podemos ver por algúns dos exemplos citados) **arrabalde** encerra en xeral certo matiz pexorativo, pero non tanto como o cultismo **suburbio**, que os diccionarios dan como sinónimo de **arrabalde**, se ben algún deles sinala acertadamente que o **suburbio** está caracterizado por unha calidade de vida inferior á do centro urbano.

Podemos comprobalo nestes exemplos de *A fronteira infinda*: *A cidade*, *vista dende un andamio ou dende unha chavola dos suburbios*, *era un inferno... Polas rendixas entraba*, *como unha serpe*, *un fedor de suburbio e cloaca*.

705. Xente dos arredores

Aínda que en moitos diccionarios galegos e portugueses definen os **arredores** como arrabaldes e suburbios, debemos dicir que esta verba ten un sentido moito máis amplo, xa que os **arredores** son non soamente barrios, arrabaldes, etc., senón tamén as terras, campos, terreos que rodean as cidades, vilas, aldeas e mesmo a unha casa ou a outra cousa calquera.

Cando Celso Emilio Ferreiro en *A fronteira infinda* escribe: *O patio comenzou a encherse de xente dos arredores*, *que viñan a mercadear cos seus produros*, entendemos que os **arredores** dos que fala son as aldeas veciñas e cando escribe na mesma obra que *O espulsado... quixo vingarse e asexou polos arredores* quere dicir que eses **arredores** son os prados ou leiras que están cerca dun lugar onde sucede a acción.

Esta significación de **arredores** é moi popular e está presente nos escritos de moitos autores desde Pintos *(toda a vila e arredores)* e Añón *(naqueles arredores)* ata Otero Pedrayo *(unha veciña dun lugar dos arredores)* e Castelao *(cruceiros nos arredores de Armenteira... entrando nos arredores de París... non había festa na vila nin nos arredores)*.

Arredores é a forma plural de **arredor** que é normalmente un adverbio (se cadra orixinado da preposición **a** e **redor**, nacido da voz latina RETRO*)* que podemos explicar como 'en torno', 'en volta' e como correspondente ó castelán *alrededor*. Dicía xa Rosalía: *arredor todo arrescende* e dixo C.E. Ferreiro: *Restaurou o teito*, *afianzou madeiras e trabes*; *construiu unha chousa arredor*.

Arredor seguido da preposición **de** forma a locución prepositiva **arredor de** que Celso Emilio Ferreiro emprega ás veces *(viviu arredor de si mesmo... As mulleres arredor do cadaleito*, *avanzaban... Os clientes sentábanse arredor dunha mesa común)* como o fan outros autores: *arredor do lar*, *(*de Rosalía); *arredor deles (*de Curros); *arredor do lume (*de Otero Pedrayo); *arredor do corpo (*de Castelao).

E digamos por fin que **arredor de** tén tamén o valor de case, pouco máis ou menos, aproximadamente, preto de, como cando dicimos *habia alí arredor de cen persoas*.

En *A fronteira infinda*, de C.E. Ferreiro, atopamos un exemplo deste uso: ¿*Onde te prenderon*? *En Pruna... a víspora de Noiteboa do ano pasado*, *como arredor das catro do serán*.

706. Rotas e roteiros

En moitos lugares de Galicia neva bastante e cando campos e montes están nevados hai que «romper» camiños para atravesalos e de aí que estas sendas novas ou, dito en latín VIAS RUPIAS, pasasen a ser *vías rotas* ou simplemente **rotas**. Desta creación latino-romance naceu tamén a voz francesa antiga *rote*, moderna *route*, que é para algúns etimoloxistas a orixe da voz galega e portuguesa **rota**.

Rota significa o rumbo, o camiño, a dirección marítima, como vemos nestes exemplos de Celso Emilio Ferreiro: *Busco as illas / que están alén do mar*, */ máis alá dos fachos / que sinalan as roitas / con coitelos de luz na escurada... Un cerco de miradas testimuña / a matriz diferente*, *o canle alleo*, */ a roita tan distinta das búxolas... queremos ver o mundo de alá fóra*, */ cruzar o mar que leva a todas* partes, */ vivir insospeitadas aventuras / pola roita que o sol marca*.

Segundo vemos pola lectura deses versos C.E. Ferreiro emprega a voz **roita** en vez de **rota**. Fai o mesmo cando **rota** significa dirección en xeral, camiño, estrada, etc.: *Lanternas verdes e roxas*, *penduradas de mastros*, *marcaban as roitas das autopistas... nas roitas que levan ao norde... voltamos a saber da súa roita... Aquelas son as roitas transparentes / de lúas e de estrelas...*

Non soamente C.E. Ferreiro usa **roita** por **rota**, senón tamén a maior parte dos autores da Xeración Nós e sucesores: *as roitas das viaxes de Cook... roita pra Italia... traguer ista roita* (Otero Pedrayo), *sobor da roita dos pelengríns... como roita dun novo ideal... siguen avante a roita do sol* (Castelao), etc. Non sei quen foi o inventor desta deformación da voz **rota** e as razóns desta transformación tan cara ós escritores coma descoñecida entre os falantes.

Pero, sen embargo, a voz **roteiro**, derivada de **rota**, non foi convertida por ningún escritor (que eu saiba) en *roiteiro*. Tanto Celso Emilio *(Non estabas nas covas do silencio*, / *non estabas nos libros dos roteiros... Cando ti i eu*, *man e man*, / *por roteiros non fitados*?...*)* coma os citados Otero Pedrayo *(trazando o roteiro do peregrino)* e Castelao *(o roteiro que nos dou universalidade)* usan **roteiro** na súa significación de itinerario, libro de rotas, libro de viaxes, etc.

En fin, ¿quen se atreve a condenar a autores como Otero Pedrayo, Castelao, Blanco Amor ou Celso Emilio Ferreiro por usan unha voz «inventada» en vez da voz popular?

707. Estradas, corredoiras e corgas

Para denomina-las vías situadas no interior das cidades e vilas C.E. Ferreiro emprega a voz normal galega e portuguesa **rúa**, pero os espacios para transitar ou **camiños** (voz moi usada para indicar dirección) ou **vías** (tamén empregada para indicar dirección: *poido fuxir vía Lisboa*), que usa sobre todo no sentido ferroviario *(Irei a Ribadavia pola vía do tren)* e en sentidos amplos e figurados (as *vías respiratorias... burgués de vía estreita)*, que están fóra das cidades, son as **estradas**.

Unha **estrada** era en latín unha VIA STRATA, é dicir, un camiño empedrado. E así como de VIA RUPIA saíu a nosa **rota**, de VIA STRATA naceu **estrada**, voz común na Idade Media en case toda a Romania, pero que hoxe conserva soamente o portugués, o italiano (strada), o alemán (Strasse) e o inglés (street).

Celso Emilio Ferreiro utiliza frecuentemente esta voz coa significación normal de camiño para persoas, animais e vehículos: *Seguimos nunha camioneta por unha estrada de terra...*, *foi o pirmeiro en saír ás estradas...*, *nas revoltas de tódalas estradas...*, *A estrada que leva até o outo do monte Furriolo*. E tamén con sentidos amplos e figurados: *nas estradas da vida...*, *nas estradas infindas do tempo...*, *lévame o corazón* / *por unha longa estrada...*

Estrada non é verba moi popular, pero si moi cara ós escritores: *Eu iba*, *cal sempre*, *triste*, / *por longa estrada enfiado* (Curros), *polas estradas tristes do inverno* (Otero Pedrayo), *por unha estrada adiante* (Vicente Risco), *pola estrada da Cruña* (Castelao).

A voz máis popular galega para denominar camiños por onde poidan pasa-los carros é a **corredoira**, que cando é moi estreita é profunda é chamada **congostra**. As **corredoiras** son nomeadas arreo nas obras literarias: *pasei a corredoira da codesa* (Rosalía), *nas correduiras de Recemel* (Pondal), *zocos na corredoira* (Otero Pedrayo), *por camiños*, *vereas e corredoiras* (Castelao), *con musgo de sombrizas corredoiras* (Celso Emilio).

Tamén emprega C.E. Ferreiro a voz **corga** (variante de **corgo**, procedente do latín CORRUGU) no mesmo sentido que ten a **corredoira** estreita e fonda: *Quédanme as rúas* / *e as fontes*, / *quédanme as corgas* / *e os montes... Ourense*, *frol que o meu desterro aruma... canle de Señardá*, *corga de escuma... Bande das verdes corgas...*

708. Carreiros, canellas e calexóns

Hai cousas que resultan curiosas e un tanto contradictorias cando intentamos examina-lo «corpo» das palabras. Polas corredoiras e corgas que xa estudiamos pasan os carros, pero polos **carreiros** (tal vez nas súas orixes tiñan que ver cos carros) non pasan máis ca persoas e animais como vemos nestes exemplos de Celso Emilio Ferreiro: *Polo carreiro que se perdía na negrura* / *da noite*, *achegouse paseniño un lobo... Coma un vagalume senlleiro* / *estar quixera* / *cheo de luz nos carreiros... Pénsese tamén nos carreiros da horta e nos carreiros dos xardíns*.

Outras voces empregadas por Celso Emilio Ferreiro para indica-los camiños estreitos son os **sendeiros** *(botouse a correr polo sendeiro que baixaba á autopista... berraba Pánfilo correndo polo sendeiro abaixo)*, as **vereas** (*O vento que fungaba nas vereas... i eu era un vagalume, unha estreliña / ateigada de luz polas vereas... A Ourense van tódalas vereas / pois teño alí o sangue...)* e os **vieiros** *(Adictos da saudade / que levades a luz polos vieiros)*.

Sinónimo destas verbas é a voz **canella** (procedente da palabra latina CANICULA, que dá tamén a forma **quenlla***)* que Celso Emilio emprega nos seguintes versos de *Longa noite de pedra* co sentido de rúa estreita e pequena: *Quero ir a Lugo / a perderme nas rúas da iauga, / nas canellas do solpor, / nas prazas dos meniños loiros...*

Coido que a **quella** ou **quenlla** e a **canella** son voces que non só teñen que ver coa voz latina CANALEM, senón que recibiron influencia dos derivados do latín CANNA. De aí que as citadas voces signifiquen camiño fondo, ruela, canle da auga, cal do muíño por onde corre o gran para á tolva, etcétera.

Pero hai en galego unha voz bastante corrente, **calexón**, que dá a impresión de que é un calco da voz castelá *callejón*. Sen embargo, penso que podería ser unha evolución normal da nosa voz **cal** (ou **canle**) que se modificou cunha terminación despectiva.

Esa voz **calexón** é empregada por C.E. Ferreiro nun poema de *Viaxe ao país dos ananos* nunha serie de expresións de insultos: *roubaperas da noite, / bonifate alugado, / calexón fedorento, / camándula serodio...*

709. O chafarís da praza

No poema "Moi lonxe" de *O soño sulagado* escribe Celso Emilio Ferreiro os seguintes versos: *Antigas torres en líquenes douradas, / o chafarís, as rúas silenzosas / vanme cantando un son de gaitas ledas, / pero eu estou moi lonxe, lonxe, lonxe*. Quen non coñeza xa o que é un **chafarís** dificilmente poderá tira-la súa significación polo contexto dos citados versos.

Pero se lémo-la súa obra *A taberna do galo* atoparémonos de novo esta voz: *o Parrancheva... decía que as causas non eran outras que as augas do chafarís da praza, bebidas polo cano que apuntaba cara ó norte... ós poucos días, Albertiña saíu correndo da fonda, chegou ó chafarís e botouse de cabeza na auga afirmando que estaba ardendo...*

Nestas liñas queda clara a significación de **chafarís** como fonte con canos e auga estancada. Efectivamente, en calquera diccionario moderno podemos ver que un **chafarís** é unha construcción que recolle a auga que brota dun cano ou de varios e mesmo que pode ser un surtidor ou choulador.

Con esta última significación é empregada esta voz varias veces polo escritor ourensán Otero Pedrayo nun sentido figurado: *o arco da vella abenzoaba cotos volcánicos e chafarís de palmeiras bambeados polo derradeiro sopro da tormenta... Logo, de cada ladeira, de cada viña xurdíu un chafarís de cantigas, un agromar de falas e risas...*

Chafarís é palabra común coas linguas irmás e procede da voz árabe *sahrig* que significaba 'bolsa, estanque, poza'. Desa significación ampla pasou a ter esa acepción máis reducida de 'fonte pública, construída no centro das vilas, para servir auga potable ós habitantes e mesmo para os animais'.

Hai tempo foron chamados **chafarís**, penso que en principio ironicamente, os pequenos postos de vendedores de bebidas nas festas e romarías. Logo foi aplicado ese nome a calquera posto de venda ambulante e despois tamén foi chamada así calquera casa pequena ou choupana, segundo vemos nalgúns diccionarios galegos.

Confírmame esta teoría o feito de que no portugués popular existe a voz *chafarica* (coas variantes norteñas *chafarnica* e *chafarrica*) para denomina-las baiucas, tabernas ou tascas.

710. Torres de almasí

Na obra *Cimenterio privado* vén un poema titulado "O poeta exquisito" no cal C. E. Ferreiro di que *hai aínda poetas que residen / en torres de almasí amuralladas*. *Esas torres de almasí* xa as citara noutro poema, "Samba", do libro *Terra de ningures*: *Balbordos de samba baixan / de outras torres de almasí*.

As torres de **almasí** son evidentemente torres de marfil, voz que Celso Emilio evita, xa que noutro poema "A illa perdida" volve preferi-la voz **almasí**: *Merco*, *vendo*, *intercámbeo / axóuxeres*, *fintas*, *papeliños de cor / por almasí e pedras augamariñas*.

Supoño que o poeta de Celanova aprendeu esta voz dalgún escritor que empregou esta forma, como Cortezón ou Bouza Brei *(¡Brancos peitos de almasí / amerceaivos de nós!)* ou nos diccionarios de Leandro Carré ou Eladio Rodríguez. Coido que esta forma **almasí** foi tomada da edición dos *Miragres de Santiago* feita en 1918 por Eugenio López Aydillo. Desta obra hai outra edición feita por J. L. Pensado en 1958. Ámbolos dous editores rexistran esta forma **almasí** e se non supoñemos que ámbolos dous confundiron as letras *f* e *s*, teremos que considerar que o copista do códice do século XV cometeu o erro de escribir **almasí** por **almafí**.

Nos textos medievais aparece bastante documentada a voz de orixe árabe *almafí* (mesmo nas *Cantigas de Sta. María* fálase dunha imaxe de *almafí*, xunto con outras variantes como *almafil* e *ammafide* que pertencen á mesma familia léxica da voz máis corrente *marfil* que aparece citada non só no antedito texto, senón tamén na traducción galega da *Crónica General* e na *Crónica Troiana* e en varios textos portugueses.

A voz **almasí** paréceme pois un invento, sacado dunha forma antiga *almafí*, para non usa-la voz tamén galega **marfil** (coincidente coa verba castelá) que empregaron Pintos, Rosalía, Iglesia Alvariño e outros escritores.

Con todo, hai que dicir que a voz común peninsular **marfil** está hoxe anticuada no portugués, que desde fins da Idade Media cambiou a terminación *-fil* por *-fim*. Talvez por influencia da voz portuguesa *marfim* foi empregada en galego **marfín** por algúns escritores como Curros *(un pandeiro de marfín)* e Castelao *(arqueta de marfín)* e rexistrada dese modo nalgúns diccionarios para evita-la coincidencia do **marfil** galego co *marfil* castelán.

711. Tabernas, tascas e furanchos

Para os romanos da época imperial unha **taberna** era en principio unha cabana, choupana ou choza de mala morte e logo nas **tabernas** comezáronse a vender cousas, de tal xeito que a taberna pasou a significa-lo que nós chamamos hoxe «tenda». Había nesa época *a taberna libraría* ou librería, a *taberna unguentaria* ou perfumería ou droguería, a *taberna sutrina* ou zapatería, *a taberna argentaria* ou oficina bancaria, etc.

Pero existiu tamén *a taberna vinaria* ou lugar onde se negociaba co viño, que foi a que máis éxito tivo lingüisticamente, xa que a voz **taberna** pasou a ser por excelencia lugar de bebidas en case tódalas linguas romances: *taverna* en italiano, provenzal e catalán; *taverne* en francés, e **taberna** en galego, portugués e castelán.

A voz **taberna** é pois entre nós voz tradicional, popular e literaria que o escritor Celso Emilio Ferreiro emprega frecuentemente na súa recta significación: *contan na taberna todo canto sabían*..., *con il afogábamos dores e tristuras / nas doces horas da taberna*...; *E as canciós que se cantan nas tabernas / son todas miñas*...; *Vai á taberna como quen vai á misa*...; *Na taberna adoitaba unha actitude solemne de héroe esquencido*...

Pero nos últimos séculos, á voz **taberna** saíulle un rival na verba **tasca**, que seica é unha evolución do significado primitivo da **tasca** ou táboa para tasca-lo liño, que pasou a ser tamén reunión de xentes que facían ese labor e de aí tomou a significación de lugar onde se bebe. Entre nós **tasca** non ten un sentido pexorativo como pasa en portugués, onde se considera voz bastante ordinaria. Celso Emilio usa esta voz como sinónimo normal de **taberna**: *Entón fun a celebrar a boa nova polas tascas da vila*...; *Os mozos*, *e tamén algún vello verde*, *ían á súa tasca máis que polo viño*, *pola filla do taberneiro*...

En galego está estendida tamén (coma en portugués e castelán) a voz procedente probablemente da linguaxe de xermanía **baiuca**, que ten un sentido despectivo ó igual ca en portugués e que foi usada por algún escritor (*Pedro e Rañolas falan no curruncho dunha baiuca*, de Castelao), pero eu non recordo de vela usada polo noso escritor ourensán.

Sen embargo, si usa o poeta de Celanova como sinónimo de **taberna**, nun sentido despectivo, a voz **furancho** *(Taberneiro*, *dono dun furancho onde só vendía purrela da súa colleita)* que está recollida nalgún diccionario moderno nese sentido e que é un derivado de **furado** ou **furaco**, que teñen a mesma significación que **burato** ou **buraco**.

712. Unha beberaxe: a purrela

A palabra do francés antigo *bevrage* (moderno *breuvage*) entrou nas linguas peninsulares na época medieval porque xa hai constancia do seu uso en textos desa época. Este galicismo (que en castelán se converteu en *brebaje* por metátese do *r*) recibiu, como é lóxico, a influencia do verbo **beber** e transformouse na forma actual galega **beberaxe**.

A definición actual de **beberaxe** que dan os diccionarios é a de bebida feita con varias mesturas e de sabor desagradable, pero na realidade da fala popular moitas veces é tomada coma simple **bebida**. No seguinte exemplo que tomamos do poema "Crónica da coca-cola" (do libro *Antipoemas*, de C. E. Ferreiro) cada lector pode interpretar esta voz segundo o gusto do seu padal: *porque a coca-cola representa*, / *ademais dun beberaxe*, *un belo símbolo* / *da esistencia mediocre e domingueira* / *do ianki conformista*, / *do home neutro*, *tipicamente parvo*.

Pero noutro exemplo que tomamos de *A taberna do galo* a voz **beberaxe** encerra a idea de bebida desagradable: *O Purrela*: *taberneiro*, *dono dun furancho onde só vendía purrela da súa colleita*, *un beberaxe acedo que daba denteira ó bebelo*.

Neste texto aparécenos unha **beberaxe** chamada **purrela** que a atopamos usada tamén polo grande escritor ourensán Curros Enríquez: *e nun curruncho*, *con netos* / *alá por corenta e seis*, / *toupa de chea unha cántara* / *de purrela coma a mel*.

Purrela é voz bastante corrente aplicada ó viño de moi mala calidade ó que se lle engadiu auga durante a súa fermentación para que resulte máis frouxo. Esta verba está testemuñada desde o primeiro diccionario galego, o de F. J. Rodríguez en 1864 e é empregada con este mesmo sentido en moitas partes de León e Castela.

Probablemente, como di o etimoloxista Corominas, esta voz pode ser un galeguismo no castelán, e quizais naceu como efecto da onomatopeia *purr* para indicar algo desagradable.

713. Un quilombo de mulatas

A palabra **quilombo** é unha voz de orixe africana, da lingua bunda ou quimbunda, que significaba poboación, e foi introducida en Brasil para designar 'refuxio de escravos fuxidos', e desa significación pasou á de 'choza ou cabana'. Os países veciños ó Brasil de fala castelá tomaron esta voz para a súa fala e nalgún deles como Chile e Arxentina converteuse en sinónimo de 'lupanar' ou 'casa de prostitución'.

Quilombo non pasou a formar parte do léxico usual das linguas portuguesa e castelá empregado en Europa. Celso Emilio Ferreiro utiliza esta verba nun poema de *O soño sulagado*, publicado en 1954, titulado "Historia dunha muller": *Agora collen caucho*, *curten peles / de caimán no Orinoco*, */ según dixo un veciño / que rexenta un quilombo de mulatas / alá en Venezuela*.

Así pois, o poeta ourensán introduciu esta voz na súa lingua non directamente do portugués brasileiro, senón do castelán americano. E eu non me lembro de ver usada esta palabra por ningún outro escritor galego, nin tampouco está rexistrada nos nosos diccionarios.

O mesmo Celso Emilio non a emprega (que eu recorde) en ningunha outra das súas obras. Prefire para significar este tipo de casas a verba **burdel** (estranxeirismo francés ou occitano que entrou xa na Idade Media nas linguas peninsulares para substituír á voz **mancebía**, que os nosos diccionarios dan como actual no galego, pero que os portugueses consideran xa desusada).

Vexamos algúns exemplos de **burdel**: *i as comadres comentaban ademiradas / dun veciño que se fixo millonario / cun burdel en Caracas...*; *un fillo de malato*, */ un puto de burdel*, *un tahur lato...*; *O aire cheiraba a retrete de burdel barato...*; *A Nonó*: *puxo burdel en Ourense ó precio de cinco pesetas por cada ocupación...*

A pesar de que existen bastantes denominacións populares para os **lupanares**, **serrallos**, **haréns**, **conventículos** e outras voces malsoantes, Celso Emilio utiliza ademais das voces anteriores o cultismo **prostíbulo**: *I entón o señorito*, */ dempois de agallopar coma un centauro / polos leitos noxentos dos prostíbulos...*; *Cada lugar da cidá tiña o seu feirón*: *Na rúa do Coitelo estaban os prostíbulos...*; *Leuter vendía pitillos de marihuana polos prostíbulos e botiquíns dos bairros baixos*.

714. Enlixouse a cidade

Para moita xente que aprende agora a lingua galega atoparse coa voz **lixo** que ten a significación da palabra castelá *basura* é algo moi normal. Na maior parte dos diccionarios de hoxe aparece así como primeira acepción: vasura, porquería, inmundicia, sucidade.

Pero para moitos que foron nenos hai moitos anos a significación primaria de **lixo** era (e é, naturalmente) a de partícula insignificante de po ou calquera outra cousa que se lle metía a un nun ollo e mesmo un **lixo** era (e segue sendo) esa motiña ou anaquiño ou mancha de po que nadaba na nosa cunca do leite... Talvez esa acepción que eu teño tan marcada da voz **lixo** sexa a máis próxima ó seu étimo latino.

De *Viaxe ao país dos ananos* son estes versos de Celso Emilio Ferreiro que mencionan esta voz: *O outono é un tren que ven bufando / con lixos de carbón nos ollos pechos*. E desta verba **lixo** orixínase o verbo **lixar** nos sentidos de **emporcar** *(todos emporcados na mesma zarrumalla*, de *Cantigas de escárneo e maldecir)*, **emporcallar** *(un calabozo emporcallado de mexo e de gómitos... istes delincuentes emporcallan as orgaizacións sindicales*, de *A fronteira infinda)* ou **manchar**.

Lixar, que ten unha grande tradición literaria *(olla o que fas*, *que me lixas*, de Curros; *pernas lixadas pola porcallada do xantar... cas botas lixadas de neve*, de Otero Pedrayo; *pra non lixar a cera do piso*, de V. Risco; *os tranvías e as fábricas / comenzan a lixar cos seus bruídos*, de Celso Emilio), ten unha variante moi empregada a nivel popular, **luxar**, que tamén empregaron algúns escritores: *agora un home luxado*, *pecador*, *tolo* (Otero Pedrayo); *Nada podía arredarme de luxa-las mans...*, *a luxar o nome e o creto dos galegos...*, *luxando así as nidias arelas dos autonomistas* (Castelao).

Ademais de **lixar** formouse outro verbo tamén bastante corrente: **enlixar** que lembramos que usou R. Cabanillas *(Non quero que se enlixe / a fontiña segreda)* e o noso poeta ourensán Celso Emilio Ferreiro algunha vez: *Enlixouse a cidá de telegramas / un lus pola mañá ás doce horas... Portugués*, *non. Resulta moi ridículo / que o nome dunha patria benemérita / se enlixe apelidando a iste pedículo / parásito ronzal de alma pretérita*.

715. Arrecendendo a toxos e carqueixas

A **carqueixa** é planta moi común en toda Galicia e intentando busca-la súa etimoloxía (se cadra dunha forma latina hipotética CARCASIA), atopei nos diccionarios e libros consultados datos moi interesantes e curiosos para min e que acaso tamén o resulten para o lector inxenuo.

Deixando á parte os nomes científicos *(Genista* ou *Genistella tridentata*, *Pterospartum tridentatum* ou *cantabricum)* darei en primeiro lugar a descrición que dela fixo o P. Sarmiento: «la que tiene flores amarillas, no tiene propiamente hojas, pero las tiene como cartilágines del ramo y son dos o tres seguidas de la figura de la hoja del carballo». Algúns diccionaristas din desta planta que é fructuosa, aceitosa, salitrosa, de follas aovadas... e que ten unhas follas tan ásperas que son empregadas como estropallos para frega-los utensilios da cociña e o chan. Hai tamén quen emprega esta planta para chamusca-lo porco ou para atiza-lo lume e como di un diccionarista «emprégase como combustible pola xente pobre».

Pero resulta ademais que a **carqueixa** é planta medicinal capaz de facer que o gando vacún ou cabalar perda a súa inapetencia en canto a proba. E tanto cos baños que se fan co seu cocemento coma coas súas tisanas (con azucre naturalmente) constitúe un remedio eficacísimo contra as dores reumáticas e artríticas, o mal da orina, dores de ventre, resfriados, parálises e é un grande purificador do sangue.

En fin, tamén hai coincidencia entre os lexicógrafos de que a **carqueixa** ten un olor grato e o noso escritor Celso Emilio Ferreiro confírmanolo: *Pasaba o cazador / con bafexantes cans / arrecendendo*

a toxos e carqueixas / i eu tiña medo... A tarde arrecendía a gromos e carqueixas... Tivo un fillo de achego nas carqueixas / que aquil ano cheiraban a pecado...

E en varios lugares da súa obra constatámo-lo uso desta voz que indica o nome dunha planta corrente no monte galego: *Val das raposas loiras, das doniñas / que entre as carqueixas pasan fuxidoras...*

716. Cangou o feixe de leña

Canga, palabra probablemente de orixe celta, é fundamentalmente na fala popular galega un pao, máis ou menos curvado, de certa consistencia, que serve para diversos usos: para forma-lo xugo, para ser colocado no carro como estadullo, para ser posto no colo dos porcos evitando así que non poidan pasa-los valados, para poñelo nun camiño como atranco, etc.

E de **canga** saíu o verbo **cangar** que é basicamente poñe-la **canga** a un porco, poñer un atranco nun camiño e poñe-las **cangas** a un boi ou a unha parella de bois para unilos ó carro ou ó arado, é dicir, xunguir. E de aí **cangar** pasou a ser tamén inclinar cara abaixo e botar peso sobre algo.

Pero **cangar** é empregado frecuentemente co sentido figurado de subxugar, oprimir, dominar, agobiar, cansar, etc. Xa no diccionario de M. Valladares se dan estes exemplos: *cangado de anos*, *de deudas*, *de sono*, etc. e Curros Enríquez fálanos de *o probe do vello*, *cos anos cangado*, *ergueuse da pedra*, Otero Pedrayo escribe que *as horas do día e da noite cangan sobor de min* e Celso Emilio Ferreiro emprega **cangado** na mesma acepción: *Neno que fun e son*, *pésanme os anos / cangados de minutos e de días*.

E **cangar**, verbo moi caro a tódolos nosos escritores, pasa a se converter en sinónimo de **cargar** tanto no seu sentido físico como moral: *abetos cangados pola neve... xornadas cangadas de vaticinios...* (Otero Pedrayo), *viuda moza cangada de fillos... pero ti non podes cangar cun vellouqueiro...* (Castelao).

Así pois, non é de estrañar que o escritor ourensán Celso Emilio Ferreiro use este verbo co sentido de colocar unha mercancía sobre algo que a transportará: *Abrahán cangou nun burriño o feixe de leña pra o sagrificio de seu fillo*, significación similar á usada por Castelao: *vexo cangar barcos con peras urracas e mazáns tabardillas*.

Os usos que fai C. E. Ferreiro de **cangar** son semellantes ós doutros grandes escritores galegos.

717. Agromar e abrollar

En *O soño sulagado*, de C. E. Ferreiro, atopámo-lo poema titulado "Palabras" que comeza con estes versos: *Na miña gorxa agruman as palabras / que de fontes moi fondas vanme vindo / e fanse ríos longos polas veas*. Neles aparece o verbo **agrumar**, que é unha variante moi estendida pola provincia de Ourense da forma **agromar**.

Agromar é empregado tamén polo poeta ourensán nestes versos do *Viaxe ao país dos ananos*: *Na primavera agroman os touzales / e o cuco canta* co sentido recto desta palabra 'botar gromos as plantas', mentres nos versos anteriores está usada nun sentido figurado. O mesmo uso desta palabra tanto no seu sentido recto coma figurado fan outros grandes escritores: *as froles agromaban no chan... un agromar de falas e risas* (Otero Pedrayo), *as liberdades... que arreo agroman no esprito popular* (Castelao).

Tamén C. E. Ferreiro emprega a voz **gromo** (procedente do latín GRUMMU) da que naceu este verbo: *A tarde arrecendía a gromos e carqueixas*, / *o reiseñol decía no mencer tristes queixas*.

Pero en galego hai outros sinónimos de **agromar** como son **abotoar**, **afillar**, **agomar**, **grelar**, **rebentar**, étc. Rosalía usou moito **abrochar**: *é que abrochan nos campos as frols... iban a abrocha-las rosas... de novo abrochan as rosas*... e Celso Emilio Ferreiro empregou frecuentemente o verbo **abrollar** (derivado de **abrollo**, nacido de APERI OCULOS 'abre os ollos' ou descendente dunha voz céltica).

Abrollar 'saírlles brotes ás plantas' pode ser tamén 'empezar a saír auga dun manancial' e nos seguintes exemplos de Celso Emilio emprégase esta voz nun sentido figurado e máis ben preto da segunda acepción ca da primeira: *Sentía que unha grande sensación de paz abrolláballe o peito como un manantío... non abrollou nin unha pinga de sangue... un Orinoco de desprecio abrolla / no meu corazón amargurado... cicais mañá*, / *cando a miña mirada / non abrolla na luz / veña a soedá... Un mar de escuma abrolla na fenestra...*

Curiosamente **brotar** tamén significa 'saír gromos ás plantas' e 'saír auga dun manancial' e é empregada esta voz por C. E. Ferreiro nun sentido figurado: ¿*En que lugar iñoto*, *en que cercado / brota o teu canto*, *a túa desgarrada / queixa de desterrado*, *abrindo sucos / no sono da cidade que descansa*?

718. As mapoulas

A planta herbácea de grandes flores de cor normalmente vermella e da que se obtén o opio era chamada en latín PAPAVER, voz que dá en italiano *papavero* e que loxicamente debería converterse nas linguas hispánicas en *pabavre* ou en *pabaure* ou *pabore*, cousa que non ocorreu.

A influencia da voz árabe *habba* 'gran de cereal ou semente' sobre esta voz latina fixo que se estendese polo Sur da Península Ibérica a palabra *haba páura* que suplantou tamén nos dialectos do Norte a voz orixinaria que trouxeron os romanos. Esta palabra híbrida daría orixe ó castelán *amapola*, e evolucionando segundo as normas fonéticas pasaría en galego *a aba poura*, que modificou a consoante vibrante *r* na lateral *l* (cousa que sucede ás veces) e teriamos así unha forma *abapoula*.

Ocorrería posteriormente a confusión das consoantes labiais *b-p-m* e a perda da vocal inicial *a-* que foi considerada como artigo feminino. De aí que teriamos en galego (e tamén en portugués) como formas moi correntes as verbas **mapoula** e **papoula**, que ten en portugués coma variante case máis usada *papoila*.

Hoxe son empregadas ámbalas dúas formas, pero algúns escritores como Celso Emilio Ferreiro usan preferentemente a variante **mapoula**: *Lévame o corazón / por unha longa estrada*. / *E nos meus pulsos van / dúas pequenas mapoulas de auga... sementárono no vento / cunha chaga en cada man*, / *mais as mapoulas do abrente / axiña frolecerán*.

Sen embargo, na fala popular existe tamén outra variante sen o diptongo ou, **mapola**, que coido que foi evolución posible sen necesidade de pensar na influencia do castelán *amapola*. Os primeiros diccionarios rexistran soamente esta forma que emprega tamén o poeta ourensán Curros Enríquez: *As mapolas dos seus beizos / collían roxo inda mor / do colar de coraliños... de albahacas tapizada*, *mapolas i alelís...*

719. Cantade a violeta

Nun poema de *Longa noite de pedra* Celso Emilio Ferreiro ironiza sobre os poetas non comprometidos cos problemas da súa época: *Poetas conformistas desta terra / testicular emporio de esqueletes / mentras o home loita*, *chora e sofre*, */ cantade a violeta*, *a margarida*, */ e desfollade a rosa reticente / dos vosos mínimos problemas*, */ decide si a todo e medraredes*.

A palabra **violeta**, flor ben coñecida, é citada noutras ocasións polo poeta ourensán baixo o nome de **violeda**. Cando lin noutro poema dese mesmo libro os seguintes versos: *e saben dos bosques sacros de outros tempos / e dos humildes segredos das violedas*, pensei ó ler esta última verba que se trataba dunha errata.

Sen embargo, noutra ocasión, lendo *O soño sulagado*, decateime que non se trataba diso, senón dunha deturpación da voz **violeta** por causas que non se me alcanzan a comprender. E así no poema "Nai" escribe o seguinte: *coma un arbre na noite*, *soio e núo / fundido polo cerne*, *coas raíces / sin os doces segredos das violedas*, e no poema "Dempois" lemos: *I esas doridas nais de doces ollos / contados de violedas*.

A voz **violeta** entrou nas linguas peninsulares procedente de Francia para substituí-la voz latina VIOLA que en castelán e en portugués deixou de ser usada popularmente, pero que en Galicia seguiu usándose segundo amosan os diccionarios e algúns escritores coma Rosalía: *ante os toxos*, *campanillas*; */ por antre os musgos*, *violas... antre as silva-las violas / antre o buxo*, *as dixitales*.

Esta voz **viola** non ten nada que ver coa **viola** 'instrumento musical', procedente case seguro da forma latina VIVULA, derivada de VIVA, a través do provenzal *viula* ou do italiano *viola*. As **violas** son citadas, entre outros, por Otero Pedrayo *(nin un salaio elexíaco na viola de David... soio porta por equipaxe a viola)* e Risco *(címbalos e mandolinas*, *violas*, *cítolas...)*.

720. Remexeron touzas e carballeiras

Na súa obra *A taberna do galo* fai referencia Celso Emilio Ferreiro ás **touzas**: *cachearon máis de cen veces a súa casa*, *remexéron touzas e carballeiras*, *pro non deron coil... Bandadas de estorniños voaban*, *lenes e gregarios*, *por riba das touzas*. Tamén en *O libro dos homenaxes* aparecen as **touzas** no poema adicado a Bande: *Vila noble e labrega / das touzas avesías / i as paisaxes esgrevias*.

A voz **touza** é de orixe prerromana e a significación actual non está moi ben definida xa que depende das diversas acepcións que se lle dan nos diversos lugares de Galicia. Penso que en principio debe ser terreo de monte baixo, terreo no que abundan as matagueiras e logo nun sentido máis amplo calquera arboreda de árbores novas e, sobre todo, de carballos.

Touza é voz normal nos textos literarios coa significación similar á que lle dá Celso Emilio, é dicir, á de monte baixo, como vemos nestes textos de Curros Enríquez e Otero Pedrayo: *I o cheiro aspirei que mandan / a touza e maila silveira... Ninguén entendía coma il o rendimento das touz*as e *das carballeiras*.

Pero C. E. Ferreiro emprega tamén o derivado desta voz **touzal**, que nos diccionarios aparece definida como viveiro, pero que eu creo que é unha simple variante de **touza**, segundo vemos neste exemplo: *Solía levalo*, *nos días de feirón*, *á tapada do touzal onde os feirantes deixaban as cabalgaduras*, ou nestoutros onde usa a forma de plural: *Nos touzales do meu país remoto / hai caliveras dóciles...*, *no confín*

dos touzales, / *un espello de luz palpebrexante... Na primavera agroman touzales... risoños touzales de amencer...*

E palabra sinónima de **touza** é **bouza**, voz tamén de orixe prerromana, que tamén ten unha significación moi ampla que vai desde 'monte baixo' ou de 'matagueiras' á de 'arboreda de calquera clase de árbores'. Non ten pois nada de estraño que Castelao en *Os dous de sempre* fale algunha vez da *negrume inxente da bouza de eucalitos* ou da *fra*gosa *bouza de eucalitos*.

Aínda que creamos que **touza** pode ser tamén unha **carballeira**, fixémonos que no primeiro exemplo citado de C. E. Ferreiro está claramente marcada a separación de **touzas** e **carballeiras**, o mesmo ca no outro exemplo que puxemos de Otero Pedrayo. As **carballeiras** aparecen varias veces citadas nas obras do poeta de Celanova.

721. Agallopaban cabalos

A lingua francesa tomou do xermánico fráncico a súa palabra *galoper*, que despois foi introducida nas outras linguas románicas. Xa desde a Idade Media temos constancia da existencia en galego do verbo **galopar** e do seu derivado **galope**, que son hoxe formas moi espalladas por todo o ámbito territorial da nosa lingua.

Sen embargo debemos dicir que nalgures atopámo-las variantes **galopear** e **agalopar** e que tamén están moi estendidas, sobre todo polas provincias da Coruña e Lugo, as variantes **gallopar**, **agallopar** e **gallope**, nas que vémo-la conversión da consoante *l* en *ll* por causas que non podemos explicar facilmente. Coido que talvez a existencia en galego doutras voces como **gallo** ou **galla** 'póla cortada dunha árbore' e os seus derivados **galleiro**, **galleta**, **galleto** e de **gallofa** e os seus derivados **gallofar**, **gallofeiro** coas variantes **gallopada** 'comida mal feita' e **gallope** 'papas moi soltas' puido influír neste cambio fonético.

Celso Emilio Ferreiro usa sempre o verbo bastante popular **agallopar** que ten a vantaxe de ser diferencialista con respecto á voz **galopar** que coincide co castelán.

Agallopar é 'corre-lo cabalo', 'andar a galope': *Os albres semellaban pantasmas de cabalos desbocados* / *agallopando os eidos... Un cabalo* / *dislocado*, *desbocado*, *agallopou frenético... Pasaron os cabalos da noite* / *agallopando... viron agallopar moitos cabalos... agallopaban cabalos* / *i escoitábanse axóuxeres...*

Tamén as xirafas e os centauros e naturalmente os xinetes poden **agallopar**: *Sobor ríos metálicos* / *agallopan xirafas... I entón o señorito* / *dempois de agallopar coma un centauro* / *polos leitos noxentos dos prostíbulos.. xa o noso (país) tiña sido agallopado* / *polos xinetes apocalípticos.*

E do mesmo xeito que os cabalos **agallopan** poden facelo figuradamente outras cousas que corren ou van de présa: *Os trens agallopan xemendo* / *por túneles de noite... agallopan espadas polos eidos... agallopar o vento nas chairas centeeiras... o vento nevoeiro* / *agallopaba a chaira... a noite agallopaba entre chiscos de luces fluorescentes*.

E finalmente facemos mención do uso de **agallopado** como sinónimo de esmagado, estragado, desfeito: *Hespaña agallopada* / *doíanos*, *doíanos*, *doíanos.. Doíanos a Europa agallopada* / *con chagas incurábeles no peito*.

722. Sementeira e seitura

Que a **semente** (voz tradicional procedente do latín SEMENTEM) é fundamentalmente a parte do froito que servirá de órgano reproductor dunha planta resulta evidente. Pero esta voz é usada nun sentido máis amplo como elemento que é causa ou orixe da que proceden outras cousas. Así o vemos nestes exemplos de C. E. Ferreiro: *Palabras que son semente dun mundo mellor...*, *maus acuguladas de sementes / do milagre imposível...*, *semente que deu froito / de soedá ao fondo dun camiño..*

Do mesmo xeito **sementar** tanto é usado no seu sentido recto: *ortiga vella que a fortuna / sementou no meu horto...*, *toda a vida sementando e cortando canas...*, coma nun sentido figurado: *sementou o Caribe de cadavres...*, *Quero morrer eiquí. Ser sementado / nesta miña bisbarra...*, *sementar cramores nas encostas...*

E o poeta ourensán emprega tamén o derivado **sementeira** no seu sentido normal de labores que se fan para sementar un froito ou da época en que se fan: *e digo iste meu canto / de arada e sementeira*, como o vemos así mesmo empregado por outros escritores: *tempo de sementeira* (Pondal e Curros), *as herdades prá sementeira do pan* (Otero Pedrayo), *fixera sementeira no seu campo*.

Pero **sementeira** pode ser usado nun sentido figurado: *Fecunda sementeira do pasado*, / *espello meu*, *única vida viva* (de *O soño sulagado*), *Soñan sementeiras de mundos os piornos...* (de Otero Pedrayo), *Sofrimos as inquedanzas das sementeiras* (Castelao).

E o que se sementou debe ser segado ou **seiturado**. O verbo **seiturar** (*Non houbo maneira de seiturar os centeos cativos*, escribiu Otero Pedrayo) é un derivado da voz **seitura** (procedente do latín SECTURA 'acción de cortar' que só deixou ese descendente na nosa Península) que está moi espallada polo sur da provincia de Lugo e por todo Ourense como sinónimo de **sega**.

Seitura é empregado polos escritores tanto no seu sentido normal (*dispoñeivos prá seitura*, *cansados labradores*, de Curros; *no mes das seituras*, de Otero Pedrayo) coma nun sentido figurado segundo vemos nestes exemplos de Celso Emilio: *agora que quedamos sin a pura / chama do amor pra o tempo de seitura...*, *E soño unha imposíbel alba amante*, / *unha doce seitura...*, *e chegas sobre min coma unha chuvia / prá seitura do amor e da esperanza...*

723. O relento

A forma latina LENTUS era unha palabra que tiña moitas significacións que se foron perdendo ó paso dos anos. A nosa voz **lento** xa non significa flexible ou maleable nin tampouco frío e indiferente. Non sei se alguén segue dándolle o valor de débil ou frouxo que aínda queda en portugués en casos como *pulso lento*.

Para moitos galegos e sobre todo para os escritores **lento** conserva case exclusivamente o sentido de tranquilo, tardo, calmoso, pachorrento, como vemos nestes exemplos de Celso Emilio Ferreiro: *No lento atardecer pasan tricornios...*, *nos lentos amenceres / ateigados de luces dubidosas...*

Pero o significado fundamental latino de húmido, algo mollado (conservado tamén no portugués *lento* e no castelán *liento*) é o máis estendido entre os auténticos falantes galegos. Non só se emprega como adxectivo en *terra lenta* ou *campo lento*, senón que deu lugar ó substantivo **lentura** 'humidade' e ós verbos **lentecer** e **enlentecer** como sinónimos de **humedecer**.

Sen embargo todos estes usos de **lento** e os seus derivados permanecen esquecidos dos nosos escritores. Non obstante hai un composto de **lento** que conserva este valor de humidade. Trátase de **relento** que se especializou no sentido de aire fresco e húmido da noite e da amañecida, é dicir, da humidade atmosférica da noite, que tamén se coñece co nome de **orballo**.

Relento si é usado polos escritores, se ben algúns prefiren o castelanismo **relente**. Pero **relento** mantén nalgures unha significación característica e relacionada con este sentido de humidade. Chámase **relento** o cheiro producido polas cousas rancias ou que teñen balor.

Celso Emilio Ferreiro na súa obra *Viaxe ao país dos ananos* escribe os seguintes versos: *Os automóviles pasaban velocísimos / cuspíndome na cara o seu relento*, nos que emprega a voz **relento** nun sentido un tanto figurado de cheiro característico que desprenden os automóbiles semellante ó cheiro desagradable producido polas cousas húmidas.

Nalgúns diccionarios galegos figura tamén **relento** como cheo de sucidade, é dicir, de **rela** que é definida como cousa sucia. Coido que este **relento** non é da familia de **lento**.

724. As lonxíncuas chairas

Cando queremos dicir que algo está distante da nosa vista ou dos nosos oídos ou que está a distancia no espacio ou no tempo empregámo-lo adverbio **lonxe**, pero se queremos cualificar algo adxectivalmente con esta idea de 'lonxe', ¿que palabra usaremos?

Tiñamos e temos en galego unha serie de adxectivos que expresan esta idea de distancia: **afastado**, **arredado**, **distante** e mesmo **alongado**, **apartado** ou **remoto**, pero os escritores do presente século pensaron que se o adverbio castelán *lejos* tiña un adxectivo derivado del, *lejano*, ¿por que non en galego debería funcionar un adxectivo derivado de *lonxe*? En efecto, crearon un artificial **lonxano** que tivo bastante aceptación literaria, pero ningunha popular.

Algún escritor (e penso en Otero Pedrayo) debeu dubidar da corrección desta creación da voz **lonxano** e ó lado desta forma empregou, por atopalas máis galegas, as seguintes: **lonxao - lonxaos** e **lonxá - lonxás**. E mesmo algún intentou a creación do adxectivo **lonxeiro**, que coido que non tivo ningún éxito.

Celso Emilio Ferreiro empregou desde as primeiras ata as últimas das súas obras ducias de veces a voz **lonxano**: *Escóitase un lonxano marmurio de frautas... dende aquel día lonxano... o lonxano bruído do mar... nun solpor de lonxanos horizontes... na lonxana aldea natal.. a mar grande e lonxana... cidades lonxanas... músicas lonxanas...*

Pero curiosamente o poeta de Celanova bota man do cultismo latino **lonxíncuo**, que se emprega tamén en portugués e en castelán e que está correctamente derivado de **lonxe** e non é ningunha invención. Aparece escrito **lonxíncoa** unha vez en *O soño sulagado*: *polas lonxíncoas chairas*, e dúas en *Longa noite de pedra*: *as lonxíncoas maus do vento... pardas*, *lonxíncoas chairas*. Nas obras posteriores C. E. Ferreiro non segue usando este cultismo que debe afasta-la invención pouco afortunada de **lonxano**.

725. Largasío val de Celanova

En 1954 publica Celso Emilio Ferreiro o libro *O soño sulagado* que contén o poema "O val" que comeza así: *Ouh*, *largasío val de Celanova / que o meu amor de neno acariñache*... e que logo recolle noutro libro, *Onde o mundo se chama Celanova*, publicado en 1975, con lixeiras variantes, empezadas xa polo título "O meu val": *Meu largasío val de Celanova / que o meu tempo de neno aloumiñache*...

Nestes versos atopámo-la voz **largasío** que volve aparecer nun poema de *Viaxe ao país dos ananos*: *Un largasío outono de limós / ten alí o seu máxico aposento*..., noutro de *Moraima*: *Espricarei as sombras largasías / das bruidoras selvas i outras voces*..., noutro de *O libro dos homenaxes*: *Decimos Rosalía*, / *Rosalía de Castro Murguía*, / *i alcéndese un espello / na noite largasía*, e tamén no poema solto "Carta a Fuco Buxán": *Fuco Buxán*, *que tes un largasío / anoitecer na ialma que te apreixa*.

Largasío é unha voz usada xa por Pondal: *das gandras largacías / as brétemas escuras o alongaran... quen de terras largacías*, *vindo*, *e xente apartadas*..., por Otero Pedrayo: *nunha chanzada largasía*..., *apasturado no ermo largasío... os largasíos camiños chairos*, por Blanco Amor: A *mar nas beiramares / tristeira e largacía*..., e outros escritores.

Esta voz, que aparece nos diccionarios sempre coma **largacío** 'extenso, dilatado, amplo', é verba exclusivamente galega formada sobre o adxectivo **largo** que aínda mantén a significación de ancho. Xa falamos nalgunha ocasión de como o verbo **alargar**, en casos coma *alargar unha finca*, ten claramente o sentido de ensanchar.

Pero o que non está claro é o nacemento desta voz como derivado de **largo** con esa terminación *-acío*. Penso se non será un derivado máis ben de **larganza**, que sería primeiramente *largancío e* despois quedaría reducido a **largacío**.

726. Río infindo

Do poema "O sono do neno", de Celso Emilio Ferreiro, son estes versos: *Durme ti*, *meu pequeno*, *pois somente / durmindo beberás a luz infinda / do teu alborexar*, *que Dios che brinda / coas mans en cunca e con surrisa leda*, nos que atopamos o adxectivo **infindo** que é o resultado semi popular do cultismo **infinito**.

Se a voz latina INFINITUS seguira unha evolución fonética normal en galego e portugués daría primeiramente *enfinido* e despois, coa perda da consoante *-n-* en posición intervocálica, *enfido* ou *enfindo*. Sen embargo a forma que chegou hoxe a nós e **infindo** na que se observa que segue a estar influída polo cultismo **infinito** que logrou introducila súa primeira sílaba na forma popular.

Coido que hoxe é máis popular o cultismo **infinito** e a forma máis tradicional **infindo** pasou a ser case exclusivamente literaria.

C. E. Ferreiro usa sempre infindo: *niste territorio infindo naceu un día o silencio... as noites son infindas i estreladas... nas estradas unha rúa de auga infinda feita de noite e de cristal*..., etc.

Aínda que a maior parte dos escritores, o mesmo que fai o pobo, prefire a forma **infinito** (igualmente ocorre na lingua portuguesa), atopamos outro escritor ourensán, Ramón Otero Pedrayo, que tiña preferencia polo adxectivo **infindo**: *polas foulas do infindo Pacífico... carregada dun infindo amor de despedida... o grande artista soñábase alargado nun infindo mar de pedra griseira... sentín medrar en min unha alegría infinda*..., etc.

Pero en Otero Pedrayo atopamos ademais o uso de **infindo** como nome substantivo: *¿Agardaría por il aquila arelanza detremiñada do infindo?... un decorrer de ondas de pedra botadas cara as praias do infindo*...

En fin, C. E. Ferreiro trata de popularizar nas súas obras unha verba hoxe case esquecida. Proba disto é a repetición desta voz no poema "Romance pesimista de fin de ano": *Pasa o tempo sin deterse*, / *río infindo de silencio*, *río infindo*, *noite e día*, / *río infindo*, *branco e negro... pasache ti*, *río infindo... e si me poño a cantar / hei de cantar como quero*, / *río infindo*, *noite e día*, / *río infindo*, *branco e negro*...

727. Folerpas de sangue

No poema "Proieuto final", do libro *Viaxe ao país dos ananos*, escribe Celso Emilio Ferreiro estes versos: *insomnes centinelas... fan tremer a paisaxe / e promoven folerpas de sangue sobre os ríos / dibuxando a esaita definición do pranto*, nos que emprega evidentemente unha metáfora cando fala de *folerpas de sangue*. As **folerpas** aparecen no seu recto sentido de partículas de neve que caen ó chan noutros poemas: *de brancas maus dicindo adiós / á neve en folerpas de pompas manseliñas... Debaixo das folerpas*, / *debaixo das pisadas temerosas*, / *hai birbiquís furando*, *fura*, *fura*...

Son moitos os escritores que citan as **folerpas**: *estaban as torres*, *perfiladas polas folerpas finiñas de neve abrileira* (Otero Pedrayo), *A cadela morta semellará unha folerpa de neve* (Castelao), etc.

Resulta moi difícil tratar de buscar unha explicación clara sobre o nacemento de palabras tan expresivas como **folerpa**. Pensemos que esas partículas de neve poden ser chamadas en toda Galicia **trapos** ou **farrapos**, pero tamén **falopas** e **falepas** (ou **falerpas**), que deben ter que ver con FALUPPA, voz latina que significa 'palliña'. Pero ó lado destas voces está moi estendido tamén o nome de **felepa** (coas variantes **felerpa** e **felepo**) que dá a impresión que recibiu a influencia da voz **felpa**.

Pero ó lado destas voces están as **folerpas** ou **folepas**, tamén voces moi espalladas (coas variantes **folerpos**, **folapos** e **folampos**), que seica son coma os **farrapos** coa influencia das voces tan correntes **fol** e **fole**.

Aínda poderiamos citar outras voces semellantes a estas que se modificaron por influencia doutras verbas: **celepas**, **celerpas**, **zalerpas**, **zalopas**, etc. Pénsese ademais que podemos chamarlles tamén ás partículas de neve **faíscas** (por imitación das chispas do lume) ou **follecas** 'folliñas'.

Non hai dúbida que en Galicia neva e que as partículas de neve levaron ós galegos á creación de numerosas voces expresivas para denomina-las partículas de neve que caen ó chan. Dos datos que posúo, coido que á parte de **trapos** e **farrapos**, as voces máis estendidas ou máis usadas son **felepas**, **folepas** e **folerpas**.

728. Tiña cara de calandra ou mellor de laverca

No mundo animal presente nas obras de Celso Emilio Ferreiro cítanse varias veces as aves da familia das aláudidas chamadas **lavercas**. Atopámolas nestes versos de *O soño sulagado*: *Tecían as labercas seus abrentes / i eu era un vagalume*, *unha estreliña*..., nestoutros de *Viaxe ao país dos ananos*: *Un país que vive de milagre... / Produce ao ano xustos doce meses / e tres mil romerías de San Roque*. / *Quinientas toneladas de labercas*, / *setecentas de grilos*..., ou no poema adicado a Antonio Machado: *Fareiche un lene pranto con labercas / que cruzan as mañás aterecidas / dos pobos humillados e ofendidos*...

Laverca é voz de orixe xermánica que está espallada por toda Galicia para significa-lo mesmo cás voces castelás *cogujada* ou *alondra*. Non podo menos de copia-lo que dela escribe o primeiro diccionarista galego F. J. Rodríguez (1863): «especie de cogujada, pájaro muy domesticable, de canto agradable y duradero hasta 17 minutos como he observado más de una vez en una que crié y vivió 15 años sin que dejase de cantar sino en el último en que cegó...»

Desde logo deben ser moi cantoras estas aves, como di F. J. Rodríguez, porque *lavercas* son chamadas tamén en moitas partes as persoas que son moi faladoras.

Da mesma familia destas aves é a **calandra** (que nalgúns diccionarios aparece como voz sinónima de **laverca**) que C. E. Ferreiro parece distinguir claramente neste texto de *A taberna do galo*: *Tiña cara de calandra*, *ou mellor de laberca con curupela... si a calandra canta o tempo tamén*. E cita as **calandras** noutros lugares: *erguendo o vóo outivo das calandras*, ás veces coa variante **calandrias** (así as chamaba Rosalía: *e no alto da torre / cantou a calandria*): *meu rumoroso val do pitorreises*, */ das calandrias*, *das rolas*, *das papuxas... ¿Que foi do ceo aquil*, */ do vento e das calandrias...*?

E, por último, debemos menciona-la **cotovía**, ave desta mesma familia á que tamén C. E. Ferreiro fai referencia: *pido que lembres... o tempo do cantar da cotovía*, voz que ten variantes: **cutuvía**, **cotolovía**, **cutuluvía**, **cotrola**, etc.

729. Estiña as túas bágoas

Cando está chovendo e cesa a choiva e comeza a despexarse o ceo, dicimos que o *tempo escampa*. **Escampar** é palabra corrente en toda Galicia, pero este verbo ten un sinónimo moi espallado polas provincias de Lugo e Ourense e polo territorio do galego exterior.

Estoutro verbo é un descendente da voz latina EXTENUARE que orixinou no galego-asturiano máis oriental a forma **estenar** e nas outras zonas de Asturias, así coma en moitos puntos de Lugo, a voz normalmente evolucionada **estear**, que ten a variante **estiar**. E desta forma xurdiu o verbo **estiñar** que é hoxe un verdadeiro sinónimo de **escampar**. Sirva de exemplo do uso de **estiñar** nesta significación deste texto de *A lus do candil*, de Ánxel Fole: *Cando estiñaba un ratiño*, *un sol marelo faguía brilar a iauga encorada dos prados*.

E deste sentido **estiñar** pasou a significar secarse a auga das pozas, das fontes, dos ríos ou dos ubres dunha vaca e tamén dete-lo curso de calquera líquido e en especial do sangue.

Esta voz **estiñar** non ten nada que ver coa portuguesa *estinhar* 'quita-lo segundo mel dos favos' das abellas e pertence a outra familia léxica, pero si cun *estinhar* miñoto e coa forma moi corrente *estiar* 'cesar de chover' que os etimólogos portugueses pensan (coido que erradamente) que procede do latín AESTIVUM 'estío'.

Celso Emilio Ferreiro fai uso do verbo *estiñar* no sentido de secar neste exemplo de *Longa noite de pedra*: *Deixa ise tufo acedo que te abafa*, */ esquece istas mortaxas*, */ estiña as túas bágoas*, e de dete-lo curso do sangue nestes versos de *Viaxe ao país dos ananos*: *Digo Galicia e sinto un arrepío*, */ unha esperanza ergueita*, */ unha ferida / que non estiña nunca*.

Digamos finalmente que os sinónimos do nome *escampada* son **estiñada**, **estiño**, **esteu**, **esteo**, **esteada** e **estiada**.

730. A lúa espreita dende a baranda

No *Cartafol de Poesía* publica Celso Emilio Ferreiro o poema "Abrente" que comeza con estes versos: *A lúa aspreita / dende a baranda / a noite vaise / i o galo canta*, onde aparece o verbo **espreitar** co sentido de observar.

Espreitar é unha verba probablemente nacida do latín EXPLICITARE, derivado de EXPLICARE, que foi modificando o seu significado de explicar ou dar explicacións no de analizar, indagar, mirar atentamente: *os homes... camiñan apalpando a longa noite namentras o bon Dios*, *calado*, *espreita* (de *O soño sulagado*).

Pero **espreitar** é sobre todo observar ás agachadas ou axexar segundo vemos noutras obras de C.E. Ferreiro: *E cando o día espreita detrás das sombras do amencer... queda quedo como aguia que espreitase a súa presa... mentras a noite espreita nos tellados ás ledas anduriñas tecelanas... as olladas dos homes que a o lonxe espreitan*, *feitas están tamén de pedra*.

Noutras ocasións C.E. Ferreiro emprega esta voz como sinónimo de espiar: *Candelario sorprendeuna perto dos barracós espreitando cara ó lugar onde estaban os presos traballando... rubía ás torres das igrexas a espreitar os tellados da cidá... Espreitaron a casa de noite e de día agardando que o prófugo voltara... coma un escuro espía que espreitase os nosos pensamentos...*

Sen embargo **espreitar**, amais destes sentidos que vemos no noso poeta ourensán, é empregado precisamente nalgúns lugares da provincia de Ourense na significación de 'escoitar ocultamente': *Xan espreitaba as conversas do cuarto veciño*.

E incluso **espreitar** pode ser interpretado como sinónimo de esperar atentamente ou, se se quere mellor, esperar vixiante, segundo vemos neste exemplo que tomamos de *Os dous de sempre*, de Castelao: *Pedro espreita no camiño a volta da costureira xeitosa*. *Ten medo*, *como o ladrón que vai roubar con zapatos de rinchido*.

En fin, **espreitar** mantén hoxe en galego, ó igual ca en portugués, as significacións fundamentais de ollar atentamente, axexar, espiar e investigar minuciosamente algo.

731. O soño sulagado

O soño sulagado é o título dun libro publicado en 1954 por Celso Emilio Ferreiro e un dos seus poemas remata con este verso: *escura voz dun soño sulagado*. Esta voz **sulagado** aparece noutros poemas desta obra: *un neno loiro en preces sulagado / buscando amor... iste é o mar das dornas e solpores / con balbordos de torres sulagadas... ou coma treponemas sulagados / no transfondo do ser... e vagos sons de bronces nos abrentes / de torres sulagadas coma estrelas*.

A significación de **sulagado** está bastante clara. Equivale a mergullado ou somerxido. Tal vez resulte máis evidente nestes versos de *Longa noite de pedra*: *por debaixo do mar soa un pandeiro / e hai un río de luz asulagado... No meu peito*, *sulagado*, */ soturno*, *fondo*, *calado*, */ un río de amor se move...* ou nestoutros de *Viaxe ao país dos ananos*: *Vexo a mañá pechada sobre os boscos / sulagados no mar... Un bruar de cidade sulagada / meteuselle nos ollos...* ou nesta frase de *A terra infinda*: *Todo estaba sulagado nunha mesta néboa de soños frustrados*.

Sulagar ou **asulagar** *(Un Orinoco de desprecio abrolla / no meu corazón amargurado / pra asulagar o teu murcho territorio)* é un verbo que nace da palabra tan corrente **lago**, que deu lugar a **lagoa**, **lagar** e **laga**, 'represa de auga onde se mete o liño', e é tamén a base de **enlagar**, 'metelo liño na auga durante varios días', e de **alagar**, sinónimo dos nosos verbos. **Sulagar** ou **solagar** é por tanto 'poñer algo debaixo do lago ou da agua' e ampliará o seu sentido orixinario ó de inundar, anegar, mergullar, somerxer e mesmo nalgúns lugares de Galicia o de chover moi abundantemente.

Nestes exemplos de Otero Pedrayo vemos claramente estes últimos significados: *os tendeiros asulagaron* as *onzas no fondo das pipas de aceite... o marzal asulagouse en chuivas...*

Tamén Castelao empregou moitas veces estas formas co sentido de anegar (eu *vin moitas veces asolagados en bágoas os ollos do señor Andrés... unha onda solagaba a pedra...*) e o figurado de somerxer *(asolagado nas suas cavilacións... o infindo desespero en que me vin sulagado...)*.

E de **sulagar** naceu o nome **sulagamento** que Celso Emilio Ferreiro emprega en *A fronteira infinda*: *Entón, mentras duraba aquela especie de sulagamento de Esteban na tristeza de lonxanas vivenzas*.

732. Unha fírgoa de luz

Unha fírgoa de luz tremeluce entre os pinos. / Non é fírgoa, que é / o espello do río... son versos da obra *Onde o mundo se chama Celanova*, de Celso Emilio Ferreiro, onde aparece a voz **fírgoa** que a atopamos usada noutros versos: *O tempo leva grímpolas de berros pendurados / dun aramio de espiño*; *leva fírgoas de luz* (de *Longa noite de pedra*) ... *Non me chame ninguén por outros nomes, / alcumes meus en fírgoas entrevistos* (de *O soño sulagado*).

Unha **fírgoa** é unha regandixa, unha fenda, unha racha ou unha greta. Esta verba é voz exclusiva da lingua galega e é unha variante de **físgoa** que converteu o *-s* final de sílaba en *-r* como ocorre noutros moitos casos. **Fírgoa** ou **físgoa** naceu como derivado do verbo **fisgoar** 'rachar', que ten a súa orixe na voz latina FISSICULARE, verbo que soamente se conservou en Galicia como máis expresivo que FISSICARE que deu lugar á voz **fisgar** estendida tamén por Asturias e Norte de Portugal.

Hai que ter en conta que esta voz **fisgar**, 'rachar', moi pouco usada actualmente, e o seu derivado **fisga**, sinónimo de **físgoa** e de racha, regandixa e greta e bastante máis empregado có verbo de que procede, están emparentados co adxectivo moi usual **feso** 'fendido, esgazado', procedente do participio latino FISSUM (do verbo FINDERE 'fender') que orixinou os citados verbos que constitúen a base das nosas voces **fisgar** e **fisgoar**.

Digamos tamén que esta familia de palabras que ten que ver co participio do verbo **fender**, non ten relación con **fisgar** 'pescar ou coller moluscos con fisga' e **fisga** 'arpón' ou 'arte de coller moluscos', aínda que en tódolos diccionarios galegos e portugueses aparezan as **fisgas** 'regandixas' mesturadas coas **fisgas** 'arpóns'.

Coido que a voz **fírgoa**, tan cara a C.E. Ferreiro, tivo bastante máis éxito entre os literatos (¿acaso por máis eufónica?) cás voces **físgoa** e **fisga** (que ten tamén a variante **firga**). Poñamos como exemplo a R. Otero Pedrayo: *non houbo firgoa nin rexouba por onde poidera traslucir a verdade*, e a Manuel L. Acuña que titulou un libro seu *Fírgoas*.

733. A miña fantasía soñando con lecer

A verba **lecer** ten a súa orixe na voz latina LICERE que sinificaba 'estar permitido', como se ve aínda hoxe no cultismo derivado do participio deste verbo **lícito**. Sen embargo LICERE transformou o seu sentido orixinario no de 'ocupación daquel a quen é permitido repousar despois do traballo',

segundo di o etimoloxista Antenor Nascentes, e desta significación ás de 'ocio, desocupación, descanso, vagar, tempo disponible, etc'.

No século dezaoito recolle Martín Sarmiento a frase *non teño lezere para fazer isto* na que lecer equivale a 'tempo' ou 'vagar'. Pero xa desde a Idade Media temos textos galegos e portugueses nos que vemos que esta voz ten xa os sentidos de hoxe 'ledicia, deleite, agrado' como amosan estas citas: *foi sen lezer provar... o demo non lles lezer deu... e mayor coita nunca vi de sofrer*, *ca esta nunca da lezer...*

E con esta significación de pracer ou alegría está empregada esta voz nos escritores deste século. Castelao fala de *os días de lecer* e Celso Emilio Ferreiro escribe: *Con ela teño a miña fantasía soñando con lecer*, *hora tras hora*.

Lecer ten ademais os significados de 'vontade' (*o Estado actual non ten lecer para ocuparse do problema minifundista de Galiza*, de Castelao), 'humor para facer algo' (E *vostede ainda ten lecer pra camiñar*? de Otero Pedrayo), 'folgo, alento ou ánimo' *(somentes tiña lecer para conta-las badaladas do reló... Fun a Portugal sen lecer para pelengrinar polos seus camiños*, de Castelao; *Afía o teu lecer*, *a espada afía*, de C.E. Ferreiro).

Pero o noso escritor Celso Emilio Ferreiro fai bastante uso desta voz co sentido orixinario de repouso ou máis ben co de tranquilidade, quietude ou mansedume: *Serpe de prata*, *río*, *longo espello / pasando con lecer... Un arbre son*, *nacido diante un río / que pasa sin lecer... Os ríos alá embaixo / pasando con lecer... Non é firgoa*, *que é / o espello do río*, */ pasando con lecer* , */ tal si fose durmindo... i a brétema rube con lecer dende o río*.

Coido que este emprego que de **lecer** fai C.E. Ferreiro está xa na seguinte frase doutro grande escritor ourensán (Otero Pedrayo): *o pobo figuraba ledo no dondo lecer do outono*.

734. O ceo tórnase macio

O primeiro capítulo de *A fronteira infinda* de Celso Emilio Ferreiro comeza así: *En Naspa as mañanciñas son frescas*, *outas*, *lumiosas e moi doces de durmir*. *Pasan grandes bandadas de paxaros multicolores que pintan no aire arcos de vella viaxeiros*. *Ao achegarse a hora do mediodía*, *o ceo tórnase macio e a calor*, *cuasi tórrida*, *pesa coma chumbo sobor do lombo...*

Escribimos ese texto tan longo para poder comprender mellor o sentido do adxectivo **macio**, que está explicado bastante confusamente nos diccionarios galegos. Digamos en primeiro termo que en portugués existe unha voz parecida ó galego que é *macío* (con acento no í) procedente probablemente do árabe *masih*, 'liso, terso', que significa brando ó tacto, suave, liso, plano, agradable.

Esa voz portuguesa foi acollida nalgún diccionario galego, coido que erradamente. E tamén equivocadamente outros diccionarios acolleron estas acepcións desta voz portuguesa entre as da voz galega **macio**.

Non sei a orixe desta verba galega **macio** que aparece rexistrada nos primeiros diccionarios galegos co mesmo sentido ca **esmacelado**, **macilento**, **descorado**, **pálido**, etc., e que nos modernos aparece confundida coa voz portuguesa *macío*.

Sen embargo os escritores fixeron moito uso desta voz sobre todo no sentido do cultismo **macilento** que a penas empregan, talvez por ser semellante ó castelán. Así o fan entre outros, Otero Pedrayo: *Macia envellecida*, *aínda gardaba o vago reflexo da beleza... a testa macia figura máis nova... os macios tipos*

penitentes... un borreiro, *cariña macia e branca*, *enfatelado en panos escuros*, e Castelao: *o cariz macio e arrugado dáballe aires de fidalguía*.

Dentro desta mesma liña atópase C.E. Ferreiro no uso da voz **macio** que no exemplo citado e de acordo co contexto ten a significación de pálido, descorado, macilento e mesmo a de triste.

Digamos tamén que outro grande escritor ourensán, Otero Pedrayo, creou o adxectivo, derivado desta voz, **esmaciado**: *a pequena esmaciada e abrancazada*, *con moitas pencas... A Xenara Corde*, *esmaciada pola fame...*

735. Nun soturno confín

Todos sabemos que a lúa ten influencia sobre moitas persoas, e os que reciben esa 'influencia' son chamados **lunáticos**, é dicir, maniáticos, extravagantes, caprichosos.

O que talvez moitos non saiban é que tamén o planeta Saturno envía certos efluvios sobre os que nacen baixo o seu signo. Xa durante a Idade Media eses que naceron en tales condicións foron chamados **saturninos**, voz que despois quedou reducida a **saturnos**, palabra que en galego e en portugués se transformou en **soturnos**, tal vez pola influencia dos prefixos **sota** e **soto**.

Soturno foi chamado, pois, quen recibiu ese efluvio do planeta Saturno que se manifesta pola melancolía e a taciturnidade. Polo tanto **soturno** equivale a melancólico, taciturno, sombrío, medoñento, lúgubre, abafadizo, etc.

En *Longa noite de pedra*, de C.E. Ferreiro, aparece usada esta voz no poema "Inverno": *No meu peito sulagado*, / *soturno*, *fondo*, *calado*, / *un río de amor se move*, e no titulado "Os asoballados": *Si calqueira escoitase o noso peito* / *ouviría un balbordo de mar*, / *ouviría o cramor dos meniños*, / *o pranto das nais*, / *moitedumes de voces resumidas* / *nun soturno confín sin fronteiras*.

Outros escritores empregaron tamén este adxectivo co mesmo valor que vimos nos versos ferreirianos: *o corazón ten un latir soturno e cóncavo* (de Iglesias Alvariño), *o que é eiquí*, *nistos cumos soturnos*, *non hai ren*.

Para eses sentidos de **soturno** equivalentes a taciturno, melancólico e sombrío, Celso Emilio gustaba de usa-la voz **tristeiro** como vemos nos seguintes exemplos: *eu quérote... nos tellados tristeiros das cidades...*, *unha chuvia monótona e tristeira...*, *o negro Guadalupe*, *sentado no patio*, *mostrábase cabisbaixo e tristeiro... Un vento que máis que vento* / *é un teimoso roncón* / *fungando polos tellados* / *con grave e tristeiro son*.

736. Baixo o teito caroal

Do poema "Novembro 1972", do libro *Moraima* de Celso Emilio Ferreiro, son os seguintes versos: *Un libro «Sobrevivo»*, *no que a paz* / *dalle un beixo á xusticia* / *baixo o teito caroal da poesía*, nos que aparece o adxectivo **caroal**.

Da voz **caroal** témo-lo primeiro testemuño do século dezaoito na obra de Martín Sarmiento *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*, ed. de J.L. Pensado, 1973, p. 347, que di: «En Lemos sig-

nifica, cosa corriente, cotidiana, frecuente y continua y trivial. Item, al tiempo oportuno para obrar dice: ahora é o tempo caroal».

Non sei se realmente C.E. Ferreiro empregou esta verba nos seus versos con eses sentidos de corrente, cotián, frecuente, oportuno, etc., que dicía Sarmiento que tiña **caroal** e que non atopei usado nos escritores e nas enquisas dialectolóxicas.

Paréceme máis oportuno pensar que esa frase que dá Sarmiento, *agora é tempo caroal*, habería que traducila como o fai algún diccionario moderno por agora é tempo cru ou duro, xa que nalgunhas zonas de Galicia está aínda viva a frase *entre Santos e Nadal*, *inverno caroal* no que se ve claramente a significación de **caroal** como forte, duro, cru.

Otero Pedrayo, bo coñecedor da realidade da lingua, usa esta voz a miúdo con esa significación como vemos nestes exemplos: *mollado nos xiados illós deitados polas choivas caroales...*, as *longas noites ateigadas polo chover caroal...*, *que non ten medo da noite caroal*, *da neve nin dos lobos...*

Tamén outro grande coñecedor da lingua, Iglesia Alvariño, emprega esa verba cos citados sentidos: *Coma un andacio irado polo sangre arriba*, *fogo de peste caroal...*, *furor de mandamento*, *fogo caroal*, *duro castigo...*

Así pois coido que debemos interpreta-lo verso ferreiriano *baixo o teito caroal da poesía* como o teito duro, forte ou recio da poesía.

E por fin digamos que esta voz **caroal** é unha verba que para min hai que poñer en relación con **carozo**, **carolo** e voces semellantes, que comezan con esa raíz *car*, procedente dunha lingua prerromana, que deixou bastantes descendentes no noso léxico.

737. Mastros de sonos

Hai palabras que ó longo dos séculos van modificando a súa significación ata tal punto que no día de hoxe é irrecoñecible o sentido primitivo e hainas que, conservando ese valor orixinario, reciben outras significacións, que só pensando moito se ve esa relación existente entre as súas acepcións.

Na Idade Media entrou na terminoloxía náutica o termo francés *mast*, de orixe xermánica, que se converteu en *masto* nas linguas hispánicas occidentais segundo testemuñamos por varios textos desa época, como as *Cantigas de Santa María* e a *Crónica Troiana*.

Sen embargo esta forma **masto** foi quédando anticuada tanto en galego coma en portugués (aínda que apareza recollida nalgún diccionario e sexa usada algunha vez por algún escritor como mero arcaísmo) porque transformou o grupo consonántico *-st-* en *-str-* como ocorreu noutros casos similares (**laste - lastre**, **reste - restre**, **balasto - balastro**, **estalar - estralar**, etc.) por razóns de tipo fonético ou por influencia da *árbore mestra*.

Mastro segue a ser hoxe a peza de madeira (ou de ferro) que se ergue verticalmente sobre a cuberta dun barco para soste-las velas dunha embarcación. Naturalmente nos barcos actuais serven para soste-las antenas, paos de carga e outros accesorios. Coido que Celso Emilio Ferreiro empregou este termo náutico nun sentido metafórico nestes versos de *Longa noite de pedra*: *O tempo leva grímpolas de berros pendurados / dun aramio de espiño*; *leva firgoas de luz / leva farrapos de esperanzas ergueitas / sobre mastros de sonos...*

Un **mastro** pode ser un madeiro alto (ou unha barra de metal) erguida como nos buques para colocar nel a bandeira *(Do autor de «Las Nacionalidades» soio resta en pé*, *como un masto no deserto*, *o seu exemplo de vida*, de Castelao) ou para poñer adornos ou mesmo luces como vemos nesta frase de C.E. Ferreiro: *Lanternas verdes e roxas*, *penduradas de mastros*, *marcaban as roitas das autopistas*.

Tamén Castelao fala moitas veces dos **mastros** dos cruceiros: *un mastro groso coroado pola cruz... o mastro e a cruz son dunha mesma peza...* E, en definitiva, fainos un resume dos sinónimos do **mastro** nesta frase: *O varal*, *vara*, *estea*, *mastro*, *asta e fuste*, *que de tan diversos modos viñemos chamando á colúa que sostén a cruz...*

738. Piringallas e piringallos

De algo que está colgado podemos dicir que *pende*. E do verbo **pender** xorden algúns nomes coma **pendente** ou coma **pendengue** 'manto' do que nace **perendengue** (coa súa variante **pirindengue**) ou como **pendallo**, 'pao para colgar cousas ou que serve de tentemozo'.

De **pender** sae tamén **pendurar**, do que naceron os nomes **penderico** (coa súa variante **pindirico**), **pendurico** e **penduricallo**, que significa '**colgallo**'.

Pero ó lado do latín PENDERE formouse outro verbo PENDICARE que dá lugar ó noso **pingar**, 'colgar' (se ben toma ademais outras acepcións coma a de 'caer un líquido pinga a pinga'), do que se forma o nome **pingallo**, 'algo que está colgando'. Probablemente deste verbo saíu tamén unha forma *pingolo*, que hoxe rexistramos como **piringolo**, 'roca que está como colgada do alto dun monte'.

Se de **pendengue** saíu **perendengue**, e de **pingolo**, **piringolo**, así como de **picouto** hai un **piricouto**, non ten nada de particular que de **pingallo** (existe tamén unha forma **pingarello**) nacería outra voz máis expresiva polo reforzo da voz co prefixo *pere-* ou *piri-* **piringallo** ou **peringallo**.

Así pois cremos que as voces **piringalla** e **piringallo** significan fundamentalmente o mesmo que **pingallo** ou **colgallo**. Nas últimas obras léxicas recóllese a voz **piringalla** como 'acio deixado sen coller polos vendimadores' e **piringallo** como 'trapo vello' e 'fío que está colgando'.

Piringallos e **piringallas** poden ser aplicados adxectivamente a aquelas persoas que chaman a atención pola súa vestimenta e incluso pola súa «non sancta» conducta, segundo vemos polos empregos que destas voces fai Celso Emilio Ferreiro na súa obra *A taberna do galo*: *A ra non ten pelos nin ten lá i eu téñoos*, *¿entón a que vén eso de motexarme de ra*, *malos veciños*, *piringallos*?... *Quen che di a ti que a nai*, *agora tan podibunda*, *non fora nos seus tempos unha piringalla de aúpa*.

739. Zupia

No libro *Antipoemas* escribiu Celso Emilio Ferreiro unha poesía titulada "Crónica da coca-cola" que é unha crítica incisiva, cáustica, mordaz e irónica contra o sistema de vida americana, baseándose na bebida que poderiamos chamar bebida por antonomasia deste pobo.

O poema comenza así: *Esta é a historia da coca-cola*, */ que vosté debe ler con parsimonia / si quere incrementar a súa esperiencia / no amor ás institucións serias...*, e conta logo como a estatua da Liberdade mexou un día nas augas podres do río Hudson e como entón un boticario de Georgia vendo aquel xarope *ideou unha hipótesis perfeuta*: */ facer daquela zupia minxitoria / o American Way of Drink respadoado / por unha lei seca purità*n.

¿Que é unha **zupia**? Se collemos un dos dous diccionarios galegos que rexistran esta voz común co castelán, saberemos que **zupia** é o pouso do viño ou mesmo o viño revolto, acepcións que non cadran para entender esta voz nos citados versos. Pero o diccionario de Xerais pon estoutra acepción: «o inútil e despreciable dunha cousa», e o de Carré «cousas de mala vista y peor sabor..., cosa asquerosa» que si explica bastante ben o sentido da *zupia minxitoria*.

Esta voz, que J. Corominas considera que ten orixe na lingua basca ou no árabe hispánico, podería ser, segundo pensaba o filólogo galego Aníbal Otero, unha verba derivada do xermánico *suppa*, que deu en romance **sopa**. Non está moi errado o noso filólogo se pensamos que **zupia** pode ser sinónimo de **bazofia** ou **galdrumada**.

Otero Pedrayo emprega esta voz nese sentido na súa obra *O mesón dos ermos*: *houbo que valeirar as camariñas para lle dar ao gado aquila zupia de vianda*.

E significando **zupia** cousa asquerosa non ten nada de particular que nalgún lugar esa voz sexa aplicada a algunha persoa polas súas calidades morais. Nos arredores de Compostela escoitamos chamar **zupia** a unha persoa de mala conducta e o citado Otero Pedrayo na mesma obra emprega esta voz cun significado semellante: *O cregote vivía no pazo e ría cando as súas zupias candongas estricaban os lomedros nas sabáns fidalgas dos leitos de colunas retorneadas*.

740. O refugallo

Nas linguas do occidente peninsular debeu entrar xa na época medieval o cultismo **refugar**, como sinónimo das verbas máis populares entón **refusar** e **rexeitar**, que axiña pasou a ser voz moi común tanto no nivel falado coma literario.

Refugar no sentido de desprezar, desbotar ou rexeitar é moi usado polos nosos escritores: *o desleixado podenco·que refuga o seu idioma*..., *desventurada criatura a quen súa nai refugaba*, de X.M. Pintos; *moitos santos dos altares refugaron amistades de ricos*..., *Pedro refugou o convite*..., de Castelao.

Pero **refugar** na fala popular ten claramente a significación de rexeitar algo porque non é como debe ser, e deste verbo naceu o nome **refugo** para significar aquelo que se despreza, que se rexeita, que non se colle ou que se tira. De aí que atopemos nos diccionarios as acepcións de desperdicio, escoira, comida que se deixa para os animais, espiga non ben desenvolvida, etc.

E como **refugo** parecía voz pouco despectiva recibiu o sufixo *-allo* que lle deu ademais do matiz pexorativo un matiz colectivo. Un **refugallo** é pois un conxunto de restos de cousas, de desperdicios, de migallas ou frangullas, etc. Celso Emilio Ferreiro emprega esta verba con este sentido nos seguintes versos de *Viaxe ao país dos ananos*: *Botáronvos as sobras do banquete / os restos do festín*, *o refugallo*..., *O malo foi / que as andorgas valeiras enchéronnas / co refugallo dunha sociedá en desfeüa*...

Con todo, os escritores empregan voces coma **refugallo** nun sentido figurado para indica-lo conxunto de xentes do máis baixo nivel social. No libro titulado *Antipoemas* escribe Celso Emilio: *En Roura*, *cáseque real*, / *-os sub-pobres - os sub-homes / son o refugallo normal / dunha historia natural / sub-desenrolada*, nos que a dita voz aparece referida á clase inferior da sociedade co mesmo sentido que lle deu Castelao nestas frases: *Antre o refugallo que se acugula no peirán*, *aparece a doída fegura de Pedro*...

Nuns versos de *Cantigas de escárneo e maldecir* chama C.E. Ferreiro **refugallo** ás persoas máis viles da sociedade galega: *O rateiro de peirao / o refugallo incivil*, / *válense de Castelao / pra esconder a caste vil*.

En fin, a voz **refugallo**, como acabamos de ver nos textos citados, serve non soamente para significa-los residuos das cousas, senón tamén a parte máis ruín e máis vil da sociedade humana.

741. Zarrumalla

O libro de Celso Emilio Ferreiro *Cantigas de escárneo e maldecir* remata co poema *Os fillos de Silvio* que é un alegato contra a sementeira que fixeron os pequenos burgueses ácratas e contra os gandules esquerdistas de dereitas que se fan pasar por exiliados. Toda esta patulea de sinvergonzas aparece mesturada nos tempos aqueles en que se escribe o poema (1968) con pícaros, bribóns, proxenetas, truáns e asasinos.

E o poema acaba cos seguintes versos: *Todos tolleitos*, *todos emporcados / na mesma zarrumalla i amasixo / todos coa mesma faz de carapixo / falando o castelán do cagatinta*, */ velos ehí van coa sua innobre pinta*, */ fillos de nai que os deu i o pai que os fixo*.

Neles ó lado de **amasixo**, castelanismo por **amasillo** 'conxunto de cousas que se amasan dunha vez' e tamén 'morea de cousas revoltas e desordenadas' aparece óutra voz que polo contexto resulta un sinónimo. Trátase da verba **zarrumalla** que é unha palabra que eu vexo escrita por primeira vez e que tampouco escoitei en ningunha enquisa dialectal.

Coido que **zarrumalla** (se non cremos que é un erro tipográfico) é unha variante de **zarramalla** ou mellor **zaramalla** que aparece xa rexistrada nos primeiros diccionarios galegos xunto con **zaramallada** para significar 'conxunto confuso de cousas' (acepción que cadra ben para comprende-la **zarrumalla** dos versos de Celso Emilio), ademais de 'lío, embrollo' e 'trapallada'. E destas voces nace o **zaramalleiro** que equivale a 'trapalleiro'.

Esta familia de palabras de creación expresiva e 'recreación' continua dá lugar ó nacemento de formas como **zarrabullo** que é unha especie de amoado ou conxunto de ingredientes que xunto co sangue serve para facer morcillas e nalgún lugar de Galicia chámase así o amoado ou pasta de manteiga, ovos, leite, etc. empregada para facer doces do entroido.

Sen ningunha dúbida podemos dicir que ten relación con esta familia léxica **zarapallada**, **zarapallar zarapalleiro**, etc. E cremos que tamén temos que engadir outras voces como **zaragallada**, 'situación confiusa', 'mestura de varios ingredientes', que é común coa voz portuguesa *zaragalhada*, que significa alboroto ou turbamulta.

Aínda poderiamos engadir máis voces semellantes, como **zaparrallada** e outras, que teñen esa significación igual á de **amasillo** e que están moi limitadas a determinados lugares, pero que resultan de fácil comprensión porque responden a esa idea onomatopeica encerrada nos seus sons iniciais *zar-*; *zarr-* que representan algo confuso e desordenado.

742. As grandes trampas

Esa especie de porta que temos no teito dun cuarto para subir ó faiado ou no chan da planta baixa para descender á bodega é chamada **trapa**, voz común a case tódalas linguas romances e a moitas xermánicas das que parece que procede a nosa verba segundo algúns etimólogos, se ben pode ser que a orixe estea nunha onomatopea.

Pero unha **trapa** pode ser tamén un aparello calquera ou unha especie de gaiola para cazar paxaros e mesmo un foxo ou unha cova preparada axeitadamente para capturar animais maiores. Xa Curros Enríquez nos falou dun persoaxe que *pillou*, *non sei con que trapa*, *unhas cantas onzas de ouro*.

Sen embargo hoxe en día está moi estendida na fala popular con estes mesmos significados o derivado desta voz, **trapela**, como vemos neste texto de *A fronteira infinda*, de Celso Emilio Ferreiro: *a rebelión dos propios negros*, *que enrabechados pola fame e a sede*, *reventaban as trapelas do sollado e abrollaban coma un volcán de tinta sobre a cuberta*...

Existe unha variante xa moi antiga desta palabra, **trampa**, que pode ser usada, como ocorre en castelán, en tódalas significacións xa expresadas e que é empregada sobre todo no sentido figurado de engano para prexudicar a alguén ou medio fraudulento para gañar nos xogos ou para burla-las leis.

Os nosos escritores empregan a miúdo esta voz: *tantas cousas vexo que me parecen trampa* (Rosalía), *fose cousa de que pudese haber trampa* (Curros), *trampas lobeiras embercelladas na mecha toxeira* (Otero Pedrayo), etc. E Celso Emilio Ferreiro ten na súa obra *Cimenterio privado* unha poesía titulada "A gran trampa" e ademais de nalgún outro poema aparecen as **trampas** que fan os políticos en *A fronteira infinda*: *Por culpa do goberno que soio se lembra de ríos cada seis anos*, *cando argallan as grandes trampas das eleucións*...

Se da voz **trampa** témo-los derivados **trampón**, **tramposo**, **trampullón**, **trapuzas**, da palabra **trapa** sairían (¿habería tamén a influencia de **trapo**) as verbas **trapallada**, **trapallas**, **trapalleiro**, **trapaceiro**, etc., ás que podemos engadir **trapallán** que Celso Emilio emprega en *A taberna do galo*: *Home de pouco siso*, *trapallán*, *lixeiro de cascos*...

VII. PENEIRANDO PALABRAS

743. Traer a un no peneiriño

Peneirar é pasar algo pola **peneira**, instrumento circular normalmente de madeira que ten como fondo unha trama de fíos de arame fino ou de tea ou de calquera outra materia que permite pasa-las substancias finas e retén as máis grosas daquelo que se verteu no seu initerior. A **peneira** é empregada sobre todo para conseguir fariña moi fina que é a que pasa pola citada trama e deixar separada a parte máis grosa chamada **relón** ou **farelo**.

Temos rexistrado este nome de **peneira** xa nos textos medievais e nas obras lexicográficas dos frades do século dezaoito Sarmiento e Sobreira. Esta palabra moi popular en toda Galicia (que ten ademais as variantes de **pineira** e **paneira**, ten tamén bastante tradición literaria desde a época de Rosalía (*Son as de Laxe unhas mozas... pois por bailar bailarían / no cribo dunha peneira*) e Curros (*E vin a Añón na faena / de peneirar*, *entretido / cunha peneira pequena*...) ata os escritores de hoxe.

Sen embargo non temos clara a orixe desta voz que algúns filólogos consideran derivada de **pan**, outros da verba latina PINNA 'pluma', outros de PELLINARIA 'cousa de pel' e hai quen pensa que procede da voz VANNUS 'cribo'...

A voz **peneira** foi usada ás veces polos escritores nun sentido figurado como o fai Castelao: *un mariñeiro que ganaba pesos a moreas e que na súa bulsa gardábanse talmente como auga na peneira... non é agradable pasar pola peneira do trasacordo as aicións xenerosas*... E tamén o pobo mariñeiro facendo uso dunha imaxe comparativa chamou así **peneiras** a certos moluscos gasterópodos de concha ovalada que son chamados en castelán *orejas de mar*.

Derivada da voz **peneira** témo-lo **peneiro** que nalgúns lugares significa *peneira pequena* e noutros (como tamén en Portugal) *peneira grande* e nalgúns outros é chamado así o pao que atravesa a rabela do arado para ter man das gueifas ou abeacas.

E o diminutivo destas voces, **peneiriño**, acadou moita fortuna na frase *traer a un no peneiriño*, que recollen bastantes diccionarios para indicar que alguén é moi ben tratado, mimado, aplaudido, estimado, obsequiado, celebrado, etcétera.

744. Linguaxe peneirada

Xa vimos como **peneirar** era sobre todo a acción de pasa-la fiariña pola **peneira** para aparta-lo farelo. Pero os escritores empregan a miúdo este verbo como sinónimo de depurar, elimina-las impure-

zas dun escrito ou de calquera outra cousa. Así vemos como Otero Pedrayo emprega nese sentido figurado esta palabra: *As cabalgadas do Cid envolveitas na poeira lexendaria peneirada no cribrón da crítica*..., *lingoaxe peneirado pola retórica*...

Tamén Castelao fai uso deste sentido metafórico: *O sol é unha choiva de lume peneirado*... E Celso Emilio escribe estes versos: *Dende esta orela envolta en neboeiros / de peneirada luz cuasi caricia*...

E o pobo xoga igualmente con este tipo de comparacións e así constatámo-la existencia desta acepción de **peneirar** ou **peneirarse**: move-lo corpo a un lado e a outro cando se anda ou se baila ou moverse continuamente (*¡como peneira esta rapaza!*), acepción que vemos empregada nuns versos de Pondal: *Teus cadrís feituquiños movendo / vas fiando*, *fiando*, *fiando*, / *teu corpiño movendo*, *movendo*, / *teu corpiño xentil peneirando*.

Ademais as aves de rapina, como o miñato ou o buxato, cando están no aire movendo as ás, case paradas, axexando unha presa, están **peneirando**. Así pois **peneirar** é manterse no aire como o fan as citadas aves e os lagarteiros. E todas esas aves poden ser chamadas **peneireiras**.

Peneireiro é pois un adxectivo que podemos empregar para denominar ós fabricantes e vendedores de **peneiras**, ós que traballan coa **peneira** e ós que se moven coma as **peneiras**. O diccionarista Valladares definía así esta voz: «La persona, tan a cuerpo libre, que puede moverse a un lado y otro con toda facilidad, lo mismo que un tamiz». Non podo menos de recordar uns versos do poema "A probiña que está xorda" de Rosalia que divertiu ós asistentes a unha festa e comeu case ata rebentar, pero que quedou despois tan **peneireira**: *Raventa / por pouco*, *mais o pelexo / tiña duro e nin siquera / lle arregañou i ó outro día xa / estaba tan peneireira*.

En portugués **peneirar** é tamén chuviscar ou orballar, pero eu non sei se esta acepción está viva nalgún lugar de Galicia.

Pero nós aínda temos máis que comentar sobre outras palabras que teñen que ver cos significados desta familia léxica.

745. Barutar, bortelar e sirgar

Xa no século dezaoito o frade Juan Sobreira nas súas *Papeletas de un diccionario gallego* rexistraba en Santiago a existencia da voz **baruto** como peneira moi fina para fariña de trigo, palabra tal vez de orixe xermánica, descoñecida nas linguas veciñas e recollida nos diccionarios galegos posteriores sen indicar que se trata dunha verba que, como sabemos polas enquisas dialectais, está estendida por unha zona que abrangue aproximadamente a actual provincia da Coruña.

Naturalmente, os falantes que dispoñen dun **baruto** para peneira-la fariña crearon o verbo **barutar** para denominar esta acción. Pero os diccionarios que rexistran esta voz como sinónima de **peneirar** danlle a **barutar** tamén toda a clase de acepcións que ten **peneirar**...

Posiblemente sexa unha variante desta verba típica coruñesa a voz exclusivamente de case a metade norte da provincia de Lugo **bortel** que tamén é descoñecida nas linguas veciñas. O citado frade Sobreira xa a daba como peneira de Viveiro e rexistraba ademais a variante **brotel** en Mondoñedo.

De **bortel** xurdiría pois o verbo correspondente **bortelar** que ten unha variante moi espallada **abortelar** e outra **bortear** que Aníbal Otero recolleu en Piquín.

Eu teño a impresión, xa que en moitos lugares onde din **baruto** e **barutar** existe **beruto** e **berutar**, que na provincia de Lugo se estendeu esa palabra **beruto** transformada en diminutivo, *berutelo*, que logo se reduciu a *bertelo* e *bertel* e modificou a sílaba inicial *ber-* en *bor-*.

Anímame a pensar nesta teoría a existencia nalgún punto desta zona da voz recollida por Anibal Otero de **bersel** que me parece que é o primitivo **bertel** transformado así en **bersel** por influencia da verba **berce** que se move como se fósemos **peneirar** ou **barutar**.

A palabra **seda** foi sinónimo de fío para facer teas e de pelo forte dos animais. E do latín SAETACEUM saíu o castelán *cedazo*. Do mesmo xeito do latín vulgar SIRICU 'de seda' saíu o noso **sirgo** que aínda nalgún lugar se conserva como sinónimo de **peneira**.

E de **sirgo** xurdíu pois o verbo **sirgar**, de grande tradición literaria medieval e que lembro que Otero Pedrayo usou algunha vez na súa obra *O mesón dos ermos* no mesmo sentido figurado que é empregado **peneirar**: *calquera idea ou disposición do amo eran sirgadas na peneira do Martuxo*...; *Pra leilear un pouco cas églogas de Virxilio sirgadas polos Pais da Compañía*...

Variantes de **sirgo** e **sirgar** son **xirgo** e **xirgar**.

746. Cribar e zarandar

O utensilio para limpar de corpos estraños os grans dos cereais ou as sementes ou mesmo os minerais composto dunha malla de arame suxeita a un cerco de madeira era chamado en latín CRIBUM, voz que deixou descendentes en bastantes linguas romances e que se converteu na nosa verba **cribo** coñecida e empregada en toda Galicia.

Cando un **cribo** é máis grande do normal é chamado en moitas partes **criba** e nalgures **cribón**. E naturalmente ó feito de pasar polo **cribo** os cereais ou os minerais ou calquera outra cousa que queiramos limpar de corpos estraños chámase **cribar** que ten unha variante tan usada como esta voz que é **escribar** e outra menos coñecida que é **acribar**.

Outro instrumento para peneira-los grans é a **zaranda**, voz de orixe non moi clara e empregada en bastantes puntos da parte oriental da provincia de Lugo e nalgúns da parte oriental da da Coruña onde temos tamén rexistrada a fora masculina **zarando**.

Pero hai bastantes lugares da zona costeira onde tamén é usada esta voz **zaranda** (ou mellor con seseo, **saranda**) para denominar unha rede en forma de cono colocada nun arame groso que é empregada para pescar nécoras, centolas, etc.

Destas formas nacen os verbos **zarandar**, **zarandear** u **sarandar** e **sarandear** (onde hai seseo) para significa-lo mesmo que **cribar** ou **peneirar**. E tamén son usadas estas voces para expresar un movemento de algo que se fai cos brazos (*zarandear a alguén* pode ser darlle unhas sacudidas ou coller a un neno en brazos para adormentalo) ou que fai o vento: *o vento zaranda moito estas ramas*. Hai lugares en que o vento forte é chamado **zarandón** ou **sarandón**.

Nalgún diccionario moderno aparecen xunto a **zaranda** e **zarandar** os portuguesismos *ciranda* e *cirandar*. E tamén o verbo *espoar* 'peneirar por segunda vez' que eu nunca escoitei na fala popular, como tampouco *outar*...

Aínda poderiamos engadir outras voces que teñen relación con toda esta familia semántica que ten que ver cos nosos **cribos** e coas nosas **peneiras**. Nalgúns diccionarios hai **banelos**, pero eu só escoitei falar de **baneiros**, **xoeiras** (rexistradas por M. Sarmiento e moi correntes actualmente en Portugal) xunto con **xoeirar** e **bacotear**, etc.

En fin, coido que xa falamos de abondo da familia de **peneirar** e similares.

747. Sachar e aterrar

As tarefas agrícolas esixen, como é ben sabido, bastante esforzo. Prepara-la terra para a sementeira necesita tempo e traballo, pero tamén hai moito labor que facer na terra desde que as sementes son soterradas ata a época da colleita ou da seitura.

Unha das tarefas fundamentais que hai que facer despois de sementar é **sachar**, verbo de orixe latina, SARCULARE, que se conservou en case toda a Romania e voz común en toda Galicia para indicala acción de remove-la terra sementada coa finalidade de elimina-las malas herbas. A importancia deste labor sinálase neste coñecido refrán: *Sacha*, *esterca*; *e se o fas ben*, *terás boa colleita*.

Sachar é voz tamén bastante empregada literariamente. Lembrémo-los versos de *Cantares gallegos* de Rosalía: *Costureiriña / comprimenteira*, / *sacha no campo*, / *malla na eira*... ou esta frase de Castelao: *Os esclavos do fisco sachan o millo nas eiras*.

E naturalmente o normal é **sachar** na época da **sacha** ou **sachadura** ou **sachadela** ou **sachega** e facelo co aveño de labranza chamado **sacha** ou **sacho** ou **sachola** ou tamén coa máquina **sachadora**.

Pero hai algúns lugares onde os labradores *escardan*, é dicir, quitan os cardos ou malas herbas de arredor das plantas. **Escardar** é voz castelá de introducción recente.

Con todo, hai que coidar e mima-las plantas e para iso nada mellor que arrimar terra ó pé delas para que as raíces non queden ó aire. Para denominar esta acción temos en galego bastantes palabras. Sinalemos en primeiro lugar a derivada da palabra **terra**, **aterrar**, que non só é aplicada para a acción de rodear con terra a unha planta (sobre todo na parte máis setentrional de Galicia), senón que significa ademais en xeral 'chegar un barco a porto' e actualmente tamén 'pousarse un avión na pista de aterraxe'.

Non se debe confundir este **aterrar** co verbo homónimo **aterrar** que significa causar ou producir terror e que non ten a mesma orixe.

748. Achegar, amontear, aporcar e abacelar

Diciamos no noso comentario anterior que a acción de arrimar terra a unha planta era chamada **aterrar**. Arrimar terra é o mesmo que *achegar terra*, e esta última expresión é tan usada e corrente que quedou reducida a **achegar**. Para moitos galegos do campo este verbo non só significa acercar, poñer ó alcance, axuntar, senón tamén aterrar. Así cando escoitamos a alguén dicir *mañá teño que achegar* debemos entender que esa persoa ten que realiza-la citada tarefa agrícola.

Hai outro verbo desta mesma familia léxica de **achegar** que é **aconchegar**, que ten as mesmas significacións, en certa maneira máis afectivas, pois é moi empregado no sentido de xuntarse ben os cor-

pos de persoas e animais. Por iso nalgúns lugares da Galicia sudoriental os labradores tamén **aconchegan** as plantas.

Pero os campesiños de grande parte da provincia da Coruña consideraron que achegar terra ó redor dunha planta era como facer un pequeno monte e por iso chaman a esa acción **amontear** e outras xentes desa mesma zona din **amontoar**, é dicir, rodear cun montón de terra as plantas. O primeiro destes verbos só ten esa acepción, mentres o segundo ten ademais, como en todas partes, os significados de amorear, aglomerar, acumular, etc.

Tamén hai labradores que conservaron a palabra latina **porca**, que, ademais de significa-la femia do porco e unha peza con cavidade roscada, mantivo a significación antiga latina de lombo entre dous sucos ou regos. Botar terra ó redor dunha planta era tanto como facer unha **porca**. De aí que esas xentes empreguen o verbo **aporcar** que tamén existe en castelán.

Da palabra **bacelo** ou **bacel** (do latín BACILLU) 'vide nova' ou 'videira para enxertar' nace o verbo **bacelar** 'plantar bacelos' que se converte en **abacelar** tanto co sentido do primitivo **bacelar** como co de coida-lo crecemento desa planta. Naturalmente **abacelar** pasa a significar aterrar, achegar terra, aporcar un bacelo e posteriormente pódese empregar esta voz para face-lo mesmo con calquera planta.

749. Acolar, rescaldar e bimar

Do mesmo xeito que de botar terra ó pé dos bacelos xurdiu o verbo **abacelar**, rodear con terra as coles deu orixe ó verbo **acolar**, que posteriormente pasou a usarse como sinónimo dos verbos citados nos comentarios anteriores para ser aplicado á dita acción. **Acolar** é bastante empregado en moitos lugares da provincia de Lugo.

Nesa mesma zona úsase tamén a voz **acoeirar** que xa o filólogo alemán Ebeling en 1932 recollía na súa monografía sobre esta parte de Galicia e daba así a súa significación: «amontonar, apilar la tierra a los cueiros». Os **cueiros** ou **coeiros** son os talos da col. Sen problema podemos considerar **acoeirar** como sinónimo de **acolar**.

O frade Sobreira rexistra na súa obra *Papeletas para un diccionario* a palabra **acoallar** coa seguinte explicación: «Castellano aporcar. Echar y arrimar tierra a las plantas para su fomento». Esta voz aparece citada nalgúns diccionarios do actual século pero non apareceu, que eu saiba, en ningunha enquisa dialectal. Teño para min que esta verba debe ser unha deturpación da palabra castelá *acollar* ou unha suposta variante dun hipotético *acoañar* con significación semellante á de **acolar**.

Non teño tampouco constancia dialectolóxica directa da vixencia do verbo **rescaldar** no sentido de **aterrar**, **aporcar** ou **acolar** que recollen bastantes diccionarios galegos, pero pódese comprender moi ben o cambio do sentido orixinario desta voz de 'escaldar', en 'move-lo rescaldo' ou borralla da lareira e logo en move-la terra ó redor dunha planta como se fose para quentala. As imaxes e as comparacións metafóricas funcionan adoito na fala popular.

Derivado do latín BINARE 'dar unha segunda arada ou cava ás terras de labor' é a voz romance *binar*, que ten o mesmo sentido orixinario pero que en galego se converteu en **bimar**, é dicir, cambiou a terminación lóxica *-iñar* por *-imar* tal vez por influencia doutras palabras relacionadas con ela como **primar** ou **vendimar**. Pénsese que **bimar** é sobre todo en galego da-la segunda cava ás viñas. **Binar** é ou un castelanismo cando se emprega co mesmo sentido que **bimar** ou un cultismo (seica a través do castelán) cando significa celebrar un sacerdote dúas misas no mesmo día.

750. Redrar, rendar e arrendar

Todos coñecémo-lo cultismo **reiterar** no sentido orixinario que tiña a verba latina REITARARE que significa 'repetir'. Pero esta voz tivo unha evolución fonética normal en friulano, tridentino, galego e portugués. Na nosa lingua evolucionou en **redrar**, ó igual ca en portugués, e especializouse na significación de repetir unha cava ou cavar por segunda vez as viñas.

Esta forma **redrar** debeu pasar xa hai tempo a *redar* que por razóns fonéticas non facilmente explicables (tal vez por influencia de **segundar** 'repetir') se converteu en **rendar** que significa actualmente tanto **redrar**, sachar por segunda vez, como **aterrar**, **aporcar** ou **acolar**.

E esta forma **rendar**, tan viva nas provincias de Lugo e Ourense, orixinou a variante **arrendar** que é a voz preferida polos falantes das provincias da Coruña e Pontevedra. Como no caso de **sachar** é verba popular segundo vemos pola súa presencia no refraneiro: *canto mellor arrendes*, *mellor colleita terás*; *en Dios espera*, *pero*, *entramentres*, *arrenda*...

E con **arrendar** pechamos esta serie de voces que orixinou o traballo de remove-la terra para un mellor cultivo ou de achegala ás plantas para que crezan mellor.

Pero existe outro **arrendar** que non ten que ver con esta familia léxica, senón coa voz **renda**, que tampouco ten relación coa palabra xa explicada **sacha**. Do verbo latino RETINERE 'reter' orixinouse no latín vulgar o nome RETINA que evolucionou primeiramente en *rédea*, voz moi testemuñada nos textos medievais e conservada así en portugués, coa significación de 'correa do freo dos cabalos'.

Sen embargo desde o século catorce impúxose na nosa lingua a variante **renda** (máis usada en plural) que é popularmente moi empregada en expresións como *afrouxa-las rendas*, *empuñar* ou *leva-las rendas de algo*, etc. e que usan a miúdo os escritores no sentido propio: *Ó atravesar silencioso / as soas e esquivas gandras*, */ as rendas abandonan*do... (Pondal) ou nun sentido figurado: *Vexo rendas de escumas nas olladas*...; *as escumas... cubrindo coas súas rendas os rochedos* (Celso Emilio Ferreiro).

Desta **renda** dos cabalos naceu estoutro verbo **arrendar** que significa afacer ó cabalo a que obedeza as **rendas**, colocar a un cabalo as **rendas** e atar unha cabalería polas **rendas**.

Con todo, hai outro **arrendar** que non ten que ver cos dous citados.

751. Enqueirado polo lume

A palabra **enqueirar** é voz bastante corrente na metade setentrional de Galicia no sentido de pasar algo polo lume, de chamuscar ou de desecar unha cousa por medio da calor. Que eu saiba foi empregada literariamente alomenos por un escritor, Ramón Otero Pedrayo: *o siñor Cilistro enqueirado polo lume chiscaba os ollos pitarrosos*..., *cobrou unha xostrada que lle deixou enqueiradas as froias... ben quixera ire con il a Frolinda*, *enqueirada de celosías*...

Semellantes a este verbo son **aqueirar** 'secarse os froitos coa calor' (vivo na zona norte luguesa) e **queirar** que algún lexicógrafo define como queimar e outros como dar fume aromático a unha cousa. É aínda hai unha variante destas voces que é **queirinarse**.

A esta mesma familia léxica pertence a voz **queira**, espallada por bastantes lugares coa significación de cantidade de leña que se bota no forno para quentalo ou que se pon sobre o lume na lareira, ou aire quente que sae de onde hai lume ou calor producido por calquera fogo.

Derivado de todas estas voces é o adxectivo **queirento**, que J. López recolle na súa monografía sobre *A fala de Novefontes*, para cualificar á persoa que lle gusta estar sempre ó lado do lume porque ten frío.

Aínda temos que falar doutra voz desta familia na que se observa o ditongo *ai* en vez de *ei*. Trátase de **cairo** da que temos constancia do seu uso por enquisas de Aníbal Otero e Antón Santamarina.

En fin, toda esta serie de voces proceden do verbo latino CALERE, que evolucionou en *caer* e logo desaparecen, pero deixando todos eses derivados. Pénsese que do participio dese verbo, CALENTE, veñen **quente** e **quentar** e doutro verbo formado sobre el, CALESCERE, saíu **quecer** ou **quencer** e os seus derivados.

752. Clases de fariña

Moitas veces repetimos que cada palabra ten a súa historia e que cada pobo vai modificando ó seu xeito as verbas herdadas da lingua latina. Hoxe quero colle-la familia dunha palabra moi común en toda a Romania e afondar un pouco no seu desenvolvemento en castelán, portugués e galego. Trátase da voz latina FARINA que significaba 'po en que se trasnformaba calquera materia sólida que era moída, e especialmente o po dos grans dos cereais'.

Tódalas linguas romances conservan esa significación, pero nas linguas citadas vemos que os diccionarios nos dan ademais diversas noticias desta palabra. No diccionario da Real Academia Española veñen tres explicacións sobre esta voz acompañada dun adxectivo: *harina abalada* (a que cae fóra da artesa), *a integral* (a que non está peneirada) e *a lacteada* (que é un composto de leite concentrado en po). Ningunha destas expresións se dan na lingua portuguesa. Nos diccionarios galegos recóllese a *fariña abalada*, pero aínda que non se mencione a *fariña integral* si é comprendida a expresión porque falan de *pan integral* e non sei se na fala popular se entendería o castelanismo *fariña lacteada*.

Sen embargo os diccionarios portugueses rexistran varias expresións vivas no Brasil para denomina-la fariña de mandioca: *farinha d áuga*, *de guerra*, *de mesa*, *de pau*, *da terra* e *farinha seca*. Tamén no Brasil hai unha planta leguminosa chamada simplemente *farinha* e unha *farinha-queimada* é un baile popular de Ceará, e unha *farinha do reino* é unha fariña de trigo que antes se importaba de Portugal.

O galego ten tamén moitas expresións que non se recollen nos diccionarios das outras linguas: fariña **cambal** (a que se moe na camba do muíño), **centea** (de centeo), de **liñaza**, **dos ratos** (o arsénico), **milla** (de millol), **munda** (a ben moída), **triga** (de trigo), **viva** (a áspera e gorda), **do ollo** (a moi fina).

Digamos por último que a voz **fariña** é empregada en moitos lugares para denomina-la comida que se lles bota ós porcos, e que esta voz foi importada polos asturianos (que deberían dicir *farina*) que empregan moito esta palabra en plural (*fariñes*) para indicar un prato moi popular feito nada máis que con fariña de millo cocida con auga e sal (*Fariñes*, *madre fariñes / ye comida de cullar*, di unha canción popular).

Pero aínda teremos que continuar coa **fariña**.

753. Metidos en fariña

Estar metido en harina é unha expresión castelá que os diccionaristas traducen ó portugués por estar gordo, ter boas carnes, e os diccionarios galegos rexistran esta expresión exactamente igual *estar metido en fariña*, coa mesma traducción cós portugueses, e o de Eladio Rodríguez engade que referido ó pan indica que non está esponxoso, pero non recolle a significación que ten no título deste comentario: estar empeñados con afinco nunha tarefa.

O castelán *hacer buena harina* é traducido ó portugués por *fazer boa farinha*, é dicir, convir nalgunha cousa, e *facer boa fariña* é normal en galego para dicir entenderse ben. Os casteláns *hacen harina algo* cando o fan anacos, expresión que descoñecen o portugués e o galego porque a nosa lingua prefire usar *facer po*.

Finalmente a expresión castelá *ser harina de otro* cos*tal* existe en portugués como *não ser farinha do mesmo saco*, mentres o galego ten a expresión paralela *ser unha cousa fariña doutro fol*. E poderiamos engadir refráns coma o de *donde no hay harina*, *todo es mohína* que ten en galego un paralelo precioso: *Onde non hai fariña nin relón*, *todos roñan e todos teñen razón*.

E continuando con outros vocábulos desta familia léxica digamos que a voz latina FARINARIUM era o lugar onde se gardaba a fariña e só se conservou en Galicia e Tras-osmontes como **farneiro**, que significa ademais o lugar onde cae a fariña saída da moa. E en castelán dise *harnal*.

O adxectivo latino FARINARIUS 'propio da fariña', con evofución fonética normal só quedou en castelán *harnero* 'peneira', pois a influencia da voz **fariña** fixo que se formase en romance o adxectivo **fariñeiro**. E do mesmo xeito os outros adxectivos latinos sinónimos FARINACEUS, FARINATUS, FARINOSUS non seguiron a evolución fonética normal.

En castelán temos como descendentes desas voces *harinado* 'fariña disolta en auga', *harinoso*, *harinero* e *farináceo* que entrou como cultismo recentemente. En portugués e galego existen **farináceo** e **fariñáceo**, **fariñeiro** e **fariñoso** ó lado doutras voces de nova creación como **fariñento** (con este nome é chamada a planta coñecida tamén como **cenizo** e mesmo **fariñón**), **fariñota**, que en portugués é uva preta e en galego unha clase de embutido, **fariñado**, etc.

No fondo de todas estas voces está sempre a significación da voz **fariña**.

754. Seguimos enfariñados

Cubri-la superficie dunha cousa ou manchar algo con **fariña** é **enfariñar**, verbo corrente en toda Galicia e Portugal (*enharinar* en castelán), pero os portugueses deron a este verbo tamén un significado figurativo especial descoñecido nas outras linguas: dar nocións xerais ou superficiais a alguén, e un *enfarinhado* é quen é moi perito ou moi instruído e versado nunha materia ou nun oficio.

Converter en **fariña** os cereais dise en galego **esfariñar**, segundo afirman algúns diccionarios, que dan a este verbo tamén a acepción de 'reducir a po, esboroarse ou desfacerse'. Non sei se isto existe na realidade da fala porque a palabra máis corrente para estas significacións é **esfarelar**. En portugués pasa o mesmo.

Pero estas voces **enfariñar** e **esfariñar** teñen en galego unhas variantes que parecen moi antigas, xa que do mesmo xeito que a forma latina FARINARIU tivo a evolución **farneiro** por perda da vocal *-i-*, INFARINARE e EXFARINARE pasaron a ser **enfarnar** e **esfarnar**.

A forma **enfarnar**, existente no galego oriental, ten hoxe as significacións de manchar (suponse que antes sería de **fariña**) e de botar fariña á encaldada para o gando. E o verbo **esfarnar** tomou o sentido de saírlle a flor ós cereais e logo o de fecundarse os cereais, as videiras, os piñeiros, etc. E desta voz sae o derivado **esfarna** que é tanto coma a floración ou a época do ano en que certas plantas están no período de fecundarse.

Teño a impresión de que deste verbo **esfarnar** naceu coma forma reducida sen o prefixo es o verbo **farnar** co mesmo sentido: fecundarse algunhas plantas, fundamentalmente as videiras. E desta voz sae o nome **farna** (que ten a mesma significación de **esfarna**), voz xa recollida polo frade Sarmiento no século dezaoito e que define así: «pendón o garzota de la caña del maíz». E aínda poderiamos seguir falando do nome da planta xa mencionada anteriormente como voz derivada destas formas: **farnelo** e **farnento**...

En fin, creo que co que acabamos de describir como derivados dunha palabra tan normal coma **fariña**, pode claramente mostrarnos que cada palabra latina que chegou a nós pode aparecer evolucionada de varias maneiras distintas, e mesmo tal cal como era en latín para os cultismos. En canto á súa significación, vimos como permanecendo sempre ligada á súa orixe tomou significados un tanto diverxentes dunhas linguas a outras.

755. Paos e paus

Escríbeme X. de C. de Porto do Son, preguntando se se debe escribir **pao** ou **pau**. É realmente interesante a curiosidade do noso lector, porque nos textos atopamos frecuentemente esta palabra escrita das dúas maneiras, e isto non é casual, senón que responde á coexistencia de ámbalas formas dentro da nosa lingua.

No territorio galego atopamos moitos lugares onde se di habitualmente **pao** (e fan o diminutivo desta palabra **paíño**, voz coa que se designa tamén a un paxaro), pero noutros lados o habitual é dicir **pau** (e cando utilizan o diminutivo fano coas formas **pauciño** ou **pauíño**). E aínda poderiamos engadir outras onde conviven ámbalas dúas formas.

Esta palabra procede do latín PALU, que pasou no latín vulgar a PALO, e ó perde-lo *-l-* intervocálico deu no galego medieval **pao**. A partir desta situación medieval, nunhas zonas do galego mantívose esta forma, e noutras evolucionou a **pau**, convertendo o hiato nun ditongo, porque na nosa lingua existe unha tendencia bastante forte a elimina-las vocais en hiato. Pénsese noutras voces semellantes como **mao** e **irmao** que maioritariamente a nivel popular son remprazadas por **mau** e **irmau**, pero **chau** está menos vixente popularmente que **chao**.

¿Cal é pois a forma preferible na escritura? Estamos diante dun caso parello ó doutras palabras nas que se atopa unha secuencia *ao* como consecuencia da perda dunha consoante intervocálica: por exemplo, o latín GRADU pasou en galego a **grao**, o latín VADU pasou a **vao**, etc. A todos estes casos cómpre darlles unha solución uniforme; se a Normativa da R.A.G. e I.L.G. recomenda **grao**, tamén se debe face-lo mesmo con **pao** e con **vao**.

Todos sabemos que a variante estándar e normativa dunha lingua é xeralmente conservadora, e non adopta as formas innovadoras (máis evolucionadas) ata que estas non se xeneralizan na fala. Dado que nalgunhas das palabras con secuencia *ao* por perda dunha consoante intervocálica, aínda a realización *ao* ten unha vixencia notable no territorio galego, parece preferible recomendar esta forma ata tanto non se xeneralice a realización *au*. Con todo, quero insistir en que tan galego é **pau** coma **pao**. Pero que na escrita a Normativa da R.A.G. e I.L.G. recomenda **pao**, aínda que moitos escritores do pasado inmediato escribisen **pau**: *non tiña pau que queimar* (Rosalía), *pau de sanguiño* (Curros), *culler de pau* (Otero Pedrayo e Celso Emilio Ferreiro), *pau de toxo* (Iglesia Alvariño e R. Cabanillas)...

756. Cadarmes e acabramos

Un lector dun lugar de preto de Foz pregúntame se eu coñezo as voces **cadarme** e **acabramo** que el escoitou de pequeno na aldea para designa-las cordas que os campesiños empregaban para ata-los cornos dunha vaca ou dun boi ás súas patas para impedi-lo seu movemento e non se escapasen dun prado.

Coido que esas palabras non están moi estendidas polo ámbito do galego, se ben algunhas obras léxicas recollen a voz **cadarme** como propia dalgúns lugares da provincia de Lugo e mesmo o verbo **acadermar** 'colocar un **cadarme** a un animal'.

Máis fortuna parece te-la forma **acabramo** ou **cabramo** e o seu derivado o verbo **acabramar** que xa aparece rexistrado no diccionario de Cuveiro, do século pasado, coa significación de «ligar la pata con el cuerno del buey u otro animal para que no se escape».

Os diccionarios portugueses recollen estas tres últimas voces coa mesma significación dos diccionarios galegos e o etimoloxista José Pedro Machado pensa que proceden dun derivado da voz latina CAPULUM, diminutivo de CAPUT, que deu orixe á nosa verba **cabo** que tamén significa corda.

Digamos ademais que vimos rexistradas no Tesouro do Instituto da Lingua Galega as variantes **acaboardar** e **acaboarmar** que están vivas no norte da provincia da Coruña e que recordan a forma básica **cabo**. En canto á voz **cadarme** teño a impresión de que na súa base etimolóxica está a palabra **cadea**.

Pero no resto de Galicia, especialmente na súa parte Sur, o máis normal é denominar esta corda ou cadea que traba o movemento de vacas e bois **pexa**, que xa explicamos nun dos nosos comentarios do *Cartafol da lingua* e que procede da palabra latina PEDICA, derivada de PEDEM 'pé'.

Sen embargo a voz máis estendida e máis corrente en toda Galicia é **solta**, que á parte de significa-lo mesmo que **pexa**, é sinónimo de **soliño** 'peza de madeira que une a grade co xugo'. Antes foi corrente denominar estas cordas, paos ou cadeas coa voz **maniota**, como se fai en portugués e castelán, pero dado que esta palabra en galego adquiri o sentido de 'dor muscular' deixou de ser sinónimo de **pexa** ou **solta**.

757. Nomes da dixital

Crece nos montes galegos, sobre todo nos sitios expostos ó Norte unha planta que ten escasamente un metro de altura, un talo pouco ramoso e flores de cor rosáceo ou púrpura que teñen a corola en forma de dedo. De aí o nome tan corrente de **dedaleira** ou o máis culto de **dixital**, tamén bastante

espallado actualmente e que xa empregou Rosalía nos seus versos: *No profundo da fonte escondida / medraban con libertades / antre as silva-i-as violas / antre o buxo as dixitales...*

A **dixital** florece de abril a outubro e segundo di o diccionario de Eladio Rodríguez, ten unha virtude especial, de escorrentar bruxas e trasnos. Por iso na comarca da Fonsagrada era corrente adornalas casas coas **dixitais** como anuncio de felicidade no día de San Xoán. Pero isto debía ser usual noutras partes porque esta planta é denominada nalgures **sanxoán** e **seoane**.

Esta planta é usada cocida como menciña que serve para activa-la circulación do sangue, se ben tomada en exceso pode considerarse como un veleno que mata homes e animais. Actualmente e centificamente, o alcaloide que conteñen as follas desta planta é chamado **dixitalina**.

Dado que as corolas da flor desta planta son empregadas a miúdo para apretalas e golpealas contra a fronte ou a palma da man facendo un ruído sonoro ou estalo, é chamada esta planta en moitos sitios do occidente galego **estalote** ou **estralote** e en lugares da provincia de Ourense **estraloque**.

Por esa mesma razón o nome é en bastantes lugares **croque**, **bilitroque**, **belitroque**, **troque**, **palitroque**, **alcroque**, **melicroque**, **milicroque**, empregada por Iglesia Alvariño: *¡Milicroques do fondo da Graña*, */ garnicelas do Pasadoiro!...*

E por último seleccionamos outros nomes para a **dixital**: **borlete**, **baloca**, **abelloca**, **abeluria**, **abrula**, empregada por algúns escritores como Otero Pedrayo: *As abrulas da brasa do cardeal do Santo Oficio*, *as abrulas piadosas do cardeal da Propaganda*, e Iglesia Alvariño: *Amentas e magarzas*, *abrulas e abrótigas / esconden os camiños da vella servidume*, *aves de paso*, *amigas das abrulas... pola secura de montes roxos de queirugas e abrulas...*

758. Cornellas e cornechas

Pregúntame un lector se sei distinguir entre **cornellas** e **cornechas**. En principio teño que dicirlle que non. Son dúas palabras que proceden da mesma base, **corno**, e que se diferencian pola súa terminación sufixal.

As vaíñas que recobren moitos legumes teñen forma de **corno** e por iso son chamadas **cornellas** ou **cornechas**. Pero tan correntes son as voces **cornellos** ou **cornechos** para chamar ás vaíñas como a outras cousas que recordan ós **cornos**. **Cornello** e **cornecho** funcionan adxectivalmente para cualificar obxectos ou cousas ou animais que teñen os cornos pequenos.

Hai bolos ou pezas de pan que teñen **cornechos** e tamén a lúa os ten como vemos nesta frase de Otero Pedrayo: *como si en troques de nacer o sol saíran á mañán os cornechos da lúa pola serra*. Pero un **cornecho** ou un **cornello** é ademáis unha esquina, un recanto, un curruncho ou un lugar que ten a forma dun ángulo.

Os fungos que parasitan o millo, o centeo ou outros cereais son chamados tamén **cornechos** ou **cornellos**, e mesmo hai diversos tipos de moluscos que reciben igualmente eses nomes.

Moitas outras voces naceron como derivadas de **corno**. Quen ten **cornos** é **cornudo**, voz corrente no seu sentido recto (*o año cornudo... culto dos animais cornudos*, de Castelao) e no seu sentido figurado (*i eu non quero pasar por cornudo... gañou sona de cornudo*, de Celso Emilio Ferreiro). E como hai animais que están **corneando** moi a miúdo chámase **cornán** ou **cornelán** a eses animais que están xogando ou pelexando cos seus cornos e, por extensión, ás persoas que son moi teimosas ou tercas.

Desta familia sae a voz **corneta** cos seus derivados **cornetada**, **cornetear**, **corneteiro**, **cornetán** 'vacaloura', **cornetín** e **corneto** 'lámina ósea da fosa nasal'. E quen ten bos **cornos**, ten unha boa **corna**, **cornadura** ou **cornamenta**. E podemos recibir **cornadas** de quen **cornea**, **encorna** ou **escorna**.

E aínda poderiamos engadir outros derivados desta familia como **cornal** ou **corneira** 'correa para uni-los animais ó xugo', **cornicabra**, **cornizolo** e voces máis cultas como **córnea**, **cornículo**, **corniforme**, **cornúpeto**, **cornucopia**, etc.

759. Botoulle as mans e abalouno

A voz **abalar**, que ten moitas acepcións en galego, ten unha orixe moi discutida polos lingüistas. Hai quen pensa que a podiamos poñer en relación co verbo latino BALLARE que significa 'bailar' e logo 'mover cadenciosamente' e posteriormente, baixo a forma actual galega **abalar**, equivale a 'mover' ou 'axitar' ou 'facer oscilar unha persoa o unha cousa sen cambiala de lugar'.

Castelao fai bastante uso desta voz na ampla significación de sacudir tanto nun sentido recto, como no figurado: *Manoel botoulle as mans e abalouno... a presencia das benditas Ánimas do Purgatorio abalaron a piedade galega...*; *Montjoye*, *este nome abala o meu corazón... e mal pode abalar o noso corazón de galegos...*

E **abalar** concreta esta ampla significación de sacudir en sacudi-las árbores froiteiras para botar abaixo as froitas, cousa que se pode facer tamén **vareando** ou **varexando** cun varal as pólas das árbores. Vexamos este exemplo de Castelao: *El* sería *quen de abalar un pexegueiro...* ou estoutro de Otero Pedrayo: *Unha man salfriu o mozo coma quen abala un albre...*: digamos que tal vez derive do noso **abalar** a vara chamada **baloira** empregada para esas mesmas fins e nese caso en vez de dicir que *abalamos ese castiñeiro* diremos que *abaloiramos ese castiñeiro*.

Esta acepción de 'botar abaixo a froita das árbores' fixo que algúns filólogos puxesen en relación o noso **abalar** coa voz francesa *avaler* (derivada de AD VALLEM), pero o feito de que non apareza nin nos textos medievais escrita con *v* fai que teñamos dúbidas desta posibilidade.

Tamén houbo quen pensou que o noso **abalar** é un derivado da voz latina VALLUS 'zaranda' e que por tanto **abalar** significou en principio 'cribar' ou 'zarandear' e logo 'sacudir calquera cousa ou persoa'.

Abalar aparece xa rexistrado nos textos medievais, segundo vemos por estes versos das *Cantigas de Santa María*: *Dizendo aquesto*, *torvado / ouve todo aquel logar / a convento abalado / con seu mao sermoar*, onde *abalado* equivale a axitado e noutras obras aparece coas significacións de moverse, moverse dificilmente ou apartarse.

Pero teremos que seguir abalando sobre esta voz no próximo comentario.

760. A nai está abalando o neno

Dixemos que **abalar** era fundamentalmente 'sacudir' pero o que non dixemos era que a acción de **abalar** podía ás veces ser violenta: *ocupado en abalar os cimentos do mundo civilizado* (frase de Vicente Risco) e que moi a miúdo é o vento quen **abala**, como vemos nestes exemplos: *o nordés abalaba dorniñas de coiro cara ás ínsuas* (de A. Iglesia Alvariño), *nun brado que o ar en repouso abala...*; *amostra a rexa*

espada / que ergueita docemente brandea na súa man / como pruma abalada dun ventiño levián (de R. Cabanillas).

Moi corrente tamén é o emprego de **abalar** coa significación de move-lo berce do neno para que este durma: *a nai está abalando o neno* e este sentido de 'arrolar' lévanos a outro uso de **abalar** como sinónimo de bambear ou balancear: *i en cada beizo sorríalle un son de pedra de abalar* (de A. Cunqueiro), *dous cachos de luz combados abalábanse / sobre un negro tenro* (de Luís Pimentel).

Nesa mesma dirección de balanceo comprobamos que é tamén bastante usual dicir que *unha moa abala* ou que algo que está frouxo e que se move cando debería estar fixo ou firme, *abala*. Dunha bandeira ou bandeirola que tremula podemos dicir que *abala*.

Tamén podemos usa-la voz **abalar** por 'tremer de medo ou de frío': *abalo co que me estás contando*, por 'crecer, aumentar ou facerse máis grande algo': *a lúa está na fase de abalar*, *a marea comeza hoxe abalar ás seis do serán*...

E son moitas máis as acepcións que poderiamos sinalar desta palabra tan popular... Soamente quero indicar que na parte oriental da provincia da Coruña hai moitos falantes que empregan esta voz **abalar** como sinónimo de abortar ou malparir: *Xoana abalou a semana pasada*.

E desta verba derivan outras palabras para indica-la acción expresada por esta voz: **abaladura**, **abalamento**, **abalo**, **abalón** 'movemento violento, empuxón', etc.

761. Abalear e abanear

No século dezaoito rexistraba o frade Sobreira na súa obra *Papeletas de un diccionario gallego* a voz **abalear** como propia de Moraña coa definición seguinte: «Limpiar el grano de piedras y otras suciedades, alzándolo al aire dentro de un cribo, en que vuelve a caer, y después, como cerniendo, se junta la porquería. Es cribar en Ribadavia. Es cribar en Ferreira de Pantón».

Parece claro que esta verba si ten que ver coa voz latina xa citada VALLUS 'cribo'. Os diccionarios galegos recollen soamente esta acepción de **abalear**, pero pola realidade da lingua falada recollida no *Glosario de voces galegas de hoxe* e no Tesouro léxico do Instituto da Lingua sabemos que este vocábulo é empregado en case toda Galicia como sinónimo de **abalar**.

Polo tanto é posible empregar **abalear** tamén en exemplos como os seguintes: *el sería quen de abalear un pexegueiro*..., *abaleamos ese castiñeiro*..., *botoulle as mans e abaleouno*..., *abaleo co que me estás contando*... Resulta difícil saber se existiu primeiro **abalear** e logo **abalar** ou ó revés.

Hai outra palabra latina VANNUS que significaba tamén cribo da que se conservan en galego os seus derivados **baneiro** e **banelo**, sinónimos de peneira. Probablemente desta familia léxica xurdiu o verbo **abanear** que ten practicamente os mesmos significados ca **abalar**.

Abanear é vocábulo moi caro ós nosos escritores para significar 'oscilar' (*O carballo de Romazo / abanea e non se cae*, */ así fai a boa nena / que se guía por seu pai*, canción popular), 'sacudir' (*Entón o murigante saíu do seu recuncho i abaneando coas súas azas falou*, de Cunqueiro), 'sacudi-lo vento' (*o longo pé dunha col que o vento abanea docemente*, de Castelao), (*Mais a Galiza ten a maxia de abanear con aires labregos*, de Otero Pedrayo), (*nisa ponla que o vento abanea*, de Cunqueiro), 'balancear' (*Os untos da pandorga abaneábanse de moito mimo*, de Castelao), (*e nas torres duras do castelo abaneábase enforcado un farrapo de home*, de Otero Pedrayo), (*E velahí as Cotovías abaneándose como naos*, de Cunqueiro), 'mover

axitando' (*Unha muller gorda abanea o bandullo coa risa*, de Castelao), (*abaneando a cabeza*, de R. Cabanillas), 'estar frouxo' (*Cando abanea unha cruz nunca falta un veciño piedoso que lle meta unha cuña de ferro*, de Castelao), etc.

762. Abanar e abanos

Non hai dúbida de que da familia léxica de **abalar**, **abalear**, **abanear** forman parte tamén **abanar** e **abanos**. Curiosamente esta última palabra, **abano**, pasou do mundo lingüístico galego e portugués ó mundo castelán e posteriormente a importarse da lingua castelá o diminutivo desa voz, **abanico**.

O **abano** era un utensilio de palla e cartón que se empregaba para dar aire e aviva-lo lume, se ben temos aínda un utensilio parecido a un cribo sen buratiños que recorda o sentido da palabra orixinaria latina VANNUS.

Cando entrou en Galicia o utensilio moderno de forma circular e pregable que se emprega para darse aire, con el entrou a voz **abanico** e ó cabo de certo tempo tanto os antigos coma os modernos foron chamados indistintamente **abanos** e **abanicos**, e ademais nalgúns lugares son coñecidos como **abanadoiros** ou **abanadores**, voz esta última que empregou Castelao: *Ilusión de frescor... as mulleres... Trunfan os abanadores*.

De **abano** naceu o verbo **abanar** que significa en primeiro termo 'dar aire movendo o **abano**': *estiven abanándome toda a tarde*, *porque ía moita calor*, pero que tamén ten os significados de **abanear**, **abalear** e **abalar**: axitar, facer oscilar, varexar unha árbore froiteira, move-lo berce do neno, etc.

Fixémonos como algúns escritores fan uso deste verbo na acepción de 'balancear': *milleiros de milleiros de panos abanaron nos balcós e nas fenestras* (de V. Risco) ou de 'move-lo vento algo': *Vestido de tolos ensoños*, *o tempo abana nas tristes ponlas farrapos esdeñados de paixón* (Otero Pedrayo), *unha luceciña que o vento abanaba como unha poliña* (Cunqueiro).

E de **abanico** xurdíu o verbo **abanicar** co mesmo sentido de **abanar**: dar ou axita-lo aire, e ademais recibiu algunhas das acepcións de **abanar** como a de 'sacudir unha árbore para que caia a froita' ou 'sacudir a unha persoa ou cousa, etc.' Como curiosidade quero sinalar que nalgún punto cercano ó río Ulla **abanicarse** corresponde a bambearse.

763. Acanear

Rematamos agora esta serie de voces que significan varear ou varexar árbores froiteiras, como **abalar**, **abalear**, **abanear** e **abanar**, falando de **acanear**, voz que naceu claramente dunha derivación da palabra **cana**. Se cunha vara, varexamos, loxicamente se o facemos cunha cana, **acaneamos**.

O vento tamén **acanea** as ramas ou as follas das árbores. Hai veces que dicimos de alguén que move a cabeza que o que fai é **acanear**: *E Sinbad acanea a cachola e vese nos ollos seus que il non tivo culpa*... (de Cunqueiro).

Quen se move continuamente dun lado para outro dedícase a **acanear**: *Xan pasou toda a mañá acaneando pola cidade*.

O que se tambalea ou cambalea por algunha razón *acanéase*: *A Pepe acanéanlle as pernas polo medo que está pasando* e *Xan acaneaba porque ía bastante bébedo*.

Tamén podemos dicir de alguén a quen se lle moven os dentes *que lle acanean os dentes*.

Como vemos, na práctica case podemos afirmar que **acanear** é sinónimo dos verbos citados arriba, se ben **acanear** ten algunhas acepcións especiais: 'pescar con cana' ou 'meter unha cana nun tobo de raposos para saber se estes están dentro'.

Por último digamos que **acanear** é o mesmo que **arrandear**, **arrolar**, **atanigar**, **bambear**, **bambanear**, **randear**, etc. e que ten unha variante bastante estendida: **acanigar**.

E por tanto os artefactos onde un pode **acanear** ou **acanigar** chámanse **acaneadoiros**, **acaneadallos** ou **acanigadoiros**, voces que son sinónimas doutras moitas que significan o mesmo en diversas localidades do ámbito da lingua galega: **arrandeadoiro**, **balambán**, **bambán**, **bambeadoiro**, **bimbán**, **carrandiola**, **carriola**, **pringuela**, **randea**, **randeeira**, **randieira**, **tróndea**, etc.

764. Apañar

Falamos nos nosos comentarios anteriores de como varexando, abalando, abaleando, abaneando, abanando ou acaneando árbores froiteiras podiamos botar abaixo as froitas desas árbores. Esas froitas caídas no chan hai que recollelas, collelas ou mellor dito **apañalas**.

Apañar é verbo empregado en toda Galicia para expresa-la acción de recoller calquera froito que cae das árbores (*apañaba castañas* ou *a criada do crego apañou no chan do pomareiro un mandil de mazás*, de Castelao) ou que sae da terra (*apañou un saco de patacas... apañaba herba no cimiterio*, de Castelao, *apañan berros e xántanos*, de Cunqueiro, *xa se apaña a ferraia na nabeira*, de Otero Pedrayo).

Calquera cousa que está polo chan pode ser **apañada**, ben sexan productos do campo (*Costureiriña / lava no río*, / *vai apañar / toxiños secos / antre o pinar*, de Rosalía), ben calquera tipo de obxectos (*olla que un probe apaña colillas...*, *baixábase para apañar do chan as cousas redondas*, de Castelao).

Podemos dicir que **apañar** se converteu en sinónimo de 'coller' como vemos nos seguintes exemplos: *O ouro tratan somente de apañar*, de Pintos, *Xan vai apaña-lo esterco*, de Rosalía, *apaña a esmola dos tiráns*, de Otero Pedrayo, *apañou tal carpanta de anís... ni tan siquera puden apañar unha idea*, de Castelao, *apañou forzas*, de Cunqueiro...

Os pescadores dalgúns portos galegos en vez de ir pescar van **apañar** peixes e hai persoas que **apañan** gripes ou calquera enfermidade e tamén hai quen **apaña** unha tunda ou un par de pancadas e mesmo hai animais, sobre todo as vacas, que **apañan**, é dicir, que empreñan.

Ás veces dicimos de quen está fastidiado que *está apañado*, de quen é moi agudo *que as apaña no aire* e de quen colle unha borracheira que *apañou unha boa*, como vemos neste exemplo de Castelao: *Vaites*, *vaites*, *Ramonciño*, *o que é esta noite apañáchela boa!*

E cando empregamo-lo verbo **apañarse** facémolo para significar gobernarse: arranxarse ben cos medios de que se dispoña, amañarse, axeitarse: *apañábase ben na cociña*, *apáñanse co que hai na casa*...

E o derivado nominal deste verbo, **apaño**, ademais de significar arranxo, acomodo, é moi empregado co verbo **ter** para expresar que alguén ten unha amante: *O marido aquel tiña os seus apaños*.

765. Arrebolar ou rebolar

Falamos xa de varios procedementos para botar abaixo dunha árbore os froitos que ten nas súas pólas, pero esquecémonos de citar outra maneira de facer esta operación: a de **arrebolar**.

Arrebolar é tirar ou guindar ou chimpar ás pólas das árbores un pao curto e algo groso para que coa sacudida forte se desprendan as froitas: *Vin a Xan arrebolando nun castiñeiro*. Ese pao curto e algo groso é un **rebolo**, e polo tanto **rebolar** ou **arrebolar** é tirar **rebolos**.

Non témo-la seguridade da orixe desta voz **rebolo** que en moitos lugares da Galicia oriental se emprega para denomina-lo carballo novo e tamén o tronco de calquera árbore. Como ampliación destas acepcións **rebolo** (tal vez do latín vulgar REPULLU 'planta nova') pasou a significar 'pedazo de madeira, como o que se tira ás árbores, braza de leña, etc.'

Pero **arrebolar**, que tamén pode empregarse no sentido de tirar un pao ás pernas dunha persoa, do mesmo xeito que guindamos un **rebolo** a unha árbore, é (ou era) voz moi corrente para indica-la acción de pasa-lo **rebolo** por riba dunha medida de capacidade chea de grans para que quede rasa, é dicir, para que non leve máis cantidade da que marquen os extremos superiores dese recipiente.

Agora ben, ese **rebolo** ou **rebola** que se emprega para rasar ou rapa-las medidas de áridos, é normalmente cilíndrico e pásase rodando. Entón, cabe preguntar se ese **rebolo** de rasar é o mesmo **rebolo** de guindar ó aire.

Eu teño a impresión de que ámbalas dúas voces son da mesma familia léxica, pero que o **rebolo** de rasar debeu recibi-la influencia do **rebolo** das expresións *andar a rebolos*, *caer a rebolos* e tamén **rebolar** e **arrebolar** que significan marchar rodando por un plano inclinado. Pero estas formas non teñen a orixe na voz latina REPULLU, senón que son derivadas das voces **bóla** ou **bólo** das que xa falaremos noutra ocasión.

766. Os soutos

Xa dixemos que algunhas palabras que tiñan en latín un significado moi amplo van reducíndoo ou concretándoo ó longo dos tempos. Vexamos hoxe outro caso destes. A palabra latina SALTUS significaba orixinariamente pasteiros ou pastos, e logo terreos que non se cultivaban porque neles se plantaban tamén árbores.

Nas linguas romances esa significación quedou reducida a terreo con árbores e os seus descendentes, o castelán *soto* e o portugués *souto*, significan 'sitio poboado de árbores' ou 'bosque denso', significacións que sen dúbida tivo antigamente a nosa voz **souto**.

Pero **souto** especializouse en galego en 'terreo poboado exclusivamente en castiñeiros' e por tanto é entre nós voz moi popular espallada por toda Galicia e presente no refraneiro: *Polo souto non corras atrás doutro*, *saír dun souto e meterse noutro*...

Tamén os escritores fan bastante uso desta voz: *Antón saíche dun souto / e noutro peor te vexo* (Pintos), *con que a vista encantaba o souto ameno* (Rosalía), *Ou vellas hortas dos frades / silenzosas*, *limpas*, *frescas*, */ de mainos soutos sombrizos* (de Cabanillas), *A división da propiedade é tal que algunha vez o terreo*, *os castiñeiros e as castañas dun mesmo souto*, *teñen tres donos diferentes* (Castelao).

Sen embargo nalgúns lugares, do mesmo xeito que onde hai carballos témo-las carballeiras ou onde hai figueiras témo-los figueiredos, etc., onde hai **castaños** hai **castañais** e mesmo **castañares** (*Non hai sitiño / que máis me agrade / que aquel muíño / dos castañares... casiña do meu contento*, / *muíño dos castañares* (de Rosalía). Así mesmo onde hai **castiñeiros** existen os **castiñeirais** e incluso **castiñeiras** para denomina-los **soutos** pequenos e onde falan de **castañeiros** atopamos algún **castañeiral**.

Derivados desta familia léxica das castañas son tamén os nomes hoxe xa esquecidos, pero que quedan como nomes de lugar, **castañedo**, vivo aínda en Asturias e Portugal, ou **castañeda**, **casteda** e **castedo** e **castenda**.

En fin, a palabra máis corrente hoxe en Galicia para designar un conxunto das árbores que dan castañas é **souto**.

767. Os castiñeiros

O nome máis estendido por toda Galicia para denomina-la árbore que dá castañas é o **castiñeiro**, voz que empregan tamén os escritores: *Eu era mozo ¡que mozo! / forte como un castiñeiro* (Lamas Carvajal), *pedíronme crocas dos meus castiñeiros... Queredes castañas / dos meus castiñeiros* (Curros Enríquez), *Xulián sentouse debaixo dun castiñeiro para aventar pensamentos desasisados* (Castelao).

Variante desta voz nalgúns lugares da metade norte de Galicia é **castiñeira**. E a palabra **castañeiro** (que ten a variante **castañeira**) é voz empregada sobre todo nas provincias da Coruña e Lugo e foi usada por algún escritor como Otero Pedrayo: *Istes vellos castañeiros son meus amigos*.

Igualmente é palabra bastante usual da metade norte de Galicia o termo **castaño** que empregan tamén algúns escritores: *Que os ourizos dos castaños / nos meus cabelos se enredan... Baixo a prácida sombra dos castaños / do noso bon país* (Rosalía), *Castaños de Dormeá / os de corpo ben comprido*, / *de graciosa estatura*, / *dobrados e ben seguidos*; / *ou castaños semellantes / ós celtas nosos antigos* (Pondal)...

Pero **castaño** é vocábulo tamén moi empregado para indica-la cor parda escura ou cor das castañas: *Ten os ollos castaños*.

Outra palabra desta familia léxica é **castiro** que é moi empregada polos falantes da provincia de Lugo: *e trai o home unha capa*, / *que si tivera vergonza / como ten fume e fachenda*, / *fixera dela unha corda / pra atarse polo pescozo / dun castiro nunha pola* (de Aureliano Pereira).

Os **castiñeiros** vellos van perdendo parte do seu tronco que queda con tanto oco que serven de refuxio a persoas e animais e son denominados por esa razón **cañotas**: *Martiño harripiado*, / *no ventre se meteu dunha cañota*, / *¿Que lle importa ó coitado / si está da auga do ceo agarimado?... saniño e salvo véndose*, / *da terra levantouse / e da cañota cóncava / saíu tranquilo xa* (Curros Enríquez). **Cañotas** e **cañotos** nalgúns lugares son chamados tamén outros tipos de árbores que teñen as mesmas condicións.

Nalgúns puntos do sur da provincia de Lugo e norte da de Ourense estes **castiñeiros** vellos son coñecidos co nome de **caracochas** ou **caracochos** (como os chama Otero Pedrayo: *Escacha o narís nun caracocho... Vía o campo dos caracochos*).

768. Varexar con varas e varais

Unha **vara** é un pao longo e delgado que cortamos dunha árbore e despois de preparalo ben, empregámolo para pegarlle a alguén (*Xan deulle a Pepe cunha vara no lombo*), para afala-lo gando ou para

escorrentar calquera animal con **vareadas**, para sacudir ou abala-las árbores froiteiras ou para servir de caxado.

Parece que a **vara** foi sempre sinal de rixidez e de poder. Podemos dicir de alguén que é moi estirado que *é teso coma unha vara* e de quen manda nun lugar que *ten a vara*: *nesa sociedade quen ten a vara é Brais*. Aínda hoxe os alcaldes e os xuíces teñen coma sinais da súa autoridade a **vara**. Dicía Castelao: *os que impuxeron a xusticia do rei foron as varas do alcalde*.

Tamén a **vara** foi convertida en instrumento de medida de lonxitude: *tal cousa mide unha vara* é algo que hoxe despois da introducción do sistema métrico universal non podemos entender moi ben porque as **varas** eran un tanto distintas segundo as comarcas. Polas noticias que temos dos libros e das enquisas sobre esta medida chegamos á conclusión de que unha **vara** equivale a cento dez centímetros ou a noventa ou oitenta e cinco ou oitenta e catro... En fin, *máis vale non meterse en camisa de once varas*...

Cando o pao que chamamos **vara** é un pouco máis longo e máis groso, convértese en **varal**, voz que cumpre funcións semellantes ás da **vara**, pero que empregamos sobre todo para indica-lo pao con que abalámo-las árbores froiteiras e tamén o pao no que se colgan os chourizos ou as morcillas como fixo Vidal o do poema de Rosalía: *cun varal de morcillas ben cargado... foise de porta en porta perguntando*: *– ¿Déronlle aquí morcillas a Vidal? – Aquí non. ¡Pois adianie co varal!...*

Os **varais** son colocados nos palleiros, nos carros, para que non caia a carga, noutros vehículos para que entre eles se meta un animal para tirar del, nas camas como largueiros, etc. E **varal** é tamén o fuste dos cruceiros: *No varal dos cruceiros galegos é doado ver... no varal hai outra lenda pregando que se rece* (de Castelao).

En fin con **varas** e **varais** podemos **varear** ou **varexar** árbores, persoas, animais ou calquera cousa.

769. Ourizos, ourizos e ourizos

Ese pequeno mamífero que ten o lombo e mesmo os lados cubertos de púas ou espiñas, que lle serven de defensa cando o atacan, e que se alimentan de toda clase de insectos e vive normalmente oculto polo día, era chamado en latín ERICIUS, voz que deixa bastantes descendentes nas linguas romances, coma a palabra castelá *erizo*.

Pero esa forma latina debeu sufri-la influencia doutras palabras que comezan por *au-*, como AURUM, e converteuse en AURICIUS que deu lugar á voz galega e portuguesa **ourizo**, que ten as variantes bastante espalladas de **orizo** e **urizo**.

O nome deste animaliño aplicouse posteriormente tamén a un animal mariño pequeno de cuncha esférica que está cuberta de espiñas articuladas. Foi chamado **ourizo mariño**, **ourizo de mar** e **ourizo bravo**. Entón o **ourizo** normal pasou a ser denominado **ourizo cacho** ou **gacho**, **ourizo cacheiro** ou **gacheiro**, **cachourizo** e mesmo **porcoespiño**.

A esta situación de cualifica-los nomes destes animais contribuíu ademais o feito de que a casca exterior das castañas dos castiñeiros pola súa forma espiñenta, parecida ó aspecto exterior dese animaliño, foi chamada **ourizo**. E actualmente se mencionámo-lo vocábulo **ourizo** e dicimos *eso parece un ourizo*, normalmente pensamos no **ourizo** dos castiñeiros.

Nas obras literarias aparecen citados moi a miúdo estes **ourizos**. Así Rosalía escribe estes versos: *que os ourizos dos castaños / nos meus cabelos* se *enredan*... Otero Pedrayo escribe: *e deixaron caír sobre o camiño os primeiros ourizos vestidos de invernía*, A. Cunqueiro describe así a un personaxe: *Felipe da*

Lomba, sin un ollo a causa dun ourizo que lle caeu nil... que o perdeu na súa mocedade a causa dun ourizo estando vareando as castañas...

E os **ourizos** serán o modelo típico de algo que pica, punza, pincha: *Lembrábante os ousesos outavoces / con verbas coma ourizos / seguidas de silencios esteparios*, versos de Celso Emilio Ferreiro. Por iso naceu o verbo **ourizar** coa significación de poñerse algo teso como as púas dun ourizo.

770. Alporízame o ourizame

Diciamos no comentario anterior que **ourizar**, que ten as variantes **orizar** e **urizar**, significaba poñerse algo teso como as púas dun ourizo. Probablemente este verbo por cruce con outras palabras como **arrepiar** (procedente do latín HORRIPILARE), **apurar**, **apurrar** ou **alborotar** deu orixe á palabra da mesma significación **alporizar**, que ten a variante popular **alpurizar**.

Alporizar ten aínda hoxe o significado de poñerse os pelos como púas cando vemos algo que causa medo, susto, frío, excitación, etc.: *cando vin tal cousa*, *alporizóuseme o cabelo*. E tamén podo dicir que *o vento alporízase* cando se arremuíña. No diccionario académico vén a seguinte definición: producir ira ou carraxe nunha persoa algo que molesta ou enfada, é dicir, que **alporizar** pode equivaler a irritar, enfadar, exasperar, acalorar, excitar, alborotarse, etc.

Esta palabra de grande uso popular é tamén bastante empregada polos escritores: *Alporizábanse os pais de Trento pregándose dogmáticos os hábetos monásticos* (Otero Pedrayo); *O conde agardaba alporizado* (V. Risco); *rían a cachón e logo fuxían deixándome alporizado de carraxe... non te alporices*, *home* (de Castelao); *saíu todo alporizado e berrou que non os coñecía* (de Cunqueiro); *as xentes andaban alporizadas e a policía víuse obrigada a pór en libertá a Mombó* (de C.E. Ferreiro).

Así por tanto pode excitarme a contemplación dunha gran cantidade de **ourizos** que ten un castiñeiro e podo dicir *alporízame o ourizame deste castiñeiro*. **Ourizame** ten a variante **orizada** ou **ourizada**, que significa tamén tempo dos **ourizos** en outono, como vemos neste exemplo de Otero Pedrayo: *Mais certa ourizada os pais falárونlle a Bibiana*.

E cando o **ourizame** ou a **ourizada** é abalada, abaleada, acarreada ou arrebolada, os **ourizos** saídos no chan son reunidos na **ouriceira** ou **oriceira** ou **uriceira** que é o lugar, normalmente no souto, rodeado de pedra onde quedan os **ourizos** ou as **ourizas** (así chaman nalgures ós ourizos que conteñen tres ou máis castañas) ata que se **curtan**, como din nalgúns lugares, ou podrezan para sacar logo facilmente as castañas.

Nalgunhas zonas da metade norte de Galicia é corrente denomina-las **ouriceiras** co nome de **corripas** ou **curripas** e notras partes **peteleiras**.

771. Botei unha risada quedeime sen nada

Hai refráns e adiviñas populares que teñen o seu aquel gracioso, como estes que din así: *Alto me vexo / naquel colgarexo*, / *botei unha risada / quedeime sen nada... Alto ben son / ó ceo non chego / por unha risada / perdín o que teño*.

Esas cousas que están no alto e que perden o que teñen son os **ourizos** dos castiñeiros.

Efectivamente os ourizos cando están xa maduros **regañan** ou **arregañan**, é dicir, ábrense e ensinan o seu contido que remata caendo ó chan. Xa falamos nas *Follas da Lingua* desta voz **regañar** ou **arre-**

gañar que é moi empregada na expresión *arregañar* ou *regaña-los dentes* para significar amosa-los dentes, ben rindo ou ben ameazando. Así pois, cando os ourizos **regañan** ou **arregañan**, isto é, botan unha risada, quedan sen as castañas.

Esas castañas que están no chan como consecuencia das «risadas» ou regañas dos ourizos reciben en galego moitos nomes. Citemos en principio as **rastelas** ou **rastrelas**, que están rexistradas por Fr. Martín Sarmiento, nomes que proceden da mesma familia cás **restelas** ou **restrelas** e cós **restelos** ou **restrelos**. O máis espallado destes vocábulos é **restrelo** que procede do latín RASTRELLU 'rastro'. Como estas castañas caídas ó chan eran recollidas restrelándoas, pasou este verbo **restrelar** 'pasa-lo rastro para recolle-las castañas' a significar 'cae-las castañas ó chan', que logo eran **restreladas**. En portugués chaman **restelos** ás olivas que caen tamén espontaneamente das oliveiras.

Na parte oriental da provincia de Lugo son coñecidas estas castañas como **destrelos** ou **destelos**, voz que procede do verbo **destelar** 'pingar'. Como as castañas caen como pingas nacería comparativamente a acepción de **destelar** no significado de cae-la castaña do ourizo sen varexalo. Dado que esas castañas eran chamadas **destelos** non ten nada de particular que nalgures consideraran esa voz como *de estelo* e de aí que se denominen **estelos**.

Tamén en bastantes puntos da provincia de Lugo viuse relación das castañas cos **bagos** e de aí que xurdira o nome de **bagutos** que ten a variante de **batugos**.

E aínda poderiamos citar máis nomes: **degaros**, **degaras**, **debagas**, **degrañas**, **degraídas**, etc.

772. Petelar e debullar

Xa dixemos que os ourizos dos castiñeiros eran reunidos nas ouriceiras, corripas ou peteleiras para curtirse, madurecer ou podrecer, e dese modo tirar deles mellor as castañas.

O lóxico sería pensar que a acción de saca-las castañas dos ourizos debería denominarse **desourizar**. Efectivamente, así se di nos Ancares e noutros lugares do galego exterior das provincias de León e Zamora, así como nas comarcas cercanas a Viana do Bolo e á Mezquita, pero non ocorre así no resto do territorio do ámbito da lingua galega.

Onde hai peteleiras, é dicir, na parte norte das provincias da Coruña e Lugo, tira-las castañas dos ourizos é **petelar**, palabra que algúns ven relacionada coa verba **pé**, pero que eu considero que ten que ver coa familia léxica de **peto**, **peteiro**, **petar**, que, segundo a miña teoría explicada no libriño de *Retrincos da Lingua*, procede dunha voz prelatina *pit* ou *pik*. Pénsese nese caso concreto que **petelar** aquí vale en principio a facer algo con **petelo**, é dicir, cun pico ou martelo ou mazo. Neses lugares citados os ourizos abríanse golpeándoos co **petelo** e por tanto **petelar** especializouse nesa significación de saca-las castañas dun ourizo, aínda que se faga doutro xeito distinto.

Noutros lugares, sobre todo da parte occidental das provincias da Coruña e Pontevedra, onde están acostumados a tira-los mariscos das cunchas, é dicir, a **escunchar**, empregan tamén esta voz para abri-los ourizos das castañas. Non ten nada de raro que consideren os ourizos como **cunchas**, e que denominen por tanto **escunchar** á acción de desourizar ou petelar.

Do mesmo xeito atopamos que hai moitos falantes que usan para esta acepción os verbos debagar, degraer, e degrañar, que fundamentalmente significan tira-lo gran das espigas.

Con todo, a voz máis corrente en toda Galicia para significar saca-las castañas do ourizo é **debullar** (que ten as variantes **desbullar** e **bullar**), palabra que probablemente naceu dunha forma vulgar latina, DEFOLLIARE, equivalente a quita-las follas a algo.

Debullar é por tanto o verbo máis corrente para expresa-la acción citada, pero non debemos esquecer que debullar é tamén saca-los grans de millo da mazaroca e mesmo saca-los legumes das casulas.

773. Ir ó rebusco

Cando os ourizos dos castiñeiros son varexados e caen no chan son recollidos normalmente mediante **fustes** ou pinzas de madeira especialmente preparadas para realizar esta tarefa, **tenaces** ou **tenazas** e **colledoiras**, que é como chaman nalgunhas partes a esta ferramenta empregada para non magoarse as mans coas púas deste froito.

Durante a realización deste labor do traslado ás ouriceiras, do debullamento e da recollida das castañas son moitas as que non son apañadas e que quedan ciscadas polos arredores. Entón hai que facelo que se chama **rebusca** ou **rebusco**.

Rebuscar é unha voz normal que significa buscar de novo, volver buscar, buscar con moito coidado, etc., pero en galego é moi usada no sentido de recoller esas castañas esparexidas despois de que se fixo a recolección. *Ir á rebusca* ou *ir ó rebusco* son expresións moi correntes en toda Galicia. Nalgúns lugares emprégase **rebuscar** ou *ir ó rebusco* nun sentido máis amplo: ir busca-los restos da vendima ou doutras froitas que quedaron nos campos despois das colleitas.

Este costume de *ir ó rebusco* debeu ser moi popular porque aínda están vivos os nomes de **rebuscador**, **rebuscadeiro**, e **rebusqueiro**, que se aplicaban ós que se dedicaban a esta tarefa.

Pero hai outros **rebuscadores** que se chaman (eu diría mellor que se chamaban) **souteiros** ou **souteleiros**, é dicir os que se dedican a **soutar** ou **soutelar**. **Soutar** sería en principio meterse nun **souto** e **soutelar** meterse nun **soutelo**.

Naturalmente os **souteiros** ou **souteleiros**, entraban nos **soutos** ou **soutelos** para apañar castañas, pero non despois da colleita, senón antes. **Soutar** ou **soutelar** significa colle-las castañas que caeron espontaneamente antes de varexa-los castiñeiros.

Segundo conta o diccionarista Eladio Rodríguez ir ós **soutelos** a **soutelar** era un costume tradicional que practicaban as xentes pobres provistas dun cesto no que recollían as castañas derrubadas polos temporais ou caídas antes do varexo. E conta que ese costume era tan tradicional que os **souteiros** non se inmutaban nin collían medo ante a presencia dos donos dos soutos.

774. Cousas das castañas

Digamos en primeiro termo que non tódalas castañas que apañamos do chan debaixo dun castiñeiro son boas. Hainas que non teñen froito ou que están ocas. Son as castañas que en gran parte de Galicia se chaman **bolecas**, voz que ten unha morea de variantes: **bolécaras**, **bolecras**, **bolecos**, **bolercas**, **bulercas**, **bollecas**, **bellecas**, **belecas**, **bullercas**, etc.

Xa falaremos nun comentario próximo, tratando de palabras que teñen relación coa voz **bola**, desta serie de verbas que tanto poden ser consideradas derivadas da voz **bola** coma da palabra **fol**. Na comarca compostelana escoitei chamar a esas castañas baleiras **folercas** e **fulercas**, palabras que si parecen relacionarse con **fol**.

Tamén noutras comarcas galegas son coñecidas como **molecras** ou **molercas**, voces que claramente están influídas pola palabra **mol**. Noutros lugares de Lugo son coñecidas como **croucos** ou **alcrocas**, e no norte das provincias da Coruña e Lugo son chamadas **zochas**.

As castañas que teñen separadas dúas metades dentro da casca son castañas coñecidas coma **filladas**, **afilladas** e **refilladas**, e mesmo como castañas **xemeas** ou **xemelgas**.

E pasamos agora a describi-las dúas cubertas, externa e interna, que teñen as castañas. O nome máis corrente en toda Galicia para denomina-la cuberta exterior da castaña é **casca**, voz que serve para designar tamén a parte exterior das árbores, de moitas sementes e doutros froitos, así como dos ovos e de moitos crustáceos.

Pero a palabra **casca** podería ser aplicada tamén á cuberta interna das castañas, e entón ¿como se podería diferenciar unha da outra? Os que denominan **casca** á cuberta exterior empregan esta voz acompañada do adxectivo **maimiña** para a cuberta interior, palabra esta que ten unha chea de variantes: **meimiña**, **moimiña**, **mamiña**, **masmuda**, **mainiña**, **meiniña**, etc.

A palabra **maimiño** ou **mainiño** parece ser un derivado de **maino**, e ten por tanto o mesmo sentido desta voz: delicado, fino, tenue, suave, tenro; e por iso, á parte de ser chamada **maimiña** a película interna da castaña, podemos falar tamén de *casca maimiña* para denomina-la tea interior que recobre a clara dos ovos.

775. Tonas e pelas

Son moitos os falantes galegos que lle chaman **tona** á casca externa das castañas, pero hai tamén bastantes que dan tamén ese nome á película interior da castaña. Do mesmo xeito que os que din **casca** para a pel externa necesitan dicir **casca maimiña** para a pel interna, os que din **tona** para a casca exterior necesitan dicir **tona de dentro** para a interior.

A voz **tona** é de orixe celta. Procede de *tunna*, que significaba 'pel', e deixou descendentes en varias linguas romances, entre elas a nosa, na que tivo e ten un gran número de acepcións. **Tona** é chamada a pel externa máis ou menos grosa das patacas, plátanos, laranxas, mazás e demais froitas, e mesmo a casca das árbores: *¡Mellor fora que bi*case *a codia dun pino ou a tona dun carballo!* escribiu Castelao.

Pero **tona** ten un emprego moi amplo en toda Galicia para significa-la capa formada pola graxa do leite. E nesa liña podemos usa-la voz **tona** para denomina-la superficie de calquera líquido e mesmo dun río ou do mar.

Na fala popular chámase igualmente **tona** á capa superficial da terra, acepción que é moi cara ós escritores: *por baixo da tona levián das terras labregas... a tona verdecente das agras* (Otero Pedrayo), *teñen as raíces moi debaixo da tona da terra podre* (Castelao), *cada ano algo de ouro vello aparez na tona de terra* (Cunqueiro).

Así pois, as verbas para designa-la parte externa das castañas son **casca** e **tona**, voces que ás veces se aplican por algúns falantes á película interna. E para denominar esa cuberta interna temos como voces

máis comúns, xunto coas citadas, **pela**, **pelica**, e **pel**, que, como é evidente, significan tamén cousas semellantes ás **cascas**, ou **tonas** e outras significacións máis específicas.

Por último quero citar outra voz que escoitei en varios lugares para denomina-la casca maimiña: **carapela**, palabra que parece un diminutivo de **carapa** e **carapola**, costra que se forma nas feridas, **carapucha**, variante de **caparucha**, etc. que teñen unha etimoloxía non clara.

776. Adentar e amordicar

As castañas foron, e tal vez hoxe o son, para moitos galegos manxar moi querido. Como ocorre con tantas froitas poden comerse no seu estado natural ou crúas, pero é moi corrente comelas cocidas ou asadas.

Para asa-las castañas hai que preparalas antes facéndolles un corte ou cortadura para que polo efecto da calor que reciban non estoupen ou rebenten. Entón o que temos que facer é trabalas ou mordelas ou rachalas dalgún xeito.

Na maior parte de Galicia para denominar esa operación dise **adentar** (*estiven dúas horas adentando castañas*), verbo que se pode usar cando mordemos calquera outra froita sen rematar de comela: *adentei esa mazá*, *pero no me gustou e tireina*. E nalgures esta forma ten a variante de **endentar**. Naturalmente **adentar** ten aínda o sentido orixinario de crava-los dentes con forza en calquera cousa: *ese can intentou adentarme*.

Na provincia de Ourense coido que é máis empregada para esta acción a palabra derivada de **morder**, **mordicar** ou **amordicar**, da que se derivan **amordico** e **amordicón** que significan fendedura feita nunha castaña cos dentes e un sentido amplo a feita con calquera instrumento, coitelo, navalla, etc. Nalgures dinse as variantes **mordiscar** e **amordiscar**.

Pero ó lado destes derivados de **morder** hai outros da mesma familia léxica que proceden da voz latina MORSICARE: **mosegar** ou **amosegar** e que son bastante usuais na citada provincia ourensá. E curiosamente desa mesma palabra latina hai outra evolución posible e normal foneticamente que é **moscar** e **amoscar** que tal vez para evita-la confusión coas voces **moscar** e **amoscar**, relacionadas con **mosca**, pasaron a ser **mozcar** e **amozcar**.

Amozcar é case diriamos a palabra normal da provincia de Lugo no sentido de **adentar**, e nalgúns puntos desta provincia está moi viva a variante **anozcar**.

Por último sinalémo-lo uso do verbo **ataniscar** ou **taniscar** que significa trincar, trabar, morder algo, beliscar, no mesmo sentido das voces que acabamos de citar. Así pois hai que **ataniscar**, **anozcar**, **amozcar**, **amosegar**, **amordicar** ou **adenta-las** castañas antes de poñelas a asar ben sexa directamente nun lume, ben nun cacho, nun cazo, nun caldeiro, nun tambor, nun tixolo, etc.

777. Bullós e zonchos

As castañas asadas son, como dixemos, comida moi querida entre nós segundo vemos polos refráns que reflicten a maneira de pensar popular: *señora María e señor Manuel, / castañas asadas e viño con mel... Acabaron as vendimas e veñen as esfolladas / pra comer coas nenas catro castañas asadas*.

Na maior parte da provincia de Ourense e nalgúns puntos da de Lugo, as castañas asadas limpas xa da casca chamanse **bullós**, voz que ten nalgures as variantes **billós** e **billotes**. E en bastantes lugares da provincia da Coruña chaman ás castañas asadas co mesmo nome cós animais castrados ou capados e cós galos castrados e cebado especialmente para ser comidos, é dicir, **capóns**.

As castañas cocidas con casca reciben o nome de **mamotas** en moitos lugares de Galicia tal vez porque, como dicían os primeiros diccionaristas galegos, cando se comen parece que se está mamando... Tamén son coñecidas en bastantes lugares como **mamelas**, **mamelos** e **mamudas**.

Pola parte norte da provincia de Lugo estas **mamelas** son chamadas **zamelas**, voz que teño a impresión que naceu como modificación da primeira sílaba *ma-* de **mamela** en *za-* por influencia dalgunha outra voz como **zampar**, **zapicar**, **zumo**, etc.

E na maior parte da provincia da Coruña o nome máis espallado para denomina-las castañas cocidas con pel é o de **zonchos**, palabra que fixo famosa Rosalía de Castro por citala na primeira estrofa do primeiro poema de *Cantares Gallegos*: *Has de cantar,/ que che hei de dar zonchos*; / *has de cantar*, / *que che hei de dar moitos*.

Zoncho é unha voz da que resulta difícil dá-la súa etimoloxía. Un **zoncho** pode ser tamén unha persoa pequena e gorda ou unha bola de neve pegada a un zoco ou mesmo un **zuncho** ou abrazadeira de ferro da roda dun carro...

As castañas cocidas sen pel que son comidas logo mesturándoas con leite son chamadas **burgazos**, **purgazos** e **pulgazos**.

E deixamos de falar de castañas recordando as castañas peladas e secas que chamamos **maias** ou **maiolas** probablemente porque eran reservadas para comer no mes de **maio**...

778. A trilla e a couza

Para o común das xentes calquera animal pequeno pode ser unha **becha** ou unha **bicha** ou sobre todo un **becho** ou un **bicho**, que é a forma máis popular. Pero estas verbas son aplicadas especialmente ós insectos e ós vermes que normalmente adoitan ser prexudiciais para as cousas que atinxen á vida humana e ó seu contorno.

Para o verme que destruía a roupa, o coiro, as peles existía en latín a voz TINEA que se converteu na nosa **tiña** que pasou, como ocorreu noutras linguas romances, a significa-lo verme, ácaro ou parasito que causa esa enfermidade chamada tamén **tiña**.

Entón a lingua galega buscou outras palabras para designar ese bicho que come a roupa. No século dezaoito témo-los testemuños de Sarmiento e Sobreira da existencia da voz xa corrente de **trilla**. O último autor citado define así a voz *ayrear*: «Sacar, poner una cosa al aire *comá roupa pola mor da trilla*» e noutro lugar volve repetir que «el gusano... de la ropa se llama trilla».

Trilla é voz aínda usual nalgúns lugares de Galicia e seica non ten relación, como poñen nalgúns diccionarios co verbo **trillar** (descendente do latín TRIBULARE), senón cunha palabra xa anticuada **teruvela** (citada por Marcial Valladares) que significaba o mesmo verme e procedía do latín vulgar *terebella* «pequeno trado ou trade».

Non parece dubidoso pensar que o noso bichiño chamado **trilla** actúa como un **trade**, voz procedente do latín TARATRUM, que tal vez foi transformada en *taratricula* para designar a ese pequeno verme roedor de roupa. Desde logo pasar desa forma latina á nosa **trilla** entra dentro das posibilidades dunha evolución fonética non moi arredada das leis normais.

Pero en moitos lugares da provincia da Coruña e de Lugo a **trilla** é máis coñecida como **couza**, voz que xa Sarmiento afirmaba que se dicía por Ferrol. A **couza**, verba tipicamente galega, ó igual ca **trilla**, debe ser un derivado da verba latina COSSIS 'verme' que é a base posible da palabra castelá *gusano*.

Couza está rexistrada en bastantes diccionarios galegos non só no sentido de **trilla**, senón tamén como verme que ataca á madeira ou ás colmeas, pero eu escoiteina máis veces usada no primeiro dos sentidos, como nesta frase que me manda F.R.F., de Lugo: *hai que botar alcanfor no armario pois a couza fura tódalas mantas*.

779. Polillas, trazas, bromas, etc.

Outra palabra para denomina-lo bicho que destrúe a roupa, o coiro e as peles é a voz **polilla**, vocábulo de orixe incerta, que probablemente é un castelanismo que se introduciu nas linguas galega e portuguesa.

Polilla debeu entrar xa hai séculos no galego, pois no século dezaoito o frade Sobreira dicía que «el gusano de la carne y castañas se llama polilla» e que en Soneyra chamaban así á muller nova e á moza solteira, significacións que ampliaban a súa acepción primeira e máis corrente.

E poderiamos engadir entre estes bichos a **andoliña** ou **andola** que xa Cuveiro definiu como «mariposa, especialmente de la polilla, que aparece de noche alrededor de la luz».

Outro insecto que pode ataca-la roupa é a **traza** que xa Martín Sarmiento citaba coa «trilla de la ropa». Esta voz aparece rexistrada en tódolos diccionarios galegos que o definen como insecto que roe non só os tecidos, senón sobre todo a madeira. Esta verba, que debo dicir que nunca escoitei oralmente, está moi viva en portugués e ten orixe no verbo **trazar** (descendente do latín vulgar TRACTIARE 'despedazar'), coa mesma significación cá voz castelá *atarazar*.

Existe en galego e portugués outro nome para denomina-los vermes que roen a madeira: **broma** (procedente dunha voz grega que significaba 'caries'), que é tamén aplicado ós moluscos que se fixan nas madeiras mergulladas dos barcos e as perforan.

O citado frade Sobreira citaba como palabra de Ribadavia e do Salnés **broca** que definía así «gusano que apolilla o roe la madera y colmena...» e que os diccionarios portugueses explican como verme que ataca as raíces dalgunhas plantas. Coido que debemos pensar, como nos casos semellantes de **trilla** e **traza**, que esta voz é a mesma verba **broca** 'púa' que se aplicou a este insecto porque facía o mesmo efecto que este instrumento furador.

Outros nomes que teñen outras acepcións variadas, pero que son empregados para denominar insectos que roen a madeira son **rela** e **caruncho**. E naturalmente nos diccionarios modernos aparece a voz **carcoma** da que eu teño a impresión de que debe ser un castelanismo porque non aparece abundantemente na fala popular.

780. Besas, seses e careixas

Rematamos hoxe citando os vermes que roen ou que se crían alimentándose de cousas que están no entorno do ser humano. Citemos en primeiro termo as **besas** que son os bichos ou as larvas de certos insectos que atopamos no touciño e na carne.

A voz **besa** é moi empregada no galego oriental e tal vez teña a mesma orixe cá verba **becha**, da que xa falamos. Pensei tamén na posibilidade de que este verme que roe e fura, como outros que xa mencionamos, puido saír do nome de algún instrumento que fai presión e por iso ¿non cabería relacionalo co verbo **vesar** 'arar' e **vesa** 'rella do arado'?

Para designar estes pequenos vermes que comen a carne, o touciño, o xamón, etc. é moi corrente na maior parte de Galicia un nome, tal vez de orixe árabe, **sese** que ten a variante bastante estendida de **sen** e outras máis locais como **sesa**, **asén** e **ese**.

Pero a voz que recollen tódolos diccionarios é **careixa** que xa citou Sarmiento hai dous séculos e que o primeiro diccionario galego, o de F. J. Rodríguez, define así: «insectos pequeñísimos como los del queso, tocino, etc. Supongo venga de caries». Efectivamente estas larvas de insectos deben o seu nome a un derivado desa voz latina, tal vez *cariasia* ou *carieisa* que en asturiano evolucionou en *care*sa e en castelán en *queresa* primeiro e despois en *cresa*.

En moitos lugares, sobre todo da provincia de Pontevedra, esta voz transformouse en **areixa** tal vez influída por outro insecto bastante coñecido, **arador**, palabra que nace como derivada do verbo **arar**. O citado frade, Martín Sarmiento, dinos que el escoitou a variante **arengo** (voz que recollen tódolos diccionarios) en Portonovo.

E outra forma bastante estendida polas provincias de Pontevedra e Ourense é a de **vareixa** (voz moi popular en portugués *vareja*) que coido que debemos poñer en relación co verbo **varexar** que significa sacudir con varas, azoutar con varas, atacar, etc.

Sería posible pensar que estas tres voces **careixa**, **areixa** e **vareixa** naceran independentemente, pero non hai dúbida que se influíron mutuamente para distinguirse só pola consoante inicial. Como vemos en moitas ocasións as verbas non están illadas e os falantes queren marcárlle-las características que lles atribúen cruzándoas con outras palabras semellantes.

781. Vacalouras ou escornabois

Nunha amable carta F.R.F., de Lugo, pídeme que lle explique o que é unha **vacaloura**: «¿Que é a vacaloura? Eu hai tempo que a traio canda min pois din que é boa para torna-lo meigallo».

Coido que basta con consultar calquera diccionario para saber que é un insecto coleóptero, de cor negra, un tanto violácea, que se parece a un escaravello ou a un grilo, pero máis grande. O lexicógrafo Cuveiro engadía na definición desta verba o seguinte: «con cuatro alas, las dos de encima duras, pardas y que sirven de estuche a las otras dos que son membranosas: tiene en la cabeza dos cuernecillos lustrosos, ahorquillados y ramosos, parecidos a los del ciervo». De aí, engadimos nós, que se chame en castelán *ciervo volante*.

Outro diccionarista do século pasado di ademais que é moi abundante nas carballeiras galegas e que ten, segundo o vulgo de varias localidades, certas virtudes máxicas pero non nos explica se de ver-

dade saca o meigallo. Castelao na súa obra *As cruces de pedra* dá unha noticia destas virtudes: *Tamén os cornos de vacaloura son amuletos para preservaren a saúde dos nenos en contra dos maos espritos*. Sen embargo no diccionario portugués de Figueiredo témo-la noticia de que para matar este insecto basta con cuspirlle e de que un boi rebenta se o come.

¿Por que este insecto é chamado *vaca de cor loura*? Penso que, como dixemos noutras verbas difíciles de explicar, hai que ter en conta que as palabras son modificadas polas xentes por influencia doutras, ben por parecidos fonéticos ou ben por comparacións.

Está claro que unha **vacaloura** non ten nada que ver cunha vaca. Probablemente esta voz ten relación co **abesouro**, que é unha variedade de **abellón**, e coa voz portuguesa actual *besouro*, que segundo o etimoloxista Corominas proceden dunha forma prerromana, ou mellor dito celta, que sería algo así como *beko*.

Así pois se partimos de que existiu primeiramente un nome celta (algo así como *becosouro*), por razóns de parecido fonético e por comparación festiva esta voz foi modificada en **vacaloura**.

En moitos lugares existe tamén como sinónimo desta verba a voz **escornabois** que segundo o lexicógrafo Eladio Rodríguez, é chamado así este insecto porque ten uns cornos cos que pode escornar coma os bois. Este mesmo autor sinala ademais que os cornos deste animal teñen efectos sorprendentes como amuletos contra a envexa, o mal de ollo e o meigallo.

782. Os relinchos

Un coñecido da parte da Fonsagrada falábame o outro día de que pasara hai pouco a gripe, pero que agora tiña medo dos **relinchos**. Eu quedei un tanto sorprendido ó escoitalo e el mesmo aclaroume que os **relinchos** son as secuelas, consecuencias ou trastornos que persisten despois de curar unha enfermidade.

Mirei nos diccionarios para ver se existía esta voz con esa acepción e soamente a atopei no *Glosario de voces galegas de hoxe* no que aparece **relincho** como castelanismo por **rincho** e **relinchos** (como plural) na significación que acabamos de dar.

Despois de pensar un tanto sobre estes **relinchos** que no resto do territorio galego se chaman **recaídas**, **recaedelas** ou **recaeduras**, e que hoxe as xentes cultas denominan **recidivas**, cheguei á conclusión de que a voz **relinchos** ten que ver con restos ou, mellor dito, co verbo latino RELINQUERE 'deixar'.

RELINQUERE estivo vivo nos textos medievais como re*linquir* e existiu *relinquimento*. E desa familia son as **reliquias** (nestes textos aparece tamén *religas*, como forma máis evolucionada e houbo ou debeu habe-lo participio dese verbo que era en latín RELICTUS.

Así pois, coido que existiu alomenos no ámbito do galego a forma latina RELICTOS que evolucionaría normalmente en *relitos*. Esta voz, illada posteriormente na zona montañosa luguesa debeu cruzarse, como pasa en tantas ocasións con outras palabras, coa voz **rincho** ou **relincho** e de aí que os *relitos* pasasen a ser **relinchos**.

Pénsese que as voces **rinchar** ou **relinchar** (de etimoloxía non tan clara -REHINNITULARE- como din algúns diccionarios) e os seus derivados **rincho** ou **relincho** significan non só emiti-la súa voz o cabalo (*o sonoro rinchar dos feros potros e cabalos*, dicía Curros, *o Rañolas sinte un desexo animal de rin-*

char, de Castelao), senón tamén renxer ou rilla-los dentes por rabia ou por dor e mesmo renxer unha porta ou calquera outro obxecto.

En fin, penso que estes últimos **rinchos** ou **relinchos** influíron en que as **recidivas** ou *relitos* lugueses cambiasen a súa terminación e se convertesen en **relinchos**.

783. O xoto palpexar das túas mans

Do poema "A poesía é o grande milagre do mundo" de Luís Pimentel son os seguintes versos: *O xoto palpexar das túas maos / chegará a conocer as rosas invisibles na noite*, nas que aparece o adxectivo **xoto** cualificando ó verbo substantivado *palpexar*.

Quen non coñeza esta voz será difícil que poida saca-la súa significación polo contexto desa frase. Sen embargo o lector dese poema podería chegar a sabela se se lembra duns versos anteriores que din así: *Eu farei que olles a través das túas maos toscas / a luz da túa sangre*, nos que as *maos* aparecen calificadas de toscas.

Efectivamente, se as mans son toscas, tamén o palpexar desas mans será tosco. Polo tanto poderiamos saca-la conclusión de que **xoto** ten a significación de tosco, o cal comprobaremos se consultámolos diccionarios que nos dan os sentidos de áspero, basto, rudo, tosco, xunto coas acepcións de arisco, esquivo, irado, que coido que son máis cercanas á acepción de espantadizo (recollida no diccionario de Cuveiro) que me parece próxima ó nacemento desta voz.

Penso que **xoto** é un derivado de **xotar**, 'espantar, escorrenta-las aves, as moscas ou calquera outro animal', que ten as variantes **axotar** e **enxotar** (esta última é a máis corrente en portugués). **Axotar** está xa rexistrado nas obras lexicográficas dezaoitescas de Sarmiento e de Sobreira que escribe que **axotado** se aplica ó animal doméstico ou bravo espantado e que figuradamente se di do «que anda amedrentado y espantado».

Por tanto ó lado de **axotado**, **enxotado** ou **xotado** foi creado o adxectivo **xoto** con ese sentido de espantado, amedrentado, asustado, que facilmente pasou ós de arisco, esquivo, e logo ós de áspero, basto, tosco, etc.

E por último digamos que estes verbos están formados sobre a interxección **xo** (de creación onomatopeica) empregada precisamente para berrarlles ós animais para que fuxan ou se aparten dun lugar. En portugués este **xo** escríbese con acento circunflexo para indicar que a vocal *o* é pechada, e así distinguir esta interxección usada para axota-los animais da interxección **xo** (coa vocal *o* aberta) que se emprega para facer para-lo gando ou as cabalgaduras. Eu non teño claro se os falantes galegos que usan estas interxeccións fan a distinción que fan os portugueses.

784. A catropea

Para denomina-los animais cuadrúpedes en latín tiñámo-la expresión ANIMALIA QUADRUPEDIA. Desta última voz orixinouse a palabra castelá *cuadropea* que, por influencia da verba *cuatro*, pasou a ser *cuatropea* que significou primeiramente calquera cuadrúpede e logo o lugar da feira onde se vende o gando. Nalgúns lugares de Castela reduciuse a significación de *cuatropea* a conxunto de cabalos.

Esta voz entrou no galego non sei se directamente do latín ou a través do castelán. Naturalmente a primeira sílaba transformouse en *ca*, do mesmo xeito que *quatro* ou *cuatro* se fixo **catro**. Polo tanto temos como voz normal en galego **catropea** que vén recollida no diccionario de Eladio Rodríguez coa significación de multitude desordenada de xinetes e mesmo de xente de a pé.

Catropea debeu recibi-la influencia dos verbos **tropa** e **tropel** e por iso adquiriu os sentidos destas últimas voces, e mesmo existe a variante **catropel** que proba esta interpretación.

O escritor lugués Aquilino Iglesia Alvariño emprega nalgunhas das súas obras moitas veces esta voz. Vexamos algúns exemplos que tomamos do seu libro *Nenias*: *a catropea dos cabalos...*, *vai inda un balbordo de catropeas...*, *Detrás deles*, *ai*, *Dios*, *e sen sabermos*, / *nun ir e vir de mazaricos cara ás furnas dos fachos*, / *que catropea triste de cara á noite!...*, *quen puidera atopalas palabras que todo o poden* / *e dete-la catropea da santa compaña do esquenzo!*

Así pois **catropea** converteuse en sinónimo de chea, fato e grea que xa comentamos nalgunha ocasión e do cultismo **caterva** que xa introduciu nos seus escritos Eduardo Pondal: *Non fora longo o sono* / *das escuras catervas*.

Pero o nome máis corrente actualmente para indicar grande número de persoas, animais ou cousas é o cultismo **multitude**, que algúns escritores deformaron en **moitedume**, pero que xa Rosalía de Castro empregou correctamente na introducción ó seu libro *Follas Novas*: *As multitudes dos nosos campos tardarán en ler estos versos*, *escritos a causa deles*, *pero só en certo modo para eles*.

785. Cheira a cotofexo

L.G.G., de Lugo, pregúntame sobre a voz **cotofexo** que el escoitaba hai anos nun obradoiro de costureiras en expresións como *cheira a cotofexo* e *fede a cotofexo*.

Para min é descoñecida esa voz **cotofexo** e non a vin rexistrada en ningunha obra léxica nin en ningunha enquisa dialectal. Está claro que podemos interpretar esa verba, polo contexto en que se atopa, como cheiro ou fedor. Penso que se trata dunha modificación doutra palabra algo máis coñecida que é **cotexo** e que significa cheiro desagradable a suor e a roupa suxa propio de quen non se lava.

Cotexo parece un derivado de **cotra** 'suciedade que se forma na pel' que pode ter orixe nun cruce da palabra **costra** (do latín CRUSTA) e da voz **corte** 'cortello'. E probablemente dese vocábulo **cotexo** xorde por creación expresiva espontánea a palabra **cotofexo** na que aparece engadida a terminación *-fexo* que se pode atopar noutra palabra semellante, **bafexo**.

Por outra parte na primeira das expresións citadas atopámonos cunha forma do verbo **cheirar**, descendente foneticamente normal da voz latina vulgar FLAGRARE (en latín clásico era FRAGRARE) que significa percibir polo olfacto as partículas odoríferas dos corpos ou exhalar fragancias, aromas, perfumes, etc.

Cheirar é un sinónimo do verbo **ulir** (tal vez castelanismo), que está estendido pola metade setentrional de Galicia co mesmo sentido positivo de **cheirar**, espallado pola metade meridional. Así pois, en principio e seguindo a súa orixe, **cheirar**, ó igual que **ulir**, significa 'cheirar ben' ou 'ulir ben' sen necesidade de emprega-lo adverbio ben.

Pero hai moitos lugares en que **cheirar** ten que ir seguido do citado adverbio para clarifica-la súa significación: 'cheirar ben' e 'cheirar mal', e sobre todo na metade setentrional de Galicia **cheirar** é 'ulir mal'. Por iso na expresión citada arriba *cheirar a cotofexo* este verbo ten o sentido de 'ulir mal'.

Os escritores empregan **cheirar** ás veces co sentido de feder: *Un libro da nova escola / que cheira a Carulla ás légoas / e fede que apesta a Zola* (Curros), *cheirando a chofre* (Risco), *debeu morrer de flato, porque cheira que fede* (Castelao), *O aire cheira a retrete de burdel barato* (C.E. Ferreiro), pero outras co sentido normal de cheirar ben: *bosques que cheiran sempre a canela* (Otero Pedrayo), *ferven a cachón os potes e cheira a aurego e prixel* (Curros), *Se non cheirara a queixo fresco* (Risco), *tristes cántigas que cheiran a mazás nas arcas* (C.E. Ferreiro).

786. Seguimos cheirando

Seguimos cheirando ou pescudando na sensación producida no olfacto polas partículas odoríferas emanadas dos corpos. A voz castelá e portuguesa **olor** que expresa esa sensación podería ser considerada en galego un cultismo innecesario, xa que está viva no noso sistema linguístico a verba **cheiro** para expresa-lo mesmo.

Cheiro ten ese valor neutro de olor en moitos lugares de Galicia e así a empregan algúns escritores: *os cheiros da miña terra* (Curros), *cheiro de pintura nova* (Otero Pedrayo), *o cheiro da cera... o cheiro da pólvora* (Castelao), *o cheiro do café* (Risco), *traía os cheiros da seba o vento do mar* (Cabanillas).

O **cheiro** pode ser sinónimo de fragrancia, perfume, aroma, recendo como vemos nestoutros exemplos literarios: *cun cheiro que convida... cuio son nos trai o vento cos cheiriños da ribeira* (Rosalía), *o cheiro aspirei que mandan a touza e maila silveira* (Curros), *cheas de especies e cheiros* (Pintos), *a lampariña de aceite asolaga todo nun cheiro morno* e *misterioso* (Castelao).

Pero como pasa co verbo **cheirar** tamén **cheiro** é o mesmo *que mal cheiro* ou *fedor* para moitos falantes de Galicia e para os mesmos escritores: *o cheiro quente e fisiolóxico* (Otero Pedrayo), *vas ter cheiro para un ano, e cheiro de sogra... o cheiro das cebolas podres* (Castelao), *inda que* se *lavaba non se lle iba o cheiro* (Cunqueiro).

Sinónimos de **cheiro** son os nomes **cheiror** e **cheirume** que en moitos lugares (e así aparecen rexistrados nos diccionarios) significan *mal cheiro*, pero que algúns escritores usan como *bo cheiro* segundo vemos nestes exemplos: *feiticeiras cheirumes de froumas e lameiro* (Otero Pedrayo), *hai un cheirume a cola de carpinteiro* (Castelao), *aquil cheiror a cacao tostado* (C.E. Ferreiro).

Sen embargo o adxectivo **cheirento** ten case sempre a significación de fedorento tanto na fala popular como na escrita: *edificio triste, feo, cheirento, apestado* (Pintos), *cheirento a touciño reseso* (Otero Pedrayo), *buraco cheirento i oscuro* (Risco), *primeiro me viches fea, brutal e cheirenta, i ó final fermosa* (Cunqueiro).

Con todo queremos pechar este comentario con outro adxectivo desta familia léxica, **cheiroso**, que alomenos literariamente deixa un bo cheiro: *folliña de laurel cheirosa... froliñas cheirosas* (Rosalía), *cuberto de herbas cheirosas* (Curros), *bosques cheirosos a cabeleiras de sultás dos contos* (Otero Pedrayo), *froles cheirosas nos curutos* (C.E. Ferreiro).

787. Feder e apestar

Exhalar, despedir, lanzar mal cheiro dise en galego **feder**, que procede da voz latina FOETERE, que é palabra común e popular en toda Galicia e que en todo contexto mantén esa significación: *¡o voso morto fede!* (Curros), *fédelle o alento ó demo do trenco* (Otero Pedrayo), *fedendo a miseria... cheira que fede* (Castelao), *fede que alcatrea* (Celso Emilio Ferreiro).

Derivado de **feder**, cun sentido un tanto festivo e irónico témo-lo verbo **fedechar** que orixinou o adxectivo **fedechoso** que está rexistrado nas *Papeletas de un diccionario* do frade Sobreira e que só o vin usado polo escritor Otero Pedrayo baixo a forma **fedenchoso**: *o carrancholas fedenchoso*, *algún arrieiro fedenchoso*.

Pero o adxectivo derivado directamente de **feder** é **fedento** que é bastante coñecido na fala popular e empregado no nivel literario: *a porcallada do vagón do peixe*, *escamoso*, *fedento*, *podre* (Otero Pedrayo), *eiquí non está permitido presentarse en sociedade con farrapos de carne fedenta* (Castelao), *queimará a fedenta podredume* (C.E. Ferreiro).

E outros adxectivos que se poden tomar como sinónimos son **fedegoso** (máis usado en portugués ca en galego), o cultismo **fétido** e o máis popular **fedorento**, derivado da voz **fedor**, que procede, con evolución fonética normal, da voz latina FOETOR. **Fedor** é a palabra máis corrente para substituí-lo mal cheiro tanto a nivel popular como a nivel literario: *moito fedor a sebo* (Castelao), *un fedor a suburbio e cloaca* (C.E. Ferreiro).

Sen embargo hai outras moitas palabras que sen te-la significación fundamental de 'cheirar mal' ou 'feder' toman esta partindo de acepcións semellantes. Tal é o caso da familia léxica derivada da voz **peste**, procedente do latín PESTE, que do seu significado de 'enfermidade' pasou tamén ó de 'mal cheiro ou fedor'. E o mesmo podemos dicir de **pestilencia** do que derivan os adxectivos **pestilencial** e **pestilente**. E igualmente outro cultismo **pestífero** pasou a ser sinónimo de **fedento**.

E de **peste** formouse **apestar** que hoxe máis có sentido orixinario de comunica-la peste ten o de **feder**. E o mesmo diremos dos seus derivados **apestado** ou **apestoso** (*as correntes apestadas*, de Rosalía; *o cigarro apestoso*, de Otero Pedrayo). En portugués son máis correntes as voces *empestar* e *empestoso*.

788. Abafar, imbrar e rebotar

Na serie de *Follas de lingua* aparecida en 1985 comentabámo-lo caso de **bafo** (voz de orixe onomatopeica) que de significar orixinariamente vapor que despiden os corpos ou as cousas e alento pasou a significar tamén mal alento e olor molesto. Como se ve, é un caso semellante ó de cheiro.

Citabamos entón o *bafo pestífero* que escribía Rosalía e engadimos agora este exemplo de V. Risco: *De perto*, *o bafo cheirar cheiráballe o allo*. E o **bafo** como alento fétido está xa na *Crónica Troiana*: *et o seu bafo semellaua que queymaua o ayro* e así mesmo o portugués brasileiro conserva aínda ese sentido.

Bafo ten a variante **bafio** que os diccionarios definen como mal cheiro peculiar das cousas húmidas e das entrañas dun animal recén morto. E de **bafo** saen as voces **bafarada**, **bafento**, **bafexar**, **bafexo** que tanto poden ter que ver cun aire fresco coma cun fedor insoportable.

E nalgún lugar de Galicia, tal vez por influencia da voz **tufo**, **bafio** convértese en **tafio** e **bafo** en **tafo**, verba esta da que eu teño constancia da súa existencia na fala da provincia de Ourense e que empregaron que eu saiba Curros Enríquez (*entre aquel tafo que afoga*...) e Iglesia Alvariño (*o tafo do inferno e do zucio*).

Do nome **bafo** sae o verbo **abafar** que, por un lado, tomará os sentidos propios ou orixinarios de afogar, quedar sen respiración (*E por medo a abafar leva o abade aberto o parasol*, de Cabanillas), pero, por outro, toma o de botar mal alento e o de cheirar mal, feder ou apestar. E do verbo **abafar** veñen as voces **abafante** e **abafado** que son empregadas ás veces no sentido de fedorento ou apestoso.

En bastantes diccionarios galegos aparecen outros dous verbos que significan tamén feder. Un deles é **imbrar**, que eu nunca escoitei na fala e que debe ter algo que ver co verbo **impar** 'respirar con dificultade, xemer, saloucar', que nalgún lugar din **ipar** e noutros **implar**. Non sabería explicar ben como **impar** ou **implar** pasou a **imbrar** foneticamente, pero desde o punto de vista semántico sería normal esta evolución.

E o outro é **rebotar** que xa o primeiro diccionario galego, o de F.J. Rodríguez define así: «oler mal, heder una cosa que desecha de sí, que apesta, etc.» Pénsese que o sentido orixinario desta voz é rexeitar ou desfacerse de algo, da que nace o **rebotallo** 'refugallo'. Por tanto o que **rebota** fede...

789. Aballoar, amurciar e alcatrear

Hai, á parte dos verbos que xa comentamos anteriormente, outras moitas voces que están en relación cos malos cheiros. Comecemos hoxe coa palabra **aballoar** que significa cheirar mal o peixe cando empeza a podrecer: *este peixe aballoa* quere dicir que fede porque leva moito tempo pescado e comeza a ter unha cor pálida e amarelenta, é dicir, que tén **ballón**.

Penso que éste vocábulo **ballón** non ten nada que ver co **ballón** que significa chaparrada ou chuvieira forte, senón cun descendente da voz latina BADIUS 'cor que tende a vermello', aínda que poderiamos poñelo en relación coa voz **balor** 'mofo' que procede do latín PALLORE, da familia de PALLIDUS.

Amurciar é, segundo os diccionarios, 'comezar a cheirar mal algunha cousa' e algún deles di que é tamén 'poñerse **murcia** a carne'. Efectivamente o adxectivo **murcio** é unha voz tipicamente galega que probablemente é unha variante de **murcho** ou **mucho**, formas procedentes do latín MUSTIDUS 'que perdeu a frescura'. Desde logo na fala popular é moi aplicada a voz **murcio** ás carnes que non están en boas condicións e feden.

Xa comentamos amplamente nas *Cousas da lingua* outra voz que significaba tamén feder: **alcatrear** que acadou bastante fortuna na fala das xentes e nas obras dos escritores. Repetimos outra vez que **alcatrear** é cheirar a **alcatrán** (voz de orixe árabe que ten as variantes **alcatrén** e **alquitrán**), producto que non se caracteriza precisamente por ter unha fragancia moi agradable.

Tamén hai outras expresións formadas por **cheirar** e mais un nome que caracteriza o fedor que producen certos animais, para indicar certos tipos de malos cheiros. Así sinalamos entre outras posibles as seguintes expresións: *cheiro a ferume* ou *a farún*, o producido polos animais montaraces, sinónimo de *cheiro a bravío* (*os tres cheiraban a bravío*, *como as cabras*, de V. Risco), *cheiro a bravú* ou *a bravún*, *cheiro a chatún*, *cheiro a xatún*.

O *cheiro a verruallo*, ou *a vorroalla* ou *a vurruallo* é sobre todo o fedor que exhala o gando lanar ou caprino e orixinariamente sería o dos verróns ou porcos sementais.

790. Palabras fétidas

Unha lingua non é facilmente abarcable para tódolos seus falantes. Xa vimos nos comentarios anteriores unha serie bastante ampla de voces que teñen unha clara significación de accións e cualificativos de cousas relacionados cos malos cheiros ou fedores.

Rematamos agora esta serie recordando outras verbas que en determinadas circunstancias teñen conexións coa **fetidez**. Normalmente fede aquilo que está **putrefacto**, **pútrido**, **podrecido**, ou **podre** ou é **putrescente**. Igualmente apesta o que está **corrompido** ou **corrupto** ou tamén **infecto** e ás veces **aviciado**, **acedo**, **danado**, **estragado** ou **derramado**.

Son cousas fétidas ademais os *ovos chocos* e a *auga choca*. Sinónimo de **choco** para ser aplicado tamén ós ovos podridos é o vocábulo **goro**.

Tamén as **porcalladas** ou **porcadas** e a **morca**, a **goldra** e a **sucidade** en xeral producen fetidez. Así pois podemos dicir que é normalmente fedorento aquilo que é **sucio** ou **suxo**, **porco**, **merdeiro**, **merdoso**, **lixoso**, **godalleiro**, **goldrento**, **carrañento**, **carroño**, **cotroso**, **basculleiro**, **bosteiro**, **reloso**, **pilangreiro**, etc.

E por último poderiamos engadirlles a esas voces outras que ás veces ademais do seu sentido primario sinalan algo fedento. Mencionemos entre elas os adxectivos **nauseabundo**, **estoxado**, **enguloso**, **repugnante**, **noxento**, **ascoso**, **ascoroso** ou **asqueroso**, etc.

En fin, como acabamos de escribir arriba, as palabras non son independientes totalmente as unhas das outras. Neste campo semántico de malos cheiros as cousas só feden, como vimos, orixinariamente con este verbo **feder**, pero tamén as hai que **aballoan**, **alcatrean**, **amurcian**, **apestan**, **abafan**, **imbran** ou **rebotan** segundo as circunstancias ou cheiran a determinados animais que exhalan fedores que non resultan agradables.

791. O facotexo

Un amable lector dos nosos comentarios léxicos, o pontevedrés F. Sobrino, que vai cumpri-los oitenta e tres anos, como di el na súa carta, e coñecedor da nosa lingua, comunícame a propósito da miña peneira "Cheirar a cotofexo" que por «aquí (A Guarda) esa expresión dise así: *cheirar a facotexo* que se aplica á persoa que non se lava e cheira mal ou cheira que apesta ou cheira que apetrena».

Efectivamente a voz **facotexo** aparece recollida no diccionario de Crespo como vocábulo que se di na comarca de Padrón para significa-lo 'fedor da xente suxa'. Paréceme que esta voz é, como creo, da verba **cotofexo**, un derivado, ou mellor dito, unha modificación da palabra máis coñecida e máis espallada, **cotexo** 'cheiro desagradable a suor e a roupa sucia propio de quen non se lava'.

No caso da voz **facotexo** coido que foi orixinada por influencia da palabra **faco**, masculino de **faca**, que foi introducida na nosa Península a través do francés antigo *haque*, pero que vén do inglés *hack*, nacido como derivado do lugar *Hackney* que era unha localidade famosa polas súas feiras ou mercados de cabalos.

A voz **faco** é usada como sinónimo de cabalo por algúns escritores como Otero Pedrayo (*cando ía petar sintín tripar un faco... arrombou o faco na corte... o tío parara una istante o faco pra ollar a posta do sol*) e Castelao (*O alquilador non ten máis bens que un faco*, *unha albarda e unha corte*, *e ninguén adeviña como pode mante-lo faco*), pero para moitos falantes un **faco** é un cabalo pequeno e ruín.

De aí que existan derivados desta voz como **facareño** ou **faquiaño** para indicar en primeiro termo cabalo ruín, pero que despois se aplican a calquera persoa ou animal delgado, fraco, débil, feo, etc. E aínda hai outros derivados que recollemos dos estudios de Aníbal Otero como **facañón**, **faquilón**, **faquiroso** con significacións semellantes.

Por tanto, coidamos que **facotexo** naceu do cruce de **cotexo** con calquera dos derivados de **faco**. Non obstante, hai que dicir que a voz **facotexo** está rexistrada nalgúns diccionarios como 'insípido ou insulso' e mesmo aparece co significado de 'trapo usado para a limpeza' no estudio léxico de Pantón que fixo Xosé A. Palacio.

Como xa dixemos en tantas ocasións, as palabras non están soas e resulta bastante corrente que se modifiquen por outras voces de significacións semellantes.

792. A mañanciña do luns

Xa nalgunha ocasión falamos dos nomes dos días da semana, pero un lector pediume que lle dixese exactamente as zonas nas que eses nomes coincidisen coas formas normativas portuguesas.

Digamos en primeiro lugar que o nome de **sábado** é común a toda Galicia, Portugal e ó territorio peninsular de fala castelá. O mesmo temos que dicir de **domingo**, se ben esta voz ten no galego occidental unha pronunciación distinta xa que algúns falantes desa zona pronuncian a consoante *g* como *h* aspirada, pero hai bastantes que a pronuncian como *k*: **dominco**.

En canto a **martes** temos que dicir que dunha enquisa realizada hai xa quince anos temos que das 1.764 respostas soamente hai doce que se corresponden co sistema de denominación cristiá, é dicir, contando por feiras, que se estendeu pola parte occidental peninsular, pero que hoxe só se conserva en Portugal e parte de Galicia. Practicamente pois o galego actual conserva o nome do día dedicado ó deus romano Marte e soamente temos constancia do sistema de contar por feiras en varios puntos de Tui e arredores, ó lado do río Miño e nalgúns falantes de puntos illados da provincia de Ourense que din **terceira feira** ou **tercia feira**.

Nesa mesma localización xeográfica aparece a denominación de **segunda feira**, común pois coa lingua portuguesa, que está rexistrada tamén nos diccionarios galegos xunto coa forma pagá deste día dedicado á lúa. A expresión latina DIES LUNAE pasou a ser DIES LUNIS (por imitación de DIES MARTIS) e quedou reducida a *lunes* en castelán, pero en galego perdeu o *-n-* intervocálico e quedou en *lues* coa vocal *-u-* nasalizada segundo vemos nos textos medievais.

Como é ben sabido o galego perdeu logo a nasalización e a forma **lues** só queda nalgúns puntos do galego oriental, xunto coa súa variante máis estendida de **luis**, denominacións estas que non aparecen recollidas nos diccionarios.

Nalgúns textos medievais aparece tamén outra evolución desa forma *lues*, que é **luns**, aínda con *-u-* nasalizado. Pero en época posterior perdeu a nasalización e converteuse en **lus**, se ben na parte occidental das provincias de Coruña e Pontevedra recuperou o *-n-*: **luns**. Naturalmente os falantes da maior

parte de Galicia din **lus** e os diccionarios antigos rexistran esta forma que emprega tamén algún escritor desa zona como C.E. Ferreiro: *Enlixouse a cidá de telegramas / un lus pola mañá ás doce horas*...

Sen embargo a forma occidental **luns** é a preferida polas gramáticas, diccionarios e moitos escritores, como Castelao: *A mañanciña do luns colleume aínda na rúa*...

793. Corta feira e mércores

Se ben o segundo día da semana, o mesmo có terceiro día, son denominados na fala galega na inmensa maioría dos lugares coas denominacións pagás de **luns** ou **lus** ou **lues** e de **martes**, e soamente en moi poucos coas denominacións cristiás de **segunda feira** e **terceira feira** ou **tercia feira**, son moitos os lugares en Galicia onde o cuarto día da semana segue o sistema de contar por feiras.

Efectivamente, do mesmo xeito que os portugueses seguindo o sistema da igrexa cristiá occidental peninsular din *quarta feira*, na parte máis ó norte da provincia da Coruña e sobre todo na súa parte occcidental, así como na maior parte da de Pontevedra e parte occidental da de Ourense, é dicir na metade do ámbito territorial da lingua galega, a denominación máis corrente (deixando á parte o castelanismo **miércoles**) é o descendente do latín QUARTA FEIRA que dá en galego **cuarta feira**, que algúns falantes reducen simplemente a **cuarta**.

Pero en bastantes lugares esta denominación convive coa forma máis evolucionada foneticamente **carta feira** que popularmente se transformou en **corta feira** por influencia do verbo **cortar**, xa que dá a impresión de que foi así porque parece que este día corta a metade da semana. O nome de **cuarta feira** aparece en poucos diccionarios, o de **carta feira** rexístrase nos de Carré, Ir Indo e Estravís , e o de **corta feira** está xa no de Marcial Valladares que recolle esta cantiga popular *Adiós*, *martes de entroido*, / *cortafeira de ceniza*; / *inda che me ha de acordar* / *domingo*, *vindo da Misa*.

Sen embargo nas outras zonas de Galicia non mencionadas, á parte do castelanismo **miércoles**, están vivos os nomes descendentes do sistema pagán, é dicir, do día dedicado ó deus Mercurio. O latín DIES MERCURII converteuse primeiramente en DIES MERCURIS (por influencia de *Martis*, *Iovis*, *Mercurii* pasou a ser *Mercuris*) que evolucionou en **mércores**, forma bastante espallada desde a cidade da Coruña cara a Oriente e grande parte da provincia de Lugo, e recollida nos diccionarios modernos da lingua galega.

No galego oriental da citada provincia de Lugo e tamén no galego de Asturias, esta verba **mércores** foi convertida en **mércoles** por razóns de tipo eufónico, é dicir, para evita-la pronunciación de dúas consoantes *r* seguidas, como se fixo tamén na lingua castelá. **Mércoles** é forma esquecida nos diccionarios galegos.

794. Quinta feira e sexta feira

O quinto día da semana conserva o nome do chamado sistema cristián de contar por **feiras** en case tódolos lugares onde sinalamos que se dicía **corta feira** ou **cuarta feira** para denomina-lo mércores, agás no extremo norte da provincia da Coruña.

Quinta feira é pois tamén popular na parte occidental das provincias de Coruña e Pontevedra e parte de Ourense e como proba do seu uso no campo literario aportamos estes dous exemplos: *dime si gárda-lo pano / que che din por San Benito*, / *que o merquei na quinta feira / por doce cartos e pico*, de Rosalía de Castro, *de Semán maior*, / *de quinta feira ó serán*, / *acorcovado e tremente* de Ramón Cabanillas.

Nos textos medievais xunto con esta forma **quinta feira** atopámo-lo descendente do sistema pagano DIES IOVIS que aparece escrito *joues*, se ben hoxe escribimos de acordo coa normativa actual **xoves**. Das nosas enquisas xa citadas sacámo-la conclusión de que esta forma se di por moitos puntos dispersos de Galicia, pero de modo máis intenso pola zona central da provincia de Lugo.

Sen embargo temos que dicir que o castelanismo **jueves** está moi introducido en toda Galicia, de tal xeito que o setenta por cento dos informadores, aínda que moitos dixeran *luns* e *corta feira*, empregaban a forma castelá para este día da semana. E resulta verdadeiramente curioso ver que algúns falantes adaptaron o nome castelán á fonética galega dicindo **xueves**, **xoeves** e **xuoves** ou transformando a consoante inicial castelá en *g*: **güeves**.

En canto á forma **sexta feira**, rexistrada en bastantes diccionarios galegos debo dicir que existe moi minoritariamente no territorio indicado para **quinta feira**, pero só aparece dunha maneira compacta nunhas pequenas zonas do occidente de Santiago, do sur da provincia de Pontevedra o do suroccidente da de Ourense.

O descendente directo do DIES VENERIS latino é **venres** que atopamos no galego oriental, que se modificou en **vernes** noutros moitos lugares espallados por toda Galicia. Como nos outros días da semana o castelanismo **viernes** está tan estendido que incluso foi usado por algúns escritores: *O día de Viernes Santo ten un maino crarexar*, de Ramón Cabanillas, *banquetes de promiscuación de Viernes Santo*, de Vicente Risco...

795. Bolas e bolos

Cando falamos das ricas **bolas** que comemos algunha vez poucas persoas pensarán que a orixe desta voz está na palabra latina BULLA que significaba fundamentalmente 'burbulla' ou 'glóbulo de aire formado no interior dun líquido e que sae á superficie'.

Da-la definición exacta dunha palabra é tarefa non sempre doada porque a cousa á que corresponde unha voz ten variacións dun lugar a outro, pero eu atreveríame a dicir que unha **bola** é unha peza de pan feita con masa de fariña de millo ou de trigo á que se lle dá unha forma redonda e pouca espesura e á que se lle fan unhas concavidades na parte superior. Dadas estas características o normal é que se saque do forno antes có resto da fornada.

Non sei se as **bolas** se seguen facendo hoxe cos dedos como se facían non hai moito tempo segundo nos consta nestes versos de *Cantares gallegos* de Rosalía: *Seique meigallo me deche / na festa do San Martiño*, / *amasado cos teus dedos / nunha bola de pan de trigo*.

Naturalmente, como diciamos arriba, hai **bolas** de moitas clases segundo os lugares. Hai *bolas do lar*, *de auga fría*, *de parrañoa*, *da pedra* e hai *bolas longas e bolas rapeiras*, etc.

Cando as **bolas** son grandes ou un tanto altas polo centro adoitan chamarse **bolos**, pero en moitos lugares o **bolo** diferénciase da **bola** porque a masa de fariña leva outros ingredientes, ben azucre, ben graxa de porco, etc.

Diremos que tamén hai moitas clases de **bolos**. Temos noticias dos *bolos asmos* (os que non levan fermento), *bolos do lar* (cocidos baixo os rescaldos), *bolos da pedra* (feitos nos muíños), *bolos das raspas* (os feitos cos residuos da masa da fariña), *bolos de San Pantaleón* (para os pobres), *bolos de Pascua*, etc.

Mencionemos á parte os *bolos outáns*, moi altos polo centro, citados por Pintos: *E deixache en Galicia / un bolo oután mui mal feito*, e os *bolos do pote*, que son os cocidos dentro do caldo, que cita Rosalía: *fixen un bolo do pote / que era cousa de envidiar...*, *Canta*, *meniña*, / *na veira da fonte*; / *canta*, *dareiche / boliños do pote...*

796. Bólas e bólos

Ademais das verbas **bolas** e **bolos** de pan existen na nosa lingua **bólas** e **bólos**, que escribimos cun acento sobre a vocal *o* para indicar que se pronuncia esa vocal cun son aberto. Así pois a palabra **bola** (pronunciada con *o* pechado) non ten nada que ver coa **bóla** (pronunciada cun *o* aberto).

Aínda que a voz **bóla** procede tamén da palabra latina BULLA, sen embargo penetrou probablemente na nosa lingua a través do castelán *bola*, que a súa vez tomou do provenzal *bola*.

Bóla ten o significado de corpo esférico, oco ou macizo, de calquera materia. Hai **bólas** coas que xogan os nenos, *bólas de billar* (*e tapando despois a bola de billar*, de Vicente Risco), *bólas de cristal*, e falamos moitas veces dos *queixos de bóla* e das *acacias de bóla* (*plantaches acacias de bola*, de V. Risco; *na estación das acacias de bola baixa o fato de labregos*, de Otero Pedrayo). As **bólas** poden ser *bólas de bosta* ou pedras grandes e redondas, e mesmo moitos xogadores chaman **bóla** ó naipe as de ouros... E o diccionario de Eladio Rodríguez recolle as expresións *deixa roda-la bóla* e *que rode a bóla*, para indicar que un asunto non nos importa.

E digamos tamén que **bóla** é voz corrente para significar mentira ou trola: *os fillos de puta fixeron correr a bola da mina*, exemplo de Celso Emilio Ferreiro.

Derivada da palabra **bóla** xurdíu a voz **bólo** que ten varias significacións. Un **bólo** é un pao labrado e longo que ten unha base plana para manterse dereito e, por tanto, *xogar ós bólos* consiste en tirar cunha **bóla** o maior número dos nove **bólos** que se colocan na **boleira**.

Chamamos tamén **bólo** a un canto rodado e á porción de comida que unha vaca ten na boca remoendo, acepción esta bastante popular.

E por último digamos que se chama **bólo** a diversas variedades de peixes que se pescan nas costas galegas e que corresponden a peixes semellantes ó **lubión**, ó **pión**, ó **areeiro**, etc.

797. Outras bolas e bólas

As voces **bola** e **bóla**, á parte de daren lugar á creación das formas masculinas **bolo** e **bólo**, deron orixe á formación de derivados que teñen hoxe bastante uso. Así temos referidas ó pan voces como **bolacha** que é unha torta redonda de gran tamaño, **bolote** ou **bolete** que é un pan de tamaño mediano, **bolazo** que é de tamaño grande e **boleardo** ou **bolardo** que é un pan de biscoito moi famoso, segundo os lexicógrafos, o que se fai en Tui, citado por V. Risco: *encomendos de Baiona*, *boleardos de Tui*, *roscas de Silleda...*

Quen fai ou vende **bolas** e **bolos** é un **boleiro**, e quer xoga ós **bólos** é un **boleiro**; e o lugar onde se fai este xogo é a **boleira**. Quen se parece a unha **bola** por ser gordo ou barrigudo é un **bolecho** ou **bolechudo**. E quen conta mentiras ou **bólas** é tamén un **boleiro**.

Bolar é facer rodar unha **bóla**, e **bolada** é o conxunto de **bólos** derrubado dunha tirada. De aí nacen as expresións *dunha bolada*, *desta bolada*, equivalentes á *dunha tacada* que se di no billar, que rematou significando dun golpe, nesta ocasión ou oportunidade, desta vez, etc.

Bolear é rodar unha **bóla** e ir **ás boleiradas** ou **ós boleiróns** é ir rodando polo chan como o fai unha **bóla**. Existe tamén a variante **boular** con ese mesmo significado.

E outro verbo moi corrente desta misma familia léxica é **abolar** que tanto podemos entender orixinariamente como dar forma de **bóla** a algo coma dar forma de **bola**. **Abolar** significa por un lado formar unha pequena elevación nunha cousa, pero, por outro, o máis corrente, é producir unha depresión nunha superficie mediante un golpe. As **aboladuras** producidas nun coche tras un choque son tanto elevacións coma depresións da chapa.

Pero ás veces **abolamos** algo cando o abrandamos e facemos presión sobre unha cousa, do mesmo xeito que tocamos unha **bola** para ver se está branda. Así, ás veces, **abolamos** unha froita para ver se está madura.

798. Bolecas, balocas e bulas

Cando unha castaña non logra ter froito dentro e queda oca dicimos que está **boleca**, voz que nalgúns diccionarios poñen como derivada de **fol**, é dicir, que esta castaña está coma un saco baleiro ou fofo. Eu coido que podemos pensar tamén na voz **bola** como punto de comparación desa castaña branda con ese tipo de pan mol.

Boleca é voz bastante espallada por Galicia e atopámola citada nalgúns escritores. Curros Enríquez emprégaa como insulto: *Que inda te mirres cal coiro no lume! /¡Que inda reventes coma outra boleca!* E Celso Emilio Ferreiro tras citala nun poema de *Viaxe ao país dos ananos*: *cinco mil toneladas de castañas bolecas*, emprégaa tamén como insulto no poema "O vice-home": *i a súa torva imaxen de boleca / esconde un can hidrófobo no fondo*...

Como palabra bastante popular ten bastantes variantes segundo as localidades: **bolécara**, **bolerca**, **bulerca**, **buleca**, **beleca**, etc.

Algúns etimólogos ven tamén coido que dubidosamente como derivada de **bóla** a voz **baloca** que se aplica ás patacas pequenas. Rosalía cita nun poema de *Cantares Gallegos* esta palabra: *As fabas e as balocas xuntamente / co touciño sabroso nel [pote] se vía*... Nalgúns lugares son chamados tamén **balocas** as castañas pequenas.

Baloca serve tamén para denomina-la planta dixital ou estalote e un molusco lamelibranquio. A súa variante **baloco**, ademais de equivaler a dixital, ten o sentido de terrón en moitos lugares, e mesmo o de caxato que xa rexistraron Sobreira e Sarmiento no século dezaoito. Coido que é clara a relación entre caxato e **bólo**.

Da mesma orixe que todas estas voces, é dicir, do latín BULLA 'burbulla' é a palabra galega **bula**, 'excremento do gando vacún' ou 'bosta' que ten os derivados **buleira** e **boleira** que significou o mesmo que **bula**. E probablemente desta voz xurdiu o verbo **bular** que ten a significación de defeca-lo gando vacún e tamén a de fozar na terra como fan as toupeiras.

E da citada palabra latina BULLA por vía culta entrou **bula**, selo de metal pendente dos documentos pontificios, despois o mesmo documento, e logo privilexio ou beneficio en xeral. *Ter bula* fíxose popular para referirse a quen fai o que lle dá a gana. E desta voz hai unha variante moi popular: **bulda**.

799. Boliches, boletos e billetes

Para un mariñeiro ou para quen viva de cerca as cousas da pesca, un **boliche** é unha arte de pesca, formada por unha rede que ten polos lados chumbos e cortizas, e usada para o peixe miúdo. Esta arte foi introducida polos cataláns en Galicia, e con ela introduciron tamén a voz catalana *bolitx* que foi pronunciada **boliche**.

Pero para a xente do interior **boliche**, é unha boliña de vidro maciza que se atopaba nas botellas de gaseosa; **boliche** era por tanto un diminutivo de **bóla**, e foi unha palabra empregada como sinónima das bólas de xogo. De aí que na linguaxe popular das linguas hispánicas fosen chamadas tamén **boliches** as casas de xogo e, posteriormente, as baiucas ou tabernas, como vemos neste exemplo de Otero Pedrayo: *¿que será del? Tiña fai dous anos un boliche na fronteira de México*.

Outra palabra que ten que ver coas bólas é a nosa voz **boleto** que procede tamén da voz latina BULLA, pero que entrou na Península ibérica a través da forma itáliana antiga *bolletta*. **Boleto** ten hoxe non soamente o sentido orixinario de orde escrita que obriga a dar aloxamento a militares, senón sobre todo o de entrada para un espectáculo ou outro lugar reservado: *En chegando a Bos Aires mercou o boleto*... (Castelao), *Os mortos poderosos / chegan ao cimenterio cun boleto de palco / e métense nunha furna de mármol separatista* (Celso Emilio Ferreiro).

Tamén procede do italiano *bollettino* a nosa voz **boletín**: *O boletín de saúde de El Rei* (Otero Pedrayo), *O Dr. Alveiros deixou o boletín e fuxiu do Casino* (V. Risco), *tamén se ocupaba en ordea-los boletíns oficiaes* (Castelao).

E mencionemos por último outra palabra que ten que ver con esta familia léxica, **billete**, da que non se observa ningunha relación clara coa nosa **bóla**, porque procede da lingua francesa, onde *bulla* pasou a *bulle* e logo a *bullette*, que foi introducido en castelán como *billete* e desta lingua pasou a portugués e a galego como castelanismo.

Billete era antes carta breve, pero hoxe é voz empregada como papeleta dunha rifa ou lotería, tarxeta que dá dereito a entrar nun espectáculo ou nun vehículo (*Déame un billete onde cheguen os cartos*, de Castelao, *Adequiriron dous billetes de tren*, de Celso E. Ferreiro), e sobre todo como papel moeda: *E sacou un feixe de billetes*...

800. Bulir e rebulir

Cando un líquido ferve levanta burbullas na superficie. Esas burbullas eran chamadas en latín BULLAS, voz que xa vimos como evolucionou na lingua galega tanto foneticamente coma no campo semántico. Hoxe veremos como tamén o verbo BULLIRE modificou na nosa lingua o seu significado fundamental de 'ferver'.

O verbo galego **bulir** (lembremos que se conxuga así no presente de indicativo: **bulo**, **boles**, **bole**, **bulimos**, **bulides**, **bolen**) debeu conservar bastante tempo a significación orixinaria, pero hoxe, aínda que nalgúns diccionarios atopámo-la acepción de 'ferver un líquido', coido que na fala xa desapareceu. Ese movemento que fan as burbullas dun líquido que ferve é o que deu lugar a que algo que **bole** pasase a ser 'algo que se axita ou que se move'.

Nun poema do *Album de la Caridad* lemos estes versos: *na que a auga prateada / se sente grata bulir*. Tamén o sangue, as entrañas, o corazón, as veas poden **bulir**: *a calor animadora a faguer bulir o sangue dos cibdadáns* (V. Risco), *todas as entrañas bulen de alegría* (Pintos), *o coraçón do home está sempre bolindo* (Crónica de 1.344), *Hai un bulir de veas latexantes* (Celso E. Ferreiro).

Bulir significa hoxe moverse algo velozmente, apuradamente, con présa, axitarse, etc., como vemos nos seguintes exemplos: *víndeo ver como bule cos dedos* (Pintos) *De veloz bulindo / por montes e veigas*, */ coidou que eran rosas / garridas e frescas* (Rosalía), *a sardiña bulindo na cadeira* (Cabanillas), *os ratos que lle bulían entre as pernas* (Otero Pedrayo), *gran bosque de cemento onde bulían formigueiros de automóviles* (Celso E. Ferreiro), *O burro non bulía nin chisco* (Castelao).

Curiosamente hai que sinalar que fronte ó noso **bulir** que ten a carga de velocidade e axitación, o portugués *bulir* significa 'moverse ou axitarse levemente ou con pouca forza'.

Tamén **rebulir**, que significa en latín o mesmo que **bulir**, perdeu a súa significación de 'ferver' e tomou os sentidos actuais de: comezar a moverse algo que estaba quedo, moverse sen parar, axitarse, animarse.

Rebulir é igualmente verbo moi popular e moi caro ós nosos escritores: *todo a eito fai rebulir no peito o sentimento* (Pintos), *a follaxe o vento rebulía indo das encanadas* (Rosalía), *debaixo da mesa rebulía non sei qué* (Curros), *vendo as labercas rebulir choutando nas leiras* (Cabanillas), *cun pé encima e non podía rebulir* (Risco), *sentía rebulir tristes presentimentos* (Otero Pedrayo), *xa rebulen as greas de probes e xitanos* (Castelao).

801. Bulebules e buliciosos

Dunha persoa ou de algo que **bole** ou **rebole** dicimos que é **bulidor**, voz usada por Rosalía nestes versos de *Follas Novas*: *é unha estrela que brila / nas auguas bulidoras*, ou **bulidoiro**, como escoitei dicir a algún lugués, ou máis comunmente **bulideiro**, voz que se aplica sobre todo a aquel que non para de facer algo ou a quen fai as cousas con lixeireza e con présa. O diccionarista Eladio Rodríguez afirma que usámo-la voz **bulideiros** para aplicala ós ollos vivarachos e expresivos.

Pero a palabra máis expresiva para a persoa inqueda, nerviosa, que toca todo, que desordena todo, que alborota, etc., é **bulebule**, é dicir, que está **bulindo** ou **rebulindo** de contino. Chamamos pois **bulebule** a quen é un fervellasverzas, un fervello, un fuxefuxe, un cu de mal asento, ou un **bulisco** como din nalgúns lugares fisterráns.

Outra verba desta familia léxica é **bulicio** 'ruído e confusión provocada pola xente ou polas cousas, alboroto, barullo' que aparece rexistrada abondo nos textos medievais galegos e portugueses como *boliço* e *buliço*: *começaron a meter boliço entre os moradores do lugar... e el non era ome de gran buliço* (Traducción galega da *Crónica General*), pero esas formas quedaron anticuadas, e tanto en galego coma en portugués dise hoxe **bulicio**: *o bulicio da festa non me deixa oírte*.

A persoa que mete pois **bulicio** é un **bulicioso**, voz que en certa maneira poderiamos considerar sinónima de **bulebule**: *este rapaz é moi bulicioso*, isto é, que **bole** moito e mete moito ruído. Pero, sobre todo, **bulicioso** é alborotador ou barulleiro.

E se de **bulir** saíu **bulicio**, de **rebulir** naceu **rebulicio**, que ten practicamente a mesma significación: barullo, alboroto, como vemos neste exemplo de V. Risco: *soño*, *ilusión*, *ebriedade e rebulicio ó paso de D. Celidonio*, ou nestoutro de Celso E. Ferreiro: *Puxéronlle o mal nome porque disque engalicou a moita xente de farra e rebulicio*. E nos seguintes versos de Luís Pimentel podemos observar como o **rebulicio** pode atoparse mesmo nos momentos de dor e tristeza: *Pero o rebulicio da morte / enchía a alcoba. / A morte aínda / non tiña o seu silencio*.

802. Buligar, rebuligar e rebuldar

Do verbo xa comentado **bulir** formouse un derivado bastante popular, **buligar**, que resulta un tanto máis expresivo ou máis cariñoso. Se dicimos que *o neno buliga polo seu cuarto* parece que non se move ou revolve tanto coma se dixesemos *o neno bole*.

Buligar significa pois moverse ou axitarse rapidamente pero non violentamente. E ese carácter afectivo que ten esta palabra téñoo comprobado nunha frase que escoitei varias veces na comarca compostelá: *a esa muller bulígalle a barriga*, onde hai que entender que a esa muller se lle move a barriga porque está embarazada e o neno que leva dentro xa se move.

Nalgúns diccionarios aparece **buligar** coa seguinte significación: titilar, tremer lixeiramente un corpo luminoso, que creo que é un significado tomado dun uso moi concreto desta voz sacado dos seguintes versos de Barcia Caballero: *A raiola do sol foi abrindo / nas nubes vereda*; / *e chegando ás pingotas da iauga / trocounas en pedras*, / *que brilando ca luz buligaban / brincando antre as herbas*.

Deste verbo existen as variantes **boligar**, que usou Antonio de la Iglesia: *¿En que tema ou en que diaño / boligaban as doces troitas*..., e **abuligar** que empregou un poeta do *Album de la Caridad*: *Os paxaros na folla abuligando*. Ámbalas dúas formas escóitanse nalgunhas localidades galegas.

Do mesmo xeito que ó lado de **bulir** temos **rebulir**, xunto con **buligar** atopamos **rebuligar**, que sabemos que Rosalía empregou nos seus versos: *Poñé na tomba o cariñoso oído / e si sentís rebuligar as cinzas*...

E outro derivado desta familia léxica é o verbo **rebuldar** que engade ó sentido de moverse o de xogar. No noso libro *Follas da lingua* recollémo-lo uso desta voz por Rosalía, para quen rebuldan as brisas e rebuldan os nenos, o emprego dos adxectivos **rebuldón** (*cos meniños que alí xogan / contentos e rebuldós*) e **rebuldeiro** (*o ventiño ... toliño e rebuldeiro / polo espaso inmensísimo subía*), e o substantivo **rebuldo** (*Loucos rebuldos*, *infantiles risas*, / *de lindos nenos que a esconderse veñen*).

Outro nome popular derivado de **rebuldar** é **rebuldaina**, que significa festa alegre e buliciosa ou farra, segundo vemos por estes versos do *Cancioneiro popular galego* de R. Cabanillas: *Rebuldei e rebuldei*, / *vou forte de rebuldar / por causa das rebuldainas / nunca me poiden casar*.

803. Bullar

Cando nun lugar mana auga mansamente sen formar fonte, pero dando ocasión a formar un charco, dicimos que aí *bulla ou abulla auga*. Este verbo **bullar** ten a orixe no varias veces citado verbo latino BULLIRE que se transformou na forma romance **bulir**. En latín existía tamén a variante BULLARE que por cruce con BULLIRE pasou a ser BULLIARE, e por evolución fonética normal orixinou o noso **bullar**.

Bullar pasou de significar ferver ó sentido de manar auga, porque esa saída da auga da terra é semellante ó nacemento das burbullas cando un líquido ferve. **Bullar** e **abullar** xa están citados polo frade Sobreira no século dezaoito e seguen sendo voces bastante populares. Digamos tamén que en moitas localidades din que unha vaca **bulla** ou **abulla** cando os seus cascos supuran.

Derivado de **bullar** é o nome **bulleiro** que significa terreo con moita auga que, mesturada coa terra, forma unha lama ou lameiro. Cando chove moito e se forman lameiros nos camiños podemos dicir que *unha corredoira ten moitos bulleiros*, pero a significación fundamental de **bulleiro** é a de manantial.

Bulleiro ten a variante **bulleira**, e os derivados **bulleirento** e **bulleiroso**, dos que poderiamos dicir que son sinónimos de pantanoso, lamacento, lamoso, lodento, fangoso, etc.

Pero **bullar**, partindo da súa significación de ferver –e cando algo ferve prodúcese certo ruído–, adquiriu o significado de facer barullo ou alboroto, que xa o atopamos rexistrado polo citado Sobreira («alegrarse en bulla») e dá orixe ó seu derivado tan popular **bulla**, que é confusión ruidosa provocada polas voces e risas das xentes: *Vilanova dos Infantes toda é bulla e algazara*, escribiu Curros Enríquez; *antre a bulla da xente cramorosa*, lemos en Cabanillas.

Bulla é palabra moi popular, e dela derívase o nome de **bullanga** que tamén é bastante popular e máis festiva ca **bulla**. Véxanse estes refráns que copiamos do diccionario de Eladio Rodríguez: *A bullanga é compañeira da parranda* e *Onde vires bullanga*, *vaite*, *pra non seres testigo nin parte*. E os amigos da **bullanga** son coñecidos como **bullangueiros**.

Digamos ademais que este **bullar** non ten nada que ver co **bullar** que significa **debullar** ou **desbullar**, que procede do latín DEFOLIARE.

804. Borbollar e burbullar

A familia léxica do xa mencionado verbo **bullar**, que procede dunha forma vulgar latina BULLIARE, é máis ampla do que xa comentamos. Este verbo debeu ser tan expresivo que deu lugar á creación dunha forma reduplicada, BULLABULLIARE, da que nacería a nosa voz *bolbollar* que por influencia doutras voces que tiñan a raíz céltica *borb-* ou a onomatopeica *borb-*, se transformou en **borbollar**.

Borbollar, ferve-la auga, dá orixe ós nomes **borbollo**, que significa burbulla, **borbollada**, conxunto de burbullas que se forman nunha superficie líquida, e **borbollón**, que explicamos máis abaixo. Por comparación, **borbollar** pasa a significar nace-la auga nun terreo, xa que esa auga sae da terra como facendo burbullas.

Curros Enríquez emprega en *O divino sainete* un verbo **borbolletar**, que nunca vin usado noutro escritor nin tampouco rexistrado nas obras léxicas. Coido que, como se pode ver polos seguintes versos, é unha voz derivada de **borbollar**, e que podemos entendela como botar vapor ou burbullas: *Mostroume foncha*, *sonora*, / *detrás del borbolletando* / *xigante locomotora*.

Penso que algo máis popular é a forma **borbullar** que dá lugar a máis derivados: **borbulla** (que á parte de burbulla significa tamén vincha, ampola, bóchega), **borbullada borbullento**, **borbullaxe**, **borbullo**, **borbulloso** e **borbullón** variante do citado **borbollón**, que é moi empregado na locución **a borbullóns** para expresar que a auga sae impetuosamente dun lugar, de ahí que se use moito a expresión *falar a borbullóns* para dicir que se fala apresuradamente.

Pero a forma máis espallada por toda Galicia e a recomendada pola Normativa oficial é **burbullar**, que ten as mesmas significacións cás outras dúas variantes, pero que atopamos usada por Curros Enríquez coa acepción de murmurar ou susurrar: *De alí*, *Rosiña escoita o burbullar do río / que do castelo preto dende us penedos cai*. Teño a impresión de que **burbullar** se cruza con **barbullar**, falar moitos a un tempo, e así temos que os derivados deste último verbo **barbullada**, **barbullido**, significan tanto conxunto de burbullas que forman as sardiñas en grupo, coma ruído prolongado.

Naturalmente a forma **burbulla** está moito máis espallada ca **borbollo** ou **borbulla**, e ten os mesmos significados. Lembrémo-lo uso que fai Rosalía desta voz: *¿Quisais de muller naceches / sendo tan limpa e tan casta? / ¿Quisais da brisa da tarde*, */ quisais das brétemas vagas*, */ da burbulliñas dun río*...

805. Borbotón, borboriño, borboroto

O verbo **borbollar**, comentado anteriormente, que significa manar auga da terra, sufríu, por razóns fáciles de comprender, a influencia do verbo **brotar**, e de aí naceu un novo verbo **borbotar**, que deu orixe á creación dun novo nome **borbotón**, sinónimo dos citados **borbollón** e **borbullón**.

Por outra banda, **borbollar** e os seus derivados sufriron tamén a influencia da voz **fervor**, e isto deu lugar a uns cruces que levaron á creación de novas palabras: **borbor** –voz hoxe conservada en castelán, e que quizais coma outras palabras desta mesma familia léxica teña que ver tamén coa onomatopeia *bor*– deu orixe ó verbo **borboriñar**, rexistrado en poucos diccionarios, que significa borbotaren as augas con pouco ruído ou falar quediño ou susurrar.

De **borboriñar** saíu o nome **borboriño** que ten o significado de susurro, murmullo, rumor, etc. e que empregan algúns escritores como Iglesia Alvariño: *Area estérea só nas palabras da canción do segrel xunto a torre*. */ E as do borboriño da fonte dos namoros*, e Luís Pimentel: *Sentirás o borboriño da propia sangre / i o silencio que todos levamos / cando digas*: *os seos da miña amada*...

Non sabería dicir con certeza se palabras tan populares como **bolboroto** ou **borboroto**, boliñas que se forman nun líquido cando calla, sobre todo as que se producen nas papas cando se remexe a fariña, pertencen a esta familia léxica. Coido que é evidente o cruce de diversas formas na creación dalgunhas palabras, e que neste caso hai algo de **borbollón**, **borbotón**, **brote** e demáis voces que teñen na base a onomatopeia *bor*.

Para significa-los grumos ou gorolos que non se disolven nun líquido temos, á parte de **borborotos**, as voces **borboto** (xa rexistrada polo frade Sobreira hai dous séculos), **borbotío**, **borbetío**, **borbete**, **bolbete**, etc., que claramente están emparentadas con esta familia léxica.

Hai etimólogos que pensan que tamén **balbor** ou **balbordo** (voz moi popular e moi literaria: *Da cociña chega un balbordo de cuncas e xerras*, de Otero Pedrayo; *no balbordo da guerra civil*, de Castelao; *Estalou con balbordo de trunfadores hinos*, de Cabanillas; *Escoitouse un balbordo de indinación*, de C.E. Ferreiro), **balbordar**, etc., teñen que ver con esta familia de palabras que tiña como base as voces latinas BULLA, BULLIRE e BULLIARE.

806. Néboas ou neboeiros

Ese fenómeno natural que producen as pequenas pingas de auga aboiando no aire, formando unha especie de nube baixa preto do chan e dando lugar a certa escuridade é coñecido co nome de **néboa**, voz procedente do latín NEBULA mediante unha evolución fonética regular.

Néboa é verba normal que aparece en tódolos diccionarios galegos e moi popular soamente para unha terceira parte dos galegos. Podemos afirmar que dun xeito compacto a atopamos no sur das provincias de Ourense e Pontevedra, así como na parte máis occidental de Ourense, zona central de Pontevedra e ó longo das Rías Baixas. Podiamos establece-lo límite norte desta zona de **néboa** marcando no mapa unha liña que partise de Muros e atravesase Padrón, Caldas, sur da Estrada, O Carballiño, Ourense capital, Verín e rematase no límite fronteirizo das provincias de Ourense e Zamora no extremo que toca con Portugal.

Fóra desta zona compacta temos constancia de puntos illados nos arredores de Pontedeume e Ferrol e algún lugar da provincia de Lugo que empregan esta voz **néboa** xunto con outras palabras que designan este fenómeno.

Néboa aparece xa citada polo frade Sobreira no século dezaoito e foi moi empregada por escritores como Curros Enríquez (*Niza... envolto en néboa sombriza*), Cabanillas (*os mantelos da néboa*), Vicente Risco (*ennubecido de nubrada néboa*), Castelao (*Xurdeu o día coberto de néboa*), Celso E. Ferreiro (*eu ía camiñando pola néboa a toutiñas*), curiosamente todos eles nacidos dentro desa zona compacta na que se usa esta voz.

Desta forma **néboa** xurdiu o derivado **neboeiro**, que está moi vivo entre as xentes desde Sada ata o límite provincial coruñés, cara ó norte, e nalgúns puntos illados da costa lucense así como nalgúns lugares das Rías Baixas e desa que chamamos zona compacta de **néboa**. **Neboeiro** é dito **neboeira** (con cambio de masculino a feminino tal vez por influencia da palabra base **néboa**) na parte occidental da provincia de Ourense, e nos arredores de Ourense atopamos unha variante **naboeira**.

Non sei por que razón algúns diccionarios galegos fan unhas fantásticas teorías sobre estas tres voces que ningún galego as posúe e distingue. A máis «racional» é a teoría de Eladio Rodríguez: a **néboa** é menos espesa cá **neboeira** e a **neboeira** é menos compacta có **neboeiro**, sen se decatar que son moi poucos os galegos que teñen na súa fala dúas destas voces sinónimas.

Dos mesmos escritores que citei arriba teño exemplos do uso que fan de **neboeiro** como sinónimo de **néboa**, e algúns deles empregan tamén o adxectivo **neboento** na súa significación normal de 'cuberto de néboa'.

807. Neblas e nebras

Xa vimos como a forma latina NEBULA evolucionou en **néboa**, pero puido transformarse en *nebla*, seguindo unha evolución fonética parcial. Que saibamos aparece esta forma na obra medieval *General Estoria*: *aquelas neblas en aquel vale... non vio outro nublo*, *nen nube*, *nen nebla*. Nos diccionarios galegos non está rexistradaa e nas mil enquisas que temos feito soamente atopamos doce testemuños de **nebla**: cinco na comarca ferrolana, un preto de Santiago, outro nos arredores de Pontevedra, dous nos de Vigo e os outros illados no interior de Galicia.

Por todo isto témo-la impresión de que esta forma actual non é unha continuación da forma antiga **nebla**, senón unha «regaleguización» do castelanismo **niebla** que está bastante espallado polos sitios que acabamos de citar.

Pero a forma antiga **nebla** tivo un desenvolvemento igual ó doutras palabras que tiñan ese grupo consonántico *-bl-*, como *doble* e *noble* que se converteron en **dobre** e **nobre**, e por tanto pasou a ser **nebra**, forma xa documentada nalgún texto do século XV, e estendida hoxe na franxa costeira que vai

de Cedeira a Ribadeo, nalgúns puntos orientais e sureños da provincia de Lugo e pola península do Barbanza. A voz **nebra** non foi rexistrada polos primeiros lexicógrafos galegos e, nos actuais, aparece como unha variante de **néboa**.

Sen embargo o castelanismo **niebla** entrou bastante profundamente nas zonas do galego exterior e en moitos puntos das provincias de Lugo e Ourense e nas vilas e cidades. En moitos deses lugares poden oírse as variantes **neblina** e **nebliña** ou **nebriña** e **nebrina** que empregou Rosalía: *Dixo Rosa i escondeuse / por antre a nebrina espesa*. A mesma autora usou bastantes veces a forma híbrida *niebra*: *pois vou, e lixeira / na niebra se esconde...*, *xa en forma de niebra...*, *de espesas niebras se cobren...*

En portugués existe unha variante de **néboa**: *nevoaça* que debeu existir tamén en Galicia porque atopamos tres variantes desta voz en tres puntos da provincia de Ourense: **neboceira**, **neboaceira** e **noboceira**, e noutro lugar desa provincia a variante **nebraceira**.

Digamos por último que de **néboa** e **nebra** se formaron os verbos **aneboar** e **anebrar**, que teñen o significado fundamental de cubrirse de **néboa** ou **nebra**, e ademais son empregados na significación de 'dana-las plantas a néboa'.

808. A brétema

A grande poeta Rosalía de Castro que empregou ás veces o castelanismo **niebra** fixo tamén grande uso doutra voz, **brétema**, sinónima da xa comentada **néboa**: *Cégame os ollos a brétema...*, *en noite de brétema...*, *de pronto antre o espeso / da brétema parda... malinas brétemas...*, *etc*.

Moitos dos autores que xa comentamos que usaran **néboa** empregan tamén a verba **brétema** nos seus escritos: Curros Enríquez (*a luz que esparxe a brétema sombría*), Cabanillas (*Unha brétema escura desfacíase en bágoas*), Castelao (*por primeira vez velamos a choiva*, *a brétema*, *o sol*), ós cales engadimos outros coma Pondal (*as brétemas escuras*), Otero Pedrayo (*brétemas e xiadas*), Iglesia Alvariño (*Tristes solainas das miúdas brétemas*), etc.

Este vocábulo é descoñecido nas outras linguas románicas e mesmo non existe no galego exterior. Podemos atopalo dun modo compacto en toda a provincia da Coruña e nunha franxa duns 10-20 quilómetros ó longo do límite occidental da de Lugo, así como en todo o terrritorio da provincia de Pontevedra situado ó norte dunha liña que partise da península do Grove, pasando por Pontevedra capital e chegase ó límite coa provincia de Ourense.

Fóra desta zona aparece rexistrado nalgúns puntos dispersos do resto do territorio galego, o cal indica que houbo un tempo en que estivo espallado pola case totalidade de Galicia. Digamos tamén que ó lado de **brétema** existen as variantes bastante comúns **brétima** e **brétoma**. Desta última fai bastante uso Pondal (*filla lixeira da brétoma*).

Se **néboa** e **brétema** estiveron nalgún tempo espalladas por toda Galicia, cabe preguntar ¿cal das dúas formas entrou primeiro? Resulta evidente que a primeira foi traída polos romanos (sen evolucionar NEBULA), pero ¿cando entrou **brétema**? Hai quen pensou que esta voz era un derivado da voz latina MARITIMA; pero hoxe dase por máis probable que sexa un xermanismo.

Sen embargo penso na posibilidade de que esta palabra puidera ser anterior en Galicia á conquista romana. O feito de que apareza soamente nunha zona lateral e marxinal da Romania lévanos a crer que se trata dun resto dunha lingua anterior á chegada do latín a Galicia. Se isto é así podería tal

vez ser un celtismo. Non temos capacidade para xustificar unha clara opinión sobre o étimo desta voz, pero en todo caso parécenos que se debe seguir estudiando sobre a orixe da nosa **brétema**.

809. Bretemadas e borraxeiras

Cando o tempo é abundante en **néboas** ou un lugar se caracteriza porque ten moitas **brétemas**, empregámo-lo adxectivo **bretemoso**: *baixo un ceo promizo e bretemoso* (Curros), *a canle bretemosa dun río* (Cabanillas), *nun porto bretemoso do norte* (Otero Pedrayo), *un universo mollado*, *bretemoso*, *húmido* (Castelao).

E outra voz derivada de **brétema** é **bretemada** que se usa para indicar que unha **néboa** é moi densa e pode producir choiva miudiña. Cando dicimos *hoxe temos bretemada* queremos manifestar que esa brétema é moi forte e vai producir choiva.

Pero hai moitísimas palabras que nalgúns lugares son empregados máis ou menos metaforicamente como néboa ou brétema e mesmo, ás veces, chegan a se converter en voces sinónimas destas.

Pensemos na cinsa que quedou despois de queimar algo e que chamamos **borralla**. Aínda que eu nunca escoitei chamar así á **néboa**, o frade Sobreira e outros investigadores e diccionaristas din que esta voz significa tamén **néboa** que molla ou choiva case imperceptible. Cando Cabanillas fala do ceo *borrallento* eu entendo que quere falar dun ceo da cor da cinsa ou da borralla, pero segundo algúns diccionarios **borrallento** é tamén sinónimo de **neboento** ou **bretemoso**. Cando escoitamos que *o día está borrallento* temos que entender ás veces que o día está cheo de néboa. E doutro derivado de **borralla**, o vocábulo **borralleira** 'lugar da cociña ou da lareira onde se recollen as cinsas ou borrallas' di o diccionarista Marcial Valladares que é tamén «la niebla cuando anda baja y es densa».

Outra voz bastante común para indicar néboas espállase por unha franxa ampla que poderiamos chamar área fisterrá ou costa máis occidental da provincia da Coruña. O territorio onde se coñece vai desde Laxe ata Noia, estendéndose tamén polo concello do Son; e fóra destes límites aparece en Bares e San Cibrao. Trátase da voz **borraxeira**, que en principio non ten nada que ver coa planta chamada **borraxa** ou **borraxe**.

Coido que a palabra **borraxeira** debe ser unha deformación da voz **borralleira** que tal vez pola influencia da frase castelá *auga de borrajas*, que sería traducida como *auga de borraxas*, convertiría a **borralleira** en **borraxeira**. Os diccionarios galegos dan a significación de choiva fina e brétema a esta voz.

810. O cerzo, o cenceno e a cegoña

A palabra latina CIRCIUS 'vento do nordés' evolucionou na forma galega **cerzo** que conserva o sentido de 'vento do norte' ou 'vento frío', como vemos nestes versos de Pondal: *El vai cal vai nubrado vagabundo / que empuxa impetuoso cerzo helado*, e tomou tamén o de vento forte con choiva. Pero na parte do galego asturiano emprégase a voz **cerzo** para néboa ou brétema, coa súa variante **serzo** nalgún lugar. Aníbal Otero recolle na zona galega limítrofe con Asturias outros descendentes de **cerzo** como **cerzallada** e **cerzallado** e Cortés Vázquez no galego de Lubián (Zamora) **cercilla**, formas todas elas que significan néboa.

Xa dixemos bastantes veces como as verbas se van transformando ó longo dos tempos tanto fonética coma semanticamente. Así vemos que outros derivados de **cerzo** como **cercellar**, **cercenar**, **zarcear**, **zarzallar**, **zarzañar**, etc., teñen actualmente nalgúns lugares da metade oriental de Galicia o sentido de 'chuviscar acompañado de forte vento'.

No extremo sudoccidental do ámbito do galego hai unha zona bastante grande, que abrangue varias localidades das provincias de Zamora (Porto, Hermisende, Vilamoura) e de Ourense (A Mezquita e A Gudiña) onde rexistrámo-la voz **cenceno** no sentido de brétema. Probablemente antes debía de estar máis estendida esta palabra, pois o frade Sobreira recóllea en Monterrei.

Os diccionarios galegos definen restrictivamente esta voz como 'parte superior da planta do millo en flor', esquecendo que se aplica este nome á floración doutras plantas, sobre todo á dos castiñeiros.

Coido que non resulta moi difícil buscar explicacións para xustifica-lo paso de 'floración das plantas' a 'néboa' se temos en conta coma a imaxe do fume que sae das borrallas foi a causa de que a **borralleira** ou a **borraxeira** pasase a ser **néboa**. Do mesmo xeito a imaxe do pó que sae e se estende do **cenceno** pode se-la causa da extensión do concepto de **cenceno** ó concepto de 'néboa'.

Hai tamén unha franxa que vai de Betanzos a Lugo capital na que podemos citar Aranga, Feás, Parga e Ombreiro, onde temos rexistrado como forma normal para néboa a voz **cegoña** que, como substantivo, está citada nos diccionarios para o nome de ave pernalta e, como adxectivo, no mesmo sentido que **cegarata**. Non lonxe da citada franxa, en Melide, temos recollida a voz **cegoñada**, e en Sobrado, **zaguñada**.

Resulta evidente a relación de todas estas voces con **cego** e, por tanto, pode entenderse ben o paso de 'cegarata' a 'néboa', porque é ademais un fenómeno que se dá noutras zonas da Romania: vivir cego é vivir na néboa...

811. A mera e a peste

Nas enquisas que consultamos sobre fenómenos atmosféricos atopamos para indicar néboa a voz **mera** en Vicedo (norte de Lugo), Oza (preto de Betanzos), Portas e Meis (preto de Pontevedra) e está presente no refrán *A mera de San Xoán tolle o viño e non dá pan* citado no traballo do Seminario de Estudos Galegos sobre a parroquia de Velle (cerca de Ourense).

Por outra parte preto deste último punto, en Astureses, Melias, Xunqueira de Espadañedo e Pantón (provincia de Lugo) temos recollida tamén esta voz **mera**, pero co sentido de orballo ou chuvisca. O frade Sobreira citaba xa no século XVIII esta voz con ámbalas dúas significacións.

Estas **meras** ou néboas producen nos froitos do campo uns efectos negativos. De aí que nos diccionarios se faga sempre a descrición desta voz facendo fincapé no dano que a **mera** causa ós xermolos, ás flores, ós froitos, ós cultivos, ó centeo, ós viños, etc., E de **mera** xurdiu o verbo **merarse** ou **amerarse**, que significa danarse ou perderse un froito por causa da **mera** e que xa citamos no noso libro *Retrincos da lingua* mencionando exemplos do seu uso recto por Castelao: *Morrían as xugadas*, *merábanse os froitos*..., e do uso figurado: *o froito merado dos seus amores*.

A voz **mera** foi posta en relación coa palabra castelá *miera* polo filólogo Corominas, que pensa que da significación de resina de árbore, que é o significado desta voz castelá, se pasou ó sentido galego de néboa. Pero eu penso que as **meras** galegas non teñen nada que ver coas *mieras* castelás, senón cun

étimo celta ou precelta que significaba 'auga', e que está presente en moitos topónimos que se espallan por Galicia e Norte da Península como *Mera*, *Meira*, *Meirás*, *Miera*, *Mieres*, etc.

Acabamos de ver como dos efectos da néboa ou **mera** sobre os productos do campo xurdíu o verbo **merar**. Ás veces pode pasa-lo fenómeno contrario. Así temos que unha palabra tan normal como **peste** 'enfermidade epidémica' ou 'cousa mala que ocasiona danos graves' como son as bacterias, serviu para designar algo que actuase do seu mesmo xeito, é dicir, a néboa ou a mera que causan tanto dano coma a **peste**.

Na ampla zona que vai desde o sur de Santiago (Vedra, Ramallosa de Teo) ata Santa Comba e Val do Dubra é normal dicir *hoxe vai peste* ou *baixou a peste*, no sentido de *hoxe temos néboa* ou *baixou a brétema*.

812. Brumas e parrumas

A palabra **bruma**, que significaba en latín inverno, pasou ás linguas peninsulares co cambio da significación primitiva á de néboa, especialmente á formada no mar, pero tamén se aplica á que se atopa na terra como vemos nestes versos de Pondal: *Se dos curutos / na vaga bruma*, / *de prado verde / na branca cor*...

Curiosamente, como ocorre con outras voces que son semellantes ó castelán, dá a impresión de que mesmo os escritores a evitan para ser máis diferencialistas nos seus escritos. Claro que tal vez a existencia de **bruma** como folla de piñeiro e de **brume** como pus ou materia purulenta fose tamén causa do seu pouco uso literario...

Algúns etimoloxistas consideran que esta verba **bruma**, por causas que non explican, se modificou ou foi a base da voz **parruma**, que aparece nos diccionarios coa significación de néboa pouco densa, e da súa derivada **parrumada** que, como di Eladio Rodríguez no seu diccionario, é un pouco máis densa.

Parruma foi voz empregada por Rosalía en *Follas Novas*: *Diredes destos versos... que se asomellan á parruma incerta / que voltexa no fondo das curtiñas*. Estes versos de Rosalía déronme unha idea do que podería se-la verdadeira orixe desta voz. En tódolos diccionarios galegos aparece **parruma** como néboa, pero en ningún deles está rexistrada a acepción de fumazo ou fumarada que ten esta voz en varios puntos do sur da provincia da Coruña.

Parrume, variante de **parruma**, vén en tódolos diccionarios coa significación de feluxe ou sarrio, é dicir, substancia negra que o fume deposita nos corpos ós que chega. E onde se acumula a feluxe ou a **parruma** é sobre todo na **parrumeira** 'parte alta da cociña ou paredes próximas á lareira que se enchen de parrume', palabra que tamén usa Rosalía: *a cencia destos tempos / que é como el augua crara*, / *anque ca parromeira / tamén ten comparanza*, e outro; escritores como Castelao: *As parrumeiras botan o primeiro fume*.

Penso que do latín PETRANEU 'de pedra' puido saí-la nosa voz **paraño** ou **parañeira** 'pedra de lareira' e logo 'feluxe que se forma nela'. Por influencia de **lume**, **furruxe** e tamén de **parra**, a voz **parañeira** converteuse en **parrume** e **parrumeira**. E **parrume** ou **parruma**, que é tanto feluxe coma fumarada, cando sae fóra é como néboa. De aí que esa **parruma** da que falaba Rosalía que se pousaba no fondo das cortiñas, era a fumarada saída da **parrumeira** e xa convertida en brétema.

813. Noites de babuxa

Lendo *O mesón dos ermos* de Ramón Otero Pedrayo notei que empregaba varias veces as voces **babuxa** e **babuxada**: *A estadea tinteleaba a campaíña polas noites de babuxa*...; *parolaba na babuxa tristeira dos Campos Elíseos*...; *os ensonos medraban silandeiros* como as *néboas da babuxada*...; *certa mañán de babuxadas*...; *unha muller sempre queixumosa do vento*, *da babuxada*...

Quen non teña no seu vocabulario esas voces poderá entendelas polo contexto no que se atopan. Sen ningunha dúbida estas verbas son derivadas de **baba**, voz de creación expresiva, que é a humidade, como dicía o frade Sobreira, que flúe da boca ou o líquido viscoso que segregan algúns animais e plantas. *Caerlle a baba a alguén* pode ser sinal de que ese alguén é parvo se se lle cae involuntariamente, pero pode ser sinal de pracer se se lle cae ó contemplar algo que causa moita satisfación...

As xentes son moi creativas coa lingua, e por iso hai quen comparou o orballo coa **baba**. Pola parte oriental da provincias de Lugo escoitei dicir **babar**, **babaciar**, **baballar** e **babullar** por chuviscar. Non sei se esas voces eran creacións espontáneas dalgúns falantes ou voces xa normais. Desde logo o que si está claro é que algúns derivados de **baba** como **babuña** e **babuñar** saen xa deses límites do galego oriental, e outros como **babuxa** e **babuxar** están espallados por case toda Galicia, recollidos nos diccionarios e usados, segundo acabamos de ver, polos escritores.

A **babuxa** e a **babuxada** dos textos de Otero Pedrayo son vocábulos que significan chuvisca e tempo de chuvisca. E a estas voces poderiamos engadir **babuxeira** e **babuxento**.

Coido que todas estas voces que acabamos de citar, influídas pola palabra **barba**, que un tanto lonxe recorda a choiva, se transformaron nalgúns lugares en **barbañar**, **barbuñar** e **barbuzar** cos seus correspondentes **barbaña**, **barbuña** e **barbuza**.

E sen facer ningún esforzo de imaxinación podemos pensar tamén que as voces **barro**, **barra**, **barral** influíron na creación ou transformación das palabras nacidas baixo o influxo de **baba** en **barrallar** e **barrallo**, **barrazar** e **barrazo** (moi populares no galego oriental), **barruñar** e **barruñeira**, **barruzar** e **barruzo** (bastante espalladas en toda Galicia). Cerca de Santiago escoitei dicir *está barruscando* por *está orballando* e en moitos diccionarios aparece outra variante do noso **babuxar**: **barrufar**, que tal vez teña que ver con **borrasca** e voces similares.

814. Seráns de melura

A substancia doce e espesa que elaboran as abellas co néctar que estraen das frores é o **mel**, palabra de orixe latina, e a característica de dozura que ten este producto fai que de calquera cousa doce poidamos dicir que é coma o **mel** e que mesmo poidamos dicilo das persoas afables ou **melosas**.

Derivada de **mel** é a verba **melura** que en principio será tanto como dozura e como afabilidade: *e encheu a boca de novas meluras de mel non probadas* (de Iglesia Alvariño), *Pepe é dunha melura incrible*...

Pero partindo da idea de que o **mel** é unha substancia viscosa, como un zumo espeso, podemos dicir de algo líquido e espeso que *é coma o mel*. Do diccionario de Xerais sacamos esta frase: *Está como o mel na ola* que se di cando hai un neboeiro moi espeso. De aí, deste tipo de comparación naceu a acepción que ten **melura** de néboa mesta e mesmo de chuiva miúda e que aparece rexistrada na maior parte

dos diccionarios. Un exemplo do emprego de **melura** nesta acepción vémolo nesta frase de Otero Pedrayo: *laiábase... da tristura dos longos seráns de melura*.

Sen embargo hai outra acepción de **melura**, abatemento, melancolía, que recollen algúns diccionarios, pero que non casa ben co dito anteriormente. Coido que esta acepción de **melura** debería de estar noutra voz **melura** (que debería ir noutra entrada dos diccionarios) que procede de **mela** 'defecto no fío dun obxecto cortante' e 'doenza dunha planta'. **Melura** como abatemento aparece usada nesta frase de Castelao: *Pedro chegou á pulpería de Manoel portando nos ollos a melura mendicante dos vencidos*.

De **melura**, na acepción de dozura e afabilidade, saen os adxectivos **melurento** e **meluroso** no sentido de melífluo, empalagoso, moi doce: *bulrábase da melurosa cortesía dos portugueses...*, *e por máis olladas melurosas...*(frases de Castelao). De **melura** 'néboa, chuvisca' saen os mesmos adxectivos como sinónimos de neboento, chuviñoso: *Dáballe grimo a Frolindo o recordo da Galiza*: *ceu melurento...* E da **melura** 'abatemento' témo-los mesmos adxectivos para indicar abatido, apoucado: *e con voz melurosa cóntalle a Rañolas cantas está pasando baixo o poder da sogra* (Castelao).

Digamos finalmente que atopamos en varias localidades da ría de Arousa a variante **molura**.

815. Bufar

Hoxe volvemos falar dunha voz onomatopeica, *buff*, que creou numerosas palabras en tódalas linguas románicas e, desde logo, tamén en galego. *Buff* é a representación do ruído que fai o aire e está moi claramente patente no noso verbo **bufar** que significa basicamente expulsa-lo aire polo nariz ou pola boca con forza e facendo ruído. Como dicía xa hai tempo o frade Sobreira quen sopra ou bota aire da boca, **bufa**.

A acción de **bufar**, é dicir, a de expulsa-lo aire pola boca ou polo nariz chámase **bufido** ou **bufo**. Pero estes **bufos** ou **bufidos** non soamente son producidos polas persoas, senón tamén polos animais, sobre todo, cando o fan con carraxe: *os touros*, *os cabalos e os porcos bufan de contino*.

Pero hai un animal que é **bufador** por excelencia, o gato. En toda Galicia os gatos que fungan ou rosman de maneira ameazante, **bufan**, se ben hai unha ampla zona na parte sur e occidental da provincia da Coruña en que se di tamén que **esbufan**.

Hai un tipo de delfín que aparece nas nosas costas que se chama en bastantes lugares **bufa**, sen ningunha dúbida, debido ós **bufidos** que lanza ó respirar.

Tamén é moi empregada esta voz **bufar** (coa súa variante **esbufar**) para manifesta-lo sopro colérico, enfadado, desesperado das persoas: *Pepe bufou cando soubo do resultado do partido de fútbol*. As expresións de enfado ou cólera non son moitas veces palabras, senón **bufidos** ou **bufos**. As persoas **bufentas** ou **abufadas** son aquelas que teñen o enfado lixeiro e que, como dicía o citado Sobreira, «luego arman camorra». Está bastante espallado o verbo **abufar** no sentido de 'enfadar, causar enfado ou molestias': *non me abufes* por non me enfades era xa corrente no século XVIII.

Derivado destes verbos **bufar**, **esbufar**, **abufar** naceu na zona do nordés da provincia de Lugo, segundo testemuña o filólogo Aníbal Otero, o verbo **bufiñar** coa significación de reprender e rosmar, que ten os derivados **bufiñada** 'reprimenda' e **bufiñón** 'rosmón, reprendedor, rifón'.

E **bufar** é sopra-lo vento con violencia: *o aire bufa* dicimos cando escoitámo-lo ruído do vento, que chamamos igualmente **bufido** ou **bufo**. O golpe repentino do vento chámase **bufarada**, e o monte ou outeiro ou o lugar onde baten os ventos fortemente é un **bufeiro**.

816. Bufardas e bufarras

Continuamos cos derivados de **bufar**. A fragua tamén necesita do aire, e ó bocal do fole por onde entra chámase **bufareira**, nome que recibe tamén o burato do forno por onde saen os gases.

As casas necesitan igualmente do aire e da luz, e para iso facíanse pequenas aberturas que foron chamadas **bufardas**. Aínda quedan algunhas en certos lugares que servían para saca-lo trabuco e defenderse dos agresores. Hoxe chamamos **bufardas** ás pequenas aberturas que se fan nas paredes das casas á maneira de ventanucos, acepción moi usada por algúns escritores como Otero Pedrayo (*xurdían fociños bulreiros ás bufardas das casoupas*..., *ollos que axexaban pola bufarda da taberna*...) e Castelao (*e pola bufarda do vertedeiro óllase sempre o longo pé dunha col*).

Pero **bufarda** adquiriu hoxe o sentido máis corrente de ventá no teito dunha casa para dar luz, ventilar ou saír ó tellado. **Bufarda** ten a variante **bufardo**, que normalmente se refire a unha ventá máis pequena. Tamén en varios lugares existen como variantes destas dúas voces **bufarra** e **bufarro**, que coma as outras son sinónimas de claraboia ou tragaluz.

Outra significación moi concreta de **bufar** é a de emiti ventosidades polo ano ou peidear ou peidar que temos recollidas nas nosas enquisas dialectais por Galicia, se ben Eladio Rodríguez erraba cando dicía: «Algún diccionario gallego da también a este verbo la acepción de peer que en nuestra lengua es peidear y nunca bufar». Curiosamente son moitos os lugares, precisamente da provincia da Coruña, onde **bufo** é voz normal para significar peido xordo ou sen ruído, e mesmo os diccionarios da Real Academia e de Valladares así como o de Eladio Rodríguez citan o verbo **bufardar** como 'botar bufos', e Aníbal Otero recolle no galego do nordés de Lugo o verbo **abufiñar** con ese mesmo sentido.

Pertence tamén a esta familia de palabras **bufanda** (palabra sinónima de **tapabocas**) que, procedente do francés, debeu entrar no galego a través do castelán. E tamén do francés procede **bufete** que tanto é a mesa onde se colocan os manxares e comidas nas festas e nos restaurantes, coma escritorio con caixóns e despacho ou estudio dun avogado.

En fin, poderiamos citar algún outro derivado dubidoso, pero co exposto temos idea das transformacións semánticas a que deu lugar unha voz de orixe onomatopeica.

817. Chuviñar, chuviscar e brecar

Cando cae a choiva ou chuvia miúda e fina dicimos que **chuviña** ou **choviña**, como escribe Álvaro Cunqueiro: *Vai un por un camiño*, *nos doces mediodías de outono*, *e choviña e parez que naquela miranda veciña brila algo entre a herba*...

Chuviñar é verbo bastante corrente sobre todo na provincia luguesa e ten varios derivados normais como **chuviñoso**, que aplicamos ó tempo ou ó lugar en que chuviña abundantemente, o mesmo que **chuviñento** ou **choviñento** como escribe Otero Pedrayo: *no meio da noite choviñenta resoaban os tambores*. E **chuviñada** é o resultado da acción de **chuviñar**.

Tamén podemos empregar para esa acción de chover con gotas finas, miúdas e espaciadas o verbo **chuviscar**, que polas enquisas que temos sobre fenómenos atmosféricos é verba practicamente usada en toda Galicia. Desta palabra saen os nomes **chuvisca**, **chuviscada**, e os adxectivos **chuvisqueiro** e **chuviscoso**, dándose nalgúns lugares a circunstancia de que a primeira sílaba *chu-* é pronunciada como *cho-*.

Hai moitas voces de uso bastante local para indicar tamén **chuviñar**, algunhas das cales xa as atopamos entre as que indican néboa e outras que teñen significacións moi variadas segundo cada falante, como **babuxar**, **barrizar**, **barrallar**, **barruzar**, **batumar**, **cercellar**, **froallar**, **merar**, **patiñar**, **poallar**, **pulpitar**, **trobiscar**, etc.

Nalgúns diccionarios modernos está un verbo **brecar** que poñen como sinónimo de **chuviñar**, xunto co nome **breca** 'chuvia miúda con néboa'. Estas voces foron recollidas por Aníbal Otero que as ve como derivadas do latín BOREAS 'vento do norte'. Eu estou soamente afeito a escoita-lo nome de **breca** como nome dun peixe e como cambra, e verbo **brecar** como muxir (*Os nenos choran. Os xatos brecan / e zangonean as gaitas na festa*, de Iglesia Alvariño) ou berrar (*espaventando á mula co seu brecar de ariolos*, de Otero Pedrayo).

Pero a voz máis usada en toda Galicia por **chuviñar** e **chuviscar** é sen ningunha dúbida **orballar** da que falaremos no próximo comentario.

818. O orballo

A palabra **orballo** é para as xentes que viven ó lado do mar Cantábrico, igual que para galegos e portugueses, a voz normal correspondente á verba castelá *llovizna*. Varias veces comentei a dificultade de dar definicións exactas da palabras porque estas non son sempre usadas coas me mas caracterizacións en cada lugar. Podemos afirmar que **orballo** é voz sinónima de **chuvisca** en xeral, pero para min, subxectivamente, o **orballo** molla, aínda que eu non sinto cae-las gotas de auga...

Desta voz, de orixe descoñecida, sae o verbo **orballar** usado en toda Galicia como sinónimo dos xa citados **chuviñar** e **chuviscar** e empregado polos escritores: *que espesa / brétema tamén se corre / polas llanuras etéreas. Comenza a orballar...* (Rosalía), *e adormecen cos pirmeiros melros con ollos orballados de bágoas* (Otero Pedrayo).

De **orballar** nacen os nomes moi correntes en todo o ámbito do galego **orballeira** e **orballada** coa significación de 'chuvia fina e persistente' e sinónimos, segundo os diccionarios, de **orballo**. Para min, persoalmente, dáme a impresión de que estas voces son máis fortes en gotas có **orballo**... Cando o tempo e os días están marcados polo **orballo** dicimos que o tempo ou o día está **orballento** ou **orballoso**.

Cando orballa suavemente hai moitos que din orballisca e ese **orballiscar**, normalmente de máis curta duración ca **orballar**, é chamado **orballiscada**; e do tempo en que orballisca podemos dicir que é **orballisqueiro**.

Pero **orballo** ten outra aceptación relacionada tamén coa auga. As pingas miúdas que se forman do vapor condensado durante a noite e que aparecen pousadas polas mañás sobre as plantas ou as cousas que están ó aire libre constitúen o **orballo**, significación desta voz que é coñecida en toda Galicia e que é moi usada polos escritores: *vino unha mañán de orballo...*, *cal rosa no rosal / que de orballiño fresco / toda cuberta está* (Rosalía), *do ventiño que deixa / unha pingota de orballo / na fror que ó día desperta... Ou, linda fror de orballo* (Cabanillas), *que van e veñen co orballo dos días...*, *e altas froles degoladas cheas de orballo* (Iglesia Alvariño)...

O **orballo** é, explicou o diccionarista M. Valladares, algo moi conveniente nos veráns secos porque conserva as plantas, sobre todo, o millo, e recordaba unha canción popular que dicía así: *Hasta a folliña do millo / sabe tamén picardía. / Garda o orballo da noite / para beber polo día.*

819. Outras orballadas

As palabras derivadas de **orballo** das que falamos no comentario anterior como **orballeira** e **orballada** son tamén sinónimas da voz primitiva para expresa-la humidade que en forma de pequenas gotas se deposita durante a noite sobre as cousas que están ó aire libre. E do mesmo xeito, **orballar** significa tamén caer sobre a terra o orballo nocturno.

Pero hai outras voces que nos lembran o orballo da noite. Unha delas é **resío**, voz bastante popular na metade norte de Galicia, que algúns diccionarios explican como frío húmido da noite, e que outros recollen como simple sinónimo de **orballo**. Cando alguén di *este resío métese no corpo*, pode con toda lóxica dicir que *este orballo métese no corpo*.

Do poeta Eduardo Pondal son estes versos: *De agosto no ardente mes*, / *esperando os doces aires*, / *que a veñan estremecer*, / *e o boo resío da noite* / *aguarda con nobre fe* onde está usada a voz **resío** coa significación de orballo. Sen embargo se lemos estas liñas de Otero Pedrayo: *Pro a meirande teima do Martuxo era botarlle a gadoupa aos resíos que aínda tiñan boa entrefolla...*, atopamos **resío** que non ten nada que ver co anterior porque procede doutra familia léxica e significa faixa de terreo que rodea unha leira.

Tamén o **sereno** das noites de verán está formado polo ar húmido que produce ó día seguinte orballo. Aínda que **sereno** funciona normalmente como adxectivo sinónimo de tranquilo ou plácido: *Pepe é un home sereno* ou *temos un día sereno*, é dicir, claro, sen nubes nin néboas, pode substantivarse para significar ese aire húmido que produce orballo. Vexamos como exemplo estes versos de Iglesia Alvariño: *Así*, *así se foi*, / *sen as boas noites roncenas do sereno*, / *sen o tinguelear rexoubeiro das súas chaves...*

E por último queremos citar outra voz que indica tamén orballo ou humidade atmosférica da noite: **relento**, da que xa falamos unha vez no noso *Cartafol da lingua* comentando o uso que dela facía Celso Emilio Ferreiro no sentido de cheiro producido polas cousas rancias e húmidas. Resulta tan expresiva esta palabra para algúns falantes que derivaron dela o verbo **relentar** que funciona no mesmo sentido que orballar.

Repito o xa dito anteriormente. Non é fácil concretar exactamente as definicións de cada palabra porque dependen bastante dos falantes dos lugares nos que se usan.

820. Tempo nevarento

Coa chegada do inverno vén o tempo **nevarento**, voz xeral en Galicia que se aplica ó tempo no que aparecen as **neves** ou en que **neva**. Nalgúns lugares fálase tamén de tempo **nevento** ou **nevoso**, pero nunca de **nivoso** que é verba do nivel culto da lingua.

A acción de **nevar** ou a porción ou cantidade de **neve** que cae dunha vez ou nun tempo ininterrompido chámase en toda Galicia **nevada**, pero sobre todo nas provincias de Lugo e Ourense é moi común a voz **nevarada**, que ten variante **neverada**.

E as partículas de neve que caen das nubes recibe en galego unha infinitude de nomes, dos cales falamos xa no noso *Cartafol da lingua*, pero que volvemos sobre elas porque temos agora máis información obtida de centos de enquisas. Probablemente cando a palabra latina FLOCCUS deixou de aplicarse ás particulas de neve, impúxose na nosa lingua un derivado da voz latina FALUPPA 'palliña' que se convertería en **falopa**, verba que aínda ten vixencia en bastantes lugares de Galicia e que deu lugar ó verbo **falopar**: *onte estivo todo o día falopando*.

Non se está seguro da etimoloxía de **falopa**, pero está claro que pertence a unha familia léxica que conseguiu crear unha gran serie de variantes: ó lado das **falopas** temos variantes como **falopos**, **faloupas**, **faloupos**, moi minoritarias, e **falepas**, que orixinou o verbo **falepar**, e **falerpas** ou **falerpos** das que naceu **falerpar**. Tal vez por cruce destas voces con **lampo** 'resplandor, lóstrego' nacería a voz de uso moi limitado **falampo**. E hai quen chama a estas partículas de neve **faíscas** 'chispas' e **faiuscas**...

Pero a voz máis espallada por toda Galicia que pertence a esta familia léxica e que está pouco rexistrada nos diccionarios é **felepa** da que nace o verbo **felepar**. Quizais naceu de **falepa** por influencia da verba **felpa**. E ten tamén variantes bastante estendidas como **felerpas** e **felerpos** das que naceu o verbo **enfelerpar** que soamente o vin usado por Otero Pedrayo: *as nubens enfelerpábanse en neve*... Tanto as **felepas** coma os **felerpos** son pronunciadas nalgúns lugares como **celepas** e **celerpos**, e por tanto existen os verbos **celepar** e **celerpar**.

Por último citemos unha evolución especial da voz **felerpa** na zona de Fisterre onde din **fierpa** e **fiarpa**, palabras que parece que perderon o *-l-* intervocálico.

821. Segue folerpando

Voz sinónima das xa citadas **falepas** e **felepas** é a palabra **folepa** que acaso naceu do cruce desas voces coa verba **fol**. A voz **folepa** e a súa variante **folepo** que deron lugar ós verbos **folepar** e **esfolepar** non son tan populares ou non están tan espalladas como **felepa**, pero si aparece máis usada polos escritores: *Nevaba. Mainiñas, mainas / quediña, quediñamente, / iban caíndo... caíndo... / as folepiñas de neve* son versos de Curros Enríquez. *Agora faise a feira a coberto, pro eu lémbrome de cando se facía na plaza, como dixen, e folepaba sobre dos capóns, que pouquiño a pouquiño íbaos cobrindo a neve branca* é un texto de Álvaro Cunqueiro.

A palabra **folepa** ten unhas variantes **folerpa** e **folerpo** cos seus verbos **folerpar** e **esfolerpar** que son aínda menos usados na fala popular, pero que son sen embargo moi empregados polos escritores: *que lindas e feituquiñas estaban as torres perfiladas polas folerpas finiñas de neve abrileira* (Otero Pedrayo); *A cadela morta semellaba unha folerpa de neve* (Castelao); *a neve silenzosa en folerpas miúdas* (Cabanillas); *de brancas maus dicindo adiós á neve / en folerpas de pompas manseliñas* (Celso Emilio Ferreiro)...

Por influencia da voz **folla** as **folerpas** son chamadas nalgúns lugares **follerpas** e **follarpas**. E mesmo outros derivados desa voz **folla** significan tamén partículas de neve que caen ó chan: **follacas**, **follecas** e **follocas**. E do mesmo xeito que de **falepa** naceu **falampo**, de **folepa** formouse **folampo**.

Tal vez por influencia de **fulgor**, **fulxir**, etc. todas esta voces son pronunciadas así: **fulerpas**, **fulepas**, **fulepos**, **fulipos**, **fulipadas**, etc. nalgunhas localidades galegas.

Despois de citar tantas formas e variantes desta familia léxica temos que dicir que hai outras moitas maneiras de chamar ás partículas de neve. Nalgúns puntos do galego oriental das provincias de Lugo e Asturias atopámonos coa forma **mantelo**, que tamén tén relación cos trapos, e o seu derivado o verbo **mantelear**: *Como siga manteleando así imos ter unha grande nevada*.

Na parte suroriental da provincia da Coruña existe voz **galapo** que ten o sentido de esputo, e é empregada tamén como sinónimo de **felepa** e na parte norte da mesma provincia as **folepas** son chamadas **bolos de neve**. O cambio de sentido no último caso é facilmente comprensible, pero non o é tanto no caso de **galapo**.

822. Agora está farrapando

Case tódalas palabras galegas que denominan as partículas de neve que caen ó chan tiñan a significación primaria de **farrapo** ou **trapo** ou **cerello**. De aí que a voz **cerello**, que comentamos nas *Follas da lingua* porque a usaba Rosalía de Castro no sentido de trapo, vestido ou mantelo sen ningún valor pexorativo, e que rexistrou Sarmiento hai dous séculos como refaixo, trapo moi vello ou anaco de trapo, teña nalgúns lugares, moi poucos o sentido de **felepa**.

Sen embargo o nome por excelencia en galego para esta denominación é a voz **farrapo** que está prácticamente espallada por todo o ámbito do territorio da fala galega, que recollen poucos diccionarios nesa acepción e que os escritores poucas veces as usan: *Os Pirineus xa quedan atrás*, *con farrapos brancos deloirando na cima*, escribiu Otero Pedrayo.

Tamén ten esta voz variantes bastante usadas como **farrapa**, **farrapada**, **farrampo**, **farraspa**, **farroupa**, e as que cambian o *f-* inicial en *z-*:: **zarrapos** e **zarrapas**. Naturalmente de **farrapo** foi creado o verbo **farrapar** que podemos escoitar en todas partes en frases como *agora está farrapando*.

Coido que podemos considerar tamén como variante de **farrapo** a verba **fargallo** viva nalgúns lugares para significa-la partícula de neve. Hai quen pensa que esta voz é unha deformación de **farangallo**, que pode admitirse como un derivado do verbo latino FRANGERE 'romper'. A realidade é que é un sinónimo de **farrapo**.

E saltando sobre outras voces que poden te-la significación comentada queremos sinalar que actualmente está viva en case tantos lugares como **felepa** a palabra castelá **copo** (sobre todo nas provincias de Lugo e Ourense) e que usou Rosalía en *Cantares Gallegos*: *Roxiña cal sol dourado*, / *garrida cal fresca rosa*, / *iba polo monte hermosa co branco pé descalzado*... / *Copo de neve pousado*, *deslumbrando á luz do día*, / *tan branco pé parecía*.

Os diccionarios galegos non recollen este castelanismo innecesario xa que temos, como acabamos de ver, moitos nomes para as partículas de neve, pero si hai un nome **copo** que é un molusco mariño, un **copo** que é un cope da rede, un **copo** que é un copón do altar, un **copo** que é un pequeno vaso...

823. Nevaríos, corisco

Cando o tempo se cerra e aparecen as treboadas, treboeiras, trebóns ou tronadas, se estamos no inverno, pode ocorrer que veña a neve. Entón na parte occidental de Galicia fálase de *tronadas de neve* ou *tormentas de neve*. Pero nas provincias de Lugo e Ourense a voz máis corrente para denominar este tipo de tormentas é **nevarío**: *hoxe pola mañá houbo un grande nevarío*.

Pero noutros lugares de Galicia os **nevaríos** son denominados **toradas**, palabra que se emprega normalmente para chamar ós anacos dun tronco ou mesmo ós propios troncos das árbores, e nalgures fálase de **zalapastradas** como voz equivalente á de tormentas de neve.

Cando a neve vén acompañada dun vento forte esta cae miudiña, e entón falamos de que **nevisca** ou **corisca** ou **espuvisca**. Esa neve miudiña ou **neviscada** é coñecida en moitos lugares de Galicia como **corisco** (que ten as variantes **corisca** e **curisco**), voz que procede de **coriscar** ou **coruscar** que orixinariamente significa brillar, resplandecer, relustrar.

O **corisco** é coñecido nalgúns lugares de Galicia como **calistro**, que debe ter relación co nome dalgún vento frío, e **polvorisco**, **polvoriña**, **polvorín**, etc. que teñen que ver sen ningunha dúbida cos descendentes da verba latina PULVUS.

En bastantes ocasións o que cae das nubes é a **auganeve** que reciben nalgures o nomes de **escambruza**, **escaramuza** e de **torba**, pero cando a **auganeve** vén acompañada de forte vento é coñecida co nome de **xistra**. Naturalmente ó lado destas palabras existen os verbos correspondentes **escambruzar**, **torbar** e **xistrar**.

Para rematar de falar da neve digamos que cando neva é necesario para que tiñamos nevada que a neve **calle**. O verbo **callar** é coñecido en toda Galicia, pero nas provincias de Lugo e Ourense emprégase moito popularmente a forma **cuallar**. Cando a neve se derrete, se descalla, se descualla, se desfai, podemos dicir tamén que se desneva.

A neve derretida forma lama, barro, fango, lodo, que recibe nalgúns puntos do galego oriental sureño o nome de **zarapatello** e que na maior parte do resto do galego oriental coñécese co nome bastante estendido de **zoldra**.

824. Tempo xearento ou xiadeiro

Cando nos atopamos na época das xeadas ou xiadas dicimos que temos tempo **xearento** ou **xiarento**, porque pensamos no verbo **xear** ou **xiar**; pero tamén é corrente dicir **xiadeiro** ou **xeadeiro** (nalgures atopámo-las voces **xiadento** ou **xeadento**) porque se pensa nas **xiadas** ou **xeadas**.

A solidificación dun líquido por efecto do frío (ou como diriamos co cultismo **conxelar**) e sobre todo a auga que está ó raso ten lugar cando **xea** ou **xía**. Aínda que nos diccionarios aparece sempre **xear**, e soamente nalgún **xiar**, temos que afirmar que na fala popular galega hai moitos máis falantes que din **xiar** que **xear**. Este último verbo é o derivado normal da voz latina GELARE, pero ocorre a miúdo que ese encontro das vocais *e* e *a* dá lugar a que a primeira delas se transforme en *i*. Curiosamente son tamén bastantes os escritores que prefiren **xiar**: *que as desalmadas doutriñas lle xiaban o sangue nas veas* (V. Risco), *aínda neva e xía* (Otero Pedrayo)...

Hai quen emprega nalgún lugar a voz **lazar**, que se usa sobre todo na acepción de formarse lazo ou xeo sobre un charco, e hoxe é tamén corrente substituí-las voces tradicionais **xear** e **xiar** polo cultismo **xelar**.

A capa fina e branca que se estende sobre o chan despois dunha noite de estar xeando é o que chamamos cos derivados dos verbos que acabamos de citar: **xeada**, **xiada** e **xelada**. Popularmente, e por bastantes escritores, a forma preferida é a evolucionada vulgarmente **xiada**: *os probes peíños / que as xia-*

das do inverno lañaron (Rosalía de Castro), *Que da tollenta xiada / acougo doce lle dan* (Pondal), *brétemas e xiadas... ventos*, *neves*, *xiadas* (Otero Pedrayo).

A auga que está solidificada pola acción do frío era a chamada en latín GELU,, que deu o descendente normal galego, coa perda do *-l-* intervocálico, **xeo**, voz que rexistran loxicamente os diccionarios galegos, pero que na lingua falada é substituída pola variante **xío**, ó igual que no caso de **xiar** por **xear**. O cultismo **xelo** está introducido na fala popular que acolleu hai anos o castelanismo **hielo**, que algúns falantes 'regaleguizan' converténdoo en **elo**.

Pero aínda hai máis **xeo**...

825. Lazos e carambelos

Se nunha reunión de amigos se me ocorrese preguntar quen sabe o que significa a palabra **lazo**, estou seguro que se botarían a rir, porque todos pensarían inmediatamente que preguntaba polo **lazo**, equivalente a nó, a lazada, a cinta de adorno, a corda, etc., pero cando eu dixese que non preguntaba por ese **lazo**, senón por outra palabra homónima e homógrafa, é dicir, que ten a mesma pronuncia e a mesma escritura, probablemente algúns non saberían que contestar.

Lazo procedente da voz latina GLACIES, da que veñen os cultismos **glaciar**, **glacial**, **glaciación**, e que evolucionou en galego e no dialecto portugués miñoto nesa voz, ten hoxe en moitas localidades a significación de **xeo** ou **xío**, e é usada por algún escritor bastante frecuentemente, como é o caso de Otero Pedrayo: *cristás de lazo... Pingotaban grosas como as de lazo quentado polo sol... Mans pequeneiras*, *finas*, *de tocar sempre frío coma o lazo...*

O xeo ou xío ou o lazo que recobren os charcos recibe uns nomes específicos. O máis corrente deles na maior parte de Galicia é **cristal** que, curiosamente, adquiriu ese sentido (á parte dos que ten comúns co portugués e co castelán) soamente na nosa lingua: *os nenos xogan a esbarar sobre o cristal dos charcos*. Tamén é moi corrente para esta significación a voz **vidro**, e no exemplo citado podemos substituír **cristal** por **vidro**.

Outras palabras para denominar este tipo de xeo sor **carazo**, **carouxo**, non moi espalladas, e outra bastante coñecida en todas partes, **carambelo**, que ten as variantes **carambo**, **carambuxo**, **caramelo**. Pero estas últimas voces son empregadas sobre todo no sentido de anaco de xeo que queda colgado dos tellados, das árbores, e que ten forma puntiaguda: *Estou vendo os carambelos do tellado da túa casa*.

Como sinónimos deste tipo de **carambelos** atopamos que na fala popular se empregan outras voces que teñen outro significado fundamental. Así hai quen os chama **candeas** ou **candeolos**, **candieiros**, **candións** e **candiotos**. E así mesmo escoitamos chamalos tamén **pendericos**, **pendericallos**, **penduricos**, **pirillas**, etc.

826. Quedei atascado

Cando eu vou no coche e chego a un lugar en que se produce un embotellamento, direi que *quedei atascado* ou que me *metín nun atasco*. **Atascarse** ten hoxe este sentido tan corrente de quedar parado nun sitio sen poder avanzar nin retroceder.

Naturalmente **atascarse** era posible tamén antes de haber coches, pois os carros igualmente podían **atascarse** cando se metían nun lodazal ou nunha lameira de onde non podían saír máis ca con grandes dificultades e bastantes axudas.

Do mesmo xeito cando estamos a falar e perdemo-lo fío da argumentación *quedamos atascados*. Xa no século dezaoito dicía Fr. Xoán Sobreira que **atascarse** era «quedarse sin poder hablar o sin tener que decir o sin poder seguir la palabra o conversación».

Todos estes exemplos veñen a clarificarnos que **atascar** é principalmente poñer (ou aparecer) un estorbo ou impedimento en calquera cousa, negocio ou acción para que non vaia adiante ou para que se interrompa. **Atascar** na súa significación máis fundamental e corrente é obturar, obstruír, cegar un conducto con algunha cousa: *a canle deste muíño está atascada*, *non teño auga na casa porque a tubería está atascada*...

Pero o significado primario desta voz sería tapar ben as regañas das táboas ou das xunturas, como se fai cando se calafatea un barco, é dicir, **atascar** é tanto como poñer **tascas** ou **tascos** nun lugar. Aí está a orixe desta voz tan corrente.

Agora haberá que dicir que entre nós **tasca** é a táboa onde se tasca o liño, e **tasco** é o restroballo do liño ou estopa basta e mala, voces que proceden probablemente dunha forma céltica *taskos* que significaba pao ou estaca.

Así pois con **tascas** ou **tascos** tapábanse as físgoas, é dicir, *atascábanse* e logo tapábase do mesmo xeito calquera conducto e despois *atascar* equivaleu a poñer calquera estorbo ou impedimento.

827. Atoar, atuar, atuír e atorar

Hai tres verbos semellantes foneticamente, **atoar**, **atuar** e **atuír**, que moitos diccionarios dan como sinónimos de **atascar**, pero na realidade da lingua coido que isto non é certo. Penso que en xeral soamente poden substituír a **atascar** cando este verbo ten as significacións de obstruír ou cegar un conducto ou de meterse nun lodazal.

Na frase que citamos no noso comentario anterior *quedamos atascados* nun embotellamento de coches eu polo menos non me atrevería a dicir *quedamos atoados*, *atuados* ou *atuídos*, nin moito menos coa significación de quedarmos sen argumentos ou perdérmo-lo fío da conversación.

Este **atoar**, que non ten nada que ver coa voz **atoar** 'remolcar unha embarcación' ou **atoar** 'andar a tentas', é verba corrente que empregan bastantes falantes para indica-la acción de tapar unha canle ou un pozo e mesmo para dicir que un carro se atascou nunha barreira.

O verbo **atuar**, que non ten nada que ver coa voz **atuar** 'tratar de tu', é unha variante de **atoar** e está xa citado polo frade Sobreira, no século dezaoito, coas significacións de cubrir de terra ou doutra materia algunha cousa, encher de terra un foxo, enterrar, etc.

E o verbo **atuír** é tamén outra variante de **atoar** e está testemuñado, á parte de por Sobreira, por fr. Martín Sarmiento que o define así: «Llenar, atestar; este pozo está atuído, atueuse de terra, etc.».

Non temos idea de onde proceden estes tres verbos. Desde logo pola súa significación podiamos poñelos en relación con outro verbo, **atorar**, procedente do latín OBTURARE, que ten os mesmos sentidos, pero ¿como puido perder ese *-r-* intervocálico? Non está nada claro, pero ademais este **atorar** pode-

ría ter que ver co **atorar** 'dividir en toros un peixe ou un tronco'. Non sabemos se este **atorar** , relacionado cos toros e troncos, puido formarse do mesmo xeito que **atascar**, é dicir, poñer **toros** nalgunha parte para impedir un movemento ou acción normal. Pénsese que **atorar** significa tamén atragantarse.

Por fin digamos que modernamente entraron na nosa lingua os cultismos **obturar** e **obstruír**, que teñen bastante aceptación a nivel culto da lingua escrita, coas mesmas significacións que teñen os verbos citados.

828. Torgar, trogallar, atolar, atollar e entullar

Da mesma familia que a voz **atorar**, da que falamos no comentario anterior, debe se-la palabra **torgar** 'atragantarse, obstruí-la gorxa con comida' que parece ser derivado dunha forma vulgar TORICU, (diminutivo de TORUS 'tronco') que deu o descendente **torgo** en galego para denominar non só un tronco, senón tamén a raíz da uz.

Poñer impedimentos ou poñer **toros** a algo debeu ser no latín vulgar TORICARE que se converteu por evolución fonética normal en **torgar**. Sen embargo, hai quen pensa que este **torgar** podería ser un derivado da forma vulgar latina OBTURICARE.

Torgar pasou posteriormente a especializarse en 'poñer impedimentos na gorxa', é dicir, a significa-lo mesmo que atragantarse.

E a esta mesma familia léxica pertence a voz **trogallo**, variante de **torgallo**, que significa impedimento, estorbo, traba, igual cá forma orixinaria **torgo**. De aí o nacemento do verbo **trogallar**, usual nalgunhas partes de Galicia como sinónimo do citado verbo **torgar**.

Aínda podemos engadir outros verbos usuais que teñen, á parte doutras significacións, tamén a de 'atascar'. Citemos en primeiro termo o verbo **atolar**, moi empregado na parte sudoriental do territorio de fala galega, que tal vez teña relación coa verba **tola** ou **tol** que significa fundamentalmente presa de auga. **Atolar** sería en principio meter algo na **tola**.

De forma semellante nacería o verbo **atrollar** que equivalía a meterse no **trollo** 'lama, lodo' e que por cruce con **atolar** orixinou a voz **atollar** que vén a coincidir coa voz castelá *atollar*.

Coido que desta voz **atollar** é variante o verbo **atullar**, do mesmo xeito que de **entollar** saíu **entullar**, verbo bastante corrente para significar atascar, do cal se deriva a voz **entullo** que é bastante usual no sentido de escombro.

Digamos de novo que este **atolar** non ten nada que ver co **atolar** 'tolear', nin este **entullar** co **entullar** 'meter na tulla ou depósito para gardar grans'.

829. Ese argueiro de po

Pregúntame un amable lector sobre o uso da voz **argueiro** que el atopou nuns versos do poema "Non te atopo endexamais" do libro *Sombra do aire na herba* de Luís Pimentel que din así: *Nunha mañán raiolante, / vin á nai / erguer sobre o vento dos seus cabelos / ise argueiro de po de ouro / de nacre ou*

marfil. E aínda noutro poema do mesmo libro volve aparecer esta voz: *Olla esa formiga*, / *ise argueiro mouro*...

Polo que eu sei a máis estendida significación desta palabra é a de 'pequena partícula ou pequeno corpúsculo' ou mesmo 'palliña que se introduce nun ollo producindo molestias'. Xa o dezaoitesco lexicógrafo Juan Sobreira deu constancia desta voz que recolle en Soneira (tamén rexistra a súa variante **algueiro** en Tabeirós) e que define así: «Lixo del ollo». No noso libro *Cousas da lingua* comentámo-los sentidos desa verba **lixo**. Pero esta acepción non acae para comprende-lo uso desta voz por Pimentel.

Mellor será pensar noutra acepción de **argueiro** non tan concreta como a que acabamos de dar e que apare nos diccionarios galegos e portugueses: partícula leve separada de calquera corpo que flota no aire ou na auga. Ese sentido si corresponde ben para comprende-los citados versos de Pimentel.

Pero temos que engadir que **argueiro** significa ademais, como dicía o citado Sobreira, «cada uno de los fragmentos que hacen la suciedad menudita» e que, do mesmo xeito que lixo adquiriu o sentido de vasura ou porquería, tamén a nosa voz ampliou a súa significación ás de peluxe, sucidade do chan, excremento do gando lanar e mesmo nalgures á de esterco.

Sen embargo, o seu significado fundamental de partícula ou corpúsculo fixo que esta voz sexa empregada figuradamente para indicar unha cousa insignificante: *O que ti fas é un argueiro*, é dicir, non vale nada. Tamén en portugués ten este mesmo valor como vemos nesta expresión: *Fazer de um argueiro um cavaleiro* que equivale a 'dar moita importancia a unha cousa insignificante'.

Digamos por último que **argueiro**, que ten as variantes **algueiro**, **argoeiro**, **argaxo**, **argubaxo**, etc., ten unha etimoloxía non moi certa. Probablemente proceda dunha voz prerromana da que sairía tamén a palabra **argana** 'aresta das espigas de trigo ou centeo', 'espiña de peixe' e tal vez **árgoma** 'especie de toxo'.

830. Da renda e os arrendamentos

Xa vimos nos comentarios anteriores o que era a **renda** como traballo agrícola e a **renda** como correa do freo do cabalo. Aínda temos que falar da palabra **renda** como descendente da voz latina RENDITA, variante de REDDITA, que procede de REDDERE 'devolver, entregar'.

Coido que é superfluo dicir que **renda** é o rendemento ou beneficio que produce en diñeiro ou en especie unha propiedade ou outro ben moble ou inmoble e que falamos actualmente de *renda nacional*, *renda per cápita*, *renda vitalicia*, etc., pero non o é afirmar que a voz **renda** está moi testemuñada nos textos medievais e que foi e é voz moi popular.

O diccionarista Valladares recolle no seu diccionario unha cantiga popular na que se cita esta voz: *Non botes tanto por ela*, / *que anque te-la casa grande*, / *pága-la renda por tela*. Nos escritores podemos atopar exemplos do seu emprego: *Mais*, *¿como pagar*, *como*, se *un non pode* / *inda paga-la renda?* (Rosalía), *pra cobrar rendas e foros* (Curros), *capaces de vivir máis que de rendas* (Castelao)...

E deste nome **renda** sae o verbo **rendar** que tanto significa dar de renda coma coller de renda e tamén producir beneficio anualmente unha cousa. E **rendeiro** é tanto aquel que colle en arrendamento unha propiedade coma aquel que a dá a outro para recibir uns beneficios.

Pero máis corrente que **rendar** é a súa variante **arrendar** que o diccionario de Xerais define así: dar ou toma-lo uso dunha cousa por un tempo e prezo determinados en contrato escrito ou oral. Na

vida rural era antes moi corrente falar de *arrendar a cartos* (ou en diñeiro) *ó medio* ou *a medias*, *ó tercio*, *ó quinto*, etc.

Desta voz **arrendar** saen os derivados **arrendador**, **arrendatario**, **arrendamento**, **arrendo**, que ás veces poderían confundirse coas outras voces homónimas que xa citamos.

En fin, pensemos que as palabras están sempre nun contexto e dentro del voces como **arrendar** non levan á confusión. Se eu digo *vou arrendar*, haberá que esperar a que complete a frase para entender a cal dos tres **arrendar** que expliquei pertence ese que digo.

831. Alugar e alquilar

Ó lado da voz **arrendar** no sentido de dar ou tomar algo por un tempo e prezo determinados existiu desde sempre na nosa lingua un derivado do verbo latino LOCARE que deixou bastantes descendentes nas linguas romances: o italiano *allogare*, o francés *louer*, o catalán *llogar* e o noso **alugar**.

Coido que hoxe **alugar** está un tanto esquecido fronte ós seus sinónimos **arrendar** e **alquilar**, se ben é bastante empregado polos escritores: *Logo gañou máis*, *alugou a tenda e mudouse pra outra meirande* (V. Risco), *bonifate alugado* (Celso E. Ferreiro)...

De **alugar** saen os nomes **alugamento** 'arrendamento', **alugador**, **alugable** e **alugueiro** que significa tanto arrendatario ou persoa que se coloca mediante un xornal coma prezo que se paga por un arrendamento. E tamén é tradicional a variante **aluguer** que é o mesmo **alugueiro** con modificación da súa terminación *-eiro* en *-er* por influencia da voz **alquiler**. No citado escritor V. Risco encontramos un exemplo do uso desta voz: *xa que non tiñan que pagar aluguer*.

A pesar da vixencia do uso de **arrendar** e **alugar** entrou hai tempo nas linguas do centro e occidente peninsular a voz de orixe árabe **alquiler** no mesmo sentido de **alugamento** ou **arrendamento** da cal xorde o verbo **alquilar** como sinónimo de **alugar** ou **arrendar**.

Alquilar, nos últimos séculos, reduce a súa significación á de alugar cavalgaduras, bestas ou carros para o transporte. Pénsese que se fala a miúdo de *coches de alquiler* ou de *alquilar coches*... Nembargantes esta voz tan usada en Portugal é practicamente descoñecida no Brasil.

Hai que dicir que en Galicia nos últimos tempos pasou a ser usado **alquilar** con tódalas significacións de **arrendar** e **alugar** por influencia da lingua castelá. Pero se temos en conta que as palabras se perden se non as empregamos, sería importante que mestres, escritores e comunicadores dos medios de difusión audiovisual e da prensa desen preferencia ó verbo máis tradicional **alugar**.

832. O teu manto de rendas

A miña amiga Matutina, natural da zona da Fonsagrada, preguntoume se eu sabía o que era a **rendeta** dunha media que ela tiña entre as mans. Ante a miña ignorancia ensinoume a media amosándome a liña ou raia de costura que vai de arriba a abaixo e díxome que esa raia era a **rendeta**.

Puiden comprobar despois que esa voz estaba rexistrada por Aníbal Otero na súa obra *Vocabulario de San Jorge de Piquín* na que aparece definida como «línea calada de una media» definición

castelá que contén a verba *calada*, que seguindo o diccionario da Real Academia Española explicaremos así: que imita o labor do encaixe ou da renda nas teas sacando ou xuntando algúns dos seus fíos.

Entón poderiamos definir **rendeta** (como así o fai o diccinario de Ir Indo) como «liña rendada dunha media». Efectivamente **rendeta** é unha palabra derivada de **renda** que procede dunha antiga forma *randa*, dunha orixe moi controvertida, pero que parece ser voz xermánica ou tal vez céltica. En castelán permanece *randa* que significa ó igual cá nosa **renda** tecido lixeiro e transparente de mallas feito con fíos de liño, algodón, seda ou mesmo fíos de ouro e prata, é dicir, encaixe ou puntilla.

Esta forma *randa* debeu sufri-la influencia da palabra de sentido parecido **rede** e por iso foi convertida tanto en galego coma en portugués, en **renda**. Pénsese que xa é a cuarta vez que atopamos unha voz que ten os mesmos sons e as mesmas letras; procede doutro étimo distinto e ten diferente significación que a **renda** 'traballo agrícola', a **renda** 'freo do cabalo' e a **renda** 'rendemento ou beneficio.

E da **renda** 'tecido' nace o verbo **rendar** 'adornar ou gornecer con rendas', **rendería** 'arte de facer rendas', **rendeira** 'muller que fai ou vende rendas', **rendado** 'conxunto de rendas que gornecen unha peza de roupa' e ademais da **renda** xorde a **rendilla** que dá lugar a outras voces semellantes como **rendillado**, **rendillar**, **rendilleira**, etc.

O poeta Ramón Cabanillas debeu sentir debilidade por esta voz pois aparece a miúdo nos seus versos: *O teu manto de rendas e pedraría...*, *as rendas de liño lavaba a man...*, *tecendo*, *fio a fio*, *unha renda de seda...*, *bretemoso cendal feito de rendas...*, *as nubes no hourizonte finxen rendas de seda...*

833. Andar á revingueita

Cando escoitei á miña informante Matutina, de Fonsagrada, dicir que *Roberto e Isabel sempre andan á remingueita*, entendín claramente que quería expresa-la idea de que esas dúas persoas estaban sempre discutindo, porfiando, importunándose, etc.

Confeso que estiven varios días dándolle voltas a esa voz **remingueita** e non a atopei en ningún diccionario nin en ningunha enquisa dialectal ata que por fin achei nun estudio de J.R. Fernández González sobre a fala dos Ancares que alí existían as variantes **mengativo** e **mengatible** das palabras normais alí **vengativo** e **vengatible**. Pénsese que as consoantes *b* e *v* teñen a mesma pronunciación e que é fácil a confusión das consoantes labiais *b* e *m*.

Dado que a zona dos Ancares está cerca da zona da miña informante puiden sacar rapidamente a conclusión de que a verba **remingueita** era unha variante de **revingueita**. Buscando de novo nos léxicos encontrei que xa Aníbal Otero recollera desa mesma zona a expresión **á revengueita** que traduce 'a la rebatiña' e que no apéndice do diccionario de Eladio Rodríguez queda tamén rexistrada.

A orixe desta expresión está no verbo **vingar**, do latín VINDICARE, que dá descendentes en toda a Romania. Nun dos artigos das nosas *Cousas da lingua* xa explicamos por que en galego e portugués témo-la palabra **vingar** fronte ó castelán *vengar*.

Da palabra latina desta familia VINDICTA saíu unha forma hoxe anticuada *vendeita* (existíu en castelán antigo *vendecha* e en italiano actual *vendetta*), que tiña o sentido da actual **venganza**, e esa forma influída polo verbo **revingar** 'vingarse de novo' pasou a ser non *revendeita*, senón **revingueita** 'nova venganza'.

Pódese entender ben sen ningún problema semántico que **revingueita** modificase o sentido orixinario de volver a vingarse en discutir tratando de destruír ó outro contrincante ou simplemente en discutir continua e acaloradamente.

834. Loitador afouto

As palabras van cambiando a súa complexión fónica a través dos tempos, e moitas veces mudan tamén a súa significación e perden o sentido fundamental que tiñan na súa lingua orixinaria.

Pensemos no verbo latino INFATUARE 'facerse o fato ou fatuo' que seguindo unha evolución fonética normal dará na nosa lingua **enfoutar**, pero hoxe esta voz xa non conserva ese sentido. **Enfoutar** debeu recibi-la influencia da voz FAUTU 'favorecido', que evoluciona en **fouto**, e de 'facerse o fato' pasou a significar 'ter fe e confianza en si mesmo', e de aí as significacións modernas de cobrar ánimo, animarse, atreverse, etc.

Paralelamente a esta voz fórmase outra, **afoutar**, que é bastante antiga e que xa recolle o frade Sobreira no século dezaoito coma voz de Ribadavia coa significación de dar ánimo ou animar a outro. Posteriormente os lexicógrafos galegos recollen as aceptacións de alentar, inspirar valor e confianza, estimular, incitar, atreverse, ousar, arriscarse, esforzarse nun traballo, etc.

De **afoutar** saíu o substantivo corrente tanto en galego coma en portugués **afouteza** que ten os valores de atrevemento, coraxe, ousadía, valor, audacia, intrepidez, valentía, etc.

E de ámbolos dous verbos xorden os adxectivos derivados dos seus participios **enfoutado** e **afoutado** que son menos usados cós adxectivos derivados da forma verbal **enfouto** e **afouto**. Coido que **enfouto** 'animoso, decidido, resolto' se usa hoxe máis coma substantivo nos sentidos de ánimo, estímulo e confianza en si mesmo e que perdeu forza ante **afouto**.

Afouto está xa definido polo citado Sobreira coas seguintes verbas: «El que es diligente y activo en algún trabajo o solicitud manifestándose confiado del logro. El que no desmaya, el que no padece o no manifiesta desconfianza en lo que está o en lo que emprende». Nos diccionarios modernos aparece coas significacións de valente, ousado, atrevido, valeroso, arriscado, etc.

Véxase como proba deste uso de **afouto** a cita dun poema do libro *Camiños no tempo* de Ramón Cabanillas: *E ¿que direi de ti, meu irmanciño, / que, loitador afouto / por Cristo e pola Patria, deche ó caír heroico / a alma a Dios e ós corvos carniceiros / o esnaquizado corpo?*

835. Eu cravo enviso os meus ollos

Hai palabras que son correntes ou normais nunha comarca determinada e totalmente descoñecidas no resto do ámbito da lingua galega e mesmo das outras linguas romances. Naturalmente estas verbas son poucas veces recollidas nas obras lexicográficas e só alcanzan unha certa fama se algún escritor as usa.

No apéndice do diccionario de Eladio Rodríguez rexístrase coma voz típica do Courel o adxectivo **enviso** coa significación de ensimesmado e soamente os diccionarios de Ir Indo e Alonso Estravís recollen este vocábulo que explican como 'abstraído, absorto, ensimesmado'. Nos demais non aparece.

Sen embargo **enviso** é unha voz que tivo fortuna literaria por ser empregada abundantemente alomenos por dous escritores que eu lin. Un deles, Uxío Novoneira, é coñecido xa precisamente como poeta do Courel e non resulta nada extraño que use esta verba. Vexamos algúns exemplos onde claramente ten a significación citada arriba: *Cai a choiva*, *que dá sono / no quedo serán dos prados / i eu cravo enviso os meus ollos / sin ver o que estou ollando... Nos fins da auga / que un xa non vei /fica a ollada / envisa do chover... Chove / e solo o quedo se move. / Enviso n'algo que non deixo...*

O outro escritor é o tamén lugués Luís Pimentel: *Ou Galicia*, *a inmóvil*, *lonxana*, *envisa*, / *soñando diante dun reló de pedra... Eu estou aínda enviso / e arrodéame unha eterna noite... Atento*, *enviso*, *esta niste intre... Eu asegúroche que quedarás enviso / fitando prás estrelas...*

Coido que este adxectivo **enviso** podería ser tal vez un derivado do latín INVISUS 'non visto aínda' e que del sairía o verbo **envisar** 'ensimesmarse'. Tamén é posible pensar que dun derivado do verbo latino VIDERE, o nome **viso**, se formase o verbo **envisar** e deste nacería o noso **enviso**.

Pechámo-lo comentario citando outros versos de Novoneira nos que emprega o verbo **envisar**: *Fiquei ca folla esquecida nas maos / quedo na lembranza que envisa o meu xeito... A túa imaxen está diante min*, *no espacio que a dor envisa...*

836. De socato e de súpeto

O poema "Paseo" do libro *Sombra do aire na herba* do poeta lugués Luís Pimentel comeza con estes versos: *De sutaque sorprendín a mañá / entrando na vila...*, nos que abre a frase a locución adverbial **de sutaque**, bastante usada na fala popular do galego oriental e do galego de Asturias, que ten o significado de inesperadamente, de improviso, subitamente, etc.

De sutaque ten as variantes **de sotaque**, **de sutaco** e **de sotaco**, formas todas elas que moi probablemente proceden da expresión adverbial latina SUBITUM ECCUM. Coido que por intercambio de sílabas estas palabras deron orixe a outras novas que están hoxe máis estendidas por moitos lugares de Galicia. Así temos que a locución adverbial **de socato** (en vez de **de sotaco**) é moi corrente pola zona central de Galicia e ten ademais a variante **de socate**.

Da forma **de sutaco** naceu a expresión adverbial **de sucato** que, coa súa variante **de sucate**, tamén podemos escoitar en bastantes lugares do territorio galego. Se embargo de todas estas locucións adverbiais é **de socato** a preferida polos gramáticos normativos.

Pero para representar esa idea de algo que se fai repentinamente, inesperadamente, á parte do cultismo **de súbito**, os escritores prefiren outra locución adverbial orixinada deste cultismo modificando o *b* en *p*, fenómeno que xa se dá nos textos antigos tanto galegos coma portugueses e casteláns.

A forma popular **de súpeto** témola usada por escritores como Curros Enríquez (*Pegou de súpeto un pulo o tren*), Otero Pedrayo (*De súpeto ouvíronse berros na alcoba*), Cabanillas (*erguéronse de súpeto*), Celso Emilio Ferreiro (*perguntoulle de súpeto*), etc.

En fin, **desocato** ou **de socate** son sinónimos bastante populares da expresión máis corrente **de súpeto**, pero aínda poderiamos engadir outras expresións semellantes como **de repente**, **de golpe**, etc.

837. Asemade e asomade

C.C., da Coruña, dime que na súa infancia escoitaba na aldea expresións como *fixen isto asemade* para significar que fixen algo dunha vez, sen interrupción, e pregúntame se aínda está viva esa voz **asemade**.

Pola miña experiencia lingüística teño constancia «en vivo» de escoitar frases semellantes en bastantes lugares das provincias de Ourense e Pontevedra e teño coñecemento do seu emprego polas obras léxicas.

O adverbio **asemade** é empregado xa nos textos medievais e Martín Sarmiento no seu *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega* dá a seguinte noticia desta verba: «Por una sola vez. Mandó que se digan *treinta misas asemade*, por una vez; que se dé tanto a la cruzada *asema*de, de un golpe, de una vez. Úsase en testamentos y en las aldeas». O lexicógrafo do mesmo século dezaoito, Juan Sobreira, tamén rexistra esta palabra en Ribasil e Ribadavia coas significacións de 'unha vez' e 'logo que'.

Nos diccionarios modernos, á parte destes significados, encontramos bastantes máis acepcións para definir este adverbio: simultaneidade, ó mesmo tempo, logo, inmediatamente, do mesmo xeito, por fin, ó cabo, etc., que ademais pode funcionar como conxunción: logo que, inmediatamente que, tan pronto como, así que, á vez que, etc.

O citado Sobreira cita tamén unha variante de **asemade** que é recollida polos diccionarios modernos. Trátase de **asomade** que ten exactamente os mesmos significados. Para os etimoloxistas que ven a orixe destas voces no latín AD SUMMATIM haberá que pensar que a palabra primitiva era **asomade** e que **asemade** será a súa variante. Claro que tamén poderiamos pensar que **asemade** é un derivado dunha forma vulgar latina procedente de *semel* ou *simul* e nese caso a forma orixinaria sería **asemade**.

Pero non podemos menos de cita-la forma **asomante** ou **asomantes** que empregou xa López Ferreiro (*pero a pirmeira ansia de Fernan Vazques asomantes chegaron aa cibdá do Apóstolo*, *foi dar aviso ao Padre Abade de Sobrado*) e que o diccionario da Real Academia Galega e outros posteriores sinalan como variante de **asomade**.

Coido que a voz **asomante** ten relación co verbo **asomar** e probablemente as tres formas que acabamos de ver, veñan de onde veñan, cruzaron os seus significados e remataron sendo sinónimas.

838. Xirifeiras e engueimados nas relúas

Ten un poema Aquilino Iglesia Alvariño dedicado ó poeta Noriega Varela en que fai unha descrición da acollida deste amigo de festas nos *currás dos ceos*: *E o bon Noriega Varela no quinteiro / entrou*, *tan grande como era*, *pouco a pouco*...

Tódalas mulleres saen a recibilo coas mellores vestimentas e os mellores adornos. Entre elas son mencionadas *As vinculeiras da Corda e Labrada ./ As costureiras do Padornelo*. / *As xirifeiras*. / *As madamiñas dos Remedios*. ¿Que son as **xirifeiras?**

Xa no diccionario de Carré vén definido o adxectivo **xirifeiro** como fino, delicado, xentil, lixeiro, activo, dilixente e vivo, definición que recollen os diccionarios posteriores. Ademais de Iglesia Alvariño sei doutros escritores que a coñecen, como Leiras Pulpeiro e Neira Vilas, e teño constancia da existen-

cia da variante **chirifeira** en lugares que están entre Ordes e Carballo na provincia da Coruña coa significación de 'presumida'.

Non teño clara a orixe desta voz, pero tal vez estea en relación coa voz portuguesa *sirigaita* que, segundo o diccionario de Figueiredo, se aplica á muller pretensiosa, que se move con desenvoltura, que é buliciosa e ladina. Desde logo temos que pensar tamén na voz asturiana *xirigata* que significa 'diversión'. Polo tanto as **xirifeiras** do poema son mulleres divertidas e buliciosas.

Tamén os homes saen a recibi-lo poeta: cesteiros, ferreiros, cavadores, etc., pero tamén os tocos, os cegos, os que andan pedindo e os *vellos engueimadiños*. Coido que **engueimados** son, como xa dicía o diccionarista Carré, os entumecidos, os impedidos. O verbo **engueimarse**, que tamén coñece Leiras Pulpeiro, é voz corrente pola Terra Cha, e aínda máis ó leste da provincia de Lugo. Sen embargo o filólogo Corominas di que «el supuesto *engueimarse*... viene de ese Iglesia que da a cada paso datos inverosímiles e imposibles». O que ademais descoñece Corominas é que **engueimarse** ten unha variante **engaimarse** que recolle Aníbal Otero en varios lugares. Probablemente estas voces teñan que ver co verbo **engoumar** e outra serie de variantes que xa recollemos no noso libriño *Retrincos da lingua*.

Digamos finalmente que tamén *os trencos de ámbolos remos* asisten ás **relúas**, que eran as festas que se celebraban despois dos traballos da fiada, da espadela, etc.

839. Moumear

Tritura-la comida cos dentes ou esmagar algo con eles para abrandalo é **mascar** ou **mastigar**, palabras comúns en toda Galicia, se ben hai lugares nos que ó lado destas voces existen outros verbos que significan o mesmo: **moufar** e **moular**, e hai falantes que tamén **machican** ou **machucan** a comida antes de engulila.

Agora ben, resulta que hai xentes que á parte de masca-la comida, **mascan** tamén palabras e por iso **mascar** ten ademais a significación de 'falar entre dentes'. Claro que para ese falar entre dentes, sobre todo cando se fai por mostrar enfado ou protesta, empregamos máis o verbo **rosmar**, que tamén aplicamos ós cans, ós gatos e a outros animais cando roñan, fungan ou gruñen.

Pero falar entre dentes ou en voz bastante baixa é sobre todo **murmurar**, se ben ás veces empregamos este verbo coa significación de falar mal de alguén. Penso que esta acepción que ten **murmurar**, equivalente a **rexoubar**, naceu precisamente porque cando se rexouba hai que facelo **murmurando**, é dicir, falando en voz baixa.

A proba de que **murmurar** é por riba de todo falar en voz baixa, vese no nome **murmurio** que é o ruído leve, pouco intenso, doce, que fai o movemento das augas tranquilas, das follas movidas polo vento e das voces das persoas.

Curiosamente ocorre algo especial co verbo **muiñar** que en principio significa moe-lo muíño, pero que logo toma nalgures a significación semellante á de murmurar, rosmar, mascar ou falar entre dentes, porque ese ruído que fai o muíño pode parecerse ó do murmurio.

E por último digamos que nas terras luguesas existe un verbo que significa tamén falar entre dentes e que debe ter unha orixe onomatopeica. Trátase do verbo **moumear**, do que temos constancia non só polos diccionarios, senón polos escritores Leiras Pulpeiro e Iglesia Alvariño, do cal é este exemplo: *na fala dos probes de todo o mundo*, / *no moumear baixiño dos que fozan a terra* ...

E o mesmo autor cita o nome derivado deste verbo: **moumeo**, que aparece nestes versos: *Hasta o moumeo das oraciós das vellas nos subeiros*.

840. Nesgar

Hai palabras que teñen unha orixe descoñecida e que serven ós filólogos para expoñer toda clase de teorías para intentar buscar un étimo satisfactorio. Entre elas está a voz **nesga** que significa fundamentalmente, tanto en galego coma en portugués e castelán, peza triangular de pano que se engade a un vestido para darlle o ancho que se necesita, e que logo pode ser empregada para referirse a un anaco de terreo.

A orixe desta voz é moi discutida. Hai quen pensa que vén do árabe *nasga* 'tecido' e hai quen coida que procede da verba latina NEXU 'enlace'. En galego é palabra corrente en moitos lugares.

De **nesga** xurdíu o verbo **nesgar** que primeiramente sería poñer **nesgas** a un vestido ou cortar ou facer **nesgas**. De aí pasou a significar, nun sentido máis amplo, cortar calquera outra cousa en dirección oblícua. E pode ser usada en sentido figurado como vemos neste exemplo de Luís Pimentel: *É esa noitarega / que nesgou o bosque*, onde vemos como a noitebra corta oblicuamente o bosque.

Pero ó lado de **nesgar** 'cortar algo en dirección oblícua' existe outro verbo semellante foneticamente, **sesgar**, que tal vez veña do latín SESECARE 'cortar' ou de SESSICARE 'asentar' e que ten tamén a mesma significación. E de **sesgar** naceron o adxectivo **sesgo** 'oblícuo' e o substantivo **sesgo** 'corte oblícuo', que se emprega ademais frecuentemente no sentido de orientación ou cariz que vai tomando un negocio ou calquera asunto.

Destes verbos naceron as locucións adverbiais **ó nesgo** e **ó sesgo** que equivalen a 'oblicuamente' e que son bastante usadas na fala popular e mesmo no ámbito literario, como vemos neste exemplo que tomo de Pondal: *Eu sei donde moran*, / *eu sei donde están*; / *ó sesgo das augas*,/ *as vin fulgurar*.

Tal vez máis populares cás expresións **ó nesgo** e **ó sesgo** é a locución adverbial, que xa comentamos nos *Retrincos da lingua*, **de esguello**. Cando dicimos *mirouno de esguello* queremos significar que o mirou en sentido oblicuo, é dicir, de reollo ou con disimulo.

Por último, debemos engadir outra expresión sinónima que debe vir do francés *d'eslais*, que se transformoi en castelán en *de soslayo*, e desta lingua pasou ó portugués e ó galego como **de soslaio**. Desta expresión naceu o castelanismo **soslaiar** que empregan algúns no sentido de deixar de lado ou salvar con rodeos unha dificultade.

841. Arreitar

As palabras van transformándose a través dos tempos tanto fonética como semanticamente e ás veces, sofren cambios e influencias doutras voces. Vexamos hoxe o exemplo do verbo latino ERIGERE 'poñer dereita ou tesa unha cousa' que deu en galego **erguer** onde conserva máis ou menos esa significación: moverse de abaixo arriba, pórse de pé, e a tan corrente de levantarse da cama.

Do participio latino deste verbo ERECTUS debeu saír como forma normal *ereito*, pero a realidade actual é que se converteu en **ergueito**, por influencia do infinitivo **erguer** e do participio inventado en

romance regularmente **erguido**. Sen embargo foi introducido de novo na lingua ese participio ERECTUS, que é o cultismo **erecto**, para manter claramente o sentido primitivo de 'posto dereito ou teso'.

Con todo, en galego e portugués debeu manterse unha forma latina paralela a ERIGERE que foi o verbo ARRIGERE, desaparecido pronto, pero que deixou na lingua o seu participio **arreito**, a partir do que se creou o verbo **arreitar** co sentido fundamental de 'poñer teso ou alto algo' ou de 'elevar algo'. Coido que debeu aplicarse a miúdo á auga que sae en chorro da terra. Así vemos que o empregan algúns escritores lugueses como Fole ou Iglesia Alvariño: *Moi docemente / como chafarises arreitando o ceo*... (versos do último escritor citado).

Pero do mesmo xeito que **erecto** foi aplicado á excitación ou erección do órgano sexual masculino, tamén **arreitar** se especializou actualmente, tanto en portugués coma en galego, na significación de 'causar erección' ou de 'excita-lo apetito carnal', acepcións que aparecen recollidas en case tódolos diccionarios sen ningún sinal de vulgarismo.

Para expresar esa idea de **arreitar** atopamos no *Diccionario da Real Academia* e *Instituto da Lingua* unha voz normal que ten entre outras acepcións a de 'provocar ou sentir desexo sexual'. Trátase da voz **excitar**.

No citado diccionario e noutros modernos rexístrase na voz **quentar** a acepción de 'excitarse sexualmente', pero ámbalas dúas palabras son consideradas nesas acepcións como vulgarismos.

842. Ligar

Atopamos hoxe no noso falar diario palabras que cremos completamente normais, correntes e tradicionais, pero que en realidade son voces cultas que substituíron ás tradicionais e se converteron en verbas correntes e vulgares. Traemos como exemplo do que acabamos de dicir ó verbo **ligar**, que é un cultismo entrado na nosa lingua hai uns catro ou cinco séculos.

Ligar conserva o significado fundamental da voz latina da que procede, LIGARE, é dicir, suxeitar unha cousa a outra por medio dunha corda ou algo similar (*liguei os dous anacos do meu bastón cunha corda*) e logo nun sentido máis amplo poñer en relación ou en contacto unha cousa con outra, ou unha idea con outra (*a existencia de certos vencellos que ligaron entre si as portas occidentais de Europa*, de Castelao).

Ligar toma tamén o sentido de unir e establecer relacións morais e afectivas entre as persoas, como vemos nestas frases de Celso Emilio Ferreiro: *conseguía que os veciños non poideran pagar o débito matrimonial ás súas esposas*, *e ligaba ás mulleres pra que non lle apetecera o fornicio*...; *dice que Xoan Moxico tena ligada pra sempre*. Desta significación pásase claramente á tan xuvenil e corrente actualmente de establecer vínculos afectivos (*Xan ligou bastante na festa de onte*).

E, á parte doutras significacións moi concretas, úsase **ligar** no sentido de mesturar substancias distintas para formar unha nova: *con estas tres bebidas ligou un bo combinado*.

Derivado do verbo **ligar** é o nome **liga** que ten a significación de cinta elástica para suxeitar medias e calcetíns (*contra o costume de amostraren as ligas as señoritas cando se sentan*, de V. Risco), alianza de países ou asociación de agrupacións de xentes para un fin determinado (*Liga vexetariana*, *Liga contra a polución*), competición deportiva (*Liga de fútbol*) e mestura líquida ou sólida de varias substancias. E de *liga deportiva* saíu o adxectivo **ligueiro**: *campionato ligueiro*.

Desta familia léxica culta témo-las voces **ligadura** que, ó igual que **ligada**, significa o mesmo que atadura (*de ligadura hiperfíseca que avencella un gran fato de homes*, de V. Risco), **ligame**, **ligazón**, **ligamento**, que equivalen a unión, vínculo, conexión, pero esta última é moi usada para expresa-lo cordón de fibras que liga entre si as articulacións óseas.

843. Legar, lear, enlear

O citado verbo latino, LIGARE, do que falamos no noso comentario anterior para explica-la súa vixencia de cultismo que se fixo vocábulo popular, penetrou en Galicia como voz normal latina e desenvolveuse con evolución fonética normal converténdose en *legar* co sentido orixinario que tiña en latín.

Temos constancia da existencia desta forma *legar* nos textos e documentos medievais. Sirva de exemplo esta frase que tomamos das *Cantigas de Santa María*: *e a ssa virgiidade legou forte no vencello o demo*. Pero esta forma por perda desa consoante *g* intervocálica (fenómeno que se dá noutras voces similares como **leal**, **real**, **fumear**) converteuse en **lear** que se mantivo así ata o día de hoxe.

Lear, que tivo en principio os mesmos sentidos que ten agora **ligar**, cando entrou este cultismo foi especializando a súa significación. Actualmente úsase **lear** no sentido de envolver varias cousas, desordenadamente, pero claro hai que supoñer que se fai con cordas ou con outras ligaduras tamén (*Non son quen de desfacer este paquete leado*). E ese sentido que ten ligar de establecer boas relacións entre as cousas convérteuse en **lear**, en establecer relacións que non traen boas consecuencias: *Leouse nun asunto que o levará á ruína*.

E esa significación de traer complicacións levou a **lear** a te-lo mesmo sentido que pelexar, é dicir, que de ligar ou unirse ou atarse algo mal se pasa facilmente a esa significación de pelexar, loitar, ter un altercado, etc.: *Esas vacas pasan o día leando* é frase que podemos escoitar en moitos lugares de Galicia.

Proba do que acabamos de dicir é que a voz derivada deste verbo, **lea**, significa 'corda' nalgunhas localidades e 'loita' noutras moitas.

E o composto **enlear**, que aínda en portugués conserva o sentido de 'atar' ou 'ligar', tomou en galego practicamente as mesmas significacións que **lear**: envolver varias cousas desordenadamente, meterse en asuntos do que resulta difícil saír e mesturar cousas que rematan dando complicacións ou confusións (*Non enlees máis as cousas*), pero polo que eu coñezo non tomou o sentido de pelexar...

Enlear ten un derivado, **enleo**, que equivale a enredo, maraña, complicación, como vemos nestes versos de Iglesia Alvariño: *Ai*, *noite*, *noite*, / *tecelana de pes leves*, *Penélope!* / *Ai*, *o enleo dociliño do fume larego!*

844. Meterse en líos

Xa vimos que a voz **lea** significa corda ou soga de esparto ou de xuncos empregada para atar. Pois ben, aínda máis corrente ca esta voz é a variante **lía** que naceu da conversión do grupo vocálico *ea* en *ía* que ocorre en moitas ocasións.

O mesmo pasa co verbo **lear** que se converteu en **liar**, que mantén as acepcións fundamentais do verbo orixinario. En principio teriamos que dicir que **liar** é suxeitar ou atar algo ou alguén con **lías** ou

con calquera outra cousa, papel, cintas, cadeas, etc. Temos testemuñado xa este verbo nas *Cantigas de Santa María*: *foronos ben liar / de liadura forte descomunal...*, *este laço en que jaz liado...*

Liar é envolver algo e suxeitalo ben para que non se desfaga. Cando faciamos antes un pito para fumalo, había que **lialo** ben. E **liar** é meter a alguén nunha dificultade ou nun traballo positivo, pois eu podo dicir *liei a Xoana para que faga este labor*, pero tamén é complicarlle a vida a varias persoas levando chismes, contos, faladurías, para encirralas. De aí o uso de **liar** tan corrente de 'rifar' ou 'pelexar' que podemos escoitar moi a miúdo das bestas e sobre todo das vacas.

O uso de **liar** co pronome **se**, é dicir, **liarse** fíxose moi corrente para significar ter relacións un home e unha muller fóra do que poderiamos chamar canles legais: *Xoana e Xoán coñecéronse hai pouco tempo e liáronse*.

Curiosamente os derivados deste verbo **liante**, **lieiro** e **lioso** soamente son aplicados a aquelas persoas que levan dificultades e complicacións a outras persoas ás que van con contos e chismes. Sen embargo os derivados **liadura**, **liame** e **liamento** manteñen o sentido orixinario de atadura.

O substantivo **lío**, derivado de **liar**, conserva tódolos sentidos deste verbo e por tanto un **lío** pode ser un envoltorio ou un fardo calquera, pero sobre todo un **lío** é unha porción de roupa. Cando eu digo *metinme nun lío* quero explicar que estou nun asunto difícil de resolver ou que me atopo nunha situación anormal.

Un **lío** pode ser algo complicado, pois como xa vimos co verbo **liar**, crea dificultades nas relacións cos demais que rematan en disputas, rifas, enfados ou pelexas e ás veces faise *un un lío* para poder desenredarse ou saír dese problema complicado.

Non obstante, cando tomámo-la palabra **lío** no sentido do **liarse** amoroso, citado arriba, non se crean tantos **líos** ou dificultades para saír dese **lío**. En fin, ¡miúdos **líos** se poden crear!

845. As liortas

Hai unha voz derivada de **lío** que xa recolleu Martín Sarmiento no seu *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*, publicado por J.L. Pensado, onde lemos: «Cuando Pedro no cree a Juan le dice: *con boas liornas te ves ahora*. Úsase entre rústicos». A verba **liorna** está recollida nos diccionarios casteláns e tamén nos galegos co sentido de algarabía, confusión ruidosa, dando como orixe desta voz (descoñecida en Portugal e mesmo en Italia) a cidade italiana de Livorno ou Liorna «onde se admite toda casta de xente».

Algún escritor como Pintos usou esta palabra no seu sentido de **lío** «disputa, altercado» nos seus versos: *Ou que non hai as liornas / que ti dis do teu terreo?... quen de vós sabe as liornas / dos partidos que se matan / por mandar?* E temos constancia do uso do derivado desa voz, **liornada**, nalgunha localidade da provincia de Ourense.

Con todo, o derivado de **lío** máis popular é a voz **liorta**. Hai algún etimoloxista famoso que cré que esta palabra xurdiu como variante de **liorna** por influencia da verba galega **loita**. Coido que ámbalas dúas formas son derivadas de **lío** ou **liar** que sen ningunha dúbida recibiron esas terminacións por contacto con outras verbas, e no caso de **liorta** non descarto que esa influencia sexa a da voz **loita**.

Liorta significa igualmente, como **lío** e **liorna**, barullo, confusión, situación ruidosa, segundo comprobamos por estes versos do citado Pintos: *e sacan muitas manadas / de birbirichiños frescos*: / *van enchendo os seus gabidos / sin liortas e sin berros*...

Unha **liorta** é todo asunto que se complica por diversas circunstancias e que non está nada claro, acepción que vemos usada por Castelao nesta frase: *Por eso necesitan un cacique que os liberte das inxusticias da Lei e das liortas avogadescas*.

Pero o significado máis usual hoxe de **liorta** é o de enfrontamento persoal, discusión, disputa, rifa, pelexa: *ás veces armábase unha liorta por mor do turno na fuchicadela*, frase de Celso Emilio Ferreiro; *A xente co grimo e a falencia chegou a esquencerse as antigas liortas*, de Ramón Otero Pedrayo, que noutro lugar chama á **liorta**, **liortada**: *e houbo mulleres tripadas polas bestas*, *e perdéronse renchos na liortada*.

E co sentido dos vocábulos xa citados de liante, lioso e lieiro existe un derivado de **liorta**, o adxectivo **liorteiro** que usou Castelao nalgunha ocasión: *e os nosos procuradores eran xente municipal e liorteira*..., *por ser un home de realidades e non un liorteiro xurídico*.

846. Enredarse

Despois de falar un tanto amplamente dos descendentes do verbo latino LIGARE que significaban 'mesturar cousas variadas' e 'meterse en asuntos complicados e confusos', considero oportuno rematar ese campo semántico dando unha serie de sinónimos para dar mostra das posibilidades que ten unha lingua de escoller diversas palabras para expresar conceptos similares.

Se a voz **lío** pode ser **barullo** 'ruído, confusión, desorde, mestura de xentes ou de cousas', do mesmo xeito **embarullar**, 'mesturar cousas, asuntos, desordenar para que todo quede confuso' toma algunha das acepcións de **lear**, **enlear**, **liar**. Se poñiámo-lo exemplo de *non enlees máis as cousas*, tamén poderemos dicir non *embarulles máis as cousas*.

Así mesmo, se **embrollo** é un **lío**, tamén poderemos usa-lo verbo **embrollar** no mesmo sentido que os verbos citados anteriormente e substituí-la frase citada por *non embrolles máis as cousas*.

Aínda que **guedella** é mata de pelos, o seu derivado o verbo **enguedellar** pasou a significar algo así como poñer unha cousa como unha **guedella**, é dicir, formar coas cousas algo confuso, mesturar cousas confusamente, meterse en problemas difíciles de solucionar. Por tanto **enguedellar** pode ser empregado como sinónimo dos verbos citados, e así pois non hai inconveniente en que a nosa frase se diga con esta voz: *non enguedelles máis as cousas*.

E canto acabamos de dicir de **enguedellar** podemos aplicalo a **maraña** e **enmarañar**: *Non enmarañes máis as cousas* resulta completamente igual ás frases citadas cos demais verbos.

Se ben habería posibilidade de engadir outras voces que circunstancialmente significan **enlear**, pechamos esta serie con **enredar**, que ten tamén esa significación corrente que vemos no noso exemplo: *non enredes máis as cousas*.

Pénsese que **enredar** ten como significación orixinaria prender na rede, e facilmente adquire o significado de meter ou mesturar cousas confusamente, e logo o de meterse en líos ou problemas de difícil solución. Pero **enredarse**, á parte destes sentidos, pasou de *liarse a liarse con gusto ou pracer en algo*, é dicir, a facer cousas que serven de diversión, a entreterse, a xogar.

En fin, non enredamos máis nestes problemas de sinonimia porque podemos enredarnos.

847. Sacarlle a bisma

Na novela de Castelao *Os dous de sempre* Pedro e Rañolas falan de buscar un cirurxán que lle corte as pernas e este último. Entón describen o traballo de un *de que se contaban miragres e trascaburradas*. *Uns decían que lle lavou os pulmóns a un tísico e que llos deixou novos do trinque*; *outros contan que compuxo unha perna rompida*, *e que ao sacarlle a bisma apareceu o pé revirado co carcañal para diante*.

Neste texto usa Castelao a voz **bisma** para indica-la vendaxe ou as faixas ou cintas que o cirurxán puxo sobre a perna lesionada, se ben podemos tamén entender esta voz na súa significación corrente de emplasto feito normalmente de estopa, augardente, incenso ou mirra, ovos e outros ingredientes que se aplica a aquelas partes do corpo enfermas ou feridas.

Bisma é voz bastante usada polos falantes galegos que ás veces empregan as súas variantes **pisma** e **abisma**, pero eu nunca escoitei a variante **bilma** que rexistran algúns diccionarios modernos. E aínda poderiamos engadir outras variantes antigas comúns ó portugués e ó castelán deste semicultismo que, procedente do grego, pasou ó latín como EPITHEMA.

Esta voz latinizada deixou tamén un descendente na lingua italiana, *pittima*, que loxicamente tiña o mesmo sentido da nosa voz **bisma**, pero que logo se especializou no emplasto feito con productos aromáticos do viño para ser aplicado á parte corporal máis preta ó corazón. Hai varios séculos os españois introduciron este tipo de emplasto xunto coa voz italiana *pítima* e logo déronlle a esta voz festivamente a significación de 'borracheira', pois facilmente pasou a expresión de *ter unha pítima no corpo*, que naturalmente cheiraba a viño, a te-la significación de ter unha boa chea ou carpanta.

E modernamente os médicos e os científicos volveron botar man da palabra latina para denominar, coa voz **epítema**, a toda clase de medicamento tópico que se aplica en forma de fomento ou cataplasma.

Digamos por último que **bisma** serviu de base ós verbos **bismar**, **abismar** e **embismar**, xa rexistrados no século dezaoito polo frade Sobreira, que significan 'poñer bismas nunha parte do corpo'.

848. Emplastos e parches

Vimos no comentario anterior o uso das bismas e das pítimas e a orixe destas voces. Probablemente cando se modificou a composición destes remedios medicinais houbo necesidade de buscar outras palabras que denominasen eses novos remedios.

Cando xa as linguas romances estaban formadas, buscouse na lingua latina unha palabra para dar nome a un medicamento sólido que se metía entre panos ou pelicas e que servía para dar calor a unha parte doente do corpo. Esa palabra buscada foi EMPLASTRUM (voz de orixe grega) que pasou sen evolucionar foneticamente ó francés, provenzal e catalán como *emplastre* e ó castelán, galego e portugués como **emplastro**.

Da voz **emplastro**, viva aínda no día de hoxe, xurdiron as variantes modernas **emprastro**, **emprasto** e a máis corrente nos diccionarios **emplasto**, que o de Xerais define así: «Preparado farmacéutico, apósito que se pega ó corpo para producir calor».

Ramón Cabanillas no seu libro *Camiños no tempo* ten un poema titulado "A filla do rei" no cal aparece a nosa verba entre outra serie de palabras que son remedios para a enfermidade desa rapaza:

Abofé que daba noxo / o que fixeron con ela. / Mediciñas, desconxuros, / ansulla de pita negra, / erba-rata, pan de sapo, rogativas e novenas, / emplastos na rabadilla / e cocimentos de xesta ... / todo foi de balde.

E **emplasto** é vocábulo tan gráfico que amplía o seu orixinario medicinal para chamar así a un remendo mal feito, a unha operación ou traballo mal acabado, a un amaño ou componenda, etc. E mesmo dise de alguén que está *feito un emplasto*; cando está achacadizo ou falto de forzas, ou que *é un emplasto*, cando é unha persoa importuna e insoportable.

Nos séculos quince ou dezaseis ponse de moda empregar unha bisma ou **emplasto** que se metía entre unhas pelicas especiais que se chamaban **parches**, voz de orixe francesa que procedía dunha clase de pel traída dos Partos. Un **parche** é pois en principio un anaco de pel (despois tamén de lenzo) impregnado de bálsamo ou ungüento que fai a mesma función que un **emplasto**.

Finalmente diremos que a voz **parche** toma as mesmas acepcións figuradas de **emplasto** e outras novas de remendo, pezas de tambor, mesmo tambor, pegote, etc.

849. Cataplasmas e outros apósitos

Os remedios médicos chamados bismas, pítimas, emplastos e parches reciben un novo competidor a principios da Idade Moderna consistente nunha masa húmida e branda, envolta normalmente en tea, para ser aplicada ás partes do corpo doridas ou inflamadas. O nome para este remedio foi traído da verba latina CATAPLASMA (de orixe grega) que foi introducida nas catro linguas peninsulares sen ningunha evolución fonética.

En galego **cataplasma** ten unha variante bastante popular **cataprasma** porque ese grupo fónico *pl* ten tendencia a ser pronunciado *pr*, como ocorre con outros casos semellantes. Os primeiros diccionarios preferían recolle-la forma máis vulgar porque así marcaban unha diferencia coa lingua castelá. O de Eladio Rodríguez dá boas noticias do uso deste remedio en Galicia: «El empleo de las cataplasmas como remedio curativo o calmante es común en Galicia; y en algunas comarcas aldeanas se consideran eficaces contra el dolor de cabeza las que vulgarmente se hacen de ajo, machacado con sal o patatas crudas mondadas, que se aplican sobre la frente».

Como pasou con algunha das palabras citadas arriba, tamén **cataplasma** foi usada figuradamente para chamar así a aquelas persoas que son indolentes ou enfermizas e a aquelas que son pesadas e molestas.

Pero na nosa lingua hai xentes que denominan á **cataplasma** co nome de **empadumada**, tal vez polo seu parecido, xa que esta voz se aplica a unha masa pastosa de calquera cousa, a unha comida mal feita e mesmo a un terreo, pantanoso ou lameiro.

Hai tamén quen chama á **cataplasma** co nome de **pegón** 'pedazo de tea, papel ou pel que se pega a unha cousa'. Facilmente pode comprenderse o sentido traslaticio desta verba.

As **cataplasmas** formadas a base de mostaza puxéronse de moda no século pasado e para denominar este tipo de medicamentos foi de novo buscada na lingua latina a voz que significaba 'mostaza', é dicir, SINAPI. De aí o nacemento dos **sinapismos**.

E por fin sinalemos que hai tamén un cultismo, **apósito**, procedente do latín APPOSITU, que poderiamos definir como remedio medicamentoso que se aplica exteriormente suxeitándoo con algo-

dóns, gasas, panos, vendas, etc. sobre feridas ou inflamacións do corpo, é dicir, que pode substituír a bismas e pítimas, a emplastos e parches, e a cataplasmas e sinapismos...

850. Éche boa prepia

Volvo contestar a F.R.F. de Lugo que me pregunta por esta expresión: *éche boa prepia* que di que escoitou moitas veces na súa crianza cando falaban dunha persoa de pouco fiar.

Aníbal Otero na súa obra *Contribución al Diccionario gallego* de 1967 rexistra a expresión popular é *unha boa prepia*, recollida en Gulpilleiras, que traduce por persoa ruín. Despois queda testemuñada nos diccionarios de Ir Indo e Estravís.

Pero xa antes, no século pasado, M. Valladares dá entrada á voz **prepa** que renvía a **plepa** e traduce así: «voz común familiar. Maula, carga». E posteriormente Leandro Carré rexistra **plepa** como «Maula, cosa inútil. Tramposo».

Eses son os testemuños que eu teño desta voz **prepia** e as súas variantes, xunto coa voz **plepa** do diccionario da Real Academia Española que a define así: «persona, animal o cosa que tiene muchos defectos en lo físico o en lo moral».

A etimoloxía desta voz non está nada clara. O diccionario español di que esta verba naceu da expresión francesa *plait pas* 'non agrada' que os militares de Napoleón dicían cando rexeitaban unha besta que lles querían vender.

Para o filólogo Corominas esta etimoloxía resulta inverosímil e prefire pensar que esta voz castelá procede do galego ou do asturiano e que é un vocábulo regresivo da palabra galega **perpiaño** 'bloque de pedra para a construcción', que ten as variantes **porpiaño** e **prepiaño**. Para o lingüista catalán ser un **prepia** é o mesmo que ser un **prepiaño**, é dicir, como unha pedra.

Non parece tampouco moi convincente esta teoría. Coido que se poderían aventurar outras. ¿Non ten **prepia** un sentido semellante ó de **prea** que significa non só 'corpo morto dun animal', senón tamén 'persoa despreciable ou inútil'? Tal vez cun cruzamento con **trepia** ou palabra similar puido orixinarse a nosa voz.

¿Acaso non poderiamos pensar no cultismo **peplo** 'túnica usada polas matronas romanas' que se converteu en **pepla**, **plepa**, **prepia** para indicar que alguén é como un **peplo**?

E aínda aventuro outra que me parece máis razoable. ¿Non será **prepia** ou **plepa** unha voz de creación expresiva ou onomatopeica que retrata foneticamente ó mentireiro ou tramposo que balbucea (*pre-pre-pla*) moitas explicacións?

851. Os cairos e os pitos cairos

Os dentes **canteiros**, é dicir, os que están entre os incisivos e os molares son chamados en varios lugares da provincia de Lugo **cairos**. Sen embargo esta voz **cairo** non ten nada que ver co **cairo** que vimos anteriormente que estaba relacionada coa calor, senón cos cans, pois esta voz ten a súa orixe nos *dentes canarios*, é dicir, semellantes ós dos cans.

O nome de **cairo** existe tamén no portugués transmontano, pero con nasalización da vocal tónica, fronte ó nome común *colmilho* que procede do castelán *colmillo* que tamén é frecuente en varios puntos de Galicia.

Sen embargo na maior parte da provincia da Coruña, por razóns de evolución fonética normal o **cairo** é chamado **queiro**.

Este adxectivo derivado de **can** xa non é visto polas xentes como tal, pois a mosca que vive sobre os cans é chamada *mosca de can* que debeu substituír á *mosca caira*, expresión que agora se emprega como sinónimo de *mosca burriqueira* ou *de besta*, que é a que vive sobre as cabalgaduras.

Pero hai outra voz **cairo** que non ten relación (coido eu) co **cairo** de calor ou co **cairo** de can. Trátase dun adxectivo que se aplica especialmente ós polos e ás galiñas que teñen poucas plumas ou pouca cola e tamén por ampliación dese sentido ós polos que quedan raquíticos. E Castelao chama así o vello que non debe namorarse: *Ai, como te deixaches rular por un pito cairo!*

E variantes correntes desta voz **cairo** son **cairento** e (coma no caso dos outros **cairos**) **queiro** e **queirés**, segundo constatamos por algunhas monografías léxicas.

Non teño claro de onde procede esta voz **cairo**, se ben algún etimoloxista propón a mesma orixe cás das voces citadas anteriormente. Penso que este **cairo** podería sér derivado de **caída** ou do verbo **caer** ou **caír**, xa que eses *pitos cairos* son pitos ós que lles caeu o pelo. Máis dificultades encerraría pensar no verbo latino CARERE 'carecer' por razóns de tipo fonético.

852. Outros cairos e queiros

Pola zona da Península do Morrazo chaman ós chuvascos, chuvieiras ou bátegas **cairos**, palabra neste caso que si me parece que ten bastante fundamento supoñela como descendente do verbo **caír** ou **caer**.

O diccionario de Eladio Rodríguez cóntanos que na confección das redes de diversas artes de pesca son empregadas unhas cordas chamadas **cairas** porque están feitas de **cairo**. Baixo esta última voz atopámo-la definición de **cairo** como filamento forte que se extrae do involucro do coco e que serve para facer cordas.

Non parece haber dúbida que este **cairo** debeu ser importada de Portugal polos nosos mariñeiros. E os portugueses tomaron esta voz do malaiala-tamul *kayuru* que significa corda.

Na parte inferior do chedeiro dos carros e da cabezalla van unha especie de chavellas que serven para suxeita-la corda que fixa a carga que son chamados **queiros**. Poderíase pensar que este **queiro** é unha evolución, foneticamente normal, da voz latina QUADRUM 'cadrado' que á parte de dar en galego **cadro** puido moi ven seguir evolucionando en **cairo**, **queiro**, do mesmo xeito que a voz latina CATHEDRA deu en galego **cadeira**.

Non obstante coido que sería máis lóxico, dada a forma que teñen estas chavelliñas, relacionar estes **queiros** cos dentes cairos. E no caso da voz **queira** 'moxega', non sería descamiñado poñela en relación cun descendente de CANALE, é dicir, CANALARIA. Esta teoría levoume á existencia da voz **queira** (que me parece derivada de **queiro**) que recolleu Aníbal Otero e que ten a significación de moxega ou muxega e que é a caixa de forma piramidal pola que o gran cae para ser moído.

E por último quero citar toda unha serie de voces que comezan pola sílaba **queiro** e que non teñen relación cos **queiros** citados: **queiroa**, **queiroga**, **queirota**, **queiruga**, nomes que reciben varias especies de breixo, con forma de arbusto de folla perenne que florece no verán e que proceden dunha raíz probablemente prelatina. Os lugares onde se dan estas **queiroas** teñen os nomes de **queiroeira**, **queirogal**, **queirotal** ou **queiroteira**.

VIII. TESOUROS DA LINGUA

853. Tesouros e tesouras

Titulamos esta serie de comzentarios lingüísticos *Tesouros da lingua* en homenaxe ó ilustre escritor mindoniense Álvaro Cunqueiro quen en 1964 publicou o seu libro *Tesouros novos e vellos* no que relata historias dos tesouros encantados, tema ben querido polo noso escritor e que lle serviu de discurso de recepción na Real Academia Galega.

Para Cunqueiro o **tesouro** era algo vivo, algo así como unha persoa que escoita e obedece as palabras e que fala: *Si unha parte diste traballo trata do tesouro como persoa e do tesouro como palabra*, *é porque eu ademito o poder antropomorficador do esprito ensoñante e porque*, *adeprendiz de poeta*, *saúdo sempre a verba reveladora*.

Naturalmente non paga a pena de comentar nada especial da voz **tesouro**, procedente do grego a través do latín THESAURUS, común ás outras linguas romances, popular en toda Galicia a tódolos niveis da lingua, pero si lembrar que nalgures existe outra palabra igual, **tesouro**, que non ten nada que ver con diñeiros nin con xoias. Esta voz é unha variante de **tesoiro**, bastante estendida pola metade sur da provincia da Coruña, da mesma familia que **tesón** e derivada por tanto de **teso** 'tenso, tirante'. Estoutro **tesouro** ou **tesoiro** ou **tesón** serve para denomina-lo traveseiro que une as chedas do carro.

Cunqueiro non fai referencia nas súas obras a estes **tesouros** ou **tesoiros**, pero si emprega nas *Crónicas do Sochantre* a voz **tesoura**: *Levaba... unha tesoura coa que habería que cortarlle a perrera ó derradeiro rei que houbese en Francia... e tiña a tesoura unha seña que decía Fun de Xudas Iscariote*. Quen non entendese esta verba nesa cita poderá comprendela mellor nestas frases que tomamos de *Xente de aquí e de acolá*: *E non ben fixo iste saúdo*, *desapareceu o xastre coa súa mesa*, *as súas tesouras e o pano marelo... o primeiro que mirou Delfín foron as tesouras que brilaban ao sol. Eran unhas tesouras raras*, *nunca vistas*, *compostas por dúas fouces iguaes...*

Esta palabra **tesouras** usada por Cunqueiro está menos estendida na fala ca **tesoiras**, que procede do latín TONSORIA e deixou descendentes en case tódalas linguas romances e no castelán a voz *tijeras*, nome que probablemente penetrou a nosa lingua cando entrou algún tipo especial deste instrumento.

O castelanismo **tixeiras** está bastante espallado na fala popular e algúns escritores úsano: *E o poderoso berro / non* detén *as tixeiras traballando* (Pintos), A *nosa industria de amolar coitelos*, / *navallas e tixeiras / non ten rival no Oucidente* (Celso E. Ferreiro). Tamén A. Cunqueiro fai referencia ás tixeiras na súa *Cociña galega*: *e coceu moitos pulpos na mesma auga e cunhas tixeiras vaino cortando no plato no que se ha de comer*.

854. Naide e nadia

Temos en galego un pronome indefinido común a toda Galicia para significar ningunha persoa: **ninguén**, pero aínda hoxe viven descendentes dunha voz sinónima deste pronome que procede das locucións latinas HOMO NATU e HOMINES NATI que deron lugar orixinariamente ás formas *nado* e *nadi*. E houbo outra locución RES NATA da que naceu a forma **nada** para significar ningunha cousa.

Resulta evidente que a forma **nada** chegou ata hoxe sen ningunha modificación posterior, e é voz común en tódalas falas galegas e normal para tódolos escritores. Das formas *nado* e *nadi* saíron toda clase de combinacións: **nadie** e **nadia**, **naide** e **naida** e mesmo **naidie** e **naidia**. A pesar da existencia do pronome **ningúen** perviviron vulgarmente, e mesmo entre algúns escritores, algunhas desas formas: **nadie**, **nadia**, **naida** e **naide**.

Nadie vese hoxe como un puro castelanismo pero é bastante escoitado na metade norte da provincia da Coruña, e foi usado xa por Pintos: *Ningúen se azaña anque vexa / que se calle mais ou menos*, / *nin dice nadie esto é meu / mentras que no ten no cesto*.

A forma **nadia** é bastante usada en varias localidades das provincias da Coruña e da costa de Pontevedra (*non o sabía nadia*, *non había nadia quen pudera facelo*), e curiosamente vin que a usaron dous escritores ourensáns: Curros Enríquez (*soliña no mundo / de nadia mirada... nunca neguei nada a nadia*) e Celso Emilio Ferreiro (*Nadia o quería nin el quería a ninguén... Nadia como ela* se *amañaba con tal xeito*).

Cunqueiro debeu escoitar esta voz nalgures; pero non a interpretou ben nos seus escritos: *Era o tempo do tempo e nadia había que faguer... Nadia puido saber a policía do Papa... nadia poden contra istas memorias xa que ten claramente a significación de nada e non a de ninguén*.

A forma **naida** está viva na fala popular dalgunhas localidades de Ourense, pero é **naide** a forma máis popular en toda Galicia. Aínda que os gramáticos condenaron sempre este vulgarismo, **naide** foi moi empregado polos nosos escritores: *A naide invocara / de todo ese gremio* (Pintos), *De min mesma*, *naide*, *naide*, / *naide me libertará* (Rosalía), *que dende que faltas ti / naide baila nin se ri* (Curros), *que tés a rapaza enferma / dun mal que naide adiviña* (Cabanillas), *Que naide é inocente nesta guerra* (C.E. Ferreiro)...

Álvaro Cunqueiro pertence tamén a ese grupo de escritores que ó lado da forma normal **ninguén** emprega o chamado vulgarismo **naide**, polo menos nunha proporción de un a tres: *Sin que naide o soupera... Naide agardaba aquel mencer... Xa non queda naide no mundo... Non* se *perxudica a naide... Sen pararme con naide...*

855. Sob, sober e sobor

No primeiro libro publicado por Álvaro Cunqueiro aparece este poema que me chamou a atención polo uso nel da preposición **sob**: *Unha*, *dúas*, *tres*: *A lancha / enchen de sombras*, *áxiles e nítidas*. / **sob** *de ti voan*: *craras*, / *navegantes*, / *tibias*. *Catro*, *cinco*, *seis*. *Gueivotas*. Resulta evidente que neste versos **sob** ten a significación de **sobre**.

Coido que Cunqueiro aprendeu librescamente esta forma medievel **sob** (que procede do latín SUB e que evolucionou normalmente en **so**; logo foi escrita coa recuperación da consoante final) e na

primeira ocasión que a usou fíxoo erradamente. Despois nas *Crónicas do sochantre* xa a emprega correctamente na significación de 'baixo': *faría o almozo sob das ponlas frolidas... sob o comando do meu curmán*... E logo aparecerá de forma normal nas demais obras: *E sob o nome*, *un solene rubricado* (de *Escola de menciñeiros*), *moitas vilas que agora hai ficarían sob as augas* (de *Se o vello Sinbad volvese ás illas*), etc.

Curiosamente teño que dicir que outro escritor lugués, Aquilino Iglesia Alvariño, gusta de empregar esta preposición: *A súa copa... dobrégase trembando / sob as gadoupas duras dunha ave de rapiña... E trembequean caladas sob a chuva / as campaíñas roxas das carpazas...*

Pero Cunqueiro ama tamén o uso doutras formas que teñan un aspecto medieval e que se diferencian da forma castelá *sobre*. Trátase de **sober**, **sobor**, **sóber** e **sóbor**.

A forma latina SUPER evolucionou normalmente en galego e portugués en **sobre**, e por metátese do *r* foi escrita nalgúns textos como **sóber** que é como a usa nalgunhas ocasións Cunqueiro: *¿queres botar un tapiz sóber dise cadavre?* (de *Hamlet*), *tras voar sóber das roseiras* (de *A noite vai coma un río*), *cruza os brazos sóber do peito* (de *Palabra de víspera*).

Sen embargo o escritor mindoniense emprega moitísimo máis a variante **sober**, de tal xeito que podemos dicir que é a preposición normal en vez de **sobre**: *sober dúas torradas de pan... levaba os brazos cruzados sober do peito... sober do tellado... un fermoso alto sober do val... derrétenselle sober da barriga...*

Probablemente da forma medieval *sober elo* formáronse locucións como *sobelo*, *sobolo* e por último *sobor elo*. De aí o uso da forma **sobor** polos escritores galegos: *chove*, *chove sobor das ponlas* (Iglesia Alvariño), *levou sete barcos sobor dun espazo de catro millas* (Otero Pedrayo), *vivían sobor do terreo* (C.E. Ferreiro). Tamén Cunqueiro a emprega varias veces: *sobor do ventre... sobor da terra... o trato é pago sobor do barril...*

E na súa obra *Hamlet* presenta a variante **sóbor**: *¿Miras como a pousa*, *ben aberta*, *sóbor do peito...?* Tamén empregan esta variante Iglesia Alvariño (*de xonllos sempre sóbor da terra*) e R. Cabanillas (*Recenden as mazáns sobor da mesa*).

856. Vegoña, veleda e deslingar

Nunha poesía "Noivado III" do libro *Poemas do si e non* lin os seguintes versos: *A miña noiva noiva! Ollade as plantas. / Eu teño frío. Unha vegoña sensitiva. / Ollade como todo eu estou revolto*. Neles achámo-la voz **vegoña** que a primeira vista non recoñecemos. Pero máis tarde, no libro *O incerto Sr. D. Hamlet* lémo-la seguinte frase: *Por entre unhas arcadas*, *vese o xardín*: *crisantemos*, *begoñas*, *hedra*, que nos fai recordar que a planta herbácea **begoña** é a **vegoña** anterior escrita sen esa grafía *v* que debeu ser unha errata no libro *Poemas do si e non*.

De tódolos xeitos hai que recoñecer que Cunqueiro transformou a verba normal **begonia**, nome posto a esa planta en honor do político francés Bégon, en **begoña** tal vez por un afán de galeguizala ou diferenciala da voz similar castelá. Recordo outro caso semellante que fixo coa palabra culta **cerimonia** que en *Merlín e familia*... converteu en **cerimoña**: *cando amencendo os volvimos ao cesto das mazás coa mesma cerimoña con que os recibimos* e en *Sinbad* en **ceremoña**: *e fixo as ceremoñas...*, *i estaba alí ó tanto de tódalas ceremoñas e da cociña*.

Coido que ese afán diferencialista foi o que levou tamén a transforma-la voz **veleta** (palabra común ó portugués e ó castelán e de orixe moi discutida) en **veleda**, cambiando a terminación *-eta* en -

eda. Nun dos seus primeiros libros, *Cantiga nova que se chama Riveira* xa escribe **veledas**: *Veledas de namorar*, / *quén as vende*, *quén as merca?* E o mesmo fai en *Merlín*: *do pazo das Cen Veledas*, en *Simbad* frecuentemente: *i ademais de cestos faguía veledas volantes... e contáballe á veleda como eran os ventos de Arabia*, e en *Crónicas do Sochantre*: *que o ceibaba pra cazar pombas de trapos que colgaba en veledas... estaba mister Franklin buscando con veledas e globiños a arte de atraguer a chispa*.

Aínda que a palabra **catavento** é a recomendada polas autoridades da lingua, a citada voz **veleta** é bastante usada non só no seu sentido de aparello para indica-la dirección do vento, senón no de persoa inconstante e veleidosa. Podiamos citar varios autores que usan este vocablo. Sirvan estes exemplos de Rosalía: *Di*, *con mengua de min*, *que non sabe* / *que airiños me viran*, *veleta mal posta* e de Curros: *E na cima da torre* / *o galo da veleta desprumado* / *remela os ollos*...

Por último mencionamos outro par de versos do citado libro *Poemas... e as súas olladas ían dereitas a deslingar o sono* / *das súas mesmas intimidades*, nos que encontrámo-lo verbo **deslingar** (apenas rexistrado nalgún diccionario) que Cunqueiro debeu escoitar pola súa terra, xa que o único testemuño que posuímos é o do filólogo Aníbal Otero que o recolleu por esa zona no sentido de desenredarse dunha silveira, significación que se pode aplicar ó **deslingar** do escritor lugués. Este vocábulo seica naceu como cruce das verbas **deslindar** e **deslingar**.

857. Novedar

Unha información que se dá ou que se ten sobre alguén ou sobre unha cousa ou acontecemento é unha **nova** (*Na casa de Sinbad está Ruz o Mouro e trae novas de que se perderan dúas naos... diría novas que ninguén esperaba* son frases do *Merlín* cunqueiriano) ou **noticia** (*Un día Louzao recibíu noticias de Buenos Aires... morreu da ledicia que lle producíu a noticia de que restauraban ao Eduardo*, da obra *Tesouros*).

Da voz **noticia** xurdíu o verbo **noticiar** que non atopei nas obras de Cunqueiro porque preferiu o uso desta palabra **noticia** precedida do verbo **dar**: *déronlle a noticia de que era un reló de trampa* (de *Feirantes*), *que lles daría eu a delambos unha noticia* (de *Xentes*) ou do verbo **anunciar**: *anunciou que chegaría pra a Peregrina... o espello seu anunciáralle a morte pra tal día e tal hora* son exemplos que tomamos da obra citada *Os outros feirantes*.

Pero outra voz sinónima de **noticia** e **nova** que emprega Cunqueiro é **novidade** (*leváballe de comer ó mouro e máis de beber*, *e dáballe as novidades do mundo*, de *Tesouros*) que usa tamén coa significación de producto novo ou de moda (*Engalanábase moito coas novidades*, de *Merlín*) e que bastantes veces a substitúe polo vulgarismo **novidá** (*Gostaría en ser o pirmeiro en darlle a novidá*, de *Hamlet*) e do seu plural **novidás** (*sempre me anda decindo si non sei máis novidás en xogos de cama*, de *Sinbad*).

Cunqueiro acolle tamén nas súas obras outra variante da voz **novidade**. Trátase de **novedá** (*teño ouvido moita novedá* escribe en *Tesouros*) e dos seus plurais **novedás** e **novedades**: *Pro a grandeza cánsase axiña de novedades... procuraba aínda avivar a súa imaxinación de preguizoso con escuras novedás* son frases de *Crónicas do Sochantre*).

E destas últimas formas crea un novo verbo que ten unha significación clara e evidente: **novedar** (*chamábase Xazmín*, *novedoume á noitiña a señora Marcelina*, de *Merlín*), verbo que non atopei rexistrado nos diccionarios galegos, portugueses, casteláns nin visto nas obras doutros escritores.

858. Unha presada de casas brancas

Como proba da riqueza léxica e do gran coñecemento que Cunqueiro tiña da lingua traemos a colación o uso que fai de voces que indican cantidade de cousas que se poden abarcar.

Comecemos pola voz **presada** que, á parte de significar cantidade de auga que contén unha presa, serve para designar normalmente todo aquilo que podemos prender nun puño ou nunha man. Cunqueiro fala de *unha presada de comida*, *unha presada de sal*, *unha presada de pasas*, *unha presada de rosas* e *unha presada de ouro*, pero tamén dunha *presada de casas brancas* e mesmo dunha *presada de remorsos* que xa non podemos coller coas mans.

Presada é voz moi popular e moi usada polos escritores de tódalas épocas ata o día de hoxe como vemos polos seguintes exemplos: *presada de coxíns de cores pálidas* (Méndez Ferrín), *presada de moedas de ouro* (V. Freixanes), *presada de cravos* (H. Villar - X. Rábade), etc.

Para ese sentido de algo que se colle na man emprega Cunqueiro as verbas **puñado** (*atopamos a caixa de pasta de mermelo e dentro dela un puñado de pó marelo*) e **feixe** (*un feixe de papeis*..., *un feixe de herba*..., *un feixe de xornais e revistas*), voz esta que usa tamén nun sentido amplo: *un feixe de habitacións estreitas*... *un feixe de noticias sober tesouros*.

A palabra **manchea**, que en principio significa 'aquilo que cabe na man', é empregada por Cunqueiro tamén cun sentido máis amplo: *cunha manchea de muíños de vento*..., *craras espricaciós pra unha manchea de fábulas arredor de tesouros*.

Pra indicar cantidades maiores fai uso Cunqueiro das voces correntes **montón** (*mirando pra un montón de viruta decatouse de que se movía*..., *Unha grande mesa sober da que hai montós de libros*) e **morea** (*unha morea de ouro máxico*..., *decatouse a tempo que a viuda era toda unha morea de postizos*..., *moreas de riqueza gardadas por fadas*, *mouros*, *enanos*...) que son tamén palabras moi populares e moi usadas por outros escritores.

859. Esgüirse

Hai un verbo bastante usado por Cunqueiro, **esgüirse**, que é coñecido nalgúns lugares da provincia de Lugo e está citado por Leiras Pulpeiro, pero que está rexistrado en poucos diccionarios coa significación de escapulirse ou escaparse algo de entre as mans.

No libro *Xente de aquí e de acolá* atopamos esta frase: *esgüindo a cara pra que non lle trabara a besta cos seus dentes afiados*, na que claramente se ve que **esgüirse** ten o claro sentido de esquivar, retirar, separar, etc.

Nas *Crónicas do Sochantre* achamos estes dous exemplos: *Subíu á súa habitación esgüíndose ás caladas*..., *O verdugo de Nancy esgüíuse entre iles pra darlles o apunte dos berros*, e en *Merlín* o seguinte: *tivo tempo de coller polo pescozo ao demo que fuxía*, *pro iste puido esgüirse e perderse pola chimenea*. En todas estas frases podemos considerar que **esgüirse** ten a significación figurada de escorrer, escapulirse, esvararse, etc.

Para casos semellantes emprega ás veces outras voces: **fuxir** (*as señoras fúxenlle á cociña*), **esvaírse** (*unha longa nuben azul que pouco a pouco se esvaía*) e sobre todo **escorrer** (*I aínda resta a sorrisa*, *que non está nos beizos*, *que escorre por entre eles*..., *soños que escorren día a día do corazón do home*..., *Borrallo era pequeno e fraque*, *i andaba sempre escurríndose*).

No libro *Sinbad* temos esta frase: *E coa man imitaba unha serpe esgüíndose por entre unha xunqueira*, na que podemos considerar **esgüirse** voz sinónima de **esvarar** (*pero o delfín esbaráballes das mans... ¿sóupose de alguén que esbarase para arriba?*) e na obra *A noite* lemos: *E corrín. Esgüinme por entre os cabalos* onde o noso verbo é sinónimo de **escapar** (*Era un elefante que se escapara dun circo*).

Neste outro exemplo que tomamos de *Merlín*: *O enano púxose roxo e perdeu toda fachenda, esgüíndose tras meu amo*, **esgüirse** equivale a **esconderse** (*Escóndete comigo naquil recuncho*), **agacharse**, **ocultarse**, etc.

Coido que a través dos citados exemplos do uso deste verbo pouco corrente se ve o interese de Cunqueiro por enriquece-lo léxico da lingua galega.

860. Debolecer

No libro *As Crónicas do Sochantre* lemos esta frase: *argüindo De Crozon que os músicos de metal non poden deixar que se lles deboleza a embocadura*, onde atopamos unha voz, **debolecer**, que non achamos rexistrada en ningún diccionario.

Digamos en primeiro termo que a **embocadura** é en xeral a boca dos instrumentos de vento, o bocado do freo, o sabor do viño, etc., pero **embocadura** é ademais o feito de tocar ben un instrumento. Así podemos dicir de alguén que ten boa *embocadura* se toca con suavidade e sen que se lle noten os sopridos.

Temos entón que a expresión *debolecerse a embocadura* ten a significación de abrandarse a embocadura ou baixarse a calidade do resultado do feito de tocar. Cunqueiro, na versión castelá do seu libro, traduce **debolecer** por *ablandar*.

Esta voz **debolecer**, coido eu, xa que non teño constancia da súa existencia na fala popular, debe ser unha de tantas recreacións cunqueirianas. A palabra sinónima que emprega el frecuentemente é **amolecer**: *amolece na súa boca con cuspe e pó de canela as pedras de zucre indio...*, *e molla no leite unha migalla de pan seco que deixa amolecer* (de *Sinbad*), *queima as follas que amolecen e perden a súa tersura* (de *Cociña*) etc., da que creou o nome **amolezo**: *Namentres se enxabonaba as barbas*, *que moito amolezo precisaban* (de *Sinbad*).

¿E como de **amolecer** pasou a **debolecer**? Imaxínome que outras palabras que comezan por *deb-* poden se-la causa da creación desta nova forma. Penso na influencia de **debilitar** e de **devecer**, que en moitos lugares da provincia de Lugo significa adelgazar.

Naturalmente, á parte destas voces citadas, puido empregar Cunqueiro algunha outra voz como **abrandar** (que el substitúe pola variante **ablandar**: *Os tirabeques hai que cocelos moi a modiño*, *e que non ablanden en demasía*, de *Cociña*) ou **suavizar**: *suavizareiche as mans con secante de lirio e con país tostado de Venecia* (de *A noite*).

861. Adovea, ambre e soleo

Na obra *Merlín* atopámo-la voz **adovea** nun texto onde se describe un arco que ten *a adovea maxistral mesmo a pique da grande cidade de Aquisgrán*. Non entendo neste caso concreto a razón de por que Cunqueiro modificou a palabra normal galega **doela** que ten as variantes **duela** e **aduela**. Tal vez tiña presente ó escribir esta verba a voz castelá *dovela* ou *dovelar*. E estas formas «galeguizounas» suprimindo

a consoante *l* intervocálica. Esta voz só a emprega no texto citado e non coñezo ningún autor que a use nin a vin en ningunha obra léxica. Por iso creo que é unha creación persoal de Cunqueiro.

Noutros lugares da mesma obra fala desa resina fósil de cor amarela e de moitas aplicacións industriais que se chama en galego normativo **ámbar**, palabra pois normal sobre todo a nivel culto e empregada por algún escritor, alomenos por Otero Pedrayo. Pero Cunqueiro prefire a variante popular **ambre**, que recollen algúns diccionarios, que empregou algún escritor, como Vicente Risco (*pipa d'ambre pra pito e pra puro*), e que el utilizou nestas frases de *Merlín*: *talismás*, *amuletos*, *vasos de ambre*; *anteollos bós e baratos...*, *i a moeda que corre en Tulé non é de ouro*, *senón de ambre eleitrón*.

No capítulo "O espello do mouro" da obra *Merlín* fala o narrador dun espello encantado capaz de facer ver nel cousas extraordinarias. Entón, Merlín conta que foi el quen o fixo: *Aconteceu que na mistura do soleo paseime un punto*, *e iste condenado espello*, *asegún soupen despois*, *comezou a entrefrebar co verdadeiro futuro cousas que il mesmo inventaba*.

Nese texto atopámo-la voz **soleo** que claramente significa a composición química para facer espellos. Agora ben, a palabra **soleo** non está en ningún diccionario e non se nos ocorre pensar outra cousa que Cunqueiro imaxinou que esa composición para facer ese espello era como un baño de sol ou era unha especie de algo semellante a un sol que permitía que a placa de cristal se convertese en espello.

Naturalmente a mestura para facer espellos faise normalmente con ese metal branco e brillante máis pesado có chumbo que se chama **azougue** segundo vemos por estas frases da mesma obra que se refiren a un espelliño: *ao espelliño volábaselle o azougue cando lle estaba adiviñando...*; *a compostura non era auga de maio*, *que faguía falla azougue italián serenado...*; *Pon fóra do meu reino o teu espello*,.. *foi verdade o que mirache no seu espello*.

Loxicamente temos que pensar que o **soleo** é unha composición con **azougue**.

862. Caramita, aristón e dulleta

O mouro tunecino Alsir do que se fala en *Merlín* era un home que *viaxaba os andares vendendo caramitas*, *esencias e libros de historia*. ¿Que son caramitas? Noutro lugar da mesma obra queda explicada esta voz porque o autor describe a este personaxe así: *era vendedor de caramitas ou agullas de navegar*.

Efectivamente, a voz **caramita**, que non está recollida nos diccionarios galegos, é palabra de orixe grega que se espallou na Idade Media entre os navegantes para significa-la agulla de navegar que se colocaba sobre un trozo de cana. Os italianos chamábana *calamitae* os cataláns e casteláns *caramida*. Probablemente Cunqueiro tomou esta palabra do castelán.

A expresión de *agulla de navegar* que cita no texto de Merlín é tamén, reducida simplemente a agulla, a palabra normal para indica-lo aparello de superficie circular onde van representados os puntos cardinais cunha agulla con imán no centro para indica-la dirección norte. No libro *Sinbad* repite bastantes veces esta verba: *Agora tódalas novidás son por mapa i agulla....*, *puxo a agulla ó norde...*, *abríu a caixa da agulla...*, *unha agulla de marear...*

Cunqueiro non usa nunca a palabra recomendada polos gramáticos para designar este instrumento, **compás**, pero si o castelanismo **brúxula**: *A miña craraboia en brúxula silvestre* (de *Poemas do si e non*).

Outro instrumento, pero este músico de manubrio ou manivela, semellante ó popular castelán *organillo*, é o **aristón** que cita na súa obra *Merlín* falando do bispo de Lamego, *que tiña un aristón i un corvo que falaba latín* e tamén nas *Crónicas*: *Meu pai... veu... a mercarlle... unha caixa de música... que lle chamaban «la grande armónica». Ao lado dela o aristón non val ren. / O aristón é mui variado apuntou o sochantre...*

A voz **aristón** non está recollida nos diccionarios galegos e, polo tanto, coido que é unha voz introducida por Cunqueiro tomándoa do castelán *aristón*.

No libro *Crónicas* atopamos outra palabra que non aparece recollida nos diccionarios galegos e que probablemente ven do castelán. Trátase da voz de orixe francesa **dulleta** que ten a significación de bata ancha, segundo comprobamos polo diccionario da Real Academia Española e que moitos galegos usan para denomina-lo abrigo negro que poñen os curas. Polo contexto non sacariámo-la súa significación: *Adeprendera pra xastre*, *e dábaselle mui ben o corte da dulleta*.

863. Tería obra de vintecinco anos

A palabra **obra** é unha voz empregada por Álvaro Cunqueiro nas súas significacións normais de cousa ou actividade feita por algo ou por alguén (*Nunha semán rematou a obra*, de *Escola*), de calquera produción do entendemento nas ciencias, letras ou artes (*unha obra de mérito en marfil...*, *dubido en darlle ou non un papel ó autor na obra*, de *Hamlet*), conxunto da producción dun artista, dun escritor ou dun científico, edificio en construcción, acción humana positiva, etc.

Tamén usa a verba **obra** na locución adverbial **de obra** para significar que a acción dun verbo se realiza de maneira material por oposición á acción verbal ou inmaterial: *pedíulle que lle xurase que non tivera nada que ver coa morte de Gareto*, *nin de pensamento*, *de palabra ou de obra* (de *Xente de aquí e de acolá*).

Pero Cunqueiro emprega varias veces outra locución adverbial **obra de**, que vemos nesta frase de *Escola de menciñeiros* na que se describe un forasteiro que falaba castelán: *Tería obra de vintecinco anos*. Na obra *Merlín* o narrador falando de si mesmo di: *Cando de obra de nove anos cumpridos por Páscoa*, *coa pucha na man*, *achegueime á porta...*; noutro lugar da mesma obra trata de Marcelina, *unha camareira de obra de corenta anos*, e máis adiante cita *un paxe de obra de catorce anos*.

Esta expresión **obra de** non a atopei en ningunha das obras léxicas que posuímos e coido, por tanto, que non debe ser popular. Sen embargo esta locución aparece citada no diccionario da Real Academia Española que di que se emprega para determinar unha cantidade sobre pouco máis ou menos, cando non se pode sinalar un punto fixo e tamén no diccionario portugués de Figueiredo no sentido de 'proximamente a, pouco máis ou menos que'.

Probablemente o escritor mindoniense aprendeu esta locución nas súas lecturas de obras castelás ou portuguesas e introduciuna nos seus escritos. Nos exemplos citados ten claramente o valor de aproximadamente. Como unha proba máis do uso da locución adverbial **obra_de** temos estoutro exemplo que collemos do libro *Si o vello Sinbad volvese ás illas*: *O mercader*, *que se chamaba Sidi Muza*, *i era un home mui cortesán*, *de obra de sesenta anos e mui cuspidor...*

864. Apregar e arbolar

Volver unha parte dunha cousa flexible sobre outra é **dobrar**, voz que emprega ás veces Cunqueiro (*coa capadril dobráda*, de *Sinbad*) xunto coa forma **doblar** (*estaba o xornal. Colleuno*, *doblouno*, de *Xente*). E da mesma familia léxica é **dobregar**, que ten unha significación parecida como vemos nestas frases: *Dobregábaselle o xoenllo pra fóra* (de *Xente*) e *Co andar dobregado* (de *Crónicas*), e a súa variante **doblegar** (*Doblegou sobre o peito a nobre cabeza e morreu*, de *Herba*).

O sinónimo máis corrente do verbo **dobrar** é **pregar** que soamente vin empregado por Cunqueiro unha vez no libro *Herba aquí ou acolá*: *os beizos cando se pregan falan*. El prefire utiliza-la variante **apregar** que non recollen en xeral os diccionarios porque a consideran vulgarismo.

No libro *As Crónicas do Sochantre* vemos varios exemplos do uso deste verbo: *O sustituto estaba daquela co milicián apregando en catro a bandeira...*, *o Ismael Florito tiña que andar cáseque apregado pola cintura*. De *Escola de menciñeiros* é o seguinte: *coa chaqueta apregada no brazo*. E noutro parágrafo de *Crónicas* emprega o derivado deste verbo **apregadura**: *por ver si pasando a campos soleados curaba da soá e das enquebradas da apregadura*.

En moitas partes de Galicia **apregar** é unha variante de **apegar** e neste exemplo de *Crónicas*: *que no que me dades máis dó é en ver como se vos apregan de valeiro os encaixes sober das costelas* parece que ten esa significación.

Fronte á idea de **dobregar** no sentido de 'curvar, someter ou abaixar' témo-la voz empregada por Cunqueiro de **arbolar** coa significación de 'levantar': *i aínda derriba distas casas arbolaron outras i outras* (de *Sinbad*). **Arbolar** é claro castelanismo por **arborar**. Curiosamente o escritor mindoniense usa sempre a forma normal da que procede esta voz **árbore** (*con tódolos árbores abertos*, de *Hamlet*), así como a palabra **arboreda** (*un fermoso alto sober do val que é unha leda arboreda*, de *Tesouros*).

Naturalmente Cunqueiro utiliza frecuentemente no sentido de **arbolar** os verbos **levantar** (*acudiu meu amo a levantarlle a tapa*, de Merlín), **alzar** (*traguía cruz alzada*, de *Merlín*), **erguer** (*e na mesa pido ser o que lle erga a tapa*, de *Cociña*), **endereitar** (*botou todo o corpo á esquerda*, *endereitouse*, *sorriu e seguiu galando*, de *Sinbad*), etc.

865. Arbular

Semellante fonicamente ó verbo citado no noso comentario anterior **arbolar**, que emprega Cunqueiro coa significación de arborar, enarborar, levantar, alzar ou erguer, atopámonos no libro *As Crónicas do Sochantre* varias veces co verbo **arbular**.

A primeira vez que aparece esta voz é no seguinte texto: *as primeiras partes dun home que eu vin foron as de monsieur Labaule cando o limpaba*, *que todo facía por si*; *e non as daqués que as envexosas me arbulaban por amantes potentados*. Coido que aquí **arbulaban** está moi ben traducido na versión castelá desta obra como *me atribuían* e por tanto podemos considerar que **arbular** ten a significación de atribuír, imputar, e mesmo a de considerar, pensar, razoar, etc.

A segunda vez que encontramos esta verba está no seguinte parágrafo: *e arbulaba miña nai con que dende aquel día quedáralle*, *dispensando*, *un sofoco vespertino cos ma*reos. O sentido de **arbular** neste

caso é evidentemente o de pensar, razoar, considerar ou *argumentar* que é como aparece na versión castelá.

A terceira vez aparece nestas frases: *aqués difuntos principiaban a contarse uns a outros as súas historias*, *como si fora novidá*, *e arbulaban o máis temeroso coro do mun*do, onde vemos que **arbular** ten o mesmo sentido que **arbolar**, é dicir, levantar ou como está na traducción castelá *organizar*.

E por último atopamos esta verba neste texto: *Entre os papés do sochantre De Crozon estaba*, *posto como por peza de teatro*, *o argumento que arbularan o coronel de Coulaincourt de Bayeux e madame Clarina de Saint-Vaas*. Polo contexto queda claro que **arbular** pode ser interpretado por calquera das voces sinaladas anteriormente. Na versión castelá vén a palabra *urdir*.

Penso, vistos estes textos, que esta palabra creada ou recreada por Cunqueiro ten como base a voz **arbolar** que foi convertida en **arbular** por cruzamento con outras verbas que significan cousas parecidas como **fabular** ou **argallar**.

Naturalmente para estes significados emprega outras voces como **argumentar** (*A lei romana non lles reconoce distinción*, *argumentou o escribano*, de *Crónicas*), **probar**, **razoar**, **argallar**, etc.

866. Alguén bafordaba na cociña

Cando o protagonista de *As Crónicas do Sochantre* regresa finalmente á súa casa e chega á porta, dáse de conta de que perdera a chave e ía petar cos cotelos como adoitaba facer cando a esquecía na casa, pero observou que a porta estaba aberta: *Sintiu que alguén bafordaba na cociña*, *pro non quixo entrar*, *por medo de que papase un susto madame Clementina*...

Bafordar é palabra moi usada na Idade Media coa significación de tirar ou lanzar nos xogos de cabalería **bafordos**, voz de orixe francesa, común co portugués e similar ó castelán *bofordos*. Cunqueiro recupera esta palabra anticuada, pero naturalmente temos que pensar que **bafordar** está tomada no sentido figurado de remexer, revolver, escaravellar ou enredar.

En bastantes ocasións emprega estas voces normais, que acabamos de dicir, para substituí-lo verbo **bafordar**. Así podemos citar **revolver** nestes exemplos de *Crónicas*: *Nunha casa*, *estando eu revolvendo no faio* e de *Xente*: *ontes*, *revolvendo nuns papeis*, *atopeina*, ou **remexer** nestoutros de *Hamlet*: *Houbo que remexer no labrado sart*ego e de *Cociña*: *Sintes remexer as follas xa caídas por entre os teus pes*, etc.

Pero quen na casa non **baforda** pode **adormecer**, verbo moi empregado por Cunqueiro, ou **adurmiñar** (*O finado de Quelven adormiñou*, de *Crónicas*), ou botar un pequeno sono.

Un sono curto e lixeiro é para Cunqueiro unhas veces un **sonico**: *e descabecei un sonico*, *do que despertei que me apuraban augas menores* (de *Crónicas*), outras unha **sonata**: *Teófilos tumbouse na hucha a botar unha sonata* (de *Merlín*) e sobre todo unha **soneta**: *i entornou os ollos*, *e deixouse cair nunha media soneta de felicidá* (de *Sinbad*), *E contoulle a Felipe que viaxando pola fresca*, *sentárase a botar unha soneta alí en Xunqueiras* (de *Xente*), *Co moito alimento*, *e co calor da cociña na que están as capoeiras*, *adormecen*, *e botan longas sonetas* (de *Cociña*).

E de botar **sonetas** xorde o verbo **sonetar** que emprega neste exemplo de *Crónicas*: *De botar a testa un casi para atráis*, *por mor de sonetar unha* siesta *no coro de vísperas*... Sen embargo, Cunqueiro non utiliza o verbo máis espallado por toda Galicia e que empregan algúns escritores **sonear** (*No inverno sonean a carón do braseiro*, de Castelao).

867. O embezo da guillotina

O médico e político francés Joseph Ignace Guillotin solicitou en 1789 da Asemblea nacional francesa a construcción dun instrumento que abreviase os sufrimentos dos condenados a morte. En 1792 comezou xa a funcionar esta máquina que foi chamada **guillotina** que estaba baseada fundamentalmente nunha coitela triangular que caía desde o alto para chocar sobre unhas táboas que tiñan no medio un oco onde se metía a cabeza do condenado a morrer.

Non sei como se chamou ou como se chama ese burato ou ese soporte onde se introduce a cabeza que vai ser cortada, pero Cunqueiro dálle un nome, **embezo**, que non vin usado por ninguén.

Nos capítulos primeiro e segundo da parte terceira de *As Crónicas do Sochantre* fala Cunqueiro da **guillotina** que chegou a Dinan: *Sober das once... quítanlle a funda á guillotina... Monsieur de Nancy non paraba de tomar rapé, nin quitaba ollo á guillotina...* e moitas máis veces aparece citado este instrumento. O dito señor de Nancy pediulle ó verdugo que lle fixese *unha amosa, e pirmeiro probei eu a comodidade do embezo en que se pon a cachola, i eu poñíame ladeado, e foi il e díxome que non, que había que axoenllarse como na igresia, e poñer o embezo de babeiro, baixando a cabeza sin ladeo... axoenllouse, estirou o que puido o pescozo, e púxose mui preparado no embezo.*

Neste longo texto aparece, pois, tres veces a palabra **embezo** que ten claramente a significación de 'lugar ou obxecto onde coloca a cabeza quen vai ser axustizado'. Na traducción castelá desta obra atopámo-las seguintes versións: *a comodidade do embezo* tradúcese como *la comodidad del lugar*, *poñer o embezo de babeiro* por *poner el tablero escotado de babero* e *púxose mui preparado no embezo* por *se puso muy preparado en el embozo*.

Repito que non teño idea de onde sacou esta verba Cunqueiro. Tendo en conta que nunha das frases onde aparece **embezo** foi traducida ó castelán por **embozo**, voz tamén galega que indica a parte da vestimenta que tapa o rostro e que el emprega ás veces (*amosou a perilla cana polo embozo*, de *Merlín*, *coa barba miña ben estrada polo embozo de seda*, de *Sinbad*), coidamos que esa voz xurdiu dun cruzamento de **embozo** con algunha outra palabra coma **encabezo** ou **cabezo**.

868. Picarexada, empenicarse e postilleira

Hai veces que as palabras creadas ou recreadas por Cunqueiro poden aparecer xuntas nun pequeno parágrafo de catro liñas como vemos neste anaco de *As Crónicas do Sochantre* onde se describe a chegada da carroza dos defuntos e Comfront: *Xa rubían pola costiña de Comfront, i unha picarexada que debía estar agardando algo de visita, e quizaves ós cómicos de Italia, corría a rentes da carroza, e diante e por detrais querían empenicarse na postilleira.*

Aí atopámo-la voz **picarexada** que non resulta difícil de comprender como conxunto de **picarexos**, palabra que non debemos interpretar pola súa terminación *-exo* como despectiva, senón simplemente como sinónima de **pícaros**, verba común en toda a bisbarra mindoniense para chamar ós nenos, cativos ou meniños como vemos neste exemplo que tomamos de *Merlín*: *Pariu ista señora... un meniño, e fórono a bañar... E non ben botaron o picariño a iauga, desfixose nela...*

Outra palabra descoñecida nas obras léxicas é **empenicarse** que polo contexto vemos que significa subirse ó máis alto dalgún lugar. Non sei se Cunqueiro consideraría esta voz coma unha variante de

empinar 'levantar en alto' ou de **empericarse** que sabemos, polos testemuños de Aníbal Otero que está bastante viva na provincia de Lugo coa mesma significación que apuntabamos arriba.

E por último achamos nese parágrafo o vocábulo **postilleira** que non aparece tampouco citado en ningunha obra lexicográfica. Esta verba recórdanos inmediatamente a palabra de orixe italiana **postillón** que servía para designa-lo mozo que montaba un dos cabalos que tiraba dunha carruaxe e mesmo pasou a ser sinónimo de cocheiro. Polo tanto podemos considerar que esta voz **postillón** serviu de base a Cunqueiro para crea-la palabra **postilleira** para indica-lo lugar en que ía o conductor da carruaxe que goberna desde aí os cabalos.

De tódolos xeitos temos que dicir que Cunqueiro non descoñecía que a parte superior das carruaxes onde vai o cocheiro se chama **pescante**, xa que nesa mesma obra fai varias veces referencia a esta voz: *¡Jo Blanc! ¡Jo Colin! ¡Zus la Garde!*, *berrou Mamers no pescante...*, *corría a carroza pola chaira... i o sochantre pedíralle a Mamers o Coxo que lle deixara rubir ó pescante...*, *¡Mamers*, *berrou o coronel coxo do pescante*, *de présa*, *arrinca!*

En fin, como dicimos tantas veces, Cunqueiro é un creador ou recreador da lingua.

869. Trasgular, rebocar e enguitar

O señor sochantre de Pontivy, cóntase na obra *As Crónicas do Sochantre*, *levara a xuicio dediante do senescal de Vannes a un zapateiro que lle trasgulara unhas fivelas de prata*. ¿Que significa este verbo **trasgular**? Non o atopei nos diccionarios e consultando a traducción castelá desta obra achei que está traducido ó castelán como **escamotear**.

Teño a impresión de que Cunqueiro coñecía a voz **trasgolar**, rexistrada nalgúns lugares da provincia de Lugo coa significación de atragantarse ou, seguindo a súa etimolxía evidente, meter algo trala gola ou garganta. Parece pois claro que **trasgular** é unha variante de **trasgolar** e que Cunqueiro quixo expresar figuradamente que o zapateiro se tragou as fibelas, é dicir, que as roubou ou que as escamoteou, como vemos na traducción castelá.

Noutro lugar da mesma obra emprega Cunqueiro o verbo **rebocar** que é moi empregado na provincia de Lugo coa significación de baleira-lo interior da zoca cun rebocador ou coitela para facer ese labor. Pero non ten esa significación a voz **rebocar** que usa o noso escritor segundo vemos no texto en que aparece: *miña irmá e máis eu íbamos cada día a coidar a monsieur Labaule... e non me reboca decir agora... que as primeiras partes dun home que eu vín*, *foron as de monsieur Labaule cando o limpaba*.

Neste texto **rebocar** tampouco pode significa-lo mesmo que **revocar**, é dicir, cubrir con **revocadura** unha parede para que estea máis lucida. Tal vez o **rebocar** cunqueiriano teña que ver coa palabra **revogar**, que ten a variante **revocar** e que significa anular ou deixar sen efecto. De tódolos xeitos na traducción castelá aparece como *abochornar*, isto é, como abafar ou avergoñar. Coido que podemos pensar que Cunqueiro lle deu un sentido moi figurado a ese verbo **rebocar** por influencia da significación de deixar sen efecto, volverse atrás, anular, etc.

Por último citemos outra voz, **enguitar**, que aparece nas últimas páxiñas da citada obra cando se fala da mala situación en que vive Ismael Florito: *soberquíalle o sangue na cachola*, *enguitáballe os riles*. **Enguitar**, verba que non atopamos rexistrada en ningures, debe ser unha variante de **enguizar** que significa ferir cun **guizo**, é dicir, estela ou acha. Cunqueiro emprega, como nos casos anteriores, este vocábulo nun sentido figurado que podemos dar como equivalente a causar molestias, ou causar dor.

870. Tordeando chegou á súa casa

O verbo **tordear**, bastante usado na provincia de Lugo, procede, segundo din algúns etimoloxistas, da palabra **tordo**, porque **tordear** vén a ser algo así como facer como fan os **tordos**. Dubido bastante desta etimoloxía, xa que este verbo significa fundamentalmente **torcerse** a un lado ou a outro ou, se se quere mellor, **ladearse**.

Esta voz popular nas terras de Cunqueiro coa significación de andar dando traspés ou facendo eses aparece en *Sinbad*: *un fío de prata que se lles poñía movedizo na visión faguíalle tordear ás vegadas coma si estivese bébedo* e en *Xente*: *Lourido tiña a boca chea do sangue e de pelos do lobo*. *Núo*, *tordeando*, *chegou á súa casa*.

Tordear ten pois a significación de cambalear ou vaciar, que recollen os diccionarios e que empregan algúns escritores. Citemos outro exemplo de *Crónicas* de Cunqueiro: *E nisto tordeou*, *fixo un ese*, *logrou enmangar a capiña*..., e outros de Díaz Castro (*testigos manchados de sangue no tordeante xuicio da Hestoria*), Darío Xohán Cabana (*A terra levedou*, *e foi a mesta moitedume aloucada tordeando*) e Blanco Amor (*camiñaban con andar tordeante de peneques*).

Pero Cunqueiro na *Escola de menciñeiros* escribe estas frases: *Pro ti xa eras besgo cando viñas de neno a Mondoñedo*..., *¡Daquela non me tordeaba o dreito nin a mitá!* nas que atopámo-lo uso desta voz, case diriamos, coa mesma significación de **torcer**. E isto fainos pensa-la que diciamos arriba: que este verbo poida que teña que ver máis coa familia léxica de **torcer** ca coa de **tordo** e que talvez se cruzou ou recibiu a influencia do verbo **ladear**.

En fin, Cunqueiro, como dixemos noutros comentarios, é un bo coñecedor da lingua segundo vemos pola procura de palabras axeitadas para cada ocasión, sexan de uso corrente e en toda Galicia ou limitadas á súa fala luguesa. Como proba desta afirmación vexamos como en *Sinbad* emprega coa mesma significación de **tordear** o verbo **bambear**: *un turbante de seda colocada que Sinbad se cinguíu... e despoixas saíu bambeante do horto*...

871. A custión da mancorda

No libro *As Crónicas do Sochantre* fala Cunqueiro dun xudeu errante que *pasou as custións da auga*, *do lume e da mancorda e decrarou mui pintados os seus crimes*. **Custiós**, voz repetida un pouco máis adiante do citado texto (*despoixas das custiós en que se probara*...) é o plural de **custión**, variante da palabra **cuestión** que o autor mindoniense só usou no libro *Os outros feirantes*: *Agardando que un sabio alemán resolvera a cuestión... ¿Onde remata a vida?¿Onde comeza o teatro?¡Esta é a cuestión*, *que dixo o sublime poeta inglés!*

Unha **cuestión** ou **custion** é unha pregunta que un se fai para intentar sabe-la verdade, como vimos no exemplo citado de *Feirantes* ou nestoutro de *Hamlet*: *¿Pode un home*, *ó mesmo tempo*, *ser e non sere?... Esta e a custión*. Unha **custión** é unha materia dubidosa ou discutible como vemos nesta frase de *Cociña*: *Unha custión que me pon esto do pulpo da feira é a do aceite*. E unha **custión** é en xeral un asunto calquera: *Convén que un seipa quen é seu pai*. *É custión de honra* (de *Hamlet*), *sostiña que a améndoa da custión estaba en que il poidese estar desperto cen horas seguidas* (de *Xente*).

Pero a palabra **custión** ten un sentido xurídico, o de averiguación ou pesquisa da verdade que se practicaba dando tormento ó presunto culpable, que é o que ten nos exemplos citados nas primeiras

liñas. As **custiós** de tormento que se lle practican ó xudeu son as da auga (facéndolle tragar auga), as do lume (queimándolle distintas partes do corpo e as da **mancorda**.

A **mancorda** é unha voz que Cunqueiro (non sei se outros escritores ou autores o fixeron tamén) calca ou recrea da palabra castelá *mancuerda* que ten unha etimoloxía ben clara e evidente.

A *custión da mancorda* é pois o 'tormento corrente en época antiga que consistía en atar ó presunto culpable cunha corda que se ía apretando cada vez máis forte ata que confesase o seu delito ou ata que estivese xa para morrer.

872. Os adrentos de Cunqueiro

O profesor Ramón Baltar, apaixonado das cousas da lingua galega e lector crítico de canto se escribe, acaba de ler con moito interese o noso libriño *Contribución ó léxico de Cunqueiro* e pídeme que comente máis amplamente determinadas acepcións que lle parecen coxas ou non claras. Tras agradecerlle o seu interese e tras manifestar que no prólogo dese libriño explicamos que a súa finalidade era poñer ante o lector normal aquelas palabras que non están nos diccionarios ou aquelas que teñen algún uso especial en Cunqueiro para facilita-la lectura das súas obras, paso a analiza-las voces que me solicita.

Digamos en primeiro termo que Cunqueiro usa o adverbio **adentro** coma sinónimo da forma máis corrente **dentro** (*E adentro está mui escuro*, *noite pecha*, de *Palabras de víspera*), cousa que fan outros escritores galegos como Rosalía, Risco, Otero Pedrayo, Castelao, Celso Emilio Ferreiro, etc. E emprega tamén o verbo derivado desta voz, **adentrar**, que definimos como 'ir cara á parte máis interior de algo': *o mirar violeta de Edith adentrábase máis e máis nas escuras feridas*, de *Herba de aquí ou acolá*.

Pero a Cunqueiro gústanlle ás veces determinados vulgarismos ou popularismos que cambian un sonido dunha sílaba a outra. Neste caso concreto de **adentro** e **adentrar** usa estas voces menos veces que **adrento** (*A Lomas*, *quizabes porque se lle apousaran mui adrento escuros medos*, *veulle moita curiosidá*..., de *Escola*) e **adrentar** (*A súa tesis era que as doencias adrentámolas en nós mesmos*, tamén de *Escola*).

O adverbio **adrento** ten en castelán a posibilidade de funcionar como nome substantivo plural (*adentros*) coa significación de 'interior do ánimo'. A forma **adentros** non aparece recollido nas obras léxicas galegas nin portuguesa pero que eu saiba foi empregada frecuentemente alomenos polo escritor Castelao: *sentín xurdir nos meus adentros unha gran cencia*..., *fun pensando prós meus adentros*..,. *respondía para os seus adentros*..., .etc.

Tamén Cunqueiro usa esta forma de plural, pero na súa variante vulgar, **adrentos**, como vemos neste exemplo de·*Cociña*: *Pódese vender alí un queixo dito galego*... *un queixo de Vilasantar*, *que abre a coda*, *máis fina que pel de recén*, *pra deixar saír aquela soave moleza dos seus adrentos*. Que o noso escritor aplique esta voz, que normalmente se refire ó interior do ánimo, á exquisitez da parte interna do queixo é bastante normal, xa que amplifica ou reduce continuamente os significados das palabras no seu afán recreador da lingua.

Curiosamente vemos como o grande autor citado anteriormente, Castelao, emprega tamén esta palabra aplicándoa a un burro: *Eu enfiei os meus ollos no burro e tamén me puxem a cavilar*, *esquecido de min mesmo*, *ensumíndome nos adentros da besta*...

873. Atar con trelos e estar a carranchapernas

Como xa vimos nun comentario anterior Cunqueiro usa a voz **trelo**, variante da forma máis corrente **trela**, que significa 'corda para ata-la carta do carro ou para levar preso un can', en dúas ocasións. Nunha delas no libro *A cociña galega* o **trelo** é empregado para atar un queixo: *queixos blandos*, *manteigosos*, *que ás veces veñen cun trelo atándoos á redonda e* noutra en *Merlín* onde *un duque non facía máis que cuspir e tragar trelos de colores*.

Cunqueiro utiliza en cada ocasión a palabra que lle parece máis apropiada dentro da familia semántica correspondente e naturalmente podería empregar sinónimos que usa noutras frases como **adival** (*o verdugo soltou o adibal*, de *Crónicas*) e **solta** (*coas mans atadas pola solta trenzada*, de *Merlín*) ou voces máis correntes como **corda** (*Abertos os bultos que viñan mui feitos e con sete cordas*..., *pasar o arco do violín polas catro cordas ben afinadas*, de *Merlín*) e os seus derivados **cordel**, **cordella**, **cordiña** e **cordón**.

Naturalmente, como nos di o profesor Baltar, Cunqueiro podería empregar para os dous casos citados a voz **cinta**, que utiliza bastantes veces (*unha carta con bula colgada dunha cinta verde*, de *Merlín*). Aínda poderiamos engadi-la verba **banda** (*Esa banca sedal que o teu van cinque*, de *Dona do corpo delgado*), e sobre todo **fita**, que usa moi a miúdo: *e se aperte con cordón ou fita*..., *no brazo dereito trai unha fita verde*..., *chegaba atando as fitas do seu calzón de delantal*, de *Crónicas*, etc.

Cando empregamo-la locución adverbial **a carranchapernas** entendemos que quen está así está coas pernas moi abertas, cunha para un lado e coa outra para outro lado, é dicir, moi separadas. **A carranchapernas** pode estar unha persoa de pé, sentada ou a cabalo dunha besta ou de calquera outra cousa.

Os personaxes de Cunqueiro aparecen varias veces **a carranchapernas**. O narrador de *Merlín* atopámolo sentado *a carranchapernas da ponla grande dunha figueira*, o sochantre de *Crónicas arrimouse á sebe*, *e viu que lle votaban unha man dende a fiestra*, *e poñéndose a carranchapernas do loureiro*, *tomouna*, en *Sinbad* encontramos a *Mostazam*, *quen estaba a carranchapernas no foque*, pero un paxe de *Merlín viña a carranchapernas na mula da sirea*...

Quen monta **a carranchapernas** é que monta **escarranchado**, como o fai o personaxe de *Merlín*, don Felices que *viña na súa mula meiresa*, *co aquel seu montar escarranchado*...

874. Desapidir

Cunqueiro utiliza bastante a miúdo voces que non aparecen nos diccionarios. Unhas veces modifica ou transfoma palabras que poderiamos chamar normais, pero outras moitas recrea ou leva ó nivel literario vocábulos propios da provincia de Lugo ou máis concretamente de Mondoñedo e da súa redonda.

No libro *Os outros feirantes* trata nun dos seus relatos dunha muller que quería ter nenos con ollos iguais ós do seu marido: *ao seu tempo tivo un neno cos ollos claros*. *Pro ela non desapidía dun crío cos ollos azúes*. Aí atopamos esa forma **desapidía** que a primeira vista resulta bastante chocante, pero coido que polo contexto se pode entender que o verbo **desapidir**, usado por bastantes lugares da provincia de Lugo, ten a significación de renunciar.

Desapidir aparece en *A cociña galega* cun significado semellante: *O pan da empanada é pantrigo*, *pro eu non desapido dunha empanada de millo*. Coido que neste caso podemos dicir que significa renunciar, ou renegar. Noutro lugar da mesma obra fala dos pichóns ó espeto e di: *Hai quen lles adrenta unha mazá pequena e un torrezno frebudo*, *i eu non desapido*. Penso que aquí *eu non desapido* podería entenderse como *eu non o desaprobo*.

E volve empregar este verbo noutra páxina de *Cociña* onde trata das chacinas: *E xa digo*, *un pico de costela de cecina*, *un día a mollo*, *e logo cocido con berzas ou con castañas*, *eu non desapido deste plato que se me da seña ancigo... E quizaves por coidalo así*, *góstame máis*. Ese longo texto pode aclararnos que neste caso **desapidir** é algo máis que renunciar ou renegar ou desaprobar. Creo que aquí explicaría *eu non desapido* por a *min non me disgusta*.

En fin, a voz **desapidir** aparece xa rexistrada no vocabulario recollido polo poeta Leiras Pulpeiro e está no diccionario de Eladio Rodríguez, pero dos posteriores soamente a inclúen os de A. Estravís e Ir Indo que lles dan estas significacións: renunciar voluntariamente a unha cousa ou dereito, non querer admitir ou aceptar, apartar a desprender unha cousa doutra á que estaba xunta e separarse cousas e persoas, que, como vemos, responden máis ou menos ós sentidos que ten **desapidir** nas frases nas que a usou Cunqueiro.

875. Chinchar

Na *Contribución ó léxico de Cunqueiro* recollémo-la forma **chinchete** que aparece no libro *Crónicas*: *Franklin Americano*, *Don. Inventor do pararraios e máis de la grande armónica. Era un chinchete opinante...*, e que interpretamos como 'que molesta, amola, fastidia'. Coidamos que esta creación persoal cunqueiriana está baseada no verbo **chinchar**, na súa significación típica en tódolos lugares de España de 'molestar, fastidiar ou amolar'.

Para **chinchar**, que rexistramos en *Herba aquí e acolá*: *Téñenme por tola*, *e coidan que minto / cando digo que fun desvirgada por Zeus. / Pra bulrarse de min chinchan unha moeda no mármore*, pensamos que ten a significación 'apertar'·. Talvez sería mellor dicir 'bater' como escribe en castelán César Antonio Molina na traducción que fixo desta obra.

No citado libro *As Crónicas do Sochantre* aparece un par de veces este verbo: *Púxose de pé o escribano*, *e desabotonándose a casaca*, *sacou do enfaixe das bragas unha moediña de ouro*, *e púxose a chinchala no chan...*, *seguía chinchando a súa carolina no chan*. Neste caso coido que deberiamos interpretar **chinchar**, máis que na acepción de 'apertar' ou 'bater', na de 'facer saltar' ou, aínda mellor, na de 'facer soar'.

Nesta mesma acepción paréceme que debemos entende-lo seguinte texto de *Os outros feirantes*: *aqués pesos amadeos estaban enmeigados. Pola noite*, *saían... daban polo áer*, *petando contra as paredes*, *chinchándose a eles mesmos nas lousas das cociñas*.

En *Sinbad* utiliza o noso escritor dúas veces esta palabra. Un soldado pide esmola a Sinbad: *Dou a media peza Sinbad*, *chinchouna o soldado*, *e dispoixas de gardala dren*to *da polaina*, *sentouse*. Penso que neste caso temos que pensar que **chinchar** ten a acepción de 'apertar', porque se o soldado batese ou fixese salta-la moeda no chan para ver se era falsa, a reacción de Sinbad sería terrible. E nunha páxima posterior a este texto atopamos estoutro: *Sinbad xa traguía o soberán na man e tirouno sin respeto ningún drento da regadeira do otomano. Chinchou ledo no latón*. Aquí si que **chinchar** ten o valor de 'facer soar' ou, mellor aínda, o de 'soar'.

Non estraña nada esta acepción de soar porque probablamente Cunqueiro coñecía o sentido que ten **chinchar**, en varios puntos da súa comarca natal, de rinchar, ruxir e mesmo de choromicar ou choricar.

Digamos por último que en *Merlín* atopamos esta expresión de *contantes e chinchantes* que equivale á de *contantes e soantes*: *foinos deixando caír*, *os pesos contantes e chinchantes*, *na cunca das mans de sidi Alsir*.

876. A alfitomancia

Chegar a coñecer unha cousa oculta ou ignorada mediante conxecturas ou intuicións é adiviñar, verba que Cunqueiro emprega frecuentemente: *Adiviñei axiña que mi amo non se deitara* (de *Merlín*), *non dicen máis que dúas sílabas*, *i así si a palabra ten tres ou catro*, *hai que adiviñar o que falta* (de *Sinbad*), *Adiviñaba si un que estaba nas Américas vivía ou non* (de *Escola*)...

Pero a **adiviñación** do porvir pódese facer mediante certos métodos que poderiamos cualificar de non científicos. Deixando á parte o poder adiviñatorio dun corvo amigo de Penedo da Rúa *que adiviñou que eu andaba nun pleito* (de *Xente*), vemos en *Sinbad* como este personaxe exerce ese poder: *pór o pulgar dreito no narís e aspirar cheiros*, *adiviña así moitas veces de que país vén a xente que atopa no páteo da fonda*.

Na obra *Merlín* decatámonos de como o espello mouro ten un poder extraordinario e precisamente foi fabricado en parte polo sabio Merlín: *Iste espello que traes ven a serme tan coñecido como a miña casa*, *pois tiven eu arte e parte na súa fábrica*, *e foi encárrego da Señoría de Venecia*, *que é o máis segredo goberno que teña nación no mundo*, *e descansa na adiviñación do porvir*.

Son moitas as veces nas que o noso escritor emprega este verbo **adiviñar**, pero non lembro ver citados os nomes dos métodos da adiviñación como quiromancia, piromancia, oniromancia, nigromancia, onomancia, etc., nin tan sequera o da cartomancia, aínda que se refira a el cando de don Felices, no citado libro *Merlín*, de quen o narra di: *Tamén a min botoume as cartas unha noite... i hei de decir que todo me adiviñou*, *hastra que eu andaba coas faldras de Manoeliña*...

Poucas liñas antes deste anaco facía referencia a este tipo de adiviñación e a outra moi pouco corrente: *pasmo facendo memoria das cousas que lle vin adiviñar*, *tanto polas cartas coma pola fariña*, *que* se *chama ista adiviñación alfitomancia i é mui segreda*.

Curiosamente Cunqueiro non afonda na explicación desta voz **alfitomancia**, que non atopei rexistrada nos diccionarios galegos e da que soamente din os diccionarios portugueses e castelás que é adiviñación pola fariña. Sen embargo na enciclopedia Espasa logrei informarme de que esta adiviñación se empregaba dándolles fariña ós acusados que eran declarados inocentes se a deglutían ben e culpables se lles sentaba mal.

Non queda claro, pois, no texto de *Merlín* qué facía o personaxe don Felices para adiviñar a través da fariña ou **alfitomancia**.

877. Soverquíalle o sangue

O verbo **verter**, tan corrente en toda Galicia, é moi pouco utilizado por Cunqueiro que o usa na significación de derramar nestes exemplos: *púxolle catro libras de sal na maleta*, *pra que*, *chegado o caso*,

as vertese disimuladamente arredor do catre (de *Feirantes*), *estando mirándolle o pulso que tiña en verquer mel por un canuto*, *sin verter gota* (de *Sinbad*).

O escritor mindoniense emprega frecuentemente a variante **verquer** que é coñecida nalgunhas comarcas da provincia de Lugo e no galego asturiano. Vimos xa no último exemplo de *Sinbad* como se pode **verquer** mel por un canuto e noutro lugar da mesma obra aparecen *uns figos abertos que verquían mel polas rachas*. En *Merlín* lemos como o protagonista *nunha copa de cristal chea de auga verquía dúas ou tres gotas de licor* e como o mestre Hairy a unha boneca *verqueulle na boquiña tres gotas de ruda*. E no libro *Cociña* fala de como lle *gostou a sopa verquida no plato fondo sober dúas torradas de pan*.

Loxicamente o que aparece máis veces **verquida** é a auga: *un can i un andecho de cervo verquían auga pola boca* (de *Crónicas*), *a xentiña verquía auga a xerros* (de *Sinbad*), *o gatipedro ponse a verquer auga polo seu corniño* (de *Escola*), *o cano convertíuse nunha cobra que verque auga pola boca* (de *Tesouros*), pero tamén pode ser **verquido** o sangue: *Gazna podía ser conquerida sin verquer sangue* (de *Merlín*), as bágoas: *As bágoas que verque mollan o seu cantar* (de *Cantiga*), *Tristán García verqueu unhas bágoas* (de *Feirantes*) e mesmo outras cousas máis coma a cinsa: *verquendo cinza namentras Louro falaba* (de·*Xente*), a fariña: *díxolle a Lomba que verquese fariña aarredor da cama* (de *Xente*) e frecuentemente as verbas: *verás que doces verbas verque nisa pequena orelliña* (de *Hamlet*), *Onde collín estas verbas que vou verquendo* (de·*Noite*), *verqueu a verba que levan drento... verbas pantásticas do señor Sinbad Mariñeiro*. *Istas aínda as escoito verquer* (de *Sinbad*), etc.

Partindo deste verbo **verquer** (que lembro agora que usou ás veces Celso Emilio Ferreiro: *crama ao ceo e verque bágoas...*, *múltiples ríos que verquen o seu caudal...*) fórmase o composto **soverquer** que interpretamos libremente como subi-lo sangue á cabeza polo contexto en que aparece en *As Crónicas do Sochantre*: *o Ismael Florito tiña que andar cáseque apregado pola cintura*, *como navalla fechada polo remonte*, *polas rúas e prazas da soterra*, *o que era grande incomodo*, *soverquíalle o sangue na cachola*. **Soverquer** vén pois a significa-lo mesmo que subverter, revolver, perturbar, alterar, transtornar, etc.

878. O toque de cobreluces

O libro *Merlín* contén a narración de "O camiño de quita e pon" onde se relata como a dama Caliela estivo contándolle ó Imperante *os partes segredos de Gazna i a porta falsa da cidade*, *que decían era polo barrio dos xudeos*, *i a mellor hora de asalto ao toque de cobreluces*.

Desde logo o mellor para conquistar unha cidade é asaltala pola porta falsa e á hora do toque de **cobreluces**. ¿Que é o toque de **cobreluces**? Noutros textos de Cunqueiro fálase do *toque a rebato*: *disparaban os fusís*, *tocaban a rebato as campás de Santa Bríxida* (de *Crónicas*), do *toque de morto*: *pedía que lle trouxeran o tambor mediano*, *e botaba mui redobrado toque de morto* (de *Sinbad*) e do *toque de trompeta*: *e toda a caravana lévaa por toque de trompeta* (de *Sinbad*), pero non se menciona ningunha outra vez este toque de **cobreluces**, que na versión de *Merlín* ó castelán traduciu por *cubrefuegos*.

Pero nin **cobreluces** nin *cubrefuegos* son voces que aparezan nos diccionarios galegos, portugueses e casteláns que consultei. Polo contexto en que aparece esta voz cunqueiriana interprétoa como toque que se fai á anoitecida semellante ó chamado toque militar de queda ou retreta. Penso que nunha cidade sitiada polo inimigo é necesario ocultar todo pola noite e, por tanto, apaga-las luces, para que non se vexa nada. **Cobreluces** ven a ser algo así como apagalumes.

A propósito desta verba quero chama-la atención sobre o uso do verbo **cubrir** que fai o escritor mindoniense empregando tódalas variantes posibles desta voz: **cubrir**, **cobrir** e **cobrer** nos diversos tempos como vemos nos seguintes exemplos: *a grande barba roxa cobríalle o peito* (de *Sinbad*), *o veo que lle cubría a cabeza* (de *Feirantes*), *íbaos cobrindo a neve* (de *Cociña*), *cubrindo o ollo cun parche* (de *Feirantes*), *comezaba a nevar i a neve a cobrer ao cabaleiro* (de *Merlín*), *cobrir as galiñas* (de *Hamlet*), *cubrir eguas galegas* (de *Feirantes*), *a bandeira que cobrira a guillotina* (de *Crónicas*), *a lama cubrira os camiños* (de *Feirantes*), etc.

879. Faguemos un amagallo

Na obra cunqueiriana *O incerto señor don Hamlet*, *príncipe de Dinamarca*, na escena I da xornada primeira, fai o coro unha descrición do castelo de Elsinor e dela tomamos este anaco: *Estamos mui apertados en Elsinor*. *Faguemos entre istas moreas de pedras militares un amagallo escuro*, *i ás vegadas terríbel*.

Nese fragmento atopámonos coa palabra **amagallo** que non aparece rexistrada nas obras léxicas, pero que polo contexto podemos interpretar como amasillo, mesturanza ou morea de cousas desordenadas e revoltas. **Amagallo** é sen dúbida un nome derivado do verbo **amagallar** que significa fundamentalmente esmaga-las plantas e tamén remexer ou armar confusión nun conxunto de obxectos ou cousas.

Vemos ademais nesa frase o uso da forma **faguemos** en vez de **facemos**. ¿Emprega Cunqueiro as formas **faguer**, **faguía** ou **faguendo** frecuentemente? Digamos primeiramente que estas variantes do verbo **facer**, que non aparecen nas gramáticas normativas, son moi populares en bastantes lugares de Galicia, sobre todo na metade occidental da provincia de Ourense, e que hai bastantes escritores que as usaron (Curros Enríquez, Cabanillas, Otero Pedrayo, V. Risco e mesmo en ocasións Castelao).

Cunqueiro, como outros escritores, vacilou bastante na utilización destas variantes populares. Examinando as principais obras achamos que en *Merlín* só as usou excepcionalmente (*fixome faguer a maniobra de pecha-lo cesto*... *faguía falla azougue*, fronte a 57 exemplos con **facer**, **facía** ou **facendo**), mentres que en *Crónicas* nun setenta por cento dos casos son empregadas as formas **faguer**, **faguía** e **facendo**.

Na obra citada *Hamlet*, á parte do exemplo recollido encontramos seis casos de **faguer** fronte a catro de **facer** e un de **faguendo** fronte a tres de **facendo**. Na mesma época escribe *Sinbad* na que prefire as formas con «gue», pero en *Escola de menciñeiros* e *Tesouros novos e vellos* atopamos un uso equilibrado desas formas.

Co paso do tempo vai perdendo o interese por esas variantes **faguer**, **faguendo**, **faguía** e así vemos que en *Xente de aquí e de acolá* aparecen nun quince por cento dos casos, en *A cociña galega* soamente nun dez por cento e en *Os outros feirantes* non atopamos ningún **faguendo** e soamente un **faguer** (*quería faguerse unha fotografia*) e un **faguía** (*cun francés que faguía cometas de papel*).

880. Cando os beizos se pregan

Do poema "Retorno de Ulises" do libro *Herba aquí ou acolá* de Cunqueiro son estes versos: *lembrándome agora estou que no novelo / nove os beizos cando se pregan falan*, nos que vemos como os beizos ou labios se poden **pregar**, é dicir, doblarse, moverse facendo pregos, deixar de estar lisos ou estendidos.

Pregar é verbo pouco corrente na nosa lingua porque por unha banda ten ó lado o verbo **pregar** qué significa suplicar, pedir respectuosamente, orar a Deus ou ós santos e que é doutra familia de palabras, e por outra un **pregar**, bastante popular, que é variante de **pegar** e que se utiliza moito no sentido de prender lume. Por tanto **pregar** é menos usado que **dobrar** ou mesmo **encartar** cando facemos **pregos** nas pezas de roupa.

Non resulta pois estraño que cando Cunqueiro nos fala dun *vaso dobrable*, é dicir, que se pode pregar, empregue o castelanismo **plegable**, como vemos no seguinte texto de *Feirantes*: estaba *mollando unha miga de pan no viño que botara nun vaso plegable que levaba no peto da zamarra*. Esta introducción do castelán neste caso lémbranos versos de Curros Enríquez nos que fala de **plegues**: *i o cinto unha muradana / con plegues que xenio dan*.

E para indica-la dobra feita nunha peza de tea ou noutra cousa flexible témo-la palabra **prego**, utilizada nalgúns lugares de Galicia e recomendada pola Normativa oficial, que é pouco usada polos escritores. Rosalía empregou a forma **priegue** (*baixo os priegues do seu manto*) e Pondal **pregue** (*fará garridos pregues*), que tamén usou Cunqueiro en *Merlín*: *e viñera a botar unha man á costureira de Pacios*, *que se puxo a colgarlle á tina unha faldra de pregues*.

Sen embargo ó escritor mindoniense gústalle máis que **pregue** a forma **prigue**, que eu non atopei rexistrada en ningunha obra léxica e que claramente ten o significado de **prego** nesta frase de *A noite*: *vai... arranxando os bordados*, *estirando os prigues das faldras* ou nestoutra de *Sinbad*: *I amocou Sinbad*, *sacando dun prigue do turbante*, *un limón dourado*. Noutro lugar desta obra fala *dun prigue que tiña eu que abrir* e noutro de *Hamlet* de *un cómico que finxía un papel*, *un prigue sin autor*, onde interpretamos **prigue** domo **prego** de papel.

881. Birlar e arroubar

No libro *Tesouros novos e vellos* conta Cunqueiro como en *Sicilia tamén hai moitos tesouros*, *pro a xente trae todo o trato de tesouros moi calado e non falan deles senón por señas*, *pra confiar ós que os gardan e poder birlarllos*, *colléndoos descuidados*. Neste texto aparece o verbo **birlar** coa clara significación de 'quitar algo a alguén con malas artes, mañas ou trucos'.

Noutra obra, *Escola de menciñeiros*, narra unha historia dun doente que vai ó menciñeiro e que conta como *houbo de casarse cunha fanegueira da montaña*, *pro outro máis punto birloulle a moza*, é dicir, que casou cunha fanegueira porque outro máis listo ca el lle birlou a moza. **Birlar** é tamén, como di o diccionario da Academia española, alzarse un xeralmente por medio dalgunha intriga coa noiva doutro, ou mesmo cun emprego ou colocación que esoutro esperaba conseguir.

Acaso **birlar**, que fundamentalmente significa tirar por segunda vez unha bóla no xogo de bolos, sexa un castelanismo entre nós, pois non aparece recollida esta voz na maior parte dos diccionarios galegos, se ben podemos afirmar que a escoitamos como palabra habitual na fala de moitos lugares.

Agora ben, levar, quitar, sacar ou colle-lo que pertence a outro sen o seu permiso denomínase en galego **roubar**, verbo corrente a nivel culto e popular e que usa Cunqueiro frecuentemente: *non roubaba no peso* (de *Merlín*), *que lle tiña roubado unha valixa* (de *Crónicas*), *cunhas faldras roubadas a unha señora de Lugo* (de *Xente*), *roubar o corpo de San Fructuoso* (de *Feirantes*).

Pero o noso escritor emprega moito máis frecuentemente a variante moi popular **arroubar**, que non aparece nos diccionarios máis que coa significación de poñer a alguén en estado de arroubo ou

éxtase. Sen embargo **arroubar** está nos textos medievais e está recollido polo frade Sobreira hai máis de dous séculos como variante normal de **roubar**. Vexamos algúns exemplos cunqueirianos: *Arroubaba unha valixa ó demo Salomón*..., *había que arroubalo cirial* (de *Crónicas*), *Un mariñeiro quixo arroubar un can*..., *arrouban un galo* (de *Sinbad*), *estaba arroubando os zapatos con fibela de plata* (de *Feirantes*), *que me arroubaran o cabalo* (de *A noite*), etc.

882. O parlanchío

Na obra *Sinbad* aparece este texto no que se conta como ó vello Sinbad *estábano agardando o vello Monsaíde e máis Arfe o Vello*, *distraídos ouvindo o parlanchío dos paxaros chineses*. Nel atopamos esta voz **parlanchío** que non está rexistrada nos diccionarios, pero que facilmente se comprende se pensamos na palabra castelá *parlanchín* ou no verbo orixinario desta voz **parlar**.

En *Cociña* emprega Cunqueiro outra palabra desta mesma familia, **parla**, cando describe o que pasa nunha feira: *o ir e vir das mentes no negocio*, *a parla xenerosa do que media*...

Estas verbas cunqueirianas, **parlanchío** e **parla**, son sinónimas das voces populares **cháchara**, que vemos que a usa en *Xente* (*Seixo non estaba disposto a perder unha cháchara con aquel forasteiro*), **leria**, que a usa en *Merlín* (*Nistas lerias estábamos cando don Merlín saíu á porta do forno*... *Nistas lerias chegamos ao río*) ou conversa, que a emprega frecuentemente (*E nistas conversas chegaron ó peirao*, de *Sinbad*, *O señor Daniel quedou como orfo sin aquelas conversas*, de *Feirantes*, etc.).

Tamén utiliza Cunqueiro como sinónimos destas voces as palabras **parrafada** (*Entonces poderiamos ir a botar unha parrafada con il*, de *Crónicas*), **parrafeada** (*toda aquela parrafeada e dramática representación non serviu pra nada*, de *Cociña*) e sobre todo **parrafeo**: *sabía que a Cachazas gustáballe o parrafeo solene* (de *Xente*), *i entón faguerse o atopadizo a botarlle un parrafeo* (de *Sinbad*), *Ando coas dúas a un tempo*, *de parrafeo*, *sin determinarme* (de *A noite*), *poñíase con il a un parrafeo mui gracioso e demorado* (de *Crónicas*), etc.

Loxicamente emprega frecuentemente o verbo **parrafear** no seu sentido normal: *desconfiaba do seu abogado*, *que lle parecía que parrafeaba algo coa parte contraria* (de *Xente*), *parrafeando polas barberías e polas tabernas* (de *Escola*), etc., e moitas veces no seu sentido amoroso: *entre chope i chope parrafeaba coa moza* (de *Crónicas*), *ás damas coas que matinaba parrafear* (de *Sinbad*), *o que máis o amolaba era o non poder parrafear coas mozas* (de *Feirantes*), *quería parrafear con servidora*... *Todo o paso en parrafear hastra que adormezo* (de *A noite*).

883. Nonsense, oxaladora e muiñetes

Moitas veces falamos xa das palabras non normais na nosa lingua que Cunqueiro emprega nos seus escritos. Falemos hoxe dalgunhas outras.

No libro *Poemas de si e de non* lemos esta frase: *Nese caso*, *xurar verdade ou xurar en falso*, *é un nonsense*. Para un lector non culto **nonsense** é unha palabra que non entenderá facilmente porque non é unha voz galega, nin siquera un vocábulo que pode atopar nun diccionario castelán, xa que **nonsense** é un termo inglés bastante coñecido, que foi introducido mesmo nalgunhas linguas románicas, para significar: cousa absurda, frase sen sentido, despropósito, desatino, insensatez, etc.

No libro *Escola de menciñeiros* fala dunha persoa que *partía a lá e cruzaba a crin nun santiamén*, *e cosía seguido*, *ollalando e lazando miúdo*. ¿Que é **ollalar**? Coido que calquera galego coñece a voz **ollal** e por tanto non resulta difícil entender que **ollalar** será facer **ollais** nos tecidos, pero dá a casualidade que ningún diccionario rexistra esta voz. Así pois podemos preguntar ¿foi Cunqueiro o primeiro que empregou esta palabra que loxicamente poderiamos considerar normal no noso sistema lingüístico?

Sen embargo no libro *Xente de aquí e de acolá* esqueceu esta palabra e bota man do castelanismo **ojaladora**, muller que fai ollais, en vez de **ollaladora**, que sería o normal na nosa lingua. Vexamos este exemplo onde usa o castelanismo regaleguizado **oxaladora**: *unha oxaladora murciana confesou que se namorara do duque*.

En *Crónicas* lémo-lo seguinte texto: *o fidalgo de Quelven*, *que ó fin conseguira destornelar o bastón estoque*, *e faguía muiñetes coa brilante folla á luz de Guy Parbleu*, onde atopámo-la voz **muiñete**, non recollida en ningún diccionario galego, pero que claramente é unha galeguización da voz castelá ou mesmo portuguesa *molinete*, que significa movemento circular que se fai con algo, especialmente coa lanza, coa espada ou, como neste caso cun bastón.

En fin, Cunqueiro é pois un recreador da lingua.

884. Fiestras e ventanos

A abertura nunha parede para deixar pasa-lo aire e a luz era chamada en latín FENESTRA, voz que deixou descendentes en bastantes linguas romances, mesmo en castelán, *hiniestra*, que xa quedou desusada. Esa verba latina evolucionou en galego e portugués de modo normal perdendo o *-n-* intervocálico: *feestra*, que se rexistra moi frecuentemente nos textos medievais, segundo vemos en *La traducción gallega de la Crónica General*... (ed. de R. Lorenzo).

Esa forma medieval pasou en portugués a *festra* e en galego a **fiestra**, palabra que non é moi popular actualmente a pesar de que os escritores a teñen como voz normal: *ollaba pola fiestra o maino madurar dos centeos* (Otero Pedrayo), *óllase unha parede con dúas fiestras pechadas* (Castelao), *polos vidros da fiestra entraba o solpor* (Celso Emilio Ferreiro)...

Para Álvaro Cunqueiro **fiestra** aínda que non sexa verba do seu entorno vital, é voz que usa desde o primeiro poema do seu libro *Mar ao norde* de 1932: *Cinco fiestras colgadas / da mesma alba rosa*... *Cinco fiestras colgadas da mesma alba turba* ... *Cinco fiestras soio*... E continúa empregando ó longo de toda a súa producción: *unha figura de branco sentábase no alfeice da fiestra*... *e volvendo a montar a cabalo entrou pola fiestra*, *que xa non era tal fiestra senón unha portalada ancha*... *abrían de golpe as fiestras para ollarme*...

Curiosamente hai que sinalar que a voz orixinaria latina FENESTRA é usada por algúns escritores sen evolucionar: *dos balcós e das fenestras deitaban follas de rosa* (V. Risco), *e mira con curiosidade as fenestras* (Otero Pedrayo), *mentras pola fenestra entraba o resprandor do mencer* (C.E. Ferreiro). Incluso Pondal usou **fenestrela**: *Erguendo a fenestrela do coche*. Hai tempo pensaba (como Ramón Lorenzo) que esta voz era unha invención literaria moderna, pero logo de comprobar que hai testemuños populares nalgúns puntos de Negreira, A Baña, etc., coido que pode ser un resto do francesismo medieval *fenestre*...

Álvaro Cunqueiro, que non empregou nunca esta variante **fenestra**, tampouco escribiu nunca a voz **xanela** (típica do portugués que deixou de usa-la voz tradicional citada), que empregan ás veces algúns escritores coma Otero Pedrayo, Cabanillas e Castelao e que existe no galego de Ourense fronteirizo con Portugal.

Para o escritor mindoniense está tan viva a forma **fiestra** que tampouco usou nunca o sinónimo desta voz, o castelanismo **ventana** (empregado por bastantes escritores desde Rosalía, Pondal e Curros ata Celso Emilio Ferreiro) que no galego occidental pasou a ser **ventán** e no galego central e oriental **ventá**.

De tódolos xeitos hai que dicir que si empregou **ventano** para significar 'fiestra pequena': *Eu dormía no faiado*, *nunha cámara estreita*, *que tiña un ventano que cadraba mesmo enriba do catre*; **ventaniña** (*botou a man pola ventaniña*) e **ventanuco** (*unha fiestra ou ventanuco que dea ao faiado*).

885. Faiados e faios

O espacio comprendido entre o tellado e o teito da planta máis alta da casa, onde se gardan trastos vellos, patacas, froitas, etc., é en palabras do diccionario académico un **faiado**, voz que Álvaro Cunqueiro empregou a miúdo nas súas obras.

Lendo a Cunqueiro poderiamos facer unha descrición case total de para qué serve esta peza dunha casa e de qué características ten. Normalmente non é un lugar agradable porque *sinto caír as pingueiras no faiado nas noites de xoula e chuvia*..., *coma unha goieira no faiado*: *pam*, *pam*, *pam*, *pam*..., *levou as patacas ao faiado*..., *déixanse secar queixos nun faiado*..., *foron os da casa do faiado a buscar un par de queixos*..., *está o columpio no faiado*...

Quen vive nun **faiado**, ou como di o escritor, quen *dormía nun faiado* ou *se tumba na súa cama no faiado*..., *vaise pro faiado*, *axota as arñas que haxa nun recuncho* e ten que convivir con outros animaliños: *pro a min góstame ouvir os ratos rillando no faiado*.., *non era naide*, *senón un rato que roía no faiado*..., *collérono uns frades veciños por cazador de ratos no faiado*..., *duns ruídos coma de mur en faiado*... *Coa aquela calor húmida espertaban os leirós no faiado*..

Moitas máis cousas pasan nos **faiados** de Cunqueiro que emprega ás veces a variante desta voz, **faio**: *Nunha casa*, *estando eu revolvendo no faio*, *ouvín un día grande boureo*..., *que o deiten no catre do faio novo*..., *que se sentara nas escaleiras do faio*...

Pero para algúns galegos **faiado** é o nome do teito dunha habitación que se adoitaba facer coa madeira da árbore **faia**. De aí que nacera tal vez ese nome de teito **faiado** e posteriormente fose chamado **faiado** ó espacio que forma a parte superior dunha casa.

Tamén para algúns o **sobrado**, que é a planta alta da vivenda onde xeralmente estaban os leitos e a grande mesa de manxar, é o mesmo có **faiado**. Cunqueiro fala unha vez dunha casa que *era dunha pranta e sobrado*, pero noutras dúas ocasións non sabemos claramente se esta voz significaba 'lugar distinguido' ou 'lugar dos trastos': *pro co aquel de estar no canuto de ferro no sobrado enferruxou*..., *foi quen prendeu nun sobrado ao don Silvestre verdadeiro*.

Por último digamos que en *Xentes* a Cunqueiro se lle escapa unha vez o castelanismo **desván**: *Reforzou as vigas na casa*, *posteou o desván e a súa habitación*...

886. Pasa pola couma de vimio o tarabelo

O narrador de *Merlín e familia* recibe do amo o encargo de levar un cesto ós penedos dos Cabos onde ten que realizar varias operacións: *e sin mirar pró cesto*, *deixas caír a tapa*, *pasas pola couma de vimio o tarabelo*...

O **tarabelo** é unha peza, xeralmente oval e de madeira, que xira sobre unha punta cravada na súa parte central e que serve para pechar portas, ventás e, como vemos na citada frase, tamén cestos. **Tarabelo** é vocábulo corrente en toda Galicia e bastante empregado polos escritores: *Correu da súa porta o tarabelo* (Pintos), *apertando o tarabelo* (Rosalía), *Meteuse no seu carto*, *pechou co tarabelo* (Curros), *Vouche retorce-la língoa coma un tarabelo* (Castelao).

Cunqueiro, na citada obra, segue mencionando o **tarabelo**: *fixenlle ao cesto un tarabelo novo de buxo*..., *Estudou o tarabelo e fixome faguer a maniobra de pecha-lo cesto sin botarlle unha ollada*..., pero no libro *Sinbad* usa a variante **tarabela**: *paxaros... que sairían da gaiola si o vello almirante non lles tivese posto cruzada unha tarabela no rabo*.

Para que un **tarabelo** peche algo hai que pasalo por unha argola ou por unha peza onde quede suxeito. O sitio por onde pasa, no exemplo citado, o **tarabelo** é unha **couma** de vimbio. Resulta evidente que unha **couma** de vimbio ou vime ten que ser unha especie de argola.

Agora ben, ocorre que esta verba **couma** non aparece rexistrada en ningún diccionario nin a atopei en ningunha outra obra léxica. Teño para min que Cunqueiro evolucionou a palabra **colma** en **couma**. A voz **colma**, que ten a variante **colmo**, é usada en bastantes lugares coa significación de cuberta de xestas ou de pallas para certas edificacións. Non parece estraño pensar que Cunqueiro aplicou esta voz normal de cuberta dun edificio á cuberta dun cesto e concretamente ó lugar por onde se mete o tarabelo.

Coido que axuda á comprensión desta voz **colma** o seguinte texto da súa obra *Don Hamlet*: *Vense dende Elsinor as velas dos navíos... e na colma do hourizonte as luces acesas nas illas*, onde a voz **colma** significa parte superior ou parte elevada de algo.

887. Abroura-lo lume

Cunqueiro emprega frecuentemente o verbo **avivar** no seu significado fundamental de facer algo máis vivo, dar máis viveza, activar, intensificar, ou estimular. Así vemos en *Merlín* como o amo lle di a Felipe: *si sintes que brincan polo camiño uns canciños coma ratos*, *aviva o trote*... En *Crónicas* enterámonos como o sochantre *cando podía procuraba avivar a súa imaxinación de preguizoso con escuras novedás*... E en *A noite vai coma un río* dona Inés fala de si mesma así: *eu nunca quixen acender homes*, *tiralos fóra de si*, *avivar o desexo carnal*...

Pero **avivar** aparece tamén nas obras do escritor mindoniense coa significación corrente de 'facer máis activo o lume': *Acaróase á chimenea e co espeto aviva o lume*, de *Hamlet*, *ao final da asadura*, *avívase un pouco o forno*, de *Cociña*. E o murigante citado nos comentarios anteriores usa as súas ás con outra finalidade distinta ó voo: *As azas vainas usando como abano pra aviva-lo lume na cociña*.

O murigante, curioso polos contos, está moi atento ó que se di na cociña e cando lle gusta un conto *golpea coas tapas das tarteiras e abroura o lume*. Atopámonos nesta frase un verbo, **abrourar**, que eu nunca vin mencionado en ningunha obra léxica, pero que coido que se entende facilmente polo contexto en que está como sinónimo de **avivar**.

De tódolos xeitos Cunqueiro explica a continuación da frase citada a significación desta voz: *Aquí chámanlle abrourar o lume á escarabellar nil co atizador ou cunha estela*. Non sei se efectivamente esta forma está viva nas terras luguesas.

Penso que na base deste verbo **abrourar** está a voz **aburar**, que está moi viva na provincia de Lugo como queimar, arder, e noutros lugares de Galicia ten unha significación semellante á de **avivar**. **Aburar** puido moi ben recibi-la influencia de **abrasar** e pasar a ser *abrurar*, e posteriormente a **abrourar**.

Probablemente puido tamén influír nese cambio da terminación final *-urar* en *-ourar* o verbo **bourar**, corrente en Lugo, que ten a significación de pegar, golpear cun pao, que en certo modo é o que se fai cando avivamo-lo lume. Claro que poderiamos engadir outro verbo, **bourear**, que significa armar barullo e que Cunqueiro coñece ben: *afora boureaba o vendaval* (de *Xente*), *non lle saía ren ás dereitas por súpeto e boureante* (de *Crónicas*)...

888. Unha larada

Da voz **lar**, lugar onde se prende o lume na cociña, derívase a palabra **larada** que ten a significación fundamental de lume que se fai sobre a pedra do lar, a fogueira ou labarada que se forma no fogar e mesmo a de cantidade de leña que se bota dunha vez ó lume. Lembro agora varios versos de Rosalía de Castro onde emprega esta voz con estas significacións: *Eu me quedo contemprando –as laradas das casiñas– por quen vivo suspirando*..., *I aló no lar*, *¡que fogo*; *que larada!... de fogaxe larada viva*.

Arredor do **lar** reúnese (ou mellor dito, reuníase) a familia para quentarse a face-los comentarios cotiás. As xentes en torno ó lar formaban tamén unha **larada** e entón **larada** pasou de significar 'conxunto de persoas reunidas ó pe da lareira' a 'conxunto familiar', acepción que vemos empregada por Otero Pedrayo: *había na casa moita larada de fillos*.

Posteriormente **larada** pasou a significar tamén o conxunto de animais, que ten unha femia. **Larada** é o mesmo que camada ou rolada, como vemos nesta frase que tomamos de Ben Cho Shey: *Mira por Deus que benzón de larada nos trouxo a Quira*...

Pero nas comarcas luguesas fálase igualmente das laradas que teñen as galiñas, como comprobamos nestas palabras de Iglesia Alvariño: *E gardan unha larada de pitiños negros*. Tamén Cunqueiro en *Os outros feirantes* emprega esta voz coa mesma significación: *A choca castelán era mui sosegada e criou mui ben a larada*. *Os pitos medraban*... *De toda a larada non saíra nin unha soia galiña*, *que todos eran polos*.

O sinónimo tan corrente desta voz, **camada**, non o atopei usado por Cunqueiro. Sen embargo usa frecuentemente **niñada**: *Elsinor é somentes unha niñada de esperteiros e curuxas*, (de *Hamlet*), *sempre me lembrarei da cerca na que tantas niñadas velei*, (de *Merlín*), *Asusta ós nenos que andan velando niñadas nas silveiras*, (de *Escola de menciñeiros*), etc.

Naturalmente a palabra base desta voz, o **niño**, está presente en bastantes obras para significar ese lugar onde poñen os ovos as aves e crían os fillos. Hai niños de paxaros, pombas, anduriñas, melros, mouchos, galiñas e mesmo de cobras.

889. Torneira e tormeira

Atopamos ás veces nas obras de Cunqueiro, como pasa tamén con outros autores, palabras máis ou menos correntes que teñen varias acepcións e que loxicamente non son usadas en todas elas. Así, por exemplo a verba **caneiro** é para moitos galegos un tabique de táboas dentro dunha vivenda (probable-

mente chamada así porque antigamente era de canas), para outros o mesmo que **canaveiral**, para algúns igual ca un **cano**, para bastantes unha **cale**, **cal**, **cano** ou **canalón**, para outros a abertura na parede dunha finca para mete-la auga dun rego, e para moitos unha pequena presa nun río e a canle que leva a auga ós muíños, acepción esta que vemos nesta frase de *Sinbad*: *as augas do río... fan unha veiga de prados e horticelos*, *moi axeitada con regos e con dous caneiros pra que represen os muíños*, e nestoutra de *A noite vai coma un río*: *Escóitase o río na noite*, *nas torneiras e nos caneiros*.

Na última frase aparecen xunto cos **caneiros** as **torneiras** que son precisamente os lugares dun río onde se desvían as augas para as **canles** ou **caneiros**. Digamos que tan corrente coma **torneira** son en moitos sitios **torna** e **tornadoiro**, voces todas elas derivadas do verbo **tornar** que, á parte de significar 'volver, regresar' (*meu amigo novo non tornará*, de *Dona*), 'espantar' (*Tornade os ratos dos quei*xos, *vagos!*, de *Xente*), ou 'mudar, transformarse' (*o lobo iba tornándose en home*, de *Merlín*), ten a significación de 'desvia-la auga dun río para unha canle, ou dunha canle para unha brita'.

Esta voz **torneira** non debe confundirse con outra palabra case semellante foneticamente, **tormeira**, que Cunqueiro usou en *Sinbad*: *O mar é tranquío a cotío no Golfo e na noite calada non se escoita o seu ir e vir*, *senón o rebrincar do ladid no tormeira*, *denantes de botarse á nugalla no esteiro*. Non achei esta voz nos vocabularios galegos nir portugueses, pero si no Diccionario da Academia española, *tormera*, que ten a significación de rochedo ou roqueira como escribe en *Tesouros*: *polo castelo de Balboa*, *que é unha torre moura i esfarelada nunha roqueira*.

Desde logo polo contexto da frase (debo sinalar que ladid é o nome do río que percorre o país de Bolanda) está claro que podemos entender **tormeira** nesa significación citada e que, dado que non temos en galego, que eu saiba ningunha constancia desta voz, temos que admitir que é un castélanismo. En canto a que esa palabra vaia precedida da contracción da preposición e artigo masculino, **no**, coido que se trata dunha evidente errata.

890. O saído

Hai seis anos estivemos comentando amplamente a lingua de Rosalía de Castro, e nun deses comentarios publicados en *Follas da lingua* diciamos que «hai palabras na lingua galega que teñen unha longa tradición tras si, pero por diversas circunstancias van apagándose nas mentes dos falantes. Unha destas verbas que vai quedando practicamente no vocabulario pasivo dalgunhas xentes é **enxido**, voz que ten unha orixe moi clara na lingua latina: EXITUS, que ten o valor de 'saída'.

O **enxido** pasou a significar nalgunhas linguas romances o terreo común dunha aldea onde os veciños tiñan eiras, pero o galego reduciu esa significación a 'terreo cercado, contiguo a unha vivenda, dedicado a horta ou a xardín'. E a eliminar un tanto esta palabra contribuíu a voz **saído**, que Cunqueiro emprega frecuentemente.

En *Palabras de víspera* aparece tres veces este vocábulo: *Unha cámara no máis outo dunha torre*, *cun saído ameado*. *Fiteiras na parede*, *e no paso ao saído*, *un escano cuberto cun pano roxo... Dende o paso do saído mira o país*. Coido que nesta obra **saído** é o lugar que sobresae fóra dunha porta ou saída e neste paso parece ser unha terraza.

Nunhas enquisas realizadas polo nordeste da provincia de Lugo temos recollida a voz **saído** como 'corredor moi amplo que había nas casas antigas', e Cunqueiro usa esta palabra nun sentido semellante

neste texto de *Sinbad*: *rúbese a unha terraza i hai alí catro cámaras prós hóspedes*, *e prás mulleres hai unha tenda nun saído da cociña*.

Pero as outras veces que aparece esta verba en *Sinbad* coido que ten a significación tipicamente galega de **enxido**: *¿El non sementou leitugas e cabazo doce no meu saído*, *aproveitando que eu andaba fóra?...*, *dediante ten un saído a casa...*, *érguese cedo pra regar no horto e limpar o canle do saído...*, *cando tivo toda aquela familia atente no saído...*, *onda o níspero do seu saído estábanos agardando o vello Monsaíde*.

Este sentido que vemos nesas frases de 'horta' ou 'xardín' atopámolo tamén nun fragmento do libro *A cociña galega* na que fala do que viu un francés paseando polas murallas de Lugo: *entre a porta de San Pedro e a do Castelo*, *nun saído que hai entre dous cubos*.

Nesa mesma obra atopámo-lo uso de **saído** como 'horta': *e meu amigo íbase pra un saído*, *a faguer sopas na salsa*, *debaixo dunha figueira*.

En fin, Cunqueiro utiliza esta voz que é popular nalgúns puntos da provincia de Lugo e do leste da da Coruña para substituír á voz tradicional **enxido**.

891. Patios e patíns

O espacio descuberto, cerrado polos lados e anexo a un edificio é chamado **patio**, voz que usa frecuentemente Cunqueiro: *Erguinme pra facelas nun patio traseiro...*, *xuntouse moita familia no patio* (de *Crónicas*), *chantamos a espada na area do patio...*, *ouvíase o ir e vir da xente no patio* (de *Sinbad*), etc. E naturalmente hai patios para os cabalos e patios de armas: *tiña unha fiestra sober do patio de cabalos de casa de Postas...*, *Foi afusilado no patio de armas de Sedán* (de *Crónicas*,) etc., e mesmo hai patios no interior dos edificos: *O patio cuberto do Elsinor...*, *no patio cuberto de Elsinor* (de *Hamlet*), etc.

Sen embargo nalgunha ocasión utiliza a variante deformada desta voz, **páteo**, como vemos nestes exemplos de *Sinbad*: *a xente que atopa no páteo da fonda...*, *o máis do que chaman a fonda é un grande páteo arrodeado de arcadas*. Esta variante non é unha orixinalidade do noso escritor xa que houbo outros que tamén o fixeron, como Curros Enríquez (*non se escoitan nos páteos os ladridos dos cans*) e Otero Pedrayo (*a chuvia repicaba nos páteos*).

Pero Cunqueiro emprega ás veces como sinónimo de **patio** a voz **patín**: *a carroza detívose no vello patín de honra...*, *arredado do patín traseiro dela por unha* sebe (de *Crónicas*), *esculcando no patín onde* se *gardaría o pavo famoso...*, *e no patín do Firí volvía a muxi-la burra* (de *Sinbad*).

Con todo, nesta última obra atopamos uns casos claros do uso desta voz no sentido normal de 'pequena terraza en que remata a escaleira exterior dunha casa e que dá acceso ó piso alto ou sobrado': *Sari comía unha coda de pan nas escadeiras de Sinbad*, *e despoixas botábase a durmir no patín nun mollo de palla..*: *Sari sentárase nun saco de lona que estaba de pé no patín*. Nestoutra frase non queda claro se ten a significación de 'patio' ou de 'terraza': *A escea desenrólase no patín das esposas*, como tampouco nestas que sacamos de *Merlín*: *cando entraban ao patín*, *xa* e*staban na porta da casa o señor Merlín e doña Ginebra...*, *estraron de rosas e fiuncho i espadana o patín*.

Sen embargo noutra frase de *Sinbad* aparece **patín** coa significación tamén normal en galego de 'escaleira exterior que dá ó piso superior dunha casa ou doutro edificio': *hastra que Mansur remate unha escadeira posta de degraus iguás que leve cómodo dende o patín á terrada*.

892. A terrada

No último comentario rematabamos cunha frase da obra *Sinbad* na que Mansur quería terminar unha escadeira que levase comodamente *dende o patín á terrada*. ¿Que é unha **terrada**, voz que non aparece en ningún diccionario?

Coido que se lemos outras frases dese mesmo libro onde aparece esta palabra comprenderémola súa clara significación: *Da cociña*, *por unha escada de man*, *rúbese a unha terrada*..., *a terrada está máis outa que as ameas da Porta dos Perdós*..., *quen o aposentou nunha das cámaras da terrada*..., *saíu á terrada da alcazaba*..., *e levouse o limón polo áer*, *por derriba dos tellados e das terradas*..., etc.

Terrada é voz que Cunqueiro, coido eu, creou por modificación da verba pouco corrente en galego e existente en castelán, **terrado**, que el utiliza na citada obra ó describir unha vila da que *do curuto da mora de terrados e tellados sae unha torre bermella que é o alminar da mezquita*. Así pois, unha **terrada** é o mesmo ca un **terrado** ou dito doutra maneira o mesmo ca unha **terraza**, palabra que usa en *A noite vai coma un río*: *Sentada na terraza*, *ao sol*, *nun mediodía de outono*, *confiaba eu*...

O sitio onde dá o sol, á parte da **terraza**, é normalmente chamado **solaina** e, o mesmo ca en castelán, *solana*, que ás veces emprega Cunqueiro: *Sentado na solana con Manuel de Seixo* (de *Feirantes*), *estaba nunha solana nun sillón de rodas* (de *Merlín*).

Solaina ten ademais nalgúns lugares a significación de **soleira** e de sitio para te-los ourizos das castañas, pero en xeral é o lugar da casa preferido porque lle dá o sol e ten un balcón exterior con varanda ou galería e nalgunhas casas é practicamente unha habitación soleada, pero noutras é unha terraza aberta totalmente.

Cunqueiro utiliza frecuentemente esta voz: *e non máis chegar xa o colgaba no barómetro da solaina* (de *Escola*), *ten un parral que colle todo o balcón da solaina* (de *Merlín*), *berroume que baixase prá solaina*..., *salía á solaina súa faguendo viseira coa man*..., *a tertulia faise abaixo*, *na solaina das mulleres* (de *Sinbad*), etc. Son moitos os escritores que usaron esta voz: Risco (*Os nenos que andan xogando na solaina*), Otero Pedrayo (*soilo podía vivir no agarimo do sol da solaina*), Castelao (*Quen os verá tomando a raxeira do sol na solaina do pazo*), Celso Emilio Ferreiro (*Polas fiestras da solaina saía a voz de llena*), etc.

893. Corredores e adros

Nos anteriores comentarios falamos de patios, patíns, terrados e solainas, espacios que teñen relación coa casa e que aparecen descritos nas obras de Cunqueiro. Continuamos hoxe falando dos **corredores**.

A palabra **corredor** aplícase adxectivalmente a quen corre ou vai de présa, como vemos nestes exemplos de *Sinbad*: *o limoeiro célebre levábano dediante de min catro paxes corredores de meu*, e de *Merlín*: *donos de grandes espadas e de cabalos corredores*..., *Cabalo da casa*, *baio solano*, *grande corredor*.

Esta voz **corredor** pasou a ser substantivo para significa-lo lugar por onde se corre ou se vai. Nalgún lugar de Galicia chámase **corredor** a un camiño estreito, é dicir, a un carreiro ou a unha verea, pero a significación más común en todas partes é a de pasaxe máis ou menos estreita no interior dunha casa para comunica-los distintos cuartos. Neste senso aparece esta verba bastantes veces nas obras de Cunqueiro: *Apártaste nun corredor pra deixar pasar a un home*..., *cando pola mañán o atopas no corredor*...,

foise polos corredores, *polos longos e inacababres corredores* (de *Hamlet*), *botaron sal polo corredor e pola habitación de Marcelino*..., *desfiaba polo corredor* (de *Feirantes*), *A cadeira estaba no fondo dunha cova que tiña setenta corredores*..., *por moito que andivo os setenta corredores* (de *Tesouros*).

Pero **corredor** tomou tamén o significado corrente de espacio exterior dunha casa, cuberto e normalmente con balcón, balaustrada ou varanda. Esta voz atopámola xa usada por Curros Enríquez: *No escudo en que descansa o corredor voado fan niño as anduriña*, e é moi usada polo escritor mindoniense: *á esquerda un corredor*, *de caracol*, *que descansa sober colunas*..., *rube pola escadeira ó corredor de caracol* (de *Hamlet*), *i entón erguíase e saía con anteollo ó corredor*..., *e deixando a porta que daba ó corredor* (de *Sinbad*).

E **corredor** é para moitos galegos o mesmo que balcón ou balaustrada, significación que coido que lle dá o noso escritor nesta frase de *Sinbad*: *a casa ten medio faiado asolainado*, *con corredor de encana*.

Cunqueiro emprega ás veces como sinónimo de patio a voz **adro** que orixinariamente tiña o valor de espacio descuberto, rodeado xeralmente por un pórtico, que está diante dun edificio. Na obra *Hamlet* aparece citada esta voz: *virou no Adro da Coroa*, *onde eran as paradas i honras da cabaleiría*..., *saír deica a porta do adro*..., *namentras Hamlet rubía ó corredor*, *polas escadeiras*, *no fondo do adro cuberto*... Non obstante, usa **adro** máis frecuentemente na significación máis común de terreo que está diante ou ó redor dunha igrexa: *no adro do vello mosteiro*..., *que metese a carroza no adro* (de *Crónicas*), *a cerdeira do adro de Santa Margarida* (de *Xente*), etc.

894. Carriola e bambeeira

Hai un poema do primeiro libro de versos (*Mar ao norde*) de Álvaro Cunqueiro que remata así: *Déronma porque eu xa o sabía*: / *Si era ao carón do mar* / *seco de serenidás*, / *azul*, / *rosa*, / *lirio*, / *carriola de pedra dura*. Nel aparece a voz **carriola** que coido que ten aquí a significación de arrandea, randea, randeeira ou bambán.

Confírmame esa teoría o uso que fai tamén desa verba o escritor lugués Aquilino Iglesia Alvariño: *solo un recendo quente e silandeiro*, / *un silencio de angustia* / *xogando á carriola*... *Solpores de ouro e rosa e brasa viva*, / *e de froles marelas de anchas follas*, / *xirasoles de vento e luz apenas*, / *anáinanse na mar en carriolas*.

Por outra parte os traballos dialectais recollen esta voz nesa significación polas terras luguesas e nalgunha do leste da provincia da Coruña.

Na súa obra *Si o vello Simbad volvese ás illas* fai referencia Cunqueiro a outro obxecto que serve tamén para randearse ou arrolarse: *Mansur manda rubir unha alfombra nova i unha bambeeira de vimio*... *e cando Manur lle ofreceu a bambeeira sentouse nela con moita gravedá*... A voz **bambeeira** é un derivado de **bambear** ou, se se quere mellor, unha variante do **bambán**, palabra de orixe onomatopeica. Nesa mesma obra emprega o citado verbo **bambear**: *despoixas saíu bambeante do horto*, e tamén nas *Crónicas do sochantre*: *bambeábanselle os ollos a compás das ondas*...

Pero Cunqueiro, que ás veces busca palabras diferenciadas do castelán, como vimos no caso de sobre, sober e sobor, usa frecuentemente o castelanismo **columpiar** que atopamos poucas veces noutros escritores: *namentras columpiaba aos enfermos*... *En lúa chea o menciñeiro columpiaba mulleres preñadas*... *Cando quería dar a alguén unha proba de amistade*, *invitábao a columpiarse*.

Desde logo, aínda que non está rexistrada nos diccionarios, o castelanismo **columpio** está presente nalgunhas partes de Galicia, a pesar dos varios nomes tipicamente galegos para este aparello. Na obra *Xentes de aquí e de acolá* cítao bastantes veces: *trouxo un columpio individual de cadeas... Botaba a sesta no columpio... e saíu do columpio polo seu pé...*

895. Brinquedos e xoguetes

A verba galega e portuguesa **brinco** procede probablemente da palabra latina VINCULUM 'atadura', que debeu significar primeiramente aro, pendente e longo salto, bote, pulo como vemos nestas frases das obras de Álvaro Cunqueiro: *ergueuse dun brinco...*, *E dun brinco meteuse na caixa co difuntiño...*, *chegamos ao río i eu paseino a brincos polos pasos de pedra...*, *Nun dos brincos que deu saltou pola fiestra fóra...*

Brinco foi voz tan popular e gráfica que pasou ó castelán e naturalmente dela naceu o verbo **brincar** coa significación de dar un salto, de choutar, de pular, de chimpar, etc. Segundo comprobamos nestas frases cunqueirianas: *brincaba do leito facendo grande estrondo...*, *dunha roseira que brincaba por derriba do muro..*, *brincan polo camiño uns canciños*. Pero **brincar** pasa a ser dar saltos como xogo: *que se axuntan os coellos pra brincar e darse sober da herba a xogos e amores...*, *ou por darvos que falar ou por brincar un pouco*. Neste último exemplo vemos claramente como **brincar** equivale xa a xogar, divertirse.

Brinca e **brincadeira** son palabras normais en galego para significar diversión, broma, pasatempo, pero Cunqueiro emprega en *Merlín* a palabra **brinqueta** que é bastante común nas terras luguesas: *Os da outra familia*, *que o enano dixera*, *non saían á brinqueta*.

No libro *Cantiga nova que se chama Riveira* emprega a voz **brinquedo**: *O río levaba os ollos / ailalálo / soñando brinquedos brancos / nenos despertos soñando*. Para min é palabra que nunca lera nin escoitara. Desde logo é palabra normal en portugués e aparece nos dicccionarios galegos a partir do de Carré Alvarellos coa significación de xogo, diversión e xoguete.

A palabra normal en galego para indicar calquera obxecto usado para xogar é **xoguete**, voz común coas outras linguas peninsulares que tal vez viñera de Francia xa na época medieval. Desde a época de Pintos (*Pois nados para xoguetes / de señores aburridos*) aparece nos textos literarios (*espadas de xoguete e caixas de bombóns*) de Otero Pedrayo, (*Recraman os xoguetes / dos nenos que morreron de chumbo na ialba insomne*) de Celso Emilio Ferreiro e é empregada en toda Galicia.

Cunqueiro fai uso da verba **xoguete** en *Merlín*, *sodes todos testimoño de que quero que me enterren con ise xoguete nas mans*, en *Sinbad*: *e solta o freno cando quere*, *coma nun xoguete de Constantinopla...*, *E o que determinara Zafir era de retirarse a unha montaña con aquel ledo invento*, *con aquel xoguete...*

896. Un tendollo e un regolfo

Quen comeza a le-lo libro *Merlín e familia* de Álvaro Cunqueiro atoparase na introducción con esta frase: *quen diría que ma iban a encher*, *a pucha nova*, *da máis misteriosas maxias*, *engados*, *trasegos*, *inventos*, *tendollos e feitizos*, na que aparece a voz **tendollos** que inutilmente buscará nos diccionarios porque non está rexistrada e que é imposible comprender polo contexto.

Se seguimos lendo a citada obra acharémo-las seguintes frases: *faloume cortés e díxome que aquel espello non podería ser un tendollo verdadeiro*, *nin era cousa de pasar por escribano todo o que il espellaba*, onde vemos que aquel espello enfeitizado onde se vían cousas extraordinarias non era realmente un **tendollo**, pero si algo que tiña relación cun **tendollo**.

Máis adiante volvemos a encontrar esta voz: *todo o que por aquela portada iba e viña*, *mais que unha memoria porpasada*, *é un tendollo de Páscoa*... O lector de *Merlín* sabe xa que un **tendollo** é algo máis que unha memoria ou un espello enfeitizado.

Noutro libro *Escola de menciñeiros* aparece de novo esta palabra cunqueiriana: *Heiche traguer un quebranoces*, *un saltaparedes i un tendollo pras Pascuas!* que el mesmo explica a continuación: *O tendollo prás Pascuas é xogo de verbas*: *estate co ollo aberto a ver que che cae nas Pascuas que veñen*.

Tendollo é unha voz creada probablemente partindo da expresión *ter de ollo* ou como di Cunqueiro de *estate co ollo aberto para ver que regalo pode un recibir*. **Tendollo** é palabra típica da zona mindoniense para significar 'posible regalo que se pode recibir' ou 'promesa de regalo'...

Cunqueiro introduce bastantes veces na lingua literaria voces luguesas e mesmo moitas veces palabras antigas e castelanismos non correntes. Nun poema do seu libro *Dona do corpo delgado* lémo-los seguintes versos: *Ese regolfo de chamas e sombras remexidas / onde van e retornan e derrámanse os pés da lira danzarina*, nos que emprega a voz **regolfo**, que non é palabra popular entre nós e que mesmo en portugués é considerado castelanismo.

Pois ben, **regolfo** equivale á nosa verba refluxo ou descenso da marea e volta ou retroceso da auga contra a súa corrente, e Cunqueiro usa esta voz para significar como as chamas se afastan do seu lugar natural.

897. Agasallos e galanos

Obsequiar ou dar unha cousa a alguén para demostrarlle afecto é **regalar**, verbo normal da lingua falada e da lingua escrita. Nas obras de Cunqueiro aparece loxicamente bastantes veces: *regalábanlle o cabalo millor do reximento*..., *que lle regalaran dous pesos falsos*..., *quixo regalarlle un traxe*..., *regaloulle dous polos*...

O obsequio, presente ou aquilo que se dá como proba ou demostración de afecto é o **regalo**, voz tamén normal a tódolos niveis da lingua e que Cunqueiro emprega moi a miúdo: *as nais agradecidas deixábanlle de regalo un queixo*..., *levoulle dous polos de regalo*...

Pero Cunqueiro usa tamén frecuentemente o verbo **agasallar** non soamente co sentido de mimar, agarimar (*Como vou a poder casar*, *agasallar un esposo querido*), senón como verdadeiro sinónimo de regalar (*o mouro agasallaba ao muiñeiro cunha moeda*..., *agasallárao cun fermoso reló*..., *agasallouno cunha cadea de ouro*).

O que se **agasalla** é o **agasallo**: *levaba de agasallo para as madres unhas libras de chocolate portugués*..., *O pasamán de veludo que teño no tabardo azul foi agasallo dela*...

O escritor mindoniense usa ás veces unhas variantes destas voces: **gasallar** (*Tamén gasallou a Primo cunha corbata*, de *Xente*), **gasallo** (*levarlle ao señor cura un gasallo de troitas*, de *Merlín*) e o adxectivo derivado **gasalleiro** (*madame de Saint-Vaast amosábaselle gasalleira i ridoira*).

Sen embargo Cunqueiro emprega moitas máis veces cás palabras citadas como obsequio a voz **galano**, que é popular en bastantes lugares de Galicia con significacións máis concretas de lambetada ou xoguete ou cousiña que se lle dá a un neno. **Galano** como sinónimo de regalo ou agasallo aparece en case tódalas obras de Cunqueiro.

Seleccionamos como exemplo o uso desta voz unhas cantas frases: *o pano bordado que me deixou por galano* (de *Merlín*), *un pomiño que levarlle de galano* (de *Crónicas*), *pide que lle traiga un galano* (de *Escola*), *doulle a Segundo de galano un reló* (de *Feirantes*), *que nono tomara como adianto senón como galano* (de *Sinbad*), *leva dous bos capós*, *galano pra ún abogado* (de *Xente*), *unha boa fonte con tres ou catro ducias de canas era un galano pra un día santo* (de *Cociña*), etc.

898. Sortellas e aneis

Ese aro de metal, xeralmente de ouro ou de prata, con incrustracións de pedras preciosas ás veces, que se coloca nun dedo, chámase en galego **sortella**, voz tradicional e moi usada nos textos medievais e conservada ata o día de hoxe coa mesma significación, aínda que nalgúns diccionarios galegos se fai a mención de que se emprega para cuestións máxicas e sortilexios.

En *Si o vello Sinbad volvese ás illas* cita Cunqueiro un par de veces esta palabra dándolle precisamente esa significación de aro que ten poderes máxicos: *El non che contei xa do rei Borzasares*, *por millor gardar dos usurpadores as súas sete vilas cando veu á Meca*, *fixo trato co mago e iste púxollas nunha sortella*, *coma sete pedras*, *e xogando coa peza caíulle ó mar e foi perdido así o seu rico reinado... e como na sortella iba toda a familia dos seus suxetos*, *estivo o mar en Aden un ano botando cadavres*.

Pero esta verba ten na fala popular non soamente o significado de aro para poñer no dedo, senón tamén o de aro ou argola que se coloca no mando das gadañas, das navallas ou dos paraugas. E ten un rival na voz castelá *sortija*, pronunciada á galega como **sortixa** e mesmo escrita dese modo por algún escritor como o propio Cunqueiro que a cita en *Escola de menciñeiros*: *tiña*, *en troques*, *unhas mans finas*, *mui ditosas de movimento cando loubaba i amosaba unha sortixa ou un rosario*.

Xa en latín esta voz tiña un sinónimo, ANELLUS, que por transformación fonética regular deu en galego e portugués *elo*, forma que se perdeu nos tempos medievais e foi substituída polo provenzalismo **anel**, que xa vemos empregado nas *Cantigas de Santa María* e que é bastante usada na fala popular, recomendada polas normas académicas e usada por algúns escritores (*un anel de cobre dourado*, de V. Risco; *o anel do arco...*, *o anel nupcional...*, *moitos aneis*, de Otero Pedrayo).

Sen embargo, ó lado desta forma **anel** existe a variante **anelo**, popular nalgunhas partes e cara a algúns escritores: *cai inda en anelos a forte cadea* (Curros), *cun anelo de casada* (Cabanillas); *formaba un anelo ao redor do romance castelán* (Castelao), etc.

Cunqueiro prefire esta variante **anelo**: *víñalle como anelo ó dedo...*, *como si levase anelos preciosos e nunca vistos nos dedos*, de *Crónicas*, *acaime como anelo ao dedo*, de *Merlín*, *como luce iste anelo nisa branquísima pel...*, *puxécheme moitos anelos nos dedos*, de *Hamlet*, *envolve a freba de ouro nun dedo figurando un anelo*, de *Sinbad*, *co anelo na man esquerda*, de *Tesouros*, etc.

899. Os cartiños

Como é lóxico os **cartos** están presentes practicamente en tódalas obras de Cunqueiro: *por cartos fixo ise viaxe* (de *Merlín*), *cando lle chegasen cartos frescos* (de *Crónicas*), *recontando os poucos cartos que*

ten (de *Sinbad*), *foron pedirlle cartos ó mouro* (de *Tesouros*), *El que facemos cos cartos?* (de *Xente*), *fixeron moitos cartos* (de *Escola*), etc. Naturalmente os **cartos** son algo afectivo para moita xente e por tanto son denominados **cartiños**, voz que tamén usa ás veces Cunqueiro: *Matías Vello... en pouco tempo xuntou uns cartiños* (de *Escola*), *Con istes cartiños pagábase unha cura de augas en Guitiriz* (de *Xente*), *os cartiños que deixaban os xamóns* (de *Cociña*).

Sen embargo resulta algo así como máis elevado ou máis culto falar, en vez de **cartos**, de **diñeiro**, voz que aparece frecuentemente nas obras cunqueirianas: *tiveran diñeiro sobrado pra faguer dúas naos* (de *Sinbad*), *as mulleres con mestruo non atopan o diñeiro perdido* (de *Tesouros*), *Cobraba en café*, *que como decía*, *era máis limpo que cobrar en diñeiro* (de *Xente*), etc. Ás veces aparece esta voz en plural: *meteuse en farra i acabou os diñeiros* (de *Escola*), *Pouco despois de mandar o fonógrafo e uns diñeiros pra que mercasen unha mecedora* (de *Os outros feirantes*), etc.

Cando se quere concretar máis ou materializa-la realidade dos cartos ou do diñeiro falamos entón das **moedas**, voz que loxicamente atopamos moi usada nas obras de Cunqueiro: *dous sacos de varia moeda* (de *Merlín*), *hai que porlle a moeda na boca...*, *contar as moedas de ouro* (de *Crónicas*), *pillou unha moeda de ouro...*, *moedas de prata* (de *Sinbad*), *Tirou a moeda de ouro fóra do peto* (de *Escola*), *pagáballe ó home cunha moeda...*, *o tesouro que eran sesenta moedas* (de *Tesouros*), *a moeda brillaba na escuridade...*, *Nunca toquei moedas de ouro* (de *Xente*), etc.

As **moedas** teñen denominacións distintas segundo os países e as épocas. Entre as antigas moedas españolas atopámo-las **onzas** e **medias onzas**: *media onza de ouro... atopou na rúa dúas onzas de ouro* (de *Merlín*), *pagan onza de ouro por onza de pirixel* (de *Sinbad*), *levouse a moeda*, *que era unha media onza de Isabel II* (de *Xente*), *media onza de ouro de don Fernando VII* (de *Feirantes*), etc.

Outra moeda que hoxe xa podemos considerar antiga era o **real** que tiña bastante valor na feira de Meira segundo contaba un amigo de Cunqueiro: *nunha taberna pagaba un real e botábanlle nun plato dúas cazoladas de salsa de estofado*, *con catro ou cinco patacas...* (de *Cociña*). No libro *Escola de menciñeiros* quédanos explicado o valor do **real**: *Adoitaba a cobrar tres pesetas*: *seis reás por mirar o enfermo i outros seis por escribir a receta*. En tódalas obras nas que aparece esta moeda en plural é sempre **reás**.

En fin, seguiremos falando dos **cartiños** nas obras de Cunqueiro.

900. Máis sobre cartiños

As moedas modernas españolas máis citadas nas obras de Cunqueiro son os **pesos** e naturalmente as **pesetas**. Observamos que estas non aparecen mencionadas nas súas primeiras obras. En *Merlín* só se paga con pesos: *e pagara con un peso i a pulpeira... rifou con il*, *que o peso era sevillano*, e os **pesos** tiñan bastante valor xa que o mozo de pasamán cobraba *once pesos ao ano*. En *Crónicas* só se fala dun *peso de Acapulco* e en *Sinbad* menciónanse os **pesos** varias veces na escena final do demo e da dama que necesitan merca-la perdiz que fala por cen pesos.

Nas obras posteriores *Escola de menciñeiros*, *Xente de aquí e de acolá* e *Os outros feirantes* faise mención de **pesos** abundantemente: *Pagaría sete pesos ó mes pola pousada* (de *Escola*), *xa non lle restaba máis que un peso amadeo...*, *levando vinte pesos na chaqueta* (de *Xente*), *por un peso... a xitana botaríalle a boaventura..*, *aqués pesos amadeos estaban enmeigados* (de *Feirantes*), etc.

Pero precisamente esas tres últimas obras citadas son as únicas nas que se fala frecuentemente das **pesetas**: *non se levaron unha peseta...*, *Cachizas tiña unhas trinta mil pesetas en billetes* (de *Escola*), *recra-*

mándolle unha peseta pola xarra de viño..., *Couto ganou unhas pesetas axudando a esquilar* (de *Xente*), *en papel selado de tres pesetas*... *unha moeda de cinco pesetas* (de *Feirantes*).

Cunqueiro menciona entre as moedas a **libra**, pero esta pode ser flamenga ou inglesa: *doce libras flamengas que estaban emprestadas a unha condesa* (de *Crónicas*), *iste familiar xa tiña adiantado de alimentos catro libras ingresas* (de *Merlín*); a **lira** italiana: *Puxen nela un peso de Acapulco e máis unha lira de ouro de Pisa* (de *Crónicas*); **floríns**: *pro na bulsa vai*, *en floríns torneados*, *canto diñeiro me queda da fortuna antiga*.

En *As Crónicas do Sochantre* cóntase a historia dun suborno: *deixeme tentar do saquetiño de ouro*... *¿I el en que viña? preguntou curioso o escribano*. *En doblas de Hungría*, , *que é moeda que non ademite desprecio*. Nela vemos, pois, a mención da moeda chamada **dobla**.

En *Sinbad* fálase dun forasteiro que deixa caer unha moeda de ouro ó chan, que é definida así: *baixándose a coller a moeda que era un bizantino de media onza*. Non sei se realmente existiu a moeda que Cunqueiro chama **bizantino**...

Aínda seguiremos falando doutras moedas.

901. Máis nomes de moedas

Do libro *As Crónicas do Sochantre* quitamos este texto no que aparecen mencionadas varias moedas de ouro: *Contar ouro na noite é a máis fermosa cousa do mundo*. *Non canta o mesmo un tornés inglés que un luis de Francia*, *nin un ánxel das cidades mariñas que un carolus de Hespaña*.

Un **tornés** é unha moeda que se acuñaba na cidade francesa de Tours xa no século XIII, pero seguindo o modelo da súa fabricación foi acuñada posteriormente noutras partes de Europa. De aí que non resulte estraño que Cunqueiro fale nesa frase dun **tornés** inglés. Noutros lugares fala dos torneses sen adxectivar estas moedas para que soubesemos de onde eran: *unhas bragas de franela e dous torneses de ouro* (de *Crónicas*), *Don Silvestre hate agasallar con dous torneses de ouro*..., *con dous torneses de ouro podería mercar en Lugo unha pamela* (de *Merlín*).

Un **luís** era unha antiga moeda francesa medieval e tamén recibiu ese mesmo nome outra moeda fabricada na época da primeira república. Na mesma obra *Crónicas* fálase varias veces desta moeda: *cando se me esgota un luis aménceme outro na bulsa*..., *E púxolle na man a Mezidon unha moeda de medio luis*..., *contando a escuso os seus poucos luises de ouro*..., *veu os catro luises de ouro na palma daquil rico señor de Le Mans*.

Un **carolus** era unha moeda que se usaba en España en tempos de Carlos V. E a propósito do nome desta moeda lembrámo-lo nome doutra que talvez teña relación con ela. Trátase da **carolina**. Vexámo-los textos onde aparece: *sacou do enfaixe das bragas unha moediña de ouro*... *É unha carolina de catro escudos do Imperio*..., *seguía chinchando a súa carolina imperial no chan*..., *ca pode o señor escribano despedirse da súa carolina do Imperio* (de *Crónicas*), *quedaron alí estes fios*. *Un plateiro de Lugo díxome que eran de ouro*, *da mesma lei que as onzas Carolinas* (de *Xente*). Non teño constancia de ningunha moeda que se chame así e por tanto coido que podemos interpreta-la **carolina** da que fala Cunqueiro como sinónimo de **carolus**.

E pechamos esta relación de nomes de moedas citadas por Cunqueiro facendo mención dos **francos** que aparecen mencionados varias veces nas *Crónicas*: *vendéralle unhas calzas de lá... i o Toulet releou hastra que llas sacou en medio franco...*, *Un franco pola licencia... Dous francos... cobra dous francos por día*.

902. Entre chope e chope

A porción dun líquido que introducimos na boca aspirándoo cos labios e logo bebemos é un **sorbo**: *Deixa que o sorbo postreiro / beba do celeste viño*, dicía Rosalía de Castro e *O derradeiro sorbo afogou seu derradeiro alento*, escribiu Álvaro Cunqueiro.

Pero se non queremos chama-la atención sobre o modo de introducción dese líquido da boca, dicimos **trago**: *Pois*, *ña Pepa toma un trago / de resolio que aquí teño*, dixo Rosalía. E mesmo **trago** adquire o sentido figurado de 'dor ou desgracia que hai que admitir ou tolerar' como vemos nesta frase de Cunqueiro: *¡Debeu de ser un mal trago cando amenceu Cabaliel no espello!*

Cando o escritor mindoniense fala de sorbos ou tragos agradables emprega a voz, corrente en moitas partes, **chope**: *bebía dous ou tres chopes de caña...*, *trae unha xarra de viño*. *Dalla ao Mendiño*, *que bebe un chope...*, *bótalles viño*. *Beben dun chope e recuncan...*, *abuchou a boca co derradeiro chope de clarete...*, *Bebía a modo*, *i entre chope e chope parrafeaba coa moza*. **Chope** (en bastantes partes din tamén **chopo**) significa ademais ocupación ou traballo que resulta vantaxoso.

Con significación de sorbo, trago ou chope usa Cunqueiro varias veces a verba **grolo**: *e pide un grolo de viño...*, *non ousas borralo cun grolo de viño...*, *que se sentou a beber o viño*. *Bebe a grolos poucos*, *goloso...*, *Botaba un grolo*, *limpábase os beizos na bocamanga...* Coido que esta voz **grolo**, bastante empregada polos escritores e da que xa falei nos *Retrincos da lingua*, ó igual que **chope**, é creación exclusiva da lingua galega.

A estas catro palabras usadas polo noso escritor podemos engadir algunha máis que ten a mesma significación: **goto** (*voulle buscar un goto de auga fresca*), **fecha** (*E moitos pra celebralo beben unha fecha de viño xuntos...*, *e aínda se lles axuda cunha fechiña de viño doce*) e **sede** (*o que quero de ti é unha sede de auga fresca*).

A voz **goto** é tamén, que eu saiba, verba exclusivamente galega, nacida do cambio do *-a* final de **gota** en *-o* por influencia tal vez de **grolo**. **Fecha** é igualmente voz exclusiva da lingua galega que tal vez proceda da palabra latina FISTULA 'cano de auga' que logo pasou a súa significación á de sorbo, trago, grolo, etc. E por último digamos que **sede** no sentido de trago ou grolo, aínda que sexa unha acepción que non está recollida nos diccionarios, debe estar viva nalgunhas partes de Galicia porque, á parte de Cunqueiro, a usou Pondal: *Nin parece que a ninguén / negues unha sede de auga*, frase esta última que os diccionaristas interpretaron nun sentido figurado de 'negarse a dar algo'.

903. A colineta

Nas primeiras páxinas da obra *Merlín e familia* preséntanos Cunqueiro a dona Ginebra, ama de casa, coas súas características físicas, os seus labores e os seus costumes. Era muller de señorío *e don Merlín señoreábaa ao falarlle*, *e na cociña non poñía man*, *coma non fora pra facer a colineta os días de festa*. Eu non sabía o que era a **colineta** e busquei esta verba inutilmente en diccionarios galegos e portugueses. Resulta indubidable que a **colineta** ten que ser un prato especial...

De tódolos xeitos lendo *A cociña galega* encontrei dúas citas das **colinetas** (*En Viveiro e en Ortigueira fanse colinetas*, *e sendo comunal a receta dos mantecados*, *en cada vila saen un pouco diferentes... Agora fan algúns dos millores doces que se poden comer en Galicia*, *as monxas de Santa Clara*, *especialmente colinetas*) nas que trala súa lectura non saco en conclusión máis que parece ser que se fan con mantecados...

Cabería a solución de preguntar a xentes dos citados lugares sobre cómo se fai unha **colineta**, pero preferín pescuda-la orixe desta voz e atopei que o diccionario da Real Academia Española considera esta palabra como pouco usada para significar 'prato de doces que forman un conxunto elevado e vistoso', é dicir, que se parece a unha pequena colina.

Así pois, **colineta** é un castelanismo dentro do mundo da repostería e é algo así coma un prato grande de repostería composto de varios tipos de doces. Estes, ademais de no libro da *Cociña* aparecen en moitas das súas obras. No citado *Merlín* fala do *chiculate con biscoitos* e *biscoitos rizados*, de como *os cativeiros da súa familia rillaban nas roscas*. En *Sinbad* fálase da *tarta de boda* que se fai con *biscoito de pasas*, *capa de mel caramela*, *merengada de froitas*, etc. En *Xentes* de *doces de améndoa con mel* e *pastel de viñonate*, dunha tarta con biscoito, mermelada de melocotón, nata e un adorno de guindas, das *roscas de Ribadeo*, etc.

Naturalmente en *A cociña galega* podemos enterarnos de onde se fan *millores tartas e pasteis*, *pasteliños*, *pastelóns*, *biscoito borracho*, *roscón redondo*, *rosquiñas das festas*, *filloas*, *roscos de viño*, *rosquillas anisadas*, *natillas*, *follaldre*, *canas*, *flans*, *bica de Trives*, etc., etc.

904. Augardentes e ratafias

No libro *As Crónicas do Sochantre* descríbese un taberneiro que como *era gustoso de augardentes e ratafias*, *xa iba vello cáncamo*. A bebida alcohólica **augardente** aparece naturalmente, como voz popular que é, bastantes veces citada nas obras de Cunqueiro. En *Merlín* hai un don Felices, *cabaleiro mui cortés i afeito ao augardente de Portomarín*. Nas *Crónicas* hai tamén unha dona que *pra curala dun flato suspenso que lle quedou dun mal parto*, *recetáralle o médico augardente con quina*. E moitas máis veces aparece citado o augardente noutros libros e sobre todo no titulado *A cociña galega*: *faise augardente de herbas...*, *púxose de moda o queimar augardente*, *e agora famosa queimada...*, *Fanse moi boas augardentes en cáseque toda a Galicia vinícola*, etc.

A **ratafia**, voz que aparece de novo mencionada un pouco máis adiante do texto citado arriba (*poñíame derriba da barrica de ratafia de Besançon*), é un licor aromático feito con augardente, azucre e zume de cereixas, guindas e outras froitas. Esta palabra é de orixe francesa e en castelán aparece con acento no *í*. Non sei se ese licor era moi coñecido en Galicia.

Cunqueiro fala loxicamente de **licores** (*viños*, *augardent*es, *licores*, de *Cociña*, *raros licores*, de *Xente*) e entre eles do **licor café**: *Cos augardentes faise licor café* (de *Cociña*), *e de postre unha culler de sal i un vasiño de licor café* (de *Merlín*) e do **licor de quina**: *i o licor de quina que xa viña inxirolando* (de *Merlín*), etc.

Naturalmente nas obras de Cunqueiro podemos atoparnos con outras bebidas como a **xinebra** (*E díxolle a Lourenzo con quen tomou unha copiña de xinebra*, de *Feirantes*), o **coñac**, sobre todo o da marca «Tres cepas» (*terá o tamaño dunha botella de coñac tres cepas*, de *Xente*), *unha copiña de coñac Tres Cepas*, de *Cociña*, etc.), o **ron** (*un ponche dobre de ron*, de *Merlín*; *tortilla ó ron*, de *Escola*; *estaba Charles*

Anne algo posto de viño tinto e ron criollo, de *Crónicas*, etc.), o **anís** (*unha copiña de anís tras as comidas*, de *Feirantes*, *unha muller mui leda... amiga do anís*, de *Xente*), o **anisado** (*Nalgunhas partes*, *bótaselle ao amoado un chisco de anisado*, de *Cociña*), etc.

905. Endozar e cachetear

O adxectivo **doce**, que é voz común en toda Galicia para aplicalo a aquelo que produce un sabor agradable ou que non ten sabor picante, ou que é figuradamente tenro e bondadoso, deu lugar ó nacemento do verbo **adozar**, que ten pois o valor de tornar **doce** en tódalas súas significacións.

Cunqueiro non usa esta voz, senón unha variante que non é moi coñecida nin no nivel popular nin literario, se ben o diccionarista Eladio Rodríguez a rexistra no seu diccionario. Trátase de **endozar** que emprega no líbro *Os outros feirantes*, onde vemos que Fulxencio Parada tiña unha grande afección polas laranxas de Asados *en primeiro lugar porque foron as laranxas con que o destetaron*, *e en segundo lugar porque seu pai deixábaas no laranxo dun ano pra outro*, *e as que non facía caír o vento*, *endozaban nas ponlas*.

Coido que polo contexto queda clara a significación de **endozar** como tornarse máis doce, perdelo sabor agre ou picante que teñen en principio as laranxas.

Outra palabra que emprega Cunqueiro e que non aparece rexistrada nas obras léxicas galegas é **cachetear** que lemos no seguinte texto de *A cociña galega*: *podía o cazador abater a arcea*, *«a segadora do áer»*, *ou cachetear un gazapo que saía dunhas penas*. O gazapo ou cazapo, variante máis literaria, é collido **cacheteándoo**, é dicir, dándolle **cachetes** ou golpes ou labazadas que se dan coa man aberta ou co puño cerrado.

A palabra **cachete** nese sentido é moi pouco utilizada na nosa lingua porque se prefiren as voces **labazada**, **ronquete**, **torta**, **lapada**, **sopapo**, etc. Sen embargo está máis estendida a significación de **cachete** como fazula grosa ou algo avultada, que sabemos que empregou Otero Pedrayo na súa obra *O mesón dos ermos*: *Esperguizouse o mociño cos cachetes pechados*.

Non obstante o escritor mindoniense usa varias veces un derivado desa voz, **cachetada**, que a penas está recollida nas obras léxicas e que é sinónimo de **labazada** e demais voces citadas máis arriba: *Un de grande chapeu de aza ancha dábame cachetadas nos papos* (de *Crónicas*), *dábase dúas ou tres cachetadas nos papos...*, *dábase cachetadas na caluga* (de *Xente*).

Esta voz está tan viva para Cunqueiro que mesmo ás veces.a emprega como diminutivo, **cachetadiña**, segundo comprobamos nestes textos: *O gordo era mui bebedor e palaciano*, *e ao falarche dábache cachetadiñas nos papos* (de *A noite*), *díxome dándome unha cachetadiña no papo* (de *Merlín*).

906. A parva dos levadores

Quen ten ou demostra pouca intelixencia ou un certo atraso intelectual impropio da súa idade é chamado en galego (e tamén en portugués) **parvo**, voz que en castelán a nivel culto se entendería no seu sentido orixinario de pequeno.

Cunqueiro emprega **parvo** nesa significación de curto de intelixencia, necio ou ignorante en varias ocasións: *A pedra de afiar as agullas coa que os sastres bulrentos chiflan nos aprendices que saen algo parvos*, *non é tal pedra* (de *Escola*), *Non son os máis listos os que atopan tesouros*, *i algunhas veces son nenos*, *ou parvos*, *e tamén atopan tesouros os cegos* (de *Tesouros*), *Era un parviño de grandes ollos mouros*..., *chegoulle a de ir ao servicio militar e dérono por parvo* (de *Xente*).

E mesmo usa o adverbio derivado deste adxectivo, **parvamente**, no seguinte texto de *A cociña galega*: *Dise o que sigue pra que se vexa que parvamente viviamos en tempos non lonxanos*.

Pero o feminino deste adxectivo substantivouse conservando o valor orixinario de pequenez, pero concretando a pequenez na cantidade de alimento. Nesta significación fundamental **parva** é empregada algunha vez por Cunqueiro: *indo a Eduvixis a soltar as galiñas e darlles unha parva de maíz... Ao día seguinte Pepe foi tarde a levarlle a parva ao corvo* (exemplos de *Os outros feirantes*).

Sen embargo **parva** tomou o sentido concreto de comida lixeira que se fai antes do almorzo ou como almorzo ou mesmo despois do almorzo entre as dez e as once da mañá facendo unha pausa no traballo. En *Merlín* fala o narrador de don Felices que pasou uns días en Miranda: *e nos que pasou don Felices con nós*, *tomando sempre de parva papas de arrandar e chanfaina asada*, *fixenme seu amigo*. Non parece neste caso que a **parva** fose moi lixeira.

Eu recollín hai anos na comarca compostelá un significado moi concreto desta voz. A **parva** era a comida lixeira que se lles daba ós curas nos enterros. Curiosamente esta acepción de **parva** aparece nunha narración de *Xente de aquí e de acolá*: *Cando o día do enterro foron os da casa ao faiado a buscar no cesto de aramio que colgaba da viga un par de queixos dos que alí estaban a secar*, *e que eran precisos para a parva dos levadores*, *todos os queixos estaban adentados dos ratos*. Segundo, pois, este relato o queixo era para *a parva dos levadores*. E non é superfluo dicir que os **levadores** eran aqueles que viñan busca-lo cadáver.

Digamos por último que sobre **parvo** se formou o verbo **aparvar** que significa 'tornar parvo a alguén' ou 'quedar parvo' como vemos nestes exemplos de *Crónicas*: *O sochantre aparvara con tódolos sucesos de aquela mañán de brétema*..., *pro a min os esguerezos i o frío tíñanme aparvado*.

907. A vila máis choqueira de todas

Do capítulo de "Os peixes do mar" do libro *A cociña galega* é este parágrafo: *Poño aquí*, *e non debían ir neste capíduo*, *os calamares*, *as luras*, *os chocos*. Quen non coñeza ben estes cefalópodos podería pensar, ó ler este fragmento, que Cunqueiro distinguía os calamares das luras, pero se se segue lendo pode verse que aplica ámbolos dous nomes a ese molusco de corpo alongado con tentáculos que saen da cabeza e unha bolsa da que bota borra para ascurece-la auga cando intentan fuxir dun perigo.

O nome de **calamar** é un italianismo que introduciron os cataláns, e que logo pasou ó castelán e posteriormente ó galego que xa tiña (e naturalmente ten e debe preferirse) o nome de **lura** para denominar ese tipo de molusco de corpo alongado e decápodo. Na maior parte dos portos pesqueiros galegos consérvase ben o nome tradicional, pero o escritor mindoniense ten as súas preferencias: *as luras das Rías Baixas son dunha finura incomparable*.

Unha variedade de **luras** son os **chocos** (que en moitos lugares chaman **chopos**) que eloxia Cunqueiro, sobre todo, os que se comen en Redondela, vila á que denomina **choqueira** por ser tan afeccionada a estes moluscos: *Hai unha vila nosa*, *a Vila Real de Redondela de Galicia*, *que é a máis choqueira*

de todas as nosas, *e logrou unha empanada insólita*, *a empanada de chocos*, *na que o contido adréntase no continente*, *e fai un corpo feliz*, *e o pan da empanada é como a pel do corpo formado polos choquiños*.

Outro molusco semellante á **lura** é a **xiba** (*siba* en portugués, *jibia* en castelán), que Cunqueiro denomina **xibia**, variante que se di en Ribeira, Rinlo e Figueiras, segundo lemos no libro *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia*, de M.C. Ríos Panisse. O escritor mindoniense celebra ademais o valor que este molusco tiña como remedio para as doenzas do gando: *Entre estes moluscos hai a xibia*, *que se xanta coma o calamar*, *pro a súa cuncha interior ten importancia na menciña popular*, *e denantes había unha ou dúas en toda botica*, *que a recetaban pra doenzas do gado os menciñeiros*. *A xibia ten unha carne basta*, *pro sabrosa*.

Pero Cunqueiro fai referencia ó nome vasco **chipirón** para denomina-las **luras** ou **xibas** pequenas que son moi ricas: *Anque a millor cousa serían os máis pequenos desta tropa os que os vascos chaman chipirones*, *que a máis de guisalos na súa tinta*, *tamén se poden fritir*, *sin limpalos*, *como as xibias miúdas*, *sometentes con pasarlles un auga pra que deiten a area*. *Despois de fritidos*, *rebozados soio en fariña*, *estorgan a tinta que teñen na boca do goloso*.

Digamos, por último, que Cunqueiro fala sempre de **tinta** e non de **borra**. Ademais de nesas frases últimas citadas aparecía esa voz falando das **luras**: *a súa tinta ten un sabor doce e persistente que é o seu encanto*. *Supoño que aproveitar a tinta*, *debe ser cousa de vello*.

908. Polbos e mexillóns

O molusco cefalópodo sen cuncha, que ten oito tentáculos con ventosas, denominadas raxos, chámase academicamente **polbo** por ser esa a forma tradicional, e así é chamado tamén polos mariñeiros de media Galicia, case diría, desde Noia ata o río Miño. Os do norte chaman en xeral (nalgures din tamén *polbo*) a este molusco co castelanismo **pulpo**.

Cunqueiro cita ducias de veces a forma castelá: *O pulpo coce naquelas caldeiras de cobre*..., *O pulpo cócese enteiro*..., *O máis do gusto do pulpo é o comelo na feira*..., *eu estou polos máis pequenos*, *pero é o pulpo fresco*..., *pra min os millores pulpos son os das feiras de outono* (de *Cociña*), *deixou o pulpo pra logo* (de *Escola*), *comera o pulpo a carón de nós* (de *Merlín*), etc. Pero no libro *Cociña*, ó empezar a falar deste molusco dános unha explicación de por que usa esta forma: *O pulpo*, *ou polvo*, *que aínda lle chaman*, *pro a verba impúxose cáseque de todo*, *agás nalgúns lugares mariñeiros*.

Sen embargo el emprega a forma tradicional **polbo** algunha vez máis, e sempre escrita **polvo** segundo vimos no texto citado: *aínda que xa pagamos croques de Escocia*, *polvo africán*, *langostiños de Mozambique*..., *anque nalgúns lugares se asen as xardas ou cabalas e os polvos pequenos* (de *Cociña*).

Da voz **polbo** sae o adxectivo **polbeiro** que Cunqueiro non usa porque emprega **pulpeiro**: *O galego é moi pulpeiro* (de *Cociña*), así como cita tamén varias veces ás **pulpeiras**, mulleres que cociñan este celebrado molusco: *A pulpeira ten un gancho pra tirar o pulpo da pota na que coceu*..., *Houbo sempre pulpeiras famosas*..., *eran as pulpeiras do San Froilán* (de *Cociña*), etc.

O molusco lamelibranquio de cunchas de cor negra é chamado academicamente **mexillón**, voz que a lingua galega exportou á lingua castelá (*mejillón*) e que practicamente se emprega en case tódalas partes de Galicia. Sen embargo hai tamén moitos falantes, repartidos polos mesmos sitios onde din **mexillón**, que usan a variante **mexilón**. E curiosamente temos que engadir que hai mesmo bastantes

que, en vez de usar esas formas citadas, din **mixillón** ou **mixilón**, e aínda máis: hai algúns que falan de **minxilón**, **monxillón**, **munxilón**, **munxillón**, **muxilón**, **muxillón**, etc.

Por razóns que eu non sabería explicar Cunqueiro emprega sempre a forma **mexilón**: *presentada en Vilagarcía a un concurso de cociña co gallo da festa que van ao mexilón...*, *aparecía a empanada de mexilóns...*, *Outra das cousas do mar que tomou un gran pulo foi o consumo do mexilón...* ,

909. Zaticos, codelos e follaldres

Na obra cunqueiriana *Escola de menciñeiros* lémo-la seguinte frase: *De neno*, *afixo a comer do mesmo zatico de pan a un rato i a un melro*. De *A noite vai coma un río* é estoutra: *Dicen que os soldados non deixan nin un zatico de pan e que queiman as casas*. Nelas emprégase a voz **zatico**, palabra non rexistrada nos diccionarios galegos porque se trata dunha palabra castelá de orixe vasca para designar un anaco de pan.

Curiosamente o noso escritor usa para esta significación a verba **coda**, como vemos en *Sinbad*: *¡Queiman hastra as codas de pan que tiraban!...*, *Sari comía unha coda de pan nas escadeiras* ou en *Crónicas*: *mercara en Huelgoat unha peza de pan centeo*, *e cortaba unhas codas mui sabrosas... ¡Queremos pan! Unha cociña*, *Señoría!*

Sen embargo non fai uso da palabra **codelo** para indicar un anaco de pan, como fan outros escritores: *Que esta madre roe en min / cal roe un can nun codelo* (de Rosalía), *soio haberá pra il un codelo de pan* (de Otero Pedrayo), *codelos de pan*, *un codelo de boroa* (de Castelao), *son nosos os solpores / as sobras i os codelos* (de Celso Emilio Ferreiro).

Pero na obra *A cociña galega*, nunha soa páxina, aparece tres veces esta palabra **codelo**: *Na tradición xermánica*, *os codelos de porco*, *codelos de lacón*, *van soios no prato con verdura...*, *o lacón sabe dun xeito no codelo*, *doutro no touciño da parte superior*. Polo contexto coido que queda claro que este **codelo** non ten nada que ver co anaco de pan, senón que é unha «galeguización» do rico *codillo de cerdo*.

Outra galeguización que fai Cunqueiro no citado libro, para sinalar esa masa batida con manteiga que ó cocerse se desenvolve en moitas follas delgadas superpostas, é dicir, *o hojaldre* castelán, é **follaldre**: *souperon facer excelentes natillas*, *bós mantecados*, *follaldre*, *cremas e merengadas*. E desta forma saen os derivados **follaldrado** (*a receta do pastelón de lebre*, *que ha de ser moi follaldrado... pasta lixeiramente follaldrada*) e **hollaldrado** (*En moitas vilas galegas sábense facer moi bós pastelóns*, *hollaldrada a masa*).

910. O porco colgado do cambril

En calquera diccionario que consultemos podemos ver que a voz **porco** serve non só para designar ese mamífero doméstico tan aproveitado pola súa carne e pola súa graxa, senón que, como ben sabe calquera, se chama así tamén á persoa que está chea de sucidade, que non ten o hábito do aseo, que é desaliñado e, aínda máis, á persoa vil, mesquiña ou que actúa sen escrúpulos.

Lendo as obras de Cunqueiro chamoume a atención o feito de que nunca usase esta palabra máis ca para designar simplemente ese animal doméstico. Ducias de veces aparece esta verba nos seus libros e, especialmente, en *A cociña galega* no que os primeiros capítulos están dedicados ó **porco**.

Precisamente o citado libro comeza co capítulo titulado *A matanza caseira*, e outra vez comprobamos algo similar ó que dixemos da voz **porco**, pois a verba **matanza**, que ten a significación fundamental de acción de matar e a acepción de mortandade de persoas executada nunha batalla ou nun asalto, soamente a usa o noso escritor no significado de operación de mata-lo porco, partilo, prepara-los embutidos, etc.

Iníciase o citado capítulo falando de que a *matanza caseira do porco faise moi ben en cáseque toda Galicia* e, despois de explicar como se escalda ou se queima, dinos que *o día de matanza fica o porco colgado do cambril*, *oreándose*. ¿Que é o **cambril**?

O **cambril** é o pao forte, non moi longo, do que se suspende ou colga polas patas traseiras o porco acabado de matar. **Cambril** é voz coñecida pola parte occidental da provincia de Lugo e pola parte oriental da da Coruña. No resto da provincia de Lugo e Ourense e do galego de Asturias dise **chambril** ou **chambaril**, que ten as variantes **chamberil** e **chamboril**. Podemos atopar tamén nalgúns lugares a voz **chambrico**, coas súas variantes **chambarico** e **chamberico**. E digamos finalmente que nalgúns lugares usan para este fin o pao lateral do xugo chamado **chancil**. De aí que para algúns falantes un **chancil** sexa o mesmo ca un **chambril**.

911. A pel crocante ou croscada

No libro *A cociña galega* falando do xamón asado escribe Cunqueiro o seguinte: *as dúas cousas que a min máis me gostan do xamón asado*, *ou é a pel «cocrante»*, *ou croscada*, *ou torrada*, *ou é a carne que está pegada ao óso*.

A palabra entrecomiñada é unha errata por **crocante** que usou anteriormente cando falaba das ensaladas: *A leituga é a millor das ensaladas*; *coas súas follas verdes e crocantes*, *–vaia o galicismo–*, *é a primavera o que xantamos*.

Crocante é, como afirma el na última frase, un galicismo que se emprega para cualificar aquelo que renxe, que roxe, que estala ou estrala. Non fai case falla dicir que hoxe están de moda os **crocantes** para denomina-los caramelos ou os xeados con anaquiños de améndoa incrustados. Con todo, hai que dicir que o adxectivo **crocante**, aínda que non figure nos diccionarios, é de uso popular coa mesma significación que ten nas frases citadas máis arriba.

Pero *a pel crocante* pode ser tamén *pel croscada*. ¿De onde quitou Cunqueiro esta voz? Non coñezo ningunha obra léxica que a rexistre. **Croscada** é participio do verbo **croscar**, que usa un pouco antes do texto primeiro citado: *Coma o lacón*, *hai que asalo sin presas*, *e deixando que ben se dore*, *e que crosque a pel*. E **croscar** paréceme unha variante de **crocar** na súa significación de torrar, probablemente por cruzamento da palabra tan popular **corrosco**.

Entra dentro do posible que este galicismo **crocar**, sinónimo de torrar, teña a mesma orixe que a nosa verba popular **crocar** que significa abolar e tamén madura-las castañas fóra da árbore. Pénsese que **crocar** pode ser igualmente dar ou recibir **croques**, é dicir, golpes dados ou recibidos coa cabeza.

Digamos por último que en *Sinbad* emprega a voz **croque** nese significado de golpe: *Sin máis dano que un croque na fronte*, pero no citado libro *Cociña* aparece moitas veces esta voz **croque** con outra significación: *empanadas de croque*, *e de vieiras... empanada de croques quentiña... os croques eran grandes... as ameixas*, *os croques*, *os longueiróns fan moi bos arroces*..., etc. ¿Que son estes **croques** tan citados? Para Cunqueiro os berberechos son **croques**.

912. A pel torrada

No comentario anterior falabamos de como a Cunqueiro lle gustaba *a pel crocante*, *ou croscada*, *ou torrada* do xamón asado. Noutras partes do mesmo libro *Cociña* fala tamén do polo asado e del di que *dore ben e o punto está en que a pel xa ben torrada non estoupe*, da tarta compostelá que debe te-la coda *ben torrada* e da filloa que debe ser *blanda* e non *torrada*, do *pan torrado con manteiga*, etc.

Torrar é palabra normal en galego na significación de pór unha cousa ó lume ou baixo a acción dunha calor forte ata que colle unha cor dourada ou ata que seque. Coido que é máis usada que **tostar** e Cunqueiro así o fai. Poderiamos engadir outros exemplos máis das cousas que se **torran** nos escritos do noso autor: roxóns, a zorza, o lacón, vieiras, etc.

Deste verbo naceron varias palabras. Mencionemos en primeiro termo **torrada**, que aparece na seguinte frase do citado libro: *Repetín porque me gostou a sopa*, *verquida no plato fondo sober dúas torradas de pan*. **Torrada** é tanto rebanda de pan posta a torrar, que é o significado neste fragmento, coma rebanda de pan empapada en leite, frixida e azucrada.

Pero para esta segunda acepción de **torrada**, que está bastante estendida en Galicia, Cunqueiro usou o castelanismo galeguizado **torrixa**, segundo vemos no citado libro: *Tamén se fan moito as torrixas*, *que si nas Castelas son de pan migado*, *entre nós son de boas rebanadas de pan trigo*, *que se rebozan en ovo e se friten*, *e despois bótanse en leite quente*... Tamén V. Risco usou este castelanismo: *tomou dous ovos fritos cunha torrixa fritida en manteiga*, e Rosalía empregou **torrexas**: *sopiñas con viño*, *torrexas con mel*.

Outra voz derivada desta familia léxica é **torresmo**; anaco pequeno de touciño frixido ou asado no lume, que atopamos no libro *Merlín*: *unha enfaragullada de trigo con torresmos... sempre devecín polas enfaragulladas con torresmos*. Ista palabra ten orixe castelá e ten bastantes variantes na fala popular: **torrezmo**, **torrezo**, **torresno**, **torrezno**, **turresmo**, etc. Cunqueiro emprega sempre no libro *Cociña* a verba **torrezno**, que é a actual forma castelá: *apetécelle un torrezno... os millores torreznos... os torreznos máis sabrosos... uns torreznos de freba...*

En *Escola de menciñeiros* aparece a voz **torreznada** (*antoxóuselle de desaúno unha torreznada*), que nalgunhas partes de Galicia chaman **torresmada** ou outros derivados das formas xa citadas, para designala comida feita a base de **torreznos**.

913. Rizos e brizos

Cando os pelos forman remuíños ou espirais dicimos deles que son crespos ou máis ben, sobre todo na parte occidental de Galicia, **crenchos** ou **crechos**. Esta última voz é moi usada polos escritores. Rosalía fálanos das *cabeleiras crechas*, Iglesia Alvariño da *gadelliña crecha* e Otero Pedrayo de *cabelo cre-*

cho e de *guedella crecha*. E tamén as olas poden ser cualificadas do mesmo xeito: *Do Mediterráneo as olas / crechas e fosforescentes*, son versos de Curros Enríquez.

Álvaro Cunqueiro menciona en *As Crónicas do Sochantre*: *meu pelo*, *que o tiña medrado e crecho*, e usa na mesma obra o verbo **encrechar**: *e monsieur Coulaincourt de Bayeux encrechaba os mouros mostachos*. Pero gústalle máis usar outro sinónimo desta voz: **rizo**, que precisamente é moi utilizado polos falantes das provincias de Lugo e Pontevedra: *un tipo... preocupado polo seu pelo rizo...*, *un asturiano colorado*, *de pelo rizo...*, *atopa galán co pelo rizo...*, *pelo mouro e rizo*.

E de **rizo** témo-lo verbo **rizar** que usa ás veces: *viña a medias vestida*, *e cos ferros de rizar...*, *tiña unha perrera de flequillo que llo rizaba unha súa amiga...*, *e rizaba camisas de matadores de touros*. O participio deste verbo, **rizado**, aparece abundantemente como sinónimo de **rizo**: *rabo rizado*, *biscoitos rizados*, *unha tralla rizada*, *forquiñas rizadas...* E tamén están presentes na obra cunqueiriana os nomes **rizo** (*poñédelle entre as máns iste rizo de meu*) e **rizadora** (*I entraba madame Clementina coas rizadoras de buxo postas*).

Pero ó lado de todas estas formas emprega Cunqueiro outra familia de voces da mesma significación e do mesmo parecido fonético. Atopamos nas súas obras o adxectivo **brizo** (*ti podes deixarte barba*, *e si a tes moura e briza*, *hache acaer ben...*, *do pelo mui brizo*), o nome **brizo** (*sober da fonte caíanlle uns brizos brancos*), o verbo **brizar** (*un áer fresco i húmido que brizaba gozoso no mar*), o participio **brizado** (*tiñan un rabo en cada cachiña*, *os dous moi brizados*) e o nome **brizadora** (*pon polas noites brizadoras de pau santo*).

Non vin rexistradas estas formas en ningunha monografía, pero sei que Iglesia Alvariño empregou a forma **brizo** (*No cunco brizo dos liros cegos...*, *Escoucea de vicio unha xovenca*, / *coma unha lontra de lustrosa e briza*). Probablemente estamos ante unha modificación das voces **rizo**, **rizar**, etc., por influencia de **brizo** e **brizar** que significan berce e arrolar.

914. Fros

No libro *Cantiga nova que se chama Riveira* escribe Cunqueiro un poema que empeza así: *Meu amigo foi ruar / ai amor! noite descida. / A noiva tiña unha sombra / ai amor! color cantiga. / A noiva tiña un froleiro / ai amor! con vidros rotos*, / *pontes de ríos despertos / ai amor! nos seus fros soltos*.

No último verso atopámo-la verba **fros** que eu non entendín, e tiven que buscar nos diccionarios a significación desta palabra. As acepcións que aparecen neles son: ombros, vestidos ou conxunto de roupa que se leva para unha viaxe e trebellos ou aparellos que se necesitan nunha casa. Pero ningunha delas casan ben cos **fros** destes versos... que eu entendería mellor case como flores. Desde logo o vocablo **flor** ten a variante popular **frol** qué pode face-lo plural en **froles**, **frols** e, por suposto, **fros**...

Noutro poema do citado libro encontramos esta estrofa: *Xogaras ovellas de ouro / pra pór en troques de estrelas. / No pico novo do cuco / fros de muiñeira leda*. Os **fros** da muiñeira parécenme máis ben vestidos ca flores, pero non estou seguro.

Xa no primeiro libro escrito por Cunqueiro *Mar ao norde* empregou esta voz: *Teño o sono da mañán / e aquel outro*, *azas mornas*, / *que o serán pendurou dos fros dos ronseis*. Tendo en conta que **ronsel** é o rastro de espuma que vai deixando sobre o mar unha embarcación podemos interpretar aquí os **fros** *dos ronseis ben como flores*, *ben como ombros*, *nun sentido figurado*.

Pero noutro libro de poemas *Dona do corpo delgado* atopamos outra vez esta voz nos seguintes versos: *Si poidera arredar do teu peito as finas mans! / Os teus brancos fros voarían coma pombas no serán / fuxindo á chuvia que mansamentes cae*. Neste caso coido que os **fros** poden ser entendidos tanto como vestidos, coma ombros.

Sen embargo no libro *Poemas do si e non* aparece un **fros** que xa non son quen de interpretar: *Todo anda revolto co meu sangue recente. / A lúa ten un fros. O río un peixe. / Eu teño en común unha fiestra cun paxaro*.

En fin, sigo sen ter clara a significación desta voz nas obras de Cunqueiro. Intentei buscar noutros autores o uso desta voz e só a atopei en *Hostia* de Cotarelo Valledor: *¡Quero saír!... Pasar mirei o carnifex a securis brilaba no seu fros*..., en *Beiramar* do mesmo autor: *Non podendo conterme aprexeille un cóbado*; *el aferroume un fros*, e en *Bretaña*, *Esmeraldina* de Méndez Ferrín: *Chimpáronlle o gato roxo polo peito e polo cos*, *fixérono arrabuñar nos lombos e polo fros*. Coido que para estes autores os **fros** son os ombros, pero para Cunqueiro son algunha outra cousa que non fun capaz de ver.

915. Escanaveirado, escanido e eslongado

Unha **cana** é unha planta propia de lugares húmidos que crece uns catro metros de altura e que ten un talo duro, oco e con nós. En moitos lugares de Galicia a **cana** é chamada tamén **canaveira**, nome que nalgures serve para indicar tamén unha variedade de herba grande de talo oco e moi ramificado.

O trazo característico da **canaveira** é a súa altura e, case diriamos, a flexibilidade e a delgadeza. Na súa obra *As Crónicas do Sochantre* compara Cunqueiro a personaxe Ismael Florito con esta planta: *e dende cativo*, *i é sabido que alá embaixo médrase todo o que se dá de si nun ano máis ou menos*, *xa se veu que iba pra canaveira eslongada*, é dicir, que xa desde pequeno se notaba que Ismael ía ser persoa alta e delgada.

Da palabra **canaveira** fórmase o adxectivo **escanaveirado** que aparece rexistrado nalgúns diccionarios coa acepción de 'alto, delgado e falto de gracia e donaire'. No libro *Merlín* fala Cunqueiro do criado Xosé de Cairo, *que era ún mozo mui outo i escanabeirado* (aparece escrita con *b* esta verba), onde atopamos esta voz cun sentido un tanto despectivo que traduciriamos ó castelán como *desgarbado*, se ben Cunqueiro na súa traducción o fai como *algo metido de hombros*.

Na obra *Escola de Menciñeiros* describe a personaxe Lamas Vello como *home mui alto*, *mui fraque... A min*, *díxenlle eu unha vez*, *meus irmáns chamábanme pernas de chifle./- ¡Eso era polo delgadiño i escanido!* A última verba desa descrición **escanido** non a achei rexistrada en ningunha obra lexicográfica nin literaria. Coido que se trata dunha errata por **escanado** ou dun cambio da terminación participial *-ado* por *-ido*. De tódolos xeitos resulta evidente que se de **canaveira** xurdíu un **escanaveirado**, de **cana** naceu un **escanado** con igual significación.

E por último sinalemos que no libro *Crónicas* volve describir unha personaxe cunha voz sinónima das citadas: **eslongado** (*Á súa dreita sentouse aquil eslongado da casaca militar*), que non é palabra moi popular, pero que si aparece rexistrada nos diccionarios de Ir Indo e A. Estravís como adxectivo que se aplica ás persoas desproporcionadamente altas en relación á súa largura e grosor.

916. Cortarlle a perrera

A porción de pelo que lles cae pola fronte ós cabalos chámase nalgúns lugares **topete**, voz que está rexistrada nos textos medievais, pero que eu saiba non se aplica ós pelíños das persoas.

Sen embargo en castelán impúxose para esa significación a palabra *fleco* e a súa derivada *flequillo* que é usada algunhas veces polas nosas xentes. A forma castelá **fleco** introduciuse en galego hai anos e temos constancia da existencia popular das variantes **fleque**, **freco** e **freque** que usa Cunqueiro no seu sentido normal de 'adornos colgantes dunha tea': *viñeron a bicarlle o freque da capa*. A palabra propia do galego recomendada polos gramáticos e lingüistas é o cultismo **floco**.

Pero a voz normal popular para designa-lo cabelo recortado que cae pola fronte das persoas é **perrera**, palabra que non son quen de ve-la súa orixe. Non me parece que teña nada que ver con *perro*, dado que a nosa voz **can** estivo sempre viva. E tamén atopo difícil pensar nunha orixe que teña que ver coa voz francesa *perruque* que se transformou en **peluca**...

Cunqueiro emprega a miúdo esta voz en *As Crónicas do Sochantre*: *unha tesoura coa que habería que cortarlle a perrera ó derradeiro rei que houbese en Francia*..., *o alcalde de Comfront*... *solene mostacho*, *casaca verde*, *coa perrera que andaba poñendo de moda o cidadán Saint-Just*..., e en *Merlín e familia*: *levaba o chapeu levantado pra deixar ver unha perrera de flequillo mui rizada*..., *o gordo da perrera falou*... *os tres forasteiros*, *o da perrera do medio*..., *díxolle ao da perrera*...

Perrera é pois voz bastante popular e estendida por moitos lugares de Galicia e, aínda que non estea presente en moitos diccionarios, talvez porque teña aparencia castelá, é usada por algúns escritores: *En fin*: *eu de corazón / a Dios gracias dou con fe*, */ pois ó facerme varón*, */ libroume do polisón / da perrera e do corsé*, versos de Labarta Pose, *Tiña eu o cabelo curtiño*, *con perrera*, frase de Méndez Ferrín en *Bretaña Esmeraldina*.

917. A soá

O conxunto de vértebras articuladas entre si que sostén o esqueleto dos vertebrados chámase **espiñazo**, voz que emprega Cunqueiro para referirse á columna vertebral dos homes, como vemos nestas frases do libro *As Crónicas do Sochantre*: *O finado tiña un tic que somellaba que no espiñazo se lle soltase un resorte*..., *por mor de curarlle unha postura do espiñazo*..., *o reló entroume por diante e saíume por onda o espiñazo*.

Tamén é normal aplica-la palabra **espiña** como sinónimo desta voz e Cunqueiro faino nalgunha ocasión: *queixándose dun punto frío que lle vaga polo corpo*, *cando no peito*, *cando na espiña* (de *Escola*), *dun meu tío que ó chegar ós vinte anos de idá púxose na espiña unha doencia con inflamo* (de *Sinbad*).

Pero a nosa lingua ten unha palabra especial para expresa-lo espiñazo do porco: **soá**, que Cunqueiro cita varias veces no seu libro *A cociña galega*: *O porco pártese en provincias tan ilustres como as do Imperio de Roma*, *a soá*, *xamóns*, *e lacóns*..., *e derriba a cachucha*, *a soá*, *a costela*..., *un toro de soá*..., *a soá na mesa*..., *entrecostos e soá*...

De tódolos xeitos convén salientar que no libro *Merlín* aplica esta voz **soá** ó espiñazo dos homes: *A trabe de ouro*, *sober da que se ten o segundo arco da terra*, *correspóndese no home cos catro derradeiros osos*

da soá. E o mesmo fai no libro *Crónicas*: *veu de xastre a Cambray*, *e máis por quitarse dunha apregadura de soá*..., *co andar dobregado*... *foise tomando da soá*..., *por ver si pasando a campos soleados curaba da soá*...

Esta significación de **soá** como espiñazo do home pode ser moi ben un sentido figurado que lle dá Cunqueiro a esta voz, pero temos que significar que hai lugares do territorio do ámbito do galego onde esta verba é aplicada tamén ó espiñazo dos demais animais e, polo tanto, non resulta estraño ver que a columna vertebral sexa denominada soá.

918. Un peitisaído e unha peitugona

A parte do corpo humano que vai desde o pescozo ó abdome é o **peito**, pero a maioría dos falantes empregamos esta voz sobre todo para significa-la parte dianteira do tórax: *o sochantre levaba apertada contra o peito a caixa do bombardino*..., *levaba os brazos cruzados sober do peito*... *dixo isto altivo i abombando o peito*, son frases normais que escollín do libro cunqueiriano *As Crónicas do Sochantre*.

Ter **peito** é sinal tamén de valor, coraxe, especialmente cando se abomba, como viamos no último exemplo citado. De aí que botar para fóra o peito é tanto como facer saí-lo peito do corpo e quen anda así é, como di Cunqueiro, un **peitisaído**. En *Os outros feirantes* describe deste modo un home: *Era un pequenecho inquedo*, *peitisaído*, *que almorzaba touciño crudo con cebola e pan e dúas copiñas de augardente*.

Outro home importante que aparece en *Sinbad*, Sidi Raxel, é descrito así: *un mediana talla mui peitudo*, *moi peleón*... *mataba coa mirada*. **Peitudo** é neste caso un sinónimo de **peitisaído**, valente ou coraxudo.

Peito, coa significación de mama ou mamas femininas, é empregada frecuentemente nas obras de Cunqueiro na descrición das mulleres: *Era alta*, *a perna longa*, *muito peito*..., *co peito mui solto*..., *mui saída de peitos*, de *Feirantes*, *descobrirá o peito fermosísimo*... *Amósame os teus peitiños ¿son máis brancos que neve?*, de *Hamlet*, etc.

Pero o **peito** é chamado ás veces festivamente **peituga**, cousa bastante popular e que tamén Cunqueiro emprega no libro *Crónicas*: *¡Hastra a peituga de madame de Saint Vaast isa seda que*, *tomándoa por unha branca camelia*, *rosan nela tódolos ollos do mundo*...; *pra cando pola noite se vos esvaen as peitugas poderíades mercar unha almofadiña*...

E desta verba **peituga** saca Cunqueiro o derivado **peitugona** para sinalar simplemente que unha dama tiña moito peito, sen ningún matiz pexorativo, como vemos neste texto de *Feirantes*: *Carlos do Herdeiro contábame agora que el vira unha siria de corpo enteiro*, *alta*, *branca*, *peitugona*.

919. Esqueletos e ósos

Non sei desde cando os escritores preferiron a palabra **esquelete** á voz normal e tradicional **esqueleto**. Rosalía, desde logo, usou a verba **esqueleto** en *Follas novas*: *Que tende na campía / antre polvo de altares o esqueleto*..., *Polo chan arrastrando / pardo sayal*, *os brancos esqueletos*. Castelao utilizou practicamente sempre **esquelete**: *Memorias dun esquelete* é pois o punto de partida para este uso e **esqueleto** soamente o lin en *Sempre en Galiza*. En Otero Pedrayo atopei moitos máis **esqueletes** ca **esqueletos** e en

Celso Emilio Ferreiro só aparecen os **esqueletes**: *O esquelete dun rico val por tres esqueletes dises homes sinxelos*.

Cunqueiro en *As Crónicas do Sochantre*, historia dunha compaña de defuntos que viaxa por Bretaña, fala dun mundo fantástico de **esqueletes**, e mesmo aparecen nese mundo **esqueletes** de paxaros, corvos e cabalos. Fronte ás vinteúnha aparición desta forma soamente atopamos dúas veces a voz **esqueleto**: *aquel esqueleto de casaca militar*..., *tódolos seus compañeiros de viaxe eran xa marelos esqueletos poeirentos*.

Repito que non sei a razón da existencia desta forma **esquelete** en galego (¿acaso un francesismo?, ¿talvez un diferencialismo?) que algunhas veces nas miñas enquisas polo país escoitei na fala popular e que tanto lles gusta ós escritores.

Nun lugar de *Crónicas* fálase dun *esquelete chaparro* que tiña a osamenta *mui codeúda e colorada*. Non hai ningunha dúbida de que a osamenta é o mesmo có **esqueleto**, pero nese exemplo queda claro que esa voz concreta a súa significación en 'ósos que compoñen o esqueleto', como vemos tamén nesta frase de *Hamlet*: *Os hepáticos de osamenta fráxil*.

Seguindo cos **ósos** diremos que normalmente nas obras de Cunqueiro aparecen case sempre co til ou acento gráfico sobre o primeiro *ó-* para distinguilos dos osos animais. E na citada obra *Crónicas* aparece un derivado desta voz, **osento**, que non atopamos en ningún diccionario nin en ningunha obra léxica e que por tanto temos que considerar unha creación persoal cunqueiriana: *dixo Coulaincourt pousando unha longa man osenta e marela na caixa do bombardino*. Volvemos encontrala de novo en *Sinbad*: *tapando media cara coa man osenta e moura*.

Coido que Cunqueiro lle dá a **osento** o valor de **óseo**, que non utiliza, ou mellor dito, moi óseo ou **osudo**, que si emprega nalgunha ocasión: *na grande cachola osuda trae pousado un fez colorado* (de *Sinbad*), *un home avellentado i osudo* (de *Escola*), *Era un home alto*, *pelo branco*, *osudo* (de *Feirantes*).

920. As sufraxes

A palabra **xeonllo** está presente con bastante frecuencia nas obras de Cunqueiro, pero aparece escrita **xionllo** en *Crónicas* (*o colexial poñía os xionllos na almofada*..., *o can veu renqueando a apousar a cabeza nos meus xionllos*...). e **xoenllo** moito máis a miúdo: *coa cabeciña apousada nos meus xoenllos* (de *Sinbad*), *un vello que tiña nos xoenllos un rapacete de tres anos* (de *Escola*), *uns calzós que lle cubrían os xoenllos* (de *Xente*), *o galiño subíase aos seus xoenllos* (de *Feirantes*), etc.

A parte posterior do **xeonllo** é chamado en galego **sofraxe** ou máis popularmente **sufraxe**, voz que o noso escritor emprega varias veces: *aparecía a maragatiña pasanda o río coas pernas núas*, *e erguendo a falda deica a sufraxe*..., *un vestido de muller*, *cunha peluca roiba e falda pola sufraxe*, son exemplos de *Os outros feirantes* nos que claramente podemos interpretar **sufraxe** como correspondente ó castelán *corva*.

En *As Crónicas do Sochantre* lemos como madame Clementina *axoenllábase pra abotonar na canela e na sufraxe os seis botonciños de prata do calzón do sochantre*. Tamén neste caso cremos que **sufraxe** está empregado no seu sentido recto, se ben na traducción castelá se traduce por **canela** por *canilla* e se deixa sen traduci-la palabra **sufraxe**.

En *Si o vello Sinbad volvese ás illas* vemos como o pequeno Sari choutaba de lancha en lancha *deica cair co derradeiro pulo acarón de Sinbad*. *Axoenllouse dediante dil e palmeouno nas sufraxes*. Coido

que **sufraxes** debería ser, traducido ó castelán por *corvas*, pero curiosamente na traducción castelá deste libro aparece traducido por *muslos*.

En *Merlín* atopamos esta frase: *saía á porta da súa casa i erguía a faldra hastra a sufraxe*, *ensiñando unha perna mui feitiña*, onde cremos que a voz **sufraxe** está empregada correctamente, pero vemos que na traducción castelá non se di ata onde se erguía a faldra. Sen embargo noutro lugar desta mesma obra fálase da dama Caliela que non *traguía máis xoia que un axóuxere de ouro na sufraxe esquerda*. Penso que podemos interpretar aquí **sufraxe** na súa significación fundamental ou, se se quere, na de xeonllo, pero na traducción castelá aparece como *muslo*. E curiosamente no índice onomástico deste libro faise referencia á mesma dama Caliela da que se di que *anda sempre vestida non mais que con un axóuxere de ouro na sufraxe* e na traducción citada lemos que se *viste solamente de un cascabel de oro en el tobillo*.

En fin, coidamos que a voz **sufraxe** está empregada correctamente nos textos galegos, pero Cunqueiro dubidou bastante da súa traducción ó castelán.

921. Cellas e perfebas

A parte superior da órbita do ollo, que está cuberta de pelos, é a **cella**, voz normal en tódolos niveis da lingua, que emprega Cunqueiro varias veces: *home gordo e colorado*, *a peluca branca mui empoeirada*, *mestas cellas roxas* (de *Crónicas*), *quita a pucha*, *que a leva metida na cachola deica as cellas* (de *Xente*), *a boina calada até as cellas...*, *cellas espesas* (de *Feirantes*).

Voz sinónima de **cella** é en galego **sobrecella**, que Cunqueiro non utiliza. Sen embargo nunha frase de *Crónicas* atopamos unha variante desta palabra, **sobrecello**, que temos que interpretar como parte da fronte inmediata ás cellas: *o coronel de Coulaincourt poñía no sobrecello unha man de visera*. Tamén Otero Pedrayo usa esa mesma voz con idéntica significación: *barbas de aramio mal rabenadas*, *sobrecello de door de estómago...*, *un brigadier de sobrecello apendellado*.

Sen embargo o escritor mindoniense fala en *Sinbad* dun *homiño fraque*, *mui enrugado de cara*, *co turbante metido deica o encello*. ¿Que é o **encello**, voz que non achamos rexistrada en ningunha obra léxica? En principio eu coido que poderiamos entender **encello** na mesma significación do citado **sobrecello**, pero na versión que fixo desa obra ó castelán traduce *deica o encello* por *hasta las cejas*. Que **encello** equivale a **cella** podemos quitalo da interpretación do derivado desta voz, **encellado**, que atopamos en *Sinbad*, onde nos describe ó protagonista como *mui encellado*, é dicir, como **celludo** ou de cellas moi abondosas.

O espacio.que hai entre as cellas é o **entrecello** como vemos neste exemplo de *Feirantes*: *tiña o xesto de levar a man dereita ao entrecello cando miraba pra ti cos seus pequenos ollos mouros*. E quen ten moito **entrecello** é **entrecellado** como vemos nesta descrición de *Sinbad*: *O turco era un cherepa barbudo*, *mui entrecellado*.

Digamos por último que os pelos que nacen nos bordos das pálpebras son designados por Cunqueiro ben por **perfebas** (*houbo un intre malencónico que chegou até as perfebas*, de *Poemas*, *as súas perfebas eran tan longas coma os pelos do pincel*, de *Merlín*) ou ben por **pestañas** (*ó Sochantre*, *de neno*, *a artilleira cortáballe as pestañas... que lle arrincaba as pestañas*, de *Crónicas*), castelanismo empregado tamén por algún outro escritor e por algúns falantes en vez da voz tradicional galega **pestana**.

922. Cherepas e xorobetas

O vulto formado no peito ou nas costas dunha persoa ó esta-la columna vertebral torcida chámase en galego **xiba**, **corcova**, nalgunhas partes **carrumba**, e **xoroba** e **chepa**, como voces máis populares. Cunqueiro fala a miúdo das persoas que teñen este abultamento, pero non cita estas verbas.

Sen embargo na súa obra *Sinbad* emprega a palabra **chepa** para sinalar a un personaxe que era **xiboso**, **corcovado** ou **chepudo**: *I amolábame agora que o chepa aquel mandase o meu soñar á cinza*.

Pero nesa mesma obra atopamos empregada varias veces unha palabra derivada de **chepa** que é popular, que eu saiba, en bastantes lugares da parte occidental de Galicia. Trátase de **cherepa** que coido que é claramente a voz **chepa** reforzada con esa sílaba *re-* para facela máis sonora.

Case, case sería capaz de dicir que primeiramente foi *rechepa* e que logo intercambiou as dúas primeiras sílabas; vexámo-los textos de *Sinbad* onde aparece esta verba: *tratando de vir cunha armada a botar ó meu tío cherepa da coroa...*, *sempre estaría ben que tivera unha posesión co apelido do meu tío o cherepa...*, *O turco era un cherepa barbudo*.

Diciamos arriba que Cunqueiro non usaba a voz **xoroba**. Digamos ademais que non usa tampouco o cualificativo popular de **xorobado** ou o nome tan coñecido en bastantes lugares da provincia de Lugo **xorobo**. El prefire outro derivado que probablemente se trata dunha adaptación do castelanismo: **xorobeta**, do que non atopei constancia da súa existencia nas obras léxicas.

En *Merlín* describe así a un fillo dun zoqueiro: *i ao pequeno*, *que era algo xorobeta*; en *Crónicas* describe tamén como tal o alcalde de Comfront: *Iste que falaba outo e soberán*, *era o alcalde de Comfront un xorobeta que parecía ter azougue no corpo*, e o vello Mezidon: *Era Mezidon un xorobeta movedizo*; en *Xente* fala dun home que *fixo un furado no que cabía il*, *que era un pernicorto algo xorobeta* e doutro que era *un xorobeta mui convidador*, e de *Feirantes* é este fragmento: *rematou os estudos de xastre cun xorobeta mui famoso na arte do chaqué*.

923. Escordar

Poñer en curva unha cousa, pór en posición oblicua algo que está vertical ou pór algo en dirección distinta á que tiña é **torcer**, segundo vemos nestes exemplos que tomamos da obra de Cunqueiro *Sinbad*: *Señoría*, *dixo Adalí torcendo a cachola un pouco á dreita...*, *o camiño... torce pra drento...*, *torceu o soldado á esquerda*, *por un adro coberto*. Noutra obra cunqueiriana, *Escola de menciñeiros*, atopámo-lo uso de torcerse como sinónimo de malograrse: *o sosego en que eu estaba na miña casa... torceuse axiña...*, *a cousa pódese torcer de todo*.

Pero **torcer** pode te-la significación de dobrar un pé ou unha man pola articulación dos ósos, como vemos nestas frases de *Xente*: *Mel de Vincios*. *O primeiro que facíá ao achegarse ao enfermo era contarlle os ósos*, *e poñía regulares os que andaban soltos ou torcéranse un algo...*, *o golpe estrenounas* (*as zocas*) *na cabana*, *e andaba gracioso*, *aínda que torcía de vez en cando*.

Sen embargo a palabra máis corrente en galego para significar dislocar, torcer ou sacar unha articulación ou un tendón do seu sitio é **escordar**, que achamos usada por Cunqueiro no citado libro *Si o vello Sinbad volvese ás illas*: *a deda gorda saíulle ladeada*, *e traballando nista pra pola natural*, *escordouna...*, *e deitando pra diante a deda gorda* escordada *que vos dixen*.

Escordar é voz usada polos escritores (*non tiraba pedras porque temía escordar un brazo*, de Castelao, *pechada a noite escorregou o fidalgo nunha laxe escordoándose o pé dreito*, de Otero Pedrayo) e ten variantes populares en varios lugares de Galicia como **escordillar**, **descordar** e **descorcillar**. E aínda poderiamos engadir outras voces sinónimas deste verbo que se usan nalgunhas localidades: **descordillar**, **desnogar**, **esconxuntar**, **esnocrar**, **esnogar**, etc.

E por último citamos outra palabra bastante corrente en moitos puntos de Galicia (moi popular na provincia de Ourense), **estordegar**, que non a atopei nas obras de Cunqueiro, pero que si a usaron algúns escritores como Castelao (*as pescas estordegábanse de risa cos ditos da rapaza*) e Otero Pedrayo (*agora que te fixemos home agora has estordegare traballando*).

924. Rañar á mangarra

Fretar coas uñas ou con algún pequeno obxecto de modo máis ou menos forte unha zona do corpó é **rascar**, verbo moi tradicional e moi popular, que usa Cunqueiro en *Merlín* (*De cando en vez paraba de bordar pra rascarse o lombo cunha manciña de buxo*) e en *Feirantes* (*Penedo sacaba a gorra*, *rascaba a cabeza*, *e comentaba*...), pero nesta última obra emprega o verbo **rañar**, de tanta tradición e tan popular: *Lamego rañouse a cachola*, *e pedíulle prestado o xornal ao de Muros*.

Rañar é voz preferida polos eseritores tal vez porque non existe en castelán e é usada tanto no seu sentido recto como figurado. Vexamos algúns exemplos de Castelao (*cando te cases con el ráñalle o lombo cun carozo*), V. Risco (*raña-lo corpo nas pedras do curral*..., *a orquesta emprincipiou a rañar as cordas*) e Otero Pedrayo (*as raiolas do sol rañaron con mimo os lombos do gado*..., *rañando nos violíns*).

Tamén Cunqueiro dá preferencia no uso ó verbo **rañar**: *Supoño eu que o tolo deixaba de cismar e rañar nas súas teimas* (de *Escola*), *agás que prefirades que a grade rañe cos seus dentes paxaros* (de *Herba*), *perguntando eu a un que sabía moito de tesouros... rañou na cachola e díxome*... (de *Tesouros*), etc.

Pero onde máis aparece este verbo é na obra *Xente de aquí e de acolá*: *Penedo rañouse a cabeza... E despois de pensalo un pouco*, *de rañarse na cachola coa man dereita... ráñase un intre na meixela*..., *o porco tumbábase*, *rañábase... tiña que aguantarse sin rañarse... Vai a modiño ate o teu cortello e non te rañes!*

E nunha páxina desa obra, no retrato de Penedo de Alduxe, cóntanos como este personaxe *soñou que o rañaba no lombo un enano do abade meirego... Penedo soñaba que o enano estábao rañando... díxenlle que me rañase... pro el me non podía rañar... o enano non me rañaba e eu non adormecía*...

E nesa mesma páxina explícanos como o enano rañaba ó personaxe: *O enano rañábao a dúas mans*, *cos dous pulgares*, *que parece que sexa esta a cortesía do rañar*, *e non á mangarra*. Esta locución adverbial, **á mangarra**, que non aparece rexistrada en ningunha obra léxica, interprétoa como bruscamente, como cunhas gadoupas, de xeito pouco cariñoso. Curiosamente debo dicir que o propio Cunqueiro a interpretou desta maneira na traducción ó castelán desta obra: *y no a la mangarra*, *como se rascan entre sí los maragatos*. E agora pregunto ¿como se rañan entre si os maragatos?

925. Gordos e regordos

Nas obras de Cunqueiro aparecen loxicamente personaxes de todas clases e descritos de diversas maneiras. Fixémonos hoxe naqueles que se caracterizan no seu aspecto exterior pola abundancia da súa carne, é dicir, nos **obesos**, palabra que soamente usou non para referirse ás persoas, senón ás filloas como lemos no libro *Cociña* que unha criada *ollaba pra elas e véndoas tan obesas*, *comentaba*: *¡Parecen cobertores!*

En case tódalas obras a palabra máis frecuente para denominar a este tipo de xente é **gordo**, pero sempre atopamos algunha outra denominación. Así en *Sinbad* fálanos de Calibo, *un emir gordo e colorado*, do Cangrexo que *é un pequeno gordo*, pero cita a unha fulana *que era unha coarentona repoluda*. **Repoluda**, voz sinónima de retaco ou tapón ou das outras palabras que citaremos máis abaixo, aparece tamén en *Xente*: *Pedro Nistal*, *que tiña tres fillas mui repoludas*.

En *Crónicas* o finado de Quelven *era un home gordo e colorado e o sustituto Toulet era un home gordo e de verba frondosa*, pero o ricachón Sete Chaleques *era un grande barrigolo*. O vocábulo para designar á persoa de moita barriga, **barrigolo**, é empregado tamén para describir ó enano de *A trabe de ouro* de *Merlín*: *Tíñase por mui señor o barrigolo*.

Pero en *Merlín* á parte desa voz e de **gordo** (*o que iba diante*, *un gordo colorado... o gordo da perrera... o liaño era un home feo*...) encontramos **regordo** (*unha camareira de obra de corenta anos regorda e pequeneira... un rapacete regordo e cachazudo*) que aparece tamén en *Escola* (*a quen de neno chamaban Fol e Baluga porque era regordo... a señora que era mui branca*, *pequena e regorda*).

Un derivado de **regordo** aparece noutra obra, *Feirantes*, en feminino: **regordeta** (*a murciana pequena e regordeta*), que tamén atopamos en *Xente* (*casara de segundas cunha muller alourada e regordeta*) e nesta última obra encontrámonos con varios **regordetes**: *o home que era regordete e colorado... Figueiras de Bouzal era un pequeno regordete... e Pascuas de Lurres era pequeno*, *regordete*...

En fin, Cunqueiro describe bastantes gordos e regordos.

926. Mofletudo

As partes da cara que sobresaen debaixo dos ollos son as **meixelas**, pero podemos denominar con ese mesmo nome as partes avultadas e moles que están a cada lado da cara. Cunqueiro emprega frecuentemente esta voz, como é lóxico, en bastantes obras: *verbas que poidan pórse nas meixelas e pasar por bágoas* (de *Crónicas*), *roza a meixela nel* (de *Sinbad*), *pon a túa manciña na miña meixela* (de *Hamlet*), *aquel que me puña a man na meixela* (*Noite*), *ráñase un intre na meixela* (de *Xente*), *o neno naceu cunha mancha na meixela* (de *Feirantes*).

Pero a denominación máis espallada para chamar esas partes avultadas de cada lado da cara é **fazula**, palabra que soamente unha vez vin usada por Cunqueiro en *Merlín*: *Bágoas como cereixas baixábanlle polas gordas fazulas*.

Agora ben ¿como chama o noso escritor a quen ten as **meixelas** ou **fazulas** gordas? Para describir a alguén que ten esa característica tiña a posibilidade de chamalo **fazulo** ou **fazuleiro** (voz que usou Castelao: *Os nenos eran fazuleiros e bonitos*, *como anxelotiños de retablo barroco*), ou mesmo **faceirado**, palabra derivada de **faceira**, que é sinónimo de **meixela** ou **fazula** nalgunhas partes.

Tamén tiña a posibilidade de chamar a unha persoa con esa característica **bochechudo** (verba derivada de **bochechas**, que é como chaman nalgures ás **fazulas**), que ten as variantes **bolechudo**, **esbochechudo**, **esbocheado**. Igualmente **bochudo**, que tanto significa **fazuleiro** coma **regordo** e que usou Castelao: *¿Por que non lle dás morte á bochuda da túa sogra?*

Se as palabras **cachetes** e **froias** poden significar tamén **fazulas**, loxicamente **cachetudos** ou **froieiros** son voces sinónimas de **fazuleiro**.

Pois ben, tendo á súa disposición tantas palabras galegas Cunqueiro empregou o castelanismo **mofletudo** para describir a un fato de perto de Ribadiso na súa obra *Os outros feirantes*: *Era alto e gordo*, *mofletudo e desdentado*, *e chamábase Pastor*. Esta voz e **mofletes** témola recollida dalgúns falantes galegos de varios puntos de Galicia que talvez a vexan non como castelanismo, senón como derivada da palabra **moufa** que nalgures significa **fazula**.

927. O seu boá de prumas coloradas

Na obra *As Crónicas do Sochantre* descríbese nun lugar como madame de Saint-Vaast tiña *mui envolveito o busto no seu boá de prumas coloradas*, frase na que atopámo-la voz **boá** que non encontramos rexistrada nos nosos diccionarios.

Máis adiante, na mesma obra, vólvese facer referencia a esta dona e entón o sochantre esquecíase de *que quen falaba era aquil esquelete do boá de pruma*. E noutro lugar de *Crónicas* fálase de novo desta señora: *Os da carroza tiveron que baixarse*, *e foi mui gardada madame de Saint-Vaast*, *que se abanaba cunha punta do boá de prumas*.

Trala lectura de todas estas frases vemos que o **boá** é unha peza da vestimenta coa que unha dama envolve, polo menos, o seu peito. Efectivamente, consultando diccionarios castelás e portugueses achamos que definen esta verba como peza de pel ou plumas estreita e en forma de cobra que as señoras usan para abrigo ou adorno do colo ou pescozo. Xa que os diccionarios castelás rexistran *boa* e os portugueses *boá* é lóxico pensar que Cunqueiro tomase esta palabra dos textos portugueses.

Resulta difícil falar de sinónimos cando facemos referencias a pezas de vestir. Dado que **boá** só está empregado en *Crónicas* pensei noutras palabras de significación parecida, como **estola**, que Cunqueiro non emprega no sentido de peza de roupa feminina, senón como ornamento litúrxico: *é o tal pano unha estola de crego* (de *Merlín*), *visitou o cura de Seixo e pedíulle prestada unha estola... ao ver a estola parouse* (de *Xente*).

Desde logo semellante ó **boá** podería se-lo **mantón** que si usa o escritor mindoniense: *Así endeda*, *dixo a muller*, *e de debaixo do mantón meriño sacou unha man...* (de *Escola*), *vaise tapando a cara coa ponta do mantón* (de *Sinbad*), *e as chairegas ben envolveitas nas súas touquiñas e nos seus mantóns* (de *Cociña*).

Naturalmente tamén podería face-la función dun **boá** unha **bufanda**, palabra que Cunqueiro emprega frecuentemente, pero curiosamente temos que dicir que só a usan personaxes masculinos: *iba don Merlín vestido de negro*, *agás unha gran bufanda colorada* (de *Merlín*), *cun par de chaleques e máis bufanda colorada* (de *Escola*), *e sacándose a bufanda*, *pasoulla a Agustín polo pescozo* (de *Feirantes*), *alto*, *fraque*, *moreno*, *sempre acatarrado*, *envolvía nunha bufanda...* (de *Xente*), etc.

928. A albixeira e a faldriqueira

No libro *Merlín* de Cunqueiro lémo-la seguinte frase: *soños e soedades que cada quisque leva na albixeira do seu espírito*, onde atopámo-la voz **albixeira**, que coido que é unha variante cunqueiriana ou, talvez mellor, unha errata por **alxibeira**.

Alxibeira é unha verba derivada de **alxaba**, voz bastante corrente para denomina-lo bolso dos cazadores, que logo pasou a se-lo bolso dos criados dos cegos, como di no século dezaoito o lexicógrafo Sobreira, e o bolso en xeral baixo a forma **alxabeira** e logo **alxibeira**. Esta palabra semellante á portuguesa *algibeira* está viva nalgúns puntos de Galicia e lembro vela empregada por V. Risco (*meteu o chavín na alxibeira*, *e baixou tan composto*, *que semellaba un polo case pera*) coa significación corrente de peto ou bolsa cosida na roupa.

Palabra sinónima de **alxibeira** é a **faldriqueira**, voz derivada claramente da verba **faldra**. Certamente na súa orixe esta verba, **faldriqueira**, aplicaríase soamente ó peto ou bolso pequeno que levaban as mulleres na parte interior das saias para garda-los cartos, segundo din os nosos diccionarios modernos guiados pola etimoloxía desta palabra. Sen embargo, a realidade da lingua dinos que tamén son chamadas **faldriqueiras** os petos dos homes.

Sabemos que as **faldriqueiras** ou **faltriqueiras** son petos que levan as mulleres, como vemos nos famosos versos de Rosalía: *Miña Santasa*, / *miña Santiña*, / *nin teño agulla*, / *nin teño liña*, / *nin dedal teño*, / *que aló na feira* / *rouboumo un maio* / *da faltriqueira*, pero tamén son petos dos homes como lemos nestes fragmentos de Curros Enríquez (*quixo quitarse a monteira* / *e gardar na faltriquera* / *o milagroso cristal*..., *verde faixa*, *albo chaleque* / *i o pano na faltriqueira*), Otero Pedrayo (*O mociño choutaba de legría*. *Podía acugular o pucho*, *as faltriqueiras*) e Castelao (*O dependente sacou da faltriqueira un espello*).

Así pois non resulta estraño que as **faldriqueiras** que atopamos nas obras de Cunqueiro sexan de vestidos masculinos: *Cobillon... traguía na faldriqueira un pomo*..., *volve a recontar os cartos denantes de gardalos na faldriqueira* (de *Merlín*), *o correo mete a man na faldriqueira de El Rei*..., *métellos na faldriqueira* (de *A noite*), *uns ósos que atopou o gran rei Janisha nas faldriqueiras duns prisioneiros*. (de *Cociña*).

929. Viseiras e gorras

A **viseira** é a peza que sobresae pola parte de diante dun gorro ou dun sombreiro e que serve para protexe-los ollos do sol e **viseira** ou **visal** eran a parte dos elmos das antigas armaduras con esa mesma finalidade protectora. Hoxe chamamos tamén **viseira** a esa peza solta que se suxeita á cabeza mediante unha goma elástica e que serve igualmente para protexe-los ollos do sol.

Na obra cunqueiriana *Sinbad* atopámo-lo uso destas voces en dous casos nos que fai de **visal** ou **viseira** a man: *O piloto alonxouse un algo*, *puxo a man de visal*, *outeou*, *marmuriou algo*..., *Sinbad non sabía deixar cabo solto desque salía á solaina súa faguendo viseira coa man*.

A palabra **viseira** é de orixe francesa e entrou na Península Ibérica hai poucos séculos e case con seguridade podemos afirmar que penetrou na nosa lingua a través do castelán, pois aínda hai moitos lugares onde se mantén a forma **visera** sen galeguiza-la súa terminación. Lembremos que algúns escritores usaron esta forma castelá: *Tras da calada visera*, / *que hai uns ollos feridores* / *que nos miran* (de Rosalía), *De visera caída e de zirón enloitado*..., *postas en outo as viseras* (de Cabanillas), *unha gorra con visera de carei* (de Castelao).

Cunqueiro emprega tamén ás veces a forma castelá: *o coronel de Coulaincourt de Bayeux poñía no sobrecello a man de visera* (de *Crónicas*), *Gastaba gorra*, *visera negra e vestía de pana*..., *sin quitarse a visera* (de *Escola*), *vestir un mandilón e gorra visera... Coa mesma gorra de visera* (de *Xente*).

Aproveitémo-la ocasión para dicir que en moitas das obras de Cunqueiro están presentes as **gorras** (*gorras de pel*, *de prumas*, *militares*, *de capitán*, etc.) e os **gorros** (*gorros de dormir*, *frixios*, *colorados*,

verdes e mesmo un feito de *madeira de carballo*). Naturalmente poderiamos engadir outras pezas para a cabeza: **sombreiros**, **chapeus**, **puchas**, **boinas**, **monteiras** que, aparecen bastantes veces e mesmo outras de uso menos frecuente: **birretas**, **capirotes**, **caperuzas**, **morrións**, etc.

930. O canterlo dunha zoca

Ese calzado feito dunha soa peza de madeira, que ten tres tacos e unha punta revirada cara a arriba, chámase nalgúns lugares de Galicia **madroña**, voz tradicional derivada da palabra **madeira** co sufixo *-oña*, pero que hoxe foi substituída en moitas partes polo castelanismo **madreña**, que usou Cunqueiro en *Xente*: *Barcas de Moure é un zoqueiro... e o mesmo fai remontadas que madreñas*. Tamén en *Escola de menciñeiros* empregou a outra variante castelá **almadreña**: *tiñan que ensiñarlle a arte toda*: *zocas subidas*, *chinelas*, *solado de zocos i adorno de almadreñas*.

Sen embargo a palabra máis estendedida para este tipo de calzado rústico é **zoca**, que o escritor mindoniense emprega frecuentemente: *poñendo coa miña navalliña unha F en cada zoca...*, *facía nunha semán cantas zocas se precisaban nun ano na casa nosa* (de *Merlín*), *si lle facía vintecatro zocas de variada madeira..*, *coas zocas nun saco* (de *Escola*), *Barcas fixolle catro zocas e o golpe estrenounas na cabana* (de *Xente*), *calzando aquelas zocas que son un dos máis fermosos calzados do mundo* (de *Cociña*), etc.

Unha **zoca** pode esmagarse cando se fende, racha ou rompe, e para amañala hai que poñerlle unha abrazadeira de ferro ou aceiro que é chamada nalgúns lugares de Galicia **canterlo**, voz que se coñece tamén noutros dialectos do noroeste peninsular e que Cunqueiro utilizou na súa obra *Merlín* cando o servente narrador conta o que estivo facendo unha tarde: *I en limpar o forno... e botarlle un canterlo a unha zoca*, *pasei a serán*. Na traducción que o noso autor fixo desta obra ó castelán traduce **canterlo** por *remiendo de latón*.

Debemos dicir que esta verba, **canterlo**, ten ademais nalgúns outros lugares a significación de lámina de ferro que cobre o canto da roda do carro.

Pero volvendo á voz **zoca** temos que engadir que Cunqueiro emprega ás veces esta palabra coa mesma significación có **zoco**: *Baixei á solaina e senteime nun serón de zocas chinelas... a dúas varas de min navegaba o serón das zocas* (de *Sinbad*), *Probou a andar con zocas*, *coas botas altas* (de *Xente*), segundo comprobamos pola traducción castelá que fixo destas obras, fenómeno este que se dá na fala dalgunhas localidades galegas.

Con todo, para Cunqueiro o calzado que ten a sola de madeira e a empeña de coiro é denominado case sempre coa voz normal **zoco**: *sentíronse pisadas de home que gastaba zocos cravados* (de *Crónicas*), *viste casaca morada e calza zocos* (de *Escola*), *os zocos eran de mui boa pel* (de *Feriantes*), *zocos con cravos de prata* (de *Tesouros*), etcétera.

931. Ben estribado no seu

As pezas de coiro, madeira ou metal nas que os xinetes pousan os pés cando cabalgan chámanse **estribos**, voz que se debeu copiar dos xermanos porque antes de estar en contacto con eles os pobos que falaban latín descoñecían este arreo propio dos xinetes nórdicos. Posteriormente á época medieval foi

chamada **estribo** tamén a peza empregada como chanzo ou paso para subir ou baixar en certos vehículos.

Cunqueiro emprega **estribo** en ámbolos dous sentidos: *non estaba o cabalo arrendado á porta*, *nin Cuvet o gardapostas*, *pra terlle o estribo... os pes que puña nos estribos levaba descalzos* (de *Crónicas*), *refirmarlle o estribo e sacudirlle o pó do lombo* (de *Merlín*), *chegaran á carroza e Mamers o Coxo*, *pousando o farol no chan*, *tiña o estribo... Puxo o percherón ó estribo da carroza* (de *Crónicas*).

Sobre esta voz formouse o verbo **estribar** que naturalmente tiña a significación de poñe-los pés nos estribos, o cal era sinal de que se cabalgaba moito mellor e máis seguro. De aí que **estribar** pasase a significar correntemente apoiarse unha cousa noutra sólida e firme. Nese sentido emprégaa Álvaro Cunqueiro en *A noite vai coma un río*: *Menos mal que o meu home queda a seco baixo unha lousa mui ben estribada*.

Para esta significación emprega Cunqueiro ás veces outros verbos: **afirmar** (*Afirmábase ao carón de cada esquina de cada man*), **apoiar** (*Unha man descoñecida apóiase no meu Iombo*) e **debruzar** (*Un día en que estabas mui escotada*, *cunha brusa verde*, *debruzada na fiestra*), xunto co citado **estribar**: *capóns... na feira capoeira de Villalba ben estribados nas cestas* (de *Cociña*); *Entre il i o médico Sabat estribaron o morto no esquelete do La Garde* (de *Crónicas*).

Estribar é pois para Cunqueiro colocar algo ben como vemos nestes outros exemplos que tomamos de *Sinbad*: *Díxenlle ó segundo que me estribese ben o turbante novo... ¡Estríbame ben atrais*, *non lle vaia a engordar en demasía o leite á probe!*

Trala lectura de todas estas frases poderemos comprende-la seguinte descrición de *Merlín*: *Era de poucas carnes*, *pro mui ben estribado no seu e garrido*, *e mui andador*. En principio pensamos que esta expresión *ben estribado no seu* tiña a significación de ben colocadas e no seu sitio as súas formas corporais, é dicir, que aínda que era delgado estaba moi ben formado corporalmente. E isto confirmóunolo a traducción que el fixo ó castelán: *muy puesto en sus anchos*.

932. As historias do algaribo

Hai un capítulo da obra de Cunqueiro *Merlín e familia* que se titula *As historias do algaribo*. Nel fálase dun mandadeiro, *o algaribo de nome Elimas*, que non era cristián, e a quen Merlín mercaba libros que *o algaribo Elimas traguía a lombos dunha burra leonesa... o algaribo*, *que trataba a mi amo con moito respeto... contaba historias sentado o algaribo no chan*. E noutras páxinas posteriores volve estar citado *o algaribo Elimas*.

A voz **algaribo** non aparece rexistrada nos diccionarios galegos e é unha palabra de orixe árabe que Cunqueiro tomou dalgún texto castelán antigo medieval onde tiña a significación de extraño, estranxeiro, e mesmo a de inxusto, inicuo e rebelde. O escritor mindoniense introduciu no seu libro a forma castelá *algarivo* cambiando o *v* por *b*: **algaribo**.

Nos textos que acabamos de citar ten esta verba a significación de infiel, estraño, estranxeiro, alleo, foráneo, forasteiro e así mesmo emprega esta palabra noutras dúas ocasións no libro *Merlín*: *erguéronse uns príncipes antigos*, *que se chaman os de Gazna*, *xente algariba e crudel*, onde vemos que **algaribo** equivale a rebelde, *e cando viña un señorito de visita*, *anque fora un algaribo*, *ficaba dil namorada por un mes*, onde **algaribo** temos que entendelo como estranxeiro ou forasteiro.

En ningunha obra temos constancia do uso desta palabra. Escribe nas demais ocasións de *poboación estraña... as máis das cartas chéganlle a un dun estraño... orneaba cun acento extraño...* ou de *un estranxeiro que tiña un brazo máis longo que outro... mercados estranxeiros*.

Outras veces fala de *xente allea* ou da *nación allea* e mesmo de *lingua foránea... tomoume amistade o intérprete de foráneos*. Pero a palabra máis empregada por Cunqueiro para sinalar a alguén ou algo que non é do noso país é **forasteiro** como vemos polos seguintes exemplos: *xente forasteira que chega da banda do mar... O forasteiro contestoulle moi fino en arábigo* (de *Sinbad*), *apareceu un forasteiro que falaba castelán* (de *Escola de menciñeiros*), *O ouro forasteiro* (de *Tesouros*), *o forasteiro sería*, *en todo caso*, *un demo inglés* (de *Os outros feirantes*), *falando da nosa cociña con forasteiros* (de *Cociña*), etc.

933. Bavoqueiro

Na obra *Merlín e familia*, de Cunqueiro, describe o narrador nunha pasaxe a figura dun frautista, mestre Flute, que vai visita-lo seu amo: *entón encamiñouse a facer o mandado de porta-la caixa*, *i eu atrais dil*, *coidando que fora tan mudo como bavoqueiro*.

Emprega Cunqueiro nesta frase o adxectivo **bavoqueiro** que non atopamos nos diccionarios, aínda que o miremos con *b*, **baboqueiro**. Coido que polo contexto se pode comprende-la súa significación de 'curto de entendemento e capacidade'.

Bavoqueiro é unha recreación cunqueiriana baseada na existencia de tantas formas populares derivadas da voz **baba** para chamar a alguén que non é listo ou intelixente: **babán**, **babión**, **baboso**, **babiolo**, **baballas**, **baballón**, **babicas**, **babecas**, etc. Resulta pois comprensible que un «recreador» da lingua constrúa unha nova voz baseada en **baba** á que engade a terminación *-queiro*, para facer unha palabra similar a **churrusqueiro**, **lambisqueiro**, **choromiqueiro**, etcétera.

Naturalmente emprega tamén outras voces sinónimas: **aparvado**, que lemos nas *Crónicas*: *os esguerezos i o frío que pasaba tíñanme aparvado*, **parvo**, segundo lemos neste exemplo de *Xentes*: *Chegoulle a de ir ao servicio militar e dérono por parvo... Era un parviño de grandes ollos mouros*, **mamalón**, que vemos en *Crónicas*: *Por un chisco*, *mamalón*, *non chego a tempo*, **pasmado**, como vemos nesta frase de *Xente*: *Porteiro ficou media hora pasmado vendo o xogo...*

En fin, queremos salientar unha vez máis ese afán que tivo Álvaro Cunqueiro de afondar no mellor coñecemento da lingua galega coa recreación de palabras e recordar que na súa época non existía unha normativa ortográfica e que, por tanto, non debe resultar estraño a ningún lector actual o feito de que voces como **pé**, **máis** aparecen nas súas obras sen til ou viceversa: **mán**, **tí**, **mín**, **tér**, etc.

934. Ribaldo

No capítulo titulado "O espello do mouro" da obra *Merlín e familia*, de Cunqueiro, faise a descripción dun mouro de *sembrante serio*, *pequeneiro de corpo... e si ben era ribaldo e avarento no trato*, *era de conversa longa e confiada...* Non é necesario explica-lo significado de **avarento**, pero ¿que é **ribaldo**?

A palabra **ribaldo** procede dunha lingua xermánica e a través do antigo francés *ribalt* entrou nas linguas peninsulares. Tiña orixinariamente a significación de libertino, vagabundo, saqueador, etc., e

pasou a significar nos textos medievais pícaro, malvado e mesmo pobre e mesquiño, pero coido que nos tempos modernos se perdeu esta voz ó menos na lingua galega.

Penso que Cunqueiro recuperou este vocábulo, que só o lembro usado unha vez no citado libro, dalgún texto medieval do Arcipreste de Hita ou do Arcipreste de Talavera ou mesmo das Cantigas de Santa María. Xa citamos noutro comentario que Cunqueiro recreaba ás veces a lingua recuperando verbas xa anticuadas.

Loxicamente temos que entender esta voz **ribaldo** no sentido de pícaro, verba que emprega en *A noite vai coma un río*: *¡Eres mui pícaro! ¡Nin que foses cego!*, ou de **astuto** (*Non se atrevía a decir o peso en kilos... e máis por astuto*, de *Os outros feirantes*), ou de **malicioso**, palabra que emprega en *Escola de menciñeiros* (*Pro o golpe*, *que é malicioso...*) e *Sinbad* (*Sorriu malicioso Mansur... As malicias son os vermes do malicioso... ¡O mar é mui malicioso!*).

Pero curiosamente vemos que na versión que de *Merlín* fixo ó castelán Cunqueiro traduce esta voz **ribaldo** por *porfiador*, é dicir, por obstinado. Desde logo, aínda que **ribaldo** teña os significados que acabamos de citar non resulta estraño que se lle poidan aplicar tamén as significacións de porfioso, teimoso, teimudo, testán, testarrán, etc.

Penso que as numerosas lecturas literarias que fixo ó longo da súa vida o escritor mindoniense son a causa fundamental do emprego de voces anticuadas que aparecen de vez en cando nos seus escritos.

935. Anabolena, pincerna, truchimán e dedás

Cunqueiro bota man de palabras non moi correntes para cualificar a determinados personaxes das súas obras. Comezamos hoxe traendo a colación a palabra **anabolena**, que aparece rexistrada no diccionario de Estravís como muller valerosa e disposta que camiña de présa, no diccionario portugués de Figueiredo como muller intrigante e maléfica e no da Real Academia Española como muller aloucada e trapalleira.

A voz **anabolena** está aplicada no libro *Merlín* sempre a unha serea: *Mosiú Vermeil... estaba alí por mor dun preito maior cunha sirea*, *i el era da parte da anabolena*. Falando das sereas que están nun mosteiro asolagado na lagoa de Lucerna di: *no tribunal da Ponte Matilde da cidade de Ruan*, *que é o que rixe istas anabolenas... Cóntase que cando chegaron a Lucerna coa anabolena*, *a sirea mimouno tanto*, *que alá se foi Novás trala sirea ao profundo da lagoa...* Coido que a **anabolena** cunqueiriana é a muller intrigante e trapalleira.

Outra desas palabras non moi correntes é **pincerna**, voz de orixe grega, que designa a persoa que eleva a vara nos actos públicos ou que serve ó seu señor noutros mesteres: *Súa Señoría era un velliño etiqueteiro e tusidor*, *e levaba o compás da música coma nun baile*, *precedido de pincerna con vara de prata* (de *Crónicas*), *Que llo diga a Vosa Alteza o enano de Belvís aquí presente*, *que foi de pincerna Tulé cando levaron á filla de doña Carolina* (de *Merlín*).

No libro *Merlín e familia* lémo-los seguintes parágrafos: *a feira de Tilsit... é un grande campo cheo de tendas i hai familia de nove naciós con dereito a pór ela peso e truchimán...*, *Nove naciós diferentes poñen nela peso e truchimán*. Neles aparece a figura do **truchimán**, palabra de orixe árabe, que significa intérprete, pero que tamén se emprega ás veces como mediador nos negocios de compravenda como creo que o fai Cunqueiro neses textos.

No mesmo libro de *Merlín* podemos le-la seguinte frase: *e seguíu a don Merlín á cámara*, *i após dil entraron os outros cinco dedás i o enano do castelo*. ¿Que son os **dedás**? Sen ningunha dúbida **dedás** é o plural de **dedal**, palabra que usa Cunqueiro (*corenta anacos i o meirande coma un dedal*) en vez da voz corrente na súa terra **alferga**.

Naturalmente na citada frase os **dedás** non son alfergas para coser, senón que son chamados uns homes moi pequeniños ou **ananos**, voz esta que Cunqueiro non emprega porque prefire a palabra **enanos** que usa moi frecuentemente.

936. Anugallado e preste

As primeiras palabras do limiar da obra *Merlín*, de Álvaro Cunqueiro, son as seguintes: *Tal e como agora eu vou*, *vello e anugallado*... E entre elas atopamos ese adxectivo que cualifica ó narrador que deberiamos pensar en que é un participio dun suposto verbo **anugallar**, que sería algo así como encherse de **nugalla**, pero tanto **anugallado** como **anugallar** non aparecen rexistrados en ningunha obra léxica.

Así pois temos que pensar que **anugallado** é unha creación de Cunqueiro para cualificar algo que está impregnado de **nugalla**, voz que el emprega nesta mesma obra: *I en chegando ao xardín viron que estaba todo aquelo á nugalla*, *que el traduce ó castelán por estaba muy abandonado*, *e pro o señor duque ficou á nugalla*, *que traduciu así*: *pero el señor de Saboya quedó muy blando de la operación*.

Nugalla ten naturalmente para Cunqueiro o mesmo valor de preguiza ou galbana, segundo vemos polo uso que fai desta voz en *Sinbad* (*denantes de botarse á nugalla no esteiro*) ou en *Crónicas*: *ficou Ismael Florito á nugalla*. Así, por tanto, temos que interpretar **anugallado** como sinónimo de preguiceiro ou, tendo en conta o sentido que lle dá a nugalla nos exemplos citados de *Merlín*, como desganado ou mesmo fatigado que é como el traduciu esa verba ó castelán.

Quen non está **anugallado**, se non está indiferente, está **presto**, adxectivo que usa así poucas veces (coido que dúas no total das súas obras: *voltando presto* en *Hamlet*, *foi presto e cortés* en *Merlín*), xa que prefire a forma rematada en *-e* **preste**: *Inda non amencera cando eu xa estaba preste* (de *Merlín*), *chisparon preste* (de *Sinbad*), *un está preste a ousar* (de *Hamlet*), *eu estaba sempre preste para coidar do lume* (de *Cociña*), etc.

Neses exemplos citados **preste** ou **presto** significan o mesmo que **disposto** (que usa ás veces, como vemos nesta frase de *Xente*: *Estaba disposto a pagar catro mil pesetas*) e **preparado** (*el quere estar sempre preparado pra as visitas* de *A noite*), ou **rápido** (*facíao mui ben e rápido*, de *Xente*), **listo** (*listo coma un lóstrego*, de *Sinbad*) e **lixeiro** (*andaba lixeiro*, de *Crónicas*).

Cunqueiro dispuxo nas súas obras de moitos adxectivos para indicar **presto**, pero tivo bastante preferencia polo adxectivo **preste**.

937. Acadegados e embeitos

A palabra **cádiga**, usada nalgunhas localidades galegas para nomea-la correa que serve para suxeita-lo xugo ó pescozo do boi ou da vaca, deu orixe ó verbo **acadegar**, que ten o mesmo sentido de **xunguir**, segundo vemos nestes exemplos que tomamos de Iglesía Alvariño: *Inda non val pra acadegar ó xugo*, *non acadegues no teu brando xugo o meu colo*...

Cunqueiro, do mesmo xeito que utiliza o vergo **xunguir** no sentido figurado de unir (*perciben... o lazo que os xungue á terra que os soporta*, de *Cociña*), emprega este verbo tamén nun sentido figurado. Vexámo-la frase once aparece: *Dous anos poderíamos demorar eiquí*, *i acadegados vos tería coas miñas novas* (de *Crónicas*). Efectivamente, está claro que a voz **acadegados** ten que te-lo mesmo sentido de xunguidos ou encadeados, pero a realidade é que el mesmo na traducción que fai ó castelán traduce esta voz por *entretenido*.

Naturalmente Cunqueiro usa para esta última significación ás veces os verbos **entreter** (*O mouro entretíñase en tirar unha moeda de ouro ao chan*, de *Xente*) e **distraer** (*distráese vendo o ir e vir das gueivotas...*, *distraídos ouvindo o parlanchío dos paxaros chineses*, de *Sinbad*).

Outro verbo que o noso autor utiliza cun sentido figurado é **embeber** que ten o sentido de meterse de cheo nalgunha cousa que se está a facer ou pensar, segundo vemos neste texto de *As Crónicas do Sochantre*: *Nancy procurou na caixiña unha toma de rapé*, *e esta vez sin ofrecer*, *que quizaves non lle quedase*, *ou estivese tan embeito nas rafegadas da súa vida que se lle fose*.

Coido que non resulta difícil interpretar esa forma **embeito** coma unha creación persoal cunqueiriana por **embebido**. Este participio queda en principio transformado en **embebeito** por imitación de **colleito**, **recolleito**, **tolleito** e logo simplifica Cunqueiro a repetición deses sons *be-bei* eliminando a sílaba *be*. Xa citamos no *Cartafol da lingua* como Celso Emilio Ferreiro convertía o participio de **encher**, **enchido**, en **encheito** por ese mesmo afán diferencialista que teñen bastantes escritores.

938. Tabatexo

Quen lea a descrición do personaxe Guy Parbleu que aparece no «Apéndice primeiro» do libro *As Crónicas do Sochantre* atoparase con estas verbas: *Criado que foi*, *ou aínda é*, *do demo Salomón Capitán*. *De día é un tabatexo que non se ve*, *e de noite unha luzada vagamunda*. Nelas dísenos que Parbleu é un **tabatexo**, voz non fácil de interpretar na primeira lectura.

Noutro lugar da citada obra fálase dese mesmo personaxe, e faise referencia á mesma voz: *a ver si respetaba ou non o trato que tiña co tabatexo*. Desde logo, con estes dous exemplos, non resulta doado sabe-lo que significa esta verba que non recollen os diccionarios, pero adiantamos que nestes dous casos **tabatexo** é para Cunqueiro alguén que **tabatexa**...

Noutra parte de *Crónicas* lemos que lle tocou falar a Guy Parbleu que normalmente *estaba calado todo o tempo*, *a non ser o tabatexo*, é dicir, que non se lle escoitaban palabras, pero si o **tabatexo**. Por este exemplo sabemos que o **tabatexo** é neste caso algo que fai ruído e podemos afirmar por tanto que o **tabatexo** é a acción de **tabatexar**...

Pero dúas veces nesta mesma obra aparece esta verba acompañada doutra palabra que nos aclara moi ben a significación desta voz creada por Cunqueiro: *Guy Parbleu foise apagando pouco a pouco*, *i esprincipiouse a sentir o tabatexo dos dentes... O tabatexo dos dentes de Guy Parbleu xa lle era tan amigo coma o tiquetaque dun vello reló de péndulo*.

Tabatexar é o verbo do que naceu o nome **tabatexo** e foi empregado non só en *Crónicas*: *outro dos pasaxeiros do asento dianteiro debía de levar grande frío*, *que todo o tempo iba tabatexando cos dentes... Aló enriba seguía tabatexando o criado do Demo... Son o meu alento*, *pois*, *eu tabatexo cos dentes*, senón tamén en *Hamlet*: *sentía toupar os meus dentes tabatexando de medo*; en *Escola de menciñeiros*: *Xil quitaba o que chaman volverse o sudor*, *que é sudor frío*, *tabatexar de dentes seguido...*

Coido que sobre a expresión normal e corrente *bate-los dentes* creou Cunqueiro estoutra *tabatexar cos dentes* cruzando o verbo **bater** co verbo **tatexar** ou, mellor aínda, coa súa variante luguesa **tatabexar**, que é unha creación expresiva ou onomatopeica de como falan os tatos ou gagos. Quen choca ou *bate os dentes*, *quen dá dente co dente*, *quen chavea por frío ou por medo*, fai un ruído semellante ós que tatexan.

939. Os trasnegos

En tódalas obras de Cunqueiro aparecen abundantemente os espíritos bos ou malos que chamamos **demos**, que nalgunha ocasión son nomeados **demoños** (*está visto que os demoños non se queren facer traxe nos obradoires de enriba*, de *Crónicas*) ou **diaños** (*o diaño Abscóndito*, de *Xente*). Tamén aparecen os **demachiños** que son os demos simpáticos que fan trasnadas (*Entre os demachiños dos que por aquí se fala*, *está Sorisco*, de *Escola*) e os **nubeiros** ou espíritos que habitan no aire e producen as treboadas e os lóstregos (*un crego apelidado Chao*, *que era mui buscado pra esconxuros i exorcismos*, *i afastaba os nubei*ros, de *Tesouros*).

Naturalmente tamén están presentes na obra cunqueiriana eses espíritos ou seres fantásticos nocturnos que adoitan facer estragos, ruídos e toda clase de bromas e enredos nas casas, sen producir danos graves. Son os **trasnos**. Na obra *Merlín* está Tadeo, que era un *trasno bigotudo que veu a Miranda de espolique do demo Croizás*.

Outro **trasno** simpático era o **velagullas** ou ser fantástico que aparece descrito en *Escola de menciñeiros*: *O velagullas era un trasno pequeno*, *dos máis pequenos*, *i está sin traballo desque foi inventado o aceirico pra uso de xastres e costureiras*.

Derivada desta voz é a verba **trasnego** que funciona co mesmo sentido cá voz orixinaria na obra citada anteriormente, *As Crónicas do Sochantre*: *Como o gasto que fan os trasnegos de prendeiría fina é muito*, *que os máis andan de noite e prenden en calquer parte*, *ou arriman a onde mancha...*, *estaban algo enrabexados con Ismael Florito*, *que por moito que cosera aínda deixara ós máis dos demos con roupa vella*, *i algún había*, *dos trasnegos máis novos*, *que xa se poñían en dar parte por escrito a don Lucifer Neftaniel*.

Tamén Cunqueiro nos fala dun lugar onde habitan os **trasnos** e ese lugar é denominado **trasneiría** segundo vemos por este texto do libro *Crónicas* que fala do que lle pasaba a Ismael Florito: *Din que foi cando se perdeu parte dun río de Hespaña*, *que lle chaman o Guadiana*, *que escurríu derriba mesmo das camaretas de trasneiría*.

Dentro deste campo léxico existen outras voces como **trasgo**, **escoler**, **tronante**, **canouro**, que non atopamos nas obras cunqueirianas.

940. Un rei non é un pousafoles

Cerca da porta de entrada ós muíños había unha pedra que sobresaía do muro, na cal se pousaba a carga que se levaba para moer. Este tipo de **pousadoiros** existía tamén ó longo dos camiños que levaban ó muíño e, como nel se pousaban os foles cheos de gran, foi chamado **pousafoles**, voz bastante corrente.

Pero os falantes comezaron a chamar tamén **pousafoles** a quen deixaba as cargas nos pousadoiros para descansar e posteriormente a tódolos que descansaban todo o día por ser preguiceiros. De aí que nos diccionarios actuais apareza esta voz como sinónimo de lento, pesado, tardo, torpe ou preguiceiro.

En *A noite vai coma un río* emprega Cunqueiro esta verba en boca dun rei que non se sente preguiceiro: *¡Un rei non é un pousafoles!* con este mesmo sentido usaron esta palabra outros escritores como Castelao (*era manso*, *doce*, *alabeeiro*; *pero tamén lacazán*, *pousafoles*...), Blanco Amor (*Insensata*, *parva*, *pousafoles*, *que somentes falas do que non sabes*), Otero Pedrayo (*das tendas dos homes barrigudos*, *pousafoles na aparenza*), etc.

Normalmente Cunqueiro usa para esta significación as voces de **preguizoso** (*Un mocete preguizoso que lle gosta as mulleres*..., *son preguizosos e no leito fadíganse de soñar*, de *Hamlet*), **cachazudo** (*era un cachazudo aquel mestre Flute*, de *Merlín*), **lento** (*Eiquí no norde somos máis lentos e torpes*, de *Hamlet*), etc.

Pero a palabra **pousafoles** é utilizada por Cunqueiro con certo sentido despectivo, como vemos nesta frase de *Crónicas*: *o peinador marsellés decía que eu sería de calquer probe pousafoles*, *pro ela terbellaba en que eu debería de sere dun vello taberneiro*, ou nestoutras de *Sinbad*: *eu navegaba polo Soldán de Melinde*, *que non é un pousafoles*..., *e si alguén os miraba*, *anque fose un pousafoles*, *Sinbad saudábao*.

Nas frases citadas entendemos que un **pousafoles** equivale a un calquera, a un niguén, a unha persoa insignificante. Na versión castelá de *Sinbad* traduce Cunqueiro esta palabra por *un cualquiera* e *un desharrapado*, voz equivalente ó noso **farrapeiro** ou **farrapento**, como lle gusta escribir ó escritor mindoniense: *sae unha nena*, *unha mendiña farrapenta* (de *Crónicas*).

941. O pecoreiro

A palabra corrente para denomina-la persoa que coida do gando e, sobre todo, das ovellas é **pastor**, voz que Cunqueiro emprega frecuentemente: *Dun dos alpendres saíu un que sería pastor pola pelica de ovella que vestía... Ladraban os cas dos pastores* (de *Crónicas*), *andaba soio polo deserto e determiñaba pasar unhas semás cos pastores... rebaños de ovellas mouras gardados por pastores iemenís* (de *Sinbad*).

Tamén aparecen **pastoras** nas obras do noso escritor: *A unha era ai louriña! / pastora de neve branca... A unha era pastora / branca siñal de bo tempo... Ten bois de color do tempo / e pastoras de cristal* (de *Cantiga*), *disfrazado de lobo saíalles ás pastoras nas lendas do Aule* (de *Crónicas*), *A segunda bola era unha pastora que estaba coas súas ovelliñas nun valado... a pastora cantaba... a pastora abría un paraugas* (de *Merlín*).

Pero na obra *As Crónicas do Sochantre* botou man dunha palabra sinónima de **pastor** que é tradicional e está rexistrada nos textos medievais, se ben agora non é moi corrente na fala popular. Trátase de **pecoreiro**, verba que rexistran xa os diccionarios de F.J. Rodríguez, Cuveiro, Valladares, etc., e que usou o poeta Cabanillas: *A túa fala que verteu na nosa / o celme deleitoso das entenas do sangal*, *pecoreiro*, *campesío sermo vulgaris*...

Polas frases de *Crónicas* onde aparece esta voz resulta evidente comproba-la súa significación de pastor, xa que están a continuación da primeira frase que citamos neste comentario: *a correa do can á man esquerda*, *e coa dreita tomou do que parecía pecoreiro o farol... O capitán dou o farol i o can ó pecoreiro... botou a andar por un carreiro de pecoreiro*.

Digamos que Castelao emprega a variante **pegoreiro**, que non recollen os diccionarios: *Pedro faise pegoreiro... Na Pampa*, *si o vento sopla de popa*, *pódese chegar de pegoreiro a dono de moitas légoas de terra... Hermes*, *deus proteitor dos pegoreiros...*

Nos diccionarios modernos atopámo-la formá normal dalgúns falantes galegos e portugueses **pegureiro** e mesmo hai que dicir que nalgunha obra léxica aparecen as variantes **pigoreiro**, **pigureiro** e **picoreiro**. Esta última rexístraa Eladio Rodríguez neste refrán: *picoreiro*, *rúbete ó outeiro*, *e se no xaneiro ve-los campos verdegar*, *bótate a chorar*, *e se os ves terrexar*, *ponte a beilar*.

942. Donairosos e donosos

Chamamos **donaire** a discreción e gracia no que se di ou a gallardía, xentileza, elegancia, soltura ou desenvoltura con que alguén se move, baila ou danza. Quen ten donaire ou parece que o ten é **donairoso**, voz que aplica Cunqueiro en *Merlín* á filla de dona Carolina da que *soupemos que vive nunha gaiola de prata*, *disfrazada de pomba colipava*, *ou que ben se presta*, *tan cativiña e donairosa que é!*

Sinónimo de **donairoso** é o vocábulo procedente da mesma familia léxica, **donoso**, que Cunqueiro emprega na obra *Escola de menciñeiros* cando unha muller entra na barbería e pregunta a un neno que estaba sentado sobre os xeonllos do seu avó: *¿E coma te chamas*, *donosiño?*

Son moitos os adxectivos que se poden empregar para significa-lo mesmo que **donairoso** ou **donoso**. Coido que no último exemplo citado poderiamos substituí-la voz **donosiño** por **guapiño**, diminutivo de **guapo**, que Cunqueiro usa non soamente no sentido de persoa agradable á vista (*el era mui guapo*, *era mozo guapo*, *unha guapa moza de Xuanceda*, *con moita moza guapa*), senón tamén referido a calquera outra cousa bela, fermosa ou agradable: *na vila de Pons*, *que é unha vila mui guapa e onde hai mui bos viños*.

Naturalmente quen é **donoso** é **gracioso**, palabra que utiliza moi frecuentemente Cunqueiro para aplicala ás persoas ou cousas que teñen algún atractivo agradable para quen as mira: *unha cometiña mui graciosa* (de *Escola*), *era mui redonda de cara*, *mui graciosa sorrindo... falando un mui gracioso brasileiro* (de *Feirantes*), *a túa graciosa man* (de *Hamlet*), *a mula iba graciosa e solta camiño de Miranda* (de *Merlín*), etc. E aplícaa moitas veces ós nenos: *Tiña*, *iso si*, *unha neniña graciosa* (de *Merlín*), *co neno que tivera*, *que lle saíra mui gracioso* (de *Crónicas*), *un netiño que tiña*, *de cinco ou seis anos*, *mui gracioso e feliz* (de *Sinbad*), *púxoselle doente un neto*, *un louriño gracioso* (de *Feirantes*).

Cunqueiro emprega outros sinónimos destas palabras como **garboso** (*tiña eu*, *contando a ollo*, *sober dezasete anos*, *i axiña me puxera garboso*, de *Crónicas*), **garrido** (*Bertoldo era entón mozo*, *alto*, *garrido*, de *Xente*), **xentil** (*xentil*, *soave e docísima señora*, de *Merlín*, *amósase sempre xentil e fermoso*, de *Tesouros*), etc.

943. O partiquino

O último dos retratos ou relatos de personaxes que fai Cunqueiro no seu libro *Os outros feirantes* titúlase "O partiquino Ramírez". Se non seguimos lendo e tratamos de busca-la significación da voz **partiquino** nos diccionarios galegos, atoparémonos que non aparece rexistrada neles, pero se consul-

támo-lo diccionario da Real Academia Española, quedaremos informados de que un *partiquino* é un cantante que participa nas óperas cun papel moi breve ou de escasa importancia.

Con todo, aínda que non soubésemo-lo significado desta palabra, se seguísemos lendo o citado relato, veriamos como o protagonista informa ós seus familiares sobre o que fixera en Bos Aires: *dende ferrador de cabalos a partiquino no teatro*, *que era no que traballaba derradeiramente*.

Loxicamente os oíntes non sabían que era ese oficio e por iso a señora Felisa pregunta: *¿El que é eso de partiquino?* E entón explica Ramírez o que fai no teatro: *Pois eu estou na función e chega visita*, *e eu abro a porta*, *recóllolle o paraugas ao doutor e ofrézolle unha silla*. *Outras veces sirvo un refresco ou entrego unha carta nunha bandexa de plata*, *ou sallo correndo decindo que hai un incendio*...

Coido que temos que entender que o **partiquino** cunqueiriano non é un cantante de ópera, senón un empregado dunha compañía teatral que fai fundamentalmente as funcións de extra. Ramírez segue contando cousas do seu *traballo de partiquino* e de cómo o director da compañía o felicitaba dicíndolle: *¡Enhorabuena*, *partiquino Ramírez!*

Ramírez conta moitas anécdotas da súa vida teatral e promete traer para a próxima vez que volva á súa terra un disparador de magnesio para máquinas de fotografar, pero, como escribe Cunqueiro: *pasaron varios veráns*, *e Xosé do Ventoso*, *Xosé Ramírez*, *o partiquino Ramírez non voltou*.

944. Esquilinos

Xa fixemos un comentario sobre a palabra **algaribo** que Cunqueiro empregou en varias ocasións na súa obra *Merlín* e que temos que entender como sinónimo de infiel, estraño, alleo, foráneo ou forasteiro. Na obra *Si o vello Sinbad volvese ás illas* lémo-lo seguinte texto: *cando chegou Sinbad ó peirao*, *estaba perguntando pola fonda da vila*, *e si había porta de obriga prós esquilinos*, *un forasteiro alto nove coartas remíes*, onde aparece a voz **esquilinos**.

¿Que é un **esquilino**? Coido que polo contexto podemos interpretar esta voz como equivalente a calquera das que sinalabamos como sinónimos de **algaribo**. Pénsese que ademais quen pregunta é un forasteiro. Polo tanto consideramos que **esquilino** ten a mesma significación que forasteiro.

Naturalmente poderiamos dicir que un **esquilino** é o mesmo que un **visitante**, voz que Cunqueiro utiliza nesa mesma obra algunha vez: *pro Sinbad di o visitante*..., *o Califa puxo por decreto que por respeto a tan nobre visitan*te..., e tamén noutras. E loxicamente poderiamos dicir que un **esquilino** ten o valor de **hóspede** que igualmente aparece varias veces na citada obra: *Sinbad non facía outras que calar e cheirar ó hóspede*..., *i hai alí catro cámaras prós hóspedes*..., *prós hóspedes de confianza*.

¿De onde tomou Cunqueiro esta voz **esquilino**, que non aparece nos diccionarios galegos, portugueses e casteláns que consultei? Non vexo ningunha forma normal que puidera ser modificada parcialmente polo noso escritor, a non ser que pensemos na palabra **inquilino**, que aparece nesta frase de *Merlín*: *Si lles dá por poñerse a amoedar a trabe de ouro a istes inquilinos da soterra*.

Inquilino, persoa que ten en aluguer unha vivenda ou un cuarto, pode se-la base desta palabra de *Sinbad* que Cunqueiro modificou por influencia de **estraño** ou **estranxeiro** en **esquilino**...

945. Bretonante e abrocante

Cunqueiro é, como dixemos tantas veces, un creador ou recreador da lingua galega porque moitas veces emprega voces, que non son comúns e que non aparecen nos diccionarios, ben modificando as verbas existentes con cruzamentos con outras palabras, ben facendo derivados novos, ben elevando á categoría literaria vocábulos propios dalgunha pequena bisbarra.

Lendo *As Crónicas do Sochantre* atopámonos como un mozo que se achega á carroza onde van os personaxes desta obra *metendo cachola pola ventaíña deu corteses bos días en bretón bretonante*, *denantes de perguntar en francés*. Aí vemos como cualifica á *lingua bretona* mediante ese adxectivo **bretonante** que poderiamos interpretar como «que fala moi ben bretón» ou se queremos ir un pouco máis alá diremos que ese mozo que fala **bretón bretonante** fala un bretón enxebre.

Esta voz chamóuno-la atención sobre a gran cantidade de adxectivos derivados dos participios que terminan en *-ante* que emprega o noso escritor. Nesa mesma obra usa **abroncante** para cualificar a un home rifante ou barulleiro: *Era home mui abroncante e túzaro*, e **esmerante** para cualificar a un home coidadoso e esmerado no que fai: *Limpou*se *na sobremanga mui esmerante*.

Podemos ver en *Escola de menciñeiros* como describe un personaxe que era falador e **amistante**, voz esta que podemos considerar como sinónimo de **amistoso**. En *Xente de aquí e de acolá* pregúntase Cunqueiro: *E eu mesmo*, *o inquiridor son un galego propio cando conto*, *medio crente*, *medio embromante?* onde vemos que **embromante** é o mesmo que argalleiro, bromista, amante das brincadeiras.

Na última obra citada fálase dunha *xastrería*, *que era*, *decía Muñiz mui poderdante*, voz que interpretamos como 'que dá poder' e poderiamos seguir vendo bastantes exemplos máis de palabras rematadas en *-ante* que Cunqueiro emprega desbordando a canle rutinaria da lingua e enriquecéndoa con estas expresións sonoras e de feitura fermosa.

946. Irados e mamertos

Xa falamos nunha ocasión dos derivados da palabra **rabia** e mencionabamos exemplos de **arrabento** (*Sete Chaleques estaba arrabento comigo*) e **enrabexado** (*estaban algo enrabexados con Ismael Florito*.., *ós tolos máis enrabexados*) para significa-lo mesmo que iracundo, voz que Cunqueiro emprega, que eu saiba, soamente en *Herba* nun sentido figurado porque a aplica ás espadas: *Déixano nun outeiro ao pé dun ciprés cercado de espadas iracundas*.

Quen está dominado pola ira, a cólera, a furia ou a rabia está **irado**, verba que usa frecuentemente Cunqueiro nas súas obras aplicándoa ás veces ás persoas: *facéndose mozo*, *fíxose irado... o bispo ben o víu e foise cara el irado* (de *Feirantes*), *Quizaves fora o irado un marido que espertou cornudo* (de *Merlín*), *Don Vitorino marchouse*, *irado* (de *Xente*), e outras ó vento: *Eu teño medo de que o vento irado me turre na fita* (de *Cantiga*), *é por culpa do vento irado* (de *Hamlet*).

Sinónimos de **irado** usados polo noso escritor son **furioso**: *Felpeto trataba mui ben aos tolos furiosos* (de *Feirantes*), **irritado**, que aplica ó sol: *Entón as nubes*, *crendo que viña o sol irritado*, *fuxían ao mar* (de *Xente*), e **desvariado**, que aplica a unha galiña: *Unha galiña que deixa de poñer ou tire pra vella e anda desvariada pola horta*, *esa hai que matala* (de *Cociña*).

No libro *As Crónicas de Sochantre* fálase nunha ocasión da muller do zoqueiro Levejean que maltrataba ó neno que acolleron na súa casa. E este, ou mellor dito, o coronel Coulaincourt de Bayeux, tras contar certos incidentes, afirma dela: *Sempre pensei que aquela mamerta non rexía*. No apéndice da citada obra dáse a lista dos personaxes que interviron nesta historia e atopámo-lo seguinte: *Levejean*, *A tía*. / *Unha mamerta bébeda*, *que de moza faguía prantos por difuntos*.

Cando lin por primeira vez esta obra pensei que esta voz **mamerta** era algo así como estúpida, imbécil, tonta, etc. Pero cando quixen coñecer realmente a significación desta palabra, dinme de conta que non aparece nos diccionarios. Entón mirei a traducción castelá e vin que para Cunqueiro **mamerta** significa **irada** ou **iracunda**. ¿De onde quitou Cunqueiro esta voz? Gustaríame sabelo.

947. Nouturnio amante

A voz culta **nocturno** entrou na nosa lingua hai xa moitos anos e así se mantén ata hoxe no nivel culto da lingua para significar aquelo que é relativo á noite. Álvaro Cunqueiro emprégaa algunha vez en *A cociña galega*: *o teixudo dábase merendas matinais ou nocturnas no maíz* e en *Os outros feirantes*: *a nova das humidades nocturnas de Marcelino*..., *turnos de vixilancia nocturna*..., *Por cada sesión nocturna*...

Sen embargo usa tamén o vulgarismo nacido da vocalización da consoante *c* en *u*, **nouturno**, que vemos nas súas obras *As Crónicas do Sochantre* (*ollando atente pra aquela xente nouturna*) e *Si o vello Sinbad volvese ás illas* (*as ablucións nouturnas*). Son bastantes os escritores que utilizaron esta forma: *calade*, *ou ventos nouturnos*, de Rosalía, *Nos meus solitarios / nouturnos paseos*, de Curros, *lus nouturna*, de Celso Emilio Ferreiro.

Pero a forma máis cara ó escritor mindoniense é a variante desta voz, **nouturnio**, que xa empregou nos seus primeiros libros: *Amabres lúas nouturnias* en *Cantiga nova*... e *Nouturnio amante en rocas sin aramios* en *Poemas do si e non*. E posteriormente noutras: *nouturnios desacou*gos..., *nouturnia viaxe*..., *a mesma hora nouturnia*..., *maxinación nouturnia*.

Esta palabra, **nouturnio**, serviulle a Curros para titular un dos seus poemas e usárona escritores como Otero Pedrayo (*nouturnias sirtes*) e Ramón Rabanillas (*os merlos asubían un nouturnio doente*). E digamos que, aínda que Cunqueiro non a empregue, hai outra variante que consiste en vocaliza-la consoante *c* en *i*: **noiturno** (*xuntanzas noiturnas*, *veladas noiturnas* son exemplos de Castelao e C.E. Ferreiro).

Outro caso de vocalización do grupo consonántico *ct* en *ut* ou en *it* podemos comprobalo na transformación que Cunqueiro fai da palabra **electuario**, que é un preparado de drogas farmacéuticas, en **leutuario** e **leituario**: *En tempos facíase alí un leutuario de laranxa de moita sona... verqueulle na boquiña tres gotas de ruda e por un serpentín un leituario de diacitrón*, frases da mesma obra: *Merlín e familia e outras historias*.

Sinalemos tamén a utilización que fai o noso escritor doutros vulgarismos producidos pola vocalización do *c* do grupo consonántico *ct* en *it*: *aspeito cáseque mítico*, *A ver si te reitificas*, *reitamente* e varias veces *reitoral* fronte a dúas veces *rectorais*. Do mesmo xeito atopamos que empregou en *Tesouros*... **inteleitual** e en *Xente de aquí*... **intelectual**. Tamén usou **téinicos** fronte a verba culta normal **técnica** e **direición** fronte a **direción** e **dirección**.

Esas vacilacións son o resultado normal de quen viviu longos anos coa preocupación de ir establecendo unha lingua completamente normalizada.

948. Depenicar nas mozas

No libro *Merlín e familia* de Cunqueiro faise nun capítulo a descrición da camareira Marcelina que coñecía moi ben o que pasaba na casa do protagonista e o narrador dinos que *pra min foi boa madriña*, *salvo no que latricaba bulrándome de que eu andaba depenicando nas mozas*.

¿Que será *depenicar nas mozas?* Digamos primeiramente que **depenicar** ou **depinicar** é un verbo bastante corrente en moitos lugares de Galicia e que usan moitos escritores no sentido de 'desfollar flores', é dicir, de 'quitar ou tira-los pétalos dunha flor' (*Así che falín un día / camiñiño de San Lois*, / *todo oprimido de angustia*, / *todo ardente de pasión*, / *mentres que ti me escoitabas / depinicando unha frol* son versos de Rosalía de Castro) e de 'arrincar cousas dalgún sitio' (*I as vacas i as ovellas depinicaban / toxos e cardés*, de Curros Enríquez, *depinicaba algunha erba fidalga*, de Neira Vilas, *vou agora depinicarlle a cacholiña a estes pichóns*, de Méndez Ferrín).

O mesmo Cunqueiro emprega tamén este verbo nas *Crónicas do Sochantre*: *Estando un día de maio paseando pola selva*, *a carón do camiño*, *depinicando amorodos nun cómaro*..., frase na que a expresión *depinicar amorodos* equivale a 'arrincar ou coller amorodos ou morotes das amorodeiras', se ben podemos interpretala no sentido tamén corrente de comer ós poucos ou en poucas cantidades.

Pero noutro lugar desta última obra cunqueiriana están falando varios personaxes e di un deles: *Pois podiamos ir a depinicar un algo*. Neste caso **depinicar** ten o claro sentido de ir probar algo de comer, de **comichar**, de **picar**, de **petiscar** (verbo moi caro a Castelao: *comezou a petisca-las veiras do paquete*) ou **peticar**, que tamén usa Cunqueiro: *coma quen aduviña que paxaro peticou a cereixa*.

Polo tanto **depenicar** ten a significación fundamental de arrincar algo dun lugar, de picar, de petiscar e no exemplo que sacamos de Merlín a expresión *depinicar nas mozas* está tomada ironicamente para manifestar que ó narrador lle gustaba moito beliscar ou dar beliscos ás mozas.

949. Quen terbella, terbella

Cunqueiro emprega a miúdo o verbo **terbellar** que é unha variante da forma máis espallada **trebellar**, palabra que ten unha orixe non moi clara e que significa fundamentalmente facer cousas que serven de diversión e entretemento, como brincar, enredar, correr un detrás dos outros, etc. Pero con esa significación non a emprega o noso autor.

Terbellar ou **trebellar** ten ademais, segundo vemos nos diccionarios, a significación de realizar xogos mozos de distinto sexo, facer bromas de carácter sexual e mesmo ter comercio carnal. No libro *Merlín* conta o narrador como o personaxe don Felices adiviñou o porvir das súas relacións con Manoeliña: *se seguía apedrando nela tería bautizo en tres anos*. Efectivamente ocorre así e nace Ramonciño porque *quen terbella*, *terbella*, é dicir, quen anda xogando con cousas relativas ó sexo, remata fornicando...

Para o escritor mindoniense **terbellar** ten a significación básica de facer algo sen necesidade de que sexa por diversión, como vemos nestas frases: *namentras mi amo terbellaba no negocio*..., *muito terbellou en si*..., *como si fora paragüeiro de Ourens terbellou mi amo nos paraugas*.

Nesta frase de *Sinbad*: *i estaba media hora terbellando naquel tropezo*, **terbellar** equivale a estar arranxando algo, o mesmo ca nesta outra de *Crónicas*: *que il terbellaría de que eu tivese cama de pruma coa miña dama*.

Terbellar pode significar andar facendo un determinado traballo como vemos nesta frase de *Sinbad*: *e pareceulle que alguén terbellaba na porta i estivo atente* e nesta outra de *Crónicas* equivale a insistir: *pro ela terbellaba en que eu debería de sere fillo dun vello taberneiro*.

En fin, Cunqueiro, como dixemos noutros comentarios e vemos polos exemplos que acabamos de citar sobre o uso de **terbellar**, é un gran «recreador» da nosa lingua.

950. Sotelar

Cunqueiro emprega varias veces o verbo **soletar** en frases como as seguintes: *Soletaba mestre Flute*, *e tamén si a min facía soletar*, *tanto que me acaroei a il e lle puxen a man no lombo*, *como amigo querido* (de *Merlín*). Consultando diccionarios vin que **soletar** significa pór **soletas**, é dicir, remendos de tea, na planta do pé das medias cando se rompen. Está claro que o **soletar** do mestre Flute non é poñer **soletas**.

No libro *Sinbad* atopamos outra vez este verbo: *Zafir púxose fraque e non dormía nin xantaba... falaba pra si versos con retrouso segredo*, *e soletaba*. Evidentemente o **soletar** de Zafir non era poñer soletas.

Na peza dramática *A noite vai coma un río* Ama Modesta falando da soidade de Dona Inés di: *E despoixas eles vanse e a miña pérola fica soia no mundo soletando*. Tampouco aquí podemos entender **soletar** na significación citada.

En *As Crónicas do Sochantre* aparece usado o participio deste verbo de tal xeito que nos dá a clave para comprender ben a significación desta palabra cunqueiriana: *ouvíu que lle chistaban dende a fiestra... pro tralo chistarlle viñeran novos salaios e choricas mui soletadas na fiestra*. Efectivamente, **soletar** é algo así como suspirar ou chorar facendo ruídos guturais ou nasais entrecortadamente.

Na maior parte da Terra Cha e do Norte da provincia de Lugo é de uso moi corrente o verbo **sotelar** que Cunqueiro transformou en **soletar** non sei por qué razón. Coido que entra dentro do posible que se lle cruzou esta voz con outras da mesma significación como **saloucar**, **salucar**, **salouquear** ou **solouzar** que el emprega en *Don Hamlet*: *as verbas miñas... confusas*, *pra que seipan amargues*, *tolas*, *firan*, *alcuñen*, *soloucen*, *rouguen*, *den testimoño do ben e do mal...*

Tamén é posible que influíse nesta transformación o cruzamento co verbo **salaiar** que ten igual significación e que el empregou frecuentemente: *De contra ó día o alentar do piloto foise faguendo máis calmo*, *e salaiou tres veces seguidas* (de *Sinbad*), *Tusíu il tamén*, *e deixando aquela prenda que non paraba de chistar e salaiar* (de *Crónicas*), *O pirmeiro de todo é poñerse en falar de amor*, *adeprender a salaiar* (de *A noite*).

Pero Cunqueiro non fala de **sotelos** ou **soletos**, nin de **solouzos**, senón de **salaios**: *estaba nun repente de choros e salaios...*, *Prefiría un amor con versos e salaios...*, *apoiaba con algún que outro salaio...*

951. Inquedanzas e esguerezos

A Cunqueiro, como outros escritores galegos, gústalle empregar a miúdo en lugar do adxectivo culto **inquieto** o máis tradicional e hoxe menos popular **inquedo**, segundo vemos nesta pequena mostra de exemplos: *Xente inqueda e ciumosa* (de *Tesouros*), *aquelas manciñas inquedas* (de *Herba*), *sempre inquedo no leito* (de *Escola*), *era un pequenecho inquedo* (de *Feirantes*), *inquedo alborozo* (de *Merlín*), *movedizo*, *inquedo*, *incapaz de estar cinco minutos seguidos sentado* (de *Xente*).

Tamén usa o verbo **inquedar**, que as xentes xa esqueceron porque usan **inquietar**, como vemos nesta frase de *Escola de menciñeiros*: *Si se convencen de que non están afrixoados*, *entón inquédanse*, *anímanse*. E igualmente prefire á voz **inquietude** a verba **inquedanza** que lemos en *Merlín* (*labraron soños e inquedanzas*), *Hamlet* (*os sonos*, *as arelas*, *as inquedanzas*) e *Escola* (*que coa inquedanza da pomposa nin poidera comer*) e que usaron outros escritores como Otero Pedrayo (*inquedanza do porvir*), Castelao (*días de inquedanza*) ou Celso Emilio Ferreiro (*outas inquedanzas*).

Pero Cunqueiro emprega na súa obra *As Crónicas do Sochantre* outra palabra que significa algo máis ca inquietudes: *A outros a fama failles adiantar anos de entendimento*, *ben o sei*, *pro a min*, *os esguerezos e o frío que pasaba tíñanme aparvado*. Trátase da voz **esguerezos** que non atopamos rexistrada en ningunha obra léxica e que non vimos usada por ningún outro escritor.

Coido que **esguerezo** é unha creación persoal cunqueiriana baseándose na palabra normal **enguedello** 'enredo, confusión, complicación, dificultade' ou mellor na súa variante **enguerello** que modificou cambiando o prefixo en por *es-* e a terminacióh *-ello* por *-ezo* talvez pensando en palabras semellantes.

Polo contexto ten **esguerezos** a clara significación de **dificultades** que utiliza noutras ocasións (*todas as dificultades semánticas*, de *Cociña*, *por salvar dificultades*, de *Xente*) ou de **apuros** (*pasaba grandes apuros...*, *gastar os días sin apuros*, de *Crónicas*) ou mesmo **incomenencias** (*non deixa de ter as súas incomenencias*).

En fin, Cunqueiro non só usa palabras de exclusiva tradición literaria como **inquedanzas**, senón tamén voces de creación persoal como **esguerezos**.

952. Dores e dolores

A palabra latina DOLOR evolucionou normalmente en **door** na lingua galega medieval e eses dous os quedaron posteriormente reducidos a un só o: **dor**. Esta voz de xénero feminino é a palabra normativa da lingua galega e así é usada por Cunqueiro: *Eu son mui brando pras dores* (de *Sinbad*), *aquela dor de illada... porque non podía resistir aquela dor* (de *Xente*)..., pero son moitos os escritores que a empregan en masculino: *tódolos anos con dor certo* (X.M. Pintos), *tódolos dores da guerra* (R. Cabanillas) ou alternando o xénero dentro dunha mesma obra. Rosalía fala a miúdo tanto da *miña dor* coma do *meu dor*, e o mesmo fai Curros Enríquez: *eterna dor*, pero *dor debruzado*.

Sen embargo esa forma anticuada **door** foi recuperada polos escritores que a empregan, coido eu, por un certo afán diferencialista ou innovador: *vella door da ponte...* (Otero Pedrayo), *as miñas doores* (Castelao), *un door de ventre* (V. Risco). Cunqueiro tamén a usa en *Os outros feirantes*: *Pasou unha semana na cama*, *con grandes doores...*, *pasáronIle as doores*, e en *Xente* onde a emprega co artigo masculino: *foise ofrecendo pra os doores de cabeza*.

A forma clásica latina foi introducida de novo na lingua, sen ningunha modificación, tanto a nivel literario coma eclesiástico e posteriormente chegou ó nivel da fala popular. **Dolor**, tal vez por influencia da lingua castelá, onde é do xénero masculino, aparece moitas veces nos escritores como verba masculina: *dolor ferido* (Rosalía), *dolor profundo* (Curros Enríquez), *o dolor... moito dolor* (Cabanillas).

Cunqueiro emprega este termo soamente en dous poemas do libro *Cantiga nova que se chama Riveira*: *Tiña sono de cristaes / unha noiva que eu había / ai dolor!* (varias veces), *Na morte da nena / choraron tódolos brancos*, */ ai dolor!* (varias veces).

Pero hai unha variante de **dolor** que está moi espallada por toda Galicia: **delor**, que vin empregada por Cunqueiro en *Merlín*: *A viuda finouse co delor* e en *Sinbad*: *digo eu que sería alegría e non delor*. Tamén outros autores utilizan esta variante popular: *ca delor... un delor* (Rosalía), *canto delor* (Curros) e Otero Pedrayo, Cabanillas, Castelao, Celso Emilio Ferreiro, etc.

En fin, en Cunqueiro podemos atopar tódolos descendentes da voz latina DOLOR: a antiga (**door**), a moderna (**dor**), a culta (**dolor**) e a popular (**delor**).

953. De rabexas, arrabios, arrabexos e arrabentos

A palabra que significa a doenza infecciosa de certos animais, particularmente do can, que se transmite ós homes mediante unha trabada é **rabia**, que ten a variante non popular, **raiba**. Pero **rabia** ou **raiba** pasou co tempo a ser usada coa mesma significación que coraxe, valor, carraxe, furor, ira, antipatía, xenreira ou manía como vemos nestes exemplos de *Hamlet*: *dígovos que [as verbas miñas] están pensadas*, *queimadas*, *resucitadas de cinza e sangue*, *desexo*, *raiba*, *luxuria*...; de *Feirantes*: *morreu dun ataque ao corazón*, *co disgusto e coa rabia... disparaba mesmo con rabia*; de *Sinbad*: *tomou unha rabia grande o meu amigo Omar*...

De **rabia** hai unha variante popular nalgunhas partes, **rábea**, que Cunqueiro non usa, e os derivados **rabioso**, **rabión**, **rabiar** e **rabecha** que tampouco utiliza. Sen embargo sobre o último citado fai unha transformación converténdoo en **rabexa** no libro *Feirantes*: *Vaia*, *home*, *comentaba para si o señor Daniel*, *mira o que lle durou a rabexa ao bispo de Lugo*.

Sobre **rabia** formouse nalgúns lugares o verbo **arrabiar** coa significación de padece-la **rabia**, que debeu coñecer Cunqueiro porque partindo del creou o substantivo, sinónimo de **rabia**, **arrabio**, que utilizou en *Escola de menciñeiros*: *Puxéronlle [sambesugas] no ventre sete días seguidos... salvinme do arrabio*, *decíanos*.

Pero verbo máis popular que **arrabiar** é **arrabear**, que usa o escritor mindoniense en *Crónicas* no seu sentido recto: *arrabeaban cás*, *mal parían vacas e casadas*, e que ten unha variante coñecida **arrabechar**, da cal parte Cunqueiro para crea-lo nome **arrabexo**, que equivale como vemos polo contexto no que aparece a berros de rabia.

E desta familia léxica, partindo destas voces citadas crea o verbo **arrabicar**, ó que lle podemos dala significación de rabiar ensinando os dentes. O texto onde aparecen estas dúas últimas palabras pertence a *Crónicas*: *un can lobeiro*, *que purraba por arrincar ós chegados*, *arrabicando os dentes e roncando arrabexos*.

Coido que tamén resulta evidente a procedencia desta nova creación cunqueiriana: **arrabento**, como sinónimo·(*Crónicas*).

Por último diremos que desta misma familia léxica, en vez de **enrabiarse** ou **enrabecharse**, utiliza o noso autor a variante moi popular na provincia pontevedresa, **enrabexarse**, como vemos nestas frases de *Crónicas*: *estaban algo enrabexados con Ismael Florito*; de *Sinbad*: *vai o aristócrata i enrabexouse i autocapouse dunha dentada*; de *Escola*: *enrabexábase cando lle viñan coa nova de que* se *vira o corvo*; de *Xente*: *comezou a enrabexarse*; etc.

954. Un corazón desalado

A voz **corazón** está presente, como é lóxico, na obra cunqueiriana non só no seu sentido recto de 'órgano motor', senón tamén no figurado de sede do amor, da xenerosidade, de valor e de bastantes sensacións e emocións: *un corazón xeneroso*, *un corazón sensibre*, etc.

O **corazón** pode aparecer **desfalecido**, como vemos nestes versos de *Dona do corpo delgado*: *comezando polo berro*, *que risolada xira*, / *e matando por un antigo e desfalecido corazón* e incluso pode **pararse**, como vemos nestas frases de *Xente*: *Paróuselle o corazón cando tomaba un refusco*. E o **corazón** pode **dilatarse**, segundo vemos por estes versos de *Poemas do sí e non*: *El estrenaba un corazón dilatado* / *que causaba sorpresas dorosas*.

Pero o **corazón** pode **apertarse**: *i aprétaseme o corazón pensando naquelas quentes areas*..., *doña Teodora*, *de cada en cando*, *botábame unha sorrisa delicada que me apertaba o corazón*. Tamén aparece esta expresión en Rosalía: *Acaba*, *Mariana*, / *que o corazón se me aperta*...; *o corazón apertábase de angustia*. E igualmente en Pondal: *Nesta doce soedade*, / *apértase o corazón*..., *cando tocas a oración*, / *apértase o corazón*.

Outras veces, á parte de **bater** (*bate o meu corazón* de *Hamlet*), pode **estoupar**: *estoupoulle o corazón*, de *Feirantes*, e mesmo **agallopar**: *¡Corazón*, *cheo*, *agallopante corazón! ¡Ben te escoito*, *amor*, *bater!* de *A noite vai coma un río*.

Sen embargo en *Merlín* aparece un **corazón desalado** que non é fácil de interpretar á primeira vista: *Doña Simona non acoubaba*, *e todo era arrimarse a min*, *e latía contra a miña perna seu corazón desalado*.

Desalado é un adxectivo derivado do verbo **desalar**, pero este verbo **desalar** (que o temos rexistrado no *Glosario de voces galegas de hoxe*) na significación de desalgar, tira-lo sal, non podemos neste caso aplicalo ó corazón. **Desalar** pode ser tamén outra voz de significación distinta: quita-las ás a unha ave. Neste caso poderiamos interpretar **desalado** como 'sen ás' e por tanto algo que está sen ás está fóra da situación normal. Figuradamente puido Cunqueiro entendelo así...

Lendo a traducción castelá de *Merlín* vimos que **desalado** está traducido por *sobresaltado*. Entón temos que pensar que o **desalado** que aparece en *Merlín* é o *desalado* castelán que significa 'acelerado' e que procede do verbo *desalar* (derivado do latín EXHALARE) que ten o sentido de 'correr con aceleración'.

Así pois, o noso **desalado**, que na nosa *Contribución ó léxico de Cunqueiro* explicamos como 'Sen ás, fóra do ritmo normal', sería mellor comprendido polos lectores se puxesemos «acelerado».

955. Hesitar e dubidar

Na obra *Hamlet* exprésase así o protagonista: *Debeu de erguer a copa sin hesitar*, *sin un tremor*, frase na que Cunqueiro emprega o verbo **hesitar**, cultismo existente nas linguas irmás e en xeral pouco usado polos nosos escritores. Lembro que Castelao tamén o utilizou unha vez, como Cunqueiro, en *As cruces de pedra*: *Piette non hesita en considerar como tal os siños*... E recordo estes versos de Cabanillas nos

que aparece a forma **hesitante**: *as verdecentes terras das fontes do Danubio*, *inquedado*, *hesitante*, *atravesou a canle do bravo mar do Atlante*.

Hesitar non logrou substituí-lo outro semicultismo máis tradicional, **dubidar**, que é empregado en tódolos niveis da lingua. Curiosamente vemos como Cunqueiro usa este verbo continuamente na obra citada. Hamlet di: *Somentes dubido nun personaxe*. Ofelia pregunta: *¿Dubidas dela*, *Hamlet?* Gerda pregunta tamén: *¿Dubidas do que foi asesiñado?* E Hamlet contesta: *Dubido en darlle ou non o papel ó autor da obra... Dubido de min*, *señora*, *somentes*, *e somentes como autor*. Tamén nun lugar da obra di Gerda que *dubidei en empregalo* e noutro diríxese a Hamlet e di: *Serás Rei*, *Hamlet*. *¿Dubidas? Non hai guerras nas fronteiras*.

Dubidar aparece usado bastantes veces nas obras cunqueirianas: *pra que a demoiselle de Vitré non dubidase de que era seu galán quen lle faguía...* (de *Crónicas*), *non dubida de que todo o soplado ó seu ouvido por Sorisco non seña verdá* (de *Escola*), *Non dubido de algún día atopar...* (de *Tesouros*), *estaba sentado aos pés da cama dubidando si calzar os zapatóns de goma ou os zocos* (de *Feirantes*).

Naturalmente o nome **dúbida** está igualmente a miúdo presente nas súas obras: *era cabaleiro de muito porte*, *e sin dúbida o máis tidoado* (de *Merlín*), *que se lle pasaron ó roupavella as dúbidas de facer de guía* (de *Crónicas*), *Pra saír de dúbidas...*, *cheo de dúbidas* (de *Feirantes*), *sin dúbida que era a primeira conversación entre un de Loboso e o rabilongo* (de *Xente*), etc. Pero precisamente nesta última obra escápase-lle o castelanismo **duda**: *E non había duda do golpe*.

E rematamos este comentario recordando outra vez o título da obra teatral citada: *O incerto señor don Hamlet*, *príncipe de Dinamarca*. *Peza dramática en tres xornadas*, *na que se representan as súas dúbidas e morte...*

956. Namorados e noivos

Facer unha persoa que alguén sinta amor por ela é **namorar**, voz normal e corrente nas obras de Cunqueiro: *A moza en soños cré que o tal citado a pretende e namora* (de *Escola*), *que a tiña de namorar e levala a casorio* (de *Merlín*), *Namorar eu namoreina*, *con unha cantiga leda*, *meu amigo!* (de *Cantiga·*), *Pepiño namorou a Florita e casaron* (de *Feirantes*), etc.

Naturalmente tamén aparecen de abondo as acepcións de **namorarse** como sentir amor por alguén: *¿Andaría il a namorarse dunha difunta?* (de *Crónicas*), *que istas damiselas de Truro todas se namoran de paxes...*, *Namorábase dos pasaxeiros* (de *Merlín·*), *Os que se namoran teñen disculpa* (de *Hamlet*), etc., ou como sentir unha forte atracción por unha cousa que gusta: *en cada páxina un animal pintado e con cores tan ao vivo que namoraba miralos* (de *Merlín*), *Mozos hai que se namoran dun áer* (de *Crónicas*), etc.

A voz **namorada**, á parte de funcionar como adxectivo, é o nome normal para sinalar á muller que sente a paixón amorosa: *¿Quen é isa doña Xulieta? É unha namorada célebre* (de *Crónicas*), *Desque a vistiron de muller*, *xa se puxo por súa namorada* (de *Hamlet*), *Algún día*, *Sinbad*, *hasme contar os discursos que lle fixeche á namorada do señor Zafir* (de *Sinbad*). O home que sente ese amor é, pois, o **namorado**: *ao cabaleiro portugués que tiña por leal namorado* (de *Merlín*), *Denantes de ser un namorado fun un político* (de *Palabras*). E de parella formada por home e muller que senten o amor mutuo son os **namorados**: *Os famosos namorados Romeo e Xulieta* (de *Crónicas*), *Cando chegou ao final da historia*, *coa morte de delambos namorados* (de *Feirantes*).

Sen embargo nos libros de poesía *Cantiga nova que se chama Riveira* e *Poemas do si e non*, Cunqueiro non fala de **namoradas**, senón de **noivas**: *Meu amigo foi ruar / ai amor! noite descida / A noiva tiña unha sombra... A noiva tiña un froleiro... A noiva tiña unha fenda... que noiva do meu amigo... unha noiva que eu había... cos coores da noiva... ollade a noiva noiva...* Soamente vin unha vez empregada a voz **noiva** en *Merlín*: *había que apresentarlle a noiva a El Rei*.

Nos citados libros de poesía vemos usada varias veces as voces **noivar** e **noivado**. Esta última xunto coa palabra **noivo** aparecen tamén nos libros en prosa: *Mandou pagados os pasaxes dos noivados das fillas* (de *Escola*), *decía aos paisáns que tiña un noivo músico*,.. *fixéronse noivos e casaron* (de *Feirantes*), *están os noivos agardando a que se consuma a veliña* (de *Melín*).

957. Agarimos e mamoliñas

O sentimento de afección, amizade, tenrura ou simpatía que se experimenta por alguén denomínase en galego coa voz **agarimo**, de orixe moi discutida, que é bastante popular e moi usado polos escritores. Vexamos estes exemplos de Castelao: *que sería de min*, *soia no mundo*, *sen agarimo de ninguén*, e de Cunqueiro: *ó Ismael Florito... lle tomara agarimo* (de *Crónicas*), *todos sentimos que vos morrera agarimo tan fidel* (de *Merlín*).

Pero **agarimo**, á parte de significar amparo, protección, refuxio ou abeiro, ten tamén o mesmo valor que mimo ou caricia segundo vemos nestas frases dos citados autores: *Rañolas dáballe bicos a eito e o afiador*, *ollando aqueles agarimos*, *sinteu saudades* (de Castelao), *aínda que il o fixera por amor de meu*, *algún agarimo e caricia tiña que ter mediado* (de *Crónicas* de Cunqueiro), *que Dama Caliela lle desfacía a cama ao Imperante*, *e que ao noso señor real*, *cos agarimos i as quenturas daquela frol*, *esquecíanselle Gazna...* (de *Merlín*).

Outra palabra tipicamente galega sinónima de **agarimo**, é **aloumiño**, que Cunqueiro usa bastantes veces: *eu andaba moito ás visitas das mulleres*, *véndoas espirse e coma dormían*, *i hastra ousaba algún aloumiño*, *inda que monsieur Salomón mo defendía... inda viron aquela manciña pra chuchala na palma. Iste aloumiño ensiñárallo Clarina de SaintVaas* (de *Crónicas*), *Os aloumiños han ser leviáns e fuxitivos* (de *A noite*), *cos aloumiños que facía aos familiares* (de *Xente*).

Como xa vimos nun exemplo anterior tamén están presentes nas obras cunqueirianas as **caricias**: *Ela tería algunha segreda caricia... Merquei un libro no que viñan bicos e caricias non usadas* (de *Hamlet*), *Que sinxelo o serán pra beixala no pelo con caricia animal* (de *Mar ao norde*).

No libro *Sinbad* usa Cunqueiro unha voz, que non atopamos nos léxicos galegos, para significala caricia que se lle fai a alguén debaixo do queixo: *perguntarlle que lle gostaba máis*, *si aqueles medos de que falaba ou as súas mamoliñas*. Coido que esta verba **mamoliña** é un diminutivo da voz castelá *mamola*.

958. Espírito de sen e triaca prepósita

Nun capítulo de *Merlín e familia* fálase de como Merlín cura a un amigo seu, o suízo monsiú Simplom, que se puxo enfermo en Pacios: *Traguía mi amo o bulso das menciñas*, *e preparoulle un papel de espíritu de sen i un viño purgante i encarregou á botica de Meira polo sobriño do Liaño unha triaca prepósita e píldoras de mel sedativa...*

Despois que o enfermo tomou o *espíritu de sen e quizaves tamén co agarimo das verbas amigas de mi amo*, *recobrouse un pouquiño o suizo*. ¿Que é o *espíritu de sen* que fixo Merlín? Digamos en primeiro termo que **espírito** non é soamente unha verba que significa alma racional, vigor natural, enxeño, etc., senón tamén a parte máis pura e sutil que se obtén por medio de operacións químicas dalgúns corpos sólidos ou fluídos, é dicir, ten a mesma significación cás palabras comentadas anteriormente **estraute** ou **extracto** e **esencia**.

O **sen** ou a **sena** é unha planta ou arbusto de follas lanceoladas que son empregadas para compoñer productos que actúen como purgantes. Así pois o noso *espíritu de sen* é un preparado farmacéutico que serve para obrar como estimulante do intestino groso.

No citado libro seguimos lendo: *Chegou daquela de Meira o sobriño do Liaño coa triaca prepósita i as píldoras do mel sedativa*, *e menciñou o señor Merlín ao suizo*... Os efectos deste producto foron fulminantes e dixo Merlín: *non é miragre*, *que a triaca prepósita está en tal virtú*, *que ou revira a un dunha vez contra as aparencias diste mundo*, *ou de contado sana ao doente*.

A **triaca** (tamén chamada **triaga** e **teriaga**), palabra procedente do grego a través do latín THERIACA, é unha composición farmacéutica complexísima e variable segundo épocas e lugares. Mesmo chegou a prepararse con máis de trinta ingredientes e serviu de remedio universal durante tempos pasados. Hoxe é voz pasada de moda e nalgúns lugares chaman **triaca** á froita verde e noutros a determinadas plantas medicinais.

En canto ó participio ou adxectivo **prepósita** que acompaña sempre a **triaca** queremos entender que ten a significación de preparada, disposta. Non é voz que apareza nos diccionarios galegos e podemos considerala un cultismo introducido por Cunqueiro para indicar ben preparada ou disposta ou tamén anteposta ou preferida.

959. Fúlgura

O vivo e súbito resplandor producido nas nubes polas descargas eléctricas chámase na maior parte de Galicia **lóstrego**, voz que Cunqueiro emprega tanto no seu sentido recto (*Eu nascín / entre zocas e os lóstregos na mitade da* noite, de *Poemas*, *Amo as treboadas e o lóstrego*, de *A noite*) coma figurado (*un home que ven súpeto coma un lóstrego*, de *Hamlet*, *pasou no tempo dun lóstrego*, de *Merlín*). E así mesmo no libro *Crónicas* usa a variante popular **lóstrogo**: *e veu a coitela como un lóstrogo sober do pescozo do sustituto Toulet*.

Ese resplandor ou **resprandor**, variante que el usa ás veces (*cos anos iba perdendo os resprandores do mundo*, de *Sinbad*), ou **relume**, como di en *Feirantes* (*O sol dáballe neles e brillaban*, *en as perdices*, *vendo de lonxe aquel relume*, *íbanse*) que producen os lóstregos poderiamos chamalo **fulguración**, voz que Cunqueiro substitúe por **fúlgura**, palabra que non está rexistrada nos diccionarios e que non vin usada por ningún outro escritor, agás Darío Xoán Cabana: *Virou séñer Galván tirando a espada*, *que fortemente lucía ó sol e enchía o campo de fúlguras*.

Cunqueiro emprega a verba **fúlgura** en *As Crónicas do Sochantre*: *Dinlle un couce á linterna*, *e funme ós dous coma unha fúlgura*, en *Xente*: *decían que o redondo e dourado sería a luz da fúlgura*, en *Herba*: *chegou segredo coa fúlgura convertido en moedas de ouro* e en *Feirantes*: *nas súas camiñatas de cazador atopara algún raposo ou un porco bravo mortos da fúlgura*.

En realidade podemos considerar que en todos estes exemplos **fúlgura** ou **fulguración** funciona como sinónimo de **lóstrego** ou aínda máis claramente de **raio**, voz que emprega frecuentemente: *non hai noticia de que caíse un raio en casa*, de *Escola*, *o lobo sabe que o raio*, *no monte*, *busca un arbre*, de *Feirantes*, *os tesouros*, *cando están enterrados*, *atrán o raio*, de *Tesouros*, *Braulio salvárase miragrosamente dun raio*, de *Xente*.

E a este uso da voz **raio** temos que engadir tamén o emprego de **chispa**: *hai gardada unha peza dun tesouro*, *que nunca caerá nela unha chispa* (de *Tesouros*), *unha chispa caíu no castiñeiro e gallouno en tres*, de *Xente*, *nubes mouras que nun repente comezaron a ceibar unha festa de chispas*...

960. Os baixíos salseaban

Quen lea *Si o vello Sinbad volvese ás illas* atoparase con bastante léxico referente ó mar e, ás veces, con algunha palabra de creación persoal cunqueiriana. Vexamos este fragmento no que aparece o verbo **salsear** que non está rexistrado en ningún diccionario: *E nistas conversas chegaron ó peirao... i o pirmeiro que o noso piloto lles dixo foi que no tocante ó canle*, *que mudara dezasete varas a leste no abantío do golfo*, *e que non as medira*, *pero que lle abondaba con ter mirado pra onde salseaban os baixíos de area*.

Na *Contribución ó léxico de Cunqueiro* definimos esta voz creada polo escritor mindoniense como 'facer algo semellante a unha salsa', pero o noso amigo Baltar dime que nos baixíos non se fan prebes. Desde logo, creo que non se fan prebes, pero si **salsas**.

Os bancos de area ou os rochedos que están a pouca profundidade baixo as augas do mar son moi perigosos para a navegación e reciben o nome de **baixos**, que na citada obra emprega Cunqueiro unha vez: *i acaróanse as naos que veñen*, *pro alí están uns baixos que chaman das Arañas*, *i entón pérdense i os remuíños papan a xente*.

Pero a voz máis corrente para este accidente marítimo é a de **baixío**, que vimos xa no fragmento citado en primeiro termo e que aparece outra vez nesta mesma obra: *o cabo de leste*, *que é unha ponta afaralloada a dreita i esquerda que se adrenta no mar*, *i ó pé hai alternos baixíos i oquedá*, *i o mar brúa e peta alí*, *etgue salsa i en devalo ronda e fai correntes que turran entrelas en escumas branquísimas*.

Coido que este longo texto amósanos moi claramente como Cunqueiro entende que ese movemento das ondas converténdose en espumas equivale a **salsa**, voz que en algún lugar das nosas costas se aplica á auga do mar.

Esa **salsa** ou escumas producidas polas ondas nos **baixíos** ou rochedos costeiros é chamada en moitas partes de Galicia **salseiro** (palabra evidentemente derivada de **salsa**) que toma ademais a significación de golpe de mar e de salpicadura que causan as ondas. Non vin esta voz usada por Cunqueiro, pero si por outros escritores como Iglesia Alvariño (*Penso no amigo que se foi soliño / e no salseiro que o barreu do barco*), Ramón Cabanillas (*Sir Gawaine*, *vinte anos / sobre un rochedo da praia*, / *batido polos salseiros*) ou Castelao (*os salseiros barren a cuberta do barco*).

961. As figueiras ramonas

Bastantes veces están presentes nas obras de Cunqueiro as **figueiras**, pero en varias ocasións refírese ás figueiras **ramonas**. ¿Que clase de **figueiras** son esas? Mirei toda clase de monografías léxicas galegas e vin que había figueiras bravas, chumbas, infernais, loucas, tolas, da india, da malva, do demo e do

inferno, pero non ramonas. Consultei diccionarios portugueses e á parte de nomes comúns co galego, atopei *figueiras benjamim*, *bispos*, *grandes*, *malditas*, *da barbarie*, *da europa*, *da ponte*, *de adão*, *de bengala*, *de goa*, *de toque*, *do diabo*, *do mato*, etc., pero non **ramonas**.

Nos diccionarios casteláns vin que existía a voz *ramón* no senso de 'ramaxe que resulta da poda de certas árbores', e tamén o verbo *ramonear* na significación de 'corta-las puntas das ramas das árbores'. Pensei entón que Cunqueiro chamou **ramonas** ás figueiras recén podadas e de aí que no libriño *Contribución ó léxico de Cunqueiro* puxen a **ramona** a significación de podada.

Sen embargo, o amigo Baltar fíxome notar que non era fácil que as **figueiras** podadas desen sombra. Efectivamente, estiven lendo outra vez os exemplos onde figuran este tipo de figueiras e non parece moi adecuada a interpretación que lle dei a esta voz: *Sempre me lembrarei... da figueira ramona*, *tan viciosa*, *ao pé da casa...*, *estaba eu á sombra da figueira ramona...*, *sentados ao acollo da figueira ramona*, *o señor Merlín na súa mecedora*, *o algaribo no chan...*, de *Merlín*, *i ó pé de cada casa dúas ou tres figueiras ramonas*, *de tanto esparramo*, de *Crónicas*.

Na provincia luguesa hai sitios onde se fala de *peras e mazás ramonas*. O mesmo Cunqueiro, no libro *Cociña*, fai unha relación de mazás e cita entre elas as **ramonas**: *Hai outra caste de mazáns menos sonadas*, *dende as que veñen*, *rosiñas*, *despois de San Xohán*, *deica as tabardiñas*, *as roibas*, *as de Villaviciosa*, *as calvillas*, *as pel de vaca*, *as ramonas*, *as tenreiras...*

Dado que as mazás e as peras **ramonas** deben ser aquelas que se dan pola época de San Ramón (fins de agosto) propoño entender como figueiras **ramonas** aquelas que dan froito por esa época. En apoio desta teoría vén outro tipo de figueiras que Cunqueiro cita en *Feirantes*: *sentábase ao pé da figueira migueliña a ollar os verdes prados*. As figueiras **migueliñas** son as que dan os figos **migueliños**, é dicir, por San Miguel.

En fin, espero acertar esta vez en interpreta-las figueiras ramonas como figueiras que dan figos por San Ramón.

962. Raiolar e resolear

O raio ou conxunto de raios do sol que aparecen en certos momentos entre as nubes cando o ceo está cuberto é o que se chama normalmente **raiola**, voz que tamén se aplica ó intervalo breve de sol nun día nuboso. Cunqueiro emprega esta palabra case como simple raio de sol, segundo podemos comprobar por estas frases: *Esas volvoretas que abanan a raiola do sol* (de *Dona de corpo delgado*), *Entraba unha raiola dourada que se espellaba nas fivelas de prata dos zapatos* (de *Merlín*), *cando o roza a raiola do sol* (de *Hamlet*), *na raiola pirmeira do sol* (de *Tesouros*).

Así pois non resulta estraño que chame tamén **raiolas** ós raios da luz lunar: *e pra que baixase a lúa concentrada tomábase a raiola do luar coaquela cana* (de *Sinbad*).

E de **raiola**, no seu sentido de **raio** que aparece no ceo nuboso, sae o verbo **raiolar** que Cunqueiro emprega en *Crónicas* como luci-lo sol cando hai escuridade: *frías néboas do río Blavet*, *que non deixaban raiolar o sol no mundo*.

Do tempo ou do día no que aparecen as **raiolas** dise que é raioleiro ou **raiolán**, pero Cunqueiro usa esta última voz para aplicala ó sol que lanza raiolas segundo vemos nestes textos de *Merlín*: *por veces*

brinca o solciño raiolán, e de *Crónicas*: *partira en dous a mazá do ceo*, *unha metade de cinza i outra de sol raiolán e xaneiriño*.

Da voz **sol** sae o verbo **solear** que ten a significación de dar ou bate-lo sol: *Entón as nubes*, *crendo que viña o sol irritado*, *fuxían ao mar*, *e soleaba en Erin* (de *Xente*), *Paraugas do Bispo de París que en abrindo na mañán da Asunción de Nosa Señora*, *anque chova*, *solea o mundo* (de *Merlín*).

Naturalmente o adxectivo **soleado** está bastante presente nas súas obras: *unha mañán soleada* (de *Merlín*), *campos soleados* (de *Crónicas*), *augamariñas soleadas... unha fraga soleada... unha mañanciña soleada... soleados areás* (de *Sinbad*), *un día fermoso e soleado* (de *Feirantes*).

E de **solear** é creado o verbo **resolear**, que non está rexistrado en ningunha obra léxica e que por tanto nos parece unha creación cunqueiriana para significar facer que as cousas tomen a cor que dá o día ou como dicimos no libro *Léxico de Cunqueiro* 'toma-la cor rosada da aurora': *E xa* se *iba o día resoleando horizontes por mar e terra* (de *Sinbad*).

963. Estraute campeche

No capítulo titulado "A sirea grega" do libro *Merlín e familia* conta o narrador cómo se preparaba unha tina grande con auga e perfumes para bañar nela á sirea Teodora que quería tingui-la súa cola de *loito dobrado*. Chegado o preciso momento de efectuar esta operación Merlín verteu na auga *pó de ouro solfatado e catro misturas con casca de nogueira*, *estraute campeche e cremor tártaro*...

Nese texto entendemos ben o que é *pó de ouro solfatado* e *casca de nogueira*, pero ¿que é *estraute campeche*? Coido que resulta evidente que **estraute** é unha deformación vulgarizada do cultismo **extracto**. Cunqueiro converte ás veces o grupo consonántico *ct* en *ut* como xa vimos no caso comentado de **nouturno** e cambia frecuentemente a vocal final *-o* en *-e*: **esquelete** por **esqueleto**, **contente** por **contento**, **talente** por **talento**, etc.

Un **estraute** é pois un **extracto**, é dicir, unha substancia obtida xeralmente por evaporación de zumes ou infusións de materias vexetais ou animais. Neste caso concreto esta voz **estraute** podería ser substituída pola palabra **esencia** que o escritor mindoniense usa frecuentemente: *gardan unha esencia que filtrada con crista de galo*, *aos que dela beban faralles medrar...*, *viaxaba os andares vendendo caramitas*, *esencias e libros de historia*...

O *estraute campeche* será pois un extracto de **campeche**, isto é, de *pao de Campeche*, madeira dura, de olor agradable, usada para facer tintes, que procede dunha árbore americana (o nome está tomado da cidade mexicana de Campeche) da familia das papilionáceas.

En canto á outra mestura que se verte na auga, o *cremor tártaro*, temos que dicir que é un producto químico, o tartrato ou acido tartárico de potasa, que, ademais de ser usado como purgante en medicina, se emprega na composición de productos para tinguir.

Esta voz **cremor**, procedente do latín CREMOR 'zume', é un cultismo que debería, ó igual ca en castelán, levar acento na primeira sílaba, *crémor*, que nos diccionarios galegos onde aparece esta palabra está sen el. Algúns etimoloxistas ven nesta voz un derivado do verbo *cremare* 'queimar' porque consideran que o **cremor** é obtido por cocción dos productos con que se fai.

964. Un cheiro a solfo

A voz **xofre** é bastante popular (xunto coa variante **alxofre**) para designar esa substancia química de cor amarela que ten un cheiro acedo e que se emprega frecuentemente en forma de pó para botala sobre as plantas e combater certas pragas.

No relato "A novela de mosiú Tabarie" da obra *Merlín* fálase da conquista amorosa de dona Florinda polo demo Cobillón que, como tódolos demos, cheiraba a **xofre**: *Buscouse entón en toda a Satanía un demo que non dese siñás de xofre e tivese albafor humán*, *e non había outro preparado senón Cobillón*. Este, despois de consegui-lo amor da dama, manifestouse como demo do seguinte modo: *entre bico e bico*, *díxolle a doña Florinda que atendese a un novo perfume*, *e botoulle mesmo no nariz aquel tan sotil unha bafarada de xofre*...

Nese mesmo relato xa se fixera referencia a este cheiro a **xofre** dos demos: *tivo mi amo que viaxar a Gaula a quitarlle o aroma a xofre a un condado daquel reino*..., *con xofre que tiñan aqués farrapos podíase xofrar medio Ribeiro*...

Na última frase vémo-lo uso do verbo **xofrar** (que ten a variante **axofrar**), derivado desta voz, para significar 'botar xofre ás plantas'. De tódolos xeitos temos que dicir que actualmente os labregos **xofran** ou **alxofran** as plantas non só con **xofre**, senón con outros productos químicos semellantes.

A esta familia léxica pertence o cultismo **sulfato**, corpo resultante da combinación do ácido sulfúrico cun radical mineral ou orgánico, e o seu derivado **sulfatar**, que son pronunciados **solfato** e **solfatar** por moitos galegos. Esta última voz é empregada polo escritor mindoniense na citada obra no sentido de impregnar unha cousa cun sulfato: *Don Merlín botou un responso a iauga*, *do que non entendín nin verba*, *i a seguido verqueu po de ouro solfatado*.

Pero nunha narración da mesma obra cóntasenos como unha bañeira estaba posuída polo demo: *xa se quebrara a bañeira en mil anacos*, *e saíra dela un grande cheiro a solfo*, *i o exorcista de Palermo co puño curvo do seu paraugas tivo tempo de coller polo pescozo ao demo que fuxía*.

Resulta evidente que ese cheiro a **solfo** é o mesmo có cheiro a **xofre**. ¿De onde quitou Cunqueiro esa voz que non aparece recollida nas obras léxicas galegas, nin portuguesas nin castelás? Coido que tanto podemos pensar que **solfo** sería para Cunqueiro a palabra orixinaria de **solfatar** ou que é simplemente a voz italiana *solfo* que usa neste relato a mantenta porque está falando dun feito ocorrido precisamente no reino de Nápoles.

965. Estrondo e estronicio

Os sons que non se identifican coa voz dos homes ou dos animais ou coa música, que son confusos e un tanto fortes, chamámolos **ruídos**. Claro que ás veces os **ruídos** poden ser moi fortes como vemos neste exemplo que tomamos de *Os outros feirantes* de Cunqueiro: *estaba quedando algo xordo*, *e el*, *entre si*, *botáballe a culpa ao ruído dos cañonazos das batallas imaxinarias nas que andaba*.

Pero cando en xeral os sons producen un ruído moi forte empregámo-la voz **estrondo**, que atopamos en *Poemas*: *houbo un estrondo valdeiro que soou a malencolía dos astros*, e en *Crónicas*: *brincaba do leito faguendo grande estrondo*..., *o bombardino que xa era un cañón que medraba e medraba*, *i estoupaba con estrondo*..., *Unha grande boca de fogo abriuse na estrada i o estrondo que seguíu foi enorme*.

Variante de **estrondo** é a verba **estronicio**, que rexistran poucos diccionarios galegos e que é popular nalgunhas bisbarras galegas. Cunqueiro emprégaa en *Sinbad*: *e nisto caíu noite pecha*, *lostregou*, *tronou*, *voaron pedras acesas*, *i en brinquei da solaina embaixo co derradeiro estronicio*.

Como palabra sinónima destas voces para indicar ruído forte e seco emprega o noso escritor nunha ocasión a voz de orixe castelá, que tamén pasou ó portugués, **estampido**. Aparece no libro *Feirantes*: *O señor Bastián prendeu lume na mecha das bombas de palenque*, *unha tras outra*. *Foron catro enormes estampidos seguidos que deberon escoitarse no Ferrol*.

Curiosamente non atopamos nas súas obras a voz tan corrente de **estoupido** nin no sentido de ruído, como sinónimo de **estampido** ou **estrondo**, nin no de acción de **estoupar**, a pesar de que este verbo é moi usado xa que hai moitas cousas que estoupan. No libro *Cociña estoupa unha maza*, a tarta compostelá *ten unha coda que case estoupa*, o pan aparece *estoupando de ben acodado*. En *Crónicas* vemos que os cabalos *estoupaban poceiras*. En *Merlín* o mestre Flute estoupaba *coa risa*. En *Sinbad unhas vexigas de áer estoupan*, e mesmo o personaxe principal di *que lle estoupara de verdade a cachola*. *Estoupáralle pola parte máis fraca*...

966. Brancuxento, abrancuxado e linar

Para Cunqueiro a palabra normal para indica-la cor que resulta da combinación de tódalas cores do espectro solar ou, como din algúns diccionarios, a cor propia da neve ou do leite é **branco**, voz que loxicamente aparece dabondo nas súas obras.

Se observamos atentamente unha das súas obras, *Merlín*, verémo-lo amplo uso que fai desa palabra. No corpo humano atopamos que poden ter esa cor a barba (*a branca barba de mi amo*), a pel (*nunca vin pel tan branca como a súa*), a gorxa (*aquela gorxa branca*), as «manteigas» de dona Florinda (*cuias miras de casamento lle derretían as mantei*gas, *que de verdade eran lúcidas*, *brancas*), os peitos (*os ollos meus iban por imán a aqueles peitos brancos*). Entre a roupa son **brancas** as bragas (*coa gracia de ter as bragas brancas*), as luvas, o veo (*por un veu branco e mui mesto*, *tamén de negro vestida*, *agás as luvas brancas*), as medias (*facía as medias brancas prós señores*), os mantos (*os brancos mantos de sangue manchados*), o pano (*un pano branco para que me sonase*). E **branco** aparece aplicado a moitas máis cousas: *seda branca*, *rosa branca*, *cola branca*, *fío branco*, *paraugas branco*, *quitasol branco*, *galo branco*, *brancas torres*, etc.

Poñer algo de cor branca é **branquear** ou **branquexar**, pero o noso escritor prefire usar **brancuxar** (*as ondas que brancuxan na fronte denantes de rachar*, de *Sinbad*), do que saca o adxectivo **brancuxento** (*corre por entre mestas uceiras e grandes lamas de auga brancuxenta*, de *Crónicas*). E tamén as variantes desas voces **abrancuxar** e **abrancuxado**: *Coa capadela e máis a ceba abrancúxanlles as crestas*, de *Cociña*; *Illa Novena... pasámola polo sur*, *i é mui fermosa*, *abrancuxada*, de *Sinbad*, *abrancuxados fíos que zugan no terrón*, de *Herba*.

Na obra *Sinbad* lin esta frase na que se fala do que fai un cociñeiro coa barba cando cociña: *métoa niste saquete que levo sempre no peto do chaleque i é liño linar pérsico*, onde aparece este adxectivo **linar** que non está rexistrada nas nosas obras léxicas e que Cunqueiro traduce ó castelán como *albar*. ¿De onde tomou o noso escritor esta voz? Penso que; se consideramos que as cousas de liño poden ser blanco-amarelentas e que el considera que o saquete é *liño linar*, debemos admitir que el tomou **linar** como sinónimo de **branco** ou **albar**.

967. Albeirón, albiño e aberizo

A palabra latina para designa-la cor branca, ALBUS, foi popular nas linguas romances ata a entrada do xermanismo branco. Pouco a pouco foi facéndose culta agás nos seus derivados. Curiosamente teño que dicir que soamente a vin empregada unha vez por Cunqueiro: *Os capós... o día da feira de Villalba estarán mareliños*, *tesos pola xeada*, *en albos manteles* (de *Xente*). Naturalmente a forma substantiva **alba** para indica-la primeira luz do día aparece ducias de veces nas obras cunqueirianas.

Pero os derivados de **albo** son bastante populares e Cunqueiro fai uso dalgúns: **albar** atopámolo en *Dona* (*O liño albare non o espadarei*), *Sinbad* (*a miña chilaba de liño albar*) e *Escola* (*Pra botar dos galiñeiros os demos oveiros abonda con espiñalo albar*); **albariño**, aplicado a certas variedades de uvas e de viño, aparece bastantes veces no libro *Cociña*; **albeiro**, que popularmente se aplica case exclusivamente á fariña de trigo e ós muíños que moen trigo, é usado por Cunqueiro en *Cantiga* para cualificar uns ollos: *Rompeu os ollos albeiros / coma o son da miña amiga*; e o derivado **albeirón**, que loxicamente eu interpreto como «que é moi albeiro», pero que o autor traduce ó castelán, por non sei qué razón, como *bostezador*: *Requeriron istes pra volvela viuda do acordo a un demo albeirón i aragonés... A viuda contoulle a Cobillón o caso do demo albeirón*.

Derivado culto de **albo** é **albino** para designar ás persoas que teñen a cor máis branca do normal: *Era albino*. *Por aquí créese que os albinos ven*, *millor que naide*, *na noite*, *os cartos perdidos nos camiños*. *Os albinos non poden botar o mal de ollo* (de *Escola*), *O que atopou o torques de Burela é albino*, *i é sabido que os albinos ven o ouro na noite* (de *Tesouros*), etc. Sen embargo nunha frase de *Escola* transforma **albino** en **albiño**: *Era alto*, *louro*, *cáseque albiño*...

En *Escola* atopamos outro adxectivo, **alberizo**, que nos parece unha variante (¿ou quizais un erro?) de **albeirizo**, é dicir, unha forma derivada do citado **albeiro**. Véxase o contexto no que aparece: *Hai berrugas de dúas crases*: *mouras i aberizas ou follacas*.

968. Mouro e fusco

Se diciamos que **branco** era a combinación de tódalas cores do espectro solar, teremos que dicir agora que **negro** é a ausencia de toda cor. Naturalmente o adxectivo **negro** aparece abundantemente citado nas obras de Cunqueiro para aplicalo a ollos, zapatos, zamarra, visera, levita, peleriña, manto, pana, pano, medias, crespón, papel, galiña, cabalo, etc.

A palabra **mouro** foi aplicada en principio ós habitantes da África septentrional e mesmo ós mahometanos e nestes sentidos é bastante usada na nosa lingua, pero talvez pola cor das xentes dos países nórdicos africanos esta voz **mouro** pasou en galego (e non nas linguas irmás) a significar escuro primeiramente e logo converteuse en sinónimo de **negro**. Nas obras de Cunqueiro ademais da súa significación primaria, aparece **mouro** moito máis ca **negro**. Os ollos son case sempre **mouros** e non **negros**. **Mouros** son bigotes, mostachos e **mouras** son as barbas, olleiras, perfebas, verrugas, as rocas, as penas, etc. E **moura** pode se-la cabeleira, a man, a blusa, a galiña, a vaca, etc. e **mouro** pode se-lo pelo, o manto, o pano, o can, o cabalo, etc. En fin, **mouro** é tanto coma **negro**.

Cunqueiro emprega voces derivadas desta verba para cualificar cousas que tiran á cor moura: **mourelo** (*dunha galiña vella*, *unha carne mourela i engrasada*, de *Cociña*), **mourento** (*Era un ovo longo*, *coa casca mourenta e manchada*, de *Escola*, e **mourisco** que tamén significa 'relativo ós mouros conversos' (*drento dunha tenda mourisca de lenzo cru... azulexos mouriscos*, de *Sinbad*, *o seu cruzado de percherón e mourisco*, de *Feirantes*, *Na fraga hai ratas mouriscas*, de *A noite*).

Pero ás veces, para indicar esa cor que tira a **mouro** atopamos, como é lóxico, nas obras de Cunqueiro a voz **escuro**: *escuros montes*, *selva escura*, *escura noite*, *salsa escura*, *augas escuras*, *escuras zonas*, etc.

E tamén aparece nas obras cunqueirianas como sinónimos de **escuro** o adxectivo **fusco** (*ven a noite a pasos fuscos*, de *A noite*, *hai cepas de caíño / de caliginus*, *é decir*, *escuro*, *fusco*, de *Cociña*) e o seu derivado **fusquenllo** (*sempre venta na carballeira das Mouras*, *tan fusquenlla*, de *Merlín*, *uns enanos que tiña por criados*, *e que viñeran fusquenllos polos camiños*, de *Tesouros*, que aparece en *Crónicas* como **fusquenlle**: *o xardín de Mortagne é fusquenlle*.

969. Verdeal, azuado e azulón

Ducias e ducias de veces empregou Cunqueiro a palabra **verde** para cualificar aquelas cousas que teñen a cor semellante á das follas das árbores ou á da herba. Non lembro usos especiais desta voz empregados ironicamente ou festivamente nas súas obras. **Verdes** son toda clase de cousas: panos, casacas, levitas, tabardos, camisas, corbatas, olivos, varas, prados, veigas, lagoas, augas, bandeiras, cabelos, ollos, etc.

Para referirse a cousas que teñen unha cor tirante a **verde** emprega soamente un par de veces a voz **verdeal**: *Os mares arábigos teñen forma de figo verdeal*, *i o rabo do figo seméllao o Golfo* (de *Sinbad*), *busco unha pavía*, *unha pera urraca*, *unha mazán camoesa*, *unha claudia verdeal dun arbre xa velliño* (de *Cociña*), e soamente unha vez **verdoso**: *Ao cocer estes* (*os grelos*) *convén remexelos despacio*, *cunha espumadeira ancha*, *e así oreados van máis verdosos* (de *Cociña*).

Aínda que non tan frecuentemente como **verde** atopamos nas obras de Cunqueiro o adxectivo **azul** aplicado a miúdo ás cousas que teñen a cor semellante á do ceo sen nubes polo día. **Azul** pode selo ceo, a mar, unha nube, un papel, un vestido, un tabardo, un chaleque, unha chaqueta, unha capa, unha capota, etc. e **azúes** (como el escribe o plural desta verba) son moitas veces os ollos, os luares, as veíñas, as chamas, as luceciñas, as froliñas, os liñares, etc.

E para indicar que algo ten unha cor tirante a **azul** utiliza unha vez o adxectivo **azuleado**, en lugar da palabra máis usual, **azulado** (*A verba lume sempre a escribo en bermello*, *anque todo o máis da carta vaia en mouro*, *e póñolle mui vagante derriba un esprito afumado*, *azuleado*, de *Sinbad*) e outra vez **azuado** (*chaman... tamén navallas a unha ameixa pequena e azuada*, *cuio nome científico non sei*, de *Cociña*), voz que temos que interpretar como **azulado**, que o noso escritor modificou facéndólle perde-lo ele intervocálico para «enxebrizalo».

Na obra *Hamlet* lémo-la seguintes frases: *El Rei*, *ten prometido esposo*, *está cazando patos azulós*... *El Rei*, *seu afianzado*, *está cazando patos azulós*, onde atopámo-lo adxectivo **azulón**, aumentativo de **azul**, que poderiamos interpretar como de azul moi intenso, pero este **azulón** aplícase soamente a certa clase de patos grandes. De aí que moitas veces **azulón** se emprega como nome (sen menciona-la palabra **pato**) para referirse a certa variedade destes animais.

970. Prusiano, celeste, morado e violeta

No libro *Cociña* cóntanos Cunqueiro como *o lubrigante*, *en troques*, *percisa outro condimento*. *Entra azul prusiano na pota a cocer*, *e sae bermello*. Esta cor azul **prusiano** é un azul subido, é dicir, o

mesmo que o chamado *azul de Prusia*, expresión que emprega en *Feirantes* cando a provedora de luares facía o seu labor: *dixo as verbas segredas por tres veces*, *e cando retiraba o dedo*, *ficaba no lugar perdido un lugar azul prusia*.

O adxectivo **celeste** aplícase á palabra **azul** para indica-lo contrario do *azul prusiano*, isto é, un azul claro ou azul do ceo dun día sen nubes e sen néboas. Nalgúns lugares das súas obras fala o noso escritor do *azul celeste*, pero noutros cita simplemente **celeste**, como neste exemplo de *Feirantes* no que describe unhas tanguistas *soio vestidas dunha braguiña e un pano branco e celeste tapándolles as tetas*. En *Xente* aplica este adxectivo ós ollos: *Os Areeiro son xente xermánica*, *loura*, *os ollos celestes*, *altos*... *Tiña os ollos celestes dos mirandeses máis naturais*.

Agora ben, a cor que está entre o azul e o carmín ou vermello brillante é **morado**, voz da mesma familia léxica cás amoras. O **morado** está presente como nome en varias obras de Cunqueiro: *Mi amo*... *tamén se vestira de morado*... *E todos vestían de morado* (de *Merlín*), *calzaba as medias de la de Vitré*, *ben tinguidas de morado con pau de Sicilia*... *o morado das súas medias* (de *Crónicas*).

Morado funciona tamén adxectivalmente como vemos nestes exemplos: *tiña posto un sobretodo morado* (de *Crónicas*), *cada dente de allo ten un rebordiño morado* (de *Cociña*), *viste casaca morada*... *a casaca morada venlle ancha* (de *Escola*), *unha capa de capirote morada* (de *Merlín*), *saíu vestido cunha capa morada* (de *Sinbad*).

E por último digamos que Cunqueiro emprega bastantes veces a voz **violeta** na significación cor, tanto funcionando coma adxectivo (*poñía a luz violeta dos seus ollos*... *o mirar violeta de Edith*, de *Herba*, *co ollo violeta*... *aquel violeta era un ollo raro*, de *Feirantes*, ou como substantivo, pero neste caso tanto podemos interpretar violeta no sentido de cor ou no sentido de planta ou flor: *o morado das súas medias tinguidas con pau de Sicilia*, *gostáballe tanto pola finura do color coma polo cheiro a violeta* (de *Crónicas*), *a Padín o que lle gostaba era un ollo da coor da violeta*... *fermosos ollos da cor da violeta* (de *Feirantes*), etc.

971. Cousas marelas e louras

Dicimos que é **amarelo** aquilo que ten esa cor semellante á que teñen o ouro ou os limóns maduros. O adxectivo **amarelo** aparece nas obras cunqueirianas para cualifica-la pel, a seda, o ar, un metal, unha pelerina, e poucas veces máis...

Cunqueiro prefire usa-la variante máis popular **marelo**, que vemos en *Merlín* aplicada á escuma espera, ás dalmáticas, ós paraugas, a un quitasol ou a un babeiro; en *Crónicas* a unha man osenta, ás bolas, ó veludo, a peinadores ou a esqueletos; en *Sinbad* á area, a unha braseiriña, á luz, ás cascas de laranxa, a un mendo, a un retalliño ou ó barro; en *Xente* a unha capa, ós capós, ós panos, un palleiro, a uns bombachos, etc.

Tamén rexistramos nas súas obras bastantes veces o emprego do sinónimo desta voz, **dourado**. O pelo ou os cabelos son moitas veces **dourados**: *o pelo dourado das mozas* (de *Escola*), *pasou ámbalas mans polo dourado e longo pelo* (de *Merlín*), *atopa un cabelo longo e dourado*... *do seu cabelo dourado*... *Desenvolveu Sinbad o cabelo dourado*... (de *Sinbad*). Igualmente son ás veces **dourados** os ollos, paxaros, follas, moediñas, o lóstrego, o viño, un limón, etc.

Pero os cabelos que teñen esa cor **dourada** tirando a castaño claro son para Cunqueiro **louros** ou **loiros**. En *Merlín* dinos de dona Ginebra que *tiña un pelo loiro mui fermoso e longo*. En *A noite* dona Inés trae *o loiro cabelo solto*, e noutros moitos lugares fala de *loiros cabelos*, *louro cabelo*, *pelo louro*, etc.

Louros ou **loiros** poden ser tamén persoas ou outras cousas: *As fillas eran altas*, *loiras*... *Era alto*, *loiro* (de *Escola*), *a loira danzarina* (de *Dona*), *A xente de acolá é loira*, *alta*... *Os Areeiro son xente xermánica*, *loura* (de *Xente*) *os príncipes loiros que hai acolá* (de *Palabras*), etc.

972. Cousas vermellas

Para expresa-la primeira cor do espectro solar ou a cor do sangue temos en galego como palabra corrente a voz **vermello**, que vemos usada por Cunqueiro na súa obra *Merlín* para cualificar unha capa: *os lanceiros de capa bermella*... *E lord Sweet botouse derriba a capa bermella*. Noutro lugar desta mesma obra refírese a unhas *capiñas curtas coloradas como os chapeus*, frase na que emprega o adxectivo **colorado**, do que falaremos despois.

Este nome de cor que escribe con *b*, como o fan a maioría dos escritores anteriores, soamente o emprega con profusión na súa obra *Sinbad*: *area bermella da terrada*..., *unha torre bermella*..., *botou pola cara a peleriña bermella*..., *letra bermella*..., *bermellas volvoretas*..., *escrito en bermello*..., *por sobor dos lombos bermellos da terra*, etc. En *Xente* aplícao a *media cara* e en *A noite* a un caravel.

A razón pola que na citada obra *Merlín* aparece tan poucas veces a palabra **vermello** está en que emprega como sinónimo desta voz a verba **roxo**. En vez de caracteriza-la cruz, a tinta, o licor, os beizos, etc. con **vermello** faino con **roxo**. Vexamos estes exemplos: *os arqueiros que levan a roxa cruz no peito*..., *pintou con tinta roxa catro cruces*..., *o roxo e perfumado licor*..., *na súa tenda de lenzo roxo*..., *saía mui roxo o sol*..., *un caravel roxo*..., *atada con cordón roxo*..., *aqués roxos beizos*..., ou estoutro no que fala dun anano que *se puxo roxo*.

Nas demais obras cunqueirianas atopámo-lo mesmo uso de **roxo** por **vermello**: *casaca militar roxa* (*Crónicas*), *nube roxa* (*Crónicas*, *Xente*), *tinta roxa* (*Crónicas*, *Feirantes*), *ollo roxo* (*Crónicas*, *Sinbad*), *lingua roxa* (*Xente*, *Feirantes*), *crista roxa* (*Escola*, *Feirantes*), etc.

Este emprego de **roxo** como sinónimo de **vermello** aparece en moitos escritores: Rosalía (*a iauga se torna roxa*), Cabanillas (*roxo sol*, *sangre roxo*), Otero Pedrayo (*froles roxas*, *beizos roxos*), Castelao (*formiguiñas negras e roxas*), Celso Emilio Ferreiro (*beizos roxos*, *farol roxo da máquina*), etc.

O uso de **roxo** por **vermello**, **encarnado**, **rubio** ou **colorado**, é evidentemente un castelanismo literario, que por sorte non se espallou aínda entre os falantes tradicionais da lingua galega.

973. Cousas roxas e roibas

Cunqueiro emprega na súa obra *Merlín* a palabra **roxo** na súa significación correcta: *o roxo pelo de Manoeliña*..., *co seu pelo roxo*..., *era un rapacete regordo e cachazudo*, *de roxo pelo*, *bigote mesto e roxo mui engomado*..., *polos grandes bigotes roxos que tiña*... *do criado dos bigotes roxos*..., *nos bigotes roxos*..., *a condesiña de Belvís*, *aquela máis roxa do pelo*.

Tamén nalgunhas das súas obras usa **roxo** en casos semellantes: *un sobriño*... *era roxo do pelo* (*Crónicas*), *¿Seica é roxiña do pelo?* (*Sinbad*), *roxiño de pelo* (*Escola*), *Si pasa un roxiño do pelo que gasta brusa moura* (*A noite*), etcétera.

Roxo ten en galego a significación (e así consta en tódolos diccionarios) de cor entre amarelo e vermello ou rubio. Xa comentamos algunha outra vez como calquera falante do campo sabe moi ben distinguir unha *vaca roxa* dunha *vaca marela* ou dunha *vaca rubia*, porque para el a *vaca rubia* está máis cerca da cor encarnada ca da *cor roxa*.

Os exemplos que puxemos no noso comentario anterior foron traducidos ó castelán por Cunqueiro tendo en conta a equivalencia **roxo** igual a *rojo*. Os exemplos citados arriba foron traducidos **roxo** igual a *rubio*.

Coido que unha das razóns que levou ós escritores ó pouco uso desta voz **roxo** como equivalente ó castelán *rubio* foi o emprego da voz, xa citada anteriormente, de **louro** e da súa variante **loiro**.

Sen embargo a voz **roibo**, que fundamentalmente era auténtico sinónimo de **vermello**, úsase hoxe en tódolos niveis da lingua como sinónimo tamén de **roxo**. Así o fai Cunqueiro bastantes veces: *o pelo roibo*, *e tiña os ollos claros... Ribalda aloumiñou o seus bigotes roibos* (*Xente*), *un* escolante *novo e de pelo roibo* (*Feirantes*), *A xente de Loboso é alta e roiba* (*Escola*), *Era entón unha mociña roiba*, *espigada...*, *unha neniña roiba* (*Feirantes*), etc.

Que para Cunqueiro **roibo** era o equivalente do castelán *rubio* vémolo nestes exemplos sobre a clase do tabaco: *Está gordo e fuma tabaco roibo* (*Xente*), *Moreno*, *mui elegante*, *con zapatos brancos e fumando roibo* (*Feirantes*).

974. Cousas rubias e coloradas

Xa comentamos dabondo as correspondencias da palabra castelá *rubio* en galego, e xa fixemos mención da nosa voz **rubio** como auténtico sinónimo de **vermello**.

Na obra *A cociña galega* fala do gando vacún de *raza rubia*: *E aínda non tivemos nós un gourmet de tanta calidade que nos ensine a distinguir a carne de raza rubia galega millorada da carne do mouro gando da Limia*. Para o paisano galego en xeral **rubio** é **vermello** cando fala de *millo rubio*, pero é **vermello** tirando algo a amarelo cando se refire á *vaca rubia*.

Nesa mesma obra lémo-la saguinte frase: *En moitos lugares de Galicia saben.facer pichóns con salsa rubia*. Coido que esta *salsa rubia* podemos interpretala como **vermella**.

Na obra *Herba* lemos estes versos: *Quero un pavillón pra soñar con Scherezade / e outro onde ninguén me vexa cheirar a rosa rubia*. Tamén aquí podemos interpretar **rubia** como **vermella**. E nunhas páxinas despois lemos estoutros: *Bebía viño quente en copa de ouro*, *o terceiro*, / *cando unha espada lle furou a gorxa*. / *Rubio viño e rubio sangue nas mans e nas rosas*, / *e nas estrelas*, *ás que chamaba polo seu nome*, onde confirmámo-la significación que **rubio** ten para Cunqueiro: a mesma que para a maioría dos galegos.

Sen embargo a palabra máis empregada por Cunqueiro para cualificar algo que teña unha cor máis ou menos **vermella** é **colorado**. **Colorado** pode se-la cara, o nariz, os ollos, os beiciños, a boca ou toda clase de vestimenta: bufanda, chapeus, fez, calcetíns, zapatos, puchas, brusas, etc. Os alimentos como mazás, fabas, manteiga, etc. Ou toda clase de cousas: rosas, froles, copas, letras, paraugas, xerras, etc.

Moitas veces retrata as persoas dicindo que son **coloradas** *unha camareira regorda e pequeneira*, *mui colorada...*, *o que iba diante*, *un gordo e colorado* (de *Merlín*), *Cabo de Lonxe era de mediana estatura*, *gordo e colorado...*, *O de Vilarego é de media estatura*, *roibo e colorado* (de *Escola*), *Freire era pequeno*, *carirredondo e mui colorado...*, *un asturiano colorado...*, *eran dous gordos colorados* (de *Feirantes*), etc.

E naturalmente a expresión *pórse colorado* está bastante presente en moitas das súas obras: *Madame de Saint Vaas poñíase colorada* (de *Crónicas*), *púxenme colorado* (de *Merlín*), *Sinbad púxose colorado* (de *Sinbad*), *o señor Ramón púxose colorado* (de *Xente*), *dona Inés ponse colorada* (de *A noite*), etc.

975. Cousas rosadas e arroibadas

Para indica-la cor vermella moi clara ou pálida témo-la palabra **rosa** segundo vemos nestes exemplos cunqueirianos, nos cales aparece funcionando como nome ou como adxectivo: *un sombreiro cunha grande lazada de tul rosa*..., *unha media lúa rosa*..., *alegre botonciño rosa*..., *tela froleada en verde e rosa* (de *Merlín*), *Pola mañán*, *o traxe rosa* (de *A noite*), *cunha especie de cuncha de pasta*, *de coor de rosa* (de *Feirantes*).

E ó lado desta voz témo-lo derivado **rosado** que ten a mesma significación: *o cristal do vaso rosado* (de *Merlín*), *unha rosada luceciña esparrama*... (de *Sinbad*), *como alba rosada após unha longa noite de inverno* (de *Crónicas*), *obrigada o resto da súa vida a vestir de batista rosada* (de *Feirantes*).

Para significar que algo se torna roibo temos en galego o verbo **arroibar**, que rexistramos en *Sinbad* cando se describe unha illa: *e cando é mencer ou á tardiña lle dá o sol escorado entón arroiba*. E deste verbo naceu o adxectivo **arroibado** que atopamos usado na obra *Feirantes*: *Era un mozo de vintecatro anos*, *de mediana estatura*, *e arroibado*..., *Xa era entón toda unha moza*, *arroibada*, *metida en carnes*.

Quen é medio **roibo** ou máis ou menos **roibo** é para Cunqueiro **entrerroibo**, voz que usa en *Escola de menciñeiros* para describir un dos seus personaxes: *Perrón era de mediana talle*, *entrerroibado*, *os ollos craros*.

Outras voces que atopamos nas obras de Cunqueiro para indicar cor relacionada con **vermello** son **xaro** (*Un zapateiro pequeno e xaro*, *e picado das vixigas*, de *Sinbad*), **carmesí**, que aplica á centola galega (*rotunda*, *plata e carmesí como a falda da Infanta dona Margarida de Austria*, *que pintou Velázquez*, de *Cociña*), **cobrizo**, que aplica á plumaxe dun polo (*de plumaxe mui variado*, *cobrizo*, *azul e marelo*, de *Feirantes*), **escarlata** (*O colibrí desta banda é escarlata*, de *A noite*).

E para finalizar esta serie de palabras relacionadas coa cor **vermella** citémo-la **púrpura** (*O xamón ten unha grande seducción... cando unhas magras violeta ou púrpura están na fonte*..., *os viñedos colorean en púrpura*, de *Cociña*) e o seu derivado **purpúreo** (*as tellas purpúreas dos tellados de Pontivy*, de *Crónicas*, *os axóuxeres da dixital purpúrea*, de *Escola*).

976. Cousas grises e pardas

Esa cor que é mestura do branco e do negro, é dicir, o **gris**, está presente nas obras de Cunqueiro para cualificar uns ollos (*ben segura podes estar de que soñarei contigo / cos teus ollos grises como a alba*, de *Herba*), a luz do día (*Entra a pirmeira luz do día*, *gris e pousada*, de *A noite*), vexetais e animais (*A leitura gris chega deica as xeadas de mediados de outono*..., *aínda se cría moito coello*, *e hai unha caste gris*, de *Cociña*) e diversos obxectos (*o italián quítase o borsalino gris pérola*..., *por entón mercara un sombreiro gris en Mondoñedo*, de *Xente*, *un pantalón gris*, de *Feirantes*).

Como sinónimo de **gris** funciona a voz **cincento**, coa que Cunqueiro cualifica un galo (*O galo, que era dises cincentos e polainas brancas*, de *Xente*), unha galiña (*decatouse de que unha galiña que tiña, cincenta, andaba choca*, de *Feirantes*), e un paraugas (*un paraugas... a tela de color cincento...*, *á sombra do seu paraugas cincento*, de *Xente*). E facer que unha cousa tome a cor da cinza é **acinzar**: *cando acinzan coa xeada as ponlas núas das bideiras* (de *Xente*).

Un tanto máis escuro é a cor **parda**, que os diccionarios definen dicindo que é a cor da terra. O escritor mindoniense fala en *Xente* dunha *capa parda* e en *Herba* de *ovellas pardas*, pero usa máis veces **pardento**: *ovellas pardentas* (de *Hamlet*), *augas pardentas* (de *Sinbad*), *pardenta terra* (de *Escola*), *peras pardentas* (de *Cociña*). Na obra *Hamlet* cita *roupas pardás* e non sei se interpretar ese *pardás* como unha errata por **pardas** ou un xeito de facer de **pardal**, nome do gorrión, un adxectivo sinónimo de **pardo**.

Curiosamente nas obras de Cunqueiro atopei só unha vez o emprego da cor **castaña** (*ollo que quedaba, castaño claro*, de *Feirantes*) e da voz **marrón** (*Gasta sempre turbante de dril tirando a marrón*, de *Sinbad*).

977. Trobos e meles

O recipiente feito de madeira, de cortiza ou doutro material que serve de habitáculo a un enxame de abellas e no cal é fabricado o mel e a cera, chámase **cobo** en bastantes lugares da provincia da Coruña, pero non é palabra moi usada polos escritores. Tamén está espallado por dita provincia o nome de **cortizo**, que empregan ademais moitos pontevedreses e ourensáns, así como algúns escritores: *Que van ó cortizo / abellóns marelos* (Pintos), *doce coma o mel dos seus cortizos* (Rosalía), *cortizos de mel sabroso* (Cabanillas).

A voz máis estendida entre os falantes é **colmea**, que tamén usan os escritores, pero que, a pesar de ser coñecida na provincia de Lugo, o escritor mindoniense Álvaro Cunqueiro non a emprega nas súas obras, como tampouco utilizou as outras dúas citadas.

Cunqueiro preferiu usa-la voz típica da provincia de Lugo **trobo**: *Estou seguro de que a abella que zugou a mel naquela nabega volve ó trobo con toda a mel* (de *Hamlet*»), *coa palmatoria na man, na que ardía a vela de cera dos trobos de Belvís* (de *Merlín*). Esta voz, que probablemente naceu dunha evolución fonética da palabra latina TUBULUM, significou orixinariamente 'tronco oco' e de aí, ó ser empregada como recipiente para as abellas, pasou a ser sinónimo de **colmea**.

Nun poema do libro *Dona do corpo delgado* atopamos esta voz **trobo** no seguinte verso: *Escóitasme así, miña señora amada, cando do peito meu o trobo arde*. Coido que poderiamos interpretar nese verso a voz **trobo** como tronco dos trobos.

E xa que falamos das abellas e dos trobos temos que menciona-la substancia que estes insectos producen e da que Cunqueiro fala en numerosas ocasións: *mel sedativa, por a mel, toda mel, a carón da mel, mel escura*, etc. Si, efectivamente, para o escritor lugués non existe *o mel*, senón *a mel*. Debeu aprender esta palabra como feminina desde pequeno e non a esqueceu ó longo da súa vida.

Hai tamén outros escritores que aceptaron este castelanismo de cambia-lo xénero da palabra **mel**: Rosalía (*máis que a mel eres dulce... E doce coma a mel dos seus cortizos*) e Curros (*unha cántara de purrela como a mel*) e algúns como Otero Pedrayo vacilaban (*colmea de dourada mel* e *o mel das froles*, na mesma obra *Devalar*). O xénero propio desta voz na lingua galega está loxicamente presente en moitas obras literarias.

Naturalmente, Cunqueiro fala tamén varias veces doutro producto dos trobos, a **cera**, da que non temos nada que dicir, pero si dun derivado desta voz, **cerote**, que el emprega non no sentido de pasta medicinal, senón no de cerume: *i a todos lle quita o cerote de drento das orellas soprándolles auga dunha vexiga de can*.

978. Soltas, adivais e trelos

Álvaro Cunqueiro emprega como voz normal para significa-lo obxecto formado por fíos torcidos que serve para atar, a palabra **corda**: *Abertos os bultos*, *que viñan mui feitos e con sete cordas*..., *iba colgando dunhas cordas un tapiz*..., e naturalmente tamén usa esta verba para referirse ó resorte metálico que fai funciona-los reloxos: *un reló de prata con cebola de ouro pra lle dar corda*.,., *e si parou o reló e compre darlle corda*...

Igualmente válese das voces derivadas de **corda** que teñen unha significación semellante á palabra matriz: **cordón** (*Soñou*... *que lle arrincaba as pestañas pra tecer con elas un cordón pró corsé*), **cordiña** (*sacou do peto interior da casaca unha cordiña de seda*), **cordella** (*iba Abdalá levando da cordella á burra do leste*) e **cordel** na expresión *porco de cordel*, que equivale a *porco da ceba* ou *da cría* que é o que se engorda para matar: *Muitas veces levaba nel máis porcos*, *do cordel ou de ceba*, *que pasaxeiros*...

Pero hai **cordas** que, por razón da súa finalidade reciben nomes especiais. Así a que se coloca entre dúas patas dun animal para que non escape chámase **solta**, voz que Cunqueiro utiliza no seu sentido recto: *ponlle ó pacífico animal unha solta de torzal e déixao que paza nun curro* (de *Sinbad*), *levando servidor dunha cordiña a doña Simona convertida en cerva*..., *i en chegando á fonte púxolle unha solta trenzada a doña Simona* (de *Merlín*).

A corda longa e algo grosa que se usa para suxeita-la carga do carro é chamada practicamente en toda Galicia **adival**, pero Cunqueiro aplica a esta voz a acepción normal de **corda**: *Correndo á batalla cortara o adibal do pozo*....., *O verdugo soltou o adibal* (de *Crónicas*), *rubir a iauga ás ca*sas, *que se fai desde a lagoa*, *por adibal e caldeiro* (de *Sinbad*).

Voz sinónima de **adival** en moitos lugares é **trelo** que Cunqueiro utiliza tamén como equivalente de **corda**: *Son queixos blandos*, *manteigosos*, *que ás veces veñen cun trelo atándoos á redonda*, frases do libro *A cociña galega*. En *Merlín* lémo-las seguintes: *i o duque non facía máis que cuspir e cagar trelos de colores que o dañino tecía nos aposentos do seu bandullo*, onde podemos entender claramente que **trelos** son **cordas**.

Sen embargo na versión libre que desta última obra fixo Cunqueiro ó castelán traduce **trelos** non por *cuerdas*, senón por *retales*, voz esta que corresponde ó galego **retallos** que o escritor mindoniense empregou en *Sinbad*: *foi que iste retalliño marelo mandoumo pra un fondo dun entredous*..., *i así partindo do retallo fun amecendo teas*...

979. Unha esbruga que tiña nos narnes

O narrador da historia do espello do mouro da obra *Merlín* conta como o mouro o agasalla cunha novela *polo ben que lle mantín a burra en que viaxaba*, *e porque lle curei unha esbruga que tiña nos narnes*.

Unha **esbruga** é unha esfollada, segundo os diccionarios, ou tamén o acto ou efecto de **esbrugar**, variante de **esburgar** que significa **esfollar**, **escasular**, **esbilar**, saca-las castañas do ourizo, etc. Pero aquí, neste texto cunqueiriano, non ten evidentemente esa significación.

Lendo o libro *Crónicas* atopámonos de novo con esta voz: *ás señoras monxas saíronlle esbrugas no ombrigo...*, *saíronlle esbrugas no embigo*. Resulta bastante claro que as **esbrugas** das que fala Cunqueiro son as **espunllas**. Coido que o escritor mindoniense adoptou esta voz **esbruga** para significa-lo pequeno vulto esponxoso que se forma na pel que é chamado na zona do seu entorno familiar tanto **espulla** coma **verruga**. Non resulta nada inverosímil que o cruzamento destas dúas verbas dese como resultado a forma **esbruga** que xa existía, á fin e ó cabo, coa significación posible de casca, anaco de pel, etc.

Na obra *Os outros feirantes* para o significado de **espulla** emprega a voz normal tamén en toda Galicia **verruga**: *Quitaba as verrugas con sete palabras...*, *era muito máis hábil que seu pai en quitar as verrugas...*, *ademais do poder de tirar as verrugas...*

¿Que son os **narnes** onde estaba a verruga? Os **narnes** son as fosas nasais. **Narnes** é voz que aparece xa nos textos medievais e que se conserva actualmente en galego, para referirse sobre todo ás fosas nasais do gando vacún, se ben resulta normal que Cunqueiro aplique esta palabra ás burras. Digamos ademais que en lugares próximos á Terra Cha existen as variantes **narnos** e **narnios**.

Non ten nada de estraño que nalgún diccionario apareza entendida esta palabra co mesmo sentido que **fociño** ou **fuciño** que no fondo abarca tamén a boca, e que se aplica sobre todo ós animais, se ben hoxe tanto popular coma literariamente falamos igualmente dos **fuciños** das persoas.

Cunqueiro emprega **fuciños** para referirse ós animais: *o delfín brincaba deica chegar cos fuciños seus ós do mascarón* (de *Sinbad*), e ós homes: *nin de soprar o farol... poñíame diante dos fuciños* (de *Merlín*), *pechou a porta mesmo nos fuciños do noso señor Sinbad*.

980. Entráballe febre postema á habenza

Nun capítulo de *As Crónicas do Sochantre* fálase dun neno que naceu birollo e que se lle puxo unha nube vermella nese ollo ata que cegou del. *Sabido é*, lemos nesa obra, *que os besgos de ollo roxo aportan moi doada a desgracia*, *i aquel de Guimiliau*, *desque se soltou a andar*, *sementaba no país perdas á manchea...*, *e polo tanto era tan gafe que ó velo arrabeaban cás*, *malparían vacas e casadas que o tiñan mirado*, *entráballe febre postema á habenza...*

A **habenza** é voz normal na provincia de Lugo para nomea-lo gando miúdo, é dicir, cabras ou ovellas e mesmo nalgures o conxunto dos animais domésticos. Polo contexto en que aparece esta voz coidamos que Cunqueiro emprega aquí esta verba no sentido de gando miúdo.

A voz **febre** significa elevación da temperatura do corpo e é palabra empregada normalmente por Cunqueiro que ás veces fala de *febre apretada*, *febre súpeta*, *febres repentinas*, *febres segredas*, pero neste caso fala dunha *febre postema*. A palabra **postema** que especifica a clase de febre que collen as ovellas que ven o vesgo está funcionando como adxectivo, pero é un nome, de orixe grega, que significa absceso, tumor ou inflamación con pus abundante.

Así pois a *febre postema* que colle o gando miúdo é unha enfermidade que produce febre e tumores que supuran. Pero noutro libro, *Os outros feirantes*, cita Cunqueiro de novo esta verba, ou mellor dito, unha variante desta voz, **apostema**, que pola súa orixe é máis correcta con ese *a-* inicial.

Curiosamente temos que dicir que neste caso o **apostema** non supura porque é simplemente unha inflamación que lle sae ó personaxe Antón de Leivas nunha orella que vai causar admiración a tódolos seus veciños porque tiña os mesmos efectos ca unha caracola mariña. Vexámo-lo texto que está constituído polas palabras do menciñeiro que a examinou: *¡De boa te libraches! Ibas ter un apostema finchado nos interiores*, *e nun descuido pasóuchese á orella*, *donde está benigno*.

981. Os cabalos estoupaban poceiras

Do libro As Crónicas do Sochantre son as seguintes frases: o sochantre pedíralle a Mamers o Coxo que lle deixara rubir ó pescante, polo gusto de ver coma os cabalos estoupaban poceiras. Na última frase dísenos que os cabalos estoupaban poceiras, é dicir, que os cabalos rompían violentamente e con ruído poceiras. Loxicamente poderiamos dicir tamén que os cabalos facían estourar ou, tal vez mellor, rebenta-las poceiras.

As **poceiras** son os charcos formados pola auga da choiva. Esta voz **poceira** está bastante espallada por Galicia, especialmente na súa metade setentrional, e é cara a Cunqueiro que a emprega noutras das súas obras. De A noite vai coma un río son estes parágrafos: Eu nunca vin rei deica agora. Estaba sentado a carón dunha poceira, e o que dixo ser o correo voso laváballe os pés... Aínda que pasáramos a carón dunha poceira na que poidera lavarme os pés, nin se vería. E de Xente de aquí e de acolá os seguintes: berrou o corvo, é decir, Figueiras. E caíu redondo, no camiño, a carón dunha poceira.

Pero a palabra máis común en toda Galicia para designa-lo depósito de auga formado nos fochancos do terreo ó chover é **poza** que tamén usa Cunqueiro na citada obra Xente: o camiño entra en Parmuíde por unhas chousas con grandes pozas en outono e inverno, nas que flotan as follas secas dos carballos..., non daba chegado ao pequeno, quen paticaba seguido, e si atopaba unha lameira ou unha poza grande, voaba por derriba.

Na obra Os outros feirantes emprega unha vez un diminutivo desta verba, **pociña** (Xosé Regueira atopábase sentado no chan, a carón dunha pociña) e noutro lugar outro diminutivo, **pucharquiña**: que sería unha vergonza que Xosé aparecese no chan no dormitorio do cuartel, a carón dunha pucharquiña de auga.

Pucharquiña é diminutivo da voz **pucharca**, creación popular da lingua galega tal vez por cruzamento de verbas da mesma significación como **poza** e **charca** con outras como **pucha**. **Pucharca** é palabra bastante empregada no territorio do ámbito da lingua galega. Cunqueiro emprégaa nun sentido figurado no libro de poesía Herba aquí e acolá: O home escusa unha pucharca nos seus ollos / e ensúmese no soño ou na morte. Igoal dá.

982. A udre daquel zurro

A palabra **zurro**, que significa o líquido escuro e cheirento que deita o esterco, é voz bastante corrente en toda Galicia e foi empregada por Cunqueiro na súa peza dramática *O incerto señor don Hamlet*: *dun corazón semellante ó meu*, *digo eu*, *i o voso*, *puro nun intre*, *i a seguido cheo de lixos*, *bañado en zurro invernal e na noite*...

Pero na súa obra *As Crónicas do Sochantre* xa empregara esta voz nunha exposición que fai o defunto escribán de Dorne cando sae da caleira onde foi metido para se liberar da podremia, e que di así: *collín unha rosa e púxena entre os dentes*, *pra limpar tamén o maxín da udre daquel zurro que cuspía a miña carne pecadora*.

Coido que calquera lector coñecedor da lingua galega entende perfectamente que o que cuspe ou deita a carne podrecida dun cadáver é semellante ó **zurro**. Sen embargo Cunqueiro traduce esta verba ó castelán como *zumo*, que penso que non dá idea da significación real do que expresa o texto galego.

Curiosamente en *Sinbad* usa o castelanismo **zumo**, en vez de **zume**, na súa significación normal: *pedía unha granadina e non había nin vaso nin zumo*, e noutro lugar da mesma obra, ó principio, emprega en vez de **zume** a palabra «inventada» **zugo**, cruzamento dos castelanismos *jugo* e *zumo*: *Botou as cascas de laranxa ó mar*. *Goteáballe o zugo polas mestas barbas*.

Favorece a comprensión da voz **zugo** a existencia do verbo **zugar** 'chupa-lo zume, chuchar'. No libro *Cociña* aparece repetidamente a verba **zugo**.

Aínda nos queda falar da voz **udre** que podemos interpretar como sucidade cheirenta e que el traduciu ó castelán como asco. Penso que esa palabra **udre**, que descoñezo se a empregan outros escritores ou algúns falantes, é unha transformación da voz **zudre**, que é unha variante de **zurro**, moi empregada en bastantes lugares da metade setentrional de Galicia.

Polo tanto o escribán que quería limpa-lo seu maxín da porcallada que deitaba o corpo podrecido estaba pensando nun líquido semellante ó **zurro** ou **zudre**.

983. Era zaíño luceiro

O personaxe de *As Crónicas do Sochantre* Coulaincourt de Bayeux tiña un cabalo que se chamaba La Garde e varias veces refírese a el chamándoo **luceiro**: *Montaba o meu La Garde luceiro*..., *Os soldados berraban que o meu luceiro tiña o demo no corpo*..., *rinchaba o La Garde*, *o famoso luceiro do señor coronel*..., *Era zaíño luceiro*, *e calzaba de ámbalas mans*.

Tamén na obra *Merlín* aparece o nome **Luceiro** para nomea-lo cabalo da casa. **Luceiro** é a voz normal para denomina-lo planeta Venus ou calquera astro brillante, pero tamén para designa-lo lunar branco e grande que teñen na fronte algúns cuadrúpedos. Así pois non resulta estraño que ó cabalo do señor coronel sexa chamado normalmente **luceiro**.

Pero este cabalo luceiro era, como vemos no último exemplo citado, **zaíño**. Este adxectivo usado por Cunqueiro (non sei se outros escritores o usan) é uhha hipergaleguización da voz **zaino**, palabra de orixe árabe, común ó portugués e ó castelán, que se aplica ós cabalos que teñer a pel de cor castaña escura. Así pois o noso La Garde era castaño escuro.

Os diccionarios dinnos que esta verba se aplica tamén ó gando vacún que ten o pelo negro, pero Cunqueiro usa para esa cor de pelaxe a voz **mouro** que utiliza con toda clase de animais: *unha vaca moura*, *rebaños de avellas mouras*, *un cabalo mouro*, *outro can da casa*, *lontreiro e mouro como a noite*, etc.

Outra significación de **zaino** que aparece nos diccionarios é a de 'falto de verdade ou autenticidade', pero Cunqueiro emprega neste caso a palabra **falso**: *faguían moeda falsa* (de *Tesouros*). *Ninguén veu buscar o falso reló*..., *fuches de testigo falso* (de *Feirantes*), etc. E tamén a de **traidor** que Cunqueiro escribe sempre como **treidor**: *terei que matar ao treidor*..., *o treidor está perto do portiño* (de *Palabras de víspera*), *Nunca houbo unha treidora tan xeitosa* (de *Xente*).

E quixera, por último, citar unha expresión que coido ten que ver con **zaino**. Trátase de *face-la zaina* que cita Noriega Varela (e que empregou Castelao en *Os dous de sempre*: *Rañolas anda por ahí*, *a face-la zaina*, *pra colarse por unha rendixa*) traducíndoa por *hacer el zorro*. Quen fai a **zaina** é para Cunqueiro un **raposo**: *O escribano que era mui atente raposo i apuntador*... (de *Crónicas*).

984. O murigante

Na parte titulada "Novidades do mundo e fauna máxica" do libro *Escola de menciñeiros* aparece un relato sobre o **murigante**, animal fantástico, palabra que nos lembra de inmediato os **mures** polos primeiros sons desa verba.

O **mur** era voz normal nos textos medievais para denominar ese pequeno mamífero roedor de cor gris parda que vive nas casas roendo alimentos e outras cousas, pero esa palabra desaparecida na fala popular é recuperada ás veces por algúns escritores como Cunqueiro que en *Xente de aquí e de acolá* fala *duns ruidos coma de mur en faiado*, e en *A noite vai coma un río* di Ama Modesta que *devecía por meterme na cama e quedarme no sono ouvindo os muriños roendo a sabor na encana do faiado*.

A palabra **mur** deu orixe sen embargo a unha voz bastante corrente aínda hoxe en todo o galego oriental, **murar**, que ten a significación de asexar ós ratos, cousa que fan loxicamente os gatos denominados **muradores**. Os falantes chamaron tamén **mur** a ese mamífero voador que ten entre as extremidades superiores, inferiores e a cola unha membrana a modo de ás e que sae nas horas crepusculares ou nocturnas, pero non simplemente **mur**, senón *mur cego*. De aí xurdiu o nome tan espallado de **morcego** (que ten as variantes de **murcego**, **muricego**, **murocego**, etc.).

Cunqueiro cita esta voz varias veces: *estaban vivas*, *vivas coma dous peixes*, *coma dous morcegos no áer* (de *A noite*), *Os morcegos xurdían súpetos na noite* (de *Sinbad*), *as súas grandes orellas coloradas nas que aniñaban os morcegos* (de *Xente*), *hai miradas como morcegos que van e veñen raudas* (de *Herba*).

Se o título do relato "O murigante" nos leva inmediatemente a pensar en **mures** e **morcegos**, as palabras do principio confírmannos esta teoría: *Fálase moito do murigante na Terra de Miranda*, *nista miña provincia de Mondoñedo*. *É unha especie de esperteiro*... Efectivamente un **esperteiro** é unha variante da palabra máis coñecida no oriente da provincia de Lugo e en Asturias de **espertello** (procedente do latín VESPERTILIO) que Cunqueiro emprega frecuentemente: *Sempre hai esperteiros na fonte*, *pro aquela noite non voaban* (de *Merlín*), *Os esperteiros volvían ós seus niños na torre* (de *Crónicas*), *unha niñada de esperteiros e curuxas* (de *Hamlet*), etc.

985. Un rato con azas

Como vimos no comentario anterior o **murigante** é unha especie de **morcego ou esperteiro**, como di Cunqueiro, ou segundo lemos no citado relato de *Xente*, *un rato con azas*, *pro non voa*.

A voz **rato** é común en toda Galicia para designa-lo pequeno roedor que antigamente era coñecido como **mur**. Os **ratos** están presentes en bastantes obras do escritor mindoniense: *sintes que brincan polo camiño uns canciños coma ratos* (de *Merlín*), *góstame ouvir os ratos rillando no faiado* (de *A noite*), *afixo a comer do mesmo zatico de pan a un rato i a un melro* (de *Escola*), *tiña nunha gaiola uns ratiños bran-*

cos (de *Sinbad*), *por cazador de ratos* (de *Tesouros*), *todos os queixos estaban adentados dos ratos* (de *Xente*), etc.

Naturalmente tamén aparecen nas obras de Cunqueiro os outros mamíferos roedores maiores cós **ratos** que son as **ratas**: *Unha rata saíu dun furado* (de *Crónicas*), *ó berce subírase unha grande rata* (de *Escola*), *estaba unha grande rata comendo no fío* (de *Tesouros*), etc.

Pero o **murigante**, aínda que non voa, ten, segundo Cunqueiro, **azas**. As **azas** son as **ás** ou **alas**. Esta forma **azas** é un portuguesismo moi caro ós nosos escritores. Pondal xa nos dicía: *on toqués as suas azas ben cumpridas*, Otero Pedrayo escribiu: *voou con azas de paxaro*, Castelao preguntaba: *¿Víchedes algunha vez a un animal que voase sen ter azas?* Cabanillas empregou moitas veces esa voz: *un negro corvo as azas abrirá* e Celso Emilio Ferreiro tamén: *os homes nunca tivemos azas*.

Son muitas as veces que Cunqueiro empregou esta forma en vez de **ás** ou **alas**: *os paxaros coas azas repregadas* (de *Merlín*), *un sombreiro de azas* (de *Sinbad*), *o corvo bateu azas* (de *Xente*), *un anxo con abertas azas na espalda* (de *Feirantes*). E no relato do **murigante** fanse mención dúas veces máis ás **azas** deste animal que as *vai usando como abano pra avivalo lume... i abaneando coas súas azas falou...*

Cunqueiro, como xa fixera algún outro escritor (Cabanillas escribiu *aza de corvo* e de Celso Emilio Ferreiro é esta frase: *aberta coma un aza que quixera voar*) empregou tamén **aza** en vez de **á** ou **ala** frecuentemente: *quitándose o sombreiro de dobre aza* (de *Merlín*), *unha capota de dobre aza* (de *Crónicas*), *debaixo dun sombreiro mouro*, *de aza ancha* (de *Xente*), etc.

986. A barnacla e o tordavisco

Entre os nomes de animais citados por Cunqueiro que non están rexistrados nas obras léxicas témo-la **barnacla** e o **tordavisco**.

No libro *A cociña galega* fala o noso escritor de *unha das grandes cousas das costas nosas*, é dicir, dos percebes. E falando dos percebes, que *son coma restos de unha poboación estrana dun océano antigo*, saca a colación as **barnaclas**. Os percebes non eran comidos polos ingleses, pero *ate Shakespeare e Donne chegou a noticia de que da súa unlla nacían uns gansos*, *ó «bantra leupcosis»*, *a «barnacla caribranca»*, *que os británicos chaman «barnacle goose»*. *Pra Donne o canto dunha bandada de barnaclas... soa coma unha xauría de cans faldeiros...*

En fin a voz inglesa, de orixe non moi clara, pasou ó portugués coma *barnacle* e ó castelán coma *barnacla* para significar 'pato mariño de Irlanda'.

O **tordavisco** pertence ó mundo da fauna máxica da que escribe en *Escola de menciñeiros*. A súa descrición é a seguinte: *O tordavisco é coma un galo*, *e non hai quen o mire*, *que de día é verde*, *de noite mouro e cando neva*, *branco é*. *É o máis listo de tódolos paxaros... O ovo de tordavisco é verde e fala...*

¿Como chegou Cunqueiro á creación deste nome de paxaro fantástico? Así como en **murigante** pensabamos nas voz básica **mur**, neste caso cremos que partiu do nome **tordo** ou **torda** ó que engadiu esta terminación tan corrente en moitas palabras, *-isco*. Falamos frecuentemente dun **belisco**, **petisco**, **trisco** ou **chisco** (*pareime un chisco a escoitar*, de *Merlín*), ou do **fisco**, **menisco**, **disco** (*canciós que a señora escoitaba nun disco*, de *Xente*), ou das plantas **penisco**, **trobisco**, **malvisco**, **lentisco**, **visco**, ou dos animais **pisco** ou **mariscos** ou do que citamos inmediatamente.

Efectivamente, non podemos menos de mencionar outro animal fabuloso que mataba coa mirada: o **basilisco**, que Cunqueiro cita en *Xente de aquí e de acolá*: *O canto do galo*, *como é sabido*, *mata ó basilisco*, *que é un gardador de ouro*, en *Crónicas*: *lía o porvir nunha capa de corno basilisco*... E en *Merlín* emprega este nome coa significación de 'persoa colérica' ou 'tirano': *O imperante don Michaelos*, *basilisco maior de Constantinopla*...

987. A facenda

Talvez hoxe cando un pronuncia illadamente a palabra **facenda**, o interlocutor pense inmediatamente no servicio da Administración Pública que ten como función a de administra-los bens dun país. Curiosamente Cunqueiro non adoita facer mención desta facenda como o fan outros escritores: *un empregado de facenda*..., *o delegado de Facenda* (Otero Pedrayo), *entra nas oficinas de Facenda*..., *baixo o cuño egoísta da Facenda pública* (Castelao).

O sentido tradicional de **facenda** coma conxunto de bens ou riquezas dunha persoa si é empregado por Cunqueiro en varias ocasións: *gastou toda a súa facenda en viaxes* (de *Merlín*), *todos istes viaxes e moitos outros*, *facendas*, *negocios*, *sermós*... *montaba o sochantre* (de *Crónicas*), así como por outros escritores: *que tendes que ver coa miña facenda?*..., *dereitos*, *tradicións*, *facendas* (de Castelao), *ti sabes que son rei de facendas e vidas* (de Cabanillas), *aquil canalla dono de vidas e facendas*..., *que si a boa vida tira as angurias*, *tamén tira coa facenda* (de C.E. Ferreiro).

Pero o uso de **facenda** como sinónimo de leira agrícola que aparece nos escritores citados (Castelao: *benfeitores do agro e das facendas*, Otero Pedrayo: *nas súas maus frolecían os eidos*, *medraban as facendas*, C.E. Ferreiro: *asalto á facenda de Río Negro*) non está presente nas obras de Cunqueiro.

Sen embargo esta voz adquiriu en Galicia unha significación especial descoñecida nas linguas irmás (agás no dialecto transmontano). A facenda máis querida para o home galego era a que vivía practicamente ó seu carón, é dicir, o gando, que ademais era xeralmente todo o que o labrego tiña de seu. Esta voz **facenda**, como o conxunto do gando dunha casa, está xa empregada por X.M. Pintos: *a facenda nos montes vai pastando*, e tamén por outros moitos escritores, como Otero Pedrayo, *tiña quen lle gobernara as facendas*.

No libro *Merlín* fálase de Casilda *que coidaba a facenda i a horta*, é dicir, o gando, pero a **facenda** na maior parte da provincia de Lugo ten a significación do gando lanar ou cabrío. De aí que o noso autor empregue varias veces esta verba con ese sentido, pero fai acompañar esta voz do adxectivo **miúdo**: *tiña man de todo*, *dos traballos da casa*, *da facenda grande e da miúda* (de *Merlín*), *os de cada casa teñen a guía*, *a man*, *da facenda miúda* (de *Xente*), *si pasaba perto das galiñas*, *ou da facenda miúda que tiña* (de *Os outros feirantes*).

E todo canto levamos dito da voz **facenda** poderiamos aplicalo á voz **habenza** da que xa falamos noutra ocasión.

988. Esmelgar

Nun comentario anterior falamos de como Cunqueiro preferiu usa-la voz típica da provincia de Lugo **trobo**, en vez da máis estendida por toda Galicia **colmea**, para referirse ó recipiente que serve de habitáculo a un enxame de abellas, e naturalmente fixemos referencia ó **mel**, pero non tratamos da palabra que significa extrae-lo mel das colmeas.

A voz máis espallada por toda Galicia para significar ese labor e **castrar**, e nalgúns puntos da parte sur da provincia coruñesa dise **catar**. Pero na provincia luguesa, en vez de **castrar**, emprégase o verbo **esmelgar**, tamén estendido polo asturleonés, que como claramente se ve é un derivado de **mel**.

Nas obras do escritor non atopámo-los verbos **castrar** ou **catar** nesa significación, porque el preferiu a voz tipicamente luguesa **esmelgar**, segundo vemos neste fragmento de *Feirantes*: *Xa seu pai e mailo seu abó apodábanse das Esmelgas*, *e quizaves tamén seu bisabó e seu trisabó*, *porque acaeríalles mui ben o esmelgar*.

A acción e efecto de **esmelgar** é **esmelga**, voz que cita no libro *A cociña galega*: *hai quen ten o gosto de botarlle [ó requesón] mel*, *en vez de axucre*: *mel escura*, *cáseque cristalizada*, *das esmelgas do pasado setembro*, e varias veces no libro *Feirantes*, porque a usa como alcume aplicado a Felipe das **Esmelgas**.

Dentro deste mundo das abellas temos que facer referencia á voz **cera**, que Cunqueiro emprega frecuentemente no seu sentido recto, e nunha ocasión fálanos dos **afrixoados**, é dicir, dos ensumidos, fracos, tristes, cansos e inapetentes que teñen *a pel da cor da cera* (de *Escola*).

Pero hai quen ten a pel coma a cera virxe, como é o caso dunha alemana xudía (citada no relato de Leiras de Tardiz, en *Xente*) que *cantaba e saía de Eva nun teatro*; *todos os xudeos de Buenos Aires decían que nunca viran unha Eva tan ben representada*, *tan lucida*, *coa aquela pel cerúlea e o andar mecedor*...

A pel **cerúlea** é efectivamente a pel de cera virxe segundo comprobamos pola traducción ó castelán. Desde logo, é lóxico pensar en principio que o adxectivo **cerúleo** podería se-lo cultismo aplicado á cor do ceo, ó azul escuro, pero polo contexto vemos claramente que Cunqueiro considerou esta voz como un descendente de **cera**. Teñamos en conta que algúns derivados desta voz como **cerudo** 'que ten cera', **cerullo** 'bola de cera', **cerume**, etc. puideron influír en facer que **cerúleo** sexa un adxectivo que signifique 'relativo ou semellante á cera'.

IX. GLOSAS DA LINGUA

989. Quizá, quizás e quizais

Comezo agora esta nova serie de comentarios da nosa lingua que titulamos *Glosas da lingua* para contestar numerosas consultas dos lectores, que me fixeron nos últimos tempos e que non puiden responder por estar dedicado a falar das voces do gran mestre da nosa literatura, don Álvaro Cunqueiro, que foi o celebrado ó longo de 1991 como o home do día das Letras Galegas. E paso a referirme ás preguntas que me fai unha lectora de Cariño sobre certos adverbios de dúbida.

A palabra máis corrente na fala popular para indicar que o que se expresa é dubidoso ou entra dentro do posible é **quizá**, segundo vemos en frases como estas, que podemos escoitar en moitos lugares: *díxome que quizá iría ó cine esta tardiña*, *quizá chova mañá*, *quizá non había alí máis de catro persoas*... Curiosamente, teño que dicir, non lembro ningún escritor que empregue esta voz.

Tan popular como **quizá** é a súa variante **quizás**, que moi poucas veces usan os escritores, talvez por ser voz igual ó castelán. Rosalía empregouna unha soa vez en "Follas novas": *Para infirmidás das almas -na terra cura non hay*, *-pídelle a Dios que cha leve*; *-quizás no ceu sandará*, e Cunqueiro en "Xente": *Quizás chegaran alí familias de lonxe*...

Da mesma familia léxica, a variante **quizais** é bastante usual na provincia de Ourense, sobre todo na parte sur e occidental. O poeta ourensán Curros Enríquez emprégaa bastantes veces (*¡quizais non fale moito -como é tan piquiniña!... quizais é un imbécil*, *quizais naceu tolo*...) e mesmo usa a variante **quizaies** (*Mañán quizayes darás por ben sofrido ese*..., *detrás de min quizayes*...). Tamén é a verba preferida por Rosalía de Castro: *sendo eu quizais reina*, *-quizais sendo escrava*..., *Estonces non sei que sombras -quizais de memorias vivas -quizais dos frades difuntos*..., que ás veces escribe con *s* para representa-lo seseo típico da súa fala familiar: *Aló quedou*, *quisais*, *por sempre*..., ou con *ç*: *quiçais cansada e sedenta*... e mesmo con *x quixais que así sea*...

Atopámo-lo uso de **quizais** en bastantes escritores desde X. M. Pintos (*Vas quizais a buscar o teu roqueiro?*), Cabanillas (*quizais fora o pasaxe da tenra Samaritana*) e Cunqueiro (*Un alabardeiro eu son*, *quizais*, *ou un arqueiro*) ata os máis actuais: *Noutro tempo quizais non o celebraría* (de Freixanes), *por zonas húmidas e quizais agurgullantes* (de M. Ferrín).

990. Quiciabes e cecais

Outra variante popular da familia léxica de **quizais** é a voz **quiciabes** que empregan os falantes de bastantes puntos da parte norteoccidental da provincia de Lugo. Esta forma, recollida como sinónima de **quizá**, **quizás** e **quizais** na normativa vixente, foi empregada literariamente xa por X. M. Pintos (*Quizaves*, *quizaves -se vira o goberno -entre homes muy puros -leales e enteiros -quizaves*, *quizaves -sin buscar empregos*...).

O poeta lugués Aquilino Iglesia Alvariño fai bastante uso desta voz: *Quizabes decirlles puideras*..., *donde é-lo máis forte quizabes*..., *quizabe-lo leite das cabras*..., e o tamén lugués Álvaro Cunqueiro utiliza esta forma ducias de veces: *Quizabes todo penda niso*..., *Quizaves fose fantasía do meu amigo*..., *voz máis ben ronca*, *quizaves por un catarro fortuito*..., *ou quizaves non fose o vento*. Así mesmo usa esta forma algún escritor contemporáneo: *quizaves en miradores*..., *quizaves adiviñándote inmensamente só* (de M. Ferrín).

Pero da forma **quizais** naceu unha palabra nova mediante a metátese ou troco das dúas consoantes *k-z* por *z-k*. **Quizais** pasou a ser **cicais**, voz que lles gusta moito ós novos falantes e mesmo a algúns escritores, como Castelao, que a emprega case exclusivamente (*cicais para serviren de marco xurisdicioal*..., *un tema que cicais deberiamos reservar*..., *cóntase por días ou cicais por horas*), e Celso Emilio Ferreiro (*lembrando cicais istes tempos*..., *¿É que cicais non somos un país ben desenrolado?*).

E aínda máis cara ós escritores é a variante desta voz **cecais**, que a usou Castelao algunha vez (*¿Sabemos nós*, *cecais*, *onde acaba o caraiter*...), e tamén V. Risco (*un filósofo tamaricense*, *cecais levado do eixempro do de Tamarica*), Curros Enríquez (*e cecais Rosa se ría mentres el se enrabexaba*), Otero Pedrayo (*cecais lle conte se chegou ou non o netiño*), M. Ferrín (*Montaos ou cecais outros países veciños*). Coido que resulta curioso ver que os catro últimos escritores citados son ourensáns...

991. Seica, seique e disque

Outro adverbio bastante corrente na fala popular para indicar ou mostrar dúbida naquilo que se di é **seica**, do cal xa falamos da súa orixe no libriño *Follas da lingua* cando comentámo-la obra de Rosalía. **Seica**, diciamos entón, formouse como variante de **seique**, quizais por analoxía con outros adverbios rematados en *-a* como **fóra**, **nunca**, **agora**, etc.

Seique naceu da expresión *sei que* e foi modificando a súa significación primitiva de "teño a certeza" a "coido" e logo a "paréceme que", "pode que" e finalmente a "acaso" ou "quizais". Aínda que menos popular que **seica** foi bastante empregado por algúns escritores como Rosalía (*Seique meigallo me deche -na festa do San Martiño*), Xoan Manuel Pintos (*ti seique es de aqueles xudeos rabuxentos*), Curros Enríquez (*Seique non hai hospedaxe pra nós*, *mestre?*), Castelao (*a filla seique non era de matrimonio*), Celso Emilio Ferreiro (*e seique sabía de custións de hipnotismo*), etc.

Pero, como diciamos máis arriba, **seica** é actualmente non só a forma máis popular, senón tamén a forma preferida por algúns dos escritores citados: Rosalía (*e seica*, *seica tiven soidades*..., *Dios diante*, *seica n'hai lobos aquí*), X. M. Pintos (*ai Maruxiña que seica toleo*) e C. E. Ferreiro (*¿non son seica unha proba da existencia de Dios?*), ás que podemos engadir outros como Vicente Risco (*Eso de Hélade seica é unha cousa moi seria*), Cabanillas (*¡Seica fora mellor o ter*...), etc.

Dun xeito parecido a **seique** debeu nace-lo adverbio **disque**. A expresión *dise que*, con significación normal, pasou a significar algo así como "parece que" e logo "acaso" ou "quizais". Neste sentido escoitei na fala popular frases como *disque os pais non se levan ben*, *disque era ben bebe-la auga aquela*.

Penso que actualmente esta forma **disque**, tanto na fala popular como na lingua literaria, ten unha significación incerta que vai desde o sentido de "parece que" a "probablemente" e a "quizais". Véxanse estes exemplos literarios: *Disque o home é superior ás bestas*, *disque algúns pasan a vida nas bibliotecas*, *disque un rapaz de Mourente pintou a face dun santiño* (de Castelao), *disque cando se quedou viudo...*, *disque ten pauto co demo* (de C. E. Ferreiro).

992. Igual, ó mellor, se cadra

O adxectivo **igual** funciona tamén como adverbio de dúbida co mesmo valor ca **quizais** en moitos puntos de Galicia e moi especialmente no galego máis oriental da provincia de Lugo e no de Asturias e León. Así que podemos dicir frases como estas: *¿Que é de Cibrán? Igual está enfermo...*, *Igual non está agora na casa*.

Igual é tamén empregado a nivel literario. Sirvan estes exemplos de Otero Pedrayo: *Potenzas que igual poidéranse afitare á matemática* e Álvaro Cunqueiro: *igual era artilleiro como el... igual me xogo a vida*. O escritor mindoniense usa máis veces a variante **igoal**: *igoal morreu de fame...*, *igoal non paso de mañá*.

Así mesmo do adxectivo **mellor** formouse a locución adverbial **ó mellor** para expresa-la dúbida de quen fala ou escribe. É expresión moi corrente en toda Galicia e moi empregada polos escritores: *que paseaban ó millor co presidente da Audiencia* (de V. Risco), *ao millor no meio da noite choviñenta* (de Otero Pedrayo), *ó millor había xente sentada nunhas penas...*, *contestaba que ó millor podía mandar algún recado* (de Cunqueiro), *Mira ben onde pon os pes*, *que ao mellor... Ao mellor que?* (de Castelao). Curiosamente vemos por estes exemplos que os escritores prefiren a variante máis popular desta forma, **millor**.

Do verbo **cadrar** nace a expresión **se cadra** que fundamentalmente poderiamos entender como *se é útil*, *se é adecuado*, *se convén*, *se encaixa*, *se cae ben*, etc., pero que se converte (do mesmo xeito que pasou con **seique** ou **disque**) nunha locución adverbial de dúbida para moitos falantes galegos e mesmo para algúns escritores, como os que acabamos de citar: *podía chegar se cadra a ganar tanto coma il* (de V. Risco), *quen sabe onde estarán agora*, *si cadra agardando unha demanda de limpos paladís* (de Cunqueiro), *Por moito menos*, *e si cadra por nada*, *pode levarche calisquera gandulo* (de Castelao).

Pero aínda quedan máis expresións para marca-la dúbida.

993. Poida que, acaso, talvez

Moi corrente na fala popular para amosa-la dúbida do que se di é a expresión **poidaque**, que ten as variantes **poida ser que**, **poda que** e mesmo **podia que**. Sirvan como exemplo desta expresión estas frases tomadas dos escritores: *poida que non ande lexos...*, *poida que non tarde muito en andar* (de X. M. Pintos), *cavilando que poida que esta noite esté brilando unha estreliña máis* (de Cabanillas), *quen a escribe poida ser que non seipa de ninguén* (de Cunqueiro).

Acaso é outro dos adverbios de dúbida correntes tanto a nivel popular coma literario e é empregado tamén na expresión **por se acaso** que ten a variante popular **por se ascaso**. Ás frases tan comúns como *acaso chegue mañá*, *acaso chova esta tarde* engadimos estas tomadas dos escritores: *Que acaso nada quer dicir* (de Castelao), *¿Bulreime acaso algunha vez de ti?* (de Celso Emilio Ferreiro), *se por acaso a morte é verdade* (de Otero Pedrayo).

Despois de citar tantas expresións, e tantas voces para indica-la dúbida: **quizá**, **quizás**, **quizais**, **quiciabes**, **cecais**, **seique**, **disque**, **igual**, **ó mellor**, **se cadra**, **poida que**, **acaso**, só nos queda, deixando á parte **posiblemente**, **probablemente**, **polo visto**, etc., que son dubidosas para incluír entre os adverbios de dúbida, a voz tan corrente a nivel popular coma a nivel literario **talvez**.

Talvez, é dicir, **tal vez**, que é como escriben os escritores galegos, escríbese actualmente como unha soa palabra de acordo co que aconsella a actual normativa do galego, seguindo o costume de escribila así dos portugueses.

Esta voz, pois, **talvez**, serve para o mesmo uso que tódolos adverbios que acabamos de citar. Vexamos todas estas frases que tomamos dos nosos escritores: *¿Víronse polainas tal vez no congreso?* (de X. M. Pintos), *a centela tal vez máis lentamente o espaço inmenso atravesa ó caer* (de Rosalía), *Millor que matalo -talvez conviñese -metelo no fondo de catro paredes* (de Curros), *cicais seu amante*, *ou tal vez soio un camarada* (de C. E. Ferreiro), *as cruces do camiño creadas tal vez na escura Xermania* (de Castelao).

994. Ogallá

Ogallá se me deixara nesa paz dormir decote é unha frase de Curros Enríquez introducida pola palabra **ogallá** que segundo o diccionarista contemporáneo do poeta ourensán Marcial Valladares é unha interxección de desexo da que dá un exemplo popular: *ogallá que así non fora*.

Esta voz, bastante corrente na fala popular, foi sempre moi usada tamén polos escritores. Vexamos algúns exemplos: *Ogallá non espertara*, de Otero Pedrayo, *¡Ogallá que os nosos ollos se afagan a tamaña escuridade!... ogallá que algún día poida vela con máis simpatía*, de Castelao, *ogallá me colla vivo a noticia*, de Celso Emilio Ferreiro, *¡ogallá volveran tempos idos!* de Álvaro Cunqueiro, *ogallá poida subir eu tamén*, de Blanco Amor.

Ogallá aparece tamén rexistrada nos diccionarios de Carré, Eladio Rodríguez e Franco Grande, pero non sei por que razón desapareceu da maior parte dos diccionarios modernos.

Probablemente esta voz ten a mesma orixe có castelanismo **ojalá**, que penetrou tamén parece que tardiamente na lingua portuguesa e que foi pronunciado coma o noso castelanismo **oxalá**. Xa vimos en moitos dos nosos comentarios como hai palabras que teñen unha historia propia que se arreda das leis fonéticas normais. Coido que neste caso puido pasa-lo mesmo. ¿Como é posible que o cultismo **eucalipto** se transformase en variantes tan populares como **alcolito** ou **alcolitro**, palabras que para a maioría das xentes son completamente normais?

Non ten nada de estraño entre nós esa voz **ogallá** que seguen empregando os autores contemporáneos e a maior parte dos falantes de galego, aínda que desapareceu de moitos diccionarios. Rematemos lembrando algunhas frases de escritores de hoxe: *Ogallá que non me atopen o caderno... E que ogallá se tratase dunha tolemia de vellos* (de Neira Vilas), *ogallá non viñera nunca... ogallá sexa moito... ogallá fora sempre* (de Darío Xoán Cabana), *ogallá Deus o levara dunha vez... Ogallá coñecera un.... ogallá que lle seque* (de Úrsula Heinze)...

995. Cousas de arriba

Hai pouco tempo fixéronme unha pregunta acerca de se os adverbios **arriba**, **derriba**, **enriba**, etc., eran sinónimos e podían usarse indistintamente. En principio e como resposta ampla dixen que si, pero posteriormente meditando algo máis sobre esta cuestión deime de conta que a resposta foi un tanto xenerosa, lixeira e mesmo irreflexiva. As xentes fan uso de determinadas voces para ocasións moi concretas e ás veces os que tratamos con cousas referentes ó léxico somos moi amplos de comprensión e outras veces moi restrictivos.

Arriba é un adverbio empregado para expresar que algo mira para o alto ou que está por encima. Así eu podo dicir que *estou deitado cara arriba*, *apareceu un corpo barriga arriba*, *vóltome boca arriba*, *estou mirando para arriba*,...

Pero sobre todo a súa significación fundamental ou máis corrente sería a de lugar superior ou parte máis alta ca aquela onde está quen fala ou opina: *¿Como vai aí arriba?*, *Teño que volver arriba porque deixei aí a miña pipa*, *Pepe non está aquí porque pasa a mañá arriba*, *Arriba polo esqueiro*, *-miña prenda resalada*, *-arriba polo esqueiro*, *-que na corredoira hai lama* (versos de Rosalía).

E son moitas as expresións nas que **arriba** aparece para indicar que algo vai en dirección ascendente ou, se se quere dicir así, que representa a oposición a **abaixo**, como vemos en exemplos como os seguintes: *polo peito arriba subíame unha formiga*, *as anguías soben río arriba*, *guía o teu amigo costa arriba*, *tirei correndo escaleira arriba*, *costa arriba*, *costa arriba*, *-desandémo-lo camiño* (versos de Rosalía).

Arriba serve para indica-la superioridade de cousas nun sentido figurado. Se eu digo: *Esta decisión teñen que tomala arriba* significa que son os meus xefes ou superiores quen deben tomala e talvez eses xefes están no piso de abaixo... En oposición á xente baixa podemos falar normalmente da xente alta ou de **arriba**. E mesmo podemos referirnos a Deus coa voz **arriba**: *Ese milagre vén de arriba*.

Cando lemos ou escribimos algo referímonos a cousas lidas ou escritas antes dicindo: *o dito ou escrito arriba*.

E poderiamos indicar ademais moitas expresións nas que aparece **arriba**. Cando digo **de arriba abaixo** non soamente expreso a significación normal, senón que quero dicir tamén dun extremo a outro (*anda de arriba abaixo na súa habitación*), totalmente (*vin todo de arriba abaixo*), con aire de superioridade (*mirouno de arriba abaixo*), etc.

Hai moitos galegos que empregan a expresión **arriba de** para indicar algo que está máis alá dun lugar, aínda que ese lugar estea nun lugar baixo. Un de Ordes pode dicir *Padrón está arriba de Santiago*...

En fin, no próximo comentario trataremos de ver se os adverbios citados arriba poden usarse como **arriba**.

996. Derriba e enriba

O adverbio **derriba** é algo típico da lingua galega e ten pola súa orixe unha significación semellante á de **arriba**. A voz **derriba** é usada fundamentalmente para referirse a algo que está nun lugar superior a outra cousa: *deixei o libro aí derriba*, *botóuselle derriba unha copa*, *pon iso aí derriba*, etc., pero en xeral cando empregamos este adverbio queremos indicar que esa cousa que está **derriba** está en contacto con outra sobre a que repousa.

Penso que iso se ve máis claro cando se usa como locución preposicional, **derriba de**, segundo vemos por estes exemplos: *puxen o libro derriba da mesa*, *a salsa bótase derriba da lagosta*, *teño a pluma derriba do leito*... Ou cando vai precedido da preposición **por**: *bota azucre por derriba*, que ás veces segue tamén a preposición **de**, como vemos nesta expresión moi corrente: *por derriba de todo fago o que me peta*.

Pero desde logo certas expresións das que falamos no comentario anterior: *cara arriba*, *río arriba*, *decisións de arriba*, *escrito arriba*, *de arriba a abaixo*, non admiten a substitución de **arriba** por **derriba**. Non se di *cara derriba*, *río derriba*, etc.

Sen embargo o outro adverbio, tamén tipicamente galego, **enriba**, ten o uso máis amplo a tódolos niveis ca **derriba**. Mesmo podemos dicir *estou cara enriba* ou *quedei patas enriba*, cousa que como acabamos de ver non se pode expresar con **derriba**. E pode substituír a **arriba** en expresións como *alá enriba está o meu amigo*, *hai moito tempo que está enriba no monte e non baixa*, *os paisanos de aló enriba*...

Moi típico tamén é o uso de **enriba** como sinónimo de **encima** en casos como *con tódolos problemas enriba non puiden marchar*, *botan a man enriba*... E moitas veces é empregado como locución preposicional con **de** en casos coma estes: *enriba da cociña hai tres vasos*, *o libro está enriba da mesa*...

Podemos afirmar que algo está **por enriba** en exemplos coma estes: *ese obxecto ten aceite por enriba*, *ponlle a manta por enriba*, *pasounos por enriba*, pero resulta tamén moi usual o emprego desta locución para significar **ademais** ou **encima**: *trateino moi ben e por enriba insultoume*, *fixen moitas cousas e por enriba tiven que ir eu levalas*.

Noutras ocasións, con verbos como facer, mirar, tratar, adquire **por enriba** o valor de superficialmente: *mire o libro por enriba*, *tratei o teu amigo moi por enriba*, etc., pero se digo *por enriba de todo*, quero dicir con moito interese, sobre calquera cousa: *Ti tes que facer por enriba de todo o que che mandei*, *por enriba de todo gústame moito o teu libro*...

997. Riba, por riba e encima

Os adverbios dos que falamos nos anteriores comentarios **arriba**, **derriba** e **enriba** teñen a súa orixe no nome **riba**, procedente da voz latina RIPA, e que tiña vixencia aínda a fins da Idade Media ata que foi substituída por **ribeira** xa hai varios séculos. Sen embargo algúns diccionarios modernos manteñen este nome **riba** que as xentes de hoxe non coñecen.

Pero eses mesmos diccionarios descoñecen que **riba** permanece aínda vivo como adverbio sinónimo do seu derivado **arriba**, tanto a nivel popular coma literario: *merda por baixo e por riba* (C. E. Ferreiro), *cando estalou o foguete mirei pra riba* (Neira Vilas), *apañei os cabelos e turrei por eles para riba*..., *boteille terra por riba* (Castelao), *sapato de goma branca*, *de ante por riba* (M. Ferrín), *e puxo por riba o seu manto* (D. X. Cabana)...

E **por riba** é moi usado no sentido de ademais diso ou enriba diso: *E por riba inda viñan as mangoleteiras do taller* (Castelao), *e*, *por riba*, *o gran cabrón arrepañou canto quixo* (Freixanes), e tamén no de superficialmente cando acompaña a certos verbos como facer, mirar ou tratar: *mirei ese libro por riba*, *na reunión de onte o consello tratou este asunto por riba*.

Por riba seguido da preposición **de** forma unha locución preposicional moi empregada a tódolos niveis da lingua: *brinca por riba do cego*, *cando sobes por riba dese monte*, *un xersei por riba doutro*, *pasando unha perna por riba del*, *para poñelo por riba da porta*, *polas súas ideas está por riba de ti*...

Digamos por último que tamén é moi usual a locución **riba de** para expresar que algo é superior ou está enriba doutra cousa: *riba das súas maus pousei un bloque de papel* (Castelao), *o sol de San Xoan riba dos labramios* (Otero Pedrayo), *cai a neve branca fora*, *riba dos teitos* (Novoneira), *todos se botaban riba dil* (Fole), *ten o sobrado riba das cortes* (M. Ferrín)...

Así como de **riba** naceron tantos adverbios tamén da voz **cima** xurdiu exactamente unha familia adverbial e preposicional algo semellante. Témo-la locución **por cima de** bastante corrente: *por cima dos agros*, *por cima do mar*, *por cima de min* e coa preposición **en** anteposta formouse o adverbio **encima**, que tamén é bastante usual, pero eu coido que non tanto coma os **arriba**, **enriba**, **derriba**, etc.

Encima significa adverbialmente o mesmo que **enriba** e **derriba**: *unha cómoda coa Virxe do Carme encima* (Cotarelo), *xa encima a súa ruína* (H. Villar), *preguntas que me foran caendo encima* (Alcalá). E ten o mesmo valor de superficialmente ou ademais cando vai acompañado da preposición **por** nos mesmos casos que vimos no uso de **por riba** ou **por enriba**.

A locución preposicional **encima de** ten tamén o mesmo valor das citadas **derriba de**, **enriba de** ou **riba de** como vemos nestes exemplos: *Xa encima dos penedos non berra o graxo rouco* (Curros), *vai poñendo o mostrario de abalorios encima da lousa* (M. Rivas), *a carpeta que eu abandonara encima do escritorio* (Rábade)...

998. Sobre, sobor e encol de

Despois de tanto falar dos adverbios que servían para indica-la parte alta ou superior de algo e de como ás veces se convertían en locucións preposicionais que introducían complementos circunstanciais de lugar, non queremos rematar este tema sen menciona-la preposición típica para cumprir esta función.

Trátase de **sobre** da que non é necesario que insistamos acerca do seu uso: *o libro está sobre a mesa*, *os paxaros voaban sobre nós*, *Xan destaca sobre ti*, *falou sobre os problemas da vila*, *anda sobre os corenta anos*...

Pero si é necesario facer referencia a unha voz que é variante desta preposición e que ten moito éxito literario. Referímonos a **sobor**. ¿É esta voz hoxe popular? Desde logo, non. Pero penso que a palabra **sobre**, que forma parte de moitos compostos: **sobrecama**, **sobrecarga**, **sobrerrella**, etc., sufriu nestes unha evolución fonética de transformación da vocal *e* en *o* e posterior cambio de *sobro* en **sobor**, como vemos nesas frases citadas que podemos escoitar hoxe popularmente así: **soborcama**, **soborcarga**, **soborrella**, etc.

De aí que destes compostos que transforman o **sobre** en **sobor** saíu a crenza ou convicción de moitos escritores de que era lexítimo usar **sobor** en vez de **sobre**: *As ferramentas... sobor epitafios da necrópolis de Roma* (Castelao), *deixándoa caír sobor todo diós* (Blanco Amor), *sobor todo os que facía a xente* (Neira Vilas), *como se agranda sobor milleiros de colunas* (Iglesia Alvariño).

Pero é moito máis empregada a locución **sobor de**, tanto na significación de sobre ou enriba de (*sobor do terreo*, de Castelao, *sobor da mesa*, de Fole, *sobor do ventre*, de Cunqueiro, *sobor da flor das cerdeiras*, de M. María, *sobor da cabeza*, de Neira Vilas, *sobor do río*, de Conde), coma na de acerca de, en torno a (*armou contenda sobor dos teus bens*, de Castelao, *latricar sobor dos seus trafegos*, de Neira Vilas, *que lle dixera algo sobor da libertade*, de Conde) ...

Da expresión tan corrente e popular *estar no colo* debeu nace-la locución preposicional **encol de**, que vén sumarse a todas cantas xa fixemos referencia para sinala-la parte alta ou superior de algo: *encol da mesa de traballo durmían moitos documentos* (Castelao), *o primeiro que mirou foi encol da mesa o manuscrito* (Otero Pedrayo), *chourizos dependurados encol da lareira* (Blanco Amor)...

Os gramáticos, diccionaristas e normativistas din que **encol de** só pode usarse nesa significación que acabamos de ver, e non na de "acerca de", pero os escritores si a empregan: *Meditación encol da vida de Cristo* (Castelao), *temas encol de Walter Scott* (Otero Pedrayo), *sutilidades encol do esprito dos homes* (Cortezón), *perguntas encol dos elementos domésticos* (X. Torres), *ditos festeiros encol da beatería científica* (Casares)...

999. En pos de pos

A palabra latina que servía para indicar adverbialmente que algo está máis lonxe ou é posterior tanto no espacio coma no tempo era POST, voz que deixou descendentes en tódolas linguas románicas e que en galego e portugués deu *pos*, palabra que atopamos usada nos textos medievais como vemos nestes exemplos das "Cantigas de Santa María": *correndo pos eles*..., *e tanto pos el andou*..., *entrou pos ele*...

Pos úsase hoxe sobre todo precedida dunha preposición, feito que xa se daba na época medieval e que se escribía adoito *empós*, cando era precedida de **en**. Hai xentes actualmente que din, por exemplo, *marcha ti agora*, *eu vou empós*, pero sen embargo algún escritor que a emprega, como Celso Emilio Ferreiro, escríbea separadamente: *Merda adequerida ou herda*, *merda dediante i en pos*.

Coa preposición **de** formouse **depós**, como vemos neste exemplo medieval, *depos mia morte*, que por cruzamento con **empós** deu lugar á forma **dempós**. Pero hoxe é máis corrente oír en moitos lugares de Galicia a variante destas voces, **despós**. Véxanse estas frases que tomamos das gravacións de relatos populares que temos no "Tesouro da lingua" do ILGA: *despós tamén se iban ó monte* (Cedeira), *moitos anos despós de nosoutros* (Ortigueira), *despós un día pola mañá* (Melide), *e despós tés que baixalo* (Salvaterra do Miño), *e despós veu a xiada* (Gomesende-Ourense). Noutras partes da zona oriental da provincia de Ourense é moi corrente escoita-la variante **despous**: *despous ían polas casas nas que había algo que coser*.

Pero o composto de **pos** coa preposición **a** foi o que máis éxito tivo. **Após** foi moi empregado nos textos medievais (*sempre após el andavan*, das "Cantigas de Santa María"), e é moi popular na lingua portuguesa, usado pouco polos falantes galegos e bastante utilizado polos nosos escritores.

Xa comentei no *Cartafol da lingua* o grande uso que desta voz como adverbio temporal fixo o escritor Celso Emilio Ferreiro: *as verdadeiras dificultás comezarían após*..., *enviaba grandes bocadas de fume*, *que após botaba polos buracos do nariz*..., *ías nacer cinco meses após*..., *i após perdíanse no laberinto da cidá*..., *que após chegou a ser soldado*. Tamén o fan Cortezón (*un protestante metodista que morrera catro anos após*) e Cunqueiro (*decíalle após cada serenata*).

A maior parte dos escritores adoitan acompañan esta forma da preposición **de** cando a utilizan preposicionalmente. Xa atopamos exemplos en: Curros Enríquez (*seguindo após da romaxe Añón i eu*), Castelao (*após dunha loita dina de ser contada*), Otero Pedrayo (*polos camiños após dela*), Cunqueiro (*após dil un monaguillo con incensario*) e C. E. Ferreiro (*e após de persiñarse e rezar o rosario*) empregan bastante ese **após de**.

A pesar da tradición destas palabras, **pos**, **depós**, **despós** e especialmente **após**, non aparecen rexistradas na maior parte dos diccionarios. Nin sequera esta última que usan bastante os escritores contemporáneos: *desapareceu após dos vidros da fiestra xa pechada* (Cortezón), *camiñando após do burro* (F. Ferreiro), *após de longas horas de duro andar* (M. Ferrín), *Miluca viña após de min* (X. Alcalá)...

1000. Imos pois con pois

Ó lado da palabra comentada **pos**, procedente da voz latina *post*, aparece a variante **pois** xa nos primeiros textos medievais que vai ser unha forma moi estendida en tódolos niveis da lingua galega e portuguesa.

Non está claro para os filólogos como naceu esa forma. ¿De onde xurdiu esa vocal *i*? ¿Sería posible que no ámbito do territorio galego-portugués entrase e permanecese desde o principio da conquista romana o arcaísmo latino POSTE e que dese lugar á formación do noso **pois**? En fin, hai outras teorías que non paga a pena tocar.

O feito evidente é que **pois** coexiste e vai tomando máis forza ca **pos** desde os primeiros tempos da nosa lingua. **Pois** xa funciona nesa época segundo vemos por estes exemplos das "Cantigas de Santa María" adverbialmente (*Outra razon quero contar que lle ouve pois contada*), como preposición (*poys sa morte en seu aver erdeiro ficasse*) ou como conxunción (*Pois lle este don tan estrayo ouve dado*).

Actualmente **pois** funciona como unha conxunción que serve para indica-la causa ou motivo do que se conta: *Recoméndoche que botes unha ollada ó meu esquelete*, *pois teño un veciño coxo e pode roubarme a perna* (Castelao), *a nai surría*, *pois a historia n'era certa* (C. E. Ferreiro), *e pois ti sabes que son rei de facendas* (Cabanillas)...

Pois introduce a consecuencia ou conclusión do que se acaba de dicir: *¡Sempre coa mesma! Pois nen ti lle fas favor a ela nen ela cho fai a ti* (Castelao), *Ela comentou*: *Pois si che parece*, *agora vaino contando pola vila* (C. E. Ferreiro), *pois non me foi dada a dita de vivir contigo* (Cabanillas), ou para recoller a modo de resume todo o que se dixo anteriormente: *Eu era*, *pois*, *un gran patriota belicoso* (Castelao), *Partirei pois a hirencia de dous modos* (Rosalía)...

Poderiamos sacar miles de exemplos do uso desta conxunción ilativa, é dicir, que relaciona o que queremos contar co que acabamos de contar ou que, no fondo, é un suplemento de axuda para reforza-la frase que empezamos: *Escoitade pois a un home doutro mundo pregándovos* (Castelao), *Imos*, *pois*, *acrarar iste asunto* (C. E. Ferreiro), *Alá ván*, *pois*, *as Follas novas* (Rosalía).

Neste último sentido que acabamos de expresar é moi empregado **pois** na fala popular. Temos escoitado moreas de veces expresións como estas: *bueno*, *pois*, *mira*, *tes que ir alí*..., *eu tiña*, *pois*, *unha besta*..., *eu non sei*, *pois*, *se vou ou non*...

Por último queremos sinala-la presencia da variante desta voz, **poise**, que recollemos en moitos lugares de Galicia: *Así que nacín poise non andaba*..., *poise marchou Xan*..., *poise teño que estrarlle as cuadras*..., *poise alí hai dúas aldeas*. Por certo que atopei o uso de **poise** en Risco: *Poise don Celidonio veu de Castela*.

1001. Empois e dempois

Xa vimos no comentario anterior como a voz **pois** lle gañou terreo a **pos** en tódolos niveis da lingua. Vexámo-lo que pasou cos compostos destas voces coas preposicións. Digamos en primeiro termo que a palabra resultante da composición de **a** máis **pos**, é dicir, **após**, tivo tal forza desde a época medieval ata hoxe, tanto no portugués, onde é forma da normativa, coma no galego, que non coñecemos ningunha variante *apois*.

A voz composta de **en** máis **pos**, é dicir, **empós**, permaneceu firme nos textos medievais e mesmo en portugués como variante de *após*. Sen embargo no galego dos últimos séculos esta palabra, non moi corrente entre falantes e escritores, tivo a influencia de **pois** e coexistiu ultimamente con **empois**, como vemos neste par de exemplos que tomamos dun poeta do "Album de la caridad": *cando empóis de sigros foi collida* (que tamén usa unha variante **impois**: *Para un grolo impois botar*) e da "Beiramar" de Cotarelo Valledor: *Enroleime no vapor dous días empois de aquelo*.

O composto **depós**, como xa dixemos, tivo pouco éxito na lingua galega e o formado por **de** e **pois**, é dicir, **depois**, tan popular en portugués, non conseguiu aceptación na nosa lingua. Sen embargo triunfou bastante a voz resultante do cruzamento de **de pois** e **empois**, é dicir, **dempois**, que está moi firme, que eu saiba, entre os falantes da parte sur-occidental da provincia da Coruña e da zona occidental da de Pontevedra, e eses falantes pronuncian moitas veces esta voz como **dimpois**.

Dempois está rexistrada en tódolos diccionarios galegos, agás a maioría dos modernos, que esquecen que esta palabra é a preferida por moi importantes escritores galegos. Rosalía de Castro en "Cantares gallegos" emprega exclusivamente estas formas: *Dempois*, *chora que te chora*..., *dempois da frugal cea*..., *comer dempois berciñas e pan duro*..., *cando as veu dimpois chorar*..., *e vés dimpois xurando*... En "Follas novas" aparece **dempois** (*dempois quentaraste a un lume*) e xa a forma máis estendida **despois** (*vina despois inda viva*).

Leiras Pulpeiro emprega moi a miúdo a forma **dempois**: *E dempois baixando á Granda*..., *pro dempois eu son quen perde*..., *dempois de rosmaren baixo*... Otero Pedrayo en "O mesón dos ermos" usa xunto á forma estendida **despois** (*Agora despois de camiñar*) e a variante **despoixa** (*o baile desenrolouse pirmeiro etiqueteiro*, *despoixa bárbaro e sensual*), **dempois** (*Moitos anos dempois*..., *e dempois que me enforquen*) e a variante **dempoixa** (*Convidou a todos con viño e copas*, *e dempoixa armou un baile*).

Mirando con moita atención as obras de Neira Vilas "Historias de emigrantes" e "Memorias dun neno labrego" atopei que nelas non aparecen nin **despois** ou **dispois** ou **após** nin unha soa vez. Ducias e ducias de veces achámo-la voz **dempois** usada adverbialmente (*Xa veremos dempois*..., *dempois houbo xestiós*..., *dempois durmo coma unha pedra*..., *dempois fixen o propio co meu pai*), como locución preposicional (*tres días dempois da miña chegada*..., *dempois de tanto trafego eu estaba canso*) ou como locución conxuncional (*dempois de que eu morra*).

Pero aínda hai máis escritores que prefiren **dempois**.

1002. Dempois e despois

Continuando cos escritores que senten como máis normal **dempois** ca **despois**, temos que facer referencia a Celso Emilio Ferreiro, que xa o citamos como grande utilizador de **após**. Nunha análise léxica da maioría das súas obras atopamos que soamente empregou catro veces **despois** fronte a **dempois** que o usou oitenta e unha veces: *dempois colle a táboa e sai*..., *dempois calaba pra escoitar o silencio*..., *dempois da desfeita pasou á loita*... (e nunha ocasión **dimpois**: *pra esmigallalo e dimpois gandilo*).

Curiosamente outro grande escritor ourensán, Blanco Amor, non fai uso nin unha soa vez do adverbio **despois** na súa obra "A esmorga" (nunha ocasión di *fumos dispóis*), senón que utiliza máis de trinta veces **dempois** (*unha hora dempois*..., *dempois voltouse boca arriba*), e seis a variante **dimpois** (*untándoas dimpois con manteiga de cerdo*).

Ramón Cabanillas é igualmente outro dos escritores que prefire **dempois** (*dempois virán uns días ledizosos*) ou mellor, **dimpois** (*dimpois de pensalo un pouco*..., *dimpois tivo un preito*). Tamén Rafael Dieste fai bastante uso de **dempois** (*ficaron dempois tensas e caladas*) e **dimpois** (*dimpois volve aos seus viaxes*..., *dimpois quedei soio*), aínda que utiliza así mesmo frecuentemente **despois**.

Citemos por último outros escritores do século pasado como Xoan Manuel Pintos (*Mais dimpois de aquel fracaso*..., *dimpois de morto o paxaro*) ou Lamas Carvajal (*dempois viñan os fouchos maordomos*..., *dempoixa de botar dous tragos*) que están nesta mesma liña.

Naturalmente a voz **despois**, nacida como variante da forma xa comentada **despós**, estendida practicamente por toda Galicia, é a palabra desta familia que foi santificada pola normativa vixente, polos escritores actuais e polos diccionarios modernos que agás o de Estravís, non recollen ningunha das outras formas que citamos de voces derivadas do latín POST. Os diccionarios portugueses que teñen *depois* como palabra que poderiamos chamar normativa rexistran como sinónimos *despois*, *despós*, *depós*, *espós*, *espois* e *após*.

E non queremos rematar estes comentarios sen sinalar que **despois** ten unha variante fonética moi popular, **dispois**, que foi empregada por Castelao dez veces máis ca **despois** e tamén de vez en cando por algúns outros escritores.

Tamén teñen certa vixencia entre algúns falantes as variantes **despoixa**, **despoixas**, **dispoixa** e **dispoixas**, que mesmo algúns escritores utilizan. No libro "Arraianos" de Méndez Ferrín atopei estas frases: *A cerne*, *despoixa das medias*, *non era branca*..., *despoixas da reunión da Pena de Anamán todo ficou xa claro*. E Cunqueiro nalgunhas obras como "As crónicas do Sochantre", "Escola de menciñeiros" ou "Si o vello Sinbad volvese ás illas" utiliza case exclusivamente como adverbio temporal a forma **despoixas**: *aínda que despoixas non viñese*..., *despoixas de pensalo un pouco*..., *e despoixas botábase a durmir*...

1003. Enmentres e entanto

O adverbio que serve para indicar que unha acción ten lugar ó mesmo tempo ca outra era en latín clásico a voz DUM, que recibiu xa entón na fala popular o reforzo de INTERIM e esa nova palabra DUMINTERIM foi a que deixou descendentes en moitas linguas romances.

Seguindo a evolución fonética normal esa voz converteuse na nosa lingua en *domentre*, da que non temos constancia nos textos medievais galegos nin portugueses, pero si da forma *domientre* mesmo nos textos casteláns literarios.

Por influencia doutros adverbios que comezan por *de* (como **debaixo**, **derriba**, **dediante**, **detrás**, etc.) esa forma *domentre* transformouse en *dementre*, que estivo moi viva nos séculos XIII e XIV segundo vemos nos textos desa época como nas traduccións da "Crónica General" (*fez esta corredura dementre que o conde era ydo al rey*), ou do "Fuero Real" (*dementre que alguu non for de ydade*) e doutros textos que recolle R. Lorenzo na súa obra sobre a traducción galega da "Crónica General".

Curiosamente, xa nesa época, temos que sinala-la existencia de certas variantes fonéticas causadas pola influencia doutras voces similares: *dementres* e *demente*, pero ocorreu cara ó século XV que *dementre* e as súas variantes desapareceron das linguas galega e portuguesa, do mesmo xeito que desapareceu do castelán *demientre*.

Ó lado de **debaixo** ou **derriba** temos **embaixo** ou **enriba**, tamén existiu xa desde os tempos medievais xunto a *dementre*, *dementres e demente* formas que cambiaron a sílaba inicial *de* por *en*: *enmentre*, *enmentres*, *e enmente ou enmentes*, voces que eu penso que foron desaparecendo, agás *enmentes*, que aínda se pode escoitar polas illas Azores e algúns puntos do norte de Portugal, e **enmentres** (coa variante **enmentras**) que din contadísimos falantes galegos actualmente.

Estas palabras que comezan por *en* tiveron cecais tamén a influencia doutra voz de significado similar, *entanto*, que xa aparece usada nas "Cantigas de Santa María" (*entanto o preste morreu*) e outros textos medievais: *foisse entanto a huna montaña*..., *fez entanto huua tregoa*...

Entanto mantívose bastante ben na lingua portuguesa coma na galega. Entre nós é palabra bastante corrente a tódolos niveis da lingua, pero téñase en conta que a normativa vixente manda escribila en dúas palabras: **en tanto**. Sen embargo hai escritores que manteñen a tradición escrita, é dicir, **entanto** como vemos nestes exemplos de Curros Enríquez (*i as obras bendixo*, *i entanto unha copa enteira de viño vello apuraba*, *faloume*...), Castelao (*Non me fallaron no entanto*, *axuda e consello dos compañeiros*..., *repárese*, *no entanto como a cruz e o cirio aproveitas*...), X. Alcalá (*No entanto*, *a vida no meu novo lar tomaba ritmo*..., *no entanto*, *eu naufragaba*...).

Aínda queda moito que falar dos derivados da orixinaria voz *dementre*.

1004. Entrementres e namentres

Xa vimos como a voz orixinaria *domentre* cambiou a sílaba inicial por *de* e logo por *en*. Tamén en plena Idade Media deuse o cambio desa sílaba inicial por *entre* dando lugar á palabra *entrementre*, que en portugués (como pasou no caso de *enmentre*) se transformou en *entremente* ou *entrementes*, que teñen vixencia no día de hoxe fronte ás palabras máis correntes de *entretanto* ou *enquanto*.

A forma **entrementres** é voz tradicional tamén en galego e considerada lexítima pola normativa vixente, pero coido que é moi pouco usada polos falantes e polos escritores (*cóntalle entrementres o visitador a de plans que ten feitos para o futuro*, de A. Conde). Ten esta voz moitas variantes. Hai quen di **entrementes** e outros **entrementras**, pero hai quen di tamén **entramentes**, como escribiu Curros Enríquez: *Diante de nós*, *entramentes*, *no Mediterraneo as olas*..., e outros **entramentres**, como emprega tamén Curros: *Acolá enriba todo é escuridá entramentres*...

A variante **entramentras** é igualmente usual e mesmo un escritor como Neira Vilas a emprega bastante: *Entramentras tíñame que poñer dacordo con Gumersindo*..., *entramentras eu choraba*. Tamén Castelao a usou: *unha mesa de pedra para pousar os mortos entramentras se reza*.

Pero hai quen cambia o *e* inicial destas variantes por *a*. Rafael Dieste usou **antrementres** (*antrementres engulía a cea que me sirveu a súa muller*) e Rosalía de Castro **antramentras** (*Antramentras non quites eses cerellos*..., *dixeron dentro*, *antramentras que quitaban o tranqueiro da porta*), voz que tamén empregou abundantemente Castelao: *antramentras non devolva o que roubou*..., *antramentras non deran comprimento a unha orde súa*.

Desta mesma familia léxica temos que citar tamén outras variantes como **entramentes**, que din algúns falantes, nacida probablemente pola influencia de **entanto** ou **entanamentes**, da que sairía **namentes**, aínda viva nalgúns lugares. Pero curiosamente as formas paralelas a esta última voz **namentras** e **namentres** son bastante usadas, tanto a nivel popular como literario.

Hai moitos escritores que prefiren a forma **namentras**, como Rosalía de Castro (que por certo usou unha vez a forma **nentramentras**), Otero Pedrayo, V. Risco, Castelao, Fole, C. E. Ferreiro, Cunqueiro, García Sabell, Fernández del Riego, etc. Sen embargo a forma máis tradicional, que é a recomendada pola normativa oficial, **namentres**, é pouco usada polos escritores, agás Blanco Amor e M. Ferrín.

En fin, aínda queda por falar das voces máis populares desta familia léxica.

1005. Mentras e mentres

Ó lado de tantas formas derivadas da palabra orixinaria do latín DUM INTERIM, é dicir, *domentre*, que se transformou primeiramente en *dementre*, voz que se modificou de diversas maneiras, o mesmo que **entrementre** ou **enmentre**, que fixeron o mesmo, temos que sinalar que unha nova creación desa voz orixinaria foi a perda da sílaba inicial: **mentre**.

Mentre é palabra bastante documentada nos nosos textos medievais xunto coa súa variante **mentres**, formada engadindo un s a **mentre**, para acaba-la última sílaba como o fan outros moitos adverbios (**máis**, **menos**, **pois**). **Mentres** converteuse en voz corrente e, como pasou coas outras voces desta familia xa citada, dela naceu a variante **mentes**, que aínda hoxe usan algúns falantes, pero que non tivo éxito literario.

Desde fins da Idade Media xurdiu outra variante, **mentra**, con *a* final, como tantos adverbios rematados nesa vocal (**inda**, **contra**, **agora**, ...), que tivo menos éxito cá transformación de **mentres** en **mentras**.

Estas dúas formas, **mentres** e **mentras**, son por dicir así os descendentes dese adverbio temporal latino que se impuxeron a toda esa longa lista de palabras que fomos dando tan detalladamente.

Mentras é nos últimos tempos a forma máis popular para os falantes e mesmo para moitos escritores. Vou mencionar algún deles cun exemplo: Rosalía (*vellos e vellas*, *mentras monean*), Iglesia Alvariño (*mentras que fagan romaxe*), R. Cabanillas (*latexará mentras viva*), C. E. Ferreiro (*non poderemos esquecelo mentras vivamos*), Cunqueiro (*¡Sempre tiña que mandarche pórte de costas mentras me espía!*), Neira Vilas (*contestoulle mentras o acochaba*), Novoneira (*mentras o quedo mirando*), etc.

Sen embargo a forma máis tradicional, a recomendada pola normativa vixente, non está tan espallada entre os falantes, pero si a usan moitos escritores desde sempre. Citemos algúns: X. M. Pintos (*mentres mordía eu a pólvora*), Curros Enríquez (*e cecais Rosa se ría mentres el se enrabexa*), Blanco Amor (*pro mentres fun rapaz non quixo decirme ren*), M. Ferrín (*rosma o Gobernador mentres acende un habano*), Casares (*ocurrira pola noite mentres a santa oraba*), etc.

Curiosamente estas formas **mentes**, **mentre** e **mentres** comúns co portugués desapareceran desta lingua e foron substituídas por *enquanto* e *entretanto*. Sen embargo nas outras linguas romances onde quedan descendentes desta familia léxica triunfaron tamén as formas sen a sílaba inicial: **mentre** (italiano e catalán) ou *mientras* (en castelán).

En fin, coido que a riqueza dos descendentes do adverbio latino DUM INTERIM en galego é extraordinaria e que non debe estrañarnos atopar ó lado das formas normativas **mentres**, **entrementres** e **namentres** toda esa serie de voces populares ou literarias que seguen vivindo na nosa lingua.

1006. Hogano e agora

Unha vez máis queremos insistir no feito de que as palabras modifican ou cambian ó longo dos tempos a súa significación orixinaria. Está claro que a voz actual **hogano** ten a súa orixe na expresión latina HOC ANNO, é dicir, 'este ano', e que esa é a súa significación fundamental e que é así como vén recollida en tódolos diccionarios. Pero pregunto ¿quen en vez de dicir este ano, no ano actual, no presente ano, se atreve a dicir *hogano non choveu moito* ou *hogano non fun aínda a Madrid*?

Penso que hai aínda bastantes falantes e mesmo bastantes escritores que usan este adverbio nun sentido máis xenérico, isto é coa significación de 'nos tempos actuais' ou 'na actualidad': *Aínda hogano*, *após de tanto tempo*, *agallopan espadas polos eidos* (C. E. Ferreiro), *hogano todos son vapores e motores* (Cotarelo), *non semella hogano disposto a aturar a invasión do capador* (M. Ferrín), *obran hogano en poder do solar* (Rábade P.) ...

Cando nos referimos ó día de hoxe dicimos **hoxe**, pero moitas veces xa aplicamos tamén esa voz para referirnos á actualidade e é moi corrente o emprego da expresión **hoxe en día** nese sentido de 'actualmente'.

E cando facemos concreta referencia á hora que estamos vivindo dicimos nesta hora que moitos pronuncian así: **nestora**. E a maneira latina de dicilo era HAC HORA que evolucionou no noso adverbio **agora**.

Naturalmente **agora** ten o valor concreto de "este preciso momento en que estou falando": *Este coñecidísimo drama*, *que agora ides ver*..., *agora isca*, *isca lixeiro*..., *e agora ande*, *señor* (Castelao), *agora vaite deitar*..., *agora siga vosté coa historia*..., *i agora durme outro pouco*..., *agora pecha con tres voltas de chave*... (Cunqueiro)...

Pero **agora** pode tamén expresa-lo momento ou tempo anterior ou posterior a ese en que estamos falando. **Agora** pode pois equivaler a "hai pouco tempo" ou a "dentro de pouco tempo" e mesmo ó sentido amplo de "na actualidade". Vexamos algúns exemplos que tomamos da ampla obra de Cunqueiro: *Agora estanche todos alá*..., *por cartos agora nos servíu de posta*..., *i eu vou agora poñer por obra un desengado*..., *os muíños do Pontigo son agora dúas moreas de pedra moura*..., *aínda agora que vou vello*...

En fin, agora ou por agora deixo de escribir deste adverbio, pero continuarei no próximo comentario falando doutros sinónimos desta voz que proceden da mesma base etimolóxica.

1007. Ora e arestora

Está claro que a voz **ora** é da mesma familia léxica ca **agora**. Talvez sexa unha evolución popular desta forma que perdería o *g* e reduciría a primeira sílaba resultante (*ao*) a *o*...

Se alguén consulta un diccionario para ve-la significación de **ora** atopará que é unha conxunción que serve para usar repetidamente ó principio dunhas oracións e indica alternancia ou distribución. Equivale pois a "unhas veces... outras veces...", "ou... ou...", "ben... ben...", "xa... xa...", etc. Naturalmente é unha interpretación perfecta dun uso bastante corrente.

Ora ten tamén un valor interxeccional cando se emprega berrando para dete-lo gando vacún, e antigamente era moi empregada no valor de "¡naturalmente!", "¡claro!" en frases como esta que recollemos do diccionario de Eladio Rodríguez: *¿Vergonza? ¡Ora! Pra sentila hai que tela*. No mesmo dicciona-

rio atopamos estoutras frases: *¡Ora o diaño!*, *¡Ora que ser!*..., que traduce ó castelán por *¡que cosas se oyen!*, *¡mira que es ocurrencia!*, *¡lo que se discurre*, *vaya que es ocurrencia!* Na obra de Curros Enríquez achamos un par destes exemplos: *Marcha can*, *decía unha vella*, *¡Ora o demo*, *onde te ves!*..., *¡Ora o demo! ¿quen... non merca saúde e groria*...

Sen embargo non aparece nos diccionarios o uso adverbial e a súa significación desta voz **ora** que é bastante popular e que empregan moito os escritores: *Así a meniña traballadora os punteados deprende ora*..., *i ora non penses nos punteados*..., *anque ora canto con brío*..., *ora todo silencioso* (Rosalía), *Da pasada mocedade*, *con diferente ora estás*..., *ora non fai resoar*... (Pondal). Nestes exemplos vemos claramente o uso de **ora** como equivalente a **agora**. Poderiamos citar numerosos exemplos máis: *¿I entrésache ora sabelo?* (Leiras Pulpeiro), *¿A que ven ora o brañego?* (Noriega Varela), *ora o Conde non pode pensar* (Risco)...

Por último queremos facer referencia a outro adverbio desta familia léxica, que si é recollido polos diccionarios. Trátase de **arestora** (do que existe a variante **arastora**) que funciona como sinónimo de **agora** e que talvez naceu polo cruzamento de *agora* e *esta ora*.

Algúns autores empregaron **arastora**, como Curros (*Por eso*, *como arastora*, *veu moitas veces*) e Risco (*é un dos poucos que arastora cumpren a concencia coa súa obrigazón*), pero a maior parte usan a forma máis tradicional e consagrada, **arestora**, como Castelao (*Arestora doña Florinda é unha velliña chuchada*), Otero Pedrayo (*louvar ao home descoñecido que arestora labra o meu xardín*), Blanco Amor (*arestora sentíame como nas portas do pasamento*), Fernández del Riego (*os seus sentidos están arestora postos en Laura*), Freixanes (*esta nova alianza que arestora emprendemos*)...

1008. As variantes de ata

A preposición que serve para indica-lo termo ou fin ó que se chega ben sexa no espacio ou no tempo, ben sexa nunha acción ou cantidade era en latín USQUE que non deixa descendentes nas linguas peninsulares que atoparon como substituto o arabismo *hatta*, que dá orixe a moitas formas nos tempos medievais: *adta*, *ata*, *ate*, *até*, etc. E en castelán transfórmanse en *fasta* e *hasta*.

No libro de R. Lorenzo "La traducción gallega de la Crónica General" podemos comproba-la existencia moi abundante nos nosos textos da forma *ata* e naturalmente das outras variantes citadas. **Ata** mantívose popularmente ata que pouco a pouco comezaron a entrar na fala os castelanismos **fasta**, **asta** e mesmo **astra**.

Fasta é hoxe practicamente descoñecida, pero aínda a atopamos usada por algún escritor do século pasado. X. M. Pintos úsaa nalgunha ocasión (*para tender túas alas e levadas fasta onde poidan chegar*), pero prefire **hasta** (*dende os pés hasta o cabelo*) e fai o mesmo Rosalía que usa algunha vez **fasta** (*E como ó mediodía*, *fasta o río*, *brisas*) e tamén **hasta** (*xa estou deles hasta a punta dos cabelos*), pero prefire **hastra** (*Cantar que me conmoveu hastra facerme chorar*).

Xa no século XVIII Sarmiento sinala a imposición na fala popular de **asta** e **astra** (ou **hasta** e **hastra**). Actualmente a forma con *r* é a máis espallada entre os falantes.

Hasta é a forma que atopamos moi empregada por Cotarelo (*a lancha mete hasta os caireles*), Iglesia Alvariño (*medran hasta as estrelas as súas copas*), Noriega Varela (*tapadiño hasta as orellas*), Casares (*Agardou hasta pouco antes da hora de xantar*)...

Pero é **hastra** a variante máis usada pola maior parte dos escritores ata hai pouco tempo: Curros (*déndesde a posta do sol hastra a saída*), Otero Pedrayo (*hastra choraron por el*), Cunqueiro (*eu corría hastra a ponte tras ela*), Neira Vilas (*Funme hastra onde está a ucha da roupa*), o xa citado Casares (*todo chegaba hastra min*)...

A forma tradicional galega **ata**, que se está a impoñer actualmente no ensino e nos medios de comunicación gracias á recomendación da normativa oficial, foi empregada xa por Vicente Risco: *ata que morreu* e é a preferida polos escritores actuais: *desde Fontesanta ata as fontes do Ninfos* (Rábade), *sabedes que ata mañá* (D. X. Cabana), *non saía da casa ata pasa-las vintecatro horas* (U. Heinze), *¿Quen sabe ata onde chegará a cadea?* (M. Rivas), *cando chegaban ata ela aqueles sons* (F. Ferreiro), *xuntos ata a morte* (X. Alcalá), *os arcabuces dos que ata hai ben pouco se gababan* (Conde), etc.

Sen embargo non podemos rematar este comentario sen facer referencia a outro rival moderno que lle saíu á nosa forma tradicional **ata**. Trátase do portuguesismo **até**, que non entrou na fala popular, pero que si tivo e ten algúns partidarios entre certos escritores. Cabanillas xa o empregou algunha vez (*mar adiante até chegar a Irlanda*) e para Blanco Amor (*non paramos até o souto dos castiñeiros*) e Celso Emilio Ferreiro (*Pero até agora*...) foi a forma preferida. Tamén fai uso del o escritor contemporáneo Méndez Ferrín: *o home ía levalo até o pozo negro*...

1009. Chegou o intre

Chegou o intre de falar da voz **intre** da que non fixemos referencia cando comentamos tantas voces referidas ó tempo no que ocorren moitas cousas coma entrementres, namentras, mentres, etc., que tiñan como base a palabra latina INTERIM.

Pode que haxa bastante xente que crea que as palabras **momento** ou **instante** son palabras tradicionais para indicar espacio de tempo moi breve ou punto preciso dun tempo determinado. Pois non. Entraron como cultismos a fins da Idade Media na escritura e logo pasaron á fala para concretar máis especificamente a voz **tempo**.

Pero tamén volveu entrar nas linguas peninsulares pouco tempo despois desas voces o cultismo INTERIM, que en xeral se mantén tal cal. Sen embargo pasou nalgúns lugares a ser usado polos falantes como *ínter*, denominación que practicamente desapareceu en toda a Península agás en Galicia onde se impuxo como **intre**, tanto a nivel popular coma literario, aínda que teño que dicir que algún falante di **entre**.

Intre é mais popular ca **instante** e coido que tamén máis ca **momento**. Son moitos os escritores que empregan esta voz no canto desas voces: *chegou o día esperado e o intre de sentarse na mesa*..., *foi o intre máis feliz da miña vida*..., *hai intres en que xa non sei se Galiza eisiste na realidade* (Castelao), *sería o intre de falar seriamente* (Celso E. Ferreiro), *fai cousa de poucos intres* (Fole), *non lle chegaba o intre de se asosegar* (Blanco Amor), *ficou un intre coa mao na testa* (M. Ferrín), *xa sentira noutros intres da súa delongada existencia* (Conde)...

Naturalmente esta palabra pode ir acompañada por preposicións e ás veces entón adquire valor de locución adverbial. Vexamos algúns exemplos coa preposición **en**: *nun intre dado marchei para casa*, *no mesmo intre saín correndo*, *no intre houbo marchar*, *naquel intre marchei*, *neste intre vin o ceo aberto* e poderiamos poñer outros exemplos con outras preposicións.

Os escritores fan moito uso destas expresións: *Neste intre atópase en Lourdes* (Castelao), *coido que neste intre non sabe nada das andadas* (M. Ferrín), *naquel intre despertou o neno* (Castelao), *entrou o rei naquel intre* (Cabanillas), *naquil intre orneou un burro* (Fole), *a partir daquil intre comenzou a falar* (Celso E. Ferreiro), *foi a partir dese intre que os veciños* (M. Ferrín)...

A expresión tan corrente para indicar que algo se fai continuamente, *a cada instante*, que empregan moitos literatos ten a súa correspondencia exacta con *a cada intre*, segundo vemos nestes exemplos de Castelao: *a cada intre ollamos cruces antropomórficas* e de Neira Vilas: *a cada intre revirábame*.

En fin **intre** é unha palabra tipicamente galega que naceu hai poucos séculos do cultismo INTERIM, que non logrou triunfar popularmente nas outras linguas peninsulares.

1010. Infindo e infinito

Se preguntasemos a centos de miles de galegofalantes que nos dixesen que palabra empregarían, por exemplo con río, tempo, camiño, tristeza, amor, etc., para indicar que non ten fin, que non ten límites, que non se pode medir ou contar, falarían dun río, tempo, camiño, etc., *moi grande*, ou *sen límites*, talvez algúns dirían **inmenso** ou **enorme**, e mesmo habería quen dixera **ilimitado**...

Penso que moi poucos contestarían coa voz culta **infinito**, e coido que ninguén empregaría o adxectivo **infindo**. Xa hai tempo no *Cartafol da lingua* comentámo-lo emprego que facía Celso Emilio Ferreiro desta voz **infindo**, que naceu do cultismo **infinito**, palabra que loxicamente debería evolucionar en *enfido* ou *enfindo*, pero que evolucionou soamente en **infindo**. Probablemente houbo falantes cultos que deberon empregala así xunto con **infinito**.

En resumo, penso que o cultismo **infinito** é voz normal na nosa lingua, pero non moi usual na fala cotiá dos falantes nos cultos e o que poderiamos chamar semicultismo está practicamente esquecido na fala popular.

Sen embargo no nivel literario da lingua ámbalas dúas variantes son moi usadas, pero, como ocorre en casos semellantes, hai escritores que usan exclusivamente **infindo**, outros **infinito** e bastantes ámbalas dúas.

Resulta curioso comprobar polas obras que consulto para sacar exemplos literarios que son bastantes os escritores que prefiren esta forma semiculta **infindo**. Xa fixemos referencia a C. E. Ferreiro. Temos que engadi-los nomes de Otero Pedrayo, Dieste, Fole, Blanco Amor, e dos máis actuais: F. del Riego, Cortezón, Conde, Fernández Ferreiro, etc.

Non obstante atopamos que ese adxectivo é usado por outros xunto co **infinito**: *a súa mediocridade infinda*..., *coa súa infinita bondade* (M. Ferrín), *chairas nevadas*, *infindas*..., *amosa unha paz infinita* (Freixanes), *un infindo taboleiro*..., *viñas infinitas* (Alcalá) E naturalmente o cultismo puro, **infinito** ten tamén bastantes seguidores.

Lendo os centos de frases literarias onde aparecen estes dous adxectivos quedei marabillado da cantidade de nomes que son cualificados con **infindo** ou **infinito**. Desde auga, luz, ceo, bosques, camiños, estradas, tempo, hora, viaxe, cousas materiais e mesmo espirituais ou sentimentais: angurias, torturas, bondade, curiosidade, soidade, medo, amor, preguiza, etc., etc.

Pero non podemos rematar falando de **infindo** ou **infinito** sen referirnos ó uso destas voces como nomes masculinos para significar aquilo que non ten límites: *cara aspraias do infindo* (Otero Pedrayo),

mergullábase no infindo e na noite dos tempos (Cortezón), *no infindo do espacio azul...*, *repetidos ata o infindo* (F. del Riego). Naturalmente hai quen emprega **infinito**: *dun punto lanzado ao infinito* (X. Torres), *dedos abertos pró infinito* (H. Villar), *prolongando ata o infinito unha conversa* (C. Gonsar)...

1011. Afición, afeizón e afección

O sentimento de amor ou cariño pódese entender mediante a palabra **afecto**, voz que curiosamente non empregan moito os escritores, agás os modernos: *sentía por ela un afecto tranquilo* (de M. Ferrín). Na fala popular dise bastante **afeto** e algo **afeuto**, que usou o escritor X. M. Pintos: *Pois a este cura que digo -tíñalle eu moi gran afeuto*.

Quen é cariñoso ou sente afecto é **afectuoso**, voz que tampouco aparece nos nosos escritores clásicos e pouco nos modernos: *o saúdo con aceno da man que quixera ser afectuoso* (de C. Casares). E todo o que é relativo ó afecto é **afectivo**, que é a forma correcta e así empregada polos autores de hoxe: *Penso que a estabilidade afectiva é fundamental* (de U. Heinze), *os iniciais contactos afectivos* (de Rábade Paredes). Sen embargo algún escritor pasado usou o vulgarismo **afeitivo**: *unha vida de estados afeitivo-sentimentais* (de V. Risco).

Para designa-la inclinación ou gusto que se sente por algo ou alguén témo-la palabra culta **afección** que empregan correctamente os literatos actuais: *¡Con que pulo e afección!* (de Freixanes), *abraceino con moita afección* (de Cabana), pero que non usaron os escritores pasados xa que prefiriron as voces **afeizón** (*profesáronlle unha afeizón limpa de todo egoismo*, de Castelao) e **afición** (*chegaría a terlle aos calabacíns recheos unha grande afición*, de Cunqueiro, *curado da súa afición*, de C. E. Ferreiro).

Quen ten afección por algo será pois un **afeccionado**, como dicimos correctamente cando falamos dos *afeccionados ós deportes*. Sen embargo temos constancia do uso da voz **afeizoado** por algún escritor: *fino humanista*, *afeizoado á conversa* (de Otero Pedrayo) e tamén de **aficioado**: *O señor Ramón era cazador*, *e albeitar aficioado* (de Cunqueiro). O castelanismo **aficionado** está moi presente na fala popular...

Digamos por último que o verbo usado para expresa-la acción de tomar afección é **afeccionar**, segundo consta nos diccionarios modernos. Naturalmente nos antigos prefírese a forma deturpada **afeizoar**. E está vivo na fala popular o castelanismo **aficionar**.

1012. Dourar e adorar

Cubrir unha cousa de ouro ou doutro producto de aspecto semellante, de xeito que quede da cor do ouro é **dourar**, verbo normal tanto a nivel da fala popular coma da lingua escrita: *o sol póndose vai*: *seus resprandores douran o val* (de Lamas Carvajal), *raiolas de sol dourado* (de Cabanillas), *o espello dourado da antesaa* (de Otero Pedrayo), *comenzaron a dourarse os cumes dos outeiros* (de C. E. Ferreiro), *a cruz dóurase e brila* (de Castelao), etc.

Como xa dixemos varias veces as palabras crúzanse e resultan formas novas: **Dourar** está claramente ligada á palabra na que se basea: **ouro**, e por iso ten ese ditongo *ou*. Pero hai voces que non teñen que ver co **ouro** e sen embargo por influencia das palabras **ouro** ou **dourar** transforman os seus sons *or* en *our*.

Pensemos no verbo **adorar** que en latín era ADORARE e procedía de ORARE (baseado en OS, ORIS 'boca') que empregamos hoxe sobre todo na significación de rezar. Pois ben, **adorar** "prestar culto a Deus, reverenciar, amar a alguén en extremo ou apaixonadamente" é voz normal na fala popular, na lingua escrita e aconsellada pola normativa vixente.

Sen embargo hai bastantes escritores que viron nesta voz unha relación con **dourar** e entón crearon ese híbrido **adourar**. Hai autores que prefiren a forma lexítima como X. M. Pintos (*adora como a Dios a súa riqueza*), Rosalía (*van e ven a adoraren o Altísimo*), Curros (*terás que o adorar por santo*), etc.

Pero son bastantes os que usan a forma **adourar**. Vexamos algúns exemplos: *neste adourado currunchо* (de Lamas Carvajal), *o adourador do becerro de ouro* (de Otero Pedrayo), *pastores e guerreiros que adouraban a Dios*..., *que adoura a cidade sagra* (de Cabanillas), *dixérache eu que o adouraba*..., *¿Que ques que diga? ¿Que o adouras*, *que morres por el?* (de Cotarelo Valledor), etc.

E resulta bastante chamativo comprobar que un home tan estudioso da nosa lingua coma Castelao empregue sempre a forma **adourar**: *e sabían que adouraban a un deus asimilado a Apolo*..., *Alexámeno adoura a seu Deus*..., *os cristiáns adouraban a un home condenado*..., *os que adouran a figura de Isabel I de Castela*..., *a cruz foi adourada*..., *que se ensoñaba contra os adouradores do crucifixo*...

Digamos que os autores modernos prefiren a forma correcta **adorar**.

1013. Horizonte e oriente

Seguindo co tema da influencia de **ouro** na fonética doutras palabras veremos hoxe outros casos similares ó da conversión de **adorar** en **adourar**.

A voz culta **horizonte** foi convertida por algúns escritores en **hourizonte** talvez porque así a diferenciaban da forma castelá ou portuguesa. Rosalía de Castro emprega a forma correcta: *contempraba os estensos horizontes*, pero Curros Enríquez prefire a hipergaleguizada: *tapando os hourizontes*..., *sin sol o hourizonte* e tamén Cabanillas: *as nubes no hourizonte finxen rendas de seda*, e Otero Pedrayo: *Por riba do hourizonte*..., *que asoman os hourizontes* e mesmo Castelao: *formas vitaes do hourizonte*, que usa ademais o derivado **hourizontal**: *cun risco vertical e outro hourizontal*.

Hai escritores que usan as dúas formas como Celso Emilio Ferreiro (*surcan o horizonte inmenso*..., *límites lonxanos do hourizonte*) e Cunqueiro (*mergullábase no horizonte*..., *na colma do hourizonte*), pero os escritores actuais utilizan a forma normativa.

Do mesmo xeito o cultismo **oriente** foi transformado por algúns autores en **ourente**. Otero Pedrayo non soamente emprega esta forma: *no Ourente comen bombóns de estranas esenzas*, senón tamén cambia **oriental** en **ourental**: *as cercas da terra ourental*. E Castelao cita continuamente ámbalas dúas formas: *nas antigas relixións do Ourente*..., *algúns moimentos cristiáns do Ourente*..., *a orixe ourental de moitas esceas*..., *pero no estremo ourental* e usa o verbo **ourentar** por **orientar**: *ourentando ao povo cara os ideaes republicáns*.

E esta voz **ourente** estaba tan metida na mente de Castelao que transformou **occidente** e **occidental** en **oucidente** e **oucidental**, aínda que podemos supor que neste caso influíu ademais a vocalización normal de *c* en *u* cando vai seguida de consoante: *as fórmulas artísticas de Ourente e Oucidente*..., *nas artes de Oucidente*..., *pero na Europa oucidental*..., *os cristiáns oucidentaes*...

Todas estas formas con **ou** desapareceron case totalmente dos escritores contemporáneos.

1014. Labourar e labouras

A palabra latina LABOR, LABOREM foi popular sempre e polo seu contexto fonético non recibiu ningunha evolución ó se converte-lo galego en lingua nacida do latín. A nosa voz **labor** conserva o seu significado orixinario de traballo, tarefa, etc., e é moi empregada na vida agrícola. O verbo latino LABORARE transformouse en **labrar** e especializouse na súa significación agrícola. De aí que nacera, pasado o tempo, o verbo **laborar**, que talvez sexa unha recuperación da antiga forma latina ou talvez unha derivación normal da palabra **labor**.

Laborar, coido eu, debeu cruzarse tamén (como no caso anterior do que xa falamos, **adourar**) con **dourar** ou outros verbos como **bourar**, **estourar**, etc., e converteuse en **labourar** para algúns escritores como Otero Pedrayo: *descobre un torques de ouro ao labourar a terra*..., *caras fidalgas de pedra antiga e labourada*, e Celso Emilio Ferreiro: *labouran cos músculos*..., *o labourar das formigas*..., *nun labourar totalmente inútil*.

Pero o nome normal **labor** foi igualmente transformado en **laboura** por influencia de **labourar** por bastantes escritores. Ademais dos xa citados, Otero Pedrayo (*nun sarcófago de laboura cristiá*) e C. E. Ferreiro (*Nunca os microbes fixeron unha laboura tan meritoria*), temos outros como Castelao: *o resultado dunha laboura intachable*..., *Ao pouco tempo andado da miña laboura*..., *Así decorreron dez anos da miña laboura*, e Cunqueiro: *Toda ista laboura fixo nun ano*..., *gasta nisa laboura de perfeición moita enerxía*..., *e por todas labouras na casa tiña o planchado*...

A voz **laboura**, coa significación de labor, traballo, tarefa, foi recollida polo diccionarista Carré, pero os diccionarios posteriores cambiaron esta significcción que lle deron os escritores polo significado que lle dan a esta palabra os diccionarios portugueses.

Penso que esta voz **laboura** é cada vez menos usada polos escritores (*Inantes de rematar a súa longa laboura*, de A. Fole, *sazóns*, *xeiras e labouras*, de M. Ferrín) e non coñezo máis ca algún caso esporádico de uso oral por parte dalgún falante a nivel popular.

1015. Dimiten deputados da dereita

X. S. F., de Vigo, pregúntame acerca das vacilacións fonéticas e ortográficas dalgunhas palabras na súa sílaba inicial como as que constan no título desta glosa. Precisamente xa hai varios anos comentei nos *Recantos da lingua*, o porqué do verbo **dimitir** en galego, palabra que, xa que ten tantas sílabas coa vocal *i*, moitos falantes transforman a vocal inicial en *e*, cousa que tamén ocorre entre casteláns, que teñen como oficial a forma *dimitir*. E son moitos os portugueses que din *dimitir* (voz que tamén recollen os diccionarios) cando a forma oficial é *demitir*.

Esta palabra culta vén do verbo latino DIMITTERE "renunciar" e polo tanto debe conserva-la súa sílaba inicial *di*, como o fan algunhas linguas modernas, agás o francés que a converteu en *de* (*démettre*) pensando na voz latina DEMITTERE que significaba abater. Os gramáticos portugueses preferiron a solución francesa, pero os nosos seguiron o modelo clásico latino, como fixeron os italianos e casteláns.

Do mesmo xeito entrou hai varios séculos o cultismo **deputar** (do latín DEPUTARE) para significar "destinar, elixir para un fin". No caso desta palabra o portugués mantivo esa forma e o castelán vacila entre *deputar* e *diputar*. Cando naceron as democracias os elixidos para ir ós parlamentos ou ós postos políticos foron chamados **deputados**, pero en castelán chamáronse *diputados*.

Dadas as circunstancias da vida política española no pasado ocorreu que as eleccións foron organizadas desde o castelán e non desde o galego. De aí que desde o século pasado se falara moito de **diputados** e mesmo os escritores citaban esa palabra: *e saín diputado das constituíntes* (Castelao), *e foi diputado* (Otero Pedrayo), *un diputado novo* (Risco), etc., pero xa os diccionarios de Carré Alvarellos e Eladio Rodríguez preferiron a forma lóxica do galego **deputado**, que triunfou definitivamente coa imposición da normativa vixente oficial da lingua galega.

A palabra do latín clásico DIRECTUS non tivo derivados normais nas linguas romances. Estas preferiron a forma do latín vulgar DERECTUS que evolucionou en *drept* (rumano), *dritto* (italiano), *droit* (francés), *dret* (catalán), *derecho* (castelán) e *dereito* en galego e portugués.

Esta forma **dereito** en portugués está viva popularmente e está recollida nos diccionarios que prefiren actualmente a forma *direito* (¿acaso pola influencia do cultismo *directo*?). En galego hai vacilación popular na pronuncia da sílaba inicial, ben como *de*, ben como *di*, pero a normativa vixente da lingua preferiu a forma máis tradicional **dereito**, da que seguiremos falando no próximo comentario.

1016. Dereito, direito ou dreito

Rematámo-lo noso comentario anterior falando da vacilación fonética na pronuncia de **dereito** ou **direito**, pero sen facer referencia a outra posibilidade: a desaparición da vocal inicial que dá como resultado a forma **dreito**.

Efectivamente, na realidade da lingua falada para significar que algo non está torcido, que está en posición vertical ou que está situado, con relación ó corpo humano, ó lado contrario do corazón, podemos dicir que está **dereito**, **direito** ou **dreito**. Son tantas as referencias da constancia desas formas que non sabería dicir cal delas é a máis popular.

E o mesmo ocorre cando falamos da man **dereita**, da expresión **á dereita** ou do partido ou agrupación política que defende ideas conservadoras ou tradicionais, é dicir, a **dereita**. Podemos substituír esas formas por **direita** ou **dreita**.

Sen embargo non lembro máis que un diccionario que recolle as tres variantes: o de Juan Cuveiro Piñol, publicado en 1876. Nos posteriores, o de Carré Alvarellos e o de Eladio Rodríguez, están soamente as formas **dereito** e **direito**. Nos modernos, os de Xerais, Galaxia, Ir Indo, R.A.G.-I.L.G. (salvo o de Estravís que talvez o fai por tendencia portuguesista) soamente aparece a forma considerada máis lexítima por se-la que segue a voz orixinal, **dereito**.

No campo literario atopamos algúns escritores que empregaron nas súas obras as tres formas, como Cunqueiro (*á man dreita... na súa man dereita... viña en liña direita*) ou Celso Emilio Ferreiro (*por dreito propio... dereito como unha espiga... a túa man direita*) e hai outros que preferiron **dreito**, como Otero Pedrayo (*no ollo dreito*, *o pé dreito*), Leiras Pulpeiro (*a mau dreita... poñerse dreito*), Iglesia Alvariño, Cotarelo, etc.

Pero son moitos máis os que utilizaron as dúas formas de **dereito** e **direito**. Vexamos frases de Rosalía (*hastra o corazón dereito... que vai direita como frecha*), Curros (*Italia marcha dereita... cas maus direitas*), Castelao (*coa nai á súa dereita... que a sentou á súa direita*), Risco (*dereito como un fuso...*, *na súa mau direita*), Neira Vilas (*coa mao dereita... de modo direito*), etc.

Os escritores máis novos xa só usan a forma tradicional e normativa: *a mao dereita do alcalde* (M. Ferrín), *axitando a man dereita* (Freixanes), *a redonda man dereita* (Casares), *coa man esquerda e coa dereita* (Rábade), etc.

Ó lado de **dereito** témo-los derivados **dereitismo**, **dereitista** ou **dereitura** e os cultismos **directo**, **director**, **dirección**, **directiva**, etc., que se fixeron hoxe bastante populares.

1017. Deseños e debuxos diminutos

Continuando coa resposta a X. S. F. sobre voces que vacilan na pronuncia da sílaba inicial *de* ou *di*, temos que dicirlle que as tres palabras que puxemos no título son correctas.

Deseño é unha voz derivada do verbo **deseñar**, procedente con evolución fonética normal do latín DESIGNARE, que tiña a significación de marcar, trazar, debuxar, representar, xunto con outros significados como designar, elixir, dispor, etc. O verbo **deseñar** aparece con estes sentidos en varios textos portugueses dos séculos XVI e XVII, pero non nos consta a súa existencia na fala popular.

Hai uns dous ou tres séculos o descendente desta palabra latina en italiano, *disegnare*, entrou no mundo relacionado coas artes na Península Ibérica. En castelán aceptaron a forma italiana, pero no portugués non foi necesario introducila porque estaba viva a voz tradicional *deseñar*. Coido que se alguén di ou escribe **diseñar** está metendo na nosa lingua un castelanismo e por tanto a forma galega é a tradicional, **deseñar**, como consta nos diccionarios e empregan os escritores: *dispúxose a deseñar o sistema defensivo da batalla* (Casares), *liñas esborradas e voltas a deseñar* (Alcalá).

Así pois, a palabra **diseño** en galego é un castelanismo e a forma correcta é o derivado de **deseñar**, **deseño**, que usan así os escritores: *revista na que viñan os deseños das máquinas voadoras de Leonardo* (Cunqueiro), *proxectar exquisitos deseños de toda aquela escenografía* (M. Ferrín).

Probablemente a voz francesa antiga *deboissier*, con significación semellante á de **deseñar**, é a que deu orixe xa hai varios séculos á nosa voz actual **debuxar**, que así se mantén en portugués, pero que en castelán, do mesmo xeito que *deputar* ou *defunto* pasaron a ser *diputar* ou *difunto*, se transformou en *dibujar*.

Por tanto o derivado deste verbo en galego é *debuxo* e quen di ou escribe **dibuxo** é por influencia do castelán. Son moitos os falantes e os escritores, talvez pola educación escolar ata agora soamente en castelán, que empregan o castelanismo. Os escritores clásicos usan esta forma castelá, pero os escritores de hoxe escriben sempre a forma tradicional **debuxo**: *Resultábame familiar aquel debuxo*..., *agora hai debuxos animados*..., *un debuxo con moitas liñas*..., *fai debuxos coa punta do dedo*...

En canto á palabra **diminuto** hai que dicir que é un cultismo bastante moderno que se mantén sen ningunha evolución fonética nin en galego, nin en portugués, nin en castelán, pero sempre hai falantes que en palabras como esta, coas dúas sílabas primeiras coa vocal *i*, pronuncian **deminuto** por **diminuto**. Sen embargo penso que vulgarismos deste tipo non pasan ós escritos.

1018. Desculpándose con moitas desculpas

En tódalas linguas romances hai moitísimos cultismos que proceden da lingua nai, é dicir, do latín. En galego hai moitos destes cultismos que comezan pola sílaba *dis* porque así estaban escritas esas voces en latín. Así temos que dicir e escribir **discernir**, **discutir**, **discurso**, **discreto**, **discrepar** ou **disci-**

plina e **discípulo**, palabras que algúns escritores "hipergaleguizaron" converténdoas en **disciprina** ou **discipro**, pero, que eu lera, non as modificaron na súa sílaba inicial.

Do mesmo xeito temos que dicir **discorrer** en frases como as seguintes: *o río discorre con moita auga*, *o xantar discorre pausadamente*, *o meu amigo pasa o día discorrendo moitos plans* ou **discordar** en exemplos como este: *discordo das túas ideas*, porque estes verbos proceden das formas latinas *discurrere* e *discordare*.

Sen embargo temos na nosa lingua voces procedentes de palabras latinas, que comezaban por esa sílaba *dis*, que seguiron a evolución fonética normal e polo tanto pasaron esa sílaba a *des*. Así as palabras latinas DISCONVENIRE, DISCOOPERIRE, DISCREDERE, DISCALCEARE, DISCARRICARE convertéronse en galego en **desconvir**, **descubrir**, **descrer**, **descalzar**, **descargar**.

Pero hai tamén bastantes palabras que naceron con ese prefixo moderno *des* (orixinado talvez das preposicións *de* e *ex*) para indica-la negación, o contrario ou a privación das voces coas que se xunta. Así temos que de **cansar** sae a palabra oposta **descansar**, de **poñer descompoñer**, de **coñecer**, **descoñecer**, de **coser**, **descoser**, etc.

O verbo **descorrer** non ten nada que ver co citado arriba **discorrer**. *Non necesitamos discorrer moito para saber descorre-las cortinas ou o tarabelo dunha porta*. E tampouco **descordar** (máis espallado por Galicia está **escordar**) ten que ver co citado **discordar**. *Xogando esta tarde descordóuseme ou escordóuseme o pé*, *e ninguén pode discordar do que acabo de dicir*.

En latín non existía a voz **disculpa**. Polo tanto temos que pensar que da voz corrente **culpa** naceu co prefixo xa citado *des* a palabra **desculpa** e o seu derivado **desculpar**, verbas que aparecen nos textos medievais galegos, portugueses e casteláns. Nos textos lexicográficos galegos e portugueses aparecen as formas normais e tradicionais **desculpa** e **desculpar**.

Agora ben, **desculpa** e **desculpar** están esquecidas polos nosos escritores e pola maioría dos falantes, claramente pola influencia dos castelanismos *disculpa* e *disculpar* que son formas modernas que se tomaron da lingua italiana que prefiriu sempre a sílaba inicial *dis* a *des*: DISCRÉDITO, DISCREDERE, DISPOSARE, etc.

Coido que paga a pena recupera-las voces tradicionais **desculpa** e **desculpar**.

1019. Inimigo de enemigos e nemigos

A palabra contraria á nosa voz **amigo** era en latín INIMICUS que loxicamente foi termo moi corrente e usual a través de tódolos tempos. Na súa evolución fonética normal a vocal inicial e a da seguinte sílaba pasarían a ser *e*, a terceira quedaría como *i* e por tanto esta voz latina debería ser pronunciada a principios do actual milenio *enemigo*, pero a consoante *n* situada entre vocais debería perderse e nasaliza-las vocais *e* e así teriámo-la forma *emigo*...

Nos textos medievais galegos e portugueses atopamos máis dunha ducia de variantes: *enemigo*, *eemigo*, *emigo*, *eimigo*, *enmigo*, etc., que máis ou menos seguen a explicación filolóxica que acabamos de dar, pero tamén aparecen bastantes veces variantes coas vocais transformadas en *i*, seguindo talvez a forma clásica latina INIMICUS que as xentes escoitaban de cotío nas igrexas cando se aplicaba esta voz ó demo. E precisamente esa forma **inimigo** é a que se impuxo nos niveis cultos da lingua.

Sen embargo a forma semellante á castelá, **enemigo**, seguiu sendo popular e, aínda que xa os diccionarios galegos do século pasado preferiron rexistra-la voz **inimigo**, os autores clásicos e moitos recentes utilizaron soamente a primeira: *bailaba cas chuchonas enemigas* (Rosalía), *esconxurei o enemigo* (Curros), *espera un pouco*, *doce enemiga* (Pondal), *botados por unha man enemiga* (Cabanillas), *frente aos enemigos da Igrexa* (Casares)...

E moitos autores deste século sentiron preferencia ou empregaban ás veces a forma reducida **nemigo**: *aquel nemigo dos homes* (Risco), *era estrano e nemigo* (Otero Pedrayo), *no aposento do meu nemigo* (Castelao), *quen é amigo e quen é nemigo* (Cunqueiro), *como verdadeiros nemigos* (Neira Vilas)...

Con todo, hai que dicir que os autores contemporáneos recuperaron a forma máis tradicional no nivel culto da lingua, que é a que se recolle nos diccionarios e a recomendada pola normativa oficial: *xente inimiga eses dominicos* (Freixanes), *dar morte ao seu inimigo* (M. Ferrín), *é a auga inimiga da calor* (Conde), *inimigo da natureza humana* (Rábade)...

Digamos tamén que a palabra que indica a relación existente entre os **inimigos** ou o sentimento de desexar mal a alguén é **inimizade**, voz que ata hoxe é moi pouco empregada polos escritores que usan a variante **enemizade** (*houbérase evitado aquela enemizade*, de Cortezón) ou os castelanismos **enemistade** (*Soldán ten a enemistade dun vento*, de Cunqueiro), **nemistade** (*amolecía nemistades*, de Otero Pedrayo), **inimistade** (*esta inimistade xa arrincaba dos seus pais*, de Fernández Ferreiro, *pero sempre hai inimistades*, de S. Toro)...

Para traducir ó galego o verbo castelán *enemistar* a normativa oficial propón a expresión **pór a mal**. Algúns diccionarios rexistran **enemigar**, **inimigar**, **inimizar**, **inimistar**...

1020. Darlle un revés

A parte oposta á cara dunha cousa é o **reverso**, voz culta que entrou na nosa lingua hai poucos séculos e que serve para indicar sobre todo a face ou o lado oposto ó anverso das moedas ou de obxectos semellantes como vemos neste exemplo de Castelao: *no reverso das cruces de pedra*...

Esta palabra culta procede da mesma voz latina REVERSUS, que deu orixe á voz popular **revés**, verba bastante corrente coa que convive unha variante, **rivés**, na que vémo-la transformación da sílaba inicial *re* en *ri*. ¿Cal é a razón deste cambio? Resulta difícil sabe-la causa exacta. Coido que pode se-lo que lingüisticamente chamamos disimilación, é dicir, alteración dun son por ter outro semellante ó lado. Pensemos en casos como **rigueiro** por **regueiro**, **rispeto** por **respeto**, **riverencia** por **reverencia**, etc.

Hai moitos escritores, como veremos nos exemplos que imos expoñer, que prefiren a forma popular **rivés** cá máis normal **revés**, talvez porque así a diferencian da voz castelá que é igual.

Revés ten fundamentalmente o mesmo significado que reverso, pero é máis corrente e ampliou moito as súas acepcións. Falamos do **revés** dunha tea, dun papel, etc., e curiosamente atopamos que son moitos os escritores que fan referencia ó **revés** das mans: *séntase e apoia unha meixela no revés dunha man do capitán* (Cunqueiro), *limpaba os beizos co revés da man* (Conde), *limpaba os beizos co revés dunha man* (F. Ferreiro), *pasa suavemente unha unlla da man dereita polo revés da man esquerda* (S. Toro), etc.

Este **revés** das mans deu orixe ó **revés** como golpe que se dá coas mans: *que si non obedecía que lle volaba os fuciños dun revés* (Cunqueiro), *o rivés estiven por llo dar eu*, *e ben plantado*, *naquelas fazulas* (Dieste), e mesmo como golpe que se dá coa raqueta xogando ó tenis ou cunha espada...

E este **revés** dá orixe tamén á significación desta palabra como acontecemento negativo, desfavorable, adverso, desgraciado, etc.: *quedándose ó cabo de tantos riveses sin pan prós seus fillos* (Curros Enríquez).

Pero esta voz é sobre todo moi usual na locución adverbial **ó revés** no sentido de ó contrario: *cantan o tempo ó rivés* (Castelao), *ao rivés do doctor Fausto*, *o poeta non tivo precisión* (Otero Pedrayo), *pondo ó rivés o seu apelido Martínez* (C. E. Ferreiro), *digo os versos ao revés* (Cunqueiro), *anque o mundo se poña ó revés* (D. X. Cabana), *todo che sae ó revés* (Heinze), *pensa como pensan os tolos*, *ao revés* (Cortezón).

Tan corrente como esta expresión é a de **do revés** que tamén atopamos moi usada polos escritores: *Todo vén do revés e ás alancadas* (Freixanes), *esta era a causa de que a súa existencia se vivira do revés* (Rábade), *hai que dirixirse en galego coas palabras do revés* (Cunqueiro)...

E para rematar con esta voz recordémo-los famosos versos de Rosalía: *Do direito*, *do rivés*, *-matrimonio*, *un dogal es*, *-eres tentazón do inferno*, *-mais casarei... pois no inverno -¡Non ter quen lla un quente os pes!*

1021. De coñocer a coñecer

A palabra latina COGNOSCERE, seguindo a evolución fonética normal, deu orixe á voz galega e portuguesa *coñocer*, que tamén aparece así nos primeiros textos casteláns. Sen embargo en bastantes linguas romances ocorreu que ese grupo consonántico quedou reducido a ***n*** e por iso ó lado da forma **coñocer** témo-la forma **conocer** que triunfou en castelán e no galego popular.

Nos nosos textos medievais aparecen ámbalas dúas formas. *Coñocer* atopámola bastantes veces nas "Cantigas de Santa María", pero escrita con *nn*, equivalente ó son eñe: *foi conas relicas polas fazer connocer...*, *connocendo sa maldade...*, *o demo nona connoceu*. No libro sobre a traducción galega da "Crónica General" Ramón Lorenzo cita numerosos exemplos de **conocer** e **coñocer** usados ó longo de toda a Idade Media.

Pero xa desde o século catorce triunfa nos textos portugueses a forma **coñecer** (escrita *connecer*), talvez orixinada pola influencia de tantas palabras, rematadas en **-ecer**: adoecer, carecer, parecer, crecer, ofrecer ou permanecer, que se impuxeron sobre as que remataban en **-ocer**, das que queda algunha aínda como o noso **cocer**.

¿Que pasou nos tempos modernos con estas voces? Digamos que a nivel popular a forma **coñocer** foi perdendo terreo e queda en moi poucos falantes e a forma **conocer** (semellante ou, mellor dito, igual á voz castelá) é a que máis se espallou na actualidade.

A nivel literario foi estendéndose a forma triunfadora en Portugal **coñecer**, que é a que se impuxo nos diccionarios modernos e nos textos educativos. **Coñecer** é pois hoxe o que poderiamos chamar forma normativizada do galego actual.

Dado que para algúns escritores **conocer** lles soaba a castelán e **coñecer** a portugués, inventaron entón a forma **conecer**.

En fin, coido que paga a pena ver un pouco o uso que fan de todas esas formas os nosos escritores. Rosalía de Castro prefire **conocer** (*pra dar a conocer tantas bellezas*), pero usa algunha vez **conecer**

(*quiçais xa non me coneçan*). Curros Enríquez fai o mesmo: *que conocerte non poden... Hoxe non me coneceras*), pero Pondal emprega **conocer**: *ben se conoce que naceches desleirado...*, *se xa non me conocedes...*

Os autores deste século seguen alternando as formas. Otero Pedrayo prefire a forma nova **coñecer** por riba das outras: *Eu coñezo a súa vida...*, *sadisfixo o seu gran desexo de coñecer ao filósofo Schelling*, pero emprega ás veces **conocer**: *Tería grande lediza conocéndoo*. E en vez do derivado actual **coñecemento** usa a variante **coñecimento** (*terei de pechar meu coñecimento*) e o que poderiamos chamar hipergaleguismo: **coñecenza** (*Werner fixo coñecenza*), pero escápaselle a forma **conocenza**: *máis adiante fixo conocenza con Schiller*.

No próximo comentario seguiremos falando do uso destas palabras por outros escritores.

1022. Recoñecementos

Continuando co uso das variantes de **coñocer**, **coñecer** e **conocer** por parte dos escritores diremos que Risco usa a voz **coñecer** (*Iso ti ben o coñeces*) e o derivado **coñecencia** (*non ten de Madrí unha coñecencia*), Castelao prefire **coñecer** (*que hoxe coñecemos co nome de Madrid*) e o seu derivado **coñecemento** (*as suas acucias de coñecimento*) pero emprega ás veces a vella forma **coñocer** (*coñoceron e suplantaron as aras romanas*) e Ramón Cabanillas utiliza tanto **coñecer** (*a Raíña coñece a tremelucente estrela*), coma **conecer** (*conezo o que pasou*) e **conocer** (*conoce os meus ensoños*).

Agás o exemplo de Castelao que emprega a forma antiga **coñocer**, non recordo outros escritores que o fagan. Sen embargo a outra forma antiga **conocer**, coincidente coa castelá, é bastante usada tamén por outros escritores como Leiras Pulpeiro (*por eso eu que te conozo*), Díaz Castro (*dareille rostos pra que se coñozan*), Iglesia Alvariño (*sombras que non conoce*) e mesmo escritores da actualidade: *¿Conoce vostede a historia de don Braulio?* (Casares), *unha nai que non chegara a conocer* (Neira Vilas).

Moi partidario de **conecer** foi tamén Blanco Amor: *eiquí nos conecemos todos...*, *terra que conecer...*, e igualmente Cunqueiro do que teño constancia que a emprega continuamente en "Os outros feirantes", bastantes veces en "Escola de menciñeiros" e moi poucas máis nas outras obras, como "Xente ao lonxe", "Sinbad" e "Crónicas", xa que nesas e nas restantes das súas obras emprega a voz máis moderna e actual **coñecer**.

Curiosamente ocorre que nos compostos destes verbos co prefixo **des** atopamos que o normal é ler **descoñocer** e non lembro máis có uso de **desconocer** en Pondal: *non desconocidos me son*.

E caso semellante sucede co composto **recoñocer** que é bastante usado por moitos escritores, aínda que algún empregue **reconocer** como C. Casares: *reconocer a ledicia das primeiras voces* e **reconecer** como Curros: *É xa verdade notoria*, *reconecida pola historia*.

En resume, temos que dicir que o descendente da voz latina COGNOSCERE é hoxe en galego normativo **coñecer**, forma que usan practicamente xa tódolos escritores. Os seus derivados **coñecedor**, **coñecemento**, **coñecible**, **coñecido** son tamén moi utilizados. Naturalmente os compostos **descoñecer** e **recoñecer** son tamén as formas normais no uso actual do galego xunto cos seus derivados correspondentes: **descoñecedor**, **descoñecemento**, **descoñecido**, **recoñecemento**, **recoñecible** e **recoñecido**.

As formas antigas e tradicionais galegas **coñocer** e **conocer** son usadas popularmente e polos escritores antigos ou actuais que seguen a tradición antiga. E a variante **conecer**, puramente literaria, está xa case esquecida.

1023. Cousas brancas e brandas

Pregúntanme se a voz **blanco** é un castelanismo en galego. Penso que non. Xa comentamos nalgunha ocasión como o xermanismo *blank* substituíu en moitas linguas románicas á voz latina ALBUS e, como ocorreu con outras palabras que tiñan o grupo consonántico *bl*, converteuse este en *br*. Nos textos medievais aparecen as dúas formas, *blanco* e *branco*, segundo vemos nestes exemplos das "Cantigas de Sta. María": *un pano branco tomava*..., *ca chus blancos son*.

Tanto na lingua falada coma na escrita impúxose a forma **branco**. Sen embargo hai falantes en tódolos lugares de Galicia que empregan ás veces a forma xa anticuada **blanco** e o mesmo fan algúns escritores. O normal é atopar nas obras literarias a palabra **branco** desde os tempos pasados: *chaleques de lan brancos* (Pintos), *todas de branco vestidas* (Rosalía), *cabaleiros de branca peluca* (Otero Pedrayo), *cabelos brancos* (Risco), *branco fume* (Cabanillas), etc.

Curiosamente observamos que Castelao, que fala continuamente de *traxe branco*, *papel branco*, *pernas brancas*, etc., di no libro "Cousas": *Ay*, *que mal me sentou aquel viño blanco con gaseosa*, e Fole que cita a *iauga branca*, *froles brancas*, *cabalo branco*, *azulexos brancos*, etc., di nunha ocasión que *o viño que se vende alí*, *blanco ou tinto*, *é viño caseño*. Tamén Cunqueiro, que emprega normalmente a voz **branco**, fálanos algunha vez de *carne blanca*, das cerdeiras blancas e varias de *viño blanco* e tamén dun *pano blanco*, de *blancos manteis*, etc.

E canto dixemos de **branco** podemos aplicalo á voz **brando**, procedente da verba latina BLANDUS. Nos textos medievais vai impoñéndose co tempo a forma evolucionada *brando* sobre *blando* e nos tempos modernos pasa o mesmo que con **branco**. Hai falantes que seguen dicindo **blando**, pero os diccionarios soamente recollen a forma **brando**, que é tamén a preferida por tódolos escritores.

Sen embargo teño que dicir que Cunqueiro que usa **brando** (*terra branda*..., *era regordo*, *canso e brando*) prefire **blando** (*estaba blando*..., *un ouro moi blando*..., *queixos blandos*, etc.) e atopei o uso de **blando** nestes exemplos de Casares: *un recendo a cousa blanda*..., *do seu espíritu blando*.

1024. Brincar, brandir, brasóns e brondo

O verbo **brincar**, en calquera das súas significacións de saltar, enredar, trebellar, xogar, divertirse, non ten en galego nin en portugués a variante *blincar*, que, se algunha vez a escoitamos, debemos considerala un vulgarismo castelán.

Desde os textos medievais **brincar** aparece escrita co grupo consonántico *br* e así está sempre rexistrada nos nosos diccionarios e nas obras literarias: *aquel brincar sin dolor* (Rosalía), *e us brincando* (Curros), *foise brincar cos langranotes* (Otero Pedrayo), *que me está agardando pra brincar comigo* (Cunqueiro), *podemos brincar* (Blanco Amor), *brincou ó chao* (Fole), etc.

O verbo de orixe francesa *brandir* permaneceu así sen evolucionar desde os primeiros tempos da súa existencia na nosa lingua: *e sa lança muito brandindo* ("Cantigas de Santa María"). Coido que debemos supoñer como castelanismo quen na fala di **blandir**.

Nos textos literarios é voz bastante usada: *brandindo contra o Imperio a fouce céltica* (Curros), *montado nun cabalo branco e brandindo unha espada* (Castelao), *Un dos xenerais*, *brandindo unha espada na mao dereita* (Neira Vilas), *brandiu a espada por riba da cabeza* (M. Ferrín), etc.

A palabra, tamén de orixe francesa, *blasón*, conservouse así nos textos medievais galegos e portugueses, pero a partir do século dezaseis cambiou o grupo consonántico inicial *bl* en *br*. A verba **brasón** é a que aparece nos diccionarios e non é pola súa significación voz popular. Sen embargo algúns escritores empregaron a forma medieval: *menos protexidos polos blasóns*, *de familia que pola cruz...*, *tomase como blasón o Santo Grial* (Castelao), *No teu escudo*, *seu blasón*, *seu sello* (Cabanillas). Hoxe é normal nos autores modernos o emprego de **brasón**, como vemos neste exemplo de Rábade Paredes: *recubertos*, *case sempre de brasóns e de signos heráldicos*.

E outra voz de orixe francesa, **blondo**, sufriu o mesmo proceso que **blasón** e converteuse en **brondo**, palabra que desapareceu dos diccionarios actuais, pero que rexistran os de Valladares e Eladio Rodríguez e usou alomenos Otero Pedrayo: *cercada hastra a raís dos brondos cabelos*.

1025. Blindar, bloque, blusa e blasfemia

Para rematar coas palabras que empezan cos grupos consonánticos *bl* e *br* falaremos dalgunhas que os diccionaristas, os normativistas, e os escritores prefiren usar con *bl* inicial.

Blindar é un xermanismo que entrou a través do francés nas linguas peninsulares hai uns tres séculos e nin en portugués nin en galego pasou a **brindar**, entre outras razóns porque se confundiría co outro xermanismo **brindar** que recibimos pola mesma época. *Blindar un obxecto* é pois forma normal que non ten nada que ver con *brindar polos amigos*.

Bloque é tamén un francesismo na nosa lingua que debeu entrar hai pouco máis dun século e nunca escoitei a ningún falante que o pronunciase con *br* nin o vin usado dese xeito por ningún escritor: *pousei un bloque de papel...*, *un bloque homoxéneo de granito* (Castelao).

Blusa é outro francesismo que se introduciu modernamente nas linguas peninsulares. A **blusa** é algo tan popular que hai xentes que funcionan con esta voz pronunciándoa **blusa** e **brusa**, do mesmo xeito que din **blanco** e **branco**. A pesar de que os diccionarios recollen soamente a forma **blusa** hai escritores que usan ás veces a forma **brusa** acaso porque parece máis galega: *desabotonoulle a brusa...*, *maracas de grau de centeo baixo da brusa* (Celso E. Ferreiro), *gasta brusa moura...*, *cunha brusa verde...*, *a cinguida brusa* (Cunqueiro).

O cultismo grecolatino **blasfemo**, que entrou na nosa lingua hai xa catro séculos, e os seus derivados **blasfemar** e **blasfemia**, segundo os lexicógrafos deben permanecer sen modifica-la súa sílaba inicial, pero tanto falantes como escritores vacilan bastante na súa pronunciación ou na súa escritura. En Rosalía lemos *a espantosa brasfemia*, pero nos escritores actuais atopamos sempre *blasfemias*. En Curros lemos *ser sempre un brasfemo* e en Castelao *crucifixo brasfemo*, pero nos autores modernos sempre *blasfemo* e o mesmo podemos ver no uso por algúns de **brasfemar** e por outros de **blasfemar**.

1026. Dobrar, nobre, obrigar e publicar

Canto dixemos da transformación do grupo consonántico inicial *bl* en *br* podemos transferilo a cando ese grupo vai en medio das palabras. Vexamos en primeiro termo o caso da palabra latina DUPLARE que evolucionou en **doblar** e logo en **dobrar**. Na edición de R. Lorenzo da "Crónica General" pódense ver numerosos exemplos de como nunha mesma obra aparecen ámbalas dúas formas.

Na fala actual predominan as verbas **dobrar** e **dobre** sobre **doblar** e **doble**, se ben os gramáticos e a maior parte dos escritores usan sempre as formas con *br* como Rosalía (*elas fono as que dobraron*), Curros (*dobrando a cabeza*), Otero Pedrayo (*O dono dobrábase en dous*), Lamas Carvajal (*con dobre forza*), etc. Pero ás veces atopamos formas con *bl*. Así en Castelao lemos *o pai ten pulmonía doble* xunto a *vida dobre* ou *dobre natureza* e en Cunqueiro nunha obra di *o xornal doblouno* e noutra *dobrou a servilleta*, e na mesma obra achamos exemplos coma estes: *unha pipa de cerveza doble*..., *unha capota de dobre asa*...; *pasando ao traveso dun aro doble*..., *cunha maleta de dobre fondo*, pero en xeral usa máis as formas con *br*, coma a maior parte dos autores.

No caso de **noble** e **nobre** pasou outro tanto. A forma **nobre** é a máis consagrada a tódolos niveis da lingua, pero paga a pena lembrar algúns autores que usan ámbalas dúas formas. Vexamos estas frases de Castelao (*a loita nobre... un humor tan pouco noble*), Celso Emilio Ferreiro (*a nobre cabeza do mariscal... Vilanova*, *noble i esgrevia*), Cunqueiro (*nobre e podeirosa señora... aquel noble señor*) e Casares (*na súa casa nobre... detrás de nombre tan noble*).

Tamén sucede o mesmo con **obligar** e **obrigar** na Idade Media no uso variado das dúas formas. Co tempo impúxose a tódolos niveis da lingua **obrigar**, e no campo literario podemos dar conta de como Castelao (*por obliga da súa profesión*, *portelo obligado*) e Cunqueiro (*facer a miña obliga*, *cáseque o obliga a elo*), entre outros, fan uso ás veces das formas con *bl*.

En canto ó cultismo **publicar** digamos que, a pesar de que oficialmente o nivel culto da lingua debe conservarse sen cambio de *bl* en *br*, son moitos os escritores que preferiron a forma hipergaleguizada **pubricar** (e tamén **púbrico**), como Rosalía, Curros, Celso Emilio Ferreiro, Castelao, Otero Pedrayo, Cunqueiro, etc., se ben os autores actuais empregan a forma culta.

1027. Cravos e escravos

As palabras latinas que tiñan como consoantes iniciais *cl* pasaron en galego a ser pronunciadas con *ch*. Así temos que voces latinas como CLAMARE, CLAUDERE, CLAUSA, CLAVE, CLUPEA, CLOCCA pasaron a ser en galego **chamar**, **choer**, **chousa**, **chave**, **choupa**, **choca**.

Pero hai outras voces como CLARU, CLAVU, CLERU ou CLAUSTRU que non seguiron esa evolución fonética normal. A palabra CLAVU, que tivo que ser pola súa significación unha voz ben popular e ben coñecida, por razóns non moi claras, talvez por imita-la pronuncia das clases altas, seguiu pronunciándose como en latín.

Polos textos medievais vemos que esas palabras que tiñan o grupo consonántico *cl* sen a modificación tradicional en *ch* pasaron a ser ditas e escritas con *cr*, do mesmo xeito que xa vimos que pasou coas voces que tiñan *bl*, que se converteron en *br*.

Así pois atopamos xa *cravos* nas "Cantigas de Santa María": *cen cravos darei en don* e outras obras da Idade Media e naturalmente nas obras modernas aparece case sempre esa forma: *Unha vez tiven un cravo cravado no corazón* (Rosalía), *cravado por tres cravos* (Curros), *crucificado con tres cravos* (Castelao), *outros crávanme cravos* (C. E. Ferreiro), *e cuspe os cravos* (Cunqueiro). Este último autor usa ás veces o nome **clavo** e o verbo **clavar** que seguen vivos en moitos falantes de toda Galicia, a pesar de que non son rexistrados polos nosos diccionarios que consagraron **cravo** e **cravar**.

A fins dos tempos medievais comezou a ser usado o vocábulo *esclavo*, que pasou pronto a ser tamén **escravo** na lingua oral e na escrita a pesar de ser unha voz que en principio deberiamos considerar culta e que por tanto non debería evolucionar foneticamente.

Hoxe témo-la palabra **escravo** (aínda que haxa xentes que sigan dicindo **esclavo**) como voz consagrada nos diccionarios e nas obras literarias: *que anque brancos son escravos* (X. M. Pintos), *que a tempestá azoutaba como a escravos* (Rosalía), *o degoirado Pedriño*, *escravo do bandullo* (Castelao), *outro escravo tiña nunha lanza un farol* (Cunqueiro), etc. E tamén os derivados desta voz conservan o grupo *cr*: **escravismo**, **escravitude** ou **escravizar**.

1028. Cousas claras e craras

Todo o que ocorreu na evolución da palabra **clavo** en **cravo** tiña que ocorrer no caso de **claro** para se converter en *craro*, pero a realidade non foi así. Desde logo nos textos medievais coexisten as dúas formas, como vemos nestes exemplos das "Cantigas de Sta. María": *en mui boa voz e crara*..., *en voz alta e clara*.

Na fala popular actual impúxose a forma con *cl*, é dicir, **claro**, fronte a **craro**. ¿Por que? Despois de pensar un pouco nesta actitude tan a favor da forma **claro** cheguei á conclusión de que no caso de **craro** hai dous erres e, como pasa noutras ocasións similares, resulta normal evitar dous sons iguais.

Sen embargo na lingua escrita os autores prefiriron a forma **craro**, talvez porque resulta diferencialista da forma **claro** igual á castelá. Rosalía preferiu *craro* (*crara luz*, *noites craras*) e o mesmo preferiron Curros (*fala craro*), Castelao (*unha crara suxestión*), Otero Pedrayo (*ollos craros*) Celso E. Ferreiro (*ceos craros*), Cunqueiro (*non está moi craro*), Iglesia Alvariño (*crara estrela*), Blanco Amor (*resultou craro*), Cotarelo (*craras como o día*), Neira Vilas (*o seu mundo era máis craro*), Novoneira (*terras outas e craras*)...

Naturalmente algún destes autores empregou algunha vez a forma **claro**: *luar claro* (Rosalía), *traxe claro* (Cunqueiro), e sobre todo os escritores contemporáneos seguen esta liña: *vista clara* (M. Ferrín), *conciencia clara* (Casares), *reminiscencias claras* (Rábade), *sentimentos claros* (Heinze)...

O mesmo fenómeno ocorre cos derivados desta palabra. Os que empregan **craro** usan **craridade**, **crarear** ou **crarexar**: *crarear*, *crarexando*, *craridá* (Rosalía), *deu craridade* (Curros), *aquí crarexa*, *súas craridades* (Cunqueiro), *estaban a crarexar* (Blanco Amor), *meiga craridade* (Fole), *certa craridade* (Neira Vilas)...

Os autores contemporáneos prefiren as formas con *cl*: *por causas aínda non clarexadas* (Freixanes), *vin con claridade* (M. Ferrín), *pouca claridade* (Casares)...

En fin, cada palabra ten a súa propia historia e segundo as diversas circunstancias evoluciona dun modo ou doutro distinto.

1029. Clima, clase e clave

A voz **clima** é un cultismo xa antigo, de fins da Idade Media, que non debeu ser moi popular. Hai constancia nalgún texto portugués de aparecer escrito como **crima**, pero conservouse na nosa lingua oral como **clima**.

Sen embargo, entre os nosos escritores, talvez por un afán de diferencialismo, foi transformado este cultismo en **crima**. Vexamos algúns exemplos: *homes de tódolos crimas* (Curros), *o crima do noso país* (Castelao), *non lle iba o crima* (Cunqueiro), *o crima é moi bo prá saúde* (Fole)... Non obstante nos autores modernos emprégase sempre a forma tradicional **clima**.

Outro cultismo, **clase**, entrou hai catro séculos nas linguas peninsulares e non se modificou en **crase** popularmente. Son poucos os escritores desaparecidos que manteñen a forma **clase**. Recordo a V. Risco (*tódalas clases sociais*), Cunqueiro (*hai varias clases de leituga*), C. E. Ferreiro (*considerábase unha clase militar*). Pero si a usan os modernos: M. Ferrín (*clase de tropa*), U. Heinze (*clases sociais*), Freixanes (*capitán da súa clase*), Casares (*dando clases*), etc. E hai algúns que reducen a **clas** esta voz: *certa clas de mazá* (Curros), *ningunha clas social* (V. Risco), *ollade que clas de xogo* (Castelao), *que clas de paxaro é* (D. X. Cabana).

Como no caso do citado **clima** hai tamén moitos autores que hipergaleguizan **clase** escribindo *crase*, como é o caso de Rosalía (*toda crase de traizoes*), Otero Pedrayo (*ordeado nas crases*), Cabanillas (*fío de tódalas crases*), Castelao (*a loita de crases*), C. E. Ferreiro (*toda crase de torpezas*), Cunqueiro (*hai varias crases de ameixas*)... Tamén hai quen reduce **crase** e **cras** como Rosalía (*bichos de todas cras*), Otero Pedrayo (*unha cras de abó rifón*), Cunqueiro (*hai dúas cras de sangría*), Fole (*sete cras de manzás*), Blanco Amor (*toda cras de arroutadas*)...

Por último cito outro cultismo, **clave**, que debe ser bastante moderno, xa que non teño atopado máis que un **crave** nunha obra literaria: *tiven a crave do misterio* (Fole). O normal é atopalo sen ningunha evolución: *a clave para comprender o siñificado* (Castelao), *colgaba da clave dun arco* (Cunqueiro), *a clave da lingua misteriosa* (C. E. Ferreiro)...

1030. Homes fracos e fraques

Como xa falamos algunha vez as palabras latinas que comezaban polo grupo consonántico *fl* convertérono na consoante *ch* na nosa lingua. Así vemos como as voces latinas FLAMMA e FLAGRARE evolucionaron en **chama** e **cheirar** seguindo esa norma fonética. E xa comentamos en *Follas da lingua* como a voz FLOREM tivo en galego unha evolución normal facéndose **chore**, forma practicamente xa esquecida, pero que vemos aínda presente no seu derivado **chorima** "flor do toxo".

Xa nos tempos medievais entrou o cultismo **flor** que se mantivo así ata o día de hoxe xunto coa forma **fror**, na que vemos como ese grupo consonántico inicial *fl* estivo sempre sendo pronunciado (e mesmo escrito) tanto *fl* como *fr*. Sen embargo os diccionaristas e gramáticos prefiriron a forma **flor** e non **fror**.

Curiosamente noutros casos preferiron a forma con *fr* sobre a forma con *fl*. A palabra latina FLACCU debeu entrar na nosa lingua na mesma época en que se introduciu o semicultismo **flor** e xa nos textos medievais lemos frases nas que aparece *flaco* (*son ja tan flacos que non poden tomar armas*, da "Crónica Troiana", *a natura do ome era en sy tan flaca*, da "General Estoria") xunto con outras nas que está *fraco* (*un seu palafré fraco en que caualgaua*, das "Cantigas de Sta. María").

Na actualidade os falantes tanto usan **fraco** coma **flaco**, pero os escritores prefiren en xeral a forma con *fr*: *ir coa fraca man palpando a xente* (Pintos), *negra e fraca coma unha gata* (Rosalía), *mozos cos pescozos fracos* (Otero Pedrayo), *un cabaleiro outo*, *moi fraco* (Blanco Amor), etc. Cabanillas usa case sempre **flaco**: *¡A da cariña flaca!* Castelao, que usa moitas veces a forma con *fr* (*cariña fraca*..., *pais gordos e fillos fracos*), emprega tamén **flaco**: *Un home moi flaco*.

Na provincia de Lugo está bastante viva a variante **fraque** que utilizan a miúdo algúns escritores desa zona: *era máis pequeno e fraque ca el...*, *mulleres e homes fraques* (de D. X. Cabana), *era un home mui alto*, *mui fraque...*, *Borrallo era pequeno e fraque* (Álvaro Cunqueiro). Este autor usa bastantes veces tamén a variante **flaque**: *un coengo de Braga*, *flaque e estirado...*, *un chourizo pode ser longo e flaque*.

En fin, para dicir que unha persoa é de poucas carnes ou que ten poucas forzas témo-la voz **fraco**, recollida en tódolos diccionarios, coas súas variantes **fraque**, empregada por bastantes falantes e algúns escritores lugueses, e **flaco**, que usan tamén moitos falantes e moitos escritores.

1031. Coas pernas floxas

O que é fraco ou flaco, débil ou feble, o que ten pouca forza física ou de espírito, o que é pouco tenso, pouco seguro ou está pouco axustado, é ou está **floxo**, pero non se pode buscar esta voz nos diccionarios, porque non aparece neles (agás o de Franco Grande) a pesar de que está viva para ó menos as tres cuartas partes dos falantes galegos.

Floxo é verba corrente para moitos escritores como Cabanillas (*era floxa e recolleita*), Cunqueiro (*parecía que estaba floxo dentro da roupa*) ou C. Casares (*coas pernas floxas*), como o son tamén os seus derivados **floxedade** (*padecía de floxedá nos canos e depósitos da orina*, de C. E. Ferreiro), **floxeira** (*aquela floxeira das pernas*, de Blanco Amor) ou **afloxar** que utilizan, entre outros escritores, Cabanillas (*xa afloxan as cadeas*), Cunqueiro (*Hai moitas mans prestes a afloxar o aramio*), ou Casares (*afloxaba os cordóns dos zapatos*).

Esta voz que ten a súa orixe no latín FLUXUS debeu entrar na nosa lingua a través do castelán *flojo*, feito que tamén cren para o portugués algúns filólogos. Pero como ocorreu no caso de **laco - fraco** tamén **floxo** tivo pronto ó seu lado a variante **froxo**, voz que empregan así mesmo moitos falantes. **Froxo** foi empregado por algúns escritores como Rosalía (*a parte máis froxa e inxel da humanidade*), Pintos (*a froxa corda*) ou Blanco Amor (*O Maricallas que somellaba sere o máis froxo*) que utiliza tamén **afroxar** (*cos corpos en demasía afroxados pola bebida*).

Froxo está rexistrado nos diccionarios ata os anos sesenta. No diccionario de Carré entrou a variante **frouxo**, que ten toda a aparencia de ser un portuguesismo porque eu nunca a escoitei na fala popular (se ben un amigo meu ourensán di que lla escoitou a un seu avó do sur da provincia) e soamente a vin empregada nalgúns escritores modernos como Méndez Ferrín (*pantalóns de home que lle quedaban frouxos*) ou Xavier Alcalá (*sentinme frouxo*, *desgraciado*, *parvo*).

En fin, as voces populares **floxo** e a súa variante **froxo** desapareceron dos diccionarios e foron substituídas por ese portuguesismo **frouxo**. ¿Terá éxito esta transformación?

1032. Outras frautas e influxos

Alá polos séculos quince ou dezaseis debeu entrar na nosa terra ese instrumento musical de vento formado por un tubo oco con varios buratos que se tapan cos dedos e con el entrou a palabra de orixe francesa ou provenzal **flauta**.

En castelán esa voz permaneceu sen modificación, pero en galego e portugués sufriu a mesma modificación que **flaco** e **floxo** e pasou a ser pronunciada tamén **frauta**. Pasado o tempo esta palabra segue sendo pronunciada tanto **flauta** coma **frauta**. Os diccionarios portugueses recollen ámbalas dúas formas, pero dándolle preferencia a *flauta*. Os diccionarios galegos preferiron **frauta**.

Os nosos escritores tamén utilizaron con preferencia a forma **frauta** desde a época de Rosalía (*tocan frautas donde deben tocar campanas*) ata o día de hoxe. Sen embargo hai quen como Castelao usa a forma **flauta** (*Relós con tocatas de flauta*) e quen como Celso Emilio Ferreiro ou Álvaro Cunqueiro empregan ámbalas dúas formas: *tería unha flauta que soar... cun fondo musical de frauta triste*, do primeiro, *Fixo unha fermosa flauta de pedra... afinou a frauta*, do segundo.

Iso mesmo que ocorreu con estas verbas que comezaban polo grupo consonántico *fl* pasou con outras que o tiñan en interior de palabra. Pensemos na palabra **influír** que debeu ser un cultismo pouco popular porque nos textos máis antigos galegos ou portugueses non aparece a forma *infruír*.

Con todo hai algún escritor, como Castelao, que utiliza continuamente este verbo **infruír**: *infruír co seu xenio na escola franciscana... infruiron no dramatismo das artes plásticas* fronte á forma normal **influír** (*sin deixarse influír pola emoción*, de Casares). E o mesmo fai cos seus derivados. No lugar de **influencia** (*sería influencia das Asturias*, de Cunqueiro) usa sempre **infruencia**: *unha decisiva infruencia ecresiástica... exercer infruencia sobor das súas vidas...*

Digamos por último que o derivado **influxo**, que empregan case tódolos escritores (*E xa se verán influxos sorprendentes*, de Rábade), foi empregado unha vez polo citado Castelao (*por influxo atávico dos tempos*) que preferiu normalmente usar **infruxo**: *por infruxo do noso cristianismo...*, *por infruxo de San Francisco...*

1033. Reflexionando sobre reflexos

No século dezaseis entrou nas linguas peninculares o cultismo **reflexo** para indicar aquilo que unha superficie lisa devolve como imaxe de algo que se coloca diante dela: *vin os reflexos da paisaxe na auga do río*. E alomenos no nivel culto da lingua tivo esta voz moito éxito porque pasou a significar movemento non controlado ou involuntario e a capacidade de resposta rápida a calquera estímulo.

Como noutras palabras que teñen o grupo consonántico *fl*, **reflexo** foi pronunciado e mesmo escrito por algúns autores **refrexo**. Os diccionarios portugueses conservan aínda coma forma anticuada *refreixo* e os nosos diccionarios antigos (os de Carré, Eladio Rodríguez e Franco Grande) rexistran a forma **refrexo** que utilizaron moitos escritores: *vivos refrexos cintileando como as estrelas* (Rosalía), *ó refrexo do branco luar* (Curros), *o vago refrexo da beleza* (Otero Pedrayo), *como refrexo dramático da vida e paixón de Cristo* (Castelao), *fríos refrexos da pedra preciosa* (Cunqueiro).

Sen embargo nos diccionarios modernos non se recolle máis cá palabra culta **reflexo** e así mesmo están neles a palabra **reflexivo** que algún autor converteu en **refreisivo**: *fermosa testa refreisiva* (Otero Pedrayo), *voces graves e refreisivas* (Cunqueiro).

E de **reflexo** naceu o verbo **reflexar**, que tivo máis éxito transformado en **refrexar** entre os nosos escritores: *os teus ollos que refrexaban traiciós* (Rosalía), *refréxase nos ollos a roxa labarada* (Cabanillas), *refrexa o sentimento dos mendicantes* (Castelao), Otero Pedrayo, Celso Emilio Ferreiro, Cunqueiro, etc.

Non hai máis de dous séculos botouse man do cultismo **reflexión**, do que naceu o verbo **reflexionar**. Ámbalas dúas voces mantivéronse xeralmente sen modificar: *horas de estudio e reflexión* (Rosalía). Non obstante temos que sinalar que sempre hai algún escritor que busca a "hipergaleguización" de moitas palabras. De Castelao e Blanco Amor son estes exemplos nos que empregan **refleisión**: *contoulle os reparos con esta refleisión... fixenlle algunhas refleisiós*. E Otero Pedrayo transformou **reflexión** en **refreisión** e **reflexionar** en **refreixoar**: *tesoneira audacia e refreisión... Werner refreisoaba...*

1034. Sobre reglas, régoas e regras

A palabra latina REGULA, que significaba instrumento para medir e trazar liñas rectas e mesmo barra, transformouse por evolución fonética normal en galego en **rella**, voz que se especializou na peza de ferro do arado que serve para levanta-la terra. Isto debeu ocorrer xa nos primeiros tempos da nosa lingua porque xa nesa época houbo que botar man outra vez da palabra orixinaria latina para usala coas significacións primitivas xa citadas e coas de norma, lei, orde relixiosa, etc.

Entón esa palabra recuperada do latín, REGULA, modificouse en *regla*, como vemos en toda unha serie de exemplos medievais que cita R. Lorenzo na súa "Traducción gallega de la Crónica General": *andando sem regla e sem ordenamento... tomou a regla de Sam Beeyto* xunto con outros moitos de textos medievais.

Regla, con eses significados citados e co de menstruación, mantívose ata o día de hoxe como unha voz normal e completamente popular na lingua dos falantes de todo o ámbito do galego, pero curiosamente non está rexistrada en practicamente ningún dos nosos diccionarios e moi poucas veces aparece utilizada polos escritores: *formular reglas sinxelas para a súa construcción* (Castelao), *o Laureaniño iba mui medrado*, *xa sabía a regla de tres* (Cunqueiro).

Esta palabra, como ocorreu con outras nas que había un grupo consonántico coa letra ou son *l*, aparece nalgúns textos medievais desde o século catorce coas variantes *régoa*, *regua*, *regra*, que se manteñen así na lingua portuguesa.

Entre nós quedou nalgún lugar a variante **régoa** que está rexistrada nos primeiros diccionarios galegos (e desaparecida dos modernos) e que lin nalgún autor como Otero Pedrayo: *unha caste de confreiría cuia régoa está por nos escrita...*

Sen embargo a variante **regra**, moi pouco usada na fala popular, está rexistrada en tódolos diccionarios e é moi empregada polos escritores de antes e da actualidade: *na apricación de dúas regras metódicas* (V. Risco), *Suxeito á regra do bon gusto* (Otero Pedrayo), *as súas regras de conducta moral* (Castelao), *abandonar os claustros do mosteiro de Celanova e a regra de San Bieito* (M. Ferrín), *el marchou sen te-los papeis en regra* (U. Heinze), *Non se trataba só dunha restauración en regra do idioma orixinario* (Rábade).

1035. Outras glorias

Para falar do ceo, do lugar paradisíaco, da fama, do renome, etc., botouse man, xa na época medieval, do latinismo **gloria**, sen ningunha transformación fónica nin cambio na escritura nos primeiros textos que coñecemos. Sen embargo nalgúns textos galegos e portugueses de fins da Idade Media aparece a variante *groria*.

Non é esa voz moi popular, pero coido que a forma máis culta, **gloria**, é máis usada cá variante modificada **groria**. Sen embargo nos primeiros diccionarios galegos soamente aparece rexistrada esta última voz probablemente porque non é normal citar formas iguais ás castelás, talvez por diferencialismo.

Os escritores galegos non contemporáneos teñen preferencia polas formas diferenciadas do castelán **groria** e **grorioso**. Poderiamos citar numerosos exemplos de Rosalía (*Pasa a groria*, *o poder i a alegría... groriosa Santa Lucía*), Curros (*A groria é que anda barata... nun traballo grorioso*), Otero Pedrayo (*onde foi a groria... Épica groriosa e dura*), Castelao (*en proveito e groria de Castela... nunha fase groriosa*), C. E. Ferreiro (*ogallá esté na groria... groriosamente morto*), Cotarelo Valledor, Noriega Varela, Fole, Cabanillas, Iglesia Alvariño, etc.

Os escritores de hoxe seguen os diccionarios contemporáneos e escriben case sempre **gloria** ou **glorioso**: *antes de fuxir á carreira pola rúa da Gloria* (M. Ferrín), *campo de gloria e de heroicas xornadas* (Freixanes), *no esplendor da súa gloria... cun manto branco que resplendía glorioso* (D. X. Cabana), *Meu bocado de gloria* (Rábade), *soubéronlle a gloria* (G. Tosar)...

Outra palabra culta que entrou non hai moito tempo na nosa lingua, **globo**, deu lugar tamén á dúbida dos escritores entre escribir **globo** ou **grobo**. Castelao e Cunqueiro citan **globos**, pero usan **grobo** Rosalía (*sube nos grobos aéreos*) e Otero Pedrayo (*o grobo do mundo*). Aínda que algún diccionario antigo cita **grobo**, a maioría deles prefiren a forma culta **globo**.

Curiosamente hai que sinalar que esta preferencia de moitos escritores polos grupos consonánticos con *r* en vez de con *l*, vémolo mesmo en casos tan pouco dubidosos como **inglés**. Rosalía fala dun xeneral **inglés**, pero Curros cita un **ingrés**. Otero Pedrayo cita varias veces **ingleses** e **ingreses** e o mesmo fai Cunqueiro. Sen embargo Castelao, que cita tantas veces formas hipergaleguizadas, escribe sempre **inglés**, como o fan en xeral os escritores actuais.

1036. Praguear pragas

As palabras latinas que comezaban polo grupo consonántico *pl* transformaron ese grupo na consoante *ch* como vemos en PLANU, PLORARE, PLOVERE, PLANTARE, PLENU, PLICARE, PLUMBU que se converteron en **chan**, **chorar**, **chover**, **chantar**, **cheo**, **chegar**, **chumbo**. A voz latina PLAGA "golpe, ferida" seguiu esa lei fonética e pasou a ser **chaga** "ferida que xeralmente segrega pus".

Pero as linguas romances modernas botaron man hai catro ou cinco séculos desa voz latina PLAGA para significar calamidade, abundancia de cousas nocivas, maldición, etc. Como xa vimos con outras voces que tiñan un grupo consonántico formado con *l* (BLANDU, CLAVU, FLUXU, REGULA) e que entraron tardiamente na nosa lingua, transformaron normalmente o *l* en *r* (**brando**, **cravo**, **froxo**, **regra**). Pois iso mesmo ocorreu con **plaga** que se transformou en **praga**.

Esta verba **praga** mantense así nos diccionarios e foi amplamente usada polos escritores. Rosalía de Castro úsaa en "Follas novas": *uns dixeron que unha praga -con ela na tomba dera... Pragas de malas mulleres -nunca lle cán os soldados* e emprega tamén o verbo derivado desta voz, **praguear**, coa significación de maldicir: *Praguea*, *boca*, *praguea -mentras que eu me vou marchando... si n'é unha mala boca -que me pragueou maldicenta... ¿Quen te pragueou, ña filla?*

Curros Enríquez pregunta: *¿Cal foi das sete pragas a que eiquí descargou?* Lamas Carvajal fala de *as pragas de Exipto* e Castelao menciona os *devanceiros da noxenta praga abogadesca*. Celso Emilio Ferreiro escribe: *Menos mal que non facía frío nin había praga de mosquitos aquil día*. Tamén os autores modernos empregan continuamente esta forma **praga** (*aínda hoxe aferrolla*, *como unha antiga praga*, de G.

Sabell, *a peste negra*, *como aqueloutra praga*, de Freixanes, *comía nel unha praga de piollos*, de M. Ferrín), se ben a algún se lle escapa a forma **plaga**, que non é moi usada popularmente e que parece castelanismo: *¡que plaga de home!* (S. Toro), *as sete plagas de Exipto* (X. Torres).

Como xa dixemos arriba, encher de **pragas**, é dicir maldicións ou cousas nocivas a unha persoa ou cousa, é en galego **praguear** (en portugués *praguejar* e en castelán *plagar*). Sen embargo nalgunha obra moderna atopamos que se usa a forma **pragar**: *Unha proposta ortográfica estrañísima*, *pragada de ridículos apéndices* e noutra achámo-la forma castelá **plagar**: *Imaxinaban a cidade plagada de antros*.

1037. Praias e placas

Se consultamos un diccionarios latino para ver como se dicía **praia**, acharémo-las voces ORA, LITUS e RIPA. Os derivados galegos desas palabras son **ourela** e **ribeira**, pero xeralmente ¿equivaleron eses vocábulos ó que entendemos hoxe por **praia**? Talvez para as xentes que vivían a carón do mar a **praia** era simplemente **areal** ou **areeira**.

Probablemente a fins da Idade Media entrou nas linguas peninsulares a voz provenzal *playa* ou botouse man da forma latina PLAGIA, que deu a forma *plaia*, conservada en castelán como *playa*. Como ocorreu con outras voces que empezan por *pl* pasou tanto en galego coma en portugués a ser **praia**, se ben entre nós, do mesmo xeito que pasa con outras palabras que empezan por ese grupo consonántico, hai moitos falantes que din sempre **plaia**.

Os escritores empregan a voz evolucionada **praia** que é como aparece sempre en tódolos diccionarios. Rosalía usa varias veces esta voz: *desde as nativas prayas... nas risoñas prayas... nas recónditas cavernas da praya*, pero escapóuselle unha vez a forma con pl: *¡Morrer así en estranxeiras playas...*

Pero en xeral podemos ler esta voz **praia** en tódolos escritores: *por esas praias iba collendo o nacre das cunchas* (Curros), *as gaivotas na praia de Cariño* (Otero Pedrayo), *rapaciños que corren pola praia* (Cabanillas), *as gueivotas nos portos e nas praias* (C. E. Ferreiro), *as gueivotas fuxiron da praia... sentábase na area da praia* (Cunqueiro), etc.

Curiosamente outra voz que penetrou hai uns tres séculos na nosa lingua para significa-la lámina dun material duro e posteriormente a chapa que leva unha inscrición, a lámina na que se obtén o negativo da fotografía, etc., foi a palabra francesa *plaque*, que se transformou en **placa** e así se conservou ata o día de hoxe sen evolucionar.

Nos diccionarios aparece sempre rexistrada como **placa** e así a pronuncian os falantes e a escriben os escritores: *como as placas de xisto do sul* (Castelao), *cunha placa de dous lumes eléctricos* (Conde), *no teito unhas placas cadradas albergan dentro luces de neón* (S. de Toro)... Pero Cunqueiro, que usa esta voz (*Nunha placa de latón dourado líase...*), fala en "Xentes" dunha **praquiña**: *cunha praquiña que dicía que era propiedade do lieutenant de vaiseau Laviébre* e V. Risco empregou varias veces a forma **praca**: *milleiros de rótulos*, *de pracas...*, *aquiles botós*, *aquelas pracas...*

1038. Pracer e compracer

A palabra latina PLACERE non seguiu a evolución fonética normal, é dicir, non se transformou en *chacer*, porque debeu ser unha voz típica das clases altas que a mantiveron sempre como se fose unha verba propia da fala superior ou da fala eclesiástica.

Sen embargo xa desde os primeiros textos medievais vemos que segue a evolución dos cultismos que emprezan por *pl*. *Plazer* e *prazer* aparecen tanto nos textos galegos coma nos portugueses, pero a forma con *pr* foi a que se impuxo en ámbalas dúas linguas e en galego aparece xa escrita como **pracer** nos primeiros diccionarios.

Os escritores antigos optaron pola que poderiamos chamar forma normativa. Vexamos algúns exemplos: *o meu corazón ferido de pracer dou un batido* (Rosalía), *Rosa quedouse dormida a seu pracer* (Curros), *E disfroitaba dun pracer sensoal maxinando a lembranza da mocidade* (Otero Pedrayo), *polo puro pracer de camiñar* (Castelao), *Era un ser nacido para o pracer* (C. E. Ferreiro), *quitáballe todo pracer as viaxatas por aquela urbanidá segreda* (Cunqueiro).

Pracer aparece tamén nos escritores modernos: *aquilo enchíao de pracer* (Fernández Ferreiro), *Racharon de a feito*, *con pracer* (M. Ferrín), *teño o pracer de arriscarme* (Rábade), *terei o pracer de ilo ver* (D. X. Cabana). Sen embargo hai algúns que utilizan tamén a forma antiga **placer**. A. Conde, que usa **pracer** (*polo mero pracer de conversar*), emprega tamén **placer**: *A aldraxe que está a sufrir cáusalle certo placer*, voz que tamén usan Casares (*pensando no placer da lectura que agardaba*) e Freixanes (*o placer das armas ben temperadas... Nunca probou placeres da carne*) que igualmente emprega o verbo **pracer**: *Moito me prace ese pulo na mocidade*.

O adxectivo empregado para significar "que causa pracer" é **pracenteiro**, voz bastante usada polos escritores: *volve pracenteira a cara* (Rosalía, que utilizou tamén **placenteiro**), *o branco raio da lúa pracenteira* (Curros), *discuten se é pecado ou non o de xacer con femia pracenteira* (A. Conde), *pois é pracenteiro pensar...* (D. X. Cabana).

Naturalmente tamén conserva o grupo *pr* o derivado **compracer** que vemos usado nestas frases: *co seu mirar risoño nos comprace* (Rosalía), *compracéndose na lembranza* (Otero Pedrayo), *pois imos a compracelo* (C. E. Ferreiro), *habedes de aturar e compracer* (Freixanes), *E Marcos compracíase escoitando* (Rábade). Sen embargo hai quen emprega a forma antiga **complacer**: *E tiven tan fortes anceios de complacelo* (Castelao), *complacéndose somentes nos bosques* (Cunqueiro), *os de abaixo escoitarían complacidos* (Casares), *tes que estar complacéndoo* (U. Heinze).

1039. Chantar chantas

As palabras latinas PLANTA, que significaba gromo, rebento, xermolo, herba, vexetal e planta do pé, e PLANTARE que tiña a significación de poñer ou colocar eses xermolos na terra ou fixar algo establemente na terra, eran voces populares que se conservaron nas linguas románicas e que pasaron ó galego, seguindo as leis normais de evolución fonética, como **chanta** e **chantar**.

Como pasou con outras palabras, no transcurso dos tempos a verba **chantar** cambiou ou modificou esa significación de plantar xermolos, que constatamos nos textos medievais (*chantar de pereyros*, *que chantedes este agro*, *que o lavredes e chantedes*), pola de colocar en calquera sitio cousas en punta, é dicir, converteuse en sinónimo de espetar ou cravar. E popularmente **chantar** é cravar na terra, sobre todo nos cercados ou valados, **chantas** (chamadas tamén **chantos**) que son lousas ou pedras grandes e planas e tamén estacas.

O verbo **chantar** foi e é moi empregado polos nosos escritores nesa significación de cravar: *unha cruz de pedra chantada no altar* (Castelao), *a moza pódelle chantar un coitelo no peito* (Otero Pedrayo), *chanta o puñal seu na táboa de contas...*, *tiña chantada na solapa unha agulla* (Cunqueiro), *ben lle vira*

chantar un coitelo na gorxa dun inimigo (D. X. Cabana), *o rapaz vai chantando os pauciños afiados nos buratiños dos estadullos* (S. Toro).

Moi popular é o uso de *chantar cos dentes* no sentido de morder, expresión moi cara tamén a bastantes escritores: *ben sabía onde chantar os dentes* (Otero Pedrayo), *naméntralos compañeiros lle chantaban os dentes* (Risco), *chántalle os dentes no pago* (Cabanillas), *mira e remira para ver onde lle chanta-lo dente* (A. Conde).

Figuradamente é utilizado este verbo en frases como as seguintes: *chantou a mirada no mar*..., *cos ollos chantados na esfera do reló de péndulo* (Castelao), *Sentín que unha ollada se me chantaba na caluga* (Fole), *coa ollada chantada nas lapas* (M. Ferrín), *sabían un segredo amoroso da miña mocedade e tódolos anos viñan chantarmo na cara* (Castelao).

Por último, digamos que a significación que poderiamos chamar tradicional deste verbo, colocar algo moi firme, fincar ou establecer está aínda moi viva en frases como estas: *un neno chantado diante a cabana*, *estaba chantado como unha columna*, *alí chantamos unha tenda*, *arriba no monte hai chantada unha casa*, *están sempre chantados diante do bar*...

1040. Plantas e prantas

Cando a palabra galega **chanta**, evolución normal da latina PLANTA, perdeu o seu significado de vexetal, houbo que volver a introducir de novo a voz **planta** que, como ocorreu con outros cultismos que entraron na Idade Media e que empezaban por *pl*, tanto aparece nos textos antigos baixo a forma normal *planta*, coma baixo a forma evolucionada *pranta*.

Na fala popular mantívose en case tódolos lugares a forma **planta**, pero na lingua escrita dos primeiros tempos da literatura moderna preferiuse a forma **pranta**. **Os diccionarios máis antigos seguiron esa tradición e só rexistran a forma con *pr*** (**pranta**), pero nos modernos, seguindo o pensamento da lingua culta, aparece soamente **planta**.

A significación de **planta** ou **pranta** como vexetal está xa nos autores do século pasado sempre baixo a forma con *pr*: *no mes do amor*, *das prantas e das frores* (Rosalía), *os álbores i as prantas esfollaron* (Curros). Tamén seguen esta liña Otero Pedrayo (*o desbotar das prantas verdes*), Fole (*Non se sabe quen trougo eiquí a primeira pranta*), Blanco Amor (*estaba ateigada de prantas*), Neira Vilas (*Hai un curro con prantas de chuchamel*), Cunqueiro (*falaba das prantas e dos animais*), que tamén utiliza a forma **planta** (*coma sucos nas que frolece a máis rara das plantas*). Sen embargo a case totalidade dos escritores contemporáneos usan sempre **planta** para denomina-los vexetais.

Outra acepción moi corrente desta voz tanto a nivel popular coma literario é a de parte inferior do pé, que vai desde a base das dedas ata o calcañar, ou mesmo en sentido amplo significa pé. Vexamos estes exemplos de Rosalía: *Tocaron cas prantas -os lodos da terra*..., *Todo mucha ó seu paso á pranta súa maldita*, ós que poderiamos engadir bastantes de autores posteriores e actuais.

Pero **planta** ou **pranta** adquiriu modernamente as significacións de plano detallado dun edificio, de estructura de diversas dependencias dunha institución e, sobre todo, de cada unha das partes horizontais dun edificio, é dicir, sinónimo de piso. Usan a forma **pranta** Fole (*Era unha capela do século XVII*, *de pranta redonda*), Cunqueiro (*A casa era dunha pranta*), S. Toro (*unha casa de pranta baixa*), M. Rivas (*Aos mortos do hospital métennos en frigoríficos na pranta baixa*) que tamén utiliza a forma **planta**: *os pacientes da planta de traumatoloxía*, cousa que fan outros autores contemporáneos: *no bar da terceira*

planta (Conde), *nas estancias da planta baixa* (Freixanes), *non tiven outro acceso máis que á primeira planta* (Rábade), etc.

1041. O que se pode plantar

Continuemos falando do cultismo que substituíu a verba tradicional **chantar**. Canto dixemos das formas **planta** e **pranta** podemos aplicalo a **plantar** e **prantar**, verbo este último que gustaron de usar escritores como Rosalía, Otero Pedrayo, Risco, Castelao, Fole, Cabanillas, Cunqueiro, C. E. Ferreiro, Neira, etc., se ben algún deles emprega ás veces a forma **plantar**, como o fan en xeral tódolos actuais.

Plantar ten o significado fundamental de enterrar unha planta nova ou unha semente para que prenda, botando raíces e medrando. Desde Rosalía (*figueiriñas que prantei*) ata Neira Vilas (*dilles como se prantan bacelos*) valéndose de **prantar**, e desde V. Risco (*plantaches acacias da bola*) a calquera autor de hoxe valéndose de **plantar**, son numerosos os escritores que empregan este verbo con esta significación.

Pero **plantar** pasou a significar algo así como poñer algo sobre a planta do pé, é dicir, colocar algo de tal xeito que quede erguido e fixado sobre o chan. Como dixo Castelao podemos *prantar cruces na veira dos camiños*, ou facer como uns personaxes de Otero Pedrayo que *prantan o pavellón roxo nas illas*. Son moitas as cousas que se **plantan**: *Naquela soedade plantara meu pai unha casa* (Castelao), *Non conseguira plantar a tenda en Juan-Les-Pins* (M. Ferrín), *e logo planto aquí un chalet de sete estalos* (X. Torres).

Ás veces en vez de afrontar podemos dicir *plantar cara*: *Trata de resolvelo e plantarlle cara ó que sexa* (U. Heinze), *Antes os homes prantábanlle cara á testa da língoa bifendida* (Cortezón), e en vez de prender lume podemos tamén **plantar lume**: *unha gavela de toxo... e plantarlle lume* (Fole), *prantáballe lume nas velas do altar* (C. E. Ferreiro), *plantándolle lume ao manuscrito* (M. Ferrín), *ósos miúdos e plantáronlles lume* (D. X. Cabana).

Moi correntes son tamén os significados deste verbo acompañado do pronome reflexivo. **Plantarse** chega a significar resolver non facer nada (*Plántome. Non sigo traballando*), non querer máis cartas en certos xogos de naipes, pararse nun sitio (*a xitana plantouse dediante do Aurelio*, de Cunqueiro), chegar de súpeto a un sitio (*Cando veu vir o raposo prantouse dun pulo en medio da vereda*, Cabanillas), etc.

Finalmente quero sinala-la existencia dunha variante deste verbo, **plantexar** ou **prantexar**, que non aparece rexistrada nos diccionarios, pero que usan bastante os escritores: *o asunto plantexou un problema serio... a situación prantexada* (C. E. Ferriero), *o problema que se lle plantexaba... prantexarlle* (Cunqueiro), *xa podedes ir plantexando solucións* (Cortezón), *deixar así o problema plantexado* (D. X. Cabana), *Plantexábase daquela situacións graves* (M. Ferrín).

1042. De planos e plans

A fins da Idade Media entrou na nosa lingua o cultismo *plano* para ser empregado en principio case co mesmo valor da voz popular **chan** ou **chao**. Vexamos o seu uso neste texto da "General Estoria": *todo tam plano como a palma*. E nese sentido está usado na actualidade: *cruz outa e plana* (Castelao), *a cara plana* (Alcalá), *cunha mao plana* (M. Ferrín).

Pero **plano** pasa a ser utilizado como nome na significación de superficie lisa, sen curvas, aplicada a cousas materiais e non materiais ou imaxinarias e nos sentidos de aspecto, visión, idea. Así podemos falar de *colocarnos en primeiro plano* (Castelao), *saltar ó primeiro plano da conciencia*..., *pasando a un segundo plano das miñas preocupacións* (X. Alcalá), de un *plano tradicional*, *plano matrimonial*, *plano afectivo*, (U. Heinze), *plano de apariencia* (Rábade), ou de un *plano orgánico*, *plano profundo*, *plano aneidótico*, *plano non ouxetivo* (G. Sabell), etc.

Moi corrente é tamén a significación de **plano** como representación gráfica da estructura dun edificio ou das rúas e lugares dunha cidade: *adeprendendo por plano o castelo de Flers* (Cunqueiro), *andaban a facer os planos da bisbarra* (Cortezón), *na parede hai enmarcado un plano das rúas da cidade* (Toro).

Nese sentido de aspecto ou de estructura, proxecto, intento é moito máis corrente o uso da forma reducida **plan**, que algún autor escribíu **pran**: *Polo Nadal matinou un pran* (Otero Pedrayo), *dentro do pran xeral* (Cortezón). Castelao fala dos *plans dunha reconstrucción da democracia*, Casares dos *plans que Ilustrísima fora perfilando*, Rábade dun *plan divino* e doutro *plan providencial*, Conde de *plans que ten feitos para o futuro*, Freixanes *trae un plan* e *tamén el ten os seus propios plans*, M. Ferrín *segundo os nosos plans terían que favorecer*...

Do mesmo xeito que falamos de *planos afectivos* poderiamos citar **plans** semellantes: *plan doméstico*, *plan utópico*, *plan serio*, *plan íntimo*... En X. Torres leo as seguintes expresións: *nese plan non me conoces*..., *faremos un plan chanchi*..., *a familia Pincé vive a todo plan*. E podemos pensar nun *plan curativo* ou nun *plan terapéutico* ou falando nun *plan intelectual* podemos pensar *nos novos plans de estudio das carreiras universitarias*...

Digamos por último que a voz **plan** está moi viva nos portos galegos para significa-la parte do barco que está baixo a liña de flotación e que aínda hai máis voces que se relacionan con **plano** e **plan**.

1043. A toda plana

Despois de falar de **planos** e **plans** loxicamente temos que menciona-la voz feminina *plana*, palabra tamén de orixe culta, que xa atopamos rexistrada nun documento do ano 1414 publicado por Ferro Couselo: *huun caderno de papel... en cada plana*.

Plana, nese significado de cada unha das dúas caras dunha folla de papel, é verba popular e bastante empregada polos escritores (*Pedro daba todas as amosas de Iturzaeta en planas limpísimas*..., *xa che amosarei a plana*, *i aínda que non seipas ler*..., de Cunqueiro, *traendo na boca un papel enrugado*, *unha plana de carta*, de Alcalá, *a carta viña escrita con letra moi grande... e as planas tiñan completa semellanza coas laxes dos sartegos de aldea*, de Castelao).

E **plana** é hoxe para todo falante a páxina dun periódico: *unha fotografía que viña na primeira plana do xornal*, *sacaron a toda plana a noticia do asalto*, *esquelas mortuorias de media plana*. E a nivel culto falamos da *plana maior* dun exército e mesmo da *plana executiva* ou *directiva* dunha institución ou dunha empresa.

Pero a palabra **plana** (coa súa variante **prana**) é para centos de miles de galegos a monda ou a pela das froitas e, sobre todo, das patacas, como vemos nestas frases de Suso de Toro: *deslizándose pola plana espiral da pataca*..., *a plana cae ensarillándose no mantelo... Ela érguese e bota as planas que ten no mantelo nun balde*...

E de **plana** xorde o verbo **planar** (coa variante **pranar**) que significa mondar ou pelar froitas ou patacas para eses centos de miles de galegos e que tamén vimos empregada polo autor citado: *as saias negras de muller que plana patacas*.

Sen embargo os diccionarios modernos dinnos que **planar** é voar unha ave coas ás estendidas ou manterse no ar un aeroplano sen usa-lo motor, pero os escritores, ó igual cás xentes, usan para estas significacións a forma **planear**: *Regueira foi adeprendendo a non caír de golpe*, *senón planeando*..., *o planear costáballe o seu*, de Cunqueiro, *finalmente voou e foi planeando pola ladeira*, de S. de Toro, e mesmo a forma **planexar**: *Do mar viñan gaivotas a planexar* (de X. Alcalá).

Mais falantes, escritores e diccionaristas coinciden no uso de **planear** na significación de facer proxectos ou elaborar plans: *planear unha vinganza*, *unha viaxe*, *unha nova vida*, etc.

Aínda poderiamos sinalar outras voces relacionadas con esta familia léxica como **planador**, para denomina-lo avión lixeiro e sen motor, **planadora**, lancha lixeira que pode desenvolver moita velocidade, **planadoira** ou **pranadeira**, voces populares para chama-la rella do arado, etc.

1044. Arxénteo ou de prata

A palabra latina para denomina-lo metal precioso, brillante, branco e doado de traballar, do que se fan moitas xoias e moedas, era ARGENTUM, que deixou descendentes populares en moitas linguas romances, pero non nas linguas peninsulares do centro e occidente. Sen embargo temos que dicir que nas "Cantigas de Santa María" aparecen formas que parecen tradicionais: *arento* (*cen marcos d'arento*), *arente* (*a sortella d'ouro fin*, *ca non d'arente*), *argen* (*deron de seu argen*), *argente* (*deu muit'argente a maa gente*).

Cando lemos verbas desta familia léxica nas obras literarias temos que consideralas cultismos. Nesta frase de Otero Pedrayo: *ouros de tesoiros*, *roibéns de cabeleiras*, *arxentos de lúas alongadas na onda*, temos que interpretar **arxento** como cor de prata. Funcionando como adxectivo temos **arxénteo** (*a barba arxéntea deixou de abritárselle*, de Cortezón) e como verbo **arxentar**, que ten a significación, sobre todo, de dar cor de prata, segundo vemos nestas frases: *crecéralle máis aínda e arxentáraselle a barba* (Cortezón), *a axitación frenética das follas dunha ulmeira arxentada* (M. Ferrín).

Desde o século trece temos constancia da existencia dun derivado da voz latina PLATTUS, que significaba chan, plano, liso e que se transformou en **chato** na súa evolución normal. Trátase dun semiculto **plata** que debeu significar primeiramente lámina ou prancha dun metal, logo lámina de prata e finalmente prata.

Plata (talvez foi o provenzal a primeira lingua que fixo esta transformación léxica), ó igual que outras voces que comezan por *pl*, pasou a ser **prata** tanto en galego coma en portugués, se ben temos falantes e mesmo escritores que manteñen a forma primitiva nalgunhas frases: *contrastar o ouro das espigas ca plata do luar* (Otero Pedrayo), *como era sábado tiñan algunha plata* (Fole), *cun vago espello de plata cubríndolle o corpo* (Cunqueiro)...

Prata é pois a voz corrente para indica-lo metal do que estamos a falar e son multitude os obxectos de **prata** que aparecen citados nas obras literarias: colares, xoias, bandexas, lámpadas, espellos, reloxos, chaves, copas, aros, gaiolas, alfinetes, etc. Falar de **prata** como moeda aparece nalgúns escritos: *Tanta prata e billetes ceibei na vila* (Otero Pedrayo), *o facendeiro non tiña prata no intre e deume un papel firmado* (C. E. Ferreiro).

Digamos ademais que a voz **prata** aparece nalgunhas expresións nun sentido bastante positivo ou de valor. É moi corrente a expresión de *falar en prata* para indicar que se fala con brevidade e sen rodeos e mencionámo-las *vodas de prata*, como aniversario vixésimo quinto, a *idade de prata*, como época literaria ou artística de gran florecemento, o *século de prata*, etc.

1045. Clases de pratos

Da mesma familia que a voz popular **chato** son as voces entradas na nosa lingua por vía culta, **prata** e **prato**. A súa orixe está pois no latín PLATTUS e talvez foi en francés onde se orixinou primeiramente esta verba **prato** para designar ese recipiente de louza, metal, plástico, etc., redondo e pouco profundo que se utiliza para servir nel a comida. A palabra francesa **plat** debeu ser copiada nas linguas peninsulares como **plato**, pero tanto en galego coma en portugués pasou a ser pronunciada como **prato**, do mesmo xeito que ocorreu con outras voces que comezaban por *pr*.

Temos xa constancia da existencia de **prato** por un documento do ano 1485: *un prato grande destaño* e nos tempos actuais hai xentes e escritores que din ou escriben **plato**, pero a maioría de falantes e escritores usan a forma consagrada na normativa **prato**: *Pedro sigueu comendo sen arreda-los ollos do prato* (Castelao), *remata de lava-los pratos*, *fregar pratos na cociña*, *un prato de barro verde*, *rematou de bota-la sopa no prato*...

A voz **prato** adquiriu ademais a significación de "comida que se serve nun prato" e non resulta nada estraño oír ou ler cousas sobre *pratos de callos* ou *de peixes*, *de bacallau* ou *de chourizos*, *de patacas* ou *de caza*...

Prato, á parte de significar tamén cada unha das pezas de metal dunha balanza onde colocámo-las pesas e as cousas que se queren pesar (*cargando paseniñamente enriba de cada prato da balanza*, de Freixanes), tomou sentidos especiais en expresións como *prato forte*, que significa tanto comida principal coma asunto máis importante dunha serie, *comer nun mesmo prato* para indicar que hai grande amizade entre dúas persoas, *non romper un prato* para sinalar que se ten o aspecto de non cometer ningún fallo, *paga-los pratos rotos* por ter que toma-la responsabilidade de cousas que non se fixeron (*tiñamos que vivir tamén e paga-los pratos rompidos*, de U. Heinze), etc.

Curiosamente comprobamos como hai varios escritores (e coido que tamén algúns falantes) que comparan os ollos cheos de admiración ou de sorpresa ou estrañeza con **pratos**. Así o vemos nestas frases de Cortezón: *Ela mirouno cos ollos abertos coma pratos*, de X. Torres: *Pon os ollos redondos coma pratos*, de M. Ferrín: *aqueles ollos claros e abertos coma pratos*...

Poderiamos seguir falando de moitos máis usos da voz **prato**... Recordemos soamente que hai **pratos** en que se recollían as esmolas (Castelao), ou como di X. Torres: *recolle Román a calderilla nun prato*. Pensemos tamén en que hai cousas que teñen a forma dos **pratos**: *O tipo da gorra de prato con funda vermella sorría*... *Ao amparo de tricornios e gorras de prato cos barboqueixos baixados* (M. Ferrín)...

1046. Prantos e prazas

Outros dous cultismos que temos na nosa lingua e que conservou o grupo consonántico *pl* sen evolución fonética normal en *ch* son **pranto** e **praza**.

Desde fins da Idade Media aparece xa nos textos o cultismo **planto** e a súa forma con cambio de *pl* en *pr* **pranto**, que foi a que se impuxo tanto no galego coma no portugués para indicar ese costume funerario de chorar durante moito tempo na casa da persoa recén falecida: *Eu non fago un pranto a un difunto*..., *viñeran mulleres de Lugo facer o pranto*..., *de moza faguía prantos por difuntos* (Cunqueiro), *Unhas festas que non se celebraban porque a morte e o pranto xa galgaban xuntas* (X. F. Ferreiro).

Pranto ten modernamente, sobre todo nas obras literarias, o valor de choro, queixume ou lamentación. Rosalía xa fala desta voz: *bicou a terra*, *inda polo seu pranto humedecido* e así mesmo Pondal (*cando te vexo de lonxe verto a soas triste pranto*), Otero Pedrayo (*o doce pranto das ninfas*), Fole (*Dilles que non quero ouvir berros nin prantos*) e tamén os autores contemporáneos: *incapaz de dominar o pranto* (Casares), *o pranto do Borgia faise de cada vez máis evidente* (Freixanes), *Hoxe pranto*. *¿Sabes o que é iso*, *Sam? Chorar de verdade* (M. Rivas).

A palabra latina PLATEA conservou a súa significación e probablemente non chegou nunca a perderse polo menos entre as clases sociais máis elevadas que na primeira sílaba mantiveron as consoantes latinas sen evolucionar. Desde os textos máis antigos que temos aparece esta palabra xa case sempre como **praza**, se ben algúns falantes e escritores empregan a forma **plaza**.

A significación de **praza** como espacio amplo dentro dunha poboación é a fundamental: *Pola praza e polas rúas as mozas cantando pasan* (Curros), *o formiguexar das xentes nas prazas* (Otero Pedrayo), *na praza non collía unha agulla* (Castelao)... Pero **praza** é para moitos falantes e escritores o lugar onde se venden alimentos e outros productos e mesmo é voz sinónima de feira, como vemos nestas frases de Risco (*Unha das criadas que fora á praza*), Cunqueiro (*Agora faise a feira a coberto*, *pro eu lémbrome de cando se facía na plaza*..., *poden mercarse na praza*), Fole (*Cosme*, *na mesma praza da feira*)...

Praza foi verba corrente para sinala-las vilas ou lugares fortificados: *pra atacare a praza por un seitor abandoado dos defensores* (Otero Pedrayo), *coma quen vende unha torre*, *un castelo*, *unha praza inimiga* (Freixanes) e tamén o posto ou oficio de soldado: *Dixéronme que sentara praza por disgusto de amores* (Fole), *sentou praza na cabaleiría repubricán* (Cunqueiro).

Hoxe é moi usada esta voz para significar oficio, emprego, posto de traballo: *que todos os aspirantes obteñen praza* (Cortezón), *plaza para maiordomo de Onassis* (X. Torres), *e conseguira finalmente plaza en propiedade naquel centro* (Rábade)...

Aínda poderiamos indicar máis acepcións desta voz e locucións nas que aparece como *praza forte*, *praza de armas*, *praza de soberanía*, *praza de touros*, etc.

1047. Prazos e preitos

Existía en latín a expresión DIES PLACITUS para indica-lo día que agradaba ou parecía ben á autoridade ou ós que buscaban un acordo. Esa expresión quedou reducida a PLACITU e esa voz deu lugar ó novo vocábulo **plazo**, transformado xa dentro da nosa lingua en **prazo** por bastantes falantes e escritores.

O significado fundamental desta palabra é pois espacio de tempo determinado para a realización de algo, como vemos nestas frases de Otero Pedrayo: *que o prazo remata ás doce da noite*, C. E. Ferreiro: *coñecedor da verdade do prazo*, Cunqueiro: *pasou a prazo osado á rebelde Gaana*, A. Conde: *Se no prazo dun mes non tiña noras*..., S. Toro: *deiche unha semana de prazo*... Ou tamén moi concretamente é o espa-

cio fixado para pagar determinadas cantidades cando se compra algo e non se paga ó contado: *Merquei un automóbil a prazos*.

Prazo chega a ser case un sinónimo da voz **tempo** en exemplos como os seguintes: *en non moi lexanos prazos o tren francés recibíase en España a trabucazos* (Curros), *o crima do noso país barre a pintura en tan breve prazo* (Castelao)...

E da mesma orixe que **prazo** é a palabra **pleito** ou **preito**, que antigamente tiña unha significación semellante, é dicir, pacto, convenio, trato, axuste. Estas novas formas foron importadas do francés antigo *plait* e pouco a pouco ese significado de pacto ou convenio foi relaxándose en diferencia, desaxuste, disputa, liorta, etc.

Hai unha frase de Leiras Pulpeiro que me serve para explicar este cambio: *medio axuste é chico preito*. **Preito** é pois disputa, discusión, mesmo batalla, etc.: *un maio sin segas*, *usuras nin preitos* (Curros), *enguedellados en pleitos domésticos*..., *causa de guerras*, *pleitos e disputas* (Freixanes)...

Pero hoxe a voz **pleito** ou **preito** é para a maioría de falantes e escritores a disputa xudicial entre dúas ou máis partes por culpa do dominio de cousas, facendas, posesións, ou toda clase de incumprimento de pactos, acordos ou convenios. Xa lemos en Curros Enríquez esta frase: *Non me fagas porche preito*, en Otero Pedrayo: *non me quero meter no voso preito*, en Cabanillas: *todo por mor dun preito de rendas atrasadas*, en Cunqueiro: *con quen tivese un pleito por unha servidume de carro*...

Naturalmente os **pleitos** aparecen a miúdo nos autores contemporáneos: *sempre andaba metido en pleitos* (X. F. Ferreiro), *ao lectoral ganáralle un pleito por insultos* (Casares), *buscaba un padriño pra gañar un pleito* (H. Villar), *non son amigo de andar en pleitos* (S. Toro), etc.

E de **pleito** naceu o verbo **pleitear** ou **preitear** (*os que mercaron os bés foron precisamente os que pleiteban co Ferrallo*..., *preiteaban polos tesouros segredos*, de Cunqueiro) que non soamente significa demandar xudicialmente, senón tamén esforzarse en conseguir algo ou discutir de xeito normal por algo ou contender en méritos por obter algún premio ou un posto de traballo.

1048. Clases de plumas

Aquilo que recobre a pel das aves era chamado en latín PINNA (e tamén PLUMA), voz que, seguindo a evolución fonética normal, pasou a ser **pena**, verba que se empregaba como voz corrente na época medieval para falar das **penas** dos paxaros, pero esta palabra foi especializando o seu uso para denomina-las rochas, as pedras adheridas ó terreo, os penedos.

Os portugueses conservan aínda *pena* na súa significación orixinaria, pero entre nós **pena** queda sobre todo nese significado de rocha ou penedo e tamén para denominar esa especie de culleres de madeira ou metal que forman o rodicio do muíño.

Xa na época medieval houbo que botar man da outra palabra latina que significaba a pena das aves, *pluma*, que ó igual que tantos vocábulos entrados en galego cando xa era lingua independente foi pronunciado ou escrito tanto **pluma** coma **pruma**.

A acepción básica desta palabra foi e segue sendo a peza que recobre o corpo das aves e os escritores, sobre todo os da primeira época, prefiren usa-la forma **pruma**: *tray manchádalas prumas* (Rosalía), *mercábamos canto producía o país*: *lan*, *coiros e prumas* (Castelao), *páxaro novo*, *soñara*, *cando nin pruma*

inda tiña (Otero Pedrayo), pero os actuais empregan **pluma**: *poñían de punta as plumas dun galo de pelexa* (X. F. Ferreiro), *plumas de paxaros*, *unha pluma de pega rabilonga* (de M. Rivas e X. Rábade).

A **pluma** converteuse nun obxecto de adorno, especialmente colocado nos sombreiros dos personaxes literarios: *chegaban da festa con prumas de pavo rial nos chapeus* (Otero Pedrayo), *un nobre cabaleiro coa súa pruma enrisada no sombreiro* (Rosalía), *poñendo ben unhas prumas que levaba nos sombreiros* (Leiras Pulpeiro), *o cabaleiro da pruma na gorra* (Cunqueiro)...

A **pluma** dalgunhas aves converteuse nun instrumento para escribir e, a pesar da transformación dese instrumento, seguimos empregando esa palabra con toda normalidade: *a forza de cavilar cunha pruma na man* (Castelao), *con papel e pruma púxose a esquirbir estrofas* (Curros), *meteron nun fardelo a escritura*, *a pruma e o tinteiro* (Fole), *solicitar papel*, *pluma e tinteiro* (M. Ferrín), *mollou a pluma no tinteiro de prata* (Casares).

E este instrumento que tanto usaron os escritores serviu para designar tanto a habilidade dun escritor coma a súa profesión: *non hai pruma que poida enumerar tanto encanto reunido* (Rosalía), *tiña boa pluma*, *anque unha miga retórica de máis* (Casares), *non ten por qué sabelo*, *porque é home de pruma* (Blanco Amor), *amén de home de ferro era home de pruma* (Cunqueiro), *entre a xente de pruma tiña sona de ser un cuco moi orixinal* (C. E. Ferreiro).

1049. Cómpre cumprir con cumprir

O actual verbo **cumprir** ten a súa orixe no latín COMPLERE que significaba completar e que na Idade Media comezou a toma-los significados que ten agora o seu descendente. Como pasou con outras palabras que xa vimos, COMPLERE non seguiu a evolución fonética correspondente e del formáronse moitas variantes que podemos ver nos textos medievais que tomamos da edición de R. Lorenzo sobre a "Traducción da Crónica General": *complir*, *conplir*, *comprir*, *conprir*, dos que saen posteriormente as formas con *u* na primeira sílaba.

Complir, **cumplir**, **comprir** e **cumprir** foron formas vivas na fala e nos textos escritos e están recollidas nas obras léxicas, pero a normativa vixente impuxo un pouco de orde nesta variedade establecendo que o verbo máis corrente é **cumprir**, que se conxuga regularmente, agás na terceira persoa singular do presente de indicativo cando significa "é necesario". Entón é **cómpre** (con acento para distinguilo do **compre** do verbo **comprar**). Non obstante nos exemplos que imos poñer dos escritores verémo-la gran variedade de formas aínda existentes.

A primeira acepción que dan os diccionarios desta voz é a de face-lo que se debe, o que está ordenado, executar. Vexamos frases de escritores: *a vella determiñou cumpli-la promesa feita* (Castelao), *Que ben que compriche palabra que diche* (Rosalía), *moi contenta de comprir o mandato* (Dieste), *teño unha deuda contigo e vouna cumprir* (Curros), *comprirei o xuramento* (Neira Vilas).

A segunda acepción que atopamos é a de chegar algo ou alguén a determinada idade: *cando unha fanada ilusión cumplía anos* (Castelao), *vén de cumplir setenta anos* (Freixanes), *Lisardo aínda non cumplira os trinta* (Cunqueiro), *ó comprirse o ano 80 do seu nadal* (Cabanillas).

Pero a significación máis espallada deste verbo é a de ser necesario ou conveniente a cousa que se expresa. Nesta acepción cómpre usa-la forma **cómpre** con acento, cousa que só vemos nos escritores actuais: *compre decirvos que lle dou o mal* (Castelao), *e pra alampare non compre casar* (Leiras Pulpeiro), *parou o reló e compre darlle corda* (Cunqueiro), *compre aclarar ese malentendido* (Neira Vilas), *cómpre*

dicilo todo... cómpre tomármolas cousas con calma (X. F. Ferreiro), *cómpre estarmos preparados* (Freixanes), *cómpre ir con demora* (Rábade).

Realiza-lo establecido, o acordado, o que é esperado por outros, o que demostra cortesía con alguén, é **cumprir**, como vemos por estes exemplos: *Que un cumpra os seus xuramentos* (Rosalía), *comprías as mañás os seus deberes de maxisterio* (Otero Pedrayo), *non puden cumpri-lo xuramento...*, *para compriren a súa manda* (Castelao), *en Barbacho onde cumplira o servicio militar...*, *quero comprir como debo con aquel petrucio* (Cunqueiro), *cumpre coas súas obrigas de cristiá* (X. F. Ferreiro)...

Resulta tamén moi corrente o uso de **cumprirse** para manifestar que algo ten lugar: *os destiños hanse comprire* (Otero Pedrayo), *uns coidaban que se cumprira a maldición calé* (Cunqueiro), *soio sei que ailí se compre o sono que estou soñando* (Novoneira).

En fin, como diciamos arriba, cómpre cumprir ben co uso do verbo **cumprir**, que ten aínda bastante variedade de formas no seu uso.

1050. Contemplando templos

Se eu escribise a frase *estou contemplando templos* hai máis de corenta anos calquera escritor ou calquera gramático ou diccionarista pensaría de contado que estaba metendo castelanismos na lingua galega.

¿Quen non recorda o comezo do belo poema *Na catredral* de "Follas novas": *Como algún día polos corrunchos -do vasto tempro -vellos e vellas mentras monean...?* Nel aparece citada a voz **tempro**, que tamén atopamos noutras poesías dese mesmo libro, xunto co emprego bastantes veces do verbo **contemprar**: *Que cal eu vos contempro*, *contempráronvos...*

Do mesmo xeito que Rosalía usou as formas **tempro** e **contemprar** fixérono tamén outros escritores como Curros Enríquez: *do tempro saíron ambos a dous...*, *a contemprala mudos puxémonos el i eu* ou Otero Pedrayo: *anacos do tempro desfeito...*, *mangas franciscás cruzadas na contempración*, frase na que usa o derivado desa familia léxica **contempración**.

Para designa-los edificios públicos destinados ó culto relixioso tiñamos de sempre a voz **igrexa**, pero no século XIII importouse o cultismo *templo* que xa nos textos medievais aparece ben como *templo*, ben como *tempro* (*levou seu fillo ao templo...*, *o tempro u fuste presentada*, frases das "Cantigas de Santa María") e así se mantiveron bastante tempo esas dúas formas. Nos diccionarios portugueses atopamos *tempro* como voz anticuada e nos nosos ata hai ben poucos anos aparecía soamente esa forma.

Non resulta pois nada estraño que **tempro** sexa voz común en Risco (*as dúas colunas do tempro*), Cabanillas (*no escuro nicho do tempro*), Castelao (*déronlle ás grutas o caraiter de verdadeiros tempros*) que usa ademais o derivado **temprete** (*co temprete chamado da Trinidade*), etc.

Témo-lo mesmo caso coa introducción do cultismo **contemplar** a fins da Idade Media que deu lugar á existencia da variante **contemprar**, que os diccionarios portugueses consideraron anticuada, pero que os galegos estimaron como a máis típica. E ademais dos autores xa mencionados temos que dicir que Pondal (*e os baixos contempra que rompendo están*), Cotarelo, Fole, Dieste, C. E. Ferreiro, etc., a usaron de contino.

Sen embargo os últimos gramáticos, diccionaristas e normativizadores da lingua prefiriron manter estes dous cultismos (non moi usuais na fala coloquial) nas súas formas primarias: **templo** e **con-**

templar, voces ambas que usan normalmente así os escritores contemporáneos como Casares (*acusador no templo... contemplaba o bispo*), Freixanes (*¿Que foi daqueles templos...*, *contempla a anxélica figura*), Conde, Alcalá, A. Cáccamo, Rábade...

1051. Exemplos da palabra exemplo

Desde a primeira época da existencia da literatura medieval atopamos nos textos o cultismo **exemplo**, introducido nas linguas romances para significar cousa, acción ou feito que hai que tomar como modelo ou serve para ilustra-lo asunto do que se está a falar.

Como pasou con tantos cultismos que ultimamente comentamos, achamos que nesa época hai xa vacilación de pronunciar ou escribir tanto *plo* como *pro* e neste caso hai tamén xa vacilación da pronuncia e escritura dunha letra ou son *x*. Así pois lendo estes textos medievais podemos achar bastantes variantes desa voz: **exempro**, **enxemplo**, **enxempro**, **eixemplo**, **eixempro**...

A situación nos tempos modernos non cambiou moito ata hai poucos anos. Nas gramáticas e nos léxicos que seguen a normativa vixente eliminaron toda esa serie de variantes e adoptaron a forma **exemplo** fronte os preocupados por eses temas ata os anos sesenta que prefiriron a forma **enxempro**.

As formas **enxempro** e **exempro** son as que empregaron os nosos escritores clásicos. X. M. Pintos fala do *gran exempro do que manda* e di tamén *poñamos por exempro*. Rosalía cita **exempro** e *quen do teu mal adoleza cúrese co teu exempro*. Cabanillas cita *no exempro un dato*, C. E. Ferreiro *predicou co exempro* e Dieste pide *que dea enxempro aos pequerrechos...*, *era non dar mal exempro a algún rapaz*.

Otero Pedrayo que usa **exempro** nestas frases: *terra ditosa*, *en camiño de ser exempro das outras...*, *miran no humanismo un soio exempro*, emprega tamén o medievalismo **eixempro**: *mocidade alongada na madureza como eixempro de xenial e pintoresca toleiría* e cita *un venerábele eixemprar*.

Outro escritor ourensán, V. Risco, emprega bastantes veces esta forma anticuada **eixempro** (*o que eu quero é advertilos co meu eixempro...*, *dicía por eixempro o coitado*) e tamén **eixemprar** (*eixemprar case úneco dunha fermosa edición flamenga*).

Coido que é necesario engadir que ámbolos dous escritores ourensáns fixeron co *x* doutras palabras o mesmo, é dicir, que o converteron en *is*, como vemos nestes exemplos: *eisaltaban a súa beleza* (O.P.), *as virtús eisáltanse* (V.R.), *deixou de eisistir* (O.P.), *eisistía por eisistir* (V.R.), *eisixe a soedade* (O.P.), *eisixe hoxe de ti o pirmeiro sacrifizo* (V.R.), *eisalaciós humáns* (V. Risco), *eisaitamentes...*, *eisames de concenza...*, *eisamiñou...*, *eisilado mais non vingativo...*, *prantas eisóticas* (Otero Pedrayo).

En fin, aínda quedan máis exemplos que explicar.

1052. Máis exemplos que explicar

Seguindo cos exemplos do comentario anterior teño que dicir que tamén atopei en Cunqueiro o uso da voz **eisempro** na súa obra "Hamlet": *Dígoche que non abusaría*, *Poloño*, *nin acodiría a eisempros antigos*, pero nas outras obras emprega sobre todo **exempro** (*poñéndoa por exempro da xente que ten sorte*) e en "Os outros feirantes" a forma normativa: *por exemplo*.

Na obra de Castelao aparecen frecuentemente as voces **exemplo** (*como sucedería por exemplo... quixeramos demostrar con exemplos a nosa hipótesis*) e **exemplar**, xunto con **exemprar**, **enxemplar** e **enxemplo**: *ofrecemos dous enxemplos de arte popular...*, *¡que bos enxemplos recibides!...*

Curiosamente hai que sinalar que tódolos escritores contemporáneos que citei outras veces seguen a forma normativa **exemplo**. Penso que os autores de antes tiñan sempre a teima, no caso dos cultismos, de transformalos foneticamente para que se diferenciasen algo das formas idénticas ó castelán.

E parecido ó que acabamos de explicar sobre o cultismo **exemplo** pasou co cultismo entrado nas linguas peninsulares no século XV, **explicar**, que pola razón que acabo de dicir pasou a ser **espricar** (forma que tamén eu escoitei pronunciar a bastantes falantes galegos) coido que por esa vacilación das sílabas que teñen ese grupo consonántico *pl* ou *pr* como os casos que xa citamos de **plato** e **prato**, **plaza** e **praza**, etc.

Espricar é a forma que aparece rexistrada nos diccionarios galegos ata os anos sesenta e a preferida polos escritores clásicos. Rosalía dinos *que cantando se esprica desta maneira...*, *porque me esprico na nosa léngoa*. Pondal escribe *por cousas que n'esprica* e Curros fala *deste santo amor da patria que se sente e non se esprica*. Risco cre que *non é doado espricar o que son as Forzas Vivas*, Cabanillas conta que *escomenzaba a espricarnos a parábola evanxélica*, Fole lembra un home do que *ninguén se espricaba como tiña tanta sorte coas mulleres* e Cotarelo *non pelexa por espricar o que non pode espricar*.

Un autor contemporáneo, como Neira Vilas, tamén prefire o uso de **espricar**: *Espricoume que alí tiñamos a obriga de apraudir todo...*, *esprícalle ós rapaces algo do catecismo*. Sen embargo Celso Emilio Ferreiro que emprega este verbo (*non lles vou espricar as historias desta xentiña...*, *craro que mo espricou*) usa ás veces **esplicar**: *esplícanlles que o caso...*, *non se me esplica nada*. O mesmo atopamos nas obras de Cunqueiro: *Polido espricoume...*, pero na citada obra "Os outros feirantes" usa xa bastantes veces **explicar**: *vouche explicar as fontes que hai acolá...*

Seguiremos dando exemplos de **explicar**.

1053. Explicando solucións

Continuando co uso das variantes do verbo **explicar** direi que na lectura de "A vila asulagada" de Cortezón atopei tres formas diferentes segundo vemos nestas frases: *E púxose a espricar...*, *de maneira que non puido expricarse...*, *a imposibilidade de explicar o sentimento da mudanza*.

Os demais escritores contemporáneos que citamos algunhas veces empregan a forma culta sen evolución ou sen transformacións: *explicaban a verdade*, *que moi ben o explicades*, *non che podo explicar con palabras*, *non o acerta a explicar*, *xa che explicarei*, *non lle podía explicar*, *explicábase de marabilla...*

Volvendo ós nosos clásicos quero citar a Castelao que usa a forma tradicional dos escritores da súa época **espricar** (*Non coidamos mester espricar a significación...*, *moi interesante para espricar o tránsito renacentista*) e tamén **espricación** (*aforran outras espricacións*), xunto con **esplicar** (*a razón deste feito esplícase ao sabermos que o camiño...*, *autores que espliquen*) e tamén **esplicación** (*buscar unha esplicación*).

Pero en Castelao atopamos ademais a forma **eisplicar** (*agardan que calquera día sexa eisplicado polas cencias psicolóxicas*) e tamén **eisplicación** (*acolle a eisplicación*) que tamén foi empregada por Otero

Pedrayo: *eispricaba a leición no grande anfiteatro*..., *e tudo foime eispricado*..., *que se podería eispricare asina*.

Nun dos comentarios anteriores xa vimos como **exemplo** foi transformado en **eixempro** por Otero Pedrayo e Risco e puñamos outros exemplos no que o *x* intervocálico pasaba a ser *is*. A eles podemos engadir outras palabras similares empregadas por Castelao: *eisaltando a súa paixón*, *eisento de egoismo*, *eisisten varias mostras*, *sen éisito*, *eisixiríamos algunha mostra*, *por eisóticas que sexan*...

E igualmente vemos polas frases citadas de Otero Pedrayo e de Castelao que o *x* ante consonante tamén se converteu en *is*. Exemplos similares ós de **eisplicar** atopamos varios en Castelao: *os bos galegos somos eispatriados*, *na eisquisita Franza*, *ficou en éistase*, *irán eistinguíndose*, *pudor eistraordinario* e tamén en Otero Pedrayo: *eiscelenza*, *monxe eiscraustrado*, *na eispedizón proieutada*, *como se eispoñen*, *agardar ben eisposto*, *o poder eispreisivo*, *eisprendor morto*, *non eisprimentaba*, *enxota eistroitura*, etc.

Coido que o afán de diferencialismo con respecto á lingua castelá é a causa fundamental de que os nosos grandes escritores buscaran esas solucións, algunhas das cales xa se deran tamén nos primitivos textos medievais nos que se pretendía que os cultismos sufriran as mesmas evolucións fonéticas que as palabras tradicionais.

1054. Doutores e doutrinas

As palabras cultas que proceden do latín consérvanse en xeral sen evoluciona-los seus grupos consonánticos. Como é bastante coñecido, o grupo *ct* de palabras latinas tradicionais como FACTU, LECTU, OCTO pasou a ser *it*: **feito**, **leito**, **oito**. Sen embargo as que entraron na nosa lingua xa en plena Idade Media ou naturalmente nos tempos modernos non transformaron ese grupo: **actor**, **lácteo**, **tacto**, etc., se ben hai desde sempre unha gran tendencia popular a non pronuncia-lo *c* (**ator**, **láteo**, **tato**).

Pero hai algunha excepción. Xa hai moitos séculos entrou a voz latina *doctor*, que aparece así escrita nas "Cantigas de Santa María": *segundo estableçudo era polos seus santos doctores*. Con todo xa nesa época aparecen textos nos que atopámo-lo *c* convertido en *u*, é dicir, **doutores**, palabra que triunfou sobre a forma culta **doctores**. E iso mesmo ocorreu na lingua portuguesa.

Hoxe hai pouca xente que diga ou que escriba **doctor** e os escritores evitan a forma vulgar **dotor**. A Rosalía escápaselle esta variante **dotor** nun poema de "Follas Novas" que contén estes versos: *curandeiros*, *ceruxanos -dotores en mediciña -pra esta infirmidade miña*..., pero ese mesmo poema contén outros versos nos que aparece a forma **doutor**: *nesto que digo*, *doutores*...

Doutor é a voz que está hoxe na normativa oficial da lingua e que empregan tódolos escritores: *non tardaron en desapareceren os doutores* (Castelao), *os doutores da Universidade* (Otero Pedrayo), *a cárrego dun doutor en cencias esautas* (Risco), *O doutor era da súa mesma idade* (F. Riego)...

Como é lóxico, tódolos derivados dese cultismo conservan a vocal *u*: **doutoral**, **doutoramento**, **doutorando** e **doutorar**.

E canto acabamos de dicir de **doctor - doutor** podemos aplicalo á parella **doctrina - doutrina**. A forma actual aparece xa nos textos medievais: *doutrina peçoenta daquelles dous herejes* (Crónica de 1344).

Agora ben, se a voz **doutor**, que ten a significación fundamental de persoa que posúe o máis alto grao académico, é aplicada popularmente ós que exercen a medicina e estes falaban castelán, loxicamente eran chamados **dotores**.

Do mesmo xeito temos que dicir que a voz **doutrina**, que significa fundamentalmente o conxunto de ideas que serven para explica-los fenómenos dunha relixión ou dun sistema filosófico ou político, é aplicada no ambiente relixioso para referirse ó ensino oral que se fai nas igrexas dos principios cristiáns, e dado que este ensino se facía na lingua castelá, resulta lóxico escoitar a moitos galegos dicir **dotrina** por **doutrina**.

Sen embargo hoxe a forma xa tradicional **doutrina** está cada vez máis vixente e é a voz preferida en xeral polos nosos escritores: *sorprendido ante a nosa doutrina* (Castelao), *doutriña verdadeira* (Leiras Pulpeiro), *¿vas á doutrina?* (Neira Vilas), *viña dos catequeses*, *ou sexa da doutrina* (M. Ferrín), *no terreo da doutrina* (Casares)...

En fin, aínda nos queda algo máis para seguir falando da **doutrina**...

1055. Máis doutrinas e outros obxectos

Falabamos no comentario anterior de como o cultismo de orixe latina DOCTRINA se transformou, modificando o grupo consonántico *ct* en *ut*, en **doutrina**, voz bastante normal a tódolos niveis da lingua.

Pero esa voz latina DOCTRINA ten a terminación *-ina* que as palabras tradicionais converteron en *-iña*, segundo vemos nas palabras **mariña**, **fariña**, **reciña**, **galiña**, etc. E se a nosa palabra fose un termo usado aquí xa hai dous milenios teriamos que dicir hoxe **doitriña**, voz que se lle ocorreu usar a escritores como Otero Pedrayo (*ceibaban a doitriña dos Monólogos*) e Cunqueiro (*e tiña no atril aberto a doitriña de don Gabir Arábigo*).

Sen embargo ámbolos dous escritores usaron a forma normal **doutrina** contadas veces: *Pensaba que a doutrina de Cristo tiña aínda de conquerir o norde* frase de Otero Pedrayo, que mesmo noutro lugar escribiu **doctrina** (*educa as xuventudes na doctrina do Estado*) *e daba por certa ista doutrina*, frase de Cunqueiro. Preferían o uso da forma **doutriña**, porque así parecía aínda máis galeguizada: *lembra a pelerinaxe cristiá e a doutriña das categorías* (Otero Pedrayo), *unha peza política*, *tirada da historia de Roma*, *acugulada de doutriña* (Cunqueiro).

Outros dous escritores ourensáns prefiren tamén esta forma hipergaleguizada, **doutriña**. Son Vicente Risco (*opuña moitos reparos a esta doutriña...*, *coma demostra a doutriña de Maeztu*) e Celso Emilio Ferreiro (*doutriña marxista...*, *sempre a predicar as súas doutriñas entre os mozos e os labregos*).

O que ocorreu con **doutor** e **doutrina** pasa con outros cultismos. Tomemos como exemplo **obxecto** e os outros nomes da súa familia léxica: **obxectable**, **obxectar**, **obxectivación**, **obxectivamente**, **obxectivar**, **obxectividade**, **obxectivismo**, etc. Son cultismos que entraron modernamente nas linguas peninsulares e deben conservar tódolos grupos consonánticos. Na fala popular podemos escoitar reducidos eses grupos: **oxetos**...

Os escritores actualmente empregan eses cultismos sen modificación: *absorto nas roupas e nos obxectos* (F. Riego), *obxecto do desexo pecaminoso* (M. Ferrín), *que Bieito fose obxecto de ira xesuítica* (Conde), *o resto dos obxectos* (M. Rivas), pero algúns fan uso do vulgarismo **obxeto**: *Galicia era nos Cantares obxeto...* (Rosalía), *a verdadeira orixe e obxeto destes moimentos* (Castelao), *a noción teolóxica da que cada obxeto...* (Otero Pedrayo).

Algúns outros escritores intentaron tamén hipergaleguiza-la palabra **obxecto** converténdoa en **ouxeto**. O citado Otero Pedrayo emprégao bastante: *os acibaches feitos ouxetos da Arqueoloxía* e tamén V. Risco: *foron ouxeto de desalmadas agresiós*, Fole: *moedas i ouxetos de ouro*, Cunqueiro: *son ouxetos máxicos* e outros. Poderiamos engadir exemplos destes e doutros escritores que usan ás veces os vulgarismos **ouxetivo**, **ouxetivamente**, etc.

En resume, pouco a pouco, van impoñéndose os cultismos, pero houbo sempre algún escritor que intentou modificalos para segui-la comodidade da pronuncia dos falantes ou para diferencialos das formas semellantes do castelán.

1056. Atoutiñando e apoupiñando

Unha das frases mencionadas nos comentarios anteriores que aparece nunha obra de F. del Riego (*ten que atoutiñar co pé*) contén o verbo **atoutiñar** que non é descoñecido para moitos galegos tanto na súa significación de andar apalpando algo, coma na de tantea-las vacas onde poñen o pé cando o teñen dorido.

Atoutiñar é voz que non só usa o escritor lucense (*Afasta a mesa. Atoutiña ata a porta...*, *sae da casa atoutiñando...*, *as mans atoutiñan...*), senón bastantes outros coma Otero Pedrayo (*sempre atoutiñando nas parés as aas de morcego*), Neira Vilas (*Fun pola vía adiante un bo anaco*, *atoutiñando nas travesas*), S. de Toro (*camiñou... atoutiñante e apoiando a man no muro*), etc.

Tamén resulta corrente a expresión de andar **ás atoutiñadas**, **ás atoutiñadelas** ou **ás atoutiñas**. Un uso literario desta locución vémolo nesta frase dun libro de C. Casares: *mentres marchaban ás atoutiñas camiño de casa*.

Verbos que podemos considerar variantes de **atoutiñar** son **ateitiñar** (que xa aparece rexistrado polo frade Sobreira no século dezaoito), **atouteñar**, **atoutelar**, **atoutaroñar**, etc., que se recollen nalgunhas obras de investigación dialectal.

Pero resulta bastante popular ademais o verbo **apoupiñar** que ten as mesmas significacións de **atoutiñar**. E resulta moi curioso constatar que algúns falantes cruzan estas dúas palabras e din **atoupiñar** e mesmo outros din **apoutiñar**.

Penso que **apoupiñar** é un claro derivado de **apoupar** ou **poupar** que é o verbo con evolución fonética normal que procede da palabra latina PALPARE. Xa no noso libriño *Cartafol da lingua* fixemos mención do uso de **poupar** e **apoupar** no seu sentido orixinario de tocar algo coas mans para recoñecelo ou examinalo e de como pasaron eses verbos a significar tocar algo con cariño e tamén noutros casos con desprezo e dabamos moitos exemplos que tomamos de escritores como Celso Emilio Ferreiro e Otero Pedrayo.

Naturalmente os verbos **palpar** e **apalpar** están vivos en todo o territorio galego na súa significación fundamental de tocar ou examinar algo coa man, pero son moitos os lugares onde tamén significan o mesmo que **atoutiñar** ou **apoupiñar**: tantea-las vacas con coidado o chan cando teñen os pés doridos.

E por último digamos que máis corrente cás expresións citadas arriba (**ás atoutiñadas**, **ás atoutiñas**) é **ás apalpadelas**, que atopamos que usan bastante os escritores: *andaban ás apalpadelas* (Blanco Amor), *¿ves aquel que avanza ás apalpadelas* (Freixanes), *foi ás apalpadelas*, *a modiño* (X. Alcalá), etc.

1057. Andar atariñante

Continuando coas palabras que un lector me propuxo que comentase porque dicía que el non as entendía ben, remato hoxe falando da última frase que citaba da obra "O cego de Pumardedón" de F. Fernández del Riego: *Recomeza a marcha*, *co andar atariñante*, *mol*.

Neste caso teño que recoñecer que ese **atariñante** non é voz moi corrente, pero coido que polo contexto no que se atopa podemos comprende-la súa significación. **Atariñante** é participio do verbo **atariñar** que achamos usado en bastantes páxinas da citada obra.

Vexamos esas frases: *Atariña un algo*, *antes de abri-la porta*..., *atariñaba un algo*..., *non fai falta media hora para percorrer un quilómetro*, *mesmo atariñando*..., *ao home que avanta coma en soños*, *un pouco sinuoso*, *un pouco atariñante*. Penso que se pode entender que o verbo **atariñar** está usado na significación de vacilar ou dubidar.

Xa Leiras Pulpeiro rexistrou o uso deste verbo nesa significación e así está recollido nalgúns diccionarios, se ben a maioría deles non o rexistran. Os que o fan rexistran tamén a súa variante **atarañar** e sinalan ademais outra acepción que ten esta palabra: tantea-lo chan co pé os animais cando o teñen dorido, o cal quere dicir que é sinónimo de **atoutiñar** e **apoupiñar**, xa comentados.

Noutra frase do citado libro vemos que está empregada esta voz co mesmo sentido deses verbos: *Os seus pés atariñan na soleira da baranda*.

Teño a impresión de que **atariñar** é unha forma creada doutro verbo algo máis corrente: **tartariñar** ou **tartarañar** que se emprega en varios lugares para significa-lo mesmo ca **atoutiñar** ou **apoupiñar**. E curiosamente hai que dicir que hai quen di **tatarañar** para significar vacilar ou dubidar. De aí que **tatarañar**, por influencia de **tatexar**, **tatabexar** ou **tatalexar**, pode significar tamén vacilar falando, xa que se parecen bastante foneticamente.

En fin, como pasa en tantas ocasións, as palabras crúzanse e forman outras novas. Esa significación de vacilar falando de **tatarañar** pasou a **tartarañar** ou **tartariñar** e destes verbos a **atariñar**, que usan con ese sentido algúns escritores como Blanco Amor (*co seu falanguear atariñado coma palique de cortexo*), ou Cortezón (*asentía Bariloche*, *co aquel arrepío de voz atariñada*).

E recordemos por último unha frase do citado libro na que se fai uso dun adxectivo derivado do verbo **tatarañar**, **tatarañeiro**: *Aproveita-los últimos momentos da noite*. *Dubida*. *Séntese tatarañeiro*.

1058. A voltas con volver

Pídeme o lector Amigo (con maiúscula, porque así se apelida ese lector amigo) que lle diga se el pode usar o verbo **voltar** sempre en vez de **volver**. Resposta inmediata: non. E digo non porque son moi poucos os galegofalantes que empreguen ese verbo **voltar**...

O verbo **volver** é unha desas voces populares que é moi empregada en moitas acepcións. **Volver** é facer xirar unha cousa en calquera sentido, cambiándoa de posición: *volvendo os ollos en torno*..., *volvendo a outro lado súa testa* (Curros), *volvendo o rosto pra gardar alá unha luz*..., *pero axiña volveu a cabeza*... (Cunqueiro).

Volver é facer que algo deixe de ser dunha maneira para ser doutra: *volvédemos sanos*..., *volvereime tolo* (Curros), *vai mirar e vólvese alarmada*..., *vólvoche toliña* (Castelao), *gastoulle unha broma a Serxio volvéndoo tatexo*..., *as fillas vólvense fermosas*..., *volverase ciumosa* (Cunqueiro), ou facer que algo ou alguén pase a ser outra cousa distinta do que era: *requeriron ista pra volvela viuda* (Cunqueiro).

E **volver** é ir de novo a un lugar onde se estivo: *coidaron que quería volver á corte* (Cantigas de Santa María), *Pedro volve das Américas*..., *volvemos á vila natal* (Castelao), *volvendo eu de Mondoñedo a Vigo*..., *poderei volver á miña cova*..., *volver á aldea*..., *volveu a Cuba* (Cunqueiro).

E desta significación fundamental pasou a outras como converter, torcer, regresar, repetir, insistir, etc. Nestes casos é moi corrente que vaia seguido da preposición **a**. Vexamos algúns exemplos que tomamos das obras de Cunqueiro: *Igual volve de can*..., *volve a decirlle istas novas*..., *volvendo a montar a cabalo*..., *non quixo volver a casar*..., *¡ogallá volveran tempos idos!*..., *volveu traballar*..., *volvían fermosos tempos*...

Tamén é moi usado co pronome **se** para indicar que algo pasa a ser distinto de como era ou para significar oporse a alguén: *volveuse corvo*..., *volveuselle unha man de prata*..., *volveuse contra tódalas protestas*...

Temos que sinalar que existen moitas expresións formadas partindo deste verbo: *volver en si* para significar recupera-lo sentido perdido, *volver xunto de* para indicar reconciliarse, *volver por un equipo* no sentido de ser partidario dun equipo, *volverse atrás* na significación de non cumpri-lo prometido, *volver á carga* por insistir, etc.

E digamos que ó lado do participio regular deste verbo, **volvido**, témo-lo chamado participio forte, **volto**, do que saíu a voz **volta**, da que seguiremos falando.

1059. A voltas coa volta

O participio do verbo **volver** é **volto**, voz moi corrente (*tiña volto a reinar*) que funciona tamén adxectivalmente (*o pé esquerdo medio volto*..., *a pata esquerda volta*) e que deu orixe ó nome tan popular de **volta**.

Ten esta voz ducias de significacións na nosa lingua. Digamos que a primeira que recollen tódolos diccionarios é a de movemento dunha cousa que xira por si mesma ou á que se fai xirar: *pecha con tres voltas de chave a portalada... dalle dúas voltas á gorra coa cabeza* (Cunqueiro). E neste sentido metería a expresión tan corrente de *caer a voltas* e a tan famosa actualmente de *volta de campá* que tantos e tantos coches realizan, supoño que involuntariamente, quedando case sempre coas rodas cara a arriba.

A segunda é a de regreso ou acción de regresar: *estaban agardando a volta do meu pai* (Cunqueiro), *esculcando no camiño a volta do seu amor* (Castelao). A expresión *da-la volta* pode equivaler, entre outras moitas significacións, a regresar ou volver: *pola mañá fomos á aldea*, *pola tarde démo-la volta*, e neste mesmo sentido está a locución *de volta*: *Ás seis da tarde estabamos xa de volta*.

Volta é o mesmo que repetición en casos como este: *agardaría a volta da guerra* (Castelao) ou que rodeo: *teño que dar unha volta moi grande para ir á túa casa*. *Dar voltas* pode ser empregada tamén nun sentido figurado: *Non deas máis voltas cos teus argumentos*, e se damos *voltas e voltas* na cabeza queremos significar que estamos cavilando moito: *Pasei o día dando voltas ó teu problema* é igual a *pasei o día meditando o teu problema*.

Unha **volta** pode ser tamén un paseo: *Onte dei unha volta pola rúa nova. ¿Queres vir comigo a dar unha volta?* E **volta** é voz moi empregada na significación de curva dun camiño: *A carroza parou na volta... aquela volta do camiño era a fin da subida* (Cunqueiro) ou tamén curva dun río: *O Sil ten moitas voltas na miña zona*.

Probablemente deste costume de chamar **voltas** ás curvas dos camiños e dos ríos naceu a significación de **volta** como sinónimo de redonda, contorno, comarca ou territorios próximos ó lugar onde estamos: *En toda a volta non hai mellor casa cá de Xosé*.

Volta pode ser usada no mesmo sentido de vez: *patria*, *outra volta*, *convertida en nó de camiños* (Castelao), *pro dista volta non viña como tal mercader* (Cunqueiro).

A parte posterior dunha cousa pode ser chamada **volta**: *ese coche que ves aí está sucio pola volta* e certas partes das pezas de vestir son chamadas tamén **voltas**: *Envolveito nunha gran capa azul con voltas coloradas* (Cunqueiro).

Volta é o diñeiro que nos dan ou devolven cando pagamos algo: *Déronme tres pesetas de menos na volta* e **volta** pode ter moitos, moitos máis significados correntes, pero temos que deixar xa de estar a voltas con esta voz e non dar máis voltas a moitas expresións nas que figura esta palabra.

1060. Volteando a voltar

Así como dos nomes **cara**, **carta** ou **gota** naceron os verbos **carear**, **cartear** ou **gotear**, de **volta** naceu o verbo **voltear** que é bastante popular nas significacións de dar voltas (*volteaba entre as galiñas*), poñer unha cousa ó revés (*dálle volta a esa cunca*), e moitas outras equivalentes a volver. E son tamén moitos os falantes que din **voltexar**.

Pero, ó igual ca na lingua portuguesa, hai algúns lugares onde existe a forma **voltar**, que se emprega sobre todo para significar da-la volta ou regresar. En tódolos diccionarios antigos aparece rexistrado este verbo con esa significación, pero nos modernos aparece nalgúns como sinónimo total do verbo volver, é dicir, como ocorre na lingua portuguesa e noutros soamente coa acepción indicada nos antigos.

Por tanto no día de hoxe para a maioría dos diccionaristas só podemos usar esa forma **voltar** en casos como estes exemplos: *Xan voltaba a palacio...*, *despois voltaba para a casa...*, *algunhas mulleres voltaban da fonte...*, *moito tempo tardareis en voltar...*, *voltará cando a xusticia dea sentencia...*

Sen embargo **voltar** é hoxe para moitos escritores un verbo preferido a **volver** en tódalas súas significacións. Digamos que os escritores que poderiamos chamar clásicos (Rosalía, Pondal, Curros) non o usan.

Penso que nos do primeiro tercio deste século é Otero Pedrayo o primeiro que dá preferencia a **voltar**. Aínda que ás veces escribe *castígalo pra que se volva serpe* ou *volvendo á cibdade*, moitas máis veces encontramos este outro tipo de frases: *voltábanse primitivas...*, *voltábase patriarca*, *voltaba da oficiña...*, pero Castelao usa moi poucas veces **voltar**: *voltar á terra como o afiador ourensán...*, *voltaremos a falar*, porque prefire **volver**.

Cunqueiro segue o sistema de Castelao de empregar pouco ese verbo, Fole vacila bastante entre ámbolos dous verbos: *A señora aínda non volveu dos baños...*, *non voltaría pra Ameixende...*, e Blanco Amor usa moito máis **voltar**: *entón voltaba pra o alpendre...*, *logo voltamos ó augardente*.

Os escritores de hoxe teñen en xeral preferencia polo uso de **voltar** en tódalas significacións normais de volver: *en vez de coller o tranvía voltaba a pé*..., *voltaba canso*..., *non poideches voltar alá*..., *voltei a dormir* (Neira Vilas), *vai voltar a desgracia*..., *faría ben en voltar pra casa*..., *voltei a vista para o home*..., *voltou de novo a néboa* (M. Ferrín)... Coido que nos sobrarían os dedos dunha man para conta-los escritores de hoxe que non usen **voltar**.

En fin, volvendo ou volteando ó tema: ¿conseguirán os escritores impoñe-lo uso de **voltar** por **voltear** e **volver**?

1061. Paseando, ruando e vagando

Ás veces paga a pena fixarse un pouco nas palabras correntes porque teñen máis significados dos que a primeira vista parecen. Se pensamos na palabra **paso**, que fundamentalmente significa acción de move-los pés ó andar, temos que considerar que esa voz é a base do verbo **pasar** que ten innumerables significacións que xa non nos lembran a orixe de **pasar** na palabra citada **paso**.

Sen embargo de **paso** sae o verbo **pasear**, que si é fundamentalmente dar pasos, pero adquiriu o valor de andar a pé como entretemento ou para toma-lo aire ou para facer exercicio ou deporte. Está claro que **pasear** podemos facelo sen usa-los pés, porque se vamos a cabalo paseamos tamén e igualmente podemos pasear en calquera vehículo: *Onte paseei media hora pola rúa principal e mañá volverei pasear por esa rúa en coche*.

Pasear adquire outros significados que xa non nos fan pensar na palabra orixinaria. Podo dicir que *Xan pasea o seu novo automóbil* ou *pasea todo o día o seu novo peiteado*, é dicir, que **pasear** equivale neses casos a exhibir ou amosar algo con ostentación.

Se eu digo que *paseo cos ollos por eses escritos* quero significar que miro algo bastante indiferentemente e se digo que *o meu equipo de fútbol paseou onte polo estadio* quere dicir que **pasear** equivale a ser superior.

Non hai moito tempo entrou na nosa lingua, ó igual que nas demais linguas irmás, o cultismo **deambular** como sinónimo de **pasear**, pero cunha significación, na maior parte dos casos do seu emprego, de pasear, camiñar, andar sen rumbo determinado.

Pasear ou deambular polas rúas pode dicirse **ruar** (derivado de **rúa**), pero **ruar** é para a maior parte dos falantes pasear divertíndose, enredando, xogando, etc., e sobre todo hai tempo era ir face-la corte ou galantea-las mozas, como vemos nestes versos de Cunqueiro: *Meu amigo foi ruar ai amor!*..., *Adolescente de aramios fai ruar*..., e de Manuel María: *A Villalba irei ruar nas festas do San Román*... *¡e toda a noite a ruar!*

Igualmente podemos dicir en vez de **pasear**, **deambular** ou **ruar**, **vagar**, que parte da voz latina VAGARI, andar errante, e que hoxe tanto significa andar dun sitio para outro sen rumbo fixo coma nun sentido figurado estar ou andar libre: *Sentíase entón desesperado Eduardo*. *Vagaba polo xardín* (M. Ferrín), *naquela hora os cregos vagan xa como enxames polas rúas* (Rábade Paredes).

Este verbo **vagar** non ten nada que ver co outro verbo **vagar**, procedente do latín VACARE, estar libre: *Xan vaga todo o día*, é dicir, Xan está libre ou desocupado todo o día.

1062. Xirei, virei, esquivei e fintei

Xa vímo-lo emprego tan variado que teñen **pasear** e outras verbas máis ou menos sinónimas. Imos ver agora o modo de **pasear** correndo dun extremo a outro dun campo de fútbol dándolle patadas a un balón. Se eu collo a pelota na miña área de castigo e saio correndo con ela ata a área contraria, chuto e marco un gol, podo dicir tranquilamente *din un paseo* ou *paseei de área a área e metín un gol*.

Agora ben, non é tan fácil facer iso porque os xogadores do equipo contrario intentarán por tódolos medios impedi-lo meu **paseo** e quitarme o balón. Entón unha solución que eu teño é **xirar**, é dicir, cambiar de dirección un pouco e intentar seguir adiante. Podería dicir que *collín o balón na miña área*, *corrín e xirando catro veces cheguei á portería contraria*.

Xirar é fundamentalmente moverse en círculo ó redor dun punto determinado, pero significa tamén correntemente cambiar un pouco de dirección. Se eu vou conducindo un coche e vexo un obstáculo na estrada *xiro un pouco e sigo adiante*. De aí que xogando ó fútbol un non ten máis remedio que **xirar** moitas veces para tirar para adiante co balón sen que os contrarios llo quiten.

En vez de **xirar** podemos **virar**. Este verbo, que para a maioría dos falantes ten o valor de dar volta a algo, significa tamén correntemente cambiar de dirección. Os barcos viran e eu podo dicir que vou camiñando por esta rúa, pero ó chegar a unha encrucillada podo virar pola rúa da dereita. Os aires ou os ventos viran frecuentemente e se eu estou correndo cunha pelota e vén un xogador do equipo contrario a quitarma teño a solución de **virar** e logo seguir para adiante...

Penso que neste último sentido é máis corrente dicir **revirar** que **virar**. Coido que o primeiro destes dous verbos, que son sinónimos en liñas xerais, ten un sentido máis popular e máis expresivo có segundo, porque se eu digo que xogando esta tarde *revirei moitas veces* resulta máis claro e contundente que dicir *virei moito esta tarde*.

O verbo **esquivar** que ten coma significación fundamental a de evitar algo con certa habilidade pode ser empregado igualmente nos mesmos casos de **xirar**, **virar** e **revirar** que acabamos de citar: *esquivei ó defensa central quince veces no partido*.

Modernamente entrou na nosa lingua a voz **finta**, que foi empregada polos practicantes da esgrima para significa-lo movemento corporal que se fai para enganar ó contrario e que hoxe se aplica en calquera outra linguaxe deportiva. E de **finta** naceu o verbo **fintar**, que podemos empregar como sinónimo de tódolos outros verbos que citamos. Así podemos dicir: *estiven todo o partido fintando os xogadores contrarios*.

En fin, quedan outros moitos verbos que podemos usar neste significado...

1063. Caracolear, serpear, colear e canear

Volvo falar dos verbos que podo empregar para significar seguir adiante cun balón de fútbol cando se nos pon en fronte un xogador contrario que quere evitar que avancemos e que quere sacárno-la pelota.

Como o fútbol é un deporte inglés temos que ser conscientes de que ese xogo levou consigo palabras inglesas cando se practicou noutros lugares. Estamos xa afeitos a dicir **fútbol** e mesmo **driblar** (do inglés *dribble*) para significa-la xogada que explicamos no primeiro parágrafo.

Driblar tivo moi boa acollida tanto en portugués coma en castelán (lingua na que existe o verbo *regatear* nesa significación, pero que probablemente non ten nada que ver co tradicional *regatear*, que significa o mesmo cós nosos verbos regatear, relear ou discuti-lo prezo de algo). En galego existe loxicamente ese anglicismo, mais hai xentes que usan para ese tipo de xogada calquera dos verbos que xa citamos: **xirar**, **virar**, **revirar**, **esquivar** ou **fintar**.

Penso que en vez de **driblar** eu podo dicir **caracolear**, verbo que se emprega moito para indicar que os cabalos dan xiros ou voltas (*fai caracolear o seu cabalo diante da tropa*). Polo tanto podemos dicir: *Pepe corría co balón*, *saíu un defensa contra el*, *caracoleou e tirou a porta*.

Tamén poderiamos dicir **serpear** (que ten as variantes **serpexar** e **serpentear**), que significa andar en zigzag como as serpes: *Cando eu ía co balón pola liña esquerda saíume un defensa*, *serpeei e tirei para adiante*.

Sinónimo de **serpear** é **cobreguear**. Cando falamos de **cobreguear** estamos pensando neses movementos que fan as cobras ou cóbregas. E ante a presencia dun xogador contrario podemos **cobreguear** para avanzar co balón.

Moverse caracoleando, serpeando ou cobregueando pode dicirse nalgúns lugares de Galicia moverse **coleando**, é dicir, moverse como o fan algúns animais. **Colear** ten varias significacións e hoxe en día non resulta estraño oír este verbo nese sentido de **driblar** que teñen os demais verbos citados.

E por último quero facer referencia ó verbo que está hoxe máis de moda en toda Galicia para supli-lo verbo **driblar** e que penso que foron os comentaristas deportivos os que o conseguiron. Trátase do verbo **canear** que xa hai anos foi usado por algúns rapaces con esa significación e que pouco a pouco foi impoñéndose.

Canear aparece xa nos primeiros diccionarios galegos co significado de andar sen rumbo por todas partes. Talvez de aí naceu ese **canear** usado como **driblar**. Pero **canear** está moi vivo na significación de facer **canos** ou acequias e na de facer emparrado con **canas**... Sen embargo como diciamos, se eu digo agora *caneei moitas veces esta tarde*, a maioría da xente pensará efectivamente que estou falando de fútbol.

1064. Andar ás cegas e a tentas

Cando algo queda privado de luz ou claridade dicimos que está **escuro**. Podo falar de moitos lugares que están escuros por esa razón, pero tamén podo aplicar ese adxectivo a moitas cousas, accións ou ideas que non se comprenden facilmente, é dicir, que son confusas, imprecisas, misteriosas, irresolutas, incertas, dubidosas...

Resulta moi corrente, a tódolos niveis da lingua, a locución adverbial **ás escuras** (que algún escritor escribe **a escuras**) no seu sentido propio de sen luz ningunha: *sopla a candea e o teatro queda ás escuras* (Castelao), *os de Allen lían de noite ás escuras* (Cunqueiro), coma no figurado de sen comprensión, confusamente, dubitativamente: *ando ás escuras no tema da política actual*, *escoitei ese discurso*, *pero quedei ás escuras*...

Penso que máis corrente ca esa locución é a de **ás cegas**. Xa dixemos que a voz **cego** ten multitude de significacións figuradas e o mesmo ocorre co adverbio **cegamente** que equivale a sen razoar, sen medida, sen comprensión ou ó contrario, con firmeza, con ilusión, etc., dependendo do verbo ó que

acompaña. Véxanse estes dous exemplos literarios: *imos cegamente furando o longo túnel dunha noite que xamais ten fin* (C. E. Ferreiro), *Mauro e Leonardo recuaron*, *fuxindo cegamente dunha sensación que non chegaban a entender* (F. del Riego).

A locución **ás cegas** (hai autores que escriben **a cegas**) ten loxicamente todos eses significados e é moi usual a tódolos niveis da lingua. Vexamos esta frase de Castelao: *El deixábase levar a cegas polo cabalo*. Nela vemos claramente como **ás cegas** non quere dicir que el estaba cego ou non vía, senón que a el importáballe pouco a dirección que tomaba o cabalo, que non tiña desexos concretos...

Nesta frase literaria de U. Heinze: *os católicos teñen que crer ás cegas* vemos como esa locución equivale a firmemente, sen necesidade de ter coñecementos científicos desa fe relixiosa.

Un pode *andar ás cegas* cando é incapaz de razoar determinados desexos (*ando ás cegas por xogar en tal equipo*), cando non sabe explicar tal amor ou odio (*ando ás cegas por Xoana*) ou tal conducta ou comprensión (*ando ás cegas lendo estes poemas do meu amigo*)...

Naturalmente un pode *andar ás cegas*, dun modo lóxico e natural, cando entra nun cuarto escuro e non se ve absolutamente nada: *Entrei no teu despacho ás cegas*...

Neste último caso a solución que se ten é guiarse polo tacto ou pola intuición para encontra-la chave da luz ou as fiestras, hai que palpar ou tentar, é dicir andar **a tentas**. Esta é unha locución adverbial moi corrente e moi empregada tamén polos escritores: *os que antre sombra e neve van a tentas ó través da montaña sin camiños* (Cabanillas), *nun carreiro que ás tentas eu siguía* (Leiras Pulpeiro), *fuxín non sei por onde*, *a rastras*, *a tentas* (Cunqueiro), *encamíñase a tentas ao seu cuarto de durmir* (F. del Riego).

Pero hai outros modos de dicir **a tentas**...

1065. Andar ás baroutas ou ó chou

Cando un anda a cegas en moitas cousas ou lugares tamén pode andar **ó azar**, locución que serve para expresar que facemos algo sen plan previo ou determinado ou por casualidade: *Na bibrioteca*, *ó azar parou diante dun libro in quarto empastado en pergamiño* (Risco). Aínda que esta locución aparece nos diccionarios coido que non é moi popular na fala.

Máis corrente a tódolos niveis da lingua é a locución **ó acaso**, moi popular tamén en portugués, para significar sen reflexión, por casualidade: *si*, *unha fermosa man*. *Desque unha vegada*, *ó acaso*, *descobres cán rica de movementos é* (Cunqueiro), *se ían sentando nas mesas*, *e que non o facían ó acaso* (D. X. Cabana)... Na fala popular escoitei bastantes veces dicir *andar ó acaso* coa mesma significación de *andar a cegas*, sen rumbo, sen dirección, perdidamente, sen reflexión... *Andei ó acaso toda a tarde pola vila*.

Nalgúns diccionarios aparece como locución sinónima de **ó acaso**, **ó esmo**, que eu non escoitei nunca nas conversas nin lembro vela escrita nos textos literarios. Talvez sexa un portuguesismo na nosa lingua...

Algúns diccionarios modernos dan constancia da locución **ás baroutas** que tomaron do diccionario de Eladio Rodríguez no que constan estas palabras: "Sin rumbo fijo, a lo que salga, al azar. Se emplea precedida de los verbos andar o ir: *andaba ás baroutas polo mundo adiante*". Esa frase que pon como exemplo Eladio Rodríguez está tomada de *Os dous de sempre* de Castelao: *por eso Rañolas era feliz cos seus anceios*, *cando andaba ás baroutas polo mundo adiante*.

Por máis voltas que lle din a esa expresión **ás baroutas** non fun quen de saber de onde a quitou Castelao e se está viva nalgún lugar da fala galega. Xa nos *Retrincos da lingua* falei desta expresión e apuntaba a posibilidade de que tivese relación co verbo **abarautar** recollido por Aníbal Otero nas súas enquisas dialectais coa significación de facer un labor sen présa e sen arte...

Pero máis corrente que tódalas locucións citadas para indicar ó azar, ó acaso, ás baroutas, ó que saia, por sorte, sen reflexión, sen rumbo, etc., é **ó chou**, que aparece recollida en tódalas obras léxicas e que é empregada por moitos escritores: *Entrín ó chou*, *como unha tola*, *e vin*... (Cotarelo), *camiñaba ao chou por antre a brétema* (Carré), *uns vagamundos que ao chou recorrían os pobos* (García Paz), *abre o libro ao chou* (F. del Riego), *así coma ó chou*, *sen moita ansiedade*, *por puro divertimento* (Conde), *como andabamos todos ó chou e cubertos de ferro*... (D. X. Cabana).

Tampouco está clara a orixe desta voz. Talvez naceu dunha onomatopea, como é tamén o caso doutra locución similar: **ó tuntún**, que ten igualmente bastante uso literario (*Istes versos ao tuntún*... *levan pra ti unhas verbas de amor na Patria común*, de C. E. Ferreiro). Saco Arce, Leiras Pulpeiro, X. Torres e outros escritores empregan a variante **ó vultuntún**...

1066. Andar ás toas, a treu

Outra expresión moi popular que ten a mesma significación de ás cegas, ó acaso, ó tuntún é **ás toas**, que tamén existe en portugués pero en singular e que parece que debe te-la orixe no verbo **toar** (de procedencia francesa).

Toar é levar unha embarcación a remolque e de aí naceu a expresión de levar un barco **a toa** ou **a toas**, como vemos nesta frase de Iglesia Alvariño: *Por un mar verde de oucas levara o seu barco a toas*. Un barco que vai **a toas** vai sen mando, sin dirección propia. Talvez dese uso naceu a nosa expresión popular que tivo tamén unha grande aceptación literaria: *Segue a súa paseata ás toas polos carreiros do xardín* (F. del Riego), *camiñar á dereita ou á esquerda*, *andar ás toas nesa romaría que va e ven* (Neira Vilas), *¿Estades cegos*, *andades a tentas*, *ás toas?* (Cortezón).

A variante **á toa** é igualmente popular. Xa está citada no século dezaoito polo frade Sobreira e é usada por algúns escritores: *Corre á toa de aquí para alá sen rumbo nin arrimo* (Freixanes). E nalgún diccionario vin que existe a variante dialectal **á túa**.

Para indicar un certo tipo de vela que se usaba nas embarcacións en caso de temporal e que se poñía na popa para recibi-lo vento foi usada a palabra **treu**, que se importou talvez dos cataláns e non directamente dos franceses. Penso que cando esta vela se usaba o barco ía **a treu**, dependendo loxicamente da forza dos ventos... De aí pasaría esta locución **a treu** ós demais falantes para significar algo semellante a **ás toas**.

No século dezaoito xa o frade Sobreira facía mención de **a treu**: "Dícese del andar o hacer las cosas con descuydo, sin tino, de montón" e explicando a voz *atrollar* escribiu o seguinte: "Pasar a treu por arroyo, por auga, lodo, pantano, charco o regueiro, sin precaver de ningún modo el marcharse o mojarse".

No século pasado o diccionarista M. Valladares recolle esta locución neste sentido: "A todo uso, sin respetar, lo que un tiempo se respetó por su mérito u otra circunstancia" e dá estes dous exemplos: *Botei a treu o vestido millor de seda*, *hoje naquela casa todo anda ou vai a treu*.

Hoxe ten **a treu**, segundo os diccionarios, as significacións de a todo uso, cotiamente, de calquera maneira, sen reparo, sen medida, sen miramentos, sen consideracións... Fíxome moita gracia a explicación que lle deu un falante a un dialectólogo cando lle preguntou pola expresión *andar a treu*: *Mire, andar a treu é pasar esa terra cultivada polo medio pisando todo en vez de ir polos camiños*...

Tamén os escritores fan uso desta locución: *sin facer caso de camiños nin carreiros corrían a treu*..., *falaban a treu de calquera cousa* (Neira Vilas), *en realidade toda a vila discutía a treu* (Cortezón).

E quen anda **ás cegas**, **a tentas**, **ó acaso**, **ás apalpadelas**, **ás toutiñas**, **ás baroutas**, **ó chou**, **ás toas**, **a treu**, pódeo facer tamén dun xeito pouco sensato ou mellor diriamos un tanto tolamente, do que falaremos no próximo comentario.

1067. Andar a doután ou ás arroutadas

A locución adverbial **a doután** ou **ó doután** está citada xa no século dezaoito polo frade Sobreira na significación de con toda liberdade e soltura, libre e desenfreadamente, sen temor nin respecto. E cita a expresión *botarse ó doután* que traduce por "a vagamundear".

Con eses significados é recollida polos diccionarios modernos esa frase de *andar ó doután* e comprobei que algún escritor, como Cortezón, usan esa locución **a doután**: *facían comento os vedraños piardeiros a doután*.

Creo que esta voz **doután** ten que ver con outra serie de palabras que teñen significación semellante, como **doudamente**, que podemos empregar así: *andar doudamente* para significar andar con liberdade sen saber claramente o que queremos facer. As formas adxectivais **doudo** e **doido** (correntes na lingua portuguesa) funcionan como sinónimos de insensato, idiota, louco, extravagante, etc. E desa voz **doudo** saíu o nome **doudice** "disparate, tolería" e os verbos **doudar** e **endoudecer**, que usa varias veces Castelao: *Rañolas endoudece na calma chicha da reloxería*..., *endoudecido de espanto*...

Agora ben, quen anda un tanto alporizado, sen mesura, insolente, podemos dicir del que *anda desaforadamente*, adverbio este que usamos loxicamente con outros moitos verbos. Ou tamén podemos dicir que *anda arroutadamente* de quen non sabemos por que actúa dun xeito irreflexivo ou por que ten as chamadas **arroutadas** ou **arroutos**: *a culpa tena un por se deixar levar das súas arroutadas* (Dieste), *fora unha longa e arroutada cabalgada na que ningunha conversa fora posible* (Conde).

Do mesmo xeito que dicimos de alguén que anda a cegas sen estar cego, tamén podemos dicir de alguén que *anda loucamente por aí*, sen estar louco, é dicir, sen sufrir graves trastornos mentais, porque podemos chamar louco a quen está nun estado de excitación grande ou que sente un enorme entusiasmo por algo.

E o que dicimos de **louco** podemos aplicalo ó uso de **tolo**. De aí que a quen anda por aí sen sabe-lo que quere facer claramente podemos dicir del que *anda tolo* ou *anda tolamente* e mesmo hai falantes que din *o meu amigo anda ó tolo todo o día*.

E pola mesma razón podemos emprega-lo adverbio **atoladamente** en frases similares ás citadas: *non podo discutir co meu amigo Pepe porque anda atoladamente todo o santo día* e igualmente o adverbio **entolecidamente**...

En resumo do que dixemos nos últimos comentarios: na lingua normal, tanto falada coma escrita, as palabras son empregadas en certos casos cunhas significacións figuradas que se alonxan un tanto do seu sentido orixinario. O uso da expresión *andar a cegas*, que en principio tería o valor de andar como un cego, pasou a ser andar sen coñecemento da cousa a que nos estamos referindo. E como esa

expresión vimos máis dunha ducia doutras semellantes que chegaron a ter significados distintos da súa significación fundamental.

1068. Botar un neto

O verbo de orixe xermánica **botar** é usual en bastantes linguas románicas, pero coido que non tivo tanto éxito en ningunha delas coma na nosa lingua pola cantidade de significacións que foi adquirindo ó longo dos tempos.

Precisamente polo grande uso que ten esta voz en galego imos salienta-la enorme cantidade de acepcións que ten e que moitas veces non se corresponden coas que ten *botar* en castelán e mesmo en portugués.

Empecemos vendo frases que sacamos das obras de Rosalía: *bótalles millo ás galiñas*..., *e din os probes botando leña no lar*..., *botáronme estrume nas galas dun día*. Nas tres vemos que **botar** ten a significación fundamental de facer chegar algo a un sitio e que en castelán teriamos que traducilo por *echar*.

Exemplos deste uso de **botar** serían interminables de citar, pero á parte de dicir que son moi populares quero sinalar un exemplo semellante ó da primeira frase que vin nunha obra de S. de Toro: *Eu chamábaas*, *churras*, *churras*, *e el botáballes o millo*.

Botar equivale a obrigar a alguén a marcharse dun lugar segundo vemos nestas frases rosalianas: *Y a ninguén botou da porta a rica da montañesa*..., *Fora de aquí*... *e ¡pum! botouna direitiño cara ó inferno*..., *o cabo dos tres días botouna fora o mar*..., *Dime meniño*, *si un home pode cargar con tantos recordos destos e si non debe botalos fora porque non estorben no pensamento*.

Tamén neste caso estamos ante un uso moi popular e moi literario: *que o botaban cediño do leito* (Otero Pedrayo), *unha forza invisible botábao do monte* (Cunqueiro), *E nun xesto de coraxe botounos da aula a todos* (Alcalá), *A el doeulle moito botarvos da casa* (S. Toro), *¡Por fin demos botado fóra aos Borbóns!* (X. R. Pena).

No libro *Follas da lingua* xa explicámo-la palabra **neto**, voz homónima de **neto** "fillo da filla ou do fillo", que Rosalía usa varias veces no sentido de xerra de viño ou de medida de capacidade equivalente a máis ou menos medio litro: *Pois mira*, *Marica*, *vai por un neto*, *que antramentras non quitas eses cerellos*... *¡vamos bebendo!*..., *¿Si quero un neto ña prenda? Si mo desen inda pode que pouco a pouco o bebera*, *pois teño moita sediña*...

Pois tamén emprega esta voz co verbo **botar**: *E si pode bota un neto ca comadre*, *que agachado traillo en baixo do mantelo*. *Botar un neto* ten a significación de tomar unha xerra de viño e penso que debe ser popular esa expresión porque a atopei usada por outros escritores: *Ían tomar un neto e tamén a partida* (Cortezón), *e botaban o seu neto de viño* (F. Ferreiro). Eses mesmos escritores empregan tamén a expresión semellante *botar un grolo*: *Entón botaba un groliño do tinto*..., *botou novos grolos outra vez*...

1069. Botar unha ollada

No poema "A probiña que está xorda" de Rosalía os pobres que botaban leña no lar, como diciamos no comentario anterior e que o estaban pasando moi ben tamén *botan un ollo*: *I un ollo botan sorrindo ós feixes de palla fresca onde han de dormir quentiños*. E no poema "Xan", da mesma escritora, fálasenos da muller de Xan, da Pepa, da que xa dixemos que botaba netos coa comadre. Traballa moi pouco e entre as cousas que fai *bota un ollo ós mazanceiros*.

Botar un ollo é realmente unha expresión bastante corrente que equivale ó verbo mirar tanto na súa significación normal coma no significado de observar disimuladamente, esforzarse por alguén segundo vemos nesta canción popular: *Un amigo por outro debe botar os ollos*, ou mirar con intención de facerse dono de algo, segundo comprobamos por estoutra canción popular: *Á aquela do loito*, *loito*, *téñolle o ollo botado*; *se non me caso con ela*, *xuro de non ser casado*.

Hai escritores que empregan esta expresión, pero son moito máis numerosos os que usan *botar unha ollada* que xa empregou tamén Rosalía: *Cada ollada me botaban xa de través*, *xa de fito*... De Curros son estes versos: *¡Que ollada lle bota ela*, *que olladas lle bota el...!* Cunqueiro tamén fixo moito uso desta expresión: *botaba unha ollada á praza polo ventano*... *bótalle unha ollada a toda aquela colleita*..., *botoulle unha ollada ao porco*.

Na actualidade segue moi viva nos nosos escritores: *botamos unha ollada no horizonte* (Neira Vilas), *bótalle unha ollada a isto que escribín hoxe* (Alcalá), *Manuel botoulle unha ollada de esguello* (F. Ferreiro)...

Semellante a esta expresión é a de botar un sorriso que é bastante utilizada igualmente polos escritores: *botábame unha sorrisa delicada que me apertaba o corazón* (Cunqueiro), e *botábame un sorriso*, de Blanco Amor, que tamén emprega *botar unha risada*: *De cando en cando ceibaban un aturuxo ou botaban unha risada*.

Naturalmente o verbo **botar** pode ir seguido doutras palabras coas que se une para significa-la acción que eses nomes indican. Seguiremos vendo moitos máis exemplos deste tipo, pero hoxe queremos pecha-lo comentario lembrando o uso pronominal que fai deste verbo Rosalía coa significación de deixarse caer polo chan:

Os mozos loitan coas mozas,

medindo as forzas que teñan.

E n'andan en comprimentos

para botarse por terra.

1070. Botoume por nada

Unha proba do uso do verbo **botar** nas súas moitas acepcións podemos comprobala examinando as obras dun autor importante deste século. Escollemos a Castelao que loxicamente o emprega a miúdo na súa significación fundamental de facer chegar a un lugar unha cousa mediante un impulso: *¿Quen che botou terra nos ollos?*..., *conservan o costume de botaren manchadas de terra e pedras dentro da foxa*..., *cada romeiro bota unha pedra nas moreas que se formaron*..., *bótalle máis pan ó caldo*...

Nestes casos teriamos que empregar en castelán o verbo *echar*, pero nestoutros habería que usar *tirar*: *botando bombas e foguetes*..., *bótanse foguetes cando paren con ben as mulleres da feligresía*.

No libro *Os dous de sempre* hai unha rapaciña chuchada pola fame no bordo no peirao que se dirixe así ós mariñeiros: *Mariñeiros de bo corazón*: *¡Botádeme un peixe!* Neste caso podemos entender na significación fundamental o uso de **botar**, pero á parte leva a carga de súplica ou rogo.

Cando lémo-la frase *Quero botarlle un balcón novo á miña casa* temos que interpretar **botar** como poñer, engadir, facer construír, etc.

Botar ten en galego a significación de deixar saír ou facer saír algo de si como vemos nestes exemplos: *botan polas súas portas o bafo quente dos borrachos*..., *botando bafo polos ollos*..., *e na porta bota fume un carabineiro*..., *as parrumeiras botan o primeiro fume*...

Naturalmente hai organismos que producen cousas que teñen que saír do seu interior e así podemos dicir que *as aves botan plumas*, *as árbores botan follas ou ramas*, como vemos nesta cantiga popular: *nunca vin carballo torto botar a rama dereita*. As persoas *botan fillos* e a terra *bota moitas cousas*: *alá lonxe*, *na terra que o botou ó mundo*, frase de Castelao que temos que entender como a terra onde naceu.

Na citada obra *Os dous de sempre* atopamos bastantes exemplos de **botar** ou **botarse** na significación de poñerse en movemento ou de comezar a andar: *a nai de Rañolas quixo que o seu fillo probase mundo e botouno ós camiños*..., *Pedro botouse estrada adiante*..., *nin os días de festa sinte anceios de botarse polas rúas*..., *bótase a eito por Baiona adiante*..., *ergueuse do leito e botouse polas rúas*...

Bastante corrente é a significación de obrigar a alguén a marcharse dun lugar, dun traballo ou dunha ocupación como vemos nestas frases de Castelao: *Botoume don Honorio*. *Botoume porque non podo andar dacabalo*..., *Foi o señor abade que me botou da pasantía*. *Botoume por nada*..., *e a eses que reciben galos non os botan*...

1071. Seguimos botando frases

O verbo **botar** seguido de certas palabras pasa a significa-la realización do que esas voces significan. Cando queremos durmir un pouco despois do mediodía dicimos que *botaremos unha sesta* ou en calquera outro momento do día podemos *botar un sono* ou como di Castelao *si ten moito sono séntase no curruncho dunha eirexa para botar unha soneca*.

Polo tanto podemos *botar moitas cousas*: *deprendendo a botar aturuxos abrouxadores*..., *o domingo que ven botamos as primeiras monicións*..., *mentras o crego lle bota o responso*, exemplos de Castelao ós que poderiamos engadir moitos outros semellantes de uso moi corrente e popular: *botar cantos*, *botar unha firma*, *botar un susto*, *bota-la culpa*, etc.

Tamén podemos *botar un baile* como vemos nesta frase que tomamos de "Retrincos": *¿Qués que botemos esta polca?* e mesmo podemos *botar contas* en vez de calcular: *As contas que botaba non marraban* (Castelao), *agora bota contas do día en que lle toca morrer* (Cunqueiro), *non quero bota-la conta de cantos anos que van alá* (Dieste)...

E atopámo-lo uso de **botar** no mesmo sentido ca en castelán *botar* "facer entrar na auga un navío" unha soa vez no libriño "Retrincos": *querendo botar un barco ó mar*.

Botar é moi empregado con palabras que indican tempo para significa-lo mesmo que pasar ou levar, como vemos nestas frases: *botar unha hora cunha moza*, *botara toda a noite comigo*, *bota día e noite na taberna*, *aquí botaría toda a vida*, ou nestoutra de Castelao: *botara tres anos de bachillerato e xa non podía traballar*.

Botar man de algo é collelo, como vemos neste exemplo: *E cando ían botar man dos coitelos*, *choutou a voz rexa de Manuel*, ou ter en conta algo: *botando man de moitos razonamentos*... Pero *botar a man* ten para moita xente e tamén para Castelao (*botoulle a man a aqueles sobrantes*) o significado de roubar, e sen embargo *botar unha man* é axudar.

Botar as mans a alguén non é cousa boa: *bótalle as mans á gorxa e forcexea para afogalo*. Neste caso vemos como os animais *botan as poutas* e as gadoupas e mesmo *a siña Filomena bótase con dentes e poutas contra o xenro* e *a tía botouse ó sobriño toda alporizada*. Resulta bastante corrente oí-la expresión *botarse a* como lanzarse, abalanzarse, guindarse: *Os rapaces botáronselle como cans doentes*.

Pero *botarse a* ten sobre todo a significación de comezar unha acción: *E todos bótanse a rir*..., *unha regateira pandonga botouse a correr*..., *a rapaza botouse a rir*..., *cando se botan a nadar*...

1072. Botemos xa botar

Despois de catro comentarios sobre o uso do verbo galego **botar** teño que dicir que non debo seguir botando máis comentarios porque necesitaría varias ducias deles para seguir poñendo exemplos deste verbo galego que ten innumerables acepcións das que carecen os **botar** das demais linguas romances.

Confeso que non son capaz de ver como este verbo, do que carecemos practicamente de exemplos medievais do seu uso, puido converterse na nosa lingua nunha especie de verbo que adquiriu a condición de palabra universal ou factótum.

Sirva esta pequena lista de voces que damos a continuación como mostra das significacións que pode alcanza-lo noso **botar**:

Abalanzarse: *Os lobos botáronse enriba de Pepe*.

Arrear: *Bótalle unhas labazadas*.

Calcular: *Bótame os anos que teño*.

Ceder: *Botoume a súa praza do autobús*.

Cesar: *A Xan botárono do traballo por inculto*.

Chimpar: *Xan botouse ó chan desde a fiestra*.

Colocar: *Bota o libro na mesa*.

Comezar: *Dixen unhas palabras e Xan botou a rir*.

Dar: *Bótalle un par de pesos a ese pobre*.

Deducir: *Polo que dis*, *boto que tes razón*.

Deitarse: *Botouse no leito*.

Desempregar: *A Pepe botárono da fábrica*.

Despedir: *O lume bota luz*.

Desprender: *Esta carne bota un cheiro terrible*.

Destituír: *O presidente do goberno acaba de botar tres ministros*.

Distribuír: *Bota ben entre todos o viño que queda*.

Empezar: *Botamos a correr esta tarde ás sete*.

Empurrar: *A fame botouno ó suicidio*.

Endosar: *Botoulle a Xan toda a culpa*.

Entornar: *Bota a porta*, *non a deixes aberta*.

Escorrentar: *Bota esas galiñas de aí*.

Espantar: *Bota esas perdices desa horta*.

Estar: *Pepe bota todo o día na casa*.

Expresar: *Bota cedo os teus sentimentos*.

Expulsar: *O profesor botou a Xan da clase*.

Guindar: *Non sigas botando pedras a esa árbore*.

Lanzarse: *O meu amigo botouse ó tren*.

Levar: *Por favor*, *bótame o cabalo ó monte*.

Meter: *Botei unha carta na túa caixa de correos*.

Pasar: *O mes pasado botei uns días en Londres*.

Pechar: *Bota o ferrollo desa porta*.

Aínda quedan algúns exemplos máis que botaremos no próximo comentario para botar fóra o uso deste verbo tan corrente.

1073. Botar e bótar

Remataremos en primeiro termo a lista de voces que seleccionamos entre tantas e tantas que o noso verbo **botar** pode alcanzar no seu uso de verbo empregado en moitas situacións correntes:

Permanecer: *Pepe botará un par de meses aquí*.

Perseguir: *Eses tíos botan sempre atrás das mozas*.

Plantar: *Este ano vou botar moitas cepas*.

Poñer: *Botoume o brazo polo ombreiro*.

Presumir: *Pasouche iso por botarte de home forte*.

Proxectar: *Están botando agora moitas películas de terror*.

Queixarse: *Bótanse de que a xente non os sabe estimar*.

Representar: *Esta compañía bota esa obra moi ben*.

Sementar: *Xeralmente boto as patacas en marzo*.

Soltar: *Cala*, *non bóte-lo que estás pensando*.

Tirar: *Botei un limón diante de ti*.

Turrar: *Axúdame e bota por ese carro*.

Vomitar: *Acabo de botar todo o que comín antes*.

Xogar: *Non botes tantas partidas*.

Xurdir: *Dese furuncho bota moito pus*.

Coido que podería engadir bastantes máis exemplos nos que **botar** se usa como verbo para expresar ideas que poden manifestarse con outras palabras. E naturalmente quedan sen dicir aquelas expresións que chamamos expresións feitas e que son populares en diversos lugares: *bota-la perna*, *botar de menos*, *botar por ela*, *botar un galgo*, *botar un punto*, etc., etc.

Pero non podo terminar sen facer referencia ó verbo **bótar**, que vou escribir con acento na vocal *o* para indicar que se pronuncia cun *o* moi aberto, que significa salta-la pelota ou o balón cando choca ou topa cunha superficie dura ou tamén calquera outra cousa que fai o mesmo cá pelota.

Penso que este verbo **bótar** é unha voz que procede do castelán *botar* e curiosamente a xente non o identificou co noso verbo tan corrente **botar** (que se pronuncia cun *o* moi pechado) e polo tanto pronunciouno á maneira dos casteláns, é dicir, cun *o* bastante aberto para os oídos galegos.

Ademais creo que esta voz penetrou soamente no aspecto deportivo xa que no sentido xeral de calquera cousa que bóta á maneira das pelotas dise ou dicíase en galego que **chouta**, que **salta** ou, se *salta moi seguido*, que **saltarica** ou mesmo que **brinca**.

En fin, o **bótar** futbolístico ou deportivo non é hoxe por hoxe o mesmo verbo có noso **botar** e sería interesante non confundilos. **Botar** (con *o* pechado) ten infinidade de acepcións en galego e no día de hoxe os galegofalantes de sempre non o confunden co **bótar**, de *o* aberto, que usan soamente na linguaxe deportiva.

1074. Romperlle os cascos

Se preguntamos a un mozo de hoxe con que relaciona a palabra **casco**, contestaría seguramente que cunha moto ou cun aparato moderno de radio: *non podo ir en moto porque non teño aquí o casco*..., *no leito escoito a radio cos cascos postos*.

Se preguntasemos eso mesmo a un mozo "medieval" contestaríanos que era a peza normal da armadura para protexe-la cabeza. E naturalmente, desde a Idade Media, **casco** pasou a ser calquera envoltura que sirva de protección á cabeza tanto na vida militar coma na vida civil.

A nivel literario atopámo-lo uso desta palabra en todas esas significacións: *Craros timbres mostra ufano -cun soberbo casco airoso* (de Rosalía), *o fachendoso casco empenachado*..., *sin espada nin casco*, *sin espora ni escudo* (de R. Cabanillas), *mercoulle en cincoenta pesos a un paiaso un casco militar francés*..., *que se puñera unhas prumas nun casco de granadeiro*..., *iba a labrar co casco posto* (de Cunqueiro), *unha caveira de gorila coa súa cresta de casco guerreiro* (de Castelao).

O **casco** serve para protexe-la cabeza, pero co tempo a capa ósea na que está contido o cerebro ou a mesma cabeza pasou a ser denominada tamén **casco**, e seguindo nesta mesma liña metafórica a forma de plural, **cascos**, equivale a intelixencia.

Son moitas as expresións populares nas que aparece esta voz. Podemos falar de *romperlle a alguén os cascos*, en vez de romperlle a cabeza, de *quitarlle algo a alguén dos cascos* en vez de disuadir, de *meter-*

lle algo a alguén nos cascos en vez de persuadir, *porse algo a un nos cascos*, en vez de encapricharse ou emperrancharse.

Citemos por último expresións tan populares como *alegre de cascos* ou *lixeiro de cascos* para denominar a quen é irreflexivo ou pouco formal e *duro de cascos* a quen é torpe ou pouco intelixente.

1075. Rellas e enrellas

Esa peza de ferro, cortante, que vai na punta do arado para levanta-la terra formando sucos, chámase en toda Galicia **rella**, voz que lemos nalgunha obra literaria: *¿Lembras frol asañada ó pe da veiga sob a rella do arado*, *bon amigo?* (de Iglesia Alvariño), *mariñeiros*, *labregos da lingoaxe*, *remo i arado*, *proa e rella sempre...*, *agardan patrias novas*, *patrias virxes de eixadas e de rellas* (de Celso Emilio Ferreiro).

Tamén na maior parte de Galicia serve esta palabra para denomina-lo pasador de ferro ou de carballo que atravesa o mil ou mión ou miñón da roda do carro para suxeita-las cambas, se ben nalgúns lugares da provincia de Ourense é chamado este pasador **relleira**, **rilleira** ou **relladoiro**.

Relleiras ou **rilleiras** son para moitos galegos as táboas laterais da cama e para outros os brazos das cadeiras e ademais do verbo **rellar**, que significa pór ou fixa-la rella do arado, é moi corrente outro derivado desta mesma familia léxica, **enrellar**, que, á parte de significar pór fixa a rella do arado, ten a significación de ferir coa rella os pés do gando e, empregado pronominalmente, **enrellarse**, quere dicir quedarse atrancada a rella na terra. E deste uso de **enrellarse** pasouse popularmente á significación de quedar dous cans unidos polos órganos xenitais ó realiza-la fecundación: *Aqueles dous cans ladran moito porque se enrellaron*.

A palabra castelá *rejilla* non ten nada que ver coa *reja del arado* e polo tanto coa nosa **rella**. Polo tanto debemos traducir esa voz por **malla**, **trenzado** ou **rede**, pero non por **relliña** como fixo algún escritor: *María adicouse a facer relliña pra respaldos e asentos de sillas...*, *levarlle unha silla pra que lle puxera relliña nova*.

Do mesmo xeito queremos sinalar que o *enrejado* castelán non ten nada que ver coas nosas **rellas** e por tanto non se pode falar en galego de **enrellas**, senón de **enreixados**, en casos como os seguintes: *dúas cadeiras de enrella de palla...*, *cabo á enrella das canles...*, *un balcón enrella de ferro...*, *o vento moveu as cortinas trala enrella...*

1076. Reixas e enreixados

A **reixa** é un conxunto de barras de ferro ou de madeira ou mesmo de pedras, como vemos nestes versos de Celso Emilio Ferreiro: *De pedra son os muros -i as tebras*. *-De pedra o chan -i as reixas*, que se poñen paralelas ou cruzadas nas ventás: *Casa con portas de cedro*, *-en cada ventana reixa*, *-cociña coma de monxes* (de Rosalía).

Pero as **reixas** poden aparecer en moitos outros lugares como vemos nestes exemplos literarios: *a zanfona cara ás reixas onde están os presos* (de X. M. Pintos), *estaban mirando a reixa da celda* (de Curros), *reixas de ferreiro nas fiestras* (de Otero Pedrayo), *levoume a unha especie de almacén con reixas e moitos*

queixós amontoados (de C. E. Ferreiro), *un mostrador protexido con reixas de ferro*..., *ten un posto de periódicos nas reixas do museo Cluny* (de Castelao).

Derivado de **reixa** é o verbo **enreixar**, pór reixas, como vemos nestes exemplos: *os famosos eidos e aqueles outros todos enreixados que cerran dentro o dono vello Peiro* (de X. M. Pintos), *Por unha bufarda enreixada ao norde tremaba un anaquiño de ceo* (de Otero Pedrayo). Tamén é normal o uso do nome **enreixado** para significa-lo conxunto de **reixas** dun local ou dun edificio: *Un bonito enreixado arrodea este chalé*.

Temos que dicir que algúns falantes din, e mesmo algúns escriben, **rexa**, **enrexar** e **enrexado**: *Tódalas xanelas do piso baixo tiñan rexas de grosos ferros* (de A. Fole), *Non sei nadar e houbérame esfachicado na rexa do muíño* (de Neira Vilas), *raios da lúa chea que entran mainos*, *a bicala*, *por enrexada finestra* (de Cabanillas), *Arrimouse ao enrexado e tratou de aguantar de pé* (de A. Fole).

Non temos en galego unha voz típica para denomina-lo enreixado que se pon nas fiestras dun edificio para que as persoas que están dentro vexan sen ser vistas. Por iso chámase a este tipo de enreixado coa voz castelá **celosía**, que non aparece en moitos diccionarios, pero que si empregan algúns escritores: *Lucrecia sente nos dedos e máis na fronte o frío contacto da celosía* (de Freixanes), *as celosías de madeira ou as areas negras do balneario do sol* (de G. Tosar).

Pero talvez poderiamos empregar no sentido de **celosía** a voz galega **gradicela**.

1077. Afiar, aguzar e amolar

A porción de materia téxtil de feitura longa e delgada ou o arame delgado é un **fío**, voz que aplicamos tamén á parte cortante de moitos instrumentos e que ten loxicamente un grande uso entre toda clase de falantes.

Partindo desta voz, hai xa moitos séculos, formouse o verbo **afiar** que significaría fundamentalmente poñer algo como un fío, acepción que se conserva aínda hoxe cando collémo-lo extremo dun lapis e convertémo-la súa punta nun fío, pero que actualmente ten a significación máis corrente de afinar ou perfecciona-lo fío de calquera instrumento ou ferramenta que corta.

Afiar é tamén verbo de grande uso en tódolos niveis da lingua e aparece moi empregada polos escritores para referirse ós coitelos, navallas, facas, lanzas, espadas, etc., e a moitas outras cousas que poden parecerse ós fíos ou poñerse como os fíos: *longo nariz afiado*, *aquela cara afiada*, *bigodes afiados*, *un perfil afiado*... Tamén *as verbas do sancristán eran afiadas*, como di Dieste, e moitas outras cousas poden **afiarse** ou **afiar**, como fan os profesionais deste oficio, os **afiadores**, que levan consigo as pedras de **afiar**.

Os diccionarios dan como sinónimo desta voz o verbo **aguzar**, pero para a maior parte dos falantes a súa significación fundamental é a de facer máis aguda a punta dos paos. Non me decato neste intre se **aguzar** como afiar un instrumento é verdadeiramente tan corrente como pensan os diccionaristas. Desde logo si o é para bastantes falantes da provincia de Ourense.

Aguzar é moi empregado nun sentido figurado de facer algo máis agudo, máis vivo, máis atentamente, etc. Os escritores fan uso deste verbo en ámbalas dúas acepcións que acabamos de expresar: *A codia dura*, *o dente aguza*, *aguzar os sentimentos*, *a fouce aguzada*, *mirar aguzado e arrepiante*...

E como sinónimo de **afiar** aparece tamén nos diccionarios **amolar**, verbo castelán, que entrou igualmente na lingua portuguesa e que non son moitos os falantes nin os escritores que o usan nesa significación: *a nosa industria de amolar coitelos* (C. E. Ferreiro), *a pedra de amolar* (Castelao).

A gran maioría dos falantes e mesmo dos escritores empregan **amolar** na significación de causar ou sufrir molestia ou fastío, amargar, molestar, enfastiar. Vexamos algúns exemplos: *é que me amola distraerme* (Alcalá), *o que me amola é quedarme na casa os días de festa* (Neira Vilas), *abofé que me amolaba moito tanta farra á miña costa* (Fole), *coaquil sorrisiño que tanto amolaba* (Blanco Amor), *o home quedou amolado* (Toro), *iso aínda o amola e conturba* (Freixanes)...

En fin, afiemos ou agucemos instrumentos pero non nos amolemos amolando ferramentas.

1078. Orcelos, orzóns, orzas e orzamentos

O nome de **orcela** ou **orcelo** non é xa moi coñecido popularmente para denominar unha planta que é unha especie de lique ou de fungo. Sen embargo xa a citaban os filólogos do século dezaoito Sarmiento e Sobreira e está rexistrada nalgúns diccionarios modernos. O escritor Otero Pedrayo úsaa algunha vez (*vexetación do mosteiro*, *como os orcelos das vellas parés*) xunto co seu derivado **orcelado** (*sentado nas pedras orceladas da fonte*). Non temos clara idea da etimoloxía desta voz estendida por varias linguas románicas, pero desde logo non ten nada que ver cos **orzóns** ou coas **orzas**.

A palabra latina HORDEOLUS, que significaba gran de orxo ou de cebada, pasou a ser en moitas linguas romances o gran ou furuncho da beira das pálpebras. Esa palabra transformouse en galego en **orzolo** (que se di nalgúns lugares) e en **orzón**, que se di moito pola parte occidental do territorio galego. Sen embargo hoxe están máis estendidas as variantes **orizó** (hai quen di **orizolo**), que debeu nacer por cruzamento coa voz **ourizo** e **tirizó**, forma moi espallada e orixinada tamén por cruzamento con outras palabras.

E do latín URCEUS, que significaba xerro ou ola, naceu a nosa voz **orza**, moi corrente sobre todo no sur da provincia de Pontevedra, para denominar un tipo de vasilla para garda-la graxa do porco que describe amplamente García Alén nos seus traballos de olería ou cerámica.

Pero non ten nada que ver con estas **orcelas**, **orzóns** e **orzas** a palabra **orza** que empregan moitísimo as xentes do mar cando din que navegan **a orza**. **Orza** é a acción e efecto de **orzar**, verbo entrado na Península Ibérica procedente, como outros termos marítimos, de Italia. **Orzar** é poñe-la proa do barco cara á dirección de onde vén o vento.

E **orza** é tamén para moitas xentes de mar a **bolina** ou cabo co que se hala cara á proa a relinga de barlovento dunha vela.

Orzar pasou en portugués a significar calcular, computar, avaliar, estimar. E dese verbo sae o derivado **orzamento** para significar cálculo dos gastos para a realización dunha obra e ultimamente o cálculo ou proxecto dos gastos do Estado.

Nos últimos anos hai algúns filólogos que queren impoñer esta voz portuguesa **orzamento**, xunto cos seus derivados **orzamental**, **orzamentario**, **orzamentólogo**, etc., para substituí-lo participio tan corrente do verbo **presupoñer**, **presuposto**, na súa acepción substantiva de cantidade que se destina para certo gasto ou cálculo dos gastos públicos, como a usan a maior parte dos galegos falantes ou escri-

tores: *Decía Bóveda que onde os acertos e os desastres dunha política teñen o seu mellor espello é nos presupostos de entidades en que rixe esa política* (Castelao).

1079. Fiando fíos

A palabra latina FILUM, que se transformou no noso **fío**, é unha desas voces que tivo grande éxito en tódalas linguas románicas porque non foi substituída por outras palabras e porque foi base para a creación de moitas outras. Mantense moi ben en galego o seu sentido orixinario de fragmento ou febra longa de materia téxtil que procede da fibra ou febra extraída das plantas ou dos animais: *fío de la*, *fío de liño*.

Co tempo aplicouse a voz **fío** a calquera outra cousa semellante de calquera outro material ou substancia. Así podemos falar de *fíos de arame*, *de ouro*, *de vidro*, *de prata*, *de aceiro*, *de fume*, etc. E tamén calquera fluxo ou chorro líquido pasou a ser chamado **fío**: *esborrifaban no aer os fíos da auga* (Blanco Amor), *¡Como se nos foi a vida*, *coma un fío de auga entre os dedos!* (Freixanes), *fíos de sangue*, *fíos de baba*...

Por extensión figurada desta significación podemos falar do *fío da conversación*, *dos acontecementos*, *da vida*, *de luz*, *do pensamento*, *dunha narración*, *dunha película*, etc.

Igualmente **fío** pasou a ser sinónimo de corte ou gume dos instrumentos cortantes: *fíos das espadas*, *das navallas*, *dos coitelos*, *das tesoiras*, etc., e cando falamos do *fío do lombo* referímonos ó espiñazo da vaca.

Ás veces aparece esta voz en expresións moi correntes: *corta-lo fío* (interromper algo), *corta-lo fío da vida* (matar), *colgar* ou *pendurar dun fío* (estar a punto de ocorrer algo), *perde-lo fío* (esquecerse do que había que facer), *segui-lo fío* (continuar algo), etc.

E de **fío** sae o verbo **fiar**, que non ten nada que ver co verbo **fiar** "vender algo a crédito" ou **fiarse** "ter confianza en alguén". **Fiar** é verbo común en toda Galicia para significar reduci-las fibras téxtiles a fío, e naturalmente tamén pode ser empregado nun sentido figurado: *estou fiando moitas teorías para facer ben este traballo*. Se digo que *eu fiei moito toda a noite para levar a cabo algo* quero decir que **fiar** equivale a discorrer con moita sutileza.

Pero **fiar** foi verbo moi usado polos escritores na súa significación fundamental: *nin as rapaciñas fían*, *nin os forneiros amasan* (Curros), *fían la de neve no fuso do aire* (Otero Pedrayo), *vexo mozas garridas levando cestas de liño ás fábricas de fiar* (Castelao), *pastora que cantas e fías la branca* (Novoneira)...

¿E como se di a acción de **fiar**? Pois **fía**. Así podo dicir *nesta fábrica a fía faise soamente polas mañás*. Pero **fía** ou **fías** significa tamén fío ou conxunto de fíos de lenzo empregado para cubrir feridas ou limpa-lo aceite dos motores: *as cousas de ouro que iba limpando cunhas fías* (Cunqueiro), *frotaba as mans con fías* (M. Rivas), e **fía** é sinónimo de **fiada** ou **fiadeiro**...

1080. Fiadas, fiadeiros e fiaños

En moitos lugares de Galicia chaman **fías** o que en moitos outros chaman **fiadas**, que o diccionarista Marcial Valladares definía así: reunión nocturna de mulleres nunha casa, con obxecto de fiar para a dona da mesma, quen, a pesar de só recompensalas cunha cea, as verá alegres e en número considera-

ble, se lles ofrece gaita e acoden mozos para parolar e bailar, rematada a tarefa. E a esta definición engadía esta cantiga popular: *Unha noite me colleron -nunha fiada de lan*; *-unha noite me colleron*, *-outra non me collerán*.

Hoxe xa non podemos falar das **fiadas** como na época de Rosalía (*Ponme agora unha cara de inverno*, *despois na fiada sonrisas de tal... ¡Canta risa nas fiadas!*) ou de Curros Enríquez (*Tódalas noites de inverno nas fiadas do lugar están de broma e palique*) nin tampouco dos **fiadeiros** que é como chaman as **fías** ou **fiadas** nalgúns lugares e que mesmo atopamos nalgúns escritos: *soen andar en ruadas e fiadeiros a mor parte do inverno* (Blanco Amor), *eu non podo asistir ao fiadeiro* (M. Ferrín)...

Pero si podemos falar das **fiadas** no sentido de series horizontais de ladrillos ou pedras rectangulares que se colocan na construcción de edificios (*Fáltame unha fiada para rematar esta parede*) ou como sinónimo de **fileira** (*Diante de min había unha fiada de peregrinos*).

Fiadeiro ten tamén a significación de lugar onde se reúnen as mulleres para fiar e é pronunciada por algúns falantes **fiandeiro**. Segundo algúns diccionarios **fiadeiro** pode ser aplicado ó home que ten por oficio a fía, que tamén pode ser chamado **fiador**.

Dado que tradicionalmente eran as mulleres as que fiaban son moi correntes as voces **fiadeira** ou **fiandeira** (*Fiandeira fiandeira namorada*, *que fías detrás do lume*, de Novoneira) e **fiadora** (*unha estancia é de fiadoras*, *outra de teceláns*, de D. X. Cabana).

Outro nome derivado moi corrente desta familia léxica é **fiaño** que se emprega para denomina-lo fío desprendido de calquera tea ou trapo e que ten as variantes **fiaña** e **fiancho**. Tamén resulta normal escoitar ás xentes chamar **fiaño** a calquera trapo cheo de fiaños ou mesmo a un traxe xa medio roto ou vello ou a calquera outra cousa.

Os escritores usan bastante estas formas: *o resto da familia impórtalle menos que un fiaño dos calzóns...*, *ás que mesturamos algunhas fiañas do propio entendimento* (Castelao), *fiañas de nebra* (Novoneira), *tamén lle coñecemos a roupa polas fiañas dun nome antes bordado* (H. Villar), *todo el non era máis que un fiaño enxoito* (X. R. Pena).

De calquera cousa que ten **fiaños** dicimos que é **fiañosa** ou **fiañenta** e facer ou facerse **fiaños** é **esfiañar** (*co uniforme algo esfiañado polos baixos do pantalón*, de P. Martín) que os escritores usan nun sentido amplo (*por entremedias das nubes esfiañadas e lixeiras*, de Blanco Amor, *ía esfiañando un sorriso*, de A. Cáccamo) ou mesmo **esfiar** (*Pois así o escritor se esgalla*, *se esfía e sae feito xiróns*, de A. Conde).

1081. Desfiañar, desfiar, enfiar e afiar

Continuando cos **fiaños** temos que engadir ós verbos citados no comentario anterior **desfiañar** e **desfiar**, que, á parte de significar desfacer ou desfacerse en fiaños ou en fías na fala corrente, son moi empregados polos escritores metaforicamente.

Vexamos exemplos: *frotados por herbas longas e desfiadas* (Otero Pedrayo), *monteira desfiada ¡chaqueta con remendos!...*, *é noite i a lúa seus raios desfía* (Cabanillas), *os montes ardían e o ceo enchíase de farrapos desfiañados...*, *o pelo desfiañábase debaixo do mar* (Castelao), *cos seus dedos inxeles ía desfiañando con cariño a cabeleira do abeto peiteado* (H. Villar), *diálogo desfiañado* (Gonsar).

Volvendo ós fíos normais é ben sabido que meter un fío polo buraco dunha agulla é **enfiar** (*cóselle con agulla enfiada de fío verde as pelexas dos ollos*, de Castelao), que adquire tamén outras significa-

cións semellantes: meter ou pegar fíos en calquera outro lugar (*o seu birrete de Montpellier enfiado de ouro*, de Cunqueiro), dicir moitas cousas seguidas (*limítome a escoitar as lerias que son enfiadas e desenfiadas deica o infinito na cociña*, de M. Ferrín), dirixi-los ollos cara a algo (*enfiando os ollos no campanario da eirexa*, de Castelao), dirixirse (*as tarrafas enfiaban para a bocana á procura de peixe*, de Alcalá, *enfiou pola rúa de Mazarelos*, de Otero Pedrayo), etc.

E por último temos que cita-lo verbo **afiar** que naceu para significar facer fío ou gume a calquera ferramenta: *Estouche farto de afiar navallas*, *afiaba demasiado a espada*, *un coitelo afiado atravesáballe o peito*, *mentres o home afía a fouce*...

Pero **afiar** úsase moito igualmente para indicar que algo se fai moi agudo ou para sacarlle punta ó extremo dunha cousa: *tiña un lapis afiado polos dous cabos*, *o avó afiaba as guías do bigote*, *Pepe está mirando o seu pao moi afiado*.

Os escritores usan moito este verbo para aplicalo a partes do corpo que toman en certo xesto forma de punta ou que adelgazan moito: *dedos grosos e afiados* (M. Ferrín), *esas afiadas e grandes orellas* (D. X. Cabana), *recoñece o varón de afiado rostro* (A. Conde), *o seu longo nariz afiado* (F. Ferreiro), *cara á punta do narís afiado* (Risco).

Afia-las uñas é unha expresión moi corrente para significar que alguén se prepara para atracar ou lanzarse sobre algo: *trae as uñas afiadas como puñais*, *afiaba as uñas para defende-los seus fillos*... Neste mesmo sentido fálase de *afia-los dentes* ou *afia-las garras*.

E **afiar** pode tamén equivaler a tornar mordaz ou picante: *lingua afiada que non deixa de dicir cousas*, *aquelas palabras afiadas deixáronme mal*, *ese texto ten unha adxectivación frorida e afiada*...

Curiosamente a voz tan coñecida desta familia léxica **afiador** permaneceu sempre coa súa significación de persoa que ten por oficio afia-los instrumentos cortantes e mesmo os escritores usan bastante dela, pero exclusivamente nesa significación real.

1082. Chatolas e brochas

Falando dos derivados da nosa voz tan corrente **chato** hai que dicir que hai moitos escritores que usan a palabra **chata** en lugar da voz de orixe francesa **tacha** para significar defecto ou falta que ten unha cousa. Penso que hai unha vacilación grande na pronunciación de palabras deste tipo nas que é fácil o intercambio das consoantes *ch* e *t*. Isto pasa tamén en castelán e portugués, linguas nas que *chata e tacha* se confundiron para significar cravo pequeno.

Moi corrente en toda Galicia é unha palabra desta familia léxica, **chatola**, para denomina-lo cravo curto con cabeza grande que se emprega moito para cravar nos zocos co fin de que a madeira das solas non se gaste e para evita-lo esvaramento cando un camiña con ese calzado. Naturalmente, as **chatolas** poden aplicarse para moitas outras cousas.

Os escritores usan esta palabra popular: *pedindo que lle trouxesen a tenaza de sacar as chatolas das solas dos zocos* (Cunqueiro), *dígovos que hoxe estou como para facer chatolas cos dentes* (Castelao). E de **chatola** creouse o verbo **chatolar**, que usa tamén Cunqueiro: *chatoleille de novas os zocos*.

Esta palabra en castelán é *tachuela*, derivada de *tacha*, e nalgúns dialectos do portugués din *tachola*. Tamén en galego hai quen chama *tachola* á *chatola*, e penso que non por influencia das outras linguas irmás, senón por ese cambio de *ch - t* que citei xa arriba.

A palabra **tachola** vina usada por algúns escritores: *martelou forte*, *chantando tacholas nuns zocos* (Cunqueiro), *meter as tacholas no seu sitio* (X. R. Pena). E de *tachola* saíu o verbo **tacholar**: *caía sobor de nós un ceu tacholado de estrelas* (M. Ferrín).

Tan corrente en toda Galicia como esta palabra é o seu sinónimo **brocha**, talvez de orixe francesa, e que tamén usan algúns escritores: *magóanme as areas e nunca falta algunha brocha pra espetarse nos pés* (Neira Vilas). E desta forma saen os verbos **brochear** e **embrochar** para significar cravar chatolas.

Loxicamente esta voz **brocha** non ten nada que ver coa **brocha** que se usa para afeitarse (*facía brochas de afeitar para os amigos*, de Cunqueiro; *enxaboábase encarraxadamente coa brocha de afeitar*, de F. del Riego) ou para pintar paredes ou outros cousas, pero tal vez si coa palabra de orixe francesa *broche*, conxunto de dúas pezas que se unen para abrochar prendas de vestir ou adorno de diversas formas que se prende na roupa.

Nalgunha ocasión escoite chamar **brochas** ás **bochas**, **bóchegas**, **ampolas ou vexigas**. Coido que é un cruzamento de **brocha** e **bocha**, ou, se se quere dicir mellor, un erro de pronunciación.

1083. Ventás, xanelas e fiestras

Pregúntanme sobre os nomes máis usuais que serven para denomina-la abertura que está nunha parede para deixar pasa-la luz e o aire. Xa nos *Tesouros da lingua* falei da evolución da palabra latina que tiña esa significación, FENESTRA, que tivo descendentes en case tódolas linguas románicas. Na Península Ibérica mantense no catalán como *finestra*, pasou en castelán a *hiniestra*, voz que xa desapareceu e na parte occidental transformouse en *feestra*, como vemos nos textos medievais.

Pero *feestra* converteuse en portugués en *festra*, que desapareceu da lingua moderna, e en galego en **fiestra**, forma que xa é moi pouco usada polos falantes.

Curiosamente (xa o sinalei no libriño citado) chama a atención a existencia dalgúns falantes das comarcas de Negreira, A Baña, etc., que usan a voz **fenestra**, que talvez sexa un resto do francesismo medieval *fenestre* e non do cultismo FENESTRA que empregaron nalgunha ocasión escritores como Cotarelo (*vou pecha-las fenestras*), Otero Pedrayo (*e mira con curiosidade as fenestras*), Risco (*chegou a acenarlle coa mau dende a fenestra*) ou C. E. Ferreiro (*pola fenestra entraba o resprandor do mencer*).

No Sur da provincia de Ourense usan os falantes a voz **xanela**, que é a voz preferida polos portugueses, e no resto de Galicia é moi usada a forma **ventana**, castelanismo claro, que se transformou, seguindo as normas fonéticas usuais das palabras rematadas en *-ana*, na parte occidental en **ventán** e na parte oriental en **ventá**.

Coido que queda claro que para a maior parte dos falantes galegos a denominación da citada abertura é **ventá** (coa variante dialectal **ventán** e co castelanismo **ventana**), pero hai xentes que din **xanela** e tamén **fiestra** (coa variante **fenestra**).

Desde un punto de vista literario sucede o contrario. Rosalía (*en cada ventana reixa*), Curros (*Rosa arretirouse da ventana*), Pondal (*tén as ventanas ben feitas*) usaron o castelanismo *ventana*. Leiras Pulpeiro e Cotarelo empregaron bastante a forma popular **ventá** e algúns outros úsana, pero menos veces cás outras voces.

Xanela ten tantos usuarios coma **ventá**, pero son moi poucos os que prefiren esta forma ás outras, como Fole (*A xanela i a porta estaban pechadas*), Neira Vilas (*Dende a xanela vin diante da porta...*) ou X. Alcalá.

Fiestra é a voz máis usual no campo literario: *Porque das fiestras e balcóns deitaban alaudos* (Castelao, que usou algunha vez **xanela**). Nese mesmo caso citaría exemplos de Otero Pedrayo, Dieste, Freixanes, Conde, Toro, Fernández Ferreiro, Casares, M. Rivas, etc.

Podería citar outros casos de escritores, como Cunqueiro (*Nun dos brincos que deu saltou pola fiestra fora*) ou Fernández del Riego (*vou pecha-las fiestras do cuarto*) ou Cortezón (*Debruzouse máis ainda na fiestra*) que sempre preferiron esa forma tradicional, **fiestra**.

En resumo, na conversa a forma máis popular é **ventá** (ou as súas variantes). Na escrita **fiestra** é a voz máis tradicional.

1084. Campanas e campás

Ese instrumento que consiste nunha peza oca, xeralmente de bronce, en forma de copa invertida, e que leva dentro ou por fóra un badalo que o fai soar, non tiña nome no latín clásico porque entón non había aínda cristiáns, que foron os primeiros en usar tal instrumento con finalidade relixiosa.

Os primeiros cristiáns romanos chamaronlles a eses instrumentos VASA, é dicir vasos, pola súa forma, pero como eran de bronce traído da Campania denominaron eses VASA así: VASA CAMPANA, que pasados os tempos foron chamados simplemente CAMPANA, tanto no plural coma no singular.

A voz *campana* impúxose practicamente en case toda a Romania. No centro da nosa Península triunfou esa forma, pero na parte occidental houbo problemas con ese nome por causa do *n* intervocálico que na lingua falada tivo que desaparecer. Por tanto *campana* pasou a ser *campáa*, coa segunda vocal, *a*, nasalizada.

No mundo portugués entrou un descendente de SIGNUM, é dicir, *sino*, que se impuxo sobre a palabra que comentamos na súa significación fundamental. Sen embargo esa *campáa* quedou reducida á significación de campá pequena ou campaíña e mesmo evolucionou, cambiando o acento, en *campa*, significación que recibiu tamén a palabra culta *campana*.

No mundo galego vemos que se usou nos textos medievais a citada forma normalmente evolucionada, *campáa* (co segundo *a* nasalizado) como vemos nas "Cantigas de Santa María": *o sancristán tan toste a gran campãa tangia*. Loxicamente esa forma ou ben quedou reducida a **campá** ou ben pasou a **campán** ou mesmo ocorreu o que en portugués, é dicir, pasou a **campa**. E tamén foi conservada a forma orixinaria, **campana**, porque na fala eclesiástica estiveron sempre vivas as formas latinas.

Na fala actual a forma máis viva é a que chamariamos culta (**campana**), despois a forma evolucionada típica do galego da metade oriental de Galicia, **campá**, que é a preferida pola normativa oficial, e por último **campán** e **campa**.

No mundo literario están vivas tódalas formas citadas. **Campana** é a palabra máis empregada por Rosalía (*Campanas de Bastavales*, *cando vos oio tocar*), Curros, Pondal, Cabanillas, etc. Lamas Carvajal, Otero Pedrayo ou C. E. Ferreiro usan tamén esta variante xunto con **campá**.

Campá, a forma preferida pola normativa, é a máis usada por tódolos escritores modernos: Fole, Fernández del Riego, Neira Vilas, Manuel María, etc., etc.

Tamén hai escritores que usaron ou usan as formas **campán** (*badalando a folgas nas nosas máxicas campáns*, de Cortezón) e **campa** (*Cada vez que sentía o son das campas*, de Leiras Pulpeiro).

E aínda queda por falar doutro nome para denominar este tipo de instrumentos...

1085. Señas, signos e sinos

A palabra latina para denominar marca, nota, sinal, mostra, proba, indicio, imaxe, etc., era SIGNUM, nome de xénero neutro, que tiña como plural a forma SIGNA que se impuxo en case tódalas linguas románicas pasando a funcionar como nome singular.

O noso nome **seña** é voz moi popular a tódolos niveis da lingua: *danse señas de tesouros e riquezas enterradas pé dos ríos* (Curros), *e o raposiño aquil, vixiante por máis señas* (Dieste), *a seña que lle deu a Masito foi a do rei* (D. X. Cabana), *o enano fixome seña de que me axoenllara* (Cunqueiro)...

Pero a voz latina orixinaria imponse de novo na Idade Media como cultismo. De aí que conservemos ata o día de hoxe o cultismo **signo** con moreas de significacións moi semellantes ás que dicimos arriba segundo podemos ver por estas frases literarias: *debuxou na boca o signo xeado dun sorriso*..., *Fíxome coa cabeza un signo raro*..., *signos de corrupción da carne* (M. Ferrín), *don Antonio fixo o signo da cruz na calva testa*..., *signos cabalísticos*..., *signos heráldicos* (Rábade Paredes), *decindo cal é o teu signo de horóscopo* (Casares)...

Curiosamente esa voz culta reduciuse popularmente a **sino** no sentido de destino, fado, sorte: *que envexa me da o teu sino* (Dieste), *Este é o meu sino* (Freixanes), *un home marcado sempre por un sino fadal* (Cunqueiro), etc.

En fin, traemos todas estas observacións a colación para continuar co tema das **campanas**, **campas** ou **campás**. Un **signo** ou **sino** do cristianismo para indicar que é a hora de rezar ou de reunirse na igrexa ou de chama-la atención sobre algo era o ruído ou son das campás. De aí que nalgúns lugares as campás foran chamadas tamén **sinos**.

Temos constancia nos textos medievais deste uso de **sinos** por **campás** como vemos nestas frases das "Cantigas de Santa María": *mandou os sinos tanger*... *Sam Pedro o sino tangia*... *Os sinos mandaron todos soar*... E noutros libros aparecen tamén moitas veces. No mundo da lingua portuguesa vimos como as *campas*, *campás* ou *campanas* quedaron en campaíñas porque as dos campanarios comezaron a ser chamadas **sinos**, palabra que se impuxo a tódolos niveis da lingua.

No mundo galego non triunfou esta voz na fala popular. Sen embargo houbo algún escritor que intentou recuperar estes **sinos** en vez de **campás**. Xa nos *Retrincos da lingua* sinalei estes propósitos de Castelao usando moitas veces esta voz: *tanxeron os sinos*..., *os sinos que repenican con tolería de festa*..., *cantan os galos e tanxen os sinos dunha eirexa lonxana*..., etc. Tamén empregaron nalgunha ocasión esta voz Otero Pedrayo, Cunqueiro, M. Ferrín, Freixanes...

En tódolos diccionarios actuais aparece a voz **sino** (e tamén **sineiro**, como **campaneiro**), pero coido que aínda non logrou penetrar na fala normal...

1086. Campaíñas, campanarios e badaladas

Xa vimos que Rosalía empregou a voz **campana** en lugar da forma máis evolucionada en galego, **campá**. Por iso non ten nada de estraño que use como diminutivo desa palabra **campaniña**: *Cando vos oio tocar*, *campaniñas*, *campaniñas*, *sin querer torno a chorar*..., *campaniñas trimbadoras da igrexiña do lugar*.

Pero unha campá pequena, que pode ter moi diversos usos, é desde a época medieval **campaíña**, voz que xa vemos nas "Cantigas de Santa María" (*fez soar a campaynna*) e que é moi corrente tanto a nivel falado coma literario: *Sinteuse unha campaíña*, *e o automóbele dos bombeiros atravesou a praza* (Risco), *Soa a campaíña*. *Unha campaíña carraxenta que foi acudir á serventa* (F. del Riego), *axita a campaíña de ouro que ten sempre cabo de si* (Freixanes). Pero tamén hai falantes e mesmo algún escritor que empregan nesta significación **campaniña**: *Axitou a campaniña de prata*, *agardou en silencio polo doméstico* (Casares), *e volve a repenica-la campaniña* (Conde).

Ámbalas dúas formas citadas son tamén bastante usadas para denomina-la úvula ou parte media do veo do padal e certas plantas que teñen flores semellantes ás pequenas campás. E ó lado desta voz **campaíña** están os cultismos **campánula** e **campanuláceo** que empregan os botánicos.

Para denomina-la torre ou lugar onde están colocadas as campás das igrexas entrou hai tempo na nosa lingua o galicismo **campanil**, que vemos usado por algúns escritores, como Otero Pedrayo (*os lumes do sol no campanil de San Marcos*) ou Freixanes (*torres e campanís das sete basílicas*), pero a voz que triunfou para esa denominación foi **campanario** tanto a nivel falado coma a nivel escrito ou literario de tódalas épocas. E tamén voz moi corrente para chamar a quen toca as campás é **campaneiro**, palabra igualmente popular e corrente a tódolos niveis da lingua.

As campás fanse soar golpeándoas con esa peza metálica chamada **balado**, que ten a variante **badal**, forma preferida por moitos falantes e escritores: *Non sei o que ten no badal a campá da miña aldea* (Leiras Pulpeiro), *a súa voz bate nas altas paredes da furna coma o badal nunha campá de pedra* (Freixanes)... E dar co **badalo** na campá é **badalear**, que ten a variante **badalar**, que tamén é bastante corrente. Hai lugares onde denominan ó badalo **badelo**. De aí a existencia dun verbo **badelar** que usan algúns escritores: *Badelaban con outro son as campás* (Otero Pedrayo), *despertouno un badelar soliviantado de campás* (Casares).

Loxicamente a palabra que se usa para denomina-lo golpe que dá o badalo na campá é **badalada**, voz moi corrente a tódolos niveis da lingua e que é moi usual entre os escritores de tódalas épocas. Sen embargo queremos deixar constancia da existencia da forma que se corresponde coa variante que citamos arriba: **badelada**, que empregan escritores como Otero Pedrayo, Cunqueiro e Fole e de **batelada**, na que se ve a influencia do verbo **bater**...

1087. De picar a repicar

Xa dixemos que as campás badalan ou badalean cando reciben o golpe do badalo, pero podemos escoitar en calquera parte que as campás **pican** coa mesma significación que as campás badalean. *Pican a morto* é frase correntísima para sinalar que desde a igrexa están comunicando que alguén morreu.

O verbo **picar** é moi usual en tódolos niveis da lingua e ten multitude de significados. Foi creado en case tódalas linguas románicas como manifestación de *pik-pik* sonoro resultante dos golpes que

se dan a algo. Desa acepción fundamental de "ferir ou furar cun obxecto con punta" que aparece en tódolos diccionarios podemos deducir claramente que non se trata de nada estraño que se aplique na mesma significación de badalear.

Aproveito esta ocasión para falar da cantidade tan grande de significacións que algunhas palabras poden alcanzar. As aves ou os insectos poden **picar** algo ou a alguén (*os paxaros... picaban nos figos*), as persoas poden **picar** algo en anaquiños (*cortan e pican as carnes pra facer os chourizos*) e cando se fai isto ás veces é para comer eses anaquiños. De aí que poida dicir que *estou picando algo de tódolos pratos que hai na mesa*, é dicir, que estou **petiscando**...

Os peixes *pican* ou morden os cebos e tamén os homes poden *picar* certas ideas e quedan atrapados por elas (*acabo de propoñer este plan tan estupendo*, *pero non picou ninguén*). **Picar** pode ser causar ***picor*** nalgunha parte do corpo (*pícanme os ollos e núblaseme a vista*) e loxicamente pode ser causar **picor** ou máis ben ofensa na miña mente (*pícame moito que non acépte-las miñas ideas*)...

E poderiamos sinalar moreas de exemplos nos que **picar** é sinónimo de estimular, excitar, incitar, ambicionar, etc., ó lado doutros moi concretos: quenta-lo sol, criar carie un dente, avinagrarse o viño ou o leite, etc.

En fin, é normal que as campás piquen lentamente cando se quere dar ese sinal de tristeza, pero se queremos que dean sinal de alegría, xúbilo ou alborozo, temos que tanxelas dunha maneira rápida, viva, sonora... E nese caso empregarémo-lo verbo **repicar**: *cando as campanas repican e a música retumbea* (Rosalía), *izar os castelos*, *repicar chocallos* (X. M. Pintos), *poñíase a repicar coa campaíña de prata* (Cunqueiro).

O efeito de **repicar** é **repique**. Pero curiosamente estas voces comúns coas linguas irmás son moito menos usadas que **repinicar** (*repinica esas chocas campanas en sinal de alegría e contento*, de Curros, *ó pé da ermida onde as campanas repinican ledas*, de Cabanillas) ou **repenicar** (*as campás repenicaban por él e a música tocaba por él*, de Castelao, *e volve a repenica-la campaniña*, de Conde) e **repinique** (*o día anterior fora domingo sen repinique de sinos na catedral*, de M. Ferrín) ou **repenique** (*un repenique que o sorprende na súa ledicia*, de Conde) das que falaremos no próximo comentario.

1088. Repenicar e penicar

Xa vimos bastantes exemplos de como **repenicar** ou **repinicar** se usan como sinónimos moi correntes de repica-las campás, pero temos que engadir que este verbo toma a significación máis ampla de conseguir sons máis ou menos rítmicos por percusións. Os dedos poden **repenicar** (*non sigas repenicando cos dedos na mesa*) e mesmo o corazón: *o meu corazón púxose a repenicar na táboa do peito* (Castelao), *e o corazón repenica de alegría na caixa do peito* (Freixanes).

Tamén a choiva repenica, como vemos nestas frases: *repinicaba a choiva no tellado* (Fole), *a chuvia repinica nas pedras...*, *escoita o repinicar da chuvia* (F. del Riego), e naturalmente tamén os cantos: *cantando cantares que repinican* (Leiras Pulpeiro), *os paxaros chineses botaron unhas cantatas repinicadas* (Cunqueiro), *repinicaba o seu canto no aire* (Conde), *a voz vaise aguzando e empezo a repenicar o timbre* (P. Martín).

Pero **repenicar** toma tamén para moitos falantes unha significación semellante á de ir ben vestido, andar moi alegre e adornarse: *Pepe vai moi repenicado*, *ten unha casa moi repenicada*...

E **repenicar** ten para outros a significación de mordiscar ou coller algo dun sitio, é dicir, a mesma significación ca outras voces semellantes: **depenicar**, **espenicar**, **despenicar**, ou **penicar**.

Nos *Tesouros da lingua* xa fixemos referencia a estes verbos explicando **depenicar** que Cunqueiro usaba na frase *andaba depenicando nas mozas* na que había que interpretalo na significación de beliscar.

Despois de ve-los significados que teñen picar, repicar, repenicar ou repinicar, etc., cheguei á conclusión do que afirmo tantas veces: as palabras están continuamente cambiando de significación e mesmo dalgúns sons por influencia doutras.

Xa vimos no comentario anterior a cantidade grande de significados que ten **picar**, de como de picar sae **repicar**, que case foi substituído por **repenicar**. Penso que este verbo naceu de **penicar**, que usan todavía bastantes falantes, que o empregan no sentido de coller **penicas**, é dicir follas dos piñeiros.

Penicar serviu de base para a formación dos citados verbos depenicar, espenicar ou despenicar que da significación primeira de coller **penicas** pasaron a toma-la de quitar pétalos dunha flor, arrincar cousas dalgún lugar, e mesmo ás de **picar** xa citadas.

De aí que **repenicar** sería en principio o mesmo que **penicar** frecuentemente e logo iría tomando outras significacións semellantes ás de **picar**, e por fin ás de **repicar**, pero cun sentido máis amplo e cun éxito maior tanto a nivel falado coma literario.

1089. Cousas sobre as rodas

Esa peza circular que xira arredor dun eixe e que pode ser de diferentes materiais era chamada en latín ROTA, voz que se conservou moi ben en tódalas linguas románicas e serviu de base para a formación de novos termos. O seu descendente galego, **roda**, foi e é palabra fundamental da nosa lingua, pero con toda seguridade se eu preguntase nun grupo de xentes que é unha **roda** e pedise que me debuxasen aquela na que pensaron, estou seguro que recibiría moitos tipos de **roda**.

Desde logo resulta case imposible pensar nun carro ou nun automóbil sen rodas, pero hai moitas outras cousas que teñen rodas como vemos neste texto de Blanco Amor: *como si a dona estivese sentada nalgo con rodas*..., *nunha cadeira con rodas* ou estoutro de Cunqueiro: *estaba nunha solana nun sillón de rodas*.

Pero as **rodas** poden ter outra finalidade. Hai rodas de afiador ou de afiar (*el andaba cunha roda de afiar*, de Blanco Amor) ou de amolar, como di Castelao: *sinteu saudade da roda de amolar*. E as pedras circulares que xiran unha sobre outra para moe-lo gran son as *rodas de muíño*: *uns ofrécennos rodas de muíño* (C. E. Ferreiro), *unha roda de muíño sostén a cruz de colúa xónica* (Castelao). Este escritor fala moitas veces das rodas crucíferas: *vese a roda de catro radios ou cruz insculpida*..., *albiscamos unha roda crucífera chantada na cima dunha eirexa barroca*.

Naturalmente hai moitos mecanismos modernos que teñen a forma das rodas e funcionan como estas e por iso son chamados **rodas**. No mundo rural aplícase este nome a cousas que se parecen a elas. Así chámase *roda do palleiro* á súa parte central e hai quen chama ós pequenos muíños para bater leite **rodas**.

No mundo mariñeiro noméase ós madeiros que continúan a quilla pola proa ou pola popa *roda de proa* e *roda de popa* e hai un peixe de gran tamaño, case circular, que recibe o nome de *peixe roda* ou *roda de mar*.

Cando os nenos se poñen en círculo collidos da man e dan voltas xogan á **roda** (*As follas das margaridas andaban a xogar con el á roda roda*, de Iglesia Alvariño) e cando os homes se agrupan cunha finalidade poden formar tamén unha **roda**: *formarían roda demandando pan ó seu patrón* (Castelao). A expresión **en roda** é moi corrente e moi usada polos escritores: *en roda de compañeiros xurando* (Castelao), *estaban en roda nos seus coxís os pilotos* (Cunqueiro), *puxémonos a falar en roda alí mesmo* (Neira Vilas). Estas reunións lévannos a pensar nas actuais *rodas de prensa*...

A **roda** pode ter moitas significacións figuradas. Podemos falar hoxe da *roda da fortuna*, que como dicía Eladio Rodríguez *nunca é unha* ou da *roda do tempo* que nos afecta a todos ou da *roda das altas esferas* que cita Freixanes (*daquel silencio*, *que parecía que a roda das altas esferas detivera a súa marcha*) ou, como di Neira Vilas, *o mundo é unha roda*, *e nós facémola andar*.

1090. Rodar, rodeiras, rodeiros

Se a voz **roda** é, como dixemos no comentario anterior, moi corrente a tódolos niveis da lingua, loxicamente tamén o é o verbo **rodar** que ten como significado base dar voltas unha roda ou calquera outra cousa semellante arredor do seu eixe: *esta pelota non roda ben porque está pinchada*, *os pedais serven para facer roda-las rodas da bicicleta*.

Cando un vehículo vai funcionando por un lugar dicimos que está *rodando*: *A carroza pasou a rodar por un chan de lastras* (Cunqueiro), *pola estrada de circunvalación rodan os coches* (X. Torres).

Naturalmente **rodar** nun vehículo é tanto coma ir dun lugar a outro: *Napoleón botábase a rodar polos camiños de Europa* (Otero Pedrayo), e toma tamén un sentido figurado de pasar algo rapidamente: *Sabe que os feitos rodaron vertixinosamente sen dar lugar ó acougo* (Conde), *de curuto en curuto*, *a tombos*, *rodan as apromadas nubes da tromenta* (Cabanillas).

Rodar ten hoxe o amplo valor de caer algo dando voltas ou espallándose por un lugar: *a comida roda polos pés* (Rosalía), *vades a rodar sin tino* (Curros), *bágoas rodaban polas súas meixelas* (Cunqueiro), *Luís da Costa empezou a rodar pola costa abaixo* (Gonsar)... E ás veces ese **rodar** é moi gráfico: *Houbo exemplares castigos*, *e rodaron media ducia de cabezas fidalgas* (X. R. Pena).

Nos tempos modernos **rodar** é gravar un filme ou película: *Acabo de ver unha película que se rodou na miña vila*.

Derivados destas voces **roda** e **rodar** hai moitos na nosa lingua. Para denomina-la pegada que deixa unha roda no chan témo-la voz **rodeira**, usada practicamente por tódolos galegos e tamén polos escritores: *As rodeiras figuraban engurras* (Otero Pedrayo), *e quedan nas rodeiras co seu fol roto as gaitas da noitiña* (Iglesia Alvariño), *un vulto negro entre as rodeiras e as pegadas dos cabalos* (Freixanes). Non obstante hai que sinalar que as **rodeiras** son chamadas por algúns falantes **rodeiros**, **rodais** e **rodadas**.

Rodeira é nalgúns lugares de Galicia voz que se emprega ademais para denominar calquera camiño estreito, é dicir, camiño semellante ás pegadas que fixeron as rodas dos carros: *unha rodeira une a miña viña coa miña casa*.

Moitos falantes galegos usan a voz **rodeiro** para denomina-lo conxunto de rodas e o eixe do carro: *Iso que ves aí é un carro ó que lle falta o rodeiro*. Outros falantes do norte da provincia da Coruña chaman **rodeiro** ó conxunto de terreos que rodean unha casa: *Non teño árbores froiteiras no meu rodeiro*.

Tamén hai algúns falantes que usan a voz **rodeiro** para denomina-lo camiño estreito. Neste sentido vin empregada esta voz polo escritor Cortezón: *estou recorrendo as estradas e rodeiros dos nosos mitos*.

En fin, quedan aínda por citar moitas outras palabras que pertencen a esta familia léxica de **roda** e **rodar**.

1091. Rodos, rodelas, rodicios, rodaxes

O aparello formado por un pao longo e unha especie de paleta e empregado para xunta-las brasas ou cinsas no forno era chamado en latín RUTRU, que loxicamente debería converterse en galego en *rodro*, voz non existente na actualidade porque esa especie de paleta na que remata ese aparello ten a forma de media roda e pasou a ser chamado **rodo**.

Ese **rodo**, que algúns falantes chaman *rodo do forno* ten outros moitos usos. Hai **rodos** para xunta-los grans nas eiras, outros para xunta-la fariña que está espallada no chan dun muíño, outros para remove-las sardiñas que están na pía onde se salgan, outros que empregan os albaneis para face-la masa e mesmo moitos labregos chaman tamén **rodos** a certo tipo de aixadas.

Pero hai **rodos** que teñen a mesma forma completa dunha roda como son os **rodos** de pedra que están debaixo do piso dos hórreos para impedi-lo paso dos ratos. E hai **rodos** de tea ou de calquera materia que son cintas, dobras, pregues, orlas ou cenefas que serven de adorno nalgunhas pezas de vestir.

As **mulidas**, **molidas**, **mulidos** ou **molidos**, que son as pezas de coiro ou tea, cheas de palla ou herba, que se lles pón ós bois ou ás vacas entre os cornos para que non os manque o xugo, son tamén para moitos galegos o trapo retorcido que as persoas poñen na cabeza cando levan sobre ela unha carga. Dado que estas **mulidas** ou **mulidos** teñen a forma dunha **roda** son chamados en moitos lugares de Galicia **rodelas** e tamén nalgures **rodelos**.

Rodela aplícana algúns ó trapo empregado para limpar: *De tanto fregar na cociña quedei sen rodelas*. **Rodela** é ademais a **roda** de palla que serve para amarrar ben os palleiros ou a roda pequena de pedra que empregan as nenas para xogar á rodela, madana, trúquel, etc., e mesmo un pequeno **rodo** que se usa na cociña para diversos usos: bate-lo leite ou calquera outro producto.

Da familia léxica da **roda** son os **rodicios**, pezas dos muíños ben coñecidas en todas partes. Como é lóxico é voz moi empregada polos escritores que a usan ademais con sentidos figurados: *dándolle voltas a testa como un rodicio* (Risco), *tempo que pasa e que nos moe cun rodicio de sombras* (C. E. Ferreiro)... Pero quero sinalar que hai algúns falantes que din **rodecio** e algúns outros **rudicio** e **ruducio**...

Moi correntes na actualidade son outros derivados desta familia léxica: **rodaxe**, que significou conxunto de rodas, pero que hoxe está de moda para falar da acción de rodar filmes, ou de período inicial do funcionamento dos motores, **rodapé**, que é sinónimo de zócolo, etc.

Quero facer mención de que as voces **toro** ou **torada**, empregadas na acepción de porción circular ou tallada de carne, peixe ou froita, son ditas en castelán *rodaja*. De aí que ás veces atopemos algún falante que traduce esa voz castelá ó galego como **rodaxa** ou **rodalla**, cousa que fixeron algúns escritores: *ovo en rodalla*, *rodallas de limón*, *cortados en rodaxas*...

1092. Arrodear e arrolar

Xa vimos bastantes voces derivadas de **roda**, pero aínda quedan máis que tamén son moi populares. Dar unha volta arredor de algo ou dun sitio era en latín AMBIRE, pero este verbo perdeuse. As xentes pensaron que dar tal volta era algo así como moverse arredor dunha roda e por iso crearon o verbo **rodear** que ten a variante popular **arrodear**.

Ámbalas dúas formas son tamén moi usadas polos escritores en tódalas súas significacións: estar unha persoa ou cousa ou grupo de persoas ou cousas arredor de algo ou de alguén, facerse acompañar por alguén ou algo, é dicir, coa mesma significación que cercar ou circundar. Vexamos algúns exemplos: *Rosa estaba no castelo de xentes arrodeada...*, *pensou no que arrodea* (Curros), *morrer en brando leito rodeados de amigos* (Pondal), *tiñan o seu castelo arrodeado dun lago* (Otero Pedrayo), *D. Celidonio arrodeado das súas amistades* (V. Risco), *arrodeamos o paredón* (Blanco Amor), *despedíanse da xente que o rodeaba* (Conde), *as murallas que rodeaban a vella cidade* (Alcalá), *detívose nunha praciña rodeada de casas* (Casares).

Rodear ou **arrodear** son verbos moi usados igualmente na significación de ir a un lugar polo camiño que non é o máis curto: *vamos polo camiño da Encomenda*, *aínda que teñamos que arrodear* (Fole), *fun a esa vila rodeando pola cidade*.

Os nomes derivados destes verbos **rodeo** ou **arrodeo** son tamén moi usuais: *Logo*, *pegando un arrodeo*, *fumos a parar ós arrabaldos de París* (Blanco Amor), *tiven que dar un rodeo para non pasar por diante da zapatería* (Casares), *chegou a casa dando un rodeo pola vella catedral* (Conde). Actualmente son moi correntes as expresións *andar con rodeos*, equivalente a dicir non claramente e *falar sen rodeos* igual a falar claramente.

E nalgúns lugares de Galicia en vez de dicir comarca, bisbarra, zona, redonda dise **rodeada**, voz que vin usada por algún escritor: *a meirande fumadora que había en toda a rodeada...*, *desfacedor de cantas festas se facían na rodeada* (H. Villar).

Outro verbo desta familia léxica das rodas é **arrolar** que non se debe confundir con outro **arrolar**, do que xa explicamos algunha vez a súa orixe, pero que paga a pena recordala. Hai unhas aves semellantes ás pombas que teñen un canto melancólico e sonoro que a maior parte dos galegos escoitan como *ru-ru-ru* e por iso danlle o nome de **rulas**, pero as xentes dalgunhas zonas de Lugo e de Ourense escoitan *ro-ro-ro* e por iso lle dan o nome de **rolas**.

Deses nomes **rula** e **rola** nacen as palabras para denomina-los seus cantos: **arrulo** e **arrolo** e destas veces saen os verbos **arrular** e **arrolar** que ademais de significar cantar **arrulos** ou **arrolos**, significan cantar cancións de berce ou nanas, e logo tamén move-lo berce balanceándoo para que o neno durma.

Tanto nesas significacións, como noutras figuradas, foron estas voces moi empregadas polos escritores: *o fulgor da prateada lúa me arrulaba o sono* (Curros), *polo romor das augas arrolado* (Rosalía).

Pero destas dúas formas, **arrular** e **arrolar**, triunfou a tódolos niveis da lingua **arrolar**, que non ten pois nada que ver co noso **arrolar** da familia léxica das **rodas** do que temos que seguir falando.

1093. Imos a rolos con arrolar

Da mesma familia léxica que **roda** é o noso **rolo** (procedente do diminutivo latino de ROTA) que ten fundamentalmente a significación de cilindro arredor do que se enrosca algo e a de cousas ou conxunto de cousas que envolven ese cilindro: *mide os rolos de corda* (Cunqueiro), *trouxeron moitos rolos de papel*, *consultou varios libros e rolos de pergameo...*

Pero **rolo** ten tamén a tódolos niveis da lingua o mesmo significado de tombo ou volta que fai algo que cae ou se tira: *caín a rolos e atopeime coa morte* (Castelao), *baixando a rolos* (Risco), *baixando a*

rolos polo monte abaixo (Neira Vilas), *guindaba pedras a rolos* (Dieste)... **A rolos** é pois unha locución adverbial moi corrente que acompaña a moitos verbos como ir, andar, caer, baixar, levar, etc.

Se de **roda** saíron os verbos **rodar** ou **rodear**, de **rolo** naceu **rolar**, que ten a variante moi popular **arrolar**. Debo deixar constancia de que algúns falantes din **arrular**, **rular** ou **roular**.

Arrolar ou **rolar** é moverse ou facer mover algo dando voltas sobre si mesmo ou botar a rolos: *nun feixe miraras rolar xuntamente mociños e vellos de aquí para alí* (Rosalía), *o coche vai rolando*, *a tombos*, *por gándaras ermas* (Castelao), *despois de horas de camiñar rolando* (F. Riego), *o ruído da festa que rola en ondas desde o alto* (S. Toro), *nas escalinatas onde hai pouco rolaban os corpos dos inimigos* (M. Ferrín)...

Como vemos por eses exemplos e estoutros (*ó valeirar o fardel volaron uns pesos*, de Blanco Amor; *comecei a tirarlle moedas de 20 pesos*, *que logo rolaban*..., de M. Rivas; *as probes frases rolaban no desván do maxín sen atopar saída*, de Otero Pedrayo) os escritores prefiren usar **rolar** porque empregan **arrolar** en xeral soamente como o verbo sinónimo de abalar, anainar ou adormentar.

E desta familia léxica temos que sinala-la existencia doutros derivados: **rola**, montón de herba que se forma na eira e que se *rola* para levala a algún sitio ou parte dunha leira que está dedicada a un só cultivo.

Rolete pode ser un suco ou rego feito polo arado e tamén unha especie de pequeno **rodo**, do que xa falamos.

Roleiro é un adxectivo que se aplica ó mar cando está rizado ou encrespado e funciona para algúns falantes tamén como nome sinónimo de camareiro, linde e mesmo de codelo ou cornecho de pan.

Rolada é voz moi corrente para indicar unha niñada ou camada de paxaros ou de pitos e tamén de seres humanos como vemos nestas frases literarias: *Por tódalas veredas haberá unha rolada de rapaces* (Iglesia Alvariño), *a rolada dos nenos de Farruco enchía de rechouchíos o abrente do día* (Castelao).

Por último temos que cita-la voz **rol**, que probablemente se orixinou en Francia, moi empregada para significa-la lista de mariñeiros dun barco, papel dun actor nunha obra, función que se exerce ou desempeña, etc.: *desempeñar seu rol de viuda moza cangada de fillos* (Castelao), *o diviño rol que representaba* (Risco), *convencido do seu rol de frío oficial do Vaticano* (Alcalá)...

1094. Rollas, rollos e roldas

Xa vimos como **rolo** e **rola** naceron do diminutivo da voz latina ROTA. As formas latinas ROTULU e ROTULA evolucionaron tamén en **rollo** e **rolla**, palabras gallegas que teñen significacións semellantes ás xa comentadas **rolo** e **rola**.

Rolla é palabra bastante corrente para denomina-lo segmento dun tronco dunha árbore cortada e sen pólas (*Preto da miña casa había un par de rollas abandonadas*) ou o **trapo** ou **molido** ou **rodela** que se coloca na cabeza cando se leva unha carga enriba (*Carme puxo unha rolla na cabeza para carrexar comodamente un balde de auga*) e, como no caso da **rodela**, é tamén o trapo empregado para limpar (*Pepa estragou tres rollas limpando a vella cociña*).

O frade Sarmiento do século XVIII, xa contou como as **rollas** eran esas pezas de cortiza en forma de cilindro que se empregan para tapar botellas ou garrafas. **Rollas** eran e son tapóns. E talvez ese tipo

de tapóns ou rollas fixo que a gran maioría dos galegos empreguen esta voz **rolla** para denomina-las mamas das porcas: *catro bacoriños están mamando das rollas desa porca*.

A palabra castelá *rollo* dise en galego **rolo**, **rodo** ou **rodete** e na súa significación de exposición longa pesada e tediosa é **leria** ou **conto pesado**. En galego existe a voz **rollo** nalgúns lugares como variante de **rolla** na súa significación de tronco dunha árbore e noutros como variante de **rodo** no seu significado de cousa cilíndrica. E temos constancia de que nalgúns lugares da nosa costa chaman ás estelas que deixan as embarcacións **rollóns**.

Por último queremos facer referencia a **rondar** que pola súa significación de andar dando unha volta por un sitio, inspeccionar, parece que ten algo que ver con **rodear** ou con **rolar** ou **arrolar**. Pois non. **Rondar** é un castelanismo de orixe árabe que é bastante usado por algúns escritores (*unha mosca que lle andaba rondando a cara*, *don Marcial aínda ronda as fachadas barrocas*, *a sombra rondaba por algunha esquina*...), do mesmo xeito que usan bastante a voz **ronda**: *a outra ronda invítoa eu*, *o paseo de ronda da muralla*...

Para as significacións de percorrido que se fai por un lugar para vixialo, percorrido nocturno de mozos cantando ou bailando, de quenda ou vez ou de volta, etc., temos en galego a voz **rolda**: *como negros ferreiros que en fera rolda están* (Pondal), *houbo outra rolda de día* (Cunqueiro), *e fixose a rolda para comezar a danza* (P. Martín), *as sentinelas iniciaban a rolda das alertas* (M. Ferrín), da que se deriva o verbo **roldar**: *ándache roldando a casa un paxaro moi grande* (D. X. Cabana).

Rolda, **roldar**, o mesmo cá voz **roldana**, peza circular pola que pasa unha corda empregada para subir algo, que se di que naceu en Cataluña, son voces que proceden dese diminutivo latino ROTULA que produciu tantas e tantas formas.

1095. Ceo albadeado ou despexado

Hai moitas persoas cultas que non empregan a miúdo a voz **despexado**, participio do verbo **despexar**, porque cren que esta palabra é un castelanismo. Pois non é así, senón ó revés: a voz castelá *despejar* é un galeguismo nesa lingua.

Xa falamos noutro comentario da voz galega **pexa**, corda ou cadea que se lle pon ó gando ou ás cousas para que non se movan ou sexan roubadas, que pasou a significar impedimento, obstáculo, etc. Desta voz corrente naceu o verbo **pexar**, poñer pexas, e del orixinouse **despexar**, aparta-las pexas, obstáculos, impedimentos, etc., e mesmo o ceo **despexa** e queda claro cando se apartan ou desaparecen as nubes.

Así pois cando falamos do ceo **despexado** estamos a facelo no galego máis correcto e tradicional. Naturalmente hai outras maneiras de dicir esta expresión. Resulta moi corrente escoita-las palabras **aclarar**, **aclarear**, **clarear** (coas súas variantes **acrarear**, **crarexar**, etc.) para significa-lo mesmo que **despexar**. *Ceo aclarado*, *aclareado*, *clareado*, etc., son expresións moi correntes.

Na parte oriental da provincia de Lugo podemos escoitar tamén a expresión *ceo albadeado*, porque existe o verbo **albadear**, que ten a variante **albarear**, coa significación igual á de **despexar** ou **aclarar**, pero soamente nese sentido. Probablemente este verbo se formou sobre **albado**, participio de **albar** "poñer albo ou claro algo" que en xeral foi substituído por **branquear** agás nesa acepción de quedar claro o ceo cando desaparecen as nubes tras unha tormenta.

Cando o ceo está sen nubes hai xentes que din que está **espellado**, é dicir, que está claro ou limpo coma un espello, pero son moitas máis as que din que está **claro** ou **craro**, como lemos en Rosalía (*a luz do craro ceo*), Cabanillas (*no craro ceo abrirán*) ou Celso E. Ferreiro (*ceos craros*) e tamén que está **limpo**, como lemos en Iglesia Alvariño (*paxaros que voan nun ceo limpo*), C. E. Ferreiro (*no ceo limpo soio dous zamuros voaban*) ou M. Ferrín (*o ceo ficou limpo*).

Hai escritores que aplican loxicamente a voz **azul** ó ceo cando este está despexado, albadeado, claro, limpo, etc.: *no ceo azul crarísimo* (Rosalía), *ceo azul* (X. M. Pintos, Otero Pedrayo, etc.), e tamén a voz **sereno**: *ceos azues e serenos como os de Italia* (Rosalía), que algún escritor converte en **sereo**: *cor de ceo sereo* (Fole).

Supoño que todos estes adxectivos aplicados a ese **ceo** que vemos tan bonito cando non hai nubes non se poden aplicar do mesmo xeito ó **padal** ou *ceo da boca*, como é coñecido por tódolos falantes galegos, ou ó *ceo raso*, expresión que debe ser moi antiga para denomina-lo teito da superficie plana e lisa dunha habitación ou cuarto.

En fin, o **ceo** pode aparecer non despexado e entón recibe tamén unha gran serie de cualificativos...

1096. Ceo con certo tipo de nubes

Cando no ceo claro e limpo aparecen certas nubes abrancazadas, que en castelán son coñecidas como *nubes de algodón*, entón o ceo é denominado en galego con moitos e diferentes calificativos.

Esas nubes recordan a la deses mamíferos ruminantes chamados carneiros e ovellas. Por iso hai quen di cando aparecen ese tipo de nubes: *témo-lo ceo de ovellas* ou máis correntemente *témo-lo ceo ovellado*. Temos constancia de que na provincia de Ourense son moitos os que falan do *ceo de la* ou ceo *alanado* e noutros lugares de Galicia pénsase no feito de carda-la la e de aí que algúns digan do ceo que está **cardado** cando aparecen esas nubes. Hai quen nestes casos se lembraba da porción de la que se puña nas rocas para fiar, é dicir, da **rocada** e por iso falaban (e mesmo dise hoxe tamén) do *ceo con rocadas de la* ou do *ceo a rocadas de la*.

Ese ceo con esas nubes pode lembra-las teas de arañas e de aí que haxa quen diga *hoxe está o ceo arañado*. Pero hai quen o compara coas **pampoias** (ou **papoias**, insectos que atacan os cereais) e por iso falan do ceo **pampoiado**. E mesmo quen pensa nas panzas dos burros, que tiran en certa maneira a ser esbrancuxadas. Entón din que *o ceo ten panza de burro*.

As **cunchas** ou **conchas** que se tiraron dos moluscos son lembrados por algúns falantes cando ven o ceo con ese tipo de nubes e entón din que o ceo está **aconchado** ou **esconchado**. E os que relacionan o ceo coas escamas dos peixes din que *o ceo está hoxe escamado*.

Hai quen pensa nas **piñotas** ou follas dos piñeiros cando din que o ceo está **apiñotado** e moito máis corrente é o feito de pensar nun conxunto de pedras que reviste algo ou que están sobre un chan cando se di ceo **empedrado** ou **empedregado**.

Cando o ceo ten este tipo de nubes nas primeiras ou nas últimas horas do día é chamado por algunhas xentes *ceo rubio*. Coido que é normal que lle apliquen ó ceo ese adxectivo porque queren dicir que o ceo ten nese momento **roibéns**, **roibáns**, **roibeces**, **rubiáns**, **rubiés**, **rubias**, **rubios**, etc., esto é,

nubes que están tinxidas de cor vermella polos reflexos do sol. Xa falamos no noso libriño *Cousas da lingua* da significación da voz **rubio** en galego que equivale do mesmo xeito que **roibo** a avermellado.

E pasando ó tipo de nubes normais que cobren o ceo digamos en primeiro termo que moitas delas son cualificadas pola cor do seu aspecto e de aí o feito de que algúns falantes se refiran ó ceo **mouro**, no mesmo sentido que outros mencionan o ceo **negro**, cando estas nubes están presentes na atmosfera...

Pero aínda nos quedan por citar outros cualificativos aplicados ó **ceo** e frases onde aparece esta voz con significacións figuradas.

1097. Máis cousas sobre o ceo

Ademais dos ceos mouros ou negros podemos falar de ceo **grisento** cando as nubes escurecen o día claro e mesmo podemos dicir que está **emborrallado** cando nos parece que se enchen de **borralla** ou **borrallo** ou, mellor dito, que tomou a cor deses residuos que quedan onde houbo lume. As nubes borrallentas fannos falar igualmente do ceo **borrallento**.

Loxicamente temos que rexistra-la existencia da aplicación das voces **cinza** e **cincento** ó ceo do mesmo xeito que as voces sinónimas sinaladas. Podemos escoitar a miúdo frases como esta: *Hoxe está o ceo cincento ou de cinza*.

Probablemente houbo unha época na que se dicía *o ceo está cargado de nubes* cando se temía a proximidade da choiva ou dunha tormenta. Hoxe, para expresar esta idea, basta dicir: *o ceo está cargado*. Recordemos estes versos de Rosalía: *¡Que cargado está o ceo e que triste*, *-que escuro*, *que negro tornándose vai!*

Pero é moi corrente usar en todas partes de Galicia voces relacionadas coa palabra **toldo**, esa cuberta de lona para protexer un lugar do sol ou da chuvia. As nubes poden facer de toldo para protexernos do sol e de aí que falemos moitas veces do ceo **toldado**, **atoldado** ou **entoldado**.

E aínda queda por sinalar, como expresións máis correntes ca tódalas que acabamos de citar, aquelas na que figuren voces derivadas da palabra nube. Así pois podemos falar do ceo **anubrado** (ou **anublado**), **nubrado** (ou **nublado**), **nubro** (ou **nublo**), **nuboso** e mesmo **nubento**...

Non quero pechar estes comentarios sobre o **ceo** sen recordar moitas locucións populares nas que figura esta voz. Cando dicimos de algo que acontece favorablemente ou moi oportunamente exclamamos: *¡baixou do ceo!*, *chovido do ceo*.

Se queremos expresar que existe unha gran diferencia entre dúas cousas ou dous eventos dicimos: *como do ceo á terra*. Se queremos eloxiar algo: *poñemos no ceo esa idea*. Se queremos conseguir algo que parece imposible: *revolvémo-lo ceo e a terra* ou *tocámo-lo ceo coas mans*. E *collémo-lo ceo coas mans* cando recibimos un grande enfado. E se facemos algo que se volve contra nós: *cuspimos ó ceo*.

Cando un ten unha oportunidade para facer algo que lle favorece ou que intentaba conseguir: *ve o ceo aberto*. E cando un é feliz: *está no ceo*. Ultimamente *está no sétimo ceo*.

En fin digamos que a voz **ceo** é pronunciada por algúns galegos como **ceu** (Rosalía e Otero Pedrayo, entre outros escritores escribíana moitas veces así) e por algúns da parte oriental do galego como **ceio**.

1098. Rachas, raxadas e raxeiras

Lendo "A esmorga" de Blanco Amor atopei estas frases: *chovía a escachar con rachas de vento frío*..., *a auga viña máis fera e dura nas rachas do nordeste*, nas que aparece a voz **racha** que polo contexto se ve claramente a súa significación de movemento súbito e curto de vento. A escritora X. Torres tamén usa esta voz con ese mesmo significado: *Érguense rachas de aire así de súpeto* e o mesmo fixo Leiras Pulpeiro: *mentra-las rachas no-arrecian*...

Esta voz **racha** ten tamén a significación de período breve de sorte nun xogo ou nun sentido amplo en calquera outra actividade da vida: *había como rachas unánimes de euforia* (C. Gonsar).

Neses sentidos esa palabra é bastante común en moitos lugares de Galicia, pero existen outras **rachas** das que imos falar. Hai falantes e mesmo escritores (*a racha do sol iluminou un penedo*, de M. Ferrín) que usan esta voz no sentido de raiola de sol que atravesa as nubes. E outros falantes usan a variante **racheira** en tódolos significados que acabamos de citar.

Penso que esta voz **racha** nesas significacións (escasamente citada nos diccionarios modernos) non ten nada que ver coa outra voz **racha**, tan corrente en toda Galicia, para significar estela grande de madeira ou de pedra feita ó partir ou esgazar algo, cacho delgado e plano partido ou cortado doutra cousa, pedriña usada para tapar buratiños das paredes, e fenda ou greta (*uns figos abertós que verquían mel polas rachas*, de Cunqueiro).

Cando estas **rachas** son grandes chámanse **rachóns**: *faguíamos unha gran fogueira con gavelas de toxos*, *rachós de carballo e cozas* (A. Fole).

E facer rachas é **rachar**, verbo moi usual a tódolos niveis da lingua do que non necesitamos dar explicacións. Véxanse estes exemplos tomados de obras literarias: *antramentras os bruídos da cibdade non rachan o silenzo da noite* (Castelao), *rachou a negra nube de levante o rouco son dun trono* (Curros), *rachaba o silencio súpeto* (M. Ferrín), *dí cousas que mesmo rachan as carnes* (Blanco Amor), *tentado estiven de rachar o retrato de Eladia* (Neira Vilas), *¿Pensache no fermoso de rachar o papel alí?* (P. Martín)...

Desta familia léxica poderiamos citar outras expresións: **racha-lo día** por amañecer, **festa rachada** por festa grande, etc. E **rachear** por tapar con rachas os buratiños, **rachadela** ou **rachadura** por rotura (*por antre as rachaduras da roupa*, de Castelao)...

E volvendo ás **rachas** de aire ou de luz lémbrome das **raxadas**, como as chaman algúns lugueses e algúns escritores: *premido por unha raxada de vento*..., *a porta de fóra metía unha raxada de luz* (D. X. Cabana), *unha raxada de aire frío que aviva o lume* (S. Toro), das que existen as variantes **raxoada** e **raxoda** (*o aire... luía os corpos con raxodas de friaxe*, de F. del Riego).

Non hai dúbida de que estas **raxadas** son da mesma familia léxica cás **raxeiras**, lugares onde dá o sol ou raiolas: *cando vai chegando a raxeira do sol por enriba dos montes* (Blanco Amor), *pero o sol daba unha agaradable raxeira ó abrigo dos muros* (D. X. Cabana), *vese no Pórtico ó que unha raxeiriña de sol doura* (A. Conde)...

1099. Refachos, refoladas, lufadas, bafaradas e ventadas

Continuando coas rachas de aire ou raxadas temos que dicir que a voz moi corrente castelá *ráfaga* está presente nalgún falante e en bastantes escritores: *como funga o huracán nas túas ramas antigas que a ráfaga encurvar fai* (Pondal), *Madrí estremélase todo do norte ás ráfagas crúas* (Curros), *con ráfagas de auga a ametrallar o chan da praza* (Alcalá), *logo en forma de ráfagas*... (M. Rivas). Loxicamente os nosos diccionarios non recollen esta voz.

Polos lugares da costa galega o golpe de vento producido por un cambio brusco da súa dirección é chamado **refacho**, voz que vin que usan algúns escritores como Cotarelo (*Foi o refacho*, *o refacho que os colleu inavertidos*), Cabanillas (*¡Ou impiedá do vento polo outono! Chega o refacho i o carballo envolve*) ou Blanco Amor (*entraban os refachos do vento até a cociña*).

Coma no caso das **rachas** os **refachos**, segundo din os diccionarios, poden ser tamén golpes de luz solar: *estaba sentado no xardín e de súpeto deume un refacho solar*.

Moitos lucenses empregan como sinónimo desta voz a palabra **refolada** que algún escritor como Fernández del Riego usa bastante: *unha refolada de vento metera pinguiñas de chuvia*..., *guindaban refoladas de lume ao redor dos lugares sinalados*... Esta verba ten diversas variantes: **refoleo**, **refoleón** (que vin usadas por Cortezón: *o letreiro renxía abanegándose ao refoleo do vento*..., *outeando o refoleón do aire*), **refole**, **refolo**, **refolón**, **refolión**, **refulión**...

Debemos deixar constancia da existencia do verbo **refolear** no sentido de moverse o vento a refoladas. Sabemos que o usaron Leiras Pulpeiro (*anque o vento refolease i a mar estuvese crencha*) e Cortezón (*as augas alporizadas e escumosas refoleaban nos penedos*).

Outro sinónimo destas voces é **lufada** que eu nunca escoitei a ningún falante, pero que o vin usado por algúns escritores: *un vento forte*, *que pasa polo xardín en lufadas quentes* (F. del Riego), *lufadas de vento tensan máis do debido as escotas dos navíos* (A. Conde), *unha lufada de vento move uns papeis na rúa* (Casares).

Outra palabra que pode ser usada como movemento do aire é **bafarada**, que fundamentalmente se emprega no sentido de tufo ou bafo: *botoulle mesmo no nariz aquel tan sotil unha bafarada de xofre* (Cunqueiro). Sen embargo hai falantes e escritores que a usan no mesmo significado das palabras citadas anteriormente: *quentan o aire espesas bafaradas de fume* (Cabanillas), *fiestra pola que entraban ás veces bafaradiñas de aire fresco* (Fernández Ferreiro), *corren como bafaradas de luz os esplendorosos batallóns alados* (Freixanes).

Naturalmente temos que facer referencia a tantas e tantas palabras que son derivadas da voz vento: **ventada**, palabra popular e recollida nos diccionarios, **ventalada** (*coas ventaladas viñan grandes folerpas*), **ventelada**, **ventolada**, **ventarrada**, **ventarrón**, **venterío**, **ventisca**, **ventisqueiro**, **ventoada**, **ventoeira**, **ventoleira**, **ventorrada**, **ventorrón**, etc.

E aínda queda algunha outra voz que pode ter tamén a significación de movemento forte e brusco do aire.

1100. Outros aires e ventos

Naturalmente a voz **aire** serve tamén para referirse ós movementos ou correntes de aire, pero Rosalía fixo moi famosos os *airiños*, *airiños aires*, *airiños da miña terra*. Hai quen chama ós **airiños airexas**, como vemos nestas frases de D. X. Cabana, *non sopraba nin unha airexa de vento*, e de V. F. Freixanes, *unha airexiña lene do mediodía axitaba as capas*.

Sen embargo esta voz **aire** é a base de certos aires fortes. **Airón** é voz moi popular e hai bastantes falantes que se refiren ó vento forte chamándoo **airela**, **aireada** ou **airexada**.

Pero hai tamén outras moitas formas para substituír a airón, como **axada**, **cifra**, **cifral** ou **cifrón** e se é moi forte falamos do **furacán**, palabra importada que algúns converten en **ouracán** e mesmo hai

falantes que empregan o castelanismo **huracán**, cousa que fixo igualmente algún escritor: *como funga o huracán nas súas ramas antigas* (Pondal).

Tamén foi importado o nome **vendaval**, que se fixo moi corrente en toda Galicia e que loxicamente usan os escritores: *cal aresta que leva o rudo vendaval* (Pondal), *cando brúa o vendaval* (Cotarelo).

Xistra é para algúns falantes o mesmo ca vendaval, pero en xeral é vento frío mesturado con auga ou neve: *montes de xistras e de vento agallopados* (Iglesia Alvariño).

Rematámo-la serie de ventos fortes recordando a voz **zarracina**, que Blanco Amor emprega noutro sentido: *que foran moitas as zarracinas que se tiñan armado por esta teima de Xanciño*.

Debemos lembrar ademais o nome do vento que procede do sur ou do sudoeste, é dicir, de África. Trátase do **ábrego** ou **ávrego**, que é como se escribe modernamente este nome. E o vento procedente de entre norte e leste é o **nordés**, bastante coñecido en tódolos niveis da lingua: *onde moito non ferira o nordés* (Leiras Pulpeiro), *augas rizadas bravamente polo nordés* (M. Ferrín), *apretou o paso contra o nordés que varría as rúas* (Alcalá). Existen popular e literariamente as variantes **nordesío** e **nordesía**: *landas castigadas pola neve e a nordesía* (Otero Pedrayo).

E pechamos estes comentarios de aires e ventos recordando a **brisa** que sopra do mar á terra polo día e ó revés pola noite: *sospiraba mainiño como brisa mareira* (Rosalía), *túas follas compridas ca doce brisa do mar* (Pondal), *a brisa sospiro de xigante*, *infra na vela* (Cotarelo), *unha pincelada de brisa mareira refrescoume o rostro* (Alcalá).

Pero a palabra **brisa** ten unha variante, **bris**, que é moi querida polos escritores: *de frescos cheiros cargada pasaba soprando a bris* (Curros), *tiña o aqueste da doce bris mareira* (Leiras Pulpeiro), *fiestra pola que entraba un luar aínda potente e a bris das gándaras* (M. Ferrín), *nin sequera un ventiño lene*, *un bris que che alegra a ánima* (A. Conde).

En fin, probablemente deixei de citar outros nomes relacionados cos **airiños** e cos **airóns**.

1101. Esfriar e refriar

Cando o tempo se torna frío dicimos que **enfría**: *xa enfrían as noites fóra* (exemplo que tomamos de Cunqueiro), pero tamén empregámo-lo verbo **enfriar** cando queremos significar que unha cousa se torna fría: *mandou que Marcelina tivese a pescada a enfriar na caleira do pozo* (de Cunqueiro).

Enfriar é verbo moi usado e pode amplia-la súa significación fundamental á de perde-lo entusiasmo, desanimarse, desalentarse, etc., como vemos nestas frases: *xa empezo a enfriarme e perdo a memoria de certas cousas* (de Castelao), *a temperatura desceu vertixinosamente e con ela enfríasemelle a alma* (de M. Ferrín), *a nosa relación enfriou moito desde que vivo na cidade* (de U. Heinze).

Como variantes desta voz naceu o verbo **esfriar** talvez porque a partícula que funciona como prefixo, *es*, servía para reforza-la idea de frío máis có prefixo *en*. Nos textos medievais e mesmo no portugués actual é voz normal. Penso que **esfriar** desapareceu da nosa lingua oral e escrita, se ben algúns diccionarios a manteñen.

Quizais pola mesma razón que naceu **esfriar** orixinouse o verbo **refriar** que é usado en bastantes lugares de Galicia como sinónimo dos verbos citados: *onte refriou o tempo*, *a comida non acaba de refriar*, *Xan refriouse*...

Pero como pasa bastantes veces (e o mesmo ocorreu en portugués e en castelán) polo cruzamento destas dúas voces (**esfriar** e **refriar**) formouse o verbo **resfriar** que ten os mesmos significados que todas estas palabras citadas e é tan corrente ou talvez máis ca **refriar**.

Sen embargo a lingua galega, tendo en conta toda esta serie de verbos, creou un que non teñen as demais linguas irmás, **arrefriar**, que tanto vale para significar tornar frío coma coller un destempero do corpo producido por un enfriamento, que é voz moi popular e que é a recomendada pola normativa vixente por riba de tódolos outros verbos.

1102. Arrofiar e arrepiar

O verbo **arrefriar**, do que falamos no comentario anterior, ten unha variante usada en moitos lugares da provincia da Coruña (Aníbal Otero recóllea igualmente pola de Lugo) nacida polo cambio da vocal *e* por *o* e a desaparición da consoante *r*, fenómenos fonéticos que se dan noutras voces. Trátase pois de **arrofiar** que vin usado polo escritor Neira Vilas: *Arrofiaches cando che contei do meu trafego*. Neste exemplo está tomado este vocábulo nun sentido figurado, pero nesta outra frase: *coa brétema foime entrando arrofío* vemos que o nome derivado deste verbo, **arrofío**, ten claramente o mesmo valor que **arrefrío**.

Nalgúns outros lugares din **arrufiar**, voz que non recollen os diccionarios modernos e que xa comentamos no noso libriño *Retrincos da lingua* porque a usou bastantes veces Castelao: *A terra non arrufía*; *pero endebén o ceo estrelecido dá ilusión de frescor*..., *nas estacións queda moita xente de pé*, *arrufiándose co bafo griseiro da mañán*..., *xa se ve que aínda non se che arrufiou o corpo*...

O primeiro diccionario da lingua galega, o de F. J. Rodríguez, recolle outra variante léxica: **arrupiarse**, que define así: "Padecer calofrío, la desazón que antecede a una indisposición, sentir una especie de hervor en el pellejo con que parece se eriza el vello principalmente en la espalda". Os diccionarios publicados antes dos sesenta recollen esta voz.

Teño a impresión de que este **arrupiar** poderiamos consideralo tamén coma variante do verbo tan corrente e popular **arrepiar** que de acordo coa súa etimoloxía (latín HORRIPILARE) significa estremecer de medo, de terror ou a causa do frío. Vexamos algúns exemplos literarios: *Arrepiábanseme os pelos* (Lamas Carvajal), *arrepiado o fuciño* (Cabanillas), *a morte non me arrepía* (Castelao), *cecais os arrepíe a friaxe* (Fole), *arrepiábame o corpo* (Blanco Amor), *a idea dun fin de semana pasado en soidade arrepiouno* (A. Conde).

Desta voz existe a variante popular **arripiar** que é moi empregada polos escritores non contemporáneos: *arripíaselle o corpo* (Curros Enríquez), *arripiábanselle as carnes* (Lamas Carvajal), *arripiáranse as serdas da calva* (Curros), *arripiáballe o corpo* (Otero Pedrayo).

1103. Arrepíos e arreguizos

Quen se **arrepía** sente estremecementos ou, dito coa voz derivada dese verbo, **arrepíos**, palabra que podemos chamar normal tanto a nivel da fala popular coma da lingua literaria: *vencera o arrepío que sentían polos crucifixos* (Castelao), *Digo Galicia e sinto un arrepío* (C. E. Ferreiro), *Batíanme os dentes co arrepío* (Fole), *O que si me deu arrepío foi notar que non folguexaba* (Neira Vilas). Loxicamente quen di **arripiar** fala de **arripíos**: *o gran espanto*, *o gran arripío* (V. Risco).

E antes de pasar a outras palabras sinónimas de **arrepiar** digamos que existe unha variante deste verbo **arrepuiñar** que aparece xa recollida no diccionario de Cuveiro e que define así: "Estar erizada la piel como la de la gallina". Aínda que non é voz moi popular a normativa vixente considéraa voz sinónima de **arrepiar** e foi usada por Rosalía de Castro: *Arrepuiñadas todas -as carnes se me puñeron*...

Volvendo ó punto de partida diremos que quen sente estremecementos ou arrepíos nota que os seus membros se poñen recios ou ríxidos ou observa as intensidades e durezas de certas cousas, é dicir, os rigores. Precisamente nun derivado desta voz *rigor*, isto é, en RIGORICIU, debe esta-lo nacemento da palabra tipicamente galega **arreguizo**, que ten as dúas primeiras sílabas iguais ás verbas tan correntes de **arrefrío** ou **arrepío**.

Un **arreguizo** é pois un estremecento causado polo frío ou polo medo e é palabra moi corrente sobre todo na provincia de Ourense, e moi empregada polos escritores: *estado semifebril*, *con moitos arreguizos* (V. Risco), *Rañolas sinte arreguizos de medo*..., *somentes as pernas repoludas da patrona logran darlle un lene arreguizo* (Castelao), *Pararon de seu os nosos cabalos e notamos o arreguizo na res* (M. Ferrín), *Un arreguizo de febre paraliza ó Santo Padre* (Freixanes).

E de **arreguizo** naceu o verbo **arreguizar** que é moi corrente nos mesmos sitios que a voz da que procede e ten a significación de **arrepiar** ou estremecer: *os seus corpos espidos arreguizábanse de desexo* (Rábade Paredes).

1104. De calafríos a escallofríos

A sensación repentina de frío acompañada de contraccións musculares que precede ós ataques de febre ou a producida por unha intensa emoción chámase tanto en galego coma en portugués **calafrío**, voz nacida do cruzamento de **frío** cunha forma derivada de **calor**, que ten un amplo espallamento na fala popular e na lingua escrita: *Cun calafrío micándolle as forzas do corpo* (Otero Pedrayo), *Foi entón cando sentín un calafrío na res* (M. Ferrín), *falaba cun timbre de misterio que me daba calafríos* (X. Alcalá).

Tan estendida na fala coma esta voz é **escalafrío**, que é tamén bastante popular en portugués, pero que non recollen moitos diccionarios galegos porque a ven como castelanismo.

Menos populares na fala son as variantes destas voces **calefrío** ou **calofrío** e **escalefrío ou escalofrío** que tampouco aparecen na maior parte dos nosos diccionarios. Sen embargo hai moitos falantes que pronuncian todas estas voces que acabamos de mencionar con *elle* en vez de *ele*. As voces **callafrío** e **escallafrío** son as máis correntes, pero hai quen di **callefrío**, **escallefrío**, **callofrío** ou **escallofrío**, palabras que non rexistran os diccionarios.

Non obstante queremos sinalar que lémo-la forma **callafrío** neste texto de C. Casares: *Sentíu un callafrío na cintura* e a forma **escallofrío** en Rosalía de Castro: *Doume escallofríos cal si o Norte bravo me arrastrase*.

Para rematar con toda esta serie de palabras relacionadas co frío lembrarémo-lo verbo **arrecer** que xa mencionou o frade Sobreira no século dezaoito como sinónimo de **arrefriar** e que foi usado por Rosalía nestes versos: *tiña por leito o chan humedecido -por cubirtor a neve e vento duro -que entraba polas fendas arresido*.

E por último citarémo-lo verbo **arrefecer**, do que non atopei ningunha cita literaria, pero que aparece rexistrado en case tódolos diccionarios coa significación de enfriar ou arrefriar e é usado por bastantes falantes de toda Galicia. Tamén temos que dicir que para algunhas xentes estas dúas voces son sinónimas do verbo **arrepiar**.

1105. Chamizos e chamuscos

A masa gasosa que se eleva ou desprende dun corpo que arde e que produce luz e calor era chamada en latín FLAMMA, voz que permaneceu nas linguas románicas coa correspondente evolución fonética. En galego e portugués pasou a dicirse **chama**, palabra da que temos constancia que se usaba nos textos medievais como vemos nestas frases das "Cantigas de Santa María": *fillaron logo de chao a moller e dar con ela foron nas chamas ardentes*..., *candeas que fazian chama crara sen fumo*.

Esta verba **chama** está hoxe rexistrada en tódolos diccionarios e é moi empregada polos escritores desde Castelao (*para que se alcendese cada mañán en chamas*), Otero Pedrayo (*pouco a pouco van morrendo as chamas dos cirios*), Fole (*en cada unha das chamas dos cirios*), Cunqueiro (*tiña unha boliña que se quentaba na chama*) ata os escritores de hoxe: *fías detrás do lume cos ollos postos nas chamas roxiñas* (Novoneira), *as enormes chamas saltaban por riba das chouzas* (Casares), *fai palpebrexar as chamiñas dos candís* (S. Toro), *as chamas das achas máis pequenas agatuñan pola códea do toro* (M. Rivas)...

Pero agora pregunto ¿cantos falantes, que non teñan unha formación culta, empregan esta voz **chama**? Penso que non moitos serían quen de dicir frases semellantes ás que acabamos de ver que usan os nosos escritores. Do mesmo xeito pregunto ¿cantos galegos empregan, cando ven que algo arde e despide chamas o verbo **chamear** rexistrado nos diccionarios e usado por algúns escritores? Coido que case ningún..., porque usan en vez de **chama** e **chamear** outras voces das que falaremos no próximo comentario.

Sen embargo a voz **chama** está, ou mellor dito estivo, moi presente na mente dos falantes porque é a orixe de varios nomes creados como derivados dela. Así as pedras que circundan a boca do forno ou mesmo outras que están no interior del son chamadas **chamadeiras**, **chamadoiras** ou **chamadoiros**. Hai quen nomea ás fogueiras que se fan nos montes **chamizas** ou **chamiceiras**.

A leña miúda que se emprega para acende-lo lume é denominada en moitos lugares **chamurra** ou **chamuza** e os tizóns que se queiman son coñecidos como **chamizos**, voz que vin usada polos escritores: *Era unha muller moura coma un chamizo* (Fole), *viña negro coma un chamizo* (Neira Vilas), *un anxo é negro coma un chamizo* (Freixanes)...

E naturalmente temos que mencionar esa voz tan común, que da nosa lingua pasou ó castelán, **chamuscar** e o seu derivado **chamusco**, que teñen como variantes **chamoscar** e **chamosco**. Son palabras normais das que non paga a pena dicir que son tamén moi usadas polos escritores, pero rematemos este comentario citando estes versos de Rosalía de Castro:

Cando dos porcos a matanza viña,

¡que amabre chamuscar nas limpas eiras

ó despertar da fresca mañanciña...!

1106. Lapas, laparadas e labaradas

A voz tipicamente galega, que xa existía entre nós antes da chegada dos romanos coa súa lingua latina, para indica-la masa gasosa que se eleva dun corpo que arde e produce luz e calor é **lapa**, palabra que convive con **chama** e que ten aínda unha gran vixencia entre os falantes.

Curiosamente ocorre que, como xa vimos, os escritores prefiren en xeral a voz de orixe latina fronte á nosa e típica palabra. Non obstante hai algúns que empregan **lapa**, como Otero Pedrayo (*as lapas do fogar*), Freixanes (*recibe de cara a luz vermella das lapas*) ou M. Ferrín (*Eu estou a soas coa ollada chantada nas lapas*).

Tamén existen en galego outras dúas palabras que se pronuncian e escriben como **lapa**, pero que deben ter outra orixe. Trátase da verba, tamén moi corrente, **lapa**, que serve para denominar ese molusco comestible que vive pegado ás rochas da costa e da voz **lapa**, de uso bastante máis restrinxido, para indicar cova, cavidade e mesmo pedra ou laxe.

Quero agora sinala-la existencia do verbo **lapar**, tamén de orixe non moi clara, que non ten nada que ver con ningún dos nomes que acabamos de citar e que significa o mesmo ca **lapar**, é dicir, comer moi de présa engulindo a comida case sen mastigar ou facendo moito ruído, como fan os animais.

Volvendo á nosa **lapa**, hai que dicir que hai algunhas variantes en determinados lugares como **lápara**, **lapra** (e incluso **llapa** e **llapra**).

Lanzar **lapas** un lume, unha fogueira, un incendio non se di **lapar**, que ten a significación que acabamos de dicir, senón **lapear**, **laprear**, **laparear** ou **alapear** e cando as **lapas** son grandes son chamadas en moitos lugares **laparadas**, voz que ten unha variante non moi estendida, que é **labarada**, que tivo de sempre un grande éxito literario.

Esta forma **labarada** ten unha correspondencia en portugués, *labareda*, voz que tamén se emprega nalgúns lugares do sur da provincia de Ourense. Non sei se a existencia desa forma con *b* en portugués é a razón de que os escritores galegos prefiriron usar máis **labarada** cá máis popular **laparada**.

Vexamos algunhas frases dos nosos escritores: *a vida voltou nunha branca labarada* (Castelao), *refréxase nos ollos a roxa labarada* (Cabanillas), *mirando hipnotizado as labaradas* (S. Toro), *deleitárase nas fogueiras que inzaban labaradas* (Conde), *a labarada do incendio entra polas fiestras* (Freixanes)...

En fin, non deixemos perde-lo nome típico de **lapa**, pois teño a impresión de que **chama**, despois de varios séculos loitando coa voz non latina, está impoñéndose...

1107. Fumeiros e chemineas

O lugar por onde sae o fume das lareiras a través do tellado era e segue sendo chamado nalgures **fumeiro**, palabra derivada de **fume**, e non se manifesta exteriormente por ningún tubo ou construcción especial, para ese fin. Naturalmente esta voz ten outras significacións...

En bastantes lugares hai quen chama ós fumeiros **troneiras**, voz que usa algún escritor como Curros Enríquez: *o fume pola troneira sai*. Noutros podemos oír **parrumeiras**, palabra que vin que Castelao usaba nesa significación: *as parrumeiras botan os primeiros fumes*. E hai falantes que chaman a eses fumeiros **chamborras**.

Os franceses crearon ese sistema de quita-lo fume das lareiras mediante esa especie de tubo que se manifesta bastante por riba dos tellados. E como pasa en ocasións semellantes cando se importan cousas novas ou sistemas novos, tamén se importan dos lugares onde se fan os nomes que teñen. Esa é a razón de que entrase no galego e nas linguas irmás a voz francesa *cheminée*.

Cheminée pasou ó galego como **cheminea**, forma consagrada así pola normativa oficial, pero que ten moitas variantes populares (que mesmo empregan algúns escritores): **chemineia**, **cheminea**, **chimenea**, **chimeneia**, **chiminea**. Estas tres últimas cambiaron a sílaba inicial *che* por *chi* como pasou en castelán.

Moi corrente tamén é o cambio desa sílaba inicial *che* por *cha*: **chaminea** e **chamineia**, onde claramente se ve a influencia de **chama** ou os seus derivados **chamadeiras**, **chamuscar**, **chamuza**, **chamizo**, etc. Hai que sinalar que este cambio se impuxo oficialmente na lingua portuguesa: *chaminé*, voz que lin nun libro de M. Ferrín (*a repisa da chaminé*) onde escribía tamén *cheminé* (*puña lume ao xaruto cun tizón da cheminé*).

En fin, hoxe quedan poucos tellados con **fumeiros** ou **troneiras** porque xurdiron as **chemineas**: *as greas de folguistas que berran cousas contra as chemineas das fábricas* (Otero Pedrayo), *da outra banda un bosque de chemineias fumegaban mouras nubes* (Risco), *malo da casa que non bote fume pola cheminea* (M. Rivas).

Naturalmente a voz **cheminea** adquiriu outras significacións moi usuais que podemos comprobar por esta serie de exemplos literarios: *Na chaminea ardían uns torgos a meio queimar* (Blanco Amor), *á esquerda unha chimenea*: *no fogar arde un lume canso* (Cunqueiro), *o lume da cheminea recibíuno acolledor e amante* (Casares), *achegou un sillón de coiro á cheminea* (Conde), *andan os criados tamén aquí a avivar as chimeneas e as grandes lareiras* (Freixanes)...

Cheminea fíxose tan familiar que é moi corrente nun certo sentido festivo chamar cheminea á cabeza: *O meu amigo Pepe está mal da cheminea*.

1108. O casco urbano

Sinalamos agora o emprego da voz **casco** cando vai acompañada do adxectivo **urbano** para significa-lo conxunto de edificacións dunha cidade ata onde remata a súa agrupación. *Casco urbano* non se opón a **barrio** cando entendemos esta palabra como división administrativa dunha cidade e está dentro desa agrupación sen interrupción de edificios. Naturalmente **barrio** pode significar lugar fóra do *casco urbano* como xa falamos no noso *Cartafol da lingua*.

Aproveitámo-la ocasión para indicar que a voz **cidade** é hoxe a palabra normal para denominar tanto á poboación de maior importancia coma ó conxunto de persoas que a habita. Sen embargo hai escritores que teñen preferencia polo uso da forma antiga **cibdade** (ou a súa variante **cibdá**) como Vicente Risco (*a cibdade aquela fora fundada por Tubal*..., *a cibdade medraba*), Cabanillas (*a xentil cibdade*..., *verteron na cibdade soídos milagreiros*), ou Castelao (*¿Hai andacio na cibdade?*..., *nunha cibdade triste*).

Outros escritores dubidan no uso de **cibdade** e **cidade**, como Curros Enríquez (*Ou meiga cibdá da Cruña*..., *por cidades e vilas e desertos*), e Otero Pedrayo, que prefire non obstante a voz máis antiga (*Nas cibdades bálticas*..., *acabou cos gatos de tódalas cidades*). Celso Emilio Ferreiro emprega moitas máis veces **cidade** e a súa variante **cidá** cá voz **cibdade** ou **cibdá** (*nada máis saír da cidá*..., *quedamos de parranda na cidade*..., *cimenterio de chacarita naquela cibdade*..., *emigrara a cibdá de Sevilla*) e Cunqueiro emprega sempre **cidade**: *Elsinor máis que un castelo é unha cidade*..., *ela non quería que a grande cidade fora queimada*...

Resulta que o adxectivo derivado desta voz ten para os escritores a forma normal **cidadán** ou a anticuada **cibdadán**. Vicente Risco usa **cibdadán**: *espello de cibdadáns*..., *aquiles cibdadáns*, e o mesmo fai Castelao: *cimeterios vilegos e cibdadáns*..., *calquera cibdadán galego tiña voz*. Otero Pedrayo dubida: *un mal cibdadán choromiqueiro*..., *estrondo da vida cidadán*. Celso Emilio Ferreiro usa a forma correcta: *honesto cidadán*..., *levar cada cidadán un pouco de azougue*, e o mesmo fai Cunqueiro: *aquel señor era un cidadán de Cherburgo*..., *pra casar coa cidadana Bonet*.

1109. Cousas de suco e sucar

As fendas que abre o arado na terra son chamadas **sucos**, voz popular en toda Galicia e coñecida polos escritores: *o arado afina os seus sucos* (Otero Pedrayo), *pediu un arado co que abriría un suco* (Cunqueiro), *abrían os sucos co arado de pau* (Neira Vilas).

Pero esta palabra aplícase a moitas cousas que son parecidas na súa forma ós **sucos**. Naturalmente poden chamarse así as ringleiras de cousas plantadas (*caladas coma os sucos do centeo*, de Iglesia Alvariño, *corvos que andan picando nos sucos da sementeira*, de Cunqueiro), as tiras de herba, que vai deixando atrás o gadañador (*foi atravesando sucos recén segados*, de Tosar), o rastro que van deixando os barcos no mar (*deixando tras de si un suco mouro*, de Freixanes), ou calquera outra cousa nun sentido figurado (*a máscara da terra é gasalleira*, *pro por debaixo dela*, *hai un suco de bágoas*, de C. E. Ferreiro).

E facer **sucos** é **sucar** ou **asucar**. Como diciamos de **suco**, tamén **sucar** é algo máis, pois aparece empregado á parte do seu sentido propio (*¿E logo non é tempo de asucar a herdade?*, de Otero Pedrayo) noutros como nesta frase de M. Rivas: *un calendario dun veleiro que suca o mar embravecido* ou nestoutras de Iglesia Alvariño: *quedan sucadas como sabas de berce de neno*, de Cunqueiro: *e sempre con olleiras mouras moi sucadas*, de Rábade: *frente sucada*, de Cáccamo: *con aquelas mans sucadas de sufrires da terra*, de Otero Pedrayo: *meditaciós que a sucan como torrentes as frontes*...

A voz **suco** procede da forma latina *sulcu* que deixou descendentes en varias linguas romances. En italiano temos *solco* e en catalán *solc* e en castelán antigo existiu a forma *sulco* que se transformou logo en *surco*. Pero en asturiano, galego e portugués a forma latina *sulcu*, por perda do *l* ante consoante nalgúns casos como este, pasou a ser **suco**.

O portugués *suco* queda actualmente reducido ó emprego dialectal nalgunhas zonas do norte de Portugal, que tamén din *sucar* e *assucar*. Desde hai soamente tres séculos estas voces, como ocorreu igualmente con outras formas populares como **terreo** ou **teito**, foron substituídas por cultismos. E así temos hoxe ó lado de **terreno**, **tecto** as voces **sulco** e **sulcar**.

Naturalmente os cultismos portugueses *terreno* ou *tecto* non entraron na lingua galega falada nin nos escritores, pero resulta que as voces **sulco** e **sulcar**, que nunca as oín na fala popular, si aparecen nalgúns escritores como Curros Enríquez (*frente*, *polas agurras do pesar sulcada*..., *segar o toxo no sulco*), Celso Emilio Ferreiro (*carne de amor entre dous sulcos*), Casares (*inclinadas sobre os sulcos abertos*), A. Conde (*as chalupas sulcan o mar*), todos eles ourensáns. ¿Acaso entrou **sulco** nalgún lugar do sur?

1110. Facer regos e derregar

Non quedaría claro dabondo canto falamos no comentario anterior dos **sucos**, se non facemos referencia ós **regos**. Para calquera galego que vive en contacto coa terra que hai que traballar e que lle dá o sustento da vida, un **rego** é a fenda que produce o arado na terra, é dicir, un rego é o mesmo que un **suco**. E esta significación é xeral en toda Galicia.

Naturalmente cando vemos un **suco** ou un **rego**, parécenos que nesa escavación longa e pouco fonda a parte inferior semella unha pequena canle e pode lembrárno-la voz **rego** de **regar**. Pero o **rego**, ó igual có **suco**, pode expresar tamén o límite que se establece entre dúas leiras ou terreos mediante a realización desta pequena escavación. Se digo que *o meu curral está separado da horta por un rego*, non teño que relaciona-lo **rego** coa auga.

Xa vimos que facer **sucos** era **sucar**. Pois ben facer **regos**, nestas significacións, non é *regar*, senón **arregar** nalgúns lugares e, na maioría de Galicia, **derregar**. Pero, aínda que estas voces signifiquen o mesmo que **sucar**, teñen tamén unha significación moi concreta, que coido é a máis usada, a de abrir **regos** para sinala-los lindes das leiras.

E deste verbo **derregar** nace o derivado **derrego** que se usa case exclusivamente no sentido de linde ou franxa de terreo que separa dúas leiras.

Desde logo hai falantes que poden loxicamente empregar estas voces en sentidos máis ou menos parecidos ós que acabamos de expor, e así atopamos a algún que usaba o verbo **derregar** no sentido de facer **regos** para dar saída ás augas.

Houbo algún escritor que empregou estas palabras. Lin **derrego** en Iglesia Alvariño: *Ledas tamén*, *as leiras achaiadas*, *sin derregos*, *abrázanse en silencio entre as sombras da noite*. Otero Pedrayo usa **derregar**: *máis aínda debía derregar os cadabullos do eido conquerido* e tamén o fai o poeta Díaz Castro: *imaxe de Deus*, *que vai derregando tantos destinos*..., *nunha hora tola*, *abrazando ó teu toro*, *derregando a traxedia de Deus*.

Por certo, nun "Vocabulario galego-castelán" que vén ó final da obra "Nimbos" de Díaz Castro, atopamos esta explicación: **Derregar**. Trazar el derrego o surco-límite. Delimitar. Perfilar. Jalonar.

Así pois, quedamos en que hai unha familia de **regos** que é sinónima de **sucos**. E vexamos esta frase de Cunqueiro como final: *iba polas follas dos libros segredos*, *rego a rego*, *soletreando*...

1111. Hoxe imos regar

Esparexer auga sobre o chan ou sobre as plantas ou sobre calquera cousa é **regar**, verbo de orixe latina, común en tódalas linguas peninsulares: *sacando auga do pozo pra rega-las froles* (Fole), *regaba un xardín* (Neira Vilas)... E é moi empregado polos escritores en sentido figurado: *sombras de álamos regan a ribeira* (Iglesia Alvariño), *o sangue que lle rega o corpo* (Cunqueiro), *regaba vizosas vexetazóns maxinativas* (Otero Pedrayo). Naturalmente *eu podo rega-la miña comida cun bo viño*.

Regar é tamén facer **regos** ou canles que distribúen a auga polos prados ou polas terras, é dicir, é leva-la auga a determinados lugares. Non sabemos lingüisticamente con claridade se eses **regos** para regar son da mesma orixe que os **regos** que son sucos. Pero estes **regos** iguais a pequenas canles son tamén moi populares, como o son ademais os **regos** dos que falan os escritores: *unha veiga... moi axeitada con regos e con dous caneiros* (Cunqueiro), *pasín llanuras e soledades*, *pasín os regos*, *pasín os mares* (Rosalía), que empregan bastante esta voz en sentido figurado: *a Historia volve dez anos despois polos mesmos regos* (Freixanes).

Pero ¿hai quen saiba distinguir ben un **rego** dos seus derivados **regueiro**, **regueira**, **regato**, **regacho**, **regata**, etc.? Parece lóxico pensar que un **regato** é máis grande que un **regueiro**, voz esta que aman moito os nosos escritores: *unha mesta carballeira cruzada por un regueiro* escribe X. F. Ferreiro, que tamén

conta que *dende alí*, *polos regatos*, *tiraba cara á serra*. En D. X. Cabana lemos: *Era un pequeno regueiro que se podía saltar dun brinco... tivo que conformarse con beber nun regato*. Rosalía escribiu aqueles versos: *Adiós ríos*, *adiós fontes*, *adiós regatos pequenos*.

Poderiamos engadir que lemos bastantes frases de uso de **regueiro** en sentido figurado: *cortar o regueiro de pólvora verbal* (Alcalá), *iba deixando un regueiro de sangue* (Fole), *sen deixar polo mundo un regueiro do noso paso* (Cáccamo), *andou mollado pola cara deixando un regueiriño de auga* (Conde)...

Non resulta fácil, como dicía, facer diferencias entre os derivados de **rego**, pero si quero indicar que por algúns lugares chaman **regada** ou **regata** a un pequeno prado con herba pequena: *vin o cabalo do carboeiro que estaba pacendo nunha regata... A regata estaba a dous centos metros da casoupa* (Fole).

Naturalmente hai aínda outras voces que son derivadas de **rego** ou **regar** como **regadeira**, **regadío**, **regado**, **regadoiro**, **regador** ou **rega**, que ten as acepcións de acción de regar, pequeno regato, lugar semellante á regada, terreo pantanoso...

1112. De mollar a enchoupar

Impregnar un líquido unha cousa, un corpo, unha superficie é **mollar**, verbo tradicional na nosa lingua tanto no uso popular coma literario: *algunha bágoa sin secar*, *que molla a seca pedra do mausoleo frío* (Rosalía), *vinde abrigarvos un pouco se é que mollados vindes* (Pondal), *en bágoas que escorren mollándolle a barba branca* (Curros), *chegariamos mollados coma pitos* (Blanco Amor)...

Cando o líquido impregna as cousas, os corpos, as superficies con moita intensidade dicimos que se empapan. **Empapar** é verbo tamén corrente a nivel popular coma nos textos literarios: *mais o chan empapando do sangre escrarecido* (Pondal), *panza abaixo e empapado en suor e auga* (Casares), *a suor empapáballe a camisa de liño* (F. Ferreiro), *sente caer a chuvia pesada e está chorando e nota como se empapa* (S. Toro)...

Pero tamén é moi corrente o uso do verbo **enchoupar** para significa-lo mesmo ca **empapar**. Vexamos estes exemplos que tomamos de "A esmorga" de Blanco Amor: *a coroza... que cando se enchoupa pesa como si fora de pau...*, *a terra dos eidos estaba enchoupada...*, *estaba o terreo enchoupado pola choiva que caira...*

Enchoupar é moi usado polos escritores actuais: *enchoupar a terra má de Grama* (M. Ferrín), *enchoupado de suor* (Freixanes), *enchoupadiño nun lagorzo de sangue* (Rábade), *Nico viña enchoupado* (M. Rivas), *a roupa enchoupada de suor* (F. Ferreiro), *contempla como se vai enchoupando de café* (S. Toro)...

Na fala popular existen as variantes **enchopar** e **enchupar**. ¿Como naceu esta voz **enchoupar**? Coido que está formada sobre o verbo **choupar**, bastante corrente tamén para significar chapuzar na auga cos pés ou bate-la auga mesmo coas mans. Cando os mariñeiros botan os remos na auga de tal xeito que salpican dicimos que o que fan é **choupar**.

Choupar ou **choupear** debe ser palabra de orixe onomatopeica, pois é claro que non ten nada que ver coa **choupa**, nome dun peixe da familia das espáridas, que é un derivado da voz latina CLUPEA.

Tal vez podemos relacionar estas voces co verbo tamén corrente de **chapuzar** que ten significación semellante, como vemos neste exemplo que tomamos de Curros Enríquez: *cal se apaga un ferro aceso chapuzado en ágoa fría* e que ten as variantes populares de **chapozar**, **chapucar**, **chapugar**, **chapurrar**, etc.

En fin, volvendo ó que dicimos tantas veces, as palabras teñen unha historia que hoxe xa non podemos coñecer exactamente porque van modificando a súa significación e os seus elementos fonéticos a través dos tempos e moitas veces rematan facendo cruzamentos con outras voces de significación non afastada dá súa fundamental.

1113. Encoros, estanques e presas

Os depósitos de auga formados no curso dos ríos, ben pola propia natureza ou ben polo labor feito polo home, son chamados nalgúns lugares de Galicia **encoros**, voz que se aplica tamén ós muros construídos para impedir que as augas sigan o seu curso e facer que se acumulen neses depósitos. Non sei a orixe desta palabra tipicamente galega que aínda que debe ser bastante antiga soamente a vin usada polos escritores actuais: *¡o teu caudal tan esguío nunca encherá un encoro!* (Manuel María), *unha xeira de inspección nas obras do novo encoro* (M. Ferrín), *remontando o río*, *ata que chega a cen metros do encoro* (A. Conde).

E de **encoro** naceu o verbo **encorar** para significar deter ou deterse a auga nun **encoro**: *auga das cumes encorada* (Otero Pedrayo), *nos sitios lamaguentos onde a iauga se encora* (Fole), *chegar ás pozas e ver alí cocendo as gavelas na auga encorada* (M. Ferrín), *terras frías*, *coa auga encorada nos madoiros* (Manuel María). De tódolos xeitos convén recordar que existe outro verbo **encorar** que non ten nada que ver con este verbo, senón con **acorar**, é dicir, que ten a significación de afogar ou respirar con dificultade.

Máis corrente cá voz **encoro** é a palabra común coas outras linguas románicas, **estanque**. Tamén témo-lo verbo **estancar**, nacido precisamente para significar dete-la auga, que ampliou bastante o seu uso, xa que hoxe podemos estancar (ou poden estancarse) outras moitas cousas ademais da auga e sobre todo negocios, asuntos, proxectos, ideas, etc.

E máis corrente cás voces **encoro** ou **estanque** é a palabra **presa** que naceu do participio do verbo **prender**. Pénsese que unha das significacións máis usuais desta voz é a de cousa ou cousas que se apreixan dunha vez coas mans: *Collín unha presa de cereixas*. Neste sentido é moi usual igualmente o seu derivado **presada**.

Así pois a auga que se prende, é dicir, que se detén facendo unha construcción para que quede alí acumulada forma unha **presa**, voz moi común en toda Galicia, aínda que na parte oriental da provincia de Ourense se di **preseira**. Pero tamén hai moita xente que chama **presa** á canle que leva a auga dun río a un lugar determinado como pode ser un muíño. Os escritores usan bastante esta palabra en ámbolos dous sentidos: *nas augas escuras da presa... estabamos onde a presa do muíño* (Cunqueiro), *chegou hastra min o balbordo da auga na presa do muíño* (Neira Vilas), *Vendo a ágoa que pasa. Ista auga da presa* (Novoneira), *para non pasar por diante da presa* (Casares)...

Presa fíxose, por dicir así, independente de **prender**, xa que este verbo non pode servir para dicir facer presas e resulta que xunto a **encoro** hai **encorar**, xunto a **estanque**, **estancar**, teriamos que ter ó lado de **presa**, **presar**, forma só coñecida no Norte de Lugo, ó lado da máis frecuente nesa mesma zona, **presear**. Na maior parte de Galicia facer **presas** dise **represar**.

E debido á existencia deste verbo **represar** naceu en moitos lugares a variante **represa** coa mesma significación ca **presa**: *agora veñen patos de granxa*, *non dos que andan de vagar polas represas dos muíños* (Cunqueiro).

1114. Encalcos, tapacuñas, corgos, relanzos

Despois de falar dos encoros, estanques, presas ou represas non nos queda máis remedio que seguir citando outros termos galegos que escoitamos por bastantes lugares de Galicia para expresa-la mesma significación de depósitos de auga acumulada.

Naturalmente podemos escoitar voces iguais ás que empregan os demais falantes doutras linguas romances: **pantano**, **salto** ou **dique**, que aparecen tamén en toda clase de escritos, pero hai algunha outra que só empregamos aquí, como **encalco**, palabra que escoitei varias veces, pero que non lembro vela usada polos escritores.

Tapacuña e a súa variante **chapacuña** é voz sinónima das citadas e bastante empregada por moitos falantes, aínda que algúns a usen soamente para significar unha parede de pedras ou empedrado ou chan cuberto de pedras.

Cando estes depósitos de auga son pequenos son denominados correntemente como **balsas** (voz da familia léxica distinta á de **balsa** "conxunto de madeiros ou táboas amarradas que forman unha plataforma" que pode ir sobre as augas das **balsas** da que estamos falando) e mesmo **pozas**, aínda que para moitos falantes as **pozas** son simplemente charcos.

A palabra **corgo** (e tamén **corga**) que é para algúns un tipo de camiño, ten fundamentalmente a significación de algo relacionado coa auga. De aí que sirva para denominar un prado cheo de auga, un simple ou pequeno regueiro aínda que, sobre todo, ten o mesmo sentido que **balsa** ou **poza** para a maioría dos falantes.

Outra voz bastante corrente como **caneiro** que ten tamén varias significacións referentes a algo relacionado coa auga serve a moitos para denomina-la presa dun río. Véxanse estes exemplos literarios: *Escóitase o río na noite*, *nas torneiras e nos caneiros...*, *unha veiga moi axeitada con regos e con dous caneiros pra que represen muíños* (Cunqueiro), *o río dos pescadores de anguías nos caneiros hoxe desfeitos* (P. Martín).

A palabra **relanzo**, que fundamentalmente é o mesmo que descanso, sosego ou repouso, serve para denomina-lo descanso nos tramos dunha escaleira (*o Visitador acadou xa o primeiro relanzo da escaleira*, de Conde), a revolta dun camiño (*nun relanzo do camiño vello*, de M. Ferrín), e tamén a retención das augas dun río, como vemos nestas frases: *a mociña escolleu o relanzo máis agachado pra o seu labor de lavandeira* (Dieste), *preto deles*, *noutro relanzo do río*, *voces novas avisaban* (Conde), *as augas vagariñantes do río*, *que serpeaban en suaves relanzos* (F. del Riego).

E para finalizar esta serie de voces citemos outro sinónimo de **relanzo**: **remanso**, que é moi empregado na significación de parte do río onde as augas se deteñen ou paran sosegadamente e tamén se aplica a calquera lugar tranquilo.

1115. Cereixas e cerdeiras

A palabra **cereixa** é voz común en toda Galicia para denominar ese froito tan coñecido e moi empregada loxicamente polos escritores de tódalas épocas: *un pucho de cereixas* (X. M. Pintos), *con máis cereixas que follas* (Otero Pedrayo), *roxa como unha cereixa* (Cabanillas), *en Galicia non se fai doce de cereixas* (Cunqueiro).

Sen embargo hai moitos falantes que pronuncian esta voz, cambiando o *e* inicial en *i*. E así podemos escoitar a algúns que din **cireixa** e mesmo houbo algún escritor que empregou esta variante: *¡Ai aquela que ten beizos de cireixa!* (de R. Dieste).

E coido que aínda hai máis falantes que pronuncian esta voz tragándose a vocal da sílaba inicial e din **zreixa**, variante que xa existe hai moito tempo, pois Pondal fai bastante uso dela: *agora é o tempo das zreixas pillar*..., *as zreixas que tiña na man*...

As xentes que din **zreixa** adoitan chamarlle á árbore que as produce **zreixeira** e nalgunhas partes podemos escoitar **zreixal**, voz que prefiriu o citado escritor Pondal: *á sombra tecida do espeso zreixal*..., *do alto zreixal*...

Os que din **cireixa** chaman a árbore **cireixeira** e hai tamén moitos falantes que a chaman **cereixeira** (e mesmo **cereixeiro**) porque empregan como nome do froito a voz máis normal **cereixa**. E temos que dicir tamén que os falantes da zona oriental de Galicia prefiren chamar a esta árbore **cereixal**, voz que vemos usada por algúns escritores: *cereixas lisas do cereixal* (Iglesia Alvariño), *as cereixas e as follas bermellas das cereixais* (H. Villar)...

Pero o nome máis estendido por toda Galicia para chama-la árbore das cereixas é **cerdeira**, voz que non sei como puido nacer partindo da palabra **cereixeira**. Talvez se perdeu o primeiro ditongo átono *ei* e pasou a ser **cerxeira** que posteriormente modificou a parte final *-xeira* en *-deira*, ou talvez influíu algunha outra palabra para modifica-la nosa voz. Non o vexo claro.

O feito está aí. A árbore que produce as cereixas é para a maior parte dos galegos **cerdeira**, voz que a normativa considera como palabra normal e que está, por dicir así, santificada polos escritores: *frolecen as cerdeiras* (Otero Pedrayo), *sentada nun cachopo de cerdeira* (Iglesia Alvariño), *tiña dúas camas de pao de cerdeira* (Fole), *dempois sentabámonos ó pé da cerdeira grande* (Neira Vilas), *chove amodiño sobor da flor das cerdeiras* (M. María), *morreu esganado na póla dunha cerdeira* (M. Ferrín), *abeirados a unha cerdeira enorme* (Conde)...

E para rematar quero recordar unha frase de Cunqueiro (que empregou moitas veces a voz **cerdeira**) na que usa o adxectivo **cerdeiral** para significar "que está poboado de cerdeiras": *Galicia é moi cerdeiral nos vales*.

1116. O país das penas

Ademais das **penas** de dor e das **penas** das aves temos que cita-las **penas** típicas de Galicia. Da mesma orixe cás **penas** das aves son as **penas** que sobresaen na terra ou no mar, é dicir, as pedras grandes ou rocas. Esta voz, procedente da PINNA latina pasou a ser en galego e en portugués medievais voz normal, que en castelán se transformou en *peña*. Co tempo o portugués quedou co nome de **pena** para as plumas e introduciu o castelanismo *penha* para as rocas. O galego prefiriu a voz **pluma** para as penas das aves e mantivo a **pena** para denomina-las rocas ou o que os casteláns chaman *peña*.

Pena é voz común en toda Galicia e curiosamente os escritores prefiren usar outras palabras derivadas deste nome, agás algunhas excepcións como Rosalía (*Muxía a das albas penas con tanta rosa espallada*... *Cabo dunha pena onde mana un rego*) ou Cunqueiro (*veu sentado nunha pena a un tipo pequeno*..., *sentábase nunha pena redonda*).

Sinónimo de **pena** é o seu derivado **penedo**, voz tamén común en todas partes e moi empregada polos escritores: *Eu ben vin estar o moucho enriba daquel penedo* (Rosalía), *San Benito de Cova de Lobo ten no cume un penedo furado* (Curros), *cruces chantadas en penedos* (Castelao), *o mouro estaba derriba dun penedo* (Cunqueiro)...

Moitos galegos chaman tamén **penedas** ós **penedos** e mesmo hai algún escritor que usa esta voz: *toca unha peneda na beira do prado* (F. Riego), *en Gaioso hai dúas penedas ergueitas* (M. María). Hai algúns falantes que entenden por **penedas** o que a gran maioría chama **penelas**, é dicir, rocas planas pequenas.

Un conxunto de penas ou penedos é chamado **penedía** (algúns din **penedío**), voz bastante usada literariamente: *no primeiro asobío foise perder algunha erma penedía* (Dieste), *levaban a habenza ó monte*, *antre penedías e piñeiraes* (Fole), *nas caracochas ou nas fochancas das penedías* (F. Ferreiro), *catro cabras arriscándose nas penedías* (Alcalá).

Loxicamente o terreo cheo de penas será **penoso**, voz usada nalgunhas partes, pero en xeral dise **penedoso**: *a paisaxe ordea cotos penedosos* (Otero Pedrayo). Hai quen fala de **penascoso**, talvez por influencia castelá.

Outro derivado de **pena** é a voz **penal** que é moi corrente na significación de parede lateral dun edificio. Resulta ben claro que esta parede é chamada así porque é de penas ou pedras. E **penal** é tamén calquera muro que remata con penas ou certo tipo de bieirís que teñen as pallozas.

E xa falamos da voz **penacho**, que tamén se aplica por algúns falantes á parte superior dun monte cando remata en pico.

Hai outros derivados máis de **pena** que emprega pouca xente: **penougo** para denominar unha pedra tosca, **penouco** como sinónimo de penedo, **penaleira** como terreo malo para o cultivo, **penón** como pena grande...

En fin, as **penas**, como acabamos de ver, poder ser en galego moitas cousas...

1117. Xermolar e abrochar

O elemento básico que dá lugar a un ser vivo cando se desenvolve é un **xerme**, voz que debe ser tradicional, que é moi usada a nivel culto e que empregan os escritores non só para indicar esa parte fundamental das sementes que se manifesta cando crece, senón para usar como sinónimo de principio ou fundamento: *non atopara moito xerme de vida que reanimar* (F. Riego), *o escritor italiano quere salientar ben no mesmo xerme da súa propia obra* (R. Paredes). Algúns usan a forma **xermen**: *o fruto do xermen que deixou Martínez Campos* (Curros), *lus de abrente*, *xermen de tódolos eisprendores* (Fole).

Naturalmente a esta familia pertencen os cultismos **xerminar**, **xerminación**, **xerminal** ou **xerminadoiro**, que se usan sobre todo a nivel culto. Esa última voz emprégase en portugués para indica-lo lugar onde se pon a xermina-la cebada para facer cervexa, pero algún galeguista, como Otero Pedrayo, usouna adxectivalmente como xerminal: *o silenzo xerminadoiro das colleitas futuras*.

Pero a palabra máis popular desta familia léxica é o derivado típico galego **xermolo**, que por certo algúns diccionaristas a escribiron con acento sobre o *e* e mesmo algúns escritores fixeron o mesmo, como Castelao (*sen esa violenta unidade matadora de todo xérmolo espontáneo*) ou Risco (*afogadora dos xérmolos da vida*).

Xermolo é a voz que poderiamos dicir foi normalizada polos diccionaristas e lingüistas, pero que ten, como tantas outras voces populares, numerosas variantes: **xarmolo** ou **xaramolo**, **xeremolo**, **xerimolo** ou **xirmolo**, **xeremelo**, **xermelo** ou **xirimelo**, **xormelo** ou **xoromelo**, que temos recollidas no noso *Glosario de voces galegas de hoxe*. Probablemente hai algunhas máis...

E loxicamente máis popular que **xerminar** é o verbo **xermolar**, que empregan bastante os escritores: *como o xermolar das follas* (Otero Pedrayo), *e había de xermolar toda a semente que botou* (Alcalá), *¡Que sentimentos xermolaban no fondal da súa alma!* (A. Cáccamo). Se **xermolo** ten tantas variantes, **xermolar** tamén as ten, se ben teño recollidas no "Glosario" bastantes menos: **xarmolar**, **xaramolar**, **xermolar** ou **xeremolar**.

Para significar cousas que teñen que ver con **xermes** ou **xermolos** temos en galego moitas palabras. Empecemos referíndonos ós **abrochos** (hai quen os chama **brochos**) que son eses pequenos vultos que lles saen ós vexetais no talo ou nas pólas para logo xermolar en novas pólas ou follas ou flores. Naturalmente, como ocorre no caso de xermolo, esa voz é usada tamén nun sentido figurado: *dichosa ela*, *se inda nova*, *cando inda apuntando está do abrocho unha doce causa* (Pondal).

E de **abrocho** nace pois o verbo **abrochar**, moi corrente sobre todo na parte occidental de Galicia, e que non ten nada que ver co verbo **abrochar**, prender algo con broches, botóns, etc., que é un galicismo...

Pero aínda quedan bastantes voces sinónimas.

1118. Gromos, botóns, brotes e abrollos

Os **abrochos** ou pequenos vultos que lles saen ós vexetais no talo ou nas pólas para xermolar en novas pólas ou follas ou flores, son coñecidos na maior parte de Galicia como **gromos**, voz que ten as variantes de **gromo** e de **grumo**. Os escritores empregan a miúdo a voz **gromo** tanto no seu sentido literal coma en diversos sentidos figurados: *xa ten carroucha o millo*, *xa as vides gromos dan* (Curros), *os primeiros gromos verdes do fermoso tilo da pensión...*, *dicían que era o derradeiro gromo dunha ilustre familia da Pomeraniz* (Otero Pedrayo), *a néboa derramará os gromos dos herbás* (X. Torres).

E cando nas plantas vemos que aparecen os gromos dicimos delas que **agroman**. **Agromar** é verbo bastante coñecido, pero ten numerosas variantes en moitos lugares. Os que falan de **gromos** empregan o verbo **agromar** ou as súas variantes **gromar** ou **engromar**. Os que din **gomos** usan os verbos **gomar**, **agomar** ou **engomar** e os que din **grumos** fan uso dos verbos **grumar**, **agrumar** ou **engrumar**.

Agromar é a voz consagrada polos escritores na súa significación normal e moitas veces con sentidos figurados: *agromaba a primadeira nos parques* (Otero Pedrayo), *agromaban*, *no fondo da tébrega*, *as rosas de lus dos foguetes* (Fole), *agromaba en min unha gran tenrura* (F. Riego), *as pedras teñen un tisne verde e agroman herbas nas xunturas e gretas* (M. Rivas), *condicionada pola herba que agromaba vizosa...*, *que eu poida ver como agroma unha novela* (A. Conde).

Os **botóns** son para a maior parte dos falantes esas pequenas pezas de metal ou nácar que se cosen ós vestidos, pero aínda hai xentes que manteñen esta voz como sinónima de **abrocho** ou de **gromo** e mesmo tamén a usa algún escritor nesta significación: *partes encetadas con follas do botón que trouxo da horta* (Fole).

E de **botón** xurdiu o verbo **abotoar** que, ademais de servir para axusta-las ditas pezas de metal ou nácar ós ollais, se usa para indica-lo mesmo ca esoutros verbos citados: **abrochar** e **agromar**.

Os **gromos**, **botóns** ou **abrochos** son coñecidos tamén co nome de **brotes** e esta voz pode ser aplicada non soamente ás cousas referentes ós vexetais, senón tamén a moitas outras cousas nun sentido figurado: *houbo un brote de guerra*.

E de **brote** sae o verbo **brotar** (hai quen di **abrotar**) que funciona como sinónimo absoluto de **xerminar**, **xermolar**, **agromar**, **abrochar** ou **abotoar** e que é empregado en tódolos niveis da lingua: *medran herbas e arbustos cal brotan na árbol a frol* (Rosalía), *esa pranta que brota hoxe da terra* (Curros), *brotou do seo mórbido da terra* (Pondal), *aínda que de vos brotaran lirios* (Cunqueiro)...

Outras voces sinónimas das que acabamos de dar son **abrollo** e **abrollar**. **Abrollo** é moito máis usado como nome de planta e **abrollar** como manar ou espallar abrollos, pero ámbalas dúas funcionan tamén nas mesmas significacións das demais palabras citadas neste comentario.

En fin, aínda quedan máis sinónimos destas voces.

1119. Grelos, fillos e rebentos

Os **xermolos**, **gromos**, **abrochos**, **botóns**, **brotes** ou **abrollos** son coñecidos tamén co nome de **grelos**, palabra que pode substituír sempre a calquera desas voces citadas, pero hai moitos falantes que particularizan esa voz en sentidos moi concretos, pois se eu lles pregunto ¿que che recorda a palabra **grelo**?, dirían inmediatamente: *as patacas*. E iso é así porque denominan sempre **grelos** ás xemas das patacas.

Pero aínda son moitos máis os que pensan que os **grelos** son por exclusividade os gromos dos nabos e nese sentido a voz **grelo** é mesmo para os falantes non galegos as *nabizas e sumidades tiernas y comestibles de los tallos del nabo*, como di o diccionario da Real Academia Española.

Nesta última significación é como aparece usado **grelo** polos nosos escritores: *patacas con trigo*, *prixel e grelos* (X. M. Pintos), *o lacón con grelos impúxose*, *xa é o plato maior da cociña galega* (Cunqueiro), *mantense a xente con grelos*, *coas follas críase o gando* (M. María)... E tanto neste significado coma nos outros hai moitos falantes que en vez de **grelos** din **grilos**.

E desta voz **grelo** sae o verbo **grelar** que non soamente serve para dicir que os nabos grelan, senón xustamente para significa-lo mesmo que **xermolar**, **abrochar**, **abrollar**, **botar**, **agromar**, etc. E este último verbo citado, que ten tantas variantes, que xa vimos, parece (dígoo festivamente) o modelo de **grelar** que ten as seguintes: **grilar**, **agrelar**, **agrilar**, **engrelar**, **engrilar**, **grelear**, **grelecer**...

Outra palabra moi usada en toda Galicia para chamar ó gromo ou xermolo é **fillo** voz que ademais da súa significación fundamental foi adquirindo co tempo significados semellantes como ocorre neste caso. Todo **brote**, **botón**, **abrollo**, **grelo**, etc., que nace dunha planta é un fillo seu. Polo tanto resulta normal escoitar falar dos **fillos** das plantas.

De **fillo** saíron os verbos **fillar** e **afillar** que son tamén moi usados como sinónimos desa longa lista de verbos que estamos comentando. E engadimos unha palabra derivada desta familia léxica, **fillarada**, que é o conxunto de gromos dunha árbore.

Outro sinónimo desta serie de palabras é **rebento**, usada xunto coa súa variante **rabento** nalgúns lugares de Galicia. Sen embargo, o verbo **rebentar**, que ten fundamentalmente a significación de abrirse algo de repente debido á presión exercida polo aumento de volume do que contén, converteuse facilmente en xermolar ou agromar en practicamente toda Galicia. Non é nada de estrañar que algún escritor o empregue nesa significación: *Rebentaron as carballeiras nun verdor fervoroso* (X. R. Pena).

En fin, poderiamos engadir aínda algún outro nome a esa lista de **xermes**, **xermolos** (con nove variantes), **abrochos**, **gromos**, **gomos ou grumos**, **botóns**, **brotes**, **abrollos**, **grelos ou grilos**, **fillos e rebentos**, voces que explican o desenvolvemento das plantas...

1120. Costas e encostas

A palabra latina COSTA que se conservou en tódalas linguas romances, tiña o significado fundamental de costela e logo de costado do corpo e despois lado de calquera cousa e naturalmente lado dun monte, etc.

En galego consérvase a súa significación fundamental coa palabra derivada **costela** e mantense o significado de costado do corpo e parte posterior do corpo humano que vai dos ombreiros ata o van ou cintura coa forma plural **costas**. Esta voz é moi corrente na fala e na escrita: *o fatelo de inominia que pra mofa nas costas che puxeron* (Curros), *gracias ó fidalgo non lle mediron as costas* (Fole), *e logo de botarme a manta por enriba das costas* (Blanco Amor), *pillouna por aquela trenza*, *zarabateouna de costas e arrastrouna* (M. Ferrín).

Partindo da significación de lado, **costa** tomou o sentido de litoral, é dicir, de zona da terra que está próxima ó mar (*os povos góticos que moraban na costa norte do Mar Negro*, de Castelao; *antre os pinos da costa verdecente*, de Cabanillas), ou da zona do mar que está próxima á terra (*A robaliza foise daquelas costas*, de Cunqueiro; *un barco na costa tarquinia*, de Freixanes).

Pero outra significación de **costa** é a de ladeira ou máis en concreto a de terreo en pendente ou declive: *subides a traballos unha costa* (Curros), *pero no cumio dunha costa parouse* (Castelao), *o gordo díxome que o camiño real é costa abaixo deica Lucerna* (Cunqueiro), *unha legua de camiño costa abaixo* (Fole), *sobindo e baixando costas* (Novoneira).

Costa nese último significado é moi corrente, pero loxicamente algúns dos nomes derivados desa voz conservan esa significación, como é no caso de **costeira**, que empregan bastantes como sinónimo de pendente, se ben a significación de temporada da pesca do bonito ou da sardiña está hoxe máis estendida.

Resulta moi normal escoitar dicir de algo que está en pendente que está **en costa**, e desa expresión naceu talvez ese verbo **encostar** na significación de poñer algo contra algo, isto é, de arrimar, achegar, que empregan algúns falantes e escritores: *encóstase no brazo de Laura*..., *encostado ao pé dun farol* (F. del Riego).

Desas voces xurdiu o adxectivo **encostado** precisamente para referise a algo que está achegado a outra cousa ou que está en costa: *o sendeiros encostados* (Otero Pedrayo), *na pradería verde encostada* (Cunqueiro), *seguen en silencio pola acera algo encostada* (S. de Toro).

E como sinónimo de **costa** na súa significación de pendente úsase sobre todo polos escritores a voz **encosta**: *pola encosta laxeada que rube do val* (Otero Pedrayo), *o eco que devolvían as encostas* (Fole),

montou na burra pra rubir a encosta que hai... (Cunqueiro), *pola encosta dos breves cotarelos* (F. del Riego), *ao pasar a ponte e comezar a rubir a encosta* (M. Ferrín), *como quen sobe pola encosta pina* (Freixanes).

Resulta curioso comprobar que na maior parte dos diccionarios modernos non se citan **encostar**, **encostado** e **encosta**.

1121. Rampas, ramplas e pendentes

Unha voz bastante corrente que se emprega como sinónimo das palabras xa comentadas costa e encosta é **rampa**, que podemos usar para referirnos a calquera superficie de terreo que estea moi inclinada: *para ir a aquela leira teño que subir unha rampa moi forte*, *as rúas desta vila son todas rampas*.

Pero **rampas** poden ser chamadas as plataformas inclinadas que se constrúen entre dúas superficies situadas a distinto nivel: *retellou a casa*, *e fixo por fora unha rampa de madeira*, *que había de permitirlle*, *en caso de inundación*, *levar as vacas... ao segundo piso* (Cunqueiro), *alí mandou levantar o Santo Padre unha grande rampa de obra moi labrada* (Freixanes).

Para mariñeiros ou xentes da costa **rampa** é voz moi empregada para denominar esa plantaforma para subir ou baixa-las embarcacións entre terra e mar: *hai que facer un esforzo grande para subi-la lancha pola rampa*.

Sen embargo hai que dicir que son moitos máis os falantes que prefiren a variante **rampla**. ¿Como naceu esta forma para substituí-la **rampa** de orixe francesa e que se conserva así en portugués e en castelán? Xa repetín moitas veces que son moitas as palabras que teñen cruzamentos fonéticos con outras. Penso que o verbo **arramplar**, bastante usual no sentido de arrastrar, arrebatar é moi empregado tamén polos escritores (*a ese vello pódeselle arramplar con todo o que ten*, de Castelao; *e coela arrample sabe Deus para que ribeira*, de Leiras Pulpeiro; *arramplarás coa familia toda*, de Freixanes) puido influír nese cambio de **rampa** en **rampla**.

Por outro lado debo dicir que escoitei a algúns falantes usar **arrampar** por **arramplar**, o cal parece confirmar esa teoría de cruzamento de voces. E por outra parte hai xentes da provincia de Pontevedra que chaman ás **ramplas** portuarias **ramblas** e de aí o emprego que fan dun verbo **arramblar** no sentido de atracar unha embarcación ó peirao.

En fin, os cruzamentos das palabras son evidentes. E para remata-la relación de **encostas**, **costas** e **rampas**, quero lembra-la voz **pendente**, bastante usada na lingua falada e na escrita: *rápida pendente do monte do de Brumar* (Pondal), *corrín deixándome levar pola pendente do outeiro* (Dieste), *tan enfesta era a pendente* (D. X. Cabana), *a nova estrada co seu rodeo en suaves pendentes* (X. R. Pena).

Pero **pendente** é aínda máis común na súa significación de xoia para adorna-las orellas, se ben neste caso leva o artigo masculino: *hei de emprestarvos os meus pendentes* (Rosalía), *uns pendentes e un anel moi fermoso* (Blanco Amor), *o vello fixolle uns pendentes que eran unha fermosura* (Cunqueiro), *eu reparo nos pendentes que leva facendo un xogo de contrastes coas cadeas* (X. Torres).

E debo citar finalmente o uso adxectival da voz **pendente**, que ten moitas acepcións, como vemos nestes exemplos: *¿Pode unha ialma estar sempre pendente dun sorriso?* (Cunqueiro), *a pistola ametralladora pendente do ombreiro* (M. Ferrín), *contestou algunhas cartas pendentes* (Casares), *o camiño é moi pendente*, *o asunto quedou pendente*, *o cadro pendente da parede*...

1122. Carricento, musgoso ou mofoso

Pregúntanme pola voz **carricento** que aparece nalgúns textos literarios: *leito xabrento*, *cheo de entullo e de lama nos balsadoiros*, *de pelouros carricentos e mofosos* (Cortezón). ¿Que é **carricento**? Sen ningunha dúbida é unha palabra que ten que ver co **carrizo** ou **carriza**. Case se pode afirmar que o nome **carrizo** é voz común en toda Galicia para designar a ese paxaro que os científicos chaman *Troglodytes Troglodytes*, é dicir, un paxaro bastante pequeno, de cor parda, que fai os niños nos xardíns, silveiras ou fragas case completamente cerrados agás unha pequena abertura para entrar ou saír.

Desde logo a voz **carricento** non ten nada que ver con este **carrizo**. Pero hai algúns falantes que lles chaman ós carrizos, **carrizas**. A **carriza** é, sen embargo, unha planta que crece en lugares sombrizos, ben no chan, ben na cortiza das árbores, ben sobre as pedras, en definitiva, unha especie de mofo.

Carriza é usada polos escritores precisamente nesta significación: *as escaleiras do patín son de pedra*, *con carrizas nas xuntas* (Neira Vilas), *deitándose entre a pinocha e a carriza*, *baixo dos piñeirais* (Cortezón), *penucas grisallas aquí e alí*, *lombos cubertos de carriza* (H. Villar).

Desa palabra **carriza** naceu o noso **carricento**, que no texto citado poderiamos substituír por musgoso. Como ocorre noutras ocasións os escritores usan as palabras en sentido figurado e **carricento** pode ser aplicado a unha persoa que dá a impresión de que a súa pel debe ser frouxa ou que recorda ó mofo. Véxase esta frase de F. del Riego: *un mozo da súa mesma localidade*, *carricento*, *enorme*, *labrado ou en arxila preta*...

Sinónimo de **carricento** é **musgoso**: *unha fonte debrócase nos penedos musgosos* (Otero Pedrayo), voz pouco corrente, que algúns din **musguento** (*¡Nin que os musguentos caxigos se volveran castiñeiros!* de Leiras Pulpeiro), e outros escritores prefiren **amusgado**.

Curiosamente a voz **musgo** é palabra pouco usada polos falantes da lingua, pero para os escritores é voz tradicional: *I o lixeiro campanario cuberto de herbas e musgo* (Rosalía), *entre hedras e musgo envoltas ergue as torres un castelo* (Curros), *o musgo que os cubría* (Pondal), *lembradoiros de musgos e barbuzáns de liquens* (Otero Pedrayo).

Hai que considerar como voz máis galega ca **musgo** a tódolos niveis da lingua **mofo**, que ademais desta significación ten a de balor. Vexamos algúns exemplos: *Por riba destas penas vellas cobertas de mofo* (Novoneira), *ela cheiraba ao mofo tremelucente dos espellos afondados no lago* (Cunqueiro), *como se aquel cartucho que seguiu cheirando a mofo* (H. Villar).

E de **mofo** sae o adxectivo **mofoso**, que é sinónimo de carricento ou musgoso, como vimos no exemplo anterior de Cortezón, ó que engadimos outro do mesmo autor: *rápidos arremuiñados e penedos mofosos a frol de auga*, e estoutro de Rábade: *manicomio vello e carcelario como todos os sitios mofosos*, *fríos*... Cunqueiro empregou a forma **mofento**: *viña un cheiro de mofenta humidade*.

1123. Britas, birtas, fervigueiros e canigotes

Nos textos medievais aparece o verbo **britar** abundantemente: *o vento*... *britou logo o maste*..., *que os ollos non te brito* (Cantigas de Sta. María), *moytos deles brytaron suas lanças* (Cronica Troiana), etc. **Britar**, verbo de orixe non latina, talvez procedente dalgunha lingua xermánica ou céltica, ten claramente, como se ve polos exemplos citados, a significación de quebrar ou romper.

Britar mantense moi vivo aínda na lingua portuguesa, pero desapareceu practicamente da fala galega actual. Sen embargo está moi vivo o seu descendente **brita** que ten nalgunhas partes o significado de pedra quebrada ou grava, como vemos nesta frase de X. Alcalá: *a penas se oían xa os meus pasos na brita do camiño* e noutras a significación de sendeiro que se fai na neve e a de regueiro que se fai nos prados para que circule a auga.

Pero actualmente está máis estendida a variante **birta**, sobre todo na metade occidental de Galicia, para esas significacións, como vemos nesta frase de Neira Vilas: *Tornei a auga e guieina polas birtas*, *arredando restroballo e follatos*. Temos que deixar constancia da existencia da variante **abirta** nalgúns lugares desa mesma zona.

Sinónimo de **birta** é a voz **fervigueiro** que empregan algúns lugueses e que vin usada polo escritor F. del Riego: *unha corda de auga*, *retorta*, *percorría un fervigueiro*.

Moitos diccionarios recollen outro sinónimo destas voces: **canigote**, que se emprega bastante nas partes setentrionais das provincias de Lugo e A Coruña, pero que non usan en xeral os escritores. Esta voz é un derivado de **cano**, palabra que ten entre tantas das súas variantes de significación a de suco que se fai para as augas dunha leira: *Desque pasou un cancelo que cadra xunta dús canos*... (Leiras Pulpeiro).

As britas, canigotes ou mesmo canos poden ser denominados por algúns falantes tamén como **caneiros** (*correr polos regos e caneiros da auganeve*, de Freixanes), **canles** (*a auga cantarolaba nas canles dos herbais*, de X. Alcalá), **madas**, **sucos**, etc., que teñen loxicamente outros significados máis correntes.

E naturalmente temos que citar outras palabras usuais en toda Galicia para chama-las britas: **rego** (*A terra dos eidos estaba enchoupada*, *cos regos dos labrantíos coasi asolagados*, de Blanco Amor, *facendo os regos nos leiros*, de Cortezón), **regato**, **regacho** e sobre todo **regueira** ou máis ben en forma masculina: **regueiro** (*tripando sebes*, *regueiros e hortas*, de Neira Vilas) que no fondo, coma no caso dos canos ou caneiros, teñen outras significacións máis correntes.

En fin, pensamos que todas estas voces citadas como sinónimas das **britas**, **birtas** ou **abirtas** non eliminaron estas palabras xa tradicionais.

1124. ¿Que son os zorollos?

En tódalas linguas hai moitas palabras que teñen numerosas acepcións significativas. Nalgúns casos ocorreu que eran palabras orixinariamente distintas e que, pasado o tempo, se unificaron foneticamente e na escritura. Se eu digo a un amigo *dáme esa galleta*, dependerá do sitio ou situación na que nos atopemos para saber se esa palabra **galleta** é unha ferramenta ou un pastel.

Nese caso citado, para os filólogos esa voz **galleta** non é unha palabra única, senón que son dúas distintas que eles chaman homófonas, é dicir, que chegaron a coincidir na súa pronuncia e mesmo na escritura.

Preguntoume un amigo se eu entendía esta frase que el lera nun libro: *Xan ía envolto nun zorollo*, cousa que el non comprendía, porque para el os **zorollos** son unhas árbores do tipo das ciroleiras ou ameixeiras, é dicir, para el un **zorollo** era o mesmo que unha ameixeira brava ou abruñeiro.

Efectivamente para algúns galegos un **zorollo** é o mesmo que unha ameixeira brava ou ameixeiro ou un **abruñeiro**, voz que ten moitas variantes: **abruñeira**, **abruño**, **ambrulleiro**, etc. Hai tamén falantes do norte da provincia de Lugo que lles chaman a esas árbores **zorolleiros** e ás súas froitas **zorollos**.

Esas cirolas ou ameixas bravas son chamadas tamén por algúns falantes **ameixos**, **ameixóns**, **ameixolos**, **abruños**, **bruños**, etc.

Temos constancia de xentes que chaman **zorollos** a certo tipo de cirolas que se saen da ameixa común: a certas cirolas que teñen a pel de cor morada, ou que son máis pequenas cás normais; e mesmo hai quen chama **zorollo** a calquera froita de óso cando non está aínda madura. Lemos nalgún diccionario que un **zorollo** é tamén (coma a súa variante **cerollo**) o froito do loureiro.

A palabra **zorollo** aplícase adxectivalmente ós nomes de certas plantas para indicar que están aínda verdes: *este millo está aínda zorollo*, *estes grans están zorollos*, ou a certas cousas que están húmidas: *este pan está zorollo*.

O funcionamento desta voz como adxectivo atopámolo usado por algúns falantes no sentido de serodio ou tardío aplicado a moitas cousas. Eu teño recollidas frases como esta: *ese porco é o zorollo*, é dicir, é o último ou o máis novo da camada; *Pepe é o fillo zorollo da súa nai*, é dicir, é o último fillo que naceu, moito tempo despois do irmán anterior.

Volvendo ós **zorollos** normais temos que falar dos zorollos que producen os seres humanos cando defecan, é dicir cando os excrementos humanos teñen ese parecido ós cirolos. Para algúns falantes **zorollos** son chamados con naturalidade os excrementos duros.

En fin, seguiremos falando de máis **zorollos** noutro comentario.

1125. Pasos estreitos entre montañas

Se preguntasemos hoxe a calquera falante galego como se chama na nosa lingua un paso estreito entre montañas, penso que a contestación máis estendida sería a de **desfiladeiro**, voz que é moi moderna tanto en galego coma nas linguas irmás peninsulares porque é un galicismo que se puxo de moda hai un par de séculos. Talvez por esa razón **desfiladeiro** é unha palabra pouco empregada polos nosos escritores.

Desde a época latina foi corrente comparar eses pasos estreitos entre montañas coa parte estreita do corpo humano por onde os alimentos pasan da boca ó esófago, é dicir, en latín FAUCE, que pasou a ser xa no latín vulgar FOCE e de aí que nós teñamos esa voz **foz**, que é como moitos galegos chaman ós desfiladeiros: *sempre que adianto polo sendeiro de foz digo*, *non volvo máis* (X. Torres).

Foz ten tamén a acepción de lugar onde un río entra no mar ou noutro curso de auga: *o horizonte o sábado foi fechándose nunha mera espesa que cubriu os tellados da vila*, *o río*, *a foz*... (X. Torres).

Sinónimo do latín FAUCE era GULA que deu orixe á nosa voz **gola**, termo popular para chama-las tragadeiras e que para algúns falantes ten os mesmos significados que a citada palabra **foz**. O derivado desa voz, **golada**, emprégase tamén como desfiladeiro, se ben algúns diccionarios definen **golada** como porto de montaña.

Para denominar esa parte citada do corpo temos outra voz máis espallada e moito máis corrente, procedente tamén do léxico latino. Trátase da voz **gorxa**, que serve a algúns falantes para chamar así ós desfiladeiros: *rochedos*, *asudes naturais e estreitas engrobias e gorxas* (D. Cortezón).

Naturalmente esa outra palabra tan popular, de orixe onomatopeica, **garganta**, ten tamén esa significación de paso estreito entre montañas, que consta en case tódolos diccionarios.

Hai outra voz **forca** que, á parte das súas significacións de aparellos para a morte ou para pescar, é empregada nalgúns lugares como sinónimo de desfiladeiro.

A palabra **portela**, pequena abertura dun valado, servelles tamén a algúns falantes para denominar eses pasos de montaña.

E por último temos que cita-la **engroba**, que ten a variante **engrobia**, voz de orixe non clara e que nalgunhas partes serve para designar calquera lugar estreito e profundo e actúa como sinónimo de **groba**, e noutras funciona como voz normal para indicar paso estreito entre montañas. Vexamos algúns exemplos literarios: *reproduciu os tiros numerosas veces*, *aquí e acolá*, *por engrobas e cumes* (Fernández Ferreiro), *A Gorxa*, *mesmo pe dela*, *nas estribeiras*, *nas engrobias e nos ribanzos* (D. Cortezón, que citamos arriba nun exemplo de **gorxa** onde aparece tamén esta voz), *sentíase como guindado por unha engrobia escura* (F. del Riego).

1126. Mallar e maiar

A palabra **mallo**, que é tan corrente en Galicia e ten as variantes tamén moi populares **malle** e **manlle**, ten a súa orixe no latín MALLEU, que significaba martelo e mazo. Con esa significación pasou a case tódalas linguas romances, pero o galego e algúns dialectos portugueses especializaron esta voz na significación de aparello de dúas pezas de pao, unha máis longa ca outra, unidas por unha correa, que se emprega para golpea-los cereais. O **mallo** é chamado *mangual* polos portugueses e *mayal* polos castelán.

E de **mallo** naceu o verbo **mallar**: golpea-los cereais para separa-lo gran de palla ou as castañas ou a herba seca, etc., co **mallo**. Claro que hoxe podemos malla-los cereais sen mallos..., porque xa hai máquinas que cumpren esa función. Pensemos nos versos de Rosalía: *Costureiriña comprimenteira*, *sacha no campo*, *malla na eira*, *lava no río*...

Pero esa significación fundamental de **mallar** leva consigo a idea de golpear repetidamente. De aí que **mallar** comezou a ser aplicado popularmente como sinónimo de petar, pegar, zoscar repetidamente a persoas, animais ou cousas. E os literatos fan tamén moito uso deste verbo nese sentido: *mallaron en min todo canto quixeron*..., *morreu da navallada ou dos culetazos con que alí mesmo o mallou a parexa da Benemérita* (Blanco Amor), *Meu pai malloume coa corda* (Neira Vilas), *o crego que me mallara ás patadas* (Alcalá)...

Cando un malla moito queda cansado e non digamos do cansazo que un recibe cando o mallan... De aí que **mallar** pasara a significar tamén cansar e case, case esgotar ou extenuar: *Estou mallado*. *O meu amigo mállame con historias absurdas*... E se insisto moito nas miñas teorías, é dicir, se teimo nunha idea con alguén, o que fago é mallar...

Son moitas a voces que derivan de **mallo**: **malla**, **mallada**, **malladoiro**, **malladura**, **malleira**, etc.

Hai falantes que non pronuncian ben o elle de **mallar** e fan unha pronuncia moi semellante a **maiar**, verbo que significa berra-lo gato e que está bastante estendido pola parte norte de Galicia. Naturalmente un gato pode mallar a outro, se o está golpeando, pero se pronuncio *un gato maia a outro* quero dicir que está berrando miau...

Este **maiar**, berra-lo gato, é dito pola maior parte dos galegos **miar**, forma que tamén usan algúns escritores: *o gato resposta miando*..., *ouve miar ás súas costas* (F. del Riego). Hai quen pronuncia **miar** como **mear** e hai quen di **miaiar** (mestura dos dous verbos citados), que o atopei escrito nunha obra de M. Ferrín: *nun chío que prolongou o gato negro desde o alto da trabe nun miaiar xordo e duradeiro*.

E tan corrente como **miar** é **miañar**, moi usual sobre todo na metade sur de Galicia e que tamén empregan os escritores de hoxe.

Pero existe outra forma **maiar**, que non ten nada que ver co **maiar** dos gatos e da que xa falaremos...

1127. Chapelear na doira

O verbo **chapelear** é usado por Fernández del Riego na súa obra "O cego de Pumardedón". Non sei se podemos considerar esta voz como exclusiva da zona nordeste da provincia de Lugo onde naceu e viviu o citado autor, porque non a vin citada en ningún outro texto literario, dialectal ou lexicográfico.

Sen embargo no diccionario de Marcial Valladares (1892) aparece rexistrada a palabra **chaplear** que reenvía a outra **chapejar**, que é definida así: *guachapear*, *golpear con los piés el agua detenida*. Así pois **chapelear**, **chaplear** ou **chaplexar** son formas nacidas da onomatopea *chap*, que imita o ruído que se produce cando batemos cos pés ou mesmo coas mans a auga dun charco ou dunha corrente.

Chapelear é por tanto da mesma familia có castelán *chapotear* ou doutras formas galegas bastante correntes como **chapuzar**, **chapugar** ou **chapiñar**...

Se chapeleamos en algo ten que ser en algo de auga. Polo tanto un lector que non coñeza ou que non teña coma propia a voz **doira**, darase conta que **doira** ten relación coas augas. Efectivamente **doira** ou **duira**, ou mesmo **duiro** ten significación de corrente de auga, máis ou menos revolta, que se forma cando hai unha chuvieira ou unha arroiada, se ben para algúns falantes é o mesmo ca regacho ou regato.

Nesta frase de Pondal: *nun regueiro que alí fai a area que move o vento e a duira que soe baixar naquel tempo*..., vémo-lo uso desta voz no seu sentido estricto, pero F. del Riego úsaa nunha significación metafórica: *As confusións dun porvir incerto chapeleaban na doira da nova actualidade que se comezaba a vivir*.

Probablemente a forma **doira** ten a súa orixe nunha palabra prerromana da que naceron nomes para denomina-las correntes de auga ou ríos. Aí está a orixe do famoso río Douro.

Pero para indicar esas correntes de auga temos en galego outras palabras como **chea**, **enchente** que son bastante usuais e tamén **enxurrada**, que a vemos usada tamén polo citado escritor F. del Riego: *no ceo abaneaba a faramalla das nubes*, *que se desfacían en enxurrada* e por S. de Toro: *regueiros de auga loura que reptan a tombos en enxurradas*. Castelao emprégaa tamén pero cunha significación figurada: *A enxurrada patrioteira que levaba tantos e tantos emigrados á guerra de Cuba*..., *ve pasar un reximento levado por tambores e trompetas*, *enxurrada e balbordo que se perde axiña*.

Esta voz **enxurrada** ten a variante tamén popular **xurrada** e procede de **xurrar**, saír con forza un líquido dalgún sitio, é dicir, cichar ou cirrichar.

1128. Choer, achuír e deschuír

Xa nun comentario dos "Retrincos" fixemos mención do verbo latino *CLAUDERE* "cerrar" que deixou descendentes en bastantes linguas románicas. Naturalmente tamén os deixou na Península Ibérica. En catalán é voz corrente *cloure*, en castelán deberon quedar, pero xa se perderon, e na parte occidental permaneceron soamente no galego, se ben nos textos antigos portugueses existen testemuños da existencia de *chouvir* e *chouver*.

Nas "Cantigas de Santa María" aparece **choir** algunhas veces: *mandou ben as portas choyr... que lle a porta choyr*. No galego moderno a forma de infinitivo que se impuxo foi **choer**.

O uso de **choer** con nomes de porta, portela, ventá ou fiestra xa está actualmente pouco estendido, porque se prefire empregar cerrar, zarrar, pechar ou fechar. No mundo rural é hoxe moi empregado **choer** na significación de cerrar calquera terreo, prado ou monte cun valo, cerca ou cerrume: *estiven todo o día choendo a miña leira*. E nese mundo citado úsase moito **choer** na significación de encerrar, sobre todo o gando nas cortes: *choe as vacas*, *que chove moito*.

Choer é bastante usado nesa significación de encerrar noutros moitos niveis de lingua (*Non o choer meténdoo nos arcaces onde non dá réditos*, de V. Risco) e, con pronome reflexivo, **choerse** ten a significación de pecharse en si mesmo, recluírse voluntariamente: *Non debes choerte tanto*...

Do participio latino deste verbo falaremos máis adiante. Os falantes galegos fixeron un participio regular: **choído**, bastante usado tamén como adxectivo no sentido de cercado, pechado ou encerrado. Hai quen fala dunha *rúa choída* cando unha rúa non ten máis ca unha entrada ou saída. Véxanse estes exemplos literarios: *a cote estivo o meu amor choído no teu peito* (Cotarelo), *a caixiña... Sacodina. Estaba choída* (Neira Vilas)...

Hai algúns diccionarios que rexistran como sinónimos ou variantes **achoer** e **achoír**. Para min está máis viva a forma **achuír**, que xa dixen nos "Retrincos" que escoitei algunhas veces na frase de *achuí-la porta* e que vin usada por Castelao: *o probe xenro*, *cos ollos achuídos*, *parecía disculparse*..., *No remate da merenda Pedro está coma un odre*, *achuído de contentamento*.

A significación de **achuírse** como encerrarse, pecharse, ou recluírse é probablemente a explicación de que algúns diccionarios poñan como significado deste verbo en castelán *acongojarse*, *entristecerse*, xa que quen se achúe entristécese, na opinión deses lexicógrafos...

O contrario de **choer** é loxicamente para algúns falantes **deschoer** ou **deschoír**, formas que vin moi usadas polo escritor Cortezón: *Moitísimos tarabelos e ferrollos que deschoer para deixar ceibes as saídas*..., *O mundo ficaba cheo de portas que deschuir*.

1129. Chouso, chousa, chousar

Continuando coa familia léxica do verbo latino *claudere* que se converteu no galego en **choer** temos que repetir que deste verbo naceu o participio regular **choído**, do que xa falamos. Sen embargo o participio tradicional latino, CLAUSUM, que evolucionou foneticamente da forma normal en galego, **chouso**, conservouse soamente no seu funcionamento adxectival.

Así pois **chouso** ten a significación de cerrado, cercado, que rexistra xa o diccionario de Valladares como equivalente a **choído**, pero pode usarse nun sentido figurado de curto ou torpe como o fai Castelao: *Tan chouso do entendimento e da vountade que somentes tiña lecer para conta-las badaladas do reló parroquial*.

Pero **chouso** foi aplicado a voces como prado, monte, leiro, etc., para indicar que estes terreos quedaban choídos. De aí que eses nomes quedaron, pasados os tempos, eliminados e soamente foi dito **chouso** a ese tipo de terreo. Sen embargo o adxectivo feminino **chousa**, aplicado a leira, herdade, finca, etc., deu o mesmo resultado e fíxose aínda máis corrente en toda Galicia para funcionar como terreo de labor ou como porción de monte que está cerrada, cercada ou choída.

Chousa é non soamente voz popular senón tamén moi usada polos escritores: *non chegou á chousa ningún romor de vida* (Otero Pedrayo), *vin unha cruz no meio dunha chousa* (Castelao), *arrimo dun cómaro ou dos grandes chantos de pedra que pechan unha chousa* (Cunqueiro).

E de **chousa** ou **chouso** derívanse varios nomes. Así temos **chousal**, que ten a significación de chousa moi grande, **chouselo** ou **chousela**, aplicado a chousas que son máis pequenas do normal, **chousume**, que é como se denomina o conxunto de ramaxes ou ramalleiras que serven para pechar ou cubrir algo...

Facer **chousos** ou **chousas** ou poñer **chousumes** nalgún lugar é **chousar**, que no fondo funciona como sinónimo de **choer**: *vou chousar ese monte*. Temos que dicir que algúns falantes prefiren o emprego da forma **enchousar** nesa mesma significación.

E ó lado destes dous verbos hai un terceiro, **achousar**, que ten a mesma significación, pero que curiosamente vin que era preferido por algúns escritores no seu emprego en sentido figurado: *algún pensamento remoente achousado alá dentro* (Cotarelo), *é tan cativa a miña sorte que non valeu nada achousar tanto* (Noriega Varela).

En fin, como acabamos de ver, os derivados do verbo latino CLAUDERE e do seu participio CLAUSU son numeroros na nosa lingua fronte ás linguas irmás onde practicamente ese verbo desapareceu. Pero aínda hai algunhas outras voces galegas que posiblemente procedan desta mesma familia...

1130. Cousas de palla

A palabra **palla** é unha voz tradicional da que derivan moitas outras que en principio tiñan algo que ver con esta cana seca dos cereais separada xa do gran: *morre afogado entre as pallas o pitiño que non chía* (Rosalía). Son moitas as cousas que son de **palla** e como é algo que en xeral non ten moito valor aplicamos esta voz para referirnos a algo que é case inútil ou de pouca importancia: *imperialismo católico*, *monarquía absoluta*, *despotismo ilustrado... todo eso é palla morta* (Castelao).

A **palla** oca foi aplicada para absorber líquidos e hoxe aínda chamamos **palla** a esa cana oca que é de material plástico. No campo escoitamos falar da **palla milla** ou de millo, da **palla triga** ou trigal ou de trigo, da **palla centea** ou de centeo e tamén da **palla restreba** que é o conxunto de pallas que quedan nas leiras despois da recolleita. Esta palla restreba é chamada por algúns falantes **palluga** e por moitos **pallugada**.

Curiosamente os adxectivos referentes a esta voz **palloso**, **pallizo** ou **pallarego** son pouco usados pola xente porque prefire decir **de palla**. Así escoitamos máis *este obxecto é da cor da palla* ca *este obxecto é da cor palliza*.

Encher unha cousa ou cubrir algo con palla é **empallar**: *acabo de empallar ese carro* significa loxicamente enche-lo carro de palla, pero tamén podemos entender esa frase no sentido de que acabo de axusta-las rodas dese carro ó eixe porque andaban frouxas e entón metín palla na cabeza do eixe para que se axustase ben.

Derivado de **empallar** é o nome de **empallada** (hai quen di **pallada**) que se usa para denomina-lo brazado ou feixe de herbas mesturadas con palla que se lle dá o gando ou para designa-lo conxunto de pallas que forman un colchón.

Outra mestura que se fai a base de palla e de barro e que se emprega, sobre todo nos lugares onde non hai moita pedra, para facer muros ou paredes de vivendas, cabanas, pendellos, etc., é coñecida co nome de **pallabarro**, voz que atopei bastante usada polos escritores: *as paredes son de pallabarro* (V. Risco), *as casas de pallabarro somellaban irse a derrubarse amolecidas* (Blanco Amor), *a casoupa de pedra e pallabarro* (Cortezón), *barrio alto de Vilachá medio aillado entre casoupas de pallabarro* (Casares).

Cando vémo-la lámina de metal ou madeira que levan algúns instrumentos de vento como a gaita ou a chirimía, onde poñémo-la boca para soprar, non pensamos xa na palla que debeu se-lo que tiñan antes, xa que o seu nome é **palleta**: *nunca dunha palleta saíu tan doce armonía* (Curros), *as palletas da gaita súa eran italianas* (Cunqueiro), *a palleta e o fol non se querían ceibar do gaiteiro* (Neira Vilas)...

Palleta é chamada tamén a lingüeta que se pon nos aparellos para cazar paxaros, o tallo de millo que queda tirado na terra despois de ser cortado e **palletas** son para moitos falantes os primeiros dentes que lles saen ás vacas. E nun sentido figurado, é chamada **palleta** a lingua, especialmente en expresións do seguinte tipo: *darlle á palleta* para significar falar moito ou *molla-la palleta* por botar un grolo: *o caso era ter ocasión de mollar a palleta* (X. Torres), *mollando a cada pouco a palleta co viño da bota* (D. X. Cabana).

1131. Cousas de palleiros

Cando os labradores segan os cereais atan o que cortan en feixes ou, mellor dito, en **monllos** ou **mollos** e con eles forman unha morea que é chamada **meda**, voz practicamente usada por tódolos falantes, se ben algúns din **medeiro**. Despois estas medas ou medeiros desfanse para malla-los cereais.

Coa palla ou coa herba seca que queda nas eiras ou nas leiras vólvese facer unha gran morea colocando esa materia ó redor dun pao de tal xeito que queda en forma de cono facendo o posible na súa colocación para que quede de tal modo que non penetre moito a auga das choivas. Aínda que hai falantes que chaman tamén a esa morea **meda**, a maior parte das xentes chámalle **palleiro**, que é a voz consagrada igualmente nos diccionarios e polos escritores.

Son moitos os exemplos que poderiamos citar do uso desta voz nos textos literarios: *marcha*, *can*, *a ladrar ó palleiro* (Rosalía), *estaba Pascuas na eira arrimado ao palleiro... queimábanse medas e palleiros* (Cunqueiro), *un misto pequeno pode queimar un palleiro ou unha zanca* (Neira Vilas), *os palleiros ocupan media eira* (M. María)...

E os **palleiros** son moi célebres gracias ós cans. O *can de palleiro* é o can típico ou común de toda Galicia, resultado do cruzamento de varias razas: *amada polo can de palleiro* (Otero Pedrayo), *pensou nun canciño*, *nun palleiro marelo* (Cunqueiro), *can de palleiro non quer compañeiro* (C. E. Ferreiro), *ladraba coma un can de palleiro* (Fole)... Pero hai quen lle chama ó can de palleiro can **palleirán** ou **palleireiro**.

Non tan corrente como a expresión *can de palleiro*, pero si bastante usada por moitos falantes, é a de *fillo de palleiro* que funciona como sinónimo de ***fillo de solteira ou de moza***, ou ***de achego***, ou ***de trala silveira***...

Facer palleiros é **empalleirar**, verbo corrente en toda Galicia (*a herba gadañada*, *curada e empalleirada recende máis e mellor que a rosa de máis olor*, de Manuel María), pero tamén podemos escoitar **apalleirar** e **palleirar**. Ás veces escoitamos dicir en vez de empalleirar **empallotar**, pero coido que este verbo debe significar máis que facer palleiros facer **pallotas** ou **pallotes** que é como algúns falantes denominan tamén ás citadas medas ou medeiros.

Sen embargo non podemos rematar de falar dos **palleiros** sen dicir que nalgúns lugares son chamados **palleiras**, voz que ten outra significación fundamental, da que trataremos no próximo comentario. Hai tamén mesmo escritores que empregan esta voz como sinónimo de **palleiro**: *e nunca lle faltou a boa palleira de herba seca cada inverno* (H. Villar), *¿Que o gando non ten lindeiro sin neve? Vaise á palleira. E con catro ou máis brazadas salse do apuro* (Noriega Varela), *Cando a Florentina saiba da burla desta noite arderá coma unha palleira* (Freixanes).

1132. Palleiras e pallozas

Xa falamos de como as moreas de palla ou de herba seca que se fan ó aire libre son chamadas **palleiros**, pero cando esa palla ou esa herba e mesmo outros productos ou tamén apeiros de labranza se meten nun lugar ou sitio construído, ese lugar ou sitio chámase **palleira**, voz nacida orixinariamente como lugar para as pallas e que despois serviu para outros fins.

Palleira é voz normal en toda Galicia e hai moitos que a usan por **pendello**, **alpendre** ou **alboio**: *agora andará loitando co iles na palleira* (Otero Pedrayo), *nun corruncho da palleira onde elas fixeron o seu niño* (M. Ferrín), *se fai bon tempo*, *durmen na palleira* (Fole), *durmían xuntos na palleira* (Cortezón).

Pero do mesmo xeito que hai falantes que chaman **palleiras** ós **palleiros**, tamén hai outros que chaman **palleiros** ás **palleiras**, cousa que igualmente fan algúns escritores: *Cando chegaron á portalada arrimáronse á parede do palleiro* (Cunqueiro), *a nai da rapariga durmía no palleiro* (F. Riego), *contándose andrómenas de mozas nos palleiros* (Cortezón).

Tamén hai falantes que denominan estes lugares con outras voces desta familia: **palletes**, **pallotes**, **pallotas** (*currales baleiros*, *pallotas desfeitas*, de Cabanillas), que en xeral poden servir para chamar calquera cabana ou caseta feitas con teito de palla, pero que normalmente adquiriron xa unha significación despectiva.

Mencionaremos por último outros dous nomes derivados de **palla** que son **pallar** e **pallal**. O primeiro, ademais de ser usado por algúns como sinónimo de **palleira**, emprégase en moitos lugares para chama-la terra que acaba de ser segada: *deixei dúas gadañas no pallar*. Do uso do segundo teño dous testemuños literarios: *cando me veu rebaldado á sombra*, *no pallal*, *volveuse* (Neira Vilas), *cando esa rapaza durmía no pallal* (S. Toro).

Finalmente quero facer referencia a outras dúas voces que teñen que ver con **palla**. A primeira delas, **pallaza**, escoiteina por primeira vez no significado de edificio ruín, cabana ou caseta pobre. Despois xa a oín a xentes que a usaban na significación de construcción con teito de palla e mesmo a calquera casiña que tivese o teito ovalado. E igualmente escoitei a dúas persoas da bisbarra de Compostela que chamaban ó toldo dun circo **pallaza**.

A outra palabra, **palloza**, moi corrente na zona oriental de Galicia, debeu ter en principio máis ou menos os mesmos significados que **pallaza** e é hoxe moi coñecida en todas partes para referirse a esa vivenda pequena de planta oval ou redonda, construída de pedra e coa cuberta de palla. As **pallozas** desa zona galega son hoxe ben coñecidas e citadas a tódolos niveis da lingua: *as pallozas do povo*, *cheas das armonías do traballo* (Curros).

En fin probablemente hai algún outro derivado de **palla** que non citamos. O que queda claro ou evidente é a vixencia desta voz no mundo galego.

1133. Fachas, fachos, fachicos, fachuzos

Esas presas de palla seca ben atadas que servían para alumar cando se encendían chámanse **fachas**, palabra de orixe latina e base de moitas outras. **Facha** é voz moi corrente nas provincias de Lugo e Ourense e moi empregada literariamente: *xardín*, *hortas*, *labramios*, *fachas*... (Otero Pedrayo), *caéralle a facha* (Leiras Pulpeiro), *encontrouse nunha adega sombría alumada con fachas de luz vacilante* (D. X. Cabana), *arden fachas e lanternas a ámbolos dous lados da marcha* (Freixanes), *alumarei con fachas de palabras* (Díaz Castro).

Variante desta voz nesa mesma significación é **facho**: *brinca pola porta de Sant'Angelo cun facho na man* (Freixanes), *vin vir aquel ollo*, *aquel facho que me encandilaba* (Neira Vilas), *portando fachos e candeas na man dereita* (G. Tosar), *pouco antes de que se prendesen os fachos e mailas lámpadas* (Conde).

Os mariñeiros empregan a miúdo os **fachos** como axuda na pesca e é moi corrente oí-la frase *imos pescar ó facho*. Naturalmente os **fachos** dos mariñeiros xa non son presas de palla... Tamén as fogueiras ou lumes acesos nos cumes dos montes, normalmente para servir de guía ós mariñeiros, son chamados **fachos** e mesmo os lugares ou montes onde se acenden son chamados igualmente **fachos**: *os cons i os fachos*, *as poutas*, *os promontorios* (Otero Pedrayo), *soñando está o bardo cun vago soñar á beira do facho que vértigo dá* (Pondal).

Esta luz viva que producen as fachas ou os fachos fai que ás veces algúns falantes cando ven pasar unha estrela fugaz exclamen: *¡Mira esa facha!*, *¡Mira ese facho!*

Pero estas voces teñen moitos derivados que actúan como voces sinónimas: **facheiro** ou **facheira**, que tamén usan algúns falantes portugueses, **fachico**, bastante empregado literariamente: *fume de fachico de palla no vento ulente* (Otero Pedrayo), *alcendeu co chisqueiro*, *a forza de sopros*, *un fachico de palla* (Cunqueiro), *espetouselle no rostro un fachico ardendo* (G. Tosar).

Fachón é igualmente moi empregado polos falantes das provincias de Lugo e Ourense e polos escritores: *os mociños da montana saúdan aquela festa con lus dos fachós de palla* (Curros Enríquez), *asistiron moitos cabaleiros que levaban fachós na mao* (Fole), *acenderon un fachón de cera na cabeceira da cama* (D. X. Cabana).

Fachuco é bastante empregado polos falantes da zona occidental galega e por moitos escritores: *Diante dil había tres fachucos de palla ardendo* (Fole), *con fachucos acesos na punta das astas* (Freixanes).

Tamén podemos escoita-las variantes **fachuzo**, **fachuza**, **fachueira** e os nomes de **fachiqueira**, **fachuqueira**, **fachoseira**, **fachuseira** para designar unha morea de fachas ou fachos.

Resulta curioso observar que hai bastantes falantes da zona occidental que, por influencia da voz **palla**, converteron os **fachuzos** en **palluzos** ou **pachuzos**.

En fin, as fachas e os fachos teñen bastantes derivados que serven para significa-lo mesmo cás palabras fundamentais.

1134. Outros derivados de facha e outras fachas

Xa falamos da existencia de **fachón** como derivado e como sinónimo de **facha**. Temos que engadir que algúns falantes da provincia de Ourense empregan esta voz non soamente para esas presas de palla que acenden, senón tamén para esas presas de palla, ou doutro material, para varrer. Así pois **fachón** funciona nalgúns lugares como sinónimo de vasoira. E, que eu saiba, hai tamén algúns lugares desa provincia onde as vasoiras son chamadas **fachizos**.

Hai quen ten como sinónimo de flamexar, laparear ou labarear a voz **fachear**. Coido que cando unha facha está acesa flamexa. De aí que en vez de dicir que *a facha flamexa* din que *a facha fachea*. Nalgúns diccionarios recóllese a voz luguesa **fachareada** como sinónimo de labarada.

Nalgunha ocasión (en *Cousas da lingua*) explicamos como da voz **lume** naceron as palabras **lumiar** e **lumieira** que pasaron a significar en principio lugar onde hai ou por onde entra a luz ou claridade a unha habitación e logo fiestra ou claraboia.

Penso que pola mesma razón de que a facha ou o facho dan luz, o seu derivado **fachal** pasou a ser sinónimo de claraboia, lumieira ou bufarda. E existen tamén os derivados **fachineiro** ou **fachinelo** con esta mesma significación. De **fachinelo** teño testemuños literarios: *Galván asomouse ó fachinelo do penal que daba ó leste* (D. X. Cabana), *observou tamén polo fachinelo do faio unha roda de xente* (H. Villar).

Sen embargo non podemos rematar estes comentarios sobre **facha** e derivados sen mencionar outra **facha** que non ten nada que ver coa **facha** galega. Trátase dunha voz italiana que foi introducida nas linguas peninsulares no sentido de figura, traza, pinta, aspecto, aparencia, etc., e que en xeral en galego ten un sentido negativo: *ímoslle ver a facha a esa meiga* (M. Ferrín), *despreciaban a súa facha de profesor ridículo* (Rábade Paredes).

E derivado desa voz **facha** é **fachada**, voz ben coñecida e usada a tódolos niveis da lingua: *a orballeira picou nas laxes*, *estirricouse polas fachadas dos pazos* (Otero Pedrayo), *escurecidos polo esceso de luz das fachadas* (Risco), *tiña un farolillo vermello e un rótulo na fachada* (M. Rivas).

Pero o derivado italiano desta familia léxica que tivo un éxito enorme en Galicia foi **fachenda**, que usan practicamente tódolos falantes. No libriño *Follas da lingua* sinalaba xa o uso que fixo desta voz Rosalía de Castro con varios exemplos. Poderiamos engadir moitos outros de Pondal (*con fachenda miroume*), Risco (*comerciantes vellos de moita fachenda*), Castelao (*esmagar a fachenda daquel inglés nifroso*), Fole (*era de moita fachenda e moi botado pra diante*).

E aínda moito máis éxito ten o adxectivo **fachendoso** que é tanto ou máis usado ca orgulloso, vaidoso, soberbio, presumido: *convertirmos a chouza natal en pazo fachendoso* (Castelao), *sabían que era máis fachendoso do debido e presumía de conquistador* (F. Ferreiro), *pide a cea todo fachendoso* (X. Torres)...

En resumo, tanto unhas **fachas** coma as outras son voces moi usadas na nosa lingua.

1135. Cascos de animais

Pregúntanme se a palabra **casco** é voz galega tradicional ou castelanismo. **Casco** é tan autenticamente galega coma castelá ou portuguesa e case afirmaría que ten na nosa lingua máis acepcións ca nas linguas irmás.

Para denomina-la especie de unlla das patas de moitos animais temos en galego a voz **pezuño** (coas variantes dos diversos lugares: **pesuño**, **pezuncho**, **pezunllo**, etc.) e o conxunto dos **pezuños** chámase en moitos lugares **pezuña**. Sen embargo a denominación máis estendida é **casco**. Os ferradores falan sempre de *ferra-los cascos*, como vemos nesta frase de Lamas Carvajal: *Bastián o ferrador queima*, *pra os ferrar*, *os cascos dun burro vello*.

Os **cascos** que lemos nestes exemplos de Otero Pedrayo (*baixo rosmar de osos*, *trepar de cascos*, *berros de comparsas*..., *cos rabos de cabalo dos cascos*), C. E. Ferreiro (*fortes cascos andadores e rabo bulidor*) e Cunqueiro (*síntese os cascos do cabalo nas lousas da praza*) confirman o uso desta voz a nivel literario.

Tamén hai lugares en Galicia onde se emprega esta voz para denomina-la cuncha das tartarugas e dos moluscos e mesmo hai quen chama **cascos** ás cascas de certas árbores e de moitos froitos e sementes. De aí que sexa corrente chamar **cascos** a restos de farelo ou relón como vemos nesta frase recollida en Valga: *en vez de darlle pan*, *o que lle daban eran cascos de fariña de millo*.

Cando rompemos calquera vasilla os cachos, pedazos ou anacos que quedan espallados son **cascos**, pero sen embargo hai envases, cubas, pipotes e cestas que se coñecen como **cascos** e algo aínda máis grande ca eses envases, como é o corpo dunha nave ou barco ou dun avión, sen as máquinas e demais aparellos, é tamén un **casco**. En "Se o vello Sinbad volvese ás illas" de Cunqueiro fálase de como *as naos dos de turbante pasaban por ollo ás naos de casco*.

1136. As coxas

A parte das extremidades inferiores ou posteriores dos animais vertebrados que vai desde os xeonllos ata as virillas e se corresponde co fémur no esqueleto chámase **coxa**, voz tradicional, moi común na parte oriental do galego e moi usada polos escritores sobre todo cando falan de persoas: *os xionllos tan subidos de máis que apenas lle queda un anaquiño de coxa* (Castelao), *co violoncello entre as coxas* (Pimentel), *leda co cisne entre as coxas* (Iglesia Alvariño), *pegándome bilisquiños nas coxas* (Blanco Amor), *estará coa mao estendida sobre unha coxa* (M. Ferrín), *apoiou tranquilamente as mans sobre as coxas* (Casares), etc.

Sen embargo na parte occidental de Galicia é moito máis popular a variante desta voz, **conxa**, da que non teño constancia de que a usen os escritores. Algúns diccionarios rexistran tamén as variantes **cuxa**, **couxo** e **coixa**.

Un derivado de **coxa**, moi popular nas provincias de Lugo e Ourense, é **coxote**, que atopei usado por M. Ferrín como sinónimo da voz orixinaria: *Agachouse*. *Levaba saia curta*. *O criado de Xixín e mais eu abrimos moito os ollos por lle ver os coxotes*. Pero en xeral **coxote**, como a súa variante **cuxote**, moi espallada pola provincia da Coruña, é aplicada máis ben ás coxas dos animais.

E outros derivados de **coxa** son **coxegón**, **coxigón**, **cuxigón**, **conxigón** que se empregan normalmente para referirse ás coxas das aves.

Malia a cantidade de voces populares existentes para denominar esta parte das pernas ou das patas entrou na fala dalgunhas xentes o castelanismo **muslo**, que uns falantes converten en **murlo**, outros en **mulro** e outros en murgo. Mesmo hai escritores que usan este castelanismo: *e así non achegaba os dedos á cadeira da señora*, *nin ao muslo*, *nin xiquer ao calcanar*..., *que a collía coa pontiña dos dedos*, *coma o muslo de pichón a priora* (Cunqueiro), *aproximando e retraendo as tetas buligantes*... *cruzando e desatando os seus muslos debecentes* (Rábade), etc.

1137. Zancos e pernís

Continuando co tema das **coxas** diremos que a voz **zanco** é a denominación máis corrente para designa-la parte das patas dos animais que vai desde o xeonllo ata a súa unión co tronco. En xeral cando dicimos *comín onte un par de zancos*, pensamos nos **zancos** das aves. Vexamos un par de exemplos de

Cunqueiro: *A carne da parte superior dos zancos dunha galiña vella*..., *cando lle bota un o dente a un zanco da perdiz*...

Pénsese que **zanco** é igualmente a voz que serve para designa-lo pao longo rematado en furco sobre o que se coloca o pé para andar sobre terreos húmidos ou para xogar: *Xan sabe andar moi ben con zancos*. E **zancos** son chamadas tamén máis ou menos festivamente as pernas longas e delgadas das persoas.

Nalgunhas partes de Galicia o **zanco** é dito **zanca**, vocábulo que se usa ademais para denomina-las pezas de madeira das **tixeiras**, que son os madeiros en ángulo que forman os tellados ou as vigas ou trabes que sosteñen os hórreos. E **zanca** é chamada tamén por algúns falantes a leira grande cerrada. Neira Vilas na súa obra "Memorias dun neno labrego" cita esta voz con ese significado: *Un misto pequeniño pode queimar un palleiro ou unha zanca*.

Sinalemos que a coxa e a anca de moitos animais é chamada como conxunto **pernil**, pero para a maioría dos falantes o **pernil** aplícase soamente ós porcos. Se digo que *hoxe comín pernil* todo o mundo entenderá *hoxe comín xamón*. Curros Enríquez cita esta voz en "Aires da miña terra": *E despois de deixarvos nas aras seis perniles de porco cebado*... E Cunqueiro fala bastantes veces do *pau de pernil*.

Digamos por último que hai xentes que chaman ós pernís e ós zancos **caxotas**, **caxotes** ou **caxotos**. Coido que estas voces nacen como derivados das **caxatas** ou dos **caxatos** do mesmo xeito que **zanco** tanto é coxa coma pau.

1138. Rabaños e arrabañar

En *Cousas da lingua* xa fixemos referencia á voz **grea** como conxunto de gando lanífero que ampliou a súa significación á de manada ou manda de asnos, cabalos, porcos, aves e mesmo persoas. Os nosos escritores usan esta verba en todos eses sentidos: *agallopan os cabalos da grea* (Iglesia Alvariño), *era o galo da grea infantil* (Dieste), *a grea dos rapaces*... *as greas dos folguistas*... *greas de peregrinos* (Otero Pedrayo, que fala así mesmo de *greas de nubens*), *unha grea de rapazas* (A. Conde, que tamén cita *unha grea de coches*).

Malia o uso estendido de **grea** tanto a nivel popular coma literario, o castelanismo ou protuguesismo **grei**, como conxunto de parroquianos, aparece recollido nos diccionarios modernos galegos talvez pola influencia da lingua castelá na vida relixiosa.

Con todo, hai que dicir que a esta verba tan corrente lle xurdiu na Idade Media unha voz paralela que tivo grande éxito. Trátase da palabra **rabaño** que ten unha orixe descoñecida, pero que xa desde moi antigo aparece nos textos escritos tanto galego-portugueses coma casteláns. En galego conservouse esta voz sen evolucionar na maior parte do ámbito territorial da nosa lingua e así a transcriben a maior parte dos nosos diccionarios coa significación tanto de conxunto de animais, especialmente ovellas e cabras, que viven xuntos gardados por un pegureiro, coma conxunto de persoas que xeralmente son guiadas por alguén.

Esta palabra **rabaño**, por razóns que veremos a continuación, é moi pouco seguida polos escritores non contemporáneos: *eran un fato de lobos e un rabaño de ovellas* (D. X. Cabana), *ós deuses hai que facerlles sacrificios*, *matarlles un añiño para salvar un rabaño* (Conde).

Ó lado desta voz está bastante viva en moitos lugares de Galicia a variante **arrabaño**, que non sei se naceu como vulgarismo orixinado polo reforzo vocálico A que reciben moitas verbas que empezan pola consoante *r* (**arrabear** por **rabear**, **arregañar** por **regañar**, etc.) ou como derivado do verbo desta familia **arrabañar**.

Arrabañar está xa presente nos textos antigos, está recollido polo frade Sobreira, do século dezaoito, coa significación de "limpiar y recoger la broza de los comareyros y gatumeiras" e por algúns diccionarios que dan os significados de aproveitar ben o que contén un prato de comida, de coller tódalas cousas que están nun lugar espalladas sen deixar nada, etc.

Este verbo naceu probablemente da voz **rabaño** para significar primeiramente reunir e xunta-las ovellas soltas e despois debeu tomar esas acepcións que acabamos de dicir. Para moitos falantes galegos é unha palabra corrente para expresar frases como estas: *O neno arrabañou todo o prato*, *non deixes de arrabañar tódalas castañas que están no chan*, *Pepe arrabañoume tódalas fotos que eu tiña na mesa*, etc.

1139. Seguimos arrabañando

Continuámo-lo comentario anterior arrabañando bastantes cousas que quedaron sen mencionar. Digamos en primeiro termo que a voz popular **rabaño** pasou a ser para algúns **rebaño**, do mesmo xeito que as palabras **raquítico**, **raigaña** ou **rancor** son pronunciadas por algúns falantes **requítico**, **reigaño** ou **rencor**, fenómeno da pronuncia popular que actúa tamén ó revés. Voces como **restrollo**, **restrelo** ou **rebanda** son pronunciados **rastrollo**, **rastrelo** ou **rabanda**.

Esa confusión das sílabas iniciais *ra* e *re* ocorre tamén no castelán e no portugués e precisamente, no caso da nosa voz **rabaño**, neses idiomas triunfou a forma **rebaño** a tódolos niveis da lingua, cousa que non pasa en galego, onde esa variante **rebaño** é non tan popular coma **rabaño**, nin na lingua falada nin nos textos dos filólogos e dos diccionarios.

Sen embargo (¿acaso pola influencia do castelán?) hai bastantes escritores que usaron a variante **rebaño**: *rebaños de xente algureira* (Otero Pedrayo), *de moitos rebaños e armentíos* (Castelao), *ver pasar os mesmos lobos e rebaños* (C. E. Ferreiro), *leite de ovella*, *dos rebaños que paceron*... (Cunqueiro), etc.

De igual maneira que hai xentes que din na súa fala **rebaños**, tamén as hai que din **arrebaño**, que eu escoitei moito pola provincia de Ourense e que lin nun texto do escritor Méndez Ferrín: *na que corría o corzo e se movían arrebaños de pericas*, *coma nubes soltas*.

Neses mesmos lugares onde din **arrebaño** escoitamos igualmente dicir **arrebañar** cos mesmos significados que a voz orixinaria **arrabañar**.

Pero a realidade da lingua amósanos que hoxe se emprega bastante o verbo **arrepañar**, que talvez orixinariamente non tiña nada que ver coa familia léxica da que estamos a falar. Podemos dicir *arrepaña iso que está no prato* e nese caso resulta que ten a mesma significación de **arrebañar**, pero xeralmente ese verbo leva consigo un grao de forza e case de roubo, como vemos nestes exemplos literarios: *o diñeiro que o vello arrepañara con tanta paciencia* (Castelao), *o gran cabrón arrepañou canto quixo* (Freixanes), *as cativas*, *coma pegas cobizosas*, *arrepañaban calquera obxecto brillante de lata ou plástico* (Alcalá)...

Esa mesma realidade da lingua sinálanos tamén que coller algo que está espallado polo chan ou mesmo nun prato é **apañar** que é un verbo moi común en toda Galicia para significar recoller calquera

froito da terra ou das árbores, adquirir enfermidades ou vicios, recibir golpes ou pancadas, quedar preñada unha vaca, etc.

Vexamos algúns exemplos literarios deste verbo, xa moi tradicional en galego e portugués pero talvez de orixe castelá: *Xan vai apaña-lo esterco* (Rosalía), *apañando as máis belidas froles* (Otero Pedrayo), *apañou algúns peixiños que quedaban na area* (Dieste), *apañou garabullos e felgos ben secos* (D. X. Cabana), *en tempo de apañar cereixas* (Alcalá), ós que engadimos estas frases populares: *Pepe apañou unha malleira*, *María apañou a gripe*, *despois dun ano esta vaca apañou*...

1140. Pericas e pericos

No anterior comentario citabamos unha frase do libro "Arraianos" de Méndez Ferrín na que se mencionan as **pericas**: *Habitaban unha terra irta*, *montesa*, *fría*, *na que corría o corzo e se movían arrebaños de pericas*... E máis adiante volven saí-las **pericas**: *Un furor louco de pericas*, *marrellos e galiñas*.

Coido que para moitos lectores esta palabra é normal no significado de ovella nova, do mesmo xeito que a voz **perico** é aplicada ó carneiro novo. Non teño idea da razón desta denominación. Talvez a palabra **perico**, corrente en moitos lugares como diminutivo do nome propio Pedro ou Pero, foi aplicada en principio a quen era rebuldeiro ou enredante e logo aplicouse a estes animais novos.

Curiosamente (¿cecais por esta suposta razón?) tamén foron chamados **pericos** ou **pericas** os raposos e as raposas sen ter en conta a idade e mesmo recibiron esta denominación nalgúns lugares os lobos e as lobas.

Tamén nunha ampla zona da parte suroccidental da provincia da Coruña escoitamos chamar **pericos** a aqueles becerros, tenreiros, cuxos ou xatos que son moi saltóns ou saltareiros e que se dedican a intentar facer de sementais.

O diccionarista do século pasado, Marcial Valladares, fai referencia á expresión **tomar perico** na significación de enfadarse, emperrencharse ou encabuxarse que no fondo ten relación co que acabamos de dicir. En resumo facer de **perico** é algo así como ser enredante, saltón ou "divertido" como os animais que citamos.

De aí o feito de que os nenos que son moi travesos, revoltosos, arteiros ou raposeiros sexan chamados **pericos** e sobre todo son denominadas así as nenas ou mozas que se comportan alegre ou revoltosamente ou que son marimachos.

Sen embargo hai moitos lugares en que as vacas cos cornos moi abertos, pero cara a arriba, son chamadas **pericas**. ¿Será acaso porque teñen un certo aire cos pericos ou carneiros?

Os diccionarios do século pasado recollen outra significación de **perico** que non ten nada que ver cos pericos que fomos citando. **Perico** é voz xa bastante antiga (tamén en castelán) para denomina-la trenza de pelo que as mulleres forman na parte superior da súa cabeza e aínda hai moita xente que conserva este significado de **perico**.

Precisamente a comparación deste **perico** cos bicos dos moletes de pan fixo que algúns falantes os chamen **pericos**. E non sei se unha comparación semellante á que acabamos de dicir é a razón de que haxa tamén falantes que chaman ós bicos dos peitos ou mamilas **pericas**.

E **pericos** son chamados algúns tipos de mazá e de pera e doutros froitos e, sobre todo nalgúns lugares da parte central de Galicia, é moi corrente escoitar chamar así os chícharos, ervellos ou ervellas...

En fin, poderiamos citar máis casos en que a voz **perico** ou **perica** se aplica a moitas outras cousas como bañado ou penico ou certo tipo de lanchas ou pericoto ou saínte dunha roca ou periquete de tempo, etc.

1141. Atar patas e cornos

Preguntáronme se era moi coñecida a voz **acabicornar**. Coido que non. Naturalmente si o é na zona do nordeste da provincia de Lugo onde se emprega coa significación de atar unha das patas dianteiras dunha vaca a un dos seus cornos para que non poida correr ou moverme libremente. Non sei se algún falante chama á corda que emprega para facer iso **cabicorno**.

Lendo "A vila sulagada" de Daniel Cortezón atopei que usa unha variante de **acabicornar**, palabra que está rexistrada nalgúns diccionarios. Trátase de **cabicornar**, segundo vemos nestas frases: *vacas pacendo*, *víndoo asesgar*, *ás veces apeazadas*, *outras cabicornadas*..., *berrarlles*: *"esmoleiros*, *apeazados*, *acabramados*, *cabicornados"*..., *seguían lindando e muxindo as vacas como sempre*, *cabicornando as máis túzaras*.

E en relación con estas voces hai outras completamente sinónimas porque significan o mesmo. Falemos, en primeiro termo de **acaboardar**, que xa citamos no noso libriño *Peneirando palabras*, que ten como base a voz **caboardo**, corda chamada así porque está formada sobre **cabo**, que significa non só o extremo ou parte final dunha cousa, punta da costa que penetra no mar ou o mango dunha ferramenta, senón tamén corda.

Estas voces están vivas polo norte da provincia da Coruña, pero non recordo velas usadas por ningún escritor. Sen embargo nos citados textos de Daniel Cortezón vímo-lo emprego da voz **acabramado**, participio do verbo **acabramar**, que xa está rexistrado no diccionario de Cuveiro, do século pasado, coa mesma significación cás outras voces xa citadas.

Penso que **acabramar** e **cabramo** ou **acabramo** (cordas coas que se atan patas e cornos), voces citadas non soamente nos nosos diccionarios, senón tamén nos portugueses, son palabras non moi populares, pero das que temos proba da súa existencia en textos de hai bastante tempo. O etimoloxista portugués José Pedro Machado pensa que proceden tamén da mesma familia de **cabo**, é dicir dun derivado da voz latina CAPULUM.

Outra voz máis coñecida ou máis espallada por Galicia cás que acabamos de citar é **cadarme**, que ten a significación de corda que serve, entre outras cousas, para ata-la pata dunha vaca a un dos seus cornos. De aí a existencia do verbo **acadarmar**, que está rexistrado por algúns filólogos en diferentes lugares do territorio galego.

Pero nalgúns diccionarios aparecen recollidos outros usos desta voz que claramente se derivan do citado: deter un fuxitivo (suponse que botándolle un cadarme), bota-lo lazo (é dicir, o cadarme) a un animal que escapa, xunta-los animais para levalos á corte (supoño que valéndose de cadarmes).

O verbo **acadarmar** é usado festivamente por algúns falantes, segundo vemos no libro de Noriega Varela "Como falan os brañegos": *Acadarmárono*, *ou acabicornárono ou puxéronlle o xabrexugo*: *contrajo matrimonio*.

Sen embargo teño que dicir que nos queda por falar das palabras máis correntes para ata-las patas dos animais para que non se movan.

1142. Pexar e soltar

No noso anterior comentario fixemos mención de bastantes voces, usadas sobre todo na metade norte de Galicia, para designa-lo feito de non deixar moverse as vacas atándoas con diversas cordas que son denominadas **cadarmes**, **cabramos**, **caboardos**, etc.

Falando un día da expresión *ter maniotas*, recordaba que a voz **maniota**, tipicamente galega para significa-lo que en castelán se chama *agujeta*, estaba viva nesa lingua e en portugués para designa-la corda coa que se atan as patas dianteiras dun animal para que non se mova. Probablemente esa voz, derivada de **manea** (que está viva aínda en Brasil), pasou de ser corda ou tamén pao e mesmo cadea a dor muscular, feito que non ocorreu nas outras linguas.

En bastantes lugares de Galicia en vez de empregar ese derivado de mans, úsase moito un derivado do latín PEDEM (o noso **pé**). Trátase da voz **pexa**, que desde logo é moi usada na metade sur de Galicia e así consta en tódolos diccionarios que amplían ademais a súa significación fundamental á de molestia, impedimento ou estorbo. Como proba do emprego literario vexamos estas frases de V. Freixanes: *os Anxos Caídos e Malditos*, *aferrollados de pexas e cadeas*..., *Non hai pexas nin atrancos para os pasos do Señor*..., *que xa o Tigre agancha ceibo e sen pexas polo ceo de estrelas*.

Poñe-la **pexa** a un animal é loxicamente **pexar**, verbo máis corrente que tódolos citados no anterior comentario e que mesmo os escritores empregan tanto no seu sentido propio coma no figurado: *tendo as maus pexadas coas esposas*..., *e todo porque o teñen pexado coma unha besta* (Blanco Amor), *pexando por calisquer medio*, *as ambicións dos españois* (M. Ferrín), *pexa a túa gula* (C. E. Ferreiro). Hai quen emprega **apexar**: *coellos da casa coas patas apexadas* (H. Villar), *Que me apexan as arelas*... (R. Paredes).

Naturalmente poderiamos **pexar** animais tamén con outras cordas como **soliños**, **piegas**, **piogas**, **piallas**, etc., que teñen outras finalidades, pero a palabra máis corrente en toda Galicia para denominar esa corda que serve para ata-las patas dos animais é **solta**, que tamén é moi empregada polos escritores: *cos pés trabados cunha solta* (Fole), *Vencéllaste ó crime coma a un prado o cabalo con solta*..., *ponlle ó pacífico animal unha solta de torzal* (Cunqueiro).

E tamén o verbo máis común en Galicia ca **pexar** e demais verbos é **soltar** que, a pesar de ser empregado ata o día de hoxe nesa significación por centos de miles de galegos, vai sendo cada vez máis usado como sinónimo de ceibar, liberar e sobre todo de desatar ou desamalloar.

Teño a impresión de que **soltar** vai perder esa significación de poñer unha solta a un animal como xa sucedeu en portugués e en castelán, que conservan aínda a voz *solta* ou *suelta* (en castelán).

1143. Cocos e cocas

Coco e **coca** son palabras moi correntes na nosa lingua para denominar moreas de cousas. Ante a pregunta ¿cal é a diferencia entre **coco** e **coca**? teño que contestar que na maior parte dos casos podemos empregar indistintamente calquera desas voces para a mesma cousa.

En latín existía a palabra COCCUM que significaba un tipo de insecto e tamén bugalla ou bugallo, e desa voz proceden algúns **cocos** e **cocas**. Nunha lingua americana está a orixe de certo tipo de **cocos**, e son moitos os **cocos** e **cocas** que naceron como formas creadas para imitar certo tipo de sons que representasen determinadas cousas.

Coido que para calquera falante **coco** é fundamentalmente esa especie de verme que se cría nas froitas, no touciño, no xamón ou en calquera tipo de carne ou de peixe, e mesmo calquera outro tipo de verme. Un **coco** é pois un becho ou bechoco. E a calquera destes **cocos** podemos chamalos tamén **cocas**.

No intestino hai ás veces certo tipo de lombrigas que son chamadas **cocas** ou **cocos**. Hai quen chama ós últimos artellos das patas dos crustáceos **cocas** ou **cocos**.

As excrecencias de certas árbores e incluso do millo son chamadas tamén **cocas** ou **cocos**, pero escoitei a miúdo chamar **coca** á parte superior en forma de cúpula que teñen as landras ou belotas. Esa denominación paréceme que é a base de que a bóveda que forman as parras para adorno ou para dar sombra sexa chamada **coca**. E talvez por este tipo de forma hai quen chama **cocas** ás cabazas e mesmo ós froitos dos loureiros.

Coca é o veleno que se compra ou que se fai na casa con certos productos para botalo nas augas dos ríos onde os peixes que o toman quedan medio achispados e son máis fáciles de coller.

Cocos e **cocas** son chamadas tamén as feridas infectadas nas patas dos animais, pero **cocas** son as plantas americanas das que se extrae a cocaína e **cocos** son as árbores chamadas tamén **coqueiros** que producen ese froito, **coco**, tan coñecido actualmente e tan apreciado pola súa branca polpa.

Pero cecais para a maior parte dos nenos pequenos a primeira significación de **coco** é esa fantasma ou pantasma imaxinaria da que lles fala a xente maior para metérlle-lo medo no corpo.

E moi famosa foi a **coca**, figura de serpe con ás ou animal fantástico que ía en primeiro termo nas procesións de Corpus nalgúns lugares de Galicia.

E **coca**, tanto coma **coco**, pode funcionar na fala de calquera galego para referirse ó cranio, á cabeza, non soamente nun sentido festivo, senón mesmo nun sentido normal como cando dicimos: *Fulano ten moitas ideas no coco*.

En fin, quedan probablemente algunhas outras **cocas** ou **cocos** interesantes ás que non fixemos referencia.

1144. Años, cordeiros e roxelos

O fillo da ovella que é menor dun ano era chamado en latín AGNUS, palabra que se mantivo practicamente en tódalas linguas romances e que se transformou por evolución fonética normal en **año**. Esta forma é común en toda Galicia e moi empregada loxicamente polos escritores: *años que balás nos montes* (Rosalía), *que inda me qués cal quer o lobo ó año* (Curros), *vería os mansos años voltos lobos* (Leiras Pulpeiro), *a carne de año ou a de cabrito tan soio se proban nas festas* (Fole), *comera o año máis sabroso que acariñara o seu esixente paladar* (Casares).

Ó lado de **año** existen algunhas variantes como **aniño**, que se formou como diminutivo e que logo transformou o primeiro eñe en ene (*matarlles un aniño na ara que eles indiquen*, de A. Conde),

añoto e **añagoto**, que parece ser un cruce de **año** cunha forma *agoto*, hoxe xa perdida, e que tiña a mesma orixe có castelán *igüedo*.

Na época latina xurdiu unha nova voz para chama-los fillos das ovellas, CHORDARIUS, que evolucionou en **cordeiro**. As xentes chamaron ós **años** tamén **cordeiros**, pero esta nova palabra non logrou vencer a **año**, cousa que si pasou en castelán porque *año*, "fillo da ovella", tiña choque con *año* "espacio de tempo".

Cordeiro é palabra normal galega, pero en xeral, tanto na lingua falada coma na escrita, é menos empregada: *caladiños cal cordeiros* (X. M. Pintos), *antre as margaridas pacen os cordeiros* (Rosalía), *bótaselle a culpa a quen pelou un cordeiro* (Cunqueiro), *libra e media diaria de cordeiro* (A. Conde).

O frade Sarmiento falou xa no século dezaoito da voz **curcio** para denominar este pequeno animal. Eu nunca a escoitei ós falantes, pero si a recollen algúns diccionarios e foi empregada por Otero Pedrayo: *Eiquí os millores curcios na primaveira*.

Hai quen chama a este animaliño **borro**, voz practicamente desaparecida e que debe se-la base de *borrego*, palabra normal castelá. Curiosamente hai que dicir que moitos galegos empregan esta voz para chamar ós ignorantes ou tontos, pero nunca ós años.

Temos que deixar constancia da existencia da voz **carruxo**, que recollen algúns diccionarios como sinónimo de cordeiro ou año, pero que é practicamente descoñecida para a xente nova.

Por último temos que falar doutra voz que mencionou xa o frade Sarmiento: "**reixelos** (hoxe **rexélos**). Corderitos de leche u otro animalito" e que cita tamén o frade Sobreira entre os animais mansos como **roxelo**. Estas formas recóllense nos primeiros diccionarios galegos e teño que dicir que actualmente a forma máis estendida na fala popular é **roxelo** e logo **rixelo** e mesmo hai quen di **reicelo**.

Penso que estas formas que aparecen nos textos medievais como *reicelos*, *reixelos* ou *rexelos* recibiron posteriormente a influencia fonética doutras voces que comezaban coa sílaba *ro-*. De aí a popularidade da forma **roxelo**.

1145. Andoscos, ovellas e carneiros

No comentario anterior deixei sen citar entre os sinónimos da palabra **año** a voz **andosco** ou **andosca**, que se emprega bastante no galego oriental para chamar ós cordeiros que teñen arredor dun ano e festivamente ós homes ou mulleres que actúan con pouco sentido ou xuízo. Practicamente é descoñecida para o resto dos galegos, pero debeu estar moi estendida en Galicia, Asturias e outras partes da Península nos tempos antigos.

Pero non podo menos de cita-las **ovellas** como unha desas voces normais do galego que non teñen sinónimos. Tódalas voces que citamos anteriormente para denomina-los seus fillos ou fillas deixan de empregarse cando chegan a ser "maiores de idade"..., é dicir, en canto poden ser nais, dar leite, dar la, etc. Para denominar certo tipo de ovellas, estas son cualificadas con adxectivos ou con diversas locucións, pero non con palabras diferentes. Así falamos de *ovellas guía*, *mestras*, *churras*, *pegas*, *pintas*, *ruzas*, *meiriñas*, *trashumantes*, *da man*, *das vacas*, etc.

Naturalmente a voz **ovella** é moi empregada polos escritores no seu significado normal (*fuxía polos campos escorrentando ovellas*, de Castelao) e tamén nun sentido comparativo ou figurado: *soio quedaches*, *como unha ovelliña enferma* (Rosalía), *síntoo por eles*, *que parecen ovelliñas en vez de homes e mulle-*

res (Neira Vilas), *son ovelliñas de néboa e lus guiadas polo caxato do sol de Deus* (Otero Pedrayo), *das ovellas descarriadas* (V. Risco)...

Sen embargo os machos das ovellas, os **carneiros**, son máis apreciados pola súa carne: *matouse un carneiro*, *grande como un boy* (Rosalía), *un caxote de carneiro* (Otero Pedrayo), *leitóns e carneiros asados* (D. X. Cabana), e naturalmente pola súa pel e sobre todo polos seus cornos, que, como di Castelao, *colocábanse os cornos do carneiro na porta das vivendas*. Cando fala dos cruceiros afirma que as cruces antefixas galegas non son sostidas por años, senón por outro animal semellante: *Trátase*, *porén*, *dun carneiro e non dun año*.

O carneiro ten sona de ser testalán, testudo, cabezudo, teimudo... De aí que se chame a unha persoa teimuda **carneiro**. Este feito xa vén citado por Rosalía: *esto unha vella viuda*, *e terca como un carneiro*, *falaba do seu difunto*. E podemos escoita-la voz **carneiro** funcionando adxectivalmente con esa significación de terco: *Pepe é moi carneiro*, pero coido que está máis estendido por toda Galicia o derivado desta voz, **carneirán**, como sinónimo de testalán, testudo, teimudo, etc.

Por razóns non moi claras de semellanza nas enrugas das cunchas dalgúns tipos de berberechos coa la dos carneiros, algúns moluscos son denominados **carneiros** ou **carneirolos**.

Digamos por último que as voces, **perico** ou **perica**, que teñen varias significacións na nosa lingua, son aplicadas por algúns falantes para denomina-los carneiros ou ovellas que aínda son novos.

1146. Atobar ou entobar

Hai moitas xentes que falan das **covas**, **encovas**, **encovos**, **coveiras**, **coveiros**, **goridas**, **guaridas**, **madrigueiras** ou **cochos** como lugares ou sitios onde viven ou se refuxian certos animais. Sen embargo hai unha voz, **tobo**, que é sobre todo moi empregada na metade occidental de Galicia, para denominar ese burato debaixo da terra onde se meten os coellos.

Son moitos os escritores que usan esta palabra nesa significación: *cada conexo ó seu tobo* (Rosalía), *o coello pasa o máis do día metido no seu tobo* (Cunqueiro), *e non había un tobo de coello*... (Neira Vilas), *saía por un burato tan pequeno coma un tobo dun coello* (M. Ferrín).

Naturalmente **tobos** poden ser tamén covas ou goridas doutros animais: *o vello león xa a penas se move do seu tobo* (Freixanes), *o can Ney sae supetamente do seu tobo* (F. del Riego) e mesmo refuxios, casiñas ou nun sentido figurado moitas outras cousas: *os peregrinos buscan un tobo entre as pedras para descansar* (Freixanes), *dun enano que non quería amosarse fora do seu tobo* (Cunqueiro), *tobo no que se agachar* (Conde), *agora queremos falar do municipio rural de Galiza*, *que é o tobo da raposería caciquil* (Castelao), *para coller ó mestre se baixaba dos seus tobos da serra* (F. Ferreiro)...

Tobo, como tantas outras voces, ten variantes, non moi correntes, coma **toba**, **toubo**, **tubeira** ou **tobeira**, que vin empregada por algúns escritores: *o cabalo afociña nunha tobeira de "bizcachas" e Pedro esnáfrase contra o chan* (Castelao), *quixera dar cun furado ou tobeira onde se agachar* (Freixanes).

Cando vemos que un coello vai para o **tobo** podemos dicir que vai **atobar** e se está metido dentro diremos que está **atobado**, pero **atobar** é moi empregado polos escritores tamén coas mesmas significacións figurativas de refuxiarse, abrigarse, gorecerse, esconderse, etc.: *E foise ao seu coarto atobándose nel*, *pechando a porta* (Cortezón), *un non entende*, *e Guldrís non entende*, *onde se atoba a xente* (Rábade

Paredes), *agardábanos atobados*, *quedos*...; *a Mauro parécelle que está cheo de atobada sabencia este campesiño curtido* (F. del Riego).

E outra maneira de dicir que un coello se atoba ou está atobado é **entobar**, voz que tamén usan moito os escritores nas mesmas significacións que as que acabamos de ver nos exemplos anteriores: *covas en que os lobos se entobaron* (Cabanillas), *e pra non entobarme deseguida na "pieza"* (Neira Vilas), *fuxindo*, *correndo e voltando a entobarse despois* (Cortezón), *entobado no medio dos toxos e uces* (F. Ferreiro)...

Digamos por último que na metade oriental de Galicia é usual chamar ós tobos **tocos** ou **toqueiras**, voces que vimos empregadas nas obras dalgúns escritores ourensáns: *á percura dos tocos dos coellos por entre as fragas* (Casares), *na súa toqueira*, *o papai da meniña embrullábase en cobertores* (M. Ferrín).

1147. Tosar e tosquiar

Corta-lo pelo ou a lá a un animal dise en galego con diferentes verbos. Pensemos en primeiro termo na voz latina que tiña esa significación: TONDERE, que se converteu en galego, como noutras linguas románicas, en **tondir** ou **tundir**. Esta segunda forma é a que se impuso, pero ó longo dos tempos deixou de ser usada nesa significación primitiva e pasou a especializarse en corta-lo pelo dos panos e despois en dar golpes sobre algo ou alguén. E de aí naceu esa palabra tan coñecida, **tunda**, que é moi empregada a tódolos niveis da lingua: *perdeu a fala coa tunda que lle deron uns ladróns* (Cotarelo), *matábame a tundas* (Castelao), *costoulle algunhas tundas* (Cunqueiro). E deste nome saíu o verbo tan corrente: **tundar**. ¿Quen pode pensar hoxe que **tundar** tiña algo que ver con corta-lo pelo ou tundir?

O participio do verbo latino TONDERE era TONSUS e del, como ocorre noutros casos, formouse o verbo TONSARE, que ten moitos derivados nas linguas romances e que conserva a significación primitiva de TONDERE. E TONSARE dá en galego e portugués **tosar** (en castelán *tusar*). En portugués consérvase aínda moi vivo na significación orixinaria e ten moitas outras máis. En galego mantense actualmente nalgúns lugares no sentido esclusivo de corta-la lá dos animais laníferos.

Como pasou en tantas outras ocasións entraron hai moitos séculos voces xermánicas nas linguas peninsulares. Como rival ou competidor xurdiu o verbo **esquilar**, que hoxe se mantén normal en catalán e castelán, pero que en portugués e galego practicamente se perdeu. Non sei se algúns falantes galegos que hoxe o empregan, o fan por uso dunha voz xa anticuada ou por imitación do castelán. A Cunqueiro escápaselle en "Xentes": *e Couto ganou unhas pesetas axudando a esquilar nun pobo de Huesca*.

Ese verbo **esquilar** formou en castelán a variante *trasquilar*. O **esquilar** galego e portugués perdeu,como fenómeno de evolución fonética normal o ele intervocálico e ese **esquiar** por influencia do verbo tradicional da mesma significación, **tosar**, pasou a ser **tosquiar**, que moitos falantes din **tosquear** e mesmo algúns din **trosquiar**, **trusquiar** e **tusquiar**.

Tosquiar é considerado polos diccionaristas da actualidade como o verbo xustamente correspondente ó castelán *esquilar*, pero debemos dicir que existen outros verbos que teñen esa significación. Así, por exemplo, **chamorrar**, que cita Eladio Rodríguez e que parece ser derivado de **chamorro**, voz de orixe prerromana que significa pelado, **tosquiado**, e **arrocar**, que moitos falantes usan como sinónimo claro de **tosquiar**, outros soamente no sentido de corta-lo pelo moi curto, outros no de corta-la herba, etc. Penso que **arrocar** debeu nacer no sentido de poñer algo tan "pelado" como unha roca...

Pero en fin, aínda queda por falar doutro verbo máis corrente ca **tosquiar** na fala popular...

1148. Rapar e os seus derivados

A maior parte dos galegofalantes, aínda os que coñecen os verbos xa citados tosar e **tosquiar**, empregan case sempre **rapar** para significar corta-lo pelo ou a la ós animais. Esta voz de orixe tamén xermánica, como o citado **esquilar**, tivo un éxito enorme na nosa lingua conservando ese sentido orixinario e adquirindo outras significacións.

Cando se corta o pelo a un animal faise de modo que a penas se lle note o pelo que queda no seu corpo. De aí que cando se corta o cabelo a unha persoa deixándoo moi curto digamos que se rapa. **Rapar** nesa significación de corta-lo cabelo moi curto a unha persoa é empregado tamén na lingua castelá, na que se descoñecen tódolos demais significados que ten ese verbo en galego.

Curiosamente este uso de **rapar** para referirse ás persoas é moi empregado polos nosos escritores: *i os nenos emporranchiños*, *coa cabeza rapada* (Curros), *facíase rapar polo barbeiro coa gorra posta* (Castelao), *coa cabeza rapada coma algúns monxes de Oriente* (Freixanes).

Pero **rapar** tomou o sentido de pasar unha rebola por encima dun ferrado ou de calquera outra medida de cereais. O frade Sobreira explicaba así a significación de rapar: "pasar la rapa o rebola por la medida de grano, para hacerla rasa, quitándole el cugulo". De aí que **rapar** signifique tamén alisar calquera cousa, e mesmo toma moitos significados de raspar, desbastar, etc. Así podemos dicir que *rapamos todo o que quedou na artesa* ou que *rapamos unha colmea*, etc.

A acción de **rapar** é unha **rapa**. Lembrémo-la tan coñecida *rapa das bestas*... E hai xentes que falan das **rapadas**, **rapadelas** e **rapaduras**. Pero ese nome de **rapa** é empregado para denomina-la pa pequena de ferro que se usa para rapar ou raspa-las cousas pegadas nunha superficie. Claro que hai xentes que chaman a esas rapas **rapadeiras**, **rapadoiras** ou **rapóns**.

E desta familia léxica de **rapar** naceron moreas de voces que se aplican a determinados peixes e mesmo insectos. Así podemos escoitar en diversos puntos de Galicia estes nomes: **rapante**, **rapacarallas**, **rapaconas**, **rapacricas**, **rapacús**, **rapapelos**, **rapapote**, etc.

Das **rapas** das artesas fanse corvechos, boliños ou bolos que se chaman **rapeiros**, **rapotes** ou **rapotas**.

Rape serve para denomina-la banda superior de certas redes, e tamén algún peixe e a expresión **ó rape** é moi corrente na significación ó rente de.

De **rapada** naceu a expresión **á rapada** ou **ás rapadas** para referirse a algo que está cheo ata arriba dun recipiente: *enchemos de uvas este caldeiro ás rapadas*.

En fin, hai palabras que ó longo dos tempos van transformándose na súa significación e neste caso concreto de **rapar** influíron tamén outros verbos semellantes foneticamente como raspar ou rascar ou rapañar...

1149. Máis cousas de pena

O adxectivo que serve para indicar que algo causa pena é **penoso**, voz que amplía a súa significación para funcionar co mesmo sentido de laborioso, dificultoso, fatigoso, etc.: *non podía ser máis penosa nin máis chea de riscos* (Castelao), *contra o penoso e tristeiro espeitáculo dos galicismos* (Risco), *en penosas e longas navegaciós* (C. E. Ferreiro), *con que alegra-la derrota penosa da ínsua perdida* (Iglesia Alvariño).

Desde un punto de vista legal debemos recorda-lo adxectivo **penal** (Castelao emprega bastante esta voz: *supricio penal*, *xurisdición penal*, *código penal*) e o substantivo **penal**: *esmorezo entre os catro penales* (Leiras Pulpeiro), *hai un furado no penal e pode saír cando queira* (D. X. Cabana).

De **penal** saen outras voces que poderiamos chamar cultas: **penalidade**, que ademais de significa-lo sistema de **penas** impostas pola lei ten o sentido de sufrimento ou traballo penoso: *Un viaxe cheo de penalidás* (C. E. Ferreiro), *pola súa resistencia ás penalidades* (M. Ferrín), *falarache das penalidades sufridas no frente de Asturias* (Gonsar); **penalización** (*Don Antonio comentou o referente a penalizacións e sancións rigurosas*, de Rábade), **penalista** (*redactor penalista dun coñecido xornal*, de C. E. Ferreiro), **penalizar** (*os xogadores expulsados non foron penalizados*).

Pasemos agora a outra clase de **penas**. A palabra latina para denomina-las plumas das alas ou das codas das aves era PINNA que pasou a ser en galego por evolución fonética normal **pena**, palabra que aparece nos nosos textos medievais como vemos nestas frases das "Cantigas de Santa María": *como muda penas a andorga... as penas que mudadas ante aver non poden*.

Esta voz **pena**, foi pouco a pouco substituída pola sinónima **pluma** a tódolos niveis da lingua, fenómeno que non ocorreu na lingua portuguesa onde se prefire aínda **pena** a **pluma**. Actualmente eu nunca escoitei a ningún falante falar das *penas das aves* ou das *penas de escribir*. Nos diccionarios antigos non aparecen as penas como plumas, pero si nalgúns modernos talvez pola influencia dos portugueses. Entre os escritores houbo algún que si empregou **pena**: *pra il rasgueaba a pena do esquirbano* (Otero Pedrayo).

A palabra derivada desta voz **penacho**, conxunto de plumas que teñen algunhas aves na cabeza, é palabra procedente do italiano e tivo bastante éxito na nosa lingua. Ademais desa significación ten a de guedella nalgúns lugares e outras das que despois falaremos.

Tamén na fala popular galega existe a voz **pena**, que xa aparece no diccionario de F. J. Rodríguez (1863) con esta significación que corresponde á actualidade: *álabe*, *paleta en la circunferencia del rodezno en las que hiere el agua para mover la piedra o máquina*. **Pena**, nese significado, está recollida en tódolos diccionarios porque é unha voz popular e ten as variantes **penla** e **pela**, que teñen ademais outras significacións.

1150. Apupar con apupos

Temos en tódalas linguas numerosas palabras que se crean por imitación dos sons. Cando queremos insultar a alguén ou berrar a un animal para espantalo ou espaventalo podemos facelo gritando, chiando ou dicindo fortemente *u-u-u-u* ou ben *pu-pu-pu-pu*...

Deses berros, gritos ou chíos naceu o verbo **apupar** hai moitos séculos porque xa aparece nos textos medievais. Se hoxe imos a un partido deportivo non resulta difícil comprobar como os espectadores *apupan* continuamente a algúns xogadores e non menos ós árbitros...

Apupar é verbo bastante usado polos escritores: *correu berrando tras del i apúpano coma un lobo* (Lamas Carvajal), *despois de posto o rabo*, *os rapaces apupaban en coro* (Risco), *apúpana e encirran nela os mozos con aguilladas...*, *apupando as mulas con voces e golpes de tralla* (Freixanes).

Outra maneira de **apupar**¸ é dicir, de facer ese ruído é tocando un corno ou caracol mariño con cuncha en espiral que desprovisto da súa carne e furado pola punta serve precisamente para facer de

bucina. Moitos mariñeiros da parte Sur da provincia de Pontevedra teñen o costume de **apupar** para chama-la atención doutras xentes. De aí que algúns chamen **apupos** a eses caracois.

Nos diccionarios aparece tamén estoutra acepción destes verbos: toca-la bucina para se xuntaren os monteiros.

O nome **apupo**, ademais desa significación concreta de caracol mariño, ten loxicamente a de acción de apupar e pode ser sinónimo de berro, grito, burla, mofa, etc. E esa mesma significación ten o derivado **apupada**. Quen apupa moito é un **apupeiro** ou un **apupón**.

Hai varios anos no libriño *Cartafol da lingua* comentei os derivados galegos da verba latina PALPARE que nalgúns casos se conservou como cultismo (**palpar** e **apalpar**), pero noutros pasou a **poupar** e **apoupar**, que do sentido fundamental de "tocar" se transformaron en "tocar con cariño" ou "acariciar".

Nese comentario citaba varios exemplos de López Ferreiro (*e como os aldraxa e apoupa*), Castelao (*chegaron a inventar cantares para apoupalo*), C. E. Ferreiro (*a tribu apoupa e berra e inxuria*) e doutros escritores que usaron **apoupar** no sentido oposto ó fundamental: rexeitar, refugar, aldraxar.

Naquela ocasión presentaba este cambio como algo curioso sen ver unha explicación clara. Coido que hoxe, tralo que acabo de escribir sobre o uso do verbo **apupar**, podo dicir que ese emprego de **apoupar** que fan algúns escritores se debe á influencia de **apupar** e curiosamente debo dicir que ningún escritor usou **apupar** por **apoupar** no seu sentido fundamental.

1151. Cousas da carne

Coido que está ben estendida a tódolos niveis da lingua a voz **carnicería** para chama-lo establecemento onde se vende os productos de carne: *que era carnicería na que tiña que habere esa clase de carne á venda* (Cunqueiro), *a min deliciábame a carnicería*, *aquel cheiro doce de sangue* (Alcalá).

Esta palabra é tamén moi empregada no sentido de matanza ou mortandade grande: *Vou ir a cidá a buscar un xornalista que veña ver esta carnicería* (C. E. Ferreiro), *tal é a carnicería que alí hai* (Freixanes), *tratando de recompoñer a carnicería que fixeron* (Casares).

Sen embargo houbo algún diccionario que modificou esta voz en *carnecería* (por influxo de *carne*) e varios en *carniceiría*. Neste último caso a razón é que a fixeron derivar do adxectivo ou do substantivo **carniceiro**, pero parece claro que o que trataron estes diccionaristas foi de "hipergaleguizar" esta voz e diferenciala da palabra castelá igual.

Hai outra palabra tan popular e do mesmo significado ca **carnicería**. Unha das tarefas principais do **carniceiro** é a de cortar carne, e de aí o nome popular de **cortador** e pola mesma razón de **cortadoría** como lugar en que se vende carne ó público. Tamén desta palabra aparece nalgúns diccionarios a variante **cortaduría**, que algúns falantes pronuncian así e mesmo algún escritor empregou: *¿Onde has de ir*, *boi que non aras*, *senón á cortaduría?* (Curros Enríquez).

Se eu entro nunha cortadoría e quero comprar unha costeleta de carne de tenreira ou de porco ou de carneiro ¿que debo pedir? Desde logo, se pido unha **chuleta**, palabra castelá de orixe valenciana, seguro que me entenderían, a pesar de non ser voz galega e que ás veces algún escritor emprega: *as mulleres piden unha chuleta á plancha...*, *as chuletas de corzo hai que mazalas ben* (Cunqueiro).

Penso que se pido simplemente unha **costela**, o cortador ou carniceiro, que sabe que fundamentalmente a **costela** é un dos ósos longos que nacen da columna vertebral, daríame unha costela coa carne que ten adherida. A voz **costela**, emprégaa moitas veces o escritor Cunqueiro no seu libro "A cociña galega": *a costela que se ha de xantar salpresa*..., *tamén se adoba a costela*..., *a costela*, *coma o raxo*, *cómese asada*...

De tódolos modos teño que dicir que no diccionario de Carré Alvarellos e dalgún outro seguidor aparece o galicismo, coido que copiado a través do portugués, **costeleta**, que tamén vin empregado polo escritor citado arriba, Alcalá, nesta frase: *Cando apareceron a tortilla e as costeletas*, *fun comendo para esponxar o viño*.

Tamén no citado libro de Cunqueiro aparece ese galicismo como **costilleta**, coa forma adoptada polo castelán: *pro a xente*, *en canto pode*, *tírase ao que lle parece fino*, *que son os filetes*, *as costilletas*...

Pero aínda quedan máis nomes.

1152. Máis cousas de carne

O conxunto das costelas dun animal é o **entrecosto**, voz moi corrente tanto en galego coma en portugués e que corresponde ó castelán *entrecuesto*. Desde hai bastante tempo tamén se chamou **entrecosto** á carne que se obtén de entre as costelas. Cando se puxo de moda a cociña francesa entrou na fala dos amantes da gastronomía o galicismo *entrecot*, voz que acaba de ser recollida por primeira vez na última edición do diccionario da Real Academia Española e que coido eu que a xente non identificou co tradicional *entrecuesto*.

En galego, ó igual ca en portugués, non entrou este galicismo porque se identificou inmediatamente esa voz coa tradicional **entrecosto**. No xa citado libro cunqueiriano "A cociña galega" lémo-las seguintes frases nas que aparece **entrecosto** como palabra normal: *un que teña memoria refraneira solta o dito*: *Entrecostos e soá*, *honra de mesa e proveito de cans*..., *e despois córtanse os entrecostos*.

Unha variante de **entrecosto** é o **solombo**, que así din algúns falantes talvez por influencia do castelán *solomo* ou *solomillo*, pero eu non recordo ver esta palabra nos textos literarios. Sen embargo a carne de porco que está situada ó longo do lombo é chamada en toda Galicia **raxo**.

Raxo é voz típica da lingua galega e non sabemos claramente como naceu. Está recollida en tódolos diccionarios e é moi empregada polos escritores: *Raxo en zorza cun cheiro que convida* (Rosalía), *a empanada de raxo é a de sona* (Cunqueiro), *pra asarse un anaco de zorza de raxo* (Blanco Amor), *chourizo de raxo* (M. Ferrín), *empanada de raxo* (Casares)...

Tamén temos hoxe entre nós unha voz inglesa *beefsteak*, en oposición ó noso **raxo**, para denomina-la carne de vaca que sobre todo se frite. En castelán quedou a forma *bistec*, pero en galego (agás algúns escritores que escriben como en castelán: *o bistec estaba demasiado frito*..., *tiven que tirar un bistec*) foi reducida a **bisté**, forma bastante corrente tanto a nivel falado coma literario. Os portugueses din *bife*.

Digamos que tamén está bastante viva na nosa lingua a palabra **filete** para denominar unha rebanda moi fina de carne (e mesmo de peixe). Debeu entrar en galego, como nas outras linguas hispánicas, cando chegou esa moda da cociña francesa.

Pero non queremos rematar estas denominacións de anacos de carne sen referirnos a outra voz que é bastante normal (case mellor diría que era): **posta**, que tamén se usa en portugués e que ademais podemos aplicar ós peixes. Teño constancia do seu emprego nalgúns escritores: *Melindres*, *postas de vacas* (Otero Pedrayo), *No seu figón cómense unhas postas de carne excelente* (C. E. Ferreiro), *cunha boa posta de carne... Hai unhas postas de carne arrichada* (Blanco Amor).

1153. Encetemos algo

Se consultamos un diccionario para saber como se expresa dar principio ou comezo a algo atoparémonos cunha longa serie de verbos: **comezar**, **comenzar**, **encomezar**, **empezar**, **iniciar**, **principiar**, que teñen algunhas variantes vulgares como **escomenzar**, **comencipiar**, **escomencipiar**, etc. E teriamos que citar tamén o verbo que xa comentamos aquí, **botar**, moi corrente sobre todo cando o empregamos seguido da preposición *a* e dun infinitivo: *botamos a escribir sobre tal cousa*.

Sen embargo nalgún diccionario aparece outro verbo como sinónimo dos que acabamos de mencionar: **encetar**, que ten a súa orixe no latín INCEPTARE, que significaba comezar, pero que entrou nas linguas peninsulares coa significación de empezar a comer algo, sentido que se conservou así nas linguas catalana e galega e na castelá practicamente desapareceu.

Para a maioría dos falantes galegos **encetar** (hai quen di **encertar**) é empezar a colle-lo primeiro pedazo dunha cousa que está enteira, como pode ser un bolo de pan ou un queixo ou unha froita: *dispúñase a encetar unha bica rubia... na mesa o pan encetado* (Otero Pedrayo), *Inés puxo na mesa un bolo de pan xa encetado* (D. X. Cabana), *topouse cun paquete de obleas e non foi quen de deixalo sen encetar* (Castelao), *cortaron unhas boas raxas dun xamón que alí había encetado* (Blanco Amor).

Tamén podemos **encetar** unha botella de viño ou unha pipa de calquera bebida: *encetamos a segunda garrafa de augardente* (Blanco Amor) e mesmo un cigarro: *encetaba o primeiro cigarro da tarde* (Paco Martín).

Resulta fácil de entender que este verbo sexa usado tamén en frases como estas: *pero cando encetan algún tema do seu agrado* (Castelao), *encetar un diálogo* (Gonsar), *encétanse de novo as conversas* (F. Riego) que comprenderían moi ben os portugueses porque usan moito este verbo nesas significacións.

Vin que algúns escritores o usan para dicir iniciar algo musical: *sente que a Banda de Música enceta a chamada Marcha Turca* (M. Ferrín), *enceta-lo meu canto* (G. Tosar), *rapaces*, *encetade o himno eucarístico* (X. Torres).

Para moitos galegos este verbo usado pronominalmente, **encetarse**, ten a significación de comezar a infectarse unha ferida, formarse unha chaga ou úlcera e é por tanto sinónimo de chagarse, ulcerarse, infectarse. Vexamos este exemplo de Blanco Amor: *Eu andaba cos pés encetados cuns sabañós que me collían tódolos artellos*, que tamén emprega a voz **encetamento**: *sentía os encetamentos dos sabañós* e estoutro de Méndez Ferrín que está na mesma liña: *A tristura encetáraseme no meo do corazón*.

1154. Curandeiros e menciñeiros

As persoas que se dedican a curar enfermos ou doentes sen posuír titulación académica son chamados **curandeiros** ou **curandeiras**, forma tradicional tanto na nosa lingua coma nas linguas irmás, se ben algúns falantes falan deles con certo sentido despectivo, mentres outros o fan con bastante admiración. Loxicamente é voz bastante usada polos escritores: *sabes que hai un curandeiro soio...*, *o curandeiro*

está en Roma (Curros Enríquez), *a tal curandeira maior non sabe ler* (Cunqueiro), *como se a súa visita ó curandeiro non tivese nada que ver*... (Gonsar).

Desde logo hai quen considera ós curandeiros como **feiticeiros**, pero en xeral estes son os que fan feitizos ou maleficios ou meigallos con non boas intencións, e, mesmo hai quen os chama **meigos**, que son as persoas que actúan coma bruxos ou feiticeiros. Naturalmente, **feiticeiros** e **meigos** poden tamén facer algunhas curacións, pero son voces que non debemos considerar sinónimas de **curandeiros**.

Os que si son **curandeiros** son os **compoñedores** que se dedican a pór no seu sitio os ósos escordados. E os **compoñedores** son chamados tamén por moitas xentes **compostores**. Ámbalas dúas formas foron usadas polos escritores: *Pardo das Pontes foi un grande compoñedor de osos* (Cunqueiro), *hai tamén moitos menciñeiros e compostores de ósos* (Fole).

Pero aqueles que non son médicos e usan medicinas, é dicir, os que actúan de curandeiros poden recibir tamén diversos nomes en razón de como son coñecidas ou chamadas as medicinas. Esta voz, **medicina**, é voz culta, pero na Idade Media evolucionou bastante normalmente e nos textos atopamos formas como *meeziña* ou *meziña* que por influencia da citada voz culta dou lugar a toda unha serie de variantes populares modernas: **meiciña**, **menciña**, **manciña**, **meciña**, **mediciña**, **madeciña**, etc.

Así pois, os que non son médicos e actúan de curandeiros son chamados tamén **menciñeiros** porque usan **menciñas**: *Benigno Rubio*, *un menciñeiro que todo o curaba con auga* (Cunqueiro), ou **manciñeiros**, porque usan **manciñas**: *o mellor manciñeiro é o carniceiro* (refrán popular), ou **meiciñeiros**, porque empregan **meiciñas**: *¡Meiciñeiros que o roubaron!* (Curros), ou **mediciñeiros**, se curan con **mediciñas**, e mesmo escoitamos por diversos lugares da provincia de Ourense **maciñeiros** e **maciqueiros**.

Tamén hai falantes que os chaman **mañosos** se se dedican a curar sobre todo a animais, pero neste caso os que actúan como veterinarios son máis coñecidos como **albeites**.

Digamos por último que hai quen chama ós curandeiros **saudadores** porque se preocupan da saúde.

1155. Labazadas, lapadas, lambadas e losqueadas

O golpe que se dá na cara (e sobre todo nas meixelas) dunha persoa coa man aberta chámase **labazada**, voz que claramente vemos que non ten relación co nome da planta tan espallada por toda Galicia, **labaza**. Se unha pedrada é un golpe dado cunha pedra, unha espadada o dado cunha espada e mesmo unha cabezada pode ser un golpe dado coa cabeza, unha **labazada** sería loxicamente un golpe dado coa **labaza**, pero, como diciamos, é o dado coa man aberta. Non sabemos con exactitude de onde procede esta voz.

Labazada é naturalmente palabra moi empregada polos escritores: *Un castelán é quen de zorregarlle unha labazada ao Sumo Pontífice* (Castelao), *quedei como se me desen unha labazada* (Neira Vilas), *recibín unha labazada que deu comigo no chan* (Alcalá), *ousou darme unha labazada na cara* (D. X. Cabana)...

Moitas xentes en vez de dar **labazadas** dan **lapadas**, voz que ten a mesma significación e cunha orixe non moi clara. Penso que non ten nada que ver cos moluscos chamados **lapas** nin coas **lapas** do

lume nin cos **lapóns** ou **láparos** ou **lapáns** ou **lapeiros**, voces sinónimas dos lambóns, nin coas **lapias** dos muros.

Lapada é voz bastante corrente, o mesmo cá súa variante **lapote** que tamén empregan algúns escritores: *O Louzao dálle un lapote amistoso no pescozo* (S. Toro), *Ganas de abrazala ou darlle un lapote nas nádegas* (Neira Vilas)... E os diccionarios antigos recollen outra variante destas voces, **lapo**, que eu nunca escoitei, pero que sei que existe en portugués coa significación de golpe dado cunha faca.

As **labazadas** e as **lapadas** son chamadas por algúns falantes **lambadas**, voz que se emprega normalmente para denomina-los manxares exquisitos, e tamén **lampadas**. Coido que estas formas son variantes nacidas de forma esporádica por cruzamento con voces con sons semellantes. Tamén hai quen transforma estas voces en **larpadas** e mesmo en **lamproadas**, voz que lin neste texto de X. R. Pena: *rompíalle o fuciño e mais os dentes dunha lamproada*.

Hai sobre todo na parte oriental do territorio galego outras denominacións para chama-las labazadas: **lespias**, **lespiadas**, **lospiadas** ou **lospias**, voz esta última que vin usada polo escritor A. Fole: *parecía que non tiña media lospia*.

O citado escritor gusta de empregar tamén a voz **losqueada**, que segundo algúns diccionarios é golpe dado coa man aberta e segundo outros coa man do revés: *Non tiña media losqueada*..., *Non sea que leves unha losqueada*..., *I hasta lle diu unhas boas losqueadas*.

Dentro desa zona do territorio galego existen outras variantes desta voz, tamén de etimoloxía pouco clara, **losquiada**, **lusqueada**, **lusquiada** e **lusquiñada**.

Pero aínda hai moitas máis voces, para denomina-los golpes que se dan na cara a alguén coa man...

1156. Sopramocos, pancadas, moufadas, trompadas...

Continuando coas voces que temos para significar golpe que se dá a alguén na cara, empezamos lembrando os **sopramocos** que loxicamente son golpes que se dan coa man aberta na cara de alguén e que tocan o nariz e poden tamén causar produccións de mocos. Esta voz lévame a recordar aqueles versos de "Follas novas" de Rosalía: *Fas uns versos... ¡ay que versos!...*, *parecen feitos adrede para lerse a sopramocos...*

Cando as labazadas se daban debaixo do queixo ou do papo recibían o nome de **sopapos**, pero hoxe esta voz, o mesmo que **sopramocos**, é sinónimo de **labazada**. Hoxe é normal escoitar: *déronme un sopramocos* ou *un sopapo* ou *unha labazada* sen distinción de golpe.

Tamén podemos dicir *déronme unha pancada* coa significación de golpe dado coa man: *mandoulle unha pancada no carroto* (Blanco Amor), *deume unha pancada no lombo* (Neira Vilas), ou cun pé: *abre as portas a pancadas* (Freixanes) ou cun obxecto calquera: *está dando pancadas na porta cun martelo*.

Nos diccionarios antigos aparecía a voz **batibarba** que ata hoxe eu nunca escoitei e non sei se está viva aínda. Para algúns diccionaristas o **batibarba** era un golpe que se daba nas meixelas e para outro o que se daba debaixo da barba.

Nalgúns lugares de Galicia as partes carnosas da cara son chamadas **moufas**. De aí que os golpes que se dan nas moufas ou nas meixelas sexan denominados **moufadas** ou **moufaradas**.

Cando as labazadas se dan co revés da man son chamadas por moitos **reveses**: *díxolle a Vizoso que si non obedecía que lle volaba os fuciños dun revés* (Cunqueiro) e hai algúns falantes que as chaman **zafañadas** ou **zafrañadas**.

Outra palabra que pode substituír todas estas voces que acabamos de mencionar é **trompada** que tanto poden ser un revés, unha moufada, un sopapo ou unha labazada como calquera outro golpe forte dado con calquera cousa.

Se queremos significar que empregámo-la palma da man cando damos unha labazada podemos dicir entón que damos **palmadas**.

E aínda quedan moitas máis palabras para significar **labazada**, pero eu non sei ata que punto as voces que vou dar a continuación son verdadeiramente galegas de orixe, son imitacións do castelán ou son puros castelanismos: **cachetes** (*bateu un cachete na fazula de Eduardo*), **moquetes** (*deille cinco moquetes a Pepe*), **bofetóns**, **bofetadas**, **galletas**, **tortas**...

1157. Costurón e michazos

Esa marca ou sinal que queda no corpo despois de cerrarse unha ferida chámase **cicatriz**, palabra culta que entrou nas linguas peninsulares hai uns cinco séculos e que a medicina científica foi impoñendo pouco a pouco. Loxicamente é voz usada polos escritores: *amostrar o seu coiro cheo de cicatrices* (Castelao), *cunha grande cicatriz no pescozo* (Cunqueiro), *as cicatrices que serpean cara ás sens e ós pómulos* (F. Riego), *o coiro cheo de cicatrices nos máis cónditos lugares* (D. X. Cabana).

E de **cicatriz** sae o verbo **cicatrizar** e **cicatrización** e **cicatrizante**, pero ¿como se chamaban antes eses restos das feridas? Nalgúns diccionarios recóllese a acepción de cicatriz na palabra **sinal**, porque aínda hai falantes que din: *nótase aquí na miña perna dereita un sinal*. Nos textos literarios aparece abundantemente esta palabra nas súas significacións fundamentais de calquera cousa que serve para indicar algo (*fixolles sinal cun pano branco*, de Fole), manifestación externa de algo (*levaba no rostro sinales de crente atormentado*, de Casares), xesto (*tomo esto como un sinal de amor*, de Cunqueiro), etc., pero non atopei ningún exemplo de cicatriz.

A voz **marca**, máis ou menos sinónima de **sinal**, é empregada por bastantes falantes na significación de cicatriz, ademais das de calquera cousa que se pon nun obxecto para recoñecelo, para distinguilo doutros ou pegada, etc. Neste caso si atopei algúns exemplos literarios: *Trae sangue na cara, marcas e rabuñaduras...*, *cheíño de marcas e lanzadas* (Freixanes), *deixaban marcas de navalla sobre as meixelas* (X. R. Pena). Non estou moi seguro de se debemos interpretar neses casos marcas como cicatrices ou feridas, pero si podemos afirma-la existencia de marca como cicatriz nalgúns falantes: *teño xa moi ben a marca da perna dereita*.

Penso que a voz máis popular ca tódalas anteriores é **costurón** (que ten unha orixe clara, en **costura**, porque o que significa esta voz pode recordarnos unha ferida cicatrizada) que tamén usan algúns escritores: *e olla nelas as marcas e os costuróns da carne coma quen le nun libro...*, *os brazos cheos de costuróns e rabuñaduras* (Freixanes), *Santiago séntese estarrecer ao dexerga-los costuróns vermellizos* (F. Riego), *o seu corpo delgado e frebudo cuberto de costuróns* (D. X. Cabana).

Eladio Rodríguez e Franco Grande recolleron nos seus diccionarios outra voz popular, **michazo**, para indicar cicatriz. Eu nunca a escoitei a ningún falante e vina usada varias veces polo escritor Fernández del Riego: *...as órbitas, onde os michazos forman estreitos costuróns tortos...*, *véñenlle uns desexos*

feros de rañar os michazos das súas órbitas..., *Mauro comprende que o último michazo da súa rebelión comeza a se pechar...*

Non sei como se orixinou esta voz. Non atopei ningunha explicación. Ocórreseme pensar que, se **costurón** xurdiu de **costura** polo parecido, talvez **michazo** vén de **mechazo**, é dicir, de **mecha**, polo parecido dunha cicatriz a unha **mecha**...

1158. Triscar, triscas e triscos

Moitas palabras van modificando a súa significación ó longo dos tempos. Vexamos hoxe o caso do noso **triscar**. Esta voz procede do vocábulo xermánico *thriscan*, que significaba e segue significando en alemán mallar, pero que entrou nas linguas romances medievais co sentido de pisar algo fortemente ou de facer ruído pateando ou patexando. Dá a impresión de que os xermanos mallaban os cereais pisándoos ou brincando ou choutando sobre eles...

O caso é que a voz **triscar** ten na maior parte das linguas romances esa significación de facer ruído cos pés e amplíouna á de facer bulla, rebrincar, enredar, rebuldar, etc., e mesmo nos tempos medievais significaba danzar.

Nos primeiros diccionarios galegos dábase como significación fundamental "hacer ruído con los piés o dando patadas" (de M. Valladares), pero coido que esa significación foi debilitándose bastante porque as xentes empezaron, talvez por esa idea fundamental de facer ruído cos pés, a usala no sentido de facer ruído cos dentes cando con eles rompían algo, como noces ou abelás.

Desde logo modernamente **triscar** fíxose sinónimo de **mordiscar** ou **taniscar**, que ten as variantes de **ataniscar**, **aniscar**, **atariscar**, etc. Como xa expliquei tantas veces as voces déixanse influír por outras e neste caso concreto penso que eses verbos citados son a razón de que **triscar** se convertese en sinónimo deles polo seu parecido fonético e pola súa significación de facer ruído.

Triscar é hoxe voz bastante corrente en moitos lugares de Galicia e bastante empregada polos escritores: *Leonardo triscaba as unllas cos seus dentes brancos* (F. del Riego), *media ducia de ovellas a triscar nas herbas cabo das ruínas* (Freixanes), *o cervo... triscou nas beiras do céspede mol* (M. Ferrín), *o balbor das bolsas de caramelos que non acaban de abrirse*, *o triscar de pipas* (A. Cáccamo).

E de **triscar** xurdiron derivados como **triscada** no sentido de mordiscada ou dentada, que eu escoitei dicir a falantes da comarca compostelá, que tamén coñecen a variante **triniscar** por **triscar**.

O derivado **trisca** debe ser moi antigo, xa que se conserva nas significacións de ruído que se fai cos pés en cousas que se quebrantan e de festa buliciosa. Pódese escoitar a moitos lugueses dicir *vou de trisca*. Pero talvez pola influencia dese **triscar** nesa significación de romper algo cos dentes hai quen chama **trisca** a calquera parte ou anaco ou cacho dalgunha cousa.

Sen embargo son moitos máis os falantes que prefiren usa-la variante **trisco** para falar de anaquiños, cachos dalgunha cousa. Curiosamente hai lugares onde chaman **trisco** a un retallo de tea como cousa normal e hai tamén falantes que para pedir un pouco de comida ou bebida din normalmente: *dame un trisco de pan* ou *de viño*.

1159. Maiar, amaiar e esmaiar

Ademais da voz **maiar**, que significa o mesmo ca **miar** ou **miañar**, hai outro **maiar**, que ten outros significados diferentes e que é de distinta familia léxica. En moitos diccionarios recóllense as significacións deste verbo: estragarse o froito nas árbores por efecto dunha xeada, perderse a cor dun tecido, esmorecer, etc. Así podemos escoitar nalgúns lugares da provincia de Lugo frases coma estas: *non fixen nada esta tarde porque estaba maiado*, *non me gusta esa camisa maiada que levas*...

Curiosamente o derivado deste verbo, **amaiar**, é moito máis corrente na actualidade na zona citada e ten sobre todo a significación de estar abúlico ou apático: *Non falo xa con Xan porque amaia todo o día*. O participio deste verbo funciona adxectivalmente nesa significación de abúlico ou nugallán: *Xan e Antón son persoas amaiadas*.

E en toda Galicia é bastante usual outro derivado de **maiar**. Trátase de **esmaiar**, que ten as variantes **esmaírse** ou **esmaerse** e que usan mesmo os escritores: *a muller de Pedro esmaiábase de fasquías* (Castelao), *e as nosas cabalerías*, *cansas*, *esmaiaban e non querían máis andar* (M. Ferrín), *como Ina*, *que case se esmaia somentes velas* (Cortezón). O nome desta familia, **esmaio**, vino usado por Curros Enríquez: *Mais logo*, *repoñéndose do natural esmaio*...

Claramente podemos sacar en consecuencia que, como pasa con outros verbos que empezan por *es-* teñen unha variante que empeza por *des-* ou viceversa, de **esmaiar** naceu **desmaiar**, axudando tamén a este paso talvez o castelanismo **desmayar**. Hai bastantes escritores modernos que usan esta variante.

O verbo **maiar** naceu probablemente dun xermanismo *magan*, que se estendeu tamén por outros lugares da Romania. E precisamente do derivado francés desa palabra saíu a forma castelá *desmayar*.

Probablemente tivo que existir hai moito tempo un nome derivado de **maiar**, que sería **maia**, pero non teño constancia del. Penso que dese nome derivaría a palabra corrente en bastantes lugares do norte de Galicia: **maiola**, que significa galbana, preguiza, nugalla...

E de **maiola** naceu o verbo **maiolarse**, que ten as variantes **amaiolarse** e **esmaiolarse**. Este verbo é moi usado pola escritora X. Torres: *Sentado ao pé da porta cando o tempo é bo*, *ás veces esmaiólase*..., *esmiolando a súa galbana ao sol*..., *como non vai andar esmaiolada si é que non come ren*...

Hai algún escritor que usa a forma **esmalloar**: *comezaba a se sentir dominado por un enorme soño que o esmalloaba* (F. Riego), que penso debe ser unha variante desta mesma familia léxica.

1160. Aburar, abourar e bourar

O verbo **aburar** é moi usual nalgunhas partes do norte da provincia da Coruña e na de Lugo como sinónimo de queimar ou abrasar e é bastante usado por algúns escritores: *Unha labarada de xofre abura a terra*..., *campos aburados*..., *desertos aburados* (Freixanes), *resprandente e aburante cal ferro encalado* (Cotarelo)... E algúns emprégano en sentido figurado: *Doíame ter que calar a ledicia que me aburaba* (Neira Vilas).

Como ocorre con tantas outras voces **aburar** toma outras significacións que parten da fundamental. Así podemos oír frases deste tipo: *Tódalas cousas que fixen onte*, *fixenas aburando*, onde claramente vemos que **aburar** equivale a facer algo de présa. Nestoutra *estiven toda a mañá na praia*, *pero non*

puiden pasalo ben porque chegou o meu amigo Xan e estivo aburándome dúas horas, o sentido de **aburar** equivale a molestar ou incordiar.

Curiosamente **aburar** resulta sinónimo de pulular en frases como as seguintes: *os moscóns estiveron aburándome un par de horas...*, *moita xente aburaba cerca da praza central...*

Coa significación que ten **aburar** de molestar ou incordiar aparece nalgúns diccionarios o verbo **abourar**, que en principio me fixo pensar se sería unha variante do primeiro verbo. Vin que algúns escritores o usaban: *Corriamos xuntos pola horta como se estivesemos abourando coellos* (Neira Vilas). Pero nestes textos de A. Conde (*facer frente a aquela historia de Griffón que lle abouraba na cabeza*) e Fernández Ferreiro (*Sentía uns estraños sunidos abourantes*, *coma se todo un enxame revoase dentro*) vemos que equivale á significación de pulular...

Comentando o léxico de Cunqueiro citaba un verbo usado por el, **abrourar** (*golpea coas tapas das tarteiras e abroura o lume*), que consideraba variante de **aburar**. Pois ben, non hai problema en pensar que **abourar** naceu como variante de **aburar**, pero por influencia doutro verbo moi corrente **bourar**, que fundamentalmente ten a significación de pegar ou golpear ou mallar: *o corazón bourábame forte no peito* (Neira Vilas), *coma se despertasen da sesta bourados por algún pesadelo* (F. Ferreiro).

Bourar é voz bastante corrente en Galicia sobre todo na significación de petar ou golpear cun pao a un animal o a unha persoa e ten un derivado **bourear**, moi corrente tamén na provincia de Lugo no significado de facer barullo...

En fin, como dixemos tantas veces, hai moitas voces que toman significados de voces parecidas ou mesmo por esa razón modifican algúns dos seus fonemas.

1161. Gozar e disfrutar

Tirar pracer de algo ou estar en posesión dunha determinada cousa que se considera boa ou beneficiosa dicíase en latín GAUDERE, verbo que deixou descendentes en case toda a Romania. En galego pasou a ser *goír* que vemos usado nas "Cantigas de Santa María": *per que tu ben possas conmigo goyr*. Nesa mesma obra aparecen usados o nome *goyo* (*non ayas outro enpeço*, *mays senpre goyo e rriso*) e o adxectivo *goyoso* (*e foi mui goyosa*) procedentes desa familia léxica.

As formas castelás *gozar*, *gozo* e *gozoso* impuxéronse xa desde a época medieval na nosa lingua e mesmo na portuguesa tanto a nivel literario coma falado.

Loxicamente este verbo **gozar** é moi usado polos nosos grandes escritores: Rosalía (*fonte que a gozar convidas*), Pondal (*Alí o home que vai novo*, *mil praceres gozou xa*), Curros (*dos que non rin e non gozan*), Cabanillas (*¡O que ti gozarás no teu papel de casadiña nova*), Cunqueiro (*il gozaba moito con istes medos de quedar pobre*), etc.

Pero hai pouco máis ou menos un século, saíulle a **gozar**, verbo que se mantén firmemente na lingua falada, outro castelanismo no ambiente literario que actúa como sinónimo. Trátase do verbo **disfrutar**, que xa usou Lamas Carvajal: *disfrutábana todos en amor e compaña*.

Os escritores do primeiro tercio deste século intentaron galeguizar este castelanismo converténdoo en **disfroitar**. Otero Pedrayo fai enorme uso deste verbo: *Mais tamén a rapaza disfroitaba ca envexa das veciñas* e ás veces usa a forma **desfroitar** (*sen desfroitar do engádego dos outros vals da Engadina*).

Castelao usa algunha vez **disfroitar** (*cando eu morra inda che quedarán anos dabondo para disfroitares do que che deixe*) e igualmente Risco (*os outros disfroitan e viven da anéudota*), pero ámbolos dous prefiren usar **gozar**.

Curiosamente observamos que Celso Emilio Ferreiro emprega **disfroitar** (*disfroita dos meus teres canto queiras*), **disfrutar** (*saúde pra disfrutalo*) e **gozar** (*gozaban da tácita simpatía dos labregos*).

Sen embargo hai moitos escritores de hoxe que empregan abundantemente o verbo xa tradicional e corrente a tódolos niveis da lingua **gozar**, pero que se lles escapa a miúdo o uso de **disfrutar** sen ningunha modificación: *gozaba do sol...*, *disfruta do dereito de estar só* (F. del Riego), *eu gozaba aquelas vacacións escolares coma nunca gozara outra...*, *alí disfruto como Vde. sabe* (M. Ferrín), *gozando das forzadas posturas que adoptaba...*, *tampouco disfruta co que vai atopando* (Conde), *gozaba coas horas mortas...*, *horas e horas a disfrutar* (Casares), etc.

Penso, como moitos lingüistas, que non era necesaria a introducción deste novo castelanismo, **disfrutar**, que non proporciona ningunha significación especial...

1162. Dar cabezadas

Probablemente se preguntasemos a un home do campo qué é unha **cabezada** contestaríanos que é a corda ou correa con que se prende ás bestas ou cabalerías pola cabeza, é dicir, o mesmo ca un **cabeceiro** ou **cabezal**. Diría que unha **cabezada** é un golpe que damos coa cabeza ou que recibimos nela e naturalmente tamén nos falaría da **cabezada** como movemento da cabeza cara abaixo cando nos entra o sono.

Dar **cabezadas** é expresión normal en toda Galicia xunto co verbo **cabecear**, que ten tamén outros significados: facer calquera movemento coa cabeza asentindo ou negando algo, inclinarse a un lado e outro calquera cousa, moverse un barco subindo e baixando proa e popa, lindar unha finca con outra polas súas cabeceiras, etc.

Pero dar cabezadas ou cabecear no campo referente ó sono pode dicirse en galego de moitas outras maneiras. Citemos en primeiro termo o verbo **toquear** que é moi corrente na metade norte de Galicia. Probablemente naceu este verbo do nome **toque** que ten ademais dos seus significados normais os de pancada, golpe e de son producido por un instrumento músico. De aí que quen está dando cabezadas está facendo toques, é dicir, está **toqueando**.

E este verbo **toquear** ten moitas variantes. Moi estendida é a de **toquenear** ou **toquenexar**. Hai falantes que din **toconear** e algúns cambian as sílabas: **cotonear**. Non creo que os que empregan estas variantes pensen en **toco** ou **tocón**, que significan manco... E mesmo hai persoas que din **taconear**, que fundamentalmente significa golpear cos tacóns do calzado no chan...

Se de **toque** naceu **toquear**, da palabra **tope** debeu xurdi-lo verbo **topear**, que ten tamén certas variantes, como **topenear** e **toponear**, bastante usados na parte oriental de Galicia e que empregan algúns escritores: *encostada na herba*, *toponeando*, *falaba coas ovellas* (F. del Riego).

No *Cartafol da lingua* xa fixen referencia ó verbo desta familia léxica, **topenexar**, que empregaron Curros Enríquez (*cal can que obedece ó dono senteime e vinme entre xentes que topenexan co sono*) e Celso Emilio Ferreiro (*Topenexando baixo escuros veos aquiles seres moles...*, *o can topenexaba deitado rente*

ao lume). E outra variante deste verbo, **toupenexar**, lina nunha obra de A. Conde: *toupenexaba no seu sillón sometido ás comprensivas olladas do Deán*.

Non sei se por influencia do adxectivo **tosco** "falto de finura" ou talvez de **tose**, porque cando un cabecea, fai ás veces certo ruído, naceron as variantes que din algúns falantes: **toscar**, **toscanexar**, **tosconexar**, **tospenear**, **tospenexar**, formas que recollen algúns diccionarios.

En fin, dar **cabezadas** ou **cabecear**, **toquear** ou **topear**, teñen varios sinónimos dos que seguiremos falando.

1163. Cotelear, monear, moquear e sonear

Tan corrente como **toquear** e demais verbos citados no comentario anterior é **cotelear** nesa significación de dar cabezadas por culpa do sono. Non resulta fácil saber actualmente como naceu esta palabra. Dá a impresión que ten que ver coa voz **coto**, parte máis alta dun terreo, que deu orixe a moitas outras voces, como por exemplo **cotar**, dar golpes a vaca cos cornos ou as orellas..., é dicir, movendo a cabeza.

Hai xentes que chaman **cotela** á parte máis alta dunha cousa, especialmente dunha árbore. De aí que **cotelear** significaría primeiramente moverse a parte superior de algo e naturalmente a cabeza. Por tanto pasaría posteriormente a ser sinónimo de cabecear. Hoxe é voz bastante coñecida nesta significación de toquear (*i encollida no escano cotelea*, de Leiras Pulpeiro), como o son os seus derivados **coteleo** e **cotelada**.

No libriño *Follas da lingua* citamos uns versos de Rosalía: *coma algún día polos currunchos -do vasto tempro -vellos e vellas*, *mentras monean -silvan as salves i os padrenuestros*, para explica-lo verbo **monear**, que está moi estendido pola parte occidental da provincia da Coruña e que recollen xa os diccionarios na acepción de move-la cabeza, que xa citou o frade Sarmiento no século dezaoito, pero que Rosalía e os falantes entenden e usan na significación de dar cabezadas co sono.

Xa explicamos pois, que talvez **monear** é un derivado da voz **mono**, é dicir, facer algo como os monos. E **monear** é usado actualmente por bastantes falantes e mesmo por algún escritor: *metinme na cama e quedei alí moneando*, de S. Toro.

Outro verbo moi usado en toda Galicia como sinónimo de cabecear é **moquear** que eu en principio estaría disposto a acepta-la teoría de que naceu como cruzamento do **toquear** con **monear**, pero parece máis crible pensar que este **moquear** é unha acepción máis do verbo **moquear** "segregar mocos, caer auga do nariz", porque quen moquea ás veces fai o mesmo que quen cabecea.

Moquear foi empregado por Castelao no sentido de cabecear: *a tenda cérrase e o baratilleiro moquea o sono no agarimo da lareira*, pero usa tamén **moquearse** no sentido de rirse de alguén: *en tendo cartos moquéaste do mundo*.

Outra pobilidade de dicir que alguén toquea ou moquea é **sonear**, que claramente se ve que ten relación con **sono**. Usan **sonear** bastantes falantes e mesmo algúns escritores: *No inverno sonean a carón do braseiro*, de Castelao. Fernández del Riego usa a variante **sonequear**: *quizais sonequeou un par de horas*.

Probablemente hai outros verbos que se poden engadir a esta longa serie de voces relacionadas co sono. Aníbal Otero escoitou a algún falante dicir **acandilar**... Está claro que quen toquea ou sonea está facendo coa cabeza o mesmo que fai a chama dun candil...

1164. O cós e o van

Hai palabras galegas que teñen unha longa tradición histórica, pero que actualmente van desaparecendo. Pensemos na voz *cós* que xa aparece usada nas "Cantigas de Santa María": *non levades armas e ydes assi en cos*, onde vemos que esa expresión **en cós** equivale a en "panos menores".

Esa voz **cós** é unha evolución da palabra latina CORPUS, que deu en francés antigo e provenzal *cors* e en catalán *cos*, onde pasou a significar de "corpo" a "parte superior da camisa". E con esta significación pasou esa voz ó portugués e ó galego. Precisamente na frase citada das "Cantigas" podería estar escrita a expresión *a corpo descuberto*, pero o autor preferiu usa-la expresión catalana.

Sabemos por Fr. Martín Sarmiento que era normal no século dezaoito o uso desa palabra que el dá como equivalente de "corpiño". Nos diccionarios modernos aparece a definición que desta voz fixo Eladio Rodríguez: "El medio cuerpo superior de la camisa femenina que desde los hombros solo llega a la cintura". Hai literatos que fan uso desta voz nese sentido: *Costureiriña do carballal -colle unha agulla*, *-colle un dedal*, *-cose os buratos -dese teu cós* (Rosalía), *e cando ficou en cós e bragas deulle dúas ou tres viradas ó maniquí* (Cunqueiro).

Sen embargo **cós** pode ser tamén unha camisa masculina para algúns falantes e para algún escritor: *aquil home era seu pai cun vestido de pana*, *en mangas de cós...*, *pequeno coma il era*, *en mangas de cós* (Fole). E hai falantes que chaman **cós** á parte superior da tea dunha vela, dunha embarcación e outros que usan **cós** para denomina-la rabela dun arado.

Teño a impresión de que actualmente **cós** é xa voz pouco corrente a pesar de que podería ser usada en expresións como **en cós** para significar sen ningún tipo de roupa ou a corpo ou *en mangas de cós* con ese mesmo sentido.

O **cós** serve tamén para cubri-lo **van**, palabra que tamén foi moi corrente para indica-lo estreitamento do corpo humano por riba das cadeiras ou a cavidade entre as costelas e os ósos das cadeiras. Hai bastantes escritores que a empregan: *pasándolle o brazo polo van...*, *esa banda sedal que o teu van cingue* (Cunqueiro), *ían diante*, *coma sempre*, *collidos do van* (Blanco Amor), *o eremita cinguíuna arredor do van do príncipe novo* (Freixanes), *ceibando risadas até nos doer o bandullo e o van* (M. Ferrín)...

Naturalmente **van** vén do latín VANU "baleiro" e é moi corrente para indicar un espacio baleiro, que pode se-lo lugar da parede onde se abre unha porta ou ventá (*ocupar un dos poios de pedra que estaban adosados no van da ventá*, de Casares) ou simplemente un apousento baleiro (*naquel ban apenumbrado que tanto gustaba ás arañas*, de Dieste).

Van ten naturalmente a significación primitiva adxectival de baleiro, oco, inútil, superficial, etc.

1165. De fronte á voz fronte

A parte superior da cara comprendida entre as cellas e a raíz do pelo, e que vai dunha tempa a outra, era en latín FRONTEM que deu en galego e portugués a voz *fronte*, que aparece nos textos medievais non soamente nesa significación (*britada lle ouveron toda a fronte*, das "Cantigas de Santa María"), senón tamén nas outras que ten actualmente.

Pero xa hai varios séculos o descendente castelán desa palabra latina, **frente**, tivo tal influencia nas linguas galega e portuguesa que chegou a ser adaptada coma palabra normal que arrombou a forma tradicional tanto na lingua falada coma na escrita, se ben nos últimos tempos se está recuperando **fronte**.

Os que chamamos autores clásicos empregaron a palabra **frente**: *baixá-la frente*, *erguidas frentes*, *frente erguida*, *arredor das frentes*, *a frente esnaquizada*, *coa súa frente* (de Rosalía, Pondal, Cabanillas, Risco, Cotarelo, Iglesia Alvariño) e mesmo o fan algúns modernos: *fundíronlle a frente* (Casares), *frente sucada* (Rábade).

Pero hai escritores que utilizaron ámbalas dúas formas: *póndolle as maus na frente*..., *fronte estreita* (C. E. Ferreiro), *fixolle frente*..., *coa fronte pousada nos xoenllos* (Blanco Amor), *o frente do Norde*... *pálida fronte* (Cunqueiro), *ó frente*..., *unha diadema na fronte* (Freixanes), *pola frente libre de pelo*..., *cubrían as meixelas e a fronte* (Cabana), etc.

Sen embargo a voz **fronte** está impoñéndose pouco a pouco: *pousa a fronte nas pedras do cabaceiro* (Otero Pedrayo), *un beixo dos pequerrechos na súa fronte* (Dieste), *na fronte da torre do balcón*, *bicouno na fronte*, *coa man na fronte*, *na fronte estreita*, *agacha a fronte*, *aloumiña a súa fronte*, etc., son frases de autores contemporáneos.

Ademais dos significados de parte da cara, parte dianteira dun edificio, liña de combate dos exércitos, liña en xeral, forma parte esta voz de moitas locucións moi correntes que non sei por que non recollen os diccionarios, pero que si as usan os escritores. Vexamos algunhas.

Fronte a significa diante de, en oposición a: *sitoarse fronte aos acontecementos* (Cortezón), *fronte á casa* (X. F. Ferreiro), *frente á súa cara* (Blanco Amor), *frente a un alén de espranzas* (Castelao)...

Máis expresiva é a locución **fronte a fronte**: *estás frente a frente* (Curros), *frente a frente da morte* (Noriega Varela), *frente a frente da mina* (C. E. Ferreiro) e aínda máis **fronte por fronte**: *que estaba frente por frente* (Cunqueiro), *frente por frente ó outro lado do camiño vese* (Fole)...

Á fronte significa á cabeza, na dianteira, pero é empregada xeralmente co artigo masculino: *o cadaleito ao fronte da procesión* (Cortezón), *púxose ó frente do choio* (Castelao), *ó frente da escola* (Neira Vilas).

De fronte a é tamén unha locución moi utilizada: *De frente ao destino* (Otero Pedrayo), *de frente ao balcón do pazo*..., *de fronte ao areal* (Cunqueiro)...

1166. Estamos enfronte

O adverbio de lugar que indica a parte oposta, no punto que estamos mirando ou que temos diante é **enfronte**, voz que se compuxo da preposición **en** e do nome **fronte**. Sen embargo, despois de moitas lecturas non atopei máis ca un exemplo (supoño que haberá máis) dun autor que empregou este adverbio: *O luar relucía na eira e nos Penedos do Bispo*, *alá enfronte*, frase de Xosé Fernández Ferreiro.

Nos demais autores achei o emprego continuo da forma castelá **enfrente**, a pesar de que moitos deles preferiron o uso da voz **fronte** fronte ó castelanismo **frente**, de bastante tradición tanto en galego coma en portugués.

No século pasado houbo escritores como Curros que usaron **enfrente**: *foise detrás*, *pra vivire do seu conventiño enfrente* e tamén o fan os deste século, como Castelao (*o comerciante de enfrente*) e Celso

Emilio Ferreiro (*i alá enfrente ergue a súa espada a noite*) ou os contemporáneos que poucas veces empregan o castelanismo *frente* por **fronte**. Así encontramos frecuentes frases deste tipo: *enfrente*, *o escritorio* (Casares), *a música que viña da vivenda de enfrente* (Conde), *mirando para a barra que ten enfrente* (Toro), *tomase asento na cadeira de enfrente* (Rábade)...

E desta voz **enfronte** xorde o verbo tan corrente de **enfrontar** ou **enfrontarse** para significar poñer ou poñerse en contra dúas ou máis persoas ou facer fronte a algo ou a alguén. Lin obras dalgúns autores actuais que usan normalmente esta voz galega. Á parte do autor citado (X. F. Ferreiro), que se loxicamente escribe **enfronte**, emprega tamén **enfrontar**: *por fin se decidira a enfrontar ós asasinos*..., *tiña medo a enfrontarse con Leonardo*, vin o uso deste verbo en Daniel Cortezón (*Enfrontábanse a utopía*..., *ficaban enfrontados*) e M. Rivas (*suxetei con forza as maletas e enfrontei o longo corredor*).

Pero a maior parte dos escritores preferiron o uso do castelanismo **enfrentar** desde Castelao (*e logo enfrentouse con todo*) e C. E. Ferreiro (*pra enfrentarnos cunha patulea de lurpios*) ata os autores de hoxe, como vemos nestas frases: *enfréntanse os seus animais* (Freixanes), *de remate*, *quedaron enfrentados* (H. Villar), *quen ousa enfrentarse con el* (D. X. Cabana), *axiña se enfrentou ó crego* (Alcalá), *ou ben se enfrentaron* (Toro)...

Digamos finalmente que de **enfrontar** naceu o nome **enfrontamento**: *Houbérase evitado aquel enfrontamento* (D. Cortezón), pero os que din e escriben **enfrentar** usan o derivado **enfrentamento**: *dar por concluída a cerimonia para evita-lo enfrentamento* (Conde), *tiven uns enfrentamentos moi duros* (U. Heinze)...

1167. Afróntase moito

Hai anos buscando palabras tipicamente galegas pola comarca compostelá atopei unha que me pareceu un tanto rechamante. Tratábase do verbo **afrontar** que se aplicaba ó que facían as vacas cando botaban escuma pola boca e estaban fatigadas despois de moito traballo: *Esta vaca xa non pode seguir traballando*; *está moi afrontada*. Pouco tempo despois escoitei dicir ás persoas: *afróntome moito subindo esa costa*, *este traballo é moi duro e afróntame*...

Afrontar ten o significado de respirar con dificultade, bafexar, arfar ou arquexar para moitos falantes das provincias da Coruña e Lugo. Non sei se esta voz está viva noutras partes, pero nesa significación de sufocarse xa aparece recollida polo frade Sobreira no século XVIII.

Probablemente esta voz naceu pola razón de considerar **fronte** como sinónimo de cara e, polo tanto, **afrontar** viría a ser algo así como levar á fronte ou manifestarse na fronte as dores, xestos, expresións orixinados polos arquexos ou arfadas causados polos esforzos corporais.

Pero **afrontar** equivale tamén a facer **fronte** a unha situación difícil á que hai que buscarlle saída: *o peligro afrontando e o duro ferro* (Pondal), *cando algúns afrontaban a montana pola vía román* (Castelao), *hai que afrontar a realidade* (Cortezón), *sentíndose cada vez máis incapaz de afrontar aquel compromiso* (Conde), *calquera desgracia na familia*, *eu afróntoa sen lamentos* (Heinze), *acopiar forzas para afrontar os posibles descréditos* (Rábade).

E **afrontar** tiña desde moi antigo a significación de lanzar ditos ou feitos cos que se intenta ofender ou deshonrar a alguén, é dicir, largar **afrontas**, voz bastante usual alomenos literariamente: *a grorificación dun instrumento de afronta* (Castelao), *esquinadas ou furentes afrontas do mundo* (Dieste), *despois da afronta deulle a elixir*: *¿A piñas ou a tumbas?* (Alcalá).

Sen embargo o castelanismo **afrenta** está presente nos nosos escritores desde a época de Rosalía (*á miña afrenta traidora se mofaba*), que emprega tamén **afrentar** (*negros amores... que dan dores de rabia*, *que manchan e que afrentan*), pasando por Leiras Pulpeiro (*para recordar... nosa afrenta*) e chegando a Freixanes (*cada un ten algo que vingar*, *un crime*, *unha afrenta*) ou a Rábade Paredes (*guerras e inxuriosas afrentas*) que usan moi a miúdo o verbo normativo **afrontar**...

Sinalemos que outra voz derivada de **fronte** é o verbo **confrontar** que non presenta ningún problema nas súas significacións de poñer ou poñerse fronte a fronte dúas persoas e cotexar ou contrastar escritos ou cousas.

1168. De frontal a frontón

Para citar adxectivalmente algo referente a **fronte** témo-la voz **frontal**. Así podemos dicir: *tes moitas engurras frontais*, pero esta palabra substantivouse para denomina-lo óso que forma a parte anterior e superior do cranio: *receitáculo do pensamento constituído polo frontal*, *os dous parietales*... (Risco), *tiña unha fenda no frontal* (Castelao).

Frontal é verba que se emprega bastante para referirse á tea ou adorno que se pon na parte dianteira do altar: *É moi fermoso o frontal do altar maior*. Curiosamente lémbrome dun par de textos de autores modernos nos que aparece **frontal** aplicado ó altar: *Alzábase unha especie de ara cadrada*, *coa parte frontal esculpida* (Cabana), *na parte frontal*, *debaixo do altar*, *había unha trampiña* (Cáccamo).

E o que está situado **fronte** a nós é **fronteiro** e polo tanto deste adxectivo naceu a palabra tan popular, xa dende hai tempo, **fronteira**, para indica-lo límite entre dous estados ou países, pero aínda hoxe conserva o sentido de límite referido a calquera outra cousa material ou inmaterial, como podemos ver nestes exemplos: *as fronteiras moraes que nos diferencian do resto da Hespaña...*, *tras pasar a fronteira da nosa civilización* (Castelao), *na fronteira da noite* (C. E. Ferreiro), *na fronteira norte da catedral* (Conde), *un pequeno furacán sen fronteiras* (H. Villar)...

Dado que **fronteiro** só pode aplicarse hoxe ó que está en fronte ou na mesma fronte de algo (*a casa fronteira á túa*) houbo que crear un novo adxectivo para facer referencia á fronteira, **fronteirizo**: *ao porto fronteirizo de Nascha* (C. E. Ferreiro), *levaba ao marido a cea ao posto fronteirizo que gardaba* (Cunqueiro), *deica as montañas das derradeiras raias fronteirizas* (M. Ferrín). Non obstante quero recordar que Curros Enríquez fala un par de veces dos *gardas-fronteiros*.

Queremos facer referencia a outro derivado de **fronte**, o cultismo **frontispicio**, que talvez chegou á nosa península a través da lingua italiana, se ben é unha voz latina tardía, *frontispicium*. Un **frontispicio** é tanto a parte dianteira dun grande edificio ou o remate triangular dunha fachada coma a páxina dun libro que contén o título da obra xunto cun gravado.

Pero ese remate triangular que se sitúa nas fachadas, nos pórticos e mesmo nas portas ou fiestras é chamado tamén **frontón**, voz que probablemente se orixinou primeiramente en Italia, logo pasou a Francia e á Península Ibérica e que é a preferida dalgúns escritores como Risco (*baixo as cornisas partidas en compricados arcos en frontós*), Castelao (*Estabamos là-haut*, *no frontón da Madeleine*) ou Freixanes (*esteos e escalinatas*, *frontóns e tímpanos*).

Frontón é tamén voz popular hoxe para indicar esa parede contra a que se lanza unha pelota e mesmo o lugar ou edificio onde está: *saír para xogar ó ping-pong*, *ó frontón* (Heinze), *a min non me gusta xogar ao fútbol nin ao frontón* (Casares), *no frontón cuberto do instituto* (Alcalá).

1169. De testos e testas

A palabra latina TESTU significaba tanto tapadeira de barro coma calquera clase de vasilla e pasou a case tódalas linguas románicas conservando a segunda significación, agás no galego e portugués que mantivo o significado de tampa de barro.

Coido que **testo** é unha voz tan metida na mente de tódolos galegos que hai algúns que din descoñece-la súa lingua e sen embargo din falando castelán *quita el tiesto a esa pota*.

Hai escritores que usan esta voz no seu sentido corrente (*portaba habilmente unha gran prata con testo*, de D. X. Cabana), pero curiosamente hai bastantes que empregan **testo**, en vez de **tarro**, para denomina-lo recipiente para ter plantas quizais pola influencia do castelán *tiesto*: *Os testos de albahacas que as mozas costuman poñer nos balcós* (Lamas Carvajal), *adornada de palmeiras en testos de madeira con aros dourados* (Risco)....

De tódolos xeitos **testo** chámanlles moitos galegos ós tornarratos sobre as columnas dos hórreos que impiden ós ratos subir á cámara, e algúns a calquera outra cousa que se pareza a ese tipo de tampas, tapas ou tapadeiras.

E a voz latina TESTA que significaba primeiramente ladrillo e tella, logo ola, cazo, cazola, cántaro, pasou a designa-la cuncha dos moluscos. De aí, na última época da latinidade, usouse tamén para lle chamar ó cranio, sentido que conservou na maioría das linguas románicas.

Testa é tanto en galego coma portugués fundamentalmente a fronte e, por extensión, cabeza. Voz popular en tódolos niveis da lingua falada e escrita desde sempre. Desde Rosalía (*nesa coroa que a túa testa ciñe de verdor*), Pondal (*das testas ceibando mil iris*) e Curros (*volvín a testa e vin*...) ata os autores de hoxe está presente esta voz para referirse á **fronte** ou á cabeza dos homes e mesmo dos animais (*naquel intre a vaca baixou a testa*, de Castelao, *testas de lobos*, de Fole).

Pero **testa** ampliou moito as súas acepcións na fala popular. A **testa** é a parte frontal de moitos edificios, a parte elevada de calquera muro ou valado, a cabeza ou extremo da grade e doutros apeiros ou aveños, a parte externa do tegumento das sementes, etc. En definitiva, é case sinónimo total de **cabeza**.

Nunha linguaxe máis elevada a **testa** é a fronte de vangarda dun exército, a dirección principal de calquera empresa ou calquera institución, como vemos neste exemplo de Castelao: *na testa eclesiástica de Santiago soio medraban os egoísmos da caste*.

Digamos por último que tamén en galego se fala das *testas coroadas* 'monarcas', e das *testas de ferro* 'aquelas persoas que aparecen representando un negocio en vez dos seus verdadeiros donos'.

1170. Derivados de testa

O verbo **testar** é unha voz que fará pensar ós galegos da cidade na súa significación de facer testamento, pero para quen vive ou viviu no campo esta palabra é sinónima de lindar: *a miña casiña testa co río*, *a túa testa coa estrada*. Mesmo hai algúns que en vez de **testar** din **atestar** ou **entestar**.

Naturalmente este verbo é un derivado de **testa**, sobre todo nese significado que xa vimos de cabeza ou fronte de moitas cousas. Quizais para concretar máis esta voz orixináronse algúns derivados.

Así témo-la palabra **testada**, usada en moitos lugares para denomina-la franxa de terreo sen cultivar que hai no extremo dunha terra de labor, é dicir, é o mesmo que cabeceira, arró ou cómaro: *a testada que hai entre a leira túa e a de Pepe non é moi grande*.

Quizais máis popular que **testada** son as verbas **testeira** ou **testeiro** que se empregan ademais noutras significacións de listón da grade, parte máis elevada das tellas, parte que sobresae de calquera cousa, remate da proa ou da popa das gamelas, etc. **Testeiro** foi unha palabra que empregou bastante Castelao para significa-la parte superior de algo: *o mastro rematado por un testeiro crucífero*..., *no testeiro aparesce unha swástica de catro aspas*..., *o xefe séntase no testeiro*, *detrás dunha escribanía con barómetro*.

Da mesma maneira que cando dicimos de algún que é moi terco empregamos derivados da voz cabeza: **cabezado**, **cabezón**, **cabezán**, podemos usar así mesmo derivados de **testa**.

Testán é bastante usual para chamar a quen é obstinado ou teimudo ou teimoso: *Balbino*, *non sexas testán*, *di algo* lemos en Neira Vilas. Tamén escoitei preto de Santiago dicir esta frase co verbo derivado desta voz **testanear**: *O meu amigo pasa o día testaneando*.

Testalán está recollido nos diccionarios en vin que Fole o usa: *Alí quedou defunto cos cuadrís partidos por testalán*, *pois teimou*..., xunto co verbo **testalanear**: *Cavila o que vas faguer*. *E si testaleas en matarte*... Algún outro lugués di **testelear** (¿*testelea*, *testelea*, de Noriega Varela).

Testarán dino tamén algúns lugueses, segundo recolle nas súas obras léxicas Aníbal Otero, xunto co verbo **testaranear**. E hai quen di por esa zona **testarrán**.

Testarudo existe tamén en galego (*E petou testarudo cos zoquiños no chan*, de Dieste), pero son moitos os que prefiren dicir **testarrudo**, talvez pola influencia da palabra **rudo**.

E para rematar con toda esta serie de voces derivadas de **testa** para significar terco, obstinado, porfiado, cabezudo, turrón, teimoso ou teimudo, mencionámo-la palabra bastante corrente **testudo**, que vemos que empregou Celso Emilio Ferreiro: *William Moore*, *home testudo continuou repartindo o correio*.

1171. Lagañas e lepias

A palabra que temos en galego para denomina-lo líquido espeso de cor marela que se acumula no bordo e comisuras das pálpebras que protexen os ollos é **lagaña**, voz que non sabemos de onde procede (acaso de orixe prerromana) e que estivo estendida por toda a Península Ibérica ata hai uns catro séculos.

De tódolos xeitos hai que dicir que podemos escoitar de bastantes falantes a variante fonética **langaña** e outra que talvez podemos considerar castelanismo, **legaña**, que é a forma en que se converteu a voz primitiva. E de todas estas voces saen os adxectivos que se dirixen ás persoas que teñen moitas lagañas: **lagañosos**, **langañosos** ou **legañosos**.

Sen embargo ó lado da nosa voz tradicional **lagaña** existe outra palabra para indica-lo mesmo. Trátase de **lepa** (que ten a variante **lepia**) que procede da palabra latina da mesma significación LIPPUS e que non se conserva como tal nas demais linguas romances peninsulares. Hoxe, aínda que apareza esta voz en tódolos diccionarios, é usada soamente polos falantes da zona occidental do territorio galego.

Tamén vén nos diccionarios outra voz para ser empregada como sinónima de **lagaña** e que eu non escoitei a ningún falante. Trátase de **remela**, palabra normal da lingua portuguesa, da que desapareceu a nosa **lagaña**, agás nalgúns lugares de Tras os Montes.

Coido que esa voz portuguesa, da que se copiou a forma galega **remela**, ten orixe na voz **ramela**, que tampouco sabemos claramente de onde procede e que desde logo non ten nada que ver coas palabras galegas **remelar**, **remelón** ou **remeludo**.

Remelar é palabra que se refire ós ollos, pero non ás lagañas. **Remelar** é verbo bastante usado en moitos lugares de Galicia para significar abrir e mover moito os ollos cando un ve algo raro ou quere indicar algo especial. As persoas que teñen os ollos moi abertos son chamadas **remeloas** ou **remelóns**.

A voz **remelar**, ademais de ser popular, foi bastante usada polos escritores: *o galo da valeta*, *desprumado*, *remela os ollos cara ó vento Leste* (Curros Enríquez), *e deu motivo a un remelar de ollos ante tal situación* (Fernández Ferreiro), *dirixe a súa mirada esculcadora*, *remelada*, *en dirección ó seu confrade* (Rábade Paredes)...

En fin, a xente que di **remelar** (abrir moito os ollos), **remelón** (que ten os ollos moi abertos) ou que chama **remeludos** a eses ollos tan chamativos non pode pensar que esas voces teñan algo que ver coas **lagañas** ou **lepias** ou coas teóricas **remelas** portuguesas que os diccionaristas introducen no noso mundo léxico.

1172. Albiscar e enxergar

Ver algo ó lonxe, sen distinguilo perfectamente, é tanto en castelán e portugués coma en galego **divisar**, verbo que aparece bastante nos textos medievais. Nos tempos modernos en galego pasou a ser algo así como unha voz culta, xa que é pouco usada na fala. Os nosos autores clásicos deberon deixar de usala para evitar unha voz igual á castelá, pero algúns modernos si a empregan: *divisamos no avesío unha valigota fea* (M. Ferrín), *divisábase unha tristura amarela de follas caídas* (Casares), *divisaron ó lonxe o castelo de Lama* (D. X. Cabana).

Hai falantes que substituíron **divisar** por **avistar**, cousa que tamén fixeron algúns escritores: *avistaba os ermos arrabaldos do pobo de Basilisa* (Otero Pedrayo), *non sería doado saber quen foi o primeiro en avistala* (Dieste), *onde se avista o Real i a xente que ven da feira* (Novoneira).

Pero a palabra máis usada polos falantes en vez de **divisar** é **albiscar**, que tamén empregan os escritores: *a morea de pedras non sexa tan outa que dende o seu curuto se albisque o campanario da capela* (Castelao), *Xan parouse e quedouse albiscando pra un costado durante un anaquiño* (Blanco Amor), *nun altor albisquei a casa da muller meiga* (M. Ferrín), *chans de Amoeiro dende os que se albisca o Pai Miño* (A. Conde).

Sen embargo hai escritores que empregan este verbo coa significación de ver, darse conta, comprender: *pero ben se albisca que os nosos canteiros puxeron unha miga máis de amor na figura da Virxe* (Castelao), *sen atreverme a meditalo cheguei a albiscar que o odiaba*.

Albiscar ten unha variante tamén moi estendida: **abiscar**, que a vin usada por Cortezón: *voltou de novo a aviscar os cumes*.

Outro verbo bastante corrente para indicar ver algo ó lonxe é **enxergar**, que ten moito uso literario: *Farto de ver cousas tales iba xa*, *cando enxergamos de Roma as cen catedrales* (Curros), *pero xa lles tardaba enxergar os muros da cidade* (Freixanes), *era media mañá cando enxerguei a Praza Ancha* (Rábade).

Enxergar, do mesmo xeito ca **albiscar**, é usado na significación de ver, darse conta, comprender: *para que os galegos do continente americán enxergaran mellor a razón das demandas que Galiza tiña* (Castelao), e tamén na de discorrer e inventar: *Alí enxergaba outro mundo*, *ledo*, *fermoso*... (Otero Pedrayo), *rematou de me escrarexar o que xa eu enxergara* (Dieste), *o seu gusto asustador fíxome enxergala de novo* (X. Alcalá).

E **enxergar** ten unha variante **dexergar** que usan bastante determinados escritores como Cotarelo: *Canto máis pra lonxe miro*, *tantas máis brétemas dexergo*, ou M. Ferrín: *o coto que se dexergaba lonxe había ser o Penagache*..., *o militante dexerga a figura magra do Tenente Coronel*, ou Fernández del Riego que a usa moitas veces na súa obra *O cego de Pumardedón* sobre todo na súa significación de contemplar, tanto ó lonxe coma ó que está próximo: *Dexerga a propia imaxe na auga demudada*..., *Ana dexergaba a grave faciana do compañeiro*..., *sentados cabo da vidreira dun café*, *dexergaban como a chuvia caía fora*...

Para terminar este comentario podería **dexergar**, **enxergar**, **albiscar**, **avistar** ou **divisar** algunhas outras voces que teñen certa semellanza significativa con elas.

1173. Chiscar e chiscos

Chiscar é claramente un verbo creado polos falantes para expresa-lo ruído máis ou menos continuado e producido por unha cousa que se bate con outra. Ese ruído que poderiamos transcribir así: *chisk* dá orixe a esa palabra **chiscar** para dicir frases como estas: *esas bólas desa caixa chiscan moito*, *as rodas desa máquina chiscan bastante*...

Hai aínda falantes que empregan **chiscar** como voz sinónima de estalar ou estourar: *os paos que están na lareira están chiscando*. De aí en relación co lume témo-lo uso de **chiscar** para significa-la producción de lume nunha mecha facendo saltar chispar dun seixo ou dese obxecto que acabou sendo chamado **chisqueiro**.

Actualmente **chiscar** ten para moitos falantes e escritores a significación de tocar algo rozándoo lixeiramente: *alancando por riba da lagoa*, *sen chisca-la iauga*..., *bulía con moito tino pra non chisca-las cousas de romper* (Castelao), *oise fora rompe-lo mar e chiscar a chuvia na fenestra* (Cotarelo).

Hoxe é moi empregado **chiscar** coa palabra **ollo** para significar pechar un ollo ou os ollos ben por necesidade fisiolóxica ou ben con certo disimulo para facer algún sinal ou dar a entender algo: *a solaina*, *onde o aire fai chiscar os ollos* (Otero Pedrayo), *chiscando un ollo*, *como se lle batese nel o fume do tabaco* (Castelao), *aínda que Penedo*, *contando o caso*, *lle chiscase o ollo aos contertulios* (Cunqueiro), *principiou a chiscarlle o ollo cando o atopaba* (Risco).

E do mesmo xeito, como xa vimos, que **picar** pasou a significar coller e probar cousas de comida ou de bebida, tamén **chiscar** pasou a ser sinónimo dese significado de picar: *non podo pasar toda a mañana sen chiscar algo*.

Desta última significación de chiscar naceron os nomes **chisca** e **chisco** para indicar non soamente porción pequena dun alimento ou dunha bebida, senón de calquera outra cousa. Ámbalas dúas voces pasaron a ser sinónimas de migalla, miga, petisco...

Chisco é moito máis usual ca **chisca** tanto a nivel falado coma literario para indicar porción diminuta de algo, tanto de modo concreto coma figurado: *tratouna con moita cortesía*, *sen chisco de ruín intención* (Castelao), *apenas toman un chisco de sal* (Cunqueiro), *seguiu sen ver saír chisco de fume* (H. Villar), *un pouco fachendoso*, *cun chisco de altanería* (Cortezón).

E **chisco** é igualmente moi usual na significación de pequena porción de tempo: *pra non perder nin chisco do baixiño falar dos camiños* (Otero Pedrayo), *por un chisco*, *mamalón*, *non chego a tempo* (Cunqueiro), *entón esperou un chisco e foi movendo a cabeza* (Conde), *ela moveu un chisco a cabeza* (M. Ferrín)...

Naturalmente, **chisco** pode ser usado como nome en relación coas significacións citadas de **chiscar**, pero quero deixar constancia do seu uso adxectival na mesma significación de miope: *deseguida arrédase unha migalla para medila cos ollos chiscos* (Castelao), *mozo... do pelo mui brizo*, *os ollos pequenos e chiscos* (Cunqueiro).

1174. Choscar e chuscar

Xa vimos como pechar un ollo rapidamente para chama-la atención ou facer sinal alguén é **chiscar**, verbo que ten ademais moitos outros significados. Pero temos tamén a posibilidade de usar coa dita significación o verbo **choscar**, tipicamente galego, do que non sabémo-la súa orixe. Entra dentro do posible, coma no caso de **chiscar**, que nacera dunha onomatopea, *chosk*, equivalente a ruído...

Choscar emprégase sempre en relación cos ollos. A súa significación máis corrente é a correspondente ó castelán *guiñar*: *Añón quedouse calado*; *ergueuse*, *choscoume o ollo...*, *pasmados de tal grandeza chóscanse o ollo dicindo* (Curros Enríquez), *amigo de casa*, *que lle choscaba un ollo mentras esparexía as cartas* (Neira Vilas).

Pero **choscar** equivale tamén a pechar un tanto os ollos por causa de ser algo miope (*Pepe tivo que choscar moito para ler ese papeliño*) ou por efecto dalgún fenómeno atmosférico: *o sol relumbraba tanto que me fixo chosca-los ollos*.

Derivado deste verbo é o adxectivo **chosco** que ten a significación fundamental de "que non ve ben dun ollo ou dos dous". Na realidade da lingua **chosco** funciona como sinónimo de miope ou pitoño, de birollo, vesgo ou estrábico e de torto e mesmo de somnolento: *os faroles municipaes*, *choscos de sono*, *alumean aínda* (Castelao), *para o lado do ollo chosco* (Alcalá), *o pobre morreu de vello na cama*, *chosco e tolo* (G. Tosar).

E variante de **choscar** en tódalas significacións citadas é **chuscar**, que é moi empregado en toda Galicia tanto polos falantes coma polos escritores: *os noivos chúscanse o ollo*, *como o que a cousa non quer* (Curros), *e botábase a rir chuscando un ollo* (Fole), *Míguez chuscoulle o ollo*, *cun felo de complicidade* (Cortezón). E hai falantes que din tamén **chusgar**.

Loxicamente se ó lado de **choscar** temos **chuscar**, ó lado de **chosco** teriamos que ter **chusco**. En efecto hai algúns falantes que usan este adxectivo como sinónimo de miope, birollo ou torto, pero non triunfou moito porque temos outra voz adxectival, **chusco**, que ten que proceder doutra familia léxica.

A palabra adxectival **chusco**, que existe tamén en castelán e que algúns filólogos consideran que pasou do galego ó castelán, ten a significación de agraciado, fermoso, ben parecido, simpático e é moi empregado a tódolos niveis da lingua: *que olladas tan chuscas trocaban as nenas de xenio cos mozos de Cais* (Rosalía), *ós anxeliños miráballes as caras*, *tan chuscas*, *ben feitucas* (Neira Vilas).

E derivado deste adxectivo é o nome **chuscada** empregado tamén a tódolos niveis da lingua para significar dito ou feito que é simpático e gracioso: *bebendo e ouvindo chuscadas dos tratantes* (Blanco Amor), *era moi ledo de seu e as súas bromas e chuscadas tiñan gran sona* (Fole), *ás veces hastra conta algunha chuscada* (Neira Vilas).

Por último hai que recordar que existe o nome **chusco** "bolo pequeno de pan" que non sabemos se naceu desta mesma familia léxica.

1175. Torto, breco e meco

Xa falamos dos adxectivos **chisco**, que aplicado á voz ollo significa miope e **chosco**, que sempre se aplica a ollo con diversos significados. Te-los ollos **choscos** é tanto como telos chiscos, miopes, estrábicos e tamén tortos. Polos datos léxicos que temos recollidos dos falantes galegos **chosco** é a palabra máis usada para referirse a quen non ve por un ollo, é dicir, a quen é torto.

A voz **torto** procede do participio latino TORTU, isto é, do verbo **torcer**. Por tanto a súa significación orixinal é a de torcido, revirado, curvo, etc. De aí que esta voz sexa aplicada a moitas cousas: *calquera esguízaro mirrado de pernas tortas e cara fea* (Curros), *cangado de ombros e torto de pernas* (P. Martín), *e ten a boca torta nunha mueca de disgusto*..., *ten o bico torto* (S. Toro), *os tortos consellos da miseria fórano empurrando cara a escravitude* (Castelao).

Este adxectivo aplicado a tantas cousas que teñen algún defecto tamén se aplica ós ollos que están torcidos, que son defectuosos, estrábicos, birollos, etc., pero pasou con el o mesmo que con **chosco**, é dicir, que se especializou pola maioría dos falantes en aplicalo ó ollo que non ve ou a quen ten un ollo nesas condicións.

Son moitos os falantes que o empregan nesta significación que está loxicamente recollida en tódolos diccionarios. No de Eladio Rodríguez aparecen varios refráns: *Cando pases pola terra dos tortos*, *pecha un ollo*, *máis val ser torto dun ollo que cego dos dous*... E naturalmente é moi usado polos escritores: *quedara torto do ollo esquerdo* (Cunqueiro), *a besta xa era moi vella e torta do ollo dereito* (Fole).

Quen ten un ollo sen vista é chamado por algúns falantes da provincia de Ourense **breco**, adxectivo que é recollido en bastantes diccionarios, pero que non é tan corrente como **torto** ou **chosco** nos diferentes niveis da lingua. Sen embargo con esta voz pasa como coas outras citadas. Non sei se na vida real ocorre o que din algúns diccionarios que lle dan tamén a significación de "que ten a vista torcida"...

Non teño idea clara de onde procede esta palabra. De todas formas quero sinalar que Fr. Martín Sarmiento nos fala así de **breque**: "Llaman en Galicia a un tuerto *ollo breque*. La Academia, en *breca*, trae la expresión... y significa el *ollomol* gallego... así *ollo-breque* o ojo de *breca* corresponde a los ojos de *besugo*..."

Talvez poidamos pensar tamén na voz **breca** "contracción involuntaria dalgún músculo, que produce dor", é dicir, cambra. Un ollo que sofre **brecas** puido ser chamado *ollo breco* e despois **breco** pasou a ser sinónimo de torto ou chosco...

Citemos por último a voz **meco** que serve como nome para chamar a ese personaxe lexendario ó que lle botan as culpas de todo, ou para denominar certas máscaras do entroido en certos espantallos. E como adxectivo pasou a ser sinónimo das palabras citadas, segundo aparece recollido en bastantes diccionarios.

En fin, para denominar a quen está falto da vista dun ollo temos en galego varias voces: **chosco** e **torto** moi correntes e **breco** e **meco** pouco usuais. E repetimos: na fala popular todas estas voces aplícanse tamén para denominar outros defectos da vista.

1176. Vesgos e birollos

Os oculistas ou oftalmólogos introduciron hai un par de séculos nas linguas modernas o cultismo procedente do grego **estrabismo** para significa-la afección da vista que se manifesta na desviación da dirección normal da mirada ben nun ollo, ben nos dous. E por tanto chamamos **estrábico** a quen ten esa disposición viciosa da vista.

Penso que fóra do nivel culto de falantes hai pouca xente que emprega esta palabra, **estrábico**, para mencionar defectos que se teñen no acto da visión. Loxicamente antes da introducción desta voz había bastantes palabras para denomina-las xentes que tiñan eses defectos.

Xa falamos de choscos, tortos, etc., e de como estas palabras se foron especializando a través dos tempos. Da forma latina **versus** "volto, tornado" naceu o vulgarismo VERSICU que deu orixe ó noso **vesgo**, que se usa para denominar a quen ten a vista torcida. **Vesgo**, que aparece escrito como **besgo** por moitos diccionaristas e moitos escritores é palabra bastante espallada en toda Galicia, se ben hai que sinalar que hai falantes que pronuncian **bergo** e talvez por influencia do castelán *bizco* hai quen di **bisgo** e mesmo **bisco**. Tamén temos constancia da existencia das variantes **besgoño** e **besgueiro** que din algúns falantes.

Vesgo mantén en xeral esa significación citada, se ben nalgún diccionario aparece tamén co significado de torto ou chosco, e é bastante empregado polos escritores: *é un home besgo*, *de mal xorne* (Cotarelo), *aquel home de quen falo era besgo dun ollo... queimoulle ó besgo o ollo san*, *pasando de torto a cego* (Cunqueiro), *puña os ollos vesgos*, *pousados na punta do nariz* (Conde).

Probablemente máis corrente ca **vesgo** é **birollo**, palabra procedente ó igual có castelán *bisojo*, do latín BISOCULUM, que significaba ollo imperfecto. En galego deberiamos ter *bisollo*, pero posiblemente por influencia do verbo **virar** converteuse en **birollo**. Así pois quen ten a vista torcida tanto é **vesgo** coma **birollo**: *antes birollo que cego de todo* (Refraneiro), *naceu o neno virollo*, *e no ollo abesgado fóiselle poñendo unha nuben roxa* (Cunqueiro), *mirándoo coa súa mirada virolla* (S. Toro).

Pero na fala popular podemos atopar outras formas que teñen esta mesma significación. Aníbal Otero recolleu as voces **fisco** e **fisgo**. Xa Fr. Martín Sarmiento deixou constancia da existencia da palabra **resgo**, que el dá como sinónimo de torto. Sen embargo nos traballos de recollida de voces dialectais modernas atopámo-la existencia en varios lugares da provincia da Coruña de **resgo** como sinónimo de **vesgo** ou **birollo**.

E por último citamos outro adxectivo desta mesma significación, **trusco** ou **trusgo**, que xa citou no século dezaoito o frade Sobreira e do que temos constancia de que hai falantes actuais que o usan. Curiosamente dese adxectivo naceu o verbo **truscar** ou **trusgar** que ten o mesmo valor do tan citado **choscar** e está recollido así nalgúns diccionarios e que é usado polos escritores: *inclinárase sobre o leito*, *quizais fruncidas as cellas*, *trusgando os ollos* (F. del Riego), *o Masito trusgaba o ollo pillabán* (D. X. Cabana).

1177. Miopes e cegos

O ser humano que ten **miopía**, é dicir, que ten anormalidade nos ollos para ver con precisión tódalas cousas que non están moi preto deles, é chamado **miope**. Xa vimos nas anteriores *Glosas da lingua* como tantas palabras que hai na nosa lingua para indicar defectos da vista ou dos ollos teñen significados moi amplos, de tal xeito que na fala popular podemos escoitar ás veces palabras como **birollo**, **breco**, **chosco**, **trusgo**, **vesgo**, etc., para referirse a quen é miope.

Do mesmo xeito que os oculistas ou oftalmólogos introduciron nas linguas modernas os cultismos xa citados **estrabismo** e **estrábico** hai un par de séculos, tamén introduciron os cultismos **miopía** e **miope**, que curiosamente tiveron máis uso na fala coloquial cós anteriores.

Miope é pronunciado por bastantes falantes **miopo**, forma que lingüisticamente consideramos variedade dialectal e que non é moi usada a nivel superior da lingua: *era longo*, *fraque*, *mouro*, *miope* (Cunqueiro), *cos seus ollos miopes tras os lentes* (X. Alcalá), *puido adivinar o bispo os ollos fríos e miopes do seu lectoral* (Casares).

Outra maneira de chamar miope a alguén é dicindo **pitoño**, voz bastante corrente en moitos puntos de Galicia e que ten como variedade dialectal **pitoxo**. Nalgúns diccionarios recóllese o emprego de **pitoño** como sinónimo de chosco e tamén de lagañoso.

Probablemente **pitoño** naceu desa familia léxica de **pitaña**, que significa lagaña e que se di en moitos lugares da Península Ibérica. Quen era **pitañoso** ou **lagañoso** foi chamado **pitoño**, que pasou posteriormente a significar miope. Non lembro ningún exemplo literario desta voz, pero si do seu derivado **pitoñento** que o empregou Castelao: *cousas redondas ou brilantes en que batían os seus ollos pitoñentos*.

Quen é miope ou pitoño pode ser chamado **cegarato**, voz recollida nos diccionarios, bastante común, que ten a variante dialectal **cegaratas** (*o meu amigo é moi cegaratas*), e a variante tipicamente castelá **cegato**, segundo vemos nestas frases literarias: *tiña un can*..., *pero xa cegato e vello* (Cunqueiro), *non vos decatades de ren*, *cegos*, *cegatos*, *cegaratos!* (Cortezón).

E para rematar de citar voces relacionadas cos defectos da vista teremos que menciona-la palabra tradicional **cego**, voz común en todo o ámbito do galego e que, ademais do seu significado fundamental "que non ve, que está privado do sentido da vista", ten moreas de significacións que están recollidas en calquera diccionario... Citamos aquí varios exemplos literarios nos que se ve ese uso figurado desta voz: *buscando o fin da cega humanidade* (Curros), *o seño Fuco é un home de ben e anda ceguiño por ti* (Castelao), *no val alagado onde hai fontes que naceron cegas* (Otero Pedrayo), *con furia cega de paixón invertida* (M. Ferrín), *paixón cega polo fillo máis novo* (H. Villar)...

1178. Pestanas e perfebas

As palabras cambian ó longo dos tempos a súa significación e mesmo poden desaparecer e ser substituídas por outras que tiñan significados algo parecidos ou por palabras de nova creación ou de recreación doutras xa existentes.

Cada un dos pelos que nacen nos bordos das pálpebras é chamado hoxe **pestana**, palabra de orixe incerta, xa presente nos textos medievais, que debeu substituí-la palabra herdada do latín. ¿Como se

dicía en latín pestana? Segundo podemos constatar polos diccionarios sería PALPEBRA ou PALPEBRUM ou CILIUM, voz esta última que se convertirá en galego por evolución fonética normal en **cello**. O plural latino de CILIUM é CILIA que se transformou en galego en **cella**.

Pálpebra, **cella** e **cello** son palabras galegas que non manteñen esa significación de pelo ou pelos que están no bordo das pálpebras. Esa voz citada, **pestana**, é a palabra normal para esa significación tanto a nivel falado coma literario: *e que alegran a pestana* (Rosalía), *de longo cabelo e de pestanas longas* (Lamas Carvajal).

Sen embargo hai que dicir que hai bastantes falantes que pronuncian (talvez por influencia do castelán) *pestaña* e escritores que a usan: *E aquela bagulliña callada nas pestañas* (X. M. Pintos), *ó Sochantre*, *de neno*, *a artilleira cortáballe as pestañas* (Cunqueiro).

E move-las pestañas para abrir ou pecha-los ollos é **pestanexar**, verbo moi corrente, pero que bastantes falantes pronuncian **pestenexar**. Os escritores prefiren a primeira forma: *páledo*, *sombrío*, *atóneto*, *como un mármore de frío*, *sin pestanexar xiquera* (Curros), *pro a dona non pestanexaba nen se movía* (Blanco Amor).

Está claro que non podemos **pestanexar** sen move-las pálpebras. De aí que poidamos entender este verbo como sinónimo de **palpebrexar**: *adoitaba atopalo alí pestanexando*. *Reprendíao por estraga-los ollos* (F. del Riego). E nun sentido figurado pasa a equivaler a escintilar: *e a luz pestanexante -moribunda -das farolas* (Rábade), *miles de luciñas pestanexantes espállanse polo val* (Freixanes). De aí o uso moderno do nome **pestanexo** por algúns escritores: *o pestanexo dos sinais eléctricos* (F. del Riego), *botou a andar pra se perder nun pestanexo*, *pola Calexa Nova* (M. Rivas).

A palabra latina PALPEBRA, na súa significación de pestana, conservouse en galego transformándose xa en época antiga en *palfebra*, que se modificou logo en *perfebra* e por último en **perfeba**. Popularmente hai bastantes xentes que chaman **perfebas** ás pestanas, pero tamén temos que dicir que hai falantes que din **prefebas**, **precebas** e **percebas**.

Perfebas é usada tamén literariamente: *as súas perfebas eran tan longas e mouras coma os pelos do pincel* (Cunqueiro), *os ollos de pálpebras pousadas nas perfebas* (Conde).

Por último teño que dicir que hai falantes e mesmo escritores que usan esta voz como sinónimo de **pálpebras**.

1179. Párpados, pálpebras e capelas

As palabras latinas que se empregaban para denomina-las pestanas son as mesmas que se usaban para chama-la membrana móbil, dividida en dúas partes, que serve para cubrir e protexe-lo ollo. Estas palabras eran PALPEBRA, PALPEBRUM, CILIUM e CILIA. Xa vimos no anterior comentario como as dúas últimas evolucionaron en **cello** e **cella** en galego, pero sen conservar esa significación de pestana. Temos que engadir que tampouco conservan hoxe esa significación de membrana que cobre o ollo.

Agora ben, esas formas PALPEBRA e PALPEBRUM sufriron diferentes modificacións xa na época latina. Xa vimos como dunha desas modificacións fonéticas naceu a nosa palabra **perfeba**. Pois ben, dunha forma derivada desas palabras latinas naceu a voz **párpado** que se espallou pola Península Ibérica con moitas variantes. No territorio lingüístico galego está viva esa forma en moitos lugares, pero hai moitos outros que a pronuncian **párparo** e mesmo **párpalo** ou **pámparo**, etc.

Hai escritores que usan **párpado**: *pouquiño a pouco os párpados abrindo persinouse* (Curros), *tiña un párpado tecido polos ventos* (Cunqueiro) e sobre todo o verbo derivado desta voz **parpadexar**: *¡Como se amostra o traxe! ¡Como me parpadexa!* (Curros), *un parpadexar nervioso e o rictus airado dunhas mans* (Casares), que tamén toma o sentido de vacilar ou oscilar ou escintilar: *un corpo desperto*, *parpadexante*, *vivo* (Cunqueiro), *dous soles fixos e parpadexantes* (Curros), *na foscura baixa brilan luciñas*, *parpadexan*, *morren* (Otero Pedrayo).

Nos tempos modernos entrou como cultismo a palabra orixinaria latina **pálpebra** nas linguas peninsulares. Na fala popular non é moi corrente, pero os escritores si a usan tanto como a máis tradicional **párpado**, que é considerada castelanismo: *os meus ollos non tiñan pálpebras* (Fole), *pecha as pálpebras para encobri-la falta dos ollos perdidos* (F. del Riego), *apreto as pálpebras e vexo todo verde* (M. Ferrín).

Se de **pestana** naceu o verbo **pestanexar** e de **párpado parpadexar**, loxicamente de **pálpebra** ten que saír un verbo **palpebrexar**, que non debe ser corrente pois eu nunca o escoitei, pero si o vin escrito nun texto de Suso de Toro: *unha raxada de aire frío que aviva o lume e fai palpebrexar as chamiñas dos candís*.

Para a maioría dos galegos de hoxe talvez a voz **capela** fai pensar nun edificio relixioso, pero para os galegos do campo unha capela é tamén a parte superior do palleiro ou de calquera outra cousa é aínda hai xente que chama **capela** á capa ou membrana que cobre o ollo. Hai tamén falantes que din *capelo do ollo* e mesmo *capela do ollo*, expresión que tamén empregan os portugueses.

En fin, para denomina-la membrana que cobre o ollo temos tres voces: **pálpebra**, **párpado** e **capela**.

1180. Sobrecellas, cellas e entrecello

O bordo superior, curvo e saínte da órbita do ollo, que está cuberto de pelos, era chamado en latín SUPERCILIUM, voz que por evolución fonética normal se converteu en galego en **sobrecello**. Loxicamente poderiamos pensar no derivado francés desa voz latina, *sourcil*, que ten ó lado o derivado de CILIUM, *cil*, na significación de pestana.

Sen embargo os falantes galegos que manteñen esa palabra **sobrecello** non conservan o nome de **cello** para a pestana. Hai escritores que usan tamén esta voz non moi espallada: *e polo sobrecello moi mesto i escuro... erguendo o sobrecello* (Blanco Amor), *o coronel poñía no sobrecello unha man de visera* (Cunqueiro), *os homes entraban en cas Aparecida cos sobrecellos e os bigodes encañecidos pola neve* (M. Ferrín).

Do plural da citada voz latina, isto é, SUPERCILIA formouse no galego a voz **sobrecella** por evolución fonética normal. Hai falantes que usan esta palabra que está recollida e é a preferida por moitos diccionarios, pero non polos escritores que fan máis uso das variantes **sobrencella**, empregada xa nos textos medievais (*quebraronlle os braços*, *ollos e sobrencellas*, das "Cantigas de Santa María"), e **sobrancella** (*os ollos algo xuntos de máis e as sobrancellas extensas*, de X. R. Pena).

Pero realmente a forma máis estendida é **cella**, que xa dixemos que orixinariamente significaba pestana, pero que logo foi aplicada á pálpebra e por último se converteu en sinónima de **sobrecella**. Os escritores úsana bastante: *a boina calada até as cellas* (Cunqueiro), *bícao despois nunha cella* (F. del Riego), *tesos e coas cellas ergueitas* (P. Martín), *ten unha cella enarcada* (S. Toro).

Non hai dúbida de que esa evolución de **cella** en **sobrecella** na súa significación ocorreu tamén na lingua castelá e hai algo moi curioso: a influencia da voz castelá *ceja* na nosa lingua. Son centos de miles de galegos que prefiren o castelanismo *cexa* a calquera das formas normais galegas **cella**, **sobrecella**, **sobrencella**, **sobrancella**, **sobrecello**...

Nalgúns diccionarios aparece como sinónimo destas palabras a voz *sobrollo*, que claramente se ve que equivale a *sobre ollo*. Trátase dunha forma portuguesa, hoxe desusada, da que non teño constancia do seu uso por falantes galegos...

Por último sinalémo-la existencia da voz **entrecello** para denomina-lo espacio que hai entre as cellas, palabra que non se rexistra nos diccionarios modernos, pero que si empregan falantes e escritores: *meteulle dous tiros seguidos no entrecello* (Fole); *¡Como enruga o entrecello nas sombras!* (Dieste), *os pregues súpetos nas frontes*, *nas cellas*, *nos entrecellos* (M. Ferrín), *¿Quen é este bruxo de entrecello sempre enrugado?* (Conde), *Esa mirada fixa co entrecello francido* (S. Toro).

1181. Meniñas e santiñas

O disco membranoso do ollo, de diferentes cores, que é chamado iris, ten no centro unha abertura pola que entran os raios de luz. Esa abertura é denominada en moreas de linguas románicas e non románicas coa mesma palabra que serve para chamar aquelas persoas femininas que están aínda na infancia.

Para denominar ese tipo de persoas témo-las voces **pequena**, **rapaciña**, **cativa** e a máis corrente **meniña** (que ten a variante **miniña**, usada por bastantes falantes e mesmo ocasionalmente por algúns escritores como Rosalía e Curros), que é a que se impuxo para referirse a esa parte do ollo.

Resulta normal escoita-la expresión *meniña do ollo*, que tamén usan algúns escritores: *quero mirarme nas meniñas dos teus ollos* (Castelao), *que nas meniñas dos teus ollos levache os meus amores* (Noriega Varela), *as faíscas nas meniñas dos ollos desapareceran anoxadas* (Cortezón), pero son moitos máis os falantes que empregan a voz simple **meniña** para denominar tanto a unha cativa coma a esa parte do ollo.

Naturalmente hai tamén moitos textos literarios nos que a voz simple **meniña** aparece como parte do ollo: *tiña unhas meniñas coma regandixas*, *o mesmo ca un gato* (D. X. Cabana), *fixa as meniñas no fondo da ventá oval* (Tosar), *mírao cos seus ollos sen meniña* (S. Toro)...

Temos que deixar constancia de que **nena** é voz sinónima de **meniña** e de que hai falantes e mesmo escritores que a usan na expresión *nena do ollo* para significar esa parte do iris: *Alá se vai a nosa fachenda! A neniña dos nosos ollos!* (Castelao).

A palabra tradicional e relixiosa **santo** tomou para moitos falantes tamén o sentido de perfecto, proveitoso, bo, etc. **Santo** pode ser aplicado a un meniño bo. De aí que a meniña é chamada por bastantes falantes *santo do ollo* e mesmo **santiño** e por outros *santa do ollo* ou **santiña**. Teño lido esta última voz nos textos de Leiras Pulpeiro: *¡Quererlle máis que as santiñas dos meus ollos*...

Nos tempos modernos entrou o cultismo **pupila** para denomina-las meniñas dos ollos. Esta voz é usada hoxe cientificamente ou no nivel culto ou educativo e mesmo xa por algún escritor: *Estaba alí*, *xogando co brillo da lúa nas pupilas dos ollos* (M. Rivas).

Pupila procede do latín PUPILLA (diminutivo de PUPA "boneca" e "nena") que significaba nena e tamén meniña do ollo, pero non pasou a ser palabra normal na lingua oral que se transformaría en lingua romance. Por iso foi introducida hai poucos séculos como cultismo.

Modernamente esta voz tomou varios sentidos: orfa, hóspede, prostituta, etc. Nesta significación é bastante empregada polos nosos escritores: *tras variados amores rematou de pupila nun tapadillo* (Cunqueiro), *ouvíase no salón a pándiga que armaban os fletes coas pupilas* (Blanco Amor), *o producto dos castiñeiros daba para a sobremesa das pupilas* (Alcalá).

1182. O que é un ollo

Xa falamos de palabras tradicionais que serven para denominar certas partes da cara, como boca ou nariz, que toman moreas e moreas de significados variados. A elas engadimos hoxe a voz **ollo**, da que non imos dar loxicamente a súa significación fundamental, pero da que si queremos dicir que como palabra galega normal existe para todo falante tal cal sen influencia da voz castelá *ojo*.

Non obstante, despois de ler miles de exemplos nos que están presentes os **ollos**, quixera unicamente salienta-los cualificativos máis correntes que lles dan certos escritores coma cousa de curiosidade. Na obra de Rosalía aparecen cualificados de dulces, dormentes, feridores, apagados, asombrados, compasivos... Na de Curros como airados, celestes, negros, relampados... En Cunqueiro aparecen cualificados moi a miúdo polos nomes das cores: mouros, negros, celestes, azúes, violetas, grises, verdes, roxos... e por moitos outros adxectivos: vivos, ledos, craros, francos, virís, febrentos, pitañosos, entornados, chispos, ...

Castelao, ademais do emprego de adxectivos bastante correntes, como abertos, pechados, mollados, enxoitos, limpos, murchos, redondos, adoecidos ou chorosos, fai uso doutros cualificativos menos correntes, pero moi expresivos: pitoñentos, angurentos, encoveirados, escentilantes, chiscos, arregalados, asolagados, degarados, achuídos, asañados, etc.

En fin, o **ollo** como órgano da vista dos homes e dos animais é voz corrente, tradicional ou clásica, pero **ollo** ten para o galego en xeral moitas outras significacións. Un **ollo** é o lugar onde saen as augas, un manancial, sentido que ten tamén noutras linguas, pero que é moi corrente en toda Galicia.

Un **ollo** é o burato que teñen algunhas ferramentas por onde se mete o mango. Un **ollo** é o burato da agulla por onde se introduce o fío. Un **ollo** é a abertura que teñen os pechos por onde metémo-la chave. Un **ollo** é o burato da roda ou moa dos muíños por onde metémo-lo gran. Un **ollo** é o lugar da roda do carro no que encaixa o eixe.

En xeral podemos dicir que calquera cavidade redonda ou calquera burato que teñen certas cousas en forma máis ou menos semellante a un ollo son chamados **ollos**. As xemas das patacas son **ollos**. Eses buratiños que teñen os queixos ou os pans son tamén **ollos**. Ese espacio aberto que hai entre os piares ou pilastras dunha ponte é un **ollo**.

Ollo é voz normal para indicar atención, coidado, prudencia, preocupación e serve para facer referencia á capacidade ou aptitude que se ten en certas materias: *ten ollo clínico*, *ten ollo médico*...

A ollo, é dicir, un pouco a vulto, acabo de marca-las significacións fundamentais que ten a voz **ollo**.

1183. Máis significados de "ollo"

A voz **ollo** ten moitas máis significacións das que citamos no noso anterior comentario ó formar parte de determinadas expresións acompañando outras palabras. Hai que *ter bo ollo* para saber se certas cousas que nos din ou nos ofrecen son boas e cando nos ofenden podemos devolve-la ofensa dicindo que obramos *ollo por ollo*. Polos **ollos** saen miradas furibundas que causan o *mal de ollo*: *Hai que defender o amoado do nemigo e do mal de ollo*..., *os albinos non poden botar o mal de ollo* (Cunqueiro).

O corazón ou parte central dun repolo é chamado *ollo do repolo*, o lugar onde se facía lume na cociña era o *ollo do lume*, a xanela circular dos camarotes dos barcos é un *ollo de boi*, determinadas plantas chámanse *ollo de can*, *ollo de galo*, etc. E o ano é chamado por moitas persoas *ollo do cú* (*poñendo o ollo do cú nunha parede*, de Castelao).

Cando unha persoa ten os ollos moi saíntes podemos dicir dela que ten *ollos saltóns*, *de saltón*, *de vaca*, *de boi*, *de cabalo*, *da flor da cara*, *da pota*, *espitolados* ou que *ten os ollos na tona da terra*.

Hai expresións que se entenden moi ben: *botar un ollo* por mirar (*i un ollo botan sorrindo ós feixes de palla*, de Rosalía), *crava-los ollos en algo* por mirar especialmente, *deixar de ollo* por cesar de mirar (*Pedriño non deixaba de ollo ó rapaz da mazán*, de Castelao), *mirar con bos ollos* por mostrar afecto, *mirar con malos ollos* por mostrar antipatía, *abrir ben os ollos* por estar atento, *bailarlle a un os ollos* por estar contento, etc.

Pero hai outras expresións que son máis difíceis de comprender. De quen sinte vinganza dicimos que *ten sangue nos ollos*. Quen amosa paixón por unha persoa *cómea cos ollos* ou *énchenselle os ollos*. Quen vixía a alguén *teno de ollo* ou *anda con cen ollos*. Quen se atopa ante unha sorpresa *revira os ollos*, *regala os ollos*, *retorce os ollos*, *pon os ollos en branco*. Quen non durme ben *non pega os ollos*...

Poderiamos poñer ducias e ducias de frases nas que entra a nosa voz **ollo** e hai que entendela en relación coas outras palabras que a acompañan. Citemos finalmente algunhas frases que tomamos das obras de Castelao: *espetaron os ollos na faciana de Pedriño*, *enfiou os ollos no ronsel*, *chiscando un ollo*, *como se lle batese nel o fume do tabaco*, *o mariñeiro que falaba francés arregala os ollos*, que se entenden bastante ben.

Sen embargo nestoutra aparece *cuspir nun ollo* que equivale non só a insultar, senón máis ben a ser semellante ou idéntico ás demais persoas: *Agora pódolle cuspir nun ollo a calquera porque son tan home como o que máis*.

1184. Ollar, ollapar e ollecer

O verbo **ollar** conserva en galego en moitos casos a mesma significación de ver. Eu podo dicir *estou ollando un filme* co mesmo sentido de *estou vendo un filme*. Sen embargo **ollar**, que aparece en moitos diccionarios coa significación de mirar con atención, é dicir, co mesmo significado do portugués *olhar* ou do castelán *ojear*, funciona en galego en tódolos niveis da lingua como verdadeiro sinónimo de mirar.

Proba desta afirmación é o uso que deste verbo fan os nosos escritores de tódalas épocas: *Da catredal severa ollando as lontananzas* (Rosalía), *óllao ben e volve a gardalo* (Castelao), *o músico olla pra as*

súas mans (Cunqueiro), *os outros rapaces olláronme con xenreira* (Neira Vilas), *ollámonos e rachamos a rir* (M. Ferrín), *beberon viño e olláronse tenramente* (D. X. Cabana)...

Ollar é tamén moi empregado como nome coa mesma significación de mirada: *contempraba do cántabro a bravura con un ollar profundo* (Rosalía), *tiña un ollar tristeiro* (Castelao), *a profesora consentía con ollares cómplices os papeliños que eu lle pasaba* (Alcalá).

Naturalmente é moito máis corrente dicir **ollada**, que nalgunhas ocasións pode se-lo que din os diccionarios: mirada rápida, superficial, sen moita atención, pero que na realidade da nosa lingua é auténtico sinónimo de mirada: *Todas as olladas converxían nela* (M. Ferrín), *asumindo olladas e comentarios* (P. Martín), *agradecer con olladas cariñosas* (Conde).

A acepción de mirada rápida e superficial dise na fala popular **olladela**: *entrou*, *botou unha olladela e marchou*.

Mirar con atención e disimuladamente o que alguén fai, axexar, espiar, espreitar, dise tamén en galego **ollapar**, verbo que eu escoitei a miúdo polos arredores de Compostela, que está recollido nalgúns diccionarios e que vin empregado polo escritor Cortezón: *Bariloche escorríu o riso*, *ollapounos de esguello*..., *voltou a ollapar carraxento aos concelleiros*...

Penso que este verbo popular **ollapar** naceu do cruzamento de **ollar** con algún outro verbo como **acazapar** "poñerse detrás de algo para ocultarse"...

Quen ollapa, é dicir, quen fisga, axexa, espía, espreita é un **olláparo**, voz non recollida nos diccionarios modernos.

Teño a impresión de que o verbo **ollecer**, usado por algúns escritores como Castelao (*sentía ollecer a lembranza do melido amor de outro tempo*), Blanco Amor (*sen bebida pra poder ollecer dista sofocación*) ou Fernández del Riego (*nada ollecía a súa louridez*), rexistrado nalgúns diccionarios como mellora-la sorte ou a saúde, debe ter relación coa voz **ollo**. Os verbos **renacer**, **avivecer** poden se-la base deste verbo que naceu cando algúns falantes pensaron que mellorar, avivecer, equivalerían a volver ter ollos..., é dicir, **ollecer**... Non é necesario que diga que isto é unha simple teoría que non ten moita certeza...

1185. Olleiras, ollais e ollomoles

Seguindo cos nomes derivados da voz **ollo** temos que sinala-la existencia do adxectivo moi usual, **olludo**, aplicado ás persoas que teñen ollos grandes ou saíntes ou a cousas que teñen tamén "ollos" como o pan: *este bolo é moi olludo*. E a existencia da voz **ollado** que é como chaman no mundo relacionado coas barcas á parte do remo que se introduce no tolete.

As manchas escuras que rodean o párpado ou pálpebra inferior dos ollos son chamadas **olleiras**, voz que xa aparece nos textos medievais e que loxicamente é moi usada polos escritores: *de ollos mui craros e sempre con olleiras mouras* (Cunqueiro), *vese de barba longa*, *olleiras violeta* (M. Ferrín), *Nico tiña unhas olleiras tremendas* (M. Rivas), *a maquillaxe non dá tapado as olleiras* (S. Toro). E de **olleiras** derívase o adxectivo **olleirado** que aplicamos a quen ten olleiras.

Nos diccionarios antigos aparece a voz **olleira** na significación de odio ou antipatía por algo ou por alguén e mesmo Curros a emprega: *Por estas falcatruadas todos olleira lle tiñan*. Non sei se realmente hai algún falante ou algún outro escritor que a empregue. Desde logo nos diccionarios modernos non

aparece rexistrada, xa que as voces correntes para esa significación son **xenreira**, **manía**, **aversión**, **antipatía**, **rabia**, **zuna**, **teima**...

Aínda que a voz **olleiro** se pareza tanto a **olleira** non ten nada que ver con ela nin coas **olleiras**. Si é un derivado de **ollo** pero para significa-lo mesmo ca esa voz no sentido de manancial que xa citamos.

Derivado de **ollo** é moi corrente en toda Galicia a voz **ollal** para significa-lo burato que ten a roda do carro, onde se mete o eixe. Actualmente **ollal** é, sobre todo para os que non viven do campo, a abertura dunha peza de roupa pola que se introducen os botóns. Naturalmente os escritores usan esta voz (*leva gravata moi clara e no ollal da lapela calquera cousa que pode semellar a unha flor*, de X. R. Pena), pero son moitos os falantes que empregan o castelanismo ou semicastelanismo **oxal**.

En *Tesouros da lingua* fixemos mención do uso que fixo Cunqueiro dun derivado desta última palabra: **oxaladora**, persoa que fai **ollais**: *unha oxaladora murciana confesou que se namorara do duque*. E alí mesmo citabamos como este escritor usaba un verbo **ollalar** coa significación de facer ollais.

Falemos por último doutra palabra, **ollomol**, que en plural se di **ollomoles**, na que se ve claramente que equivale a *ollo mol*, é dicir, *ollo brando*. A pesar do que pasa con tantos nomes de peixes que ás veces se aplican a diferentes tipos, neste caso **ollomol** é coñecido en toda Galicia para denomina-lo que os casteláns chaman *besugo*. Vexamos estas verbas de Cunqueiro: *Ao besugo*, *que nós chamamos comunmente "ollomol" vaille moi ben o asado ao forno*... Naturalmente hai outros moitos escritores que usan esta voz: *Diante dun ollomol ao forno* (Casares), *No restaurante... ollomol*, *robalizas* (X. Torres).

E nalgunhas partes determinados peixes que teñen os ollos grandes son chamados **ollóns**...

1186. Mirar de esguello e abesullar

Xa explicamos como pousa-la vista en algo era tanto **mirar** coma **ollar**, pero non insistimos no uso de **mirar** por ser verbo tan corrente e tan usado. Sen embargo sempre atopa un algunha cousa que paga a pena salientar, como é o feito de que moitos pontevedreses usan **mirar** por **ver** en moitas ocasións. Podemos escoitar frases semellantes a estas: *¿Miraches miña nai por aí? -Non*, *non a mirín... Mireite o outro día na vila e non me saudaches*...

Outra cousa que me chama moito a atención é o uso das formas **mira** ou **mire**, que son formas do imperativo para dirixirnos a alguén. No fondo nos exemplos que imos poñer veremos que equivalen a **atento** ou **escoita** ou **escoite**: *mira*, *non corras máis que xa chegas tarde*..., *mire*, *señor*, *¿vou ben por aquí para ir á estación?* Frases semellantes a estas son empregadas tamén polos escritores: *mire*, *¿que quere que lle diga* (Conde), *mira o que lle digo* (S. Toro), *porque*, *mire*, *señor*, *o que máis o maguóu*... (Castelao).

Moi popular é o uso da locución **mirar de esguello** que empregan tamén moreas de escritores: Castelao (*a regateira mirouno de esguello*), Cunqueiro (*mira de esguello pra onde xaz*), F. del Riego (*mirándoo de esguello*), Conde, Casares, Rivas, Toro, etc. Está claro que mirar de esguello é mirar furtivamente, é dicir, mirar con disimulo, de soslaio, de reollo...

Digamos que esa locución **de esguello** significa fundamentalmente "de maneira transversal" e é moi usual aínda en moitos lugares de Galicia: *Labramos este terreo de esguello*, *cruza esa leira de esguello*...

Hai outra maneira de dicir mirar de esguello: **abesullar**, que é empregado tamén polos escritores: *Rañolas abesulla o contenente agoniado de Pedro* (Castelao), *abesullando con ollo sesgo pra onde se aga-*

charan os outros (Blanco Amor), *parécelle como se el a abesullara* (F. del Riego). Para algúns escritores **abesullar** ou **avesullar** equivale a mirar con atención sen acabar de distingui-las cousas perfectamente: *avesullaba moitas cousas endexamais presentidas* (Dieste), *un dos guardias avesullou non sei como que o vello estaba amarrado* (H. Villar)...

Abesullar é verbo xa citado polo frade Sobreira no século dezaoito e nalgunhas partes de Galicia din **abesourar**, que parece que en principio significaría face-lo que fan os **abesouros**, especie de abellóns. Os abellóns ou abesouros voan facendo ruído e molestando. Os que abesullan son chamados tamén **abesullóns**...

Nalgunha ocasión xa falamos da probable relación deste verbo **abesullar** con **avisar**... Pero como xa dixemos tantas veces as palabras crúzanse e non se ve claramente a súa orixe.

1187. Espiar, alucar e agaitar

Observar con atención e en segredo algo ou a alguén ben por curiosidade propia ou traballando ó servicio de alguén é **espiar**, verbo de orixe xermánica que se espallou por bastantes linguas romances.

No nivel da fala popular non é unha voz moi corrente porque hai bastantes palabras que teñen esa significación. Xa citámo-los verbos **abesullar** e **abesourar** e continuaremos falando doutros sinónimos. No nivel literario e no nivel da lingua dos medios de comunicación **espiar** é verbo moi empregado: *¡Que non houbera feito por espialos!* (Otero Pedrayo), *Don Diego fixo que os espiasen* (Fole), *espiando polo buraco da pechadura dunha porta* (Casares)...

E quen espía non é un *espiador* ou un *espiante*, senón un **espía**, voz tamén común coas outras linguas romances que teñen este xermanismo: *os abates*, *os espías*, *todo o mundo* (Otero Pedrayo), *en tanto que axente e en tanto que espía de confianza* (M. Ferrín), *ten un espía en cada casa* (Freixanes).

Nalgúns diccionarios aparece a voz **espiaxe** como acto de **espiar**, pero a voz que se impuso en todas partes para indicar ese acto de espia-los inimigos foi o francesismo **espionaxe**, que ten como base a palabra francesa *espion*...

Curiosamente existe en portugués e en galego outra palabra de orixe xermánica, pero de familia léxica distinta, que é **espiar**, sinónima da voz marítima halar. Nalgúns lugares de Galicia ese **espiar** ten a significación de espenar ou fia-la última parte da rocada. E coma outra curiosidade dialectal engado que hai falantes que chaman **espías** ás espigas...

Outra maneira de dicir espiar ou axexar é **alucar** (que ten a variante **alupar**), palabra de orixe descoñecida, pero que nos fai pensar na voz catalana *llucar*, que ten a significación de mirar, sentido que lle dan tamén algúns falantes. Vexamos uns exemplos que atopamos nalgunhas obras literarias: *indo ó medio do camiño i alucando* (Vilar Ponte), *un solerte raposo tiña alucado as súas crías* (F. de la Vega), *por un boqueiro alupou... que nela o gando gardaba...*, *un cego que alupa canto alupe o de máis vista* (Leiras Pulpeiro).

Outro sinónimo destas voces citadas é **agaitar** (que ten a variante **agueitar**). Non teño constancia de textos literarios nos que apareza este verbo, pero si do seu uso por falantes da parte norte da provincia da Coruña. Penso que este verbo, o mesmo que o verbo catalán *guaitar*, que ten a mesma significación, debe ter igualmente unha orixe xermánica.

Coido que estes verbos citados deberon ser bastante usuais nalgunha época, do mesmo xeito que pasou noutras linguas romances, pero nos tempos modernos foron esquecéndose...

1188. Osmar, usmar e atusmar

Bastante corrente en toda Galicia é o verbo **osmar**, descendente dunha palabra latina OSMARE, nacida dunha forma grega que significaba ulir, cheirar, uliscar... Pero nos textos medievais atopamos **osmar** coa significación de xulgar, imaxinar, calcular. Xa dixemos algunha vez que este **osmar** era unha variante dos verbos **asmar** e **esmar**, procedentes do latín AESTIMARE.

En calquera diccionario moderno rexístrase este verbo con ámbalas dúas significacións ás que se engade a máis corrente na actualidade: observar, mirar con atención, espiar... **Osmar**, verbo, como diciamos arriba, bastante popular é tamén moi usado polos escritores: *Parés que teño presura*, *que osmo algún sinistro* (Cotarelo), *cabezas que osman o rumor das loitas* (F. del Riego), *botou un relance ao redor de si*, *osmando o perigo* (Cortezón).

Nalgúns textos literarios aparece escrito este verbo con *h*: *Andaban polas merendas en que hosmaban cesto e boto*..., *que están esoutras á hosma* (Leiras Pulpeiro).

Na fala popular está bastante espallada a variante **usmar**, que tamén emprega algún escritor: *sempre usmando silandeiro polos currunchos* (C. E. Ferreiro), pero tamén hai moitos que a empregan con H: *husmaba na porta da cociña o intre feliz da galloufa*..., *soergue a chaqueta dun home*, *para husmarlle a cueira do pantalón* (Castelao), *veu moitas veces de husmada* (Curros). Existe ademais a variante **usmear**: *unha vella usmeando por un mainelo os fuciños* (Leiras Pulpeiro).

Penso que desta mesma familia léxica é o verbo **tusmar** que xa nos *Retrincos da lingua* dixen que talvez naceu por influencia da voz **tus**, que é o que din moitos galegos cando chaman a un can. Os cans que perseguen algo o que fan é **tusmar**, verbo que significa tamén mirar con atención ou espiar.

Nalgúns lugares onde se emprega este verbo existen formas derivadas como **tusma** ou **tusmón** que se usan en frases como estas: *¡Non sexas tusma!*, *Pepe é un tusmón*, que equivalen a ¡non sexas curioso!, Pepe é un entremetido. E xa citamos noutra ocasión o uso que fai Castelao do derivado deste verbo, **tusmo**: *apañándose no aire ó tusmo dunha maneira de vivir sen amo*.

E máis popular que **tusmar** é **atusmar**, que ten tamén as mesmas significacións de **osmar**, pero coido que é moi usado no sentido de espiar como vemos nestes exemplos literarios: *atusmando por unhas regandixas de pedra vin o meu amigo* (D. X. Cabana), *atusmou polo fachinelo da porta* (H. Villar).

De tódalas formas citadas temos que dicir que **osmar** e **atusmar** son as que están recomendadas pola normativa vixente.

1189. Axexar e aseita

Outro verbo que ten a significación de mirar con atenciósn ou espiar ou osmar, etc., e que é moi usado polos falantes é **axexar**. Tamén os escritores o usan bastante: *por unha regandixa postrada no chan axexa* (Rosalía), *dinme a axexar de tal sorte que esto collín que aquí escribo* (Curros), *o seu ollar axexaba*

velas ao lonxe (Otero Pedrayo), *déixame axexar pola fiestra* (Castelao), *as comadres axexaban como arpelas* (Cortezón), *De seguro que ela estaba axexando pola ventá* (P. Martín).

Digamos que hai falantes que din **axixar** e que son moitos os que din **asexar**, forma que tamén empregan algúns escritores como Celso Emilio Ferreiro (*O Emiliño asexaba a escea acobillado detrás do cortinón*) e X. Torres (*e cando andivo a asexar o ceo inequedamente*).

Por razóns que non vexo claras son moitas as xentes da provincia de Lugo que din **acexar**. Non coido que sexa por influencia do castelán *acechar*, que penso que non entrou por aí...

Nalgúns textos medievais aparece coa mesma significación de **axexar** o verbo *aseitar*, como vemos nestes textos: *por min que o fuy asseytar por un tellado e non vi dar*... (Pero Amigo), *logo vay correndo e asseita-se fez o caleiro*..., *porque a moça tantas vezes viian yr as donas aa claustra e delas se partir*, *poren a asseytaron* (Cantigas de Santa María).

Non está moi claro se ámbolos dous verbos proceden da mesma familia léxica ou confundiron os seus significados ó longo dos tempos. O verbo latino ASSECTARI "seguir, perseguir" pasaría a ser "perseguir cos ollos" cando se transformou no noso **aseitar** ou no castelán *acechar*. Do verbo latino OBSIDIARI "tender enganos ou trampas" ou de INSIDIARE, que ten a mesma significación, puido nace-lo noso **axexar**... Probablemente xa hai moito tempo **axexar** tomou ese sentido de observar con atención ou espiar.

E de **axexar** naceu o nome **axexo** para significa-la acción de **axexar**. Esta forma é bastante empregada tanto a nivel falado coma literario: *A siña Filomena sentouse ó axexo da porta* (Castelao), *tiña que estar ó axexo por ver si a viuda saía a baños quentes* (Cunqueiro), *eu sei que virá e que anda ó axexo* (F. Ferreiro), *botando metralla sobre as guerriñas*, *sobre os postos de axexo* (F. del Riego).

Dado que **axexar** ten a variante bastante corrente **asexar**, do mesmo xeito ó lado de **axexo** témo-la forma **asexo**, que tamén usan os escritores: *Diste xeito desbotaba ós espías que poderían estar ó asexo* (Fole), *porque estamos apuntando co fusil toda a vida ao asexo* (X. Torres).

Digamos por último que os cazadores usan moito este nome porque *cazan moito ó axexo*, e tamén os pescadores falan moito de *pescar ó axexo*, pero isto soamente pode facerse pola tardiña baixa. De aí que algúns pensen que **axexo** ten o significado de atardecer...

1190. Guichar, esculcar e espreitar

Popularmente o verbo **guichar** é tan ou case máis usado cós verbos xa citados nos anteriores comentarios para significar observar con precaución e cautela algo procurando non ser visto: osmar, atusmar, espiar, axexar, etc.

Guichar é unha voz tipicamente galega que ten unha orixe descoñecida. Non hai nas linguas veciñas ou nas demais románicas unha palabra similar. Na nosa lingua hai outras voces semellantes como **guicho**, **guicha**, **guiche**, **guichola**, que non teñen ningunha significación semellante. Así que neste momento non vémo-lo nacemento desta voz popular.

Os escritores fan bastante uso deste verbo: *viñeron a guichar tres homes tras dun valado* (Curros), *ergueuse e foi camiñando a gustiño cara a Capela Mor*, *e guichou pola reixa* (Risco), *xa non me puden arredar de onde estaba guichando* (Blanco Amor), *dúas monxas guichando desde detrás dos visos das fiestras dianteiras do convento* (Casares).

Para algúns falantes **guichar** é sobre todo axexar polo ollo da pechadura e por tanto para **guichar** hai que chiscar ou chosca-lo ollo. De aí que para algunhas xentes e diccionaristas sexa este verbo tamén sinónimo de chiscar ou choscar.

Curiosamente o verbo **esculcar**, que pola súa orixe latina ou xermánica ten a significación fundamental de espiar ou axexar, toma moitas veces na fala popular e nos textos literarios o sentido simple de mirar con observación, sen ningunha mala intención.

Nestes dous sentidos aparecen nos seguintes textos: *Mais que fora ou viñera ninguén llo iña esculcar* (Rosalía), *tiña pasado o día maquiando proieitos e esculcando nas roinas do pasado* (Otero Pedrayo), *esculcaban no mar as terras deixadas pola popa* (Castelao), *camiñan silendeiros*, *sin acougo*, *esculcando o ar inmobre* (C. E. Ferreiro), *vai o Visitador esculcando o mar que ten dediante súa* (Conde)...

E caso contrario, totalmente, do que pasou con **esculcar** é o do verbo **espreitar**, que procede dunha forma latina EXPLICITARE, derivada de EXPLICARE. A súa significación orixinaria de explicar pasaría primeiro a analizar, analizar coa vista, mirar atentamente e por fin a vixiar con atención e disimulo o que fai alguén.

Espreitar xa aparece nas Cantigas de Santa María: *a seita dos judeos e do demo*, *que sempre nos espreita por fazer que caiamos en erro e en folya*, e é moi empregado polos escritores modernos: *o Demo sentouse no sofá e dende elí espreitaba ó Doutor cos ollos fosforescentes* (Risco), *rubía ás torres das igrexas a espreitar os tellados da cidá* (C. E. Ferreiro)...

En *O cartafol da lingua* xa explicamos como **espreitar** pasou nalgúns lugares a significar escoitar ocultamente... E así podemos comprender que a locución **á espreita** signifique tanto "ó axexo" como "á escoita", segundo vemos nestes exemplos literarios: *Leonardo e Xan puxéronse á espreita coas armas dispostas* (F. Ferreiro), *hai moitos ouvidos que están á espreita* (F. del Riego).

1191. Vixiar, observar e contemplar

Despois de falar de tantos verbos que significaban mirar con atención, pero coa precaución de non ser vistos, é dicir, espiar, axexar, espreitar, osmar, etc., hai outros moitos que significan simplemente mirar con atención sen que importe que os mirados se dean conta de que os miren.

Empecemos falando de **vixiar**, voz procedente do latín VIGILARE que tiña a significación do seu descendente **velar** "estar esperto", "coidar...", pero o outro descendente **vixiar**, que conserva para algúns esa mesma significación, pasou hai moitos séculos a ser un termo marítimo: estar en vela para mira-lo que pasa ó redor do barco. Co tempo **vixiar** foi empregado por tódolos falantes para indicar mirar algo con moita atención para ve-lo que sucede.

Os escritores usan moito este verbo con esa significación: *Nun burato do teito viran un vello que os vixiaba* (Dieste); *Vaise achegando á fiestra. Vixía os barullos da noite* (F. del Riego), *convén que un de vós quede aquí vixiando a ventá da galería* (F. Ferreiro), *teño entendido que estás aquí para vixiarme* (M. Rivas).

Outra maneira que temos hoxe de dicir mirar con atención é **observar**, cultismo que entrou na nosa lingua hai varios séculos e mesmo entre toda clase de falantes. De aí que sexan moitos os que din **ouservar**, forma que tamén empregan moitos escritores: *ten conta*, *ouservou*, *ten conta con non alzárelo*

grito (Curros), *ouservai que dixen entidade e non entidá* (Risco), etc. Neses exemplos vese como **ouservar** ten o sentido de advertir.

Observar é moi empregado polos escritores na forma culta e na significación de mirar con atención: *observaba ao mozo da finca no seu traballo* (F. del Riego), *desguello observou a Ina* (Cortezón), *Don Narciso foinos observando a todos* (Casares), *aquela mañá observei gozosamente o lumbrigar do día* (Rábade Paredes)...

E vixiar, observar ou mirar con atención é tamén **contemplar**, verbo do que xa falamos amplamente noutra "Glosa da lingua" por mor do cambio do grupo fonético *pl* en *pr* que ocorre con moitos outros cultismos que teñen esas consoantes. **Contemplar**, como pasou tamén con **templo**, conviviu moitos anos coa variante popular **contemprar** que empregaron bastante os nosos escritores como Rosalía, Curros, Pondal, Cotarelo, Fole, Dieste, C. E. Ferreiro, Cunqueiro e mesmo algún contemporáneo, como Manuel María: *Hemos subir ó Castelo e contemprar a planicie*.

Modernamente os gramáticos, diccionaristas e normativizadores da lingua impuxeron a forma culta **contemplar**: *Luisa Armesto contemplou a través dos cristais da fiestra as nubes negras* (M. Ferrín), *contemplan con parecido pasmo a gran nevada* (Freixanes), *desde alí puido contemplar unha fumata espesa* (Casares).

E antes de seguir mencionando outros sinónimos destes verbos citados quero dicir que algún diccionario considera o verbo **considerar** como sinónimo deles, pero eu nunca atopei ningún falante nin ningún escritor que o usasen con esa significación mencionada.

1192. Fixarse en, fitar, catar e guipar

Da palabra ben coñecida fixo naceu o verbo fixar para significar tornar fixo algo por distintos medios, é dicir, cravar, espetar, chantar, pegar, etc. Probablemente da expresión *fixa-los ollos en algo* no sentido de poñe-la vista en algo moi concreto naceu o uso de **fixarse en** no sentido concreto de mirar con atención.

Fixarse en dise na fala popular e tamén na lingua literaria como sinónimo dos verbos citados no noso comentario anterior (vixiar, observar, contemplar): *Horas nas que un se fixa nas cousiñas miúdas e fermosas* (Otero Pedrayo), *eu fixeime nos ollos da prima* (Fole), *a meniña fixouse por derradeira vez nas botas de elástico* (M. Ferrín), *fixeime moito nel*, *mirándoo de esguello* (M. Rivas).

Da mesma familia léxica que **fixo** é **fito**, que funcionaba antes coa mesma significación, é dicir, cravado, chantado, espetado... Hoxe **fito** é un pao cravado na terra ou unha pedra ou un marco chantados para indicar algo. Curiosamente temos que sinalar que se podemos dicir mirar fixamente, tamén é posible dicir mirar **fito a fito**, expresión que usaron algúns escritores como Rosalía (*fito a fito un me miraba cos seus ollos rapiñeiros*) ou Curros Enríquez (*ollábame fito a fito cos seus grandes ollos de aguia*).

Os escritores posteriores e actuais prefiriron usa-la expresión **fite a fite**: *os dous curmáns miráronse fite a fite* (Castelao), *ollábanse fite a fite* (Cortezón), *o animal mirounos fite a fite* (D. X. Cabana). Tamén hai quen emprega a locución *de fite* en frases semellantes ás citadas: *Manuel mirábao de fite* (F. Ferreiro), *todos ollaban de fite para o príncipe novo* (Freixanes).

Así pois, non resulta raro que ó lado de *fixarse en* teñámo-lo verbo **fitar** coa mesma significación: *Don Froitoso fitoume feramente é fixome calar* (Castelao), *eu erguía a testa pra fitar aquil home* (Fole), *fitei pra o alto e vin que*... (Blanco Amor), *as primeiras neves fitaban desde a lonxanía* (H. Villar).

O verbo **catar**, tan usual en galego en moreas de significacións, ten tamén o significado de mirar fixamente, observar, vixiar, etc., xa desde os tempos da Idade Media: *con yrados ollos a catou* (Cantigas de Sta. María), *amigo faz ben et non cates a quen* (Crónica Troiana)...

Nos tempos modernos, entre tantos usos que ten este verbo, segue conservándose ese significado tanto na fala popular (*catei toda a casa e non atopei o que buscaba*) coma na lingua literaria: *As costureiras cataban a Pedro e acusábano con ollos asañados* (Castelao), *vaite ben pola beira da estrada e cata como fas cos coches* (H. Villar).

Citemos por último outro verbo que é sinónimo dos xa citados nesa significación de mirar con atención: **guipar**, voz que non sei de onde procede, que empregan algúns falantes, e tamén algúns escritores: *non fala*, *que rosma*, *non mira*, *que guipa* (Cotarelo), *na praia andaban sempre guipando as nudeces das mulleres* (X. Alcalá).

1193. Ás apalpadelas e ás toutiñas

Está claro que quen anda **a tentas** está procurando tocar algo. Probablemente hai moitos falantes modernos que viven nun nivel culto que non se dan conta de que o verbo **tentar** que eles empregan nos sentidos de tratar de facer ou de que fagan algo outras persoas, apetecer, intentar, procurar, etc., ten entre a maioría dos falantes galegos a súa significación orixinaria de tocar algo, palpar, examinar algo mediante o sentido do tacto. **Tentar** e a súa variante **atentar** son formas normais e tan usuais como **tocar**. De aí que a expresión **a tentas** sexa tan corrente.

E verbo sinónimo dos citados é **palpar** ou a súa variante máis corrente ca el **apalpar**. Así como de **tentar** naceu a locución adverbial **a tentas**, que nalgures din **ás atentadas**, de **apalpar** naceu a expresión bastante corrente en toda Galicia **ás apalpadas**, que hai que entender como di o diccionario RAG e ILGA: "valéndose do tacto para recoñece-las cousas debido á escuridade ou á falta de vista". Sen embargo na realidade da lingua *andar ás apalpadas* é expresión usada festivamente na linguaxe de mozos e mozas cunha finalidade que non necesitamos explicar... E na obra "Merlín" atopamos esta frase: *había querer coñecer ás apalpadas si lady Tear era tan feita como decían*, na que **ás apalpadas** equivale máis ou menos a tocándoa realmente...

Sen embargo na lingua literaria é moito máis usada a variante **ás apalpadelas**, que xa vimos citada polo frade Sobreira do século dezaoito e que tamén empregan os falantes de hoxe: *Andaba ás apalpadelas*, *guiándose polo pouco relustro* (Blanco Amor), *¿ves aquel que avanza ás apalpadelas por entre o océano da negrura?* (Freixanes)...

Unha maneira de dicir tentar ou palpar en latín era TANGERE, verbo que se mantén en galego como **tanguer** ou **tanxer**, pero que reduciu a súa significación á de tocar un instrumento de música. Sen embargo penso que do participio latino dese verbo, TACTUM, se formou un hipotético verbo TACTARE, que daría lugar a un *tantare* ou *tontare*, que sería a base do noso verbo **atoutiñar**, que para moitos falantes equivale a anda-la vaca a tentas cando ten un pé malo.

Nesa significación de andar a tentas as vacas temos na fala unha variante que parte do citado **apalpar**: **apoupiñar**, que por mestura con **atoutiñar** se converte en **apoutiñar** ou en **atoupiñar**...

Pero na lingua moderna **atoutiñar** adquiriu o sentido de andar ás apalpadelas e é moi empregado polos escritores: *Zacarías Werner atoutiñaba rubindo a escadeira pina do seu pisiño* (O. Pedrayo), *sae da casa atoutiñando. Bate cun home* (F. del Riego), *atopei a vía de ferro. Fun por ela atoutiñando nas travesas* (Neira Vilas).

Dese verbo saíu o uso popular das expresións **ás atoutiñadas** e **ás toutiñas** que ten máis aceptación literaria: *eu ía camiñando pola néboa a toutiñas* (C. E. Ferreiro), *mentres marchaban ás toutiñas camiño de casa* (Casares).

En fin, xa falamos de que podemos andar **ás cegas**, **a tentas**, **ás apalpadelas**, **ás toutiñas**, pero quedan aínda moitas outras locucións semellantes...

1194. Bembas, beizos, bicos e labios

Pregúntame un lector se a palabra bemba que escoitou dicir a algúns galegos en frases como *¡Vaia bembas que ten Xan!* é unha voz normal da nosa lingua para significa-lo mesmo ca beizo ou labio. Resposta: non.

Bemba é unha voz americana que serve para denomina-los labios grosos ou avultados das persoas e que se aplica sobre todo ós negros. Coido que foron algúns emigrantes os que festivamente introduciron esa voz. Tamén noutras partes da Península Ibérica escoitamos ás veces esa palabra e especialmente o adxectivo **bembón**, aplicado a que ten os labios grosos. Recordo aquela canción que dicía: *mataron al negro bembón*...

Do mesmo xeito que algún falante emprega esa voz americana, hai outros que usan outras palabras estranxeiras na súa conversa normal. Eu escoitei moitas veces, entre as xentes da costa que tiveron contacto co mundo dos barcos, a voz **paipa**, é dicir, a nosa **pipa** pronunciada á maneira dos ingleses. O contacto das nosas xentes cos estranxeiros dá lugar á importación dalgunhas voces, e non sabemos se formas como as que acabamos de dicir rematarán por impoñerse.

Pero a palabra máis antiga entre nós para denominar esas partes carnosas que cobren a boca é **beizo**, que está aínda moi viva entre os falantes e que é moi usada polos escritores: *co xaruto nos beizos... que se cuallou a sorrisa nos beizos* (Fole).

A voz tamén moi antiga **bico**, aplicada sobre todo para a denominación de peteiro ou de pico ou de picho, é empregada por bastantes falantes en igual sentido ca fociño ou mesmo ca labios.

Naturalmente a voz latina LABRUM entrou na nosa lingua como **labro**, pero desde hai varios séculos entrou tamén o cultismo **labio** (do latín LABIUM) que fixo desaparece-la forma con *r*. **Labio** é hoxe voz tan corrente coma **beizo** e funcionan, en xeral, como auténticos sinónimos, aínda que nalgunhas partes hai quen prefire usar **beizos** para os animais e **labios** para as persoas.

No mundo das letras vemos que se emprega máis **beizo** ca **labio** talvez porque a segunda destas voces coincide coa voz castelá. Curiosamente hai que dicir que algúns escritores intentaron recupera-la forma antiga **labro**, pero resulta un tanto estraño ver que empregan unha variante **labre** non sei ben por que razón: *as palabras están nos seus labres cando esperta* (F. del Riego), *a manciña pechada*, *os labres a tremer* (Dieste), *seus ollos en teus ollos*, *seus labres en teus labres* (Cotarelo), *o pito prendido na comisura dos labres* (M. Ferrín)...

En fin, as partes carnosas que cobren a boca son chamadas en galego **beizos** ou **labios**. Algúns chámanas **bicos** e outros festivamente, por imitación dos americanos, **bembas**.

1195. Abafado, atufado e atafegado

As palabras van modificando a súa significación ó longo dos tempos. A voz **bafo** é moi corrente para chama-lo vapor que despide un corpo ou aire quente que se expira pola boca, pero podo falar de *bafo que sae desa tasca* ou do *bafo que hai nese lugar concreto* cando quero indicar que hai aí un cheiro desagradable.

E de **bafo** nace o verbo **abafar**, que, ademais de significar cubrir de bafo (*abafei o espello*), desprender mal olor (*o retrete abafa*), se emprega como sinónimo de afogar, sufocar (*Pepa camiñaba media abafada*), contaxiar (*abafoume a gripe*) e mesmo de ridiculizar, aldraxar ou maltratar (*Xan pasa o día abafando os seus amigos*).

Abafar foi empregado, como xa o comentamos hai tempo, no sentido de enmeigar ou embruxar por Rosalía: *que a miña filla está enferma. ¡Ai, Dios, que ma enfeitizaron! ¡Ai, que a abafou unha meiga!* E tamén é popular nalgunhas partes para dicir inquietarse ou conturbarse: *Polo que me dixo Xan, quedei abafado*.

Variantes deste verbo son **abafexar** ou **bafexar**: *sentín bafexar detrás de min un par de bois, Xan pasa o día abafexando*. E un derivado deste verbo é **abafallar** que eu escoitei na significación de desprezar: *fun abafallado por un amigo*.

Esta voz **bafo** é unha palabra orixinada por creación popular onomatopeicamente e que veu coincidir coa palabra tradicional **tufo**, que se especializou no sentido de cheiro fedorento. E o verbo **atufar**, ademais de significar cheirar mal, é bastante empregado tamén nos mesmos sentidos citados de abafar, pero en xeral resulta menos popular. Sen embargo quero deixar constancia do seu uso como turbar ou inquietarse: *Xan quedou atufado cando se enterou da morte do seu amigo*.

Curiosamente desta voz **tufo**, por influencia de **bafo**, ou, ó revés, da voz **bafo** por influencia de **tufo** naceu a palabra **tafo**, que funciona como sinónimo de ámbalas dúas voces de que procede. O seu uso é moi corrente en bastantes lugares da provincia de Ourense.

E de **bafo**, **tufo** e **tafo**, como xa comentamos nun "retrinco" sobre Castelao, naceu o verbo **atafagar** ou **atafegar**, que é máis corrente, para significar primeiramente o mesmo que abafar, no sentido de botar bafo, e logo toma tamén os significados de afogar, asfixiar, etc. Castelao usou este verbo no sentido de "sufocar ou apagar un ruído": *nun curruncho da praza xurdiron chíos firentes de mulleres que non daban atafegado un orneo que chegou a min coma un tremer de terra*.

Outros moitos autores usaron este verbo: *Os municipais iban e viñan atafegados* (Risco), *a xente da vila andaba atafegaba limpando os alxibres* (Cunqueiro), *síntome atafegado nesta cidade* (Neira Vilas).

Digamos por último que un, cando recibe unha mala noticia ou ve un perigo, pode quedar tamén **atafegado**.

1196. De boca en boca

Hai palabras que permanecen ó longo dos tempos coa súa significación orixinaria latina ou prerromana, pero hai bastantes que se van esquecendo pouco a pouco e son substituídas por outras e tamén son moitas as que van adquirindo novas significacións no transcurso do tempo.

Esa parte do corpo humano ou dos animais que está formada por unha cavidade con saída ó exterior e con comunicación co aparato dixestivo e coas vías respiratorias e que contén a lingua e os dentes, chamábase no latín antigo e clásico OS, ORIS, palabra que non pasou ás linguas románicas, agás os cultivos derivados desa voz: **oral** (*medicamento oral*, *tradición oral*) e **ósculo** (*déronlle un par de ósculos*). ¿Quen é quen de pensar cando emprega esta última voz que OSCULUM significaba antiguamente boquiña?

Neses tempos romanos existía a palabra BUCCA, que significaba as meixelas, sentido que conservou a lingua romanesa (rumana, antes), pero que substituíu case totalmente á forma clásica OS xa na época do Imperio Romano e triunfou nas outras linguas románicas no sentido actual da nosa **boca**.

Loxicamente **boca** é unha voz normal relacionada coa alimentación e a bebida e por tanto moi usada a tódolos niveis da lingua. Podemos dicir que *Fulano non fala porque ten a boca chea*, claro está, de comida ou que *Fulano ten a boca seca* porque ten sede. Nun sentido máis amplo empregámo-la voz **bocas** para significar persoas ou animais que hai que alimentar: *Teño na miña casa sete bocas que alimentar*.

Pero na boca están os dentes, a lingua, o padal, a larinxe, etc., que son os constituíntes da fala... Por tanto **boca** e fala son case o mesmo para moitos falantes. Resulta bastante curioso oír como moita xente (e tamén moito escritor) non di simplemente *cala*, senón *cala a boca*, *home* ou igualmente *pecha a boca* e mesmo di ó revés: *abre a boca*... Recordo como Rosalía xa identificaba **boca** co efecto de falar: *e cando o nome de Vidal se invoca*, *muda sole quedar máis dunha boca*..., *praguea*, *boca*, *praguea*.

Naturalmente falamos pola boca e por iso podemos escoitar que *falamos por boca desta comunidade* en vez de *falamos en nome desta comunidade*, e mesmo podemos dicir que lle *tapámo-la boca* a alguén cando non lle permitimos falar.

Xa ando na boca das xentes, *andas na boca do mundo* son frases que tomo de Castelao para sinalar que *andar en boca de alguén* non é cousa boa. Claro que esa expresión **de boca-en boca** podería ser positiva se o que vai de boca en boca é cousa boa, pero o normal cando nos referimos a algo que vai así non é cousa boa...

Ás veces podemos *quitar ou tirar algo da boca a alguén* cando queremos anticiparnos a unha persoa que tiña certas ideas para dicir e ás veces *pódenos quenta-la boca* se falamos demasiado de algo...

1197. Todo a pedir de boca

Seguindo o comentario da voz **boca** gustaríanos que todo nos saíra *a pedir de boca*, é dicir, dunha maneira excelente, que loxicamente é o que quere sempre a boca cando se come, bebe, fala, cospe, tose, etc.

Cando falamos de alguén que ten a *boca de santo* queremos dicir que é boa persoa, pero se a ten *do demo*, non é nada positivo porque di barbaridades. Cando dicimos de alguén que fala pola *boca do Espírito Santo* normalmente queremos indicar que é un fachendoso ou presuntuoso e se dicimos dunha persoa que ten a *boca de frade* queremos cualificala de pedichona.

Dunha persoa que fala ben ou tamén que ten bo gusto para comer dicimos dela que ten *boa boca*. Quen é lambón, é un *boca branda*, quen é blasfemo é un *boca rota* e quen é falangueiro ou paroleiro é

un *boca rachada*, denominación esta, que vin nun traballo de Alonso Montero, que serve nalgúns lugares para chamar ós lobos.

Precisamente a *boca do lobo* ten fama de escuridade, como vemos nestes exemplos de Castelao (*chegou a noite escura coma boca de lobo*) e Curros (*noutro vagón ás escuras*, *negro cal boca de lobo*), e tamén de perigo ou inseguridade: *¿Quen o viñera a meter na boca do lobo?* (Risco). *Meterse na boca do lobo* segue sendo hoxe expresión moi corrente nesa significación de meterse nun perigo ou nunha serie de dificultades.

Sen embargo a boca do asno serve para indicar algo que non ten gusto ou pracer. A frase *non se fixo o mel para a boca do asno* é tamén moi usual para indicar que alguén non ten gusto ou mesmo capacidade para facer algo.

Pero temos que pasar a outra significación extensiva da voz **boca**, que aparece loxicamente en tódolos diccionarios: buraco ou abertura que pon en comunicación o interior de algo e o exterior ou nun sentido máis amplo entrada ou saída de algo.

Son moitísimos os exemplos que podería citar de **bocas** e **bocas**... Dentro da casa falábase antes moito da *boca da cheminea*, por onde saía o fume, da *boca do forno*, por onde se metía ou sacaba as cousas do interior, que vimos usada por algúns escritores: *a gorxa bafaxante como a boca dun forno* (Cabanillas), *da súa mirada viña o mesmo calor que deita a boca dun forno* (Cunqueiro). As galochas e os zocos cálzanse pola boca. Moitos cestos e cestas e mesmo as cubas e toneis teñen boca para meter ou quita-las cousas. Os xerros teñen boca...

Pensemos que esta frase de Cunqueiro: *Xacinto*, *drento do paraugas*, *berraba pola boca do puño* fai pensar na boca do paraugas. Tamén as redes teñen bocas e polas dos copos entran os peixes... Os escritores falan da boca do Inferno e todos nós falamos hoxe da boca dunha vía, da boca dun túnel, da boca do Metro, da boca dun canón ou dunha escopeta e hai que ter coidado que non nos peguen un tiro a boca de xerro...

En fin, son innumerables as **bocas** que poderiamos citar, pero poñámo-las cousas *boca arriba*, se queremos que todo estea claro e non as deixemos *boca abaixo*, que é o que dicimos cando non queremos que se saiba ou se coñeza algo...

1198. Palabras compostas con "boca"

Xa vímo-lo uso de *abri-la boca* no sentido figurado de comezar a falar, pero temos que facer referencia a esa outra significación de separa-los labios ou beizos para comer ou beber algo porque abrímo-la boca moitas veces e deixámola aberta certo tempo cando quedamos abraiados ante algo que vemos ou aburridos ante o que nos contan: *miraba coa boca aberta unha cousa que estremece* (Curros).

Quedarse coa boca aberta é frase moi usual a tódolos niveis da lingua e bastante empregada polos escritores: *quedaban coa boca aberta* (Cabanillas), *Alberte quedouse coa boca aberta mirando pra Choras* (Cunqueiro), *campesiños que se quedaban coa boca aberta* (C. E. Ferreiro)... De expresións deste tipo naceu o adxectivo **bocaaberta**, empregado case máis como nome substantivo en frases como esta: *O meu amgio Xan é un bocaaberta*, para significar sobre todo parvo, tonto, inxenuo, indolente, e mesmo hai xentes que chaman **bocaaberta** a un desvergonzado ou descarado.

Curiosamente o adxectivo **podre** foi aplicado á voz **boca** non para indicar que está en descomposición ou que cheira mal, senón para sinalar que está corrupta nun sentido figurado. Chamar a alguén **bocapodre** é chamalo malfalado, deslinguado, groseiro, desvergonzado, etc.

Tamén o adxectivo castelán **dulce** aplícase á palabra **boca** para forma-lo composto **bocadulce** que por razóns que eu descoñezo serve a moitos pescadores para denominar un certo tipo de tiburón.

A voz **boca** uniuse a outros nomes para formar compostos de bastante uso. Así vemos que ó lado de noitiña, tardiña, lusco-fusco, anoitecida, funciona como sinónimo **bocanoite**: *Na bocanoite dos días de vran Pedriño e máis Rañolas sentábanse a falar* (Castelao).

Con **tella** naceu o composto **bocatella** que se aplica para designa-la primeira tella de cada unha das canles dun tellado que se atopa xunto o beirado. Con **manga** formouse a voz **bocamanga**, palabra ben coñecida por tódolos falantes e polos escritores: *botaba un grolo*, *limpábase os beizos na bocamanga* (Cunqueiro), *eu limpei a cara coa bocamanga* (Alcalá), pero que aparece en moi poucos diccionarios...

Con **ribeira** formouse a voz **bocarribeira** para denomina-la zona xeográfica comprendida entre a ribeira do mar ou dun río e a montaña: *Pouco a pouco desenrólanse as bocarribeiras percorridas por bandas de soutos e nabeiras* (Otero Pedrayo), *entre os anchos e baixos esteiros da bocarribeira* (Cortezón). O escritor Alcalá usa neste sentido **bocarría**: *un resto de luz cárdea aínda sinalaba os rochedos da bocarría*.

A palabra tan corrente en castelán **bocacalle** foi moi usada polos nosos escritores: *a segunda bocacalle á man direita asegún se sube* (Risco), *tirei por unha bocacalle* (Fole)... Dado que a voz castelá *calle* se di en galego **rúa** sería lóxico que a traduzamos ó galego como **bocarrúa**...

1199. De alí a un bocadiño

A cantidade de alimento que metemos na boca de cada vez é un **bocado**, que ten a variante **bocada**, empregada por algúns falantes e mesmo por algún escritor, como Cunqueiro: *morreu de vello cunha bocada de herba na boca*. **Bocado** é igualmente a acción de arrincar algo cos dentes para comer. Botamos bocados cando damos dentadas ou mordiscadas: *e de cada bocado que recibía a mazán Pedriño alarmábase* (Castelao).

Bocado toma a significación ampla de pequena cantidade ou anaco de comida: *un non comera bocado dende o xantar* (Fole), *durante a marcha tomaba un bocado* (F. del Riego), *o bispo respetou a decisión de Sor Sabina de non probar bocado* (Casares), e aínda máis, podemos falar dun bocado de calquera cousa (*Xan só recibiu un bocado da súa herdanza*) e mesmo equivale a un anaco de tempo. Nunha obra de X. Alcalá lin esta frase: *sentámonos a descansar un bocado*.

Para os campesiños é moi corrente o uso de **bocado** para designa-la barra metálica suxeita ás bridas que se mete na boca dos cabalos para dirixilos, e para bastantes mariñeiros un **bocado** é a parte curva do anzó.

Hai algún falante que emprega **bocado** no sentido citado de pequeno anaco de tempo. Do mesmo xeito que hai xentes que en vez de logo, axiña ou pronto din *de alí a unha miga*, *de alí a un pedazo*, *de alí a un cacho*, tamén os hai que din *de alí a un bocado*. Pero son moitos os que din *de alí a un bocadín*, especialmente os naturais do Nordeste da provincia de Lugo, xa que no resto de Galicia o máis corrente é dicir *de alí a un bocadiño*.

Bocadiño nesa significación de instante, intre, momento, é empregado tamén polos escritores: *agarda un bocadiño*, *a ver se nos entendemos hoxe* (Castelao), *calou un bocadiño para tomar folgos* (Alcalá). Sen embargo atopei tres frases nas obras de Cunqueiro nas que aparece **bocadiño** no sentido de **bocadillo**: *teño pra min que un torrezno entre dúas rebanadas de pan centeo... tivo que sere o bocadiño natural do galego durante séculos...*, *que se detiña a comer un bocadiño de xamón no Maragato de Guitiriz...*, *xa gardara o coitelo co que cortara o xamón do bocadiño...* Sen embargo o castelanismo **bocadillo** está imposto tanto na fala popular coma literaria.

Derivada de **boca** é a voz **bocana**, empregada polos mariñeiros para denomina-la boca do bou pola cal entran os peixes pescados. Esa voz non pode empregarse para traduci-la palabra castelá *bocana* que equivale á nosa **embocadura** ou a **ría**. Tampouco é galega a voz **bocanada**, castelanismo equivalente ás nosas voces grolo, bafarada, fumarada, refacho, etc., que atopei usada por algúns escritores.

Recordemos igualmente **bocaza ou bocazas**, castelanismo innecesario na nosa lingua que ten moitas palabras para chamar a alguén así: laretas, lareteiro, badueiro, lerchán, linguateiro, etc.

Nalgúns traballos dialectais está recollida a voz **bocaño** coa significación de intervalo ou pausa entre dúas chuvascadas. Claramente pode pensarse que esta voz é derivada de **boca**, xa que podemos imaxinar que nesa pausa se abre unha "boca" entre as nubes...

1200. Boqueiras e bocalladas

Continuando con voces derivadas da palabra **boca** empezamos hoxe falando da voz tan corrente **boqueira** que se emprega para denominar esa pequena ferida ou chaga que se forma na comisura dos labios.

Partindo da idea de **boca** como buraco ou abertura rexistrámo-lo uso de **boqueira** como orificio ou entrada que se fai nunha parede, nun valado, nunha cerca para permiti-lo paso dunha persoa, dun animal ou mesmo dun carro. Para os mariñeiros **boqueira** é a entrada do cope ou copo, especie de balsa, na arte de pesca chamada boliche. E para as xentes que tiñan fornos na casa chamaban **boqueira** ó lugar onde metían a leña preparada para queimala.

Para moitos galegos a forma masculina desta voz, **boqueiro**, serve para designar estas últimas significacións cando a abertura é pequena. Un **boqueiro** é, en xeral, unha boqueira pequena: *Un boqueiro estreito e alto abríase na terra contra a aba dun outeiro* (D. X. Cabana).

Nalgúns lugares a palabra **boqueiro** é usada para chamar aquelas aberturas que se fan para quitar auga das canles e metela nos prados.

Curiosamente hai que sinalar que algúns falantes usan en vez destas palabras citadas **boquela** e tamén **boquelo**, se ben a forma masculina é de uso máis corrente para chamar ó burato que adoita haber debaixo da boca do forno.

Teño que dicir que escoitei a algúns falantes dicindo o castelanismo **boquete** (e mesmo **boqueta**) en vez de **boqueira** ou **boqueiro** ou incluso de burato ou fenda.

Outro castelanismo desta mesma familia léxica en relación con **boca** é **boquilla** que na súa significación de pequeno tubo para fumar cigarros foi aceptada tanto en galego coma en portugués: *saca dun peto da cazadora unha boquilla dourada e pona na boca* (S. Toro). Agora ben para outros significa-

dos que ten esta palabra en castelán temos en galego palabras propias: bocado, boqueira, buxa, bocal, embocadura, etc.

Bocal é outro derivado de **boca** para denomina-la embocadura da gaita, pero hai xentes que empregan esta voz para chamar así o citado **bocado** como peza do freo do cabalo.

Palabra típica galega, derivada desta familia léxica é o adxectivo **bocalán** que serve para designar ás persoas malfaladas, blasfemas ou groseiras e que é moi usada tanto a nivel falado coma escrito: *Eu creín que somentes era un posfaceiro bocalán*, *un paparrabias* (Cortezón), *é gran cabaleiro anque moi bocalán* (D. X. Cabana). E o que din os **bocalán** son **bocaladas**...

E rematamos hoxe citando outra voz que claramente se ve que ten relación coa boca. Trátase de **bocallada**, que é empregada na significación de regurxitación ou vómito por bastantes falantes.

1201. Boquear ou bocexar

Hai moitos verbos en tódalas linguas que naceron partindo dun nome substantivo. Unha das maneiras de crear ese tipo de verbos é engadindo simplemente as terminacións propias verbais. Pensemos nos infinitivos creados engadindo a terminación *-ear* ós nomes rematados en *-a*, como banda, onda, chapa, copa, etc., é dicir, bandear, ondear, chapear, copear, etc. Neles vemos que perderon o *-a* final e a substituíron por *-ear*. Do mesmo xeito de **boca** naceu **boquear**.

Boquear naceu para significar abri-la boca non coa finalidade de comer ou beber, senón coa de tomar aire e pouco a pouco comezou a entenderse **boquear** no sentido de abri-la boca involuntariamente cando un ten fame ou sono ou está aburrido: *Pepe boquea sempre ás dúas da tarde porque lle entra a fame*, *ás tres porque ten sono e ás cinco vendo unha película*.

Tamén boquean os moribundos e esta significación de **boquear** como sinónimo de agonizar é moi corrente a tódolos niveis da lingua, de tal xeito que mesmo é empregado figuradamente como acabar ou terminar: *ímonos*, *que o partido está xa boqueando*.

E de **boquear** naceu o nome **boqueada**, que hai quen emprega aínda na súa significación normal de acción de boquear por ter fame, sono ou aburrimento. Sen embargo hoxe está máis espallada a tódolos niveis da lingua a significación desta voz no sentido de aspiracións fortes que dan os moribundos. *Estar nas boqueadas* ou *da-las boqueadas* son expresións moi usuais: *estaba o home pouco menos que dando as boqueadas* (Cunqueiro).

Curiosamente a variante **boquexar** deste verbo, **boquear**, ten as mesmas significacións: *cheguei boquexando* (Blanco Amor), *procura unha emisora axeitada*, *mentres boquexa* (F. del Riego), pero sen embargo eu nunca escoitei dicir **boquexadas** por **boqueadas**.

Para esa idea de abri-la boca existía en latín un verbo derivado da palabra OS, ORIS "boca". Trátase de OSCITARE que deixou descendentes nalgunhas linguas románicas, pero que nas nosas linguas irmás recibiu a influencia da palabra **boca** e deu orixe ó castelán *bostezar* e ó noso **bocexar**, que se especializou en abri-la boca como sinal de aburrimento ou sono: *bocexaba nas reunións*, *e non atendía máis que ás citas latinas* (X. Alcalá), *polo moito que bocexades vexo que non durmistes ben coma min* (D. X. Cabana).

A acción e o efecto de **bocexar** é **bocexo**, bastante usual en calquera nivel da lingua: *nun tremendo bocexo que parecía desnugallar as bisagras* (D. X. Cabana), *abriu moito o peteiro nun longo bocexo* (M. Rivas).

1202. De abocar a desembocar

Da voz **boca**, reforzada con prefixos, naceron outros verbos, ademais dos xa citados. Falemos en primeiro termo de **abocar** que orixinariamente debeu significar coller algo coa boca (*o gato abocou o peixe que estaba enriba da mesa*) ou tocar algo con ela (*mirándome no espello*, *aboqueino*), significados xa non moi populares hoxe. Coido que si é moito máis corrente dicir **abocar** cando o usamos en frases como estas: *os cans abocan*, é dicir, intentan morder, ou *aboca ese can*, é dicir, encirra ese can para que morda.

Se xuntámo-las bocas de dous recipientes para bota-lo contido de un no outro o que facemos é **abocar**: *estou abocando este cántaro con estoutro para enchelo de viño*.

E nun sentido máis amplo **abocar** é tanto como achegarse, aproximarse, acercarse: *ía pola rúa abaixo e aboquei a praza nova*, e tamén ten o uso moi corrente no mundo marítimo de comezar a entrar nun porto, nunha ría, nun río...

No mundo dos campesiños ten **abocar** ademais a significación de agarrar unha vaca polas fosas nasais para que non se mova.

En fin poderiamos sinalar outras significacións que aparecen nalgúns diccionarios galegos, pero que non paga a pena sinalar porque son pouco coñecidas para a maioría dos falantes. Os escritores poden empregar este verbo en significacións figuradas: *os trámites de oficio abócano a un estado magoante de esmorecemento* (F. del Riego).

O verbo **desbocar** debeu nacer para significar rompe-la boca a alguén ou a algo, pero hoxe é moi usado **desbocarse** para indicar que un cabalo se dispara a correr sen atende-lo freo e tamén para indicar que unha persoa se propasa a tódolos niveis: *os cabalos da grea desbocados* (M. María), *César*, *cego e desbocado*, *arrastraranos a todos na súa loucura* (Freixanes).

Embocar ten en principio a significación de meter unha cousa na boca: *o can embocou o libro que lle tirei*, e precisamente hai moitos falantes que empregan **embocar** na significación de comer moito. Para moitos campesiños **embocar** é poñe-lo freo ós cabalos e para moita xente do mar é o mesmo que abocar: *embocámo-lo porto ás seis da mañá*. E igualmente podemos empregar **embocar** no sentido de entrar por un lugar máis ou menos estreito e mesmo é posible dicir embocar na significación de empezar un negocio... E digamos que embocamos un instrumento de vento cando queremos que toque...

E case máis popular que este verbo citado é **desembocar**: ir dar unha corrente de auga a outra ou ó mar, ter unha ría saída a outra ou a unha praza, concluír, rematar, vir a dar, etc.: *os esproradores desembocaron na praza* (Risco), *seguindo os bulevares... ata desembocar na avenida* (Conde), *o Rin desembocaba no mar á altura de Escocia* (Cunqueiro)...

1203. O nariz, os narnes

Como é ben sabido a parte saínte da cara, situada entre a fronte e a boca, que intervén na respiración e onde reside o sentido do olfacto é o **nariz**. Aínda que esta forma é a correcta e a aconsellada pola normativa vixente, hai que deixar constancia de que practicamente a metade dos galegos din **narís** (nalgúns lugares pronuncian **nerís**) e mesmo hai escritores que a escriben así: *respirando polo narís* (Otero Pedrayo), *a pinga que lle caía do narís* (Risco), *pór o pulgar dreito no narís* (Cunqueiro), *canturriando polo narís* (Blanco Amor).

Tamén hai quen en vez de falar do **nariz** falan sempre de **narices** e tamén hai escritores ós que lles gusta usar esta palabra en plural: *Botaba o fume polos narices* (M. Ferrín), *pensei que lle ían tocar os narices ao pobre do vello* (M. Rivas).

Talvez esa forma de plural, tamén usada entre os castelán falantes, procede de que chamamos **nariz** a cada un dos orificios de que consta (*no nariz dereito teño unha ferida*).

Nariz pode ser usado coa significación de sentido de olfacto: *Pepe ten un bo nariz*. E nunha significación ampla ou figurada podemos chamar **nariz** á extremidade aguda de moitos obxectos ou cousas: *o nariz do avión*, *o nariz do picaporte*...

Esta palabra aparece tamén en moitas expresións populares: *dar no nariz* equivale a sospeitar, adiviña-lo que outro quere facer ou tamén a senti-la fragancia ou recendo dalgunha cousa; *torce-lo nariz*, mostrar desagrado ou non admiti-lo que se está escoitando; *mete-lo nariz*, entrometerse en determinadas cousas; *a narices*, por forza (*a muller ten que traballar a narices*, U. Heinze)...

Da mesma orixe ca **nariz** é **narnes** (que ten as variantes **narnos** e **narnios**), voz tradicional, que xa está nos textos medievais, e que hoxe se aplica exclusivamente para denomina-las fosas nasais do gando vacún. En *Tesouros da lingua* xa explicámo-lo uso que desta voz fai Cunqueiro (*porque lle curei unha esbruga que tiña nos narnes*) aplicándoa a unha burra.

E de **narnes** naceu o verbo **narnexar** (coas variantes **narnear** e **narniar**) para significar prende-las vacas polos narnes para que non se movan. Sen embargo para moitos falantes **narnexar** significa tamén fungar, é dicir, respirar con forza e facendo ruído ou falar nasalmente, isto é, resoando o son polo nariz: *e seu narnexar semellaba un estouro de sonidos*... *¿Que mira vosté?*, *narnexou alporizado* (Cortezón).

As persoas ou cousas que narnexan son chamadas **narneóns** ou **narnexas**: *o abogado Cuveiro*, *un pouco narnexo*, *un moito fachendas*... *a voceciña narnexa e buída do abogado Cuveiro* (Cortezón), que son voces sinónimas de roufeño ou fungón.

1204. Narizudos e cousas nasais

A palabra máis corrente para denominar a quen ten un nariz grande é **narizudo**, pero hai quen di **narizón** e tamén **narizán**. Recordo que Blanco Amor chamaba así a un taberneiro: *deixáraos na taberna do narizán*. Non resulta raro escoitar igualmente as palabras: **narizotas** ou **narizotes** e mesmo **nariceiro**.

Tradicionais son tamén os adxectivos **narigudo** e **narigón**, que usan bastante os escritores. Esta última forma serve para denomina-lo anel de ferro que se pon nas fosas nasais do gando vacún. Nalgunhas obras léxicas son recollidas outras palabras, coido que non moi correntes, para chamar ós que teñen o nariz grande: **narigola**, **narigota**, **nariganga**, **narocas**, **narafotudo**, etc.

Curiosamente hai poucas palabras derivadas de **nariz** para chamar a quen ten o nariz pequeno e atopei as formas **nariquiña**, **nariguiña** e **nariguita** que normalmente se refiren ós narices das mulleres...

Tódalas formas que acabo de citar neste comentario e no anterior naceron como derivadas de **nariz**, palabra orixinada da forma latina vulgar NARICAE, que naceu da forma normal clásica NARES que si significaba nariz, mesturada con **nasica**, voz que se aplicaba a quen tiña o nariz moi afiado e puntiagudo.

Pero en latín existía outra voz para indicar esta parte da cara, NASUS que se conservou en case tódalas linguas románicas, pero que quedou anticuada nas linguas peninsulares cando se xeneralizou **nariz**. Sen embargo o descendente desa voz, **naso**, consérvase aínda nalgúns lugares de Galicia como palabra sinónima de **nariz**.

Pénsese que esta palabra **naso** non ten nada que ver coa voz moi corrente **nasa**, aparello de pesca, que ten a forma de cilindro, feito de madeira ou metal e recuberto de rede para que entren os peixes nel sen que poidan despois saír. Esta palabra **nasa** procede doutra familia léxica latina, NASSA.

O adxectivo referente ó nariz é hoxe **nasal**. Resulta normal escoitar cousas da cavidade nasal ou das fosas nasais, pero resulta aínda máis corrente usar este adxectivo para aplicalo ós sons que ó seren pronunciados o aire sae total ou parcialmente polo nariz: *o acento é nasal e xordo*, *moi doce e grave* (Fole), *a música gangosa e nasal... furoulle os ouvidos* (Casares)...

A cualidade do que é nasal chámase **nasalidade** e no campo fonético empréganse o verbo **nasalizar** "pronunciar con sonido nasal" e o nome **nasalización** "acción e efecto de nasalizar".

Pero aínda quedan máis cousas e palabras deste campo léxico do nariz...

1205. Esnachar e esnafrar

Xa dixemos que da forma latina NASUS saíu a voz romance peninsular **naso**, que se perdeu en case tódalas partes ante a forma nova **nariz**, agás nalgúns lugares de Galicia. Probablemente do diminutivo desa forma latina NASCULUM naceu a nosa palabra tan corrente **nacho**, que tamén usan asturianos, leoneses e transmontanos portugueses.

Nacho, que debeu significar en principio nariz pequeno, pasou a usarse en todos eses lugares para indica-la persoa que ten o nariz pequeno e case esmagado: *viñeron... o amarelo do Canadá*, *o nacho que din colorado* (Cunqueiro), *o nacho viña contando con repetir unha faena como a outra* (S. Toro).

Talvez porque en xeral o nariz dos nenos é moi pequeno hai moitos falantes que empregan **nacho** como sinónimo de rapaz, cativo ou neno: *ois ti*, *nachiño*, *a devolver o que non é teu rapidamente* (X. Torres). De aí que haxa tamén algúns galegos que chamen ós nenos nachos **nacharolas**, **nacharolos** e **nacharelos**.

Darlle a alguén un golpe no nariz e deixalo nacho teoricamente é **esnachar**. Úsase moito **esnacharse** para indicar que un se deu no nariz contra algo duro: *tropecei coa porta e esnacheime*.

Pero máis corrente en toda Galicia ca **esnacharse** é **esnafrarse**, que ademais desa significación referente á caída de narices ten a de levar un golpe en calquera parte do corpo, contusionarse ou esmagarse. Este verbo é moi usado polos escritores: *o cabalo afociña nunha tobeira de bizcachas e Pedro esnáfrase contra o chan* (Castelao), *Non brinques tanto*, *pequeno*, *que te vas esnafrar* (Fole), *entrou cegado na corte e esnafrouse contra unha parede* (Cortezón).

Esnafrar significa tamén romper algo totalmente de maneira violenta: *Ven abusar de min que te esnafro* (X. Alcalá), *collín a maleta* (*algo esnafrada polos croques que leva apandado*) *e baixei* (Neira Vilas).

Algúns falantes do sur da provincia de Pontevedra empregan a variante **nafrar** para significar racharse os cadrís dunha vaca. Talvez por esta significación algúns filólogos consideran que este verbo é

da mesma familia có verbo aragonés *nafrar* "chagar" e que procede do latín NAUFRAGARE. Sen embargo hai quen emprega **nafrar** coa mesma significación de **esnacharse**.

Coido que se **esnacharse** se formou sobre **nacho**, **esnafrarse** naceu do nome **nafra** ou **nafre** (que ten a variante **nefre**) que é como algunhas xentes chaman o nariz dos animais e mesmo os fuciños. Naturalmente hai quen pode dicir mirando a cara dun amigo: *¡Como tes hoxe as nafres!* E de **nefre** saíu o adxectivo **nefrudo** que se aplica a quen ten moito morro ou fociño...

Sinalemos por último a voz **napia** ou **napias**, palabra empregada por moitos galegos para falar festivamente do nariz, pero que non aparece nos diccionarios talvez porque consideran que é un castelanismo... **Napia** ou **napias** é unha palabra xergal estendida mesmo nalgunhas falas populares europeas.

1206. ¿Que é fungar?

Seguindo coas palabras que teñen relación coas cousas nasais é necesario falar do verbo **fungar** que ten a significación recollida en tódolos diccionarios de falar nasalmente resoando o son polo nariz: *O meu amigo non é quen de falar sen fungar*, *Pepe funga porque está resfriado*. Equivale ó verbo castelán *ganguear*.

Sen embargo este verbo ten para a maioría dos galegos a significación de respirar con forza e facendo ruído: *o vello funga que funga*, *toda a noite está roncando* (Castelao). **Fungar**, que moitos galegos pronuncian **funcar**, ten unha orixe onomatopeica, pois probablemente naceu por imitación dese ruído ou deses sons que facemos respirando con forza, emitindo palabras que non queremos que os demais comprendan.

Polo que acabamos de dicir **fungar** é sinónimo de bufar ou tamén de **refungar** (derivado seu) ou de rosmar ou roñar. En fin, **fungar** equivale pois ós verbos casteláns *refunfuñar* ou *gruñir*: *O meu amigo pasa o día fungando*.

Pero **fungar** pode equivaler tamén a zumbar ou asubiar porque hai falantes que usan este verbo para indicar que o vento zoa: *Escoitei funga-lo vento toda a noite*. Curiosamente esta acepción é moi empregada polos escritores porque, á parte do vento, hai moitas cousas, mesmo árbores e animais, que fungan: *¿Canto fungou o mar por riba dos tellados?* (G. Tosar), *oíanse berros*, *maldicións*, *fungaban os croios* (X. Alcalá), *sentindo como funga no vento o rachador estalo da tralla* (Cabanillas), *unha columna vexetal que o vento abanea e fai fungar nas altísimas frondas* (Freixanes), *unha serpe... fungaba botando o ferrete pra fora* (Fole), *na noite negra fungaba a cóbrega* (Iglesia Alvariño)...

Probablemente polo feito de que quen chora fai certo ruído hai falantes que empregan **fungar** como sinónimo de choromicar: *Xan perdeu un familiar e agora pasa todo o día fungando*.

E por esa mesma razón do ruído que se fai coas palabras cando algunhas persoas discuten ou pelexan, temos que dicir que hai falantes que usan **fungar** como sinónimo de rifar: *Xan e Pepe pasaron dúas horas fungando e non se puxeron de acordo*.

Sinalemos tamén que cando limpámo-lo nariz para tira-los mocos facemos ruído. De aí que **fungarse** sexa palabra máis corrente a nivel popular cá forma máis académica **asoarse**: *Toma este pano e fúngate*.

En fin, como acabamos de ver, hai palabras que se fan moi populares e adquiren moitos significados ó longo dos tempos. Estou seguro que haberá falantes que empregan este verbo **fungar** con outras significacións...

1207. Patelos e chatos

Nalgúns diccionarios lin que unha maneira de dicir que un nariz é pequeno ou case plano é chamalo **patelo**. Eu nunca escoitei frases coma esta: *Pepe ten o nariz patelo*, pero é posible que haxa xentes que o digan.

A forma adxectival **patelo**, que ten unha orixe etimolóxica non moi clara, é empregada por algúns falantes como sinónimo de aplanado ou pouco agudo. Así escoitamos dicir que *unha vaca é patela* porque ten os cornos longos, pero que se abren para atrás ou que unha ave mariña chamada arao é **patela** (non sei por que razón) ou que unha pena é **patela** porque non sobresae case do chan.

Tamén atopei ese adxectivo usado por algún escritor nesa significación de aplanado: *queixos... Os moles e patelos de Friol*, *de Arzúa*, *os de tetilla*... (Cortezón), *unha copa de ouro adornada de pedras preciosas e era tan grande e patela que máis parecía bandexa ca copa* (D. X. Cabana).

Agora ben **patela** como nome substantivo é unha cesta plana e baixa que usan as peixeiras para leva-los peixes: *a frescura lila dos peixes nas patelas* (A. Cáccamo), *patelas feitas con madeira de castiñeiro* (Conde). E **patelo** como nome serve para designar unha planta que é denominada igualmente herba de ouro e un crustáceo moi coñecido que algúns chaman **pateiro** ou **patexo** (*que prefire á langosta un boi de xaneiro ou por marzo un patelo de Sada*, de Cunqueiro).

Naturalmente a voz máis corrente para denominar a quen ten o nariz pequeno e case plano é **chato**: *os ollos azues*, *mui franco*, *chato il*, *grandes mostachos caídos* (Cunqueiro), *muller outa*, *que andaba polos coarenta*, *chata*, *de ollos negros* (Fole).

Pero **chato** é voz tamén moi popular para denomina-las cousas planas ou pouco agudas e mesmo podemos usala como sinónimo de vulgar, trivial, superficial: *Xan ten ideas chatas*. Algunhas embarcacións, as chalanas, son chamadas por algúns falantes **chatas** e algunhas tazas, case aplanadas, foran chamadas **chatos**, que son as empregadas exclusivamente para botar nelas o viño. Curiosamente esta voz fíxose tan concreta que é moi normal dicir *ir de chatos* en vez de ir beber algo por aí...

Non sei se realmente as **chatas** de que falan tanto os escritores naceron das **tachas** ou tiñan que ver coas cousas aplanadas: *vés dimpois xurando que eres muller sin chata* (Rosalía), *fíxose mozo*, *sen máis chatas que a súa coor* (Castelao), *a todos lles atopaba algunha chata* (Cunqueiro), *coas súas chatas propias da mozarría esmorgante* (Blanco Amor)...

Os filólogos non están de acordo se esas **chatas** que acabamos de citar e que significan **tachas** (palabra que algúns din que vén do francés) influíron ou non na creación ou recreación desa voz...

1208. Fociños e fuciños

Andar fungando ou escarvando na terra é **fozar**, verbo tradicional de orixe latina que é usado correntemente a tódolos niveis da nosa lingua: *de cote fozando na codia terrestre* (Curros), *tiveron que cruzar unha esterqueira onde fozaban unhos porcos* (Fole), *¿Que cochos*, *ho? os que andan a fozar no ouro* (Conde).

Talvez pola razón de querer explicar que fozamos en algo moi frecuente ou moi rapidamente naceu o verbo **fochicar**, bastante usado en toda Galicia e recollido así na maioría dos diccionarios, se ben a variante **fuchicar** é moito máis usada na fala familiar e mesmo literariamente: *o Milhomes*, *que andaba por alí fuchicando*, *quedouse quedo* (Blanco Amor). Se pensamos nas formas deste verbo: *fochico*, *fochicas*, *fochica*, etc., nas que vemos que a acentuación recae sobre o ***i***, temos que imaxinar que este *i* é o que fai ou o que fixo que moitos falantes teñan tendencia a pronuncia-lo *o* inicial como *u* porque así xa pronuncian a primeira sílaba cos labios postos da mesma maneira que para pronuncia-lo *i* tónico.

Do verbo **fozar** naceu o nome **fociño**, que está así escrito na maior parte dos diccionarios, que é a forma recomendada polos lingüistas e polo académicos pero que polas razóns que acabamos de explicar sobre o paso de **fochicar** a **fuchicar**, se usa moito máis a miúdo como **fuciño**. Resulta que **fuciño** é a forma máis popular en toda Galicia e a máis usada polos escritores. Sinalemos que na parte máis oriental da provincia de Lugo as xentes din **fucín**.

A definición desta voz nos diccionarios é que é a palabra que serve para denomina-la parte máis ou menos prolongada da cara dos mamíferos onde está a boca e o nariz: *baixouse do burro*, *doulle un bico de despedida no fociño* (Castelao), *poñía mui ben anelos nos fuciños dos porcos* (Cunqueiro), *sente aos animais avantar a pasos curtos*, *quizais co fuciño na herba* (F. del Riego).

Naturalmente en tódolos diccionarios aparece tamén a definición de **fociño** como palabra que se usa tamén para denomina-la cara das persoas que comprende a boca e o nariz: *furtaba un bico ás rapazas dos noivos diante os fociños* (Curros), *enxamais nengún veciño lle batera ca porta no fuciño* (Rosalía), *limitouse a modificar o fuciño cunha especie de sorriso* (M. Ferrín), *que me castigasen diante dos seus fuciños* (Blanco Amor).

E **fociño** ou **fuciño** é voz que aparece en moitas expresións: *caer de fociños*, é dicir, caer dando coa cara contra algo: *Quería saber si se cae de fuciños ou de lado* (Cunqueiro), *Mauro caeu de fuciños* (F. del Riego); *mete-los fociños en*, é dicir, intervir en determinado asunto: *e coma non lle deixaron mete-los fuciños no Auntamento*, *fundou unha sociedade agraria* (Risco), *que vos ides arrepentir de ter vido a el e de mete-los fuciños no que non vos importa* (D. X. Cabana); *estar de fociños* equivale a manifestarse enfadado: *¿E logo? ¿Estás de fuciños?* (S. Toro), etc.

De **fociño** ou **fuciño** naceron outras palabras como **fociñada**, **fociñazo**, **fociñudo**, **fociñar**, **afociñar**, **enfociñar**, **esfaciñar**, que son menos usadas oralmente e por escrito cás súas variantes **fuciñada**, **fuciñazo**, **fuciñudo**, etc.

1209. Risos e sorrisos

A manifestación de alegría caracterizada pola contracción dos músculos do rostro, en especial dos da boca, é dicir, o acto ou efecto de rir dicíase en latín RISUS, voz que se conservou en tódalas linguas romances: *riso* en italiano, castelán, portugués e galego e *ris* en francés, provenzal e catalán. Co paso do tempo os cataláns substituíron *ris* por *rialla* ou *riure*, os casteláns por *risa*, e tamén algúns falantes portugueses e moitos galegos fixeron o mesmo.

Nos textos medievais aparece sempre a forma *riso* (*alegria ajamos por senpre e riso*, das "Cantigas de Santa María"), voz que os escritores e a maior parte dos falantes portugueses conservaron así ata o día de hoxe. Sen embargo no ámbito da lingua galega triunfou moito máis nos tempos modernos a forma **risa** tanto a nivel popular coma literario: *antre risas e sospiros* (Rosalía), *as frescas armonías das risas e dos*

bicos (Curros), *escachifouse de risa*..., *escachasen de risa*..., *estordegábanse de risa*..., *reloucan de risa* (Castelao), *estoupaba coa risa* (Cunqueiro), *eu non estaba pra risas* (Fole).

Pero na actualidade está recuperándose a forma máis tradicional, **riso**, polos nosos escritores: *a imaxe da rapaza*, *reflectida no riso* (F. del Riego), *ouvían risos tras da fiestra da cociña* (M. Ferrín), *algúns risos mentras os aluscaban* (Cortezón), *o meu marido morría de riso* (U. Heinze).

Digamos que a manifestación moi sonora do riso non é en galego **risotada**, castelanismo que usa algún escritor, senón **risada**, voz moi usada polos falantes e moitos escritores: *estonces unha risada bulrona chegoulle ó ouido* (Curros), *estoupaba a risada de Werner* (Otero Pedrayo), *ceiba unha risada de trunfador* (Castelao), *bota unha risada brincadeira* (Neira Vilas)...

Cando un **riso** é leve, sen ruído, dicimos que é un **sorriso**, voz tradicional, que se conserva tamén así en portugués, pero que na nosa fala popular cedeu bastante ante outras formas. Non obstante hai moitos escritores que fan uso desta palabra recomendada pola normativa da nosa lingua: *que se decatou dos sorrisos garimosos da coqueta* (Risco), *ceiba un sorriso algo tristeiro* (Neira Vilas), *proseguiu a lectura cun sorriso* (M. Ferrín)...

Diremos que se ó lado de **risos** hai **risas**, loxicamente hai falantes que din **sorrisas**, voz non recomendada pola normativa, pero que bastantes escritores usan: *el tiña unha sorrisa meditativa* (Cunqueiro), *¡E ti sorrisme amodiño con sorrisa feiticeira!* (M. María), *o director insinuou unha sorrisa demacrada* (Casares).

Temos que sinalar que talvez por influencia castelá estean vivan as variantes **sonriso** e **sonrisa** tanto na fala popular coma nos textos literarios: *tristeiro*, *o sonriso de hoxe ten de ser* (Cotarelo), *trocando en sonrisas queixiñas e choros* (Rosalía), *do sátiro as focas sonrisas parecerán* (Pondal).

En definitiva, **risos**, **risas** e **sorrisos** son as voces recomendadas pola normativa oficial.

1210. Corre a sona

A palabra **sona** é unha voz moi popular para expresa-la opinión que as xentes teñen formada sobre as persoas e é verba tipicamente galega xa que non existe nas demais linguas irmás. **Sona** é voz moi popular en toda Galicia e aparece mencionada en moitos refráns: *Colle sona e bótate a durmir*, *colle sona e poderás deitarte*, *pola sona búscase a persoa*...

Temos que dicir tamén que é unha palabra bastante tradicional que xa recolleu Martín Sarmiento no século dezaoito: *Corre a sona que Pedro hizo esto* e que a usan moitísimo os nosos escritores: *Xan de Deza*, *bon labrego*, *que deixache tanta sona* (de Curros), *letreiro que se encarregou a un escultor de sona... os pintores de sona* (de V. Risco), *tiña sona de lacaceiro* (de Otero Pedrayo), *o señor Antón foi un señor de moita sona* (de Castelao), *sona de home asisado* (de C. E. Ferreiro), *era troiteiro de sona* (de Cunqueiro).

Así mesmo as cousas poden atinguir prestixio, renome, reputación, é dicir, **sona**, como vemos nestes exemplos literarios: *Vilanova dos Infantes é vila de grande sona* (de Curros), *en Vilanova*, *vila de grande sona* (de C. E. Ferreiro), *en moitas eirexas parroquiaes e santuarios de sona*..., *atraguidos pola sona das súas escolas* (de Castelao), *un queixo que tivo moita sona no país é o queixo de San Simón* (de Cunqueiro).

Normalmente cando a **sona** se refire a actividades, persoas ou entidades que desempeñan un labor considerado de moita calidade, prefírese usa-lo cultismo **prestixio** que é empregado moito a nivel culto ou literario: *o prestixio dos mestres de Compostela* (de Otero Pedrayo), *o prestixio do gremio* (de Castelao), *a cibdade dos nobres*, *raciaes prestixios* (de Cabanillas).

En fin, **sona** é unha palabra tipicamente galega, moi usada na fala popular e nos textos literarios e que, por te-los mesmos significados de renome, reputación ou prestixio, ten outros sinónimos dos que falaremos no próximo comentario.

1211. A fama e o creto

Penso que a palabra xa comentada, **sona**, non logrou en absoluto borra-lo seu sinónimo, **fama**, voz tradicional desde a antigüidade, común ás demáis linguas irmás, e moi popular tamén entre tódolos falantes, segundo vemos pola gran cantidade de refráns nos que aparece: *a mala fama mata*, *a mala fama roda coma a moeda*, *mal vai quen mala fama cobra*, *se queres ter boa fama non te colla o sol na cama*, etc.

A voz **fama** úsana os escritores de tódalas épocas: *os nomes doces*, *e mais de outros muitos que resucita a fama dos seus feitos* (de X. M. Pintos), *aqués que ten fama de honrados na vila roubáronme tanta brancura que eu tiña* (de Rosalía), *o mero ten fama aínda no refraneiro castelán... a fama*, *veña donde veña*, *sempre hai que pagala* (de Cunqueiro), etc.

E outro termo próximo no significado a **sona** é a voz **creto**, que é igualmente unha palabra exclusivamente galega, xa tradicional, moi popular en toda Galicia e moi empregada polos nosos escritores. Na significación fundamental de renome, fama, prestixio ou sona vémola usada nestes exemplos: *Un maestro que tiña muita fama e lle daban as xentes muito creto* (de X. M. Pintos), *comprometerse coelo o creto da cencia* (de V. Risco), *o seu amigo gañara creto de reloxeiro...*, *home de moito creto científico...*, *os artistas irlandeses poden recramar para si a sona e o creto de teren realizado os mellores modelos... aquel rapaz é agora un señor de sona e creto* (de Castelao).

O **creto** no sentido de fama da persoa formal e honesta ou mesmo de confianza que manifestan as xentes é bastante empregado polos escritores, como vemos nestas frases: *Danlle de couces á nai e lle van quitando o creto* (de X. M. Pintos), *que si de hoxe nun mes conta non deres da honra de Rosa*, *a que furtache o creto...* (de Curros), *unha moza divertirse pode sin perder o creto* (de Lamas Carvajal).

Pero o **creto** ten algunha outra significación da que seguiremos falando.

1212. Dar creto

A palabra **creto**, da que diciamos que era voz sinónima de sona ou fama, adquire un matiz especial de significación cando acompaña ó verbo **dar**. Nese caso **dar creto** non podería ser substituído por dar fama ou dar sona, xa que nesta expresión, **dar creto**, equivale a fe, crenza ou certeza no que se di ou que se escoita. Como vemos, non son sinónimos absolutamente.

Dar creto equivale pois a **crer** e é expresión bastante usada. Xa a atopamos en Curros (*cando a minina abriu*, *dar creto*, *afé*, *seus ollos non podían o que alí entonces vía*) e Lamas Carvajal (*o señor abade*

tampouco lle deu creto) e nos autores do noso século: *si se lle da creto a un libro topado nunha area* (de Cabanillas), *Rañolas quedouse abraiado*, *sen dar creto as verbas da vella* (de Castelao), *Coa néboa*, *pensou o Sochantre*, *non se pode dar creto a nada*..., *Lamego non daba creto aos seus ollos* (de Cunqueiro), *pro a min cústame traballo darlle creto* (de C. E. Ferreiro).

O **creto** desta expresión, **dar creto**, recorda a orixe desta voz, o latín CREDITUM, que deu entre nós o cultismo **crédito** que no fondo ten a mesma significación da nosa voz patrimonial **creto**. **Crédito** sería pois o mesmo ca sona, fama, reputación, etc., pero tomou un sentido económico que dá lugar a que hoxe tendamos a considerar **crédito** como operación pola que unha persoa ou entidade preste a outra diñeiro a devolver ou tamén como consideración económica de categoría que ten unha persoa.

Na realidade da lingua podemos atopar hoxe quen di **dar crédito** no mesmo sentido que vimos en **dar creto**, xunto coa significación máis corrente de conceder un préstamo. Do mesmo xeito temos que dicir que hai quen usa a voz **creto** no mesmo sentido có **crédito** económico.

Nalgúns escritores atopámo-lo uso da voz **creto** en sentido económico: *Mais nos tempos modernos o creto ceibou o diñeiro desta escravitude* (de Curros), *os fanegueiros de Allen emprestaron tódolos cartos que andaban a creto en Bretaña no século XVIII* (de Cunqueiro).

1213. Na crista da onda

O feito de que algún escritor de categoría empregue unha determinada palabra non significa que teñamos que aceptala como voz normal da nosa lingua. Escríbeme un lector para preguntarme por que Castelao usa a voz **cresta**. A resposta é ben sinxela. Probablemente no seu ambiente familiar ou de relación social entrou ese castelanismo fronte á voz común para todo o ámbito do galego, **crista**.

Ese apéndice de carne de cor vermella que teñen sobra a cabeza galiñas, galos e algunhas outras aves chámase en galego e en portugués **crista** e en castelán *cresta*. Aínda que sexa **crista** unha palabra tan corrente e usual, non aparece moito nas obras literarias. Lémbrome de vela empregada por Cunqueiro: *O bolimarte... ten crista roxa*, *coma de galo*, *na cabeza*..., *Un galiño xa mui posto*, *a crista mui roxa*, que no seu libro "A cociña galega" bota man do castelanismo: *nun plato están os menudos*, *nos que entran as crestas decaídas*..., *coa capadela e máis a ceba*, *abrancúxanlles as crestas*...

A voz **crista** serve ademais para denomina-las partes saíntes dalgunhas cousas sobre todo dos apeiros (*collin esa fouce pola crista*), a parte superior das árbores (*na crista desa maceira hai un par de boas mazás*) ou dos montes. Dicir que vemos algo *na crista dese monte* é tan corrente como dicir *no cume do monte* ou *no curuto do monte*.

Tamén falamos de que as ondas teñen **crista**: *pousar de ceibes cisnes negros na crista da onda* (de Otero Pedrayo), *Tristán de Leonís reembarcou sobre a crista das ondas* (de Rábade Paredes). Curiosamente é hoxe xa moi popular dicir que alguén *vai* ou *está na crista da onda* para referirse a quen vive moi ben ou ten moitas influencias.

Así mesmo resulta hoxe popular chamar **crista** á cabeza en expresións como *abaixarlle a un a crista* por humillar, *darlle a un na crista* por vencer ou *ergue-la crista* por amosar soberbia. Recordemos esta frase de Castelao: ...*lle ceibou enriba da cresta un repertorio escolmado de denostos*.

Moi corrente na vida do campo é a acepción de **crista** como herba nociva que medra nos terreos sementados. Vexamos uns exemplos de escritores: *gardan unha esencia que filtraba con crista de galo*... (de

Cunqueiro), *magarzas e cucos e cristas de galo*..., *Manuel de Braes traballaba na horta*. *Arrincaba nocellas e cristas* (de D. X. Cabana).

1214. Aldraxos e xente aldraxada

As pezas de roupa que están xa moi usadas e rotas son chamadas **farrapos**, **fargallos**, **farandallos**, **frangallos**, **zarrapos**, **zarangallos**, **bandallos**, **cerellos**, **ciringallos**, **galdrapos**, **zarapallos**, etc., e os que levan ese tipo de roupa son chamados **farrapeiros**, **farrapentos**, **esfarrapentos**, **zarrapeiros**, **fargalleiros**, **frangalleiros**, **bandallas**, **bandalláns**, **bandalleiros**, **ciringalleiros**, **galdrapeiros**, **zarapalleiros**, etc.

Pero hai outra palabra que se di en moitos lugares de Galicia para denominar esa roupa vella e rota. Trátase de **aldraxo**. E quen anda con ese tipo de vestimenta é chamado **aldraxado** ou **aldraxeiro**.

Aldraxo e a súa variante **aldraxe** aparece citado nos diccionarios antigos, xunto con **aldraxar**, con esa significación, pero na maior parte dos modernos están rexistradas estas palabras con outro significado.

A voz **aldraxo** é común coa palabra castelá *andrajo* e parece que teñen a súa orixe na voz xermánica *haldajo* que transformou a consoante *l* en *n* en castelán. Como tantas outras voces populares debeu sufrir cruzamentos con outras palabras con *r*. Compárese coa palabra **farrapo** da que saen esoutras citadas arriba como **farandallo**, **frangallo**, etc.

Agora ben, na actualidade cando moitos galegos escoitan frecuentemente falar de xente **aldraxada** e das **aldraxes** que reciben algunhas persoas, non se imaxinan que esas voces **aldraxar** e **aldraxe** equivalen a inxuriar, ofender, vexar, vilipendiar e inxuria, ofensa, vexame, etc.

Non sei a razón pola que a voz de orixe francesa **ultraxe** (castelán e portugués *ultraje*) que empregaron escritores como Curros Enríquez (*un ódeo e un ultraxe en cada boca*..., *prós que ten limpa a concencia vítores son os ultraxes*) ou Pondal (*os cativos ultraxes do estraño desleal*), foi esquecida ou transformada polos escritores en **aldraxe**: *Tódalas harpías exercitarán contra min os seus aldraxes* (Otero Pedrayo), *os normaes aldraxes e vilipendios* (Blanco Amor), *aldraxes e disprecios* (Fole)...

E loxicamente vemos como o verbo **aldraxar** "vestir aldraxos" foi convertido en "dicir inxurias, ofensas a persoas ou institucións" nos diccionarios modernos, e pasou a ser usado nesa significación pola maioría dos escritores: *aldraxando no seu nome* (Cotarelo), *o fillo aldraxa ao seu pai* (Otero Pedrayo), *non había que aldraxar á xente* (Blanco Amor), *alcuman e aldraxan cos máis noxentos calificativos* (Freixanes), *elas aldraxábanos con maldicións* (M. Ferrín), etc.

En fin, a lingua funciona ás veces (como xa vimos en tantos comentarios) dunha maneira ilóxica. ¿A quen se lle ocorrería transformar esa voz culta **ultraxe** na voz corrente **aldraxe**? ¿Por que tivo éxito entre os escritores esa modificación?...

1215. Aflixir e humillar

Cando causamos a alguén un sufrimento, unha pena, tristeza ou anguria, dicimos que o *aflximos*. Cando somos nós quen recibe ese sufrimento ou pena, dicimos *aflixímonos*.

Aflixir é un verbo que entrou nas linguas peninsulares hai uns catro séculos e é por tanto un cultismo que debe conservarse tal como acabamos de escribir. Entrou na fala popular como sinónimo de desconsolar, magoar, apenar ou entristecer e loxicamente é empregado polos escritores: *euros que pasan aflixidos* (Novoneira), *ou ben se aflixiría de tal xeito*... (Conde).

Pero os escritores do século pasado hipergaleguizaron este verbo converténdoo en **afrixir**. Rosalía escribiu: *tal me acoden as soidades*, *tal me queren afrixir*..., *afrixido antre os afrixidos*; Pondal tamén o usa: *misteriosas lembranzas do desterrado afrixido*; igualmente Curros Enríquez: *se é por eso*, *non te afrixas*; e mesmo o usan algunha vez Castelao (*refuxio de pecadores*, *consolo de afrixidos*), Cotarelo (*non chores*, *non te afrixas*) ou Neira Vilas (*as angurias que me afrixen*).

Os derivados deste verbo son pois tamén cultismos: **aflicto** (*e coa alma aflicta pensei*, de Alcalá), **aflicción** (*non casaba coa piedade e aflicción que noutros momentos amosara*, de Conde), **aflictivo**, **afliximente**, **afliximento**. Sen embargo podemos atopar textos de obras literarias que prefiren as formas coa sílaba *fri*: *confundida co desespero e o afriximento* (Cotarelo).

Cando facemos ou dicimos cousas para rebaixa-la dignidade dunha persoa ante os demais ou ante si mesma, dicimos que a *humillamos*, e cando somos nós os que rebaixámo-la propia dignidade *humillámonos*.

Humillar é tamén un cultismo que xa se introduciu na época medieval, pero a pesar de que nesa época existiu a variante *omillar*, a forma culta mantívose a través dos tempos ata o día de hoxe. **Humillar** e o seu derivado **humillación** son formas normais na lingua falada e na escrita: *para humillarse e rogar diante dela*..., *grotesco*, *humillante*..., *adoecidos*, *humillados*..., *longo calvario de renuncias e humillacións* (Freixanes).

Sen embargo quero deixar constancia da existencia en galego (e tamén en portugués) doutra forma verbal da mesma familia léxica. Trátase do verbo **humildar** ou **humildarse** (que xa aparece nas "Cantigas de Santa María" como *omildar*) que xa comentei en *Follas da lingua* porque o empregou Rosalía: *Por qué*, *meu esprito*, *por qué ora te humildas*, *cando eras altivo?*

Humildarse ten vixencia aínda na fala popular dalgunhas comarcas talvez porque recorda ás voces **humilde** e **humildade**.

1216. Escacexante e atordoado

Pregúntame un lector se a lingua empregada por Fernández del Riego na súa última obra *O cego de Pumardedón* non resulta xa difícil de entender para un lector de hoxe e cítame unhas frases que atopou na páxina 79 desa obra: *chegou ao punto no que o máis escacexante pide clemencia*... *No atordoamento*, *non encontra a porta*. *Ten que atoutiñar co pé*... *Recomeza a marcha co andar atariñante*..., nas que aparecen palabras como **escacexante**, **atordoamento**, **atoutiñar** ou **atariñante** que non son moi correntes para el.

Ben. Non penso que todo escritor deba empregar unicamente as palabras máis correntes da lingua. Nese caso teriamos que admitir que unha lingua sería algo así como unha cousa xa sen vida. Coido que un escritor ten á súa disposición tódolos niveis da linguaxe dunha comunidade e pode situarse e moverse nos que el queira e, precisamente, homes como Fernández del Riego, que teñen profundos coñecementos tanto doutras obras literarias, coma da realidade auténtica da fala vida, poden escribir con estilo propio valéndose deses coñecementos.

Comprendo que, ás veces, un lector se sinta un tanto molesto por non poder entender directamente todo o que está lendo, pero pode coñecer mellor a propia lingua se le frases como as citadas.

Penso que a primeira desas voces, **escacexante**, é palabra non corrente. Chámase **escacexante** á persoa que **escacexa**, é dicir, a aquela que anda apresuradamente sen ningún motivo dun sitio para outro. **Escacexar** aparece nos diccionarios de Carré, Eladio Rodríguez, Ir Indo, Estravís e ten tamén as significacións de forcexar e removerse moito coas patas algúns animais. Para min neste exemplo de Fernández del Riego equivale a impaciente.

O **atordoamento** é o feito de **atordoarse**. Nesa mesma obra volve a aparecer esta voz: *Tentaba absterse do atordoamento do pensar*, que usan bastantes escritores: *Era un atordoamento que lle viña de tanto en tanto* (Fernández Ferreiro), *a calquera sucedáneo do atordoamento* (A. Conde)...

Talvez este lector non atopou nos diccionarios modernos este nome de **atordoamento** nin a palabra da que procede **atordoar**, que xa aparece nos textos medievais: *foyo ferir... de tan gran ferida que o atordou* (da "Crónica Troiana"), porque prefiren as formas máis reducidas **atordamento** e **atordar** que usan moi pouco os escritores.

Os escritores galegos para significar perturba-los sentidos, insensibilizar, perde-la capacidade de actuar ou discorrer usan continuamente este verbo **atordoar** desde Castelao (*Ti*, *Ramón*, *morreches atordoado polo viño*), Otero Pedrayo (*Ficou o home atordoado polo pronto*), Dieste (*imaxinación atordoada i enfuscada*) ata os autores de hoxe, como Freixanes (*deixouno cego*, *atordoado*) ou M. Ferrín (*Calor atordoante*) e loxicamente o citado Fernández del Riego: *aquel alcol que conxestiona e atordoa...*, *atordoado polo bruído...*, *o silencio atordóao...*

No próximo comentario sairemos deste **atordoamento**.

1217. Seguimos atordoándonos con palabras

Atordoar é tamén palabra moi corrente na lingua portuguesa e ten, segundo o famoso etimoloxista Corominas, unha orixe moi interesante que explica moi ben a súa significación actual. Trátase dun derivado de **trono**. No latín tardío naceu un verbo ADTONITRUARE que evolucionaría en *atonodrar*, logo en *atronodar*, *atordonar* e finalmente en *atordoar*.

Desde logo esta etimoloxía resulta moi clarificadora para explica-la significación desta voz estendida tamén en Galicia e tan usada polos nosos escritores. Ademais esta palabra pode ser considerada sinónima doutra voz desta familia léxica que está moi espallada por toda Galicia: **atronar**, que é derivado moderno de **trono**, xa que o lóxico sería que dixesemos **atroar** como din os portugueses e algúns falantes galegos.

Os primeiros diccionarios galegos recolleron a forma **atroar** que tamén empregaron escritores como Rosalía (*con voz que as xentes atroaba foise de porta en porta*) e Otero Pedrayo (*atroaban cos sons dunha marcha*), pero os diccionarios modernos en xeral e os escritores de hoxe prefiren a forma **atronar**: *miña nai atronaba o mundo cos seus urros* (M. Ferrín), *a pólvora de Ferrara atronou o mundo* (Freixanes).

E outro sinónimo moi corrente de **atordoar** tanto a nivel popular coma literario é **abouxar**: *que abouxan e rebentan os oídos* (X. M. Pintos), *abouxoume un cramor grande e violento* (Curros Enríquez), *abouxado polo estrondo da vida cidadán* (Otero Pedrayo), *E isto abouxábaa* (F. Ferreiro), *sentes un zoar nos oídos que te abouxa* (G. Tosar)...

Pero volvendo ó noso **atordoar** temos que dicir que non aparece moito nos diccionarios modernos porque prefiren o verbo **atordar**, que ten unha etimoloxía distinta. Parece que **atordar** debeu significar "volverse ou facerse como un **tordo**". Din que estes paxaros cando comen moito quedan medio parvos e polo tanto cando as persoas por algunha circunstancia quedan **atordoadas** poden quedar tamén **atordadas**.

De todas formas temos que sinalar que **atordar** se usa nalgúns lugares galegos, pero curiosamente non atopei esta voz en máis de cincuenta obras literarias de tódalas épocas que teño rexistradas.

E como final, para acabar cos **atordoamentos**, temos que dicir que tanto en galego coma en portugués entrou o castelanismo **aturdir** que non é tan popular entre nós e que usan poucos escritores. Segundo o citado filólogo Corominas tamén é un verbo que foi creado como derivado da voz **tordo**, se ben o filólogo García de Diego coida que é un derivado da forma latina TORPIDUS, que significa insensible, aparvado, aboubado...

1218. Bardas e bardalláns

Pregúntanme se os **bardalláns** teñen algo que ver coas **bardas** ou cos **bardos**. Desde logo, non. Teño que dicir en primeiro termo que hai dúas voces **bardas** que non teñen nada que ver unha con outra.

Os diccionarios rexistran ámbalas dúas formas. Temos por un lado a palabra **barda**, xa pasada de moda, porque a súa significación de armas ou armadura que cubría o peito dos cabalos non ten xa posibilidades de aplicación. Parece que esta voz entrou nas falas peninsulares por influencia da lingua italiana hai varios séculos e que ten orixe árabe, da mesma familia léxica cá voz moi corrente na nosa Península **albarda**. E os diccionarios rexistran tamén o verbo **bardar** na significación de poñe-la **barda** ós cabalos.

Agora ben, a outra voz **barda**, moito máis corrente na actualidade entre os falantes, debe ser forma existente xa entre nós antes da chegada aquí da lingua latina e ten moitos significados. Unha **barda** é para moitos o mesmo ca unha estaca que se coloca xunto con outras para formar un valado, unha portela ou calquera outra cerca ou cerrume.

Unha **barda** é tamén para moitos falantes ademais desa especie de sebe unha lousa ou pedra plana que se coloca en certas paredes sobresaíndo un pouco para servir de obstáculo ou impedimento. Unha **barda** é para moitos o mesmo ca unha morea ou montón e así fálase de **bardas** de leña, de millo, de herba, ou de calquera outra cousa.

E desta voz naceron as palabras **bardado** e **bardal** na significación de valado e o verbo **bardar** no sentido de cercar algo con **bardas**.

E de **barda** hai nalgunhas partes a variante **bardo**, coas mesmas significacións. Pero existe a voz culta, xa desde hai bastantes séculos, **bardo**, para denomina-los poetas dos antigos celtas ou tamén os poetas modernos que falan especialmente de temas heroicos.

Tampouco ten nada que ver con estas familias léxicas a voz **bardana**, nome para designar certo tipo de plantas compostas, que xa citaron os lexicógrafos do século dezaoito Sarmiento e Sobreira.

En fin, toda esta serie de voces non teñen nada que ver con esa palabra **bardallán** que tanto se emprega para significar desaliñado, desaxeitado, descoidado, charlatán, argalleiro, troleiro, etc.

Bardallán, que ten as variantes **bardallas**, **bardalleiro**, **bardalloeiro**, é sinónimo de **barballas**, **barballán**, **barballeiro**, **barballoas** ou de **barallán**, **baralleiro**, **barallocas**, etc.

Penso que todas esas voces ás que xa fixen referencia nalgunha outra ocasión, proceden dalgunha forma onomatopeica que recorda a quen fala atropeladamente. Podemos pensar na palabra **bárbaro** que os gregos inventaron para chamar a aqueles que non falaban coma eles, é dicir, aqueles que dicían, segundo lles soaba ós seus oídos: *ba*, *ba*, *ba*...

Poderiamos engadir outros tipos de **bardalláns** como **baduás**, **badueiros**, **larapetas**, **larapetos**, **laretos**, **lareteiros**...

1219. Pasmo, pasmar e pasmón

A palabra **espasmo** é nas linguas peninsulares un cultismo tomado do latín SPASMUS, que significaba parálise pasaxeira causada por un arrefriado, probablemente porque os derivados desa voz foron transformando ó longo dos séculos a súa significación orixinaria.

En primeiro termo temos que dicir que a forma latina perdeu xa no latín vulgar o seu *s* inicial converténdose en PASMUS e de aí que a nosa forma actual sexa **pasmo** que conserva o seu significado orixinario (*con tanto frío que había deulle a Paco un pasmo*) e o mesmo có do cultismo **espasmo** segundo vemos nestes exemplos nos que equivale a rixidez e tensión convulsiva corporal: *don Cruces*, *que morría do pasmo* (Cunqueiro), *cos olliños moi abertos e un pasmo na boca* (M. Ferrín), *axitadas por un repentino pasmo* (Freixanes).

Pero **pasmo** pode ser aplicado á enfermidade que, a semellanza das persoas, adquiren vacas ou porcos (*este cocho ten pasmo desde hai tempo*) ou tamén as plantas (*as follas desta planta caen porque teñen pasmo*) e sobre todo á admiración, asombro ou sorpresa causada por algo que deixa case en suspenso a razón: *nunha noite profunda centellando está i é maravilla e pasmo de quen o contemprar* (Pondal), *causou tanto pasmo como ademiración* (Risco), *non saíu de tan grande pasmo* (Cunqueiro), *miráronse de novo entre si con pasmo de semellantes palabras* (F. Ferreiro).

E de **pasmo** naceu o verbo **pasmar** que ten mesmo a significación de enfriar (*o tempo pasmou*), secar ou murchar plantas ou certos productos (*pasmaron as patacas que tiña no faiado*, *estes chourizos están pasmados*, *este ano non teño rosas porque pasmaron as miñas roseiras*) e sobre todo quedarse aparvado ou asombrarse, abraiarse ou marabillarse. Vexamos estes exemplos literarios: *cal se pasma*, *cal bufa*, *cal se aterra* (Rosalía), *Añón sorriu tristemente i eu quedei pasmado e mudo* (Curros), *onde todos se pasmaron moito do ben que estaba todo* (Risco), *pasmaredes cando o vexades* (Cunqueiro), *Santiago escoitou pasmado as dramáticas lembranzas* (F. Riego).

Quen pasma ou se pasma pode ser chamado **papán**, **papón**, **papoio**, **papafilloas**, **papaleisón**, **papamoscas**, **paparón**, **paspán**, **parvo**, etc., pero sobre todo **pasmón**, voz corrente en toda Galicia e moi usada tamén polos escritores: *Pareceume un pasmón* (Fole), *segue alí aguantando aquel escarnio*, *como un pasmón alí* (Rábade), *Xan é un pasmón que non as cheira* (F. Ferreiro).

E de **pasmón** saíu o verbo **pasmonear** que é sinónimo de pasmarse (*¿Que fas aí pasmoneando?*), pero que non é moi popular.

De tódolos xeitos quero dicir que ás veces podemos atopar en textos escritos as voces **pasmoso e pasmarote** que non son fáciles de escoitar entre as xentes porque son castelanismos. Tamén, mesmo

nalgúns diccionarios, atopamos como sinónimo de **pasmón** a voz **pasmaceiro**, que deriva doutra palabra, **pasmaceira**, que explican como igual a **pasmo**. Estas palabras no son galegas e foron introducidas por Leandro Carré no seu diccionario tomándoas da lingua portuguesa na que *pasmaceira* é soamente voz popular.

1220. Vale a pena falar de penas

O castigo, traballo ou sufrimento que se lle impón a alguén por faltas ou delictos cometidos era chamado en latín POENA, voz que se mantivo en bastantes linguas romances e que evolucionou en galego en *pea*, palabra que aparece así en moitos textos medievais: *conas peas que sofría*..., *saca de pea quen y estever* (das "Cantigas de Santa María").

Pero esa palabra evolucionada de modo fonético normal en galego non tivo continuación nos tempos modernos porque xa naquela época se impuxo o cultismo **pena** que triunfou rapidamente a tódolos niveis da lingua.

Hoxe a voz **pena**, á parte de manter ese valor de castigo ou sanción (*está cumprindo unha pena de vinte anos*), ten na vida corrente os mesmos valores que dor, pesar, tristeza, aflicción, etc.: *Rosiña*, *da pena que por ti sinto*..., *eu levo unha pena gardada no peito* (Rosalía), *non hai pena como esta tan horrorosa* (Curros)...

E **pena** vai acompañada moitas veces de certos verbos formando expresións moi correntes: *morrer de pena* (*irei morrendo de pena*, Rosalía), *dar pena* (*Non lle dea pena*, Castelao, *doume pena aquel don París namorado*, Cunqueiro), *afogar penas* (*a viuda gusta de afogar penas*, de Castelao), *sentir penas* (*asubía como quen non sente penas*, Curros), *merece-la pena* (*quizaves non merecera a pena o fabricar a máquina voadora*, Cunqueiro), *vale-la pena* (*non val a pena de amar a patria pra esto*, Curros), *paga-la pena* (*non paga a pena xa dar máis exemplos*)...

Coa preposición **a** e **penas** queda formada esa locución adverbial que significa dificilmente, case non, ou tan axiña como, cando funciona conxuncionalmente. Esa locución escríbena hoxe os gramáticos separadamente **a penas**, pero a tradición era escribir **apenas**: *pois tiña apenas quince anos* (X. M. Pintos), *apenas deixa rastro* (Rosalía), *apenas os dous no vagón nos vimos* (Curros), *apenas tiña camiñado o Martuxo* (Otero Pedrayo), *que apenas falar pode* (Freixanes), *sen apenas erguer a voz* (Casares)...

E de **pena** orixínase o verbo **penar** para completa-las significacións desde un punto de vista de acción: *por el peno de día*, *de noite peno pensando nos seus ollos* (Rosalía), *os defuntos que andan a penaren os seus pecados* (Castelao), *é certo que por ti peno* (Pondal), *cantades vos*, *e morro eu e peno* (Cunqueiro), *penando por xente que non coñecen* (Conde)... E este verbo é moi usado como nome: *Foi meu penar agrandando* (Leiras Pulpeiro), *ben oien o meu penar* (Rosalía), *ó meu penar ponlle marcos* (M. María).

Ó lado de **penar** temos **apenar**, verbo que existe tamén en castelán e en portugués, pero que desapareceu da maior parte dos nosos diccionarios: *todos como eu apenados* (Curros), *co que a min me apenou tal mazadura* (Leiras Pulpeiro), *non te apenes Oscariño* (C. E. Ferreiro), *dicía o pobre home todo apenado* (F. Ferreiro), *a idea de facerme vella non me apena demasiado* (U. Heinze).

Curiosamente na fala e na escrita é normal chamar **apenado** a quen ten ou sente pena ou dor, pero quen recibiu unha pena de castigo é **penado**: *levan consigo para salvaren aos penados* (Castelao), *cal se fosen de meigas ou penados espíritos* (Pondal), *hoxe non hai máis penado que un cego de Guimiliau* (Cunqueiro).

1221. Dilingueiro, lizgairo e lixeiro

Lendo o libro de F. Fernández del Riego *O cego de Pumardedón* batín con estas frases: *A ambulancia*, *dilingueira*, *lizgaira*, *levounos a ámbolos dous...*, *mentras Mauro escoita o taconeo dos pasos dilingueiros... O sono bórrase tan dilingueiramente coma a pegada dunha onda embebida pola area seca*, nas que atopamos este adxectivo **dilingueiro**, que tamén usou Iglesia Alvariño: *A un tempo todos se ergueron*, *dilingueiros*, *cos remos novos do trinque*.

Dilingueiro debe ser voz exclusiva do norte da provincia de Lugo e xa a recolleu Eladio Rodríguez no apéndice ó seu diccionario coa significación de "ágil, pronto, decidido". Efectivamente, polos textos citados está claro o significado desta palabra que eu nunca escoitei a ningún falante e que non vin citada noutros textos galegos... Non sei se pensar que ten relación co cultismo **dilixente**. De tódalas formas hai que sinalar que hai unha variante **dinguilindeiro** que recollen algúns diccionarios.

No primeiro dos textos arriba citados aparece xunto a **dilingueiro** o seu sinónimo **lizgairo**, pouco empregado polos falantes pero si polos escritores como vemos nestes exemplos de X. Torres (*baixaba á vila toda lizgaira para coller o autobús número cinco*) e H. Villar (*estas cousas voan lizgairas como unha pelusiña no vento*).

Lizgairo é moito máis empregado polos escritores no sentido de decidido, agudo ou listo: *A filla*, *lizgaira e bonita*, *sentencia polo baixo*: *¡Está idiota!* (Castelao), *era muller ben lizgaira*, *inanque a subela dixese que parecía un pollo na sinsa* (Fole), *tampouco tiña o máis lizgairo entusiasmo polos proxectos de construir Castromiño* (Cortezón), etc.

E outra palabra sinónima de **lizgairo** é **bulideiro**, que xa citamos en *Peneirando palabras* xunto coa súa variante **bulidoiro**, que son bastante usadas na provincia luguesa e que empregan algúns escritores como García Sabell (*ver como un rato sae dun panteón liscando bulideiro*), Fernández del Riego (*Naqueles tempos os meus pais eran moi bulideiros*) ou H. Villar (*Por iso aquel día sen dúbida nos parece tan grande*, *bulideira e fermosa*).

Talvez a palabra máis corrente en toda Galicia para empregar en vez destas voces citada é **lixeiro** como vemos nestas frases tomadas de obras literarias: *Alá pola mañanciña subo enriba dos outeiros lixeiriña*, *lixeiriña* (Rosalía), *ó menos que se vise que andaba lixeiro* (Cunqueiro), *son os máis lixeiros barcos que saíron de Lisboa* (A. Conde), *son como o vento de lixeiras* (M. María), *unha bandada de paxaros voa lixeira* (Freixanes)...

Pero recórdese que **lixeiro** ten moitas significacións: que non pesa moito ou contrario de pesado, delicado, débil, que non é importante, que é indiscreto ou imprudente, etc.

En fin, poderiamos citar outras palabras que servirían para substituí-lo nome citado en primeiro termo como áxil, veloz, resolto, rápido, presto, dilixente, esperto, vivo, etc., etc., pero non sei onde podería concluír.

1222. Aluados, aluarados e esluados

Aqueles seres humanos que teñen manías son chamados maníacos ou maniáticos, palabras cultas bastante usadas, se ben hai falantes que empregan variantes como **maniosos**, **maniatos**, **maneáticos**, etc.

Hai falantes que chaman ós maniáticos **arramados** e **arramallados**, talvez porque estas xentes recordan as ramas ou ramallas que moitas veces se moven para un lado ou para outro dependendo do vento. No século dezaoito o frade Sobreira definía a **arramada** como "La mujer que, como espiritada, grita a la misa, especialmente en los santuarios" e o escritor Cortezón usa esta voz: *femias... arramadas*, *entangarañadas*, *atrasnadas*.

Pero, como ocorre tamén noutras linguas, a lúa ten moito que ver cos maniáticos. O cultismo **lunático** é voz bastante popular e mesmo hai falantes que o hipergaleguizan dicindo **luático**.

A lúa é pois para as xentes a causante de que certas persoas teñan certas manías e por tanto esas persoas están **aluadas**, e para aquelas xentes que empregan o castelanismo **luna** ou por influencia de **lunático** están **alunadas**. As formas **aluado** e **alunado** están citadas tamén polo frade Sobreira.

Sen embargo temos que pensar, ou, mellor dito, pensan algúns falantes que quen inflúe máis cá lúa en certas persoas é o **luar**, é dicir, o resplandor ou luz da lúa. Desa voz **luar** formouse o verbo **aluarar** para significar ilumina-la lúa. Por tanto a voz **aluarado** ten o sentido de iluminado polo luar e ademais aplícase a quen sofre ataques de loucura momentáneos ou a quen ten certas manías ou rarezas.

Aluarado é palabra que empregan certos falantes nesta última significación: *eu nunca fun ningún aluarado* e que usan bastante os escritores no seu sentido normal: *rúas xermánicas aluaradas* (Otero Pedrayo), *un ceo esbrancuzado*, *como auga de xabrón*, *rebrillaba aluarado sobre os tellados* (F. Riego), *os corpos afastados da luz aluarada da noite* (A. Conde).

Rosalía de Castro ten un poema en "Follas Novas" no que fala dunha nena aluarada, pero emprega o castelanismo **alunarada**: *Pero nena alunarada*, *¿sabes o que o refrán di?... ¡Ay da nena alunarada*, *pálida como o luar!*

E de **luar** ou **lúa** formouse o verbo **esluarse** para significar fundamentalmente atenuarse a luz da lúa e, por ampliación de significado, rebaixa-las cores, amortecer, rebaixar, etc. E o seu participio **esluado** é usado como amortecido, rebaixado de cor, como vemos nesta frase de Iglesia Alvariño: *No feirón da lúa mercou a seda esluada* ou nestoutros de Fernández del Riego que o emprega a miúdo na súa obra *O cego de Pumardedón*: *Un mociño esluado espertou...*, *un soldado vedraio saía adoecido*, *esluado...*, *figuras enloitadas*, *esluadas...*, *ten a face lisa*, *esluada*, *coma a dun empregado de banca...*, *cos seus movementos cansos*, *a faciana esluada*, *non parece unha rapaza de vintetrés anos*.

1223. Sangal ou xangal

Lendo o libro *Cancioneiro* de Eduardo Blanco Amor atopei os seguintes versos: *Pro sobre o cumio dos séculos -sua anterga voce sangal -van tecendo as panxoliñas -atá acender todo o ar*, nos que aparece o adxectivo **sangal** para cualifica-la **voce** ou canto das panxoliñas.

No poema seguinte, que ten o mesmo asunto e titula "Romanz pra día de Reises", volve citar este adxectivo para aplicalo á pomba: *Encol da sua fronte -tremeluce o ar*, *-enriba do berce -a Pomba sangal*.

O escritor Ramón Cabanillas usou tamén esta voz: *o arrecendo campesío e a sangal moleza dos motivos*, *que se axeitan e corresponden a traballadores de facenda escasa...*, *a túa fala que verteu na nosa o celme deleitoso das entenas do sangal*, *pecoreiro*, *campesío sermo vulgaris*.

Esta palabra **sangal** ten a variante **xangal**, que é a forma preferida polos diccionarios modernos e que é usada tamén polos escritores na mesma significación que vemos nos exemplos citados: amable, doce, dócil, pacífico, sinxelo, inxenuo, inocente...

Cotarelo Valledor, en *Beiramar*, fai esta descrición: *É un aspro*, *un turdio*, *desías ti*; *pois aí o tés xangal e dosiño como liña sedeira* e Fernández del Riego en *O cego de Pumardedón* cualifica tamén con esta voz a un personaxe: *O último compañeiro*, *Leonardo*, *amosábase contemplativo e xangal*.

¿De onde veu esta voz? Difícil de sabelo con exactitude. José Luis Pensado na súa obra *Contribución a la crítica de la lexicografía gallega I*, cita a teoría aparecida no diccionario de F. J. Rodríguez no que se dá conta da posible relación ou comparación de quen ten o trato amable e suave coa tea ou pano chamado *san gal*, porque se fabrica en *Sal Gal*, Suíza.

Recorda o profesor Pensado que esta voz xa aparece como **sangual** nas coplas de Martín Sarmiento: *Jesús*, *que sangual!*, *-Jesús*, *que fedello! -non vim tan xoubio*, *-nem tan vagaxeiro*, o cal explicaba esta voz así: *nombre*, *se dice de un buen Juan*, *de un pobre home simple*..., *significa tonto*, *inocente*, *toleiro*, *etc*.

Hai quen pensou que esta voz tiña relación co castelán *zángano*, pero parece máis probable pensar que un **sangal**, **xangal** ou **sangual**, podería ser unha evolución popular dun *xangalán* ou *Xan* ou *Xuan galán*, empregado para chamar así a calquera boa persoa ou, se se quere poderiamos pensar no simple *San Xuan*, *Xoan*, *Xan* que evolucionaría en **sangal**...

1224. Edoso, anoso e andado

Un lector do libro *O cego de Pumardedón* de Fernández del Riego pregúntame pola significación da palabra **edoso** que leu nesa obra. A frase onde aparece di así: *O labrego edoso saúdao con respeto e sorpresa*...

Edoso está citado en moi poucos diccionarios porque non é voz moi corrente, pero está claro que os falantes que a empregan aplícana a persoas que xa son vellas. Para eses falantes **edoso** é un derivado normal da voz **edá**, ou **edade**, que usan tamén bastantes escritores: *os días da verde edá*, *compañeiros da túa edá* (Pondal), *saudade da edá de ouro* (Otero Pedrayo), *un Balboa da Edá Media* (Cabanillas), *fosen casadas*, *viúdas ou en edá de merecer* (C. E. Ferreiro).

Naturalmente **edá** é un vulgarismo nacido por perda da sílaba inicial da palabra **edade**, voz corrente a tódolos niveis da lingua galega e que foi moi empregada por tódolos escritores, mesmo os que usaron **edá**: *nos días da futura boa edade* (Pondal), *nesta mosa edade gustan os cantos dos cegos* (Curros), *na edade de sentirse galo do mundo* (Castelao), *símbolo da edade de ouro* (Otero Pedrayo), *inanque era maior de edade* (Fole), *a edade aconselláballe ese camiño rápido* (Casares)...

Na Idade Media foi moi empregada a forma **idade**, que se mantivo así en portugués e que agora se intenta recuperar polos filólogos, idea que foi moi ben acollida polos escritores que a usan continuamente: *sen ter reparo do sexo nin da idade* (M. Ferrín), *lonxana e irrecuperable idade* (Freixanes), *calquera idade obscura logo pasa* (Rábade)... De tódolos xeitos houbo escritores que usaron **idá**, como Curros (*recordo vivo dunha idá pasada*), pero non lembro ver ou oír unha variante **idoso**, que recolle o diccionario de Estravís.

Un sinónimo da voz **edoso** é **anoso** que é claramente un derivado de **ano** e ten pois a significación de "que ten moitos anos". **Anoso** si está recollido nalgúns diccionarios porque é voz que empregan bastantes falantes.

E outro sinónimo destas voces que é aínda máis popular é **andado**. Non resulta nada estraño escoita-la frase *Pepe é xa unha persoa moi andada*, onde se percibe que *andado* se aplica a quen ten xa unha idade moi avanzada que é vella, e mesmo pode aplicarse a obxectos. **Andado** si é voz que aparece rexistrada en case tódolos diccionarios con esa significación.

Penso que esta última voz, **andado**, é palabra máis popular que **ancián** ou **anciá**, que é, por dicir así, a palabra típica e, sobre todo, culta para designar a quen ten moita idade e podemos atopala en moitas obras literarias.

Non necesitamos comentar xa que todas estas voces poden ser substituídas pola palabra **vello**.

1225. Máis de zorollos e cerellos

Xa dixemos que un **zorollo** podía ser un excremento dos seres humanos, significación bastante corrente en moitos lugares, pero **zorollo** adquiriu para moitos o significado de porción ou pedazo groso dalgunha cousa: *estou comendo un bo zorollo de carne*.

A palabra **zorollo**, seguindo eses significados, pasou a ser para moitos falantes sinónimo de maraña ou enguedello e polo tanto non resulta raro escoitar a xentes que falan de *zorollos de la*, e penso que dese uso saíu esa significación que ten **zorollo** de trapo vello, roupa moi usada, etc., que é a que ten esa frase que me preguntaron se entendía: *Xan ía envolto nun zorollo*.

Coido que **zorollo** tomou este significado por confusión coa voz **cerello**, voz moi corrente en case toda Galicia e que xa Sarmiento no século XVIII citaba no sentido de refaixo, trapo moi vello ou anaco de trapo.

No noso libriño *Follas da lingua* citabamos esta palabra nuns versos de Rosalía: *Pois*, *mira*, *Marica*, *-vai por un neto -que antramentras non quitas -eses cerellos... ¡vamos bebendo!* nos que **cerellos** aparece no significado de trapos sen o valor pexorativo que ten esta palabra de farrapos.

E do mesmo xeito que **cerellos** e **farrapos** son voces que se aplican tamén para denomina-las felepas, folerpas ou copos de neve, igualmente os **zorollos** poden se-los anaquiños de neve que caen.

Así pois tampouco resultará estraño escoitar que unha persoa farrapenta, farrapeira, farrapalleira ou esfarrapallada sexa chamada **zorrollo**. Tanto podemos oí-la frase *Xan é zorrollo* coma *Xan é un zorrollo* para indicar que Xan vai mal vestido.

Teño que engadir que estas voces citadas, procedan de onde procedan, cruzaron as súas significacións e fannos lembrar outras que teñen significacións e elementos fonéticos semellantes. Así pois quero dicir que **zorollos** nesa significación de farrapos ten, ademais de **cerellos**, outras voces que me parecen que teñen certas relacións como son os **ciringallos**, **zarangallos**, **zarrapos**, **zarrapallos**, **zarrapellos**, etc.

E por último debo dicir que hai quen di de quen é chafalleiro ou trapalleiro que é **zorollo**, que me fai lembrar tamén toda unha serie de voces que naceron como variantes de **zarapalleiro**: **zarapallón**, **zarapello**, **zarapallas**, **zarrapalleiro**, **zarrapallón**, etc., etc.

En fin, **zorollo** non é unha palabra que ten moitas significacións, senón unha serie de palabras de diversas orixes que se escriben e se pronuncian da mesma manera.

1226. Azorar, xenicar e turbar

Cando unha persoa ve ou vive un perigo pode dicir que está *azorada* ou que se *azorou* se realmente se sobresalta, conturba ou excita. **Azorar** é causar turbación a alguén e **azorarse** é sentila. Non é palabra moi corrente en toda Galicia, pero si o é en bastantes lugares da provincia de Lugo.

Probablemente este verbo deriva da ave **azor**. Talvez o **azor** cando ve unha futura presa, *azórase*... Desde logo existe outro derivado deste nome, **azoroñar**, que ten a significación de desexar algo vivamente e que é usado por algúns falantes.

E de **azorar** saíu a variante **azordegar**, que é bastante empregada nalgunhas comarcas e que recollen algúns diccionarios no sentido de conturbar ou inquietar. No libro de F. del Riego *O cego de Pumardedón* atopei un derivado deste verbo, **azordegamento**, coa significación de conturbación: *Trátase non dun azordegamento pasaxeiro do benestar*...

Sinónimo deste verbo é **xenicar**, que recollen algúns diccionarios e que vin empregado na obra "Beiramar" de Cotarelo Valledor: *E o sol do consolo deita legría nas almas xenicadas*.

Naturalmente máis usual ca todos eses verbos é **turbar**, que a máis de significar diminuí-la claridade dun líquido (*Non me turbe-la auga botándolle unhas gotas de viño*), ou do ceo (*O día estaba despexado pero ó mediodía turbouse*), ten o significado de alterar ou alterarse a orde ou tranquilidade dunha situación: *A gargallada de Felisa ía turbar a paz do bosque* (X. Alcalá), ou dun estado de ánimo ou dun sentimento: *teño medo e n'esprico por que turbada estou* (Pondal), *e díxenlle "pode que si" co que el se turbou* (A. Conde).

Turbar é verbo tradicional, pero hai xentes que o transforman en **trubar**, variante que lle gustou moito a escritores tan importantes como Rosalía (*¡Como a triste branca nube -truba o sol que inquieto aluma*..., *I antre aquel silencio mudo que a trubar naide alí chega*) ou Otero Pedrayo (*E truboulle a ialma un recordo dooroso*).

O derivado deste verbo, **conturbar**, é aínda máis usado ca **turbar** na significación de intranquilizarse ou altera-lo ánimo: *A furia da fogueira conturba o meu corazón*..., *suceso que ben me figuro que moito vos conturbou* (Freixanes).

Sen embargo o outro derivado da mesma familia, **perturbar**, podemos consideralo auténtico sinónimo do simple **turbar**: *que o seu silencio soio o soen perturbar algún corvo ou vaga gralla* (Pondal), *a voz suave e infantil de Don Xenaro veu perturbar de novo a súa tranquilidade* (Casares).

Turbar e os seus derivados **perturbar** e **conturbar**, son moito máis correntes ca **xenicar** ou **azorar** e as súas variantes.

1227. Inquietarse, desacougarse e acorarse

Tratamos no comentario anterior que de quen ante un perigo ou mala noticia se excita ou sobresalta podemos dicir que se azora, xenica, turba, conturba ou perturba. Pero temos que sinalar que dispoñemos de moitos outros verbos para expresar esa situación.

O cultismo **inquietarse** impúxose bastante nos últimos tempos tanto a nivel popular coma literario (*Cando Ilustrísima se empezaba a inquietar pola tardanza*, de Casares) e substituíu á voz tradicional **inquedarse**, que desapareceu practicamente da fala popular, pero que hoxe volven a emprega-los escritores (*don Uxío inquedouse ao comezo*..., de Cortezón). En *Tesouros da lingua* xa falamos do uso destes verbos.

Moi corrente a tódolos niveis da lingua é o verbo **desacougarse**: *Algo hai dentro del que o desacouga* (Freixanes), *esta incerteza era a que máis a desacougaba* (F. Ferreiro), *non viña a nada estar tan desacougado* (Cunqueiro).

Naturalmente o sinónimo case total destes verbos, **desasosegarse**, é tamén moi usual: *volvíaselle esquece-la historia macabea que o desasosegaba* (Conde), *seguía estando desasosegado e apurado* (C. Gonsar).

Sen embargo **desconcertarse**, que fundamentalmente coincide coa significación dos verbos anteriores, é menos usado a nivel popular porque mantén moi viva a idea de non saber que facer sen chegar a perde-lo ánimo ou sen quedar preocupado. Como sinónimo destes verbos citados podo dicir: *Desconcertoume a actitude do meu amigo*, pero cando digo: *desconcértame a música de tal artista* nese caso **desconcertarse** non leva consigo a idea de preocupación.

O verbo **agoirar** ten, como é ben sabido, a significación de predicir algo que vai ocorrer (*os cans oubean agoirando triste enterro*, de Rosalía, *a pedra*, *as nubes a sembra arrasando*, *agoiran un ano de fame sombrío* (Curros), pero algúns diccionarios din que ten tamén a significación de conturbar, aflixir, etc., significados dos que eu non teño constancia na fala ou na lingua escrita.

Acorarse, que é tanto como afogar, asfixiar, sufocar na súa significación fundamental, ten tamén o significado de aflixirse, inquietarse, desasosegarse para algúns falantes e mesmo para algúns escritores: *xa empezaba a acorarse ante os novos plans do seus rivais*.

E cando falamos noutra *Glosa da lingua* dos depósitos de auga chamados encoros e do verbo encorar, dixemos que existía outro verbo **encorar** que era doutra familia léxica e que era sinónimo de **acorar**. Efectivamente cando nos sufocamos podemos dicir que *nos encoramos* e cando quedamos turbados ou desacougados por un problema podemos dicir tamén que *nos encoramos*.

En fin, quedan aínda moitas maneiras de dicir en galego que estamos **inquedos** ou **inquietos** por certos problemas...

1228. Amocado e moucado

Non hai moito tempo que escribimos unha "glosa" falando dos verbos que significaban poñer algo como un fío ou perfecciona-lo fío de calquera instrumento ou ferramenta que corta. Citabamos como verbos típicos galegos afiar e aguzar, pero engadiámo-lo verbo **amolar**, que é un castelanismo que se impuxo pouco nesa significación pero que si alcanzou unha gran popularidade no sentido de molestar, amargar, fastidiar, etc. Dicir *estou amolado*, en vez de estou incomodado, enfadado, molesto, enfastiado, etc., é algo normal actualmente.

Bastantes falantes e algúns escritores e mesmo os diccionaristas empregan o verbo **amocar** na citada significación. Valladares no seu diccionario pon o seguinte exemplo: *amócate*, *se o que che dou non che basta*, o antigo diccionario da Real Academia Galega dicía que **amocar** e **amocarse** son voces máis finas ca **amolar** e **amolarse**.

Amocar non ten nada que ver coa palabra corrente **moco**, senón con **moca**. Pero en galego hai varias voces **moca**. Ultimamente falamos bastante do café **moca**, é dicir, do café que procede desa cidade arábiga, Moca. Falamos de facer algo **de moca**, é dicir, de balde ou gratuitamente. E ás veces facemos burlas, mofas, bromas que chamamos **mocas**.

Sen embargo existe a voz **moca** como palabra corrente para denomina-lo mango do mallo ou doutros aparellos. Bastantes escritores empregan esta forma: *E voltar cun moca pra fendervos a vos a cabeza* (Risco), *co ise diaño de moca aquí me deche* (Leiras Pulpeiro), *zorréganse a eito armados de mocas*, *ferros*... (Freixanes), *larga para adiante unha moca e recolle a rede sobre si*... *Hame de perdoar*, *pero cómo é a rede de mocas*, *que nunca oín ese nome* (D. X. Cabana).

Penso que **amocar** procede da última voz citada, porque actuar coa moca para dar golpes será **amocar** e de aí que **amocar** a alguén pasase a esa significación de molestar, fastidiar, incomodar, enfadar, etc.

E en vez de dicir *estou amocado* hai quen di *estou amoucado* e mesmo hai escritores que usan **amoucar** ou **amoucarse** como auténtico sinónimo de **amocar**: *Din que trescentos frades amoucados*, *taciturnos*, *pasearon*... (Rábade Paredes), *o máis pequeno bruído*, *o bater dunha porta*, *amóucano*..., *Espero que non te amouque* (F. del Riego).

Amoucar é de distinta familia léxica cá de **amocar**. Ten que ver con **mouco**, adxectivo que significa torpe en xeral, torpe de oído, torpe na fala, medio atontado, etc. Quen *amouca* e quen *fai mouco a alguén* ou quen *é amoucado* é porque algunha circunstancia o fixo mouco. De aí que **amoucar** pasara a ser sinónimo de **amocar**.

1229. Patetas, prosmas e trosmas

O diccionario de Marcial Valladares (1884) recolle a palabra **pateta** para sinalar que é un ente imaxinario, definición que posteriormente Eladio Rodríguez completa dicindo "que generalmente equivale al demonio, al diablo o a algo que produce exasperación".

Os diccionarios modernos, agás os de Estravís e Ir Indo, non recollen esta voz que neste sentido se emprega xa moi pouco, a pesar da frase tan expresiva *estou levado da pateta* para indicar que estou desesperado ou que estou que me levan os demos.

Sen embargo o uso de **pateta** como adxectivo sinónimo de aboubado ou aparvado, que recollen tamén os diccionarios citados, ten máis uso para bastantes falantes, que empregan tamén **apatetado**, participio do verbo **apatetar**, que equivale a aboubar ou aparvar.

Pateta é voz corrente na lingua portuguesa e non está clara a súa orixe. ¿Acaso é un derivado de **pata**? ¿ou de **pato**? ¿quen é **pateta** é porque mete a pata ou porque actúa coma un pato? Algún filólogo pensa no francés *pas de tête*...

Outra voz máis corrente para denominar a alguén aboubado ou máis ben medio aparvado, tardón, calmoso é **prosma**, que si aparece en bastantes diccionarios e é bastante empregada polos escritores: *E inda neso era prosma*, *pois tiven moito que aprender* (Neira Vilas), *cofeándose descontra o prosma* (Blanco Amor).

E de **prosma** sae o verbo **prosmear** para significar dicir parvadas: *Xan está prosmeando todo o día*.

Tamén é bastante corrente oír **prosmeiro**, que mesmo vin usado por algúns escritores: *¡Mangante*, *coitadiño*, *prosmeiro*... (Fole), *moi fermosa e delicada*, *non era nada presumida nin prosmeira* (F. Ferreiro).

Prosma pode funcionar como substantivo para indicar cachaza, pachorra, indolencia: *Xan ten moita prosma*. E desta forma naceu **prosmada**: *il non andaba con requisitorias nin prosmadas* (Fole), e de **prosmeiro** xurdiu **prosmeirada**: *istas xenreiras que son verdadeiras prosmeiradas* (Fole).

Pero aínda máis corrente na fala popular para indicar aparvado ou aboubado é a voz **trosma**, que parece unha variante de **prosma**. Non sei de onde proceden as palabras **prosma** (que algúns filólogos ven como un derivado de **prosa**) e **trosma**, pero a min fanme pensar en **rosmar**...

Rematémo-lo comentario de hoxe cun exemplo que tomamos de Blanco Amor: *¿Pra sacarlle o unto? -dixo a trosma da miña tía*, *rindo*.

1230. Noxo, noxento, noxar e anoxar

Cando percibimos polos sentidos (agás polo oído en xeral) unha sensación física moi desagradable que case nos fai vomitar, dicimos que esa sensación é un **noxo**, se ben casteláns e moitos portugueses din que é un **asco**. Como ocorre con outras cousas ou conceptos os castelanismos entran na nosa lingua falada e, ás veces, tamén na escrita. Así que non é raro escoitar ou mesmo ler frases como estas: *Vaia un asco de tempo*..., *aquela casa era un asco*..., *teño asco á vida esta*...

Sen embargo **noxo** é desas palabras que chamamos voz común en toda Galicia e que mesmo usan practicamente tódolos escritores non soamente para indicar esa sensación desagradable, senón tamén o sentimento de repugnancia por algo ou alguén: *o cacique... ademais de noxo daba medo*..., *Pedro sinteu noxo de si mesmo* (Castelao), *tivo un algo de medo ou un algo de noxo* (Cunqueiro), *vencendo o noxo de vivir nun sótano* (C. E. Ferreiro)..., ou pola comida: *a empanada estaba mui boa*, *pro á Balbina deulle non sei que de noxo e de medo* (Cunqueiro).

Pero **noxo** ten a significación de desgusto, pesar, desgracia, molestia desde os tempos medievais (*quen lle fezesse nojo onde ouvesse queixume*, das "Cantigas de Santa María") ata o día de hoxe: *sentín noxo de ter nascido gallego* (Curros), *este cativo animal dame noxo e compaixón* (Castelao), *daba noxo o que fixeron con ela* (Cabanillas), *non se sabía se era cousa de noxo ou de risa* (Blanco Amor), *invadiuno un sentimento de arrepío e de noxo* (Rábade).

O que ten **noxo** é **noxoso**, adxectivo que atopamos nos textos medievais (*esta via non te seja nojosa*, das "Cantigas" citadas) e nalgúns modernos: *mil praceres gozou xa e da vellez non probou o noxoso e grave mal* (de Pondal), *sentíase noxoso e purulento* (Rábade).

A forma máis usual como adxectivo na actualidade é tanto a nivel falado coma escrito **noxento**: *falando de min como dun noxento tirán* (Otero Pedrayo), *devanceiros da noxenta praga abogadesca* (Castelao), *que nos redima de tan noxento pesadelo* (Freixanes), *estrambótica e noxenta lingua inglesa* (Gonsar)...

E causar noxo ou sentir noxo é **noxar**, verbo tamén existente nos textos medievais (*todo-los santos eran ja dela nojados*, das "Cantigas" citadas) e actuais (*si cando te fuches noxado*, de Curros, *e noxado de coidarse dos traballos dos seus eidos*, de Cabanillas), pero que tivo sempre ó lado a forma **anoxar**, que é a máis corrente a tódolos niveis da lingua.

Non necesitamos xa dar máis exemplos deste verbo que podemos considerar sinónimo de aborrecer, enfadar, estoxar, aburrir, desgustarse, molestarse, etc. Sen embargo quero indicar que se a moitos falantes lles preguntasemos que significa **anoxar**, dirían: aborrece-la comida ou calquera outro alimento ou bebida.

Por fin queremos dar constancia da existencia das variantes **anoxo** e **enoxo** por **noxo** e de **enoxar** por **anoxar**, que a pesar de ser máis parecidas ás formas casteláns non son moi correntes.

1231. Xiringar e enfastiar

Son moitas as persoas que empregan o verbo **xiringar** como sinónimo de molestar, incomodar, perturbar, desacougar, amoucar e tantos outros verbos que xa comentamos. Cando se fai unha pasada, trasnada ou xogada a outra persoa podemos dicir que *a xiringamos* ou se é un quen a recibe podemos dicir que me *xiringaron* ou que por iso *ando xiringado*.

Hai tamén algún escritor que usou **xiringar** nesta acepción: *Tomeinos por un antoxo e xiringáronme* (Leiras Pulpeiro) ou a súa variante **xeringar**: *fundou unha sociedade agraria para xeringar ós que estaban no poder* (Risco).

Claramente se ve que **xiringar** é funcionar cunha **xiringa**, instrumento utilizado hoxe sobre todo para pór inxeccións ou para extraer sangue, pero usado antes nun sentido máis amplo. De aí que **xiringar** signifique botar, lanzar un líquido con forza, como se fai cunha **xiringa**. Así pode comprenderse que hai xente que di *esa fonte xiringa moito* ou *ese remeiro non fai máis ca xiringar*, porque lanza a auga lonxe da barca.

Podemos pois comprender como **xiringar** ou a súa variante **xeringar** é moi empregado hoxe nesas significacións citadas arriba.

E outro sinónimo desta serie de verbos que se empregan por molestar, incomodar, perturbar, etc., é **enfastiar**. En vez de dici-los exemplos citados valéndonos do uso de **xiringar**, podo dicilos usando **enfastiar**: *enfastiámolo*, *enfastiáronme* ou *ando enfastiado*.

Enfastiar naceu do nome **fastío** (procedente do latín FASTIDIU) que ten a significación fundamental de sentimento de repugnancia ou noxo pola comida: *Ese peixe pouco cocido prodúceme fastío*. De aí que **enfastiar** sexa usado principalmente nesa significación de causar repugnancia ou noxo unha comida: *enfastíanme as cebolas crúas*.

Unha comida ou mesmo unha bebida poden producir **fastío**, pero tamén poden producilo o cansazo ou aburrimento que causan algunhas outras cousas que non causan interese ou atractivo: *voltamos ó fastío das clases* (Alcalá), *ese día de tanta calor producíame fastío*...

De aí que **enfastiar** ten igualmente a significación de causar aburrimento ou enfado: *enfastioume ese filme que vin onte na televisión*, *quedei enfastiado escoitando tal conferencia*...

Así pois resulta normal, como en tantos outros casos, que as palabras conserven as significacións que tiñan en latín, pero co paso do tempo van ampliando esas significacións primitivas. E así non resulta raro que cando digo *estou xiringado polo que me fixeches* non pense nunha xiringa ou cando digo *enfastiáronme as túas teorías* non pense no fastío que me produciron os pasteis que comín onte.

E como curiosidade filolóxica quero sinalar que hai uns catro séculos as persoas cultas buscaron a palabra orixinaria latina citada (FASTIDIU) para usala en vez da palabra usual **fastío** na significación de molestia ou repugnancia...

1232. Chafallar, chafucar e desvariar

O verbo **chafar** debeu nacer de onomatopea *chaf*, que dicimos cando machacamos, esmagamos ou apertamos unha cousa ata que a desfacemos ou deformamos. E dese ruído producido saíu **chafar** que conserva en castelán esa significación de esmagar, pero que en galego adquiriu a significación de desfacer algo nun sentido moi amplo, é dicir, desfacer un plan, unha conversa, unha relación, etc.: *o meu amigo Xan chafou o noso proxecto*, *non cháfe-la nosa conversa*...

Pero máis usual a tódolos niveis da lingua é o derivado deste verbo, **chafallar**, que ten a variante **chafullar**. Ámbalas dúas formas son correctas na lingua normativizada e significan facer algo de calquera xeito sen preocuparse de que saia ben: *Xan non traballa*, *chafalla*, *o meu colega doume a clase chafullando toda a hora*.

Chafallar ou **chafullar** funcionan tamén para significar mesturar cousas, desordenar, remexer, remover, zarapallar, etc.: *Pepe chafalloume ou chafulloume tódolos libros que estaban enriba da miña mesa de traballo*.

Quen chafalla é un **chafalleiro** ou **chafulleiro**: *Non encargues nada a ese obreiro que é un chafulleiro*. E tamén, en certa maneira festiva ou irónica, podo usa-la forma **chafallas** ou **chafullas**: *Non lle deixes facer iso a Xan*, *que é un chafallas*. O que fan ese tipo de xentes que son chambóns ou trapalleiros é unha **chafallada** ou **chafullada**: *Ese cadro que está aí colgado non é bo*, *é unha chafullada*.

Nalgúns diccionarios recóllese a existencia dun verbo **chafucar**, que parece ser variante dos verbos citados, xa que ten as mesmas significacións, ás que os últimos diccionaristas engaden a de asombrar ou admirar. Debe estar vivo ese verbo porque o atopei usado por Cortezón na súa obra *A vila asulagada*: *algúns ollaban coma estapinados*, *chafucados... aquel estouro dunha vitalidade descoñecida*.

A palabra **vario** é un cultismo entrado hai catro ou cinco séculos no sentido de diverso ou diferente, e coido que segue sendo un cultismo, agás no plural (**varios**) que tomou a significación de "algúns". De **vario** saíu o verbo **variar** que pasou a ser sinónimo de cambiar, mudar, modificar, alterar, etc.: *cos anos variou de aspecto*.

Curiosamente **variar** pasou a significar cambiar de ideas e mesmo a sufrir alteracións mentais: *o meu amigo Xan varía desde que tivo aquel accidente*. Pero tanto en galego coma en castelán e portugués foi o seu derivado **desvariar** o que se impuxo nesta significación.

Hoxe **desvariar** (popularmente hai quen di **esvariar**) converteuse en voz moi corrente como sinónimo de delirar, disparatar, desbarrar, dicir loucuras ou despropósitos, e loxicamente a forma **desvariado** é normal para aplicala a quen está tolo ou trastornado.

En fin, como noutros casos xa comentados, vemos como as palabras van modificando as súas significacións primarias.

1233. Guillados, taroucos, paxolos e asurados

En galego, como ocorre noutras moitas linguas, hai moitas veces que son exclusivas dunha profesión determinada ou dunha comarca, bisbarra ou redonda moi concreta e que descoñecen a maioría dos falantes do ámbito da nosa lingua. Imos citar hoxe unha serie de voces deste tipo.

A unha persoa que está media tola ou media louca podemos cualificala de **guillada**, voz que eu saiba bastante empregada na parte occidental de Galicia e talvez entrada ou traída por algúns castelanfalantes que usan un verbo *guillarse* no sentido de tolear ou talvez creada comparando a quen está medio tolo cunha guillada ou aguillada...

Pero nesa mesma zona citada hai quen a un **guillado** o chama **trascado**, voz que parece proceder do participio do verbo **trascar**, que se usa alomenos no Grove na significación de estalar ou facer ruído cos dedos e que segundo algúns diccionarios significa murchar ou mirrar e tamén asustar.

Para unha persoa que é algo idiota, imbécil, aparvada, badulaque, podemos aplicarlle voces igualmente non moi estendidas por toda Galicia. Así temos palabras como **morollo**, **morolludo** ou **morolo**, que non vexo de onde proceden. Ou **tarouco**, **tarolo**, **tarelo**, **tareco**, que penso que poden ser voces nacidas tendo como base o adxectivo **tarado** na súa significación de que ten taras, fallas ou defectos de tipo mental ou mesmo o nome de **tarouco** ou **tarelo** na súa significación de toro ou anaco de leña ou dalgunha outra cousa.

Hai quen di dun parvo que é un **pantoxa**, voz que me fai pensar en **pantufla**, xa que nalgunha ocasión oín a alguén dicir dunha persoa que *era un pantuflas*. Penso que por comparación coa voz **paxo**, que ten a variante **paxe**, que significa cesto grande de vimio, ou coa voz **paxelo** ou **paxel** que significa prenda de vestir de pouco valor, naceron os adxectivos **paxote**, **paxolo** ou **paxoleiro** que se aplican a quen se considera medio aparvado.

Xa nos primeiros diccionarios galegos aparece un verbo **trocaburrar** coa significación de face-las cousas ó revés ou trastornar algo. De aí naceu ese nome de **trocaburras** que se aplica a ese badulaque que todo o fai ó revés.

Temos que engadir á serie de palabras que comentamos xa na súa significación de "inquieto, intranquilo" as seguintes: **bremante**, que é participio do verbo **bremar**, nacido como variante de **bramar**, pero que tomou a significación de estar impaciente; **asurado**, que fundamentalmente se aplicaría ó vento que vén do Sur e que logo sería igual a quentado, acalorado, e de aí a inquieto ou desacougado; **enrenico**, voz que aparece no diccionario de Eladio Rodríguez como malhumorado ou incomodado...

En fin, coido que é interesante ter conciencia de que toda lingua ten moreas e moreas de palabras que empregan poucos falantes.

1234. Vida lordenta, fedorenta, fozosa

Na obra *O cego de Pumardedón* de Fernández del Riego aparece esta frase: *A vida*, *polo máis*, *era alí lordenta*, *fedorenta*, *fozosa*, na que a vida é cualificada desfavorablemente por tres adxectivos.

Lordento é voz coñecida para bastantes falantes ós que se lle preguntamos que quere dicir **lordento** contestarían que se aplica ós obxectos que teñen **lorda**. **Lorda** é para algúns a sucidade que se pega

sobre todo ós vestidos e para outros é a sucidade que causan as cascarras, cascarrias ou bólas de bosta no pelo do gando.

Así pois o adxectivo **lordento** que emprega Fernández del Riego nesa frase equivale a sucio, cotroso ou emporcado nun sentido figurado. Pero na súa significación concreta aparece **lordento** nesta frase de Neira Vilas: *Por eso o vello nos mandou pra un faiado escuro e lordento*.

Engadamos que hai falantes que empregan como adxectivos derivados de **lorda** tamén **lordeiro**, **lordo** e **lordán**, este último aplicado soamente a persoas.

Nos *Retrincos da lingua*, comentando palabras usadas por Castelao, citamos unha frase de *Os dous de sempre* que podemos considerar semellante á frase citada de F. del Riego: *Dispois da morte da súa nai, Rañolas douse cuns moinantes da vida enlordada*. Alí explicamos como **enlordado** é un participio do verbo **enlordar** que ten a significación de encher algo de **lorda**.

Fedorento é palabra máis común ca **lordento**. Na citada obra aparece outra frase con esta voz: *traspasaba as peles mouras*, *fedorentas*. Bastantes escritores fan uso deste adxectivo: *naquela lama fedorenta que cheiraba a podre* (Blanco Amor), *dunha serpe enorme e fedorenta* (Freixanes), *polo corridor húmido e fedorento* (M. Ferrín)...

Como se ve claramente que de **lorda** sae **lordento**, de **fedor** sae **fedorento**. E sinónimo desta voz para indicar que algo cheira mal ou fede é **fedento** que tamén usan os escritores: *oucas ligadoras*, *mostras fedentas* (Cotarelo).

Volvendo á frase inicial temos que entender que a vida ás veces está chea de sucidade e de fedores, pero tamén resulta que é **fozosa**. Polo sentido da frase temos que pensar que esa voz **fozosa**, que nunca vin en ningún texto literario nin en ningún diccionario ten que ter unha significación semellante á dos adxectivos anteriores.

Non sei se ese adxectivo **fozoso** está vivo nalgún lugar ou é unha creación persoal de F. del Riego. Esa voz faime pensar que é un derivado de **fozar** que significa escarvar co fociño no chan, como fan os porcos. Cando un porco foza no chan o que fai é fochicar, remexer, etc., cousa que no fondo non resulta agradable. Polo tanto coido que **fozoso** é, como dicía antes, case o mesmo que **lordendo** ou **fedorento**.

1235. Choios, choiar e enchoiar

Hai algún filólogo que tivo a idea de pensar que da familia léxica de choer e chousa debe ser tamén a nosa voz **choio**, se consideramos que fundamentalmente en principio significou traballo, lugar ou negocio de pouca importancia, é dicir, algo así como se estivese nunha chousa...

En fin, resulta ás veces moi difícil sabe-la verdadeira orixe de certas voces e neste caso concreto eu sigo dubidando se pode ser certa esta teoría. De tódolos xeitos **choio** é unha voz moi galega, descoñecida en portugués e que soamente nalgunha acepción podería coincidir co castelán *chollo*.

Pode que sexa certo que o seu primeiro significado é o de traballo ou negocio de pouca importancia: *un kiosque de periódicos*, *e a viuda púxose ó frente do choio* (Castelao), *polo visto o pai ficara unha semán na cama sen pisar o choio* (X. Torres).

Pero en xeral **choio** pode significar calquera clase de traballo ou tarefa (*pediríalle ó capataz que me dese outro choio nas chavolas*, de Blanco Amor, *non lle acaía o choio de porteiro*, de M. Rivas), calquera

asunto (*e por cousa do choio ese da mudanza de hora*, de Paco Martín) ou calquera negocio (*Levábanse moi ben e faguían moi bos choios*, de Fole).

Choio pode ser unha cousa moi beneficiosa (*o que conseguín nese negocio foi un choio*) e tamén un asunto moi feo ou pouco claro (*¡En que choios andarás ti metida!*). De aí que poidamos dicir: *¡Vaia un choio que atopaches!* que significa tanto que atopaches unha cousa positiva coma negativa, dependendo do tono de voz ou intencionalidade...

Un **choio** pode ser tamén un plan íntimo: *Imos detrás delas*. *Son choio*, *de fixo* (P. Martín).

E de choio sae o verbo **choiar** que é moi usado no sentido de traballar en calquera das súas significacións: *paso o día choiando*, *non teño nada que choiar*.

E agora pregunto ¿e ten algo que ver este **choiar** co verbo **enchoiar**, que significa fundamentalmente namorar ou falar de amores? **Enchoiar** aparece con esa significación nalgúns diccionarios e vino usado así por D. X. Cabana: *troitas... Parece como se lles falara e as enchoiara para que se deixen pillar...*

De **enchoiar** naceu o nome **enchoiada**, que era unha especie de diálogo amoroso a través de coplas e que empregan algúns escritores como Castelao no sentido de coqueteo: *estordegábanse de risa cos ditos da rapaza*, *que descobría*, *de miúdo*, *tódalas súas enchoiadas amorosas*.

Xa nos *Retrincos* comentei (e sigo pensando o mesmo) que talvez **enchoiar** é face-lo mesmo que fan as **choias**, paxaros bastante coñecidos da familia dos córvidos (*andaba no ombro cunha choia que falaba...*, *a choia estaba pousada no cadaleito*, de M. Rivas, *o pinar deshabitado e triste que deixaron as choias*, de H. Villar). Se de **rula** naceu o verbo **arrular**, ¿por que non de **choia** xurdiu **enchoiar**?

X. FIESTRA DA LINGUA

1236. Fiestras, xanelas e ventás

Abrimos hoxe unha nova serie de comentarios da nosa lingua co título de *Fiestra da lingua*. Algunhas desas series xa publicadas na "Biblioteca gallega" levaban títulos de *Follas*, en recordo de Rosalía, *Retrincos* e *Cousas*, comentando a Castelao, *Cartafol*, en lembranza de Celso Emilio Ferreiro ou *Tesouros*, por ter en conta as obras de Cunqueiro. Hoxe comezamos estes comentarios lingüísticos en recordo de Rafael Dieste que escribiu esa espléndida obra teatral titulada *A fiestra valdeira*, da que quitaremos moitas palabras dignas de ser comentadas. E naturalmente teremos en conta as outras obras súas escritas en galego.

Da palabra **fiestra** xa falamos nos *Tesouros da lingua* e volvo insistir que non é moi popular a nivel falado, pero si a nivel literario tanto dos autores xa "clásicos" coma Castelao (*óllase unha parede con dúas fiestras pechadas*), Otero Pedrayo (*tódalas noites pola fiestra do sobrado mira a paisaxe*), Blanco Amor (*asomou un rapaz pola fiestra*), Fole, Cunqueiro, etc., coma dos escritores actuais: M. Ferrín (*ouvían risos tras da fiestra da cociña*), Casares (*sobrepúxose mirando pola fiestra*), Freixanes, Conde, Rábade, Rivas, Toro, etc.

E xa comentamos como a forma orixinaria latina desta voz, FENESTRA, é usada por algúns falantes da parte de Negreira e A Baña e tamén por escritores como V. Risco (*os balcós e as fenestras estaban cheas de señoritas elegantes*), Otero Pedrayo (*e mira con curiosidade as fenestras*), Cotarelo (*vou pecha-las fenestras*). Sen embargo non lembro vela usada polos autores modernos.

O sinónimo desta voz, **xanela**, moi usada polos portugueses e por algúns falantes do sur da provincia de Ourense, foi empregada por algúns escritores "clásicos" coma Castelao, Otero Pedrayo, Cabanillas, Fole, etc., e tamén por algúns modernos coma Conde, Freixanes, Neira Vilas, P. Martín, etc.

Pero a palabra máis popular en toda Galicia para indica-la abertura feita nunha parede para deixar pasa-la luz e o aire, e a peza que cerra esa abertura, é **ventá**, que se di **ventán** na parte occidental e que ten ó lado o castelanismo **ventana**. Nos escritores podemos atopa-lo uso desas tres formas.

De tódalas voces citadas a preferida por Dieste foi **fiestra**, que non só aparece moitísimas veces en *A fiestra valdeira* (*Non lonxe d'unha grande fiestra por onde se ve a ribeira...*, *no cadro don Miguel tópase tamén perto da fiestra ollando por ela car'o mar*), senón tamén noutras das súas obras: *e ás veces*, *moi cedo*, *pasaba por baixo da súa fiestra un neno* (*Dos arquivos do trasno*), *que se abran as fiestras e deixen ceibe a luz amiga e dourada* (*Antre a terra e o ceo*).

Pero Dieste coñeceu tamén as formas **fenestra** (*fundar... a unha media placiña... que naquel intre estaba a ollar con tódalas súas fenestras*) e **xanela** (*Un fío de lus mollada entraba pola fenda das xanelas*), que empregou unha vez nos *Arquivos*. E tamén usou en *A fiestra* unha vez **ventá**: *Albiscando dend'a ventá car'a ribeira* e dúas veces **ventaniña** en *Arquivos* (*Case que ningún asomou ás ventaniñas*).

En fin, Dieste coñecía case tódalas formas das que falamos, pero usou regularmente a voz **fiestra**.

1237. Botinas longas e esguías

Na introducción a *A fiestra valdeira* explica Dieste a situación do escenario onde vai ocorre-la acción e describe a figura do protagonista, don Miguel, sinalando que *a súa indumentaria -traxe azul, botinas longas e esguías, camisa ocre de punto con corbata do mesmo tecido, e boina...*

Penso que calquera lector de hoxe entende a significación de **botinas** como calzado que cobre o pé e parte da perna, pero non usa xa esta voz que debeu de pasar de moda. Pénsese que esta voz entrou nas linguas hispánicas como adaptación da forma francesa *bottine* que era a denominación dese tipo de botas que se puxo de moda nun momento determinado. Tanto ós galegos coma ós portugueses non se lles ocorreu chamalos *botiñas*...

Dieste usou nalgunha ocasión esta palabra (*os mozos... levan traxe de Mahón e botinas cinguidas*) que algúns contemporáneos seus usaron tamén: *botinas de charol...*, *botinas lustradas* (Risco), *estrenaba unhas botinas marelas* (Fole), pero non me lembro de vela usada polos escritores contemporáneos talvez porque ese tipo de calzado xa non está de moda.

Agora ben esas botinas que usaba don Miguel eran longas e **esquías**. ¿Quen pode entender hoxe ese adxectivo **esquío**? Pois o lector que consulte a maior parte dos diccionarios de hoxe verá que non aparece neles porque non é voz que se usa na fala popular ou talvez porque é considerada un portuguesismo.

O noso escritor emprégaa un par de veces en *Dos arquivos do trasno*: *Alí nos baixos dunha casa esguía, había unha pequena taberna...*, *e a badaladas que chaman á novena fan o serán esguío, espiritado*.

Penso que con estes exemplos xa se pode comprende-la significación desta palabra que foi moi usada polos escritores: *un home xoven, esguío* (Otero Pedrayo), *no esguío campanario* (Cabanillas), *os cruceiros de tipo gótico, esguíos e ben medidos* (Castelao), *unha muller enxoita e esguía* (Fole), *abeneiro, alto e esguío* (Manuel María)...

Queda clara a significación desta voz, **esguío**, que o diccionario de Eladio Rodríguez explica estupendamente: "Esbelto, bien formado, de gentil estatura y de porte arrogante: *é un mozo esguío*. Airoso, bien trazado y perfectamente contorneado: *o esguío campanario*".

Xa no *Cartafol da lingua* fixen referencia a este adxectivo que usou Celso Emilio Ferreiro: *Era unha rapaza esguía de pernas longas e modos finos* e que consideraba e sigo considerando que se trata dun portuguesismo nos nosos escritores.

E segue parecéndome estraño que algún filólogo como J.P. Machado pensase na voz latina EXIGUUS "pequeno, de tamaño reducido, curto, estreito, fraco" como base orixinaria desta voz moderna que significa, como acabamos de ver en tantos exemplos, todo o contrario. E hai quen pensa que **esguío** é unha evolución de ESQUIVO, que significa tamén o contrario da nosa voz.

En fin, as botinas longas de don Miguel son **esquías**, é dicir, esveltas, elegantes, airosas...

1238. É ben lanzal ou danzal

Cada lingua crea palabras que podemos considerar propias dela porque nas outras linguas máis ou menos irmás non se realizou creación semellante. Así ocorre co noso adxectivo **lanzal**, que é un derivado da voz tan corrente en todas partes, **lanza**. Está claro que esa forma **lanzal** naceu para ser aplicada a algo que se parece a unha lanza.

Nos textos literarios atopamos moitos exemplos con ese sentido: *a torre lanzal de Viena* (Otero Pedrayo), *estes dous moimentos son outos e lanzales* (Castelao), *¡ou, que pino lanzal!* (Cabanillas), *abidueira lanzal...*, *cedro lanzal* (Manuel María)... E loxicamente este adxectivo ampliou esa significación de alto, esvelto ou airoso dunha cousa semellante a unha lanza á de estirado, teso, arrogante, fachendoso, xentil, fermoso, elegante cando se aplica a persoas ou cousas idealizadas.

Lanzal é voz non moi corrente na fala popular pero si no nivel literario da lingua desde o século pasado: *ela era a mesma*, *tan lanzal e hermosa* (Rosalía), *aquela miña leda compañeira*, *presurosa e lanzal* (Pondal), *era unha muller doce*, *duns trinta anos*, *inda lanzal* (Cortezón), *a gracia lanzal dun aquecer sutil* (F. del Riego), *ese espléndido cabaleiro*, *tan lanzal e ben armado* (Freixanes), *un dos rapaces*, *o máis loiro e lanzal* (P. Martín)...

Este adxectivo foi moi usado por Rafael Dieste en tódolos seus escritos. Aplícao a persoas, como vemos nestes exemplos: *é ben lanzal*, *sen que eu o diga porque il estea diante...*, *aínda traballaba o vello cando o mozo lanzal...*, *interveu* (*a rapaciña*) *lanzal...*, e a toda serie de cousas ou ideas: *según convén aos seus lanzales movimentos espresivos...*, *mil cousas*, *fondas*, *lanzales ou curiosas...*, *dous* (*filósofos*) *firmes e lanzales meditadores...*, *mil cousas ledas*, *lanzales e rumbosas...*

E Dieste usa tamén a palabra derivada deste adxectivo, **lanzalía**, que usan pouco os escritores e que aparece recollida xa no diccionario de Eladio Rodríguez como "esbeltez, gallardía, calidad de esbelto y airoso". No seu discurso de ingreso na Real Academia Galega lemos esta frase: *Vista a maravillosa lanzalía... que mostra a lingua no Brasil*, e no seu libro *Antre a terra e o ceo* aparece un par de veces máis.

Do mesmo xeito que de **lanza** naceu **lanzal**, da palabra **danza** xurdiu **danzal**, adxectivo que está xa recollido no diccionario de Cuveiro coa significación de airoso e esvelto, é dicir, como auténtico sinónimo de **lanzal**. Probablemente foi creado ese adxectivo pola mesma razón que demos do nacemento de **lanzal**. Quen danza ponse esvelto, airoso, arrogante...

En *Dos arquivos do trasno* emprega Dieste esta voz: *Un mozo danzal e descarado acabara de entrar na taberna... iba seguindo ao mozo danzal...*, que tamén vin empregada por Otero Pedrayo: *beleza danzal da mociña...*

En fin, quen é **danzal** é **lanzal**.

1239. Montes abuados

Nas primeiras liñas de *A fiestra valdeira*, onde Rafael Dieste explica a situación da primeira escena da obra, atopamos esta frase: *Non lonxe d'unha grande fiestra por onde se ve a ribeira...*, *o peirán vello e os montes abuados por unha brétema levián...*, atopamos ese adxectivo **abuado** cualificando ós montes.

Para min, lector, era a primeira vez que atopaba esta voz e non me resultaba clara a súa significación. Lendo a súa obra *Dos arquivos do trasno* achei outras dúas frases nas que aparecía esta palabra: *E*

cos seus ollos abuados parescía estar vendo as ruinosas entranas do probe Ramires..., *nos ollos abuados do sancristán lianse aquelas verbas frías*, *afiadas*.

Noutros dous autores contemporáneos de Dieste encontrei frases nas que aparecía esta palabra: *o ceo foise abuado e friorento* (Manuel Antonio), *Velo*, *eí vai o sol*, *abuado*, *tristeiro*, *sin lus*, *sin coor*..., *nas saudosas violetas dos ollos monxiles*, *que xurdían no rostro abuado cal os lírios aterecidos* (Amado Carballo).

Este adxectivo **abuado** aparece recollido no diccionario de Eladio Rodríguez con estas significacións: "pálido, amarillo, descolorido, amarillento", que nos fan comprender perfectamente toda esa serie de frases que escribimos.

Non teño constancia de que esta forma **abuado** sexa usada actualmente por falantes dalgún lugar ou de que o foi noutra época. Penso que este adxectivo é o mesmo que usaron bastantes escritores casteláns nos séculos quince, dezaseis e dezasete coa significación citada, pero que logo deixou de ser empregado. Polo tanto esta forma **abuado** (que o Diccionario histórico da Real Academia Española o relaciona con *búho* ou **bufo**) parece ser un castelanismo que entrou no mundo literario.

Naturalmente hai outros adxectivos que se poden empregar en vez de **abuado**. Hoxe o máis corrente a tódolos niveis da lingua é **pálido**, que Dieste usa moi pouco. Prefiere a forma **esmacelado**, que a atopamos en varias frases: *As montañas de penedos esmacelados*..., *Non se ten máis razón cando un se sinte esmacelado e triste*..., *A "loita" queda esmacelada*... E tamén nalgunha ocasión usou a forma **lourido**: *¡Vinde pra acó*, *louridos!*

Curiosamente teño que sinalar que non usa outros adxectivos bastante correntes, que empregan outros escritores, como **esbrancuxado** (*as fillas eran grandeiras*..., *leitosas*, *esbrancuxadas*, de Risco), **macilento** (*vexo pasar macilentas sombras*, de Rosalía), **descolorido** (*luce o sol descolorido*, de Rosalía)...

En fin, resulta interesante ve-la cantidade de formas que temos en galego para expresar determinadas cualificacións e o uso que delas fan os escritores, como foi no caso de Rafael Dieste.

1240. Montes abuados

Nas primeiras liñas de *A fiestra valdeira*, onde Rafael Dieste explica a situación da primeira escena da obra, atopamos esta frase: *Non lonxe d'unha grande fiestra por onde se ve a ribeira*..., *o peirán vello e os montes abuados por unha brétema levián*..., atopamos ese adxectivo **abuado** cualificando ós montes.

Para min, lector, era a primeira vez que atopaba esta voz e non me resultaba clara a súa significación. Lendo a súa obra *Dos arquivos do trasno* achei outras dúas frases nas que aparecía esta palabra: *E cos seus ollos abuados parescía estar vendo as ruinosas entranas do probe Ramires*..., *nos ollos abuados do sancristán lianse aquelas verbas frías*, *afiadas*.

Noutros dous autores contemporáneos de Dieste encontrei frases nas que aparecía esta palabra: *o ceo foise abuado e friorento* (Manuel Antonio), *Velo*, *eí vai o sol*, *abuado*, *tristeiro*, *sin lus*, *sin coor*..., *nas saudosas violetas dos ollos monxiles*, *que xurdían no rostro abuado cal os lírios aterecidos* (Amado Carballo).

Este adxectivo **abuado** aparece recollido no diccionario de Eladio Rodríguez con estas significacións: "pálido, amarillo, descolorido, amarillento", que nos fan comprender perfectamente toda esa serie de frases que escribimos.

Non teño constancia de que esta forma **abuado** sexa usada actualmente por falantes dalgún lugar ou de que o foi noutra época. Penso que este adxectivo é o mesmo que usaron bastantes escritores casteláns nos séculos quince, dezaseis e dezasete coa significación citada, pero que logo deixou de ser empregado. Polo tanto esta forma **abuado** (que o Diccionario histórico da Real Academia Española o relaciona con **búho** ou **bufo**) parece ser un castelanismo que entrou no mundo literario.

Naturalmente hai outros adxectivos que se poden empregar en vez de **abuado**. Hoxe o máis corrente a tódolos niveis da lingua é **pálido**, que Dieste usa moi pouco. Prefiere a forma **esmacelado**, que a atopamos en varias frases: *As montañas de penedos esmacelados*..., *Non se ten máis razón cando un se sinte esmacelado e triste*..., *A "loita" queda esmacelada*... E tamén nalgunha ocasión usou a forma **lourido**: *¡Vinde pra acó, louridos!*

Curiosamente teño que sinalar que non usa outros adxectivos bastante correntes, que empregan outros escritores, como **esbrancuxado** (*as fillas eran grandeiras*..., *leitosas*, *esbrancuxadas*, de Risco), **macilento** (*vexo pasar macilentas sombras*, de Rosalía), **descolorido** (*luce o sol descolorido*, de Rosalía)...

En fin, resulta interesante ve-la cantidade de formas que temos en galego para expresar determinadas cualificacións e o uso que delas fan os escritores, como foi no caso de Rafael Dieste.

1241. Cismar e escismar

O verbo **cismar**, tan corrente hoxe na nosa lingua, tanto a nivel popular coma literario, non é unha voz tradicional latina, senón unha creación romance a fins da Idade Media sobre a base da palabra **cisma**.

Esta voz procedente da lingua grega a través do latín tardío SCHISMA tiña a significación de "separación" e foi aplicada no mundo relixioso á separación do seo da igrexa e de aí que se chamase tamén **cisma** a calquera diverxencia ou discordia ou escisión.

Pero **cisma** faise popular na significación de preocupación ou manía ou xenreira contra alguén ou contra algo que se separa do que nós queremos. E polo tanto dese nome nace o verbo **cismar** coa significación de promover líos, planear cousas contra alguén, ter manías, etc.

Sen embargo **cismar** adquire nos tempos modernos tamén a significación de andar preocupado, pensar con insistencia en algo sen mala intención, andar imaxinando ou dando voltas no intelecto a moitas ideas. E estes significados son tidos como normas, tanto a nivel popular coma literario. De aí a significación que Eladio Rodríguez dá desta voz: "Pensar mucho en una cosa, haciendo cábalas y conjeturas sin fundamento. Cavilar con aprensión en algún suceso, estar preocupado y sobrecogido".

No mundo literario é moi corrente este verbo con ese sentido que recolle Eladio Rodríguez: *O Dr. Albeiros*, *cabizbaixo e aqueloutrado*, *cismaba nos versos de Camoens* (Risco), *Aquela noite quédase sentado no borde do leito*, *a cismar* (Castelao), *Neira cismaba moito en tesouros* (Cunqueiro), *decátase de que non está máis que a cismar simplezas* (Conde), *cismando a reo na fugacidade da vida* (Freixanes)...

Curiosamente nas obras de Rafael Dieste soamente unha vez atopei o uso deste verbo. En *Antre a terra e o ceo* aparece esta frase: *Pra os rapaces novos de férvedo cismar*, *a boa nova tamén lles chega de afora*.

O noso escritor prefire a variante deste verbo, **escismar**, que non é moi popular e que empregan pouco outros escritores (*Seguíu escismando naquelo naquelo*..., *Bariloche comenzou a escismar e sofrir de novo*, de Daniel Cortezón).

En *A fiestra valdeira* atopamos bastantes frases onde fai uso deste verbo que aparece rexistrado en moi poucos diccionarios: *Dende o premeiro intre*, *n'aquel seu calor*, *surrir e escismar*..., *a terra fai escismar*, *fai vivir no mañán*..., *Non estando diante da fiestra valdeira deixará de escismar*..., *quédase escismando mentres doña Balbina recolle o traxe*...

Rafael Dieste tamén usou esta variante **escismar** en *Dos arquivos do trasno*: *Levaba moito tempo a escismar nunha tasca*, *diante do meu vaso*..., *Mais non había tempo de escismar*...

1242. Seguimos cismando

Cismar é, como xa comentamos, palabra moi popular e moi usada polos escritores, se ben algún, como Rafael Dieste, prefire a súa variante **escismar**. Agora ben, se lle preguntamos a un falante que usa frecuentemente este verbo que outros verbos pode usar con esa mesma significación, seguro que nos cita varios que el consideraría sinónimos.

Penso que a tódolos niveis da lingua tan usual como **cismar** é **matinar**. Rafael Dieste úsao tamén bastante: *Hei de matinar aínda para dicirvos dun xeito positivo que é*..., *¿Que matinas ahí*, *tan quedo*, *destas horas?*..., *Que a dalá non receie o que matinas*..., etc. son moitos os escritores que tamén o empregan.

Moitos falantes usarían igualmente **maxinar**, que talvez poderiamos considerar non tan insistente como **cismar**. Dieste úsao varias veces: *Maxinade nun intre que eu dixera*: *o Bieito vai vivo*..., *a súa vida foi a máis feliz que se pode maxinar*, etc., cousa que fan tamén bastantes escritores.

Tan corrente coma os verbos citados é **cavilar**, tamén un cultismo de hai uns cinco séculos, que se impuxo tanto na fala popular coma na lingua literaria. Vexamos estes exemplos de Dieste: *Non pense que non cavilei ben no que me dixo*..., *Aínda non cavilei n'iso*..., *Pois vaino cavilando*..., etc.

Naturalmente poderiamos substituír calquera destes verbos por outro cultismo, **meditar**, tamén moi usual, que o noso escritor usa frecuentemente: *Non era intre para meditalo e baixei do curuto*..., *cando un pulo xeneroso morre de tanto meditalo*..., *por non meditalo nada*...

Podemos engadir outros verbos usados por Dieste como **teimar** (*dialogadores que teiman por se poñer de acordo*) e **discurrir** (*vaiamos discurrindo pola nosa conta*), que están na mesma liña cós xa citados.

Loxicamente non é necesario dicir que os verbos correntísimos **pensar** ou **coidar** poderían substituír normalmente a moitos dos verbos citados: *Eles coidan que ninguén o había de saber*..., *pensade en troques un pouco no que imos dicir*...

Por último queremos sinalar toda unha serie de verbos que algúns falantes e algúns escritores empregan nalgunha ocasión en vez de cismar ou matinar: **argallar**, **barrenar**, **conxecturar**, **enxergar**, **inventar**, **maquinar**, **profundar**, **razoar**, **reflexionar**, **remoer**, etc. En fin, as posibilidades que temos na nosa lingua para expresar que estamos pensando teimudamente en algo son moitas...

1243. Solermiño e solerma

O protagonista de *A fiestra valdeira* fala así dos pintores: *Xente fina que moi solermiñamente atrápalle a ún o seu ser propio*..., frase na que atopamos ese adverbio **solermiñamente**, que usa tamén noutras ocasións: *Algo moi vello e moi novo foi sortindo solermiñamente de non sabía qué esquencidas veas do seu intro* (*Dos arquivos do trasno*), *cando as furias... veñen un día solermiñamente a nos lembrar que a door e a inxustiza eisisten*..., *os perguiceiros foron solermiñamente fuxindo dil* (*Antre a terra e o ceo*).

Solermiñamente non é voz da fala popular pero si bastante usada por algúns escritores: *A luz apalpa solermiñamente mans* (Iglesia Alvariño), *ten un aquel no xeito das falas*, *que as vai ceibando solermiñamente na orella* (Blanco Amor), *Solermiñamente dispúxose a ensilla-la egua* (Conde).

Coido que a través deses exemplos se ve a súa significación de suavemente, brandamente, cariñosamente e mesmo de cautelosamente, astutamente... Evidentemente este adverbio procede do adxectivo **solermiño**, que tamén usa Rafael Dieste: *E escomenzóu a se mover moi cauto e solermiño...*, *O dono do periódico e dos cartos abotonaríase a chaqueta como si rematara de entrar un rateiro solermiño*, *perigroso e sotil...Tódolos intres de tristura denantes adormiñados no colo do esquencimento*, *espabílanse e chegan solermiños...*

Son tamén moitos os escritores que usan este adxectivo con esas significacións correspondentes ás citadas como adverbio: suave, brando, cariñoso, cauteloso, precavido, astuto,etc. Véxanse estas frases: *faguer confesión diante da mai e do esprito solermiño da dinidade de caste* (Otero Pedrayo), *dun ancho río d'augas de betún*, *de tan solermiña corrente* (Risco), *na noite calada e solermiña en que a fera se afiúnza* (Iglesia Alvariño), *¡Que o luar solermiño orballe as túas noites!* (Cabanillas), *Riuse solermiño mentras rubía a pequena encosta cara o seu lar* (Cortezón)...

E a base deste adxectivo está no nome **solerma**, que aparece rexistrado en bastantes diccionarios co significado de aloumiño, afago, demostración esaxerada de cariño ou simpatía e que non é tampouco voz popular nin moi usada polos escritores, mesmo polos que empregan bastantes veces os seus derivados xa citados. Sen embargo atopámolo na obra *Antre a terra e o ceo* de Rafael Dieste: *Non é democrático alcadar prestixio con trupias e solermas máis ou menos finas*.

¿Onde está a orixe desta voz **solerma**? Parece que a base do nacemento desta voz está na palabra árabe, moi empregada en frases de saúdo, *salam*, que significaba "paz". En castelán converteuse na voz popular *zalema* e en portugués e en galego debeu ser tamén *zalema* ou *salema*....

Como ocorre en tantas ocasións esta voz *salema* non se conservou e transformouse en **solerma** por cruzamento ou interferencia con outras palabras de significación semellante. Pensouse que a sílaba inicial *sa-* pasaría a ser *so-* por influencia da voz **solemne**, pero parece máis lóxico pensar na voz **solercia**, que puido influír na transformación das dúas primeiras sílabas.

No próximo comentario falaremos desa voz.

1244. Solercia e solerte

Comentamos que a voz *zalema* se transformou en **solerma** probablemente por influencia de **solercia**, palabra de orixe latina (SOLLERTIA) que entrou a fins da Idade Media nas linguas peninsulares como cultismo que se engadiu a tantos outros que tiñan significación semellante: habilidade, astucia, agudeza, sagacidade, destreza, sutilidade, etc.

Solercia é pois voz culta, que non pasou á fala popular, pero que si é usada ás veces por algúns escritores: *con moita de esa solercia que se adeprende polos camiños do mundo* (Blanco Amor), *e logo pon a figa e sorrí coa solercia e morixeración que lle son habituais* (Conde), *ise anceio revístese con moi fina solercia dunha fachada que sempre pon respeto* (R. Dieste).

Ó lado dos substantivos cultos citados entraron tamén na lingua os adxectivos correspondentes a eses nomes. Así pois temos que citar hábil, astuto, agudo, sagaz, destro, sutil, etc. Deles hai un par que

vin empregado por Rafael Dieste. *Polo astuto manexo dos recursos coaitivos... nun xiro hábil e garboso da faca...*

Naturalmente co cultismo **solercia** entrou igualmente na lingua o adxectivo **solerte**, que se dicía en latín SOLLERS. Nas obras do noso escritor Dieste aparece bastante usado: *E, tras dunha solerte e ben medida pausa, escomenzou...*, *empuxala porta dende fora co isa lentitude solerte dos gatos ou do vento trampulleiro...*, *alguén que dese mostras de creelos parescería, aos que se coidan máis solertes, un probe buscador de traves de ouro...*

Por esas frases vemos claramente a significación de **solerte** como astuto, fino, sagaz, hábil, etc. Digamos tamén que este adxectivo non é popular na fala, pero si nos literatos que o empregan a miúdo algúns: *desfollaba unha rosa na faciana solerte do Xepe* (Otero Pedrayo), *e chámanlles subaixos, renartes e solertes* (Fole), *Fidencio Bourman, o máis estrucioso e solerte dos servidores da Raíña de España...*, *nun sorriso solerte que presaxiaba burlas* (M. Ferrín).

Debo engadi-la existencia doutras voces que podemos cualificar de sinónimas de **solerte** e que teñen máis expansión na fala popular e na lingua literaria. Así podemos citar **arteiro**, que está moi estendido en toda Galicia (*se a sorte, cega e arteira, chega a rematar contigo*, de Manuel María), **raposeiro**, que ten fundamentalmente a significación de "referente a raposos", pero tamén a mesma de solerte ou arteiro (*no mostrador o raposeiro patrón mira o correr de nabeiras...*, de Otero Pedrayo), **cuco**, que funciona ademais de nome para indicar un ave como adxectivo para referirse a quen é lindo ou a quen é astuto, hábil ou listo (*¡Ai, qué tan cuco, ai, qué santiño!* de Rosalía) ou **renarte** (*os vellos zoinamoinas, renartes, cucarandainas cuspían...*, de Cortezón).

Aínda podería engadir outros adxectivos populares como sinónimos dos xa citados: **afagador**, **compangueiro**, **lagarteiro**, etc.

1245. Turrar por un chicote

Nunha das primeiras páxinas de *A fiestra valdeira* o protagonista fala das mans: *As mans, as mans. Cousa fina as do pintor. Cousa sufrida as miñas. Boas para turrar por un chicote ou por un remo*. Na última frase aparece o verbo **turrar**, que atoparemos usado outra vez máis adiante: *¡moito me turraba aquel pau pola faca!*

¿Que é **turrar**? Desde logo, non ten nada que ver coa voz castelán *turrar*, que significa tostar. Se preguntasemos a calquera falante do mundo rural por este verbo, a maioría diríanos que é o mesmo que **cornear**: *estas dúas vacas pasan o día turrando* e tamén hai quen di **gurrar** ou **trucar**. Curiosamente esta significación de **turrar** non a vin reflectida nos textos literarios.

Moitos falantes dirían que **turrar** é tirar de algo con forza, como vemos nos refráns: *Ninguén turra do rabo do poldro como o seu dono* e *Non sexa tanto o turrar que rompa a corda*. Este sentido explica o **turrar** das frases citadas de Rafael Dieste e xa aparece usado por Rosalía: *¡Turra, turra, Xan, pola burra, mira que Pedro a cadela che apurra!*

Turrar, con esa segunda significación, é moi usado polos escritores de tódalas épocas, sobre todo cando nos referimos a cousas: *a vella campaíña que se tocaba dende abaixo turrando por un anel de cobre dourado* (Risco), *coidan ter chegado ó mundo pra turrar día e noite dun xugo* (Neira Vilas), *un xa turra dos cobertores cunha cara de rillote chea de veneno...*, *o diaño de xesto rillote seguía a turrar polo cobertor...*, *onte*

axudou a turrar pola rede, exemplos de Rafael Dieste, que como acabamos de ver usou en bastantes ocasións.

E **turrar** é tamén moi usado referíndose a persoas e animais, tanto nese significado de tirar cara a un mesmo coma na de empurrar ou empuxar: *o probe pai turraba por min*, *i eu deixábame levar* (Castelao), *afalou os bois*, *e tivo que aguillalos i ousealos*, *i os bois turrando todo o que podían*, *sacárono* (Cunqueiro), *como non me atendía turrei por el pra unha beira* (Neira Vilas), *dúas criadas turran del polos pés e arrástrano pra dentro da casa coma un fardo* (Freixanes), *e turraba contra as sillas e máis contra a xente* (P. Martín), *turra cunha man algo da corda*..., *arrímase para agarrarse a el e turrarlle do brazo* (S. Toro)...

En portugués é empregado este verbo fundamentalmente coa primeira significación que citamos: *bater com a testa*, e curiosamente nos tempos modernos funciona como sinónimo dos nosos verbos teimar, discutir, altercar, etc.

¿De onde procede este **turrar**, que non ten nada que ver co castelán *turrar*? Algún lingüista pensa que é unha variante de **tirar** que tivo un cruzamento con **empurrar**, pero coido que é mellor pensar que é unha creación onomatopeica.

Por último que nalgúns diccionarios aparecen, ademais, dos verbos xa citados antes, outros sinónimos de **turrar**, como cotar, cotenar, puxar, topar, tuxar, etc.

1246. Dar unha lasqueta

Cando D. Miguel, o protagonista de *A fiestra valdeira*, fala de utilidades das mans para certas cousas, contéstalle o señor Baldomero con esta frase: *E para lle dar unha lasqueta ao rapaz d'abordo*, *se cadra*. Penso que polo contexto no que atopámo-la aparición desta voz, **lasqueta**, poderiamos entendela súa significación.

Máis adiante volvemos a topa-lo uso catro veces seguido: *Don Miguel*: *Ou levas o traxe*, *Matapitos*, *ou douche unha lasqueta*. / *Matapitos*: *Deme a lasqueta*. *Non o quero*. / *Adelaida adiántase e dalle unha lasqueta a Matapitos*: *Toma a lasqueta*, *malcriado*. Penso que calquera lector pode darse de conta que dar unha **lasqueta** é o mesmo que dar un sopapo, un sopramocos, unha pancada, lapada, lapota, losqueada, galleta, etc., nomes que non atopamos usados por R. Dieste.

Curiosamente usou moi poucas veces a palabra tan corrente para esta significación, **labazada**, moi usada a tódolos niveis da lingua: *E moi ben dado-los tres arrempuxóns*. *Labazadas non*, *¿eh? Arrempuxóns*..., *¿Como has de poder coil a labazadas se il é dos máis adiantados?*

Non atopei a palabra **lasqueta** usada por outros escritores nin tampouco aparece rexistrada nos diccionarios. Non hai dúbida de que esta voz é un nome derivado de **lasca**, palabra de orixe xermánica, que significa, tamén nas outras linguas fraternas, anaco delgado e pequeno desprendido dunha pedra, dunha madeira ou dun metal, pero no mundo dos pescadores funciona tamén **lasca** para denominar certos nós mariñeiros. O uso desta voz por algúns escritores é nese sentido de anaco: *Caeron unhas lascas da cascaxe rota polo impacto e levei os cotenos embotados á boca* (X. Alcalá), *entre a marullada de lascas*, *virutas e táboas na que Aurelio teimaba con forza* (X. R. Pena).

E de **lasca** naceu o verbo **lascar** coa significación de partir ou facer lascas de algo. Como ocorre en tantas ocasións desa significación pasou á de partir, quebrar, pegar e no mundo dos mariñeiros á de

bota-la rede ó mar. Na obra citada de Rafael Dieste atopamos unha frase onde aparece usado este verbo no sentido de pegar forte: *Que é tamén cousa fina e de coraxe cando lasca o vento e rosma a treboada*.

Unha vez visto o uso de **lasca** e **lascar** non resulta estraño darse de conta de que algúns falantes creen determinadas voces. Se da voz palma da man sae palmada ou de panca naceu pancada, resulta normal na fala que desas voces citadas fose creada a voz **lasqueta**... Agora ben, eu non podo dicir que esa voz foi unha creación de Dieste, porque atopei falantes que comprendían ben a significación desa voz.

Por último quero recordar unha palabra deste tipo, como sinónima das citadas arriba, que é moi popular como xa dixen noutra ocasión, na parte oriental do territorio galego. Trátase de **losqueada**, que ten as variantes **losquiada**, **lusqueada**, **lusquiada** e **lusquiñada**, e que foi moi usada polo escritor A. Fole: *Non tiña media losqueada*. *Díronme ganas de zoupealo alí mesmo*... *Non sea que leves unha losqueada*... *I hasta lle diu unhas boas losqueadas ó neno*...

1247. Remadoiras e cornamusas

Rafael Dieste cita nas súas obras bastantes voces que teñen que ver co mundo marítimo. Comentando o verbo turrar citamos esta frase: *boas [mans] para turrar por un chicote ou por un remo*, onde aparece a palabra **chicote**, que é moi popular no mundo dos mariñeiros para denominar unha corda bastante longa que se emprega para amarrar unha embarcación ou mesmo para chama-lo extremo desa corda.

Co ese sentido vólvese a empregar nesta frase: *Virarase chicote e romperase*, *para botar a perder a atracada*. Loxicamente outros escritores tamén empregan esta voz: *botouselle un chicote*, *e ó fallo*, *saltou drento*, de Cotarelo Valledor que a usa ademais no sentido de cigarro puro: *coas mans nos bulsos e un chicote no beiso apaseábase pola ponte*...

E na primeira frase vemos igualmente o uso da palabra corrente a tódolos niveis da lingua **remo**, que emprega noutras ocasións: *Nisto que chegan lanchas*, *todas a remo*.., *empuxaron con remos*, *non sei para qué*, *e recuaban as lanchas*...

Pero usa igualmente nun texto de *A fiestra valdeira* esta palabra **remadoira** (*¿Limpaste con limón as remadoiras? -limpei*, *si*, *señor*), bastante usual para denomina-la peza de madeira na que se apoian os remos para facer anda-la barca. **Remadoira** é chamada nalgunhas partes de Galicia **talameira** ou **chumaceira**.

Naturalmente Dieste emprega nalgunha ocasión outras voces desta familia como **remeiro** (*Fe de cada remeiro nos demais*) ou **remar** (*Orixinalidade*, *sí*. *Pero hai que remar a compás*).

Lendo a citada obra atopamos con estas frases que di o señor Baldomero: *En canto estiven a bordo axudei ás maniobras medio atordoado*... *e xa de que o pailebote dou en vante*, *séntome nunha cornamusa e escomenzo a sacar virutas*..., nas que aparece a voz **cornamusa** como termo do mundo mariñeiro para significar unha peza de madeira dun barco que se aplica a moitos usos.

A palabra **cornamusa**, que ten as variantes **cornamuza** e **carnamuza**, é empregada por algúns falantes como sinónimo de **remadoira** e os diccionarios recollen máis ou menos a definición que fixo Eladio Rodríguez: "utensilio que llevan en las dornas y otras embarcaciones a babor y estribor, para defensa del casco de la nave, en los casos de amarre, remolque, atraque y otras operaciones análogas".

Está claro que este termo do mundo do mar non ten nada que ver coa voz do mundo da música, **cornamusa**, palabra que os filólogos ven como copia do francés *cornemuse*. Este instrumento musical de vento semellante á nosa gaita é bastante coñecido.

Se cremos que a base do instrumento musical está pensado na semellanza co **corno**, talvez podemos opina-lo mesmo da nosa **cornamusa** marítima. Non hai dúbida que un corno é algo duro e de aí que por esa razón se inventase esa voz **cornamusa**, pero a coincidencia dos nomes permítenos tamén supor que o instrumento marítimo foi chamado así por ter un certo parecido co instrumento musical. E quero engadir que esta palabra nos seus dous significados citados existe tamén en castelán.

1248. Adoas e peletres

O personaxe de *A fiestra valdeira*, de R. Dieste, o señor Baldomero evoca a súa infancia con estas palabras: *¿Non te lembras cando de nenos andábamos a xogar con adoas*, *peletriños de china*, *anacos de vidro*, *roxo*, *verde*, *mourado?*

A palabra **adoa**, empregada tamén por algún outro escritor (*onde as adoas de ágoa cristaíña son pelras a locir*, de Cabanillas) e por algúns falantes é unha variante da voz máis corrente a tódolos niveis da lingua **doa**.

¿Que é unha **doa**? Para calquera falante as **doas** son as boliñas que ensartadas forman o rosario, significación que atopamos usada por moitos escritores: *Dos ollos lle iban caíndo como as doas dun rosario bágoas polo rosto lindo* (X.M. Pintos), *pousou con lentitude as doas do rosario na mesiña de noite* (C.E. Ferreiro), *pra que as vellas rezadoras poidesen pasar as doas do rosario* (Neira Vilas), *as luces dos penitentes son coma pequenas doas dun rosario escintilante* (Freixanes).

Pero as **doas** poden ser as boliñas dun colar ou as gotas de auga ou de calquera outra cousa que semellan ser como as dun rosario segundo vemos por estes exemplos: *Deses teus olliños negros como doas relumbrantes* (Rosalía), *eses olliños relosentes como doas* (Cotarelo), *doas de nácara nos terciopelos dos seus estuches* (Iglesia Alvariño), *eterna escuma do mar maior*, *esfarelada en doas relucintes* (Cunqueiro).

E **doa** ou **adoa** pode ser aplicada á boliña que usan os nenos para xogar. Hai bastantes falantes que a usan no mesmo sentido que o fan os nenos ou o señor Baldomero de *A fiestra*, é dicir, como equivalente á **bóla**, voz bastante empregada nesa significación: *Do seo dos mundos escomenzaron a saíren traxes de neno...*, *bolas de vidro* (de *Dos arquivos do trasno*), *eu xogaba co Luís ás bólas no camiño do xardín* (X. Alcalá)...

Digamos por último que as doas ou adoas e as bólas que usan os nenos para xogar teñen ultimamente un rival no castelanismo canica...

O **peletriño** é claramente un diminutivo da voz **peletre**, voz que atopamos varias veces en *Antre a terra e o ceo*: *Un rapaz... sen se decatar do que faguía*, *guindou o peletre que*, *por levar algo*, *levaba na man...*, *E o neno do peletre adequireu moita sona...*, *endexamais voltou a guindar nengún peletre*.

Un **peletre** é un anaco ou cacho de tella, xeralmente redondo, que empregan nenos ou nenas para xogar á mariola, coñecido xogo infantil que consiste en ir dando golpes a un peletre cun só pé, porque hai que ir á pata coxa sobre unhas cuadrículas pintadas no chan.

Digamos que os **peletriños** citados nas primeiras liñas non son de tella, senón como di o señor Baldomero *de china*, é dicir, de pedra. A voz **china** no sentido de pedra pequena é moi corrente tanto en galego coma en castelán.

En fin, **adoas** ou **doas** e **peletres** son palabras moi típicas do galego, pero que teñen unha orixe non moi clara...

1249. O porviso

Rafael Dieste, nado en Rianxo, aprendeu moi ben a lingua dos seus coterráneos e, do mesmo xeito que fixeron outros escritores, levou á lingua das súas obras literarias moitas palabras típicas do lugar en que viveu os primeiros anos da súa vida.

Imos ler estes textos de *A fiestra valdeira*: *¡Ti mesmo é-lo porviso, rapaz!... co seu antollo de longa vista verame atá no inferno, a navegar nunha xigante cachola de centola sobre un mar de tréboas. O porviso será o rapaz d'a bordo... e veña atracar á nosa lancha. Será ben recibido polo Neno Deus, maisque traia ao porviso.*

Neles fálase do **porviso**, pero pregunto ¿quen coñece esta voz **porviso?** Non aparece rexistrada nos diccionarios e desde logo, non é unha invención de Dieste. Non hai dúbida de que é unha voz usada polos seus paisanos.

Na revista "Grial", en 1971, publicou a profesora M. C. García Rodríguez, tamén rianxeira, un bonito artigo sobre "O porviso" recollendo as contestacións que lle fixo unha muller dun mariñeiro que sabía moi ben o que era un porviso. Seleccionamos estas frases que nolo fan entender moi ben: *O Porviso é o mesmo demo; aparéceselle á xente boa para tentala, e tamén, á que xa é súa pra axudarlle a ter o que queiran. A xente boa, cando ten o descoido de non porsinarse ao empezar a facer unha cousa ou ao deitarse, aparéceselle para tentala, case sempre pola noite; faino para ver si pode apartalos do noso Señor...*

Nunha páxina dese número de "Grial" o profesor R. Carballo Calero chama a atención sobre esta palabra rianxeira **porviso**, que di que a ten rexistrada tamén na Maía e no Ullán e que é pronunciada por moitos falantes como **proviso**. E afirma que esta voz está claramente en relación coa voz portuguesa *proviço* que aparece xa nun texto medieval con ese sentido.

Atopámo-lo uso desta voz nos textos medievais con esa significación de diabo ou demo, como neste exemplo das "Cantigas de Santa María": *atẽes que o proviço a fez que se namorou do cavaleiro* ou nesta da "Historia Troyana": *Et acham y... omes de moytas maneyras et bestias et prouiços...*

En fin, queda claro que o noso **porviso** ou **proviso** é unha voz tradicional que tivo incluso uso a nivel literario e que co paso do tempo foron perdéndoa moitos falantes.

Sobre a orixe desta voz temos que dicir que moitos filólogos non foron quen de poñerse de acordo para fixa-la palabra latina da que procede o **proviso**. O profesor Joseph M. Piel fixo en "Verba" un artigo que titulou "Um problema de demonología linguística" no que recolle tódalas teorías etimolóxicas e rematou dicindo que *proviso* debeu nacer como un derivado do verbo latino PROVIDERE "prover".

1250. O urco ou orco

Despois de cita-lo **porviso** é lóxico que mencionémo-lo **urco** ou **orco**, palabra do mesmo mundo demoníaco, que atopamos non soamente usada polo noso escritor Rafael Dieste, senón tamén explicada na súa significación no ambiente en que se desenvolve a acción de *A fiestra valdeira*.

Da voz latina ORCUS "Plutón" xurdiu o castelán *huerco* que actuamente xa case non se usa e que tivo as significacións de lugar onde van os mortos, morte e mesmo demo. E máis ou menos debeu pasar en galego polos mesmos significados o seu derivado **orco** ou **urco**.

Pero neste caso non necesitamos dar moitas explicacións desa voz e vexámo-las referencias que dela aparecen na citada obra de Dieste. O personaxe Nogueira, que está distraído baixo o sobrelume da porta di *Urco*, *urco*, *¡Orcus!... Non ten volta*. E outro, Antonio, pregúntalle: *Di*, *¿cómo era o caso? Urco*, *urcus*... Nogueira contesta: *Si o señor Baldomero nos quixera poñer ben ao tanto do que ven sendo o urco*...

E o señor Baldomero explícao así: *Pois o urco é un can moi grande que en noites pechadas ou estrelecidas*, *tanto lle da*, *sal do mar sacudíndose a i-auga e vai por venelas e rúas oubeando*, *con outros moitos cans que acuden d'arredor a lle faguer escolta*. *Venta morte ou disgraza*. *Por veces detense e tódolos demais cans fanlle roda en silenzo*.

Nogueira volve a preguntarlle a Baldomero: *¿Vostede lémbrase de que nalgún tempo se lle chamase ao urco 'can do urco'?* E contesta: *Poida que si*, *sóame ben*... *Pero non m'acordo*. E seguen dicindo outras cousas...

Pero paga a pena copia-las frases finais deste diálogo. Nogueira di: *Como orcus en latín quer dicir inferno*... E Antonio continúa: *E como isa verba*, *orcus*, *a rolos polo tempo tería de rematar na nosa fala en urco*, *según certas leis que iste home sabe*... E Nogueira conclúe así: *Resultará*, *paréceme*, *a conta que eu digo*. *Can do urco*, *e logo urco*, *somente*, *viría sendo can do inferno*. *¡Quizáis fuxa do inferno pra nos dar isas novas noxentas que hai un pouco dicía o señor Baldomero!*

Queda moi claro o que Rafael Dieste ou, mellor dito, os seus personaxes entendían por **urco**, voz que, como diciamos arriba, ten en galego varias significacións dependendo dos lugares ou das xentes que empregan esta palabra.

Na "Gran Enciclopedcia Gallega" aparece unha magnífica colaboración de Xosé Filgueira Valverde na que explica os diversos sentidos desta voz: a) o outro mundo; b) ser infernal, como o can explicitado na obra de Dieste; c) a propia morte; d) calquera monstro; e) a sombra dunha persoa que se presenta coma monición da morte; f) o ataúde ou cadaleito para transportar un cadáver; g) o protagonista dos carnavais de Pontevedra, que explica extensamente.

En fin, **urco**, ou a súa variante **orco**, é voz bastante coñecida en moitos lugares de Galicia, pero que loxicamente vai desaparecendo nos tempos modernos porque morren certas teorías ou aspectos da convivencia. Naturalmente aparece usada por algúns escritores, como Fole, que escribiu un conto "A estadea i o Urco", Cortezón (*¡Treidores*, *serpes*, *cans famentos*, *urcos*, *engolidores do mundo*, *antropófagos!*), etc.

1251. Cousas entoñadas

Rafael Dieste explica en *A fiestra valdeira* como en certo momento o personaxe o señor Baldomero debe falar *serio e repousado* e logo di: *Despois de calar un intre*, *con voz que ven dende a fondura dunha lembranza moi entoñada*...

Penso que á primeira vista non resulta fácil entende-la significación desa lembranza *entoñada*. No seu discurso de ingreso na Real Academia Galega volvemos atopa-lo emprego desta voz: *No máis entoñado de si e dos seus orixes*, *a lingüística*... *ten que recoñecerse guiada*... *por xuizos de valor*... *Eu tamén sinto*

un potente latexar das motivacións estéticas, *pro en moi entoñada relación dialéctica con tódalas que poden mover o home a falar*, *e aínda a calar*.

Se lemos estas frases de "Beiramar" de Cotarelo Valledor: *naqueles ollos espantados non se entoñaba a mentira... con esta man mesma o estordeguín*, *atafaguinno*, *entoñándolle a testa alá entre a lama*, vemos xa o uso de **entoñar** e por tanto do seu participio **entoñado** na significación de enterrar algo profundamente ou de ocultar calquera idea.

Entoñar non é un verbo corrente e non aparece rexistrado nos diccionarios modernos. Dá a impresión de que este verbo, que tamén existe nalgúns lugares do mundo astur-leonés, debeu nacer da expresión estar algo metido ou meter algo na tona, ben pensando na tona do leite, na tona das froitas ou na tona ou tonela que ten a significación de capa máis superficial da terra.

Así pois se metemos algo debaixo dunha tona para ocultalo diremos que entoñamos algo. Por tanto podemos considerar **entoñar** como sinónimo de **enterrar**, que tamén pode usarse nesa significación figurativa e que Rafael Dieste usou tamén: *Era unha cultura "antiquísima" enterrada viva*.., *Eu non son un enterrado en vida*..., *Eu non era un home enterrado vivo*...

E esa significación figurativa de ocultar algo pode expresarse tamén mediante o verbo **acochar**, como vemos nestes exemplos de Risco: *que se acochan nas máis escuras covas olímpicas*..., *anque se acocharan debaixo da terra*..., *correran sen dúbida acochárense nos buratos do subsolo daquela Barcelona*... En *Os arquivos do trasno* aparece usado este verbo, pero co seu sentido normal: *Un día sintéu frío e acochouse no leito con degoro dun longo infindo repouso*.

Pero Dieste usa moito para esta significación de ocultar algo o verbo **agachar** como vemos neste exemplo de *A fiestra*: *As cousas ruíns que non se poden dicir ben craras porque a vergonza non deixa dicilas*, *deixádelas abicar e agachádelas deseguida*... E na obra *Antre a terra e o ceo* aparece usado moreas de veces este verbo: *Un mozo amigo*, *que agachará o seu nome*..., *as furias que se agachan nos curruchos*..., *con certo agachado fatalismo*..., *a curva do noso agachado pensamento*..., *que ten no máis agachado da alma galega un niño acolledor*...

En fin as cousas entoñadas poden ser enterradas, acochadas, agachadas... Precisamente esta última forma lémbranos que Dieste usa tamén a locución adverbial **ás agachadas**: *Adelaida enxoita as bágoas ás agachadas*.

1252. De entón a destonces

Cando queremos indicar que algo ocorreu nun tempo, momento ou ocasión determinados ou xa coñecidos, facemos referencia a iso dicindo o adverbio **entón**, que naceu do latín IN TUNC, que se mantivo desde os tempos medievais ata hoxe e que xunto coa súa variante **entonces** está consagrado a tódolos niveis da lingua.

Sirvan como modelo estes exemplos que tomamos de Castelao: *Dende entón eu vivo no Manicomio*..., *Pois entón compre que o meditemos*..., *entón o pantasma mirou para min*..., *entón Pedro quixo choutar da cama*... E de **entonces** estoutros que tomamos de Pondal (*entonces o espírito invade do bardo escura melancolía*..., *entonces o home que ó lado seu pase dirá*...), e Cunqueiro (*entonces todo pasa como o soñado*).

Pero temos que deixar constancia de que hai falantes que din **entonzas** ou **entonsias**, formas que empregaron algúns escritores como Leiras Pulpeiro (*¿Cando hemos falar entonzas?... Y entonzas pra el volveron as olladas*) ou Cotarelo Valledor (*entonsias si que o corazón petela estarrexando sangue*).

Sen embargo desde a época medieval, como vemos polos textos literarios ou históricos, está viva a variante **estonces**, que ten vixencia na fala popular e que usaron moito os grandes escritores: *Choven estonces presentes*, *choven estonces ofertas... Nunca humanos ollos viron o que estonces ela* (Rosalía), *i estonces trabaron estas palabras* (Curros), *non a prendades porque estonces perdo a vida* (Pondal).

Ó lado deste adverbio, non consagrado polos diccionaristas, gramáticos e académicos, existe a variante **estonsias**, que di algún falante e que a vin usada polo escritor Cotarelo: *¡O que estonsias sofrín!... E estonsias así mesmo te quería...*

E xunto a todas estas formas adverbiais hai outra variante popular **destonces**, que escoitei en bastantes lugares e que lin nos versos de Curros: *Destonces*, *Martiño e Rosa sentiron a alma ferida... e destonces túa fama*, *de xente en xente vai por aí...* E xunto a ela existe **destoncias** que lin en Cotarelo: *Destoncias tumbou a lancha... destonsias vivín para velarte*.

Esta forma **destonces**, non admitida na normativa oficial lingüística, é a preferida por Rafael Dieste. Lendo *A fiestra valdeira* vexo nas primeiras páxinas que o crío Matapitos di *Destonces ¿voume?* Entón pensei que se trataba dun vulgarismo posto na boca dunha persoa non culta, pero continuando lendo esa obra vin que a xente de nivel culto tamén empregaba **destonces**: *Destonces don Miguel adícase a un eisame estrano do cadro...*, *porque destonces levaríao conmigo... Destonces non foron malas...*

En *Dos arquivos do trasno* atopei tamén o uso exclusivo desta forma: *Destonces non podería aseguralo...*, *Mais destonces acudeu novamente ao meu maxín...*, *Foi destonces cando reparou nunha longa figura enloitada*.

E no libriño *Antre a terra e o ceo* aparece, nun artigo publicado en 1926, unha soa vez a forma normal **entonces** (*E quizais entonces nascera nos intelixentes certa xenreira*). No resto do libro atopámo-la forma preferida por Dieste, **destonces**, dezaseis veces.

1253. Todos a rir cos seus retrousos

Os personaxes principais de *A fiestra valdeira* falan do mariñeiro Caramañola, home moi aberto, simpático, traballador, dilapidador, falangueiro, lareteiro... E o señor Baldomeiro exprésase así: *Os pesos de Caramañola a rolos na taberna. Todos*, *até os bocois*, *a rir cos seus retrousos*.

¿Que son os **retrousos**? En liñas xerais podemos dicir que un **retrouso** é unha palabra, ou unha serie de palabras que un falante repite continuamente na súa conversa ou palique. Un **retrouso** é a voz equivalente ás palabras castelás *latiguillo*, *muletilla* ou *cantinela*.

Retrouso é voz moi empregada por Rafael Dieste con significacións semellantes á do exemplo citado. Así, nun artigo de 1926, dicía que moitos que falan a cotío en galego non len cousas escritas en galego porque *a nugalla obrígaos a deixar a leitura. Soio chegan á verba derradeira cando son contos de retrouso*, é dicir, con frases agudas, simpáticas e repetidas.

Para Dieste **retrouso** equivale a broma, divertimento, chanza, como vemos por estas frases doutros artigos desa data: *Témola seguranza de que se han de rir*, *pensando que falamos con retrouso...*, *Anque*

pareza retrouso o que imos dicir, *non o é*..., *¿Fala eisí coidando que iso é un retrouso inxenioso?*..., *Endexamais lle ouvín ningún retrouso nin lle vin deseñar ningún monifate*...

E un **retrouso** podería equivaler a narración breve, en certa maneira divertida: *Coidan que en catro retrousos caben tódolos casos e misterios do mundo*. A voz **retrouso** está cargada para o noso escritor de certo humorismo: *Así*, *nin retrouso*, *nin misantropía*, *nin siquera melodramático dualismo de verdugos e vítimas*..., *hai no campo moitos e moi dañentos resabios que compre cercear*. *Eisaltalos pode estar ben como retrouso dun día*, *mais non como norma de tódolos días*.

Hai outros escritores que tamén usaron nalgunha ocasión esta voz **retrouso** e entre os máis coñecidos lembro a Cunqueiro que tamén usou esta voz na significación recollida nos diccionarios de verso dunha composición que se repite despois de cada unha das estrofas da mesma: *e falaba pra si versos con retrouso segredo*..., *i entón cantou medido roldas de amor con retrousos de trinadas*...

Sabemos claramente que desta voz **retrouso** naceu o verbo **retrousar**: responder agudamente ou con certo humor a algo que acabamos de escoitar ou repetir constantemente determinado verso dunha canción. E tamén **retrouseiro**, adxectivo recollido en moitos diccionarios para aplicalo a quen emprega con frecuencia retrousos. E Rafael Dieste usa o adxectivo **retrousista**: *Como vedes*, *o programa*, *si non é retrousista nin xesticulante*, *leva no adentro do seu adentro unha semente porvirista*...

Pero non sei se esta voz **retrouso** ten a mesma orixe có **retrouso** dalgúns falantes que chaman así o que outros chaman **retrouxo**, **entrouso** ou **entrouxo**, é dicir, o pequeno pao ou cuña que se coloca no eixe do carro.

1254. Cousas e feitos mainos

O verbo **amainar** é moi corrente en tódalas linguas peninsulares na significación de recoller ou arria-las velas dunha embarcación, afrouxa-lo vento e de aí o sentido amplo de acalmar, serenar, acougar ou sosegar. É palabra bastante popular e tamén moi usada polos escritores: *Amainara o vento*..., *Por amaina-la concencia guindei co meu tíduo de médico* (Castelao), *Fora amainando a chuvia* (H. Villar), *E foise amainando a xente* (Leiras Pulpeiro), *Unha carraxe amainada encéndenos a cara* (R. Dieste)...

Pero curiosamente deste verbo naceu exclusivamente na lingua galega o adxectivo **maino** que ten moito uso en tódolos niveis da lingua. Vexamos estes exemplos sacados de obras literarias: *Pasa*, *río*, *pasa río*, *co teu maino rebulir* (Rosalía), *cun ventete maino no tempo do vran* (Pondal), *acompañar con movementos mainos as palabras* (Otero Pedrayo), *corría un maino bafaxe que me refrescaba a testa* (Neira Vilas), *A estrada lisa e brillante coma unha auga maina* (F. del Riego), *as choivas mainas e os mares cheos de grises* (A. Conde).

Tamén o noso escritor, Rafael Dieste, fai amplo uso deste adxectivo: *maino e abiscal fulxir de eternidade*..., *¡Foi un rebulir tan maino!*, *chegaba maino marmular de mulleriñas que agardaban*, *esmorecido e rachado polo vento maino*, *Sí*, *eran bicos*, *por voces estourantes*, *por veces mainos*...

Nalgunha ocasión préstalle usa-la forma diminutiva: *aquel mainiño rebulir*..., *O cantar un brado disforme con caídas no mainiño coma se dirixira por solfa e polo fino unha comparsa*, feito que lle ocorre igualmente a outros escritores: *que falas tan mainiño*, *que tan mainiño andas* (Rosalía), *escoitei mainiño e quedo grave romor* (Curros), *e grilos ecoando*, *crí-crí*..., *tan mainiño que deixaban escoita-lo silandeiro aire*... (A. Conde).

E esta palabra derivada de **amainar** é tamén moi usada como adverbio, **mainamente**, que atopamos usada nun texto de Dieste (*pra afogar mainamente*, *como os criminaes voluptuosos*, *a lua chea de sono*) e doutros escritores, como Rosalía (*Elas fono as que alegriñas me chamaban mainamente nas douradas mañanciñas*), Castelao (*Os sinos das feligresías tanxen mainamente a tódolos ventos*), F. del Riego (*acariñaba mainamente unha margarida amarela ou un estraloque*), Manuel María (*correndo mainamente cara a vida*), Rábade Paredes (*A tardiña caía mainamente*), etc.

A pesar do uso abundante que fai desta voz **maino** o noso escritor comentado temos que dicir que emprega outros adxectivos desta mesma significación, como **calmo** (*a rubir tan campante polo ceo calmo*), **tenro** (*aquel tenro chorar dun meniño*), **doce** (*doce e rara anguria de morto reviviscido*), **sereno** ou **sereo**, como el prefire escribir (*Deseguida ficou sereo*..., *E il estaba sereo*), **tranquilo** ou **tranquío**, como el tamén prefire escribir (*vin que estaba moi tranquío*..., *Labrego sabido*, *insumiso*, *tranquío e xeneroso*), **manso** (*E os ollos mansos*, *mansos*, *impoñentes*), **mol** (*Un andar mol*, *amortecido*, *vagariñou polo sobrado*), **pacífico** (*O caraiter galego é por demáis mol e pacífico*), **repousado** (*os repousados e entendidos ollos de don Miguel*), **suave** (*Ises homes... escorregadizos e suaves coma a neve*)...

Seguramente poderiamos atopar outros adxectivos máis cun valor aproximado ó de **maino**...

1255. Arreloar

O verbo **arreloar** e especialmente o seu participio **arreloado** é usado por Rafael Dieste. ¿Que significa esta palabra que non aparece rexistrada no "Vocabulario ortográfico da lingua galega" da Real Academia e Instituto da Lingua Galega nin na maior parte dos diccionarios modernos?

No diccionario de Marcial Valladares (1884) aparece **arreluar** "restregar una cosa contra otra" e **arreluarse** "restregarse ciertos animales contra una piedra, un árbol u otro cualquier objeto", definicións que recollen o diccionario da Real Academia Galega de 1913 e algúns outros posteriores. Tamén os modernos de Estravís e de Ir Indo rexistran esa voz coas mesmas significacións citadas.

Fr. Martín Sarmiento no seu "Catálogo de voces y frases de la lengua gallega" cita o verbo **arriloar**: "verbo que se usa en Vivero para significar cuando se espadela el lino" e pono en relación co verbo **rillar**, teoría que o filólogo Corominas non acepta e coida que é un derivado da familia léxica do verbo **raer**.

No "Vocabulario de San Jorge de Piquín" de Aníbal Otero aparece **arreluar** con esta significación: "correrse para un lado el que está sentado o echado".

Non sei se todas estas formas verbais teñen algo que ver co verbo **arreloar** que escoitamos a algúns falantes que o empregaban coa significación de enturbar ou avolver. Así eu escoitei dicir que *este ovo está arreloado* para significar que non tiña ben a xema e tamén que *este viño está arreloado*, porque non estaba bo.

Penso que o uso de **arreloar** que fai Rafael Dieste nas frases que vamos citar teñen que ver con estes exemplos populares e non sei se é usual na zona de Rianxo. Desde logo os falantes ós que lles escoitei as frases citadas eran da provincia de Pontevedra. De todas formas quero dicir igualmente que non vexo claramente a orixe e creación desta palabra.

En *A fiestra valdeira* cando os personaxes falan de explica-la palabra urco di un: *Pero ¿nono saben?*, contesta outro: *Saber*, *sabémolo*, *mais dun xeito un pouco*..., continúa outro: *¡Xa! Confuso*, *revolto*... *coma*

quen di, *arreloado*, Antonio di: *Arreloado*, *eso é*, e Nogueira afirma: *Arreloado*, *eso mesmo*. E o autor explica que Nogueira *vocaliza moi conscentemente*, *como para rete-la verba "arreolado"*. E máis adiante outro personaxe di o seguinte: *A envexa cando arreloa o sangue*, *ben se ve nas caras*.

Nos artigos de *Antre a terra e o ceo* aparece dúas veces **arreloado**: *Todo o que hai na Galiza de hoxe de medoñento*, *mezquiño e arreloado*..., *un estado apouvigante de arreloada tristura e desacougo*...

En fin, penso que o uso que fai Dieste de **arreloar** é o mesmo dos falantes pontevedreses, é dicir, para significar enturbar, avolver, turbar, perturbar...

1256. Venelas e calexas

Cando o personaxe de *A fiestra valdeira*, o señor Baldomero, explica o que é urco, palabra xa citada, con estas frases: *Pois o urco é un can moi grande que en noites pechadas ou estrelecidas*, *tanto lle da*, *sal do mar sacudíndose a iauga e vai por venelas e ruas oubeando*, atopámo-la voz **venela**, que polo contexto case se pode entender.

En *Dos arquivos do trasno* volve repetir esta voz falando de certos mariñeiros que saen dunha taberna: *Fóranse algúns dos máis trouleiros*, *e aínda se lles oeu cantar*, *desafinando polo fino*, *ao virar por algunha venela cara aos diques*.

A voz **venela** ven definida no diccionario de Eladio Rodríguez como "callejón estrecho entre viviendas, que sólo está destinado al tránsito para los dueños o vecinos colindantes a uno y otro lado". Queda claro que unha **venela** é unha rúa estreita. Dous escritores da época na que Dieste escribiu as obras citadas fixeron tamén uso desta voz: *Cornetas que soaban sinistramente polas rúas e venelas* (Carré Aldao), *Nas venelas enfeitadas de fiúncho*..., *Alí os xudeos tiveron as súas venelas témeras* (Filgueira Valverde).

Venela non é voz moi corrente e parece que se trata dun francesismo, a palabra *venelle*, que debeu introducirse en España hai varios séculos no sentido de rúa pequena e estreita, pero co paso dos tempos foi perdéndose. De tódolos xeitos hai que dicir que nalgúns lugares **venela** significa fragmento de terreo que serve de límite entre dúas leiras. E tamén noutros hai quen chama **venelas** ás bufardas ou bufarras.

Loxicamente é **ruela** a palabra típica para indicar unha rúa pequena e estreita. Dieste non fai uso dela, pero si algúns escritores: *pasada a praza*, *torcía á dereita e subía por unha ruela encostada e mal laxeada* (F. del Riego), *invitounos a seguilo e íanos levando por unha ruela mariñeira* (X. Alcalá), *lisquei ao gallope por ruellas* (sic) *ás que se abrían casas de patín e sobrado alto* (M. Ferrín).

Sen embargo Dieste usa, como outros moitos escritores, o nome adaptado do castelán *calleja*, **calexa**, que fundamentalmente en galego significa a canle de madeira por onde verte a auga unha fonte: *Cando pasaran algúns anos recolleríano en calquer calexa estraviada* (*Dos arquivos do trasno*), *foi indo*, *indo pola calexa e achegouse ó casoupo* (H. Villar), *seguir correndo por unha calexa abaixo* (X. R. Pena). Pero moito máis éxito aínda entre os escritores ten **calexón**: *metímonos no calexón da Burga* (Blanco Amor), *arredou por un calexón estreito* (Neira Vilas), *polos calexóns da Régola* (Freixanes)...

As voces normais en galego serían **calella** ou **calello** e **canella** ou **canellón**, que teñen tamén outras significacións.

1257. Mundos e baúis

En latín existía o adxectivo MUNDUS para significar limpo e puro que pasou ás linguas romances con evolución fonética normal da primeira sílaba que se converteu en *mon*. A palabra *mondo* consérvase aínda no castelán, pero en portugués e galego desapareceu practicamente tanto da fala coma da lingua escrita, se ben hai algún escritor que a seguiu empregando: *que finca sua raizada no mondo penascal...*, *seus curutos mondos* (Leiras Pulpeiro), *coma unha calivera monda e encerada* (Freixanes).

O nome substantivo latino MUNDUS seguiu a mesma evolución fonética en case tódalas linguas romances, agás no castelán, portugués e galego, que xa hai moitos séculos introduciron a forma máis latina, **mundo**, que se impuxo así a tódolos niveis da lingua. Esta voz ben coñecida ten multitude de significados: o planeta Terra, calquera astro, conxunto de todo o que existe, a colectividade humana, actividades das xentes, experiencia no trato coas persoas, etc.

Rafael Dieste usa, como todo escritor, bastantes veces esta voz. Véxase algún exemplo: *¡Que grande é o mundo!...*, *¿En que curruncho do mundo cantou aquel galo?...*, *era capás de viralo mundo do rivés...*, *varudo i espilido*, *como compre a quen sabe do mundo...*

Pero fai uso desta voz con outra significación distinta ás que apuntabamos como vemos nestas frases: *Caramañola vai mercar tres mundos*, *dous cadros*, *unha garrafa*, *sete platos...*, *tres mundos...*, *é entón cando antremedio do discurso bota tamén tres mundos*, *o azul*, *o roxo*, *o dourado*, *dous cadros*, *un froleiro...*, *E calquera día comenzo a guindar por elas tódolos cadros*, *mundos*, *estrelas e demáis cousas finas que por alá tope*.

Todas esas frases citadas son de *A fiestra valdeira*, pero en *Dos arquivos do trasno* aparecen outras, na primeira das cales explica o que é o **mundo**: *E velaí que o home non remataba de chegar. En troque dil*, *chegaron dous dises baúles que chaman mundos...*, *Os picariños non se fartaban de remexer nas pechaduras dos mundos...*, *Do seo dos mundos escomenzaron a saíren traxes de neno*. Hai loxicamente outros escritores que usan tamén **mundo** con esta mesma significación: *Apareceu na súa aldea con un mundo e dúas maletas...*, *i aparecería o tesouro*, *nun mundo de tapa roxa* (Cunqueiro).

Probablemente esa arca grande, que ten a tampa curva e que se emprega xeralmente para gardar roupa, chamada **baúl**, foi chamada *baúl mundo*, cando era moi grande. De aí o emprego de **mundo** como sinónimo de **baúl**, voz que usou Dieste, como xa vimos, e outros escritores: *saíu da vila cun baúl pequerrecho* (Dieste), *Vittoria levou o baúl con traxes de home* (Cunqueiro), *¡Ai, qué ben vestido vés! ¡Ai, que baúles trouxeches!* (Castelao), *botar a roupa ao clareo e logo ao baúl* (X. Torres)...

E hai xentes que meten a roupa na **hucha**, que é unha arca grande que algúns usan para meter pan, gran, alimentos, etc. Dieste fai tamén uso desta voz: *A vella tiña unha hucha*, *cun bó croio enriba*, *e na hucha unha bulsa de coiro*, *e na bulsa mancheas de onzas de ouro...* E igualmente Castelao (*¡Tantas huchas de roupa fina que non puxen!*), Cunqueiro (*¡Abride as huchas e sacade os panos de loito!*), Neira Vilas (*Fúnme hastra onde está a ucha da roupa*), etc.

Naturalmente cabe a posibilidade de sinalar outras voces sinónimas: **cofres**, **arcas**, **maletas**, **tullas**, etc.

1258. Ecoar e resoar

Hai palabras moi correntes que dan a impresión de que existiron sempre na nosa lingua. ¿Quen pensa que a voz **eco** é un cultismo greco-latino que entrou nas linguas peninsulares hai uns catro séculos? **Eco** é voz popular e literaria: *Por que eses trios dos paxaros*, *eses ecos...* (Rosalía), *ise eco que a brisa malencónica d'outono deixa...* (Curros), *as súas verbas espertan os ecos onde...* (Otero Pedrayo), *nun monte*

dinse palabras berrando. *O eco responde* (Cunqueiro), *A noite ía cubrindo a veiga*, *chea dos ecos da festa* (F. del Riego)...

E facer **eco** algún son ou reproducirse ó lonxe é **ecoar**, verbo que atopamos usado por Rafael Dieste: *¡E si tivera eiquí un monllo de foguetes dos bós*, *d'ises que ecóan nos montes da outra banda!*..., *pode tamén ecoar nesa cras de desvíos o semigalego*...

Son moitos os escritores que fan uso deste verbo: *Os oubeos esviados ecoábanlle na concencia* (Castelao), *Naquel intre a voz de Mínguez ecoaba* (Cortezón), *A voz ecoa nas cámaras coma un trono* (Freixanes), *O ecoar dos zapatos de charol* (Rábade), *Os tiros illados das avanzadiñas ecoaban nas sobreiras* (F. del Riego), *Chegan voces*, *apagadas por portas*, *ecoando nas paredes* (S. Toro).

Penso que **ecoar** non é verbo corrente na fala, pero si na lingua escrita. Sen embargo, esta palabra, que tamén existe no portugués, non sei por que razón non é recollida na maioría dos nosos diccionarios.

E voz sinónima de **eco** é **resonancia**, palabra igualmente culta, pero que tamén ten un uso amplo a tódolos niveis da lingua. Véxanse estes exemplos literarios: *César esmagador de voces sen ecos*, *sen resonancias e sen a penas nada* (Conde), *pola resonancia*, *polos outros ruídos interiores*... (Gonsar).

Pero o noso escritor Rafael Dieste prefire a forma non admitida academicamente **resoancia**, talvez sen o *n* por influencia do verbo **resoar**: *pero latexando con forte resoancia en tódolos currunchos do relato*..., *había de ter algunha resoancia benfeitora pra a comunidade*..., *chea de fondas resoancias*... E usa nunha ocasión a variante **resoanza** (*ten de ter unha máis amplexa resoanza*), que a vin usada por algún outro escritor, como Otero Pedrayo (*Tivo a obra longa resoanza*).

Por influencia de **resonancia** é posible que moitos autores empreguen **resonar**, en vez de **resoar**: *Cal nunha tomba valdeira o meu petar resonou* (Rosalía), *un balbordo de mares caladas a resonar nas nácaras luídas* (Iglesia Alvariño), *o asubío narnexo resonou no teito* (Cortezón), *o eco resonaba lonxe* (Neira Vilas), *o corazón resonaba alterado* (Casares).

Sen embargo o verbo típico e tradicional, procedente do latín RESONARE, é **resoar** que xa aparece nos nosos textos medievais, que é hoxe moi popular e moi usado polos nosos escritores: *Maxino que resoa o brando son dun arpa* (Rosalía), *e resoaron as brillantes armas* (Pondal), *nas outras habitaciós resoaban as voces e as pisadas* (Otero Pedrayo), *resoaba a choiva nas follas das figueiras* (Fole), *o entusiasmo das gorxas militares resoará por ameas* (M. Ferrín), *unha voz resoa no corredor* (Freixanes)...

E direi por último que tamén nalgúns artigos fixo uso da voz **resoante**: *teña un resoante latexar*..., *pra ser pechada con mil ferrollos resoantes*.

1259. Emboutar, lixar, enzoufar

Antonio, personaxe de *A fiestra valdeira* de Dieste, que é o pintor do cadro que representa o protagonista da obra, fala así cando a filla de don Miguel non quere entrar na habitación onde están os personaxes: *É a filla de don Miguel*. *Certamente conmigo non é moi espansiva*... *Veme de medio lado*. *Pra ela non debo ser máis que un mal emboutador de lenzos que cobra aos incautos por iso*: *por emboutar lenzos*...

Penso que se entende bastante ben esa voz **emboutar** que fundamentalmente equivale a manchar, emporcar..., ou, se se quere, a encher algo de **bouta**, é dicir, de porcada ou calquera sucidade. No *Glosario de voces galegas de hoxe* temos recollida esta voz en varios lugares como fariña pegada a diversas

partes do muíño. E **emboutar** atopámolo usado por algún outro escritor con parecida significación: *Cando chegamos á casa xa se me había emboutado de todo a borrachera* (Fole), *Dos días emboutados de froallo e bagoar calado de carambelo* (Iglesia Alvariño).

E **emboutar** lémbrano-lo verbo **embostar** "encher de **bosta** un terreo" que podemos empregar nun sentido amplo tamén como sinónimo de manchar ou emporcar... **Embostar** é verbo moi usual na fala, pero non no mundo literario, onde se prefire o uso de **emporcar**, como sinónimo de manchar: *Lama con honra non mancha nada*, *nin seda limpa honra emporcada* (Rosalía), *outros van máis emporcados que ti* (Curros), *tristeiro espeitáculo dos galicismos que emporcan a pureza da fermosa fala castelán* (Risco), *que non emporque coa súa indignidade de vostede o seu corazón limpo* (Rábade)...

Rafael Dieste usou como sinónimo das voces citadas o verbo **lixar**: *Mais nós levamos intenceóns limpas e compre non lixalas nin amortecelas...*, *quixera falar da terra sin télas mans lixadas dela*. E son bastantes os autores que usan este verbo: *olla o que fas*, *que me lixas i entrar limpo quero en Roma* (Curros), *lixáronse os vidros de porcas bágoas* (Otero Pedrayo), *Cantas veces non lixou el tamén as mans no mesmo sangue* (Freixanes)...

E **lixar** ten a variante **luxar**, bastante usada tamén polos escritores: *unha caveira de sancristía sobada por mans luxadas de cera e de aceite* (Castelao), *Dixo a madriña que o cura luxoulle a testa a todos cun chisco de borralla* (Neira Vilas), *un anaco de pantalón verde e luxado* (Toro).

Poderiamos engadir bastantes outros verbos que teñen esa mesma significación cós verbos xa citados, pero é necesario confirma-lo emprego de **enzoufar** do que xa falei en *Follas da Lingua* comentando uns versos de Rosalía (*vai enfouzando na lama o zapatiño de seda*) nos que usaba **enfouzar**, variante do citado verbo.

Enzoufar é verbo bastante popular e tamén moi empregado polos escritores: *ceibaron tal gargallada que enzoufou a negruma infinida do ceo... e o zucre que non pode comer queda enzoufado de tinta* (Castelao), *Non tardei en andar enzoufado en graxa* (Neira Vilas), *nas corredoiras fondas*, *enzoufados*, *brincan mozos e mozas* (Iglesia Alvariño), *aquela boca enzoufada de carmín...* (P. Martín).

1260. Grusmias, cobizosos e mexeriqueiros

Don Miguel, protagonista de *A fiestra valdeira*, fala coa súa muller, Balbina, do seu amigo Baldomero e ela di: *Ise Baldomero vaime parecendo máis raposo e*, *sobre todo*, *máis grusmia*, *do que sempre coidei*. E don Miguel contesta: *¡Grusmia! ¿Onde se lle veu endexamáis a envexa a Baldomero?. ¿Grusmia de qué e de quén?... Grusmia*, *grusmia...* E dona Balbina fala de novo: *Antrementres*, *vanche arrodeando os alabeeiros*, *rabuñando os grusmias e dispreciando a xente soberbia*. E don Miguel volve falar: *Coidarás que che entendín*. *Alabeeiros*, *grusmias*, *soberbios...*

¿Que son os **grusmias**? **Grusmia** é voz que xa cita X. M. Pintos nunha serie de cualificativos despectivos: "Jansporentrelas, e grusmias, aforragaitas, famentos, mixiriqueiros, gafentos, encrenques, lurpias, furons...", e vén recollida xa no diccionario de Valladares na significación de envexoso e murmurador. E Eladio Rodríguez engade a de argallante ou enredante.

Penso que con esas explicacións comprendémo-lo sentido desa voz, que eu nunca escoitei na fala, pero que si tivo vixencia na lingua escrita. Dieste, na mesma obra, volve poñela en boca dun mariñeiro que di: *don Miguel ten locinte folgura de bens... Meréceos*, *si*, *señor*. *¿Onde está o grusmia que o desminta?*

E atopeina usada por Otero Pedrayo: *e riiran aquilas más linguas que ouveaban pra il raivosas e grusmias*..., *o Xepe o onceneiro aturrullado por o viño e grusmia de seu*...

Non teño clara a orixe desta voz. Teño a impresión de que quen é **grusmia** é alguén *que rosma*, *que osma ou usma ou atusma* e na tese de licenciatura de X. M. Dobarro sobre a fala de Cabalar (Capela) recóllese **gusma** no sentido de murmurador. ¿Será **grusmia** unha creación ou derivación desas voces?

Quen é grusmia é no fondo **envexoso**, palabra máis corrente a nivel literario ca a nivel falado: *os rapaces arregalaban os ollos*, *envexosos*, *diante de tal regalía de coores* (Castelao), *O demo tentouno*, *envexoso da súa graza e danzal fermosura* (Otero Pedrayo)...

E tamén é **cobizoso**, que ten tanto o valor de ambicioso ou desexoso coma de envexoso: *Alumeóuselle o semblante*, *ríronlle os ollos cobizosos como os de un neno* (Dieste), *A muller era laidiña*, *pero traballadora e cobizosa* (Castelao), *Un horizonte entoldado polo nerviosismo e o desgonce dos cobizosos* (F. del Riego), *A responsabilidade final incumbe soamente ós homes cobizosos que confonden o cu coas catro témporas* (Rábade).

No libriño *Retrincos da lingu*", comentei o uso que facía Castelao da voz tan popular **mixiriqueiro** (que a normativa oficial recomenda escribir **mexeriqueiro**) como sinónima de melindroso, mimoso, choromiqueiro, queixicoso, etc., e mesmo do castelán *finolis*. E facía referencia a unha copla de Sarmiento na que citaba un *paxaro mixiriqueiro*, é dicir, un paxaro chismeiro ou chismón. Pensei que esa significación de mexeriqueiro era semellante á que esa voz ten en portugués: indiscreto, intrigante.

Nos últimos anos escoitei na fala popular varias veces chamar **mexeriqueiros** non soamente ós melindrososo ou mimosos, senón tamén ós contiñeiros, murmuradores, argallantes, é dicir, ós **grusmias**...

1261. Alabeeiro e alabear

No comentario pasado falando dos grusmias citei estas frases: *Antrementres*, *vanche arrodeando os alabeeiros*, *rabuñando os grusmias e dispreciando a xente soberbia*... *Coidarás que che entendín*. *Alabeeiros*, *grusmias*, *soberbios*..., nas que apareceu a voz **alabeeiro**.

En principio pensei que esta voz empregada por Dieste era a mesma que usou en "Os dous de sempre" Castelao: *El era manso*, *doce*, *alabeeiro*; *pero tamén lacazán*, *pousafoles*... Nos nosos comentarios *Retrincos da lingua* citaba a Eladio Rodríguez que rexistraba no seu diccionario esta voz de Castelao coa significación de "dócil, obediente, sumiso".

Pensei entón e sigo pensando que **alabeeiro** foi unha creación de Castelao partindo do verbo **alabear**, que non é unha voz tipicamente galega, senón un castelanismo que fixo competencia a **empenar** "combarse a madeira labrada dunha porta, mesa, fiestra, etc.". Por tanto Castelao chamou **alabeeiro** a quen se alabea, se empena, se encolle, é dicir, a quen é manso, sumiso, dócil...

Rafael Dieste usa as voces **dócil** (*un anaco de pino*, *branco e dócil*), **manso** (*E os ollos mansos*, *mansos*, *impoñentes*..., *fideles ao sosego dos piñeiros mansos*) e **sumiso** (*Coas lembranzas vivas*, *pero ben sumisas*). ¿Acaso os **alabeeiros** que dona Balbina di que rodean a don Miguel son mansos, dóciles ou submisos?

Lendo os artigos de *Antre a terra e o ceo* atopei usada esta voz varias veces: *faránse greas atordoadas*, *máis ou menos fachendiscas*, *de xentes máis ou menos alabeeiras unhas para as outras*..., *iso que se pode*

dicir chiscando os ollos con surrisa alabeeira..., *Agora*, *nin respeito dos labradores nin de vós*, *houbo xente dabondo afervoada que fose máis alá da risa alabeeira...*

Penso pois que en Dieste **alabeeiro** é sinónimo da voz **gasalleiro**, que usa nalgunha ocasión (*E a isas poucas verbas*, *nada gasalleiras...*, *por se ceibar de min doume tan gasalleira o sí*), ou de adulador, aloumiñeiro, gabador, afagador, chufón, garatuxeiro, compangueiro, etc.

Este adxectivo **alabeeiro** é un derivado de **alabear**, pero dun **alabear** distinto ó citado arriba. Dieste usa este verbo nas seguintes frases: *Un dos resortes que moven aos desmemoriados é a vaidade... O que a sinte non fai máis que alabear aos demais pra ser alabeado por iles e deseguida devolve a gabanza que lle fan...*, *Hai quen di dos nosos labradores co fito de alabealos*: *É xente moi pícara...*

Este verbo **alabear** é unha variante clara do castelán **alabar**, pouco usado na fala nin na lingua literaria, nas que están máis vivos os verbos gabar, loar, celebrar, chufar, afagar, afalagar, etc. Non podo ver claramente a razón de por que Dieste usou este verbo. ¿Acaso é usado por algún falante? Non o sei.

En fin, o **alabeeiro** de Castelao non é o **alabeeiro** de Dieste.

1262. De arremangar a arrefeigar

A palabra latina MANICA deixou descendentes practicamente en tódalas linguas romances e por tanto non ten nada de particular que a nosa voz **manga** sexa común coas linguas irmás. E de **manga** "peza da roupa de vestir que cobre o brazo" sae o verbo **remangar** para significar tirar para arriba das mangas: *A muller da furgoneta leva os brazos remangados* (M. Rivas), *e por facer algo remangou as mangas da camisa* (X. Torres).

E o verbo tan popular **remangar** ten a variante, tamén moi usada, **arremangar**: *andaban cos brancos brazos ó áer*, *arremangadas as mangas das brusas* (Cunqueiro), *ía en mangas de camisa*, *arremangadas* (C. Gonsar).

Pero, como ocorre con outras voces, **remangar** ou **arremangar** ampliaron a súa significación primeira e pasaron a significar tamén tirar para arriba das perneiras dun pantalón, dunha saia ou doutras prendas: *e veña remangar a roupa* (H. Villar), *Mozo mariñeiro arremangado de brazos e de pernas* (Cotarelo), *o conselleiro privado arremangando os baixos da capa... arremangada de saia* (Freixanes), *arremangou a sotana hasta a cintura* (Casares)...

Sinónimo destes verbos é **refucir**, moi empregado por tódolos falantes das provincias de Lugo e Ourense e algúns do oeste da provincia de León. E naturalmente hai bastantes escritores que o usan: *levabamos as mangas da camisa refucidas* (Fole), *refucindo os pantalóns e pegando choutiños paveros* (Blanco Amor), *pousaba a chaqueta no balo*, *refucía as mangas da camisa e veña a cavar* (Neira Vilas), *coas mangas das camisas azuis refucidas* (F. Ferreiro)...

Curiosamente o verbo **recachar**, moi usado no sentido de abrir moito os ollos ou levanta-lo rabo un animal, é empregado por algúns falantes e mesmo por algún escritor como sinónimo dos verbos citados: *recachaban obscenamente as saias cun xesto apocalíptico* (Rábade).

Da palabra **regazo** "oco que forma a saia dunha muller sentada, entre a cintura e os xeonllos" naceu o verbo **regazar** ou **arregazar** para significar remanga-la saia ata o regazo. E hai falantes que o consideran na significación simple de tirar dunha saia para arriba.

Outra maneira de dicir levanta-la falda, normalmente para levar algo dentro do oco que se forma é **abadar**, verbo que tamén usa algún escritor: *cruzando as mans por riba da saia que levaba abadada* (Conde).

E por último teño que cita-lo verbo **arrefeigar** que usou Dieste en *A fiestra valdeira*: *Matapitos deixa facer*. *Arrefeiga as mangas porque lle quedan moi longas*. Trátase das mangas dunha chaqueta. Non sei se este verbo é usado polos falantes. Atopeino usado por Castelao: *As mulleres*, *arrefeigadas*, *van e veñen patuxando cos pés descalzos na lama gris*. Coido que ten a mesma significación para os dous escritores, pero non teño clara a idea de como se orixinou este verbo.

1263. Bouga e vouga

Rafael Dieste emprega varias veces a voz **bouga**, que moitas xentes non teñen coma propia e non a comprenden. Sen embargo lendo esta explicación que atopamos en *A fiestra valdeira*: *Oise bouga moi animada e chegan Antonio -o pintor- e o seu amigo Nogueira*, pódese sacar en consecuencia que **bouga** é algo que podemos escoitar.

Nunha conversa dos personaxes don Miguel e Matapitos di o primeiro: *¿E por que ollaste pola regandixa?* e contesta o segundo: *Porque sentín bouga*. E máis adiante atopamos outra explicación do dramaturgo: *Síntese bouga pola dereita e axiña entra Matapitos seguido dos mariñeiros*.

Penso que lidas estas frases entenderemos que oír ou sentir **bouga** é oír ou sentir bulicio, alboroto, barullo, marmurio... Aínda que esta voz non estea recollida en moitos diccionarios modernos, si a explica moi ben Eladio Rodríguez: "Susurro, rumor público, fama que corre de una persona y que comúnmente es poco favorable para ella".

Curiosamente nesa última acepción que dá o diccionario de Eladio Rodríguez aparece tamén usada por Dieste en *Dos arquivos do trasno*: *un esmoleiro... estivera atismando... pra ver onde agachaba a vella unhas onzas de ouro que*, *según bouga corrida pola aldea*, *tiña costume de contar dicindo...*

Na obra *A vila sulagada* de Daniel Cortezón atopei tamén usada nesa significación esta voz, pero escrita con uve: *Comenzou a se espallar a vouga de que o farmacéutico ía escribir...*

Non está claro de onde procede esta voz **bouga** que a primeira vista pode parecer resultado dunha onomatopea *bou*, *bou*, semellante á de *run-run*... Pero talvez poderiamos pensar que ten que ver co adxectivo procedente do latín VACUUS, que se transformou no galego en **vougo**, voz típica que ten como rival **vacío**, e que é bastante usada polos escritores: *nun sitio vougo*, *areoso*, *se puxeron a cantar* (Pondal), *qué vouga está ista casa sen os fillos* (Cortezón), *o nome traíalle unha idea vouga de algo indescifrable* (Conde), *como soio froito da vouga solidaridade* (Dieste).

Pero deste adxectivo naceu o nome de **vouga** ou tamén de **vougo** para indicar un vacío ou oco que se encheu de auga e mesmo hai falantes que chaman **vougo** á panza ou ventre ou barriga moi avultada.

Cecais ese ruído, bulicio, runrún, que se escoita cerca de nós produce unha especie de vacío no ambiente e por iso foi chamado **vouga** ou **bouga**.

Naturalmente non está clara a orixe destas voces.

1264. Outros rumores

Despois de facer referencia á palabra **bouga** é necesario sinala-la existencia doutras voces sinónimas e máis correntes. Empecemos por **rumor** que é moi usada en tódolos niveis da lingua tanto na significación de ruído coma na de noticia circulante: *Nunca o rumor do mundo corrompido* (Rosalía), *sin que turbe ningún rumor teus oídos* (Pondal), *de cando en vez chega un rumor procedente do mar* (F. del Riego), *durante aqueles días houbo moitos rumores* (F. Ferreiro), *houbo un rumor de pasos* (Casares).

Pero Rafael Dieste, non sei por qué razón, emprega sempre a variante **romor**: *romores vagos da tristura de sempre...*, *vagariños romores de puvulla...*, *e depinican*, *con breve*, *seco e doce romor...*, *os romores da noite...*, *romores multánimes...*

E **rumor** lévame a pensar na palabra onomatopeica tan popular e tan querida polos escritores **runrún**: *alegres compañeiriños*, *runrún de tódalas festas* (Rosalía), *cando ouvía o runrún que andaba corrido* (Risco), *o oído atento ó runrún dun motor* (Alcalá), *podía adiviñar abaixo un runrún de comentarios* (Casares).

Runrún lévame a lembra-la voz **remusmús**, que escoitei dicir a bastantes falantes e que vin empregada nalgúns textos literarios: *Non pode ser certo o remusmús popularizado dunha decadencia de Europa* (F. del Riego), *Despois*, *un longo*, *impreciso*, *lonxano remusmús*, *esvaíndose* (Cortezón).

Estas voces citadas fanme pensar en **murmurio**, voz tamén bastante usada en tódolos niveis da lingua: *Detén o monólogo*, *porque escoita un murmurio no corredor* (F. del Riego), *sentía dentro de si o murmurio cálido dunha ledicia humana que el compartía* (Casares), *pouco a pouquiño pasamos do bisbiseo ó murmurio*, *do murmurio á parola* (Alcalá).

Curiosamente Rafael Dieste empregou a variante **murmureo**: *O murmureo das augas barullentas que van polo meio do río chámanos desesperadamente*.

Balbordo, voz sinónima de tódalas palabras xa citadas, foi usada por Rafael Dieste: *cando todo pareza silenzo - ou balbordo alleo*, *distinto*, *lonxano e confuso...*, *da confusión e do balbordo...* E naturalmente por moitos outros escritores: *espertando o rouco balbordo das ondas* (Otero Pedrayo), *ve pasar un reximento levado por tambores e trompetas*, *enxurrada e balbordo que se perde axiña* (Castelao), *perdeuse na distancia o balbordo da música* (Freixanes).

E **balbordo** faime pensar noutra voz bastante corrente, **borboriño**, que tamén usan os escritores: *o borboriño da chuvia...*, *a encadeada repetición do borboriño que facía o vento...*, *voces*, *murmurios*, *borboriños* (F. del Riego), *a súa voz era un coidadoso borboriño* (Alcalá)...

Moitas outras voces podería citar que teñen significacións semellantes: **alboroto** (*Xa escomenzaban a ouvirse tras da porta alboroto de falas*, de Blanco Amor), **barafunda** (*Por sobre a barafunda de escarnios*, de Curros), **barullo** (*Oise barullo tras da porta*, de Cotarelo), **rebulicio** (*Ollo todo o rebulicio dende fora*, de Neira Vilas), **bulicio**, **rebumbio**, etc.

1265. Estrangoar, afogar e esganar

O personaxe de *A fiestra valdeira* don Miguel fala co pintor do cadro para que o modifique con estas palabras: *ben sei que para un artista sinceiro como vostede ten que sinificar sagrifizo... poñer man nun cadro para estrangoar a sua unidade*, *como vostedes dín*. ¿Que é **estrangoar**?

Este verbo non o vin rexistrado en ningún diccionario, pero si aparece o adxectivo **estrangoado** en moitos coa significación de "dise do moble ou cadeira que están tortos ou non asentan ben", é dicir, como sinónimo de estragado, deteriorado, derramado, descomposto, etc. Parece claro pois que **estrangoar** é o mesmo que estragar, deteriorar, derramar, descompoñer, etc.

En *Dos arquivos do trasno* aparece usado tamén: *Cheguei case de noite no coche estrangoado*..., *os vidros da fiestra choromicaban diante dos seus ollos*, *estrangoando a rúa homilde*. E igualmente en varios artigos de *Antre a terra e o ceo*: *A un mozo ouvímoslle dicir dunha cadeira torta*: *Non se sente nela que está estrangoada*. *Estrangoada*. *¡Fora de ángulo*..., *Ise enradigado sentimento fai que os nosos pulos nazan xa estrangoados e amortecidos polo desacougo*..., *a crítica demora os actos i estrangoa os desinios*..., *a forza motriz foi enfraquecida e estrangoada*...

Penso que este verbo **estrangoar** naceu como deformación fonética do culto **estrangular**, que da súa significación fundamental de apertarlle a gorxa a unha persoa ou a un animal impedindo a súa respiración pasaría á de facer deterioro nun moble... Probablemente a existencia doutros verbos rematados en *-goar*, como arregoar, atragoar, magoar, bagoar, etc. influiu nese cambio de *-gular* en *-goar*.

Non atopámo-lo uso de **estrangular** nas obras de Dieste que usa nalgunhas ocasións **afogar**, ben no seu sentido de privar da respiración a alguén ou ben de facer cesar: *Afogando a voz de don Miguel que di que aquelo é cousa de tolería ou de soño*..., *houben de morrer afogado*..., *o xenio da língoa ficará afogado pola impulsividade da língoa*..., *estreitando o seu cerco esmorecido pra afogar mainamente*...

Afogar é verbo moi popular a tódolos niveis da lingua e moi usado polos escritores de tódalas épocas e tamén é moi corrente o verbo **esganar**, que ten a variante **esganizar**, que vin usada por Dieste en *Dos arquivos do trasno*: *Pra unha codia que ha de topar no forno é capás de me esganizar*.

1266. Ampear, alasar e afrontarse

Respirar con dificultad, alterárselle a un a respiración por causa da fatiga, do cansazo ou esforzo dise en galego de varias maneiras. Comecemos polo verbo que atopo usado por Dieste en *A fiestra valdeira* neste texto no que o autor explica como chega a escena o personaxe Matapitos: *asomando*, *ampexante*, *pola porta*. Está claro que **ampexante** é o participio do verbo **ampexar**, forma transformada de **ampear**, que talvez Dieste considerou máis popular.

Ampear dise en bastantes lugares da zona central de Galicia e xa está citado, polo frade Sobreira no século dezaoito. Pode ser que nacera aquí como creación onomatopeica ou, segundo dixo Isidoro Millán, como unha variante de **impar**. É usado bastante polos escritores: *ampeaba coma si lle fallasen os alentos do peito* (Blanco Amor), *alenta forte*, *ampeado* (F. del Riego), *cando o ve chegar ampeando coma un can* (Freixanes), *cando cheguei ó craro diante das casiñas iba ampeando* (Martínez Oca).

Na fala é moi popular o verbo **alasar**, que debe te-la súa orixe no adxectivo **laso** "canso, desfalecido, falto de vigor" e que está moi espallado entre os falantes das provincias de Lugo e Ourense. Os escritores modernos úsano frecuentemente: *semella un boi alasando* (Cortezón), *os bispos e os nobres señores*, *que veñen alasando*, *apurados*, *ás carreiras* (Freixanes), *eu ben o sentía alasar* (P. Martín).

Nas *Glosas da lingua* xa comentei a existencia do verbo **afrontar** coa mesma significación dos verbos citados. Son moitos os falantes das provincias da Coruña e Lugo que se expresan do mesmo xeito cós que eu escoitei tantas veces na comarca compostelá dicindo frases coma estas: *afróntome moito subindo esa costa*, *este traballo é moi duro e afróntame*... E xustificaba o nacemento deste verbo pensando que **afrontar** equivalía a levar á fronte as dores ou xestos orixinados polas dificultades de respiración ou de cansazo.

Curiosamente teño que dicir que non vin usado este verbo polos escritores con esta significación popular, pois prefiren empregalo nos sentidos de facer fronte a unha situación difícil para buscarlle solución ou de causar unha afronta ou ofensa. Rafael Dieste segue ese camiño: *e paréscenos unha boa termanza a de afronta-la custión con pulos de sinceridade*. E naturalmente son moitos os escritores que o empregan nesas significacións citadas...

1267. Acorar e atafegarse

Outro verbo bastante popular na significación de ampear ou alasar é **atafegarse**, que ten as variantes **atafagarse** e **atofagarse**, forma esta última que xa empregou Sarmiento: *Porque tanta xente e con tanto apreto no se atafegase se puxo remedio*. No estudio de J. L. Pensado "Contribución a la crítica de la lexicografía gallega" poden verse as teorías sobre a súa orixe.

Atafegarse foi bastante usado por Dieste: *A presenza do remate debe estar atafegada*, *pero latexando con forte resoancia en tódolos currunchos*..., *¿De ónde saíra aquel tenro chorar dun meniño*, *axiña atafegado quizáis pola nai?*..., e por moitos escritores: *a xente da vila andaba atafegada limpando os alxibres* (Cunqueiro), *hai un remuíño de xente que se atafega no mercado de verduras* (Conde), *Victoria bulía atafegada*..., *pero atopárao atafegado* (Cortezón).

Continuamos citando verbos que son sinónimos dos que vimos no comentario anterior. Empecemos polo verbo **acorar**, que naceu da voz latina COR "corazón" e que é bastante popular na fala e nos textos literarios: *á vista do sol acora*, *e á vista das frores tembra* (Rosalía), *Non se acore*, *home*, *e sume pola dereita* (Castelao), *I a nai tense*, *anque acora* (Leiras Pulpeiro), *sente que se acora por falta de aire* (F. del Riego), *o correr acorado da madre superiora* (Casares).

Dieste non emprega este verbo nas súas obras, pero non era descoñecido para el, xa que usa o nome derivado, **acoramento**, no seu discurso de ingreso na Real Academia: *o que tiña afogos*, *sufocos ou acoramentos*, *xa non ten máis que "ahojos"*. Coido que **acoramento** é voz culta usada polos escritores (*Co aquelo voltóume un grande acoramento e viñéronme ganas de me apartar dos compañeiros*, de Blanco Amor), xa que as xentes din **acoro**.

E ó lado de **acorar** convive tanto na lingua falada coma na escrita **encorar**: *Pedriño encoraba e as verbas saíanlle rompidas*..., *tiña medo a morrer encorado co fume do tabaco*..., *veciños*, *que se detiveron encorados pola anguria* (Castelao). E este **encorar** non ten nada que ver co verbo **encorar** que significa deter ou deterse a auga nun lugar formando un **encoro**, é dicir, un depósito ou remanso. Curiosamente Dieste fai uso deste verbo falando dun trasatlántico *que alí*, *encorado*, *fixera cos lentos gabarróns*.

1268. Abafar, bafexar e calmear

Seguimos falando de sinónimos de ampear, alasar, afrontarse, acorar e atafegarse. Derivado da palabra **bafo** naceu o verbo **abafar**, moi popular a tódolos niveis da lingua e con moitas significacións: botar bafo unha cousa, cubrir con bafo, ulir mal, feder, botar mal alento, e tamén quedar sen alento, asfixiarse e acorar. Así pois **abafar** significa tamén respirar con dificultade: *Thermidor abafaba* (Otero Pedrayo), *tusindo*, *camiñas abafada* (Cabanillas), *veñen alporizadas*, *abafando*, *entrepallando a fala entre elas* (Freixanes)...

Pero a variante deste verbo, **bafexar**, é moi usado sobre todo no sentido de respirar con forza e traballosamente por culpa da fatiga: *bafexando forte* (Blanco Amor), *anoitecía cando sentín bafexar detrás do meu lombo* (Neira Vilas), *o bafexar dos bois* (Díaz Castro)...

Pola provincia da Coruña hai moitos falantes que empregan o verbo **calmear**, que penso que debeu nacer como variante de **calmar**. Se **calmar** é moi usado para dicir que *o vento calma*, loxicamente pasou a dicirse que a *respiración calma* e talvez para diferenciar estes usos naceu **calmear** nesa significación e por tanto na de ampear ou acorar. Nun escrito de López Abente atopei o uso deste verbo: *calmeando chegou don Fins ó cume do facho*.

Poderiamos seguir citando outros moitos verbos que funcionan como sinónimos dos xa mencionados: **arfar** (*a rapaza custáballe respirar*, *arfaba*, de Alcalá), **arquexar** (*Daba gozo aquel sono e o arquexar dos seus pulmóns de ferro*, de Iglesia Alvariño), **inar** (*Inando coma se fose necesaria a aplicación de osíxeno entrou o Profesor Convidado no coche de Claire*, de Conde), **asucar** que non ten nada que ver co **asucar** "facer sucos ou regos na terra", **escorexar**, etc.

Pero non podo deixar de citar **sofocar** (*sofocouse todo*, *púxose como un pemento escuro*, de Risco) ou mellor dito **sufocar** que empregou tamén Dieste: *os casteláns sufocana*, xunto coa voz **sufoco** (*o que tiña afogos*, *sufocos ou acoramentos*).

1269. As cousas que se ensarillan

En *A fiestra valdeira* de Dieste atopámo-lo uso do verbo **ensarillar** coa significación de complicar. Cando o personaxe Nogueira fala da situación na que se atopa o protagonista di: *As cousas que se ensarillan... Pero*, *ou pouco hei de poder*, *ou todo se vai desenliar ben*. Nesta última frase vemos como *desenliar* é o verbo oposto a **ensarillar**.

Con ese mesmo significado volvemos ve-lo uso deste verbo noutras das súas obras: *Cando chegóu a neno escomenzóu a vida a se lle ensarillar...*, *Polo que levas vaste ensarillar...*, *esborranchada por un grande remorso*, *mesto e ensarillado*.

Pero tamén usa **ensarillar** na significación de mesturar, urdir, tramar: *novas forzas rebrincaron na miña alma e de tal xeito se ensarillaron unhas coas outras...*, *tremendo de tenruras ensarilladas con ledicias...*, *ensarillar unhas con outras...*, *ensarillando o seu amor con tódolos demáis amores*.

Xa hai tempo en *Retrincos da lingua* sinalei o grande uso que deste verbo fixo Castelao e sinalabamos varios exemplos semellantes ós que acabamos de expoñer: *os problemas máis ensarillados...*, *mil ideas ensarilladas na chola...*, *nos camiños ensarillados do pasado...*, *andiveron ensarillados en amores románticos...*

Son bastantes os autores que empregan este con significacións semellantes: *galeirías que daban ó curro*, *penduraban ensarilladas e mestas* (Blanco Amor), *estaban a discutir ensarillados cos inxenieiros...*, *ensarillouse a cousa e remataron a paus* (Cortezón), *viviron moito tempo ensarillados en mañas e disimulos* (F. del Riego), *ensarillábanse cada vez máis as miñas ideas e os meus sentimentos* (Alcalá), *¡Que ensarillados fíos tece e destece a Providencia!* (Freixanes).

Curiosamente este último exemplo fainos pensar no significado auténtico, orixinal e popular de **ensarillar**: poñe-los fíos do liño no sarillo, significación que se ampliou sobre todo no nivel máis culto da lingua, como acabamos de ver con tantos exemplos.

Sarillo "instrumento para facer madeixas de fío", palabra que foi moi popular tomou tamén a significación de barullo, bulla, rebumbio, etc., pero literariamente non ten tanto éxito como **ensarillar**. Rafael Dieste si o usou no sentido metafórico: *un sarillo de anfiboloxías*..., *un sarillo de despropósitos*..., así como algún outro escritor: *A vida é un sarillo* (Neira Vilas).

1270. A palabra "choqueiro"

Ocorre que moitas veces nos preguntan por unha voz determinada e temos que contestar que esa voz ten dúas ou tres voces totalmente iguais, que proceden de distinta familia léxica e que non teñen significacións semellantes. Rafael Dieste usa bastantes veces a palabra **choqueiro**. ¿Que significa **choqueiro**?

Choqueiro pode se-lo pescador de chocos ou chopos ou tamén un habitante de Redondela pois como dicía Cunqueiro *a Vila Real de Redondela de Galicia*, *que é a máis choqueira de todas as nosas*..., e por esa inclinación ós chocos son chamados así as súas xentes.

Choqueiro é para bastantes falantes o lugar onde as galiñas chocan os ovos para a súa incubación. Por tanto este lugar chamado **choqueiro** non ten nada que ver cos chocos, peixes, senón cos ovos chocos.

Choqueiro foi chamado aquel que usaba chocas ou campaíñas para ir facendo ruído nas festas. De aí que **choqueiro** fose denominado tamén aquela persoa que ía vestida desastrosamente como eses que ían armando bulla e bulicio nas festas. Deste tipo de **choqueiros** fálase tamén nos textos literarios: *Os choqueiros cheiraron o augardente*..., *E saín de casa en procura dos choqueiros*..., *Choqueiros estrafalarios* (Castelao), *e púxose a fague-lo choqueiro e o barbarallocas* (Dieste).

Penso que en razón deste nome de **choqueiro** naceu o adxectivo tan corrente, **choqueiro**, na significación de bromista ou informal, que xa vin usado por Castelao (*O pranto debe ser unha gracia choqueira*) e que lle gusta moito a Dieste.

En *A fiestra valdeira* aparece un par de veces: *Correxíndose cunha xovialidade estremosa*, *pero perfeitamente inxel*, *nada choqueira*..., *¡E qué choqueiro*, *e como atortorado*, *fiquei eu alí*, *no cadro!* e bastantes máis en *Antre a terra e o ceo*: *Ousérvese que a derradeira forma fáisenos tan choqueira en galego como en castelán*..., *Fíxolle eco choqueiro a gordecha*..., *Unha boca torta*, *un grito choqueiro*, *fan da door unha bulra do diaño*...

Pero en *Dos arquivos do trasno* aparece unha descripción de "O vagamundo" e dil di o seguinte: *Os seus pés... calzan ás vegadas choqueiras ruinas*, *e destonces o vagamundo mostra certa fachenda no andar*. Está claro que **choqueiras** equivale a informais, raras, desastrosas, descoidadas, pero ¿que significa neste caso **ruinas**? Coido que ben é un erro por algún tipo de calzado ou ben falta esa voz referente a un calzado e significaría de mala calidade...

1271. ¿Que é un barbarallocas?

No comentario anterior citamos este texto de Dieste: *e púxose a fague-lo choqueiro e o barbarallocas pra que visen quil tamén era neno*. Xa vímo-las diversas significacións de choqueiro, pero ¿que é un **barbarallocas**? Desde logo esa voz tal como aparece escrita non a vin usada por outros escritores, nin rexistrada nos diccionarios, nin a escoitei na fala. Penso que é unha variante modificada por Dieste da voz **barballocas**, variante tamén da forma máis corrente **barballoas**.

Barballoas serve para designar a quen é moi falador e foi sempre tan usada polos escritores (*o barballoas do tío Xaviere morre por ela*, de Lamas Carvajal; *Un barballoas*, *amigo da troula e do viño*, de Neira Vilas), como por bastantes falantes que usan outras moitas variantes: **barballas**, **barballán**, **barballante**, **barballoeiro**, **barballoso**...

Claro que hai falantes que en vez de dicir estas formas, din outras moi semellantes: **bardalleiro**, **bardallán** ou **bardallas** (*o tal reateiro era un bó bardallas*, de Blanco Amor) que parecen proceder da mesma familia léxica, é dicir, dunha forma onomatopeica. Naturalmente existen ó lado destas formas os verbos **barballar** ou **esbarballar** e **bardallar** ou **esbardallar**.

E con estas formas coexisten como sinónimos os verbos **baduar** ou **abaduar** e os adxectivos **baduán** e **badueiro**, que tamén empregan os escritores: *merdáns*, *badueiros*, *alcaiotes* (Cortezón), *saudou moi badueiro a Silvania* (D. X. Cabana).

Moi correntes son tamén os verbos **larear**, **larapetar**, **laretar** ou **laretear** nesa significación de falar máis do conveniente e loxicamente un charlatán abusivo pode ser chamado **lareto**, **lareta**, **laretas**, **lareteiro**, **larapeto**, **larapetas** ou **larapeteiro**.

Naturalmente os que son así empregan moito a lingua. De aí que sexan chamados **linguateiros** ou **lingoateiros**, **lenguateiros**, **lengoreteiros**, **lengoretas**, **lencoreteiros**, **lencoretas**, **lancoretas**, **lancoreteiros**, **langoretes**, **langoreteiros**...

Rafael Dieste emprega loxicamente o verbo **falar** e o adxectivo **falador** un tanto nese sentido semellante ó de charlatán: *o fillo mozo... veu... ledo*, *marcial e falador*, pero non usa o adxectivo tan empregado polos falantes e polos escritores, **falangueiro**, *que abofé sos falangueira*, *falangueira e ben cumprida* (Rosalía), *aquil home... fora tan falangueiro* (Fole), *Casilda*, *tan falangueira*, *esfórzase por lle tirar a Mauro unhas cantas respostas* (F. del Riego)...

En fin, quedan sen citar moitas outras formas semellantes para esta mesma significación.

1272. Barulleiros e mentireiros

Os que laretan, badúan, barballan ou esbardallan poden producir ó tempo moito ruído, é dicir, moito **barullo**. De aí que o verbo **barullar** que en principio será meter ruído, como vemos nesta frase de Dieste *Moi a modiño pra non barullar fuxen coa ingravideza dunha pantasma ou dunha avelaiña*, pasou a ser sinónimo de todos eses verbos citados.

As xentes que barullan ou berran son chamadas **barullas**, **barullóns** ou **barullentas** (*Son ledos e barullentos*, de Neira Vilas), forma esta última que emprega tamén Dieste conservando o matiz fundamental de ruidoso: *O murmureo das augas barullentas que van polo meio do río...*, *E non ha de ser un homaxe protocolar e barullento*.

Pero a maioría dos escritores e falantes empregan sobre todo **barulleiro**: *Uns nacen varudos*, *ambizosos*, *barulleiros* (Otero Pedrayo), *un abogado moi falador*, *furabolos*, *picapleitos*, *barulleiro e aduaneiro* (Risco), *Cando o notín infrarse e encollerse nas mans dun barulleiro* (Cotarelo), se ben en Dieste mantén esta forma tamén co predominio de ruído: *No intre máis barulleiro*, *ninguén sabe por qué*, *un diles ollóu cara o teito*.

Están vivos tamén en galego, como nas linguas irmás, o verbo **alborotar** e o adxectivo **alborotador**, pero pola miña experiencia da lingua teño que dicir que non son moi populares entre os falantes e os escritores.

Os que din trolas, embustes ou mentiras teñen que falar, pero non necesariamente con berros ou barullando ou esbardallando. Pero os que din **mentiras**, palabra usada por Dieste (*E tamén cun semblante propio que foron esvaíndo as mil mentiras -ou medias mentiras- con que vos protexedes de vos mesmos*) son chamados polos falantes e bastantes escritores **mentireiros**: *pantasmas mentireiros* (Cotarelo), *nin os paraísos mentireiros* (F. del Riego), *¡Ai dos incrédulos e dos traidores*, *idólatras e mentireiros* (Freixanes).

Sen embargo hai bastantes xentes e tamén escritores que din **mintirán** (*mintirán*, *lacazán*, *fuciñado*, de Risco) e sobre todo **mintireiros**, voz que usaron os grandes escritores (*Don Ramón mintireiro*, de Castelao; *E por mintireiro non che volvo a falar na vida*, de Cunqueiro) e mesmo Rafael Dieste: *tivo surrisas... para certas frases miñas* (*inxenuas en min e mintireiras nos demais...*), *Pintando un cadro falso mintireiro*.

1273. Ser argalleiro

Outro verbo que ten relación coas palabras xa comentadas é **argallar**, voz típica dos falantes do Noroeste da Península Ibérica, que non ten nada que ver coa lingua latina e que probablemente se usaba nesta zona antes de chega-los romanos.

Argallar é voz bastante popular e usada con moitas significacións: inventar e dicir mentiras, preparar planos para enganar xentes, concibir proxectos propios sen contar con outras persoas, facer cousas de pouca importancia, facer travesuras, chancear, chacotear, etc.

O que se argalla é unha **argallada** (*¡Que argalladas ten ese home na testa!*, de Cortezón, *O do loito era unha argallada da madriña*, de Neira Vilas) e quen argalla é **argallante** (hai quen di **argallán**) ou **argalleiro**.

Argalleiro é pois en certa maneira sinónimo das últimas voces comentadas: barulleiro, mentireiro, barballoas, badueiro, laretas, etc., como podemos ver por estas frases de Rafael Dieste: *fala dunha baléa*: *Eu non digo que fose coma un Consistorio a aboiar pola ría*, *non son tan argalleiro...*, *o tempo dos pensamentos ben pousados que resistiron tódalas trupias dos argalleiros*, ou estoutras de Curros (*pra qué*, *argalleiro*, *me das palabra de casamento?*) e de Neira Vilas (*Cousas de Setimio*, *o napolitano*, *argalleiro de nacemento*).

Argallante é tamén usado por Dieste: *si cada un... ten*, *diante dos demais*, *o mesmo ar medoñento ou argallante dun opositor mesquiño...*; *as rápidas motoras argallantes que*, *para visitalo*, *parescían ter posto as chamineas de etiqueta* e por Neira Vilas: *De todo sabe el*, *por vello e argallante*.

E quen é **argalleiro** pode ser chamado **enredante**, voz que usa Dieste: *¡Fachendisco*, *larpeiro*, *enredante! Agarda*, *hom*, *que non che fago mal*, ou **retranqueiro**, como vemos nestas frases de F. del Riego (*a grave faciana do compañeiro*, *que sorría*, *medoso ou retranqueiro a un tempo*), Blanco Amor (*co aquil seu vir retranqueiro e solermo*) e Freixanes (*aplaude e fai comentarios retranqueiros de inequívoca intención*). E Dieste usa a locución **de retranca**: *e acobexando a pergunta nunha surrisa de retranca insinuei...*, *a miña falsa surrisa de retranca...*

Tamén son **argalleiros** os **trampóns** (*a viaxe do Doutor ó outro mundo era unha trola*, *e o Doutor un trampón*, de Risco), **trangalleiros** (*Alfredo era moi trangalleiro*, de Neira Vilas), **trampalleiros** (*A miña comadre non é ningunha trampalleira*, de Castelao), **trapalleiros** (*Pois o pedáneo é un trapalleiro*, de Fole), **trapallas**, etc., etc.

1274. Eu andaba atortorado

Xa en *Glosas da lingua* fixemos mención da existencia do verbo **atordoar**, que significa perturba-los sentidos, insensibilizar, perde-la capacidade de actuar ou discorrer e que foi moi usado polos escritores xa desde a época medieval ata os nosos días.

Rafael Dieste fai moito uso deste verbo: *axudei ás maniobras medio atordoado*..., *quédase un intre atordoado e felís* (de *A fiestra valdeira*), *sentíuse atordoado e como sen corpo*..., *o non poder atordoalos co meu testemuño* (de *Dos arquivos do trasno*), *o golpe dado no mar pra atordoar ao peixe*..., *faránse greas atordoadas* (de *Antre a terra e o ceo*)..., *Vede qué tolería*, *o que é a imaxinación atordoada i enfuscada* (do discurso de ingreso na R.A.G.).

Xa dixen naquela ocasión que algúns diccionarios modernos por razóns que non sei eliminaron este verbo e colocaron **atordar**, variante que usan algúns falantes, pero que practicamente descoñecen os escritores.

E a mesma significación de **atordoar** ten o verbo **atorar** que tamén usa Dieste: *Ah! Perdoen vostedes*. *Non sabía*... *Coidei*... (*Vaise atorada*)..., *cos que andan a rentes de seren os millores*, *cos que -polo menos- quedan atorados de espanto*. Pero hai que lembrar que existe outro verbo **atorar**, que ten a significación de dividir en toros un peixe ou un tronco. ¿Ten que ver un verbo co outro? Non está claro. Pode que o primeiro sexa unha variante de **atordoar**...

Na obra *A fiestra valdeira* o personaxe Don Miguel descríbese a si mesmo como está pintado no cadro: *¡E que choqueiro*, *e como atortorado*, *fiquei eu alí*, *no cadro!*... *Eu andaba atortorado*... E en *Dos arquivos do trasno* lemos esta frase: *Metín os papeis nos petos con tan atortorada presa que os enruguei*... Coido que se ve claramente que **atortorado** ten a mesma significación de **atordoado**.

Dese verbo **atortorar** ou das súas variantes **atortoirar** e **atortoxar**, que recollen algunhas obras léxicas, podemos dicir que son formas nacidas probablemente por cruzamento con outras palabras. Como confirmación disto vin esta frase de *Antre a terra e o ceo*: *na que os homes atorturados e espavoridos polo "capricho" do seu entorno*, na que a forma **atortorado** aparece convertida en **atorturado**, coido eu, por influencia da voz **tortura**.

En fin, toda esta serie de formas coinciden na súa significación de perturba-los sentidos, insensibilizarse, e teñen unha orixe común, o verbo latino ADTONITRUARE "atronar" que, segundo Joan Corominas, foi evolucionando ata converterse en **atordoar**, verbo que tivo despois esas transformacións citadas.

1275. Seguimos aturando

Hai outras maneiras de dicir que os nosos sentidos quedan perturbados, distintas de atordoar, atorar, atortorar, voces citadas no comentario anterior. Xa no século dezaoito o frade Sobreira explicábanos así a forma **aboubado**: "El que tiene la cabeza atónita, dolorida, azougado; o constipada, que suena como boubou" e desta maneira o verbo **aboubarse**: "Atronarse de la cabeza, ponerse la cabeza tronada".

Aboubar, verbo nacido posiblemente, como moi ben di Sobreira, dunha onomatopea, non é actualmente moi popular. Hoxe hai bastantes xentes que prefiren dicir **abouxar**, que procede da mesma orixe e que usan moito os escritores: *abuxoume un cramor grande e violento* (Curros), *abouxado polo estrondo da vida cidadán* (Otero Pedrayo), *abóuxanos as orellas o son das tubas* (M. Ferrín)...

E este verbo **abouxar**, talvez por influencia de **bruir**, como di o filólogo J. Corominas, ten a variante **abrouxar**, forma que se di en bastantes lugares de Galicia e que igualmente usan os escritores: *Doíame o corpo todo*. *Sentíame abrouxada*..., *saía abrouxado de tanto bourar naquel taller de cociñas* (Neira Vilas), *músicos ambulantes que pasan abrouxando* (Rábade), *os seus ecos foron repetíndose*, *secos*, *aguzados e abrouxantes* (F. Ferreiro).

Dieste foi coñecedor desta voz pois en *Antre a terra e o ceo* emprega un par de veces a forma **abrouxador**: *non chegan a se imporen a forza de berros abrouxadores e barafullados*..., *Porque os berros máis abrouxadores poden semellar laídos pra quen os oe de moi lonxe*.

Agora ben, temos que deixar constancia da existencia do verbo máis corrente a tódolos niveis da lingua para indicar que soportamos ou toleramos ou sufrimos sen ofrecer oposición, con resignación e paciencia, todo o que ocorre arredor de nós. Trátase do verbo **aturar** (procedente do latín OBTURARE), empregado por R. Dieste: *¡O que tería que aturar un día e outro si non llo mandase!* e escritores de tódalas épocas: *non pode aturar máis un mal de que el mesmo é causa* (Curros), *non estou para aturar gandulos* (Castelao), *xa non sabiamos que facer pra aturala* (Blanco Amor), *non atura sentirse burlado por mais tempo* (F. del Riego), *a carta dun home que atura o medo* (Conde)...

Pero **aturar** non ten nada que ver con **aturuxar** "botar aturuxos ou berros", que ten as variantes **atruxar** e **aturular**. As tres formas son moi populares e bastante empregadas polos escritores.

1276. Caíu aparvado

Son moitas as voces que posuímos para dicir que perdémo-la sensibilidade ou quedamos perturbados. Despois de indicar bastantes nos últimos comentarios remato hoxe falando soamente dunhas cantas máis que atopei usadas por Rafael Dieste.

En *Dos arquivos do trasno* atopamos este texto no que fala dun vagabundo ó que lle pasa o seguinte: *unha mazán verde*, *que polo dura paresceulle croio*, *encheulle a testa*, *ao petar dela*, *de asobíos e brétemas*. *Vacilou e caíu aparvado*. *Pra o seu susto*, *morto*. Nel vemos que **aparvado** non é aquí igual a parvo, abobado, ignorante..., senón á atordoado, abouxado, conturbado, aboubado, etc.

E **aparvado** é usado así por bastantes falantes e escritores: *A decotío quedábase aparvado sen saber qué contestar* (Castelao), *os esguerezos i o frío que pasaba tíñanme aparvado* (Cunqueiro), *que nen conta se díu de aparvado que estaba* (Blanco Amor).

Cando falamos da palabra **arreloar** ou de **arreloado**, que ten tamén esta significación de perturbado, citamos esta frase de *A fiestra valdeira*: *Xa! Confuso*, *revolto*... *Coma quen di*, *arreloado*. Nela vemos como **confuso** ten pois igualmente este significado de que estamos a falar. **Confuso**, loxicamente, é empregado varias veces polo noso autor no seu primario sentido de carente de claridade: *un máis precipitado e aínda confuso*, *sen estilo retecer de costumes*..., *confusos perifoles*...

Pero hai bastantes escritores que usan **confuso** na acepción que comentamos: *E ela*, *dubidosa*, *interesada xa*, *confusa* (Cortezón), *de todos modos permanecía moi confuso* (Rábade), *Sara escoitaba confusa e preocupada* (F. Ferreiro), *deiteime preocupado*, *confuso*, *mesmo molesto* (Alcalá), *o visitante quedou amuado e confuso* (Conde).

Outra maneira de dicir que unha persoa está sen serenidade, sorprendido é **desconcertado**, que usa Dieste (*Desconcertado no medio da escea*) e outros autores: *Eu estaba sorprendido*, *case desconcertado* (Gonsar), *o profesor ficou desconcertado* (Alcalá), *e quedouse mirando desconcertada* (D. X. Cabana).

E por último sinalo o adxectivo **turbio**, aínda que case tódolos escritores usan **turbo**, bastante empregado como sinónimo dos que acabamos de citar: *ise barullo tan turbo e cativo dos miúdos rancores* (R. Dieste), *unha turba ledicia no ánimo* (A. Cáccamo), *e o volve máis turbo e máis pesado* (Freixanes), *adolescentes turbos* (M. Ferrín).

1277. Afroante en día de xoula

Don Miguel, o protagonista de *A fiestra valdeira*, despois de pasar varios días sen querer ter relacións normais con familiares por certo disgusto, cambia dese sistema de vida e diríxese así ós seus acompañantes da escena: *¿Non me vedes agora mesmo afroante como unha vela en día de xoula?*

¿Que é **afroante**? Está claro que é o participio presente do verbo **afroar**, voz non popular actualmente pero que aparece recollida xa no suplemento do diccionario de M. Valladares: "Mostrar exterior pomposo, lozanía, o desarrollo grande, una persona, res o planta; desconocerse, en este sentido, de un día a otro". Teño a impresión de que esta palabra é unha variante de **aflorar** e se ó lado da voz común **flor** coexisten as formas **fror** e **frol**, poderiamos pensar na existencia das variantes dese verbo **afrorar** e **afrolar** e ¿por que non? o citado **afroar**.

Para Dieste esa forma **afroante** debía de estar moi viva, pois volvemos vela usada noutras frases de *Antre a terra e o ceo*: *Cando ises homes descubran a sua propia espiritualidade*, *veredes qué afroantes e dourados froitos darán a Galiza*..., *con non ver endexamais un froitecer afroante e cabal*.

Tamén Cotarelo empregou esta palabra con esa mesma significación: *as xuncas do bulleiro estrican seo pavón*, *ourentes e afroantes*. E no "Cancioeiro de poesía céltiga" de Pokorny lemos esta frase: *tan soio a recendente e afroada mocedade é ventureira*.

En fin, penso que actualmente non está moi vivo ese verbo **afroar**.

¿E que é un día de **xoula**? Pois curiosamente tamén aparece rexistrado no diccionario de M. Valladares o *día de xoula* que traduce ó castelán así: "día de calor con viento seco". Desde logo esta forma **xoula**, como no caso de **afroar**, é algo tipicamente galego, pois non vexo formas parecidas noutras linguas e tampouco vexo clara a súa orixe ou formación.

Actualmente **xoula** non é popular, pero si foi usada por algúns escritores como o citado Cotarelo (*o frío*, *a chuvia*, *as xoulas e os sudores*), Otero Pedrayo (*Unha serán de xoula demorábase a Catuxa*) ou Cunqueiro (*nas noites de xoula e chuvia*..., *e deixaba entrar a chuvia*, *que a traía toda da xoula quente que corría aquela mañán*).

1278. Ben cantareiro

Nunha escena de *A fiestra valdeira* Balbina pregunta: *¿Que viño preferides?* O vello anónimo contesta: *Albariño da casa que ten soa de bó*. E o protagonista don Miguel engade: *E ben cantareiro que se dou iste ano*. ¿Que significa **cantareiro**?

Desde logo aquí **cantareiro** non é o nome común que empregan moitos falantes para designar ese andel ou taboleiro da cociña onde se colocan os cántaros ou olas ou outras vaixelas, senón un adxectivo que non ten nada que ver con cánteros ou cántaros.

O adxectivo **cantareiro** é da familia do verbo cantar e dos nomes **canto**, **canción**, **canta**, **cantada**, **cantarea** ou **cantarela** e ten pois as significacións de que ten afección ó canto, que é propenso ó canto, que lembra os cantos e, nun sentido moi amplo, que é alegre ou ledo.

Cantareiro é moi empregado polos escritores nun sentido moi positivo referíndose á música, á voz e mesmo ás palabras: *Quedou unicamente coa música cantareira e morbosíña do cura* (A. Cáccamo), *eres claro e cristalino*, *voz sinxela e cantareira* (M. María), *coa sua voceciña cantareira* (Cortezón), *súas parolas resoan nos teus ouvidos cantareiras* (Cotarelo), *linguaxe forte coma aqueles erres arrastrados e cantareiros* (Conde), *a bulra das mozas ribeiráns de falas doces*, *sotís*, *cantareiras* (Otero Pedrayo).

Loxicamente podemos dicir das persoas ou xentes alegres que son cantareiras: *Sempre pasaba aixiña encabuxado ou cantareiro asegún as horas* (Otero Pedrayo), *Mais ista xente e moi pouco cantareira* (Fole) e tamén dos animais: *O cuco*, *cuco*, *cucón*. *¡Madrugón de cantareiro!* (M. María), *espaventado o caír cantareiro das lavercas nos trigás casteláns* (Otero Pedrayo).

Hai cousas que, se fan ruídos, poden ser tamén cantareiras: *¡Meu amor de carreteiro! ¡Meu carriño cantareiro!* (Cabanillas), *¡Muíño roulón! Anda a roular*, *ledo e cantareiro* (M. María) e mesmo, sen facer moito ruído, por ser moi fermosas: *¡Non hai arbre tan fermosa*, *nin ponlas tan cantareiras* (M. María), *ó cantareiro son dos pinales* (Cabanillas).

Así pois non resulta estraño que un bo viño sexa cualificado por Dieste positivamente con ese adxectivo **cantareiro**, cousa que fixo tamén Otero Pedrayo en *Devalar*: *lembrando os pequenos diaños do viño*. *Era bon e cantareiro o das parreiras de terra*.

1279. Deixeime acaloumiñar

En *Dos arquivos do trasno* atopamos este texto: *Dimpois quedeime a tremer como un neniño e deixeime acaloumiñar pola modorra inmensa que de novo pesóu nas miñas pálpebras*, no que aparece usado o verbo **acaloumiñar**, que volvemos a atopar en *Antre a terra e o ceo*: *Hai que deixar agora que zoe cariñenta unha cantiga calquera*, *das que tan ben acaloumiñan tódolos degoros*.

Acaloumiñar, verbo non acollido pola normativa vixente é usado por algúns falantes e tamén por algún outro escritor (*inda tivo que acaloumiña-lo chito*, é dicir, o can, de Leiras Pulpeiro) como variante do verbo **aloumiñar**, moi corrente en toda Galicia na significación de facer caricias pasando suavemente a man pola pel dunha persoa ou dun animal ou de tratar a alguén con moito cariño.

Penso que **acaloumiñar** naceu pois de **aloumiñar** por cruzamento con **acariñar**, pero non acadou o éxito do uso que ten **aloumiñar** entre os escritores para expresa-los significados citados. Recollo como proba do seu emprego estes exemplos: *A boa fidalga decatouse de que non aloumiñaría endexamais un fillo verdadeiro* (Castelao), *Ribalda aloumiñou os seus bigotes roibos* (Cunqueiro), *A suave man aloumiñábame as meixelas* (F. del Riego), *eu procedo a lle aloumiñar a caluga* (M. Ferrín), *a raiola de sol que aloumiña o seu rostro* (Freixanes), *falábanme con moito agarimo e aloumiñábanme* (Neira Vilas), *Tití sorría satisfeita aloumiñando aquel billete azul das cincocentas pesetas* (A. Cáccamo)...

Rafael Dieste tamén usou **aloumiñar** no seu discurso de ingreso na Real Academia: *Así*, *"yeismo" da miña nenice*, *non te aloumiñarei*, pero ten máis preferencia polo verbo **acariñar**: *Eu xa non sei si vostede*, *querido don Antonio*, *me estará acariñando ou dando unha tumba*..., *Era unha milagre velas acariñadas polo sol nacente*..., *como loureiro acariñado polo vento*..., *Polo xeito de acariñar o raso*... Naturalmente poderiamos citar moreas de exemplos do uso deste verbo por bastantes escritores.

E por último diremos que outra maneira de dicir "tratar con cariño" é o verbo **agarimar**, que usa tamén Dieste: *o mesmo que namora a un pintor cando parez agarima-la pintura co pincel*..., *O que temos diante dos ollos*, *o que nos agarima ou fire coa sua inmediata presenza*..., e moitos outros escritores de tódalas épocas.

1280. Esfarelarse

Cando se moen os grans de millo, trigo, centeo ou outros cereais hai que separa-las cascas deses grans para que a fariña quede ben limpa. Ese conxunto de cascas é chamada en castelán *salvado*, voz que algúns falantes galegos empregan ás veces en vez de **relón** (que ten as variantes **rolón** e **rulón**), palabra moi estendida en Galicia xunto con **farelo**, que é a que poderiamos chama-la voz máis corrente en tódalas partes.

Os literatos falan pouco deste producto e prefiren o uso da voz máis popular, **farelo**, que xa usou X. M. Pintos (*por fariña*, *por farelos*, *ou relón ou ven salvado*, *por trigo*, *millo e centeo*..), Curros (*entretido cunha peneira pequena por sobre min un farelo*) e escritores deste século: Cunqueiro (*carregada a besta con dous sacos de fariña e outro de farelo*), C. E. Ferreiro (*Días denantes*, *outras mulleres estiveran mastigando o farelo do millo*), Cortezón (*O que hai que facer é peneirar o mundo*. *Tamén o farelo val*, *retrucaban os vellos*), H. Villar (*que o deixou moído como un saco de farelo*), etc.

Pasa-lo moído polo baruto ou a peneira ou o cribo é **esfarelar**, verbo moi coñecido e moi usado non soamente nesa significación lóxica, senón noutros sentidos máis amplos como o de esmiuzar calquera outra cousa.

Para algúns escritores **esfarelar** é algo así como "converter en pó": *déixase ferver a todo*, *pro non tanto que se esfarelen as rebanadas de pan* (Cunqueiro), *a merda brancuxenta e reseca*, *xa medio esfarelada do lobo* (F. Ferreiro), *Alveiros era o Orfeu*, *esmendrellouse*, *esnaquizouse*, *esfarelouse*, *desfíxose* (Risco), *Algúns cadullos esfarelábanse debaixo dos meus zocos* (Neira Vilas).

Esfarelarse equivale pois a desfacerse para bastante autores: *longas barbas de pedra arrebatada*... *¡Perdóeme*, *perdóeme*, *eu son un neno! Esfarelouse* (Dieste), *semella que queren ir perdendo corpo*, *coma se se esfarelasen* (P. Martín).

E **esfarelarse** ou **esfarelar** é moi usado polo noso escritor Rafael Dieste na significación de desaparecer ou facer desaparecer: *dicimos tan pouco que un vento velaíño abonda pra esfarelalo*..., *que os estados de ánimo*, *según os espontaneístas*, *se esfarelan*..., *perdurar nun cativo presente esfarelado*... E atopamos exemplos semellantes noutros autores: *cómo se esmorea lentamente en marraxós de luz e se esfarela* (Iglesia Alvariño), *A vila esmorecía hixiénica e moralmente*. *Esfarelábase* (Cortezón).

Por tanto podemos dicir que a *Fiestra da lingua* de hoxe se esfarela.

1281. Unha cultura esfrangullada

Xa vimos como Rafael Dieste e outros escritores usaron frecuentemente o verbo **esfarelar** na significación de facer desaparecer ou desaparecerse ou romperse algo por completo. Outro uso en sentido figurado semellante faino Dieste co verbo **esfrangullar** segundo vemos nestas frases que tomamos de *Antre a terra e o ceo*: *Unha cultura esfrangullada é un contrasenso...*, *Os grupos verdadeiramente homoxéneos fican esfrangullados no seo dun continxente amorfo... Esfrangullaríase o seu influxo...*

Hai algún outro escritor que emprega tamén este verbo nesa significación figurada como se comproba nesta frase de Blanco Amor: *éncheseme o peito dunha forza tal coma si se me fora a esfrangullar dun esboiro*, pero a nivel da fala oral **esfrangullar** é desfacer algo en anacos pequenos, segundo vemos nesta frase de S. Toro: *mentras ela*, *anicada na lareira*, *esfrangulla boroa nunha cunca*.

Teño que dicir que entre os falantes é máis fácil escoita-la forma **esfaragullar** (forma admitida na normativa oficial) ou mesmo a variante **esfarangullar** que **esfrangullar**.

Está claro que os nomes comúns que se corresponden con estes verbos son **faragulla**, **farangulla** e **frangulla**. Esta última voz é usada por bastantes escritores no seu sentido máis popular, o de anaco moi pequeno que se solta do pan ou doutros alimentos feitos con fariña ou de outra cousa: *Fun chegando á miña casa*, *toda rendida de andar*, *non tiña nela frangulla con que poidera cear* (Rosalía), *cacheaban no ermo mantel as frangulliñas de pan* (Castelao), *asomábase á galería que da ó xardín pra lle dare frangullas ós paxaros* (Blanco Amor)...

E naturalmente atopamos moitos textos nos que aparece usado **frangulla** cunha significación ampla de parte pequena de calquera cousa ou calquera idea: *Parolaban moi quedo e non entendían frangulla* (Neira Vilas).

Tamén aparece **frangulla** en Dieste: *miolo*, *frangulla*, *migalla*. Pero son moitos os autores que prefiren usar **faragulla** tanto no seu sentido propio: *os peixes acoden ás faragullas de pan* (Otero Pedrayo), *faragullas de prata e vidro* (Cunqueiro), *despois de probar unhas faragullas* (D. X. Cabana), coma na significación figurada: *á procura dunhas faragullas de ciencia* (Alcalá), *non nos queda nin faragulla de audacia* (Tosar).

E canto dixemos de **esfrangullar** e **frangulla** poderiamos dicilo do verbo **esmigallar** e do nome **migalla** (*sen que eu puxera nisto nin migalla de inxenio*, de Dieste).

1282. Grandallón ou langrán

Cando alguén ou algo é máis grande do normal podemos dicir que é **grandal**, adxectivo recollido nos diccionarios, pero non moi popular. Coido que é máis corrente emprega-la voz **grandallón**, que existe tamén en portugués e que corresponde ó castelán *grandullón*. Dieste en *Dos arquivos do trasno* califica así a un mozo: *E ti*, *mozo grandallón que agardas o herdo da tía maniática xogando ao dominó*, *¿tés vergoña e varonía?* Xavier Alcalá tamén califica así a un crego: *Un crego grandallón atalaiouse no xardín por cima da explanada*.

Outra maneira de dicir grandal é **grandichón**, que vemos empregado por Dieste tanto para referirse a unha persoa (*e aquel outro compañeiro*, *coma il grandichón*, *que aínda quedaba alí*), coma a un monte (*dos nosos montes*, *tan grandichóns e xenerosos*).

No libro *Cartafol da lingua* xa fixemos mención dun sinónimo destas voces. Trátase de **langrán**, que ten a súa orixe probablemente en **longo** e **largo** e que as xentes empregan para cualificar a homes que teñen unha altura moi grande e desproporcionada e tamén ós que son bastante vagos. Véxase este exemplo de C. E. Ferreiro: *O vento que fungaba nas vereas era un home langrán envolto en brétema cun fol ó lombo pra levar meniñas*.

Eladio Rodríguez xa rexistrou estoutras voces con igual significacións: **talangrán**, **talirán**, **tangaleirón**, **tangalleiro**, que dan a impresión de palabras que son semellantes ás xa citadas e que as xentes modifican na súa fala individual por cruzamentos dunhas voces con outras. Curiosamente teño que sinalar que Fole fixo uso da voz **tangaleirán**: *O Pedro era un tangaleirán loiro*, *que tiña máis forcia que unha besta*.

De quen é grandal podemos dicir igualmente **camastrón**, **alarba**, **alarbe** (*E verás muitos alarbes centulos e maricallos cazoleiros*, de X. M. Pintos), ou **alarbio** (*¿Pensabas que non hai máis que facer fillos ou qué? ¡Alarbio! ¡Lurco!*, de Castelao).

E citemos hoxe por último a voz **mangallón**, que ten unha orixe non moi clara, acaso derivada de **manga** ou de **mango**. Está recollida en tódolos diccionarios nos que se sinala que se aplica sobre todo ós rapaces, como vemos nesta frase de Castelao: *A tía Ádega esmirriada*, *de pé*, *co mangallón do sobriño á súa veira*. Sen embargo **mangallón** ten tamén outra significación moi popular da que falaremos no próximo comentario.

1283. Mangallón, lacazán, folgazán e preguiceiro

Mangallón, ademais de significa-lo mesmo que as palabras citadas no comentario anterior, pode equivaler a toda unha serie de voces que se usan para falar de quen quere vivir sen traballar, sen facer nada... Rafael Dieste, en *Dos arquivos do trasno*, fai así a descrición dun vagabundo: *Nas pequenas vilas mariñeiras nunca falla un solitario*, *andador e farrapento*. *Iste solitario é como di a xente*, *un mangallón*, *un vagamundo*. E continúa empregando esta voz varias veces: *queren escorrentala súa competenza esmoleira chamándolle mangallón...*, *xa é un mangallón...*, *¡il*, *tan mangallón!...*

Naturalmente como sinónimo desta voz, podemos escoitar a un falante dicir **manguán**, **manguelo**, **mangón**, **mangoletas**, **mangoleiro** e sobre todo **mangante**, que é a preferida polos escritores: *Probiño...*, *mangante...*, *coitadiño...* (Fole), *Solía dicir iste mangante*: *cando fuxas...* (C. E. Ferreiro), *vai observando desfilar esa fervenza de ociosos e mangantes* (Rábade).

O adxectivo máis espallado en toda Galicia para chamar a este tipo de xente é **lacazán** (hai quen di **lacaceiro**), voz moi usada igualmente polos escritores: *papando a mosca coma pasmós*, *lacazás...* (Risco), *El era manso*, *doce*, *alabeeiro*, *pero tamén lacazán* (Castelao), *¡Fora de eí*, *lacazás*, *perdularios*, *ou saio coa tranca!* (Blanco Amor)...

Case tan corrente é **folgazán** na conversa normal pero coido que non é moi querido polos escritores talvez pola súa semellanza co castelán *holgazán*: *marmuraciós que van e veñen duns a outros nesta vila de folgazás* (Blanco Amor), *primeiro chamoulles folgazáns a Lier e Plastiras* (Gonsar), *imaxinar que clase de xente enchía os meus desexos*: *folgazáns*, *porcos...* (P. Martín).

Palabra tan popular como lacazán ou folgazán é **preguiceiro**, é dicir, quen ten preguiza ou falta de vontade para traballar ou realizar calquera acción. Penso que cada falante ten preferencia distinta no uso destas voces que os lingüistas chamamos sinónimos. Vexamos estes exemplos literarios: *quizáis triste si a miramos con ollos preguiceiros* (Dieste), *¿Quen son? Son os preguiceiros*, *que vindo tarde ó traballo queren cobrar os primeiros* (Curros), *Folgaron aínda un pedazo preguiceiros* (Cabana)...

Hai falantes e escritores que usan a variante **preguizoso**: *era un tipo calado e preguizoso* (Cunqueiro), *mellor un preguizoso que un fanático* (Casares), outros **perguiceiro**: *Os mortos son uns perguiceiros* (Castelao), *cando as velas perduraban floxas e perguiceiras* (Dieste), e outros **perguezoso**, **pirguiceiro**, **pirguizán**, **preguizas**, etc.

1284. Vagos e vagamundos

A palabra tan corrente **vago** é moi empregada a tódolos niveis da lingua no sentido de impreciso, non claro, pouco definido, como vemos nestas frases de Dieste: *Ises tanteios tan perigrosos e indecisos na vaga sombra do esprito coleitivo*..., *as máis vagas e remotas lembranzas dos máis vellos*..., *empregouse un termo vago*..., *anceio vago de morrer*..., *romores vagos da tristura de sempre*...

Pero **vago** é chamado tamén a quen non lle gusta traballar, a quen é preguiceiro, segundo vemos nestas frases: *Parouse o vago*..., *foi un ladrón ousado e vago*..., *os ousados e vagos navegantes* (Pondal), *Eu tamén son algo vaga*, *esfórzome cando non queda remedio* (U. Heinze).

E da mesma familia é a voz **vagabundo** que fundamentalmente se aplica a quen vive indo dun lugar a outro, a quen é errante, moi viaxeiro e aventureiro: *que a Deus me encomenden os ventos vagabundos* (Díaz Castro), *os maravillosos e vagabundos bardos* (Pondal), *quero ser un xograr vagabundo* (D. X. Cabana), *os corvos son coma vagabundos*, *coma foraxidos* (M. Rivas)...

Algúns falantes e bastantes escritores cambiaron a terminación *-bando* desta voz por *-mundo*, xa que entenden que os vagabundos son xentes que vagan polo mundo. De aí que hai xentes que din **vagamundo** e moitos escritores que a escriben así: *non me teñas temor*, *non son un vagamundo* (Pondal), *de noite unha luzada vagamunda* (Cunqueiro), *Semellaba un vagamundo* (Neira Vilas)...

E o noso comentado autor, Rafael Dieste, fai bastante uso desta voz, ben coma adxectivo (*o xantar miserento compartido cun can vagamundo*) e ben coma nome común (*Hai moito andarín e moito vagamundo*). En *Dos arquivos do trasno* hai unha narración sobre "O vagamundo": *é*, *como di a xente un mangallón*, *un vagamundo*..., *Alí fai o vagamundo a súa escolma*..., *Iste vagamundo sabe moitas cousas*..., etc., etc.

Para rematar con este mundo de mangallóns e preguiceiros sinalarei outra serie de voces que funcionan como sinónimos: **gandulo** (*Ídevos que hoxe non estou para aturar gandulos*, de Castelao; *i o tempo dos gandulos que niños van buscar*, de Curros), **larchán** (*viña o larchán en demanda do corozo*, de Castelao; *borracho pro non larchán*, de Blanco Amor), **lercho** (*acugulada de lingoateiras lerchas*, de Cortezón), **nugallán** (*Non sexas nugallán para morrer*, de Castelao; *aburríanse*, *voltábanse nugalláns e os mozos emigraban*, de Cortezón), etc.

1285. Lubricán e mencer

En *Dos arquivos do trasno* fala dun vello que *Un día sinteu frio e acochouse no leito con degoro dun longo repouso*, *a face perdida en non se sabe qué lonxano lubricán*. ¿Que significa **lubricán**? En principio pensei que se referiría a algo así coma un **lubicán** ou **lobicán**, cruzamento dun lobo cun can, para significar algo inconcreto, pero logo lendo *Antre a terra e o ceo* atopei outros textos nos que volve aparecer

esta palabra: *seguiren unha estrada endexamáis rematada*, *cara ao seu lubricán*..., *Lubricán e serán sempre aguilloan*, *co seu misterioso engado de promesa ou tristura*...

Queda claro xa por estes textos que **lubricán** significa amañecer ou crepúsculo matutino, sentido que recolle xa o diccionario de Eladio Rodríguez. De todos modos quero dicir que nunca atopei na lingua escrita nin na fala popular, a pesar de centenares de enquisas que realizamos sobre o tempo en toda Galicia, esa forma que nos lembra outras semellantes como **lobregar**, **lumbrigar**, voz esta última que empregan tamén algúns escritores: *case ó lumbrigar do día* (Fole), *a media luz do lumbrigar* (F. del Riego), *racha a lumbrigar o día* (Manuel María).

Penso pois que esta voz **lubricán** é un cruzamento de varias voces como **lumbrigar**, **lobregar**, **lobicán**, **lubicán**, **lubricar**, etc.

Como sinónimo desta voz atopo **alborexar** nestoutro texto de *Antre a terra e o ceo*: *horizontes do sentir galego*, *valan pra ti*, *niste alborexar aínda dubidoso*, cun certo significado de amañecer en sentido figurativo. **Alborexar**, descendente de **albor**, é usado por bastantes falantes e ten distintas variantes: **alborar**, **alborear**, **albrexar**,...

Pero as voces máis estendidas por toda Galicia para denomina-las primeiras horas do día son as descendentes da voz latina ADMANESCERE, que se transformou en **amaecer**, **amaicer**, **amencer**, **mencer**, **amañecer**, etc., forma esta última que é a máis popular e a máis empregada polos escritores.

Sen embargo hai tamén bastantes escritores que usan **mencer**, como vemos nestes exemplos de Dieste (*soio queda pra o mencer un triste borrallo*), Cunqueiro (*ao mencer estaba a camareira máis vella*), Iglesia Alvariño (*Nelas se esperta o vento do mencer*), Blanco Amor (*as luzadas moi borrallentas do mencer*), Díaz Castro (*chagado pola luz daquel mencer*), Cortezón (*comenzaron a falar ate o mencer*), M. Ferrín (*Aquel mencer trouxérannos un bon regalo*), M. María (*tremelucindo ó mencer*), etc.

1286. Abraiado ou pasmado

Cando queremos provocar en alguén un sentimento de admiración, asombro, espanto ou viva impresión, o que facemos é abraialo. O verbo **abraiar**, que é tipicamente galego e que ten unha orixe etimolóxica descoñecida, ten un uso bastante popular e literario: *o teu humor non se satisfará só con abraiar ó meu amable hospedeiro* (D. X. Cabana), *cunha donidá que abraia a todos* (Conde), *A Mauro abraiábao a visión da desfeita* (F. del Riego).

Naturalmente tamén é moi popular o derivado verbal **abraiante** como vemos nestes exemplos: *desacougado por abraiantes pesadillas* (Fole), *Atravésalle a Mauro un pesadelo abraiante* (F. del Riego) e aínda máis o participio ou adxectivo **abraiado**, usado por Dieste nesta frase para explica-la situación do protagonista de *A fiestra valdeira*: *Moi abraiado por dialéctica*, *pero comprendendo*, e por moitos autores: *Rañolas quedouse abraiado*, *sen dar creto ás verbas da vella* (Castelao), *estou abraiado na soedade* (Otero Pedrayo), *escoitaban abraiadas historias que nacían alí mesmo* (Conde).

Igualmente é bastante usado o nome **abraio**, como sinónimo de admiración, asombro, impresión, etc., segundo vemos nestas frases: *Stephen vai caer en abraio ausoluto* (G. Sabell), *asisten con abraio ao que está acontecendo* (M. Ferrín), *reposto do abraio que lle sacara a fala* (Alcalá), *Puxo ela ollos de abraio e respondeu* (Conde)...

Penso que na práctica toda esta serie de exemplos que puxemos desta familia de palabras de **abraiar** e os seus derivados, podería ser substituída por **pasmar**, **pasmo**, etc. En *Glosas da lingua* xa fixémo-la historia destas voces procedentes da palabra latina SPASMUS que conservan nalgures o seu significado primitivo, pero que pasaron tamén a tódolos niveis da lingua a funcionar como sinónimos de **abraiar**, **abraio**, etc.

Así pois **pasmo** é algo máis ca unha enfermidade; é un abraio: *os presentes ficaron quedos e mudos*, *nun grande pasmo* (Cunqueiro), *aquel que tanta admiración e pasmo causou na cerimonia das vodas* (Freixanes), *miráronse de novo entre si*, *con pasmo de semellantes palabras* (F. Ferreiro).

E **pasmar** é tamén algo máis que colle-la enfermidade do pasmo, segundo vemos por estes exemplos: *pásmase diante dun pintor* (Castelao), *o sochantre pasmaba daquel decir cortés que tiña* (Cunqueiro), *A todos pasma a longa capa de armiño* (Freixanes)...

Loxicamente quen queda **abraiado** por algo pode quedar **pasmado**, forma que coido é aínda máis popular a tódolos niveis da lingua: *Pedro quedábase pasmado diante da súa sabencia* (Castelao), *pasmados do lenguaxe feiticeiro* (Cabanillas), *Muller... déixasme pasmada* (S. Toro)... E ós que quedan pasmados por algo podemos chamalos tamén **pasmosos** ou **pasmóns**.

1287. Pampo, asombrado e atónito

Quedar abraiado ou pasmado pode decirse tamén en galego así: quedar **pampo**, adxectivo este que funciona coma nome substantivo para designa-lo pámpano e un tipo de peixe. Son moitos os exemplos que podemos ver do uso deste adxectivo nos nosos escritores: *Abrín os ollos e quedei pampo* (Cunqueiro), *Lucrecia escoita a palabra do cabaleiro e finca pampa* (Freixanes), *Quedámonos pampos cando o señor Secretario lles respondeu que si* (Conde), *unha tarde que fun á súa casa quedei pampa* (X. Torres)...

Moi popular tamén a tódolos niveis da lingua é o derivado desta voz, **apampado**, que ten a mesma significación: *apareceu de súpeto e ficamos apampados* (X. Torres), *Algúns ríanse*, *apampados*, *non sabendo que cismar daquel* (Cortezón), *recio coma min*, *un pouco apampado e tenso* (Conde). E **apampado** ten unha variante, **apampanado**, que usan algunhas xentes e escritores: *estás apampanada*, *cando estás namorada* (U. Heinze).

Pero aínda é máis popular, para explicar esta situación de sentir unha grande impresión, o participio ou adxectivo **asombrado**, que usou varias veces Rafael Dieste (*Doña Balbina colle o anteollo asombrada...*, *caras de neno asombrado*) e outros moitos escritores: *todos quédanse asombrados un istante sin sentir* (Curros), *facéndome o asombrado* (Gonsar), *asombrado el tamén do espantoso suceso* (Freixanes)...

Naturalmente o verbo **asombrar** ten a significación orixinaria de dar sombra ou cubrir de sombra que loxicamente é bastante usada na fala popular, pero a significación figurada, é dicir, na mesma de abraiarse ou pasmarse, é coñecida igualmente por calquera falante e moi empregada polos escritores de tódalas épocas. Sirvan como modelo estas frases de Dieste que o empregou en moitas ocasións: *¿Asómbralle como falo?...*, *Repetindo*, *sen se decatar*, *para mais asombrarse daquel pau...*, *Aquel neno non se asombraba de ir en tren...*, *asombrouse de non ver as cruces...*

E o nome derivado deste verbo, **asombro**, tamén é bastante empregado por falantes e escritores: *Des mulleres con caras de asombro* (Castelao), *estas milenarias ruínas que son asombro dos séculos* (Freixanes), *Con certo humor*, *non sen asombro...*, *Temos que nos axionllar cheos de asombro e relixiosidade diante dise regalo* (Dieste).

Sen embargo o cultismo común coas linguas irmás, **atónito**, é moi inusual a tódolos niveis da lingua. Algún escritor, como Curros, intentou "galeguizalo" escribíndoo así *atóneto*, pero os poucos que o usan manteñen a forma normal.

1288. Sorprendido, marabillado, impresionado...

Hai outras moitas maneiras de dicir *quedei abraiado* ademais das xa citadas. Empecemos por **sorprendido**, empregado normalmente na significación de "encontrado facendo algo que non quería que se vise", pero usado ás veces no mesmo sentido de **abraiado**, como vemos nestas frases: *Roque mirou mui sorprendido ao fato Pastor* (Cunqueiro), *Euclides Trapote*, *entre sorprendido e alritado*, *ía responderlle* (Cortezón), *quedou paralizado*, *sorprendido por unha reacción coa que non contaba* (Casares), *¿Pero non tiñas un día moi liado? Agora Clara quedou sorprendida* (Conde).

Nesa mesma significación é bastante normal dicir **marabillado** (ou **maravillado**, como se escribe tradicionalmente), segundo vemos por estas frases: *Os que volven fachendiscos ou maravillados* (Dieste), *labregos que veñen a min maravillados* (Otero Pedrayo), *fai un galego dediante dun tesouro*, *xa desconfiado*, *xa maravillado* (Cunqueiro), *e sempre voltaba das execucións maravillado* (X. R. Pena).

Está claro que cando recibimos no ánimo determinada sensación do que vemos, escoitamos, etc., é dicir, unha determinada impresión, quedamos **impresionados**, voz moi empregada a tódolos niveis da lingua: *escoitou pasmado as dramáticas lembranzas*. *Pregunta impresionado ¿E Laura a túa muller* (F. del Riego), *Viña impresionado como viña sempre que tivera que atravesa-lo barrio* (Conde), *Impresionado pola súa propia imaxe e asustado polas voces* (Casares).

Loxicamente nesta mesma liña teremos que citar **admirado** moi corrente tamén no uso da lingua falada e da escrita: *E os labregos*, *admirados*, *engrumados* (Cortezón), *teima a prioresa admirada* (Freixanes), *Eu estaba admirado da facilidade con que Lier cambiara de actitude* (X. R. Pena)...

E podemos quedar **alucinados** cando contemplamos algo que nos deixa sorprendidos ou impresionados: *coma un daqueles frades alucinados que seguen os pasos de Savonarola* (Freixanes), *Eu quedei alucinada*, *porque se chega a ser miña nai*... (U. Heinze), *corrían de aquí a acolá alucinados* (F. del Riego).

Incluso podemos quedar **deslumbrados** sen que sexa un exceso de luz o que nos produce unha case cegueira, senón un feito ou acontecemento que nos sorprende ou impresiona: *vén deslumbrada do esplendor da festa* (Freixanes), *os cabelos pieitando cun lindo peite de ouro que deslumbraba ó miralo* (Pondal)...

Os falantes non teñen límite no amplo uso das voces. Sen ningunha dúbida poderiamos indicalo funcionamento doutras voces como sinónimos das indicadas: **conturbado**, **conmovido**, **afectado**, **perturbado**, **perplexo**, **atordoado**, etc., etc.

1289. Seguimos aglaiados

Segundo o filólogo Corominas o verbo catalán *esglaiar*, que significa asustar, amedrentar, aterrar, aterrecer, pasou a varios dialectos peninsulares como **aglayar**. Sen embargo o filólogo García de Diego pensa que este verbo é un derivado da palabra latina **gladius** "espada" e desta opinión é o "Diccionario

histórico de la lengua española" que recolle textos do século dezasete e dezaoito nos que aparece este verbo coa significación de espantar, atemorizar, pasmar, sobresaltar.

No diccionario de Eladio Rodríguez aparece **aglaiarse** con esta explicación: "Aglayarse, pasmarse, asombrarse, quedarse absorto. Voz del castellano antiguo", que penso que reflicte bastante ben o uso que do participio deste verbo fixo moi amplamente Rafael Dieste. En *A fiestra valdeira* Don Miguel escoita unha historia e o autor di como ten que falar: *rindo aglaiado*, *pero non escéptico*.

En *Dos arquivos do trasno* aparece varias veces nesa significación de asombrado, asustado ou espantado: *Sentíuse soia por primeira vez*, *e como aglaiada*, *aínda máis que espavorecida*, *de aquela soedade*..., *Os nenos... deberon de se quedar moi aglaiados cando llas* (*cousas*) *amostraron á nai*, *e viron que rompía a chorar*..., *viña xa o tren... e deseguida todo ficou en gran silenzo diante dos ollos aglaiados dun labrego vello*..., *De súpito hai un aglaiado rosmar de moitas pezas*...

Nesta mesma liña de significacións está o emprego que fai F. del Riego do participio **aglaiante**: *Unha atmósfera mesta*, *traspasada de verbas aglaiantes*, *minguaba o reverter das horas*..., *quizais un pexego acalme a súa sede aglaiante*..., *Os sons*, *graves*, *melancólicos*, *teñen un algo de tenro e aglaiante*.

Naturalmente deste verbo naceu o nome **aglaio**, que xa recolleu o diccionario de Cuveiro como forma anticuada por asombro e que Eladio Rodríguez definiu así: "Aglayo, asombro, pasmo, deslumbramiento". E xustamente é Rafael Dieste quen máis uso fai deste nome e non sei se xeralmente foi el quen introduciu este castelanismo.

Nas súas obras usa bastantes veces este nome: *Tódalas testas dos velliños... ergueríanse nun babeco aglaio*..., *calaron e escoitaron con xesto de aglaio inquiridor e atento*..., *erguendo os ollos por vegadas con crecente aglaio... Nos rostos máis veteranos leríase o máis alarmado aglaio*.

E hai tamén algúns outros autores que fan uso desta palabra descoñecida na fala: *con xestos de aglaio e indinación* (F. de la Vega), *Ollámolo con aglaio e calamos* (Neira Vilas)...

1290. Algo que está fonxe

Lendo "Suterludio", narración de *Antre a terra e o ceo*, atopei que Rafael Dieste fai uso do adxectivo **fonxe** nestas frases: *Permitide unha vez que escomence a falar así de súpeto... deixándome caír*, *como nun leito fonxe*, *acolledor*..., *afondirse na fonxe almofada do descanso*..., palabra que usou tamén en *Dos arquivos do trasno*: *O indiano agoniaba no seu leito*, *naquel leito en que o fonxe casulo*, *regalía dos probes*, *fora substituído pola fina molura de lan ben castigada*.

Esta voz non aparece rexistrada nos diccionarios modernos, pero si nos de Cuveiro e de Eladio Rodríguez como "blando, muelle, esponjoso, suave". Trátase dunha palabra de pouco uso actualmente que é semellante á castelá *fonje* e á catalana *floujo* e de orixe non clara. Talvez, como pensou García de Diego, sexa un derivado do latín FUNGIDUS "fungoso", é dicir, que se aplica a algo que é brando coma un fungo.

Hai algúns escritores que fixeron uso desta voz pouco coñecida actualmente como Cotarelo (*cando no fonxe vran o sol arreita lume*) e Cortezón (*Canso*, *esmacelado*, *fonxe*, *esgotado*..., *un ser macío*, *fonxe*..., *Os comerciantes de fonxes bandullos*).

Naturalmente a maioría dos escritores prefiren o uso do adxectivo **brando** como vemos nestas frases: *pra que Balboa tivera ouro e sedas*, *brando leito*, *mozas*... (Cabanillas), *morrer en brando leito*

(Pondal), *quedar enterrada naquela terra branda da ribeira* (Cunqueiro), *as cóchegas brandas*, *as loitas alegres* (Rosalía)...

Pero Rafael Dieste gusta máis do adxectivo **mol**, que emprega moitas veces nun sentido figurativo: *Por iso vostede sinteu o anceio moi natural de curala do susto*. *E por iso despois foi mol demáis*. *O mesmo que agora*, *cando coida ter sido mol démais conmigo*..., *Un andar mol*, *amortecido*..., *Co isa mol argamasa*..., *Persoas de ánimo inquedo*, *mol*, *movedizo*... E poderiamos engadir moitos exemplos doutros escritores: *No mencer da herba mol caiéu unha estrela viva* (Cunqueiro), *os seus pés afúndense na terra mol* (F. del Riego), *triscóu nas beiras do céspede mol* (M. Ferrín).

Loxicamente e seguindo a definición que de **fonxe** fixo Eladio Rodríguez poderiamos citar moitos exemplos do uso de **esponxoso** e **suave** con significacións semellantes ás palabras citadas. *Había un tema nuclear e moi tanxible*, *pero esponxoso e leve como un soño* (Rábade), *afagos de suaves brisas* (Curros), *non coroados de suaves frores* (Pondal), *man fría de ditos fríos*, *escorregadizos e suaves coma a neve* (Dieste)...

1291. Fonchos e rufos

Case con toda seguridade podemos dicir que a palabra citada no comentario anterior **fonxe** ten como variante súa a voz **foncho**, que está recollida en case tódolos diccionarios e que ten fundamentalmente a mesma significación de oco, inchado, esponxoso, pero que é empregado sobre todo polos escritores no sentido figurativo de presumido, presuntuoso, vaidoso, etc., segundo vemos nestas frases: *seguidos de seus abós*, *ela de alegría foncha*, *el morréndose de amor*..., *mentres me fita de esguello*, *mostrouse foncha*, *sonora* (Curros), *xa pra casa volvían sanos e fonchos* (Leiras Pulpeiro), *o neno síntese moi foncho de par de seu abó* (Neira Vilas).

E de **foncho** naceu o verbo **enfoncharse** coa significación de encherse de vaidade, como vemos nestas frases de Castelao (*Antramentras o larpeiro se enfonchaba de ledicia*..., *el*, *que fora o mozo máis enfonchado da vida*), e Otero Pedrayo (*Frolinda ditosa e enfonchada por telo na casa*..., *pra falar tan enfouchado*).

Curiosamente hai que sinalar tamén a existencia da variante **fanchoso** que vin empregada por Blanco Amor: *e vámolos a foder todos esta noite*, *dixo*, *moi fonchoso*, *o Milhomes*.

Do que está **foncho** podemos dicir que está **finchado**: *cos seus pantalóns finchados* (Otero Pedrayo), *saíu do armario un traxe finchado* (Fole), *amosou a cara finchada* (M. Ferrín), palabra usada igualmente no sentido figurativo: *Simonetta aplaude*, *relouca de alegría*, *finchada coma unha pola*... *Velaí vai*: *finchado e cerimonioso* (Freixanes), *finchado e ríxido dentro do uniforme de Brigadeiro* (M. Ferrín).

E ó lado de **finchado** temos que cita-las formas máis correctas de **inchado**: *rompendo a vena inchada* (Rosalía), *antre as colunas salomónicas inchadas* (Risco), *quizáis estarán inchados*, *medrando coma un sopro da mocidade* (F. del Riego) e **inflado**: *a cara inflada e bermella* (Castelao)...

Na mesma significación figurativa de **foncho** podemos emprega-lo adxectivo tan corrente, **rufo**, como vemos nestas frases: *ós homes que non lles conviñan cando se puñan rufos en demasia* (Blanco Amor), *disque que lles dan viño pra que anden máis rufos* (Neira Vilas), *e díxomo así tan rufo que eu*... *encristeime* (Conde), pero Rafael Dieste emprégao na súa significación normal: *O vello estaba rufo*, *curado polo sol i o arume dos piñeiros*.

Naturalmente son **fonchos** e **rufos** os **vaidosos** (*Amoloume algo meu amo*, *que me puxo de mentecato vaidoso*, de Cunqueiro), os **ufanos** (*dixen eu moi ufano*, *facéndome o home de mundo*, de M. Ferrín) e outros adxectivos dos que falaremos no próximo comentario.

1292. Fonchos e rufos

Case con toda seguridade podemos dicir que a palabra citada no comentario anterior **fonxe** ten como variante súa a voz **foncho**, que está recollida en case tódolos diccionarios e que ten fundamentalmente a mesma significación de oco, inchado, esponxoso, pero que é empregado sobre todo polos escritores no sentido figurativo de presumido, presuntuoso, vaidoso, etc., segundo vemos nestas frases: *seguidos de seus abós*, *ela de alegría foncha*, *el morréndose de amor...*, *mentres me fita de esguello*, *mostrouse foncha*, *sonora* (Curros), *xa pra casa volvían sanos e fonchos* (Leiras Pulpeiro), *o neno síntese moi foncho de par de seu abó* (Neira Vilas).

E de **foncho** naceu o verbo **enfoncharse** coa significación de encherse de vaidade, como vemos nestas frases de Castelao (*Antramentras o larpeiro se enfonchaba de ledicia...*, *el*, *que fora o mozo máis enfonchado da vida*), e Otero Pedrayo (*Frolinda ditosa e enfonchada por telo na casa...*, *pra falar tan enfouchado*).

Curiosamente hai que sinalar tamén a existencia da variante **fanchoso** que vin empregada por Blanco Amor: *e vámolos a foder todos esta noite*, *dixo*, *moi fonchoso*, *o Milhomes*.

Do que está **foncho** podemos dicir que está **finchado**: *cos seus pantalóns finchados* (Otero Pedrayo), *saíu do armario un traxe finchado* (Fole), *amosou a cara finchada* (M. Ferrín), palabra usada igualmente no sentido figurativo: *Simonetta aplaude*, *relouca de alegría*, *finchada coma unha pola... Velaí vai*: *finchado e cerimonioso* (Freixanes), *finchado e ríxido dentro do uniforme de Brigadeiro* (M. Ferrín).

E ó lado de **finchado** temos que cita-las formas máis correctas de **inchado**: *rompendo a vena inchada* (Rosalía), *antre as colunas salomónicas inchadas* (Risco), *quizáis estarán inchados*, *medrando coma un sopro da mocidade* (F. del Riego) e **inflado**: *a cara inflada e bermella* (Castelao)...

Na mesma significación figurativa de **foncho** podemos emprega-lo adxectivo tan corrente, **rufo**, como vemos nestas frases: *ós homes que non lles conviñan cando se puñan rufos en demasia* (Blanco Amor), *disque que lles dan viño pra que anden máis rufos* (Neira Vilas), *e díxomo así tan rufo que eu... encristeime* (Conde), pero Rafael Dieste emprégao na súa significación normal: *O vello estaba rufo*, *curado polo sol i o arume dos piñeiros*.

Naturalmente son **fonchos** e **rufos** os **vaidosos** (*Amoloume algo meu amo*, *que me puxo de mentecato vaidoso*, de Cunqueiro), os **ufanos** (*dixen eu moi ufano*, *facéndome o home de mundo*, de M. Ferrín) e outros adxectivos dos que falaremos no próximo comentario.

1293. Orgullosos e fachendosos

Para cualificar a quen son fonchos, ostentosos, rufos, vaidosos podemos empregar moitas outras palabras: **presuntuoso** (voz bastante culta e pouco empregada na fala), **presumido** (*ter tido razón descontra un home tan presumido coma aquel forasteiro*, de Dieste), **orgulloso**, voz popular e bastante usada literariamente: *fai orgullosa mostra* (Pondal), *séntese orgulloso de ter estado na primeira liña* (M. Ferrín), *garrido e orgulloso coma un deus antigo* (Freixanes)...

Pero teño que deixar constancia da existencia da forma **orguloso** que empregaron bastantes escritores talvez pensando que **orgulloso** era un castelanismo. E naturalmente fixeron o mesmo co nome **orgullo**, que converteron en **orgulo**. Véxanse estes exemplos de Rafael Dieste (*Sinto*, *sí*, *un certo orgulo alá por dentro*..., *tamén un pouco orguloso dos mariñeiros*), Castelao (*o endiañado orgulo de perdoar humillando*), Otero Pedrayo (*Iste mozo ten vergonza e orgulo de ser venecián*..., *orguloso coma un rei*), Cortezón (*Agromáballes certo orgulo*..., *o vello*, *orguloso no fondo*), C.E. Ferreiro (*os bronces orgulosos*)...

O orgullo, vaidade, aprecio esaxerado das calidades propias é denominado por case tódolos galegos **fachenda**, voz que aparece moreas de veces nas obras de Dieste: *Eu non teño fachenda da probeza*..., *o vagamundo mostra certa fachenda no andar*..., *E o dibuxante fica moi satisfeito e cheo de fachenda*... Esta palabra foi e é moi usada polos escritores: *i esto con tal chistura e con fachenda tanta* (Rosalía), *e con fachenda miroume* (Pondal), *¡Qué fachenda sinteu Pedriño!* (Castelao), *Era de moita fachenda e moi botado pra diante* (Fole).

Loxicamente **fachendoso** é voz moi común a tódolos niveis da lingua: *os de Masma foron sempre fachendosos* (Leiras Pulpeiro), *campaban letreiros fachendosos* (Castelao), *Hai xente fachendosa en todas partes* (Cunqueiro), *locían as máis e fachendosas calcomanías*, de Dieste, que usa moitas veces a variante **fachendisco**: *¡Fachendisco*, *larpeiro*, *enredante!*..., *Os que volven*, *fachendiscos ou maravillados*...

Gabancioso, **gabacho**, **farfallán**, **fanfarrón**, **farfantón**, e outras voces máis poden funcionar como sinónimas de tódalas voces citadas. Como curiosidade cerramos este comentario coa voz **farruco** que ten moito uso entre os escritores: *como non te poñas farruco á primeira que te descuides ásante vivo* (X. Torres), *e sempre o Xan era o rei farruco* (Conde)...

1294. Alicerces ou fundamentos

A parte inferior de calquera construcción, situada xeralmente baixo a superficie da terra, e sostén do seu peso é chamada por bastantes falantes **alicerces**. Esta voz, que ten as variantes dialectais **licercios** e **lizaces**, ten orixe árabe e temos xa constancia do seu uso nos textos medievais e coñécena tanto os portugueses coma os casteláns, se ben estes xa a teñen esquecida baixo a forma *alizace*, que era a máis empregada.

Os nosos escritores fan uso desta voz tanto na significación citada coma na figurada de principio sobre o que se apoia unha idea ou unha teoría: *as cruces góticas máis antigas non conservan os pedróns orixinaes que lle servían de alicerce*..., *alicerce da riqueza común* (Castelao), *un grande furado*, *arrente ó chao*, *que se metía polos alicerces do muro* (Blanco Amor), *velaí o solar dos Primeiros Mártires*, *alicerce e cadeira da Santa Irmandade* (Freixanes). Tamén o usou Rafael Dieste nese significado figurativo: *¿coida que non vai padecer nos seus alicerces?*

Sen embargo actualmente é moito máis empregada a tódolos niveis da lingua a voz de orixe latina **cimentos** en ámbolos dous significados: *Sen pleo coñecimento delas o demais non terá cimentos* (R. Dieste), *bica as mans que na Suevia esnaquizada puxo os cimentos da Galicia nova* (Cabanillas), *abalar os cimentos do mundo civilizado* (Risco), *Estes non son poemas*, *nin cimentos de poemas siquera* (Díaz Castro).

Hai que deixar constancia da variante **cementos** que usan bastantes falantes e mesmo algúns escritores: *debaixo dos cementos que os altos muros soportan* (Curros), *guindaron os balaústres e resentindo os cementos rubiron polas paredes astra o tellado* (Cabanillas). Naturalmente usan os falantes a voz **cemento** en singular para denominar ese material de construcción tan coñecido.

Pero hai moitísimos falantes que denominan os alicerces ou cimentos como **fundamentos** (ou tamén **fondamentos**), voz común co portugués e co castelán nesa significación que os diccionarios de tódalas linguas recollen como primeira acepción. Sen embargo os escritores usan pouco esta palabra nese sentido e moito no de razón ou motivo principal no que se apoia un xuízo, unha teoría, etc.: *o fundamento máis permanente da relixión* (Castelao), *continuidade dos fundamentos familiares* (M. Ferrín), *poida que isa creenza teña fundamento*..., *o fundamento da súa virtude*..., *o fundamento da súa xustificación* (Rafael Dieste).

1295. Casulos, cascas e vaíñas

Cando falamos da palabra **fonxe** citabamos esta frase de *Dos arquivos do trasno*: *naquel leito en que o fonxe casulo*, *regalía dos probes*, *fora sustituido pola finura da lan ben castigada*, na que aparece a voz **casulo**. ¿Que é **casulo**? Para bastantes falantes é a palabra que se emprega para denomina-la fina capa vexetal que envolve a mazaroca do millo, pero é máis usada neste caso a forma **casula**, que tamén significa a vestidura litúrxica que se pon o sacerdote para dici-la misa.

Se recordamos esta frase de Castelao: *Chegares do traballo feita un esterco sen roupa que mudar*, *sen frescuriña para botares no xergón de casulo*..., podemos comprender que **casulo** é tamén o conxunto de follas que son usadas para enche-los colchóns. Ademais vemos na frase de Rafael Dieste como o casulo é substituído pola lá.

As **casulas** ou os **casulos** son voces que se empregan menos cás **cascas** voz que serve para denominar tamén a capa ou cuberta exterior de ovos, noces, abelás, laranxas, mazás, etc., e mesmo a capa que contemplamos das árbores. Loxicamente **casca** ten un amplo uso a tódolos niveis da lingua: *Había unha vez unha vella seca i enrugada como a casca daquelas noces que lles daba aos picariños* (Dieste), *Era un ovo de casca lixeira* (Cunqueiro), *facía tremular as pólas da doce enramada sen folla*, *de casca lisa e brillante* (D. X. Cabana), *Tamén se lle daba por facer macacos*, *e carros e arados de casca de piñeiro* (Neira Vilas)...

E como sinónimo destas voces aparece nos diccionarios a voz **vaíña**, que ten como variante a forma castelá **vaina**, pero que é moi usada a nivel culto para a funda estreita e longa para gardar armas ou ferramentas: *metía e sacaba espada na vaina* (Cunqueiro), *levaba a espada fora da vaina* (Blanco Amor), *alzou a espada e meteuna de vagar na vaíña* (Freixanes), *despois de arrincar as curtas espadas da vaíña* (P. Martin). Naturalmente as xentes falan de **vaíñas** para referirse ás capas que envolven a semente de moitas plantas.

Pero hai quen fala de **varxas**, **vaxolas**, **gaxas**, **gaxeiros** ou **caxigas** e tamén de **carochas**, **carolos** e **carrupas**, que en xeral os diccionarios consideran sinónimos das voces comentadas. Sen embargo cada falante usa determinadas voces para determinados vexetais. E como final seleccionamos algunhas outras palabras de significación semellante: **bagullos**, **caracochas**, **cornechas**, **cornechos**, **cornellas**, **cornellos**...

1296. Albiscar e abesullar

En *Glosas da lingua* enumerei toda unha serie de verbos que temos en galego para significa-lo que percibimos polos ollos. O noso escritor Rafael Dieste, fai loxicamente bastante uso deles. Naturalmente non vamos comentar nada do emprego normal de **ver**: *viñamos ve-lo cadro*..., *verame alá no inferno*..., *Esto vese ben*..., *¿Vedes ben a cousa?*...

E igualmente fai uso normal do verbo **mirar**: *Pero eu mirei e vinos arredor dunha mesa*..., *dimpóis mirei a redor*, *desafiante*..., *mírano todo pola banda ruin*..., *miramos con ollos preguiceiros*... Pero usa bastante o verbo **ollar** tanto na súa significación igual á de mirar: *ollei o reló*: *as cinco da tarde*..., *ollaba o cubo e faguía un deseño*..., *ollade como se vai a vida*..., coma na de mirar con atención, que é a que os lexicógrafos consideran máis correcta: *¿Ollabas pra o cadro*, *Adelaida?*..., *¿E por qué ollaste pola reganduxa?*..., *No intre máis barulleiro*, *ninguén sabe por qué*, *un diles ollou cara o teito*. *E dispois dil ollaron todos*..., *Ollei cara o taberneiro e vin que estaba moi tranquío*.

Sen embargo Dieste non fai uso do vebo **catar** como sinónimo de mirar, pero si o emprega co significado de probar algo para apreciar como sabe: *Hastra falou de viños que nin catara nin lle gorentaban*. No sentido de ver algo ó lonxe sen distinguilo perfectamente son moi correntes os verbos **divisar** e **avistar**, que non usa Dieste porque prefire outros como **albiscar**, que aparece en frases como as seguintes: *Albiscando dende a ventá cara a ribeira*..., *Sen que llas digamos*, *o leitor xa terá albiscado*, *no dito*, *caladas alusións a certos problemas estéticos*.

Tamén emprega o verbo **enxergar**, moi usado por moitos escritores na mesma significación de **albiscar**, como vemos nesta frase: *Un letreiriño... rematou de me escrarexar o que xa eu enxergara*, pero fai uso del no sentido de entender ou comprender: *Na longa perspectiva dos anos paréceme enxergar por ese tempo a data de recepción na Academia*...

E outro sinónimo destes verbos é **abesullar**, tamén moi empregado por outros escritores, que escribe así en *Antre a terra e o ceo*: *calábase a viseira cando o serán escomenzaba a alcender as estrelas*, *e poñíase a abesullar e a escoitar*, Pero en *Dos arquivos do trasno* escríbeo con uve: *Naquel mundo que lostregara un intre diante dil avesullaba moitas cousas*.

Pero aínda quedan máis verbos que citar.

1297. Seguimos axexando

Mirar con atención certas cousas pode ser expresado con outros verbos máis dos sinalados no comentario anterior. Rafael Dieste usou o verbo **fixar** no seu sentido propio de tornar fixo algo por distintos medios ou de decidir definitivamente como ha de ser certa cousa (*que se xuntaran pra fixar qué terras habían de ser ouxeto de probas*), pero tamén no de mirar con atención, para o cal hai que acompañalo do pronome *se*, como vemos nesta frase de *A fiestra valdeira*: *Ao se fixar en que Matapitos sacou a chaqueta*.

Verbo moi corrente da significación comentada é **contemplar**, que o noso escritor escribe sempre cambiando o *l* por *r* como fixeron practicamente tódolos escritores ata época recente na que se impuxo a forma máis culta: *Noutra mesiña igual estaba un mariñeiro ou o que fose*, *contemprando o seu vaso*.

Pero Dieste usa moito máis o verbo **observar**, cultismo que el empregou sempre, como fixeron moitos outros escritores, baixo a forma máis vulgarizada, **ouservar**, segundo vemos nestas frases: *o neno ouservou que algunhas caras parescen fuxir da visión*..., *ouservou os cultivos e formas de labranza*... E igualmente emprega a forma vulgarizada nos derivados **ouservador** e **ouservaceón**.

Mirar con atención, pero procurando non ser visto, é **vixiar**, verbo que emprega Dieste, como tantos outros escritores e falantes: *Nun buraco do teito viran un ollo que os vixiaba*..., *haberá que vixiala*...

Pero non fai uso dos verbos **espiar**, **espreitar**, **guichar**, senón doutros que si podemos considerar sinónimos de **vixiar**.

Curiosamente o verbo **esculcar**, que pola súa orixe, tradición e uso popular, ten o valor de vixiar ou espiar, é empregado por moitos escritores como simple sinónimo de contemplar segundo vemos por estas frases de Dieste: *Sacando aceso o seu farol i esculcando ao lonxe*..., *cada un ten que ser pródigo de sí mesmo e esculcar nos demais o millor*.

E o verbo **axexar**, tradicional nesa significación de vixiar ou espiar, é usado polo noso escritor: *Non se debe axexar polas reganduxas*..., *o advimento da gran cidade somellaba un perigo que estivese*, *co rumoroso trote de milleiros de cabalos*, *axexando na liña do horizonte*, se ben poderiamos interpreta-lo uso de **axexar** case como contemplar.

En *Dos arquivos do trasno* usa o verbo **atismar** (*un esmoleiro de fora*, *sospeitoso*, *estivera atismando por unha xaneliña da casa*... *pra ver onde agachaba a vella unhas onzas de ouro*), que probablemente é un cruzamento de **atusmar** con **cismar** e que non lembro que o usen outros escritores.

1298. Un crego ruzo e bondoso

En *Dos arquivos do trasno* lémo-lo seguinte parágrafo: *O Ramires vai ceder*. *Deble como un neniño está xa a punto de bicar a man ao crego ruzo e bondoso*, no que aparece cualificado un crego como **ruzo** e **bondoso**. Non resulta difícil de entende-lo significado de **bondoso**, que é unha variante de **bondadoso** e foi bastante empregada polos escritores: *Da Garda*, *ánxel bondoso*, *que as brancas alas paseniño bates* (Rosalía), *co sorriso bondoso* (Risco), *os que o trataron aseguraron que soubera ser bondoso* (M. Ferrín).

Pero ¿que é **ruzo**? Cando aplicamos esta voz ás persoas ten a mesma significación de **cano**, é dicir, "que ten canas", voz bastante popular a tódolos niveis da lingua (*Xan ten vintecinco anos*, *pero xa é cano*) e que ten as variantes **canoso** (*ten unha barba canosa que lle chega á cintura*, de D. X. Cabana), **cañento**, **cañoso**, **cañudo**, **encanecido**, **encañecido** (*cos sobrecellos e os bigodes encañecidos de neve*, de M. Ferrín).

Ruzo é empregado con esa significación tanto na lingua dalgúns falantes coma dalgúns escritores: *a min chamoume vella ruza e a ti fillo de mau pai* (dunha cántiga popular), *a aboa Inés ten a cabeza enteiramente ruza*..., *cando se lle puso o pelo ruzo* (de X. Torres).

Pero **ruzo** aplícase popularmente tamén a animais e cousas que teñen cor tirando a branca ou a gris. De aí que é sinónimo de **abrancazado** (*calzaba polainas de la abrancazada*, de M. Ferrín), **esbrancuxado** (*As fillas eran grandeiras*... *leitosas*, *esbrancuxadas*, de Risco), **esbrancuzado** (*Un ceo esbrancuzado*, *coma auga de xabrón*, de F. del Riego), **esbranquizado** (*polo envés esbranquizado do brazo*, de M. Rivas), **brancuxento** (*a merda brancuxenta e reseca*, de F. Ferreiro), **brancuzo** (*toman vinagre para porse brancuzos*, de Rábade), **branqueiros**, **branquicentos**, **branquizos**... E nesta mesma línea de "tirando a branco" deberiamos citar **albacento**, **albarizo**, **albeirizo** e **albeiro**: *amostrando a súa faciana albeira de mozo malmantido* (Castelao), *rompen os ollos albeiros* (Cunqueiro)...

Tamén **ruzo** pode funcionar como sinónimo dos derivados de gris: **griseiro**, que emprega Dieste: *Tódolos intres de tristura*... *en longas e griseiras greas*, **grisento** (*choraba tola a paisaxe co seu ceo grisento*, de Fole), **grisallo** (*o home tiña longas barbas grisallas*, de Cortezón), **agrisallado** (*unha neboíña agrisallada*, de F. del Riego).

E con esa mesma significación de rufo, abrancazado ou griseiro funciona tamén **cincento**, que usou Dieste: *a demais xente que tamén había por alí*, *toda un chisco cincenta e pantasmal* e outros escritores: *as barbas cincentas movéronse unha e outra vez* (Cortezón), *enriba dos montes cincentos* (Fole)...

1299. Sichos ou cichos

En *Dos arquivos do trasno* atopamos este texto: *¡Alí viña xa o tren*, *unha riola de mostros ben mandada*, *co capitán de ferro ao frente! ¡Medraba*, *medraba! Salaios de condanado*, *sichos brancos*, *topadas*, *trasacordos*, *e deseguida todo ficóu en gran silenzo*, no que claramente se entende a explicación de como entra un tren nunha estación. A máquina de vapor vén lanzando salaios, é dicir, saloucos ou xemidos e tamén sichos brancos... ¿Que son **sichos**?

Quen non coñeza esta voz e queira buscala nos diccionarios vai comprobar que non está rexistrada. ¿Entón é unha creación de Dieste? Non. Probablemente para Dieste, como arousán, **sicho** é a pronunciación normal de **cicho**, con seseo. E por iso escribiuna como a pronunciaba.

Pero ¿que é un **cicho**? **Cicho** é o chorro de auga ou de calquera outro líquido que sae con forza dalgún sitio. E no texto citado está ben claro que os **cichos** son os chorros vaporizados que solta a locomotora e que efectivamente son brancos.

Cicho serve tamén para denomina-lo cano, xeralmente de ferro, por onde sae a auga dunha fonte ou o tubo dunha especie de xiringa feita de sabugo, moi usada polos nenos para xogar lanzando cousas. E hai falantes que din *ter cicho* cando teñen diarrea.

E **cicho** ten algunhas variantes que se empregan coa mesma significación: **cicha**, **cichón** e **cichote** (*Dende un balcón afitaronme cun cichote da auga*, de Neira Vilas). E en relación con estas voces está o verbo **cichar** que ten a significación de expulsar un ou varios chorros de líquido a consecuencia dunha presión ou a de saír simplemente un líquido dalgún lugar con moita forza.

Hai que sinalar tamén outras variantes un tanto transformadas de todas estas voces. Así citaremos na significación de cicho **cirichón**, **cirrichón** e **ciriscón** e na de cichar **cirichar**, **cirrichar** ou **cervichar**, **aciriscar** e **acirriscar**.

Loxicamente temos que sinalar igualmente o uso de **xiringa** (variante **xeringa**) e **xiringar** (variante **xeringar**) con significacións semellantes ás citadas. E tamén deixar constancia da existencia de **zarrapicar**, espallar ou saltar un líquido esparexéndose en pingas, **zarriscar**, **zorrichar** e **zurrichar**, que ás veces son usados como auténticos sinónimos de **cichar**.

Por último quero lembra-lo uso de **xurrar** "saír con forza un líquido" que fixo Rosalía en "Follas Novas": *Calaron os ventos todos*, *xurrou a fonte máis queda*.

1300. Traxes feitucos e charramandiscos

Nun relato de *Antre a terra e o ceo* fálase da historia dun home que non acababa de regresar das súas viaxes de navegante e *En troque dil*, *chegaron dous dises baúles que chaman mundos... Do seo dos mundos escomenzaron a saíren traxes de neno*, *feitucos e charramandiscos...*

¿Que queren dicir eses cualificativos aplicados ós traxes de neno? Para quen non coñeza ben esas palabras pode pensar que **feituco** é unha voz derivada de **feito**, que esa terminación *-uco* ten un sentido despectivo e que, polo tanto, equivale a algo así como feito de mala maneira ou non moi ben feito. Pois ben, pensar así é un erro tremendo...

Feituco, voz que non aparece moi rexistrada nos diccionarios modernos, está moi ben explicada no de Eladio Rodríguez, que define **feitoso** así: "Dícese de lo que está bien hecho, aunque no con la perfección de lo **feituco**". E a continuación explica **feituco** deste modo: "Perfecto, que posee todas las cualidades y está magnificamente proporcionado".

Rafael Dieste usou noutro relato da citada obra esta voz: *iba saíndo do seo da madeira informe un barquiño feituco*, *moi ben arrefeitado*... *Nunca viran barquiño tan feituco*. E son bastantes os autores literarios que empregaron este cualificativo: *a rentes dunha capela bunitiña e ben feituca* (Otero Pedrayo), *todo cheio de caixonciños moi feitucos* (Fole), *Era unha caixiña de pau moi feituca* (Neira Vilas). E mesmo Rosalía usou en forma de diminutivo esta voz: *¡Que botes tan feituquiños con tan feituquiñas velas!*

¿E que quere decir **charramandisco**? Nunca atopei esta voz na fala oral nin escrita, pero supoño que é unha variante de **charramandusco**, **charramandeiro** ou **charramangueiro**, adxectivos que se aplican a calquera obxecto que está moi cargado de adornos ou cores moi vivas e que por iso chama a atención. Algún escritor fai uso destas voces. Véxase este exemplo de F. del Riego: *Un ceo de luares charramangueiros aboiaba na bata largacía* ou estoutro de Taibo, aplicado a unha muller: *Os pés pequenos e espelidos dunha moza charamandusca*.

A esas voces podería engadir **charro**, **rechamandeiro** e especialmente **rechamante**, que se aplica ó que chama a atención polas súas cores sobre todo, como podemos comprobar por estas frases literarias: *escolleu pra sí a espada máis longa e rechamante* (Fole), *vestido de veludo negro e rechamantes fibelas de prata labrada* (Freixanes), *un paraugas de muller*, *vermello e rechamante* (P. Martín).

En fin, toda esa serie de voces citadas poden aplicarse a todo aquelo que nos resulta exuberante, vizoso, garrido, louzán, airoso, atractivo...

1301. ¿Que é un chicote?

En *A fiestra da lingua* o personaxe Baldomero fala das mans e di que as do pintor son cousa fina pero as súas: *cousa sufrida as miñas*. *Boas para turrar por un chicote ou por un remo*. ¿Que é un **chicote**? Para calquera que teña relación co mundo mariñeiro é unha voz moi usual e por tanto para Dieste como arousán tamén o é e máis adiante na mesma obra di esta frase *virarase chicote e romperase*, *para botar a perder a atracada* o personaxe O Garreante.

Digamos que O Garreante é o nome ou alcume que se lle dá a un personaxe da obra que é mariñeiro, aínda mozo, pero bastante forte e, diriamos así, **garreante**, porque ten moita garra ou dá moita guerra... Precisamente Baldomero fai unha descrición del así: *Xa lle chaman o Garreante*. *Pero non hai coidado*. *Colle sempre a faca moi perto da punta*, *rabuña con ela para armar rebumbio e meter medo*, *e de ahí non pasa*.

Pero volvamos ó **chicote**, que é palabra corrente no mundo da xente do mar para denominar ese grande cinto, cinta, cordón ou correa que serve para arrastrar principalmente as redes, pero hai quen chama **chicote** a calquera corda longa ou a calquera das cordas dunha rede. E mesmo o extremo ou punto dun cabo é chamado **chicote**.

No mundo non mariñeiro chámase tamén **chicote** a calquera corda ou cabo que serve para atar fortemente algunha cousa e moitos campesiños denominan así un pau curto que leva unha pequena correa ou tira de coiro que serve para azoutar ou zorrega-los animais. De aí que os látegos que empregan certos señores ou señoritos sexan chamados así, como o fai Otero Pedrayo: *Logo baixaba o fidalgo... pistolas ao cinto*, *chicote na man*.

De **chicote**, nesa última significación, derivou o nome **chicotazo** para designa-lo golpe que se dá (ou se recibe) cun chicote: *os catro compadres desfixeron a tiros e chicotazos o feirón da freguesía...*, *a donde pel do corpo asucada por mouros chicotazos* (Otero Pedrayo), *o lombo negro e sanguiñento polos chicotazos* (M. Ferrín). E tamén se orixinou o verbo **chicotear** no sentido de dar chicotazos, verbo que atopamos usado por Otero Pedrayo coa ampla significación de golpear ou bater: *todos correron pra o pobo cegos e chicoteados polo vento e as folerpas*.

Por último quero sinalar que chamar **chicote** a un rapaz forte, rexo, robusto é un castelanismo.

1302. Garabelos e carabelas

Xa nalgunha ocasión falei da enorme cantidade de palabras que temos para denomina-las **cestas** e **cestos**, **azafates**, **megos**, **paxes**, **goxas**, **goxos**, **canastros**, **barreleiras**, etc., e citaba tamén a palabra **queipo** que usou Castelao (*unha rapaza... que aparecera dentro dun queipo*) e outros autores como Curros (*un miniño tolleito... mitido nun queipo de vimio*) e Fole (*O mineral chámase vena*, *e venaqueiros os queipos que se empregan para levalo*).

Pois outro nome para denominar un tipo de cesto é **garabelo** que emprega varias veces Rafael Dieste: *meteron nun garabelo unha forte merenda...*, *metido no garabelo que penduraba nunha globa...*, *tivera tempo de se coller ben firme ao garabelo...*, *xa se sabía que tiña de se coller ao garabelo...* E vin tamén que o usa Leiras Pulpeiro: *Dun garabelo de brimbas que el levara...*

Hai falantes que empregan a variante **garabal** e mesmo **garamelo**, se ben o normal é empregar esta última voz exclusivamente cando se usa para servir de trampa para coller ratas ou ratos. E mesmo hai xente que en vez desta voz di **caramelo**, que non ten nada que ver co **caramelo** "doce" ou **caramelo**, variante de **carambelo** "capa de xeo".

Moi usual a tódolos niveis da lingua para denomina-la pequena cesta que serve para levar froita ou comida é **carabela**, voz moi empregada polos escritores: *ofertas que lle traen os romeiros en feitiñas carabelas* (Rosalía), *Roma non quer pelegrinos sin alforxa e carabela* (Curros), *os dous comeremos da miña carabela naquila mesa* (Fole). E hai que dicir que **carabela** é a mesma voz que antes se empregaba moito para chama-la embarcación a vela de tres mastros.

E en bastantes lugares de Galicia chaman **carabelos** ás **carabelas** máis pequenas, pero non é voz moi literaria, se ben loxicamente algún escritor a emprega: *carabelos con froitos e legumes* (Rábade).

Pero teño que facer referencia a unha voz empregada por Dieste nestas frases: *fora en grea con outros*, *mordendo un carabel*, *a terras de Mouramia...*, *os dentes*, *mozos*, *mordían aínda o carabel*. Trátase de **carabel**, que como se ve polo contexto non ten ningunha relación con **carabela**, senón con **caravel**, que o escribiu con *b*, non sei por que razón, pero que é escrito con *v* por tódolos escritores que lin: *décheme un caraveliño*, *que gardín no corazón* (Rosalía), *púxose roxa*, *roxa*, *com'on caravel* (Curros), *Endomingado*, *con un caravel enriba da orella* (Castelao)...

1303. Apiñocar ou amontoar

Nun relato de *Dos arquivos do trasno* conta o que pasaría se o protagonista dixera ós acompañantes dun enterro que o morto ía vivo: *Apiñocaríanse as mulleres a carón do cadaleito*. ¿Que é **apiñocar**? Vexamos outra frase da mesma obra: *Os consolos tradizoales*, *que tan dilixentes se apiñocaran a carón da miña dor*, *liscaron logo silandeiros*. Claramente podemos sacar en consecuencia que **apiñocarse** significa xuntarse estreitamente unhas cousas ou persoas con outras, é dicir, **apiñarse** ou formar unha especie de piña.

Apiñocarse non é verbo moi corrente, se ben hai algún outro autor que o emprega tamén (*Agora a xente apiñócase arredor da porta e fala máis baixo*, de S. de Toro). O mesmo pasa con **apiñotarse**, que o vin empregado por Fole: *Tódalas árbores estaban apiñotadas de frol*. O verbo pois máis corrente a tódolos niveis da lingua é **apiñarse** (*correspondendo deste xeito aos saúdos da multitude que se apiñaba ao paso da carroza* (X. R. Pena).

Sinónimo destes verbos é **amontoarse** que usou tamén Dieste: *As tebras do corredor entraban na sala en frías bafaradas e amontoábanse a rentes das paredes*, se ben **amontoar** ten a significación base de pór cousas nun montón: *amontoou a roupa nesa esquina*. Claro que moitos falantes usan **amontoarse** no sentido de amancebarse: *Xan e Paulino amontoáronse xa hai dous anos*.

Tanto ou máis usual que todos estes verbos citados é **amorear**: *A neve*, *que cai a modiño*, *vaise amoreando nos carreiros do xardín* (F. del Riego), *A xente saudábase*, *amoreábase* (Cortezón), *Eso de vivir todos amoreados nun coarto*... (Neira Vilas), *O calvo mira ledo como se amorean as moedas na bandexa* (S. Toro)...

Para moitos falantes o verbo **aconchegarse** é normal na significación de acercar, arrimar, aproximar unha cousa a outra (*Silvania aconchegouse a Galván*, *e el tapouna co seu manto*, de D. X. Cabana), pero hai bastantes que o usan nas mesmas significacións citadas: *Tódolos meus amigos aconchegáronse no salón de xuntas*..., *Xan tiña toda a súa roupa aconchegada na mesa da cociña*, *Xan e Paulina levan aconchegados hai dous anos*...

E poderiamos citar máis verbos que teñen certas significacións semellantes a apiñocar como **acugularse** (que sobre todo é encher un recipiente por completo): *os hortos acugulábanse de froles brancas* (Fole), *vellos amigos que acugulaban o peirán* (Castelao)..., **arrexuntarse**, **axuntarse**, **congregarse**, etc.

1304. Babián, babeco e babiolo

A palabra **baba** é a base de numerosas voces que imos citar e que talvez naceron como variantes do derivado normal **baboso**, aplicado loxicamente a quen bota moita baba, como fan os nenos, pero que se di tamén de quen pronuncia mal as voces e non se lle entende moi ben o que di. De aí que **baboso** sexa aplicado a quen fala moito e sen sentido, é dicir, a quen é moi falador e moi necio e un tanto estúpido ou insensato. Eu podo dicirlle a un amigo: *Oe*, *baboso*, *¿como fixeches iso?*

Rafael Dieste usa algúns derivados desta familia léxica. Así en *A fiestra valdeira* a señora Balbina diríxese a don Miguel *reprochadora e cariñenta*: *Babián*, *babián*... Neste caso **babián** está usado como di o propio autor cariñosamente. Recórdame esta voz a **babión** que o vin usado por moitos escritores: *¡Ameneia ese corpo*, *babión*, *que che vai da-la cambra!* (Castelao), *¿E logo andaches ás loitas*, *babión?* (M. Ferrín), *Quedámonos sen terra*, *xa o veredes*, *babións* (Cortezón).

En *Dos arquivos do trasno* usa o derivado bastante corrente popularmente **babeco**: *Tódalas testas dos velliños que portaban cirios ergueríanse nun babeco aglaio*. E ó lado de **babeco** conviven outros derivados como **babicas** (*ti es moi babicas*, *cala*, *por favor*) e **baballa**, **baballas**, **baballán**, **baballón**, **baballoeiro**, **babiolo**, que usa Dieste adverbialmente: *quedei entalecido*, *inmoble*, *ollando babiolamente*, *a poucos pasos*, *cómo se fartaban*...

Tamén é popular chamar a quen é un tanto idiota ou babeco **babilonia** e **babilón**, onde se ve claramente a influencia da fastosidade da voz Babilonia. **Babilónico** en castelán ou en portugués significa un tanto fastoso, pero entre nós a influencia de todas esas palabras derivadas de **baba** fixo que **babilón** significase medio presumido e medio tonto.

E para terminar quero lembrar outras palabras correntes con significación parecida, deixando á parte **bobo** e derivados, como **badulaque**, moi usado polos escritores, **apampanado** ou **apampado**, **aparvado**, **parvo**, **parvalleiro**, **parvallán**, **parvallón**, **parviolas**, e remato con **paspán**, que empregan moito os escritores actuais: *para lle facer evidente ao paspán o meu frío* (M. Ferrín), *Aí tes*, *paspán*, *pasa unha man pola caluga* (S. Toro)...

1305. Espácigas noticias

Nun relato de *Dos arquivos do trasno* cualifica Dieste as palabras dun sancristán do seguinte modo: *Por iso as verbas do sancristán foran pra il espácigas*, *afiadas*. ¿Que significa *verbas* **espácigas**? Cando lin por primeira vez esta frase mirei nos diccionarios este adxectivo **espácigo** e non o atopei rexistrado en ningún e consultei as obras doutros autores e non o atopei empregado tampouco por outros.

Pero páxinas máis adiante da mesma obra encontrei estoutra frase: *escomenzaron... a marmular espácigas noticias*, *todas cheas de susto*, na que volvemos ve-lo uso de **espácigo** acompaña

ndo a voz *noticias*. Reflexionando sobre a significación desta misteriosa palabra deime de conta que as verbas do sancristán eran tamén *afiadas*, é dicir, neste caso mordaces, cáusticas, cortantes..., e que as *espácigas noticias* contiñan ideas referidas á idea de que causaban susto, temor, medo, espanto...

¿De onde sacaría Dieste esta voz? Non o sei, pero mirando en diccionarios doutras linguas atopei no da Real Academia Española a voz *espácico* que ven definida como anticuada coa significación de "aciago, infausto, fatal", que sen ningunha dúbida se corresponde co **espácigo** de Dieste.

No seu diccionario Corominas fala sobre a orixe xermánica desta voz xa anticuada e cita unha frase de Concha Epina usada en "La esfinge maragata": *un espácico rumor*... ¿Tomaría Dieste de aí esta voz? ¿Haberá algún outro autor que usou esta voz? En fin, penso que o **espácigo** diesteano é o mesmo castelán anticuado *espácico*...

Dentro da mesma obra Dieste califica a palabra **notiza** (que a escribe case sempre) con *inquedante* e noutras obras con *homilde*, *saudosa* e *leda*. Tamén fala en *Dos arquivos do trasno* de verbas *frías* e *afiadas* e noutras obras de verbas *non gasalleiras*, *mal empregadas*, *quentes que dan que desconfiar*, *perigosas para o pensamento*...

Naturalmente estas noticias **espácigas** poderían ser cualificadas tamén como **aciagas**, **fatais**, **infaustas**, **infortunadas**, **funestas**, **infelices**, **coitadas**, etc.

1306. Mofa ou moufas

Mofa ou **moufa** non teñen nada que ver coa voz **mofo**, vexetación de cor gris ou branca que se forma sobre materias que comezan a podrecer ou que cobre pedras ou árbores cando hai humidade. **Mofo** é pois verba corrente a tódolos niveis da lingua: *aquel cartucho que seguíu cheirando a mofo* (H. Villar), *un paté cheo de mofo* (Conde)...

Mofo é voz de orixe xermánica e **mofa** ou **moufa** son voces de creación onomatopeica que naceron para expresa-los xestos ou ademáns que se fan na cara. Hai xentes que chaman **moufas** ás meixelas ou fazulas, pero en xeral tanto **mofa** coma **moufa** significan burla que se fai con certa insolencia ou desprezo.

Estas voces foron bastante empregadas por Dieste. En *Antre a terra e o ceo* usa **mofa**: *Haberá quen diga*: *toda ledicia é mofa*, e nas outras obras prefire **moufa**: *Ao reparar na traza de Matapitos non pode conte-la risa*. *Con moufa* (*di*): *Estás ben guapo*, *rapaz...*, *Todo se viraron moufas na trasbotica...*, *intervindo diplomático e con media boufa*.

E de **mofa** naceu o verbo **mofarse** que usa Dieste varias veces: *mofábanse dil porque dicían que non era neno...*, *e non paraban de se mofaren coa agachada ledicia...* E de **moufa** saíu **moufarse**: *Ti queste moufar? Dame o traxe*. *Acabouse...*, *¿Ou é por se moufar do galego?*

Estas voces citadas son tan caras a Dieste que delas deriva o adxectivo **mofeiro** no sentido de que causa mofa, burla, broma, etc. como vemos nesta frase: *as nosas adeviñanzas niste punto adénsanse e desfanse con mofeira inconstanza*. E no relato "A vida infidel" di que *á volta de moitas voltas a vida remata parescéndonos por demais mofeira*. E a continuación explica esta voz: *Mofeira... Isto pode ter dous significados*. *Haberá quen diga*: *toda ledicia é mofa*. *Outros dirán toda tristura... é fosca e mofeira carantoña*.

Loxicamente tamén usa **moufeiro**. En *A fiestra valdeira* xa citamos que dona Balbina *falaba con moufa*. Noutro lugar sinala que esa señora debe actuar *moufeira*. E nesa mesma obra indica que don Miguel ten que falar *polo baixo*, *anguriado e moufeiro*.

Digamos, por último, que a maioría dos escritores de antes e de agora prefiren usar **mofar**, pero outro arousán, Castelao, emprega **moufar**.

1307. Coa panela de argazo moi apirucada

Nun relato de *Dos arquivos do trasno*, descríbese como marcha unha muller: *Polo branco e longo areal vai ás veces unha muller de loito*, *a roupa en remuiño*, *coa panela de argazo moi apirucada*. A muller leva unha **panela**, palabra non moi corrente literariamente, pero si usada por algúns falantes como sinónimo de tixola ou tixela e por outros como sinónimo de cesta, paxe, goxa ou garabelo, que xa vimos que usaba tamén Dieste.

Na frase citada está claro que **panela** é o mesmo que cesta ou goxo e que o que leva nela é **argazo**, é dicir, algas ou máis comunmente restos de algas descompostas ou mesmo broza ou restroballo que lanza o mar sobre a costa que se recolle para botalo como fertilizante nas terras. Nesta obra de Dieste aparece varias veces esta voz: *andaba apañando argazo un pouco arredada...*, *i é o que máis remexe no argazo da praia arredada en busca de tesouros...*

Esa panela chea de argazo queda **apirucada**. ¿Que significa esta voz? Desde logo non sei de onde a sacou Dieste pois non está rexistrada nos diccionarios ou noutras obras léxicas nin noutros textos literarios. Penso que a empregou como variante de **apirular**, que si é usada por algúns falantes na significación de dar a algo forma de pera ou mellor dito de **pirulo** que é como se chama a certas cousas que teñen forma parecida ás peras.

Así pois, **apirucado** é unha variante de **apirulado**. Non se trata de ningunha errata, pois volve empregar esta voz noutro relato da mesma obra no que se conta como falan entre si as pezas de xadrez. Un alfil métese co cabalo e este contesta así: *¡Iso é todo o que cabe nunha cachola de Alfil*, *apirucada i esguellada!*

Nesta frase vese moi claramente que a cachola do alfil ten forma de pera. A panela chea de argazo toma forma de pera e por iso está **apirucada**. Así pois este adxectivo ou participio dun hipotético verbo, **apirucar**, é o mesmo que **apirulado**.

Pero o alfil é cualificado tamén de **esguellado**, é dicir, torcido, torto, voz empregada algunhas outras veces por Dieste: *non batida no alpendre pola esguellada chuvia dos montes*..., *as persoas de surrisa esguellada*... E naturalmente tamén está presente na obra de Dieste a locución adverbial tan corrente **de esguello**: *Se por ventura pasa por eiquí faino de esguello*..., *caras nobres como proas ou potentes ou dubidosas*, *escorregando de esguello*...

1308. Bucos e portelos

Conta Dieste nun relato de *Dos arquivos do trasno* como uns veciños dunha aldea para buscar unha muller *petaron a fartar na porta da casa silandeira* e xa que non atoparon resposta *decidiron*... *botar a porta abaixo*. *Polo buco que abriron as lombeiradas do máis corpudo escoáronse todos*.

Está claro que unha **lombeirada** é o golpe que se recibe ou que se dá, como neste caso, co lombo. É palabra bastante popular e curiosamente teño que dicir que tamén a usou outro arousán, Castelao, *compadrito*, *dille o estranxeiro*, *zorregándolle lombeiradas resoantes*. As lombeiradas do corpudo conseguiron abrir na porta un **buco**. ¿Que é un **buco**?

Nalgúns diccionarios modernos vén rexistrada a palabra **buco** como capacidade ou largueza dun navío, significación que non ten nada que ver co uso que fai dela o noso escritor. Penso que eses diccionaristas tomaron esa palabra dos diccionarios portugueses e non fan consta-lo significado dela que dá Eladio Rodríguez: "abertura" e que corresponde perfectamente ó sentido con que aparece no citado texto.

Non sei se esta forma **buco** é usada por algúns falantes ou por outros escritores nin tampouco vexo claramente a orixe desta voz. ¿Terá algo que ver con **boca**? Desde logo hai bastante xente que diría que o que fixo ese corpudo na porta foi unha **boqueira** ou **boquela** ou un **boqueiro** ou **boquelo**.

Desde logo no sentido de **buco** Dieste emprega bastantes veces os nomes tan correntes de **burato** (*como rato no burato*..., *E tornou ao seu burato*..., *vindo dalá do fundo*, *do burato derradeiro*), e **buraco** (*Nun buraco do teito viran un ollo que os vixiaba*..., *ollando cara o buraco*..., *cando na vida de ún se fixo un buraco así*..., *Ise buraco é para min o portelo por onde fuxiron como pombas as lembranzas*).

No último exemplo vémo-lo emprego da voz **portelo** que ten para moitos falantes, como para Dieste, a significación de pequena abertura, é dicir, de buco ou burato ou buraco. Pero **portelo** ten

tamén o sentido de porta pequena que se fai nun muro ou en calquera valado e é voz bastante usada polos escritores: *xa saltaron o portelo*, *xa cerraron a canula* (Rosalía), *leva arrastro as táboas dun portelo aprodecido* (Cabanillas), *Garabís parou un momento diante do portelo da eira* (F. Ferreiro). E hai autores que usan esta voz con significación figurada como vemos nestas frases de Dieste: *non hai xeito de codificala sen deixar portelo*..., *escoaranse polo acolledor portelo do trasacordo* ou esta de Freixanes: *un cento de ferros e lanzadas abren o portelo da morte*...

1309. O suligroso escaravellar

Nun relato de *Dos arquivos do trasno* cóntase como unha moza estaba lavando: *Hai pouco estaba a cantar*, *mais calóu porque sinteu o suligroso escarabellar dunha ollada na coviña da nuca*. *E aínda que se virou*, *por mor de non sabía qué*, *non veu a ninguén*. Está claro no texto que ese **escaravellar** (Dieste escribe sempre *escarabellar*) está tomado nun sentido figurativo.

Escaravellar é un verbo moi corrente en toda Galicia (xunto coa súa variante **esgarabellar**) para indicar remove-la superficie da terra que fan sobre todo as galiñas ou furgar ou escarvar no nariz, nos oídos ou nos dentes. Rafael Dieste fai bastante uso deste verbo na súa significación normal: *Escarabellando en tódalas pedras vellas onde se lle antoxaba que había letras*..., *Aquela lomba*... *onde un día escarabellando os mariñeiros toparon moitas cunchas de ostras*...

Pero úsao moito máis nun sentido figurativo: *e tanto no seu maxín escarabellou o falado*..., *o desacougo escomenzou a escarabellar no meu maxín*..., *Logo escomenzou a lle escarabellar día e noite unha ousesión tremenda*..., *Tamén eu teño sentido o escarabellar do Alfil*... E no exemplo citado arriba vemos que a moza que está lavando sente na coviña da nuca un certo escaravellar teórico dunha mirada.

Ese **escaravellar** que sente a moza é cualificado de **suligroso**. ¿Que quere dicir **suligroso**? Nin o sei nin fun capaz de atopar unha solución adecuada. Non atopei ese adxectivo en ningún diccionario, en ningunha obra léxica, nin en galego, nin en portugués, nin en castelán... ¿Será esta voz unha errata? ¿Será unha creación diesteana? ¿Coñecería o noso autor a voz dalgúns falantes do Occidente de Asturias *suligras*, que significa cóxegas, e crearía ese adxectivo **suligroso** para indicar ou cualificar algo equivalente ó castelán *cosquilloso*?

Desde logo mirando con atención o texto citado podemos considerar que unha ollada pode producirnos un formigueo, unha especie de cóxegas na nuca. De aí que ese sentido que lle damos a **suligroso** poida ser certo...

De tódolos xeitos apuntamos outros adxectivos que poderían substituír esta voz: **melindroso** ou **melindreiro**, **mexenqueiro** ou **mexerica**, **milagroso** ou **milagreiro**... Pero, en fin, penso que soamente Dieste sabería a verdadeira significación que lle quixo dar a **suligroso**.

1310. Rebos apreixados por hedras

Dieste nunha narración de *Dos arquivos do trasno* describe un cemiterio: *funme camiño do camposanto*... *Cheguei*. *O cerco por unha banda era baixiño*: *uns rebos mal postos apreixados por edras e silveiras*. Digamos en primeiro termo que aquí se esquece do *h* inicial da voz tan corrente **hedra**, pero no

Discurso de ingreso na Real Academia Galega fala das *parasitarias hedras*. Hai algúns outros escritores como Cunqueiro ou Blanco Amor que escribiron **edra**, pero a gran maioría escribe correctamente **hedra**.

¿Que son os **rebos**? **Rebo** é unha palabra moi corrente na fala popular para denomina-las pedras pequenas que se empregan sobre todo para cubri-los ocos dos muros ou paredes. Esta definición que é a que dá Eladio Rodríguez no seu diccionario corresponde perfectamente cos **rebos** dos que fala Dieste.

Pero **rebo** ten, como tantas outras voces populares, diversos matices de significado segundo os diferentes falantes. Para moitos os **rebos** son todos eses materiais que os albaneis deixan tirados ó redor dunha obra ou que quedan polo chan cando unha obra se tira ou derriba. Para bastantes son as pedras ou mesmo ese tipo de area gorda que arrastran os regachos ou regueiros e para algúns un **rebo** é a pedra colocada debaixo dunha panca para levantar algo.

Sen embargo teño que dicir que esta voz tan popular empregada por Dieste non a vin usada por outros escritores. E por último quero sinalar que hai falantes que usan as variantes **reba** e **reblo**. Eu escoitei a algún dicir **rebolo**, pero penso que era por erro xa que esa voz, que significa carballo ou tronco pequeno, se emprega tamén para designa-lo pao curto que se lanza ás pólas para tirarlle a froita. Naturalmente cando se lanza unha pedra ás pólas con esa finalidade, esa pedra fai de **rebolo**. De aí, penso eu, que saia esa confusión.

Digamos por último que Dieste usa moi frecuentemente o verbo **apreixar** "agarrar e suxeitar fortemente algo ou alguén", como vemos na frase citada e nestoutras frases: *apreixoulle a man...*, *apreixádeme a man todos...*, *apreixando a man do pintor...*, e mesmo no sentido figurado: *Non é doado apreixar en termos esquemáticos a doutrina de Vosller...* E emprega a variante **apreixoar**: *Il tiña fortes brazos capaces de apreixoar á máis rebelde*.

1311. Espernexar debaixo dun fardo

Un personaxe de *Dos arquivos do trasno* conta unha historia na que di: *guindei o fardo en riba dil, e marcheime. Alí quedou a espernexar debaixo do fardo*, na que vémo-lo emprego do verbo **espernexar**, bastante usual a tódolos niveis da lingua na significación de move-las pernas con certa violencia.

Espernexar ten a variante **espernear**, que empregan bastantes falantes e mesmo escritores como Castelao (*eu ollei como esperneaba para morrer*) ou Neira Vilas (*Andrómenas que espernean nos miolos mentras ún dorme*). E tamén hai quen di **espernar** ou **pernear** e **pernexar**, verbo este último que usou Risco: *namentras pernexaba Don Celidonio...*

Este verbo e as súas variantes pode ser usado, como se ve na frase citada de Neira Vilas, no sentido figurado de facer calquera outro movemento de tipo nervioso, é dicir, mover algo máis cás pernas, mover todo o corpo... De aí que nalgún diccionario aparece **espernexar** como sinónimo do verbo **escacexar**, que segundo Eladio Rodríguez significa "andar apresuradamente y sin objeto determinado". De todos modos hai que dicir que se nos atopamos nunha situación dificultosa e queremos saír dela o que facemos é **espernexar** ou **escacexar**.

E nesta última situación podemos tamén **forcexar**, é dicir, empregar toda a forza física para conseguir algo. En definitiva, as palabras poden intercambiarse no uso normal da lingua cando teñen unha significación semellante. E por último hai que engadi-lo verbo similar a espernexar **patear** ou **patexar** que poderiamos usar tamén nas significacións figuradas dos citados verbos.

Tamén quero sinalar que a voz **fardo** "obxecto ou conxunto de obxectos envoltos e atados" é moi usual a tódolos niveis da lingua e ten para algúns falantes sentidos moi concretos, como por exemplo un montón de palla, pero o normal é o uso desa voz coa significación citada como vemos nestas frases literarias: *a rudeza dos grandes fardos perguiceiros enriba das costas* (Dieste), *un fardo estaba posto en cuberta e non deixaba pasar cómodo á proa* (Cunqueiro), *agachado debaixo do capote un fardo grande e pesado* (Freixanes).

1312. Disque é un toscalleiro

En *Dos arquivos do trasno* lémo-lo seguinte texto: *falouse do home de ela*, *que andaba lonxe*, *a navegar*. *E foi cando il dixo* (*aínda agora se conta*): *¡Disque é un toscalleiro*, *pro soubo escoller!*, no cal vémo-lo emprego que fai Dieste do adverbio **disque** na súa significación normal de segundo parece ser, segundo se di, acaso, quizais, seica ou seique.

O noso escritor fixo uso un par de veces de **seique** (*Seique fun eu quen perguntóu*..., *seique vou botar outro soniño*), pero preferiu o citado adverbio **disque** tanto na obra citada (*E disque ise esmoleiro nada pudo decir*..., *Disque hastra mercou algunha roupa nova*..., *Disque non ser Cabalo*...) coma en *Antre a terra e o ceo* (*E disque á vella levouna un día o demo*..., *Disque o pensar galego é ravesoso*..., *Disque hai andacio no barco*...). Direi que este adverbio é moi usado por algúns escritores: Blanco Amor, Neira Vilas, Freixanes, F. Ferreiro, S. Toro...

O marido ausente, navegante, é cualificado de **toscalleiro**, voz que non lembro de vela usada noutros escritores nin tampouco a escoitei a ningún falante. Sen embargo aparece nalgúns diccionarios modernos coa significación de tosco, inculto ou groseiro. Penso que esa forma é unha especie de transformación de **tosco** en **toscalleiro** por imitación doutras voces populares que rematan en *-alleiro*, como **trapalleiro**, **trangalleiro**, **chocalleiro**, **cascalleiro**, etc.

De todas formas quero sinalar que **tosco** non é voz moi querida polos escritores talvez porque é igual ó castelán e mesmo hai algúns que usan a palabra **xoto**, que xa comentamos en "Peneirando palabras" citando un texto de Luis Pimentel: *O xoto palpexar das túas mans*...

Pero o adxectivo **rudo**, que á fin e ó cabo é exactamente igual á mesma voz castelá, tivo e ten un grande uso entre os nosos escritores: *como un corazón que late ferido por pena ruda* (Rosalía), *do turbulento insomnio e do rudo pensar* (Pondal), *ó golpe rudo de Miguel Anxele* (Curros), *cantor dun pobo lexendario e rudo* (Cabanillas). Tamén esta voz é bastante empregada por Dieste: *Eu xa vos teño dito que son moi rudo de entendimento*..., *son moi rudo*..., *si non és rudo és confiado*..., *Deixar voa-lo amor máis alá da morte é cousa ruda*, e mesmo fai o uso do seu derivado **rudeza**: *a rudeza dos grandes fardos perguiceiros enriba das costas*.

1313. Brosmos e túzaros

Hai en galego outras moitas palabras máis para indicar rudo, tosco, toscalleiro, xoto, etc., das que falamos no comentario anterior. Poderiamos engadir voces como rústico, inculto, badoco, áspero, bruto, etc., pero comentaremos algunhas máis.

Groseiro é verba bastante normal a tódolos niveis da lingua para aplicar a cousas mal feitas ou de mala calidade ou persoas mal educadas ou ordinarias: *ollando para a faciana groseira do Souza* (Alcalá).

Basto, que significa espeso, mesto, denso, pode tamén ser aplicado ó que consideramos groseiro, vulgar, rudo ou tosco, como vemos nestas frases: *de rostro vulgar e mans grandes e bastas* (P. Martín), *os pelos crechos e bastos do peito* (S. Toro).

Labrusco é voz culta, rexistrada xa no diccionario de Eladio Rodríguez como "agreste, rústico, silvestre, tosco, inculto", que procede da **labrusca**, casta de videira ou de uva silvestre. Non é voz popular, pero atopeina usada por Fernández del Riego: *Fronte á frase confusa e labrusca*, *amósase o fabuloso medrar da vitalidade*...

Brosmo é adxectivo rexistrado tamén no diccionario de Eladio Rodríguez como "tosco, basto, sin pulimento. De ingenuo rudo y sin cultivar" e non é voz moi popular, pero si aparece usada polo noso escritor Rafael Dieste nesa significación: *Dedos brosmos*, *e adrede desmañados*, *firen as suas cordas ¡tan sensíbeles! despiadosamente*. Tamén vin que o escritor Daniel Cortezón o emprega bastantes veces: *Sempre tiña que ser o máis brosmo*, *o máis ríspido*..., *gargalleando*, *brosmo*, *amargurado*..., *Moi serio*, *case brosmo*, *enfoscado*...

E falemos por último de **túzaro**, que igualmente usou Dieste: *O pretiño dalá está a cavilar*... *¡Tamén dou un pasiño! Axiña adeprendeste*, *túzaro*... Está clara nesa frase a significación desta voz tan corrente na fala popular para denominar a quen é bruto e normalmente non razoa ben ou a quen non lle gusta relacionarse con outras persoas ou a quen é difícil de tratar por ser terco ou teimudo.

Son moitos os escritores que empregan esta voz con esas significacións: *Era un home moi abroncante e túzaro* (Cunqueiro), *aínda que era meio túzaro do seu natural*... (Blanco Amor), *aquela xenreira de vella túzara e remoente* (Cortezón), *sen falar con ninguén*, *coma un túzaro* (S. Toro), *non é ningún túzaro*, *podes crerme* (C. Gonsar)...

Como xa vimos noutros comentarios hai moreas de cualificativos que expresan a mesma idea.

1314. O verbo abicar

¿Que significa a palabra **bico**? Se fixesemos esa pregunta a miles de falantes normais a contestación sería "a mostra, normal de agarimo ou cariño que se fai cos beizos a alguén ou a algo". Non hai ningunha dúbida que as xentes empregan moito máis esta voz que **beixo** ou **chucho**.

Pero **bico** é tamén voz moi popular para designa-la boca das aves ou o fuciño de bastantes animais, a parte máis alta dunha cousa que remata en punta como pode ser dunha árbore, dun palleiro, dun edificio, etc., a parte saínte en forma de canle dunha xerra, dun porrón, dunha fonte, etc.

Naturalmente o verbo **bicar** no sentido de tocar cos labios a unha persoa ou cousa é voz moi popular e bastante máis usual que **beixar** ou **chuchar**. Rafael Dieste fai uso deste verbo: *Cando o pirmeiro cadullo de terra bicado por un neno petou dentro da cova nas táboas do ataúde*..., *Deble como un neniño está xa a punto de bicar a man ao crego*..., *Os pequerrechos bicaron medoñentos aquela fronte*.

Bicar é tamén para algúns falantes tocar simplemente unha cousa con outra ou mesmo, se se quere dicir así, tropezar. Pero deste verbo xurdiu **abicar**, que normalmente non é sinónimo de bicar ou beixar. Claro que **abicar** pode significar tocar algo cos bicos sen ningunha intención cariñosa, é dicir, case o mesmo que tropezar.

Abicar, segundo consta nos diccionarios, ten os sentidos de dar forma de bico a algo, como podemos escoitar *esta árbore abica moi ben*, xunta-la terra ó redor do talo dunha planta, e as xentes de mar **abican** cando establecen marcas de referencia nas estrelas ou nos accidentes xeográficos para orientarse.

En Cunqueiro atopei esta frase: *a pastora abría un paraugas i as ovelliñas abicábanse cabo dela*, na que **abicar** equivale a arrimarse. Coido que algo parecido é este texto de Dieste: *E había un neno coma il que abicara pola ventaniña*, no que **abicar** case é igual a asomar ou aparecer. Nestoutra frase ten significación parecida: *As cousas ruíns, que non se poden dicir ben craras porque a vergonza non deixa dicilas, deixádelas abicar e agachádelas deseguida*.

Pero **abicar** é moi usado por Dieste nun sentido figurado, partindo desa significación dos mariños: *Cada volta que abica no diálogo o nome de Lebrija...*, *os que teñen sempre abicando entre os beizos a palabra "alleiro"...*, *O máis irtio desdeño pra quen faga abicar eiquí a verba "materialismo"...*

1315. De abocarse a encamiñarse

No comentario anterior falamos do verbo **abicar** e do seu uso un tanto especial que del fixo Rafael Dieste. Dándolle voltas a este uso que fixo o noso escritor deste verbo cheguei á idea de que probablemente para el, como para algún outro falante, **abicar** ten en certa maneira os mesmos significados do verbo case similar foneticamente **abocar**.

Abocar, verbo construído sobre a voz **boca**, do mesmo xeito que **abicar** deriva de **bico**, ten a significación básica de coller ou prender algo coa boca e de aí a de tocar algo con ela. Moitas xentes **abocan** dous recipientes cando os xuntan para botar algo dun a outro e de aí que **abocar** pase a se-lo mesmo que achegar ou aproximar.

Se consideramos que onde remata un río ou unha canle ou un porto é unha especie de boca, non ten nada de estraño que as xentes de mar **aboquen** a ría, a canle ou o porto cando queiran entrar neles. En definitiva, en casos como este, tanto dá dicir **abicar** coma **abocar**. E este verbo pode ser empregado tamén en sentido figurado como vemos nesta frase de F. del Riego: *os trámites de oficio abócano de a pouco a un estado magoante de esmorecemento*.

Se ó lado de **abicar** témo-la forma **embicar** con significados semellantes, á carón de **abocar** existe **embocar**, que é tanto ou máis usado a tódolos niveis da lingua coas mesmas significacións dos outros verbos e aínda con máis. Vexamos uns exemplos literarios: *centro onde embocan tódolos camiños* (Freixanes), *emboquei pola Rúa dos Oficios* (Rábade)...

Resulta evidente que máis corrente que **embocar** nesta última significación é a de **encamiñar** ou **encamiñarse** tanto a nivel da fala coma a nivel literario: *cos seus bois falando*, *encamíñase á vila* (Curros), *O Bocas xa debía saber a onde nos encamiñamos* (Blanco Amor), *Cando remataron encamiñouse apresa ao Hotel* (Cortezón), *Encamiñeime á redacción moi preocupado* (Rafael Dieste).

Pero o noso escritor, como ocorre en tantas ocasións, usa moito as palabras correntes en sentido figurativo. Vexámo-lo emprego que fai de **encamiñar**: *Para que unha xuntanza vaia ben encamiñada é mester*, *primeiro*, *que eisista o camiño...*, *Pensemos tamén que os nosos actos non han de ir sempre encamiñados ao noso proveito...*, *sabe encamiñar ben os seus corolarios conseguintes...*

1316. Abaneaba a testa

O verbo **abanear** é moi corrente na súa significación de facer que algo ou alguén se mova ou, mellor dito, que oscile sen cambiar de lugar. Cando queremos, por exemplo, que caian as mazás dunha maceira sacudimos fortemente o seu tronco, é dicir, *abaneámolo*. Se un pai colle un fillo polas solapas da chaqueta e o move fortemente para que lle conteste unha pregunta, o que está facendo é *abaneándoo*.

Abanear é moi querido tamén polos escritores. En *Dos arquivos do trasno* aparece esta frase: *Alí estaba tamén o contramaestre e para somellar máis entendido abaneaba a testa*, *surría e erguía os ollos*. **Abanea-la testa** é algo que se fai correntemente sen a penas dicir palabras: *Abelardo bota os beizos para diante nun xesto de escepticismo e abanea algo a testa* (S. Toro). E tan corrente ou máis é dicir: **abanea-la cabeza**: *Abanea a cabeza o denunciado* (Conde), *O pai sorriu e apagou o cigarro*, *abaneando a cabeza* (Alcalá), *o vello Roque abaneou a cabeza* (Neira Vilas)...

Poden **abanearse** outras partes do corpo, como vemos nestas frases de S. Toro: *coa copa na man e abaneando a cadeira*..., *abaneando a perna cruzada enriba da outra* ou o mesmo corpo: *o corpo abanéase coma as espigas nos campos* (F. del Riego). E naturalmente os cans abanean moito o rabo: *non se decatase da presencia dunha cuza abaneando o rabo* (H. Villar), *mirábame cos seus ollos agudos e abaneaba o rabo* (Neira Vilas), *Algo se lle abaneou o rabo vendo a séñer Gálvez* (D. X. Cabana).

Pero son moitas máis as cousas que poden **abanear** segundo podemos comprobar por esta serie de frases literarias: *e nas torres duras do castelo abaneábase enforcado un farrapo de home* (Otero Pedrayo), *á luz dunha farola que abanea o vento* (M. Rivas), *óllase sempre o longo pé dunha col que o vento abanea docemente* (Castelao), *Toda a cama se abaneaba*..., *Abaneábase o piso ó andar* (Fole)... E pechamos esta relación con estoutra frase de Dieste: ...*o seu coitelo espetouno na mesa*. *Longo tempo quedou o coitelo a abanear*.

E **abanear** pode ser substituído por outros verbos sinónimos como **acanear**: *E Sinbad acanea a cachola* (Cunqueiro), **balancear**: *O bispo fixo unha pausa*, *balanceou o corpo de adiante para atrás* (Casares), **bambanear**: *A perna boa para que o bambanease* (Cortezón), **bambear**: *e bambéase moito a pique de se cair* (Castelao)...

Aínda quedan outros moitos verbos que teñen significacións semellantes e que poderían empregarse en vez de **abanear**.

1317. Arrandear ou randear

Todo falante sabe o que é unha **randeeira** (algúns din **randieira**) ou un **randeadoiro** (algúns din **arrandiadoiro**) e que se empurramos a quen se senta nese aparello dicimos que o vamos **arrandear** ou **randear**. Naturalmente os que moven por si mesmos ese aparello o que fan é **arrandearse** ou **randearse**.

Estes verbos son moi usados polos escritores e como pasa moitas veces nun sentido máis amplo da significación orixinaria. Lendo as obras de Rafael Dieste dinme de conta que usa frecuentemente o verbo **arrandear**, pero sempre, como o fan outros escritores, no mesmo sentido do verbo visto no noso comentario anterior, **abanear**, ou sexa de oscilar ou balancearse.

En *A fiestra valdeira* lemos esta frase: *De súpeto o Garreante arrandea no ar o brilo dunha faca* e en *Dos arquivos do trasno*: *arrandeou no ar o seu coitelo e espetouno na mesa*, nas que vemos que **arrandear** é facer movementos oscilantes cunha cousa.

E tamén, como nos exemplos vistos con **abanear**, a brisa e o vento fan **arrandea-**las cousas: *un barquiño... pendurárono dunha trave do teito... Hai moitos anos que arrandea co pulo da brisa tódalas mañanciñas*. Outros autores escriben frases semellantes: *os cabos dun veo saían pola fiestra e arrandeábanse co vento* (Blanco Amor), *Quedan aquí os papaventos de colores arrandeando na altura* (Freixanes).

No libro *Antre a terra e o ceo* podemos atopar varios exemplos máis do emprego deste verbo: *a miña man treme un pouco e*, *por veces*, *arrandea torpemente no ar*..., *Erguérase no meio dunha moitedume arrandeada entre milleiros de síes e nons*..., *e vive pavidamente arrandeado antre os clarores da súa persoalidade*.

Randear non foi usado por Dieste, pero si aparece empregado por outros autores nas citadas significacións: *A feia*, *de bon corpo randeante* (Otero Pedrayo), *a fror garrida da gandra*, *no seu tallo randeándose ó sopro do vento soán* (Pondal), *Colle agora o mecheiro e faino randear entre os dedos* (P. Martín).

E podería citar ademais outros verbos para expresar significacións semellantes, como **rousar** ou **rousear** (*como si rousara un carro*, de Curros; *nolos catro rousando nas revoltas*, de M. Ferrín), **arrolar** (*abambeaba a cabeza como si se arrolase*, de Blanco Amor), etc.

1318. Así de sócato

Nesta frase de *Dos arquivos do trasno*: *Pro non quixen dar creto*, *así de sócato*, *sen máis aos avisos do espanto*..., aparece esa locución adverbial **de sócato**, que usan algúns outros escritores: *De sócato Xan parouse* (Blanco Amor), *De sócato todo ficara seco* (Cortezón), *De sócato vin algo* (F. Ferreiro), *De sócato*, *algo os arrapiñou* (F. del Riego).

De sócato é expresión que empregan tamén algúns falantes con esta significación de repentinamente, subitamente, por sorpresa, de maneira inesperada..., pero é moito máis corrente a forma **de socato** que usan mesmo algúns escritores que a empregaron con acento sobre o *o*, como F. Ferreiro (*De socato aparecían as rapazas da súa escola*) e F. del Riego (*De socato*, *xurdiran da néboa artilleiros con cabalos*) e outros coma H. Villar (*Era a situación*, *chegada sen aviso*, *de socato*) e M. Ferrín (*e elas dixeron de socato moi serias*...).

Variante bastante popular destas locucións é **de sotaque** que atopei usada nos mesmos libros de F. del Riego (*Un abalo de pracer percorreunos de sotaque aos dous*) e M. Ferrín (*Fernando*, *de sotaque*, *púxose moi ledo*).

Sen embargo a forma máis popular a tódolos niveis da lingua é **de sutaque**: *De sutaque sorprendín a mañán - entrando na vila* (L. Pimentel), *De sutaque*, *atopeime nunha rúa moi longa* (Fole), *estalou de sutaque unha tormenta* (G. Sabell), *póndose serio de sutaque* (M. Ferrín).

Desde a miña experiencia observadora da lingua atopei que a expresión máis corrente é **de sutaque**, seguida de **de socato**, **de sotaque** e **de sócato**, pero os glosarios ou diccionarios académicos citan soamente **de socato** e engaden **de socate**, que si a escoitei algunha vez a algún falante, pero que nunca a vin empregada nos textos literarios.

Naturalmente hai outras maneiras de dicir **de sutaque** como, por exemplo, **de golpe**, bastante popular e tamén usado polos escritores: *que non intentase lembrarse de golpe de todo aquel idioma máxico* (Cunqueiro), *a noite ao día*, *de golpe*, *sin transición* (C. E. Ferreiro), *pregunta de golpe o primeiro dos frades* (Freixanes), *envelleceu moitos anos de golpe* (M. Ferrín), *a bátiga de auga caeu de golpe e a xente correu* (Casares)...

Pero hai máis expresións desta das que seguiremos falando no próximo comentario.

1319. De súpito vaise

Continuando con sinónimos das locucións adverbiais xa vistas **de socato** ou **sutaque** e **de golpe** temos que sinalar que **de repente** é moi corrente a tódolos niveis da lingua. Xa Rosalía a empregou: *Mais de repente veñen as sombras* e tamén outros do século XIX como X. M. Pintos: *E de repente un estrondo cristianismo* e loxicamente os do presente século: *veulle de repente un apreto do ventre* (Cunqueiro), *mozos feitos homes de repente* (C. E. Ferreiro), *De repente*, *díxome que me ía violar* (U. Heinze), *sentíu de repente que se lle doblaban as pernas* (Casares)...

Outra locución semellante e bastante usada é **de súbito** que xa a vimos empregada por X. M. Pintos (*e tan de súbito que é gusto vela*) e Pondal (*nos pasa de súbito cal folla de ferro*) no século pasado. Aínda que **súbito** é un cultismo introducido hai varios séculos e base das outras locucións que imos citar logo, segue en pleno uso: *De súbito*, *a condición mesma da vida fixoselle intolerable* (H. Villar), *Acheime de súbito no cubículo cheirento* (Alcalá), *sentindo de súbito que a Quinta Velha do Arranhao xa non era*... (M. Ferrín).

De súbito transformouse en **de súpito** (tamén en castelán), locución que usou Cunqueiro (*e de súpito pousouse nas miñas espaldas*) e que empregou Rafael Dieste moreas de veces en tódalas súas obras. Así de *A fiestra valdeira* seleccionamos estas frases: *Virándose de súpito cara a Adelaida*..., *De súpito vaise cara a mesma porta*..., *e de súpito acena cara a fiestra*. De *Dos arquivos do trasno*: *o taberneiro ergueuse de súpito nas puntas dos pés*..., *E de súpito o ceo respondeu*..., *De súpito calou*..., e de *Antre a terra e o ceo*: *tópanse de súpito detidos e asaltados*..., *Pero de súpito escomenzaron a eisaminalo*..., *érguense de súpito outras duas ideias*.

Pero moito máis espallada está a variante **de súpeto**, que precisamente Dieste nunca a usou, pero que si empregan case tódolos autores deste século, como Castelao (*Voa de súpeto unha rolada de perdices*), M. Ferrín (*de súpeto ergueuse da cama*), Freixanes (*Faise de súpeto o silencio total*), Casares (*De súpeto o mundo empezou a ser sóio ruido*), Rábade (*Pero de súpeto sucedíase outra escena*)...

En fin, a locución adverbial **de súpeto** é moi normal en tódolos niveis da lingua e, penso, que máis corrente na actualidade ca **de súbito** e **de súpito**. E mesmo máis cas outras locucións **de repente**, **de golpe**, **de socato**...

1320. Gabar e gabanzas

Dicir cousas que expresan admiración por algo, por alguén ou por un mesmo pode ser manifestado en galego, como nas demais linguas irmás, mediante bastantes verbos: eloxiar, celebrar, exaltar, gloriar, encomiar, ponderar, etc. Rafel Dieste fai uso de **loubar**, que outros escritores usan con *v*, **louvar**, e que corresponde ó recomendado academicamente **loar**: *Hai quen o di pra nos loubar*..., *libros que Valdés louba e respeta*. E tamén de **ufanarse** (*A gordecha ufanouse de espricar*) e **presumir** (*presumía xa eu de home sufrido*).

Os nomes referentes a eses verbos citados como exaltación, ponderación, presunción, son bastante usuais. O noso escritor fai uso de **loubanza** por loar (*os artistas de hoxe poden non ter moi listas as loubanzas pra a obra dos demais*), **eloxio** (*A referencia i eloxio do primeiro concerto xa o fixo niste mesmo xornal*) e **gloria**, que el escribe como moitos outros autores **groria** (*Frase que lle abonda pra lle dar groria a un home*).

Pero o verbo máis empregado por Dieste foi **gabar**: *non sabemos que será mellor en Galiza*, *si gabala pillería ou maldecila*..., *Unha cultura non se fai gabándoa*..., *os moi sonados feitos daquil nunca ben gabado aventureiro*..., *E cando sexa mester que a nosa voce resoe pra gabar*, *defender e animar aos de lonxe que o merezan*...

Gabar é un verbo típico e corrente do galego e do portugués, procedente da lingua provenzal ou da francesa, que é moi usado popularmente e polos escritores modernos: *Eu nunca de gabarme fun amigo* (Curros), *A vella sigue arreo gabando a sua felicidade* (Castelao), *o Bocas era home moi gabado polas churrianas* (Blanco Amor), *Todos o gababan*. *Todos puxaban por el* (Freixanes)... E teño que dicir que hai bastantes falantes que din **agabar**...

E o nome popular a tódolos niveis da lingua para expresa-lo acto de gabar é **gabanza**, do que fai uso moitas veces o noso escritor: *Despois de agradecer cunha surrisa a gabanza*, *pregunta*..., *deseguida devolve a gabanza que lle fan*..., *A conduta*, *polo dagora*, *tennos valido algunhas gabanzas e moitos reproches*..., *regalarlle o quentor das nosas gabanzas*..., *Da xente moza da nosa Universidade fixéronse a eito gabanzas do rivés*...

Tamén os escritores en xeral fan bastante uso deste nome: *A vella sigue debullando gabanzas* (Castelao), *Werner fixo a gabanza do fermoso apelido* (Otero Pedrayo), *poucas ganas de competir na busca da frase ocorrente*, *da gabanza oportuna* (Conde)...

1321. Fachendiscos e fachendosos

Lendo *Dos arquivos do trasno* atopei esta frase: *escomencei a me acariñalo queixo... con ar meditativo e poida que fachendisco*, na que aparece o adxectivo **fachendisco**, que me pareceu un tanto raro e inusual, pero no mesmo libro volvín atopalo: *Un superviviente fachendisco e chasqueado... ¡Agarda*, *ou guíndoche unha pedra que te fendo! ¡Fachendisco*, *larpeiro*, *enredante!*

Fachendisco é palabra que aparece rexistrada en poucos diccionarios e que nunca escoitei na fala nin lin noutras obras literarias, pero que lle debeu gustar moito a Dieste porque a vin tamén moi empregada na súa obra *Antre a terra e o ceo*: *coísa seguranza leda*, *serea e nada fachendisca dos homes afeitos a lle poñer proa ao mundo*..., *entretívose moi fachendisco en amostrar... a máis inesgotabel sabencia*..., *Os que volven fachendiscos ou maravillados*...

Pero o noso escritor fai tamén uso da forma máis popular a tódolos niveis **fachendoso**, pero soamente dúas veces: *locían as máis ricas e fachendosas calcomanías*..., *o carís fachendoso da porta de afora* e nun relato de *Antre a terra e o ceo* usa o adverbio **fachendosamente**: *Outros espritos eisisten que así mesmos se teñen fachendosamente por inquedos*.

Naturalmente a forma **fachendoso** é moi usual entre os escritores: *debaixo de cada barco campaban letreiros fachendosos* (Castelao), *Hai xente fachendosa en toda parte* (Cunqueiro), *ao presentarse por certo que de maneira fachendosa e impropia* (Cortezón), *a fachendosa arrogancia dos seus novos amigos* (Freixanes).

Estes adxectivos naceron do nome tan popular en Galicia **fachenda**, que procede da lingua italiana, pero que se introduciu entre nós de tal xeito que a maioría dos falantes pensan que é unha variante do galego **facha**. **Fachenda**, que ten a significación fundamental de aprecio esaxerado, feito cara ós demais, das calidades propias, funciona a miúdo como auténtico sinónimo de orgullo, presunción, vaidade, xactancia, arrogancia, etc., como vemos nestas frases do noso escritor: *E o dibuxante fica moi satisfeito e cheo de fachenda*..., *Ter fachenda de probeza de onte ou de hoxe é ter fachenda ben cativa*..., *Eu non teño fachenda de probeza*..., *o vagamundo mostra certa fachenda no andar*... *Tanta garula. ¡Tanta fachenda, digo eu!*...

O uso de **fachenda** polos nosos escritores, é constante: *i esto con tal chistura e fachenda tanta*... (Rosalía), *con fachenda miroume e fuise rindo* (Pondal), *E cando chegou vistido de cadete a nai entoleceu de fachenda* (Castelao), *Era de moita fachenda e moi botado pra diante nas romerías* (Fole)...

1322. Ignorar e significar

As palabras latinas que contiñan o grupo consonántico *gn* transformárono na palatal *ñ*, como vemos por estes exemplos: de AGNUM pasamos a **año**, de COGNATUM a **cuñado**, de LIGNUM a **leño**, de PUGNUM a **puño**, etc., pero as voces latinas introducidas cando xa estaban formadas as linguas romances non fan xa loxicamente ese cambio e permanecen practicamente invariables.

Sen embargo a realidade da lingua non é coma a estiman os filólogos. Non hai moitos séculos entrou o cultismo **ignorar** e os seus derivados correntes **ignorancia** e **ignorante**, que podemos ver usados así polos escritores modernos que seguen as directrices académicas como Cortezón (*ignoraba que os produtos petrolíferos*..., *a ignorancia do labrego*..., *beatas ignorantes*), M. Ferrín, Casares, Freixanes, Conde, etc., e tamén un escritor do século pasado: Pondal (*cando rudos ignoran*..., *escuros ignorantes*). ¿Acaso Dieste descoñecía este verbo?

E canto acabamos de dicir podemos aplicalo ó verbo **significar** que, por certo, tampouco o vin usado ningunha vez polo noso escritor, que seguiu a norma dalgúns falantes e de bastantes escritores de emprega-las formas con *ñ*: *Verbas*... *aparez unha que un iñora*..., *deica chegaren ao iñorado e apodrecido apeadeiro*. **Iñorar** é forma moi usada por Rosalía (*iñoro o que haxa no meu libro*), Curros (*nun vulto que iñoro*), Otero Pedrayo (*Iñoraba Werner a veciñanza de Roma*), Castelao (*a sogra iñorou aquel pecado*), Blanco Amor (*Eles iñoran o que eu penso*)...

Iñorancia é pois usada practicamente polos mesmos escritores: *demostra a iñorancia máis crasa* (Rosalía), *a iñorancia do pobo era infinita* (Risco), *A iñorancia e maila cobardía téñeno amortecido* (Castelao), pero hai algúns como Otero Pedrayo (*fixo bulra da iñoranza do Papa*) e Rafael Dieste que prefiren escribir **iñoranza**: *xa por iñoranza ou por fachenda*..., *é só iñoranza*..., *A mesma ou pior iñoranza*... E **iñorante**, voz que escoitei aínda a algúns falantes, aparece en bastantes textos dos citados escritores.

Tamén é moi usada a variante **inorar** por Dieste (*inora o que pintor ven dicindo coisa fiestra*..., *ninguén inora*..., *Millor é inorála hestoria*...) e polos outros autores...

E digamos por último que nas obras de Dieste atopamos bastantes veces **siñificar** e **sinificar**, **siñificado** e **sinificado** e mesmo outros cultismos que deben conserva-la letra *g* como **dinificar**, **dinidade**, **dino**, **indinado**, etc.

1323. O velaíño boligar

Un relator dunha narración de *Dos arquivos do trasno* conta o que sentía cando asistía a un enterro: *Foi perto do camposanto cando eu sentín boligar dentro da caixa ao probe Bieito*..., *a insinuación levián dun sobresalto*, *como se il estivese a sentir tamén o velaíño boligar*. Nesas frases atopámo-lo verbo **boligar** que ten a clara significación de moverse dun lado para outro rápida e inquietamente e que empregan igualmente outros escritores: *Algo alá boliga aínda*. *Vexo un remoíño* (Cotarelo), *Mais*, *así e todo*, *sentía boligar certo desacougo aló moi adrento* (Fole).

Pero **boligar**, usado por algúns falantes e escritores, é menos empregado que **buligar**, que é a forma máis rexistrada nos diccionarios, máis usual na fala e nos escritos: *Non remexe*. *Non buliga*. *Semella pasivo* (G. Sabell), *Sentou nun recanto no que buligaban algunhas rapazas* (F. del Riego), *e alí buligaban presadas de vermes* (M. Ferrín), *ollando polo bufardo o buligar dos soldados* (Freixanes).

Está moi claro que **buligar** ou **boligar** ten no fondo o mesmo significado do verbo base del, **bulir**, que é moi popular a tódolos niveis da lingua: *bulindo por montes e veigas* (Rosalía), *canso de bulir nas sabáns ergueuse do leito* (Castelao), *O corazón búlelle no peito* (F. del Riego), *non deixaba de bulir cos beizos* (Blanco Amor)...

E tan corrente como estes verbos é **rebulir** que o noso escritor emprega xusto unhas liñas despois do primeiro exemplo citado estas frases: *¿Sentino ou foi aprensión miña? Destonces non podería aseguralo*. *¡Foi un rebulir tan maino!*..., *rila de entón no meu maxín afervoado aquel mainiño rebulir*... E noutro lugar fala do **rebulir** de peixes na rede.

Son moitos os escritores que usan **rebulir**: *Pasa*, *pasa caladiño*, *co teu manso rebulir* (Rosalía), *senten non te-las pernas pra choutar e rebulir* (Curros), *Os rapaces da vila rebuliron na rúa* (Castelao), *algo lle anda a rebulir no peito* (Conde)... E algún empregou tamén o derivado **rebuligar**: *Cae da mesa unha viola no rebuligar da esmorga* (Freixanes).

Ese **boligar** da segunda frase citada de Dieste é **velaíño**, adxectivo hoxe xa non moi usual na conversa cotiá, pero que xa comentamos en *Retrincos da lingua* explicando a súa significación de suave, brando, delicado, fino, etc. Foi moi usado nese sentido por Dieste (*cun velaíño cheiro a incenso*..., *un vento velaíño*), Castelao (*decir con voz velaíña*), Conde (*unha luz velaíña e gris*), F. del Riego (*milleiros de fios velaíños*) e outro autores...

1324. Entalar ou entalecer

A palabra **tala** é voz corrente no galego e nas linguas irmás para denomina-la peza de madeira, ben plana ou ben en forma de pao, que ten bastantes usos. Os nenos xogan bastante coas **talas**. Os mariñeiros chaman así a unha parte do remo. Os labradores denominan así o pao que empregan para recolle-los ourizos das castañas. Os pescadores pescan con certa arte que chaman **tala**. En definitiva unha **tala** podería ser unha voz derivada da mesma forma latina que **táboa**.

De **tala** orixinouse o verbo **entalar** ou **entalecer** que fundamentalmente serviría para dicir converter algo en tala ou cousa similar a unha tala. Nesta frase de D. X. Cabana: *cabaleiro*..., *arrastreino para a miña mansión soterrada*, *entaleille a perna rota*, vémo-la significación case primeira deste verbo.

Entalar ou **entalecer** é bastante usado para dicir que o corpo humano ou unha parte del queda coma unha tala, é dicir, sen movemento: *nin dos brazos se tolleu*, *nin se lles entala a lengoa* (Leiras Pulpeiro), *de xente amiga que nos viña dar o pésame coas mans entalecidas* (Blanco Amor).

Con esa significación de deixar ou quedar ríxido aparece en *Dos arquivos do trasno* de Dieste: *Un trallazo de espanto deixoume entalecido*..., *Quedei entalecido*, *inmoble*, *ollando babiolamente*, e noutros autores: *engruñado na manta*, *co papo entalado no peito* (Blanco Amor), *Agora estás aí entalado*, *vello Miguel*, *nese caixón* (Neira Vilas), *Que os corazós tanto entalan* (Leiras Pulpeiro), *o estoupido doutro disparo deixouno entalado* (F. Ferreiro), *E eu estaba na cama*, *engurruñado e entalado co frío* (S. Toro).

E estes verbos tomaron tamén o mesmo sentido de apertar ou do castelán "apretujar" como vemos nestas frases: *coa cabeciña entalada entre as latas vellas do pemento* (H. Villar), *entalados imos coma nunha lata de sardiñas* (G. Tosar).

Dieste fai uso de **entalar** ou **entalecer** no sentido figurado de comprimir, endurecer, sobreporse, etc.: *curar... certos resabios do sentir que por veces entalan o noso albedrío*..., *vendo os que nestes días estragan e entalecen o castelán*, emprego que fan tamén outros escritores: *estaba entalado pola lei da morte* (F. del Riego), *As verbas son formas espritoales entaladas en formas materiales* (G. Sabell).

En fin, **entalar** ou **entalecer** son formas verbais moi caras ós nosos escritores.

1325. Coa voce esnaquizada

Un personaxe de *Dos arquivos do trasno marmulou coa voce esnaquizada*: *¡Qué grande é o mundo!* e Don Miguel de *A fiestra valdeira* ten que falar *coa voz un pouco esnaquizada*. Dieste, como outros moitos autores, usa **esnaquizar** no sentido figurado de malograr, desperdiciar, desaproveitar, etc., moitas veces: *As ideias quédanse vagariñando no ar si non se esnaquizan en anceios concretos*..., *se enfurruñe o soño esnaquizado*..., *tódolos reparos esnaquízanse en risas cristaíñas*..., *esnaquizar a estreitez dos horizontes pochos*...

Naturalmente nalgunha ocasión usa este verbo no seu sentido normal de romper ou desfacerse algo en anacos pequenos: *o eixo material pode perdurar aínda que se esnaquice a roda*, cousa que fan outros moitos escritores: *Era Peito de Lobo que quería esnaquizarnos* (Castelao), *Bótanse os lobos enriba dil i esnaquízano* (Fole), *Unha botella esnaquizouse na miña cama* (Neira Vilas), *Esnaquiza cascudas a basoirazo limpo* (Cortezón).

Resúltame curioso comprobar que Dieste que usa a voz **nifroso** (*Aínda que Risco me chate de nifroso*) co sentido de choromiqueiro, que é da familia de **nifrar** "fungar, choromicar, saloucar" ou **esnifrar**, que nos lembra a voz **esnafrar** "mancarse ó caer de fociños", nunca usa este verbo que é moi popular e moi empregado polos escritores.

Esnafrar ten ademais, como ocorre con esnaquizar, o significado amplo de romper ou romperse algo totalmente dun golpe. Vexamos exemplos literarios: *Pedro esnáfrase contra o chán* (Castelao), *Non brinques tanto*, *pequeno*, *que te vas esnafrar* (Fole), *Ás veces parecía que me ía esnafrar contra un penedo* (Blanco Amor), *Entrou cegado na corte e esnafrouse contra unha parede* (F. Ferreiro)...

Como sinónimo destes verbos funciona **esmigallar** "desfacer algo en migas ou anacos moi pequenos", moi popular tamén e usado polos escritores: *calculaba as voltas sobre as liñas contrarias e esmigallábase* (F. del Riego), *pousado por riba das esmigalladas codias* (Conde).

E podería engadir máis, como **estruchar** (*Mauro estruchaba daquela ilusións porviristas*, de F. del Riego), **estrullar** (*Era un campo revolto*, *estrullado polos xeonllos*, de F. del Riego), etc.

1326. Esmaguzar, esmaguchar e machucar

En *Dos arquivos do trasno* atopamos esta frase *¡Como chorarían as estrelas cando pola noite visen o meu corpo esmaguzado!* na que aparece o participio do verbo **esmaguzar**, pouco corrente na lingua falada e na escrita, que é unha variante de **esmaguchar**, que o usa algunha vez en *Antre a terra e o ceo*: *vós*, *mozos trafegantes... dádevos tamén por aludidos e esmaguchade o parvo alcume baixo unha arela xigante...*; *¿Ise mal parroquialismo de esmoleiros... non rematará apouvigando*, *esmaguchando torpudamente*, *as máis outas arelas de Galiza?*

Non hai ningunha dúbida de que estes dous verbos son como o verbo tamén pouco corrente, **esmagullar**, ou do máis espallado **esmagallar**, que o vin usado nunha obra de A. Fole: *¿E pra esmagallarte contra o chao*, *puxeches o traxe novo?*

Esmaguzar, **esmaguchar** e **esmagullar** son verbos derivados de **esmagar**, moi popular en toda Galicia, para significar, como di o diccionario académico: apertar con moita forza unha cousa ata desfacela ou deformala achanzándoa e diminuíndo o seu espesor e grosor ou nun sentido figurado facer sucumbir a alguén someténdoo a calquera tipo de presión irresistible.

Os escritores de tódalas épocas fixeron moito uso de esmagar: *daríame forzas dabondo para esmagar a fachenda* (Castelao), *¡Heiche esmaga-lo fuciño*, *larpeiro!* (Risco), *o coral esmágase cun tenedor* (Cunqueiro), *que se adeparten todos*, *pois non quero esmagar a ninguén* (Fole), *as enfermeiras parecíanlle canóns que o ían esmagar* (F. del Riego), *esmagaba pataca contra ovo co cuberto* (M. Ferrín)...

Esmagar é verbo moi corrente tamén na lingua portuguesa e ten unha orixe moi discutida polos lingüistas e talvez estea en relación co castelán *magullar*. Poderiamos citar bastantes sinónimos deste verbo como **amagallar**, **apisoar**, **engurrar**, **estrullar**, **estruchar**, **comprimir**, **calcar**, **apertar**, etc., e tamén **machucar**.

Machucar (que ten as variantes **machicar**, moi usada tamén como sinónima de **mastigar** e **machacar**) é verbo empregado nalgunha ocasión polo escritor Rafael Dieste (*Cando chegaba á sua leira co carro ateigado de cunchas... E despois de machucalas...*) e por outros escritores, como Fernández del Riego (*A poeirada do ceo confundíase co bárbaro machucar das granadas*), X. Torres (*mira que hai xente pesada*, *machuca que machuca co tema*)...

1327. Larizán e trupioso

A persoa que ten tendencia a durmir moito e en calquera parte é denominada **durmiñón** ou **durmiñona**, voz que ten as variantes populares **dormiñón**, **dormiñento**, **dormichón**, **dormiñán**, palabra esta que talvez formou esa terminación en *-án* por influencia de verbas como **lacazán** ou **folgazán** que se aplican tamén loxicamente ós que lles gusta durmirse en calquera momento.

Rafael Dieste fixo uso da palabra **larizán**, non moi usual na fala actual, pero si recollida, polo diccionario de Eladio Rodríguez que lle dá a seguinte definición: "dícese del que dormita junto al

hogar". Está claro que esta voz é un derivado de **lar** coa terminación en —*án*, como as palabras citadas dormiñán, lacazán ou folgazán.

Esta palabra está en *Dos arquivos do trasno*: *¡Esperta*, *larizán*, *que anda xente na casa!*, pero hai algúns autores que a empregaron tamén: *os ditos dos larizáns* (G. Sabell), *pois durme*, *larizán*, *¿pode haber mellor pra ti?* (Cotarelo).

No libro *Antre a terra e o ceo* está esta frase: *a pillería para se defender dos trupiosos é unha virtude*, na que atopámo-la voz **trupioso**. ¿Que é un **trupioso**? Busquei nos diccionarios e noutras obras léxicas, pero non a achei. Curiosamente noutra narración desa mesma obra aparece usada outra vez esta palabra: *Fora dos dominios da conduta*, *o pensar en voltas é o mellor pensar cando isas voltas non son trupiosas*.

Está claro que esta palabra loxicamente pola súa terminación debe ser un derivado de **trupia**, pero ¿que é **trupia**? Para min é unha voz descoñecida, pero non para Rafael Dieste que fai varias veces uso dela na obra citada: *O tempo dos antigos é o tempo dos pensamentos ben pousados que resistiron tódalas trupias dos argalleiros*..., *Non é democrático alcadar prestixio con trupias e solermas máis ou menos finas*..., *Sería agora un pouco longo poñer de manifesto os trabucos e trupias que van agachadas nise subterfuxio*.

Despois de ler estas frases penso que para Dieste **trupia** é unha voz que ten a mesma significación que trampa e por tanto **trupioso** é o mesmo que **tramposo**, **trampón**, **trampulleiro**, **trampullón**, **trampuzas**...

Sen embargo teño que engadir que en *Dos arquivos do trasno* fala doutras **trupias** (*tódalas maneiras de coller grilos*, *tódalas trupias*, *cebos*, *agoiros*) que deben ser brecas ou outro tipo de peixes...

1328. Grafiñar e puvulla

No relato "Sobre a morte de Bieito" de *Dos arquivos do trasno* cóntase como o autor cre que Bieito cando é enterrado está ainda vivo e cando o levan na caixa el di que *sentín boligar dentro da caixa ao probe Bieito*, frase que xa comentamos falando de **boligar**, e logo volve facer referencia a este asunto escribindo o seguinte: *Vía ao probe Bieito grafiñando as táboas nise espanto ausoluto*.

¿Que é **grafiñar**? Este verbo non aparece recollido nos diccionarios nin é popular. Penso que lendo a frase con atención **grafiñar** ten para Dieste a mesma significación de rabuñar, raspuñar, rañar ou rascar. En principio pensei que esta forma é un calco do francés *graphignar*..., pero talvez é unha modificación de **garfiñar**, verbo nacido do nome **garfo** "gancho de punta aguda". Coido pois que **grafiñar**, voz pouco corrente, é actuar cun garfo e nun sentido amplo actuar rañando ou rascando.

Así pois, **grafiñar** é unha variante de **garfiñar** "rabuñar" e, a pesar de non ser corrente, teño constancia do seu emprego por Manuel Antonio: *grafiña o sol nas nubes*.

No relato citado atopamos tamén esta frase: *¡Foi un rebulir tan maino!... Como a teimosa puvulla que rila*, *rila na noite*, *rila de entón no meu maxín afervoado aquel mainiño rebulir*, onde aparece a voz **puvulla**, que non a achei rexistrada en ningunha obra léxica nin en ningunha outra obra literaria.

¿Que é unha **puvulla**? Desde logo é algo que rila, que rincha, que renxe ou que produce un son agudo pero maino, é dicir, tranquilo, manso, suave. ¿Onde aprendeu Dieste esta voz? Non teño nin idea, pero curiosamente non se trata dun erro de escritura porque volve empregala nun artigo de *Antre a terra e o ceo* no que fala dos que arelan mellora-lo medio social galego, que teñen que ter unha *forza persuasora que endexamais alcadan as persoas de esprito difuso*, *cheo de vagariños romores de puvulla*.

Está claro que para Dieste esta voz tiña vixencia, pero ¿que é unha **puvulla**? Estiven pensando en palabras similares que vin rexistradas por Eladio Rodríguez: **puvixo** "pavesa apagada", **pubilla** "polvo que suelta la madera vieja", **pubela** "rama seca del pino"... E cheguei a conclusión de que a **puvulla** pode ser ese pequeno insecto que vive destruíndo a madeira, a roupa, o papel, etc., é dicir, un sinónimo de **couza**, **traza**, **caruncho**, ...

1329. Repenicar e requenear

Xa falamos en *Glosas da lingua* de como de **picar** naceu o verbo **repicar** na significación de soar ou tanxe-las campás ou calquera outro instrumento de percusión e de como de **repicar** xurdiu o verbo tamén popular e moi usado polos escritores **repinicar** ou **repenicar**: *ó pé da ermida onde as campanas repinican ledas* (Cabanillas), *o sacristán repinicaba baixiño as campás* (Neira Vilas), *no intre en que os sinos repenicaban a vésperas* (Castelao).

En *A fiestra valdeira* usa Dieste este verbo: *Repinica a campaíña da porta*..., *Repinica festeira a campaíña*, que usan moitos outros escritores para referirse a outros instrumentos, cantos, partes do corpo, choivas, etc., que consiguen sons máis ou menos rítmicos semellantes ós das campás: *Este pandeiro que toco ten o pelexo gastado*, *de tanto dalle que dalle*, *de tanto repinicalo* (Castelao), *cantando cantares que repinican* (Cotarelo), *Ela andaba repinicando nos vidros coa súa fronte* (Cunqueiro), *Escoita o repinicar da chuvia*..., *A chuvia repenica nas pedras* (F. del Riego), *Repinica a choiva no tellado* (Fole), *na choiva que repenica no teito da cabana* (Freixanes)...

E de **repinicar** naceu o nome **repinique** "acción de repinicar" como vemos nesta frase de Cunqueiro: *preguntándolle cun repinique de dedos como andaba de calor* ou nestoutra de M. Ferrín: *O día anterior fora domingo sen repinique de sinos na catedral*. Sen embargo Dieste emprega **repinico**: *e escoitan moi metidos na casa o repinico da choiva noitega*, nome do que fai uso tamén nun sentido figurado: *discutía longamente coas persoas de máis escola e de máis repinicos de sabencia*.

Temos que dicir que a norma académica prefire o uso de **repenicar** e por tanto tamén de **repenique**: *un repenique que o sorprende na súa ledicia* (Conde).

En *Dos arquivos do trasno* atopamos esta frase: *cando xa pousámola caixa e o crego requeneaba*, na que aparece o verbo **requenear** que non está rexistrado en ningún diccionario moderno por non ser xa actualmente popular, pero que si debeu selo no século pasado porque si dá constancia del M. Valladares: cantar ben os cregos nos responsos.

Desde logo hai outros escritores que igualmente fixeron uso deste verbo, que dá a impresión que naceu do nome eclesiástico *requiem*, como Curros (*Requeneou catro preces*) e Cotarelo (*Rebulían os cregos*... *requeneando non sei que*...).

1330. Ríngolas e riolas

Para designar un conxunto de persoas ou cousas semellantes que se colocan unha detrás doutra temos, en galego varias palabras. Empecemos citando a voz de orixe xermánica, común co castelán e co catalán, **ringleira**, que ten bastante uso na fala e nos textos dos escritores de tódalas épocas: *mirei pasar en ringleira unha procesión de mortos* (Curros), *Olla unha ringleira de regateiros que venden libros vellos*

(Castelao), *mozas en ringleiras algueirantes* (Otero Pedrayo), *Había ringleiras de leitos* (F. del Riego), *ollada que se alonga polas ringleiras de leitos e miserias* (Conde), *Unha longa ringleira de homes vai avanzando* (D. X. Cabana)...

Hai bastantes escritores que usan a variante **ringuileira**: *e víanse en ringuileiras xurdir por tódalas rúas os romeiros* (Curros), *deixar pasar a longa ringuileira das bestas* (Blanco Amor), *había moitos chalets e ringuileiras de alcacias* (Fole)... E o citado Curros Enríquez que empregou **ringleira** e **ringuileira** fai uso tamén da variante **ringla**: *Manadas de lobos famentos... postos en ringla...* E Leiras Pulpeiro usa **ringra**: *todos*, *correndo*, *se puxeron nas duas ringras*.

Pero Rafael Dieste en *Dos arquivos do trasno* fai uso doutra variante: **ríngola**, que non sei se a empregan outros escritores: *e as galiñas fan ríngolas na sombra do alpendre*.

Sinónimo moi corrente de **ringleira** é **fila**, que tan tamén unha grande aceptación entre os escritores: *os olivos... sembrados en fila* (Rosalía), *manda formar nas filas da nova Germania* (Otero Pedrayo), *unha procesión en doble fila* (Casares), *namorados que se poñen nas filas traseiras* (Conde)... E tamén **fileira**: *Camiñaran pola praia*, *entre fileiras de gaivotas* (X. R. Pena), *botes de coca-cola ciscados polo chan e colocounos en fileira* (M. Rivas).

E outro sinónimo destas voces é **rea**, que é moi corrente entre os falantes, pero non moi empregado polos escritores: *seguido dunha rea de xente* (H. Villar). Sen embargo co sinónimo **riola** pasa ó revés. Son moitos os escritores que o usan: *Tras del*, *en longa riola... iban* (Curros), *Na riola dos emigrantes...* (Castelao), *A riola de wagóns vaise botar ao camiño* (Otero Pedrayo), *unha riola de fermosas mulleres* (Risco), *a riola de homes que chegaban* (Cortezón).

Por último quero salientar que esta voz é a preferida por Rafael Dieste, que tamén fai uso dela en significación figurada: *Os ollos dos picariños que alá na veiramar andaban en riola atrás da nai...*, *Alí xa viña o tren*, *unha riola de mostros ben mandados...*, *gardadas por unha aristocrática riola de razóns...*, *maldecirános con unha riola de denostos...*

1331. Moinas e moinantes

No primeiro escrito de *Antre a terra e o ceo* comenta Dieste o enxebrismo da lingua galega e de como algúns escritores se expresan nela do modo máis rústico posible: *Pra un ouservador de burdo ollar non hai más marcas típicas que as marcas ruíns*. *Diste xeito no labrego non viron máis que o pleiteante*, *o moina*, *o testarudo*, é dicir, para algúns os nosos labregos son testarudos, pleiteantes ou moinas.

¿Que é un **moina**? **Moina** é voz bastante popular e recollida en case tódolos diccionarios para designa-la persoa astuta, maliciosa, hipócrita que se presenta con aparencia inxenua ou humilde. E **moina** aparece usada por algúns outros escritores: *e pensen os moinas que pensan mui mal* (X. M. Pintos), *remembrándolle os desaires e os desprecios da moina de Teresa* (López Ferreiro).

E desta voz xurdiu a palabra **moinante** que é actualmente moito máis usada que **moina** para designar a esa persoa que vai de feira en feira vendendo algo ou mendigando, e sempre aparentando humildade ou a calquera persoa vagabunda metida en negocios pouco claros. Posiblemente calquera falante normal que emprega esta voz contestaría, se lle preguntasemos que é un moinante, un tunante, un tuno, un arteiro, un vergallán, un cuco, un raposeiro...

Son moitos os autores que empregan esta voz: *Rañolas fuxe dos moinantes que o tiñan engaiolado* (Castelao), *entre feirantes*, *moinantes*, *capadores e carteiristas* (Blanco Amor), *logo da aparición en escena da moinanta Lula Ares* (M. Ferrín), *¡Maldita sexa a ciencia dos enganadores! ¡Andrómenas de moinantes!* (Freixanes), *instaláronse os telderetiños dos moinantes* (Conde), *aquí che traio estes dous moinantes que aínda non pillaron moitos piollos* (Alcalá)...

Parece que esta voz **moina** foi traída a Galicia por xentes do Sur de Francia, pois era así como chamaban a esa voz latina ELEEMOSYNA, que na nosa lingua medieval era *esmolna*, como aparece nas Cantigas de Santa María (*vivía das esmolnas que lle davan*) e actualmente **esmola**, voz bastante corrente. Así pois os **moinas** deberon ser en principio algúns destes peregrinos ou romeiros que practicaron esa astucia de sacar cartos, cousa que actualmente fan tamén esas xentes ás que chamamos **esmoleiros**, voz que usa nalgunhas ocasións Rafael Dieste: *a vella solitaria chamaba a un esmoleiro pra que gavease aos arbres*..., *loitas de esmoleiros encirrados á porta do "señor"*..., *Daquela xa deprendera a falar algo e fixose esmoleiro*...

Pero hai en galego outras moitas voces que se usan para denominar este tipo de xentes das que seguiremos falando.

1332. Outros tipos de moinas e raposeiros

Son moitas as palabras que temos en galego para denominar esas xentes que ocultan as súas intencións cando se relacionan con outras. Da mesma significación que **moina** témo-la voz usual nalgunhas partes, **zoina**, palabra procedente do árabe e común na súa orixe con **zaino** e que emprega algún escritor: *tiñan que resucitar no meio da inxente morea de zoinas e renartes*, *de fuxidos* (Cortezón).

Pero hai falantes que cruzan esta voz con **moina** e din **zoinamoina**, voz que tamén vin empregada por Cortezón: *Os vellos zoinamoinas*, *renartes*, *cucarandainas*..., e outros que cruzan **moina** con outras voces que comezan con *zang*. De aí que poidamos escoita-la palabra **zangamoina**, que a vin empregada por Taibo (*¡Que larchán! ¡Que zangamoina! ¡E fixome morde-lo molete!*) que a define así: *O que disimulada e arteiramente*, *parvo ou non parvo*, *sai ca súa*.

Quen é moina é tan hábil coma un raposo. De aí que poidan ser chamadas **raposos** esas xentes, como o fai Rafael Dieste: *Ise Baldomeiro vaime parecendo máis raposo e*, *sobre todo*, *máis grusmia*, *do que sempre coidei*...*¡Raposón! Vaia*, *¿ti qués ou non que lle quiten a fiestra ao cadro?*..., *E o raposiño aquil*, *viaxante*, *por máis señas*... Tamén hai quen emprega a voz **raposeiro**: *No mostrador o raposeiro patrón mira*... (Otero Pedrayo), *E dispois dunha leria raposeira quedamos amigos* (Castelao).

Suíño, voz procedente do latín SUINU ("porco"), emprégase actualmente para denominar a esas persoas que podemos chamar tamén **moscamorta** ou **mosquiña morta**, **petapouco**, **quedabén**, **bailanacriba**, **manteigoso** (*Fino*, *lamieiro e manteigoso*, *como lle compre a un fidalgo*, H. Villar), **espamentoso**, **figureiro**, **farsante**, **camanduleiro**, **alpurneiro** ou, naturalmente, **hipócrita**, voz bastante culta, pero que tamén empregan os falantes e moito os escritores: *as hipócritas xentes* (Pondal), *¡Hipócrita! Calquera diría que non foches ti*...*!* (Castelao), *as vellas hipócritas que veñen con responsos* (Neira Vilas), *un bébedo galgante vale máis que un rezador hipócrita* (Rábade).

Pero hai ademais moitas outras palabras que teñen a súa orixe no mundo relixioso e que se empregan como sinónimas das voces que acabamos de citar. Así podemos chamar a un hipócrita **abeatado**, porque quere aparecer coma un beato, **abaritán**, que equivale a excomungado (*non entendían*

aquela amizade do crego cun abaritán, de Cortezón), **fariseo**, **filisteo**, **rosareiro** (que se aplica a quen ten ou pon a figura de estar rezando o rosario), **xudeu**, **santilorio**, etc.

En fin, o galego, como pasa noutras linguas, ten moitísimas maneiras de chamar hipócrita a alguén...

1333. Arruallo e retranca

En *Dos arquivos do trasno* conta Dieste a historia dun xoguete, un barco, que fai un mariñeiro dun anaco de pino. Xa terminado, un día cambia o tempo e prodúcese unha medranza de todo e entón *sacou o peito fabuloso con máis arruallo o mascarón de proa*. Hai que entender ben a frase tendo en conta que o seu suxeito é o mascarón de proa, que é o que saca o peito con **arruallo**.

¿Que é **arruallo**? Vexamos esta frase de Freixanes: *Moito arruallo*, *moito aparato e fachenda para un capitán de provincias*, ou estoutra de Xoana Torres: *arrempuxando con todo o arruallo do mundo*. Ou estas nas que aparece como **arroallo**: *o arroallo altivo dos príncipes* (Freixanes), *e se non tivese aquel arroallo e aquel botar por ela de madamita* (Blanco Amor).

Penso que con todos eses exemplos está claro que **arruallo** ten a mesma significación de presunción, fachenda, xactancia, vaidade, ostentación... Nos diccionarios modernos vén en xeral soamente a significación desta voz como macho cabrío ou castrón... Creo que esta palabra procede do verbo **arruar**, que Eladio Rodríguez define así: "Arreglar, poner las cosas en orden", derivado da palabra **rúa**. E por tanto, poñer unha rúa ben pasa a ser poñerse ben ou distinguidamente para presumir, tanto as persoas coma os castróns...

A palabra **retranca** é para moitos falantes o mesmo que **tranca**, voz moi popular para designa-lo pao ou barra de ferro que se usa para asegurar por dentro unha porta ou unha ventá (*fecharon dun golpe a porta e botaron a tranca*, de Blanco Amor), pao longo ou fungueiro dun carro (*hei de romperlle no lombo unha tranca*, de Rosalía) e tamén borracheira (*O meu amigo colleu onte unha boa tranca*).

E **retranca** tomou tamén unha significación mais figurativa: habilidade para falar con segundas intencións ou ironicamente ou con certa malicia, como vemos nestas frases de *Dos arquivos do trasno*: *nunha surrisa de retranca insinuei*: *¿E si o Bieito fora vivo?...*, *i eu amplifiquei a miña falsa surrisa de retranca*, ou estoutras de M. Ferrín (*Noto alí a pouca retranca de que é capaz*), Rábade (*preguntoulle con retranca*), Cortezón (*Pacola respondera amargurada*, *pero cunha certa retranca*)... E moi usado polos escritores é o seu derivado **retranqueiro**: *sorría medoso e retranqueiro a un tempo* (F. del Riego), *fai comentarios retranqueiros de inequívoca intención* (Freixanes)....

1334. Cousas de laretos

Nun relato de *Dos arquivos do trasno* descríbese unha conversa das pezas de xadrez. O rei branco pregunta por un cabalo que falta e contesta *un peón branco* (*lareto i espilido*): *¿Quer que eu vaia buscalo?* Como vemos ese peón é **lareto**, é dicir, moi falador, voz moi corrente na fala popular e na lingua literaria: *¿Como tantas veces deixas que algúns laretos estranos seus curutos mondos vexan?* (Leiras Pulpeiro), *cara de lareta coma si nada fora* (X. Torres). E ten moitas variantes: **lareta**, **laretas**, **lareteiro**, **larapetas**, **larapeteiro**, **larapeto**, etc.

Pero en vez de **lareto** poderiamos dicir outra palabra, **bocalán**, que se aplica ós laretos, sobre todo ós que falan mal, presumindo ou esaxerando, ós que blasfeman, ós que din groserías: *chámalle logo a el soio bocalán e que formas son esas de falarlle á aboa* (X. Torres), *eu creín que somentes era un posfaceiro bocalán*, *un paparrabias* (Cortezón), *é gran cabaleiro anque moi bocalán* (D. X. Cabana).

Coma no caso de **lareto** atopamos moitas variantes de bocalán: **bocachán**, **bocanal**, **bocapodre**, **bocarrota**, **bocarrachada**, etc.

As persoas que falan máis do debido ou desvergonzadamente poden ser chamadas **lerchos** ou **lerchas**, palabra que tamén se aplica ós que son descoidados na limpeza ou nos modais e mesmo ós que non lles gusta traballar. Vexamos estes exemplos: *imitou ás lerchas do café cantante* (Blanco Amor), *O que lle non fixeran as lerchas* (M. Ferrín), *relearon coma lerchas compoñendo e recompoñendo mil veces as negociacións* (Freixanes), *o outro era un fozas*, *un lercho que tan só podía pensar en roubar* (X. R. Pena). E bastante vivas están as variantes **lerchán** e **larchán**.

E relacionada coas voces citadas está **prosma** ou **prosmeiro** que en xeral se aplica a quen fala con moita calma ou con torpeza ou a quen di moitas parvadas continuamente aburrindo a quen o escoita. Non son voces moi correntes na fala, pero si bastante usadas polos escritores: *marmuraba a Viguesa*, *cofeándose descontra o prosma* (Blanco Amor), *non era nada presumida nin prosmeira* (F. Ferreiro), *debecendo entre prosmeiros e nostálxicos* (Cortezón), *¡Mangante!*, *¡Coitadiño!*, *¡Prosmeiro!* (Fole).

Quen fala con pouco sentido, con descaro ou desvergonza pode ser chamado **xarelo** ou **xarela**. Para moitos falantes é moi común a voz **charela** para aplicala ás mulleres que andan tralos homes: *¡Xarela*, *pesca*, *máis que pesca!... ¡Cala*, *cala*, *xarela! Toleastes...* (Cotarelo), *Duas rapazas charelas puxeran tal abundanza...* (Leiras Pulpeiro)...

1335. Regatear e relear

Xa nunha ocasión en *Glosas da lingua* falamos da cantidade de verbos que tiñamos en galego para significar seguir adiante cun balón de fútbol cando xogando se nos pon en fronte un xogador contrario que quere sacárno-la pelota: canear, driblar, caracolear, serpear, colear, etc. Na nosa lingua existe tamén o verbo igual ó castelán **regatear**, pero non se emprega como sinónimo dos citados, senón para dicir que discutímo-lo prezo dunha cousa para adquirila máis barata.

Regatear é voz bastante corrente tanto a nivel popular coma literario: *porque o comerciante*, *cando a vella regateaba*, *coutoulle os reparos...* (Castelao), *O impresario non regateaba* (Otero Pedrayo), *saben ir de compras*, *saben ó mellor regatear nun mercado cando tes que regatear* (U. Heinze), e tomou ademais o significado de procurar dar dunha cousa o menos posible, é dicir, de escatimar, como vemos nesta frase de A. Cáccamo: *Outra cousa moi distinta era a aventura idilicamente sinistra que os homes valentes*, *sen regatear detalles*, *nin nomes... contaban ós amigos do bar*.

Penso que máis corrente aínda é o verbo **relear** que é bastante usado polos escritores nesa significación de discuti-los prezos: *O Toulet releou hastra que llas sacou en medio franco*, *o que era algo de perda* (Cunqueiro), *Despois de moito relear pagámolo* (Reimóndez Portela), *Dixo que si por non relear. Pagaba os recibos cada mes* (Neira Vilas).

E **relear** é igualmente disputar obstinadamente por algún motivo: *Beben*, *relean e eu acocho a cabeza...*, *Sigo aturando o relear dos aduaneiros* (Neira Vilas), *os tesoureiros dos dous estados negociaron e relearon coma lerchas* (Freixanes) e tamén ten o sentido de escatimar: *¿É que ela non tiña ben ganada a*

broa que lle releaban malamente? (Martínez Oca), *tan notables intelectos a quen nunca lles relearon louvanzas* (Riveiro Loureiro)...

Precisamente Rafael Dieste fai uso deste verbo no sentido de disputar ou discutir con moito tesón e perseverancia: *Haberá que dicir "A que me dou o si". Pro supoñamos que mo dou pra que a deixase en paz e tendo eu antes releado astra cansala...*, *Tense releado moito antre nós*, *en xornaes e tertulias en col de si a Galiza lle compre ou non a gran cidade*.

E deste verbo naceu o nome de **relea** ou **releo** para indica-la acción de relear e os adxectivos **releón** e **releeiro** para cualificar aqueles que sacan pracer en pasar tempo discutindo sobre calquera tema...

1336. Enlear ou enliar e desenliar

Da mesma familia léxica que o comentado verbo **relear** é **enlear**, que ten a variante **enliar**, e que fundamentalmente ten a significación de atar, ligar, envolver cousas de modo desordenado, mesturar cousas que acaban dando complicacións ou confusións, meterse en asuntos dos que resulta logo difícil saír...

Non son moitos os autores que fan uso deste verbo: *e puxemos pé a terra enleando el o ronzal e eu as rédeas nas ponlas baixas dun piñeiro* (M. Ferrín), *de sonos enleados de oucas sonámbulas e cegas* (Iglesia Alvariño), *estás catro noites con el e enlíaste*, *pero non máis*, *é imposible* (U. Heinze).

Sen embargo Rafael Dieste fai un uso tremendo de **enliar**. Así en *A fiestra valdeira* di o personaxe don Miguel: *sospeito que me estou enliando*, onde **enliar** equivale a complicarse a vida. E nestoutros ten a significación de complicar ou confundir: *Algo que parescera moi enliado mentras se está dicindo... Non fagas frases enliadas e bunitas...*

En *Dos arquivos do trasno* repítese **enliar** coa última significación citada: *Fixéronse enliadas maniobras*, *con moitos berros e xuramentos* e coa mesma do exemplo citado de Úrsula Heinze: *Cada día gustaba máis as mozas e andivo enliado con moitas e coas máis bunitas*.

E en *Antre a terra e o ceo* atopamos catorce frases nas que aparece **enliar** (sobre todo o participio **enliado**) con todos eses significados posibles que expuxemos arriba. Véxanse algúns exemplos: *fino encantamento que enliaba con lazadas innumerábeis o feixe dos nosos pulos...*, *verémonos libres da parte máis enliada e quizáis hoxe en día menos direitamente froitosa da custión...*, *Xa dixemos que as perguntas veñen unhas enliadas noutras...*, *do enliado viaxe...*, *pra ter conta de sí e non se perder ou enliar...*, *E non enliedes o pensamento...*, *ise desexo de autobiografía que tanto enliou o paso de moitos devanceiros...*

Naturalmente a idea contraria de **enliar** pode expresarse, como o fai Dieste, co verbo **desenliar**, que equivale pois a desatar, soltar, desenredar, librarse de problemas, apuros, dificultades, incomodidades, aclarar unha situación, etc. Cando as cousas en *A fiestra valdeira* se complican, di Nogueira: *Pero*, *ou poco hei de poder*, *ou todo se vai desenliar con ben*. En *Dos arquivos do trasno* e *Antre a terra e o ceo* aparecen estoutras frases: *Faguía falla que eu mesmo remexera nos seculares feixes de escrituras para desenliar unha discordia por custión de lindes...*, *Alén do claustro hai tamén moito que desenliar*.

E aínda temos que seguir liando e ligando...

1337. Lear, liar e ligar

Está claro que os verbos **relear** e **enlear**, que xa comentamos, son compostos do verbo **lear**, que primariamente tiña a significación de envolver ou envolverse varias cousas xeralmente de maneira desordenada formando un enredo difícil de desfacerse. E de aí pasou á de meter ou meterse alguén en asuntos dos que é difícil saír. Pero na fala popular actualmente impúxose no sentido de pelexar, a pesar de que hai bastantes xentes que chaman **lea** á corda.

Sen embargo, os escritores prefiren usa-lo verbo derivado de lear, **liar**, que tamén é moi popular para significar envolver algo con leas ou **lías** ou ben mesmo cun papel, como se facía antes moi a miúdo cando se quería fumar un pito: *O Señor Bastiá de Cosme*, *liando despacio un cigarro*, *comentou*... (Cunqueiro), *O home saca agora tabaco e papel e ponse a liar* (S. Toro).

Liar é pois xuntar unha cousa con outra mediante cordas ou cordeis e de aí que sexa igualmente usado no sentido de implicar ou implicarse nunha serie de dificultades e, como no caso de **lear**, é equivalente a pelexar.

O nome derivado deste verbo, **lío**, mantén tódolos significados de **liar** e por tanto un **lío** pode ser un fardo ou envoltorio de cousas, como vemos nesta frase de Dieste: *Alá na mesma proa onde o lío de cordas e de panos era máis revesgado*. Ou pode significar situación na que hai moito ruído, confusión e desorde e tamén enfrontamento entre persoas que se produce con berros, rifas, disputas, etc.: *pero como poida non faltarei á festa derradeira*. *Irei co viño tasado para non armar lío* (de *A fiestra valdeira*).

E **lío** como asunto ou situación difícil de resolver é moi popular a tódolos niveis da lingua: *andan á percura dun que fixo onte un bó lío nunha taberna da vila* (Blanco Amor), *sempre é aventurado andar en líos coa xusticia* (Fole), *Despois deixou de traballar e así empezaron os líos* (U. Heinze). E naturalmente hai tamén **líos** amorosos...

Lear e **liar**, naceron do verbo latino LIGARE, que se transformou neles dun modo de desenvolvemento fonético normal, pero xa hai moitos séculos entrou de novo nas linguas romances o cultismo **ligar**, que se foi impoñendo nas mesmas significacións desas verbas e de enlear e relear. Vexamos algúns exemplos de Dieste: *Co espontaneísmo veuse a ligar*, *naturalmente*, *o sinxelismo*..., *concetos ben ligados*..., ou doutros autores: *daime unha cifra que ligue tantos nomes* (Curros), *puxémonos a ligar unha conversa* (M. Ferrín)... E de **ligar** saíron bastantes voces populares: **liga**, **ligada**, **ligadura**, **ligame**, **ligazón**, **ligamento**...

1338. De disputar a enguedellarse

Despois de falar tanto deses verbos **lear** ou **liar** e os seus compostos, podemos seguir discutindo doutros similares. Acabo de dicir **discutir**, verbo corrente para significar examinar asuntos desde diversos puntos de vista entre dúas ou varias persoas. Eu podo discutir sobre calquera teoría sen chegar a **líos**. Rafael Dieste emprega loxicamente este verbo na súa significación normal: *Ise labrego que lé xornais discute con medida*..., *Discuteuse despois por algún tempo en col de se era xusto que Vilanova fose dona da balea*...

Pero se discutimos de maneira viva, violenta, vehemente..., deixamos de discutir e pasamos a **disputar**, verbo de orixe culta desde hai varios séculos e de uso bastante normal a tódolos niveis da lingua. Vexamos estas frases de Dieste: *Os labregos disputan por catro ichavos*..., *Os tres escomenzaron de súpito a garular e a se disputaren aquelo*..., ou estoutras doutros escritores: *¿Por quen disputades?* (Cunqueiro),

Aínda disputamos un pouco sobor de istas cousas (Blanco Amor), *disputaban polos espacios libres da rede para as maletas* (Alcalá).

E o nome **disputa**, acción de disputar, é moi usado: *Pra que non haxa disputas poremos nistes termos a custión...*, *A disputa era asañada na súa mansedume* (Dieste), *entrar en disputas de mortos siñalados* (Cunqueiro), *¡Venturosa cidade que libra as súas disputas no leito das cortesanas!* (Freixanes).

Outra maneira de discutir violentamente ou disputar é **pelexar**, verbo que fundamentalmente é algo máis que esforzarse por conseguir algo desa maneira, porque **pelexar** é moi corrente no sentido de loitar, combater, batallar. Véxanse estas frases dos nosos escritores: *entre os que por seu amor pelexaron* (Curros), *o autor que máis fortemente se pelexou cas drogas* (G. Sabell), *en canto se xuntaban non facían máis que pelexar de moi mal modo* (Blanco Amor), *acabaron pelexando dentro do mostrador* (Toro).

Hai tamén outros verbos non moi correntes, que teñen esa mesma significación de discutir violentamente, como **remaquear**, **retelear**, **esganifar** ou **retesiar**, do que procede o nome **retesía**, que gustan de usar moitos escritores: *Detrás da fiestra érguense gargalladas e retesías* (Castelao), *feroces pleitos e retesías* (Freixanes), *nunha silandeira retesía con cantos pretendan mancalos* (P. Martín).

E podemos engadir **encerellar** e **enguedellar** que basicamente significan envolver ou envolverse, pero que na fala podemos usar como calquera dos verbos citados: *Pepe e Xan pasaron todo o día encerellados*, ou *enguedellados*.

1339. Seguimos rifando

Despois de tantos verbos citados nos comentarios anteriores que significan discutir, disputar, queremos pecha-la serie con algún outro, como **agarrar**, que fundamentalmente é coller fortemente coa man algo, suxeitar, apañar enfermidades ou vicios..., e as vacas agarran, é dicir, empreñan. E **agarrarse** é necesario cando nos atopamos nun coche e hai moitas curvas na estrada...

Pero pode un **agarrarse** cun amigo nun bar falando dun tema político, deportivo, etc., sen necesidade de darse golpes, é dicir, simplemente dando berros ou insultos. Agarrarse é pois discutir violentamente e penso que actualmente está aínda máis viva a expresión *ter unha agarrada*, isto é, ter unha discusión violenta: *Por turnos xogabamos ó parchís con berros e agarradas* (X. Alcalá).

Xa en *Cartafol da lingua* comentámo-lo uso que facían algúns escritores do verbo **gurrar**, tipicamente galego, para significar discutir ou pelexar, dando estes exemplos de Otero Pedrayo: *Ao pensar na tía Xanota as verbas bruxa*, *demo*, *candonga*, *porca*, *gurrando por saír... Soupo gurrar a tempo...* Tamén Neira Vilas usa este verbo: *gurrando cos lexisladores e goberneiros burócratas* e mesmo o nome derivado del, **gurra**, equivalente a discusión: *Alí comenzou a gurra coa policía*.

Posiblemente hoxe hai bastantes persoas que cando mencionámo-lo verbo **rifar** pensen na súa relación coas rifas ou xogos de azar, pero desde sempre **rifar** equivale a chamarlle a atención a alguén: *Si miña nai me rifa*, *xa lle saberei contestar* (Otero Pedrayo), ou disputar ou discutir fortemente con alguén: *rifaba coas regateiras e cos parroquianos* (Risco), *Nunca rifaran polos seus asuntos* (Fole), *eu facía o que quería e ninguén me rifaba* (Casares), *e durmían xuntos e rifaban coma os matrimonios* (P. Martín).

E, como é lóxico, **rifa** tanto é igual a sorteo: *seis copas que lle tocaran nunha rifa* (Cunqueiro), coma a discusión: *chegou un gran estrondo da cociña e rifas da nai* (Otero Pedrayo), *Cando o cubano volveu houbo unha rifa enorme entre os dous* (P. Martín).

Nas obras de Dieste non atopei o uso deste verbo **rifar** máis que unha vez en *A fiestra valdeira*: *Aquela noite o vento rifou as velas*. Está claro que este **rifar** diesteano non ten nada que ver co **rifar** citado. Non sei se existe este **rifar**, que claramente significa romper ou abri-las velas, na nosa lingua, pois non o atoipei citado en ningunha obra léxica. Desde logo este **rifar** "marítimo" é un catalanismo ou castelanismo...

1340. Porfiar e insistir

Non hai moitos séculos entrou en varias linguas romances o cultismo **perfidia** na súa significación latina de mala fe, maldade, e que Dieste o empregou escribíndoo **perfidea**: *a perfidea do alcalde e do secretario*. *Isa perfidea fracasaría en moita partes con outra estructuraceón dos intereses*. Pero esa voz latina foi palabra normal nos primeiros tempos das linguas romances e transformouse en **perfía** foneticamente e en disputa, discusión, tentativa lexicamente.

Perfía aparece bastante nos nosos textos medievais (*estando en perfía de qual deles o matasse*, das Cantigas de Santa María) e hai uns cinco séculos pasou a dicirse **porfía**. ¿Quen que usa esta voz pode pensar que en principio era *perfidia*?

Porfía ten hoxe a significación de discusión, rifa, insistencia, e é moi empregada tanto a nivel popular coma literario. Rafael Dieste fai bastante uso desta voz: *Se un dos nosos nos move porfía*, *¿non pode pensar a xente que é dos da outra banda?...*, *sementar preocupaceóns e porfías* e tamén o fan outros escritores: *anque por certas porfías solo tocaba a muiñeira* (Curros), *moveuse unha estrondosa porfía no mundo centífeco* (Risco).

E de **porfía** sae o verbo **porfiar** moi corrente a tódolos niveis da lingua, ben para significar discutir: *Non hei agora de porfiar coísa voce fiducial e amiga* (Dieste), *porfiaban si se había dicir Alcalda ou Alcaldesa* (Risco), ou ben insistir: *Que tódolos galegos porfíen en col de Galiza* (Dieste), *pensa e pensa naquelo*, *porfía que te porfía* (Rosalía), *Pra me contares aquelas tuas cousas*, *que eu porfiaba que dunha vez me dixeras* (Leiras Pulpeiro), *empezoume a porfiar moito que fose con el ó castelo* (D. X. Cabana).

Quen porfía moito ponse ás veces **terco** ou **terque**, como din moitos falantes. De aí que **terquear** sexa empregado en certo sentido como porfiar: *Rosa terqueaba que ela sería reloxeira* (Cunqueiro).

Pero loxicamente temos que facer referencia do cultismo **insistir**, que non se usa moito a nivel popular, pero si a nivel culto ou literario. Dieste fai uso del: *Compre insistir pouco nil pra ter lecer de falar doutros...*, *Quero pois insistir nisto...*, e igualmente moitos escritores: *Senten*, *senten*, *insistían elas* (M. Ferrín), *xa non volveu insistir no tema* (Casares)...

E naturalmente son usadas as voces derivadas: **insistencia** e **insistente**: *A cousa repítese con tanta insistencia* (G. Sabell), *pese á miña insistencia reiterada non quixo desistir* (Rábade), *a causa dos meus pregos insistentes* (M. Ferrín), *foi unha invitación insistente* (Alcalá)...

1341. Seguimos teimando

O verbo **obstinarse**, insistir en algo moi fortemente, que é un cultismo non moi usado popularmente nin tampouco literariamente, foi empregado por Dieste en *A fiestra valdeira* en boca do personaxe Matapitos, o rapaz de pouca formación académica. Por iso Matapitos pronuncia este verbo sen o *b*: *Eu non son soberbio*. *Xa que se ostinan...*

Tampouco o cultismo **persistir** é moi popular e talvez por iso é moi pouco empregado polos escritores: *Mais a doenza persiste e agarda sin presas* (G. Sabell), *persisto en organizar na cadea sintáctica*... (Rábade).

Pero o verbo máis corrente a tódolos niveis da lingua para significar obstinarse, insistir obstinadamente, persistir, obcecarse, porfiar, reiterar, cismar, etc., é **teimar**, que usa frecuentemente Rafael Dieste: *dialogadores que teiman por se poñer de acordo*..., *o primeiro icono que teimará derrubar* e outros moitos escritores: *Cavilaba teimando pór un pouco de ordre na súa maxinación* (Otero Pedrayo), *Trapote teimaba encol de cifras e cálculos de resistencia de materiais* (Cortezón), *Teimou e teimou pra se saír coa súa* (H. Villar), *teimou para que lle levaran a cea á habitación* (F. del Riego), *teimou en virse conmigo* (Fole)...

E naturalmente o nome **teima**, acción de teimar, obstinación, manía, obsesión, antipatía, idea fixa,... é realmente moi popular. Dieste fai uso del: *Calquera das duas teimas paréscenos de orde educativo*..., *hai que deixar de banda as duas teimas*, e tamén moitos escritores: *sempre andaban coa teima de queimar Londres* (Cunqueiro), *non dese tamén na teima de querer seguir ó Milhomes* (Blanco Amor), *sen discutir*, *sen acaloramentos*, *sen teimas* (Conde).

Quen actúa con teima ou o que manifesta a teima é cualificado de **teimoso**, moi usual tanto na fala popular coma na lingua literaria: *A máis teimosa e forte arela dos escritores en galego* (Dieste), *cando o Bocas se puña teimoso era coma un animal* (Blanco Amor), *teimoso dunha soa idea*: *saír* (F. del Riego). E as xentes a quen é moi teimoso chámano **teimón** (*aínda teimón a pesar dos anos*, de X. R. Pena) ou **teimudo**: *¡Que teimuda e paifoca é esta xente!* (Cortezón), *denunciábano como anticlerical teimudo e furibundo* (Casares), *Pero volve teimudo ao mundo das lembranzas* (F. del Riego).

Dieste fai uso do adverbio **teimosamente**: *a ideia de que a vida é teimosamente infidel*..., *ten de se repetir teimosamente coma a volta do sol*, que empregan algúns outros escritores: *do triunfo que teimosamente soñara* (F. del Riego), *as traicións que a historia a veces e teimosamente tece* (Conde) e do nome **teimosía**: *a aldea privilexiada pola teimosía e forza dos seus concellais*, que tamén usan outros escritores: *lémbraa con meirande teimosía* (F. del Riego), *recoñezo con excesiva teimosía*... (Gonsar).

E deixamos de teimar con tantas voces derivadas de **teima**.

1342. ¿Que é un rillote?

Nun relato de *Dos arquivos do trasno* cóntase a condena de Ramires que está no leito e ve xa na cama o diaño deste xeito: *Un xa turra dos cobertores cunha cara de rillote chea de veneno*..., *aínda que o diaño de xesto rillote seguía a turrar polo cobertor*, *o indiano ergueu*... O demo que ve Ramires ten cara e xestos dun **rillote**. ¿Que é un **rillote**?

Lendo outro relato de *Antre a terra e o ceo* titulado "O neno que arremedaba aos nenos" podemos ve-la relación desta voz cos nenos, segundo vemos polo texto: *Os hirmáns*, *xa mozos*, *lembrándose do rillotes que eran cando nenos*, *mofábanse dil porque dicían que non era neno*.

Castelao cita varias veces esta voz: *o rillote apareceu no tellado a rir*, *a rir*..., *capitán arriscado de tódolos rillotes*..., *dende aquela os rillotes comezaron a chamarlle o difunto de San Xosé*... E tamén a usan Cotarelo Valledor: *Un rillote de praia entra pola ezquerda con un balde na mau*, Fole: *Il era un rillote moi forte*, *que xa botara noiva*..., *tres ou catro rillotes arredáronse do pé do freixo*, X. R. Pena: *¡e quen o daría por un rillote así*: *altón*, *con menos de vinte anos e sen barba na cara!*...

En *Cartafol da lingua* xa comentei a frase de Celso Emilio Ferreiro: *Outro estranxeiro máis*, *dixo o rillote que vendía os xornales*, para explicar esta voz que, como se ve polas frases citadas, equivale a pillabán, traveso, rapaz que pasa todo o día na rúa ou como dixo Eladio Rodríguez "muchachuelo de la calle, que no tiene modales y vive en la vagancia".

Penso que esta voz tipicamente galega se creou como derivada do verbo **rillar**. Un **rillote** é chamado así porque *rilla moito*, é dicir, porque pasa bastantes horas do día roendo cousas duras e por tanto está abrindo continuamente a boca...

Rillar é verbo bastante corrente na significación de mastigar, roer, renxe-los dentes, cousa que se fai a miúdo cando un se enfada e que coido que fan moito os nenos chamados rillotes. **Rillar** foi usado por Dieste no seu sentido fundamental: *libros moi vellos rillados polos ratos* e por bastantes escritores: *Rilla un anaco de pan* (Otero Pedrayo), *Estivo matinando namentras rillaba a mazá* (Risco), *o rapaz comenzou rilla-lo latín na pasantía* (Castelao), *E de tal xeito rillaba nel esa idea* (Neira Vilas)...

Teño a impresión de que hoxe se fala menos dos **rillotes** e se prefiren outras voces máis populares.

1343. Trasnos, trasgos e trastes

Eses nenos travesos, que como vimos no comentario anterior, son chamados rillotes, podemos tamén chamalos **trasnos**. Un **trasno** é, segundo a vella tradición galega, un ser fantástico nocturno que pode toma-la figura dun animal doméstico ou dun neno e que adoita facer pequenos estragos, ruídos ou bromas nunha casa para asusta-los seus moradores.

Trasno é voz bastante popular e moi empregada polos escritores: *Oyeuse unha carcaxada cal si do inferno saíra*: *Era o trasno do convento* (Rosalía), *O trasno infla cirolas e camisas penduradas dun aramio* (Castelao), *o velagullas era un trasno pequeno* (Cunqueiro), *Na casa se non astrevía a xogar o trasno* (Otero Pedrayo), *Xa sabía que mil trasnos me agardaban á beira do leito* (Fole), *Topei lobos e lobiños*, *trasnos e trasniños*, *curuxiñas e dianiños*... (Cortezón).

Na fala das xentes dicir de alguén que é un **trasno** equivale a xulgalo de moi revoltoso ou inquieto. De aí que esta voz se aplique moito ós nenos que se coñecen igualmente co nome de rillotes: *Meu irmán ten dous fillos que son trasnos*.

E a acción propia dun trasno ou dun neno traveso é chamada **trasnada**, voz bastante popular e usada polos escritores: *E o neno íbase a correr e a rir*, *como si fixera unha trasnada* (R. Dieste), *e un día dalle por facer unha trasnada e rube á mesa do despacho* (Castelao), *e comprázome en facer outras moitas trasnadas* (D. X. Cabana).

Outra voz para referirse a quen se parece a un trasno, é dicir, a quen é irreflexivo, inquieto ou revoltoso, é **atrasnado**: *E o lingoateiro Ulises Corbeira*, *mesmo atrasnado*, *mesmo coma se estivera malfadado*, *enmeigado* (Cortezón).

Hai falantes e mesmo algún escritor que en vez de **trasno** din ou escriben **trasgo**: *nin funga nas troneiras o son do vento louco*, *que cántigas de bruxas e trasgos remedou* (Curros).

Outro modo de cualificar a un neno traveso ou que fai moitas trasnadas é coa voz **traste**, moi popular en toda Galicia. En calquera lugar podemos escoitar frases coma estas: *Pepiño é moi traste*, *Teño un irmán que non aturo moito porque é moi traste*..., *En primeiro e segundo de Bacharelato fixen bastante o traste* (U. Heinze). E naturalmente o que fan os que son trastes son **trastadas**: *ó fin todas son cousas de adiversión e trastadas que teñen remedio* (Blanco Amor).

E non debemos confundir esta palabra con **trasto**, calquera cousa dunha casa, moble ou utensilio, que xa consideramos inútil: *quedaban do herdo familiar algunhas leiras*, *unha casa e*, *na casa*, *uns cantos trastos vellos* (R. Dieste).

1344. Seguimos cos pillos

Unha maneira de cualificar a un neno que actúa con astucia, que é bastante esperto en facer cousas sagazmente é co adxectivo **pillo**, como vemos nesta frase de Dieste: *Para iles [os nenos listos] o cubo queda ben aludido por un cuadrado*. *Para seren exactos os máis pillos puxeron o cubo no tablón*. Pero **pillo** aplícase moi comunmente a todo individuo que actúa non soamente con astucia, senón tamén con certa malicia: *dille este á meniña cun doce mirar de pillo raposo*: *qué de zreixas hai* (Pondal), *pasar por honrados os que honra non teñen*, *por santos os pillos* (Curros), *mentras pillos gobernen noso Concello* (Leiras Pulpeiro)...

Como auténtica variante de **pillo** funciona a tódolos niveis da lingua **pillabán**: *unha longa estadea de iluminados*, *de visionarios*, *de místicos pillabáns* (Conde), *Nesta novela*, *El*, *unha talla de home*, *algo pillabán* (X. Torres), *O Masito trusgaba o ollo pillabán* (D. X. Cabana).

O que fan os pillos son trastadas, trasnadas, falcatruadas, pero o noso escritor Dieste prefire o castelanismo **pillería** do que fai moito uso: *Vaise Matapitos e casi dende a porta vírase con xesto de pillería*..., *ises labregos teñen a súa pillería*..., *A pillería é a nai de a boa crianza*..., *Cánta pillería*, *nobilísima pillería*, *non fai falla pra sermos benévolo*...

Un pillo que sexa tamén lacazán ou folgazán ou desvergoñado pode ser chamado **loubán**, voz que se emprega en bastantes lugares e que emprega algún escritor, como Fole: *¡Que louradas merecía ise loubán!*

E como hai moitos animais que actúan como pillos podemos cualificar con eses nomes ás persoas. Xa fixemos referencia ó emprego que fixeron R. Dieste e outros escritores de **raposo** e **raposeiro**. Para min foi moi rechamante a primeira vez que escoitei dicir de alguén que era **graxo** ou **grexo**, que en principio crin que querían dicir graxento, pero despois dinme de conta que o empregaban como variante desa ávida córvida chamada **gralla**, e por tanto denominaban así a un pillo.

O que xa non me chamou a atención foi a denominación de **grileiro** ou a expresión *é coma un grilo* para se referir a un pillo, nin tampouco a de **laberco** ou **laverca** (paxaro chamado tamén **cotovía**), que vin usada por bastantes escritores.

Sen embargo chamar **lagarteiro** a un pillo penso que non é porque se pareza a un lagarto, senón porque sabe cazalos, cousa que fai moi ben esa ave de rapina chamada así.

En fin, hai moitas formas de chamar **pillo** ás xentes.

1345. Arteiros, astutos e pícaros

Unha maneira de cualificar a quen é moi hábil, mañoso, sagaz, avisado, etc., é coa voz **arteiro**, procedente de **arte**, que aparece moi usada xa nos textos medievais: *pero seer non soube tan sabedor nen arteiro*..., *os santos son arteiros* (Cantigas de Santa María), *auia outro fillo engeñoso et arteyro*... (Crónica

Troiana), que usan tamén os portugueses e que os nosos falantes de hoxe manteñen aínda moi viva: *Quique é moi arteiro*.

Sen embargo os nosos escritores fan pouco uso desta voz. Lembro de vela usada por Rosalía: *un nobre cabaleiro... dou en chamarme arteiro*, *cun modo loumiñeiro*, Cortezón: *xurdíu un comerzo arteiro* e Manuel María: *Se a sorte*, *cega e arteira*, *chega a rematar contigo*...

Hai poucos séculos entrou nas linguas peninsulares como sinónimo desta voz o cultismo **astuto**, que en castelán logrou case elimina-la voz *artero*, pero en galego non. Na fala popular non é voz normalmente usada, pero os escritores si a usan bastante: *astuto*, *ás furtadas*, *volvío a mirar* (Pondal), *Non se atrevía a decir o peso en kilos*, *porque os mouros non teñen aínda o sistema métrico decimal*, *e máis por astuto*... (Cunqueiro), *nas maos daquel Bourman astuto e perverso* (M. Ferrín), *cando ve que o leirón sube todo astuto na escoba* (Gonsar)... Tamén Rafael Dieste fai uso desta voz: *A eficacia direitriz conquírese polo prestixo ou polo astuto manexo dos recursos coaitivos*.

E Dieste fai uso como sinónimo destas voces da palabra **pícaro** de etimoloxía bastante discutida, que se impuxo nas linguas peninsulares con bastantes significacións. Desde logo en galego, como máis ou menos en portugués, ten os seguintes significados que recollo do diccionario de Eladio Rodríguez: Baixo, ruín, falto de vergonza, danoso e malicioso na súa liña, "taimado", astuto, chistoso, alegre, "decidor", malo, insufrible, incorrixible, díscolo, rebelde, descarado. De *Antre a terra e o ceo* é esta frase: *É xente moi pícara*, *de moito coidado*...

Pero en galego curiosamente considerouse que os nenos podían ter moitas desas picardías. De aí que a voz **pícaro** pasou a ser nome común para denomina-los nenos tanto a nivel da fala normal coma da lingua literaria. Son moitas as frases de Dieste nas que atopámo-lo uso deste nome: *Tódolos pícaros que viñan estendendo a palma da man*..., *can forasteiro que apedrearon os pícaros*..., *Non andaba*, *coma os outros pícaros atrás dos cans forasteiros*... E son moitos os autores que o usan.

E tan popular como **pícaro** é **picariño**, para Dieste e para outros escritores: *daquelas noces que lles daba aos picariños*..., *Os picariños non se fartaban de remexer nas pechaduras dos mundos*..., *os outros picariños berraban xa de lonxe*...

1346. A verba "enxebre"

O seis de marzo de 1926 publicou Rafael Dieste un artigo titulado "Reviviscenza da verba **enxebre**" que aparece no libro *Antre a terra e o ceo*. Nel o noso autor fai un canto ó uso desta voz partindo do seu emprego na conversa normal e escribe como unha vella di a un seu amigo: *Beba*, *siñor*, *iste viño*, *que lle é moi enxebre* e o seu amigo pregunta: *¿por que lle chama vostede enxebre ao viño?* A vella responde así: *Porque non ten auga nen mesturanza nengunha*.

Entón Dieste afirma: *Eisí viño enxebre ven sendo o mesmo que viño puro* e partindo dese exemplo citado dános outros nos que **enxebre** equivale a puro: *doutrina enxebre*, *ollar enxebre*, *fala enxebre*... *Unha doutrina é pura ou enxebre cando se é fidel a si mesmo*... *¿Cando é puro un ollar? Cando os ollos din o que a alma sinte*... *¿Cando é*, *pois*, *pura unha fala? Cando se é fidel a si mesma*... E en bastantes ocasións noutros artigos fai uso deste adxectivo: *galego enxebre*, *un idioma é tanto máis perfeito canto máis enxebre*, *enxergar en boa sintaise enxebre*,...

Enxebre non é voz moi popular nas conversas dos falantes, pero si é moi usada polos escritores na significación de castizo, simple, sen mestura, neto, limpo, escolleito, peculiar, típico, orixinal, etc.: *A*

ira verdadeira, *enxebre*, *nunca muda a cor do rosto* (Curros), *eleganza e arte enxebre en tódalas cousiñas miúdas* (Otero Pedrayo), *era o demo enxebre*, *auténtico* (Risco), *sentín túa enxebre*, *doce fragrancia* (Pondal), *Só se detivo o bruto*, *que era da raza enxebre daquelas serras* (M. Ferrín), *non tiñan certamente o cuño da fidalguía enxebre* (Castelao).

A cualidade do que é enxebre ou o carácter do que é así é **enxebreza**, nome tamén usado bastante por R. Dieste: *A enxebreza idiomática non é enxebreza idiótica*..., *I enxebreza sinifica*, *denantes que nada*, *pureza*..., e outros escritores: *foi medrando na aldea*, *onde deprendeu a falar con enxebreza* (Castelao), *son dunha enxebreza extraordinaria* (F. del Riego).

Como sinónimo de **enxebreza** témo-lo nome **enxebrismo** que o atopamos usado por Dieste: *Escontra disa caste de falso enxebrismo hai que ire*..., *Fomentalos* (*resaibos*) *ao amparo dun falso enxebrismo é andar a cegas*..., *Deica hoxe as palabras enxebrismo e galeguismo acoubillaron cáseque sempre ideias enguedelladas*...

E tanto lle gusta esta familia léxica de **enxebre** ó noso escritor Rafael Dieste, que fai uso do verbo **enxebrizar**: *dixemos que galego e portugués canto máis se enxebrizan máis se achegan*... *Arrecadándose un ao outro os dous enxebrízanse*...

1347. Xebre e inxel

A palabra xa comentada **enxebre** ten unha orixe non moi clara e de tódolos modos teño que dicir que é moi probable que non teña nada que ver coa voz igual ás súas dúas últimas sílabas: **xebre**.

Xebre é claramente un derivado do verbo **xebrar**, nacido do latín SEPARARE, que volveu penetrar como cultismo, **separar**, na nosa lingua e tomou tódalas significacións tradicionais. Sen embargo **xebrar** mantívose sobre todo no mundo rural para significar separa-las cabezas do gando de cada dono cando viña do monte ou separa-los xatiños das vacas-nais. Non obstante hai algún escritor que emprega **xebrar** coa mesma significación de **separar**: *Todos catro eran moi risoños*... *Como dicía unha vella*, *coas súas risadas xebraban as tristuras* (Fole).

Pero **xebre** ten para os falantes o sentido de separado (mesmo dun cónxuxe), non mesturado ou fóra do común, pero non é moi empregado polos escritores: *Dicen que hai un galo xebre* (Leiras Pulpeiro), *Eu quixera contarvos a angustia xebre desta mar* (Iglesia Alvariño).

O adxectivo **inxel**, nacido da verba galega **sinxelo**, do que xa falamos en "Follas da lingua" porque o empregaba bastante Rosalía de Castro, funciona bastantes veces como sinónimo de enxebre. Naturalmente chamamos **inxel** ó que é sinxelo, ó que non ten dobreces, o que é fino, lixeiro, leve, etc. Curiosamente esta voz tan popular e tan usada polos escritores non aparece rexistrada en moitos diccionarios modernos: *espesa nube de trebóns preñada*... *veu contrubar á miña mente inxela* (Rosalía), *da inxel potenza ceibe*, *sotil e rexa dos aires* (Otero Pedrayo), *Ela tiña unha alma inxel* (Cunqueiro), *inxel visión dos ollos que miraran a sombra leve de Xesús* (Iglesia Alvariño), *cos seus dedos inxeles ía desfiañando con cariño a cabeleira do primitivo abeto* (H. Villar).

Inxel é unha desas voces moi queridas e moi usadas por Rafael Dieste. Xa aparece en *A fiestra valdeira*: *Correxíndose cunha xovialidade estremosa*, *pero perfeitamente inxel*, *nada choqueira*..., *cunha surrisa leda e inxel*, en *Dos arquivos do trasno*: *choutará pola ribeira a notiza*, *inxel*, *estourante*, *locinte*..., *no seu falar inxelo*, en *Antre a terra e o ceo*: *Sin pasar aínda disa noceón*, *a máis inxel de saudade*..., *sentindo como o inxel coraxe*..., e no Discurso de ingreso na R.A.G.: *non era máis que inxel*, *festeira xenerosidade*...,

Se non se mesturase á inxel e natural a verdadeira autoridade idiomática..., *A xente inxel fai estas curiosas distinciós*...

E Dieste fai uso da forma adverbial **inxelmente** e do nome **inxeleza**, sinal do cariño que tiña por esta familia léxica.

1348. Sinxelo e sinxeleza

Rafael Dieste fai moito uso do adxectivo **sinxelo** nas súas significacións bastante correntes para cualifica-lo que non ten complicación, o que se pode entender ou facer con facilidade, o que é moi natural, non complicado, non pretensioso, non fachendoso, etc., como vemos nestas frases: *No sinxelo e sentido discurso de Rusiñol*..., *descubreu o remedio*, *moi doado e sinxelo*..., *de sinxela aparencia*..., *con sinxela exemplaridade*..., *coa máis inmediata e sinxela evidenza*..., *unha ideia moi sinxela*..., *unha creenza moi sinxela e lumiosa*... E nunha ocasión empregou a variante **sinxel**: *O deseño núm. 1 é o máis sinxel.*

Naturalmente son moitos os autores que fan uso deste adxectivo bastante corrente na fala: *sinxela rapaceta*, *non me teñas temor* (Pondal), *óllanse moitas cruces sinxelas que son modernas* (Castelao), *nosa intención é sinxela* (Otero Pedrayo), *é un plato moi sabroso e sinxelo* (Cunqueiro), *tales sentimentos son ben sinxelos e limpos* (M. Ferrín)...

E Dieste emprega bastantes veces o adverbio **sinxelamente** (*meditade sinxelamente*..., *dixo sinxelamente*..., *móstranse tan sinxelamente bós*...), cousa que fan igualmente outros moitos autores: *A enfermedade é sinxelamente o padecer* (G. Sabell), *Quero sinxelamente andar pola area* (F. del Riego)...

Tamén fai uso do nome derivado deste adxectivo, **sinxeleza**, bastantes veces: *Isto*, *dito eisí*, *con tuda sinxeleza*..., *unha sorte de sinxeleza estulta*..., *a sinxeleza do seu pensamento*... E nun artigo de *Antre a terra e o ceo* emprega o derivado **sinxelismo**: *Co espontaneísmo vense a ligar*, *naturalmente*, *o sinxelismo*, *un sinxelismo moi mal entendido*, *polo que despois diciremos*, e efectivamente unhas liñas adiante volve sobre este tema e non cita o **sinxelismo**, senón a **sinxeleza**: *Xa que o prometemos*, *digamos algo*, *derradeiramente*, *da sinxeleza*. *Hai unha sorte de sinxeleza estulta*, *aburridísima*... *Mais hai outra cras de sinxeleza densa*, *espresiva*, *xentil*...

Non lembro o uso de **sinxelismo** por outros autores, pero si é moi corrente a voz **sinxeleza** en escritores de tódalas épocas: *Rañolas ademirou a sinxeleza do sabio ciruxano* (Castelao), *volvamos a predicar a sinxeleza* (Cunqueiro), *teñen gracia e sinxeleza* (M. María), *coa sinxeleza propia das nenas ricas* (H. Villar)...

En fin, a voz vulgar latina SINGELLUS impúxose na parte central e occidental da Península Ibérica e de aí o castelán *sencillo*, o portugués *singelo* e o noso **sinxelo**.

1349. Simple e simpre

Dixemos no comentario anterior que **sinxelo** era voz bastante popular, pero o seu sinónimo **simple** non o é entre os falantes, aínda que si no mundo culto. **Simple** é un cultismo, entrado nas linguas irmás e no galego na Idade Media, procedente do latín SIMPLEX ou SIMPLICE que deu primeiramente nas citadas linguas *simplez* e *simples*, como vemos nos textos medievais.

Hoxe tanto en castelán coma en galego impúxose a forma **simple**, que é a recomendada na lingua oficial e que usaron e usan bastantes escritores: *os límites da simple poesía* (Rosalía), *unha simple casualidade* (Castelao), *aquela simple e turba nudez* (Cunqueiro), *simples aparencias absurdas* (F. del Riego), *o sentimento das xentes simples* (Freixanes). E de **simple** naceu o adverbio **simplemente**: *os perseguidores son simplemente malvados* (Casares), *Pódense xantar simplemente cocidos* (Cunqueiro), *de forma espiñosa ou simplemente cilíndrica* (de Castelao, que usa máis veces a forma **simplementes**: *Foi simplementes un cego de romería*...).

Pero o noso escritor Rafael Dieste tivo preferencia pola forma que poderiamos chamar orixinaria, **simples**, como vemos nestas frases: *Unha evidenza nova e simples mostróuseme nun relampo*..., *unha ideia tan simples e tan evidente que non pudemos conter unha risada*. E nesa situación temos aínda escritores que o fan tamén, como G. Sabell (*a simples liberación rítmica dunha emoción*) ou M. Ferrín (*un simples*, *inanque sórdido*, *arrebato lésbico*), escritores ámbolos dous que empregan ás veces o adverbio **simplesmente**: *Simplesmente vou botar man da miña esperiencia* (G. Sabell), *para unha parte sería o Ser Supremo e para a outra simplesmente Deus* (M. Ferrín).

E do mesmo xeito que pasou con outros cultismos que transformaron a sílaba *ple* ou *pla* en *pre* ou *pra*, **simple** ou **simples** pasou a ser dito tamén **simpre** ou **simpres**. Atopei un exemplo de **simpre** en *Antre a terra e o ceo* de Dieste: *todo iconoclasta que non sexa un simpre revoltista*..., e noutros escritores: *conta e razón por partida dobre e por partida simpre* (Risco), *no pulo dos máis simpres e primarios motivos* (G. Sabell), *polo demais eran uns simpres egoístas* (Cortezón).

Loxicamente tamén é usado o adverbio **simpremente** por algúns escritores: *simpremente unha precaución hixiénica* (Curros), *simpremente dice que é súa a pisada* (C.E. Ferreiro), *forzosamente integrado e non simpremente* (G. Sabell), e igualmente **simpresmente**: *ou simpresmente nas salgadas terras das ribeiras* (Fole).

Por último quero sinalar que os derivados destas palabras manteñen o grupo *pl*: **simpleza**, **simplicidade**, **simplificar**, etc.

1350. Cousas verdadeiras e puras

Xa vimos como as cousas podían ser cualificadas de **simples**, **inxeis**, **xebres**, **enxebres**, **sinxelas**..., pero queremos deixar constancia do uso doutros adxectivos similares que teñen para os falantes, os escritores ou os lectores significacións semellantes.

Cando dicimos de algo que é **verdadeiro** podemos querer manifestar que é real, que é certo, que é sinxelo, enxebre, simple, etc., é dicir, que é **verdade**, palabra tradicional a tódolos niveis da lingua, pero que moitos falantes pronuncian sen a sílaba final, é dicir, **verdá**, forma escrita así por algúns autores famosos, como Rosalía, Curros, Pondal, Otero Pedrayo, Cotarelo, etc., tal vez porque lles parecía así máis tipicamente galega.

O noso escritor Rafael Dieste fai bastante uso desta voz **verdadeiro** non soamente na significación fundamental de que é conforme á verdade (*tiros de chumbo verdadeiro*..., *coma verdadeiro pai que se franquea ao fillo*..., *foi tamén o tempo dos amores verdadeiros e da castidade*...), senón tamén coma sinónimo dos adxectivos citados arriba: *Se hai verdadeiro pulo*..., *posta en escea con verdadeiro decoro*..., *que da gorxa me saía un grito verdadeiro*..., *para marcar un fito verdadeiro*...

E o mesmo fixeron ou fan bastantes autores: *reproducir o verdadeiro esprito do noso pobo* (Rosalía), *e decíalle con verdadeira homildade* (Castelao), *o verdadeiro sabio non é o que sabe* (Risco), *é unha verdadeira mel montesiña* (Fole), *Prodúceme verdadeiro noxo* (Rábade), *un verdadeiro precursor de todos eses bailes modernos* (Gonsar)...

¿Que é **puro**? Se consultámo-lo Diccionario da lingua galega da Real Academia Galega-Instituto da Lingua Galega veremos que **puro** é un adxectivo que equivale a que non está mesturado con elementos estraños, que non ten ningún elemento nocivo, sen defecto, sen impurezas...

Xa vimos como Rafael Dieste cando falaba de enxebre citaba como sinónima esta voz: *viño enxebre ven sendo o mesmo que viño puro*..., *doutrina enxebre*, *ollar enxebre*, *fala enxebre*... *virán sendo o mesmo que istas*: *doutrina pura*, *ollar puro*, *fala pura*..., e noutras ocasións fai uso de **puro** coma sinónimo de sinxelo ou simple: *o comenzo da pura téinica no axedrez*..., *cando non é pura fachenda de espanta paxaros*..., *ouh amigos*, *puros e finos como estrelas do trinque*...

E **puro** é moi empregado a tódolos niveis da lingua e polos escritores de tódalas épocas con ampla significación: *a noite pura como un cristal* (Curros), *nubrou súa frente pura* (Pondal), *istas velliñas teñen os ollos puros* (Otero Pedrayo), *estaba emocionado*, *sentíame puro* (Alcalá), *por eso era pura a túa canción* (M. María)...

1351. Auténtico, lexítimo e lídimo

Para cualificar aquelo que é o que aparenta ou o que se di que é temos bastantes palabras como as xa citadas anteriormente tipo, enxebre ou verdadeiro e naturalmente o adxectivo **auténtico**, voz de orixe culta que penetrou hai xa varios séculos nas linguas peninsulares e que hoxe é xa coñecida a tódolos niveis da lingua.

Rafael Dieste fai uso dela en varias ocasións coa citada significación de verdadeiro: *as valoraceóns primarias e auténticas que leva escritas no máis íntimo do seu propio ser*..., *asolagado pola enxurrada lumiosa do mundo auténtico*..., *como os gritos máis auténticos e cheos de coraxe*... E tamén emprega o adverbio **autenticamente**: *Paréscenos que para ser sincero na espresión -fonda e autenticamente sincero-*...

E este adxectivo é bastante usado polos escritores de tódalas épocas: *Era o demo enxebre*, *auténtico*, *sen falsificazón posíbele* (Risco), *que antes se consideraban como auténticas doenzas* (G. Sabell), *Un pirata*, *monseñor*, *un auténtico bandido* (Casares), *que fora el o auténtico culpante de me empurrar* (Rábade)...

Outra maneira de cualifica-lo que é enxebre, verdadeiro ou auténtico é co adxectivo **lexítimo**, como vemos por estas frases de R. Dieste: *chamando cáseque sempre bruta a algunha variedade de galego lexítimo*..., *as variacións lexítimas no caso do galego*, *casan tan ben unhas con outras*, ou estoutras de G. Sabell: *un modo ben lexítimo do conocemento* e de Freixanes: *¡Do noso interese lexítimo e particular!*...

Naturalmente **lexítimo** é aplicado para se referir a aquelo que reúne as condicións esixidas pola lei: *Hai cousas que son lexítima propiedade dos teus señores reises* (Cunqueiro), *Nin fillos lexítimos que parir* (Cortezón), *toda España acataba xa o novo réxime e a lexítima autoridade do goberno provisional* (X. R. Pena).

En varios diccionarios aparece coa significación de lexítimo, auténtico, puro, xenuíno, o adxectivo **lídimo**, que é unha variante popular transformada foneticamente, de **lexítimo**, pero que actual-

mente na fala se perdeu practicamente. De tódolos modos quero sinalar que fixeron uso desta voz algúns autores como Gómez Ledo (*a fillazón lídima das verbas galegas*), Filgueira Valverde (*Foi acollida como o seu lídimo continuador*) e Méndez Ferrín (*déixase ir a un vicio que tal vez ocupe o sitio do lídimo amor do cónxuxe ausente en Portugal*).

1352. Lindo e limpo

Para o lector que coñece a voz **lídimo** non lle é doado imaxinar que esa voz ten a mesma procedencia que a palabra **lexítimo** e moito menos ese lector ou calquera falante normal pode pensar que da mesma orixe procede o adxectivo **lindo**.

A toda esa serie de adxectivos que indicamos nos comentarios anteriores para cualifica-lo que é sinxelo, enxebre, simple, puro, verdadeiro, auténtico, lexítimo ou lídimo teriamos que engadi-la voz **lindo** que foi bastante usada con esa significación nos tempos pasados, pero que hoxe xa é pouco empregada... De tódolos modos podemos dicir frases como esta: *Xan tivo un lindo proceder* ou como estas que vin en obras literarias: *con lindo gusto faille compases* (Rosalía)...

Naturalmente nos tempos modernos pasou a significar bonito, belo, guapo, vistoso, elegante, etc.: *campiños de lindas rosas* (Rosalía), *ten as lindas mans mui finas* (Pondal), *A linda cara da rapaza revía tenrura* (Castelao), *chinelas que fan lindas pernas* (Cunqueiro), *cúspolle na cara linda* (M. Ferrín)...

A voz **limpo** conserva a tódolos niveis da lingua a súa significación orixinaria de LIMPIDUS "que non ten sucidade, que non está luxado", segundo vemos por estas frases de Dieste: *un ceo moi frío*, *moi nidio e moi limpo*..., *baixo un ceo limpo*, ou destoutros autores: *augua limpa en fresca fonte* (Rosalía), *Dalí vén o aire limpo* (Otero Pedrayo), *pro as botas iban ben limpas* (Cunqueiro), *Afortunadamente está todo limpo e ordenado* (Conde).

Pero **limpo** pasou cedo a ter tamén a significación de **puro**, como vemos nestas frases de Dieste: *Conserva os coores tan limpos e brilantes como na primeira hora*..., *Envexa limpa porque é un homaxe do que non quer fuxir a nosa vontade*..., *o xenio da língoa*, *limpa*, *ergueita*, *forte*, e doutros autores: *Din os difamadores que tal amor non é limpo nin puro* (Freixanes), *que tales sentimentos son ben sinxelos e puros* (M. Ferrín)...

E **limpo** chegou a adquirir tamén o significado bastante corrente de honesto, íntegro, auténtico, lexítimo, etc. E é precisamente con esta significación como aparece multitude de veces no noso escritor Rafael Dieste: *É diñeiro limpo relocinte*..., *No seo da conduta ergueita*, *belida e linda tópase sempre o respeto ás promesas feitas*..., *non hai xenreira limpa nin valente*..., *mais nós levamos intenceóns limpas*..., *con novo e limpo esprito*..., *o inxel coraxe i o limpo xuizo daquel rapaz*... E bastantes outros autores fan uso de **limpo** con esta mesma significación.

1353. Nítido, nidio e neto

A palabra latina NITIDUS que significaba claro, resplandecente, transparente, limpo, deixou descendentes nas linguas romances coa súa evolución fonética normal, pero hai varios séculos os intelectuais volveron impoñe-la súa forma latina sen evolucionar. De aí que, como nas linguas irmás, atopemos na nosa lingua literaria a voz **nítido**, non moi corrente na fala popular.

Nítido aparece cos citados significados en moitas obras literarias: *enchen de sombras áxiles e nítidas* (Cunqueiro), *augas fuxidías e pouco fondas*, *nítidas*, *cristalinas* (Conde), *debuxadas tan nítidas coma a pranta dos pés* (M. Rivas), *introduciuse por un vasto corredor de contornos pouco nítidos* (Rábade)...

Pero a forma evolucionada de modo normal e, por tanto, a que poderiamos chamar voz tradicional na nosa lingua é **nidio**, que na fala popular non é tan usada como as citadas **claro**, **resplandecente**, **limpo** ou **brillante**.

Sen embargo os nosos escritores fan moito uso dela e o noso escritor comentado, Rafael Dieste, emprégaa continuamente cunha ampla significación: *a nidia definición de Amado Alonso*..., *A cousa é nidia*, *varil e xubilosa*..., *Quero deixar agora nidia resposta a duas preguntas*..., *Cada un pense ben o seu pensamento hastra velo nidio*..., *divulgando o seu nidio significado*..., *un ceo moi frío*, *moi nidio e moi limpo*..., *o pensamento nidio que deseñou con tanto amor*...

E son moitos os autores que fan emprego deste adxectivo: *A casa da tía Ádega perdeu a nidia brancura* (Castelao), *muito nidia relucía a media luna* (X. M. Pintos), *A fala nobre*, *nidia*, *lampexante* (Cabanillas), *e chama a Mauro coa súa voz nidia* (F. del Riego), *ten dela unha imaxe nidia e lonxana* (Neira Vilas), *As dúas sombras recórtanse rotundas*, *nidias*, *negras* (S. Toro), etc.

A lingua italiana converteu a forma latina NITIDUS en *netto* e a francesa en *net* e esas dúas formas tiveron un grande atractivo entre os intelectuais peninsulares porque a introduciron nas súas linguas. En catalán, castelán, portugués e galego temos como sinónimo de **nidio** a forma **neto**. Curiosamente Rafael Dieste fai uso dela escribíndoa entre comiñas: *chamando se cadra galego bruto ao que é todo o contrario*: *do máis nidio ou "neto"*. Pero os demais autores que a usan escríbena normalmente: *a esperiencia neta*..., *o lombo neto* (Rosalía), *Os rostos das xentes estaban malferidos*, *dun xeito neto*, *derrubador* (F. del Riego)...

Temos que dicir que o nome **neto** "fillo dun fillo ou filla, en relación ó avó" (*o neto púxose de parte do abó*, de Dieste) procede doutra familia léxica e igualmente **neto** "medida de capacidade equivalente a medio litro", que é voz bastante usual: *¡Veñan dous netos de viño por cabeza*, *que bén os merecedes!* (Castelao), *non sirvo máis que pra irlles a mercar un neto de viño* (Cunqueiro), *estaba servindo o taberneiro un neto de viño* (Fole)...

1354. Esgrevia compañía

Rafael Dieste remata así o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega: ...*quedasen algunhas chispas de lembranza. Coa miña*, *si*, *contade*, *pola vosa xentil atención e esgrevia compañía*, frase na que cualifica a presencia ou compañía dos asistentes de **esgrevia**, é dicir, de magnífica, excelente, alta, superior, ilustre, digna, etc.

Así pois, Dieste usa **esgrevio** co mesmo significado que o fixeron Castelao (*esgrevia escritora*..., *esgrevio teólogo*..., *o noso esgrevio escritor*..., *unha lingua esgrevia*), Cabanillas (*o amor que un morto esgrevio lles deixóu en herdo espiritual*), Cunqueiro (*garda ben pra ti mesmo*, *que eres unha señoría esgrevia*, *un príncipe real*), C. E. Ferreiro (*Vilanova*, *noble i esgrevia*..., *o esgrevio escritor*), García Sabell (*O heroico eiquí é virtude esgrevia*..., *O cego de nacencia farase home de cultura*, *cando non esgrevio escritor*..., *vé en fin o valor esgrevio da familia*)...

Queda claro en todas estas frases que **esgrevio** ten o mesmo valor que **egrexio**. ¿Non será que algúns escritores, como pode ser xa o caso de Francisco de la Iglesia que en 1885 escribe *ter sangue esgrebia*, modificaron o cultismo **egrexio** en **esgrevio**? O etimoloxista Corominas pénsao así. Carballo Calero

non o considerou probable. Hai varios anos en *Cartafol da lingua* xa tratei un pouco este problema e sigo sen ver clara a orixe desta significación de **esgrevio**. Agora penso, despois de ver outras moitas palabras que son interpretadas polos escritores con significacións arbitrarias, que entra dentro do posible o cambio de **egrexio** en **esgrevio** por algúns autores literarios. A min resultoume curioso observar que **egrexio** foi pouco usado polos escritores pasados e que actualmente o usan os modernos en vez de **esgrevio** con esa significación.

Esgrevio é voz bastante corrente na fala de moitos lugares de Galicia na significación de áspero, abrupto, crebado, escarpado... No diccionario da R.A.G.-I.L.G.A. ven definido como adxectivo que se aplica ó pan que resulta seco ou duro por estar mal munda a fariña, á terra con arxila que fende ó secarse, ó terreo con grandes rochas e fortes desniveis...

Algún vello escritor usou **esgrevio** nesa significación: *A casa mal arrombada*, *o leito esgrevio*..., *ulidos de pan esgrevio*..., *os castros esgrevios* (Otero Pedrayo), pero son sobre todo os novos os que máis o usan nese sentido: *unha esgrevia montaña que habemos de escalar* (Freixanes), *os cumiais máis esgrevios da serra* (M. Ferrín), *as pinas encostas*, *as pedreiras esgrevias* (Conde), *un esgrevio camiño de cabras* (A. Cáccamo)...

1355. Cando un se sente esmacelado

En dous artigos recollidos en *Antre a terra e o ceo* fai uso Dieste do adxectivo **esmacelado**, hoxe xa non popular na fala, pero que si usan algúns escritores: *Non se ten máis razón cando un se sinte esmacelado e triste*..., *A "loita" queda esmacelada*, *no seu significado*, *e redúcese a sumas e restas de forzas*.

Xa falamos desta voz comentando en *Cartafol da lingua* as voces típicas de Celso Emilio Ferreiro que a emprega nalgunhas ocasións: *un retablo de caras esmaceladas*..., *O tempo ten a cor dos prados*, *pero ás veces esmacelado e fondo*...

Esmacelado foi comentado xa por Martín Sarmiento que o explicaba así: "que está flojo, fatigado, desmadejado, etc." e "herido con contusión" e os diccionarios recolleron esta voz. No de Valladares aparece como variante de **desmacelado** "desmazalado, caído de ánimo, o cuerpo flojo, dejado. Tímido" e no de Eladio Rodríguez aparece traducido así ó castelán: "macilento, pálido, descolorido. Desmadejado, lánguido, débil. Caído de espíritu, desalentado".

E por tanto Dieste, coma C.E. Ferreiro, tratou de empregar voces tradicionais, aínda que xa non sexan populares. Pero esta mesma dirección de emprego de voces deste tipo é continuada por bastantes escritores modernos: *a súa faciana antóllaselle esmacelada*, *como se estivera moi cansa* (F. del Riego), *canso*, *esmacelado*, *fonxe*, *esgotado*, *cáseque morto* (Cortezón), *vinlle a face esmacelada* (M. Ferrín), *grandes olleiras na cara esmacelada* (F. Ferreiro), *aconsellas ás esmaceladas almas* (Conde)...

Sen embargo non está claro filoloxicamente se esta voz ten relación con **macilento** ou con **macio**, adxectivos que teñen unha significación semellante á de esmacelado, que non son tampouco moi populares, pero que son bastante usadas literariamente: *vexo pasar macilentas sombras* (Rosalía), *o cariz macio e arrufado dáballe aires de fidalguía* (Castelao), *os macios tipos penitentes* (Otero Pedrayo), *vin entón como o Conserxe se puña macio coma a cera* (M. Ferrín), *e o seu rostro*, *avellado e macio* (Freixanes)...

Dieste non fai uso destes últimos adxectivos citados, pero en *A fiestra valdeira* aparece nesa significación de macilento a forma **abatido**. Cando dona Balbina fala do protagonista que acaba de perdelo cadro di o seguinte: *Sempre así*, *coas mans nos petos*, *a testa abatida*, *eu penso que máis branca*...

1356. O galego fandelo e frouxo

Rafael Dieste manifféstase moitas veces sobre a necesidade de que os escritores cultiven ben a lingua e de que as xentes se preocupen por ler e escribir en galego. Nun artigo de *Antre a terra e o ceo* di que o que máis se bota de menos nas letras galegas de hoxe é a "presión interna" e escribe nel o seguinte: *O idioma galego fica fandelo*, *frouxo*, *porque os máis que o escriben teñen pouco degoro de eispresión*.

Para min foi unha sorpresa atopar este adxectivo **fandelo** co que se cualifica o idioma galego, porque non tiña idea da súa existencia, xa que non o vira nunca usado por outros escritores nin polos falantes. Sen embargo esta voz está presente en moitos diccionarios. Xa o de F. J. Rodríguez o rexistra e dá dela esta explicación: "flojo, despreciable y aún ruín, desmadejado, sin fuerzas, etc.".

Mirando outras obras léxicas comprobei a existencia do nome **fandelo** para denominar un tipo de mandil, unha faldra de tea barata, unha especie de cueiro ou enxoval de nenos, ou, como dicía Eladio Rodríguez, "un trapo viejo". Desde logo non está claro como xurdiu esta voz **fandelo**, pero é evidente que Dieste a aprendeu e usou na significación citada e case como a voz sinónima da palabra que escribiu a continuación: **frouxo**.

Esta voz **frouxo** que aparece usada por Dieste noutros artigos da citada obra (*dun continxente amorfo*, *numeroso e frouxo*..., *sendo frouxo de vontade*) é actualmente moi empregada polos escritores: *o pantalón frouxo que el gastaba* (M. Ferrín), *vaime quedar algo frouxa a túa roupa* (S. Toro), *dedos de louco*, *apretados e frouxos* (H. Villar)... Xa nalgunha ocasión manifestamos que se trata dun portuguesismo que se impuxo nos nosos diccionarios e nos nosos escritores nos últimos decenios.

As xentes da fala normal usan bastante a forma **froxo**, que si aparecía nos diccionarios antiguos e que usaban os escritores: *conseguín... dunha maneira débil e froxa* (Rosalía), *mais mancados ou mais froxos* (Leiras Pulpeiro), *O Maricallas que somellaba sere o máis froxo* (Blanco Amor).

E máis aínda usado polas xentes e mesmo por bastantes escritores é a forma **floxo**, castelanismo claro que se impuxo tanto en Galicia coma en Portugal e que se foi modificando a través dos tempos modernos. Dieste en *Dos arquivos do trasno* fai uso desta forma: *cando as velas penduraban floxas e perguiceiras*... E outros moitos escritores usan esta forma: Cabanillas, Castelao, Cunqueiro, Risco, C. Casares, etc.

1357. A foula das nosas verbas

Unha palabra tipicamente galega é **foula**, probablemente derivada da voz latina FAVILLA "cinza quente, rescaldo, ascua", que ten a significación para tódolos falantes de po miúdo que xorde da fariña que nace ó moe-los grans ou ó peneira-la fariña. Cando entramos nun muíño ou nunha panadería atopamos bastante **foula** e hai bastantes xentes que tamén chaman **foule** a calquera tipo de po que levanta o vento en calquera parte.

Nos lugares nos que nevarisca bastante é tamén corrente chamar **foula** a ese po das nevariscas, neviscas ou neviscadas. De aí que nalgúns diccionarios apareza tamén a definición de **foula** como neve moi miúda ou conxunto de felepas, folepas ou falopas.

E **foula** é tamén para moitos falantes o mesmo que caspa: pequenas escamas que se forman na superficie da pel, principalmente na cabeza. Está ben claro que se rañamos ou rascámo-la cabeza chea de caspa levantamos **foula**.

Pero **foula** é palabra moi querida polos literatos para denomina-la escuma do mar que van levantando as proas dos barcos ou mesmo á formada polo batemento das ondas contra a costa. Nesa significación, foi bastante empregada polo noso escritor Rafael Dieste: *Eiquí en Galiza*, *nesta proa que fende*, *con foula sempiterna*, *as augas do Atlántico*..., *a gran foula de proa mostra de novo toda a súa lanzalía*..., *de súpito pensei que afogábamos todos*, *ensumidos na foula da súa maniobra*. E naturalmente por outros escritores: *Envolve ao frade como as foulas o roquedo indefrente da costa brava*..., *David renegado da Sinagoga*, *do amante da filla do verdugo e das foulas do mar do Norte* (Otero Pedrayo), *están os dous pilotos mirando pró mar*, *aloumiñados pola foula quente* (Cunqueiro).

E os escritores fan uso desta voz nun sentido figurado para indicar algo equivalente a multitude ou gran cantidade de cousas, como vemos nestas frases de Rafael Dieste: *A principal desventaxa do fogueteo de gabanzas e dos verboiros de remate de xantar é a de faguernos crer que tudo vai camiñando con moita foula*. *A foula das nosas verbas somella coma si se erguera diante da proa da nosa vontade en marcha* ou estoutra de V. Freixanes: *levantan por onde pasan unha foula de espantos e terrores*.

1358. Rebeldías, revoltas e liortas

Quen non segue as leis normais de conducta, comportamento, vida social ou non se somete a ningún tipo de disciplina é cualificado de **rebelde**, voz bastante usual a tódolos niveis da lingua e loxicamente moi usada polos escritores: *Cal o ánxel rebelde* (Pondal), *Hai tesouros que foron postos de parte polos anxos rebeldes* (Cunqueiro), *Tamén fun moi rebelde de nena nese sentido* (U. Heinze), e naturalmente polo noso escritor Rafael Dieste: *De rapaz foi rebelde e malcriado*..., *Il ten uns fortes brazos capaces de apreixoar á máis rebelde*..., *aititude afirmativa ou rebelde*..., *¿non tiña de soscitar moitas e moi rebeldes dúbidas?*

A cualidade de rebelde ou a acción propia dos rebeldes é **rebeldía**, voz tamén moi usual: *Fóscolo chicotea con acentos de rebeldía a ialma dos mozos* (Otero Pedrayo), *Mauro deixábase levar sen rebeldía* (F. del Riego), *máis forte cá súa ansia de vinganza ou rebeldía é o odio milenario que se teñen entre si* (Freixanes). Dieste fai uso desta voz en *Dos arquivos do trasno*: *Día tiña de chegar no que a súa rebeldía fora venerada*, pero un artigo recollido en *Antre a terra e o ceo* comeza así: *Hai agora na mocedade galega un rebulir de rebelías que pode sélo comenzo dun intenso froitecer*... Como vemos polo texto emprega a forma **rebelía** en vez de **rebeldía**. ¿Será unha errata? Pode ser que si, pero podemos pensar que **rebelía** e unha creación ou recreación feita sobre **rebelar**, **rebelión** ou a forma medieval *rebele*. Desde logo non a vin usada por outros escritores...

E a palabra **revolta**, tan corrente na súa significación de volta, reviravolta, revolta (*na derradeira revolta do camiño*, de Castelao, *nunha revolta do camiño había un home vestido de negro*, de Fole), é tamén moi usual no mesmo significado de rebeldía: *incitándoos á revolta polos seus dereitos de pasto* (M. Ferrín), *Acadara tal xerarquía algo de présa*, *logo dunha revolta castrense* (Neira Vilas)...

Non atopei en Dieste o uso de **revolta** nesta última significación, pero si o emprego da forma **revoltista** aplicada ós que participan nas revoltas: *Quero coísto dicir que todo iconoclasta que non sexa un simple revoltista*...

En certa maneira as rebeldías ou as revoltas poden ser denominadas **liortas**, que fundamentalmente son enfrontamentos entre dúas ou máis persoas. Véxanse estas frases de Dieste: *As mozas coa soia presenza promoven a liorta*..., *Todo vai ben mentras non xurde ou non se estrema a liorta dos usos*..., ou estoutras doutros escritores: *¿Por que tantas liortas*, *preiteos e desmandos entre os que a Cristo adoran?* (Curros), *sin batallas e sin terríbeles liortas non pode ganarse* (Cunqueiro), *Home era el cando armou a liorta de Hualfin* (Neira Vilas)...

1359. Verboiros e enxurradas

Xa nalgunha ocasión falamos do grande uso que se fai na nosa lingua da voz **verba**, como sinónimo de **palabra**, polos autores de tódalas épocas: *á verba burro é un alcume aldraxante para eles* (Castelao), *elas desdibuxaban con acento galego as verbas castelás* (Otero Pedrayo), *sin decir outra verba meteuse na súa cámara* (Cunqueiro), *A vosa linguaxe encerra verbas de son moi sutil* (M. María)...

O noso escritor, Rafael Dieste, fai uso sempre da voz **verba**: *A verba enxebre vense repetindo moito*..., *aguilloantes contidos da verba ledicia*..., *O humorismo daquel home non tiña mester de verbas*..., *Quixo dicir algunha verba e quedóuselle prendida nas mallas da gorxa pegañenta*, e tamén do nome **verbo**: *O verbo haber anda polo galego con moi vivos e ben matizados mesteres semánticos*.

E da voz **verba** saíron varios derivados como son os adxectivos **verboso** que aplicamos a quen é moi falador, **verballoas**, o que fala sen ton nin son, **verballoeiro**, **verbómano**, etc., e os nomes **verbalismo**, **verballoada**, **verbomanía**, **verborrea**. Pero Dieste tivo a ocorrencia de inventar unha palabra para significar algo así como "conxunto de verbas ou verballoadas". Trátase da voz **verboeiro**, que nunca a vin usada por outros escritores nin recollida en ningunha obra lexicográfica.

Atopei **verboiro** en dous artigos de *Antre a terra e o ceo* e penso que responde a esa significación que acabo de escribir: *A principal desventaxa do fogueteo de gabanzas e dos verboiros de remate de xantar é a de faguernos crer que tudo vai camiñando con moita foula*..., *Isa finura que fai... unha armoniosa melodía de tonos e liñas e dun verboiro de enxurrada unha graciosa danza de significados*.

Nesa última frase atopámo-la voz **enxurrada** que ten a significación fundamental de corrente formada polas augas das choivas fortes, como vemos nestas frases de Blanco Amor (*sentíase a enxurrada baixando dos altos do souto*), F. del Riego (*a faramalla das nubes que se desfacían en enxurrada*) ou S. Toro (*regueiros de auga loura que reptan a tombos en enxurradas*), pero que é usada a miúdo polos escritores en sentido figurado: *A enxurrada patrioteira que levaba tantos e tantos emigrados á guerra* (Castelao), *unha enxurrada de saloucos e de bágoas* (Casares).

Rafael Dieste emprega esta voz no sentido figurado como se ve no exemplo citado e nestoutros: *Semellante enxurrada de perguntas levarános*..., *asolagado pola enxurrada lumiosa do mundo auténtico*..., *Volta tras volta as enxurradas da revoluceón rusa viñeron confluir*...

1360. Discursos, sermóns e prédicas

A palabra **discurso**, cultismo introducido na nosa lingua non hai moitos séculos, é actualmente unha voz moi usual a tódolos niveis da lingua para indicar sobre todo a disertación ou razoamentos que se fan para convencer a un público ou as palabras que se din a algunhas persoas para reprendelas.

Rafael Dieste emprega bastantes veces esta verba nesa primeira significación: *vir cara ao balcón pra botar un discurso aos rapaces*..., *no sinxelo e sentido discurso de Rusiñol agradecendo a festa*..., *Deixando agora conferencias*, *discursos e ensaios xornalísticos*... Do mesmo xeito esta voz é empregada por tódolos autores: *vou correndo a ver si aínda podo ouvir os discursos* (Risco), *¡Que o espadón nos bote outro discurso!* (Méndez Ferrín), *Non está a noite para discursos* (Freixanes)...

Pero hai bastantes xentes e autores que denominan o conxunto de voces usadas para ofender ou reprender a alguén como **discurso**: *para seguirmos o lastimeiro discurso de anciá* (Alcalá), *Leonardo*, *bébedo*, *compracíase en retóricos discursos sobre mundos soñados* (F. del Riego), *O meu amigo Pepe bótame un discurso cada vez que me atopa*...

Sermón é tamén voz moi corrente para expresa-lo discurso relixioso que fai normalmente un sacerdote: *Mais se ouiras os sermós do abade de Zarracós* (Curros), *Mañán o sermón de San Francisco* (Otero Pedrayo), *folletos que contiñan sermóns de dignidades eclesiásticas* (Rábade)...

Sen embargo unha reconvención, unha recriminación, unha reprimenda, unha amoestación, unha reprensión, poden ser denominadas como **sermón**, como vemos nesta frase de Dieste: *Non faltou quen virase as gabanzas do rivés e fixera sermóns fulminatorios*, ou nestoutras de Cunqueiro: *bótalles un sermón ós ladrós*, de Cortezón: *e non polas requilindorias*, *sermóns nin suasorias que lle digan*, de Alcalá: *escoitarmos un soporífero sermón a cerca do debido comportamento*...

Voz sinónima de **sermón** a tódolos niveis é **prédica**. No sentido propiamente relixioso é esta frase de Rafael Dieste: *E volta o crego coa sua prédica* ou estoutras de Freixanes: *guinda polo aire prédicas e escapularios*, de Conde: *pois ó escoita-las miñas prédicas dixo moitas veces arreo Domine*...

No sentido de reprimenda, amoestación, etc. atopamos esta frase de Dieste en *Antre a terra e o ceo*: *Se ises labregos non eisistisen*, *se tudos fosen escolleitos e volteeiros*, *folgaban tódalas prédicas*.

E o que ocorre con **prédica** pasa tamén con **predicar**, **predicador**, **predicación**, que tanto na fala popular coma nas obras literarias teñen tanto o sentido propiamente relixioso coma o significado de reprender, represor, represión...

1361. Parolar, parrafear e palicar

O galego e o portugués tomaron probablemente do italiano a voz **parola** "palabra" na significación de conversación informal sobre calquera tema intranscendente. Actualmente é palabra moi popular na conversa cotiá e moi usada polos escritores: *vouvos estar dando parola toda a noite* (Fole), *deixeime seducir no curso da parola informal e distendida* (Rábade), *pasamos do bisbiseo ó murmurio*, *do murmurio á parola e da parola ó máis desaberto rebumbio* (Alcalá).

Menos popular é a variante **parolada** que usan bastante os escritores: *falas longas e paroladas sen romate* (M. Ferrín), *Relembrou outra vegada as increíbeis paroladas do alcalde embebedado* (Cortezón), *dentro de pouco non vas andar con moitas ganas de parolada* (Alcalá).

Moi corrente é tamén o verbo **parolar** (hai falantes que din **parolear**) que é moi empregado polos escritores de tódalas épocas nesa significación de conversar: *Cando ¡ai de min! te vía con eles parolar* (Rosalía), *están parolando solos ó pé do castelo* (Curros), *puxéronme ese alcume porque parolo sempre destas cousas* (Neira Vilas), *Parolan demoradamente cambiando xuízos e impresións* (F. del Riego). Tamén na obra de R. Dieste atopámo-lo uso deste verbo: *Xente das aldeias que ven ao mercado da pequena vila parola de camiño*...

Sinónimo de parolar é **parrafear**, verbo que está tamén moi vivo a tódolos niveis da lingua: *moito deben de quererse cuando tanto parrafean* (Curros), *Outros mozos e mozas rían e parrafeaban cheos de ledicia* (Risco), *O que máis o amolaba era o non poder parrafear coas mozas* (Cunqueiro)...

E loxicamente os nomes **parrafeo** e **parrafada** son tamén bastante populares: *No artigo que dou horixe a iste diálogo -de ningún xeito "parrafeo", xa que os parrafeos case que endexemais levan a ningures-* (R. Dieste), *cando unha co noivo ten parrafeo*, *escoitar que nos dice* (Curros), *Entón poderíamos ir a botar unha parrafada con il* (Cunqueiro).

Curiosamente a voz **palique**, tan popular coma as voces xa citadas, é un castelanismo que xa desapareceu dos nosos diccionarios e moi usado polos escritores de tódalas épocas: *están de groma e palique* (Curros), *se puxeron de palique* (Risco), *Trátase de representar un palique amoroso* (Castelao), *estivemos de palique un anaco* (Neira Vilas), *Estivemos así de palique todo o tempo* (S. Toro), *Nos tamén intervimos en paliques íntimos* (R. Dieste).

O mesmo pasa co verbo **palicar**, castelanismo de orixe, que está moi vivo tanto na conversa cotiá coma en moitas obras literarias. O noso escritor R. Dieste emprégao bastantes veces.

1362. Máis cousas de locuacidade

Ademais das palabras xa citadas que se refiren ó feito de falar moito ou ós que falan de todo por non poder estar calados, badúan ou esbardallan, quero engadir hoxe outras.

Para referirse a quen fala moito entrou nas linguas peninsulares hai poucos séculos o cultismo **locuaz**, que practicamente non se usa na nosa fala popular, pero si o empregan os escritores modernos: *mentres o tío*, *raramente locuaz*, *me explicaba as historias dos lugares* (Alcalá), *Estivo locuaz o novelista*; *locuaz e ameno*, *brillante e divertido* (Conde), *Ben vos entendo*, *locuaz arrieiro*, *que moi ben o explicades* (D. X. Cabana).

E o mesmo pasa con **locuacidade**, voz que segue sendo culta: *aquela estraña locuacidade que prendera de repente en Don Antonio* (Rábade), *A locuacidade que perdera o pai*, *só nos falaba ledo no Nadal* (H. Villar).

Naturalmente os que falan moito son **faladores** ou **falangueiros** e as cousas que din ás veces son murmuracións, contos, historias falsas ou inventadas ou como din os que falan castelán son *habladurías*. De aí que moitos galegos adoptaron esa voz castelá converténdoa en **faladurías**, palabra non admitida na lingua académica, pero que curiosamente hai bastantes falantes que a seguen usando.

Tamén hai moitos escritores que a empregan como o fixeron Rafael Dieste (*Faladurías*, *envexas*, *non saben o que din*), Castelao (*O que xa non son faladurías é que viveu amachembrada cun vello empregado*) e algúns modernos: *Eso deu lugar a moitas faladurías da xente* (Neira Vilas), *Miña avoa a todas esas faladurías nunca fixo caso* (U. Heinze), *son faladurías e disques que inventa a xente* (X. R. Pena).

Por último quero sinala-la existencia dunha voz moi popular a tódolos niveis da nosa lingua para substituír ese innecesario castelanismo. Trátase da palabra **leria**, que talvez naceu dese ruído que se fai ó falar: *le*, *le*, *le*..., e que ten fundamentalmente a significación de conversa de cousas sen importancia: *Poida que canto imos dicir non sexa máis que leria* (Dieste), *Pedro non estaba para lerias e ó remata-la cea foi a deitarse* (Castelao), *as dúas de ganchete a ligar interminabeis lerias en voz baixa* (M. Ferrín), *Finou a leria que mantiñan. Faise un silencio profundo* (F. del Riego).

Leria equivale tamén a asunto ou tema que pode traer problemas ou preocupacións, como vemos nestas frases: *na leria periodística ou no palique da rúa* (Dieste), *que tiña un preito por unhas augas*, *ou calquer outra leria* (Cunqueiro), *Solte*, *mamá*. *Pare xa*. *Deixe esa leria* (S. Toro), *Lerias e latricadas encol da economía labrega* (Cortezón)...

En fin, **leria** é voz moi usual para significar conversa informal, broma, conto, enredo, etc.: *como pra se desenliar de ironías e lerias* (Dieste), *menos leria*, *cativo*, *e acaba de dar o recado* (Castelao), *deixádevos de lerias e morra o conto* (Blanco Amor), *Déixate de lerias*, *Pilar*, *ti es máis vella ca min* (S. Toro)...

1363. O pensar galego é ravesoso

Un artigo de Dieste na súa obra *Antre a terra e o ceo* comeza con estas frases: *Disque o pensar galego é ravesoso*. *Hai quen o di pra nos loubar*. *Hai quen o di en contra nosa*. *Mais nós que*, *como bós galegos*, *temos tamén un pouco ravesoso o pensar*, *escomenzaremos dicindo que non lles falta razón a uns nin a outros*.

¿Que é o pensar **ravesoso**? Busquei esa voz **ravesoso** en toda clase de obras lexicográficas e non a atopei. Tampouco a vin usada nas obras literarias que eu examinei. Entón tiven que pensar que é unha invención de Dieste.

A primeira clave para entende-la significación dese adxectivo deuma o título do artigo: *O pensar en voltas*. E lendo o citado libro noutro artigo volve aparecer esta palabra: *se me ativera ao costume que dis que témolos galegos de responder a unha pergunta con outra...*, *poreime eu mesmo a escismar -como encol de cousa miña- sobor de tan ravesosa custión previa*. *Haberá quen nona tope ravesosa*, *pero eu si*.

Noutros dous artigos volve aparecer esta voz: *Agora fálase moito do tema das decadencias*, *dos seráns das culturas e dos imperios*. *Isto non quer dicir que se esquencera o tema / tan ravesoso e cheo de connivenzas distantes / dos orixes...*, *non tódolos homes se decatan de que o máis fondo amor a unha arte móstrase adeprendendo o máis árdego ou ravesoso da súa téinica...*

Penso que despois da lectura desas seis frases nas que aparece **ravesoso** cualificando a *o pensar*, *custión*, *tema*, *téinica*, podemos sacar en conclusión que ese adxectivo ten a significación de complicado, difícil, intrincado, revesgado ou arrevesado. Estas dúas últimas formas que acabo de citar, derivadas da voz **revés**, fannos pensar que de **revés** nacería **revesoso**, que como ocorre con outras voces que empezan por *re* (**rebanda, remanse, restra, remolacha**) na fala popular son pronunciadas con *ra* (**rabanda, ramanse, rastra, ramolacha**).

Así pois, **ravesoso** paréceme que foi unha creación de Dieste, que na súa obra *Dos arquivos do trasno* volve facer uso desta voz: *A mociña dos beizos de cireiza escolleu o relanzo máis agachado pra o seu ledo labor de lavandeira*, *e*, *baixo ravesosos arcos de follamio e garula de paxaros*, *bate e frega unha prenda*. Os ravesosos arcos de follamio son claramente os complicados arcos que forma o follame das árbores ou plantas que están no relanzo ou remanso dun río.

1364. Cousas revesgadas

Despois de falar da voz **ravesoso**, empregada por Rafael Dieste, seguiremos examinando outras voces derivadas tamén de **revés** e coa mesma significación semellante de complicado, difícil, intrincado.

Nalgúns diccionarios aparece o adxectivo **revesado**, do que eu non teño constancia do seu uso polos falantes nin polos escritores. Sen embargo é bastante usual o derivado **arrevesado**, que a

Normativa oficial considera normal e preferible ó **enrevesado**, bastante popular e empregado por algúns escritores: *Os monólogos de Cornelio eran cada vez máis enrevesados e desafiantes* (M. Rivas).

Pero tanto para os falantes, coma para os escritores, a voz **revesgado** é moito máis usual e normal: *Entre as follas revesgadas dese libro danse señas de tesouros...*, *responder esas preguntas en revesgados xeroulífos pérsecos* (Curros), *Ninguén coida de lle segui-los pasos nas revesgadas galerías do seu pensamento* (F. del Riego).

E curiosamente Rafael Dieste, que usou bastantes veces esa forma "propia" **ravesoso**, emprega moito máis o derivado máis popular, **revesgado**, coa mesma significación. Véxanse estas frases de *Dos arquivos do trasno*: *nunha carta de letra revesgada...*, *Entre as follas revesgadas dese libro danse señas de tesouros...*, *o lío de cordas e de panos era máis revesgado...*

Nos seus artigos de *Antre a terra e o ceo* aparece moitas máis veces: *fórmanse un barullo diante do aspeito gráfico da nosa fala e pensan que é moi revesgada...*, *fixo iste descobrimento de sinxela aparencia e de revesgada fondura...*, *non hai nada máis escuro*, *revesgado... que un ideal de santidade...*, *Nada de discursos*, *nin brindis nin foguetes*, *nin revesgadas retóricas de adhesión...*, *o porvirismo sofre a máis dura e revesgada proba*, etc.

E como sinónimo de **ravesoso** ou **revesgado** usa Dieste ás veces **enliado** (*Non fagas frases enliadas e bunitas...*, *algo que parescera moi enliado mentras se está dicindo...*), que tamén o emprega noutras significacións: *andivo enliado con moitas mozas...* Quede constancia que **enliar** ou **enliado** é variante popular de **enlear** ou **enleado**.

Tamén emprega **enguedellado**: *Deica hoxe as palabras enxebrismo e galeguismo acoubillaron cáseque sempre ideias enguedelladas*, e naturalmente o adxectivo **confuso**: *Saber*, *sabémolo*, *mais dun xeito un pouco... Xa! Confuso*, *revolto...*, *estamos aisistindo a un máis precipitado*, *e aínda confuso*, *sen estilo*, *retecer de costumes...*

En fin, temos moitas posibilidades en galego de dicir que algo é difícil, complicado, intrincado, confuso...

1365. A vida é volteeira

No artigo titulado "Cal ten de sere a nosa loita" fala Dieste de como *tristura e xúbilo dun intre*, *reforzados pola lembranza e trocados en xuicios favorábeis ou desfavoráveis da vida*, *remata dándonos a ideia de que a vida é teimosamente infidel e volteeira*.

Xa no artigo anterior falaba de *vida infidel* e dicía que *boa hoxe*, *e mañán má*, *a vida ven sendo*, *ao remate*, *má por infidel*. **Infidel**, voz que usa nalgunha outra ocasión (*a xenialidade era cousa infidel*, *mala*, *treidora*), é unha variante da voz popular **infiel**, feito que ocorre igualmente con **fiel**, que Dieste e outros autores converteron ás veces en **fidel**: *cando se é fidel a sí mesmo* (Dieste), *cando a fidel namorada choraba* (Castelao), *o galego sigue fidel ás empanadas* (Cunqueiro), *¡Sempre che fun fidel!* (Manuel María), *cos seus máis fideles servidores* (Fole)...

En fin a vida é infiel, é dicir, desleal, pérfida, traizoeira ou como di Dieste, **volteeira**. ¿Que é, pois, **volteeira**? Vexamos outra frase onde aparece este adxectivo: *Se ises lábregos non eisistisen*, *se tudos fosen escolleitos e volteeiros*, *folgaban tódalas prédicas*, pero nela aparece o participio-adxectivo **escolleito** que Dieste emprega bastante na súa verdadeira significación de escollido ou selecto. Sen embargo os que son escolleitos son un tanto raros porque, como el di, *no seo de todo espirito escolleito acoubíllase unha*

atormentada contradiceón... ¿Cómo resolverán os escolleitos isa loita íntima? Así pois os citados labregos que son escolleitos son tamén **volteeiros**.

Penso que os adxectivos **infiel** e **escolleito** nos dan a clave para entender **volteeiro**, voz que non vin usada por outros escritores nin rexistrada nas obras lexicográficas pero que claramente podemos considerar como unha creación popular partindo do verbo **voltear**, que da súa significación fundamental de dar voltas a unha persoa ou cousa, ou dar un rodeo pode pasar a significar dar voltas ás ideas, transformalas, modificalas, etc.

Así pois Dieste usou o derivado de voltear, **volteeiro**, para se referir a aquelo que dá voltas, que se transforma, que se modifica, que cambia de ideas, que é inestable, inconstante, imprevisto, etc.

Curiosamente Dieste non usou nas súas obras o verbo **voltear** (si moitas veces **voltar**), pero é evidente que é voz bastante popular e que, como fixo noutras ocasións, empregou ese adxectivo **volteeiro** para cualificar aquelo que voltea ou aquel que "voltea", é dicir, que cambia de pensamentos ou ideas, que é inestable, que é infiel, que é inseguro...

1366. Esmillar, ingadar e pandullazo

Nun de tantos artigos que Rafael Dieste escribiu sobre os problemas da lingua galega e publicou en *Antre a terra e o ceo* fala cun amigo de determinadas voces que escoitaron dicir a un mariñeiro: *¿Qué quer dicir esmillar? ¿E ingadar? ¿E pandullazo?* E explica a súa significación.

Comeza con **esmillar**: *Esmillar é poñelo peixe femias as ovas ou míllaras pra a cría*. Efectivamente **esmillar** é como din algúns falantes a voz máis corrente **esmirillar**, verbo nacido sen dúbida do citado nome **míllara** ou ova dos crustáceos e peixes, palabra derivada de **mil**, ou mellor dito do latín MILIA, dado que as ovas parecen miles. E de **míllara** naceu o verbo *esmillarar* que se transformou en **esmirillar** e que algúns falantes reduciron a **esmillar**.

Logo explica **ingadar** así: *Ingadar é botar cebo ó peixe e*, *por estensión*, *enganar*. A definición é perfecta, pero **ingadar** é unha pronunciación non moi popular con cambio da sílaba inicial *en* por *in* da palabra bastante corrente **engadar**, verbo nacido do nome **engado**.

Engado é voz moi popular para indica-la comida que se emprega para atrae-los peixes e animais coa finalidade de pescalos ou cazalos, pero tamén pasou a significar calquera cousa que serve para atraer, seducir ou mesmo enganar. Por tanto funciona como sinónimo de encanto, atractivo, feitizo, engano, como vemos nestas frases do mesmo Dieste: *E iso non é soio custión de engado literario...*, *co seu misterioso engado de promesa ou tristura*, ou doutros autores: *e nós*, *os vellos*, *xa non temos engado para namorar mozas* (Castelao), *porque efeitivamente a moza tivera engado* (Risco), *Ca maxia diste dito*, *co seu engado*, *James recobra o sosego* (G. Sabell)...

E como pasa coa voz **engado** literariamente, tamén **engadar** é moi usado na significación de encantar, cativar, seducir, engaiolar, etc.: *reiseñores e malvises engadan as noites coas súas frautas milagreiras* (Fole), *en gardarse da mentira*, *en non engadar a aquel que dis que amas* (Conde), *sombra que nos engada e nos acena* (M. María).

De **pandullazo** escribe o seguinte: *Pandullazo é o golpe dado no mar pra atordoar ao peixe e*, *por extensión*, *outros golpes que produzan efeito ou ruido semellantes*. É voz moi usada polos mariñeiros e, como se entende facilmente, chámase así porque é o golpe que se dá co **pandullo** "pedra en forma de ril coa

que se golpea a auga para favorece-la posibilidade da pesca", voz que ten como sinónimos **embalo** e **pombada** que usan tamén algúns mariñeiros.

1367. Peañas e pedestais

Esa base, normalmente feita de madeira, que serve para soster unha estatua ou unha figura santoral, fai algo así como de pés de dita estatua ou figura. De aí que cando se empezou a usar esa base de sostemento foi necesario crear unha palabra para denominala e tomouse un derivado da voz pé, o adxectivo latino PEDANEUS, PEDANEA, que por evolución fonética normal se transformou en **peaña**, tanto en galego e portugués coma nas outras linguas peninsulares.

O normal en galego é dicir **peaña**, palabra bastante corrente na fala e na literatura (*espléndido relicario... pousado enriba dunha peaña de damasco*, de Freixanes), se ben algúns empregan o castelanismo **peana** (*Nosas Señoras na peana orfebreirada dos cobos* de Otero Pedrayo). Rafael Dieste fai uso desta voz na súa variante popular **piaña**, pero nun sentido figurado de base ou fundamento: *Tódolos amantes da música popular*, *tódolos que en ela ven a posíbele piaña dun nacionalismo musical* (de *Antre a terra e o ceo*). E tamén a vin usada por Cotarelo Valledor.

Esta voz **peaña** lémbrame outro derivado de *pé* para denomina-la parte inferior dunha ventá: **pear** (ou **piar**), que usou moito Castelao: *e no pear dunha fiestra estáse a lava-lo gato*, *... pousaos no pear da ventaíña...*, *Preséntaselle recachado no pear da fiestra...*

Outro derivado de pé é a voz hoxe corrente **pedestal**, que foi moi usada polos italianos e que da súa lingua pasou ás linguas peninsulares. Na realidade da lingua podemos dicir que a introducción de **pedestal** non era necesaria, xa que basicamente tiña o mesmo sentido de **peaña**, pero pouco a pouco foi impoñéndose este italianismo, que é moi empregado a tódolos niveis da lingua.

Curros Enríquez fixo uso da variante **pedestral**, talvez pola influencia da voz **pedestre**: *no mouro foran alzados sobre pedestrales de ouro*, pero son moitos os autores que fan uso de **pedestal**: *O seu pedestal sirve de tribúa pública* (Castelao), *unha estrela que de súpeto caía dende o seu alto pedestal* (Freixanes), *pensaba que os profesores era xente que estaba alí nun pedestal* (U. Heinze). Tamén Dieste emprega esta verba nun sentido figurado: *aínda que alguén se tope satisfeito delas e alguén faga delas pedestal.*

E estas voces fanme pensar noutra palabra de orixe árabe, **tarima**, que ademais da súa significación de estrado de madeira movible, a pouca altura do pavimento, ten tamén usos figurados similares ós xa citados: *baixaba da tarima que lle servía de presbiterio* (Casares), *elegante tarima dende a que presenciar a procesión fluvial* (Freixanes)...

1368. Atiaxado e atiaxante

Rafael Dieste usou bastantes voces nos seus escritos que son difíciles de interpretar alomenos por un lector actual. Xa vimos algunhas moi concretas do seu entorno arousán e outras que interpretamos como variantes ortográficas ou fonéticas doutras palabras similares, pero hoxe facemos referencia a **atiaxado** e **atiaxante** que non son capaz de ve-la súa orixe nin a razón do seu uso.

Nun artigo de *Antre a terra e o ceo* conta como un mozo *sereo*, *afouto e asisado* consola a outro preocupado polo andacio que había no barco en que viaxaban: *E así siguéu dándolle azos a aquel compañeiro*, *tan atiaxado*, *cautivo dos malos agoiros e do propio medo*, *que non lle deixaba vélas cousas de frente i ao dereito*. Penso que polo contexto podemos considerar que esa voz **atiaxado** significa preocupado, abaixado ou rebaixado, inanimado, canso, extenuado...

No discurso de ingreso na Real Academia Galega fala de como a gramática normativa *anda hoxe apesarada e apouvigada*, *... e non é de presumir que deixase fora o seu esprito*, *e iste coma unha pantasma atiaxada*, *sen forza xa nin degoro de consello*. Coido que esta pantasma está cualificada de **atiaxada** porque está esgotada, adormentada, consumida, cansa, abaixada, inanimada, extenuada...

Está claro que esta forma **atiaxado**, que tamén usou Castelao en *Sempre en Galiza*.: *porque a lectura dalgúns tratados... nos deixara atiaxados para coñecermos a este ser coleitivo*, é o participio do verbo **atiaxar**, que tamén o empregou Castelao: *O que nos atiaxa é saber que*, *xunto coas pedras fitas*, *obxeto de anatemas*, *desapareceran*, *asimesmo os menhires* (de *As cruces de pedra na Galiza*).

Atiaxar, xulgando polas frases que acabamos de ver, ten a significación de esgotarse, rebaixar, extenuarse, consumirse, etc. E o noso escritor, Rafael Dieste emprega un par de veces a forma **atiaxante**: *Supoñamos que a anguria de non chegar medra desorbitadamente*. *Sobrevivirá destonces unha tristura atiaxante*, *enferma*, *que rematará trabando os nosos movimentos e quizais levándonos a un anceio morboso de morte*, *de aniquilamento...*, *Antre a longa lista de desventuras galegas... non figura*, *por esquecemento unha das máis atiaxantes*. *Referímonos á difusión adequirida por certos periódicos vellos...*

En fin, **atiaxado** e **atiaxante** son voces do verbo **atiaxar**, que tamén usou Castelao e que penso que debe ser da comarca da ría de Arousa, pero non vexo claramente a orixe do seu nacemento.

1369. O galego famulicio

Para referirmos ó conxunto de persoas unidas por lazos de parentesco ou a un grupo de persoas ou cousas que teñen características comúns empregámo-la voz tradicional **familia**, tan popular hoxe en tódolos niveis da lingua, pero que non consideramos cultismo pese a que non evolucionou foneticamente: *sostén de familia decote numerosa* (Rosalía), *vivía no seo dunha familia labrega* (Castelao).

Familia ten moitos derivados tamén moi populares: **familiar**: *O durmidoiro é o sancta santorum familiar* (Castelao), *o primitivismo da lingua na conversa familiar* (M. Ferrín), *facía unha intensa vida familiar* (Casares); **familiarmente**: *Pregúntame Vde. polo home de Dorinda*, *chamado familiarmente Turelo* (M. Ferrín), *berrou xa dende preto e moi familiarmente*, *pois eran viciños* (Dieste); **familiaridade**: *xentes máis cheas de familiaridade* (Otero Pedrayo), *a quen tratas coa familiaridade que dá o asiduo trato* (Conde); **familiarizar**: *familiarizárase con lendas estrañas de afastadas cosmogonías* (F. del Riego), *familiarizouse coas armas desde moi novo* (Gonsar)...

Curiosamente chama a atención de que esta voz **familia** proceda da voz latina FAMULUM, que significaba escravo ou servo e que tamén pasou, máis ben como cultismo, ó galego e ás outras linguas irmás. De todos modos a voz **fámulo**, que está rexistrada nos nosos diccionarios consérvase como voz culta e eu nunca a escoitei nunha conversación nin sequera no sentido que tén tamén de subalterno dalgunhas comunidades relixiosas ou de cargos eclesiásticos. Nesa significación vina usada por Cunqueiro: *contoulle que estivera a punto de ser fámulo do señor bispo*.

As xentes, falantes ou escritores, prefiren usa-las voces **servidor** (*chama polos servidores*, *dicta e ordea*, de Freixanes), **servente** (*Unha campaíña carraxenta que fai acudir á serventa*, de F. del Riego) e sobre todo **criado**: *o castelán dominical das criadas sona o mesmo que o galego estival dos madrileños* (R. Dieste)...

Precisamente esta última frase de Dieste está no mesmo artigo de *Antre a terra e o ceo* onde o noso escritor critica duramente unhas frases de Linares Rivas e escribe o seguinte: *Mais deixemos o galego famulicio*, *estival e histriónico do Sr. Linares Rivas*. O nome **famulicio** consérvase en portugués e castelán como sinónimo de servidume. Rafael Dieste fai uso del como adxectivo para cualifica-lo galego de Linares Rivas como propio das criadas que falan en castelán os domingos. En fin, **famulicio** é un portuguesismo ou castelanismo...

1370. Ter xorne

Lendo *Antre a terra e o ceo* de Dieste atopei estas frases: *non impide a vivacidade espresiva nin o quentor de humanidade cando o que escribe ten xorne de escritor*..., *eisí o xorne a miudo litigante dos labradores donos de pequenas leiras*, nas que aparece a voz **xorne**, que segundo os nosos antigos diccionarios significa talante, carácter, forma de ser, xenio, índole, condición, natureza, humor.

Hai tamén algúns outros autores que fan uso desta verba: *É un home besgo*, *de mal xorne* (Cotarelo Valledor), *solprendeuse daquela súpeta agresividade*, *daquel xorne crudel*..., *xorne agresivo* (Cortezón), *Xa estaba de bo xorne*..., *non andaba de xorne para tratar o asunto* (Alcalá).

Daniel Cortezón fai uso da variante **xorna**: *na profundidade da súa xorna morna vilán mesturada coa renarteiría labrega*..., *cismaban con certa xorna morna*..., *con certa xorna morna que os vellos oubían botándolles filosofía* e esta forma **xorna** levoume a pensar que a voz **xorne** debeu nacer da mesma orixe que a verba **sorna**.

Sorna é moi corrente hoxe na significación de ton de burla ou ironía con que se di ou se fai algo, pero fundamentalmente significou calma ou lentitude con que se fai unha cousa. Creo que **sorna** nese sentido de talante ou humor foi a base desa "transformación" en **xorne**.

Os nosos escritores usaron bastante esta voz: *a verdá sin sorna quero* (X. M. Pintos), *que antes ¡Vida! con sorna lle decía* (Rosalía), *non miro*, *lle dixo o rapás con sorna* (Pondal), *A siña Filomena*, *acesa de soplar*, *revírase con cara de sorna morna* (Castelao), *Brásidas valeroso*, *de sorna escrarecida* (Cabanillas).

Hai algún lexicógrafo que pensa que a voz **xorne** é unha variante de **xorna**, que ten para algúns falantes a significación de salario, paga, emolumento, retribución, xornal... Ademais vemos que algún escritor como Neira Vilas fai uso de **xorne** no sentido de **xorna**: *Cun xorne ninguén se ergue*..., *Pedían máis xorne e mellores condicións de traballo*..., *Amais do seu xorne*, *Gumersindo tiña outras rebuscas*.

Xorna é da familia léxica de **xornal**, **xornada**, **xornaleiro**, **xornalista**, etc., e penso que non é a base da voz comentada **xorne**, que fundamentalmente é talante, índole, humor, etc., a pesar de que existe a forma popular **xornas** que se emprega para chamar a quen non está disposto a facer nada: *Xan é un xornas*.

1371. Zugoso e desiludido

En varias ocasións Rafael Dieste fai uso do adxectivo **zugoso**: *cun acerto de estilista chegado a zugosa maturidade*..., *a persoalidade do autor. O máis zugoso e grato*, *a sua brincadeira e sensualísima lin-*

goaxe..., *Pero eisisten anteollos*, *os da desconfianza*, *que esborranchan co seu negror a máis zugosa policromía*. E algúns escritores actuais, tamén o empregan: *Os labios zugosos*, *húmidos*, *movéronse por fin* (X. Alcalá), *Ela entregoulle os zugosos beizos*, *rosados*, *lizquentes* (Cortezón).

¿Que é **zugoso**? Trátase claramente dun adxectivo derivado do verbo **zugar**, sinónimo de chuchar ou chupar, que non aparece rexistrado en ningún diccionario e que non sei se algún falante o emprega. Paréceme que é unha de tantas palabras que recrean os escritores e xa nalgunha ocasión pensei que a creara Castelao porque a usou en *Sempre en Galiza*: *A arquiteitura barroca do noso chan*, *labrada en pedra granítica*, *está sempre coberta por un manto de zugoso verdor*.

Pero meditando outra vez sobre esta voz ocórreseme pensar agora se non será palabra típica ou popular da zona da ría de Arousa, xa que Castelao e Dieste son de alí...

Desde logo o adxectivo máis popular e máis normal a tódolos niveis da lingua e que aparece recollido nas obras léxicas é **zugón**: *O millo é zugón*, *zugón*; *deixa a terra cansada*, *sen forzas o terrón*... (M. María).

Nun artigo de *Antre a terra e o ceo* escribe Dieste esta frase: *música popular*, *tódolos que en ela ven a posíbele piaña dun nacionalismo musical*, *ficarán desiludidos e ingratamente surpresos ao ler as anteditas aseveraceóns*, na que vémo-lo emprego da voz **desiludido**, participio do verbo **desiludir**, non existente en galego, pero si en portugués.

Non vexo o motivo de por qué Dieste fai uso desta voz neste artigo, pois noutro da mesma obra emprega a forma normal galega **desilusionado**: *Certo que os desilusionados teñen razón*. Nunha obra de X. Alcalá vexo que emprega **desilusionado** (*Estaba desilusionado*..., *tiña que volver desilusionado para o butacón*) xunto co verbo portugués **desiludir**: *Voltaron a calar*. *Desiludíanme*. Está claro que os escritores nalgunha ocasión fan uso de determinadas voces portuguesas.

En fin, rematemos dicindo que o participio **ilusionado** está moi vivo en tódolos niveis da lingua: *Non hai enfermo*, *por engañado*, *por ilusionado*... (G. Sabell), *deciden abandona-lo lugar ao que acudiran ilusionados* (F. del Riego), *diríxese cun sorriso ilusionado á súa alcoba* (M. Ferrín)...

1372. Trupiosos e vellouqueiros

Nun artigo publicado en 1926 titulado "O pensar en voltas" emprega Dieste a voz **trupioso**, que non a atopei rexistrada nos diccionarios nin a lin nos escritos doutros autores: *Fora dos dominios da conduta*, *o pensar en voltas é o mellor pensar cando isas voltas non son trupiosas nin fridamente ornamentaes*. E noutro artigo do mesmo ano aparece tamén esta verba: *Non se pode dicir que a nosa boa crianza nise intre sexa de mala crás*, *porque a pillería para se defender dos trupiosos é unha virtude*.

Está moi claro que o que é **trupioso** ou quen é **trupioso** é algo que ten que ver coa **trupia** ou alguén que fai **trupias**, palabra que usa Dieste en varias ocasións: *Pero si eu fose afeizoado ás trupias*..., *O tempo dos antigos é o tempo dos pensamentos ben pousados que resistiron tódalas trupias dos argalleiros*..., *Non é democrático alcadar prestixio con trupias e solermas máis ou menos finas*..., *sería agora un pouco longo poñer de manifesto os trabucos e trupias que van agachadas niste subterfuxio*.

¿Que é **trupia**? Por esas frases citadas podemos comprender que as **trupias** son as cousas que fan os argalleiros, é dicir, os trapalleiros ou mentireiros ou troleiros. **Trupias** son argalladas ou argallos, pero tamén algo así como solermas ou garatuxas ou trabas ou mesmo trampas. A voz **trupia** aparece rexis-

trada no diccionario de Valladares: "Trampa. *Teño un fillo levado da trupia*. Tengo un hijo que nada bueno puedo obtener de él".

Queda claro que **trupioso** é un derivado de **trupia**, voz que ten unha orixe para min non recoñecible, que non vexo de onde a tomou Valladares e que Dieste talvez tomou deste lexicógrafo.

E quero deixar constancia de que o noso autor fai uso da voz **vellouqueiro**, palabra usual aplicada a quen é vello, pero que quere sentirse xuvenil, e que usan algúns autores, como Castelao e Cortezón, xunto coa variante **velloucán**: *ti non podes cangar cun vellouqueiro porque tés a ialma espiñada por un mozo*..., *Velloucán con cara de testigo falso* (Castelao), *rifaba Victoria co vellouqueiro*..., *E un vedrán xornento e velloucán* (Cortezón).

Dieste emprega **vellouqueiro** cun sentido bastante irónico, algo así como pasado de moda: *Ise xornalismo vellouqueiro contribuía a desconcerta-la concencia galega*..., *O xornalismo vellouqueiro endexamáis pensou en crealo sen púbrico*..., *nunha redaición do tipo vellouqueiro*..., *dacordo cos profesores menos vellouqueiros*...

1373. Adormiñar e azoroñar

Xa nalgunha ocasión falamos dalgúns verbos derivados de **durmir** é ó lado de **adormecer** citabamos **adurmiñar**, que é bastante popular e que empregan abundantemente os escritores: *Mauro volve a se meter no leito*. *Queda adurmiñado* (F. del Riego), *chegaban estes*, *silandeiros e adurmiñados* (Conde), *lixeiramente adurmiñados coa canga da vellez* (Freixanes), *Ela estaba como adurmiñada e parecía reseca ou queimada* (F. Ferreiro).

Pero a variante **adormiñar** é tamén bastante popular e hai escritores que a usan: *Os prisoeiros adormiñaron docemente moito dinantes da luzada* (Otero Pedrayo, que emprega igualmente **adurmiñar**), *O vento adormiñado*, *o bosque sin rumor* (Cabanillas), *O finado de Quelven adormiñóu e madame de Saint-Vaast botoulle por derriba unha manta* (Cunqueiro).

Rafael Dieste fai moito uso deste verbo (*pra se adormiñar a sí mesma*..., *ollade como enmurchan as mulleres e como se adormiñan os homes*) sobre todo na súa forma participial ou adxectiva: *comenzóu a chamar polo seu fillo como si estivera alí adormiñado*..., *todos lían nos meus ollos adormiñados e lonxanos a ousesión do delito*..., *Un "bon pasar" adormiñado e perguiceiro pon cume aos anceios*..., *tódolos intres de tristura denantes adormiñados*..., *tristura que nos tiña adormiñados no seu berce de brétema*... E tamén usa **adormiñador**: *unha embriaguez de fumaradas e supersticións moi adormiñadoras*.

En fin, o noso autor, como algúns outros citados, fai bastante emprego deste verbo **adormiñar** e non usa a forma máis claramente derivada de durmir **adurmiñar**.

Nun artigo publicado en 1926 titulado "O supergalego" lémo-las seguintes frases: *Isto era o que nos faguía falla*. *Azoroñando iso*, *denantes envolveito en brétemas*, *dibuxamos no ar quen sabe cantas voltas atormentadas*, nas que Dieste fai uso do verbo **azoroñar**, do que xa fala M. Sarmiento no século XVIII: "*Azorar*, *Azoroñar*. Significa atisbar, acechar, como hace el azor; y **azoroñar** significa lo mismo".

Azoroñar está moi ben definido por Eladio Rodríguez: "Rondar, andar alrededor de una cosa que se desea, con objeto de conseguirla, como lo hace el azor", definición que explica moi ben o **azoroñar** da frase citada de Dieste.

Este verbo é empregado aínda por algúns falantes e por varios escritores: *Andaban unha vez us ladrós azoroñando unha eirexa* (Risco), *Os soldados de Herodes que andaban azoroñando o sitio de Nascemento* (Cotarelo), *o amigo raposo azoroñaba por alí perto* (M. Oca)... e nunha narración de Aureliano Pereira aparece a variante **azuruñar**: *Andiven máis de dous anos azuruñándolle a porta*.

1374. Entarabelar e esquiciar

A palabra **tarabelo**, que serve para denomina-lo pecho consistente nunha peza que xira sobre unha punta cravada na súa parte central e que ten como finalidade cerrar por dentro portas, ventás ou cancelas, é moi corrente a tódolos niveis da lingua: *correu da sua porta o tarabelo* (X. M. Pintos), *meteuse no seu carto*, *pechou co tarabelo* (Curros), *Vouche retorce-la língoa coma un tarabelo* (Castelao), *fixenlle ao cesto un tarabelo novo* (Cunqueiro), *logo de descorre-lo tarabelo da porta* (F. Ferreiro).

E de **tarabelo**, que ten unha variante bastante popular **tarabela**, que usan igualmente algúns escritores, naceu o verbo **entarabelar** que aparece recollido no diccionario de Eladio Rodríguez con esta definición: "Poner el tarabelo a una puerta para cerrarla por dentro".

Non lin nos escritos literarios o uso deste verbo agás en Rafael Dieste que o emprega cunha significación figurada cando fala nun artigo dos problemas da saudade: *Co feito da saudade tópanse entarabelados outros*. *Por exemplo*: *a inquedanza*. *Xa dixemos que as perguntas veñen unhas enliadas noutras*. Para el claramente **entarabelar** é neste uso estar unidos fortemente.

Dieste fai uso nun par de ocasións do verbo **deliñar**, como variante de **delinear**, nunha significación figurada: *¿Hai maneira de repousar na estrema*, *vaga e mal deliñada*, *que separa a ledicia da tristura?...*, *un dardexar de traxeitorias ben deliñadas e precisas*.

Pero noutros lugares de *Antre a terra e o ceo* fai uso dos verbos **esquiciar** e **esquizar**, que penso que son voces non moi usuais nin tan sequera no castelán, que é de onde creo eu que as tomou. Vexamos esta frase: *queredes que leve o nome de saudade calquera das dúas formas de desequilibrio que vimos de esquiciar?*, na que se ve claramente que **esquiciar** ten o valor de delinear ou perfilar.

Noutro artigo emprega a variante **esquizar**: *para se pousaren en certos temas perigosos*. *Un*, *por exemplo*, *iste que hoxe esquizaremos*, verbo do que deriva o nome **esquizo** coa significación de plan ou proxecto: *O máis inquedante diste esquizo de novela derradeiramente pubricado pola revista "Lar"*.

En fin, Dieste fai uso de verbos non moi correntes como **entarabelar** e doutros tampouco moi usuais, pero de orixe castelá, como **esquiciar** ou **esquizar**, que fan a súa prosa, ás veces un tanto complicada.

1375. Túrdegas e turdio

Nun artigo de Dieste en *Antre a terra e o ceo* lemos este parágrafo: *Nin faltará derradeiramente quen se decida a dálo brinco elástico*, *mais que na aresta do trampolín deixe sanguiñentas túrdegas*. ¿Que son as **túrdegas**?

Non atopei esta voz en ningún rexistro lexicográfico galego nin a vin usada por ningún outro escritor. Meditando sobre a idea de onde puido sacar Dieste esta voz non galega, nin portuguesa, che-

guei á conclusión de que o noso autor a tomou da palabra castelá *tórdiga* ou *túrdiga* que o Diccionario da Real Academia española define así: "tira de pellejo".

Desde logo, lendo con detención todo o texto, puiden chegar á conclusión de que podemos interpretar efectivamente as **túrdegas** como tiras de pelello ou torceduras da pel. Tal vez esta voz castelá *tórdiga* ou *túrdiga* procede dun derivado do latín *tortus* "torcido, torto".

Desta mesma familia é o adxectivo **turdio**, que está rexistrado xa no diccionario de Valladares: "Malévolo, traidor, que lastima y ofende cuando menos se piensa. Mal intencionado, brusco en herir; de mirar hosco y atravesado" e que atopamos usado polo noso escritor: *Ollos embazados e voce sospeitosa*, *mostra de impulcritude interna*, *pouco terán de conseguir fora do campo das intencións túrdeas*..., *a luz ruín do anaco de cirio con que me alumeaba*, *faguía máis imprecisos os límites do ban e máis turdios tódolos currunchos*.

Hai algún outro escritor que fai uso deste adxectivo, como Cotarelo Valledor (*É un turdio*, *un ouriso*, ..., *é un aspro*, *un turdio*..., *turdio*, *desleigado*) ou Cortezón (*Ulises Cordeira*, *turdio*, *encrenchado*, *esgrimindo a leana*..., *frei Serxio seguíu falando*, *turdio*, *agora toante*, *desaborgado*).

E nun artigo de Dieste atopei o emprego do adverbio **turdiamente**: *Por iso*, *creenza semellante é turdiamente inmovilizadora*.

Non hai dúbida de que desta familia léxica procede o verbo **tordear** que xa o poeta Díaz Castro definía así: *tambalearse*, *vacilar*, e que é bastante popular en tódolos niveis da lingua: *Núo*, *tordeando*, *chegou á súa casa* (Cunqueiro), *Camiñaba con andar tordeante* (Blanco Amor), *O cego ponse a andar polo cuarto*, *tordeando* (F. del Riego).

1376. Mofeiro e moufeiro

Nun artigo de *Antre a terra e o ceo* de R. Dieste, atopamos esta frase: *as nosas adeviñanzas niste punto adénsanse e desfanse con mofeira inconstanza*, na que aparece o adxectivo **mofeiro**, que volvemos atopar varias veces noutro artigo do citado libro: *E á volta de moitas voltas a vida remata parescéndonos por demáis mofeira*. *Mofeira*. *Isto pode ter dous significados*. *Haberá quen diga*: *toda ledicia é mofa*... *Outros dicirán*: *toda tristura*... *é fosca e mofeira carantoña que a vida nos fai fuxideiramente*. E en *Dos arquivos do trasno*, aparece nesta frase: *Atrás das táboas*, *podíase agachar unha sañuda carantoña*, *unha mofeira*, *un xesto garimoso*.

A voz **mofeiro** non aparece rexistrada nos diccionarios e non teño constancia de que fose usada por algúns falantes ou por outros escritores, pero polo contexto das palabras que a acompañan nesas frases está claro que **mofeiro** equivale a "que ten mofa", é dicir, que se refire a algo que causa ou produce mofa ou burla insolente.

Está claro polas frases citadas que Dieste fai uso tamén de **mofa** e por estoutras vemos que igualmente usa o verbo **mofar**: *mofábanse dil porque dicían que non era neno*..., *pra se mofar do sustrato castelán*..., *en faguer dise labrego a mesma interpretaceón que faría un neno se dil se quixera mofar*..., *Ríronse dil tódolos demais labregos e non paraban de se mofaren coa agachada ledicia de ter tido razón*...

Naturalmente hai moitos autores que usan o nome **mofa** e o verbo **mofar**: *cunha risa de mofa* (Rosalía), *o fatelo vistindo de inominia que pra mofa nas costas che puxeron* (Curros), *sin que ninguén se*

mofe de Ti (Iglesia Alvariño), *que Dios o castigara por se mofare dos difuntos* (Fole), *pensar que o fan por mofa*..., *Non se mofara do meu tic* (Alcalá)...

Pero Dieste usa tamén a variante de **mofar**, **moufar**, como vemos nestas frases: *Ti quéste moufar? Dame o traxe*..., *¿Ou é por se moufar do galego?*, verbo que vin usado por outro escritor arousán, Castelao, *para mata-las risas dos que se moufan dos seus pais*..., *e non sabía un por onde tomalo para moufarse da sua cativeza*.

E loxicamente emprega Dieste tamén o nome **moufa**: *Ao reparar na traza de Matapitos non pode contela risa*. *Con moufa*: *Estás ben guapo*, *rapaz*..., *Todo se viraron moufas na trasbotica*..., e o adxectivo **moufeiro** que aplica ó personaxe de *A fiestra valdeira*, don Miguel que fala *polo baixo*, *anguriado e moufeiro* e a dona Balbina que fala tamén *moufeira*: *Vólvea poñer rapaz*, *que che está moi ben*.

Penso que estas formas citadas **moufa**, **moufar**, non teñen nada que ver con **moufa** "parte carnosa da cara" ou **moufar** "mascar con ansiedade".

1377. Escumas e xerfas

Ese conxunto de burbullas formado na superficie dos líquidos axitados ou das ondas do mar era chamado en latín SPUMA, voz que pasou a tódalas linguas peninsulares ibéricas como **espuma**, pero a voz xermánica *skum* estendeuse tamén en catalán, portugués e galego como **escuma**.

Actualmente en Galicia hai moitos máis falantes que din **escuma** e mesmo os escritores prefiren esa forma de orixe xermánica. Hai algúns que usaron soamente **espuma**, como é o caso de Rosalía: *a espuma das verdes ondas*..., *as espumas do mare a un raio de sol xuntadas*, outros as dúas formas: *qué garrido vai a lancha ca espuma que ó redor fai*..., *de negro baixo na branca escuma* (Pondal), *en canto lle enxabonaban a cara cunha espuma de pasta*..., *a escuma das ondas escorrendo entre os seus dedos* (Cunqueiro) e moitos preferiron **escuma**: *Chántalle o vento escumas da mar na faciana* (Otero Pedrayo), *albor de escumas e arrolo de rolas* (Risco), *as ruxidoiras daquiles ríos de escumas de neve* (Fole), *Aquela escuma buligante* (F. del Riego), *coma escuma de mar* (M. Ferrín)...

E Rafael Dieste fai tamén uso desta última forma citada: *A muller... parescía pedra*; *unha pedra na que foxen deixando tremulantes escumas*, *vindo de moi lonxe*, *unhas escuras ondas*..., *escumas e ondas a correr pola area*..., *fartábanse de rir e de xogar coa escuma*...

Pero o noso escritor fixo emprego doutra voz que ten relación coa escuma. Trátase de **xerfa**, que define así Eladio Rodríguez: "Superficie espumosa que se extiende en el mar inmediato a la costa, producida por el batir de las olas contra las rocas". E, como ocorre frecuentemente nos seus escritos, Dieste fai uso desta voz cun sentido figurado: *ben nos podemos consolar dalgúns desvíos / de xerfa*, *coido eu*, *máis que de fondo / que hoxe sofre o galego*..., *E deixar que rolen os ceos alá polo máis outo e alá polo máis fondo*; *unha xerfa tremorosa* (*¿irónica? ¿nostálxica?*) *no meio*.

Hai bastantes escritores que empregan esta palabra: *máis aínda debaixo da xerfa do mar* (Risco), *o vento devalaba na xerfa dos ronseles* (Cuña Novás), *Traba na lingua propia e deita tanta xerfa coma a que hai no mar que din de Ler ou Lez* (M. Ferrín), *abancando coma un ronco mar de xerfa e escuma* (Freixanes)...

Nun artigo de *Antre a terra e o ceo* lemos este texto diesteano: *¡Ouh*, *as liñas dereitas*, *sempre en pé*, *das torres audaciosas" ¡Millor copialas*, *na serfa espellante do relanzo*, *un pouco tremorosa*, *quizais de iro-*

nía, *quizais de nostalxia!*, no que aparece a forma **serfa** que eu interpreto ben coma unha falta ortográfica ou ben coma unha pronuncia de *x* como *s* que é posible que faga algún falante que usa esta voz e que Dieste escoitou.

1378. Xeme e petusco

Nun artigo de *Antre a terra e o ceo* fala Dieste da súa *tribuna pequeniña* titulada "Temas Galegos" e di: *Tribuna tan homilde que non ergue un xeme*. ¿Qué é un **xeme**?

Xeme non é voz corrente. Trátase con toda seguridade dun castelanismo que recolle Cuveiro no seu diccionario explicándoo baixo a forma **jeme** con estas palabras: "la distancia que hay desde la extremidad del dedo pulgar a la del índice, que sirve de medida", definición que toma do diccionario da Real Academia Española.

Non sei a razón de Dieste para facer uso desta voz que mesmo en castelán é xa palabra anticuada. ¿Acaso hai algún falante galego que a emprega? Tamén cabería preguntar ¿por qué a define Cuveiro?

O galego ten unha voz bastante popular, **furco**, para indica-lo mesmo cá voz castelá *jeme*. E teño que dicir que xa Sarmiento fai referencia a esta voz galega, que tamén existe en portugués: "*Furco*. Llaman así a lo que en castellano *geme* (y esto de semis pes) y es la distancia del índice al pulgar, acaso porque se bifurcan".

Furco é, como dicía, bastante popular e ten tamén a significación de restra de cebolas ou doutros alimentos, pero non é moi empregada polos escritores.

Noutros dous artigos da citada obra fai Dieste uso da palabra **petusco**, que non atopei en ningún diccionario nin tampouco a vin usada por outros escritores. Vexámo-los textos nos que aparece esta verba: *Hai quen andivo moitas veces o mesmo camiño sen se decatar doutra cousa que das fochas*, *rodeiras e petuscos que topou por diante*..., *uns persoaxes amóstranse oustinados na súa perversidade e cegueira*, *coma un petusco na súa brava dureza*.

Penso que está claro que esta voz, **petusco**, que tal vez non é un puro invento de Dieste e que é posible que empreguen algúns falantes, ten relación con **pedra**, **pedrolo** ou mellor con **petón**, que é usado por algúns falantes como "pedra grande" ou **petouto** que tamén significa "pedra grande" ademais de "penedo", significación esta última que é moi empregada polos escritores: *detrás dos petoutos vai póndose o sol* (Curros), *entre os petoutos sentíase o cacarexo do paxaro da cabra* (F. Ferreiro)...

En fin, Dieste fai uso bastantes veces de palabras non correntes como acabamos de ver nestas frases nas que empregou **xeme** e **petusco**.

1379. Irto e irtio

Para indicar que algo ou mesmo alguén é duro, áspero, difícil de dobrar, non flexible, estricto, severo, etc. temos en galego varias palabras. Dieste fai bastante uso de **teso**: *nun silenzo estantío o marmular das pezas* (de xadrez), *e tudas fican tesas e caladas*, **ríxido**: *Iso de poñer antre as persoas un ríxido valo* e **ríspido**: *no remate daquel longo camiño*, *tan azarento e ríspido*.

Como sinónimo destes adxectivos témo-la voz **irto** que emprega no seu discurso de ingreso na Real Academia Galega: *Dicindo firmeza ou enteireza non quixera dar a entender irta fixeza*. **Irto**, nacido como derivado da forma latina ERECTUS, é actualmente bastante usado por algúns falantes na mesma significación do castelán *yerto* e dos adxectivos citados arriba.

Son tamén moitos os escritores que fan uso desta voz: *que toxales tan irtos*, *que terraxe de lobos famentos e malinos* (Pondal), *O pobo doutras edás*, *traballador e guerreiro*: *o das irtas Irmandades* (Cabanillas), *Pero a súa carne estaba irta* (F. del Riego), *Habitaban unha terra irta*, *montesa*, *fría* (M. Ferrín)...

Curiosamente esta voz **irto** ten unha variante, **irtio**, que emprega Dieste nun artigo de *Antre a terra e o ceo*: *O máis irtio desdeño pra quen faga abicar a verba "materialismo"* e tamén bastantes escritores: *pra axudar aos meus preciosos e miúdos pés no irtio camiño* (Blanco Amor), *de que me sirven os quince anos irtios se non podo saír ao ventimperio* (X. Torres), *esta outra porta do inferno é estéril*, *irtia e dura e maxestosamente*, *grandiosamente fermosa* (Conde).

Pero hai falantes e tamén escritores que usan **irtio** na significación de berrón, rechamante, estridente: *A rapaza esconxurada botou un berro irtio* (Cortezón), *metían aturuxos tan irtios que resoaban* (Neira Vilas).

Outras variantes de **irto** son **írtido**, que non sei se é usada por algúns falantes ou simplemente creada ou recreada por Castelao que a empregou algunhas veces: *ó xeito de como se representaban en coores írtidas nos vistrales de moitas eirexas bretonas*..., *as xentes da rúa loitaban para dexergar*, *de perto*, *os írtidos atavíos*..., e **írtigo**, que a lin nas obras de Cortezón: *Presentáranse máis írtigos e cunha seguridade absoluta*..., *manténdose rexos*, *írtigos*, *varudos*, *inmoveis*...

De tódalas formas citadas é **irto** a que se considera máis usual nas Normas da Real Academia-Instituto da Lingua Galega.

1380. Falarica e brosmo

Rafael Dieste fai uso da voz **falarica** varias veces e mirei nos diccionarios a súa significación, pero non a atopei. Sen embargo nalgún aparece a forma **falaricas** como sinónimo de **falariqueiro**, voz que se aplica a quen é moi dado a **falaricar**, verbo que ten o significado de falar de cousas insubstanciais para entrete-lo tempo, parolar ou conversar superficialmente.

Non sei se hai aínda falantes que empreguen **falaricar** e **falaricas**, pero nalgúns contos de Ribalta vin que aparecía o verbo: *Mais de catro noites de lúa crariña falaricaran do seu amore*..., *Están xuntos. Falarican*..., *debía estare no balcón falaricando co seu noivo*...

Pero lendo ben os textos de Dieste dinme de conta que a voz **falarica** que el emprega non ten nada que ver con ese verbo citado **falaricar**. En *Dos arquivos do trasno* aparecen estas frases dun texto no que se trata dun conto no que falan as pezas do xadrez. A torre dille ó alfil: *E si souberas ti qué envexa me da isa falarica con que fendes dinde lonxe*..., *cheguei a coidar que a sua falarica era miña dalgún xeito*... E nun artigo de *Antre a terra e o ceo* vin xa claramente que esa **falarica** non ten relación co verbo falaricar: *sen esquencer o casco*, *a falarica i outras insinias respetosas do soldado antergo*.

Mirando diccionarios das linguas irmás vin que existe *falárica* (palabra esdrúxula), cultismo que existe en portugués e castelán para denominar un tipo de lanza arreboladiza. Coido que Dieste fixo uso desta voz castelá e portuguesa esquecéndose de marca-lo acento gráfico.

E noutro artigo de *Antre a terra e o ceo* emprega o adxectivo **brosmo** que non é moi corrente, que non está rexistrado actualmente en moitos diccionarios, pero que definiu Eladio Rodríguez como "tosco, basto, sin pulimento. De ingenio rudo y sin cultivar": *Dedos brosmos*, *e adrede desmañados*, *firen as suas cordas ¡tan sensíbeles! despiadosamente*.

Hai outros autores que fixeron uso desta voz como Pimentel (*o máis brosmo e brután dos homes*), Fole (*o teatro sinxelo e brosmo dos arremedadores*) ou Cortezón (*Moi serio*, *case brosmo*, *enfoscado*, *ollándoo con xenreira*).

Penso que esta forma **brosmo** debeu nacer como unha variante de **prosma** ou **prosmeiro**, que son máis usuais tanto na fala como nas obras literarias.

1381. Entoñar e desentoñar

En *A fiestra valdeira* describe R. Dieste como ten que actuar un personaxe, o señor Baldomero, con estas palabras: *Despois de calar un intre*, *con voz que ven dende a fondura dunha lembranza moi entoñada*..., nas que cita unha lembranza moi **entoñada**. ¿Que é esta última voz?

Trátase dun participio do verbo **entoñar** que volve usar nestas frases do seu discurso de ingreso na Real Academia Galega: *No máis entoñado de sí e dos seus orixes*, *a lingüística ten que recoñecerse guiada polos xuizos de valor*..., *Eu tamén sinto ese potente latexar das motivaciós estéticas*, *pro en moi entoñada relación dialéctica con tódalas que poden mover o home a falar*.

Este participio de **entoñar** está empregado nun sentido figurado de "que é ou que está moi profundo, moi no fondo" e tal vez vémo-lo uso máis claro deste verbo nesta frase de Cotarelo Valledor: *Naqueles ollos espantados non se entoñaba a mentira* e moito máis aínda nestoutra do mesmo Cotarelo: *coesta man mesma o estordeguín*, *atafaguinno*, *entoñándolle a testa alá entre a lama*.

Nesta última frase está usado **entoñar** na súa normal significación que recolleron os diccionarios de Valladares, Eladio Rodríguez e Franco Grande. Deste último copiámo-lo seu texto: "Enterrar alguna cosa de modo que sea muy difícil desenterrarla. Ocultar una cosa en sitio donde nadie pueda dar con ella. Soterrar". Nos demais diccionarios non aparece este verbo que penso que debeu nacer da voz tan corrente **tona**, que ten moitos significados: casca, monda, crema, nata, superficie da terra, etc., Para dicir meter algo debaixo da tona debeu formarse o verbo *entonar* ou *entonear* que se converteu en **entoñar**.

Loxicamente o que está enterrado podemos desenterralo e por tanto, os que din ou que escriben que algo está **entoñado** poden dicir tamén igualmente **desentoñado**. **Desentoñar** aparece nos diccionarios citados (e tamén no de Estravís) e Valladares defíneo así: "Desenterrar un cuerpo cualquiera profundamente enterrado o rodeado de mucha tierra".

Rafael Dieste nun artigo de *Antre a terra e o ceo* fai uso de **desentoñar** tamén en certo sentido figurado: *Hai en Galicia unha segreda forza que non nos coidáramos de desentoñar por ter partido do suposto de que non eisistía*. E un caso semellante deste uso vémolo na seguinte frase de Castelao: *cun esvaído sentimento de morriña que nin tan siquera desentoñou do fondo da súa carne a natural tristura das despedidas*.

En fin, **entoñar** e **desentoñar** son voces hoxe non correntes, pero que si usaron algúns famosos escritores.

1382. Esmaguchar e esmaguzar

Para manifestar que apertamos con moita forza unha cousa ata case desfacela ou deformala achanzándoa ou diminuíndo o seu espesor ou grosor empregámo-lo verbo **esmagar**, moi usual por tódolos falantes, se ben algúns din **ermagar** e outros **esmagoar**.

Esmagar é moi empregado polos escritores con ese significado básico: *Esmagouno a sogra... Parteulle unha perna* (Castelao), *¡Heiche esmaga-lo fuciño, larpeiro!... ¡non me repliques que te esmago!* (Risco), *Os seus zapatóns esmagaban o cascabullo!* (F. del Riego), *Engádense tres echalotes picados, unha cabeza de allo esmagada, catro tomates pelados* (Cunqueiro), *esmagando entre os dentes os anaquiños de froita* (Alcalá).

Naturalmente hai moitos escritores que o usan cun senso máis amplo ou figurado: *Ao pé das árbores quentes, esmagábanse os corazós no silencio* (F. del Riego), *Xermán está aburrido neste día de chuvia, días que esmagan i estamos todos a mar de fastidiados* (X. Torres), *Se as pedras están frías, a grávida lentura da luz esmágase contra delas e son máis brancas* (Conde).

Esmagar, ou a súa variante **esmagoar**, non foi empregada por Rafael Dieste, pero si fixo uso da variante **esmaguchar**, que recolle no seu diccionario Eladio Rodríguez e define así: "Aplastar ligeramente, comprimir con violencia". Nun artigo de *Antre a terra e o ceo* lemos esta frase: *dádevos tamén por aludidos e esmaguchade o parvo alcume baixo unha arela xigante*, e noutro do mesmo libro estoutra: *¿Ise mal parroquialismo de esmoleiros encirrados á porta do señor non rematará apouvigando, esmaguchando torpudamente, as máis outas arelas de Galiza?* Polo contexto vemos claramente que fai emprego deste verbo en significación figurada.

Pero en *Dos arquivos do trasno* utiliza outra variante do verbo esmagar, **esmaguzar**, que non a vin rexistrada nas obras lexicográficas nin empregada por outros escritores: *guindaba pedras a rolos para que me acadasen. ¡Como chorarían as estrelas cando pola noite visen o meu corpo esmaguzado!*

Non sei as razóns polas que Dieste usou estas variantes de **esmagar**. Mirei outros verbos que teñen significado semellante e comprobei que non fixo uso de **amagallar**, **aplastar**, ou **estrullar**, pero si de **apremiar** (*Si Galiza, sentíndose apremiada por falla de puxanza económica e cultura, non sinte...*) e de **machucar** (*cando chegaba á súa leira co carro ateigado de cunchas... E despois de machucalas espallou unha boa parte*), o primeiro dos cales ten unha significación moi figurada e o outro a completamente normal de **esmagar**.

1383. Alcadar e acadar

Lendo un dos primeiros artigos que Dieste publicou en *Antre a terra e o ceo* atopei esta frase: *Pra os urbanistas ise mesmo advimento parescía cousa doada, que estivese nas suas mans alcadar axiña*, na que aparece a forma verbal **alcadar**, que eu considerei que era unha errata e que por tanto era **acadar**.

Continuando coa lectura do citado libro decateime que Dieste facía uso dese verbo en máis de vinte ocasións: *Cando a nosa vontade alcada un fin*..., *isa forza persuasora que endexamais alcadan as persoas de esprito difuso*..., *alcadar a nosa soluceón*..., *pode alcadar categoría relixiosa*..., *cando alcadase a unidade*..., *para alcadaren fulgurante forza evocadora*..., *O máis fundo alcádase cáseque sempre por vieiros*..., etc., etc.

Queda ben claro por eses textos que Dieste usa **alcadar** por **acadar**, feito que non escoitei na fala popular nin a lin noutras obras literarias. Curiosamente aparece este verbo recollido no diccionario de Eladio Rodríguez, pero non nos modernos.

Sen embargo o noso autor emprega nalgunhas ocasións o verbo **acadar**: *acadará o seu cimo cas obras dramáticas*..., *non son moitos os galegos que acadan a seren galegos*..., *e guindaba pedras a rolos para que me acadasen*..., frases polas que comprobamos que Dieste prefire máis esa variante deste verbo: **alcadar**. A maioría dos nosos escritores fan moito uso de **acadar**: *Sacando forza de non sei onde*, *aínda o poiden acadar* (Blanco Amor), *con ista falla acadou unha gracia nova* (Cunqueiro), *acadara tal xerarquía algo de présa* (Neira Vilas), *Recalde acadou auga e alimentos* (Conde), *non acada recoñece-lo sitio no que se atopa* (F. del Riego).

Dieste non fai uso do verbo **alcanzar** (se ben nunha ocasión emprega o nome **alcance**) que eu penso que foi a causa de que **acadar** pasase a **alcadar**..., pero son moitos os falantes e escritores que o empregan. El emprega outros sinónimos de **acadar** como **lograr** (*non lograba esquencer aquela confusión de caras aboiadas*..., *froitos tan firmemente logrados*), **obter**, que el escribe **outer** (*outemos así unha forma antivital de saudade*..., *outense un máisimo de forza*), **conseguir** (*facelas partícipes da reititude sen conseguilo endexamais*..., *A unidade emotiva consíguese no conto*), **abranguer** (*aqueles feitos que se poden abranguer*)... Non obstante, para o noso escritor o verbo preferido para indicar que queremos ter algo que expresamos é **alcadar**, se ben os falantes e os escritores prefiren usar calquera dos outros verbos citados.

1384. O garabelo que penduraba nunha globa

Un artigo de *Antre a terra e o ceo* é un conto para nenos no que se fala dun *ben gabado aventureiro que consta nas hestorias co nome de Belifate*. *E había un intre en que a Belifate*, *metido no garabelo que penduraba nunha globa*, *a rubir tan campante polo ceo calmo*, *proíalle a cobiza de atracar a unha xeitosa nube*. Neste texto vemos como Belifate se atopa metido nun **garabelo**. ¿Qué é un **garabelo**?

Nese mesmo conto volve aparece esa voz un par de veces: *tivera tempo de se coller ben firme ao garabelo e de se meter nil*..., *Xa se sabía que tiña de se coller ao garabelo namentras o contista nono imprentara doutro xeito*. E en *Dos arquivos do trasno* volve aparecer esta palabra: *meteron nun garabelo unha forte merenda*.

Garabelo non é unha palabra moi popular nin normal nos textos literarios e aparece rexistrada en poucos diccionarios. Sen embargo Eladio Rodríguez dáno-la definición que explica moi ben o seu significado nos textos de Dieste citados: "Cesto de aro para colgar del brazo".

Pero o citado **garabelo** non penduraba dun brazo, senón dunha globa. **Pendurar** é verbo bastante popular na fala e na lingua literaria para indicar colocar algo nun sitio de tal maneira que a súa parte inferior non toque en ningunha superficie. Dieste fai bastante uso del: *Chega Matapitos co traxe pendurado do antebrazo*..., *mundos de coores que penduramos do teito*..., *un bulto que penduraba doutra ponla do arbre*..., *aquela cousa pendurada do arbre era unha perna humá*... E moitos outros autores fan bastante emprego dese verbo.

E ¿qué é a **globa** onde pendura o garabelo? **Globa** non aparece en ningún diccionario e soamente Aníbal Otero rexistra esta voz coa significación de especie de globo formada nas augas pluviais e que é sinal de que vai continua-lo mal tempo. Pero esta **globa**, recollida por A. Otero, non nos explica a **globa** de Dieste. Penso que a única solución para explicar esa voz é considerala unha variante da voz corrente **globo** na súa significación normal de esfera feita de material flexible inflada con gas e que leva unha especie de cesto ou, como di o mesmo Dieste, un garabelo. Non sei a razón de por que o noso escritor escribiu **globa** e non **globo**. Tal vez escoitou el que algún falante galego dicía **globa** por **globo**...

1385. Parroquialismo, resabio e malavezo

Hai un artigo en *Antre a terra e o ceo* que se titula *O mal parroquialismo* no que Dieste fala de como unha vila vai perdendo o seu esplendor e riqueza: *Hoxe eivos de contar somente como o parroquialismo fixo disa vila unha vila esquencida e probe*..., *non houbo xeito de vencer o testarudo parroquialismo dunha aldeia veciña*.

Parroquialismo é unha voz non rexistrada nos diccionarios e está claro que un nome derivado do adxectivo **parroquial** para significar algo así como tendencia a promove-los intereses dunha parroquia. Pero para Dieste o parroquialismo galego ten un sentido moi negativo porque moitas veces por razóns parroquiais se perden feitos positivos para a propia parroquia. En varios lugares dese artigo cita o *mal parroquialismo* que é moi negativo para Galicia: *ise mal parroquialismo das aldeias e das pequenas vilas*..., *¿ise mal parroquialismo de esmoleiros... non rematará apouvigando*, *esmaguchando torpudamente as máis outas arelas de Galiza?*

Coido que estes textos citados explican moi ben o que Dieste entendía por **parroquialismo**, pero hai outro no que dá unha explicación moi clara: *Chamo eu aquí parroquialismo a ise resabio*, *ou malavezo*, *dunha maneira provisioal*. Pero ¿que é **resabio** ou **malavezo**?

Resabio é un castelanismo, que aparece recollido no diccionario de Eladio Rodríguez como sabor desagradable ou vicio e mal costume, do que Dieste fai uso varias veces: *Compre dicir que ise mesmo vezo advírtese en casi tódolos nosos dramaturgos. Poida que sexa o resabio que hoxe atingue a todo o noso arte*..., *hai no campo moitos e moi dañentos resabios que compre cercear*..., *niste pequeniño exemplo tópase eispresado un dos resabios nosos que máis mal nos teñen feito*.

Para ese castelanismo temos en galego a voz **resaibo**, recollida nos diccionarios, que mesmo Dieste usou noutro artigo: *O pobo ten moitas virtudes*, *pro tamén os seus resaibos*, *máis ou menos fuxideiros*. ¿Por que usou máis veces o castelanismo?

¿E que é **malavezo**? Loxicamente un sinónimo de **resaibo**. Esa voz **malavezo** non aparece recollida en ningún diccionario nin a vin rexistrada en ningún traballo léxico. Non vexo claramente de onde a tomou Dieste. ¿Será unha invención del baseándose na voz popular **vezo** "costume" ou "vicio" ou tal vez hai falantes que falan de **malavezo** en vez de **mal vezo**?

1386. Homes cadamollos e ríspidos

Nun artigo de *Antre a terra e o ceo* de Dieste lemos este texto: *Non nos fan falla ises homes cadamollos*, *ríspidos coma pedruscos mal arrefeitados*, *que se chaman a sí mesmo "rexos"*..., no que aparecen varias verbas que pagan a pena comentar.

¿Que son *homes cadamollos*? Un **cadamollo** é un mango de madeira co que se facía xirar o antigo muíño de man e Dieste emprega esta voz para cualificar ós homes que son como unha especie de mangos de madeira, é dicir, que son moi duros, non listos, nin espertos ou intelixentes ou capaces de razoar ben.

Eses homes son cualificados tamén como **ríspidos**, adxectivo culto, que empregan tamén as nosas linguas irmás coa mesma significación que xa deu Eladio Rodríguez: Espeso, duro, rigoroso, pouco afable, arisco, intratable. E Dieste cualifica tamén de **ríspido** outras cousas: *ríspidos atallos*..., *remate daquel longo camiño tan azarento e ríspido*. Hai bastantes autores que fan uso desta voz: *a pel ríspida dos penedos* (F. del Riego), *percorre logares ríspidos*, *abruptos* (Cortezón), *falando con sequidade*, *non pouco ríspido* (F. Ferreiro)...

E eses homes cadamollos son ríspidos coma **pedruscos**, voz que si empregan algúns falantes, pero non rexistran os diccionarios, porque a consideran castelanismo. Dieste emprégaa noutra ocasión: *contra a carraxe de toxos e pedruscos*, pero só unha vez fai uso da voz máis típica galega **pelouro**: *o pelouro da ruleta*, que usan bastante os escritores: *Un rego choutaba nos pelouros* (Otero Pedrayo), *pelouros carricentos e cons mofosos* (Cortezón), *En troque de bater cos pelouros* (F. del Riego). Hai tamén escritores que fan uso de **pedroucho** (*os pedrouchos das túas illas*, de Curros; *por riba dos pedrouchos enxoitos da presa*, de Casares) e **pedrouzo** (*A loita intensificárase de sons*, *de requebros*, *de pedrouzos*, de F. del Riego).

Dieste refírese ós pedruscos mal **arrefeitados**. ¿Que é **arrefeitado**? Está claro que é o participio do verbo **arrefeitar**, que non aparece rexistrado en ningún diccionario, pero que si foi creado por algún falante sobre **arrefeito** (participio do verbo **arrefacerse**). Dieste fai bastante uso desa forma: *Vai sempre cunha camiña pequena e ben arrefeitada*..., *Os teitos baixos de traves mal arrefeitados*..., *un barquiño feituco*, *moi ben arrefeitado*. Penso que este verbo debeu crearse pola zona de Rianxo, xa que outro famoso rianxeiro, Castelao, fai bastante uso del: *abondaría arrefeitar un pouco a estremidade deste fito*..., *un fito pagán arrefeitado e cristianizado*..., *O pedrón e a cruz arrefeitados con máis ou menos arte*..., *menhires arrefeitados*...

NOTA. Con este artigo acabámo-la serie *Fiestra da lingua* que fixemos comentando voces que apareceron nas obras do escritor das Letras Galegas 1995 Rafael Dieste.

XI. MATINANDO NA LINGUA

1387. Matutino e matinal

Hai palabras latinas que unha vez transformadas ó longo dos tempos en voces normais das linguas romances volven aparecer nestas linguas sen ningunha transformación fonética, é dicir, como cultismos. Normalmente os falantes non ven ningunha relación entre as voces xa tradicionais e esas que chamamos cultismos.

A palabra **matutino** é un cultismo introducido en varias linguas romances coa significación de 'pertencente ou relativo ás horas da mañá' que era a que tiña o adxectivo latino MATUTINUS. Penso que en galego hai poucos falantes que usen normalmente este adxectivo que si podemos escoitar en frases cultas ou en textos literarios: *volvía ós aires matutinos a porta da alta cova* (Pondal), *que o luceiro*, *cando viña matutino*, *curaba as doencias dos ollos* (Cunqueiro), *quizais se debera a aquel discurso matutino a ollada escasamente cordial dos rapaces* (Conde).

Para referirse a ese tempo da mañá as xentes e mesmo os escritores prefiren a forma máis tradicional **matinal**: *os ollos craros entornados coma doéndose da luz matinal* (Cunqueiro), *a luz matinal púñalle idénticos reflexos* (M. Ferrín), *contemplando a alegría matinal das rúas* (Casares), *comenzamos as nosas baixadas matinais*, *frescas e silenciosas* (Alcalá), *Desde logo*, *era un periódico matinal* (Gonsar)...

Naturalmente **matinal** é un derivado da forma tradicional nacida do nome latino MATUTINUM, que deu no italiano *mattino*, en francés *matin*, en catalán *matí* e nas demais linguas peninsulares *matina*, voz que practicamente desapareceu en Castela e en Galicia, pero que aínda permanece en portugués.

E de **matina** naceu, como voz sinónima de **madrugada**, a palabra **matinada**, bastante usual no campo da lingua portuguesa, pero tamén por algúns galegos. Mesmo hai algún escritor, como é o caso de Rafael Dieste, que a usa frecuentemente: *O ban*, *ampdo e cheio de ledicia lumiosa e como do trinque da matinada...*, *e moi de matinada puxéronse en camiño...*, *copiando os ceos de moitas matinadas...*, *é aínda de matinada...*, *Canto de galos e de bigornias na matinada...*

De **matinada** saíu o verbo **matinar**, moi corrente aínda en portugués como sinónimo de madrugar, despertar e tamén en galego, pero con outra significación que xa comentaremos.

1388. O verbo matinar

¿Como é posible que o verbo **matinar** que, como vimos no comentario anterior significaba (e significa actualmente nalgunhas partes) espertar, madrugar, pasara á significación de pensar con insis-

tencia nunha cousa? Coido que cando un esperta ten que facer inmediatamente plans de traballo ou de vida. De aí que moitos galegos e portugueses, sobre todo brasileiros, cando matinaban ou espertaban, decidiron usa-lo verbo matinar no significado de facer plans, de pensar no que había que facer deixando só **espertar** na significación de deixar de durmir.

A realidade actual para a gran maioría dos falantes galegos **matinar** deixou de significar espertar e ten esa significación de pensar con insistencia en algo ou facer esforzos tanto para aprender coma para recordar calquera cousa. Véxanse estas frases: *Dispois matinaron que ciruxano podería cortarlle as pernas* (Castelao), *Os arqueólogos*, *matinaba*, *son coma os enterradores* (Risco), *Amadeo matinaba en ir ao médico* (Cunqueiro), *Hei de matinar aínda para dicirvos dun xeito positivo que é o que ven* (Dieste), *Era realmente inmenso iso de matinar en tódalas cousas* (G. Sabell), *Encolleuse de lombos*, *pero comenzou a matinar noutra cousa* (Cortezón).

Discorrer con sutileza ou agudeza é tamén **matinar**, como vemos nestas frases: *Dimpois matinou como unha máquina encol da estrutura xeolóxica da rexión* (Cortezón), *matinando qué fermosos pleitos aínda lles podía pór aos colindantes* (Cunqueiro), *Non se paraban a matinar nas razóns que os impulsaban* (F. del Riego).

Obstinarse con tenacidade en algo pode ser expresado con **matinar**: *Como en tantas ocasións ponse a matinar nas moitas tristuras e aflicións deste baixo mundo* (F. del Riego), *e entón louqueas matinando alí contra a vidreira* (Rábade), *e ben que matinara nisto el-rei Tirteu* (Freixanes).

Matinar, verbo do que poderiamos citar máis frases literarias nas que aparece coa mesma significación de maquinar ou tramar, é pois a base de varios nomes derivados del: **matinación** (acción de matinar, moi corrente nos textos literarios), **matinada** (manía, teima, obsesión), **matinador** (que matina ou cavila moito), **matineiro** (que Eladio Rodríguez explica como 'terco, obstinado, porfiado'), e outras pouco usuais...

En fin, **matinar** é pois o que intentarei facer nesta nova serie de comentarios sobre a nosa lingua.

1389. Cavilemos

Tan corrente coma o verbo **matinar** é para moitos galegos **cavilar**, verbo que foi introducido en bastantes linguas románicas a fins da Idade Media polos homes cultos xunto co nome **cavilación**. Eu non vexo claramente a razón de por que colleron o verbo latino CAVILLARE, que significaba chancear, dicir burlas, bromas, sofismas e o nome CAVILLATIO 'xovialidade, sutileza, sofisma', transformando as súas significacións clásicas.

De tódolos xeitos penso que se trata dun fenómeno similar ó que ocorreu con **matinar**. Para dicir bromas, chanzas, etc. hai que pensar un pouco, hai que darlle voltas á mente para busca-las formas de máis éxito. De aí que **cavilar** se convertese fundamentalmente na significación de pensar con moita obsesión e preocupación nunha cousa.

Actualmente **cavilar** é moi corrente na fala popular e loxicamente entre os escritores: *Outras veces*, *un retrinco de papel faime cavilar no intre de vida en que foi escrito* (Castelao), *farto de estar solo cavilando sempre en forxar cadeas*, *traballos e pestes* (Curros), *botándome eu mesmo a cavilar no grande problema dos tesouros* (Cunqueiro), *hai que vere canto cavila a xente no que non lle vai nin lle ven* (Blanco Amor), *un home coma min*, *tan dado a cavilar na soedade* (Fole), *canto máis o cavilo máis me apetece facer unha viaxe cara ó sur deste país* (D. X. Cabana), *cavilaba ben cada cousa antes de poñela a andar* (P. Martín)...

Cavilar é para moitos case o mesmo que tramar, maquinar, argallar ou inventar, pero sobre todo ten a significación de discorrer con moita sotileza: *cavila no que che espera con un e co outro* (Castelao), *Non pense que non cavilei ben no que me dixo* (Dieste), *tiña a ventaxa de non cavilar nas cousas* (Neira Vilas), *cavilou que unha muller así ben podía*, *en efecto*, *amalo* (Rábade)...

O acto de **cavilar** é **cavilación**, voz que, malia que teña ese aspecto fónico de cultismo, é bastante popular na fala e nos escritos: *Estaba o pai ensumido en cavilacións* (Castelao), *un rexo pisar fixoo espertare das gostosas cavilaciós* (O. Pedrayo), *non tiven tempo pra moitas cavilacións* (Fole), *Metido nestas cavilacións bótase no leito* (F. del Riego)...

Quen se preocupa moito de certas ideas ou cousas, sobre todo con suspicacia ou desconfianza é denominado a tódolos niveis da lingua **caviloso**: *xunto cada fogueira*, *cavilosa*, *unha testa incrinada* (Curros), *Mi amo quedou caviloso coas noticias da carta*

1390. Cismemos

Temos en galego, coma nas outras linguas romances, o cultismo **cisma**, procedente do latín SCHISMA, para indica-la escisión ou separación entre os membros dunha comunidade relixiosa ou mesmo política, como vemos nestas frases: *Son evidentes as cautelas da Eirexa para evitar cismas nos povos recén evanxeizados* (Castelao), *fuxiron de Inglaterra cando o cisma de Barba Azul* (Cunqueiro), *as variedades i os cismas suscitados no seo da orixinaria e ortodoxa doutrina* (G. Sabell).

Pero ó lado desa voz, **o cisma**, temos outra igual, **a cisma**, que non sabemos claramente como naceu e que ten o significado de idea fixa, manía ou obsesión na que se persiste moito. Véxanse estes exemplos: *a súa segunda cisma*, *moi vencellada á primeira idea da morte* (Freixanes), *Mais meu tío*, *que é señor daquela terra*, *deu na cisma de posuíla* (*D*. X. Cabana).

E desta voz xurdeu o verbo **cismar**, que practicamente usan tódolos falantes na significación de pensar con insistencia nunha cousa e que naturalmente empregan moito os escritores: *Eu cismaba*, *cismaba*, *seguro de morrer de arrepío aquela noite* (Castelao), *cismaba nos versos de Camoens* (Risco), *Neira cismaba moito en tesouros* (Cunqueiro), *dá en cismar que está enfermo do corazón* (G. Sabell), *comenzou a cismar anguriado noutra terra* (Cortezón), *cismaba na fugacidade dos tempos* (Conde), *cismando a reo na fugacidade da vida* (Freixanes), *Abelardo*, *non cismes* (Toro)...

A persoa que cisma moito é un **cismático**, ou un **cismeiro**, ou un **cismón**, voz que vin empregada por algúns escritores: *¡qué hermosa vas! marmuraba detrás dela algún cismón* (Curros), *Abelardo*, *ti sempre fuches moi cismón* (Toro). Algúns diccionarios recollen tamén as voces **cismante**, **cismoso** e **cismador**, voz que usou Castelao: *Amigo meu.- Eu era cismador e pensatibre*...

Cismar ten unha variante que empregan algúns falantes: **escismar**. Tal vez porque lles resultou esta voz moi típica do galego foi usada por algúns escritores: *Bariloche comenzou a escismar e sofrir de novo*..., *seguíu escismando naquelo*, *na lóxica* (Cortezón), *Levaba moito tempo a escismar nunha tasca*, *diante do meu vaso*..., *Mais non había tempo de escismar* (Dieste).

En fin, seguiremos cismando...

1391. Pensemos con insistencia

Pensar con insistencia nunha cousa ou con certa preocupación ou obsesión nela é a definición que os diccionarios galegos dan dos verbos que acabamos de comentar: **matinar**, **cavilar** e **cismar**. E case todos eles dan constancia de que son sinónimos.

Tratei con bastantes falantes sobre o uso que fan destes verbos e cheguei á conclusión de que cada persoa ten o seu punto de vista sobre o seu emprego. Atopei bastantes amigos que pensan coma min: nun sentido amplo os tres verbos significan pensar con insistencia, pero eu prefiro dicir *estou cavilando* cando penso en cousas xerais, en teorías filosóficas ou políticas, etc., pero digo *estou matinando* cando penso en cousas máis concretas, en se compro ou vendo tal cousa, en se vou ou non este verán a tal sitio, etc. E cando digo *estou cismando* penso no que quero facerlle a tal amigo como broma ou fastío...

En termos xerais, podo dicir que os escritores usan como sinónimos os tres verbos, pero, naturalmente partindo das obras que teño ben lidas e fichadas, podo sinala-las preferencias que teñen con estes verbos.

Cavilar é moi empregado por Castelao, pero fai uso ás veces de **matinar** (*ó cabo de moito matinar*, *decidiron seguir camiño*) e **cismar** (*quédase sentado no borde do leito a cismar*). Fole, Neira Vilas, Paco Martín e Rábade Paredes son tamén moi partidarios de **cavilar**, pero nalgunha ocasión empregan **matinar** (*non matines máis niso*..., *matinaba no San Roque*..., *que lles cadra matinar a eles*..., *louqueas matinando aly*).

Otero Pedrayo, Risco, Cunqueiro, Blanco Amor, Fernández del Riego e Cortezón usan continuamente o verbo **matinar**, se ben Otero Pedrayo fai tamén bastante uso de **cavilar** e **cismar**, así como Cunqueiro e Cortezón, que prefiren **cismar** a **cavilar**. Sen embargo, a Risco e a Fernández del Riego non lles gusta **cavilar** e fan pouco uso de **cismar** e Blanco Amor non *cisma*, *pero si cavila*.

Moi partidarios de **cismar** son Conde e Dieste (que xa vimos que usaba tamén **escismar**), pero ámbolos dous usan algunha vez **cavilar** e **matinar**.

En fin, queda claro que hai voces sinónimas, pero queda tamén manifesto que tódolos falantes e escritores teñen tamén as súas preferencias... Pero aínda hai outros moitos verbos que poden ser empregados con significados semellantes ós xa citados.

1392. Coidemos algo

Ter na mente unha idea, unha opinión, unha cousa, un pensamento, etc., era en latín COGITARE, verbo que se transformou nas linguas peninsulares en **coidar**, que hai xa varios séculos se transformou na maior parte desas linguas en *cuidar e* desde fins da Idade Media tomou en castelán e catalán a significación de poñer dilixencia e atención na execución dunha cousa, asistir, conservar, etc., esquecéndose na práctica da lingua a súa acepción orixinaria.

Sen embargo o portugués e o galego mantiveron fundamentalmente a acepción orixinaria e usan tamén a citada segunda acepción. Hai falantes galegos que fan máis uso de **coidar** que de **pensar** e mesmo hai bastantes escritores que prefiren a forma máis tradicional. **Coidar** é verbo moi utilizado por Cunqueiro (*coidan que minto cando digo que fun desvirgada por Zeus*..., *coidei que lle gustara a miña cara*..., *coido que en Galicia non se atopou ningún espello de ouro*) e por Dieste (*Istes coidan que son leigo no mar*..., *e coidei que o millor era fuxir*..., *coidamos que o mundo non nos foi fidel*).

Pero son innumerables os autores modernos que empregan **coidar** nesa significación tradicional: Rosalía (*coidou que eran rosas garridas*), Otero Pedrayo (*non coidedes que son un vello*), Risco (*cando din por eí Ramón*, *coida que é por in*, Castelao (*coida que as feridas non son mortales*), Fole (*¿E gue coidas ti que é unha muller*), F. del Riego (*Coida que non paga a pena de se deitar de novo*), M. Ferrín (*Ambos coidaron que alí se fixera un crime*), Freixanes (*O de Bari coida ter o camiño libre*), etc.

Coidar pode ser empregado para expresar significacións semellantes, pero con certas características que indican que é algo máis que pensar. Vexamos estas frases: *¡Pois coida o que falas!* (Curros), *Coida que o que pega unha enfermedade queda ceibe dela* (Castelao), *o pai coidaba que tan lista como era podía estudar pra mestra* (Cunqueiro), *o Pedro coidou que alí estaba o tesouro* (Fole), *cando coida que ninguén o mira*, *olla de nesgas para o ventre* (Conde). Nelas considero eu que **coidar** ten o mesmo significado de **considerar**.

E se lemos estas frases con atención: *Non coidaban que c'aquel seu frolear tiña costume en cantar aló* (Rosalía), *coida que o ouro é carbón* (Otero Pedrayo), *a tía Ádega coidou q~e o seu sobriño nascera para crego* (Castelao), *a forza de coidar yue é diaño* (Dieste), *cando prancha*, *coida que o ferro é unha nave* (Cunqueiro), podemos considerar que **coidar** significa claramente imaxinar.

Temos que seguir coidando en **coidar**.

1393. Sigamos coidando

Coidar é bastante empregado cando queremos expresar que algo ocorreu, ocorre ou vai ocorrer de certa maneira que nós xa tiñamos pensado, é dicir, na mesma maneira do uso tamén corrente de **calcular**. Vexamos estas frases de escritores que o empregan así: *Coidabas outra caricia outer da que outemos todos* (Curros), *Coidando que ninguén o vía*, *aproveitouse da ocasión* (Castelao), *Si non me dis agora mesmo quen arrobou o tesouro*, *coida que es morto* (Fole), *Polo que levaban andado coidaba De Crozon que debían de estar chegando ó cruceiro da Loutra* (Cunqueiro).

Nas seguintes frases de Castelao (*con esa chata os mesmos compañeiros coidaban que era un pintaparado*), Dieste (*dos que se coidaban menos fatalistas*), Rábade (*Estendeuse o arquiveiro con verba que eu coidei interminable*), vemos que **coidar** ten o mesmo valor de xulgar.

Coidar ten igualmente para moitos escritores o mesmo valor de crer, como comprobamos nas seguintes frases: *Coida que o que pega unha enfermedade queda ceibe dela* (Castelao), *por coidar que é millor unha tradición que outra* (Cunqueiro), *Cando pescan unha tranca logo coidan que foi verdade todo canto viron* (Blanco Amor), *xente labrega*, *que se coida tan sabida e asisada* (Dieste).

Todas estas frases que van a continuación: *nin se move do sitio*, *nin se coida da entemperie* (Curros), *hai que coidar que todo esteña ben cuberto* (Cunqueiro), *os soldados coidaban de po-lo pé na terra* (*F*. del Riego), *coidando de non escorregar na pedra luída do camiño* (*M*. Ferrín), *coidando de non escorregar baixa pola estreita escada* (Freixanes), *coida de non raia-lo* (*M*. Rivas), dannos claramente a idea do paso de **coidar** á significación de tratar, poñer dilixencia ou atención en algo.

De aí que o noso **coidar**, como tamén ocorreu en portugués, pasase á significación (a máis corrente en castelán) de dedicar atencións a alguén, procurando que non lle suceda nada malo ou que non lle falte o necesario: *Ibamos cada día a coidar a monsieur Labanle* (Cunqueiro), *Laura*, *que tanto coida da súa saúde*, *non pensa* (Cunqueiro), *que xa coidara del de meniño e máis do finado de seu pai* (*M*. Ferrín), *Hai que coidar as feridas cando caes nas rúas ou na terra* (*X*. Torres), *Levo trinta anos coidando e vestindo enfermos* (*U*. Heinze), *que non te afastarás da miña filla e que a coidarás* (*D*. X. Cabana), *agora estás cos avós que te coidan* (*S*. Toro)...

1394. Coidar e cuidar

Xa falamos de como **coidar** significa tamén prestar atención ás persoas e igualmente poden ser **coidados** os animais: *Anda*, *meniña*, *coida do gando* (Rosalía), *coidándoo con mimo naceu un paxaro espaventoso* (Otero Pedrayo), *pensando que o folgado mester de coidar ovellas sería ocupación pintiparada para el* (Castelao), *coidase do cabalo* (Conde), *Coida dos pequenos peixes* (*M*. Rivas).

Naturalmente tamén empregamos **coidar** no sentido de prestar atención as plantas: *coida das herbas do teu herbal* (Rosalía), *servidume... que lle coide dos eidos* (Curros), *Casilda coidaba a facenda i a horta* (Cunqueiro), *pero afixérame a coidar o prado* (Neira Vilas), *Coida dalias*, *calas e crisantemos* (*M*. Rivas).

Hai falantes galegos que pronuncian o diptongo *oi* como *ui*. Por tanto podemos escoitar xentes que din **nuite** en vez de **noite**, **truita** por **troita**, **luita** por **loita**, **muito** por **moito**, **vasoura** por **vasoira** e loxicamente tamén **cuidar** por **coidar**.

A pesar de que **coidar** é a forma máis estendida a tódolos niveis da lingua, hai algún escritor que usa sempre **cuidar**, como é o caso de Pondal: *parécelle que soa intrépido compás*, *cuida que do combate...*, *cal quen de si non se cuida...*

E tamén hai algúns dos que xa demos bastantes exemplos con **coidar** ós que se lles escapa a variante **cuidar** nalgunha ocasión: *cuidaba muito un bigote que tiña* (Cunqueiro), *¿Para que cuidar un xardín que vai rematar en peceira?* (Cortezón), *Eu como non me cuide*, *adiós morena* (*X*. Torres).

De **coidar** naceu o nome **coidado** que ten tantos significados como a voz da que procede e que é moi empregado a tódolos niveis da lingua. Vexamos algunhas frases dos escritores: *que lle apricaran os sabios coidados da clínica francesa* (Risco), *teña coidado que non lle fagan unha trampallada...*, *adicou a vida enteira ó coidado garimoso dos frascos de augardente* (Castelao), *unha corte pras bestas dos visitantes*, *que ista era do meu coidado* (Cunqueiro), *ten moito coidado cos croios* (Fole), *son sempre poucos tódolos coidados máis amorosos* (Dieste), *a súa vida chegou a inspirar serios coidados* (*M*. Ferrín), *De seguida vestiuse con coidado* (*D*. X. Cabana)...

E mesmo hai escritores que empregan **cuidado**: *Alí o home sen cuidados*, *os seus días trague en paz* (Pondal), *arrempuxou a porta sen ningunha cras de cuidado* (Blanco Amor), *os caixóns da mesa*, *que os abrise con máis cuidado* (Cunqueiro), *ten cuidado de da-las prelacións debidas* (Conde)...

1395. Do coidado ó descoido

Despois de citar bastantes exemplos do uso do nome **coidado**, debo sinala-la existencia do adxectivo **coidadoso** aplicado a quen fai as cousas con coidado, a quen é esmerado, servicial, solícito, dilixente, atento, activo, pensativo, etc., como vemos nestas frases: *comparanzas feitas por ilustres e coidadosos folkloristas* (Dieste), *o coidadoso peiteado da longa cabeleira* (*M*. Ferrín), *pois aseou moi coidadoso os beizos coa servilleta* (*D*. X. Cabana), *a súa voz era un coidadoso borboriño* (*X*. Alcalá).

E curiosamente quero sinala-la existencia da forma adverbial desta familia léxica, **coidadosamente**, que a vin empregada por moitos escritores: *aquelo que mais coidadosamente oculta* (Cunqueiro), *calzón coa raia coidadosamente planchada* (*F*. del Riego), *enrugas que ela enfeitaba coidadosamente* (Cortezón) *cabelo laso e fosco*, *coidadosamente peiteado* (M. Ferrín), *pechou coidadosamente a porta das escaleiras* (Conde)...

Como verbo oposto a **coidar** naceu **descoidar** que fundamentalmente poderiamos definir así: non prestarlle a algo ou alguén o coidado ou atención de que precisan, despreocuparse de algo, que é a definición que dá o diccionario da Real Academia Galega. Vexamos estas frases nas que claramente se ve esa significación de **descoidar** en oposición á de **coidar**: *as trenzas descoida que os aires espalla* (Rosalía), *Dese coidareime eu*. *Descoida* (Castelao), *descóidanse de ti no momento en que máis ousas* (Cunqueiro), *adicáronse... a pintar moi apresa descoidando o dibuxo* (Dieste), *Heite chamar*. *Descoida* (*X*. Alcalá), *que se descoidara máis da conta* (Casares)...

Mesmo algúns dos autores citados e outros fan uso da variante **descuidar**: *que a el solo toca dormir sono tan triste descuidado* (Rosalía), *procuraba non descuidar valores que el estimaba* (Casares), si *os rapaces lle enferman descúidese en manciñalos* (Leiras Pulpeiro), *Se vos descuidades*, *déixanvos arrombadas e vanse* (Cortezón).

E en oposición á voz **coidado** temos en galego a palabra **descoido**, moi popular a tódolos niveis da lingua falada e escrita: *E o mar non quer descoidos* (Cotarelo), *aproveita o descoido da meia noite* (Dieste), *Imperdoable*, *un descoido que non ten perdón* (*X*. Torres), A *lembranza da Miluca tentábame a cada descoido* (Alcalá), *pero el non ma presentou*, *seguro que por descoido* (Gonsar). E hai escritores que ás veces empregan a variante **descuido**: *e nun descuido pasóuchese á orella* (Cunqueiro), *lixaduras orixinadas en descuidos téinicos* (*G*. Sabell), *non se pode considerar o que se di un descuido* (*X*. Torres)...

En fin, ós descoidados na lingua falada e ós que escriben descoidadamente temos que dicirlles que a tradición e a normativa actual da lingua esixen que en **coidar** e os seus derivados manteñan o diptongo *oi*.

1396. Maxinar ou imaxinar

Cando pensamos con insistencia en algo podemos dicir que matinamos, cavilamos, cismamos, coidamos e tamén que maxinamos ou imaxinamos. O verbo latino IMAGINARE seguiu a evolución fonética normal en varias linguas e no portugués antigo hai constancia da existencia do verbo *magiar*, pero desapareceu en plena Idade Media e as xentes peninsulares volveron toma-lo verbo latino IMAGINARE que en galego escribimos como **imaxinar** e que se fixo tan popular que se transformou en **maxinar**.

Maxinar ou **imaxinar** ten fundamentalmente a significación de concibir ideas e pensar nelas con insistencia e tamén a de darlle voltas na cabeza a algún asunto, como podemos ver polas frases que imos citar. **Maxinar** é a forma máis popular e curiosamente os autores do século pasado e algúns deste século usaron exclusivamente esta forma: *Tad maxino a sombra triste da miña moza* (Rosalía), *ó saberes tal notiza*, *maxinaches do praneta sere dono* (Curros), *Maxinades a Pedro detrás dun mostrador* (Castelao), *Non vos podedes maxinar a sensoalidade da primadeira alpina* (Otero Pedrayo), *moita xente mcxxina o que non hai* (Risco), *a súa vida foi a máis felís que se pode maxinar* (Dieste), A *razón que maxinas* (Cortezón), *Maxinas que turraban por min* (Neira Vilas).

Pero hai algúns autores deste século que usan ámbalas dúas formas: *estou maxinando...*, *imaxinaba velo chegar* (Cunqueiro), *maxinábao cheo de infindas cousas...*, *Mauro imaxinábao cun brazo pendurado* (*F*. del Riego), *Maxinaba aquelas mulleres...*, *mentres imaxina os aplausos* (M. Ferrín).

A maioría dos escritores actuais pasaron a usar exclusivamente a forma **imaxinar** tal vez porque consideran populacheira a forma **maxinar**. Das obras que teño ben lidas para os meus traballos saco en

conclusión que empregan sempre a forma máis culta García-Sabell, Casares, Freixanes, Conde, Alcalá, D. X. Cabana, M. Rivas, H. Villar, U. Heinze, etc.

Sen embargo teño que dicir que son poucos os autores ou escritores que usan exclusivamente **maxinación**: *O Universo non eisiste máis que na maxinación* (Risco), *tiña a maxinación posta en Pacola* (Cortezón), *os novos ricos sin maxinación* (Neira Vilas).

Hai algúns, como Otero Pedrayo, Castelao e Cunqueiro que empregan tanto **maxinación** como **imaxinación** e tódolos que citei como usuarios de **imaxinar** usan sempre **imaxinación**, ós que engado Dieste e M. Ferrín.

En fin, seguiremos maxinando ou imaxinando.

1397. ¿Onde maxinamos ou imaxinamos?

Está claro que **imaxinación** ou a súa variante **maxinación** é, como din os diccionarios, a facultade de formar na mente imaxes de cousas reais ou irreais, materiais ou abstractas, pero da mesma familia léxica temos en galego unha palabra moi corrente que é **maxín**, que non ten a variante *imaxín* e que é definida polos diccionarios como intelixencia, imaxinación, entendemento, pensamento, reflexión, enxeño, talento, etc.

Como falante normal que usa esta voz e como lingüista que fai inquéritos ós galegofalantes sobre problemas léxicos, cheguei á conclusión de que **maxín** non é exactamente un sinónimo desas voces sinaladas. Penso que funciona mellor como voz sinónima de caletre ou de talento, pois as xentes cren que o **maxín** é algo así como o lugar da mente onde imaxinamos, cavilamos, rellexionamos e digo precisamente da mente por non dicir da cabeza, porque entón parecería que me refiro ó cerebro ou ós miolos ou á seseira...

Todas estas frases que vou citar déixanme claro o que acabo de dicir. Son moitos os escritores que utilizan esta voz: *compuxo no seu maxín un poema heroico* (Otero Pedrayo), *esto plantea unha pergunta no maxín dos homes sinxelos* (Castelao), *algunhas historias do meu maxín* (Cunqueiro), *voltan ao seu maxín sucesos da afastada guerra* (*F.* del Riego), *prendeuselle no maxín o verso do da Pistoia* (Freixanes), *unha palabra calafriante acudiu ó meu maxín* (Alcalá)...

E como adxectivos correntes desta familia léxica deixo constancia de **imaxinable** (*excesos pecaminosos por todos facilmente imaxinables*, de Casares) que ten as variantes **imaxinábel** (*toda cras imaxinábel de trastornos*, de G. Sabell) e **maxinábel** (*en todas as opinións maxinabeis*, de Cortezón) para significar "que se pode imaxinar".

Para indicar que algo só existe na imaxinación e non na realidade témo-lo adxectivo **imaxinario** e a súa variante **maxinario**, xa pouco usual actualmente: *dibuxei un neno imaxinario*..., *a práitica real ou maxinaria* (Castelao), *das batallas imaxinarias nas yue andaba*..., *Montival parez un monte maxinario* (Cunqueiro), *un político*, *supoñede que é imaxinario* (Dieste), *ese formigueo de astros imaxinarios* (*F.* del Riego)...

Bastante corrente é tamén o adxectivo **imaxinativo** (coa variante **maxinativo**): *obras sinxelas*, *maxinativas*..., *temperamentos imaxinativos* (Otero Pedrayo), *un home maxinativo*..., *a ledicia imaxinativa* (Cunqueiro), *procedementos imaxinativos* (Conde), *agoiros imaxinativos* (*F.* del Riego)...

E desta mesma familia léxica poderiamos citar **imaxe**, **imaxineiro**, **imaxinería**, **imaxinaria**...

1398. ¿Que podemos urdir?

Hai xa bastantes anos que das nosas casas do campo foron desaparecendo as **urdideiras**, que moitos falantes denominaban tamén **urdideiros**, **urdidoiras**, **urdidores**, armacións ou aparellos nos que se colocaban os fíos para facer teas. E ese conxunto de fíos, paralelos uns a outros, era chamado **urda**, **urdido**, **urdimento**, **urdimenta**, **urdime**...

Está ben claro que todas esas palabras naceron do verbo tan corrente **urdir**, que o diccionario da Real Academia Galega define así: "Preparar unha base de fíos paralelos ó longo para pasalos despois ó tear e face-la tea" e que é común ó castelán e portugués *urdir*, ó francés *ourdir é* ó provenzal e catalán *ordir* porque proceden todos eles do latín ORDIRI, que significaba tanto empezar coma tecer, tramar ou urdir.

Urdir actualmente é pouco usado na súa significación orixinaria, pero bastante no seu significado figurado de maquinar ou preparar en secreto proxectos máis ou menos complicados en favor ou en contra de algo ou de alguén. Nas "Cantigas de Santa María" xa lín algunha frase onde aparece este verbo nese sentido: *Mas eu o desfarei todo o que eles van ordir*.

No mundo literario é bastante empregado **urdir**, pero case sempre nesa significación de matinar, cismar, tramar, maquinar, etc.: *nese inferno onde tanta lei urdiron* (Leiras Pulpeiro), *que foi guen urdíu*, *quen ousou* (Cunqueiro), *non sabían artellar palabras explicativas*, *nin tampouco urdir razoamentos fríos* (*F*. del Riego), E *cada domingo urdíase un crime novo* (H. Villar), *Don Nemesio Lapinio Tecedor*, *responsable de urdir un mortal maleficio contra a secta* (Rábade).

E de tódalas palabras derivadas deste verbo, que citei no primeiro parágrafo, nos escritos literarios soamente atopei usada **urdime** na significación figurada de trama, maquinación, enredo ou intriga: *traballo da súa creadora urdime* (Dieste), *eisí será a urdime verbal que os aprisione* (*G*. Sabell), *Así era a urdime da vida que Pictoria coñecía* (Cortezón), *contar isto esixiría xa a urdime doutra historia* (*H*. Villar).

En fin, a exposición dos usos de **urdir** e da súa familia léxica fainos contemplar como se vai transformando co tempo a significación das palabras. Nunha enquisa sobre o uso de **urdir** cheguei á conclusión de que a xente maior ou culta coñece ben a súa significación tradicional e actual, pero para a xente nova **urdir** xa só é tramar.

1399. ¿Que estás argallando?

No comentario anterior vimos como se van transformando as significacións das palabras e como **urdir** actualmente para falantes novos tén exclusivamente o significado de maquinar, tramar ou cismar.

Examinando o uso do verbo **argallar** que tén a significación de inventar, dicir mentiras, concibir plans interesados, facer plans fantasiosos ou fachendosos, etc., e que non tén unha etimoloxía clara para os lexicógrafos, cheguei a pensar que probablemente **argallar** tivo unha transformación similar á que estamos vivindo con **urdir**. Por iso pensei que este verbo naceu como derivado do nome **argadelo**, especie de debandoira, que serve para debandar ou ensarillar. De **argadelo** xurdiría *argadelar* que se transformaría en **argallar**, que xa hai moito tempo deixaría de usarse no sentido real e pasaría a te-la significación figurada actual.

Argallar é verbo moi usual entre tódolos falantes galegos con esa significación sinalada no primeiro parágrafo e tamén entre moitos escritores: *Non me veñas argallando nin historias debanando* (X. M. Pintos), *Por moito que se argalle*, *sempre dan o seu pago as malas mañas* (Leiras Pulpeiro), *que desperte e se poña a argallar novas mentiras* (C. E. Ferreiro), *argallando hestorias abraiantes* (Cotarelo), *pero argallei a fuxida pra aquela mesma noite* (Neira Vilas), *¿Que nova maquinación argallou desta vez co de Ferrara?* (Freixanes), *Para min que o Garabís está argallando algo ás nosas costas* (*F*. Ferreiro), *confesándolle as súas dúbidas sobre a lexitimidade de argállar historias así* (Conde).

O enredo para engañar, a trapallada, a trangallada, a trola, etc. pode ser denominada **argallada**: *vendo que hai pouca fe nas argalladas* (Leiras Pulpeiro), *era mañoso pra calquer argallada* (Cunqueiro), *O de loito era unha argallada de madriña* (Neira Vilas), *dos reparos que Felipe poñería a aquela argallada* (Conde).

E o que tén o costume de argallar é denominado por moita xente **argallán**: *cando andabamos de esmorga amosábase trouleiro e bastante argallán* (Blanco Amor), pero máis usual tanto na lingua falada coma escrita é **argalleiro**: *pra qué*, *argalleiro*, *nos deches palabra de casamento?* (Curros), *Eu non digo que fose como un Consistorio a aboiar pola ría*, *non son tan argalleiro* (Dieste), *Cousas de Setimio*, *o napolitano*, *argalleiro de nacemento* (Neira Vilas)...

En fin, teño a impresión de que argallei a orixe deste verbo e que esa teoría debe ser unha argallada, pero eu non me sinto argalleiro.

1400. Ideas e idear

Hai palabras actuais tan correntes que moi poucos falantes non filólogos serían quen de consideralas cultismos. Así témo-lo caso de **idea**, voz introducida nas linguas peninsulares a fins da Idade Media e tomada do latín IDEA, que non era moi popular na época gloriosa do Imperio Romano porque foi unha voz tomada pola xente culta do grego *idea* "forma, apariencia" para usala como oposición ó que era real.

Idea é moi usada por tódolos falantes na significación fundamental de representación mental de algo ou de alguén: *xúrovos que a idea de patria non xoga no seu amor* (Castelao), A *miña idea pirmeira é que un tesouro é coma unha persoa viva* (Cunqueiro), *a idea dunha Igrexa sectaria e sementadora de odios producíalle*... (Casares), ou na de coñecemento de algo ocorrido ou por ocorrer: *pero na médea hora que estiven escoitándoo nin tan siquera puden apañar unha idea* (Castelao), *eran os piores da partida pola má idea que xa lles viña da castuaxe* (Otero Pedrayo).

Pero **idea** é moi empregada tamén para indicar habilidade ou talento para realizar algo (*Das súas ideas sabíase pouco*, de Casares), pensamento de facer algo, intención ou propósito (*O afrador levaba idea de colarse en Francia*, de Castelao; *era un home de ideas*, *de moitos oficios*, de C. E. Ferreiro), maneira de pensar sobre unha cousa concreta, visión, opinión, imaxe (*Para atallar a corrente das miñas negras ideas paseime a man pola frente*, de Curros), e en plural é moi utilizada para indica-la maneira de pensar (o *meu amigo Xan ten unhas ideas*...), o conxunto de crenzas, opinións dun grupo ou dunha institución (*as ideas dese grupo político son boas*), manías, teimas, etc.

Hai xentes que evitan ese contacto das dúas vocais de **idea** pronunciando **ideia**, como fan os portugueses e tamén houbo unha época en que moitos escritores preferiron usar esa variante: *lustral pureza dunha ideia* (Otero Pedrayo), *que unha chistera tamén leva dentro ideias* (Risco), *a ideia de tere que me escalzar* (Blanco Amor), *a ideia inquedante e xocunda* (Dieste), as *ideias de tal sociedade son ríxidas* (*G*. Sabell). Actualmente non a usan xa os escritores.

E desta voz naceu o verbo **idear** `ter na mente a idea dunha cousa que hai que facer' que usan moi pouco os escritores (*non é a intención do artífice que tal ideou*, de Castelao; *ideando ambos confusamente un futuro de amor mutuo*, de M. Ferrín) e os falantes. Nesa significación **idear** é menos utilizado que imaxinar, inventar, maquinar, tramar, discorrer, argallar, etc.

E de **idear** constan nos diccionarios as voces **ideación** `acto de idear', moi pouco usual, e **ideario** `conxunto de ideas políticas, sociais, económicas, etc.', bastante corrente: *políticos que se proclamaban defensores de tal ideario* (Gonsar).

Aínda temos que seguir coas ideas...

1401. Ideal e idealiza

Aquelas persoas que reúnen as mellores calidades posibles para algo ou aquelas cousas que son moi apropiadas para un fin determinado podemos cualificalas de óptimas, pero tamén de **ideais**. E aquelo que só existe ou pode existir no noso pensamento, sen existencia real aínda, é algo que cualificamos de **ideal**. Este adxectivo é bastante usual entre falantes e escritores: *baixo o Patriarcado ideal de Compostela* (Otero Pedrayo), *qué fito ideal poñía no remate daquel longo camiño* (Dieste), *a impresión de estar no seu punto*, *no seu estado ideal* (*F*. del Riego), *mediante o procedemento ideal de apoderarse do corpo do propio marido dela* (*M*. Ferrín), *a muller era un branco ideal* (*F*. Ferreiro).

Ideal funciona tamén como nome substantivo para indica-la representación perfecta de algo ou de alguén ou a cousa á que se aspira por considerala o mellor ben posible: *soldados valerosos de afanoso ideal* (Pondal), *Fálase do ideal da lingua* (Dieste), *Entón o ideal é sustituído polo senso do goce trascendente* (*G*. Sabell), *andaba a descobri-la existencia dun ideal anovador* (*F*. del Riego), *Hai que decidirse entre o ideal e a realidade* (Cortezón).

A palabra **ideal** pode aparecer na súa forma de plural como **ideales** nalgúns escritores: Curros, Pondal, Noriega Varela... Hai xentes que din **ideás**, forma que vin tamén escrita en textos de Risco, G. Sabell e Cabanillas, pero a maioría dos escritores actuais prefiren a forma santificada academicamente **ideais**.

De **ideal** naceu a voz **idealidade** 'carácter do que é ideal', non moi corrente, na fala popular, pero si nas obras literarias: *transportado da lama ó empíreo*, *do trollo á idealidade* (Risco), *cómpre mudar o instinto en sentimento e o sentimento en idealidade* (Rábade).

Máis corrente é o seu derivado **idealismo**: tendencia a idealiza-la realidade, a obrar máis por ideas ca por prácticas consideracións ou movemento ou teoría filosófica: *o maravilloso idealismo do século XIII* (Castelao), *coa inocencia que o idealismo aporta a aqueles que del se sustentan* (Conde).

E as persoas que ven as cousas perfectas ou mellor do que son na realidade son denominadas **idealistas**: *cansos de filosofia idealista...*, *a mística dos idealistas* (Otero Pedrayo), *é cupletanguista*, *é idealista*, *é futbolista* (Risco), *Lesbia*, *fervoenta idealista* (C. E. Ferreiro), *teño o convencemento de non ser excesivamente idealista* (*A*. Cáccamo).

Se de **idea** saíu **idear**, de **ideal** naceu o verbo **idealizar**: *para dramatizaren ou idealizaren a escea da crucifixión* (Castelao), *pero non podedes idealizar a realidade ata facela irreconocíbel* (Villalón). Como dixemos que **idear** non era moi corrente, temos que dici-lo mesmo de **idealizar**, así como dos seus derivados **idealización** e **idealizador**. En fin, diremos que son cultismos.

1402. Concibible conceptos

Outro verbo que podemos considerar como sinónimo de matinar, imaxinar ou idear é **concibir**, que ten a variante **concebir** bastante usada por moitos escritores. Nos diccionarios das linguas romances aparece normalmente como primeira acepción deste verbo a de quedar fecundada unha femia, que é a significación máis popular dos nosos falantes e que loxicamente usan os nosos escritores: *Aquela noite Carlote concebiu un meniño que tiña os ollos escuros de Otilia* (*M*. Ferrín), *cando concebiron a frlla querida* (Freixanes), *Esa mesma noite é concebido Arturo* (Rábade)...

Pero a maioría dos nosos escritores empregan este verbo para expresa-lo mesmo que tantos verbos que xa comentamos (matinar, cavilar, cismar, maxinar, urdir, argallar, idear): *somentes uns poucos escolleitos podían chegar a concebir tres cousas* (Risco), *un dramatismo imposibel de concebir máis alá do século XIII* (Castelao), *Non concebimos unha ledicia firme* (Dieste), *un suceso banal o fixo concebir algunhas estrofas* (*G*. Sabell), *pareceu aceptar unha idea que fora concebindo* (Conde), *el non concebía que se lle pedise aguela aclaración* (Gonsar).

O nome que indica a acción e efecto de **concebir** é o cultismo tomado directamente do latín **concepción**, que é moi empregado polos falantes sobre todo na súa significación de acto de fecundación, pero os escritores usan bastante esta voz para indicar pensamento ou idea que se ten sobre unha persoa ou cousa: *Pídese unha empanada individual e non por concepcións políticas* (Cunqueiro), *traían reminiscencias de orientais concepcións* (Conde), *defensora da concepción cristiá da vida* (Gonsar), *que ilumine esta mente pecadora na concepción de Palabra precisa* (Rábade).

Sen embargo houbo escritores que transformaron este cultismo en **conceición** (*Outra conceición do fado*, de Otero Pedrayo; *e da de sí a conceición dos actos como resultantes*, de Dieste; A *orixinaria conceición galega do mundo é óptica*, de G. Sabell) e **conceizón** (*E na conceizón do drama*, *Roma ía collendo outra figura*, de Otero Pedrayo).

E cando concibimos de algo concreto ou abstracto unha representación mental, unha opinión, unha idea, diremos que é un **concepto**, voz tamén culta, pero moi empregada por falantes e escritores: *ese concepto lingüístico do ideal da lingua* (Dieste), *estudian os conceptos gue de fóra veñen* (Conde), *os galegos tiñan un forte vencello có concepto plástico da frontalidade* (Cortezón). Como no caso de **concepción** houbo bastantes escritores que transformaron o *p* en *i*: *interesante por todos conceitos* (Castelao), *pola fondura dos conceitos* (Risco), *un conceito cativo do crego aldeán* (Otero Pedrayo).

Digamos por último que de **concepto** naceron outras voces como **conceptismo**, **conceptual**, **conceptualismo**, **conceptuoso**, **conceptuar**...

1403. Consideracións sobre considerar

Outro verbo introducido hai poucos séculos na nosa lingua é **considerar**, que significaba en latín examinar atentamente ou contemplar e que, segundo o noso diccionario académico ten as significacións de: "dirixi-la atención cara a algo para un exame atento que permita coñecer e valora-los seus diferentes aspectos" e "atribuírlle a alguén, a algo ou a un mesmo unha determinada calidade ou circunstancia".

Agora ben, se eu leo a alguén estas frases: *Considerai as cousas con ánemo atento* (Risco), *ha de considerar as calidades dos espritos* (Cunqueiro), *considerar a estrutura orgánica como atributo esencial da vida* (Dieste) e pregunto pola significación de **considerar**, escoitarei dicir que este verbo significa estudiar.

Considerar é un verbo que os escritores e mesmo moitos falantes usan con tales matices que poderiamos dicir que pode funcionar como sinónimo de examinar, reflexionar ou meditar (*Sempre se poden volver a considerar mellor as cousas*, de Dieste), xulgar (*os máis considérano un tipo estrano e fantástico*, de Otero Pedrayo; *daqueles ós que el considera despreciables*, de P. Martín), reputar (*cruces gue a tradición popular considera coma lembranzas dos trunfos de Alain*, de Castelao; *o vello crego inculto que en Madrid considerarían pagán*, de Conde), estimar (*trátase de algo tan obvio que non considero necesario reproduci-la súa explicación*, de Gonsar; *considerou que esa ferida debeulla causar el*, de F. Ferreiro), opinar, coidar, pensar, achar, compadecer, etc.

En fin, resulta verdadeiramente interesante ver como algunhas voces cultas se estenden moito entre falantes e escritores e toman significacións moi amplas. E o que vemos que ocorre con **considerar** podemos comprobalo do mesmo xeito co cultismo da mesma familia léxica **consideración**, que, tras observa-lo seu uso en moitos escritores, podemos dicir que equivale a exame, reflexión, meditación, xuízo, criterio, opinión, parecer, reputación, estimación, cálculo, aprecio, etc.

Por tanto temos que dicir que o adxectivo derivado do noso verbo, **considerable**, "digno de ser considerado", equivale tamén a moi grande, notable, importante, interesante, intenso, impoñente, etc.

O substantivo derivado deste verbo, **considerando**, "razón, motivo que se alega para unha explicación", é moi culto aínda e non ten por tanto moito uso popular, pero o participio **considerado** funciona bastante coa significación de atento, cortés ou respectado por todos.

Consideramos pois que certas voces cultas se fan ás veces bastante populares e son usadas con moitas significacións.

1404. Conxecturar e conxeturar

En latín existía o verbo CONJICERE, moi corrente na lingua culta escrita coas significacións de tirar, guindar, botar un vistazo, observar, examinar, inferir, deducir, interpretar, etc., e o nome derivado del, CONJECTURA, que significaba suposición, hipótese, interpretación, etc. Nin ese verbo nin ese nome tiveron éxito no latín levado polos romanos ós países europeos xa que non aparecen como voces normais nas linguas románicas.

Sen embargo os homes cultos de fins da Idade Media ou principios do Renacemento botaron man da forma CONJECTURA, para expresa-la opinión ou xuízo que se ten dunha cousa fundándose simplemente en meros indicios, sinais ou aparencias. Portugueses e cataláns manteñen a forma *conjectura*, os casteláns din *conjetura e* no galego culto témo-la forma **conxectura**.

Os escritores modernos fan uso desta voz coa mesma significación que tiña xa en latín e mantendo nela as consoantes *ct*: *ollaban dende o lonxe para o Visitador e aventuraban conxecturas que a ningún comunicarían* (Conde), *non sobrepasa o marco de certas conxecturas*, *cálculos aproximativos e hipotéticas cábalas* (Rábade), *eu non me atrevo a aventurar conxecturas* (A. Cáccamo).

Pero, dado que na pronuncia corrente o grupo consonántico *ct* queda reducido a *t*, hai bastantes escritores que prefren escribir **conxetura**: *E viña entón a tecer e destecer suspeitas*, *conxeturas...*, *encol deste intertroque teño tamén as miñas conxeturas* (Dieste), *facían comentarios e conxeturas sobre os secretos e as interquinencias do seu funcionamento* (Casares).

E partindo deste nome foi creado o verbo **conxecturar** que equivale a facer conxecturas, facer xuízos de algo por indicios, síntomas, sinais, observacións, etc. (*conxectura que os bobinos españois derivarían dun só tronco*, de Sansón) e que está recomendado pola normativa oficial que se escriba así co grupo consonántico *ct*.

Non embargantes a maioría de falantes e escritores de tódolos tempos fan máis uso da variante **conxeturar**: *podemos conxeturar que* (López Ferreiro), *para conxeturar un orden cronolóxico* (Bouza Brey), *é doado conxeturar que os bretóns armoricáns trouxeron ó camiño de Sant'Iago os lays* (Castelao), *un vivir que conxeturaba* (Filgueira Valverde)...

En fin, o verbo **conxecturar** ou a súa variante **conxeturar** está bastante vivo na nosa lingua (citemos tamén os seus derivados **conxecturable** e **conxectural** coas súas variantes sen *ct*) e despois de falar de tantos verbos como matinar, cavilar, cismar, argallar, urdir, considerar, concibir, etc., era lóxico que citasemos **conxecturar**...

1405. Seguimos maquinando

Cando eu lle digo a alguén que vou seguir maquinando cousas con máis verbos, é moi probable que ese alguén pense que eu vou actuar como se fose unha máquina. Desde logo o verbo latino MACHINARI naceu do nome MACHINA, pero xa no mundo latino ese verbo tomou a significación de imaxinar, tramar, urdir... Curiosamente estas voces foron perdéndose na transmisión da fala popular dunhas xeracións a outras.

Hai uns catro séculos os homes do mundo culto recuperaron esas voces que hoxe atopamos normais nas linguas peninsulares. Ese MACHINARI transformado en **maquinar** conserva na nosa lingua os significados citados, como podemos ver por estas frases: *entes misteriosos e perversos que maguinaban maldades contra da súa propia patria* (*C.* E. Ferreiro), *xa sei que algo maquina*, *e póñome a tremer* (*M.* Ferrín), *¿que espantosa iniquidade pode maquinar ou cometer o Borgia*... (Freixanes), *debeu entender todo canto eu ía maquinando porque parou virándose de cara a min* (*P.* Martín).

E con **maquinar** foron introducidas outras voces desa mesma familia como **maquinación** "acto ou efecto de maquinar" que atopamos moi usado polos escritores: *cando T~E. faltou da raia*, *víctima das maquinacións de quen ben sabemos* (*M.* Ferrín), é *un vagado de soños*, *voces e maquinacións* (Freixanes), *podería pensar en felonías*, *en escuras maquinacións* (Conde), *prosperaran no presente linguas maledicentes*, *conxuras e maquinacións satánicas contra o recto proceder de Monseñor* (Rábade).

Cando facemos algo sen pensalo ben, sen deliberarse, inconscientemente, irreflexivamente, podemos dicir que actuamos **maquinalmente** ou que a miña mente é **maquinal**. Neste caso coido que estas voces son derivadas de **maquinar**, pero que nelas está presente o nome **máquina** porque no fondo funcionamos como se fosemos aparatos que non pensan... Vexamos estas frases que confirman a miña suposición: *esfórzase por lle tirar a Mauro unhas cantas respostas maquinais* (*F.* del Riego), *Maquinalmente obedeceu o mandado do sieur de Coulaincourt* (Cunqueiro), *Maquinalmente absolveuno* (Conde), *Encendeu maquinalmente a lámpada da mesa* (Rábade), *lendo*, *maquinalmente lendo que xa poden volver as pombas a venecia* (*X.* Torres).

En fin, como xa dixen en bastantes ocasións, as palabras transforman a súa significación a través dos tempos e mesmo pasa cos cultismos que entraron na nosa lingua hai tres ou catro séculos e que en pouco tempo se fixeron moi populares a tódolos niveis da lingua.

1406. Meditemos sobre meditar

Pensar durante bastante tempo nunha cousa para entendela o mellor posible, pensar con profundidade e concentración en algo e aplica-lo pensamento á consideración de algo cunha atención profunda son tres definicións que dan os diccionarios da Real Academia Galega, de Xerais e de A. Estravís do verbo **meditar**.

Se preguntasemos a falantes normais por sinónimos deste verbo, escoitariamos unha tira deles: reflexionar, cavilar, considerar, discorrer, cismar, matinar, teimar, maquinar, contemplar, estimar, argallar, tramar, urdir, examinar, calcular, avaliar, imaxinar, etc.

Lendo as frases que escribimos a continuación verémo-las múltiples significacións que podemos ter deste verbo introducido como cultismo hai uns catro séculos: *convidando a meditar*, *soan de Conxo as campanas* (Rosalía), *conversas que il meditaba en longos paseos polas estradas* (Otero Pedrayo), *quédase frío... a meditar un castigo dino da súa xusticia* (Castelao), *nunha apostasía torturadamente meditada* (Dieste), *Despóis meditou durante media hora sobre o misterio da Cruz* (Casares), *Sen atreverme a meditalo*, *cheguei a albiscar que o odiaba* (Alcalá), *de xeito que ninguén puidera afirmar se durmía ou meditaba* (Conde), *Con frecuencia medito ultimamente na impiedade cruel que invade a Patria* (Rábade)...

Bastante corrente é o nome culto que expresa a acción ou efecto de meditar: **meditación**, que para moitos falantes é moi usual cando se fala de temas relixiosos ou morais: *ardentes meditaciós que asucan como torrentes as frontes* (Otero Pedrayo), *Pedro*, *dispois dun anaco de meditación*, *volveu a perguntar* (Castelao), *Tristán*, *que non pode durmir*, *enviso en profundas meditacións* (Freixanes), *para virme ler puntos do librillo de meditación promocionado polo padre Zenarruzabeitia* (Alcalá). Teño que deixar constancia de que Dieste utilizou a forma **meditaceón** (*a meditaceón parécenos cobarde no primeiro caso*) *e* Otero Pedrayo empregou algunha vez **meditazón** (*íballe nacendo a cada meditazón outra maneira de sentilo*).

Tamén son bastante usuais no mundo literario os adxectivos desta familia léxica **meditabundo**, **meditativo** e **meditador**: *ficamos silenciosos*, *meditabundos* (Alcalá), *El tiña xa unha sorrisa meditativa* (Cunqueiro), *despois de ler aqueles dous firmes e lanzales meditadores* (Dieste).

Seguiremos pois meditando (ou como dicimos no título destes artigos) matinando en cousas da lingua.

1407. Hoxe vou profundar

En galego hai un verbo derivado do adxectivo **profundo**, **profundar**, que segundo o diccionario da Real Academia Galega ten a significación de facer unha cousa máis fonda: *Hai que profunda-lo pozo*, pero ten unha segunda acepción: examinar algo, estudialo con detalle para coñecelo mellor (*Habería que profundar nesa cuestión*), que usan bastante algúns escritores.

Para min **profundar**, nese significado semellante a tantos e tantos verbos dos que falamos nos comentarios anteriores, é un verbo que vin por primeira vez lendo "Cousas" de Castelao nun capítulo que titula "O profundador". Nel fala dun barbeiro que el di que o atopou *coa testa pousada nas mans*, *ó xeito dun pensador*, *e díxome*: *Estou profundando*. *E dende entón para min hai homes que `profundan'*... E máis adiante continúa: *Ensumíase arreo dentro de si mesmo para `profundar' nos mistéreos da outra vida e sempre remataban layándose*: *Non podo profundar máis porque non sei latín*... *E* aparece citado varias veces

máis neste capítulo que remata así coas frases dunha muller cando o veu xa morto: *¡Agora xa non profundas! ¡Agora xa non profundas porque xa o sabes todo!*

En *Os dous de sempre* de Castelao aparece tamén este verbo: *Os problemas máis ensarillados non tiñan segredo para él con tal de que lle desen tempo para profundar*..., *Dende a porta olla os andares pousados do amigo*, *e profunda con verbas escaroladas*: *A min paréceme que Pedro vai perdendo as facultades*.

Cunqueiro aprendeu esta voz lendo a Castelao, segundo di en *Xente de aquí e de acolá*: *Eu non poido profundar -isa gran verba do barbeiro de sábado de Castelao- no choio*... *Pro a forza de profundar no choio*, *descobren que podía rexeitar a forza da lúa*. E, en *Si o vello Sinbad volvese ás illas* usouna tamén: *pra que o probe non se poña a profundar máis delorido na sua perda*.

Naturalmente hai algúns outros escritores que empregan este verbo: *Agora sí que tiña que profundar naquel novo misterio* (Cortezón), *coñecía os seus avatares nada máis profundar nos seus ollos* (*A*. Cáccamo).

Como dixemos arriba quen profunda é **profundador** e tamén en *Os dous de sempre* volve usar Castelao esa voz: *Rañolas ainda vale máis como profundador que como reloxeiro*. Tamén a atopamos en Risco (*Este profundador non é un barbeiro de sábado*) e en Freixanes (*el-rei Tirteu*... *cada vez máis profundador e máis triste*).

En fin, seguiremos profundando sobre a orixe desta voz e de palabras semellantes.

1408. Sigo profundando

Hoxe sigo profundando sobre a orixe do noso verbo **profundar**, que claramente se ve que se formou partindo do adxectivo **profundo**, que penetrou na nosa lingua como cultismo tomado da forma latina PROFUNDUS, para funcionar como sinónimo da voz tradicional **fondo**.

Profundo é adxectivo, actualmente xa moi corrente, para indicar que algo está moi fondo, moi embaixo, moi lonxe da superficie: *con unha crúa ferida no esquerdo costado*, *mortal e profundo* (Pondal), A *estrada*... *con profundos baches* (*M*. Ferrín), *as olleiras profundas do seu modelo* (Freixanes). Tamén se aplica a algo que ten moita intensidade, que chega ó fondo das cousas, das ideas ou dos pensamentos: *ti que á miña profunda miseria vés traguer o consolo agardado* (Curros), *surdíalle nos miodos un pensamento profundo* (Castelao), A *door non é máis profunda que o gozo* (Dieste), *as diferencias profundas que separan a arte do médico da arte do curandeiro* (*G*. Sabell), *decateime axiña da súa profunda preocupación* (*M*. Ferrín).

Penso que estas frases citadas nos permiten comprender moi ben como naceu o verbo **profundar** para expresa-lo significado de facer algo máis fondo ou chegar ó fondo dos pensamentos, das ideas, das indagacións, das investigacións, etc.

Pero **profundo** funciona tamén como substantivo (*alá se foi a excelencia Novás trala sirea ao profundo da lagoa*, de Cunqueiro; *porta ferrada*... *no profundo do que fora prisión*, de M. Ferrín) coa mesma significación cá outra voz culta da mesma familia **profundidade** que empregamos actualmente tanto para indicar fondura ou distancia vertical ou horizontal entre dous puntos ou superficies, como intensidade ou coñecemento grande e intenso: *a xerarquía*... *se logra*... *pola profundidade do carácter* (Castelao), *asolagarse nas profundidades vivas do bosque* (Cunqueiro), *dous ou máis vocablos únense pra ampriar en profundidade as súas signifrcaciós respeitivas* (*G*. Sabell).

Moi corrente é igualmente o adverbio **profundamente**: *pareceu reflexionar profundamente a seguir das miñas leucións* (*M*. Ferrín), xa *estaba na corte cando quedou profundamente dormido* (*D*. X. Cabana), *Débese máis profundamente ao simple feito de vivir* (*F*. del Riego).

Deixo constancia de que algúns autores empregan voces desta familia que non están recollidas no léxico oficial: **profundación** (*e pecha o taller para entregarse novamente ás profundacións*, de Castelao), **profundeza** (*a miña mente non chega a tantas profundezas*, de Alcalá) e **profondura** (*Tampouco a profondura é máis valiosa que a superfrcie*, de Dieste), que equivalen a **profundidade**.

1409. Afondar e afundir

Para indicar que discorremos con bastante atención sobre unha cousa para chegar a coñecela ben, que a examinamos moito, que a meditamos ben, podemos emprega-lo verbo xa visto **profundar**, pero temos tamén outro verbo da mesma familia léxica **afondar**.

Afondar, nesa significación, é bastante usado polos escritores: *tiña necesidade de esfogar súa anguria*, *de pregoar e afondar na esenza do problema* (Cortezón), *dábase cachetadas na caluga e afondaba no estudo do choio... Sempre cando máis preciso afondar co meu pensamento na angueira do día*, *distráiome* (Cunqueiro), *non afondes a chaga*, *non me fales xa máis dise segredo que pesa sobre min* (Curros), e tamén por algúns falantes. Non hai moito tempo escoitei esta frase a unha persoa normal: *estou todo o día afondando nos problemas dos meus fillos*.

Pero **afondar** é un verbo creado polos falantes sobre a voz bastante popular **fondo**, á que se lle engadiu a preposición a e a terminación dos verbos rematada en *-ar*, para indicar que un burato se fai máis fondo, que algo se vai para o fondo, que algo se vai facendo máis fondo.

Non soamente os falantes, senón tamén os escritores fan moito uso deste verbo: *Mais*, *a pasar polo río ¡o caravel afondou!* (Rosalía), A *grande e sombriza maxinazón afondaba o lume dos seus ollos* (Otero Pedrayo), *o cabalo afondouse nas augas polas que agallopaba* (Cunqueiro), *e o barco afonda con toda a súa xente a bordo* (Conde), *Un barco aparecía e desaparecía no alto mar*, *afondaba nas ondas e emerxía* (Alcalá), A *terra de Ferrol Chá é moura*. *Pódese afondar nela co arado* (*M*. María).

Pero algúns escritores empregan como variante deste verbo **afondir**. De Otero Pedrayo son estas frases: *O gramático quixera camiñar deica a noite*, *afondirse nas tebras...*, *os mozos labregos afondidos naquila houra no ensono vexetal e* de Dieste estoutras: *afondirse na fonxe almofada do descanso...*, *afondido na tépeda fonxura diste intre...*

Penso que esta variante **afondir** é un cruzamento de **afondar** con **afundir**, verbo que é unha variante de **fundir** e que fundamentalmente funciona çon significados semellante ós de **afondar**. No diccionario da Real Academia Galega veñen estas significacións: botar ó fondo, botar a pique, somerxer, facer penetrar algo nun corpo, facer caer en situación de desgracia, desánimo, etc.

Son moitos os escritores que fan uso deste verbo: *catándolle pulgas ón gato murriñento ou afundindo máis a cova do xergón metálico* (Castelao), *Unha mar con milleiros de barcos afundidos* (Iglesia Alvariño), *coas maus afundidas no cinto descontra a barriga* (Blanco Amor), *as fazulas afundidas*, *os ollos cansos* (Fole), *afundindo as botas até o xeonllo na neve fofa* (*M*. Ferrín), *alí onde devala o sol*, *ata se afundir no mar* (Conde).

En fin, deixamos xa de comentar máis voces que teñen a súa orixe na voz latina FUNDUS.

1410. Imos reflexionar

Levamos xa moitos comentarios falando de verbos que en determinados aspectos ou circunstancias significan pensar, meditar, cavilar, matinar, etc. Emprégase actualmente moito tanto na fala coma na lingua escrita o verbo **reflexionar** que como din os diccionarios equivale a pensar durante bastante tempo en algo para entendelo ben, é dicir, cavilar, meditar, considerar atentamente, etc.

Leamos estas frases: *tiñan que reflexionar*, *tiñan que enfrontarse á sitoación* (Cortezón), *Agora volve a dispor de horas para reflexionar* (*F*. del Riego), *Os que asisten*, *parecen reflexionar profundamente a seguir das miñas leuciós* (*M*. Ferrín), *reflexionaba sen medo na súa obra de home solitario* (Conde), *Parei a reflexionar ¿que me pasaba?* (Alcalá), *son feitos que che fan reflexionar* (*U*. Heinze). Todas elas son de autores modernos que estiman este verbo como algo completamente normal. ¿Por que os autores do século pasado e de principio deste século non o empregaron a pesar de ser un verbo de recente creación en bastantes linguas romances? Penso que tal vez pensarían que é un castelanismo... Sen embargo quero deixar constancia de como Otero Pedrayo o transformou en **refreisoar** na súa obra: *Fra Vernero*: *Mais deseguida Werner refreisoaba*...

Reflexionar é pois un verbo creado sobre o nome **reflexión**, cultismo que se introduciu no século XVIII tomándoo do latín REFLEXIONEM "acción de volver atrás", derivado de REFLEXUS, participio do verbo REFLECTERE, do que falaremos máis adiante. Nas *Papeletas dun diccionario* de Sobreira explícase así o verbo *atarabelarse*: *tropezarse pronunciando y pensando en el discurso*, *poir ir de prisa o no ir con refreisión*, deformación fonética dos grupos consonánticos *fl* en *fr* e *ks* (*x*) en *is*, que ocorre en moitos casos semellantes.

Reflexión "acto de virar para atrás" pasa a ser usado na significación de "acto de pensar no que acaba de pasar" e de aí á acepción tan corrente de "consideración sobre algo" ou "meditación" ou "cavilación". E esa forma citada de **refreisión** foi usada tamén algunha vez por Otero Pedrayo: *Xuntaba o seu héroe tesoneira audacia e refreisión estilada*.

Outros autores intentaron "galeguizar" máis esta voz converténdoa en **refleisión** , como vemos nestas frases de Castelao: *coutoulle os reparos con esta corda refleisión e* de Blanco Amor: *Eu fixenlle algunhas refleisiós pra que non nos meteramos de novo naquel lío*; ou en **reflesión**, que usaron Cunqueiro: *engadía que é coa reflesión*, *co pensamento como debemos escoller os nosos platos* e X. Torres: *esto da reflesión audiovisual é importantísimo*; ou **refleusión**, que empregou Dieste: *catro refleusións ao vello e catro azoutas ao pícaro*.

Pero a maioría dos nosos autores mantivo a forma correcta e tradicional: *homes de estudio e reflexión* (Rosalía), *ese seu espírito*, *axeitado á reflexión e ao soliloquio* (*F*. del Riego), *Aquela longa reflexión sobre a violencia* (Conde), *reflexión sobre o seu incerto futuro* (Freixanes), *Facendo unha reflexión sincera* (*U*. Heinze), *fixo esta reflexión severa*: *chorar como un pícaro*, *non* (*H*. Villar)...

1411. Reflectir por reflexar

O participio latino do verbo REFLECTERE, REFLEXUS, introducido como cultismo nas linguas peninsulares no século XVI, tivo unha grande aceptación tanto na fala culta coma na popular. En *Glosas da lingua* xa falamos de como tivo moito éxito **renexo** como nome para indicar aquilo que se reflicte, o

movemento non controlado e involuntario froito dun certo estímulo e a capacidade de resposta rápida a un estímulo. Ou como adxectivo que se aplica a movementos non controlados foi sempre moi usado.

Para un lector dos nosos textos literarios é algo chocante que os grandes escritores usaran sempre **refrexo** fronte a forma normal **reflexo**, que se impuxo outra vez nos tempos actuais. Como dixen en tantas ocasións creo que moitos escritores evitaban formas iguais ás castelás e por iso cambiaban o grupo fónico *fl* en *fr*. Véxanse estas frases de Rosalía: *vivos refrexos cintileando como as estrelas*; Curros: *sentada ó refrexo do branco luar*; Castelao: *refrexo dos padecimentos de Cristo*; Cunqueiro: *fríos refrexos de pedra preciosa*...

Nos tempos modernos volveu impoñerse a forma normal **reflexo** tanto na súa función nominal coma adxectival: *baixo un opaco reflexo de lúa* (*F*. del Riego), *Con bota de montar de dous reflexos* (*M*. Ferrín), *O reflexo da luz brilla na negrura das paredes* (Freixanes), *nin me había de observar no reflexo dos escaparates* (Alcalá), *Claire é tamén rápida de reflexos* (Conde)...

As persoas cultas que introduciron **reflexo** loxicamente intentaron introducir **reflectir**, que si tivo éxito en Portugal (onde escriben *refletir*), pero non no castelán e no galego, linguas nas que os falantes crearon un verbo derivado de **reflexo** ou *reflejo*: **reflexar** ou *reflejar*.

Na nosa lingua os grandes escritores que empregaron **refrexo** usaron loxicamente **refrexar**: *porque eu non vise os teus ollos que refrexaban traiciós* (Rosalía), *velahí está o seu misticismo refrexado nos cruceiros* (Castelao), *nesa frol que refrexa o seu van no negro pozo dos vosos ollos* (Cunqueiro), *polos seus ollos pasa o regueiro que refrexa o azul das froles* (Otero Pedrayo)...

E nos tempos modernos os escritores prefiren **reflexar**: *o espello que reflexa a Divina Labarada* (Freixanes), *a auga lisa reflexando as siluetas das lanchas* (Alcalá), *relacionado co que aquí queda reflexado* (Conde), *imaxes que se reflexaban sobre a sábana* (Casares), *o espello do armario reflexaba as pólas* (*D*. X. Cabana)...

Sen embargo hai uns anos nas *Normas e* no *Vocabulario ortográfrco da lingua galega* a Real Academia e o Instituto da Lingua volveron propoñer como verbo usual en vez de **reflexar** o tradicional **reflectir**, do cal xa fan uso algúns escritores como Fernández del Riego (*Reflectíanse os risos nos espellos*..., *espello no gue mellor coida reflectido o mañán*) *e* outros máis novos: Caride Ogando (*luz reflectida polas estrañas vidreiras*), Forcadela (*reflectindo a súa proclama voluptuosa nos cristais*), *M*. Rivas (*cando se viu reflectido no puro acibeche dos ollos do animal*, Lois Diéguez (*os seus ollos negros nos que o Lisardo se quere reflectir*), etc.

1412. Estimamos moitas cousas

En latín era bastante corrente o verbo AESTIMARE, que significaba tasar, apreciar, considerar, xulgar, etc., e que pasou a estar presente en case tódalas linguas románicas. As formas normais evolucionadas nas nosas linguas peninsulares *asmar*, *esmar e osmar* perdéronse en plena Idade Media e os homes de cultura no século XV recuperaron a significación desas voces tradicionais perdidas botando man da forma orixinaria latina, AESTIMARE, converténdoa en **estimar**.

Estimar é na nosa lingua un verbo moi usado e que ten moitas acepcións empregadas tanto polos falantes normais coma polos escritores. Citemos en primeiro termo a significación de considerar ou xulgar: *descobrín nos cruceiros un aspeito da nosa arte popular aínda non estimado como cousa importante* (Castelao), *estimaba que era pouco doado que no servicio tivese aquel soño* (Cunqueiro), *coñecera moito do*

que se estimaba trascendente baixo os tellados das bibliotecas (*F*. del Riego), *valores que el estimaba moi por riba do seu personal lucimento* (Casares), *ti non estimas hiperbólico 0 xuício* (Rábade).

Pero na significación de apreciar, ter afecto, ter pracer é aínda moito máis empregado: *que anque donda ti partín*, *prendiña gue tanto estimo*, *non vin soio*... (Rosalía), *por xentes propias e adleas era aquel home estimado* (Curros), *Estimaba a burocracia o seu valer* (Otero Pedrayo), *Non sabes canto estimaría que meteses de escribente ó meu sobriño* (Castelao), *era mui estimado polas suas amistades de valladolid* (Cunqueiro), *ben disposto pra gozar e estimar o máis valioso* (Dieste), *Sabe que o estimo e lle quero por ser quen é* (*D*. *X*. Cabana).

Podería sinalar bastantes matices máis da significación de **estimar**, pero pecho esta relación sinalando unicamente o seu funcionamento como sinónimo de **agradecer**: *Honra que tanto estimei* (Rosalía), *Eu estimaríalle mesmamente que fixese un retrato da picariña* (Castelao), *estimareivos que algunha* vez vos *lembredes de min... canto estimei a vosa compaña* (*D*. X. Cabana).

E **estimar** ten a mesma forza que moitos outros verbos na creación de nomes derivados deles: O acto ou efecto de estimar algo é **estimación** (*teño moita estimación polos cadros do meu amigo Felipe*), que ten a variante **estima**, que vin empregada bastante por algúns escritores: *Agora xa sei por qué o inglés tíñame tan grande estima*..., *pintar nun cruceiro é obra piedosa de grande estima* (Castelao), *son merescentes de tan fonda estima como os podidos amigos da señorita*..., *xentes da miña estima que alí había* (Dieste).

Son tamén moitos os escritores que usan como sinónimo destes nomes a forma **estimanza**: *canta é a estimanza en que o teño* (Risco), *prendas de moita estimanza e esperanza* (Iglesia Alvariño), *O Barrigas tenme boa estimanza* (Blanco Amor), *boteime a querelo e á amostrarlle estimanza* (Neira Vilas).

Igualmente son correntes os adxectivos derivados deste verbo **estimable** (é *a miña fonte de información máis estimabde*, de Rábade) e **estimativo** (*xuizos valorativos ou estimativos no tocante á fala*, de Dieste).

En fin o cultismo **estimar** e os seus derivados son hoxe voces de moito uso na lingua escrita e oral.

1413. Imos barrenar

O verbo **barrenar** é moi corrente en todo o ámbito do galego na significación de facer **buracos**, **buratos** ou **furacos** nalgún corpo, sexa de ferro, pedra ou madeira por medio dunha **barrena** ou dun **barreno**, voces moi usuais que moitos galegos diferencian ben chamando **barrena** á ferramenta máis pequena e **barreno** á máis grande. Naturalmente tamén os escritores fan uso deste verbo: *Barrénase o monte*. *Fanse buracos profundos coma ollos de xigante* (Carlos Durán).

Entre as xentes relacionadas coa vida mariñeira é moi habitual dicir que **barrenar** é mete-los barrenos ou as barrenas debaixo da liña de flotación dos barcos para que se afundan: *manda a bordo un verdadeiro especialista*, *para barrena-lo buque*..., *mandou barrena-los barcos*, *que foron a pique en pouco tempo* (Parada Mejuto).

Pero **barrenar** pode ser usado nun sentido figurado, como vemos nesta frase de Risco: *imprimiron ós brazos un movemento helicoidal co que foron barrenando a grea*, *e abrindo un canle por onde a procesión poidera escorreá-la sua manificenza*.

Entre os escritores actuais e mesmo entre xentes de certa formación intelectual é moi usual empregar este verbo na significación de discorrer, inventar, argallar plans ou proxectos fantásticos: *E con tanto barrenar pensei virar tolo* (Bernardo Máiz), *Lembrou a intensa xornada de reflexións... A estrada sempre obriga a pensar. A barrenar* (Francisco Alonso).

Barrenar é sobre todo empregado na significación de idear ou concibir proxectos fantásticos, forxar ou elaborar cousas impensables normalmente, reflexionar obsesivamente, etc., como podemos ver nestas frases: *Eu quedei na sala bebendo güisqui e barrenando en miles de cousas* (Cid Cabido), *e non barrenes mal de min*, *gue ben me coñeces* (*B.* Máiz), *Nesta cuestión hai que ser fríos. Barrenar. Barrenar coa cabeza*, *entendes?* (Manuel Lourenzo), *Como non durmo*, *barreno. Barreno e penso. Penso moito*, *ás veces máis do que debería* (*R.* Vidal Bolaño).

Teño que deixar constancia da existencia da voz **barrenado** que escoitei varias veces aplicada a quen anda con moitas ideas loucas na cabeza. En principio pensei que era unha voz "inventada" por uns amigos, pero logo fun escoitándoa a bastantes persoas e mesmo a atopei escrita nesta frase de "Xente de mala morte" de Alfonso Álvarez Cáccamo: *andas totalmente barrenado*. Está claro que quen barrena moito pode converterse nun **barrenado**.

En fin, quero dicir que algúns lexicógrafos xa recoñecen no verbo **barrenar** un sinónimo de tantos e tantos verbos que xa comentamos: matinar, cavilar, cismar, teimar, imaxinar...

1414. Vou deliberar

Penso que somos poucos os falantes que empregámo-lo verbo **deliberar** na conversa ou parrafeo normal da vida cotiá no sentido sinónimo de reflexionar, meditar, cavilar, matinar, cismar, etc., que era o que tiña fundamentalmente no mundo latino este cultismo que penetrou nas linguas románicas hai uns seis séculos.

Fixen moitas enquisas léxicas no mundo dos falantes galegos e nunca recollín ou escoitei ese verbo que si estamos moi afeitos a oír e usar a nivel culto: *estou deliberando sobre o que vou facer mañá*, *Pepe non tomou ningunha decisión sobre a compra desa casa*, *pese a que leva xa unha semana deliberando encol diso*.

Deliberar é moito máis usado na significación máis concreta de reflexionar, pensar, estudiar un asunto por varios persoas, por unha asemblea ou reunión dun grupo determinado, antes de tomar unha decisión sobre ese asunto: *Facer non fan ren. Axúntanse*, *deliberan*, *e móvense dun xeito inconcreto e vago* (Risco), *E axiña foi o día de encerrarse o claustro para deliberar a cerca dos pases* (Alcalá), *dempois de deliberar longamente acordaron por unanimidade...* (C. E. Ferreiro), A *Asamblea gueda obrigada a deliberar sobre calquera proposición de lei* (A. Rojo), *D Pleno da Sala adoptou esta decisión tras deliberar...*, *A convención deliberou coa abstención dos rebeldes...*

A pesar de que dixen que **deliberar** non é empregado por moita xente, debo manifestar que si é coñecido por tódolos falantes neses significados citados porque están afeitos a lelo moito na prensa e nos libros e a escoitalo decote na radio ou na televisión.

O mesmo podemos dicir do nome desa familia culta, **deliberación**, que eu empregaría normalmente en frases coma esta: *fixen unha deliberación intensa antes de tomar esta decisión...* Véxanse frases literarias: *Toda deliberación e acordo debía ser secreto* (Rábade Paredes), *continuou o traxecto andando con deliberación* (*R.* Raña), *Este escravo*, *incapaz de coñecemento e deliberación*, *permaneceu a bordo* (*S.* Parada), *logo da deliberación do Consello de Ministros...*

E o participio deste verbo, **deliberado**, funciona para moita xente culta como un adxectivo sinónimo de "feito a propósito", "intencionado", "voluntario": *conduta deliberada e conscente* (Dieste), *Practican a micción deliberada* (Rábade Paredes), *a mentira deliberada e sen frnalidade* (Cid Cabido), *a súa vontade deliberada de non expresar ren* (*C.* Fernández)... E deste adxectivo saíu o adverbio **deliberadamente**, tamén bastante usual.

En fin, hai voces cultas que a certos niveis da lingua, son palabras moi empregadas... Xa seguiremos deliberando...

1415. As especulacións

Teño a impresión de que actualmente se eu digo nalgún lugar *vou falar da* **especulación** a maioría da xente entende esta voz na significación de operación comercial que se fai coa intención de obter lucro, beneficio, proveito, ganancia, etc., significado que comprobamos que está presente tamén nos textos literarios: *Falo da especulación de terreos* (Gonsar), *Frazer intúe que a súa fortuna ten sido erixida sobre a miseria e a especulación* (Forcadela), *convertíanse no paraíso da especulación cun crecemento urbanístico anárquico* (Sixirei).

Naturalmente os que fan especulacións dese tipo son **especuladores**: *Terencio Rancaño*, *gue foi coritrabandista*, *especulador* (Reigosa), *home pragmático especulador mercou unha casa* (Murado), *facían como que non vían as actividades destes especuladores da miseria aldea* (Sixirei).

Os especuladores, os que fan especulacións, están especulando. **Especular** é pois nese campo significativo comerciar ou traficar con ánimo de lucro: *especulando con toda cras de negocios* (C. E. Ferreiro), *especular coas ampolas dunha penicilina tan necesaria e tan cara* (*X.* R. Pena), *Especularon todo o que había para especular* (Reigosa).

Especular é un cultismo que entrou hai cinco séculos nas linguas romances coa mesma significación que tiña en latín: mirar con moita atención unha cousa, reflexionar, meditar, teorizar, etc. E ese significado foi e é fundamental ou básico no uso xeral desta voz que hoxe tomou tamén a significación de "meditar ou reflexionar en negocios" e de aí a "facer negocios".

Ese especular tradicional é moi corrente nos textos literarios. Véxanse estas frases: *Os teólogos especulaban verbo do futuro* (Casares), *anque ela o negue*, *especulaban algúns*, *se cadra o Garabís non anda descamiñado* (*F.* Ferreiro), *Especulou con que non existía infidelidade só por levar aquel instrumento* (Raña), *guiarse polos segredos*, *especular co futuro* (*R.* Fonte).

Queda claro tamén que unha especulación é o acto de especular nesta última significación citada: *E nos dominios da especulación como nos do arte* (Rosalía), *trasnoitada especulación filosófica* (*G.* Sabell), *As especulacións teóricas de tipo cosmolóxico* (*R.* Piñeiro), *Lier é dos que máis se adicou á especulación*. *Fixo unha pausa*. *Pero non á especulación filosófica* (Gonsar).

Por tanto un **especulador** é quen medita, reflexiona ou teoriza sobre algo: *especuladores da política* (Freixanes), *teño un amigo especulador dos campos literarios e outro do mundo artístico*.

Direi por último que o adxectivo **especulativo** pode ser tamén aplicado a calquera referencia do mundo das especulacións: *arredado da investigación especulativa i esperimental* (*G.* Sabell), *cas suas latricadas especulativas encol da cultura* (Cortezón), *os incesantes esforzos da razón especulativa* (*R.* Piñeiro), *o boom especulativo da vivenda urbana* (Sixirei), *investimentos especulativos*..., *operacións especulativas en beneficio propio*...

1416. Seguimos contemplando

Xa fixen referencia en *Glosas da lingua* á introducción a fins de Idade Media do cultismo **contemplar**, que deu lugar á existencia da variante **contemprar**, que moitos escritores consideraban voz típica galega e xulgaban a forma **contemplar** castelanismo. Xa antes de que saíran as *Normas* oficiais da nosa lingua o cultismo **contemplar** se impuxo sobre **contemprar**, que aínda usa algún escritor...

Contemplar é moi empregado na súa significación orixinaria de mirar atentamente unha cousa: *contemprando montes*, *auguas e verduras* (Rosalía), *e os baixos contempra gue rompendo están* (Pondal), *o piloto maior contempraba en silencio a casa da viuda* (Cunqueiro), *hemos subir ó Castelo e contemprar a planura* (*M*. María), o *visitante parece contempla-lo chan que hai baixo os seus pés* (*F*. del Riego), *contemplou a través dos cristais da fiestra as nubes negras* (*M*. Ferrín).

Moi corrente é a súa significación de mirar con fruición, pracer ou agrado unha cousa bela: *bota a bendición ó pobo que o contempra entusiasmado* (Curros), *Noutra mesiña estaba un mariñeiro contemprando o seu vaso* (Dieste), *contempla o espectáculo con arrogante compracencia* (Freixanes), *para contemplar tras dos vidros a ría chea de vida* (Alcalá).

Tamén é bastante corrente o significado de mirar algo durante moito tempo: *Coma un celta forte e armado desde lonxe te contempro* (Pondal), *contemprei meu val nativo con triganza e con tembror* (Castelao), *contempraba o mar sin moverse* (Neira Vilas), *Abelardo contempla como se vai a figura alta* (*S*. Toro), *os pailáns arrimábanse á barra e contemplaban a xente frna* (Alcalá), *contemplaban o espectáculo* (Conde).

E xa hai bastante tempo que **contemplar** tomou a significación de ter en conta, considerar algún aspecto de algo, pensar en algo que hai que facer, etc.: *Os donos dos vasos contemplan a súa inútil riqueza coma un pecado segredo* (Cunqueiro), *contemplaba o bispo a súa falta absoluta de gracia* (Casares).

Naturalmente, o nome que indica a acción de contemplar, é dicir, a atención, o miramento, a precaución é **contemplación** ou **contempración**: *non aturaba a contempración da morte do Redentor* (Castelao), *a contempración do mar dábame unha gran tristura* (Fole), *preparan a ialma para a contemplación das brilantes estrelas* (Cunqueiro), *permanezo coma hipnotizado pola contemplación dos floróns de ferro* (*M*. Ferrín), *Abonda xa coa contemplación do desastre que se aveciña* (*D*. X. Cabana).

Moi vivo está tamén o adxectivo **contemplativo** "que acostuma a meditar , complacer, especular": *sinxelos na Cabaleiría Andante ou na yirtude Contemprativa* (Otero Pedrayo), *amosábase contemplativo o xangal* (*F*. del Riego), *prodúcelle ledicia*, *ledicia contemplativa* (*G*. Sabell).

E os que contemplan son **cotempladores**: *influíndo nos artistas e nos contempradores da súa obra* (Dieste), *O home non podería ser espectador*, *contemplador da realidade* (R. Piñeiro).

En fin, o uso deste verbo culto e dos seus derivados é moi grande en galego.

1417. Estou discorrendo

Estou discorrendo moito neste mundo de verbos e verbos que teñen algo que ver

coa significación de pensar, cavilar, imaxinar, considerar, etc. Hoxe cito outro cultismo que entrou nas linguas peninsulares no século quince: **discorrer** (do latín DISCURRERE) que se conservou así en galego, portugués e catalán, pero que pasou *a discurrir* en castelán.

A forma castelá foi bastante usada por algúns falantes e escritores, pero nos últimos tempos está a impoñerse a tódolos niveis da lingua a forma típica galega: **discorrer**.

Este verbo ten bastantes significados. O primeiro que dá o diccionario da R.A.G.-I.L.G. é o de utiliza-la mente para descubrir algo: *discurriches homaxes*, *desfixeches soportás* (Risco), *temos de discurrir por deducción* (Castelao), *e xa andaba a discorrer novas invencións* (Alcalá), *¿E para discorrer unha parvada semellante tiveron que pasar tantos anos?* (P. Martín).

O citado diccionario sinala como segunda acepción darlle voltas a unha cousa na mente, é dicir, máis ou menos equivalente a matinar, maxinar, pensar: *todo nos induce a discurrir que viñeron polo mar* (Castelao), *O enfermo pasaba horas e horas discurrindo* (Cunqueiro), *Que xeito tes de discurrir*, *Balbina* (Dieste), *discorrer friamente sobre a situación en que se atopaba* (Martínez Oca), *andaba a discorrer novas invencións* (Alcalá).

Discorrer é tamén autenticamente sinónimo de reflexionar, cavilar, razoar, etc.: *non é torto discurrir que o cruceiro galego nasceu no século XV* (Castelao), *lou-aba todo o mundo o moito que sabía e o ben que discorría* (*D*. X. Cabana), *discorrendo paparruchadas esquecen sempre o máis importante* (*U*. Heinze), *nas cales reunións se discorría sobre os asuntos da moderna ciencia* (Rábade).

Inventar unha cousa, crear ou descubrir algo é o que signifca **discorrer** nestas frases: *Na tenda do baratilleiro véndese ... canto discurreu o comercio para embaza-la fé* (Castelao), *Discurrín unha disculpa*, *da que por sorte non sospeitou* (*C*. Franco), *Este nome discorrino eu* (*D*. X. Cabana).

Corre-lo tempo é outra das significacións usuais do noso verbo: *o xantar discorreu pausadamente* (Conde), *as cerimonias case sempre discorrían da mesma maneira* (Freixanes), *Todo discorreu con normalidade* (Reigosa), *todo discorría dentro da normalidade* (Cid Cabido)...

Moitos falantes e escritores empregan **discorrer** para manifestar que un líquido, unhas augas corren: *gárgolas polas que discurría e caía auga* (*A*. Romaní), *vencellado ao río que discorría por A Gorxa* (Cortezón), *discorrer do home polas augas abaixo* (Conde).

Andar, ir dun lado a outro, vagar, son significados moi usuais do noso verbo: *por camiños por onde discorre o mundo enteiro* (Anxo González), *A pista de xabre discorría baixo un emparrado* (*M*. Lourenzo), *poden discorrer polo túnel da Graña...*, *obras da autoestrada no tramo que discorre polo Concello de Bergondo* (da prensa).

En fin, deixemos de discorrer sobre tantos e tantos significados que alcanzou este cultismo.

1418. Estudos ou estudios

Chamamos **estudio** ó esforzo intelectual que se aplica a coñecer e a comprender algunha cousa, á consideración sistemática e detida dalgunha cousa, á obra en que un autor trata e investiga un asunto concreto e ó local onde traballan os pintores, escultores ou arquitectos, ou onde se fan as emisións da radio, da televisión ou das películas cinematográficas e mesmo fotografías, definicións que tomamos do diccionario da Real Academia Galega que recolle tamén a de **estudios** como "conxunto de materias que se aprenden e actividades que se realizan durante o estudio ou formación nun centro".

Esta voz é un cultismo nacido da voz latina STUDIUM que entrou nas linguas peninsulares en plena Idade Media. Os cataláns din *estudi*, os casteláns e os galegos *estudio* e os portugueses *estudo*. Está ben claro que os nosos falantes manteñen a forma culta, pero hai escritores que, como xa dixo Eladio

Rodríguez no seu diccionario, adoptaron a forma portuguesa *estudar e* por tanto **estudo**. Penso que o feito da coincidencia de **estudio** coa voz castelá fixo que eses escritores tomasen esa decisión.

Son bastantes os autores famosos que empregaron sempre a forma **estudo**: Otero Pedrayo (*no contentamento de se atopar no Seminario de Estudos Galegos*..., *seguía no estudo do esquelete*), Risco (*Optou por rubir outra vegada ó cuarto de estudo*), Dieste (*porque non teño estudo*), C.E. Ferreiro (*o estudo do porvir*), Castelao (*Cando eu andaba no estudo era un mozo das romerías*) que nun artigo en A *Nosa Terra* empregou **estudio** (*dispois dun estudio feito*) e Cunqueiro (*afondaba no estudo do choio*) que si usou **estudio** para denominar un local: *a fins do século pasado puxo estudio un fotógrafo en Ribadeo*. E Curros fixo uso soamente unha vez da voz **estudio**: *despois de grande estudio i adimiración sin tasa*.

Algúns autores modernos empregan ocasionalmente **estudo**: *a ver si mentras acaban o estudo que andan a facer* (*X*. Torres), *vou intentar facer o estudo do home galego doente* (*G*. Sabell), *Moreas de organigramas*, *de plans*, *de estudos* (Cortezón), *en razón de estudo riguroso da Moral* (*M*. Ferrín), *sufragou os seus estudos eclesiásticos* (Rábade)...

Sen embargo a maior parte dos actuais empregan sempre o cultismo santificado na "Normativa" **estudio** cos significados citados arriba: *Os teólogos remataban o seu estudio* (Casares), *vólvenme interesar moito os meus estudios* (*U*. Heinze), *viñeron á pose no estudio fotográfico* (Alcalá), *Son tempos dificiles para o estudio* (Conde), ese *estudio e carreira de conquistador* (*X*. R. Pena), *Facer un estudio sobre aquel crime* (Gonsar)...

En fin, continuaremos vendo os derivados desta voz culta.

1419. Seguimos estudiando

Está ben claro que da voz culta **estudio** naceu o verbo **estudiar**, feito que pasou igualmente en catalán e castelán, pero os portugueses que converteron *estudio* en *estudo* crearon por tanto o verbo **estudar**, que moitos escritores galegos usaron pola mesma razón que empregaron o nome **estudo** segundo explicamos no comentario anterior.

Foron bastantes os escritores xa tradicionais que fixeron uso continuo de **estudar**: Curros (*Ti soprábasme cando estudaba o latín*), Otero Pedrayo (*Tiña estudado a Teoloxía ca paixón dun mestre*), Risco (*moito estudar*, *moito traballar*, *¿e qué?*), Dieste (*os que estudan os problemas do agro*), Fole (*tiven que ir a Santiago a estudar a médico*), pero hai algúns que o empregan moitas veces e sen embargo nalgunha ocasión escribiron **estudiar**: Castelao (*pero nada dí da particularidade que nós andamos a estudar*..., *estudia o humorismo dos grandes humoristas*), Cunqueiro (*ela estudaba música en Alexandría*..., *Está por estudiar a evolución dos cultivos en Galicia*), C. E. Ferreiro (*Terás que estudar unha boa carreira*..., *No colexio dos frades onde Emiliño estudiaba*)...

Tamén hai autores modernos que fan uso bastantes veces de **estudar**: Neira Vilas (*Por aquel tempo Marta estudaba*), H. Villar (*falaba galego e estudaba castelán*), Cortezón (*despois de estudar os proxectos de desmonte*), *X*. Torres (*eu iba estudar para secretario dunha empresa de porvir*), pero a maioría da xente actual emprega a forma académica: *estudiando a distancia os movementos* (*M*. Rivas), *isas grandes fames que estudian os entendidos* (*G*. Sabell), *xuntos estudiaron a carreira na capital* (*F*. Ferreiro), *dous clérigos estudian o comportamento do mar* (Conde), *meu irmán máis vello anda estudiando para médico* (Alcalá), *Pero agora non se estudiaba latín* (Gonsar), *andabades por Compostela facendo que estudiabades* (*P*. Martín)...

E agora temos que dicir que quen estudaba era **estudante**: *foi Dumbría o millor estudante do seu curso* (Otero Pedrayo), *universidade con residenza de estudantes* (Risco), *O boticario asubía unha cántiga de estudantes* (Castelao), *Xa sei como se chama o estudante* (Cunqueiro), *os estudantes andan espallados polo campo galego* (Dieste), *contaba cun grupo de rapaces estudantes* (*C*. E. Ferreiro), *puxéronse a evocar os seus días de estudantes* (*M*. Ferrín) e naturalmente os que estudian son **estudiantes**: *os estudiantes pasaban deica catro días na cama* (*G*. Sabell), *o bispo fora un estudiante mediocre* (Casares), *os estudiantes están a se bañar* (Conde), *estudiante universitario con preocupacións humanistas* (*F*. del Riego)...

Derívanse da voz **estudiante** as palabras correntes **estudiantil** (*algunha conversa estudiantil*, de Conde), **estudiantina** (*todo o seu pasado de camaradaxe e estudiantina*, de M. Ferrín), **estudiantado** (*clase de estudiantado relambido e fino*, de Rábade), **estudioso** (e *continuarmos a sona de estudiosos*, de Alcalá), se ben hai quen usa *estudoso* (*vixiante compañeira do estudoso*, de Otero Pedrayo).

En fin, o cultismo **estudio** e os seus derivados están recomendados pola Normativa ofcial académica, se ben comprobamos que a forma **estudo** tivo bastante fortuna.

1420. Enxames de cousas

Para denomina-lo grupo de abellas que coa súa raíña viven nunha colmea tiñamos en latín a voz EXAMEN que pasou practicamente a tódalas linguas románicas: italiano *sciame*, francés *essaim*, provenzal *eisam*, catalán *eixam*, castelán *enjambre e* galego e portugués **enxame**.

Son moitos os falantes galegos que empregan esta voz e naturalmente bastantes escritores: *dun fungar barballoeiro como de enxame de abellas* (Cabanillas), *Sentía uns estraños zumidos abourantes*, *coma se todo un enxame revoase dentro*..., *picaban nos figos entre un enxame de avésporas* (*F*. Ferreiro), *Só un zunido de fondo*, *coma dun enxame furioso* (*M*. Rivas).

Pero **enxame** aplícase igualmente a calquera conxunto de animais ou de persoas ou de cousas: *a branca lúa alá do ceo nos confis*, *entre un enxame de estrelas como almendras de Allariz* (Curros), *traballaba esmorecido un enxame de labregos* (Cabanillas), *enxames de pulgas do monte rubíndolle polas costas*..., *enxames de vermes vexetaes*..., *os enxames de paxaros migradoiros* (Otero Pedrayo), *os enxames de moscas que se xuntaban naqueda parte* (Casares), *un revoar de enxames ardorosos* (Iglesia Alvariño), *cregos rosmando como eternos enxames* (Rábade).

Sen embargo teño que deixar constancia da existencia da variante desta voz, **enxamio**, que é moi usada por moitos falantes galegos, probablemente (xulgando pola miña experiencia persoal facendo inquéritos lingüísticos por todo o ámbito da nosa lingua) por máis dos que usan **enxame**. E son bastantes os escritores que tamén fan uso desta variante: *nun mesto enxamio de vermes*..., *detrás seguía o enxamio de mulleres ceibando laídos abrouxadores* (Castelao), A *cadeira ou Trono fungaba coma un enxamio de abesouros negros*, *coma un enxamio de abesouros listados* (*M*. Ferrín), *sentíase o rombar dos enxamios* (Fole), *enxamio de luminosas avellas e zoar polos espacios* (Freixanes), *Pode haber algún preguiceiro*, *pero unha abella non fai enxamio* (Neira Vilas).

En latín existía o verbo EXAMINARE "formar enxames" que se transformou en *enjambrar* en castelán e **enxamear** en galego e portugués, se ben hai moitos falantes galegos que din **enxamiar**. Eu non me lembro de escritores que usen este verbo, pero si teño constancia de moitos falantes que o empregan con estas significacións: xuntar abellas nun cortizo, aparecer un enxame de abellas facendo ruído, nacer

un ruído de calquera outro sitio, provocar ruídos, enredar, dar moitas voltas ás palabras para dicir algo, etc.

Finalmente quero deixar constancia da existencia doutras voces desta familia léxica: **enxamia** "acción e efecto de enxamear", **enxameeiro** "que ten relación con enxames", "trapalleiro, argalleiro", que están recollidas no "Vocabulario" da R.A.G.-I.L.G., **enxameadeira**, **enxameadoiro**, **enxameador**, **enxameante**, que tomo do diccionario de Eladio Rodríguez.

¿E do latin EXAMEN non temos outras voces? Xa o veremos no próximo comentario.

1421. O cultismo exame

A palabra popular latina EXAMEN "grupo de abellas", que deixou tantos descendentes nas linguas románicas, tiña tamén a significación figurada da acción de considerar, de investigar, de examinar, que non foi moi popular e por iso non pasou ás linguas citadas.

Sen embargo os homes ilustrados medievais botaron man desta voz para denomina-la observación atenta de algo ou a proba ou probas que se fan a alguén para obter un título ou acceder a un posto de traballo. E este cultismo tivo na lingua galega catro formas distintas: **exame**, **esame**, **ensame e eisame**.

Moi poucos falantes din **eisame**, pero hai algún escritor que si a usou do mesmo modo que converteron **existencia** en **eisistencia** ou **esaxeración** en **eisaxeración** ou **exaltación** en **eisaltazón**, fixeron de **exame eisame**. Así vemos que Dieste a usou bastantes veces: *don Miguel adícase a un eisame estrano do cadro...*, *o tema sexa torturante como todo eisame de concencia*, pero tamén usou a forma **eisamen** (*son dinos dun sereo e matizado eisamen*) que a empregou moitas veces Otero Pedrayo: *lus de proba i eisamen pra os novos...*, *análise espiñento dos eisames de concenza*.

Naturalmente é normal que un autor como Dieste que empregou a miúdo a voz **eisame** use o verbo **eisaminar**: *decateime de que tiña que eisaminar unhas notas que deixara na miña alcoba... Na adolescenza dalle por se eisaminar a sí mesmo con moita sotileza*, que Risco converteu en **eisamiñar** en "O porco de pé": *O Doutor eisamiñouno ben*.

Hai falantes que usan as voces **ensame** e **ensamen** e tamén o fan algúns escritores: *despois de maduro ensame remataron por nomear unha comisión* (Risco), *cando faguía en Toledo ensame de traductor...*, *aprobou os ensames* (Cunqueiro), *un simpre ensamen visual das contadas laxes que os canteiros de monte respetaron* (Castelao).

E facer un examen é **ensaminar** para algúns falantes e escritores: *Ensaminemos algunhas particularidades da crucifixión dramática* (Castelao), *os médicos de Montpellier tiñan que ensaminarse no inferno* (Cunqueiro), *O meu compañeiro ensaminoume ben* (*G.* Sabell).

Curiosamente lin outras frases onde aparece a variante **ensamiñar**: *mais como ouvíu falar de concencia principiou a ensamiñala súa* (Risco), *comezaron os paxaros a botar cando os ensamiñaba* (Cunqueiro).

En fin, queda claro que certas variantes dialectais foron usadas como voces normais por grandes escritores que penso eu que o facían para evitar certos cultismos idénticos ós cultismos casteláns.

1422. Rematamos con examinar

Continuando coas formas populares das variantes do cultismo **exame** teño que dicir que a pronuncia desa voz como **esame** é bastante popular e o emprego desta forma fano algúns escritores modernos: *logo vixiar unha clase de matemáticas*, *logo un esame de xeografia* (*C*. Durán), *Tralo esame de plomada viña esame de espello*, de Cunqueiro, que nalgunha ocasión usou **esamen**: *naide me quitaba esamen de lanceta de Lyon e limoada purgante*.

Pero hai algúns outros escritores que empregan tamén esa variante: *trátase de parciales do libre esamen* (*C*. E. Ferreiro), *Nun someiro esamen crítico ollase que na realidade* (Cortezón), *ponlles un esamen coma Dios manda e o que máis seipa*, *andando* (X. Torres).

Naturalmente atopamos tamén o uso do verbo **esaminar** por algúns deses escritores: *Veu un médico yue me estivo esaminando o pulso* (*C*. E. Ferreiro), *collíalle o colo da camisa coma se o esaminara detidamente* (*C*. Durán), *Quítalle a agulla*. *Esamínaa* (*E*. Ruibal) e Cunqueiro usou a variante **esamiñar**: *vas tan ilustrado gue poderías esamiñarte de xeografia segreda en Sagres*.

Nos últimos tempos a forma culta **exame**, santificada pola Normativa oficial vixente, impúxose xa na maioría dos nosos escritores para indica-la proba que fai unha persoa para obter un aprobado ou un título: *agardara un día para saber a calificación do seu exame de ingreso* (*M*. Ferrín), *Cando teño exames ou problemas pídolle a Deus gue me axude* (*U*. Heinze), *lera libros*, *pasara exames* (*F*. del Riego), *poñerse un preto do outro nos exames* (*P*. Martín).

Exame equivale a investigación, observación ou acción de considerar algo con atención como vemos nestas frases: *o exame minucioso do aparato fonador* (Rábade), *rigorosa información e escrupuloso exame* (Conde), *apagaba a luz para facer o diario exame de conciencia* (Alcalá).

E **examinar** é moi empregado nas significacións de realizar exames ou probas: *pódeste presentar en Santiago a un exame para o premio extraordinario* (Alcalá), *Cando tiña que examinarme era unha cousa de nervios terrible* (*U*. Heinze), ou de considerar, apreciar, observar, estudiar, etc.: *Entón examinemos a custión* (Cortezón), *unha nai que examina ao seu fillo alporizado* (*F*. del Riego), *yuedou ollando para min*, *como para examinar como asimilaba eu aquel feito* (Gonsar), *sentado no escritorio fun examinando folio por folio...*, *foi examinando a súa vida cara atrás* (Rábade).

En fin, a voz latina tradicional EXAME "conxunto de abellas" evolucionou en galego a **enxame** (coa variante **enxamio**), voz moi usual, pero o cultismo EXAMEN "acción de investigar ou examinar" deu lugar á existencia das formas **eisame**, **ensame**, **esame** e **exame**, a última das cales pasou a se-la forma correcta aprobada pola Normativa oficial vixente.

1423. Inventemos cousas

Outra voz que escoitamos hoxe como unha palabra normal ou moi tradicional é **inventar**, verbo que é un cultismo que penetrou nas linguas románicas hai uns catro ou cinco séculos para significar facer unha cousa nova, atopar unha nova maneira de facer algo ou descubrir ou crear algo novo, segundo vemos por estas frases dos nosos autores: *nin meteouro... nin o diaño que o inventou* (Curros), *Como gue a radio cáxeque se inventou pra iles* (Risco), *Nós presentiamola chegada dos autos denantes de inventalos o demo do inferno* (Castelao), *como futbolista inventara unha certa maneira de escamotear o balón* (C. E. Ferreiro), *era algo fascinante inventar un submarino* (Alcalá).

Inventar tomou ademais o amplo significado de presentar como verdadeiro ou certo algo que non o é, imaxinar, idear, etc.: *Pedro inventa doenzas para quedarse acochado no leito* (Castelao), *dixeron que o mesmo don Diego inventara toda aquila historia* (Fole), *non sabe máis que estar inventando toladas* (Blanco Amor), *Inventaba servidumes*, *herencias*, *interditos*, *soio por discutir cos letrados* (Cunqueiro), *¿Que nova trola inventaría N. para min?* (M. Ferrín), *acusaba ao seu rival de inventar a noticia* (Casares).

Naturalmente a acción ou o efecto de inventar ou mesmo a cousa inventada é o **invento**, voz moi popular: *notiza de inventos prodixiosos*, *chamados a trastornala fase do orde planetario* (Curros), *o mesmo falan de comercio*, *que de política*, *que de inventos*, *que de todo* (Risco), *non esquenzamos que a escritura é invento de onte* (Dieste), *Non hai quen dea un céntimo por ese invento do cinematógrafo* (Casares).

Loxicamente a persoa que inventa ou fai inventos é chamada **inventor** ou **inventora**: *Decía un frade galego que o inventor dos cruceiros galegos sigueu ao pé da letra o consello de San Paulo* (Castelao), *parez que fose o inventor da equidade romana* (Cunqueiro), *tiven sempre unha seseira orixinal e para inventora non teño precio* (*X.* Torres), *chamoume inventor de frases históricas* (Alcalá).

A acción de inventar ou a cousa inventada por alguén é a **invención**, voz que algúns falantes ou escritores usan tamén como sinónimo de ficción ou fantasía: O *sistema de poñerlle a cada país un cor diferente no mapa é unha invención dos patrioteiros* (Castelao), *o gramófono e a radio*. *Aquelas si que eran invenciós ben prodixosas* (Risco), *Hai quen dixo que a empanada é invención do pobo probe* (Cunqueiro), *unha invención publicitaria de cara á consecución de divisas* (Conde).

Menos usual a tódolos niveis da lingua é o adxectivo derivado desta familia léxica **inventivo**, así como o nome **inventiva**, que tal vez use bastante a xente culta: *esta persoa ten pouca inventiva*.

Sen embargo considero máis popular o nome derivado desta familia, **inventario**, para denominala operación de enumerar con detalle os bens de algo ou alguén e a lista feita. E desta voz naceron **inventariar** e **inventariable**. Naturalmente podemos tamén atopar todas estas voces en textos literarios...

1424. Achemos explicacións

Citamos ultimamente unha serie de voces cultas introducidas na nosa lingua hai poucos séculos que son hoxe moi populares, pero hai palabras tradicionais que se usan actualmente moi pouco na lingua falada e que se consideran por moitos falantes como cultismos.

Pensemos en **achar**. Este verbo era en latín AFFLARE e pasou a bastantes linguas romances, entre elas ó castelán como *hallar e* ó galego e ó portugués como **achar**. A súa significación latina era soprar, soprar cara a algo, sobre algo ou contra algo e iso era algo que facían moito os cans cando perseguían outros animais ou cousas. De aí que pasou a significar tamén ulir, ulir pistas e loxicamente a dar con algo, significado que se estendeu por todas partes.

Nos nosos textos medievais é **achar** moi corrente en toda clase de textos: *acháronse con mouros*..., *como achou en verdade*..., *por serva me achará* (Cantigas de Santa María), *achou seu sobriño morto* (Crónica Troiana), *et fazer justiça em elles onde quer que os podesse achar* (General Estoria) e naturalmente hoxe é voz bastante viva nos nosos escritores e hai bastantes falantes, sobre todo do sur da provincia de Ourense, que a empregan con signifcados que imos ver.

A significación máis popular é dar con alguén ou algo que se busca e mesmo sen buscalo intencionadamente: *tomba mellor que aquí atopou n'achara* (Rosalía), *pedras de forma humán achadas nos*

Pirineus (Castelao), *achou unha cadeira de prata* (Cunqueiro), *acharon o cadáver do cabaleiro alén do porto de San Pancracio* (Freixanes).

Achar equivale a descubrir, encontrar algo descoñecido, inventar ou verifcar: o *esquecemento que en ningures acho prós meus dores* (Curros), *lugar máis hermoso no mundo n'achara que aquel de Galicia* (Rosalía), *achan repouso nas profundas augas* (Pondal), *Non achou nos seus eidos nin amores nin boa voluntá* (Cabanillas), *Entón acharon que estaba tuberculoso* (*C*. E. Ferreiro), *é dificil achar en determinados días e momentos unha cidade tan triste* (Rábade), *xa que o Tribunal achara nos considerandos que os malfeitos do reo foran consumados* (*M*. Ferrín).

Para bastantes autores modernos podemos dicir que **achar** equivale a xulgar, considerar, supor e mesmo obter ou conseguir: *Acheinos repugnantes e ridiculamente senlleiros* (*M*. Ferrín), *Non achei anotacións*, *polo demais*, *no referente a Iinguas mortas* (Rábade), *non achaba posición cómoda para durmir* (Alcalá), *compartimentos que tan só a súa man podería achar* (Conde), *achará contestación da nosa parte* (*X*. R. Pena), *os propietarios do vulgarmente denominado o Linterna acharan refuxio* (Gonsar).

En fin, acabamos de comprobar que **achar**, pouco usado actualmente na conversa da xente galega, está bastante vivo nas obras literarias, e aínda temos que seguir falando deste verbo...

1425. Seguimos con achar

Continúo falando de **achar** para afirmar que o seu uso co pronome **se** é moi corrente a tódolos niveis da lingua. **Acharse** é moi usado na significación de estar nun lugar, estar presente en, atoparse, etc. como vemos por estas frases: *outros moimentos que se achan nos vellos camiños de Galiza* (Castelao), *e tan tranquío s'achaba no despacho da Alcaldía* (Risco), *Pode ser que eiquí se achen as devesas meirandes de Galicia* (Fole), *acheime no outro extremo desta peza cunha porta pechada* (Rábade).

Acharse é moi empregado para indicar estar en cierto estado ou sentirse en certa disposición: *achándome débil en forzas* (Rosalía), *poderán ser identificados por acharse en estado gaseoso* (*C*. E. Ferreiro), *perdera o tento pra cavilar*. *Achábame trasvirado* (Neira Vilas), *preto o despacho de Zhivago achábase case en penumbra* (Gonsar), *respondeu o padre que debía evitar acharme a soas coa mociña* (Alcalá).

En resumo, o verbo **achar** é tradicional, moi usado nos textos medievais, bastante empregado polos nosos escritores e cada vez menos polos falantes que prefiren outros sinónimos que iremos vendo.

De **achar** ou mellor dito do seu participio naceu o nome **achado** para indica-lo acto de achar, aquilo que se encontrou ou descubrimento de algo que estaba oculto. Non é xa voz moi corrente na fala, pero si a usan algúns escritores: *todo ele un mar de achados*, *surpresas e leuciós pra quen saiba escoitalo* (Dieste), *quero deixar constancia da locución precisa deste achado*..., *os meus achados de tipo intuitivo* (Rábade), *casaba en boa medida cos achados que os funcionarios de Pilaquinte expurgaban* (*H*. Villar).

E ó lado de **achado** parece que estivo viva tanto en galego coma en portugués a forma **achádego**, que actualmente desapareceu. Dá a impresión de que se creou por imitación da voz castelá *hallazgo*. Sen embargo hai que deixar constancia do seu uso por algúns escritores: *o achádego da verdadeira Cruz*..., *os achádegos arqueolóxicos non responden ás referencias hestóricas* (Castelao), *o mariñeiro feito rico co achádego do tesouro*..., *consultárase cun abogado de Villalba si os achádegos de tesouros eran gananciales ou non* (Cunqueiro), *Os pasos diste achádego*, *un dos máis siñificativos da cultura do noso tempo* (*G*. Sabell).

O adxectivo **achadizo** que se aplica a aquilo que se acha ou atopa é voz corrente, pero quero chama-la atención do seu uso como nome por X. M. Pintos para denomina-lo neonato ou acabado de nacer que foi abandonado e logo achado por alguén que o afilla ou adopta: A *nai do achadizo*..., *achadizo*, *achadizo*, *onde estás?*..., *Mais a probe caridade dalle a vida ao achadizo*. Non teño constancia da existencia actual desa forma...

1426. Encontremos solucións

Xa examinámo-lo uso do verbo **achar**, tan corrente para moitos escritores, pero non tanto para moitos falantes. Hai quen cre que é moito máis usual o verbo **encontrar** en tódolos ámbitos da lingua. Penso que hai bastantes escritores que o evitan pola súa coincidencia co *encontrar* castelán e creo que tamén hai bastantes falantes que fan o mesmo.

Encontrar é verbo tradicional nacido na fala popular dos romanos hai máis de vinte séculos e mantido practicamente en tódalas linguas románicas. Nos nosos textos medievais atopamos frases nas que aparece o uso de *encontrar* (*encontrou un meniño que lle disse*..., das "Cantigas de Santa María"), pero non é tan usual como **achar**.

Podemos comprobar polas frases das obras literarias que **encontrar** ten os mesmos significados que citamos xa no uso do verbo **achar**. Seguindo o diccionario da Real Academia Galega citarémo-las súas definicións e tomaremos exemplos das obras literarias:

1° Chegar a ver unha persoa ou cousa que se buscaba ou non: *Ao fin dos seus anos Peleteiro encontrara ún que o comprendeu* (Cunqueiro), *no atordoamento non encontra a porta* (*F*. del Riego).

2° Chegar a ter, poder dispoñer de algo: *a balea encontrou folgo debaixo de si pra se remexer* (Dieste), *é cousa doada de encontrar* (Freixanes).

3° Aparecer, mostrarse dunha determinada maneira: *Fumos a outro bar*, *pero encontrámolo cerrado por orden gubernativa* (Alcalá).

4° Ter unha opinión sobre algo ou alguén, recibir unha determinada impresión: *Cando volvemos a topar con Pedriño encontrámolo endeble* (Castelao), *meu pai pasoume a man pola cabeza e díxome que me encontraba tristoño* (Alcalá).

Úsase moito **encontrarse**:

5° Dar cunha persoa ou cousa casualmente: A *miña boca esgazada encontrarase coas bocas das fillas do tronco do Conde Hermenegildo* (*M*. Ferrín).

6° Xuntarse nun lugar dúas ou máis persoas: *Era a primeira vez que Ilustrísima se encontraba con ela a solas* (Casares).

7° Estar nun determinado lugar ou situación: *encontreime unha noite de servizo no coarto de socorro* (Castelao).

8° Sentirse dunha determinada maneira: *¿como te encontras hoxe?* (*M*. Rivas), *Que te encontraras feliz con alguén* (*U*. Heinze).

9° Non estar de acordo dúas ou máis persoas, ter opinións enfrontadas: *O sol brillaba no alto*, *e tremeu ó encontrárense os dous guerreiros* (D. X. Cabana).

En fin, penso que en todas esas frases literarias podemos substituír **encontrar** por **achar** ou por outros verbos dos que xa falaremos sen que cambie en absoluto a significación do que nelas se manifesta.

De **achar** naceu o adxectivo bastante corrente **achadizo**. Pois ben de **encontrar** saíu **encontradizo** que ten tamén bastante uso na lingua oral e literaria. E **encontrar** ten outros derivados dos que seguiremos a falar no próximo comentario.

1427. Encontros e alcontros

Xa falamos de cómo o nome **achado**, derivado de **achar**, é moi pouco usado polos falantes, pero si polos escritores. Sen embargo o nome derivado do verbo **encontrar**, **encontro**, é moi usual a tódolos niveis da lingua nas súas significacións sinaladas no diccionario da Real Academia Galega: "o feito de encontrarse dúas ou máis persoas, a propósito ou casualmente..., o feito de xuntarse ou cruzarse dúas cousas", pero **encontro** ten un significado que **achado** descoñece: competición deportiva.

Poderiamos citar moreas de frases literarias nas que aparece **encontro**, pero sirvan estas poucas: *compría darlle unha cotada do camiño*, *saíndolle ó encontro* (Castelao), *porque fora o lobo e non el quen no encontro dixera*: *¡Date!* (Cunqueiro), *tomar unha copa para celebrar o encontro* (*C*. E. Ferreiro), *don Farruco lles viu ó encontro* (Fole), *viría ao meu encontro para tratar de aniquilarme* (*M*. Ferrín).

Sen embargo hai que sinalar que algúns escritores e mesmo algúns falantes cambiaron a primeira sílaba de **encontro**. De aí que a forma **alcontro**, non santificada polo diccionario, está viva e penso que a razón fundamental dese cambio de **encontro** e **encontrar** por **alcontro** e **alcontrar** é ben por influencia doutras voces que comezan por *al-* ou ben para distinguila ou diferenciala da voz castelá.

Alcontro foi usado por algúns escritores: *deixara dinantes do seu alcontro con Goethe...*, *onde se teima saír loxicamente ao alcontro de tódolos nemigos do esprito* (Otero Pedrayo), *¡Misteriosos alcontros na noite...! "*, *¡Alcontros de paxaros no escuro!* (Cunqueiro).

Hai escritores, como Curros, que nunca usan **encontrar** e hai bastantes que tanto empregan ese verbo coma **alcontrar**. E non é necesario que expoña os significados desta última variante.

Vexamos frases dos que teñen preferencia por **alcontrar**: *alcóntranse as brancas casas da vila de vilanova...*, *O cristal que ti alcontraches antes de que ti o alcontraras*, *eu cho topei* (Curros), *dándolle voltas ó 'caso axiña alcontrou xeito de libertarse de noxos* (Cabanillas), *non alcontran nin o aire puro que queren* (Leiras Pulpeiro), *diron coas onzas de ouro que se lle alcontraran ó Bocas no peito* (Blanco Amor).

Castelao e Cunqueiro preferiron **encontrar**, pero usaron algunha vez **alcontrar**: *Na illa Lavré alcontráronse duas cruces de forma rudimentaria* (Castelao), *e non hai en tódolos bazares quen se queira encontrar con él* (Cunqueiro). E Celso Emilio Ferreiro usou unha soa vez **encontrar**, frase que citamos arriba, e quince veces **alcontrar**: *cando se alcontraba nalgún apuro*, *esforricábase de medo...*, *investiga a verdade do teu tempo*: *alcontrarás a túa poesía...*, *e que agora me alcontre tan soíño e abandonado*, *manda carallo...*

Aínda teremos que seguir falando doutros sinónimos de **achar** e **encontrar** e seguro que os toparemos ou atoparemos.

1428. O verbo topar

Temos nas linguas romances bastantes palabras que non son latinas e que entraron nelas, imos dicir así, por importación de linguas de calquera parte do mundo, pero hai tamén bastantes voces que xurdiron ou se crearon na propia lingua.

Nas linguas da Península Ibérica temos unha voz común nacida por imitación dos sons da natureza, é dicir, por onomatopea. En latín era moi común o verbo COLLIDERE para indicar chocar ou topar, pero ese verbo non permaneceu nas linguas romances. Por iso foi creado o verbo **topar** partindo dese son *top* producido cando unha cousa ou unha persoa choca con algo. Temos constancia nos textos medievais peninsulares deste verbo. Precisamente xa o vemos usado nas "Cantigas de Santa María": *da cabeça sobelos cantos topou*.

Debo deixar constancia de que o verbo **chocar**, sinónimo do noso **topar**, entrou nas linguas hispánicas hai uns catro séculos tomado do francés *choquer e* pouco a pouco foi facéndose máis popular que **topar**.

Naturalmente o verbo **topar** foi dando outras posibilidades de uso e funciona con outros matices significativos: de ter un choque ou un encontro violento con algo ou alguén pasou mesmo a tocar algo ou alguén lixeiramente, a ter un encontro casual con alguén; de aí que **topar** pasou a ser sinónimo absoluto dos verbos xa comentados **achar** ou **encontrar** non soamente na nosa lingua, senón tamén en castelán e en portugués.

Topar, que algúns galegos din **toupar** e **tupar**, é hoxe unha voz bastante corrente para moitas xentes na significación de chocar, tocar, turrar, bater un animal cos cornos contra algo e naturalmente achar ou encontrar. Tanto castelánfalantes coma portugueses manteñen esa voz con esas significacións tamén, pero non transformaron esa voz en **atopar**, como fixeron galegos e asturianos.

Penso que tal vez a influencia de **achar** ou mesmo de **alcontrar**, variante de **encontrar**, que empezan coa vocal *a*, fixeron que **topar** se dixese tamén **atopar**, pero hai moreas de voces nas que pasa o mesmo: **xuntar** e **axuntar**, **roubar** e **arroubar**, **rodear** e **arrodear**, **pegar** e **apegar**, etc.

Actualmente, na fala popular tan empregadas son as formas **topar** como **atopar**, pero resulta que examinando os inquéritos que fixemos por todo o ámbito do galego non podemos chegar á conclusión decisiva de que **atopar** sexa moito máis usado actualmente, pero naturalmente si comprobamos que hai preferencias por unha ou por outra nalgúns falantes.

Sen embargo, no mundo literario si deixaremos constancia de que algúns escritores, como Curros ou Dieste, teñen preferencia pola vella forma, **topar**, de que os escritores xa desaparecidos usaron ámbalas dúas formas, pero que os actuais utilizan moito máis a forma **atopar**. Xa o iremos vendo con bastantes frases no próximo comentario.

1429. Frases de topar

Xa citamos no comentario anterior unha frase das "Cantigas de Santa María" onde aparecía *topar* coa significación de chocar. Engadamos estoutra da "Crónica de 1344": *ueeriades ao topar das espadas seyr fogo delas*, na que *topar* tamén signifca chocar, pero en moitos textos medievais aparece xa o noso verbo como sinónimo de achar ou encontrar: *topou cos seus enemigos na carreira* (Cantigas de Santa

María), *sayu ao cural e topou com tres mouros* (Crónica de 1344), *tanto andaron ata que toparon con el* (Crónica Troiana), etc., exemplos que sacamos de "La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla", edición e estudio de Ramón Lorenzo.

Topar, como xa dixemos, recibiu o prefixo *a-* e **topar** e **atopar** conviven nos últimos séculos, pero esta última forma ten máis vixencia actualmente entre os escritores. Nas comprobacións que fixen nos textos literarios saquei en conclusión que Rafael Dieste foi o escritor moderno que máis empregou **topar** (134 veces) fronte a **atopar** (2 veces). Vexamos algunhas frases nas que aparece este verbo coa significación de achar casualmente: *A pouco treito da lareira topárona tendida no chan*..., *A derradeira vez que o topei estaba moi triste*..., *os mariñeiros toparon moitas cunchas de ostras*..., *apuntando o nome de tódolos peixes gue topou en moreas na ribeira*...

Coa significación de acha-lo que se busca aparece moitas veces: *non topaba asunto para un conto de Reis*..., *Alí agardaría e alí me habían de topar*..., *o vello topou roupa e mantenza*..., *Un pobo que non topa acougo*..., *Hai un pouco entrei e topeino de pé diante do cadro*...

Moitas veces encontrámo-lo emprego de **toparse** para significar encontrarse con algunha persoa (*topáronse cun mariñeiro e enfiaron conversa con il*..., *topouse con rapaces xeniales*), estar (*si o Bieito se topaba morto*..., *Coísto parez que o noso mestre se topa de acordo*) ou quedar (*Destonces toparánse surpresas pola saña*..., *aínda que alguen se tope satisfeito delas*).

Naturalmente Dieste coñecía a forma **atopar** que soamente a usou dúas veces en dous artigos de *Antre a terra e o ceo*: *Por contentos daríamonos hoxe soio con atopá-lo sosego de pergunta ben feita*..., *A diferencia quizais non se atope máis gue no x*.

O outro grande escritor que preferiu a forma **topar** foi Curros que a empregou en trinta e dúas frases, mentres que **atopar** soamente en oito. Vexamos algúns exemplos: o *tesouro que topache foi de piollos*..., *A derradeira vez que o topei estaba moi triste*..., *Non te topei xamais no meu camiño sin guitarche o chapeu*..., *Atopeite indo ó feirón*.

Tamén fai bastante uso de **toparse** e algunha vez de **atoparse**: *alí arrentes tópase un asento*..., *topábame ó sol na horta*..., *tópaste hoxe probe e enfermo*..., *atopeime a campo aberto nunha pranura gue espanta*.

No próximo comentario veremos cómo os grandes escritores empregan ás veces **topar**, pero usan moito máis **atopar** tal vez, penso eu, porque esta segunda forma non existe en castelán e é considerada como algo típico da nosa lingua.

1430. Frases con atopar

Despois do comentado no artigo anterior debo sinalar unha serie de autores que usan algunhas veces **topar**, pero que prefiren **atopar**. Citemos en primeiro termo a Rosalía, que tanto en *Cantares gallegos* coma en *Follas Novas* emprega catro veces máis **atopar** que **topar**: *naide na terra se topou tan solo*..., *mais topou fechada a porta*..., *Nin podo atopar feitura*..., *pero cando un busca un Xan*, *casi sempre atopa un Pedro*..., *¿E si atopas a compaña?*..., *Atopeime de pronto sin ventura*...

Pondal, Otero Pedrayo, Risco, Leiras Pulpeiro, Cotarelo, Blanco Amor, Celso Emilio Ferreiro fan un emprego similar ó que fixo Rosalía, pero mesmo hai algún escritor, como é o caso de Cunqueiro, que usou soamente **topar**, rexistrado en cinco ocasións, por exemplo: *Fun abrir a porta e topeime con un cabaleiro todo de negro vestido*; fronte a **atopar** en máis de duascentas frases: *o avaricioso non atopa o*

tesouro..., *a todos eles atopaba algunha chata*..., *atopara aquel paraugas nun campo*..., *queimaron tódolos papés e recibos que atoparon*..., *¡Fai un mes que te atopo en todas partes!*, *Un día louzao atopouse mal mal tahona*...

Sen embargo, quero deixar constancia de que Castelao usou en moitas frases tanto **topar** coma **toparse**: *métese de esguello dentro e topa coa siña Filomena*..., *a Xusticia topou no peto da túa chaqueta un escrito*..., *no intre de chegar á súa casa topouse cuns amigos*... pero tamén **atopar** e **atoparse** nun vinte por cento de veces superior: *no intre atopei un amigo moi gordo*...; *alí atoparemos os antecedentes da cruz moimental*...; *Xa ves*, *Manoel*, *como me atopo de lazarado*..., *No lugar en que se atopaba o esprito*...

Os escritores modernos que viven actualmente, dos que teño analizada por completo algunhas das súas obras, esqueceron na práctica do uso da lingua o emprego de **topar** e prefiren sempre empregar **atopar**, como vemos nestas frases de Fernández del Riego: *Atópase a máis de vinte pasos do eirado*; C. Casares: *atopou sitio libre e sentouse*; Freixanes: *perdera a cabalgadura*, *que non se volveu atopar*; X. Alcalá: *atopei os meus socios esperando por min no hall*; Rábade: *atopeime de novo na Praza elipsoidal*; U. Heinze: *non me atopo ben*, *non me atopaba con ánimo de estudiar*; D. X. Cabana: *atopáronse nunha galería á que daban corenta portas*; Gonsar: *non atoparon a ningún viaxeiro que quixese subir*; S. de Toro: *foi o máis bonito que atopei*, etc.

Pero teño que dicir que a miña afirmación de que os escritores modernos esqueceron o uso de **topar** non é absoluta. Nalgunha ocasión ou mellor dito nalgún texto si aparece **topar**. Véxase esta frase de D. Cortezón en *A vila sulagada*: *¿Que atopaches*, *meu San Xoan? Topei lobos e lobiños*. Neira Vilas, M. Ferrín, A. Conde, fan moito uso de **atopar** (*Un día contou que atopara chorando á muller do ferrador*..., *atopabámonos nunha gándara alongada e cha*..., *cando chegaron á cafetería atopárona pechada*), pero atopei esta frase de Neira Vilas: *Non era doado topalo*, estoutra de M. Ferrín: *Olla que boas mozas non foramos ir topar aló* e estoutra de A. Conde: *cada vez que se topaba coa filla dunha antiga moza del*...

En fin, **atopar** é máis empregado actualmente na literatura que **topar**...

XII. ÍNDICES

VOCES GALEGAS

a 141, 181, 205, 230, 243, 251, 388, 502, 504, 508, 705, 999, 1001, 1058, 1066, 1165, 1220
á 833, 985
a borbullóns 804
a calar 43
a carón 504
a carón de 504
a carranchapernas 873
a cegas 1064
á dereita 1016
a doután 1067
a escuras 1064
á espreita 1190
á fin 602
á fronte 1165
á mangarra 924
á mantenta 232
a ollo 1182
a orza 1078
a penas 1220
a pinote 685
á porfía 678
á rapada 1148
a rente 504
a retesía 678
a rolos 680, 1093
a tentas 1064, 1193
a toa 1066
á toa 1066
a toas 1066
a treu 1066
á túa 1066
á xaneira 99
aba 303
abacelar 748, 749
abadar 1262
abaduar 1271
abafado 788
abafallar 1195
abafan 790
abafante 788
abafar 281, 788, 1195, 1268
abafexar 1195
a-b-aira 22
abaixo 995
abala 760
abaladura 760
abalamento 760
abalar 759, 760, 761, 762, 763
abalear 761, 762, 763
aballoan 790
aballoar 789
abalo 760
abaloirar 511, 759
abalón 760
abanadoiros 762
abanadores 762
abanar 762, 763
abandallado 645
abanea-la 1316
abanear 761, 762, 763, 1316, 1317
abanearse 1316
abanicar 762
abanicarse 762
abanico 762
abanicos 762
abano 762
abanos 762
abañóns 306
abarautar 325, 1065
abarballar 324
abaritán 1332
abaroutar 325
abas 303
abatido 1355
a-b-auga 22
abeacas 303
abeatado 1332
abecas 303
abeirarse 108
abella 92
abelloca 757
abellón 781
abeluria 757
aberto 162, 501
abesourar 1186, 1187
abesouro 781
abesouros 1186
abesullar 298, 1186, 1187, 1296
abesullóns 1186
abiacas 303

abican 1314
abicar 1314, 1315
abiecas 303
abirta 1123
abirtas 1123
abiscar 1172
abisma 847
abismar 847
ablandar 860
abocan 1315
abocar 1202, 1315
abogado 511
aboiar 299
aboladuras 797
abolamos 797
abolar 797
abombar 696, 702
abondo 146
aboquen 1315
aborrecer 107, 575
aborrecerse 107, 575
abortelar 745
abotoar 717, 1118
aboubado 1275
aboubar 1275
aboubarse 1275
abourar 1160
abouxar 696, 1217, 1275
abraiado 1286, 1288
abraiante 1286
abraiar 1286
abraio 1286
abrancazado 539, 1298
abrancuxado 539, 966
abrancuxar 966
abrancuzado 539
abrandar 860
abranguer 1383
abrasar 887
abrazadeira 581
abrazar 581
abrazo 581
ábrego 1100
abrente 53, 54, 463
abril 117
abri-lo 52, 54
abrochar 717, 1117, 1118, 1119
abrocho 1117, 1118
abrochos 1117, 1118, 1119
abrollar 717, 1118, 1119
abrollo 717, 1118, 1119
abrollos 1119
abroncante 945
abrotar 1118
abrourar 887, 1160
abrouxador 1275
abrouxar 696, 1275
abrula 757
abruñeira 1124
abruñeiro 1124
abruño 1124
abruños 1124
abuado 1239, 1240
abufadas 815
abufar 815
abufiñar 816
abuguinar 696
abuligar 802
abulla 803
abullar 803
abundancia 41, 1386
abundanza 41
aburado 542
aburar 542, 887, 1160
aburatar 558
aburrir 107
abuxar 696
acá 514
acaba 503
acabar 169, 503
acabicornar 1141
acaboardar 756, 1141
acaboarmar 756
acabramado 1141
acabramar 756, 1141
acabramo 756, 1141
acadar 1383
acadarmar 1141
acadegados 937
acadegar 937
acadermar 756
acaer 479
acaloumiñar 288, 1279
acaloumiñeiro 288
acambrado 662
acambrar 662
acamurzado 550
acandilar 1163
acanea 763
acaneadallos 763
acaneadoiros 763
acaneamos 763
acanear 763, 1316
acanelado 550
acanigadoiro 323
acanigadoiros 763
acanigar 763
acañadeira 467
acañar 467
acariñar 1279
acaroar 504
acaso 993, 1066
acatamento 73
acatar 73
acazapar 1184
acedo 790
aceifas 687
aceitar 473, 474
acender 162
acendido 162
aceptabilidade 473
aceptable 473
aceptación 473
aceptar 473
acepto 473
acerriquitar 675
aceso 162
acetar 473
aceutar 473, 474
acexar 98, 1189
achegar 748
achoer 1128
achoír 1128
achourilar 696
achousar 1129
achuír 343, 1128
achuírse 1128
aciagas 1305
acinzar 976
acio 667
aciriscar 1299
acirrar 675
acirriscar 1299
aclarar 1095

aclarear 1095
aclise 21
aclises 21
acó 514
acoallar 749
acoañar 467
acobexar 226
acochar 300, 1251
acocharse 300
acoeirar 749
acogular 683
acoitadamente 301
acoitado 301
acoitador 301
acoitamento 301
acoitante 301
acoitar 301
acolá 515
acolar 749, 750
acollerse 108
aconchado 1096
aconchegan 748
aconchegar 748
aconchegarse 1303
acontecemento 442
acontecer 442
acoramento 1267
acorar 273, 1113, 1227, 1267
acorarse 1227
acoro 1267
acostumarse 68
acostumemos 68
acostumouse 68
acoubar 458
acougar 458
acougo 458
acrarear 1095
acribar 746
acrís 21
acrises 21
actividade 28
acto 28
actor 1054
acuartelar 534
acubillar 226
acuchar 300
acudir 9
acugular 683
acugularse 1303
acumular 683
adaitar 474
adaptar 474
adecatarse 73
ademais 996
adeministración 29
adeministrador 29
adeministrar 29
adeministrativo 29
ademirable 29
ademirar 29
ademisible 29
ademisión 29
ademitir 29
adenta-las 776
adentar 776
adentrar 872
adentro 872
adentros 872
adepto 474
adequirir 29
adeuto 474
adevertir 29
adiantamento 442
adiantar 442
adival 873, 978
adiviñación 876
adiviñar 876
administración 29
administrador 29
administrar 29
admirado 1288
adoa 1248
adoado 630
adoas 1248
adobar 302
adobiar 302
adobío 302
adobo 302
adoecer 599
adoitivo 474
adolescencia 42
adoptivo 474
adorar 1012, 1013
adormecer 93, 866, 1373
adormentar 93
adormiñador 1373
adormiñar 1373
adourar 1012, 1013, 1014
adovea 861
adozar 650, 905
adrar 478
adrede 232
adrentar 872
adrento 872
adrentos 872
adro 893
adubar 302
adubo 302
aducir 440
aduela 861
adurmiñar 866, 1373
advogado 511
afacerse 68
afagador 1244
afagar 679
afastado 724
afección 1011
afeccionado 1011
afeccionar 1011
afectado 1288
afectivo 1011
afecto 1011
afectuoso 1011
afeitivo 1011
afeizoado 1011
afeizoar 1011
afeizón 1011
aferrollado 608
aferrollar 608
afeto 1011
afeuto 1011
afiador 1081
afiadores 1077
afiar 1077, 1081
afiarse 1077
aficado 594
aficioado 1011
afición 1011
aficionado 1011
aficionar 1011
afilladas 774
afillar 717, 1119
afirmar 931
afíxose 68

aflicción 1215
aflictivo 1215
aflicto 1215
aflixidamente 1215
afliximento 1215
aflixir 1215
aflorar 1277
afloxar 1031
afociñar 1208
afogar 1265
afogar(se) 157
aforranchín 631
aforrechas 631
aforrichas 631
aforrón 631
afoutado 834
afoutar 834
afouteza 834
afouto 834
afrenta 1167
afrentar 1167
afriar 315
afrixir 1215
afrixoados 988
afroante 1277
afroar 1277
afrolar 1277
afrontar 1167, 1266
afrontas 1167
afrorar 1277
afroxar 1031
aga 70
agá 70
agabar 1320
agachar 300, 1251
agacharse 859
agaitar 1187
agallopado 721
agallopan 721
agallopar 721, 954
agalopar 721
agamuzado 550
agarimador 108
agarimar 108, 1279
agarimarse 108
agarimeiro 108
agarimento 108
agarimo 108, 957
agarimosamente 108
agaroufar 451
agarrar 1339
agarrarse 1339
agarrou e fundou 176
agás 70
agasalla 897
agasallar 897
agasallo 897
aglaiante 1289
aglaiarse 1289
aglaio 1289
ágoa 180
agochar 300
agoirar 345, 1227
agomar 717, 1118
agonioso 594
agora 151, 219, 232, 234, 991, 1005, 1006, 1007
agorentar 389
agosto 122
agregar 583
agrelar 1119
agrelo 470
agrilar 1119
agrilloar 609
agriloar 609
agrisallado 1298
agro 470
agroman 1118
agromar 717, 1118, 1119
agrumar 717, 1118
agua 180
aguchar 300
agueitar 1187
águia 507
aguias 584
aguillada 1233
agurra 676
aguzar 1077
ahora 219
aí 515
a-i-aira 22
a-i-alma 22
a-i-augua 180
aier 519
ailí 514
aiquí 514
aira 85, 86
aire 1100
aireada 1100
airela 1100
airexa 81
airexada 1100
airexas 1100
airiños 1100
airón 1100
airóns 1100
aixada 86
aixadón 86
aixiña 94
aixola 86
alá 514
ala 985
alaar 694
alabar 1261
alabear 303, 1261
alabeeiro 303, 1261
alabeeiros 1261
alacrán 240
alacráns 239
alagar 731
alaiar 694
alapear 1106
alaranxado 552
alarba 1282
alarbe 1282
alarbio 1282
alarga 446
alargamento 446
alargar 725
alargo 446
alarido 694
alas 985
alasar 1266
alaudar 304
alaudo 304
alba 54, 540, 967
albacento 1298
albadear 1095
albado 1095
albar 540, 966, 967, 1095
albarda 1218
albarear 1095
albariña 240
albariñas 240

albariño 240, 540, 967
albarizo 1298
albear 540
albeirar 540
albeirizo 540, 967, 1298
albeiro 540, 967, 1298
albeirón 967
albeites 1154
albelo 540
albendarse 451
alberizo 967
albino 540, 967
albiño 967
albiscar 1172, 1296
albixeira 928
albo 540, 967
alboio 1132
albor 53, 54, 1285
alborada 54
alborar 53, 1285
alborear 53, 1285
alborexar 53, 1285
alborexo 54
alborotador 1272
alborotar 770, 1272
alboroto 1264
albres 179
albrexar 53, 1285
alburgueiro 428
alcacede 422, 564
alcacel 564
alcacén 422, 564
alcacer 422, 564
alcadar 1383
alcagote 646
alcagüetar 646
alcagüete 646
alcagüeteiro 646
alcaiota 646
alcaiotar 646
alcaiotas 646
alcaiote 646
alcaiotear 646
alcaiotería 646
alcaiotes 646
alcance 1383
alcanzar 1383
alcatra 600
alcatrán 600, 789
alcatrean 790
alcatrear 600, 789
alcatrén 600, 789
alcatrón 600
alcolito 994
alcolitro 994
alcrocas 774
alcroque 757
alcuma 489
alcumar 489
alcume 489
alcumio 489
alcuña 489
alcuñar 489
alcuño 489
aldeola 667
aldraxada 1214
aldraxado 1214
aldraxar 1214
aldraxe 1214
aldraxeiro 1214
aldraxes 1214
aldraxo 1214
aledarse 451
alegrarse 451
aleonado 550
alexar 517
alfar 310
alfear 310
alferga 935
alferrón 305
alfinete 305
alfitomancia 876
alfomas 38
alfombra 33
alfombras 38
alfoz 258
algacén 564
algara 269
algaras 269
algarear 269
algareiro 269
algareo 269
algaribo 932, 944
algueiro 829
alguén 172
algún 516
algunha 46
algures 516
alí 514, 515, 516
alicerces 1294
-alleiro 1312
alma 22, 140
almacio 99
almadreña 930
almafí 710
almallo 99
almasí 710
almorzar 96
almorzo 96
aló 514
aloirar 549
alolado 574
alolear 574
alomenos 508
alongado 724
alongamento 446
alonxar 517
aloumiñar 288, 1279
aloumiñeiro 288
aloumiño 957
aloumiños 288
alourar 549
alpabarda 584
alpabardo 584
alpendre 1132
alporizar 770
alpurizar 770
alpurneiro 1332
alquilar 103, 831
alquiler 831
alquitara 600
alquitarar 600
alquitaras 600
alquitareiro 600
alquitrán 600, 789
alquitrén 600
alta 99
altasebes 306
aluadas 1222
aluado 1222
aluarado 1222
aluarar 1222
alucar 1187
alucinados 1288

aluga 103
alugable 831
alugador 831
alugamento 831
alugar 103, 831
alugo 103
alugueiro 103, 831
aluguer 831
alumar 597
alumarse 520
alumbrar 597
alumbrigar 53
alumear 597
alumiñar 288
alumiñeiro 288
alunadas 1222
alunado 1222
alunarada 228, 1222
alupar 1187
alvado 306
alxaba 928
alxabeira 928
alxibeira 928
alxófar 278
alxofran 964
alxofre 278, 964
alxofres 278
alxoufre 278
alxóuxara 278
alxóuxere 278
alzar 864
amábel 197
amable 197
amaecer 52, 52,1285
amagallar 879, 1326, 1382
amagallo 879
ámago 306
amaiar 1159
amaicer 1285
amainar 1254
amaiolarse 1159
amalo 507
ámalo 507
amañador 47
amañar 47, 259
amañecer 52, 53, 54, 506, 1285
amañecida 53, 54
amañescer 506
amarela 548
amarelado 547, 548, 550
amarelar 548
amarelecemento 548
amarelecer 548
amarelecido 548
amarelento 548
amareleza 548
amarelle 548
amarelo 547, 548, 971
amarelos 547
amasillo 741
amasixo 741
ámbar 861
ambente 27
ambiente 27, 463
ámbito 25, 38
ámbolos 507, 508
ambre 861
ambrulleiro 1124
ameixa 338
ameixolos 1124
ameixóns 1124
ameixos 1124
amencer 52, 1285
amendar 482
amendo 482
amerarse 811
amesuga 306
ametencia 455
ameter 455
ámeto 25, 38
amical 512
amiga 512
amigable 512
amigallos 512
amiganza 512
amigar 512
amigo 512, 1019
amigolos 512
amigotes 512
amistade 512
amistante 945
amistar 512
amistoso 512, 945
amizoso 512
amoado 636
amoar 636
amocar 1228
amocarse 1228
amolar 1077, 1228
amolarse 1228
amolecer 93, 860
amolentar 93
amolezo 860
amontear 748
amontoar 683, 748, 1303
amontoarse 1303
amontonar 683
amordicar 776
amordico 776
amordicón 776
amordiscar 776
amorear 1303
amorrar 636
amorriñarse 636
amorroarse 636
amosar 459
amoscar 776
amosegar 776
amostrar 459
amoucar 1228
amoucarse 1228
amoxegar 658
amozcar 776
ampear 1266
ampexante 1266
ampexar 1266
ampolas 1082
amuado 636
amuar 636
amurcian 790
amurciar 789
amusgado 1122
anabolena 935
anaco 368
anaina 657
anainar 657
ananos 935
anciá 1224
ancián 1224
anciño 24, 106
anciños 556
andáchedes 481
andado 1224
andamos 443

andar 99, 132, 568, 584
andar ás baroutas 325, 235
andar ás turras 434
andar de ruada 568
andar ós pibardos 584
andar ós pibarzos 584
andar ós pigardos 584
andas 668
andástedes 481
andazo 213
andias 668
andola 779
andoliña 779
andorga 576
andosca 1145
andosco 1145
androllas 580
androllos 580
aneboar 807
anebrar 807
anegrado 542
anegrar 542
anegrazado 542
anegrazar 542
anegrecer 542
anegrecido 542
anegrexado 542
anegrexar 542
anel 898
anelo 898
ánema 25
angarela 668
angarelas 578, 668
angarellas 668
angarello 668
angarellos 668
angarilla 668
angazo 106
angazos 556
angueira 212, 578
angumiños 306
anil 546
anilar 546
anilina 546
ánima 25
animais 498, 499
animal 498, 499
animales 498, 499
animarse 451
animás 498, 499
animoso 625
aniño 1144
anís 904
anisado 904
aniscar 1158
ano 1224
anoitecer 575
anoso 1224
anoxar 1230
anoxo 1230
anozcar 776
antebrazo 581
anteonte 126
antes 151, 235, 519
antesdonte 126
antipatía 1185
antonte 126, 151
antontes 126
antramentras 1004
antrementres 1004
antroido 24
antronte 126
anublado 1097
anubrado 1097
anucida 77
anugallado 936
anugallar 936
anunciar 45, 857
anuncio 45
anxada 86
ánxel 201
anxeliño 201
anxiño 201
anxo 201
anxos 201
añagoto 1144
año 1144, 1145, 1322
años 1144
añoto 1144
ao menos 508
apaiolado 385
apalleirar 1131
apalpadela 656
apalpadelas 658, 1066
apalpar 656, 658, 1056, 1150, 1193
apampado 1287, 1304
apampanado 1287, 1304
apaña 764
apañada 764
apañalas 764
apañan 764
apañar 764, 1139
apañarse 764
apaño 764
aparecer 39
aparencia 463
aparescer 39
aparesible 485
apartado 724
aparvado 933, 1276, 1304
aparvar 906
apatetado 1229
apatetar 1229
apegar 864
apenado 1220
apenar 1220
apenas 1220
aperta 460, 475
apertar 460, 475, 1326
apertarse 954
apertas 475, 476
apertos 475
apestado 787
apestan 790
apestar 787
apestoso 787
apexar 1142
apinar 685
apiñarse 1303
apiñocar 1303
apiñocarse 1303
apiñotado 1096
apiñotarse 1303
apirucada 1307
apirucado 1307
apirucar 1307
apirulado 1307
apirular 1307
apisoar 1326
aplacar 307
aplastar 1382
apoiar 931
aporcar 748, 749, 750
aporrear 675

aporroar 675
após 613, 999, 1001, 1002
após de 999
apósito 849
aposta 232
apostema 980
apoupar 656, 1056, 1150
apoupear 656
apoupeo 656
apoupiñar 1056, 1057, 1193
apoutiñar 1056, 1193
apouvigado 308
apouvigar 308
apoxar 674
apracerse 451
apregadura 864
apregar 864
apreixar 1310
apreixoar 1310
apremiar 1382
apretar 475
apretas 475, 476
apto 474
apunta-lo 52, 53
apupada 1150
apupar 1150
apupeiro 1150
apupo 1150
apupón 1150
apupos 1150
apurar 770
apuros 951
apurrar 675, 770
apurrir 675
apuxar 674
aquecer 135, 479
aquecimento 135
aqueirar 751
aquel 155, 236, 507, 515
aquela 236, 507
aquelado 606
aquelar 606
aquelas 236
aqueles 236
aquelo 236, 606
aqueloutrado 606
aquentar 134
aqués 236
aquí 504, 514, 515, 516
aquilo 236, 606
ar 309
arador 780
arar 780
arastora 1007
árbol 179
arbolar 864, 865
arboledas 179
arboledos 179
arborados 179
arborar 864
árbore 179, 864
arborecer 179
arboreda 864
arboredas 179
arboredos 179
árbores 179
arborexar 179
arborista 179
arbre 179
arbulaban 865
arbular 865
arcacel 422
arcacén 422, 564
arcas 1257
arda 449
ardela 449
ardentía 131
arder 309
ardilla 449
ardillar 449
ardilleiro 449
ardío 131
ardorío 131
areal 1037
areeira 1037
areeiro 796
areixa 780
arela 309
arelar 309
arengo 780
arestora 1007
arfados 310
arfar 310, 1268
argadelo 311
argallada 1273
argallán 1273
argallante 1273
argallar 865, 1242, 1273
argalleiro 1273
argalleiros 1273
argana 829
argaxo 829
argazo 1307
argoeiro 829
árgoma 829
argubaxo 829
argueiro 829
argumentar 865
aristón 862
arma 537
armallo 99
arnean 406
arpa 688
arquexar 1268
arrabal 704
arrabalde 704
arrabaldo 704
arrabañar 1138, 1139
arrabaño 1138
arrabear 953, 1138
arrabechar 953
arrabento 946, 953
arrabexo 953
arrabiar 953
arrabicar 953
arrabio 953
arramada 1222
arramados 1222
arramallados 1222
arramblar 1121
arrampar 1121
arramplar 1121
arrán 240
arrandeadoiro 763
arrandea-las 1317
arrandear 763, 1317
arrandearse 1317
arrandiadoiro 1317
arrebañar 1139
arrebaño 1139
arrebolar 765
arrecer 1104
arredado 724
arredar 312, 315

arredarse 312
arredor 258, 705
arredor de 705
arredores 705
arredrar 312
arrefacerse 1386
arrefecer 1104
arrefeigar 1262
arrefeitado 1386
arrefeitados 1386
arrefeitar 1386
arrefeito 1386
arrefíar 315
arrefriar 315, 1101, 1102, 1104
arrefrío 1102, 1103
arregañan 771
arregañar 286, 771, 1138
arregañarse 286
arregar 1110
arregazar 1262
arreguizar 1103
arreguizo 1103
arreitar 841
arreito 841
arreloado 1255, 1276
arreloar 1255, 1276
arreluar 1255
arreluarse 1255
arremangar 1262
arrempuxar 674
arrendador 830
arrendamento 830, 831
arrendar 103, 750, 830, 831
arrendatario 830
arrendo 830
arrentar 504
arrepañar 1139
arrepía 1103
arrepiante 319
arrepiar 315, 319, 770, 1102, 1103, 1104
arrepío 136, 319, 1103
arrepíos 1103
arrepuiñar 1103
arrepuxa 674
arrepuxar 674
arrequentar 134
arrevesado 1364
arrexuntarse 1303
arriba 347, 995, 996, 997
arriba de 995
arriloar 1255
arrimar 314
arripiar 319, 1102, 1103
arripíos 1103
arriscado 313, 625
arriscamento 313
arriscar 313
arriscarse 313
arrizar 675
arroallo 1333
arrocar 1147
arrodear 1092
arrodeo 1092
arrofiar 1102
arrofío 1102
arrogancia 41
arrogante 635
arroibado 975
arroibar 975
arrolar 657, 680, 681, 700, 763, 1092, 1093, 1094, 1317
arrolo 700, 1092
arrolos 680, 1092
arrombar 314
arroubar 881
arroutadas 1067
arroutos 1067
arruallo 1333
arruar 1333
arrufarse 451
arrufiar 315, 1102
arrular 657, 680, 700, 1092, 1093, 1235
arrulo 700, 1092
arrulos 680, 1092
arrumar 314
arrumbar 314
arrupiar 315, 319, 1102
arrupiarse 1102
arte 22, 140, 1345
arteiro 1244, 1345
arxentar 1044
arxénteo 540, 1044
arxento 1044
as 3, 109, 141
ás 67, 985, 1066
ás agachadas 1251
ás apalpadas 658, 1193
ás apalpadelas 658, 1056, 1193
ás atentadas 1193
ás atoutiñadas 1056, 1193
ás atoutiñadelas 1056
ás atoutiñas 1056
ás baroutas 1065
ás boleiradas 797
ás caladas 43
ás caladiñas 43
ás cegas 1064, 1193
ás escuras 1064
ás rapadas 1148
ás toas 1066
ás toutiñas 1193
ás turras 594
asacar 589
asado 579
asados 579
asar 579
asas 579
ascender 57
ascensor 57
asco 1230
ascoroso 790
ascoso 790
aseitar 1189
asemade 837
asén 780
asenso 244
asente 244
asentes 244
asento 244
asentos 244
asenxo 244
asexar 98, 275, 1189
asexo 1189
asisado 316
asisar 316
asixar 98, 275
asmar 431, 1188
asoarse 1206
asolar 465
asomade 837
asomante 837
asomantes 837

asomar 837
asombrado 1287
asombrar 1287
asombro 1287
asonancia 41
aspecto 28
aspeuto 28, 186
aspiradora 91
asquear 377
asqueroso 790
asta 1008
astra 1008
astroloxía 456
astronáutica 456
astronomía 456
astuto 934, 1345
asubiadores 699
asubiar 699
asubío 699
asucar 1109, 1268
asulagar 731
asurado 1233
ata 1008
atadallo 610
atadeira 610
atado 610
atafagar 317, 1195
atafagarse 1267
atafegado 1195
atafegar 317, 1195
atafegarse 1267
atafego 317
atanigar 763
ataniscar 776, 1158
atar 473, 610
atarañar 1057
atariñante 1057, 1216
atariñar 1057
atariscar 1158
atascar 826, 827
atascarse 826
até 1008
ateigado 682
ateigar 682, 683
ateitiñar 1056
atentar 1193
atento 1186
aterrar 747, 748, 749, 750
atestar 1170
atiaxada 1368
atiaxado 1368
atiaxante 1368
atiaxar 1368
atismar 1297
atoar 827
atobado 1146
atobar 1146
atofagarse 1267
atoladamente 1067
atolar 828
atoldado 1097
atollar 828
atónito 1287
ator 1054
atorar 827, 828, 1274
atordadas 1217
atordamento 1216
atordar 1216, 1217, 1274
atordoadas 1217
atordoado 1274, 1288
atordoamento 1216
atordoamentos 1217
atordoar 1216, 1217, 1274
atordoarse 1216
atortoirar 1274
atortorado 1274
atortorar 1274
atortoxar 1274
atorturado 1274
atoupiñar 1056, 1193
atoutaroñar 1056
atoutelar 1056
atouteñar 1056
atoutiñar 1056, 1057, 1193, 1216
atrangallado 318
atrangallar 318
atrasnado 447, 1343
atroar 696, 1217
atrollar 828
atronar 696, 1217
atruxar 1275
atruxo 693
atuar 827
atufar 1195
atuír 827
atullar 828
aturar 1275
aturdir 1217
aturular 1275
aturulo 693
aturuxar 693, 1275
aturuxo 693
aturuxos 693
atusmar 431, 1188, 1297
aubiar 407
audaz 625
audiencia 463
auga 22, 89, 140, 180, 345
auganeve 823
augardente 904
augas 180
augua 180
aula 22, 140
aular 407
aulear 407
áureo 551
autenticamente 1351
auténtico 1351
avais 499
aval 499
avalaíñas 209
avales 499
avarento 641, 934
avelaíñas 209, 436
avelairiñas 209
avelás 436
avenza 84, 455
aversión 1185
avespa 92
avespas 92
avespeiro 92
avespeiros 92
avésporas 92
avesporeiros 92
avespras 92
avespreiros 92
avesullar 298, 1186
avezados 68
avezarse 68
aviciado 790
avinza 455
aviois 4
avións 4
aviós 4

avir 455
avisar 298, 1186
avisourar 298
avistar 1172, 1296
avivar 887
avivecer 1184
avó 511
avogada 511
avogado 511
avogados 640
ávrego 1100
avutre 511
axada 86, 1100
axencia 42, 463
axenza 42
axexar 98, 275, 431, 1189, 1297
axexo 275, 431, 1189
axiña 94
axixar 98, 275, 1189
axofrar 548, 964
axotado 783
axotar 783
axóuxara 278
axóuxele 278
axóuxere 278
axouxo 278
axuntarse 1303
aza 985
azacán 320
azacana 320
azada 86
azadón 86
azafate 414
azafates 1302
azafrán 548
azafranadas 548
azapurrar 675
azas 985
azo 321
azor 1226
azorar 1226
azorarse 1226
azordegamento 1226
azordegar 1226
azoroñar 1226, 1373
azougue 861
azuado 969
azucareira 95
azucrado 95
azucrar 95
azucre 95
azucreira 95
azucreiro 95
azúes 969
azuis 499
azul 499, 546, 969, 970, 1095
azuláceo 546
azulada 546
azulado 546, 969
azular 546
azulea 546
azuleado 546, 969
azuleira 546
azulenta 546
azulete 546
azulexa 546
azulexado 546
azulina 546
azulino 546
azulón 546, 969
azur 546
azurrar 675
azuruñar 1373
baba 663, 813, 933, 1304
babaciar 813
baballa 1304
baballán 633, 1304
baballar 813
baballas 933, 1304
baballoeiro 633, 1304
baballón 933, 1304
babán 933
babar 813
babeca 663
babecas 933
babeco 1304
babián 1304
babicas 933, 1304
babilón 1304
babilonia 1304
babilónico 1304
babiolo 933, 1304
babión 933, 1304
baboqueiro 933
baboso 933, 1304
babullar 813
babuña 813
babuñar 813
babuxa 813
babuxada 813
babuxar 813, 817
babuxeira 813
babuxento 813
bacel 748
bacelar 748
bacelo 748
bachorno 138
bacoriños 101
bácoros 101
bacotear 746
bacuriños 101
badal 1086
badalada 1086
badalar 1086
badalear 1086
badalo 1086
badelada 1086
badelar 1086
badelo 1086
badoco 634
badúa 633, 634
baduán 633, 1271
baduar 633, 1271
baduás 1218
badúas 633
badueiro 633, 1271
badueiros 1218
badulaque 634, 1304
bafarada 788, 1099
bafento 788
bafexar 788, 1195, 1268
bafexo 785, 788
bafio 788
bafo 281, 317, 788, 1195, 1268
baforda 866
bafordar 866
bafordos 866
bago 272
bágoas 272
bagos 272, 771
bagullas 272
bagullo 447
bagullos 461, 1295
bagutos 771

bailache 14
bailaches 14
bailanacriba 1332
bailaste 14
bailastes 14
bailei 15
bailéin 15
bailén 15
bailín 15
baiuca 711
baixamar 501
baixío 960
baixíos 960
baixos 960
balado 1086
balambán 763
balancear 1316
balasto 737
balastro 737
balbareta 209
balbo 664
balbor 805
balbordar 805
balbordo 690, 805, 1264
balbucinte 664
balbucir 690
baldragán 645
baldragas 447, 645
baldragón 645
baldrallas 645
baldrana 645
baldregas 645
baldreira 645, 665
baldreu 447, 645
baldroas 645
baldrocas 645
baldroeira 645
baldrogas 645
baldrucas 645
ballón 789
baloca 757, 798
balocas 798
baloco 798
baloira 759
balor 789
balorecer 575
balsa 1114
balsas 1114
baltroteira 645
baluma 322
balumada 322
balume 322
balumen 322
balumio 322
balumo 322
baluro 641
baluros 641
bambalear 323
bambán 323, 763, 894
bambanear 323, 763, 1316
bambeadoiro 763
bambear 323, 763, 870, 894, 1316
bambearse 323
bambeeira 894
bambeo 323
bambolear 323
banda 645, 873
bandallán 645
bandalláns 1214
bandallas 1214
bandalleiro 645
bandalleiros 1214
bandallo 447, 645
bandallos 1214
bandeirola 667
bandouga 576
bandulleiros 576
bandullentos 576
bandullo 576
bandullos 580
baneiro 761
baneiros 746
banelo 761
banelos 746
barafunda 1264
barallán 633, 1218
baralleiro 633, 1218
barallocas 454, 633, 1218
barazos 601
barba 813
barballada 324
barballán 633, 1218, 1271
barballáns 324
barballante 1271
barballantes 324
barballar 324, 690, 1271
barballas 324, 1218, 1271
barballeiro 633, 1218
barballeiros 324
barballoada 324
barballoar 324
barballoas 324, 633, 1218, 1271
barballocada 324
barballocar 324
barballocas 324, 1271
barballoeiro 1271
barballoeiros 324
barballoqueiros 324
barballoso 1271
barballosos 324
barballotada 324
barballotar 324
barballoteiros 324
barbaña 813
barbañar 813
barbarallocas 1271
bárbaro 324, 1218
barbaxola 667
barbiquí 558
barboleta 209
barbullada 804
barbullar 804
barbullido 804
barbuña 813
barbuñar 813
barbuza 813
barbuzar 813
barda 1218
bardado 1218
bardal 1218
bardallán 1218, 1271
bardalláns 324, 1218
bardallar 1271
bardallas 324, 1218, 1271
bardalleiro 1218, 1271
bardalleiros 324
bardalloeiro 1218
bardana 1218
bardantes 70
bardar 1218
bardas 1218
bardo 1218
bardos 1218
baril 625

barnacla 986
barnaclas 986
barón 626
baroutada 325
baroutas 325, 1066
baroutear 325
barouteiro 325
barouteo 325
baroutuada 325
baroutueiro 325
barra 703, 813
barral 813
barrallar 813, 817
barrallo 813
barrazar 813
barrazo 813
barreleiras 1302
barreleiro 414
barrenar 558, 1242
barrenas 558
barreno 558
barrenos 558
barriga 576
barrigáns 576
barrigola 667
barrigolas 576
barrigolo 925
barrigón 576
barrigudo 576
barriguentos 576
barrio 703, 704, 1108
barrizar 817
barro 813
barros 562
barrosiña 562
barrosiñas 562
barrosos 562
barrufar 813
barruñar 813
barruñeira 813
barruzar 813, 817
barruzo 813
barullar 287, 386, 1272
barullas 287, 1272
barulleiro 269, 287, 386, 1272
barulleiros 454
barullentas 1272
barullo 269, 287, 846, 1264, 1272
barullón 287
barullóns 1272
barutar 745
baruto 745
basculleiro 790
basilisco 986
basto 1313
batear 490
batelada 1086
batente 463
bateo 490
bater 97, 938, 954, 1086
batibarba 1156
baticar 97
batismo 490
batugos 771
batumar 817
baúl 1257
bautismar 490
bautismo 490
bautizar 490
bavoqueiro 933
bazo 349
bazo 349, 570, 576
bazofia 739
bazuncho 576
bbocacalle 1198
beacas 303
bebemos 443
beber 712
beberaxe 712
bebida 712
becerro 174
becha 778, 780
becho 472, 778
begonia 856
begoña 856
beixar 1314
beixo 267, 1314
beizo 1194
beizos 1194
beleca 798
belecas 774
beliscar 658
belisco 658, 986
belitroque 757
bellecas 774
bemba 1194
bembas 1194
bembón 1194
ben 478, 635
beneficencia 463
berbiquí 558
berce 681, 745
bergo 1176
bergueiras 681
berro 693
berrón 328
berróns 328
berros 693
berruallo 328
bersel 745
bertel 745
bertón 681
berutar 745
beruto 745
berzo 681
besa 780
besas 780
besgo 1176
besgoño 1176
besgueiro 1176
besta 511
biacas 303
bicar 267, 1314
bicha 778
bichiños 562
bichiños de Deus 562
bicho 778
bichorno 138
bichos 240
bico 267, 1194, 1314, 1315
bicos 1194
bidueira 511
bieita 571
bilitroque 757
billa 69
billas 69
billete 37, 799
billós 777
billotes 777
bilma 847
bimar 749
bimbán 763
bimbirimbán 689
bimbirimbao 689

binar 749
biosbardos 584
biquiño 267
birbiquí 558
birimbán 689
birimbao 689
birlar 881
birlimbán 689
birollo 1176, 1177
birretas 929
birta 1123
birtas 1123
bisbardos 584
bisbarra 258
bisco 1176
bisgo 1176
bisma 847
bismar 847
bisté 1152
bizantino 900
blanco 1023, 1025
blandir 1024
blando 1023
blao 546
blasfemar 1025
blasfemia 1025
blasfemo 1025
blasón 1024
blindar 1025
blondo 1024
blondo 551
bloque 1025
blusa 1025
boá 927
boas 562
bobo 1304
boca 1196, 1197, 1198, 1199, 1200, 1201, 1202, 1308, 1315
bocaaberta 1198
bocachán 1334
bocada 1199
bocadillo 1199
bocadín 1199
bocadiño 1199
bocado 1199, 1200
bocadulce 1198
bocal 1200
bocaladas 1200
bocalán 1200, 1334
bocallada 1200
bocamanga 1198
bocana 1199
bocanada 1199
bocanal 1334
bocanoite 1198
bocaño 1199
bocapodre 1198, 1334
bocarrachada 1334
bocarría 1198
bocarribeira 1198
bocarrota 1334
bocarrúa 1198
bocas 1196, 1197
bocatella 1198
bocaza 1199
bocazas 1199
bocexar 1201
bocexo 1201
bocha 1082
bochas 1082
bochechas 926
bochechudo 926
bóchegas 1082
bocho 576
bochorno 138, 655
bochudo 926
bocoi 2, 3
bocoies 3
bocois 2, 3
bofetadas 1156
bofetóns 1156
boi 2, 3, 99, 299, 562
boia 299
boinas 929
boíña 562
boíñas 562
bois 3
bola 663, 774, 795, 796, 797, 798
bóla 765, 796, 797, 798, 799, 1248
bolacha 797
bolada 797
bolar 797
bolardo 797
bolas 795, 796, 797
bólas 796, 797
bolazo 797
bolbete 805
bolborecha 209
bolboreta 209, 562
bolboroto 805
bole 800, 801
bolear 797
boleardo 797
boleca 663, 798
bolécara 798
bolécaras 774
bolecas 774
bolecho 797
bolechudo 797, 926
bolecos 774
bolecras 774
boleira 796, 797, 798
boleiro 797
bolen 800
bolerca 798
bolercas 774
boles 800
bolete 797
boletín 799
boleto 799
boliche 799
boliches 799
boligar 802, 1323, 1328
bolina 1078
boliños 248
bollecas 774
bólo 765, 796, 797, 798
bolo 795, 797
bolos 248, 795, 796, 797, 821
bólos 796, 797
bolos de neve 821
bolote 797
bomba 702
bomba 702
bombardas 702
bombardino 702
bombas 702
bombillas 702
bombo 702
bondadoso 1298
bondoso 1298
boqueada 1201
boqueadas 1201
boquear 1201

boqueira 1200, 1308
boqueiro 1200, 1308
boquela 1200, 1308
boquelo 1200, 1308
boqueta 1200
boquete 1200
boquexadas 1201
boquexar 1201
boquilla 1200
borbete 805
borbetío 805
borboleta 209
borbollada 804
borbollar 804, 805
borbolletar 804
borbollo 804
borbollón 804, 805
borbor 805
borboreta 209
borboriñar 805
borboriño 805, 1264
borboroto 805
borborotos 805
borbotar 805
borbotío 805
borboto 805
borbotón 805
borbulla 804
borbullada 804
borbullar 804
borbullaxe 804
borbullento 804
borbullo 804
borbullón 804, 805
borbulloso 804
bordear 690
bordiar 690
borlete 757
borra 575, 627, 907
borralla 809, 1097
borralleira 809, 810
borrallento 809, 1097
borrallo 1097
borrancho 627
borrasca 813
borraxa 252, 809
borraxe 252, 809
borraxeira 252, 809, 810
borro 1144
borrón 627
bortear 745
bortel 745
bortelar 745
bosta 1259
bosteiro 790
bostela 24
botar 1068, 1069, 1070, 1071, 1072, 1073, 1119, 1153
bótar 1073
botarse 1069
botarse 1070
botelos 580
botinas 1237
botón 1118, 1119
botóns 1118, 1119
bouga 1263, 1264
boular 797
boulla 571
bourar 887, 1014, 1160
bourear 887, 1160
bouta 1259
boutismo 490
boutizar 490
bouza 720
bracear 581
braceiro 581
braceo 581
bracexar 581
bradar 326, 406, 537, 692
brado 326
brados 326
bramar 692, 694, 696, 1233
bramidos 694
branca 537
brancacento 539
brancal 539
brancas 966
branco 21, 537, 538, 539, 540, 541, 966, 968, 1023, 1025
brancuxar 966
brancuxento 966, 1298
brancuxo 539
brancuzo 1298
branda 651, 653
brandamente 651
brando 537, 651, 652, 653, 1023, 1036, 1290
branqueado 539
branquear 539, 966, 1095
branquecho 539
branqueiro 539
branqueiros 1298
branquexado 539
branquexar 539, 966
branquicentos 1298
branquizo 539
branquizos 1298
brasfemar 1025
brasón 1024
bravo 769
braza 581
brazada 581
brazadas 581
brazado 581
brazados 581
brazal 581
brazalete 581
brazo 581
breca 817, 1175
brecar 817
brecas 1175
breco 1175, 1177
bredo 537
bregueiras 681
bremante 1233
bremar 1233
breque 1175
brétema 252, 808, 809
bretemada 809
brétemas 809
bretemoso 809
brétima 252, 808
brétoma 252, 808
bretón 681, 945
bretonante 945
brezar 681
brezo 681
brilante 37
brilar 195
brilaron 35
brillante 37, 195, 1353
brillar 37, 195
brillaron 35

brillo 37, 195
brilo 195
brinca 895, 1073
brincadeira 895
brincar 451, 895, 1024
brinco 895
brindar 1025
brinquedo 895
brinqueta 895
bris 1100
brisa 1100
brisas 266
brita 1123
britar 1123
britas 1123
brizado 913
brizadora 913
brizar 681, 913
brizo 681, 913
broa 327
broca 558, 779
brocar 558
brocha 1082
brochas 1082
brochear 1082
brochos 1117
broeiro 327
broeiros 327
broma 779
brondo 551, 1024
brosmo 1313, 1380
brotar 717, 805, 1118
brote 805, 1118, 1119
brotel 745
brotes 1118, 1119
broulla 571
bruar 406, 690, 692, 694
bruiar 692
bruído 692
bruídos 694
bruír 692
bruir 696, 1275
bruma 812
brume 571, 812
bruños 1124
brusa 1025
brúxula 862
buco 1308
bufa 815
bufador 815
bufan 815
bufanda 816, 927
bufar 815, 816
bufarada 815
bufarda 816
bufardar 816
bufardas 62, 816
bufardo 816
bufardos 62
bufareira 816
bufarra 816
bufarro 816
bufeiro 815
bufentas 815
bufete 816
bufido 815
bufidos 815
bufiñada 815
bufiñar 815
bufiñón 815
bufo 815, 816, 1239, 1240
bufos 815
bugle 695
búho 1240
bula 798
bular 798
bulda 798
bulebule 218, 801
buleca 798
buleira 798
bulerca 798
bulercas 774
bulicio 801, 1264
bulicioso 801
bulideiro 218, 801, 1221
bulideiros 801
bulides 800
bulidoiro 801, 1221
bulidor 801
buligar 802, 1323
bulimos 800
bulindo 801
bulir 9, 266, 800, 801, 802, 803, 1323
bulisco 801
bulla 803
bullanga 803
bullangueiros 803
bullar 772, 803, 804
bulleira 803
bulleirento 803
bulleiro 803
bulleiroso 803
bullercas 774
bullós 777
bulo 800
buraco 711, 1308
buracos 669
burato 711, 1308
buratos 669
burbuleta 209
burbulla 804
burbullar 804
burdel 713
burdiar 690
burgazos 777
burras 371
burros 328
burruallo 328
buscapreitos 640
bustela 24
butelos 580
ca 143
cá 145
cabalo 37
cabecear 666, 1162
cabeceiro 1162
cabecha 561
cabeza 594, 1169, 1316
cabezada 1162
cabezadas 1162
cabezado 1170
cabezal 1162
cabezallo 594
cabezán 594, 1170
cabezo 867
cabezolos 617
cabezón 594, 1170
cabezudo 594
cabezudos 617
cabicha 561
cabicornar 1141
cabicorno 1141
cabo 561, 756, 1141
caboardo 1141

caboardos 1142
cabramo 756, 1141
cabramos 1142
cabrunco 571
cachazudo 940
cacheiro 769
cacheno 471
cachetada 905
cachetadiña 905
cachete 905
cacheteándoo 905
cachetear 905
cachetes 905, 926, 1156
cachetudos 926
cachifro 557
cachimba 559
cachimbar 559
cachimbos 559
cacho 361, 769
cachola 594
cacholán 594
cacholo 594
cacholudo 594
cachourizo 769
cacifeiros 557
cacifo 557
cacifro 557
cada 142
cadamollo 1386
cadanseu 147
cadanseus 147
cadansúa 147
cadansúas 147
cadarme 756, 1141
cadarmes 1142
cadáver 187
cadavre 187
cadea 756
cadeira 852
caderna 529
cadernal 529
caderno 529, 530
cadernos 529
cádiga 937
cadra 992
cadrado 531, 532
cadradura 532
cadrante 532
cadrantes 199
cadrar 531, 532, 992
cadratura 532
cadrelo 531
cadrícula 532
cadricular 532
cadriga 532
cadrilla 532
cadrillada 532
cadrilleiro 532
cadrivio 532
cadro 530, 531, 532, 533, 534, 852
caente 132
caer 467, 479, 851, 852
café 904
cafeses 2
cagachos 617
cágado 617, 618
cágados 617
cagainas 618, 631
cagallas 618, 631
cagallón 618
cagán 618, 631
caganetas 618, 631
cagar 617, 618, 631
cagarolas 618, 631
cagarreta 631
cagarría 631
cagarriñas 618
cagarrios 492
cagarrón 618
cagatinta 618
cagatintas 618
cagotes 617
caguelas 618, 631
caguicas 618, 631
caguiñas 618, 631
cagulos 617
caída 851
caiguiñas 618
caír 851, 852
cairas 852
cairento 851
cairo 751, 851, 852
cairos 285, 851, 852
cais 4
caixa 335
caixas 335
caixón 24
caixóns 335
cal 74, 75, 174, 499, 708, 889
calabre 187
calabres 187
calacear 628
calaceira 628
calaceiro 628
caladiño 698
calado 698
calafrío 136, 1104
calamar 907
calambrazo 662
calandra 728
calandras 728
calandrias 728
calar 43, 628
calavera 187
calaza 628
calazo 628
calcar 1326
calcio 45
calda 129
caldadas 129
caldarexada 130
caldas 127, 129
caldear 129
caldeira 130
caldeirada 130
caldeiro 130
caldexada 130
caldo 127, 128, 129, 131, 132
caldos 127, 129
caldrumada 130
caldrupada 130
cale 889
calefrío 1104, 136
calella 1256
calello 1256
calentura 133
cales 499
calexa 1256
calexón 708, 1256
calfar 83
calimbornio 695
calistro 823
callado 500
callafrío 136, 1104

callar 136, 823
calle 823
callefrío 136, 1104
callentura 133
callofrío 136, 1104
calmar 1268
calmear 1268
calmizo 138
calmo 1254
calmucio 138
calmurcio 138
calmuxo 138
calofrío 136, 1104
caloña 611
caloñar 611
calor 136, 138, 1104
calorizo 138
calqueira 46, 115, 191
calquer 46
calquera 46, 115, 191
calumnia 611
calva 663
calvo 663
camada 888
camáldulas 643
camaldulenses 643
camáldulos 643
camándula 643
camándulas 643
camandulear 643
camanduleiro 643, 1332
camastrón 1282
cambal 752
cambia 662
cambra 33, 662
cambrar 33
cambria 662
cambril 910
cambro 662
camiño 38
camiños 707
campa 1084
campá 1084, 1086
campaíña 1086
campán 1084
campana 1084, 1086
campanario 1086
campanas 1085
campaneiro 1085, 1086
campanil 1086
campaniña 1086
campánula 1086
campanuláceo 1086
campas 1085
campás 1085
campas 669
campeche 963
campelo 470
campo 470
camurza 550
can 620, 851, 916
cana 763, 915
canalón 889
canas 1063
canastro 414
canastros 1302
canaveira 915
canaveiral 889
canciles 331
canción 1278
candea 329
candeas 329, 825
candeloria 329
candeolos 825
cándido 540
candieiros 329, 825
candións 825
candiotos 825
cando 67, 74, 75, 527
candonga 330
candongas 330
canear 1063
caneca 663
caneiro 889, 1114
caneiros 889, 1123
canela 550, 920
canella 708, 1256
canellón 1256
canelo 686
canga 331, 716
cangado 716
cangallas 331
cangar 331, 716
cangas 331, 716
cango 331
cangos 331
canibal 499
caníbales 499
canigote 1123
canizada 256
canle 708
canles 889, 1123
cano 889, 1123, 1298
canos 1063
canoso 1298
canouro 939
cans 4
cansado 162
cansar 1018
cansazo 213
canso 162
canta 1278
cantabamos 13
cantábamos 13
cantábanos 13
cantáchedes 481
cantada 1278
cantar 16, 100
cantarea 1278
cantareiro 1278
cantarela 1278
cantariñas 239, 240
cantastes 481
canté 505
canteiro 285
canteiros 285, 851
cantelo 686
canterlo 930
cantiño 100
canto 74, 75, 100, 505, 527, 1278
cantou 16
cañadeira 467
cañar 467
cañento 1298
caño 467
cañoso 1298
cañotas 767
cañotos 767
cañudo 1298
caparucha 775
capás 485
capela 1179
caperuzas 929
capirotes 929

capóns 777
capricornio 695
captar 474
caqui 551
cara 569, 663, 1060
carabel 414, 1302
carabela 414, 1302
carabelas 1302
carabelos 1302
carabullo 556
carabuncho 571
carabunco 571
caracha 649
caracho 649
caráchola 649
carácholas 649
caracochas 767, 1295
caracochos 767
caracolear 1063
carafe 649
caráfeta 649
carafio 649
caráfita 649
carafuruncho 571
carai 649
caraina 649
carainas 649
caralavada 447
caralla 648
carallo 648, 649
caramba 649
carambelo 49, 111, 825, 1302
carambelos 825
carambo 825
carambuxo 825
caramelo 825, 1302
caramita 862
carapa 775
carape 649
carapela 775
carapio 649
carapola 775
carápolas 649
carapucha 775
caráspeta 649
carástolas 649
caravel 1302
carazo 111, 825
carballal 203
carballeira 203, 720
carballeiras 203, 720
Carballiño 109
Carballiños 109
carballo 203
carballos 203
carbunco 571
carcoma 779
cardado 1096
carear 1060
careca 663
careixa 780
cargar 716
caricias 957
cariño 270
cariños 270
cariñoso 270
Carme 31
Carmes 31
carmesí 975
carnadura 355
carnamuza 1247
carneirán 594, 1145
carneiro 99, 594, 1145
carneirolos 1145
carneiros 1145
carniceiro 1151
carnicería 1151
caroal 736
carochas 1295
carola 492
carolas 493
caroleiras 493
carolina 901
carolo 492, 736
carolos 493, 1295
carolus 901
carón 504
carouxo 825
carozo 492, 736
carozos 493
carpanta 332
carpen 333
carpenta 332
carpir 332, 333
carpirse 333
carqueixa 715
carrandiola 763
carrañento 790
carraxe 334
carraxento 334
carraxoso 334
carraxudo 334
carreiros 708
carreteira 115
carricantas 239, 240
carricento 1122
carriola 323, 763, 894
carriolas 239
carriza 1122
carrizas 1122
carrizo 1122
carrola 492
carrolas 493
carroleiras 493
carroño 790
carrumba 922
carrupas 1295
carruxo 1144
carta 75, 124, 534, 603, 793, 1060
cartafeira 75, 76, 534
cartafol 603
cartafoles 603
cartapacio 213, 603
cartario 603
cartas 76
cartear 1060
carteira 603
cartiños 75, 899
carto 75
cartorio 603
cartos 75, 899
caruncho 779, 1328
cás 145
cas 4
casaca 66
casamento 442
casar 156, 442
casarrei 563
casca 447, 774, 775, 1295
cascalleiro 1312
cascarras 358
cascarrias 358
cascas 461, 775, 1295
casco 1074, 1108, 1135

cascos 1074, 1135
castaña 976
castañais 766
castañares 766
castañeda 766
castañedo 766
castañeira 767
castañeiral 766
castañeiro 767
castañeiros 766
castaño 549, 767
castaños 766
casteda 766
castedo 766
castenda 766
castiñeira 767
castiñeirais 766
castiñeiras 766
castiñeiro 767
castiñeiros 766, 767
castiro 767
castizo 99, 101
castrar 988
castrón 99
casula 447, 461, 1295
casulas 461, 1295
casulo 447, 461, 1295
casulos 1295
cataplasma 849
cataplasmas 849
cataprasma 849
catar 72, 73, 473, 988, 1192, 1296
catasol 73
catavento 73, 856
caterva 784
cateto 639
cativa 1181
cativado 595
cativeiro 595
cativo 279, 595, 665
catorce 74, 75, 76, 529, 530, 534
catorcena 529
catorceno 529
catorzava 529
catorzavo 529
catralbo 528
catredal 34
catro 74, 75, 76, 88, 527, 528, 529, 530, 532, 533, 534, 784
catrocentismo 528
catrocentistas 528
catrocentos 74, 75, 76, 528, 536
catropea 784
catropel 784
cauda 472
caudado 472
caudal 472
caudatario 472
caudículo 472
caudífero 472
caudímano 472
causela 335
causelas 335
cávados 617
cávadospor 617
cavilar 1242
caxatas 1137
caxatos 1137
caxigas 1295
caxotas 1137
caxotes 1137
caxotos 1137
cazo 557
cazoleiros 557
cea 96
cear 96
ceareira 423
ceareiro 423
cebo 355
ceboleiro 240
cecais 235, 990, 993
ceceante 664
cedo 54, 94
cegamente 1064
cegarata 810
cegaratas 1177
cegarato 1177
cegas 1066
cegato 1177
cego 810, 1064, 1177
cegoña 810
cegoñada 810
ceiba 336, 607
ceibar 336, 607
ceibe 336, 607
ceibo 336, 607
ceifa 687
ceifar 687
ceio 1097
celepar 820
celepas 727, 820
celerpar 820
celerpas 727
celerpos 820
celeste 546, 970
cella 921, 1178, 1179, 1180
cello 1178, 1179, 1180
celludo 921
celme 654
celmoso 654
celo 340
celosía 1076
cemento 1294
cementos 1294
cemiterio 188
cenceno 810
cencia 34, 58
cenizo 753
centea 752
centela 363
centella 363
centellear 363
científico 58
cento 528
ceo 614, 1095, 1096, 1097
cepillo 91
cera 115, 550, 977, 988
cerca 232, 517, 518
cercanía 258
cerce 337
cercear 337
cercellar 810, 817
cercenar 810
cercilla 810
cerdeira 1115
cerdeiral 1115
cerdeiras 493
cereixa 1115
cereixal 1115
cereixeira 1115
cereixeiro 1115
cerello 291, 822, 1225
cerellos 291, 1214, 1225

ceremoña 856
céreo 550
cerimonia 856
cerimoña 856
cerna 337
cerne 337, 654, 661
cernizo 661
cerollo 1124
cerote 977
cerrar 457
cerrizo 661
cerro 661
cerrume 256
cerudo 988
cerúlea 988
cerúleo 546, 988
cerullo 988
cerume 654, 988
cervichar 1299
cerxeira 1115
cerzallada 810
cerzallado 810
cerzo 810
cesta 414
cestas 414, 1302
cesto 414
cestos 414, 1302
ceu 340, 1097
cháchara 882
chafallada 1232
chafallar 1232
chafallas 1232
chafalleiro 1232
chafar 1232
chafarís 709
chafucar 1232
chafullada 1232
chafullar 1232
chafullas 1232
chafulleiro 1232
chaga 282, 1036
chaleco 484
chalecos 484
chaleque 484
chaleques 484
chalrán 633
chalupada 462
chama 192, 257, 1030, 1105, 1106, 1107
chamadeiras 1105, 1107
chamadoiras 1105
chamadoiros 1105
chamar 194, 1027
chambarico 910
chambaril 910
chamberico 910
chamberil 910
chamboril 910
chamborras 1107
chambra 33
chambrico 910
chambril 910
chamear 1105
chamiceiras 1105
chaminea 192, 1107
chamizas 1105
chamizo 1107
chamizos 1105
chamorrar 1147
chamorro 1147
chamoscar 1105
chamosco 1105
chamurra 1105
chamuscar 1105, 1107
chamusco 1105
chamuza 1105, 1107
chan 255, 464, 491, 501, 1036, 1042
chancil 910
chanfainas 580
chanfainos 580
chanta 1039, 1040
chantar 1036, 1039, 1041
chantas 1039
chantaxe 31, 200
chantaxes 31
chantos 1039
chao 255, 491, 755, 1042
chaos 491
chapa 448
chapacuña 1114
chápara 448
chapejar 1127
chapelada 462
chapeleada 462
chapelear 1127
chapeus 929
chapiñar 1127
chaplear 1127
chaplexar 1127
chapozar 1112
chapra 448
chapucar 1112
chapugar 1112, 1127
chapuleiro 462
chapuleiros 462
chapurrar 1112
chapuzar 1112, 1127
chaqueta 66
charamela 257
charamelas 257
charamenas 257
charamuñas 257
charamuscas 257
charamuzas 257
charca 981
charela 1334
charetas 257
charlatán 633
charramandeiro 1300
charramandisco 1300
charramandusco 1300
charramangueiro 1300
charro 1300
charuto 560
chata 1082
chatas 1207
chato 1044, 1045, 1082, 1207
chatola 1082
chatolar 1082
chatolas 1082
chatos 1207
chau 491, 755
chaus 491
chave 194, 1027
chavella 194
chavellas 285
chavellos 285
che 231, 496
chea 455, 684, 1127
chegar 1036
cheirar 785, 786, 789, 1030
cheirento 786
cheiro 281, 786

cheiror 786
cheiroso 786
cheirume 786
chemenea 192
cheminea 192, 1107
chemineas 1107
chemineia 1107, 192
chencha 58
chenchudo 58
cheo 1036
chepa 922
chepudo 922
cherepa 922
chiar 415, 425
chicharra 240
chicharras 239, 240
chicotada 601
chicotadas 601
chicotazo 1301
chicote 601, 1247, 1301
chicotear 601, 1301
chifradores 699
chifrar 699
chifre 699
chifro 688, 699
chimenea 1107, 192
chimeneia 1107
chiminea 1107, 192
china 1248
chinchar 875
chinchete 875
chío 415
chíos 415
chipirón 907
chirifeira 838
chisca 1173
chiscar 1173, 1174
chischís 425
chisco 986, 1173, 1175
chismeiro 428
chispa 363, 959
chisqueiro 1173
chistar 415, 425
choca 342, 1027
chocalla 342
chocallar 342
chocalleiro 1312
chocallo 342
chocar 342
choclean 342
chocletean 342
choco 342, 790
chocolean 342
chocos 907
choer 343, 1027, 1128, 1129
choerse 1128
chofles 580
chofres 580
chofreta 83
choia 352, 1235
choiar 352, 1235
choias 352, 1235
choído 343, 1128, 1129
choio 352, 1235
choir 1128
choiva 89, 553
chope 902
chopo 902
chopos 907
choquear 342
choqueira 907
choqueiras 1270
choqueiro 1270
choqueiros 1270
choquelean 342
choqueleo 342
chor 178
chora 178
chorar 97, 403, 1036
chore 178, 1030
choricar 97
chorima 178, 1030
choriquear 97
choromicada 97
choromicar 97, 403
choromicas 97, 403
choromico 97
choromicón 97
choromiquear 97
choromiqueiro 403, 933
choscar 1174, 1176
chosco 1174, 1175, 1177
choscos 1175
chou 1066
chouláns 580
choupa 1027, 1112
choupar 1112
choupear 1112
choupelada 462
chouquelean 342
chouqueleo 342
chouqueletean 342
chourelas 580
chouriza 580
chourizas 580
chourizo 580
chousa 1027, 1129
chousal 1129
chousar 1129
chousas 343, 1129
chousela 1129
chouselo 1129
chouso 343, 1129
chousos 343, 1129
chousume 1129
chousumes 1129
chousura 256
chouta 1073
chover 1036
choviña 817
choviñento 817
chuchamel 499
chuchameles 499, 603
chuchar 283, 1314
chucho 267, 283, 1314
chuchona 283
chuchonas 283
chuleta 1151
chumaceira 1247
chumbada 344
chumbeira 344
chumbeiro 344
chumbo 344, 1036
chupar 283
churrusqueiro 933
chuscada 1174
chuscar 1174
chusco 1174
chusgar 1174
chuva 89
chuvasco 89
chuvia 89
chuvieira 89
chuviña 817

chuviñada 817
chuviñar 817, 818
chuviñento 817
chuviñoso 89, 817
chuvisca 89, 817, 818
chuviscada 89, 817
chuviscar 817, 818
chuviscoso 817
chuvisqueiro 817
ciareiro 423
cibdá 1108
cibdadán 1108
cibdade 1108
cicais 235, 990
cicatriz 1157
cicatrización 1157
cicatrizante 1157
cicatrizar 1157
cicha 1299
cichar 260, 1299
cicho 1299
cichón 1299
cichos 1299
cichote 1299
cidá 1108
cidadán 1108
cidade 1108
cidra 552
cidreira 552
ciencia 34, 58
científico 58
ciereiro 423
cifra 1100
cifral 1100
cifrón 1100
cigarra 560
cigarras 239, 240
cigarreira 560
cigarreiro 560
cigarro 560
cima 500, 567, 997
cimentos 1294
cimeterio 188
cimiterio 188
cimo 567
cincento 976, 1097, 1298
cinco 485
cincocentos 88, 536
cinta 873
cinza 1097
circiar 337
circio 337
cireixa 1115
cireixeira 1115
cirello 291
cirichar 260, 1299
cirichón 1299
ciringalleiros 1214
ciringallos 1214, 1225
cirios 329
ciriscón 1299
cirolas 338
cirrichar 260, 1299
cirrichón 1299
cirurxán 190
cirurxía 190
cisma 339, 1241
cismador 339
cismar 339, 1241, 1242, 1297
cismático 339
cismeiro 339
cismón 339
citrino 550
civil 499
civís 499
clamor 194
clara 1028
clarear 194, 1095
claridade 194
claro 194, 1028, 1095, 1353
clas 1029
clase 194, 1029
claustro 194
clavar 1027
clave 1029
clavo 194, 1027, 1028
clima 1029
clis 21
clise 21
có 145
coa 468, 472
coadeiro 364
coadoiro 364
coador 364
coañadeira 467
coañar 467
coañeira 467
coaño 467
coaños 467
coar 364, 424
coarenta 530
coarta 534
coartela 534
coarto 534
cobelo 24
cobexar 226
cobizar 309
cobizoso 1260
cobo 977
cobreguear 1063
cobreluces 878
cobrer 878
cobrir 24, 878
cobrizo 975
coca 1143
cocas 1143
cocción 28
cocer 1021
cocerellos 584
cóchegas 679
cochizo 101
cocho 99, 101
cochos 1146
cocido 485
coco 1143
cocos 1143
coda 472, 909
códea 667
codelo 909
codia 667
coeiros 749
coelleira 207
coello 207
coellos 207
coenllo 207
cofar 679
cofear 679
cofia 679
cofres 1257
cogular 683
cogulo 683
coidar 1242
coima 611
coio 387

coiro 350
coita 301
coitadas 1305
coitado 301
coitar 301
coitelo 480
coixa 1136
cola 472
coldrufada 130
coleando 1063
colear 472, 1063
coleta 472
coletazo 472
colgadeiro 409
colgador 409
colgadura 409
colgallo 738
colgar 409
colgarexo 409
cólico 660
colineta 903
colinetas 903
colista 472
colledoiras 773
colleita 687
colleito 937
collemos 17
coller 16
colleu 16
colleu e marchou 176
collimos 17
colliu 16
colma 886
colmea 977, 988
colmelos 285
colmillo 285
colmo 886
colocar 409
color 110, 139
coloradas 974
colorado 972, 974
colorizo 138
columpiar 894
columpio 894
coma 144
comarca 258
cómaros 254
comedela 398
comemos 443
comencipiar 1153
comenenceiro 221
comenencia 34
comenencias 221
comenenciudo 221
comenenzudo 221
comenzar 135, 217, 1153
comenzo 217
comer 15, 237
comesta 237
comestes 481
comesto 237
comezar 135, 217, 1153
comezo 43
comiamos 13
comichar 948
comida 386
comida 96
comido 237
comín 15
como 144
compango 249, 483
compangueiro 249, 428, 1244
compás 862
complacer 1038
complir 1049
compoñedor 47
compoñedores 1154
compostor 47
compostores 1154
compracer 1038
compracerse 451
comprar 1049
compre 1049
cómpre 1049
comprimir 1326
comprir 1049
con 494
conceito 474
concencia 34, 463
concepto 474
conceto 474
conceuto 474
concha 492
conchas 1096
concheiras 493
concheiros 493
concho 492
conchos 492
conciencia 34, 463
concordancia 41
concorrencia 463
concrio 341
concro 341
conduces 20
conducir 440
conduxen 20
conduxera 20
conduza 20
conduzo 20
conecer 1021, 1022
conexeira 207
conexo 207
confianza 41
confrontar 1167
confuso 1276, 1364
cóngaro 341
cóngoro 341
congostra 707
congregar 583
congregarse 1303
congrio 341
congro 341
conhro 341
conmovido 1288
connosco 494
conocenza 1021
conocer 1021, 1022
consciente 463
consecuente 27
conseguir 1383
considerar 1191
cónsul 499
cónsules 499
conteira 608
contemplar 1050, 1191, 1297
contempración 1050
contemprar 1050, 1191
contentarse 451
contente 963
contento 963
continxencia 463
contiñeiro 339
conto 1094
contorno 258

contra 54, 1005
conturbado 1288
conturbar 1226
convenencia 34, 221
conveniencias 221
conventículos 713
convosco 494
conxa 1136
conxecturar 1242
conxelador 49
conxelar 49, 824
conxigón 1136
coñac 904
coñecedor 1022
coñecemento 1021, 1022
coñecencia 1022
coñecenza 1021
coñecer 444, 1018, 1021, 1022
coñecible 1022
coñecido 1022
coñecimento 1021
coñezca 5
coñezco 5
coñezo 444
coñocer 1021, 1022
coñocer 1021, 1022
copo 822
coqueiros 1143
cor 110, 139
cora 139
corar 139
coraxe 334
corazón 954
corcova 922
corcovado 922
corda 873, 978
cordas 500, 978
cordeiro 1144
cordeiros 1144
cordel 873, 978
cordella 873, 978
cordiña 873, 978
cordón 873, 978
corenta 76, 530
corentavo 530
corentena 530
corentenario 530
corenteno 530
corentón 530
coresma 76, 530
coresmal 530
coresmar 530
corga 566, 707, 1114
corgo 566, 707, 1114
corgos 566
corisca 823
coriscar 823
corisco 823
corna 758
cornadas 758
cornadura 758
cornal 758
cornamenta 758
cornamusa 688, 1247
cornamuza 1247
cornán 758
cornea 758
córnea 758
corneando 758
cornear 1245
cornechas 758, 1295
cornecho 447, 758
cornechos 758, 1295
corneira 758
cornelán 594, 758
cornella 447
cornellas 461, 758, 1295
cornello 447, 758
cornellos 758, 1295
corneta 688, 758
cornetada 758
cornetán 758
cornetear 758
corneteiro 758
cornetín 688, 758
corneto 758
cornicabra 758
cornículo 758
corniforme 758
cornizolo 758
corno 594, 758, 1247
cornos 758
cornucopia 758
cornudo 758
cornúpeto 758
corréchedes 481
corredoira 707
corredoiras 707
corredor 893
corredores 893
córrego 566
corremos 443
corrente 463
corrichos 101
corrimos 443
corrinchos 101
corripas 770
corrompido 790
corrosco 911
corrupto 474, 790
corta 124, 125, 793, 794
cortado 500
cortador 1151
cortadoría 1151
cortaduría 1151
cortafeira 76, 534
cortar 793
cortarse 157
cortas 157
corte 531, 785
cortello 531
cortizo 977
coruscar 823
coruxa 24
cós 145, 1164
cóscaras 679
coscas 679
coseito 684
coser 684, 1018
cosquias 679
costa 1120
costas 441, 1120, 1121
costeira 1120
costela 1120, 1151
costeleta 1151
costilleta 1151
costra 785
costumbre 33
costume 32, 33
costura 1157
costureira 563
costureiriña 563
costureiriñas 563
costurón 1157

cotar 1163
cotela 1163
cotelada 1163
cotelear 265, 1163
coteleo 1163
coteno 471
cotexo 785, 791
coto 429, 1163
cotofexo 785, 791
cotolovía 728
cotonear 1162
cotovía 728, 1344
cotra 785
cotrola 728
cotroso 790
couma 886
cousela 335
couselas 335
couso 335
cousos 335
couxo 1136
couza 778, 1328
cova 351
covas 351, 669, 1146
coveiras 351, 1146
coveiros 351, 1146
covela 351
coveliña 351
coveliño 351
covelo 351
coxa 1136
coxas 1137
coxeaba 659
coxear 659
coxegar 679
cóxegas 679
coxegón 1136
coxigón 1136
coxo 659
coxote 1136
cozando 679
cozar 679
crabullo 556
crabunco 571
crarear 194, 1028
crarexar 1028, 1095
craridá 194
craridade 1028
crarísimo 194
craro 194, 1028, 1095
cras 1029
crase 1029
cravar 1027
crave 1029
cravo 194, 1027, 1028, 1036
crecemento 442
crecente 463
crecer 39, 442
crechos 913
crédito 1212
cremor 963
crenchos 913
crenza 42
crer 42, 1212
crescer 40
cresta 1213
creto 1211, 1212
crezo 444
criado 1369
criba 746
cribar 746
cribo 746
cribón 746
cribos 746
crima 1029
crime 32
crimes 32
cripta 474
cris 21
crise 21
crises 21
crisis 21
crista 1213
cristal 49, 111, 825
crocante 911
crocantes 911
crocar 911
cronco 341
crongo 341
croque 757, 911
croques 911
croscada 911
croscar 911
croucos 774
crus 485
cuaderna 529
cuadra 531
cuadrado 531
cuadrangular 532
cuadrante 532
cuadratín 532
cuadratura 532
cuadraxesimal 530
cuadraxésimo 530
cuadrialado 532
cuadricelular 532
cuadricolor 532
cuadricromía 532
cuadrícula 532
cuadricular 532
cuadridíxitado 532
cuadrienal 532
cuadrienio 532
cuadrifolio 532
cuadriforme 532
cuadriga 532
cuadrilátero 532
cuadrilítero 532
cuadrilla 532
cuadrilongo 532
cuadrimestre 532
cuadrimotor 532
cuadrirreme 532
cuadrisecular 532
cuadrisílabo 532
cuadrivalente 532
cuadrivio 532
cuadro 531
cuadrúmano 532
cuadrúpede 532
cuádruplo 532
cuallar 823
cuañadeira 467
cuañar 467
cuañeira 467
cuaño 467
cuarenta 530
cuarta 76, 124, 534, 793, 794
cuartás 534
cuartear 534
cuarteirón 534
cuartel 534
cuartelada 534
cuartelazo 534

cuarteleiro 534
cuarterón 75
cuarteta 534
cuarteto 534
cuartilla 75, 534
cuartillo 75, 534
cuarto 75, 76, 522, 534
cuaternario 529
cuaternidade 529
cuaternión 529
cuaterno 529
cuatórviros 528
cuatralbo 528
cuatriduanas 528
cuatríduo 528
cuatrillón 528
cuatrín 528
cuatrinca 528
cuatro 527
cuatuorvirado 528
cuatuorvirato 528
cubelo 24
cubrir 9, 24, 878
cucho 174
cuco 1244
cueiros 749
cuestión 871
cugular 683
cugulo 683
cuio 174
culeiro 414
cullarapos 617
culler 617
culleres 617
culleretes 617
culleriñas 617
culleróns 617
culpa 1018
cume 32, 33, 567
cumieira 567
cumio 567
cumplir 1049
cumprir 9, 1049
cumprirse 1049
cunchas 772, 1096
cuñado 1322
curandeiras 1154
curandeiros 1154
curcio 1144
curisco 823
curripas 770
currunchiño 100
currunchо 100
curtan 770
curtidores 388
curuxa 24
cus 3
cuspir 9
custion 871
custión 871
custiós 871
cutuluvía 728
cutuvía 728
cuxa 1136
cuxigón 1136
cuxo 174
cuxote 1136
da 640, 1005
danado 790
danza 1238
danzal 1238
dar 11, 857, 1212
das 640
dátil 550
datilado 550
dazanove 535
dazaoito 535
dazaseis 535
dazasete 535
dé 11
de 54, 67, 70, 174, 367, 445, 446, 503, 562, 563, 568, 617, 640, 705, 769, 775, 821, 904, 995, 996, 997, 999, 1001, 1005, 1130
de esgueira 367
de esguella 367
de esguello 367, 840, 1186, 1307
de fronte a 1165
de golpe 836, 1318, 1319
de moca 1228
de obra 863
de pois 1001
de repente 836, 1319
de retranca 1273
de seu 148
de socate 836, 1318
de sócato 1318
de socato 836, 1318, 1319
de soslaio 840
de sotaco 836
de sotaque 836, 1318
de súbito 836, 1319
de sucate 836
de sucato 836
de súpeto 836, 1319
de súpito 1319
de sutaco 836
de sutaque 836, 1318
de xaneira 99
dea 11
deambular 1061
debadoiras 311
debagas 771
debaixo 1003
debandoira 311
debecer 309
deber 511
débil 197
debilitar 860
debolecer 860
debruzar 931
debullar 772, 803
debuxar 1017
debuxo 1017
decadencia 463
decatarse 73
decena 522
decepcionar 474
deceución 474
décimo 535
decumento 23
dedal 935
dedaleira 757
dedás 935
dediante 1003
deducir 440
defecto 28
defeuto 28, 186
deficiencia 463
defunto 187
degarar 345
degaras 771
degaro 345
degaros 771

degoar 345
degoirar 345, 389
degoiro 345
degoiros 389
degolar 345, 389
degolos 389
degorar 345, 389
degoro 345
degoros 389
degoxar 309, 345, 389
degoxos 389
degraídas 771
degrañas 771
deita 77
deitar 77
deixar 346
deleitarse 451
deleixar 346
deliciarse 451
delincuente 27
delinear 1374
deliñar 1374
delor 181, 952
demachiños 939
dementre 1005
deminuto 1017
demo 640
demoños 939
demos 939
dempois 613, 1001, 1002
dempoixa 1001
dempós 613, 999
denegrecer 542
denegrecido 542
denegrido 542
denegrir 542
denegrirse 542
denigrar 542
dentro 775, 872
denuncia 45
denunciar 45
depenicar 948, 1088
depinicar 948
depois 1001
depós 999, 999,1001
deputado 1015
deputados 1015
deputar 1015
dereita 1016
dereitismo 1016
dereitista 1016
dereito 1015, 1016
dereitura 1016
derivadas 1005
derramado 638, 790
derramados 638
derramar 638
derregar 1110
derrego 1110
derriba 995, 996, 997, 1003
derriba de 996, 997
derribar 314, 347
derrubar 314, 347
derrumbar 314, 347
des 485, 1022
desacougar 458
desacougarse 1227
desacougo 458
desalado 954
desalar 954
desapidía 874
desapidir 874
desasosegarse 1227
desaúno 96
desbocar 1202
desbocarse 1202
desbullar 772, 803
descaer 612
descalzar 1018
descansar 1018
descargar 1018
descender 40
descerrallar 40
deschoer 1128
deschoír 1128
descifrar 40
descolorido 1239, 1240
descompoñer 1018
desconcertado 1276
desconcertarse 1227
desconocer 1022
desconvir 1018
descoñecedor 1022
descoñecemento 1022
descoñecer 1018, 1022
descoñecido 1022
descoñocer 1022
descorado 734
descorcillar 923
descordar 923, 1018
descordillar 923
descorrer 1018
descoser 1018
descrer 1018
descubrir 1018
desculpa 1018
desculpar 1018
desdobrar 524
desembocar 1202
desencadernar 529
desenliar 1336
desentoñado 1381
desentoñar 1381
deseñar 1017
deseño 1017
desfalecido 954
desfiañar 1081
desfiar 1081
desfiladeiro 1125
desfollar 263
desfroitar 1161
desiludido 1371
desiludir 1371
desilusionado 1371
desleigado 631, 639
desleixamento 346
desleixar 346
desleixo 346
deslindar 856
deslingar 856
deslumbrados 1288
deslumbrar 597
desmacelado 619, 1355
desmaiar 1159
desmayar 1159
desnogar 923
desocato 836
desourizar 772
despedazar 368
despenicar 1088
despexa 1095
despexado 1095
despexar 1095

despois 151, 235, 519, 613, 1001, 1002
despoixa 1001, 1002
despoixas 1002
despós 613, 999, 1002
despous 999
despreguizar 630
desquencia 612
desquencias 612
desquitar 587
desquitarse 587
desquite 587
destelar 771
destelos 771
destinos 38
destiños 38
destonces 1252
destoncias 1252
destragar 290
destrago 290
destrelos 771
destrozar 45
desván 885
desvariado 946, 1232
desvariar 1232
desvergonzado 447
detrás 1003
Deus 562, 563
devecer 860
devesa 256
devesas 256
devorar 345
dexergar 1172
dez 485, 522
dezanove 535
dezanoveavo 535
dezaoitavo 535
dezaoitesco 535
dezaoito 535
dezaseis 535
dezaseisavo 535
dezasete 535
dezaseteavo 535
dezeseis 535
día 11, 52, 54, 1006, 1098
diaños 939
días 35
dibuxo 1017
dicir 12, 486, 1005
dicirei 12
dictame 32
dictames 32
diferencia 42, 1386
diferenza 42
dificultades 951
dilatarse 954
dilingueiro 1221
dilixente 1221
diminuto 1017
dimisión 30
dimitir 30, 1015
dimpois 1001, 1002
dinguilindeiro 1221
dinidade 1322
dinificar 1322
dino 1322
diñeiro 899
diputados 1015
dique 1114
dirección 947, 1016
direción 947
directiva 1016
directo 1016
director 1016
direi 12, 486
direición 947
direita 1016
direito 1016
diría 486
discernir 1018
disciplina 1018
disciprina 1018
discipro 1018
discípulo 1018
disco 986
discordar 1018
discorrer 1018
discrepar 1018
discreto 1018
disculpa 1018
discurrir 1242
discurso 1018, 1360
discutir 1018, 1338
diseñar 1017
diseño 1017
disfroitar 1161
disfrutar 1161. 1161, 1161
disgregar 583
dispois 613, 1001, 1002
dispoixa 1002
dispoixas 1002
disposto 936
disputa 1338
disputar 1338
disque 991, 992, 993, 1312
distante 724
distraer 937
distraerse 451
dito 162, 164
diversas 1005
divertimento 442
divertir 442
divertirse 451
diverxencia 42
divisar 1172, 1296
dixen 164
dixitais 757
dixital 757
dixitalina 757
do 54, 143, 248, 562, 640, 752, 1005, 1020
doa 1248
doado 630
doador 630
doante 630
doar 630
doas 1248
doazón 630
dobadoiras 311
dobla 900
doblar 864, 1026
doble 1026
doblegar 864
doblete 525
dobra 525
dobrada 525
dobradillo 525
dobradizo 525
dobrado 525
dobradura 525
dobramento 525
dobran 525
dobrar 523, 524, 525, 526, 864, 880, 1026

dobraxe 525
dobre 523, 525, 526, 807, 1026
dobre 524
dobregada 525
dobréganse 525
dobregar 525, 526, 864
dobregarse 525
dobres 523
dobrez 525
dobro 523, 526
dobróns 525
doca 630
docas 630
doce 215, 268, 522, 650, 905, 1254
doceira 650
doceiro 650
docena 522
docería 650
dócil 1261
doctor 1054
doctores 1054
doctrina 1054, 1055
documento 23
doela 861
doencia 42
doente 353, 599
doenza 42, 599, 1386
doer 353, 599
doido 1067
doído 353
doira 1127
doitriña 1055
dolor 181, 952
domentre 1005
dominco 792
domingo 125, 483, 792
donaire 942
donairoso 942
dondo 651, 652, 653
dondos 653
donosiño 942
donoso 942
door 181, 952
dor 181, 465, 952
dorido 181
dorme 9
dormen 9
dormes 9
dormichón 1327
dormiñán 1327
dormiñento 1327
dormiñón 1327
dos 752
dose 215
dotor 1054
dotores 1054
dotrina 1054
dou 445
doudamente 1067
doudar 353, 1067
doudecer 353
doudice 1067
doudo 353
doudo 353, 1067
dourada 971
dourado 551, 971
dourados 971
dourar 1012, 1014
dous 88, 521, 522, 526
douscentos 521, 536
doután 1067
doutor 28, 186, 1054, 1055
doutoral 1054
doutoramento 28, 1054
doutorando 1054
doutorar 1054
doutores 1054
doutrina 28, 186, 1054, 1055
dozaseis 535
dozura 650
dreita 1016
dreito 1016
driblar 1063
dual 526
dualidade 526
dualismo 526
dúas 521
duascentas 521
dúbida 955
dubidar 955
dúcea 522
ducia 522
ducias 485
duda 955
duela 861
dueto 526
duira 1127
duiro 1127
dulce 215, 1198
dúlcido 650
dulcificar 650
dulleta 862
dúo 526
duodécimo 522
dúplex 526
duplicación 526
duplicado 526
duplicador 526
duplicar 526
duplicativo 526
duplicidade 526
duplo 526
dupricar 526
durmides 9
durmimos 9
durmiñón 1327
durmiñona 1327
durmir 9, 1373
durmo 9
e 15, 94, 106, 242, 407, 474, 481, 518, 532, 552, 594, 1119, 1219
é 229, 505, 1005
-ear 1201
-ecer 1021
eclipse 21
eclís 21
eclise 21
eclises 21
eco 601, 1258
ecoar 601, 1258
ecrís 21
ecrise 21
edá 1224
edade 1224
edoso 1224
edra 1310
edrada 478
edrado 478
edrar 478
edulcorar 650
eficiencia 463
egrexa 81
egrexia 81
egrexio 583, 642, 1354

eido 348
eidos 348
eiglesia 81
eigresia 81
eilí 514
eiquí 514
eira 85, 86
eirexa 81
Eirexe 81
Eirixa 81
Eirixe 81
eisempro 1052
eisplicación 1053
eisplicar 1053
eixada 86
eixadón 86
eixe 484
eixemplo 1051
eixemprar 1051
eixempro 1051, 1053
eixes 484
eixiña 94
eixo 484
eixola 86
eixos 484
elcacer 422
electuario 947
elegancia 41
elí 514
elo 824
elocuente 27
eloxio 1320
embaixo 1003
embalo 1366
embarafuzar 601
embarazar 601
embarullar 846
embazar 349
embebeito 937
embeber 937
embebido 937
embeito 937
embezo 867
embicar 1315
embismar 847
embocadura 860, 1199
embocar 1202, 1315
emborrallado 1097
embostar 1259
emboutar 1259
embozo 867
embranquecido 539
embrochar 1082
embrollar 846
embrollo 846
embromante 945
emenda 482
emendar 482
emendo 482
empadumada 849
empallada 1130
empallar 1130
empalleirar 1131
empallotar 1131
empapar 1112
empedrado 1096
empedregado 1096
empenar 303, 1261
empenicarse 868
empericarse 868
empezar 217, 1153
empezoñado 224
empezoñar 224
empinar 685, 868
emplasto 848
emplastro 848
empleo 46
empois 1001
emporcallar 714
emporcar 714, 1259
empós 613, 999, 1001
emprasto 848
emprastro 848
emprego 46
empurrar 675, 1245
empuxar 658, 674, 675
empuxón 658, 674
en 67, 520, 997, 999, 1001, 1005, 1006, 1009, 1166
en coiro 350, 627
en coiros 627
en cós 1164
en costa 1120
en louvor de 304
en porrancho 627
en porreta 627
en porreto 627
en porro 627
en redondo 258
en roda 1089
en tanto 1003
enanos 935
enantes 392
enantronte 126
encabezo 867
encadear 608
encadernable 529
encadernador 529
encadernar 529
encadramento 531
encadrar 531
encadro 531
encalco 1114
encaldadas 129
encamiñar 1315
encamiñarse 1315
encanecido 1298
encañecido 1298
encarnado 554, 972
encarnadura 355
encartar 534, 880
encellado 921
encello 921
encerado 550
encerellar 1338
encerrear 675
encertar 1153
encetamento 1153
encetar 473, 1153
encetarse 1153
encheito 684, 937
enchenta 455
enchente 455, 684, 1127
encher 684, 937
enchido 684, 937
enchoiada 352, 1235
enchoiadas 352
enchoiar 352, 1235
enchopar 1112
enchoupar 1112
enchousar 1129
enchupar 1112
encía 79
encima 567, 996, 997

encima de 997
enciño 24, 106
enciños 556
encirrar 675
enciva 79
encoiro 350
encol de 998
encolgar 409
encolleito 357
encoller 357
encollido 357
encomeço 217
encomenzar 217
encomenzo 217
encomezar 1153
encomezar 217
encomezo 217
encorar 1113, 1227, 1267
encorna 758
encoro 1113, 1267
encoros 1113
encosta 1120
encostado 1120
encostar 1120
encostas 1121
encovado 351
encovar 351
encovas 351, 1146
encoveirado 351
encoveirar 351
encovos 351, 1146
encrechar 913
endeita 212, 578
endentar 776
endereitar 864
endoudecer 353, 1067
endozar 905
enemigar 1019
enemigo 1019
enemistade 1019
enemizade 1019
enfariñar 754
enfarnar 754
enfastiar 1231
enfelerpar 820
enfiar 1081
enfociñar 1208
enfonchado 354
enfoncharse 354, 1291, 1292
enforme 25
enfoutado 834
enfoutar 834
enfouto 834
enfouzar 262, 1259
enfouzarse 262
enfrentamento 1166
enfrentar 1166
enfrente 1166
enfría 1101
enfriar 315, 1101
enfrontamento 1166
enfrontar 1166
enfrontarse 1166
enfronte 1166
engadar 1366
engadir 355, 520
engado 355, 1366
engaimarse 838
engaiolamentos 356
engaiolar 356
engaiolarse 356
engaioleiro 356
engalar 520
engalicado 665
engalicar 665
engalumarse 520
enganido 620
enganirse 620
engarabitarse 556
engaranido 620
engarañido 620
engaraño 620
engaraño 620
engaroufarse 451
engazo 106
engazos 556
engoar 345
engobelar 357
engomar 621, 1118
engorda 520
engordamento 520
engordar 520
engorde 520
engoriñar 357
engorobellar 621
engorrobellar 357
engorromiñar 357
engoumado 357
engoumar 357, 838
engoumear 357, 621
engoumiñar 621
engrelar 1119
engrilar 1119
engroba 1125
engrobia 1125
engromar 357, 1118
engrumar 357, 1118
engruñado 621
engruñar 357, 621
engruñarse 621
enguedellado 1364
enguedellar 846, 1338
enguedello 951
engueimados 838
engueimarse 838
enguerello 951
enguirrar 675
enguitar 869
enguizar 869
engulir 9, 390
enguloso 790
enguriñar 357
engurra 676
engurrallar 357
engurrar 357, 621, 1326
engurras 357
engurriar 357
engurrichar 621
engurrifar 621
engurriñar 621
engurruchar 357
engurrullar 357, 621
engurrumiar 621
engurrumiñar 357, 621
engurruñar 621
enguruñado 621
enguruñar 357
enlagar 731
enlagumarse 261
enlamar 261
enlameirar 261
enlamiar 261
enlamugarse 261
enlarafuzarse 601

enleado 1364
enlear 843, 846, 1336, 1337, 1364
enlentecer 723
enleo 843
enliado 1336, 1364
enliar 1336, 1364
enlixar 714
enlizador 339
enlordada 358
enlordado 1234
enlordar 358, 1234
enmarañar 846
enmarelecer 548
enmentras 1003
enmentre 1005
enmentres 1003
ennegrecer 542
ennegrecido 542
enorme 392, 1010
enoxar 1230
enoxo 1230
enqueirar 751
enrabecharse 953
enrabexado 946
enrabexarse 953
enrabiarse 953
enredante 1273
enredar 846
enredarse 451, 846
enreixado 1076
enreixados 1075
enreixar 1076
enrellar 1075
enrellarse 1075
enrellas 1075
enrenico 1233
enrevesado 1364
enrexado 1076
enrexar 1076
enriba 347, 995, 996, 997, 1003
enriba de 997
enrizar 675
enruga 621
enrugar 357, 621
enrugas 357
ensarillado 359
ensarillar 311, 359, 1269
ensarillarse 359
entalar 1324
entalecer 1324
entangaranido 620
entangarañado 620
entanguecido 620
entanguido 620
entanguiñado 620
entanto 1003
entarabelar 1374
enteiro 24
entendemento 442
entender 442
enterrar 1251
entestar 1170
entobar 1146
entoldado 1097
entolecidamente 1067
entollar 828
entón 126, 1252
entonces 126, 1252
entonsias 1252
entonte 126
entontes 126
entonzas 1252
entoñada 1381
entoñado 1251, 1381
entoñar 1251, 1381
entramentes 1004
entramentras 1004
entramentres 1004
entranas 193
entrañas 193
entre 1009
entrecellado 921
entrecello 921, 1180
entrecosto 1152
entrementes 1004
entrementras 1004
entrementre 1005
entrementres 1004, 1005
entrerroibo 975
entresacar 589
entreter 937
entreterse 451
entroido 24
entrouso 1253
entrouxo 1253
entullar 828
entullo 828
enverdecer 544
enverdexar 544
envexoso 1260
envía 360
enviada 360
enviar 360
enviciarse 68
enviciemos 68
envisar 835
enviso 835
envolveito 684
envolver 684
enxada 86
enxebre 1346, 1347
enxebres 1350
enxebreza 1346
enxebrismo 1346
enxebrizar 1346
enxemplar 1052
enxemplo 1051, 1052
enxempro 1051
enxergar 1172, 1242, 1296
enxido 264, 348, 890
enxidos 264, 348
enxiva 79
enxoito 24, 480
enxotado 783
enxotar 783
enxurrada 260, 1127, 1359
enzoufar 1259
enzoufarse 262
epítema 847
equí 514
era 55
erecto 841
eres 229
ergueito 841
erguer 841, 864
erguido 841
ermagar 1382
eruptivo 474
es 229
esbandalloso 645
esbarballar 324, 1271
esbarballetar 324
esbardallar 324, 1271
esbardalleiros 324

esbilar 979
esbocheado 926
esbochechudo 926
esborrecar 406
esbrancazado 539
esbrancuchado 539
esbrancuxado 539, 1239, 1240, 1298
esbrancuzado 1298
esbranquecido 539
esbranquexado 539
esbranquizado 539, 1298
esbruga 979
esbrugar 979
esbrugas 979
esbufan 815
esbufar 815
esburgar 979
escacexa 1216
escacexante 1216
escacexar 1216, 1311
escachafollar 361
escachar 361
escacharelar 361
escacharrar 361
escachelar 361
escachenar 361
escachifar 361
escachizar 361
escachuzar 361
escagarriar 631
escagarrizar 631
escalabrar 628
escalabrarse 628
escalafrío 1104, 136
escalar 628
escalazados 628
escalazar 628
escaldacio 131
escaldación 131
escaldadas 129
escaldar 131
escaldazo 131
escalefrío 136, 1104
escalfar 83
escallafrío 136, 1104
escallofrío 136, 1104
escalofrío 136, 1104
escalufrío 136
escambruza 823
escambruzar 823
escamotear 869
escampar 729
escanado 915
escanar 362
escanaveirado 915
escanido 915
escapar 859
escaraballos 365
escarabellar 365
escarabellos 365
escaramuza 823
escaravellar 1309
escardar 747
escarlata 975
escarochar 362
escarola 362
escarolado 362
escarolar 362
escarranchado 873
escasulalo 263
escasular 979
escentilar 363
escismar 1241, 1242
esclavo 1027
escoado 364
escoañar 467
escoar 364
escoarse 364
escoba 91
escobas 91
escochar 362
escofar 679
escofinar 679
escoita 1186
escoitar 487
escoite 1186
escoler 939
escolleito 1365
escomencipiar 1153
escomenzar 1153
esconchado 1096
esconderse 859
esconxuntar 923
escordar 374, 923, 1018
escordillar 374, 923
escorexar 1268
escorna 758
escornabois 549, 781
escorpións 239
escorrer 859
escravismo 1027
escravitude 1027
escravizar 1027
escravo 196, 1027
escribar 746
escribimos 443
escribín 15
escribir 15
escrito 473
escuadra 532
escuadrilla 532
escuadrón 532
escuañadeira 467
escuañar 467
escuitar 487
esculcar 1190, 1297
escuma 1377
escunchar 772
escurecemento 442
escurecer 442
escuro 542, 549, 968, 1064
escutar 487
ese 155, 515, 780
esencia 958, 963
esfaciñar 1208
esfaragullar 250, 1281
esfarangullar 250, 1281
esfarelar 754, 1280, 1281
esfarelarse 1280
esfariñar 754
esfarna 754
esfarnar 754
esfarrapentos 1214
esfiañar 1080
esfiar 1080
esfoirar 631
esfolepar 821
esfolerpar 821
esfollar 263, 979
esfollarse 263
esfollear 263
esforricar 631
esforricarse 631
esfrangullar 250, 1281

esfriar 1101
esfurricar 631
esgallo 366
esganar 1265
esganifar 1338
esganizar 1265
esgarabellar 365, 1309
esgarabelleiro 365
esgarabello 365
esgarrón 366
esgarzar 366
esgazadura 366
esgazar 366
esgazo 366
esgrevia 1354
esgrevio 642, 1354
esguellado 1307
esguello 367
esguerezo 951
esguerezos 951
esguío 623, 1237
esguiro 449
esgüirse 859
esguizar 366
eslongado 915
esluado 1222
esluarse 1222
esmaceladas 619
esmacelado 619, 734, 1239, 1240, 1355
esmaciado 734
esmaerse 1159
esmagallar 1326
esmagar 1326, 1382
esmagoar 1382
esmaguchar 1326, 1382
esmagullar 1326
esmaguzar 1326, 1382
esmaiar 1159
esmaio 1159
esmaiolarse 1159
esmaírse 1159
esmalloar 1159
esmar 431, 1188
esmelga 988
esmelgar 988
esmelgas 988
esmerante 945
esmigallar 1281, 1325
esmillar 1366
esmirillar 1366
esmola 1331
esmoleiros 1331
esnacar 368
esnacazar 368
esnachar 1205
esnacharse 1205
esnafrar 1205, 1325
esnafrarse 404, 1205
esnaquizador 368
esnaquizamento 368
esnaquizar 368, 1325
esnifar 453
esnifrar 1325
esnocrar 923
esnogar 923
espácigas 1305
espácigo 1305
espacio 213
espadelas 311
espalda 441
espaldas 441
espaldra 441
espalecer 451
espamentoso 1332
espancimento 369
espancir 369, 370
espandimento 370
espandir 369, 370
españois 499
español 499
esparcer 370
esparcir 370
esparexer 370
esparxer 370
espasmo 1219
espazo 213
espectro 186
espellado 1095
espenicar 1088
espernar 1311
espernear 1311
espernexar 1311
esperteiro 984, 985
espertello 984
espeutro 186
espeutros 186
espía 1187
espiar 1187, 1297
espías 1187
espiaxe 1187
espido 627
espiña 917
espiñazo 661, 917
espiño 38
espionaxe 1187
espir 627
espírito 958
esplicar 1052, 1053
esponxa 371
esponxoso 1290
esporranchar 627
esporrancho 627
esprego 211
espreitar 730, 1190, 1297
espricación 1053
espricar 1052, 1053
espriego 211
espulla 371, 979
espullas 371
espullos 371
espuma 1377
espundias 371
espunlla 371
espunllas 371, 979
espuñas 371
espuvisca 823
esquecer 135, 216
esquelete 919, 963
esqueletes 919
esqueleto 919, 963
esqueletos 919
esquencer 135, 216
esquencia 612
esquencias 612
esquiar 1147
esquías 1237
esquiciar 1374
esquilar 1147, 1148
esquilino 944
esquilinos 944
esquílo 449
esquina 38
esquío 449, 1237

esquiro 449
esquirtor 46
esquitaduras 587
esquitar 587
esquitas 587
esquivar 1062, 1063
esquizar 1374
esquizo 1374
esqullo 449
estábel 197
establezan 46
establezcan 46
establezo 444
estafar 317
estalar 737
estalicar 372
estalote 757
estampido 965
estancar 1113
estanque 1113
estar 10, 132, 502
estarricar 372
estarricarse 372
esté 10
este 155, 671
este 515
estea 10
esteada 729
estear 729
esteas 10
esteja 10
estelicar 372
estelos 771
estenar 729
esteña 10
esteñas 10
esteo 373, 729
esterricar 372
esteu 729
estía 10
estiada 729
estiar 729
estiñada 729
estiñar 729
estiño 729
estivemos 445
estiveron 445
estoa 373
estola 927
estonces 1252
estonsias 1252
estorcerse 374
estordegar 374, 923
estordegarse 374
estoupar 954, 965
estoupido 965
estourar 1014
estoxado 790
estrábico 1176, 1177
estrabismo 1176, 1177
estrada 707
estradas 707
estragado 790
estragar 290
estrago 290
estralar 737
estraloque 757
estralote 757
estrangoado 1265
estrangoar 1265
estrangular 1265
estrano 193
estranxeiro 944
estraño 622, 944
estrar 322
estraute 958, 963
estrear 35, 322
estrela 37, 195, 363
estrella 195
estremonía 456
estremonías 456
estrenar 35
estribar 931
estribillo 37
estribo 931
estribos 931
estricar 372
estroncio 45
estrondo 965
estronicio 965
estronzar 45
estronzo 45
estroupelear 691
estruchadura 375
estruchamento 375
estruchar 375, 1325, 1326
estrullar 1325, 1326, 1382
estrumar 322
estrume 322
estupefaciente 463
estuvemos 445
esvaírse 859
esvarar 859
esvariar 1232
esverdeado 544
esverdear 544
esverdexar 544
eu 149, 497
eucalipto 994
exame 32
exames 32
exceder 193
exceito 474
excelente 193
excepto 474
exceso 193
excitar 841
exclamar 193
exemplar 1052
exemplo 1051, 1052, 1053
exemprar 1052
exempro 1051, 1052
expansión 369
expediente 463
experiencia 463
explicar 1052, 1053
explosión 193
extracto 958, 963
extrañar 193
extrañeza 193
extraño 193
fabular 865
faca 791
facañón 791
facareño 791
face 377, 569
faceira 569, 926
faceirado 926
faceiras 569
facemos 879
facenda 78, 987
facendo 879
facer 84, 485, 879
facerei 12

facha 274, 1133, 1134, 1321
fachada 1134
fachal 1134
fachareada 1134
fachas 1133, 1134
fachear 1134
facheira 1133
facheiro 1133
fachenda 274, 1134, 1293, 1321
fachendear 274
fachendisco 1293, 1321
fachendosamente 1321
fachendoso 274, 1134, 1293, 1321
fachico 1133
fachineiro 1134
fachinelo 1134
fachiqueira 1133
fachizos 1134
facho 274, 1133
fachón 1133, 1134
fachos 1133
fachoseira 1133
fachuco 1133
fachueira 1133
fachuqueira 1133
fachuseira 1133
fachuza 1133
fachuzo 1133
fachuzos 1133
facía 879
faciana 569
faco 791
facotexo 791
faguemos 879
faguendo 879
faguer 879
faguía 879
fai 35, 48
fai moito frío 48
fai tempo que 1
faia 885
faiado 885
faiados 885
faio 885
faíscas 727, 820
faiuscas 820
falabamos 13
falades 8
falador 1271
faladores 1362
faladurías 1362
falagar 451
falais 8
falamos 443
falampo 820, 821
falangueiro 1271
falangueiros 1362
falar 166, 1271
falarei 166
falarica 1380
falaricar 1380
falaricas 1380
falariqueiro 1380
falás 8
faldra 928
faldriqueira 928
faldriqueiras 928
falecer 40, 506
falei 15
falepa 820, 821
falepar 820
falepas 727, 820, 821
falerpar 820
falerpas 727, 820
falerpos 820
falescer 40, 506
falín 15
falopa 820
falopar 820
falopas 376, 727, 820
falopos 820
faloupas 820
faloupos 820
falso 983
faltriqueiras 928
fama 1211
familia 1369
familiar 1369
familiaridade 1369
familiarizar 1369
familiarmente 1369
famulicio 1369
fámulo 1369
fanchoso 1291, 1292
fandelo 1356
faneca 663
fanfarrón 1293
fantasía 214
fantasiar 214
fantasioso 214
fantasma 214
fantasmas 214
fantástico 214
faquiaño 791
faquilón 791
faquiroso 791
faragulla 250, 1281
farandallo 1214
farandallos 1214
farangallo 822
farangulla 1281
fardo 1311
farei 12, 486
farelo 743, 1280
farfallán 1293
farfantón 1293
fargalleiros 1214
fargallo 822
fargallos 1214
faría 486
farináceo 753
fariña 752, 753, 754, 1055
fariñáceo 753
fariñado 753
fariñeiro 753
fariñento 753
fariñón 753
fariñoso 753
fariñota 753
fariseo 1332
farna 754
farnar 754
farneiro 753, 754
farnelo 754
farnento 754
farrampo 822
farrapa 822
farrapada 822
farrapar 822
farrapeiro 940
farrapeiros 1214
farrapento 940
farrapentos 1214
farrapo 376, 822, 1214

farrapos 291, 376, 727, 1214, 1225
farraspa 822
farraspas 376
farraspiñas 376
farroupa 822
farruco 1293
farsante 1332
fasquía 377
fasquiar 377
fasta 1008
fastiar 377
fastío 1231
fatais 1305
fato 582
faz 377
fazula 926
fazulas 569, 926
fazuleiro 926
fazulo 926
feble 197
febre 133, 980
febreiro 112
fecha 902
fechadura 457
fechamento 457
fechar 457
fecho 457
fedechar 787
fedechoso 787
fedegoso 787
fedenchoso 787
fedento 787, 1234
feder 787, 790
fedor 787, 1234
fedorento 787, 1234
feira 76, 123, 124, 125, 534, 792, 793, 794
feiras 124, 794
feiticeiros 1154
feitiño 606
feito 162, 186, 445, 606, 684, 1054, 1300
feitoso 1300
feituco 1300
feixe 858
fel 498, 500
felepa 376, 727, 820, 821, 822
felepar 820
felepas 291, 376, 727, 820, 821
felepo 727
felerpa 727, 820
felerpas 820
felerpos 820
feles 498
felís 485
felpa 727, 820
fémea 667
femia 667
fendedura 366
fender 732
fenestra 884, 1083, 1236
fenestrela 884
feo 467
feras 268
fero 268
ferraña 564
ferreño 492
ferrete 305
ferretes 305
ferro 305, 608
ferrollo 608
ferrón 305
ferrote 305
ferroto 305
ferrotón 305
ferruxe 31
ferruxes 31
fertuna 23
fervellasverzas 112, 218
fervenza 42
ferver 42, 112
ferverexar 112
fervigueiro 1123
fervor 805
feso 732
festa 1098
fetidez 790
fétido 787
fía 1079
fiada 1079
fiadas 1080
fiadeira 1080
fiadeiro 1079, 1080
fiadeiros 1080
fiador 1080
fiadora 1080
fiancho 1080
fiandeira 1080
fiandeiro 1080
fiaña 1080
fiañenta 1080
fiaño 1080
fiaños 1080, 1081
fiañosa 1080
fiar 1079
fiarpa 820
fiarse 1079
fías 1079, 1080
fidel 1365
fiel 1365
fierpa 820
fiestra 63, 884, 1083, 1236
fiestras 62
figueiras 493, 961
figureiro 1332
fila 1330
fileira 1080, 1330
filete 1152
filisteo 1332
filladas 774
fillar 1119
fillarada 1119
fillo 1119
fillos 1119
fin 602
finchado 1291, 1292
finta 1062
fintar 1062, 1063
fío 507, 1077, 1079
fiollo 466
fionllo 466
firga 732
fírgoa 732
fisco 986, 1176
fiscornio 695
fiscorno 695
fisga 732
fisgar 732
fisgas 732
fisgo 1176
físgoa 732
fisgoar 732
fita 378, 873
fitar 379, 1192

fitas 378
fite a fite 379, 1192
fito 378, 379, 1192
fito a fito 379, 1192
fitola 667
fitos 379
fiúncho 466
fixamente 379
fixar 1297
fixarse en 1192
fixo 1192
flaco 1030, 178, 1030, 1031, 1032
flaque 1030
flauta 1032
flavo 551
fleco 916
fleque 916
floco 916
flor 178, 914, 1030, 1277
florear 178
florecer 178
floreiro 178
flores 178
florilexio 178
floríns 900
florista 178
flouxo 178
floxedade 1031
floxeira 1031
floxo 1031, 1032, 1356
foche 18
foches 18
fochicar 1208
fociñada 1208
fociñar 1208
fociñazo 1208
fociño 979, 1208
fociñudo 1208
fogaxe 131, 380
fogo 50, 51, 380, 596, 598
fogos 598
foira 631
fol 208, 381, 382, 603, 727, 774, 798, 821
folampo 821
folampos 727
folapos 727
fole 208, 381, 382, 727
foleca 663
folepa 821
folepar 821
folepas 291, 727, 821
folepo 821
folercas 774
folerpa 727, 821
folerpar 821
folerpas 291, 727, 821
folerpo 821
folerpos 727
foles 208, 381
folgarse 451
folgazán 447, 1283, 1327
folgazáns 405
folica 382
folico 382
folla 177, 263, 821
follacas 821
follaldrado 909
follaldre 909
follarpas 821
follas 177
follecas 727, 821
follerpas 821
follocas 821
foncho 354, 1291, 1292
fonchos 1291, 1292
fondamentos 1294
fonxe 1290, 1291, 1292, 1295
fóra 70, 232, 234, 991
forasteiro 932
forca 1125
forcexar 1311
formas 1005
forranchín 631
forrechas 631
forreta 631
forrete 305
forrica 631
forricallada 631
forricalleiro 631
forricallo 631
forricarse 631
forricas 631
forrichas 631
forricoso 631
forriqueiro 631
forro 608
forrollo 608
forrón 305, 631
forrote 305
fortuna 23
foruncho 571
fostes 18
fouce 262, 488
foucegatas 488
foucelanzas 488
fouces 488
foucín 488
fouciña 488
fouciñaban 262
fouciñas 488
fouciño 488
fouciños 488
foula 1357
foule 1357
fouto 834
fouz 488
fouza 488
fouzaban 262
fouzo 488
foxo 387
foz 1125
fozar 1208, 1234
fozosa 1234
fozoso 1234
fracción 565
fraco 178, 196, 1030, 1031
fractura 565
fraga 565
fragmento 565
fragoso 565
francés 665
francos 901
frangalleiros 1214
frangallo 1214
frangallos 1214
frangulla 250, 1281
frangullas 250
fraque 1030
frauta 196, 688, 1032
fráxil 565
freco 916
freita 565
frente 1165, 1166

freque 916
fricol 383
fricoleiro 383
frío 136, 315, 1104
froallar 817
froias 926
froieiros 926
froita 238, 480
froitas 238
froito 238
froitos 238
frol 178, 914, 1277
froles 178, 914
frols 178, 914
frontal 1168
fronte 1165, 1166, 1167, 1168, 1169
fronte a fronte 1165
fronteira 1168
fronteirizo 1168
fronteiro 1168
frontispicio 1168
frontón 1168
fror 178, 1030, 1277
frores 178
florido 178
fros 914
frouma 565
froumas 565
frouxo 178, 1031, 1356
froxo 1031, 1036, 1356
fruír 451
fruita 238
fruito 238
fruta 238
fruto 238
fuche 18
fuches 18
fuchicar 1208
fucín 1208
fuciñada 1208
fuciñazo 1208
fuciño 262, 979, 1208
fuciños 979
fuciñudo 1208
fulepas 821
fulepos 821
fulercas 774
fulerpas 821
fulgor 821
fúlgura 959
fulguración 959
fulipadas 821
fulipos 821
fúlveo 551
fulvo 551
Fulxencio 43
fulxir 821
fumar 559
fume 484, 559, 1107
fumear 559, 843
fumegar 559
fumeira 192
fumeiro 192, 1107
fumeiros 1107
fumes 484
fumieira 192
fumo 484
fumos 484
funcar 1206
fundamentos 1294
fundir 9
funestas 1305
fungar 1206
fungarse 1206
funil 499
funís 499
furabolos 218
furacán 1100
furaco 711
furado 711
furador 558
furados 558
furancho 711
furar 558
furas 558
furco 1378
furioso 946
furos 558
furrica 631
furricada 631
furricas 631
furricoso 631
furriqueira 631
furruxe 812
furuncho 571
fusco 542, 968
fusos 311
fusquenlle 968
fusquenllo 968
fuste 18
fustes 18, 773
fútbol 1063
fuxidivos 697
fuxir 859
fuxitivo 697
fuxitivos 697
gabacho 1293
gabancioso 1293
gabanza 1320
gabar 1320
gacheiro 769
gacho 769
gacio 546
gadaño 413
gado 466
gadoupa 413
gaduñar 413
gafadura 573
gafar 573
gafarías 573
gafarse 573
gafas 573
gafeira 573
gafento 573
gafentos 573
gafeño 573
gaferías 573
gafes 573
gafo 573
gafos 573
gafosos 573
gafualla 573
gafume 573
gafura 573
gagexo 664
gago 483, 664
gagoso 664
gagueira 483
gaguexa 664
gaguexar 483
gaguexo 483
gaiola 356
gaiolar 356
gaioleiro 356

gaita 688
gaiteiras 239
galano 897
galapo 821
galdracha 644
galdrana 644, 645, 665
galdrapa 644
galdrapeira 644
galdrapeiros 1214
galdrapos 1214
galdrumada 739
galego 128
gálico 665
galicoso 665
galiña 1055
galiñas 562
galiñas de Deus 562
galiñas do Noso Señor 562
galla 721
galleiro 721
galleta 721, 1124
galletas 1156
galleto 721
gallo 721
gallofa 721
gallofar 721
gallofeiro 721
gallopada 721
gallopar 721
gallope 721
galopar 721
galope 721
galopear 721
galopín 447
gamba 635
gambada 635
gambernia 635
gamberro 635
gambuchar 635
gamuza 550
ganancia 99
gandaia 384
gandaieiro 384
gandaina 384
gandaineiro 384
gandaio 384
gando 220, 466
gando 243
gandulo 384, 1284
gañadoira 82
garabal 1302
garabatas 556
garabato 556
garabatos 556
garabeita 556
garabelo 1302, 1384
garabito 556
garabitos 556
garabullo 556
garabuño 556
garachuza 658
garamata 556
garamelo 1302
garamucho 556
garamuxo 556
garantuxas 658
garatuxas 658
garboso 942
garfiñar 1328
garfo 1328
garganta 1125
garreante 1301
garrido 625, 942
garrulada 386
garrular 386
garruleiro 386
garruleiros 454
garula 386
garulada 386
garulador 386
garulante 386
garular 386
garuleiro 386
garzo 546
gasallar 897
gasalleiro 897, 1261
gasallo 897
gavia 414
gaxa 447
gaxas 1295
gaxeiros 1295
gaxo 447
gazafellos 584
gilmendreiro 241
gilmendro 241
glaciación 825
glacial 825
glaciar 825
gladius 1289
glauco 544
globa 1384
globo 196, 1035, 1384
globos 1035
gloria 204, 1035, 1320
glorioso 1035
goapecho 635
godalleiro 790
goíños 387
goio 387
goios 387
gola 345, 390, 1125
golada 1125
goldra 388, 790
goldracha 388, 644
goldrallo 388
goldrar 388, 644
goldrechos 388
goldreiro 388
goldreiros 388
goldrento 388, 790
goldro 388
goldroada 388
goldros 388
golio 390
gollo 390
golo 390
gomar 1118
gomos 357, 1118, 1119
gorado 390
gordo 925
gorecer 389
gorentar 345, 389
goridas 1146
gorir 389
goro 390, 790
gorras 929
gorro 390
gorros 929
gorxa 345, 1125
gota 902, 1060
gotear 1060
goto 902
goxa 414
goxas 1302

goxo 414
goxos 1302
gozar 1161
gozarse 451
gracioso 942
gradicela 1076
grafiñar 1328
gralla 1344
grandal 1282
grandallón 1282
grandichón 1282
grao 755
graxo 1344
grea 583, 1138
greal 583
gregario 583
gregarismo 583
grei 1138
grelar 717, 1119
grelear 1119
grelecer 1119
grelo 1119
grelos 1119
grexo 1344
grilar 1119
grileiro 1344
grillón 609
grilo 37, 195, 240, 609
grilos 1119
gris 976
grisallo 1298
griseiro 1298
grisento 1097, 1298
grito 693
groba 1125
grobo 196, 1035
grolo 390, 902
grolos 390
gromar 1118
gromo 717, 1118
gromos 357, 1118, 1119
groria 204, 1035, 1320
grorioso 1035
groseiro 1313
grumar 1118
grumo 1118
grumos 1118, 1119
grusmia 1260
grusmias 1260
gualde 551
gualdo 551
guapiño 942
guapo 942
guaridas 1146
guedella 846
güeves 794
guicha 1190
guichar 1190, 1297
guiche 1190
guicho 1190
guichola 1190
guillada 1233
guillado 1233
guillotina 867
guindar 391
guipar 1192
guitarra 688
guizo 245, 869
guizos 245
gurra 676, 1339
gurrar 676, 1245, 1339
gurro 676
gurrón 594, 676
gurros 676
gusma 1260
habenza 84, 455, 980, 987
haber 48, 84, 166
haberei 165
hábil 197
hai 1, 35
hai poucos días 48
hai tempo que 1, 48
haréns 713
hasta 1008
hastra 1008
hedra 1310
hei 166
herba 244
hesitante 955
hesitar 955
hielo 824
hindúes 3
hipócrita 643, 1332
hogano 1006
hoi 519
hollaldrado 909
home 31
homes 31
horizonte 1013
horn 406
horribles 186
horta 242
hortas 242
horto 242
hortos 242
hóspede 944
houben 167, 445
hourizontal 1013
hourizonte 1013
hoxe 151, 519, 1006
hucha 1257
humedecer 723
humildade 277, 1215
humildanza 277
humildar 277, 1215
humildarse 277, 1215
humilde 277, 1215
humillación 1215
humillar 277, 1215
humillarse 277
huracán 1100
huxe 519
ía 230
ías 230
iba 230
ibas 230
idá 1224
idade 1224
ides 7, 48
idoso 1224
iglesia 80, 81
iglexa 81
ígneo 598
ignescente 598
ignífero 598
ignívomo 598
ignívoro 598
ignorancia 41, 1322, 1386
ignorante 1322
ignoranza 41
ignorar 1322
igoal 992
igresia 81
igrexa 81, 1050

igual 992, 993
iguala 455
iguarzo 114
ilesia 81
ilimitado 1010
iliorta 392
illamento 442
illar 442
iluminación 597
iluminar 597
ilusionado 1371
ilustre 637
imaxe 200
imaxen 200, 242
imaxes 186, 200
imaxinable 200
imaxinación 200
imaxinar 200
imbran 790
imbrar 788
imos 7, 48
impar 788, 1266
imperceptible 474
impersoal 36
ímpetu 26
implar 788
impois 1001
impresionados 1288
inantes 392
inar 1268
inchado 1291, 1292
inciño 106
incirrar 675
incomenencias 951
inconveniente 35
inconvinte 35
inda 232, 1005
índigo 546
indinado 1322
indisoluble 197
inducir 440
inepto 474
infalible 197
infaustas 1305
infecto 790
infelices 1305
infidel 1365
infiel 1365
infindo 726, 1010
infinito 726, 1010
inflado 1291, 1292
inflorescencia 463
influencia 1032
influír 1032
influxo 1032
informe 25
infortunadas 1305
infruencia 1032
infruír 1032
infruxo 1032
ingadar 1366
inglés 1035
ingleses 1035
ingrediente 463
ingrés 1035
ingreses 1035
iniciar 1153
inimigar 1019
inimigo 1019
inimigos 1019
inimistade 1019
inimistar 1019
inimizade 1019
inimizar 1019
inmenso 1010
inmersión 401
inmóbil 197
inmoble 197
inmóvil 197
inocencia 463
inorar 1322
inorme 392
inquedancia 41
inquedanza 41, 951
inquedanzas 951
inquedar 951
inquedarse 1227
inquedo 951
inquedos 1227
inquietar 951
inquietarse 1227
inquieto 218, 951
inquietos 1227
inquietú 218
inquietude 218, 951
inquilino 944
insistencia 1340
insistente 1340
insistir 1340
inspección 28
instancia 41
instante 1009
instanza 41
inteiro 24
intelectual 947
inteleitual 947
intelixencia 42
intelixenza 42
interpolar 289
intre 1009
inundación 455
inventar 1242
inxeis 1350
inxel 292, 1347
inxeleza 1347
inxelmente 1347
inxelo 292
inxiva 79
inxoito 24
iña 230
iñantes 392
iñas 230
iñorancia 1322
iñorante 1322
iñoranza 1322
iñorar 1322
iñorma 392
ipar 788
ir 7, 18, 48, 230
iracunda 946
irada 946
irado 946
irdes 160
írdesvos 160
íredes 160
íremos 160
írenos 160
irexa 81
Irexe 81
Irixe 81
irmao 755
irmau 755
irmos 160
irritado 946

írtido 1379
írtigo 1379
irtio 1379
irto 616, 1379
is 3
isca 397
iscar 397
iso 445
israelíes 3
israelís 3
iterar 478
jeme 1378
jueves 125, 794
la 141, 507, 508, 513
laar 694
labarada 597, 1106
labareda 1106
labaza 1155
labazada 905, 1155, 1156, 1246
labazadas 1155
laberco 1344
lábil 197
labio 1194
labios 1194
labor 212, 577, 578, 1014
laborada 577
laboranza 577
laborar 577, 1014
laboría 577
laboura 577, 1014
labourar 1014
labrador 578
labranza 578
labrar 577, 578, 1014
labre 1194
labrego 578
labro 1194
labrusca 1313
labrusco 1313
lacaceiro 447, 615, 1283
lacazán 447, 615, 1283, 1327
lacazáns 405
lácteo 1054
ladear 870
ladearse 870
lado 1005
ladrar 396
ladrón 663
ladróns 4
laga 731
lagaña 1171
lagañas 1171
lagañoso 1177
lagañosos 1171
lagar 731
lagarteiro 1244, 1344
lago 731
lagoa 261, 731
lagretas 633
lágrima 272
lágrimas 272
lagrimiñas 272
lagumada 261, 262
laian 393
laiar 694
laiarse 393
laído 393, 694
laido 394
laídos 393, 694
laio 694
laios 393, 694
lairán 615
lama 261
lamacento 261
lamago 261
lamaguento 261
lamareda 261
lamazal 261
lambadas 1155
lambisqueiro 933
lamegal 261
lameira 261
lameirento 261
lameiro 261
lamia 667
lamoso 261
lampadas 1155
lampo 820
lamproadas 1155
lamugada 261, 262
lamuguento 261
lancoretas 1271
lancoreteiros 1271
landán 615
langaña 1171
langañosos 1171
langoreteiros 1271
langoretes 1271
langrán 615, 1282
lanza 576, 1238
lanzal 576, 635, 1238
lanzalía 1238
lañado 395
lañar 395
lañarse 395
lañas 395
lapa 1106
lapabroas 398
lapacaldos 398
lapacoellos 398
lapada 905, 1155
lapadas 1155
lapadela 398
lapán 398
lapáns 1155
lapantín 398
lapar 398, 1106
lápara 1106
laparada 1106
laparadas 1106
laparear 1106
láparos 1155
lapas 1106, 1155
lapear 1106
lapeiro 398
lapeiros 1155
lapias 1155
lapo 1155
lapoias 209
lapón 398
lapóns 1155
lapote 1155
lapra 1106
laprear 1106
lar 888, 1327
larada 888
larán 615
laranxa 552
laranxas 552
laranxeira 552
laranxeiras 493
larapetar 1271
larapetas 633, 1218, 1271, 1334
larapeteiro 633, 1271, 1334

larapeto 633, 1271, 1334
larapetos 1218
larapio 663
larchán 615, 1284, 1334
larear 1271
lareira 640
lareta 1271, 1334
laretar 1271
laretas 454, 1271, 1334
laretear 1271
lareteiro 633, 1271, 1334
lareteiros 1218
lareto 633, 1271, 1334
laretos 1218
largacío 725
larganza 725
largasío 725
largo 446, 615, 725, 1282
laricar 633
larizán 1327
larpadas 1155
larpar 398
larpeiro 398
larpón 398
las 507, 513
lasca 1246
lascar 1246
laso 1266
lasqueta 1246
laste 737
lastre 737
láteo 1054
latín 1005
latir 396
latricar 396
laúde 688
lavabo 69
lavadeiro 69
lavado 69
lavadoiro 69
lavatorio 69
laverca 728, 1344
lavercas 728
lazar 824
lazo 49, 111, 825
le 507
lea 843, 844, 1337
leal 843
lear 843, 844, 846, 1337, 1338
lecer 733
legaña 1171
legañosos 1171
leguleios 640
legume 32, 33
lei 2, 3
leies 2, 3
leis 2, 3
leises 2, 3
leite 137, 500
leito 1054
leituario 947
leixano 202
leixar 346
lembrar 33
lemos 443
lencoretas 1271
lencoreteiros 1271
lendia 637
lengoreta 633
lengoretas 1271
lengoreteiros 1271
lenguateiros 1271
lentecer 723
lentisco 986
lento 723, 940
lentura 723
lenzo 43
leño 1322
león 550
leonado 550
lepa 1171
lepia 1171
lepias 1171
lepra 573
leproso 573
lerchán 447, 1334
lerchas 1334
lercho 447, 1284
lerchos 1334
leria 882, 1094, 1362
leser 485
lespiadas 1155
lespias 1155
leutuario 947
levadores 906
levaetrae 339
levantar 864
levar 23, 24, 119
lexano 202, 517
lexítimo 1351, 1352
lexos 202, 517
lía 844
liadura 844
lialo 844
liame 844
liamento 844
liante 844
liar 844, 845, 846, 1337, 1338
liarse 844
lías 844, 1337
liberar 607
libra 900
librar 607
libre 55
licercios 1294
lícito 733
licor 904
licores 904
lídimo 1351, 1352
lieiro 844
liga 842, 1337
ligada 842, 1337
ligadura 842, 1337
ligame 842, 1337
ligamento 842, 1337
ligar 842, 843, 1337
ligazón 842, 1337
ligueiro 842
limoeiro 552
limón 550, 552
limonado 550, 552
limpadoira 82
limpo 1095, 1352, 1353
linar 966
lindo 1352
lingoateiros 1271
linguateiros 1271
lingueirón 446
liñaza 752
lío 844, 845, 846, 1337
liorna 845
liornada 845
liorta 392, 845
liortada 845

liortas 1358
liorteiro 845
líos 844, 1337, 1338
lioso 844
lira 900
lisca 397
liscar 397
liscarse 397
lisco 397
listo 936
lixar 714, 1259
lixeiro 936, 1221
lixo 714, 829
lixoso 790
lizaces 1294
lizgairo 1221
llapa 1106
llapra 1106
lle 158, 231, 439
lles 158
lo 141, 507, 508, 513
loar 288, 1320
lobicán 1285
lobregar 1285
loces 5
locuacidade 1362
locuaz 1362
lodo 358
lograr 1383
logreiros 641
loirar 549
loirear 549
loirecer 549
loiro 549, 973
loiros 971
loita 480, 845
lolea 574
lolear 574
lolo 574
lombeirada 1308
lombriga 33
lombrigueira 244
longaínas 580
longaínza 580
longaínzas 580
longal 446
longamente 446
longaniza 580
longanizas 580
longo 446, 615, 1282
longueiro 446
longueirolo 446
longueirón 446
longura 446
lonxá 724
lonxanía 517
lonxano 202, 517, 724
lonxao 724
lonxaos 724
lonxás 724
lonxe 202, 517, 518, 724
lonxeiro 724
lonxevidade 517
lonxevo 517
lonxíncoa 724
lonxíncuo 724
lorán 615
lorcho 447
lorda 358
lorda 358, 1234
lordán 1234
lordáns 358
lordas 358
lordeira 358
lordeiras 358
lordeiro 1234
lordendo 1234
lordenta 358
lordentas 358
lordento 1234
lordo 1234
lorza 358, 525
los 507, 508, 513
lospiadas 1155
lospias 1155
losqueada 1155, 1246
losquiada 1155, 1246
lóstrego 959
lóstrogo 959
louar 288
loubán 1344
loubanza 1320
loubar 1320
louca 271
louco 271, 1067
loucos 271
loumiñeiro 288
louquear 353
lourar 549
louras 549
lourear 549
lourecer 549
Lourenzo 43
lourido 1239, 1240
louro 549, 973
louros 971
louvanza 304
louvar 288, 304, 1320
lovar 23, 24
lúa 228, 1222
luar 228, 1222
luático 1222
lubicán 1285
lubión 796
lubricán 1285
lubricar 1285
luceiro 983
lucimento 442
lucir 442
lues 665, 792, 793
luético 665
lufada 1099
luis 792
luís 901
lumarada 597
lumbrigada 54
lumbrigar 53, 1285
lume 32, 33, 50, 51, 484, 559, 596, 597, 598, 812, 1041, 1134
lumear 597
lumegar 597
lumeirada 597
lumeiro 597
lumen 597
lumes 51
lumiar 597, 1134
lumiarias 597
lumieira 597, 1134
lumieiras 62, 597
luminar 597
luminarias 597
luminiscencia 597
luminosidade 597
luminoso 597

luminotecnia 597
lumioso 597
luna 228, 1222
lunar 228
lunares 228
lunático 1222
lunáticos 735
luns 123, 124, 792, 793
lupanar 398
lupanares 713
lupanda 398
lupandas 398
lura 907
luras 907
lus 123, 485, 792, 793
lusqueada 1155, 1246
lusquiada 1155, 1246
lusquiñada 1155, 1246
luxar 714, 1259
luz 485
luza 5
luzo 5, 444
maceira 104
maceiras 493
maceiros 104
macela 619
machacar 1326
machican 839
machicar 1326
machucan 839
machucar 1326, 1382
macilento 734, 1239, 1240, 1355
maciñeira 104
maciñeiros 1154
macio 734, 1355
maciqueiros 1154
macira 104
madas 1123
madeciña 1154
madeira 930
madreña 930
madrigueiras 1146
madroña 930
madrugada 54
maia 1159
maiar 1126, 1159
maias 777
maimiña 774, 775
maimiño 774
mainamente 1254
mainiña 774
mainiño 87, 774
maino 774, 1254
maio 118, 777
maiola 1159
maiolarse 1159
maiolas 777
máis 235, 933, 1005
mal 498, 499, 500, 665
mal vezo 1385
malandria 647
malandrías 647
malandrín 647
malandro 647
malandros 647
malavezo 1385
males 498, 499
maletas 1257
malicioso 934
malla 1075, 1126
mallada 1126
malladoiro 1126
malladora 82
malladura 1126
mallar 1126
malle 1126
malleira 1126
mallo 1126
malmurar 182
malvisco 986
mamalón 933
mamela 777
mamelas 777
mamelos 777
mamerta 946
mamiña 774
mamoliña 957
mamoria 184
mamotas 777
mamudas 777
man 259
mán 933
manado 259
mancar 429
mancebía 713
manchar 358
manchar 714
manchea 259, 858
manciña 1154
manciñas 1154
manciñeira 104
manciñeiros 1154
manco 429
mancorda 871
mandarinas 552
mando 259, 581
manea 1142
maneáticos 1222
maneiras 1005
manequíns 3
maneto 470
manga 259, 1198, 1262, 1282
mangado 259, 581
mangallón 1282, 1283
mangante 477, 1283
mangar 477
mango 259, 477, 1282
mangoleiro 477, 1283
mangoletas 477, 1283
mangoleteiro 477
mangón 1283
manguán 1283
manguelo 477, 1283
manía 1185
maniatar 572
maniatos 1222
maniosos 1222
maniota 572, 756, 1142
maniotas 572
manlle 1126
manobrar 259
manoto 470
mans 4
manso 1254, 1261
manteigoso 1332
mantelear 821
mantelo 821
mantenza 42, 259
manter 42, 259
mantón 927
mañá 24, 52, 54, 151, 519
mañán 24, 519
mañosos 1154
mao 755

mapola 718
mapoula 718
maquinar 1242
mar 501, 769
marabillado 1288
maraña 846
maravilla 37
maravillado 1288
maravilloso 37
maraviloso 37
marca 1157
marceliña 114
marchaba 168
marchado 165
marchar 168, 503
marcharei 168
marchei 168
marcho 168
marelecer 548
marelo 547, 971
marfil 710
marfín 710
mariña 1055
mariño 769
mariquiña 563
mariscos 986
marmular 182
marmullar 182
marmurar 182
marmurio 182
marrán 627
marrancho 627
marráns 101
marraus 101
marrón 976
martes 792, 793
maruxa 563
maruxiña 563
marzada 113
marzal 114
marzán 113, 114
marzo 113, 114
marzola 113, 114
mascan 839
mascar 839
masmuda 774
mastigar 839, 1326
masto 737
mastro 737
mastros 737
matanza 41, 910
matar 119
matinar 1242
mau 755
maumiño 87
mautenta 232
maxinar 1242
mazá 104
mazado 500
mazaira 104
mazairos 104
mazán 104
mazanceira 104
mazaneiros 104
mazáns 485
mazaqueiros 104
me 231
mear 1126
mecha 1157
mechazo 1157
meciña 1154
meco 1175
meda 1131
medeiro 1131
media 146
medias 146, 899
medicina 1154
mediciña 1154
mediciñas 1154
mediciñeiros 1154
médico 190
medio 146
medios 146
meditar 1242
megos 1302
meiciña 1154
meiciñas 1154
meiciñeiros 1154
meiga 283
meigas 283
meigos 1154
meimiña 774
meiniña 774
meiniño 87
meirande 145
meixela 926
meixelas 569, 926
mel 399, 499, 500, 550, 814, 977, 988
mela 814
melado 550
melicroque 757
melido 399
melindreiro 1309
melindres 399
melindroso 399, 1309
mellor 992
melosas 814
meloso 399
melros 699
melura 814
melurento 814
meluroso 814
memiño 87
memoria 184
mencer 1285
menciña 1154
menciñas 1154
menciñeiro 47
menciñeiros 1154
mendar 482
mendo 482
mendos 482
mengatible 833
mengativo 833
menina 279
menino 279
meniña 87, 279, 1181
meniñas 87, 279
meniño 87, 279
meniños 279
menisco 986
menos 70, 508, 1005
mensaxes 137
mentes 1005
mentiras 1272
mentireiros 1272
mentra 1005
mentras 1005
mentre 1005
mentres 1005
meñico 87
mera 400, 811
merar 400, 811, 817
merarse 400, 811

meras 400, 811
mércoles 124, 793
mércores 124, 793
merdeiro 790
merdoso 790
merecer 40
merecer 506
mergullar 401
mergullo 401
mergullón 401
merlos 699
mesmo 1005
mesquiño 641
mestre 530
metementodo 428
mexenqueiro 1309
mexer 403
mexerica 1309
mexericar 403
mexeriqueiro 1260
mexeriqueiros 1260
mexillón 908
mexilón 908
mi 497
miaiar 1126
miañar 1126, 1159
miar 1126, 1159
michazo 1157
miércoles 793
migalla 1281
migueliñas 961
migueliños 961
mil 1366
milagre 222, 223
milagreiro 1309
milagro 222
milagroso 1309
milicroque 757
milla 752
míllara 1366
millor 992
milrarse 402
mimiño 87
mín 933
minguilete 558
miniña 1181
miniñas 87
mintirán 1272
mintireiros 1272
minxilón 908
miñán 519
miope 1177
miopía 1177
miopo 1177
mira 19, 1186
miragle 222
miraglo 222
miragre 222
miragres 222
miragro 222
miragros 222
mirar 1186, 1296
mirar de esguello 1186
mirar para os biosbardos 584
mirasoles 603
mire 1186
mirradas 402
mirrados 402
mirrar 402
mirrarse 402
misterio 276
misterios 276
misterioso 276
miúdo 987
mixillón 908
mixilón 908
mixiricar 403
mixiricas 403
mixirico 403
mixiriqueiro 383, 403, 1260
móbil 197
moble 197
moca 630, 1228
mocas 1228
moco 1228
modificou 1005
moedas 899
moega 658
mofa 1306, 1376
mofar 1306, 1376
mofarse 1306
mofeiro 1306, 1376
mofento 1122
mofletes 926
mofletudo 926
mofo 1122, 1306
mofoso 1122
moimiña 774
moina 1331, 1332
moinante 1331
moinas 1331
moitedume 33, 784
moito 480, 487
mol 251, 651, 652, 653, 774, 1254, 1290
molar 251
mole 636
molecras 774
molercas 774
moles 652
molete 251
moletes 251
molidas 1091
molido 1094
molidos 1091
mollar 1112
mollo 259
mollos 1131
molura 814
momento 1009
monean 265, 666
monear 265, 666, 1163
moneca 663
monllo 259
monllos 1131
mono 265, 1163
montana 193
montaña 193
monte 208
monteiras 929
montón 858
monxillón 908
monza 259
moquear 265, 1163
moquearse 1163
moquelear 265
moqueno 471
moquetes 1156
morado 970
morca 790
morcego 984, 985
morcegos 984
morcela 452, 580
morcilla 452, 580

morcillas 452
morder 225, 776
mordicar 776
mordiscar 776, 1158
morea 582, 583, 858
moribundo 189
morimundo 189
mormorar 182
mormorío 182
mormoruxar 182
mormurar 182
mormuxar 182
morno 655
mornos 655
morollo 1233
morolludo 1233
morolo 1233
morrer 156, 445
morrións 929
morta 1332
mosca 776
mosca burriqueira 851
mosca caira 851
mosca de besta 851
mosca de can 851
moscamorta 1332
moscar 776
mosegar 776
mosquiña 1332
mostrar 459
mouco 1228
moufa 926, 1306, 1376
moufadas 1156
moufar 839, 1306, 1376
moufaradas 1156
moufarse 1306
moufas 1156, 1306
moufeiro 1306, 1376
moular 839
moumear 839
moumeo 839
moura 968
mouras 968
mourelo 968
mourento 968
mourisco 968
mouro 542, 549, 968, 983, 1096
mouros 968
movemento 442
mover 442
moxega 658
moxegar 658
moxegón 658
moxegóns 658
moxena 257
mozcar 776
muchar 280
muchica 257
mucho 280, 789
mudanza 41
mudo 636
muiñar 839
muiñete 883
muito 480, 487
mulidas 1091
mulidos 1091
mulime 322
muller 37
mulo 636
mulro 1136
multitude 784
munda 752
mundo 189, 1257
munxillón 908
munxilón 908
mur 984, 985, 986
muradores 984
murar 984
murcego 984
murchar 280
murcho 280, 789
murcia 789
murcio 789
mures 984
muricego 984
murigante 984, 985, 986
murlo 1136
murmular 182
murmurando 839
murmurar 839
murmurar 182
murmureo 1264
murmurio 839, 1264
murmuxar 182
murmuxo 182
murocego 984
músecas 25
musgo 1122
musgoso 1122
musguento 1122
músicas 25
muslo 1136
mutio 480
muto 480, 487
múu 701
muxega 658
muxena 257
muxica 257
muxicas 257
muxido 701
muxillón 908
muxilón 908
muxir 692, 701
nabisas 485
nabiza 469
naboeira 806
nace-lo 52, 53
nacemento 40, 442
nacencia 40, 463
nacente 40
nacer 39, 40, 442, 506, 571
nacharelos 1205
nacharolas 1205
nacharolos 1205
nacho 1205
nacida 40, 571
nacidas 571
nacido 571
nacimento 442
nada 854
nadar 584
nadia 185, 854
nadie 46, 854
nado 571
nafra 1205
nafrar 1205
nafrarse 404
nafre 404, 1205
nai 183, 657
naida 854
naide 46, 185, 854
naidia 854
naidie 854
naina 657

nainas 657
nais 183
namentes 1004
namentras 1004
namentres 1004, 1005
namorada 956
namoradas 956
namorado 956
namorados 956
namorar 97, 956
namorarse 956
namoricar 97
nana 657
nantronte 126
napia 1205
napias 1205
narafotudo 1204
naranxa 552
naranxal 552
naranxeira 552
naranxeiro 552
naranxo 552
nariceiro 1204
narices 1203
nariganga 1204
narigola 1204
narigón 1204
narigota 1204
narigudo 1204
nariguiña 1204
nariguita 1204
nariquiña 1204
narís 485, 1203
nariz 1203, 1204, 1205
narizán 1204
narizón 1204
narizotas 1204
narizotes 1204
narizudo 1204
narnear 1203
narneóns 1203
narnes 979, 1203
narnexar 1203
narnexas 1203
narniar 1203
narnios 979, 1203
narnos 979, 1203
narocas 1204
nasa 1204
nasal 1204
nasalidade 1204
nasalización 1204
nasalizar 1204
nascencia 40
nascer 40, 506
nascimento 40
nasica 1204
naso 1204, 1205
naturalmente 546
nauseabundo 790
nebla 206, 252, 807
neblina 807
nebliña 807
néboa 206, 252, 806, 807, 808, 809, 810
neboaceira 807
néboas 809
neboceira 807
neboeira 252, 806
neboeiro 252, 806
neboento 806, 809
nebra 206, 252, 807
nebraceira 807
nebrina 807
nebriña 807
nefre 1205
nefrudo 1205
nego 414
negra 541, 571
negral 542
negrecente 542
negrecer 542
negreiro 541
negrexante 542
negrexar 542
negrizo 542
negro 541, 542, 549, 968, 1096
negros 541, 968
negrusco 542
neixarigo 571
nemigo 1019
nemistade 1019
nena 1181
neno 279
nentramentras 1004
nerís 1203
nesga 840
nesgar 840
nesgas 840
néspora 92
nesporeiros 92
nespra 92
nespreiros 92
nestora 1006
neta 473
neto 246, 1068, 1353
neva 820
nevada 820
nevar 820
nevarada 820
nevarento 820
nevarío 823
nevaríos 823
neve 820, 821
nevento 820
neverada 820
neves 820
nevisca 823
neviscada 823
nevoso 820
nidio 1353
niebla 252, 807
niebra 206, 252, 808
nifra 404, 453
nifrán 404, 453
nifrar 404, 453, 1325
nifreiro 404
nifrosa 404
nifroso 404, 453, 1325
ninfrón 404
ninfroso 404, 453
ninguén 46, 185, 854
ninguién 185
ningún 516
ningures 516
niñada 888
niño 888
Niñodaguia 109
nítido 1353
níveo 540
nivoso 820
no 889
no canto de 100
noble 197, 1026

noboceira 807
nobre 196, 197, 807, 1026
noceda 493
Nocedo 493
noceira 493
noceiro 493
noces 492
nocturno 947
Nogais 109, 493
nogal 493
Nogales 493
nogueira 493
nogueiral 493
Nogueiras 109, 493
nogueiredo 493
Nogueirido 493
nogueiro 493
noite 186
noiturno 947
noiva 956
noivado 956
noivar 956
noivas 956
noivo 553, 956
nome 489
non 70, 152, 231, 445
nonsense 883
nordés 1100
nordesía 1100
nordesío 1100
norma 392
nós 149, 494
nos 485, 492
noso 459, 562
nosoutros 149, 494
noticia 857
noticiar 857
notiza 1305
noutronte 126
nouturnio 947
nouturno 947, 963
nova 857
nove 522
novedá 857
novedades 857
novedar 857
novedás 857
novena 522
noveno 535
novidá 857
novidade 857
novidás 857
novo 622
noxar 1230
noxento 790, 1230
noxo 1230
noxoso 1230
noz 485, 492, 493
nu 627
nuar 627
nubarróns 253
nubeiros 253, 939
nubento 1097
nubes 253
núbil 197
nublado 1097
nublo 1097
nuboso 1097
nubrado 542, 1097
nubro 1097
nugalla 405, 936
nugallán 405, 447, 1284
nugallao 405
nugueira 493
númaro 184
número 184
nunca 234, 991
ó 243, 446, 1020, 1066
o 26, 54, 126, 141, 158, 205, 439, 500, 507, 508, 1005
ó acaso 1065
ó azar 1065
ó chou 1065
ó doután 1067
ó esmo 1065
ó final 602
ó mellor 992, 993
ó menos 508
ó nesgo 840
ó rape 1148
ó sesgo 367, 840
ó tuntún 1065
ó vultuntún 1065
obedezo 444
obediencia 463
obediente 463
obesos 925
obligar 1026
obra 863
obra de 863
obra de 863
obrigar 196, 1026
observar 1191, 1297
obstinarse 1341
obstruír 827
obter 1383
obturar 827
obxectable 1055
obxectar 1055
obxectivación 1055
obxectivamente 1055
obxectivar 1055
obxectividade 1055
obxectivismo 1055
obxecto 1055
obxeto 1055
occidental 1013
occidente 1013
-ocer 1021
oco 630
ocre 551
ocultarse 859
oficina 38
oficiña 38
ofraxe 200, 306
ogallá 994
oitavo 522, 535
oitimista 474
oito 1054
ojalá 994
ojaladora 883
olfacto 317
ollada 1184
olladela 1184
ollado 1185
ollais 883, 1185
ollal 883, 1185
ollaladora 883
ollalar 883, 1185
ollapar 1184
olláparo 1184
ollar 1184, 1186, 1296
ollecer 1184
olleira 1185

olleirado 1185
olleiras 1185
olleiro 1185
ollo 752, 1173, 1182, 1183, 1184, 1185
ollomol 499, 1185
ollomoles 499, 603, 1185
ollóns 1185
ollos 1182, 1183
olludo 1185
olor 786
olvidado 216
olvidanza 216
olvidar 216
ombreiro 33
ombro 33
ómnibus 26
once 485, 522
onciño 24, 106
onda 105
onda non 105
onde 105, 513
onte 126, 151, 519
ontes 519
ontonte 126
onzas 899
opalino 546
optar 474
optimismo 474
ora 219, 1007
oral 1196
orballada 818, 819
orballar 817, 818, 819
orballeira 818, 819
orballento 818
orballiscada 818
orballiscar 818
orballisqueiro 818
orballo 723, 818, 819
orballoso 818
orcela 1078
orcelado 1078
orcelas 1078
orcelo 1078
orco 1250
orgaísmos 35
orgaizado 35
orgaizadores 35
orgaizar 35
orgaizativo 35
organismos 35
organizado 35
organizadores 35
organizar 35
organizativo 35
orgullo 37, 1293
orgulloso 37, 1293
orgulo 1293
orguloso 37, 1293
oriceira 770
oriental 1013
orientar 1013
oriente 1013
orixe 31, 32, 200
orixinal 200
orixinaria 1005
orizada 770
orizar 770
orizó 1078
orizo 769
orizolo 1078
ornean 406
ornear 406
orneos 406
orza 1078
orzamental 1078
orzamentario 1078
orzamento 1078
orzamentólogo 1078
orzar 1078
orzas 1078
orzolo 1078
orzón 1078
orzóns 1078
os 26, 109, 141, 158, 306
ós 584
ós boleiróns 797
ósculo 1196
osento 919
óseo 919
osmar 431, 1188
ósos 919
osudo 919
ou 985, 1013, 1082, 1104, 1119, 1199
oubean 407
oubear 407
oubeos 407
oubiar 407
oucidental 1013
oucidente 1013
oular 407
oulear 407
ouracán 1100
ourela 1037
ourental 1013
ourentar 1013
ourente 1013
ouriceira 770
ouriceiras 770
ourizada 770
ourizame 770
ourizar 769, 770
ourizas 770
ourizo 769, 1078
ourizos 769, 770, 771
ouro 551, 1012, 1013
ouservaceón 1297
ouservador 1297
ouservar 1191, 1297
outer 1383
outro 126
ouxetivamente 1055
ouxetivo 1055
ouxeto 1055
ovella 1145
ovellas 1145
oxal 1185
oxalá 505
oxalá 994
oxaladora 883, 1185
oxetos 1055
pa 424
pabardos 584
pacencia 34
pacer 506
pachuzos 1133
paciencia 34, 463
paciente 463
pacífico 1254
pacto 28
padal 1095
pádea 441, 667
padecer 506
padia 667

padias 667
padieira 667
padiola 667
padiolas 667
pádoa 441
pagado 162
pagamento 442
pagar 442
pago 162
paifoco 385, 634
paifoque 385
pailán 385, 634, 639
pailaroco 385
pailaroque 385
paíño 755
paio 385
paiolo 385
paipa 1194
paizoco 385
palabra 65, 604, 1005, 1359
palacio 213
paleto 634
palicar 1361
pálido 734, 1239, 1240
palique 1361
paliqueiro 633
palitroque 757
palla 37, 640, 1130, 1132, 1133
palla centea 1130
palla milla 1130
palla restreba 1130
palla triga 1130
pallabarro 1130
pallada 1130
pallal 1132
pallar 1132
pallarego 1130
pallaza 1132
palleira 1132
palleirán 1131
palleirar 1131
palleiras 1131, 1132
palleireiro 1131
palleiro 1131
palleiros 1131, 1132
palleta 1130
palletas 1130
palletes 1132
pallizo 1130
palloso 1130
pallotas 1131, 1132
pallotes 1131, 1132
palloza 1132
pallozas 1132
palluga 1130
pallugada 1130
palluzos 1133
palmadas 1156
palomas 209
palomiña 209
palomiñas 209
palpar 656, 1056, 1150, 1193
pálpebra 1178, 1179
pálpebras 1178
palpebrexar 1178, 1179
palurdo 634
pámparo 1179
pampo 1287
pampoiado 1096
pampoias 1096
pampuriñas 209
pan 743
panceiro 327
pandeiro 689
pandeiros 689
pandullazo 1366
pandullo 1366
paneira 743
panela 1307
pantano 1114
pantasmas 186, 214
pantoxa 1233
pantufla 1233
panza 576
panzudo 576
panzudos 576
pao 755
papafilloas 1219
papaleisón 1219
papamoscas 1219
papán 1219
paparón 1219
papasol 563
papeis 499
papel 499
papoias 209, 1096
papoio 1219
papón 1219
paporrubio 385
papoula 718
paquebotes 408
paquete 408
paquetes 408
parafuso 558
parañeira 812
paraño 812
pararse 954
parche 848
parches 848
parco 101
parda 976
pardais 499
pardal 499, 976
pardas 976
pardento 976
pardo 976
parece 5
parecer 39, 40
pareces 5
parescer 39, 40
pareza 5
parezas 5
parezca 5
parezco 5
parezo 5, 444
parietal 27
parla 882
parlanchío 882
parlar 882
parola 1361
parolada 1361
parolar 1361
parolear 1361
paroleiro 633
parpadexar 1179
párpado 1179
párpalo 1179
párparo 1179
parra 812
parrafada 882, 1361
parrafeada 882
parrafear 882, 1361
parrafeo 882, 1361
parroquial 1385

parroquialismo 1385
parruma 812
parrumada 812
parrume 812
parrumeira 812
parrumeiras 1107
parteu 16
partíchedes 481
partimos 17, 443
partiquino 943
partir 16
partistes 481
partiu 16
parva 906
parvallán 1304
parvalleiro 1304
parvallón 1304
parvamente 906
parviolas 1304
parvo 906, 933, 1219, 1304
pas 485
pasado 151
pasar 1061
pasear 1061, 1062
paseniño 520
paseo 1062
pasmaceira 1219
pasmaceiro 1219
pasmado 933, 1286
pasmar 1219, 1286
pasmarote 1219
pasmo 1219, 1286
pasmón 1219
pasmonear 1219
pasmóns 1286
pasmoso 1219
pasmosos 1286
paso 1061
paspán 1219, 1304
pastor 941
pastoras 941
pata 639, 1229
pataco 639
patán 639
patarolo 639
patarreco 639
patear 1311
pateiro 1207
patela 414, 1207
patelas 639
patelo 1207
páteo 891
pateta 1229
patexar 1311
patexas 639
patexo 1207
patife 639
patín 891
patiñar 817
patio 891
pato 639, 969, 1229
patoco 639
patofo 639
patoula 639
patufo 639
patufos 639
patuxar 639
patuxo 639
patuxos 639
pau 755
pauciño 755
pauíño 755
pauto 28
pava 561
pavonado 546
paxara 570
paxareira 570
paxarela 570
paxarelas 570
paxariña 570
paxariñas 562
paxariños 562
paxariños de Deus 562
paxarola 570
paxe 414, 1233
paxel 1233
paxelo 1233
paxes 1302
paxeta 414
paxo 1233
paxoleiro 1233
paxolo 1233
paxote 1233
paz 485
pé 772, 933, 1142
pea 670
peana 1367
peaña 1367
pear 1367
pechadura 457
pechamento 457
pechar 343, 457
pecharse 457
peche 457
pecho 457, 542
pecoreiro 941
pedestal 1367
pedestral 1367
pedestre 1367
pedia 670
pedra 1378
pedro 563
pedrolo 1378
pedros 580
pedros peres 580
pedroucho 1386
pedrouzo 1386
pedruscos 1386
pega 670
pegar 880
pegón 637, 849
pegoreiro 941
pegote 637
pegureiro 941
peifoco 385
peilán 385
peitar 672
peite 672
peitear 672
peitee 672
peitisaído 918
peito 186, 918
peitudo 918
peituga 918
peitugona 918
peixe rei 584
peizoco 385
peizolo 385
peizoque 385
peizoso 385
pel 208, 775
pela 448, 775, 1149
peldurado 409
peles 208

peletre 448, 1248
peletres 1248
peletriño 1248
peletriños 1248
pelexar 1338
pelica 775
pella 448
pelón 470
pelouro 1386
pelras 278
peluca 916
pena 1048, 1116, 1149, 1220
penacho 1116, 1149
penado 1220
penal 1116, 1149
penaleira 1116
penalidade 1149
penalista 1149
penalización 1149
penalizar 1149
penar 1220
penas 1048, 1116, 1149, 1220
penascoso 1116
pendallo 409, 738
pendello 409, 1132
pendencia 409
pendengue 738
pendente 409, 738, 1121
pender 409, 738
pendericallos 825
penderico 738
pendericos 825
pendura 409
pendurado 409
pendurar 409, 738, 1384
penduricallo 738
pendurico 738
penduricos 825
penedas 1116
penedía 1116
penedío 1116
penedo 1116
penedos 1116
penedoso 1116
peneira 743, 744, 745
peneirando 744
peneirar 743, 744, 745, 746
peneirarse 744
peneiras 743, 744, 746
peneireira 286, 744
peneireiras 744
peneireiro 744
peneiriño 743
peneiro 743
penelas 1116
penicar 1088
penicas 1088
penisco 986
penla 1149
penón 1116
penoso 1116, 1149
penouco 1116
penougo 1116
pensar 1242
pensar nos biosbardos 584
pentar 672
pente 672
pentear 672
pepla 850
peplo 850
pepoias 209
pequena 1181
pequeno 279
pera 115
percebas 1178
percebe 518
percibir 518
percisar 518
perdemos 17
perdimos 17
pereiras 493
perendengue 738
peres 580
perfeba 1178, 1179
perfebas 921, 1178
perfía 1340
perfidea 1340
perfidia 1340
pérfidos 678
perfil 518
perforador 558
perfumar 518
perguezoso 1283
perguiceiro 1283
perguiza 518
perguntar 476
perica 1140, 1145
pericas 1140
perico 563, 1140, 1145
pericos 1140
perigo 223
perigro 223
peringallo 738
permanecer 416
permiso 518
permutar 518
pernas 635
pernear 1311
pernexar 1311
pernil 1137
perpiaño 850
perplexo 1288
perrera 916
persencia 518
persignarse 518
persilla 518
persistir 1341
persoa 36, 46
persoa 634
persoal 36
persoalidade 36
persoeiro 36
persona 46
personalidade 36
personalizar 36
personaxe 36
personificación 36
personificar 36
pertencer 42
pertender 518
pertenza 42
perto 518
perturbado 1288
perturbar 1226
perucho 563
perxuízo 518
pesado 1094
pescante 868
pesetas 900
pesos 900
pestana 921, 1178, 1179
pestanexar 1178, 1179
pestanexo 1178
pestañas 921

peste 787, 811
pestenexar 1178
pestífero 787
pestilencia 787
pestilencial 787
pestilente 787
pesuño 1135
peta 410, 411
petapouco 1332
petar 410, 411, 772
peteirar 411
peteirazo 411
peteiro 24, 411, 772
peteiros 411
petelar 772
peteleiras 770
petelo 772
peticar 948
petís 624
petiscando 1087
petiscar 411, 948
petisco 411, 986
petiso 624
petisos 624
peto 410, 411, 772
petón 411, 1378
petos 410, 411
petouco 411
petouto 411, 1378
petusco 1378
pexa 670, 756, 1095, 1142
pexada 670
pexadoira 670
pexar 670, 1095, 1142
pexas 572
pezoña 224
pezoñento 224
pezoñoso 224
pezuncho 1135
pezunllo 1135
pezuña 1135
pezuño 1135
pezuños 1135
piallas 1142
piaña 1367
piar 1367
piardeiro 447
piardos 584
pibardos 584
pibarzos 584
picado 501
pican 1087
picapreitos 640
picar 411, 948, 1087, 1088, 1173, 1329
picarexada 868
picarexos 868
picariño 1345
pícaro 279, 1345
pícaros 868
picha 555
picheis 555
pichel 555
pichela 555
picheleiros 555
picheles 555
picheta 555
picho 555
pichola 555
pico 411
picor 1087
picoreiro 941
picouto 738
piegas 1142
pieitar 672
pieite 672
pieitear 672
pigardos 584
pigargos 584
pigarros 584
pigoreiro 941
pigureiro 941
pilangreiro 790
pillabán 447, 1344
pillería 1344
pillo 447, 1344
pinalla 685
pinalleira 685
pinallo 685
pincerna 935
pindirico 738
pineira 743
pingallo 738
pingar 460, 738
pingarello 738
pingolo 738
pino 685
pinote 685
piñotas 1096
piobardos 584
piogas 1142
pión 796
pipa 559, 1194
pirguiceiro 1283
pirguizán 1283
piricouto 738
pirillas 825
pirindengue 738
piringalla 738
piringallas 738
piringallo 738
piringallos 738
piringolo 738
pirulo 1307
pis 555
pisco 986
pisma 847
pita 562, 563
pita de Deus 562
pita de Deus 563
pitaña 1177
pitañoso 1177
pitasol 563
piteiro 24
pitelo 561
pitín 624
pitiñas 562
pitiñas do Noso Señor 562
pitís 624
pitiso 624
pito 561
pitoñento 1177
pitoño 1177
pitos 561
pitos cairos 851
pitoxo 1177
pixa 555
placa 1037
placenteiro 1038
placer 1038
plaga 1036
plagar 1036
plaia 1037
plan 1042

plana 1043
planadoira 1043
planador 1043
planadora 1043
planar 1043
planear 1043
planexar 1043
plano 1042
planos 1043
plans 1042, 1043
planta 1040, 1041
plantan 1041
plantar 1041
plantarse 1041
plantexar 1041
planto 1046
plato 1045, 1052
plaza 1046, 1052
plazo 1047
plegable 880
plegues 880
pleitear 1047
pleito 1047
pleitos 1047
plepa 850
plomo 344
pluma 1048, 1116, 1149
pó 209
poallar 817
pobla 206
población 206
poblados 206
poblar 206
pobo 206
póboa 206
poboación 206
poboados 206
poboar 206
pobración 206
pobrados 206
pobrar 206
pobre 206
poceira 981
poceiras 981
pociña 981
poda que 993
podes 486
podia que 993
podre 790, 1198
podrecido 790
poida que 993
poida ser que 993
pois 1000, 1001, 1005
poise 1000
pola 243
póla 243
pola calada 43
polbeiro 908
polbo 908
poleiro 289
polilla 779
polo 507, 508
polo visto 993
polvo 209, 908
polvoreta 209
polvoretesa 209
polvorín 823
polvoriña 823
polvorisco 823
pomares 104
pomba 198
pombada 1366
pombas 198
pombo 198
pombos 198
pomos 486
pondes 486
pondo 486
pondrei 12
ponencia 463
ponla 243
ponlas 243
ponte 137
poñe lo 129
poñedes 486
poñemos 486
poñendo 486
poñer 486, 1018
poñerei 486
poñería 486
poñía 486
pór 486
por 67, 243, 347, 515, 567, 996, 997, 1165
por- 993
pór a mal 1019
por cima de 997
por enriba 996, 997
por riba 997
por se acaso 993
porca 558, 748
porcadas 790
porcalladas 790
porcatarse 73
porco 99, 790, 910
porcoespiño 769
porei 486
porfía 678, 1340
porfiar 1340
poría 486
porpiaño 850
porráceo 544
porranchas 627
porranchos 627
porro 627
porta- 454
porta 470
portar 454
portavoces 454
portavoz 454
portela 1125
portelo 412, 470, 1308
portelos 412
porviso 1249, 1250
pos 999, 1000, 1001
posiblemente 993
posta 1152
postema 980
postilleira 868
postillón 868
posto 162, 635
potable 224
pote 248
poubieiro 308
poupar 656, 1056, 1150
pousadoiros 940
pousafoles 940
pouta 413
pouviar 308
poxar 674
poza 981, 1114
pozas 1114
pozoña 224
praca 1037

pracenteiro 1038
pracer 282, 1038
praga 282, 1036
pragar 282, 1036
pragas 1036
praguear 282, 1036
praia 1037
pran 1042
prana 1043
pranadeira 1043
pranar 1043
pranta 1040, 1041
prantar 1041
prantexar 1041
pranto 282, 1046
praquiña 1037
prata 1044, 1045
prateado 540
prato 196, 282, 1045, 1052
pratos 1045
praza 196, 282, 1046, 1052
prazo 1047
prea 637, 850
preamar 501, 684
preas 637
precebas 1178
precebe 518
preceito 474
preceptivo 474
precepto 28, 474
preceptor 474
preceptuar 474
preceuto 28, 474
precibir 518
precisar 518
precurar 23, 24
predestinados 38
prédica 1360
predicación 1360
predicador 1360
predicar 1360
predominan 38
predomiñan 38
prefebas 1178
prefil 518
prefumar 518
pregar 524, 864, 880
prego 525, 880
pregos 880
pregue 880
preguiceiro 447, 630, 1283
preguiceiros 405
preguicento 630
preguiza 405, 518, 630
preguizas 1283
preguizoso 447, 630, 940, 1283
pregunta 476
preguntar 476
preitear 1047
preito 1047
premiso 518
premutar 518
prender 1113
prendido 162
prepa 850
preparado 936
prepia 850
prepiaño 850
prepósita 958
presa 1113
presada 858, 1113
presar 1113
presas 1113
presear 1113
preseira 1113
presencia 463, 518
presidencia 42
presignarse 518
presilla 518
preso 162, 500
preste 936
prestixio 1210
presto 936
presumido 1293
presumir 1320
presuntuoso 1293
presupoñer 1078
presuposto 1078
pretender 518
preto 202, 504, 517, 518, 542
prexuízo 518
priegue 880
prigue 880
primadeira 116
primadera 116, 191
primar 749
primaveira 115, 191
primavera 115, 116, 191
primeiramente 1005
primeiro 522
principiar 1153
pringuela 763
proba 206
probablemente 993
probar 865
procurar 23, 24
produces 440
produciches 440
producimos 440
producín 440
producir 440
produciron 440
producistes 440
produciu 440
produzo 440
profundar 1242
proia 248
pronuncia 45
pronunciar 45
prosa 1229
prosador 635
prosma 1229, 1334, 1380
prosmada 1229
prosmear 1229
prosmeirada 1229
prosmeiro 1229, 1334, 1380
prostíbulo 713
provincia 44
provinza 44
proviso 1249
prudencia 463
pruma 1048
prusiano 970
pubela 1328
pubilla 1328
publicar 1026
pubricar 1026
púbrico 1026
pucha 981
pucharca 981
pucharquiña 981
puchas 929
pucho 174
puebro 206

pulgazos 777
pulpeiras 908
pulpeiro 908
pulpitar 817
pulpo 908
pumares 104
punzón 558
puña 486
puñado 858
puño 1322
pupila 87, 1181
purgazos 777
puro 1350, 1352
púrpura 975
purpúreo 975
purrela 712
purrios 661
purros 661
putrefacto 790
putrescente 790
pútrido 790
puvixo 1328
puvulla 1328
puxar 674
que 1, 143, 174, 1005
quecer 93, 135, 479, 751
quedabén 1332
quedo 218
queimuras 131
queipa 414
queipo 414, 1302
queira 751, 852
queirar 751
queirento 751
queirés 851
queirinarse 751
queiro 851, 852
queiroa 852
queiroas 852
queiroeira 852
queiroga 852
queirogal 852
queiros 852
queirota 852
queirotal 852
queiroteira 852
queiruga 852
queixón 24
quella 708
quen 172, 173, 174, 185
quencer 135, 479, 751
quenes 173
quenlla 708
quenta 134
quentadeiro 134
quentadoiro 134
quentador 83, 134
quentamento 134
quentar 93, 134, 479, 751, 841
quente 132, 133, 134, 479, 530, 554, 751
quentura 133
quenturento 133
querencia 463
querquenas 3
quiciabes 235, 993, 990
quiciais 235
quieto 218
quietú 218
quietude 218
quilombo 713
quina 904
quincena 522
quinientos 88, 536
quino 101
quinta 125, 794
quintar 557
quinteiro 568
quinto 522
quiñentos 536
quiño 101
quiro 101
quita 587
quitado 587
quitamanchas 587
quitamedos 587
quitamerendas 587
quitaneves 587
quitanza 585
quitapedras 587
quitapesares 587
quitar 119, 585, 586, 587, 588
quitarse 587
quitas 587
quite 585, 587
quites 587
quito 585
quixais 235
quizá 235, 989, 990, 993
quizabes 235
quizaies 989
quizais 235, 989, 990, 992, 993
quizás 235, 989, 990, 993
ra 240
raba 468, 564
rabada 469
rabadela 469
rabadilla 469
rabado 469
rabanar 471
rabanda 1139, 1363
rabaño 1138, 1139
rabazos 469
rábea 953
rabear 469, 1138
rabecha 953
rabecho 468
rabeira 469
rabeiras 469
rabeiros 469
rabela 469, 470
rabelo 469, 470, 471
rabelón 470
rabelos 470
rabenar 471
rabeno 470, 471
rabento 1119
rabexa 953
rabexar 469
rabia 469, 470, 946, 953, 1185
rabiar 469, 953
rabicano 470
rabicho 468
rabico 468, 564
rabicoia 468, 564
rabicurto 470
rabilongo 470
rabiño 468, 470
rabión 953
rabioso 953
rabiscar 469
rabisco 469
rabiscón 469
rabiscos 469

rabiscos 469
rabiza 468, 469, 564
rabizo 468, 564
rabo 467, 468, 469, 470, 471, 472, 564
rabón 470
rabos 617
rabos de culler 617
raboto 470
rabuco 470
rabudo 470
rábulas 640
rábulo 640
racha 1098
rachada 1098
rachadela 1098
rachadura 1098
rachar 1098
rachas 1098, 1099
rachear 1098
racheira 1098
rachón 366
rachóns 1098
raer 1255
raia-lo 52, 53
raiba 553, 953
raigaña 1139
raíña 183
raio 363, 959, 962
raiola 113, 962
raiolán 962
raiolar 962
raiolas 962
ralar 673
rallar 673
ralo 239, 240
ralos 239, 240
ramanse 1363
ramblas 1121
ramela 1171
ramo 638
ramolacha 1363
ramona 961
ramonas 961
rampa 1121
rampas 1121
rampla 1121
ramplas 1121
ran 240
ranchos 101
rancollo 593
rancor 1139
randea 323, 763
randeadoiro 1317
randear 763, 1317
randearse 1317
randeeira 763, 1317
randieira 323, 763, 1317
rans 240
rañar 924
rapa 1148
rapacarallas 1148
rapaciña 1181
rapaconas 1148
rapacricas 1148
rapacús 1148
rapada 1148
rapadas 1148
rapadeiras 1148
rapadelas 1148
rapadoiras 1148
rapaduras 1148
rapante 1148
rapapelos 1148
rapapote 1148
rapar 1148
rapas 1148
rapaz 279
rape 1148
rapeiros 1148
rápido 936
rapóns 1148
raposeiro 1244, 1332, 1344
raposo 983, 1344
raposos 1332
rapotas 1148
rapotes 1148
raquítico 1139
ras 240
rascar 924
rascollo 593
rastelas 771
rastra 1363
rastrelas 771
rastrelo 1139
rastrollo 1139
ratafia 904
ratas 985
rato 985
ratos 752, 985
ravesoso 1363, 1364
raxadas 1098
raxeiras 1098
raxo 1152
raxoada 1098
raxoda 1098
razoar 865, 1242
rea 256, 1330
real 499, 843, 899
reás 499, 899
reba 1310
rebanar 471
rebanda 1139, 1363
rebandar 471
rebaño 1139
rebaños 1139
rebeca 66
rebelar 1358
rebelde 1358
rebeldía 1358
rebelía 1358
rebelión 1358
rebentar 717, 1119
rebento 1119
rebentos 1119
reblo 1310
rebo 1310
rebocar 869
rebola 765
rebolar 765
rebole 801
rebolo 203, 765, 1310
rebolos 765
rebombio 702
rebos 1310
rebota 788
rebotallo 788
rebotan 790
rebotar 788
rebuldaina 802
rebuldan 266
rebuldar 266, 690, 802
rebuldeiro 218, 266, 802
rebuldo 266, 802

rebuldón 266, 802
rebulicio 801, 1264
rebuligar 802, 1323
rebulindo 801
rebulir 266, 800, 801, 802, 1323
rebumbio 702, 1264
rebusca 773
rebuscadeiro 773
rebuscador 773
rebuscadores 773
rebuscar 773
rebusco 773
rebusqueiro 773
recachar 1262
recadramento 531
recadrar 531
recadro 531
recaedelas 782
recaeduras 782
recaídas 782
receita 473
receitador 473
receitar 473
receitario 473
recente 463
recepción 473
recepcionista 473
receptáculo 473
receptible 473
receptivo 473
receptor 473
rechamandeiro 1300
rechamante 1300
rechas 239
rechistar 415
rechoucheiro 415
rechouchiar 415
rechouchío 415
recibir 40
recibo 585
recidivas 782
reciña 1055
recipiente 27
recolleito 937
reconecer 1022
reconocer 1022
recoñecemento 1022
recoñecer 1022
recoñecible 1022
recoñecido 1022
recoñocer 1022
recrearse 451
recunchiño 100
recuncho 100
redacción 28
rede 832, 1075
redobrar 524
redonda 258
redondeza 258
redondo 258
redor 705
redrar 750
reducir 440
reduplicación 526
reduplicar 526
refacho 1099
refachos 1099
refilladas 774
refleisión 1033
reflexar 1033
reflexión 1033
reflexionar 1033, 1242
reflexivo 1033
reflexo 1033
refolada 1099
refole 1099
refolear 1099
refoleo 1099
refoleón 1099
refolgarse 451
refolión 1099
refolo 1099
refolón 1099
refreisión 1033
refreisivo 1033
refreixoar 1033
refrexar 1033
refrexo 1033
refriar 315, 1101
refucir 1262
refugallo 740
refugar 740
refugo 740
refulión 1099
refungar 1206
refusar 740
rega 1111
regacho 233, 1111, 1123
regada 1111
regadeira 1111
regadío 1111
regado 1111
regadoiro 1111
regador 1111
regalar 897
regalo 897
regañan 771
regañar 286, 771, 1138
regar 1110, 1111
regata 1111
regatear 1335
regato 1111, 1123
regazada 233
regazado 233
regazados 233
regazar 1262
regazo 233, 1262
regla 1034
reglamento 59
rego 233, 1110, 1111, 1123
régoa 1034
regolfo 896
regordeta 925
regordetes 925
regordo 925, 926
regos 1110, 1111
regoxo 686
regozarse 451
regra 59, 1034, 1036
regramento 59
regrar 59
regras 59
regua 59
regueifa 686
regueifas 678
regueira 1111, 1123
regueirada 455
regueiro 1020, 1111, 1123
regula 59
regulamentar 59
regulamentario 59
regulamento 59, 442
regulamentos 59
regular 59, 442

rei 2, 3, 183, 563
rei rei 563
reicelo 1144
reices 183
reies 2, 3, 183
reigaño 1139
reina 183
reis 2, 3, 183, 499
reises 3, 183
reiterar 478, 750
reixa 227, 1076
reixas 227, 1076
reixelos 1144
rela 723, 779
relanzo 1114
relar 673
relea 1335
relear 1335, 1336, 1337
releeiro 1335
relentar 819
relente 723
relento 723, 819
releo 1335
releón 1335
relinchar 782
relincho 782
relinchos 782
reliquias 782
rella 227, 1034, 1075
relladoiro 1075
rellar 673, 1075
rellas 227, 1075
relleira 1075
relleiras 1075
relliña 1075
rellos 101
reló 199
relón 743, 1280
relos 101
reloso 790
reloucar 451
relox 199
reloxe 199
reloxio 199
reloxios 199
reloxo 199
relúas 838
relumbrar 597
relume 959
remadoira 1247
remanecer 416
remanente 416
remangar 1262
remanse 1363
remanso 1114
remaquear 1338
remar 1247
rematar 169
remediar 23
remedio 23, 24, 482
remeiro 1247
remela 1171
remelar 1171
remelas 1171
remeloas 1171
remelón 1171
remelóns 1171
remeludo 1171
remeludos 1171
remendar 23, 482
remendo 482
remendos 482
remexer 403, 866
remingueita 833
remo 1247
remoer 1242
remolacha 564, 1363
remordemento 225
remorder 225
remordido 225
remorso 225
remorsos 225
remoto 724
rempuxar 674
remusmús 1264
ren ren 563
renacer 1184
renarte 1244
renchos 101
renco 593, 659
rencor 1139
rencos 101
renda 750, 830, 832
rendado 832
rendar 750, 830, 832
rendas 750
rendeira 832
rendeiro 830
rendemento 442
render 442
rendería 832
rendeta 832
rendilla 832
rendillado 832
rendillar 832
rendilleira 832
rengo 659
rengos 101
rente 504
rentear 504
renuncia 45
renunciar 45
repenicar 1087, 1088, 1329
repenique 1087, 1329
repicar 1087, 1088, 1329
repinicar 1087, 1088, 1329
repinico 1329
repinique 1087, 1329
repique 1087
repoluda 925
repousado 1254
represa 1113
represar 1113
represo 500
reptil 474
repugnancia 41
repugnante 790
requenear 1329
requentar 134
requintado 557
requintar 557
requítico 1139
resabio 1385
resaca 589
resacar 589
resaibo 1385
rescaldar 749
rescaldo 131
rescibir 40
rescindir 40
resfriar 1101
resgo 1176
resío 819
resoancia 1258

resoante 1258
resoanza 1258
resoar 1258
resolear 962
resolio 247
resonancia 1258
resonar 1258
respeto 1020
resplandecente 1353
resprandor 959
reste 737
restelas 771
restelos 771
restra 1363
restre 737
restreladas 771
restrelar 771
restrelas 771
restrelo 771, 1139
restrelos 771
restrollo 1139
retallos 978
retelear 1338
retesía 678, 1338
retesiar 1338
retorcerse 374
retorzón 660
retranca 1333
retranqueiro 1273, 1333
retrincar 417
retrincos 417
retrinques 417
retrousar 1253
retrouseiro 1253
retrousista 1253
retrouso 1253
retrousos 1253
retrouxo 1253
revengueita 833
reverdecer 544
reverdexante 544
reverdexar 544
reverencia 1020
reverse 451
reverso 1020
revés 1020, 1363, 1364
revesado 1364
reveses 1156
revesgado 1364
revesoso 1363
revingar 833
revingueita 833
revirar 1062, 1063
revocadura 869
revocar 869
revogar 869
revolta 1358
revoltista 1358
revolver 866
rexa 1076
rexeitar 740
rexélos 1144
rexo 625
rexobar 182
rexoubar 182, 451, 839
rexubar 182
ría 1199
riada 455
riba 347, 997
riba de 997
ribada 347
ribado 347
ribaldo 934
ribazo 347
ribeira 997, 1037, 1198
rifa 677, 1339
rifante 677
rifar 677, 1339
rifeiro 677
rifón 677
rigueiro 1020
rilar 673
rillar 673, 1255, 1342
rilleira 673, 1075
rilleiras 1075
rillote 447, 673, 1342
rillotes 1342
rinchar 782
rincho 782
rinchos 782
rincollo 593
rincollón 593
ringla 1330
ringleira 1330
ríngola 1330
ringra 1330
ringuileira 1330
riola 1330
rir 374
risa 1209
risada 1209
risas 1209
riscada 418
riscadas 418
risca-lo 52
riscando 418
riscar 313, 418
risco 313, 418
riscos 418
riso 1209
risos 1209
risotada 1209
rispeto 1020
ríspido 1379, 1386
ríspidos 1386
riverencia 1020
rivés 1020
rixelo 1144
ríxido 1379
rizado 913
rizadora 913
rizar 913
rizo 913
robe 57
robredas 203
robres 203
rocada 1096
rocas 311
roda 1089, 1090, 1091, 1092, 1093
rodadas 1090
rodais 1090
rodalla 1091
rodapé 1091
rodar 1090, 1093
rodas 1089, 1092
rodaxa 1091
rodaxe 1091
rodeada 1092
rodear 1092, 1093, 1094
rodecio 1091
rodeira 1090
rodeiras 1090
rodeiro 1090
rodeiros 1090

rodela 1091, 1094
rodelas 1091
rodelos 1091
rodeo 1092
rodete 1094
rodicios 1091
rodo 525, 1091, 1093, 1094
rodos 1091
roiba 553
roibáns 553, 1096
roibeces 553, 1096
roibéns 553, 1096
roibo 553, 554, 973, 975, 1096
roita 706
rol 1093
rola 1092, 1093, 1094
rolada 1093
rolar 673, 680, 1093, 1094
rolas 700, 1092
rolda 1094
roldana 1094
roldar 1094
roleiro 1093
rolete 1093
rolla 1094
rollas 1094
rollo 1094
rollóns 1094
rolo 680, 1093, 1094
rolón 1280
romedio 23, 24, 482
romendar 23
romendo 482
romeu 211
romor 1264
rompe-lo 52
rompente 54, 463
rompida 54
ron 904
ronca 592
roncadeiros 593
roncallos 593
roncar 592, 593
ronco 592, 593
roncodollo 593
roncollo 593
roncollón 593
roncón 592, 593
ronda 1094
rondar 1094
ronqueira 593
ronquello 593
ronquemia 593
ronquete 905
ronquexo 593
ronquiñeira 593
ronseis 419
ronsel 419, 914
ronzar 419
rosa 975
rosado 975
rosareiro 1332
rosmar 839, 1229
rota 706, 707
rotas 706
roteiro 706
roto 473
rótulo 448
roubar 881
rouco 593
roular 1093
rouquea 593
rouqueira 593
rouquemia 593
rouquén 593
rousar 1317
rousear 1317
roxar 554
roxas 554
roxelo 1144
roxo 554, 972, 973
rozar 419
rozcollo 593
rúa 568, 707, 1061, 1198, 1333
ruada 568
ruadeiro 568
ruar 568, 1061
rubés 553
rubia 974
rubiáns 553, 1096
rubiás 553
rubias 553, 1096
rubideira 57
rubideiro 57
rubidoiro 57
rubieis 553
rubiéns 553
rubiés 553, 1096
rubio 553, 554, 972, 974, 1096
rubios 553, 1096
rubir 57
rudeza 1312
rudicio 1091
rudo 1170, 1312
ruducio 1091
rueiro 568
ruela 1256
rufeño 60
rufo 60, 1291, 1292
rufos 1291, 1292
ruído 692, 694
ruídos 965
ruín 665
ruína 38
ruinas 1270
ruíña 38
rula 700, 1092, 1235
rular 1093
rulas 700, 1092
rulón 1280
rumor 1264
runrún 1264
ruxir 9, 692, 696
ruzo 1298
sábado 125, 792
sabañóns 306
saber 58
sabidores 253
sabrón 235
sacabalas 589
sacabocados 589
sacabotas 589
sacacorchos 589
sacado 589
sacamantas 589
sacamoas 589
sacando 589
sacar 119, 585, 587, 588, 589
sacatrapos 589
sacha 747, 750
sachadela 747
sachadora 82, 747
sachadura 747
sachar 747, 750

sachega 747
sacho 747
sachola 747
saco 381
sacreto 184
sacretos 184
sacudir 9
saída 99
saído 890
saí-lo 52, 53
saínte 27
saio 6
saír 6, 465
sal 420, 499, 500
salaiar 950
salaios 950
saldrei 12
sales 499
salgo 6
salio 6
salir 6
sallo 6
saloucar 950
salouquear 950
salsa 420, 960
salsas 960
salsear 960
salseiro 420, 960
salso 420
salta 1073
saltar 97
saltarica 1073
saltaricar 97
saltasebes 306
salto 1114
salucar 950
salvado 306
salvo 70
sámago 306
samesuga 306
san 119, 220
San Xoán 120
sanar 220
sandalias 306
sandar 220
sando 220
sangal 1223
sangrar 205
sangre 205, 242
sangriños 306
sangual 1223
sangubiños 306
sangue 137, 205, 306, 500
sanguiños 306
sangumiño 306
sangumiños 306
sangumios 306
sanguños 306
sanquiños 306
Santa Mariña 121
Santiago 121
santilorio 1332
santiña 1181
santiño 1181
santo 1181
sanxoán 757
saque 589
saranda 746
sarandar 746
sarandear 746
sarandón 746
sarcófago 669
sarego 465
sarilleiro 359
sarillo 311, 359, 1269
sarillo 359
sarnadela 422
sarnizo 661
sarradela 422
sarrizo 661
sartañego 669
sartego 669
sartén 669
sarteo 669
sarteu 669
saturninos 735
saturnos 735
saudade 293, 296
saudadores 1154
saudar 158
saúde 296, 507
saudoso 293
saudosos 293
se 844, 992, 1005, 1058
se ascaso 993
se cadra 993
seara 423
searas 423
seareiros 423
sebe 256
secado 162
seco 162
secretaria 421
secretaría 421
secretario 421
secreto 184, 421
secretos 184
século 204
seda 745
sede 902
seducir 440
sega 687, 722
segadora 82
segredario 421
segredo 421
segregar 583
seguimento 442
seguir 442
segunda 123, 125, 792, 793
segundar 750
segundo 522
seica 234, 991
seique 234, 991, 992, 993, 1312
seito 235
seitura 687, 722
seiturado 722
seiturar 722
semana 23, 24, 482
semellanza 41
semellar 23, 24, 482
semental 101
sementar 687, 722
semente 24, 463, 482, 722
sementeira 722
semos 229
sen 780, 958
sena 958
sencillo 292
sendeiros 708
senradela 422
sentimento 442
sentir 442
seña 1085
señor 562

seoane 757
separar 1347
ser 18, 52, 70, 173, 229
ser capaz 171
ser quen 171
serán 655
sereno 819, 1095, 1254
sereo 1095, 1254
serfa 1377
sermón 1360
sernadelo 422
sernizo 661
serpear 1063
serpentear 1063
serpexar 1063
serradela 422
serradelo 422
serrallos 713
serrizo 661
servente 1369
servidor 1369
serzo 810
sesa 780
sese 780
sesgar 367, 840
sesgo 367, 840
sete 473
setembro 473
sétimo 522, 535
sexta 125, 794
sexto 193, 522, 535
siar 415, 425
siareiro 423
sicho 1299
sichos 1299
siereiro 423
siereiros 423
sífilis 665
sífilis 665
sifilítico 665
siglo 204
significar 1322
signo 1085
sigro 204
sigro 204
silandeiro 698
silencio 43, 698
silenciosamente 43
silencioso 698
silenzo 43
silenzoso 698
silveiras 640
simeterio 188
simple 1349
simplemente 1349
simplementes 1349
simples 1349
simples 1349, 1350
simplesmente 1349
simpleza 1349
simplicidade 1349
simplificar 1349
simpre 1349
simpremente 1349
simpres 1349
simpresmente 1349
sinal 500, 1157
sinapismos 849
sinceira 115
sincera 115, 191
sineiro 426, 1085
sinificado 1322
sinificar 1322
sino 426, 1085
sinos 426, 1085
sinxel 1348
sinxelamente 1348
sinxelas 1350
sinxeleza 1348
sinxelismo 1348
sinxelo 292, 460, 1347, 1348, 1349
siñificado 1322
siñificar 1322
sirgar 745
sirgo 745
siso 316
só 255, 427
so 464, 491, 855
soá 917
soar 591
soaz 424
sob 855
sobe 9, 57
sober 855
sóber 855
sóbor 855
sobor 855, 998
sobor de 998
soborcama 998
soborcarga 998
soborrella 998
sobrado 885
sobrancella 1180
sobre 54, 855, 998
sobrecama 998
sobrecarga 998
sobrecella 921, 1180
sobrecello 921, 1180
sobrencella 1180
sobrenome 489
sobrerrella 998
sociedade 27
sodes 229
soedá 294
soedade 294
soedades 294
soedás 294
sofocar 1268
sofraxe 200, 306, 920
sogo 235
soidá 294
soidade 294, 295, 296
soidades 294, 296
soidás 294
soilo 427
soíño 427
soio 427, 464
sois 229
sol 53, 499, 962
sola 465
solacioso 424
solagar 731
solaina 892
solar 465
solarego 465
solarengo 465
solas 465
solaz 424
solazar 424
solazoso 424
soleado 962
solear 962
soledá 294
soledad 294, 295

soledade 294
soleira 465, 892
solemne 1243
soleo 861
solercia 1243, 1244
solerma 428, 1243, 1244
solermeiro 428
solermiñamente 428, 1243
solermiño 428, 1243
solerte 428, 1244
soleta 465
soletar 950
soletas 950
soletos 950
solfatar 964
solfato 964
solfo 964
soliño 756
soliños 1142
solla 465
sollado 465
sollar 465
sollo 465
solo 427, 464, 465, 491
solombo 1152
solouzar 950
solouzos 950
solta 670, 756, 873, 978, 1142
soltar 1142
soma 33
somana 23, 24, 482
somas 38
sombra 33
sombras 38
sombreiro 33
sombreiros 929
somellar 23, 24, 482
somente 24, 482
somos 229
son 229
sona 1210, 1211
sonata 866
sondes 229
sonear 866, 1163
sonequear 1163
soneta 866
sonetar 866
sonetas 866
sonico 866
sono 1163
sonrisa 1209
sonriso 1209
soo 427
sopa 739
sopapo 905
sopapos 1156
sopramocos 1156
sorbo 902
sorna 1370
sorprendido 1288
sorrisas 1209
sorriso 1209
sorrisos 1209
sorte 677
sortear 677
sortella 898
sortixa 898
sós 229
sosacar 589
soslaiar 840
sota 735
sotelar 950
sotelos 950
soto 735
soturno 735
soturnos 735
soupen 234
soutar 773
souteiros 773
soutelar 773
souteleiros 773
soutelo 773
soutelos 773
souto 766, 773
soutos 766, 773
soverquer 877
splicación 1053
súa 521
suave 1254, 1290
suavizar 860
sube 9
subidores 253
subir 9, 57
súbito 1319
suburbio 704
sucar 1109, 1110
sucidade 790
sucio 790
suco 1109, 1110
sucos 1109, 1110, 1123
suda 242
suficiente 463
sufocar 1268
sufoco 1268
sufraxe 920
sufraxes 920
sufrimento 442
sufrir 9, 442
suíño 1332
sulagado 731
sulagamento 731
sulagar 731
sulcar 1109
sulco 1109
suleira 465
sulermeiro 428
sulfatar 964
sulfato 964
suligroso 1309
sumir 9
sumiso 1261
surrichar 260
sutaque 1319
suxeito 28, 46, 186
suxeto 46
suxo 790
tabáns 632
tabaos 632
tabardos 632
tabatexa 938
tabatexar 938
tabatexo 938
tabeirón 632
tabeirós 632
taberna 711
tabernas 711
táboa 1324
tabús 3
tacaño 641
tacha 1082
tachas 1207
tachola 1082
tacholar 1082
taconear 1162

tacto 1054
tafio 788
tafo 317, 788, 1195
tal 499, 993
tala 1324
talameira 1247
talangrán 1282
talas 1324
talente 963
talento 963
tales 499
talirán 1282
talvez 993
tambalearse 323
tambanearse 323
tambor 689
tamboril 689
tamboriles 689
tamén 221
tangaleirán 1282
tangaleirón 1282
tangalleiro 1282
tanganido 620
tangarañado 620
tangaraño 620
tanguer 1193
taniscar 776, 1158
tantas 1005
tanxer 1193
tapabocas 816
tapacuña 1114
tarabela 558, 886, 1374
tarabelo 218, 886, 1374
tarado 1233
tarambalearse 323
tarceiro 184
tardanza 41
tareco 1233
tarefa 212, 578
tareia 212
tarelo 1233
tarima 1367
tarolo 1233
tarouco 1233
tarreo 184
tarro 1169
tartamudo 664
tartarañar 1057
tartariñar 1057
tartexo 664
tasca 711, 826
tascas 826
tasco 826
tascos 826
tatabello 483, 664
tatabexar 938, 1057
tatabexo 483, 664
tatalexar 1057
tatarañar 1057
tatarañeiro 1057
tatelo 483, 664
tatexa 664
tatexar 664, 938, 1057
tatexo 483, 664
tatexón 664
tato 483, 664, 1054
te 231, 496
tea 10, 424
técnica 947
tecto 1109
tedes 243
tega 682
teiga 682
teima 55, 56, 1185, 1341
teimar 56, 1242, 1341
teimas 56
teimón 1341
teimosamente 1341
teimosía 1341
teimoso 1341
teimudo 1341
téinicos 947
teito 1109
teitume 32, 33
teitumes 32
tella 448, 1198
tellolo 448
tellón 448
tema 55, 56
temas 56
templo 1050, 1191
tempo 1, 27, 571, 1009, 1047
temprete 1050
tempro 1050
tenaces 773
tenazas 773
tendes 243
tendollo 896
tendollos 896
tenreiro 174
tenro 1254
tentar 1193
tentas 1066
tenza 42
teña 10
teñas 10
teño 164
tépedo 655
ter 10, 42, 164, 230, 764
tér 933
terbellar 949
tercán 594
terceira 792, 793
terceiro 184, 522
tercia 792, 793
terco 594, 1340
teriaga 958
terminar 169
terque 594, 1340
terquear 1340
terra 258, 747
terrada 892
terrado 892
terraza 892
terreno 1109
terreo 184, 1109
teruvela 778
teso 853, 1379
tesoiras 853
tesoiro 853
tesoiros 853
tesón 853
tesoura 853
tesouras 853
tesouro 853
tesouros 853
testa 1169, 1170, 1316
testada 1170
testalán 594, 1170
testalanear 1170
testán 594, 1170
testanear 1170
testar 1170
testarán 1170

testaranear 1170
testarrán 594, 1170
testarrudo 594, 1170
testarudo 1170
testeira 1170
testeiro 1170
testelear 1170
testemoño 622
testo 1169
testudo 594, 1170
texto 193
ti 497, 507
tí 933
tía 10
tibio 655
tiburón 632
tiburóns 632
tinta 907
tiña 230, 778
tiñas 230
tirar 1245
tirizó 1078
tivemos 445
tixeiras 853, 1137
tixola 448
tixolo 448
toar 1066
toas 1066
toba 1146
tobeira 1146
tobo 1146
tobos 1146
tocar 1193
toco 429, 1162
tocón 1162
toconear 265, 666, 1162
tocos 1146
tódolos 507
tol 828
tola 828
toldado 1097
toldo 1097
tolear 353
toleirón 271
tolerancia 41
tolería 271
tolleito 684, 937
tollemerendas 587
toller 119, 684
tolo 271, 638, 1067
tolos 271
tomado 500
tomar 1140
tona 775, 1381
tonas 775
tondir 1147
tope 666, 1162
topear 666, 1162
topenar 666
topenear 265, 666, 1162
topenexan 666
topenexar 666
topenexar 666, 1162
topenexo 666
topete 916
toponear 1162
toque 666, 1162
toqueando 1162
toquear 265, 666, 1162, 1163
toqueiras 1146
toquenear 265, 666, 1162
toquenexar 1162
toqueno 429, 471
torada 1091
toradas 823
torba 823
torbar 823
torcedela 660
torcedura 660
torcellón 660
torcer 374, 375, 660, 870, 923, 1175
torcerse 374, 870
torda 986
tordavisco 986
tordear 870, 1375
tordo 374, 870, 986, 1217
tordos 870
torgallo 828
torgar 828
torgo 828
tormeira 889
torna 889
tornadoiro 889
tornar 889
torneira 69, 889
torneiras 69, 889
tornés 901
toro 1091
toronxa 552
toronxeira 552
toronxil 552
toros 827, 828
torozón 660
torrada 912
torran 912
torrar 912
torresmada 912
torresmo 912
torresno 912
torrexas 912
torrezmo 912
torreznada 912
torrezno 912
torreznos 912
torrezo 912
torrixa 912
torta 905
tortas 1156
torto 374, 1175
tortura 1274
torzón 374, 660
tosar 1147
toscalleiro 1312
toscanexar 1162
toscar 1162
tosco 1162, 1312
tosconexar 1162
tose 1162
tospenear 1162
tospenexar 1162
tosquear 1147
tosquiado 1147
tosquiar 1147, 1148
tostar 912
toubo 1146
toupenear 666
toupenexar 1162
touro 99
toutiñas 1066
touza 720
touzal 720
touzas 720
toxas 109
traballo 212, 578

trade 558, 778
tradear 558
trades 558
trado 558
traduces 20
traduciches 20
traducimos 20
traducín 20
traducir 440
traduciron 20
traducistes 20
traduciu 20
traduza 20
traduzo 20, 444
trago 902
traidor 983
trambalear 659
trambalearse 323
trambalicarse 323
trampa 742
trampalleiros 1273
trampas 742
trampón 742, 1327
trampóns 1273
tramposo 742, 1327
trampulleiro 1327
trampullón 742, 1327
trampuzas 1327
tranca 318, 659, 1333
tranco 659
trangallada 318
trangalleiro 1312
trangalleiros 1273
trangallo 318
tranquear 659
tranquelear 659
tranquilo 1254
tranquío 1254
transformou 1005
trapa 742
trapaceiro 742
trapallada 742
trapallán 742
trapallas 742, 1273
trapalleiro 742, 1312
trapalleiros 1273
trapela 742
trapo 742, 822, 1094
trapos 291, 727
trapuzas 742
trascado 1233
trascar 1233
trasgo 939, 1343
trasgolar 869
trasgular 869
trasnada 1343
trasnego 939
trasneiría 939
trasno 939, 1343
trasnos 939, 1343
traspoleirado 289
traspoleirar 289
trastadas 1343
traste 1343
trasto 1343
traza 779, 1328
trazar 779
trebellar 949
trebo 422
trécolas 605, 691
trecolear 605, 691
trégoa 605
trégola 605
trégolas 605
tregua 605
treidor 983
treis 4
trela 873
trelo 873, 978
trelos 978
tremblar 659
tremer 696
trenca 659
trenco 659
trencolea 659
trencolear 659
trenquea 659
trenquear 659
trenquelea 659
trenquelear 659
trens 4
trenzado 1075
trepar 671
trepia 850
tres 4, 88, 521
trescentos 536
treu 1066
triaca 958
triaga 958
tribo 26
tribu 26
trienio 532
triga 752
trilla 778, 779
trillar 778
trimestre 532
trimotor 532
trincar 417
triniscar 1158
tripa 576
tripar 671
tríptico 474
tripudo 576
trisca 1158
triscada 1158
triscar 1158
trisco 986, 1158
trisílabo 532
tristeiro 735
troar 696
trobiscar 817
trobisco 986
trobo 977, 988
trocaburrar 1233
trocaburras 1233
trogallar 828
trogallo 828
troita 480
trola 430
trollo 828
trompada 1156
trompeta 688
tronada 696
tronante 696, 939
tronar 696
tróndea 763
troneiras 1107
trono 696, 1217
tropa 691, 784
tropel 691, 784
tropelear 691
troque 757
trosma 1229
trosquiar 1147

troula 430
troulada 430
troular 430, 691
troulas 430
trouleador 430
trouleante 430
troulear 430
trouleiro 430
trouleo 430
troupear 691
troupelar 691
troupelear 691
trouquelear 691
trozón 660
truar 451
trubar 1226
trucar 1245
truchimán 935
truita 480
trulla 430
trupia 1327, 1372
trupias 1327, 1372
trupioso 1327, 1372
truscar 1176
trusco 1176
trusgar 1176
trusgo 1176, 1177
trusquiar 1147
tu 497
tubeira 1146
tufo 317, 788, 1195
tullas 1257
tumbas 669
tunda 1147
tundar 1147
tundir 1147
túnel 499
túneles 499
turbar 1226
turbio 1276
turbo 1276
túrdegas 1375
turdiamente 1375
turdio 1375
turran 434
turrar 434, 594, 676, 1245
turresmo 912
turrón 434, 594
turronea 434
tus 431, 1188
tusir 9
tusma 1188
tusmar 431, 1188
tusmo 431, 1188
tusmón 1188
tusquiar 1147
tuvemos 445
túzaro 594, 629, 1313
u 175, 507, 513
uceiras 90
-uco 1300
udre 982
ufanarse 1320
ufanos 1291, 1292
ulir 9, 785
ulos 513
último 25
último 25
ultraxe 1214
un 522
undécimo 522
unhos 35
unicornio 695
uns 35
uña 413
urbano 1108
urco 1250
urdideiras 311
uriceira 770
urizar 770
urizo 769
urrar 701
urro 701
urxencia 42
urxenza 42
us 3, 90
usanza 41
usmar 431, 1188
usmear 1188
usureiro 641
usureiros 641
uva 240
uz 90
uzais 90
vacaloura 781
vacalouras 549
vacío 1263
vacíos 697
vacuo 697
vagabundo 189, 1284
vagamundo 189, 1284
vagar 1061
vago 1284
vai 7
vai e di 176
vai moito frío 48
vaidosos 1291, 1292
vaina 447, 1295
vaíña 447, 511, 1295
vaíñas 1295
val 208
Valboa 208
valdrei 12
vale 208
valente 463, 625
valentóns 171
valeroso 625
vales 208
Valiña 208
valle 208
valuro 641
valuros 641
van 7, 1164
vao 755
vaquiña 562
vaquiña de Deus 562
vara 626, 768
varais 768
varal 768
varas 768
vareadas 768
vareando 759
varear 768
vareixa 780
varexando 759
varexar 768, 780
variar 1232
vario 1232
varios 1232
varonil 625
varredoiros 90
varrer 284, 511
varrerse 284
varrugas 371

varudeza 626
varudo 626
varxa 447
varxas 1295
vas 7
vasoira 90
vasoiras 90
vasoiro 90
vasueiro 90
vaxa 447
vaxoca 447
vaxola 447
vaxolas 1295
vea 210
vear 210
veceiro 67
veces 67
veciño 38
vedraio 435, 622
vedraño 435, 622
vedreira 435
vedreiro 435
vedro 435, 622
vegada 67
vegadas 67
vegoña 856
velagullas 939
velaí 515
velaíña 436
velaíñas 436
velaíño 436, 1323
velaquí 515
velar 1191
velas 329
veleda 856
veledas 856
veleno 224
veleta 856
vella 435
vello 48, 435, 622, 1224
velloucán 1372
vellouqueiro 1372
velo 614
vén 19
vena 210
venda 61
vendas 61
vendaval 1100
vendimar 749
vendino 414
venela 1256
venelas 1256
veneno 224
venganza 833
vengar 460
vengatible 460, 833
vengativo 833
venres 125, 794
venta 61, 62
ventá 62, 63, 884, 1083, 1236
ventada 1099
ventalada 1099
ventán 1083
ventán 884, 1236
ventana 884, 1083, 1236
ventanas 63
ventanexos 62
ventaniña 884, 1236
ventano 884
ventanos 62
ventáns 63
ventanuco 884
ventanucos 62
ventanuxos 62
ventarrada 1099
ventarrón 1099
ventas 61, 62
ventás 62, 63
ventelada 1099
venterío 1099
ventisca 1099
ventisqueiro 1099
ventoada 1099
ventoeira 1099
ventolada 1099
ventoleira 1099
ventorrada 1099
ventorrón 1099
ventre 576
ventrudo 576
ventura 432
ventureiras 432
ventureiro 112, 432
ventureiros 432
veo 19, 614
ver 19, 1186, 1296
verba 64, 65, 604, 1359
verbalismo 1359
verballoada 1359
verballoas 1359
verballoeiro 1359
verbas 604
verbo 1359
verboeiro 1359
verboiro 1359
verbomanía 1359
verbómano 1359
verborrea 1359
verboso 1359
verdá 1350
verdade 1350
verdadeiro 1350
verdasca 545
verdascada 545
verdascadas 545
verdascas 545
verdasco 544
verde 543, 544, 545, 969
verdeal 544, 969
verdear 263, 544
verdecente 544
verdecer 263, 544
verdegal 544
verdegar 263, 544
verdeguear 263
verdello 544
verdenllo 544
verdeñal 544
verdeo 544
verdes 969
verdexante 544
verdexar 263, 544
verdiallo 545
verdín 545
verdoallo 545
verdoengo 544
verdolengo 544
verdor 545
verdoso 544, 969
verduallo 545
verdugo 545
verduleiro 545
verdura 545
verdurada 545

verdureiro 545
verdurería 545
vereas 708
vermella 974, 975
vermello 554, 972, 973, 974, 975
vernes 125, 794
verquer 877
verquida 877
verquido 877
verruga 979
verrugas 371
versus 1176
verter 877
verza 545
ves 485
vesa 780
vesar 780
vesgo 1176, 1177
vespeiro 92
vésporas 92
vesporeiros 92
vespras 92
vespreiros 92
veta 378
veterano 622
veu 19
vexiga 511
vexigas 1082
vez 67, 68, 993
vezados 68
vezarse 68
vezo 68, 1385
vezouse 68
vías 707
viches 19
vidreira 63
vidro 49, 63, 111, 825
vieiros 708
viernes 125, 794
-vigar 308
vila 37
Vilariño 109
vi-lo 52
vimos 19
vin 19
vincallo 610
vinga 460
vingador 460
vinganza 460
vingar 460, 833
vingatible 460
vingativo 460
vintena 522
viñeches 19
viñemos 19
viñeron 19
viñestes 19
viño 38
viola 719
violas 719
violeda 719
violeta 719, 970
vir 19, 169, 170, 503
vir de 170
virar 1062, 1063, 1176
viril 625
viron 19
virxe 31, 200
virxes 31
virxinal 200
visal 929
visco 986
viseira 929
visera 929
visitante 944
vislumbrar 597
viso 835
vistes 19
viu 19
viva 752
vivimos 17
vivir 511
vixiar 1191, 1297
vizoso 544
voce 1223
voceiro 454
voceiros 454
voda 511
vogada 511
vogado 511
voitre 487
voitres 487
volta 525, 1058, 1059, 1060
voltar 1058, 1060, 1365
voltas 1059
voltear 1060, 1365
volteeira 1365
volteeiro 1365
volteeiros 1365
voltexar 1060
volto 1058, 1059
volume 32
volver 1058, 1059, 1060
volverse 1058
volvido 1058
vorrugas 371
vós 149, 494
voso 459
vosoutros 149, 494
vou 7
vouga 1263
vougo 697, 1263
vougos 697
voutre 487
voutres 487
vóveda 511
voz 454, 1005
vroites 487
vroutes 487
vruites 487
vrutes 487
vuitre 487
vuitres 487
vulto 511
vutre 487
vutres 487
xabrón 235
xacente 463
xalde 551
xallundes 516
xalne 551
xalundes 516
xalundres 516
Xan 385
xaneiro 111
xanela 884, 1083, 1236
xangal 1223
xantar 96
xaqueta 66
xaramolar 1117
xaramolo 1117
xardíns 4
xarela 1334
xarelo 1334

xarmolar 1117
xarmolo 1117
xaro 975
xaruto 560
xato 99, 174
xaula 356
xea 824
xeada 111, 824, 1386
xeadas 49, 824
xeadeiro 111, 824
xeadento 824
xeados 49
xear 49, 79, 111, 824
xearento 824
xebrar 1347
xebre 1347
xebres 1350
xeira 433, 687
xeito 235
xelada 824
xelados 49
xelar 49
xelar 824
xelidez 49
xélido 49
xelo 49, 614, 824
xeme 1378
xemeas 774
xemelgas 774
xemer 403
xenicar 1226
xenreira 1185
xentil 942
xenuflexión 466
xenxivas 79
xeo 49, 111, 614, 824, 825
xeonllo 466, 920
xeremelo 1117
xeremolar 1117
xeremolo 1117
xerencia 463
xerfa 1377
xerimolo 1117
xeringa 1299
xeringar 1231, 1299
xerme 1117
xermelo 1117
xermen 1117
xermes 1117, 1119
xerminación 1117
xerminadoiro 1117
xerminal 1117
xerminar 1117, 1118
xermolar 1117, 1118, 1119
xermolo 1117
xermolos 1117, 1119
xesta 90, 109
xestais 90
xestas 90, 109
xestedos 90
xesteiras 90
xía 824
xiada 111, 824
xiadas 824
xiadeiro 111, 824
xiadento 824
xiar 111, 824
xiarento 824
xiba 907, 922
xibas 907
xibia 907
xiboso 922
xilmendreiro 241
xilmendro 241
xinebra 904
xinzos 109
xío 49, 111, 824, 825
xiollo 466
xionllo 466, 920
xirar 1062, 1063
xirgar 745
xirgo 745
xirifeiras 838
xirifeiro 838
xirimelo 1117
xiringa 1231, 1299
xiringar 1231, 1299
xirmolo 1117
xis 485
xistra 823, 1100
xistrar 823
xiz 485
xo 783
Xoán 119
xoana 563
xoaniña 563
xoaniñas 563
xoano 563
xoeirar 746
xoeiras 746
xoello 466
xoenllo 466, 920
xoeves 125, 794
xofran 964
xofrar 548, 964
xofre 548, 964
xogo 235
xoguete 895
xollo 466
xonllo 466
xormelo 1117
xorna 1370
xornada 1370
xornal 1370
xornaleiro 1370
xornalista 1370
xornas 1370
xorne 1370
xoroba 922
xorobado 922
xorobeta 922
xorobo 922
xoromelo 1117
xorreira 260
xorro 260
xotado 783
xotar 783
xoto 629, 783, 1312
xoula 1277
xouxe 278
xouxeira 278
xouxel 278
xoves 125, 794
xuaniña 563
xuano 563
xudeu 1332
xueves 125, 794
xuilín 121
xulio 121
xullo 121
xunguir 9, 937
xuño 119
xuoves 794
xurdir 9

xurrada 1127
xurrar 260, 1127, 1299
xurre 260
xurreira 260
xurro 260
xurros 661
xusgar 485
xuvenco 174
zadón 86
zadona 86
zafañadas 1156
zafiro 546
zafrañadas 1156
zaguñada 810
zaina 437, 983
zaino 437, 983, 1332
zaíño 983
zalapastradas 823
zalerpas 727
zalopas 727
zamelas 777
zampar 777
zanca 1137
zanco 1137
zancos 1137
zanfona 688
zangamoina 1332
zaparrallada 741
zapicar 777
zarabetea 664
zarabeto 664
zarabetos 664
zaragallada 741
zaragoles 338
zaramalla 741
zaramallada 741
zaramalleiro 741
zaranda 746
zarandar 746
zarandear 746
zarando 746
zarandón 746
zarangallos 1214, 1225
zarangolos 338
zarapallada 741
zarapallar 741
zarapallas 1225
zarapalleiro 741, 1225
zarapalleiros 1214
zarapallón 1225
zarapallos 1214
zarapatello 823
zarapello 1225
zarapeto 664
zarcear 810
zarco 546
zarnizo 661
zarrabullo 741
zarracina 1100
zarramalla 741
zarrapalleiro 1225
zarrapallón 1225
zarrapallos 1225
zarrapas 822
zarrapeiros 1214
zarrapellos 1225
zarrapicar 1299
zarrapos 822, 1214, 1225
zarrar 457
zarriscar 1299
zarrizo 661
zarrumalla 741
zarzallar 810
zarzañar 810
zatico 909
zazos 664
zazosos 664
zoar 591
zoca 930
zochas 774
zoco 930
zoina 437, 1332
zoinamoina 1332
zoldra 823
zombar 591
zoncho 777
zonchos 248, 777
zongue 297
zorolleiros 1124
zorollo 1124, 1225
zorollos 1124, 1225
zorreira 260
zorrichar 1299
zorrollo 1225
zreixa 1115
zreixal 1115
zreixeira 1115
zruque 95
zudre 260, 388, 982
zudrio 260
zugar 283, 982, 1371
zugo 982
zugón 1371
zugoso 1371
zulús 3
zúmballe 590
zumbar 590, 591
zumbeiro 591
zumbido 590
zumbón 591
zume 654, 982
zumo 777, 982
zuna 1185
zunado 594
zuncho 777
zunido 590
zunir 590, 591
zupia 739
zurreira 260
zurrichar 1299
zurro 260, 388, 982
zurros 661
zuruxán 190
zuruxano 190

VOCES GALEGAS MEDIEVAIS

abalar 759
acaecer 479
aderar 478
aditos 348
adoecer 599
adta 1008
ageolhar 466
agoa 180
agua 180
algara 269
allures 516
allur 516
almafil 710
almafi 710
almeos 508
amábel 197
amaecer 52
amezedade 512
amicicia 512
amicidade 512
amicísimo 512
amizade 512
amizdade 512
amiziade 512
ammafide 710
andas 668
angeo 201
angio 201
animaes 498
apos 613
aquelos 155, 236
arente 1044
arento 1044
argente 1044
argen 1044
arredro 312
aseitar 1189
astragar 290
ata 1008
ate 1008
até 1008
auga 180
augua 180
aveença 84
avença 84
avenença 84
aventura 511
aversao 511
avesso 511
avogado 511
a mantenente 232
a mantente 232
babtizar 490
bafo 788
baptizar 490
baratar 325
barato 325
batizar 490
bautizar 490
blanco 1023
blando 1023
boliço 801
boutizar 490
branco 1023
brando 1023
britar 1123
buliço 801
bulidor 266
caecer 479
caentar 134
caente 132, 133, 134
caentura 133
cafiz 557
calda 129
calentura 133
campáa 1084
campaynna 1086
caomiar 611
caor 139
carpir 333
casula 461
catar 1192
cativo 595
causa 335
ceo 340
chamas 1105
choer 343
choir 1128
chore 178
chor 178
clara 1028
coa 467
complir 1049
comprir 1049
conplir 1049
conprir 1049
coñocer 1021
corenta 530
cós 1164
cousa 335
crara 1028
cravos 1027
crescer 39
demente 1003
dementres 1003
dementre 1003
dezaseis 535
dezeseis 535
dobro 523
doctor 1054
door 181
dosentos 521
doutrina 1054
dozeno 522
dozentos 521
duzentos 521
Eclipse 21
Eclipsi 21
eemigo 1019
eimigo 1019
ela 507
Elipsis 21
elo 507, 898
emigo 1019
empós 999
enemigo 1019
enmentes 1003
enmente 1003
enmentres 1003
enmentre 1003
enmigo 1019
entanto 1003
escaecer 216
escaicer 216
esclavo 1027

esmolna 1331
esos 155
espaço 213
espádoa 441
espreitar 1190
espulla 371
espunlla 371
esqueicer 216
essos 155
estábel 197
estevemos 445
esté 10
estouvemos 445
estovemos 445
estraio 622
exito 348
feestra 63, 884, 1083
flaco 1030
fraco 1030
fronte 1165
gafo 573
geolho 466
geollo 466, 466
goio 387
goir 1161
goyoso 1161
goyo 1161
groria 1035
houbemos 445
houbestes 445
humil 277
hu 513
i 515
joues 794
laido 394
legar 843
leixar 346
liar 844
loomiñar 288
louco 271
lues 792
luis 123
marfil 710
masto 737
mirrar 402
nadi 854
Nado 854
nascer 39
nebla 807
nojo 1230
nostro 459
oblidar 216
obridar 216
omildar 1215
omillar 1215
onceno 522
ora 219
osmar 431
Palfebra 1178
pareces 5
parecía 5
parescas 5
paresca 5
paresco 5
pea 1220
peitee 672
peligro 223
penas 1149
Perfebra 1178
perguntar 476
periclu 223
periculo 223
periglo 223
perigolo 223
perígoo 223
perigro 223
persona 36
pichel 555
placer 1038
plana 1043
plano 1042
planta 1040
plata 1044
poblo 206
póboo 206
pobo 206
pobro 206
poçoia 224
poçón 224
poçoñar 224
poçoña 224
pos 999
pracer 1038
pranta 1040
preceito 474
preguntar 476
pregunta 476
preto 518
proença 44
prouença 44
provencia 44
proviço 1249
provincia 44
quando 527
quaraesma 530, 530
quareenta 530
quareesma 530
quarenta 530, 530
quaresma 530
quatro 527
queñentos 88
quiçabe 235
quiçab 235
quiçais 235
quiçai 235
quiçá 235
quiñentos 88
quitar 585
quorenta 530
quoresma 530
rebele 1358
rédea 750
regla 1034
régoa 1034
regua 1034
reicelos 1144
reixelos 1144
religas 782
relinquimento 782
relinquir 782
remaner 416
remecer 416
rexelos 1144
riso 1209
rubio 553
sacar 588
sar 220
seenço 43, 698
sevo 511
simples 1349
simplez 1349
sinos 1085
sino 426
siso 316

sobrencella 1180
soilo 427
solaz 424
solo 464
soo 427
tábua 511
taega 682
taeiga 682
taleiga 682
teega 682
teiga 682
templo 1050
tempro 1050
tenzón 678
testemoio 622
tevemos 445
ti 497
touvemos 445
tovemos 445
u 513
vedraio 622
vedro 435
vegada 67
vengar 460
verbo 64
voceiro 454
vogada 511
voluma 322
volume 322
vostro 459
vultre 487
xeollo 466

VOCES LATINAS E LATINOVULGARES

ABHORRERE 107, 575
ABSINTHIUM 244
AC 535
ACCEPTARE 473
ACCUILLOS 155
ACINU 667
AD 219, 312, 458, 519, 759, 837
ADAERARE 478
ADCADESCERE 135
ADCALESCERE 479
ADDONARE 630
ADMANESCERE 052, 1285
ADOBARE 302
ADORARE 1012
AD-RETRO 312
ADTONITRUARE 1217, 1274
ADVENIENTIA 084
ADVENIRE 455, 455
AESTIMARE 431, 1188
AESTIVUM 729
AGERE 094
AGNUM 1322
AGNUS 1144
ALAPA 303, 303
ALBO 537, 540
ALBUS 967, 1023
ALIORSUM 516
ALIUBI 516
ALIUNDE 516
AMARUS 547
AMBIENTEM 027
AMBIRE 1092
AMETES 668, 668
AMICITATE 512
AMORINARE 655
ANELLUS 898
ANGARIA 578
ANGARIELLA 668
ANGARIELLAE 668
ANGELUM 201, 201
ANIMAL 498
ANIMALIA 498, 784
ANNO 1006
ANSA 579
ANTIA 041, 041
APERI 717
APPECTORARE 475
APPOSITU 849
AQUILA 507
AREFACERE 310
ARGENTUM 1044
ARMORACIA 564
ARRIGERE 841
ASSARE 579
ASSECTARI 1189
ASSEDIARE 275
ATRU 541
AURICIUS 769
AURUM 769
AUSCULTARE 487
AXE 484
BACILLU 748
BADIU 570
BADIUS 349, 789
BALARE 326
BALATRO 326
BALLARE 759
BAPTIDIARE 490
BAPTISMUM 490
BAPTIZARE 490, 490
BARRIUM 703
BASIUM 267
BATARE 633
BINARE 749
BISOCULUM 1176
BLANDU 537, 1036
BLANDUS 1023
BLATERARE 326, 537
BLITU 537
BOMBUS 702
BOREAS 817
BRACCHIA 581
BRACCHIUM 581
BUCCA 1196
BUCINARE 406
BULLA 795, 796, 798, 798, 799, 805
BULLABULLIARE 804
BULLARE 803
BULLAS 800
BULLIARE 803, 804, 805
BULLIRE 800, 803, 803, 805
CACCABUS 361
CACCULUS 361
CADERE 467
CAELUM 614
CALDUS 127

CALEFACERE 083
CALENTARE 134
CALENTE 530, 751
CALENTEM 132
CALERE 751
CALESCERE 135, 479, 751
CALIDUS 127, 132, 132
CALOR 138
CALOREM 139
CALUMNIA 611, 611
CAMPANA 1084, 1084
CANALARIA 852
CANALEM 708, 852
CANICULA 708
CANNA 708
CAPERE 414
CAPIUM 414, 414
CAPSAS 335
CAPTARE 072
CAPULUM 756, 1141
CAPUT 756
CARCASIA 715
CARERE 851
CARONE 504
CARPERE 333
CARYDIUM 492
CARYOLUM 492
CASULA 461
CATAPLASMA 849
CATHEDRA 852
CAUDA 467, 468
CAVEOLA 356
CILIA 1178, 1179
CILIUM 1178, 1178, 1179, 1180
CIRCINARE 337
CIRCINUS 337
CIRCIUS 810
CITO 094
CITRUS 552
CLAMARE 194, 1027
CLARU 1027
CLARUM 194
CLAUDERE 343, 1027, 1128, 1129
CLAUSA 1027
CLAUSTRU 1027
CLAUSU 1129
CLAUSUM 343, 1129
CLAVE 1027
CLAVEM 194
CLAVICULA 194
CLAVU 1027, 1027, 1036
CLAVUM 194
CLERU 1027
CLOCCA 342, 1027
CLUPEA 1027, 1112
COACTIARE 300
COCCUM 1143
COGNATUM 1322
COGNOSCERE 1021, 1022
COLARE 364
COLORARE 388, 388, 644
COLOREM 110, 139
COLLOCARE 409, 458
COMINITIARE 217
COMPLERE 1049, 1049
CONCEPTUM 474
CONGER 341
COR 273, 334, 1267
CORIUM 350
CORPUS 1164
CORRUGU 707
CORRUGUS 566
COSSIS 778
COSTA 1120
COXUS 659
CREDITUM 1212
CREMOR 963
CRIBUM 746
CRUSTA 785
CUBARE 226, 226, 458
CUBILIA 226
CUCULLUS 683
CUMULAS 254
CUNCTARI 476
CUNICULOS 207
CUTINA 667
CYMA 567
CHORDARIUS 1144
DECEM 535, 535
DEFENSA 256, 256
DEFOLIARE 772, 803
DEMITTERE 030, 030, 1015
DEPUTARE 1015
DERECTUS 1015
DERUPARE 347
DESIGNARE 1017
DIARIA 433, 433
DIES 123, 123, 792, 792, 792, 793, 793, 794, 794, 1047
DIMITTERE 030, 030, 1015
DIRECTUS 1015
DISCALCEARE 1018
DISCARRICARE 1018
DISCONVENIRE 1018
DISCOOPERIRE 1018
DISCREDERE 1018, 1018
DISCRÉDITO 1018
DISPOSARE 1018
DOCTRINA 1055, 1055
DOLERE 599
DOLOR 952, 952
DOLORE 465
DOMITUS 653
DONARE 630
DUAS 521
DUCENTOS 521
DULCEM 215, 650
DUM 1003, 1005, 1005
DUMINTERIM 1003
DUODECIM 522
DUOS 521
DUPLARE 524, 1026
DUPLEX 523
DUPLICARE 525, 526
DUPLU 523, 524
DUPLUM 523, 526
ECCLESIA 080, 080
ECCUM 836
ECLIPSIS 021
ELEEMOSYNA 1331
EMENDARE 482
EMPLASTRUM 848
EPITHEMA 847
ERECTUS 841, 841, 1379
ERGATA 311
ERGATELLUS 311
ERICIUS 769
ERIGERE 841, 841
ESCARIOLA 362
ESQUIVO 1237
ET 535
EXCADESCERE 216
EXCOLARE 364
EXFARINARE 754

EXHALARE 954
EXIGUUS 623, 623, 1237
EXITUS 264, 890
EXPENDERE 370
EXPLICARE 730, 1190
EXPLICITARE 730, 1190
EXQUARTIARE 366
EXTENUARE 729
EXTORCULARE 375
EXTRICARE 372
FABULARI 166, 166
FACTU 186, 1054
FALCIS 488
FALUPPA 727, 820
FALX 488
FAMULUM 1369
FARINA 752
FARINACEUS 753
FARINARIU 754
FARINARIUM 753
FARINARIUS 753
FARINATUS 753
FARINOSUS 753
FASTIDIU 1231, 1231
FAUCE 1125, 1125
FAUTU 834
FAVILLA 1357
FEMINA 667
FENESTRA 884, 884, 1083, 1083, 1236
FENESTRAM 063
FENUCULU 466
FERIA 793
FERIAM 124
FICARE 308
FICTUS 379
FILU 507
FILUM 1079
FINDERE 732
FINIS 602
FISSICARE 732
FISSICULARE 732
FISSUM 732
FISTULA 457, 902
FLACCU 1030
FLAGRARE 785, 1030
FLAMMA 1030, 1105
FLOCCUS 820
FLOREM 178, 1030
FLUXU 1036
FLUXUS 1031
FOCE 1125
FOCUS 051, 596, 596, 598
FODIARE 262
FOEDU 467
FOETERE 787
FOETOR 787
FOLLEM 208
FOLLIS 381
FORIA 631
FRAGMEN 565
FRAGMINA 565, 565
FRAGRARE 785
FRANGERE 250, 565, 822
FRONTEM 1165
FRUCTU 238
FULGUR 363
FULMEN 363
FUMUM 484
FUNGIDUS 354, 1290
FUNGULUS 354
GANATU 220
GANNIRE 286
GARRULARE 386
GARRULU 386
GARRULUS 386
GAUDERE 1161
GELARE 049, 079, 111, 824
GELU 824
GELUM 614
GENU 466
GENUCULU 466
GENUFLEXIONE 466
GINGIVA 079
GLACIES 111, 825
GLADIARE 393
GLADIUS 393
GLATTIRE 396
GLOBUS 196
GRADU 755
GREGE 583
GRUMMU 717
GRUMULUS 390
GULA 390, 1125
HABEO 166, 166
HAC 219, 1006
HIRTUS 616, 616
HOC 1006
HOMINES 185, 854
HOMO 854
HORA 219, 1006
HORAM 219
HORDEOLUS 1078
HOROLOGIUM 199
HORRIPILARE 319, 319, 770, 1102
HORTUS 242
HUMILIARE 277
HUMILIS 277, 277
HUMILITARE 277, 277
HUMILITAS 277, 277
HUMILLARE 277
HUMUS 277
IGNIS 598
ILLAM 507
ILLUM 427, 507
IMAGINEM 200
IMPULSARE 674
IN 627, 1252
INCEPTARE 1153
INDICTA 578
INFARINARE 754
INFATUARE 834
INFINITUS 726
INIMICUS 1019, 1019
INITIARE 217
INSIDIARE 1189
INTERIM 1003, 1005, 1005, 1009, 1009, 1009
INTERPOLARE 289, 289
INTERROGARE 476
INVIARE 360
INVISUS 835
IOVIS 794
IPSOS 155
IRRUGARE 357
ISTOS 155
ITERARE 478, 478
IUNIUS 119
LABIUM 1194
LABOR 577, 578, 1014
LABORARE 577, 1014
LABOREM 1014
LABRUM 1194
LACTUCA 362

LAMINA 667
LANIARE 395
LARGUS 446
LATRARE 326
LAUDARE 288, 304, 304
LAURU 549
LAXARE 346
LECTU 1054
LENTUS 723
LICERE 733, 733
LIGARE 842, 843, 846, 1337
LIGNUM 1322
LIMPIDUS 1352
LIPPUS 1171
LITUS 1037
LOCARE 831
LONGE 202
LONGUS 446
LUCANICIA 580
LUES 665
LUMEN 051, 596, 596
LUNAE 123, 792
LUNIS 123, 123, 792
LUPA 398
LURIDUS 358
MAGISTER 530
MALLEU 1126
MANCUS 429
MANE 052
MANICA 1262
MANICATUM 259
MANICU 477
MANU 259
MANUTENERE 232
MARITIMA 808
MARTIS 123, 792
MAXILLA 569
MERCURII 793
MERCURIS 793
MERGERE 401
MERGUCULARE 401
MERUM 400
MERUS 400
MILIA 1366
MIRACULUM 222, 222
MIRRHA 400
MONSTRARE 459
MORDERE 225
MORSICARE 658, 776
MULTU 487
MUNDUS 1257, 1257
MURAENA 582
MURMUS 655
MUSTIDUS 789
MYSTERIUM 276, 276
NARES 1204
NARICAE 1204
NASCULUM 1205
NASSA 1204
NASUS 1204, 1205
NATA 854
NATI 185, 854
NATU 854
NAUFRAGARE 1205
NEBULA 206, 252, 806, 807, 808
NEC 185
NEMO 185, 185
NEXU 840
NIGRU 541
NITIDUS 246, 1353, 1353
NOBISCUM 494
NOCTE 186
NOCTEM 519
NOTA 1386
NOVIU 553
NUCARIA 493
NUCIS 492
NUGALIA 405
NUGALIS 405
NUX 492
OBLITARE 216
OBSIDIARI 1189
OBTURARE 827, 1275
OBTURICARE 828
OCTO 1054
OCULOS 717
OPACEUS 349
OPERA 433
ORA 1037
ORARE 1012
ORCUS 1250
ORIS 1012, 1196, 1201
OS 1012, 1196, 1196, 1201
OSCITARE 1201
OSCULUM 1196
OSMARE 431, 1188
PACEM 308
PACIFICARE 308
PALO 755
PALPARE 656, 656, 1056, 1150
PALPEBRA 1178, 1178, 1179, 1179
PALPEBRUM 1178, 1179, 1179
PALU 755
PALLIDUS 789
PALLORE 789
PANDORIUS 689
PAPAVER 718
PAPILIONEM 209
PARERE 039
PASMUS 1219
PATINA 667
PAVERE 308
PECTEM 672
PECTINARE 672, 672
PECTINE 672
PECTU 186
PECTUS 475
PEDANEA 1367
PEDANEUS 1367
PEDEM 670, 756, 1142
PEDERE 410, 411
PEDICA 670, 756
PELAGIUS 385
PELLEM 208
PELLINARIA 743
PENDERE 738
PENDICARE 738
PERCONTARI 476
PERFIDIA 678
PERICULUM 223
PERSONA 036
PESSULUM 457
PESTE 787
PETO 410
PETRANEU 812
PHANTASMA 214
PINNA 743, 1048, 1116, 1149
PLACERE 1038
PLACITU 1047
PLACITUS 1047
PLAGA 282, 282, 282, 1036, 1036
PLAGIA 1037
PLANTA 1039, 1040
PLANTARE 1036, 1039

PLANU 1036
PLANUM 255, 255
PLANUS 491
PLATEA 1046
PLATTUS 1044, 1045
PLENA 259
PLENU 1036
PLICARE 1036
PLORARE 1036
PLOVERE 1036
PLUMA 1048
PLUMBU 1036
PLUMBUM 344
PLUVIA 553
PODIARE 674
POENA 1220
POPULUS 206, 206
PORRIGERE 675
PORTULACA 634
POST 999, 1002
POSTE 1000
POTIONE 224
PRAECEPTUM 474
PRAECUNCTARI 476
PRAEDA 637
PROVIDERE 1249
PUGNUM 1322
PULSARE 674
PULVIFICARE 308
PULVIS 209, 209
PULVUS 308, 823
PULLUS 243
PUPA 1181
PUPILLA 087, 1181
PURIS 627
QUA 530
QUADRAGESIMA 530
QUADRAGESSIMA 076
QUADRAGINTA 076, 530
QUADRI 532
QUADRINGENTOS 528
QUADRU 532
QUADRUM 852
QUADRUPEDIA 784
QUADRUS 533
QUALEM 074
QUANDO 074, 527
QUANTAM 074
QUANTUM 075, 527
QUARTA 793
QUARTAM 124
QUARTUS 534
QUATERNUS 529
QUATTUOR 074, 527, 529, 533
QUATTUORDECIM 529
QUEM 172, 185
QUI 235
QUIETUDO 218
QUIETUM 218
QUINGENTI 088
RABIA 553
RABULA 640
RADERE 504
RANCUS COLEI 593
RAPA 564
RAPINARE 471
RAPUM 468, 468
RASTRELLU 771
RAUCA 593
RAUCUS 593
REBULLITARE 690
RECEPTA 473
REDDERE 830
REDDITA 830
REGANIARE 286
REGULA 1034, 1034, 1036
REHINNITULARE 782
REITERARE 750
RELICTOS 782
RELICTUS 782
RELINQUERE 782, 782
REMANERE 416
REMORDERE 225
REMORSUS 225
RENDITA 830
RENICULUS 593
RENICUS 593
REPULLU 765, 765
RES 854
RESECARE 418
RESONARE 1258
RETENDERE 678
RETINA 750
RETINERE 750
RETRO 312, 705
REVERSUS 1020
RHONCARE 592
RIGIDUS 625
RIGORICIU 1103
RINGULARE 673
RIPA 997, 1037
RISUS 1209
ROS 247
ROTA 1089, 1093, 1094
ROTULA 1094, 1094
ROTULU 1094
ROTULUS 680
RUBEUS 553, 553, 554
RUGA 568, 676
RUPES 347
RUPIA 707
RUPIAS 706
RUSSEUS 554, 554
RUTRU 1091
SAETACEUM 745
SALIRE 465
SALSA 420
SALTUS 766
SALUTE 507
SANARE 220
SANATUM 220
SANGUEN 205
SAPIT 235
SARCOPHAGUS 669
SARCULARE 747
SARTAGO 669
SCIENTIAM 058
SCINTILLA 363
SCIRE 058
SCHISMA 339, 1241
SECARE 367
SECRETUM 421, 421
SECTARE 098
SECTURA 722
SEMENTEM 722
SENSUM 316
SENSUS 316
SEPARARE 1347
SERICULAS 359
SERRATA 422
SERRATELA 422
SERRATULA 422, 422, 422
SESECARE 367, 840
SESSICARE 840

SEX 535, 535
SEXDECIM 535
SIBILARE 699, 699
SIGNA 1085
SIGNUM 426, 1084, 1085
SILBILARE 699
SILENTIUM 043
SILFILARE 699
SIMPLEX 1349
SIMPLICE 1349
SINAPI 849
SINGELLUS 292, 1348
SIRICU 745
SOLACIUM 424
SOLACULUM 465
SOLEA 465
SOLEARE 465
SOLIS 247
SOLITATEM 294
SOLUM 255, 255, 427, 464, 464, 465, 465, 465, 491
SOLLERS 1244
SOLLERTIA 1244
SPARGERE 370, 370
SPASMUS 1219, 1286
SPECTRUM 186
SPONGIA 371
SPUMA 1377
STARE 373
STRATA 707, 707
SUAM 521
SUB 855
SUBITUM 836
SUBMERGERE 401
SUINU 1332
SUMEN 654
SUMMATIM 837
SUPER 855
SUPERCILIA 1180
SUPERCILIUM 1180
SUPERE 058
TACTARE 1193
TACTUM 1193
TANGERE 1193
TARATRUM 778
TENDERE 678
TEPIDUS 655
TESTA 1169
TESTU 1169
THERIACA 958
THESAURUS 853
TIBI 497
TINEA 778
TONARE 696
TONDERE 1147, 1147, 1147
TONSARE 1147, 1147
TONSORIA 853
TONSUS 1147
TORCULUM 375, 375
TORICARE 828
TORICU 828
TORPIDUS 1217
TORQUERE 375
TORTIONE 660
TORTU 1175
TORUS 828
TRACTIARE 779
TRIBULARE 778
TRIBUS 026
TUBER 632
TUBULUM 977
TUNC 1252
TURBULA 430
TYPHUS 317
UBI 175, 513
ULULARE 407, 407, 701
UNDECIM 522
UNICOLEU 593
URCEUS 1078
USQUE 1008
VACARE 1061
VACUUM 697
VACUUS 1263
VADERE 007
VADU 755
VAGARI 1061
VALLEM 208, 208, 759
VALLUS 759, 761
VANNUS 743, 761, 762
VANU 1164
VASA 1084, 1084, 1084
VELUM 614
VENA 210
VENERIS 125, 794
VERBA 604, 604
VERBUM 064, 604
VERRERE 090, 284
VERRES 328, 693
VERSICU 1176
VERUCULU 608
VESPA 092
VESPERTILIO 984
VESPULA 092
VETERANUS 622, 622, 622
VETERIS 435
VETULUS 435, 435, 622
VETUS 435, 435, 622
VIA 360, 707, 707, 707
VIAS 706
VIBIUM 614
VICATAM 067
VICEM 067
VIDERE 835
VIGILARE 1191
VINCULUM 895
VINDICARE 460, 833
VINDICTA 833
VIOLA 719
VIRDE 545
VIRDIA 545
VISUM 298
VITIARE 068
VITIUM 068
VITTA 378
VIVA 719
VIVULA 719
VOBIS 410
VOBISCUM 494
VOLUMEN 322
VOLUMINA 322
VULTURE 487
ZELUS 340

VOCES ALEMANAS

die Grünen 543
Flügelhorn 695
hoernen 406
Leid 394
Nif 404
Strasse 707
Zigarette 560

VOCES ÁRABES

alqasil 564
ar rabad 704
barri 703
barr 703
haba páura 718
habba 718
hattab 1008
kunya 489
masih 734
nafrarag 1205
nasga 840
qátra 600
qattar 600
sahrig 709
saifa 687
salam 1243
sarawil 338
taliga 682

VOCES ARAGONESAS

nafrar 1205

VOCES ASTURIANAS E LEONESAS

adrar 478
apurrir 675
brizo 681
caresa 780
en pures 627
fariñes 752
naguar 389
paxarineta 570
picar 410
pielga 670
sulcu 1109
suligras 1309
ula 175

VOCES BRASILEIRAS

acutipuru 449
agutipuru 449
baeta 561
bagana 561
batismo 490
batizar 490
cabeçotes 617
cachimbo 559
cafeto 646
cafifa 646
cáften 646
caxinguelé 449
chica 561
dezeseis 535
dezoito 535
fumo 559
guimba 561
maneia 572
mortalha 560
pau de cabeleira 646
pito 561
pucho 561
quatipuru 449
serepele 449
tabaco 559
tabaquear 559
verde 543

VOCES CASTELÁS

abochornar 869
abogado 511
acaecer 479
acalambrado 662
acechar 275, 1189
acobijar 226
acollar 749
adentros 872
adolecer 599
adormecerse 93
adormecer 93
agujetas 572
agujeta 1142
ajenjo 244
alabear 303
albar 966
alborotar 287
albo 540
alcuña 489
alcurnia 489
alejar 517
algarivo 932
alizace 1294
alondra 728
al sesgo 367
amapola 718
ambiente 27
amostrar 459
andrajo 1214
angarillas 668
anhelar 309
anoche 519
añadir 520
año 1144
apeas 572
apodo 489
aquellos 155
ardor de estómago 131
arfar 310
argadijo 311
argumentar 865
aristón 862
arreglar 47
arrodillarse 466
artero 1345
atarazar 779
atollar 828
aullar 407
avenencia 455
avenida 455
avenir 455
avizorar 298
ayer 126
bambolla 323
barnacla 986
barrer 284, 511
barullo 287
basura 714
berza 545
besugo 1185
betarraga 564
bisojo 1176
bistec 1152
bizco 1176
blando 651
boa 927
bocana 1199
bofordo 866
bola 796
borrego 1144
bostezador 967
bostezar 1201
botar 1068, 1071, 1073
brevaje 712
brezo 681
brizar 681
bueno 7
buey 2
buho 1239
buitre 487
caballo 37
caja 335
calada 832
calambra 662
caldo 127
calecer 135
calenturiento 133
caliente 132
calleja 1256
callejón 708
calle 1198
calofrío 136
camino 38
candonga 330
canijo 620
canilla 920
cantinela 1253
caraho 648
caramida 862
carpanta 332
carpir 333
carretera 115
carrillo 569
cedazo 745
ceja 1180
centella 363
cerraja 422
cerrar 608
cerrojo 608
chapotear 1127
chaqueta 66
chata 1082
chiflar 699
chimenea 192
chofeta 83
cholo 1235
chorro 260
cidra 552
cidro 552
ciervo volante 781
cigarrillos 560
cigarrillo 561
cobijar 226
codillo 909
cogimos 17
cojugada 728
colar 424
cola 467, 472
colilla 561
colmillo 851
condujera 20
conduje 20
congrio 341
conoces 5
conocimiento 442

conozco 5
coñecer 444
corva 920
cosquilloso 1309
crémor 963
cresa 780
cresta 1213
cris 21
cuadrado 531
cuadrar 531
cuadropea 784
cuadro 531
cualquiera 940
cuando 527
cuanto 527
cuatropea 784
cuatro 74, 527, 784
cubrefuegos 878
cuerdas 978
culo 467
cumbre 567
cuyo 174
dehesa 256
dejar 346
derecho 1015
desalado 954
desalar 954
descuartizar 534
desharrapado 940
desmacelado 619
despejar 1095
de soslayo 840
dibujo 1017
difunto 1017
dimitir 1015
diputados 1015
diputar 1017
doblar 524
doblegar 525
doble 523
doblo 523
doler 599
doliente 599
domientre 1003
dos 521
dovelar 861
dovela 861
duendo 651
echar 1068, 1070
el alma 140
el arte 140
encía 79
engatusar 658
engorde 520
enharinar 754
enmangar 477
enrejado 1075
enseñar 459
entendimiento 442
entrecuesto 1152
en cueros 627
erizo 769
escalofrío 136
escoba 91
esos 155
espácico 1305
Esparcir 370
espino 38
espliego 211
esquilar 1147
estar en cueros 350
estar a punto de 167
estela 419
estos 155
estrella 37, 195
estroncio 45
estrujar 375
falárica 1380
farináceo 753
fasta 1008
fiebre 133
finolis 403, 1260
flauta 1032
fleco 916
flequillo 916
flojo 1031
foio 387
fonje 1290
Fuego 50, 51, 596
ganguear 1206
garatusa 658
garlar 386
garra 413
gengiva 79
gozar 1161
gozoso 1161
gozo 1161
grandullón 1282
grey 583
grifo 69
grillo 37, 195
grumo 390
gruñir 1206
gualdrapa 644
guillarse 1233
guiñar 1174
gusano 778
había dicho 163
había venido 445
habladurías 1362
habré marchadoe 165
hacerse el zorro 437
Hace tiempo que 1
hacienda 78
harinado 753
harina 752
harinero 753
harinoso 753
harnal 753
harnero 753
hasta 1008
helar 79
he venido 445
hiniestra 63, 884, 1083
hinojo 466
hojaldre 909
hube de morir 445
huerco 1250
huerto 242
humo 559
husmear 431
iglesia 80
igüedo 1144
ir de chupinada 398
jeme 1378
jibia 907
jugo 982
labor 137
largo 446
latiguillo 1253
la mar 501
lejanía 517
lejano 517, 724
lejar 346

lejos 517, 724
ley 2
le 158, 439
liendre 637
liento 723
llovizna 818
lo 158
luces 5
lumbre 596
lunes 792
luzca 5
luzco 5
mamola 957
manco 429
mancuerda 871
manear 572
manea 572
mangar 477
manteniente 232
mariquita 563
mayal 1126
medio 146
mejilla 569
mejillón 908
melido 399
merar 400
mientras 1005
miera 400, 811
molletes 251
morena 582
mortaja 560
mote 489
movimiento 442
muelle 651
mugir 701
muletilla 1253
muñón 429
muslo 920
mustio 280
nacimiento 442
nadie 46, 185
naranja 552
no doy hecho 445
nubes de algodón 1096
ojear 1184
ojo 1182
orejas de mar 743
organillo 862
organizar 865
ornada 433
o 513
pájaro carpintero 410
pala 424
palomilla 209
pandero 689
peña 1116
perdemos 17
perdimos 17
perla 278
pitillo 561
pítima 847
plantilla 533
playa 1037
Poco tiempo ha 1
ponzoña 224
ponzoñoso 224
popar 656
porfiador 934
pragar 1036
prieto 542
queresa 780
quienes 172, 173
quinientos 88
rabillo 468
ráfaga 1099
ramonear 961
ramón 961
randa 832
rastrillo 106
ratafía 904
rebanar 471
rebuznar 406
refunfuñar 1206
regatear 1063
regazo 233
regocijarse 451
reja 227
reja del arado 1075
rejilla 1075
remanecer 416
renacuajo 617
retales 978
retortijón 660
rey 2
rifar 677
risa 1209
riso 1209
rodaja 1091
rodilla 466
rojo 554, 973
rollo 1094
royo 553, 554
rubio 549, 553, 554, 973, 974
rufo 60
salvado 1280
sal 137
sangre 205
sencillo 1348
serratela 422
sé que 234
siglo 204
silbar 699
sobresaltado 954
sobre 855
solomillo 1152
solomo 1152
solo 427
soltar 336
somorgujar 401
somorgujo 401
sortija 898
soto 766
suelo 464, 491
suelta 1142
sufixo -umbre 32
sulco 1109
surco 1109
taberna 711
taburón 632
tacha 1082
tachuela 1082
tarea 212
tejo 448
tejuelo 448
tela 424
tibrón 632
tiburón 632
tiempo 27
tiesto 1169
tijeras 853
tirar 1070
tolva 658
torcijón 660
tórdiga 1375

tormera 889
torozón 660
trasanteayer 126
trasegar 587
trasquilar 1147
tuberón 632
tuerca 558
túrdiga 1375
turrar 1245
tusar 1147
ultraje 1214
urdir 865
vaina 447, 461
vais 7
vamos 7
vamos a ver 7
va viejo 48
vecino 38
vedes 7
vendecha 833
vengar 833
venta 61
verba 64
vez 67
vierbo 64
villa 37
vine 445
viniera 445
vino 38
yerto 616, 1379
zalema 428, 1243
zángano 1223
zaragüelles 338
zarpa 413
zumbar 590
zumo 982
zuñir 590
zupia 739

VOCES CATALANAS

bamba 323
batejar 490
bolitx 799
cald 127
carpanta 332
cloure 343, 1128
congre 341
cos 1164
doblar 524
doblegar 525
doble 523
dret 1015
dúes 521
emplastre 848
enviar-se 360
escarola 362
esglaiar 1289
fenoll 466
finestra 63, 1083
fiscorn 695
floujo 1290
guaitar 1187
llarg 446
llogar 831
llucar 1187
malandrí 647
patufet 639
petar 410
pota 413
reixa 227
relotges 199
rialla 1209
ris 1209
riure 1209
roig 553
solc 1109
taburó 632
tauró 632
taverna 711
tibeiró 632
xemeneia 192

VOCES CELTAS

beko 781
taskos 826
tunna 775

VOCES ESCANDINAVAS

vinda 391

VOCES FRANCESAS

arranger 47
avaler 759
avenue 455
bebrage 712
betterave 564
bette 564
blasón 1024
bottine 1237
brandir 1024
breuvage 712
brimbale 689
broche 1082
bullete 799
bulle 799
cadre 533
carre 533
chapelière 462
chaud 127
chaufferette 83
chauffer 83
cheminée 192, 1107
chétif 595
cil 1180
coiffer 679
coldrer 388, 644
commencer 217
congre 341
cors 1164
coucher 300
courage 334
deboissier 1017
démettre 1015
démettrean 30
d'eslais 840
doubler 524
double 523
droit 1015
écouler 364
emplastre 848
entrecort 1152
espion 1187
fenestre 1083
fenou 466
fois 67
fricandeau 383
fricassée 383
fricot 383
graphignar 1328
guinder 391
haque 791
humer 431
il vient de partir 169, 503
Il y a temps que 1
jaquette 66
lait 394
lai 393, 694
louer 831
maintenant 232
mast 737
net 1353
orange 552
où 175, 513
pas de tête 1229
pernoone 185
perruque 916
personnage 36
petit 624
piège 670
plait 1047
plait pas 850
plaque 1037
plat 1045
quand 527
quant 527
quatre 74, 527
quittance 585
quitter 585
rave 564
ribalt 934
ris 1209
rote 706
rouge 553
route 706
sourcil 1180
tableau 533
taverne 711
venir 169
vente 61
verve 64
y 515

VOCES GREGAS

caryon 492
skiouros 449

VOCES HEBREAS

mazzal 619

VOCES INGLESAS

beefsteak 1152
cigarrette 560
dribble 1063
hack 791
horn 406
loath 394
packboats 408
sniff 453
street 707

VOCES ITALIANAS

allogare 831
arancia 552
bambino 323
bimbo 323
bolletta 799
bollettino 799
bombarda 702
calamitae 862
caldo 127
cattivo 595
chiudere 343
cominciare 217
congro 341
disegnare 1017
doppiare 524
doppio 523
dritto 1015
fiscorno 695
ginocchio 466
io canto 497
lombarda 702
malandrino 647
mentre 1005
netto 1353
ormarea 431
papavero 718
passarica (calabrés) 570
piedica 670
pittima 847
riso 1209
sigarettaa 560
solco 1109
solfo 964
strada 707
taverna 711
tu canti 497
urlare 701
vece 67
vendetta 833
viola 719

VOCES OCCITANAS

alouseto 570
aranjo 552
bola 796
cairel 531
caitiu 595
caut 127
cluire 343
congre 341
cors 1164
doblar 524
emplastre 848
laid 394
playa 1037
pouta 413
ris 1209
roi 553
sai que 234
taverna 711
viula 719

VOCES PERSAS

limuna 552
naranga 552
turunga 552

VOCES PORTUGUESAS

abóbada 511
absintio 244
abua 511
abutre 511
aceitábel 473
aceitabilidade 473
aceitaçao 473
aceitamento 473
aceitante 473
aceitar 473, 474
aceito 473
aceptilaçao 473
aceptuar 473
acoinar 467
acrescentar 520
adoar 630
adoecer 599
advento 511
adversao 511
adversario 511
adversidade 511
adverso 511
advogado 511
agorentar Brasil 389

aguarentar Brasil 389
aguar 389
ajoelhar 466
alcagüetar 646
alcagüete 646
alcatro 600
alcofa 646, 646
alcofeiro 646
alcofitar 646
alcova 646
alcovetar 646
alcoveto 646
alcovitar 646
alcoviteiro 646
aldemenos 508
alfar 310
alfear 310
algoz 545
almenos 508
alvo 540
amável 197
amigo do peito 512
andar á zaina 437
apito 561
após 613, 1001, 1002
aquecer 135
Arfar 310
argadilho 311
arranjar 589
arrombar 314
asada 579
assejar 275
asucar 1109
ás dúas por tres 521
atrangalhar 318
atro 541
aulir 407
avença 455
azacán 320
azeitada 473
azeitar 473
azeite 473
azeitona 473
azo 321
azul 546
bainha 511
bairro 703
balborda 690
baptismo 490
baptizar 490
barnacle 986
barro 703
bautismo 490
bautizar 490
beata 561
berça 545
Besouro 781
beterraba 564
bexiga 511
bicha 472
bifé 1152
boá 927
bochechas 569
boda 511, 511
borboleta 209
botar 1068
bracelete 581
brando 651
brezo 681
brizar 681
bulto 511
cabonga 330
cabo 477
cacifo 557
cágado 617
câimbra 662
calacear 628
calafrío 136
calda 129
caldo 127
calegrío 136
cambra 662
campanas 1085
campas 1085
campás 1085
cantés 505
canté 505
carbúnculo 571
carpanta 332
carpir 333
carrasco 545
catar 72
catorze 529
causela 335
cá 514
ceifar 687
ceroulas 338
chafarica 709
chafarnica 709
chafarrica 709
chaminée 1107
chaminé 192
chapeleira 462
charuto 560
chata 1082
chatola 1082
cheroots 560
chouver 343, 1128
chouvir 343, 1128
chuva 89
ciencia 58
científico 58
cigarrilha 560
cigarro 560
cío 340
cirandar 746
ciranda 746
ciume 340
cofiar 679
coinar 467
coisa 521
colheres 617
comesta 237
comesto 237
comilho 851
conceiçao 474
conceito 474
conceitualismo 474
conceitualista 474
conceituar 474
concepçao 474
conceptáculo 474
conceptibilidade 474
conceptivo 474
conceptualismo 474
conceptualista 474
conceptual 474
conhar 467
connecer 1021
cousa 521
cousela 335
couve galega 545
crescer 40
cris 21

dei-te um livro 496
demitir 1015
depois 1002
depós 1002
descobrir 589
desmazelado 619
despois 1002
despós 1002
dezasseis 535
dezoito 535
de esguelha 367
direito 1015
doalhado 465
dobrar 524
dobro 523
doer 353
doido 353
doído 353
dois 521
dondo 651
doudo 353
dous 521
eido 348
empestar 787
empestoso 787
em couro 627
encabar 477
enfarinhado 754
engaranhar 620
engaranhir 620
engodo 355
enquanto 1004, 1005
entremente 1004
entrementres 1004
entretanto 1004, 1005
enxofrar 548
escalafrío 136
escalazar 628
escolher 589
escova 91
escuartexar 534
escuartillar 534
esgalhadamente 367
esgalhar 367
esgarzar 366
esguío 623
esmacelado 619
Espargir 370
Esparzir 370
espoar 746
espois 1002
espós 1002
esquilo 449
estar em couro 350
estável 197
esteira 419
estiar 729
esticar 372
estinhar 729
estortegar 374
estrada 707
estroncio 45
eu sei cá 234
eu sei lá 234
extrair 589
façaila 569
face 569
façula 569
falárica 1380
falar-lhe-hei 166
falecer 40
fantasma 214
farinha 752
fasquía 377
fazenda 78
fazer saír 589
fechar 457
festra 63, 884
fiestra 1083
figueiras benjamim 961
fogo 596
foice 521
fouce 521
fumo 559
gandaia 384
ganhar 589
geada 111
gear 111
gerimendro 241
gilmendes 241
girino 617
grei 583
hirto 616
igreja 81
interpolado 289
inventar 589
janela 63
jaqueta 66
joaninha 563
joelho 466
jorro 260
langueiras 615
laranja 552
largueiro 615
lavoura 577
la 507
lá 514
léndea 637
lento 723
linguiça 580
longueiro 615
louco 353
louvaminheiro 288
lo 507
lumeeiro 597
lume 596
maças 569
macío 734
mailo 507
mancar 429
manco 429
mangar 477
mangual 477, 1126
manquexar 429
marfím 710
menina 87
mexericar 403
mexerico 403
mexeriqueiro 403
mol 651
morcela 452
moreia 582
mugir 701
nascer 40
nevoaça 807
olhar 1184
ontem 519
os 26
outar 746
ouviar 407
o 26
padieira 667
pajarilla 570
panceiro 327

papoila 718
parecer 40
pasmaceira 1219
passarinha 570
pataloco 639
patego 639
pateta 639
patinho 639
patocho 639
pega 670
peias 572
peia 670
peja 670
pelo 507
pena 1048
pendurar 409
penha 1116
pentem 672
pente 672
perguntar 476
pergunta 476
perigo 223
pérola 278
perto 517
picheira 555
picheiro 555
pichelo 555
pichorra 555
pichorro 555
picho 555
pinote 685
pisca 561
pito 561
poilo 507
ponta 561
pozeiro 327
pragejar 1036
preceituar 474
preto 517, 542
proviço 1249
quadrado 531
quadrar 531
quadro 531
quarta feira 793
quatorze 529
quatralvo 528
quatro 74, 529
quinhentos 88, 536
quitación 585
quitamento 585
quita 585
rabeto 470
rabularia 640
rabular 640
rabulejar 640
rabulice 640
recepçao 473
receptível 473
rédea 750
refreirxo 1033
regazo 233
reixa 227
rifar 677
riso 1209
roivo 553
rossolis 247
roxo 554
rufo 60
ruivo 553, 554
sangue 205
sarar 220
sarás 220
sarei 220
saudade 296
seareiro 423
sebo 511
segredar 421
segredeiro 421
segredo 421
sheroot 560
siba 907
silencioso 698
silêncio 43
singelo 1348
sino 1084
siso 316
soalhar 465
solo 464
solta 1142
souto 766
sucar 1109
suco 1109
sulco 419
sulcu 1109
taberna 711
tacha 1082
tachola 1082
tasca 711
tempro 1050
tépido 655
tijolo 448
tirar 589
ti 497
toco 561
torcilho 660
torço 660
tribo 26
trom 696
tubara 632
tubaro 632
tuberes 632
turrar 434
turro 594
uivar 407
ulos 513
ultraje 1214
u 513
vais 7
vamos 7
vareja 780
varudo 626
vassoura 90
vedes 7
veia 210
verba 64
verde 543, 544
vez 67
vi-te ontem 496
voceiro 454
zelo 340
zombar 591
zunir 590
zunzunar 590
zunzunir 590
zunzunzum 590

VOCES ROMANESAS

cald 127
dreptanés 1015

VOCES XERMÁNICAS

blank 537, 1023
dubban 302
galoper 721
guaris 389
haldajo 1214
horn 406
laid 394
magan 1159
skum 1377
thriscan 1158
triggwa 605
trippon 671
wrankjian 659

ÍNDICE DE TEMAS

adaptación de cultimos 26
afán diferencialista 35, 37, 38, 40, 54
alternancias vocálicas 23, 24, 25
arcaísmos 39, 40
artigo con posesivo 142
artigo: as segundas formas do artigo determinado 141
b epentético 22
caída do *l* intervocálico 110
cambio de significado 82
construcciónes comparativas 143, 144, 145
demostrativo 155, 236
despalatalización 235
ditongo *-ei* 27
ditongo latino -ie 34
ensino en galego
etimoloxía popular 57
expresión da semellanza 71
expresividade do galego 97
gheada 483
grupo consonántico *-mbr* 33
grupos cultos 21, 28, 29
hipergaleguización 45
historia da lingua
indefinidos en frases negativas 46
interferencias lingüísticas 156
medios de comunicación
modelo fonético 509
modelo lingüístico
nivel de lingua 34, 35, 43
palabras cultas 36
palabras patrimoniais 36
plural 2, 3, 4, 31, 32, 183, 208, 498, 499, 603
posesivo distributivo 147
pronome persoal 149
pronome persoal: colocación do pronome átono 31, 50, 150, 151, 152, 153, 154, 231, 495
pronome persoal: formas de complemento directo 158
pronome persoal: interpolación do pronome 154
propiedade exclusiva 148
riqueza léxica 53, 104
seseo 188, 215, 235, 485
sufixo *-doira* 82
sufixo *-dor* 82
sufixo *-dora* 82
sufixo latino *-aginem* 200
sufixo latino *-bilis* 198
sufixo latino *-inem* 31
sufixos *-encia* 42
sufixos *-enza* 42
terminación *-ina* 38
terminación *-ino* 38
terminación latina *-antia* 41
toponimia: castelanización 109
ultracorrección 36
uso público da lingua
vacilacións vocálicas 184
variantes dialectais 85
verbo 9, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20

verbo *dar* 11
verbo *estar* 10
verbo *ir* 7, 48
verbo: 2º persoa plural 8
verbo: alternancias *durmo dormes-* 9
verbo: antepretérito de indicativo 163, 164
verbo: futuro 12, 166
verbo: imperfecto de indicativo 13
verbo: infinitivo conxugado 159, 160, 161
verbo: participios irregulares 162
verbo: perfecto de indicativo 14, 15, 16, 17, 18, 19, 165
verbo: perífrase *dar* + participio 171
verbo: perífrase *haber* + *de* + infiniti 166, 168
verbo: perífrase *houbo afogar* 167
verbo: perífrase *ir* + *infinitivo* 7, 166
verbo: perífrase *poder* + infinitivo 171
verbo: perífrase *ter que* + infinitiv 168
verbo: perífrase *vir* + *a* + infinitivo 170
verbo: perífrase *vir* + *de* + infinitivo 169
verbo: perífrases 502, 503
verbo: presente de indicativo 9
verbo: presente de subxuntivo 10, 11
verbo tempos compostos 163, 164, 165
verbos en *-cer* 5
verbos en *-ucir* 20
verbos reflexivos 156, 157
vocal epentética 22
xénero 110, 137, 140, 500, 501

ÍNDICE DE PERSOAS CITADAS

Acuña, Manuel L. 732
Airas, Joan 595
Alcalá, X. 997, 999, 1003, 1008, 1010, 1017, 1031, 1042, 1043, 1050, 1056, 1068, 1069, 1077, 1081, 1083, 1092, 1093, 1099, 1100, 1104, 1111, 1116, 1117, 1123, 1126, 1139, 1151, 1155, 1166, 1167, 1168, 1172, 1174, 1177, 1181, 1184, 1192, 1198, 1199, 1201, 1205, 1206, 1226, 1231, 1246, 1256, 1264, 1268, 1269, 1276, 1281, 1282, 1286, 1313, 1316, 1319, 1331, 1338, 1339, 1340, 1350, 1360, 1360, 1361, 1362, 1370, 1371, 1376, 1382
Alonso Montero, X. 150, 639, 1197
Álvarez Cáccamo, X. Mª 1050, 1080, 1109, 1111, 1117, 1158, 1168, 1207, 1276, 1278, 1279, 1335, 1354
Amado Carballo, L. 1239, 1240
Amado, J B 273
Añón 705
Arcipreste de Hita 234, 934
Arcipreste de Talavera 934
Ardea, Pedro de 427
Bacharel Olea 63, 70
Baltar, Ramón 872, 873, 960, 961
Barcia Caballero 802
Ben Cho Sey 888
Blanco Amor, E. 52, 222, 475, 502, 654, 706, 725, 870, 940, 998, 1002, 1004, 1005, 1007, 1009, 1010, 1022, 1024, 1028, 1029, 1030, 1031, 1033, 1040, 1048, 1056, 1057, 1060, 1069, 1077, 1079, 1080, 1089, 1092, 1093, 1098, 1099, 1100, 1102, 1107, 1112, 1120, 1121, 1123, 1126, 1130, 1136, 1142, 1152, 1153, 1156, 1164, 1165, 1172, 1174, 1178, 1180, 1181, 1184, 1186, 1190, 1192, 1193, 1201, 1203, 1204, 1207, 1208, 1214, 1223, 1229, 1230, 1234, 1235, 1236, 1243, 1244, 1256, 1262, 1264, 1266, 1267, 1268, 1269, 1271, 1273, 1275, 1276, 1281, 1283, 1284, 1285, 1291, 1292, 1294, 1310, 1312, 1313, 1315, 1317, 1318, 1320, 1322, 1323, 1324, 1325, 1330, 1331, 1333, 1334, 1337, 1338, 1341, 1343, 1356, 1359, 1362, 1375, 1379, 1383
Bouza Brei 563, 710
Buarque,Aurélio 623, 667
Cabana, Darío X. 870, 959, 994, 997, 1008, 1011, 1020, 1029, 1030, 1035, 1038, 1039, 1041, 1065, 1080, 1081, 1085, 1094, 1098, 1100, 1111, 1121, 1130, 1133, 1134, 1138, 1139, 1145, 1149, 1153, 1155, 1157, 1165, 1166, 1168, 1169, 1172, 1176, 1181, 1184, 1188, 1192, 1200, 1201, 1207, 1208, 1213, 1228, 1235, 1271, 1276, 1281, 1283, 1284, 1286, 1295, 1298, 1303, 1316, 1324, 1330, 1334, 1340, 1343, 1344, 1362
Cabanillas, Ramón 52, 54, 177, 205, 222, 228, 330, 390, 395, 518, 568, 576, 607, 623, 654, 714, 755, 760, 761, 766, 786, 788, 794, 800, 802, 803, 805, 806, 808, 809, 818, 821, 832, 834, 836, 848, 854, 855, 879, 884, 898, 929, 941, 947, 952, 955, 960, 972, 977, 985, 987, 989, 993, 1000, 1002, 1005, 1008, 1009, 1012, 1012, 1013, 1019, 1019, 1023, 1024, 1029, 1030, 1031, 1033, 1035, 1037, 1039, 1041, 1047, 1049, 1050, 1051, 1052, 1064, 1074, 1076, 1081, 1084, 1087, 1090, 1095, 1099, 1102, 1106, 1108, 1115, 1120, 1132, 1146, 1161, 1165, 1197, 1198, 1206, 1210, 1212, 1223, 1224, 1230, 1236, 1237, 1238, 1243, 1248, 1268, 1278, 1286, 1290, 1294, 1308, 1312, 1329, 1353, 1354, 1356, 1370, 1373, 1379
Camoens 196, 505
Carballo Calero, R. 240, 642, 1249, 1354

Carré Alvarellos, L. 293, 582, 623, 681, 698, 710, 739, 793, 838, 850, 895, 994, 1014, 1015, 1016, 1031, 1033, 1065, 1216, 1219, 1256

Casares, Carlos 998, 1005, 1008, 1011, 1017, 1019, 1019, 1022, 1023, 1026, 1028, 1029, 1031, 1032, 1038, 1042, 1046, 1047, 1048, 1050, 1054, 1056, 1083, 1085, 1086, 1092, 1099, 1104, 1105, 1107, 1109, 1112, 1113, 1121, 1130, 1136, 1144, 1146, 1151, 1152, 1157, 1161, 1164, 1165, 1166, 1168, 1172, 1177, 1179, 1185, 1186, 1187, 1190, 1191, 1193, 1199, 1204, 1209, 1220, 1224, 1226, 1227, 1236, 1258, 1262, 1264, 1283, 1288, 1316, 1318, 1319, 1319, 1322, 1330, 1339, 1341, 1349, 1351, 1356, 1359, 1367, 1369

Castelao 222, 228, 298, 299, 300, 301, 302, 303, 304, 305, 306, 307, 308, 309, 310, 311, 312, 313, 314, 315, 316, 317, 318, 319, 320, 321, 322, 323, 324, 325, 326, 327, 328, 329, 330, 331, 332, 333, 334, 335, 336, 337, 338, 339, 340, 341, 342, 343, 344, 345, 346, 347, 348, 349, 350, 351, 352, 353, 354, 355, 356, 357, 358, 359, 360, 361, 362, 363, 364, 365, 366, 367, 368, 369, 370, 371, 372, 373, 374, 375, 376, 377, 378, 379, 380, 381, 382, 383, 384, 385, 386, 387, 388, 389, 390, 391, 392, 393, 394, 395, 396, 397, 398, 399, 400, 401, 402, 403, 404, 405, 406, 407, 408, 409, 410, 411, 412, 413, 414, 415, 416, 417, 418, 419, 420, 421, 422, 423, 424, 425, 426, 427, 428, 429, 430, 431, 432, 433, 434, 435, 436, 437, 438, 441, 458, 459, 461, 463, 464, 465, 475, 476, 484, 486, 488, 489, 491, 493, 502, 513, 516, 518, 525, 526, 533, 534, 540, 542, 549, 551, 552, 557, 567, 568, 576, 577, 578, 581, 591, 594, 596, 597, 598, 599, 601, 602, 603, 604, 605, 608, 609, 613, 620, 621, 623, 626, 631, 633, 642, 643, 645, 647, 650, 652, 654, 655, 656, 657, 659, 662, 669, 671, 672, 675, 678, 680, 682, 683, 687, 690, 692, 693, 696, 698, 699, 700, 704, 705, 706, 707, 710, 711, 714, 716, 717, 720, 722, 727, 730, 731, 733, 734, 737, 740, 743, 744, 747, 758, 759, 761, 762, 764, 766, 767, 768, 770, 775, 781, 782, 785, 786, 787, 791, 792, 799, 800, 805, 806, 808, 809, 811, 812, 814, 816, 821, 830, 842, 845, 847, 851, 866, 872, 872, 879, 884, 886, 892, 898, 909, 919, 923, 924, 926, 928, 929, 940, 941, 947, 948, 952, 955, 957, 960, 972, 983, 985, 987, 987, 990, 991, 992, 993, 997, 998, 999, 1000, 1002, 1003, 1004, 1004, 1006, 1009, 1009, 1011, 1012, 1013, 1014, 1015, 1016, 1019, 1019, 1020, 1020, 1022, 1023, 1024, 1025, 1026, 1027, 1028, 1029, 1030, 1032, 1033, 1034, 1035, 1036, 1037, 1038, 1039, 1041, 1042, 1043, 1045, 1046, 1047, 1048, 1049, 1050, 1052, 1053, 1054, 1055, 1058, 1059, 1060, 1064, 1065, 1067, 1070, 1071, 1074, 1076, 1077, 1078, 1079, 1080, 1081, 1082, 1087, 1088, 1089, 1089, 1093, 1093, 1098, 1101, 1102, 1102, 1103, 1105, 1106, 1107, 1108,1116, 1117, 1120, 1121, 1127, 1128, 1129, 1130, 1134, 1136, 1139, 1145, 1146, 1147, 1148, 1149, 1150, 1153, 1155, 1157, 1159, 1163, 1165, 1166, 1167, 1168, 1169, 1170, 1172, 1173, 1174, 1175, 1177, 1181, 1182, 1183, 1184, 1186, 1188, 1189, 1190, 1192, 1195, 1196, 1197, 1198, 1199, 1205, 1207, 1208, 1209, 1210, 1211, 1212, 1215, 1216, 1220, 1221, 1224, 1230, 1234, 1235, 1235, 1236, 1237, 1238, 1241,1245, 1252, 1254, 1257, 1258, 1259, 1260, 1261, 1264, 1267, 1267, 1269, 1270, 1272, 1273, 1275, 1276, 1279, 1281, 1282, 1283, 1284, 1286, 1287, 1291, 1292, 1293, 1293, 1294, 1295, 1298, 1302, 1303, 1304, 1306, 1308, 1310, 1311, 1316, 1319, 1320, 1321, 1322, 1323, 1325, 1326, 1329, 1330, 1331, 1332, 1335, 1338, 1342, 1342, 1343, 1343, 1346, 1348, 1349, 1350, 1352, 1353, 1354, 1355, 1356, 1358, 1359, 1361, 1362, 1365, 1366, 1367, 1368, 1369, 1370, 1371, 1372, 1374, 1376, 1379, 1381, 1382, 1386

Cibeira, Rogelio 612

Conde, Alfredo 998, 1004, 1008, 1009, 1010, 1019, 1020, 1037, 1038, 1039, 1040, 1042, 1047, 1050, 1055, 1065, 1067, 1080, 1081, 1083, 1086, 1087, 1088, 1090, 1092, 1098, 1099, 1100, 1102, 1106, 1107, 1109, 1111, 1113, 1114, 1115, 1118, 1133, 1138, 1138, 1144, 1146, 1160, 1161, 1162, 1166, 1166, 1167, 1168, 1172, 1176, 1178, 1180, 1184, 1186, 1190, 1202, 1207, 1208, 1215, 1216, 1220, 1221, 1222, 1226, 1227, 1236, 1241, 1243, 1244, 1254, 1258, 1262, 1263, 1267, 1268, 1275, 1276, 1278, 1286, 1286, 1287, 1288, 1291, 1292, 1293, 1306, 1320, 1322, 1323, 1325, 1329, 1330, 1331, 1341, 1344, 1352, 1353, 1354, 1355, 1360, 1362, 1366, 1373, 1379, 1382, 1383

Corominas, J. 257, 278, 305, 332, 389, 393, 406, 410, 423, 471, 552, 582, 591, 593, 625, 635, 647, 667, 675, 681, 703, 712, 739, 781, 811, 838, 850, 1217, 1255, 1274, 1275, 1289, 1305, 1354

Correas, Gonzalo 681

Cortés Vázquez 810

Cortezón, Daniel 710, 998, 999, 1010, 1010, 1019, 1020, 1041, 1042, 1044, 1045, 1046, 1053, 1057, 1066, 1067, 1068, 1083, 1084, 1090, 1099, 1122, 1123, 1125, 1128, 1130, 1132, 1141, 1146, 1159, 1165, 1166, 1167, 1172, 1173, 1174, 1177, 1181, 1184, 1188, 1189, 1191, 1192, 1200, 1203, 1205, 1207, 1209, 1221, 1222, 1227, 1232, 1238, 1241, 1243, 1244, 1250, 1258, 1263, 1264, 1266, 1267, 1269, 1271, 1273, 1276, 1278, 1280, 1280, 1284, 1285, 1287, 1288, 1290, 1293, 1298, 1303, 1304, 1313, 1315, 1316, 1318, 1321, 1322, 1325, 1330, 1332, 1333, 1334, 1341, 1343, 1345, 1349, 1351, 1355, 1360, 1361, 1362, 1370, 1371, 1372, 1375, 1379, 1379, 1380, 1386

Cotarelo Valledor 308, 914, 997, 1001, 1006, 1008, 1012, 1016, 1028, 1035, 1050, 1052, 1065, 1083, 1099, 1100, 1128, 1129, 1147, 1160, 1165, 1172, 1173, 1176, 1188, 1191, 1192, 1194, 1209, 1214, 1215, 1223, 1226, 1234, 1236, 1247, 1248, 1251, 1252, 1262, 1264, 1272, 1277, 1278, 1290, 1323, 1327, 1329, 1334, 1342, 1350, 1367, 1370, 1373, 1375, 1381

Crespo Pozo 373, 437, 791

Cunqueiro, Álvaro 178, 502, 607, 760, 761, 762, 763, 764, 769, 770, 775, 786, 817, 821, 853, 854, 855, 856, 857, 858, 859, 860, 861, 862, 863, 864, 865, 866,

867, 868, 869, 870, 871, 872, 873, 874, 875, 876, 877, 878, 879, 880, 881, 882, 883, 884, 885, 886, 887, 889, 890, 891, 892, 893, 894, 895, 896, 897, 898, 899, 900, 901, 902, 903, 904, 905, 906, 907, 908, 909, 910, 911, 912, 913, 914, 915, 916, 917, 918, 920, 921, 922, 923, 924, 925, 926, 927, 929, 930, 931, 932, 933, 934, 935, 936, 937, 938, 939, 940, 941, 942, 943, 944, 945, 946, 947, 948, 949, 950, 951, 952, 953, 954, 955, 956, 957, 959, 960, 961, 962, 963, 965, 966, 967, 968, 969, 970, 971, 972, 973, 974, 975, 976, 977, 978, 979, 980, 981, 982, 983, 984, 985, 986, 987, 988, 989, 990, 992, 993, 994, 998, 999, 1002, 1004, 1005, 1006, 1008, 1011, 1013, 1014, 1016, 1017, 1019, 1019, 1020, 1022, 1023, 1024, 1026, 1027, 1028, 1029, 1029, 1030, 1031, 1032, 1033, 1034, 1035, 1037, 1037, 1038, 1040, 1041, 1042, 1043, 1044, 1046, 1046, 1047, 1048, 1049, 1052, 1052, 1055, 1058, 1059, 1060, 1061, 1064, 1065, 1068, 1069, 1071, 1074, 1079, 1081, 1082, 1083, 1085, 1086, 1087, 1088, 1089, 1089, 1090, 1093, 1094, 1098, 1099, 1101, 1105, 1107, 1108, 1109, 1110, 1111, 1113, 1114, 1115, 1116, 1119, 1120, 1121, 1122, 1129, 1130, 1131, 1132, 1133, 1135, 1136, 1137, 1139, 1142, 1144, 1146, 1147, 1147, 1151, 1152, 1156, 1157, 1160, 1161, 1164, 1165, 1168, 1173, 1175, 1176, 1176, 1177, 1178, 1179, 1180, 1181, 1182, 1183, 1184, 1185, 1186, 1189, 1191, 1195, 1197, 1198, 1199, 1201, 1202, 1203, 1205, 1207, 1208, 1209, 1210, 1211, 1212, 1213, 1219, 1220, 1220, 1221, 1227, 1230, 1236, 1236, 1241, 1245, 1248, 1252, 1253, 1257, 1258, 1262, 1267, 1270, 1272, 1277, 1279, 1280, 1280, 1281, 1283, 1284, 1285, 1286, 1287, 1288, 1290, 1290, 1291, 1292, 1293, 1295, 1298, 1311, 1313, 1314, 1316, 1318, 1319, 1321, 1326, 1329, 1335, 1337, 1338, 1339, 1340, 1341, 1343, 1345, 1347, 1348, 1349, 1351, 1352, 1353, 1354, 1356, 1357, 1358, 1360, 1361, 1362, 1373, 1374, 1375, 1377, 1382, 1383

Cuña Novás 1377

Curros Enríquez 52, 397, 475, 476, 486, 488, 491, 501, 518, 527, 540, 573, 585, 586, 588, 591, 591, 595, 597, 602, 604, 605, 607, 609, 611, 614, 620, 624, 627, 638, 649, 656, 659, 661, 666, 668, 677, 678, 680, 683, 684, 688, 693, 696, 698, 699, 705, 707, 710, 714, 716, 718, 720, 722, 742, 743, 755, 767, 782, 785, 786, 787, 788, 798, 800, 803, 804, 806, 808, 809, 821, 830, 836, 854, 879, 880, 886, 891, 893, 898, 913, 928, 947, 948, 952, 977, 989, 990, 991, 993, 994, 997, 999, 1003, 1004, 1005, 1007, 1008, 1012, 1013, 1016, 1019, 1020, 1021, 1022, 1024, 1025, 1026, 1027, 1028, 1029, 1033, 1035, 1036, 1037, 1038, 1040, 1046, 1047, 1048, 1049, 1050, 1052, 1058, 1060, 1069, 1076, 1079, 1080, 1083, 1084, 1085, 1087, 1090, 1092, 1098, 1099, 1100, 1102, 1107, 1108, 1112, 1116, 1117, 1118, 1120, 1122, 1130, 1132, 1133, 1137, 1144, 1148, 1151, 1159, 1161, 1162, 1165, 1166, 1168, 1169, 1171, 1172, 1174, 1175, 1177, 1178, 1179, 1181, 1182, 1188, 1189, 1190, 1191, 1192, 1197, 1198, 1208, 1209, 1210, 1211, 1212, 1214, 1215, 1217, 1219, 1220, 1224, 1227, 1230, 1252, 1258, 1259, 1264, 1275, 1280, 1283, 1284, 1287, 1290, 1291, 1292, 1294, 1302, 1312, 1315, 1317, 1320, 1322, 1323, 1329, 1330, 1337, 1338, 1340, 1343, 1344, 1346, 1349, 1350, 1358, 1360, 1361, 1361, 1364, 1367, 1374, 1376, 1378, 1386

Cuveiro Piñol 383, 396, 475, 555, 624, 649, 756, 779, 781, 783, 941, 964, 1016, 1103, 1141, 1238, 1289, 1290, 1378

Chekhov, Antón 462

Díaz Castro 52, 870, 1022, 1110, 1133, 1268, 1284, 1285, 1294, 1375

Dieste, Rafael 1002, 1004, 1010, 1020, 1049, 1050, 1051, 1067, 1071, 1077, 1083, 1085, 1114, 1115, 1116, 1121, 1138, 1139, 1164, 1165, 1167, 1170, 1172, 1180, 1186, 1191, 1194, 1216, 1236, 1238, 1239, 1240, 1241, 1242, 1243, 1244, 1245, 1246, 1247, 1248, 1249, 1250, 1251, 1252, 1253, 1254, 1255, 1256, 1257, 1258, 1259, 1260, 1261, 1262, 1263, 1264, 1265, 1266, 1267, 1268, 1269, 1270, 1271, 1272, 1273, 1274, 1275, 1276, 1277, 1278, 1279, 1280, 1281, 1282, 1283, 1284, 1285, 1285, 1286, 1287, 1288, 1289, 1290, 1291, 1292, 1293, 1294, 1295, 1296, 1297, 1298, 1299, 1300, 1301, 1302, 1303, 1304, 1306, 1307, 1308, 1309, 1310, 1311, 1312, 1313, 1314, 1315, 1316, 1317, 1318, 1319, 1320, 1321, 1322, 1323, 1324, 1325, 1326, 1327, 1328, 1329, 1330, 1331, 1332, 1333, 1334, 1335, 1336, 1337, 1338, 1339, 1340, 1341, 1342, 1343, 1344, 1345, 1346, 1347, 1348, 1349, 1350, 1351, 1352, 1353, 1354, 1355, 1356, 1357, 1358, 1359, 1360, 1361, 1362, 1363, 1364, 1365, 1366, 1367, 1368, 1369, 1370, 1371, 1372, 1373, 1374, 1375, 1376, 1377, 1378, 1379, 1380, 1381, 1383, 1384, 1385, 1386

Dobarro Paz 330, 520, 1260

Ebeling 749

Espina, Concha 1305

Esquío, Fernando 648

Estravís 452, 478, 615, 623, 662, 793, 835, 850, 874, 915, 935, 1002, 1016, 1216, 1224, 1229, 1255, 1381

Feixoo Cid 422

Fernández de la Vega, C. 1187, 1289

Fernández del Riego, F. 1004, 1007, 1010, 1054, 1055, 1056, 1057, 1064, 1065, 1066, 1082, 1083, 1084, 1086, 1093, 1098, 1099, 1114, 1116, .1117, 1118, 1120, 1122, 1123, 1125, 1126, 1127, 1132, 1146, 1153, 1157, 1158, 1159, 1161, 1162, 1163, 1172, 1176, 1178, 1179, 1180, 1184, 1186, 1188, 1189, 1190, 1191, 1193, 1194, 1199, 1201, 1202, 1208, 1209, 1216, 1219, 1221, 1222, 1222, 1223, 1224, 1226, 1228, 1234, 1238, 1254, 1256, 1258, 1258, 1260, 1264, 1266, 1267, 1269, 1271, 1272, 1273, 1275, 1279, 1285, 1286, 1288, 1289, 1290, 1291, 1292, 1298, 1300, 1303, 1313, 1315, 1316, 1318, 1323, 1323, 1324, 1325, 1326, 1329, 1330, 1333, 1341, 1346, 1348, 1349, 1353, 1355, 1358, 1359, 1360, 1361, 1362, 1364, 1369, 1371, 1373, 1375, 1377, 1379, 1382, 1383, 1386

Fernández Ferreiro 999, 1008, 1010, 1020, 1038, 1046, 1047, 1049, 1068, 1069, 1081, 1083, 1099, 1111, 1112, 1125, 1134, 1146, 1160, 1165, 1166, 1171, 1189, 1190, 1191, 1192, 1216, 1217, 1219, 1220, 1224, 1227, 1229, 1262, 1264, 1275, 1276, 1280, 1286, 1298, 1308, 1312, 1318, 1324, 1325, 1334, 1355, 1373, 1374, 1378, 1386

Fernández González, J. R. 330, 833

Ferreiro, Celso Emilio 600, 603, 604, 606, 607, 608, 609, 610, 611, 612, 613, 614, 615, 616, 617, 618, 619, 620, 621, 622, 623, 624, 625, 626, 627, 628, 629, 630, 631, 632, 633, 634, 635, 636, 637, 638, 639, 640, 641, 642, 643, 644, 645, 646, 647, 648, 649, 650, 651, 652, 653, 654, 655, 656, 657, 658, 659, 660, 661, 662, 663, 664, 665, 667, 668, 669, 670, 671, 672, 673, 674, 675, 676, 677, 678, 679, 680, 681, 682, 683, 684, 685, 686, 687, 688, 689, 690, 691, 692, 693, 694, 695, 696, 697, 699, 700, 701, 702, 703, 704, 705, 706, 707, 708, 709, 710, 711, 712, 713, 714, 715, 716, 717, 718, 719, 720, 721, 722, 724, 725, 726, 727, 728, 729, 730, 731, 732, 733, 734, 735, 736, 737, 738, 739, 740, 741, 742, 744, 750, 755, 758, 769, 770, 785, 786, 787, 792, 796, 798, 799, 800, 801, 805, 806, 819, 821, 831, 836, 842, 845, 853, 854, 855, 872, 884, 892, 895, 909, 919, 937, 947, 952, 972, 985, 987, 990, 991, 993, 994, 997, 999, 1000, 1002, 1004, 1005, 1006, 1009, 1010, 1011, 1012, 1013, 1014, 1016, 1020, 1026, 1027, 1028, 1029, 1031, 1032, 1033, 1035, 1036, 1037, 1038, 1041, 1044, 1047, 1048, 1050, 1051, 1052, 1055, 1056, 1064, 1065, 1075, 1076, 1077, 1083, 1084, 1089, 1091, 1095, 1103, 1108, 1109, 1112, 1131, 1135, 1139, 1142, 1149, 1150, 1151, 1152, 1161, 1162, 1165, 1166, 1168, 1170, 1188, 1189, 1190, 1191, 1193, 1198, 1210, 1212, 1230, 1236, 1237, 1248, 1280, 1282, 1283, 1293, 1318, 1319, 1342, 1349, 1354, 1355

Ferro Couselo 1043

Figueiredo, Cândido de 623, 781, 838, 863, 935

Filgueira Valverde 265, 293, 337, 623, 1250, 1256, 1351

Fole, Ánxel 53, 54, 459, 502, 623, 649, 841, 997, 1004, 1009, 1010, 1014, 1023, 1024, 1028, 1029, 1029, 1035, 1039, 1040, 1041, 1044, 1046, 1048, 1050, 1052, 1060, 1076, 1077, 1083, 1084, 1086, 1092, 1095, 1098, 1102, 1103, 1105, 1111, 1113, 1115, 1116, 1117, 1118, 1120, 1131, 1132, 1133, 1134, 1142, 1144, 1155, 1157, 1164, 1165, 1169, 1170, 1174, 1175, 1179, 1180, 1187, 1189, 1191, 1192, 1192, 1194, 1198, 1199, 1204, 1205, 1206, 1207, 1208, 1209, 1214, 1219, 1221, 1224, 1229, 1235, 1236, 1237, 1244, 1250, 1258, 1259, 1262, 1271, 1273, 1278, 1282, 1283, 1285, 1286, 1291, 1292, 1293, 1298, 1300, 1302, 1303, 1316, 1318, 1321, 1323, 1325, 1326, 1329, 1330, 1334, 1337, 1339, 1341, 1342, 1343, 1344, 1347, 1349, 1350, 1353, 1358, 1361, 1365, 1366, 1376, 1377, 1380

Franco Grande, X. L. 293, 308, 478, 994, 1031, 1033, 1157, 1381

Freixanes, Victor F. 858, 989, 997, 1007, 1010, 1011, 1016, 1019, 1020, 1028, 1029, 1035, 1036, 1038, 1040, 1042, 1045, 1046, 1047, 1049, 1049, 1050, 1056, 1066, 1076, 1077, 1079, 1083, 1085, 1086, 1088, 1089, 1090, 1099, 1100, 1103, 1105, 1106, 1106, 1107, 1109, 1111, 1112, 1120, 1121, 1121, 1123, 1131, 1133, 1133, 1139, 1142, 1146, 1148, 1150, 1151, 1156, 1157, 1158, 1160, 1164, 1165, 1166, 1167, 1168, 1172, 1178, 1187, 1191, 1192, 1193, 1202, 1206, 1214, 1215, 1216, 1217, 1219, 1220, 1221, 1224, 1226, 1227, 1228, 1230, 1234, 1236, 1238, 1241, 1248, 1256, 1257, 1258, 1259, 1262, 1264, 1266, 1266, 1268, 1269, 1272, 1273, 1276, 1286, 1287, 1288, 1291, 1293, 1294, 1300, 1308, 1311, 1312, 1315, 1317, 1318, 1319, 1320, 1321, 1322, 1323, 1329, 1331, 1333, 1333, 1334, 1335, 1338, 1349, 1349, 1351, 1352, 1354, 1355, 1357, 1358, 1360, 1367, 1367, 1369, 1373, 1377

Freixedo 632

García Alén, L. 579, 1078

García de Diego 471, 593, 627, 1217, 1289, 1290

García Paz 1065

García Rodríguez, Mª. C. 1249

García Sabell, D. 1004, 1036, 1042, 1221, 1286, 1318, 1323, 1327, 1338, 1340, 1341, 1348, 1349, 1354, 1366, 1371

Gil Vicente 497, 513, 681

Gómez Ledo 1351

Gonsar, Camilo 1010, 1081, 1090, 1098, 1149, 1153, 1227, 1230, 1258, 1262, 1276, 1283, 1287, 1313, 1341, 1345, 1350

González Tosar, L. 1035, 1076, 1109, 1133, 1153, 1174, 1181, 1206, 1217, 1281, 1324, 1324

Guerra da Cal, E. 654

Guillade, Joan de 648

Heinze, Úrsula 994, 1008, 1011, 1020, 1028, 1029, 1034, 1038, 1041, 1042, 1045, 1064, 1101, 1166, 1167, 1168, 1203, 1209, 1220, 1284, 1287, 1319, 1335, 1336, 1337, 1343, 1358, 1362, 1367

Iglesia Alvariño 52, 394, 459, 487, 654, 657, 710, 735, 736, 755, 757, 760, 784, 788, 805, 808, 814, 817, 818, 819, 838, 839, 841, 843, 855, 888, 894, 913, 937, 960, 990, 998, 1005, 1008, 1016, 1022, 1028, 1035, 1075, 1089, 1090, 1093, 1095, 1100, 1109, 1110, 1111, 1115, 1136, 1138, 1149, 1165, 1206, 1221, 1222, 1243, 1248, 1258, 1259, 1268, 1280, 1285, 1336, 1347, 1376

Iglesia, Antonio de la 802

Iglesia, F. de la 1354

Labarta Pose 916

Lamas Carvajal, V. 287, 300, 354, 430, 458, 463, 475, 484, 505, 518, 581, 592, 594, 599, 602, 612, 620, 621, 627, 649, 663, 678, 767, 1002, 1012, 1026, 1036, 1084, 1102, 1135, 1150, 1161, 1169, 1178, 1211, 1212, 1271

Leiras Pulpeiro 52, 398, 459, 657, 838, 839, 859, 874, 1007, 1022, 1047, 1048, 1049, 1054, 1057, 1064, 1065, 1083, 1084, 1086, 1088, 1098, 1099, 1100, 1100, 1121, 1122, 1123, 1133, 1144, 1149, 1163, 1167,

1181, 1187, 1188, 1220, 1228, 1231, 1252, 1254, 1257, 1267, 1279, 1291, 1292, 1293, 1302, 1324, 1330, 1334, 1340, 1344, 1347, 1356

López Abente 1268

López Aydillo, Eugenio 710

López Fernández, X. 274, 751

López Ferreiro 52, 54, 187, 284, 314, 321, 485, 656, 837, 1150, 1331

Lorenzo, Ramón 213, 508, 513, 518, 884, 1003, 1008, 1021, 1026, 1034, 1049

Machado, J. P. 476, 518, 591, 623, 756, 1141, 1237

Manuel Antonio 1239, 1240, 1328

Manuel María 998, 1061, 1084, 1113, 1116, 1119, 1131, 1191, 1202, 1209, 1220, 1221, 1237, 1238, 1238, 1244, 1254, 1278, 1285, 1345, 1348, 1350, 1359, 1365, 1366, 1371

Martín, Paco 1080, 1088, 1094, 1098, 1114, 1153, 1175, 1180, 1184, 1189, 1235, 1236, 1245, 1259, 1266, 1280, 1283, 1300, 1313, 1317, 1338, 1339

Martínez Oca 1266, 1335, 1373

Méndez Ferrín, X. L. 858, 914, 916, 948, 989, 990, 997, 999, 1002, 1005, 1006, 1008, 1009, 1010, 1011, 1014, 1016, 1017, 1019, 1024, 1028, 1029, 1031, 1034, 1036, 1038, 1039, 1041, 1042, 1044, 1045, 1048, 1054, 1055, 1060, 1061, 1080, 1081, 1082, 1085, 1087, 1093, 1094, 1095, 1098, 1100, 1101, 1103, 1104, 1106, 1112, 1113, 1114, 1115, 1120, 1121, 1126, 1132, 1134, 1136, 1139, 1140, 1142, 1146, 1149, 1152, 1153, 1158, 1159, 1161, 1164, 1168, 1172, 1172, 1177, 1179, 1180, 1184, 1185, 1187, 1191, 1192, 1194, 1203, 1208, 1209, 1214, 1216, 1217, 1219, 1224, 1234, 1236, 1244, 1256, 1258, 1275, 1276, 1279, 1285, 1286, 1290, 1291, 1292, 1293, 1294, 1298, 1301, 1304, 1304, 1317, 1318, 1319, 1322, 1323, 1326, 1329, 1331, 1333, 1334, 1336, 1337, 1340, 1345, 1346, 1348, 1349, 1351, 1352, 1354, 1355, 1356, 1358, 1360, 1361, 1362, 1369, 1369, 1371, 1377, 1379

Mettmann 508

Millán, Isidoro 1266

Mirás, F. 615

Molina, César Antonio 875

Morais 245, 275, 289, 318, 389, 620, 667

Nascentes, Antenor 540, 651, 704, 733

Neira Vilas, X. 52, 502, 592, 624, 838, 948, 994, 997, 998, 998, 1001, 1004, 1008, 1016, 1019, 1019, 1022, 1024, 1028, 1040, 1041, 1049, 1052, 1054, 1056, 1060, 1066, 1069, 1076, 1077, 1082, 1083, 1084, 1089, 1089, 1093, 1098, 1102, 1103, 1105, 1109, 1111, 1113, 1115, 1122, 1123, 1126, 1128, 1130, 1131, 1132, 1133, 1137, 1145, 1146, 1155, 1156, 1160, 1165, 1170, 1174, 1184, 1193, 1195, 1205, 1209, 1215, 1229, 1234, 1236, 1245, 1248, 1254, 1256, 1257, 1258, 1259, 1262, 1264, 1268, 1269, 1271, 1272, 1273, 1275, 1279, 1280, 1281, 1284, 1289, 1291, 1292, 1295, 1299, 1300, 1303, 1311, 1312, 1316, 1324, 1325, 1329, 1332, 1335, 1339, 1342, 1353, 1358, 1361, 1362, 1379, 1383

Noriega Varela 52, 394, 437, 475, 590, 671, 838, 983, 1007, 1008, 1035, 1129, 1131, 1141, 1165, 1170, 1181

Novoneira, Uxío 475, 835, 997, 1005, 1028, 1049, 1079, 1080, 1105, 1113, 1120, 1122, 1172, 1215

Nunes, J. J. 427

Otero Pedrayo 471, 472, 490, 491, 501, 534, 539, 540, 542, 544, 549, 551, 552, 557, 565, 573, 576, 578, 586, 588, 595, 596, 597, 598, 600, 601, 602, 604, 607, 608, 609, 611, 613, 614, 615, 616, 622, 623, 624, 625, 626, 638, 641, 642, 643, 651, 652, 653, 654, 655, 656, 658, 659, 671, 672, 673, 676, 677, 678, 679, 680, 682, 683, 690, 691, 692, 693, 696, 698, 699, 704, 705, 706, 707, 714, 716, 717, 719, 720, 722, 724, 725, 726, 727, 731, 732, 733, 734, 736, 739, 742, 744, 745, 751, 755, 757, 758, 759, 761, 762, 764, 767, 769, 770, 775, 785, 786, 787, 791, 796, 799, 800, 805, 808, 809, 813, 814, 816, 817, 818, 819, 820, 821, 822, 824, 825, 836, 845, 855, 861,0872, 879, 884, 888, 891, 892, 895, 898, 905, 909, 913, 919, 921, 923, 924, 928, 940, 947, 952, 972, 977, 985, 987, 990, 992, 993, 994, 997, 998, 999, 1001, 1004, 1008, 1010, 1011, 1012, 1013, 1014, 1015, 1016, 1019, 1019, 1020, 1021, 1023, 1024, 1026, 1026, 1028, 1029, 1030, 1033, 1033, 1034, 1035, 1037, 1038, 1039, 1040, 1041, 1044, 1046, 1047, 1048, 1049, 1050, 1051, 1053, 1054, 1055, 1056, 1060, 1068, 1076, 1078, 1079, 1081, 1083, 1084, 1085, 1086, 1090, 1092, 1093, 1095, 1097, 1100, 1102, 1104, 1105, 1106, 1107, 1108, 1109, 1109, 1110, 1111, 1113, 1115, 1116, 1117, 1118, 1120, 1122, 1129, 1131, 1132, 1133, 1134, 1135, 1138, 1139, 1144, 1145, 1149, 1152, 1153, 1161, 1165, 1172, 1173, 1177, 1179, 1187, 1189, 1190, 1192, 1193, 1203, 1209, 1210, 1213, 1214, 1216, 1217, 1220, 1222, 1224, 1226, 1230, 1236, 1237, 1238, 1243, 1244, 1244, 1254, 1258, 1259, 1260, 1264, 1268, 1272, 1275, 1277, 1278, 1281, 1286, 1288, 1291, 1292, 1293, 1300, 1301, 1316, 1317, 1320, 1322, 1330, 1332, 1335, 1339, 1341, 1342, 1343, 1346, 1347, 1348, 1350, 1352, 1354, 1355, 1357, 1358, 1359, 1360, 1367, 1369, 1373, 1377, 1386

Otero, Aníbal 70, 178, 269, 298, 309, 325, 330, 392, 422, 478, 516, 642, 739, 745, 751, 791, 810, 815, 816, 817, 832, 833, 838, 850, 852, 856, 868, 1065, 1102, 1163, 1170, 1176, 1255, 1384

Palacio, X. A. 791

Pedreira, Carlos 240

Pena, X. R. 1068, 1080, 1082, 1090, 1119, 1121, 1155, 1157, 1180, 1185, 1246, 1256, 1288, 1303, 1330, 1334, 1341, 1342, 1351, 1362

Pensado, J. L. 336, 710, 736, 845, 1223, 1267

Pereira, Aureliano 767, 1373

Pero Amigo 1189

Pero Meogo 180

Piel, Joseph M. 1249

Pillado Mayor 462

Pimentel 52, 760, 783, 801, 805, 829, 835, 836, 840, 1136, 1312, 1318, 1380

Pintos, X. M. 611, 636, 654, 677, 705, 710, 740, 764, 766, 786, 795, 800, 845, 853, 854, 886, 895, 952, 977, 987, 989, 990, 991, 993, 1002, 1005, 1008, 1011, 1012, 1023, 1027, 1030, 1031, 1051, 1076, 1087, 1095, 1115, 1119, 1144, 1178, 1211, 1217, 1220, 1248, 1260, 1280, 1282, 1319, 1331, 1353, 1370, 1374

Pokorny 1277

Pondal, E. 54, 337, 425, 491, 501, 512, 518, 540, 542, 544, 554, 576, 595, 596, 602, 607, 614, 616, 626, 638, 643, 650, 651, 652, 653, 672, 678, 684, 688, 697, 698, 700, 707, 722, 725, 744, 750, 767, 784, 808, 810, 819, 840, 880, 884, 902, 954, 985, 1007, 1019, 1021, 1022, 1046, 1050, 1052, 1060, 1083, 1084, 1092, 1094, 1099, 1100, 1112, 1115, 1117, 1121, 1122, 1127, 1133, 1134, 1161, 1165, 1167, 1169, 1191, 1209, 1214, 1215, 1219, 1220, 1224, 1226, 1230, 1238, 1252, 1254, 1258, 1263, 1264, 1284, 1284, 1290, 1293, 1312, 1317, 1319, 1321, 1322, 1332, 1344, 1345, 1346, 1348, 1350, 1352, 1358, 1370, 1377, 1379

Rábade Paredes, X. 590, 592, 858, 997, 1006, 1008, 1011, 1016, 1019, 1020, 1024, 1028, 1032, 1034, 1035, 1038, 1040, 1042, 1046, 1048, 1049, 1050, 1061, 1085, 1103, 1109, 1112, 1117, 1122, 1134, 1136, 1142, 1146, 1149, 1165, 1166, 1167, 1167, 1171, 1172, 1178, 1191, 1213, 1219, 1224, 1228, 1230, 1236, 1254, 1258, 1259, 1260, 1262, 1275, 1276, 1283, 1290, 1298, 1302, 1315, 1319, 1332, 1333, 1340, 1341, 1350, 1351, 1353, 1360, 1361, 1362

Reimóndez Portela 1335

Ríos Panisse, Mª. C. 422, 907

Risco, V. 607, 621, 627, 638, 651, 652, 659, 669, 673, 678, 683, 699, 700, 707, 714, 719, 760, 762, 770, 785, 786, 788, 789, 794, 796, 797, 799, 800, 801, 806, 824, 831, 842, 861, 872, 879, 884, 892, 898, 912, 924, 928, 952, 990, 992, 1000, 1004, 1007, 1008, 1011, 1015, 1016, 1019, 1022, 1023, 1029, 1034, 1037, 1039, 1041, 1046, 1050, 1051, 1052, 1053, 1054, 1055, 1065, 1081, 1083, 1086, 1091, 1092, 1093, 1103, 1103, 1107, 1108, 1117, 1128, 1130, 1134, 1145, 1149, 1150, 1161, 1165, 1168, 1169, 1173, 1190, 1190, 1191, 1195, 1197, 1198, 1202, 1203, 1208, 1209, 1210, 1211, 1219, 1228, 1231, 1236, 1237, 1239, 1240, 1241, 1243, 1245, 1251, 1259, 1264, 1268, 1272, 1272, 1273, 1280, 1283, 1291, 1292, 1294, 1298, 1311, 1322, 1326, 1330, 1339, 1340, 1342, 1346, 1349, 1350, 1351, 1356, 1360, 1361, 1366, 1373, 1377, 1382

Rivalta, E. 1380

Rivas, E. 269, 373, 997, 1008, 1040, 1046, 1048, 1055, 1079, 1083, 1093, 1099, 1105, 1107, 1109, 1112, 1118, 1134, 1166, 1166, 1178, 1181, 1185, 1186, 1191, 1192, 1201, 1203, 1235, 1236, 1262, 1284, 1298, 1316, 1330, 1353, 1364

Riveiro Loureiro 460, 1335

Rodríguez, Eladio 39, 51, 190, 211, 237, 245, 247, 250, 258, 264, 265, 274, 284, 288, 289, 291, 293, 303, 306, 308, 309, 314, 318, 324, 325, 327, 328, 330, 332, 337, 340, 343, 352, 373, 378, 387, 389, 399, 404, 408, 422, 449, 484, 555, 557, 563, 570, 612, 624, 637, 641, 644, 653, 658, 662, 667, 671, 674, 679, 681, 689, 697, 698, 703, 710, 753, 773, 781, 784, 796, 801, 803, 806, 812, 816, 833, 835, 849, 852, 874, 905, 941, 994, 1007, 1015, 1016, 1024, 1033, 1065, 1089, 1147, 1157, 1164, 1175, 1216, 1221, 1229, 1233, 1237, 1238, 1239, 1240, 1241, 1247, 1260, 1261, 1263, 1285, 1289, 1289, 1290, 1300, 1308, 1311, 1313, 1327, 1328, 1333, 1345, 1355, 1356, 1373, 1381, 1383, 1384, 1385, 1386

Rodríguez, F. J. 40, 232, 239, 352, 358, 396, 398, 475, 505, 691, 712, 728, 780, 788, 941, 1102, 1149, 1223,

Rosalía de Castro 52, 54, 72, 177, 178, 179, 180, 181, 182, 183, 184, 185, 186, 187, 188, 189, 190, 191, 192, 193, 194, 195, 196, 197, 198, 199, 200, 201, 202, 203, 204, 205, 206, 207, 208, 209, 210, 211, 212, 213, 214, 215, 216, 217, 218, 219, 220, 221, 222, 223, 224, 225, 226, 227, 228, 229, 230, 231, 232, 233, 234, 235, 236, 237, 238, 239, 240, 241, 242, 243, 244, 245, 246, 247, 248, 249, 250, 251, 252, 253, 254, 255, 256, 257, 258, 259, 260, 261, 262, 263, 264, 265, 266, 267, 268, 269, 270, 271, 272, 273, 274, 275, 276, 277, 278, 279, 280, 281, 282, 283, 284, 285, 286, 287, 288, 289, 290, 291, 292, 293, 294, 295, 296, 297, 300, 301, 327, 334, 336, 338, 348, 363, 365, 379, 380, 381, 383, 386, 393, 395, 399, 407, 412, 424, 426, 429, 434, 436, 438, 458, 459, 460, 463, 475, 476, 484, 485, 486, 488, 489, 491, 501, 501, 518, 527, 546, 551, 554, 576, 586, 591, 594, 595, 596, 597, 598, 602, 613, 614, 616, 638, 649, 651, 655, 659, 663, 666, 672, 677, 680, 688, 693, 696, 698, 699, 700, 705, 707, 710, 717, 719, 728, 742, 743, 744, 747, 755, 757, 764, 766, 767, 768, 769, 777, 784, 786, 787, 788, 794, 795, 798, 800, 801, 802, 804, 807, 808, 812, 818, 822, 830, 854, 872, 880, 884, 886, 890, 902, 909, 912, 913, 919, 928, 929, 947, 948, 952, 954, 972, 977, 989, 991, 993, 995, 1000, 1001, 1004, 1005, 1007, 1008, 1012, 1013, 1016, 1019, 1019, 1021, 1023, 1024, 1025, 1026, 1027, 1028, 1029, 1030, 1031, 1032, 1033, 1035, 1036, 1037, 1038, 1040, 1041, 1046, 1048, 1049, 1050, 1051, 1052, 1054, 1055, 1060, 1068, 1069, 1074, 1076, 1080, 1083, 1086, 1087, 1090, 1092, 1093, 1095, 1097, 1100, 1103, 1104, 1105, 1111, 1112, 1116, 1121, 1122, 1126, 1130, 1131, 1134, 1139, 1144, 1145, 1146, 1152, 1156, 1161, 1163, 1164, 1165, 1167, 1169, 1174, 1178, 1181, 1182, 1184, 1189, 1190, 1191, 1192, 1195, 1196, 1207, 1208, 1209, 1211, 1215, 1215, 1217, 1219, 1220, 1221, 1222, 1225, 1226, 1227, 1236, 1238, 1239, 1240, 1244, 1245, 1248, 1252, 1254, 1258, 1259, 1264, 1264, 1267, 1271, 1281, 1290, 1291, 1292, 1293, 1298, 1299, 1300, 1302, 1308, 1312, 1319, 1321, 1322, 1323, 1330, 1333, 1340, 1343, 1345, 1347, 1349, 1350, 1352, 1353, 1355, 1356, 1361, 1369, 1370, 1376, 1377

Ruiz Aguilera 290

Saco Arce 1065

San Agustín 461

Sandoval 289

Santamarina, A. 382, 751

Sarmiento 63, 72, 239, 245, 250, 265, 291, 324, 327, 328, 333, 378, 403, 417, 422, 423, 434, 489, 492, 505, 518, 555, 566, 573, 579, 619, 622, 654, 667, 701, 715, 733, 736, 743, 746, 754, 771, 778, 779, 780, 783, 798, 822, 827, 837, 845, 1008, 1078, 1094, 1144, 1163, 1164, 1175, 1176, 1210, 1218, 1223, 1225, 1255, 1260, 1267, 1355, 1373, 1378

Schubarth, D. 382

Sobreira, J. 47, 179, 241, 273, 278, 298, 320, 321, 378, 389, 457, 459, 475, 489, 492, 505, 549, 552, 578, 579, 600, 615, 636, 641, 646, 654, 667, 701, 743, 745, 749, 761, 778, 779, 783, 787, 798, 803, 805, 806, 809, 810, 811, 813, 815, 826, 827, 829, 834, 837, 847, 881, 928, 1056, 1066, 1067, 1078, 1104, 1138, 1144, 1148, 1167, 1176, 1186, 1193, 1218, 1222, 1266, 1275

Sousa, Frei Luís de 513

Stalin 518

Suárez, Marcial 54

Taboada Cid, M. 701

Taibo 1300, 1332

Toro, Suso de 1019, 1020, 1036, 1037, 1039, 1040, 1042, 1043, 1047, 1047, 1056, 1068, 1077, 1083, 1093, 1098, 1105, 1106, 1112, 1120, 1127, 1132, 1155, 1163, 1166, 1175, 1176, 1179, 1180, 1181, 1185, 1186, 1200, 1205, 1208, 1236, 1245, 1258, 1259, 1281, 1286, 1303, 1304, 1312, 1313, 1316, 1324, 1337, 1338, 1353, 1356, 1359, 1361, 1362

Torres, X. 998, 1010, 1036, 1041, 1042, 1045, 1046, 1065, 1090, 1098, 1118, 1121, 1125, 1130, 1134, 1153, 1159, 1185, 1189, 1205, 1221, 1235, 1257, 1262, 1287, 1293, 1298, 1326, 1333, 1334, 1344, 1379, 1382

Turnes 505, 646

Valladares, Marcial 39, 50, 54, 240, 241, 251, 293, 306, 327, 328, 360, 387, 396, 399, 416, 417, 422, 423, 449, 479, 525, 528, 532, 549, 604, 615, 618, 624, 636, 648, 649, 671, 716, 744, 778, 793, 809, 816, 818, 830, 850, 941, 994, 1024, 1066, 1080, 1127, 1129, 1140, 1158, 1228, 1229, 1255, 1260, 1277, 1329, 1372, 1375, 1381

Velo Mosquera, Xosé 603

Vilar Ponte 551, 1187

Villar, Helena 858, 997, 1010, 1047, 1080, 1081, 1092, 1115, 1122, 1131, 1134, 1142, 1166, 1168, 1173, 1177, 1186, 1188, 1192, 1221, 1235, 1254, 1256, 1262, 1280, 1306, 1316, 1318, 1319, 1324, 1330, 1332, 1341, 1347, 1348, 1356, 1362

Zamora Mosquera 394